Presentación

Un ano máis, e van xa catorce, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2008, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe*, como no ano 2007, edítase nun CD-ROM, como en anos anteriores, e pode consultarse en formato PDF na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña, ou ben directamente no buscador Google: Informes de Literatura. Nestes soportes de edición poden consultarse ademais todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2008 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2008 (e tamén doutros que chegaron tarde ás nosas mans) coma das recensións e referencias varias que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar ao lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC, Diario de León. Bierzo, El Mundo* e *El País*, aínda que agora tamén dende a edición galega. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas, presentacións), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *Anales de Historia del Arte*, *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, *Estudios Románicos*, *Europe. Revue Littéraire mensuelle. Les troubadours*, *La France Latine.*

Revue d'Études d'Oc. Études Medievales, *Galician books*, *Galician Review, Galicien Magazin*, *Haz de Luz. Estudios de literatura contemporánea*, *Ínsula*, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, Lenguaje y sociedad. Revista de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, *LA letrA DEL ESCRIBA*, *El País Semanal*, *La Siempreviva. Revista literaria* e *Un mundo, muchas miradas/Mundu bat, begirada anitz*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar ao lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Xosé María Álvarez Blázquez. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2008 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Neste *Informe...* seguimos a matizar os marbetes dos apartados, así volvemos a acoller ao final o denominado "Apéndice", que ocupa o capítulo XII, que fora eliminado cando se puxo en marcha a base de datos. Nel ofrécese a listaxe dos libros publicados en anos anteriores que, por múltiples circunstancias, non chegaron ás nosas mans. As recensións e referencias que se publicaron na data deste *Informe...*, é dicir, no ano 2008, puxémolas acompañando estas obras para facilitar a busca na súa totalidade como se dunha obra actual se tratase. Estes cambios responden a suxestións dos usuarios en prol dunha mellora do Proxecto. Tamén, debido á implantación das novas tecnoloxías, sobre todo ao uso da internet, decidimos non describir os folletos editoriais dado que se poden consultar nas páxinas web das editoras, información que consideramos suficiente. Pola mesma razón eliminamos o apartado de "Páxinas web", dada a proliferación de buscadores potentes, portais e blogs englobadores.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada, e que constan no apartado de créditos en "Agradecementos", ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual (Cristina Collazo Gómez, Vanessa Regina Ferreira da Silva, Geovana Gentili Santos, Paula Miranda Lodeiros, Beatriz Nieto González, Rubén Pérez Pombo e Carlos Prego Meleiro).

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no ano 2008 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Axudante de coordinación: Celia Vázquez García
Bolseiras do proxecto: Mar Fernández Vázquez
Esther de León Viloria

Redactores:

Rafael Adán Rodríguez
María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Eulalia Agrelo Costas
María Jesús Barsanti Vigo
Pilar Bendoiro Mariño
Jorge Cea Viña
Alexandra Cillero Prieto
Alexia Dotras Bravo
Mar Fernández Vázquez
Carmen Ferreira Boo
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Olalla García Martínez (L. Medieval)
Almudena Gómez Seoane
David González Couso (L. Medieval)
Esther de León Viloria
Lourdes Lorenzo García
Marina Meléndez Cabo (L. Medieval)
José María Mesías Lema (Ilustración)
Isabel Mociño González
Ana Belén Moreda Rodríguez
Marta Neira Rodríguez
Ana María Pereira Rodríguez
Beatriz Rodríguez Rodríguez
Blanca-Ana Roig Rechou
Lourdes Erea Salgado Viñal
Trinidad Sánchez Outón
María Vanesa Solís Cortizas
Mª Isabel Soto López
Eva Tizón Zas
Carme Marina Vidal Valiña

Agradecementos a:

Diego Bernal Rico
César Camoira Vega
Xulio Carballo Dopico
Deborah Castro Mariño
Manuel Corbacho Pérez
Julián Díaz Martínez
Tania Fernández Lombao
Alba Lago Martínez
Laura Lesta García
Esperanza Otero Pérez
Nerea Pallares Villar
Amelia Piñeiro Santorum
Zeltia Rodríguez Rodríguez
Sara Torreiro Rodríguez
Olalla Tuñas Martínez
Eire Valcárcel Picouto
Juan José Varela Tembra

Edita:
XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 978-84-453-4841-3

Dep. Legal
OU 45-2003

Informe
De
Literatura
2008

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

AgraFoxo, Xerardo, *O violinista da Malá Strana*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 266, novembro 2008, 228 pp. (ISBN: 978-84-9865-138-6).

Nesta novela policial de Xerardo AgraFoxo (Noia, 1952), un comisario de policía tenta resolver o misterio dun cadáver espido encontrado a carón dunha ponte da cidade vella de Praga, nun verán de sufocante calor. Tres obxectos, un billete de tren, unha pulseira cunha inscrición árabe e unha nova dun xornal estranxeiro, referente ao achado do avión de Antoine de Saint-Exupéry, autor d'*O Principiño*, son as únicas pistas coas que principia a súa investigación. Partindo da dúbida existente ao redor do accidente de Saint-Exupéry, o narrador d'*O violinista de Malá Strana* cuestiónase se está a investigar un asasinato ou un suicidio, mesturando a súa propia vida privada (seu pai esvaeceu na fronte durante a II Guerra Mundial) coa investigación. O outro gran protagonista da novela é a cidade vella de Praga, cos seus xardíns agochados, as súas centenarias torres e o barrio xudeu. A cidade de Kafka, cuxa obra ten unha presenza constante na narración, é, ademais do escenario da acción, un personaxe máis. A voz narrativa, sempre en primeira persoa, cambia segundo os capítulos: nunhas ocasións é a do narrador, noutras (como no capítulo Claudia) é a voz de personaxes secundarios pero de importancia clave no desenvolvemento da trama, que se estrutura en dezaseis capítulos.

Alonso, Xulio, *De vivos e de mortos*, ilust. Javier Saborido Comesaña, prólogo de Manuel Vidal Villaverde, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, n.º 48, 2008, 183 pp. (ISBN: 978-84-7680-626-5).

Xulio Alonso (Vigo, 1951) publica oitenta pequenas historias que se inician cun artigo homónimo ao título do libro, "De vivos e mortos". Nesta primeira historia fai alusión ao día de Todos os Santos, que para el debería ser máis ben o día de todos os mortos. Moitas destas historias ou "cadros", como os define Manuel Vidal Villaverde, autor do limiar, son anacos da realidade galega que rodea o autor. Moitos dos relatos falan de temas e costumes galegos: as supersticións ("A sinistra visita do Cabrón"), a gastronomía galega ("Ao avó gustáballe o bacallau", "As patacas verdes"), historias da emigración e figuras importantes da cultura e sociedade galega (Rosalía de Castro, Carlos Núñez, etc). Outro grupo de historias fan alusión á Guerra Civil e á Posguerra. Nelas aparecen figuras históricas como o ditador Franco ou a cárcere da illa de San Simón. Moitas teñen como protagonistas a diferentes animais. É o caso de " O can que fala" , " Os peixes prodixiosos". O amor tamén está presente en numerosos cadros, é o caso de " Os amores afastados" ou "Amores tristes en Galicia". En moitos mestúranse a realidade cotiá coa fantasía do autor, non sabendo ben onde empeza o fantástico e onde acaba o real. Son bos exemplos "O fillo putativo" ou "Os poderes dos mortos". O humor é outro dos eixes temáticos das historias, como ocorre en "O caso dos cartos envasados ao baleiro" ou "A bolsiña máxica daquela oposición".

Aneiros, Alberto G., *Ironías dos fados*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2008,

182 pp. (ISBN: 978-84-95444-90-5).

Conxunto de seis relatos de Alberto G. Aneiros precedidos por tres dedicatorias e unha cita d'*Odes de Ricardo Reis*, de F. Pessoa. O primeiro relato, intitulado "Esperado regreso" inicíase cunha cita de *Filoctetes*, de Sófocles, que se achega á mitoloxía grega ofrecendo unha nova visión da historia de Odiseo, do seu viaxe de volta a Ítaca e do acaecido coa súa muller Penélope. En "O aparecido" cóntase a historia tráxica dunha parella malfadada, dous viúvos, Pastor e Matilde, que deciden casar por non estar solos pero un día aparece o marido dela, dado por morto en África. Pastor que tivera un sono premonitorio mátao e desfáise do corpo pero ela denúnciao á garda civil e é apresado. "Peregrino encontro" alude á lenda fantástica medieval de santo Amaro o peregrino. Cóntase como un día o narrador atópouse cun peregrino peculiar que parecía saído da época medieval como se fixese unha viaxe no tempo. O peregrino nárralle a súa peregrinación e o que lle acontecera. Ao día seguinte cando o vai buscar morrera e fora enterrado en Compostela. En "Un brinde póstumo" faise uso do humor macabro galego e relátase as argucias de dous irmáns para conspirar contra a vida do seu pai que é moi supersticioso e sofre do corazón. Deciden botar mán dunha crenza sobre a premonición da morte e acaban coa vida de seu pai para facerse coa súa fortuna. Cando están no velorio deciden facer un brinde co morto que os maldice e eles tolean polo medo. "A sedución da morte" trata o mito hispano moderno de don Xoán e iníciase cunha cita sacada de *El burlador de Sevilla*, de Tirso de Molina. O narrador en primeira persoa conta como un día foi ver unha obra de teatro titulada "Carnaval sin retorno" na que, durante a representación, tén lugar o asasinato do protagonista mentres está nunha escena íntima cunha actriz disfrazada de morte. O narrador impresionado por esta morte fai hipótese sobre as causas reais do asasinato que lembran a historia de don Xoán. Finalmente "Adeus de Deus" comeza cun verso do poema "Mirando ó chau", de Manuel Curros Enríquez, para despois facer unha reflexión sobre a metáfora do "gran teatro do mundo". A partir de aí narra a historia dun teólogo que de volta á súa cidade natal nunhas vacacións de Nadal atópase cun ex-compañeiro, frade mercedario, que lle confesa a súa admiración. Decide estragar a súa admiración e mantén un debate filosofico-teolóxico provocador sobre a Igrexa católica, sobre as cuestións de fe, sobre a posibilidade de transformación da divindade ou sobre a existencia de Deus. Ao día seguinte o teólogo descubre nun xornal a nova do suicidio de frei Antolín que non puido aplacar os berros da súa conciencia polos actos cometidos cos seus alumnos.

Blanco, Carmen, *Atracción total*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 252, abril 2008, 185 pp. (ISBN: 978-84-9782-759-1).

Trátase dunha obra narrativa caleidoscópica con numerosos fragmentos que abordan ou reflexionan sobre diferentes aspectos da vida, do mundo e da existencia humana en xeral. Conta a novela de Carmen Blanco (Lugo, 1954) con máis de cincocentos fragmentos que en ocasións son relatos e noutras, microrrelatos. Nestes fragmentos, que presentan extensións moi variábeis (dende unha liña até unha páxina), unha narradora descoñecida e anónima opina sobre os grandes e pequenos temas da vida: a amizade, o concepto de ben e mal, a beleza, o amor, a dor, a morte, a soidade, a paixón, o medo, a liberdade, a xuventude, a vellez, a madurez, a natureza, a felicidade, a xustiza, a barbarie, etc. Tamén aparecen nos diferentes relatos numerosos personaxes históricos e literarios, é o caso de Virxinia Woolf, Manuel Antonio, Emma Goldan ou Rosalía de Castro. Outra temática que ten unha presenza destacada ao longo da obra é a denuncia

da violencia de xénero. A narradora fala en varios fragmentos deste problema da sociedade actual, do papel da muller como ser que sofre ao longo da historia numerosos castigos, desprezos, brutalidades, un tema que se repite unha e outra vez. Como consecuencia desta temática, a narradora cita a numerosas mulleres que sufriron todo tipo de desgrazas e tamén a aquelas que loitaron e foron as primeiras en conseguir avances importantes na sociedade. Entre estas mulleres destaca a personaxes históricos principalmente, pero tamén lembra a mulleres anónimas que representan a calquera muller de Galicia ou do mundo. O libro consta no seu inicio dun limiar e de dúas notas onde Carmen Blanco fai unha breve introdución na que nos presenta de que vai tratar a obra, destacando principalmente o carácter fragmentario desta e da súa temática.

Recensións:

-R. L., "Celebración da vida", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 19 maio 2008, p. 71.

Fai referencia ao libro publicado por Carmen Blanco, *Atracción total*, no que a autora busca a verdade poética a través de microrrelatos. Comenta que no libro se mostra unha exaltación do pracer, da vida, das persoas, etc, e tamén hai un espazo para a denuncia. A continuación, fai referencia a outro libro de Blanco, *Vermella con lobos* (2004), e pasa a falar da faceta feminista da autora e das obras que escribiu relacionadas con este tema: *Sexo e lugar* (2006) e *Literatura galega da muller* (1991).

- Xosé M. Eyré, "Miscelánea de textos breves", *A Nosa Terra*, n.º 1.315, "Cultura", 19-25 xuño 2008, p. 32.

Comeza falando sobre a "Literatura Mínima" que se define como un xénero literario que está a ter moita difusión e que presenta unhas características propias. Afirma que este tipo de literatura necesita un novo tipo de autor e tamén de lector e propón como exemplo deste xénero a obra de Carmen Blanco, *Atracción total*. Indica que esta obra pode ser considerada como unha miscelánea de textos breves que tratan diversos temas. A continuación explica as diferenzas entre un microrrelato e un microconto e considera que a obra de Blanco é un híbrido. Por último, comenta que os textos de *Atracción total* teñen trazos de sensibilidade e que a lectura é máis ben contemplativa. Así mesmo, critica algúns dos títulos dos textos, xa que non están concibidos como Literatura Mínima.

- Armando Requeixo, "Escrita total", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Libros", 3 xullo 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, "Letras galegas", 12 xullo 2008, p. 10.

Fai referencia á última achega de Carmen Blanco, *Atracción total*, da que comenta que o relato está construído dun xeito orixinal, próximo ao microrrelato, polo que as sentenzas e os aforismos están moi presentes. Afirma que se trata dun discurso autodiexético, afastado do relato convencional, co que pretende identificar unha visión do mundo que quere compartir co lector. De seguido, destaca os principais temas da historia: o amor, a liberdade, o feminismo, a memoria e o poder, que os presenta nunha escrita poética, é dicir, estes textos poderían ser considerados poemas en prosa. Así mesmo, indica que a autora escribiu o texto en diferentes momentos e considera que se trata dun diario ou libro da memoria. Deste relato ensaístico que, segundo di a súa

autora, “foi escrito entre o verán do 2004 e a primavera do 2005” saliéntase que se mestura o ficcional co vivencial e (auto)biográfico. Considérase que pola súa distribución de máis de seiscentos textos en cento oitenta e cinco páxinas recorda ao microrrelato.

- X. Carlos Hidalgo, “Segunda achega”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 7, “proPostas”, verán 2008, p. 5.

Comentario d’*Atracción total*, de Carmen Blanco, no que se sinala que nesta entrega a autora luguesa se achega a diferentes formas de narrativas mínimas para tratar temas como o xénero, lugar ou o compromiso, dende unha perspectiva do feminismo libertario. Refírese á heteroxeneidade dos máis de seiscentos textos que integran a obra, na que convive o microrrelato co aforismo ou o apuntamento, que malia a fragmentariedade rematan ordenados en “bloques temáticos”. Considérase que a pesar da vontade da autora de “crear unha densidade de acumulación” non logra evitar a previsibilidade que pon ao amor e á resistencia pacífica como forma de rematar con todo tipo de poder. Saliéntase como o máis interesante da obra o apartado dedicado ás mulleres galegas represaliadas, por considerar que lle dá sentido á estrutura fragmentaria da obra, unindo pezas soltas e conferíndolles maior forza.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 251, “Libros”, 5 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 190, “Letras galegas”, 14 xuño 2008, p. 11.

Recoméndase a lectura de *Atracción total*, de Carmen Blanco, entre outras. Comenta que se atopa na fronteira entre o microrrelato e o relato e que exalta o placer, a liberdade e a vida.

- Xosé Carlos Caneiro, “Literatura viva”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 285, “Letras en galego”, 23 outubro 2008, p. 11.

Comeza reflexionando sobre o concepto “brevería” e a literatura ou xénero breve, para destacar a obra de Carmen Blanco, *Atracción total*, sobre a que opina que posúe unha grande autenticidade. Considera á autora unha das voces literarias máis orixinais de Galicia, pero cre que esta última novela non está á altura que lle atribúe.

Borrazás, Xurxo, *Costa Norte/ZFK*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 265, outubro 2008, 364 pp. (ISBN: 978-84-9865-129-4).

Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) amosa nesta novela o esforzo do ser humano por imaxinar o seu mundo, a capacidade ou a incapacidade de facelo, así como todas as penurias físicas e mentais que o ameazan. O libro está dividido en capítulos, cun total de cincuenta e dous distribuídos de xeito arbitrario e sen gardar unha orde lineal. De feito, o último leva por título “Capítulo un” e o corenta e oito, “Capítulo solto”. O autor mesmo lle dedica un dos capítulos ás mulleres, tal e como indica o título do mesmo: “Capítulo das mulleres”. O estraño nome do conxunto veulle a Borrazás logo de escribir

no 2004 o relato ZFK (o sexto dentro desta obra) para a revista *San Xoán* de Carballo, colaboración da que saíu o personaxe central e narradora da historia, Rosa. Esta analiza a vida mariñeira, na costa e co vento de nordés, que sempre bate do mesmo lado. Introduce en cada capítulo detalles inquietantes e descoñecidos do mundo que nos rodea, datos históricos do mundo que nos tocou vivir e as experiencias particulares da protagonista Rosa. Remata cunha "Nota do autor", na que se explica a xénese desta novela.

Recensións:

- Leonardo F. Campos, "A ruína global", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 5.

Comenta a novela de Xurxo Borrazás *Costa Norte/ZFK* na que se apropia da distopía e realiza unha "scifi" galega na que a protagonista, Rosa, ten unha gran responsabilidade simbólica, pois está obrigada a falar por todos. Dise que a novela descansa no binomio "esforzo literario=esforzo cívico" no que reside a súa grandeza e fraqueza. Finalmente chégase á conclusión de que se trata dunha lectura difícil e que nos obriga a ler entre liñas e a "ser parte activa na súa construcción".

Calveiro, Marcos S., *Festina lente*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 254, xuño 2008, 288 pp. (ISBN: 978-84-9782-786-7).

Esta primeira novela de Marcos Calveiro (Vigo, 1968), *Festina lente*, é unha novela histórica ambientada na Compostela do século dezasete. O título da obra provén dunha frase utilizada polo impresor veneciano Aldo Manucio, frase coa que encabeza todos os seus libros. O autor utiliza a historia como "excusa" para mostrar o pasado ligado a un espazo concreto, Santiago de Compostela. A obra comeza cun carro que baixa polo Preguntoiro cunha morea de libros prohibidos polo Santo Oficio. O protagonista principal é Ambrosio Cavaleiro do que se chega a coñecer case todo, dende a súa infancia, entregado polo seu pai como aprendiz do encadernador Ubaldo Luaces até a súa morte. Trátase dun personaxe complexo: un homosexual que odia a sociedade do seu tempo e vive para e polos libros. A novela amosa a loita entre encadernadores e relixiosos. Deste xeito coñécese o mundo dos editores galegos do século XVII. Unha novela na que se mesturan a intriga, os asasinatos e un códice prohibido gravado cun sinal de tres serpes que teñen forma de pegada de parrulo, que é co que comeza e remata a novela. O códice pertence a unha confraría de canteiros, que se atopa dividida pola posesión do mesmo. Por un lado está Gaspar de Arce, que consegue o códice en Lugo, e o conserva toda a vida, aínda que o deixa gardado no obradoiro de encadernación de Ubaldo Luaces, primeiro, e logo no de Ambrosio Cavaleiro. O outro grupo de canteiros, formado polos arquitectos portugueses Mateu Lopes, Francisco González Araúxo e o seu irmán Bieito González Araúxo tentarán recuperar o códice en van, deixando varias mortes ao seu paso, entre elas a do propio Gaspar de Arce. O códice quedará no obradoiro de Ambrosio, que llo entrega nos seus últimos anos a un impresor compostelán, neto de canteiros, que emigra a América. No último capítulo, un indíxena centroamericano atopa o códice nun cadáver e marcha correndo con el. O documento está escrito na lingua dos arxinas, xerga gremial dos canteiros de Pontevedra, tamén chamada Latín dos Canteiros. Na obra ademais da historia que se relata ofrécense datos

sobre o detallado proceso de creación dos libros e como era o mundo dos gremios dos editores, as súas normas e regulamentos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Unha atractiva novela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 265, "Letras en galego", 7 xuño 2008, p. 14.

Analiza a novela de Marcos S. Calveiro, *Festina lente*, e considera que será ben aceptada tanto polo público coma pola crítica. Salienta da obra a descrición ambiental, o historicismo e algúns trazos da novela negra, tamén o tratamento dos temas universais como o amor, a morte, a traizón, o engano, etc. Indica que a historia se desenvolve na Compostela do século XVII e destaca a construción dos personaxes e os recursos dos textos documentais que lle dan verosimilitude á historia. A seguir, dá conta do argumento da obra e volve facer fincapé no éxito que acadará a novela.

- Delfín Caseiro, "Retorno a Compostela", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "ProPostas", "Narrativa", verán 2008, p. 4.

Comézase destacando o misterio que domina a novela histórica de Marcos Calveiro, *Festina lente*. Do espazo sinala que está situada, fundamentalmente, na cidade de Compostela, na que se observan reminiscencias de novelas como *A romeiría de Gelmírez* (1934), de Ramón Otero Pedrayo; e de *Xa vai o griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde. Saliéntase a rigorosa documentación previa á escrita desta obra e o significativo título, que se enmarca na concepción de tomar o tempo necesario para facer ben as cousas. Sobre o ambiente recreado destaca a descrición de espazos e a creación dunha atmosfera afogante, na que o protagonista, homosexual e descrido, representa a utopía, a loita contra a ignorancia e un tributo de homenaxe a todos os que teñen contribuído ao coñecemento e o saber na cultura galega e, por extensión, universal. Neste senso, repasa o papel do gremio dos canteiros e a súa conexión con comunidades de librepensamento e especulación filosófica, nunha Compostela dominada polo Santo Oficio. Remata referíndose ao estilo, no que predominan os termos e expresións con sabor antigo, os substantivos e verbos, unha linguaxe ao servizo do misterio que percorre toda a novela, que ten precedentes en obras como *A saga dun afiador* (1980), de Xosé Ferreiro, ao incorporar termos do barallete, mentres que Calveiro os introduce dos arxinas.

- Xosé M. Eyré, "O valor da historia", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Cultura", 11-17 setembro 2008, p. 32.

Faise referencia a *Festina lente*, primeira novela para adultos de Marcos S. Calveiro, na que se amosa a Ambrosio Cavaleiro entre os séculos XVI e XVII percorrendo as rúas de Santiago de Compostela en busca das súas raíces. Nesta novela, tal e como afirma Xosé M. Eyré, satisfanse "as preferencias esotéricas que boa parte dos lectores demandan", mentres que a el a obra lle produce, por momentos, unha sensación de caos, mesturado con outros intres de riqueza, e conclúe dicindo simplemente que está "ben escrita".

- Laura Caveiro, “Libros prohibidos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 257, “Libros”, 4 setembro 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 198, “Letras en galego”, 13 setembro 2008, p. 11.

Fálase desta novela cargada de simbolismos e escenas noxentas que publica Marcos S. Calveiro, na que se percorren as rúas noxentas do Santiago de Compostela dos séculos XVI e XVII da man de Ambrosio Cavaleiro Fedor, que vai en busca das súas raíces, da súa familia e atopa unha vinculación co encadernador Luaces, que serve de introdución ás intrigas da obra: o códice das tres serpes, o contrabando de libros e os crimes no mundo dos canteiros.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Festina lente”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 408, “Musas”, 8 xuño 2008, p. 45.

Entrevista a Marcos S. Calveiro quen, despois de nomear algúns datos biográficos, fala sobre a súa última novela, *Festina lente*, e asegura que esta obra foi a que máis tempo lle levou escribir. Explica cómo lle xurdiu a idea de crear esta novela e afirma que está feliz pola aceptación que recibiu por parte da crítica. A continuación fala sobre a situación da literatura galega na actualidade e comenta que agora non está a traballar con novos proxectos.

- C. P., “A Compostela dos séculos XVI e XVII era moi rica en personaxes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 21 xuño 2008, p. L16.

Comenta que o escritor Marcos S. Calveiro vai presentar na libraría Couceiro o seu primeiro libro de narrativa para adultos, *Festina lente*. Indica que se trata dunha novela histórica da Compostela do Renacemento baseada na vida dun encadernador de libros. Afirma que a obra ten todos os elementos propios da novela histórica e asegura que tardou catro anos en escribir o texto.

- M. Dopico, “O pensamento vixiado”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 xuño 2008, p. 35.

Refire o argumento da nova novela histórica de Marcos S. Calveiro, *Festina lente*, situada nos conflitos da Compostela do século XVII. Comenta o autor que pretendeu crear un diario en primeira persoa, mais ao consultar a documentación acabou nunha novela histórica na que traballou durante tres anos. Indica que a historia comeza no cemiterio da Igrexa de Santa María a Nova, de Noia e, de seguido, salienta a abondosa documentación que tivo que consultar e a presenza de feitos históricos que se reflectiron na vida da xente real.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 253, “Libros”, 19 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 192, “Letras en galego”, 28 xuño 2008, p. 11.

Resúmese brevemente *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro, e comenta que se trata dunha novela histórica ambientada na Compostela do século dezasete. Tamén recomenda *Recordar doe*, de Herminio Barreiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Estar na literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Club dandi", 26 xullo 2008, p. 11.

Confesa a admiración que sente por Vladimir Nabokov do que Factoría K traduciu *Lolita*. A continuación gaba tres obras: *Tres disparos e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro da que puntualiza que a linguaxe precisa unha sonoridade distinta á empregada; e *Da beleza*, de Zadie Smith.

- M. V., "A Inquisición quixo pechar os portos de Galiza para que non entrasen libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Cultura", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 25.

Entrevístase a Marcos S. Calveiro, autor da novela *Festina lente*. Fala sobre algúns aspectos da súa novela, como a súa xénese, a ambientación, o coidado da lingua, o labor de documentación, a importancia da palabra escrita que se transmite na novela, ou o misterio da lingua dos canteiros, a lingua dos arxinas. Tamén reflexiona sobre a situación da literatura galega na actualidade e dos seus futuros proxectos.

- Xosé Carlos Caneiro, "Renacer do ser", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Letras en galego", "Club dandi", 2 agosto 2008, p. 7.

Felicita á editorial Xerais por ter publicado tres textos con cariz histórico eminentemente "literarios": *A Venus de cristal*, de Chelo Suárez; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro, con ambientación compostelá e *Renacer*, de Xabier Paz; e recomenda a súa lectura.

- Rosa Aneiros, "Ler a dor", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove Ondas", 13 agosto 2008, p. 4.

Recomenda unha serie de lecturas para este verán. Entre elas cita *Festina Lente*, de Marcos S. Calveiro. Nesta relacionan tamén figuran *Da beleza*, de Zadie Smith; *Os grouchos*, de Manuel Rivas; ou *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Canal, Alberto, *Conexión Tubinga*, Finalista do XXV Premio Xerais de Novela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 260, 2008, 223 pp. (ISBN: 978-84-9782-903-8).

Novela de intriga relixiosa de Alberto Canal (Ourense, 1967), na que o protagonista, Tito Besteiro, procura a súa identidade no ambiente solitario e represivo do seminario do Divino Mestre. El forma parte de "Os Zaratustra", un grupo de mozos que se reúnen clandestinamente nas habitacións para falar dos libros lidos e diferentes experiencias. Tras a presentación da atmosfera inmobilista do Seminario do Divino Mestre en Ourense comeza a verdadeira historia da novela. O punto de partida da historia é o descubrimento por parte do seminarista Tito Besteiro do libro *¿Existe Dios?: respuesta al problema de Dios en nuestro tiempo* (2005), de Hans Küng, famoso e polémico teólogo suízo da década dos sesenta e setenta. Nese libro, Küng pretende demostrar a existencia de Deus dun xeito racional, nun intento de modernizar á Igrexa Católica. A partir deste momento, o seminarista Tito Besteiro consegue descubrir, seguindo as ensinanzas do seu mestre de Metafísica, o motivo da prohibición da lectura deste libro

no seminario. No intento de desentrañar ese misterio, Tito Besteiro viaxa á cidade alemá de Tubinga, onde descobre o forte enfrontamento entre a Igrexa tradicionalista do cardeal Ratzinger, que defende ante todo o inmobilismo teolóxico, e a Igrexa vangardista de Hans Küng, que pretende unha renovación teolóxica na institución da Igrexa Católica. O protagonista tamén coñecerá o amor ao longo da historia. Aparecerá unha muller que lle fará dubidar e reconsiderar o seu futuro como home do Señor. O amor aparece entón tamén como tema vertebrador da historia, xunto a outros subtemas como a liberdade de elección, o papel da Igrexa na sociedade actual, a homosexualidade, etc.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Intriga no seminario", *A Nosa Terra*, nº 1.340, "Cultura", "Crítica", "Narrativa", 31 decembro 2008-8 xaneiro 2009, p. 30.

Apúntase que *Conexión Tubinga* recolle o ambiente propio da "vida relixiosa, ríxido, opaco e autorregulado", e que dende este escenario se crea un labirinto que dá lugar a unha trama detectivesca que dá pé á reflexión sobre a mesma vida e outros temas de carácter transcendental. Coméntase que o espazo principal vén representado polo Seminario de Auria en Ourense e ocasionalmente en Tubinga ou diferentes cenobios. Apúntase que dende aquí a ortodoxia quere pór fin á actividade da teoloxía da liberación. Indícase que un dos perseguidos será Hans Küng, personaxe a cabalo entre a realidade e a ficción, autor de *Existe Deus?* Proponse reflexionar sobre o feito de que a narrativa galega a partir dos anos oitenta reivindique as ideas, como ocorre en *L'affiche rouge*, de Mario Regueira. Precísase que esta novela de carácter reflexivo parte de nomes como Sartre, Nietzsche ou Küng.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Coméntase a publicación de títulos como este de Alberto Canal, *Conexión Tubinga*, así como *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; e *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure, entre outros. Afírmase que a mestura de xéneros e historias é unha característica común destas obras.

- Javier Romero, "Ourense é unha marca literaria a conservar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 26 novembro 2008, p. 2.

Conversa na que Alberto Canal, finalista do premio Xerais 2008, fala da súa novela *Conexión Tubinga*. Dela sinala que é unha historia de Auria, na que pretende recuperar esa denominación literaria que acuñou Eduardo Blanco Amor. Destaca que o seu argumento xira ao redor dunha intriga teolóxica nun seminario e comenta que conta con intriga, amor, odio e envexa.

Caneiro, Xosé Carlos, *A vida nova de Madame Bovary*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 257, 2008, 706 pp. (ISBN: 978-84-9865-091-4).

Esta novela de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) iníciase cuns paratextos da obra Madame Bovary, de Gustave Flaubert. O narrador ao longo da novela ofrece as súas opinións e inquedanzas en primeira persoa. Nas partes dialogadas, que son empregadas polo autor ou ben para exemplificar algo que acaba de dicir ou ben son un pretexto para expor un argumento posterior, emprega o estilo directo. Cóntase a historia de Hermelinda que, tras ser enganada polo seu home, decide abandonar a vida familiar e por iso acaba hospedada nunha peculiar casa de hóspedes chamada "O Gatopardo", unha hospedaría na que conviven perdedores, ilusos e namorados. Esta mestura de personaxes dará lugar a una acelerada serie de historias que xorden ao longo da novela. Historias caracterizadas por un ton esperpéntico, que fai emerxer un mundo de ficción e de sensacións. A medida que avanza a historia, cobra máis rapidez e vai perdendo o seu carácter narrativo para converterse nun texto ficcional, no que aparecen numerosos personaxes, que son partícipes de anécdotas ou feitos puntuais e logo desaparecen.

Recensións:

- Sandra Faginas, "Resucitar á arte da vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 258, "Perfil", 19 abril 2008, p. 9.

Fai referencia á obra de Xosé Carlos Caneiro, *A vida nova de Madame Bovary*, e afirma que se trata dun proxecto ambicioso do autor, de máis de setecentas páxinas, no que a vida e a arte son un todo. Dá conta do argumento da novela e salienta a multitude de fontes literarias nas que se baseou Caneiro, así como, refire a homenaxe que lle rende o autor aos seus mestres: Ramón M.ª del Valle-Inclán, Gonzalo Torrente Ballester e Camilo José Cela.

- Martin Pawley, "Unha amarga victoria", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Narrativa", verán 2008, p. 6.

Para achegarse á última novela de Xosé Carlos Caneiro, *A vida nova de Madame Bovary*, fai un repaso pola ampla nómina de galardóns que ten recibido polas súas obras anteriores, tanto de narrativa coma de poesía, malia que o autor se sente ignorado. Alude á súa faceta polemista, que pon en práctica contra outros autores galegos como Jaureguizar, Manuel Rivas ou Suso de Toro, así como á súa demostración de amizade cos seus amigos. Sobre a última novela comenta que pode ser considerada unha xenialidade ou un "melindre pretencioso". Repasa brevemente o fío argumental e considera que é unha obra ao máis puro estilo caneiriano polas constantes referencias literarias, cunha prosa moi coidada, na que predomina o humor e o optimismo, na que pode ser considerada unha "obra mestra ou un delirio romanticón".

- Francisco Martínez Bouzas, "Festín esperpéntico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Libros", 19 xuño 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, "Letras galegas", 28 xuño 2008, p. 11.

Comeza destacando a extensión da novela de Xosé Carlos Caneiro, *A vida nova de Madame Bovary*, con máis de setecentas páxinas, publicada por Galaxia. Afirma que Caneiro con esta obra pretende reinventarse como escritor, xa que realiza un cambio na súa traxectoria. Explica que a novela é de fácil lectura e está chea de humor, onde os

personaxes montan un "festín esperpéntico". Dá conta da acción da protagonista, Hermelinda, e cita outros personaxes extravagantes que circulan pola pensión O Gatopardo, espazo narrativo fundamental. Finalmente, salienta algúns aspectos formais da novela.

- Xosé M. Eyré, "Caneiro, proxecto, resultado e deriva", *A Nosa Terra*, n.º 1.323, "Cultura", 5-10 setembro 2008, p. 32.

Dá conta da publicación d'*A vida nova de Madame Bovary*, novela dunha grande extensión que a Editorial Galaxia publicou, reducíndoa a setecentas seis páxinas, ao igual que reduce o tipo de letra. Sinálase que nesta narración Xosé Carlos Caneiro amosa os protagonistas das súas outras obras, Tristán Luces e Libardino Romero e tamén aparecen outros como Hermelinda, Arístides Rocamora…, que están inmersos nun intercambio constante de frustracións pasadas e ilusións, que levan ao tema tan frecuente en Caneiro da procura da felicidade.

Referencias varias:

- César Casal, "Nesta novela reinvéntome como escritor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 258, "En portada", 19 abril 2008, pp. 8-9.

Realízase unha entrevista a Xosé Carlos Caneiro onde fala sobre a súa última novela, *A vida nova de Madame Bovary*. Comenta que seguramente sexa a novela máis extensa da literatura galega con máis de setecentas páxinas e afirma que con ela se reinventou como escritor, é dicir, realizou un gran cambio na súa escrita. De seguido fai referencia á protagonista da obra e comenta que hai moitas alusións a personaxes e outras obras literarias, así mesmo, afirma que ten como referencia a catro autores: Ramón Mª del Valle-Inclán, Gonzalo Torrente Ballester, Camilo José Cela e Álvaro Cunqueiro. A continuación, comenta que a protagonista Hermelinda é parte do autor, ao igual que outros personaxes e salienta o ton lírico da novela. Considera que é unha das mellores obras que ten escrito e, por último, fala sobre a situación da literatura galega.

- Óscar Iglesias, "Síntome o 'patito feo' da literatura galega", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 maio 2008, p. 10.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro, quen fala sobre a súa última novela *A vida nova de Madame Bovary*. Explica que quixo facer unha obra tan extensa porque quería achegar algo novo á literatura galega e máis á súa propia narrativa e tamén poder chegar ao corazón dos lectores. De seguido, fala sobre as personaxes da novela e pensa que a literatura non debe mostrar só as historias senón que ten que permanecer no tempo. Por último, fai referencia ás opinións da crítica literaria sobre a súa escrita.

- Luís González Tosar, "Ás voltas con Blanco-Amor", *El Correo Gallego*, 1 xuño 2008, p. 2/*Diario de Pontevedra*, 2 xuño 2008, p. 12/*El Ideal Gallego*, "Ao raiar o sol", 1 xuño 2008, p. 27

Dá conta dalgunhas das lecturas que está a facer e, entre elas, atópase a obra *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias, e tamén *A vida nova de madame Bovary*, de Xosé Carlos Caneiro. Por último, comenta que o tradutor e anotador de Juana de Arco foi Eduardo Blanco Amor.

- Javier Romero, "La narrativa de Carlos Caneiro se transformó en oratoria durante el recital que el autor ofreció en Ourense", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xuño 2008, p. 31.

Dá conta do recital que realizou en Ourense Carlos Caneiro, onde falou sobre a súa última obra centrada na figura de Madame Bovary. Comenta que a presentación desta creación literaria estivo acompañada por varios músicos e salienta, en palabras de Caneiro, que lle dedicou cinco anos da súa vida; ademais di que é unha homenaxe a Madame Bovary e a Alonso Quijano e afirma que está orgulloso do traballo realizado.

- Irene Tomé, "La elección de los internautas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Libros para el verano", 2 agosto 2008, p. 10.

Danse os títulos das obras máis recomendadas para este verán polos lectores do xornal a través da Internet. Destácanse *As palabras da néboa* (2007), de Francisco Castro; *A vida nova de Madame Bovary*, de Xosé Caneiro; *Herba moura* (2007), de Teresa Moure; e os clásicos como Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, como *A vida nova de Madame Bovary*, de Xosé Carlos Caneiro;da que se comenta que é "unha gran novela, froito dun inmenso esforzo e dunha extraordinaria autoesixencia" que bebe dos clásicos; e doutras obras de Xavier P. Docampo, Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel, Luis González Tosar e César Antonio Molina.

Constela, Xesús, *Shakespeare destilado*, XX Premio García Barros, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 268, novembro 2008, 186 pp. (ISBN: 978-84-9865-134-8).

Xesús Constela (Ferrol, 1963) presenta nesta novela un monólogo directo no que o narrador nos conta a historia do seu amigo Willy e a súa gran admiración pola xenebra. O relato comeza cunha longa disertación sobre a orixe da xenebra e os diferentes tipos desta: a holandesa e a británica. O lector, pouco a pouco, vai coñecendo esta admiración do narrador e a amizade deste con Willy. Este amigo seu é o gran protagonista da historia. Willy é un devoto incondicional dos sonetos de Shakespeare, ademais de ser un gran bebedor de xenebra e estar un chisco obsesionado coas mulleres. Despois de describir a personalidade do seu amigo Willy, o narrador conta cómo este comeza a construír unha cidade a escala nunha maqueta na súa casa, como se fora un demiurgo. Como un deus creador, Willy principia por crear rúas e avenidas, montes ao lonxe, etc. Pouco a pouco crea diferentes edificios: casas, centros médicos, escolas e asilos de anciáns, entre outros. Avanza a súa cidade até idear as vidas dos habitantes desa comunidade. Con barro, plastilina, escaiola, Willy modela personaxes de toda caste e condición para desta maneira sentir que a cidade está chea de vida. Porén, a vida real deixa de ter sentido para el, e a vida ficticia, imaxinada, convértese na cerna do seu existir. A partir deste momento, Willy perde parte do sentido e obsesiónase con dous

dos personaxes que inventou para a súa cidade-maqueta: Susanna e o inspector. Susanna é unha rapaza loura, de apenas vinte algo anos. Estuda na universidade a William Shakespeare e pasa todas as mañás a ler un libro de sonetos do escritor inglés. Ela mantén unha relación co inspector, aínda que a Willy isto non lle gusta nada. A obsesión de Willy cos seus seres ficticios vai cada vez a máis, até o punto de que o seu amigo, o narrador, lle fai a compra, xa que el decide non saír da súa casa. Mentres, el segue obsesionado con Susanna e o inspector e cada día que pasa segue bebendo máis xenebra. A súa loucura chega a tal extremo, que o propio narrador-amigo acábao abandonando. Uns días despois o seu amigo le nun xornal que a policía tivo que botar abaixo unha porta dun piso para poder axudar a un home borracho e cunha perna rota: ese home era Willy.

Referencias varias:

- Candela Chedas, "Galicia precisa que as editorias traballen máis na exportación da nosa literatura", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 17 xullo 2008, p. 38.

Dá conta do autor premiado co XX Premio de Novela Manuel García Barros, outorgado ao ferrolá Xesús Costela Doce pola súa obra *Shakespeare destilado*. Nunha breve entrevista recolle as impresións do autor ante o premio, fala da situación da literatura galega e salienta da súa novela a extravagancia e o humor.

- Camilo Franco, "Quixen escribir unha novela irreverente e coloquial", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 30 xullo 2008, p. 48.

Breve entrevista a Xesús Constela por mor de que a súa novela *Shakespeare destilado* acadou o premio García Barros. Destácase que esta obra é ante todo irreverente, un longo monólogo que quere provocar máis que gustar.

Dacosta, Henrique, *O prezo da tentación*, Ferrol: Edicións Embora, setembro 2008, 214 pp. (ISBN: 978-84-95460-89-9).

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) comeza a novela describindo os dous personaxes principais da historia: Armando e Mauro. Armando é un home xa maior que durante a súa xuventude e, por un motivo de débedas no xogo, tivo que emigrar a Guinea Ecuatorial. Despois desa aventura no país africano volta á súa cidade natal e alí rexenta unha tenda de mobeis de madeira tropical e antigüidades. Mauro é o sobriño neto de Armando e sente unha fonda admiración por el. Na tenda teñen longas conversas sobre a vida e as aventuras de Armando en África. Porén, Mauro sospeita que o seu tío avó non lle conta toda a verdade. Un día revélalle que na súa estancia na Guinea Ecuatorial matou a un home. Tamén lle relata parte das súas aventuras amorosas no país africano. Ante a revelación do asasinato por parte de Armando, Mauro asústase e foxe correndo da tenda de mobeis. Uns días despois, recibe a nova de que o seu tío avó está morrendo no hospital. Vai visitalo e no seu leito de morte fai as paces. O tempo pasa na historia e Mauro xa aparece como un home adulto. É profesor de Teoría da Literatura e Crítica Literaria e ao mesmo tempo escritor, aínda que non obtén ningún éxito, o que lle produce unha fonda abulia e desgana. Continúa lembrándose do seu tío avó e un día descobre no computador que herdará del unha novela co título de *O que as palabras*

ocultan. Mauro pensou que esa era a súa grande oportunidade de triunfar no eido da literatura. Ademais a novela revelábase como o mellor dos legados que seu tío avó lle puidese ter deixado. Despois de ler a novela (aparece inserida na narración), Mauro séntese máis optimista e troca a súa abúlica vida por unha nova chea de ilusións. Séntese optimista e as súas clases na universidade cambian. O alumnado goza e acaba intimando cunha alumna. Chámase Clara e está no último curso da licenciatura. Comezan a vivir xuntos, pero todo se torce cando ela lle informa que gañou un premio literario. Mauro séntese un fracasado e a súa relacion con Clara vai cada vez a peor. A desgana e a depresión voltan á vida do profesor, até que un día recibe unha carta para o seu tío avó dende Guinea. Nela descobre que ten un fillo no país africano. Entón decide ir visitalo, pero antes manda a novela do seu tío avó a un certame literario. Alí, na Guinea, axuda ao fillo do seu tío avó e consegue que lle dean a nacionalidade española. De volta á súa cidade atopa na casa unha carta na que se lle outorga o premio literario ao que presentara a novela *O que as palabras ocultan*.

Dacosta, Henrique, *Unha mada de doce relatos*, XVI Premio de Narración Curta Carvalho Calero 2007, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 236, 2008, 77 pp. (ISBN: 978-84-8487-146-0).

Volume de doce relatos gañador do "XVI Certame literario Ricardo Carvalho Calero" de 2007, convocado polo Concello de Ferrol. Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) comeza cunha dedicatoria a Gala e Alexandre "que escriben o noso futuro co ouro da súa palabra". A seguir, sucédense breves relatos cunha extensión variábel, ambientados na Galiza, principalmente en Ferrol, mais tamén noutros espazos como Lugo ou O Grove, e con referencias temporais, nalgúns dos contos, a distintos anos do século XX. As historias, protagonizadas por diferentes personaxes, reflicten un realismo tráxico, cun fondo social e costumista, episódico ou anecdótico. Aínda que con diversidade de situacións, todas elas se relacionan mediante o fío temático que vén dado pola reacción de seres diversos perante a doenza ou a morte, así como polo tópico do mundo ao revés, o orgullo e a vinganza.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Da Costa gaña o Carvalho Calero por terceira vez", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 6 xullo 2008, p. 34.

Infórmase de que o escritor, profesor e ensaísta, Henrique da Costa, gaña por terceira vez o Premio Carvalho Calero que convoca o Concello de Ferrol e a Sociedade Cultural Medulio, na súa décimo sexta edición. Dise que o título da obra gañadora é *Unha mada de relatos* e que o xurado está presidido por Yolanda Díaz e formado por Goretti Sanmartín, Xurxo Borrazás, Pilar García Negro, Paula San Vicente, Xosé Manuel Maceira e Iolanda Gomis.

Dávila, Berta, *Bailarei sobre a túa tumba*, IV Premio Biblos-Pazos de Galicia, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2008, 94 pp. (ISBN: 978-84-936607-4-1).

Nesta novela de Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) vemos a dous adolescentes que comparten experiencias de xuventude, Mercedes e Josito, xunto cos seus amigos, entre eles, Ana, Elena, Dani ou Nacho. A súa amizade pouco a pouco vaise arrefriando, nomeadamente dende que Mercedes, a protagonista da novela, marcha estudar xornalismo a Madrid. Dende entón comezan a xurdir as envexas e os segredos dentro do grupo, pero tamén o amor sincero, incondicional e secreto que Josito sente cara a Mercedes. Narrada en terceira persoa, cun predominio do estilo directo libre, esta novela debuxa cunha linguaxe agresiva a fonda pegada que deixan na vida a amizade, o amor e a morte dos seres queridos.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "La novela con la que gané está influenciada por Siniestro Total", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xullo 2008, p. 11.

Recóllese unha entrevista coa premiada co Biblos-Pazos de Galicia outorgado á xove estudiante de Filoloxía Hispánica, Berta Dávila, e á súa novela, *Bailareí sobre a túa tumba*. Dávila salienta a ledicia e responsabilidade que sinte ao ser premiada con este galardón así como a súa admiración polo escritor chairego Agustín Fernández Paz co que ultimará a novela que sairá publicada en galego e castelán.

- C. F., "Berta Dávila, premio Biblos con 'Bailarei sobre a túa tumba', unha obra sobre a 'xeración Xabarín", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Santiago", 19 xullo 2008, p. 46.

Faise eco do Premio Biblos-Pazos de Galicia outorgado á estudante de Filoloxía Hispánica Berta Dávila, coa súa novela *Bailarei sobre a túa tumba*. Dise que foi recoñecida como un expoñente da nomeada 'xeración Xabarín', da década dos oitenta á que ela pertence. Infórmase que o premio consiste nunha escultura, unha estancia dun mes na Casa do Bachao, un ordenador portátil e a titoría dun autor, nesta ocasión o escritor chairego Agustín Fernández Paz, co cal ultimará a súa obra.

- Alberto Couto,"A xente non sempre sabe o traballo que hai detrás do libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 xullo 2008, p. 48.

Entrevístase á gañadora do Premio Biblios-Pazos de Galicia, Berta Dávila. Coméntase que rematará a súa novela, *Bailarei sobre a túa tumba*, baixo a titoría de Agustín Fernández Paz. A autora fala sobre a marca xeracional da súa obra, a denominada xeración Xabarín, e sobre o proceso de creación literaria.

Díaz Fidalgo, Eduardo, *O señor da Meda*, limiar de Mª D. Aurora Vidal Caramés, Pontevedra: Editorial El Taller del Poeta, 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-92410-08-8).

Novela de Eduardo Díaz Fidalgo (Loñoá-Pereiro de Aguiar, Ourense, 1928) na que relata unha historia que lles escoitou a uns homes sendo aínda rapaz, tal e como explica na "Carta ó lector deste libro". No limiar, Aurora Vidal Caramés afirma que esta vella historia recuperada polo autor pode actuar coma un espello da triste realidade actual, na que aínda teñen cabida inxustizas coma a emigración, o terrorismo ou a guerra. A narración estrutúrase en dezaoito capítulos nos que se contan varios dos abusos cos que,

noutrora, un cacique coñecido coma o señor da Meda e mais o crego de Tramudán sometían as xentes da aldea do autor. Entre os veciños que sufriron os seus abusos atópanse O Chumino, un criado do que se desfixo o señor da Meda cando avellentou; "a bruxa Dorinda"; un estudante opositor ao que lle roubou un reloxo; o seu irmán Remixio; Euloxio, ao que lle tendeu unha trampa para acusalo de ladrón; o mestre Don Nicanor, ao que denunciou ante a Inspección de Ensino Primario, e mesmo o seu propio fillo, Xelo, a quen non lle deixou casar coa rapaza que quería por ser ela pobre. Será Xelo quen, unha vez morto seu pai, devolva aos veciños as terras arrebatadas polo cacique e restaure a prosperidade á que o vello lle puxera fin.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "Me enamoré de una señora llamada literatura", *La Región*, "Vox populi", 31 maio 2008, p. 12.

Dá conta da traxectoria literaria de Eduardo Díaz Fidalgo, de quen se achega unha entrevista na que fala do seu interese pola literatura e comenta que xa ten preparada para publicar outra novela, *Aprendiz de Cacique*, da que relata o argumento. Explica tamén que nas súas obras hai moitas anécdotas autobiográficas e que a maioría se centran na cidade de Ourense. Por último, fala sobre a novela *O señor da Meda* e comenta lembranzas da infancia.

Dobao, Antón, *Incertos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 251, 2008, 151 pp. (ISBN 978-84-9782-705-8).

Antón Dobao (Lugo, 1963) ofrece nesta súa primeira entrega narrativa unha serie de relatos que apuntan "ao horizonte do que non é predicíbel". Así, nestes trece contos dos que se compón *Incertos*, o extraordinario e o inesperado convértense, ademais do denominador común de cada un dos relatos, en marcas distintivas de vidas aparentemente normais. Os personaxes non son simplemente monecos nas mans dun fado caprichoso, senón que tecen a súa propia vontade, cos seus actos, desexos e temores, os camiños das súas vidas. Narratoloxicamente, os trece contos comparten un ritmo e unha estrutura moi semellantes, ademais de estar contados a través dun narrador en primeira persoa. Este encárgase de relatar unha situación cotiá onde a acción avanza mesturándose cos seus propios pensamentos e recordos. Porén, e de súpeto, xorde o cataclismo introducido por un proceso ou unha presenza inesperada. Cabe engadir a intención de denuncia que acompaña a cada un dos relatos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "O terror que nace dentro de un", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 32.

Fai referencia á primeira achega narrativa de Antón Dobao, *Incertos*, do que se sinala que é un libro de misterio que contén trece contos. De seguido, analiza as diferenzas entre o conto e o relato e comenta que os primeiros contos teñen influenzas de Xosé Luís Méndez Ferrín e Rafael Dieste, mentres que os contos do final do libro amosan

pegadas de Edgar Allan Poe. A continuación, vai destacando aspectos de cada un dos contos e, ao final, indica que o libro non ten unha estrutura pechada senón que amosa unha encrucillada, na que o individuo ten que loitar contra a soidade e a frustración da vida. Finalmente, afirma que a obra está escrita nunha lingua clara e nun ton de confidencia co lector.

- Ramón Nicolás, "Espazos e tempos de incerteza", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 266, "Letras en galego", 14 xuño 2008, p. 14.

Repasa a traxectoria poética de Antón Dobao e tamén a súa faceta de xornalista para salientar a nova obra publicada, *Incertos*, coa cal se estrea como narrador. Comenta que o libro consta de trece relatos cohesionados pola incerteza que manteñen todos os personaxes nunha atmosfera de misterio e, ás veces, onírica. Tamén asegura que os relatos están abertos á imaxinación do lector, contados en primeira persoa, onde o tempo tamén se pode moldear.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Lingua e nación son inseparables, ambas conforman Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 17 marzo 2008, pp. 30-31.

En primeiro lugar faise un percorrido pola traxectoria bibliográfica do escritor, lingüista, director e guionista de ficción da TVG X. Antón L. Dobao. Dise que publicou cinco poemarios, o libro de relatos *Incertos* (2008), participou no libro colectivo *Xuro que nunca máis volverei pasar fame* (2003) e en traballos sobre lingua e sociolingüística, que é tradutor e colabora en *Vieiros* e *A Trabe de Ouro*. A seguir, na conversa comenta que o seu poemario *Cando o ollar comeza a doer* (2007) está escrito nun lapso de tempo concentrado, polo que a súa unidade é contundente; pero, que o poemario *Materia* (2005), porén, é a confluencia de escritas diversas en momentos, tempos e situacións vitais diferentes, e que é o resultado dunha escrita delongada no tempo polo que non ten unidade formal nin de contidos. Sinala que a súa poesía se caracteriza por explorar sempre as pontes tendidas entre o individual e o social e formalmente tenta desfacerse da rixidez. Opina que dende o Rexurdimento lingua e nación son inseparábeis, que conforman Galicia e que a lingua é expresión das vidas e das relacións sociais. Anota que neste momento ten unha novela a medio escribir e outras dúas ou tres rondándolle na cabeza. Cre que a escrita literaria en galego constrúe nación independentemente da posición política do autor, así pensa que toda literatura é comprometida e que o estado actual da literatura galega é de vitalidade e variedade.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Libros", 27 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, "Letras galegas", 5 abril 2008, p. 11.

Breve achega ás obras de Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*; *Xosé María Álvarez Blázquez*, de Henrique Rabuñal; e *Incertos*, de Antón Dobao, do que se di que se trata dun conxunto de trece historias nas que o extraordinario e inesperado é o "distintivo".

- M. Dopico, "A vertixe do imprevisible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2008, p. 35.

Achega as palabras de Antón Dobao sobre cómo lle naceu a idea de crear a súa ultima obra, *Incertos*. Informa que será presentada na Feira do Libro de Santiago e salienta que é o primeiro libro de relatos do autor. Dobao comenta que o seu libro intenta amosar a sensación de soidade e de frustración que vive a sociedade actual, debido á falta de comunicación. Tamén destaca outro tema que aparece no libro que é o mundo do traballo visto como un "espazo de alienación".

- Xosé Carlos Caneiro, "Crónica obsesión", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Fai unha revisión dunha lista de novelas, tales como: *Pan e Coitelo*, de Bieto Iglesias; *As mellores intencións*, de Begoña Paz; e dos contos que compoñen a obra de Antón Dobao, *Incertos*, do que salienta o seu carácter "mistérico, envolvente, tenaz e sorpresivo".

Fernández, Miguel Anxo, *Tres disparos e dous friames*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 259, 12 maio 2008, 227 pp. (ISBN: 978-84-9865-094-5).

Novela policial de Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) estruturada en vinte capítulos numerados e intitulados que transcorren en cidades dos Estados Unidos (Hollywood, Malibú, Boston) e a Polinesia. O narrador-protagonista en primeira persoa é Frank Soutelo, un detective de orixe galega que vive en Malibú, que se dirixe en numerosas ocasións ao lector e ao que axudan o seu "negro" e o seu editor, que intentan reprimilo cando utiliza unha linguaxe demasiado coloquial. A aspirante a actriz, Sarah Moore, acode ao despacho de Frank Soutelo para primeiro deitarse con el e despois encargarlle un traballo: quere desenmascarar ao famoso produtor de cine Peter Marine do que estaba recibindo abusos sexuais. Entón el failles unhas fotos practicando sexo para ensinarllas á súa muller Devorah, pero esta nin se inmuta e ten unha relación sexual con Soutelo. O detective decide levarllas ao propio Marine para extorsionalo, pero para iso ten que facerse pasar por guionista e facerlle as beiras á súa secretaria, Carla, que se lle insinúa descaradamente. Cando vai recoller os cartos que lle esixiu a Marine, entran Sarah e Devorah, esta pégalle dous tiros ao seu marido e deixa inconsciente a Soutelo. Cando este esperta, Sarah Moore, está morta, a policía pecha o caso determinando que Sarah fora a asasina de Marine e que despois se suicidara, pero el decide seguir investigando para recuperar os cartos que ía recibir. A nai de Sara contrata un detective para esclarecer o asasinato, pero este é asasinado tamén pouco despois de chamar a Soutelo con novas sobre o caso, polo que decide visitar á nai de Sarah, que lle confesa que a súa filla sufrira abusos sexuais do pai cando era pequena e agora quería vinganza. Descobre que Devorah reside na Polinesia, polo que decide aliarse con Sugar Jones, dono dun tanatorio que utilizaba os mortos para esconder cartos e mercadorías ilegais, ao que a viúva lle debía os cartos do enterro do home. Cando chegan a Tahití descobren que Carla é un home, porque o atopan facendo o amor con Devorah. Deste modo Soutelo chega á conclusión de que foi "Carlo" o que matou a Sarah, así que os até e chama á nai da rapaza para que tome a xustiza pola súa man, deste modo el recupera os cartos grazas a Sugar e decide celebralo invitando a cear á súa secretaria Pat.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Terceira aventura do detective Frank Soutelo", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Cultura", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 26.

Menciónase a nova novela protagonizada polo detective Fran Soutelo que acaba de publicar Miguel Anxo Fernández, *Tres disparos e dous friames*. Sinálase que esta novela, editada por Galaxia, centra a súa trama nunha serie de vinganzas persoais, nas que se verá involucrado o detective Frank Soutelo. Pola súa banda, o narrador amosa unha actitude despegada e crítica con toques de ironía e ocorrencia.

- Montse Pena Presas, "Volve Frank Soutelo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 257, "Libros", 4 setembro 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 198, "Letras galegas", 13 setembro 2008, p. 10.

Sinala que o detective Frank Soutelo xa é un personaxe coñecido doutros relatos previos e que volve aparecer na novela *Tres disparos e dous friames*. Salienta que, igual que en obras anteriores protagonizadas por este detective, está presente a intriga, o sexo e os axustes de contas e, como novidade, cóntase cunhas escenas cinematográficas cun ritmo trepidante.

- Martín Pawley, "Retorno ao negro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 9.

Achega á novela negra galega con motivo da publicación de *Tres tiros e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández. Saliéntase como unha das súas características a fidelidade ao xénero, aínda que cunha clara vontade culturalista. Lémbranse algúns dos títulos máis destacados desta modalidade literaria dende *Crime en Compostela* (1984), de Carlos Reigosa, pasando por *A chave das noces* (1987), de Xabier P. Docampo; *Unha noite con Carla* (1995) e *Á de mosca* (1998), ambas as dúas de Aníbal C. Malvar; *Ollos de auga* (2006), de Domingo Villar; até *Baixo mínimos* (2004) e *O cidadán do mes* (2006), de Diego Ameixeiras. No que á obra de Fernández se refire, explica que esta é a terceira entrega dunha triloxía, na que xa viron a luz *Un nicho para Marilyn* (2004) e *Luar no inferno* (2006). Repásase o argumento da obra e as principais peripecias vividas polo protagonista, así como os lugares nos que ten lugar a acción, na que o desenlace é "máis ben basto, moi representativo do ton desenfadado, paródico e un chisco perralleiro do conxunto", pois considérase que o autor busca fundamentalmente entreter.

- Rodri García, "Soutelo e as estrelas de Hollywood", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "Letras en galego", 8 novembro 2008, p. 10.

Indica que Miguel Anxo Fernández acaba de publicar na Editorial Galaxia a novela *Tres disparos e dous friames*, un relato de corte cinematográfico no que se atopa unha vez máis a Frank Soutelo, un detective que lle leva un toque galego aos Ánxeles con pratos típicos de Galicia. Dise que é unha novela sinxela na que se persegue a implicación do lector e na que o autor describe con todo detalle os aparellos que emprega un detective. Considérase que o resultado é unha obra "divertida e provocadora de risos e sorrisos", unha peza incluída na literatura de consumo.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Estar na literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Club dandi", 26 xullo 2008, p. 11.

Confesa a admiración que sente por Vladimir Nabokov do que Factoría K traduciu *Lolita*. A continuación gaba tres obras: *Tres disparos e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández de quen asegura que leva camiño de converterse nun dos clásicos do xénero negro galego; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro; e *Da beleza*, de Zadie Smith.

- Camilo Franco, "Con Soutelo aspiro a que o lector se divirta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "A entrevista", 28 xuño 2008, p. 13.

Entrevista a Miguel Anxo Fernández sobre a súa última novela, *Tres disparos e dous friames*, baseada nas aventuras dun detective que reside nos Estados Unidos. Fernández dá conta do que ofrece esta obra e analiza ao protagonista da mesma: Frank Soutelo. Afirma que lle gustaría que o seu libro se difundise tamén nos quioscos e considera que o obxectivo da novela é gustarlle aos lectores e que estes se divirtan. Por último, asegura que a Soutelo aínda lle quedan moitos casos por resolver e que irá envellecendo nas súas obras.

Fernández Mallo, Marcelino, *A trenza*, Santiago de Compostela: Ensenada de Ézaro Ediciones, col.Galego, 2008, 315 pp. (ISBN: 978-84-936461-3-4).

Marcelino Fernández Mallo (A Coruña, 1961) reconstrúe nesta novela en dúas partes a vida do funcionario Mario Quintela o cal, acusado do homicidio frustrado da súa muller, vese obrigado a comezar unha nova vida tras o seu paso polo psiquiátrico no que é internado. Na primeira parte e a partir das conversas que mantén coa psicóloga da prisión de Teixeiro, Araceli Mosquera, Quintela fala da relación que mantén con Helena, avogada dunha ONG que trata de axudar ás reclusas dos cárceres galegos. Explica como o seu matrimonio entra en crise ao esta implicarse de xeito moi activo no caso de Eva, nai de dúas fillas e encarcerada por un motivo de drogas por mor da súa parella Roberto, alcumado o Coronel polo seu pasado militar. Para explicar todo o tecido de relacións que se estabelecen entre os distintos personaxes, o autor válese dun narrador omnisciente e de continuos flash-backs que rememoran o pasado do personaxe. Na segunda parte, que transcorre tres anos despois da primeira, trátase a vida de Quintana xusto tras a súa saída do centro mental no que é recluído. Nesta parte fálanse das novas persoas que configuran a vida do funcionario e na que ten un peso moi específico a figura da prostituta Sheila; persoanxe que cobra un gran protagonismo nesta segunda parte. Segundo a acción avanza o protagonista darase conta que estes novos personaxes non o son tanto e que xa formaran parte do seu pasado tanto de xeito directo como indirecto. Nesta ocasión os antecedentes dos personaxes aparecen evocados a través dos recordos mentais destes, pero sen explicitarse en xeito de flash-backs como na parte anterior. A toda esta trama hai que sumar o trasfondo social de novela, posto que Fernández Mallo aproveita a historia dos distintos protagonistas e das súas experiencias vitais para retratar a vida no cárcere, nun centro psiquiátrico, nun prostíbulo ou nun hospicio; asemade de tratar temas como o conflito en Chiapas ou a morte de Xoan Pablo II. Todo isto co telón de fondo das cidades de Santiago e da Coruña, da que se citan lugares facilmente recoñecíbeis paras os lectores.

Referencias varias:

- Lara F. Baldomir, "La literatura nace de la realidad", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 30 setembro 2008, p. 16.

Coméntanse diversos feitos relacionados co mundo da literatura. En primeiro lugar fálase da presentación da obra do economista Marcelino Fernández Mallo, *A trenza*. Dise que esta novela trata da tumultuosa traxectoria do seu protagonista, Mario Quintela. Coméntase que no acto estivo presente a poeta Yolanda Castaño. En segundo lugar fálase da presentación da obra *El síndrome de Mowgli*, de Andrés Pérez Domínguez, novela pola cal recibiu o premio Luís Berenguer. E por último fase referencia ao premio Meiga Moira de literatura infantil, que se concedeu a Xabier López Rodríguez pola obra *Os globos de andar*.

Freire Cordeiro, Carlos, *Acompañamento para fuga*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 27, 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-936001-2-9).

Carlos Freire (Pontevedra, 1970) válese de oito relatos cheos de motivos psicolóxicos para compoñer a obra, na que cada un deles conta cunha voz narrativa característica (en primeira ou terceira persoa) que pode coincidir, ou non, coa dos personaxes. Os acontecementos tratados neste conxunto de relatos son de moi diversa natureza: dende o nacemento da humanidade até a vida nas cavernas ou a presenza de cadáveres nas rúas. Todo adornado con saídas nocturnas, romarías e músicos, que lle dan á obra un ton particular. Os relatos titúlanse: "Os tres primeiros minutos da humanidade", "Migracións", "Acompañamento para fuga", "Tránsito de Venus", "Voigtländer", "Azul metalizado", "A pementa está no ar" e "Inmortalicidio".

Recensións:

- Armando Requeixo, "Fugas centrípetas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Libros", 5 xuño 2008, p. V/"Fugas centípedas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, "Letras galegas", 14 xuño 2008, p. 10.

Dá conta da nova achega de Carlos Freire Cordeiro, *Acompañamento para fuga*, editado por Biblos Clube de Lectores. Indica que se trata dun libro de relatos cheo de matices psicolóxicos na caracterización dos personaxes, cunha intriga sostida e un final sorprendente. A seguir, fai referencia aos aspectos temáticos onde prima a heteroxeneidade e tamén ao estilo, do que afirma que é equilibrado e lonxe dos excesos verbais. Por último, salienta a trama da novela e destaca a Carlos Freire como un narrador con dotes para contar este tipo de historias.

Referencias varias:

- María Conde, "Trato de entender un pouco cal é o ser humano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 6 xuño 2008, p. 39.

Comenta que o escritor Carlos Freire vai presentar o seu segundo libro, *Acompañamento para fuga*, no que presenta oito relatos ambientados na súa localidade natal. Freire explica por qué escolleu o xénero do relato curto e comenta que as historias non están unidas aínda que hai varios temas que se repiten. Indica que pretende sorprender ao lector e salienta a retranca e o humor da obra. Por último, asegura que as súas obras antes de publicalas pasan por moitas revisións e, incluso, di que houbo contos que se eliminaron.

- M. J., "Carlos Freire, as palabras ao servizo dunha historia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 xuño 2008, p. 84.

Fai referencia á última novela editada por Biblos, *Acompañamento para fuga*, de Carlos Freire, que recolle varios contos do escritor redactados ao longo de oito ou nove anos. En palabras de Freire, comenta que a súa pretensión foi a de engaiolar ao lector e sorprendelo co final do relato, ademais indica que os temas son moi variados. A continuación comenta que na obra lembra a algúns escritores como Julio Cortázar, Antón Chéjov, Carlos Casares ou Eduardo Blanco Amor. Por último, informa sobre o acto de presentación do libro.

Gayoso, Xosé M., *Os fíos do titiriteiro*, Lugo: A Gracia-VeniaiSEdiciónS, 2008, 135 pp. (ISBN: 978-84-612-0913-2).

O narrador desta novela de Xosé M. Gayoso (Lugo, 1960) vai intercalando diferentes historias e protagonistas como se fora un titiriteiro que domina cos seus fíos aos seus bonecos. Marcial é ese personaxe que presenta as historias de Xosé Antón, Sara, Neves, Xulio, Alberte, etc. O lugar de Pacios vertebra os diferentes acontecementos que aparecen ao longo do libro, converténdose no fío que lle dá sentido a todas as historias. Entre os diferentes relatos destaca o do amor imposíbel de Xosé Antón, un rapaz libreiro que está nunha cadeira de rodas, por Tareixa, quen á súa vez bebe os ventos por Alberte, un home que a penas lle fai caso. Xunto a esta historia aparece a de Neves e Xulio, a violación desta por parte de Víctor, coa conivencia de Xulio. E outros relatos máis, cheos de amores frustrados e coa paixón e o sexo como elementos fundamentais, como son as historias de Borja e Estívaliz, ou a de Nélida e Abelardo. O narrador intervén en primeira persoa ao longo da novela, destacando a presenza do titiriteiro Marcial, o cal leva no seu saco monicreques e bonecos, que son os personaxes que deambulan polo relato contando as súas vivencias.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Entre o real e o imaxinario, unha novela anti-Balzac", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Cultura", 6-12 marzo 2008, p. 32.

Comenta a novela de Xosé M. Gayoso, *Os fíos do titiriteiro*, e compara algúns aspectos dela con outras obras literarias. Afirma que na obra se nota a pegada da Nova Narrativa e salienta o carácter ficcional da mesma. Indica que o autor reflicte a vida como ficción, cunha galería ampla de personaxes que se presentan como títeres e cunha técnica moi complexa. Así mesmo, afirma que o narrador tamén contribúe á confusión e, cara ao

final da novela, indica que van aparecendo as reflexións metaficcionais. Por último, asegura que se trata dunha novela "anti-Balzac".

Iglesias, Bieito, *Pan e coitelo. Novela moi moral*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 256, 2008, 141 pp. (ISBN: 978-84-9865-035-8).

Novela de detectives de Bieito Iglesias (Ourense, 1957) que se abre cunha dedicatoria seguida duns agradecementos e nota do autor na que salienta o feito de que a súa novela non obtivo ningún galardón. Por medio dun narrador omnisciente preséntanse ao lectorado os personaxes principais: o Conselleiro Carrodeguas e o detective Renato Nóvoa. A historia xira ao redor do homicidio de Odilo, o chofer do conselleiro. Este solicita ao detective Nóvoa que investigue quen o fixo e promételle unha elevada contía se o acada. Tras unha serie de indagacións Nóvoa desenmascara aos malfeitores pero eles tamén o descobren a el. Nóvoa consegue mandar un deles ao cárcere pero o seu compañeiro secuéstrao e tortúrao para vingarse del. Pese a todo, o relato ten un final moi positivo. A historia vén acompañada por unha serie de ilustracións que se corresponden con dúas aventuras da serie cómica, "Mandrake the Magician", coas viñetas grafadas en lingua italiana. Este cómic compleméntase co relato en gran medida, xa que forma parte intrínseca do fio argumental da novela. Péchase o volume co índice dos capítulos, trinta e un en total.

Recensións:

- Ruth López, "Iglesias comete un crime perfecto", *El Progreso*, "Vivir", 5 maio 2008, p. 71.

Comenta a última novela de Bieito Iglesias, *Pan e coitelo*, baseada nun relato policial que mostra estampas políticas da última etapa de Manuel Fraga no poder. Indica que hai unha mestura de escenas costumistas, retrato de familia, crónicas de viaxes, etc. e pasa a falar doutras obras anteriores de Bieito Iglesias. Fai referencia a *Amor e música lixeira* (2004), *A historia escríbese de noite* (2001) e *Miss Ourense* (2002). Na parte final, salienta outras obras do autor e tamén destaca o seu labor de tradutor e colaborador en medios de comunicación.

- Francisco Martínez Bouzas, "Fin dunha xeira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Libros", 29 maio 2008, p. V.

Celebra a volta de Bieito Iglesias ás librarías coa súa novela *Pan e coitelo*. Define a súa traxectoria literaria e afirma que este novo libro mantén a súa escrita precedente. Indica que a obra trata "en clave sardónica e esperpéntica" a Galicia actual, concretamente na figura do presidente da Xunta e os seus conselleiros. Comenta que se trata dunha historia de humor e, á vez, detectivesca. En canto aos aspectos formais, salienta as estruturas fragmentarias e desintegradas, e a linguaxe propia de Bieito Iglesias, aínda que corre o risco de non ser entendida por todos os lectores.

- Xosé M. Eyré, "Parodia dos anos do fraguismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 32.

Afirma que Bieito Iglesias é un dos escritores que non cren na escrita mais si cren nos lectores e esta afirmación demóstraa na súa última novela, *Pan e coitelo*, publicada por Galaxia. Indica que a historia que se conta nesta obra é unha parodia da vida, concretamente dos anos do fraguismo. Os personaxes son arquetipos e a obra divídese en trinta e un capítulos que presentan uns títulos significativos. Comenta que a ironía e o humor son dous aspectos destacábeis e compara partes da novela coa banda deseñada.

- Armando Requeixo, "Dolcezza rabuda", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proTagonista", "Narrativa", verán 2008, p. 10.

Comézase considerando como unha voz propia e inconfundíbel a de Bieito Iglesias no panorama galego, na que a vizosidade verbal e o dominio humorístico son os principais piares. Considera que ao longo da súa obra ten demostrado un gran dominio da lingua, tanto polos diferentes rexistros como pola retranca que lle imprime. A seguir céntrase en *Pan e coitelo*, da que destaca o hibridismo entre o policial e o tremendismo do cinema de serie negra. Delinea o fío argumental da obra, que desenvolve fundamentalmente a perversión da ética para conseguir levar unha vida regalada. O crítico cre adiviñar unha forte influencia do Paulo Mandrake de Rubem Fonseca, malia que non lle pareza que "empasten axeitadamente coa narración textualizada", do mesmo xeito que lle parece pouco adecuada a lingua "de seareiro pescantín" que empregan os políticos que aparecen na noveleta. Conclúe que malia estes desaxustes *Pan e coitelo*, dado o xenio do autor "é capaz de facer posible o imposible".

- Ramón Nicolás, "Entre a sátira e o relato policial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 269, "Letras en galego", 5 xullo 2008, p. 14.

Salienta a mestría de Bieito Iglesias como escritor e dá conta da última novela, *Pan e coitelo*, publicada por Galaxia. Indica que esta obra introduce algunhas novidades na escrita de Bieito Iglesias, como o ton paródico con que está narrada e tamén o rexistro lingüístico no que emprega a fala popular cargada de expresións fraseolóxicas. Así mesmo, destaca as descricións sinxelas e afirma que este libro é unha homenaxe á banda deseñada, concretamente, á obra *Mandrake the Magician*, de Lee Falk, xa que reproduce dúas historias en italiano.

- Xavier Castro Rodríguez, "Un exército de sombras na recente historia galega", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 18 outubro 2008, p. 2.

Faise mención á mestura de asuntos importantes (como "a política, o diñeiro, o sexo, a vida, a morte…") con pequenos asuntos, que teñen lugar nesta obra de Bieito Iglesias, Sinálase que esta variedade temática vén conxugada con toques de ironía, humor, sátira e incluso crítica, dando lugar, segundo afirma Bieito, a unha "novela moi rural".

Referencias varias:

- M. Dopico, "Unlla e carne", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2008, p. 37.

Informa da presentación do libro de Bieito Iglesias, *Pan e coitelo. Novela moi moral*. Comenta que se trata dun libro no que se mesturan moitos temas, aínda que basicamente, a historia é unha sátira sobre a etapa final do "fraguismo". Dá conta dalgunhas das accións desenvolvidas polos personaxes e comenta a historia dos dous

protagonistas.

- Fran P. Lorenzo, "Bieito Iglesias artella unha vibrante colaxe narrativa en 'Pan e coitelo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 maio 2008, p. 67.

Dá conta da presentación do novo libro de Bieito Iglesias, *Pan e coitelo*, na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago, e editado por Galaxia. Achega os comentarios de Víctor Freixanes e máis do poeta Paulino Vázquez, presentes no acto, os cales destacan o tema do libro, a radiografía que fai do fraguismo, e tamén a construción da historia.

- Luís González Tosar, "Ás voltas con Blanco-Amor", *El Correo Gallego*, 1 xuño 2008, p. 2/*Diario de Pontevedra*, 2 xuño 2008, p. 12/*El Ideal Gallego*, "Ao raiar o sol", 1 xuño 2008, p. 27

Dá conta dalgunhas das lecturas que está a facer e entre as que se atopa a obra *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias e tamén *A vida nova de madame Bovary*, de Xosé Carlos Caneiro. Por último, comenta que o tradutor e anotador de Juana de Arco foi Eduardo Blanco Amor.

- Marcos Valcárcel, "Bieito Iglesias", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 12 xuño 2008, contracuberta.

Salienta o exercicio literario de Bieito Iglesias e fai referencia a súa última novela *Pan e coitelo*. Afirma que na obra hai moitos datos biográficos e que o relato se presenta en clave satírica. Destaca o sentido do humor, a riqueza da linguaxe e a ausencia de impostura.

- Marcos Valcárcel, "Os espazos de 'Pan e coitelo", *La Región*, "Pan por pan", 13 xuño 2008, p. 77.

Comenta que a obra de Bieito Igleisas, *Pan e coitelo*, está ambientada en Ourense e dá conta dos distintos espazos da cidade que aparecen na novela.

- Lara Rozados, "Nesta novela conseguín o crime perfecto", *A Nosa Terra*, n.º 1.315, "Cultura", 19-25 xuño 2008, p. 31.

Achégase unha entrevista realizada a Bieito Iglesias sobre a súa última novela, *Pan e coitelo*, caracterizada como novela policial e sátira da historia actual galega. Bieito Iglesias comenta que a anécdota da obra está baseada nun feito real e chea de elementos satíricos e caricaturescos. A seguir, contrasta a dous dos personaxes fundamentais: o conselleiro Carrodeguas e o detective Renato, e tamén fai referencia a algúns aspectos autobiográficos da obra. Así mesmo, dá conta da orixe dalgunhas fontes tomadas do mundo do cinema e refire tamén o aspecto musical da novela. Afirma que xa traballou co xénero policial noutras ocasións e indica que está a preparar outra historia de crimes. Por último, fala da estrutura da novela en trinta e un capítulos e explica por qué introduciu o cómic e Lee Falk, *Mandrake the magacian*, no medio da novela.

- Iago Martínez, "Os americanos teñen un exército que universaliza a súa literatura", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proTagonista", verán 2008, pp. 8-11.

Conversa con Bieito Iglesias con motivo da publicación da súa última novela *Pan e coitelo*, na que comeza criticando aos autores que se queixan de non recibir premios polas súas obras, explica que a súa novela ten como protagonista a un conselleiro do fraguismo, que é o branco da sátira e arquetipo dunha época. Refírese tamén á pegada psicolóxica que deixou a emigración en Galicia, en especial na súa familia. Critica a tendencia a menosprezar as formas breves da escrita, por sentir que como literatura emerxente que foi, o sistema literario galego quere comportarse como unha literatura adulta e facer produtos tan voluminosos como os *best sellers*. Refírese ao papel da crítica, que debería falar abertamente das obras de mala calidade, pois en Galicia non "hai un gran mercado nin hai unha gran crítica". Fala da súa xeración e do descontento xeral, da importancia da Universidade como "illa nun océano de reacción e conservadurismo", da influencia do cine e da música e do cómic. Lembra as súas lecturas de novela policial na xuventude e as pegadas que o xénero deixou noutras das súas novelas. Tamén explica o emprego que fai do galego coloquial e a necesidade de verosimilitude que precisa a lingua, confesa que se sente incómodo como escritor nunha lingua periférica, entre outros aspectos porque para triunfar é preciso pasar por editoras madrileñas ou catalás, polo que o modelo a seguir sería o de Ibsen, un escritor en noruegués que triunfou en todo o mundo. Remata explicando que escribiu en castelán a súa novela *Bajo las más bellas estrellas* (1999) para demostrar que podía manexar máis rexistros que o galego.

- Ana Salgado, "Contra os días santos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proTagonista", verán 2008, p. 9.

Con motivo da publicación da novela *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias, faise unha achega á súa traxectoria literaria, na que se introducen trazos da personalidade do autor presentes na obra. Comeza referíndose á súa non adscrición a ningún grupo, á súa orixe ourensá ou á presenza das cidades de Ourense e Santiago no seu universo literario. Alúdese a que publicou algúns poemas na revista *Dorna* e que iniciou a súa carreira literaria en 1991 con *Aventura en Nassau*. Do seu estilo destaca a querencia do autor por achegarse á burguesía dende a sátira, como nos títulos *A historia escríbese de noite* (2001) ou o último *Pan e coitelo*. Como constantes na súa obra sinala o gusto por darlle a volta aos mecanismos ficcionalizadores, a escolla do espazo periférico, o emprego da ironía e a loita contra a indiferenciación emanada da orde política mundial, entre outras. Outro dos trazos máis sobranceiros da escrita do autor dise que é a riqueza lingüística nunha prosa xornalística "incomprancente", así como a súa querencia polo antiheroe, características que o fan sentirse na escrita máis próximo do Blanco Amor que voltou á Auria onde case ninguén o coñecía que da súa propia xeración.

- Xosé Carlos Caneiro, "Crónica obsesión", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Comeza salientando a existencia dunha literatura creada por mulleres e pregúntase se en realidade se están a buscar novas autoras e non novas novelas. De seguido, recomenda a lectura da obra de Bieito Iglesias, *Pan e coitelo* e salienta a calidade literaria do escritor, a excelencia ficcional mais critica o seu servizo á cultura de masas. Tamén comenta *As mellores intencións*, de Begoña Paz, e *Incertos*, de Antón Dobao.

.

- Jaureguizar, “Militancia nun pasado que non é o que era”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Ollo mol”, 7 xullo 2008, p. 63.

Comeza falando sobre a novela histórica e afirma que en Galicia non se escriben moitas novelas que traten o tema da historia do país. Considera que os escritores deben escribir sobre a historia presente e dá o exemplo da obra de Bieito Ledo, *Pan e coitelo*, centrada na figura dun conselleiro de cultura obsesionado cos cartos.

- Vicente Araguas, “Todo vale”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 510, 7 decembro 2008, p. 20.

Afirma que se trata dunha novela “divertida como un conto rápido e gustoso, intelixente cal unha olla de cuco e niño alleo” e tamén destaca a mestura de xéneros que alí concorren, tales como o cómic, o cinema e a canción popular. Indica que a liña argumental se basea nas tiras do “fumetti” Mandrake, pero non só se basea a obra na enumeración de personaxes senón que os relaciona e os fai vivir situacións que poden chegar a ser esperpénticas.

Iglesias, Xabier, *Daniel e a Porta do Ceo*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 30, 2008, 205 pp. (ISBN: 978-84-936607-1-0).

Esta nova novela de Xabier Iglesias (Monte Alto, A Coruña, 1967) está ambientada na Galicia do século XII, concretamente no ano en que Mateu remata a Porta da Gloria. A novela narra as aventuras dun frade bieito, Daniel de Leire. Ao pouco de nacer foi abandonado no mosteiro de San Salvador de Leire. Despois de criarse entre os frades e descubrir un pergameo co seu nome e un símbolo, Daniel decide pescudar o misterio da súa orixe. Con este obxectivo, deixa a súa casa en Leire. No camiño a Compostela é secuestrado por uns piratas que o embarcan para Tánxer. Durante esta viaxe sofre un naufraxio e despois de visitar diferentes lugares chega a Compostela onde busca a protección do abade Bernaldo. Porén, será Mateu, o Mestre canteiro da catedral, quen acabará convertido no seu guía e defensor nunha cidade con moitos misterios. O autor presenta a Daniel como un rapaz que se move entre a determinación e a inxenuidade, entre a ousadía e a inconsciencia, como alguén que arrisca a súa vida e a dos que o rodean intentando descifrar o significado oculto do símbolo que o acompaña dende o seu nacemento. Este símbolo descóbreo inscrito na pedra da catedral e, desta maneira, adquire unha nova dimensión. No transcurso da busca da súa orixe, Daniel terá que relacionarse coas persoas que dirixen na sombra os destinos da cidade de Compostela: relixiosos, canteiros, herexes priscilianistas e mesmo o arcebispo Pedro de Deza. Moitos destes personaxes secundarios intentarán por todos os medios que Daniel non descubra a súa verdadeira identidade. Desta maneira, Daniel acaba converténdose no eixo vertebrador da novela e da historia e, segundo avanza a novela, vai coñecendo o seu pasado familiar, ao mesmo tempo que descobre unha Compostela medieval que se rexe polas manifestacións relixiosas, o poder oculto, o amor e a vinganza. Ao final da historia descobre a súa verdadeira orixe e tamén resolve o misterio da porta do ceo.

Jabois, Manuel, *A estación violenta*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, 2008, 165 pp. (ISBN: 978-84-936460-1-1).

Novela do xornalista Manuel Jabois (Sanxenxo, 1978) que relata o reencontro de tres amigos da mocidade, anos despois dun verán que marcou un punto de inflexión nas súas vidas. Dous deles, Claudia Córdoba e David Damoige, casaron e o que prometía ser un matrimonio feliz está totalmente crebado, en gran medida polo cancro da muller e a súa adicción á heroína. O terceiro amigo é o narrador omnisciente desta sorte de *nouvelle*, é un xornalista dun xornal gratuíto. Grazas á súa voz narrativa, ao longo de oito capítulos, coñecemos os acontecementos que se desenvolven tras a reaparición na súa vida do matrimonio Damoige, que tencionan recuperar un pasado esvaecido para sempre, así como a súa historia pasada en común. A cidade onde se desenvolve a acción é outro personaxe máis, pois foi dela de onde fuxiron, e onde volveron tras a súa estadía en París. Claudia, enganou ao seu home na noite de vodas con Dante, unha sorte de francés bohemio xa entrado na cincuentena. A relación entre Claudia e Dante é o carozo dos problemas do matrimonio. Tras a volta do matrimonio Damoige, Dante volve a aparecer nas vidas dos amigos como amante de Claudia, para finalmente se descubrir unha sorprendente conexión entre o seu pasado e o da señora Damoige.

Jaureguizar, Santiago, *O globo de Shakespeare*, Premio do Certame de Creación Literaria Terra de Melide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 259, 2008, 211 pp. (ISBN: 978-84-9782-915-1).

Novela realista de Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) que se estrutura en doce capítulos, con títulos de obras de William Shakespeare. A través dun narrador omnisciente en terceira persoa coñécese aos distintos personaxes que terán protagonismo ao longo da narración. O lugar clave é o Pazo de Ribadeo, onde convive a familia Pérez-Barnes, composta polo pintor Leandro e o seu fillo, Ricardo, un actor separado da súa muller, Rosalía, e con tres fillos, que acostuma facer escenificacións shakesperianas no soto do pazo, contando coa presenza de Micaela, unha prostituta, como único público. Alí tamén convive a criada, Celia, a señora Quickly, que mantén vivo o recordo de Frank Rilo, o mozo de xuventude, e que verá alterado o seu día a día cando a investigadora Hiltrud se instala na casa para realizar esculcas sobre os fondos bibliográficos, nos que aparecerá o manuscrito do primeiro *Hamlet.* Tamén en escena está o matrimonio formado por Adriana e Eusebio Pontella, escritor de éxito e gañador do último Premio Martín Codax de Novela. A medida que a trama avanza, perfílanse os caracteres dos seus personaxes a través do humor, a mentira e o sarcasmo, onde os sentimentos latentes (xenreira e amor, fundamentalmente) darán pé a un tráxico desenlace tras a viaxe á Stratford-upon-Avon, terra natal de Shakespeare.

Referencias varias:

- M. B., "O libro parte da historia dun militar do século XVI", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 26.

Informa que o escritor Santiago Jaureguizar acaba de gañar o premio de creación literaria Terra de Melide, pola súa novela *O globo de Shakespeare*, que será publicada por Xerais. De seguido, achega unha entrevista feita a Jaureguizar quen fala sobre cómo naceu a idea de crear a obra a partir dun suceso histórico e afirma que comezou a escribila en 2005. Así mesmo, valora de xeito positivo a existencia dos premios literarios.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Coméntase a publicación de títulos como o que nos ocupa, *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar, así como d'*A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; ou *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal. Sinálase a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias das novidades da literatura galega como *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, entre outras.

- J. R., "O globo de Shakespeare se venderá en breve en todas las librerías", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 33.

Informa da chegada ás librarías da ultima obra de Santiago Jaureguizar, *O globo de Shakespeare*, que foi gañadora do VIII Premio de Narrativa Terra de Melide. Destácase que nesta novela o lector poderá atopar unha historia de intriga sobre o espectáculo.

- C. F. "Eu son o único autor galego que quere vender libros", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 decembro 2008, p. 50.

Breve entrevista ao escritor Jaureguizar por mor da publicación da súa última novela *O globo de Shakespeare*. Destácase que a novela é unha mestura de xéneros, pero con dúas liñas: intriga ao redor dun manuscrito de Shakespeare e outra unha reflexión sobre a relación de xerarquía nun grupo pequeno de persoas.

- Xosé Ramón López Boullón, "Cultur.gal", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 10 decembro 2008, p. 5.

Dáse conta da feira Cultur.gal e das actividades que abrangue, como os proxectos de literatura infantil, as novidades editoriais do eido literario galego e as presentacións de libros, entre os que cómpre salientar *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar, entre outras obras. Destácase o obxectivo da feira de favorecer a cooperación entre as empresas culturais e as de novas tecnoloxías.

Lema, Alberto, *Unha puta percorre Europa*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Illa Nova, n.º 9, 2008, 122 pp. (ISBN: 978-84-9865-089-1).

Esta novela de Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975) relata o plan ideado por dúas mozas que deciden poñer fin á opresión sufrida pola muller na sociedade dende unha posición radical e destrutiva. Está narrada en terceira persoa e composta por numerosos personaxes que se van involucrando na trama pouco a pouco. As dúas mozas radicais teñen éxito co seu plan ao conseguir que a sociedade lles preste atención e ao acadar que outras mozas sigan o seu exemplo, pero a evolución do caso toma un rumbo diferente logo de ser posto en mans das autoridades e dos medios de comunicación, que manexan a información ao seu antollo, para así continuar ignorando un problema que sempre existiu. O título, que parece referirse a un só personaxe, unha puta, representa, non obstante, a todas as prostitutas, concretamente aquelas que se unen á reivindicación feminista iniciada por dúas delas. A novela está narrada en presente e vai alternando as

vivencias dos diferentes personaxes que se van unindo á trama. Desenvólvese en Santiago de Compostela e nos seus arredores. A linguaxe é coloquial nos diálogos e o ritmo narrativo áxil.

Recensións:

- María do Cebreiro Rábade Villar, "O persoal é político", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 90-91.

Crítica da obra *Unha puta percorre Europa*, de Alberto Lema, editada por Galaxia e protagonizada polas prostitutas Ada e Luz, que teñen algo de meigas. Na obra, Lema leva a cabo un exercicio de ficción política, no que se tenta crear suxeitos políticos (neste caso, a parella protagonista). Unha novela que, segundo María do Cebreiro, "inclúe un manifesto nas súas páxinas".

- Xavier Cordal, "Unha puta percorre Europa', de Alberto Lema", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2008, pp. 129-131.

Coméntase a obra de Alberto Lema *Unha puta percorre Europa* da que se salienta , en principio, que "marcha da escena e colócase detrás cun narrador pensado con esmero". Explícanse os temas da novela que xorden da problemática máis actual: prostitución, explotación sexual, patriarcado ou corrupción, e sublíñase a fácil lectura da obra debido ao interese do autor por achegarse a todo tipo de público. Dise que é unha novela intelixente e directa, con moito emprego da ironía, na cal se observa naturalidade e fuxida de convencionalismos estéticos. Por último, danse os nomes doutros autores e autoras que segundo Xavier Cordal "beben en grupo" a carón de Alberto Lema, como Samuel Solleiro, Mario Regueira ou María do Cebreiro.

- Xiana Arias Rego, "A conquista da terra na política-ficción", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Narrativa", verán 2008, p. 6.

Comentario conxunto de dúas obras de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa* e *Plan de fuga*. Da primeira dise que é unha obra narrativa na que fala da derrota dende unha posición de esquerdas, que ademais de saír publicada en lingua galega tamén o fixo en castelán. Do contido dise que as protagonistas son dúas lesbianas, Ada e Luz, que forman parte do comando Putas Asasinas, unha temática coa que quere forzar o debate e mirar os feitos dende a cara oculta á versión oficial. A liña temática da obra ponse en relación coas que rexen as actuación de movementos feministas americanos. Da segunda obra, *Plan de fuga*, sinálase que sae nunha editorial pertencente a unha plataforma con licenza de descarga gratuíta na rede. Da estrutura explica que está organizada en tres partes, alude brevemente ao contido e reproduce algúns versos.

- Moncha Fuentes, "Unha novela de ideas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Libros", 3 xullo 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, "Letras galegas", 12 xullo 2008, p. 11.

Comenta a novela de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa*, e salienta o contido da novela dende o propio título, no que se combina o humor, a crítica social e a

reflexión política. Afirma que na obra o narrador en terceira persoa fai situar ao lector como xuíz absoluto e destaca os diálogos pouco convencionais cun ritmo vertixinoso. Así mesmo, tamén fai referencia a outros temas como o feminismo, a sexualidade e a prostitución feminina.

- Xosé M. Eyré, "Putas asasinas", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Cultura", 3-9 xullo 2008, p. 32.

Comenta que acaba de saír á luz un novo título da colección Illa Nova de Galaxia: *Unha puta percorre Europa*, do escritor Alberto Lema. A continuación dá conta da trama da novela: historia de dúas mulleres que deciden asasinar aos clientes cos que contactan previamente: Don Santiago Proupín, Felipe e César. Indica que este será o punto de partida para unha serie de reflexións sobre a sociedade porén a obra busca a reflexión do lector mais, debido á vertixe narrativa, esa reflexión do lector activo non se produce. Así mesmo, afirma que que na novela se realizou unha análise psicolóxica da sociedade e, máis pormenorizadamente, da vida das "putas asasinas" e que os personaxes son estereotipos. Asegura que a medida que se avanza na lectura da obra, esta vai perdendo interese. Por último, salienta que a novela foi publicada ao mesmo tempo en galego e en castelán.

- Sandra Faginas, "A vertixinosa precisión da realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Libros para o verán", 2 agosto 2008, p. 6.

Indica que acaba de saír ao mercado unha novela nada habitual na literatura, pero que é de agradecer. Refírese á *Unha puta percorre Europa*, novela na que se conta como é o mundo da prostitución, un mundo que o lector, deixando o seu papel de mero espectador, ten que xulgar. Por iso, considera que Alberto Lema "mostra, non suxire; escribe, non describe" é o lector o que ten que seguir atento á rápida, veraz e cercana historia que se lle presenta.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Allo caramelizado experience", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Ollo mol", 19 maio 2008, p. 71.

Fai referencia a obras doutras literaturas e comenta algunhas novidades da narrativa española. Ao final cita como unha novela prometedora a obra de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa*.

- C. P., "A miña novela trata da prostitución legal, unha realidade tapada, á sombra", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 20 xuño 2008, p. L16.

Dá conta da presentación da novela de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa*. Lema fai referencia ao título da novela e ao significado que ten e comenta que a obra trata sobre a situación legal da prostitución. Indica por qué escolleu este tema e cómo lle xurdiu a idea. Por último, afirma que xa ten preparadas para publicar outras dúas novelas.

- Daniel Salgado, “Unha literatura de intervención”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 20 xuño 2008, p. 9.

Comenta a novela de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa*, e achega opinións do propio escritor sobre a súa obra. Comenta que se trata dunha novela un pouco á marxe da narrativa galega actual onde un grupo feminista decide afrontar hipocrisías dende a clandestinidade. Indica que a obra está escrita nunha prosa cortante e que mostra trazos do xénero policial. Así mesmo, salienta que a novela se publicase ao mesmo tempo en galego e castelán e Lema explica o porqué deste feito. Por último, refire outros proxectos cos que está a traballar.

- Vicente Araguas, “Percorrido curto”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 494, 17 agosto, 2008, p. 20.

Faise mención á última obra publicada por Alberto Lema, que ten por nome *Unha puta percorre Europa*. Realízase unha descrición crítica da obra, á que considera inacabada, pois en moitas ocasións o autor “lanza frechas ao aire” que non acaba de centrar.

López Silva, Inma, *Memoria de cidades sen luz¸* XXVI Premio Blanco Amor 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 267, novembro 2008, 339 pp. (ISBN: 978-84-9865-136-2).

Novela de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) dividida en cinco capítulos máis o “Epílogo de ultratumba. Luz, máis luz”. Está narrada en primeira persoa polo protagonista central, Marcel Royal-Benhamou. De forma lineal, fai un exercicio de memoria biográfica, pero tamén colectiva, dende 1928, ano no que unha muller o recolle debaixo da cama dende onde veu o suicidio do pai, despois de que uns homes entraran na casa onde vivían en Santiago de Compostela e mataran ao resto da familia. Parte así a historia da súa infancia, custodiada pola librepensadora Lucía, a súa nova nai, que o levará á Coruña, onde vivirá os anos da República e os momentos previos á Guerra Civil. A realidade ficcional mestúrase coa histórica de maneira que aparecerán personaxes reais como Ánxel Casal, co que aprendeu a ler, a muller deste, María Miramontes, Santiago Casares ou a súa filla, María (Vitoliña), coa que manterá unha relación afectiva até o final das súas vidas. A Guerra propicia outra forzada fuxida a París, pasando antes por Barcelona. Xa adulto, iníciase no amor da man de Armelle e René, ao tempo que o mundo do teatro acada cada vez máis protagonismo na súa vida. Os acontecementos persoais propiciarán outras viaxes cara a outros lugares: Bos Aires, París e Nova York. Vinculada ás cidades está a luz, un elemento clave, que actúa como fuga de desesperación do transitar vital cada vez que desexa ficar cego para loitar contra a memoria. A novela mantén unha linguaxe coidada e un ritmo narrativo que se fai máis áxil cara ao final.

Recensións:

- Marta Pérez Pereiro, “Memoria da memoria”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 9, “proPostas”, inverno 08-09, p. 6.

Analízase brevemente a novela *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva, Premio Blanco Amor 2007. Dise que conta, a xeito de memorias, a vida dunha serie de personaxes, reais e ficticios, que se ven sometidos á "lei da casualidade" neste xogo de historia e fantasía. Nomea os diferentes personaxes da novela e as cidades que actúan coma personaxes. Salienta a parodia do presente, o humor "screwball", os personaxes femininos, a nostalxia do pasado e a escrita áxil. Porén adoece de anacronismos en certas referencias históricas e no uso da lingua.

Referencias varias:

- María L. Viñas, "Inma López Silva gana el 'Blanco Amor' de novela", *El Progreso,* "Vivir", " Cultura", 6 abril 2008, p. 70.

Coméntase que a escritora Inma López Silva foi a gañadora do Premio de Novela 'Blanco Amor' pola súa obra *Memoria de cidades sen luz*, que de novo trata, como nas súas obras anteriores o tema da Guerra Civil. Recóllense as palabras da autora tras recibir o premio e tamén se indica a dotación económica do mesmo e quen son os membros do xurado.

- maré, "Inma López Silva gaña o Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 abril 2008, p. 33.

Infórmase de que a escritora Inma López Silva foi a gañadora do Premio Blanco Amor coa novela *Memorias da cidade sen luz* que aborda o tema da Guerra Civil e percorre a Europa da posguerra. Dise que o premio está dotado con doce mil euros e do xurado forman parte, entre outros, Xesús Rábade Paredes, gañador da pasada edición, Marica Campo e Ramón Nicolás.

- V. Oliveira, "Inma López Silva achégase á Guerra Civil cunha mirada sen resentimento", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 67./"Os premios son probas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 41, 8 abril 2008.

Coméntase que a escritora Inma López Silva é a terceira muller en gañar o Premio Blanco Amor de novela no ano 2007 coa obra *Memorias de cidades sen luz*, ambientada na Guerra Civil. Destácase que a autora xa gañara o premio Xerais no 2002 con só vinte e catro anos coa obra *Concubinas.* Recóllense as opinións da escritora sobre a súa obra e tamén se fai un repaso pola súa traxectoria profesional e a súa actual ocupación como profesora na Escola de Arte Dramática de Vigo.

- Jaureguizar, "López Silva recolle por 'unha obra de persoas na guerra' o 'Blanco Amor", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 xuño 2008, p. 80.

Refire que a escritora Inma López Silva recibiu na cidade de Lugo o premio Blanco Amor pola súa novela, *Memoria de cidades sen luz*. Comenta en palabras da autora que a obra mostra cómo as guerras afectan ás persoas e informa que a novela será editada por Galaxia. Así mesmo, tamén dá conta do argumento.

López Teixeiro, Iria, *Santa Matriusca*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-936001-7-4).

Iria López Teixeiro (Fene, 1981) presenta nesta novela unha historia que ten por escenario a parroquia de Santa Mariña, que se atopa ameazada polas expropiacións de terreos que queren facer co fin de construír unha autoestrada. Un domingo ocorre un suposto milagre: unha santa que resulta ser unha talla de madeira do ano 1936, cedida por un artesán do lugar, prende a chorar sangue durante a misa. Así, Anselmo, un garda xurado que soña con ser detective terá que pescudar no acaecido ao tempo que procura mellorar a súa aburrida existencia, sen saber que a pantasma dun vello amigo o acompaña en todo momento, incluso, nalgúns casos, o inspira e o axuda a continuar. Encarnación, avoa de Ariadna, cre que a causante deste suposto milagre é un boneca rusa que comprou durante unha excursión ao Grove e que, segundo ela, se trata dunha santa, Santa Matriusca. A señora Encarnación está convencida de que ela é a causante do milagre, xa que a primeira noite que tivo consigo a boneca, pregou un sinal, unha nova, que lle confirmase que Fidel, o seu marido se atopaba ben. O tema da novela é o milagre que ocorre o domingo 24 na parroquia de Santa Mariña durante unha cerimonia relixiosa. A tipoloxía da novela é novela de intriga ou de suspense, xa que trata dun milagre, que din que aconteceu, e toda a novela trata de descubrirnos que pasou realmente ao tempo que nos mostra unha pequena biografía de todos os personaxes. A voz narrativa é omnisciente, xa que o sabe todo acerca dos personaxes, incluso os seus pensamentos. En canto ao espazo, toda a historia se desenvolve na parroquia de Santa Mariña e dentro dela, teñen presenza varios espazos: a igrexa onde ocorre o milagre, as casas dos diversos personaxes, o centro comercial onde Anselmo, un dos protagonistas, traballa de garda xurado. No relativo ao tempo, a historia desenvólvese durante uns días, quizais semanas, pero non queda claro canto tempo ocorre dende que se produce o suposto milagre até que se descobre todo o misterio. O ritmo narrativo é bastante áxil, aínda que o feito de que a novela vai afondando na vida dos personaxes, ralentiza un pouco o que é o tema da novela: o milagre acaecido o domingo 24 na parroquia de Santa Mariña durante unha cerimonia relixiosa. A linguaxe é sinxela, sen grandes atavíos, con grande abundancia de diálogos e fácil de comprender.

Recensións:

- T. Calvo, "Unha nova aposta literaria que chegará as mans de vinte mil galegos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 3.

Recoméndase a obra *Santa Matriusca*, considerada a confirmación dunha escritora con vocación de tal. Explícase que o argumento da novela se desenvolve en torno a un suposto milagre na parroquia de Santa María, onde se van realizar. Tamén se destaca a súa graza retranqueira, o ritmo e a estudada estrutura, así como o dominio dos diálogos levados a cabo por personaxes críbeis e próximos. Faise referencia ás múltiples iniciativas institucionais e empresariais para a promoción da obra. Por outra banda, ponse de manifesto a formación audiovisual da autora e cítanse diversos documentais da súa autoría.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Papaventos de versos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 maio 2008, p. 31.

Saliéntase que a cadea de supermercados Grupo Gadisa lanzou unha iniciativa consistente en repartir bolsas có poema de Álvarez Blázquez "A cometa", que forma parte do seu libro *Canle segredo* e no agasallo aos compradores dun exemplar da segunda novela de Iria López Teixeiro, *Santa Matriusca*. Nun despece faise referencia á novela de López Teixeiro, e que se configura como pequenas historias que lembran as bonecas rusas, de tal xeito que un argumento global abarca outros máis pequenos.

- Rodri García, "As novas xeracións non podemos estar metidas na saudade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 261, "A entrevista", 10 maio 2008, p. 11.

Informa que a nova novela de Iria López Teijeiro, *Santa Matriusca*, vai ser repartida nos supermercados Gadis con motivo de festexar o Día das Letras Galegas. Refire que a obra foi publicada por Biblos na colección Mandaio, e que tamén vai ser repartida nalgúns concellos galegos e na Deputación de Pontevedra. A continuación achega unha entrevista da escritora que fala sobre a obra. Salienta os personaxes centrais da historia e comenta que un dos temas principais é a incomunicación, tamén afirma que en cada personaxe hai ideas propias da autora e indica que non se trata dunha novela do xénero negro. De seguido, explica cómo practica a escritura e fala dos espazos da historia. Finalmente, asegura que o feito de regalar libros é unha boa idea, mais o mellor sería convencer á xente de que lese en galego.

- M. J. R., "Atendemos ó que está de moda pero as cousas do noso lado son importantes", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gente/Servicios", 21 maio 2008, p. 12.

Fai referencia á novela de Iria López Teixeiro, *Santa Matriusca*, e afirma que se trata dun relato coral no que conviven variados personaxes. Ademais comenta que a historia se centra no perigo que corre unha vila pola chegada da autoestrada e dá pé a tratar diferentes problemas urbanísticos vixentes. Outro dos temas que trata a novela é a dúbida nos mozos de marchar de Galicia ou quedar no país e, en palabras da autora, indica que a obra mostra aspectos das súas vivencias. Finalmente, explica o porqué do título da novela.

Lourenzo González, Manuel, *O xardín das pedras flotantes*, Premio Xerais de Novela 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 258, outubro 2008, 527 pp. (ISBN: 978-84-9782-908-3).

Novela longa de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955), que foi a gañadora por maioría do Premio Xerais de Novela na súa edición de 2008. Estrutúrase en nove grandes capítulos e un epílogo, que levan o nome de distintos minerais, dende o granito, o carbón, o sílex ou a arxila, pasando pola lousa, o basalto e o conglomerado, até a arenisca e o mármore, para rematar nun apartado final, "xardín", que pecha a obra. Durante os primeiros capítulos nárranse as distintas etapas da vida do protagonista, Simón, que se inicia co repaso ás diversas xeracións que dende a Idade Media configuran os ascendentes deste rapaz. A achega aos antecedentes máis antigos faina un narrador omnisciente, que guía ao lector agardado por un ensarillado crebacabezas, conformado polas vidas de seres vinculados coa maxia, outros que deambulan por Europa e América, emigrantes, mercadores, aventureiros, traballadores humildes ou ricos que caen en desgraza, e que van sucedéndose até chegar a mediados do século XX, momento no que nacen os pais de Simón, casan e é concibido. A partir deste momento é

Simón quen narra en primeira persoa a súa propia vida, na que a idea central, repetida en moitas ocasións, é que nada é casual, que todo está marcado polo destino de todos e cada un dos seres que aparecen no mundo. Unha visión determinista que aparella á súa relación con Anabel, unha adolescente pertencente a unha familia acomodada, pero rodeada de misterio e cunha prodixiosa imaxinación. Dende o momento no que se atopan, ambos os dous senten que estaban predestinados e loitan, amparándose nesta convicción, contra todos os atrancos que se lles presentan. O punto climático da obra prodúcese no momento que foxen das súas casas e deciden casar. Ao día seguinte son atopados polos seus pais pero Anabel está morta. A partir deste momento a obra experimenta un xiro radical, pois o narrador en primeira persoa trasládalle ao lector a confusión e os sentimentos que dominan a Simón, ao ser acusado de asasinato. O estado de *shokc* fai que a súa visión sexa cada vez máis confusa, mesturando a realidade que o rodea, e da que cada vez se afasta máis, coas lembranzas do seu amor con Anabel. A estadía de Simón nun psiquiátrico reflicte a natureza desequilibrada e doente do mozo, á vez que é o escenario do sufrimento dos pais durante as visitas, das conversas do persoal sanitario e da súa consciencia de que a vida se acaba. Este aparente punto final non é senón o inicio dun novo camiño cara ao pasado, o da historia dos ascendentes de Anabel, do mesmo xeito que se fixera cos de Simón. Deste modo, o narrador omnisciente vai pechando un círculo no que se aclaran aspectos que na primeira historia resultaban dubidosos. Un xogo de voces narrativas que toman como centro a figura de Anabel, recreando a súa historia familiar e persoal dende unha óptica diferente á ofrecida por Simón. Entre os seus ascendentes aparecen nobres rusos, seres bohemios e apaixonados, por veces vítimas e outras verdugos, mulleres de caracteres moi fortes e un constante medo a unha maldición que planea sobre todos: a da meiga brasileira Áurea Mendes. As escenas que presencia, as conversas que oe e a súa natureza de marcado carácter fantasioso converten o mundo de Anabel nun conto de fadas, no que todo ten unha explicación máxica e que condiciona a visión do mundo da rapaza. Fronte a esta perspectiva dominante nos primeiros apartados da novela, nos últimos lógrase darlle un maior realismo á vida familiar da moza a través do relato complementario centrado no seu círculo íntimo. Deste xeito o lector descobre que en realidade non existe tal meiga, senón que se trata dunha prostituta contratada pola súa propia avoa materna para vingarse do xenro, co que mantivo unha apaixonada relación amorosa. Por outra parte tamén se desvela a causa da morte de Anabel, que foi vítima do envelenamento dun pastel que era para Áurea. Finalmente, asístese ao espertar de Simón no hospital, que pouco a pouco vai recuperando a consciencia e as lembranzas de todo o que pasou e mesmo de aspectos que el non tiña que coñecer. Deste xeito, unha vez máis o mozo é a voz en primeira persoa que describe o que sente, o que observa e as lembranzas que garda do seu tempo hospitalizado: sete anos en estado precomatoso. O Simón home cuestiona a visión adolescente que dominou a súa vida e chega a dubidar de todo o vivido, dando lugar á dúbida sobre a realidade do narrado. A volta aos lugares da infancia axudaranlle a recuperar, dalgún modo, o tempo pasado e a mirar a vida con esperanza, á vez que flexibiliza a súa convicción determinista.

Recensións:

- R. L., "Un vello amor de adolescencia", *El Progreso*, "Vivir", 17 novembro 2008, p. 71.

Faise mención á obra de Manuel Lourenzo, *O xardín das pedras flotantes*, gañadora do XXV Premio Xerais de Novela. Indícase que se conta a historia de amor de Simón e Anabel, dous adolescentes que protagonizan unha novela na que non faltan as notas de fantasía, traxedia e humor, e mesmo se fai un percorrido histórico dende a Idade Media até a actualidade.

- Xosé M. Eyré, "Betseller galego", *A Nosa* Terra, n.º 1.337, "Cultura", 12-17 decembro 2008, p. 32.

Refírese á obra de Manuel Lourenzo González, *O xardín das pedras flotantes*, como un best-seller que narra a historia de Simón e Anabel, dous namorados ao estilo de Tristán e Isolda ou Romeo e Xulieta. Explícase que eles mesmos, por quendas, serán os que narren a trama, unha trama onde se mestura o realista e o verosímil, o dramático co humorístico, o psicolóxico, o metafísico. Conclúese que se pretende que o lector participe, ou cando menos reflexione, sobre o que alí está a ler.

- Laura Rozados, "Volver ao caos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 5.

Realiza unha descrición do argumento d'*O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo, Premio Xerais 2008, así como das fontes das que bebe o autor para escribir a mesma. Indícase que a obra reflexiona sobre o grao de liberdade na escolla do destino e sobre a memoria ou realidade na construción do devir vital. Comenta que está influído da obra de Sterne, de Virginia Wolf, de Allan Poe e de Lovecraft. Salienta a influencia da tradición fantástica e o uso da crónica histórica, a novela de aventuras e do humor. Por último, menciona a súa extensión, a complexidade de tramas e o seu final aberto que pode verse aumentado nun blog que creou o autor sobre a novela.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Manuel Lourenzo González gaña o Xerais cunha novela de amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xuño 2008, p. 38.

Faise eco da celebración dos premios Xerais na illa de San Simón. Mencionánse aos gañadores nas súas categorías: Manuel Lourenzo González pola novela *O Xardín das Pedras Flotantes*; Marilar Aleixandre co Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cabeza da Medusa*; e Mar Guerra co Merlín por *Xenaro e o misterio da mochila verde*. Ademais, apúntase algunhas declaracións dos gañadores respecto das súas obras.

- M. Dopico, "Lourenzo reflexiona en 'O xardín das pedras flotantes' sobre o pasado", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 xuño 2008, p. 67.

Comenta o último libro de Manuel Lourenzo González, *O xardín das pedras flotantes*, gañador do Premio Xerais de Novela 2008. En palabras do autor explica que a obra é un conglomerado de dimensións, matices, temas, etc., e indica que a orixe da historia está nun poema de Edgar Allan Poe, "Anabel Lee". Comenta que a novela é de carácter tráxico cun final sorprendente e afirma que existe unha confrontación de causalidade, azar e destino. Finalmente salienta de xeito breve a traxectoria literaria do escritor.

- Camilo Franco, "Se o Xerais tivese a mesma dotación doutros anos, presentaríame igual", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 xuño 2008, p. 35.

Entrevista a Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais. Conta que a súa novela inicialmente trata dunha historia de amor adolescente que se prolonga no tempo. Confesa que pretendeu realizar unha historia amena e calcula que terá unha extensión estándar. Por outra banda, fala da motivación que o levou a se presentar ao Xerais. Para finalizar, indica que perdeu o arquivo da novela e ao non ter copia de seguridade, tivo que volver a escribila, a través dun "borrador da historia" e grazas á "memoria fresca".

- M. Obelleiro, "Manuel Lourenzo logra o XXV premio Xerais", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 39.

Dá conta da celebración da vixésimo quinta edición dos premios anuais de literatura que organiza a editorial Xerais. Indica que foi Manuel Lourenzo o gañador do Premio Xerais de Novela deste ano, coa obra *O xardín das pedras flotantes*. Así mesmo, comenta que o xurado estaba composto por Xabier Docampo, Xosé Miranda, Jaureguizar, Uxía Casal e Estíbaliz Espinosa. A seguir, achega as palabras de agradecemento de Manuel Lourenzo, quen comenta ademais que a novela é un libro de relatos onde conflúen múltiples personaxes coas súas historias.

- Anxa Correa, "Nas miñas obras sempre están presentes realidades literarias", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 525, "La entrevista", 6 xullo 2008, p. 9.

Achégase unha entrevista a Manuel Lourenzo González tras gañar o Premio Xerais coa súa obra *O xardín das pedras flotantes*. Expresa o valor que lle dá a este premio e explica o significado do título da novela. Comenta que se trata dunha viaxe no tempo onde o azar xoga un papel importante na historia de amor que se desenvolve e asegura que é unha obra para adultos pero tamén unha lectura xuvenil. A continuación fala sobre a estrutura narrativa da obra e explica por qué decidiu ambientala en Pontevedra, tamén da conta do seu carácter extraordinario e do afastamento da realidade.

- Anxa Correa, "O importante son os pequenos detalles", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*!", n.º 421, "Entrevista", 13 xullo 2008, p. 4.

Entrevístase a Manuel Lourenzo tras a publicación da súa obra *O xardín das pedras flotantes*, libro gañador do premio Xerais. Reflexiona sobre o valor do premio e sobre a novela gañadora destacando que a obra pode estar dirixida a un público xuvenil, xa que o núcleo principal da acción refírese a historias de xente en idade nova, pero tamén conta outras historias dirixidas a un lector adulto.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Sinálase a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias das novidades da literatura galega, entre as que salienta a descrita neste caso, *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais. A seguir, cítanse *Os espellos do tempo*, de Vítor Vaqueiro e *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco, entre outras. Coméntase tamén que Xerais publicará outros títulos coma *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure;

A batalla do paraíso triste, de Xosé Ramón Pena; ou *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, 6 novembro 2008, p. VII.

Recoméndase a lectura d'*O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, da que se achega o seu argumento. Salienta a súa imaxinación e os elementos da literatura fantástica, tomados de Lovecraft e Allan Poe.

- R. L., "Un vello amor de adolescencia", *El Progreso*, "Vivir", 17 novembro 2008, p. 71.

Faise mención á obra de Manuel Lourenzo, *O xardín das pedras flotantes*, gañadora do XXV Premio Xerais de Novela. Indícase que se conta a historia de amor de Simón e Anabel, dous adolescentes que protagonizan unha novela na que non faltan as notas de fantasía, traxedia e humor, e mesmo se fai un percorrido histórico dende a Idade Media até a actualidade.

- Xosé Carlos, "Excelencia editorial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 293, "Club dandi", 20 decembro 2008, p. 9.

Despois de facer unha loanza aos editores galegos, salienta a edición d'*O libro das viaxes imaxinarias*, de Xavier Puente Docampo, ilustrado por Xosé Cobas, ao que cualifica de "marabilla na súa sensibilidade, imaxinación, prosa, dicción narrativa" que acada a "perfección". Tamén loa *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo por ser unha "fermosa historia de amor que trenza de modo maxistral o autor" e que acadou o Premio Xerais.

Lugrís Rodríguez, Manuel, *Liliput*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, n.º 22, xuño 2008, 317 pp. (ISBN: 978-84-96893-60-3).

Manuel Lugrís Rodríguez publica a súa opera prima baixo o título de *Liliput*. A novela narra a historia de Emilio Ramallo, un periodista que non está a gusto co seu traballo e que ten a ilusión de se converter nun gran escritor. A historia comeza coa morte da nai do protagonista na cidade da Coruña, pero intercala ao mesmo tempo o pasado do protagonista en Madrid. Emilio Ramallo estudou Xornalismo en Madrid durante a ditadura franquista e despois de licenciarse atopou traballo na empresa Editora Española, grazas a unha figura importante do Ministerio de Información. Un dos primeiros traballos que lle encomendaron foi facerlle unha entrevista a un escritor galego: Anxo Mendo. Cando vai a Galicia a facer esta entrevista coñece a súa futura muller, María, que era a secretaria do escritor galego. Durante varios anos viven unha relación estábel e teñen dous fillos: María do Carme e Miguel. Porén, ao final sepáranse e Emilio regresa a Madrid e alí comeza unha relación con Esmeralda. Co motivo da morte da súa nai, Emilio volve a ter contacto cos seus fillos e coa súa ex-muller e repentinamente dáse conta de que ela é a persoa coa que quere pasar o resto dos seus días. Decide arranxar todos os asuntos en Madrid e ao final retoma a súa relación con María en Galicia. Nesas datas recibe tamén a nova de que a súa novela *Liliput* resultou gañadora do Premio Nacional de Literatura. A partir dese momento, Emilio Ramallo

vive todo o éxito que sempre buscou: entrevistas na radio e televisión, críticas gabanciosas nos xornais e revistas de literatura. Mentres a relación coa súa familia atópase un pouco abandonada. Uns días despois da entrega do premio e nunha conferencia recibe unha chamada do hospital. Infórmano da morte de María e do seu irmán Fernando. Emilio non entende qué facían xuntos os dous e acaba descubrindo que o enganaban e que tiñan unha aventura. Os seus fillos tamén marchan da casa e uns anos despois descobre que María do Carme acabou no mundo da prostitución e de Miguel a penas ten noticias. Un narrador externo presenta ao final da novela a un Emilio sumido nunha fonda depresión e intentando rematar a súa gran novela. A novela conta na súa cuberta cunha ilustración de Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-1973).

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Novas da Editorial Baía", *El Ideal Gallego*, *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 526, "Páxina literaria", 13 xullo 2008, p. 4.

Cita entre as novidades da Editorial Baía *Liliput*, novela de Manuel Lugrís Rodríguez que fai referencia ás *Viaxes de Gulliver*. Considera que esta referencia está xustificada no ton do relato, froito da mestura do humor co dramatismo.

Martínez Lema, Paulo, *As crónicas chairegas*, ilust. Miguel Cuba, prólogo de Xosé Luís Somoza, [A Coruña]: Fundación Manuel María da Terra Chá, col. As Foulas do Rañego, n.º 5, abril 2008, 113 pp. (ISBN: 978-84-691-3878-6). ◆

Volume de Paulo Martínez Lema (Begonte, 1982) que contén unha dedicatoria inicial, un prólogo e dezasete microrrelatos intitulados. No prólogo, intitulado "Paulo do cantiño, soñador", Xosé Luís Somoza preséntanos ao autor destas crónicas mediante o que din tres dos seus protagonistas: André do Castro, Anxo de Gaspar e Tomé Aldao. O primeiro di que o Paulo "escribía os seus contos debaixo da trabe de ouro que soporta as Penas de Rodas" e que o tiña escoitado falar coa moura de Donalbai e conversar con Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro. De aí que este retrato das xentes tradicionais da Terra Chá recorda moito ás xentes das terras de Miranda. Finalmente, cóntase que Anxo de Gaspar foi á casa do crego de Guitiriz, deixoulle ler algún relato do Paulo e decidiu publicarllos. En cada capítulo, incluído o prólogo, aparece unha ilustración de Miguel Cuba na que aparece o personaxe central do conto ou recolle o momento máis importante do mesmo. Todos os microrrelatos se sitúan localmente sempre no mesmo lugar: a Terra Chá, pero nun tempo variábel, así algunhas das súas personaxes xa morreron e outras aínda están vivas. En cada un deles un narrador omnisciente preséntanos a un personaxe distinto. Xa no título se indica o seu nome ou alcume e case sempre o seu oficio, pero todos eles teñen en común que viviron un feito sobrenatural, produto das lendas que conta a xente polo que nunca se sabe con seguridade se se produciron en realidade. Son relatos curtos nos que hai moita fantasía, por exemplo árbores e gaitas que falan, mouros e ananos que viven baixo terra, xigantes, xente que se transforma en can, entre outros. Emprega unha lingua viva, chea de localismos da Terra Chá e moi realista, así o bergantiñán fala con gheada e o revolucionario que estivo en México escribe en galego pero introducindo polo medio palabras mexicanas.

Referencias varias:

- M. Beceiro, "Otoño con aroma a miel y queso", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 25 novembro 2008, p.16.

Infórmase da aparición dun novo libro adicado á Terra Cha e indícase que a obra se intitula *As crónicas chairegas* e que é da autoría de Paulo Martínez Lema.

- Jaureguizar, "Neira define os relatos de Martínez Lema coma un mapa sentimental da Chaira", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 decembro 2008, p. 71.

Informa da presentación da obra de Paulo Martínez Lema, *As crónicas chairegas*. O escritor Xoán Neira explicou que este conxunto de 16 relatos representan un mapa sentimental da Chaira, xa que están protagonizados por personaxes populares e míticos da Terra Cha.

Martínez Pereiro, X. L., *A verdade como mal menor*, III Premio Narrativa Breve Repsol 2008, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 269, novembro 2008, 127 pp. (ISBN: 978-84-9865-108-9).

Volume de Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) composta por corenta e cinco relatos de temática moi variada, que van precedidos por unha citas en galego de Aristóteles, Osvaldo Macedo de Sousa, Gregorio Doval e Alejandro Dolina. Ademais a maioría dos relatos tamén contan cunha cita inicial en galego e o volume remata cunha de Henry Hevelock Ellis. Entre estas citas abundan as de escritores como Octavio Paz, Machado de Assis, Rubem Fonseca, Coleridge, Eduardo Galeano ou Paul Reverdy; tamén hai varias citas de filósofos, como é o caso de Descartes e Nietzsche, e de personaxes históricos varios. A extensión dos relatos vai dende as dúas páxinas até as sete ou oito, aínda que predominan as historias de dúas e tres páxinas. Nos relatos abunda a temática erótica, na que o autor reflexiona sobre as relacións amorosas e sexuais entre os homes e mulleres. Nestas historias de amor e erotismo, o cómico aparece en combinación, presentando unhas narracións con múltiples lecturas. En varios relatos acode ás citas de autores clásicos e eruditos para apoiar as súas ideas e afirmacións. Tamén están presentes os relatos cómicos, como no que advirte que unha muller, despois de facerlle tres ecografías, está embarazada e vai ter un fillo que resulta ser un libro de autoaxuda escrito en belga. Trátase dunha visión ácida da relación extramarital da protagonista do relato. Noutras narracións cita a personaxes históricos (María Antonieta, Gogol, Antonio Iraizoz ou Luís XIV) e libros concretos, aínda que non sabemos se é ficción ou realidade o que nos conta.

Recensións:

- Martin Pawley, "Mentiras arriscadas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 7.

Comenta a dificultade de clasificar a novela *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro. Descríbese como un "conxunto de corenta e cinco textos breves aos que resulta difícil chamar relatos" que salientan pola erudición retranqueira e que fan uso dende a reflexión paródica e esperpéntica até a chiscadela cultureta, co uso da cita en francés ou italiano. O autor cualificaa de "divertimento" e de que busca a

complicidade co lector. Por último comenta a presenza constante do sexo, da desinhibición, do erotismo e do humor que o crítico non foi capaz de atopar por ningures.

Murado, Miguel Anxo, *Fin de século en Palestina*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 255, febreiro 2008, 365 pp. (ISBN: 978-84-9865-058-7).

Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965) relata nesta novela as experiencias vividas durante cinco anos (1998-2003) no territorio palestino como Xefe de Relacións Exteriores do Ministerio de Medio Ambiente, nun primeiro momento, e logo como correspondente da axencia Europa Press, de Radio France Internacional e do xornal *El Mundo* en Xerusalén. O libro estrutúrase en vinte e sete capítulos que en liñas xerais resumen as situacións vividas polo autor nos últimos anos do século, de aí o título das memorias. Comeza o libro, co capítulo "No lugar equivocado no momento xusto", onde explica as súas primeiras impresións ao chegar ao aeroporto Ben Gurión de Xerusalén. Dá conta da sensación de inseguridade que o aborda dende que sube en Barcelona ao avión que o levará a Palestina. Nos seguintes capítulos explica cal era o seu traballo nos territorios palestinos. Murado destaca que acabou descubrindo que se producira un erro e el non debía ocupar ese posto. Ao final, decidiu aceptalo a pesar de que non tiña moita idea do que tiña que facer. Tamén nos conta nestes capítulos cómo coñece as diferentes cidades de Israel: Tel Aviv, Xerusalén, Netanya. Ao mesmo tempo vai introducindo datos sobre a historia do conflito entre o pobo xudeo e o palestino. No capítulo sexto, "Unha oficina onda o portal de Belén", Murado conta como cambiou de posto e vai traballar, recomendado pola ONU, para a organización Belén 2000, institución á que se lle encargaran as tarefas de reconstrución e restauración da cidade de Belén. Tamén conta cómo pasou o Nadal do ano 1999 e a chegada do novo milenio nesa cidade tan emblemática. Durante a estancia neste posto de traballo, Murado tamén visitou a feira do FITUR para facer publicidade do Territorio Palestino. A visita do Papa á cidade de Belén ocupa outro dos capítulos da crónica. A partir do capítulo doce, Murado céntrase nos enfrontamentos entre os israelís e os palestinos. Describe a situación tan complicada da cidade palestina de Gaza e ofrece a súa visión da "Jihad". Nestas páxinas aparecen os titulares da batalla, dos fusís contra as pedras, dos mísiles, das matanzas sen explicación, dos suicidas con bombas. A espiral de violencia preséntase descrita a través do relato autobiográfico e persoal de Miguel Anxo Murado. A partir de aquí, xa como correspondente do xornal *El Mundo* en Xerusalén, Murado continúa explicando a súa experiencia no conflito xudeo-palestino até que decide abandonar o posto de correspondente, xusto coa chegada ao poder en Israel de Ariel Sharon.

Recensións:

- Xosé Monteagudo, "Vida alén da novela", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 89-90.

Coméntase que en *Fin de século en Palestina*, obra na que Miguel Anxo Murado conta a súa experiencia neste territorio entre 1998 e 2003, o autor efectúa un retrato da entidade física e moral do escenario, que se converte no elemento máis definitorio da historia, marcada polo humor e a mirada obxectiva. Sinala que se poden distinguir dúas partes no relato: a primeira, entre 1998 e 2000, aparece dominada pola ironía para

retratar unha Palestina que soña coa paz en medio dunhas circunstancias verdadeiramente desfavorábeis; a segunda parte relata a Segunda Intifada, entre 2000 e 2003. O narrador adopta unha perspectiva máis distante en medio dunhas circunstancias de gran violencia. Para Xosé Monteagudo, a obra presenta varias virtudes: o compromiso autorial sen caer no panfletario, a frescura dos relatos orais e a harmonía e profundidade das boas novelas.

- Montse Dopico, "Palestina, talvez", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "propPostas", "Crónica", verán 2008, p. 25.

Con motivo da publicación de *Fin de século en Palestina*, de Miguel Anxo Murado, faise unha achega a esta obra autobiográfica, na que se di que predomina a "literatura de non ficción", que deriva entre o íntimo e o político, nunha ampla reflexión histórica e social, da que o autor ofrece unha interpretación persoal sobre os acontecementos descritos. Considera que non se trata dunha obra sobre o conflito palestino-israelí, senón o relato do día a día e da violencia radical e sistemática allea aos medios de comunicación. Sinálase que o autor adopta unha postura solidaria e equilibrada, na que mesmo utiliza o humor, nunha denuncia da existencia precaria dos palestinos, na que recorre á visión de intelectuais de prestixio, como José Saramago ou Noam Chomsky. Remátase coa evocación doutras obras que tratan este mesmo tema, como o poemario *Oda ás nais perennes con fillos caducos* (2007), de Moncho Iglesias Míguez, coas que se compara e se buscan puntos de conexión ou de distanciamento.

- Xosé M. Eyré, "Festa da vida en medio da morte", *A Nosa Terra*, "*Cultura*", n.º 1.339, "Crítica", "Narrativa", 24-30 outubro 2008, p. 22.

Sinálase que *Fin de século en Palestina* recolle a propia experiencia do autor que viviu durante varios anos nos territorios ocupados como Xefe de Relacións Exteriores do Ministerio de Medio Ambiente e do Ministerio Especial para Belén 2000. Polo tanto, coméntase que a obra ten un carácter marcadamente autobiográfico. Tamén se di que o feito de que Murado vivise en Palestina permite que relate de primeira man as batallas de fusís contra pedras, as matanzas, os suicidios. Precísase que nesta novela non se pretende facer ningunha análise do conflito, senón que só quere relatar o día a día, a vida deses homes e mulleres que viviron nun inferno.

Referencias varias:

- maré, "Miguel Anxo Murado publica 'Fin de século en Palestina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 marzo 2008, p. 35.

Informa que o xornalista e escritor Miguel Anxo Murado acaba de publicar a súa novela *Fin de século en Palestina*, editada por Galaxia, e que recolle as súas vivencias persoais durante os cinco anos que pasou no pobo palestino.

- Leoncio González, "Guerra e Paz en Palestina", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 256, "Letras en galego", 5 abril 2008, p. 14.

Faise eco da publicación da novela escrita polo xornalista Miguel Anxo Murado. Explícase que a obra se presenta baixo a forma dunha autobiografía na que relata a experiencia dos seus cinco anos vivindo en Ramala e Xerusalén, primeiro como enviado

da ONU e logo como corresponsal para distintos medios.

- C. P., "Murado di que a súa novela sobre Palestina fala con humor da vida cotiá en Xerusalén, 'pero é literatura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 abril 2008, p. 48.

Informa que o escritor e xornalista Miguel Anxo Murado presentou na Feira do Libro de Santiago o seu último libro, *Fin de século en Palestina*. En palabras do autor, comenta que esta obra fala da vida cotiá dos habitantes de Xerusalén e dos conflitos cos que teñen que convivir, tratado en moitos casos con humor. Murado tamén fai referencia aos cinco anos que viviu en Palestina e fala sobre os traballos que desempeñou alí. Por último, afirma que non volvería vivir a experiencia.

- Jaureguizar, "Escribamos novelas de corais polifónicas", *El Progreso*, "Ollo mol", 14 abril 2008, p. 71.

Fala sobre o tema de se as obras de non ficción se poden considerar literatura, ao igual que acontece co ensaio e coas biografías. Para exemplificar este tema cita a última obra de Miguel Anxo Murado, *Fin de século en Palestina*, a cal considera unha crónica aínda que o seu creador a catalogue como "literatura de non ficción".

- Antón Reixa, "Xornalismo literario", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 abril 2008, p. 11.

Comenta que empezou a ler o libro de Miguel Anxo Murado, *Fin de século en Palestina*, e asegura que lle produce unha sensación de "confort literario". Afirma que se trata dunha obra que está entre a literatura de viaxes, o xornalismo, o ensaio e o memorialismo e refire que o autor adopta un punto de vista propalestino. Comenta que o lector, ao discorrer das páxinas, vive a angustia dese país e entende que a situación debe cambiar. Finalmente, reclama máis libros deste xénero e salienta outra obra que reflexiona sobre o noso país, *Galicia*, *el bonsai atlántico* (1989), de Manuel Rivas.

- Margarito Flowers, "De Japón a Santiago por el camino de Toyota", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 29 abril 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que foi presentada na Feira do Libro de Santiago a obra de Miguel Anxo Murado, *Fin de século en Palestina*. Indica que Murado viviu cinco anos nesa zona e a obra supón as memorias desa experiencia. Así mesmo, salienta que a violencia é a protagonista do libro pero tamén presta atención á realidade cotiá do pobo palestino. Afirma que se mesturan elementos tráxicos coa tenrura e o humor. Finalmente recomenda a lectura desta novela.

- Anxa Correa, "A febre é un estado literario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 maio 2008, p. 33.

Entrevista ao gañador do Premio da Crítica Galega, Miguel Anxo Murado, pola obra *O soño da febre* (2007). Afirma que recorreu á febre para realizar literatura fantástica sen que deixase de ser realista e apunta que lle gustan ambos xéneros. Comenta que o seu libro *Fin de século en Palestina* non é ficción e que o escribiu como parte dos recordos. Para rematar, recóllense nun aparte os nomes dos Premios da Crítica de Galicia nas súas distintas categorías, onde se comenta a valoración do xurado para a escolla dos traballos galardoados.

Muruais, Xesús, *Xan Loureiro. Conto tráxico*, ilust. Anxo Fariña, trad. María Fernández Rei, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Relatos históricos, 2008, 101 pp. (ISBN: 978-84-8341-287-9).

Relato de Xesús Muruais (Pontevedra, 1852-1903), grafado en terceira persoa e relatado por un narrador omnisciente ao longo de seis breves capítulos. A acción sitúase en Pontevedra, no inverno de 1809. Rosa, filla de Xan Loureiro, un soldado retirado, vai camiño de Pontevedra, onde se atopa o rexemento francés baixo o mando do mariscal Soult, na procura de menciñas para a súa nai doente. Na igrexa coñece a Albert de Morat, un comandante francés que namora dela. El é un espía que ten de sondar o pensamento dos habitantes da vila. Albert dille que seu pai figura na lista dos descontentos e ela rompe a chorar. No mosteiro dos bieitos de Tenorio prodúcese a última contenda entre os soldados franceses e os aldeáns pontevedreses, baixo as ordes de Francisco García, coa vitoria destes últimos. No derradeiro intre aparece Xan Loureiro e axúdalles a derrotalos. No desenlace Xan refírelle a Albert a deshonra sufrida pola súa filla e a morte da súa muller, ambas a mans dos franceses. Xan, con todo o pesadume do seu corazón, déixao marchar, xa que así llo prometera á súa filla, pero Albert sería pouco despois sentenciado a morte. As ilustracións do relato corren a cargo de Anxo Fariña (Vigo, 1977). Realizadas en tinta negra, amosan matices de cores verde e vermello que realzan as cuestións chave do seu contido, ademais dunhas flores que aparecen ao final de varias páxinas. Nas lapelas da capa e da contracapa do volume achéganse algúns datos biobibliográficos do autor e do ilustrador, respectivamente.

Naz Fernández, Xosé Alfredo, *Círculo*, III Certame Relatos de Mulleres Matilde Bares 2007, prólogo de Xosé Ramón Pena, Bueu: Concello de Bueu, marzo 2008, 85 pp. (DL: PO 271-2008). ◆

Obra narrativa de Xosé Alfredo Fernández Naz (Vigo, 1972) que reúne un conxunto de relatos relacionados entre si e que van constituíndo o círculo que lle dá título ao libro. No prólogo, Xosé Ramón Pena pregúntase se existe de verdade unha literatura de xénero e conclúe que si, pero advirte que se trata daquela que versa sobre problemas de xénero, independentemente de que sexa escrita por un home ou unha muller. Explica que o autor deste tipo de literatura ten que se transformar, en certa maneira, nos seus personaxes, de xeito que participe do seu corazón, do seu cerebro e da súa alma, un esforzo que, segundo a súa opinión, Naz Fernández leva a cabo na obra. *Círculo* estrutúrase en cinco relatos que levan por título o nome das súas protagonistas, das cales cada unha se relaciona dalgunha maneira coas dos relatos anterior e posterior, até volver á do primeiro, que pecha así o círculo. "Nuria (abrindo o círculo)" preséntanos unha muller que é maltratada polo seu home e que se atopa nunha ponte, disposta a tirarse á estrada que descorre por debaixo para poñer fin á súa vida. Nuria ve o suicidio coma un acto de valentía, coma o xeito de rebelarse contra a martirizante rutina imposta polo esposo, e lembra os felices inicios da súa relación con el ao ver unha parella de adolescentes namorados. A rapaza namorada é Lúa, que reflexiona sobre un comentario machista feito por un compañeiro da clase e sobre a esgotadora vida que leva súa nai, que se dedica a limpar edificios. Marcha da casa pensando que chegou o momento de demostrar a valía das mulleres e crúzase cunha veciña. Trátase de Sonia, unha rapaza cun emprego no que varios homes están baixo as súas ordes, pero que non adoitan

facerlle o caso que deberían por ser unha muller. Porén, Sonia decidiu ese día impoñerse de veras até o punto de que unha muller que pasaba por alí quedou abraiada ao vela. Esa muller é Rosa, nai dunha nena cunha discapacidade psíquica, nacida dun matrimonio desafortunado e da cal o pai non quere facerse cargo. Rosa vai conducindo e case lle dá a outro coche, no que vai o home de Nuria. A propia Nuria segue na ponte, próxima ao lugar onde Rosa e o seu marido se cruzaron, até que toma unha decisión.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "En *Círculo*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, "Libros", 10 xullo 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, "Letras galegas", 19 xullo 2008, p. 10.

Refírese á obra de Xosé Alfredo Naz Fernández, *Círculo*, debido a que foi galardoada no Certame de Relatos "Matilde Bares", concretamente no tipo de literatura de xénero do ano 2007. Explícase que se trata dunha obra na que, como índica o seu título, se contan historias de distintos protagonistas que nalgún momento entrecruzan as súas vidas como nunha estrutura vital cíclica. Nestas historias nárranse a vida de Nuria, Lúa, Sonia e Rosa, mulleres correntes cuns enxeños contrapostos aos dos homes cos que comparten protagonismo. Tal e como se indica, "o relato non é imparcial, é corto, e mesmo podería rozar o melodrama".

Ortega Pereiro, Pilar, *Virxinia*, Finalista do Iº Certame Micronovela Concello de Soutomaior, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 69 pp. (ISBN: 978-84-9782-870-3).

Micronovela finalista do "I Certame de Micronovela Concello de Soutomaior", de Pilar Ortega Pereiro (Nigrán, 1976), na que se narra a historia da desaparición da moza detective do narrador, Virxinia, a partir da súa investigación sobre unha acaudalada familia. A micronovela de Pilar Ortega Pereiro está escrita cunha linguaxe sinxela, e artellada en seis capítulos onde predomina a voz narrativa en terceira persoa. A narración é guiada polo outro protagonista, Samuel, actor involuntario nos acontecementos posteriores ao asasinato dunha nena, filla adoptiva da matriarca do clan Iribarne.

Pacho Blanco, Xosé M., *A choiva do mundo*, XIX Premio Torrente Ballester 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 262, xullo 2008, 240 pp. (ISBN: 978-84-9865-118-8). ■

Esta novela de Xosé M. Pacho Blanco (Ourense, 1974) ábrese cunha "Introdución" a cargo dun ficticio editor na que presenta a heteroxénea colección de textos (prosa poética, cartas ao director, xogos metaliterarios, recensións literarias) que compoñen a obra, todos eles artellados ao redor dun tema común: a tristura. Heteroxeneidade que non empece a consideración do conxunto como unha novela coral, con máis de cen protagonistas e estruturada en trinta e nove capítulos. Destacan os bruscos cambios na voz narrativa en certos relatos (caso de "Lisa Dobrensky. Novela", onde pasamos dunha voz omnisciente a unha primeira persoa) e os diferentes rexistros da linguaxe,

dependendo do relato (en "Disgrace ou a perigosa vaidade do xogador" temos unha linguaxe formal, propia dunha crítica literaria, mentres que en "Diálogos na fin do mundo. Diario" hai unha linguaxe claramente coloquial). Inclúense uns títulos de crédito, onde figuran os supostos autores dos relatos, un índice con todos os personaxes dos relatos e unha "Banda sonora" onde se recollen até vinte e tres cancións diferentes. O título da novela, *A chuvia do mundo*, fai referencia ao conxunto de persoas que forman o crebacabezas que é o mundo, a xeito de pingas de auga que na súa totalidade enchen un caldeiro.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Pantano anfibolóxico", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 6.

Comentario da "revelación do Torrente Ballester", considerado un premio que ten sacado á luz a novos valores da narrativa galega, coma neste caso Xosé Manuel Pacho Blanco con *A choiva do mundo*. Considera que se trata dun texto de lectura doada pero de "interpretación abondo complexa". Unha das primeiras características desta complexidade sinala que é a súa adscrición a un xénero, por tratarse en palabras do propio autor dunha "novela estraña" ou unha "novela deconstruída, que ten na subversión e superación do xénero tradicional xustamente a súa razón estrutural de ser", un fragmentarismo que presenta dificultades para considerala unha novela. No que se refire á interpretación, considera que para un tipo de lector a polifonía será unha manifestación da vizosidade de recursos e permitirá un maior número de interpretacións, mentres que para outro será unha rede poliédrica que provocará confusión e falta de precisión autorial. En canto ao narrador, considera que tamén se dará esta dualidade, pois uns considerarán que resulta moi interesante a proximidade deste e o seu autocuestionamento, fronte a aqueles aos que a constante presenza deste lles resulta moi enfastiosa e accesoria. Un aspecto no que considera que non haberá estas percepcións antitéticas é no mosaico polixenérico de voces, personaxes e accións, que devalan entre o realismo e o onirismo, o individual e colectivo ou o singular e coral, unha escrita na que destaca tamén a presenza da ironía e a melancolía, unha percepción narrativa que sitúa máis próxima á inglesa que á tradición galega, aínda que ve pegadas de autores como Eduardo Blanco Amor ou Arturo Lezcano. Remata recomendando a súa lectura para que cada un decida cal é a súa posición ante unha "das máis agradables e sorprendentes propostas narrativas da tempada".

- Francisco Martínez Bouzas, "Fragmentarismos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, "Libros", 9 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, "Letras galegas", 18 outubro 2008, p. 11.

Refírese á obra de Xosé M. Pacho Blanco, *A choiva do mundo*, galardoada co Premio de Narrativa Torrente Ballester, que os propio membros do xurado cualificaron como "a máis vangardista da literatura galega". Indícase que nesta novela se mesturan todos os xéneros, creando unha peza na que a ficción ou narrativa tradicional se mestura coa chamada "non ficción". Explícase que segue a liña iniciada polo chileno Roberto Bolaño na súa obra *2666*, onde se mestura diversas historias, dando lugar a un hipertexto. Esta recolleita de relatos diversos é, segundo se di, "unha metáfora de que o mundo se constrúe coas historias de todos nós".

- Ramón Nicolás, "Un heterodoxo Skyline narrativo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 286, "Letras en galego", 1 novembro 2008, p.10.

Sinálase que *A choiva do mundo* non é unha novela estritamente novidosa, pero si pouco común entre o corpus galego máis recente. Dise que se trata dunha opción de parámetros singulares marcada polo fragmentarismo, a ortodoxia, certo experimentalismo, a heteroxeneidade e a polifonía xenérica. Indícase que se atopan unha gran cantidade de relatos diferentes: microrrelatos, diarios, prosa poética, monólogos e crítica, entre outros. Apúntase que toda a materia narrativa é resultado da acción dun "editor" que compila, recolle e dispón, pero tamén comenta. Precísase que pode que a proposta non conte cun fío argumentativo claro e unificador, pero este feito non é un problema, xa que nas primeiras páxinas dise que a obra non pode ser adscrita a ningún xénero concreto, fóra de advertir certos tics ou certas similitudes entre personaxes.

- Xosé M. Eyré, "Literatura por riba da trama", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 6–12 novembro 2008, p. 32.

Refírese á obra que recibiu o Premio Torrente 2007, *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco, unha novela que, segundo afirma Xosé M. Eyré, é "un camiño", non unha solución a preguntas do tipo quen somos, a onde imos e de onde vimos. Afirma que na novela o que prima é o discurso, cunha importancia preponderante na obra, que en ocasións aparece fragmentado, aínda así é "unha novela total", porque recolle unha gran variedade de xéneros: prosa poética, teatro ou guións, entre outros.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Sinálase a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias das novidades da literatura galega, como é o caso da que nos ocupa, *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco, a quen lle valeu o premio Torrente Ballester. A seguir, cítanse *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais; e *Os espellos do tempo*, de Vítor Vaqueiro, entre outras. Coméntase tamén que Xerais publicará outros títulos coma *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; ou *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal.

- Manuel Vidal Villaverde, "A choiva do mundo", *Atlántico Diario*, *La Revista*, n.º 422, "Musas", 14 setembro 2008, p. 48.

Entrevístase ao escritor Xosé Manuel Pacho Blanco, autor da novela *A choiva do mundo*, que acadou o Premio Torrente Ballester no 2007. O autor fai mención dos diversos xéneros literarios encadrando na narrativa a súa obra.

- Alberto M. Arias, "Pacho Blanco, nuevo y rompedor", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 68.

Informa do premio acadado por Xosé Manuel Pacho Blanco, XIX Premio Torrente Ballester coa obra *A choiva do mundo*, destacando que esta novela conta a historia dun editor que recolle en Barcelona e Nova York unha escolma de textos que en común falan da vida e a melancolía, e sobre eles xirará toda a trama.

- R. García, "É unha estraña novela, di do seu libro o gañador do Torrente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 51.

Preséntase a obra gañadora do Premio Torrente Ballester *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco. Destácase que esta novela representa unha metáfora da vida, onde o protagonista é un editor que vai facendo unha escolma de textos vinculados á vida. Ademais recóllese que o seu propio autor a define como unha estraña novela ou novela deconstruída.

- M. G. M., "Outra forma de facer literatura na novela 'A choiva do mundo", *El Ideal Gallego*, "Coruña", "Cultura", "Publicación", 14 outubro 2008, p. 15.

Dá noticia da presentación da obra gañadora do premio Torrente Ballester 2007, *A choiva do mundo*, de Pacho Blanco. Destácase que a obra se compón das gotas que van entrando na vida de cada un. Indícase que a Deputación é a encargada de editar tres mil exemplares correspondentes ao premio.

- Marta Villar, "Unha metáfora da vida con relatos e post-it", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 14 outubro 2008, p. 1

Dá noticia da chegada ás tendas da obra de Xosé Manuel Pacho Blanco, *A choiva do mundo*, que acadou o Premio Torrente Ballester no 2007.

- Vicente Araguas, "Retábulo de chuvia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 508, 23 novembro 2008, p. 20.

Dá conta da publicación d'*A choiva do mundo*, composición que foi gañadora do Torrente Ballester. Considera que o libro deixa indiferente a quen o lee, "nin move nin conmove nin divirte nin suspende nin excita", o que lle dá pé a Vicente Araguas a pensar que este só é un libro onde se amosan as potencialidades que Xosé Manuel terá que demostrar en sucesivas composicións.

- Lara Rozados, "Temos unha idea moi conservadora da novela", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 31.

Entrevista ao escritor Xosé M. Pacho Blanco despois da presentación da súa última obra *A choiva do mundo* coa que obtivo o Premio Torrente Ballester. Destácanse diversos aspectos relacionados coa novela, como a súa complexa estrutura, os xogos entre voces ou o uso dunha linguaxe coloquial.

Paz, Begoña, *As mellores intencións*, I Premio do Certame de Novela Curta Centenario da Cidade de Riveira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 255, abril 2008, 118 pp. (ISBN: 978-84-9782-729-4).

Begoña Paz (A Coruña, 1965) constrúe a historia dun home que traballa de celador ou mantemento nun hospital e atopa un bebé a punto de afogar ao tragar unha bola de papel por culpa da ineptitude da súa nai. Pasados uns anos o mesmo home, Gabriel, conta cómo atopou a súa muller morta na cama e a penas sente nada. Tamén nos informa de que lle tocou un premio na lotería e é multimillonario, aínda que non o sabe ninguén. Un día, por casualidade, atopa de novo a nena e a nai do hospital nun supermercado e intúe que a cativa é maltratada pola súa nai e a parella desta. A partir deste momento, intenta por todos os medios conseguir unha amizade coa nai. Decide alugar un piso na mesma urbanización que viven a nai e a nena, e pouco a pouco, logra coñecer á nai até que un día se deitan xuntos. Gabriel, séntese satisfeito ao poder estar xunto a Aldara, pero odia a súa nai, Lis, porque a maltrata física e psicoloxicamente. A medida que avanza a relación a nai esixe máis diñeiro para gastar e Gabriel non dubida en darllo, aínda que se decata de que ela só está con el por ese motivo. A pesar disto, decide propoñerlle matrimonio a Lis, e ela acepta. Durante uns meses a relación funciona ben, até o punto de que Gabriel pensa que se está namorando de Lis, e cre que é posíbel que a nai non maltrate máis a súa filla. Porén, un acontecemento trunca esta situación: Lis descobre no rocho centos de regalos que Gabriel lle comprara a Aldara. Chea de ciumes volve coa súa parella de antes e ameaza a Gabriel con quitarlle a Aldara para sempre. Entón, Gabriel decide secuestrar á nena á saída do colexio, pero Lis descóbreos e sobe ao coche no que pretendía fuxir Gabriel con Aldara. A discusión entre os dous vai medrando, até que el perde o control do coche. Cando esperta, Gabriel ve a Lis e Aldara feridas. Con grande esforzo, saca do vehículo á nena e pona a salvo, volta ao coche, que está a piques de caer por un cantil, e alí vendo os ollos de carraxe de Lis, decide soltar o freo de man. O coche cos dous dentro, cae polo cantil.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "O escuro lado do ser", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Libros", 19 xuño 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, "Letras galegas", 28 xuño 2008, p. 11.

Comeza relatando o argumento da última novela de Begoña Paz, *As mellores intencións*, gañadora do Certame de Novela Curta Centenario da Cidade de Ribeira. Repasa a traxectoria literaria de Begoña Paz e comenta que esta novela é unha reflexión sobre os intereses ocultos que moven a algunhas persoas nas relacións humanas. Indica que os personaxes están construídos para exemplificar os temas da soidade, a obsesión, o poder, a infelicidade, etc, e critica que a autora mostre un exceso de convencionalismo, que a trama sexa demasiado predicíbel, e que se chegue a un final excesivamente tráxico.

- Anxos García Fonte, "A sombra de Humbert", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 7.

A referencialidade ao personaxe de Nabokov, Humbert, é a primeira relación que estabelece entre a obra de Begoña Paz, *As mellores intencións*, e a literatura universal, aínda que marcando como diferenza as boas intencións que parecen planar na obra da autora galega, o que a converte nunha especie de "*contrafactum* da *Lolita* de Nabokov". Explícase brevemente a liña argumental e a personalidade dos protagonistas, que une ambas as novelas dende o inicio, o que leva ao lector a ler *As mellores intencións* dende

o punto de vista do antecedente e coa pedofilia como "sospeita permanente ao longo da narración". Non obstante, considera que aquí radica a principal diferenza, pois se no primeiro caso Humbert declara abertamente a súa lascivia, no caso de Gabriel, protagonista da obra de Paz, manifesta que o que o move é a compaixón, que o leva mesmo ao crime. Canto ao estilo considera que a verosimilitude se forza até o máximo nalgúns aspectos, como co premio que recibe o protagonista ou coa desaparición oportuna e inesperada dalgúns seres que son un atranco, así como a pouca información que dá o narrador sobre si mesmo e o que o rodea, en definitiva, o pouco aprofundamento. Conclúe que isto fai pensar que a "novela carece de ambición, do mesmo xeito que o protagonista carece de valentía e franqueza".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A fermosura das obsesións literarias", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 402, "Musas", 4 maio 2008, p. 59.

Entrevista a Begoña Paz sobre a súa última obra, *As mellores intencións* na que afirma que neste momento da súa vida o tema que máis lle interesa é o realismo. En canto ao estilo, comenta que prefire a concisión, a intensidade, o ritmo. Indica que esta obra mostra a mentira como unha forma de agocharse da vida. A seguir, afirma que prefire a narrativa fronte á poesía, dá a súa opinión sobre o tema do amor e comenta que está a traballar nunha nova novela.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, 29 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, 7 xuño 2008, p. 11.

Analízase brevemente *As mellores intencións*, de Begoña Paz, salientando o amor e odio que move aos personaxes que se debaten entre a decepción pola vida e a esperanza.

- Xosé Carlos Caneiro, "Crónica obsesión", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Fai unha revisión dunha lista de novelas, tales como: *Pan e Coitelo*, de Bieto Iglesias; *As mellores intencións*, de Begoña Paz, da que comenta o predicíbel do seu argumento e o estilo "de conto"; e dos contos que compoñen a obra de Antón Dobao, *Incertos*.

- Ramón Nicolás, "Abismos e obsesións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283, "Letras en galego", 11 outubro 2008, p. 11.

Indica que Begoña Paz Rey acaba de publicar na Editorial Xerais a súa novela *As mellores intencións*, peza narrativa que recibiu o premio de novela curta Certame da Cidade de Ribeira. Explícase que a novela está dividida en trinta breves capítulos, nos que aborda o tema da traxedia e a destrución, no que se ven envoltas as personaxes. Segundo indica a propia autora, o foco temático constitúeo a atracción que Aldara, cunha tráxica vida, exerce sobre Gabriel, levándoos a unha relación pouco convencional e destrutiva.

Paz, Xabier, *Renacer*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 256, 2008, 300 pp. (ISBN: 978-84-9782-822-2).

Adria, filla do escritor Arentino, leva unha dobre vida na Venecia do século XVI nesta novela de Xabier Paz (A Coruña, 1949): perfecta casada polo día, de noite é unha cortesá que vende o seu corpo na compaña da súa "mestra" Carmina, quen a vai introducindo nos praceres da carne. Cando o seu pai morre, Adria comeza a realizar unha lectura da correspondencia do proxenitor que a levará a analizar non só a psicoloxía contraditoria dun home que combina unha imaxe pública de libertinaxe co tradicionalismo persoal na concepción da muller, senón tamén a súa propia realidade de muller transgresora. Ademais, o libro efectúa un percorrido pola realidade veneciana da época, dende os personaxes até os costumes. Descubrimos así o esplendor cultural de Venecia e o mundo dos artistas, entre os que ten un destacado protagonismo o pintor Tiziano. Iso fai que o aspecto descritivo predomine sobre a acción. O traballo de Adria como prostituta sérvelle para romper co rol de esposa sumisa e honesta que o seu pai deseñara para ela. A historia retómase uns anos despois da lectura da correspondencia paterna por parte da protagonista. Venecia está nese momento afectada por unha virulenta peste e atopamos a Adria murcha polo paso dos anos e a necesidade de abandonar a cidade que ama.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "O aretino e as súas contradicións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", 26 xullo 2008, p. 11.

Indica que *Renacer* é unha novela que se centra en dúas personaxes, Pietro Aretino, que morre ao comezo da obra, pero que terá un papel fundamental na trama a través dos seus monólogos interiores, e Adria, filla de Pietro, que se encargará de indagar sobre a vida e os segredos do seu pai, o que servirá para facer unha biografía do proxenitor e, ao mesmo tempo, tamén de si mesma. Considera que, aínda así, Xabier Paz non pretende realizar unha biografía, senón que quere propiciar a reflexión sobre os distintos modos de vida.

- Xosé Carlos Caneiro, "Renacer do ser", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Letras en galego", "Club dandi", 2 agosto 2008, p. 7.

Tras felicitar á editorial Xerais por ter publicado tres textos con cariz histórico eminentemente "literarios": *A Venus de cristal*, de Chelo Suárez; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro e *Renacer*, de Xabier Paz; recomenda a súa lectura. A seguir, loa as virtudes literarias de Xabier Paz do que salienta a súa calidade estética, a capacidade expresiva e a perspectiva artística. Despois analiza a súa última novela, *Renacer*, da que traza o seu argumento e salienta a súa calidade estética e a plasticidade da prosa máis que a súa temática. Por último, cualifica a novela de "heterodoxa, herexíaca, pecaminosa".

- Francisco Martínez Bouzas, "Fresco Renacentista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", n.º 263, 16 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 204, "Letras galegas", 25 outubro 2008, p. 11.

Refírese á obra de Xabier Paz, *Renacer*, peza narrativa situada na Venecia do ano 1556 que se centra nas pescudas de Adria, filla de Arentino, que tenta coñecer os segredos e a

vida do seu pai, que falece ao inicio da obra. Sinálase que isto dá lugar a unha mestura entre os discursos da filla e os monólogos interiores do pai. Afírmase que esta busca e investigación persoal tamén serve para reflectir o ambiente cultural e social de Europa nos séculos XV e XVI. Indícase que á hora de amosar ao lector o que Adria está a descubrir se mesturan momentos de grande detalle con outros de síntese e rapidez descritiva.

- Xosé M. Eyré, "O espírito renacentista", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 32.

Refírese á necesidade de desmitificar as novelas que abranguen temas sexuais e afirma que isto se está a lograr con novelas como a que aquí se trata, *Renacer*, de Xabier Paz. Indícase que nesta novela erótica se conta algo máis que a simple historia de Pietro Aretino, personaxe central, xunto coa súa filla Adria, que é a que reconstrúe a historia do seu pai despois de morto que foi un dos libertinos por excelencia do século XVI. Abórdase tamén o tema do atraso cultural que había en Venecia no século XVI, á vez que se fai un retrato cultural da sociedade pontevedresa dos anos 40. Saliéntase cómo a minuciosidade do autor se mestura cunha forma que parece aínda inacabada.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Na procura da liberdade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Creación", 18 xullo 2008, p. 30.

Informa de presentación da obra de Xavier Paz, *Renacer* na libraría Andel de Vigo. Destácase que esta obra é a primeira novela do autor, que xa publicara varios poemarios. Tamén se apunta que a trama se centra na Venecia do século XVI, mesturando personaxes e feitos históricos coa ficción. Recóllese que o autor afirma que a obra nace do seu encontro coa historia de Pietro Aretino, un pornógrafo, escritor e marchante de arte que foi moi temido polos príncipes e reis da época.

- C.P., "A miña novela fala dunha muller que loita contracorrente no XVI", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 25 xullo 2008, p. 12.

Breve entrevista ao autor de *Renacer*, Xabier Paz Canalejo, na que se destaca que esta novela non é histórica aínda que os personaxes si o sons. Precísase que para contar esta historia o autor se inspirou no pintor Tiziano e en dous amigos do mesmo. Coméntase que a protagonista é Adria, unha muller que leva unha dobre vida.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, 9 outubro 2008, p. VII.

Refírese a *Renacer*, de Xabier Paz, do que achega o seu argumento; *A capela maldita*, de Mario Franco; e *Bea*, de Iván Sende.

Pena, Xosé Ramón, *A batalla do paraíso triste*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 264, 2008, 260 pp. (ISBN: 978-84-9782-922-9).

Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956) céntrase nas penurias derivadas da contenda na II Guerra Mundial, na vida nos anos 1940-1941 e nos emigrados a causa da guerra, refuxiados que fuxían do son das bombas cara a Portugal. O texto recolle entre tanta tristura unha historia de amor tráxica, a do ex-tenente portugués Fernando Freitas, que volta á súa terra fuxindo de París, e a actriz brasileira Catarina Gusmão. A obra mestura a linguaxe parisiense co portugués do país veciño e o galego. A historia de Freitas axúdalle ao narrador a volver ao pasado, a través dun narrador en terceira persoa que revisa a vida do portugués e que narra mediante un *flash-back* a historia do ex-tenente. Cada capítulo comeza cuns apuntamentos feitos por Freitas e que serven de introdución aos feitos posteriores que se van narrar. Esta técnica narrativa está inspirada pola lectura do libro do coronel Henrique Manuel Mateus Pimenta, o cal tamén é citado en varias ocasións no transcurso da obra (*Pela Pátria Lutar*, baseado nuns versos da segunda estrofa do himno *A Portuguesa*). A historia de Freitas sérvelle ao escritor de pretexto para achegarse á súa historia persoal, á dor e o silencio dos esquecidos na destrución do conflito e a súa propia carga sentimental, ao enfrontarse ás penurias da guerra.

Recensións:

- Estro Montaña, "Thriller sentimental", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 271, "Libros", 11 decembro 2008, p. V.

Fala da obra que acaba de publicar Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste*, unha peza narrativa que conta a historia de Fernando Freitas, un ex-oficial portugués que chega a Lisboa fuxindo da represión nazi, sete anos despois de marchar do seu país no ano 1940. Sinálase que nesta novela Xosé Ramón Pena realiza un retrato da sociedade portuguesa do momento e para iso emprega un relato fluído, áxil e leve e como punto central da trama están os amores non correspondidos, como é o propio dunha novela de espionaxe como esta.

- Armando Requeixo, "Paradiso tristurento", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 6.

Recomenda a lectura da novela de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste*. Tras explicar o sentido do título e nomear outras novelas do autor, traza o seu argumento e defínea como unha novela histórica con trazos do subxénero de intriga e aventuras, que dá lugar a un relato de espionaxe con fondo de época. Comenta que a súa trama consiste en entretecer relatos e narradores que lle dá verosimilitude. Salienta a engranaxe detectivesca, a inclusión de treitos evocativos e dialogais con pasaxes vertixinosos e o intenso traballo de documentación.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Coméntase a publicación de títulos como o que nos ocupa, *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena, así como *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure e *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal, entre outros. Saliéntase a mestura de xéneros e historias como unha característica común destas

obras.

- Manuel Vidal Villaverde, "Polos camiños do inverno", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempo Lizgairo", 28 novembro 2008, p. 4.

Entre as súas reflexións, fai referencia a que acaba de recibir a obra *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, 4 decembro 2008, p. VII.

Escóllese entre a produción literaria galega *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena, da que presenta o seu argumento e salienta que se trata dunha "crónica dunha Lisboa pobre e gris" na ditadura salazarista; *A cova da mariña*, de Pilar García Cardamas; *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío; e *A cabeza da medusa*, de Marilar Aleixandre.

- Natalia Álvarez, "Durante a Guerra Civil, Portugal estudou a posibilidade de anexionarse Galiza", *Faro de Vigo*, "Sociedade", 6 decembro 2008, p. 48/*La Opinión*, "Cultura", 9 decembro 2008, p. 39.

Entrevístase ao escritor Xosé Ramón Pena que presenta a súa nova obra de ficción *A batalla do paraíso triste*. Afírmase que a obra é unha novela de acción onde se recollen amores, esperanzas, investigacións, amizades e traizóns; é a crónica dunha Lisboa de contrastes, a porta cara a América dos que foxen da II Guerra Mundial.

- Lara Rozados, "Sempre me chamou a atención que Rolao Preto quixese anexionar Galiza", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "Cultura", 18-24 decembro 2008, p. 31.

Conversa co escritor Xosé Ramón Pena, que vén de publicar a súa última novela *A batalla do paraíso triste*. Destácase que a obra se centra na Lisboa da II Guerra Mundial e no movemento ultrafascista de Rolao Petro. Indícase que para a elaboración desta obra o autor levou a cabo un importante labor de documentación.

Pereiras, Carmen, *Pequenos infinitos*, limiar de Manuel Guede Oliva, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, col. Literal, n.º 4, xullo 2008, 107 pp. (ISBN: 978-84-935963-9-2).

Neste libro de pequenas historias, Carmen Pereiras reflexiona sobre numerosos temas, tratando ao mesmo tempo cuestións moi profundas e acontecementos cotiás. O libro presenta tres apartados: "Os lenzos", "As noites" e "As luvas". A primeira sección comprende vinte e oito microrrelatos nos que Carmen Pereiras fala sobre a súa concepción da vida. Así no microrrelato "Os felices" reflexiona sobre o concepto de felicidade que ten a sociedade, que non coincide para nada co que ten ela. Noutra historia, "Daquela a Virxe de Guadalupe" mostra a súa disconformidade ante o avance das tecnoloxías, defendendo un pasado limpo e sen contaminación. En moitos outros microrrelatos desa sección aparecen críticas aos convencionalismos sociais, é o caso de "Os fillos da brétema" ou "Visitar puebliños". O segundo bloque de pequenas historias leva o título de "As noites", trátase de vinte e dous microrrelatos que teñen como eixo

temático os sentimentos máis íntimos da autora. O título da sección remite a esa parte do día no que a autora dos escritos se sente soa e pensa na súa existencia e nos seus sentimentos máis fondos. O amor como tema fai a súa presenza en "Chove", "Orfo de amores" ou "Cada vez é máis difícil" e tamén se mestura coa reflexión sobre a escrita; é o caso da historia "Eu tamén debería escribir os versos…". A meteoroloxía ten unha importancia vital nesta sección, pódese ver no xa citado "Chove" ou tamén no microrrelato "Está chovendo"; a choiva aparece como unha compañeira de viaxe da escritora. "As luvas" é o terceiro apartado do libro e o que o pecha; son trece as historias que conforman este bloque e a temática non varía do resto da publicación: o amor maternal ("A pequena roedora"), a creación ("As palabriñas soldado"), os medos existenciais ("Como pintar gorrións"), etc.

Puentes, Hixinio, *Monbars o Exterminador*, IV Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa 2006, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 263, 2008, 486 pp. (ISBN: 978-84-9782-887-1).

Hixinio Puentes (Porto do Barqueiro, 1952) centra esta peza narrativa no mundo da pesca, un campo que constitúe o punto en común dos dous protagonistas da obra, La Motte e o que será o seu servo. O criado aparece xa ao inicio da obra, de feito será o narrador en primeira persoa durante todo o relato, rematará converténdose en servo de La Motte, debido á situación precaria da súa familia e á promesa de aventuras por parte do que será o seu amo. Na obra mestúrase a narración, en primeira persoa e con verbos principalmente en pretérito perfecto e imperfecto na que o servo describe o que acontece ao seu redor e como chegou a esa situación, co diálogo, no que se recollen as verbas do criado e de La Motte; nos diálogos é onde se percibe a diversidade lingüística dos protagonistas, pois o servo emprega termos sinxelos e descoidados, mentres que La Motte recorre a unha linguaxe máis coidada e culta e con alusións a pezas literarias, como é o caso dun libro de Agrippa sobre o arte da esgrima e que conta con ilustracións de Stradano; en ambos os dous casos se empregan exclamacións como "ben!", "ca!"… No discorrer da historia o presente que están a vivir os protagonistas mestúrase con historias pasadas que La Motte lle conta ao seu servo, historias cargadas de intriga, riscos e aventuras, pois en realidade o amo é Monbar ou O Anxo Exterminador. Esa mestura de pasado e presente introducen na obra escenarios próximos con outros afastados e descoñecidos presentados polo narrador coma lugares exóticos e misteriosos. No último capítulo inclúese unha carta de La Motte que é o seu testamento e no que o mariñeiro fai unha recapitulación por todas aquelas posesións que se foron citando ao longo da obra, así coma fai un reconto dos lugares visitados e personaxes coñecidos nesas viaxes ao nomealos herdeiros de ditas propiedades. Cara ao final do libro, o narrador amosa a súa intención de recoller por escrito todas as aventuras que lle contou o seu amo, así como as que viviu con el. Ao remate dos capítulos aparece o lugar de realización e a data, "Porto do Barqueiro, decembro de 1995". O libro carece de índice e comeza directamente coa peza narrativa, dividida en trece capítulos aos que lles segue un vocabulario ao final, que serve para aclarar moitos dos termos mariñeiros que aparecen ao longo da obra e que poden ser descoñecidos para o lectorado. Coa mesma finalidade, ao longo da obra inclúense notas ao pé de páxina.

Ripalda, Xosé Luís, *Memorias dun esqueleto de aldea*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, marzo 2008, 103 pp. (ISBN: 978-84-8190-519-9).

Nesta novela de Xosé Luís Ripalda (Carballedo-Lugo, 1940) recóllense as memorias dun esqueleto de aldea, que posúe un ollo de vidro co que pode ver o que sucede ao seu redor e ten no seu haber un caderno e un lapis co que apuntalo, en clara intertextualidade coa obra de Castelao. O libro comeza cunha dedicatoria manuscrita do autor "a todos aqueles para os que nunca dobraron as campás" e a continuación recóllense unhas verbas de Rosalía de Castro, "os adros, dos altos alciprestes, das oliveiras escuras, floridos e verdes, amigos dos vivos a quen nin os nenos temen". O relato propiamente dito comeza cunha especie de carta ao "lector amigo", na que o autor, empregando un texto narrativo-descritivo, realiza unha introdución á narración que vai ofrecer a continuación. A obra está dividida en trinta e dous capítulos, nos que se mesturan o tempo presente, na que fala o esqueleto en primeira persoa ou en terceira cando realiza a presentación do lugar ou do personaxe no que se vai centrar cada capítulo, co tempo pasado, na que ou ben o esqueleto protagonista, Pedro, un estudante de medicina, ou ben os esqueletos que comparten adro con el (o mestre, o Chinto, o "Virutas", Sariña, Roquiño, o emigrante Salustiano, o Ravelo, o Camiliño, o Melanio, o Penelas, o rapaz Sabeliño, o Arrufado, Reinaldo, o Antolín, Nai Pepa, o Liborio, o Poutiga, o Colorado, a rencarnación dun home en lagarto), contan situacións pasadas, tales como conversas que escoitaron aos vivos mantidas no adro ou cando contan como foi a súa morte. Tamén se emprega na composición o diálogo, concretamente cando o esqueleto reproduce as pescudas que realiza entre os habitantes do adro. Ao longo do relato faise referencia aos problemas acaecidos na contorna, como a guerra e a necesidade que tiñan algúns de agocharse nas tumbas baleiras para non ser atrapados e que nalgúns casos, coma o do mestre, provocou a súa morte por inanición, ou do Poutiga; o contrabando e o agochamento nas tumbas e nos nichos da mercancía; a emigración, tratada a través do finado Salustiano; os suicidios que acontecían na zona por mor da soidade que se padecía, como no caso de Ravela e do Antolín; os accidentes e as mortes que tiveron lugar durante a construción do encoro, mortes coma a do Camiliño. Nesta narración amósase a vida do adro como unha vida moi similar á dos vivos, precisándose mesmo ao final da obra que os propios esqueletos terminan por desaparecer co paso do tempo. Estas memorias, segundo indica o esqueleto Pedro foron corrixidas polo mestre.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, 12 abril 2008, p. 11.

Refírese á *Memorias dun esqueleto*, de Xosé Lois Ripalda, da que ofrece o seu argumento; ademais de *Xosé María Álvarez Blázquez*, de Darío Xohán Cabana; *Diario dun pai*, de Henrique Alvarellos; e *Xohán Xesús González*, de Héitor Picallo Fuentes.

Rodríguez, Básico, *O culto oculto*. *(Impunidade II-Crónica)*, Lugo: A Gracia-Veniais Edicións, 2008, 186 pp. (ISBN: 978-84-612-0912-5).

Esta novela de misterio de Básico Rodríguez (O Barco de Valdeorras, 1956) comeza na cidade de Compostela no ano 1975. Os protagonistas da historia son dous estudantes da Universidade: Precedo e Antón o Portugués, e o seu grupo de amigos. Unha noite

reunidos na Praza da Quintana comezan a contar historias de medo e mortos. Ao final da xuntanza, coincidindo coa medianoite, Precedo afirma que escoitou ruídos e laios debaixo das pedras que estaban sentados. O grupo de amigos ríse desta afirmación e pensan que todo é unha broma. Ao día seguinte voltan a reunirse e empregan a "ouija". Ao principio a invocación dos amigos non ten resposta, pero logo o vaso empeza a moverse e informa sobre unha alma en pena: a de María das Angustias. Outra alma en pena, tamén unha muller morta na mesma data, comeza a falar a través do corpo de Antón. O grupo de amigos pensa que todo é unha broma de Precedo e Antón. Daquelas, Precedo decide investigar pola súa conta o nome que lle revelara a "ouija", pero ao non atopar nada decide pedirlle axuda ao eminente Ramón Piñeiro. Este a través doutro rapaz infórmao sobre a figura feminina anónima e dálle varias fontes para conseguir información sobre ela. Despois de recibir esta información, Precedo acode ao Convento de San Paio a investigar na súa biblioteca. Alí descobre que as dúas mulleres son realmente a mesma persoa. Tamén descobre unha especie de triángulo eclesiástico encargado de velar pola defensa dos intereses da igrexa en Compostela. E por casualidade atopa un túnel secreto que confirma esa unión entre diferentes edificios e ordes relixiosas. Coa axuda de Antón, atando cabos e co descubrimento do pasadizo secreto, atopan unha cripta nun dos pasadizos. Neste lugar descobren vinte e catro reliquias de diferentes santos: un anaco do rabo do can de San Roque, unha pluma do arcanxo San Gabriel, cabelos de María Magdalena, etc. Deciden calar este descubrimento e fan un dossier que envían a Ramón Piñeiro coa esperanza de que publique toda esta información. Porén, pasan os días e só aparecen algunhas novas nos xornais relacionadas co descubrimento. Antón e Precedo intúen que unha sociedade secreta da Igrexa Compostelá está tapando todo. É o que eles chaman a MITRA.

Rodríguez Otero, Margarita, *Os documentos Fonterosa*, epílogo da autora, A Coruña: InÉditor, 2008, 265 pp. (ISBN: 978-84-935662-5-8).

Narrada en primeira persoa, esta novela de Margarita Rodríguez Otero (Monforte de Lemos, 1934), céntrase na suposta galeguidade do navegante e cartógrafo Cristóbal Colón a través duns documentos que María, a protagonista, descobre agochados na casa de seus pais. Dividida en dezasete capítulos que xogan co espazo temporal polo medio de *flashbacks* e *flashforwards*, o fío argumental desenvolve dúas historias: a de María e a súa familia pescudando nas orixes xenealóxicas do seu pai e a da familia de Cristóbal Colón e o seu vínculo con Galicia. Así, cando María regresa ao seu pobo en Monforte de Lemos, na procura de paz e tranquilidade, atópase cun segredo que atinxe á familia de seu pai e por extensión, á súa propia. No epílogo que pecha a novela a autora ratifica o carácter verídico dos documentos da familia Fonterosa e Colón relativos a súa procedencia galega e máis especificamente, pontevedresa. Rodríguez Otero sinala o volume de Luciano Rey Sánchez, *España, patria infalible de Cristóbal Colón*, como a fonte de inspiración da súa novela. Cómpre sinalar, doutra banda, o emprego reiterado de castelanismos e outros vocábulos que non se axustan á norma e por tanto complican a lectura.

Rozados, Francisco (Rochi), *Raiolas no faiado*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-7824-544-4).

Ábrese este libro de relatos escrito por Francisco Rozados (Forcarei, Pontevedra, 1963), cunha dedicatoria do autor á que lle segue unha cita de Chano Piñeiro que foi o inventor de Trasdomonte, trasunto da bisbarra na que el e o autor da obra naceron, a Terra de Montes. Tras esta aparece unha nova cita de Frank Mc Court á que lle segue unha nota aclaratoria na que se indica que o libro recompila, entre outros, os relatos inéditos "Raiolas no faiado", gañador do certame de narrativa Manuel Oreste (XI edición, ano 2006); "Unha campa na congostra de Rebordechao", gañador do certame de narrativa Camilo José Cela (XII edición, ano 2001); "A muller que non comía", segundo premio do certame de narración curta Ánxel Fole (VIII edición, ano 2006) e "O empeine", gañador do certame de narración curta Concello de Marín (IX edición, ano 2006). Deseguido hai un limiar asinado polo propio autor no cal fala sobre Trasdomonte, o lugar no que ambientan os relatos do volume o cal, segundo el, inventou Chano Piñeiro e aclárase o tipo de personaxes que desfilan polas páxinas destes contos de carácter popular. Os corenta relatos que conforman a obra teñen un fío común: o elemento fantástico vencellado ao relato oral que se inspira no folclore, nas lendas e no imaxinario popular. Os relatos presentan sucedidos onde os protagonistas son personaxes populares, caracterizados , moitos deles, polo alcume ou polo topónimo correspondente xunto ao nome (Avelino das Chamosas, Leopoldo de Tresaldeas, María da Mouteira, Severo de Vilalén) lembrando os contos de Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro. Presentan unha extensión variábel, dende unhas poucas liñas até catro ou cinco páxinas onde os contidos aparecen condensados como é propio do relato de carácter popular e abranguen dende "ebanistas que demoran trinta anos unha encarga" até "encarcerados que escriben cartas á casa no latín dos canteiros" ou "burros que rezan ladaíñas". Mestúranse os relatos escritos en terceira persoa cun narrador externo á historia con outros nos que predomina a primeira persoa cun narrador protagonista e homodiexético. A lectura é áxil e fácil debido ao emprego dunha linguaxe coloquial e de estruturas sintácticas breves nas que predomina a parataxe. As fórmulas de introdución propias do relato oral, que achegan verosimilitude á historia e converten en protagonista o narrador da mesma, están presentes ao longo de toda a obra como por exemplo: "contáronme que" ou "procurarei ser fiel na transcrición dunha conversa [...] que escoitei hai uns meses".

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Recreando o conto popular", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", 29 maio-4 xuño 2008, p. 32.

Fai referencia ao libro de Francisco Rozados, *Raiolas no faiado*, onde lembra a terra de Trasdomonte. Compara esta obra coa doutros escritores galegos que tamén admiraron a seres reais como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Rafael Dieste. Indica que na obra se recollen contos e microcontos, algúns xa premiados, que permiten unha gran variedade de temas. Afirma que estes contos se basean na anécdota e neles o discurso está moi elaborado. Por último, salienta que o obxectivo da obra é amosar o vitalismo da xente que vive en Trasdomonte.

- Marga Romero, "No tesouro da tradición", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Libros", 19 xuño 2008, p. IV.

Comenta que a colección "Medusa" de Sotelo Blanco acaba de incorporar un novo

volume, *Raiolas no faiado*, de Francisco Rozados. Explica que se trata dunha compilación de corenta narracións breves, próximas ao microrrelato, e que entroncan co mellor da narrativa breve do noso país, debido á estrutura e á mestría e dominio do ritmo. Así mesmo, refire que algúns contos xa gañaron certames literarios e outros son inéditos, á vez que vai dando conta dos títulos dalgúns dos relatos que comenta.

- Armando Requeixo, "Soños e memoria de Trasdomonte", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 490, "Libros", 20 xullo 2008, p. 15.

Céntrase en *Raiolas no faiado*, de Francisco Rozados, un libro composto por relatos independentes (catro dos cales recibiron xa diversos galardóns), clasificados como microrrelatos diferentes entre si pola súa estrutura, pola súa composición organizativa e incluso polo seu acabado. Pero tamén se diferenza no tratamento da temática, pois algúns presentan reflexións sobre as xentes de Galiza cun humor radical, mentres que outros quedan en meras referencias anecdóticas.

- Ramón Nicolás, "Memoria e ficción de trasmonte", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 274, "Letras en galego", 9 agosto 2008, p. 12.

Refírese á obra de Francisco Rozados, *Raiolas no faiado*, un libro de relatos nos que se mesturan a tradición e a cotidianeidade co mundo fantástico. Saliéntase que na obra se reelabora, recrea ou reinventa historias, que serven para reivindicar o potencial do imaxinario común e popular no mundo literario.

Referencias varias:

- Xosé M. Rivas Troitiño, "Letras", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta de palla", 16 maio 2008, p. 5.

Considera que as historias de Álvaro Cunqueiro lle dan valor ao pasado e indica que no conxunto da obra de Cunqueiro se pretende defender o mundo rural e a observación da vida sen présas. Reflíctese na obra de Carlos Reigosa, *Homes de tras da corda* (1982) e na novela de Francisco Rozados, *Raiolas no faiado*. Sinálase tamén que as obras de Carlos Reigosa e Francisco Rozados reflicten a mesma preocupación.

- Vicente Araguas, "Anécdotas e categorías", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 498, 14 setembro 2008, p. 14.

Vicente Araguas amosa a sensación que experimentou ao ler a obra de Francisco Rozados, *Raiolas no faiado*. Dise que neste relato se mesturan o realismo e a maxia, materializados nuns personaxes reais que se ven inmersos en situacións irreais e considera que, neste senso, na obra hai unha débeda con Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Gabriel García Márquez.

Sierra Veloso, Xurxo, *Os nomes do traidor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 257, xuño 2008, 201 pp. (ISBN: 978-84-9782-849-9).

Xurxo Sierra Veloso (Caracas, 1969) presenta unha novela de intriga a camiño entre o xénero negro e o psicolóxico e cunha expresión claramente cinematográfica. A novela

está contada dende distintas voces narrativas en primeira persoa: a do protagonista, Xosé Luís Avidueira (Bernardo Delanuit), a súa esposa Xenebra, a súa filla Alicia (e máis Margarita), o protector de testemuñas (Figueroa), o seu asasino, Olegario Castela (Columbus), e o seu socio, que acabou no cárcere, Claudio Sampaio. Delanuit está protexido como delator de Sampaio logo da truncada "Operación Cadaleito", na que transportaban droga a Sudamérica. A súa vida transcorre na Urbanización Mapoula, na que conviven persoas protexidas con identidades falsas. O axente Figueroa custodia, coida e protexe aos mesmos, sen ser capaz de salvar a vida de Delanuit. Atopado por Columbus (empregado de máxima confianza de Sampaio) é acribillado a tiros e ámbolos dous morren no acto. O libro está dividido en capítulos e cada un deles está narrado por unha voz diferente o que proporciona distintos puntos de vista e opinións sobre o caso de narcotráfico e a morte de Vidueira.

Recensións:

- R. L., "O elevado prezo da verdade", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 xullo 2008, p. 55.

Coméntase que a novela de Xurxo Sierra Veloso, *Os nomes do traidor*, narra a historia de Delanuit, que tras declarar contra un narcotraficante, é acollido nun programa de protección de testemuñas. Sinálase que na obra se reflicten as voces de diversos personaxes (o narcotraficante, Delanuit, a súa muller…) que converten o texto nunha novela intrigante onde a morte e o destino son os temas principais.

- Armando Requeixo, "Sombras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, "Libros", 25 setembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 201, "Letras galegas", 4 outubro 2008, p. 11.

Faise referencia á obra de Xurxo Sierra Veloso, *Os nomes do traidor*, unha novela na que se vai narrando a vida de Delanuit, home que se atopa acollido nun programa de protección de testemuñas por testificar contra un narcotraficante. Sinálase que este percorrido pola súa vida serve para facer unha análise psicolóxica profunda, tanto del mesmo coma dos personaxes que participan na obra: o narcotraficante ou a muller de Delanuit, entre outros. Saliéntase o seu ton humorístico, que non pretende a gargallada fácil, senón levar o lector á reflexión.

- Leonardo F. Campos, "Acción e reflexión", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 7.

Comentario d'*Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra Veloso, no que se relaciona esta entrega coas súas obras anteriores, dende a súa estrea con *Os ollos de rei de copas* (1994). A teima polo cambio de temática, estilo e xénero considérase que é a principal característica da produción de Sierra Veloso, aínda que nesta cuarta entrega se pensa que non presenta a calidade das obras anteriores. Unha das razóns que se apuntan é que a hibridación entre a novela negra e psicolóxica d'*Os nomes do traidor* non logra callar pola ruptura da axilidade que esixe a intriga criminal, ao levar a cabo un demorado afondamento psicolóxico dos personaxes. Apunta que dadas as características dos arquetipos do xénero policial se percibe o esforzo do autor por dotalos de entidade, sen acadalo. Considera tamén unha eiva o feito de que nos momentos "psicoloxicamente

decisivos da trama" non se profunde máis nas motivacións do protagonista. En xeral sinala que a espectacularidade do argumento "acaba por escravizar o resto da novela e por comprometer en non poucas ocasións a súa verosemellanza". Entre os aspectos positivos sinala algunhas constantes na produción do autor, como a elección dun protagonista illado, anódino e inseguro; o xogo de contrastes entre este e o narcotraficante ou os misterios que rodean a urbanización de Delanuit e a reviravolta final que os desvela. Remata defendendo a calidade da produción anterior de Sierra Veloso, aínda que nesta última obra considera que se observa precipitación.

- Xosé M. Eyré, "Algo máis que unha novela negra", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 32.

Indícase que a obra de Xurso Sierra Veloso, *Os nomes do traidor*, é unha novela de introspección psicolóxica, unha obra na que se mestura a novela negra e a psicolóxica, pois os seus personaxes, reais e ben deseñados, atópanse desvalidos e oprimidos nunha contorna de soidade, azar e onde a imposibilidade de poder absoluto sobre as súas vidas os leva á insatisfacción e ao desengano. Engádese que estes personaxes, por outra banda, van facer que o lector interactúe co que está a ler.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Entre o sentimento e a diversión", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 411, "Musas", 29 xuño 2008, p. 50.

Realiza unha entrevista a Xurxo Sierra Veloso quen fala sobre a súa novela, *Os nomes do traidor*, e comenta que se trata dunha obra con dous niveis de lectura: por un lado é unha reflexión sobre o problema de identidade do individuo e, por outro lado, é unha historia de persecucións e medos. A seguir, fai referencia ao seu lugar de nacemento e afirma que prefire a literatura de entreter, é dicir, escribe coa finalidade de "pasalo ben". Tamén comenta a relación coa poesía e o ensaio e dá a súa opinión sobre a situación da literatura galega actual. Finalmente, comenta que está a traballar con outra novela.

- M. Dopico, "O estigma da propia 'esencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 28 agosto 2008, p. 28.

Dá noticia da aparición do último libro de Xurxo Sierra, *Os nomes do traidor*. Destácase que esta novela se sitúa entre o xénero negro e o psicolóxico, e na que se fai unha reflexión sobre a propia identidade. Apúntase que o personaxe principal é Delanuit, un home que posúe dúas identidades que dan lugar a distintas perspectivas da historia.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 258, 11 setembro 2008, p. VII.

Refírese á de Xurxo Sierra Veloso, *Os nomes do traidor*, na que se salienta a multiplicidade de voces e rexistros expresivos e o uso de medios da linguaxe cinematográfica, e tamén nomea *Os Grouchos*, de Manuel Rivas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Abismos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 281, "Letras en galego", "Club Dandi", 27 setembro 2008, p. 11.

Fala das súas percepcións sobre unha serie de libros entre os que destaca *Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra, do que indica que é de obrigada lectura dado que estamos perante unha novela cunha historia de marxinalidade, conflito e abismos. Nesta columna tamén se refire ao poemario *Estúrdiga materia*, de Luís González Tosar.

Suárez, Chelo, *A venus de cristal*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 249, xaneiro 2008, 144 pp. (ISBN: 978-84-9782-694-5).

Esta novela de Chelo Suárez (A Coruña), enmarcada no seo do xénero fantástico e ambientada na Venecia medieval ao redor da figura de Pietro Puliani, un mestre vidreiro afeccionado á alquimia. Tras cinco concisas dedicatorias privadas de cariño a familiares, amigos e lectores, unha ilustración que reproduce a illa véneta no medievo, unha cita de Pietro Puliani e o poema "Unha visión" dá comezo a historia. Por medio dun narrador omnisciente, o argumento dá conta dos acontecementos máis importantes da vida deste mestre, dividíndoos en dous libros; mentres que no primeiro a acción ten lugar en Venecia, no segundo transcorre en Florencia. Os dezaoito breves capítulos que compoñen o libro primeiro introducen ao lector no mundo de Pietro a través dunha descrición do xardín e da mansión na que vive, Vila Rosetta, xunto ao seu traballo como vidreiro, engarzado con trazos da súa personalidade. Así pois, Pietro dedícase a confeccionar os máis belos vidros, máscaras, monicreques e xoias que xamais existiron, cos que paga os servizos das meretrices ou cos que agasalla aos seus amigos. Baixo a sospeita dunha conspiración contra el por parte dalgúns dos seus achegados, Pietro vive permanentemente na procura da inmortalidade que reside baixo a pel dunha muller. Será no libro segundo, ao longo dos trece pequenos capítulos que abrangue, cando consiga atopar a esa muller, Simonetta Cattanei, e dar por rematada a súa busca. Cobra tamén importancia na novela o rol de Edén, a escrava turca de Pietro, namorada del e sempre baixo as súas ordes, que termina morrendo nas súas mans. As descricións das paisaxes e dos ambientes acadan un realismo por veces mesturado co onírico que emprazan ao lector nun microcosmos no que todo semella ser posíbel. A novela péchase cun epílogo no que se reproduce un canto polifónico dedicado a Simonetta, a Venus de cristal nesta historia.

Recensións:

- Martín Pawley, "A Venus de cristal", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 17.

Comézase sinalando que esta novela de Chelo Suaréz foi unha das tres novelas finalistas do Premio Xerais de 2006. Sinálase que a trama, que se desenvolve nunha Venecia renacentista marcada polo tópico, ofrece unha sucesión de aventuras protagonizadas por un enigmático personaxe que combina a súa profesión de vidreiro coa de alquimista e adiviño. Engádese que o libro, escrito cunha prosa requintada, ten certo afán de transcendencia, pois considera que agocha unha reflexión sobre a procura da beleza, co mito da inmortalidade e a perfección da xuventude asomando de fondo.

- Dolores Martínez Torres, "Procura estética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Libros", 29 maio 2008, p. V.

Detense no argumento da novela *A venus de cristal*, de Chelo Suárez, baseado na historia dun vidreiro de Venecia que quere retratar á muller ideal. Sinala que o protagonista Pietro Puliani busca a beleza eterna e provoca a confusión de sentidos e a mestura do histórico co fantástico. Indica que a historia principal se entrelaza con outros relatos secundarios e asegura que a tensión dramática é bastante irregular.

- Xavier Castro Rodríguez, "Intriga, predicións e alquimia na Italia renacentista", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 31 maio 2008, p. 2.

Comenta que a nova novela de Chelo Suárez, *A venus de cristal*, xira ao redor do personaxe Pietro Puliani, un vidreiro italiano que lles desvela aos lectores o mundo das artes, cheo de misterio, relacións persoais e sociais, na Italia renacentista. Tamén indica que a obra se divide en pequenos capítulos e destaca as historias acontecidas nas cidades de Venecia e Florencia.

- Xosé M. Eyré, "Novela breve na procura da beleza", *A Nosa Terra*, n.º 1.313, "Cultura", 5-11 xuño 2008, p. 32.

Comenta unha das novelas finalistas do Premio Xerais: *A venus de cristal*, de Chelo Suárez. Indica que a obra se divide en trinta e un capítulos, un epílogo e máis unhas palabras preliminares. Salienta que o protagonista da obra, Pietro Puliani, se pode identificar coa propia autora e dá conta doutras coincidencias coa realidade. Afirma que a novela mostra a ansia de atopar a beleza sublime, cun ton lírico e coidando moito o ritmo expositivo. Salienta os espazos narrativos (Venecia e Florencia de finais do século XV) e destaca o recurso do resumo, da secuenciación e do fragmentarismo. Tamén afirma que a novela é estática e moi descritiva e que os capítulos carecen de clímax que obrigue a ler inmediatamente o seguinte capítulo. Eyré considera que o formato de novela breve está encorsetando demasiado a calidade literaria da autora.

- Xosé M. Eyré, "Lirismo, carnavalización e sexo", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Cultura", 2-8 outubro 2008, pp. 32-33.

Indícase que esta novela ten como tema central o sexo, é dicir, inclúese na narrativa erótica, un tipo de narrativa que, segundo se menciona, padece "grandes dificultades" […] á hora de asentarse", cun ton amábel, divertido e humorístico. Destácase que a autora sexa muller, algo pouco habitual para este tipo de narrativa, pero isto non inflúe para nada na perspectiva que a autora lle dá á temática sexual se se compara cunha dun home. Afírmase que o resultado final é unha obra de cento dez páxinas un pouco frouxa, da que se di que é unha "lástima non lle tirar máis partido, crer máis nas posibilidades da historia e darlle máis tempo".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A fascinación polas palabras", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 390, "Musas", 10 febreiro 2008, p. 46.

Fai referencia á conversa que mantivo con Chelo Suárez, quen acaba de publicar *A venus de cristal*. Vidal Villaverde pídelle que achegue algúns datos sobre a súa biografía e salienta os anos en que empezou a escribir. Tamén afirma que é a novela o

xénero literario no que se sente máis cómoda e, en relación a *A venus de cristal*, indica que hai tempo que se comprometeu a escribir esta novela. A continuación asegura que ela escribe por paixón, "por amor ás palabras", e considera que só coa inspiración non é suficiente. Por último, dá conta doutras obras coas que está a traballar.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, 21 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, 1 marzo 2008, p. 11.

Analiza brevemente na sección fixa do suplemento catro obras: a narración *A venus de cristal*, de Chelo Suárez, da que ofrece o seu argumento e salienta que se trata dunha "prosa elaborada"; a novela curta gañadora do Premio Manuel Lueiro en 2007, *O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando, e, en infantil, *Ollobrusco*, da autoría de Darabuc e Maurizio A. C. Qarello. Así mesmo, ocúpase tamén brevemente do poemario de Rosa Enríquez, *Vestíbulo da devastación* (2007).

- M. B., "Chelo Suárez: 'O erotismo arróiame", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "Cultura", 10-16 abril 2008, p. 31.

A escritora Chelo Suárez refírese á súa novela *Os milagres de Cristamar*, gañadora do premio de literatura erótica Narrativas Quentes, e *A Venus de Cristal*, que se desenvolve na Venecia do século XV en pleno Renacemento italiano. Da última comenta que Venecia é unha cidade moi literaria e confesa ser admiradora do *Decamerón*, de Boccaccio, polo que é probábel detectar influencias desta na súa obra, xa que cre que somos o que lemos. Di que a segunda parte se desenvolve en Florencia para renderlle homenaxe a Botticelli e aos Medici, polo que o cadro deste "O nacemento de Venus" é unha das claves do libro. Sinala que na novela está moi presente o erotismo pero non foi intencionado, xa que a historia tamén ten feitos fantásticos. Afirma que *A venus de cristal* foi elaborada recentemente pero *Os milagres de Cristamar* levaba tempo nun caixón e cando a releu viu coincidencias entre as dúas: o vidreiro, as prostitutas e a presenza de Venecia.

- Xosé Carlos Caneiro, "Renacer do ser", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Letras en galego", "Club dandi", 2 agosto 2008, p. 7.

Felicita á editorial Xerais por ter publicado tres textos con cariz histórico eminentemente "literarios": *A Venus de cristal*, de Chelo Suárez, de localización veneciana; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro e *Renacer*, de Xabier Paz; e recomenda a súa lectura.

Súarez, Chelo, *Os Milagres de Cristamar*, IV Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes 2008, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, xuño 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-87783-95-1).

Esta novela erótica de Chelo Súarez (A Coruña) comeza cunhas dedicatorias á memoria de Pepe Muíños e a Nita Neira Sobral e cun "Introito", onde un narrador omnisciente en terceira persoa conta como un navegante aventureiro se mergulla no mar e atopa unha ánfora que se lle semella ao corpo dunha muller, pero ao abrila, descobre que está baleira e fica pensando nos segredos que aquel obxecto podería ocultar. A seguir, arrinca a novela, que consta de dezasete capítulos intitulados e numerados como

“andainas”. Coñécese así, a Cristamar, trasunto da Coruña, onde na rúa do Galo Falangueiro conviven as prostitutas coas monxas do Convento das Odiseas Descalzas, aberto para render culto á patroa da cidade, Branca Odisea, apreciada ao salvar ás mulleres cristamariñas das gadoupas dos surinamsureños, e permitir que todos eles a posuiran. Sábese que está ambientada no século XVIII, debido á irmá dos Sagrados Corações de Portugal, quen, nunha volta das súas viaxes a Lisboa, augura un terremoto. A historia enfíase capítulo tras capítulo coa incorporación doutros personaxes como a nai Chola, Nomeolvides, Arcadio o Vello, Trindade, Bordelino ou Clara. Pecha a novela a “Síntese”, onde se dá resposta á profecía de Cristamar. Destaca polo sexo como elemento temático constante e pola linguaxe elaborada con certas doses de lirismo.

Recensións:

- Lupe Gómez, “A fada cristalina”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 732, “Estar nas nubes”, 26 outubro 2008, p. 10.

Faise referencia á obra da escritora autodidacta Chelo Suárez: *Os milagres de Cristamar*, novela gañadora do Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes. Afírmase que se caracteriza polo afastamento da pedantería e a busca do pracer e a alegría. Considérase que as súas obras tratan temas sensuais e sexuais, cun ton subxectivo que produce unha obra sinxela e humilde, distanciándose das “porcalladas”, como Chelo Suárez di, que, segundo as opinións dalgúns, é o que se conta neste tipo de obras.

- Armando Requeixo, “Erótica de Cristamar”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 265, “Libros”, 30 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 206, “Letras galegas”, 8 novembro 2008, p. 10.

Faise referencia á obra de Chelo Suárez, *Os milagres de Cristamar*, unha peza da narrativa erótica que foi galardoada co Premio de Narrativa Quentes. Cualifícase a novela de transgresora porque pertence a un xénero pouco habitual, a narrativa erótica, na que son habituais os dobres sentidos e o deleite estético. Asemade saliéntase a transgresión relixiosa. Conclúese que se trata dunha peza cunha lectura amena e divertida.

Referencias varias:

- M. B., “Chelo Suárez: ‘O erotismo arróiame”, *A Nosa Terra*, n.º 1.305, “Cultura”, 10-16 abril 2008, p. 31.

Declaracións de Chelo Suárez nas que se refire ás súas novelas *A Venus de Cristal* e *Os milagres de Cristamar*, que levaba un tempo nun caixón, e que cando a releu viu coincidencias entre as dúas: o vidreiro, as prostitutas e a presenza de Venecia. Explica que a última ten como telón de fondo o terremoto que asolou Lisboa, o cal aínda non aconteceu pero é unha profecía dunha monxa lisboeta, porque o erotismo só pode vir despois da catástrofe, xa que no instinto pola supervivencia tamén está presente o amor. Conta que a novela comeza coa inmersión dun mariñeiro, porque cre que o que non se sabe está agochado no fondo do mar, o cal atopou unha cínfora, pensou que tiña un

tesouro pero estaba baleira, tíraa ao mar pero soña cos segredos que podería agochar. Comenta que parte da acción a sitúa en Cristamar, unha cidade máxica que no fondo é A Coruña pero tamén aparecen Lisboa e Venecia; estas tres teñen en común que contan con porto e que os cidadáns camiñan sobre terreos que lle gañaron ao mar. Opina que a sensualidade está no instinto e que todos a temos pero moitos non a saben expresar. Finalmente, confesa que con dezaseis anos leu *Venus e Adonis* e *A violación de Lucrecia*, de Shakespeare, e dende aquela a sensualidade está sempre presente nas súas obras.

- Diego Ameixeiras, "Chelo Suárez, escritora: 'O ambiente erótico está dentro de min", *Tempos Novos*, n.º 132, "Todo é peixe", "Entrevista", maio 2008, p. 10

Chelo Suárez fala sobre a súa novela, *Os milagres de Cristamar*, obra gañadora do IV Premio de Literatura erótica "Narrativas Quentes" e afirma que se trata dunha obra onde os protagonistas son monxas, prostitutas, hermafroditas e castrados, que forman parte dunha obra erótica, non pornográfica.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, 25 setembro 2008, p. VII.

Recoméndanse *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez, da que se fala da súa ambientación, de que está "chea de erotismo, de lirismo e insinuacións, de violencia, humor e ousadía"; A *guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas e Isabel Soto; máis *Namberguán*, de Euloxio R. Ruibal.

Taibo, Nacho, *Flor do grelo*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Cadernos. Narrativa, n.º 2, 2008, 50 pp. (ISBN: 978-84-8487-138-X).

Nacho Taibo (Madrid, 1949) presenta nesta obra un conxunto de relatos moi breves, algún conta cunha extensión que abarca as dúas follas e outros non superan as dúas liñas, aparentemente inconexos, que se organizan en trece libros. Cada un destes trece libros contén un número variábel de relatos. Os textos presentan diferentes tipos de narrador, algúns están contados en terceira persoa e outros en primeira. Non se pode estabelecer unha vinculación temática nin de personaxes entre os relatos, o que produce a sensación de certa independencia de cada un dos relatos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Volve o Nacho Taibo menos convencional", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 32.

Comenta que despois de moito tempo volve aparecer Nacho Taibo cunha nova obra, *Flor do grelo*, que se centra na ficción científica. Fai referencia ao título da mesma e afirma que a obra foxe do convencional, tamén salienta a súa extensión que só ten corenta e seis páxinas, xa que se trata de microcontos nos que os lectores teñen múltiples conexións e desconexións. A continuación, critica o feito de que estes contos non aparezan en páxinas independentes e que respecten o espazo de reflexión. Por

último, salienta o seu carácter polémico e asegura que se trata dunha obra ben feita que non abusa dos recursos propios da Literatura Mínima.

- Montse Pena Presas, "Exceso de ludismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, "Libros", 18 setembro 2008, p. IV.

Comentario da obra de Nacho Taibo, *Flor do grelo*, unha peza de narrativa breve dividida en trece libros, distribuídos aleatoriamente, que presenta unha tipografía cambiante, que lle outorga un "aire de xornal". Indícase que se produce unha mestura de temas fantásticos con outros reais, que serven para abordar o campo da morte e a enfermidade, a relación de Galiza con nacións cunha situación semellante ou a historia do santo Grial, que se aborda dun xeito peculiar, aspectos que denotan o carácter transgresor da obra.

Tobar, Alejandro, *Cremalleiras*, Lugo: Editorial Tris Tram, 2008, 191 pp. (ISBN 13: 9788489377820).

Nesta novela de Alejandro Tobar (Lugo, 1983) realízase unha viaxe pola vida de Demetrio, un rapaz que dende que naceu ten o corpo cheo de cremalleiras. Este neno, que se vai convertendo en home ao longo da narración, será o fío argumental de toda a obra. Preséntanse tamén diversas artes nas que están envoltos os amigos e familiares deste neno "inenferruxábel". Ao comezo da obra aparecen uns versos de Paul Morand, tanto na súa versión orixinal, coma a súa tradución ao galego, que dá paso ao texto organizado en corenta e nove capítulos. Predomina a narración en terceira persoa, cun narrador omnisciente que sabe o que ocorre en cada momento nos diferentes lugares, que varían segundo a que personaxe se estea a referir, pois o lugar onde nace Demetrio non se cita literalmente, pero si o que será o escenario da maior parte da súa vida como adulto, Oslo, onde se afeccionará á literatura e onde se irá facendo maior, até regresar de novo á súa cidade e morrer asasinado o día do seu aniversario. O que se podería denominar a parte inicial do texto, dende que Demetrio se vai facendo a si mesmo até chegar a decatarse de que a súa paixón é a literatura e os seus pais crean unha empresa de guías de viaxes, implica que se detallen todas as facetas artísticas precisas para compoñer guías e que se faga ademais na obra un percorrido por diversas cidades do mundo (A Habana, Santiago de Compostela ou Xenebra). Pola contra, cara o final do relato, o ritmo acelérase moitísimo e os capítulos fanse máis breves e rápidos, vaise saltando dun cumpreanos de Demetrio a outro, que celebra o 28 de febreiro, até chegar a un ano bisesto, no que falece. Emprégase unha linguaxe coidada, agás nos momentos nos que reproduce os diálogos entre diversos personaxes, o cal non se fai segundo a estrutura prototípica do diálogo, senón que se ofrecen as contribución continuadas como se seguise a ofrecer un texto narrativo.

Torres, Sabino, *As tres columnas. Crónica sentimental da moureira das putas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 260, maio 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-9865-106-5).

Sabino Torres (Pontevedra, 1924) presenta nesta novela unha visión particular da Pontevedra dos anos trinta e cincuenta centrada no barrio da Moureira, o barrio das putas. A novela conta cun limiar intitulado "Onde hai campás hai putas", que deixa ver

cal será o tema central de toda a obra. Nesta introdución o autor fai un breve achegamento histórico e documental ao tema da súa obra. A primeira data que aparece é o 1327, cando se crean en Pontevedra os primeiros baños, este dato, tómao do libro *A vida das mulleres na Galicia Medieval*, de Mª Carmen Pallarés Méndez. Dende aquí, acudindo a diversas obras, crónicas e documento, vai facendo unha breve crónica da evolución das casas de prostitución na cidade até chegar ao século XX cando o barrio das putas se asenta no lugar referido na obra. A obra presenta un narrador en terceira persoa que actúa como un cronista que vai recreando todo o mundo da prostitución no barrio da Moureira, polo que hai unha mestura de realidade, de historia e de ficción literaria. A novela estrutúrase en once capítulos, nos que se tratan diversos aspectos relacionados co tema principal. O primeiro dos capítulos titúlase "O Campo do Boi", o segundo "A Casa das tres columnas", nome dun dos prostíbulos que dá título á novela. A primeira parte céntrase máis na perspectiva dos clientes, para logo profundar nos personaxes, ofrecendo unha visión ampla da vida destas mulleres, unha vida dura e chea de necesidades. A figura da prostituta está retratada con humanidade e cariño e non coa visión superficial e fría que poderiamos esperar. Aínda que a novela trata sobre a prostitución, non alude ao tema do sexo, que aparece en moi poucas ocasións. O libro reflicte tamén a miseria e como ao redor dela xurdía unha serie de personaxes como o usureiro, o médico que as atendía sen cobrar, o vendedor de condóns e remedios para as enfermidades, o home que limpaba as casas, a modista, o zapateiro, etc. Outro foco do libro céntrase na descrición dunha sociedade hipócrita, marcada por unha moral relixiosa estreita que marxinaba as prostitutas pero non os seus clientes, que en moitos casos pertencían á clase social alta. O libro reconstrúe as anécdotas da vida cotiá do barrio da Moureira, pero tamén describe de forma moi detallada as casas de citas, os seus elementos arquitectónicos, a música... dando lugar a unha gran variedade de ambientes que van dende o mundo estritamente prostibulario até o mundo de fóra do prostíbulo, os paseos, os baños, ou touros... pero tamén analiza a importancia ou a contribución da prostitución á economía da cidade.

Recensións:

- M. Dopico, " Os lindes da 'sexualidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 30 agosto 2008, p. 29.

Precísase que a narración de Sabino Torres, *As Tres Columnas. Crónica sentimental da moureira das putas*, publicada pola editorial Galaxia, refire a historia do alfoz pontevedrés da Moureira nas décadas de 1930 e 1940. A través da mestura entre a crónica xornalística e o relato literario, o volume analiza os efectos da prostitución daquela época na economía da cidade e reconstrúe anécdotas vividas no antedito barrio. Nun epígrafe intitulado "Datos", sublíñanse o estudo pormenorizado dos personaxes e as consecuencias da prostitución na fisionomía da Moureira.

- Dolores Martínez Torres, "Retrato de grupo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. IV.

Analízase a obra *As tres columnas*, de Sabino Torres, unha novela na que se retrata a vida do barrio pontevedrés da Moureira dende os anos trinta aos cincuenta. Céntrase na existencia de prostitutas na cidade, representadas na figura de Pilar Bértola. Amósase na

obra, mesturando comicidade e respecto, o rexeite ao mundo dos prostíbulos, o que servirá para facer un retrato da sociedade do momento.

- Xosé M. Eyré, "A prostitución na Pontevedra de posguerra", *A Nosa Terra*, n.º 1.330, "Cultura", 23-9 outubro 2008, p. 32.

Comentario da obra de Sabino Torres, *As tres columnas*, no que se salienta que se trata dunha narración costumista na que se aborda de xeito maxistral o tema do mundo da prostitución. Tamén afirma que se centra concretamente na zona de Pontevedra no período de decadencia e miseria, que vai de 1940 a 1956. Salienta o emprego na novela dunha linguaxe "repousada" e cunha sintaxe complexa, que serve para facer unha descrición tenra e humana da prostitución, á vez que se sitúa nun mundo que deambula entre a realidade e a ficción.

- Xosé Carlos Caneiro, "Libros do existir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", "Club dandi", 22 novembro 2008, p. 13.

Destácase nesta nova novela de Sabino Torres, que a temática xira ao redor do mundo de criminalidade e delincuencia da Pontevedra de varias décadas atrás. Dise que é dunha gran calidade literaria, pois o narrador consegue transmitirlle ao lector sensacións e sentimentos coa súa prosa. Comenta que a narración se sitúa a medio camiño entre a novela e a crónica.

Referencias varias:

- Iria Lago, "Celebración da vida", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 423, "Entrevista", 27 xullo 2008, p. 6.

Dá noticia da aparición do último libro de Sabino Torres, *As tres columnas*. Destácase que esta obra ten como marco o barrio da Moureira en Pontevedra e que pretende así reflectir a vida dos prostíbulos nos primeiros anos do século XX. Na segunda parte do artigo realízase unha entrevista ao propio Sabino Torres que afirma que decidiu contar esta historia porque é un dos poucos que aínda podía facelo.

Trigo, Xosé Manuel G., *Viaxes do corazón. Diario ínfimo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Illa Nova, n.º 10, decembro 2008, 107 pp. (ISBN: 978-84-9865-145-4).

Diario de Xosé Manuel G. Trigo (Meira-Moaña, 1948) que se abre cunha dedicatoria aos fillos, Iago e Alba, á que segue unha cita de Paul Morand: "Para viaxes, as do corazón". Acolle unha serie de reflexións do autor dende o 23 de decembro de 2006 até o 31 de decembro do ano seguinte. Os fragmentos non son lineais, pois hai evocacións ao pasado, proxectados dende o momento presente. Os recordos pracenteiros proveñen da infancia e neles están presentes os seus pais, os amigos e Pastorita, un primeiro amor, enmarcados nas localidades de Meira (Moaña), o Morrazo ou a "illa de Samertolameu", mais tamén Vigo e Santiago, nos seus anos de estudante. Ademais das reflexións que xorden do devir cotián (morte do pai, esmorecemento vital da nai,....), dálle espazo a temas actuais de carácter social e literario. A profundización en certos sentimentos realízase en ocasións a través da natureza, un elemento recorrente ao longo do diario e inserido no apego ao mundo rural e tradicional. Nun á parte, intitulado "De remate",

Trigo reflexiona sobre este e outros diarios que escribiu ao longo da súa vida. Recupera un fragmento dun deles e reflexiona sobre a escolla deste diario "do ano pasado" para que vise a luz.

Vaqueiro, Vítor, *Os espellos do tempo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 261, xullo 2008, 295 pp. (ISBN: 978-84-9865-115-7).

Nesta novela Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948) realiza unha viaxe pola vida pasada de "Eu", o personaxe frankensteiniano da obra, que a pesar de non aparecer na mesma como tal, ocupa un lugar preponderante; pois o narrador omnisciente, que é o que está a realizar a viaxe da que falamos, reflicte en todo momento as lembranzas que ten de "Eu" ou as pescudas que está a realizar para saber máis cousas del. Para a narración desta viaxe emprega unha lingua moi traballada e persoal en primeira persoa que se ve interrompida en ocasións polos diálogos que mantén coa xente da vila de "Eu". A intención do narrador-autor é relatar a historia da existencia de "Eu", e precisamente ese relato será o argumento que vertebre toda a obra. A indeterminación temporal rómpese cos continuos flash-back á época na que "Eu" habitou nese lugar e que agora os seus coñecidos a rememoran. As referencias á literatura e ao cine fanse constantes para exemplificar e facer máis plástico todo o que está a ver, o que lembra a técnica cinematográfica cunha descrición detallada de planos e os continuos vaivéns do presente ao pasado e viceversa. Pero, a pesar dos saltos temporais na narración hai un progreso, que ven marcado polos discorrer de "Eu", e polos achádegos da mesma que vai realizando o narrador. A obra complétase cun "Álbum de citas. Homenaxe a W. B. e S. S.", no que se recollen citas de autores nomeados ao longo da obra, tales como Lévi-Strauss, Julio Cortázar ou Georges Bataille, entre outros. Por último, inclúese un "álbum fotográfico", no cal se amosan moitas das fotos ás que vai facendo referencia ao narrador na obra e que constitúen lugares ou persoas que tiveron gran relevancia na vida de "Eu", no pasado, e que terán agora no presente, repercusión na vida do narrador.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Desde a encrucillada da imaxe", *A Nosa Terra*, n.º 1.326, "Cultura", 25 setembro-1 outubro 2008, pp. 32-33.

Comentario da novela de Vítor Vaqueiro, *Os espellos do tempo*, no que se cuestiona se esta obra debe ser catalogada de "novela de fotógrafo", e conclúe dicindo que é "máis xusto cualificar esta nova entrega de Vítor Vaqueiro como 'novela de cinema", que non deixa de ser fotografía en movemento, pois considera que esta obra fai un percorrido a través da memoria, un retorno ao pasado a través de imaxes do presente e do pasado, que serven de pé para que o protagonista reflexione sobre unha serie de cuestións filosóficas a partir da vida de "Eu", o que poderíase dicir que é o outro protagonista da novela, que non aparece como tal, pero ao que se ten como fondo ao longo de todo o relato.

- Xavier Paz, "A palabra corrixe a emoción", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, p. 19.

Salienta que Vítor Vaqueiro é un artista eminentemente racional, na busca constante do coñecemento e para o que o raciocinio encamiña esteticamente a emoción e a concreta nun proxecto. Salienta que por enriba da vontade reflexiva na escrita de Vaqueiro destaca a lingua, na que considera que a elección de cada termo é moi precisa, sen lugar á improvisación, polo que "o resultado sempre é un texto de estraña fermosura no que cadaquén pode descubrir novas posibilidades do idioma". Considérase que a consciencia do autor da necesidade de facer da lingua literaria un ente fecundo e da súa formación literaria fan del un "escritor que procura sempre a transmisión do pensamento". Apúntase que unha das posíbeis influencias nesta actitude sexa a da literatura xermánica, pola que sempre mostrou unha gran querencia. Sinálase que hai unha gran coherencia temática e formal en toda a súa obra narrativa, dende *O soño dirixido* (1992) até *Os espellos do tempo*, e que estamos ante un autor que reclama unha lectura activa.

- Samuel Solleiro, "Abrir parénteses", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, p. 20.

Comeza facendo referencia ao ritmo pausado e ao carácter case ensaístico d'*Os espellos do tempo*, e insiste no afán constante de transmitir unha idea. Resístese a comparar este tipo de narrativa coa feita nos inicios do século XX en Galicia ou con precedentes da narrativa castelá e prefire cualificar a proposta de Vítor Vaqueiro como "artefacto posmoderno", unha obra paródica, autoconsciente, "cun humor non desdeñábel e unha dimensión metanarrativa que leva ao narrador a explicar mesmo o por qué da lonxitude das súas frases". Alude a que a obra forma parte dun marco moi rico, por formar parte dunha moito máis ampla, na que o recurso á memoria se fai mediante imaxes complementadas coa palabra. Saliéntase a importancia das fotografías que se describen, dos filmes que se mencionan e as lembranzas, nun universo no que se di que "unha palabra vale máis ca mil imaxes". Repasa algunhas das referencias, citas e aforismos presentes na obra, aínda que non de xeito obvio, e considera que o maior valor da novela é o "ir abrindo parénteses e así sucesivamente até que xa non se sabe que é a aclaración de qué cousa...". Considera que o fío narrativo é moi feble, mentres que o groso da obra son as cavilacións do protagonista.

- Montse Pena Presas, "Retórica dos espellos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 263, "Libros", 16 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 204, "Letras galegas", 25 outubro 2008, p. 11.

Coméntase que nesta novela de Vítor Vaqueiro se presentan dúas historias paralelas, a do narrador que investiga a vida de Eu, e a propia historia de Eu, vida que se presenta en continuos flash-backs, que amosan retratos da súa vida como fotografías, ou máis ben, como instantáneas cinematográficas. Saliéntase que a obra se caracteriza ademais pola rotura de expectativas, polos constantes cambios que suceden na historia, que nada teñen que ver co que se espera.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Non acredito que esteamos a vivir nun sistema democrático", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 agosto 2008, p. 30.

Entrevístase ao escritor e fotógrafo Vítor Vaqueiro, quen reflexiona sobre a situación

política actual, para posteriormente falar da súa última novela, *Os espellos do tempo*, obra na que o autor intenta pór en relación os diversos planos existentes, a realidade, a ficción, a verosimilitude e a falsedade.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Sinálase a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias das novidades da literatura galega, entre as que se atopa a descrita nesta ocasión, *Os espellos do tempo*, de Vítor Vaqueiro. A seguir, cítanse *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais; e *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco, entre outras. Coméntase tamén que Xerais publicará outros títulos coma *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; ou *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal.

- Aurelio Castro, "Non podo contar as cousas dos demais, só as da miña vida", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, pp. 18-21.

Longa conversa con Vítor Vaqueiro ao redor da súa entrega narrativa *Os espellos do tempo*, da que se comeza falando como un texto biográfico, no que se xoga coas referencias entre imaxes e texto e con abondosas referencias culturais, especialmente cinematográficas. Explica que esta estrutura parte da súa convicción de que unha imaxe require de expresión verbal, tendencia que considera en auxe. Refírese á elección do título da novela e ás múltiples referencias que nel se perciben, en especial a concepción de Lacan ou da psicanálise. Tamén explica o seu proceso creativo, no que lle dedica moito tempo a un esquema inicial pormenorizado, previo á redacción, que lle serve de referencia. Sobre a temática sinálase que se trata dun "axuste de contas coa infancia e tamén, coa familia". Asocia esta etapa da vida como de incertezas e descoñecemento. Tamén sinala que esta novela é unha continuación d'*Os nomes da morte* (2002), na que se trataba o suicidio do seu avó e que agora continúa entre os anos 1945 e 1965, e que forma parte dunha serie de diferentes entregas de novelas, nas que xa comezou a traballar. Fala da retroalimentación entre a palabra e a imaxe na súa obra, o seu paso da poesía á narrativa, moi vinculado co seu estado de ánimo e as vivencias persoais. Admite a influencia de Jorge Luís Borges, José Luís Valente ou Thomas Berndhard. Alude ao carácter "barroco" e didáctico atribuído a *Os espellos do tempo*. Manifesta estar en contra da revisión lingüística editorial das súas obras, pois prefire elixir o léxico empregado e cre na necesidade de achegarse ao portugués.

- S. G. S., "Vítor Vaqueiro presentou a súa última novela, unha reflexión sobre a morte e o pasado", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 decembro 2008, p. 17.

Dá noticia da presentación da última obra do escritor e fotógrafo Vítor Vaqueiro, *Os espellos do tempo*. Destácase que en dita presentación estivo presente Xabier Paz que afirmou que a obra é como unha Odisea cun Ulises que intenta recuperar a conciencia do seu pasado. Paz tamén comenta que esta obra está claramente marcada pola figura de Jorge Luis Borges coa presenza dun heroe moderno escasamente épico.

- Ana Saá, "A miña novela percorre Vigo dende a perspectiva do cine", *Faro de Vigo,* "Vigo", 11 decembro 2008, p. 10.

Entrevístase ao escritor Vítor Vaqueiro con motivo da presentación da súa última obra, *Os espellos do tempo*. Destácase que a obra describe o Vigo dos anos 50 e 60 mediante o uso dunha primeira persoa.

Vázquez Álvarez, David, *Na solaina*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, 2008, pp. 239, (ISBN: 978-84-96893-61-0).

Nesta novela de vinte e un capítulos de David D. Vázquez Álvarez (Arcos-Vilamarín, Ourense, 1953) cóntase á volta dunha anciá de algo máis de sesenta anos á súa aldea despois de vivir na Coruña nas últimas catro décadas. Esta narración heterodiexética está condicionada por dous feitos históricos que marcaron a historia da Galiza do século XX, a emigración e a guerra civil, a soidade e a xenreira. Ana reencóntrase coa súa terra natal por verse na necesidade de ir a unha residencia de maiores despois de ter partido unha perna na cidade herculina. Da residencia pode enxergar a casa onde naceu e as redondezas do lugar que marcaron os primeiros anos da súa vida. Este reencontro desperta os profundos sentimentos que levaba ocultando durante tanto tempo ao verse obrigada a fuxir lonxe perante a imposibilidade de ficar co amor da súa vida, Daniel, *O Rabizo*. A Guerra Civil, o feito de que seu namorado sexa dunha clase social máis baixa e a negativa da familia a que estea con el lévana a se confinar na cidade da Coruña para apagar os seus recordos. Esta historia de amor xuvenil que se ve interrompido pola Guerra Civil mestura un narrador en terceira persoa que exprime os sentimentos dos personaxes con intensos diálogos que nos van informando sobre o destino do amor perdido, quen após emigrar volta ao país en plena ditadura e acaba nun campo de concentración para posteriormente escapar a Cuba. A novela alicérzase en boa medida nas relacións entre uns poucos personaxes: a amizade que vai xurdindo entre Ana e a súa coidadora na residencia para a terceira idade, Diana; o Rabizo e o seu amigo o Fraco, que no contexto da guerra se ve obrigado a traizoar o Rabizo, e iso pesaralle na conciencia toda a vida; o Rabizo e súa nai Rosa, e Ana e a súa familia, que non acepta a relación da súa filla co fillo dunha criada. Esta volta á nenez, sarillo de presente e lembranzas que imprime dinamismo á acción, escrita nunha linguaxe accesíbel, a pesar de ser unha historia dura ten un final catárquico que recompensa o sufrimento dos protagonistas.

Referencias varias:

- José Cruz, "As historias da guerra son alucinantes", *La Región*, "Valdeorras", "Vox populi", 10 xullo 2008, p. 15.

Entrevístase ao autor de *Na solaina*, David Vázquez Álvarez. Destácase que a novela se centra nos recordos da guerra civil. Segundo o autor trata dun escapado que ten que fuxir da xente de dereita; pero precisa que non é unha revisión histórica dos feitos, senón só unha pequena historia.

- Xulio Valcárcel, "Novas da Editorial Baía", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 526, "Páxina literaria", 13 xullo 2008, p. 4.

Comenta que David D. Vázquez Álvarez publica a novela *Na solaina* (2008), na que a

súa protagonista narra as súas lembranzas relacionadas coa emigración tras a guerra, convertidas en memoria de toda unha xeración.

Vázquez Pintor, Xosé, *Para dicir abril*, VIII Premio Vicente Risco de Creación Literaria 2007, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 2008, 238 pp. (ISBN: 978-84-7824-542-0).

Esta novela intimista e de prosa poética de Xosé Vázquez Pintor (Melide, A Coruña, 1946) comeza cunha "nota do autor", onde salienta que a protagonista feminina "arrisca as labazadas dunha psiquiatría posmoderna, conta e canta en alto os fulgores dunha vida que non se apaga e vai". Aparece estruturada en sesenta capítulos, numerados e encabezados por versos da poeta grega Safo de Lesbos, ademais dun capítulo intitulado "E máis alá…", co que conclúe esta novela. A protagonista narra en primeira persoa algunhas das súas vivencias, a través dun xogo baseado na escolla de pinceladas da súa vida mesturadas con elementos intertextuais da poesía de Safo, dos filósofos Aristóteles, Descartes, Platón e Sócrates, ademais da pintura de Rubens, Colmeiro ou Lugrís, ou a música de Liszt, entre outros compositores. A historia comeza co nacemento da protagonista e, a partir dese momento, existe un xogo espazo-temporal con saltos, tanto cara ao pasado, coma cara ao futuro da historia que se está a narrar. Esta novela está focalizada dende as experiencias sexuais dunha muller con outras mulleres, ao tempo que se bosquexan de xeito indirecto as reaccións da súa familia e as súas parellas sobre a súa tendencia sexual e sobre a forma na que a súa sexualidade lle conforma unha vida complexa. Non se dá o nome da protagonista, e as distintas mulleres coas que mantén relacións amorosas só aparecen nomeadas por inicias ou polo nome de pila. A complexa vida da protagonista inflúe na estrutura e na linguaxe da súa novela, escrita con gran riqueza léxica e cunha complicada sintaxe.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Para decir abril", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 511 ,"Páxina literaria", 23 marzo 2008, p. 4.

Comenta que o argumento da novela *Para dicir abril* se centra nos abusos sexuais dun pai á súa filla menor de idade e indica que o maior éxito de Xosé Vázquez Pintor radica no feito de que conta a historia en primeira persoa, poñéndose na pel da muller. Tamén destaca a calidade literaria e explica que a novela se estrutura en sesenta e dous capítulos que se inician todos cunha cita da poeta grega Safo de Lesbos. Comenta o desenvolvemento da historia e indica que o seu autor analiza tamén, en algúns momentos, a conduta do pai mais céntrase na nena e no sentimento de odio que se vai creando nela contra o xénero masculino. Explica que está presentada como os apuntamentos dun diario, corrente formal que fai que a novela avance de maneira natural e, finalmente, volve destacar a mestría do autor por mostrar a sensibilidade da situación argumental.

- Francisco Martínez Bouzas, "Memorial de amor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Libros", 3 abril 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, "Letras galegas", 12 abril 2008, p. 10.

Dedícase a primeira parte do seu comentario a loar a figura de Xosé Vázquez Pintor como un dos grandes das letras galegas. A segunda parte é unha crítica en profundidade da novela, na que se valora tanto o aspecto estilístico coma o temático. Neste último campo salienta o valor que supón retratar na obra un dos grandes tabús da sociedade, como son as relacións lésbicas. Finalmente, destaca a complexidade formal da obra e o emprego dunha prosa de tinxes claramente poéticos. A valoración é tan positiva que remata o artigo afirmando que é "un gozo para os sentidos e unha incitación para a intelixencia."

- Xosé M. Eyré, "Novela vitalista sobre a espera pola amante", *A Nosa Terra*, n.º 1.307, "Cultura", 24-30 abril 2008, p. 32.

Despois de salientar que esta obra mereceu o premio Vicente Risco pásase a comentar que se narra dende una prosa de fortes tinxes poéticos a historia de amor lésbico de María das Estrelas e as súas experiencias durante un cruceiro polo Mediterráneo. Unha aposta transgresora que Eyré estende ao estilo, que define coma froito dun "eu poético en fervenza, consciente da transgresión, autorreflexivo, que desbota o narrador tradicional."

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Hora e tempo da palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 391, "Musas", 17 febreiro 2008, p. 51.

Mantén unha conversa con Xosé Vázquez Pintor, quen agradece o galardón que lle acaba de conceder a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comenta que os seus comezos foron no mundo da poesía, máis foi con obras narrativas coas que acadou máis premios. A seguir fala sobre a súa última novela, *Para dicir abril*, da que afirma que se trata dunha resposta a algo interior que sentía e tamén dá a súa opinión sobre o oficio do escritor. Volve lembrar os seus inicios e remata falando sobre a súa visión de Galicia.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, 14 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 175, 23 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento, na que nesta ocasión, atende á obra narrativa *Para dicir abril*, de Xosé Vázquez Pintor, da que se salienta que o autor explora "a dor, a soidade, para deixar constancia da catástrofe emocional". Tamén se achega ao volume *X. M.ª Álvarez Blázquez. Poesía galega completa* (2007), editado por Xavier Rodríguez Baxeiras, e aos poemarios *Ouveo e outros poemas* (2007), de Allen Ginsberg, traducido por Daniel Salgado, e *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- R. V., "Vázquez Pintor se 'cuela' en una mujer en su última novela", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 marzo 2008, p. 75.

Recóllense as palabras de Xosé Vázquez Pintor tras recoller o Premio Risco de Creación Literaria 2007 pola súa novela *Para dicir abril* que, segundo el mesmo di, "está baseada no personaxe dunha muller de vinte e nove anos para entrar con cariño na súa sexualidade e amor lésbico". Coméntase tamén como se desenvolveu o acto literario celebrado no auditorio municipal de Ourense.

- Imanol Hernández, “Ourense es mágico por su literatura”, *La Región*, “Ourense”, 5 marzo 2008, p. 8.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, gañador do Premio “Vicente Risco” de Creación Literaria 2007. Fala da tradición literaria que houbo en Ourense e considera que é unhas das cidades que menos coñece, a pesar de ser peza clave para a súa inspiración. Comenta que se sente feliz e emocionado ao recibir este último galardón pola obra *Para dicir abril*, da que indica a súa temática. Para rematar, opina sobre o panorama literario en Galicia, que centra no tema da educación.

- Raquel Torres, “Para dicir abril’, chega a máis rompedora novela de Vázquez Pintor”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 7 marzo 2008, p. 75.

Dá conta da nova novela de Xosé Vázquez Pintor, *Para dicir abril*, considerada como unha novela rompedora na temática e no seu tratamento. Explica que se trata dunha reflexión íntima dunha muller lesbiana que é capaz de asumir e incluso perdoar a un pai pederasta. Así mesmo, salienta que a novela foi gañadora do Premio Risco de Creación Literaria en 2007 e fala sobre a estrutura do libro dividido en capítulos, que comezan con poemas de Safo de Lesbos.

- Concha Pino, “Son un aventureiro da palabra sen inventar nada”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 11 abril 2008, p. 12.

Entrevista realizada a Xosé Vázquez Pintor no marco da presentación do seu último libro *Para dicir abril*. Comenta que a obra está publicada pola editorial Sotelo Blanco, dentro da colección “Medusa”, e recorda que se conta a historia dunha muller marcada pola súa condición de lesbiana. Ademais de explicar o motivo desa escolla temática e reflexionar sobre o uso da lingua, Vázquez Pintor achega algunhas claves para entender a súa obra. De entre todas elas destaca a “ousadía”, que o leva a buscar novos horizontes de significación ou conservar o ton poético, calquera que sexa o xénero que estea cultivando.

- Xosé Lois García, “Para dicir abril”, *Galicia Hoxe*, “Da nosa acordanza”, 15 abril 2008, p. 4.

Comenta a última novela de Xosé Vázquez Pintor, *Para dicir abril*, gañadora do premio Vicente Risco de Creación Literaria 2007. Comenta o argumento da obra e salienta os escenarios nos que se desenvolven as accións. Afirma que se trata dunha novela de referencia onde o lector pode atopar o tratamento dun tema tradicional visto de xeito diferente. Por último, fai referencia á linguaxe e destaca o ton lírico da narración e o diálogo emerxente.

- Belén López, “A palabra debe ser indiferente ao sexo, á guerra civil e ao fume branco do Vaticano”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 22 maio 2008, p. 76.

Nesta entrevista a Xosé Vázquez Pintor coméntase primeiro que a súa obra *Para dicir abril* é unha novela de fortes tinxes poéticos que foi galardoada co premio Vicente Risco. Despois fálase dos feitos que rodearon a publicación da obra, da visión que Vázquez Pintor ofrece da literatura e a relación que debe manter coa sociedade.

- Ángeles Quintas, “Narrativa, poemas y mucho diálogo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 maio 2008, p. 94.

Faise unha breve mención da presentación desta obra e dise que o acto foi impulsado pola asociación Máis Libros e que se enmarcou dentro da programación “Maio, mes da lingua”.

- Anxa Correa, “É un perigo que os poetas de Galicia opten pola poesía prosaica”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 xuño 2008, p. 72.

Entrevista ao escritor Xosé Vázquez Pintor, homenaxeado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega na súa vila natal, Melide. Vázquez Pintor agradece a homenaxe e fala sobre os diferentes lugares aos que se sente vinculado e algúns costumes. De seguido, fai referencia á súa última novela, *Para dicir abril*, na que mostra a unha moza lesbiana e analiza o seu mundo, e asegura que el escribe para ser feliz. Tamén fala sobre a poesía e afirma que hoxe en día os poetas non deben optar por crear poesía prosaica. Finalmente, comenta que está á espera de que se edite outra novela súa, *Máis vidas*, un libro de relatos que se centra na reencarnación.

- L. R., “Xosé Vázquez Pintor recibe a letra ‘E’ da AELG”, *A Nosa Terra*, n.º 1.314, “Cultura”, 12-18 xuño 2008, p. 38.

Informa que este ano a Asociación de Escritores en Lingua Galega dedica a “Homenaxe ao escritor na súa terra” ao melidense Xosé Vázquez Pintor. Dá conta dos actos que se realizaron na vila e, de seguido, achega a traxectoria literaria de Vázquez Pintor. Salienta que cultivou todos os xéneros e cita algunhas das súas obras, tamén dá conta dos premios recibidos. Por último, fai referencia á súa última novela, *Para dicir abril*, gañadora do premio Vicente Risco de creación literaria.

- D. Salgado, “Pintor: ‘Mi generación fue ninguneada”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 7 xullo 2008, p. 7.

Comenta que Xosé Vázquez Pintor será o escritor homenaxeado este ano co galardón “O escritor na súa terra”, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Achega os agradecementos do homenaxeado e afirma que non se sente á altura doutros escritores. Fala sobre a súa xeración e cita algunhas das súas obras, entre as que salienta a máis recente, *Para dicir abril*. Por último, informa sobre os horarios dos actos que se van levar a cabo na súa vila natal, Melide.

Veiga, Manuel, *O profesor de vegliota*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 250, 2008, 141 pp. (978-84-9782-706-5).

Nesta novela de Manuel Veiga (Monforte de Lemos, 1960) predomina a voz narrativa en primeira persoa do protagonista, un profesor de vegliota que conta a súa viaxe en tren dende Vigo até a Puebla, onde ten que fuxir por mor da lingua que fala e da que é mestre, o vegliota. Esta primeira persoa do narrador-protagonista mestúrase coa terceira nos momentos en que o profesor describe o que fai vendo pola fiestra do seu vagón, vagón no que intercambia puntuais conversas cos seus compañeiros, que dan para que o protagonista rememore feitos do pasado e os introduza no relato como parte do mesmo,

é dicir, nesta obra mestúranse os *flash-back* e os *flash-forward* con accións do presente do protagonista. Manuel Veiga emprega un rexistro culto e un vocabulario coidado, escollido e moi plástico, que permite ao lector visualizar mentalmente o que se lle está a describir. Esta descrición, da que non se nos di a súa situación temporal, adivíñase por referencias indirectas que sitúan a comezos de século. O fío argumental desta peza narrativa é unha viaxe en tren que os editores describiron como "un relato policial", viaxe que transcorre nun só día e no que o personaxe fai memoria de grande parte dos sucesos acaecidos na súa vida até chegar á situación de ter que marchar da súa casa, para que a súa muller Lhos e a súa filla Mra non corran ningún risco por mor do seu uso do vegliota e da investigación que levou a cabo sobre esta lingua, investigación que ten recollida nuns manuscritos, *Klemperer* e *Ferrer i Gironès*, que quere agochar no pobo que será a fin da súa viaxe e que é o lugar de onde provén, Puebla. O autor presenta un abano continuo de referencias e citas bibliográficas que dan contundencia e base científica ás afirmacións que realiza o personaxe, ademais de servir para facer un paralelismo entre o vegliota e o galego.

Recensións:

- R.L., "A divertida loita das linguas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 28 abril 2008, p. 79.

Comeza repasando o argumento da novela de Manuel Veiga, *O profesor de vegliota*, e afirma que se trata dun relato policial que presenta trazos da novela de misterio e máis da ciencia ficción. A continuación analiza brevemente outras dúas obras de Veiga: *Lois e Elena buscándose un día de tormenta* (2007) e *O exiliado e a primavera* (2004). Finalmente, dá conta da súa traxectoria literaria e achega datos sobre a súa formación.

- Armando Requeixo, "Apocalipse vegliota", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Libros", 22 maio 2008, p. V.

Analiza a última novela de Manuel Veiga, *O profesor de Vegliota*, baseada na historia dun home que está a ensinar unha lingua en desaparición, polo tanto, o tema central da obra é o problema da lingua, focalizado de xeito parabólico en Galicia, é dicir, a realidade diglósica galega é o eixo temático vertebrador da historia. Comenta que o protagonista escribe ensaios sobre a supervivencia da lingua e conserva dous manuscritos únicos. Afirma que o resto da acción se desenvolve a partir deste feito, xa que coa destrución da lingua chega tamén a aniquilación dunha sociedade e a desaparición dunha nación.

- Leonardo Fernández Campos, "Do abandono", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", verán 2008, p. 5.

A mestura de narración e ensaio considera que é unha das principais características desta obra de Manuel Veiga, *O profesor de vegliota*, do que repasa títulos anteriores e sinala as cidades nas que se sitúan, para indicar que neste caso o escenario é unha viaxe entre Vigo e Monforte, unha metáfora dun vieiro sen retorno, na que se fai un retrato de Galicia en pleno desmantelamento, mesmo nos personaxes. Sinala que o protagonista é un ser alegórico, desposuído de todo e exemplificado no último falante de vegliota, lingua que leva en dous mecanoscritos. Dos outros personaxes que viaxan con el en tren

sinálase que son arquetípicos. Tamén alude á referencia explícita á obra de Reimundo Patiño, *O home que falaba Vegliota* (1972), e que o lector que se achega á obra de Veiga atopa unha obra enmarcada nun xénero inédito, unha especie de literatura metasociolingüística, na liña de *Made in Galiza* (2007), de Sechu Sende, ou *Comedia bífida* (2007*)*, de Núñez Singala. Saliéntase tamén o marcado ton apocalíptico.

- Ramón Nicolás, "Metáfora da destrución", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Libros para o verán", 2 agosto 2008, p. 6.

Achega á novela de Manuel Veiga, *O profesor de vegliota*, como unha homenaxe implícita a Reimundo Patiño a través do protagonista, o profesor de vegliota, que pasará toda a obra nun tren que o leva fóra do seu lugar natal, debido á persecución da que é obxecto por empregar unha lingua prohibida, o vegliota. Nesta viaxe o profesor irá afondando na personalidade dos seus compañeiros de vagón, que lle serve para ir facendo ao mesmo tempo un percorrido pola súa propia vida e por iso domina o soliloquio na obra, mesturado con diálogos con pasaxeiros ou nos flash-back a recordos coa súa muller e a súa filla. Refírese en ocasións a obras do patrimonio galego como as de Rosalía, pero non as cita directamente, senón que emprega só a primeira letra, "R".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Entre a esperanza e a palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", "Musas", n.º 397, 30 marzo 2008, p. 35.

Vidal Villaverde faille unha entrevista a Manuel Veiga e pídelle que achegue algúns datos biográficos. A continuación pregúntalle cal é o libro co que se sinte máis identificado e Veiga cita o seu libro de ensaio, *O pacto galego na construción de España* (2003). Afirma que co xénero que mellor se sente é a novela e a súa última produción, *O profesor de vegliota*, é un libro que escribiu moi rápido, con trazos de misterio e suspense; indica que o tema do libro é a tensión que está a vivir a lingua galega na actualidade.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, 17 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, 26 abril 2008, p. 11.

Analízanse brevemente *O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga, da que se afirma que é "un ensaio sobre o futuro da lingua"; en infantil, *Un barquiño coma min*, de Thomas Docherty; e *Francisco Taxes e o teatro*, editado por Xurxo Taxes Díaz.

- Xosé Carlos Caneiro, "Prosa estética", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Club Dandi", 31 maio 2008, p. 7.

A partir do modismo "prosa estética", termo acuñado por Truman Capote, comenta que o estilo do escritor debería ter preeminencia sobre os contidos da obra. Non obstante, dise que en Galicia a tendencia é á inversa, alimentada, quizais, pola carencia de universos formais. Realiza unha comparación entre obras traducidas, das que recomenda *Tres contos* (2007), de Gustave Flaubert, editado pola Editorial Galaxia na tradución de Emma Lázare, e *O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga, e *A lúa dos Everglades* (2007), de Xesús Manuel Marcos, das que salienta o "coidado estilístico", a

trama “intriguesca” e a referencia a asuntos relativos á identidade como a emigración e a lingua.

VV.AA., *A Coruña á luz das letras*, A Coruña: Editorial Trifolium/Asociación de Escritores en Lingua Galega/Concello da Coruña, col. Contextos, xullo 2008, 145 pp. (ISBN: 978-84-935325-4-3). ■

Despois duns peritextos institucionais nos que a Concellería de Cultura do Concello da Coruña recorda a vinculación da cidade co mundo literario e a de Cesáreo Sánchez Iglesias (Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega), que tamén recorda como foi vista a cidade da Coruña por escritores como Álvaro Cunqueiro e cómo nesta ocasión os poetas e narradores son chamados pola luz do seu faro que cumpre séculos e por outras características que evocan prazas, xanelas, cidade vella, outeiros, como o de Elviña, etc. Séguenlle setenta e dúas composicións poéticas e narrativas debidas a escritores e escritoras galegas que recordan algún feito acontecido na cidade ou imaxes que a inmortalizan e que fan que o lectorado viaxe por ela e a vexa con outros ollos. As composicións narrativas, organizadas alfabeticamente polo nome do autor, débense a Albino Mallo, “Un vigués en A Coruña”; a Antón Riveiro Coello, un extracto da novela *As rulas de Bakunin* (2000); a Arturo Lezcano, “A torre dunha cidade chamada A Coruña”; a César Morán, “Unha estación de névoa”; a Cipriano Luís Jiménez Casas, “A Coruña e Picasso”; a Concha Blanco, “Son elas”; a Esperanza Mariño Davila, “Boneca bonita de tacto ríspeto”; a Farruco Graña, “Viva a República...!”; a Felipe Senén, “A Coruña, cerna da *Rosa dos Ventos*”; a Francisco Brives, “Os de Montealto non levamos paraguas”; a Francisco X. Fernández Naval, “A Coruña e o tempo”; a Heidi Kühn-Bode, “A Coruña meu amor, 1968”; a Henrique Alvarellos, “Maio, 20 [2003]”; a Iago Mouriño Román, “Consparanoia”; a Joaquim Ventura, “Descubrir A Coruña”; a Jorge Emilio Bóveda Álvarez, “Eterno retorno ou a ameaza de ultramar”; a José Alberte Corral Iglesias, “Lewhnam”; a José–Mª Monterroso Devesa, “A Corunha ao longe”; a Luís G. Soto, “Coruña: enerxía e/ou abrigo”; a Manoel Riveiro Loureiro, “Esta vila ten seguro”; a Manuel Vidal Villaverde, “Tempo e memoria d’A Coruña”; a Margarita Ledo Andión, un extracto de *Mamá-Fe* (1983); a María Canosa, “A torre milenaria”; a Moncho Iglesias Míguez, “Té de flor de toxo para o serán”; a Nacho Taibo, “*Le maire, le maire, toujours recommencé!*”; a Olegario Sotelo Blanco, “A Coruña, cidade de lembranzas da cidade hospitalaria”; a Rafael Laso Lorenzo, un extracto do capítulo XVIII da novela *Por qué Baldomero Quintáns?* (2006); a Salvador García Bodaño, “Aquel cálido recendo de alecrín”; a Xabier Paz, un extracto do relato inédito *As vidas de Nito*; a Xavier Alcalá, “Acollida e despedida”; a Xosé Carlos Caneiro, “A Coruña en Stendhal”; a Xosé Luís Martínez Pereiro, “Outra carne de estatua”; e a Xosé M. Lobato Martínez, “soño pracenteiro”:

Yáñez, Paco, *..distancias...*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía narrativa, n.º 21, xuño 2008, 221 pp. (ISBN: 978-84-96893-59-7).

Paco Yañez (Santiago de Compostela, 1974) mestura nesta novela a narración e o diálogo. Os diálogos xeralmente son entre N. (o protagonista, do que non se di o nome en todo o libro) e Sofía, a súa noiva, até o final do libro, que rompe co mestre; como excepción están os diálogos que N. mantén ao comezo do libro cun compañeiro de traballo, Uxío, un mestre con destino fixo que prevé o malestar e a dor que vai sentir N.

no seu “distante” destino provisional. A narración, pola súa parte, móstrase de dúas maneiras, a narración omnisciente de N., que amosa os seus sentimentos e as súas inquedanzas, que o levarán ao triste desenlace e unha narración en terceira persoa que amosa a N. dende a distancia, como se dunha película se tratase para o que se empregan todo tipo de metáforas coma a da árbore coas súas raíces, ou a perda das mesmas, tal e como lle sucede a N. O argumento da narración céntrase na vida dun mestre que logo do seu ano de prácticas nun centro da súa cidade ve a súa vida truncada polo seu novo destino provisional, dous anos afastado da súa vida actual, da súa moza, o seu piso e todo o que a el o define. O seu novo fogar terao que formar en D., vila da Costa da Morte da que non se chega a dicir o nome, os cambios o angustian e a súa moza afástase cada vez máis del, atopa refuxio na música e na lectura, que servirán de reflexo dos seus pesares e do seu final ante a desesperación e o desacougo que sente no día a día. Ao igual que torna a enerxía e a vitalidade de N. en desacougo e desesperanza, cambia tamén a descrición que fai do seu alumnado, pois ao comezo fala das esperanzas que ten neles vertidas, nas excursións que fan e nos progresos que son case propios, mentres que cara ao final do libro as relacións son banais, non se implica nas clases e asiste a elas porque é “o que toca”, pero non por devoción nin coas ganas de antes. A linguaxe é moi coidada, cun uso constante de oracións subordinadas e cunhas descricións dotadas dunha grande carga de adxectivos, aposicións, metáforas e comparacións, para conseguir así transmitir a angustia que sente o protagonista. O libro consta de once capítulos, cuns epígrafes que se corresponden con pezas musicais ou literarias que marcan o declive vital de D. Da páxina 215 á 221 recóllese unha listaxe das obras que dan lugar e eses epígrafes, máis as que N. escoita ao longo da obra.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, “Novas da Editorial Baía”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 526, “Páxina literaria”, 13 xullo 2008, p. 4.

Afirma respecto a *Distancias*, de Paco Yáñez, que se trata dunha novela “para paladares esixentes”. Sinala que recrea unha viaxe á soidade e ao desvalimento, con escenas que lembran as películas de Bergman.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Braxe, Lino (coord.), *Mascarón azul. Historias do mar*, ilust. María Braxe, col. O Porto e as Letras, n.º 2, A Coruña: Autoridade Portuaria d'A Coruña, novembro 2008, (D.L. VG 1364-2007). ◆

Segunda edición deste volume colectivo que reúne, tras unha nota inicial institucional, "aventuras e historias que teñen como protagonista o mar", como reza na nota do coordinador Lino Braxe, onde apunta, empregando unha linguaxe mariñeira, que os versátiles autores que participan neste segundo volume reivindican a nenez, a crónica popular e os amores truncados. Remata anunciando o terceiro volume dedicado ao teatro e animando a cargar "un feixe de palabras para alegrar o mundo". A continuación descríbense brevemente os diversos relatos:

- X. H. Rivadulla Corcón, "Mariñeiros solitarios e sentimentais", pp. 9-13.

Esta parte componse de catro breves historias: "O segredo do vello mariñeiro" (o segredo está agochado nunha caixa coa que é enterrado sen que ninguén saiba que contén aínda que o narrador omnisciente dá pistas ao final), "O mariñeiro que contaba contos" (nárrase dende que un día apareceu e o "Piloto" o enrolou como parte da tripulación do "Buserana" e explicáse o conto que preferían os nenos sobre a filla do Deus Touriñán raptada por unha quenlla), "A gaita mariña de Miguel Barrientos" (é considerado un tolo polos seus veciños xa que escoitaba unha gaita nunha rocha da praia de Nemiña, aínda que o querían ben, até que descobren unha gaita o día do seu enterro e deciden gardala nunha taberna da aldea) e "O mascarón de proa" (trata do barco "Praia de Cuño" e o seu patrón Seberino Tedín e a talla de Filipa Lariño).

- María Jesús Martínez Martínez, "Billete de ida e… volta", p. 15.

Narrada en primeira persoa por un tripulante dunha embarcación que vai na procura dun futuro máis próspero para a súa familia.

- Valentín Alejandro Martínez, "El", pp. 17-18.

Nárranse as inquietudes e soños do protagonista para "cabalgar sobre a brisa que aloumiña o mar" e como foi pasando a súa vida mantendo ese soño, até o remate do relato no que se indica que "Xa ninguén se lembra del" e que ninguén soubera quen era.

- María do Carme Kruckenberg, "Daquela quixen ser o que nunca fun", pp. 19-23.

Nárrase en primeira persoa que quería ser indio sioux e que foi medrando con máis soños aventureiros, piratas e demais escritores e libros de aventuras (Stevenson, Kipling, Conrad, Twain, Karl May…), o mar e as viaxes polo mundo que descoñece. Remátase indicando que sempre soñou con imposíbeis e que posúe a foto dun barco de vela no que poda ir á "nada misteriosa".

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "A guerra das traíñas", pp. 25-28.

Fragmento tirado de *Antón e os inocentes* (1976), publicado pola editorial Galaxia no que se dialoga con Narda para tentar explicar a orixe da "guerra" que intitula o relato.

- Carlos Otero Couto, "A batalla", pp. 29-35.

Nárrase as decisións que vai arengando o capitán inglés sir William Gordon, a bordo da fragata HMS Audacious, para tentar vencer aos franceses do mariscal Soult durante a batalla na bahía de A Coruña o 16 de xaneiro de 1809.

- Lino Braxe, "Eduardo O'Durán, un pirata na costa da Morte", pp. 37-39.

Arrinca cun fragmento dunha carta dirixida a Eduardo Pondal que despois pasou a mans de Valle-Inclán e de Otero Pedrayo antes de rematar nas de Lino Braxe (como se indica nunha nota a rodapé) e ser inserido en *A cor do ceo* (1999), publicado por Edicións Xerais de Galicia. Relátase a historia do irlandés Eduardo O'Duran e como o encontrou en Ponteceso Pondal unha mañá. Explícase que chegou á Costa da Morte en 1885 e recóllese o diario de a bordo d'O Lóstrego entre o 3 de febreiro de 1863 e o 7 de xullo do mesmo ano. Remátase dando resposta a preguntas xurdidas a raíz da lectura do diario.

Cabana, Darío Xohán, *Noticias dunha aldea*, limiar de Emilio Álvarez Blázquez, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 12, 2008, 49 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-462-7/ ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-067-9). ■

Darío Xohan Cabana (1952, Terra Chá, Lugo) é o autor desta obra presentada por un limiar intitulado "Noticia dun poeta". O autor deste limiar, Emilio Álvarez Blázquez, describe a vida de Darío Xohan Cabana, fillo de labregos, e o misterio de que se converta en poeta, algo un tanto difícil pola súa crianza nun ambiente rural. A seguir preséntase os vinte e tres relatos a xeito de crónicas nos que fai apuntamentos sobre a súa comarca natal, a emigración, o decorrer diario dos vellos, a escola, a sega, a festa e a parroquia de Roás, intitulados: "A Terra Chá", "Os Emigrantes ás Américas", "Os Vellos", "A escola de Roás de Riba", "Primavera 71", "A Sega", "A metáfora", "Roás da Terra Chá", "A familia do cronista", "Os vellos compañeiros fóronse" e "A festa da aldea". Tamén insire relatos ao xeito tradicional: "A Vella da Pomba" "Historia coma un argumento de romance de cego" "O Federico Picos Castelao", e anécdotas de personaxes "O Andresiño", "O Porto", "Os cegos cantores", "O Urbán", "O Américo do almacén", "A Carme da Pichina", "Vitor Corral" e "O señor Ramón de Xan-Branco". Na "Carta do pai" reproduce a carta dun home que emigrou a Suíza para gañar cartos e pagar as débedas ao banco, logo de rematar a casa. Péchase o volume cun "Remate" no que Xohán Cabana se declara cronista fiel da súa terra. Destaca a descrición, achegando detalles precisos para comprender o desenlace da acción. Ofrécese unha particular visión sobre a emigración na que se ve envolta Galicia durante séculos. As reiteracións, paralelismos, metáforas, preguntas retóricas e o dinamismo que logra transmitir Darío Xohan Cabana, definen o seu estilo. Asemade, emprega una linguaxe sinxela incluíndo termos do eido labrego. Como colofón indícase que se rematou de imprentar "o día da Candeloria de 1973 e, polo sí ou polo non, compre lembrar que *se a Candeloria ven mal o inverno está caroal*".

Castelao, *Cousas*, *terceiro libro*, Edición e Limiar Xosé M.ª Alvárez Blázquez, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 21, 2008, 85 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-462-7/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-067-9). ■

Reedición do terceiro libro da obra *Cousas*, de Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886, Bos Aires, 1950) imprentada "o día 7 de xaneiro de 1975, 25 aniversario da morte de Alfonso Rodríguez Castelao galego de ben". Este libro recolle unha serie de textos e debuxos que cadran dentro do xénero das *Cousas* e que proceden das mesmas fontes que os publicados nos libros primeiro e segundo, tal e como explica Xosé María Álvarez Blázquez no limiar. Tamén inclúe variantes dos textos que si foron publicados nos outros libros. Co estilo irónico e retranqueiro de sempre, Castelao afonda, nestas composicións, na psicoloxía do home galego e trata temas como a emigración, o comportamento do clero ou a pobreza e a fame. Entre as variantes, atópanse as de textos tan emblemáticos como "O pai de Migueliño", "Dende a fiestra da torre" ou "Si eu fose autor".

Gonsar, Camilo, *Relatos completos. 1961-1995*, limiar de Manuel Forcadela, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Camilo Gonsar, n.º 1, 2008, 260 pp. (ISBN: 978-84-9865-112-6).

Volume de Camilo Gonsar, pseudónimo de Camilo González Súarez-Llanos (Sarria, Lugo, 1931-Vigo, 2008), no que se recompilan os seus relatos dende a publicación en 1961 de *Lonxe de nós e dentro*, co engadido d'Outras páxinas posteriores", até 1995, ano da publicación d'*Arredor do non*. Ábrese a obra cun retrato do novelista realizado por Enrique Sopeña e "Unhas palabras de presentación" a modo de limiar, a cargo de Manuel Forcadela no que advirte aos lectores de ter nas mans "un libro singular"; comenta ademais algúns aspectos da obra de Gonsar como a constante posta en dúbida da identidade, a busca de argumentos pouco convencionais ou a crítica contra a sociedade posmoderna. No que respecta á primeira mostra, trátase de seis contos ("Viaxe a través da noite", "*Ex indigentia*", "Echevarría", "A volta", "O cego das coplas" e "O pequeno e as vacas") de diversa índole, nos que ocorren feitos do devir cotiá (un home perde o bus nas aforas de Londres, dous homes que van visitar a un coñecido ao hospital...etc). Un elemento practicamente común a todos eles é o ruar (pasear, deambular ou viaxar) dos seus protagonistas. Neles apréciase a pegada do *nouveau roman* no que se refire á modalidade e aos recursos narrativos. No apartado "Outras páxinas posteriores" inclúense sete relatos caracterizados por reflexións diversas, algúns deles dedicados a persoeiros da cultura galega como Xosé Luís Franco Grande, Uxío Novoneyra e Xosé Luís Méndez Ferrín. O segundo libro recompilado, *Arredor de non*, artéllase ao redor de dezaoito relatos (oitos deles recollidos baixo o título de "*Totum revolutum"*). Algunhas das historias achéganse ao absurdo como en "Figuras de onte en paisaxe de hoxe" ou "Viaxe ao fondo do aseo público" e ao misterioso a través da anécdota. Ademais do sentido crítico con humor, outras destacan polas reflexións literarias ("Literatura", "Mme. Bovary etc." ou "*Un pauvre diable*") e filosóficas, como o relato "Kemp". No que atinxe ao estilo, combínase, polo xeral, o narrador omnisciente cos diálogos dos personaxes. O libro péchase cun anexo do autor

no que se inclúen o "Limiar á edición de 1961" e máis o "Limiar á edición de 1985" da obra *Lonxe de nós e dentro*.

Recensións:

- Ruth López, "Arredor de Camilo Gonsar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 outubro 2008, p. 73.

Refírese á obra de Camilo Gonsar, *Relatos completos. 1961-1995*, unha composición na que se recollen contos do autor dos relatos publicados con anterioridade: *Lonxe de nós e dentro* (1961) e *Arredor do non* (1995), título sobre o que di que ironiza co *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo. Explícase que estes relatos foron corrixidos polo autor para esta reedición, da que se opina que é unha boa mostra do mundo ficcional de Gonsar. Saliéntase da súa obra que funde narración e pensamento para penetrar no lector cunha gran capacidade suxestiva

- Xavier Castro Rodríguez, "Un narrador na procura do espazo que ocupa a alma", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 1 novembro 2008, p. 2.

Salienta que o escritor Camilo González Suárez-Llanos comeza a ter entre os lectores unha importancia da que carecía até o de agora. Considera que Camilo Gonsar é un narrador da vitalidade, do pasado e das lembranzas persoais nuns personaxes que agora resultan cotiás sen importar o tempo que leven inventados. Afirma que os seus relatos gozan dunha óptica que a narrativa galega poucas veces coñeceu e que se trata de escritos con máis de corenta anos de traballo creando espazos para a reflexión e visión do mundo. Explica que os seus personaxes gozan de pensamento filosófico, de indagación, e non só de trazos persoais, senón tamén de trazos da sociedade na que vive. Os lectores que se rendan a este novelista atoparán nos seus *Relatos completos 1961-1995* os textos *Lonxe de nós e dentro* e outras páxinas e *Arredor do non*.

- Francisco Martínez Bouzas, "Narración e reflexión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Libros", 20 novembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 208, "Letras galegas", 29 novembro 2008, p. 11.

Indica que se acaba de publicar os *Relatos completos 1961-1995*, de Camilo Gonsar, entre os que salienta "Lonxe de nós e dentro" (1961), e prosas breves como "Arredor do non" (1995). Sinálase que nestas obras se mesturan as reflexións dun narrador en terceira persoa coas vivencias dunha personaxe que conta o que lle sucede en primeira persoa. Así mesmo considera que combina a maneira tradicional de facer relatos coas novidades vangardistas da narrativa europea e americana.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Galaxia reúne nun novo volume toda a narrativa breve de Camilo Gonsar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 outubro 2008, p. 30.

Comentario referido á publicación por parte da editorial Galaxia de toda a obra de Camilo Gonsar nun único volume. Destácase que o limiar desta edición é de Manuel Forcadela que afirma que o autor pode verse como "un filósofo metido a narrador ou como un narrador propiamente dito". Anúnciase que este tomo abre unha colección que

pretende reunir toda a obra do escritor; así o segundo volume desta colección será *Desfeita*, texto editado por primeira vez no 1983.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, 23 outubro 2008, p. VII.
.
Cítanse a modo de recomendación os *Relatos completos*, de Camilo Gonsar; *Caderno de notas*, de Jenaro Marinhas del Valle; e *Música de cinza*, de Manuel Forcadela.

- Vicente Araguas, "O que conta", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", nº 507, 16 novembro 2008, p. 20.

Realízase un achegamento á esta obra de Camilo Gonsar e indica que contén relatos xa publicados con anterioridade, como "Lonxe de nós e dentro" (1961) ou "Arredor do non" (1995) e engade que conta cun prólogo de Manuel Forcadela. Conclúe que nestes relatos se amosa un mundo realista e cotián, e á vez tamén rechamante e con certas doses de ironía.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Inicia o artigo cunha loanza ao libro *Relatos Completos*, de Camilo Gonsar, de quen lamenta a pouca repercusión que acada a súa obra no público galego. Asegura que o mercado o domina todo, impoñéndose sobre a literatura e a arte. Gaba o derradeiro libro de poemas de Ramiro Fonte, *Reversos*, e remata alegrándose polo feito de que Xerais traduza ao galego dous autores cataláns que el xulga indispensábeis: Sergi Pàmies, *Se comes un limón sen facer xestos*, e Quim Monzó, *Mil cretinos* e *Vinte e nove contos*.

Labarta Pose, Enrique, *O tío Miseria e outros contos*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 17, 2008, 56 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-516-7/ ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-083-9). ■

Reedición da obra de Enrique Labarta Pose (Baio, 1863- Barcelona, 1925) que inclúe os contos: "O tio Miseria" (pp. 9-24), "O segredo do tio Sanfona" (pp. 25-34), "A lingua pequena" (pp.35-45) e "O rei que rabeou" (pp.46-56). Trátase de catro relatos breves caracterizados polo humor e unha lingua popular nos que os diálogos son predominantes.

Marcos da Portela, R.P.M. Fr., *Catecismo do labrego*, facsímile da primeira edición (Ourense, 1889), nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 1, 2008, 41 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-462-7/ ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-067-9). ■

Reedición da narración de Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906), publicada no ano 1967 nesta colección. O volume acolle en reprodución facsimilar a primeira edición, asinada co heterónimo de R.P.M.Fr. Marcos da Portela, no xornal *O tío Marcos d'a Portela*, en 26 de maio de 1889. Ábrese cunha "Nota dos editores" onde se explica o motivo da devandita publicación, así como os criterios de edición. Os editores deixan aviso de que pra tal día como hoxe o refrán adoutriña: "*Por San Andrés, quen non ten porco mata a muller*. Dios nos colla confesados. Amén". A continuación, insírese o anuncio publicitario que apareceu no xornal *O Tío Marcos da Portela* o 26 de maio de 1889. Está formado por seis apartados, ao longo dos que se vai retratar o home rural galego, e onde se van expoñer os contidos fundamentais da "doutrina labrega": a declaración, a división, o credo e os seus artigos, o que se vai pedir e máis o que se vai facer. No último, indícanse os "Sacramentos" que como labregos han recibir, así como os seus "nemigos d'a alma" e as "benaventuranzas". A través da burla ao texto *Catecismo de la doctrina cristiana* do Padre Gaspar Astete, realízase un retrato do home rural galego, no que cun sistema de preguntas e respostas, un labrego a través da ironía e o do xogo de palabras responde ás cuestións que se lle formulan, denunciando os males que afectan aos da súa asoballada caste e arremetendo contra os representantes do poder (o Goberno, o alcalde, o secretario do concello e o cacique). Remátase cun colofón no que se explica que con esta narración se inaugura a colección "O Moucho".

Otero Pedrayo, R., *O Maroutallo*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 19, 2008, 45 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-462-7/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-067-9). ■

Nova reimpresión do número 19 da colección "O Moucho" de Edicións Castrelos, que fora publicado en Vigo na véspera do Día de Galicia do ano 1974. Trátase dun conto costumista de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888–1976), que leva por título O Maroutallo e se estrutura en dúas partes. A través dun narrador en terceira persoa que, por veces interpela ao potencial lector, relátase a dura e triste historia do Maroutallo, unha muller que asombraba pola súa fealdade e bruta feitura e que tiña a forza e disposición masculina para os traballos do campo. Pese a non ser considerada polos seus veciños como as demais mozas da contorna, ela no seu interior devecía polas atencións e compañía dun mozo, polo que, tras un inesperado encontro cun home no muíño do Ruzo, transformouse nunha muller de ser e formas máis apracíbeis e déuselle por pensar que no seu ventre xermolaba un futuro fillo. Co paso do tempo, ese fillo nin outro home alegraron súa existencia, arrastrando a súa desesperación por ser querida a asumir o papel de viúva dun descoñecido que morrera en estrañas circunstancias. Sen abandonar a ilusión daquel fillo que, segundo a súa crenza, lle roubaran aínda de peito, o Maroutallo morrería con moitos anos e sendo unha bella de agradábel trato.

Risco, Antón, *Obxectos antigos de orixe ignorada*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 254, 2008, 178 pp. (ISBN: 978-84-9865-059-4).

Trátase dunha das novelas que Antón Risco (Allariz, 1926-Vigo, 1998) deixou inéditas e que os seus amigos publicaron postumamente. Constrúe un relato complexo onde o xogo co lector é constante nunha homenaxe ás novelas de espionaxe e policiais. Sérvese

de materiais moi heteroxéneos e diversos, como artigos de xornais, cartas, críticas de cine ou transcricións de programas de televisión para xogar co lector a partir do asasinato dun home de mediana idade nun tren. Dende este comezo desenvólvense tres historias diferentes nas que se ven implicadas as Brigadas Roxas, ETA e a espionaxe internacional antes da caída do muro de Berlín. Ábrese a obra cun limiar do seu amigo Arturo Lezcano, que é vicepresidente da Fundación Vicente Risco, para dar paso ás dezaoito partes nas que se divide o libro, ás que resulta difícil denominar "capítulos". O desconcerto inicial do lector ao ir descubrindo os diferentes materiais que conforman a novela vaise perdendo a medida que conflúen as tres historias. Pero o final da novela é aberto, deixando así de novo aberta a posibilidade de que cada lector constrúa a súa propia novela e imaxine o seu final.

Recensións:

- Daniel Salgado, "Autor ignorado de orixe antiga", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 abril 2008, p. 8.

Dá conta da publicación do duodécimo libro de Antón Risco, *Obxectos antigos de orixe ignorada*, editado pola Fundación Vicente Risco, quen se encarga de dar a coñecer as obras inéditas do escritor. Caracteriza á obra como unha deconstrución da novela de espías e indica que se afasta da linealidade narrativa e emprega materiais escritos de diversa índole. A continuación achega as palabras de Arturo Lezcano, responsábel do limiar do libro, sobre a traxectoria vital e literaria de Antón Risco. De seguido, comenta que Risco pertenceu a un grupo anterior ao da Nova Narrativa Galega, mais sempre estivo atento ás innovacións da literatura europea. Por último, achega os comentarios da profesora Olivia Rodríguez González, quen fala sobre a relación entre pai e fillo.

- Xosé M. Eyré, "Unha ambiciosa novela de espías de Antón Risco", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "Cultura", 17-23 abril 2008, p. 32.

Informa que acaba de saír á luz un libro inédito de Antón Risco, *Obxectos antigos de orixe ignorada*. Fala sobre as novelas de Risco e asegura que non se parecen entre elas. Neste caso, a novela trata o tema dos límites entre a vida de un e a dos demais, a través da intriga de tres asasinatos. Explica que as tres historias conflúen con naturalidade, mais non se mesturan e pretenden que cada lector atope a súa propia historia.

- Francisco Martínez Bouzas, "De orixe ignorada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Libros", 22 maio 2008, p. V.

Comenta que Antón Risco foi un escritor moi prolífico mais moitas das súas obras aínda seguen inéditas e é a Editorial Galaxia, por iniciativa da Fundación Vicente Risco, quen está dando a coñecer a narrativa inédita de Antón Risco. O terceiro volume publicado é *Obxectos antigos de orixe ignorada*, co que o autor pretende mostrar aos lectores un xogo narrativo que empeza cun asasinato e continúa con tres historias diferentes, aínda que relacionadas. De seguido, salienta outra complexidade da obra que é a falta de linealidade textual, xa que a novela se compón de materiais moi diversos, sen unidade entre eles. Por último, afirma que se trata dunha obra con grande artificialidade e vangardista.

- Xavier Castro Rodríguez, "Antón Risco: as arestas do mundo e do ser humano", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 30 agosto 2008, p. 2.

Afirma que Antón Risco leva un apelido transcendental na cultura galega, xa que tanto el coma seu pai, Vicente Risco, fixeron da palabra escrita unha nova canle expresiva. Sobre a obra do profesor, ensaísta, articulista e narrador, considera que é un amplo universo no que todo ten cabida, destacando o anhelo do ser humano, e as relacións humanas moitas veces levadas ao límite. Explica que dez anos despois do seu falecemento, como ocorre tan frecuentemente, van aparecendo obras non editadas, tanto finalizadas coma inconclusas, caso desta novela. Di Arturo Lezcano no limiar do libro que é "Un apaixonante xogo de homenaxe á literatura de espionaxe e policial".

Referencias varias:

- Cándida Andaluz, "La climatología echa una mano a la feira del libro en la capital", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 4 xuño 2008, p. 10.

Fálase das actividades que tiveron lugar na Feira do Libro de Ourense, entre as que se subliñan que Inma López Silva estivo asinando exemplares de *New York, New York*, que se presentou o volume *Memorias faladas. Xaime Quessada, artista da xenialidade*, de Xosé Manuel del Caño, ou que a editorial Galaxia presentará *Obxectos antigos de orixe ignorada*, de Antón Risco.

- Imanol Hernández, "La Feira do Libro acoge la presentación de una obra póstuma del alaricano Antón Risco", *La Región*, "Ourense", 5 xuño 2008, p. 8.

Comenta que o escritor Antón Risco deixou moitos textos e novelas inéditas que a Fundación Vicente Risco está a sacar á luz. Indica que a última obra editada é *Obxectos antigos de orixe ignorada*, que recolle materiais moi diversos: artigos xornalísticos, transcricións de programas de televisión, críticas de cine, cartas, etc. Así mesmo, informa da presentación do libro e, finalmente, dá conta doutras obras de Risco xa publicadas.

Rivas, Manuel, *En salvaxe compaña*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 93, 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9782-930-4).

Novela publicada por vez primeira en 1993 e reeditada por cuarta vez nesta colección. Asemade, nesta ocasión foi revisada polo autor, Manuel Rivas (A Coruña, 1957), para adaptala á nova normativa do idioma galego. A súa protagonista é Rosa, veciña dunha aldea galega onde conviven personaxes do pasado reencarnados en animais (o cura é un rato, o último rei da Galiza é un corvo branco). Este romance está estruturado en corenta e cinco capítulos precedidos por unha estrofa dun poema do bardo Eduardo Pondal, de onde o autor tirou o título do libro. A combinación dos mundos tradicionais e modernos enmarcan a vida de Rosa, muller con sarillos familiares e que mostra unha grande dependencia do marido e dos fillos. Toimil é un corvo, apaixonado de Rosa que despreza o seu marido por non a valorar e que vixía a familia desta para despois lle narrar ao rei da Galiza todo o que enxergou. Outros personaxes da obra son os ratos Don Xil, que é sacerdote, e Matacáns que a pesar de ser amábel con Don Xil sempre

tenta amolalo. Morcegos, raposas, lagartos, gatos... son outros dos personaxes que poboan este libro contado por un narrador omnisciente en terceira persoa e inzado de fantasía e retranca.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Abbot, Edwin A., *Planilandia. Unha novela de moitas dimensións*, trad. Cristina Felpeto García, intr. Jon A. Leboráns, ilust. portada e interiores do autor, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco. Ciencia Ficción, 2008, 182 pp. (ISBN: 978-84-936509-0-2).

A novela comeza cunha introdución de Jon A. Leboráns, na que analiza o significado oculto de Planilandia e advirte da posíbel interpretación social da novela con trazas de ficción científica e tamén da súa utilidade para estudar o concepto de múltiples dimensións. Edwin Abbott Abbott (Londres, 1838-1926) presenta un mundo bidimensional que se chama Planilandia. O narrador é un "humilde" cadrado, que é o encargado de guiar ao lector a través das súas reflexións existenciais e xeométricas no mundo ou universo das dúas dimensións. Cadrado persegue un soño, que é visitar un mundo unidimensional, que é Liñalandia, e para isto intenta convencer ao monarca de Liñalandia da existencia dunha segunda dimensión, a cal non pode ser entendida nun principio. Entón, Cadrado recibe a visita dunha esfera tridimensional, a cal lle resulta imposíbel comprender até que alcanza a ver a terceira dimensión por si mesmo. De súpeto, o seu soño cambia; agora quere visitar Puntilandia, un lugar composto dun só punto con consciencia da súa existencia que ocupa todo e non sabe nada a parte de si mesmo, coa compaña da Esfera, e descobre que non pode convencer ao Punto de Puntilandia de nada. Cadrado aprende a aspirar e a ensinar a outros a ter aspiracións. A relación estudante-alumno invértese cando, tras lograr abrir a mente da esfera a unha nova dimensión, Cadrado trata de convencer á esfera dunha cuarta dimensión espacial e unha quinta e unha sexta, e así en adiante. O protagonista, Cadrado, termina no cárcere en Planilandia polo seu intento de corromper o pensamento estabelecido que defende a existencia de dúas únicas dimensións.

Recensións:

- R. L., "Perdido noutra dimensión", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 9 xuño 2008, p. 63.

Fai referencia á obra de Edwin A. Abbott, *Planilandia*, traducida ao galego por Cristina Felpeto e publicada por Urco Editora. Comenta que a novela forma parte do subxénero da ficción científica, na que o autor creou un mundo onde os protagonistas son figuras xeométricas e onde todo o que existe é plano. Asegura que se trata dunha novela de sátira da sociedade británica clasista e, a seguir, fala sobre a segunda parte do libro que caracteriza como máis teatral e amarga e que está baseada nun soño do protagonista.

Auster, Paul, *Un home na escuridade* (*Man in the Dark*, 2008), trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 264, agosto 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9865-120-1).

Paul Auster (Nova Jersey,1947), autor neoiorquino, comeza este libro de forma abrupta, presentando ao seu protagonista-narrador a través do que narra, dos seus medos e reflexións e non por feitos ou rasgos de personalidade. O protagonista é un avó quejoso,

de 72 años, xubilado e viúvo que acaba de ter un accidente de coche e ten unha perna rota. A estancia no hospital dura un ano e, á súa saída, múdase de casa para irse a vivir á casa da súa filla, situada en Vermont, unha vivenda na que tamén estará acompañado pola súa neta. Ambas mulleres están solas, os seus maridos marcharon ou morreron, e ambas aprenderon a vivir así, en soidade forzada, non escollida. O ancián ten unha vida moi sedentaria ao estar practicamente inválido e camiña en sela de rodas ou pasa na cama longas horas de insomnio. Como non pode durmir, inventa historias na oscuridade para matar o tempo e que o tempo non o mate a el. Nunha desas historias, Owen Brick, un xoven mago que adquiriu o nome artístico de "O Gran Zavello", esperta no fondo dun foso de paredes moi lisas que non pode escalar. Non sabe como chegou até alí, vestido cun uniforme militar, de cabo. Polo que se averigua despois, está en Wellington, estado de Massachussets pero escoita o son dunha batalla da que el forma parte; foi trasladado a unha realidade paralela até que aparece o sarxento Serge, que o axuda a saír do pozo para que Brick poida cumplír a súa misión. América está inmersa nunha guerra civil. Os atentados do 11 de setembro no tiveron lugar e tampouco a guerra do Irak. Brick non entende nada. Dáse conta, tras descubrir que é un personaxe de ficción, que a súa misión é asasinar ao seu creador, un home chamado Block, un home que non pode durmir, e que, como un deus, inventa pola noite a guerra que non rematará nunca si el non morre. O nome é August Brill, e é un crítico literario que non ten os poderes de Deus pero que nos conta unha fábula do noso tempo. É unha novela dentro da novela. O autor narrador non deixa as cousas ben rematadas. A historia do mago soldado ten un fin sen épica, sen moralexa e decepcionante. A novela contén metanarración e hai unha reflexión sobre a arte de narrar, sobre os seus límites e posibilidades.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "A conversión de Paul Auster", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Cultura", 11-17 setembro 2008, p. 33.

Refírese á tradución que Eva Almazán fixo da obra de Paul Auster, *Un home na escuridade*, unha novela irregular na que predomina o pesimismo beckettiano que desemboca nunha conclusión portentosa e arrepiante. Recoñécense os sinais de identidade da súa obra: argumentos de intriga que vertebran a narración, un toque de fantasía que explora o fantástico no seo da realidade e unha atmosfera irreal pero altamente efectiva. Como cambios sinala o internamento nun territorio máis íntimo e emocional, renunciando á obsesión pola estrutura.

- Armando Requeixo, "No escuro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 271, "Libros", 11 decembro 2008, p. 5.

Comézase presentando ao personaxe principal d'*Un home na escuridade*, Brill, un crítico literario que vive coa súa filla e a súa neta, dando lugar a un "fogar de almas enloitadas e feridas". Destácase que esta novela é un texto claramente metaliterario e que pode ser definido como unha nivola unamuniana. Saliéntase a intriga subxugante que Auster crea con esta historia, na que se cuestionan dende o metaliterario, aos límites do real, fronte ao irreal, pero tamén destaca que no final da obra a narración perde forza, polo que se considera que as últimas setenta páxinas sobran.

Referencias varias:

- B. R. Sotelino, "Paul Auster hace que mi trabajo sea más entretenido", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 outubro 2008, p. 50.

Entrevístase a Eva Almazán por ter realizado a tradución da obra *Un home na escuridade*, de Paul Auster, ao galego. Precísase que esta novela é a cuarta tradución que Eva Almazán realiza deste autor.

- Pedro Rielo, "As caixas ocas de Auster", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Laparada de papel", 24 outubro 2008, p. 4.

Faise unha referencia á obra de Paul Auster, *Un home na escuridade*, destacando que o protagonista da novela é un crítico literario que se recupera dun accidente. Para contar a historia do protagonista Auster sérvese do recurso dunha caixa dentro doutra caixa, pero esta non é a primeira vez que utiliza este recurso, que xa aparece en obras como *O palacio da lúa* ou *Brooklyn Follies.*

Barbery, Muriel, *A elegancia do ourizo* (*L'Élégance di Hérisson*, Éditions Gallimard, 2006), trad. Mª Dolores París, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 13, novembro 2008, 423 pp. (ISBN: 978-84-9865-143-0). ■

Muriel Barbery (Casablanca, Marrocos, 1969) escribe unha novela que está estruturada ao redor dos diarios das dúas protagonistas que rematan atopándose. Cada diario está escrito en primeira persoa e distínguense polo formato da grafía e porque o diario de Paloma, a protagonista de doce anos, aparece introducido por un pensamento profundo. A historia transcorre nun edificio do París señorial, situado nunha rúa onde os pisos son moi grandes e de prezos astronómicos, onde viven familias da elite francesa. As protagonistas que escriben os diarios son: a porteira do edificio, señora Michel ou Renée, persoa cultivada a pesar da súa extracción e destino humilde e Paloma, unha nena superdotada, que se fai a boba, filla dun ex-ministro e deputado socialista, que regala as súas reflexións íntimas cubertas cunha dose de humor considerábel e dunha precocidade sorprendente para a idade que ten. Tras a morte dun dos propietarios, o señor Arthens, a venda do piso a un home xaponés de nome Kakuro, peculiar por non formar parte da sociedade burguesa conservadora parisiense, causa un balbordo considerábel entre os propietarios coa súa chegada ao edificio. Aos propietarios, pouco afeitos á existencia de cambios nas súas vidas non lles gusta esta nova situación, que será a que aproxime a Renée e Paloma e a que axudará a que as súas vidas solitarias recoñezan que teñen unha alma xemelga na outra. O texto está infestado de pensamentos e reflexións filosóficas e de eloxios á cultura oriental. Nos diarios fanse comentarios sobre o sentido da vida, faise unha crítica aos valores da sociedade occidental, fálase da loita de clases, a utilidade da psiquiatría ou a salvación individual a través da arte e a beleza. Dende o principio, Paloma deixa claro que en canto cumpra trece anos vaise suicidar e a queimar a súa casa, sen que haxa ninguén dentro e protexendo a vida do resto dos veciños, simplemente porque está farta da súa irmá maior, á que considera unha estúpida, e dos seus pais e do seu estilo de vida. Pero unha vez que ao final da novela as cousas empezan a cambiar e a ir moito mellor para Renée, esta morre atropelada pola furgoneta dunha tinturería e Paloma dáse conta do que representa a palabra "nunca" e o que significa a morte de verdade cando non a elixiches e entende o sentido da vida e o sen sentido da morte.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, 18 decembro 2008, p. VII.

Pequena escolma de novidades literarias, entre as que se sitúan nesta ocasión *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery, da que conta o seu argumento; *A corpo aberto*, de Manuel Rivas; e *Sardinia Blues*, de Flavio Soriga.

Bégaudeau, François, *A clase* (*Entre les murs*, 2007), trad. Xavier Senín e Isabel Soto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 267, 2008, 251 pp. (ISBN: 978-84-9782-942-7).

O profesor François Bégaudeau (Luçon, 1971) acadou con esta novela, que aproveita a súa experiencia docente, o Prix France Culture/Telerama e un gran recoñecemento do lectorado francés, con máis de 210.000 exemplares vendidos. Posteriormente a novela volveuse popularizar internacionalmente ao ser adaptada ao cinema por Laurent Cantet, coa colaboración do autor como actor, no papel de profesor, e como coguionista, e ser galardoada coa Palma de Ouro no Festival de Cannes de 2008. A través de cinco capítulos que toman significativamente o título do número de días laborais que faltan para as vacacións, o narrador en primeira persoa realiza unha completa e sutil radiografía do contexto escolar francés nun instituto dos arrabaldes de París. Non existe unha trama convencional, senón un conxunto de escenas fragmentarias e descontinuas que compoñen os capítulos e reflicten tanto o que acontece na aula, na que este profesor adoita impartir as súas clases, coma no resto dos espazos do centro. Deste xeito, o título orixinal da novela intenta transmitir como transcorre a vida entre as paredes do instituto, case de maneira claustrofóbica, coma un microcosmos dunha Francia multicultural e contemporánea. Os alumnos e alumnas deste centro caracterízanse por procederen de diferentes culturas e razas, por seren fillos de emigrantes, ben das antigas colonias francesas ou ben doutros países e, por expresaren reiteradamente a súa desconfianza cara ao esixente e complicado sistema educativo francés e cara ao futuro, nun contexto no que se senten excluídos. O profesor repara decote no vestiario co que se definen: camisetas, *piercings*, pendentes ou outros accesorios, e recolle as dificultades do seu labor ao se enfrontar a unha clase na que en ocasións xorden problemas de disciplina. Noutros casos, dubida ou engánase nas explicacións ou cae no desazo e chega a se cabrear e empregar un ton faltón e irónico. Aínda así, as súas clases de Lingua adoitan ser diferentes, pois intenta superar as dificultades e que os seus alumnos expresen as súas opinións e desenvolvan as capacidades que posúen. Dende a súa ollada tamén se retrata o resto do equipo docente, reproducindo o seu malestar, as súas conversas habituais, algunhas veces poboadas de opinións intranscendentes e mesmo de parvadas, coma os adolescentes aos que ensinan.

Buarque, Chico, *Budapest* (*Budapeste*, São Paulo: Editora Companhia das Letras, 2003), Premio Jabuti á mellor obra de ficción 2004, trad. Ramón Nicolás, Vigo: Factoría K, col. Narrativa, n.º 7, novembro 2008, 157 pp. (ISBN: 978-84-96957-51-0).

Nesta novela de Chico Buarque (nome literario de Francisco Buarque de Hollanda, Río de Xaneiro, Brasil, 1944), gañadora do premio Jabutti, nárrase por un narrador omnisciente en sete capítulos, a historia de José Costa, un escritor anónimo que se dedica a escribir textos para autores famosos. Cando regresa dunha convención en Estambul o avión aterra en Budapest por un problema técnico e alí pasa unha noite, que abonda para que fique engaiolado da lingua húngara. De regreso a Río de Janeiro, o protagonista mergúllase na cotidianidade da súa vida: a axencia onde escribe; varias viaxes a congresos coa súa dona, Vanda; o nacemento do seu fillo, Joaquín; a súa ética inquebrantable respecto á confidencialidade da súa profesión... Porén, nunca será capaz de esquecer o feitizo do húngaro e mesmo pronuncia algunhas palabras desta lingua en soños. Budapest, a cidade amada, gaña a partida cando José compra dous billetes para volver a visitala despois de rematar *O xinógrafo*, a suposta autobiografía do alemán Kaspar Krabbe. Mais Vanda cambia o seu para visitar en Londres á súa irmá. Deste xeito, o protagonista viaxa só a Hungría e alí a súa aprendizaxe da lingua e da cultura húngaras desenvólvese parella á relación sentimental que mantén coa súa profesora, Kriska. Ao cabo dun mes, José sente que ten que volver a Río, coa súa familia. Cando chega, decátase de que hai un exemplar d'*O xinógrafo* -un verdadeiro éxito de vendas- na cesta de revistas de Vanda cunha dedicación para ela e comeza a pensar se habería unha relación amorosa entre a súa muller e o alemán. Os ciumes do escritor van en aumento nunha recepción ao ver a familiaridade con que se tratan Vanda e o señor Krabbe; dóelle especialmente a admiración que a súa dona sente cara ao alemán polo libro e, nun arrouto, confésalle que el é o verdadeiro autor. Ateigado de remorsos por romper o compromiso básico dos escritores anónimos, colle a maleta e marcha a Budapest. Alí Kriska, ao ver que está sen traballo e sen diñeiro, dálle pousada e búscalle un posto de técnico de son no Club das Belas Letras. José ten agora que aturar que ela se deite con outros homes, pero acéptao sumisamente e aos poucos volve a gañar o seu corazón grazas aos seus progresos coa lingua húngara e ao cariño que xorde entre el e o neno de Kriska, Pisti. Por outra banda, o seu traballo permítelle perfeccionar a lingua e mesmo comeza a corrixir, de xeito anónimo, escritos de intelectuais húngaros. José sente que acada o obxectivo perseguido durante tanto tempo, o dominio da lingua desexada, cando finaliza o poemario *Tercetos secretos* para Kocsis Ferenc, famoso poeta outrora, e o libro se converte nun éxito editorial sen precedentes; non obstante, Kriska, sen saber que José foi o autor, fíreo no máis fondo cando lle di que o poemario está ben pero ten acento estranxeiro. Costa, sen poder asimilar esta crítica, esnaquiza un prato con espaguetes na parede e abandona de novo o fogar da súa amante. Casualmente, pide aloxamento nun hotel onde se está a celebrar o encontro anual de autores anónimos. Alí un dos asistentes, o Sr. ..., reproduce parte da obra que escribiu para outro escritor de sona, H. István. Cando chega o seu turno José ponse a recitar partes de *Tercetos secretos* e dá o nome do suposto autor, como é habitual nestes encontros. Axiña nota que a audiencia queda asombrada ante a excelencia dos poemas e, en especial, o Sr. ..., cuxa obra queda ensombrecida. Máis tarde preséntase no hotel un policía e comunícalle que ten que abandonar o país pois carece do visado de permanencia. José fai as paces con Kriska e pasan o último día feliz. Logo dille que ten que voltar a Río, sen explicarlle que probablemente foi acusado polo Sr. ..., un escritor envexoso da súa mestría coa lingua. Río de Janeiro é, ao cabo dos anos, unha cidade descoñecida para el; atopa, por casualidade, ao seu fillo, un mozo que xa non o recoñece; nas librerías ninguén se acorda d'*O xinógrafo*; na vida de Vanda parece haber outro home... Estranxeiro na súa terra, regresa ao hotel, onde ten unha chamada: é o cónsul de Hungría, que lle comunica que ten un billete para Budapest e dereito a libre permanencia no país. A magnífica perspectiva foi trazada polos editores de Kocsis

Ferenc que, sabidores polo poeta de que o autor dos *Tercetos secretos* fora José Costa, piden a volta deste para repetir o estrondoso éxito. Pero de volta en Budapest acontece algo inesperado: o aeroporto está cheo de cámaras e de xente, e alí o esperan Kriska e o fillo desta, Pisti. Todos teñen copias dun libro, *Budapest*, asinado por un tal Zsoze Kósta. O máximo recoñecemento chégalle a José, paradoxalmente, por un libro que nunca escribiu; a súa propia autobiografía fora redactada polo Sr. …, ex marido de Kriska e pai de Pisti que, sabidor do embarazo da muller, decide facer todo o posible para traer a José de volta a Budapest (segundo o punto de vista de Kriska, pois José ve nisto unha venganza certa). Así, o autor anónimo acada a gloria -e a felicidade- mediante a intervención de alguén que dedica a súa vida a facer o mesmo ca el.

Cisneros, Sandra, *A casa de Mango Street* (*The house on Mango Street*, 1983), trad. Alicia Meléndez Sousa, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 14, 2008, 103 pp. (ISBN: 978-84-936101-9-7).

A novela de Sandra Cisneros (Chicago, 1954) é unha historia colectiva e metafórica formada por corenta e catro contos breves conectados entre si polo punto de vista da súa narradora e protagonista, Esperanza, unha nena que vive nun humilde barrio hispano de Chicago. Esperanza quere fuxir do seu nome, que non lle gusta, e de toda a súa adolescencia. Non quere pertencer ao mundo que a arrodea. O primeiro relato fai referencia ao titulo "A casa de Mango Street" e sitúa ao lector físicamente no lugar que a autora elixe para contar en primeira persoa o que vai suceder na vida cotiá de Esperanza. No primeiro capítulo, Esperanza conta como a súa familia chegou a vivir en Mango Street. Cando as cañerías romperon no seu anterior apartamento e o dono se negou a arranxalas, ela mudouse cos seus pais, os seus irmáns, Carlos e Kiki, e a súa irmá, Nenny, a unha nova casa en Mango Street. Ademais desta mudanza, a familia relocalizarase moitas veces no pasado. No capítulo "Pelos", onde a protagonista conta os diferentes tipos de cabelo que teñen os seus pais e irmáns, destaca o cabelo da súa nai, que forma rosiñas, coma caramelos redondos, rizado e fermoso. "Rapaces e rapazas" estabelece as diferenzas esenciais de xénero, describindo dous universos diferentes. En "O meu nome" relata que non lle gusta o seu nome porque en español ten demasiadas letras e significa tristura, espera. En "Era unha muller que tiña tantos nenos que non sabía que facer" relata a historia dunha pobre muller abandonada polo seu marido sen deixar nin un dólar e con demasiados fillos que non teñen respecto por ningún ser vivo, incluídos eles mesmos. En "Nacida en mal día", narra a morte da súa tía Lupe tras unha longa enfermidade da que se sente un pouquiño culpábel por imitala nun xogo que unha delas inventou. "No speak English" trata dunha mamá moi grande e moi gorda que non sae de casa porque ten medo de falar inglés, mais un pouquiño despois descobre que o que lle pasa é que ten morriña da súa casa rosa que deixou en México. En "Rafaela, que os martes toma leite de coco e zume de papaia" unha muller asómase á xanela e soña que ten o cabelo coma Rapunzel. Como o seu home chega tarde porque é a noite que xoga ao dominó, ela pide aos nenos que lle merquen leite de coco e zume de papaia para ter unha bebida doce e beber sen parar e olvidar o cuarto baleiro amargo no que se está facendo vella de tanto mirar pola xanela. Cisneros describe con breves pinceladas a situación socioeconómica da muller chicana nos Estados Unidos. Expón temas coma a inmigración, a pobreza, o machismo ou a desigualdade entre os sexos con gran lirismo e inocencia infantil. O papel da muller chicana na sociedade americana é uns dos temas máis importantes nestes relatos.

Recensións:

- R. L., "Crónicas do barrio", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 7 xullo 2008, p. 63.

Refire que a novela de Sandra Cisneros, *A casa de Mango Street*, acaba de ser traducida ao galego por Alicia Meléndez Sousa e publicada por Rinoceronte. Comenta que se trata dunha historia "colectiva e metafórica", estruturada en corenta e catro contos conectados pola narradora protagonista. Afirma que a través dun estilo fugaz e directo, a autora describe a situación socioeconómica da muller chicana nos Estados Unidos e trata temas como a inmigración, a pobreza, o machismo, a desigualdade entre sexos, etc. A continuación salienta o éxito que alcanzou esta novela e, finalmente, dá conta da traxectoria vital e literaria de Sandra Cisneros.

- Dolores Martínez Torres, "Voz chicana", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 257, "Libros", 4 setembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 198, "Letras galegas", 13 setembro 2008, p. 11.

Comeza destacando que Sandra Cisneros é unha das figuras máis relevantes da literatura Chicana, e unha das principias responsábeis de que esta se recoñeza como unha corrente independente e con características propias dentro da literatura moderna norteamericana. Dise que a novela fala cunha voz feminina, Esperanza, que relata as súas experiencias, que quere fuxir dun futuro determinado polo seu sexo e o seu estatus, e que se nega a ser a típica muller marcada polos prototipos machistas das sociedades hispanas. Indícase que quere ser libre e poder determinar a súa propia vida. Tamén se destaca que a tradución non pode reflectir todas as peculiaridades do orixinal, como a intencionada mestizaxe formal do castelán e o inglés.

- Xiana Arias Rego, "Nunca se ten ceo demais en Mango", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 12.

Crítica da tradución *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros, autora que chega á lingua galega coa segunda obra, dado que en 1997 xa vira a luz *Muller ceiva*. Desta nova entrega traducida por Rinoceronte Editora dise que é a historia dunha rapaza chicana que fala da súa infancia, asociada ao lugar do desamparo da clase traballadora norteamericana. Percórrense diferentes aspectos da trama e destácase a crítica a unha sociedade moi pouco igualitaria, nunha novela de personaxes, na que se retrata a vida dun barrio. Saliéntase que *A casa de Mango Street* é de lectura obrigada en moitos centros educativos norteamericanos.

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, "Alleados", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Nove ondas", 27 agosto 2008, p. 4.

Recóllese un fragmento da obra *A casa de Magno Street*, de Sandra Cisneros e indícase que foi traducida ao galego por Alicia Meléndez Sousa. Apúntase que a obra é unha historia colectiva conformada por corenta e catro contos conectados entre si polo punto de vista da narradora e tamén pola protagonista, Esperanza**.**

Coeteze, J.M., *Deshonra* (*Disgrace*, London: Secker & Warburg, 1999), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 13, 2008, 271 pp. (ISBN: 978-84-936101-2-8). ■

David Lurie é un profesor de literatura romántica de cincuenta e dous anos que traballa na Universidade de Cidade do Cabo. A súa vida é solitaria, aínda que a el lle parece tranquila e apacíbel, até que se encapricha dunha alumna súa, Melanie Isaacs. J.M. Coetzee (Cidade do Cabo, Sudáfrica, 1940) conta como a relación coa alumna vai ben nun primeiro momento, pero estoupa cando é denunciado e convocado ante unha comisión de investigación da propia universidade, na cal están algúns dos seus compañeiros de departamento. Desexando admitir a súa culpa pero negándose a ceder ás presións da comisión para que demostre publicamente o seu arrepentimento, renuncia a todo e abandona a súa profesión. Visita a súa filla, Lucy, que vive nunha remota granxa no campo. Nun primeiro momento, a influencia da filla e a vida natural da granxa, achegan calma e harmonía á vida de David Lurie. Desta maneira, o profesor colabora en diferentes tarefas da granxa: coidar os cans, recoller flores, labrar a terra…Non obstante, un acontecemento violento e perturbador muda a maneira de pensar do profesor Lurie: tres homes de cor atracan a granxa matando os cans e violando a Lucy. A partir deste intre, a relación entre pai e filla, tórnase difícil, até chegar nalgúns intres á violencia. David Lurie refúxiase colaborando con Bed Shaw na clínica veterinaria onde axuda a esta a matar aqueles animais, sobre todo cans, que están feridos ou ninguén quere. Mentres, a relación con Lucy, avanza entre silencios e temores, até que un día discuten e o profesor decide volver á Cidade do Cabo. Ao regreso ao seu antigo mundo, David Lurie, descobre que a súa vivenda foi forzada e que lle roubaron a maioría das pertenzas. Pouco a pouco intenta recuperar a súa existencia na cidade e decide tamén ver de novo a Melanie Isaacs nunha representación teatral, aínda que ela non o ve a el. Tras varias chamadas nas que desconfía de que a súa filla non se atopa ben, decide volver á granxa e, alí descobre que Lucy está embarazada dalgún dos homes que a violou. Curiosamente un deses homes, o máis novo, vive co veciño de Lucy: é o seu sobriño. David Lurie insiste en que a súa filla debe fuxir da granxa, pero ela decide quedar no campo e casar co seu veciño, un home de cor, Petrus, a cambio de que a protexa de futuros atracos ou violacións.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Unha novela excepcional e desoladora", *A Nosa Terra*, n.º 1.311, "Cultura", 22-28 maio 2008, pp. 33-34.

Comenta que a novela *Deshonra*, de J. M. Coetzee, é das mellores obras do escritor e na que os lectores poden introducirse nas profundidades da alma humana. Indica que Coetzee propón interrogantes e fai dubidar sobre os piares das grandes afirmacións. De seguido, conta o argumento da novela e comenta que habitualmente o autor trata nas súas obras o tema do impacto da política imperialista europea. Indica que o narrador describe de forma obxectiva toda a problemática e dá conta dos diferentes cambios que se producen na historia e, concretamente, na evolución moral do protagonista.

- Dolores Martínez Torres, “Feramente humana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 252, “Libros”, 12 xuño 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 191, “Letras galegas”, 21 xuño 2008, p. 11.

Comenta a novela de J. M. Coetzee, *Deshonra*, sobre a que afirma que se trata da crónica dunha perda progresiva de todo privilexio, onde o protagonista, David Lurie se ten que enfrontar ás contradicións da esencia do ser humano. Resume o argumento da novela e, finalmente, caracteriza a obra como unha historia que provoca o desacougo debido aos interrogantes que formula sobre a condición humana: sobre todo pola falta de comunicación e a violencia opresiva.

- Ramón F. Mariño, “Rematado o apartheid”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 8, “proPostas”, outono 2008, p. 9.

Anúnciase a tradución á lingua galega da primeira obra do novel de literatura J. M. Coetzee, *Deshonra*, da que agradece a fidelidade na tradución do título orixinal. A seguir, repasa a liña argumental, na que se traza a caída en desgraza dun profesor universitario de Sudáfrica que mantén unha relación cunha alumna, feito polo que é expulsado. Sinálase que a novela nace cando os muros que separaban a negros e brancos desapareceron e mudaron os códigos de poder, poñendo de manifesto unha loita racial e o odio. Ante isto sinálase que a resposta do autor é deixar pasar o tempo, pois será necesario moito tempo para que o país poida vivir en paz e curar as feridas abertas. Remata aludindo á linguaxe, na que detecta algúns castelanismos, pero valora que se reflicta a linguaxe crúa que emprega o autor.

Gide, André, *Os alimentos terrestres e Os novos alimentos* (*Les nourritures terrestres. Les nouvelles nourritures*, Gallimard, 1942), introd. e trad. do francés de Suso Pensado, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Narrativa, n.º 233, 2008, 166 pp. (ISBN: 978-84-8487-142-8). ■

O autor francés André Gide (Paris, 1869-1951), Premio Nobel de Literatura en 1947, relata nesta obra a explosión do desexo da vida. Trátase dunha crítica indirecta a toda disciplina moral e o triunfo dos instintos e a superación dos prexuízos. En realidade o libro cobre a tradución de dúas obras: *Os alimentos terrestres* (1897) e *Os novos alimentos* (1935). A primeira recolle tamén o limiar da edición de 1927, na que o autor alega que fora unha obra de xuventude, e pretende xustificarse perante todas as críticas recibidas. A obra é bastante difícil de clasificar, xa que é un diario íntimo, e ao mesmo tempo presenta importantes características líricas e poéticas. Aínda que á primeira ollada non o pareza o relato mantén unha certa estrutura e orden. As dúas obras presentan un complexo ton poético e filosófico, no que o autor aconsella directamente en primeira persoa a Nathanäel, o suposto lector. En todo momento descríbese o hedonismo activo e mestúranse as referencias aos vicios, paixóns, pecados, Deus, a homosexualidade, etc., cos diferentes alimentos do corpo. Os personaxes recollen varias cidades e isto permítelles falar de felicidade, gozos, sentidos, desexos, etc. Ao final do libro o narrador aconsella ao lector, directamente a Nathanäel, que deixe o libro e que pense só nel. A segunda novela mantén o mesmo ton pero é máis latente a referencia á non existencia de Deus e o consello de que debemos loitar pola nosa felicidade. A obra inclúe unha breve introdución do tradutor, Suso Pensado, no que repasa as características centrais do relato.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "O sermón poético dun moralista", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 30 outubro 2008, p. 33.

Comézase facendo referencia á problemática para adscribir esta obra ao xénero narrativo, xa que, a primeira vista, trátase máis ben dun evanxeo que a voz narrativa dirixe a un discípulo, e que está composto por múltiples elementos: versos, himnos, poemas, pequenas narracións e cancións. Destácase que a obra é unha especie de canto pola vida, un himno da alegría, polo que se afirma se sería máis axeitado intitulalo *Os froitos da terra*, facendo así referencia ao gozo dos sentidos que viven os protagonistas. Tamén se apunta a posibilidade de que a obra sexa unha defensa do hedonismo, pero o pensamento de Gide é moi complexo para caer nesta trampa, porque o texto, despois de presentar este contido, dá un xiro para concluír que o desexo non se pode saciar de todo, polo que non hai salvación para a mera satisfacción. Conclúese apuntando que non se trata dunha obra de fácil lectura, pero si é un agasallo para a intelixencia e a sensibilidade.

- Xavier Castro Rodríguez, "André Gide: renacer lentamente á vida", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 29 novembro 2008, p. 2.

Comeza comentando que André Gide foi Premio Nobel de Literatura no 1947 e que poucos anos despois os seus libros se incluíron no Índice de publicacións prohibidas pola igrexa católica. Destácase que Gidé dedicou o seu labor literario aos eidos do ensaio e a narración, creando obras como *A porta estreita*, *A sinfonía pastoral* ou *Os sotos do Vaticano*. Indícase que cando non tiña aínda os trinta anos comezou unha importante traxectoria literaria con *Os alimentos terrestres*, libro que agora xa temos en galego. Precísase que nesta tradución se acollen dous libros, *Os alimentos terrestres* e *Os novos alimentos*. Destácase que estas obras son un canto ao hedonismo, obras moi singulares, a medio camiño entre o ensaio e a narrativa, obras case imposíbeis de clasificar nas que se ofrecen reflexións, que van do íntimo á crónica, pasando polo saber filosófico.

- Xulio Valcárcel, "Os alimentos terrestres' de Gide", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 546, "Páxina literaria", 7 decembro 2008, p. 4.

Preséntase a tradución dende o francés ao galego da obra de Gide, *Os alimentos terrestres e os novos alimentos*, por Suso Pensado en Edicións Laiovento. Tras o limiar a cargo tamén do tradutor, aparecen as notas que o propio Gide inseriu na reimpresión da súa obra en 1927. Saliéntase a figura do narrador que se dirixe a unha segunda persoa considerada un ouvinte/discípulo que acolle a concepción do mundo segundo o seu mestre, o narrador. Sublíñase asemade o ton profético, erótico e sensual do texto xunto a unha profunda carga sensorial dos versos que o compoñen, agrupados en torno a oito libros e intercalados con parágrafos, citas e pensamentos varios. Destácanse as referencias ás culturas árabe, africana e mediterránea e as referencias bíblicas. Acompáñase esta recensión dunha ilustración de Xavier Garo.

Haddon, Mark, *O curioso incidente do can a medianoite* (*The Curious Incident of the Dog in the Night-time*, London, Jonathan Cape, 2003), trad. Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 16, 283 pp. (ISBN: 978-84-936101-7-3). ■

Esta novela está dedicada a Sos e nesa mesma páxina inicial dálle as grazas a Kathryn Heyman, Clare Alexandre, Kate Show e Dave Cohen. A narración en primeira persoa por parte da personaxe principal, Christopher Boone, do que o lector intúe que sofre autismo, comeza no segundo capítulo, pois aínda que o primeiro non aparece especificado correspóndelle aos agradecementos. Nesta obra do autor inglés Mark Haddon (Northampton, Reino Unido, 1963) cóntase a historia do intelixentísimo adolescente de quince anos, Christopher Boone,que despois de atopar ao can da súa veciña atravesado por una forca de xardín, vai levar a cabo un labor de investigador para descubrir o que pasou. Esta busca materialízase na obra nuns diálogos cargados de interrogatorios aos posíbeis culpábeis e das deducións de Boone. Toda a parte narrativa mestúrase con debuxos, figuras e ecuacións e problemas matemáticos, que representan as pescudas que está a levar a cabo o protagonista. Na fin preséntase un apéndice no que aparecen as solucións de diversos dilemas expostos ao longo da trama. O libro remata coa sentencia latina "Quod erat demonstrandum".

Recensións:

- R. L., "O peculiar detective de cadelos", *El Progreso*, "Vivir", 21 abril 2008, p. 71.

Fai referencia á tradución que se publicou en galego da obra de Mark Haddon, *O curioso incidente do can a medianoite*. Comenta que se trata dunha novela que recibiu varios galardóns e dá conta do seu argumento. Salienta ao protagonista da historia, un neno autista, e indica que está narrado en primeira persoa. Tamén fai referencia ás digresións que aparecen e máis aos coñecementos de astronomía, matemáticas, física, etc. Finalmente, achega datos sobre a traxectoria literaria do autor.

- Manuel Xestoso, "Un retrato amábel dunha situación angustiosa", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Cultura", 15-21maio 2008, p. 35.

Comeza narrando o argumento da novela de Mark Haddon, *O curioso caso do can á media noite*, e destaca o éxito que acadou con ela o autor e tamén varios premios. Comenta que presenta trazos da novela detectivesca e afirma que se trata dun relato convencional e esquemático, mais salienta o tratamento do punto de vista que mostra a vida dun mozo autista. En canto ao estilo, afirma que é unha prosa espida e descritiva con debuxos, gráficos, etc. Finalmente, critica a falta de ambición na novela e asegura que a súa lectura é "emotiva e agradábel".

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "María Reimóndez acusa a una editorial de 'traducción sexista", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 abril 2008, p. 7.

Fai referencia ao enfrontamento entre María Reimóndez e Moisés Barcia con respecto á tradución ao galego da obra de Mark Haddon, *O curioso incidente do can á media*

noite. Reimóndez explica que fixo unha tradución cun enfoque non sexista e, pola contra, Barcia considera que a tradutora fixo cambios de xénero non aceptábeis. Por último, comenta que conflito está en mans dos seus asesores legais.

- Jaureguizar, "A curiosa incidencia da cadela a medianoite", *El Progreso*, "Vivir", "Ollo mol", 7 abril 2008, p. 71.

Recóllese a denuncia que a autora María Reimóndez fixo respecto á editora de Rinoceronte que "perpetrara feitos de importante gravidade para os dereitos dos traballadores e a igualdade do xénero". Reimóndez reaccionou así á rescisión do contrato na editorial por non aceptar as modificacións realizadas á obra *O curioso incidente do can a medianoite*. María José Queizán e Lucía Etxebarría defenden a postura de Reimóndez, de que "unha tradutora pode adaptar a traduzón á súa ideología".

- Daniel Salgado, "A tradución perde a inocencia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 abril 2008, pp. 8-9.

Con motivo do litixio pola edición ao galego da obra *O curioso incidente do cadelo a media noite*, fala sobre a actividade de traducir. Achega as opinións de Lara Domínguez Araújo, de María do Cebreiro, de Erín Moure, de María Reimóndez, de Marilar Aleixandre e de Xurxo Borrazás, que consideran que as traducións forman parte da cultura que as recibe e ademais están cargadas de ideoloxía.

Hosseini, Khaled, *O cazador de papaventos* (*The kite runner*, TKR Publications, 2003), trad. María Pardo Vuelta, Barcelona: Ediciones El Andén, col. A Plataforma, febreiro 2008, 425 pp. (ISBN: 978-84-96929-70-8). ■

Nesta novela realista que presenta os problema dos países soviéticos de Khaled Hosseini (Cabul, 1965) cóntase a historia de Amir, un rapaz afgán, nado nunha familia acomodada, que pasa a súa infancia entre xogos e risos con Hassan, o fillo do criado do seu pai. A súa despreocupación de neno remata cun espantoso feito que se produce non moito antes do inicio da invasión soviética a Afganistán e, por tanto, coincidindo co comezo da inestabilidade e violencia que marcarán dende entón a vida deste país. Tras a competición anual de papaventos que se leva a cabo en Cabul, Amir vai buscar a Hassan e contempla como outros rapaces o violan sen facer nada por impedilo. A partir de aí, a súa amizade vese totalmente deteriorada, até o punto de que Amir provoca que Hassan e o seu pai abandonen a casa na que criados e señores viviran dende nenos. A narración dá entón un salto temporal de cinco anos, até 1981. Amir ten dezaoito anos e está fuxindo co seu pai do Cabul ocupado polos rusos cara o máis seguro Paquistán. Pouco despois, os dous emigran cara aos Estados Unidos, onde o proxenitor falece e Amir casa. Non obstante, o pasado perséguеo e non o deixa vivir en paz. Volverá ademais á súa vida cando o mellor amigo do pai falecido enferme e teña que ir velo a Paquistán. Alí, este cóntalle que o seu confidente da infancia, Hassan, e a súa esposa, foron executados polos talibáns. Revélalle ademais un segredo que trastocará toda a existencia que até entón tiña levado: Hassan non era en realidade fillo do criado, senón do propio pai de Amir. Ante tal revelación, a súa única posibilidade de "redención" é facer algo polo fillo de Hassan, que tras a morte dos seus pais foi abandonado á súa sorte nun orfanato. Así que, esquecendo a súa cómoda vida en América, Amir decide ir buscalo a Afganistán. Alí atópase coa verdadeira realidade dun país extremadamente

pobre e destruído pola guerra, que nada ten que ver co que el lembraba da súa infancia de neno rico. Nun derradeiro intento por ser fiel ao seu "medio irmán" asasinado, decide adoptar ao rapaz e levalo con el aos Estados Unidos. Alí debe aprender a gañar o afecto dun cativo coa moral minada polo horríbel pasado que lle tocou vivir.

Recensións:

- Mar Mato, "Afganistán e a historia dun erro", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 552 , "Libros", 8 marzo 2008, p. 3.

Dá conta da publicación da novela *O cazador de papaventos*, de Khaled Hosseini, traducida agora ao galego por María Pardo Vuelta. Refire o argumento da obra e analiza a evolución dos personaxes, así mesmo, salienta a prosa de ritmo rápido en que está escrita e a abundancia de metáforas. Tamén comenta que o libro se divide en vinte e catro capítulos, nos que se van mostrando as baixezas humanas e a evolución da psique.

- Manuel Xestoso, "Un falso retrato de Afganistán", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, pp. 33-34.

Analiza a primeira novela do escritor Khaled Hosseini, *O cazador de papaventos*, que acadou gran número de vendas e unha boa crítica. Dá conta do argumento da obra e critica o feito de que o autor empregue moitos clixés, achegando algúns exemplos. A seguir, comenta que outro elemento que non favorece a novela é a súa semellanza co folletín, xa que estende demasiado a intriga a base de anécdotas e peripecias. O terceiro aspecto que critica é a inverosimilitude e tamén a escasa relación coa historia de Afganistán, pois non se coñecen características nin costumes dese pobo. Finalmente, afirma que o éxito da obra radica na súa "penetración ideolóxica" e no bo nivel literario.

Referencias varias:

- R. L., "Unha amizade nun deserto", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 decembro 2008, p. 79.

Comeza falando do éxito da primeira obra traducida ao galego de Khaled Hosseini. A continuación presenta *Un milleiro de soles espléndidos*; unha obra que trata a situación real das mulleres afgás nos diferentes momentos da historia recente deste país. Destácase que a obra se centra na experiencia de dúas mulleres con vidas moi complicadas, Mariam e Laia. Precísase que estas dúas mulleres, de idades moi diferentes, teñen que convivir na mesma casa, entón nun primeiro momento é difícil mais pronto estabelecerán unha profunda relación. Tamén se comenta que o final da novela é un tanto melodramático.

Howard, Robert E., *Conan, a filla do xigante de xeo*, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco fantasía, 2008, 47 pp. (ISBN 13: 978-84-935638-3-7).

Trátase dun minilibro escrito baixo unha licenza de recoñecemento-non comercial. Pretende ser o comezo dunha serie de libros de igual formato nos que se recollan máis

relatos e aventuras do heroe lendario Conan, o cal deu lugar a múltiples filmes inspirados nestas historias. Na primeira parte, "Conan, Howard e outros elementos" fálase sobre o seu autor Robert E. Howard (Texas, 1906-1936) e sobre o seu personaxe fantástico de máis recoñecemento, Conan. Deseguido aparece o segundo apartado da obra co título "Sobre esta escolma" no cal se explican os criterios seguidos para a escolla dos relatos deste autor e do seu personaxe que irán aparecendo en sucesivas edicións, entre eles, que só se publicarán aqueles relatos que sexan da autoría cen por cen de Howard. Segue logo un terceiro apartado que é o relato escollido para o comezo desta escolma, "A filla do xigante de xeo", no cal o mozo bárbaro loita como mercenario ao norte da súa Cimmeria natal e ocupa as páxinas centrais do libro (pp. 21-37). Presenta un narrador en terceira persoa e comeza coa descrición das consecuencias dunha cruenta batalla na que Conan remata coa vida do último contrincante e deseguido ao marchar atópase cunha fermosa muller á que persegue a través do xeo até atoparse con dous xigantes aos que ela chama irmáns e loitan contra el. Finalmente consegue atrapala e bicala pero un "lume xeado" resplandece no ceo e a fermosa muller desaparece tras quedar Conan inmóbil no chan xeado. É atopado por dous guerreiros amigos seus e explícanlle que se trata de Atali a filla da Ymir, o xigante de xeo. Todos cren que foi un soño até que descobren un veo de gasa na espada que volve empuñar Conan. A lectura deste relato é fácil e rápida debido á súa brevidade e á linguaxe empregada polo autor, sen ningún tipo de requintamentos. No apartado final, "Próximas entregas de Conan", danse os seguintes títulos que serán publicados na editorial reproducindo a imaxe da súa portada. Como anexo final inclúese un mapa da terra fantástica na que decorren as aventuras de Conan con caligrafía e debuxo que lembran o mundo de fantasías medievais.

Referencias varias:

- Fran Morell, "A lenda de Sleepy Hollw e outros relatos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 18.

Saliéntanse dous títulos fundamentais do xénero de terror e fantasía, *A lenda de Sleepy Hollow*, de Washington Irving (1783-1859), e *Conan e a filla do xigante*, de Robert Howard. Ambas obras foron publicadas en galego por Urco Editora en 2008, dentro do seu intento por verter ao galego obras universais do xénero de fantasía e terror. Considérase que a importancia deste proxecto editorial reside en que é, a estas alturas da industria editorial galega, o único especializado na publicación nesta lingua de literatura fantástica, de ficción científica e terror.

Hrabal, Bohumil, *Eu servín ao rei de Inglaterra* (*Obsluhoval jsem anglického krále*, Index, Köln, 1980), trad. do checo de Fernando de Castro García, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 15, 2008, 259 pp. (ISBN: 978-84-936101-5-9). ■

Bohumil Hrabal (Brno, 1914-Praga, 1997) conta no seu libro, narrado en primeira persona, a historia dun pequeno camareiro checo (é un home pequeno realmente) que ten lugar na Checoeslovaquia do século XX, dende o período de entreguerras até a década dos sesenta. É un mozo ambicioso que soña con chegar a ser millonario e vivir como os clientes do hotel onde traballa. Cámbiase de emprego varias veces co afán de

prosperar e cóntanse as súas primeiras experiencias sexuais. Tamén se aprecia a convivencia relativamente pacífica de dous grupos étnicos, checos e alemáns, nunha pequena cidade. Nárrase tamén a súa relación amorosa cunha alemá, unha moza activista que lle levará a atoparse no lado equivocado, xa que os alemáns invaden o seu país e a el consideraráselle un colaborador das forzas invasoras. Casa con Liza, a moza alemá, pero non sen pasar por un degradante exame que o certificará como bo membro da raza aria, grazas tamén a levar o apelido Díte do seu avó, de orixe alemá. Mentres o seu propio país é humillado e os seus compatriotas encarcerados e executados, el celebra a súa voda coa fanática nacionalsocialista. E pronto empeza a traballar para os alemáns. A guerra empeza e a súa muller alístase como enfermeira. O mozo Jan traballa nun instituto no que Himmler pretende producir unha caste superior de mulleres alemás e guerreiros arios. Jan ten un fillo con Liza e esperan que sexa un ser superior que mellore a raza, pero o que nace é un neno cun atraso mental. Liza trouxera un botín de guerra que era unha preciosa colección de selos coa que a parella soña con construír un hotel magnífico cando a guerra acabe. Pero a guerra non termina como eles imaxinaron. Jan consegue construír un hotel en Praga, pero finalmente debe abandonalo porque oe estraños ruídos. Ao final compra nos arredores de Praga unha canteira que converte nun hotel exclusivo, ao que acudiu dende Maurice Chevalier até o mesmo Steinbeck. Cando a zona é ocupada polos comunistas confíscanlle o hotel e é condenado, xunto con outros millonarios, á reclusión no Seminario de San Xoan, un internado para estudantes de teoloxía. Alí, cada millonario tiña que estar recluído segundo os millóns que tivese e a condena era dun ano por millón. O relato desta reclusión é totalmente cómica e apréciase en que poden saír e entrar cando queren, comprar a comida que desexan e librarse das responsabilidades que antes tiñan. Cando sae de prisión, atopa certa paz e acougo nunha zona alemá abandonada, cuxos habitantes foron expulsados ao terminar a guerra. Alí convivirá durante un tempo cun profesor de literatura francesa e unha moza aldeá, a quen o profesor instrúe á forza. Máis adiante destínano a unha aldea afastada dun pequeno pobo, na ladeira dunha montaña coa única compaña dun cabalo, un can e unha cabra. Alí será feliz e recordará a súa vida pasada. O final deixa aberta a esperanza no ser humano cando o visitan os seus veciños, preocupados por non velo durante un tempo, debido á intensa nevada caída.

Recensións:

- Ruth López, "Traballando para o inglés", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 15 setembro 2008, p. 71.

Comeza describindo que esta obra é un relato en primeira persoa dun aprendiz de camareiro no Hotel Praga Dourada. Indícase que a novela é unha comedia cínica e moito máis incisiva do que nun principio parece e que se narra a historia da Checoeslovaquia, dende os anos anteriores á ocupación nazi até a ocupación soviética e o comunismo. Destácase que a obra presenta un humor surrealista e que se serve do seu pícaro protagonista para crear un retrato desenfadado da cultura e a política checa. Remátase precisando que acaba de ser adaptada ao cine por Jiri Menzel.

- Dolores Martínez Torres, "Vivido discurso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Libros", 6 novembro 2008, p. 5/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "Letras galegas", 15 novembro 2008, p. 10.

Destácase que esta traxicomedia de Bohumil Hrabal está protagonizada por Jan Ditie, un camareiro checo, baixiño e loiro, que no período de entreguerras comeza a servir nos hoteis de Praga, onde aprende a "non ver nin oír nada, ao tempo que o vía e o oía todo". Como camareiro e criado interrelaciónase co máis selecto da sociedade e intenta acadar a mesma posición cós seus amos, pero os poderosos nunca o aceptan nin o tratan coma un igual. Apúntase que os personaxes creados por Hrabal son a letra pequena, as marxes da historia, e é precisamente esta insignificancia o que permite darlles transcendencia e convertelos en heroes profundamente humanos

Irving, Washington, *A lenda de Sleepy Hollow e outros relatos*, trad. Cristina Felpeto García, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Gótica, n.º 1, 2008, 196 pp. (ISBN 13: 978-84-935638-2-0).

Este volume de relatos fantásticos e de medo acolle algún dos títulos máis coñecidos do escritor romántico, ensaísta, historiador e biógrafo norteamericano Washington Irving (Nova Iorque, 1783-1859): "A lenda de Sleepy Hollow", "Rip Van Winkle", "O espectro do noivo", "O Demo e Tom Walker" e "A aventura do estudante alemán". Ábrese esta escolma cunha "Introdución" na que se fai unha breve semblanza biobliográfica de Irving, para despois centrarse no contido e estilo de cada un dos contos de pantasmas seleccionados. Preséntase a Irving como un dos primeiros escritores norteamericanos en acadar recoñecemento en Europa, e perfílanse as características do Romanticismo no que el se inscribe con Hawthorne, Wardsworth e Poe: paixón e odio, amores imposíbeis, terror, cadros costumistas nun ambiente gótico e aventuras en lugares exóticos, entre outras. Precísase que Irving asinou o seu primeiro ensaio co pseudónimo de Diedrich Knickerbocker, que anos despois firmou como Geoffrey Crayon os volumes de contos onde se incluían "Sleepy Hollow" e "Rip Van Winkle", e que tamén asinou como Jonathan Oldstyle. Anótase que grazas ao éxito acadado polos seus contos viaxou a Europa para buscar inspiración nas lendas dos países dos seus ancestros, Holanda e Alemaña. Explícase como da man de Hill Everett viaxou a España e sinálase as obras inspiradas neste país, destacando *Tales of the Alhambra*. Apúntase que a súa produción se completa cos títulos escritos tras a súa estadía no oeste norteamericano. Saliéntase como trazo da súa escrita o uso de topónimos con "remorso centroeuropeo", e a seguir detállanse as características dos contos seleccionados. De "A lenda de Sleepy Hollow" destácase a gran recepción literaria e cinematográfica e que sexa "un fiel retrato costumista da vida do rural habitado por descendentes dos colonos holandeses no século XX". De "Rip Van Winkle" precísase a semellanza coas "lendas holandesas e alemás" e que constitúe "unha sátira do carácter das mulleres holandesas, autoritarias e de carácter forte". "O espectro do noivo" narra un amor imposíbel "enmarcado dentro da estética da literatura romántica" e cuxa temática é propiamente bizantina. "O Demo e Tom Walker" presenta un ambiente "húmido e miserento", nun conto onde se critican as "baixas paixóns do ser humano" propoñendo unha moral maniqueísta. En "A aventura do estudante alemán" sérvese dun estilo semellante ás *Cartas marruecas*, de José Cadalso, para presentar un amor terrorífico e imposíbel nun escenario nocturno, de choiva e "inquietante", onde destacan o terror e a loucura do protagonista. Remátase precisando que Irving emprega a sátira e o humor para describir os seus contos, que indirectamente achega "xuízos de valor" semellantes ás "máximas morais das fábulas populares", e que os seus contos beben da tradición oral holandesa e alemá, aínda que os sitúe xeograficamente en terras de Norteamérica. Agás os dous últimos contos, os catro primeiros comezan de xeito

indirecto empregando o recurso do "manuscrito atopado" ou reproducen a obra doutro autor (que en realidade é el mesmo valéndose dun pseudónimo). En canto aos paratextos, a lapela da capa reproduce unha fotografía en branco e negro do autor e unha breve bibliografía dos seus contos e relatos máis coñecidos.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un benévolo clásico da literatura fantástica", *A Nosa Terra*, n.º 1.313, "Cultura", 5-11 xuño 2008, p. 33.

Comenta que o escritor estadounidense Washington Irving foi un dos grandes creadores do conto norteamericano e, agora, a editorial Urco acaba de publicar en galego unha antoloxía dos seus relatos titulada *A lenda de Sleepy Hollow e outros relatos*. Explica que se trata de textos do xénero fantástico e salienta a atención que o autor lle prestou aos personaxes, mostrándoos como seres humildes con problemas comúns e tamén o ton compasivo que lle dá aos acontecementos. Así mesmo, destaca o narrador omnisciente que en determinadas ocasións se dirixe ao lector e, finalmente, comenta o sentido do humor e a ironía que mostran os relatos e fai referencia ao traballo de tradución.

Referencias varias:

- Fran Morell, "A lenda de Sleepy Hollw e outros relatos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 18.

Saliéntanse dous títulos fundamentais do xénero de terror e fantasía, *A lenda de Sleepy Hollow*, de Washington Irving (1783-1859), e *Conan e a filla do xigante*, de Robert Howard. Ambas obras foron publicadas en galego por Urco Editora en 2008, dentro do seu intento por verter ao galego obras universais do xénero de fantasía e terror. Considérase que a importancia deste proxecto editorial reside en que é, a estas alturas da industria editorial galega, o único especializado na publicación nesta lingua de literatura fantástica, de ficción científica e terror.

- X. Fraga, "As letras universais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 2.

Faise referencia á tendencia das traducións ao galego nos últimos tempos, tanto no número, na procedencia, coma no seu estilo. Explícase o aumento de traducións xa non só do inglés ou francés senón que tamén do xaponés, húngaro ou mesmo grego contemporáneo. Chámase a atención sobre Urco Editora, con traducións de H.G. Wells ou Edgar Allan Poe e a recompilación de Washington Irving, *Sleepy Hollow, o xinete sen cabeza*. Tamén se destaca o gusto desta editora polos xéneros menores e se explica como é posible a súa descarga de xeito gratuíto dende a Internet.

Kennedy Toole, John, *A conxura dos necios* (*A Confederacy of Dunces*, 1980), trad. Eva Almazán, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Narrativa, n.º 6, decembro 2008, 465 pp. (ISBN: 978-84-96957-50-3). ■

O título desta novela de John Kennedy Toole (Nova Orleáns, 1937-1970) procede dunha cita do clásico británico Jonathan Swift, que asegura que, cando no mundo aparece un verdadeiro enxeño, podémolo recoñecer por este signo: que os necios se conxuran todos contra el, da súa obra "Pensamentos sobre diversas materias, tanto morais como amenas". O protagonista da novela, Ignatius J. Reilly, é un mozo inadaptado, incomprendido, de personalidade complicada e anacrónico que soña con que a forma de vida medieval, e a súa moral, volva reinar no mundo. Para iso, para ser escoitado nun mundo no que é incomprendido, enche da súa propia man centos de cadernos Gran Xefe, nos que plasma a súa visión do mundo, e espalla eses textos pola súa habitación, coa esperanza de ordenalos algún día para crear a súa obra mestra. Mentres tanto a deusa Fortuna, contra a súa vontade, catapúltao ao mundo capitalista, véndose obrigado a someterse á nova forma de escravitude que para el é o traballo. Está atormentado por atopar un traballo que lle permita pagar unha débeda. A súa actividade laboral e vital é o fío que une e dá sentido a toda a obra, e que nos permite coñecer a outros personaxes. A estrutura é lineal. Está dividida en capítulos, que á súa vez se dividen en subcapítulos. A obra está narrada na súa maior parte en terceira persoa, cun estilo irónico e no que alterna distintas escenas de distintos personaxes que forman un todo común; as accións duns afectan dun xeito ou doutro as vidas dos outros, e viceversa. Algúns fragmentos están escritos en primeira persoa por Ignatius e cumpren a función de completar o texto e a comprensión, tanto da historia coma dos personaxes. Cos escritos que caligrafía Ignatius nos seus cadernos Gran Xefe espera algún día compor unha obra magna, inmortal, que logre empurrar á humanidade de volta ao sistema medieval. Tamén se inclúe a correspondencia cunha amiga súa chamada Myrna Minkoff, a cal ten unha visión do mundo completamente distinta á de Ignatius e coa que mantén unha tensa relación de amor/odio.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Libro magnífico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292 "Lecturas para sempre", 13 decembro 2008, p. 7.

Salienta a labor da editorial Faktoría K na literatura galega ao editar en galego *A conxura dos necios*, traducida por Eva Almazán, e destácase que esta non é a primeira obra da literatura universal que traducen ao galego, pois tamén se poden atopar títulos como *Lolita*, de Nabokov, ou *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne. Dise que é unha novela de fracasos, unha historia da decepción e dáse conta do seu argumento. Finalmente recomenda a súa lectura e califícaa como "novela alta de altísima literatura".

Le Clézio, J. M. G., *Mondo e outras historias* (*Mondo et autres histoires*, Éditions Gallimard: 1978, 2008), trad. Raquel Villanueva e Valentín Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 266, novembro 2008, 295 pp. (ISBN: 978-84-9782-943-4).

Reedición desta colección de oito contos xa publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1987, na súa colección "Xabarín" destinada ao público xuvenil, agora editada nunha colección que acolle a literatura institucionalizada. Ademais tamén mudan as ilustracións de Manolo Uhía que son substituídas pola ilustración da capa de Miguel

Vigo, e aínda que os tradutores son os mesmos, na edición de 2008 só firman a tradución (fronte á introdución, tradución e notas da edición de 1987, introdución pola que foran merecentes dos premios Nacional de Tradución e o Ramón Cabanillas). Daquela ocupaba 248 páxinas, e agora 296 páxinas, pero en ambas se recollen os oito contos da edición orixinal. Jean-Marie Gustave Le Clézio (Niza, 1940) gañou o premio Nobel de Literatura en 2008 e por iso Edicións Xerais edita, como homenaxe ao escritor, como 1ª edición na colección "Narrativa" estes contos dos que tiña dereitos de tradución. Ábrese cunha cita de *Historia de Sinbad o Mariño* e os oito contos mostran a temática común da relación harmoniosa dos adolescentes que protagonizan as historias coa natureza e a crítica ao sistema urbano sofisticado, mais conflitivo. "Mondo" e "Os pegureiros", os máis longos, abren e pechan, respectivamente, a colección. O primeiro trata de dun rapaz que vive só, libre, sen ter un lugar fixo onde durmir, que mantén unha relación especial cunha muller vietnamita Thi Chim. O último cuestiona a benevolencia da terra e da natureza co ser humano, nunha historia sobre rapaces pastores. "Lullaby", "A montaña do deus vivo", "A roda de auga" e "Xente do ceo" tratan das pescudas dos segredos máis íntimos da montaña, do mar, dos contrastes entre o campo e a cidade, do ceo, da natureza en definitiva, simbolizada na sabedoría dos nenos, levadas ao cabo por varios rapaces protagonistas. "Hazaran", no entanto, debate a relación dos homes con Deus e a posibilidade de encontrar o sentido da vida a través da relixión.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Os paraísos perdidos", *A Nosa Terra*, n.º 1.340, "Cultura", 31 decembro 2008, p. 30.

Comézase destacando que Jean Márie Gustave Le Clézio obtivo o premio Nobel, feito que propiciou que Edicións Xerais realizase a tradución desta obra ao galego. Posteriormente faise un breve percorrido pola carreira literaria do autor. Finalmente céntrase en *Mondo e outras historias*, da que se indica que pertence a un período de transición, que despois dará lugar ao seu maior éxito de vendas, *Désert*. Precísase que este libro contén oito relatos nos que se pode apreciar unha concepción case épica do ser humano na súa relación coa natureza. Apúntase que os contos máis extensos crean unha narrativa máis rica, que cala máis profundamente no lector, mentres que os máis curtos se aproximan á liña que separa o lírico do puramente cursi.

Referencias varias:

- maré, "A senda da filosofía-ficción", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2008, p. 34.

Sinálase que o último autor galardoado co premio Nobel de Literatura conta cunha obra traducida ao galego que se fixo no ano 1987. A obra é *Mondo, e outras historias*, de Jean-Marie Gustave LeClézio e os tradutores ao galego foron Raquel Villanueva e Valentín Arias. Danse tamén algúns datos da biografía do autor premiado.

- M. B., "Raquel Villanueva. Le Clezio aceptou a tradución ao galego por ser unha lingua minorizada", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", 16-22 outubro 2008, p. 25.

Entrevista a Raquel Villanueva, profesora de francés, que traduciu xunto a Valentín Arias a obra de LeClézio, *Mondo e outras historias* (Xerais, 1987), na que se fala que

chegou ao autor no seu labor de docente, de que os seus alumnos foron os que suxeriron a idea de traducilo e dá a súa opinón sobre Le Clézio a quen considera un autor comprometido sen ser dogmático senón reflexivo. Tamén di as súas impresións sobre os personaxes, as tramas e os valores que transmiten as súas novelas e que lle sorprendeu que lle desen o Premio Nobel por tratarse dun escritor moi comprometido que pasa desapercibido, e moi crítico co capitalismo que aceptou a tradución ao galego por ser unha lingua minorizada.

- H. J. Porto, "Non se aproveitou a oportunidade que tivemos ao traducir 'Mondo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 284, 18 outubro 2008, p. 3.

Valentín Arias fala nesta entrevista da tradución ao galego que realizou en 1987 do libro *Mondo e outras historias*, de Jean Marie Le Clézio. Comenta que mentres o traducía, se deu conta de que era un "escritor de profundidade". Ademais, conta como foi o traballo de dous tradutores para un mesmo libro e menciona os dous premios que recibiron, o Nacional e o da Crítica. Por último opina que daquela a editorial non "quitou partido do éxito".

Luca, Erri de, *Montedidio*, trad. do italiano de María Cristina González Piñeiro, Cangas do Morrazo-Pontevedra: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 18, 2008, 162 pp. (ISBN: 978-84-936413-3-7).

A novela está composta dos pensamentos máis ou menos enfiados dun rapaz de trece anos que conta a súa historia de adolescente en tempo presente, composta en parágrafos curtos, poéticos, que ocupan a maior parte das veces a metade da páxina. A partir dun obxecto, un búmerang que lle regala o seu pai polo aniversario, o protagonista relata a súa relación cos pais, a enfermidade da nai, o apoio que presta o pai á nai e como se sente só cando esta é ingresada no hospital. Lanzar o búmerang convértese nun reto, nunha ilusión e para iso adestra todos os días nos lavadoiros da parte de arriba do edificio onde vive. Descobre o amor da man de María, unha rapaza veciña algo maior que sofre os abusos do caseiro. O rapaz ten amigos como o zapateiro Rafaniello ou o mestre Errico. Súa nai morre no hospital e debe socorrer ao pai na súa dor, mentres el axuda a María a saír do inferno do acoso do caseiro. Remata a historia co lanzamento do búmerang, símbolo da entrada definitiva no mundo adulto. Erri de Luca (Nápoles, 1950) baséase na súa propia infancia, dura, para crear esta historia de amor e morte na adolescencia, alén de notárselle a influencia do hebreo e da Biblia no estilo. Agradece a Elena Broseghini a revisión e a Monica Zunica os datos sociolóxicos sobre Nápoles.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Fórmula e compracencia", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", "Narrativa", 16-22 outubro 2008, pp. 33-34.

Comeza criticando as pretensións de certas novelas por ser transcendentes servíndose da voz narrativa dun neno ou mozo en proceso de maduración, do emprego dunha "linguaxe pretendidamente poética" e personaxes que encarnan o mal absoluto, entre outras características. Apunta que *Montedidio* responde a esas fórmulas estilísticas e que carece de "ambición e unha certa dose de verdade" literaria. Aclara que aínda que

Erri de Luca ten "boas intencións", só transmite "inmadurez literaria" e "certa desorientación ideolóxica". Tamén critica que presenta unha "realidade compracente" porque considera que a literatura debe caracterizarse pola "fuxida desas inocuas mentiras piadosas".

- Ruth López, "No cumio do monte de Deus", *El Progreso*, "Vivir", 20 outubro 2008, p. 81.

Saliéntase que o eixo desta novela que recibiu o Premio Femina Étranger no 2002 é un lugar, Montedidio, que tamén lle dá título. Indícase que se sitúa en Nápoles e que se trata dun barrio de nome solemne onde ferve a vida e ocorren todo tipo de cousas. Despois faise referencia a Erri de Luca, principalmente ás súas militancias políticas, destacándose o seu carácter comprometido.

- Dolores Martínez Torres, "Diario napolitano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, "Libros", 27 novembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 209, 6 decembro 2008, p. 10.

Coméntase sobre a obra de Erri de Luca, Montedidio, que recolle as lembranzas do propio Erri de Luca, pois para o autor é a mellor forma de que perduren. Explícase que estes recordos se sitúan en Nápoles na década dos sesenta e que se refiren á vida cotiá dun rapaz, Rafaniello, que en realidade é un fuxido do Holocausto, e o seu verdadeiro nome é Rav Daniel. Indícase que a coprotagonista é outra rapaza de trece anos, chamada María. Conclúese que esta obra é en realidade o diario que recolle as vivencias diarias deses dous rapaces e que, como adoita ocorrer con este tipo de escritos, os capítulos son breves e dotados de gran plasticidade.

Monzó, Quim, *Mil cretinos* (*Mil cretins*, Quaderns Crema, 2007), trad. Helena González Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 261, 2008, 141 pp. (ISBN: 978-84-9782-901-4).

Novela de Quim Monzó (pseudónimo de Joaquim Monzó, Barcelona, 1952) composta por dezanove contos divididos en dúas partes. A primeira composta por sete relatos e a segunda por outros doce, máis curtos que os primeiros. No conto que inaugura este texto, "O señor Beneset", un fillo visita ao seu pai travesti na residencia xeriátrica e acompáñao un anaco, amosando o amor paterno-filial aínda que cunha pinga de amargura. En "O amor é eterno" unha parella atópase anos despois de deixar a relación porque el non quería comprometerse e, se o facía, dicía que sería para sempre. Cando se volven a ver, o home descobre (sen que ela o saiba) que a muller está moi enferma e decide primeiro ir vivir con ela e logo casar. Pasan os anos e a muller non morre nin conta ao seu marido o da súa enfermidade, mentres el recorda a súa decisión de acompañala até o seu pasamento, cousa que non acaba de acontecer. Tras dez anos casados, ela dille que todo este tempo estivo loitando contra unha terríbel enfermidade que superou grazas a el. "Sábado" é un conto frenético, no que se relata como unha muller de sesenta anos bota da súa casa primeiro as pertenzas do seu home, logo os mobeis, os azulexos, a pintura e remata arrincándose a pel a tiras. En "Dous soños" o narrador conta, por unha parte, como el e un amigo alugaron un piso xuntos para usar como picadeiro e o soño que tivo co piso cando o amigo morreu e, por outra, o que soñou con respecto a outro amigo que quería ter fillos e no seu soño era moi feliz e tiña

dous. A narración de todo o que o narrador ve pola fiestra para evitar pensar nos problemas que ten e que lle quitan de durmir é o que o lector encontrará en "Estou a mirar pola fiestra". Un escritor consagrado é o narrador de "A gabanza". Neste conto, ao ser preguntado por un libro que lle gustou recentemente, o escritor respondeu dando un título e un autor dun libro de relatos escrito por un principiante. A partir dese momento, o narrador conta a relación que tivo co escritor novel e o arrepentido que estaba por contestar aquela pregunta. "A chegada da primavera" é o conto onde se pode atopar por primeira vez neste texto de Monzó a palabra "cretinos", empregada polos pais do narrador para referirse a outros vellos do xeriátrico e aos médicos en xeral. O narrador relata a vida que leva cos seus pais xa vellos e alterna varios escenarios dende a casa da infancia ao xeriátrico e os hospitais onde os ingresan cando teñen crises das súas enfermidades. A segunda parte de *Mil cretinos* comenza con "O sangue do mes que vén", no que o arcanxo Gabriel anuncia a María que Deus decidiu que terá un fillo chamado Xesús, ao que ela se nega. En "Trinta liñas" a escritura dun conto curto amósalle ao autor que non ten nada que contar, cousa que normalmente disimula escribindo unha páxina tras outra. "O corte" presenta a situación dun alumno que entra na clase cun corte no pescozo; o profesor rifa con el e mándao limpar o que manchou. En "Unha noite" recóllese un final alternativo da coñecida historia da bela adormecida: neste caso cóntanse os esforzos do príncipe, mesmo de tipo sexual por espertar á princesa. Porén, en "Outra noite" relátanse os problemas de insomnio dun home. Un home dálle aos miolos sobre qué dicir cando a muller que acaba de coñecer nunha festa lle pregunte polo libro que dá título a este conto, "Alén da chaga". En "Aniversario", o narrador relata o caso dun amigo seu: a súa muller regálalle cada aniversario cousas que lle gustan a ela convencida de que, se persevera, el chegará a ter os mesmos gustos ca ela. A comunicación familiar, o seu cambio ao longo dos anos e a influencia da televisión e do ordenador nela son os temas ao redor dos que se artella o relato "Calquera tempo pasado". Por outra banda, en "A amplitude do verán", faise unha descrición dunha alegre xuntanza familiar para comer. En "O mozo e a muller" cóntase como un mozo pega carteis dunha inmobiliaria e unha muller que o segue os arrinca. As reflexións do narrador sobre as razóns que explican o que acaba de ver nun restaurante (o garfo dunha muller cae ao chan e ela cámbiao polo do seu home sen que este se decate) dan lugar ao relato "O garfo". E, finalmente, en "Xiatsu" nárrase como os alumnos dun instituto de medicina chinesa se fan cun bar, pouco a pouco, obrigando aos outros clientes a marchar.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Queridos imbéciles", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", "Crítica", 6-12 novembro 2008, p. 32.

Comézase estabelecendo unha relación entre a obra de Monzó e a de Flaubert, xa que ambos foron quen de percibir que a estupidez humana é enorme, así as súas obras deixan ver o comportamento ridículo dos homes. Destácase tamén que ditas características xa aparecen presentes noutras obras do autor como *Vinte e nove contos*. Indícase que na súa última obra traducida ao galego o núcleo duro está nos sete relatos contidos na primeira das dúas partes que compoñen o volume e que sobre eles está presente a sombra do indigno. Saliéntase que a obra se caracteriza pola mestura de malicia e tenrura, logrando espir a natureza do ser humano, e que a segunda parte do libro está formada por doce relatos de menor extensión. Destácase que estes contos

dependen máis da capacidade de observación do autor que da reelaboración literaria do observador. Para rematar afírmase que nesta obra se atopan algúns dos mellores relatos do autor pero tamén atopamos relatos nos que se aprecia certo esgotamento de fórmulas.

- Montse Pena Presas, "Furgar no ser humano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, "Libros", 4 decembro 2008, p. 5/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 210, "Lecturas", 13 decembro 2008, p. 11.

Comeza facendo referencia ás obras de Monzó traducidas ao galego, *A magnitude da traxedia* (1991) e dezasete anos despois, *Vinte e nove contos*, *Se comes un limón sen facer xestos* e *Mil cretinos*. Reflexiónase sobre cales son as razóns polas cales non se traduce dun xeito máis sistemático a obra deste autor. A continuación destácase que esta obra furga no máis profundo do ser humano, desvelando escuros segredos, e sobrancéase que a forza e a verosimilitude das personaxes que está agochada en calquera de nós. Indícase que Quim Monzó logra que miremos o cotián como algo excepcional que se viste de normal.

- Ramón Nicolás, "Monzó e os seus mil cretinos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", 6 decembro 2008, p. 11.

Comézase facendo referencia á existencia doutros títulos do autor xa traducidos ao galego como *Vinte e nove contos* e, posteriormente, afírmase que *Mil cretinos* non é a mellor do autor, pero aínda así as primeiras páxinas do libro son un exemplo da arte literaria do autor. Indícase que está estruturado en dúas partes, a primeira composta por sete relatos e a segunda por doce. Precísase que as dúas partes están marcadas pola ironía e o sarcasmo do autor. Destácase entre os relatos da primeira parte "Beneset", conto cargado de tristeza e melancolía no que a voz narrativa actúa como unha cámara cinematográfica, e "A gabanza", no que se centra na figura de dous escritores, onde o máis novo acaba converténdose nun pesadelo para o outro escritor xa consagrado.

- Samuel Solleiro, "Uf, dixo el", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 13.

Fálase das razón segundo as cales debemos traducir a un escritor como Monzó, entre as que se atopan a súa "denuncia do gregarismo do mundo literario" e a reivindicación da escrita solitaria. Saliéntase a preferencia polas formas breves, a combinación de narrativa e poesía, o uso da metáfora como apólogo moral. Posteriormente descríbense as dúas obras por separado: de *Mil cretinos* dise que incorpora a morte , pois está poboado de cancros, xeriátricos e nenos mortos e que supón o "descenso ás fronteiras do pathos".

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "Os últimos éxitos de Monzó e Pámies en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Cultura", "Ecos lusófonos", 24-30 xullo 2008, p. 38.

Infórmase de que a editorial Xerais publica na súa colección de narrativa *Mil cretinos*, de Quim Monzó, e *Se comes un limón sen poñer caras*, de Sergi Pámies. Destácase que con estas dúas traducións Xerais pretende achegar a literatura catalá aos lectores galegos, pero que este feito non é novo, xa que existen traducións de obras catalás

pensadas para o público infantil como as das colecciónns "Fora de Xógo" ou "Merlín".

- Ruth López, "O Monzó sopra en Galicia", *El Progreso*, "Vivir", 8 setembro 2008, p. 63.

Informa da tradución ao galego de dúas obras do autor catalán máis traducido, Quim Monzó. Precisa que as obras son *Vinte e nove contos*, publicada por Sotelo Blanco, e *Mil cretinos*, publicada por Edicións Xerais. Indícase que o primeiro libro está composto por vinte e nove relatos, nos que os individuos desaparecen para quedar atados á casualidade. Da segunda obra destácase a ironía e a acidez típicas do autor para explicar o mundo.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, 27 novembro 2008, p. VII.

Sección fixa na que se dá conta da publicación de *Mil cretinos*, de Quim Monzó, da que se di que aborda "a dor, a vellez, a morte e o amor" e salienta o seu humro e o ton de desamparo; e do volume de relatos *Se comes un limón sen facer xestos*, de Sergi Pàmies.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Inicia o artigo cunha loanza ao libro *Relatos Completos*, de Camilo Gonsar. Asegura que o mercado o domina todo, impoñéndose sobre a literatura e a arte. Gaba tamén o derradeiro libro de poemas de Ramiro Fonte, *Reversos*, e remata alegrándose polo feito de que Xerais traduza ao galego dous autores cataláns que el xulga indispensábeis: Sergi Pàmies, *Se comes un limón sen facer xestos*, e Quim Monzó, *Mil cretinos* e *Vinte e nove contos*.

Monzó, Quim, *Vinte e nove contos*, trad. do catalán María Xesús Lama López, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. Medusa. Narrativa, 2008, 226 pp. (ISBN: 978-84-7824-548-2). ■

Esta tradución da recompilación en catalán dos *Vuitanta-sis contes*, reúne os seus libros de relatos *Uf, va dir ell* (1999), *Olivetti, Moulinex, Chaffoteaux et Maury* (1980), *L'illa de Maians* (1985), *El perquè de tot plegat* (1993) e *Guadalajara* (1996). Quim - diminutivo de Joaquim- Monzó (Barcelona, 1952) escribe artigos literarios, novelas e contos. Trátase dun conxunto moi variado aínda que presenta algunhas notas comúns, moitas delas propias do xénero, como por exemplo, a sorpresa, a condensación de feitos e a acción sobre a caracterización de personaxes. Os contos mostran o azar, os equívocos como habituais, dentro do cotián, onde mulleres e homes quedan nunha cafetería pero non se encontran, onde unha muller se apropia da identidade dunha amiga, ou unha parella non fai o amor a pesar de desexalo na mesma noite, ou tamén un home entra na súa casa e, de súpeto, non o é, etc. Un dos trazos característicos de Quim Monzó é o recurso ao sexo, motivo que enlaza aos diferentes protagonistas dos relatos, así como a aparición de personaxes realistas, ambientados nun mundo cento por cento catalán, pero á vez dominado polo azar universal. Transmíteo todo cun peculiar humor traxicómico.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "O humor que xorde da crueldade", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Cultura", 31 xullo 2008, p. 27.

Comeza facendo mención á figura de Quim Mozó como un dos representantes máis importantes da literatura catalá contemporánea, para a continuación falar dunha das súas obras traducida ao galego, *Vinte e nove contos*. Destácase que se trata dunha antoloxía creada a partir da compilación en lingua catalá de *Vuitanta-sis-contes*, que á súa vez recollía os contos dos cinco primeiros libros do autor; deste xeito, considera que a obra permite ter unha panorámica da produción de Monzó entre 1978 e 1996. Afírmase que os relatos permiten ver ao autor como un dos mellores humoristas da narrativa contemporánea, xa que recrea os aspectos máis absurdos da vida cotiá, e eses pensamentos insensatos que todos temos. A continuación faise unha pequena mención dalgúns relatos como "O secuestro", "Vida familiar" ou "Casa con xardín", entre outros. Para finalizar dise que nestes contos hai unha clara influencia de autores como Kafka, Cortázar, Cheever ou Manganelli.

- Armando Requeixo, "Monzó, por suposto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, "Libros", 2 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 202, "Letras galegas", 11 outubro 2008, p. 10.

Refírese á tradución realizada por María Xesús Lama da obra *Vinte e nove contos*, de Quim Monzó, unha antoloxía de case trinta relatos de Quim Monzó que se publicou en 1999 co título de *Vuitanta–sis contes* e que recibiu o Premio Lletra d´Or e o Premio Nacional de Literatura no ano 2000. Afírmase que estes relatos se caracterizan por que Monzó non narra, senón que fai un percorrido por un labirinto de espellos, que presenta desenfocados e centrándose naquilo que selecciona de antemán para que o lector fixe a súa atención.

-Samuel Solleiro, "Uf, dixo el", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 13.

Fálase das razón segundo as cales debemos traducir a un escritor coma Monzó, entre as que se atopan a súa "denuncia do gregarismo do mundo literario" e a reivindicación da escrita solitaria. Saliéntase a preferencia polas formas breves, a combinación de narrativa e poesía, o uso da metáfora como apólogo moral. Posteriormente descríbense as dúas obras por separado: de *Vinte e nove contos* dise que é unha antoloxía dos seus contos até 1999 e que é "un libro útil" para entrar en contacto co estilo de Monzó e para iniciarse na etapa máis vitalista do autor.

Referencias varias:

- Ruth López, "O Monzó sopra en Galicia", *El Progreso*, "Vivir", 8 setembro 2008, p. 63.

Informa da tradución ao galego de dúas obras do autor catalán máis traducido, Quim Monzó. Precisa que as obras son *Vinte e nove contos*, publicada por Sotelo Blanco, e

Mil cretinos, publicada por Edicións Xerais. Indícase que o primeiro libro está composto por vinte e nove relatos nos que os individuos desaparecen para quedar atados á casualidade. Da segunda obra destácase a ironía e a acidez típicas do autor para explicar o mundo.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Inicia o artigo cunha loanza ao libro *Relatos Completos*, de Camilo Gonsar. Asegura que o mercado o domina todo impoñéndose sobre a literatura e a arte. Gaba tamén o derradeiro libro de poemas de Ramiro Fonte, *Reversos*, e remata alegrándose polo feito de que Xerais traduza ao galego dous autores cataláns que el xulga indispensábeis: Sergi Pàmies, *Se comes un limón sen facer xestos*, e Quim Monzó, *Mil cretinos* e *Vinte e nove contos*.

Moure, Gonzalo e Tina **Blanco**, *A porta de Mayo*, trad. do castelán Jaureguizar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 253, xullo 2008, 397 pp. (ISBN: 978-84-9782-868-0).

Novela de Gonzalo Moure (Valencia,1951) e Tina Blanco (Asturias) que dá acubillo a outra novela, a que escribe Manuel sobre Patrick O'Mayo a partir dos seus apuntamentos e das notas moitas veces xeroglíficas da súa muller, Clara. Paralelamente á escritura da obra crece a obsesión da muller por saber quen ocupa a tumba do prado do torreón de Belcastro, sempre agochada tralas historias cambiantes do tío Patricio que retratarán a toda unha galería de fantasmas familiares ao estilo de *Cien años de soledad*. Patrick O'Mayo, fundador da familia de Clara, foi fillo bastardo dunha nobre irlandesa e un emisario do rei de Inglaterra. A súa nai rexeitouno ao nacer e foi criado nunha illa por unha aia e un criado. O pequeno medrou coas historias que lle contaban e que o facían devecer por participar nas cruzadas. Cando tivo oportunidade partiu nun barco coa idea de chegar a Bretaña e unirse aos homes de Ricardo Corazón de León, pero a néboa despistounos e acabou chegando ás costas galegas, onde coñeceu á que sería logo a súa muller e coa que tivo varios fillos. Porén, o seu espírito non topaba acougo e partiu de novo cara a Terra Santa para loitar contra o Islám pero, de novo, perdeu o rumbo e acabou en Cirenaica (Libia), onde fundou unha comunidade espiritual que acabou acollendo a mahometanos e cristiáns. Clara, descendente do irlandés, é unha muller atormentada pola morte da súa filla e pola historia familiar, que cre que un destino tráxico goberna a súa estirpe. Integrante dun clan no que a guerra e a tolemia están sempre ao axexo, investiga no pasado familiar para coñecer quen ocupa a tumba do torreón. O seu suicidio final cunha das armas alí soterradas das distintas xeracións da familia resume o fatum dos Mayo e saca á luz segredos do pasado enredados nas distintas historias do tío Patricio sobre a tumba: ocupada por un piloto alemán anónimo; leito final do tío Ignacio, o irmán de Patricio desertor da División Azul; repousadoiro do amante de María, unha criada dos Mayo...

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Coméntase a publicación de títulos como o descrito, *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure, así como *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; e *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal, entre outros. Sinálase a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias das novidades da literatura galega.

- R. L., "A entrada dun labirinto estraño", *El Progreso*, "Vivir", 3 novembro 2008, p. 77.

Faise referencia a varias obras, entre as que cita a novela de Gonzalo Moure e Tina Blanco, *A porta de Mayo*, na que Clara e Manuel escriben outra novela, é dicir, é unha composición dentro doutra na que se trata a vida do irlandés Patrick O´Mayo.

Murakami, Haruki, *Tras do solpor* (*Afutādāku After Dark*, 2007), trad. Mona Imai e Gabriel Álvarez Martínez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 263, xullo 2008, 215 pp. (ISBN: 978-84-9865-111-9). ■

Haruki Murakami (Kioto, Xapón, 1949) relata a historia de dúas irmás moi diferentes. Unha delas, Eri, atópase nun momento de depresión e decide durmir sen tregua para esquecer os seus problemas, aparentemente pequenos, xa que ela é unha guapa modelo adolescente. A outra, Mari, represéntase como a antítese: solitaria, intelectual, nocturna e desconfiada. Entre as doce da noite e as sete da mañá, Toquio é unha cidade chea de xente que baila, bebe e charla, sobre todo mozos e mozas, pero tamén camareiros, prostitutas, donas dalgún *love hotel*, estudantes que ensaian cos seus grupos e executivos que deben traballar até tarde. Todos estes personaxes entrecrúzanse na vida de Mari nesa noite, que decide pasar fóra da casa. A pesar das súas reticiencias, Mari consegue abrir o seu corazón a algún destes personaxes e descubrir que está máis preto da súa irmá do que imaxinaba. Murakami emprega unha técnica roubada do cine. Describe unha cámara que fai un *zoom* dende a panorámica da cidade que se reduce até chegar aos primeiros planos da vida destas dúas irmás; o balbordo en Toquio que vive unha e o illamento e a traxedia da outra no seu sono. Termina a novela coa mesma técnica en sentido inverso: a cámara afástase para volver a esa panorámica de Toquio ao mencer.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Murakami traslada o seu universo onírico á vida nocturna da gran cidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, p. 33.

Comézase destacando o fenómeno literario que representa a figura de Haruki Murakami, tanto no seu Xapón natal coma no resto do mundo. A continuación indícase que a obra *Tras o solpor* presenta un universo visionario que vén dado pola exploración dunha cidade nocturna; polo tanto a narración céntrase nunha soa noite, e para marcar o paso do tempo en cada capítulo indícase a hora exacta na que ocorren os feitos. Precísase que os personaxes principais son dúas irmáns, por unha banda está Mari, que vaga polos suburbios durante horas, preocupada por fuxir do seu fogar e do clima opresivo e, por outro lado, está Eri Asai, que se enrosca no sono, dorme sen querer saír

do seu cuarto. Dise que a obra está chea de símbolos, aínda que en moitas ocasión ditos símbolos non son máis que meras imaxes extravagantes que non gardan relación directa co que se relata, aínda así afirmase que a obra resulta moi interesante e que ninguén podería dicir que se aburre con ela.

- Montse Pena Presas, "Estraña sensibilidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. 5/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 205, "Letras galegas", 1 novembro 2008, p. 10.

Comeza facendo referencia á película *Lost in translation* (2003), de Sofia Coppola, na que se recrea un Tokio imaxinado, unha cidade caótica, superordenada, ultramoderna e desbordante de emocións, para pasar a falar desta novela, na que se recrea a vida da capital nipona despois das doce da noite. Destácase que a obra está protagonizada por dúas irmáns marcadas polo paso do tempo, feito que lle outorga á narración un ritmo moi lento. Por unha banda está Mari, independente, intelixente, activa e asentada na realidade e ,por outro, Eri Asai, un modelo de brancaneves, incapacitada para a comunicación. Precísase que a alternancia das protagonistas conséguese colocando a voz e a visión narrativa detrás dunha cámara, o que lle outorga á novela unha forte caracterización cinematográfica. Conclúese que Sofia Coppola se inspirou nesta novela para crear a súa película *Lost in translation*.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Coméntase a publicación de novelas como esta de Haruki Murakami*, Tras do solpor*, así como *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; e *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure, entre outros. Do mesmo xeito, descríbense as novidades doutros xéneros.

- Xurxo Fernández, "Memorial, experiencias y visiones", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 8 setembro 2008, contracuberta.

Infórmase neste artigo sobre diversos feitos relacionados co mundo da literatura, e así no apartado "Murakami" destácase a concesión do Premio Arcebispo San Clemente á obra *Kafka en la orilla*, e recoméndase ler *Tras do solpor* da que se salienta a "impecable" tradución ao galego de Mona Imai y Gabriel Álvarez Martínez.

- Jesús Flores, "Murakami sigue en su universo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 279, "Letras. Ficción", 13 setembro 2008, p. 7.

Presentación da obra de Haruki Murakimi, *After Dark*, a súa última novela, publicada en galego pola editorial Galaxia baixo o título *Tras o solpor*. Coméntase que esta novela contén os elementos identitarios do universo literario de Murakami: a música de jazz e as referencias á cultura e ao ocio modernos. Tamén di que a novela narra a vida de dous irmáns Yuri e Mari, a través dos feitos que teñen lugar nunha noite calquera en Tokio. Finalmente salienta que se trata dun libro "delicioso" que deixa certa sensación de desconcerto.

Nabokov, Vladimir, *Lolita* (*Lolita*, 1955), trad. Xesús Fraga, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Narrativa, n.º 4, xullo 2008, 447 pp. (ISBN: 978-84-96957-37-4). ■

Vladimir Nabokov (San Petersburgo-Rusia, 1899-Montreux-Suiza, 1977) escribiu esta novela protagonizada polo profesor corentón Humbert, que chega de Europa aos Estados Unidos e aluga unha habitación á viúva Charlotte, quen ten unha filla, Dolores, de doce anos, a quen chaman cariñosamente Lolita. Humbert e Charlotte casan. Un día, Charlotte atopa o diario do seu home e le nel cousas que apuntan ás súas obsesións coa súa filla; sae da casa desesperada e morre atropelada. Humbert é agora o encargado da nena. Tras un tempo, empezan a viaxar polo país aloxándose en moteis e tendo relacións sexuais até que un artista, Clare Quilty, convence a Lolita para que deixe a Humbert e marche con el. Tempo despois, Humbert queda con Lolita para darlle diñeiro para que ela e o seu home empecen unha nova vida en Alaska e descobre que está namorado dela. Para redimirse e vingar os sufrimentos polos que tivo que pasar Lolita, Humbert decide asasinar ao seu home. Esta novela amosa varios niveis de lectura ademais do erótico e amoroso, no que o profesor Humbert idealiza á rapaza e se sente atraído por ela até que perde o tino. En *Lolita*, Nabokov fai un retrato irónico da sociedade e cultura estadounidense.

Recensións:

- Ruth López, "Lolita cumpre 53 anos de críticas", *El Progreso*, "Vivir", 1 setembro 2008, p. 63.

Refírese á obra *Lolita*, de Vladimir Nabokov que acaba de cumprir cincuenta e tres anos, pois a súa primeira publicación foi en 1955. Sinala que "saíu á luz nunha editorial francesa e axiña foi tachada de pornográfica polos críticos e os dirixentes sociais da época". Destácase a riqueza lingüística, lograda nunha lingua que non é a materna do autor, cunha abundancia de xogos verbais, semánticos e fonéticos que dá lugar a unha obra moi difícil de traducir a outras linguas sen perder esta riqueza.

- Lara Rozados,"Lolita, luz da miña vida, lumarada das miñas entrañas. Meu pecado, miña alma. Lo-li-ta", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Magazine", 18-24 setembro 2008, pp. 40-41.

Refírese á obra *Lolita*, que máis ca unha publicación, supuxo un fito para o mundo da composición literaria, ao amosar a ese personaxe perturbador, Lolita, "a nena demoníaca que seduce ao adulto". Indícase que esta polémica novela acaba de ser traducida ao galego por Xesús Fraga, quen afirma que a súa tradución "non é literal", senón que nela se pretende recoller os xogos de palabras que se dan no orixinal. Engade o tradutor da obra que a novela ten moitas capas, dende xogos fonéticos como aliteracións até dobres sentidos. Asemade, sinala que existen referencias á mitoloxía grega e outras metaliterarias en acenos intertextuais a Edgar Allan Poe ou Gustave Flaubert.

- Lara Rozados, "Virxinais e pecadoras", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Magazine", 18-24 setembro 2008, p. 41.

Faise un repaso polos estereotipos femininos demoníacos aparecidos na historia da literatura e indícase que estas figuras aparecen intensificadas na obra de Vladimir Navokov, *Lolita.* Coméntase que a novela foi levada ao cine en numerosas ocasións e que deu lugar non só a moitas traducións literarias da mesma, senón a obras como por exemplo *O diario de Lo*, da italiana Pia Pera, onde é a propia Lolita a que dá a súa versión dos feitos.

- Manuel Xestoso, "Baixo o signo da ambigüidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Cultura", 2-8 outubro 2008, pp. 33-34.

Saliéntase da novela *Lolita* que se mestura a complexidade do seu estilo co entretemento da trama. Sinálase que todo xira ao redor do personaxe de Lolita, figura xa convertida en mito, que representa á presunta "inocencia" dunha rapaza que namora a un home maior.

- Dorinda Castro Soliño, "Viaxe con Lolita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Libros", 6 novembro 2008, p. IV.

Faise referencia a varias versións cinematográficas da obra *Lolita*, para rematar falando da propia obra publicada no 1955. Destácase que esta novela foi un dos libros máis polémicos da literatura universal, pero que na actualidade é considerada un clásico. Indícase que a obra foi publicada por unha editorial erótica e tildada de pornográfica, e que este feito derivou na prohibición da mesma en países como Gran Bretaña ou EEUU. Sinálase que a obra relata a historia dun profesor maduro, Humbert, que aluga un cuarto na casa de Charlotte Haze, nai dunha moza de doce anos a quen chaman Lolita. O profesor obsesionase coa moza e faina obxecto dos seus impulsos eróticos. Para poder estar coa rapaza decide casar coa súa nai, que morre cando descobre o segredo de Humbert. Tamén se destaca que Xesús Fraga traduce a novela.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Factoría K publica en galego obras de Atxaga e Nabokov", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xuño 2008, p. 27.

Comenta que a editorial Factoría K aposta pola tradución ao galego de grandes obras da literatura estranxeira como *Lolita*, de Nabokov ou *Obabakoak*, de Bernardo Atxaga. Dise que os tradutores das obras foron Xesús Fraga e Ramón Nicolás.

- Héctor J. Porto, "Lolita, acariñada en galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 269 "Letras en galego", 19 xullo 2008, p. 6.

Infórmase que tras cincuenta e tres anos da primeira publicación da obra *Lolita*, de Vladimir Nabokov, a editorial Faktoría K presenta a versión en galego, e precísase que a tradución é de Xesús Fraga.

- Xosé Carlos Caneiro, "Estar na literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Club dandi", 26 xullo 2008, p. 11.

Confesa a admiración que sente por Vladimir Nabokov, do que Factoría K traduciu *Lolita*, obra que el considera "alfaia preciosa". A continuación gaba tres obras: *Tres*

disparos e dous friames, de Miguel Anxo Fernández; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro; e *Da beleza*, de Zadie Smith con tradución de Eva Almazán.

- Gemma Malvido, "Aventuras de papel bajo el sol", *La Opinión,* "A Coruña", "Fiestas Maria Pita 08", 4 agosto 2008, pp. 8-9.

Infórmase de que A Feira do Libro conta este ano con cincuenta e dous postos e dez encargados recomendan un exemplar da mellor historia presente nos seus andeis. As obras elixidas son entre outras: *La elegancia del erizo*, de Muriel Barbery; *Vida e destino*, de Vasili Grossman, ou *Los hombres que no amaban a las mujeres*, de Stieg Larsson. Indícase que entre as apostas das editoriais galegas destaca *Lolita*, de Vladimir Nabokov, a cargo de Faktoría K.

- Xosé Carlos Caneiro, "Libro magnífico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292 "Lecturas para sempre", 13 decembro 2008, p. 7.

Salienta a labor da editorial Faktoría K na literatura galega ao editar en galego *A conxura dos necios*, traducida por Eva Almazán, e destácase que esta non é a primeira obra da literatura universal que traducen ao galego, pois tamén se poden atopar títulos como *Lolita*, de Nabokov, ou *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne.

Núñez, Pablo, *As fillas do César (Las hijas del César*, 2008*)*, trad. Tulio Chico Núñez, Barcelona: Ediciones El Andén, col. Gran Vía Express, maio 2008, 403 pp. (ISBN: 978-84-92475-07-0).

Pablo Núñez [González] (Lugo, 1973) publica a súa primeira novela co título d'*As fillas do César* e tamén en castelán co título homónimo. A novela encádrase no xénero histórico e conta a chegada das fillas do César á cidade de Lucus Augusti, a actual Lugo. Livia Augusta, Dunia e Loberia, as tres fillas do César, son acollidas na cidade polo legado do César, Paulo Máximo. A súa visita a Lucus Augusti ten que ver co descubrimento dunhas minas de ouro no sur da Gallaecia e coincide coa construción da muralla da cidade e tamén coa morte do aspirante ao trono dos pobos celtas de Gallaecia: Tuatha. El era o xefe de Meilond e das Sete Aldeas e estaba pelexado con Bram, o líder dos homes da aldea de Gualmar, situada xeograficamente ao sur da Gallaecia. A morte do aspirante ao trono celta complicará a misión das fillas do César, pero o Consello de Sabios, que é o encargado de nomear ao novo xefe dos pobos celtas da Gallaecia, recibe unha nova que provoca un xiro inesperado nos acontecementos. Esa nova é a decisión de nomear como rei dos pobos celtas a Nuadu, un dos guerreiros da aldea de Meilond. O enfrontamento entre os pobos celtas do norte, liderados polos pobos das Sete Aldeas, e os pobos do sur, liderados por Bram e o seu home de confianza, Munual, termina inmiscuíndo ás fillas do César nas súas liortas. Elas atópanse na Gallaecia para poder explotar as novas minas atopadas cerca do pobo de Gualmar, pero para iso necesitan o apoio dos pobos das Sete Aldeas, liderados polo novo xefe de Meilond, Nuadu. Ao final, despois de diversos enfrontamentos, os pobos do norte acaban vencendo os do sur e os romanos poden explotar as recén descubertas minas. As fillas do César conseguen levar a bo porto a súa misión e desta maneira recoñecello o seu pai Cornelio, é dicir, o César. Ademais as tres atopan o amor nas terras de Gallaecia, de maneira que nunca esquecerán os vínculos con esa terra do noroeste da Hispania.

Referencias varias:

- José Miguel A. Giráldez, "Nunca escribí otra cosa: pero envié la novela al Planeta...y quedó en quinta posición", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 27 xullo 2008, p. 10.

Entrevista a Pablo Núñez, autor da novela *As fillas do César*, publicado simultaneamente en galego e castelán. A obra presenta o Lucus Augusti romano, a fundación da cidade, a través dos seus protagonistas.

Pàmies, Sergi, *Se comes un limón sen facer xestos* (*Se manges una llimona sense fer ganyotes*, Quaderns Crema, 2006), trad. Antón Dobao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 262, 2008, 108 pp. (ISBN: 978-84-9782-902-1).

En vinte relatos curtos e a partir de situacións intranscendentes Sergi Pàmies (París, 1960)
explora emocións humanas como a soidade, a frustración, o amor non correspondido ou a desconfianza. Chaman moito a atención as técnicas narrativas empregadas, que presentan a narradores omniscientes pouco habituais, como o d"A outra vida" (un home morto nun accidente de tráfico que relata, cunha tristura doce, como a súa familia segue adiante sentíndose mesmo máis libres) ou o de "Monovolume", que se dirixe a unha segunda persoa (un home ao que non lle cae en graza un veciño e que tenta desaconsellarlle que merque un monovolume como o seu). Tamén os temas e os personaxes resultan especialmente rechamantes e teñen como hilo condutor unha anécdota absurda que nos remite finalmente á vulnerabilidade da vida e a un sentimento de fracaso que nos levan a pensar nas historias de Carlos Casares en *Vento Ferido* (1967). Así, por exemplo, en "Coma dúas gotas de auga" nárrase, cunha precisión fotográfica, a viaxe dunha gota de auga que sae pola billa até esmagarse contra o vertedoiro e intúese no percorrido un paralelismo desacougante coa vida humana, que principia coa emoción da viaxe e acaba de xeito abrupto mesturándose co resto do universo. "Sangue do noso sangue" trátase dunha turbadora historia que conta o pesadelo ao que ten que enfrontarse unha parella cando a súa única filla adolescente lles pide que se separen, como os pais das súas amigas, para así poder sentirse ela normal. En "Convalecencia" un home atopa o vibrador da muller mentres busca cousas para levarlle ao hospital, onde ela está acompañando a seu pai; no camiño de ida ao hospital e no de volta pensa nas causas posibles de que a súa dona o teña alí agochado (infidelidade, aburrimento no sexo con el, etc.); xa no seu cuarto íspese e úsao, sentindo unha mestura de dor e sorpresa. En "O xogo" un neno de seis anos agóchase nun armario e mételle un susto ao pai, que morre; a súa alma sobe ao ceo mentres o rapaz chora sobre o seu corpo e nas portas do ceo suplícalle a San Pedro que o deixe voltar contándolle tódolos males que axexarán ao seu fillo se el morre naquel intre (fracaso escolar, dúbidas sobre a identidade sexual, dislexia...); o santo fica entenrecido e deixa que volva. O protagonista de "Escabeche", un home separado, relata un día da súa monótona vida, dende que esperta con ganas de chorar até que se deita e chora; ese corte de tempo é mostra do seu fracaso vital: recolle no colexio ao neno, que empeza a ter problemas de comportamento; vai ao traballo e alí observa como unha compañeira tenta aproveitarse del; toma unha cea fría de atún en escabeche e un iogur; pensa en

masturbarse pero ao final non o fai e limítase a repasar mentalmente se lle queda algo por facer.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Cronista da clase media", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 33.

Refírese á tradución de Antón Dobao da obra de Sergi Pamies, *Se comes un limón sen facer xestos*, obra que pertence ao xénero do conto moderno, contos, que neste caso, carecen de todo o superfluo e queren "comunicarlle ao lector un mundo que vaia alén do narrado non é doado". Sinálase que estes relatos transmiten a insolidariedade e o egoísmo que subxacen baixo a angustia contemporánea.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "Os últimos éxitos de Monzón e Pámies en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Cultura", "Ecos lusófonos", 24-30 xullo 2008, p. 38.

Infórmase de que a editorial Xerais publica na súa colección de narrativa *Mil cretinos*, de Quim Monzó, e *Se comes un limón sen poñer caras*, de Sergi Pámies. Destácase que con estas dúas traducións Edicións Xerais pretende achegar a literatura catalá aos lectores galegos, pero que este feito non é novo, xa que existen traducións de obras catalás pensadas para o público infantil en coleccións como "Fora de Xógo" ou "Merlín".

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, 27 novembro 2008, p. VII.

Sección fixa na que se dá conta da publicación do volume de relatos *Se comes un limón sen facer xestos*, de Sergi Pàmies, no que se desenvolve "a inquedanza, o drama, a explosión ou o absurdo" cunha ollada ácida e gran talento narrativo; e de *Mil cretinos*, de Quim Monzó.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Inicia o artigo cunha loanza ao libro *Relatos Completos*, de Camilo Gonsar. Gaba tamén o derradeiro libro de poemas de Ramiro Fonte, *Reversos*, e remata alegrándose polo feito de que Xerais traduza ao galego dous autores cataláns que el xulga indispensábeis: Sergi Pàmies, *Se comes un limón sen facer xestos*, e Quim Monzó, *Mil cretinos* e *Vinte e nove contos*.

Pamuk, Orham, *Istambul. As lembranzas e a cidade* (*Ístambul. Hatiralar ve Şehir*, 2003), trad. Bartug Aykan e Lara Domínguez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 11, novembro 2008, 527 pp. (ISBN: 978-84-9865-144-7). ■

O premio Nobel de Literatura de 2006, Orhan Pamuk (Istambul, 1952), desvela nesta novela, con intencións culturais, as lembranzas da cidade que o viu nacer. Con afán divulgativo e de homenaxe, Pamuk recrea a súa infancia, adolescencia e xuventude en Istambul a partir de fotografías persoais e da cidade ao longo deses anos. En trinta e sete capítulos relata os recordos subxectivos da súa vida, reforzando os sentimentos coas fotografías: o nacemento nunha familia istambulita acomodada, a importancia do edificio Pamuk, as pelexas dos pais, a cultura, ás veces occidentalizada, que impregnaba aos seus familiares, o despertar ao sexo, a súa relación cos irmáns, a escola, a afección pola pintura, a relixión, a universidade, etc. Mas tamén se refire a cuestións que ilustran a visión que o lector acada de Istambul: o sentimento do *hüzün*, a "melancolía", que sinala xa nas dúas citas do inicio dos poetas Ahmet Rasim e Yahya Kemal, a historia do Bósforo, os xornais e a enciclopedia istambulita, etc., todo isto acompañado de imaxes, fotografías, ilustracións e gravados de cada época da que fala, que lle confire máis un aire de ensaio que de novela. Engade unha explicación da procedencia das fotografías e dous índices, un sobre Istambul e outro xeral.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Melancólico paseo polas ruínas", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "Cultura", 18-24 decembro 2008, p. 32.

Destácase que *Istambul* está marcada pola melancolía, recollida no termo turco "huzun", paralelo á morriña galega ou á saudade portuguesa. Afírmase que a obra pretende plasmar a alma dunha cidade e que para logralo crea unha mestura de memorias, tratado histórico e diván de curiosidades. Precísase que a obra pode ser definida como unha novela lírica, xa que analiza a vida anímica dun só personaxe e porque o diálogo coa cidade percorre todo o texto.

Paasilinna, Arto, *O bosque dos raposos aforcados*. *Ouro, delincuentes e beleza* (*Hirtettyjen kettujen metsä*, WSOY, Helsinski, 1983), trad. do finlandés de Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Bagaxe de Peto, n.º 1, 269 pp. (ISBN: 84-9348801-0-X).

Nesta reedición da novela orixinal de Arto Paasilinna (Kittilä, Finlandia, 1942) publicada en 1983 mantense como tradutor Tomas González Ahola, quen xa realizara a tradución do ano 2006 publicada tamén na mesma editora, mais que aparece agora nunha nova colección (en lugar da colección "Contemporánea") pero co mesmo número en ambos os casos. Esta nova tradución conta cunha capa ilustrada por Pekka Vuori onde se observa a un raposo na póla dunha árbore e unhas pequenas siluetas de costas ao lonxe. Mantense a edición e maquetación a cargo de Moisés Barcia, mais varía así mesmo a revisión e corrección do texto (na tradución de 2006 foi labor de María Vilasó, Cristina Felpeto e Raquel Rodríguez, mentres na nova tradución de 2008 corre a cargo de Rodrigo Vizcaíno, Rafael Salgueiro e P. González). Aumenta o número de páxinas (agora 269 fronte ás 258 páxinas na tradución do ano 2006) debido ao menor tamaño de formato da colección de peto de 2008. Para a descrición desta novela pódese consultar o *Informe de literatura 2006*.

Pennac, Daniel, *Mal de escola* (*Chagrin d'école*, 2008), trad. Xavier Senín e Isabel Soto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 265, 2008, 301 pp. (ISBN: 978-84-9782-909-0).

Daniel Pennac (Marrocos, 1944) aborda neste volume, que mestura o xénero das memorias co do ensaio, a cuestión da escola e o amor polo oficio do ensino cunha voz narrativa que mestura a ironía co humor. Retrocede á súa infancia e adolescencia para relatar a súa experiencia persoal de mal estudante e poñer riba da mesa a carga de dor, a dor que procede de non entender nada, e o fondo sentimento de exclusión e angustia que acompaña os relegados polo sistema escolar, que escoitan unha e outra vez na voz dos adultos que non serán quen de chegaren a nada. Do relato autobiográfico forma parte tamén a táboa de salvación que o autor atopou, segundo relata, grazas a algúns bos profesores, que ao longo do seu camiño foron capaces de espertar nel o interese pola aprendizaxe dende métodos ás veces pouco convencionais, así como a súa posterior experiencia como docente ao longo de vinte e cinco anos, ateigada de anécdotas e casos difíciles. De feito, boa parte das páxinas do libro tentan explicar como foi o proceso de evolución dende aquel mal alumno a un docente e escritor recoñecido. Esta narración memorialística vai acompañada dun amplo conxunto de reflexións sociolóxicas e pedagóxicas espalladas, polos diferentes capítulos e referidas ao contexto francés, mais aplicábeis a calquera país. Nelas Pennac detense na análise dos altos índices de fracaso escolar e pon en cuestión o papel que deben cumprir a institución educativa pública e mais o sistema escolar. Pennac defende a implicación da familia e a responsabilidade dos axentes sociais, ao tempo que denuncia a teima dos medios de comunicación actuais por transmitiren imaxes sempre negativas dos mozos, esquecendo que son as minorías as que destacan polos seus comportamentos vandálicos. Pennac defende que a escola non pode converterse nun lugar onde unicamente se deseñen futuros consumidores voraces e no que o único que se valore sexa o resultado e non a aprendizaxe de procesos cognitivos. A súa reflexión conclúe cunha lírica gabanza do oficio docente, para o que, ao seu ver, cómpre unha firme vocación para superar o recorrente sentimento de fracaso e lograr espertar no alumnado o pracer do razoamento intelectual, así como boas doses de amor para intentar salvar a todos aqueles que baten con dificultades no camiño.

Recensións:

- Xosé Monteagudo, "As lecciónns do fracaso", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 104-106.

Da obra *Mal de escola*, de Daniel Pennac destácase primeiramente o seu xénero híbrido, a medio camiño entre o ensaio e o relato, posto que a experiencia vital do autor é a que a distingue dun ensaio convencional. Dise que as reflexións acerca da educación e da condición do mal estudante aparecen perfectamente enfiadas coa propia experiencia vital do autor, que vai levando o lector dende o plano do alumno ao plano docente simultaneamente. Engádese que ofrece respostas convincentes aos grandes atrancos da pedagoxía a carón da capacidade de autoanálise e de asumir os diferentes roles que se desenvolven neste ámbito. Por último indícase que o compromiso vital do autor aparece en cada unha das páxinas que conforman o libro.

- Héitor Mera, “Malos alumnos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 271, “Libros”, 11 decembro 2008, p. IV.

Refírese á obra de Daniel Pennac, *Mal de escola*, na que se recolle unha visión distintas dos denominadas “malos alumnos”. Faise unha reflexión irónica e melancólica do sistema educativo, partindo da faceta de Daniel Pennac como alumno problemático e agora como profesor, que ten que espremer o seu cerebro para motivar os seus alumnos con algo máis que “os deseños Curriculares Base”.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 267, 13 novembro 2008, p. VII.

Sección fixa que salienta do panorama literario galego libros como *Mal de escola*, de Daniel Pennac, do que se ofrece o seu argumento e se di que mestura testemuñas autobiográficas con reflexións sobre pedagoxía. Tamén se salienta *Xenaro e a mochila verde*, de Mar Guerra, de Literatura Infantil e Xuvenil, e *A soas*, de Ramón Pérez Cid.

Rovira, Álex e Francesc **Miralles**, *O labirinto da felicidade* (*El laberinto de la felicidad*, 2007), trad. Carlos Cordeiro Moledo, Barcelona: Ediciones El Andén, col. A Plataforma, xaneiro 2008, 137 pp. (ISBN: 978-84-96929-84-5).

Nesta novela de formación e de viaxes de Álex Rovira [Celma] (Barcelona, 1969) e Francesc Miralles (Barcelona, 1968) nárrase a historia de Ariadna, unha muller de trinta e tres anos que perde o sentido da vida e sae na súa procura a través dun labirinto máxico, como se indica como epígrafe inicial “No centro de ti mesmo está o final da túa viaxe”, baixo o título na páxina de portada. Alí, entre cazadores de bolboretas luminosas, taberneiros que reflexionan sobre o sentido da existencia ou cegos que prognostican o futuro pescudando no pasado dos camiñantes, terá que buscar o centro do labirinto, o punto onde ha de atopar o porqué ás súas dúbidas. Trátase dunha aventura máxica, expresada de xeito poético, un mundo de soños, unha reflexión sobre as relacións persoais, o valor do traballo, a iniciativa persoal ou o medo ante o descoñecido. A novela péchase co capítulo intitulado “Pistas para chegar ao centro do labirinto” formado por unha escolma epigramática de citas de autores célebres que, dende Santo Agostiño até Albert Camus, afondan na mesma liña que o resto da obra, a procura da felicidade.

Salter, James Robert, *A idade da auga*, trad. Ana Hermida Ruibal, Dolores Martínez Torres, Gonzalo Navaza e María Reimóndez Meilán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 245, xaneiro 2008, 123 pp. (ISBN: 978-84-9782-683-9).

James Robert Salter (Glasgow, 1969), emprega un narrador omnisciente en cada un dos oito relatos que compoñen este libro de narracións. A totalidade destes relatos constitúe unha visión global sobre a cidade de Vigo que se vai fragmentando en oito visións diferentes a medida que avanza a trama de cada historia.Tras unha dedicatoria extraída de *Vingt mille lieues sous la mer*, de Jules Verne, aparece a primeira narración intitulada “Finisterrae urbano”, na que un fotógrafo submarino, cuxo xefe decidiu prescindir dos

seus servizos, expresa os seus sentimentos ante tal feito. “O palacio de cristal” refire o velorio dun home que deixa cheas de débedas á súa muller e filla. No seguinte relato, “A figura recostada”, a voz dunha muller presenta unha óptica diferente da cidade de Vigo, mesturada coas súas lembranzas e saudades. “A idade da auga”, historia homónima e principal deste libro, narra unha finxida inundación da cidade e o pánico que esa catástrofe infrinxe nos seus habitantes. Baixo o epígrafe de “Dureza”, o seguinte relato amosa a vida de Ánxela, unha rapaza convidada a saír polo seu adestrador e o que sucede despois. “A balea” conta un retallo da vida de Maribel, unha secretaria namorada do seu xefe e protagonista dun incidente no baño da súa casa. A seguinte historia, “Rio abaixo”, mostra o percorrido dun pai e seu fillo á saída do instituto, mentres que no derradeiro relato, “Dona Amelia”, se conta un momento na vida desta señora maior, a facer recados para a súa familia. Péchase o volume cun índice dos relatos que nel se recollen.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, “Imaxes da cidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 251, “Libros”, 5 xuño 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 190, “Letras galegas”, 14 xuño 2008, p. 10.

Dá conta da chegada a Galicia de James Salter dende Glasgow e de cómo a cidade de Vigo deixou conmovido ao escritor. As súas impresións recolleunas nun libro, *A idade da auga*, onde mostra, a través de varios contos, cómo a auga do mar invade e destrúe toda a cidade. Comenta que a historia está contada en primeira persoa, co que só se ofrece a perspectiva dun personaxe que amosa as súas impresións ante a catástrofe. Finalmente, salienta o feito de que Salter quixese publicar os seus relatos en galego.

- Xavier Castro Rodríguez, “A vida humana a carón da idade da auga”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Couso e arca”, 4 outubro 2008, p. 2.

Destácase xa dende o comezo o feito de que un creador literario de orixe escocesa empregue o galego nas súas narracións, como sucede na obra *A idade da auga*, na que James Salter fai unha descrición da cidade galega de Vigo, que ben podería xeneralizarse a calquera outra cidade, debido ao carácter comprensivo e cómplice que transmite esta cidade á persoa que le o libro.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 235, 7 febreiro 2007, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 174, “Andel de novidades”, 16 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle nesta ocasión un breve comentario de catro libros, que no referido á literatura galega atende aos relatos recollidos en *A idade da auga*, primeira obra narrativa do escocés James Salter, que recolle oito visións da cidade de Vigo; e a *Eléctricas* (2007), de Manuel Lourenzo.

- Mar Mato, “Vigo es un lugar real y, a la vez, fantástico”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 5 marzo 2008, p. 47.

Realízase unha entrevista ao tradutor James Salter, quen acaba de publicar a obra *A idade da auga*, editada por Xerais. Explica cómo naceu a idea de crear este libro de literatura fantástica e afirma que a cidade de Vigo foi para el un espazo de inspiración. Por último, comenta que xa está a preparar outra novela tamén centrada en Vigo e en Galicia, e afirma que sente que escribir é un proceso de aprendizaxe.

- Xurxo González, "En Galiza está todo máis vivo que en Escocia", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 31.

Comenta que o escritor escocés James Robert Salter acaba de publicar en Xerais o seu primeiro libro, *A idade da auga*, que consta de oito relatos que se sitúan na cidade de Vigo. A continuación, realiza unha entrevista ao escritor na que fala sobre o porqué da súa estadía en Galicia e afirma que a vida aquí é moi diferente a Escocia. Dá conta de cómo entrou en contacto coa arte galega e pensa que a experiencia de escribir en galego vai ser única. Tamén refire o interese que lle mostrou Manuel Bragado polos contos e lembra os anos vividos en Sudáfrica. Finalmente salienta os temas fundamentais dos contos e asegura que os aspectos sociais e políticos das narracións non teñen intención de crítica. En columna á parte dá conta das súas principais influencias literarias, salientando algunhas obras galegas.

Sembène, Ousame, *O xiro postal* (*Le mandat*, Présence Africaine, Paris, 1966), trad. Isabel García Fernández, epílogo de Martin Pawley, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 12, 2008, 91 pp. (ISBN: 84-936101-1-1). ■

Trátase dunha das novelas do escritor e cineasta africano Ousame Sembène (Senegal, 1923- Dakar, 2007) que, ambientada nos anos sesenta, conta como a chegada dende París dun xiro de vinte mil francos que Abdú lle confía a Ibrahim Dieng, o seu tío, co fin de que lle dea tres mil á súa nai e lle garde vinte mil deixándolle dous mil para Dieng, consegue alterar a rutina dun barrio pobre da cidade de Dakar. A través das peripecias polas que vai pasando o protagonista co único fin de cobrar o xiro e poder cumprir a vontade do seu sobriño, Ousame Sembène consegue facer un cruel retrato pero lúcido do Senegal, inmediatamente posterior á Independencia, no que se manteñen as estruturas sociais e económicas da época colonial. De feito, e tal e como escribe Martin Pawley no epílogo "Dickens en Senegal: vida e obra de Ousame Sembène", a obra deste africano igual que a do inglés, non é compracente: describe un mundo cruel e enfermo, onde o individuo debe loitar por non ser esmagado. Mais esa loita é irrenunciábel e por iso se burla con sarcasmo da indolencia esmoleira daqueles que pasan a vida a agardar que un bo porvir lles caia do ceo. Unha situación que Sembène chega a pór en boca dos propios cidadáns cando, por exemplo, din "Cartos...! É de tolos o que rifamos por culpa do diñeiro dende a nosa independencia". Nesta mesma parte da obra, pois o resto confórmana unicamente diversos capítulos sen título e sen número, preséntase unha breve biografía do autor, así como a súa traxectoria como escritor e cineasta. De feito, *O xiro postal* foi levado ao cine polo propio autor (*Mandabi*, 1968). No que a trazos narratolóxicos se refire, emprégase un narrador omnisciente en terceira persoa e un tempo que flúe sen saltos temporais (elipses) moi marcados. Pola súa banda a estrutura é pechada e o estilo sinxelo, sendo moi frecuente o estilo directo nos numerosos diálogos. No caso dos personaxes, obsérvase como o protagonista, Dieng, a

medida que se vai desenvolvendo a historia, vai cruzándose con moitos antagonistas que inflúen e marcan a súa evolución como personaxe.

Recensións:

- Eloy García, "Refundar o Senegal", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 18.

Indícase que *O xiro postal*, obra do autor senegalés Ousmane Sembène, publicouse orixinalmente en 1968 e que agora, corenta anos despois, vén de publicar en galego Rinoceronte Editora. Considérase que o atractivo da obra é dobre: por unha banda é a primeira vez que se traduce a unha lingua do estado español e, pola outra, amosa unha actualidade rabiosa que se pode aplicar perfectamente á situación da África actual. Conclúese que Sembène, considerado "o pai do cinema africano", ofrece nesta pequena novela un retrato lúcido do Senegal poscolonial, cunha sociedade inmersa na encrucillada entre o inmobilismo ou o cambio.

Smith, Zadie, *Da beleza* (*On Beauty*, 2005), Premio Novela Europea 2007, trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 10, maio 2008, 588 pp. (ISBN: 978-84-9865-061-7).

Esta terceira novela da escritora británica Zadie Smith (Londres, 1975) conta cunha tradución de Eva Almazán que inclúe tamén os agradecementos da autora que preceden á novela e a nota final na que recolle referencias concretas sobre as obras artísticas mencionadas na novela. A novela divídese en tres partes: "Kipps e Belsey", "A lección de anatomía" e "Da beleza e o errar", onde cada unha das partes vai precedida dunha cita. A historia comeza cos correos electrónicos que Jerome manda ao seu pai, Howard Belsey, comentándolle que quer casar coa filla dos Kipps en Inglaterra, algo que finalmente se cancela, pero o rapaz tarda en superalo, xa que parece estar namorado do xeito de vida de toda a familia. Ese é o eixo central da obra: a descrición da vida dos Belsey e os Kipps. Howard Belsey, un inglés de raza branca de cincuenta e sete anos, traballa como profesor e investigador da obra de Rembradt na universidade de Wellington, cerca de Boston. Howard leva trinta años casado con Kiki, unha fermosa activista afroamericana, que co paso de tempo perdera a súa perfecta figura. O matrimonio está case roto debido a unha recente infidelidade de Howard cunha compañeira da facultade. Teñen tres fillos: Jerome, Zora e Levi. Monty Kipps é un inglés de raza negra, que está casado con Carlen, coa que ten dous fillos: Michael e Victoria. A temática xira ao redor da vida destes personaxes e da rivalidade entre o progresista Howard e o conservador Monty de todos coñecida, rivalidade que se incrementa porque Monty recibe unha oferta para traballar na mesma universidade. A investigación de Howard vai rematar coa boa reputación de Rembradt, e a investigación de Monty implica xusto a tese oposta. Non obstante, Kiki e Carlen coñécense e convértense en boas amigas. Desafortunadamente, Carlen morre dun cancro e os Besley asisten ao enterro, a petición de Kiki, xa que están en Londres. De xeito paralelo, Levi únese ao movemento en favor dos haitianos e rouba da facultade un cadro de moito valor. O devandito cadro resulta ser a herdanza de Carlen Kipps para Kiki, feito que a familia Kipps ocultara. A novela remata co importante discurso de Howard na facultade, no que expón os resultados da súa investigación. A visión dos diferentes

cadros de Rembradt, dos que versa o traballo, deixa a Howard sen verbas e parece lograr que sexa consciente das cousas que merecen a pena, da esencia da beleza. O punto de vista e a acción varían dun personaxe a outro. O narrador omnisciente en terceira persoa mestura en todo momento as detalladas descricións dos lugares, as accións, os sentimentos e pensamentos dos personaxes. A temática sobre as diferenzas entre clases mestúrase coas diferenzas sociais entre brancos e negros, a necesidade de amar e ser amado, as cousas que son realmente belas, a crítica política e ás convencións sociais, e a ironía coa que a autora trata os temas do ámbito universitario.

Recensións:

- R. L., "Unha sátira do mundo académico", *El Progreso*, "Vivir", 30 xuño 2008, p. 79.

Fai referencia á última novela de Zadie Smith, traducida ao galego por Eva Almazán e publicada por Galaxia, *Da beleza*, gañadora do Premio Arcebispo San Clemente de Novela. Comenta que a escritora é unha das voces máis destacadas da literatura inglesa e dá conta do argumento da novela, centrada nos conflitos dunha familia na que se une a vida persoal coa política. Así mesmo, achega os numerosos premios literarios acadados pola autora.

- Manuel Xestoso, "A arte de narrar", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Cultura", "Crítica", 3-9 xullo 2008, p. 38.

Comézase apuntando que Zadie Smith pode ser considerada como unha das máis prometedoras escritoras británicas deste século. A continuación pasa a falar da novela, afirmando que con ela rende unha homenaxe a E. M. Foster, un dos precursores da súa prosa, e á súa obra *Howards End*. Indícase que a trama se centra na rivalidade de dúas familias moral e politicamente opostas, e que dende aquí a autora aproveita para tratar temas como a cuestión de clases, raza e xénero, para elaborar un retrato moi preciso dunha sociedade. Destácase tamén que os diálogos teñen un valor engadido na obra, facendo que a narración acade aínda máis valor. Saliéntase así mesmo a capacidade de penetración, como mostra as vidas dos seus personaxes tan verosímiles e tan marcados pola ironía. Apúntanse como defectos da obra que algúns elementos saídos da lectura merecerían un tratamento máis detallado, como por exemplo a conversión ao cristianismo de Jerome ou a hipersexual personaxe de Vee.

- Laura Caveiro, "Keats e Keats", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 258, "Libros", 11 setembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 199, 20 setembro 2008, p. 11.

Sinálase que autora da obra, Zadie Smith, gañou entre outros o Premio Novela Europea do Casino de Santiago 2007, e sente unha grande estimanza por E.M. Foster, como fai constar nos agradecementos. Destácase que a obra presenta a dous académicos que son rivais, por un lado o progresista Howard Belsey, de raza branca, e o conservador, Monty Kipps, de raza negra; pola contra as súas mulleres, Kiki e Marlene, son amigas. Tamén se di que Kiki xogará un papel importante, en principio representa a unha muller feliz coa súa vida e o seu matrimonio, pero pronto descobre as infidelidades do marido. Precísase que a obra se centra na temática de crise conxugal, parellas interraciais, precariedade laboral, costumismo social, discriminación positiva, tratamento explícito

do sexo, pero que sobre todo realiza unha parodia do mundo universitario norteamericano.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Estar na literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Club dandi", 26 xullo 2008, p. 11.

Confesa a admiración que sente por Vladimir Nabokov do que Factoría K traduciu *Lolita*. A continuación gaba tres obras: *Tres disparos e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro; e *Da beleza*, de Zadie Smith con tradución de Eva Almazán da que critica a abundancia de diálogos prescindíbeis.

- Rosa Aneiros, "Ler a dor", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove Ondas", 13 agosto 2008, p. 4.

Indica unha serie de lecturas que recomenda para este verán entre as que cita *Da beleza*, de Zadie Smith, xunto a outros títulos como *Festina Lente*, de Marcos S. Calveiro; *Os grouchos*, de Manuel Rivas; ou *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Soriga, Flavio, *Sardinia blues* (*Sardinia blues*, Libri S. P. A. Bompiani, 2008), trad. Carlos Acevedo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 14, 2008, 284 pp. (ISBN: 978-84-9865-140-9). ■

Empregando unha sintaxe moi coloquial e rompedora, xa que non utiliza guións de diálogo nin puntos finais, Flavio Soriga (Uta, 1975) relata a historia de tres mozos do século XXI, que viven en Cerdeña no límite da lei, roubando carnés de identidade e a vellos condes. En boca de Pani, que acaba de voltar de Londres, onde viviu unha historia de amor cunha bailarina, o lector coñece a Licheri, ex-heroinómano de boa familia e culto, e Corda, escritor frustrado que traballou como perruqueiro, e as súas esmorgas na noite, a relación coas mulleres, o sexo, a vida da familia e, sobre todo, a música, a nova música como o rock, o pop ou a música latina. As frustracións da vida, os desexos e a historia de cada un vaise debuxando na voz de Pani, que vai relatando tamén as súas aventuras amorosas e os seus problemas de saúde. Dende o presente, onde viven os tres en Cerdeña, volta a feitos do pasado, a súa estancia en Londres, mesturados cos dos amigos, sen seguir unha trama clara, pero cunha clara referencia aos elementos da cultura posmoderna: a música, o cine, a literatura.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Na procura de si mesmos", *A Nosa Terra*, n.º 1.337, "Cultura", 12-17 decembro 2008, p. 32.

Comézase falando dos protagonistas de *Sardinia blues*. Indícase que Pani é o narrador da historia e está marcado por unha relación amorosa fracasada. Precísase que pasará o verán en Sardeña acompañado de Corda e Licheri. Destácase que a trama da obra é leve, que se trata dun conxunto de episodios da vida duns mozos que non atopan o seu lugar no mundo. Explícase que o seu autor denominouna "a paranoia identitaria", xa que os

protagonistas non saben como responder ao feito de seren sardos nunha sociedade globalizada e ao paso dun país á modernidade, cando até agora estaba aínda vivindo nun arcaísmo rural.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, 18 decembro 2008, p. VII.

Pequena escolma de novidades literarias, entre as que se sitúan nesta ocasión *Sardinia Blues*, de Flavio Soriga, da que conta o seu argumento e salienta a "conxunción da lingua cotiá co ritmo hipnótico do lues eléctrico"; *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery, e *A corpo aberto*, de Manuel Rivas.

Wilde, Óscar, *O retrato de Dorian Gray* (*The Picture of Dorian Gray*, 1981), trad. Cristina Felpeto García, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Gótica, n.º 3, 223 pp. (ISBN: 978-84-936509-3-3).

Óscar Wilde (Dublín-Irlanda, 1854-París-Francia,1900) comeza este libro cun prefacio no que di que non hai libros morais ou inmorais, senón que os libros están ben escritos ou mal escritos. A novela está estruturada nunha mestura de realidade e fantasía e conta, en terceira persoa, cun narrador omnisciente, a historia dun mozo chamado Dorian Gray, retratado polo artista Basil Hallward, quen queda enormemente impresionado pola beleza física de Dorian e comeza a encapricharse con el, crendo que esta beleza é a responsábel da nova forma da súa arte. É unha obra salpicada de diálogos que presentan unhas ideas atrevidas para o tempo do autor. Charlando no xardín de Basil, Dorian coñece a Lord Henry Wotton, un amigo de Basil, e empeza a namorarse da visión do mundo de Lord Henry. Expoñendo un novo tipo de hedonismo, Lord Henry indica que o único que vale a pena na vida é a beleza e a satisfacción dos sentidos. Ao darse conta de que un día a súa beleza se desvanecera, Dorian desexa ter sempre a idade de cando a pintou no cadro Basil. O desexo de Dorian cúmprese e mentres el mantén para sempre a mesma apariencia do cadro, a figura nel retratada envellece por el. A súa procura do pracer lévao a unha serie de actos de perversión pero o retrato serve de recordatorio dos efectos de cada un dos actos cometidos sobre a súa alma, que vende ao diaño. O retrato vaise desfigurando e vai mostrando os signos de envellecemento que el non padece. Unha noite descobre a Sibyl Vane, unha actriz que traballa nun sórdido teatro interpretando obras de Shakespeare. Dorian proponlle matrimonio. Sibyl conta os seus plans á súa nai e ao seu irmán, referíndose ao seu prometido como "Príncipe Encantador". O seu irmán, James, advirte que se o "Príncipe Encantador" lle fai dano algunha vez, el matarao. Dorian invita a Basil e Lord Henry a ver actuar a Sibyl na súa representación de *Romeo e Julieta*. Pero Sibyl, embargada pola emoción do próximo matrimonio e namorada de Dorian, perde interese no teatro, polo que esa noite interpreta pesimamente a Julieta. Logo da función, Dorian rexeita a Sibyl dicindo que a súa beleza radicaba na súa arte e, como xa non podía actuar, entón Dorian xa non está interesado nela. Friamente, decide romper a promesa de matrimonio e non ver máis a Sibyl. De regreso á casa, nota que o cadro de Basil cambiou, polo que se dá conta de que o seu desexo se cumpriu: o retrato ten agora un sutil xesto de desprezo. Dorian decide reconciliarse con Sibyl, pero á mañá seguinte Lord Henry dálle a noticia de que Sibyl se suicidou tomando ácido prúsico. Dorian oculta o cadro nunha habitación, á que

soamente el ten acceso. Durante os seguintes dezaoito anos, Dorian experimentará todos os vicios posíbeis, baixo a influencia dun libro regalado por Lord Henry. Unha noite, antes de partir con destino a París, Basil visita a Dorian na súa casa para preguntarlle acerca de todos os rumores que circulan sobre os seus pecados e vicios e sobre as persoas corrompidas pola súa influencia. Dorian culpa ao propio Basil do seu destino e apuñálao nun arranque de rabia. Para desfacerse do cadáver, Dorian chantaxea a Alan Campbell, un químico, para que destrúa o corpo con ácido. Buscando alivio e esquecemento para o seu crime, Dorian entra a un fumadeiro de opio. Alí, James Vane, o irmán de Sybil, escoita a unha muller chamalo "Príncipe Encantador" e ségueo con intencións de matalo, pero desiste debido a que a aparencia xuvenil de Dorian fai improbábel que estea involucrado no suicidio da súa irmá, dezaoito anos antes. James deixa ir a Dorian. A muller que coñecía o sobrenome "Príncipe Encantador" achégaselle para reclamarlle por non telo matado, revelándolle que Dorian non envelleceu dende hai dezaoito anos, segundo ela, por un pacto co diaño. No transcurso dunha cea, Dorian desmáiase de terror ao ver ao irmán de Sibyl Vane axexándoo. Ao día seguinte, durante unha partida de caza, James é alcanzado accidentalmente por un disparo destinado a matar a unha lebre. James Vane morre aí mesmo. Logo de regresar a Londres, Dorian informa a Lord Henry da decisión de emendar o seu camiño. De agora en adiante, corrixirá a súa vida e polo momento abandona, sen corromper, á súa última conquista romántica: unha bela moza que vive no campo chamada Hetty Merton. Lord Henry non cre que esta acción sexa sincera, mentres que Dorian se pregunta se este xesto de renuncia ao vicio se reflectirá no retrato, mellorando o seu aspecto. Unha vez que Lord Henry se retira, Dorian Gray entra á habitación onde mantivo o seu retrato escondido, pero descobre que agora a súa aparencia é aínda peor. Dáse conta de que o xesto que tivo de deixar intacta a virtude de Hetty foi provocado unicamente por vaidade, curiosidade ou procura de novas sensacións. Entón descobre que só unha confesión completa dos seus pecados o redimirá, pero non está disposto a afrontar as consecuencias. Nun ataque de furia, esgaza a pintura co mesmo coitelo co que asasinou a Basil. Os criados escoitan un berro dende a habitación clausurada. A policía, alertada, e os criados entran con algunhas dificultades para atopar o retrato que volve mostrar a súa imaxe orixinal. Ao seu lado está o corpo dun home apuñalado no corazón, cheo de engurras e cun rostro repulsivo. Só por medio dos aneis na súa man son capaces de identificar quen é, Dorian Gray. Finalmente o seu desexo de permanecer novo á conta de todo convértese en traxedia.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Actual crítica do hedonismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.330, "Cultura", 23-29 outubro 2008, p. 33.

Comeza facendo unha reflexión sobre a figura de Óscar Wilde, apuntando que é un escritor condenado ao estereotipo. De seguido céntrase na obra *O retrato de Dorian Gray*, da que destaca que é un relato fantástico que constitúe unha traxedia á que ninguén pode ser alleo. Destácase que a partir dunha trama fantástica se elabora unha fábula moral de gran calado, marcado por unha característica oculta do autor, a crueldade. Precísase que se trata dunha crueldade que ataca a hipócrita sociedade da época, deixando claro cales eran os seus vicios e defectos. Pero afírmase que Óscar Wilde foi moito máis alá e elaborou unha censura que acada o nivel de teoría filosófica

e estética. Por último afírmase que esta tradución presenta algunhas interferencias co castelán que afean a lectura.

I.4. ANTOLOXÍAS

Marcos, Xesús Manuel, Miriam **Rodríguez** e Alva **Martínez Teixeiro**, *Tres merlos brancos*, gañadores XV, XVI e XVII Certame Manuel Murguía, coord. e limiar de Julio Mancebo, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, n.º 44, decembro 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-96475-06-9).■

Volume que recolle os relatos gañadores das tres últimas edicións do Certame Manuel Murguía, presentado por un prólogo de Julio Mancebo, no que se anuncian e se describen brevemente as seguintes narracións:

- Xesús Manuel Marcos, "A caída da folla", pp. 11-62.

Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967) contextualiza o relato nunha aldea galega na primeira metade do século XX. A vida da aldea réxea o único centro de traballo, que é unha serraría. Os donos son dous irmáns ben acomodados que exercen un poder caciquil sobre o resto dos veciños, de xeito que poden facer todo o que se lles antolla por medio do abuso de poder. Ademais, eles non se molestan en lixar as mans, senón que lles pagan primas aos seus subordinados para que leven a cabo o traballo suxo. O desenlace tráxico da historia producirase cando a muller dun dos irmáns descobre que seu home asasinou ao seu irmán polas súas ideas progresistas.

-Míriam Rodríguez, "Mentres espero", pp. 63-82.

Míriam Rodríguez (A Coruña, 1978) escribe a historia dun cativo que queda orfo. Acólleo unha tía súa, que é unha muller dura que lles pega a el e á súa irmá e endexamais lles di unha soa palabra de afecto. Por esta falta de cariño humano, o protagonista verte a súa atención e amor nos animais. Súa tía tamén exercía un maltrato sistemático contra as mascotas da casa. Por este motivo, o protagonista asasínaa botándoa ao río. Logo emigra coa súa irmá ao país onde vive seu tío. Non se coñece o nome exacto do lugar. Nesta nova vida as súas constantes son frío, noite e incomunicación. Frío pola climatoloxía do lugar; noite porque cando sae da casa para traballar da fábrica aínda non amenceu e cando volta xa se puxo o sol, e incomunicación porque non entende o idioma daquel lugar.

-Alva Martínez Teixeiro, "Un domingo amarelo para dentro", pp. 83-110.

Alva Martínez Teixeiro (A Coruña, 1982) válese das vidas do matrimonio Rákosi, que son unha parella de artistas residentes en Budapest, para contarnos cómo se desenvolve a vida e as actividades deste gremio nunha comuna. O seu modo de vida vai experimentar enormes trocos coa chegada da democracia.

Vilavedra, Dolores (foreword and anthology), *Telling Stories from Galicia. Writers for a new millenium*, translation Miguel Guido González Szamocki e Luis Figueroa Greno, Vigo: Xunta de Galicia, Galicianbooks, 2008, 84 pp. (DL: VG 1200-2008). ◆

Este volume iníciase cun apuntamento introdutorio de carácter institucional sobre a serie de historias inseridas no mesmo, grafadas por autores galegos contemporáneos que serven como mostra da situación da lingua galega na actualidade. O prólogo, de Dolores Vilavedra, incide na cuestión da narrativa galega contemporánea e na organización e selección dos textos incluídos no presente volume. Destaca asemade o obxectivo desta escolma como o de proxectar a literatura galega dentro dun contexto internacional para despois centrarse no proceso de selección dos textos, baseado en criterios de tipo práctico como a inclusión daqueles que foron publicados a partir do ano 2000 ou a inclusión de historias completas ou capítulos que non deixaran no lectorado unha sensación de frustración en canto ao xeito de principiar ou finalizar as obras ás que pertencen os textos. Diante de cada historia aparece a noticia bibliográfica do autor e a súa fotografía, firmada polo correspondente fotógrafo. Os textos que abrangue o volume son os seguintes:

- Suso de Toro, "Don´t come back", pp. [14]-15.

Estruturada en dúas partes, dá conta da morte dunha nena por mor do seu cancro na sala de oncoloxía dun hospital.

- Xavier Queipo, "The Sperm Thief", pp. [18]- 21.

Relata a reconstrución do *shinju* ou suicidio conxunto de dous amantes en Xapón a través de fragmentos dos seus diarios.

- Xurxo Borrazás, "Unclean thoughts", pp. [24]-25.

Reproduce o capítulo intitulado "Os merlos", unha crítica á sociedade actual a través dunha listaxe de todo o que estes paxaros non posúen.

- Rosa Aneiros, "Build me a Castle", pp. [28]- 30.

Refire o tema da guerra e dos refuxiados a través da petición da construción dun castelo de area na praia dunha nena á súa nai.

- Teresa Moure, "Dark Grass", pp. [34]- 38.

Narra a historia dun filósofo a bordo dun barco que construíu unha réplica en madeira da súa filla morta. O resto da tripulación pregúntase que levará na súa equipaxe até que descobren a réplica.

- Manuel Rivas, "Books Burn Badly", pp. [42]- 44.

Reproduce o capítulo "A labazada dos mortos", que conta a historia dun cadáver tirado ao río dende a ponte de Castrelos.

- Alfredo Conde, "María of the Battle", pp. [48]- 51.

Relata os acontecementos ocorridos n'A Coruña o día once de maio de 1589 entre os ingleses e os coruñeses destacando a acción das mulleres destes últimos.

- Agustín Fernández Paz, “All That is Left is Love”, pp. [54]- 55.

Refire a historia de Ernesto Sotelo, que colecciona caixas de mistos dende neno.

- Xabier López López, “ Thirty-Two Teeth”, pp. [58]- 60.

Conta, de xeito onírico, a historia dun home, Paulo Barreiro, de corenta e cinco anos, que esperta convertido nun rapaz de non máis de once.

- Miguel Anxo Murado, “The Fever Dream”, pp. [64]- 67.

Reproduce o capítulo de “A folla e o paxaro”, que dá conta do soño dun home provocado pola febre.

- Anxos Sumai, “That is How Whales are Born”, pp. [70]- 72.

Refire a historia dun fillo cuxa nai está a piques de morrer de leucemia.

- Marilar Aleixandre, “Medusa’s Head”, pp. [76]- 78.

Reproduce o epílogo intitulado “Eu son ti”, que conta a especulación en torno ás orixes dunha historia sobre unha clase de estudantes universitarios.

- Inma López Silva, “Memory of Cities with no Lights”, pp. [82]- 84.

Trata a historia da vida dunha persoa en certas rúas de París cuxos nomes non están exentos de significado.

Referencias varias:

- maré, “Telling stories from ‘Galicia”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Libros”, 15 outubro 2008, p. 35.

Preséntanse na Feira de Frankfurt a antoloxía *Telling Stories from Galicia*, compilada pola crítica literaria Dolores Vilavedra e o novo número da revista *Galician Books*, coordinado por Xavier Cid e baseado no estado da narrativa actual. A concelleira de Cultura, Ánxela Bugallo, levará a cabo esta presentación. A delegación galega na Feira está composta polos escritores María Reimóndez e Miguel Anxo Murado, os ilustradores Miguel Porto e Xurxo García e os representantes dunhas vinte editoriais galegas. Saliéntanse a colección de relatos d’*O soño da febre*, de Murado, merecente dun premio, xunto ao seu recente libro xornalístico, *Otra idea de Galicia*. Así mesmo, menciónase a obra de Reimóndez, *O club da calceta*, traducida ao italiano e adaptada para o teatro e a televisión. Baixo o epígrafe intitulado “Perspectivas. Un ano para o recordo”, destácase a vindeira feira en Guadalaxara en novembro. Xa por último, sinálase a alocución pronunciada polo escritor Paulo Coelho no acto de apertura da Feira, alicerzado na axuda que as novas tecnoloxías ofrecen aos proxectos editoriais.

- J. R., “La Xunta presenta una antología de literatura gallega en la Feria de Frankfurt”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 18 outubro 2008, p. 76.

Preséntanse unha antoloxía de narrativa galega realizada por Dolores Vilavedra, *Telling Stories from Galicia. Writers for a New Milennium*, editada pola Consellería de Cultura, e o último número da revista *Galician Books*, correspondente ao 2008, coordinado por Xabier Cid e publicado asemade pola Consellería. A concelleira de Cultura, Ánxela Bugallo foi a encargada destas presentacións, á primeira das cales asistiron os escritores María Reimóndez e Miguel Anxo Murado e o presidente da Asociación Galega de Editores (AGE), Alfonso Sanmartín.

VV.AA., *From the Beginning of the Sea. Anthology of Contemporary Galician Short Stories*, intr. Kirsty Hooper, Brighton-United Kingdom: Boca2mouth, col. Foreign Demand, 2008, [188] pp. (ISBN: 978-1-906496-13-5). ◆

Volume grafado en lingua inglesa que recolle unha escolma da narrativa de doce escritores galegos contemporáneos. Principia cunha nota do editor, na que se agradece a axuda brindada polo Seminario de Tradución do Centre for Galician Studies da Universidade de Oxford, dirixido por John Rutherford, e se cita o equipo de redactores que colaboraron nesta antoloxía. A introdución corre ao cargo de Kirsty Hooper, quen comeza falando dos galegos emigrados e da situación histórica e cultural de Galicia. Salienta asemade o prestixio de escritores do Rexurdimento como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez e como despois da guerra civil de 1936 e da ditadura franquista, o goberno galego e a Xunta de Galicia fixeron posíbel un período de expansión da literatura e lingua galega que aínda continúa. Conclúe este limiar cunha catalogación dos contos de cada escritor en canto aos seus contidos e temáticas. Péchase o volume coas noticias biográficas dos autores de cada conto. A escolma de contos está formada por:

- Marilar Aleixandre, "The Light of Day So Soon Dark", pp. 19-25.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) conta a historia da derradeira noite dun reo que vai ser enforcado ao día seguinte.

- Marilar Aleixandre, "Wolves in the Islands", pp. 26-31.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) céntrase na vida nunha illa dun ladrón de bancos.

- Xurxo Borrazás, "A Plan Sort Of", pp. 35-39.

Neste relato de Xurxo Borrazás (Carballo-A Coruña, 1963) un terrorista fala da xente que o rodea en primeira persoa e mata a unha persoa.

- Xurxo Borrazás, "Surplus Value", pp. 40-43.

Xurxo Borrazás (Carballo-A Coruña, 1963) relata que unha ladra que acostuma roubar nos supermercados asasina a un gay que tamén roubaba.

- Uxía Casal, "Conditional", pp. 47-49.

Neste relato de Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) un personaxe feminino conta un retallo da súa vida en primeira persoa.

- Uxía Casal, “Very Fragile”, pp. 50-53.

Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) presenta a protagonista deste relato que fala da súa vida entre figuriñas de louza.

- Luisa Castro, “The Story of My Dog”, pp. 57-63.

Luisa Castro (Foz, 1960) relata a vida dun can que ten que ser sacrificado por mor do seu comportamento agresivo.

- Luisa Castro, “A Woman and a Chair”, pp. 64-66.

Neste texto, Luisa Castro (Foz, 1960) conta a anécdota do troco dunha cadeira por outra na vida dunha nai de trinta e cinco anos.

- Cid Cabido, “Must Be Going, Must, Must, Must”, pp.69-76.

Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) refire a peripecia de Ernesto, o protagonista, ao coñecer a unha farmacéutica que lle convida a cear na súa casa nunha linguaxe verdadeiramente irónica.

- Cid Cabido, “Clandestine Bingo”, pp. 77-86.

Neste relato Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) conta a historia dun home casado que erra o camiño ao Bingo despois do traballo na oficina.

- Marina Mayoral, “My Dear Friend”, pp. 89-97.

Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) fala da carta que unha muller escrebe sobre a verdadeira historia do home de quen namorara.

- Marina Mayoral, “Dear Madam”, pp. 98-102.

Neste relato de Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) dáse a resposta ao relato anterior a partir da carta do home daquela muller.

- Miguel Anxo Murado, “Two Friends”, pp. 105-111.

Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965) relata como se rompe a amizade de dous homes namorados da mesma muller.

- Miguel Anxo Murado, “Zoo”, pp. 112-115.

A temática belicista cobra vida para describir os horrores da guerra neste texto de Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965).

- Gonzalo Navaza, “Bull & Mignonne”, pp. 119-125.

Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) narra o que lle acontece ao personaxe principal ao coñecer a un home italiano nun tren

- Gonzalo Navaza, “Chinese Ink”, pp. 126-133.

Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) conta o conxecturado homicidio do escritor escocés Arthur Morgan.

- Xavier Queipo, “Château Saignant”, pp. 136-139.

Xabier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) comeza narrando a viaxe a Durban dun personaxe que bebe un Bloody Castle.

- Xavier Queipo, “The Lahu Settlement”, pp. 140-146.

Neste conto de Xabier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) nárrase a viaxe pola selva do seu protagonista.

- Manuel Rivas, “One Million Cows”, pp. 149-150.

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) presenta s breve historia dunha velliña que sube a un autobús.

- Manuel Rivas, “That Damn Soul”, pp. 151-156.

Este relato de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) trata dun antigo cura, Fermín, namorado de Ana, unha das súas freguesas.

- Suso de Toro, “To the Precise Degree”, pp. 159-161.

Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) conta a historia dun personaxe que despois de dar de cear ao seu can saca unha boneca inchábel do armario.

- Suso de Toro, “Up Early”, p.162.

Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) conta como unha muller prepara as cousas do almorzo tras pasar a noite cun home casado.

- Xelís de Toro, “Insomnia”, pp. 165-172.

Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) conta a noite de insomnio dun personaxe que cre estar vivindo o día da súa morte.

- Xelís de Toro, “Papa’s Chair”, pp. 173-179.

Historia de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) sobre unha familia londiniense de camiño á praia, de claros trazos oníricos.

Referencias varias:

- L. R., "Publícase en inglés unha antoloxía do relato galego contemporáneo", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Cultura", 3-9 xullo 2008, p. 38.

Comenta que *From the Beginning of the Sea* recolle unha serie de relatos de autores galegos que son traducidos ao inglés no obradoiro de tradución galego-inglés do Centro de Estudos Galegos de Oxford. Indícase que a escolma está formada por traducións de narracións breves de autores como Manuel Rivas, Uxía Casal, Luisa Castro, Cid Cabido, Marina Mayoral, Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza, Xavier Queipo, Manuel Rivas, Suso de Toro e Xelís de Toro. Precísase que este volume inaugura o traballo da editora Foreign Demand fundada, entre outros, por Xelís de Toro. Destácase que o obxectivo deste proxecto é pór en circulación, dentro da literatura inglesa, obras escritas en linguas minoritarias. Saliéntase que a antoloxía se caracteriza pola homoxeneidade para poder chegar ao público máis amplo posíbel e que o prólogo corre a cargo de Kirsty Hooper.

- Concha Pino, "El canto coral en femenino", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 29 outubro 2008, p. L16.

Coméntanse tres apartados referidos ás artes musicais e literarias. No primeiro, "Música coral de voces femeninas en Os Tilos", dáse conta da actuación do grupo de canto Aleceia como parte das actividades do programa do centenario do Centro Galego de Lisboa presidido por Miguel Seco e relátanse as súas orixes. No segundo apartado, "Embajador cultural en el imperio británico", coméntase a presentación da antoloxía *From the Beginning of the Sea. Anthology of Contemporary Galician Short Stories*, compilada polo hispanista e profesor de literatura española e galega na universidade de Oxford, John Rutherford xunto a Xelís de Toro. No derradeiro apartado, "Premio artístico", menciónanse os galardoados co premio do concurso de arte gráfica "Las huellas del tiempo", convocado por Mapfre Quavitae.

- maré, "Boca 2 Mouth", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 outubro 2008, p. 32.

Dáse conta da presentación da obra *From the Beginning of the Sea*, primeira antoloxía de contos galegos que se edita na Gran Bretaña. Destácase que esta selección inclúe contos de Manuel Rivas, Luisa Castro, Xavier Queipo, Cid Cabido e moitos outro autores. Sinálase que o libro foi presentado na libraría Couceiro de Santiago polo seu tradutor John Rutherford e polo director da editorial británica Foreing Demantes, Xelís de Toro.

- J. Miguel A. Giráldez, "Doce autores galegos en inglés", *El Correo Gallego,* "*El Correo 2*", "Literatura", 2 novembro 2008, p. 10.

Comenta a presentación da obra *From the Beginning of the Sea*, da man do director da editorial británica Foreing Demantes, Xelís de Toro. Destácase que este é o título da primeira antoloxía de contos galegos que se edita na Gran Bretaña e que a selección inclúe dous contos de Manuel Rivas, Luisa Castro, Xavier Queipo, Cid Cabido, Marina Mayoral e moitos outro autores. Para Xelís de Touro está obra representa a Galicia e os seus escritores, xa que recolle a moitos creadores e moitos estilos literarios.

VV.AA., *Premios Grzcrea de Relato 2007*, Santiago de Compostela: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, 2008, 119 pp. (ISBN: 978-84-453-4541-2). ■

Volume que recolle os tres relatos premiados no Certame Galego de Creadores Novos Gzcrea 2007, no que tras varios prólogos institucionais se informa da composición do xurado do certame. A continuación aparecen os relatos galardoados en orde decrecente:

- Mónica Fernández Armesto, "A vida que me debes", 1º Premio Gzcrea de relato 2007, pp. 17-49.

Mónica Fernández Armesto (Sarria, 1987) presenta un relato narrado en primeira persoa pola protagonista chamada Sara e dirixido a unha segunda persoa, un home do que non sabemos o nome. Temporalmente sitúase no día da morte do home, aínda que na narración hai continuos flash-backs. Polo relato sabemos que el é un asasino que fusilou a moita xente e violou a moitas rapazas e ela é unha das súas vítimas. El matou ao irmán e ao mozo de Sara e intentou violala pero ela matouse antes, polo que se di que é a reencarnación de Lilith, a primeira muller de Adán feita de barro, que a Igrexa intenta ocultar porque se negou a someterse a el e abandonouno. Cincuenta anos despois o protagonista comeza a sufrir esquizofrenia e a aparecérselle Sara. Nese momento só o atende a súa neta, Ana, porque ninguén o atura, até que un día se suicida porque non pode soportar a continua presenza da súa vítima.

- Paulo Martínez Lema, "O profeta", 2º Premio Gzcrea de relato 2007, pp. 51-81.

Paulo Martínez Lema (Begonte, 1982) é o autor deste relato situado en Irlanda a principios do século XX. Segundo se di, é a tradución ao galego do diario do protagonista escrito en artanio. O protagonista fai unha viaxe á illa de Artania para documentarse e facer un repertorio mitolóxico, alí coñeceu ao druída, ao que todos lle chaman o Profeta. Este conta que un día o seu compañeiro e seu irmán estaban enfermos polo que saíu a pescar só, veu unha onda moi grande, tiroulle un coitelo, pero de súpeto, veu outra onda, perdeu o sentido e espertou no fondo do mar. Alí viu unha Muller Loura co seu coitelo cravado no seo, quitoullo e ela en agradecemento deulle un libro que só el pode ler e co que pode curar á xente. Vinte e seis anos despois o protagonista sentiu a chamada do Profeta e retornou á illa, este estaba morrendo e quería que el quedase co libro, que agora só podía ler el, e así se convertese no novo menciñeiro do lugar.

- Xerardo Neira Pereira, "A lenda das comebrasas", 3º Premio Gzcrea de relato 2007, pp. 83-119.

Xerardo Neira Pereira (Compostela, 1978) presenta un relato ambientado na Roma antiga e dividido en once minicapítulos numerados. Nel, un mozo enxeñeiro romano chamado Asinio é enviado á Gallaecia para construír unha ponte na zona este, no seu campamento tamén están asentados un centurión e os seus lexionarios. Alí sofren un ataque pola noite pero, sorprendentemente, os ladróns só levan as brasas. El e o centurión preguntan no campamento dos nativos, onde a meiga Alda lles conta que son uns seres sobrenaturais que comen as brasas. Ao día seguinte eses seres volven ao campamento e deciden seguilos para atrapalos, levan algún nativo e á meiga, pero danse conta que os comebrasas collen o lume para poder cociñar. A partir dese momento

deciden facer lume fóra do campamento para que os seres poidan coller as brasas cando as necesiten. Ao final o protagonista namórase de Alda e casa con ela.

VV.AA., *Premios Pedrón de Ouro. Certame de Narración Breve Modesto R. Figueiredo* (*XXII e XXXIII certame*), ed. ao coidado de Xosé Ramón Fandiño e David Otero, Sada: Edicións do Castro, col. Narrativa, abril 2008, 308 pp. (ISBN: 978-84-8485-277-3).

Volume que acolle as obras gañadoras do XXII e do XXIII Certame Modesto R. Figueiredo. Ábrese cunha listaxe dos autores e obras gañadores deste certame dende a súa primeira edición en 1975 até o ano 2007. A continuación, acóllese en primeiro lugar a "Acta da reunión do Xurado da XXXII edición do certame nacional galego de narracións breves 'Modesto Rodríguez Figueiredo" e os textos gañadores desa edición do ano 2006. En segundo, a "Acta da reunión do Xurado que outorga os premios da XXXIII edición do certame nacional galego de narracións breves "Modesto Rodríguez Figueiredo" convocado pola fundación Padroado Pedrón de Ouro coa colaboración da tenencia de alcaldía, concellería de cultura, do concello de Ourense, na lembranza e homenaxe a Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" no centenario do seu nacemento" e os textos gañadores desa edición do ano 2007. No ano 2006 o xurado, formado por Avelino Abuín de Tembra, Francisco Marín, Xosé María García Trigo, Carlos Negro, David Otero Fernández e Marilar Aleixandre premiaron co primeiro premio "Subir o telón", de María Esther Fernández Corredaguas; e cos "Acceses-2º Premio", "O monstro no labirinto", de Begoña Paz Rey, e "A cota láctea", de César Carracedo Pose. O xurado recomendou a publicación das obras presentadas co lema-plica "Crónica do gran número", de Iván García Campos, "Cumpreanos do 73", de María Vega García,"Cabo do mundo", de Henrique Dacosta López e "Escala Ritcher", de César Carracedo Pose, textos todos eles que se reproducen neste volume. No ano 2007, o xurado, formado por Avelino Abuín de Tembra, Xesús Santos Suárez, Xosé Manuel Ourteiriño, Xerardo Méndez Álvarez, Luciadno Rodríguez, Serafín Alonso Pintos e E. David Otero Fernández, concederon o primeiro "A caixa da costureira", de Rubén Ceide Martínez e os segundo os premios a "Esperado Regresso", de Alberto Gómez Aneiros, "Desartellados", de Manuel Quintáns López",. Tamén redomendaron a publicación de "Breve historia do pensamento contaxioso", de Xosé Luís Martínez Pereiro", "O ascensor", de Chelo Suárez Muíños, e "bonaval, de Adolfo Caamaño Vázquez.

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Abeal, Xosé, *Ave de luz*, prólogo Xavier Seoane, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 190, abril 2008, 84 pp. (ISBN: 978-84-96475-74-8).

A partir dunha dedicatoria ás súas avoas, Xosé Abeal (Ambroa, Irixoa-A Coruña, 1954) dá comezo ao seu poemario, prologado por Xavier Seoane, quen salienta a mestura entre a tradición e a modernidade presente na súa obra poética antes de pasar a comentar este volume. Destaca, así pois, en "Da luz, a música e a palabra en Xosé Abeal" a súa linguaxe formal, a imaxinería e a temática amorosa con certos momentos dramáticos nalgúns dos poemas. Por medio dun "Poema prólogo" presentado a partir dun verso de Pablo Neruda, principia esta recompilación de poemas subestruturada en tres seccións con numeración romana. A primeira delas, introducida asemade por unhas liñas de Francisco Quevedo, abrangue dezaseis poemas, todos eles con numeración arábiga. O terceiro, por exemplo, aparece dedicado a Xulio L. Valcárcel e o número doce a Miguel Anxo Fernán Vello. A segunda sección vén presentada por un verso de Antonio Machado e inclúe vinte e tres poemas, tamén con numeración arábiga. A derradeira sección parte dunha dedicatoria de Pedro Salinas e contén dezaoito poemas, tamén con numeración arábiga e algúns deles dedicados a autores como o primeiro, a Manuel C. Díaz y Díaz, *in memoriam*; o terceiro, a Manuel Álvarez Torneiro; o oitavo, a José Antonio Míguez, tamén *in memoriam*; o número dezasete, a Luciano Rodríguez Gómez e o número dezaoito, a Bernardino Graña. Xa por último, baixo o título "Poemas epílogo", aparecen dous poemas baixo numeración romana e introducidos por unhas palabras de Ángel González. Ambos os dous están dedicados: o primeiro a Margarita Simón e o segundo a Saleta e Manuel María. Pecha o volume un índice do primeiro verso de cada poema.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Ave de luz", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 537, "Páxina literaria", 5 outubro 2008, p. 4.

Sinálase que a temática fondamente amorosa vertebra o novo poemario de Xosé Abeal, do que destaca que non empece a presenza dunha forte carga sensual en todo o poemario. Apúntase que son abondosas as referencias á auga, os paxaros, os froitos e sobre todo á luz. Precísase que Xavier Seoane no prólogo apunta que Xosé Abeal mostra o seu dominio da técnica poética, con poemas de forte contido conceptual e estrutura uniforme. Saliéntase que tamén existe unha influencia de Quevedo e un forte ton afirmativo, "en versos sinceiros e eficaces", onde non hai cambios de ton desconcertantes.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Vento de sal*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 54, febreiro 2008, 109 pp. (ISBN: 978-84-9865-052-5).

Xosé M.ª Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) presenta este volume poético xebrado en dous bloques: "A sombra do meu corpo" e mais " Desde dentro da única luz". O primeiro conta con trinta e seis poemas, todos con título e con menos de vinte versos, agás o derradeiro "Hora da Foz" que segue a estrutura do segundo bloque, e que están dispostos todos nas páxinas impares ficando as pares en branco. A súa temática é variada predominando as reflexións sobre tempos pasados e sobre feitos históricos salientábeis de hoxe en día. O segundo bloque "Desde dentro da única zona de luz" consta de oito poemas, moito máis longos que os do bloque primeiro, e que son máis combativos. Este poemario péchase cun apartado titulado "Nota do autor" onde Xosé M.ª Álvarez Cáccamo comenta que catro dos poemas da segunda parte de *Vento de sal* naceron ao calor de diversas mobilizacións políticas e foron lidos en público con ocasión daquelas convocatorias nos anos 2002 e 2003: "Contra a mentira negra" e mais "Maré do pobo a arder", dentro dos actos da plataforma cidadá Nunca Máis; "Contra George Bush, criminal de guerra" contra a invasión de Irak; e "Sempre Alexandre Bóveda" nun congreso centrado no propio Alexandre Bóveda.

Recensións:

- Jorge Lamas, "Galaxia recupera a faceta poética de Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2008, p. 50.

Fálase da presentación dos poemarios *Canle segredo*, de Xosé María Álvarez Blázquez, e *Vento de sal*, do seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo. Explícase a relación existente entre as dúas obras, que pasan a integrarse na colección "Dombate", de Edicións Xerais, así como se comenta que *Canle segredo* foi escrita en 1953, publicada en 1976 e que se reedita agora cun prólogo de Cáccamo. Finalmente, analízase de xeito detallado a obra *Vento de sal*, abordándoa dende unha óptica estilística e temática. Saliéntase que o poemario se compón de dúas partes, unha de liña intimista e outra de corte político, cuxas pezas xa foran publicadas de xeito illado ao abeiro de Nunca Máis ou as protestas pola guerra de Iraq.

- Xosé María Costa, "O rumor do tempo", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 34.

Afonda no significado íntimo do poemario, para o que emprega extractos do mesmo. Deste xeito, e cun ton marcadamente literario, achega unha visión profunda do aspecto técnico e temático do libro, aínda que presta unha maior atención a este último. Entre as cuestións tratadas salienta a soidade, o tempo, a tristeza, a ausencia, a dor e a lembranza. Conclúe que se trata dun poemario emotivo e suxerinte, á procura da intuición e da elipse.

- Román Raña, "Poemario intenso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, "Libros", 8 maio 2008, p. V.

Preséntase *Vento de sal*, o último poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, que vén de publicar a editorial Galaxia. Sinálase que a obra enfía con toda a produción anterior de Cáccamo, de tal xeito que resulta doado relacionala con *Praia das furnas* (1983), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *Lume branco* (1991) e sobre todo con *Calendario perpetuo* (1997), tanto polo seu estilo persoal coma pola temática tratada.

Coméntase que esta última permite ademais distinguir dúas partes no poemario: a primeira, "Sombra do meu corpo", que xira ao redor da memoria persoal; e que a segunda, "Desde dentro da única zona de luz", que mestura poemas de temática político-social con outros de corte intimista.

- Alfredo Ferreiro, "Imaxinario e oficio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Poesía", verán 2008, p. 15.

Parte da idea da recreación do pasado a través das sombras, da memoria e das "pedras da lembranza", que cada poeta fai para construír os seus versos, como ocorre en *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Sinala que no poemario aparecen *flashes* da infancia, referencias aos pais, ás primeiras experiencias eróticas ou ao valor que tiñan as praias para o adolescente inseguro, exemplificados coa reprodución de numerosos versos. Do estilo destaca a contención e a capacidade de suxestión, así como o ton confesional da obra, en clara oposición á "narración superficial de experiencias" que predomina na literatura galega. Conclúe que a habelencia do poeta demostra que na poesía é preciso "mostrar a Verdade do vivido" e que a tristeza é un modo de aproximarse ao inaprensíbel.

- María Xesús Nogueira, "Memoria recibida en herdo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, p. 106.

Ofrécese unha visión do poemario *Vento de sal*, de Xosé Mª Álvarez Cáccamo da que se di que contén dous camiños ben diferenciados: o da memoria íntima centrada na infancia e nos recordos familiares e o da memoria histórica cun discurso combativo explícito que reconstrúe os crimes do ano 1936 e se solidariza coas causas do presente. Destácase que o maior peso desta obras recae na primeira sección (a memoria íntima) na que os pais e a casa serven de alicerces para a reconstrución da memoria privada como herdo transmitido ao longo dos anos. Coméntase que tras a segunda parte pecha o volume unha última sección a modo de apéndice, co título "Desde dentro da única zona de luz" onde se bota man do verso social tanto para falar da memoria histórica (Alexandre Bóveda) como da presente (Xosé Manuel Beiras, o Prestige e George Bush).

- Lara Rozados, "Xosé Mª Álvarez Cáccamo, do íntimo ao público", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 38.

Destácase, do novo poemario de Álvarez Caccamo, o emprego de dúas voces en apariencia diferentes, mais complementarias: dunha banda, a memoria persoal, que vén dun pasado aínda con vixencia, e doutra banda, o sentir colectivo fronte ao presente. Precísase que en oposición ao seu anterior poemario, *Vilar dos fillos* (2004), este novo poemario ten un estilo moito más preciso. Así, a primeira metade céntrase no eu do poeta mentres que na segunda os poemas teñen un carácter máis colectivo, con alusión á guerra de Iraq ou a desastre do Prestige. Esta sorte de carácter binario do poemario móstrase, tamén, pola brevidade dos poemas da primeira parte en contraste cos da segunda.

Referencias varias:

- maré, "Galegos no Día da Poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2008, p. 21.

Comenta que con motivo da celebración do Día Mundial da Poesía, a editorial Factoría K, presenta unha nova colección, "Trece Lúas", que se iniciará con dúas escolmas poéticas: de Rosalía de Castro e de Celso Emilio Ferreiro. Explica que cada libro presenta trece poemas acompañados de páxinas despregábeis con ilustracións e informa que no acto de presentación estarán Helena Villar, Ramón Nicolás e Baldo Ramos. A continuación, achega as novidades da Editorial Galaxia que, para celebrar este día, amplía a súa colección "Dombate" coas obras *Canle segredo*, de Xosé María Álvarez Blázquez e *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "A poesía ou 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", 5 setembro 2008, p. 3.

Dá conta do poemario de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, *Vento de sal*, articulado arredor da memoria, e que lle serve a Miguel Anxo Fernán Vello para reflexionar sobre a creación poética partindo de Octavio Paz e a súa obra *La otra voz*.

Álvarez Moral, Sonia, *Risas e Farras coas cántigas da avoa*, intr. da autora, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2008, 69 pp. (DL: OU 31-2008). ◆

Sonia Moral Álvarez (Guimarás de Canda, 1976) recolle as cantigas tradicionais da súa avoa, Mercedes Fernández Vázquez, neste volume que se abre cunha introdución onde a neta explica por qué decidiu facer este traballo na honra da súa avoa. O volume consta dunhas trescentas cantigas que as xentes dos pobos interpretaban nos antigos fiadeiros, cunha temática moi variada que vai dende regueifas e historias de mozas e mozos até contos populares das aldeas. Trátase, polo tanto, de cantigas de temática tradicional onde se fala dos diferentes traballos do agro, así como das festas e das relacións entre homes e mulleres. Tamén inclúe unha copla escrita en castelán, que leva o título de "Copla de García y Galán en la Guerra de España".

Araguas, Vicente, *Xuvia revisitada*, prólogo de Verónica Palomares, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle Inclán, col. Esquío de poesía, n.º 114, xullo 2008, 72 pp. (ISBN: 978-84-95289-99-5). ◆

Verónica Palomares prologa este novo poemario de Vicente Araguas (Xuvia-Neda, 1950), dedicado a Luis Torres Foira. Baixo o título de "Porque somos pasado que non desexa arder", Palomares cataloga este volume como unha memoria histórica do autor perante o seu pobo natal. Así, menciona outros escritos seus como *Xuvia* (1983), *O Gato Branco* (1995) ou *Maneiras de Querer* (2005) tamén considerados libros de memorias. Salienta, doutra banda, a linguaxe xurdida da paixón coa que describe as súas lembranzas. Estruturado ao redor de catro eixes, o primeiro deles, "PORTAZGO", abrangue sete poemas, todos eles centrados nunha visión melancólica das localidades ferrolás nas que viviu o autor, prestando especial atención a Xuvia, seu pobo natal. No segundo eixe, "EMPEDRÓN", insírense cinco poemas ao redor da súa infancia xunto aos demais rapaces do pobo. No terceiro eixe, "TOELEIRA", preséntanse once poemas que versan sobre algúns acontecementos que tiveron lugar nos seus anos mozos. O derradeiro eixe, "PONTE DE XUVIA. PONTE DE NEDA", conta con vinte e tres poemas en torno ao amor xuvenil experimentado polo autor. O poemario péchase cun

índice dos poemas recollidos. Nas contralapelas do volume pódense ler os datos biográficos do autor e un apuntamento sobre o volume en si, realizado por Sandra Barboni.

Recensións:

- Xulio López Valcárcel, "Araugas volve a Xuvia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 498, 14 setembro 2008, p. 15.

Sinálase a temática do poemario que está arredor dos recordos da nenez pasada polo poeta na vila de Xuvia. Explícase que é unha edición aumentada dun primeiro libro publicado baixo o título de Xuvia en 1983. Destácanse dous rexistros do poemario: un que podemos definir de descubrimento perante un mundo que paseniñamente se vai coñecendo e outro, de tipo melancólico, que se fai claro en poemas onde se evocan lugares e persoas xa desaparecidas.

- Miro Villar, "Un retorno perennne a Neda", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 106-108.

Comentario do poemario de Vicente Araguas, *Xuvia revisitada* que se publica un cuarto de século despois da publicación en 1983 de *Xuvia*, co que o autor inauguraba a colección "Cuaderno da Gadaña Poesía" do grupo Brais Pinto. Apúntase que, malia as evidentes coincidencias e fío argumental que as une, tamén son moitas as diferenzas. Vanse comparando as dúas obras e obsérvanse elementos comúns, á parte da súa semellante estrutura, como a presenza da casa, as trasnadas, lecturas e xogos infantís, as tardes cinematográficas, o jazz, a represión franquista e un longo poema final a modo de despedida. Porén destácase a maior maduración estilística con novos matices da ollada erótica e amorosa así como unha contemplación máis melancólica da propia Neda.

- Marga Romero, "Xuvia de Rapaces", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Libros", 6 novembro 2008, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, 15 novembro 2008, p. 10.

Marga Romero comézase recoñecendo que admira a obra de Vicente Araguas, da que proporcina unha breve relación, antes de centrarse na análise do seu novo poemario, do que fai unha breve semblanza biográfica, destacando a súa pertenza ao grupo "Voces Ceibes" e a súa condición de poeta da "Xeración dos Oitenta". Destaca na obra de Araguas a intimidade da súa poesía, en especial a querencia do poeta polo mundo da súa infancia e xuventude transcurrida en Xuvia, parroquia do Concello de Narón. Apúntase que *Xuvia revisitada* constitúe un poemario de alguén que regresa ao seu mundo infantil para evocar persoas ou acontecementos xa esquecidos, só conservados na súa memoria.

- Teresa Seara, "A vida unha mazá", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 11.

Descríbese *Xuvia revisitada*, de Vicente Araguas, como un canto de amor á terra primixenia do autor: Neda. Dise que o poeta volta ás paisaxes da infancia para reconstruír o pasado, logrando un equilibrio entre "tenrura e gratitude", e que fai un

percorrido xeográfico e sentimental que crea unha "imaxe poliédrica da infancia do eu". Salienta que a palabra é a forza que preserva o pasado.

Referencias varias:

- Xosé María Dobarro, "Distincións e versos", *Diario de Ferrol*, "Opinión","Outra volta", 10 agosto 2008, p. 21.

Describe os seus vínculos con Vicente Araguas antes de gabar o seu poemario, intitulado *Xuvia revisada*. Comenta este libro de poemas, reproducindo o epitafio que o seu autor quere na súa tumba, e tamén se refire a Xosé Ramón Fandiño Veiga como "unha das mellores voces da nosa nazón".

Araguas, Vicente, *Veinticuatro maneras de querer a Brian/Vintecatro maneiras de querer a Brian*, Madrid: Huerga&Fierro Editores, col. Poesía, Edición Bilingüe, outubro 2008, 57 pp. (ISBN: 978-84-8374-705-6).

Este poemario de Vicente Araguas (Xuvia-Neda, 1950) está dedicado á memoria de Brian Peter Hughes (Glasgow, 1951-Alicante, 2003), tal e como se recolle na páxina onde aparecen así mesmo unha dedicatoria e citas literarias de César Vallejo e Jonh Donne. Constitúe un "réquiem escocés" que consta de vinte e catro poemas numerados en romanos e sen títulos, entendidos coma "maneiras de querer". Comeza coa noticia da morte de Brian o 11 de outubro, mentres no patio de luces da casa do poeta "chove miudiño". A través da memoria, recréanse momentos vividos co finado, como o seu primeiro encontro (poema V), con referencia a lugares como Glasgow, Alicante ou Pantín. Os espazos presentes son elementos do medio urbano ("pubs", "karaokes" ou "barrios"), pero tamén hai elementos da natureza como o río, as nubes ou a chuvia. Contén referencias ao eido do fútbol na década dos anos sesenta e tamén as hai vinculadas ao ámbito cultural, principalmente coa música. A ausencia de Brian é o elemento común do poemario, que se reflicte a través da evocación poética do sufrimento, máis manifesta nos últimos poemas, e que pecha o libro coa impotencia, melancolía e tristura que supón a morte dun ser querido, de maneira que son "agora os sentimentos" os que "choven miudiño no patio de luces". A nivel formal, destaca o uso do verso libre e a presenza de poemas narrativos (VII, X, XV, XVIII), así como unha linguaxe simbólica.

Recensións:

- Ramón Raña, "No tren da melancolía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, "Libros", 4 decembro 2008, p. IV.

Comézase cun breve percorrido biográfico de Vicente Araguas, do que destaca a súa pertenza ao grupo Voces Ceibes e a súa militancia antifranquista. Sinálase a independencia creativa do poeta xa dende as súas primeiras creacións. Indícase que o título do poemario *Vintecatro maneiras de querer a Brian* ten a súa equivalencia na estrutura e o contido da obra: son vinte e catro poemas artellados arredor da morte do seu amigo Brian Peter Hughes, cunha fonda temática melancólica e de lembranza do

amigo perdido. Remátase precisando que o estilo se define por unha "claridade crepuscular, con vehemencia mansa, con turbadora placidez e dor".

Braxe, Lino (coord.), *O desafío das ondas. Poemas do mar*, col. O Porto e as Letras, n.º 1, A Coruña: Autoridade Portuaria d'A Coruña, novembro 2008 (2ª edición), 48 pp. (D.L. VG 1165-2006). ◆

Nesta escolma de composicións poéticas o tema en común é o mar e o sentimento que produce este nos autores que veremos a continuación.

- Lino Braxe, "O desafío das ondas", p. 7.

Nesta composición de Lino Braxe (Mugardos, 1962), que é a que da o nome ao libro, emprégase a primeira persoa do plural para facer unha enumeración de todas as cousas que o "eu poético" asocia co mar. O texto é prosa poética e contén un fragmento poético de Carlos Oroza.

- Lucía Aldao, [sen título], p. 9.

Lucía Aldao (A Coruña, 1982) mestura o uso da terceira persoa das descricións coa primeira persoa que fala sobre as sensacións e recordos que ten do mar.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, [sen título], p. 11.

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) fala sobre a súa nai que agarda na praia á espera de todo aquilo que lle arrebatou o mar. Emprega a terceira persoa do singular para describir o actuar cotián da súa nai.

- Lino Braxe, "Naufraxio nas Sisargas", p. 13.

Nesta poesía de versos irregulares descríbese en terceira persoa (de singular cando fala do barco e do plural cando o fai dos náufragos) un naufraxio e todas as perdas que iso supón.

- Yolanda Castaño, "Nada", p. 15.

Metafórica descrición do mar e do que nela se atopa, lugar onde todo acaba sendo "nada". Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) recolle dous versos de Emma Couceiro, "Porque nunca falaba do mar / e a súa lenda era un deserto (…)".

- Emma Couceiro, [sen título], p. 17.

Emma Couceiro (Cospeito, 1977), dende o plural maiestático, refírese á angustia do lugar mentres se realizaba a busca dunha rapaza que a levou a corrente e non volveu aparecer.

- Estíbaliz Espinosa, "Cryo-hibernación", p. 19.

Poesía de Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) dedicada “a Irving” e “a Emilia”. Nela o eu poético estase referindo a un “ti” para contarlle como se sente, sentimentos que expresa mediante comparación. A composición está repleta de encabalgamentos que dotan de axilidade a peza.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “O camiño do mar”, p. 21.

Precísase que esta poesía pertence ao libro *As certezas do clima* (1996), de Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958). Nela unha primeira persoa de plural fala do que sente cando está a navegar, sentimentos que se mesturan coas descricións do que está a ver, que se realizan en terceira persoa e en presente.

- Simón Iglesias Posse, “Urxencia”, p. 23.

Na primeira estrofa emprégase a descrición en terceira persoa para indicar como está o mar e a vida, mentres que no resto da poesía fala unha primeira persoa que expresa a necesidade que ten de carne e auga.

- María do Carmo Krukemberg, “O mar divídese en azules figurados” e “Dimensión de preludio na lonxanía”, p. 25.

María do Carmo Krukemberg (Vigo, 1926) achega dúas pequenas composicións. A primeira é “O mar divídese en azules figurados”, unha descrición sobre a paisaxe mariñeira, centrada en especial na noite e todo o que a forma. Na segunda, “Dimensión de preludio na lonxanía”, descríbese de forma contrastada o mar e a terra, para concluír co faro, que é o que une ambas partes.

- Xulio L. Valcárcel, “Rapaza durmida fronte ao mar”, p. 27.

O “eu poético” fai unha descrición dunha rapaza que atopa durmida nun banco. Na descrición Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953) mestura a realidade coa fantasía do que o poeta imaxina sobre a rapaza en cuestión. A poesía está dedicada a “Ana, Blanca, Lola, Maca, Mariot e Sabela, Colectivo INTRE”.

- Miguel Mato, “Non é para eles”, p. 31.

Miguel Mato (Ponteceso, 1953) enumera todas aquelas cousas que como di o título “non é [son] para eles”. Na poesía non se empregan puntos, aínda que se sabe onde remata cada frase polo uso das maiúsculas.

- Pilar Pallarés, “Mar Exeu”, p. 33.

A personificación do Mar Exeu fala en primeira persoa do presente sobre a soidade que agora padece e que, como se sinala en primeira lugar e en maiúsculas, foi “subitamente”. Precísase que a poesía pertence ao *Livro das Devoracións*, de Pilar Pallarés (A Coruña, 1957).

- X. H. Rivadulla Corcón, “O mascato ferido de amor”, p. 35.

Prosa poética na que X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) describe en terceira persoa do singular e en presente como o mascato "ferido de amor" se deixa levar polo mar; palabra esta última que se pode ler varias veces se se xuntan as letras que aparecen en negriña ao longo do texto.

- Manuel Rivas, "Avenida Atlántica", p. 37.

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) presenta un eu poético que está a agardar pola vinganza do mar, un mar que pasa a describir minuciosamente, para o cal emprega a anáfora de "o mar" en seis inicios de versos e o emprega noutro verso máis como única palabra do mesmo. No último verso esa primeira persoa de singular convértese nun "nós".

- Cesáreo Sánchez Iglesias, "Mar do fin da terra", p. 39.

Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín, 1951) describe en tres estrofas numeradas os diferentes elementos que compoñen o mar. Para darlle axilidade ao texto emprégase o encabalgamento e tampouco se empregan o punto e a parte, agás cando coinciden en medio dun verso, pero se sobreentenden polo uso da maiúscula,

- Xavier Seoane, "Bátega", p. 41.

Xavier Seoane (A Coruña, 1954) expresa a dureza das tormentas do mar e o medo que provocan, contraposto coa tranquilidade que transmite unha gaivota mentres esa tormenta ten lugar e o resto corre a protexerse.

- Paco Souto, "Mar se acaso", p. 43.

Descríbese a si mesmo e empregando a primeira persoa de singular o mar personificado.

- Esther Souto, "Acuarela", p. 45.

O eu lírico describe o que está a ver, a xente no porto e como o atardecer vai chegando e se vai notando no mar. Incorpora un fragmento poético de Charles Trenet en francés.

- Roi Vidal, "Ópera do mar con influencias do music-hall", pp. 47-48.

Roi Vidal (Santiago de Compostela, 1982) emprega a primeira persoa do plural para falar do porto da Coruña e do que se pode atopar ao seu redor. Isto mestúrase con versos xa coñecidos. No texto non hai puntos, que se sobrentenden polo uso das maiúsculas, pero si que hai dous puntos, exclamacións e interrogacións. Ao inicio recóllese un verso de Charles Trenet, "La mer, on va danser". A poesía está dedicada "a Xurxo Souto, submarinista da fala" e "a Xohana Torres, loba de mar".

Cairo Antelo, Xosé Manuel, *Da carraxe e da paixón*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 191, 2008, 71 pp. (ISBN: 978-84-96475-70-0).

Nova publicación de Xosé Manuel Cairo Antelo (Noia, 1945) na que ven a luz cincuenta e unha composicións de corte intimista, onde dominan os versos brancos,

curtos e de métrica libre. O amor é a temática predominante en todos os poemas con diferentes rexistros. Por un lado o desamor ten unha gran presenza, o rexeitamento por parte do ser amado; por outro atópase unha caste de amor obsesivo e enfermizo e un amor explícito e erótico. Como xa se pode ver no propio título da obra, o "eu lírico" permite observar, nunha viaxe que comeza na posesión amorosa e remata na perdida, a importancia na vida do ser humano do amor, nas súas diferentes variantes como, por exemplo, o desexo, amor obsesivo, o rexeitamento da persoa amada polos seres queridos ou o amor non correspondido. En todas as composicións pode apreciarse unha evocación da vida pasada. De pano de fondo nalgún dos poemas vese a imposibilidade da comunicación amorosa, pero tamén a seguridade de que a única salvación é o amor real. Como temas secundarios están o sexo e o desconcerto existente entre os soños e a realidade, entre outros. En canto o estilo trátase dunha poesía de detalles e abondosa adxectivación.

Recensións:

- Plácido Lizancos, "Da carraxe e da paixón", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "Letras galegas", 15 novembro 2008, p. 4.

Dá conta da próxima presentación do poemario de Xosé Manuel Cairo Antelo *Da carraxe e da paixón*, do que gaba a súa sensibilidade e destaca temas como o amor, a paixón, a carraxe ou o desexo. Asemade considera que posúe os sinais dunha poesía existencial, máis ben directa e imperiosa, polas imaxes poéticas e polo fondo psicolóxico que a nutre. Conclúe que os poemas de Cairo Antelo son verdadeiros exercicios creadores que permiten o reencontro cos problemas do ser humano.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Espiral Maior edita o cuarto poemario de Xosé Manuel Cairo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 novembro 2008, p. 37.

Recolle a presentación do poemario de Xosé Manuel Cairo Antelo, *Da Carraxe e da paixón*, de temática amorosa, en contraste cos poemarios anteriores, de temática social e política. Sinala o verso libre en poemas curtos, mais recorrendo á terminoloxía culta.

- Plácido Lizanco Santos, "Da carraxe e da paixón", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Día a día", 20 novembro 2008, p. 4.

Dá conta da presentación do poemario de Xosé Manuel Cairo Antelo, *Da carraxe e da paixón*, na Galería Sargadelos da Coruña, e destaca a súa variada temática: o amor, a paixón, a rabia, o desexo e, en especial, a soidade. Indica que son cincuenta e un poemas de verso libre que se encadran dentro do que o autor dá en chamar poesía emocional.

- Xulio Valcárcel, "Panorámica cultural da semana", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 545, "Páxina literaria", 30 novembro 2008, p. 04.

Dá conta da presentación do poemario de Xosé Manuel Cairo *Da carraxe e da paixón*, do que destaca a unidade dos poemas no tema dominante na obra: o amor nas súas diferentes concepcións.

Campio Pereira, Víctor, *O aire*, *a luz e o canto. Poesía reunida 1987-2006*, limiar de Manuel Outeriño, Santiago de Compostela: Pen Clube de Galicia/Danú S.L., col. Arte de Trobar, n.º 13, agosto 2008, 246 pp. (ISBN: 978-84-936158-6-4). ■

Volume poético que recolle as poesías escritas ao longo dos anos por Víctor Campio Pereira (Garabás, Maside, Ourense, 1928). Ábrese cun limiar de Manuel Outeiriño, quen apunta datos biográficos da súa vida como a descuberta das "formas literarias" ou a amizade que o uniu a Faustino Rey Romero dende á época no seminario maior de San Fernando para "se condenar á liberdade". Apunta que boa parte dos poemas que escribiu foi para "celebra-la amizade, o encontro coas boas cousas da vida" e achega algunhas
claves para entender o porque dos temas da súa "poética da resistencia". Malia que o primeiro poemario co que se abre o volume, *O ar que nos leva*, contén data de 1987, a maioría dos poemas deste libro foron escritos nas décadas dos anos 50 e 60. Componse de catro apartados: "Este ar que nos leva", "Palabra amante", "Calada morte" e "No mar levado". O segundo poemario antologado, *Por esa voz*, compóñeno unha serie de composicións, sen data concreta, que xa foron publicados anteriormente en libros e revistas. A maioría son sonetos, algúns dos cales transitan entre a elexía e a memoria, mentres que noutros, a voz lírica afonda na tristura e a dor existencial en pezas como "Ampárome no soño" ou "Ó pé do teu silencio". Da mesma liña é o seguinte poemario, *Perdida luz* (2000), con algo máis de vinte composicións e no que destaca o apartado "Retablo sacro", que inclúe panxoliñas de Nadal. *Exilio digno* (2006), a última obra, contén unha estética tradicional similar aos anteriores e, malia a data, mantívose inédita até o de agora. Péchase a obra cun "Epílogo" de Xesús Alonso Montero no que ten unhas palabras de "gratitude e devoción" e no que, entre outras cuestións, lle dá as grazas pola dedicatoria do poema "Brinde", escrito en 1999.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, "Víctor Campio Pereira, poeta fundamental", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", 6 decembro 2008, p. 7.

Destácase a importancia do poemario como proba da importancia do poeta no canon poético da literatura galega, malia a súa avanzada idade. Explícase que a partir de diversas estruturas métricas, destacan sonetos como "Ampárome no soño"ou "Se chego no solpor" ou composicións de carácter elexíaco como "Nai, pai" ou "Non te verei".

Referencias varias:

- Marina Sánchez Soto, "Don Víctor Campio Pereira: poeta con maiúsculas", *La Región,* "Opinión", 6 decembro 2008, p. 24.

Dá conta da presentación do poemario de Víctor Campio Pereira, *O aire, a luz e o canto*, facendo un percorrido biográfico de carácter sentimental do seu antigo mestre, do que gaba a súa calidade humana e literaria.

Carro Padín, Valentina, *Debaixo de Dziga Vertov hai unha buxaina*, XX Premio Xosé María Pérez Parallé, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 193, 2008, 45 pp. (ISBN: 978-84-96475-77-9). ■

Valentina Carro Padín (Castrelo, Cambados 1984) escribe este poemario cun corte vangardista e dende unha perspectiva feminista. En varias ocasións, os poemas levan debuxos, feitos pola mesma autora, que referencian ou aclaran os poemas. Carro Padín fai na obra múltiples mencións a movementos, épocas ou autores de vangarda como o Dadaísmo, a Bauhaus, Maruja Mallo, Moholy-Nagy e Kandinsky, entre outros. Fai tamén referencias a autores contemporáneos como Chus Pato, Manuel Outeiriño ou Alberte Pagán.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Lentes intelixentes", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 738, "Estar nas nubes", 9 novembro 2008, p. 6.

Dá conta do poemario de Valentina Carro, *Debaixo do Dziga Vertov hai unha buxaina*, gañador do "Premio Xosé María Pérez Paralle" do que destaca a súa orixinalidade e irreverencia.

Cebreiro, María do, *Cuarto de outono*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 7, 2008, 121 pp. (ISBN: 978-84-7824-549-9).

Libro de poemas de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) que, ao seu estilo, tenta probar que non debería haber propiedade no uso da palabra, de aí que a súa autora inclúa neste poemario citas modificadas de diversas personalidades (escritoras, filósofos, fotógrafas etc.) como Davis Serban-Schreiber, Guillermo da Costa Palacios, Juan Jiménez Hefernan, Diane Arbus, Clarice Lispector, Chus Pato, John Maxwell Coetzee, Patricia Bosworth, Gilles Deleuze, Xabier Cordal e mais Gabriel Ferrater. Os corenta e dous poemas de *Cuarto de outono* tocan temas como o amor, a liberdade ou as lembranzas da infancia. Este volume representa a sétima entrega da colección de poesía "Edoy Leliadoura", de Sotelo Blanco Edicións, e que dirixe Xesús González Gómez.

Recensións:

- Armando Costa, "Versos de singular soltura", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Cultura", 10-16 xullo 2008, p. 34.

Sinálase que en *Cuarto do outono* María do Cebreiro trata en forma de poema temas como a sensación de distancia cara aos demais, a intuición, a mirada irónica, a melancolía, a esperanza ou a tristeza, deténdose nos detalles, perfilando sombras e

sensacións, e indagando nos soños e nos días.

- Ramón Nicolás, "Estancias poéticas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 282, "Letras en galego", 4 outubro 2008, p. 10.

Faise un breve percorrido biográfico da poeta, da que destaca a viveza das súas primeiras composicións, aínda presente no seu último poemario. Destácase a influencia da cultura anglosaxona no poemario e a manipulación por parte da poeta de citas de diversos escritores e artistas, dende Clarice Lispector até Coetzee, pasando por Diane Arbus. Sinálase a importancia temática da memoria como punto de inflexión á hora de situar vivencias pasadas.

- Ramón Raña, "Ironía e enumeración", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, "Libros", 9 outubro 2008, p. IV.

Sitúase o novo poemario de María do Cebreiro na liña xa comezada polo seu anterior traballo *Os Hemisferios*. Apúntase que en ambos poemarios hai unha forte presenza de poemas escénicos (caso de "Dous" ou "Facémolo?"), mais que neste novo título tamén se aprecia unha narratividade onde está presente a metáfora ("Un aire de familia"). Apúntase que igualmente está presente a enumeración, como no poema "Correspondencias". E mesmo se engade que a ironía é a outra gran presenza do poemario, a través das citacións librescas que inzan o texto.

- Xabier Cordal, "A rebelión do suxeito", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 10.

Tras unha breve descrición da traxectoria poética da autora, pásase a falar dos poemarios *Cuarto de outono* e *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, dúas obras que nun primeiro momento formaban parte do libro *Os hemisferios.* Descríbese a maneira de construír da autora, ao mesmo tempo que a temática que utiliza nestes dous libros: a identidade, o coñecemento e as relacións humanas. Salienta os diferentes niveis de lectura do texto. Dise que os dous libros chaman por unha "revolución sexual", empregan o paradoxo, a transgresión do racional e a filtración metaliteraria, e reclaman a "potencia da subxectividade como principio de rebeldía". Coméntase que en *Cuarto de outono* homenaxea de xeito explícito a Manuel Outeiriño, que prefire a suxestión, que se encadra no feminismo do progreso e que supón un "texto aberto".

Referencias varias:

- Concha Pino, "El éxito es de quienes lo buscan", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 9 outubro 2008, p. 16.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela do poemario de María do Cebreiro *Cuarto de Outono*, e fai un breve percorrido pola bibliografía da poeta, da que destaca a súa importancia dentro da poesía galega.

Cebreiro, María do, *Non son de aquí*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 20, novembro 2008, 76 pp. (ISBN: 978-84-9782-934-2).

Libro de poemas de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) onde cobran grande importancia os nomes propios de lugar e que consta de trinta e dous poemas todos con título. A presenza da toponimia é unha constante e podemos ver reflexións sobre variados temas centrados, entre outros sitios, en Portugal (Lisboa, Ponte da Lima ou Sintra), en España (Madrid ou Granada) e nomeadamente en Galiza (Becerreá, Lugo, A Coruña e incluso con referencias a rúas compostelás). O poemario tamén conta con diálogos e preguntas abertas sobre a natureza ou sobre a película *The quiet man*, de John Ford.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Tras describir brevemente as novidades en narrativa, tanto de adultos como infantil e xuvenil, preséntanse poemarios como o descrito nesta ocasión, *Non son de aquí*, de María do Cebreiro; *Estúrdiga Materia*, de Luís García Tosar e *Amor, amén*, de Yolanda Zúñiga. A seguir, sinálanse varias monografías de ensaio.

- V. Oliveira, "A nación do vento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2008, p. 33.

Destácase a conexión que fai María do Cebreiro no poemario *Non son de aquí* entre identidade e desposesión, xa que para a poeta a primeira vai alén da pertenza territorial. Sinálase que a poeta critica o uso político da memoria, tendente á súa ritualización que fai que perda significado. Por outra parte, coméntase que son poemas de versos curtos e rítmicos, susceptíbeis de seren musicados, ademais de facerse un breve percorrido dos seus poemarios.

- Xabier Cordal, "A rebelión do suxeito", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 10.

Tras unha breve descrición da traxectoria poética da autora, pásase a falar dos poemarios *Cuarto de outono* e *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, dúas obras que nun primeiro momento formaban parte do libro *Os hemisferios.* Descríbese a maneira de construír da autora, ao mesmo tempo que a temática que utiliza nestes dous libros: a identidade, o coñecemento e as relacións humanas. Saliéntase os diferentes niveis de lectura do texto. Dise que os dous libros chaman por unha "revolución sexual", empregan o paradoxo, a transgresión do racional e a filtración metaliteraria, e reclaman a "potencia da subxectividade como principio de rebeldía". Comenta que en *Non son de aquí* hai unha estrutura máis argumentativa que parte do biográfico para cuestionar a identidade herdada, criticando as nocións de orixe e de pertenza.

César, Chico, *Cantáteis. Cantos elegíacos de amozade*, xilogravuras de João Sánchez, Edicións Positivas, col. Di-versos, abril 2008, 157 pp. (ISBN: 978-84-87783-94-4).

No volume poético que consta de cento corenta e un cantos, cada un deles composto por once versos de sete sílabas. Neles, Chico Cesar (Catolé do Rocha, Paraíba, Brasil 1964) seguindo as súas propias palabras no colofón "Cantateis pelo autor", exalta os valores

do amor e da amizade. En concreto cántalle á que sería a súa musa, Tata Fernándes, muller representación dun tipo de muller de São Paulo de caracter urbano, letrada, combativa e independente, que o cativou o mesmo que a propia cidade de São Paulo, na que escribiría os versos no seu devir cotián. O poemario queda totalmente impregnado da musicalidade do autor, músico de profesión, que aborda cun lirismo de enorme ritmo todo tipo de temas. Ao mesturar elementos da súa propia experiencia, da vida cotidiana, con referencias eruditas, da filosofía á política, e da cultura popular, do cinema, do pop, da comunicación de masas, entre outras, "Cantáteis" dialoga cunha rica vertente da literatura e da poesía contemporáneas. Mestura de música e lírica, neste volume poético infúndanse os sinais de identidade do nordeste literario brasileiro e a súa literatura de cordel, baseados nos principios desta mestura. Así, o popular impregna toda a obra, nos que con profunda sinxeleza o eu lírico transmítelle ao lectorado agardado o seu percorrer vital por unha cidade e por un mundo en constante movemento, como os pasos do propio autor. Acompañan aos poemas as xilogravuras de João Sánchez, de cor negra e textura indiana. Repetidas ao longo do poemario representan distintas figuras, dende escenas de caracter mitolóxico até unha simple flor ou unha ringleira de coches. Nalgún dos casos como é na estrofa trinta e seis a imaxe dialoga co texto, facéndoa máis visíbel ao lectorado.

Recensións:

- Héitor Mera, "Cantos de amozade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Libros", 10 xuño 2008, p. 4.

Actualidade e musicalidade son os dous trazos que salienta esta crítica da obra de Chico Cesar, *Cantáteis*, publicada pola editorial Positivas. Sinala que o poemario foi escrito por César durante unha estadía en São Paulo e recolle algúns dos temas que máis preocupan ao autor: a música, a literatura, a política, a historia..., todo intimamente ligado á realidade e ao cotián. No tocante ao estilo, a obra é considerada como marcadamente musical e, salvo o undécimo poema, comenta que está escrita en rima asonante cada dous poemas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Libros", 5 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, "Letras galegas", 14 xuño 2008, p. 11.

Recoméndase a lectura de *Cantáteis*, de Chico César; *Xosé María Álvarez Blázquez. Unidade didáctica*, de Irene Pérez Pintos; e *Atracción total*, de Carmen Blanco.

Cociña Lozano, Olalla, *Libro de Alicia*, VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Culleredo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 207, decembro 2008, 58 pp. (ISBN: 978-84-96475-98-4).

Este poemario de Olalla Cociña (Viveiro, Lugo, 1979) principia cunha dedicatoria á súa irmá Alba, a unha veciña chamada Aguieira e unha cita de Chantal Maillard extraída da súa obra *Matar a Platón* (2003). Estruturado ao redor de dous eixos, os poemas fanse

eco da vida de Alicia, unha personaxe que tomou forma da bisavoa da súa autora, a través da perspectiva do amor e da memoria. A aldea destácase de xeito especial na súa vida como unha lembranza nostálxica, e dáse asemade unha confluencia de voces poéticas: a de Alicia, en primeira, segunda e mesmo terceira persoa, que relata aspectos da súa vida dende diversos puntos de vista xunto a outras voces que pertencen a outras personaxes femininas que se corresponden coas netas e bisnetas da protagonista. A temática global dos poemas refírese á historia de Alicia despois de se quedar embarazada estando solteira e alúdese tamén a problemas físicos como a súa xordeira para rematar volvendo á súa nenez. O primeiro eixo, "lectura da sombra", dá comezo a partir dunha cita de Chantal Maillard referida á sombra e inclúe vinte poemas nos que a primeira palabra se representa tipograficamente sen capitais e nun tamaño maior de letra que o resto das palabras que os compoñen. O segundo eixo, "tobogán de raíces", ábrese con dúas citas: unha de Antonio Gamoneda, *Libro del frío* (1992), e outra de José A. Valente, *No amanece el cantor* (1992) con vinte e seis poemas que xiran ao redor da morte. A disposición tipográfica deste eixo é a mesma ca do eixo anterior, con estrofas que ocupan case toda a páxina, tanto á esquerda coma á dereita. O poemario péchase cun índice que recolle o primeiro verso de cada poema. A voz narrativa omnisciente conta retallos da vida de Alicia sempre referidos ao amor na súa vertente máis melancólica.

Referencias varias:

- maré, "O poder sanador da palabra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 abril 2008, p. 32.

Coméntase a concesión do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño á poetisa Olalla Cociña polo seu poemario *Libro de Alicia*. Sinálase que a autora se inspira na lembranza da súa bisavoa e que recrea a vida dunha muller de aldea, solteira, que cria soa a súa filla en lugar de emigrar para reunirse en América co pai da nena. Tamén se informa de que a recollida do premio se realiza no hotel Alfonso IX de Sarria e noméanse os membros do xurado.

- Jesús Durán, "Olalla Cociña recibe el 'Fiz Vergara' en un concurrido acto poético-musical", *El Progreso*, "Sarria", 19 abril 2008, p. 16.

Infórmase do acto onde a poeta Olalla Cociña recibiu o premio Fiz Vergara Vilariño. Recóllense as declaracións de Xosé A. Neira Cruz e de Xosé Álvarez Cáccamo, ademais das declaracións da gañadora que manifestou que a culpábel de recibir o premio é a súa nai e apuntou que no poemario traduciu "o legado da súa bisavoa Alicia".

- Montse Dopico, "Olalla Cociña. A poesía sanadora", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 714, 24 abril 2008, pp. 4-5.

Entrevista a Olalla Cociña, autora do poemario *Libro de Alicia*, que vén de gañar o VIII Premio Fiz Vergara Vilariño. Primeiro, a modo de introdución, achéganse algúns datos biográficos sobre a autora e logo a entrevista, na que a autora explica como escribiu a obra a modo de homenaxe á súa bisavoa Alicia, ou cales son os temas que quere expresar a través dos seus versos. Ademais ofrécese un estrato dun dos poemas da obra.

- Yolanda Castaño, “Cuartos de hotel”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “Días (des)contados”, 27 abril 2008, contracuberta.

Á maneira dun diario persoal, a autora comenta, entre outras cuestións, o acto de celebración da entrega do premio Fiz Vergara Vilariño a Olalla Cociña, cun poemario inspirado na súa bisavoa Alicia.

- L. P., “La obra ganadora del “Fiz Vergara” se presenta hoy”, *El Progreso*, “Sarria”, 12 decembro 2008, p. 20.

Dá conta da presentación do poemario de Olalla Cociña, *Libro de Alicia*, na Casa da Cultura de Sarria, gañador do VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariñ”.

Cousillas Novo, Diego, *Faltas de ortografía*, IX Premio Xohán Carballeira, Culleredo: Espiral Maior, 2008, 52 pp. (ISBN: 978-84-96475-92-2).

Primeira obra de Diego Cousillas Novo (Malpica, 1980) que obtivo o Premio de Poesía Xohán Carballeira do Concello de Bueu. Divídese en dúas partes: “Os 800 versos”, que constitúe un recordo dunha canción infantil e “Outros poemas” no que se atopa prosa poética e poemas cunha gran variedade métrica e temática e na que a disposición tipográfica nalgunhas ocasións resulta importante como en “Loispereiriana”. Advirte o autor ao comezo da obra que este poemario debe ser tratado como un xoguete aludindo ao carácter lúdico e perecedoiro co que el dota a súa poesía, ademais de incluír ao final unha “Fe de plaxios” na cal dá unha relación de todas aquelas intertextualidades en forma de versos homenaxe que se atopan no poemario.

Dávila Fernández, Berta, *Dentro*, XII Premio Avelina Valladares Núñez de Poesía, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O Cartafol de Vilancosta, n.º 9, setembro 2008, 50 pp. (ISBN: 978-84-96368-79-8).

Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) dedica este poemario, presentado ao Premio Avelina Valladares baixo o lema “A auga toda do teu corpo”, á súa afillada Irene, tal e como se precisa ao inicio da edición. Antes de comezar co texto poético da autora, recóllense uns versos de Manuel Antonio e de Dulce María Loinaz. A obra está dividida en tres partes: “un: a catarse”, “dous: sempre” e “tres: aquí”. Na primeira parte recóllese ao comezo o que Dávila denomina “Prólogo epistolar ao teu amor en verso”, escrito en Lisboa un xoves de xaneiro de 2005. Neste prólogo xa se vislumbra o ton que terá toda a composición. A autora, o eu lírico, contará a un ti, porque como ela mesma di, “este libro é para ti”, os pesares que está a sentir por perder o seu amor. As poesías non presentan unha rima determinada e o número de sílabas dos versos varía segundo o que se queira comunicar. Ao longo da obra faise un percorrido pola vida destes dous namorados nun tempo pasado que provoca agora no presente o malestar e a tristura da primeira persoa que está a amosar os seus sentimentos. A primeira parte conta con once poesías e remata cuns versos de C. Pavese, Enma Couceiro, Octavio Paz e María Lado, que dan paso á segunda parte. Esta consta de sete poesías, e só nunha delas se precisa a data e o lugar de composición, na sexta: “Praza da Quintana, venres 17 xuño 2004”. Nesta poesía en concreto inclúe versos en inglés que se mesturan co galego empregado no resto das composicións, isto é debido a que o seu amor, ese ti ao que dirixe a obra, é

“estranxeiro”, segundo sinala a propia autora. Esta segunda parte remata cuns versos de Estíbaliz Espinosa e José Luís Escudero. Na terceira e última parte o eu lírico segue expresando a necesidade dese amor que se foi e do que di que “ti segues a ser indispensable como a auga para a flor”. Esta parte consta de cinco poesías e na última, ao seu inicio, inclúense unhas verbas de Damien Rice. Nos últimos versos deste poema, que son os últimos de toda a composición, a voz en primeira persoa que fala ao longo de todo o poemario amosa a súa esperanza de voltar con ese amor, porque como ela mesma di “ás veces creo realmente que o meu futuro, / máis ou menos remoto, / segue a estar contigo”.

Referencias varias:

- R. Torres, “Berta Dávila gana el premio de poesía Avelina Valladares de A Estrada”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 10 maio 2008, p. 67.

Indícase que a moza compostelá Berta Dávila é a gañadora da XII edición do Premio de Poesía Avelina Valladares, que convoca o Concello da Estrada, co poemario *A auga toda do teu corpo*. Tamén se comenta en que consiste o galardón e quen son os membros do xurado, que salientan da obra “a súa linguaxe de alta tensión” e o “rigor constructivo no verso”. Por último, faise referencia á publicación do primeiro poemario da autora, *Corpo baleiro*.

- Lupe Gómez, “A pulsión consciente”, *Galicia Hoxe,* “MARÉ”, 30 maio 2008, p. 32.

Entrevista a Berta Dávila, autora de *Corpo baleiro* (2007) e *A auga toda do teu corpo*, gañador do galardón Avelina Valladares. A través de preguntas moi abertas e persoais, Lupe Gómez consegue presentar ao lector unha imaxe íntima da poetisa e, en especial, do que representa para esta o seu último libro.

- Lupe Gómez, “Era estranxeira?”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 737, “Estar nas nubes”, 30 novembro 2008, p. 9.

Afírmase que a Rosalía de Castro lle gustaría ter coñecido poetas novas galegas que dispoñen de recursos e armas dos que ela careceu, como Berta Dávila (1987), autora do libro *Dentro*, un conxunto de poemas de amor “que sentan ben no corpo e na alma”.

Duro Domínguez, Cándido, *Palabras como garabullos*, Pontevedra: Editorial Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo. Poesía, n.º 22, 2008, 62 pp. (ISBN: 978-84-9356-983-9).

Este poemario de Cándido Duro Domínguez (Pontecesures, 1965), que se abre cunha dedicatoria familiar, consta de cincuenta e dous poemas de temática variada e que se caracterizan pola súa brevidade, pois a maioría non ten máis de catro versos. A continuación, aparecen dúas citas traducidas ao galego de Pam Brown e Richard Bach. Algúns dos poemas céntranse en figuras prototípicas da sociedade galega (o labrego, o mariñeiro…), e outros na propia concepción da poesía por parte do poeta. Aparecen tamén varias composicións que falan de escritores galegos, como por exemplo, Gonzalo

Navaza, aínda que a maioría dos poemas son reflexións íntimas do poeta sobre o mundo e a existencia diaria na sociedade.

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "Fáltame disciplina para poñerme a escribir e a ler intensamente", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 15 xuño 2008, p. 32.

Antes de iniciar a entrevista dise que o poemario foi presentado na Biblioteca Púbica de Pontecesures por Sabino Torres e Elvira Riveiro Tobío. A seguir, recórdase que Duro é autor doutros tres poemarios, *Breixo, monólogo dun traballador baixo a choiva* (autoeditado en 1989); *O xardín das matanzas* (Asociación Cultural Santa Compaña, 1996); e *Rompendo os adivais da gorxa* (2001), e que a obra que publica agora supón unha ruptura no seu estilo, xa que está composta con pequenos poemas de temática trivial. Na entrevista Duro fala da dinámica de traballo que emprega e das súas orixes no campo da escrita.

Estévez, Asun, *Pel de muller*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Poesía, n.º 1, 2008, 90 pp. (ISBN: 978-84-7680-628-9).

Asun Estévez (Bueu, Pontevedra, 1966) comeza este poemario cunha dedicatoria á súa familia e ao lectorado e nunha especie de prólogo sen título fala do que significa a poesía para ela e xustifica o título. A continuación reprodúcense os trinta e seis poemas intitulados dos que consta o libro, repartidos en tres partes tituladas "Cinsenta espida", "Pel de muller" e "A peito descuberto". Na maioría dos poemas hai unha vontade de superar obstáculos, son poemas positivos nos que os versos son moi curtos e o eu poético é unha muller que parece mimetizarse coa natureza. Na primeira parte os poemas son, sobre todo, de temática amorosa e ás veces tenden ao erótico. Na segunda parte, abránguense máis temáticas, así en algúns poemas pon de manifesto o seu orgullo de ser muller e anima as mulleres a loitar, outros son sociais e neles trátase o racismo, entre outros temas; e outros están dedicados á xente que a apoiou na súa loita, como a nai, o fillo, o irmán ou unha amiga. Na terceira parte faise un manifesto a prol do sentimento de liberdade que sente despois de gañar a loita, polo que son na súa maior parte poemas existencialistas, aínda que tamén hai algún de tipo erótico. Finalmente, remata este poemario cunha nota de agradecementos.

Referencias varias:

- Belén López, "Asún Estévez: "A poesía foi para min como unha terapia", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 12 decembro 2008, p. 77.

Sinala a presentación no Auditorio Municipal de Cangas do poemario de Asun Estévez, *Pel de muller*, escrito antes e durante o seu tratamento por un cancro.

EsTévez, Eduardo, *CoNstrucións*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Diversos, outubro 2008, 57 pp. (ISBN: 978-84-87783-96-8).

As relacións e os intentos de relacións, en moitos casos fracasadas, son os protagonistas deste poemario de Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969), no que aparecen de continuo amores intuídos e encontros casuais no medio das rúas dunha cidade calquera. O amor vincúlase polo xeral á tristura que provocan os abandonos e o que non se fixo, así como ao sufrimento que en tantas ocasións este sentimento leva aparellado. En total, preséntanse vinte poemas de metraxes diversas. O poeta raras veces toma directamente a palabra como voz poética principal, pero aínda así, o seu sentir faise moi presente en todos os versos. Na maior parte dos casos, as estrofas aparecen protagonizadas por individuos ou, como moito, por parellas, o que incide na idea de soidade que leva aparellado o amor e o seu sufrimento.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "A procura da poesía na vida cotiá", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 32.

Destácase a narratividade do poemario, que pode facer preguntarse a algún lector se isto é poesía, cousa que así é malia poñer en dúbida criterios de autoridade. Faise unha analoxía entre poesía e beleza, pois o poemario convida á busca da beleza na vida cotiá, afagada como está de soidade, incomunicación ou o esquecemento. Sinálase o feito de ser este un poemario con personaxes, que lembran á Nova Narrativa.

Referencias varias:

- M. B., "Eduardo Estévez gaña o XIV 'González Garcés'de poesía con *Construcións*", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 26.

Dáse conta do autor e obra que resulta gañadora na XIV edición do Premio Miguel González Garcés de Poesía, o poeta Eduardo Estévez coa obra *Construcións*. Dise que o xurado valora a "contemporaneidade da súa escrita e a aposta do autor pola renovación da tradición estética galega" e que destaca a alta participación nesta edición. Tamén se comenta que, ademais dos seis mil cincocentos euros de contía do premio, a obra será editada pola Deputación da Coruña. Finalmente lémbrase que o gañador xa fora finalista na VII edición do premio cun accésit pola súa obra *Só paxaros saíron desta boca.*

- Rodri García, "Eduardo Estévez gaña o González Garcés coa obra 'Construcións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 maio 2008, p. 49.

Infórmase de que Eduardo Estévez foi o gañador do premio de poesía 'Miguel González Garcés" por *Construcións,* e de que se presentou baixo o pseudónimo de Ramón Caaveiro. Sinálanse algunhas impresións do autor, mentres que o voceiro do xurado comenta qué foi o que se valorou desta obra. Por outro lado, dise que o inicio da escrita do libro se pode ver na páxina web do autor. Para rematar, apúntanse os comezos de Estévez no mundo da literatura.

- D. S., "El González Garcés, para el poeta Eduardo Estévez", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 28 maio 2008, p. 5.

Dáse noticia da concesión do premio de poesía Miguel González Garcés a Eduardo Estévez por *Construcións*. Indícase que o certame está dotado de 6.500 euros e, segundo palabras do poeta, consolídase unha liña comezada en *Derrotas*, o seu anterior poemario. Noméanse os membros do xurado e apúntase que *Cabalos do alén na cidade das fábulas* foi distinguida cun accésit.

- Marta García Márquez, "A Deputación premia a Eduardo Estévez co González Garcés por 'Construcións", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Literatura", 28 maio 2008, p. 15.

Informa da concesión do premio González Garcés a Eduardo Estévez pola obra *Construcións*. Sinala que o galardoado opina que un poema "non debe ser un sitio acolledor", senón que debe "crear unha incomodidade intelectual", e explica que o título é o resultado dun experimento no que se colgaron as composicións na rede coa finalidade de que o público dese a súa opinión. Tamén se fai eco das declaracións vertidas por algúns membros responsábeis do certame.

- Gemma Malvido, "O coruñes Eduardo Estévez gaña o premio González-Garcés", *La Opinión,* "A Coruña", 28 maio 2008, p.13.

Anúnciase que o gañador do premio de poesía González-Garcés, dotado con seis mil cincocentos euros e a publicación da obra cunha tirada de mil cincocentos exemplares é o arxentino-coruñés Eduardo Estevez coa obra *Construcións.* Dise que a obra resultou elixida entre os cincuenta e seis orixinais que se presentaron ao concurso pola súa "aposta pola renovación da estética tradicional e a súa liña de construción expresiva" en palabras do voceiro do xurado, Manuel Forcadela. Aclárase que o proceso de creación foi atípico xa que o autor compartía dende o seu blog os versos que ía compoñendo organizando mesmo enquisas para decantarse por un ou outro final dun mesmo poema, feito que el cualifica de "experiencia moi enriquecedora". Tamén se recolle o parecer de Eduardo Estévez, que sinla que se trata dun libro de poemas narrativos que busca a reflexión nas pequenas cousas cotiás.

- M. Dopico, "O que significa vivir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 28 maio 2008, p. 33.

Eduardo Estévez, gañador do XIV Premio Miguel González Garcés polo seu libro *Construcións*, afirma estar moi contento pola concesión do galardón, pois na súa opinión, implica moita responsabilidade. Por outra banda, infórmase que o poemario foi escollido entre cincuenta e cinco orixinais. Estévez comenta o significado da súa obra e apunta ademais que se trata dunha serie de "reflexións, a modo narrativo, sobre o que significa vivir". Salienta que é o resultado dunha experiencia literaria en internet, que comezou a amosar hai dous anos nun blog.

- M. J. R.**,** "O que fai que estes textos sexan poemas é a mirada sobre os detalles", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Cultura", 1 xuño 2008, p.14.

Entrevista ao escritor Eduardo Estévez tras gañar o premio González Garcés de poesía coa súa obra *Construcións*. Dise que o autor é o director dos obradoiros literarios de Fene e das Pontes e que xa recibira un accésit deste premio en 1997. Fálase sobre a

temática do libro no que o autor formula "dúbidas, reflexións e preguntas para que o lector constrúa a súa propia verdade" con textos que, segundo el mesmo di, son "pequenos relatos sempre relacionados con elementos moi pequenos da cotidianidade". Destácase tamén que o ilustrador da obra é o poeta e artista plástico, Baldo Ramos, grande amigo do autor.

- Lupe Gómez, "Aire en circulación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 decembro 2008, p. 35.

Entrevista con Eduardo Estévez por mor da publicación do seu poemario *Construcións*, do que destaca a soidade como eixo temático e a orixe do libro en formato blog.

Figueroa Panisse, Adela, *Xanela aberta*, limiar de Marica Campos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, maio 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-8485-286-5).

Obra poética de Adela Figueroa Panisse (Lugo, 1947), con limiar de Marica Campo e dividida en dúas partes: "Cántiga para Maria" e "O país de Maria". No limiar, que leva por título "Xanela aberta: *María á procura da luz*", compárase a autora coa nena que fai de guía en *Cantares Gallegos*, xa que vai dirixindo, ao longo do libro, o percorrido que ha de levar á luz, ao coñecemento que rache cos muros de silencio. A continuación, sinálanse os diversos muros e ameazas aos que a autora fai referencia e a terra feminizada á que apela como posuidora da forza de cambio e fonte de esperanza. A primeira parte consta de vinte poemas de versos curtos, agás no caso do último, onde se fan máis longos. Neles, repítese a figura da luz do día e anímase a María a que lle perda o medo, se deixe alumear por ela e a persiga. A progresión cara a unha maior actuación continúa cando se lle pide que se rebele contra todo aquilo que creba a luz, e se lle amosa o amor como a mellor arma para loitar. Tamén se introduce a idea da forza da terra, que terá moita presenza na segunda parte. O desamor amósase, sobre todo, na guerra, onde a *negra sombra* de Rosalía cobra unha nova dimensión, ademais de apareceren as Marías de Faluya e Palestina, e tamén as que veñen en caiuco. Na segunda parte, formada por doce composicións, retórnase á María de terras galegas, se ben a personaxe perde agora presenza en favor da paisaxe. Destacan, sobre os demais elementos, o río e o mar, retratados como forza de flutuación, de cambio, aínda que tamén hai espazo para a enerxía do vento, e a guerra muda por un dragón, metáfora do capitalismo. Completan o conxunto dúas elexías, polas mortes do poeta Manuel María e de Antonio Figueroa, pai da autora, para quen semella clave manter as lembranzas e ter presente a dor.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Adela Figueroa publica en Ediciós do Castro o seu segundo poemario", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 agosto 2008, p. 60/"A esperanza da luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 agosto 2008, p. 28.

Informa sobre a próxima presentación do poemario de Adela Figueroa, *Xanela Aberta*, con ilustracións de Celsa Sánchez. Apunta que a autora sinala que o libro está dedicado á reafirmación social da muller, que aínda sofre as consecuencias dunha sociedade patriarcal.

Fonte, Ramiro, *Reversos (días adiados)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2008, 161 pp. (ISBN: 978-84-9782-921-2).

Este poemario do finado escritor eumés Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-Barcelona, 2008), *Reversos (Días adiados)*, leva unha cita introdutoria en idioma catalán do poeta Joan Maragall. A temática é sumamente variada: composicións dedicadas a estrelas do Hollywood dourado ("Ryta Hayworth" ou "Judy Garland"), a escritores ("Josep Pla" ou "William Faulkner"), cantantes ("Ella Fitzgerald ou "María Callas") ou mesmo as paisaxes da súa vila natal ("Praza das Angustias" ou "Polas ribeiras do Eume"), como tamén trata as lembranzas da súa infancia ("Tendiñas"). Trátase dun poemario caracterizado pola súa heteroxeneidade e formado por máis de cento dez poemas de extensión variada, onde algúns como "Cartografía" (p. 53) conta cunha soa estrofa, e outros como "Alfarrabista" (p. 112) contan con catorce estrofas.

Recensións:

- Ramón Raña, "Depuración expresiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, "Libros", 27 novembro 2008, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 209, "Letras Galegas", 6 decembro 2008, p. 10.

Precísase que o poemario *Reversos*, de Ramiro Fonte, é o resultado dunha fonda investigación do poeta na tradición poética galega. Sendo o seu derradeiro poemario destácanse as influencias de poetas como Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas ou Rubén Darío e Charles Baudelaire. Apúntase que predominan as composicións métricas diversas, malia non escasear os sonetos, e a temática diversa: dende paisaxes da vila natal do poeta até poemas dedicados á Lisboa, pasando por homenaxes a actrices do Hollywood clásico ou a amigos poetas. Indícase tamén como eixo temático, a conciencia da dor da vida, da finitude da existencia.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Esquío presenta una antología de Ramiro Fonte", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 setembro 2008, p. 50.

Dá conta da próxima aparición dunha antoloxía do poeta eumés Ramiro Fonte na colección "Esquío de Poesía" da Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol, conmemorando a entrega do Premio Porto Magno do Concello de Ferrol.

- Daniel Salgado, "Fallece con 51 años el poeta Ramiro Fonte, una de las voces de la Xeración dos 80", *El País* , "*Galicia*", "Luces", 12 outubro 2008, p. 9.

Comunícase o falecemento do escritor eumés Ramiro Fonte e faise un percorrido pola súa traxectoria literaria destacando a calidade da súa poética, a súa paixón polo mundo lusófono e a súa gran contribución á literatura galega. Por último noméanse a triloxía autobiográfica *Vidas de infancia* (2007) e o libro de poemas *Reversos*, publicado postumamente.

- Ágatha de Santos, “Morre o poeta galego Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes de Lisboa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 12 outubro 2008, p. 42.

Infórmase do falecemento do poeta Ramiro Fonte e faise unha lene descrición da súa traxectoria vital e literaria. Tamén se engaden as palabras dedicadas por algúns amigos do poeta que o cualifican como un dos mellores poetas da literatura galega contemporánea. Por último, destácanse especialmente dúas obras do poeta que se publican en edición póstuma, *Xardín do pasatempo* e *Reversos*.

- César Casal, “Fonte, Ramiro”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 14 outubro 2008, p. 16.

Faise eco do pasamento do poeta eumés Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes en Lisboa, e do que destaca a calidade lingüística da súa produción literaria, tanto en narrativa coma en poesía.

- Ramón Loureiro, “Galicia perde a Ramiro Fonte, unha das maiores voces das súas letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 outubro 2008, p. 58.

Dá conta do pasamento do poeta eumés Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes de Lisboa e recolle a opinión de diferentes persoeiros como César Antonio Molina ou Emilio Pérez Touriño sobre o finado escritor. Tamén recolle extractos dunha entrevista do suplemento “Culturas” na que o poeta se queixaba da escasa trascendencia da súa obra por mor da súa independencia.

- Fran P. Lourenzo, “A poesía perde a Ramiro Fonte”, *Galicia Hoxe*, “Cultura”, 12 outubro 2008, p. 67.

Recolle o pasamento do poeta eumés Ramiro Fonte, do que destaca a calidade da súa obra poética, mistura de clasicismo e modernidade, e o seu recurso aos clásicos en toda a súa obra, que o convertiron nun autor atípico dentro do canon da literatura galega contemporánea. Dá conta tamén da próxima publicación dunha antoloxía poética na colección “Esquío” da Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol e da publicación do longo poemario *Reversos* pola Editorial Xerais.

- A. R. López, “O poeta do rigor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 outubro 2008, p. 34.

Infórmase do falecemento do escritor Ramiro Fonte, do que se di que é unha das voces que cohesionaron os principios estéticos da Xeración dos 80. Destácase que, xusto dous días despois da súa morte, chegan ás librerías os exemplares de *Reversos*, o poemario que foi escribindo nos seus últimos meses de vida. Tamén se di que en breve se publica outro libro de poesía infantil que dedica á súa afillada, *Xardín do pensamento.* Coméntase finalmente como era a súa escrita, marcada polo culturalismo da súa xeración, e dise que a súa obra capital é a triloxía narrativa sobre a súa infancia.

- A. R. López, “Adeus norte”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 outubro 2008, p. 35.

Coméntase o falecemento do escritor Ramiro Fonte, pertencente á Xeración dos 80, e faise un percorrido pola súa traxectoria literaria e vital a partir da que se considera a súa obra “cenital”, *Adeus norte* (1991), coa que cambiou o rumbo da súa poesía. Recóllense tamén as palabras de varios compañeiros de xeración como Román Raña, Xosé María

Álvarez Cáccamo ou as do editor Manuel Bragado, que lembra a presentación do primeiro volume da triloxía de memorias do escritor, *Os ollos da ponte.* O artigo complétase coa reprodución do poema "Cabo prior", pertencente ao seu último poemario *Reverso*.

- M. J. R., "Centos de persoas despiden ó escritor eumés Ramiro Fonte Crespo na súa vila natal", *Diario de Ferrol*, "Letras", 14 outubro 2008, p. 12.

Dá conta do enterro do poeta eumés Ramiro Fonte na súa vila natal de Pontedeume e anuncia a publicación de *Formas do tempo. Antoloxía 1995-2008* (Colección Esquío, Sociedade de Cultura Valle-Inclán), *Xardín do Pasatempo* (Edicións Tambre) e *Reversos* (Editorial Xerais).

- Daniel Salgado, "A voz transparente de Ramiro Fonte", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 31 outubro 2008, p. 7.

Estúdanse os dous últimos poemarios de Ramiro Fonte que se publican xa postumamente, *Reversos* na editorial Galaxia e *Xardín do pasatempo* na editorial Tambre, subliñando a procura da musicalidade que o autor sempre se preocupou de inserir nos seus textos. Tamén se achegan as impresións que a súa obra poética deixou noutros autores galegos como Mario Regueira ou Xosé María Álvarez Cáccamo.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Libros", 20 novembro 2008, p. VII.

Cítanse a modo de recomendación *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo; *Nos dominios da incerteza* (2007), de Manuel Blanco Desar; *Xanciño de Zoxín*, de Xosé Fuentes Alende; e *Reversos*, de Ramiro Fonte.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Letras en galego", "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, entre as que salienta a obra póstuma *Reversos*, de Ramiro Fonte da que se afirma que "é xa patrimonio de todos os galegos", e as obras de Xosé Carlos Caneiro, Xavier P. Docampo, Xulio López Valcárcel, Luís González Tosar e César Antonio Molina.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Loa o libro *Relatos Completos*, de Camilo Gonsar, de quen lamenta a pouca repercusión que acada a súa obra no público galego. Asegura que o mercado o domina todo impoñéndose sobre a literatura e a arte. Gaba tamén o derradeiro libro de poemas de Ramiro Fonte, *Reversos*, e remata alegrándose polo feito de que Xerais traduza ao galego dous autores cataláns que el xulga indispensábeis: Sergi Pàmies, *Se comes un limón sen facer xestos*, e Quim Monzó, *Mil cretinos* e *Vinte e nove contos*.

Fontes, Carlos, *Quero colo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 203, decembro 2008, 111 pp. (ISBN: 978-84-96475-99-1).

Poemario de Carlos Fontes (Vilaboa, Pontevedra, 1968) que se abre cunha dedicatoria e co poema "Invitación", no que manifesta que "escribir poesía é, pois, un acto amoroso, un dereito humano, un dereito individual de manifestación". Xa que logo, ofrécese un canto ao amor en toda a súa plenitude cunha fonda pegada intimista no que o eu lírico se dirixe á amada para amosarlle os seus sentimentos a través dos recordos e a experiencia compartida. Son frecuentes as contraposicións de elementos positivos e negativos (sombra/luz, outono/primavera, frío/calor, ausencia/presenza...) e a simboloxía artéllase ao longo dos cen poemas en terreos ou estados que denomina "Fronteira", "Territorios", "Continentes", "Desterro" ou "Exilio", así como en cidades (Lisboa, Porto ou Bos Aires). A medida que avanza a obra, aparecen tamén temas sociais de carácter combativo, que deixan constancia dunha visión negativa da sociedade. A expresión é fundamentalmente libre mais encontránse pezas como un soneto ou coplas. Os poemas conteñen tanto versos curtos como longos e a maioría levan título e van en maiúscula. Remata o poemario co verso "Quero disculparme coas metáforas non descubertas".

Referencias varias:

- Manuel Jabois, "A realidade golpea e interroga", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 30 decembro 2008, p. 76.

Entrevista a Carlos Fontes, autor do poemario *Quero Colo*, quen ve a súa obra como o resultado dunha responsabilidade social. De feito, encadra a súa produción na escritura militante.

Forcadela, Manuel, *Música de cinza*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 56, setembro 2008, 105 pp. (ISBN: 978-84-9865-119-5).

A edición do poemario de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958) ilústrase cunha imaxe obtida do cadro *Safo* (1877) de Charles-August Mengin, na cal aparece retratada cunha lira, sen dúbida con relación ao seu papel clave na poesía occidental. O texto vai precedido por unha cita do filósofo francés Jacques Derrida, ao que lle segue unha exhortación ao lector no poema "Deposición das armas", na que o poeta lle pide desbotar prexuízos: "Mellor deixar atrás as armas, as espadas / E espir aquela parte da ollada que procura / O novo sobre o mundo, o insólito e o xusto". A temática, ao igual que a extensión, é moi variada, dende reinvencións de escritos doutros poetas ("Variacións sobre un soneto de Shakespeare"), textos dedicados a compañeiros académicos ou escritores ("Carta a Carme Fernández Pérez-Sanjulián", con fasquía de carta autobiográfica, ou "Luisa Villalta, póstuma, entrevista") ou poemas sobre a dor e a morte ("Sal"). É de destacar a presenza, en numerosos casos, de citas doutros escritores precedendo un poema, caso de William Blake, Bataille, Cervantes ou André Breton.

Recensións:

- Román Raña, "Edificar un canto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Libros", 20 novembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 208, "Letras galegas", 29 novembro 2008, p. 11.

Fálase sobre o poemario de Manuel Forcadela *Música de cinza*, con especial énfase na relación entre música e poesía. Dáse conta da traxectoria do poeta, cuxo primeiro poemario foi *Ferida acústica de río* (1982), no cal está moi presente a estreita relación entre poesía e música, unha constante na produción poética de Manuel Forcadela. Destácase a variada temática do poemario, dende a melancolía ("O son da miña idade"), até a lembranza de compañeiros desaparecidos ("Luísa Villalta, póstuma, entrevista"), pasando polo deleite ao ollar o mundo ("Fotos"). Saliéntase igualmente o uso do verso alexandrino e dos encabalgamentos, que contribúen á fluidez da sintaxe.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. VII.

Cítanse a modo de recomendación os *Relatos completos*, de Camilo Gonsar; *Caderno de notas*, de Jenaro Marinhas del Valle; e *Música de cinza*, de Manuel Forcadela.

García, Xosé Lois, *Pórticos do gozo (Poemas a Pantón)*, prólogo de Vicente Araguas, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 11, 2008, 132 pp. (ISBN: 978-84-96673-49-6).

Xosé Lois García (Lugo, 1945) revisa parte da xeografía galega facendo unha gabanza das igrexas que adornan a terra galega. No prólogo que abre este volume, datado en Neda no Nadal de 2006, Vicente Araguas eloxia a traxectoria polifacética do autor. Asemade explica que o topónimo do título, *Pantón*, reflicte espanto e expresa admiracións diante da beleza. Remata cualificando esta obra como un "exceso telúrico, unha gloria terreal" que leva aos pórticos do gozo. O poemario comeza na beira do río Miño, que atravesa Galicia xunto cos seus múltiples afluentes. En "río abaixo ou río arriba", o poeta vai construíndo unha historia dos monumentos relixiosos máis significativos e dos seus compoñentes arquitectónicos máis dignos de atención. *Pórticos do gozo*, tal e como o seu propio título indica, fai un percorrido polos distintos pórticos que adornan a vida relixiosa de Galicia. A obra conta cunha voz narrativa en primeira persoa que afonda no sentimento de gozo do observador.

González Tosar, Luís, *Estúrdiga materia*, limiar de Xosé Méndez Ferrín, Vigo: Editorial Galaxia, maio 2008, 113 pp. (ISBN: 978-84-9865-103-4).

O poeta Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) presenta neste poemario unha recompilación de máis de trinta poemas de diversos temas centrados na cultura galega e na propia terra do autor, Ourense. O libro conta cun limiar do poeta e narrador Xosé Luís Méndez Ferrín, que rememora a traxectoria de Tosar como figura crítica e creadora da literatura galega, así como con seis ilustracións de Manuel Quintana Martelo. A obra comeza cun diálogo entre Eduardo Blanco Amor e mais o autor, no que falan do que é a poesía dun modo irónico. A continuación, os diversos poemas agrúpanse en tres

bloques: o primeiro, “Abrente encadullado na blasfemia, xuramento”, conta con once composicións entre as que se atopan “Canta ouriolo canta” ou “Con aborrecido aceno”; o segundo bloque, intitulado “Matria caroal no luscofusco”, está formado por oito poemas con títulos como “Ordo ab chao”, e inclúe unha “Elexía a Carlos Casares”; a terceira parte, “Contraverso setestrelo” conta con seis composicións que levan por título “Auga”, “Viño” ou “Lume”, entre outras; e na cuarta e última parte recóllense un total de cinco composicións baixo o título “Brilla, tesoura de Átropos”, con poemas como “Amor de Afrodita”. Remátase o volume cunha páxina de dedicatorias.

Recensións:

- Carlos G. Reigosa, “A lei do poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 278, “Literatura en galego”, “Libros de outono”, “Cliché de página”, 6 setembro 2008, p. 6.

Recóllense uns parágrafos do prólogo de Méndez Ferrín para loar a calidade do poemario *Estúrdiga materia*, de Luís González Tosar. Destaca o coidado do galego do poemario, galego dialectal propio da zona do Irixo. Apúntase que a intimidade e sentimentalidade da obra é equiparábel á obra de poetas como Rosalía de Castro ou Walt Whitman, e outórgalle unha gran calidade ao poemario, pois cada un dos poemas mostran unha gran sensibilidade, xa que “A terra e o sentimento inzan xuntos nas súas palabras” contando ademais co influxo da pintura. Saliéntase que “A súa autenticidade convértese nunha súpeta denuncia da nosa artificialidade”. Remátase precisando que o mérito deste poemario radica en ir “desde el a nós” e “sen ceder nunca o ramal a ningunha tentación alleeira”.

- Ramón Nicolás, “Memorial do eu, memorial de nós”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 279, “Letras en galego”, 13 setembro 2008, p. 13.

Alúdese ao constante diálogo que se estabelece en *Estúrdiga materia* con poetas como Eduardo Blanco-Amor, Celso Emilio Ferrreiro, Ramón Cabanillas ou Luís Pimentel. Destácase a extraordinaria riqueza léxica do poemario, que mesmo pode empecer a súa lectura. Enténdese o poemario como unha sorte de *work in progress* de variada temática (memoria, lingua, identidade…)

- Ó. I., “Vivimos nun tempo de hipócritas”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces de Galicia”, 19 setembro 2008, p. 7.

Destácase a idea da morte como medula do poemario. Indícase que o poeta incorpora ao poemario cotas da paremioloxía popular, alén da presenza de poetas como Ramón Cabanillas, Uxío Novoneyra ou Xohana Torres. Sinálase que o poeta critica a desconexión entre lingua falada e escrita, de aí a súa reivindicación de palabras galegas hoxe en día de escaso uso. Faise tamén un percorrido biográfico do poeta, do que se destaca a súa pertenza ao goberno Fraga malia a súa ideoloxía comunista.

- Román Raña, “No ‘humus’ da aldea”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 260, “Libros”, 25 setembro 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 201, “Letras galegas”, 4 outubro 2008, p. 11.

Comézase loando a figura de Luís González Tosar, antes de analizar o seu poemario *Estúrdiga materia*, do cal se indica que se divide en catro seccións: "Abrente encandullado na blasfemia", "Matria caroal no luscofusco", "Contraverso Setestrelo" e "Brilla, tesoura de Átropos". Sinala o gran coidado no emprego da linguaxe, pois recóllense termos en desuso, situándose González Tosar na liña de escritores como Antonio Noriega Varela ou Ramón Otero Pedrayo, fondamente atentos ao coidado do idioma, vencellando o uso do galego ao amor pola terra. Precisamente, apúntase que a emigración ás cidades dos habitantes do rural é o tema de poemas como "Aveños para canción" ou "Resignación dos ermos". Situáse como eixo temático do poemario á saudade da terra e dos seres queridos.

- Bieito Iglesias, "Ermo e conventillo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 13.

A publicación do poemario d'*Estúrdiga materia*, de Luís G. Tosar, serve para evocar unha das imaxes que se recrean na obra, na que aparece un tarro de mel nun contexto doméstico. Cualifícase a poesía como elexíaca, na que predominan os elementos do universo rural e na que tamén aparece a evocación do espazo da infancia en Bos Aires. Saliéntase que outros dous temas tratados son o da beleza da mocidade e o presentimento da morte. Das pegadas doutros autores detéctase a influencia de X. L. Méndez Ferrín, aínda que se considera epigonal e prescindíbel, así como un ton de malditismo que sospeita que vai molestar a algúns.

- Xesús Alonso Montero, "Curros Enríquez en González Tosar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 284, "Letras en galego", 18 outubro 2008, p. 12.

Faise un breve percorrido pola carreira poética de Luís González Tosar, dende o seu primeiro libro, *A caneiro cheo* (1985), até *Remol das travesías* (1989). Destácase a riqueza léxica do poemario, que recolle o galego dialectal da bisbarra do Irixo, así como a inclusión de versos doutros autores como Eduardo Blanco-Amor, Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro.

- Vicente Araguas, "A lingua é materia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 504, "Libros", 26 outubro 2008, p. 20.

Gábase o esforzo de Luís González Tosar polo seu coidado léxico, que é considerado unha necesidade tendo en conta o perigo que sofre o galego de ser contaminado polo español. Faise un repaso por algúns dos poemas dos que se compón o libro e destácase a irregular calidade dos mesmos, dende poemas longos ("Dixeches pola sega do centeo") de calidade até poemas que non pasan de seren simples repeticións de tópicos ("Elexía a Carlos Casares").

- Xosé María Costa, "González Tosar e o son da memoria", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 34.

Destácase a forte presenza do tempo co seu paso e a perda que isto supón como un dos eixes temáticos do autor. Recóllense diversos fragmentos de poemas, onde están presentes a tristeza, o son fugaz, a resignación e a nostalxia, a melancolía ou o desamparo. En definitiva, retrátanse as consecuencias dos días dominados pola rutina.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, "A literatura é compromiso, tamén gozo e paixón; nunca frustración, resentimento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, 26 xuño 2008, p. III/ "A literatura é compromiso, tamén gozo e paixón; nunca frustración, xamais resentimento", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, 5 xullo 2008, p. 4.

Recórdase, antes de iniciar a entrevista, que Luís González Tosar publica este poemario logo de dez anos de silencio editorial. A través das súas respostas, González Tosar expón a súa visión particular da literatura e da realidade que viven as letras en Galicia. Entre outras cuestións, lamenta o mal uso que fan moitos autores da lingua, no que el dá en cualificar coma unha actitude de "desleixo". Así mesmo fala do plan "Ínsua dos Poetas", o proxecto de crear nos montes de Esgueda (O Carballiño) un espazo natural para actividades literarias.

- Marcos Valcárcel, "Tres poetas", *Galicia Hoxe*, "A contra", 12 xullo 2008, contracuberta.

Sinala a publicación de varios poemarios, entre os que cita *Estúrdiga materia*, de Luís González Tosar.

- Concha Pino, "Fichar en la bibliopiscina del Sar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 15 xullo 2008, p. 12.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela do libro de Luís González Tosar *Estúrdiga materia*, con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín e ilustracións de Manuel Quintana Marcelo.

- Carme Nogueira, "Cuestión de elección…", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 15 xullo 2008, p. 70.

Faise eco da presentación no Centro Social Caixanova en Vigo do poemario de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*, coa presenza do autor das ilustracións Manuel Quintana Martelo.

- M. G., "Ferrín destaca la aportación de Tosar a la lengua gallega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 xullo 2008, p. 68.

Dá conta da presentación no Centro Social Caixanova de Vigo do poemario de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*, con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín e ilustración de Quintana Marcelo. Recolle a intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín, que destaca a calidade lingüística e a dimensión nacional da obra de Tosar.

- M. V., "González Tosar presenta *Estúrdiga materia*", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "Cultura", 17-23 xullo 2008, p. 38.

Refírese á publicación do poemario de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*, con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, e ilustracións de Quintana Martelo. Destaca o uso do léxico por parte de Lúis González Tosar, característica presente dende a súa primeira obra *A caneiro cheo* (1985).

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Estúrdiga materia”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, 18 xullo 2008, p. 3.

Alude ao libro de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*, que presenta un prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín e ilustracións de Quintana Martelo, ao tempo que repasa a súa traxectoria literaria.

- Anxa Correa, “Nin as grandes obras de arte están rematadas, todo está por superar”, *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 20 xullo 2008, p. 32.

Entrevista a Luís González Tosar con motivo da publicación do seu poemario *Estúrdiga Materia*. Faise un repaso á lingua e temática do libro, así como ao seu labor como presidente do Pen Clube Galicia.

- Marcos Valcárcel, “Méndez Ferrín”, *La Región*, “Sociedad”, “Pan por pan”, 22 xullo 2008, p. 61/“Méndez Ferrín, profesor”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “Andoliña”, 23 xullo 2008, contracuberta.

Informa da xubilación de Xosé Luís Méndez Ferrín, despois de trinta anos dando clases. Di que polas súas aulas pasaron centos de alumnos, entre eles moitos escritores, coma Luís González Tosar que presentou ese día o seu poemario *Estúrdiga materia*.

- Imanol Hernández, “González Tosar reúne en su libro, más de 30 poemas sobre la ‘ourensanía”, *La Región*, “Ourense”, 23 xullo 2008, p. 8.

Dá conta da presentación do poemario de Luís González Tosar *Estúrdiga*, materia que recolle máis de trinta poemas escritos ao longo dos últimos sete anos. Sinala que a obra leva un prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín e seis ilustracións de Manuel Quintana Martelo.

- Manuel Vidal Villaverde, “É o momento de levar a cabo unha alianza, un gran Pacto polo idioma”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 xullo 2008, p. 30.

Entrevista con Luís González Tosar con motivo da publicación do seu novo poemario *Estúrdiga materia*, onde sostén a necesidade dun pacto entre todos os sectores sociais en prol da lingua galega. Dedícase un amplo espazo a súa biografía (nacemento e adolescencia en Bos Aires, estudos en Vigo e Santiago, e participación en movementos comunistas nos últimos anos do franquismo) e actividades literarias (narrativa como *Estación marítima, contos da diáspora* (1996) ou poesía como *A caneiro cheo* (1986).

- Anxo Tarrío Varela, “Paratextos para LG Tosar”, *Galicia Hoxe*, “De letras e signos”, 30 xullo 2008, contracuberta.

Respóndese aos comentarios do autor d’*Estúrdiga materia* minusvalorando os paratextos cunha explicación sobre estes elementos que rodean o texto. En primeiro lugar, indica que se trata duns elementos imprescindíbeis para que o texto chegue aos receptores. A seguir, explícase que a gama de posibilidades é moi ampla e para rematar emprégase como exemplo os paratextos arredor da obra de Luís García Tosar: título,

ilustracións, encadernación, editorial, prólogo, dedicatorias, crítica literaria, presentacións ou publicidade, entre outros.

- Manuel Vidal Villaverde, "Entullos da materia", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 416, "Musas", 3 agosto 2008, p. 55.

Entrevista con Luís González Tosar con motivo da publicación do seu novo poemario, *Estúrdiga materia*, onde sostén a necesidade dun pacto entre todos os sectores sociais en prol da lingua galega.

- M. G. M., "González Tosar reúne 20 anos de poesía en "Estúrdiga materia", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 5 agosto 2008, p. 15.

Recolle a presentación na Feria do Libro da Coruña do poemario de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*, con prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín e ilustración de Manuel Quintana Marcelo.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Tras describir brevemente as novidades en narrativa, tanto de adultos como infantil e xuvenil e sinalar a mestura de xéneros e historias coma un elemento común de varias delas,
preséntanse poemarios como o descrito nesta ocasión, *Estúrdiga Materia*, de Luís García Tosar, así como *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, e *Amor, amén*, de Yolanda Zúñiga. A seguir, sinálanse varias monografías de ensaio.

- Lara Rozados, "Teño unha insua de cen ferrados para dedicar á poesía", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Cultura", 11-17 setembro 2008, p. 39.

Atende a figura de Luís González Tosar con motivo da publicación do seu poemario, *Estúrdiga materia*, con limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín e ilustracións de Manuel Quintana Martelo. Fai un breve percorrido pola súa biografía e diferentes publicacións.

- Concha Pino, "Creadores con nombre propio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 12 setembro 2008, p. 16.

Dá conta da presentación no Consello da Cultura Galega do poemario de Luís González Tosar *Estúrdiga materia*, con ilustracións de Manuel Quintana Martelo, e cuxos poemas foron recitados por diferentes poetas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Abismos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 281, "Letras en galego", "Club Dandi", 27 setembro 2008, p. 11.

Fala neste artigo das súas percepcións sobre unha serie de libros, entre os que destaca ao poemario *Estúrdiga materia*, de González Tosar, do que subliña que é "materia de fonda reflexión e prístina lingua". Tamén cita *Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra.

- Manuel Villar, "Sigo siendo un rebelde de aldea", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 427, "Personajes", 19 outubro 2008, p. 53 /"Sigo sendo un rebelde de aldea e estou

contra o galego dos señoritos, defendo o enxebre", *La Región*, "Sociedad", 26 outubro 2008, p. 72.

Entrevista a Luís González Tosar co gallo da publicación do seu poemario *Estúrdiga materia*, no que se fai un repaso a súa biografía (nacemento en Bos Aires, volta á Galicia de neno ou a Universidade de Santiago nos anos setenta). O texto do xornal *La Región* tamén inclúe unha breve introdución de Manuel Villar previa á entrevista.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Letras en galego", "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, entre as que salienta *Estúrdiga materia*, de Luís González Tosar, cualificada como "auténtico monumento", ademais das obras de Ramiro Fonte, Xosé Carlos Caneiro, Xavier P. Docampo, Xulio López Valcárcel, e César Antonio Molina.

González Vigo, Marcial J., *Cantigas da Fonte Arcada*, Lugo: Citania Publicacións, 2008, 346 pp. (ISBN: 978-84-8231-001-5).

Groso volume recompilatorio de poesías inspiradas nas cantigas populares inspiradas en Lugo e os seus arredores así como as súas xentes e a súa historia. As diferentes composicións poéticas preséntanse baixo a forma de cantigas populares con metros curtos e alternancia de rima asoante e consoante. Non se indica ningunha explicación do contido da recompilación nen presenta un índice das composicións. Nas primeiras cantigas evócanse o pasado e a orixe castrexa de Lugo e a súa posterior romanización con referencias a castros ou heroes lendarios como Breogán ou Mocai. Logo as cantigas están dedicadas a diferentes persoas que parecen ter relación coa vida do autor ou coa propia vila lucense, algunhas delas xa morreron ou outras acaban de nacer ou teñen poucos anos. Nos diversos poemas estabelécese un diálogo coa natureza evocada e mesmo coa xente que aparece retratada.
Algúns dos poemas van precedidos de dedicatorias onde se loa á persoa e mesmo se apuntan datos da súa vida persoal. Acompáñanse as composicións líricas de fotografías desas persoas, cun pé de foto co seu nome, e de lugares representativos da vila e da comarca lucense.

Graña, Bernardino, *Acendede as almenaras. Cántigas de amor, de amigo e de* escarnio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 18, febreiro 2008, 70 pp. (ISBN: 978-84-9782-703-4).

Bernardiño Graña (Cangas, 1932) reúne neste libro poemas inéditos escritos dende a década dos oitenta até hoxe. O libro consta de tres partes ("De amor", "De amigo" e "De escarnio") e unha especie de introdución onde o autor nos di que aínda que a clasificación soa a medieval non o é e que é un recompilación de poemas que foron publicados en revistas literarias e outros que nunca viron a luz até agora. A primeira parte consta de poemas moi curtos que teñen como protagonista o mar das Rías Baixas, sobre todo o de Cangas. Estes poemas, que moitas veces están agrupados e numerados baixo un mesmo título, son de amor e a súa voz poética é a dun home que se dirixe á

súa "amiga" ou "colega". Os poemas da segunda parte son individuais, intitulados e longos; non son poemas de amor senón que son composición dedicadas a algún "amigo", entre os que están escritores galegos de renome que el admira como Manuel Curros Enríquez, aínda que tamén lle dedica un a un escritor castelán: Antonio Machado. A maioría deles foron escritores que el tratou en vida pero que xa morreron, de feito só aparece unha escritora viva, Xohana Torres, e tamén se lembra de pintores como Laxeiro ou Camilo Caamaño Xestido. A última parte consta de poemas sen unha extensión determinada e todos intitulados, nos que con ironía fai unha crítica social tanto a persoas ou institucións que se moven polos cartos coma políticos, a Igrexa, etc., así como a males sociais como a contaminación ou a emigración.

Recensións:

- Héitor Mera, "Xerfa saudable", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, "Libros", 28 febreiro 2008, p. 5.

Comeza con ton laudatorio, defendendo a calidade da poesía de Bernardino Graña, un autor de traxectoria probada, e di que este traballo é resultado dun proceso de constante relectura. A continuación pasa a destacar a calidade do novo poemario, composto por poemas de temática filosófica, amorosa, social... que o autor foi escribindo ao longo dos anos en diferentes revistas ou que desbotou no seu momento para introducilos noutros poemarios. Explica que a obra leva por subtítulo "Cantigas de amor, de amigo e de escarnio", o que supón un adianto das tres grandes seccións que integran o poemario: un prólogo que serve a modo de despedida do autor; unha primeira parte composta por poemas de ton amoroso; a segunda, dedicada a Antonio Machado, Antonio Noriega Varela, Camilo Caamaño... autores todos cos que trabou amizade nalgún momento da súa vida; e unha última parte, de ton satírico, que Graña dirixe a todos aqueles que "non aman nin saben de amor." Por último, comenta que "é unha marabilla deixarse levar por estes versos."

- Xosé Carlos Caneiro, "Libros do existir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", "Club dandi", 22 novembro 2008, p.13

Recoméndase encarecidamente a lectura do último poemario do poeta, escolma de poemas inéditos, dos que destaca a súa humanidade, polo que, non sorprende que a súa temática sexa a do amor, a amizade ou tan só as impresións. Sinálase que o poemario recolle composicións inéditas nalgúns casos compostas hai dúas décadas por Bernardino Graña.

Referencias varias:

- L. R., "Novos poemarios de Chus Pato, Bernardino Graña e Alberto Lema", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 38.

Preséntanse varias novidades editoriais en galego do xénero poético, entre as que se inclúe esta obra, *Acendede as almenaras*, que reúne a obra inédita de Bernardino Graña. Coméntase que inclúe poemas "de amor, amigo e escarnio" dende a década dos oitenta até hoxe, todos eles considerados moi emotivos. Así mesmo, refírese a outros libros, como o de Alberto Lema, *Plan de fuga*; o de Chus Pato, *Hordas de escritura*, e

algunhas reedicións da obra da figura homenaxeada no Día das Letras do 2008, Xosé María Álvarez Blázquez.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Libros", 13 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 179, "Letras galegas", 29 marzo 2008, p. 11.

Ocúpase, esta sección fixa, de tres títulos de poesía: *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña; *Miño* (2007), de Francisco X. Fernández Naval, e *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila. Ademais tamén inclúe a referencia, no ámbito da literatura infantil, a *Castañas con porco bravo* (2007), unha entrega da colección "Os pequenos barbanzóns", de Pepe Carreiro.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, *Na pel do insomnio*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 47, outubro 2008, 75 pp. (ISBN: 978-84-85385-76-8).

Poemario da escritora alemá Úrsula Heinze de Lorenzo (Coloña, Alemaña, 1941) que se caracteriza pola súa sinxeleza tanto nas composición coma na presentación. O poemario presenta na lapela da capa un breve apunte biobliográfico da poetisa, e arrinca cunha dedicatoria "Para Amaya, Markus e Fabián co desexo dun futuro feliz" e dúas citas de Kajetan Ković e de Karin Clark, en galego e en inglés, respectivamente. Os seus sesenta poemas son breves, non teñen título e a autora non utiliza as letras maiúsculas, ademais de presentárense sen unha organización aparente mais unidos pola alusión ao título do poemario, que aparece como elemento funcional y remático. En canto a súa temática destaca a presenza da tristura, aínda que sempre se deixa aberta unha porta á esperanza e á felicidade. A súa linguaxe destaca pola musicalidade, pero sempre respectando a sinxeleza que caracteriza o conxunto da obra. Os textos poéticos compleméntanse coas ilustracións de Baldo Ramos, que ofrecen un apoio visual de texto.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2008, p. 34.

Dá conta do poemario de Úrsula Heinze de Lorenzo, *Na pel do insomnio*. Sinala que o poemario é o primeiro en ser escrito directamente en galego pola autora, que anteriormente traducía do alemán ao galego a súa obra. *Na pel do insomnio* recolle as vivencias da autora ao longo de vinte e cinco anos, cunha temática que vai dende a súa relación coa natureza até o paso do tempo en versos curtos e de temática sinxela.

Kruckenberg, María do Carme, *Os límites do arreguizo*, limiar de Victoria Iglesias López, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 201, outubro 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-96475-90-8).

Este poemario de Mª do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) dedícase ás compañeiras na poesía e na vida da autora: Marica Campo, Pilar Pallarés, Ana Romaní e Yolanda Castaño, e despois reprodúcese uns versos de Lope de Vega, seguidos do limiar I e II de

Victoria Iglesias López. O limiar I simplemente recomenda ler o limiar II e neste indícase que o poemario responde á fusión de poesía e filosofía, onde o poema une "corpo e alma, como obxecto verbal e emocional", ademais de presentalo como "destemperanza", nunha visión desoladora do mundo e cunha denuncia da indiferencia do home ante a crueldade e a inxustiza, e unha proposta de cambio. Indica que, se ben presenta un amor subversivo ao xeito de Octavio Paz en "La llama doble", tamén se achega á intimidade co emprego da linguaxe. Márcanse termos recorrentes (choiva, praia, mar, entre outros) e un diálogo con Petrarca. Retoma a explicación do título para indicar que se trata dunha "historia de amor a través do tempo", nunha loita entre a tranquilidade e o desacougo propio de Rilke. Apúntase que o tempo se concibe como existencial e así mesmo como metafísico, dende a ollada filosófica de Heidegger, e que constitúe o marco no que decorre o poemario de "añoranza e busca", por riba doutros temas tamén presentes como a natureza, a vida ou o amor. Remata lembrando unha conversa coa poeta na que se presenta, como J. A. Valente, a lírica como liberdade humana cando chega a vellez, e salientando que a metáfora da escaleira supón o reencontro da poeta con ela mesma, tras a dialéctica desenvolvida co universo. O poemario arrinca cunha ilustración de Gonzalo Suárez e componse de trinta poemas breves sen título. A heteroxeneidade temática e métrica dos diversos poemas móstrase por exemplo na insensibilidade e a crueza da vida de hoxe en día, de "Non é un segredo"; en como os amores, que nalgún momento da vida foron case imprescindíbeis, co paso do tempo xa non significan nada, nin tampouco os seus recordos, en "Onde foron os amores"; na metáfora das pingas de auga como versos en "Chovía pola codicia"; na combinación de arte maior e menor de "Se matina que cada cuestión" ou "Nun tempo consentido", entre outros. O poemario remata cun índice do primeiro verso de cada poema.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Sentimento e razón", *A Nosa Terra*, n.º 1339, "Cultura", 24-30 decembro 2008, p. 22.

Dá conta da intención da poeta de situarse, coa dedicatoria do seu libro, nunha tradición de mulleres poetas de xeracións diferentes. Sinala o feito de ser este o último poemario que publicará a poeta, por decisión propia, e o seu pouco coñecemento, en parte debido ao seu rexeitamento a encadrarse en modas poéticas. Explica que o poemario é unha reivindicación constante do sentimento como cerna da vida, sendo o amor a medula do poemario, tanto a súa perda coma a súa vivencia. Critícanse certos descoidos lingüísticos por parte da poeta que poden dificultar a correcta comprensión dos poemas, malia nalgúns casos seren trazos dialectais.

Referencias varias:

- O. Chavaga, "Kruckenberg, con 27 libros ás costas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 agosto 2008, p. 59.

Dá conta da presentación do último poemario de María do Carme Kruckenberg, *A levidade do silencio*, que xunto con *Os límites do arreguizo*, supoñen a fin da súa carreira poética. Sinala que *Os límites do arreguizo* se centra no amor, mentres que *A*

levidade do silencio se caracteriza pola carraxe como tributo ás vítimas da ditadura franquista.

Lado, María, *Nove*, X Premio de Poesía Avelina Valladares, prólogo de Suso Bahamonde, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O Cartafol de Vilancosta, n.º 8, maio 2008, 56 pp. (ISBN: 84-96368-71-8).

Poemario con que a poeta María Lado Lariño (Cee, 1979) obtivo o X Premio Avelina Valladares Núñez. "Nove pulsos, nove novembros" introduce ao lectorado agardado nesta compilación, na que o eu lírico lembra un certo sentimento, unha dor existencial que medra en novembro (o mes do abandono, o mes da lembranza e do crecemento do sufrimento a través dunha data clave: nove novembros). O libro conta cun prólogo firmado por Suso Bahamonde.

Recensións:

- Vicente Araguas, "A cinco do barco", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 489, "Libros", 13 xullo 2008, p. 20.

Dáse de conta do cuarto poemario de María Lado, do que destaca a súa portada de estética rompedora (propia dunha banda deseñada) e a temática, articulada ao redor do afundimento do Prestige. Enmárcase a traxectoria da poeta dentro da corrente de novas voces femininas da literatura galega contemporánea (como María do Cebreiro e Yolanda Castaño, entre outrasg) e refire o prólogo de carácter impresionista de Suso Bahamonde.

- María Xesús Nogueira, "A illa mordida polo mar", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Cultura", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 28.

Faise un breve percorrido pola traxectoria literaria da poeta, destacando a súa pertenza ao Batallón Literario da Costa da Morte, así como a súa experiencia como pioneira na difusión dos seus textos na rede. Destácase a temática mariña do poemario e a súa forte carga simbólica, co pano de fondo do afundimento do Prestige. Igualmente, sinálase que o poemario destaca pola súa gran cohesión formal e a necesaria lectura alegórica do mesmo, cun texto que se repite a xeito de marco ao principio e ao final do libro.

- Rafael Fernández Lorenzo, "Como unha illa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, "Libros", 2 outubro 2008, p. IV.

Sinálase a errónea escolla da portada do poemario, obra de David Rubín, pois considérase que o seu estilo propio dunha banda deseñada pode frear o futuro lector. Pola contra estímase que contar cun bo limiar de Suso Bahamonde que prepara o camiño ao lector para a lectura do cuarto poemario de María Lado. Destácase o xogo de paralelismos entre a illa e os cetáceos, o amor e o desacougo, así como o léxico mariño do poemario.

- Xosé M. Eyré, "Versos no lombo do cetáceo ferido", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", 16-22 outubro 2008, p. 32.

Destácase a temática contemporánea do poemario, articulada ao redor da catástrofe do afundimento do Prestige. Faise un breve percorrido biográfico de María Lado, da que destaca a súa pertenza ao Batallón Literario da Costa da Morte, e refírese ao impacto que o naufraxio tivo na súa vida. Sinálase a simbiose entre a autora e o lector grazas en gran medida á sinceridade do discurso, e o carácter cíclico do poemario.

Lama, Xabier, *Melancolía líquida da idade das vacas*, XXVII Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle Inclán, col. Esquío de Poesía, n.º CXI b, maio 2008, 88 pp. (ISBN: 84-95289-95-4). ◆

Trátase dunha edición de setecentos cincuenta exemplares, dos que cincuenta son numerados, da obra de Xavier Lama (Santa Uxea, Guntín, Lugo, 1962) coa que obtivo o XXVII Premio Esquío de Poesía convocado polo Concello de Ferrol e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Comeza cunha dedicatoria "á saga familiar da casa de Penedo" á que seguen tres citas que corresponden a John Berger, Francis Ponge e Patti Smith. O poemario presenta unha estrutura ben definida e dividida en seis partes. A primeira leva por título "De prados e vacas bergmanianas"e ábrese con dúas citas con versos de Álvaro Cunqueiro e Frank Clay aos que seguen un primeiro poema sen título e nove máis que si o teñen. Dáse un predominio de versos longos alternando a voz poética en primeira, segunda e terceira persoa. A segunda parte titúlase "Como breviario de disidencias" e tamén recolle versos de Antoin Artand e Aquilino Iglesia Alvariño. Son seis poemas que posúen título nos que tamén se dá un predomino do verso longo e poemas de diferente extensión, con voz lírica en primeira persoa facendo referencia a lembranzas infantís e ao problema da loucura. A terceira parte leva por título "Historias da cidade acristalada" e consta dunha cita de Miguel Torga e tres poemas con numeración romana. Neles a voz lírica en terceira e primeira persoa céntrase nas lembranzas e soidade que acompañan os anciáns dentro da cidade. Séguelle unha cuarta parte que leva por título "Viaxe oriental á orixe" e ábrese cuns versos de Alain Basquet, para dar paso aos dez poemas que a compoñen onde o pasado cobra forma no muíño, a escola antiga, un tractor mudo ou o río da infancia. A quinta parte volve recoller o título de "Historias da cidade acristalada 2" e outros tres poemas con numeración romana tras unha cita de Alden Buskirk. A temática volve tratar as vivencias dos vellos na modernidade que lles toca vivir. Na última parte, "Outros traballos de campo", os versos de Seamus Heaney e Antón Avilés de Taramancos dan paso aos poemas nos que o autor se serve de tarefas agrícolas tradicionais como a malla, a sega ou a desfolla para a reflexión derrotista sobre o paso do tempo e a chegada da morte. En xeral, o presente poemario recolle a lembranza do tempo da infancia vivida no campo converténdose nunha viaxe de retorno a un tempo ido. Así mesmo, está escrito nun ton de nostalxia e derrota, de asunción do decorrer dos días coa naturalidade debida. Os libros, os vellos ou as propias vacas serven de elementos simbólicos dun espazo e dun tempo pasado e de eixo arredor do cal construír o discurso lírico.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Marelas ou xuvencas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", nº. 491, "Libros", 27 xullo 2008, p. 20.

Dáse conta do gañador do último Premio Esquío, Xabier Lama, de quen destaca a súa posición de finalista na anterior edición do premio *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006). Refírese á enxebreza do poemario, coa súa mestura de terra e idioma configurando a paisaxe, e enmárcase dentro da posmodernidade poética galega.

- Armando Requeixo, "Metafísica bovina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. 5/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 205, "Letras Galegas", 1 novembro 2008, p. 10.

Do novo poemario de Xabier Lama apúntase a importancia do mundo rural da infancia con relación á identidade do pobo galego. Destaca o valor da vaca como símbolo de mansedume, mais tamén de subversión, entendida como a resistencia do mundo rural fronte o imparábel avance do progreso. Indica que entre as influencias do poemario se encontran Álvaro Cunqueiro, Antón Avilés de Taramancos ou Antonio Noriega Varela. Igualmente precísase que é clara a presenza da música e do cinema a través de numerosas metáforas visuais.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura viva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 285, "Letras en galego", 25 outubro 2008, p. 11.

Destácase o último poemario de Xavier Lama, do cal sinala o emprego do verso libre e a temática melancólica. Igualmente, saliéntanse as súas múltiples influencias que parten dende Seamus Heaney até Avilés de Taramancos, pasando pola cantante norteamericana Patty Smith.

Referencias varias:

- R. Loureiro, "García-Posada gana el Esquio en castellano y Xavier Lama en gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2008, p. 46.

Infórmase da entrega do Premio Esquío de poesía na súa vixésimo sétima edición destacando que o gañador en lingua galega foi Xavier Lama, escritor e xornalista, coa obra *Melancolía líquida da idade das vacas*. Dise que o escritor galego xa gañara un accésit deste premio en 2006 e que o poemario co que gañou esta edición posúe unha gran calidade. Finalmente, coméntase que o premio estivo dotado con dez mil euros e a publicación do libro.

- Xulio Valcárcel**,** "Esquío 2008", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 524, "Páxina literaria", 22 xuño 2008, p. 04.

Faise unha loubanza do Premio Esquío de Poesía e da calidade das obras que se presentaron na vixésimo sétima edición. Dise que o gañador en lingua galega foi Xavier Lama co poemario *Melancolía líquida da idade das vacas* e que o finalista foi Xosé Luís Mosquera con *Amebas*. Por último, felicítanse aos organizadores e participantes polo éxito acadado.

- Anxo Tarrío Varela, "A devenida Antoloxía Consultada", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 8 outubro 2008, contracuberta.

Alédase de que vexa a luz a antoloxía de poetas galegos realizada na década dos anos trinta e cuxa publicación fora tronzada polo estourido da Guerra Civil. Indica que o presente traballo é o resultado incompleto das enquisas (de carácter biográfico e de gustos literarios) levadas a cabo entre os poetas galegos vivos arredor de 1935. Respecto ao estudo introdutorio de Xesús Alonso Montero (en galego e español) apunta que contextualiza os textos recollidos nesta antoloxía, entre os que destaca aqueles poetas que por diversas circunstancias nunca foron incorporados ao canon e xa que logo foron desbotados na construción da historia literaria galega.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura viva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 285 "Letras en galego", 23 outubro 2008, p. 11.

Comeza reflexionando sobre o concepto brevería e a literatura ou xénero breve, para destacar a obra de Carmen Blanco, *Atracción total*. De seguida fai referencia a *Melancolía líquida da idade das vacas* de Xavier Lama, obra poética que recibiu o Premio Esquío en 2008, ademais de afirmar que a poesía galega é alta, orixinal e diferenciada.

Lema, Alberto, *Plan de fuga*, prólogo de María do Cebreiro, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, xaneiro 2008, 67 pp. (ISBN: 978-84-612-0879-1).

Este primeiro poemario de Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975) conta cunha introdución de María do Cebreiro, profesora de USC e poetisa, titulada "Épica de experiencia (Eles tamén escriben poesía)". O poemario iníciase coa seguinte dedicatoria: "á miña irmá" e está dividido en tres epígrafes: "Na cidade", "Wen-Tzu" e "Última noite da Atlántida". Os poemas recollen as inquedanzas do autor, expostas abertamente e mediante o uso dominante da terceira persoa e dos versos libres. Tamén aparecen unhas sentencias dirixidas a una segunda persoa, á que se pretende mover para que sexa consciente dos problemas que lle rodean.

Recensións:

- M. X. Nogueira, "Os últimos atlantes", *A Nosa Terra*, n.º 1.313, "Cultura", "Crítica", 5-11 xuño 2008, p. 34.

Preséntase a obra poética baseada na ficción histórica e na alegoría *Plan de Fuga* de Alberto Lema, primeiro libro publicado por Estaleiro Editora. Sinálase que nela se combinan elementos descontextualizados de distintos períodos históricos e rexistros co fin de reescribir o mito da Atlántida. Faise fincapé na problemática actual da empresa do libro e explícanse os novos proxectos que a editorial anteriormente citada está levando a cabo, tales como a posibilidade de descargar o poemario de balde na rede. Por outra parte, alúdese á novela de Lema *Unha puta percorre Europa* (2007).

- Xiana Arias Rego, "A conquista da terra na política-ficción", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Narrativa", verán 2008, p. 6.

Comentario conxunto de dúas obras de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa* e *Plan de fuga*. Da primeira dise que é unha obra narrativa na que fala da derrota dende

unha posición de esquerdas, que ademais de saír publicada en lingua galega tamén o fixo en castelán. Do contido dise que as protagonistas son dúas lesbianas, Ada e Luz, que forman parte do comando Putas Asasinas, unha temática coa que quere forzar o debate e mirar os feitos dende a cara oculta á versión oficial. A liña temática da obra ponse en relación coas que rexen as actuacións de movementos feministas americanos. Da segunda obra, *Plan de fuga*, sinálase que sae nunha editorial pertencente a unha plataforma con licenza de descarga gratuíta na rede. Da estrutura explica que está organizada en tres partes, alude brevemente ao contido e reproduce algúns versos.

Referencias varias:

- L. R., "Novos poemarios de Chus Pato, Bernardino Graña e Alberto Lema", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 38.

Preséntanse varias novidades editoriais en galego do xénero poético, entre as que se inclúe esta obra do poeta de Vimianzo, Alberto Lema, titulada *Plan de fuga*. Saliéntase deste volume o prólogo de María do Cebreiro, quen considera o texto militante e o seu autor un poeta clásico. Acóllense tamén obras de Chus Pato, de Xosé María Álvarez Blázquez e de Bernardino Graña.

- José Xavier Bon, "Damos visibilidade á cultura galega en calquera lugar do mundo e gratis", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 18 maio 2008, p. 17.

Entrevista a Carlos González Figueiras, promotor de Estaleiro Editora, na que se fala da iniciativa posta en marcha por un colectivo de corenta persoas vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela (USC) para crear unha editorial independente. Por esa razón, dá na entrevista a súa visión sobre algúns puntos do mercado literario galego, coma os dereitos de autor ou os novos mecanismos para o espallamento da cultura. Indícase que a primeira obra publicada por Estaleiro Editora é *Plan de Fuga*, de Alberto Lema.

Lema, Carlos, *O xeito de Freud*, XI Premio de Poesía Johán Carballeira, A Coruña: Espiral Maior, col. Espiral Maio Poesía, n.º 198, outubro 2008, 65 pp. (ISBN: 978-84-96475-88-5).

Carlos Lema (San Sadurniño, 1958) divide este poemario en tres partes que presentan unha gran variedade temática, aínda que o tema do retorno á infancia se repita en varias das composicións. A primeira parte, "Secuencias que seguen o espírito compositivo da realidade", analiza as suxestións da realidade dende o punto de vista da linguaxe poética. O poema "A secuencia final", incluído aquí, vai dedicado a Chus Pato. A composición central leva o mesmo título do volume e é un longo texto de douscentos versos. Nel, o pensamento freudiano mestúrase con reflexións varias sobre a vida. A última sección preséntase baixo o lema de "Tácticas para a disolución da memoria".

Recensións:

- Isaac Lourido, "Deitar a escrita no tempo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 11.

Descríbese a escrita poética de Carlos Lema n'*O xeito de Freud*, XI Premio Johán Carballeira, incidindo en que a conexión entre escrita poética e proxección filosófica sostén o libro. Dise que na segunda parte do libro cobra forza a dimensión argumentativa "próxima á prosa no estilo e ao ensaio no ton". Comenta que a súa escrita é depuración e contención e que se entende a existencia como un proceso e coñecemento, e a representación como problema e dialéctica entre imaxe e linguaxe.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "O xeito de Freud", *Atlántico Diario*, "*La Revistak2*, n.º 387, "Musas", "Atlántico", 20 xaneiro 2008, p. 37.

Entrevista ao poeta Carlos Lema, na que di que o seu poemario, *O xeito de Freud*, contén textos que foron escritos hai anos e outros que foron reescritos, aínda que o conxunto o escribiu nos último cinco anos. Comenta que o texto central, que tamén se titula "O xeito de Freud", se achega aos trescentos versos, que lle levou oito meses e que o rematou no verán de 2007; e esta demora se debe a que lectura e escritura van xuntas e anota que a súa primeira intención ao escribir é reflexionar sobre o lido e o vivido. Para rematar, opina que non se debe fomentar unha actitude de culto perante o libro, pero tampouco se debe considerar a literatura galega como un simple produto mercantil.

- Daniel Salgado, "A poesía foxe da orde", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 21 novembro 2008, p. 7.

Entrevista a Carlos Lema, director editorial de Galaxia, con motivo da publicación do seu primeiro poemario *O xeito de Freud*, gañador do Premio Johán Carballeira". Sinala a división do poemario en tres partes: "Secuencias que seguen o espírito compositivo da realidade", "O xeito de Freud" e "Tácticas para a disolución da memoria". Destaca a influencia no seu pensamento de Pierre Bourdieu, Paul Celan e, especialmente, do compositor italiano Luciano Berio. Poeticamente, encadra o seu poemario no vieiro de poetas como T.S. Eliot, John Ashbery ou Chus Pato. Dá conta da próxima aparición do seu ensaio, *Importación e exportación de textos literarios*, nun volume colectivo que prepara Edicións Xerais.

López Rivera, Dulce Mª, *A sombra das queirogas*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 45, 2008, 80 pp. (ISBN: 978-84-85385-50-8).

O poemario divídese en tres partes, "Recollendo lilas", "Os días azuis" e "Metáfora do amor ou do poema", todas elas marcadas pola subxectividade e o verso curto e cargado de significación. A plasmación dos sentimentos ten nesta obra de Dulce María López Rivera (Fene, 1964) máis importancia que a busca dunha linguaxe moi elaborada ou complexa. "Recollendo lilas" é unha evocación do pasado e da nenez, unha nostalxia do que foi, da infancia e da casa natal. O último poema que conforma esta parte, "Emigrar", resume o sentimento de dor que sempre comporta o deixar atrás o que se ama. A segunda parte, "Os días azuis", vai dedicada a diversas persoas queridas pola autora. Os versos seguen ese obxectivo de centrárense nos amados, nos que foron

amantes pero tamén nos amigos, nun ton a cabalo entre a nostalxia do perdido e a felicidade dos bos momentos vividos en compañía. Finalmente, "Metáfora do amor ou do poema" son un conxunto de reflexións encol da propia creación poética, nas que o amor ten unha presenza sinalada.

Recensións:

- Ramón Raña, "Poesía do intimismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, "Libros", 12 xuño 2008, p. IV.

Preséntase con varias referencias á biografía da poeta e da editora este primeiro poemario de Dulce María López Rivera. Tres son os grandes temas que Ramón Raña salienta e analiza nesta obra: a infancia, o paso do tempo e o amor. Sinala que estes tópicos son tratados pola autora cun estilo claro e diáfano.

Referencias varias:

- M. J. R., "Dulce María López achégase no seu primeiro libro ós espazos da memoria e da nostalxia", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol ", 23 maio 2008, p. 14.

Alude á presentación d'*A sombra das queirogas*, o primeiro poemario da autora ferrolá Dulce María López. Sinala que o acto tivo lugar na sede do Toxos e que nel estiveron presentes personalidades destacadas do mundo cultura, coma Eduardo Estévez, director do obradoiro literario de Fene; Antonio Ponte Far, mestre do Concepción Arenal; Luís Alonso Girgado, editor de Libros da Frouma; Ramón Loureiro, xornalista e escritor; e a concelleira de Cultura de Ferrol, Yolanda Díaz. Recolle as impresións de todos eles a respecto dun libro que coinciden en cualificar intimista e coidadoso coa linguaxe.

Loureiro, Ramón, *Ferrol. Paisaxes e sinais de identidade*, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2008, 123 pp. (ISBN: 978-84-936001-3-6).

Volume ilustrado en edición de luxo que conta cunha introdución en castelán, a modo de limiar, do ilustrador Miguel Fernández y Fernández (Vigo), no que se evoca a cidade de Ferrol de forma literaria e na que se anuncia que Ramón Loureiro (Fene, 1965) puxo pés literarios ás ilustracións. A seguir, introdúcese un texto de Loureiro intitulado "As Luces do almirante", preámbulo ao traballo ilustrativo de Fernández. O álbum enténdese como unha homenaxe á cidade realizada en cincuenta e dúas acuarelas a cor e dividida en catro apartados: "A mar", na que se debuxan espazos como as praias de Cobas ou Doniños e as inmediacións do castelo de San Felipe; "A Ilustración", na que se inclúen paisaxes como o Arsenal ou o Museo da Marina; "A arquitectura", na que están presentes edificios emblemáticos da cidade como o Teatro Jofre ou a Ermida de Chamorro; e por último, "A xente", que recolle momentos do devir cotián de Ferrol. Cada parte introdúcese cunha pequena imaxe en branco e negro e a seguir, incorpóranse as ilustracións, a maioría das veces nunha páxina, acompañadas cada unha delas dun texto da autoría de Loureiro, no que se describe aquilo que representa a imaxe, axudándoa a contextualizala con pequena información e en chave poética. Loureiro, iluminado polas ilustracións, ofrece unha narración literaria evocadora de cada un dos aspectos que se anuncian nos distintos capítulos da obra, chea de imaxes poéticas, de

metáforas e de recordos realistas sobre a cidade de Ferrol. Péchase a obra co bosquexo vital de Miguel Fernández e o seu historial artístico. No índice, cítanse os "títulos" de cada unha das acuarelas. A imaxe da cuberta presenta o actual colexio coñecido como Casa Antón.

Momán, Alberte, *Baile Átha Cliath*, II Premio Poesía Erótica Illas Sisargas 2007, Malpica de Bergantiños: Caldeirón, outubro 2008, 42 pp. (DL: C 4155-2008).

Alberte Momán (Ferrol, 1976) crea un poemario de temática erótica, pero da erótica das cousas cotiás, como el mesmo refire no último poema da obra. Polo demais, esta poemario, formado por vinteseis composicións, está marcado pola heteroxeneidade de formas, metros e rima. Destácase o uso das minúsculas e a ausencia de signos de puntuación, gardando as maiúsculas só para os nomes propios. A primeira palabra de cada poema aparece en negriña e os poemas non levan título, agás "Glendalough" e o poema homónimo do título do poemario. O autor sinala a súa débeda con María Lado, á que menta en dúas ocasións e coa cidade de Ferrol, á cal xa lle tiña dedicado outro poemario: *Ferrol e o que queda por chover* (www.Lulu.com, 2008). As ilustracións non figurativas e en blanco e negro están esparexidas ao longo do poemario, destacando un solpor situado no horizonte cunhas pisadas que conducen até esa liña do horizonte ou unha esquina curvada entre dúas rúas dunha cidade.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Eros e civilización", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 513, "Libros", 28 decembro 2008, p. 20.

Dáse conta do gañador do segundo Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. Coméntase que o título da obra vén sendo o nome en gaélico da capital de Irlanda, protagonista do volume de Momán, á cal lle dedica poemas sinxelos de temática amorosa. Sinálanse as influencias non explícitas de James Joyce e da poeta galega María Lado, que tamén ten poemas amorosos dedicados a cidades.

Mosquera Camba, Xosé Luís, *Amebas*, accésit do XXVII Premio Esquío de Poesía, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle Inclán, col. Esquío de Poesía, n.º ESQUÍO CXII b, maio 2008, 81 pp. (ISBN: 84-95289-97-0).◆

Terceira obra de Xosé Luís Mosquera Camba (Guísamo-A Coruña, 1961) que acadou o accésit do XXVII Premio Esquío de Poesía, organizado polo concello de Ferrol e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán, cuxo xurado estivo composto por Xulio Valcárcel, Marica Campo, Luz Pichel e Vicente Araguas. *Amebas*, publicada na colección "Esquío de Poesía" en 2008, comeza cunha dedicatoria "A Coqui, a Lola. A quen senón?" e dúas citas, unha de Maurice Blanchot, traducida ao galego, e outra de Noel Blanco Mourelle. En verso narrativo preséntasenos un prólogo e as tres partes en que se estrutura a obra: "Sen título", con quince poemas que abordan a unión do amor e da morte; "Caput mortuum", con once composicións, continúa a temática da primeira parte, mais cunha reflexión sobre a poesía; e "Tot ist alles", con once poemas, menos narrativos e máis líricos, que conclúen en que todo se reduce ás amebas, "todo é morte". O predominio da

terceira persoa mergúllanos nunha poesía do coñecemento e a reiteración domina o volume, tanto na temática, como nas imaxes ou nos recursos mediante a gradación, os paralelismos e o tópico do *putredine cadaverum*, baseado no carácter corruptíbel do corpo humano. Este poemario constou dunha edición de setecentos cincuenta exemplares, dos que cincuenta foron numerados.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Ou Kavafis ou Reixa ou Pato", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", nº. 493, "Libros", 10 agosto 2008, p. 20.

Fálase do último accésit do Premio "Esquío" e explícase que en contraste con moita da poesía actual que emprega determinada métrica (heptasílabo, endecasílabo ou alexandrino), que se sitúa en oposición con gran parte da poética española do momento, Mosquera Camba bota man dunha "poética ou épico-impresionista ou narrativa". Sinálase igualmente a falta de emoción do poemario, malia que destaca o esforzo por rachar co modelo de poesía repetitiva tan común na literatura galega, esforzo que en ocasións pode rematar en novos manierismos, caso do poemario que nos ocupa.

Referencias varias:

- Xulio Valcárel, "Esquío 2008", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 524, "Páxina literaria", 22 xuño 2008, p. 04.

Faise unha loubanza do Premio Esquío de Poesía e da calidade das obras que se presentaron na vixésimo sétima edición. Dise que o gañador en lingua galega foi Xavier Lama co poemario *Melancolía líquida da idade das vacas* e o finalista foi Xosé Luís Mosquera con *Amebas*. Finalmente, felicítase aos organizadores e participantes polo éxito acadado.

- Lupe Gómez, "Nadja existe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2008, p. 31.

Entrevista con Xosé Luís Mosquera Camba, autor dos poemarios *Nadja c´est moi* e *Amebas*, cos que conseguiu o Premio de Poesía do Concello de Carral e o accésit do Premio Esquí", respectivamente. Di Xosé Luís Mosquera Camba que escribe principalmente para afrontar o desacougo que lle producen temas como o amor e a morte.

Mosquera Camba, Xosé Luís, *Nadja. C'est moi*, X Premio de Poesía Concello de Carral 2007, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 194, maio 2008, 60 pp. (ISBN: 978-84-96475-79-3).

Poemario de Xosé Luís Mosquera Gamba (Guísamo, A Coruña, 1961) que se abre cuns "Fragmentos inconexos dun diario de Nadja", no que se recollen breves e incompletos retallos do diario dunha rapaza misteriosa. Posteriormente, aparece unha cita en varios idiomas (galego, alemán e francés) que deixa ver cal será a temática fundamental da obra, a ausencia ou a non existencia, para chegar á conclusión de que Nadja existe. A seguir, inclúese un total de corenta e catro poemas sen ningún tipo de clasificación, que

xiran ao redor dun personaxe misterioso, Nadja, polo que a intertextualidade xoga un papel fundamental. O personaxe está ligado á obra de André Breton, coa que comparte título, así como personaxe central e o irracionalismo propio da obra de Breton, que se manifesta principalmente na primeira parte do libro. O poemario péchase con dúas citas en francés, unha de André Breton e outra de Serge Gainsbourg. Emprega unha linguaxe na que bota man en moitas ocasións de expresións en francés e mesmo en alemán.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Nadja existe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2008, p. 31.

Entrevista con Xosé Luís Mosquera Camba, autor dos poemarios *Nadja c´est moi* e *Amebas*, cos que conseguiu o Premio de Poesía do Concello de Carral e o accésit do Premio Esquío, respectivamente. Apúntase que escribe principalmente para afrontar o desacougo que lle producen temas como o amor e a morte.

Mouriño, Miguel Anxo, *Gondomar de Pablo*, Nigrán: Instituto de Estudos Miñoranos, 2008, 77 pp. (ISBN: 978-84-96950-70-2).

Despois dun paratexto institucional, Emilio García Crego anuncia a temática e protagonista do poemario e invita á súa lectura para coñecer mellor Gondomar. A seguir reprodúcese o poemario de Miguel Anxo Mouriño (Cambados, 1943), composto por vintecinco poemas sen título pero con números romanos; moitos deles saen acompañados de ilustracións. Por medio dun forte lirismo nostálxico e simbólico, avó e neto percorren a cidade de Gondomar. É a través do ollar pueril de Pablo que o lectorado coñece esa vila do sur de Galicia e a importancia na vida de ter un lugar, unha familia e amigos.

Negro, Carlos, *Cultivos transxénicos*, I Premio de Poesía Victoriano Taibo 2008, Nigrán -Pontevedra: Instituto de Estudos Miñoranos/Entidade Local de Morgadáns-Gondomar, 2008, 58 pp. (ISBN: 978-84-92590-31-5). ◆

Este poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970) contén unha nota inicial de Urbano Esmerode Domínguez, Presidente da Entidade Local Menor de Morgadáns, na que inaugura o certame de poesía Victoriano Taibo-Entidade Local Menor de Morgadáns, e na que se dirixe aos veciños de Morgadáns para lembrar a figura de Victoriano Taibo, discípulo de Ramón Cabanillas e membro da Real Academia Galega, e presenta o premio que loa a súa figura. A seguir, recóllese o xurado e indícase que este poemario de Carlos Negro destaca pola "orixinalidade con que se aborda o ton elexíaco" empregando a "ironía e a parodia, con densidade lírica e coidado formal". Apúntase que o poema inicial parodia *O catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, e que o poemario constitúe "unha especie de pranto pola agonía e morte da sociedade tradicional rural e un exame (forense)" dos seus síntomas. Tras a dedicatoria "a Mario" arrincan as cinco partes nas que se divide *Cultivos transxénicos*, "O leite baixo a tona", "Notas previas a unha novela-río", "Neverland", "Iluminacións" e "Cidade dormitorio". Nos poemas "O leite baixo a tona", "Pozos secos" e "Placenta" da primeira parte, nunha rima asonante, unha voz lírica en terceira persoa fai preguntas sobre a evolución de Galicia e como iso

repercute na conversión en mutante, que afecta á persoa que contesta, mentres no poema "Notas previas a unha novela-río", Negro arrinca cunha introdución acerca do tema, a trama e o estilo das composicións que aparecen despois. Emprega un estilo narrativo en terceira persoa, aínda que está escrito en verso e sen ningunha estrutura rítmica prefixada. Propón como título hipotético o da última parte de poemas. No resto de poemas desta parte, a voz lírica expresa en primeira persoa uns sentimentos de angustia e desazón pola perda da memoria e trata a degradación da vida labrega en Galicia, exaltando ese mundo labrego, ao que denomina "rústico estilo", Na parte "Neverland" fala física e personificadamente deste lugar, e trata os temas da morte e a desaparición de todo o que estaba vivo. "Iluminacións" dá nome a unha parte composta por tres poemas, "Iluminacións I", "Iluminacións II"e "Iluminacións III", nos que se describe en terceira persoa a situación decadente e agónica da vida labrega. En "Cidade dormitorio", mestura unha narración descritiva en terceira persoa, onde se fala da perda do estilo de vida labrega para pasar ao final a un narrador en primeira persoa do plural no que se fala dun presente, contraposto ao pasado evocado no inicio da composición. Trata entre outros temas a sensación de pesadez e de vida repetitiva, a falta de raíces nas cidades de hoxe en día, onde todo cambia e ninguén se coñece, a vida de recordos do avó de "Memoria ram", a necesidade de urbanizar no rural, a crítica ao turismo rural ou a necesidade de educar aos "nosos fillos" sobre a terra que non poden ver, e que deben palpar "na escuridade das orixes".

Referencias varias:

- Rosa Aneiros, "Baixo a tona", *El Progreso*, "De re varia", 9 decembro 2008, p. 9/"O leite baixo a tona", *Diario de Ferrol*, "Nove ondas", 9 decembro 2008, p. 21/*Galicia Hoxe*, "Nove ondas", 10 decembro 2008, p. 4/*Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 9 decembro 2008, contracuberta.

Sinálase o carácter predominantemente poético de *Cultivos transxénicos*, que podería ser tomado por un libro de pensamento ou ensaio. Destácase o carácter reivindicativo da poesía fronte ás inxustizas que padecemos no noso mundo, feito claro no poemario, que denuncia a indiferenza característica da modernas sociedades de consumo.

- Lupe Gómez, "Crónica de entremesturas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 decembro 2008, p. 43.

Entrevista con Carlos Negro, autor do poemario *Cultivos transxénicos*, gañador do Premio de Poesía Vitoriano Taibo, e que trata dos usos da memoria nunha sociedade sometida ás presións dunha sociedade tecnolóxica.

Neira Cruz, Xosé A., *De esparto e seda*, VII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño 2007, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 188, febreiro 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-96475-69-4).

Poemario de Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) que consta de vinte e nove poemas sen título e precedidos dunha dedicatoria ("para vós, que me habitades") e tres citas de Federico García Lorca, Walt Whitman e Antonio Gamoneda, respectivamente. Trátase de textos poéticos de carácter narrativo e extensión irregular

no que se mesturan os versos longos cos curtos e nos que a letra inicial aparece en maiúscula a maior tamaño. Os dous termos do título, o "esparto" e a "seda" actúan como texturas que se enfrontan e que permiten ao eu lírico explorar nos sentimentos que agroman no vivir e, en particular, na ruptura da relación amorosa. Na maioría das composicións, diríxese á persoa amada ("Ti, de súpeto, a abrir todas as gaiolas", "aínda que a tenrura te habite", "Eu douche as mentiras a culleradas que saben ben", ...) de maneira que a evocación da experiencia vivida no pasado é para o poeta un exercicio de reflexión sobre a intermitencia de felicidade na parella até o momento presente. O imaxinario da alternancia entre diferentes estados (entrega, tristura, dor, rabia, soidade ...) destaca pola presenza constante dunha linguaxe violenta ("coitelo", "sangue", "vísceras", "esterco", "veleno"...) que permite albiscar, entre as feridas, doses de esperanzas coas que apreciar novamente a vida porque considera que "ese día ha chegar".

Recensións:

- Teresa Seara, "Para o poeta", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Poesía", verán 2008, p. 15.

Comentario do poemario *De esparto e seda*, de Xosé Antonio Neira Cruz, gañador do Premio Fiz Vergara Vilariño 2007, do que sinala que o eu poético vai deseñando a biografía da perda que o eu viviu. Este sufrimento permítelle ensaiar as diferentes formas de "morder a distancia cos dentes furiosos", case até un "tratado do desamparo". Dise que se buscan explicacións ao fracaso, que se lembran episodios compartidos ou se evocan saudades, á vez que o eu se enfronta coa súa propia dor e se dan oposicións que cabalgan entre extremos como a tristeza e a paixón, que aluden ao propio título. Evócanse así os perigos dos que se expoñen a amar sen reservas, que deixan pegadas imborrábeis.

- María Xesús Nogueira, "A maqueta da vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Cultura", 3-9 xullo 2008, p. 34.

Despois de salientar que Xosé Antonio Neira Cruz é autor de renome na narrativa infantil e de que vén de conseguir con *De esparto e seda* o prestixioso Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, comenta que a obra amosa unha liña marcadamente intimista a través da que o autor reflexiona sobre cuestións coma o amor, o paso do tempo... cun estilo que bebe directamente da súa experiencia como narrador de Literatura Infantil e Xuvenil. Sinala que neste sentido é posíbel atopar numerosas referencias aos códigos infantil e xuvenil, non desprovistas por iso doutras inspiracións como a poesía näif e surrealista.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Esterco vital", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2008, p. 33.

Entrevista a Xosé Antón Neira Cruz logo de ter gañado o galardón Fiz Vergara Vilariño co seu primeiro poemario, *De esparto e seda*. Ao longo da entrevista, saliéntase a sensibilidade do poeta, a súa actitude ante a poesía ou o seu compromiso coa lingua.

- C. P., “Este libro é o froito dun descarte, porque non era poeta e sego sen selo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Entrevista”, 2 decembro 2008, p. 16.

Entrevista a Xosé Antonio Neira Cruz, autor do poemario *De esparto e seda* gañador do premio Fiz Vergara Valiño. Neira Cruz destaca o ton intimista dos seus poemas, escritos ao longo de dez anos e num principio non destinados a seren publicados.

- maré, “Espiral Maior publica de “De esparto e de seda”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 2 decembro 2008, p. 35.

Dá conta da presentación na Libraría Couceiro de Santiago de Compostela do poemario de Xosé A. Neira Cruz gañador do “Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño”.

Nerium, Alexander, *Nocturnidade do sal. Tralo raxor do día*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leiliadoura, n.º 8, 2008, 157 pp. (ISBN: 978-84-7824-550-5).

Neste poemario de verso curto, co mar da Costa da Morte, Alexander Nerium, nome literario de Francisco Mauel López Martínez (Fisterra, 1960), trata da soidade e liberdade do poeta ante o mar da súa vida, no que está inmerso. Está composto de dez partes con catro poemas cada un e un texto introdutorio en prosa poética que resulta harmonioso tematicamente co resto do libro. Presenta un texto a modo de prólogo, “Rutía”, onde o tema de “navegar” só enmarca o resto de poemario, que presenta outros temas como o amor, a anguria existencial, o exilio e o crepúsculo, en definitiva, o misterio do mar. Salienta o vocabulario mariñeiro, de tipo especializado, e o verso moi curto, con rima moitas veces interna, así como a pregunta retórica como recurso que reforza a idea da soidade no mar. Está dedicado “á miña xente, á da Costa da Morte” e iníciase cuns versos, marítimos, da poeta galega Xohana Torres, do poeta chileno Vicente Huidobro e do poeta brasileiro Reynaldo Valinho.

Recensións:

- Xosé María Costa, “A esforzada rutina do mar”, *A Nosa Terra*, n.º 1.319, “Cultura”, 17-23 xullo 2008, p. 33.

Sinálase a temática inminentemente mariñeira do poemario, en especial o contraste establecido entre a natureza salvaxe da costa e a rutina das tarefas cotiáns. Recóllense diversos anacos de poemas, onde destacan temas como a imaxe íntima, a ausencia, a melancolía ou a esperanza.

- María Xesús Nogueira, “Co crepúsculo tatuado nas cadernas”, *A Nosa Terra*, nº. 1.326, “Cultura”, 25 setembro - 1 outubro 2008, p. 34.

Destácase a importancia do Batallón Literario da Costa da Morte na recente historia da poesía galega, movemento ao que pertence Alexander Nerium, e indícase que todos os recente poemarios dos seus membros se caracterizan pola súa pluralidade estética. Faise un breve percorrido biográfico do poeta, sinalándose o seu rexeitamento por encadrarse en modas poéticas, e o uso da temática mariñeira e todo o relacionado coa Costa da

Morte na súa obra, como se comproba no emprego do galego dialectal propio da zona. Saliéntase tamén o constante diálogo do poeta coa contorna natural e o uso de caligramas e prosas poéticas como presentación ás nove seccións das que consta o poemario.

- Román Raña, "Caudaloso mergullo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, "Libros", 2 outubro 2008, p. IV.

Destácase a calidade lingüística de Alexandre Nerium, pois emprega termos referentes ao ámbito marítimo propios do galego da Costa de Morte, zona da que procede o poeta. Sinala a división do poemario *Nocturnidade do sal* en dez partes, cada unha delas precedida dun breve texto en prosa, e a temática de apreciación amorosa da natureza. Saliéntase o emprego de caligramas marítimos (en referencia a Manuel Antonio), a brevidade dos versos, o uso de palabras inventadas e o emprego e numerosos hipérbatos.

Referencias varias:

- Xosé María Dobarro, "Versos prenados de mar", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 3 agosto 2008, p. 24.

Dá conta da presentación do poemario de Alexandre Nerium (cuxo nome real é Francisco Manuel López Martínez) *Nocturnidade do sal. Tralo raxor do día*. Inclúe a introdución á segunda parte do libro chamada "Xaramiño", das dez partes nas que se divide o libro.

Patiño Nogueira, Olga, *Tempo en desuso*, prólogo de Francisco X. Fernández Naval, A Coruña: Editorial Espiral Maior, col. Poesía, abril 2008, 87 pp. (ISBN: 978-84-96475-76-3-1).

Poemario de Olga Patiño que comeza cun prólogo de Francisco X. Fernández Naval que leva por título "Un tempo de dourados albores". Neste limiar, Fernández Naval analiza os poemas de Olga Patiño, salientando aqueles aspectos máis importantes. O libro de poemas está estruturado en tres seccións: "Tempo e desuso", "Territorio acoutado" e "Elas son eu". No primeiro destes bloques, que comprende corenta e catro poemas, Patiño escribe poemas moi breves cunha temática moi íntima e existencial. O paso do tempo e a presenza da natureza vertebran moitos poemas. É o caso de "Nenúfares", "Entre os teus brazos de prata o tempo dilúese" ou "Beleza prestada". Tamén hai varios poemas dedicados a familiares ou amigos, como son "Un horizonte de cabaliños de mar" ou "Non me soltes que estou nas túas mans de neve" (dedicado a seu pai). Hai así mesmo poemas que teñen como destinatarios a poetas galegos como Xavier Seoane, Luz Pozo Garza ou o finado Uxío Novoneyra. A segunda sección, "Territorio acoutado", continúa a temática anterior. O amor e a amizade aparecen nos once poemas deste bloque. A presenza da súa nai é manifesta no poema "Cando a dor xermina no peito". Tamén a nenez da poeta aparece no poema que leva o título de "Bendollo (verán do 60). "Elas son eu", dálle título á terceira parte, na que expresa o seu compromiso vital con aquelas que padecen a dor e a inxustiza. Entre os poemas desta sección aparecen os dedicados ás rapazas de Ciudad Juárez, ás mulleres Gbarnga en Liberia, etc. A figura da muller indefensa e maltratada é a protagonista central desta sección. A

autora presenta a súa visión da realidade cun lirismo persoal e belo estabelecendo un diálogo que toca o lector chamándoo á reflexión.

Referencias varias:

- Belén López, "A escritora Olga Patiño dálles voz ás mulleres en 'Tempo en desuso", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 11 decembro 2008, p. 69.

Dá conta da presentación en Pontevedra do poemario de Olga Patiño, *Tempo en desuso*. Sinala a poeta que a súa obra é unha maneira de darlles voz a mulleres ás que lles foi negada.

Pato, Chus, *Hordas de escritura*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 19, febreiro 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-9782-704-1).

Terceira entrega da pentaloxía "Método", obra de Chus Pato (Ourense, 1955). O poemario iníciase cunha dedicatoria, "para Manuel", e cunha serie de instrucións sobre o modo de observar un lugar indeterminado, descrito a partir de datos temporais e espaciais. A continuación aparece unha longa cita sobre o que é a poesía do escritor alemán Friedrich Schlegel que e seguida dos tres seccións nas que se divide o poema que seguida das tres seccións. Na primeira delas, "Termidor", a poeta preséntanos a uns personaxes anónimos que se atopan nun afastado aeroporto. A partir desta instantánea reflexiona sobre diferentes temas filosóficos, históricos e sociais, nuns poemas poboados de pintores, personaxes históricos ou cidades varias. No segundo en "Tebas", introduce os personaxes de Jekill e Mariana e, desta maneira, vainos contando a súa vida, pensamentos e accións. De novo, como acontecía no anterior apartado, aparecen diferentes personaxes históricos, a maior parte poetas: Hölderlin, E. Pondal… A terceira sección, que leva o título de "Os paxaros queriámolos ser e non nos gustan os prismáticos", é a máis extensa do libro. Neste bloque a escritora reflexiona sobre os seus medos existenciais e nas últimas páxinas do libro aparece de novo a prosa poética, onde a metapoesía, xunto co eloxio da natureza e certos animais, son algúns dos temas fundamentais.

Recensións:

- M. Dopico, "Carne e linguaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 marzo 2008, p. 33.

Manifesta que Chus Pato reivindica unha animalidade liberadora en *Hordas da escritura* e que esta obra acada a intensidade radical propia da poetisa ourensá. Detense no concepto de horda e comenta que este volume está estruturado en tres partes onde na primeira a autora fai de narradora ficticia, na segunda introduce dentro da estrutura lírica a narrativa e na terceira prodúcese "o estoupido absoluto". Asemade apunta que ao escribir esta terceira parte Chus Pato visitou Auswitcht.

- Armando Requeixo, "A luz escarlata", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, 17 abril 2008, p. V/"Memorial de amor", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, 26 abril 2008, p.10.

Preséntase brevemente *Hordas de escritura*, o último libro de Chus Pato publicado na editorial Xerais, para pasar deseguido a reflexionar sobre a adaptabilidade da obra de Pato aos xéneros tradicionais. *Hordas de escritura* é o enésimo chanzo da escaleira que a poetisa comezou a subir hai anos. Sinálase que con *Urania* (1991) e que avanzou ao longo deste tempo con *Heloísa* (1994), *Fascinio* (1995), *Nínive* (1996), *A ponte das poldras* (1996), *m-Talá* (2000) e *Charenton* (2004). Considérase que a súa é unha traxectoria con resultados tan complexos e orixinais que pode cualificarse coma transpoesía ou pospoesía, xa que traspasa os límites permeábeis do xénero poético. Coméntase esa afirmación se chéga tanto polas temáticas tratadas como pola forma, na que non se desbota o uso do relato crónica, o ensaio e mesmo o diálogo parateatral. Por último, fàlase presenta da de certos tintes autobiográficos na obra.

- Xosé M. Eyré, "Cal é a tecnoloxía dun poema?", *A Nosa Terra*, n.º 1.307, "Cultura", 27 marzo-2 abril 2008, p. 32.

Enmarca este poemario de Chus Pato dentro da pentaloxía aberta con *A ponte das poldras* e que entronca directamente con outros títulos da autora, coma *mTalá* ou *Charenton*. Ao longo do seu comentario, afronta unha análise en profundidade do poemario, abranguendo tanto o aspecto temático coma o estilístico. Neste último, recoñece unha consolidación de Chus Pato en liñas que xa abrira anteriormente, como a morte definitiva da metáfora, a renuncia do lirismo ou a consolidación do diálogo coma ferramenta expresiva. No tocante á temática, identifica tres partes que, a modo de chanzos descendentes, van profundando na busca introspectiva da autora.

- Antía Marante Arias, "Paseando polas marxes", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 94-95.

Salienta que este poemario é a terceira entrega da pentaloxía "Método" de Chus Pato, un proxecto que se iniciara con *m-Talá.* Sinala que no seu novo poemario, publicado en Xerais, a autora presenta pezas heteroxéneas dispostas nun espazo sen marco, ao tempo que se rexeitan os contidos e se camiña polas marxes e por unha multiplicidade de mundos. Comenta que a protagonista, Hrg, se convérte en heroína, aventureira anterga, muller contemporánea, narradora cre, monologuista, así como os poemas van máis alá e entran tamén na nación, Galicia, os exiliados ou as vítimas dos campos de exterminio.

- Arturo Casas, "Ventre e logos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proTagonista", verán 2008, p. 17.

Achégase á poética de Chus Pato partindo dunha frase de Jacques Derrida sobre a incapacidade de que un concepto caiba nunha palabra, e que considera que na poética da autora galega acumula potencialidade. A seguir pregúntase se o discurso, o texto e a escrita se consideran continentes dos conceptos e do mundo, pois disto depende a idea do que é poesía. Sobre esta alude á concepción que se foi conformando dende Hölderlin, a Mallarmé e as vangardas, das que observa algunhas pegadas en *Hordas de escritura*. Tamén sinala elementos da poética de Pato, como o mineral e animal, os ríos, o espazo..., nos que se observa a transformación, o cambio ou a mudanza. Considera que se trata dun movemento que o abarca todo e que impide que o concepto que manexa caiba en ningunha palabra, o que a converteu nunha das poucas poetas coas que é imposíbel dialogar, o que a fai única.

- Valentina Carro Padín, “Malevich, os corchetes e o ‘body art”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 7, “proTagonista”, verán 2008, p. 18.

Da poética de Chus Pato comeza salientando a ruptura coa noción clásica de poema, coa busca de novas formas de comunicación, nas que se acentúa o carácter visual do signo e dos espazos en branco. Salienta o emprego de dous símbolos: o [■] e [*], como síntese visual de toda a carga teórica do libro. Da férrea vontade da poeta por apreixar a realidade, sinala as intertextualidade con Mallarmé, Barthes ou Cezanne. Considera que a abstracción da linguaxe á que chega Pato en *Hordas da escritura* entronca coa tipografía rupturista de obras como *Un cup de dés*, co símbolo da pomba anavallada de Apollinaire ou cos poemas concretistas de Gromringer. Fai unha posíbel interpretación dos símbolos gráficos empregados, e ve como a renuncia ao abstraccionismo do primeiro ([■]) e a busca da linguaxe cosmogónica de xinea prehistórica que encarna o segundo ([*]),desembocan nunha linguaxe conectada coa natureza, así como e o retorno ao trazo do corpo como liberación na sociedade actual pola “vía da vitalidade e do humanismo dendrolóxico”.

- Mario Regueira, “Nacer é unha república de árbores”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, “Publicacións”, xullo-agosto-setembro 2008, pp. 133-138.

Comézase chamando a atención sobre a pertenza de *Hordas de escritura*, de Chus Pato, a unha serie de cinco libros que levará como título xenérico *Método*. Neste senso advirte que non se pode ler esta nova entrega sen ter en conta as dúas anteriores, coas que comparte as propostas arriscadas tanto na forma coma no contido, nunha liña denominada “culturalista”, pero na que se rompe cos discursos precedentes e se camiña cara a unha relación “bidireccional”. Alude ás referencias a Schlegel e Hörderlin e ao diálogo entre pezas que se sitúa sobre a noción de construción, o que lle fai pensar ao lector que está ante a elaboración dunha poética, aínda que recoñece que a obra de Pato non entra dentro dos límites da poética como proceso creativo. Por outra parte, salienta a multiplicidade de voces do “eu lírico”, enmarcada na cuestión do dobre e a usurpación da identidade. Sinala que coas entregas anteriores comparte *Hordas de escrita* a configuración formal, nunha constante ruptura de categorías, un hibridismo que xa padeceu *M-Talá* (2000), que non resultaba de fácil adscrición, polo que son os lectores e lectoras os que sitúan a obra dentro da poesía. Neste senso, destaca tamén o feito de que exista unha noción comunitaria ao concepto de “horda”, que figura no título e que considera que evoca a noción de multitude de Antonio Negri e Michael Hardt, á vez que rompe cos precedentes da poesía social no tocante a un protagonista colectivo. Todo isto considera que é froito da perspectiva conscientemente politizada dende a que escribe a autora. Conclúe que dende a idea da voz poética a obra pódese cualificar como unha epopea que tenta redefinir a colectividade dentro dunhas coordenadas antimperialistas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 239, “Libros”, 6 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 178, “Letras galegas”, 15 marzo 2008, p. 11.

Entre as catro publicacións tratadas nesta sección fixa, encontramos dúas obras literarias: unha reedición da obra *Roseira do teu mence*r (2008), de Xosé María Álvarez Blázquez, autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, acompañada dun epílogo a cargo de Darío Xohán Cabana; e *Hordas de escritura* (2008), terceira entrega da pentaloxía poética "Método*"*, de Chus Pato.

- L. R., "Novos poemarios de Chus Pato, Bernardino Graña e Alberto Lema", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 38.

Preséntanse varias novidades editoriais en galego do xénero poético entre as que se inclúe esta obra de Chus Pato, *Hordas de escritura*, a terceira entrega da pentaloxía "Método", ademais dalgunhas reedicións da obra da figura homenaxeada no Día das Letras do 2008, Xosé María Álvarez Blázquez. Respecto ao poemario de Pato afírmase que a autora xoga coa morte e a animalidade que integra os seres humanos. A seguir, coméntanse outros libros, como o de Alberto Lema, *Plan de fuga*, e *Acendede as almenaras*, que reúne a obra inédita de Bernardino Graña.

- Manuel Vidal Villaverde, "Alba de gloria en primavera", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 26 marzo 2008, p. 4.

Dáse conta da publicación do poemario *Hordas de escritura*, de Chus Pato, terceira entrega da pentoloxía construída pola autora co título xenérico de Método. Coméntase que se caracteriza pola radicalidade na enunciación, a renuncia ao concepto tradicional da poesía e a mestura de diferentes xéneros.

- Lupe Gómez, "Animalidade perdida", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 714, 24 abril 2008, pp. 2-3.

Entrevista realizada a Chus Pato con motivo da publicación de Hardes de escritura, que se encadra dentro dun monográfico publicado por "*Revista das Letras*" sobre poetisas galegas contemporáneas. De feito, ademais da entrevista a Chus Pato, anúncianse outra a Olalla Cociña , gañadora do Premio Fiz Vergara con *Libro de Alicia* (Espiral Maior, 2008); e a Helena de Carlos, autora de *Vigo* (Galaxia, 2007) e galardoada co Premio da Crítica. Na breve entrevista, Chus Pato dá a súa visión sobre temas fundamentais, coma a Humanidade, a escrita poética ou a actitude da autora perante a realidade social.

- Xosé Carlos Caneiro, "Gozo en estío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, "Letras en galego", "Club dandi", 12 xullo 2008, p. 6.

Apróximase a obras como *Hordas de escritura*, de Chus Pato. Asemade, coméntase a reedición *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín.

Penela, Carlos, *Sombras, rosas, sombras*, VI Premio Caixanova de Poesía 2007, Santiago de Compostela: Pen Clube de Galicia/Danú S.L., col. Poesía. Arte de Trobar, n.º 12, maio 2008, 147 pp. (ISBN: 978-84-936158-5-7) ■

Poemario de Carlos Penela (Vigo, 1975) que comeza cunha cita en alemán de Ingeborg Bachmann e a correspondente tradución ao galego e se estrutura en cinco partes tituladas "I. Fugas", "II. Desaparicións", "III. Insanias", "IV. Devoracións" e "V.

Teoremas". Nel o autor xoga constantemente coa intertextualidade. Así, todas as partes, agás a cuarta, están precedidas duns versos, todos en diferentes linguas (alemán, portugués, inglés e castelán), e tres dos seus poemas están introducidos por versos en inglés, galego e italiano. Esa intertextualidade tamén queda patente en que hai varios poemas intitulados noutra lingua distinta do galego, ou que algunha das composicións son unha homenaxe ou están dedicados a outros escritores, ou ben son unha versión ou paráfrase doutro poema. Os poemas falan da procura da identidade, tanto individual como colectiva, mediante a que o ser o humano se cuestiona e se analiza. Tamén hai unha tensión constante entre o lume e a sombra. A extensión dos poemas é moi variábel xa que hai poemas que só conteñen dous versos mentres que outros teñen trinta e seis, o mesmo que a súa lonxitude pois uns compóñense dunha soa palabra e outros sobrepasan unha liña de extensión. O volume péchase cos agradecementos a escritores, músicos e pintores; un índice e un colofón dedicado á poeta alemá Nelly Sachs.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Frialdade da rosa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 485, 15 xuño 2008, p. 20.

Salienta a liña culturalista do autor, así coma a forte presenza que ten na súa obra a metapoesía. Considera que autores como o vienés Ingeborg Bachmann, Jean Genet e Marguerite Yourcer e outros galegos coma Lois Pereiro ou Manuel Forcadela constitúen o substrato da lírica peneliana. Remata cunha defensa da poesía da reflexión representada por Carlos Penela, fronte á máis inmediata e coloquial.

- Ramón Raña, "Libros que son rosas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Libros", 3 xullo 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, "Letras galegas", 12 xullo 2008, p. 10.

Comeza fixándose na estrutura do poemario que se divide en dúas partes, rubricadas coma "Fugas" e "Desaparición". Sinala que na primeira di o poeta reflexiona sobre a súa relación coa lingua; mentres que na segunda, se indaga no sentimento da perda e do fugaz dende unha óptica de tintas pesimistas. No referido ao estilo, salienta o uso da enumeración, as referencias culturalistas e o latexo da poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín, a influencia máis salientábel de Penela. Tamén fai unha breve reflexión sobre a pertinencia do culturalismo na literatura.

Referencias varias:

- Ana Saá, "O anonimato é o estado ideal para escribir", *Faro de Vigo,* "Vigo", 15 maio 2008, p. 12.

Entrevístase ao gañador do VI Premio de Poesía Caixanova, Carlos Penela Martín, pola súa obra *Sombras, rosas, sombras.* Fálase sobre a súa faceta de escritor, das súas influencias literarias e indícase que os seus catro libros publicados recibiron tamén cadanseu premio.

- M. G.**,** "Penela, la voz 'renovadora' de la creación poética gallega", *El Correo Gallego,* "Cultura", 15 maio 2008, p. 67.

Coméntase que o gañador da sexta edición do Premio de Poesía Caixanova convocado polo Pen Clube de Galicia é o vigués Carlos Ignacio Penela coa obra *Sombras, rosas, sombras*, o cuarto libro do autor. Destácase a traxectoria do escritor xa que as tres anteriores obras tamén resultaron gañadoras en diferentes premios e "a tensión permanente entre o lume e a sombra" no seu poemario, segundo o presidente do Pen Clube, Luís Tosar. Finalmente, dise que ademais dos doce mil euros do premio a súa obra xa aparece publicada en libro e que a entidade Caixanova apoia a difusión da creación literaria en lingua galega con este premio e tamén co recente premio literario escolar que nace co obxectivo de implicar a todos os escolares galegos no proceso de valoración da lingua.

- Teresa Cuíñas, "Carlos Penela recibe el Caixanova de Poesía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 maio 2008, p. 7.

Informa da entrega do Premio Caixanova de Poesía a Carlos Penela polo poemario *Sombras, rosas, sombras.* Comenta a valoración do xurado da obra e recolle as declaracións de Penela, quen manifesta que é o resultado de varios anos de traballo e que a súa linguaxe poética fala dende o exilio, que está máis alá do real. Por outra banda, declara que na súa obra está presente a preocupación polo idioma e que con este poemario pecha un ciclo creativo. Tamén fai unha pequena síntese da biografía do autor.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Idioma", *La Opinión*, "Opinión", 30 maio 2008, p. 30.

Céntrase nun dos poemas publicados dentro de *Sombras, rosas, sombras*, no que atopa unha definición perfecta da situación que vive o idioma galego na actualidade e que Penela sabe reflectir mediante o emprego do vocabulario e a escolla de imaxes. Considera que o grande mérito do poema reside na súa capacidade para romper o tabú que se tiña creado sobre o acto de escolla da lingua galega coma motivo poético.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura transversal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 266, "Letras en galego", "Club Dandi", 14 xuño 2008, p. 14

Facendo honra ao seu título, traza unha liña transversal que arranca coa análise da obra gañadora do VI Premio Caixanova de Poesía, *Sombras, rosas, sombras*, e remata mencionando a última edición da obra dramática de Francisco Taxes, publicada en Edicións Xerais por Xurxo Taxes. Por outra parte, fai un comentario crítico da poética galega contemporánea e unha breve análise da última edición de Galaxia do discurso de entrada de Ramón Piñeiro, *A lingua e as linguas*, con limiar de Henrique Monteagudo.

Pereiras Gómez, Tomás Antón, *Un querer só á espreita. 121 poemas de amor*, limiar de Xosé Ramón Pousa Estévez, Vigo: Editorial Galaxia, xaneiro 2008, 163 pp. (ISBN: 978-84-9865-051-8).

Conxunto de poemas de Tomás Antón Pereiras Gómez (Vedra) que contén un limiar de Xosé Ramón Pousa Estévez, "Primeiro e derradeiro oficio de poeta", onde se realiza unha semblanza biográfica do poeta. Préstase especial atención á súa estadía estudantil en Santiago de Compostela e o seu paso por Madrid, onde se converte en funcionario e

coñece a súa muller, que o inspiran á hora de escribir sonetos en plena etapa de posguerra. A continuación, nun apartado intitulado "Versos para amar", o prologuista fai unha reflexión sobre a poética de Pereiras Gómez. A obra componse de cento vinte e un sonetos que ocupan cadansúa páxina e representan dúas modalidades: por unha banda, dous cuartetos e dous tercetos e pola outra, tres cuartetos e un pareado. O eu poético céntrase no amor dirixido a unha terceira persoa, o que dá pé a unha serie de reflexións vitais que destacan polo sentimentalismo a través dunha linguaxe preciosista. Ao final, hai un glosario de termos recollidos ao longo do poemario.

Referencias varias:

- José Matamoros, "Los poemas de amor nunca pasan de moda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 marzo 2008, p. 16.

Fai unha breve mención á presentación do poemario *Un querer só á espreita*, de Tomás Antón Pereiras Gómez, para pasar a falar da súa composición constituída por un total de cento vinte e un sonetos que o autor escribiu inicialmente nos anos cincuenta en castelán, pero que posteriormente se encargou de traducir ao galego.

- Margarito Flowers, "Traumatólogos con caché y alpinismo musical", *El Correo Gallego,* "Gente a la última", 3 xuño 2008, contracuberta.

Faise unha breve referencia a este poemario de Tomás Antón Pereiras Gómez e indícase que a obra consta de cento vinte e un poemas de temática amorosa dirixidos fundamentalmente ás dúas grandes mulleres na vida de Pereiras: a súa nai e a súa muller, Nieves.

Pousa, Luís, *O embigo do mar (Edición bilingüe español-galego)*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Alba longa, n.º 14, novembro 2008, 131 pp. (ISBN: 978-84-96475-94-6).

Poemario de Luís Pousa [Rodríguez] (Lugo, 1971) presentado en edición bilingüe, introducido por unha dedicatoria ao seu pai e unha cita da *Odisea*, de Homero. Contén sesenta e un poemas numerados, sen título, que se centran en describir a cidade da Coruña mediante a numeración de obxectos que ve, mentres que o eu poético vai camiñando pola cidade, como se fixese unha foto a todo aquilo que lle chama a atención. Así, na maioría dos poemas o que prima é a presenza de substantivos, sobre todo abstractos que se refiren aos sentimentos, fronte a ausencia dos verbos e da acción. Algúns poemas conteñen referencias a clásicos como Joyce ou Kafka e tamén á morte de seu pai. A maioría dos poemas preséntanse escritos uns a continuación dos outros, só separados por un punto, coma se estivésemos ante un escrito en prosa cunha extensión moi variábel, dende un verso até os trinta e catro versos.

Recensións:

- Ana Abelenda, "Ao desabrigo da noite", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", 6 decembro 2008. p.10.

Coméntase que se trata do primeiro poemario do poeta editado en edición bilingüe español-galego e centrado na cidade d'A Coruña e as súas características. Sinálanse como referencias Nietzche, Le Corbusier, Dalí ou Kafka, ademais de entenderse a poesía do autor como unha maneira de afirmar a presenza do ser humano no mundo fronte á súa transitoriedade.

Referencias varias:

- C. F., "Luís Pousa presentou no Culturgal 'O Embigo do mar', un libro para dar coa poética da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 decembro 2008, p. 31.

Recolle a presentación na feira Culturgal, na Coruña, do poemario de Luís Pousa, *O embigo do mar*, en edición bilingüe co obxectivo, de "non perder ningún lector". Sinálase que a temática do poemario se centra na cidade da Coruña.

Rábade Paredes, Xesús, *Lugar do canto*, limiar de Darío Xohán Cabana, Pontevedra: Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo, n.º 21, 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-935698-2-2).

Poemario de Xesús Rábade Paredes (Cospeito, Lugo, 1949) que se abre cun texto de Darío Xohán Cabana no que, consciente de que se trata dun limiar atípico feito en calidade de amigo, lembra as peripecias compartidas na xuventude cando ambos asistían ás aulas do instituto Masculino de Lugo. Así mesmo, recorda a polémica aparición dos traballos literarios de ambos na antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno, e gaba a calidade da obra poética do seu amigo Rábade Paredes. O libro, que se divide en "Autopoética", "Onde habita o meu nome", "A cerva branca", "De tristia", "A lira torva" e "Execración da patria", ofrece unha selección de poemas que parten de antigas obras do autor e que se presentan nunha edición bilingüe. Rábade Paredes arrinca cun preciosismo formal en "Autopoética", onde manifesta unha alma indómita (el asegura que é cada vez máis "ácrata") arredor dos labores que realiza o poeta e arredor das reflexións sobre o significado e o uso da propia poesía. En "Onde habita o meu nome", continúa coa busca do seu "eu" nos episodios da xuventude e mesmo ao longo de toda a xeografía galega pola que non deixa de manifestar admiración. Os versos de "A cerva branca", cunha linguaxe formal coidada, repleta de recursos retóricos, son todo un canto de amor dedicado a "Helena". A continuación, a melancolía da infancia presente en "De tristia" dá paso á camaradería patriótica de "A lira torva" en lembranza aos insubmisos que escribiron o pasado da terra e á crítica social dunha realidade que o desgusta, para finalizar cunha continua referencia a unha "matria de sombra" en "Execración da patria".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Poesía e recoñecemento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 281, "Letras en galego", 27 setembro 2008, p. 11.

Falando de *Lugar do canto*, destácase a incorporación de versións dos seus poemas traducidos ao español polo propio autor. Saliéntase así mesmo a temática común á obra

do autor (a memoria, o amor ou o erotismo) que pousa sobre diferentes rexistros, máis clásico ou máis contemporáneo cando lle cómpre. Enmárcase ao autor nunha xeración poética da que son compañeiros Margarita Ledo, Fiz Vergara ou Xosé Vázquez Pintor.

Referencias varias:

- Luís Cochón, 'Lugar do canto', *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Para ler", 27 maio 2008, p. 34.

Infórmase sobre a publicación do poemario *Lugar do canto*, de Xesús Rábade Paredes, na que hai influencias de Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas ou Álvaro Cunqueiro. Dise que se trata dunha escolma de poemas en edición bilingüe que sae na colección "Hipocampo amigo", editada por Sabino Torres, e que está prologada por Darío Xohán Cabana e traducida ao castelán polo propio autor.

- Marcos Valcárcel, "Tres poetas", *Galicia Hoxe*, "A contra", 12 xullo 2008, contracuberta.

Dá conta da presentación de varias obras, entre as que se atopa a antoloxía de poemas *Lugar do canto*, escolma bilingüe de Xesús Rábade Paredes, editada por Hipocampo Amigo, con presentación de Darío Xohán Cabana.

- Marcos Valcárcel, "Lugar do canto", *Galicia Hoxe*, "A contra", 15 xullo 2008, contracuberta.

Destaca temática amorosa da antoloxía poética *Lugar do canto* e a súa relación cos autores chamados novísimos da xeración dos setenta.

Reixa, Antón, *Látego de algas*, ilust. de Francisco Leiro, prólogo de Yolanda Castaño, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 200, xullo 2008, 88 pp. (978-84-96475-82-3).

Trátase do novo libro de Antón Reixa (Vigo, 1957), após nove anos de silencio literario. No prólogo intitulado "Un trallazo de beleza" e datado na primavera de 2008, Yolanda Castaño salienta que neste poemario se exteriorizan por primeira vez os sentimentos íntimos do seu autor: "Hai Reixa e xa non hai reixa". Do mesmo xeito, afirma que se percibe a corrección do látego ao mesmo tempo que a textura branda, húmida e natural propia dunha alga. Tamén sinala a presenza na obra de visións distanciadas da propia visión que achegan perspectivas diferentes, así como a cuestión do conflito entre o ser humano e a natureza, co resultado de escenas de amor con fondo social. Conclúe Castaño que a escritura é un instrumento para loitar contra a nostalxia. De composición libre e extensión variada, *Látego de algas* estrutúrase en seis partes: "Poemas de amor basados en feitos reais", "Marea de ollos", "Armarios de látegos de algas", "Cabezas de vento", "Crónicas de Paramín en Paraty" e, por último, "Epílogo". Nalgúns casos, en especial na derradeira parte, "Crónicas de Paramín en Paraty", os poemas redúcense ao título e a un verso ("Unha Volta Ciclista Pasa Por Paramín/Vista e non vista", p. 79), mentres que, no primeiro dos apartados, que é o máis amplo, as composicións teñen unha extensión maior. Outro aspecto salientábel é a relación entre o título de dous apartados cos poemas nel incluídos. Así, nos apartados "Marea de ollos" e "Armarios de látegos de algas" todos os seus poemas comezan por "Visión Dos Ollos..." e

"Armario De...", respectivamente. A derradeira composición deste último bloque mesmo xoga co título do volume, "Armario de Látegos de Algas" (p. 57), un recurso tamén presente noutro poema do primeiro apartado, "Poemas de amor basados en feitos reais", "Látego de algas do edredón océano" (p. 18).

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Un trobador na era dos ipods", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 275, "Letras en galego", 16 agosto 2008, p. 5.

Destácase a ausencia de calquera tipo de soporte audiovisual neste poemario, en contraste con outras obras do poeta. Sinálase a temática amorosa baseada en feitos reais ao tempo que sorprenden os ecos do lirismo trobadoresco. Considérase que os poemas, nalgúns casos, destacan pola súa narratividade.

- Lara Rozados, "Látego de algas' ou o Reixa tranquilo", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Cultura", 11-17 setembro 2008, p. 38.

Refírese ás diferentes impresións que produciu o último poemario de Amtón Reixa, pois contrasta coa anterior produción poética do autor, en moitas ocasións contaminada polo audiovisual. Sinala que este é un poemario sobre o desexo, que mesmo se pode dicir que está influenciado polo amor cortés, lonxe do experimentalismo da movida dos anos oitenta, na que o poeta tivo un papel destacado.

- Xabier Cordal, "Imprescindibles", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, p. 3.

Definición da personalidade e traxectoria de Antón Reixa, na que se parte da idea de "imprescindible", para cualificar unha figura fundamental da literatura galega, pero tamén da videocreación e do audivisual galego. Considera que é un nome relevante das literaturas hispánicas, que dende os anos noventa conta coa atención académica e cuxo testamento poético antes de *Látego de algas* foi *Escarnio* (1999). Sitúa a Reixa nunha hipotética "xeración do éxodo" e remata reproducindo algún dos seus versos.

- Isaac Lourido, "As pilas do megáfono", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, p. 4.

Comeza evocando a posición de protesta contra o sistema estabelecido da poesía feita nos últimos anos da década dos noventa, na que se inclúe *Escarnio* (1999), de Antón Reixa. A seguir, céntrase en *Látego de algas*, do que di que se acomoda ben ao formato libro, aínda que aqueles que teñan lido algunha obra anterior do autor agardarán nesta a alternatividade e a exhibición de fórmulas distintas, na liña da heterodoxia discursiva que encarnou durante anos o autor. Aínda que define esta obra como fundamentalmente un libro de poemas de amor, considera que nel sobrevive "a ardideza análoga ás expectativas que a traxectoria do autor conformara", como a reconstrución dunha sensibilidade e un imaxinario baseados na contradición e no conflito. En canto ao estilo, considera que predomina unha dicción acomodada, aberta a todas as modulacións discursivas e ideolóxicas. Por último, pregúntase que posición ocupará este poemario no

espazo literario galego, en comparación con obras anteriores do autor e dada a súa posición actual.

- Alberto Valverde, "O látego de Reixa", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 109-110.

Recóllense as impresións persoais que a obra de Antón Reixa, *Látego de algas*, deixa en Alberto Valverde o cal sinala como trazos unitarios a linguaxe de vangarda e a temática amorosa onde o mar ou o océano se converten en marco espacial. Dise que Reixa pretende un exercicio de recreación vangardista e dun amor maduro que forma parte dun estadio por descubrir. Por último, destácase o diálogo que se estabelece no libro entre o texto e as imaxes confeccionadas por Francisco Leiro.

- Vicente Araguas, "Cando o amor se alitera", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 511, "Libros", 14 decembro 2008, p. 20.

Destácase a traxectoria poética de Antón Reixa na historia da literatura galega contemporánea, malia advertir contra o risco de caer en manierismos no intento de ofrecer fórmulas de vangarda. Fálase da diversidade deste poemario, do que sinala que cumpre coa función básica da poesía: a de suxerir.

Referencias varias:

- maré, "Sobre a experiencia do desexo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 agosto 2008, p. 30.

Recolle as declaracións de Antón Reixa perante a publicación de *Látego de Algas* despois dun silencio creativo de nove anos. Trátase dunha escolma de poemas cun fío condutor, o amor, e que conta cun prólogo de Yolanda Castaño e ilustracións de Francisco Leiro.

- Ana Blanco, "La Fnac acogerá un ciclo de cine sobre Europa y Africa", *La Opinión*, "A Coruña", 30 agosto 2008, p. 11.

Recolle as presentacións na Fnac d'A Coruña do poemario de Antón Reixa, *Látego de Algas*, e da novela gráfica para adultos de Carlos Portela e Sergi San Julián, *A contra atrás*.

- Ana Salgado, "Hai moitos anos que cansei dese tal Reixa, paréceme algo prosma", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proTagonista", outono 2008, pp. 2-5.

Conversa con Antón Reixa con motivo da publicación de *Látego de algas*, na que se repasa a súa traxectoria e percepción vital dende *Silabario da turbina* (1978) até a actualidade. Despois de manifestar que da época de Rompente lle quedou un fondo interese por todo o que é multimedia e interdisciplinar e de lembrar que ten unha nostalxia positiva dos anos oitenta como época moi intensa, refírese á súa xeración, todos moi novos no maio do 68, pero que tiveron a oportunidade de enfrontarse aos últimos anos do franquismo. Evoca a imaxe da infancia e lémbrase algunha autopoética como a incluída en *Ringo rango* e di que o último poema de *Látego de algas* é un manifesto autopoético, no que considera que hai unha evolución, pois no primeiro era "unha reflexión máis formal, máis pop, sobre a expresión poética", mentres que no

último sente un carácter "máis filosófico". Refírese á súa relación coa televisión e a outros proxectos audiovisuais nos que está a traballar, ademais de reflexionar sobre o papel do cinema e outras cuestións. A seguir, fala do seu próximo libro, *O barbeiro de Sadam*, inspirado na imaxe do mandatario iraquí ao ser detido e das súas obras, ao tempo que considera que leva unha traxectoria literaria descoidada, que publica cando cadra ou cando lle piden unha obra, como ocorreu con *Látego de algas*, da que explica que escribiu dende a interpretación do desexo, con certo minimalismo, dende a espontaneidade e a naturalidade, cunha certa purificación da escrita, posto que as inquietudes audiovisuais (presentes en traballos anteriores) se canalizan cara ao seu traballo no cinema. Manifesta o seu interese pola poesía de Chus Pato, Daniel Salgado ou Fernández Mallo e alude tamén á importancia na súa obra de Xosé Luís Méndez Ferrín, ao que considera o seu mestre e ao que o unen moitos puntos en común, pero tamén unha considerábel distancia creativa.

- Lupe Gómez, "Esperar mail", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 738, 7 decembro 2008, p. 6.

Dá conta do poemario *Látego de algas*, ao que gaba por incluír poemas baseados en feitos reais.

Solla Varela, Carlos, *ReGaliza e outras chuches+libro de reclamacións*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, xuño 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-8190-530-4).

Curiosa obra poética de Carlos Solla Varela (Pontevedra, 1971) dividida en dúas partes: "ReGaliza e outras chuches", na que se inclúen trescentas tres sentencias irónicas marcadas polos xogos coa linguaxe, e "Libro de reclamacións", que se define como un "álbum de poesía visual" composto por vintecinco "retrónicas". Trátase dunha mestura entre poemas e debuxos, en moitos casos cun marcado ton reivindicativo. As dúas partes preséntanse claramente divididas, e se a primeira se compón unicamente de frases numeradas, na segunda o elemento gráfico adquire unha grande importancia, de tal xeito que o texto non podería entenderse sen ela. En ocasións mesmo é unha soa imaxe a que constitúe a composición. A voz poética, máis que expresar os seus sentimentos, cumpre aquí dúas funcións: ser creadora de xogos de palabras na primeira frase, cun ton fundamentalmente festivo e moi orixinal, e actuar como "conciencia" na segunda, na que se denuncian diversas situacións relacionadas con Galicia e a súa situación actual.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Libros", 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, "Letras galegas", 26 xullo 2008, p. 11.

Nesta ocasión descríbense moi brevemente *Game over*, de Carlos Losada; *ReGaliza e outras chuches*, de Carlos Solla; e o volume que recolle as obras gañadoras do *II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*.

Soutelo Vázquez, María N., *Código poético*, XX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, prólogo de X. H. Rivadulla Corcón, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. de Poesía Eusebio Lourenzo Baleirón, 2008, 84 pp. (ISBN: 978-84-7824-562-8).

Este poemario de María N. Soutelo Vázquez (Pontevedra, 1982) comeza cun "Envío", tirado da obra *Gramática do silencio*, de Eusebio Lorenzo Baleirón. Ábrese co prólogo "Código poético, código humano", no que X. H. Rivadulla Corcón cita un verso de Uxío Novoneyra antes de comezar a falar sobre o cultivo da poesía en Galicia e argumentar sobre cal é a forza da poesía para resistir. A continuación, céntrase en analizar este volume poético, do que salienta que o ton xeral é "o da poesía de reflexión sobre o acontecemento global da vida", cunha indagación filosófica próxima ao existencialismo. O poemario estrútarase en catro apartados: "1. poemas do EU", "2. poemas do TI", "3. mi(ña)scelánea" e "Omnímodos". Recrea sensacións e sentimentos do devir cotiá, reflexionando así mesmo sobre a natureza da escritura: "Escribir/versos/ata que volvas./ Así podo consolar o vacío da rutina" ou "Mentres queda día. Escribir". Nos tres primeiros apartados, todos os poemas levan título numérico (10307, 10502, 5205,...). No segundo, obsérvase como a voz lírica, sempre en primeira persoa, se dirixe a unha terceira, para presentar unha temática amorosa, cunha sensualidade próxima ao erotismo en poemas como "91206". A nivel formal, son composicións que se caracterizan polo versolibrismo e que destacan fundamentalmente no cuarto e último apartado pola súa brevidade.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Vida para amar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, "Libros", 18 decembro 2008, p. IV.

Precísase que o poemario de María Soutelo Vázquez constitúe o primeiro poemario individual da poeta, xa que en anteriores ocasións os seus textos formaban parte de antoloxías ou revistas. Perfílanse datos da súa biobliografía e dos premios dos que foi merecente. Indícase que este poemario trata dos pequenos acontecementos da vida cotiá, destacado o amor como esperanza fronte á soidade da vida moderna. Remátase apuntando que responde a unha sintaxe "arestada e polimorfa" da que se serve para "internarse nos complexos territorios do vivir e o querer".

Souto Alcalde, David, *A árbore seca*, IV Premio de Poesía Fermín Bouza Brey 2007, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 128, abril 2008, 54 pp. (ISBN: 978-84-96475-76-2).

Poemario de David Souto Alcalde (Vilagarcía de Arousa, 1983) que comeza cunha cita en italiano de Giaccomo Sibari. Na obra mestúrase a maxia da poesía cunhas pinceladas dunha certa vontade narrativa. Cada poema vai introducido por un título, xunto cunha cita inicial en distintos idiomas (presentación e síntese do contido que desenvolverá cada poema ou narración). A primeira parte do libro leva por título "Os altofalantes de Oberón" e está formada por seis poemas. Dá paso á segunda parte, titulada "A codorniz indecisa". Nesta ocasións son só dous os poemas que a constitúen. A terceira e última parte, "A vinganza de Ludmilla", dá paso a un bloque de narrativa que trata de exaltar as marabillas da choiva. Comezando en castelán, mestura o galego, o inglés, o francés e

outras linguas mediante a tradución dunha mesma e única frase que abre e pecha esta terceira parte: "introduza a moeda". Remata cun "Epílogo en fume" en prosa onde explica o oficio do poeta, o título do poemario e o derradeiro verso.

Recensións:

- Noel Blanco Mourella, "Esta noite, voamos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 2, "Crítica literaria", 20 decembro 2008, p. 8.

Sinálase o carácter do manifesto como preludios de acontecementos futuros, destacándose deles a súa forza no momento, produto dun heroísmo que se converte en traizón co seu esvaecemento. Destácase o epílogo de David Souto como exemplo de antimanifesto, pola súa denuncia da non existencia dunha conciencia de produción literaria galega, o cal leva necesariamente a unha denuncia do caciquismo imperante no campo literario.

- N. B. M, "A terra do revés", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", "Libros", n.º 2, 20 decembro 2008, p. 8.

Destácanse a melancolía inherente á lingua do poemario, de carácter hegeliano-baudeleriano. Por outra parte, saliéntase o paseniño medre en intensidade do poemario, dende os inicios de carácter épico até o dobre tratado de lectura da última parte, así como o seu virtuosismo compositivo.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A fendedura da ironía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xullo 2008, p. 30.

Dá conta do poemario de David Souto, *A árbore seca*, gañador do IV Premio de Poesía Fermín Bouza Brey. Sinala David Souto as súa dificultades para publicar ao non seguir as modas estéticas imperantes na poesía en galego, ao tempo que anuncia a súa intención de deixar de escribir en galego ao non sentirse identificado coa lingua.

Suárez, Chelo, *Corpo de mar*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 196, xullo 2008, 71 pp. (ISBN: 978-84-96475-83-0).

Chelo Suárez (A Coruña) presenta o seu primeiro poemario tras a publicación das súas novelas *Flor de xiz* (2003) e *A venus de cristal* (2008), candidata esta última ao Premio Xerais de Novela. Ábrese o libro cunha dedicatoria á súa familia, amigos e compoñentes dos clubes de lectura da Deputación e a unha muller, de nome Amparo, da que semella ter xurdido o título deste volume. Cun total de cincuenta e sete poemas raianos co microrrelato, aborda unha temática sensual e erótica a partir da metáfora mariña. Todos eles adoptan a tipografía propia dos caligramas para introducir o seu argumento de xeito máis impactante no lectorado. A maioría dos poemas van introducidos por un título, como no caso do primeiro, "Orixinaria", pertencente ao "LIMIAR", ou "XARDÍN DE EROS", "BOSCO", "CORPO NÚ", "AUGA", "AIRE", "TERRA", "LUME", "BREVE CARTA A SAFO EN FORMA DE POEMA" e "AMAR NO MAR", que actúan como introdutores de seccións. Por exemplo,

“XARDÍN DE EROS” principia unha serie de poemas relacionados cun erotismo centrado en elementos como o corpo, a noite, o leito dos amantes e personaxes bíblicos como Eva e Adán; “BOSCO” presenta dous poemiñas relacionados cos xardíns homónimos, mentres eu “CORPO NÚ” abrangue precisamente poemas cuxa temática se alicerza nos corpos dos amantes no acto sexual. Os poemas “AUGA”, “AIRE”, “TERRA” e “LUME” amosan os catro elementos que conforman o mundo ao redor dos amantes. Finalmente, “BREVE CARTA A SAFO EN FORMA DE POEMA” consiste nunha dedicatoria a Safo, a poetisa da mitoloxía grega, símbolo do amor entre mulleres. O poema que pecha o volume, “AMAR NO MAR” mostra unha visión sexual de dous amantes por medio da metáfora mariña antedita. Tras este derradeiro poema aparece a firma da poetisa e a estación e ano de redacción deste volume lírico. O poemario vén acompañado dunha serie de ilustracións de Pablo Sáinz en tinta negra, firmadas e datadas que axudan ao lector a albiscar o fío argumental dos poemas. O volume péchase cun índice que recolle os títulos de cada poema e, no caso de non os ter, o primeiro verso.

Recensións:

- Lupe Gómez, “A fada cristalina”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 732, 26 outubro 2008, p. 10.

Faise referencia a esta obra da escritora autodidacta Chelo Suárez, *Corpo de mar*, un poemario do que se salienta o seu afastamento da pedantería e a busca do pracer e a alegría. Considérase que as súas obras tratan temas sensuais e sexuais, cun ton subxectivo que produce unha obra sinxela e humilde, alonxándose das “porcalladas”, como Chelo Suárez di, que, segundo as opinións dalgúns, é o que se conta neste tipo de obras.

Valcárcel, Xulio, *A melancolía dos corpos*, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, exemplar n.º 74, 2008, 97 pp. (ISBN: 978-84-95289-92-6). ■

O poemario de Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) consta de catro seccións que teñen como temáticas principais o amor e a soidade. A primeira sección, “Inventario e recuperación”, conta con once poemas nos que o poeta reflexiona sobre o sentimento do amor, centrándose na paixón dos corpos entregados. Neste primeiro bloque tamén aparece a natureza como acompañante do amor, é o caso do poema “Lúa sobre os tellados de marzo”. “Miraxes” é o título do segundo bloque poético, no que aparecen dezasete poemas de temática variada: a presenza da natureza de Tui e as Illas Cíes fronte á Roma monumental do poema “Ragazza in Roma”. O terceiro apartado, homónimo do título do libro, conta con vinte e catro poemas, nos que se recollen os eixos temáticos do libro: o amor e a soidade dos corpos. Tamén aparecen alusións a unha xuventude perdida, á cal o poeta quererría regresar, como é o caso dos dous poemas que inician o bloque: “Nostalxia e refuxio I” e “Nostalxia e refuxio II”. A morte tamén se trata, centrándose no óbito do seu avó nos poemas “Acto final I” e “Acto final II”. O poemario cérrase con “Viaxe ao Oeste”, a cuarta sección do libro. O primeiro poema deste bloque ten tamén como tema a morte, neste caso fala do falecemento de Antonio Machado en Colliure. No resto dos poemas a nostalxia da nenez e as preguntas

existenciais, a próxima vellez e a morte certeira son os elementos temáticos que vertebran a sección.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Esta ollada tan nidia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 506, "Libros", 9 novembro 2008, p. 20.

Sinálase a importancia de Xulio L. Valcárcel no canon poético contemporáneo da poesía galega, gabando a súa "autenticidade, enxeño e intelixencia". Pásase a continuación a falar do poemario máis recente de Valcárcel, *A melancolía dos corpos*, calificando ao autor como poeta lírico polo seu recurso constante ao paso do tempo. Destácase igualmente a heteroxeneidade do poemario, mais coa unidade temática da melancolía como pano de fondo.

Referencias varias:

- M. J. R., "A sociedade Valle-Inclán publica 'Se envellecemos xuntos' en 17 idiomas", *Diario de Ferrol*, "Literatura", 12 marzo, 2008, p. 15.

Preséntase o poemario *Se envellecemos xuntos* (2007), obra políglota na que se recolle o poema homónimo de Xulio Valcárcel e a súa tradución a dezasete idiomas distintos: castelán, vasco, catalán, asturiano, portugués, francés, italiano, rumano, alemán, inglés, holandés, polaco, húngaro, grego, rumano, armenio e árabe. Sinálase que a iniciativa foi promovida pola asociación cultural Valle-Inclán e que dela se encargaron Luciano Rodríguez e Fernando Bores. Así mesmo, coméntase que o poemario conta co deseño gráfico de Alfonso Costa e as ilustracións dos artistas Alfredo Erías, Jano Muñoz, Ángela Gavilán, Nito da Vila, Beatriz Ansede, Ana Karina, Isabel Pintado, Yolanda Dorda, Pedro Bueno e Marielle. Finalmente, adiántase a próxima publicación do autor na colección de poesía "Esquío", *A melancolía dos corpos*.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Letras en galego", "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, entre as que salienta *A melancolía dos corpos*, de Xulio López Valcárcel, obra ilustrada por Xabier Dávila e que reproduce facsimilarmente a palabra manuscrita do autor. Ademais destaca as obras de Luís González Tosar, César Antonio Molina, Xosé Carlos Caneiro, Xavier P. Docampo e Ramiro Fonte.

Varela Puñal, Diana, *Fíos*, IV Premio Uxío Novoneyra 2006, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 197, outubro 2008, 51 pp. (ISBN: 978-84-96475-91-5).

Neste poemario de Diana Varela Puñal (Corme, A Coruña, 1981) recóllense os vintenove poemas cos que gañou o IV Premio de Poesía Uxío Novoneyra do Concello das Pontes e que están dedicados "para meu amigo Miguel Anxo con todo o meu agradecemento e admiración". A seguir, nun "poema-prólogo" de Luz Pozo Garza,

intitulado “Na ferida que quedou aberta”, se fai un percorrido polos temas que se van tratar. O poemario propiamente dito divídese en dous bloques: “Fíos de sol”, cuns poemas doces e cheos de morriña, e “Fíos de amor”, cuns poemas máis apaixonados e íntimos. Estes dous bloques atópanse “rodeados” por un poema inicial intitulado “O Trasno I” e outro final, “O Trasno II”, dous poemas que unha terceira persoa describe ese trasno e o que este lle produce. O bloque primeiro está composto polos seguintes poemas: “O poema”, “Mensaxe”, “A todos os nenos”, “San Manuel bo, mártir”, “Muller” dedicado a súa nai, “Os avós”, “A praza”, “A nena morta”, “O coi” e “Emigrantes”. Neles a través dunha linguaxe coidada e sinxela, recóllense as experiencias pasadas e a morriña que o recordo destas lle produce unha voz poética que se manifesta especialmente dende unha terceira persoa. No segundo bloque, “Fíos de amor”, atópanse os poemas “Ladaiña pola salvación” (dividido en catro partes), “Nai”, “Na diáspora”, “No xardín de plátanos” (dividido en dúas partes), “Cleopatra”, “Teces fíos de prata”, “A calor da roupa”, “Ausencia”, “Aliméntote”, “Azucre” (dividido en dúas partes), “Debo”, “Búscame”, “Canto ó home”, “Como os amantes de Monbòsc”, “Nós” e “Fisterra”. Neste poemas predomina unha voz en primeira persoa que expresa os seus sentimentos e a súa paixón cuns versos rápidos e unha linguaxe sinxela, sen retoricismos nin excentricidades, aínda qua tamén se recorre á terceira persoa para facer descricións.

Recensións:

- Juan Fernán, “Diana Varela Puñal”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 545, 30 novembro 2008, p. 6.

Sinálase o directo da linguaxe do poemario, que conecta facilmente co lector. Faise unha breve semblanza biográfica da autora, da que se destacan os seus diversos premios literarios. Coméntase que o poemario leva un prólogo de Luz Pozo Garza que ten forma de poema baixo o título “Na ferida que quedou aberta”.

Referencias varias:

- M. J. R., “Espiral Maior publica a obra que gañou o IV Uxío Novoneyra”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 10 decembro 2008, p. 11.

Dá conta da publicación do poemario de Diana Varela Puñal *Fíos*, gañador do IV Premio de Poesía Uxío Novoneyra, con prólogo de Luz Pozo Garza.

Vázquez, Paulino, *Arcaico o tempo que respira*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 57, novembro 2008, 60 pp. (ISBN: 978-84-9865-146-1).

Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) constrúe un poemario dividido en tres partes: (o tempo, os ocres), (o tempo, as vértebras) e (a tala dos cedros) nas cales se fai unha homenaxe a distintas figuras da cultura galega como Otero Pedrayo, Luis Seoane, María Mariño e Alexandre Bóveda. Porén, tamén refire en varias ocasións autores internacionais como Yeats, Virginia Woolf ou Emily Brontë. Trátase de dezaoito poemas de gran extensión e nos que se empregan os versos longos, constituindo, deste

xeito, un exercicio de prosa poética. A través das cores ocres e do tempo do outono consegue o autor un clima de nostalxia que intenta vencellar ao home coa terra.

Vázquez Cereijo, José, *Sombras de luna azul. Estampas de invierno*, ed. bilingüe galego e castelán, Lugo: Clérigos. Galería de Arte, abril 2008, 108 pp. (DL: C 4444-2008).

Obra poética de José Vázquez Cereijo (Lugo) que consta de sesenta e unha composicións, todas elas presentadas en galego e castelán, de xeito que as versións en galego ocupan as páxinas pares e as versións en castelán, as impares. Trátase de poemas que encerran un desacougo, unha tristura que se mestura con lembranzas melancólicas da infancia e con referencias a elementos propios do inverno, como a chuvia, a xeada, a neve… Mesmo hai composicións, coma a vinte e nove, que tratan de desastres ecolóxicos coma o do Prestige. Os poemas son de extensión variábel, aínda que máis ben curtos, de maneira que algúns constan só de tres versos. A lonxitude do verso tamén é moi variábel, e a rima non ten unha presenza importante, aínda que ás veces se dá a asonante. O libro remata cun "Colofón" onde o autor presenta o artigo de Ánxel Fole que se reproduce a continuación: "Cartafolio de Lugo". Trátase dun texto escrito nos primeiros anos setenta, con motivo da presentación dunha colección de Estampas Gráficas do propio Vázquez Cereijo, de carácter semellante ás composicións deste libro. Así pois, aquelas estampas xa comunicaban algo dramático e conflitivo, estados de inquietude, obsesión e terror.

Villar, Rafa, *Migracións*, XXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 195, xuño 2008, 64 pp. (ISBN: 978-84-96475-80-9).

Este poemario de Rafa Villar (Cee, 1968) consta de cincuenta poemas, a maior parte deles intitulados. A primeira composición poética é síntese do que será a constante temática do poemario. O eu lírico intimista manifesta que "daría a miña sombra/ porque unha Rosalía amañecese outros poemas/ para o mañá" e achégase á colectividade, representada por un país "que se deshabita a forza de esquecer", para reflexionar sobre aspectos que concernen á propia condición humana. Ao mesmo tempo, amósase un compromiso social por cuestións diversas como son os procesos migratorios de antano e hogano, a violencia de xénero ou o status da lingua subalterna. Tamén se alude ao feito interxeracional en "de pais a fillos" ("de pais a fillos", p. 14) ou "de fillos a pais" (p. 43). Recórrese con frecuencia á natureza, especialmente ao mar, a través da que se expresan sentimentos tales como o amor ou a soidade. Trátase de poemas breves onde predominan os versos de arte menor e a liberdade métrica e rítmica, en sintonía cunha linguaxe deseñada ao estilo minimalista. Algo máis da metade das composicións aparecen intituladas e algunhas chegan a formar series, como en "posdata 1"/ "posdata 2"/ "posdata 3", ou tamén "violenta casa 1"/ "violenta casa 2", ou "nación gz 1"/ "nación gz 2".

Recensións:

- Luís Cochón, "Trazos dunha poética inmigrante", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp.

108-109.

Fálase sobre a obra poética de Rafa Villar, *Migracións*, na cal se subliña a súa "poesía compacta, a dialéctica entre silencio e a palabra". Sinálase que se trata dunha obra que xorde das múltiples lecturas poéticas do autor (Espriu, Pavese, Costafreda) que vai trasladando ás páxinas do volume con versos sen puntuación superflua e con finais poéticos transgresores moi traballados. Dise tamén que hai unha homenaxe explícita a moitos poetas seus e que flúen entre os poemas a paixón patriótica, a mariña atlántica e fisterrá, o amor e desamor ou a esperanza no futuro.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "La poesía es una actitud ante la vida", *La Región*, "Ciudad", "Personaje del día", 21 abril 2008, p. 8.

Entrevista a Rafael Villar, gañador do XXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense, pola súa obra *Migracións.* Comenta que os poemas deste libro falan da inmigración e a emigración en Galicia e no mundo. Entre outras cuestións, fala do seu proceso de inspiración, onde ás veces ten o concepto moi claro, mentres que noutras ocasións vai xurdindo espontaneamente. Por outro lado, define o seu estilo literario e comenta que entre os seus próximos proxectos está a creación dun libro de poesía infantil.

- Rafa Villar, "A poesía contemporánea ten demasiada tendencia ao ensimesmamento", *La Voz de* Galicia, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 7 novembro 2008, p. 16.

Entrevista ao poeta Rafa Villar con motivo da presentación do seu poemario *Migracións*, gañador do Premio de Poesía da Cidade de Ourense, do cal destaca o seu realismo social.

- M. Dopico, "Espiral Maior publica o último libro do poeta Rafa Villar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2008, p. 37.

Dá conta do poemario de Rafa Villar, *Migracións*, gañador do XXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense. Sinálase que a obra de Rafa Villar se encadra nun estilo minimalista caracterizado pola economía da linguaxe.

Vórtice, Alexander, *Material de soños*, prólogo de Xosé Luis Janeiro Espiñeira, Poio, Pontevedra: Editorial Hipocampo Amigo, col. Poesía, 2008, 61 pp. (ISBN: 978-84-935698-5-3).

O autor do prólogo salienta a súa relación co poeta, confundindo ou distinguindo a Xesús Rodríguez (Pontevedra, 1979) co pseudónimo Alexander Vórtice. Advirte que este é o seu terceiro poemario, mais o primeiro en galego. Refírese ás diferentes influencias literarias e a estruturación da obra, onde se pon de relevo a voz lírica do namorado. Ademais, sinala os temas das composicións: o paso fuxidío do tempo, a soidade, a ollada ontolóxica do ser humano ou a propia creación poética, onde se mestura o real co onírico. A seguir, anteceden á obra dúas citas sobre o amor de Platón e John Dryden. As cinco partes en que se organizan os poemas levan por título: "O soño nos ollos", "Dende o longo alento", "Dende o futuro", "Aquela inevitábel brancura" e

"O soño dentro do soño". Esta división estabelécese dun modo máis formal que temático, xa que existe unha unidade de fondo entre todas elas. Coinciden no emprego da primeira persoa, do verso libre e nos recursos literarios, principalmente, a metáfora, o paralelismo, a derivatio, a concatenación e a enumeración.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, "Alexánder Vórtice", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*!", n.º 418, 22 xuño 2008, p. 4.

Entrevista a Alexander Vórtice, pseudónimo de Jesús Rodríguez, tras a publicación deste poemario, *Material de soños*. Saliéntase a editora que o publica, Hipocampo, de Sabino Torres, o prólogo do profesor Xosé Luis Janeiro e os corenta poemas que o integran, nos que o autor reflexiona sobre o amor, a relixión ou a morte. Temas todos eles sobre os que se reflexiona na entrevista.

VV.AA., *A Coruña á luz das letras*, A Coruña: Editorial Trifolium/Asociación de Escritores en Lingua Galega/Concello da Coruña, col. Contextos, xullo 2008, 145 pp. (ISBN: 978-84-935325-4-3). ■

Despois duns peritextos institucionais nos que a Concellería de Cultura do Concello da Coruña recorda a vinculación da cidade co mundo literario e a de Cesáreo Sánchez Iglesias (Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega), que tamén recorda como foi vista a cidade da Coruña por escritores como Álvaro Cunqueiro e como nesta ocasión os poetas e narradores son chamados pola luz do seu faro que cumpre séculos e por outras características que evocan prazas, xanelas, cidade vella, outeiros, como o de Elviña, etc. Séguenlle setenta e dúas composicións poéticas e narrativas debidas a escritores e escritoras galegas que recordan algún feito acontecido na cidade ou imaxes que a inmortalizan e que fan que o lectorado viaxe por ela e a vexa con outros ollos. As composicións poéticas, organizadas alfabeticamente polo nome do autor, débense a Afonso Becerra de Becerreá, "A cidade invisible"; a Alberte Momán, "Sométeme"; a Alberte Suras, "Soños harmoniosos na estación"; a Alexandre Nerium, "Promontorio da costa , no mar máis tenebroso, refuxio de luceiros..."; a Alfredo Ferreiro, "Tanto delirio ao lombo..."; a Anxo Angueira, "A Curros"; a Cesáreo Sánchez Iglesias, "A Coruña no Corte Inglés"; a Eduardo Estévez, "Construción da memoria"; a Emilio Xosé Ínsua, "A Coruña"; a Estíbaliz Espinosa, "De entre todas as formas de facerche inmortal"; a Eva Veiga, "A Coruña"; a Francisco Álvarez-Koki, "A Coruña"; a Henrique Rabuñal, "Cidade alta"; a Igor Lugrís, "No ponto certo das cousas"; a Lois Diéguez, "Cambio de morada"; a Lourdes Maceiras, "A Coruña"; a Manuel Miragaia, "Canto á cidade vella"; a Manuel Pereira Valcárcel, "Cidade no desexo"; a María do Carme Kruckenberg, "A Coruña"; a María do Cebreiro, "(adeus)"; a María Xosé Lamas, "A Coruña, a cidade, o desafío"; a Miro Villar, "Cos zapatos lustrosos amencín na Coruña..."; a Olga Patiño Nogueira, "A Praza"; a Rafael Lema, "Estación de San Cristóbal"; a Rosa Méndez, "DAQUELA EU AÍNDA NON SABÍA DO CAMPO DA RATA..."; a Sulma, "Na procura de Anxelina"; a Tati Mancebo, "Ser o outro"; a X.C. Gómez Alfaro, "Á Coruña"; a X.H. Rivadulla Corcón, "A Coruña é unha velliña..."; a Xavier Lama, "Forasteiros na cidade onde ninguén é forasteiro"; a Xavier Seoane, "Canción da Cidade Vella"; a Xoán Abeleira, "A vista de páxaro"; a Xoán Neira, "A Coruña"; a

Xoaquín Agulla Pizcueta, "Á Torre de Hércules"; a Xosé Abeal, "Miña amiga, cidade acolledora"; a Xosé Leira, "Mar e catarse sociolóxica"; a Xosé Vázquez Pintor, "Lembro a primeira vez que ollei o mar sen as follas..."; a Xulio L. Valcárcel, "Dúas imaxes"; e a Yolanda Castaño, "Mazás do xardín de Tolstoi.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "A Coruña á luz das letras", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 539, "Páxina literaria", 19 outubro 2008, p. 04.

Faise mención da obra publicada co gallo dos actos conmemorativos dos oitocentos anos da fundación da Coruña, *A Coruña á luz das letras*, na que se recollen pezas en verso e prosa nas que os seus autores achegan a súa visión persoal da cidade da Coruña, o que dá lugar a apreciar a evolución e transformación que sufriu a cidade.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "A cidade alumeada por versos", *La Opinión*, "A Coruña", 27 agosto 2008, p. 11.

Sinálase que se presenta na Coruña na Biblioteca de Estudos Locais o libro, *A Coruña á luz das letras*, editado por Trifolium coa colaboración da Concellería de Cultura e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dise que se publica co motivo do oitavo centenario da cidade e que nel escriben, entre outros, Cesáreo Sánchez, Felipe Senén, Margarita Ledo ou Nacho Taibo.

- Yolanda Castaño, "Ontes", *Galicia Hoxe*, 31 agosto 2008, contracuberta.

Recolle a presentación dun libro dedicado á cidade da Coruña editado pola Concellería de Cultura do citado Concello en colaboración coa AELG. Explica que se trata dunha escolma de poemas de socios e socias da Biblioteca de Estudos Locais.

VV.AA., *XI Certame Francisco Añón de poesía. Outes 2007*, limiar de Aurora Marco, epílogo de Raquel Miragaia, Outes: Concello de Outes, maio 2008, 118 pp. (DL: C-1550-2008). ◆

Este volume recolle de forma colectiva as obras gañadoras e os accésits do XI Certame Francisco Añón de Poesía, organizado polo Concello de Outes. Conta cun limiar, intitulado "As mulleres e a escrita" de Aurora Marco, un epílogo de Raquel Miragaia, e asemade inclúense as bases do certame e mais as actas do xurado xunto con apoio fotográfico do libro *Outes e as súas xentes*. No limiar Aurora Marco reflexiona sobre a importancia da muller na poesía e sobre o ambiente hostil no que tiveron que vivir. Este premio atende a catro categorías de alumnado: A (de 6 a 8 anos), B (de 9 a 11 anos), C (de 12 a 14 anos), D (de 15 a 17 anos) e E (maiores de 18 anos). A seguir reprodúcense os gañadores das diferentes categorías deste certame, agás a categoría C que quedou deserta:

- Cosme Del Río Froján, "Tartaruga e Esquío", 1.º premio, categoría A, de 6 a 8 anos,

pp. 23-26.

Trátase de dous breves poemas asinados co pseudónimo Peter empregado por este alumno de oito anos do Cruceiro de Roo, con protagonistas animais onde se conta, a través de repeticións léxicas e sonoras, o que fan estes animais.

- Sabino Gabriel Lema Rama, "Arco da vella", accésit, categoría A, de 6 a 8 anos, pp. 29-31.

Trátase dun breve poema intitulado "Arco da vella", asinado co pseudónimo Cris, empregado por este alumno de oito anos do Cruceiro de Roo, no que conta os xogos do protagonista con algúns animais e coa Chuvia e a Lúa.

- Beatriz Gutiérrez Caneda,"Eu gozo das estacións", 1.º premio, categoría B, 9-11 anos, pp. 35-39.

Trátase dun poemario subdivido en tres partes con numeración romana, asinado co pseudónimo Erika, empregado por esta alumna de dez anos de Xinzo da Limia, no que exalta as características de cada estación do ano e conta o que quere facer nelas.

- Aleixo Rama Mato, "A cidade abandonada", accésit, categoría B, pp. 43-46.

Trátase dun breve poema asinado co pseudónimo Señón N., empregado por este alumno de oito anos do Cruceiro de Roo, no que conta a desolación dunha cidade e reivindica e loa aos que loitaron e permanecen nela.

- Jaime Pereira Maroto, "Subxectividade", 1.º premio, categoría D, 15-17 anos, pp. 49-68.

Trátase dun poemario con partes intituladas e con citas literarias, asinado co pseudónimo Lord Byron, empregado por este alumno de Mugardos, no que conta diversas situacións: as consecuencias sufridas por elementos da natureza sacudidos polo "vento da literatura", o eu como un viaxeiro perdido nunha paisaxe, a visión dunha cidade fantasiosa e mística, a chuvia vista coma metáfora, a significación da escuridade, unha viaxe soñando, instrumentos para escribir (papel, tinta, tinteiro, libro), a sinfonía da natureza, a "combinación perfecta" entre imaxes e palabras, a mentira fronte á verdade, o paso do tempo borrando lembranzas e a busca dun mesmo.

- Cristina Ferreiro Real, "Ansiedade e Planetas", 1.º premio, categoría E, maiores de 18 anos, pp. 69-84.

Trátase dunha antoloxía de breves poemas, algúns intitulados e outros nos que se destacan palabras a negriña a primeira palabra do primeiro verso, asinado co lema Boa letra, empregado por unha residente na Coruña de vintecatro anos, no que conta diversas situacións: o "eu poemático" (en "Circunstancial"), o castigo e mudanza que supón o tempo, as desfiguracións que provoca na memoria a madrugada, o proceso da escrita como "destrución" e "desastre", as consecuencias físicas do amor, a busca da expresión literaria, a non "existencia" da linguaxe, o inconformismo, o "tránsito" e "odio" durante a creación literaria e a "resaca filosófica".

- Alba Cid Fernández, “Con pés de la”, accésit, categoría E, maiores de 18 anos, pp. 89-113.

Trátase dunha antoloxía de breves poemas, divida en varias partes intituladas e subdividas en varios poemas, algúns intitulados e outros nos que se destacan palabras a negriña e a maiúscula, e acompañados de citas literarias de autores galegos, asinado co pseudónimo Dedaleira, empregado por unha ourensá de dezaoito anos, no que conta diversas situacións: en “Da inxenuidade das horas...”, na que conta sobre o proceso da escrita, poética e os elementos que interveñen nela; en “Da arte (vízosa mímosa)”, presenta ao poeta como un “prestidixitador” ante unha “crisálida” e reflexiona sobre uns óleos de Pablo Picasso, Marcel Duchamp e Renné Magritte; en “Doutros ancoradoiros”, reflexiona sobre o paso do tempo na poesía, o lector ante un poema, e a permanencia do amor.

O volume péchase cun epílogo no que Raquel Miragaia reflexiona sobre a poesía e mais sobre a súa experiencia como membro do xurado deste certame literario.

VV.AA., *Pensando nelas*, Santiago de Compostela/Vitoria-Gasteiz: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Universidade do País Vasco, 2008, CD-Rom (ISBN: 978-84-9860-088-9). ◆

Nova edición desta selección poética musicada que vira a luz por primeira vez en decembro de 2007 e que agora se ve completada cun libreto no que se recollen as letras dos vinte poemas e unha breve biobliografía de cada unha das autoras antologadas, que son, por orde de aparición, Pilar Cibreiro (Vilaboa-Ferrol, 1952), Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974), Ana Romaní (Noia, 1962), Pilar Pallarés (Culleredo-A Coruña, 1957), Olga Novo (Vilarmao, Lugo, 1975), Marta Dacosta (Vigo, 1966), Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931), Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976), Pura Vázquez (Ourense, 1918-2006), Helena de Carlos (Barbantes, Cenlle, 1964), Isolda Santiago (A Coruña, 1960), Chus Pato (Ourense, 1955), María Lado (Cee, 1979), Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977), Luz Pozo (Ribadeo, 1922), Enma Pedreira (A Coruña, 1978), Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) e María Xosé Queizán (Vigo, 1939). Deste xeito, búscase facilitar o seguimento dos poemas recitados, apoiados pola versión escrita, a súa situación na traxectoria de cada unha das autoras e obra na que foron incluídos, ademais de dar conta da rapsoda que recita cada poema e o nome do autor da música.

VV.AA., *Premios Gzcrea de Poesía 2007*, A Coruña: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, 2008, 103 pp. (ISBN: 978-84-453-4538-2). ◆

Despois duns limiares institucionais e da relación do xurado que fallou o premio Gzcrea de Poesía no ano 2007, acóllense os poemarios gañadores, seguindo unha orde descendente en canto á categoría do premio. A seguir, ofrécese un breve comentario de cada un dos poemarios merecentes de galardóns:

- María Arce Barreiro, “A máquina das horas”, 1.º Premio Gzcrea de Poesía 2007, pp. 17-38.

Consta de dez poemas divididos en dúas series, “Crucifixión” e “Materia”, precedidos por unhas citas de Mick Jagger e de George Bernard Shaw. Os tres primeiros poemas da serie “Crucifixión” teñen unha numeración romana e o último intitúlase “fuga de novembro (poema doutros)” e vai precedido por unha cita de Paul Celan. Pola súa banda, a serie “Materia” vai encabezada por unha cita de Cesar Pavese e componse de seis poemas intitulados. A temática destes poemas xira arredor de temas como a xuventude, a morte ou a existencia, entre outros.

- Alba Cid Fernández, “Versomancia”, 2.º Premio Gzcrea de Poesía 2007, pp. 39-66.

Este poemario está encabezado por unha cita de María do Cebreiro e componse dun poema introdutorio, dezanove poemas de extensión variada con numeración romana e algúns tamén intitulados e con algunhas palabras ou versos destacados a negriña ou a cursiva, así como dun epílogo intitulado “FEITIZO DE CAOLÍN (ou o xenuíno hermetismo dos epílogos)” composto por tres poemas con numeración arábiga e con algunhas palabras destacadas a negriña ou a cursiva. O amor é o eixo central deste poemario e a poeta describe metaforicamente o que sinte polo seu home, estando o erotismo subxacente ao longo dos versos.

- Silvia Díaz Iglesias, “De carne e gozo”, 3.º Premio Gzcrea de Poesía 2007, pp. 67-86.

Poema extenso sen intitular onde o erotismo e a sexualidade aparecen a cotío. A poeta describe polo miúdo os seus praceres e desexos sexuais a través de numerosas metáforas relacionadas coa natureza e coa comida. As estrofas aparecen marcadas por una letra capital e uns verso iniciados pola letra E presentan unha aliñación central.

- Silvia Penas Estévez, “A tiranía do des”, 3.º Premio Gzcrea de Poesía 2007, pp. 87-103.

Comeza cunha dedicatoria e componse de oito poemas con numeración romana. Ademais os tres poemas VI, VII e VIII van encabezados por citas de Carlos Penela, Paula Costa e Michi Panero, respectivamente. Nos versos de Silvia Penas aparecen reflexións sobre a realidade e a existencia. A poeta en varias composicións pregúntase polo sentido de certas cousas, nun intento de comprender o mundo que a rodea.

Zúñiga¸ Iolanda, *Amor amén*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 21, novembro 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-9782-935-9).

Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) presenta un poemario no que o eu é o absoluto protagonista. Os seus versos tecen un percorrido pola sociedade de hoxe en día sempre dende o seu eu máis profundo. Deste xeito e a partir desta poesía intimista, Zúñiga fálalle ao lector de amor e desamor dende unha óptica erótica que fan deste poemario unha obra atraente. Tenta transmitir cunha gran claridade sentimentos e vivencias mediante dúas visións ben diferentes do amor que se dá nunha persoa e que mudan totalmente as prioridades, a visión e as vivencias do namorado. Cada unha destas dúas ópticas corresponde a unha parte na que se divide a obra. Na primeira, “Despois da Fantasía. Ti”, un “eu lírico”, que corresponde cunha muller, expresa, en primeira persoa, unha visión do amor alienante e submisa da que é perfectamente consciente.

Expresa todas as emocións que lle produce estar nesa situación, nas que dominan a reflexión, a desesperación e a frustración. A poeta emprega para manifestar todos eses sentimentos unha gran cantidade de recursos estilísticos, entre os que destacan as anáforas, asíndetos e polisíndetos. Na segunda parte da obra, "Logo do combate. Eu" a mesma voz feminina sofre un proceso de autoafirmación persoal, pasando a ser unha persoa que busca as súas necesidades para vivir sen precisar ataduras que se convertan en escravitudes. Utiliza unha linguaxe e estruturas sinxelas e lixeiras que o fan próximo a calquera lector. Cada unha das partes remata cunhas reflexións a maiúsculas: AMOR e AMÉN respectivamente.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Amor, amén", *Atlántico Diario*, *La Revista*, n.º 434, "Musas", 7 decembro 2008, p. 50.

Entrevista á poeta Iolanda Zúñiga, autora do poemario *Amor amén*, obra que ela define como "prosa fragmentada". Defende unha concepción da poesía como un xeito de posicionarse no mundo, como unha rebelión perante o mundo que lle tocou vivir.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Molina, César Antonio, *Eume (edición bilingüe)*, trad. de Tareixa Roca, Luis G. Soto e César Antonio Molina, prólogo de Luis G. Soto, Valencia: Editorial Pre-Textos, col. Poesía, n.º 948, setembro 2008, 251 pp. (ISBN: 978-84-8191-904-2).

Nova edición do poemario *Eume*, de César Antonio Molina (A Coruña, 1952), orixinalmente publicado na Editorial Galaxia no ano 2007 que acolle nesta edición bilingüe novos poemas intitulados "Fe", "Teño frío", "Reflexo", "Tarde", "A graza do agárico", "Ninguén sacia a sede", "Cruzando pontes" e "Á maneira de Guillaume, Osip, Paul e César Antonio" e así mesmo cambios editoriais, agora publicado pola valenciana Editorial Pre-Textos nunha nova colección. O poemario engade ademais un prólogo intitulado "Del Eume" (pp. 7-32) no que Luis G. Soto reflexiona sobre a elección do título do poemario, inspirado no río homónimo cunha presenza constante e protagonismo dende o primeiro poema até o último. Comenta que se trata dunha meditación que arrinca da evocación do río no aeroporto de Pekín no que o poeta se presenta como un viaxeiro que percorre o mundo durante dous anos, deixando rexistro do seu paso por China, India, Siria, Xordania, América ou Europa. Mais a pesar de que todos os lugares ensinan, o que lle importa ao poeta é o achegamento e asentamento no Eume, nos seus paraxes, que son as súas orixes, creando un micro-cosmos onde Oriente e Occidente se dilúen e entrecruzan e no que se favorece a intercomunicación e a igualdade cultural. Tamén se analiza como o eu poético se reflicte no río coma nun espello formado de diferentes espellos que lle dan ao poeta distintas imaxes do eu: o espello de Narciso que recolle a existencia, o de Drácula que ensina o baleiro e que se enche co reflexo de algo, o de Brancaneves que fala e murmura e o de Alicia que serve de porta cara ao outro. Tamén se salienta o xogo especular EU-ME, o suxeito fronte ao obxecto, e a auto-reflexión que axudan a vincularse nun sistema formado por lingua, cultura e comunidade histórica galegas. Analízase o intertexto que se estabelece cos universos da relixión, a literatura, a filosofía, a mitoloxía, a mística, a música ou o cinema, primando as influencias occidentais e contemporáneas. Afírmase que o eu suxeito, protagonista xunto ao río do poemario, é o propio autor, que, na súa condición de viaxeiro, achégase o río como poeta, xogando coa linguaxe nunha tentativa de "dicir" o Eume noutros lugares de Oriente e Occidente. Finalmente, estúdase como se proxecta o eu en hipotéticos oficios como o muiñeiro, o labrador e o construtor de pontes que se corresponden co pasado, o presente e o futuro e que evocan o mundo tradicional, os dous primeiros, fronte á situación de acoso técnico-científico que vive a natureza, por iso no poemario se apela á colaboración humana para a súa conservación ao tempo que se denuncia a responsabilidade política e ética do ser humano no proceso de "aculturación" da natureza. A continuación reprodúcense os poemas intitulados en páxinas enfrontadas en galego e castelán. Nas lapelas faise unha breve bio-bibliografía do autor.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Eume", de César Antonio Molina", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 543, "Páxina literaria",16 novembro 2008, p. 4.

Dáse de conta do novo poemario de César Antonio Molina, destacando a mestura das experiencias persoais máis recentes do autor (como as súas viaxes por Oriente) cos seus recordos da infancia. Así, indícase que hai poemas como "O sari mollado", onde estabelece un paralelismo entre o río galego e o río mesopotámico, ou "Leteos", cando sitúa o río da súa nenez como compañeiro doutros ríos moito máis coñecidos, caso do Sena, do Tíber ou do Hudson. O poemario fórmano cento vinte e oito poemas sobre o que pairan referentes místicos e filosóficos de diferentes orixes (taoísmo, cristianismo, budismo…), que contribúen a forte densidade conceptual da obra.

- Ángel L. Prieto de Paula, "Eume", *El País*, "*Babelia*", n.º 892, "LIBROS/ Narrativa y poesía", 27 decembro 2008, p. 13.

Comézase indicando que César Antonio Molina escribe o seu poemario *Eume* sobre unha identidade presente dende no poema "Fontana Maggiore", pertencente a *Derivas* (1987), "Eres el espacio en el que estás". Precísase que aparece en edición bilingüe, en castelán e galego, e que inclúe poemas expresamente creados para esta edición, non presentes na primeira edición, publicada exclusivamente en galego. Destácase especialmente o ton melancólico do poemario, e a diferenza con respeito outros poemarios anteriores do poeta, a submisión da poesía á lóxica.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Ante a inmortalidade, a fascinación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262,"Libros para as letras", 17 maio 2008, p. 2.

Alude ao poemario *Eume*, de César Antonio Molina, ao que lle atribúe unha grande importancia non só no presente, senón que tamén no futuro da poesía galega. Afirma que a escritura deste autor é como inmortal e resalta que os seus poemas, todos eles referentes ao río Eume e ás súas terras, pertencen a unha realidade de rango superior. Por iso, augura que este poemario chegará moi lonxe.

- Carmen Sigüenza, "César Antonio Molina rinde homenaje al Eume, el río de su infancia, en su último libro", *La Región*, "Sociedad", p. 67/"El poemario de Molina sobre el Eume sale en edición bilingüe", *La Opinión*, "Cultura", p. 46/ "El Eume es el río de todos los ríos", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", p. 68/"César Antonio Molina rinde homenaje al río Eume en su último libro", *Atlántico Diario*, "Sociedad", 20 outubro 2008, p. 48.

Dá conta da aparición do poemario de César Antonio Molina, *Eume*, en edición bilingüe e cuxa tradución do galego ao español foi realizada por Tereixa Roca e Luis G. Soto. Recolle unhas declaracións do autor nas que fala da súa inspiración á hora de escribir o libro, ao tempo que fai unha breve semblanza biográfica do mesmo. No texto de *La Opinión* e *Diario de Pontevedra* omítense dous parágrafos que si aparecen no artigo de *La Región* e de *Atlántico*.

- Carmen Sigüenza, "César A. Molina publica en Pre-textos la versión bilingüe de su "Eume", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 outubro 2008, p. 68.

Dá conta da publicación do poemario de Cesár Antonio Molina, *Eume*, en edición bilingüe e cuxa tradución do galego ao español foi realizada por Tereixa Roca e Luis G. Soto, baixo supervisión do autor.

- Carmen Sigüenza, "Molina: "O río Eume mana desde as orixes do mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 outubro 2008, p. 28.

Dá conta da publicación do poemario de Cesár Antonio Molina, *Eume*, en edición bilingüe e fai unha breve semblanza biográfica do poeta. Anuncia a próxima publicación do cuarto volume das súas memorias, *Lugares donde se calma el dolor*, unha antoloxía dos seus ensaios e unha edición bilingüe do seu poemario en galego *Fin de Finisterre*.

- Salvador Rodríguez, "Seré poeta hasta el último suspiro de mi vida", *Faro de Vigo*, "Reportaje", pp. 2-4/*La Opinión*, "Cultura", 2 novembro 2008, p. 66.

Entrevista co poeta César Antonio Molina co gallo da publicación da edición bilingüe do seu poemario *Eume*. Fai un percorrido biográfico da súa infancia na Coruña e define a poesía como un xeito de estar no mundo, unha maneira de posicionarse perante a vida.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Letras en galego", "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, entre as que salienta a edición bilingüe de *Eume*, de César Antonio Molina, que engade novos poemas, ademais doutras obras de Xosé Carlos Caneiro, Xavier P. Docampo, Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel e Luís González Tosar.

Taibo, Victoriano, *Abicedo/Cabrinfollas*, ed. e estudo introdutorio de Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 46, outubro 2008, 193 pp. (ISBN: 978-84-85385-69-0) (DL: C 3796-2008).

Armando Requeixo publica a edición e o estudo introdutorio das dúas colecções poéticas que Victoriano Taibo (Santiago de Compostela, 1885–Vigo, 1966) preparaba para a edición cando a morte o sorprendeu. Neste libro recupéranse os dous poemarios, *Abicedo* e *Cabrinfollas*, ao mesmo tempo que se fai unha contextualización dos seus versos á luz da súa traxectoria vital e literaria. O estudo introdutorio consta de catro apartados: "Vida de Victoriano Taibo", "Obra" "*Abicedo* e *Cabrinfollas*" e "A presente edición". No primeiro destes apartados faise un recorrido pola traxectoria vital de Victoriano Taibo, destacando a súa importancia como un dos poetas máis representativos da Xeración das Irmandades da Fala. Ademais sobrancéase a súa importancia como unha das figuras culturais galegas do século XX e tamén o seu labor como mestre. Sinálase tamén a represión franquista que sufriu e o levou ao desterro á escola valisoletana de Villalar de los Comuneros. Na sección "Obra" analízanse os seus poemarios *Abrente* e *Da vella roseira,* xunto co libro de relatos, *Da agra aberta*. No terceiro apartado do estudo introdutorio, "*Abicedo* e *Cabrinfollas*", Armando Requeixo estuda as composicións destes dous poemarios inéditos. Por último, "A presente edición" é unha aclaración do editor sobre os criterios da publicación das dúas

coleccións poéticas inéditas de Taibo. *Abicedo* consta de trinta e un poemas de diferente temática. Os catro primeiros poemas forman parte dunha sección que o poeta titulou "Poemas de San Xohán". Nestas composicións, "Auga das sete fontes", "Cacharelas", "Mencer" e " A festa" fala desta festa tradicional galega. Tamén aparecen poemas de temática romántica; é o caso de "Romaxe", "Alalá saudoso" ou "Fonte da saudade". Abundan tamén as composicións paisaxísticas ou costumistas, como son: "Moza gallega", "Muiñeira" ou "Só na miña terra". En *Cabrinfollas* atópanse evidentes puntos de contacto con *Abicedo*. É o caso dos numerosos poemas costumistas: "Regueifa", "Nena cubizosa", "A lercha" ou "Velahí vai". Tamén hai en *Cabrinfollas* poemas paisaxísticos e cheos de referencias a animais: "Chouta, corre o regato bulideiro", "Os tenros paxariños" ou "A volvereta leda". A presenza da temática amorosa tamén é manifesta nos poemas, "Eu mireime nuns ollos", Dos labios nonte fíes…" ou "Era o seu rir aceiro escentilante…".

Referencias varias:

- Armando Requeixo, "Roseira de Abicedo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, "Libros", 4 decembro 2008, p. I.

Sinálase a necesidade de prestar máis atención á vida e obra dun dos persoeiros das letras galegas, Victoriano Taibo, do que se lembra a súa importancia por ser un dos principais impulsores das Irmandades da Fala, por pertencer ao SEG (Seminario de Estudos Galegos) e á RAG (Real Academia Galega), polo seu intenso labor como articulista sobre temas lingüísticos e literarios e por padecer as represalias do réxime franquista vivindo no exilio interior valisoletano expedientado como mestre. Así mesmo faise un repaso por diversas iniciativas que teñen lugar no Val Miñor como a institución do Premio de Poesía Victoriano Taibo por parte de IEM (Instituto de Estudos Miñoranos), a reedición de *Da agra aberta* e da poesía inédita reunida nos cadernos *Abicedo* e *Cabrinfollas* e un especial da revista do IEM dedicado á súa figura con estudos de Marta Dacosta, Xesús Alonso Montero, Luís Alonso Girgado, Rexina Vega ou Francisco Fernánder Rei, entre outros. Armando Requeixo remata por insistir na necesidade de recuperar a figura do autor d´*Abrente* (1922).

Trinca de Poetas, *Sal e pementa. Escolma de epigramas*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 6, 2008, 53 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-467-2/ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-072-3). ■

Reprodúcese en edición facsimilar a edición publicada na editorial Castrelos de Vigo o 16 de abril de 1973. Conta cunha "Nota dos Editores", na que falan da historia dos epigramas e mais da presente edición, e a seguir aparecen diferentes poemas, en galego, dos seguintes autores: E. Carré Aldao ("Socedido" e "Xan quixo ser un señor"), Pepe do Rollo ("Dúbidas", "As tres femias", "Mal estrano", "O cazador", "¡E tiña razón!", "Nos touros", "Cousas dos caciques", "Tanto monta", "Mal andamos", "As bolas" e "Enredantes"), Benito Losada ("O cigarro", "A tía Antonia", "Na figueira", "O ramo da palma", "O adrezo", "Os potes", "Cando morréu", "Os zapatos", "¡Boo consolo!", "¿Sería limpo?" e "O figo"), E. Núñez Sarmiento ("A gaita" e "Mateille o cabalo"),

Emilio Alvarez Giménez ("¿Qué perdiche?" e "Tiña eu afán"), F. Salgado y López Quiroga ("Conto", "Cantares" e "Cantar"), Alfredo Nan de Allariz ("O noveno", "A mazá bíblica" e "Os reises"), Manuel Leiras Pulpeiro ("Sabes que...", "O preito" e "Señor cura, vou pra a sega..."), Avelino Rodríguez Elías ("A mellor meiciña"), A. Couceiro Freijomil ("Cantares", "Cantar" e "Un filosófo"), Anónimo ("Compañeiros", "Tal pra cual", "A vara" e "Remate"), J. Pérez Ballesteros ("Os preitos", "Por qué non chora", "Que non pife", "O bebedor", "¡Vaiche boa!", "A palabra", "Dous cucos", "Bon abrigo", "Xan", "No Brasil", "Seis máis sete", "A politeca", "Non pasaba inda das oito", "¡Qué valente!", "Déixate deso", "No teatro" e "Cencia arquiteutónica"), Xavier Prado ("O abade", "Un poeta", "Perguntábanlle ó marido" e "Mordéu á sogra de Cela"), Alberto García Ferreiro ("O crego dum lugar"), Marcial Valladares ("Confesándose Manuela", "Coa vinaxeira", "Preguntóu un" e "Indo as uvas"), E. Martelo y Paumán del Nero ("Inocencia"), Juan Barcia Caballero (¡Qué parexa!"), Francisco Añón Paz ("Indo a misar", "Ó saltar" e "Ante a torre de Hércules"), Ramón Barros Sibelo ("Ó meu barbeiro"), Manuel Lois Vázquez ("Homes listos (1)"), Salvador Cabeza de León ("Da discusión sai a luz"), Enrique Labarta Pose ("A muller do comerciante"), Juan Armada y Losada ("Dúbidas"), Eduardo Pondal ("Cando Eduardo Pondal"), Antonio Noriega Varela ("Falan cortesanos" e "Díxenlles a unha xirifeira"), Manuel Castro López ("Unha leución"), Evaristo Martelo Paumán ("Non des voltas" e "¿De qué non entenden?), José Rey González ("Ir por lan..."), Lois de la Riega ("Mi madre..."), Antonio Benito Fandiño ("A un don Tomás"), Rosalía Castro ("Vamos bebendo"), Manuel Curros Enríquez ("Nun abanico") e Francisco de la Iglesia González ("Un bico"). Péchase o volume cun colofón no que se di que o libro se rematou de imprimir "o 16 de abril de 1973, día de San Froitoso, bispo de Dumio que gorentaba vivir nunha illa galega".

II.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Akhmátova, Anna, *Só o silencio me responde*, trad. do ruso de Ekaterina Guerbek e Penélope Pedreira, Cangas do Morrazo-Pontevedra: Rinoceronte Editora, col. Bagaxe de Peto, n.º 2, 2008, 120 pp. (ISBN: 978-84-936413-1-3)

Reedición na mesma editorial pero cun cambio de colección desta antoloxía de Anna Akhmátova, cuxo verdadeiro nome era Anna Andréievna Gorenko (Odesa, 1889-Komarovo, Leningrado, 1966), que mantén a mesma selección poética coa eliminación do subtítulo "Poemas escollidos", o limiar e as notas finais das tradutoras. O descritor pódese consultar no *Informe de Literatura 2007*.

Baudelaire, Charles, *As flores do mal* (*Les fleurs du mal*, 1857), ed. bilingüe francés-galego, trad. e notas de Gonzalo Navaza, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, n.º 20, outubro 2008, 572 pp. (ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-125-6) (ISBN da Fundación Caixa Galicia: 978-84-96892-27-7). ■

En edición bilingüe presenta Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) o clásico de Charles Baudelaire (París, 1821-1867), *As flores do mal*, co texto francés enfrontado ao galego. Ofrece a obra completa, coas sucesivas achegas en vida do autor, alén do "Apéndice", composto polas "Novas flores do mal", "As crebas"e os "Poemas da edición póstuma d'*As flores do mal* (1868)". O total dá cento e sesenta e catro composicións de temática bohemia, prerromántica e simbólica. Os poemas, de gusto clásico na forma, mostra personaxes e instantes da vida urbana, da vida moderna, afectados polo fastío (*spleen*), a traxedia, o vicio, o mal e o decadentismo, á vez que da fermosura, da plenitude e da perfección. Emprega metáforas arriscadas, agresivas e figuras sonoras. A morte constitúe a última parada da viaxe poética, onde aparecen referencias á súa propia vida chea de excesos. Supón un fito na historia da poesía moderna e unha inspiración para o resto dos poetas posteriores, como afirma o profesor Navaza, que relata a xénese de cada poema no epígrafe final, "Notas do tradutor".

Recensións:

- Ana Luna, "As flores malditas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 12.

Despois de repasar os títulos da colección "Clásicos Universais" de Galaxia, achégase ao último volume, a tradución *As flores do mal,* de Charles Baudelaire, edición bilingüe en francés e galego. Pásase a falar do libro de poemas publicado por primeira vez co título *Les fleurs du mal* en 1857 e do seu contexto para entender a súa importancia na historia da poesía moderna. Coméntase a estrutura da obra traducida, composta de cinco seccións temáticas, que se completa con notas filolóxicas e o complexo proceso no que consiste a tradución da poesía.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Baudelaire”, *La Región*, “Sociedad”, 11 decembro 2008, p. 69.

Dá conta da publicación na Editorial Galaxia, en tradución de Gonzalo Navaza, d´*As flores do mal*, de Charles Baudelaire, e lembra a celebración en Francia, no 2007, do sesquincentenario da publicación do poemario.

- Marcos Valcárcel, “As flores do mal”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “Andoliña”, 11 decembro 2008, contracuberta.

Infórmase da tradución ao galego da obra de Charles Baudelaire, *As flores do mal*, por Gonzalo Navaza, ao tempo que se lembra que era un dos escritores de referencia de autores como Eduardo Blanco Amor e os demais integrantes da xeración da revista *La Centuria* e da Xeración Nós.

- Anxos García Fonte, “As flores do mal en galego”, *Xornal de Galicia*, “*Nós*”, n.º 3, “Libros”, 27 decembro 2008, p. 8.

Entrevista con Gonzalo Navaza, tradutor d´*As flores do mal* ao galego, na que sinala a súa aposta pola tradución rimada do texto francés co obxectivo de “transmitir o ritmo e a musicalidade do orixinal”.

- Xurxo Fernández, “Surcando las aguas del alma”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 29 decembro 2008, contracuberta.

Dá conta da publicación do poemario de Charles Baudelaire, *Les fleurs du mal*, na colección “Clásicos Universais” da Editorial Galaxia, en tradución de Gonzalo Navaza.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 271, “Libros”, 11 decembro 2008, p. VII.

Columna que presenta novidades literarias como *As flores do mal*, de Charles Baudelaire; *Boa noite, meu bebé*, de Ana Martín Larrañaga; e *Ao final do infinito*, de Basilio Lourenzo Fondevila.

Méndez Ferrín, X.L., *A un HOME noso. HOMEnaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín*, trad. de Burgard Baltrusch e outros, Vigo: Vicerreitoría de Relacións Institucionais. Universidade de Vigo, ed. especial numerada, [2008], [20] pp. (ISBN: 978-84-8158-386-1). ◆

Edición especial numerada do poema “A un meu fillo” de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), publicado tanto nunha edición rústica coma nesta edición especial en tapa dura. Neste caso a edición é multilingüe en dezaoito idiomas, galego, francés, italiano, inglés, alemán, hebreo, asturiano, polaco, romanés, bretón, sardo, catalán, árabe (palestino), sueco, occitano, éuscaro, aragonés, serbocroata e húngaro, nun formato despregábel. O poema vai encabezado por uns versos en francés de Joachim du Bellay nos que loa aos que coma Ulises pode facer unha viaxe e despois volver sabio xunto dos seus. No poema, Méndez Ferrín estabelece un diálogo co seu fillo explicándolle que vai encontrar ao seu regreso a Vilanova dos Infantes para rematar cunha versión dos versos citados ao comezo. Na contracuberta indícanse riscos da

traxectoria académica do autor ourensán ao que se homenaxea "con motivo da súa xubilación como profesor de literatura" e que este poema pertence ao volume *O fin do canto* (1982).

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "La obra de los poetas de Terra de Celanova resuena en 20 lenguas", *La Región*, "Verano", 24 xullo 2008, p. 17.

Dá conta da presentación do libro editado pola Universidade de Vigo *a un HOME/naxe noso*, que recolle a tradución a vinte idiomas dun poema de Xosé Luís Méndez Ferrín intitulado "A meu fillo".

- Sandra Penelas, "La Universidad edita un poema de Ferrín en 18 idiomas y obvia el castellano", *Faro de Vigo*, "Vigo", 16 agosto 2008, p.V.

Informa da publicación do poema de Xosé Luís Méndez Ferrín "A meu fillo", en dezaoito versións correspondentes cada unha a un idioma, pola Universidade de Vigo e destaca a non inclusión dunha versión en español. Recolle as declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín manifestando o seu descoñecemento ao respecto e a súa defensa do multilingüismo.

II.4. ANTOLOXÍAS

Castro, Rosalía de, *Versos a Compostela*, ed. Helena Villar Janeiro, trad. Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, introd. Xesús Rábade Paredes, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/Consorcio de Santiago, col. Rescate, 2008, 113 pp. (ISBN: 978-84–89323–20–9). ■

Selección de poemas de Rosalía de Castro (1837-1885). Divídese en dúas partes: "Igrexas e campanas" e "Compostela río arriba". Ábrese o volume cunha introdución de Xesús Rábade Paredes en galego, "E as pedras quedan", seguida pola súa correspondente tradución ao castelán. Neste limiar, dividido en varias seccións, saliéntase o labor da Fundación Rosalía de Castro grazas á cal se puideron recoller os poemas que a escritora dedicou a Santiago de Compostela. A primeira destas seccións, "Por que *Versos a Compostela*", trata de explicar o título desta selección de poemas partindo do vínculo que a autora tiña coa cidade santiaguesa. O seguinte apartado, "Recollemento e rezo: a imposible fuxida", subliña a importancia de tratar máis en detalle tres dos poemas que aparecen nesta selección: "Na Catredal", " Amigos vellos" e " Santa Escolástica". A seguir, "Compostela río arriba", unha sección que chama a atención sobre outros dos poemas como "O encanto da pedra chan" ou "Dende aquí vexo un camiño". Conclúe a introdución co agradecemento á devandita fundación rosaliana. A primeira parte, "Igrexas e campanas", abrangue os poemas "¡Adiós!", " Na Catredal", "Amigos vellos", "Sin terra", "En Cornes", "San Lourenzo" (de dúas partes e escrito en marzo de 1880) e "Santa Escolástica" (de catro partes e tomado de *En las orillas del Sar* (1884). Esta parte remata cunha serie de fotografías que ilustran o río Sarela en 1910, o claustro antigo do convento de Conxo en 1903, a Torre do Reloxo da Catedral de Santiago, o Pórtico da Gloria en 1930, o Canellón das Trompas co convento de Belvís ao fondo, a Carballeira de San Lourenzo, a Rúa do Vilar en 1936, o Hospital Real en 1936 e o Panteón de San Domingos de Bonaval en 1906. A segunda parte, " Compostela río arriba" ábrese co poema "[Miña casiña, meu lar]" e continúa cos poemas "¡A probiña que está xorda!", "O encanto da pedra chan" e péchase con "[Dende aquí vexo un camiño]". Todos estes poemas apareceron tamén en F*ollas Novas* (1880).

Referencias varias:

- Concha Pino, "Compostela: de Rosalía a Torrente", *La Voz de* Galicia, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 22 febreiro 2008, p. 16.

Coméntase que a presenza de Santiago de Compostela coma escenario literario é o que une gran parte da poesía de Rosalía de Castro e a novela *Compostela y su Ángel,* do escritor ferrolá Gonzalo Torrente Ballester. En primeiro lugar, fai mención da publicación de *Versos a Compostela*, unha antoloxía reunida por Helena Villar Janeiro e coeditada por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago, na que se recollen poemas de Rosalía vinculados a Compostela. Dise que a obra supón unha nova lectura da obra rosaliana e conta con tres grandes apartados: un prólogo a cargo do profesor Xesús Rábade Paredes; unha primeira parte, de carácter máis intimista; e a segunda, agrupada baixo o epígrafe *Compostela río arriba*, e na que se fai un itinerario polos lugares recoñecíbeis da contorna compostelá.

- José Luis Estévez, “Rosalía de Compostela”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 29 febreiro 2008, p. 10.

Dá conta de que con motivo da conmemoración do nacemento de Rosalía de Castro, o Consorcio de Santiago e mais a editorial Alvarellos acaban de publicar a obra *Versos a Compostela*. Indica que se trata dunha escolma realizada por Helena Villar Janeiro que se divide en dúas partes: “Igrexas e campanas” e “Compostela río arriba”. Comenta que todos os poemas excepto un pertencen á obra *Follas Novas* e neles Rosalía de Castro converte a súa cidade natal nun referente lírico. Por último, comenta que o limiar está escrito por Xesús Rábade Paredes e indica que a obra achega un retrato inédito de Rosalía e moitas fotografías antigas de Compostela.

- Paco López-Barxas, “O Santiago de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 250, “Letras en galego”, 1 marzo 2008, p. 11.

Preséntase a obra *Versos a Compostela*, escolma poética publicada conxuntamente polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora na que se recollen todos os poemas rosalianos con alusións a Santiago de Compostela. Sinálase que o libro se editou baixo a supervisión de Helena Villar Janeiro e conta cun prólogo de Xesús Rábade Paredes e dúas partes perfectamente diferenciadas: na primeira, “Igrexas e campanas”, a cidade preséntase coma protagonista dos poemas; mentres que na segunda, “Compostela río arriba”, só ocupa un papel contextualizador. Coméntase que todos os poemas están sacados de *Follas Novas* (1880), agás a peza “Santa Escolástica”, que pertence *a A las orillas del Sar* (1884), ademais de indicarse que o poemario conta cunha colección de fotografías da época sobre Compostela.

- Héctor Barrera, “Cantares galegos´e un libro no 171 cumpreanos de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 6 marzo 2008. p. 68

Faise unha síntese dos actos organizados pola Fundación Rosalía de Castro co gallo do cento setenta e sete aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Entre as actividades que se sinalan, está a presentación da antoloxía *Mi amigo el invierno* na Feira do Libro da Habana; a festa infantil do 22 de febreiro en Galicia; a gravación do disco *Cantares galegos*, co grupo Resonet; ou a presentación do libro *Versos a Compostela.* Considérase que esta é a iniciativa máis importante da conmemoración, xa que abre unha nova visión da obra rosaliana nunha edición bilingüe galego-castelán. Explícase que o obxectivo da obra é indagar na relación de Rosalía coa cidade de Santiago e a súa contorna, para o cal o proxecto contou coa colaboración de Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes.

- José Miguel A. Giráldez, “Rosalía en Compostela”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, 9 marzo 2008, p. 6

Presenta a obra *Versos de Compostela*, unha antoloxía impulsada por Henrique Alvarellos e que pretende ofrecer ao lectorado unha nova perspectiva da obra rosaliana. Comenta que o texto, que foi coeditado por Alvarellos e o Consorcio de Santiago, estivo a cargo de Helena Villar Janeiro e leva un estudo introdutorio de Xesús Rábade Paredes. Indica que o seu obxectivo é amosar a relación de Rosalía de Castro coa cidade

xubilea e a súa contorna, un propósito para o cal Villar Janeiro dividiu a antoloxía en dous bloques temáticos.

- Xurxo Fernández, "Acerca de un fotógrafo de leyenda", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 17 marzo 2008, contracuberta.

Faise unha breve mención da publicación, *Versos a Compostela*, obra a cargo de Helena Villar e con prólogo de Xesús Rábade. No tocante a edición, sinálase que a obra é resultado da colaboración entre o Consorcio de Santiago e Alvarellos. Considera que o resultado desta publicación é "formidable".

Filgueira Valverde, Xosé, *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, ed. de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero, estudo preliminar bilingüe galego-castelán de Xesús Alonso Montero, Pontevedra: Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, maio 2008, 314 pp. (ISBN: 978-84-95632-36-4). ■

Edición bilingüe galego-castelán que reúne datos biobliográficos, estéticos e lingüísticos dunha serie de poetas galegos adscritos ao 1936. Os poemas e, mesmo, poemarios inéditos indispensábeis, ofrecen unha visión do panorama poético galego da década dos trinta. A idea de crear esta antoloxía xorde co motivo de conmemorar o centenario do nacemento de Rosalía de Castro, mais esta intención inicial non se chegou a realizar, porque se viu en parte truncada pola Guerra Civil. Non é até setenta anos máis tarde que a obra sae do prelo por primeira vez, nesta ocasión para homenaxear a Xosé Filgueira Valverde no seu noventa aniversario. Deste xeito, comeza o libro cunha fotografía do encargado da edición dedicada aos seus pais o 17 de xaneiro de 1933. Despois de introducións institucionais, o estudo preliminar foi tarefa de Xesús Alonso Montero, quen inclúe referencias biográficas de Filgueira como profesor de literatura e investigador literario, o seu interese pola lírica medieval e tamén a súa obra *Adral 1977-1996* onde se recolle en nove volumes os artigos publicados no *Faro de Vigo*. Nunha segunda parte explica como o seminario de estudos galegos encomenda a Filgueira Valverde, en 1935, unha antoloxía, en varios volumes, da totalidade da poesía galega e, no terceiro bloque, como o humanista comeza a obra polo final: polos poetas, vellos ou novos, que estaban vivos a finais de 1935. Indícase, ademais, como o humanista segue os criterios de Gerardo Diego e, así, solicita aos autores que respondan a un inquérito para o seu traballo. Finalmente o editor dedica uns capítulos ás respostas do chamamento, ao código lingüístico dos poetas da antoloxía e a outras consideracións. De seguido, preséntase un apéndice cun dicionario dos autores que participan na obra encabezado por un limiar en que se xustifica o propósito baseado en "facer unha caracterización e valoración da Antoloxía consultada no seu conxunto, non de ofrecer unha pequena monografía sobre cada un dos 32 poetas". Estabelécense os criterios da edición: *orde de autores*, baseada na cronoloxía, desde Eladio Rodríguez González (nado en 1984) até Xosé María Álvarez Blázquez (1915); os *textos dos autores*, coa presente orde: Carta(s), Inquérito, Poemas; do Inquérito, onde moi poucos responden a cada un dos sete "capítulos": Biografía do poeta, Formación, Obra, Poética, Linguaxe, Bibliografía, A Escolma; e as dúas últimas alíneas sobre a lingua e ortografía e as notas que aparecen no volume. Ademais, inclúense imaxes impresas das Cartas enviadas a Federico García Lorca e a Ramón Pedrayo (esta última con anotacións), o Inquérito, a *Escolma da lírica galega* (proxecto inicial pensado para nove volumes), o manuscrito do Inquérito para unha escolma da lírica galega, coa relación de 44 poetas e datas de

envío da enquisa, e unha relación inicial de autores nun borrador manuscrito. Finalmente, enuméranse os 32 poetas so os que se sitúan os seus respectivos textos: Eladio Rodríguez González, Samuel Eiján, Manuel García Barros, Gonzalo López Abente, Victoriano Taibo, Antón Zapata, Ramón Otero Pedrayo, José Ribas Montenegro, Miguel Revestido, Avelino Gómez Ledo, José Crecente Vega, Avelino Díaz, Evaristo Correa Calderón, Eliseo Pulpeiro, Fermín Bouza Brey, Álvaro de las Casas, Xosé Lois Parente, Florencio Delgado Gurriarán, Manuel Prieto Marcos, Ángel Sevillano, Augusto Casas, Rafael Pazos Giménez, Aquilino Iglesia Alvariño, José Díaz Jácome, Emilio Pita, Ricardo Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Francisco Leal Ínsua, Manuel Casado Nieto, Juan Luís Ramos Pérz Colemán e Xosé María Álvarez Blázquez.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A nosa poesía no 1936", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 280, "Letras en galego", 20 setembro 2008, p. 10.

Destácase a idea de Xosé Filgueira Valverde de publicar o libro en 1937, coincidindo co centenario de Rosalía de Castro, sendo este un proxecto encargado polo Seminario de Estudos Galegos. Apúntase que o estoupido da Guerra Civil impediu a súa publicación e saliéntase a importancia da obra para un correcto entendemento na historiografía literaria dos anos da República. Explica que se recolle, xa que logo, a documentación conservada no arquivo Filgueira Valverde das enquisas enviadas (e respostadas en moitos casos con poemas inéditos até o momento) aos poetas galegos do momento.

- María Xesús Nogueira, "Falan os poetas do 35", *A Nosa Terra*, n.º 1.330, "Cultura", 23-29 outubro 2008, p. 34.

Destácase a publicación do libro como resposta ao auxe da preocupación da memoria histórica no país. Coméntase que o volume recolle os materias que Xosé Filgueira Valverde reunira coa intención de preparar unha escolma de poesía galega á altura da década dos trinta, proxecto que principiaba co envío dunha enquisa aos poetas vivos naquelas altura, na que, ademais de datos biográficos, se lles pedían exemplos da súa produción poética. Apúntase que, evidentemente, o estoupido da Guerra Civil frustrou o normal desenvolvemento do proxecto. Saliéntase que o libro resulta de especial interese á hora de coñecer poetas da época hoxe en día descoñecidos, polo que é, en definitiva, un exercicio de restauración da memoria.

- Xosé Ramón Pena, "Tempo de poetas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, "Libros", 9 outubro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, "Letras galegas", 18 outubro 2008, p. 11.

Sinálase que este libro recolle os documentos enviados por diversos poetas á altura de 1936 á Xosé Filgueira Valverde cos seus correspondentes datos bibliográficos e incluso composicións poéticas orixinais, co obxectivo de publicalos nunha antoloxía en 1937 para celebrar o centenario de Rosalía de Castro. Indícase que dito proxecto constaría de nove volumes, sendo decisión de Filgueira Valverde principiar a publicación polos últimos volumes, de aí o envío das enquisas. A seguir, apúntase que o proxecto tiña como referencia a antoloxía de poesía española feita por Gerardo Diego en 1932. Por

último, destácase a intención da intelectualidade galega da época de marcar dito ano de 1932 como unha data singular na historia da lingua galega, cunha exposición sobre o libro galego que non se chegou a realizar.

- Armando Requeixo, "Galeóns Literarios", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 504, "Libros", 26 outubro 2008, p. 21.

Recolle a análise da publicación da antoloxía de poetas galegos feita antes do estoupido da Guerra Civil, da que se precisa que foi encargada polo Seminario de Estudos Galegos ao profesor Filgueira Valverde. Apúntase que se centra nos poetas do século vinte e que estaba destinada a ser presentada durante as celebracións do centenario do nacemento de Rosalía de Castro, mais a sublevación militar empeceu calquer acto. Precísase que o estudo introdutorio de Alonso Montero contextualiza os textos reunidos na presente edición, informando do proxecto do Seminario na súa amplitude: unha escolma de toda a produción poética galega desde a Idade Media, que polos acontecementos antes referidos non se puido levar a cabo.

Referencias varias:

- Manuel Fernández Areal, "Filgueira", *El Correo Gallego*, "Opinión", 6 outubro 2008, p. 2.

Dá conta da aparición do libro de Xosé Filgueira Valverde, *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, e que conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero. Sinala que a intención de Filgueira Valverde era realizar un catálogo cos poetas galegos do momento, aínda que a publicación do libro se viu detida polo estoupido da guerra civil.

- Alfredo Conde, "Abeirado á luz outonal", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 27 outubro 2008, p. 4.

Faise eco da publicación, por parte da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e o Museo de Pontevedra, da antoloxía poética *Os Poetas Galegos (1936). Antoloxía Consultada*, cuxo autor foi Xosé Filgueira Valverde, e que conta con textos da época de autores como Ricardo Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro.

- Marcos Valcárcel, "A antoloxía de 1936", *Galicia Hoxe*, "A contra", 6 decembro 2008, contracuberta/*La Región*, "Sociedad", 6 decembro 2008, p. 65.

Refírese á publicación d´*Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, obra de Xosé Filgueira Valverde publicada polo Museo de Pontevedra e a Deputación pontevedresa en edición de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero. Insire a orixe do libro nun proxecto encomendado polo Seminario de Estudos Galegos a Xosé Filgueira Valverde co obxectivo de facer unha escolma da lírica galega en seis volumes.

Fonte, Ramiro, *Formas do tempo, antoloxía 1995-2008*, prólogo de Miguel García Posada, epílogo de Julia Uceda, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, 2008, 245 pp. (ISBN: 978-84-92597-00-0).

Recóllense neste volume recompilatorio un cento de poemas seleccionados polo seu propio autor, Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-Barcelona 2008), entre as obras que para el conforman a súa etapa de madurez poética: *Luz do mediodía* (1995), *Capitán inverno* (1999), *A rocha dos proscritos* (2001) e as máis recentes *Causas naturais*, *Reversos* (2008) e *Xardín no tempo* (2008) a súa estrea na literatura infantil. Ábrese cun prólogo que leva por título "Leyendo a Ramiro Fonte" e que se trata dunha laudatio lida por Miguel García-Posada no acto de entrega do Premio Porto Magno que o Concello de Ferrol entregou ao autor polo conxunto da súa obra o 15 de xuño de 2008. Nel gábase a figura do poeta e analízanse as referencias, a temática e as influencias sobre a súa obra. Estrutúrase en seis partes que levan o título das obras das que se extraen os textos. En todos hai un predominio do versilibrismo conseguindo o ritmo coa alternancia de versos longos e curtos, a aparición da asonancia en varios poemas e os acentos. O suxeito lírico preséntase maioritariamente en primeira persoa (eu lírico). A temática é moi variada: o amor; a morte; a lembranza e nostalxia do pasado centrándose en elementos cotiáns ou persoas da súa infancia (as súas tías, os camiños entre silveiras, as pontellas nun regato); o oficio da poesía e de escritor; a vida cotiá das cidades e das aldeas ou o paso do tempo. Isto fai que o ton xeral da antoloxía sexa a nostalxia e moitas veces o existencialismo. Destacan especialmente dous apartados, "Reversos" e "Xardín no tempo" por diferentes motivos. No primeiro caso, "Reversos", trátase de poemas que constan de estrofas de catro versos e algunhas finais de tres e dous versos de arte menor e si presentan rima consoante alternando o esquema abba e abab. No segundo caso, "Xardín do pasatempo", a poesía está dedicada ao público infantil e volve presentar o predominio de versos de arte menor e rima consoante en estrofas de catro versos. No resto dos apartados predominan os versos de arte maior e sen rima. O volume péchase cun apartado que leva o título do poema que se inclúe nel e que serve de epílogo, "La vida del agua". Trátase dun poema case narrativo lido pola súa autora Julia Uceda no transcurso do acto de concesión do Premio Porto Magno. Por último dise que a edición consta de cincocentos cincuenta exemplares dos que cincuenta son numerados.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Adeus, Ramiro", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 451, "Páxina literaria", 2 novembro 2008, p. 4.

Comézase apuntando que aínda non existe perspectiva para valorar a traxectoria de Ramito Fonte e que a súa antoloxía poética constitúe unha escolla de poemas dos seus poemarios publicados entre 1995 e 2008, feita polo mesmo poeta, cando xa coñecía a enfermidade que remataría coa súa vida. Indícase que conta cun prólogo de Miguel García Posada e un epílogo de Julia Uceda e destácase a voz propia do poeta, malia estar encadrado na corrente do neorromanticismo, sempre procurando unha comunicación directa, inmediata e eficaz co leitor grazas ao coidado do ritmo e musicalidade do verso.

- Vicente Araguas, "Das alegres Trotskistas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía"*, nº. 509, "Libros", 30 novembro 2008, p. 20.

Fálase do último poemario do autor eumés antes da súa morte. Destácase o ton filosófico da antoloxía e a influencia de Luis Cernuda, unha constante na poética do

poeta, así como a orixinalidade da obra de Ramiro Fonte fronte a outras correntes poéticas do momento na literatura galega contemporánea. Indícase que o poemario leva un prólogo de Miguel García Posada e un epílogo de Julia Uceda.

García, Xosé Lois, *Antoloxía dos poetas galegos en Cuba,* introd. do autor, Noia: editorial Toxosoutos, col. Letra Impresa, n.º 10, 2008, 280 pp. (ISBN: 978-84-96673-41-0).

Antoloxía poética que recolle composicións de autores do século XIX e XX, que viviron parte da súa vida en Cuba e que son: Domingo Campio Devesa Naveiro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Armada Teijeiro, Fernando García Acuña, Manuel Lugrís Freire, Eduardo Núñez Sarmiento, Alfredo Nan de Allariz, Ramón Cabanillas, Nicasio Vidal Pita, Roberto Blanco Torres, Xosé Rubinos Ramos, Xulio Sigüenza Reimúndez, Pedro Vázquez Rábade e Xosé Neira Vilas. O prólogo, escrito polo propio recompilador, presenta este volume baixo o título "O eco das ausencias", onde se considera que hai unha serie de referencias comúns na escrita destes poetas: a denuncia do caciquismo, o laio por unha terra irredenta, a emigración, etc. Dise que eles aspiraron a que o seu país fose progresista e a que se puidese gobernar por si mesmo e saliéntase que a presenza en Cuba supuxo que foran quen de dimensionar o seu país de orixe e de se preocupar pola solución dos problemas que tiña Galicia. A continuación, e segundo a orde cronolóxica, realízase unha serie de apuntamentos sobre a biografía e a poética deste escritores. Ademais, tamén se fala da vida destes homes no apartado "Biografías", que consta ao final do libro.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Galicia la bella", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 480, 11 maio 2008, p. 20.

Saliéntanse algúns dos autores recollidos na antoloxía, dende os máis descoñecidos, coma Vidal Pita (1877-1920) ou Domingo Campio Devesa (1823-1895), até aqueles que, coma Manuel Curros Enríquez ou Xosé Neira Vilas, teñen acadado unha sona internacional. Cualifícase o traballo de Lois García coma "ameno e rigoroso" e destácase a importancia do prólogo reflexivo, no que se achegan datos bibliográficos sobre cada un dos autores seleccionados.

Referencias varias:

- Manuel Curros Enríquez, "De 'Antoloxía dos poetas galegos en Cuba ", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 febreiro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético de Manuel Curros Enríquez, intitulado "A fouce do abó...", incluído na *Antoloxía dos poetas galegos en Cuba*, de Xosé Lois García.

Labrego, Xan (recompilador), *Antoloxía*, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho, n.º 20, 2008, 48 pp. (ISBN da Colección

completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-371-2/ ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-087-7). ■

Reedición do número vinte da colección "O Moucho" de Edicións Castrelos, que foi publicado por Xosé María Álvarez Blázquez, baixo o nome de Xan Labrego, no ano 1974. Co título de *Antoloxía*, este volume iníciase cunha "Nota dos editores", na que se alude á sensibilidade mostrada polos poetas e escritores galegos con respecto á problemática labrega. A seguir, tras a reprodución duns versos de *Cantares* (1911), de Manuel Leiras Pulpeiro, reprodúcese unha escolma de textos pertencentes a autores coma Xoán Manuel Pintos Villar, Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Lago González, Martín Díaz Spuch, Enrique Labarta Pose, Alfredo Nan de Allariz, Ramón Cabanillas, Antonio García Hermida, Xavier Prado Lameiro, Antón Noriega Varela, Eladio Rodríguez González, Manuel Leiras Pulpeiro, Xerardo Álvarez Limeses, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Xohana Torres, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Castro Nieto, Manuel María e Darío Xohán Cabana. No seu conxunto, estes autores ofrecen unha serie de poemas variados en canto á súa forma, pero unidos pola súa temática, xa que todos eles fan referencia aos modos de vida e traballo dos labregos, así como ás carencias, calamidades ou opresións que padecen, aínda que tamén nalgúns deles sobresae unha voz en defensa da terra. Finalmente o colofón está adicado a San Brais "pra lembrarnos que en Febreiro sete capas e un sombreiro".

López Valcárcel, Xulio (ed.), *Lúa de xemas frías. Escolma de poesía mapuche*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 205, 2008, 153 pp. (ISBN: 978-84-92646-01-2).

Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) comeza a escolma cunha introdución, datada en "A Coruña, xuño 2007", na que, logo de dedicarlle o libro "A Esther Souto" e "a Edmundo Moure", narra a historia do pobo mapuche, que é un pobo indíxena do centro e sur de Chile ao que corresponden as composicións que se recollen no libro. Precísase que o mapuche foi un pobo abatido na súa historia e que tenta agora, no presente, recuperar o seu pasado, mediante o emprego da súa lingua orixinaria, mapudugún, e a memoria persoal e colectiva. Tamén fala López Valcárcel dalgúns dos poetas que forman parte da escolma, verbas nas que se explica a súa postura fronte o uso do mapudungún e o castelán. Despois inclúese unha bibliografía, que vai seguida das composicións poéticas. As poesías que se recollen abordan temas fundamentais para o pobo mapuche, "a natureza, os mitos ancestrais e a loita contra a perda da identidade", tal e como se indica na páxina 19 do libro, e corrobórase nos poemas que contén a escolma, que son os seguintes:

- Elicura Chihuailaf, "Iniciación", "No soño dos meus avós", "Aínda desexo soñar neste val", "Cando meus soños cantan as augas do Oriente", "A chave que ninguén perdeu", "Nas orelas dun soño", "A lúa pode ter o teu nome", "Podería ser inmensamente feliz", "Nada de min ficará nesta terra", "A saudade é a lúa minguante", "Algúns soños", "A miña alma solitaria di adeus", "No soño do sol", "O canto triste da separación", "O silencio dos bosques", "O río que sona, soña" e "Os poderes da auga lévanme", pp. 39-62.

Son poemas escritos en primeira ou segunda persoa dependendo de se o eu lírico amosa os seus propios sentimentos sobre a súa terra e as súas vivencias ou dá consellos a outra persoa a partir das súas experiencias. Tamén aparecen composicións plenamente descritivas en terceira persoa.

- Graciela Huinao, "Chaura Kawin", "Os gansos din adeus", "Salmo 1492", "A lagartixa", "A voz do meu pai", "Bágoas", "Ngillatum na costa", "No gume do machado", "Os cantos de José Loi", "Walinto" e "A vida e a morte son irmáns", pp. 63-84.

Ao igual que no caso doutros dous autores, Elicura e César, os poemas aparecen escritos en mapudugún coa súa correspondente tradución ao galego ao lado. Neste caso a temática continúa sendo a mesma, a exposición en primeira persoa dos sentimentos, vivencias e recordos do eu poético, que se mesturan coas alusións e consellos a unha segunda persoa. Inclúe composicións nas que se loa natureza que conforma o paisaxe habitual da voz lírica.

- César Millahueique, "Profecía en branco e negro (fragmento)" e "Soños do río Rahue (extracto)", pp. 85-100.

Nestes versos mestúrase a prosa poética cos versos rimados e cargados de recursos estilísticos tales como a anáfora e o encabalgamento. Esa mestura tamén se atopa nos diversos usos da primeira e a terceira persoas, pois a terceira emprégase para describir o que o eu poético está a ver, nunhas verbas dotadas de plasticidade, e a primeira expresa o que esas visións lle fan sentir.

- María Teresa Pancillo, "Que a nosa vida continúe", pp. 101-106.

O poema está asinado en "Xayen, abril de 1998". Nel descríbese unha posta de sol de finais de agosto, para o cal se emprega a terceira persoa, mentres que a autora muda á primeira persoa cando quere transmitir os sentimentos que lle produce e que representa para o eu lírico esa escena. No caso desta autora e de Juan Paulo, os poemas orixinais están escritos en castelán e na edición contan cunha tradución ao galego.

- Juan Paulo Huirimilla, "Kunga", "Chechil", "Lúa fría en Machil", "Chidhuapi", "Chope I", "Mailliña", "Nao", "Casa dos avós en Machil", "Cantos", "Canto á fervenza", "Home morto", "Osario", "Wiñoi Txipantü", "Kallfükura tomará Bos Aires", "Canto de guerreiro", "Ülkantun pola poesía", "Desvaríos" e "Ñankupel", pp. 107-153.

Nestas composicións predominan as descricións de situacións vividas por terceiras persoas, nas que a voz lírica aparece como mero espectador. As descricións son breves e moi plásticas e teñen un papel predominante os elementos da natureza. Nas dúas últimas composicións emprégase o diálogo para reflectir a escena, no primeiro caso, e para recoller as verbas das personaxes, no segundo.

Rodríguez, Luciano (selección e edición), *Dezasete poetas galegos. Dix-sept poètes galiciens 1975-2000*, trads. Xosé Carlos Carrete Díaz e Francine Sucarrat Boutet, A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións, 2008, [246 pp.] (ISBN: 978-84-9749-301-7). ◆

Edición bilingüe galego-francesa dunha recompilación de poesía galega da Restauración Borbónica (1975-2000), editada por Luciano Rodríguez e traducida por Xosé Carlos Carrete Díaz e Francine Sucarrat Boutet. A antoloxía comeza cunha introdución titulada "Lecture d'un discours en marche", escrita en francés, e unha enumeración dos autores que conforman o volume: Xavier R. Baixeiras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Cesáreo Sánchez Iglesias, Luís González Tosar, Xulio L. Valcárcel, Xavier Seoane, María Xesús Pato, Pilar Pallarés, Luísa Villalta, Gonzalo Navaza, Ramiro Fonte, Lois Pereiro, Manuel Forcadela, Miguel Anxo Fernán-Vello, Eusebio Lorenzo Baleirón, Ana Romaní e Xosé Manuel Millán Otero. Preséntase cada escritor nunha páxina coas referencias da súa obra poética e, a seguir, as composicións seleccionadas. As poesías non só comparten unha época literaria que a caracteriza polo verso libre e un certo intimismo, senón tamén por unha temática como a nostalxia do tempo pasado, da mocidade, a fugacidade do tempo e a presenza da morte, así como unha serie de motivos da natureza e metáforas da vida, transformada en río, camiño ou corredor insomne.

Rodríguez, Luciano (selección e limiar), *Poesía suspensa*, A Coruña: Espiral Maior/Pen Clube de Galicia, setembro 2008, 78 pp. (ISBN: 978-84-96475-86-1). ■

O profesor Luciano Rodríguez recolle nesta antoloxía trilingüe (galego, inglés, castélan) cincuenta e un poemas de diferentes autores galegos e internacionais. No limiar explica que esta antoloxía foi creada nun primeiro momento para celebrar o *World Poetry Day* cunha exposición nas arcadas da Praza de María Pita da cidade da Coruña, pendurando os poemas en lonetas. Mais, ao final esta exposición non se fixo e decidiuse editar esta antoloxía. *Poesía suspensa* recolle poemas de vinte e un poetas galegos: Arcadio López-Casanova ("Doas de ouro daba o outono..."), María Xosé Quiezán ("¡Irmá!..."), Xohana Torres ("Declara o oráculo..."), Manuel Álvarez Torneiro ("O retrato"), Luz Pozo Garza ("O paxaro na boca"), Xosé Luís Méndez Ferrín ("Galicia"), Bernardino Graña ("Á compañeira"), Luís González Tosar ("Azrou, amiga triste"), Pilar Pallarés ("Ás veces fica só unha estátua quebrada..."), Claudio Rodríguez Fer ("Alén"), Xulio L. Valcárcel ("A retirada"), Miguel Anxo Fernán Vello ("Erótica II"), Xavier Seoane ("Interiores"), Darío Xohán Cabana ("Na flor de cedo quea mazaira adorna..."), Ramiro Fonte ("Luces do mediodía"), Gonzalo Navaza ("Escenarios"), Xosé María Álvarez Cáccamo ("Que o tempo sexa sempre a tarde inmóbil..."), Xavier R. Baixeras ("Aínda sobe alí, Siena murada..."), Manuel Forcadela ("Dos gregos aprendín que ríos e regatos"), César Antonio Molina ("Leteos"), Salvador García-Bodaño ("Xa caeron todas as follas das árbores...") e Manuel Rivas ("Baladas nas praias do oeste"). Aparecen tamén composicións de catorce autores de expresión castelá como Luís García Montero, Luis Alberto de Cuenca, Gioconda Belli ou Álvaro Mutis. O resto dos poetas repártense entre diferentes países do mundo: Italia, Portugal, Francia, Polonia, etc, dos que na súa maior parte, ofrécese a súa versión en galego. A antoloxía iníciase cun limiar firmado polo profesor Luciano Rodríguez onde explica as orixes e motivos da creación desta recompilación. O limiar aparece en galego, inglés e castelán. Atendendo aos poemas seleccionados obsérvase unha variedade temática plural. A maior parte das composicións tratan os grandes temas da literatura e da lírica universal: o amor, a natureza, as vivencias íntimas, a morte, etc. Aqueles poemas que non están escritos en galego, castelán ou portugués teñen a tradución ao galego a continuación da versión no seu idioma orixinal.

Referencias varias:

- Lara Rozados, "Mia Couto, Margarit, Mutis e Jon Kortazar premios *Rosalía*", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Cultura", 2-8 outubro 2008, p. 39.

Dá conta da entrega dos Premios Rosalía de Castro do Pen Clube Galicia, de periodicidade bianual, que recoñece autores escritores e escritoras doutras literaturas ibéricas. Tamén recolle a publicación polo Pen Clube do libro *Poesía suspensa*, que consta de cincuenta e un poemas de dez idiomas diferentes e con non máis de doce versos.

Vila Fariña, Xosé Lois (selec.), *Vilanova de Arousa*, *na voz dos poetas*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, xullo 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-8190-535-9).

Xosé Lois Vila Fariña "Ulisis Figueroa", cronista oficial de Vilanova de Arousa, realiza unha escolma cos poemas nos que se fai mención á terra do Salnés. Tras a dedicatoria, no limiar, escrito en Solobeira (Vilagarcía de Arousa) en setembro de 2005, o propio Vila Fariña presenta a obra e refire os títulos xa publicados. Entre os poemas recollidos neste volume atópanse en primeiro lugar cinco composicións de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915 – Vigo, 1985): "Baión", "Lembranzas", "Pedra Viva", "O tolo" e "Os acios". Neles mestúrase a primeira persoa, coa terceira que se emprega para describir as paisaxes do Salnés, concretamente do concello de Baión. De Xerardo Álvarez Limeses (Pontevedra, 1871-1940) tómanse nove poemas: "No valado", "Fai anos no valado", "Non volverei. No aniversario da afillada", "Xenerosa Coto", "Vela ehí ven", "O arco da vella", "¡Chove!", "O día de Galiza en Bayón" e "¡Terriña das saudades!". O autor do libro poético *Antre dous séculos (1897-1934)* emprega frases breves e moi plásticas que describen en terceira persoa a súa estadía na Casa do Valado en Baión, descricións que se mesturan con fragmentos en primeira persoa no que o Xerardo Álvarez expón os seus propios sentimentos. Logo aparece un "Himno a Vilanova de Arousa", de autor anónimo, que foi estreado en Vilanova o 17 de setembro do 1989 e que contaba coa música do vilanovés Rey Rivero. Nel diríxese o eu lírico a Vilanova, á que cita nos dous últimos versos, e faise un breve percorrido pola súa paisaxe e historia. De Pero de Ardía inclúese a composición "Santa Marta", poema á ermida de Santa Marta. Recóllense logo tres poesías de Manoel Blanco Mariño, o "Poeta da Renfe": "Canto a Vilanova e ós seus dominios", que foi escrito "en homenaxe ó gran botánico Domingo Fontenla e á revista *O Noso Pobo* (1983)". En "A Don Xoán Vicente Robina Gómez, médico de Baión que foi exempro de sinxeleza e bondade", precísase que esta composición foi publicada en Vilagarcía o 3 de decembro de 1983 na revista *O Noso Pobo,* nº 18, 1ª etapa. Deste mesmo autor recóllese unha poesía descritiva sobre a campaña de Baión ("Campana de Baión"). De Ramón Cabanillas Enríquez (Cambados, 1876–1959) aparece un "anaco" da poesía "No Castelo de Lobeira", na que se fai unha descrición deste castelo, empregándose o encabalgamento para remarcar determinados aspectos do lugar. Inmediatamente despois recóllese unha composición de Xulio Camba Andreu (Vilanova de Arousa, 1882 – Madrid, 1962), "Recordos", na que o eu lírico se laia pola distancia á que se atopa das terras de Vilanova. De Chicho de Cruces (Xesús Paz Parracho) reprodúcense dúas poesías nas que alude ao viño Albariño: "O albariño. A vida da vide" e "A vida do viño". Na terceira poesía o eu lírico fala sobre a súa "amizade" co viño Albariño, "O meu

verdadeiro amigo". Recóllese a continuación a poesía "A volta", que apareceu publicada o 16 de marzo de 1929 no xornal vilagarcián *Galicia Nueva* e que estaba asinada polo autor anónimo Perspicuo. Nela abórdase en segunda persoa do singular, dirixida a "Xaquín", o tema da emigración. De Carmiña Pomares (Carmen Pomares Vázquez) tómanse cinco poesías publicadas no xornal vilagarcián *Galicia Nueva*, nas que o eu lírico amosa un ton triste e melancólico: "Eu son galega", "Tristes lembranzas", "Envío", "Melancolía" e "Ría d'Arousa". Tamén contén unha cantiga que, segundo se sinala, foi recollida persoalmente por Xosé Lois Vila Fariña en Vilanova, "Paxariños". De Manuel Sánchez García ("IPIÑA") preséntanse algunhas das súas poesías publicadas na revista *O Noso Pobo*: "Camposanto das estrelas", aparecido no n.º 15 da revista; "Galicia", no n.º 17; e unha serie de poemas breves publicados na revista en xaneiro de 1997, que como o propio autor di recollen "Un pouco de todo. Pensamentos voantes", e levan por título: "A modiño", "Creer en Dios", "Cruz de Lobeira", "Mosteiro de Cálago", "Magnolio","Fame", "No mar", "Esquecementos", "Perdidos", "Escumas", "Muiño de Currás", "Río de Currás", "Ansuíña", "Farolas", "Campanario Vello" e "Cementerio de Barcos". Reprodúcense a continuación tres poesías do traballo *Anacos dunha vida*: "!Qué xeitosa é a miña aldea!", "¿Onde está Deus?" e "Emigrantes". As dúas primeiras amosan os sentimentos do eu, mentres que na última transmítese o sentimento común de todos os emigrantes. Recóllese a seguir a "Laude da Queimada", de Manuel Trigo Díaz (falecido en Vilagarcía en 1992), que foi publicada en xuño de 1971 e que está "dedicada ao Mosteiro de Armenteira, San Xoán, 1971). Do seu irmán, Xosé Trigo Díaz, aparecen dúas poesías que xa foran publicadas en *Galicia Nueva*: "Non podo cantar", que saíu á luz do xornal vilagarcián do 23 de xuño de 1934, e "Soños doces", que o fixo o 2 de agosto de 1934. Despois ofrécense dúas poesías da poeta arousá Xaquina Trillo Sánchez: "Lobeira" e "O Umia", composicións nas que, tal e como se precisa no libro, cobran vida tantos persoeiros de carne e oso da vida galega como "persoeiros paisaxísticos". Do xornalista, político e poeta Ramón Valle Bermúdez, que foi galardonada nos "Xogos Frorais de Santiago (28-07-1875)", recóllese un "anaco" da súa poesía "Ildura", na que fai unha descrición da paisaxe que rodea ao monte Lobeira. Por último, ofrécese unha composición de Ramón María de Valle Inclán (Vilanova de Arousa, 1866–Santiago de Compostela, 1936), "Cantigas de vellas", na que se mesturan as descricións en terceira persoa coas preguntas e exclamacións retóricas.

Referencias varias:

- S. R., "Presentan el libro "Vilanova de Arousa na voz dos poetas", de Xosé Lois Vila Fariña", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 13 novembro 2008, p. 14.

Dá conta da presentación na Asociación Cultural Roi Vicente do libro Xosé Lois Vila Fariña, *Vilanova de Arousa na voz dos poetas*, poemario que recolle composicións de diferentes poetas inspirados pola xeografía do lugar.

VV.AA., *Sendeiro de estrelas II. Terceira antoloxía do Grupo Poético "Brétema"*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, novembro 2008, 191 pp. (ISBN: 978-84-8190-547-2).

Tras unha nota introdutoria institucional arrinca esta escolma do colectivo "Brétema", grupo poético formado por case trinta homes e mulleres de diversa traxectoria

profesional que se caracteriza polo emprego de castelán e galego nas súas composicións poéticas, como se explica na nota e se detalla nas fotografías e breves bibliografías que as acompañan. Nesa nota inicial tamén xustifica o bilinguismo do poemario restándolle importancia ao idioma a empregar, pois do que se trata é, segundo a súa opinión, do xeito no que se transmiten os sentimentos, non do idioma que se empregue para tal fin. A temática da escolma é variada, dende composicións de carácter intimista (como no caso de "Esperanza na desesperanza", de Margarita Agulló Pérez, ou "El amor", de María Teresa Cariño Dávila) até poemas con claros posicionamentos lingüísticos (como en "Orgullo do noso", de Xosé Manuel Vázquez, unha clara defensa do idioma galego), pasando por composicións dedicadas ao mundo rural galego (caso de "O Galo" ou "Muller labrega", de Pepita Nóvoa López). A rima e a métrica son moi variábeis. Destaca o emprego dun caligrama en "Morea de cousas que alguén atopará na fraga", de José Manuel Olveira Hortas. Caso especial é "Alma", de María Luisa López Castro, texto non poético dedicado a súa filla en estado de coma tras ser maltratada polo seu home. A seguir recóllese a relación de autores e as súas composicións poéticas en galego:

- Margarita Agulló Pérez, pp. 15-20.

Acóllense os seus poemas "Esperanza na desesperanza", "Xelo", "Eu quixera ser poeta", "Frío na alma", "Brétema" e "Non busquedes a felicidade".

- Fina Álvarez Fernández, pp. 21-26.

Acóllese en galego o seu poema "A miña fogueira" (p. 25).

- María Teresa Cariño Dávila, pp. 27-32.

Acóllese en galego o seu poema "Pombiña nova" (p. 32).

- Magdalena Domínguez Domínguez, pp. 57-62.

Acóllense en galego os seus poemas "Volver a Corrubedo", "Tan soia..." e "Nacín muller".

- Candela Fernández Mouriño, pp. 69-74.

Acóllese o seu poema "A ANGELINA, GELU, QUE É...".

- Isaura Lago Álvarez, "Isa", pp. 93-98.

Acóllense en galego os seus poemas "Sendo neno é deus. Villancico", "O gaiteiro" e "Naceu nun portal".

- Serxio López-Corona Martínez, pp. 105-110.

Acóllense os seus poemas "Sen memoria (1936)", "Parusía", "Panxoliña da luz" e "Sensación".

- Pepita Nóvoa López, pp. 117-122.

Acóllense os seus poemas “O galo”, “Muller labrega”, “O sol”, “Espantallo” e “O gaiteiro”.

- José Manuel Olveira Hortas, “Manoel Xosé”, pp. 123-128.

Acóllense os seus poemas “Bágoas”, “As mans...”, “Fraga do inferno”, “Clandestino”, “VELAÍ O TINGLADO DA ANTIGA FARSA, ...” e “MOREA DE COUSAS QUE ALGUÉN ATOPARÁ NA FRAGA”.

- Alonso Rodríguez Galego, pp. 135-140.

Acóllense en galego os seus poemas “O espantallo” e “Érguete”.

- Dolores Sánchez Yáñez, “Loli”, pp. 159-164.

Acóllense en galego os poemas “Rosalía, segues viva”, “Se o Apóstolo voltara” e “A ti gaita, a ti gaiteiro”.

- Xosé Manuel Vázquez, “Manolo de Rinlo”, pp. 171-176.

Reprodúcense os poemas “Oda a rinlo”, “Orgullo do noso”, “En louvor da nosa lingua” e “En louvor de ‘Fiadeiro”.

- Rosa Mª Vázquez Romay, “Elísabeth”, pp. 177-182.

Acóllense en galego os poemas “Homenaxe”e “Rememorando ‘O Folión de Viana”.

Péchase a antoloxía cun índice da nota introdutoria e os nomes dos autores seleccionados ordeados alfabeticamente.

Referencias varias:

- A. R., “Poetas del colectivo Brétema publican su tercera antología”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 25 novembro 2008, p. 2.

Sinala a presentación do novo libro do colectivo Brétema, *Sendeiro de Estrelas II*, que recolle as achegas de escritores non profesionais.

Zernova, Elena (ed.), *Manuel Curros Enríquez. Antoloxía da literatura galega. Tomo XIII*, ed. bilingüe (ruso e galego), prólogo de José María Paz Gago, San Petersburgo: Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, 2008, 245 pp. (ISBN: 978-5-288-04740-3). ◆

No prólogo desta introdución faise un percorrido pola biografía do “escritor imprescindible do post-romanticismo ibérico” e coméntase que a obra de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908) está moi vinculada á súa vila natal. Ademais cita unha ampla nómina de poetas de Celanova que acompañaron a Curros no

apoio á literatura galega e vai expoñendo os trazos da poética do autor a través das súas obras, sobre todo d'*Aires da Miña Terra*. Destaca que a súa orixinalidade e modernidade "estriban precisamente na integración do feito prodixioso nun marco espacial realista, nun mundo campesiño católico no que un miragre da virxe produce asombro pero remata resultando perfectamente aceptábel e non contradí a lóxica dese universo poético que non deixa de ser homoxéneo e coherente". Finaliza salientando que os lectores rusos apreciarán esta poesía civil de alento progresista e social pero tamén lírico. A seguir, reprodúcense en tres apartados poemas d'*Aires da Miña Terra*, d'*O Divino sainete* e unha serie de poemas soltos.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Braxe, Lino (coord.), *Vidas do mar*, ilust. de Daniel Beiras, A Coruña: Autoridade Portuaria da Coruña, col. O Porto e as Letras, agosto 2008, 77 pp. (DL: C-2835-2008).
◆

Trátase dun volume colectivo coordinado por Lino Braxe (Mugardos, 1962) e ilustrado por Daniel Beiras que recolle varias pezas breves de teatro que teñen en común diversas maneiras de afrontar o mundo do mar e están destinadas fundamentalmente á lectura, sen que iso impida a súa posibél posta en escena, tal e como di no prólogo Lino Braxe. Antes deste prólogo hai unha pequena introdución do presidente da Autoridade Portuaria da Coruña explicando a finalidade da colección. Tras o limiar aparecen as seguintes pezas curtas de teatro:

- Eduardo Alonso, "Mare nostrum", pp. 9-19.

Nesta peza de Eduardo Alonso (Vigo, 1948) os protagonistas, un home e unha muller, falan sobre Cleopatra e Marco Antonio, os cales parecen atoparse noutra sala, e as conquistas marítimas que pretende este dende Alexandría. O viño e o amor que senten o home e a muller serán os protagonistas dun final tráxico.

- Gustavo Pernas Cora, "Azuis", pp. 21-31.

Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) presenta nesta obra a tres protagonistas, unha muller e dous homes, que manteñen unha conversa estraña no alto dun cantil que pouco a pouco os vai levando a un estado de desesperación conxunta e os dirixe á tráxica decisión de converter o mar que os rodea no seu leito final.

- Lino Braxe, "María Pita", pp. 33-43.

Lino Braxe (Mugardos, 1962) recrea o ataque do pirata inglés Francis Drake á Coruña pero subvertendo a historia xa que María Pita consegue que este se retire tras pasar a noite anterior con el e co seu comandante.

- Raúl Dans, "Reparación", pp. 45-49.

Breve escena de Raúl Dans (A Coruña. 1964) que se desenvolve á sombra dun piñeiral, que se atopa na abeira da praia, onde un mozo inválido pide axuda a unha muller para que o cambie de sitio por causa do sol e a partir de aí comentan a situación dos discapacitados e a película sobre Ramón Sampedro.

- Inma António, "Músculo de sal", pp. 51-59.

Peza curta de Inma António (A Coruña, 1968) que se desenvolve nun xeriátrico que está preto do mar e coa tempestade e a luz dun faro ao lonxe falan sobre o amor e a morte as

dúas protagonistas, a anciá Mariña e Maia que parece ser a súa coidadora até que a escena final deixa dúbidas sobre a súa identidade.

- José Luís Prieto, "O animal azul", pp. 61-72.

Nesta obriña os dous protagonistas, Eva e Jon, reencóntranse a carón do mar e falan de si mesmos e da súa relación mentres agardan que a marea suba. Cando iso sucede é o momento de bicarse e mollar os pés na auga.

- Pedro A. Ramos García, "Unha nova vida", pp.73-77.

Pedro A. Ramos García (Madrid, 1973) presenta a un produtor e un guionista que deciden o contido dun novo programa que se lle encargou ao segundo pero parecen non estar de acordo. O programa ten o formato dun "Reality show" no que uns mozos e mozas inmigrantes deberán estar a bordo dunha patera para conseguir "unha nova vida".

Cruz, Ángel de la, *Os mortos van á présa*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 32, 2008, 133 pp. (ISBN: 978-84-936607-3-4).

Ángel de la Cruz (A Coruña, 1963) presenta neste volume o guión que dará lugar á longametraxe *Os mortos van á présa* (2008), dirixida por el mesmo. O texto describe todo o que se verá e escoitará na versión cinematográfica. Neste libro unha camioneira, Irene, atranca o seu tráiler nunha angosta ponte na aldea de Fariño do Mar e con isto impide a celebración do enterro de Cándido. A seguir, xorden diferentes posturas e disputas dentro da aldea. Esta edición conta con apoio fotográfico, en branco e negro, de escenas da película *Os mortos van á présa* (2008) e péchase coa relación completa do equipo artístico e técnico do filme.

Dans, Raúl, *Nun mundo hostil*. *Teatro breve reunido* (*1997-2007*), prólogo de Daniel Domínguez, A Coruña: Espiral Maior, col. Teatro, n.º 6, maio 2008, 195 pp. (ISBN: 978-84-96475-78-6).

Nesta colectánea recóllese toda a produción dramática de Raúl Dans (A Coruña, 1964) dende 1997 até 2007. Ábrese o volume cun prólogo de Daniel Domínguez no que se define ao autor como "un contador de historias bárbaro" e se citan fragmentos das "pezas de fasquía diversa" recollidas que responden ás seguintes características: economía dramática, "coidada e sutil construción do *off* escénico", "exploración de fendas do presente", "linguaxe coloquial" e varios núcleos temáticos para indagar no presente. Coméntase que as obras teatrais seleccionadas afondan na natureza humana e na intensidade das almas. Indícase tamén o estilo e a linguaxe utilizados polo dramaturgo, así como unha reflexión sobre a compresión máis ou menos realista de cada lector das pezas recollidas no volume, cada unha das cales presenta unha serie de personaxes que exploran o universo dramático e narrativo creado polo propio autor. Remátase criticando o escaso recoñecemento do teatro breve, fronte á aceptación do gran público e grande estima que goza en Inglaterra, e tamén que a TVG e a Radio Galega non o difundan e mesmo loa a peza *Día da festa*, á que considera "Unha peza que xustificaría por si mesma toda unha vida". Entre a súa produción cóntanse *Matalobos* (1993), *Lugar* (1995), *Cita co diaño* (1999) e *O Paso* (1999), así como

algunhas pezas de ensaio como *Confesións dun practicante. As aventuras dun dramaturgo en Galicia* (2004). Na primeira delas, *Total discreción* (2001), un so personaxe recita un monólogo marcado pola culpa, espido e atado de pés e mans a unha cadeira. Tamén é protagonista de *Punto franco* (2001) e *Petite Fleur* (2007), coa que se pecha o volume e que fai deste un libro con carácter circular, comezando e rematando coa voz dramática da mesma figura teatral. A segunda das pezas, *Día da Festa* (2001), está dedicado á súa nai e conta con dous personaxes, un fillo e súa nai, que conversan de temas triviais para tentar afondar nas súas calamidades persoais. E así xurde toda unha serie de pezas que abordan situacións normais, cotiás, cunha linguaxe coloquial e cálida. Obras como *Moita Merda* (1999), que aborda o fracaso e o medo escénico; *Mantis* (1999), que fala do materialismo e do amor cara as cousas materiais; ou a vida dun contador de historias en *Do outro lado* (1999) son algúns dos motivos dramáticos por el tratados e reflectidos neste volume.

Referencias varias:

- M. V. García, "O inferno de todos os días", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 199, "Letras galegas", 20 setembro 2008, p. 10.

Coméntase o volume de Raúl Dans, *Nun mundo hostil. Teatro breve reunido (1997-2007)*. Sinálase que recolle diversas pezas marcadas pola brevidade e mais a hostilidade e recreadoras asemade de problemas actuais a partir dunha especie de fotos presentes nas mesmas. Destácanse, dunha banda, as pezas *Parque central*, *O paso*, *O limbo das balas*, *Aniversario*, que introducen conflitos básicos interpersoais e, doutra banda, *Total discreción*, *Petite fleur* e *O señor das tebras*, que profundan no eido das perversións. Saliéntase por último a peza *Foreber*, de 1999, que continúa coa orientación temática e formal de *Derrota* (1997), merecente do Premi Born de Teatre, unha obra que amosa situacións miserábeis que afectan a personaxes marxinais e derrotados.

Dans, Raúl, *Nachtmahr*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia.AGADIC, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 9, 2008, 83 pp. (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-891-8; ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4461-7). ■

Peza teatral que comeza cunha dedicatoria e tres citas de Flaubert, Paul Gauguin e Quinto Ennio, que encerran unha reflexión sobre o soño e a imaxinación. Raúl Dans (A Coruña, 1964) preséntanos multiplicidade de personaxes que deambulan polo mundo de Nachtmahr, termo alemán que significa *pesadelo*. O texto transmite un espazo onírico dende o inicio en que o protagonista Luís, un novelista en plena crise creativa, emprende unha viaxe a través do subconsciente. De aí a influencia d'*Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carrol, ou a tradición simbolista de Ibsen coa obra *Peer Gynt*. O surrealismo dá entrada aos elementos freudianos como as fobias, a infancia, as frustracións e o sexo, que dan mostra dun grande exercicio dramático de enorme liberdade artística. As intervencións breves dos diálogos das personaxes outórgalle un comprido dinamismo e escenificación ao drama, cuxo texto carece de división en partes.

Recensións:

- Inma López Silva, "Pesadelo de Nós", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 15.

Tras explicar cal é o significado do título da peza teatral, *Natchmahr* que se refire a unha palabra antiga do alemán que significa pesadelo, pásase a explicar a natureza teatral da obra dentro da traxectoria do autor. Dise que é o texto máis escénico e onírico de Raúl Dans e que se afinca na tradición simbolista empregando elementos freudianos. Salienta que é un "paseo narrativo polo soño como espazo creativo", o seu dialoxismo e a estrutura teatral "representábel".

Ferreira, Isaac (coord.), *Novos autores*, prólogo do coordinador, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Cadernos Teatro, n.º 11, 2008, 63 pp. (ISBN: 978-84-8487-140-1).

Preséntanse neste volume un total de catro pezas teatrais de catro dramaturgos noveles. O libro conta cun prólogo introdutor, datado en Porto de Santa Cruz-Oleiros en decembro de 2007, da man de Isaac Ferreira. Neste prólogo lembra o papel de Francisco Pillado Maior e de Manuel Lourenzo na creación en 2005 da colección "Cadernos de Teatro", así como os autores e as obras que acolleron con anterioridade, e remata cunha breve ficha bibliográfica de cada un dos autores desta obra. As pezas teatrais que se presentan son as seguintes:

- Zé Paredes, "A véspera", pp. 7-17.

Zé Paredes (Guimarães-Portugal, 1972) retrata o día antes do 1 de febreiro do ano 1908, creando unha historia na que se mestura a traizón, os fíos do goberno e as accións dos opositores ao réxime. Os personaxes principais son: Manuel Buiça, un profesor e asasino do Príncipe Real D. Luis Filipe; Alfonso Costa, caixeiro e asasino de D. Carlos I; D. Manuel II, o último rei de Portugal; e un par de prostitutas.

- Juan de Oliveira, "Economía de mercado", pp. 19-28.

Nesta peza teatral, o dramaturgo Juan de Oliveira (Lugo, 1979) comeza cunha cita en inglés de David Mammet e reflexiona sobre a facilidade coa que poden cambiar as tornas e cómo o traballador de maior éxito pode converterse nun vagabundo sen máis. Todo iso mesturado con tramas sobre as filtracións de información e as chantaxes que marcan o mercado laboral actual.

- Xosé Manuel García, "O profesor e o vento", pp. 29-38.

Nesta obra Xosé Manuel García (A Coruña, 1971) amosa un profesor que debate e analiza a importancia do vento, construtor dos camiños entre os seres humanos. O profesor, conversando co Doutor Olsen, elabora un discurso arredor da interpretación da mensaxe contida no vento e que o insta a abandonar o Instituto Meteorolóxico para o que traballa e volver á súa patria onde se achega a fin. Mais este mestre non é outro que o rei de Dinamarca, que está a perder a cabeza e corre o risco de ser executado. Desexa a Elsinor, terra de vento e choiva e reescribe a peza teatral shakesperiana de *Hamlet*.

- Antonio López Rico, “Tumbas”, pp. 39-60.

A cuarta e última peza que se inclúe neste volume, escrita por Antonio López Rico (Ferrol, 1984), ten como fío condutor a morte de Luís e o seu enterro. Con ela ábrese todo un mundo de pensamentos e sentimentos que afloran a súa morte. Manuel e Luísa conversan sobre o defunto mentres observan dende a xanela do seu cuarto as tumbas do cemiterio. Manuel acaba por confesarlle a unha muller, tamén amiga do falecido, que quixera nese intre ser soterrado no canto da de Luís, xa que o seu sufrimento interno que padece seméllalle insoportabél e só a propia morte podería procurarlle acougo.

López, Nazareth, Carlos **Santiago**, Lucho **Penabade** e X.H. **Ribadulla Corcón**, *Pan. Catro propostas arredor da malla*, prólogos de Olegario Sotelo Blanco e Alfonso Blanco Torrado, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-7824-551-2). ◆

Sotelo Blanco, coa colaboración da Fundación Manuel María da Terra Chá, publica *Pan. Catro propostas arredor da malla*, un texto teatral composto por catro pezas breves sobre a malla do trigo, cada unha delas cun director distinto, que se estreou o 13 de outubro de 2007 no Teatro Principal de Santiago de Compostela. O volume comeza con dous prólogos. No primeiro “O pan e a vida na aldea”, de Olegario Sotelo Blanco, o seu autor subliña o interese literario, sociolóxico e antropolóxico de *Pan* e comenta que a súa lectura lle fai revivir a infancia e xuventude e asemade reflexiona sobre a cultura do pan. O outro prólogo é “Un gran non enche celeiro, pero axuda ao compañeiro”, de Alfonso Torrado, no que compara os catro autores destas obras teatrais con catro muiñeiros e recalca que estamos perante un xogo dramático, inzado de sabedoría popular, que fai brincar os sentidos. Tamén se reproduce a copla “A máquina de mallar”, composta por Caetano Arias, o gaiteiro de Santaballa, co gallo da chegada da máquina de mallar á Terra Chá. A seguir preséntanse os catro actos, nos que se ve como se transforma o pan desde a leira á mesa, e que levan por título: “A sementeira”, de Nazaret López; “A sega”, de Carlos Santiago; “A malla”, de Lucho Penabade; e mais “O pan”, de X. H. Ribadulla Corcón. Estes textos contan con debuxos de M.ª Chenut. O volume péchase con fotografía e mais coa ficha técnico-artística do espectáculo así como cos agradecementos. Esta edición inclúe un CD coa banda sonora de *Catro propostas arredor da malla*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 266, 6 novembro 2008, p. VII.

Recoméndase a lectura d’*O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González; e *Pan*, do colectivo Volta e Dálle Teatro.

Lourenzo, Manuel, *As horas baixas*, Ames: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 237, 2008, 122 pp.(ISBN: 978-84-8487-147-9)

Manuel Lorenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) recolle neste volume tres pezas teatrais nas que se abordan crises vitais, o fin da vida de autor, o abandono da imaxinación e o pesar ao decatarse do paso do tempo e da imposibilidade de recuperalo. O dramaturgo titula así a primeira das pezas, que tamén dá título a toda a obra, "As horas baixas", na que, sen esquecer un toque humorístico preséntanos ao Conde Drácula e o seu acompañante, Johnatan Harker, a morar nun piso nunha das orillas do Támese. Lorenzo céntrase no vampirismo vido a menos, de como o conde chega case á humillación botando de menos Transilvania, o seu fogar, onde si que era un conde respectado e temido, mentres que en Londres so é un inglés máis, un extraño nunha terra descoñecida. A segunda das pezas leva por título "A crise do director de escena" e está protagonizada por dous personaxes: Celia e Cosme. Este último é o director de escena que olla como a súa última obra non merece as críticas que se lle están a dar. Así, Cosme ve o seu futuro, que nalgún momento estivo ligado ao de Celia, como un ir cara á morte sen máis, e Celia, mentres finxe non amalo, coida del e protexe o corazón do artista mesmo co seu propio. Finalmente, a obra péchase cun monólogo libre en tres partes con numeración arábiga, "Vivaldi, Señor". Neste caso un criado cóntalle ao seu señor aquelas historias ou acontecementos que poidan divertilo ou entretelo, as súas fazañas como amante son tamén postas en escena e comentadas dun xeito irónico e cómico polo peculiar monologuista. Estas tres pezas son testemuña dos cambios da vida, de como mudan as cousas e de que é máis doado achar sufrimento e pesar que a verdadeira felicidade.

Martínez García, Andrés, *Sempre en Rianxo. O soño do barbeiro*, A Coruña: Ediciós do Castro, 2008, 90 pp. (ISBN: 978-84-8485-292-6).

Andrés Martínez García "Pancho" (Rianxo, 1957) explica no prólogo como esta peza é unha homenaxe á vila e á xente de Rianxo adaptando de maneira libre a obra de dous autores rianxeiros: *Os vellos non deben de namorarse* (1953), de Daniel Rodríguez Castelao, e *Fiestra Valdeira* (1927), de Rafael Dieste. O protagonista da obra é o barbeiro Don Xosé. A vida rianxeira aparece retratada en tres actos: "A Ribeira", "A Taberna" e "A Guadalupe". Os habitantes da vila máis modestos mestúranse con persoeiros da cultura galega como Manuel Antonio, Brea Segade e Faustino Rey Romero. Como peche do libro aparece unha pequena biografía do autor na que se repasa a súa traxectoria profesional no audiovisual como actor, director e autor.

Moure Pereiro, Teresa, *Unha primavera para Aldara*, XIII Premio de Teatro Rafael Dieste 2007, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Rafael Dieste, n.º 15, 2008, 166 pp. (ISBN 978-84-9812-080-6). ◆

Primeiro texto dramático de Teresa Moure Pereiro (Monforte, 1969), que foi levado a escena por Teatro do Atlántico. O volume ábrese cuns apartados onde se expoñen os catorce personaxes que interveñen e os nove escenarios onde se desenvolve a acción. Esta estrutúrase en trinta e nove escenas, nas que se reflicte a vida dentro dun convento feminino galego do século XV. As monxas acollen un cabaleiro irmandiño ferido, quen terá amores coa abadesa, Aldara. Tempo despois da partida do cabaleiro, chegan ao convento dous freires enviados polo bispo para atoparen desordes na vida das relixiosas que xustifiquen arrebatarlles o convento, cobizado polo bispo. Para contaren cunha proba acusatoria total, pretenden facer pasar á filla dunha monxa lega por froito dos

amores de Aldara co cabaleiro. No entanto, recíbese noticia do falecemento deste na loita e a abadesa, sumida na desesperación ante a perda do seu amado, decide confesar as súas relacións co guerreiro. A última escena constitúe toda unha reivindicación dos valores das monxas, caritativas e xustas aínda que entregadas aos praceres carnais, fronte aos dos freires e o bispo, que cometen abusos para mellorar a súa situación. Tamén aparece, fronte ao carácter masculino, que se rebela contra a inxustiza mediante a guerra, unha defensa do feminino, que loita con verbas inzadas de verdade.

Recensións:

- Inma López Silva, "Unha primavera para Aldara", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 17.

Céntrase na primeira entrega dunha peza dramática de Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*, da que se comeza explicando a súa adscrición ao xénero histórico-medieval de fondo irmandiño, enmarcada na tradición clásica universal do trasvestimento. Sinálase que é unha obra de carácter realista e moi próxima ao cinema, especialmente pola súa secuencialidade e o deseño de ambientes. Tamén se destaca que esta creación se enmarca no teatro literario "para ler", na que a imaxinación do lectorado prevalece sobre a proposta escénica. Destácase o carácter narrativo da peza e a novidade do punto de vista que adopta a autora, aspecto presente tamén no resto da súa obra. Sinala que, malia algúns anacronismos, se rompe a perspectiva histórica tradicional e que o tema central é a liberdade da muller, neste caso situada nun convento galego medieval, un alegato a favor da independencia e unha crítica mordaz á Igrexa Católica por acalar todo movemento progresista e feminista. Conclúese que é unha obra que non vai deixar indiferente a quen a lea.

Ruibal, Euloxio R., *Namberguán. Guión de cinema*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Teatro, n.º 232, 2008, 117 pp. (ISBN: 978-84-8487-141-X).

Este guión de cinema de Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1945) está estruturado en oitenta escenas, nalgunhas delas só hai unha anotación na que narra unha situación ou describe algo, polo que parece máis unha película que unha obra de teatro. Esta comedia conta a historia de Faustino, un exitoso home de negocios, separado e cun fillo que coñece a Helena, unha publicista, nai dunha amiguiña do seu neno. Ten fama de don Xoán polo que cando pecha un gran negocio o seu xefe felicítao e pídelle que conquiste a Helena para el. El, aínda que ten unha relación coa súa secretaria Susana, comeza a practicar a arte da sedución e ponse a conquistar mulleres pero non ten demasiada sorte. Cada día acode á casa de seu tío Mefis, para pedirlle consello xa que, aínda que agora está retirado, foi un gran estafador e conquistador. O seu xefe quere que lle entregue a Helena pero el non quere porque se decata de que está namorado dela polo que lle pide a Susana que se disfrace dela para enganar a don Arturo. Os novos clientes a última hora non queren pechar o trato e perden moito diñeiro polo que Arturo despide a Faustino porque cre que lle confesou cousas a Helena que non debería e que ela os delatou. Helena non vai esa mañá ao colexio e Faustino busca un traballo como vendedor, pero cando visita a Mefis atopa unha nota na que di que foi el o autor da estafa e que como é diñeiro negro ninguén lle pode reclamar nada. De repente chega Helena e marchan xuntos.

Recensións:

- M. Dopico, "O comercio das almas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 agosto 2008, p. 27.

Céntrase na publicación da peza *Namberguán, Guión de cinema*, de Euloxio Ruibal. Sinálase que esta obra teatral se inclúe dentro da nova colección de dramaturxia da editorial galega. Comenta que o texto xira en torno ao mundo dos negocios e, en clave de humor e comedia, describe ao ser humano coma un obxecto comercializado, facendo unha crítica velada ao mundo capitalista no que nos movemos.

- Dorinda Castro Soliño, "Lectura Acertada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", n.º 268, 20 novembro 2008, p. IV.

Dá conta da publicación da obra de teatro *Namberguán, Guión de cinema*, de Euloxio Ruibal. Salienta que se trata dun texto que mestura ironía e humor, tendo como marco o mundo financeiro e sinalando ao diñeiro e aos negocios como fonte de corrupción para o ser humano. Indica que o protagonista, Fausto, é definido como "un auténtico namberguán dos negocios", xogando coa forma galeguizada dun vocábulo inglés.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, 25 setembro 2008, p. VII.

Recoméndanse *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez; *A Guerra civil na narrativa infantil*, de Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas e Isabel Soto; e tamén *Namberguán*, de Euloxio R. Ruibal.

Ruibal, Rubén e Carlos **Losada**, *Fume* e **Ruibal**, Rubén, *Insomnio*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, col. Teatro, n.º 1, maio 2008, 108 pp. (ISBN: 978-84-612-0878-4).

Este pequeno volume consta de dúas obras teatrais, cada unha delas antecedida por unha breve introdución na que se indica a data das súas primeiras postas en escena e outros datos de interese e, seguidamente, reprodúcense as fichas artísticas e técnicas. Na primeira obra, Fume, de Rubén Ruibal Armesto (Ribadeo, 1970) e Carlos Losada Galiñáns (Cambados, 1966) reflexiónase sobre a adición ao tabaco que sofre un dos personaxes. A obra conta a historia de dous desempregados que tras coñecerse nunha ETT cando son chamados a presentarse a unha entrevista de traballo, rematan traballando no mesmo lugar, un matadoiro, onde forzosamente se farán amigos e se relatarán as súas ilusións e desánimos. A súa situación denuncia os traballos lixo e como estes degradan á xente. Na segunda obra, Insomnio, de Rubén Ruibal (publicada previamente na *Revista Galega de Teatro*, n.º 48), preséntase un texto onírico, no que se confunde a vixilia cos soños, é meta-teatral, posto que os personaxes están representando unha especie de obra de teatro improvisada ou *performance* dentro dun museo. O texto inclúe numerosas citas d'*O livro do desassossego*, de Fernando Pessoa, no que o autor divaga sobre o que é a realidade, os soños, a morte e a relatividade das

cousas, todo o cal parece estar relacionado coa trama confusa e ás veces incluso absurda da obra. O título fai referencia ao suposto insomnio que padece Duluth, unha das personaxes e que parece empuxala á viaxe incerta polo museo.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, "Os subsidios son contraproducentes para a producción literaria galega", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, "Letras galegas", 31 maio 2008, p. 10.

Entrevista a Carlos Figueiras, que explica os obxectivos con que naceu Estaleiro Editora. Fala de como se artella este proxecto, do que forman parte corenta socios e de como se implicaron nel. Por outra parte, sinala os referentes nos que se inspiraron e a súa forma de traballar, que consiste en renunciar, tanto autores, coma editores, a calquera tipo de retribución económica pola súa actividade. Apunta que o que se pretende é "crear un espazo de liberdade e de desafogo" así como "apostar pola xente xove, por repertorios diferentes ou por normas lingüísticas que non se subsidían". Remata falando dos libros que van publicar proximamente.

Salgueiro, Roberto, *Historia da chuvia que cae todos os días*, Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2007, Vigo: IGAEM/Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 7, 2008, 43 pp. (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4584-9/ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-746-1). ■

Nesta obra de Roberto Salgueiro González (Caracas, 1966) preséntanse tres personaxes: Manuel, o pai; Andrés, o fillo; e mais Sara, a moza. O escenario é a casa de Manuel, onde vive co seu fillo. Mentres fóra está a chover, discuten sobre unha realidade moi presente en Galicia: a emigración. Tamén se escenifican violentos enfrontamentos entre pai e fillo por vellas feridas da infancia do fillo, quen se sentiu abandonado cando el marchou a traballar a Suíza. Pola súa banda, o pai culpábao inconscientemente da morte da nai. Con respecto á cuestión laboral, exemplifican dúas posturas interxeracionais enfrontadas, pois para Manuel as condicións actuais son moito mellores e considera que a emigración xa non é unha imposición. Porén, Andrés pensa que a única maneira de saír da precariedade en Galicia é marchar a outros lugares e decide ir ás Canarias sen contar coa súa moza, farto do conformismo predominante na súa contorna. Sara coincide con Manuel na súa visión optimista e, aínda que recoñece que as súas condicións laborais non son as idóneas, prefire ficar no lugar onde ten as súas raíces e confía en que mellorará a situación.

Recensións:

- M V García, "Stand by your Man", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, "Teatro", 9 outubro 2008, p. VIII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, "Letras galegas", 18 outubro 2008, p. 10.

Refírese á obra de Roberto Salgueiro, *Historia da chuvia que cae todos os días*, como unha peza que mestura a vida familiar co mundo laboral. Indícase que amosa a Migueliño, un rapaz que é abandonado polo seu pai, ao que ten que suplir en certa maneira na casa, e que sofre a morte da súa nai, que o some nunha espiral de

frustración, odio e culpa. Por outra banda, salienta que se ofrece unha visión do mundo laboral, do traballo diario que leva a cabo Migueliño, no que se atopan portugueses que se xogan a vida por un xornal, situación que se compara coas emigracións a Suíza dos galegos.

Referencias varias:

- Roberto G., "Roberto Salgueiro, autor e director teatral: 'O texto está para enredar con el", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 27 xaneiro 2008, contracuberta.

Conversa con Roberto Salgueiro na que se sinala que se necesitan políticas teatrais, mantemento e programación regular neles. Opina que para escribir cómpre cabeza pero tamén disciplina porque é un proceso de catarse e que todo texto dramático precisa da súa representación escénica. Comenta que Raúl Dans e Rubén Ruibal son un bo exemplo de que se pode escribir despois de Shakespeare. Sinala que cando dirixe acostuma intervir nos textos, sexan del ou non, porque cre que son ferramentas e hai que darlles a volta e miralos dende outra perspectiva. Conta que o seu primeiro contacto co teatro foi aos catro anos, vestido de coelliño en *Brancaneves*, e que decidiu escribir porque se deu conta que ser actor era moi aburrido. Para rematar explica que quen fai unha obra teatral pode mellorala pero quen a escribe non pode rectificala despois de que se publica, aínda que desguste.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, 10 xullo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, 19 xullo 2008, p. 11.

Acóllense nesta columna títulos como *La Gallega*, de Celso García de la Riega; *Bertiño Rompetodo*, escrito por Ramón Caride e ilustrado por Chus Ferrín; e, por último, *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Ollar no futuro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 277, "Letras en galego", "Club dandi", 30 agosto 2008, p. 6.

Anúnciase a publicación da peza teatral *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro. Sinálase que esta obra lle valeu ao dramaturgo a máxima distinción nos galardóns teatrais Álvaro Cunqueiro. Tamén se fai eco da comercialización da obra de Ramón Piñeiro *Olladas no Futuro*, reeditada recentemente co gallo das Letras Galegas 2009, dedicadas ao intelectual lugués.

- Lupe Gómez, "O músculo da memoria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ," 10 setembro 2008, p. 28.

Infórmase da publicación de *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro, coa que o dramaturgo acadou o Premio Álvaro Cunqueiro 2007. Sinálase que a peza teatral está pensada como un musical que lle escribe un pai ao seu fillo e no que se reflicten as traxedias do mundo galego, que esquece as súas orixes emigrantes e que se converte nunha sociedade dominada pola hipocrisía dos "novos ricos".

Vallés, Ana, *Illa Reunión*, limiar da autora, estudo introdutorio de Eduardo Pérez Rasilla, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Escena aberta, n.º 1, 2008, 57

pp. (ISBN de Edicións Laiovento: 978-84-8487-145-2; ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4670-9). ■

Ábrese o volume co limiar "Illa Reunión", no que Ana Vallés (Carabobo, Venezuela, 1959) sinala que a illa Reunión é un espazo mítico e que a escena ten lugar en Galicia, nunha illa Reunión imaxinaria. A seguir, aparece un artigo de Eduardo Pérez Rasilla onde describe esta obra teatral afirmando que presenta a constante temática da procura da felicidade sinxela e que é o espectáculo máis articulado de Ana Vallés, e asemade tamén repasa o dilatado itinerario creativo de Ana Vallés. Recóllese o elenco da obra teatral *Illa Reunión*, que foi estreada no Salón Teatro de Santiago de Compostela o 3 de marzo de 2006, así como os integrantes do Centro Dramático Galego e mais do equipo técnico da AGADIC. A seguir están os diferentes textos previos á creación de *Illa Reunión* escritos por Ana Vallés: "Melancolía", "O accidente", "As mimosas", "A muller que chora", "O personaxe e mais eu", xunto con "A viaxe en barco", que é unha proposta de Roberto Leal, e mais "Mestre astrólogo", extraído dun pasquín publicitario recollido en Porto en xuño de 2006. Estes textos contan con fotografías de María Chenut e mais de Baltasar Patiño.

Recensións:

- Roi Vidal Ponte, "Mirar con palabras", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 15.

Dise que a peza teatral de AnaVallés, *Illa Reunión*, foi escrita e dirixida para o Centro Dramático Galego. Cualifícase de "teatro das persoas" e infórmase que o volume contén un estudo introdutorio que trata do teatro de Vallés, a súa traxectoria no CDG e as súas influencias. Ademais indícase que a peza consta de sete textos elaborados pola dramaturga, "textos breves, non dramáticos senón poéticos" nos que reflexiona sobre a melancolía, a voracidade da vida ou a diferenza entre persoa e personaxe.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Os calcetíns rachados", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 739, "Estar nas nubes", 14 decembro 2008, p. 12.

Refírese, logo dunha reflexión persoal sobre Valle-Inclán, a un libro que acaba de ser publicado pola Editorial Laiovento e pola Xunta de Galicia, *Illa reunión.* Sinala que nesta obra se recollen textos de Ana Vallés, que segundo se indica "son dunha gran calidade literaria". Fala tamén da exposición que se está a ofrecer no centro sociocultural da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela, "Catro tempos 1970-2008. Fotografías de Alfredo Cunha"; precísase que son fotos desgarradas das situacións cruentas que fan reflexionar a quen as mira.

VV.AA., *II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*, prólogo de Quico Cadaval, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 109 pp. (ISBN: 978-84-9782-782-9). Inclúe CD. ■

Este volume recolle as obras premiadas (premio do xurado e premio da audiencia) así como as dúas obras finalistas no II premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico que organiza a Radio Galega en colaboración co Centro Dramático Galego. Comeza co prólogo "Corazóns na escuridade", de Quico Cadaval, no que reflexiona sobre a dificultade de escribir teatro para a radio e máis sobre o "mecanismo da verosemellanza" no cinema e na radio, e segue coa reprodución da "Acta do xurado" do II premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico. Na acta sinálase que o xurado decidiu, por unanimidade, outorgarlle o "Premio do xurado" á obra "O mal da vaca", de Begoña García Ferreira, e que despois de contabilizar os votos por correo electrónico e mais do contestador automático decidiu outorgarlle o "Premio da audiencia" a "Saltimbanqui", de Lois Pérez Díaz. Despois da "Acta do xurado" reprodúcense os dous textos de teatro radiofónico premiados neste certame e as pezas finalistas:

- Begoña García Ferreira, "O mal da vaca", pp. 15-43.

Peza na que os personaxes Cosme, Ernesto, Lauriña, Xeila María e Marela observan como fala unha vaca.

- Lois Pérez Díaz, "Saltimbanqui", pp. 45-68.

Os personaxes Narrador, Maca, Buxía e Eleuteiro son os protagonistas desta historia que presenta unha ambientación mariñeira e detalles insólitos como o viño que sabe a queixo.

- Fátima Rodríguez Figueiras, "Ola Silvia, ¿estás aí?", pp. 71-87.

Neste caso varios personaxes (nai, tía, psicóloga, avogada e Silva) falan do problema dos abusos sexuais nunha familia mediante mensaxes nun contestador automático.

- Roi Vidal Ponte, "Último capítulo", pp. 89-108.

Trátase o tema dos malos tratos e da morte. Os protagonistas son un home, unha muller, a súa irmá e a súa nai.

Este libro vén acompañado dun CD coas gravacións das catro obras, dirixidas por Quico Cadaval, que compoñen este libro: "O mal da vaca" (con Manuel Lourenzo como Cosme, Marcos Xorxe como Ernesto, Rebeca Montero como Lauriña, Belén Constenla como Xeila María e Pilar Pereira como vaca Marela); "Saltimbanqui" (con Quico Cadaval como Narrador, Xosé Manuel Oliveira "Pico" como Maca, Xoán Cejudo como Buxía e Fernando Pedrido como Eleuteiro); "Ola Silvia, ¿estás aí?" (con Rosa Álvarez como nai, Susana Dans como tía, Belén Constenla como psicóloga, Anabel Gago como avogada e Rebeca Montero como Silva); e "Último capítulo" (con Manuel Cortés como home, Camila Bossa como muller, Rocío González como irmá e Pilar Pereira como nai).

Recensións:

- Roberto Pascual, "Para ler e escoitar", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Teatro", verán 2008, p. 14.

Con motivo da publicación do *II Premio Diario Cultural de teatro radiofónico* lembra que estes textos foron emitidos polo programa da Radio Galega e que os oíntes puideron votar o que máis lle gustaba. Considera que é un impulso importante que chega da radio pública e dalgúns membros do Centro Dramático Galego, que difunden así uns textos pensados para a emisión, nos que ás características propias do teatro se lle engaden indicacións didascálicas e estratexias do discurso para adecualos ao medio. A importancia dos efectos sonoros e a ausencia de linguaxe non verbal considera que son aspectos aos que non todos os dramaturgos se saben enfrontar, polo que lle resulta máis cómodo aos guionistas de televisión e radio. Neste senso considera unha descuberta a chegada de novos dramaturgos, como Begoña García Ferreiro ou Lois Pérez Díaz, e o recoñecemento doutros con traxectoria, como Raúl Dans. Salienta con eles o labor de dirección exercido por Quico Cadaval e Lino Braxe. Recomenda a lectura dos textos acompañada da audición, que permitirá ser conscientes da importancia da dramaturxia. Critica que se fagan algúns cambios innecesarios, incorreccións lingüísticas, atrancos na fonética dos intérpretes, etc., aínda que sobre isto destaca o traballo dos bos intérpretes participantes. Das sete pezas incluídas no volume destaca *O mal da vaca* e *Ola, Silvia, estás aí?*. Da primeira salienta o paso do ton de comedia ao absurdo, mentres que da segunda, unha traxedia familiar, salienta os monólogos no contestador, que permiten ir descubrindo o conflito e comprendendo a súa dimensión.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, 26 xullo 2008, p. 11.

Nesta ocasión descríbense moi brevemente *Game over*, de Carlos Losada; *ReGaliza e outras chuches*, de Carlos Solla; e o volume que recolle as obras gañadoras do *II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*.

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Pintos Villar, Xoán Manuel, *Foliadas do gaiteiro*, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 7, 2008, 51 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-468-9/ ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-073-0). ■

Nova edición do clásico libro de Xoán Manuel Pintos (Pontevedra, 1911-Vigo, 1876). A presente edición é un facsímile do libro editado en 1968 dentro da colección "O Moucho", e leva xa que logo o prólogo dos editores. Como ben din os editores, *A Gaita Gallega tocada polo gaiteiro* (Pontevedra, 1853) de Pintos, foi o resultado da fonda preocupación do autor pola lingua e cultura de Galicia, sendo a obra un longo diálogo entre un gaiteiro e un tamborileiro, "xurdindo por entremedias da conversa fermosas composicións en verso e agudas parrafadas en prosa, con outros máis elementos, tales como un vocabulario galego ca correspondente etimoloxía latina." Tamén comentan que Carballo Calero, no seu clásico libro *Historia da Literatura Galega*, cualifica a Pintos como o gran precursor do Rexurdimento galego, opinión que partillaba Ramón Cabanillas. Divídese en sete *Foliadas*, ás que Pintos pensaba engadir outras sete nun segundo volume que nunca chegou a realizarse. Ao longo d'*A Gaita Gallega* está presente o amor aos pobres e aos humildes, e xa que logo o desexo de erguer a súa fala. É *Foliadas do Gaiteiro* unha escolma da primeira e segunda foliadas que compoñen *A Gaita Gallega*, concretamente dous diálogos entre o gaiteiro protagonista do título e o seu tamborileiro. Na primeira foliada hai un sutil xogo dialéctico por parte do gaiteiro, mentres que na segunda foliada ponse ao descuberto a dura vida do labrego escravo dos poderosos e cercado polo fisco, ao tempo que se critica o desleixo dos galegos polo seu idioma. O facsímile péchase cun colofón axeitado á colección que recolle un refrán galego: "2 de febreiro de 1968 día de festa na terra e de grandes rechouchíos no ar, pois que *Pola Candeloria cásanse os paxariños e vaise a galiñola*. Que sea por moitos anos".

Queizán, María Xosé, *Antígona. A Cartuxeira. Neuras*, prólogo da autora, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 258, maio 2008, 209 pp. (ISBN: 978-84-9865-105-8).

Volume de María Xosé Queizán (Vigo, 1939) que se abre cun prólogo da autora no que presenta as tres obras teatrais que o forman. A primeira, a única que xa foi publicada, é unha traxedia titulada *Antígona* (1989), ambientada na Galicia da Idade Media, que comeza cunha especie de limiar da autora onde se xustifica o seu título, unha cita de Hofmannsthal e unhas liñas para contextualizar o texto. A protagonista, Elvira, é unha recreación da Antígona de Sófocles xa que é unha muller valente que está namorada de seu irmán Fruela. Este, a pesar da petición das súas irmás, decide ir á guerra para liberar a don García, rei de Galiza, pero na batalla morre a mans do seu curmán Roi, fillo de don Oveco, representante en Galiza de El-Rei Afonso VI, rei de Castela e León. Entón Elvira decide xuntar a nobreza galega para facer honras fúnebres a seu irmán pero o bispo Sisnando e don Oveco tentan impedilo querendo convencela para que case con Roi. Ela négase e encarcérana, ao día seguinte morre, polo que a xente do lugar diríxese

cara ao pazo de don Oveco, nese momento a súa irmá Aldena ponse de parto. A segunda obra, escrita a comezos da década de 1980, é un drama intitulado "A Cartuxeira" que se desenvolve nos anos setenta. A protagonista é Lola, unha cartuxeira que un día recibe a visita de Mercedes, nas cartas le que algo grave lle vai pasar a Amara, a filla adoptiva desta última, da que Lola cre que é a súa nai biolóxica. Roque, con axuda de Dani, viola a Amara e despois vai onda Lola para saber o que vai pasar, cando esta se dá conta do que fixo ponse na porta para evitar que saia e el saca unha navalla e mata a cartuxeira. A terceira, escrita no 2006, é a comedia "Neuras", na que a protagonista é unha psicóloga chamada Sara que na súa consulta recibe a tres persoas: María, unha rapaza gorda que se converte en bulímica a raíz dun desengano amoroso; David, un rapaz tímido, obsesionado con gustar ás mulleres pero que non é capaz de intimar con elas, e Eva, un transexual que se obsesiona con alcanzar a feminidade até o punto de chegar a sentirse un obxecto sexual. A acción transcorre sempre na consulta de Sara, intercalando vídeos polo medio, onde cada un deles conta os seus problemas, até que o final María e David coñécense na sala de espera e quedan para saír xuntos e Sara queda con Eva nun parque para declarárselle.

Recensións:

- Marga Romero, "Teatro Reunido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, "Libros", 27 setembro 2008, p. IV.

Coméntase que Mª Xosé Queizán reúne neste volume tres novas pezas teatrais nun só volume recentemente publicado e que a obra contén, xa que logo, unha traxedia, un drama e unha comedia. Incidindo sobre o poder da palabra dentro da expresión dramática, dise que *Antígona*, "*A Cartuxeira*" e "*Neuras*" constitúen esta particular terna. Unha traxedia, un drama e unha comedia. Coméntase que a autora, consolidada narradora, ensaísta e poeta, se achega por primeira vez ao teatro.

- Vanessa Cerqueira Ogando, "Tres obras teatrais como espello da realidade", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 110-111.

Opina que a nova entrega dramática de María Xosé Queizán *Antígona. A cartuxeira. Neura* na que segundo se di a partir das tres obras de teatro que se recollen no volume "dáse conta da súa ollada sobre os problemas sociais contemporáneos". Engádese que malia estar ambientadas en épocas diferentes xiran arredor do eixo temático da desigualdade na que viven as mulleres. Tras describir cada unha das tres pezas di que o volume recolle a traxectoria teatral da autora e que reafirma nel o seu compromiso feminista mostrando o paso de formas de opresión evidentes a formas de discriminación máis sutís ao longo do tempo.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Mª Xosé Queizán explora el teatro", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 21 agosto 2008, contracuberta.

Faise eco da nova obra da viguesa Mª Xosé Queizán que leva por título *Antígona, A Cartuxeira e Neuras*. Indícase que o volume está formado por tres pezas máis curtas da

prestixiosa dramaturga: unha traxedia, *Antígona*; un drama, *A Cartuxeira*; e unha comedia, *Neuras*. Sinálase que a lingua semella ser o mecanismo usado para estreitar o contacto co mundo e co pensamento.

- Silvia Pérez, "O teatro é o xénero político por excelencia", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 198, "Entrevista", 13 setembro 2008, p. 9.

Ao longo desta conversa con Mª Xosé Queizán explícase que a viguesa recolle nunha mesma obra tres pezas de distintos xéneros: drama, comedia e traxedia (*Antígona*, *A Cartuxeira* e *Neuras*) para reflectir o poder da palabra como forza impulsora.

- Manuel Vieites, "Neuras, Antígona. A Cartuxeira", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, inverno 2008, p. 85.

Sinala brevemente os tres subxéneros dramáticos da publicación de María Xosé Queizán, na editorial Galaxia no ano 2008. Advirte da novidade no prelo do drama *A Cartuxeira* e recolle un fragmento do limiar onde a autora explica a orixe deste libro. A seguir, indica a peculiaridade de *Antígona* de Queizán fronte a outras versións e, por último, sintetiza o argumento e temas da comedia *Neuras*.

Taxes, Francisco, *Obra dramática*, ed. Xurxo Taxes Díaz, col. Biblioteca das Letras Galegas, n.º 63, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 396 pp. (ISBN: 978-84-9782-700-3).

Xurxo Taxes Díaz (A Coruña, 1977) edita e anota a obra dramática do seu pai, Francisco Taxes (A Coruña, 1940 -2003). Este volume recolle a súa produción dramática ao completo e inclúe dúas obras inéditas, *Caderno de bitácora* (1985) e *Elas* (1997). O libro consta dunha parte introdutoria de case cen páxinas na que Xurxo Taxes dá conta da andaina vital e artística do seu pai. Analiza as características formais e temáticas do teatro de Francisco Taxes. Salienta que o dramaturgo soubo afondar nos grandes temas da condición humana, como a morte, a violencia, o poder ou o sexo. Na introdución tamén analiza as obras dramáticas, destacando os elementos técnicos máis salientábeis. O volume de Galaxia inclúe cinco obras: *O velorio*, escrita en 1971, *Lenta raigame* (1979), *Casta i Albito* (1980), *Caderno de bitácora* (1985) e *Ela*s, de 1997. *O velorio* é unha obra en tres cadros. A acción transcorre en dous lugares: no velorio os fillos dun vello cacique, próximo á figura dun señor feudal, velan ao defunto. Na cociña da casa os caseiros do señor beben caña e falan mal do defunto. Impulsados polo alcool os criados acaban subindo ao velorio e insultan ao defunto. No terceiro acto os caseiros pídenlle ao fillo os contratos que os obrigaban a traballar para o defunto. El négase a darllos e terminan matándoo a el e a todos os integrantes da familia. En *Lenta raigame*, Taxes denuncia os problemas que existían naquel momento en Galicia relacionados coas expropiacións forzosas. A historia da obra céntrase na figura de Fuco e súa nai. Un día chégalles unha carta que os obriga a abandonar a casa de aluguer na que viven. Fuco pídelle a súa nai que marchen á cidade, pero ela dille que quere morrer na casa na que sempre viviu. Discuten e a nai bótalle en cara moitas cousas, entre elas, que violara a súa irmá pequena Tareixa. Esa mesma noite Fuco afórcase; pola mañá a nai atópao e chea de dor e rabia colle a escopeta da casa e comeza a tiros coas máquinas que estaban traballando alí. *Casta i Albito* é un sainete que ten como protagonistas ao viúvo Albito e a pantasma da súa muller Casta. Unha noite de treboada aparéceselle na cama a Albiot a

pantasma da súa muller que lle bota en cara as infidelidades que lle fixera sufrir. Discuten e ao final el descobre que ela tamén o enganara. Os dous acaban rifando e insultándose até chegar ás bateladas, que era o aviso que tiña Casta para voltar ao ceo. *Caderno de bitácora* relata o caso dunha familia que se acolle a un programa do goberno que paga por recoller na súa familia a un tolo. A familia acepta ao tolo para poder facer unhas vacacións nun cruceiro polo Mediterráneo, pero ao final o tolo marcha coas maletas e deixa os cinco membros da familia atados. *Elas* é unha comedia de metateatro na que tres actrices se xuntan para ensaiar un texto dramático dun autor moderno e vangardista que fai unha versión particular do clásico *Don Juan Tenorio*, de José Zorrilla.

Recensións:

- C. Franco, "Onde está a xente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 2.

Loa o conxunto da obra dramática de Francisco Taxes e fai referencia á recompilación de todos os seus textos, *Obra dramática*, de Xerais. Explica que as características principais dos seus textos son a comedia e o humor popular e malintencionado dirixidos sempre aos espectadores. Evidénciase que o volume recolle varias obras, algunha delas inédita até o momento, que teñen moito por reivindicar, como a súa consideración como clásicos por parte dos expertos en literatura.

- Manuel Rivas, "A Galicia apoltronada, a Galicia alternativa", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 xuño 2008, p. 11.

Céntrase na obra de Taxes e na publicación da súa *Obra dramática*, da que informa que recolle toda a dramaturxia do autor e que a edición está a cargo do seu fillo, Xurxo Taxes. Entre outras cuestións, fai un retrato social do dramaturgo e comenta algunhas das súas obras como *O velorio*. A continuación, inclúe a Taxes nas iniciativas culturais que se levaron a cabo na década dos setenta e os oitenta en Galicia e pregúntase a quen lle interesa lembrar eses tempos de *underground* galego.

- MV García, "Bárbaras comedias bárbaras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, "Teatro", 12 xuño 2008, p. III.

Apunta que Francisco Taxes habitou sempre nas marxes da literatura galega e que a súa obra tivo pouca fortuna no plano editorial pois só un texto *Lenta raigame* saíu á luz (1982), tres anos despois de que fora posta en escena por Eduardo Alonso. Neste senso, sinala que Edicións Xerais vén de publicar nun volume editado polo fillo do escritor, Xurxo Taxes Díaz. Sinala que na súa obra hai dúas liñas de traballo, por un lado, as comedias bárbaras e as traxedias do rural, e pola outra, as comedias urbanas. Considera que non se trataba dun autor "especialmente interesado en cuestións estilísticas" e fai fincapé na viveza que teñen os diálogos. Remata aludindo á capacidade para imaxinar situacións no plano dramático e á dimensión política dos seus textos.

- Pablo Pedro Riobó, "Un novo Taxes", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Libros", verán 2008, pp. 117-119.

Dá noticia da publicación do libro *Obra dramática* destacando que este estudo está

realizado con esmero por Xurxo Taxes Díaz e dedicado á figura, humana e literaria de Paco Taxes, prestando moita atención á recepción da súa obra e da súa figura no sistema literario e teatral galego. Sinala que este volume recolle obras como *O velorio, Lenta raigame, Casta i Albito, Cadernos de Bitácora. Comedia estupenda e Elas*, das que se ofrece un estudo particular. Remata afirmando que a publicación deste volume é motivo de ledicia e de orgullo.

- Lara Rozados, "A caixa negra de Franciso Taxes", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Cultura", 2-8 outubro 2008, p. 31.

Informa da publicación das obras completas do dramaturgo Francisco Taxes, baixo a supervisión do seu propio fillo, Xurxo, e coa colaboración de Xerais. Afirma que no dito volume se reúnen pezas teatrais xa coñecidas, así como outras (*Caderno de Bitácora* e *Elas*). Entre as primeiras, subliña *O Velorio* (2002), que se converteu nunha das pezas máis representadas do teatro galego.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, 17 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, 26 abril 2008, p. 11.

Analízanse brevemente *O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga; *O casal*, de André Evangelista Marques; *Un barquiño coma min*, de Thomas Docherty; e *Francisco Taxes e o teatro*, editado por Xurxo Taxes Díaz.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura transversal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 266, "Letras en galego", "Club dandi", 14 xuño 2008, p. 14**.**

Facendo honor ao título do artigo, trázase unha liña transversal que arranca coa análise da obra gañadora do VI Premio Caixanova de Poesía, *Sombras, rosas, sombras*, de Carlos Penelas; e remátase mencionando a última edición da obra dramática de Francisco Taxes, publicada en Edicións Xerais por Xurxo Taxes. Entremedias, faise un comentario crítico da poética galega contemporánea e unha breve análise da última edición de Galaxia do discurso de entrada na Real Academia Galega de Ramón Piñeiro, *A lingua e as linguas*, con limiar de Henrique Monteagudo.

- Anxa Correa, "Xerais reúne nun volume a literatura dramática de Francisco Taxes", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 setembro 2008, p. 66.

Fai a crónica da presentación na cidade da Coruña dunha edición da obra dramática de Francisco Taxes, levada a cabo polo seu propio fillo, Xurxo Taxes, quen recolle o teatro do seu pai, ao mesmo tempo que presenta unha revisión de toda a súa traxectoria literaria. Sinálase que no acto estiveron acompañando a Taxes o propio director de Xerais, Manuel Bragado; o director da colección "Biblioteca de Teatro", Ramón Nicolás; e o escritor Manuel Rivas.

- Marino Pérez, "En memoria de Francisco Taxes", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Presentación", 17 setembro 2008, p. 15.

Faise eco da presentación do libro *Obra dramática de Francisco Taxes*, baixo a

supervisión do seu fillo, Xurxo Taxes. Sinálase que a obra compila as pezas teatrais máis célebres do dramaturgo, incluíndo tamén dous traballos inéditos: *Caderno de Bitácora* e *Elas*. Coméntase que o acto tivo lugar na biblioteca González-Garcés da Coruña e a el asistiron personalidades do mundo das artes e da política.

- Óscar Iglesias, "Maldito Paco Taxes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 setembro 2008, p. 7.

Dáse conta da publicación de *Obra dramática Franciso Taxes*, unha compilación feita polo propio fillo do escritor, Xurxo Taxes. Sinálase que o volume inclúe *O Velorio* (1971), *Lenta Raigame* (1979), *Casta i Albito* (1980), *Caderno de Bitácora* e *Elas* (1997). Engádese que nel se tenta recuperar a figura de Taxes, revivindo tamén o debate existente entre os que apoian o teatro independente e os que avogan pola profesionalización do mesmo.

Varela Buxán, Manuel Daniel, *Se o sei... non volvo á casa*. *Taberna sen dono*, ed. de Xosé Luna, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, n.º 64, 2008, 203 pp. (ISBN: 978-84-9782-699-0).

Nesta obra reedítanse dúas pezas teatrais de Manuel Varela Buxán (A Estrada, 1909-1986), que se consideran claves na súa produción literaria e que levan por título *Se o sei... non volvo á casa* e *Taberna sen dono.* Esta edición, levada a cabo por Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965), preséntase acompañada dun pormenorizado estudo crítico contextualizador a modo de introdución e abondoso material fotográfico e documental. Con respecto ás edicións orixinais fanse modificacións ortográficas mínimas para seren adaptadas ao galego normativo segundo a reforma de 2003, aínda que a lingua popular da época que pretende reflectir o seu autor mantense practicamente igual ("eiquí, boeno, faguer"). Primeiramente hai unha introdución moi extensa na que se fai un percorrido pola traxectoria vital e profesional do autor, dende a súa infancia na escola "Unión de Rubín" da Estrada creada por emigrados retornados de Cuba. Tamén se describe a súa marcha á Arxentina, onde estrea a súa primeira peza teatral *Se o sei... non volvo a casa* en Bos Aires en 1938 pola "Compañía Gallega de Comedias Maruja Villanueva", a muller que logo se converte na súa dona durante cinco anos; o encontro con Daniel Rodríguez Castelao e a estrea d'*Os vellos non deben namorarse*; a volta a Galicia en 1950 e as dificultades que aquí atopa para crear unha compañía de teatro e a súa morte en 1986. Inclúese nesta introdución o apartado "Análise lingüística" onde se explica como é a lingua popular empregada polo autor e a continuación outro apartado denominado "A nosa edición" onde se explican os criterios e os textos de referencia seguidos para esta edición. Para a primeira peza dise que se toma como referencia a edición que o propio autor fai en 1977 e que leva por título *A xustiza dun mariñeiro. Se o sei... non volvo á casa* (Pontevedra: Ed. Manuel Varela Buxán, 1977), cunha ilustración de Laxeiro na capa que non se mantén na presente edición, na cal tampouco hai introdución senón que se reproducen directamente as dúas obras. Esta primeira peza divídese en tres xornadas (a segunda e terceira divididas en dous cadros cada unha) divididas á súa vez en escenas. Explícase primeiramente cal é o reparto e o marco espazo-temporal no que se desenvolve: unha aldea galega de 1920. A trama xira arredor da traizón familiar que sofre Ricardo cando marcha emigrado a Bos Aires e o seu irmán Ramiro casa coa que era a súa moza, Carmiña, unha vez que esta e a nai convenzan o pai de Ricardo para que cambie a súa herdanza e lla dea a Ramiro. Isto sucede ao non

teren noticias de Ricardo en moito tempo e ao creren que este non ía volver porque era moi pobre. Ao seu regreso descóbreo todo e tras recibir axuda de Sofía e gañar un bo premio na lotería, perdóaos a todos, paga as débedas do pai e el pasa a ser dono de todo tendo a comedia un final feliz. No caso da segunda peza, xa definida polo propio autor como "cómico-dramática", tómase como obra de referencia a segunda edición da mesma custeada polo propio autor *O Ferreiro de Santán. Taberna sen dono* (Lugo: Ed. Celta, 1975). Neste caso a obra está dividida en tres lances co primeiro e o terceiro dividido á súa vez en dous cadros e varias escenas. Indícase que a peza foi estreada na Arxentina pola compañía de Maruja Villanueva en agosto de 1941, despois dise cal é o seu reparto e sitúa a acción nunha aldea galega tamén en 1920. Neste caso Manuel, o taberneiro, é axudado pola súa filla Aurora nese labor pero a súa excesiva bondade lévao a adquirir débedas co fidalgo da aldea D. Pomar mentres o fillo deste ten amores con Aurora. El, viúvo, tamén ten amores con Parrascana, muller de rexo carácter. Tras un enfrontamento na taberna morre a irmá de Manuel e outro home e el é levado ao cárcere. Mentres D. Pomar axuda a Aurora para que emigre a Bos Aires e así poida axudar o pai, pero a unión de todos os veciños fai que Manuel pague as débedas e todo acabe cun abrazo das dúas parellas sen que Aurora teña que emigrar. Por último, sinalarase que as dúas pezas presentan acoutacións espaciais e temporais que tamén achegan a información precisa sobre as accións dos personaxes.

Recensións:

- MV García, "Relanzos de vida camponesa. O ideario teatral de Varela Buxán", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Teatro", 20 novembro 2008, p. VIII.

Considérase a obra de Manuel Daniel Varela Buxán dun gran valor por amosar o desenvolvemento da dramática rexionalista, unha corrente de creación da que se salienta a súa fonda pegada na tradición dramática galega e o apoio dun público amplo. Dise que as dúas obras incluídas neste volume, *Se o sei... non volvo á casa* (1977) e *Taberna sen dono* (1975), son representativas do ideario teatral e dramático do autor, pois ambas as dúas amosan a querencia pola tradición, polas esencias e pola cor da "Galicia camponesa" que tanto estrañaban as xentes da diáspora. Coméntase que Varela Buxán colaborou con varios actores e actrices galegos pertencentes a dúas compañías de teatro, a Compañía de Maruxa Villanueva e a Compañía de Boga-Tacholas, na escenificación de obras como *Os vellos non deben namorarse* (1953), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, 1 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, 10 maio 2008, p. 11.

Recoméndase as achegas literarias de Xosé Luna, con *O teatro de Varela Buxán*; de Anxo Fariña, con *O ladrón de palabras*; e de Amadeo Cobas, con *As pantasmas sodes do que non hai* (2007).

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Campo, Marica, *O Divino Sainete (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)*, introd. Francisco Rodríguez, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", 2008, 127 pp. (ISBN: 978-84-9749-277-5). ■

Marica Campo (Val do Mao, Lugo, 1948) realizou a adaptación teatral do que foi o segundo e último libro de Manuel Curros Enríquez en galego. A publicación de dita adaptación coincide co centenario do falecemento do ilustre poeta, que aquí mestura realidade e fantasía, mundo dos mortos e mundo dos vivos, presentándose como un bardo rebelde que critica duramente á Igrexa Católica. Estas apreciacións recóllense no prólogo de Francisco Rodríguez, no que tamén se apunta o feito de que se trata dun poema pouco valorado, do que habería que recoñecer dunha vez por todas a súa valentía. Culminación do desacougo anticlerical de Curros, *O Divino Sainete* conforma ademais unha visión galega do mundo que lle granxeou non poucos problemas coa Igrexa. Respecto á adaptación para o teatro da obra, Rodríguez critica que ningún grupo profesional galego (só un colectivo de teatro amador, Achádego Teatro, de Lugo), a representase, o que ve como "todo un síntoma do desnorte que vivimos no terreo cultural", cun nulo coñecemento dos clásicos. Considera ademais que se trata dunha peza plenamente vixente hoxe en día, pola "involución da Igrexa Católica" que segundo el se está a experimentar. A propia adaptadora, Marica Campo, nunha "nota inicial", repite esta idea da vixencia do texto, tanto pola razón aducida polo prologuista como, engade ela, porque segue sendo necesario defender un sistema literario galego para garantir a "nosa supervivencia como pobo". Entre os personaxes da peza figuran o propio Curros, Francisco Añón, o Papa León XIII ou Emilia Pardo Bazán. Como partes propias da adaptación teatral inclúense un índice onomástico de personaxes e unha serie de apéndices entre os que figuran recursos para a posta en escena da obra e fotografías dos ensaios da representación por parte de Achádego Teatro.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Un sainete divino", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 496, "Libros", 31 agosto 2008, p. 20.

Faise eco da adaptación teatral da obra *O Divino Sainete*, de Manuel Curros Enríquez, que foi levada a cabo por Marica Campo. Sinálase que se trata dun traballo no que se combina unha parodia a medias de Dante e a súa *Divina Comedia* e unha crítica da Igrexa Católica que tanto prexuízo lle causara ao propio Curros Enríquez.

Labiche, Eugène, *O caso da rúa de Lourcine* (*L'affaire de la rue de Lourcine*), trad. e prólogo Henrique Harguindey, A Coruña: Edicións Laiovento, col. Cadernos Teatro, n.º 10, 2008, 86 pp. (ISBN: 978-84-8487-136-3).

O personaxe principal desta obra de teatro escrita por Eugène Labiche (París, 1815-1888) é Lenglumé, un rendista que tras saír unha noite a unha cea de antigos alumnos dun colexio esperta na súa cama sen recordar nada e descobre ao seu carón a un home. Ante esta situación, nun primeiro momento, cavila cómo puido chegar a deitarse cun

home. Logo, o seu acompañante, chamado Mistingue, tamén esperta e sorpréndese da situación na que se atopa. Os dous intentan lembrar o que pasou, pero non o conseguen. Daquelas aparece a muller do primeiro e este decide invitar a Mistingue a comer na súa casa. Durante a comida a muller de Lenglumé, Norine, cóntalles a nova do día: unha vella carboeira foi asasinada na rúa Lourcine. Mistingue e Lenglumé danse conta de que eles tiñan as mans negras cando se levantaron e tamén que durante a noite estiveron nesta rúa. Todas as probas apuntan a que eles foron os asasinos, porén, ao final da obra demóstrase que eles non tiveron nada que ver co caso da rúa Lourcine. Só estiveran de festa toda a noite e acabaran bébedos no Café Moreau, onde os tiveron que encerrar no cuarto do carbón, debido á súa borracheira tan violenta.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Entre o *vaudeville* e a crítica social", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", "Teatro", 29 maio-4 xuño 2008, pp. 35-36.

Menciónase que Eugène Labiche retratou á burguesía do seu tempo a través da comedia e que obtivo os seus maiores éxitos nos "xéneros menores do *Vaudeville*, da farsa e da revista". Realiza un resumo da obra *O caso da rúa de Lourcine,* onde se presenta a n burgués que "apenas lle custa asumir a identidade dun asasino e comezar a actuar como tal" e onde Labiche demostra as súas habilidades para manexar a farsa con doses de misterio. Por outra banda, fálase da maneira na que acontecen os sucesos e da resolución deste "xogo de forzas narrativas antagónicas". Remátase facendo especial fincapé no sentido do humor e no trazado da psicoloxía dos personaxes, ao que se lle engade ademais o coñecemento da mecánica teatral que tiña o autor.

Sartre, Jean Paul, *As moscas (Les Mouches*, 1947), trad. do francés de Xosé Manuel Beiras, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2008, 109 pp. (ISBN: 978-84-8487-144-4). ■

A tradución de Xosé Manuel Beiras desta obra teatral do século XX trae o mito de Electra e do seu irmán Oreste en versión de Jean Paul Sartre (París, 1905-París, 1980). Tras a morte do rei, Agamenón, a mans da súa esposa Clitemmestra e de Existo, que se convertería no seu esposo, Electra, a filla de Agamenón e Clitemnenstra, queda en calidade de criada mentres trasladan lonxe ao seu irmán Oreste, afastándoo da súa cidade natal, Argos. Todo o pobo sabe o que aconteceu, mais ninguén di nada, cubertos todos de remorsos e mala conciencia. Quince anos despois, cunha identidade encuberta, Oreste volta a Argos con certa curiosidade, co seu pedagogo, que tenta levalo de alí. Descobre a súa irmá, da que se namora, nacéndolle logo un desexo de vinganza que sacia matando a Existo e Clitemnestra. Xúpiter aparece como unha deidade cruel que vixía ao pobo e procura telo baixo o seu dominio. Inflúe varias veces no devir da historia e Electra déixase vencer por el. Durante toda a obra as moscas pululan sen cesar, como símbolo dos remorsos que poden acabar coa liberdade dos habitantes de Argos. Existo, dende hai quince anos, mantén a farsa de que cada aniversario os mortos saen da súa cova, cuberta cun petouto, para "saciar a súa xenreira á costa dos vivos". Deste xeito, logra xerar o medo e a consecuente obediencia á súa autoridade entre os cidadáns de Argos. Oreste, desexoso de vinganza, mata aos soberanos e parece manter ao pobo baixo á súa autoridade nun final que deixa aberto Sartre.

Recensións:

- X G G, “Sartre posto en escena”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 9, “proPostas”, inverno 08-09, p. 12.

Despois de describir a traxectoria teatral de Jean Paul Sartre, dende os seus comezos no mundo teatral até a posta en escena da peza *As moscas*, traducida ao galego por Xosé Manuel Beiras, pásase a describir a obra que tivo moito éxito debido a que os lectores a consideran unha “alusión ao ocupante nazi” e que supón un medio para representar as opcións filosóficas do autor. Tamén comenta que emprega unha linguaxe “crúa, incisiva, rápida” para achegar o moralismo e os problemas da condición humana.

- Manuel Xestoso, “O atafegante peso da liberdade”, *A Nosa Terra*, n.º 1.339, “Cultura”, “Crítica”, “Teatro”, 24-30 decembro 2008, p. 24.

Sinala que *As moscas* é o título dunha das pezas teatrais escritas por Jean-Paul Sartre no París de 1943. Explica que nela o intelectual existencialista francés sérvese da mitoloxía para abordar temas como a conduta e a dignidade do ser humano. Comenta que o mesmo título da peza semella unha referencia ás Ericnias gregas que tentaron devorar ao heroe Orestes, consumido polo remordemento. Conclúe que a historia de Orestes, Existo e Clitemnestra funciona como fío condutor desta obra.

III.4. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "referencias varias".

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

4x2

Ciclo de teatro creado coa finalidade de dar un pulo ao teatro autóctono mediante a representación de catro funcións, entre as que se atopan *Comida chinesa*, por Teatro do Adro; *O club da calceta*, por Teatro do Morcego; e *Obra (No comment)*, por Producións Excéntricas.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Cultura populariza o teatro galego con prezos asequibles no apartado '4x2", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", "Dramaturxia", 1 novembro 2008, p. 13.

Dá conta da presentación do ciclo '4x2', que tenta dar popularidade ao teatro autóctono a través de catro espectáculos. Sinálase que a apertura deste ciclo corre a cargo da peza *Comida Chinesa*, de Pedro A. Ramos e Lino Braxe.

- Rubén Bruña, "La obra 'Comida Chinesa' abre el ciclo de teatro en gallego 4x2", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 1 novembro 2008, p. 12.

Dá conta do festival de teatro 4x2 que ofrece na presente edición catro espectáculos teatrais incluídos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Sinálase que as representacións serán levadas a cabo no Teatro Rosalía de Castro e entre elas cóntanse coa obra *Comida Chinesa*, así como diversas funcións escolares para alumnos de bacharelato e secundaria, *O Club da Calceta* e *Obra. No Comment*.

Achegándonos ao Rural, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado, organizado pola Asociación Antulla, de Antas de Ulla. A edición de 2008 tivo lugar entre o 19 de outubro e o 27 de decembro, e nela participaron as seguintes compañías amadoras: Grupo Teatral Movemento Xuvenil Don Baltasar, con *Vostede ten ollos de muller fatal*; Andaravía Teatro, con *Anacos de nós*; o Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *A boca do inferno*; o Grupo Teatral Antulla, con *Alicia no país das marabillas*; e o Grupo de Teatro A Pombiña, con *A pescadeira*.

Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxee a Agustín Magán, así como que sirva de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na edición de 2008 puideron verse as representacións *Aquí cheira a morto*, da man de Teatro de Cámara Ditea, e encargada da apertura do festival; Vichelocrego Teatro, con *Spot*; Nova Escena Teatro, con *Pensión 13*; Atrezo Teatro, con *Bágoas de Noitébrega*; o Aturuxo de Melpómene, con *Cometa, cometa...*; e Carfax Teatro, con *O cuarto do príncipe*.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Arrinca o Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2008, p. 33.

Faise referencia ao comezo do Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, promovido pola Federación Galega de Teatro Amador, no que participarán seis compañías. Dise que a inauguración correu a cargo de Teatro de Cámara Ditea, coa obra *Aquí cheira a morto*, o día anterior. Outros espectáculos mencionados que serán representados son *Spot*, de Víchelocrego Teatro, e *Pensión 13*, da compañía luguesa Nova Escena Teatro, que reflexiona sobre as persoas marxinais da cidade. Infórmase de que na xornada do venres se contará coa obra clásica *Bágoas de Noitébrega*, por parte de Atrezo teatro, e *Cometa, cometa…*, de O aturuxo de Melpómene, e no último día do Festival se vai poñer en escena *O cuarto do príncipe*, a cargo de Carfax Teatro e dirixida por Manuel Lourenzo.

- Xabier Sanmartín C., "Agustín Magán, buen teatro 'amateur", *El Correo Gallego*, "Radio- Televisión", "Telediaria", 11 decembro 2008, p. 70.

Neste texto de opinión explícase que a montaxe *Aquí cheira a morto* foi a encargada de abrir o Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán en Santiago de Compostela. Céntrase na actriz Martina Martínez e a compañía para a que actúa, Ditea, o grupo amateur máis antigo de Galicia.

Amador Entredous

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Teatral Carfax en Malpica de Bergantiños. As representacións leváronse a cabo no Edificio de Servizos Múltiples de Malpica entre o 10 e o 26 de outubro e na edición de 2008 contouse con: Carfax Teatro, con *O cuarto do príncipe*; a Escola de Teatro Municipal de Culleredo, con *Transilvania*; Metátese Teatro, con *Fieitos*; Alentía Teatro, con *Folerpas*; e a Aula Teatral Paso de Valverde, con *Irmáns*.

Ames, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de teatro afeccionado que ten lugar no municipio de Ames. Na edición de 2008 participaron o grupo do Val do Dubra; o de Amio; o grupo de Muros, coa peza *Amantes*; o grupo do Municipio de Ames, coa peza *Praza Ocupada*; e Falcatruada Teatro, con *Adiós, Klienman*.

Referencias varias:

- P. S. F, "La segunda Mostra de Teatro Afeccionado presenta tres obras en las casas culturales del municipio", *La Voz de Galicia*, "Área metropolitana-Ames", 4 novembro 2008, p. 10.

Explícase que a Mostra de Teatro Afeccionado dará comezo coa obra *Praza ocupada*, interpretada polo taller municipal de teatro de Ames, que está formado por dezasete alumnos ás ordes de Nazaret López. Dise que a obra está centrada no tema dunha separación que ten consecuencias máis alá do ámbito da parella, ademais de informar de que os actores afeccionados de Muros representarán ao día seguinte a obra *Amantes*, na que catorce actores mostrarán cinco historias independentes de amor e desamor. Finalmente coméntase que se representará a obra *Adiós, Klienman*, por parte de Falcatruada Teatro, na que un home bo e honesto se converte na cabeza de turco da súa cidade.

- Paula S. Fontáns, "O teatro afeccionado amosa as súas obras na Mostra de Ames", *La Voz de Galicia*, "Área Metropolitana- Ames", "Crónica", 7 novembro 2008, p. 10.

Faise eco da segunda edición da Mostra de Teatro Afeccionado do municipio de Ames, informando da participación de grupos de Muros, do Val do Dubra e de Amio, e que están formados por actores e actrices non profesionais. Sinálase que o grupo do municipio, dirixido por Nazaret López, pon en escena a peza *Praza Ocupada*.

Barbadás Escena, Teatro Experimental

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Teatro Experimental, en colaboración coa Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea). Con sede na Casa da Cultura de Barbadás, a edición de 2008 celebrouse entre o 11 de outubro e o 13 de decembro, e contou coa participación das seguintes compañías amadoras: Lohengrín Teatro, con La perle de la sortie; Vichelocrego Teatro, con Spot; Aturuxo de Melpómene, con Cometa cometa; Teatro de Cámara Ditea, con Aquí cheira a morto; e Achádego Teatro, con O libro de ler e desler.

Referencias varias:

- L. R., "Vichelocrego' trae a Barbadás una divertida comedia de 'spot", *La Región*, "Ourense", 26 outubro 2008, p. 6.

Coméntase a representación da obra *Spot* que fai o grupo Vichelocrego na Casa da Cultura de A Valenzá, dentro do ciclo de teatro afeccionado "Barbadás escena".

Cangas, XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo do Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa. Na edición de 2008, celebrada do 3 ao 12 de xullo, e cuxa apertura correu a cargo de Mela Casal, incluíronse representacións de agrupacións foráneas como a agrupación catalá Els Joglars; o grupo madrileño Teatro Percutor; a Compañía do Chapitô; El Pont Flotant; Roxana Pineda; a italiana Teatro Necesario; Jordi Camell e Vicky Peña; e Alén Teatro. Entre as galegas contouse con: Lagarta Lagarta, con *Aeroplanos*; Clown Theatre, con *Revoltallo entre pedras*; Monicreques de Kukas, con *Sen título 4x8x6*; ademais da participación de Títeres Cachirulo,Vagalume Teatro, a compañía Miro Magariños e o Colectivo Artístico do Morrazo. Esta mostra conta asemade cun espazo reservado para a muller mediante a celebración das 'Xornadas das Mulleres nas Artes Escénicas', ademais de ter tamén cabida o teatro afeccionado.

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, "Els Joglars actuará en el veinticinco aniversario de la Mostra de Teatro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo. Cangas", 31 maio 2008, p. 7.

Coméntase que a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas celebra as súas vodas de prata coa actuación estrela da agrupación catalá Els Joglars, que estrea en Galicia a súa obra *La Cena*. Dise que na Mostra participan tamén Títeres Cachirulo e Lagarta Lagarta coa estrea de *Aeroplanos*. Por último dise que a mostra rematará coa entrega do premio ao labor teatral de Xiria, e cunha co-produción arxentino-española titulada *Casa Matritz*.

- Camilo Franco, "Las Mostras de Ribadavia y Cangas abren el verano teatral gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2008, p. 30.

Dá conta de dúas das mostras teatrais máis importantes do mundo cultural galego: a Mostra teatral de Ribadavia e a de Cangas. Sinálase que a primeira delas non só afonda no mundo do teatro, senón tamén no do circo e da danza, mentres que a de Cangas retoma o humor e a comedia como formas da vida teatrais. Destácase a presenza na mostra de Cangas da última montaxe de Els Joglars e, no caso de Ribadavia, do grupo alemán Familie Flöz.

- Alberte Mera, "A Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo regresa a Cangas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana. Morrazo", 2 xullo 2008, p. 20.

Dise que Mela Casal será a encargada de abrir a edición número vinte e cinco deste evento, na que participan Títeres Cachirulo e Lagarta Lagarta, así como Vagalume

Teatro e o Colectivo Artístico do Morrazo. Anúnciase que María Xosé Queizán presentará obra literaria.

- Cecilia Martínez, "Risa, tragedia, emociones: teatro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo. Cangas. Moaña", 2 xullo 2008, p. 20.

Coméntase que a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas cumpriu o seu primeiro semestre de vida cun balance "moi positivo" de participación. Xestionada pola compañía canguesa Teatro de Ningures, sinálase que dá resposta á demanda daqueles que queren adentrarse de xeito amateur no mundo do teatro. Por último, dise que nela se ensaiou tamén a obra *Revoltallo entre pedras*, que se interpretará na Mostra de Teatro de Cangas.

- Manuel Xestoso, "O teatro das noites de verán", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Cultura", 3-9 xullo 2008, pp. 24-25.

Reportaxe sobre os festivais de verán, un fenómeno no que se mesturan turismo, cultura e entretemento e que supoñen grandes beneficios para os concellos que os organizan, ao incrementar o tráfico de visitantes e a atención mediática. Os encontros tamén supoñen en ocasións interesantes rampas de lanzamento para as compañías. Para Xestoso, o principal elemento que caracteriza a estes festivais é a súa natureza dicotómica, a permanente dualidade na que se moven: mostra de espectáculos, compañías e tendencias de difícil visibilidade durante o resto do ano por un lado, e acicate para captar novas audiencias e estimular o interese polo teatro por outro, elementos que considera esenciais nun territorio como Galicia, no que unha inmensa maioría da poboación non vai nunca ao teatro. Este requerimento provoca que as programacións dos festivais se movan entre o teatro máis convencional e o máis transgresor. Xestoso considera que se lles debería reclamar unha permanente autoavaliación, que lles permita "redefinir o seu lugar dentro do sistema ao que pertencen". Nun despece complementario faise referencia aos festivais decanos en Galicia, Cangas e Ribadavia, que nas súas edicións do 2008 buscan satisfacer a todo tipo de espectadores. Na Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas sobresae a proposta de Lagarta Lagarta, *Aeroplanos*, que tamén se estreará na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se complementará co Premio Abrente de Textos Teatrais de apoio aos novos creadores. Anúnciase que neste certame, Teatro de Ningures adaptará a peza *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño. Teatro Meridional fará un repaso pola historia do século XX.

- M. X., "Cangas e Ribadavia, dous festivais para todos os públicos", *A Nosa Terra*, n.º 1517, "Cultura", 3-9 xullo 2008, p. 24.

Nesta noticia indícase que a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas celebra os seus 25 anos cun amplo desplegue de espectáculos na rúa, monicreques, circo, exposicións, cursos e obradoiros, ademais de actuacións no Auditorio Municipal, e o 1º Encontro Ibérico de Revistas de Teatro. A programación ábrese coa compañía Els Joglars, con *A cea*, unha sátira sobre o cambio climático. Outras montaxes que participan na mostra son *O grande criador*, da compañía lisboeta Chapitô, e o espectáculo de marionestas *Sen título 4x8x6*, de Monicreques de Kukas. Por outra parte, tamén se destaca Alén teatro, con *Las siamesas del puerto*, na que se mestura flamenco, novo circo e técnicas de clown, e un espectáculo de cabaret por parte de Vicky Peña e o pianista Jordi Camell. Porén, apúntase que a obra máis importante será *Aeroplanos*,

dirixida por Rosa Álvarez e protagonizada por Ernesto Chao e Xosé manuela Olveira "Pico". Dise que esta obra tamén será representada na vixésimo cuarta Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que tamén contará coa iniciativa do Premio Abrente de Textos Teatrais de apoio aos novos creadores. Nesta edición da mostra de Rivadavia destaca *Hotel Paradiso*, unha montaxe dos alemáns Familie Flöz. Outras representacións son as de *Charanga*, dos portugueses Circolando, a adaptación da *Bailadela da morte ditosa*, por parte de Teatro de Ningures, e Teatro Meridional. En relación coa danza fálase da obra *Kiosko das almas perdidas,* do Centro Coreográfico Galego, e de Camut Teatro. Tamén se salienta a montaxe dos madrileños Teatro del Aire, *La piel del agua*, coa recreación dun baño musulmán.

- M. Dopico, "Un viaxe do tempo cotián", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Teatro", 3 xullo 2008, p. 37.

Refírese á representación que se vai levar a cabo no Auditorio Municipal de Cangas da obra de teatro *Aeroplanos*, representada pola compañía Lagarta, Lagarta. Sinala que no elenco de actores se atopan Ernesto Chao e X. M. Olveira Pico, dirixidos por Rosa Álvarez. Precísase que esta representación forma parte da XXVª edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Repásanse as outras pezas que formarán parte do programa e sinálase que virán acompañadas de pasarrúas e mesas redondas sobre a violencia de xénero e o papel da muller na escena.

- Lorena Abuín, "Els Joglars y mucho más", *Faro de Vigo*, "*Visado*", "Existencias limitadas", 4 xullo 2008, p. 6.

Faise eco da Mostra Internacional de Teatro de Cangas, que tivo lugar nesa vila do 3 ao 12 de xullo e que no presente ano cumpriu a súa XXV edición. Saliéntase a presenza do grupo catalán Els Joglar, así como de grupos máis cativos, como a compañía de monicreques Cachirulo ou a Compañía Miro Magariños.

- C. Martínez, "La Mostra de Teatro de Cangas acoge hoy dos nuevas actuaciones", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 8 xullo 2008, p. 7.

Dá conta da XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, salientando que segue a reunir a distintas agrupacións, como Monikreques de Kukas coa súa peza *Sen título 4x8x6*, ou o grupo madrileño Teatro Percutor, que poñerá en escena *Artistic Esperpentic Company*.

- J. I. M. C., "As siamesas do porto' son hoxe as estrelas da Mostra de Cangas", *Atlántico Diario*, "Morrazo", 9 xullo 2008, p. 19.

Dá conta da XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, informando de que ofrece o espectáculo *As siamesas do porto*, de Celia León, levado a escena por Alén Teatro. Saliéntase tamén a presentación do último libro de María Xosé Queizán incluído dentro da xornada de mulleres nas artes escénicas.

- Manuel Xestoso, "Mostra de Teatro de Cangas: calidade e pouco risco", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Cultura", 10-16 xullo 2008, p. 26.

Coméntase que a vixésimo quinta edición desta cita de teatro cómico e festivo aposta por cubrir diferentes frontes da creación contemporánea, coa mestura de espectáculos de moi distinta natureza. Como balance dos primeiros días, o crítico considera que a variedade satisfixo ao público, pero que non sempre implica audacia. Tamén se sinala que no festival destacou até o momento Lagarta Lagarta con *Aeroplanos*, do argentino Carlos Gorostiza, obra na que se reflexiona sobre o tema da vellez co protagonismo de Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira *Pico*.

- J. I. M. C., "Teatro con premios e música hoxe na Mostra de Teatro de Cangas", *Atlántico Diario*, "Morrazo", 10 xullo 2008, p. 21.

Dá conta das tres últimas xornadas da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, informando de que se vai por en escena *Clown in libertá*, do italiano Teatro Necesaria; así como *De Mahogany a Youkalí*, do grupo catalán formado por Vicky Peña e Jordi Camell.

- Camilo Franco, "Unha comedia sentimental", *La Voz de Galicia,* "Carteleras y críticas", "Teatro", 12 xullo 2008, p. 55.

Precísase que na Mostra de Teatro Cómico de Cangas se representou a peza da compañía Lagarta, Lagarta, *Aeroplanos.* Indica que a comedia sentimental dirixida por Rosa Álvarez amosa a historia de dous amigos, aos que lles dan vida Xosé Manuel Olveira "Pico" e Ernesto Chao, que dialogan e discuten sobre os problemas da vida e, aínda que nunca chegan a un acordo, se complementan un ao outro.

- J. Luis Martínez, "Mariño: 'Queremos traer a Peter Brook na Mostra de Teatro 2009", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana. Morrazo", 14 xullo 2008, p. 15.

Entrevista a Che Mariño, directora da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, que este ano acadou o cuarto de século. Mariño valora positivamente a presente edición, pois considera que todas as obras entretiveron ao tempo que fixeron reflexionar. Anúnciase que para o 2009 aposta pola presenza do inglés Peter Brook.

- Vanesa Sotelo e Pedro Pablo Riobó, "XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Festivais", outono 2008, pp. 57-60.

Dá noticia da celebración da XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, destacando que a actriz Mela Casal foi a encargada da súa apertura; metida na pel dunha muller de limpeza, e sobre todo de teatro, ofrece un percorrido polo cuarto de século de vida do festival. Sinálase que a primeira representación chegou da man dos cataláns Els Joglars, á que seguiron as actuacións de Lagarta Lagarta, que representou a obra *Aeroplanos*; Teatro do Chapitô; Monicreques de Kukas, con *Sen título 4x8x6*; El Pont Flotat; e Roxana Pineda. A continuación destácase que a Mostra ten reservado un espazo propio para a muller, realizando este ano as 'Xornadas de Mulleres nas Artes Escénicas' con charlas como "As redes de mulleres nas artes escénicas" ou "Escena contra a violencia de xénero". Por último fai referencia ao teatro afeccionado, do que destaca a presenza de Marisa Guerra, representante do teatro afeccionado do baixo Miño, ou Fernando Botijo, director do teatro de Caminha.

Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol desde o mes de novembro do ano 2000 en colaboración coa Asociación Max de Teatro, no que tamén se conta co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro afeccionados da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. A temporada 2008 celebrouse entre o 5 de outubro e o 23 de novembro e contou con compañías teatrais como Non si? Teatro, Sal-monela, Bartoleta Teatro, con *Animaliños*; Novaescena Teatro, con *Cinco mulleres co mesmo vestido* e *Pensión 13*; Arco Iris, con *A familia de Brais Andrade*; Teatro do Improvisto; o Grupo Teatral Rueiro, con *A viúva de Dupont*; Tiruleque, con *Silicon Valley*; Imaxina-T, con *Móbil*; e Teatro Ad Libitum, con *Cursiño de Italiano*.

Referencias varias:

- Don Reinaldo, "Sal-monela Teatro", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 15 xaneiro 2008, p. 12.

Anúnciase que o VIIIº ciclo Domingos a Escena entrou na súa segunda parte no Centro Cívico de Caranza. Explícase que a inauguración correu a cargo de Sal-monela teatro, coa obra *La cena de los idiotas*, de Francis Veber, e que tamén tomará parte nesta cita o grupo ¿Non si? Teatro de Baiona.

Carballeira, Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado pola Asociación Cultural Carballeira, ten lugar en Brión, no Centro Social Polivalente de Pedrouzos. Na edición de 2008 participaron os seguintes grupos de teatro afeccionado: Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*; Teatro Aurín, con *Comedia Bífida*; Atrezzo Teatro, con *Bágoas de Noitébrega*; Grupo Teatral AA. MM. de Moaña, con *A casa de Bernarda Alba*; e Lohengrín Teatro, con *La perle de la Sorti*.

Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), Caixanova e Caja Madrid. Na edición de 2008 combináronse tres directrices: programación variada, teatro na rúa e premios para as mellores actuacións. Entre as funcións puideron verse: *Aeroplanos*, de Lagarta Lagarta; *Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures; *Comida chinesa*, de Teatro do Adro; *Ubú Rei*, de Imagina Machina; *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste; *Anxeliños*, de Espello Cóncavo; *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, d´A Factoría Teatro; *A boa persoa de Sezuán*, polo Centro Dramático Galego; *Dáme veleno*, de Sarabela Teatro; *No comment*, de Mofa e Befa; e *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico. O teatro infantil contou con *Game Over*, de Teatro Cachuzo, e *Babiliglub*, de Galitoon.

Referencias varias:

- L R, "O Festival de Teatro Galego leva ó Carballiño cinco actuacións escénicas e de maxia na rúa", *La Región*, "Carballiño", 4 setembro 2008, p.17.

Explícase que o Festival está organizado pola compañía Nove dous e a empresa Arteficción. Ponse de manifesto a participación das compañías Factoría teatro, con *Crónica de días enteiros de noites enteiras*; Teatro do Adro, con *Comida Chinesa*; Imagina Machina, con *Ubú Rei*; e Teatro do Noroeste, coa obra *Extrarradios*.

- Camilo Franco, "Historias de boas persoas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Teatro de outono", 6 setembro 2008, p. 15.

Repasa o panorama dramático da temporada de outono, que contará coa celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño e da Feira das Artes Escénicas de Galicia. Destaca a presenza de *Aeroplanos*, montaxe de Lagarta que será representada nos festivais de Cangas, Ribadavia, Cee e O Carballiño. A compañía Ningures leva ao escenario a súa obra *Bailadela da morte ditosa* e Espello Cóncavo, coa súa sátira *Anxeliños*. Outras pezas da temporada son *Crónica de días enteiros, noites enteiras*, montaxe d´A Factoría; *A boa persoa de Sezuán*, tradución dunha fábula de Bertold Brecht interpretada polo Centro Dramático Galego; *Dáme veleno*, comedia de tinturas fantásticas que estreará Sarabela; *No comment*, a cargo da compañía Mofa e Befa, e *Unha primavera para Aldara*, obra de Teresa Moure que acadou o Premio Rafael Dieste. Por último, coméntanse algúns dos títulos dirixidos ao público infantil.

- M. J., "Espectáculo de magia diario", *La Región,* "Festival de Teatro Galego, en Carballiño", 8 setembro 2008, p. 15.

Faise referencia a que o Festival de Teatro Galego leva esa semana a Carballiño cinco actuacións escénicas que comezan coa compañía Factoría Teatro, cuxa obra é *Crónica de días enteiros, de noites* enteiras. Coméntase que outras obras que se poden ver representadas son *Comida chinesa*, de Teatro do Adro, *Ubú Rei*, de Imagina Machina e *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste. Ademais infórmase de que a outra opción proposta é un espectáculo de maxia na rúa a cargo do mago Richard. Finalmente dise que tamén haberá unha gala de premios que será presentada polo crítico teatral e profesor Roberto Pascua.

- L R, "A interpretación do movemento escénico", *La Región*, "Carballiño", 9 setembro 2008, p. 19.

Ponse de manifesto o inicio do Festival de Teatro Galego do Carballiño, cunha duración de doce días. Saliéntase a actuación de A Factoría Teatro, con *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, da que se di que está caracterizada pola interpretación dos actores, a lixeireza escénica, o son e o vestiario, e a mestura de doses de comedia e de drama. Engádese que os espectadores puideron facer as súas achegas por medio de Internet. Finalmente inclúese un cadro explicativo do programa para ese día.

- L R, “O universo dos psicópatas, a escea”, *La Región*, “Carballiño”, 10 setembro 2008, p. 19.

Pon de manifesto a actuación de Xosé A. Porto e Mónica García, galardoada co primeiro premio Fetega hai tres anos, con Teatro Adro en *Comida Chinesa*, no Festival de Teatro Galego do Carballiño. Saliéntase a actuación dos actores e o ritmo da trama,e dise que a montaxe está dirixida por Lino Braxe. Coméntase asemade o éxito do espectáculo infantil e gratuíto do Mago Richard. A continuación achégase o programa do Festival para ese día, no que se fala da obra *Ubú Rei*, de La imagina Machina, dirixida por Suso Díaz.

- Sabela Pinal, “O público puntúa alto os espectáculos”, *La Región*, “Carballiño”, 12 setembro 2008, p. 19.

Entrevista realizada á actriz Josi Lage, da compañía Nove Dous e organizadora do Festival de Teatro Galego do Carballiño. Lage asegura que o festival contou cunha asistencia de público próxima ás cento cincuenta persoas. Ademais explica que o nivel das obras é alto e indica que o público puntúa alto todas as actuacións. Por outra banda, faise referencia á entrega de premios ao mellor espectáculo que elixe o público, e aos mellores actor e actriz, que elixe o xurado. Infórmase de que os gañadores recibirían unha talla de madeira do artesán Chicho Carballido. Á marxe disto explícase que a compañía para a que traballa, Nove Dous, está en descanso e dise que tamén traballa para outros grupos como Teatro do Atlántico, cos que está ensaiando a obra *Unha primavera para Aldara*, cuxa trama se desenvolve nun convento de relixiosas. Na parte dereita da noticia recóllese o programa do Festival.

Cariño, XXXª Mostra de Teatro Galego de

Representáronse as seguintes pezas, por parte de compañías profesionais: *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico; *Anfitrión, e ti de quen ves sendo?*, de Talía Teatro; *Pan*, de Volta e Dálle; e *Medidas preventivas*, de Áncora Producións.

Referencias varias:

- Óscar Gómez Mera, “Cariño: XXX Mostra de Teatro Galego ”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, “Festivais”, outono 2008, pp. 83-84.

Dá noticia da celebración da XXXª Mostra de Teatro Galego de Cariño e repasa as pezas que se van representar. Sinala que tal vez faltara algún acto que conmemorase a celebración dos trinta anos de existencia, algún acto que fixese a mostra máis especial: unha exposición fotográfica, unha charla conmemorativa ou un día ou dous de xornadas internacionais de teatro.

Cee, ‘Domingos de Teatro. Marzo Teatral’, XXIª Mostra de Teatro de

Organizado, xunto coa asociación cultural Domingo Antonio de Andrade, polo actor, director e fundador de Talía Teatro, ofrece trinta e tres representacións durante unha

semana. Na edición de 2008 representouse *Aeroplanos*, de Lagarta Lagarta; *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico; e *O sapo encantado*, de Tres Globos; participaron ademais as compañías Manik Freak, Cachirulo, Elefante Elegante, Mofa e Befa; Teatro do Noroeste e Teatro de Ningures.

Referencias varias:

- Jesús Trillo, "La villa de Cee subirá mañana el telón de XXI Mostra de Teatro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 22 agosto 2008, p. 68.

Fai referencia á vixésimo primeira edición da Mostra de Teatro en Cee que organizan a compañía Talía e a asociación cultural "Domingo Antonio de Andrade". Dise que o público poderá disfrutar de catro sesións diarias e que a novidade desa edición é a participación, por primeira vez, dunha compañía portuguesa, Peripecia, coa súa obra *Ibéria*. Outros grupos que participarán son Lagarta Lagarta, Mofa e Befa, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures e Talía Teatro.

- J. T., "La XXI Mostra de Teatro echó a andar ayer en Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 agosto 2008, p. 30.

Faise eco das actuacións de Lagarta, Lagarta e Mofa e Beba na primeira xornada da XXIª Mostra de Teatro de Cee Saliéntase tamén unha parte do programa da mostra, na que se inclúe *O sapo encantado*, da compañía Tres Globos, ou *A bombilla máxica*, posta en escena por Teatro do Atlántico.

- Roberta Maschi, "XXI Mostra de teatro de Cee. Cada ano a mesma historia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Festivais", outono 2008, pp. 76-77.

Dá noticia da celebración da XXIª Mostra de teatro de Cee destacando que pretende ser un escaparate da actividade teatral galega; está organizada conxuntamente pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade e pola compañía local Talía Teatro. Sinálase que esta Mostra ten que loitar contra os atrancos económicos e a falta de resposta por parte das institucións. A continuación recolle a programación e remata destacando que un dos acontecementos máis relevantes foi a autohomenaxe que se dedican os organizadores, xa que a compañía anfitrioa, Talía Teatro, celebraba os seus vinte anos de traxectoria.

- M. Dopico, "O reto de crear 'público", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cita", 15 outubro 2008, p. 28.

Dá conta da Mostra de Teatro de Cee, informando de que recolle cada ano, e desde os seus inicios no ano 1988, as propostas máis interesantes da escena do ano. Sinálase que a mostra comezou da man da Asociación Domingo Antonio de Andrade e que xa está consolidada no ámbito cultural do país. Indícase que nesta mostra se dan cita non só compañías teatrais profesionais e de longa traxectoria, senón que tamén hai sitio para artistas noveis, que se desenvolven en distintos apartados, ben sexa para os máis pequenos ou na sección para adultos.

Córgomo, VIIª Xornadas Teatrais de

Contando coa coordinación de Anxo Baranga e Fernando Santalla, ademais da agrupación teatral Furafollas de Barcelona e o colectivo Rede.cat, organízanse Xornadas Teatrais realizadas na aldea do concello valdeorrés de Córgomo, co obxectivo de reivindicar a figura do poeta local Florencio Delgado Gurriarán. Entre os grupos participantes nestas xornadas contouse con FDG Teatro, de Córgomo, e con Valdeorras Teatro.

Referencias varias:

- J. C., "Una asociación cultural promueve un festival teatral de un mes en la comarca", *La Región*, "Valdeorras", 2 maio 2008, p. 15.

Dá conta da proposta teatral da asociación Florencio Delgado Gurriarán Cultural, informando de que se que pretende montar un festival dramático que se prolongue durante todo un mes. Sinálase que este reto comezou no Córgomo e pretende chegar a dous pobos próximos, Portela e Tremiñá, coa intención de prolongar o festival e levalo por toda a comarca de Valdeorras.

- J. C., "Las Xornadas Teatrais de Córgomo tributan un homenaje a Isaac Díaz Pardo", *La Región*, "Valdeorras", 24 xullo 2008, p. 12.

Faise eco do inicio das VIIª Xornadas Teatrais do Córgomo, e sinálase que nesta ocasión a inauguración corre a cargo dunha mostra sobre a figura de Isaac Díaz Pardo e, seguidamente, dá comezo a lectura do pregón, encargado ao escritor Xosé Cáccamo.

- Roberto Pascual, "Valdeorras: Teatro, a propagación a través do pobo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Festivais", outono 2008, pp. 78-82.

Dá noticia da celebración das Xornadas Teatrais en Córgomo, destacando que o seu obxectivo é reivindicar a figura do poeta local Florencio Delgado Gurriarán. Sinálase que estas xornadas están coordinadas por Anxo Baranga e Fernando Santalla e na que participan tamén a agrupación teatral Furafollas de Barcelona e o colectivo Rede.cat. Sinálase que o traballo de base e o afán posto nestas actividades supoñen unha sorte de experiencia que representa un exemplo para o país, contando cunha excelente organización e unha masiva afluencia de espectadores. Tamén se destaca a actuación do grupo FDG Teatro, de Córgomo, formado por xentes de todas as idades e ocupacións que abandonan as súas ocupacións para actuar sobre as táboas. A continuación realiza unha crítica ao estamento político e destaca o labor de Valdeorras Teatro como unha iniciativa artística non profesional que se chama a converter nun referente. Pero o problema fundamental está na falta de axudas que asegurarían a pervivencia destes viveiros de actividades, ideas, exposicións…. A continuación recóllense unhas palabras de Anxo Baranga dedicadas á figura dos maiores e o seu papel na conservación da lingua. Finalmente presenta as iniciativas deste proxecto, centradas na realización de obradoiros, na demanda á Real Academia Galega de que dedique a Florencio Delgado Gurriarán o Día das Letras Galegas e potenciar a toponimia e os xogos tradicionais, entre outras.

Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente da

Mostra de teatro na que participan as seguintes compañías: Dequenquén, con *As cicatrices da memoria*; Artestudio, con *Portoceive. Freeport*; Estibón Teatro, con *Cinema*; Oquetiqueiras, con *A importancia de se chamar Ernesto*; Teatro do Grilo, con *Picnic*; Os Falcatrueiros, con *Clownscola*; e o grupo Manicómicos, con *A caverna de Platón*.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "O Fórum e o Cachivache acollerán a VII mostra de teatro independente", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xaneiro 2008, p. 12.

Infórmase de que este ciclo de teatro pretende aproveitar os espazos dos centros cívicos da Coruña para programar neles obras de teatro, até poder artellar un circuíto teatral cunha programación estábel. Coméntase que ao abeiro da mostra se desenvolverá un coloquio entre os grupos locais de teatro amador, así como un curso de experimentación vocal a cargo do actor Juan Curiel. Remátase co repaso á programación.

Espacio Aberto, Ciclo

Ciclo de Fórum Metropolitano no que se presentan actuacións de cantautores ademais de tres propostas teatrais, entre elas *Liberádeme deste inferno*, pola compañía afeccionada Teatro Eolo, que se encarga de abrir o ciclo.

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, "Nuevo ciclo teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 10 xuño 2008, p. 28.

Dise que o ciclo "Espacio abierto" do Fórum Metropolitano presenta, ademais das actuacións de cantautores, tres propostas teatrais. Explícase que a encargada de abrir o ciclo foi a compañía afeccionada Teatro Eolo, que representou a obra de Willy Eter *Libérame deste inferno*, coa que Martínez Sevilla considera que se baixou o nivel.

XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Celebrada con regularidade desde o ano 1997, en que era a quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e coordinada por Rubén García, levándose a cabo na cidade de Santiago de Compostela. No ano 2001, por primeira vez, foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Este evento ten como finalidade ser unha canle para a distribución dos espectáculos e a el asisten programadores, produtores e distribuidores teatrais de toda a Península. A edición do ano 2008, que tivo lugar entre o 13 e o 17 de outubro, caracterízase pola súa dedicación á escena vasca e a reafirmación

das súas relacións con Portugal. As pezas representadas foron: *Robin Hood*, de Produccións Acontrabutaca; *Aeroplanos*, de Lagarta Lagarta; *Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures; *Anxeliños*, de Espello Cóncavo; *Crónica de días enteiros, noites enteiras*, d´A Factoría Teatro; *A boa persoa de Sezuán*, polo Centro Dramático Galego; *Dáme veleno*, de Sarabela Teatro; *No comment*, de Mofa e Befa; *Náufragos*, de Teatro Galileo; *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste; *Periferia*, da compañía luso-galega Voadora; *Animales Artificiales*, de Matarile Teatro; *Anfitrión, e ti quén vés sendo*, de Talía Teatro; e *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico; ademais de Artello Teatro, B Studio, Abada Teatro, Entremáns, Nova Galega de Danza, Producións Excéntricas, Teatro D2, Títeres Trompicallo e Teatro do Morcego. O teatro infantil conta con *Game Over*, de Teatro Cachuzo; *Babiliglub*, de Galitoon; e *Boas noites*, de Berrobambán. Ademais das mencionadas representacións inclúense na Feira actuacións de monicreques, como por exemplo a peza *Por que choras, Marie*, da compañía vasca Marie de Jongh, de maxia, como por exemplo a peza *Maxia da Santa Compaña*, do Mago Teto, e dirixida por José Prieto, de danza, como a obra *Mellor sós que mal acompañados*, de Carlota Pérez e Carlos Rodríguez, circenses, ou de cabaré.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Robin Hood canta en galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 28 marzo 2008, p. L16.

Infórmase da posta en escena do musical *Robin Hood*, dirixido por Xosé Lueiro e producido por Acontrabutaca, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Destácase a presenza de Ana Ponte, Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González e Fran Ameixeiras no elenco. O espectáculo formou parte do programa da Feira Galega das Artes Escénicas e atópase actualmente de xira por Galicia e Madrid. Sublíñase asemade a edición en CD que Golfiño Records, baixo a dirección de Carlos Villanueva Grandín, está ultimando sobre este musical.

- Camilo Franco, "Historias de boas persoas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Teatro de outono", 6 setembro 2008, p. 15.

Expón o panorama dramático da temporada de outono, que contará coa celebración do Festival de Teatro Galego do Carballiño e da Feira das Artes Escénicas de Galicia. Destaca a presenza de *Aeroplanos*, montaxe de Lagarta Lagarta, que será representada nos festivais de Cangas, Ribadavia, Cee e O Carballiño, e repasa as postas en escena que se van levar a cabo.

- Camilo Franco, "A Feira das Artes Escénicas de Galicia centrarase na dinamización interior e a promoción do mercado exterior", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 outubro 2008, p. 50.

Faise eco da Feira das Artes Escénicas de Galicia, informando de que levará a escena un total de trescentas pezas teatrais. Sinálase que o centro das representacións será o Auditorio de Galicia de Compostela, e que a finalidade principal desta feira é a de amosar as posibilidades do teatro galego, abríndoo cara ao exterior. Indícase asemade que no programa non só se conta con compañías galegas, senón tamén con tres compañías portuguesas e dúas do País Vasco.

- D. Salgado, “25 compañías recalan en la Feira de Artes Escénicas en Santiago”, *El País*, “*Galicia*”, 9 outubro 2008, p. 7.

Nesta noticia dise que a Feira Galega das Artes Escénicas contará con trinta espectáculos a cargo de vinte compañías galegas, tres portuguesas e dúas pertencentes ao País Vasco, que é a comunidade invitada este ano. Explícase que a sede da SGAE, o Salón Teatro, o Teatro Principal e as salas Nasa e Galán son os espazos que acollerán os espectáculos. Dise asemade que a Feira se abre con *Náufragos*, de “Teatro Galileo”.

- maré, “Cinco días de teatro puro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 outubro 2008, p. 31.

Nesta noticia faise referencia á Feira Galega das Artes Escénicas, salientado como un encontro anual que serve de escaparate comercial para a produción teatral do país. Explícase que esta feira, celebrada en Santiago de Compostela, será a primeira proba para a Axencia Galega das Industrias Culturais para transformar o panorama da produción teatral. Tamén se apunta que ademais de vinte e cinco actuacións teatrais a Feira contará con outros cinco grupos nas actividades paralelas, indicando que as obras incluídas non dispoñen dun ciclo amplo de distribución, continuando con comentários acerca da inclusión dunha zona de mercado integrada por dezaseis postos a cargo de institucións e asociación profesionais no propio Auditorio de Galicia. Tamén se di que haberá unha mesa de debate sobre “Creación de públicos” e outra sobre “Danza e escena” para implicar ao sector na busca de estratexias. Por outra parte, fálase das bonificacións que se darán para favorecer a distribución de espectáculos galegos fóra de Galicia durante o 2009, con descontos dun 40% para teatros e auditorios públicos ou privados non galegos e entidades organizadoras e festivais.

- Camilo Franco, “Buscando mercados para a escena galega”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 283, “Teatro”, 11 outubro 2008, p. 13.

Dá conta da edición de 2008 da Feira das Artes Escénicas de Galicia, informando de que cun total de 25 funcións pretende atopar mercados foráneos para colocar o teatro galego. Sinálase que para esta ocasión os centros de representacións estarán espallados pola cidade de Santiago, tendo a súa sede no Auditorio de Galicia, pero tamén na SGAE, no Salón Teatro, na Sala Nasa, no Teatro Principal ou na Sala Galán. Recóllese tamén o programa das actividades que se desenvolverán nesta edición.

- A. R. López, “Sobe o pano”, *Galicia Hoxe,* “MARÉ”; 13 outubro 2008, p. 29.

Faise referencia á inauguración da Feira das Artes Escénicas en Santiago de Compostela, con respecto á cal se comenta que se trata dunha Feira que dura cinco días e na que participan 150 programadores. Por outra banda explícase que a presenza galega nesta Feira estará da man de Teatro Galileo, coa obra *Náufragos*, de André Roussin, con respecto á que se indica que está protagonizada por César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos, e Raúl Caro, e que o seu argumento xira en torno ás relacións de parella que se dan nunha illa paradisíaca despois dun naufraxio; *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste e que se basea no humor negro; e *Animales artificales*, de Matarile Teatro e cuxo argumento xira en torno a temas relacionados coa morte e o paso do tempo, así como a bisexualidade. Tamén se pon de manifesto a participación do teatro portugués e do vasco durante esta Feira.

- maré, “A danza centra hoxe os debates da Feira”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 outubro 2008, p. 37.

Fálase das representacións dos espectáculos *Boas noites*, de Berrobambán, no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, e de *PeriFeria*, da compañía Voadora, na Sala Nasa, ademais de *E ti, quen vés sendo?*, por Talía Teatro, e *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico. Por outra parte faise referencia ao espectáculo *Dáme veleno*, de Sarabela Teatro, dirixido por Ánxeles Cuña, e tamén á actuación de Lagarta Lagarta, coa súa obra *Aeroplanos*, protagonizada por Ernesto Chao e Xosé M. Olveira “Pico”. Ademais, dise que as sesións de monicreques estarán da man da compañía vasca Marie de Jongh, coa peza *Por que choras, Marie*, representada no Auditorio de Galicia. En canto á danza, menciónase a obra *Mellor sós que mal acompañados*, de Carlota Pérez e Carlos Rodríguez.

- Manuel Xestoso, “A Feira do Teatro abre unha nova etapa nas artes escénicas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.329, “Cultura”, 16-22 outubro 2008, p. 31.

Nesta reportaxe faise referencia á Feira do Teatro, a primeira desde a aprobación do Plan Galego das Artes Escénicas e que ten como obxectivo promover o teatro galego tanto na propia sociedade como no exterior. Tamén se fai referencia aos distintos públicos que hai que atender e aos que se lles ofrecen espectáculos específicos que lles poidan interesar. Pero recálcase que o teatro é un acto de creación, polo que se fala da potenciación das artes escénicas no sistema educativo e da vertebración do mapa de infraestruturas culturais. Por un lado dise que a pesar de todas as dificultades confía en que o Plan sirva para sentar as bases do desenvolvemento dos próximos anos e, por outra parte, tamén se refire a aspectos positivos, como é a creación da Escola Superior de Arte Dramática, que garante a formación de novos profesionais.

- Xabier Sanmartín C., “Lo imprevisto y el andamio de la Ferira”, *El Correo Gallego*, “Radio-Televisión”, “Telediaria”, 16 outubro 2008, p. 78.

Neste artigo de opinión faise referencia ao comezo da Feira Galega de Artes Escénicas en Santiago de Compostela, que é comparada a un illote á marxe do que xa está previsto.

- maré, “As cifras consolidan a Agadic”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 outubro 2008, p. 36.

Nesta noticia o director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), Miguel Martín, asegura durante a celebración da Feira das Artes Escénicas de Santiago de Compostela que o ano rematará con máis de trescentas funcións no exterior. Ademais, asegura que neste ano se chegou á Feira con 65 contratos formalizados, unha cifra que considera moi alta. Ademais, o sociólogo Martín afirma que hai un cambio significativo na actitude dos profesionais do sector, entre os que destacan as ansias de saír ao exterior, e explica que desde Agadic se pode crear un marco favorábel para iso. Por outra banda, di sentirse orgulloso de que a organización da Feira correra a cargo do equipo de Agadic e de que isto dese lugar a boas críticas.

- Manuel Xestoso, “Dinamismo creativo, incerteza empresarial”, *A Nosa Terra*, n.º 1.330, “Cultura”, 23-29 outubro 2008, pp. 24-25.

Nesta noticia explícase que a Feira das Artes escénicas de Galicia presentou un balance creativo de gran variedade e serviu de foro de debate sobre as principais preocupacións do sector. Dise que o sistema teatral galego está limitado por un réxime de programación que o leva a facer produción con moi poucas funcións porque, ademais, apenas existen salas para representar unha obra máis de dúas noites. Tamén se explica que unha das mesas de debate xirou en torno á cuestión da creación de públicos, no que se comparou a calidade de moitos espectáculos coa escasa atención que provocan. Asegúrase que o teatro galego ofrece unha oferta variada con grupos como Matarile, Sarabela, Lagarta Lagarta, Galileo, Teatro do Atlántico, Talía ou Teatro do Noroeste, entre outros. Dise que as expectativas son optimistas xa que se está producindo un aumento de público, así como a formación de novos directores, actores e actrices cun maior compromiso escénico. Finalmente refírese ao excesivo protagonismo das entidades bancarias neste sector e tamén á falta dun tecido industrial e de distribuidores profesionais.

- Roberto Pascual e Andrea A. Pino, “Calendario de estreas”, *Tempos Novos*, n.º 138, “Entreculturas”, “Crónica/ XVI Feira do Teatro”, novembro 2008, pp. 74-77.

Repásase a programación da Feira do Teatro que tivo lugar a semana do 13 ao 17 de outubro en Santiago de Compostela. Saliéntase que nesta feira se persegue dar a coñecer diversos espectáculos para que os programadores os merquen. Destácase a dedicación desta edición á escena vasca e a reafirmación de relacións con Portugal. Faise mención dalgunhas obras, como *Náufragos*, de Pedro Rubín, a que se tacha dun excesivo realismo e despiste do seu director. Tamén se lembra a participación doutros espectáculos xa rodados como *Extrarradios, Bailadela da morte ditosa* ou *Aeroplanos*, que foron moi ben acollidos polo público, como o foron outras pezas de moi recente estrea: *Dáme veleno*, de Sarabela, ou *Unha primavera para Aldara*, do Teatro Atlántico, que foi unha das pezas máis esperadas. Destácase a arriscada proposta de *Periferia*, da compañía luso-galega Voadora, que amosa un mundo de caos, desmitificación e humor paródico.

- Óscar Iglesias, “La Feira das Artes Escénicas duplica la contratación”, *El País*, “*Galicia*”, 5 novembro 2008, p. 5.

Dá conta da programación para a Feira Galega das Artes Escénicas informando de que estará constituída por un total de cento corenta e tres funcións de teatro galego. Sinálase que dezaoito das compañías contratadas para o ano 2009 son: A Contrabutaca, Artello, B Studio, Berrobambán, Abada, Galitoon, Entremáns, Matarile, Nova Galega de Danza, Excéntricas, Sarabela, Talía, D2, Noroeste, Tronmpicallo, Morcego, Atlántico e Teatro de Ningures.

- R. Pascual e A. Pino, “XVI Feira Galega das Artes Escénicas: Sobre os réditos da oferta e a seducción do ofertante”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, “Festivais”, inverno 2008, pp. 53-56.

Comentario sobre a XVIª Feira Galega das Artes Escénicas que tivo lugar en Compostela entre o 13 e o 17 de outubro, no que destacan como medida estrela a

consolidación do sistema de bonificacións á distribución exterior. Fálase do deseño realista deste proxecto, que representou un xiro estratéxico significativo, que empeza a ter en conta os condicionamentos particulares, reais, da nosa industria escénica á hora de repensar o proxecto global que garanta o seu crecemento. A programación desta edición, segundo se di, recorreu a unha diversidade relativa de códigos escénicos e potenciou a presenza da danza. Ao abeiro da creación, constátanse os feitos da xestión e o empuxe formativo que o Centro Coreográfico Galego, dirixido por Natalia Balseiro, está a realizar.

FestAlt08, VIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do concello de Vigo, e pola Asociación Cultural Noescafé-Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas como privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os lugares de celebración dos diversos espectáculos presentes teñen lugar tanto nas rúas de Vigo como en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal ou a Casa das Artes. A edición de 2008, presentada por Xesús López Carreira, Concelleiro de Cultura, tivo lugar entre o 22 de febreiro e o 8 de marzo e na programación tiveron cabida o teatro, a danza, a música e o audiovisual da man de diversos artistas contemporáneos, que puxeron en escena tres pezas de teatro, tres actuacións de danza-teatro, dous espectáculos de danza *performance* e vinte e nove representacións multidisciplinares, tanto por parte de compañías emerxentes coma doutras máis consolidadas. No tocante ao teatro participaron compañías portuguesas, francesas, catalás, chilenas, vascas, andaluzas, madrileñas e galegas.

Referencias varias:

- Ana Saá, "Danza y teatro callejean en Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 15 febreiro 2008, p. 39.

Anúnciase a próxima celebración do festival ALT. 08, na que recorrerá Vigo cunha estética e unha programación que tentarán ir marcadas pola innovación e pola busca dunha actividade artística ao aire libre. Dise que durante o festival se poñerá en escena tres pezas de teatro, tres actuacións de danza-teatro, dous espectáculos de danza performance e vinte e nove representacións multidisciplinares.

- Teresa Cuíñas, "Vigo se abre a la escena contemporánea con 40 espectadores", *El País*, "*Galicia*", 16 febreiro 2008, p. 7.

Faise eco da estrea do Festival Alternativo de Artes Escénicas de Vigo (Alt08) comentando que leva ás rúas pezas teatrais de grupos galegos e foráneos. Indícase que un total de corenta propostas animarán as rúas viguesas nesta edición, que dará comezo o 22 febreiro na Rúa do Príncipe da man do espectáculo itinerante de Kamchátka.

- M. M., "La escena más alternativa: ALT.08", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 23 febreiro 2008, p. 58.

Dise que este festival de *performance*, danza e teatro levou á vía Príncipe de Vigo aos actores da compañía catalá Kamchátka, coa súa particular visión do teatro de rúa.

- Ricardo Solveira e Vanesa Sotelo, "Continente Alternativo: ALT'08", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Festivais", verán 2008, pp. 67-70.

Dá noticia da celebración da sétima edición do ALT, Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, no que o teatro e a danza se combinaron coa fotografía escénica, o documental, a *performance* ou as instalacións. Acompañando ao festival tamén se presentou unha exposición fotográfica colectiva. Saliéntase que outra das novidades foi dar cabida aos espazos sonoros da cidade olívica e presentar unha serie de itinerarios por distintos espazos de traballo de varios artistas e intérpretes. Destácase que os participantes visitaron o obradoiro de Ramona Rodríguez, e recóllense os diferentes actos que conformaron este Festival, destacando a representación da compañía madrileña El zurdo teatro. Por último fala da celebración do Día da Muller Traballadora, cun espectáculo a cargo de Marathon Woman.

FIOT, XVIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, desde a edición de 2002 leva como título "FIOT". As representacións, a cargo de compañías galegas, do resto de España e doutros países, sobre todo de Portugal, tiveron lugar desde o 10 de outubro ao 1 de novembro, non só espazos pechados (o Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo) senón tamén na rúa. A edición de 2008 incluíu, ademais das representacións teatrais, un Certame de Teatro Lido, outro de Monólogos Cómicos, o Premio do Público á Mellor Compañía e un premio final ao mellor labor de promoción do teatro, o Xograr de Outono, ademais de celebrar os vinte anos da compañía Artabro Teatro. Entre as representacións contouse coas galegas: *Anfitrión, e ti quen ves sendo?*, por Talía Teatro; *Non é tan fácil*, por Malasombra; *Aeroplanos*, por Lagarta Lagarta; e *A boa persoa de Sezuán*, polo Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Carballo ponse outro ano a máscara", *La Voz de Galicia*, "Fugas De escenarios", "Especial Festival de outono", 3 outubro 2008, p. 8.

Dá conta do Festival Internacional 'Outono de Teatro' de Carballo (FIOT), informando de que cada fin de semana se porán en escena pezas novas, e clásicos como o *Rei Lear* ou *Don Juan Tenorio*. Indícase o programa de actuacións, así como a listaxe de compañías teatrais que se darán cita na vila de Carballo neste mes de outubro.

- M. C. S., "El FIOT arranca con un homenaje al grupo Ártabro Teatro", *La Opinión*, "Carballo/Costa da morte", 9 outubro 2008, p. 20.

Refírese ao inicio do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo coa inauguración da mostra '20 Años de Ártabro Teatro', na que se recolle a traxectoria

deste grupo que comezou a traballar no ANO 1988. Saliéntase que nesta edición do festival pretenden conmemorar este acontecemento a través de fotografías, vestiario, escenografía e diversos documentos. Explícase asemade que ao día seguinte comezará a representación das obras teatrais coa peza *Anfitrión, e ti quen ves sendo?*, de Talía Teatro.

- Camilo Franco, "Entre a comedia e o drama", *La Voz de Galicia*, "Fugas De escenarios", "Especial Festival de outono", 10 outubro 2008, p. 15.

Dá conta do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT), informando de que cada fin de semana se porán en escena pezas novas e clásicos como o *Rei Lear*, ou *Don Juan Tenorio*, e que comeza coa revisión dun clásico de Plauto. Indícase tamén que a compañía Talía Teatro representará *Anfitrión*, e que a mostra rematará coa improvisación de L'om Imprebís, con *Imprebís*, un exercicio salientado como de toma de contacto co público e coas historias cotiás. Finalmente, tamén se recolle o programa xeral dentro do que están integradas as citadas pezas teatrais.

- Camilo Franco, "Pallasos e boas persoas", *La Voz de Galicia*, "Fugas De escenarios", "Especial Festival de outono", 31 outubro 2008, p. 18.

Dá conta da clausura do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), repasando as dúas pezas encargadas de por punto e final ao mesmo. Sinálase que a primeira delas é unha historia de pallasos na que o actor e cómico Joseph Collard se serve do arte de facer rir para contar en clave de humor a súa propia historia, titulada *Zic-Zag*. Indícase tamén que a segunda obra é un texto de Bertold Brecht, unha historia moral baixo o título de *A boa persoa de Sezuán*.

- M. C. S., "El festival de teatro finaliza mañana con el maestro del humor Collard", *La Opinión*, "Carballo/Costa da morte", 31 outubro 2008, p. 23.

Explícase que a XVIIª Edición do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo se clausura ao día seguinte tras 26 actuacións. Coméntase que a obra prevista para dita noite é *A boa persoa de Sezuán*, do Centro Dramático Galego, e que a clausura do día seguinte corre a cargo do belga Joseph Collard, un dos grandes maestros do humor visual.

- Camilo Franco, "Canto menos expliques, mellor", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro/ Joseph Collard", 3 novembro 2008, p. 59.

Dá conta da clausura do Festival Internacional 'Outono de Teatro' (FIOT) e da presenza do actor belga Joseph Collard, quen levou a escena a súa biografía humorística titulada *Zic-Zag*.

- María N. Gómez, "Una Navidad para disfrutar del teatro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Gente a diario", 5 decembro 2008, p. 78.

Dá conta do ciclo 'Outono de Teatro', informando de que está incluída a peza *Non é tan fácil*, do autor Paco Mir. Sinálase que esta obra versa sobre a vida en parella e as dificultades que aparecen á hora de rematar cunha relación amorosa.

FITEU, XIVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado desde 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. A edición de 2008, celebrada do 1 ao 6 de abril, tivo lugar no Teatro Roberto Vidal Bolaño, o Teatro Principal e o Auditorio de Galicia. Nesta ocasión participaron as seguintes compañías galegas: a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *Ubú rei*; a Aula de Pontevedra, con *Top girls*; a Aula de Teatro da Universidade de Santiago, con *As Raíñas*; a Compañía de Teatro da USC. Lugo, con *O público*; a Aula de Teatro Maricastaña, con *1984*; Bicodobrelo, a Aula de Teatro da Facultade de Ciencias da Educación, con *Comedia Bífida*; ademais contouse coas compañías foráneas ASSAIG. Group de Teatre. Universitat de Valencia; Teatro Dallas, de EEUU; a Escola de Arte Dramática da Universidade de São Paulo; Théatre Universitaire Royal de Liège, de Bélxica; a Aula de Teatro da Universidade de Huelva; o Departamento de Artes Escénicas da Universidade de São Paulo, Compañía de Teatro Inflamável; a Aula de Teatro da Universidade Pablo de Olavide, La Escalera de Teatro, de Sevilla; e a Escola Superior de Arte Dramático de Murcia.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "El festival de teatro universitario celebra dos décadas de vida", *La Opinión*, "A Coruña", 7 abril 2008, p. 10.

Coméntase que o festival Fiteu celebra o seu vinte aniversario cunha edición na que participarán grupos das tres universidades galegas, ademais de alumnos asturianos, cántabros e portugueses. Dise que a compañía anfitriona, a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, abre o encontro coa representación *Ubú Rey*, un texto de Alfred Jarry dirixido por Zé Paredes. Tamén se anuncia a proposta da Aula de Pontevedra, Santiago e Ourense.

- Camilo Franco, "Todo o mundo ri moito", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Música/ Rufus Wainwright", 29 maio 2008, p. 9.

Dá conta da diversión e o entretemento que proporciona o teatro universitario tanto para os espectadores como para os propios profesionais da escena. Sinálase que nel todo o mundo se divirte, ri e o pasa ben, sendo este o primordial obxectivo destas propostas teatrais.

- M. Dopico, "Detrás dos 'bastidores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escena", 5 xuño 2008, p. 37.

Dá conta da XIª Mostra de Teatro Universitario de Galicia informando de que reúne en Santiago de Compostela distintas pezas teatrais de grupos formados por estudantes das

diferentes universidades galegas. Indícase que a principal intención desta mostra é amosar o traballo que estes estudantes veñen de realizar ao longo do curso académico, e a oportunidade que teñen de actuar en salas teatrais como as das facultades compostelás. Sinálanse algúns dos grupos participantes, tales como a compañía Murmurios, a Aula de Teatro da Facultade de Ciencias da Educación, ou a compañía Bicodobrelo, entre outras.

FITO, Iº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival xurdíu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Esta primeira edición centrouse na ollada iberoamericana sobre o teatro e prestou especial atención á lusofonía. Contou coa participación tanto de compañías internacionais, entre eles Odin Teatret e outras procedentes de Dinamarca, Brasil, Chile, Arxentina, Uruguai, e Portugal; e compañías nacionais, como La Cuadra de Sevilla; Mundo Perfecto; Carol López; Lolita Corina; Encarna Farem Salat; El Joglars; os chilenos Teatro en el Blanco; e Pé de Vento.

Referencias varias:

- Cándida Andaluz, "Los daneses Odin abren el festival internacional de teatro de Ourense", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 outubro 2008, p. 49.

Informa sobre a presente edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense, que abrirá da man de Sarabela Teatro, e no que se xuntarán distintas compañías teatrais a nivel europeo e internacional. Indícase que compañías procedentes de Dinamarca, Brasil, Chile, Arxentina, Uruguai, Portugal e Andalucía daranse cita neste certame. Sinálase asemade que o festival está dirixido maioritariamente ao público adulto e que se verá complementado con dúas mostras: a Mostra de Teatro Universitario (Miteu) e a Mostra de Teatro Infantil (Moti).

- Cristina Huete, "Odin Teatret abrió el Festival de Otoño orensano", *El País*, "*Galicia*", 28 outubro 2008, p. 6.

Dá conta da Iª Edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) e dunha das pezas que conforman o mesmo, Odín Teatret coa súa posta en escena *Las grandes ciudades bajo la luna*, obra salientada pola súa mestura de música, danza, xestualidade e distintos idiomas.

- Imanol Hernández, "La comicidad catalana y la versatilidad danesa se unen en la apertura del Festival de Teatro", *La Región*, "Ourense", 28 outubro 2008, p. 12.

Dá conta da Iª Edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) e da listaxe de grupos e de obras teatrais encargados da súa apertura. Sinálase que foron o grupo danés Odín Teatret, con *Las grandes ciudades bajo la luna*, e as representacións cómicas *Las gallegas* e *Humortal*, das compañías catalanas Lolita Corina e Encarna Farem Salat respectivamente, os responsábeis da estrea.

- Roberto Pascual, “Autoestradas da festa escénica”, *Tempos Novos*, n.º 139, “Entreculturas”, “Crónica/I Festival de Teatro de Ourense”, decembro 2008, pp. 76-79.

Faise referencia ao Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) que tivo lugar durante unha semana na cidade galega. Destácase o papel do entorno, da cidade nas representacións, algo que xa se fixera anteriormente cando Teatrauria representou o espectáculo *O asombro da auga*, no que se interaccionaba coas termas do Miño. Pero esta cita non é algo illado pois verase continuada con congresos como o que haberá sobre o teatro clásico no Festival de Olmedo. Coméntase que neste Festival se deron cita figuras de ámbito internacional, como é o caso de Odin Teatret, e de ámbito nacional, como sucede con Eugenio Barba. Tratáronse temas como a reflexión profunda sobre a ciencia e a muller ou o amor frustrado e a morte. Finalmente tamén se deu cabida á dramaturxia contemporánea cunha creación colectiva de Mundo Perfeito, e outra de Carol López.

- Roberto Pascual¸ “Avances de Teatrauria: I Festival Internacional de Teatro de Ourense”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, “Festivais”, inverno 2008, pp. 71-75.

Comeza falando dos avances ocorridos no ámbito das artes escénicas en Galicia. Fala de Teatrauria, que é o nome que recolle os froitos do pasado para unificalos no que se agarda que sexa un exemplarizante e produtivo programa de accións na xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Coméntase que este proxecto pon en marcha o FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense), un novo modelo de xestión teatral, con implicación directa e activa do goberno municipal. En canto a Ourense, cítase a Sarabela Teatro, que di que “ten demostrado que o éxito de calquera iniciativa de ámbito escénico pode lograr e mesmo atraer e seducir a unha heteroxénea medida expectante”. Pero, a gran novidade deste plan de acción teatral que destaca o texto foi a presentación do Festival Internacional de Teatro de Ourense, cunha primeira edición que tivo unha especial ollada para o teatro iberoamericano, achegouse á lusofonía e recibiu compañías emblemáticas como El Joglars e os chilenos Teatro en el Blanco. A dramaturxia contemporánea foi un dos nexos de unión de toda a grella escénica proposta no festival ourensán. Destaca tamén a diverxencia de linguaxes dramáticas de Pé de Vento ou de La Cuadra de Sevilla. Roberto Pascual fala das funcións e resultados dun servizo público, o teatro, que son: reflexión, entretemento, sorpresa, activación de zonas cerebrais, musculación hipotalámica, maxilofacial... e que neste caso evidenciou o público ourensán no FITO.

Ibán Toxeiro, Asociación Alexandre Bóveda, Memorial de Teatro

Organizado pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda e coordinado polo actor e director Lino Braxe coa finalidade de realizar unha homenaxe ao actor teatral Ibán Toxeiro. A edición de 2008 contou coas seguintes compañías: Teatro Proscrito, con *A velada*; o Grupo de Teatro Alexandre Bóveda, con *A serpe*; e Fas-Que-Fas, con *O bosque*.

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, "Festival Ibán Toxeiro", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 29 novembro 2008, p. 26.

Trátase dun artigo de opinión no que se recorda que a Asociación Cultural Alexandre Bóveda organizou un festival para recordar ao actor Ibán Toxeiro. Unha das actuacións de homenaxe da que se fala é *A velada*, da compañía Teatro Proscrito, dirixida por Lino Braxe, mentres que o outro espectáculo son dúas pezas breves tituladas *A serpe* e *O bosque*, do Grupo de Teatro Alexandre Bóveda, e de Fas-Que-Fas da fundación W. Fernández Flórez, respectivamente. Cóntase que a despedida do elenco foi por medio da ocorrente proposta "Parengón ao sol", un diálogo chispeante e insólito de dous homes tendidos ao sol.

Isto Ferve*,* IVº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e o Concello de Vigo celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2008 participou a Compañía de Teatro Esmelle coa obra *105 pasos o la mecánica de la carne*, encargada da apertura do Encontro.

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "Píldoras de rabiosa actualidad", *El País*, "*Galicia*", 12 abril 2008, p. 5.

Dá conta da inauguración do IVº Festival de Danza e Teatro Contemporáneo *Isto Ferve*, informando que tivo lugar na cidade de Vigo. Sinálase que a encargada de abrir o festival foi a Compañía de Teatro Esmelle, coa obra *105 pasos o la mecánica de la carne*, salientando a súa ambientación na cidade de Bos Aires e a súa Plaza de Mayo, da cal se indica que lles amosa aos turistas as penurias e miserias dos seus moradores habituais.

Lugo, VIIª Mostra de Teatro Clásico do Século XX

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova coa que se rememoran as figuras de recoñecidos autores do século XX . Na edición de 2008, celebrada do vinte e nove de xaneiro até o catro de febreiro, participaron Ur Teatro, con *Dous cabaleiros de Verona*; Teatro Galileo, con *Servidor de dous amos*; Tribueñe, con *Ligazón*; e o Centro Dramático Galego, con *A boa persoa de Sezuán*, ademais de Animalario, a Compañía Nacional de Teatro Clásico Es.Arte ou Rakatá Producciones.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Lugo se rinde siete días a los clásicos", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 12 xaneiro 2008, p. 79.

Dá conta da presentación da programación da Mostra de Teatro Clásico de Lugo. Infórmase de que dela formarán parte as compañías Animalario, a Compañía Nacional de Teatro Clásico ou Ur Teatro, entre outras. Sinálase tamén que a apertura correrá a cargo da obra *Cyrano de Bergerac*, de Edmond de Rostand, na versión de Concha Busta Producción. Indícase tamén que no programa teñen cabida Es.Arte, Rakatá Producciones e os galegos Teatro Galileo.

- Camilo Franco, "Cabaleiros nerviosos", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 27 xaneiro 2008, p. 65.

Indica que Ur Teatro representou os *Dous cabaleiros de Verona,* na Mostra de Teatro Clásico de Lugo. Segundo se sinala, a obra non foi moi loada debido á incompatibilidade dos protagonistas, xa que cada un pareceub abordar un xénero distinto, e á falta de perfeccionamento da montaxe. Precísase que a obra está dirixida por Helena Pimenta e que os actores que a conforman son Gabriel Garbisu, Sergio Otegui, Miriam Montilla, Saturna Barrio, Jesús Berenguer, José Tome, Jorge Basanta, Natalie Pinot e Jorge Muñoz.

- Camilo Franco, "O inmigrante demediado", *La Voz de Galicia*, "Carteleras y críticas", "Teatro", 31 xaneiro 2008, p. 57.

Refírese á representación da obra de Goldoni, *Argelino, servidor de dos amos*, que se está a levar a cabo no Teatro de la Abadía e Animalario do Auditorio Gustavo Freire, formando parte da Mostra de Teatro Clásico. Indícase que a peza dirixida por Andrés Lima non obtivo moi bos resultados. Precísase que entre o reparto constan os seguintes actores: Elisabeth Gelabert, Javier Gutiérrez, Rosa Manteiga, Daniel Moreno, Nerea Moreno e Pepa Zaragoza.

Manicómicos, Vº Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, e coa colaboración do Concello da Coruña, a Deputación da Coruña e Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. Na edición de 2008, que tivo lugar entre o 7 e o 10 de agosto, participaron as compañías estranxeiras María del Aire; Bash Street Theatre, de Inglaterra; Los Galindos, de Cataluña; Rolabola, de Andalucía; Almacabra Teatro-Circo; Theatre Beyond Words; Omar Álvarez Títeres; e a mimo británica Nola Rae; ademais das galegas Pistacatro, Manicómicos, e Yllana, con *Pagagnini* e *666*.

Referencias varias:

- Marcos Otero, "Manicómicos trasladará su humor a las calles del centro", *La Opinión*, "A Coruña", 28 febreiro 2008, p. 13.

Dáse conta de que a quinta edición do Festival Internacional de Teatro Manicómicos sacará as representacións ás rúas coruñesas e que Almacabra Teatro-Circo será o encargado de dar o pistoletazo de saída ao evento, no que tamén participarán as compañías Yllana e Pistacatro. Dise que Theatre Beyond Words e Omar Álvarez Títeres pecharán esta edición. Nunha columna complementaria menciónase a actuación da

compañía Yllana no Teatro Colón representando *Pagagnini*, unha obra que combina música clásica e humor, unha compañía da que se sinalá que participará tamén no festival Manicómicos coa súa obra *666*, na que desenvolven unha sátira sobre o destino de catro condenados a morte.

- Marta García Márquez, "Rachando coa rutina a golpe de risa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", "Humor", 28 febreiro 2008, p. 15.

Faise eco da Vª edición do festival Manicómicos, informando de que leva ás rúas e aos teatros diversas pezas teatrais galegas. Sinálase que a intención do citado festival é a de universalizar a comedia galega e fomentar a canteira local de actores e actrices do país.

- Camilo Franco, "O teatro da Rede Galega roldou no 2007 os noventa mil espectadores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2008, p. 49.

Achega os datos estatísticos da asistencia de público ás funcións levadas a cabo pola Rede Galega de Teatro e Auditorios e a Rede Galega de Salas. Salienta, tamén, o aumento das funcións e da recadación en relación ao ano 2006. En columna á parte, informa de que comeza a quinta edición do Festival Manicómicos que presenta un dobre programa (espectáculos de interior e outros destinados á rúa) e dá conta dalgunhas das actuacións que se levarán a cabo. Así mesmo, comenta que vai ter lugar o acto no que se darán a coñecer os finalistas dos distintos apartados dos premios María Casares.

- Ana Rodríguez, "El festival Manicómicos prepara su versión callejera para verano", *La Opinión*, "A Coruña", 21 marzo 2008, p. 6.

Infórmase de que o evento coruñés dobra por primeira vez edición, en inverno e verán, no seu quinto ano de vida. Explícase que participarán Pistacatro, Almacadabra, Yllana Teatro e a mimo británica Nola Rae. O novo circo, as animacións e o teatro na rúa serán os protagonistas desta edición, que se celebrará na súa maior parte en localizacións exteriores.

- Noelia Díaz, "Manicómicos traerá a María Pita el mejor teatro internacional", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Eventos", 7 agosto 2008, p. 14.

Dá conta da Vª edición do Festival de Teatro Internacional Manicómicos, informando de que se inclúen pezas teatrais, mimos, *clowns* e circo na praza coruñesa de María Pita e do Obelisco. Indícase que a mostra está dividida en dúas seccións: unha oficial, que corre a cargo de tres compañías de prestixio internacional entre as que se salienta Bash Street Theatre; e a sección 'off', na que nove compañías da Arxentina, Irlanda, Valencia e outras cidades representarán obras propias.

- V. Oliveira, "Piruetas entre aves e anxos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2008, p. 28.

Explícase que a arxentina María del Aire participará por segundo ano consecutivo no Festival Manicómicos da Coruña, coa peza *Mar de vuelo***.** Inclúese que nesta sexta edición do festival contarase coas actuacións dos cataláns Los Galindos, os andaluces Rolabola, e os británicos Bash Street Theatre, así como outras compañías de Arxentina e Irlanda, entre outros.

Mes do Teatro, Ferrol, XIIª Edición do

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación de Mulleres Amistad de Santa Mariña, en Ferrol. Na edición de 2008 participaron as compañías: Ad Libitum, con *Cursiño de Italiano*; O Bordelo, con *R.P.I.*; Bartoleta Teatro, con *Animaliños*; e o Grupo de Teatro Amistade, con *O seguinte*.

Mes do Teatro, Mugardos

Ciclo de teatro afeccionado que ten lugar no concello de Mugardos. Representáronse as obras *Pensión 13*, por Nova Escena; *Animaliños*, por Bartoleta Teatro; *A muller do meu amigo engáname*, por Teruca Bouza; e *A miña muller....é o fontaneiro*, por Ad Libitum.

Mes do Teatro, Teo, XIª Edición do

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural A Mámoa. Desenvólvese entre o 9 e o 30 de novembro no Local Social de Luou. A edición de 2008 contou coa participación das seguintes compañías: o Grupo de Teatro Badius, con *Sucursal n.º 13*; o Grupo de Teatro Agarimo, con *Dous ligues para unha noite*; Andaravía Teatro, con *Metus extremus*; e a Mámoa Teatro, con *Só unha noite*.

MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Caixanova. Desde 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro" para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. A edición de 2008 celebrouse entre o 11 e o 27 de abril, e contou con exposicións, coloquios, encontros coa prensa, ademais das funcións de diversas compañías teatrais. Entre elas contouse coas actuacións estranxeiras de Nanny Cogorno e de Miss Vero, desde Arxentina; da Aula de Teatro de Alacante; da Aula de Teatro de Badajoz; de Teatro Rastrilho, desde Lisboa; de Citac, desde Coimbra; da Aula de Teatro de Valencia e de Punto Clown, desde Valencia; da Aula de Teatro de Zaragoza; de Mauvaise Compagnie d´En Face, desde Bélxica; de Teatr´Ubi, desde Covilhâ; da Aula da Autónoma de Madrid;e de Teatro Estudio Internacional, desde EEUU. Como postas en escena galegas

participaron *Ollar o mundo*, de Rosaura; *Á deriva*, do Grupo Cordelia da Aula Universitaria de Ourense; *A vida dura*, de Quico Cadaval; *Roteiro o Volter*, de Colectivos Ourensáns; *Sempre hai alternativas*, de Teatro Social C.P. Pereiro de Aguiar; *Non censure*, de David Amor; *As raíñas*, da Aula de Teatro de Santiago; *Ubú rei*, de Imagina Machina, a Aula de Teatro da Coruña; *Top girls*, da Aula de Teatro Universitario de Pontevedra; *A ronda* , da Aula de Teatro de Lugo; *As dunas*, do Centro Dramático Galego; *A pensión*, con Rosa Álvarez; ou *1984*, da Aula de Teatro Maricastaña, de Ourense.

Referencias varias:

- Cristina Huete, "A Mostra de Ourense gaña ambición", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 marzo 2008, p. 8.

Dá conta da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (Miteu), informando de que na súa edición XIIIª contará con pezas de Shakespeare, como *Othello*, ou do tamén clásico Molière. Saliéntase a presenza do cómico italiano Leo Bassi virá acompañada da posta en escena da súa obra *La Revelación*.

- Imanol Hernández, "La Miteu sube el listón con un presupuesto récord y hasta 32 espectáculos teatrales", *La Región*, "Ourense", 28 marzo 2008, p. 13.

Faise eco da XIIIª Mostra de Teatro Universitario de Ourense informando de que se xuntan dezasete aulas universitarias de teatro, nove compañías profesionais e tres grupos musicais, todos eles procedentes da Arxentina, Bielorrusia, Ucraína, Portugal, India, Bélxica e os Estados Unidos, así como grupos españois procedentes de Alacante, Valencia, Madrid, Badaxoz e das cidades galegas de Lugo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e Santiago.

- Imanol Hernández, "La magia del teatro invade las calles", *La Región*, "Ciudad", 11 abril 2008, p. 13.

Faise eco da XIIIª Mostra de Teatro Universitario de Ourense indicando que nela se xuntan dezasete aulas universitarias de teatro, nove compañías profesionais e tres grupos musicais. Sinálase que a apertura correrá a cargo de tres espectáculos cómicos e de dúas obras de teatro, unha delas levada a escena pola aula de teatro universitaria 'Cordelia', coa peza *Á deriva*; e outra a cargo de Quico Cadaval e a súa *A vida dura*.

- L R, "La Miteu muestra el baile de Macky Navaja", *La Región*, "Ourense", 13 abril 2008, p. 12.

Recóllese a actuación do traballo da Aula de Alacante durante a Mostra de Internacional de Teatro Universitario de Ourense no día anterior. Por outra banda, ponse de manifesto a actuación do grupo Stranniki no Auditorio. Remátase o texto facendo referencia á posta en escena de *A vida dura*, de Quico Cadaval. Ademais, axúntase un recordatorio das obras que se presentarán durante a xornada do propio trece de abril.

- L R, “Primer fin de semana de éxito en la Mostra de Teatro Universitario”, *La Región*, “Ourense”, 14 abril 2008, p. 9.

Póñense de manifesto os actos que tiveron lugar durante o día anterior, e os previstos para os vindeiros días, durante a Mostra de Teatro Universitario que se desenvolveu en Ourense. Explícase que ese mesmo día se puxo en escena unha obra dun grupo de teatro estremeño, así como o concerto “O sonoro Maxín”. Engádese que para o propio día da publicación do artigo estaba prevista a obra *Sempre hai alternativas*, do grupo do Centro Penitenciario de Pereiro, así como a presentación de *Non censure*, de David Amor. Afírmase que se levará a cabo a lectura de poemas no Liceo e se fará un recorrido en homenaxe aos “Artistiñas”.

- Imanol Hernández, “El teatro como integrador social”, *La Región*, “Ourense”, 15 abril 2008, p. 10.

Dá conta do cuarto día de actividades da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, salientando a peza *Sempre hai alternativas*, a súa representación no Teatro Principal e que corre a cargo dun grupo de oito internos do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar. Indícase que a obra é unha metáfora do proceso que conduce ás persoas a se refuxiar na droga. Infórmase asemade que con ela pretenden concienciar aos máis novos de que a droga nunca é a solución para ningún problema.

- Imanol Hernández, “La muestra se ha convertido en una gran fiesta”, *La Región*, “Ourense”, 15 abril 2008, p. 10.

Recóllense as primeiras impresións sobre o éxito do certame da Miteu durante os seus primeiros catro días. Indícase que o director da Miteu, Fernando Dacosta, integrante tamén do grupo Sarabela Teatro, explicou a súa satisfacción persoal pola boa resposta do público nesta edición da mostra teatral.

- Imanol Hernández, “Shakespeare ‘invitado’ en la Miteu”, *La Región*, “Ourense”, 16 abril 2008, p. 10.

Dá conta dunha das actividades da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense, salientando a participación da compañía teatral ‘Rastilho’, da que se informa que é integrante do grupo de arte da Facultade de Arquitectura da Universidade Técnica de Lisboa, e que representou a obra de Shakespeare *Othello*.

- Imanol Hernández, “Y con él, la provocación”, *La Región*, “Ourense”, “XIII Edición de la Miteu”, 18 abril 2008, p. 10.

Faise eco do sétimo día da Mostra de Teatro Universitario de Ourense (Miteu) e do espectáculo do cómico italiano Leo Bassi, *La Revelación*, salientado por pretender facer unha crítica á relixión. Sinálase tamén a representación da aula teatral da Universidade de A Coruña e a súa peza *Ubú Rei*, dirixida por Zé-Paredes e escrita por Alfred Jarry.

- Imanol Hernández, “El existencialismo del teatro ruso de Chéjov revive en el Principal”, *La Región*, “Ourense”, “XIII Edición de la Miteu”, 20 abril 2008, p. 12.

Faise eco do sétimo día da Mostra de Teatro Universitario de Ourense (Miteu) e do espectáculo da aula de teatro da Universidade de Zaragoza, *Las tres hermanas*, dirixido por Joaquin Murillo. Sinálase que dita peza foi orixinariamente escrita por Antón Chéjov no ano 1901 e que será levada a escena no Teatro Principal ourensán.

- Imanol Hernández, "La Miteu presenta la obra 'Top girls', una crítica a la sociedad moderna y al sistema patriarcal", *La Región*, "Ciudad", 21 abril 2008, p. 8.

Faise eco do sétimo día da Mostra de Teatro Universitario de Ourense (Miteu) e do espectáculo *Top Girls*, do que se informa que é levado a escena por doce mozos actores e actrices da Aula de Teatro da Universidade de Vigo baixo a dirección de Santiago Cortegoso.

- L R, "El teatro universitario recibe la licenciatura", *La Región*, "Ourense", 27 de abril 2008, p. 10.

Faise referencia á última xornada da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense que se celebrou ese mesmo día. Primeiramente recórdase o sucedido o día anterior e destácase a entrega dun premio, así como o espectáculo *84*, do grupo galego Maricastaña. Explícase que só falta por celebrarse a posta en escena de *Sexo en la playa*, por parte do grupo Teatro Estudio Internacional de Nueva York, ademais de facer un repaso do sucedido durante a Mostra e recordar que actuaron douscentos setenta e catro actores, que foron aplaudidos por máis de dez mil persoas. Explícase que o espectáculo máis visto foi *La revelación*, de Leo Bassi. Un dos organizadores da Mostra móstrase orgulloso dos resultados e engade que cada grupo recibiu un DVD coa gravación da súa actuación e un dossier de prensa.

- Sonia Torre, "Teatro desde la cárcel con mensaje", *La Región*, "Ourense", 28 abril 2008, p. 7.

A autora resalta o valor como iniciativa do grupo de teatro da comunidade terapéutica do Centro de Pereiro, gañador do premio de honor da Miteu.

- Ángeles Quintas, "Buen día para grandes caminatas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 maio 2008, p. 78.

Infórmase de que a compañía Berrobambán presentou no Auditorio de Ribadumia a obra *Boas Noites*, á vez que se adianta que o Teatro Principal vai acoller, dentro da X Mostra Internacional de Teatro Universitario, a representación da obra *84*, baseada na novela de Orwell e a cargo da Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

- Camilo Franco, "Todo o mundo ri moito", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Música/ Rufus Wainwright", 29 maio 2008, p. 9.

Dá conta da diversión e o entretemento que proporciona o teatro universitario tanto para os espectadores como para os propios profesionais da escena. Sinálase que nel todo o mundo se divirte, ri e o pasa ben, sendo este o primordial obxectivo destas propostas teatrais.

- Imanol Hernández, "Ópera, danza y lo mejor del teatro nacional configuran la nueva programación del Principal", *La Región,* "Ourense", 16 decembro 2008, p. 9.

Refírese ao programa que se vai ofertar no Teatro Principal de Ourense co gallo da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU). Indica que nesta programación, que conta cun total de vinte e nove actuacións, se inclúen algunhas representacións teatrais como *As dunas*, do Centro Dramático Galego (CDG).

Narón, Sábados teatrais

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Deputación da Coruña, lévase a cabo cunha sesión semanal no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril e de setembro a decembro. Ao longo do ano 2008 participaron as agrupacións Metátese Teatro, con *Soño de verán*; Grupo Teatral Fonte Vella, con *Pra qué viría eu ó médico*; Atrezzo Teatro, con *Bágoas de noitébrega*; Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*; e a Aula Municipal de Teatro de Laxe, con *Folerpas*.

Nasa

Sala alternativa creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA) na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Acolle as máis variadas actividades relacionadas coa cultura. No ano 2008 acolleu os espectáculos *Nexus 6*, por Branca Novo e *Flores migratorias*, por Teatro D2, ademais de contar coa participación de Clara Gayo, o grupo madrileño O Canto da Cabra, a compañía inglesa Rough Company, Señor Serrano, Konic Theatre e a compañía Conservas. Ademais presentouse 'Ultranoite' gastronómica, espectáculo cultural orientado a reflexionar sobre a alta cociña.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Tempos revoltos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Teatro", 14 febreiro 2008, p. L9.

Sinala que se vai celebrar na Sala Nasa a 'Ultranoite' gastronómica. Indica que o que se pretende é continuar coa reflexión sobre a alta cociña e as baixas paixóns que xa teñen feito Mofa e Befa.

- Juan Floriani, "Zona Alternativa na sala Nasa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2008, p. 44.

Informa sobre a celebración do festival internacional da escena contemporánea que terá lugar na sala Nasa de Compostela. Comenta que durante o festival os espectadores descubrirán as mellores propostas sobre teatro de creación, música, danza e performance. De seguido, salienta algúns dos espectáculos, como a lectura dramatizada de *Movidas*, por parte da actriz Clara Gayo. Tamén indica que a primeira actuación será do grupo madrileño O Canto da Cabra, coa obra *Trece anos sen olivas.* En canto ao

espectáculo de performance, encargarase a Rough Company inglesa coa peza *Os cachorros*. Por último, salienta outras tres propostas: *Mil tristes tigres* que interpretará a compañía Señor Serrano, a compañía Conservas que levará a escena unha peza que critica a realidade social, política e legal contemporánea e, finalmente, a compañía Konic Theatre co proxecto *Cherrybone*.

Outono, Ciclo de

Organizado polo Clube de Lectores Rosalía da Biblioteca Antas de Ulla, ten lugar na Casa da Cultura. Na edición de 2008 participaron as seguintes compañías: Nova Escena Teatro, con *Cinco mulleres co mesmo vestido*; Escola de Teatro Falcatrueiros, con *Morte no garaxe*; Metátese Teatro, con *Fieitos*; Aula de Teatro Municipal de Laxe, con *Folerpas*; e o Grupo de teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, con *A boca do inferno*.

Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado no

Organizado pola Aula de Teatro Municipal Ánxel Casal de Arzúa, este ciclo de teatro afeccionado tivo lugar entre o 2 e o 30 de novembro na edición de 2008 e contou coas representacións *A caverna de Platón*, por Manicómicos; *Anacos de nós*, polo Grupo Teatral Andaravía; *Acto imprevisto*, por Teatro de Cámara Ditea; *Para que serven os homes*, por Ti e máis eu Teatro; e *Xa te chamaremos*, polo Grupo de Teatro Algures.

Outono de Teatro, Arzúa

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo Colexio Nosa Señora do Rosario de Arzúa, no que participan as seguintes agrupacións: Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *A boca do inferno*; Aula Municipal de Teatro de Laxe, con *Enredos*; Alentía Teatro, con *Folerpas*; e Grupo Teatral Movemento Xuvenil Don Baltasar, con *Mórdeme*.

Outono de Teatro, Vedra

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Papaventos. A edición de 2008 tivo lugar entre o 4 e o 19 de outubro e desenvolveuse no Centro Cultural de San Miguel de Sarandón, en Vedra. Contou coa participación dos seguintes grupos de teatro amador: Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Historia dunha escaleira*; Andaravía Teatro, con *Anacos de nós*; Argallando Educación e Tempo Libre, con *Charlie e a fábrica de chocolate*; Carpe diem, con *A lenda do pirata*; Escola de Teatro Falcatrueiros, con *Clown Escola*; e Escola de Teatro Municipal Ánxel Casal, con *Maribel e unha familia exquisita*.

Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal. A edición de 2008 celebrouse entre o 15 de novembro e o 6 de decembro no

Teatro Elma, e participaron os seguintes grupos de teatro afeccionado: Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Historia dunha escaleira*; Bradomín Teatro, con *Mulleres de seu*; Candilexas, con *Mellor ser can que vivir como can*; o Grupo Teatral Municipal de Ribeira, con *A casa de Bernarda Alba*; Atlántica de Matamá, con *O polbo morto*; e Tiruleque, con *Silicon valley*.

Outono Teatral, Rodeiro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Fontemaia con lugar das representacións no Auditorio do Centro Cultural Rodeiro. Entre as agrupacións presentes figuraron: o Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Historia dunha escaleira*, *A boca do inferno* e *Alicia no país das marabillas*; Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*; e o Grupo Teatral Falcatrueiros, con *Morte no garaxe*.

Outono Teatral, Salceda de Caselas

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo grupo teatral Atrezzo Teatro cuxas representacións tiveron lugar en Salceda de Caselas, entre as que se contou con: *O cuarto do príncipe*, por Carfax Teatro; *Acto imprevisto*, por Teatro de Cámara Ditea; *A Voda*, por Atrezzo Teatro; *O libro de ler e desler*; por Achádego Teatro; e *Remoldiño vai á feira*, por CasaHamlet.

Outono Teatral, Vigo

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Sociedade Cultural Deportiva Atlántida de Matamá. Tivo lugar en Vigo entre o 16 e o 30 de novembro no Auditorio S. C. D. de Matamá. A edición de 2008 contou coa participación do Grupo de Teatro Bradomín, con *Mulleres de seu*; o Bordelo, con *O mariñán*; e Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*.

Outubro Amador, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural A Bufarda, cuxas representacións tiveron lugar no Auditorio Forum Metropolitano da Coruña. No ano 2008 ofreceu as obras: *Aquí non chama nin Dios*, por Petit Comité; *Fóra de quicio*, polo Grupo Teatral Libélula; *Cometa cometa*, polo Grupo Teatral Aturuxo de Melpómene; *"La revuelta"*, por Ateaco Teatro; e *Historias peregrinas*, pola Compañía de Teatro Municipal Concello de Sada.

Palas de Rei, IXª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Organizada polo Grupo Metátese Teatro tenta mostrar o traballo dos grupos afeccionados galegos e foráneos que participan en cada edición. No ano 2008 celebrouse entre novembro e decembro e participaron as agrupacións galegas Ateaco, con *O achado do castro*; o Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, con

Historia dunha escaleira; a Escola Municipal de Teatro de Culleredo, con *Transilvania*; o Grupo de Teatro Movemento Xuvenil Don Baltasar, con *Vostede ten ollos de muller fatal*; a Escola de Teatro Falcatrueiros, con *Morte no garaxe*; e Metátese Teatro, con *Soño de verán* e *Dime con quién andas y te diré quién eres*.

Referencias varias:

- Tania F. Lombao, "A mostra de teatro afeccionado levará a Palas dez compañías", *El Progreso*, "Comarcas", 20 agosto 2008, p. 9.

Faise referencia á novena Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei, promovida polo grupo de teatro Metátese e que se celebraría do 27 de agosto ao 7 de setembro. Explícase que se levarán a cabo dez representacións, todas elas na casa da cultura de Palas; ademais apúntase que a Mostra vai contar con dous premios de carácter literario, os premios "Mácara", que recoñecen o labor de Lino Braxe, e "Careón", que recoñece o traballo literario de Inma López Silva. Tamén se refire á sinatura dun convenio para a creación dunha escola de teatro. Por outra parte, recóllese unha táboa co programa de actuacións previstas para a Mostra Internacional.

- Tania F. Lombao, "Palas estreará unha escola de teatro cuns 70 alumnos", *El Progreso*, "Comarcas", 27 agosto 2008, p. 15.

Explícase que no concello de Palas de Rei o grupo teatral Metátese está promovendo a creación dunha escola de teatro, para a cal teñen previsto contar coa participación duns setenta alumnos e alumnas, dos cales se di que estarían divididos en distintos grupos segundo a idade e o nivel formativo, e que recibirían clases desde outubro até xuño. Apúntase que o teatro sería o complemento perfecto aos estudos realizados no colexio, e que ademais, está previsto que as clases se centren na expresión corporal e oral aínda que tamén terían importancia os obradoiros de maquillaxe, iluminación e imaxe. Tamén se fai un apunte sobre o comezo da IXª Mostra Internacional de Teatro Amador en Palas de Rei.

- Begoña Mouriño, "A Mostra de Teatro de Palas lembra a un actor falecido en Baraxas", *El Progreso*, "Comarcas", 8 setembro 2008, p. 8.

Nesta noticia explícase que a oitava edición da Mostra de teatro Internacional Amador de Palas de Rei se pechou coas actuacións do grupo Metátese Teatro, con *Soño de Verán*, e *Dime con quién andas y te diré quién eres*, esta última de Alejandro pantani. Cóntase que na presentación, feita por Alonso García, se lembrou ao actor José Vicente Kobaina, membro do grupo "Skene" de Gran Canaria, e falecido nun accidente de avión da compañía aérea Spanair. Ademais, apúntase que na Mostra se fixo entrega do premio "Mácara" a Lino Braxe, quen asegurou que o teatro non está en crise.

- E. Riveira, "Metátase pondrá en marcha un ciclo de teatro en Palas en el mes de noviembre", *El Progreso*, "Comarcas", 23 outubro 2008, p. 23.

Dise que as compañías que participan no ciclo de teatro durante o mes de novembro en Palas, organizado polo grupo Metátese Teatro, en colaboración co Concello, son: o grupo da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, con *Historia dunha escaleira*; a Escola Municipal de Teatro de Culleredo, con *Transilvania*; o grupo xuvenil Don Baltasar, con

Vostede ten ollos de muller fatal; Ateaco, con *O achado do castro*; e Falcatrueiros con, *Morte no garaxe*.

- E. Riveira, "La casa de la cultura de Palas acogerá desde el día 8 un ciclo de teatro", *El Progreso*, "A Ulloa", 1 novembro 2008, p. 23.

Nesta noticia explícase que o grupo Metátese Teatro, en colaboración co concello de Palas, organiza un ciclo de teatro formado pola representación de cinco obras. Dise que a apertura do programa corre a cargo da Escola Municipal de Teatro de Culleredo, con *Transilvania*, e que as outras obras serán *Historia dunha escaleira*, do grupo da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, *Vostede ten ollos de muller fatal*, de "Movemento Xuvenil Don Baltasar", *O achado do castro*, de Ateaco, e *Morte no garaxe*, de Falcatrueiros. Infórmase de que todas as obras son representadas en sábados sucesivos até o 6 de decembro.

Pedra do Moucho, Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado pola Asociación Cultural Pedra do Moucho, ten lugar no Teleclube de Ons, en Brión. Na edición de 2008 participaron os seguintes grupos de teatro afeccionado: Marañao Teatro, con *O achado do castro*; Grupo de Teatro Fonte Vella, con *Pra qué viría eu ó médico*; e Teatro de Atlántida de Matamá, con *O polbo morto*.

Poio, VIIº Circuíto de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado que na edición de 2008 contou coa participación dos grupos Lúa Chea con *O cianuro, só ou con leite*; e Aturuxo con *Tres veces á semana e unha ventá*; ademais da Asociación de Adolescentes de 60 a 80 Anos.

Referencias varias:

- M. A. C., "El VII Circuíto de Teatro Afeccionado llevará las actuaciones a las parroquias", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra. Poio", 10 abril 2008, p. 14.

Dise que o Circuíto de Teatro Afeccionado do Concello de Poio inclúe coma novidades na súa sétima edición actuacións polas diferentes parroquias e unha entrega de premios. De entre todas as representacións saliéntase que Lúa Chea pechará o evento coa montaxe *O cianuro, só ou con leite?*, de Juan José Alonso Millán. Tamén se anuncia que no último día se entregarán os galardóns "Lúa Chea", que recoñecerán as mellores interpretacións.

- A. P., "Campelo acogió la inauguración del Circuíto de Teatro Afeccionado", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Provincia", 14 abril 2008, p. 10.

Dá conta da primeira xornada do VIIº Circuíto de Teatro Afeccionado de Poio onde decenas de veciños asistiron á obra de monicreques representada pola Asociación de Adolescentes de 60 a 80 anos, un grupo de xubilados que desenvolveu un guión dedicado aos máis pequenos.

- M. A. C., “La entrega de premios ‘Lúa Chea’ cerrará el Circuíto de Teatro de Poio”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Poio. Comarca”, 10 maio 2008, p. 15.

Coméntase que o VIIº Circuíto de Teatro Afeccionado presenta como últimas obras *Tres veces á semana e unha ventá*, de Aturuxo de Baión, e *O cianuro, só ou con leite?*, de Lúa Chea. Tamén se anuncia que se entregarán os galardóns aos mellores actores e personaxes. Entre as novidades da edición deste ano saliéntanse tanto estes premios coma a extensión das postas en escena ás parroquias do municipio.

Pombiña, Mostra de Teatro de A

A sociedade A Pombiña, de Pedroso, organizou neste ano 2008 unha mostra de teatro patrocinada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Teatro (FEGATEA). As seguintes compañías de teatro amador participaron nesta mostra de teatro: a Asociación Cultural A Garola, con *A lenda do pirata*; o Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Historia dunha escaleira*; o Grupo Teatral da Asociación Cultural Os Amigos da Farándula, con *O chufón*; o Grupo de Teatro Cultural A Pombiña, con *O usureiro engaiolado*; e o Grupo de Teatro Teruca Bouza, con *A muller do meu amigo engáname*.

Pontevedra escénica

Ciclo iniciado polo monologuista Carlos Blanco que ten lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra no que se mesturan diferentes artes escénicas. Participaron nesta edición os grupos teatrais Pistacatro, o Centro Dramático Galego, Nut Teatro, o Centro Coreográfico Galego, Yllana, Ara Malikian e Carlos Blanco, con *Humor neghro*.

Referencias varias:

- Lara Varela, “Cóctel de teatro, circo y humor”, *El País*, “*Galicia*”, 28 xaneiro 2008, p. 6.

Dise que o Pazo da Cultura de Pontevedra acolle o ciclo “Pontevedra escénica” co obxectivo de mesturar distintas artes da escena. Anúncianse as participacións de compañías e humoristas, así como actuacións musicais.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Caixanova organiza anualmente, coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios, unha tempada de abono de teatro galego en diferentes cidades de Galicia. Os espectáculos teñen lugar nos centros culturais de Caixanova, en teatros e auditorios das cidades, entre os que se conta cos catro recintos escénicos de titularidade privada que integran a Rede Galega de Salas: Teatro del Andamio (A Coruña), Sala Nasa (Santiago de Compostela), Teatro Ensalle (Vigo) e Teatro Arte Livre (Vigo); e abranguen un heteroxéneo tipo de actividades que van desde o teatro á danza, pasando

polos concertos, exposicións, maxia, cinema e outras actividades. No ano 2008 participaron até cento vinte e oito compañías, das cales cento dúas son galegas. Entre elas: Producións Excéntricas, con *Obra (No comment)*; Teatro do Atlántico, con *A bombilla máxica* e *Unha primavera para Aldara*; Teatro do Andamio, con *A lingua das bolboretas*; Nut Teatro, con *A mirada de Pier*; Talía Teatro, con *Anfitrión*, *O merlo branco*, *Quero ser grande*, *Menos lobos*, *Mundos contados* e *Anfitrión, e ti quen vés sendo?*; Andrómena Teatro, con *A porta pechada*; Fulano, Mengano e Citano, con *Arte*; Lagarta Lagarta, con *As últimas lúas*; Teatro do Adro, con *Comida chinesa*; Artesán Teatro, con *Estoraque, o Indiano*; Teatro do Noroeste, con *Extrarradios* e *Romeo e Xulieta*; Teatro D2, con *Flores migratorias*; Bacana, con *Hendaya, mon amour*; Abada Teatro, con *Humor neghro*; Teatro Lope de Vigo, con *Ide todos ó inferno*; Pistacatro, con *Kamikaze* e *Swing Guitars*; B. B. Producións, con *Lili Camaleón*; Casa Hamlet, con *Lionel (o malestar do benestar)*; Sarabela Teatro, con *Margar no pazo do tempo* e *Cristovo e o libro das marabillas*; Teatro de Ningures, con *Misericordia* e *Emigrados*; Teatro Galileo, con *Náufragos*; Malasombra, con *Non é tan fácil*; Nunca +1, con *Novecento*; Teatro Galileo, *O avaro*; Teatro do Morcego, con *O club da calceta*; 40 Pasos, con *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*; Volta e Dálle Teatro, con *Pan*; Teatro Xerpo, con *Salpicados*; Mofa e Befa, con *Sempre ao lonxe*; Teatro Ensalle, con *Te has perdido el mar*; Imagina Machina, con *Ubú rei* e *A habitación da maxia*; Espello Cóncavo, con *Zardigot*; Berrobambán, con *Boas noites*; Tanxarina Títeres, con *Os narigudos*, *Sombreiros sen chapeu* e *Titiricircus*; CIA La Sonrisa del Lagarto; Tarambana, con *Gaia*; Disque Danza, con *Menú Vexetal (dáme verde)*; Cyrille Sinclair de Magia a la Carta, con *Divertilandia*; Caramuxo Teatro S. C., con *Historia dunha semente* e *Lazarillo*; Títeres en acción, con *A extraña viaxe*; Tres Globos, con *Pedro e o Lobo, singular versión*; The Pinga Teatro, con *Unha rosa no xardín*; Producións Acontrabutaca, con *Robin Hood*; Artello Teatro Alla Scala 1:5, con *Unha de amor*; Migallas Teatro, con *Un avó especial*; Os Monicreques de Kukas, con *Un agasallo para Xaquín*, *Sen título 4x8x6* e *A doncela guerreira*; Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*; Sapristi, con *Ao son das cousas*; Galitoon, con *Golulá*; Os Quinquilláns, con *O mago de Oz*; Títeres Trompicallo, con *Bolboreta* e *Nadarín*; Decamerón e CÍA, con *O xuízo da adúltera Filipa*; Pisando ovos, con *30.000*, *N8 OHX*, *No intre 1.8000* e *Misolo-Menos 1*; Entremans con *Qué pasa aquí?*; Bengala Producións, con *Historia do soldado*; Hilando títeres; Cámara Negra Teatro; Cuarta Pared; Cambaleo Teatro; Pablo Nojes e Páprika Teatro; Títeres Cascanueces, con *O gato simple*; Arela das Arteas, con *Ifixenia en Áulide*; e Viravolta Títeres, con *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O teatro da Rede Galega roldou no 2007 os noventa mil espectadores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2008, p. 49.

Achega os datos estatísticos da asistencia de público ás funcións levadas a cabo pola Rede Galega de Teatro e Auditorios e a Rede Galega de Salas. Salienta, o aumento das funcións e da recadación en relación ao ano 2006. En columna á parte, informa de que comeza a quinta edición do Festival Manicómicos que presenta un dobre programa (espectáculos de interior e outros destinados á rúa) e dá conta dalgunhas das actuacións que se levarán a cabo. Así mesmo, comenta que vai ter lugar o acto no que se darán a coñecer os finalistas dos distintos apartados dos premios María Casares.

- A. Martínez, “Programación otoñal de alto nivel de Caixanova y el Concello herculino”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 16 setembro 2008, p. 67.

Descríbese a programación de outono de Caixanova na Coruña informando de que se conforma de danza, música ou teatro. Entre as obras anunciadas está *Aeroplanos*, da compañía Lagarta, lagarta, e *A boa persoa de Sezuán*, do Centro Dramático Galego (CDG).

- X. L. Q., “El programa de teatro empieza el sábado en Monforte con Nancho Novo”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 1 outubro 2008, p. 16.

Indícanse as actuacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios que comezan en Monforte, entre as que se salientan *Unha primavera para Aldara* por Teatro do Atlántico, o grupo Bacana con *Hendaya, mon amour*, e varias representacións de teatro infantil, como *Cristovo e o libro das marabillas* por Sarabela Teatro, ou *Menú vexetal* de Disque Danza.

- Lidia M. Gallas Otero, “A última montaxe de Mofa e Befa achega ao público ás misturas culturais”, *Diario de Arousa,* “Arousa, un mar de cultura”, “Teatro”, 19 outubro 2008, p. 29.

Sinala que en Ribeira se está a celebrar a Mostra de Teatro do concello, na que participou a compañía Talía Teatro coa obra *Anfitrión*, e a compañía Mofa e Befa con *Sempre ao lonxe.* Precísase que nesta última obra, dirixida por Quico Cadaval e na que actúan Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz, mestúrase o humor e a música coa finalidade de reflexión sobre os que vemos a diario e consideramos distintos a nós. Indica que con esta reflexión a compañía Mofa e Befa pretende achegar as súas obras a todos os públicos.

- Rubén Bruña, “La obra ‘Comida Chinesa’ abre el ciclo de teatro en gallego 4x2”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 1 novembro 2008, p. 12.

Dá conta do festival de teatro 4x2 que ofrece na presente edición catro espectáculos teatrais incluídos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Sinálase que as representacións serán levadas a cabo no Teatro Rosalía de Castro e entre elas cóntanse coa obra *Comida Chinesa*, así como diversas funcións escolares para alumnos de Bacharelato e Secundaria, *O Club da Calceta* e *Obra. No Comment*.

- Sara Roldán, “Anabel Carro y Luis Rey presentan un ciclo de teatro de primer nivel para esta temporada”, *Diario de Arousa*, “Cambados local”, “Cultura”, 6 novembro 2008, p. 11.

Faise eco do inicio da programación teatral de Cambados para o segundo semestre do ano dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Dise que a inauguración corre a cargo da obra de Fulano, Mengano e Citano, *Arte*. Tamén se di que haberá catro representacións para público adulto que terán lugar no Auditorio Municipal todos os domingos de novembro. As outras tres obras serán *Extrarradios*, unha comedia urbana de Luz Gómez; *A lingua das bolboretas*, cuxo texto é de Manuel Rivas, será

representada por Teatro do Andamio; e *Ifixenia en Áulide*, de Arela das artes, que supón o regreso do teatro grego.

Ribadavia, XXIVª Mostra Internacional de Teatro de

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellaría de Cultura, está dirixida por Rubén García e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Desde o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2008 conta coa iniciativa do Premio Abrente de Textos Teatrais, co que se dá apoio aos novos creadores. Nesta edición participaron Carlos Losada; Lagarta Lagarta, con *Aeroplanos*; Teatro de Ningures, con *Bailadela da morte ditosa*; Teatro Meridional; o Centro Coreográfico Galego, con *Kiosko das almas perdidas*; o Centro Dramático Galego, con *Estigma*; Camut Teatro; Galitoon, con *Golulá*; Teatro Cachuzo, con *Game over*; Rubén Ruibal, con *Limpeza de sangue*; Títeres Cachirulo,con *Pinochio*; Artello Teatro, con *Polgariño*; e Nut Teatro, con *4.48 Psicose*; ademais de Uróc, os vascos Organik, os alemáns Familie Flöz, os portugueses Circolando e os madrileños Teatro del Aire.

Referencias varias:

- X. A. R., "A Mostra Internacional de Teatro reunirá en Ribadavia a 24 grupos durante unha semana", *La Región*, "Ribeiro", 6 xuño 2008, p. 19.

Anúnciase que dúas ducias de compañías de diferentes partes de España e do resto do mundo actuarán na MIT de Ribadavia, na que se verán montaxes de Lagarta Lagarta, Familie Flöz, Camut Teatro, Uroc, Meridional ou Circolando. Coméntase que Lagarta Lagarta acode á Mostra de Ribadavia en calidade da gañadora do premio do público na edición do ano pasado, e que chegará co seu último espectáculo, *Aeroplanos*. Finalmente coméntase que a pregoeira desta volta será a actriz galega María Bouzas.

- Camilo Franco, "Las Mostras de Ribadavia y Cangas abren el verano teatral gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2008, p. 30.

Dá conta de dúas das mostras teatrais máis importantes do mundo cultural galego: a Mostra teatral de Ribadavia e a de Cangas. Sinálase que a primeira delas non só afonda no mundo do teatro, senón tamén no do circo e da danza, mentres que a de Cangas retoma o humor e a comedia como formas da vida teatrais. Destácase a presenza na mostra de Cangas da última montaxe de Els Joglars e, no caso de Ribadavia, do grupo alemán Familie Flöz.

- Xosé Manuel Piñeiro, "Cita teatral en Ribadavia", *Atlántico Diario*, "Opinión", p. 3/*La Región*, "Opinión", p. 21, 27 xuño 2008.

Referencias a distintas edicións do festival teatral de Ribadavia, do que se gaba o feito de que popularizou esta arte.

- M. X., “Cangas e Ribadavia, dous festivais para todos os públicos”, *A Nosa Terra*, n.º 1517, “Cultura”, 3-9 xullo 2008, p. 24.

Indícase que a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas celebra os seus vinte e cinco anos cun amplo desplegue de espectáculos na rúa, monicreques, circo, exposicións, cursos e obradoiros, ademais de actuacións no Auditorio Municipal, e o 1º Encontro Ibérico de Revistas de Teatro. Infórmase de que a programación se abre coa compañía Els Joglars, con *A cea*, da que se di que é unha sátira sobre o cambio climático. Outras montaxes mencionadas son *O grande criador*, da compañía lisboeta Chapitô, e o espectáculo de marionestas *Sen título 4x8x6*, de Monicreques de Kukas. Por outra parte, tamén se salienta Alén teatro, con *Las siamesas del puerto*, e apúntase que a obra máis importante será *Aeroplanos*, dirixida por Rosa Álvarez e protagonizada por Ernesto Chao e Xosé manuela Olveira “Pico”. Dise que esta obra tamén será representada na vixésimo cuarta Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que tamén contará coa iniciativa do Premio Abrente de Textos Teatrais de apoio aos novos creadores. Nesta edición da mostra de Rivadavia faise destacar *Hotel Paradiso*, unha montaxe dos alemáns Familie Flöz. Outras representacións anunciadas son as de *Charanga*, dos portugueses Circolando, a adaptación da *Bailadela da morte ditosa*, por parte de Teatro de Ningures, e Teatro Meridional. En relación coa danza fálase da obra *Kiosko das almas perdidas,* do Centro Coreográfico Galego, e de Camut Teatro. Tamén se salienta a montaxe dos madrileños Teatro del Aire, *La piel del agua*, coa recreación dun baño musulmán.

- Manuel Xestoso, “O teatro das noites de verán”, *A Nosa Terra*, n.º 1317, “Cultura”, 3-9 xullo 2008, pp. 24-25.

Reportaxe sobre os festivais de verán, un fenómeno no que se mesturan turismo, cultura e entretemento e que supoñen grandes beneficios para os concellos que os organizan, ao incrementar o tráfico de visitantes e a atención mediática sobre eles. Os encontros tamén supoñen en ocasións interesantes rampas de lanzamento para as compañías. Para Xestoso, o principal elemento que caracteriza estes festivais é a súa natureza dicotómica, a permanente dualidade na que se moven: mostra de espectáculos, compañías e tendencias de difícil visibilidade durante o resto do ano por un lado, e acicate para captar novas audiencias e estimular o interese polo teatro por outro. A necesidade de captar novas audiencias é esencial nun territorio como Galicia, no que unha inmensa maioría da poboación non vai nunca ao teatro. Este requerimento provoca que as programacións dos festivais se movan entre o teatro máis convencional e o máis transgresor. Xestoso considera que o que si se lles debería reclamar, en calquera caso, é unha permanente autoavaliación, que lles permita “redefinir o seu lugar dentro do sistema ao que pertencen”. Ou sexa, seguir o ideal clásico do “instruír deleitando”. Nun despece complementario faise referencia aos festivais decanos en Galicia, que no que se refire á Mostra de Ribadavia destaca a busca de satisfacer a todo tipo de espectadores e salientar algunha das postas en escena, como *Aeroplanos* e a celebración dunha nova edición do Premio Abrente de Textos Teatrais.

- Marga Tojo, “<Ten que haber dunha vez unha normalización teatral>”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 717, “Palabras cruzadas”, 13 xullo 2008, p. 12.

Entrevista realizada a Rubén García, director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que se recolle o programa da súa XXIVª edición. García recorda a Iª Mostra de Teatro Abrente, en 1973, a antecesora da actual Mostra de Teatro e da que se di que foi o momento de modernización do teatro galego, que estaba inmerso nun panorama desolador. Tamén conta como xurdiu a idea de facer o Iº Festival Internacional de Teatro nun momento no que en Galicia non entraba case nada do teatro do exterior. Di que se conseguiu que a Mostra sexa un referente importante pero amólase de que non haxa unha aposta firme por parte das institucións e pide que haxa unha normalización teatral no noso país. Ademais, destácase que o cartel anunciante da Mostra deste ano pretende ser unha homenaxe aos cómicos que pasan por Ribadavia. Á marxe da entrevista, inclúese que a obras máis destacada da Mostra do 2008 é *La piel del agua*, de Teatro en el Aire, do que se comenta que se trata dun espectáculo reservado exclusivamente para o público feminino que trata o universo común das mulleres de todo o mundo. Tamén se resalta *Hotel Paradiso*, unha comedia negra de "Familie Flöz"; *Aeroplanos*, de Lagarta Lagarta; e Teatro Meridional. Por último, anúnciase que a pregoeira desta edición é a actriz galega María Bouzas.

- Javier Romero, "Rubén García protagonizó todos los discursos de la Mostra de Ribadavia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 xullo 2008, p. 57.

Fai referencia á inauguración da vixésimo cuarta edición da Mostra Internacional de Teatro. Dise que na cerimonia de presentación destacaron os discursos de Rubén García, lido por Mercedes Castro, e o da actriz María Bouzas, quen recordou o bo e o malo da profesión dedicada ao teatro. Tamén se apunta que o vindeiro ano a Mostra cumpre vinte e cinco anos. Por outra banda, indícase que nesta Mostra contarán coa participación de vinte e catro compañías, e saliéntanse as obras *La piel del agua*, unha montaxe sobre as mulleres e a propia vida, e *Hotel Paradiso,* de "Familie Floz".

- Patricia Torres, "Ribadavia se convierte en la capital del teatro con 24 compañías internacionales", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 20 xullo 2008, p. 45.

Nesta noticia faise referencia ao pregón da XXIVª edición da Mostra de teatro de Ribadavia, que correu a cargo da actriz María Bouzas. Asegúrase que nesta Mostra se intentou facer unha programación variada con espectáculos para adultos e para nenos. A continuación dise que esta edición contará coa participación de vinte e catro compañías de Alemaña, Brasil, Portugal, Arxentina e Galicia. Apúntase que unha das novidades é a existencia dunha obra exclusiva para o público feminino a cargo da compañía Teatro en el Aire, que recrea un baño tradicional musulmán.

- X. A. R, "Las entradas se agotaron en la primera sesión nocturna de la MIT en el auditorio del castillo", *La Región*, "O Ribeiro", 21 xullo 2008, p. 10.

Faise referencia ao inicio da vixésimo cuarta edición da Mostra de Teatro de Ribadavia coa representación da obra da compañía catalana Camut Teatro, *La vida es ritmo*. Fálase da posibilidade de superar as expectativas de afluencia de público xa que esa primeira obra foi vista por unhas seiscentas persoas. Tamén se apunta que se celebrarán catro espectáculos diferentes en distintas parroquias próximas a Ribadavia: *Pinochio*, de Títeres Cachirulo; *Polgariño e Cía*, de Artello Teatro; *4.48 Psicose*, de Nut Teatro; e *Adosados*, de Uróc.

- L R, “La Mostra se traslada al rural”, *La Región*, “O Ribeiro”, 22 de xullo 2008, p. 14.

Neste texto ponse en relevancia a representación de *Estigma*, do Centro Dramático Galego, na noite do día anterior á noticia. Explícase que esta obra de suspense e humor foi a encargada de pechar a Mostra de Teatro de Ribadavia. Posteriormente dise que durante o día anterior se presentaron catro espectáculos que foron levados ao rural con representación na localidade de San Paio, co fin de descentralizar a programación. Dise que as compañías que representaron foron Títeres Cachirulo, Artello Teatro Alla Scala 1:5, e Nut Teatro. Engádese que a mostra contou con catro ou cinco actuacións cada día. Finalmente adiántase a programación da xornada seguinte, para a cal se tiña previsto a representación da compañía alemá “Familie Flöz” dunha comedia negra de máscaras.

- Patricio Sánchez, “A Mostra de teatro”, *La Región*, “Opinión”, 23 xullo 2008, p. 20.

Trátase dun artigo de opinión centrado na Mostra de Teatro de Ribadavia da que di que demostra que o teatro é algo accesíbel a todo o mundo. Destácase a calidade e a diversificación como compoñentes esenciais desta Mostra, así como a atención ao público infantil. Porén, di que hai dous aspectos que deslocen a Mostra, que son a falta dunha axeitada oferta hostaleira na comarca e a non continuidade na oferta turística de grandes acontecementos.

- Camilo Franco, “Todo o demais é ruído”, *La Voz de Galicia*, “Cartelera y Críticas”, “Teatro”, 24 xullo 2008, p. 62.

Dá conta da Mostra de Teatro de Ribadavia e dunha das pezas que nela se representa, *Hotel Paradiso*, de Familie Flöz. Sinálase que esta peza volve aos inicios do teatro clásico, ás máscaras e ao contacto máis directo co público, en complicidade coas personaxes e a acción desenvolta nunha serie de gags.

- J. R., “La demanda de entradas para la Mostra de Ribadavia se dispara”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xullo 2008, p. 55.

Faise eco da boa acollida da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) e da elevada demanda de entradas, especialmente para as tres últimas xornadas. Sinálase que no caso dunha das pezas da mostra, *La piel del agua*, mesmo foi necesario colgar o cartel de completo. Para estas últimas sesións, saliéntase a peza galega *Bailadela da morte ditosa*, interpretada pola Compañía de Teatro de Ningures.

- L R, “Hasta 21 euros por una entrada en la reventa”, *La Región*, “Verano”, “Mostra de teatro de Ribadavia”, 24 xullo 2008, p. 18.

Faise referencia a cinco das obras representadas durante unha das xornadas da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, explícase a boa acollida por parte do público e coméntase a existencia de xente disposta a pagar vinte e un euros por unha entrada de cinco na revenda. A continuación apórtase unha entrevista a Casilda García, actriz da compañía Teatro de Ningures, por parte de Sabela Pinal na que fai referencia ao argumento da obra que o seu grupo ía representar durante a Mostra, *Bailadela da morte ditosa*. Posteriormente, as preguntas pasan a ser máis persoais en relación coas razóns que a levaron a converterse en actriz e os seus comezos no teatro afeccionado así como

a súa opinión sobre a Mostra Internacional, da que considera que está totalmente consolidada.

- Rosa Veiga, "Confidente, cómplice e xogadora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xullo 2008, p. 38.

Faise referencia á obra *La piel del agua*, da compañía Teatro en el Aire, que está dirixida a un público exclusivamente feminino e que será parte da programación da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

- L R, "La madrugada también atrae espectadores", *La Región*, "Verano", "Mostra de teatro de Ribadavia", 25 xullo 2008, p. 20.

Explícase a satisfacción dos organizadores da Mostra de Ribadavia debido á boa resposta do público en case todas as obras representadas. Por outra banda, faise referencia aos espectáculos ao aire libre e de madrugada, como por exemplo *Cuentos del sur*, que foi representada na Praza Maior. A continuación explícase que o Centro Coreográfico Galego sería o encargado de poñer fin á Mostra ao mesmo tempo que rematarían a súa xira coñecida como *Kiosco das almas perdidas*, e con respecto ao cal se engade que o espectáculo, que apostou pola innovación e creación, foi visto por máis de seis mil cincocentos espectadores en oito municipios galegos e noutras cidades fóra de Galicia.

- X. A. Reboiro, "Un recoñecemento para os protagonistas", *La Región*, "Verano", 26 xullo 2008, p. 16.

Recóllese o peche da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia coa entrega de premios para espectáculos e textos teatrais. Dise que durante a gala, presentada por Antonio Durán, "Morris", farase entrega dun premio que conceden os espectadores ao mellor espectáculo. Por outra banda infórmase de que un xurado de expertos tamén selecciona a mellor montaxe e encárgase da escolma entre os mellores textos teatrais para elixir o "Premio Abrente", ademais do Premio de Honra da MIT á Asociación de Actores e Actrices de Galicia. Finalízase dicindo que o remate da Mostra estará a cargo do grupo vasco "Organik" coa obra *Malditas*.

- Javier Romero/Camilo Franco, "A obra 'Augusta' de Carlos Losada obtén o premio teatral Abrente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 xullo 2008, p. 56.

Recóllense as obras premiadas na vixésimo cuarta edición da Mostra Internacional de teatro de Ribadavia, entre as que se di que a obra *Augusta*, de Carlos Losada Galiñáns, foi para o xurado, que estaba formado por Rubén García, director da MIT,Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego, Eduardo Alonso, director de escena e Fernando Dacosta, actor, a mellor obra pola súa innovación e pola calidade literaria e riqueza de personaxes. Coméntase asemade que a obra *Hotel Paradiso*, de "Familie Flöz", obtivo o premio do xurado ao mellor espectáculo de sala; que *Golulá*, do grupo "Galitoon", recibiu o premio ao espectáculo máis innovador; que Teatro Meridional, foi galardoada co premio do público; e que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia foi agasallada co premio de honra polo seu labor. Recórdase que a Mostra cumpre para o seguinte ano as súas vodas de prata e que o obxectivo máis inmediato é o de aumentar o financiamento e converter a Mostra no festival galego de referencia. Ademais dise que

o director, Rubén García, pide un maior apoio por parte das institucións e dos patrocinadores. Finalmente di que quere que Ribadavia manteña o seu título de capital do teatro en Galicia considerándoa unha referencia, e pide a celebración do Congreso do Teatro Galego.

- L R, "El teatro de Alemania cautivó al jurado", *La Región*, "Verano", "Mostra de Teatro de Ribadavia", 27 xullo 2008, p. 22.

Ponse en relevancia o fin da Mostra de Teatro de Ribadavia, así como os premios por parte do xurado aos mellores espectáculos, entre os cales se di que o premio do xurado ao mellor espectáculo recaeu na compañía alemá "Familie Flöz" coa posta en escena da obra *Hotel Paradiso*, e o premio para o espectáculo máis innovador foi para o grupo galego Galitoon, coa obra *Golulá*. Infórmase de que o xurado da Mostra estaba formado por representantes da Asociación Arrimadeira, da Cruz Vermella, da Asociación Amigos do Museo Etnolóxico, e do Teatro do Vilar, ademais de votar tamén o público á súa obra favorita, que resultou elixida, unha peza da compañía madrileña Teatro Meridional. A obra *Augusta*, de Carlos Losada Galiñáns, dise que recibiu o recoñecemento do xurado, e explícase que tras o acto, a compañía galega Lagarta Lagarta representou a obra *Aeroplanos*; finalmente infórmase de que a xornada concluíu con Arrancadeira e a súa *Charanga fin de festa*, e Organik co seu espectáculo *Malditas*.

- V. Oliveira, "Augusta, trasunto do Alzhéimer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xullo 2008, p. 31.

Faise referencia á obra *Augusta* de Carlos Losada Galiñáns, que conseguiu o Premio Abrente da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos galardóns máis importantes da dramaturxia galega. Dise que o xurado estivo formado polo director da MIT, Rubén García, a directora do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, o director Eduardo Alonso e o actor Fernando Dacosta. Coméntase asemade que a obra ten como base o alzhéimer e que xoga moito coa técnica do flash-back. Faise fincapé en que o autor considera esta oportunidade como unha nova ocasión de publicar teatro trala súa anterior obra, *Game Over*, con respecto á que se informa de que será a compañía Cachuzo a encargada de levala aos escenarios, ademais de preparar o Premio Manuel María. Tamén se explica que teñen en mente representar a obra *Limpeza de Sangue*, de Rubén Ruibal, aínda que sería necesario un aumento no número de actores. Losada di que o teatro galego precisa dun impulso monetario e que estas axudas económicas sexan en condicións iguais para todas as compañías. Ademais, recóllese un pequeno aparte no que se inclúen os inicios teatrais de Losada coa dirección de grupos universitarios e tamén os seus traballos como director, deseñador de vestiario ou escenógrafo.

- L R, "Las 27 funciones de la Mostra de Teatro contaron con más de 8.000 espectadores", *La Región*, "O Ribeiro", 30 xullo 2008, p. 13.

Recórdase que máis de oito mil espectadores pasaron pola Mostra nun total de vinte e sete funcións. Explícase que os espectáculos se repartiron entre o castelo dos Sarmiento, o centro social da Madanela, a Praza Maior, a Casa da Cultura, a Alameda e as rúas da vila, así coma algunhas localidades do medio rural. Engádese que se realizaron dous cursos e se convocaron cinco premios, de entre os que se salienta que o premio ao mellor espectáculo foi para a obra *Hotel Paradiso* de "Familie Flöz", a montaxe máis

innovadora foi a de *Golulá* de Galitoon. E que o público elixiu a peza de Teatro Meridional. O premio de honra foi para a Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

- maré, "Que a viaxe sexa boa, Rubén", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2008, p. 29.

Nesta noticia faise referencia á morte de Rubén García, director da Mostra de Teatro de Ribadavia e un dos pioneiros no impulso das artes escénicas de Galicia. O edil de Cultura Anxo Collarte explica que se trata dunha perda irreparábel para o mundo da cultura ribadaviense xa que deu a coñecer Ribadavia no exterior. Dise que a última homenaxe recibida por García foi na última Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia despois de estar á fronte da mesma desde o seu comezo e durante 25 anos.

Ribadumia, XIIª Mostra Internacional de Teatro Afeccionado de

Mostra de Teatro afeccionado celebrada en Ribadumia que na edición de 2008 contou coas actuacións da Aula de Teatro Universitario de Ourense, con *1984*; Alecrín, con *Leite de cabra*; Expresión Teatro, con *Vaia ladrón*; Aturuxo, con *Un mal* día; e a obra infantil *Boas noites*, por parte de Berrobambán.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Buen día para grandes caminatas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 maio 2008, p. 78.

Dise que a compañía Berrobambán presentou no Auditorio de Ribadumia a obra *Boas Noites*. Anúnciase tamén que o Teatro Principal vai acoller, dentro da XIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario, a representación da obra *1984*, baseada na novela de Orwell e a cargo da Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

- C. L., "El Auditorio Santa Eulalia acoge la 'XIIª Mostra de Teatro Afeccionado", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Ribadumia", 18 novembro 2008, p. 15.

Dá conta da XIIª Mostra de Teatro Afeccionado, organizada polo concello de Ribadumia, salientando tres dos grupos teatrais que participan representando outras tantas obras de teatro. Sinálase que o primeiro grupo en subirse as táboas foi Alecrín Teatro, con *Leite de cabra*.

- S. R., "El grupo local Alecrín gana la Muestra de Teatro Afeccionado", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 2 decembro 2008, p. 12.

Nesta noticia recóllese que o grupo Alecrín gañou a XIIª edición da Mostra de Teatro Afeccionado que organiza a Concellería de Cultura coa súa obra *Leite de cabra*. Ademais, dise que Milagros Pintos, de Alecrín, recibiu o premio á mellor actriz principal, mentres que Vicente Caamaño foi o premiado como mellor actor secundario. Engádese que as obras que foron representadas foron *Un mal día*, do grupo Aturuxo, *Vaia ladrón*, de Expresión Teatro, ademais de Alecrín.

Ribeira, Mostra de Teatro de

Mostra de teatro celebrada en Ribeira na que participaron as compañías Talía Teatro, con *Anfitrión, e ti quen ves sendo?* e Mofa e Befa, con *Sempre ao lonxe*.

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "A última montaxe de Mofa e Befa achega ao público ás misturas culturais", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Teatro", 19 outubro 2008, p. 29.

Sinala que en Ribeira se está a celebrar a Mostra de Teatro do concello, na que participou a compañía Talía Teatro coa obra *Anfitrión*, e a compañía Mofa e Befa con *Sempre ao lonxe.* Precísase que nesta última obra, dirixida por Quico Cadaval e na que actúan Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz, se mestura o humor e a música coa finalidade de levar a cabo unha reflexión sobre os que vemos a diario e consideramos distintos a nós. Indica que con esta proposta a compañía Mofa e Befa pretende achegar as súas obras a todos os públicos.

Roberto Vidal Bolaño, VIª Mostra de teatro de Gondomar

Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellaría de Cultura de Gondomar, baixo o patrocinio de Caixanova e Plastic Onium, esta iniciativa enmárcase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade, que desde o ano 2001 se diferenciou en "Mostra de Teatro de Primavera" e "Mostra de Teatro de Outono". Conta co patrocinio da Xunta de Galicia, Caixanova e a empresa Inergy e ten como escenario o Auditorio Lois Tobío desta localidade pontevedresa. As representacións levadas a cabo na edición de 2008 foron: *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico; *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*; por Escena Producións; *Aeroplanos*, a cargo de Lagarta Lagarta; *Arte*, por Fulano, Mengano e Citano; *4.48 psicose*, por Nut Teatro; e *Hendaya, mon amour*, da man de Bacana.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "A festa das artes escénicas volve ás táboas de Gondomar", *Faro de Vigo*, "Litoral sur. Valmiñor", 25 outubro 2008, p. 3.

Nesta noticia faise referencia á nova edición da Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño que se celebra en Gondomar durante seis sábados continuos. Infórmase de que a compañía encargada de abrir a Mostra no auditorio municipal Luis Tobío é Teatro do Atlántico coa representación da comedia de Woody Allen *A bombilla máxica*, na que se mostra o difícil mundo da vellez e da adolescencia así como das relacións en parella. Dise asemade que outras pezas presentes son: Escena Producción, que porá en escena a obra *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*, baseada nunha historia verídica sobre unha muller galega que matou á súa filla, unha superdotada e pioneira do feminismo; Lagarta Lagarta, con *Aeroplanos*, unha comedia entendida como defensa contra a

angustia; Fulano, Mengano e Citano interpretarán a obra *Arte,* que conta a historia de tres amigos; Nut Teatro porá en escena *4.48 Psicose*, que consiste nunha viaxe entre a lucidez e a locura; e finalmente, a comedia musical *Hendaya mon amour*, interpretada por Bacana, que se menciona como a encargada de pechar a Mostra facendo unha mestura de diversos estilos que xiran en torno a unha historia de amor.

Sada, IVª Mostra de Teatro de

Esta edición, que coincide coa conmemoración do Día Internacional do Teatro, presenta outras actividades de xeito paralelo ás diversas representacións teatrais, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas. Entre as representacións teatrais contouse nesta edición coa participación de até seis grupos galegos: Teatro Bornelo, Teatro Atlántico, A Adala, Teatro Avresno, Centro de Maiores da Obra Social Caixa Galicia e O Trasno.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "La IVª Mostra de Teatro de Sada ya tiene cartel", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área Metropolitana", "Atalaya mariñana", 28 febreiro 2008, p. 22.

Dá conta da IVª edición da Mostra de Teatro de Sada comentando que participarán un total de seis compañías teatrais galegas: Teatro Bornelo, Teatro Atlántico, A Adala, Teatro Avresno, Centro de Maiores da Obra Social Caixa Galicia e O Trasno.

- Xaime Costas, "Un pouco de aquí, un pouco de aló'. Da Mostra de Teatro de Sada ao X Miteu", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Festivais", verán 2008, pp. 100-101.

Dá noticia da celebración da Mostra de Teatro de Sada co gallo da conmemoración do Día Internacional do Teatro. Destácase que nesta edición os participantes son grupos galegos e as obras seleccionadas son valoradas ao longo da Mostra por un xurado que concede os premios Lugrís Freire. Tamén se destaca que se realizan outras actividades como coloquios ou cursos monográficos. Despois pasa a falar da Miteu, destacando que é unha Mostra de Teatro Internacional na que participou un grupo de Bélxica e outro de Portugal.

Salvaterra en Outono

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Lacedurium. A edición de 2008 celebrouse entre o 4 e o 25 de outubro e contou coa participación das seguintes compañías amadoras: Tiruleque, con *Silicon Valley*; Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*; Teatro Aurín, con *Comedia bífida*; e a Escola de Teatro Falcatrueiros, con *Clown escola*.

San Andrés de Comesaña, I Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de Teatro afeccionado na que participaron compañías como o grupo Navia

teatro-escola, a Compañía Atrezo Teatro e o grupo de teatro Rueiro, con *A viúva de Dupont*.

Referencias varias:

- Lorena Abuín, "Teatro 'popular' que flirtea con la vanguardia", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 16 setembro 2008, p. 6.

Dá conta da 'I Mostra de Teatro Afeccionado' de San Andrés de Comesaña, na que participan distintas compañías teatrais, como o grupo Navia teatro- escola, a Compañía Atrezo Teatro ou o grupo de teatro Rueiro, que foi o encargado de pechar a mostra coa súa peza *A viúva de Dupont*.

Semana Outonal de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo Colexio María Auxiliadora de Lugo. Na edición de 2008 participaron as agrupacións: Grupo Teatral Os Lobos, con *Paraíso laranxa*; o Grupo Teatral Axóuxere, con *Todos a escena*; o Grupo Teatral Movemento Xuvenil D. Baltasar, con *Mórdeme*; Amauta Teatro, con *Soños*; e Alentía Teatro, con *Fábulas*.

Semana do Teatro de Pontedeume

Ciclo de teatro afeccionado que tivo lugar no IES Baremo de Pontedeume no que participaron os grupos: Arjé Teatro, con *Ausencia*; Oquetiqueiras; Carfax e Casahamlet.

Referencias varias:

- Julia Mª Dopico Vel, "Arjé Teatro", *Diario de Ferrol*, "Crítica teatral", 17 febreiro 2008, p. 11.

Sinala, en primeiro lugar, que no IES Baremo de Pontedeume se celebrou o acto de inauguración e presentación da Semana do Teatro. Indica que neste acto, a antiga alumna do centro, Cristina Fraga, presentou a súa obra, *Ausencia*. Precísase que as representacións se levarán a cabo no Salón de Actos do centro, participando compañías como Oquetiqueiras, Carfax, Casahamlet, ademais de Arjé Teatro. Faise mención a que este último grupo teatral naceu hai once anos da man da directiva de Breamo, alumnos-actores, pais, Concello e os artifices do proxecto, que son Fernando Querol, e Xavier Melo como director escénico. Indica que o nome é tomado do termo grego "arjé", que significaba o principio de todas as cousas. Por último, fala de que entre as súas representacións contan pezas de Shakespeare, Sartre, Moliére ou Sófocles.

- M. B. L., "Una década de teatro en carteles", *Diario de Ferrol*, "Aniversario", 22 febreiro 2009, contracuberta.

Infórmase de que o teatro xuvenil afeccionado en Pontedeume cumpre dez anos e de que para celebralo se concibiu unha Semana de actuacións, clases maxistrais e unha exposición de carteis sobre a traxectoria dunha década do grupo Arjé Teatro, que se puxo en marcha no curso 97-98 no IES Breamo. Dáse conta de que na mostra, situada no propio centro escolar, se reúnen os carteis de todas as obras representadas pola compañía, así como fotografías dos actores que nelas participaron, ademais da presenza da obra *Ausencia*, escrita pola ex alumna do instituto e licenciada en Arte Dramático, Cristina Fraga.

Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación e Escola de Música Xoán Montes e polo Centro Sociocultural e Xuvenil de Taboada. No 2008 participaron as agrupacións: o Grupo Teatral Antulla, con *Alicia no pais das marabillas*; o Grupo Teatral Municipal de Antas de Ulla, con *A boca do inferno*; Metátese Teatro, con *Utopía 94*; a Aula de Teatro Municipal de Laxe, con *Enredos*; e o Grupo Teatral Os Lobos, con *Paraíso laranxa*.

Teatro é Educación, Iº Ciclo de Teatro

Organizado pola Comisión Lingüística, o grupo de Teatro da Facultade de CC. da Educación, e co apoio da Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, tivo lugar o Iº Ciclo de Teatro e Educación. Ademais de diversas conferencias que tratan o tema do teatro, ofrecéronse as seguintes representacións: *Os vellos non deben namorarse*; *Metus Extremus*, por Andaravía Teatro; e *O Mariñán*, por O Bordelo.

Referencias varias:

- Estefanía Pena, "Teatro (é) Educación", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Espazos", verán 2008, pp. 56-58.

Destácase que tivo lugar o ciclo 'Teatro é educación', organizado pola Comisión Cultural e de Normalización Lingüística, o grupo de Teatro da Facultade de CC. da Educación, co apoio da Vicerreitoria de Cultura da USC. A continuación relátase a sucesión de actos que tiveron lugar nas sucesivas sesións. Entre as obras representadas destacan: *Os vellos nos deben namorarse*, *Metus extremus*, montaxe de Andaravía, e *O Mariñán*. Coméntase que as conferencias ofrecidas foron: "O teatro: un soño e unha conquista do pobo", a cargo de Antonio Vázquez Turnes director do grupo de teatro Andaravía; "Experiencias do teatro popular: semente de ida e volta", de Francisco Piñeiro director do grupo de teatro O Bordelo do Cervo; "Que sería de nós sen o teatro…caricaturas dunha vida", ponencia de Xosé Manuel Felpeto, director do grupo de teatro Charetadas de Cabreiros; e "Teatro é educación no século XXI" da man das directoras do grupo de teatro da Facultade de CC. da Educación.

Teatrofilia, Festival de Teatro Amateur

Festival de Teatro Amateur celebrado en Vedra que contou coa participación de catorce compañías amadoras e tamén varias profesionais. Entre as amadoras contouse con Andaravía Teatro, con *Metus extremus* e *Vinte anos de historias*. As profesionais estiveron representadas por Volta e Dálle, con *Pan, catrocentas propostas arredor da malla*; ademais de Manicómicos.

Referencias varias:

- S. F., "Teatrofilia abrió el telón con la escenificación de 'Metus extremus", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 marzo 2008, p. 37.

Coméntase que o festival de teatro amateur Teatrofilia chega a Vedra con Andaravía Teatro como agrupación anfitriona, que escenificará a súa comedia *Metus extremus*. Dise que na edición do 2008, esta compañía celebra o seu vinte aniversario, unha data que conmemorará presentando o espectáculo *Vinte anos de historias*, no que realizará un repaso polas dúas décadas de representacións e de actores que pasaron polas súas filas. Polo que se refire a Teatrofilia, anúnciase que este ano participarán no evento un total de catorce compañías de teatro amateur, mentres que o sector profesional estará representado pola agrupación compostelá Volta e Dálle, co seu último espectáculo, *PAN, catrocentas propostas arredor da malla*. Tamén estará presente Manicómicos Cabaret da Coruña.

Terras do Orcellón, IIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo local Tiruleque, celebrouse no Carballiño desde o 25 de outubro até o 16 de novembro, e tivo lugar no Auditorio Municipal. Nesta edición ampliouse o número de compañías participantes de catro a seis, e aumentou o orzamento até oito mil euros.

Referencias varias:

- X. A. Reboiro, "A 'Mostra de teatro amador' de Tiruleque dobra orzamento e selecciona a seis grupos", *La Región*, "Carballiño", 12 maio 2008, p. 10.

Dá conta da ampliación de catro a seis compañías participantes nesta segunda edición da Mostra de Teatro Amador que terá lugar no Carballiño. Coméntase tamén o aumento no orzamento recibido, así como o apoio por parte do Concello do Carballiño para levar a cabo a mostra.

Tui, IVº Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa

Está organizado pola Asociación de comerciantes e industriais de Tui e conta coa colaboración da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, o Concello de Tui, Paradores, e Caixanova, entre outros.

Referencias varias:

- E. G., "El Teatro Municipal cumple cinco años con previsión de doce espectáculos hasta mayo", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 16 febreiro 2008, p. 14 .

Faise eco dos cinco anos de vida do Teatro Municipal de Tui, ademais de informar da presentación da súa axenda cultural para este ano, na que se prevén un total de doce espectáculos até o mes de maio. Sinálase que estas pezas están divididas en oito representacións teatrais, dúas actuacións musicais e dúas obras de danza contemporánea.

- C. A, "Recorrido por la 'cultura' a través del 'teatro', el baile y la música", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Louriña", 23 febreiro 2008, p. 4.

Dá conta da axenda cultural teatral que vai ter lugar na vila de Tui do 22 de febreiro ao 23 de maio. Indícase que se van representar oito obras teatrais, dúas pezas musicais e dúas creacións de danza contemporánea. Sinálase tamén que todos estes proxectos coinciden coa celebración dos cinco anos do Teatro Municipal.

Universidade de Vigo, XIIª Mostra de Teatro Universitario

A edición de 2008 celebrouse desde o 21 ao 24, e o 28 e 29 de abril, no campus de Vigo, e do 5 ao 9 de abril no campus de Pontevedra. Participaron compañías foráneas como a Aula de Teatro da Universidade de Zaragoza; Mauvaise Compagnie d'en Face, de Bélxica; Teatro Estudio Internacional of New York, desde Estados Unidos e República Dominicana; e Teatr'Ubi e Asta, de Covilhâ, desde Portugal. Como compañías galegas estiveron presentes: Quarto Escuro, con *Unha parella ideal*; Lúa Chea, con *O cianuro, só ou con leite*; a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *Ubú Rei*; a Aula de Teatro da Universidade de Vigo, campus de Pontevedra, con *Top Girls*; a Aula de Teatro Universitaria de Ourense Maricastaña, con *1984*; e a Compañía de Teatro da USC-Lugo, con *A ronda*.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Teatro y nuevas exposiciones", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 21 abril 2008, p. 70.

Anúnciase que a compañía Quarto Escuro representa na Sociedad Cultural de Mourenta a obra *Unha parella ideal*, mentres que na casa cultural de Marcón se escenifica *O cianuro só ou con leite?*, a cargo de Lúa Chea. Dise tamén que o auditorio da Cidade Universitaria do Campus de Vigo acolleu o inicio da décimo segunda edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario, coa representación de *Las tres hermanas*.

- Ángeles Quintas, "Buen día para grandes caminatas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 maio 2008, p. 78.

Dise que a compañía Berrobambán presentou no Auditorio de Ribadumia a obra *Boas Noites*. Anúnciase tamén que o Teatro Principal vai acoller, dentro da XIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario, a representación da obra *1984*, baseada na novela de Orwell e a cargo da Aula de Teatro Universitaria de Ourense.

- Ángeles Quintas, "Filmes, cortos y teatro para niños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 maio 2008, p. 86.

Entre outras cuestións, sinálase que a compañía Teatro Paraíso se subiu ao escenario do Centro Social Caixanova para interpretar a obra infantil *Estrelas*, e que na Casa das Campás se presentou a décimo segunda edición da Mostra de Teatro Universitario.

- Camilo Franco, "Todo o mundo ri moito", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Música/ Rufus Wainwright", 29 maio 2008, p. 9.

Dá conta da diversión e o entretemento que proporciona o teatro universitario tanto para os espectadores como para os propios profesionais da escena. Sinálase que nel todo o mundo se divirte, ri e o pasa ben, sendo este o primordial obxectivo destas propostas teatrais.

Valadares Teatral

Organizado polo grupo teatral Escoitade, do Centro Veciñal e Cultural de Valadares de Vigo e con sede no Teatro Auditorio Centro Valadares, contou coas seguintes representacións: *Cometa, cometa*, por Aturuxo de Melpómene; *La perle de la sortie*, por Lohengrín Teatro; *Bágoas de noitébrega*, por Atrezzo Teatro; *D2N2-3*, por O Trasno Novo Teatro; e *Lilí Cuartel*, por Carfax Teatro.

Valdoviño, Sábados Teatrais

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Os Amigos de Valdoviño, que contou coas seguintes agrupacións: Oquetiqueiras, con *A importancia de se chamar Ernesto*; Bartoleta Teatro, con *Animaliños*; o Grupo Teatral A Pombiña, con *Melocotón en almíbar*; Max Teatro, con *A miña muller e o fontaneiro*; e Os amigos da Farándula, con *O Chufón*.

Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación de Centros Culturais de Vigo en colaboración co Concello. A súa primeira edición foi no ano 2001, organizada pola agrupación "Porta Aberta". Na edición de 2008 participaron as compañías teatrais Porta Aberta, con *O arce no xardín*; Atrezzo Teatro, con *Bágoas de noitébrega*; e Rueiro Teatro, con *A viúva de Dupont*.

Vigo a escena, Ciclo

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo,

comezou no mes de decembro de 2001. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas. A edición de 2008 contou coas compañías Títeres en acción, con *Trastos vellos*; Aforo Teatro, con *Do cotiá: o absurdo*; Teatro Avento, con *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*; A Loca Motora, con *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*; Artello Teatro, con *Polgariño*; The pinga Teatro, con *Unha rosa no xardín*; Pablo Nojes e Páprika e a compañía Lambríaca, ademais de espectáculos de danza.

Referencias varias:

- Natalia Álvarez, "O teatro volve aos barrios da man de 'Vigo a Escena", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 costados*", 4 marzo 2008, p. 5.

Dá conta do proxecto teatral desenvolto na cidade de Vigo polo cal se leva ás rúas distintas mostras de teatro dentro do programa 'Vigo a Escena'. Sinálase que un total de nove compañías teatrais levarán a escena un total de vinte e dúas obras en distintas asociacións veciñais e culturais.

- Karina Sánchez, "Trece compañías harán funciones de teatro en los barrios y parroquias", *Faro de Vigo*, "Vigo", 12 setembro 2008, p. 11.

Faise eco da presentación do programa "Vigo a escena", no que trece compañías teatrais realizarán trinta e nove actuacións até o Nadal recorrendo a cidade e achegándose aos barrios. Dise que o Centro Cívico de Teis será o escenario da primeira actuación a cargo do grupo "Teatro Avento" coa obra *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*. Asegúrase que entre as trece compañías hai cinco dedicadas especialmente ao público infantil: "A loca-motora" con *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*, "Artello Teatro" con *Polgariño*, Pablo Nojes e Páprika, "The pinga Teatro" con *Unha rosa no xardín*, e "Títeres en acción" con *Trastos vellos*. A continuación ofrécese a programación completa.

- Patricia Martínez, "El teatro de 'Vigo a escena' recorrerá los barrios de la ciudad", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 setembro 2008, p. 17.

Faise referencia á presentación do programa de actividades de "Vigo a Escena". Fálase dun total de trinta e nove actuacións teatrais repartidas entre vinte e tres centros culturais e asociacións de veciños, o que se considera sinal de crecemento. Explícase que as distintas obras recorrerán as parroquias de Vigo para a democratización da actividade cultural, entre as que se conta coa nova compañía Lambríaca, Aforo Teatro, A Loca-motora, ou Títeres en acción, ademais de espectáculos de danza.

Vilagarcía, Mostra de Teatro e Corais de

Participan unha serie de asociacións femininas vilagarciás, entre elas as Mulleres de Trabanca Sardiñeira cunha versión do musical *Cats*; a agrupación da Illa Cortegada, con *Dona Croqueta está nas nubes*; a Asociación de Mulleres de Fontecarmoa, con *Os*

vellos non deben de namorarse, e o CIM de Cangas.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Ahora, igualdad real'en el Día de la Mujer", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 8 marzo 2008, p. 84.

Coméntase que con motivo da conmemoración do Día da Muller se levaron a cabo unha serie de actividades nun gran número de localidades. Entre elas sinálase que o CIM de Cangas efectuou unha serie de escenificacións teatrais nas rúas, invitando as mulleres a contar qué cousas lles fan sentir mellor.

- M. R., "Música e drama con nome de Muller", *Diario de Arousa*, "Mostra de Teatro e Corais", 13 marzo 2008, contracuberta.

Infórmase de que unha serie de asociacións femininas vilagarciás participaron na primeira parte da Mostra de Teatro e Corais de Vilagarcía. Dise que as mulleres de Trabanca Sardiñeira abriron o programa cunha versión do musical *Cats*; a continuación, a agrupación da Illa de Cortegada protagonizou a obra de creación propia *Dona Croqueta está nas nubes*; e a Asociación de Mulleres de Fontecarmoa decidiuse por *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Coméntase que o evento se enmarca no programa conmemorativo do Día da Muller.

Vilalba, Xª Mostra de teatro de

Organizada polo Centro Dramático Vilalbés e dirixida por María Xosé Lamas, contou coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Vilalba. Na edición de 2008 contouse coa representación *Annus Horribilis*.

Referencias varias:

- C. P. R., "La Escuela Teatro de Vilalba representa hoy 'Annus Horribilis", *El Progreso*, "A Chaira", "Vilalba", 19 outubro 2008, p. 16.

Dá conta da décima Mostra de Teatro de Vilalba, con respecto á que se comenta que vén de pór en escena a obra *Annus Horribilis*, salientado como un divertido conto de amor creado por Pepe Sendón e representado por actores e actrices locais.

Zona Alternativa, IXº Festival

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000 baixo o nome "Alternativa", organizado polas salas Nasa e o Teatro Galán, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Caixanova e, desde 2001, co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2006, baixo o nome Zona Alternativa, foi organizado pola Sala Nasa. Neste Festival inténtase ofrecer unha visión actual e comprometida do panorama das artes

escénicas contemporáneas con traballos innovadores e radicais. A edición de 2008 contou con espectáculos de teatro, danza, música, lectura dramatizada e performance.

Referencias varias:

- Óscar Iglesias, "El festival Zona Alternativa revisa el presente de la escena contemporánea", *El País*, "*Galicia*", 5 marzo 2008, p.11.

Faise eco da IXª Edición do Festival Zona Alternativa que organiza en Santiago a Sala Nasa informando de que vai contar con sete compañías e doce representacións. Sinálase que nesta mostra, ademais de teatro, hai tamén danza, música, lectura dramatizada e *performance* na rúa. Indícase que a apertura do festival corre a cargo da Compañía madrileña El Canto de la Cabra, con *Trece años sin aceitunas*.

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Abada Teatro: *Humor neghro*, texto Antón Reixa, Xosé Cid Cabido e Zé Ruí; dirección Carlos Blanco.

Ver Pontevedra Escénica
Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Lara Varela, "Cóctel de teatro, circo y humor", *El País*, "*Galicia*", 28 xaneiro 2008, p. 6.

Coméntase que o Pazo da Cultura de Pontevedra acolle o ciclo "Pontevedra escénica" co obxectivo de mesturar distintas artes da escena. Dise que o encargado da apertura foi o monologuista Carlos Blanco. Tamén se sinala que participan o Centro Dramático Galego, Pistacatro, Nut Teatro, o Centro Coreográfico Galego, Yllana e Ara Malikian. Blanco presentou nesta cita *Humor neghro,* montaxe na que, xunto ao músico africano Manecas Costa, tenta establecer un diálogo entre Galicia e África en base a textos del mesmo e de autores como Antón Reixa, Xosé Cid Cabido ou Zé Rui.

- V. Oliveira, "A ironía é unha forma intelixente de ver a vida", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", 10 febreiro 2008, pp. 2-3.

Entrevista a Carlos Blanco, que retorna ás táboas con *Humor Neghro*, unha obra na que reflexiona sobre a emigración e a inmigración desde o punto de vista da ironía, e acompañado do músico guineano Manecas Costa. O espectáculo mestura a música africana coa idea da morte e co humor. Blanco analiza a situación do teatro en Galicia, sinalando a necesidade de dignificar a profesión con maiores soldos e orzamentos menos hipotecados, que permitan ampliar a ambición das montaxes. Tamén sinala a importancia dos monólogos como base de todo espectáculo.

- M. L., "Carlos Blanco trae o 'Humor Neghro', unha mestura de Galicia e África", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 1 abril 2008, p. 7.

Dise que o actor e humorista vilagarcián, Carlos Blanco, e o cantautor africano Manecas Costa levan a Vilagarcía o seu último espectáculo, que se centra na emigración en base á mestura entre Galicia e África, pero sempre tratada desde o humor. Infórmase de que a morte é outro dos temas presentes na obra.

- Lidia M. Gallas Otero, "Humor neghro' une Galicia e Guinea cun espectáculo cómico-musical", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Programación", 6 abril 2008, p. 29.

Fala do espectáculo humorístico-musical que se vai representar no Auditorio de Vilagarcía, *Humor Neghro*, obra que aborda cun toque de humor o tema da emigración e as penurias que carrexa. Precísase que a obra é resultado do traballo conxunto entre Carlos Blanco, que se encarga da dirección escénica, e Manecas Costa, encargado do soporte musical. Sinala que a intención deles é levar a obra máis alá da xeografía galega e española, pois pensan representala no Brasil, Angola e Guinea Vissau, lugar onde naceu Manecas Costas. Indica que tamén se representará en Portugal, no Festival de Músicas do Mundo, que organiza a Cámara Municipal de Sines.

- M. L., "A emigración desde outro punto de vista", *Diario de Arousa*, "Auditorio", 7 abril 2008, contracuberta.

Dáse conta de que o actor galego Carlos Blanco e o cantautor centroafricano Manecas Costa buscan con *Humor Neghro* abordar o tema migratorio desde o punto de vista do humor e mesturando música e teatro. Dise que a morte tamén está moi presente, pero como tránsito e non como traxedia. Saliéntase que a montaxe pretende ser así un canto á dignidade dos que menos teñen, que conduza á reflexión dos espectadores.

- Camilo Franco, "Humores atlánticos", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 11 abril 2008, p. 66.

Precísase que no Auditorio Municipal de Cangas e cun aforo completo se representou o *show* cómico musical *Humor Neghro.* Sinala que neste espectáculo se mesturan os monólogos cómicos de Carlos Blanco coa música de Manecas Costas, complementándose un ao outro para conseguir a naturalidade e dar ritmo e alegría ao mesmo tempo.

- Ana Baena, "Eu defino 'Humor Neghro' como un cabaret de cadaleitos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 8 maio 2008, p. 13.

Realízase unha entrevista ao actor Carlos Blanco sobre o seu último traballo, *Humor Neghro*, quen afirma que está moi satisfeito do éxito que está a acadar a obra. Explica cómo naceu a idea de actuar co músico Manecas Costa e fala sobre as relacións culturais luso-galaicas; tamén salienta as dificultades de traballar no teatro e máis a televisión.

- Óscar Losada, "Manecas Costa colabora co músico Narf e o actor Carlos Blanco", *La Opinión*, "Cultura", 2 xuño 2008, p. 46.

Coméntase a colaboración que o intérprete de Guinéa Bissau, Manecas Costa, fai con Carlos Blanco no espectáculo *Humor neghro*, e co músico Narf, Fran Pérez, no espectáculo musical "Aló irmão" explica a relación que une a estes artistas, e tamén en que consisten os dous espectáculos.

- maré, "Moita sede de rir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xuño 2008, p. 40.

Infórmase de que o actor Carlos Blanco e o músico guineano Manecas Costa presentan o seu último espectáculo, *Humor Neghro*, no que combinan teatro, ironía, humor e música en base a textos de Antón Reixa, Xosé Cid Cabido ou Zé Ruí. Dise que con

todos estes elementos crean un diálogo en clave de humor e música sobre a realidade da inmigración e da emigración.

Achádego Teatro: *O divino sainete*, texto Manuel Curros Enríquez, adaptación de Marica Campos.

Referencias varias:

- S. J., "Achádego'estará na homenaxe a Curros levando 'O divino sainete' por toda Galicia", *El Progreso*, "Cultura. Vivir", 22 abril 2008, p. 79.

Anúnciase que dentro dun programa de actividades itinerantes en homenaxe a Curros Enríquez se poñerá en escena unha adaptación da súa obra *O divino sainete* por parte da compañía Achádego. Nesta versión, o texto actualizarase para amosar a súa vixencia no presente.

- M. J. R., "O divino sainete' é un clásico porque está vixente, ten que ver con nós", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 3 xullo 2008, p. 10.

Coméntase que a escritora Marica Campo, adaptadora ao teatro da obra de Curros *O divino sainete* define ao autor como un verdadeiro clásico, sinalando que estes sempre descobren cousas novas, polo que se fai necesario volver a eles. Considera que está vixente e que o que conta Curros no poemario ten que ver con nós. Defíneo como unha "apoloxía explícita da patria galega". Infórmase de que a obra subirá ao escenario no Teatro Jofre da man da compañía lucense Achádego.

- Vicente Araguas, "Sainete", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 8 xullo 2008, p. 20.

Araguas comenta que asistiu á representación dramática da obra *O Divino Sainete*, no teatro Jofre de Ferrol. Fala sobre esta versión dramatizada do poema de Curros Enríquez e dá conta das persoas responsábeis do evento. Tamén fala da extensión do espectáculo e dos personaxes principais.

Grupo de Teatro **Alexandre Bóveda**: *A serpe*

Ver Ibán Toxeiro, Asociación Alexandre Bóveda, Memorial de Teatro

Referencias varias:

- A. D., "La escena coruñesa recuerda a Jenaro Marinhas del Valle", *El Ideal Gallego*, "A Coruña cultura", 20 novembro 2008, p. 17.

Informa sobre a celebración do centenario do nacemento do dramaturgo galego Jenaro Marinhas del Valle. Comenta que os encargados dos actos que se levarán a cabo son a Concellaría de Cultura, a Universidade da Coruña e máis a Asociación Alexandre Bóveda. A seguir, dá conta das actividades que se realizarán: Teatro Proscrito

interpretará *A velada*, o grupo de teatro Alexandre Bóveda poñerá en escena *A serpe*, e Fas que fas interpretará *O bosque*. Tamén indica que terá lugar unha conferencia, unha mesa redonda e unha exposición sobre o autor.

Teatro do **Andamio**: *A lingua das bolboretas*, texto Manuel Rivas, dirección Tatiana Likhacheva.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Pardal fai memoria en Los Rosales", *El Ideal Gallego,* "A Coruña. Cultura", "Teatro", 1 febreiro 2008, p. 15.

Precísase que a compañía Teatro do Andamio está a levar a cabo a representación da peza de Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas.* Sinala que na nova versión teatral a súa directora é a rusa Tatiana Likhacheva e o seu actor principal é Álvaro Guevara, quen sinala o seu desexo de difundir a representación máis alá de España, pois o seu soño é Bos Aires, o que se fará realidade en xuño. Tamén se recollen as impresións de Manuel Rivas sobre a necesidade de darlle máis importancia ao teatro, que debería ser, segundo el mesmo di, "unha extensión das clases".

- Sonia Velasco, "Decidí que quería vivir en A Coruña, de donde no pienso moverme", *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", "La entrevista", 2 marzo 2008, p. 9.

Entrevista ao actor, productor e director, Álvaro Guevara, que n´*A lingua das bolboretas*, adaptación da obra de Manuel Rivas, dá vida a dez personaxes distintos. Sinala que quere non unicamente contar unha historia, senón tamén transmitir unha mensaxe en cada función. Respecto aos problemas económicos da compañía Teatro do Andamio, que fundou, denuncia que o Concello da Coruña non dispón dunha partida nos seus orzamentos para subvencionar o teatro na cidade. Defende o valor social desta arte, que, non obstante, ten como aspecto negativo a inestabilidade para os profesionais que tentan vivir dela.

- Camilo Franco, "Monologando o relato", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", "Crítica", 4 abril 2008, p. 20.

Indica que a compañía Teatro do Andamio remata as súas actuacións na Coruña d´*A lingua das bolboretas* para comenzar unha xira por Galicia. Sinala que nesta ocasión a peza de Manuel Rivas estase a representar coma un monólogo, no que Álvaro Guevara, dirixido por Tatiana Likhacheva, conta de maneira sinxela e directa o que viven as distintas personaxes da obra de Rivas. Precísase que a peza tamén conta con música en directo, da que se encarga Manu Clavijo.

- C. L., "Termina el ciclo de teatro tras superar la afluencia de público del 2007", *Diario de Arousa*, "Cambados", 2 decembro 2008, p. 11.

Dá conta das representacións teatrais que tiveron lugar dentro da programación cultural de Cambados: *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano; *Extrarradios*, de Luz Gómez; a adaptación teatral de *A lingua das Bolboretas*; e *Ifixenia en Áulide*, de Arela das Artes. Asemade, salienta a abundante participación do público.

Andrómena Teatro: *A porta pechada*, texto Jean Paul Sartre, dirección Matilde Blanco.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Teatro **Arte Livre** (1): *Aladín Perdido na Galiza*

Teatro **Arte Livre** (2): *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*

Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar

Referencias varias:

- M. Barros, "A nai de Hildegart", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Cultura", 31 xaneiro-6 febreiro 2008, p. 26.

Comenta que a compañía Teatro Arte Livre vén dunha xira por Latinoamérica e representará en Galicia a obra *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*. Relata o argumento da peza e salienta que as protagonistas son interpretadas por Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno. Tamén destaca que a autora da montaxe, Marga do Val, introduciu tres personaxes novos na historia e un deles é a presenza da propia autora. Así mesmo, comenta que o texto da obra baséase en varias fontes documentais e ten pegadas de Astrid Lindgren, Victoria Sau, María Xosé Queizán e Rosa Cal.

- J. A. Martínez Sevilla, "Teatro experimental", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 16 setembro 2008, p. 28.

Faise unha crítica da obra *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*, escrita por Marga do Val e representada pola compañía Teatro Arte Livre. Cualifícase a obra de teatro como experimental.

- Yolanda Castaño, "Amable público", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 21 setembro 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Yolanda Castaño comenta a representación da compañía Teatro Arte Livre, *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*, no Forum metropolitano da Coruña. Indica que a obra é unha adaptación de Marga do Val que se basea nun caso real do século XX e salienta a labor dos actores Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno. Tamén salienta o domino da luz, a focalización das palabras e a calidade interpretativa.

Teatro **Artesán** (1): *Juan Pantera*, texto Eduardo Blanco Amor.

Referencias varias:

- Víctor Castro, " Expectación para ver hoy a 'Artesán Teatro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", "Atalaya mariñana", 29 xuño 2008, p. 22.

Infórmase da estrea de *Estoraque o indiano*, a nova obra da Compañía Artesán Teatro, dirixida por Juan de Mondego, que conta con actores como Isabel Vázquez, Xulio Corredoira e Dolores Martínez, entre outros. Coméntase por outra banda a adaptación dunha das obras de Eduardo Blanco Amor, *Farsas para títeres* que pasa a intitularse *Juan Pantera*. A segunda das farsas, *Estoraque o indiano*, é adaptada como *A verdadeira historia de Estoraque o indiano*.

Teatro **Artesán** (2): *Romería Galega do Artesán Teatro*

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Artesán Teatro ofrece una 'Romería Gallega", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 21 maio 2008, p. 20.

Informa de que a compañía Artesán Teatro vai realizar unha recreación histórica dunha romaría galega de 1900, no pazo de Vilaboa en Culleredo. Indica que o espectáculo se titula *Romería Galega do Artesán Teatro* e dá conta dos diferentes participantes que escenificarán unha voda.

Teatro do **Atlántico**: *Unha primavera para Aldara*, texto Teresa Moure, dirección Xulio Lago.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- maré, "Un mundo sen bondade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2008, p. 27.

Fálase da estrea da obra do prestixioso director portugués Nuno Cardoso que leva por título *A boa persoa de Sezuán* escrita por Bertolt Brecht. Dise que tras a estrea comeza unha xira por toda Galicia sinalando o elenco de actores e a súa temática. Finalmente apúntase a estrea de *Aeroplanos* de Lagarta, Lagarta, e a de *Unha primavera para Aldara* de Teresa Moure.

- Camilo Franco, "Seis estreas marcan neste mes o inicio da temporada teatral galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 outubro 2008, p. 30.

Explica que o teatro galego inicia temporada coa estrea de seis obras: *Game over*, *Anxeliños*, *Dáme veleno*, *Obra*, *A boa persoa de Sezuán* e *Unha primavera para Aldara*. D´*Unha primavera para Aldara* coméntase que está dirixida por Xulio Lago e que a compañía encargada de representala é Teatro do Atlántico.

- L. Costas, "Teatro do Atlántico estrea 'Unha primavera para Aldara", *La Opinión*, "A Coruña", 10 outubro 2008, p. 12.

Dá conta da representación que vai realizar a compañía Teatro do Atlántico no auditorio de Arteixo da obra de Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*. Comenta o argumento da obra e nomea aos actores que interpretan os personaxes principais. Tamén destaca os temas do amor, a liberdade ou o sometemento das mulleres aos varóns no século XV.

- M. Ramos, "Una obra femenina y medieval inaugura el 'Outono cultural", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", "Arteixo", 12 outubro 2008, p. 18.

Faise referencia á obra *Unha primavera para Aldara*, comentando que está centrada en mulleres valentes, amor, desexo e ruptura durante o século XV. Dise que este espectáculo foi o encargado de abrir o "Outono Cultural", ademais de informar de que acudiron á presentación o director da produción, Xulio Lago, e a autora do texto, Teresa Moure.

- Camilo Franco, "Todo queda en palabras", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 19 outubro 2008, p. 72.

Precísase que a compañía Teatro do Atlántico está a representar a peza de Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*. Sinala que nesta peza dirixida por Xulio Lago e que dura cento vinte minutos, os seus actores basean case exclusivamente a representación no diálogo.

- Mar González Veiga, "Presentación e tertulia sobre *Unha primavera para Aldara*", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, "Espazos", inverno 2008, p. 37.

Coméntase o faladoiro-presentación da obra *Unha primavera para Aldara*, que a compañía Teatro do Atlántico levou a escena por toda Galicia. Sinálase que esta obra está baseada no texto homónimo de Teresa Moure e recrea unha historia ambientada nun convento galego do século XV, no momento das Revoltas Irmandiñas. Ademais engade que conseguiu o "Premio Rafael Dieste" na súa XIII edición e detalla que o director teatral Xulio Lago formaba parte do xurado literario que lle concedeu o galardón á obra de Teresa Moure e que foi a súa colaboradora, a actriz María Barcala, quen lle propuxo a idea de levala a escena. Para isto, falaron coa autora, que non só aceptou a proposta, senón que lles ofreceu unha versión máis adecuada para a montaxe. Sinálase que, para cerrar este encontro, a coordinadora, Luma Gómez, deu paso ás dúas actrices protagonistas: María Bouzas e Belén Constela. Explícase que a primeira é Aldara, a superiora do convento no que transcorre a historia, unha muller rebelde e liberal que loita polo benestar das súas monxas e tamén loita contra as inxustas imposicións sociais e da propia Igrexa. A segunda interpreta a Don Nuno, que simboliza un dos temas destacados: a loita pola liberdade, a pesar dos obstáculos sociais.

- Inma López Silva, “A primavera irmandiña de Xulio Lago”, *Tempos Novos*, n.º 139, “Crítica”, “Teatro”, decembro 2008, p. 83.

Refírese á peza *Unha primavera para Aldara*, representada polo Teatro do Atlántico e galardoada co Premio Rafael Dieste de Teatro. Coméntase que a representación está dirixida por Xulio Lago e conta cos actores: Amparo Malo, Lucía Regueiro, María Bouzas, María Barcala, Pilar Pereira, Marcos Correa, Belén Constenla, Josi Lage, Agustín Vega e Xoán Carlos Mejuto. Da iluminación encárgase Xulio Lago e do vestiario e a escenografía, Carlos Alonso. Dise que a peza, escrita por Teresa Moure, tivo que ser adaptada para a súa representación, pois a súa estrutura cinematográfica facía moi difícil a súa posta en escena. Entre os temas tratados sinálase o tratamento diferente do tópico galego-medieval, crítica ao tradicional machismo da Igrexa Católica, reivindícase a liberdade das mulleres nun convento, abórdase o tema do paso de nena a muller… todo materializado nunha historia de amor: a da abadesa e @ soldad@.

- C. P., “A obra foi unha sorpresa fantástica, representala é moi fácil e apaixonante”, *La Voz de Galicia*, “A pie de calle”, 17 decembro 2008, p. 16.

Realízase unha entrevista a Belén Constenla, unha das actrices da compañía Teatro do Atlántico que representa a obra *Unha primavera para Aldara*, da escritora Teresa Moure. Constenla fala sobre o texto da obra e comenta a interpretación do seu personaxe, don Nuno. Tamén refire cómo é o traballo co director Xulio Lago.

- Amada Álvez, “A loita polas liberdades persoais no marco da Revolta Irmandiña”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 18 decembro 2008, p. 9.

Refire que o grupo Teatro do Atlántico presenta a súa última produción, *Unha primavera para Aldara*, dirixida por Xulio Lago e baseada na obra dramática de Teresa Moure. Comenta que a historia reflexiona sobre o amor, a liberdade, a igualdade, a tolerancia e a represión na Galicia medieval, e dá conta do argumento. Salienta a participación de dez actores e actrices e tamén a riqueza literaria do texto.

- Rubén Ruibal, “Premios e castigos”, *Xornal de Galicia*, “*Nós*”, n.º 3, “Teatro”, 27 decembro 2008, p. 13.

Critícase a dificultade dos autores galegos para que as súas obras sexan representadas no teatro e exprésase a satisfacción pola estrea de *Unha primavera para Aldara*, salientada como a primeira peza teatral escrita por Teresa Moure coa que recibiu o Premio “Rafael Dieste” para textos teatrais da Deputación da Coruña, así como o “Premio de Teatro Radiofónico do Diario Cultural de Galicia.

Teatro **Avento** (1): *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*

Ver “Vigo a escena”, Ciclo

Teatro **Avento** (2): *Monstros*

Grupo de Teatro **Badius**: *Veleno por caridade*

Referencias varias:

- M. C. S., "Carballo y Cee ofrecen obras de teatro por el Día das Letras Galegas", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 9 maio 2008, p. 24.

Anúnciase que no Pazo da Cultura carballés se representará a obra *Emigrados*, por parte de Teatro de Ningures, mentres que en Cee se poñerá sobre as táboas *Veleno por caridade*, da compañía Badius, de Baio.

B. B. Producións: *Lili Camaleón*, texto Blanca Cendán, dirección John Easthman.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Branca Novo: *Nexus 6*

Ver Nasa

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "O desexo mobilizador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Entrevista", 27 novembro 2008, p. 37.

Sinala que se vai representar na Sala Nasa de Santiago de Compostela o espectáculo *Nexus 6.* Precísase que a encargada de levala a escena é a compañía Branca Novo e nela participan a bailarina Blanca Novoneyra, Iria Pinheiro, e os músicos Isaac Garabatos e Jesús Andrés Tejada, que teñen o colectivo Sulxeitos. Sinala Blanca que este é o proxecto máis longo e ambicioso dos que ten realizado e que nel se mestura música e movemento en vivo co cabaret e o propio texto, nunha peza que fai unha crítica da sociedade e do mundo que nos rodea.

CasaHamlet (1): *Lionel (o malestar do benestar)*, texto Manuel Lourenzo, dirección Santiago Fernández.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

CasaHamlet (2): *Quen puidera convosco voar*

Centro Coreográfico Galego: *O kiosko das almas perdidas*, dirección Roberto Oliván.

Ver Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- maré, "Punto de encontro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 febreiro 2008, p. 33.

Infórmase da estrea do Centro Coreográfico Galego (CCG) na Coruña de *Kiosko das almas perdidas*, unha montaxe do catalán Roberto Oliván con música de Mercedes Peón. Dise que se trata da segunda produción desta compañía tras *Vacuo* e que se centra en reflexionar sobre a vida e o xeito de afrontala. Destácase a mestura da danza, o ilusionismo, a música en directo e o teatro nesta posta en escena na que participan once bailaríns de diferentes partes do mundo.

- Marcos Otero, "Encuentro de almas en la Torre", *La Opinión*, "A Coruña", 27 febreiro 2008, p. 12.

Coméntase que o Centro Coreográfico Galego presentou o seu último espectáculo, *O kiosco das almas perdidas*, baixo a dirección de Roberto Oliván e con acompañamento en directo de Mercedes Peón. Explícase que se trata dunha reflexión sobre a vida e os xeitos de afrontala, na que participan once bilaríns. Remátase sinalando que o colectivo Fiumfoto encargarase da expresión multimedia tamén presente na montaxe.

- Rodri García, "O Centro Coreográfico estrea "Kiosco das almas perdidas", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 27 febreiro 2008, p. 48.

Precísase que se fixo a presentación da peza teatral *Kiosko das almas perdidas*, que será levada a escena polo Centro Coreográfico Galego. Indícase que na obra se conta coa colaboración musical de Mercedes Peón e do acordeonista Xosé Lois Romero, ademais da maxia do mago Antón. Sinala que a obra está dirixida polo catalán Roberto Oliván e que evoca un local vigués no que se reunían mariñeiros, peixeiras, xente que remataba alí a festa… unha variedade que representa a vida mesma. Anúnciase que se vai representar en Galicia, no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, no centro cultural Caixanova de Vigo, en Pontevedra e en Vilargarcía.

- Camilo Franco, "Metáforas de recursos", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Danza", 2 marzo 2008, p. 73.

Refírese á peza *Kiosco das almas perdidas* que está a representar o Centro Coreográfico Galego (CCG) no Teatro Rosalía da Coruña. Indica que a dirección é levada por Roberto Olivan e respeto á música, da que se encargou Mercedes Peón, sinálase que foi demasiado potente e que invadiu todo o teatro, mermando a labor dos actores, que neste caso son Ana Beatriz Pérez Enríquez, Álvaro Esteban López, Anna Calsina Forellad, Jordi Vilaseca Lorite, Hannah Shakti, Kirenia Fernández, Gabriella Mathé, Nuria Sotelo, Lenka Bartunkova, Natxo Montero Matía e Enrique Peón.

- Paola Obelleiro, "Fusión de lenguajes escénicos", *El País*, "*Galicia*", 2 marzo 2008, p. 7.

O Kiosco das almas perdidas, a última produción do Centro Coreográfico Galego, sorprende, según este artigo, pola súa heterodoxia. Ideada polo catalán Roberto Oliván,

ofrece unha visión innovadora da danza e mestúraa con outras disciplinas artísticas, nunha montaxe na que participan once bailaríns de diferentes nacionalidades, acompañado da música en directo de Mercedes Peón.

- Lidia M. Gallas Otero, "A bombilla máxica' pon sobre o escenario a vida diaria da familia Pollack", *Diario de Arousa,* "Arousa, un mar de cultura", "Teatro", 9 marzo 2008, p. 23.

Coméntase que a compañía Teatro do Atlántico vai representar no auditorio de Vilagarcía a peza *A bombilla máxica*, da que se ofrece abondosa información, e refírese tamén á posta en escena d´*O kiosko das almas perdidas*, polo Centro Coreográfico Galego, onde se di que se mestura danza, teatro e música en directo.

- Lierni Ezeiza, "Una reflexión sobre la vida", *Diario de Pontevedra*, "Évenres", "Pontevedra", 14 marzo 2008, p. 5.

Dá conta da inclusión no programa 'Pontevedra Escénica 08', así como da súa representación no Pazo da Cultura de Pontevedra, da nova obra do Centro Coreográfico Galego (CCG), *Kiosco das almas perdidas*. Sinálase que esta peza tenta presentarse como unha reflexión sobre a vida e a capacidade de cada un para acadar a liberdade individual. Saliéntase que bailaríns e bailarinas encarnan un cúmulo de persoas de diferentes nacionalidades, reunidas nun lugar descoñecido e abandoados co único obxectivo de encontrarse a si mesmos.

- Belén López, "Almas perdidas bailan no Pazo da Cultura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir/aquí", 15 marzo 2008, p. 66.

Fálase sobre a representación *O Kiosco das almas perdidas*, sobre a que se informa de que se trata dunha montaxe que o coreógrafo Roberto Oliván crea para o Centro Coreográfico Galego inspirándose nun mítico estabelecemento hostaleiro do Berbés en Vigo. Dise que é un espectáculo híbrido de música en directo, danza, teatro, ilusionismo, video e animación. Tamén se fala sobre o acto de presentación no Pazo da cultura de Pontevedra e sobre a temática da obra.

- M. R., "Unha alegoría sobre a busca da felicidade", *Diario de Arousa*, "Danza", 16 marzo 2008, contracuberta.

Infórmase de que o Centro Coreográfico Galego puxo en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía *O Kiosko das almas perdidas*, dirixido por Roberto Oliván e con música de Mercedes Peón, dentro do programa cultural desenvolvido polo Concello e por Caixanova. Dise que se trata dun espectáculo que mestura danza, teatro, música en directo, ilusionismo, vídeo e animación.

- Camilo Franco, "Un lugar sen mapas", *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", "Danza", 27 marzo 2008, p. L9.

Presentación da nova montaxe do Centro Coreográfico Galego, *O kiosko das almas perdidas*, na que participa Mercedes Peón, no Auditorio de Galicia. Sinálase que inclúe teatro e interpretación cómica.

- Natalia Álvarez, “Gústame facer espectáculos que teñan que ver coa vida cotiá contemporánea”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 241, “Entrevista”, 27 marzo 2008, p. III.

Realízase unha entrevista a Roberto Oliván, quen fala sobre a última montaxe do Centro Coreográfico Galego, a obra *Kiosko das Almas Perdidas*. Explica cómo naceu a idea de montar este proxecto e o momento no que lle chegou a inspiración, a partir dunha anécdota sucedida no porto de Vigo. Tamén fai referencia ao traballo cos colaboradores encargados da música, a iluminación, os audiovisuais, etc. entre os que a conexión se produciu grazas á mensaxe común que querían transmitir. Afirma que a combinación de varias artes escénicas é unha técnica que xa empregou anteriormente e comenta que o feito de mostrar música en directo aporta gran riqueza ao espectáculo. Por último, explica a situación de traballar baixo un encargo institucional e as limitacións que tivo que superar, ademais de comparar a situación dos espectáculos en Bélxica e en España.

- maré, “O ‘Kiosko das almas perdidas’ chega a Santiago”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 marzo 2008, p. 36.

Dise que a última produción do Centro Coreográfico Galego (CCG) chega ao Auditorio de Galicia dirixida por Roberto Oliván e con música en directo de Mercedes Peón, dentro do ciclo SCQ Danza que organiza a Concellaría de Cultura de Santiago. Coméntase que con esta montaxe, o centro busca captar novos espectadores para a danza por medio de novas linguaxes escénicas nas que se mesturan distintas disciplinas. Infórmase ademais de que está protagonizada por individuos expulsados e abandonados, resultando unha reflexión sobre a vida e a supervivencia.

Centro Dramático Galego (1): *A boa persoa de Sezuán*, texto Bertolt Brecht, dirección Nuno Cardoso.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver FIOT, XVIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Lugo, VIIª Mostra de Teatro Clásico do Século XX

Referencias varias:

- Anxa Correa, “O CDG presenta a nova tempada coa estrea de ‘A boa persoa de Sezuán”, *El Progreso*, “Cultura vivir”, 8 agosto 2008, p. 69.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai iniciar a nova tempada coa posta en escena da obra de Bertolt Brecht, *A boa persoa de Sezuán*, dirixida por Nuno Cardoso. Asemade, informa da proposta escénica que presentará o Salón Teatro de Santiago.

- maré, “Un mundo sen bondade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 agosto 2008, p. 27.

Fálase da estrea da obra do prestixioso director portugués Nuno Cardoso, que leva por título *A boa persoa de Sezuán*, escrita por Bertolt Brecht. Dise que tras a estrea comeza unha xira por toda Galicia sinalando o elenco de actores e a súa temática. Finalmente

apúntase a estrea de *Aeroplanos* de Lagarta, Lagarta, e a de *Unha primavera para Aldara* de Teresa Moure.

- A. Martínez, "Programación otoñal de alto nivel de Caixanova y el Concello herculino", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 setembro 2008, p. 67.

Descríbese a programación de outono de Caixanova na Coruña que se conforma de danza, música ou teatro. Entre as obras anunciadas está *Aeroplanos* da compañía Lagarta, lagarta e *A boa persoa de Sezuán* do Centro Dramático Galego (CDG).

- Rubén Bruña, "El teatro copa la mayor parte de la programación cultural de otoño", *La Opinión*, "A Coruña", 16 setembro 2008, p. 12.

Dá conta da presentación da programación outonal que ofrecerá Caixanova en colaboración co Concello da Coruña, e na que hai unha gran presenza teatral. En relación á literatura galega, informa que participará o Centro Dramático Galego coa representación da obra *A boa persoa de Sezuán*, de Bertold Brecht.

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *A boa persoa de Sezuán*.

- Camilo Franco, "Seis estreas marcan neste mes o inicio da temporada teatral galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 outubro 2008, p. 30.

Explica que o teatro galego inicia tempada coa estrea de seis obras: *Game over*, *Anxeliños*, *Dáme veleno*, *Obra*, *A boa persoa de Sezuán* e *Unha primavera para Aldara*. D´*A boa persoa de Sezuán* dise que é unha adaptación dun texto de Bertolt Brecht, posta en escena polo CDG, baixo a dirección de Nuno Cardoso.

- Anxa Correa, "O CDG estrea temporada con Brecht", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 outubro 2008, p. 67.

Informa de que o Centro Dramático Galego vai estrear no Salón Teatro de Compostela a súa primeira produción da tempada, *A boa persoa de Sezuán*, do escritor Bertolt Brecht e baixo a dirección de Nuno Cardoso. Comenta que a obra se centra no conflito de vivir xustamente nunha sociedade inxusta e mestura o compromiso co divertimento. A seguir, dá conta dos doce actores que traballan na representación e salienta a duración da peza, de dúas horas e media. Por último, ofrece información sobre a xira que realizará do CDG.

- Camilo Franco, "O Centro Dramático Galego estrea o primeiro Bertold Brecht da súa historia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 outubro 2008, p. 51.

Sinala que se vai representar a primeira obra de Bertold Brecht por parte do Centro Dramático Galego (CDG), *A boa persoa de Sezuán.* Di que o seu director é o portugués

Nuno Cardoso, que leva a escena todo o que se expón na obra de Brecht e que ten sentido na realidade actual. Precísase que nesta obra participa un equipo galego-portugués, entre os que se inclúen os doce intérpretes da representación. Indica que neste senso o director de Agadic, Miguel Martín, e a directora do CDG, Cristina Domínguez, consideran de grande importancia a comunicación entre este dous teatros.

- Camilo Franco, "¿Pero en serio quedan boas persoas?", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 23 outubro 2008, p. L9.

Sinala que se está a representar no Salón Teatro de Santiago de Compostela a obra de Bertold Brecht, *A boa persoa de Sezuán.* Precísase que é a primeira vez que o Centro Dramático Galego (CDG) representa unha peza de Bertold Brecht. Indica que nela se fala metaforicamente da maldade das persoas poñendo como exemplo unha persoa boa, a única. Tamén fala sobre a catalogación das súas obras como teatro político.

- maré, "Teatro para ver sen présas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2008, p. 35.

Preséntase a estrea da obra *A boa persoa de Sezuán* de Nuno Cardoso, informando de que se trata dunha adaptación da obra homónima de Bertolt Brecht. Explícase que é un proxecto xurdido dun acordo entre o director e a dirección do CDG (Centro Dramático Galego) e que a duración de dúas horas e media é, segundo se di, "xustificada e un feito positivo". Tamén se describe o seu elenco de actores e a súa temática.

- Camilo Franco, "¿Es boa persoa ou progresas?", *La Voz de Galicia*, "Carteleras y críticas", "Teatro", 26 outubro 2008, p. 73.

Precísase que o Centro Dramático Galego (CDG) vai representar por primeira vez unha peza de Bertold Brech, *A boa persoa de Sezuzán*. Coméntase o duro que resulta ser boa persoa nun mundo no que non o é e que para conseguir as cousas non hai que actuar con boas maneiras, porque "é difícil ser boa persoa cando todo está tan caro". Sinala que nesta peza de cento sesenta minutos, dirixida por Nuno Cardoso, actúan Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Machi Salgado, Toni Salgado e Hugo Torres.

- O. I., "A boa persoa de Sezuán' abre la temporada del Centro Dramático", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 outubro 2008, p. 7.

Sinálase que a obra escrita por Bertolt Brecht, *A boa persoa de Sezuán*, abre a nova tempada do Centro Dramático Galego no Salón Teatro de Santiago, nunha versión do director portugués Nuno Cardoso. Tamén se fala sobre a traxectoria deste director.

- R. Bruña, "El Centro Dramático Galego abre la programación teatral escolar", *La Opinión*, "A Coruña", 29 outubro 2008, p. 14.

Informa de que o Teatro Rosalía de Castro da Coruña inicia a súa programación para os escolares con catro representacións teatrais e unha de danza. As compañías participantes son o Centro Dramático Galego, coa obra *A boa persoa de Sezuán*; Teatro do Morcego, con *O club da calceta*; Producciónes Excéntricas, con *No Comment: Obra*; e Espello Cóncavo, con *Anxeliños*.

- R. B., “El Rosalía de Castro recibe el fin de semana la obra de Brecht”, *La Opinión*, “A Coruña”, 5 novembro 2008, p. 13.

Dise que o Centro Dramático Galego presenta o venres e o sábado a montaxe *A boa persoa de Sezuán*,informando de que se trata dunha adaptación da obra de Bertolt Brecht dirixida por Nuno Cardoso. Coméntase o seu argumento, cal é o elenco de actores e actrices e os horarios e prezos das funcións.

- J. A. Martínez Sevilla, “Preguntas”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La Columna”, 11 novembro 2008, p. 28.

Faise unha crítica da obra *A boa persoa de Sezuán*, do director Nuno Cardoso, representada polo Centro Dramático Galego (CDG). Destácase a falta de público que houbo no Teatro Rosalía da Coruña para asistir á representación e coméntase a súa temática.

- Eva González, “El Centro Dramático sitúa a Tui a la cabeza de la gestión cultural en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Área Metropolitana”, 13 novembro 2008, p. 18.

Precísase que se vai representar no Teatro Municipal de Tui a obra de Bertold Brecht, *A boa persoa de Sezuán*. Indica que na presentación da obra, dirixida por Nuno Cardoso e posta en escena polo Centro Dramático Galego (CDG), Cristina Domínguez, directora do CDG, destacou o labor cultural que se está a levar a cabo en Tui, que xa é considerado “espazo CDG". Sinala que na obra participan como actores Rosa Álvarez, César Cambeiro, Antón Coucheiro, Mónica García, Rocío González, Roberto Leal, Rebeca Montero, Marta Pazos, Alberto Rolán, Toni Salgado, Machi Salgado e Hugo Torres.

- maré, “A última obra do CDG volve a Santiago”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 27 novembro 2008, p. 34.

Dise que a última produción do Centro Dramático Galego (CDG), *A boa persoa de Sezuán*, está no Salón Teatro de Compostela até o 14 de decembro cun total de cinco funcións semanais, e que hai tamén representacións para rapaces de Bacharelato.

- maré, “Volve a Compostela ‘A boa persoa de Sezuán”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 novembro 2008, p. 34.

Anúnciase a representación por parte do Centro Dramático Galego (CDG) da obra *A boa persoa de Sezuán*, do director portugués Nuno Cardoso. Coméntase a súa temática e dise que é unha peza de Bertolt Brecht.

- Carlos Caetano Biscaínho, “Unha ilusionante tentativa frustrada”, *Xornal de Galicia*, “*Nós*”, n.º 1, “Artes Escénicas”, 13 decembro 2008, p. 9.

Critica a montaxe que o Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Nuno Cardoso, realizou da obra de Bertolt Brecht, *A boa persoa de Sezuán*. Comenta que o espectáculo é demasiado extenso, polo que moitos espectadores xa abandonan no intervalo. Tamén

nomea varios aspectos que non funcionan, como a escenografía, os momentos cantados, ou bailados, xa que reteñen a acción, e a proposta interpretativa.

- Ágatha de Santos, "El CDG muestra en Vigo la versión más transgresora de Bertolt Brecht", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 decembro 2008, p. 53.

Fálase pormenorizadamente sobre a obra *A boa persoa de Sezuán* que o CDG representa no Centro Cultural Caixanova. Descríbese o seu argumento e recóllense as palabras de Rosa Álvarez, quen encarna na obra a unha prostituta.

- Pablo Rial, "O CDG retoma a xira de *A boa persoa de Sezuán* en Caixanova", *Atlántico*, "Vigo", 23 decembro 2008, p. 35.

Dise que o Centro Dramático Galego retoma a xira da súa produción *A boa persoa de Sezuán* no Centro Cultural Caixanova, explícase o seu argumento, e destácase a calidade do seu equipo. Tamén se comenta que a compañía de novo circo Pistacatro fai unha acción promocional previa.

- E. P., "O CDG leva mañá a Vigo *A boa persoa de Sezuán*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 decembro 2008, p. 26.

Fálase da representación da obra *A boa persoa de Sezuán* por parte do Centro Dramático Galego no Centro Sociocultural Caixanova de Vigo. Dise que a peza é unha versión en galego da obra de Bertold Brecht dirixida polo portugués Nuno Cardoso e que conta cun elenco de actores galegos e portugueses. Saliéntase a música de Fran Pérez "Narf" que acompaña aos actores na representación.

- Olalla B. B., "El Centro Dramático Galego visitará Vilagarcía con 'A boa persoa de Sezuán", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 26 decembro 2008, p. 13.

Informa de que o Centro Dramático Galego actuará no Auditorio de Vilagarcía coa representación *A Boa persoa de Sezuán*. Comenta que a obra está dirixida por Nuno Cardoso e indica que se trata dunha adaptación ao galego dunha obra de Bertold Bretch. A seguir, narra a trama da peza e salienta que os espectadores, a través dela, poderán viaxar por Europa e reflexionar sobre a condición humana e as causas das guerras. Por último, dá conta dalgúns dos doce actores que participan no espectáculo e informa sobre outros lugares onde farán representacións.

- Inma López Silva, "Totum revolutum", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, "Críticas", inverno 2008, pp. 77-78.

Comenta a súa asistencia á posta en escena desta peza de Bertold Becht. Comenta que esta obra "expón sobre as táboas un ritmo trepidante que apreixa o espectador e que mantén os espectadores a pleno rendemento durante dúas horas e media". Caracterízase pola presenza simultánea de moitos dos actores no escenario, unha simultaneidade que chega a converter a escena nun "totum revolutum" de voces, desprazamentos e xestos. Entre os múltiples actores e actrices, López Silva destaca a Rocío González pola súa versatilidade, actriz que desenvolve dous personaxes distintos e que consegue que o travestimento home-muller non se amose como elemento de estrañamento, senón como elemento xerador de ilusión. Entre os demais, conviven actores asiduos da escena

galega como Rosa Álvarez, César Cambeiro, con actores que acceden por primeira vez ao Centro Dramático Galego (CDG) e mesmo ao teatro profesional. Para rematar, López Silva destaca unha escenografía que constitúe un espazo luminoso, urbano, cheo dun dinamismo e vitalidade contemporáneas que contribúen a "desentrañar a situación chinesa do texto".

Centro Dramático Galego (2): *Estigma*, texto Jacobo Paz, Vanesa Sotelo, Rubén Ruibal; dirección Daniel Salgado.

Ver Ribadavia, XXIVª Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- Mar Mato, "A nova vida do Centro Dramático", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 1 maio 2008, p. 38.

Coméntase que o Centro Dramático Galego (CDG) estrea *Estigma*, unha obra de suspense escrita "a tres mans" no marco do proxecto Drama 3. Dise que os autores foron Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal. Coméntas asemade que a dirección correu a cargo de Dani Salgado, un profesor tamén mozo da Escola Galega de Arte Dramática. Trátase da segunda obra do CDG baixo a "autoría residente", fórmula pola cal o centro apoia a un ou varios autores ao ano para representar unha obra. Trátase dunha peza que o propio Ruibal cualifica de "experimental e complicada", na que está presente o audiovisual xunto ao texto. Por último, sinálase que as incógnitas son unha constante e buscan incidir no carácter experimental e sorpresivo da proposta.

- Camilo Franco, "O resto é mareo", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 4 maio 2008, p. 67.

Sinala que o Centro Dramático Galego estreou o drama *Estigma,* que é autoría de Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal. Precísase que na obra, dirixida por Daniel Salgado, se mestura todo tipo de xéneros co fin de transmitir unha mensaxe, aínda que se critica que nela se conte de moitas maneiras o mesmo sen unha mensaxe clara. Indica que nesta representación participan como actores Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende.

- María L. Viñas, "Ruibal prepara su primera novela, sobre la resistencia a hacerse adulto", *El Progreso*, "Vivir. Cultura", 9 maio 2008, p. 86.

Fálase da presentación de *Limpeza de sangue*, obra coa que Rubén Ruibal acadou o Premio Nacional de Literatura Dramática en 2007 e o Álvaro Cunqueiro en 2006. Explícase que está concibida como homenaxe á obra *Doentes*, do falecido Roberto Vidal Bolaño, e coméntase que Ruibal tamén foi o autor, xunto con Vanesa Sotelo e Jacobo Paz, da peza teatral *Estigma*, que representa o Centro Dramático Galego. Recóllense unhas declaracións nas que apunta que o libro de teatro está estigmatizado, ao non existir "hábito na escola nin vontade de crear público de teatro, nin apoio da Administración". Así mesmo, bota en falta máis autoría galega nas producións teatrais.

- Manuel Xestoso, "Talento descompensado", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Cultura", 15-21 maio 2008, pp. 38-39.

Comentario da montaxe do Centro Dramático Galego, *Estigma*, dirixida por Dani Salgado, e baseada nun texto escrito "a tres mans" por Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, todos eles autores nados arredor dos setenta. Sinálase que a morte, a terra e a memoria son os elementos arredor dos que se estructura a obra, que para o crítico, deixa no espectador unha "sensación agridoce", posto que apunta temas que logo non pecha e non avanza en ningunha dirección. A consecuencia, segundo Xestoso, é "unha obra inconclusa e desalentadora".

- Gemma Malvido, "Arturo Fernández actuará seis días de julio en el teatro Colón", *La Opinión*, "A Coruña", 20 maio 2008, p. 14.

Ademais da presenza deste actor, infórmase de que a programación do teatro coruñés dá tamén cabida á obra do Centro Dramático Galego *Estigma*, dirixida por Dani Salgado e resultado do proxecto escrito a tres bandas por Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática. Dise que nela unha serie de personaxes ao borde do abismo coinciden na illa que dá nome á peza, marcada polo suspense.

- Eva González, "El Centro Dramático Galego elige Tui para el estreno de "Estigma", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 22 maio 2008, p. 18.

Precísase que se vai levar a cabo en Tui, un dos "espazos do CDG" e berce de Xosé María Álvarez Blázquez, ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, a representación de *Estigma.* Sinala que a peza é posta en escena polo Centro Dramático Galego (CDG) e que primeiro se representará esta obra "en clave de suspense" para os centros de ensinanza e ao día seguinte, para o público en xeral. Indica que a obra é resultado do proxecto "DramA3", no que traballan desde o verano de 2007 os actores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, que obtivo o Premio Nacional de Literatura Dramática. Fálase en último lugar do seu director escénico e coordinador do proceso, Dani Salgado, que conta con Andreu Raich, como axudante de dirección, e do reparto, formado por Xabier Deive, Clara Gayo, Xosé Manuel Esperante, Vicente de Souza e María Tasende. Tamén se indica que o encargado do deseño do espazo escénico, vestiario e atrezzo é Joan Galí, mentres que do espazo sonoro e audiovisual se encargan Alex Rademakers e Francesc Sitges; da iluminación, Baltasar Patiño e da maquillaxe, Dolores Centeno.

- Inma López Silva, "Estigmatizados", *Tempos Novos*, n.º 133, "Crítica", "Teatro", xuño 2008, p. 74.

Refírese á obra *Estigma* de Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, tres mozos representantes da literatura dramática galega. Dise que esta peza está dirixida por Daniel Salgado e representada pola compañía CDG. Coméntase que o elenco que participa na mesma son Xabier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza e María Tasende.

- Ana Saá, "O Centro Dramático Galego achega o neurotismo coa obra 'Estigma", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 12 xuño 2008, p. 44.

Dise que o último espectáculo da compañía é unha representación en tres actos con Dani Salgado como director escénico e a triple autoría de Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, gañador do Premio Nacional de Dramaturxia 2007.

- Silvia G. Saborido, "Estigma', unha obra con suspense escrita a tres mans", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 xuño 2008, p. 16.

Comentario da última produción do Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Dani Salgado, da que se sinala que foi escrita por Vanesa Sotelo, Jacobo Paz e Rubén Ruibal. Destácase o tratamento cinematográfico de suspense e os seus personaxes que van evolucionando cara un crecente grao de neurotismo.

- Teresa Cuíñas, "Estigma' despide la temporada del Centro Dramático", *El País*, "Galicia", 14 xuño 2008, p. 8.

Dá conta da representación dunha das obras do Centro Dramático Galego, *Estigma*, na que tres dramaturgos, Vanesa Sotelo, Jacobo Paz e Rubén Ruibal, mesturan os seus traballos e están dirixidos por Dani Salgado. Tamén informa das vilas onde será representada a montaxe. A seguir narra o argumento da obra e achega as opinións de Salgado sobre a construción da peza e o traballo de colaboración.

- Lidia M. Gallas Otero, "Estigma", unha representación de suspense e morte, asalta o Auditorio vilagarcián", *Diario de Arousa,* "Arousa, un mar de cultura", "Teatro", 22 xuño 2008, p. 25.

Sinala que no Auditorio Municipal de Vilagarcía se vai representar a obra de suspense e morte, *Estigma.* Precísase que a obra é levada a escena polo Centro Dramático Galego e dirixida por Cándido Pazo. Indica que a peza pertence a un proxecto comezado no ano 2007, "DramA3" e que consta de tres historias, "Abismos", "Elsa" e "Terra Queimada", escritos por Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, respectivamente. Di que na posta en escena se conta con actores como Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Claro Gayo, Vicente de Souza e María Tasende.

- Lino Vidal, "EstigmA' sorprende a los vilagarcianos", *Diario de Arousa*, 28 xuño 2008, contracuberta.

Coméntase que o Centro Dramático Galego presentou en Vilagarcía *EstigmA*, unha obra narrada en clave de suspense que percorre a mente do ser humano dun xeito pesimista. Dise que a peza foi creada por tres autores noveles agrupados baixo o nome de DramA3. Con esta produción, o CDG amosa a súa aposta por unha autoría galega moza. O autor da nova sinala como principais aspectos destacados da montaxe o coidado audiovisual, cun eficaz emprego do son e da luz.

- Marta García Márquez, "E se tivesemos data de caducidade?", *El Ideal Gallego,* "A Coruña. Cultura", "Teatro Colón", 1 xullo 2008, p. 14/ "O Centro Dramático presenta mañá e pasado a nova producción "Estigma", *Diario de Ferrol*, "Provincia", "A Coruña", "Teatro", 1 xullo 2008, p. 23.

Indica que se vai representar no Teatro Colón a nova creación dramática do Centro Dramático Galego (CDG), *Estigma.* Sinala que nesta peza, que é o resultado do proxecto de dramaturxia DramA3, se presentan unhas personaxes caracterizadas porque teñen gravada na súa pel a "data de caducidade", o día da súa morte. Precísase que esta peza está escrita por Jacobo Paz, Vanessa Sotelo e Rubén Darío e emprégase nela a lingua galega, co que o CDG pretende amosar o seu apoio ao uso do galego.

- Tania Suárez, "El Centro Dramático Galego estrena 'Estigma' en el Colón", *La Opinión*, "A Coruña", 1 xullo 2008, p. 15.

Coméntase que a última produción do CDG leva aos espectadores por un recorrido inquietante e pesimista polo ser humano, no que están moi presentes a morte, a terra e a memoria para lograr unha obra marcada polo suspense.

- I. L. S., "Estigmas e experimentos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Críticas", verán 2008, pp. 109-110.

Comeza destacando que non é unha mala idea, en principio, experimentar cun texto escrito por tres dramaturgos noveis diferentes, pero despois afirma que o experimento non resultou. Sinálase que o texto é inconexo, unha historia que deixa no espectador a sensación de indiferenza e que resulta pretencioso. Dise que parece que cada autor quixo crear un gran drama galego, e os tres en conxunto quedaron nunha obra que incomoda ao espectador, ademais destaca que os problemas non están só na construción do espectáculo, senón tamén na propia fábula, que conta con *flash-backs* mal resoltos. Remata afirmando que o CDG pode asumir esta sorte de atrevementos porque tamén pode asumir esta sorte de fracasos.

- maré, "Asentando propostas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 agosto 2008, p. 28.

Dise que o CDG (Centro Dramático Galego) recuperou moitos espectadores de teatro grazas ás obras que presentou este ano, en concreto *Noite de Reis.Ou o que queirades*, *Valdemuller* e *Estigma*. Destácase o éxito da primeira das pezas nomeadas, escrita por Quico Cadaval como adaptación de Shakespeare e co prestixio que lle outorga a concesión de varios premios María Casares. Indícase tamén o número de funcións e de espectadores que acadou cada obra.

Centro Dramático Galego (3): *As dunas. Rapsodia mariña*, texto Manuel Lourenzo, dirección Quico Cadaval.

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense , Pontevedra.

Referencias varais:

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático

Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *As dunas*.

- Natalia Álvarez, "Sempre eliximos autores e temas que teñen unha implicación coa sociedade", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 267, "Entrevista", 13 novembro 2008, p. III.

Cristina Domínguez comenta nesta entrevista que o Centro Dramático Galego achegou ao teatro galego, estabilidade, profesionalidade e visibilidade. Afirma que cada vez hai máis mozos que van ao teatro e indica que están a traballar para visibilizar a tempada. Fala da acollida por parte do público dos Espazos CDG, que se iniciaron o ano pasado e di que un teatro nacional debe ter "unha obra clásica universal, unha obra clásica universal contemporánea, unha obra de autoría residente galega e unha obra de teatro infantil". Por outra parte, a respecto da participación do CDG nunha coprodución co Centro Miraflor de Guimaraes, sinala que hai que sumar forzas entre Galicia e Portugal e aproveitarse do talento dun lado e do outro. Remata aludindo á volta aos escenarios da obra *Noite de Reis*, dirixida por Quico Cadaval, e opina sobre o tándem formado por este e Manuel Lourenzo para levar á escena *As dunas*.

- Carolina Regueira, "María de Medeiros y Serrat, entre los protagonistas de Caixanova en 2009", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 13 decembro 2008, p. 13.

Dentro da programación cultural do primeiro semestre do ano no Centro Cultural de A Coruña anúnciase a representación de *As dunas.Rapsodia mariña* do Centro Dramático Galego, e *Kvetch* de Teatro do Morcego.

Centro Dramático Galego (4)/**Teatro Oficina de Guimarâes**: *Delimvois*, coprodución.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *Delimvois*.

Centro Dramático Galego (5): *ECO*, coprodución con Iván Marcos.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *Eco*.

Centro Dramático Galego (6)/**O Retrete de Dorian Gray**: *Rúa Aire*, coprodución.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *Rúa Aire*.

- Concha Pino, "La música siempre encaja", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 21 setembro 2008, p. L16.

Dise que o malabarista e clown Marcos PTT Carballido anuncia para a primavera un espectáculo teatral para público familiar coa compañía "O retrete de Dorian Gray", que forman el mesmo e Ezra Moreno. Indícase que a montaxe se chama *Rúa Aire* e que a base do mesmo son globos que cobran vida no escenario.

Centro Dramático Galego (7)/**Nut Teatro**: *Wakeup*, coprodución.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O CDG inicia unha temporada para grandes públicos e liñas emerxentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 51.

Comentario no que se repasa o programa da tempada 2008-2009 do Centro Dramático Galego, que ten como lema "Parte de ti", un programa co que se pretende atraer aos grandes públicos e inserir tamén liñas emerxentes do teatro. Neste caso refírese brevemente a *Wakeup*.

Chévere Teatro: *Ultranoite John Balan*

Referencias varias:

- Luciana Ayub, "El Parque Padre Eguren acoge un acto de homenaje a John Balan", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 1 agosto 2008, p. 16.

Comenta que a concelleira de cultura do Concello de Marín acaba de publicar o programa de actividades culturais que se desenvolverá no mes de agosto. Entre todos os actos salienta a representación da obra *Ultranoite John Balan*, do grupo Chévere Teatro,

coa que homenaxearán a Balan e que consiste nunha serie de "sketchs" con diversos artistas. Tamén dá conta doutras actividades, como a celebración do programa "Cultura vai" ou a participación do grupo teatral Brno.

Os **Containers**: *Os sen tren*, texto e dirección Alba Pazos Gómez.

Referencias varias:

- Manuela Iglesias Cid, "Alba Pazos Gómez: xornalista, guionista e actriz", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, n.º 130, "Entrevista", febreiro 2008, pp. 16-19.

Conversa na que Alba Pazos Gómez comenta que vén de escribir e dirixir cos seus compañeiros do grupo teatral Os Containers a súa primeira obra titulada *Os sen tren*. Fala desta obra, que está ambientada nunha estación de tren onde se atopan diferentes personaxes, describe o seu proceso de creación e como naceu o grupo Os Containers e recalca que esta obra conseguiu o terceiro premio no concurso "GZ Crea" da Xunta de Galicia.

David Amor: *Non censure*

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra

Decamerón e CÍA: *O xuízo da adúltera Filipa*

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Entremans: *Qué pasa aquí?*, texto Armando Martén, Ana Beatriz Pérez e Katerina Varela; dirección Entremans.

Ver Rede Galega de Teatros y Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Espello Cóncavo: *Anxeliños*, texto Roberto Vidal Bolaño.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- N. M. S., "Espello Cóncavo estrenará 'Anxeliños, comedia satánica", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Área metropolitana", "Cultura", 25 setembro 2008, p. 23.

Dise que a obra cómica *Anxeliños, comedia satánica* será estreada en primicia o día un de outubro no pavillón deportivo de Carnoedo, para pasar despois á estrea oficial no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- Camilo Franco, "A trastenda do mundo", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 2 outubro 2008, p. L9.

Indica que a compañía de teatro Espello Cóncavo está a representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a primeira das tres comedias realistas que escribiu Roberto Vidal Bolaño, *Anxeliños.* Di que nesta triloxía e nesta obra en concreto se realiza unha descrición cómica da realidade para, paradoxalmente, amosar a irrealidade e a falla de esperanza no xénero humano.

- Amalia Mauleón, "Espello Cóncavo recupera el arte de Vidal Bolaño con 'Anxeliños", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 outubro 2008, p. 41.

Anúnciase a representación no Auditorio do Centro Cultural Caixanova da obra *Anxeliños*, pola compañía Espello Cóncavo, e fálase da súa temática e da importancia de asentar a mellora da Rede Galega de Teatros.

- R. Bruña, "El Centro Dramático Galego abre la programación teatral escolar", *La Opinión*, "A Coruña", 29 outubro 2008, p. 14.

Informa de que o Teatro Rosalía de Castro da Coruña inicia a súa programación para os escolares con catro representacións teatrais e unha de danza. As compañías participantes son o Centro Dramático Galego, coa obra *A boa persoa de Sezuán*; Teatro do Morcego, con *O club da calceta*; Producciónes Excéntricas, con *No Comment: Obra*; e Espello Cóncavo, con *Anxeliños*.

Teatro **Esteiro**: *Cara lavada e chorisón*, texto Xosé Agrelo.

Referencias varias:

- M. G., "La 'Feira do Libro' rinde un homenaje póstumo al escritor Xosé Agrelo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xullo 2008, p. 38.

Dise que dentro da Feira do Libro de Noia faise unha homenaxe póstuma ao escritor Xosé Agrelo na que, entre outros actos, se pon en escena a súa obra *Cara lavada e chorisón*, que escenifica na Alameda o Grupo de Teatro Esteiro. Engádese que tamén se representa a obra *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*, co grupo Viravolta.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Obra (No comment)*, texto e dirección Quico Cadaval.

Ver 4x2
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Seis estreas marcan neste mes o inicio da temporada teatral galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 outubro 2008, p. 30.

Explica que o teatro galego inicia temporada coa estrea de seis obras: *Game over*, *Anxeliños*, *Dáme veleno*, *Obra*, *A boa persoa de Sezuán* e *Unha primavera para Aldara*. *Dáme veleno*, interpretada por Sarabela, conta con texto e dirección de Ánxeles Cuña. De *Obra* dise que é nunha montaxe de Quico Cadaval xunto con Producións Excéntricas que presenta tres inmigrantes que se atopan en Manhattan e no contexto da crise de 1929.

- R. Bruña, "El Centro Dramático Galego abre la programación teatral escolar", *La Opinión*, "A Coruña", 29 outubro 2008, p. 14.

Informa de que o Teatro Rosalía de Castro da Coruña inicia a súa programación para os escolares con catro representacións teatrais e unha de danza. As compañías participantes son o Centro Dramático Galego, coa obra *A boa persoa de Sezuán*; Teatro do Morcego, con *O club da calceta*; Producións Excéntricas, con *No Comment: Obra*; e Espello Cóncavo, con *Anxeliños*.

- Rubén Bruña, "El teatro, titular indiscutible", *La Opinión*, "A Coruña", 27 novembro 2008, p. 15.

Entre unha ampla oferta teatral na capital ourensá, destácase a estrea de espectáculos para o público infantil como é o caso dos fantoches de *Un Ratiño e a Lúa* da compañía arxentina Omar Álvarez Títeres ou de pezas coma *Obra (No Comment)*, cos actores Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Borja Fernández, ou *Aeroplanos*, con Ernesto Chao e Xosé Manuel Oliveira.

- Lupe Gómez, "Construír no ceo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Entrevista", 5 decembro 2008, p. 35.

Anúnciase que se vai presentar no Teatro Principal a peza *Obra,* interpretada pola compañía Producións Escénicas. Sinala que nesta obra, na que participan Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Borja Fernández, e que conta con Quico Cadaval como director, se presenta a tres obreiros da construción na crise do 29 que están a traballar e falar das súas cousas mentres están subidos a un rañaceos. Di que a representación conta cun pianista que toca en directo. Víctor Mosqueira fala tamén do seu dúo teatral con Evaristo Calvo en Mofa e Befa e da súa participación en *Mareas Vivas.*

- M. Beceiro, "Humor e poesía operaria nun rañaceos neoiorquino", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 6 decembro 2008, p. 2.

Comeza narrando a trama da montaxe de Producións Excéntricas, *Obra (No Comment)*, tras do cal se indica que a peza está dirixida por Quico Cadaval, que tamén é o autor dos textos teatrais. Faise referencia á música en directo e ás luces do espectáculo que sitúan aos tres protagonistas da obra nun rañaceos neoiorquino. Asemade, comenta que a peza é unha homenaxe ao cinema mudo dos anos 20 e, finalmente, dá conta das transformacións que sofren os personaxes en busca do sorriso do público.

- Manuel Xestoso, “Humor sinxelo e eficaz”, *A Nosa Terra*, n.º 1.338, “Cultura”, 18-24 decembro 2008, p. 35.

Refírese á peza *Obra (No comment)*, de Producións Excéntricas, dirixida por Quico Cadaval e interpretada por Borja Fernández, Marcos Orsi e Víctor Mosqueira. Descríbese a historia de tres obreiros procedentes de diferentes partes do mundo (Marsella, Polonia e Pernambuco) que se desenvolve no ano 1929, a piques de estalar a gran crise económica dese ano. Saliéntase o bo traballo dos actores e do director.

- J. A. Martínez Sevilla, “Rascacielos teatral”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La Columna”, 23 decembro 2008, p. 29.

Faise unha crítica moi positiva da obra que estrea a compañía Producións Excéntricas no teatro Rosalía de A Coruña, *Obra (no comment)* de Quico Cadaval. Coméntase a súa temática e destácase o traballo dos seus protagonistas, lamentándose asemade da falta de público nos espectáculos teatrais galegos e en galego.

Factoría Escénica Internacional: *O agresor*, texto Thomas Jonigk, dirección Carme Portoceli.

Referencias varias:

- Juan Floriani, “Teatro alternativo e con conciencia”, *Galicia Hoxe,* “MARÉ”, “Drama”, 18 xaneiro 2008, p. 30.

Sinala que a asociación de creadores Factoría Escénica Internacional (FEI) está a representar o drama irónico de Thomas Jonigk, *O agresor*. Indica que con esta obra dirixida por Carme Portoceli se quere reflexionar sobre un tema controvertido, pero que forma parte da problemática social: os abusos a menores. Precísase que a coreografía foi elaborada por Marta Carrasco e a música en directo por Daniel Nel-lo e Jordi Soto. Por ultimo fala da importancia metafórica que ten o escenario elixido para levar a cabo a representación destes dous adolescentes, unha clase, porque, segundo afirma a súa directora, “é onde aprendemos e ademais é o espazo natural dos protagonistas”.

A **Factoría Teatro**: *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, texto Xavier Durringer, dirección Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Alberte Mera, “Cangas estrea a obra ‘Crónica de días enteiros, de noites enteiras”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Morrazo”, 24 agosto 2008, p. 16.

Coméntase a estrea no Auditorio de Cangas dunha coprodución entre as compañías Disquedanza e A Factoría Teatro, unha obra do francés Xavier Durringuer que leva por título *Crónica de días enteiros, de noites enteiras.* Dise que son cinco personaxes de arredor de trinta anos que definen a sociedade moderna e actual, e que están dirixidos por Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle.

- Ana Iglesias, "Teatro y danza para abrir el curso", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 setembro 2008, p. 30.

Dáse conta do programa cultural para o mes de setembro en Santiago, dentro do cal se representan varias obras teatrais galegas, entre elas, *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, da compañía Factoría Teatro; ou *Margar no pazo do tempo*, da compañía "Sarabela Teatro".

- Camilo Franco, "Hai tanto por contar", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Teatro", 4 setembro 2008, p. L7.

Precísase que a compañía Factoría está a respresentar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a peza *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*. Indica que o seu director é Alfredo Rodríguez e o que se pretende nesta obra é reflexionar sobre a vida da xeración de arredor de trinta anos.

- Ana Iglesias, "A Factoría Teatro trae al Principal una obra sobre la búsqueda del amor", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 setembro 2008, p. 27.

Coméntase a obra teatral que a compañía A Factoría Teatro pon en escena no Teatro Principal de Santiago, *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, da cal se indica quen son os protagonistas, a súa temática e a pretensión de crear unha obra efectista.

- M. Dopico, "A procura do amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Montaxe", 5 setembro 2008, p. 28.

Anuncia que se vai representar en Santiago de Compostela, no Teatro Principal, a obra *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*. Indica que a montaxe, de Factoría Teatro e Disquedanza, xa foi representada en Cangas, lugar onde se realizou un curso para que o público participase no proceso de creación da peza, baseada no texto orixinal de Xavier Durringer e que xa fora levada a escena en Francia co título *Polaroid.* Precísase que na representación galega participan Xosé Esperante, Fran Peleteiro, Santiago Cortegoso, Anabel Gago e Gena Bahamonde, que dan vida a catro personaxes que serven para amosar como a busca do amor é unha parte central na súa vida cotiá.

- Manuel Xestoso, "Volta ao autor, volta ao texto", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Cultura", "Crítica", 11-17 setembro 2008, p. 36.

Faise unha crítica detallada da obra *Crónica de días enteiros, de noites enteiras* da compañía A Factoría Teatro, a cal se califica de "literatura dramática" e un acertado espectáculo. Explícase a súa temática e súa estrutura, así como tamén se analizan os seus personaxes. Afírmase finalmente que a obra é boa mostra de que para facer boas pezas non se necesita moito diñeiro.

- Camilo Franco, "Todo menos o importante", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", "Crítica", 26 setembro 2008, p. 20.

Sinala que a compañía A Factoría está a representar a obra *Crónica de días enteiros, de noites enteiras.* Especifícase que o sábado actuará en Vilalba e o domingo en Vigo. Di que na peza teatral se esquece do máis elemental do teatro: a interpretación, dándolle máis importancia á iluminación e á atracción, o que fai que a montaxe en conxunto non represente todos os avances que se teñen realizado neste campo, senón que o "paraliza" todo.

- Silvia Pérez, "A Factoría teatro estrea en Vigo a súa última proposta escénica", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 28 setembro 2008, p. 47.

Preséntase a estrea no auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo da obra *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, sinalada como unha coprodución da compañía A Factoría Teatro e Disquedanza. Dise que é a primeira vez que as dúas compañías traballan xuntas e que os seus directores son Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle.

- Inma López Silva, "Da cotidianeidade ao inaccesíbel", *Tempos Novos*, n.º 138, "Crítica", "Teatro", novembro 2008, p. 86.

Refírese á representación de *Crónica de días enteiros, de noites enteiras* da Factoría Teatro, dirixida por Alfredo Rodríguez e Olga Casemelle. Dise que esta peza foi escrita por Xavier Durringer e para a súa posta en escena conta co seguinte elenco: Santiago Cortegoso, Gena Romero, Anabel Gago, Xosé Esperante e Fran Peleteiro. Explícase que a compañía se sitúa na súa liña de tratar temas habitual contemporáneos, transgresores e indagando novamente en linguaxes alternativas ao teatro tradicional, que neste caso se materializa nunha obra na que se reflexiona sobre a vida e o propio teatro, dando lugar a unha representación que semella incoherente e que provoca no espectador unha sensación de desorientación.

Teatro da **Falúa**: *Mort*

Referencias varias:

- L. B., "Unha comedia aloucada sobre un mundo absurdo", *Diario de Arousa*, 30 maio 2008, contracuberta.

Dise que dentro da programación cultural do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa preestréase a comedia *Mort*, da compañía Teatro da falúa, unha obra, segundo se comenta, aloucada sobre un mundo absurdo cheo de elementos surrealistas. Tamén se di que a representación teatral se remite a unha obra de Terry Pratchett, un dos autores de maior éxito de vendas en Reino Unido.

Fas-Que-Fas: *O bosque*

Ver Ibán Toxeiro, Asociación Alexandre Bóveda, Memorial de Teatro

Referencias varias:

- A. D., "La escena coruñesa recuerda a Jenaro Marinhas del Valle", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 20 novembro 2008, p. 17.

Informa sobre a celebración do centenario do nacemento do dramaturgo galego Jenaro Marinhas del Valle. Comenta que os encargados dos actos que se levarán a cabo son a Concellaría de Cultura, a Universidade da Coruña e máis a Asociación Alexandre Bóveda. A seguir, dá conta das actividades que se realizarán: Teatro Proscrito interpretará *A velada*, o grupo de teatro Alexandre Bóveda poñerá en escena *A serpe*, e Fas que fas interpretará *O bosque*. Tamén indica que terá lugar unha conferencia, unha mesa redonda e unha exposición sobre o autor.

Femme Fatale: *Cabaredeambulante*

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, "Facer poesía da decadencia é marabilloso", *Tempos Novos*, n.º 134, "Todo é peixe", "Entrevista", xullo 2008, p. 10.

O actor e músico (entre outras moitas facetas) Nelson Quinteiro fala do seu labor na compañía Femme Fatale que está a representar o espectáculo *Cabaredeambulante*. Tamén se refire á súa concepción de cabaret e á súa vocación de artista, que xa desde que tiña os dez anos o ten subido a un escenario.

Teatro **Galileo**: *Náufragos*, texto André Roussin, dirección Pedro Rubín.

Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "De náufragos e palmeiras", *Galicia Hoxe*, "Venres", 8 febreiro 2008, p. 4.

Entrevístase ao director da compañía "Teatro Galileo" co gallo da estrea da súa última montaxe, *Náufragos*, unha peza do autor francés André Roussin centrada nas relacións de parella. Dise que a tradución ao galego é de Pancho Pillado e que é unha obra de grande percorrido internacional. Tamén se fala sobre o autor francés e sobre a situación do teatro galego.

- A. R. López, "Sobe o pano", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 outubro 2008, p. 29.

Nesta noticia faise referencia á inauguración da Feira das Artes Escénicas en Santiago de Compostela, con respecto á cal se comenta que se trata dunha Feira que dura cinco días e na que participan 150 programadores. Por outra parte explícase que a presenza galega nesta Feira estará da man de Teatro Galileo, coa obra *Náufragos*, de André Roussin, con respecto á que se indica que está protagonizada por César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos, e Raúl Caro; o argumento xira en trono ás relacións de parella que se dan nunha illa paradisíaca despois dun naufraxio; *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste e que se basea no humor negro; e *Animales artificales*, de Matarile Teatro e cuxo argumento xira en torno a temas relacionados coa morte e o paso do tempo, así como a bisexualidade. Tamén se pon de manifesto a participación do teatro portugués e do vasco durante esta Feira.

- Manuel Xestoso, "Regra de tres", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", "Crítica", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 35.

Coméntase amplamente a obra teatral *Náufragos*, de Teatro Galileo, sobre a que se informa que se basea na historia clásica do triángulo amoroso, neste caso tras naufragar o cruceiro no que os tres personaxes van, e atoparse incomunicados nunha illa deserta. Destácase o seu espírito subversivo e dise que unha das maiores virtudes da compañía é "manter a función dentro dos moderados límites da alta comedia, con máis malicia que acedume". Por último, destácase tamén a actuación dos seus protagonistas.

- Lidia M. Gallas Otero, "Náufragos', unha historia de amor a tres bandas, clausura a Mostra de Teatro de Ribeira", *Diario de Arousa*, "*Arousa un mar de cultura*", "Actuación", 23 novembro 2008, p. 31.

Dá conta da inclusión da peza *Náufragos*, do grupo teatral galego Teatro Galileo, na Mostra de Teatro de Ribeira. Indícase que a obra foi escrita polo dramaturgo francés André Roussin co título *La petite hutte*, e adaptada ao galego baixo as ordes de Pedro Rubín. Sinálase que os catro protagonistas da peza son actores galegos recoñecidos polo seu traballo en diversas series da televisión de Galicia.

A **Internacional** (1): *Frida*, texto e dirección Jorge Rey.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Frida Kahlo, en el Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 setembro 2008, p. 28.

Dise que a compañía A Internacional presenta o seu novo espectáculo, *Frida,* que se representa no Teatro Principal, salientando, en palabras do seu director e protagonistas, que "pretende abrir unha reflexión sobre a represión da muller na sociedade.

- Alfredo Conde, "Jorge Rey ou a excelencia artística", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 1 outubro 2008, p. 4.

Conde lembra a vez en que Jorge Rey representou unha peza de teatro de monicreques creada por el mesmo e comenta que acaba de ver unha nova estrea, *Frida*, da que

salienta a actuación dos actores Alfredo Padilla e Manuela Varela. Tamén asegura que non son necesarios moitos orzamentos públicos para crear unha peza teatral senón que o importante é a intelixencia creadora. Por último, recomenda ver o espectáculo.

A **Internacional** (2): *Perón, Perón*, de Jorge Rey.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "La obra 'Perón, Perón', mañana en Culleredo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área Metropolitana", 20 novembro 2008, p. 20.

Faise eco da representación da obra *Perón, Perón* de Jorge Rey, posta en escena pola Compañía de Teatro 'A Internacional' comentando que será representada no Edificio de Servicios Múltiples de O Burgo, no concello de Culleredo.

Kónic Thtr: *02-Pegas sen identificar dunha traxedia grega*

Referencias varias:

- P. S. F./Oliveira, "Representamos una historia que sirve para disfrutar del teatro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 2 novembro 2008, p. L16.

Dise que os actores da Sala Santart de Santiago presentan a obra *02-Pegas sen identificar dunha traxedia grega*, e faise unha breve entrevista a unha das protagonistas da mesma sobre a obra.

- A. I., "Teatro en familia y música para todos en la oferta dominical", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2008, p. 18.

Dá conta dalgúns espectáculos que tiveron lugar en Compostela, como a actuación da compañía Trinke Trinke, que puxo en escena *Os soños na gaiola*, na sala ARTeria Noroeste, e o espectáculo de Kónic Thtr, que actuou no Salón Teatro coa obra *02-Pegas sen identificar dunha traxedia grega*.

Lagarta Lagarta: *Aeroplanos*, texto Carlos Gorostiza, dirección Rosa Álvarez.

Ver Cangas, XXVª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de
Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver Cee, Domingos de Teatro. Marzo Teatral
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver FIOT, XVIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Ribadavia, XIIIª Mostra Internacional de Teatro de
Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar

Referencias varias:

- maré, "Un mundo sen bondade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2008, p. 27.

Fálase da estrea da obra *Aeroplanos*, ademais de achegar información a cerca de diversas representacións.

- Inma López Silva, "A tenrura e a ironía voan en aeroplano", *Tempos Novos*, n.º 136, "Crítica", "Teatro", setembro 2008, p. 79.

Faise mención á obra de teatro *Aeroplanos*, do arxentino Carlos Gorostiza, que se está a representar baixo a dirección de Rosa Álvarez. Explícase que se encarga da posta en escena a compañía Lagarta, Lagarta, que tamén é a responsábel da escenografía. Para a representación cóntase co seguinte elenco: Ernesto Chao, que interpreta o papel principal, e Xosé Manuel Olveira, "Pico", mentres que da iluminación se encarga Eduardo Alonso. Explícase que nesta peza, caracterízada pola súa sinxeleza textual e a súa profundidade dramática, se fai unha reflexión sobre a vellez, a soidade e o paso do tempo representada nun par de viúvos que rifan e se amigan de novo como se fosen unha parella.

- A. T., "Cerceda ofrece quince actividades culturales y deportivas para el otoño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 setembro 2008, p. 43.

Informa de que o Concello de Cerceda acaba de publicar a súa oferta cultural para a próxima tempada e, en relación á literatura galega, dá conta das representacións de dúas compañías galegas: Ti e máis eu Teatro interpretará *Na outra habitación*, e a compañía Lagarta lagarta poñerá en escena *Aeroplanos*.

- A. Martínez, "Programación otoñal de alto nivel de Caixanova y el Concello herculino", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 setembro 2008, p. 67.

Descríbese a programación de outono de Caixanova na Coruña que se conforma de danza, música ou teatro. Entre as obras anunciadas está *Aeroplanos* da compañía Lagarta, lagarta e *A boa persoa de Sezuán* do Centro Dramático Galego (CDG).

- Héctor Barrera, "Ernesto Chao y Pico sobrevuelan el Salón Teatro en su 'Aeroplanos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 8 outubro 2008, p. 67.

Comenta que a compañía Lagarta Lagarta vai representar no Salón Teatro de Santiago a obra *Aeroplanos*, do dramaturgo arxentino Carlos Gorostiza. Indica que os protagonistas da comedia son Ernesto Chao e Pico Olveira e a dirección corre a cargo de Rosa Álvarez. Explica que se trata dunha comedia do xénero italiano do grotesco, onde os temas fundamentais son a amizade e a liberdade de poder escoller. A seguir, narra o argumento da peza e augura grandes éxitos para o espectáculo.

- Manuel Xestoso, "Emoción sen cinismo", *A Nosa Terra*, n.º 1327, "Cultura", "Crítica", 2-8 outubro 2008, p. 34.

Dise que o logro da compañía Lagarta, lagarta coa súa obra *Aeroplanos* está sobre todo en voltar ao teatro comercial preservando a calidade das obras. Coméntase que é unha

obra onde sobresae unha emotiva reflexión sobre a amizade e as relacións humanas. Tamén se fala sobre o espazo escénico e sobre a responsabilidade do éxito que tamén recae nos seus dous protagonistas, Ernesto Chao e Xosé Olveira Pico.

- Camilo Franco, "Colegas para sempre", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 9 outubro 2008, p. L9.

Sinala que se está a representar no Salón Teatro de Santiago de Compostela a obra *Aeroplanos.* Precísase que os actores encargados da posta en escena son Xosé Manuel Olveira e Ernesto Chao, que dan vida a dous colegas, "dous colegas para sempre" que se amosan en constante desacordo, aínda que en realidade son complementarios. Cara ao final di que con esta peza se pretende que o espectador sexa conciente de que a vida "é un tango", un vaivén constante.

- Héctor Barrera, "Aeroplanos', un vuelo a la emoción", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 outubro 2008, p. 75.

Salienta que a obra *Aeroplanos*, do Centro Dramático Galego, é unha mestura de sorrisos e bágoas, xa que a través dos seus protagonistas, Ernesto Chao e Pico Olveira, o público vive toda unha serie de emocións. Salienta que os actores son grandes amigos que teñen ideas comúns e por iso é máis sinxelo traballar xuntos. Fala asemade da labor de dirección de Rosa Álvarez. En columna á parte, faise referencia á traxectoria do escritor da obra, o arxentino Carlos Gorostiza.

- Xabier Sanmartín, "Ernesto Chao, aeroplano e isla desierta", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", "Telediaria", 15 outubro 2008, p. 78.

Dise que o actor Ernesto Chao participa nunha conversa radiofónica para falar de si mesmo e da súa última montaxe, *Aeroplanos*, coa súa compañía Lagarta, lagarta.

- D. M., "El Pazo Emilia Pardo Bazán acogerá este sábado la comedia 'Aeroplanos", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", "Teatro", 21 outubro 2008, p. 18.

Sinala que se vai representar no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán a comedia dirixida para un público adulto, *Aeroplanos*, da man da compañía de teatro Lagarta Lagarta. Indica que nesta comedia orixinal do arxentino Carlos Goroztiza, Ernesto Chao e Xosé Manuel Oliveira Pico interpretan a personaxes que reflexionan sobre as relacións humanas, baixo a dirección de Rosa Álvarez.

- Mar Mato, "O humor de *Aeroplanos* aterra no Caixanova cun canto á amizade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 26 outubro 2008, p. 41.

Coméntase a temática da obra *Aeroplanos* que a compañía Lagarta Lagarta estrea no teatro Caixanova de Vigo. Destácase tamén o acerto na escolla dos dous protagonistas, Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira, 'Pico'.

- C. G., "Aeroplanos' con Ernesto Chao y Pico, llega esta noche al teatro estradense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 outubro 2008, p. 36.

Informa de que a compañía Lagarta Lagarta vai representar no teatro Principal da Estrada a obra *Aeroplanos*, e salienta a participación dos actores Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira.

- Xosé Cermeño, "Aeroplanos", *Galicia Hoxe*, "Punta Balea", 31 outubro 2008, p. 5.

Cermeño comeza preguntándose qué buscan os espectadores no teatro e lembra que o ser humano é o único que sempre anda a buscar historias. Con isto, refire que asistiu á representación da obra *Aeroplanos* do arxentino Carlos Gorostiza e dirixida por Rosa Álvarez. Explica o argumento da peza e salienta o labor dos actores, Ernesto Chao e Xosé M. Olveira "Pico", os cales crean vida no mesmo escenario grazas a súa enerxía, convicción e ritmo.

- Lidia M. Gallas Otero, "Os actores Ernesto Chao e Xosé Olveira visitan Vilagarcía coa obra 'Aeroplanos", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Teatro", 16 novembro 2008, p. 27.

Precísase que se vai representar no Auditorio de Vilagarcía a obra da compañía Lagarta, Lagarta, *Aeroplanos*, logo de representarse neste mesmo sitio a ópera *Carmen*. Sinala que os actores encargados da posta en escena de *Aeroplanos* son Ernesto Chao e Xosé Olveira "Pico", baixo a dirección de Rosa Álvarez e cun texto orixinal de Carlos Gorostiza. Di que a compañía Lagarta, Lagarta foi fundada por Ernesto Chao e Rosa Álvarez e que se deron a coñecer coa obra *Cartas de amor*, aínda que foi coa segunda creación coa que acadaron tres dos prestixiosos Premios María Casares de Teatro no ano 2005. Indícase no "Sumario" da portada que se fai unha homenaxe á fundadora do grupo folclórico Mocedade da Torre 83, "Mariuca"; que "Caritarte" leva a cabo representacións solidarias na Rivas Briones de Vilagarcía e que Eligio Vidal estrea na Coruña a súa última composición musical.

- Olalla B. B., "Ernesto Chao define 'Aeroplanos' como 'un canto á amizade cargado de humor e tenrura", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 20 novembro 2008, p. 10.

Informa de que a compañía Lagarta Lagarta vai representar no Auditorio Municipal de Vilagarcía a obra *Aeroplanos*. Comenta que no acto de presentación da obra estiveron presentes os actores Ernesto Chao e Pico Olveira, acompañados polo edil de cultura, Xosé Castro Ratón e máis Javier Villaronga, directivo de Caixanova. Ernesto Chao e Pico Olveira salientaron a calidade do guión e deron conta do argumento da obra, ademais de referir a compenetración no seu traballo xa que levan moitos anos xuntos. Asemade, destacaron a importancia da dirección da obra a cargo de Rosa Álvarez e esperan ter unha boa acollida en Vilagarcía.

- L. G., "Humor 'made in Galicia' con dous vellos coñecidos", *Diario de Arousa*, 22 novembro 2008, contracuberta.

Coméntase a representación da obra *Aeroplanos* no Auditorio de Vilagarcía de Arousa, da man da compañía Lagarta Lagarta. Dise que a temática xira arredor do reencontro de dous vellos amigos da infancia que se atopan agora xa viúvos, e que isto reforza a súa amizade. Tamén se fala sobre a súa directora.

- N. A., “Culmina con éxito el programa municipal Outono Cultural”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 Costados*”, 25 novembro 2008, p. 4.

Explícase que o programa municipal “Outono Cultural”, dirixido aos maiores de sesenta e cinco anos, culminou coa obra *Aeroplanos* de Lagarta Lagarta. Coméntase que outra obra das representadas foi *Bicos con lingua*, da compañía Talía Teatro. Saliéntase que con este programa se achegou aos maiores os museos, sobre todo o Liste, dedicado á etnografía, e o Museo do Mar.

- Rubén Bruña, “El teatro, titular indiscutible”, *La Opinión*, “A Coruña”, 27 novembro 2008, p. 15.

Entre unha ampla oferta teatral na capital ourensá, destácase a estrea de espectáculos para o público infantil como é o caso dos fantoches d´*Un Ratiño e a Lúa* da compañía arxentina Omar Álvarez Títeres ou de pezas coma *Obra (No Comment)*, cos actores Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Borja Fernández, ou *Aeroplanos*, con Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira.

Malasombra: *Non é tan fácil*, texto Paco Mir, dirección Marcos Orsi.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Referencias varias:

- María López, “Consellos para romper coa parella”, *Diario de Arousa*, 31 maio 2008, contracuberta.

Coméntase a representación da comedia *Non é tan fácil* que a compañía “Malasombra” fai no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa. Saliéntase o seu fío argumental, as dificultades das relacións de parella; e que, segundo se di, é un espectáculo baseado no espírito de Tricicle.

- Javier Cervera, “Quen dixo que ía ser sinxelo? ou Marcos Orsi versionando a Paco Mir”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí/Cultura”, 5 decembro 2008, p. 68.

Indica que dentro da programación “Outono teatro” a compañía Malasombra Teatro puxo en escena a obra *Non é tan fácil*, adaptación dun texto de Paco Mir realizada por Marcos Orsi.

Manicómicos: *Deprimidos ao río*

Referencias varias:

- M. O., “Manicómicos estrena su primera obra de producción propia”, *La Opinión*, “Ciudad y cultura”, 22 maio 2008, p. 14.

Infórmase de que *Deprimidos ao río* é a última proposta de Manicómicos, escrita por un dos membros da compañía, Willy Éter, e dirixido por outro dos compoñentes, Carlos Sante. Dáse conta de que a acción se desenvolve nun imaxinario congreso, no que terán lugar situacións cheas de excentricidade e humor, así como de que os actores de Manicómicos se mesturaran co público para incrementar a sensación de que se atopan no congreso. Coméntase que o espectáculo mestura ensaio, clown, teatro e música.

Mofa e Befa: *No Comment*

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Monicreques de Kukas: *7 pecados capitais*

Referencias varias:

- M. Dopico, "Non chove sen escampar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 outubro 2008, p. 35.

Recolle as verbas de Jorge Rey, membro da compañía de monicreques Cachirulo, quen se lamenta do peche da sala Yago, na que durante anos tiveron a súa casa teatral, que agora trasladaron ao Teatro do Noroeste. Tamén salientou os avances que o ano 2008 trouxo para este xénero literario da man do proxecto de creación en tres concellos galegos, entre os que se atopa Santiago de Compostela, de salas estábeis para a produción de teatro de monicreques. Informa que a Xunta de Galicia colaborou con dita iniciativa grazas a axudas concedidas a diversas montaxes ou ao Centro Dramático Galego, que produciu a obra de marionetas *Valdemuller*, ademais das convocatorias dos premios e dos festivais teatrais. Finalmente, comenta que a compañía Kukas presenta na Sala Nasa a obra de monicreques para adultos *7 contos capitais*.

- Camilo Franco, "7 contos capitais", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 23 outubro 2008, p. L9.

Precísase que a compañía Kukas está a representar na Sala Nasa de Santiago de Compostela a peza *7 contos capitais.* Sinala que a representación está realizada por monicreques, algo que de primeiras poderíase pensar que é exclusivo dos rapaces, pois nesta ocasión o que se quere é dirixir aos adultos unha reflexión cómica sobre os sete pecados capitais.

Teatro do **Morcego** (1): *Kvetch*

Referencias varias:

- Carolina Regueira, "María de Medeiros y Serrat, entre los protagonistas de Caixanova en 2009", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 13 decembro 2008, p. 13.

Dentro da programación cultural do primeiro semestre do ano no Centro Cultural da Coruña anúnciase a representación d'*As dunas. Rapsodia mariña* do Centro Dramático Galego, e *Kvetch* de Teatro do Morcego.

Teatro do **Morcego** (2): *Lazarillo de Tormes*

Referencias varias:

- L. R., "El Coliseum baila con Juan Luis Guerra", *La Región*, "Verano", "Agenda", 20 agosto 2008, p. 20.

Anúnciase unha serie de representacións teatrais que terán lugar en distintas vilas galegas: en Vilar de Barrio o espectáculo *Remedios Peregríns* a cargo da compañía Novo Circo, en Ourense a compañía Teatro da Gavela representará o *Conde Alarcos*, en Bueu o teatro de marionetas Trécola ofrece o seu espectáculo *N.º 8 da rúa dos contos*, en Maside a compañía A Xanela do Maxín ofrece a representación de títeres *Chincha Rabincha* e en Cartelle o *Lazarillo de Tormes* será representado por Teatro do Morcego.

Teatro de **Ningures**: *Bailadela da morte ditosa*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Etelvino Vázquez.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O anverso da crónica negra", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Teatro", 26 xuño 2008, p. L9.

Sinala que se vai representar no Salón Teatro unha revisión da peza de Roberto Vidal Bolaño, *Bailadela da morte ditosa.* Precísase que a representación se realiza da man da compañía Teatro de Ningures, que relata como a xente que vive nos arrabaldes busca a morte.

- Anxa Correa, "A palabra de Roberto Vidal Bolaño volve ás táboas con 'Bailadela da morte ditosa", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 xuño 2008, p. 67.

Comenta que a compañía Teatro de Ningures vai poñer en escena a obra de Roberto Vidal Bolaño, *Bailadela da morte ditosa*. Informa de que a obra se representará no Salón Teatro de Santiago e que despois participará na Mostra Internacional de Ribadavia. Tamén dá conta dos seis actores que interveñen, dirixidos por Etelvino Vázquez, quen ofrece as súas opinións sobre a montaxe.

- M. Dopico, "A volta máis esperada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Memoria", 28 xuño

2008, p. 33.

Faise mención da representación da obra *Bailadela da morte ditosa* no Salón Teatro de Compostela. Sinala que esta peza do finado Roberto Vidal Bolaño volve a escena da man do director Etelvino Vázquez coa compañía Teatro de Ningures, que conta con actores como Pepa Barreiro, Mónica Caamaño, Fran Paredes, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso e Salvador del Río. Precísase que esta peza fora estreada vinte anos atrás polo grupo Teatro do Estaribel do que formaba parte o seu autor. Indica que nesta obra se fan os retratos de sete persoas que, xa desesperadas e desesperanzadas, tentan acabar coa súa vida, cada unha da súa maneira. Faise mención de que a representación non se fai de modo dramático, senón con naturalidade e sinxeleza.

- Inma López Silva, "A volta de Vidal Bolaño", *Tempos Novos*, n.º 135, "Crítica", "Teatro", agosto 2008, p. 78.

Faise mención da obra de Roberto Vidal Bolaño, *Bailadela da morte ditosa*, representada pola compañía Teatro de Ningures, que conta co seguinte elenco de actores: Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Caamaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río e Casilda García. Do vestiario sinálase que se encarga Carlos Alonso, e explícase que esta representación é unha homenaxe ao dramaturgo xa finado Roberto Vidal Bolaño. Conclúese que malia que a primeira representación da obra tivo lugar en 1980, este non perdeu a súa frescura nin o toque persoal do autor.

- María Roade, "Cultura al aire libre", *Atlántico Diario*, "Actividades/Ocio y diversión para todos los públicos", 15 agosto 2008, p. 32.

Dise que dentro da programación estival do Concello de Nigrán as dunas de Gaifar , en Praia América, serán tamén escenario das obras *Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures, e *Asalto de cama*, do grupo Máscara Producións.

- Roberto Pascual, "Bailaretadas de homenaxe con acerto estético", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Críticas", outono 2008, pp. 95-97.

Comeza facendo referencia á obra *Zardigot*, destacando que os seus resultados foron desafortunados, pero non acontece o mesmo coa compañía Teatro de Ningures que acaba de presentar *Bailadela da morte ditosa*. Dise que esta obra representa un reto e unha chamada polas calidades dramáticas, nunha nova lectura escénica dun dos textos de referencia. Sobre o contido sinálase que a obra conta con seis historias e un prólogo no que se tecen encontros coa morte, desexados, inesperados e buscados para lograr outra vida. Destácase, nesta última montaxe dirixida por Etelvino Vázquez, o vestiario e unha escenografía operativa para a ligazón das diferentes situacións dramáticas. Como punto negativo dise que a obra ten unha duración considerábel, que por momentos decae e, en certas ocasións, os personaxes non logran manter a tensión dramática. Sobre a interpretación afírmase que destacan a limpeza da construción física, a prosodia e a coordinación dos movementos. Conclúese que esta nova montaxe consegue manter os trazos do humor retranqueiro, grotesco e entrañábel.

Nut Teatro (1): *A mirada de Pier*, texto Clara Gayo, dirección Carlos Neira.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, polos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, como por exemplo *A mirada de Pier*, obra colectiva e representada por Nut Teatro baixo a dirección de Carlos Neira.

- Lupe Gómez, "Alegoría do desexo", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 22 febreiro 2008, p. 29.

Indica que se vai estrear nese mesmo día unha nova representación da compañía Nut Teatro, *A mirada de Pier.* Coméntase que nesta peza se aborda o tema do desexo e os conflitos que este sentimento acarrea. Sinala que nesta peza hai influencias de pezas literarias e cinematográficas, como é o caso de *Lolita* ou *Morte en Venecia.* Refírese á dirección levada a cabo por Carlos Neira, así como noutras obras da compañía, como por exemplo *Corpos Disidentes*, que formou parte do Festival Escena Contemporánea de Madrid e que, segundo se indica, tivo unha moi boa acollida. Tamén se menciona que a pretensión da peza é provocar no espectador unha curiosidade inqueda e reflexiva, "non morbosa".

- Ana Iglesias, "Teatro y danza en Compostela", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 febreiro 2008, p. 20.

Indícase que dentro do novo ciclo 'Teatro e danza en Xira', que organiza a Concellería de Cultura e a Fundación Caixa Galicia, visitan Galicia algunhas das mellores compañías de teatro e danza de España, salientando asemade que se inclúe no programa a obra *A mirada de Pier*, da compañía compostelá Nut Teatro, na sala Nasa.

- Camilo Franco, "Caligrafía manierista", *La Voz de Galicia*, *Fugas*, "D Escenarios", "Crítica", 7 marzo 2008, p. 16.

Precísase que a compañía Nut está a representar a peza *A mirada de Pier*. Di que "é un exercicio de estilo" no que o texto semella capado pola falta de humor e onde a superficialidade dos parlamentos converten a obra en pura retórica. Indica ademais que a autora é Clara Gayo e o director Carlos Neira.

- Manuel Xestoso, "As estratexias fatais", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 36.

Coméntase que o último espectáculo de Nut Teatro, *A mirada de Pier*, dirixido por Carlos Neira, constitúe unha reflexión sobre as relacións entre o desexo e o poder, a través dunha montaxe íntima, baseada en tres monólogos que relatan tres historias, sobre o desexo. Con texto de Clara Gayo e catro actrices protagonistas, Xestoso

considera que a montaxe incide nos defectos de gran parte do teatro alternativo actual: o abuso do monólogo, a reiteración no emprego do vídeo… Non obstante, valora moi positivamente o interese do texto e o "estupendo" traballo das actrices.

- M. G. M., "Nut Teatro innova formato e discurso en 'A mirada de Pier", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Cultura", 28 novembro 2008, p. 17.

Coméntase que a compañía Nut Teatro presenta en Santiago a súa nova obra, *A mirada de Pier*, que vai dirixida a un público mozo combinando audiovisual, danza e dramaturxia para provocar, segundo se di, aceptación ou rexeitamento. Dise que a obra aborda as relacións do poder así como o desexo e a erótica desde unha nova perspectiva.

- J. A. Martínez Sevilla, "Patología del deseo", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La Columna", 2 decembro 2008, p. 28.

Faise unha crítica da obra *A mirada de Pier*, que se representa no Fórum da Coruña e que obtivo, segundo se di, un bo éxito de público. Destácase a súa temática innovadora centrada no erotismo e o desexo a partir da mestura de danza, música, teatro e imaxe, e saliéntase o papel desenvolto polas súas protagonistas femininas.

- Manuel Beceiro, "Un renovado montaje en torno a los estereotipos del deseo", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 11 decembro 2008, p. 9.

Coméntase que a compañía Nut Teatro vai representar no Principal a obra *A mirada de Pier*, dirixida por Carlos Neira. Explícase que as protagonistas, Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado e Arantza Villar, mostran ao espectador unha historia chea de tópicos e estereotipos sobre o pracer, o desexo e os conflitos que estes causan, nun espazo escénico sonoro e luminoso.

- Carlos Caetano Biscaínho, "A escrutar a ollada contemporánea", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 2, "Artes Escénicas", 20 decembro 2008, p. 7.

Comenta que un dos temas máis habituais da arte contemporánea é a reflexión sobre o papel do espectador que normalmente se mantén á marxe, e xulga o que está a ver. Indica que este tópico desaparece na representación da obra *A mirada de Pier*, da compañía Teatro Nut, onde as mulleres ofrecen as súas reflexións e desexos. Asemade, considera que a posta en escena mostra solucións escénicas orixinais, e tamén salienta o emprego de recursos audiovisuais.

Nut Teatro (2): *Coa palabra na lingua. Concerto en dúas linguas para dous actores e un músico*

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, "Un teatro para a sociedade", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 decembro 2008, p. 2.

Comenta que a compañía Teatro Nut vai poñer en escena a obra *Coa palabra na lingua*, dentro do espazo multidisciplinar Zona C. Explica que esta compañía pretende mostrar ao espectador un teatro puro e que esta obra é unha superación da narratividade clásica de presentación, nó e desenlace. Indica que os actores, Mónica Caamaño e Zé Paredes, fan un recorrido emocional pola poesía galega e portuguesa, desde os poetas de principios do século XX até a actualidade. Por último, Mónica Caamaño expón os seus motivos de por qué deixou o mundo televisivo e aceptou un proxecto teatral.

- M. Dopico, "Coa palabra na lingua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obra", 12 decembro 2008, p. 32.

Sinala que Nut Teatro vai representar en Santiago de Compostela o seu espectáculo *Coa palabra na lingua. Concerto en dúas linguas para dous actores e un músico*. Precísase que a peza, respondendo á liña desta compañía, está carente de artificios e de ornamentos innecesarios. Indica que nela se fai un percorrido pola historia da poesía galega e portuguesa desde comezos do século XX, acompañado pola música en directo de Anxo Graña. Nela, como o seu título indica, empréganse dúas linguas, a galega e a portuguesa. Tamén sinala que se estrutura en catro bloques, temáticas arredor do amor, a ira e o desaire, a muller e a metapoética.

Palimoco Teatro (1): *O rato da biblioteca*

Palimoco Teatro (2): *O soño dos ruíns*

Pentación Espectáculos: *Sonata de Outono*

Pinguela Teatro: *Razóns de peso*, texto Clara Gayo, dirección Anabel Gago.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Concierto de 'Carlos Childe & The Troupe", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 19 outubro 2008, p. 22.

Con motivo da celebración do Día contra a violencia de xénero, dá conta da representación que realizará a compañía Pinguela Teatro da obra *Razóns de peso*, no teatro Principal da Estrada. Comenta que o texto pertence a Clara Gayo e que a montaxe está dirixida por Anabel Gago.

Pisando ovos (1): *Mi solo Menos 1*, dirección David Loira e Ruth Balbís.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Referencias varias:

- Miriam Vázquez Fraga, “El espectáculo ‘Play’ abre la sexta temporada del Teatro Ensalle de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 18 setembro 2008, p. 41.

Preséntase a programación do Teatro Ensalle de Vigo para o último trimestre do ano, entre a que se salienta a estrea da obra *Play* e a de *Mi solo menos uno*, da compañía Pisando ovos.

Pisando ovos (2): *N8 OHX¸* texto e dirección Ruth Balbís e David Loira.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Pistacatro Productora de Soños (1): *Manualidades*

Referencias varias:

- A. Ramos, “Música, cine y teatro llenan el programa lúdico del Concello”, *La Voz de Galicia*, “Teo”, 14 xullo 2008, p. 6.

Dá conta do programa de actividades lúdicas que ten preparado o Concello de Teo e, entre estas actividades, salienta as representacións teatrais. Explica que se levará a cabo a iniciativa Xprésate-Ho!, que permitirá subir ao escenario a grupos de teatro de Teo que non teñen moita experiencia. Tamén achega as actuacións dos grupos de teatro profesionais: Os Quinquilláns interpretará *Moby Dici*; *Manualidades* será a obra estreada por Pista Catro; e Volta e Dálle poñerá en escena *Pan*.

Pistacatro Productora de Soños (2): *Purgatorio! Santos Vs. Predicadores*, dirección Marcos Ptt Carballido.

Referencias varias:

- maré, “Pistacatro estrea en Santiago o seu novo espectáculo de circo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 agosto 2008, p. 32.

Ponse de manifesto o inicio do novo espectáculo de Pistacatro Produtora de Soños, *Purgatorio! Santos Vs. Pecadores*, que formará parte do Festival dos Abrazos que se celebra en Santiago de Compostela. Coméntase que representa a batalla entre o Ben e o Mal cunha fusión de distintos elementos escénicos. Apúntase asemade que a representación se celebrará na praza da Quintana, ademais de indicar que o director da montaxe é o lucense Marcos Ptt Carballido, quen pretendeu unir nun mesmo espectáculo vistosos traxes e maquillaxes, así como a liberdade na interactuación co público do teatro de rúa e a sorpresa da robótica aplicada ao teatro.

- M. J., “O Pistacatro presentará ‘Purgatorio”, *La Región*, “Festas do Cristo, en O Barco”, 12 setembro 2008, p. 7.

Fálase sobre a compañía compostelá Pistacatro: sobre a súa creación, a súa traxectoria, os seus compoñentes, e sobre a obra *Purgatorio*, que estrean dentro da programación das festas de O Barco.

Pistacatro Productora de Soños (3): *Swing Guitars*, texto e dirección Swing Guitars.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Compañía de Teatro **Proscrito**: *A velada*, texto Jenaro Marinhas del Valle, dirección Lino Braxe.

Ver Ibán Toxeiro, Asociación Alexandre Bóveda, Memorial de Teatro

Referencias varias:

- A. D., "La escena coruñesa recuerda a Jenaro Marinhas del Valle", *El Ideal Gallego*, "A Coruña cultura", 20 novembro 2008, p. 17.

Informa sobre a celebración do centenario do nacemento do dramaturgo galego Jenaro Marinhas del Valle. Comenta que os encargados dos actos que se levarán a cabo son a Concellaría de Cultura, a Universidade da Coruña e máis a Asociación Alexandre Bóveda. A seguir, dá conta das actividades que se realizarán: Teatro Proscrito interpretará *A velada*, o grupo de teatro Alexandre Bóveda poñerá en escena *A serpe*, e Fas que fas interpretará *O bosque*. Tamén indica que terá lugar unha conferencia, unha mesa redonda e unha exposición sobre o autor.

Sans&Sans: *Bar*

Referencias varias:

- Pablo Sánchez, Joaquín Domínguez e Carlos Sante, "Con moito detalle", *Escaramuza*, n.º 25, xaneiro 2008, pp. 15-16.

Breve crónica da viaxe da compañía de teatro Sans & Sans a Cuba para presentar o seu espectáculo *Bar*, escrita polos propios protagonistas. Os autores mostran as dúbidas que tiveron no país centroamericano sobre a acollida do público e a "universalidade" ou localismo do seu humor. Tamén se amosan sorprendidos pola peculiar "retranca" dos cubanos, segundo eles, moi similar á galega.

Sarabela Teatro (1): *O asombro da auga*, texto Fina Calleja, dirección Sabela Gago.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "Un recuerdo a la edad de oro termal", *La Región*, "Ciudad", 30 xullo 2008, p. 9.

Precísase que se vai representar *O asombro das augas* no Muíño das Veigas e a Praza Maior, como parte da programación de "Verán Máxico", que se celebra en Ourense e que foi organizado pola Tenencia de Alcadía. Indica que a peza é representada por Sarabela Teatro, que aproveita a zona termal ourensá para abordar o tema dos seres mitolóxicos e os seres reais vinculados coa auga e co termalismo. Sinala que a autora da obra, e presentadora da mesma no programa, é Fina Calleja, e que a directora é Sabela Gago.

- Rosa Veiga, "Os habitantes da transparencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xullo 2008, p. 31.

Coméntase que o grupo Sarabela Teatro estrea unha peza baseada nos seres mitolóxicos e reais de Galicia nun espectáculo que se desenvolverá polas rúas de Ourense até chegar ao Muíño da Veiga, na beira do río Miño. Dise que entre outros seres, as lavandeiras, os trasnos ou os nubeiros acompañan aos espectadores.

- Imanol Hernández, "O asombro da auga", ilumina las termas", *La Región*, "Verano", "De festa en festa", 2 agosto 2008, p. 17.

Indica que a compañía Sarabela Teatro levou a cabo no Muíño das Veigas e na Praza Maior a representación d'*O asombro das augas.* Sinala que a peza, dirixida por Sabela Gago e escrita por Fina Calleja, é a parte central do programa "Verán Máxico" organizado pola Tenencia de Alcaldía de Ourense, e que nela se representa o mundo mitolóxico e acuático ao que tanto respecto lle teñen lavandeiras e pescadores do século XX. Precísase que entre o reparto consta Tito Asorey, Nate Borrajo, María Gallego, Galicia Gutiérrez, Aitor Rey, Héctor Casas e Leticia Álvarez.

- Vanesa Oliveira, "Sarabela homenaxea a mitoloxía galega da auga", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 721, "A escena", 10 agosto 2008, p. 9.

Dentro da programación 'Verán máxico' de Ourense dise que se estrea a obra *O asombro da auga*, da compañía Sarabela Teatro, e que se representa durante todos os venres e sábado de agosto. Sinálase que se inspira nos seres mitolóxicos nados nas ribeiras galegas, tales como sereas, lavandeiras, nubeiros ou trasnos, e que irá desenvolvéndose desde a Praza Maior até a poza termal do Muíño da Veiga.

Sarabela Teatro (2): *Dáme veleno*, texto e dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Ver Carballiño, IVº Festival do Teatro Galego do
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Seis estreas marcan neste mes o inicio da temporada teatral galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 outubro 2008, p. 30.

Explica que o teatro galego inicia temporada coa estrea de seis obras: *Game over*, *Anxeliños*, *Dáme veleno*, *Obra*, *A boa persoa de Sezuán* e *Unha primavera para Aldara*. De *Dáme veleno*, interpretada por Sarabela, sinala que conta con texto e dirección de Ánxeles Cuña.

- Imanol Hernández, “Sarabela Teatro analiza la naturaleza del ser humano con su obra ‘Dáme veleno”, *La Región*, “Ciudad”, 8 outubro 2008, p. 12.

Sinala que a compañía Sarabela Teatro vai representar no Teatro Principal a obra *Dáme veleno.* Precísase que na obra, dirixida por Ánxeles Cuña e interpretada por Fernando Dacosta, Nate Borrajo, Fina Calleja, Sabela Gago, Xosé Porto, Tito Asorey e David Varela, se realiza unha reflexión sobre a verdadeira natureza do ser humano cos seus anceios, desexos e preocupacións.

- V. Oliveira, “Na senda do risco”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 11 outubro 2008, p. 37.

Coméntase a estrea da obra *Dáme veleno*, dirixida por Ánxeles Cuña e da compañía Sarabela Teatro, que se representa no Teatro Principal de Ourense e logo participa na Feira Galega das Artes Escénicas en Santiago de Compostela. Sinálase cal é o seu argumento, no que se unen temas como a eutanasia, o amor ou o desexo na vida dunha familia peculiar. Asemade recóllense as palabras da directora sobre a situación do teatro e a súa intención de captar máis público.

- Camilo Franco, “Non é necesario persignarse”, *La Voz de Galicia*, “Carteleras y críticas”, “Teatro”, 6 novembro 2008, p. 67.

Sinala que a compañía Sarabela Teatro está a representar no Auditorio Municipal de Ourense a peza *Dáme veleno.* Indica que a obra, dirixida por Ánxeles Cuña, mestura trazos da comedia e o drama para dar como resultado unha peza que conmove e agrada ao público. Di que entre o seu elenco se inclúen os seguintes nomes: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Xosé A. Porto “Josito”, Tito R. Asorey, Fina Calleja, Nate Borrajo e David Varela.

- Manuel Xestoso., “Entre o soño e a morte”, *A Nosa Terra*, n.º 1.332, “Cultura”, “Crítica”, 6-12 novembro 2008, p. 35.

Faise unha crítica moi positiva da obra representada por Sarabela Teatro, *Dáme veleno,* a cal se cualifica de traxicomedia, e ao tempo triste e optimista. Dise que o asunto principal é a eutanasia pero que se transcende até preguntarse sobre o misterio da vida, e que a súa directora non renuncia a introducir elementos realistas engadindo elementos de comedia. Tamén se gaba a posta en escena limpa e rebordante de riqueza plástica, así como o lirismo que se estabelece na súa linguaxe.

- J. R., “Ánxela Cuña, finalista del premio teatral Torrejón”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2008, p. 51.

Infórmase de que a directora da compañía ourensá Sarabela Teatro é unha das seleccionadas como finalista no certame nacional para directoras de escena "Ciudad Torrejón de Ardoz". Dise tamén que a obra seleccionada para ser representada o 17 de abril coas outras é *Dáme veleno.* Por último indícase cales son as outras obras e directoras.

Suripanta Teatro: *Morte accidental dun anarquista*, texto Darío Fo.

Talía Teatro: *Anfitrión, e ti quen vés sendo?*, texto Plauto, adaptación e dirección Cándido Pazó.

Ver Cariño, XXXª Mostra de Teatro Galego de
Ver FIOT, XVIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")
Ver Ribeira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación de *Anfitrión*, obra do comediógrafo latino Plauto e que agora adapta Candido Pazó para Talía Teatro, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- Marta García Márquez, "Das identidades que dormitan no chan", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Cultura", "Teatro", 9 abril 2008, p. 15.

Refírese á representación da obra *E ti, quen vés sendo?*, que se vai levar a cabo no Teatro Colón da Coruña, logo de telo feito xa en Narón. Sinala que nesta peza, dirixida por Cándido Pazo, se realiza unha versión do *Anfitrión* de Plauto, na que se amosa o mundo dos sen teito e que serve para reflexionar sobre a vida e sobre o teatro, pois os seus propios personaxes dentro da obra fan representacións, algún por gusto polo teatro e outros por divertirse. Tamén indica que o director aproveita para reivindicar a necesidade de darlle máis importancia ao teatro.

- G. M./A. R., "Cándido Pazó funda la productora teatral Abrapalabra", *La Opinión*, "A Coruña", 10 abril 2008, p. 13.

Precísase que Cándido Pazó, quen acaba de crear a "estructura de creacións escénicas" Abrapalabra, vai representar no Teatro Colón da Coruña a peza *E ti, quen vés sendo?* Indícase que esta obra é unha versión do *Anfitrión* de Plauto, na que uns esmoleiros (interpretados por Artur Trillo, Gustavo G. Dieste, Toño Casais e Xurxo Barcala) fan teatro dentro do teatro, recreando, á súa maneira, as fazañas dos deuses gregos.

- Manuel Xestoso, “Xogo de espellos”, *A Nosa Terra*, n.º 1.307, “Cultura”, 24-30 abril 2008, pp. 35-36.

Anúnciase que Talía Teatro estrea *E ti, quen vés sendo?*, de Cándido Pazó, unha comedia baseada no *Anfitrión* de Plauto que reflexiona sobre a identidade. Explícase que os autores presentan dúas coincidencias básicas: a súa comprensión dos seres marxinais e a convicción de que o humor e a ironía serven para que os máis desfavorecidos se defendan das inxustas arbitrariedades ás que os somete a sociedade. Sinálase que a diferenza é que Pazó engade ao texto clásico un elemento de redención e de esperanza, polo que o resultado é unha “comedia intelixente, astuta e divertida”.

- Lidia M. Gallas Otero, “A última montaxe de Mofa e Befa achega ao público ás misturas culturais”, *Diario de Arousa*, “Arousa, un mar de cultura”, “Teatro”, 19 outubro 2008, p. 29.

Sinala que en Ribeira se está a celebrar a Mostra de Teatro do concello, na que participou a compañía Talía Teatro coa obra *Anfitrión*, e a compañía Mofa e Befa con *Sempre ao lonxe.* Precísase que nesta última obra, dirixida por Quico Cadaval e na que actúan Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz, se mestura o humor e a música coa finalidade de levar a cabo unha reflexión sobre os que vemos a diario e consideramos distintos a nós. Indica que con esta proposta a compañía Mofa e Befa pretende achegar as súas obras a todos os públicos.

- M. Dopico, “Por enriba das diferenzas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Escena”, 9 decembro 2008, p. 31.

Refírese a dúas pezas que se van representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a cargo da compañía Talía Teatro, *Valentino Rufino e âkil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *E ti, quen vés sendo.* Sinala que en ambas as dúas obras se trata o tema da mendicidade, das persoas sen teito que a diario se ven nas rúas e que “con frecuencia son olladas como un obxecto máis da paisaxe urbana”. Da segunda sinala que é unha comedia composta e dirixida por Cándido Pazó e cun elenco composto por Toño Casais, David Creus, María Ordóñez, Dani Trillo, Gustavo G. Dieste, Artur Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, Diego Rey e Xurxo Barcala. Indica que a obra xa foi representada previamente en distintas localidades galegas e que se pretende facer con ela unha revisión do *Anfitrión* de Plauto, obra que queren representar os propios portagonistas na obra.

Tarambana: *Gaia*, texto Lucía Durbán, dirección Eva Bedmar.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Terapia do Chicle: *Unha tragedia Calquera*

Tribueñe: *Ligazón*, texto Valle-Inclán.

Ver Lugo, VIIª Mostra de Teatro Clásico do Século XX

Trinke Trinke: *Os soños na gaiola*

Referencias varias:

- A. I., "Teatro en familia y música para todos en la oferta dominical", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 novembro 2008, p. 18.

Dá conta dalgúns espectáculos que tiveron lugar en Compostela, como a actuación da compañía Trinke Trinke, que puxo en escena *Os soños na gaiola*, na sala ARTeria Noroeste, e o espectáculo de Kónic Thtr, que actuou no Salón Teatro coa obra *02-Pegas sen identificar dunha traxedia grega*.

Trotaconventos: *O libriño non me levou ao país das marabillas*

Referencias varias:

- Víctor Castro, "O libro non me levou ó País das Marabillas", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 30 outubro 2008, p. 20.

Informa de que a ONG Tierra de hombres, en colaboración coa compañía teatral Trotaconventos, vai representar no auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada a obra *O libriño non me levou ao país das marabillas*, co obxectivo de concienciar sobre a loita que realiza a onegué sobre o tránsito de nenos no mundo.

Ur Teatro: *Dous cabaleiros de Verona*, dirección Helena Pimenta.

Ver Lugo, VIIª Mostra de Teatro Clásico de

Voadora: *PeriFeria*, dirección Montserrat Triola

Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Concha Pino, "La compañía Voadora alza el vuelo", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", 9 febreiro 2008, p. L16.

Anúnciase que Voadora botou a andar na localidade portuguesa de Tondela, lugar no que crearon o seu primeiro espectáculo, *Periferia*. Explícase que se trata dunha compañía galego-portuguesa que na súa primeira peza partiu de textos de Marta Freire, Carlos Santiago e Manolo Cortés.

- M. D., “As entrañas do teatro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 29 febreiro 2008, p. 37.

Infórmase de que a compañía luso-galega Voadora achega a Santiago *PeriFeria*, obra na que se propón unha reflexión sobre o fracaso desde o diálogo intercultural, e que forma parte dunha triloxía, *Lugares comúns*. Saliéntase que se traballa en base ás improvisacións, deixando á vista do espectador as propias entrañas do teatro. Dise que a montaxe respecta na interpretación as linguas nas que foron escritos orixinalmente os textos, o portugués, o galego e o castelán, ademais de que os personaxes se comparan en clave cómica cos grandes derrotados da historia, ríndose dos mitos e de si mesmos.

- Camilo Franco, “Guateques sen fronteiras”, *La Voz de Galicia*, “Cartelera y críticas”, “Teatro”, 3 marzo 2008, p. 67.

Precísase que se está a representar a primeira montaxe de Voadora, *Periferias.* Indícase que este peza, dirixida por Monste Triola e representada no Salón Teatro de Santiago de Compostela, mestura momentos de ironía con outros de sarcasmo, baixo o denominador común do humor. Sinala que os actores que participan na obra son Marta Pazos, José Díaz, Hugo Torres e Alfonso Castro.

- Andrea Álvarez, “Dramaturxias do ex-céntrico”, *Tempos Novos*, n.º 131, “Crítica”, “Teatro”, abril 2008, p. 83.

Menciónase a peza teatral *Periferia*, de Marta Freitas, Carlos Santiago, Manuel Cortés e a compañía Voadora. Dise que a directora da representación é Montse Triola e o seu elenco está formado por Marta Pazos, Hugo Torres, José Díaz e Alfonso Castro. Do espazo escénico encárgase Marta Pazos, da iluminación, Alfonso Castro e da música orixinal, Hugo Torres e José Díaz. Coméntase que nesta representación se mesturan o sarcasmo coa mitoloxía do fracaso, con abundantes tópicos que serven para remarcar as diferenzas entre o conto e a periferia, nome que recibe a obra.

Teatro **Xerpo**: *Salpicados*, texto e dirección Irene Moreira Fontán.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo “Caixanova”)

Referencias varias:

- Elva Otero, “Moitas partes da nosa vida transcurren en escenarios”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, 8 xuño 2008, pp. 14-15.

Entrevista a Irene Moreira Fontán, directora da compañía de teatro Xerpo e principal impulsora da Escola Municipal de Teatro do Porriño, na que se refire á súa última obra, *Salpicados*, como a máis íntima, a menos finxida. Explica que se trata dunha montaxe que se representa na Sala Nasa de Santiago. Moreira sinala a importancia da arte dramática para diversos aspectos da vida e confesa que en *Salpicados* presenta unha serie de estereotipos sobre a sociedade actual. Tamén se confesa partidaria do teatro contemporáneo e do clásico con técnicas de vangarda. Sobre a situación actual do teatro en Galicia, sinala que se vai pouco, pero que tampouco se pon doado asistir a el, polos

altos prezos, a distancia e o escaso interese das propostas que se presentan, entre outros factores que se poden sinalar.

- M. Dopico, "A procura da felicidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escena", 18 xuño 2008, p. 36.

Sinala que se está a representar na Sala Nasa de Santiago de Compostela a obra *Salpicados* da compañía galega Xerpo Teatro, dirixida por Irene Moreira. Indica que a obra se centra na busca da felicidade e de todos os atrancos que atopa no camiño para conseguila. Como sinala a directora da peza, "na obra non damos respostas: só lanzamos a pregunta" de se se ten escollido o camiño adecuado. Menciona que os protagonistas amosan tres perspectivas distintas de afrontar estes camiños: a muller que xa está cansa da súa vida e quere marchar, o home que xa non se motiva por nada e que está farto do seu traballo e a persoa soa que agocha esta sensación baixo unha falsa apariencia de felicidade. Precísase que a actuación destes actores vén remarcada pola escenografía, que foi moi traballada, e na que se inclúe incluso o patio de butacas.

Yllana: *666*

Ver "Manicómicos", Vº Festival Internacional de Teatro Cómico

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

40 Pasos: *Muñecas*, texto José L. Prieto.

Ad Libitum: *Cursiño de Italiano*, texto Franklin Rodríguez, dirección Yuyi Bastida.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena"
Ver Mes do Teatro, Ferrol

Aforo Teatro: *Do cotiá: o absurdo*

Ver "Vigo a escena", Ciclo

Grupo de Teatro **Agarimo**: *Dous ligues para unha noite*

Ver XIº Mes do Teatro, Teo

Asociación Cultural **A Garola**: *A lenda do pirata*

Ver Pombiña, Mostra de Teatro de A

Alecrín: *Leite de cabra*

Ver Ribadumia, XIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario de

Alentía Teatro (1): *Fábulas*

Ver Semana Outonal de Teatro

Alentía Teatro (2): *Folerpas*

Ver Amador entre dous
Ver Outono de Teatro, Arzúa

Grupo de Teatro **Algures**: *Xa te chamaremos*

Ver Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado

Amauta Teatro: *Soños*

Ver Semana Outonal de Teatro

Grupo do Municipio de **Ames**: *Praza ocupada*

Ver Ames, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro da Asociación Os **Amigos da Farándula**: *O Chufón*

Ver Pombiña, Mostra de Teatro
Ver Valdoviño, Sábados Teatrais

Grupo de Teatro **Amistade**: *O seguinte*

Ver Mes do Teatro, Ferrol

Andaravía Teatro (1): *Anacos de nós*

Ver 'Achegándonos ao Rural', Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado de
Ver Outono de Teatro, Vedra

Andaravía Teatro (2): *Metus extremus*

Ver XIº Mes do Teatro, Teo
Ver Teatrofilia, Festival de teatro Amateur
Ver 'Teatro é Educación', I Ciclo de Teatro

Andaravía Teatro (3): *Vinte anos de historias*

Ver Teatrofilia, Festival de Teatro Amateur

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla** (1): *A boca do inferno*

Ver 'Achegándonos ao Rural', Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Outono, Ciclo de
Ver Outono de Teatro, Arzúa
Ver Outono Teatral. Rodeiro
Ver Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla** (2): *Historia dunha escaleira*

Ver Outono de Teatro, Vedra
Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal
Ver Outono Teatral, Rodeiro
Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador
Ver Pombiña, Mostra de Teatro de

Grupo de Teatro **Antulla**: *Alicia no país das marabillas*

Ver 'Achegándonos ao Rural', Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Outono Teatral, Rodeiro
Ver Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Escola de Teatro Municipal **Ánxel Casal**: *Maribel e unha familia exquisita*

Ver Outono de Teatro, Vedra

Arco Iris: *A familia de Brais de Andrade*, dirección Lucía Caneiro.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena"

Arela das Artes: *Arela Miúda en: o recuncho de Anabel*

Grupo **Argallada**: *Comedia Bífida*

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "A capital arousana despide o mes cunha oferta teatral dirixida a todos os públicos", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Programación", 23 novembro 2008, p. 27.

Coméntanse algunhas das representacións que van ter lugar en Vilagarcía, como a obra que vai representar o Grupo Argallada, *Comedia Bífida,* na que se aborda o tema do uso da lingua galega en Galicia. Sinala que este grupo naceu no curso 2005-2006 no IES Valle-Inclán de Pontevedra e que a día de hoxe está composto por profesores de todas as ramas perocupados polo tema da lingua. Fala dunha representación previa, *Cachai,* por parte de Miroscopio Perdicións, coa que se pretende que os alumnos se acheguen á filosofía dun modo máis chamativo.

- O. B., "A obra 'Comedias Bífidas' trae ao Auditorio unha aposta polo galego en clave irónica ", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 26 novembro 2008, p. 10.

Coméntase a estrea da obra *Comedias Bífidas*, da que se informa que se trata dunha peza teatral composta por Manuel Nuñez Singala e representada no Auditorio Municipal de Vilagarcía por parte do grupo teatral 'Argallada', que está formado por mestres do

IES Valle Inclán de Pontevedra. Dise que o obxectivo principal da obra é a defensa do idioma galego poñendo en escena as diversas situacións que día a día evidencian os numerosos prexuízos de cara ao galego.

- L. G., "Os profes cambian as clases polo teatro", *Diario de Arousa*, 29 novembro 2008, contracuberta.

Dise que un grupo de profesores do IES Valle-Inclán de Pontevedra, o Grupo Argallada, interpreta no Auditorio Municipal de Vilagarcía a obra *Comedia bífida*, de Manuel Nuñez Singala. Explícase a temática da mesma, unha reflexión sobre a situación que ten a lingua galega, e o seu obxectivo.

Arjé Teatro: *Ausencia*, texto de Cristina Fraga, dirección Xavier Melo.

Ver Semana do Teatro de Pontedeume

Teatro **Arte Livre**: *As bruxas de Salem*

Referencias varias:

- Silvia Camesella, "Invocando ás meigas no escenario", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 xullo 2008, p. 40.

Informa de que no Teatro Arte Livre os alumnos da compañía van poñer en escena, despois de tres meses de traballo, a obra *As bruxas de Salem*, cunha temática relacionada coas meigas e o misterio. Salienta a presenza da relixión e a inocencia necesaria para as crenzas, ademais da posta en escena, principalmente a iluminación. Asemade, indica que a representación é o colofón do primeiro Curso de formación teatral que ofreceu Teatro Arte Livre.

Artestudio: *Portoceive. Freeport*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente de

Ateaco (1): *O achado do castro*

Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Atrezzo Teatro: *A Voda*

Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *Cometa, cometa*, texto José L. Prieto.

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Barbadás Escena, Teatro Experimental
Ver Outubro Amador
Ver Valadares Teatral

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *Un mal día*

Ver Ribadumia, XIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario de

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (3): *Tres veces á semana e unha ventá*

Ver Poio, VIIº Circuíto de Teatro Afeccionado

Teatro **Aurín**: *Comedia Bífida*

Ver Carballeira, Ciclo de Teatro Afeccionado.
Ver Salvaterra en Outono

Teatro **Avresno**: *Historias íntimas do paraíso*, texto Jaime Salom.

Grupo Teatral **Axóuxere**: *Todos a escena*

Ver Semana Outonal de Teatro

Grupo de Teatro **Badius**: *Sucursal n.º 13*

Ver XIº Mes do Teatro, Teo

Bal y Gay, Grupo de Teatro da Residencia Universitaria: *Onde está o sombreiro*, texto e dirección Laura García.

Referencias varias:

- I. R. D., "O grupo de teatro da residencia 'Bal y Gay' estrea hoxe na rúa 'Onde está o sombreiro?", *El Progreso*, "Lugo", 3 abril 2008, p. 9.

Coméntase que o grupo de teatro afeccionado da residencia universitaria 'Jesús Bal y Gay' representa na rúa a súa obra *Onde está o sombreiro?*, escrita e dirixida pola alumna da escola Laura García. Dise que é unha das actuacións incluída no marco do XIVº Festival Internacional de Teatro Universitario, co gallo do cal recalaron en Lugo oito compañías españolas, brasileiras e de Estados Unidos.

Bicodobrelo: *Comedia Bífida*

Referencias varias:

- C. P., "Esta compañía funciona como un laboratorio, un taller de aprendizaxe", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 27 maio 2008, p. 16.

Comenta que foi a compañía Bicodobrelo coa obra *Comedia bífida* a que abriu a novena Mostra de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela. Indica que o texto é de Núñez Singala e a montaxe está dirixida por Telo Rodríguez, quen explica cómo naceu a compañía e por qué elixiron esta obra como primeira peza que representa a compañía. Tamén refire que están a preparar unha unidade didáctica para ofrecela nos centros de secundaria.

O **Bordelo**: *R.I.P.*

Ver Mes do Teatro, Ferrol

Bradomín Teatro: *Mulleres de seu*

Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal
Ver Outono Teatral, Vigo

Teatro de **Cámara Ditea** (1): *Acto imprevisto*

Ver Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado no
Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

Teatro de **Cámara Ditea** (2): *Aquí cheira a morto*, dirección Xan Casas.

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Barbadás Escena, Teatro Experimental
Ver Carballeira, Ciclo de Teatro Afeccionado.
Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver Outono Teatral, Rodeiro
Ver Outono Teatral, Vigo
Ver Salvaterra en Outono

Referencias varias:

- Xabier Sanmartín C., "Agustín Magán, buen teatro "amateur", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", "Telediaria", 11 decembro 2008, p. 70.

Neste texto de opinión explícase que a montaxe *Aquí cheira a morto* foi a encargada de abrir o Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán en Santiago de Compostela. Céntrase na actriz Martina Martínez e a compañía para a que actúa, "Ditea", o grupo amateur máis antigo de Galicia.

Os **Campelos**: *Entre ficción e realidade*

Referencias varias:

- María Roade, "Música y teatro en las navidades rosaleiras", *Atlántico Diario*, "Navidad en comarcas", "Comarcas", 20 decembro 2008, p. 60.

Coméntase que na programación de nadal do Concello de O Rosal fanse dous espectáculos teatrais, *Vaia enamoramento* do Grupo de Teatro 'Fincando o lombo', e *Entre ficción e realidade* de 'Os Campelos'.

Candilexas: *Mellor ser can que vivir como can*

Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal

Carfax Teatro: *O cuarto do príncipe*

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Amador Entredous
Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

CasaHamlet: *Remoldiño vai á feira*

Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

Colectivos Ourensáns: *Roterio o Volter*

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra

Compañía de Teatro Municipal **Concello de Sada**: *Historias peregrinas*

Ver Outubro Amador

Referencias varias:

- Pilar M. Alonso, “La Casa da Cultura acogerá el debut de la Compañía Municipal de Teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña Área Metropolitana”, 17 xaneiro 2008, p. 23.

Comenta que a Concellaría de Cultura do Concello de Sada acaba de poñer en marcha a Compañía Municipal de Teatro. Explica que xa existían talleres independentes para nenos, adultos e maiores mais debido á demanda, decidiron crear este grupo permanente. Indica que o Concello escolleu para a dirección a compañía profesional Teatro Artesán e, concretamente, a directora do grupo municipal será Isabel de Toro. Tamén informa que a obra seleccionada para a posta en escena é *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado.

Centro **Concepción Arenal**: *O hipopótamo Crisantiño*

Referencias varias:

- Marino Pérez, “Un talento que despertó tarde”, *El Ideal Gallego*, 6 decembro 2008, contracuberta.

Destácase a representación teatral feita polos maiores do Centro Concepción Arenal da Coruña coa obra *O hipopótamo Crisantiño*. Dise que nela contaron coa axuda de varios mozos e mozas do Centro de Menores Concepción Arenal e do actor Luís Tosar como presentador.

Grupo **Cordelia**, Aula Universitaria de Ourense: *Á deriva*

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra

Grupo “Os Da **Coviña**”: *O arce no xardín*, texto Roberto Salgueiro González, dirección Efigenia Medal Martínez.

Escola Municipal de Teatro de **Culleredo**: *Transilvania*

Ver Amador Entredous
Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Escola Artística de **Cuntis**: *Farsa Plautina*, texto Agustín Magán baseado en Plauto.

Dequenquén **Teatro:** *As cicatrices da memoria*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente

Teatro **Eolo**: *Liberádeme deste inferno*, texto e dirección Willy Eter.

Ver "Espacio Aberto", Ciclo

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "Este Goberno local financia máis o teatro que os anteriores", *La Opinión*, "A Coruña", 7 xuño 2008, p. 13.

Entrevista a Willy Eter, director e autor de *Liberádeme deste inferno* coa compañía Teatro Eolo. Eter define a montaxe como "unha obra orixinal de terror cómico" protagonizada por cinco monxes que logo dun milagre teñen que decidir cómo actuar.

Escola Taller Captoria: *A dor da vinganza*

Referencias varias:

- M. Angueira, "Traición, odio y venganza con tintes vikingos", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 30 xullo 2008, p. 21.

Dá conta do argumento da obra *A dor da vinganza*, informando asemade da súa representación polos participantes na Escola Taller Captoria, dentro dos actos da Romería Vikinga. Salienta que a obra está chea de perigos e suspense, dentro dun ambiente de humor que fai rir ao público. Destaca o éxito que acadou e comenta que Inés León e David Ferreira foron os encargados do guión e a dirección, achegando ademais os nomes dos responsábeis da música, vestiario, maquillaxe, etc.

Expresión Teatro: *Vaia ladrón*

Ver Ribadumia, XIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario de

Falcatruada: *Adiós, Klienman*

Ver Ames, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros** (1): *Clownscola*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente de
Ver Outono de Teatro, Vedra
Ver Salvaterra enOutono

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros** (2): *Morte no garaxe*

Ver Outono, Ciclo de

Ver Outono Teatral, Rodeiro
Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Ficando o Lombo: *Vaia enamoramento*

Referencias varias:

- María Roade, "Música y teatro en las navidades rosaleiras", *Atlántico Diario*, "Navidad en comarcas", "Comarcas", 20 decembro 2008, p. 60.

Coméntase que na programación de nadal do Concello de O Rosal fanse dous espectáculos teatrais, *Vaia enamoramento* do Grupo de Teatro 'Fincando o lombo', e *Entre ficción e realidade* de 'Os Campelos'.

Asociación de Mulleres de **Fontecarmoa**: *Os vellos non deben de namorarse*

Ver Vilagarcía, Mostra de Teatro e Corais de

Grupo de Teatro **Fonte Vella**: *Pra qué viría eu ó médico*

Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver Pedra do Moucho, Ciclo de Teatro Afeccionado

Teatro do **Grilo**: *Picnic*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente de

Agrupación **Illa de Cortegada**: *Dona Croqueta está nas nubes*

Ver Vilagarcía, Mostra de Teatro e Corais de

Imaxina-T: *Móbil*, texto Luís G. Ramos.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena"

Aula de Teatro Municipal de **Laxe**: *Enredos*

Ver Outono de Teatro, Arzúa
Ver Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo Teatral **Libélula**: *Fóra de quicio*

Ver Outubro Amador

Teatro **Lohengrín**: *La perle de la Sortie*

Ver Barbadás Escena, Teatro Experimental
Ver Carballeira, Ciclo de Teatro Afecionado
Ver Valadares Teatral

Lúa Chea: *O cianuro, só ou con leite?*, texto Juán José Alonso Millán

Ver Poio, VIIº Circuíto de Teatro Afeccionado
Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Deportes, teatro y breakdance", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 abril 2008, p. 78.

A compañía Quarto Escuro representa na Sociedad Cultural y Deportiva de Mourente a obra *Unha parella ideal*. Ademais, a casa cultural de Marcón acolle *O cianuro só ou con leite?*, a cargo de Lúa Chea.

- Ángeles Quintas, "Teatro y nuevas exposiciones", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 21 abril 2008, p. 70.

A compañía Quarto Escuro representa na Sociedad Cultural de Mourenta a obra *Unha parella ideal*. Ademais, a casa cultural de Marcón acolle *O cianuro só ou con leite?*, a cargo de Lúa Chea. O auditorio da Cidade Universitaria do Campus de Vigo presencia o inicio da décima edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario, coa representación de *Las tres hermanas*.

Aula de Teatro da **USC. Lugo** (1): *O público*, texto F. G. Lorca, dirección Paloma Lugilde.

Ver FITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Referencias varias:

- Mar M. Louzao, "O campus vai ser pioneiro en ter unha compañía de marionetas", *El Progreso*, "Lugo", 30 outubro 2008, p. 9.

Entrevístase ao director da Aula de Teatro da USC, Roberto Salgueiro, e infórmase de que está vinculado a ela desde 1990, ademais de falar neste caso das novas opcións que

oferta o campus lugués onde, segundo se di, "está funcionando moi ben". Tamén se di que inauguran unha nova compañía de marionetas dentro da escola que fará montaxes para representar por varias cidades e festivais, e coméntase como é a formación universitaria teatral e as características da escola.

Aula de Teatro da **USC. Lugo** (2): *A ronda*, texto Artur Schnitzler, dirección Quico Cadaval.

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego
Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Referencias varias:

- Ignacio R. Díaz, "O teatro é unha ferramenta moi boa para descubrir o mundo", *El Progreso*, "Lugo", 27 maio 2008, p. 9.

Recóllense as verbas de Quico Cadaval, actor, dramaturgo e narrador de historias. Menciónase que dirixiu este ano a compañía de teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela. Indica que con esta compañía representou a obra *A Ronda,* e conta que quedou moi contento tanto da representación coma da súa participación nesta compañía de teatro universitaria. Menciónase que deixa claro que agora xa non basta con participar nestes talleres para dedicarse ao mundo da dramaturxia, senón que hai que formarse.

- Mar M. Louzao, "O campus vai ser pioneiro en ter unha compañía de marionetas", *El Progreso*, "Lugo", 30 outubro 2008, p. 9.

Entrevístase ao director da Aula de Teatro da USC, Roberto Salgueiro, que está vinculado a ela desde 1990, e neste caso fala das novas opcións que oferta o campus lugués onde, segundo se di, "está funcionando moi ben". Tamén se di que inauguran unha nova compañía de marionetas dentro da escola que fará montaxes para representar por varias cidades e festivais e coméntase como é a formación universitaria teatral e as características da escola.

Malandrias: *A farsa de Bululú*

Referencias varias:

- Concha Pino, "Cita con el arte de una generación", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 6 xuño 2008, p. L16.

Coméntase que a Fundación Coca-Cola, nos seus premios Buero en fase autonómica, recoñecerá como mellor director de teatro escolar a José Arca, polo seu labor no instituto compostelán Rosalía de Castro. Dise tamén que o premio a centros escolares foi para a Universidade Laboral de Ourense pola obra *Mort*, mentres que no apartado de

centros culturais o gañador foi a asociación Malandrinas, de Arteixo, por *A farsa de Bululú*.

A **Mámoa** Teatro (1): *Só unha noite*

Ver XIº Mes do Teatro, Teo

A **Mámoa** Teatro (2): *Vostede pode ser un asasino*

Manicómicos: *A caverna de Platón*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente da
Ver Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Asociación Teatro do **Mar** (1): *A casa de Bernarda Alba*

Referencias varias:

- M. A. V., "A casa de Bernarda Alba' se convierte en la última función do Teatro do Mar", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 11 xaneiro 2008, p. 17.

Dáse conta de que o grupo de teatro de adultos da Asociación Teatro do Mar se despide dos escenarios coa posta en escena da versión en galego desta coñecida obra de Federico García Lorca.

- M. A. V., "Teatro do Mar echa el telón a seis años de actividad con una función de Lorca", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 13 xaneiro 2008, p. 18.

Infórmase de que esta formación teatral, que xurdiu no IES de Vilalonga como agrupación estábel amateur, despídese dos escenarios cunha adaptación en galego do texto lorquiano *La casa de Bernarda Alba*. Dise que o grupo está formado por nove actores e caracterízase porque ao longo da súa historia só puxo sobre as táboas obras en galego.

Asociación Teatro do **Mar** (2): *Pan de relón*

Aula de Teatro **Maricastaña**: *1984*, texto George Orwell, dirección Fernando Dacosta.

Ver FITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego
Ver Ribadumia, XIIª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Referencias varias:

- D. L., "La sede de Caja España acoge hoy '84', obra de teatro en gallego", *Diario de León*, "El Bierzo", 27 maio 2008, p. 12.

Anúnciase que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta traerá a Ponferrada a representación en galego da obra *1984*, a cargo da Aula de Teatro Universitaria de Ourense Maricastaña, dentro dos actos do Día das Letras Galegas de 2008, que xa comezaran na Feira do Libro de Ponferrada.

Mesturanzas: *A Pingueira*

Referencias varias:

- E. G., "Parderrubias inicia su mes de teatro con la obra 'A Pingueira", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", "Porriño-Mos", 5 abril 2008, p. 15.

Sinala que o Centro Cultural de Panderrubias comeza o seu programa "Abril de Teatro" coa peza *A Pingueira*, levada a escena polo grupo de teatro Mesturanzas do Centro Cultural de Areas, Tui.

Metátese Teatro (1): *Fieitos*

Ver Amador Entredous
Ver Outono, Ciclo de

Metátese Teatro (2): *Soño de verán*

Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Metátese Teatro (3): *Utopía 94*

Ver Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo Teatral AA. MM. De **Moaña**: *A casa de Bernarda Alba*

Ver Carballeira, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo Teatral **Movemento Xuvenil Don Baltasar** (1): *Mórdeme*

Ver Outono de Teatro, Arzúa
Ver Semana Outonal de Teatro

Grupo Teatral **Movemento Xuvenil Don Baltasar** (2): *Vostede ten ollos de muller fatal*

Ver Achegándonos ao Rural, Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Grupo de **Muros**: *Amantes*

Ver Ames, IIª Mostra de Teatro Afeccionado

Novaescena Teatro: *Pensión 13*

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Mes do Teatro, Mugardos

Nunca +1: *Novecento*, texto Alessandro Baricco, dirección Antón Ferrari.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Oquetiqueiras Teatro: *A importancia de se chamar Ernesto*, texto Oscar Wilde.

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente de
Ver Valdoviño, Sábados Teatrais

Grupo Teatral **Os Lobos**: *Paraíso laranxa*

Ver Semana Outonal de Teatro
Ver Taboada, Ciclo de Teatro Afeccionado

Aula Teatral **Paso de Valverde**: *Irmáns*

Ver Amador Entredous

Teatro Social C.P. **Pereiro de Aguiar**: *Sempre hai alternativas*

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Petit Comité: *Aquí non chama nin Dios*

Ver Outubro Amador

Grupo de Teatro A **Pombiña** (1): *Melocotón en almíbar*

Ver Valdoviño, Sábados Teatrais

Grupo de Teatro A **Pombiña** (2): *A pescadeira*

Ver 'Achegándonos ao Rural', Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro A **Pombiña** (3): *O usureiro engaiolado*

Ver Pombiña, Mostra de Teatro da

Porta Aberta: *O arce no xardín*

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

Teatro **Quartoescuro**: *Unha parella ideal*

Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Deportes, teatro y breakdance", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 abril 2008, p. 78.

Anúnciase que a compañía Quarto Escuro representa na Sociedad Cultural y Deportiva de Mourente a obra *Unha parella ideal*, mentres quen a Casa Cultural de Marcón terá lugar *O cianuro só ou con leite?*, a cargo de Lúa Chea.

- Ángeles Quintas, "Teatro y nuevas exposiciones", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 21 abril 2008, p. 70.

Dise que a compañía Quarto Escuro representa na Sociedad Cultural de Mourente a obra *Unha parella ideal*. Tamén se comenta que na Casa Cultural de Marcón acolle *O cianuro só ou con leite?*, a cargo de Lúa Chea. O auditorio da Cidade Universitaria do Campus de Vigo presencia o inicio da décima edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario, coa representación de *Las tres hermanas*.

Rosaura: *Ollar o mundo*

Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Roto e Descosido: *Ciencia sen palabras*

Rueiro Teatro: *A viúva de Dupont*, texto Luís Tejedor e Enrique Bariego.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver San Andrés de Comesaña, I Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

Sal-monela: *La cena de los idiotas*, de Francis Veber.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena"

Referencias varias:

- Don Reinaldo, "Sal-monela Teatro", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 15 xaneiro 2008, p. 12.

Anúnciase que o VIIIº ciclo Domingos a Escena entrou na súa segunda parte no Centro Cívico de Caranza. Dise que a inauguración correu a cargo de Sal-monela teatro, coa obra *La cena de los idiotas*, de Francis Veber. Coméntase asemade que se trata dunha comedia de enredo, da que o crítico resalta a súa perfecta construcción e, sobre todo, "unha interpretación e dirección magníficas".

- Pilar M. Alonso, "No me gustaría ser un esclavo del teatro", *El Ideal Gallego*, "La entrevista", n.º 521, 1 xuño 2008, p. 9.

Recóllese unha entrevista a Modesto Gómez, director da compañía de teatro afeccionado Sal- Monela de Teatro, na que recoñece que se sinte ilusionado por ter a oportunidade de impulsar este proxecto e levar obras a escena, saíndo a diante grazas ao esforzo e a imaxinación dos compoñentes do grupo.

Tarantela de Boade: O pasado e o presente

Referencias varias:

- María Roade, "Música, teatro y obradoiros", *Atlántico Diario*, "Navidad", 24 decembro 2008, p. 52.

Coméntase que entre os actos de Nadal en Vigo hai unha representación teatral do grupo Tarantela de Beade coa obra *O pasado e o presente*.

Tarumba, Universidade Laboral de Ourense: *Mort*, dirección Tito Asorey.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Cita con el arte de una generación", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 6 xuño 2008, p. L16.

Coméntase que a Fundación Coca-Cola, nos seus premios Buero en fase autonómica, recoñecerá como mellor director de teatro escolar a José Arca, polo seu labor no instituto compostelán Rosalía de Castro. Dise que o premio a centros escolares foi para a Universidade Laboral de Ourense pola obra *Mort*, mentres que no apartado de centros culturais o gañador foi a asociación Malandrinas, de Arteixo, por *A farsa de Bululú*.

- Hugo Hernández, "Hemos logrado captar la esencia de la estética de Tim Burton", *El Ideal Gallego*, "A Coruña ciudad", 1 decembro 2008, p. 07.

Precísase que a compañía dramática Tarumba acaba de ser galardoada na V edición dos premios Buero de Teatro da Fundación Coca-Cola pola súa obra *Mort.* Sinala que nesta peza, dirixida por Tito Asorey e interpretada polos novos actores da Universidade Laboral de Ourense, a morte é a protagonista principal, seguindo para a súa presentación a estética e o expresionismo de Tim Burton. Indica que esta peza tamén se representou no Forum Metropolitano.

Teruca Bouza: *A muller do meu amigo engáname*

Ver Mes do Teatro, Mugardos
Ver Pombiña, Mostra de Teatro de A

Ti e máis eu Teatro (1): *Na outra habitación*

Referencias varias:

- A. T., "Cerceda ofrece quince actividades culturales y deportivas para el otoño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 setembro 2008, p. 43.

Informa de que o Concello de Cerceda acaba de publicar a súa oferta cultural para a próxima tempada e, en relación á literatura galega, dá conta das representacións de dúas compañías galegas: Ti e máis eu Teatro interpretará *Na outra habitación*, e a compañía Lagarta lagarta poñerá en escena *Aeroplanos*.

Ti e máis eu Teatro (2): *Para qué serven os homes*

Ver Outono, Iº Ciclo de Teatro Afeccionado no

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Curtis celebra a 'Festa da nabiza e do queixo", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 5 decembro 2008, p. 24.

Comenta que dentro do programa "De Santa Icía ao Nadal" vai participar o grupo de teatro afeccionado Ti e máis eu teatro, coa representación da obra *Para qué serven os homes?* Indica que a organización corre a cargo do Concello de Cambre e a Deputación da Coruña.

Tiruleque: *Silicon valley*

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal
Ver Salvaterra en Outono

Trabanca Sardiñeira: *Cats*

Ver Vilagarcía, Mostra de Teatro e Corais de

Escola de Teatro de **Valga** (1): *Escenas de Matrimonio*

Referencias varias:

- L. G., "Parellas de 'Escenas de matrimonio' en Valga", *Diario de Arousa*, 21 marzo 2008, contracuberta.

Comenta que seis membros da Escola de Teatro do Concello de Valga representaron *Escenas de matrimonio*, adaptadas ao estilo de vida dos galegos. Eran tres parellas de diferentes idades que intentaron darlle un pulo renovador á Escola.

- C. G., "Do obradoiro de apicultura ás Escenas de Matrimonio", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 21 maio 2008, p. 7.

Dá conta da celebración do XIº Certame do Concurso Literario 'Letras Galegas 2008' do Concello de Valga, no que se salienta a inclusión da obra de teatro *A visita do inspector*, levada ás táboas pola Escola Municipal de Teatro. Indícase tamén que dita escola volve representar as célebres *Escenas de Matrimonio*, e que se prepara tamén unha Mostra da Escola de Teatro de Valga para o 6 de xullo de 2008.

Escola de Teatro de **Valga** (2): *A visita do inspector*

Referencias varias:

- C. G., “Do obradoiro de apicultura ás Escenas de Matrimonio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 21 maio 2008, p. 7.

Dá conta da celebración do XIº Certame do Concurso Literario ‘Letras Galegas 2008’ do Concello de Valga, no que se salienta a inclusión da obra de teatro *A visita do inspector*, levada ás táboas pola Escola Municipal de Teatro. Indícase tamén que dita escola volve representar as célebres *Escenas de Matrimonio*, e que se prepara tamén unha Mostra da Escola de Teatro de Valga para o 6 de xullo de 2008.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

40 Pasos: *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*, texto e dirección José Luis Prieto.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación d´*O ridículo desamor dun home máis ou menos normal,* de José Luís Prieto para 40Pasos, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- María Jesús Rico, "Comeza a andaina profesional da compañía do dramaturgo naronés José Luís Prieto", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 25 xaneiro 2008, p. 12.

Anúnciase que a aventura teatral do dramaturgo galego Jose Luis Prieto coa compañía 40 Pasos bota a andar coa obra *O rídiculo desamor dun home máis ou menos normal*, unha montaxe na que se recolle a postración dun home ao que acaban de deixar, en clave de traxicomedia.

- Camilo Franco, "O amor é para sufrir", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", "Crítica", 21 marzo 2008, p. 12.

Di que a compañía 40 Pasos está a representar a obra *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*, de J. L. Prieto. Sinala que nesta peza se mestura o texto coa música en directo, os monólogos e a danza para amosar as consecuencias do desamor nuns varóns "normais pero quizais algo inmaduros". Precísase que os actores que participan na posta en escena son Pablo Sánchez, Carlos Mosquera Mos e Cristina Montero.

Teatro do **Adro**: *Comida chinesa*, texto Pedro Ángel Ramos García; dirección, adaptación e tradución Lino Braxe.

Ver 4x2
Ver Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Ana Baena, "Esta obra segue a tónica de Teatro de Adro e mestura o humor coa traxedia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 8 febreiro 2008, p. 17.

Realízase unha entrevista ao actor Josito Porto, quen fala sobre a súa última obra, *Comida chinesa*. Comenta que é a adaptación dunha obra de Pedro Ángel Ramos onde mostra a relación dun psicópata coa súa psiquiatra, polo que o tema é duro e difícil. Saliéntase ademais que en escena só aparecen dous personaxes que comunican basicamente a través da "luz tamizada", e describe a impresión causada no público. A seguir, fala sobre a idea de crear Teatro de Adro e tamén do salto que deu desde a televisión ao teatro. Por último, afirma que o seu obxectivo é levar a montaxe por todo Galicia.

- Camilo Franco, "A frialdade do asasino", *La Voz de Galicia*, "Carteleras y críticas", "Teatro", 13 febreiro 2008, p. 59.

Refírese á obra *Comida chinesa* que está a representar a compañía Teatro do Adro, dirixida por Lino Braxe. Sinálase que a peza é de Pedro Ángel Ramos García e que os actores encargados da posta en escena son Mónica García e Josito Porto. Coméntase que a obra se representou sen moito éxito nin profundidade no Teatro Lauro Olmo, no Barco.

- Imanol Hernández, "La magia del teatro está en disfrazarse de otros seres", *La Región*, 8 marzo 2008, p. 15.

Conversa co actor vilagarcián Xosé Porto, "Josito", sobre a representación máis recente da compañía Teatro de Adro, *Comida Chinesa*, escrita por Pedro Ángel Ramos. Precísase que a obra se vai poñer en escena no Teatro Principal de Ourense e que a representación está patrocinada pola Deputación Provincial de Ourense. Sinala que na obra, baixo a dirección de Lino Braxe, actúan Josito Porto e Mónica García, que respectivamente representan a un violador atormentado e antisocial e á nai dunha das vítimas, que é ademais a psiquiatra da prisión onde estivo encarcerado o asasino. Remata cunha reivindicación sobre a necesidade de promocionar máis o teatro.

- M. B., "Teatro do Adro regresa al Principal con un thriller de humor y tragedia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 27 xuño 2008, p. L9.

Infórmase de que a compañía presenta en Compostela *Comida chinesa*, un thriller que combina humor e traxedia, protagonizado por Xosé Porto, *Josito*, e Mónica García. Dise que trata dunha historia de amor e vinganza coa que Teatro do Adro realizou un xiro na súa traxectoria na procura dun humor máis acedo. Así mesmo coméntase a escrita, de Pedro Ángel Ramos, que se di que ofrece a historia dun asasino e a psiquiatra da prisión na que está recluído, que rematan por emprender unha relación imposíbel e enfermiza, ademais da tradución, adaptación e dirección de Lino Braxe. Nun despece complementario dáse conta da posta en escena, na Sala Nasa, de *Flores migratorias*, obra de Teatro D2, compañía que se creou no 2005 asociada ao Teatro Galán que, con dirección e dramaturxia de Teresa de la Hera, se centra na insatisfacción como sensación inherente ao ser humano.

- R. Bruña, “Comida chinesa’ se representa el día 24 en el Teatro Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 setembro 2008, p. 13.

Informa de que a compañía Teatro do Adro vai representar no Teatro Colón da Coruña a obra *Comida chinesa*. Indica o prezo das entradas e dá conta da trama da obra de forma moi breve.

Áncora Produccións: *Medidas preventivas*, texto e dirección Gustavo Pernas Cora.

Ver Cariño, XXXª Mostra de Teatro Galego de

Referencias varias:

- O. B., “El Auditorio acogió ayer la obra teatral ‘Medidas preventivas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía local”, “Ocio”, 25 outubro 2008, p. 13.

Sinálase que a obra de Gustavo Pernas, *Medidas preventivas*, se estrea no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa e que o seu argumento se basea nunha mensaxe crítica de cara ás novas relacións e comportamentos da sociedade actual. Explícase tamén a súa temática.

- L. G., “Prevención con humor, outra maneira de vivir”, *Diario de Arousa*, 1 novembro 2008, contracuberta.

Dise que a actriz vilagarciá visita a súa terra coa montaxe de Áncora Producións, *Medidas preventivas,* un espectáculo salientado como cómico e formado por cinco pezas breves e tres actores que lles deron vida aos quince personaxes que pasaron polo escenario do Auditorio Municipal. Faise tamén un breve apuntamento sobre a súa temática e estrutura.

- Lidia M. Gallas Otero, “Actuar en Vilagarcía é especial, permíteme amosar o meu traballo á xente da miña cidade”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Entrevista”, 2 novembro 2008, p. 29.

Infórmase de que a compañía Áncora Produccións representou en Vilargarcía a obra *Medidas Preventivas,* na que, segundo afirma a actriz vilagarciá, Ánxela G. Abalo, que participa na obra, se fai unha reflexión sobre as “medidas preventivas”, pero non reais e efectivas que se aplican a problemas como o atentado do 11 de setembro ou a violencia de xénero. Fálase tamén do percorrido artístico de Ánxela até a creación, xunto con Gustavo Pernas, da compañía Áncora Produccións. Sinala que a obra se vai representar entre outros lugares, no cárcere de Teixeiro, como parte do programa desenvolvido por Asuntos Sociais da Deputación da Coruña.

- A. D., “La Diputación combate el maltrato con la obra ‘Medidas preventivas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña ciudad”, 20 novembro 2008, p. 8.

Comenta que a obra dirixida por Gustavo Pernas, *Medidas preventivas*, vai ser representada en diferentes vilas, e que o seu obxectivo é concienciar aos espectadores sobre a violencia machista. Dá conta dos lugares onde actuarán e salienta a presenza do grupo no cárcere de Teixeiro. Tamén indica que a obra é unha crítica ás medidas preventivas de todas as épocas que limitan a liberdade. Por último, refire que esta peza foi gañadora do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega no ano 2007.

- Javi Casal, "Medidas preventivas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", 22 novembro 2008.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, refire a representación da obra *Medidas preventivas*, da que salienta a capacidade que ten a peza para facer rir ao espectador, ao mesmo tempo que mostra trazos de humor negro e traxedia.

- C. G., "Escaso poder de convocatoria de los actos contra la violencia sexista", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 novembro 2008, p. 19.

Con motivo da celebración de distintos actos en contra da violencia sexista e dos malos tratos, refire que no Concello de Ames se representou a obra *Medidas preventivas*, pola compañía Áncora Produccións.

- Paola Obelleiro, "Violencia teatral en la cárcel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2008, p. 8.

Dise que a obra da compañía Áncora producións, *Medidas preventivas*, foi representada no cárcere de Teixeiro diante de cento cincuenta reclusos e reclusas con grande éxito no Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Descríbense as diferentes historias que a conforman e as reaccións que ía causando no público.

- Víctor Castro, "Ancora' presenta hoy 'Medidas preventivas", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 30 novembro 2008, p. 22.

Informa de que no auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada, a compañía teatral Áncora Producións vai representar a obra *Medidas preventivas*. Indica que a obra gañou o premio ao mellor libro de teatro 2007 da Asociación de Escritores en Lingua Galega e tamén o premio Roberto Vidal Bolaño 2008. Asemade, tamén salienta que a obra está composta por cinco temas: "Avispas en febrero", "Móviles", "Caníbales en la ciudad", "Transversal", e "Las Pilulas del doctor Negrín". A seguir, en columna á parte, conta o tema da historia.

Teatro do **Atlántico**: *A bombilla máxica*, texto Woody Allen, dirección Xulio Lago.

Ver Cariño, XXXª Mostra de Teatro Galego de
Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIª Mostra de Teatro de
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos
Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar

Referencias varias:

- Paraíso, "O Plus da experiencia", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, pp. 4-7.

Reportaxe sobre o grupo galego Teatro do Atlántico, fundado no ano 1985 por Xulio Lago e que se atopa interpretando *A bombilla máxica*, de Woody Allen. Botando man do propio Xulio Lago coma fonte principal, amósase unha panorámica dos preto de vinte cinco anos de Teatro do Atlántico, facendo un repaso das súas montaxes máis destacadas e avaliando os principais erros e acertos.

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación d´*A bombilla máxica*, por Teatro do Atlántico, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- Lidia M. Gallas Otero, "A bombilla máxica' pon sobre o escenario a vida diaria da familia Pollack", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Teatro", 9 marzo 2008, p. 23.

Precísase que a compañía Teatro do Átlántico vai representar no Auditorio de Vilagarcía a peza *A bombilla máxica*, de Woody Allen. Sinala que os protagonistas un pai (representado por Manu Fernández), que procura a conservación da xuventude e ao que lle gusta o xogo; unha nai (encarnada por María Barcala), consciente das infidelidades do seu marido e preocupada polos seus dous fillos, dos cales un, o maior, para afastarse do mundo que o agobia crea un universo paralelo a través da maxia, e o outro, o menor, xa comeza a sentir unha forte inclinación polas armas e os actos vandálicos. Sinala que tamén participan da representación Gonzalo Martín Uriarte e Lucía Regueiro, que dan vida a Jerry e Betty, o primeiro é un representante de figuras do espectáculo que vive das apariencias, e Betty é unha moza nova e fráxil que acaba centrando as súas inquedanzas e desacougos en Max Pollack, o pai da familia protagonista. Refírese tamén a outra representación que se vai levar a cabo no Auditorio de Vilagarcía, *O kiosko das almas perdidas*, onde se mestura danza, teatro e música en directo.

- Jaureguizar, "Fastídiame ser máis coñecido pola televisión ca polo teatro ou cine", *El progreso*, "Vivir/Cultura", 26 marzo 2008, p. 64.

Entrevístase ao actor Gonzalo Uriarte tras a representación de *A bombilla máxica* en Lugo, da compañía "Teatro do Atlántico", unha vez feito un pequeno apuntamento biográfico e profesional do mesmo. Dise que o autor é máis coñecido polo seu papel desde hai catro anos na serie da TVG *Libro de Familia* ca polo seu traballo en teatro e cine.

- Víctor Castro, "A bombilla máxica' de Teatro do Atlántico", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 19 outubro 2008, p. 22.

Informa de que na Casa da Cultura do Pintor Francisco Lloréns de Sada vaise representar a obra *A Bombilla Máxica*, do artista americano Woody Allen. Comenta que a obra é de gran interese pois presenta os conflitos da familia Pollack, os cales se poden comparar cos problemas de familias actuais.

Bacana: *Hendaya, mon amour*, texto e dirección Xúlio Abonjo.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos
Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar

Referencias varias:

- M. M., "Hendaya mon amour', Premio Fetega, inaugura o programa de teatro do concello", *Faro de Vigo*, "Vigo", 14 febreiro 2008, p. 11.

Dáse conta de que a compañía Bacana presenta en Vigo esta posta en escena que obtivo o galardón da Federación de Teatros Galegos á mellor obra e ao mellor actor, César Golido. Dise que se trata dunha comedia musical mesturada con twist, copla ou balada, que mostra dun xeito particular o encontro entre Hitler e Franco en 1940.

- Roberto G. Méndez, "De cando en vez hai que cagala", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 15 xuño 2008, contracuberta.

Entrevista a Xúlio Abonjo, actor de Bacana, compañía que na actualidade está de xira coa súa obra *Hendaya, mon amour*. Abonjo destaca do teatro a posibilidade do directo que ofrece, e fala da preferencia de Bacana polas comedias musicais de autores galegos vivos. Sinala que na súa profesión goza tanto cantando como facendo rir.

- Alberto Ramos "Sinto sana envexa da miña familia, que foi a Praga", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 16 agosto 2008, p. L5.

Refírese ao actor César Goldi, o cal conta que en lugar de ter vacacións de verán segue co seu traballo na radio e na rodaxe dunha película, e anuncia a súa próxima xira por Cataluña no mes de setembro coa obra teatral *Hendaya, mon amour*.

Centro Dramático Galego (1): *Cascuda*, texto e dirección Diego Anido.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A óptica da cascuda", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Escena", 12 febreiro 2008, p. 31.

Faise mención da peza teatral *Cascuda*, que constitúe a terceira interpretación en solitario que representa Diego Anido. Indica que a súa primeira obra foi *paperboy* e que a estreou no 2004 en Galiza; e a segunda foi *Alemán.* Sinala que con esta obra se tenta reflectir no público o mesmo sentimento que xorde ao ver a unha cascuda: noxo, odio,

asco…, pero tamén se quere ir un paso máis aló e reflexionar sobre a vida ou, máis ben, a supervivencia deste animal que, xunto coa rata, "sobreviviría a unha catástrofe natural". Precisa que a obra se está a ensaiar no Salón Teatro en réxime de residencia interna, o que implica que todo o que queira pode achegarse aos ensaios e traballar con Diego Anido a técnica corporal.

- Lara Rozados, "Diego Anido ensaia *Cascuda* diante do público", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21-27 febreiro 2008, p. 39.

Anúnciase que Diego Anido prepara, en coprodución co Centro Dramático Galego, *Cascuda*, unha obra que nace como unha experiencia aberta ao público, que se desenvolve nun escenario pouco convencional, rompendo as bambalinas, e para que os espectadores contemplen a obra desde arriba. Saliéntase que o traballo co Corpo ten unha especial importancia e que está previsto que a montaxe se presente na Sala Nasa.

- Lupe Gómez, "As cousas escuras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Danza", 20 maio 2008, p. 39.

Sinala que se vai representar na Sala Nasa a obra *Cascuda.* Precísase que é unha coprodución do Centro Dramático Galego (CDG) e que o seu intérprete, ao igual que creador e director, é Diego Anido. Indica que a elección da cascuda é metafórica, pois mediante este animal preténdese representar o lado escuro da vida dos homes. Diego Anido fala da importancia que ten para el o movemento e a danza, e sobre a grande influencia que exercen sobre actores coma Rosa Muñoz e Andrés Corchero, cos que traballa na compañía Raravis e Señor Serrano.

- Manuel Xestoso, "Metáfora descompensada", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, pp. 34-35.

Diego Anido escarva no lado máis escuro da existencia con *Cascuda*, obra que dirixe e interpreta en clave de monólogo e que pretende adentrar ao espectador en aspectos fundamentais da vida en comunidade. Saliéntase que o protagonista constrúe o seu discurso mesturando ironía, poesía e humorismo, así como elementos procedentes da performance e da danza contemporánea. Considera o crítico que, en ocasións, a obra parece prestar máis atención aos aspectos plásticos e físicos que aos textuais. Así, se ben cualifica a dramaturxia de "magnífica", afirma que todo o que ten que ver co texto resulta moito máis frouxo, até provocar que en ocasións apareza o aburrimento. Cualifica, por tanto, a montaxe de "descompensada", se ben aplaude o elemento de risco nela presente, do que non anda moi sobrado o teatro actual.

Centro Dramático Galego (2): *Noite de Reis. Ou o que queirades*, texto William Shakespeare, dirección Quico Cadaval.

Referencias varias:

- A. I. S., "El Salón Teatro reabre el sábado su agenda tras el éxito del pasado año", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xaneiro 2008, p. 26.

Dá conta dos datos estatísticos sobre os espectáculos que tiveron lugar no Salón Teatro durante o ano 2007. Salienta que as producións do Centro Dramático Galego foron as de maior acollida, concretamente as obras: *Tarará-chis-pum!*, de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro; *A piragua*, de Cándido Pazó; e *Noite de Reis. Ou o que queirades*, de Quico Cadaval. Entre os espectáculos externos salienta a peza *Kamikaze*, do grupo Pistacatro Produtora de Soños.

- Gemma Malvido, "Noite de reis' estará catro días no teatro Rosalía de Castro", *La Opinión*, "A Coruña", 9 xaneiro 2008, p. 12.

Dá conta da chegada á Coruña da última creación do Centro Dramático Galego co obxectivo de achegar á mocidade o teatro clásico. Dise que Quico Cadaval é o encargado desta reinvención sobre o clásico de Shakespeare, que ten como unha das actrices protagonistas á coruñesa María Bouzas.

- Marta García Márquez, "O Centro Dramático versiona a Shakespeare en 'Noite de Reis", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Cultura", "Teatro", 9 xaneiro 2008, p. 14.

Sinala que se vai celebrar no Teatro Rosalía da Coruña a representación do Centro Dramático Galego (CDG), *Noite de Reis.* Indica que nesta peza, que constitúe a primeira versión de Shakespeare por parte da compañía e que é dirixida por Quico Cadaval, se mestura a música e o texto. Precísase que esta obra non só se vai representar neste teatro da Coruña, senón que o CDG ofrecerá tres representacións máis na Universidade coruñesa, dentro do denominado "Espazos do CDG". Indica que forman parte do reparto Susana Dans, Vítor Mosqueira, Xosé Manuel Olveira, "Pico", Marcos Correa e María Bouzas, entre outras personaxes xa coñecidas pola súa faceta teatral ou televisiva.

- A. R., "El CDG reinventa a Shakespeare con su peculiar 'Noite de Reis", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 11 xaneiro 2008, p. 3.

Comenta a representación da obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*, por parte do Centro Dramático Galego no Teatro Rosalía da Coruña e dirixida por Quico Cadaval. Dá conta do argumento da historia e achega o nomes dos actores participantes. Tamén salienta a música da peza.

- J. A. Martínez Sevilla, "Correa transmisora", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 15 xaneiro 2008, p. 28.

Crítica sobre a representación, no teatro Rosalía, de *Noite de reis*, en versión e dirección de Quico Cadaval e por parte do Centro Dramático Galego. Gábase o excelente cadro de actores e a lealtade ao texto orixinal dun espectáculo "servido en clave musical".

- Paraíso, "Quico Cadaval. A vida como un conto", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, "Entrevista teatro", xaneiro 2008, pp. 18-22.

Entrevista a Quico Cadaval, director da adaptación de *Noite de Reis*, de Shakespeare, co Centro Dramático Galego. O autor relata as influencias que nel exerceron as historias que de neno oía na taberna familiar e que lle achegaron elementos do costumismo e da sabedoría popular que foron forxando o seu repertorio. Considera que para ser un bo

narrador se precisa saber conversar. Como elemento común dos textos literarios que adaptou para o teatro, da autoría de autores tan dispares como Cunqueiro ou Shakespeare, apunta que comparten todo o que hai arredor de soño en relación coa vida da humanidade.

- Anxa Correa, "Quico Cadaval, director teatral. O gusto polo rap ou o jazz europeo é moito máis vulgar que o gusto pola comedia italiana", *Serendipia*, n.º 6, decembro-febreiro 2008, pp. 70-71.

Entrevista a Quico Cadaval con motivo da estrea da súa última obra, *Noite de reis ou o que queirades*, adaptación da comedia orixinal de Shakespeare, *Twelfth Night, Or What You Will* (1601). Entre as cuestións tratadas abórdanse aspectos como o proceso de selección e montaxe da obra, as dificultades para levar a escena o texto, as achegas máis importantes dos actores ao texto e os vindeiros proxectos teatrais do dramaturgo.

- Manuel Beceiro, "Non estou no teatro por cartos senón por estar ben", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 22 xullo 2008, p. 2.

Realízase unha entrevista ao actor Víctor Mosqueira pola súa interpretación na obra de Quico Cadaval *Noite de Reis ou o que queirades*, e indícase que foi nomeado como mellor actor protagonista aos premios María Casares. Mosqueira comenta que a obra está a ter un grande éxito xa que participaron en diferentes festivais como o de Almagro, ademais de facer referencia á boa acollida entre o público adolescente, e asegurar que a peza é unha adaptación bastante fiel á de Shakespeare, aínda que ambientada nun lugar do Mediterráneo e onde a música ten grande importancia. A seguir, comenta que agora está noutros proxectos en relación co teatro e afirma que non ten intención, por agora, de traballar na televisión. Asegura que se sinte ben no teatro aínda que os soldos sexan máis baixos.

- maré, "Asentando propostas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 agosto 2008, p. 28.

Dise que o CDG (Centro Dramático Galego) recuperou moitos espectadores de teatro grazas ás obras que presentou este ano, en concreto *Noite de Reis.Ou o que queirades*, *Valdemuller* e *Estigma*. Destácase o éxito da primeira das pezas nomeadas, escrita por Quico Cadaval como adaptación de Shakespeare e co prestixio que lle outorga a concesión de varios premios María Casares. Indícase tamén o número de funcións e de espectadores que acadou cada obra.

- Natalia Álvarez, "Sempre eliximos autores e temas que teñen unha implicación coa sociedade", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 267, "Entrevista", 13 novembro 2008, p. III.

Cristina Domínguez comenta nesta entrevista que o Centro Dramático Galego proporcionou ao teatro galego estabilidade, profesionalidade e visibilidade. Afirma que cada vez hai máis mozos que van ao teatro e indica que están a traballar para visibilizar a tempada. Fala da acollida por parte do público dos Espazos CDG, que se iniciaron o ano pasado e di que un teatro nacional debe ter "unha obra clásica universal, unha obra clásica universal contemporánea, unha obra de autoría residente galega e unha obra de teatro infantil". Por outra parte, a respecto da participación do CDG nunha coprodución co Centro Miraflor de Guimaraes, sinala que hai que sumar forzas entre Galicia e

Portugal e aproveitarse do talento dun lado e do outro. Remata aludindo á volta aos escenarios da obra *Noite de Reis* dirixida por Quico Cadaval, e opina sobre o tándem formado por este e Manuel Lourenzo para levar á escena *As dunas*.

Centro Dramático Galego (3): *Tarará-chis-pum*, de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro.

Referencias varias:

- Ana Abad de Larriva, "Me quedo en Galicia: no busco la fama", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 31 xullo 2008, p. 38.

Comenta o paso da cantante Beatriz Porrúa pola terceira edición do programa Operación Triunfo e salienta que está a rematar os seus estudos de Arte Dramática en Vigo. Indica que durante o segundo curso desta carreira Porrúa participou na obra *Tarará Chis Pum*, do Centro Dramático Galego.

Teatro **D2**: *Flores Migratorias*, texto Diego Freire, Manu Lago, Teresa de la Hera e Fran Riveiro; dirección Teresa de la Hera.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Marta Ortega trabaja para Inditex en China", *El Correo Gallego*, "Gente a la útlima", 26 xuño 2008, contraportada.

Precísase na contraportada que o final da temporada de teatro da Sala Nasa conta coa representación da obra *Flores migratorias*, a cargo de Teatro D_2. Indica que a peza é dirixida por Teresa de la Hera e que conta no seu reparto con Diego Freire, Fran Riveiro e Manu Lago. Tamén sinala que David Castro se encarga da iluminación, nunha obra na que se mesturan as miserias cotiás con notas de humor.

- M. B., "Teatro do Adro regresa al Principal con un thriller de humor y tragedia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 27 xuño 2008, p. L9.

Comentario arredor da presentación en Compostela de *Comida chinesa*, da que repasa a temática e o reparto. Nun despece complementario dáse conta da posta en escena, na Sala Nasa, de *Flores migratorias*, obra de Teatro D2, compañía que se creou no 2005 asociada ao Teatro Galán. Con dirección e dramaturxia de Teresa de la Hera, dise que esta peza se centra na insatisfacción como sensación inherente ao ser humano.

- Ana Saá, "Espectáculo teatral con aires gallegos", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 26 agosto 2008, p. 32.

Refírese á celebración da XI Feria de Teatro de Castilla y León, na que participa a compañía viguesa Teatro D2 coa obra *Flores migratorias*. Un dos membros da compañía destaca a oportunidade de actuar fóra de Galicia para chegar ao maior número posíbel de público.

- E. C. G., "Las 'Flores migratorias' de Teatro D2, en la sala Santart", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 novembro 2008, p. 68.

Faise mención da representación do espectáculo *Flores Migratorias* pola compañía teatral Teatro D_2. Sinala que nesta ocasión se realizou na sala Santart de Santiago de Compostela fronte aos alumnos do Instituto de Pontepedriña. Precísase que tamén se vai representar no Torrente Ballester de Ferrol. Para finalizar, fala de que a compañía vai participar no XXII Certame Coreográfico de Madrid coa súa peza *Cos pés na terra*, dirixida nesta ocasión por Manuel Lago e cos actores Fran Riveiro e Begoña Cuquejo.

Teatro **Ensalle**: *Te has perdido en el mar*, texto e dirección Pedro Fresneda.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "El Teatro Ensalle estrena su primera obra en gallego", *El País*, "Galicia", 12 febreiro 2008, p. 7.

Informa de que a compañía de teatro Ensalle vai representar a súa primeira montaxe en galego, *Te has perdido en el mar*, aínda que o título da mesma e algunhas partes do texto permanecen en castelán, debido a cuestións de sonoridade. Tamén comenta que a obra a representarán en distintas cidades galegas e indica que o seu director é Pedro Fresnada.

Espello Cóncavo: *Zardigot*, texto Euloxio Ruibal, dirección Arturo López.

Ver Rede Galega de Taetros e Auditorios, Ciclos

Estibón: *Cinema*

Ver Coruña, VIIª Mostra de Teatro Independente de

Teatro **Expresión**: *Imás Xinarium plus ou Ofimax*

Referencias varias:

- Helena Glez. Alonso, "Traballando para reivindicar a escena", *Diario de Pontevedra*, 29 marzo 2008, contraportada.

Refírese á representación que vai levar a cabo o grupo de teatro pontevedrés Expresión Produccións coa obra *Imasxinarium plus.* Sinala que con esta obra o que se pretende é celebrar os quince anos que leva a compañía sobre o escenario e, ao mesmo tempo, reivindicar a necesidade de ampliar a oferta teatral e cultural, neste caso para as noites dos sábados en Pontevedra, aspectos dos que fala Manuel Solla, director do grupo.

Fulano, Mengano e Citano: *Arte*, texto Yasmina Reza, dirección Celso Parada.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos
Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar
Ver Venres Culturais de Carballo, Ciclo

Referencias varias:

- M. C. S., "La compañía Fulano, Megano y Citano actúa en Carballo", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 6 marzo 2008, p. 17.

Dáse conta da participación da compañía dentro do ciclo dos Venres Culturais presentando a súa obra *Arte*, unha comedia na que se salienta a súa polémica sobre a amizade e a defensa e aceptación das opinións dos demais.

- C. L., "Termina el ciclo de teatro tras superar la afluencia de público del 2007", *Diario de Arousa*, "Cambados", 2 decembro 2008, p. 11.

Dá conta das representacións teatrais que tiveron lugar dentro da programación cultural de Cambados: *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano; *Extrarradios*, de Luz Gómez; a adaptación teatral de *A lingua das Bolboretas*; e *Ifixenia en Áulide*, de Arela das Artes. Asemade, salienta a abundante participación do público.

- Víctor Castro, "La obra 'Arte' se pone en escena hoy en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 14 decembro 2008, p. 22.

Informa de que o grupo de teatro Fulano, Mengano e Citano vai representar a obra *Arte*, da escritora francesa Yasmina Reza, no auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada. A seguir, dá conta do argumento da historia.

Teatro **Galileo** (1): *O avaro*, texto Molière, dirección Pedro Rubín.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Marta Veiga, "Molière escribiría hoxe de tramas urbanísticas e de corrupción", *El Progreso*, "Vivir. Cultura", 31 xaneiro 2008, p. 88.

Entrevista a César Cambeiro, o personaxe Harpagón da montaxe *O avaro*, de Molière, que subiu ás táboas da man de Teatro Galileo. Cambeiro define ao seu personaxe como un vello enfermo, sen moral, que se move unicamente pola codicia. Tamén apunta os retos que supuxo construír un perfil tan complexo. Sobre a obra, apunta que se trata dunha comedia, pero cun punto triste, que mantén a autenticidade de todo clásico e que, ademais, ten a vantaxe de que axuda a reflexionar sen chegar a resultar moralizante, pois Teatro Galileo tentou facer unha adaptación da trama ao mundo actual.

- M. L., "La avaricia como protagonista", *Diario de Arousa*, "Auditorio Municipal", 12 febreiro 2008, contracuberta.

Infórmase de que a compañía Teatro Galileo representou en Vilagarcía a obra de Molière *O avaro*, dirixida por Pedro Rubín. Dise que a obra constitúe unha aceda crítica social ambientada na Francia do século XVII, salientando ademais que os clásicos universais son unha constante de Teatro Galileo desde a súa fundación no ano 1991.

- Mar Mato, "O pecado da avaricia está presente hoxe como no tempo de Molière", *Faro de Vigo*, "Vigo", 25 marzo 2008, p. 15.

Pedro Rubín, director de Teatro Galileo, fala sobre a adaptación feita pola súa compañía do clásico *O avaro*, de Molière, que el mesmo define como unha "comedia agridoce". Rubín comenta as dificultades para poñer en escena a obra sen que resulte unha historia de época, senón tentando facela atemporal.

- M. Lorenzo, "A vantaxe de levar clásicos ao teatro é a súa tremenda actualidade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 27 marzo 2008, p. L16.

Pequena entrevista a Pedro Rubín, que dirixe coa compañía Teatro Galileo o clásico de Molière *O avaro*, que se estrea no Teatro Principal de Santiago. Rubín sinala que con esta posta en escena tenta transmitir a mensaxe da obra orixinal: a riqueza non abonda para acadar a felicidade. Apunta que os clásicos nunca perden vixencia e que coa atemporalidade da montaxe que ideou busca achegar mellor ao público un tema de actualidade como é a avaricia. Preguntado pola situación do teatro galego, considera que se atopa nun "momento de indecisión": hai vontade, pero falta o "empurrón" decisivo.

Teatro **Galileo** (2): *Servidor de dous amos*, dirección Andrés Lima.

Ver Lugo, VIIª Mostra de Teatro Clásico de

Teatro da **Gavela**: *O Conde Alarcos*

Referencias varias:

- L. R., "Retrospectiva teatral de Verín", *La Región*, "Verano", 19 agosto 2008, p. 19.

Dáse conta da programación teatral que ten lugar en Verín e Barbadás, entre a que se salienta: a obra *O conde Alarcos* en Verín, do grupo Teatro da Gavela; en Barbadás o

espectáculo *Circanelo*, do Novo Circo Fredi, do cal se comenta que combina acrobacias, danza, mimo e outras disciplinas circenses; e a representación en Maside do espectáculo *Conto conto*, de Ni fu ni fa Animación.

- L. R., "El Coliseum baila con Juan Luis Guerra", *La Región*, "Verano", "Agenda", 20 agosto 2008, p. 20.

Anúnciase unha serie de representacións teatrais que terán lugar en distintas vilas galegas: en Vilar de Barrio o espectáculo *Remedios Peregríns*, a cargo da compañía Novo Circo; en Ourense a compañía Teatro da Gavela representará o *Conde Alarcos*; en Bueu o teatro de marionetas Trécola ofrece o seu espectáculo *N.º 8 da rúa dos contos*; en Maside a compañía A Xanela do Maxín ofrece a representación de títeres *Chincha Rabincha* e en Cartelle o *Lazarillo de Tormes* será representado por Teatro do Morcego.

Imagina Machina, Aula de Teatro Universitario da Coruña: *Ubú Rei*, texto Alfred Jarry, dirección Suso Díaz.

Ver Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver FITEU, XIVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.
Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos
Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, como por exemplo a obra *Ubú* rei, o clásico de Alfred Jarry co que agora se atreve Imagina Machina.

- Tania Suárez, "Una compañía gallega representará 'Ubú Rey', de Alfred Jarry, en el Colón", *La Opinión*, "A Coruña", 6 xaneiro 2008, p. 12.

Anúnciase que a comedia musical *Ubú Rey*, de Alfred Jarry, vai ser representada pola compañía Imagina Machina en clave de espectáculo multimedia. Explícase que nela se ealiza unha combinación de provocación, humor e farsa en clave de parodia dos dramas de Shakespeare interpretado por unha vintena de personaxes encarnados por seis actores.

- Albino Mallo, “A farsa do grotesco co surrealista”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 xaneiro 2008, p. 23.

Infórmase de que o Teatro Colón Caixa Galicia vai acoller na Coruña a representación de *Ubú Rei*, unha peza escrita por Alfred Jarry, dirixida por Suso Díaz e que pon en escena a compañía La Imagina Machina. Dise que desde a compañía a definen como unha “farsa sobre os dramas de Shakespeare en clave musical”, en forma de espectáculo multimedia. Saliéntase como máscara cómica da realidade con seis actores que encarnan a unha vintena de personaxes, onde o espectáculo se concibe como unha comedia dramática e esperpéntica na que o cómico se mestura coa farsa. Obsérvase que a obra de Jarry se converteu nunha icona da liberdade creativa e do enfrontamento artístico co poder.

- Albino Mallo, “La Imagina Machina leva ‘Ubú Rei’ ao teatro Colón da Coruña”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 7 xaneiro 2008, p. 68.

Infórmase de que o Teatro Colón Caixa Galicia vai acoller na Coruña a representación de *Ubú Rei*, unha peza escrita por Alfred Jarry, dirixida por Suso Díaz e que pon en escena a compañía La Imagina Machina. Dise que desde a compañía a definen como unha “farsa sobre os dramas de Shakespeare en clave musical”, en forma de espectáculo multimedia. Saliéntase como máscara cómica da realidade con seis actores que encarnan a unha vintena de personaxes, onde o espectáculo se concibe como unha comedia dramática e esperpéntica na que o cómico se mestura coa farsa. Obsérvase que a obra de Jarry se converteu nunha icona da liberdade creativa e do enfrontamento artístico co poder.

- Camilo Franco, “Unha monarquía despendolada”, *La Voz de Galicia*, “Carteleras y críticas”, “Teatro”, 20 xaneiro 2008, p. 65.

Sinala que La Imagina Machina está a representar no Teatro Colón da Coruña a peza teatral *Ubú rei*. Indica que esta comedia, baseada no texto de Alfred Jarry, se está a levar a escena dun xeito un tanto lixeiro e quedándose curto, “sen corpo” na súa representación, aspecto que inclúe as súas coreografías, o humor e a música. Precísase que o seu director é Suso Díaz e que no seu reparto inclúense nomes como o de Tito Asorey, Nate Borrajo, Galicia Gutiérrez, David Varela e Andrea Freire.

- A. D., “Los alumnos del taller de teatro de la Universidad estrenan ‘Ubú Rei”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña ciudad”, 2 abril 2008, p. 13.

Informa de que o taller de teatro da Universidade da Coruña vai representar a obra *Ubú Rei*, de Alfred Jarry, dirixida por Zé Paredes. Salienta que tanto o taller de teatro como o de danza van aumentar a súa oferta debido á boa acollida que están a ter entre os alumnos.

- Imanol Hernández, “La moralidad gallega, a escena”, *La Región*, “Ciudad”, 17 abril 2008, p. 10.

Sinala que se levou a cabo no Teatro Principal a representación d´*As raíñas,* a cargo da Aula de Teatro da Universidad de Santiago de Compostela, e no Auditorio de Galicia o

concerto teatral da compañía aragonesa Che y Moche, *Oua Umplute*. Indica tamén que a Aula de Teatro da Universidade da Coruña vai representar no Principal *Ubú rei*.

Lagarta Lagarta: *As últimas lúas*, texto Furio Bordón, adaptación Cándido Pazó, dirección Xulio Lago.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación d´*As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- M. R. N., "Más de 150 sadenses disfrutaron de la obra de teatro 'As últimas lúas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área metropolitana", 26 febreiro 2008, p. 22.

Coméntase que a comedia e o drama se mesturan nesta obra protagonizada por Ernesto Chao na que se conta a historia dun ancián nunha sociedade que o relega. Infórmase de que o guión orixinal é un texto italiano que foi escrito para Marcello Mastroianni.

- M. R., "Una reflexión sobre el final de la vida", *El Ideal Gallego*, "Teatro", 1 marzo 2008, contracuberta.

Infórmase de que a compañía Lagarta Lagarta representou en Vilagarcía unha adaptación da obra italiana *As últimas lúas*, con dirección de Xulio Lago e protagonismo de Ernesto Chao. Coméntase que Cándido Pazó foi o encargado de adaptar o texto *Le ultime lune* de Furio Bordon, así como que a peza está escrita polo dramaturgo italiano en 1994 e que foi estrenada en Venecia con Marcello Mastroianni como actor principal, na súa despedida dos escenarios. Dise que na montaxe conviven o humor e o drama nunha obra centrada na historia dun vello profesor de literatura xubilado para abordar a partir del o papel dos maiores nunha sociedade que os foi arrinconando progresivamente.

Máscara Producións: *Asalto de cama*, texto Juan Luis Mira, dirección Xerome Calero.

Referencias varias:

- María Roade, "Cultura al aire libre", *Atlántico Diario*, "Actividades/Ocio y diversión para todos los públicos", 15 agosto 2008, p. 32.

Dise que dentro da programación estival do Concello de Nigrán, as dunas de Gaifar , en Praia América, serán tamén escenario das obras *Bailadela da morte ditosa*, de Teatro de Ningures, e *Asalto de cama*, do grupo Máscara Producións.

Matarile Teatro: *Truenos y misterios*, texto e dirección Ana Vallés.

Mofa e Befa (1): *Cociña para champantes*

Referencias varias:

- E. A., "Vítor Mosqueira, membro de Mofa e Befa: 'En Galicia hai unha tendencia sobre todo á carne de porco", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 6 febreiro 2008, p. L12.

Entrevista a Vítor Mosqueira na que conta que Mofa e Befa fará unha recompilación de tres das súas pezas de humor relacionadas coa cociña no Foro Gastronómico *As cociñas do Atlántico*. Di que a obra é unha especie de refrito de tres pezas: *Cociña económica* que a levan facendo desde hai catorce anos e vana variando; *Cociña caníbal* que xoga coa idea de que o home é o mellor alimento para o home e fan receitas como a do patrón, e así tamén tratan o tema da loita de clases; e, finalmente, *Cociña cacofónica*, onde fan receitas usando unha soa vogal en cada unha. Comenta que é doado xogar cos ingredientes para facer humor e que na cociña galega todos os ingredientes son bos, sobre todo a carne de porco. Para rematar, di que o seu proxecto inmediato é seguir con *Sempre ao lonxe*.

Mofa e Befa (2): *Sempre ao lonxe,* texto Kiko Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz; dirección Kiko Cadaval.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos
Ver Ribeira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- Roberto G. Méndez, "Hai que rir de todo o que nos asusta", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 6 xaneiro 2008, contracuberta.

Entrevista a Evaristo Calvo, actor e "metade" do dúo cómico Mofa e Befa. Calvo sinala que convén rirse de todo o que nos asusta ou nos procura mala vida, ao tempo que apunta as vantaxes dos espectáculos de monólogos como opción teatral.

- Inma López Silva, "Refugallo escénico", *Tempos Novos*, n.º 132, "Crítica", "Teatro", maio 2008, p. 87.

Refírese á peza teatral *Sempre ao lonxe* de Esquilo, dirixida por Quico Cadaval e representada pola Compañía Mofa e Befa, na que os intérpretes son Evaristo Calvo,

Víctor Mosqueira e Pili Sanz. A obra está rodeada dunha atmosfera de mofa, dirixida tanto ao público que vai a ver a representación como aos propios actores por actuar dun xeito moi desigual; por iso os propios intérpretes se arrepinten e se autocritican, nun "exercicio de teatro dentro do teatro".

Teatro do **Morcego**: *O club da calceta,* texto María Reimóndez, dirección Celso Parada.

Ver 4x2
Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación d´*O Club da calceta*, adaptación da obra homónima con que María Reimóndez quedou finalista do Premio Xerais de Novela 2006 e levada agora á escena por Teatro do Morcego, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- M. Mato, "Ácida terapia contra a frustración coa comedia 'O club da calceta", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 11 abril 2008, p. 42.

Dise que a última obra de Teatro do Morcego, dirixida por Celso Parada, reflexiona sobre a condición feminina en clave de comedia aceda. Seis actrices dan vida a un grupo de mulleres que a través dunhas reunións nas que calcetan acaban comezando a contar as súas historias íntimas. Saliéntase que a posta en escena aparece influída polo cinema e mestura os monólogos das mulleres cun uso dramático da música nunha obra que versiona a novela homónima de María Reimóndez.

- Ana Baena, "Queda mucho para tener una plataforma teatral en Galicia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 13 abril 2008, p. 13.

Celso Parada fala sobre a súa última dirección da obra *O Club da Calceta*, estreada en Vigo no Centro Cultural Caixanova. Indica que a obra é unha adaptación da novela de María Reimóndez e afirma que o tema da mesma, procede do feminismo. Comenta que o teatro galego está a evolucionar moito, mais aínda queda por facer, e dá conta do espectáculo que está a preparar Teatro do Morcego para festexar os seus vinte anos na próxima temporada.

- José Iglesias, "Cuentacuentos, ludoteca y 'Raia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Gente a diario", 3 maio 2008, p. 78.

Explícanse as diferentes citas culturais para a fin de semana en Pontevedra e arredores, como contacontos e obradoiros de cociña para os máis pequenos, ademais de mencionar

un encontro literario con María Reimóndez no Centro Social Caixanova arredor da súa obra *O Club da Calceta*, que se representa posteriormente pola noite en versión teatral.

- Ángeles Quintas, "Jornadas para los más 'peques", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 4 maio 2008, p. 78.

Coméntase que a Biblioteca Pública de Pontevedra foi o escenario no que a compañía Pinga Teatro ofreceu dúas funcións dirixidas aos máis pequenos. Tamén se comenta que no Centro Sociocultural Caixanova se celebrou un encontro entre os clubes de lectura e a escritora María Reimóndez, despois do que se representou a obra *O club da calceta*, baseada na novela homónima desta escritora.

- Manuel Xestoso, "O club da comedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 35.

Crítica da obra teatral *O club da calceta*, baseada na obra homónima de María Reimóndez e posta en escena por Teatro do Morcego, baixo a dirección de Celso Parada. Para o autor da crítica, a montaxe optou pola fórmula televisiva do monólogo, esquecendo que o que aborda é unha mensaxe social de denuncia, que non debería optar pola canle do espectáculo de variedades. Xestoso considera que os creadores teatrais non se teñen que someter necesariamente ás imposicións televisivas, por máis que estas atraian a un gran número de espectadores. Tamén afirma que o elenco de actrices está desaproveitado, e que as mensaxes, pretendidamente feministas, quedan diluídas polo exceso de chanzas e de ocorrencias. En suma, considera que a montaxe teatral non fai xustiza á "suposta ambición do texto orixinal" e que ademais adolece dunha incongruencia entre a mensaxe e a forma a través da que se vehicula.

- maré, "Da palabra escrita até a viva voz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 maio 2008, p. 32.

Infórmase de que Teatro do Morcego representa no Teatro Principal de Santiago a súa última obra, *O club da calceta*, adaptación teatral da novela homónima de María Reimóndez, que propón, en clave feminista, unha reflexión arredor dunha serie de cuestións que afectan ás mulleres. Coméntase que a montaxe está protagonizada por seis féminas, que se atopan diariamente nunhas clases de calceta, e o encontro sérvelles para que intercambien as súas experiencias e perspectivas sobre a vida. Dise que cada unha delas representa un arquetipo de mulleres insatisfeitas na relación coas súas respectivas parellas e coa sociedade en xeral.

- Inma López Silva, "Calceta en escena", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Críticas", verán 2008, pp. 105-106.

A crítica comeza destacando que esta obra teatral nace dunha novela de igual título, *O club da calceta*, e destaca que a obra xa apuntaba maneiras teatrais na súa propia construción argumental: un grupo de mulleres que se reúnen arredor dun club de calceta que se converte en espazo para o diálogo, o conflito e o tecido de diferentes historias que contan coa evocación dun personaxe fantasmal. Na versión teatral esta obra presenta seis monólogos de contido feminista e feminino no que cada personaxe relata a súa propia experiencia. Afírmase que é a potencia en escena das actrices a que salva un

espectáculo no que a historia pode chegar a aburrir, ademais o espectáculo parece máis unha suma que unha amalgama de representacións.

- Inma López Silva, "Máis ca un club", *Tempos Novos*, n.º 134, "Crítica", "Teatro", xullo 2008, p. 96.

Refírese á obra *O club da calceta* de María Reimóndez, adaptada por Celso Parada e a propia autora. Coméntase que a compañía Teatro do Morcego se encarga da representación, dirixida por Celso Parada, e que no elenco se inclúen Susana Dans, Laura Ponte, Maxo Barjas, Elina Luaces, Luísa Merelas, Flor Maceiras e Estíbaliz Espinosa. Da escenografía explícase que se encarga Pastor; do vestiario, La Canalla; e da iluminación, Octavio Mas. Sinálase tamén que na peza teatral adaptada se ofrecen os monólogos de seis mulleres, que serven para facerse unha idea da historia persoal de cada unha delas.

- R. Bruña, "El Centro Dramático Galego abre la programación teatral escolar", *La Opinión*, "A Coruña", 29 outubro 2008, p. 14.

Informa de que o Teatro Rosalía de Castro da Coruña inicia a súa programación para os escolares con catro representacións teatrais e unha de danza. As compañías participantes son o Centro Dramático Galego, coa obra *A boa persoa de Sezuán*; Teatro do Morcego, con *O club da calceta*; Producción Excéntricas, con *No Comment: Obra*; e Espello Cóncavo, con *Anxeliños*.

Teatro de **Ningures** (1): *Emigrados*, texto Cándido Pazó, Xosé Manuel Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre; dirección Etelvino Vázquez.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, "Nostalgias escenificadas", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 12 febreiro 2008, p. 28.

Anúnciase que Teatro de Ningures estreou no Rosalía a obra *Emigrados*, contos escenificados de Anxos Sumai, Cándido Pazó, Sonia Torre, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos, representados por seis actores. Martínez Sevilla sinala que a lentitude da acción resta teatralidade á obra, que non obstante presenta como novidade o feito de fuxir dunha emigración concibida en clave "sentimentaloide".

- R. V., "Sonia Torre ultima un nuevo trabajo teatral con protagonismo femenino", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 febreiro 2008, p. 76.

Dáse noticia do último proxecto teatral de Sonia Torre, ao redor dun texto que conta unha historia cotiá protagonizada por mulleres. Infórmase que ela mesma viviu a emigración cando tiña seis anos. Esa visión é a que se encontra reflectida no texto que forma parte de *Emigrados*, premio Max de Teatro 2007.

- Rosa Veiga, “A pegada da experiencia”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 febreiro 2008, p. 25.

Sonia Torre, unha das cinco creadoras de *Emigrados*, obra gañadora do premio Max de Teatro en galego de 2007, ultima o seu segundo proxecto teatral, unha obra protagonizada por mulleres. Pero o artigo céntrase sobre todo no seu labor en *Emigrados*, un texto no que participaron até cinco autores, sen relación entre eles e co único requisito de centrarse no tema da emigración. Sinálase que a obra inclúe textos de Suso de Toro, Cándido Pazó, Anxos Sumai e Xosé Manuel Pazos, ademais do asinado pola propia Sonia Torre.

- M. C. S., “Carballo y Cee ofrecen obras de teatro por el Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “Carballo/Costa da Morte”, 9 maio 2008, p. 24.

Infórmase de que no Pazo da Cultura carballés se representará a obra *Emigrados*, por parte de Teatro de Ningures, mentres que en Cee se poñerá sobre as táboas *Veleno por caridade*, da compañía Badius, de Baio.

Teatro de **Ningures** (2): *Misericordia*, texto Benito Pérez Galdós, adaptado por Xosé María Pazos, Etelvino Vázquez (direc.).

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Patricia de la Torre, “Misericordia’, de Pérez Galdós, llega al Teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Viviendo Compostela”, 24 xaneiro 2008, p. 32.

Coméntase que en montaxe de Teatro de Ningures, a obra de Galdós chega a Santiago para presentar a situación da nacente burguesía do século XIX, inculta e insolidaria e marcada pola relixión, a hipocresía e a dobre moral. Destácase que o motor da peza son os contrastes entre realidade e fantasía e entre pobreza e opulencia.

Teatro do **Noroeste** (1): *Extrarradios. Comedia das mulleres desamparadas*, texto e dirección Eduardo Alonso.

Ver Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver XVIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- C. P., “O texto desta proposta é diferente a outros meus, na liña dun realismo crú”, *La Voz de Galicia*, “A pie de calle”, 3 xaneiro 2008, p. 12.

Comenta que a compañía Teatro do Noroeste vai estrear no Teatro Principal de Santiago o novo espectáculo, *Extrarradios. Comedia das mulleres desamparadas*, dirixido e creado por Eduardo Alonso, quen afirma que se trata dunha comedia sobre a situación cotiá de dúas mulleres que viven nun extrarradio urbano. Indica que se trata dunha historia dun realismo moi cru que pretende mostrar o desprezo da sociedade polo ser humano.

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación de *Extrarradios*, texto de Eduardo Alonso para Teatro do Noroeste, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- maré, "Estrea do novo de Teatro de Noroeste", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xaneiro 2008, p. 28.

Coméntase que o Teatro Principal de Santiago será o escenario da representación da última obra desta compañía, *Extrarradios*, un texto escrito e dirixido por Eduardo Alonso que protagonizan Luma Gómez e Victoria Pérez. Alúdese á definición de Teatro do Noroeste como unha "comedia urbana" sobre o encontro entre unha prostituta e unha mendiga que disputan unha parada de bus, convertida no seu espazo vital.

- Concha Pino, "Estrenos con protagonismos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 15 xaneiro 2008, p. L16.

Dise que Teatro do Noroeste presenta en Santiago a súa obra *Extrarradios*, escrita e dirixida por Eduardo Alonso. Explícase que se trata dunha comedia urbana e marxinal que fala do encontro entre unha mendiga e unha prostituta, as dúas en profunda decadencia. Ambas acaban loitando por un oco na parada de bus e polo seu dereito a ser felices.

- Camilo Franco, "Organizar as poéticas", *La Voz de Galicia*, "Carteleras y críticas", "Teatro", 18 xaneiro 2008, p. 59.

Precísase que a compañía Teatro Noroeste está a representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a obra *Extrarradios*. Indica que a representación se está a levar a cabo sen demasiada fortuna, pois as protagonistas, unha prostituta e unha esmoleira deixan a maior parte da carga cómica e satírica ao propio texto; sinala que se dedican case en exclusiva a reproducir un texto que lles vén dado. Por último, faise mención a que a peza foi creada e dirixida por Eduardo Alonso e que as actrices que dan vida ás dúas protagonistas son Luma Gómez e Victoria Pérez.

- Lueiro, "Unha esplendorosa estrea", *Galicia Hoxe*, "Venres", "A contrabutaca", "Entrevista", 18 xaneiro 2008, p. 4.

O dramaturgo Eduardo Alonso, director do Teatro do Noroeste, dá conta da estrea de *Extrarradios*. Comenta que era un proxecto que non estaba previsto, que o puxo por escrito, que o prepararon en catro ou cinco meses e que o montaron dun día para outro sen subvencións. Sinala que o estaba obsesionando o tema da agresividade ou a violencia nunha sociedade coma a nosa, en pleno tránsito do hábitat rural ao urbano, onde comezan a aparecer síntomas de deshumanización. Afirma que a violencia é unha constante na súa produción dramática porque definen a sociedade actual e iso veo o espectador no escenario. En *Extrarradios* hai dous personaxes que contan pouco do seu pasado porque o importante é o que acontece en escena: son unha prostituta e unha mendiga que comparten unha parada de bus abandonada e entre elas nace certa complicidade. Tamén fala da posta en escena e di que o espectador debe tomar distancia e reflexionar sobre o que ve; de feito, di que é un teatro para un espectador adulto e intelixente e que non trata de impactar sentimentalmente. Comenta que esta proposta dramatúrxica dálle ao espazo urbano moita importancia, así elas están controladas polo espazo. Para rematar, sinala que de momento teñen liberdade á hora de producir e distribuír os espectáculos e que asumir isto á marxe das subvencións oficiais non é habitual.

- Manuel Xestoso, "Totum revolutum", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, pp. 35-36.

Coméntase que o último espectáculo de Teatro do Noroeste, *Extrarradios*, reflexiona sobre a existencia nas marxes da sociedade, baixo a dirección de Eduardo Alonso e coa interpretación de dúas únicas actrices, Luma Gómez e Victoria Pérez. Explícase que o escenario da peza é unha parada de autobús abandonada na periferia urbana, pola que pelexan unha prostituta e unha esmoleira. A partir destas dúas figuras derívase nunha reflexión sobre a existencia nos límites e o marxinal. O autor da crítica considera que, non obstante, o director quere xogar tantos paus que acaba desorientando ao espectador. Manifiesta que acaba obtendo unha obra incoherente, na que ningunha das liñas que se intuían nun principio se rematan. Pese a recoñecer o mérito de Teatro do Noroeste por apostar por un teatro de produción modesta, Xestoso considera que para que un proxecto así teña éxito, é necesario un texto máis sólido como alicerce.

- Xosé Lueiro, "Peóns da marxinalidade", *Galicia Hoxe*, "Venres", 1 febreiro 2008, p. 4.

Infórmase da estrea de *Extrarradios*, por "Teatro do Noroeste" e escrita e dirixida por Eduardo Alonso. Dise que a violencia de xénero, a marxinación social e o determinismo dunha atmosfera opresiva son parte da súa temática, unha obra calificada de atoparse a medio camiño entre o tremendismo e a crónica social.

- Inma López Silva, "O estraño pracer da vinganza", *Tempos Novos*, n.º 130, "Crítica", "Teatro", marzo 2008, p. 96.

Faise mención da comedia de mulleres, *Extrarradios*, da compañía Teatro do Nororeste, da que se comenta que a dirección e iluminación corren a cargo de Eduardo Alonso, como elenco consta Luma Gómez e Victoria Pérez, a escenografía é cousa de Eva Alonso e a selección musical débese a Brais Morán. Explícase que na representación se conta a vida de dúas mulleres, unha vagabunda e unha puta, que servirán para ir

encamiñando a obra desde a temática da lixeireza humana até unha reflexión sobre o fracaso e a escravitude, e todo isto tratado cun toque de humor.

- Sabela Pinal, "Ó público gústalle a comedia pero non se deixa levar só polos sentimentos", *La Región*, "Carballiño", 11 setembro 2008, p. 21.

Faise unha entrevista ao autor e director de *Extrarradios*, quen a define como "unha comedia ácida e crítica sobre situacións de marxinalidade da realidade actual" que a compañía Teatro do Noroeste presenta no Festival de Teatro Galego que se desenvolve no Carballiño. Fálase sobre a obra e sobre a traxectoria da compañía.

- M. Beceiro, "Prostitución e mendicidade son temas antigos e actuais", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 26 setembro 2008, p. 2.

Realízase unha entrevista á actriz Luma Gómez polo seu papel na obra *Extrarradios: comedia das mulleres desamparadas*, montaxe de Teatro do Noroeste. Coméntase que Luma Gómez interpreta a unha mendiga totalmente degradada que convive cunha prostituta nunha parada de bus. Gómez afirma que aínda que se trata dunha crítica social, a obra ten un ton de comedia e salienta o grande éxito que está a ter a obra, ademais de informar de que foron gañadores dun premio no Festival de Teatro Galego do Carballiño. Tamén comenta que o tema entre a prostituta e a mendiga é moi antigo e á vez moderno e asegura que ela sempre di o que pensa sobre a situación do teatro actual.

- A. R. López, "Sobe o pano", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 outubro 2008, p. 29.

Nesta noticia faise referencia á inauguración da Feira das Artes Escénicas en Santiago de Compostela, con respecto á cal se comenta que se trata dunha Feira que dura cinco días e na que participan 150 programadores. Por outra parte explícase que a presenza galega nesta Feira estará da man de Teatro Galileo, coa obra *Náufragos*, de André Roussin, con respecto á que se indica que está protagonizada por César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos, e Raúl Caro; o argumento xira en trono ás relacións de parella que se dan nunha illa paradisíaca despois dun naufraxio; *Extrarradios*, de Teatro do Noroeste e que se basea no humor negro; e *Animales artificales*, de Matarile Teatro e cuxo argumento xira en torno a temas relacionados coa morte e o paso do tempo, así como a bisexualidade. Tamén se pon de manifesto a participación do teatro portugués e do vasco durante esta Feira.

- C. L., "Termina el ciclo de teatro tras superar la afluencia de público del 2007", *Diario de Arousa*, "Cambados", 2 decembro 2008, p. 11.

Dá conta das representacións teatrais que tiveron lugar dentro da programación cultural de Cambados: *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano; *Extrarradios*, de Luz Gómez; a adaptación teatral de *A lingua das Bolboretas*; e *Ifixenia en Áulide*, de Arela das Artes. Asemade, salienta a abundante participación do público.

Teatro do **Noroeste** (2): *Romeo e Xulieta*, texto William Shakespeare, dirección Eduardo Alonso.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- M. L., "Los Montesco y los Capuleto de hoy", *Diario de Arousa*, "Auditorio", 12 xaneiro 2008, contracuberta.

Dáse conta de que o auditorio de Vilagarcía acolleu a representación dunha versión actualizada do clásico de Shakespeare *Romeo e Xulieta*, por parte de Teatro do Noroeste. Coméntase que a compañía ofreceu unha visión desta obra máis próxima ao mundo actual tanto na estética coma na linguaxe, co fin de captar a xente máis nova. Dise que de feito os propios intérpretes presentan unha media de idade 24-25 anos. Recálcase que entre os cambios introducidos sobre o texto orixinal figura a modificación de certos personaxes.

Nut Teatro (1): *4.48 psicose*, de Sarah Kane.

Ver Ribadavia, XXIVª Mostra Internacional de Teatro de
Ver "Roberto Vidal Bolaño", VIª Mostra de teatro de Gondomar

Nut Teatro (2): *Corpos disidentes*, texto Nut Teatro, dirección Carlos Neira Noya.

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "Nut Teatro representó a la comunidad en Madrid", *El País*, "*Galicia*", 4 febreiro 2008, p. 6.

Dá conta da participación da compañía Nut Teatro no Festival Escena Contemporánea de Madrid, onde representou en castelán a súa obra *Corpos disidentes*. Comenta que se trata dun traballo colectivo dirixido por Carlos Neira e salienta o traballo da compañía xa que é a que realizou un maior número de funcións entre as compañías galegas profesionais.

- Lupe Gómez, "Alegoría do desexo", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 22 febreiro 2008, p. 29.

Indica que se vai estrear unha nova representación da compañía Nut Teatro, *A mirada de Pier*. Tamén se refire a *Corpos Disidentes*, que formou parte do Festival Escena Contemporánea de Madrid e que, segundo se indica, tivo unha moi boa acollida. Tamén se menciona que a pretensión da peza é provocar no espectador unha curiosidade inqueda e reflexiva, "non morbosa".

Pisando Ovos (1): *30.000*, dirección Damián Muñoz.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos

Pisando Ovos (2): *No Intre 1800*, dirección Ruth Balbís e David Loira.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos

Pistacatro Productora de Soños: *Kamikaze*, texto Pistacatro e Hernán Gené; dirección Hernán Gené.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- A. I. S., "El Salón Teatro reabre el sábado su agenda tras el éxito del pasado año", *El Correo Gallego*, "Santiago", 9 xaneiro 2008, p. 26.

Dá conta dos datos estatísticos sobre os espectáculos que tiveron lugar no Salón Teatro durante o ano 2007. Salienta que as producións do Centro Dramático Galego foron as de maior acollida, concretamente as obras: *Tarará-chis-pum!*, de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro; *A piragua*, de Cándido Pazó; e *Noite de Reis. Ou o que queirades*, de Quico Cadaval. Entre os espectáculos externos salienta a peza *Kamikaze*, do grupo Pistacatro Produtora de Soños.

- Alfonso Pato, "El circo gallego toma Barcelona", *El País*, "*Galicia*", 1 abril 2008, p. 12.

Coméntase a celebración das primeiras xornadas de circo galego que se celebraron en Barcelona no Ateneo Popular de Nou Barris, que ten como máximo responsábel da súa programación ao galego Nacho López. Explícase que o colectivo PistaCatro foi o ideador da montaxe, na que se mesturaron equilibristas, malabaristas e músicos, entre outros artistas. Coméntase que algúns dos números serán presentados no espectáculo teatral *Kamikaze*, do colectivo PistaCatro en colaboración co Centro Dramático Galego, que pasará por distintas cidades de Galicia.

- M. M., "Kamikaze' gasta pista", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", "Coprodución do Centro Dramático", 5 abril 2008, p. 44.

Infórmase da representación da nova obra da compañía Pistacatro, en coprodución co Centro Dramático Galego, *Kamikaze*, no Teatro Caixanova en Vigo. Saliéntanse a música en directo e os exercicios acrobáticos, malabáricos e escapistas. A autoría da obra recae sobre Hernán Gené. Un dos actores participantes, Xavier Mera, indicou que tiveran certos problemas a causa das novidades que abrangue o espectáculo e destacou a axuda ofrecida polos teatros para solventalos.

Sarabela Teatro: *Margar no pazo do tempo*, texto e dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Entre os espectáculos que salienta Víctor López menciónase a representación de *Margar no pazo do tempo*, de Sarabela Teatro, ademais de facer referencia ás novas propostas dos creadores máis novos.

- Inma López Silva, "Margar, o teatro da loucura", *Tempos Novos*, n.º 129, "Crítica", "Teatro", febreiro 2008, p. 94.

Refírese á obra *Margar no pazo do tempo* representada pola compañía Sarabela Teatro e dirixida por Ánxeles Cuña, mentres que o elenco está formafo por Nate Borrajo, Fernando Dacosta, Fran Calleja, Suso Díaz, Elena Seijo, Josito Porto, Sabela Gago, Tito Asorey e Yuri Sidar. Explícase que a escenografía e iluminación corren a cargo de Suso Díaz; o vestiario , de Ruth D. Pereira; e a maquillaxe é responsabilidade de Raquel F. Fidalgo. Dise que a obra é un espectáculo visual cargado de imaxes, no que teñen un papel fundamental o vestiario e a escenografía. Remata sinalando que como é habitual na compañía, a música acompaña en todo momento á representación, que se converte nun exercicio expresionista.

- J. A. Martínez Sevilla, "Teatros coruñeses", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 1 abril 2008, p. 28.

Comentario no que se refire a que a Compañía Sarabela representou no Rosalía *Margar no pazo do tempo*, peza dramática escrita e dirixida por Ánxeles Cuña, que o autor define coma unha "interesante alegoría sobre el orden y funcionamiento de nuestro cerebro", cuestionando o sistema curativo que se aplica nos manicomios. Martínez Sevilla gaba a escenografía, o vestiario e o bo facer do elenco.

- Ana Iglesias, "Teatro y danza para abrir el curso", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 setembro 2008, p. 30.

Dáse conta do programa cultural para o mes de setembro en Santiago, dentro do cal se representan varias obras teatrais galegas, entre elas, *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, da compañía "Factoría Teatro"; ou *Margar no pazo do tempo*, da compañía "Sarabela Teatro".

- Camilo Franco, "As miniaturas da sociedade", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Teatro", 25 setembro 2008, p. L9.

Indica que se está a representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a obra de Ánxeles Cuña, *Magar no pazo do tempo.* Precísase que nesta historia representada pola compañía Sarabela se fai un retrato cómico da sociedade e as súas condicións reflectidas nun pazo, que serve como exemplo do que sucede a maior escala, na cidade,

no país…

Sísifo Teatro: *Parella Aberta*, texto Franca Rame e Darío Fo, adaptación Cándido Pazó.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Sergio Pazos actúa na Coruña coa obra de Darío Fo 'Parella aberta", *Galicia Hoxe*, "Maré", 30 xaneiro 2008, p. 30.

Dise que o actor galego interpreta esta obra xunto con Elena González. Infórmase de que Darío Fo, Premio Nobel de Literatura, creou unha historia na que se mesturan humor e anguria, ademais de que o director da escenificación foi Esteve Ferrer.

- Gemma Malvido, "Sergio Pazos, protagonista de 'Pareja Abierta': 'Desde o escenario pódese recoñecer ás parellas abertas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 4 febreiro 2008, p. 8.

Sergio Pazos fala da estrea da obra de teatro *Parella aberta*, unha revisión do texto homónimo de Darío Fo. Comenta que é unha historia sobre o respecto, os dereitos e deberes da parella e que, aínda que é do ano oitenta e tres, trata temas de actualidade, como a hipocrisía burguesa da esquerda, e iso que a familia tradicional cambiou. Sinala que estamos nunha sociedade machista, aínda que estea cambiando, e que na peza hai unha parella tan liberal que deciden levar á casa a quen queiran, unha situación ideal para el até que ela lle di que ten amantes. Para rematar di que no texto a realidade está diseccionada con ironía, e que así o público se identifica porque din as mesmas mentiras que eles dixeron algunha vez para enganar a parella, ou que escoitaron e saben que son mentiras.

O **Trasno Novo** Teatro: *D2N2-3*, texto Franz Kafka, Milan Kundera, J. Carrigan, Jean Paul Sartre.

Ver Valadares Teatral

Volta e Dálle Teatro: *Pan, catro propostas arredor da malla*, texto e dirección X. Henrique Rivadulla 'Corcón', Nazaret López, Carlos Santiago e Lucho Penabade.

Ver Cariño, XXXª Mostra de Teatro Galego de
Ver Rede Galega de Teatros e Aditorios, Ciclos
Ver Teatrofilia, Festival de Teatro Amateur.

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, como por exemplo a obra colectiva *Pan, catro propostas arredores da malla*, escrita a catro mans por Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e X. H. Rivadulla Corcón para Volta e Dálle.

- L. R., "O *Pan* feito teatro", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", 1-7 maio 2008, p. 39.

Dise que a compañía "Volta e Dálle" pon en escena unha ambiciosa obra en catro tempos informando de que se tratan de: sementeira, onde unha veciña que toleou sementa compulsivamente; sega, un divertido cabaré; malla, onde se transforma a aldea da Seara; e pan, contundente reflexión final. Descríbese o seu elenco de actores, directores, iluminación, vestiario e fotografía, así como os diferentes lugares nos que se fará a representación. Por último, tamén se nomean outras obras anteriores da compañía.

- Imanol Hernández, "El Auditorio acogerá el estreno de la obra PAN de la compañía Voltaedalle Teatro", *La Región*, "Ourense", 13 xuño 2008, p. 10.

Precísase que se levou a cabo no Auditorio de Ourense a representación da obra *PAN: catro propostas arredor da malla*. Sinala Pepe Penabade, actor da peza, que nesta obra se aborda o cambio que tivo lugar en Galicia coa perda da vida agraria e céntrase na preparación do pan. Indica que na representación estaban presentes o presidente da Indicación Xeográfica Protexida Pan de Cea, Carlos Rodríguez, e a Concelleira de Cultura, Isabel Pérez.

- Imanol Hernández, "La pérdida del mundo rural, a escena en el Auditorio", *La Región*, "Ourense", 14 xuño 2008, p. 8.

Sinala que se representou no Auditorio de Ourense a obra de teatro *PAN: catro propostas arredor da malla*. Precísase que esta peza está composta por catro partes que representan os diversos pasos que ten que recorrer o pan desde que é millo ata que é pan propiamente dito; estas pezas están escritas polos directores Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e Rivadulla. Indica que forman parte do reparto Comba Campoy, María Lado, Alfonso Romeo, Luis Iglesias, Xosé Luis Rivas Cruz e Baldomero Iglesias.

- A. Ramos, "Música, cine y teatro llenan el programa lúdico del Concello", *La Voz de Galicia*, "Teo", 14 xullo 2008, p. 6.

Dá conta do programa de actividades lúdicas que ten preparado o Concello de Teo e, entre estas actividades, salienta as representacións teatrais. Explica que se levará a cabo a iniciativa Xprésate-Ho!, que permitirá subir ao escenario a grupos de teatro de Teo que non teñen moita experiencia. Tamén achega as actuacións dos grupos de teatro profesionais: Os Quinquilláns interpretará *Moby Dici*; *Manualidades* será a obra estreada por Pista Catro; e Volta e Dálle poñerá en escena *Pan*.

- Lupe Gómez, "O dereito a sermos nós", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 setembro 2008, p. 28.

Fala sobre o proxecto “Fuxan os ventos”, que levan a cabo Baldomero Iglesias, Mero, e Mini, difundindo a súa música por toda Galicia. Recóllense as verbas de Mero sobre diversos aspectos, como a emoción que sente cando canta *O carro* de Manuel María, que é a primeira canción á que lle puxo música. Fala tamén da aparición que fan estes dous músicos na peza teatral *Pan* da compañía Volta e Dálle. Sinala que agora están a recoller toda a música popular de Galicia para dixitalizada para o Museo do Pobo Galego e que están a realizar un disco xunto co grupo A Quenlla, no que lle están a poñer música á obra teatral de Manuel María, *Unha vez foi o trebón.*

Yllana: *Pagagnini*

Ver Manicómicos, Vº Festival Internacional de Teatro Cómico

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Ad Libitum: *A miña muller é... o fontaneiro*, texto de Hugo Daniel Marcos.

Ver Mes do Teatro, Mugardos

Arela das Artes (1): *Ifixenia en Áulide*, texto Eurípides, dirección Charo Amador.

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Soñadoras polos clásicos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Críticas", primavera 2008, pp. 66-68.

Faise eco da obra *Ifixenia en Áulide*, da compañía Arela das Artes e dirixida por Charo Amador, que é descrita como unha ousadía estética polo feito de ser un clásico representado sen actualización, regra xeral na que se moven as adaptacións actuais. Destácase que esta obra se enfronta a moitas dificultades como é o de captación de público e a inexistencia de espazos adecuados para a representación. Explícase que non se conseguiu unha gran distribución a pesar do interese estético que se di que ten. Por outra parte crese que este clásico pode ser considerado por moitos como unha loucura debido aos riscos na súa representación dentro do precario sistema teatral galego. Pero, lóase que a compañía apostase forte con este proxecto caracterizado por ser en galego, ter unha estética clásica, coro, unha compañía moi nova e dezaoito intérpretes. Explícase que na obra se mesturan elementos clásicos con outros máis modernos. Especifícase que o elemento máis salientable da representación é o tratamento do coro. Recoñécese o mérito da obra aínda que tivera que cambiar certos aspectos para conseguir certa rendibilidade e pregúntase se é adecuado que unha compañía privada sexa a que bote a andar un proxecto coma este.

- C. L., "Termina el ciclo de teatro tras superar la afluencia de público del 2007", *Diario de Arousa*, "Cambados", 2 decembro 2008, p. 11.

Dá conta das representacións teatrais que tiveron lugar dentro da programación cultural de Cambados: *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano; *Extrarradios*, de Luz Gómez; a adaptación teatral de *A lingua das Bolboretas*; e *Ifixenia en Áulide*, de Arela das Artes. Asemade, salienta a abundante participación do público.

Artesán Teatro: *A verdadeira historia de Estoraque o Indiano*, texto Eduardo Blanco Amor, dirección Juan Sanmartín 'Juan de Mondego'.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Estoraque el indiano', hoy a las nueve en el Rosalía", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 16 maio 2008, p. 22.

Informa de que a compañía Teatro Artesán de Sada vai representar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña a peza *Estoraque o indiano*, baseada na obra de Eduardo Blanco Amor e dirixida por Juan de Mondego. Relata brevemente o argumento da peza e conta a traxectoria vital da compañía Teatro Artesán.

- Víctor Castro, " Expectación para ver hoy a 'Artesán Teatro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", "Atalaya mariñana", 29 xuño 2008, p. 22.

Infórmase da estrea de *Estoraque o indiano*, a nova obra de Artesán Teatro, dirixida por Juan de Mondego, que conta con actores como Isabel Vázquez, Xulio Corredoira e Dolores Martínez, entre outros. Coméntase por outra banda a adaptación dunha das obras de Eduardo Blanco Amor, *Farsas para títeres* que pasa a intitularse *Juan Pantera*. A segunda das farsas, *Estoraque o indiano*, é adaptada como *A verdadeira historia de Estoraque o indiano*.

Teatro **Atlántida de Matamá**: *O polbo morto*

Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal
Ver Pedra do Moucho, Ciclo de Teatro Afeccionado

Atrezzo Teatro: *Bágoas de Noitébrega*, dirección Chelo Pampín.

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Carballeira, Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver Valadares Teatral
Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

O **Bordelo**: *O mariñán*, texto e dirección Francisco Piñeiro

Ver Outono Teatral, Vigo
Ver 'Teatro é Educación', I Ciclo de Teatro

Clown Theatre: *Revoltallo entre pedras*

Ver Cangas, XXVª Mostra de Teatro Cómico e Festivo de

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, "Risa, tragedia, emociones: teatro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo. Cangas. Moaña", 2 xullo 2008, p. 20.

Coméntase que a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas cumpriu o seu primeiro semestre de vida cun balance "moi positivo" de participación. Xestionada pola compañía canguesa Teatro de Ningures, destácase que dá resposta á demanda daqueles que queren adentrarse de xeito amateur no mundo do teatro. Coméntase que nela se ensaiou tamén a obra *Revoltallo entre pedras*, que se interpretará na Mostra de Teatro de Cangas.

Teatro **Lope de Vigo**: *Ide todos ó inferno*, texto e dirección Julián Rodríguez Lobo e Xosé Manuel Conde.

Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios, Ciclos

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "Teatros y festivales reactivan la escena de Vigo", *El País*, "*Galicia*", 19 setembro 2008, p. 5.

Comenta que a axenda cultural de Vigo acolle varios actos teatrais: a representación da obra *Play* no Teatro Ensalle, cos actores Borja Fernández e Uxía P. Vaello; e o espectáculo da sala Teatro Arte Livre. Asemade, informa de que no Centro Cultural a compañía Lope de Vega poñerá en escena *Ide todos ao inferno*, de Julián Rodríguez Novo.

Metátese Teatro: *Paraíso Laranxa*

Nova Escena Teatro: *Cinco mulleres co mesmo vestido*, texto Allan Ball, dirección Xoán Laxe.

Ver Caranza, VIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena"
Ver Outono, Ciclo de

Aula de Teatro Universitario de **Pontevedra**: *Top girls*, texto Caryl Churchill, dirección Salvador del Río.

Ver FITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.
Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra
Ver Universidade de Vigo, Mostra de Teatro Universitario

Grupo Municipal de Teatro de **Ribeira**: *A casa de Bernarda Alba*, texto Federico García Lorca, dirección Segundo Durán.

Ver Outono Teatral, Asociación Amas de Casa da Pobra do Caramiñal

Aula de Teatro da Universidade de **Santiago de Compostela**: *As Raíñas*, texto Werner Schaw, dirección Roberto Salgueiro.

Ver FITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver MITEU, XIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "La moralidad gallega, a escena", *La Región*, "Ciudad", 17 abril 2008, p. 10.

Entre outras cuestións de actualidade, sinala que se levou a cabo no Teatro Principal a representación de *As raíñas*, a cargo da Aula de Teatro da Universidad de Santiago de Compostela, e no Auditorio de Galicia o concerto teatral da compañía aragonesa Che y Moche, *Oua Umplute.* Precísase que a obra representada no Teatro Principal fai unha reflexión sobre cuestións políticas, relixiosas, morais e sociais da sociedade galega, baseándose na obra *Las presidentas* do dramaturgo xa finado, Werner Schwab. Indica que a obra tamén se vai representar por España e Europa.

Víchelocrego Teatro: *Spot*

Ver Agustín Magán, VIº Festival de teatro afeccionado
Ver Barbadás Escena, Teatro Experimental

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Xosé María Álvarez Blázquez

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Álvarez Blázquez, Xosé María, *O año pitaño*, ilust. Isabel Pintado, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Letras Miúdas, n.º 1, xuño 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-96475-81-6). ■

Edición como texto independente do poema "O año pitaño", de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) recollido orixinariamente no seu poemario *Roseira do teu mencer* (1949-1950). Este poema, dedicado á súa filla, Colorín, combina elementos de arrolos e cantigas de roda a través da rima e do recurso do paralelismo senario, co obxectivo de conseguir que o lectorado máis cativo vaia collendo o sono. Así, menciona diferentes animais que xa están preparados para ir durmir xunto a unha nena que inda non o está. O poema reprodúcese na súa totalidade na primeira páxina do libro para despois dividirse en versos, cada un grafado nunha soa páxina e acompañado dunha ilustración de Isabel Pintado que emprega a pintura como técnica ilustrativa. Os seus debuxos mostran as figuras dos animais que aparecen no poema xunto a figuras humanas como a nena e a bruxa, tamén mencionadas no poema. Todos eles aparecen realizados en cores ledas á vez que vivas e compren a función de axudar ao lectorado á comprensión do texto. Cada verso aparece grafado en páxinas de diferentes cores.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, ed. e trad. Manuel Bragado Rodríguez e Xosé Pablo Sánchez Mato, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 589 pp. (ISBN: 978-84-9782-716-4). ■

Manuel Bragado Rodríguez (Vigo, 1959) e Xosé Pablo Sánchez Mato traducen e editan a obra de Xosé María Álvarez Blázquez, *A cidade e os días*. Esta obra foi publicada en colaboración coa alcaldía do concello de Vigo e rescata para a lingua galega o calendario histórico de Vigo, desenvolto por Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) ao longo de 1959 nas páxinas de *Faro de Vigo* e publicado, logo, en formato de libro por Edicións Monterrey en 1960. Este calendario organízase seguindo os doce meses do ano e os días de cada un destes meses, destacando aqueles sucesos máis importantes dende o século X até o século XX. O libro presenta un Adral firmado polo alcalde do concello de Vigo, Abel Caballero, e tamén unha breve introdución de Manuel Bragado. A continuación aparece unha sección sen firmar que leva o título de "Umbral" e que sinala a estrutura da obra. En *A cidade e os días,* Xosé María Álvarez Blázquez ofrece un panorama histórico de Vigo, dende o burgo de pescadores da Idade Media que foi, pasando polo carácter de porto corsario que abrigou no século XVIII ao empuxe da ribeira que a converteu na cidade portuaria e industrial de hoxe. Na obra aparecen os acontecementos e personaxes históricos fundamentais na historia da cidade olívica. Non pasan desapercibidas situacións históricas como a do Terzo de Valadares, as guerras e batallas entre os señores feudais, os ataques dos barcos piratas, as diferentes guerras, a chegada dos camiños de ferro, a creación e importancia do porto, os avances

tecnolóxicos como a iluminación eléctrica, as festas da cidade, etc. Tampouco esquece Álvarez Blázquez as biografías das figuras viguesas máis senlleiras: Martín Códax, Meendiño, Casto Méndez Núñez, José Carvajal Pereira… A obra tamén consta de catro índices: cronolóxico, de temas principais, onomástico e de obras citadas.

Recensións:

- Xosé Antonio López Teixeira, "Da cidade e dos días", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, "Libros", 10 xullo 2008, p. V.

Coméntase a reedición da obra de Xosé María Álvarez Blázquez *A cidade e os días*, e saliéntase a revisión histórica da cidade de Vigo dende os seus asentamentos, somerxéndose nunha visión arqueolóxica, historiográfica e tradicional, e que se trata dun resume da evolución histórica de Vigo. Danse datos biográficos a figura do intelectual, xustificando os seus méritos para a homenaxe no Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

- Lalo Vázquez Gil, "Va de incendios, ¡meigas fóra!", *Atlántico Diario*, "Opinión", 8 xaneiro 2008, p. 3.

Fai unha referencia á obra *La ciudad y los días*, na que Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado no Día das Letras 2008, se amosa como cronista da cidade.

- F. F., "Bragado: 'Álvarez Blázquez escribiu a historia máis orixinal de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 11 maio 2008, p. 44.

Dáse conta da presentación por Xerais d'*A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, recórdase que nela se recollen as columnas diarias que Xosé María Álvarez Blázquez publicou no *Faro de Vigo* ao longo de 1959 baixo o título "Calendario histórico de Vigo". Recóllense palabras de Manuel Bragado, director da editorial viguesa, quen durante a presentación sinalou que se trata da historia máis orixinal e singular da cidade olívica.

- Ramón Nicolás, "Últimos ecos das letras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Letras en galego", 31 maio 2008, p. 6.

Preséntanse tres novidades bibliográficas sobre o homenaxeado no Día das Letras do 2008, entre as que aparece *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, que se describe como un repaso pola historia da cidade dende as súas orixes até o século pasado. Tamén se comenta *Xosé María Álvarez Blázquez. Unha fotobiografía*, de Alfonso Álvarez Cáccamo, e *Día das Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez*, coordinada por Anxo Tarrío.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, 12 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 191, 21 xuño 2008, p. 11.

Nesta sección fixa recoméndanse libros como *A cidade e os días* (2008), de Xosé María Álvarez Blazquez; *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño; *Venres ou a*

vida salvaxe (2008), de Michel Tournier; e *Viaxe ao centro da Terra* (2008), de Jules Verne.

- Xosé Antonio López Teixeira, "Da cidade e dos días", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, "Letras galegas", 26 xullo 2008, p. 10.

Analízase o novo libro de Xosé María Álvarez Blázquez, *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, publicado en Xerais en 2008. Sinálase que consiste nunha compilación dos traballos xornalísticos publicados en *Faro de Vigo* ao longo de 1959 a xeito de efemérides.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, col. Alicerces, n.º 17, 2008, 57 pp. (ISBN: 978-84-88508-42-5). ◆

Este opúsculo recolle catro ensaios de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), con motivo da celebración da súa memoria no Día das Letras Galegas de 2008, como recoñecemento ao seu labor como vicepresidente do Padroado do Museo do Pobo Galego entre 1976 e o seu pasamento. Tal e como aparece sinalado no limiar, estes ensaios amosan o seu extenso coñecemento literario sobre a cultura tradicional galega ademais de ter sido presentados en diversos congresos organizados en Portugal. Tras este limiar, que agradece aos sucesores do autor o seu consentimento para a publicación, aparece un pequeno índice cos títulos de cada traballo e a conseguinte paxinación. O primeiro dos ensaios, "Os tratos dos nenos na bisbarra de Tui", da autoría de D. Manuel F.Valdés, foi presentado no Colôquio de Estudos Etnográficos "Dr. José Leite de Vasconcelos" en 1958 en Oporto, Portugal. Estruturado ao redor de cinco eixes, trata o eido lúdico nos cativos da terra natal de Álvarez Blázquez e abranguen cuestións como o xogo "do Capitán", os modos de facer os tratos, as inhibicións temporais dos xogadores, os tratos nos intercambios comerciais, nos achados de obxectos perdidos, nas pelexas e a "teima". As conclusións destacan o profundo e relixioso respecto á palabra por parte dos rapaces xunto a un forte espírito de xustiza nos seus xogos. O seguinte ensaio, "O libro na tradición popular galega", presentado no I Congresso de Etnografia e Folclore en 1963, aparece dividido en oito breves seccións que comentan a introdución da cultura douta na cultura do pobo galego. A primeira delas, "Ditos proverbiais", fala do respecto que o pobo iletrado galego mostra polo estudoso. A segunda, "O refraneiro" reproduce exemplos de paremias sobre a idea do libro, mentres que a terceira, "O Cancioeiro" reproduce exemplos de cantigas de tema estudantil. A cuarta, "Práiticas estudantís", fala do encontro do neno co libro e inclúe adiviñas e xogos relacionadas co libro. O resto das seccións tratan o Entroido, as prácticas supersticiosas e a medicina popular relacionadas co concepto de libro na cultura do pobo galego. O terceiro ensaio, "A muller na lírica medieval galego-portuguesa", presentado no Congreso Histórico de Portugal Medievo en 1963, profunda nas dúas vertentes do lirismo medieval coa muller como protagonista: a muller completamente idealizada fronte á muller privada de toda espiritualidade. Salienta a orixe deste ensaio en dous estudos do autor, "Sobre la voz 'señor' en los trovadores (Concepto del 'amor servil') (1950) e "Pedro Amigo de Sevilla y Pero de Ambroa (Interpretación de una amistad)" (1955). Analiza, así pois os vocábulos referidos ás mulleres como "señor" ou "pastora", o tópico do "amor cortés" e a figura de Dona María Pérez. Inclúe tamén dous apartados: "Intervenções", grafado en lingua portuguesa, que sinala as discrepancias

dun dos asistentes ao congreso e "Nota á discusión seguida á leitura diste trabalho no Congreso", sobre cuestións lingüísticas mencionadas no congreso. O derradeiro ensaio, "O romance de 'Silvaniña' en Galiza e Portugal", presentado no Congresso Internacional de Etnografia en 1964, céntrase nos antecedentes literarios e diferentes versións do romance mencionado no título a través de catro apartados e conclúe coa afirmación dos problemas de interpretación e clarificación presentes nos romances de transmisión oral.

Alvárez Blázquez, Xosé María, *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho, n.º 10, 2008, 59 pp. (ISBN da Colección completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-372-9/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-088-4). ■

Acolle cinco relatos de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915–Vigo, 1985). O primeiro, "A pega rabilonga", que dá título a este volume, está dedicado a Isidoro Millán G. Pardo. Nel recóllese, nun texto narrativo e dialóxico, a vida da vella fidalga, Catalina, que viu como o seu pazo e a súa propia vida pasou das riquezas a ter que malvivir do que lle dan os veciños. O segundo relato titúlase "A gavilla" e está dedicado a Celso Emilio Ferreiro. No texto narrativo na parte dialóxica cada personaxe fala por si mesmo. Un narrador omnisciente conta a historia de cómo os ferradores se fixeron ricos durante a invasión napoleónica. O terceiro, "A pedra", está dedicado a Álvaro Cunqueiro. Cóntase como un avó lle explica ao seu neto, Ricucho, onde ten agochados uns cartos por se os precisa no día do seu enterro, pero que só faga uso deles se é estritamente necesario, pois no lugar onde están colocados, detrás dunha pedra, xa os colocara o tío Nicanor do seu avó e nunca se tocaron. O cuarto relato é "A esmeralda", dedicado a Luís Bouza Brey. Nel un narrador en primeira persoa que ansía coñecer a historia que Pedro lle vai contar, e que se ve interrompido ao longo do relato pola comida que están realizar Pedro e o propio narrador, conta a historia do naufraxio dun iate inglés do que nunca se atopou ningún resto, até o momento en que Pedro saca un tarro dunha alacena e llo amosa ao narrador: o tarro contén a man dunha muller que leva nun dedo un anel cunha esmeralda, que é a que lle da título ao relato. Por último inclúese o relato "A furna", dedicado a Manuel Casado Nieto. Nesta ocasión un narrador en primeira persoa escribe nunha libretiña unha historia da que el mesmo é protagonista, será continuamente interrompida polos incisos do narrador que amosa o seu anoxo polas moscas que o molestan ao escribir. A historia, da que o propio narrador di que pode ser real ou non, pois os médicos din que pode estar tolo, aínda que el di que non, trata sobre como o protagonista atopou unha furna chea de ouro mentres andaba a cazar lontras. Ao ir buscar ao can Chispa que se escapara para a cova dunha lontra, entrou a collela e viu moreas de ouro na mesma. Logo atopárono ferido "no cons da Riouxa" e polo golpe todos pensan que toleou.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *A pega rabilonga. Os ruíns*, limiar de Alfonso Álvarez Cáccamo, edición de Carlos L. Bernárdez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 253, febreiro 2008, 161 pp. (ISBN: 978-84-9865-055-6).

Recóllese toda a narrativa breve escrita en galego por Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985). Ás narracións que figuran no título únense outras realizadas no

ano 1935 e no 1971. O limiar corre a cargo de Alfonso Álvarez Cáccamo. Neste libro de narracións mestúrase o texto narrativo, cun narrador en primeira persoa que conta os seus recordos ou amosa as súas propias reflexións sobre diversos aspectos da vida, co dialogado. Os diálogos son breves e rápidos, outorgándolle lixeireza e vivacidade aos relatos. Os protagonistas das obras son vistos polo autor dende unha perspectiva de comprensión e inquedanza polos oprimidos. Estos personaxes cambian nesta recompilación, pois no primeiro relato, *Ruíns* os protagonistas son seres humanos, mentres que nos outros dous, *O afillado e A pega rabilonga,* son animais. A primeiro parte, *Os ruins*, divídese en cinco relatos: "O anarquista", "O suicida", "O asesino", "O ladroeiro"e "O sátiro". E logo aparecen unha serie de contos: *O afillado, A pega rabilonga* (adicado a Isidoro Millán G. – Pardo)*, A gavilla* (a Celso Emilio Ferreiro)*, A pedra* (a Álvaro Cunqueiro)*, A esmeralda* (a Luis Bouza Brey) e *A furna* (a Manuel Casado Nieto).

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O escritor polifacético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 32.

Noticia na que se fai un repaso polas obras que preparan Galaxia e Xerais sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008. Entre elas cítase o volume *A pega rabilonga e outras historias de tesouros e Os ruíns* xunto a *Roseira do teu mencer*, *Canle segredo*, entre outros.

- Xavier Castro Rodríguez, "Breves tesouros en prosa de Álvarez Blázquez", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 17 marzo 2008, p. 2.

Coméntase que Xosé María Álvarez Blázquez foi o impulsor da colección "O Moucho", unha iniciativa literaria que tentou devolver ao pobo a obra de Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Manuel María, Manuel Curros Enríquez ou o coñecido *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal. Ao abeiro desta iniciativa incluíuse este volume do propio Álvarez Blázquez intitulado *A pega rabilonga,* que agora reedita Galaxia nunha edición a cargo de Carlos L. Bernárdez e con limiar de Alfonso Álvarez Cáccamo.

- Pilar Ponte, "Da narración popular. Contos de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, "Libros", 8 maio 2008, p. IV.

Dá conta da publicación por Galaxia d'*A pega rabilonga. Os ruíns* e dise que o volume recolle toda a narrativa breve escrita en galego por Xosé María Álvarez Blázquez e que se divide en tres partes: "Os ruíns", "O afillado" e "A pega rabilonga e outras historias de tesouros". Coméntase que o autor recolle elementos da narración popular e vai evolucionando creativamente nas historias presentadas. Dise que "Os ruíns" é un grupo de cinco contos que apareceron no derradeiro número da revista *Nós*, que non chegou a ser distribuído a consecuencia do levantamento militar do 18 de xullo, de xeito que non foron publicados até que a editorial Galaxia os presentou en versión facsímile en 1979; que "O afillado" se publicou na obra de A. Portela Paz *Pontevedra, boa vila*, en 1947; e que en "A pega rabilonga e outras historias de tesouros" Álvarez Blázquez amosa o seu verdadeiro cariz de autor de contos en galego, un conxunto de cinco relatos publicados en 1971 na colección "O Moucho" de Edicións Castrelos, totalmente inseridos na

tradición contística galega, bebedora, neste caso, de Ramón Otero Pedrayo e Rafael Dieste.

- José Alonso, "Un libro con la narrativa breve de Xosé María Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "*Gente*", n.º 661, "Al paso", 27 setembro 2008, p. 12.

Comunícase a publicación nun so volume d'*Os ruíns*, *A pega rabilonga* e *Outras historias de tesouros* por Galaxia, da autoría do homenaxeado este ano o Día das Letras, Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María (recadádiva, limiar e notas), *Anónimos. Cantares de cego*, limiar do editor, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho, n.º 2, 2008, 48 pp. (ISBN da Colección completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-463-4/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-068-6). ■

Facsímile da edición de 1974, editado en 1972 por primeira vez en Edicións Castrelos, que comeza cun limiar do editor onde informa do éxito atinxido pola colección d'O Moucho, por ter chegado ás "dúas ducias", quere dicir, o número 24. O escritor tudense subliña o feito de dedicar este logro a un tema tan popular e galego como son os cantares de cego, "coplas que encheron un día a ágora demótica de feiras e festas", como son definidas no prólogo. Blázquez fornécenos dun material rescatado do esquecemento grazas á súa teima erudita, ao arquivo do Museo de Pontevedra e á esmorecente tradición oral, para alén de nos informar sobre os autores desta poesía da vida, os fistores e/ou cegos. Ademais, expón as temáticas presentes nos cantares de cego para, por último, incidir na tráxica perda destas manifestacións artísticas do pobo. O prefacio, escrito na cidade olívica, está datado no mes de xaneiro de 1972. A seguir, preséntansenos os trece cantares, encabezados por unha pequena ilustración: "Tornadas do tio Pedro do Palleiro", "As verdades mais certas do dia", "Novos cantares dedicados ás costumbres dos habitantes de España", "Nova relación en que se declaran os defeutos dos homes de este reinado con nombres e propiedades", "O bo casamento do tio Naranxo coa tia Maria A Panadeira", "Os defeutos das mulleres", "Historia de Maruxiña", "Xan Quindán", "Tres casamentos nun dia", "Cómo se enganan ós mozos", "As vidas dos solteiros e despois de que se casan", "Os amores de Maruxa con Farruco de Petuxa" e "As trampas que fan as mozas cando se queren casar pra engañar os pobres homes e levalos ó altar". Abranguen temas como o enfrontamento dos sexos, casamentos ridículos, ou de crítica social como o caciquismo, a inxustiza, prepotencia dos cregos e señores, entre outros. Tamén existe unha influencia das historias presentes nos romances tradicionais que forman parte desta literatura de carácter oral. A edición remata cun colofón que di: "A 25 días andados do mes de Outono de 1974 tempo de cavilar e prometer".

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Canle segredo (1951-1953)*, Vigo: Editorial Galaxia, presentación de Xosé María Álvarez Cáccamo, col. Dombate, n.º 55, febreiro 2008, 86 pp. (ISBN: 978-84-9865-054-9).

Esta edición reproduce o texto fixado por Xavier Rodríguez Baixeras para *Poesía galega completa*, de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), publicada

por Edicións Xerais de Galicia en 2007. Este poemario, escrito entre 1951 e 1953, divídese en tres partes: "Canle segredo", "Camiños de sol" e "As mágoas". Inclúe, antes dos poemas propiamente ditos, un prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, "Silencio e voz de *Canle segredo*". Nel, o fillo de Álvarez Blázquez lembra o "estado de hibernación" no que estivo o poemario durante máis de vinte anos até a súa publicación en 1976. Pregúntase o prologuista pola influencia que tivo nese intre e pola que quizais tivera tido de aparecer cando foi premiado en 1954 polo Centro Galego de Buenos Aires. Lembra exemplos de escritores nos que se deron longas parénteses entre a publicación de distintas obras dos mesmos, como foi o caso de Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carvalho Calero ou Luz Pozo Garza. Referíndose a Álvarez Blázquez, apunta que dende comezos dos cincuenta deu unha especial importancia á investigación e á divulgación cultural fronte á súa faceta creativa. No caso de *Canle segredo*, as peculiares circunstancias da súa aparición fixeron que, aínda que publicada nos setenta, a súa poética sexa máis propia dos anos cincuenta. No poemario abórdanse temas como o amor, a saudade da nenez ou a solidariedade cos máis desfavorecidos. A obra vai precedida tamén dunhas palabras do propio autor, baixo o título de "Limiar", nas que conta como foi publicada moitos anos despois de ter sido escrita, reiterando así a idea do prólogo de Álvarez Cáccamo. Entrando xa propiamente nos versos que constitúen o volume, na primeira parte, "Canle segredo", a natureza é un elemento moi presente en poemas que falan de diversos aspectos da vida, dende o amor en parella até a ledicia da paternidade. "Camiños de sol" son un conxunto de cantos pola infancia perdida, a lembranza do Baión da nenez que non se pode recuperar. En suma, Álvarez Blázquez presenta nesta parte unha serie de poemas centrados na relación infantil entre o poeta rapaz e a natureza que o viu nacer e medrar, a medio camiño entre a nostalxia e a felicidade por ter formado parte deses tempos tan ledos. Finalmente, "As mágoas", a terceira e máis curta das partes, é unha amalgama de versos que presentan algunhas das preocupacións de corte social do autor: o abandono do rural, as desigualdades, etc.

Recensións:

- Héitor Mera, "O poder expresivo. Nos segredos do poeta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Libros", 22 maio 2008, p. IV.

Entre a realización do poemario do que se ocupa esta recensión, *Canle segredo,* e a súa publicación, indícase que pasaron vintedous anos, os que van dende a concesión do premio Eduardo Pondal de Bos Aires até a publicación en 1976 da obra en Edicións Castrelos. Esta nova edición de Galaxia descobre o poeta sensíbel e evocador da memoria, do amor e da protesta social que foi Xosé María Álvarez Blázquez. Sinálase que na obra "a palabra flúe con gran naturalidade, sen estridencias estilísticas".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O escritor polifacético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 32.

Noticia na que se fai un repaso por obras que preparan Galaxia e Xerais sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008. Entre elas figura *Canle segredo*, sobre a que se di que xa fora publicado en 1976. Cítanse tamén *Roseira do teu mencer*, *A pega rabilonga e outras historias de tesouros e Os ruíns*, entre outras.

- maré, “Galegos no Día da Poesía”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 marzo 2008, p. 21.

Coméntase que con motivo da celebración do Día Mundial da Poesía, a editorial Factoría K, presenta unha nova colección, “Trece Lúas”, que se iniciará con dúas escolmas poéticas: de Rosalía de Castro e de Celso Emilio Ferreiro. Explica que cada libro presenta trece poemas acompañados de páxinas despregábeis con ilustracións, e informa que no acto de presentación estarán Helena Villar, Ramón Nicolás e Baldo Ramos. A continuación, achega as novidades da Editorial Galaxia que, para celebrar este día, amplía a súa colección “Dombate” coas obras *Canle segredo*, de Xosé María Álvarez Blázquez e *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Jorge Lamas, “Galaxia recupera a faceta poética de Xosé María Álvarez Blázquez”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 abril 2008, p. 50.

Fálase da presentación dos poemarios *Canle segredo*, de Xosé María Álvarez Blázquez, e *Vento de sal*, do seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo. O autor do artigo comeza explicando a relación existente entre as dúas obras, que pasan a integrarse na colección Dombate, de Edicións Xerais. A continuación fála de *Canle segredo*, escrita en 1953, publicada en 1976 e que se reedita agora cun prólogo de Cáccamo. Finalmente, analízase de xeito detallado a obra *Vento de sal*, abordándoa dende unha óptica estilística e temática. O poemario componse de dúas partes, unha de liña intimista e outra de corte político cuxas pezas xa foran publicadas de xeito illado ao abeiro de Nunca Máis ou as protestas pola guerra de Iraq.

- V. Oliveira, “Papaventos de versos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 maio 2008, p. 31.

Saliéntase que a cadea de supermercados Grupo Gadisa lanzou unha iniciativa consistente en repartir 4.5 millóns de bolsas có poema de Álvarez Blázquez “A cometa”, que forma parte do seu libro *Canle segredo* e no agasallo aos compradores dun exemplar da segunda novela de Iria López Teixeiro, *Santa Matriusca*. Coméntase que Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo de Álvarez Blázquez, sinalou que con esta proposta búscase contribuír á normalización do galego, “nun momento de síntomas contraditorios coa perda de falantes e con organizacións que queren negar a lingua propia” e destacou que con esta inicitaiva se pon en relación “a cultura coa vida cotiá”.

- Marcos Valcárcel, “Roseira do teu mencer”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, 9 maio 2008, contracuberta.

Referencia ao estudo que Darío Xohán Cabana efectuou sobre este poemario de Álvarez Blázquez dedicado á súa primeira filla, María Luísa. Considera Valcárcel que tanto esta obra como *Canle segredo* caracterízanse pola calidade e a densidade lírica, a musicalidade, a emoción e o saber popular.

- Marcos Valcárcel, “Canle segredo”, *La Región*, “Sociedad”, “Pan por pan”, 10 maio 2008, p. 69/*Galicia Hoxe*, “A contra”, contracuberta.

Considera que *Canle segredo* é unha das obras de maior calidade e pulsión poética de Álvarez Blázquez. Destaca que con ela gañou un premio do Centro Galego de Bos Aires en 1954, pero non sería publicado até 1976 e que o amor foi un dos centros da poesía do autor, como se ve recollido neste poemario, no que, non obstante, tamén

xorden versos de denuncia social e máis obxectivos, en, por exemplo, “Ise neno da rúa”, “Elexía a unha muller do campo”, “Os importantes” ou “Soedá”.

- Anxa Correa, “Galicia Bilingüe non me dá medo; dáme máis a perda de falantes de certas idades”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 maio 2008, p. 84.

Entrevista con Xosé María Álvarez Cáccamo, primoxénito de Xosé María Álvarez Blázquez, quen comenta que comparte a paixón pola cultura galega e o compromiso con Galicia co seu pai. Sinala que se ben non ten moita conciencia da influencia que o seu pai exerceu na súa forma escrita, si apunta que hai puntos en común nos contidos de ámbolos dous. Sinala que *Canle segredo* é para el o mellor libro do seu proxenitor, á vez que un dos mellores da segunda metade do século XX. Tamén repasa o interese de Álvarez Blázquez polo mundo da cultura popular, e a importancia que tivo como editor, introducindo toda unha serie de novidades neste oficio. Finalmente, preguntado polo futuro da lingua galega, apunta que ese futuro pasa por evitar a perda de falantes, especialmente perigosa en certos tramos de idade.

- Xavier Castro Rodríguez, “Canle segredo: tonalidades sentimentais”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Couso e Arca”, 13 setembro 2008, p. 2.

Dá conta da reedición da obra *Canle Segredo*, de Xosé María Álvarez Blázquez, levada a cabo pola Editorial Galaxia e incluída dentro da colección Dombate. Indica que o poemario nesta nova edición inclúe un proemio arredor da obra e da figura paterna de Álvarez Blázquez realizado polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo. Sinala que se trata dun conxunto de trinta composicións dedicado a muller do poeta e que está dividido en tres partes: “Canle segredo”, “Camiños de sol” e “As mágoas”.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Cantares e romances vellos prosificados. Discurso lido o día 28 de novembro de 1964, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Xosé María Álvarez Blázquez, e resposta do excelentísimo señor don Fermín Bouza Brey*, presentación Xosé Ramón Barreiro Fernández, Vigo: Real Academia Galega, xaneiro 2008, 61 pp. (ISBN: 978-84-87987-70-X). ◆

Discurso lido o 28 de novembro de 1964 por Xosé María Álvarez Blázquez no acto da súa recepción como novo membro da Real Academia Galega e a correspondente resposta do académico Fermín Bouza Brey. Un sucinto apuntamento recórdanos que ambos os textos foron lidos en “solemne acto académico” no salón de sesións da Real Academia Galega, sediada daquela no pazo do Concello da Coruña. A seguir, Xosé Ramón Barreiro Fernández, actual presidente da RAG fai unha presentación onde explica as razóns que levaron á edición deste opúsculo. Por unha banda, relembra ao lector que son moitos os discursos de recepción de novos académicos que, nos máis de cen anos feitos por esta institución, non chegaron a ser editados, e por outra, que no presente ano as letras galegas renden homenaxe ao insigne escritor e editor. Resúmese tamén neste breve limiar como foi a entrada do egrexio tudense na Academia Galega e os grandes servizos que prestou como académico. Álvarez Blázquez ten, en primeiro lugar, unhas palabras de louvanza para Aquilino Iglesias Alvariño, académico a quen substituíu. Divídese o seu relatorio en dez líneas e unha conclusión. So o título “Un tesouro perdido” aborda o desafortunado destino dos romances cantados polo pobo galego, perdidos por non contar o noso país “cun curioso editor” que recollese estas

mostras de literatura popular. En "Rastos de unha épica orixinal" pon en dúbida a inexistencia dunha poesía narrativa galega medieval e anuncia a súa pretensión de achegar un contributo á cuestión co presente estudo. Na terceira parte teorízase sobre "O tema histórico na tradición oral". O académico dá unha serie de datos sobre os romances históricos galegos que chegaron a nós e sobre os que se traduciron ao castelán, ou que recollidos en escolmas portuguesas son de orixe galega ou galego-portuguesa. Os seguintes capítulos serven ao erudito de Tui para rescatar vellos romances e reconstruilos co fin de demostrar a súa orixe galega. Por, último, Álvarez Blázquez tira como conclusión do seu estudo a existencia dunha poesía épica galega no século XIV hoxe practicamente perdida e que tería unhas características diferenciais fronte á doutros reinos peninsulares.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Égloga de Belmiro e Benigno a Alborada, de Nicomedes Pastor Díaz. Notas para unha edición crítica*, limiar de Ramón Villares, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, maio 2008, 26+ [11] pp. (ISBN: 978-84-96530-59-1). ◆

Esta edición, da que se imprimiron quiñentos exemplares numerados, dos que consultamos o número 491, é unha homenaxe do Consello da Cultura Galega ao escritor Xosé M.ª Álvarez Blázquez co gallo do Día das Letras Galegas de 2008, dedicado á súa memoria. Presenta dous volumes. O primeiro, *Égloga de Belmiro e Benigno*, contén un limiar de Ramón Villares cunha sucinta achega ás figuras de Xosé M.ª Álvarez Blázquez e de Nicomedes Pastor Díaz, seguida dunhas "Notas para unha edición crítica da Égloga Belmiro e Benigno", realizadas e publicadas por Xosé M.ª Álvarez Blázquez en 1963 nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* e mais do facsímile do texto manuscrito autógrafo de Nicomedes Pastor Díaz que manexara Álvarez Blázquez. O segundo volume desta edición é o facsímile publicado en 1951 en Vigo co título *Nicomedes Pastor Díaz. Poesías Galegas. Égloga de Belmiro e Benigno. A Alborada* en Edicións Monterrey. Presenta un limiar de Xosé M.ª Álvarez Blázquez, a reprodución da famosa Égloga de Nicomedes e ilustracións de X. Sesto.

Referencias varias:

- M. C., "Novas publicacións sobre a vida e a obra do autor", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 12.

Sinala as publicacións que están a saír á luz co gallo do Día das Letras Galegas. Precísase que o Consello da Cultura Galega editou o manuscrito *Égloga de Belmiro e Benigno*, obra de Nicomedes Pastor Díaz que foi impreso e editado no ano 1950 pola editorial Monterrey que dirixía Xosé María Álvarez Blázquez, Monterrey. Sinala que en Tui se publica un libro homenaxe intitulado *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui: Da vella casa o corazón aberto.* Por último di que o diario *La Región*, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Tenencia de Alcaldía do Concello de Ourense, regalan un libro coa vida e obra de Xosé María.

Alvárez Blázquez, Xosé María (versión, limiar e notas), *O Ciprianillo. Os tesouros de Galicia: ou* seña *Historia verdadeira acontecida no reino de Galicia* e máis *Relación*

dos tesouros e encantos, limiar do editor, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho, n.º 14, 2008, 77 pp. (ISBN da Colección completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-472-6/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-077-8). ■

Este volume narrativo é unha reedición facsimilar que se abre cun limiar de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui,1915-Vigo,1985), quen salienta os seus valores humanísticos e apunta á posíbel orixe galega do seu anónimo autor. Tamén destaca o bo coñecemento da xeografía galega do mesmo, visíbel na riqueza dos topónimos que emprega. A peza aparece rodeada de incógnitas sobre a súa data de escritura ou a situación do manuscrito orixinal. A edición que se presenta tenta que os lectores galegos actuais coñezan uns textos que exerceron forte influencia sobre os seus devanceiros. En concreto, preséntanse dous: "Historia verdadeira acontecida no Reino de Galicia" que conta a historia de Vítor Siderol, un labrador francés que un día descobre, agochado baixo unha táboa do cuarto que alugou, un libro de feitizos, o "Ciprianillo". Con el pode pedirlle ao mesmo diaño un importante poder: o de que lle descubra o futuro todas as veces que llo pida. Así consegue, por exemplo, gañar a lotería e atopar un tesouro que lle permitiría vivir sen traballar o resto da súa vida. A cambio destas riquezas, sen embargo, tería que vender a alma dos seus futuros fillos. Faino e, aparentemente, a vida segue sen grandes sobresaltos: casa e é moi feliz coa súa familia, mais un día comeza a andar tristeiro porque lembra a fatídica promesa que lle fixera ao demo. Sen embargo, a actuación da Igrexa logra rematar cos poderes do Maligno e Siderol vive finalmente feliz cos seus até o intre da súa morte. No segundo relato, "Relación dos tesouros e encantos", inclúese un pergamiño medieval no que supostamente se recollen todos os tesouros do antigo Reino de Galicia que os mouros agocharon en escondrixos subterráneos. Preséntanse case douscentos destes tesouros, coas súas correspondentes localizacións xeográficas. O último texto é o poema de Manuel Curros Enríquez "O Ciprianillo", no que se conta a historia de Xan de Deza, que o perdeu todo por buscar os falsos tesouros que alí se presentaban. A composición é unha crítica a este volume, na que Curros sinala, ademais, que a maior riqueza son en realidade o galego e a cultura. O volume péchase co colofón "adicado a *Xohán Vicente Viqueira* que amóu e defendéu o tesouro da nosa fala" pois se imprimiu o 17 de maio de 1974 Día das Letras Galegas .

Álvarez Blázquez, Xosé M.ª (recadádiva, limiar e notas), *O libro da caza. Recollido do pobo*, limiar do editor, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 15, "Literatura popular", 2008, 59 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-515-0/ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-082-2). ■

Trátase dunha recompilación constituída por varias partes claramente diferenciadas. En primeiro lugar hai un "Limiar" no que se fai referencia á caza e á pesca en Galicia dende a antigüidade até o de agora. Explícase tamén que hai moitos ditos e cantigas na oralidade galega baseados nesta temática. A continuación está a parte "Lendas e contos" no que se inclúen doce relatos. En "A doniña cerva", recollido por Leandro Carré Alvarellos, cóntase cómo unha rapaza fidalga foi enfeitizada e convertida en cerva. En "A lebre i os cais" relátase o coidado que unha lebre lle dá ás súas patas despois de escapar duns cans. Tamén foi recollido por Leandro Carré Alvarellos. "A perdiz

desterrada" fala das dificultades dun cazador para cazar unha perdiz, á que di que vai desterrar. "A zorra i o cazador" relata cómo unha zorra lle pide axuda a un home que despois a quere traizoar. Foi recollido por Laureano Prieto, ao igual que o seguinte relato, " O cazador das lebres", no que se conta o mal intento dun home para cazar unha lebre. Tamén foi recollido por Prieto o conto "O unto da vella" no que se explica cómo uns cazadores usaron un unto que unha vella empregaba para as almorranas. En "Os cazadores que falaban do corzo" cóntanse as mentiras de dous cazadores que se intentan impresionar o un ao outro. Este conto foi recollido polo Centro de Estudos de Fingoy en Guitiriz. O oitavo conto é "O raposo grande" no que se conta cómo un mozo esaxera o tamaño dun raposo. En "O lobo, o oso e o home" un oso tivo un encontro cun home por recomendación dun lobo. En ¿Cantos cairon? cóntase a historia dun cura en relación coa caza. O seguinte é "As perdices do convite" e explícase unha historia na que un cura foi invitado por un ferreiro para comer perdices na súa casa, pero a muller del conseguiu que a historia non acabará ben. Este relato tamén foi recollido polo Centro de Estudos de Fingoy no Saviñao. O último é "Adiviña" que é unha adiviñanza relacionada coa caza recollida en Tui. A segunda parte do libro é "Refráns, cantigas e romances de cetrería" na que se recollen dezasete composicións relacionadas coa caza e cos distintos animais que son cazados. A terceira parte é "Ditos e refráns de caza", na que se inclúen centro trinta e seis textos relacionados coa arte da caza e con distintos animais. Son todos eles ditos populares. A cuarta parte é "Cantigas de caza" na que se recollen oitenta e sete cantigas de catro versos recollidas directamente do pobo. Por último, inclúese a parte "Romances e narracións" na que se recolle o romance "A infanta encantada" que relata o encontro dun cabaleiro cunha doncela da que finalmente sabe que era a súa irmá. Este romance foi recollido por Alfonso Hervelle Courel. No relato "Doña Alda" cóntase a historia de don Pedro e dona Alda e en "A Serra do Raño. Cantigas das montañas" descríbese esa serra. Pecha o volume o seguinte colofón sobre o día que se rematou de imprentar este volume: "3 de novembro de 1969, día de San Huberto Patrón dos cazadores confesor e parente dos Duques de Aquitania devanceiro de don Gaiferos de Mormaltán o que morréu penitente ao pe do Apóstolo Señor Sant-Iago e anda en romances de cego".

Álvarez Blázquez, Xosé M.ª (ordeación, limiar e notas), *O libro do marisco. Antoloxía*, limiar do recompilador, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 13, 2008, 49 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-471-9/ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-076-1). ■

Reedición da antoloxía publicada por Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) o 27 de setembro de 1968, festa de San Cosme e San Damián. Ábrese cun "Limiar" do autor, onde conta a anécdota de cómo un cangrexo comezou a andar cara atrás, castigado polo Señor, que ía de camiño a San Andrés de Teixido. Apunta que "non hai comeduría que gorente tanto aos homes como o marisco" e sinala que o libro xunta "algunhas cousas que se saben e se din encol do marisco". Composto de sete apartados, os tres primeiros recompilan textos do ámbito popular (frases proverbiais, refráns e cantigas, entre outros) sobre crustáceos como a nécora, a langosta ou o percebe e tamén sobre certos moluscos como a lura e o polbo. Algúns deles levan notas aclaratorias ao pé da páxina que indican tamén o seu lugar de procedencia. Nos seguintes apartados, hai textos tomados de fontes escritas: dúas historias de ameixeiros de *Cantares Marineros Gallegos*, de Amancio Landín Carrasco; "A enseña dos

peleriños", procedente do *Codex Calixtinus*; "Miragre de Sant-iago escrito por Papa Calixto", de *Miragres de Santiago*; e "Miragre do Cabaleiro das Vieiras", de *Flos Sanctorum*, os tres recollidos baixo o título "As vieiras do Apóstolo". No sexto apartado, "Escolma poética" hai uns versos do Padre Sarmiento, de *Diálogo dos 24 rústicos* (1746), a composición poética "Os birbirechos e os birbiricheiros" de Xoán Manuel Pintos Villar e dous epigramas de Pepe do Rollo. O último apartado "A cociña, a uso popular" concentra o seu ollar na maneira de cociñar algúns mariscos; trátase dun texto de Xaquín Lorenzo Fernández que foi tamén recollido na *Historia de Galicia*, por Ramón Otero Pedrayo. Remátase cun colofón dedicado a San Cosme e San Damián en honra ás súas dotes curativa se así mesmo con referencias a San Migueliño, en relación á vendima.

Álvarez Blázquez, Xosé M.ª (recadádiva, limiar e notas), *O libro do porco*. *Recollido do pobo*, limiar do editor, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 11, "Literatura popular", 2008, 65 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-469-6/ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-074-7). ■

Este libro recadado por Xosé Mª Álvarez Blázquez (Tui, 1915–Vigo, 1985) contén once apartados nos que se abordan diversos aspectos da vida do porco, animal que ten un papel fundamental na vida do home galego, tal e como se sinala no limiar do libro. O primeiro aspecto que se trata é "I. A cociña do porco", neste apartado, tomado de "Etnografía", vol.II da *Historia de Galicia*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo, pp. 688 – 689, indícanse todas as comidas que se poden elaborar a partir da matanza do porco. No apartado "II. Vocabulario gastronómico" ofrécese un vocabulario relacionado coas partes de porco e a súa cociña, todo tinguido cun pouco de humor. En "III. Os nomes do porco" inclúense cincuenta entradas, relativas aos nomes que recibe o porco. En "IV. Matanza" descríbese con gran realismo e empregando a terceira persoa, todo o proceso dende que o porco é morto o día de San Martiño até que é lavado á mesa convertido en moitos e diversos pratos. En "V. O culto ao porco e outras cousas" precísase que na zona de Verín, segundo estudou Taboada Chivite, levábase a cabo un culto ao porco e neste apartado recóllense algunhas das tradicións como o de prohibir comer aos maridos determinada parte do porco, porque os deixaría cegos, parte que por iso recibe o nome de "cega maridos". Sinálase tamén que o dente do porco bravo considerábase que tiña unha acción protectora, aspecto que se recolle de *Folklore de Verín,* pp. 18-19. Neste apartado inclúense asemade dezaoito notas folclóricas relacionadas coa saúde e a garda que proporciona este animal. "VI. A botica do porco", menciónanse todos os remedios e curas de enfermidades que se poden realizar a partir de determinadas partes do porco, destácase que a cura máis salientábel é a da fame. Xunto cos remedios inclúense nalgúns casos os ensalmos ou versiños que se dicían para curar o mal. En "VII. Refráns, ditos e sentencias encol do porco e as súas partes e comenencias" recóllense douscentos dezaoito testemuños dos refraneiros e ditos relacionados co porco. "VIII. Cantigas, con algunha porcallada" contén noventa e dous cantigas, que, agás dúas, a vintecinco e a oitenta e nove, componse de catro versos e que están escritas na súa maioría en terceira persoa. "IX. Contos con sabor de porco" contén oito contos nos que o protagonista é un porco: "Que me leva o demo", recollido en Lampaza e publicado en *Nós* , n.º 19; "Felicitación", tomado de *La comarca natural de Viana del Bollo*, por Mª Rosario Castells Vila, p. 153; "¡Si o porco voara!", recollido en Vigo; "A cocha, os marráus e o

lobo", recollido polo Centro de Estudos Fingoy en Becerreá; "O comedor de roxós", recollido polo C. DE E. Fingoy, en Begonte, Lugo; "Óleme ó gruño", recollido en Carral, A Coruña, por L. Carré Alvarellos e publicado en *Contos populares de Galiza*, p. 150; "O burro e máis o cocho", recollido por L. Carré en Carral, A Coruña, pp. 290-292 e que segundo se sinala foi resumido ao recollelo; e "¡Pousaríase!", recollido en Tui. En "X. A farsa da matanza" reprodúcese a obra que se representaba no tempo do Antroido e que foi recollido por Antonio Fraguas e Fraguas, en Loxo-Touro, e foi publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, fasc. XX, 1952. Por último, en "XI. Varia", como o seu propio nome indica, recóllense diversos aspectos relacionados co porco: "O porco de San Antón e o das Animas", que consiste en que todos os habitantes dun lugar manteñen un porco que é vendido despois para pagar os cultos de San Antón, sinala que isto é recollido de libro de X. Taboada Chivite, *Folklore de Verín*, p. 26; "Aguilandos", onde se recollen seis dos cantares petitorios do aguilando; en "Adiviñas" recóllense seis adiviñas e inclúese a súa solución; en "Cantares infantís" recóllense tres cantares para os nenos e despois atópase "O xogo da porca"; por último inclúense unha "Oración para conservar a facenda". O libro remata co seguinte epígrafe: "rematouse de imprentar O LIBRO DO PORCO no obradoiro "Artes Gráficas Galicia" na mañanciña de San Xohán alegre de 1972 coa borralla das cachelas a fumegar aínda cara a un tempo de espranza".

Álvarez Blázquez, Xosé María, *O que ben che quer*, ilust. Berta Cáccamo, prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, febreiro 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-030-4).

Edición como obra independente dalgúns poemas que xa viran a luz en 1950 en *Roseira do teu mencer*, aos que se lles engaden novos poemas inéditos até esta edición, seleccionados pola familia de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), entre o material inédito que conservan. Nesta edición participan ademais directamente dous dos seus fillos, Xosé María, quen firma o prólogo, e a súa filla Berta, que ilustra o poemario. O prólogo mantén a estrutura do que escribiu para a segunda edición de 1992, de *Roseira do teu mencer* (1950), xa que destaca o nacemento da nena María Luísa e como o grande amor que sentiu por ela o seu pai, o poeta Xosé María Álvarez Blázquez, confluíu na creación dese poemario. Así mesmo explica que este novo poemario se xesta a partir dunha escolla dalgúns poemas de *Roseira do teu mencer* aos que se lles engaden "algúns outros tamén dedicados a Colorín que andaban medio perdidos pola casa de Xosé María e María Luísa". Relaciona o título dado ao novo poemario cos pais de Colorín, co "bilorico de longo bico que está silandeiro enriba dun pé" e coa súa irmá pintora Berta, quen plasmou no poemario "todas as cores dos poemas do seu pai". Remata o prólogo indicando que o autor tamén quere a "todos os nenos e nenas que estades a entrar debaixo da porta deste libro". O poemario componse de poemas sen título, breves, marcados pola heteronomía métrica e pola unidade temática da nena protagonista á que se lle dedica o poemario, e non conta con paxinación. Os poemas engadidos son os intitulados ["Dentro desta caixa teño"], ["A ver, quen foi"], ["Eu non sei…,"] e o poema co que se pecha *O que ben che quer*, ["Andamos tolos, buscando"]. As ilustracións de Berta Cáccamo son formas redondeadas e orgánicas que enchen as páxinas e xogan na súa disposición coa dos textos das poesías. O seu grao de abstracción é moi forte aínda que nalgunhas imaxes se recoñecen formas evocadas polas poesías. As pinceladas expresivas de cores variadas están aplicadas sobre un fondo cálido e uniforme.

Recensións:

- Paula Fernández, "Cariño filial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, "Infantil/Xuvenil", 17 maio 2008, p. XV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, "Letras galegas", 24 maio 2008, p. 11.

Dáse conta da publicación d'*O que ben che quer*, poemario de Xosé María Álvarez Blázquez que aparece agora editado por OQO con ilustracións da súa filla, Berta Cáccamo, e prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, outro dos seus fillos. Indícase que o volume recolle unha serie de poemas, algúns xa publicados en *Roseira do teu mencer* en 1950 e outros inéditos, que Álvarez Blázquez dedicou á súa primeira filla, Colorín, que morrería prematuramente. Afírmase que os versos son ante todo un enxalzamento da vida e do sentimento paternal, até conformar un texto "doce, tenro e apaixonante".

Referencias varias:

- S. Formoso, "Melide trae 400 libros de Xosé Álvarez Blázquez para repartir entre los pequeños", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2008, p. 32.

Preséntase o programa "Letrarte" no concello de Melide, co que se repartirán catrocentos libros entre os escolares con motivo das Letras Galegas, este ano dedicado a X. Mª Álvarez Blázquez. Indícase que o libro con poemas do homenaxeado e ilustracións de súa filla Berta Cáccamo titúlase *O que ben che quer* e foi editado por OQO. Engádese que outras actividades serán a mostra "Novas formas de mirar o álbum ilustrado", obradoiros de poesía e charlas.

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Poesías. ("Iris"). Número 8*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2008, [80] pp. (ISBN: 978-84-9749-298-0). ◆

Iris é o oitavo caderno dunha serie na que se recolle a produción poética de Xosé María Álvarez Blázquez. Este poemario que aparece como edición facsímile presenta máis de cincuenta composicións nas que o poeta expresa os seus sentimentos e emocións, traduce obras de autores clásicos, presenta poemas en diferentes linguas… *Iris* recolle a xeito de caderno de diario os poemas que Álvarez Blázquez escribiu entre o mes de abril de 1934 e o mes de abril de 1938. O libro comeza cun poema intitulado "Emigrantes" no que reflexiona sobre a xente que tivo que deixar a súa terra para buscar un destino novo. Hai tamén varias composicións escritas en castelán, francés así como unha tradución ao galego da *Égloga IV* do poeta latino Virxilio. Tamén traduce ao galego un poema de C. Valerio Catulo, concretamente "A morte do paxaro de Lesbia". Entre os poemas que están escritos en galego destacan os seguintes: "Cantiga de denantes e de agosto" e "Rifa". Por último, engadir que a maioría das composicións, máis da metade, están escritas en castelán.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “En transición”, *Galicia Hoxe,* “A contra”, 19 xuño 2008, contracuberta.

Sinálase que a Universidade da Coruña editou, da man do xornalista ourensán Federico Cocho, o libro *Poesías. Iris. Número 8*, a reprodución facsímile dun caderno de poemas manuscrito de Xosé María Álvarez Blázquez, datado entre 1943 e 1938. Especifícase que nel se inclúen versos do propio autor en galego e castelán, así como traducións en galego de poemas de Víctor Hugo ou Virxilio.

Alvárez Blázquez, Xosé María, *Roseira do teu mencer*, ilust. Manolo Uhía, epílogo biográfico de Darío Xohán Cabana, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, xaneiro 2008, 95 pp. (ISBN: 978-84-9782-692-1).

Terceira edición desta obra publicada orixinariamente en 1950 polo propio autor, Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) en Edicións Monterrey, que contou en 1992 cunha nova edición na mesma editorial na que agora se reedita, ampliada e adaptada á normativa de 2003 (Edicións Xerais de Galicia), e en ambas na mesma colección “Merlín”. A primeira edición de 1950 contaba coas ilustracións en tinta negra de Xohan Ledo, que foron substituídas, nas dúas publicacións de Edicións Xerais, polas coloridas ilustracións de Manolo Uhía (aínda que variando as ilustracións). Esta reedición conta ademais cunha síntese adaptada da vida do autor tudense, realizada por Darío Xohán Cabana, e cunha recensión firmada tamén por este último, ademais do epílogo da edición de 1992, preparado polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo e dunha cronoloxía sobre Xosé María Álvarez Blázquez, preparada por Manuel Bragado. En “Vida de Xosé María Álvarez Blázquez”, adaptación e resume da publicada na monografía *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra* (2008), Darío Xohán Cabana repara na súa infancia, os seus estudos en Pontevedra, o seu labor de mestre, a rebelión de Tui de 1936, o seu exilio en Coreses (León), a súa vida en Vigo, o seu casamento, as súas primeiras obras, a fundación da Librería e Edicións Monterrey e de Edicións Castrelos, o seu novo labor de mestre, as súas crónicas de Vigo e os novos tempos “serodios” dende 1979 para rematar cunha semblanza de Álvarez Blázquez. A recensión de *Roseira do teu mencer* constitúe así mesmo unha adaptación da publicada na citada monografía do ano 2008, e nela destaca Xohán Cabana que se trata dun “libro souril e ledo”, que se define pola “emoción paternal” pola filla María Luísa, Colorín, e que subdivide nos epígrafes “Amor desmesurado” polo latexo presente “en cada sílaba” e “Libro dun gran poeta” porque o considera mellor aínda que *Canle segredo*, como afirma a maioría da crítica. No epílogo do seu fillo Xosé María, publicado na edición de 1992, este narra, en prosa poética, o nacemento da súa irmá, a xénese do título e a vida de Colorín cos seus pais, antes de rematar cuns versos que animan a lembrala para sempre. O volume conclúe cunha cronobiografía na que Manuel Bragado, baseándose nas realizadas por Xosé María e Alfonso, fillos do escritor, e por Xohán Cabana salienta os feitos máis relevantes da andaina vital e literaria do escritor tudense.

Recensións:

- Marta Neira Rodríguez, “As achegas de Álvarez Blázquez á literatura infantil e xuvenil galega”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, “*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*”, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2008, p. 10.

Céntrase na contribución de Xosé Mª Álvarez Blázquez á literatura infantil e xuvenil galega facendo un estudo detallado da obra representativa neste eido: *Roseira do teu mencer* dedicada á súa primeira filla "Colorín". Dise que recolle vinte poemas escritos entre 1949-1950 e logo fálase sobre as sucesivas reedicións que se fan nos últimos anos nas que os seus fillos achegan novos textos inéditos e falan do seu pai. Analízase finalmente a linguaxe poética e o estilo da obra da que se destaca sobre todo a súa función lúdica recollendo a tradición oral e os recursos de repetición.

- María Navarro, "Cantiga leda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, "Infantil/Xuvenil", 17 maio 2008, p. XV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, "Letras galegas", 24 maio 2008, p. 11.

Sinálase que Edicións Xerais volta editar *Roseira do teu mencer*, poemario de Xosé María Álvarez Blázquez que se completa agora cun epílogo biográfico do autor escrito por Darío Xohán Cabana e cun comentario de Xosé María Álvarez Cáccamo aparecido na segunda edición da obra, no ano 1992. Explícase que o poemario iniciou en 1950 as publicacións de Edicións Monterrey e que está inspirado no nacemento da primeira filla do autor, María Luísa, "Colorín". Saliéntase que nel Álvarez Blázquez amosa unha fonda tenrura cara ao mundo infantil e lembra os momentos da chegada da pequena e os seus primeiros días de vida. Dende o punto de vista literario, o volume acóllese a unha estética de sabor arcaizante nos seus vinte textos poéticos, marcados por versos "frescos, amábeis, entrañábeis e profundamente sentidos".

Referencias varias:

- L. R., "Novos poemarios de Chus Pato, Bernardino Graña e Alberto Lema", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 38.

Preséntanse varias novidades editoriais en galego do xénero poético, entre as que se inclúen algunhas reedición da obra da figura homenaxeada no Día das Letras do 2008: Xosé María Álvarez Blázquez. Trátase de *Poesía galega completa* (2007), en edición de Xavier Rodríguez Baixeras, e de *Roseira do teu mencer*, texto que o autor dedicou á súa filla en 1950 con motivo do seu primeiro aniversario. Sinálase que o texto, ilustrado por Manuel Uhía e con epílogo biográfico de Darío Xohán Cabana, reúne poesías para nenos, dende cancións de berce até reminiscencias de xogos populares. Coméntase que o poemario forma parte da antoloxía que a editorial publica na colección "Os nosos clásicos", xunto con *Poemas de ti e de min* (1949), escrito co seu irmán Emilio; *Romance do pescador peleriño* (1954); o polémico *Cancioneiro de Monfero* (1953) e *Canle segredo* (1954), ademais de varios poemas inéditos.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, 6 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 178, 15 marzo 2008, p. 11.

Entre as catro publicacións tratadas nesta sección fixa, encontramos esta reedición da obra *Roseira do teu mence*r (2008), de Xosé María Álvarez Blázquez, autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas acompañada dun epílogo a cargo de Darío Xohán Cabana.

- V. Oliveira, "O escritor polifacético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 32.

Noticia na que se fai un repaso polas obras que preparan Galaxia e Xerais sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008. Entre elas aparece este poemario *Roseira do teu mencer*, que o homenaxeado dedicara á súa primeira filla, "Colorín". Sinálase que inclúe ademais un texto biográfico sintetizado por Darío Xohán Cabana e o epílogo do propio Álvarez Blázquez na primeira edición feita por Xerais en 1992. Asemade, refírese a biografía e á escolma de textos dirixida por Carlos López Bernárdez, *A pega rabilonga e outras historias de tesouros e Os ruíns*, a *Canle segredo*, que xa fora publicado en 1976.

- V. Oliveira, "Eloi Caldeiro honra a X. M. Álvarez Blázquez", *Galicia Hoxe*, "Cultura", 1 abril 2008, p. 68.

Infórmase de que o músico Eloi Caldero, director de Sons Galiza, pon no mercado a edición en libro-CD-DVD *Xosé María Álvarez Blázquez, entre o Miño e o mar de Vigo*. Trátase do segundo número da colección "O son da palabra", que comezou no 2007 con María Mariño. A obra ofrece unha musicalización do homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, así como un documental sobre a súa vida. Indícase que o disco, co título "Colorín", contén once poemas musicados do libro *Roseira do teu mencer*, que Álvarez Blázquez dedicou á súa primeira filla. Afírmase que o obxectivo é achegar os poemas do tudense ao público infantil. Engádese que o DVD inclúe un documental sobre a vida de Álvarez Blázquez, no que falan un feixe de amigos que o coñeceron, como Francisco Fernández del Riego, Darío Xohán Cabana ou Víctor F. Freixanes.

- Lucía Rey e María Conde, "Editada unha obra multimedia de Álvarez Blázquez e a biografía sonora de Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 abril 2008, p. 49.

Presentación de dúas obras arredor de figuras senlleiras da literatura galega: en primeiro lugar, a peza multimedia *Xosé María Álvarez Blázquez: entre o Miño e o mar de Vigo*, a segunda entrega da colección "O son da palabra", coa que se quere musicar escritores galegos. Componse dun libro no que se atopan letras dos poemas e fotografías do escritor, cunha introdución do profesor Miguel Mato Fondo, dun CD con cancións infantís e nanas de once poemas para nenos recollidos en *Roseira do teu mencer*, o poemario que o escritor adicou a unha das súas fillas, e dun DVD, no que un documental analiza a vida de Álvarez Blázquez. A segunda obra presentada foi unha fotobiografía sonora na que se condensan un álbum familiar de fotografías de Celso Emilio Ferreiro e dous CD, un con poemas deste recitados por el mesmo e outro con temas dos artistas que musicaron os seus textos.

- Eva González, "Xosé M. Álvarez Blázquez recupera su voz, obra y testimonios en Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área metropolitana", 22 abril 2008, p. 16.

Dá conta da apertura oficial do "Ano Xosé María Álvarez Blázquez" por parte do concello de Tui cun acto institucional no que participan os seus fillos Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro. Indícase que no evento escolares da localidade lerán poemas de *Roseira do teu mencer*. A continuación escoitarase a gravación dun fragmento do discurso que pronunciou o homenaxeado con motivo do Día das Letras Galegas de 1973, que se dedicara a Manuel Lago González.

- Marcos Valcárcel, “Roseira do teu mencer”, *Galicia Hoxe,* “A contra”, 9 maio 2008, contracuberta.

Referencia ao estudo que Darío Xohán Cabana efectuou sobre este poemario de Álvarez Blázquez dedicado á súa primeira filla, María Luisa. Considera Valcárcel que tanto esta obra como *Canle segredo* caracterízanse pola calidade e a densidade lírica, a musicalidade, a emoción e o saber popular.

- F. D., “Hermanamento cultural con África”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez” (1915-1985)*”, 17 maio 2008, p. 18.

Precísase que a Consellería de Cultura e a Tenencia de Alcaldía do Concello de Ourense repartirá entre as asociacións de veciños, culturais e xuvenís, así como nas asociacións de pais e nais do alumnado, os libros editados pola Consellería no último ano, así como o libro *Roseira do teu mencer*, de Xosé María Álvarez Blázquez.

Baión, Celso de, *Os nomes da terra. Recollidos do pobo*, limiar do recompilador, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 8, 2008, 66 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-517-4/ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-084-6). ■

Reedición do volume *Os nomes da terra* publicado por vez primeira o día da Candeloria de 1976 baixo o selo de Edicións Castrelos como número oito da súa colección “O Moucho”. Ábrese o volume cun “Limiar” de Celso Baión, pseudónimo de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), quen se refire á interpretación popular das etimoloxías toponímicas, na que salienta a intervención da fantasía especulativa do pobo, que exemplifica a través das ocorrentes invencións do vello Manoel Fresco. A continuación e seguindo a orde alfabética, faise un repaso por algúns topónimos e lugares de Galicia e reprodúcese unha serie de historias, lendas e explicacións que xustifican tales nomes. Entre eles, están os de Amil, Gaifar, Noia, Ponteareas, Serra de San Mamede, Torres do Oeste, As Tres irmáns e Fonte de Ana Manana. Cómpre salientar que parte da información recollida procede de estudosos e investigadores como V. Risco, A. Cotarelo, P. Sarmiento ou X. Carro García.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS

Acuña, Ana, *Dicionario Xosé María Álvarez Blázquez*, limiar de Luz Pozo Garza, SantaComba-A Coruña: Editorial tresCtres, col. Letras dous mil, n.º 8, 2008, 205 pp. (ISBN: 978-84-936262-5-9).

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2008 dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez sae ao prelo esta obra que achega a vida e obra do autor homenaxeado. Ábrese cos agradecementos que Ana Acuña (Marín, Pontevedra, 1971), dirixe a diversas persoas en Galicia, Zamora e Madrid e a continuación un limiar poético de Luz Pozo Garza introduce a obra a modo de homenaxe con diferentes poemas que esta autora dedica a Xosé María Álvarez Blázquez con data do 18 de febreiro de 2008. O índice que segue a esta homenaxe poética do limiar dá conta das sete partes nas que se divide a obra e que se presentan en orde alfabética ("Autor", "Creación", "Imaxes", "Obras", "Recolleita", "Recursos didácticos" e "Sinopse"). Na primeira parte, "Autor", faise un percorrido a través da vida de Álvarez Blázquez con pequenos apuntamentos que se extraen da súa propia obra e da obra doutros autores que o coñeceron como os seus fillos Xosé María e Afonso Álvarez Cáccamo. O seguinte apartado, "Creación", céntrase na súa faceta de escritor, editor e arqueólogo e intercala pequenos fragmentos e poesías que pertencen á obra do autor con outros fragmentos que recollen palabras doutros autores como Darío Xohán Cabana ou Xosé Alonso Montero sobre a súa obra e traxectoria. En "Imaxes" ofrécese unha selección de fotos que recollen momentos importantes na vida do autor (coa súa dona, na Escola Normal de Pontevedra, etc.) e documentos como por exemplo cartas manuscritas enviadas a outros compañeiros ou o seu expediente académico na Universidade de Santiago de Compostela. Na parte titulada "Obras", faise unha listaxe pormenorizada da súa bibliografía completa incluíndo poesía, narrativa, epistolario, estudos arqueolóxicos, históricos ou lingüísticos, entrevistas, prólogos, artigos ou mesmo un guión cinematográfico. En "Recolleita" faise unha escolma de textos de diferentes xéneros pertencentes ao autor e en "Recursos Didácticos" achéganse actividades para distintos niveis educativos (infantil, primaria, secundaria e bacharelato) a partir de textos escollidos do escritor. Por último en "Sinopse" recóllense apuntamentos cronolóxicos que relacionan os distintos anos da vida do autor con acontecementos ocorridos en Galicia e no mundo. Remata a obra cunhas notas bibliográficas sobre a autora deste volume, Ana Acuña.

Recensións:

- V. Oliveira, "Tiña unha actitude estoica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 maio 2008, p. 35.

Dá conta da publicación con motivo do homenaxe o Día das Letras Galegas a Xosé María Álvarez Blázquez do *Dicionario Xosé Mª Álvarez Blázquez*, da profesora Ana Acuña e cun limiar poético de Luz Pozo Garza. A autora destaca a estratexia de resistencia do autor homenaxeado, xa que mantivo unha postura optimista e estoica, malia as tráxicas circunstancias da guerra e posguerra. Considérase que o libro ten un marcado sentido didáctico, posto que está dirixido a alumnos de primaria e secundaria. Tamén se comenta a iniciativa "Palabra na solaina", que pon libros do autor homenaxeado á disposición dos turistas en varias casas rurais e hoteis.

- Xesús Alonso Montero, "Álvarez Blázquez, por Ana Acuña e Luz Pozo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 7.

Faise referencia á presentación en Cacheiras (Teo), do libro *Dicionario Xosé María Álvarez Blázquez*, publicado por Ana Acuña con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas 2008 ao dito autor. Explícase que a autora coñece á perfección a que foi a primeira obra do homenaxeado en galego, *Arco da Vella*, enviado a Xosé Filgueira Valverde en 1935 para a antoloxía que preparaba antes do estoupido da Guerra Civil. Engádese que para este dicionario empregou múltiple material, como cartas, fotografías e outros documentos, segundo se explica. Recórdase a función de Álvarez Blázquez como editor e como impulsor da lingua galega. Finalmente engádese que Luz Pozo é a autora do prólogo, escrito en verso.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Xosé Mª Álvarez Blázquez. 1915-1985. Unha fotobiografía*, colaboracións de Xosé María Álvarez Cáccamo e Darío Xohán Cabana, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 180 pp. (ISBN: 978-84-9782-778-2).

Volume a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo e Darío Xohán Cabana no que se recolle unha particular homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez. Construído como unha especie de álbum cronolóxico da vida do escritor pontevedrés, este proxecto presenta un limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, seguido dun detallado percorrido fotobiográfico (con catrocentas imaxes e fotografías) sobre a súa peripecia vital e traxectoria literaria do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008. Na semblanza intitulada "Notas para o álbum da vida de Xosé María Álvarez Cáccamo" o seu fillo Xosé María explica o seu labor para recoller e organizar o material acumulado entre 1915 e 1985 para poder así "reconstruír o retrato completo" do homenaxeado no Día das Letras 2008. Presenta "o calendario histórico" da vida do seu pai como unha "densa e complexa rede de traxectos", impulsados polo azar e pola "propia vontade de home cíclico". Vai inserindo datos biográficos con características literarias e culturais, ademais de fragmentos das súas obras. Defíneo como un home "xeneroso, comunicativo e cordial", entre outros moitos calificativos positivos. Remátase cunha cronoloxía na que se recollen os datos máis salientábeis da súa vida e traxectoria cultural. A seguir, aparecen fotografías comentadas, retratando as diversas etapas da vida do poeta: infancia, relacións familiares, primeiros pasos literarios, afeccións persoais e gustos poéticos, diversos acontecementos íntimos e actos sociais, todas elas organizadas nuns períodos cronolóxicos que se corresponden con lugares onde viviu Álvarez Blázquez. Sinálase que numerosos extractos da súa correspondencia ilustran algunhas pasaxes, así como fragmentos de artigos arredor da súa figura (firmados, por exemplo, por Xosé Luís Méndez Ferrín). Tras o percorrido fotobiográfico, inclúese a semblanza de Darío Xohán Cabana, a modo de epílogo. O título "A forxa dun esculcador" serve para perfilar as inquietudes literarias e culturais de Álvarez Blázquez, ao tempo que loa e reflexiona sobre a súa traxectoria vital e intelectual. Remata definíndoo como unha "das máis grandes e benéficas figuras intelectuais da historia da nación galega". O volume complétase cunha bibliografía de e sobre Xosé María Álvarez Blázquez.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Últimos ecos das letras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Letras en galego", 31 maio 2008, p. 6.

Entre as novidades bibliográficas sobre o homenaxeado no Día das Letras do 2008 saliéntase *Xosé María Álvarez Blázquez. Unha fotobiografía*, de Alfonso Álvarez Cáccamo. Sinálase que facilita o acceso visual a un fondo documental e fotográfico sobre o autor xunto a un prólogo do seu irmán Xosé María e un epílogo de Darío Xohán Cabana. Asemade, refírese a outros títulos como *A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, e *Día das Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez*, coordinada por Anxo Tarrío.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, 29 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, 7 xuño 2008, p. 11.

Analízanse nunhas liñas *Xosé Mª Álvarez Blázquez. Unha fotobiografía* (2008), obra de Xosé Mª Álvarez Cáccamo; e *As mellores intencións* (2008), de Begoña Paz.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Tempo do pai*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 19, 28 marzo 2008, 188 pp. (ISBN: 978-84-9865-062-4).

Biografía de Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2008, feita polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) que foi testemuña directa das incansábeis tarefas do seu pai: as do arqueólogo e gozador dos obxectos fermosos, as do pai insomne que esgota as horas no seu escritorio, o devorador incansábel de libros ou o Álvarez Blázquez comprometido politicamente. Enfía, o autor coa axuda das amizades de seu pai o percorrido polas experiencias vitais que nos leva a descubrir as orixes dos seus libros e das andainas coa editorial Monterrey da que foi fundador. O libro consta de sete capítulos intitulados máis un apartado de referencias fotográficas e un índice onomástico. Os seis primeiros capítulos desenvólvense "a partir dun conxunto premeditado de seis motivos temáticos substanciais (Mans, Insomnio, Comunicación, Amizade, Libros e Terra)", como di o propio autor no último capítulo que é unha especie de resumo de todo o libro. Neste último capítulo tamén di que é unha "visión quebrada e caleidoscópica" xa que a obra non segue unha orde cronolóxica e os capítulos son independentes. O feito de que o autor do libro sexa o fillo do homenaxeado fai que esta biografía sexa diferente porque nos permite coñecer datos persoais que non se nos achegan en ningún outro libro. No primeiro capítulo intitulado "As mans de pergamiño" dinos que Don Xosé María padecía ictiose polo que as súas mans parecían de pergamiño, metáfora que emprega para falarnos da súa traxectoria como arqueólogo. O segundo capítulo "Alba imsomne" conta que dende que fora fusilado seu pai na Guerra Civil Álvarez Blázquez padecía insomnio, de aí o título do capítulo e do seu libro de poemas. No terceiro "A vida contada" fala das tres ocasións en que estivo a piques de morrer, da súa infancia e da dos seus fillos en Baión, á que evoca no poemario *Canle segredo*. No cuarto episodio intitulado "Don da amizade" fala das visitas dos seus amigos que moitas veces recolle nos seus libros. No quinto intitulado"Bibliografía radical" resalta o seu traballo como anticuario e a súa afección polos libros. No sexto capítulo "A terra no centro" trata o seu amor pola terra e polo tanto a súa preocupación pola política. O último capítulo "Tentativa dunha imaxe total" retoma todo o anterior e destaca que Álvarez Blázquez se centra na súa produción

literaria na década dos anos corenta e cincuenta, e que dende os sesenta até a súa morte se centra no seu labor como xornalista, investigador e activista cultural.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Canle secreta da miña propia alba insomne", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 3 maio 2008, p. 2.

Fai un breve resumo do libro que ven de publicar Xosé María Álvarez Cáccamo e que recolle as memorias de seu pai, Xosé Mª Álvarez Blázquez. Tras a emoción coa que a familia acolleu a nova de que ían dedicar o Día das Letras ao falecido autor, Cáccamo ofrece a mellor homenaxe ao seu pai en *Tempo do pai*, onde recolle as súas vivencias de intelectual polifacético, investigador, pedagogo e humanista. Indícase que o libro contén fotografías e estrutúrase en seis temas: Mans, Insomnio, Comunicación, Amizade, Libros e Terra.

- Vicente Araguas, "Memoria filial", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 482, 25 maio 2008, p. 20.

Refírese ás moitas memorias existentes que non fan outra cousa que aburrir ao lector, para logo comparalas con outras moitas, moi valiosas, que nos falan de personaxes inesquecíbeis. A continuación explica que este último é o caso da obra *Tempo do pai* (ed. Galaxia), de Xosé María Álvarez Cáccamo, que escribiu para narrar a vida do seu pai, X. M. Álvarez Blázquez e publicala o ano do seu homenaxe no Día das Letras Galegas. Sinálase que o libro é un agrupamento de categorías, ben clasificadas, cunha orde lóxica e cronolóxica que narra a aparente vida aburrida dun escritor dedicado ao estudo, mais non exenta de avatares.

- Román Raña, "Óptica emotiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Libros", 29 maio 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 10.

Coméntase que neste libro de Xosé María Álvarez Cáccamo se presentan as diferentes facetas de Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado o 17 de maio. Explícase que xa en *Memoria de poeta* (2006) comezara o labor memorialista sobre o seu pai, que agora culmina nesta obra. Asemade, engádese que non se trata dunha biografía ao uso, senón dun conxunto de minuciosas evocacións do home e do intelectual. Remata indicando que o libro estrutúrase en seis partes: "As mans de pergamiño", "Alba insomne", "A vida contada", "Don da amizade", "Bibliofilia radical" e "A terra no centro".

Referencias varias:

- Alfredo Conde, "Un auténtico tsunami literario", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 14 maio 2008, p. 4.

Eloxio desta obra de Xosé María Álvarez Cáccamo na memoria do seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas. Descríbeo como unha biografía, homenaxe, celebración ao uso, pero tamén como un libro excelente e fermosamente escrito.

- Natalia Álvarez, "O centro de todas as preocupacións do meu pai foi Galiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, pp. 8-9/"A gran preocupación do meu pai foi Galiza", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, pp. 6-7.

Xosé María Álvarez Cáccamo fala de *Tempo do pai*, obra na que trata da "bibliofilia radical" que caracterizaba ao seu pai, baseada na difusión e divulgación de ideas e, sobre todo, na defensa de Galiza. Comenta tamén as diversas etapas polas que pasou Xosé María Álvarez Blázquez, dende creador, sobre todo de narrativa a poesía, pasando pola investigación, un pouco antes dos anos sesenta, a súa dedicación á edición a partir do 1967; nesta época compoñía pouco, como é o caso do prólogo para a obra de teatro de Emilio Álvarez Jiménez, *María Castaña ou unha revolta popular.* Sinala tamén a importancia que lle daba o seu pai á cultura popular, que se pode observar nas cantigas ou refráns que recolleu e publicou na colección O Moucho; colección que Xosé María Álvarez Cáccamo contrasta coa editorial Monterrey, na que publicara o seu pai en primeiro lugar e que tiña por finalidade a difusión minoritaria da cultura. Precisa tamén que foi cronista oficial de Vigo, o que se reflicte en obras como *La ciudad y los días* e *Vigo y su historia.*

- Teresa Seara, "O home cíclico", *Tempos Novos*, *Protexta*, "proPostas", n.º 6, primavera 2008, p. 16.

Faise un achegamento á vida e obra do poeta, narrador, editor, articulista e estudoso Xosé María Álvarez Blázquez, o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008. Recóllense datos e citas de dous libros: *Escolma de familia* (2000), estudo de Xavier R. Baixeras no que se fai un seguimento da familia Álvarez dende a súa chegada a Galicia en 1900, e *Tempo de pai*, escrito por Xosé María Álvarez Cáccamo, autor de recoñecido prestixio e fillo de Álvarez Blázquez.

Bernárdez, Carlos L. (ed.), *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez. Escolma de textos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2008, 188 pp. (ISBN: 978-84-9865-053-2).

Carlos L. Bernárdez (Vigo, 1958) estruturou esta monografía en catro partes diferenciadas que atenden a distintos aspectos da vida e obra do homenaxeado polo Día das Letras Galegas do 2008, Xosé María Álvarez Blázquez. A primeira parte é "Vida e obra" e nela relátase de que os ascendentes do escritor galego xa eran importantes figuras da escrita galega o que provocou que el tivera esta inclinación literaria. Dise que naceu en Tui e que os anos que estudou en Pontevedra marcaron a súa literatura. Comezou a publicar os seus primeiros poemas aos quince anos e rapidamente ingresou nas xuventudes do Partido Galeguista. Cóntase que foi nese momento no que publicou o seu primeiro poemario, *Abril*, no 1932. Posteriormente fundou a revista *Cristal*, na que predominaba o neotrobadorismo. Este volume tamén se fai eco da represión que sufriu a familia do escritor durante a Guerra Civil ao mesmo tempo que el foi suspendido de emprego e soldo e desterrado a Zamora. Tras o seu regreso a Galicia e formar unha familia entrou en contacto con autores como Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Francisco Fernández del Riego. Por outra parte explícase que Álvarez Blázquez formou parte da xeración do 36 e así é como comezou a súa carreira novelística en castelán con libros como *El crimen de la isla verde* (1941), *En el pueblo hay caras*

nuevas (finalista do Premio Nadal do 1945), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955) ou *Crecen las aguas* (Premio Galdós no 1995). Engádese que a finais dos anos corenta comeza a súa plena actividade poética en galego con *Poemas de ti e min* (1949) e *Roseira do teu mencer* (1950). No 1953 publicou *Cancioneiro de Monfero* de temática neotrobadorista. Posteriormente publicou *Romance do pescador peleriño* (1954) e con *Canle Segredo* (1954) gañou o Premio Eduardo Pondal do Centro Galego de Bos Aires. Faise referencia a que durante eses anos se conformou o seu sentimento de compromiso con Galicia así como evolucionou na súa escrita co uso de metros cultos, aínda que sen deixar de lado a métrica tradicional. En 1955 a súa obra foi incluída en *Escolmas da poesía galega IV*, publicada por Francisco Fernández del Riego. En 1950 fundou a editorial Monterrey, que buscaba a recuperación literaria en galego. Trece anos despois foi elixido membro numerario da Real Academia Galega. Tamén se conta que no 1981 foi nomeado membro do Instituto de Estudos Galegos do Padre Sarmiento, ano no que tamén recibiu o Pedrón de Ouro. A segunda parte é "Antoloxía", na que se explica que os textos recollidos neste volume proveñen de todos os seus libros e son de todos os xéneros. Explícase que só se fixo unha avaliación exclusivamente ortográfica dos textos, pero non léxica nin morfosintáctica. Na terceira parte, "Poesía", recóllense numerosos poemas do autor relacionados con distintas temáticas como a lírica medieval, o pasado, a terra, a muller ou mesmo recordos de amigos. Os poemas recollidos son os seguintes: "Golparro", "Romance do pescador Peleriño", "Canle segredo", "Sin voz", "Panida", " O neno", "Aquil neno que eu fun", "Baixón", "O medo", "O cabalo", "O mundo", "Elexía a unha muller do campo" e "Visión". Ademais inclúense poemas dispersos ou non publicados en vida do autor como "Queixas", "Inmensidade", "Cántiga de denantes e de agora", "A unha dema que tiña modos e meneiras de `Mantis religiosa´", "Manuel Antonio", "Carta a Celso Emilio, novamente emigrado" e "Solpor". A última parte do volume recibe o nome de "Prosa". Nesta parte inclúese o texto "O anarquista", que explica a visita que recibiu o seu tío dun home estraño ao que chamaban "anarquista". Este fálalle ao seu tío sobre a posta dunha bomba. Outro relato é "A gavilla", no que se fala da vida da familia do ferreiro do pobo, Francisco Novás, e trátase o tema da morte do rei Fernando VII. En "Limiar ao Cancioneiro Monfero (século XIII)" explícase a aparición dun manuscrito de poética medieval de Frei Ramón Pazos. En "Poética" refírese aos seus gustos literarios e destaca a Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Ademais, na literatura medieval destaca a Pero Meogo e da literatura castelá a Antonio Machado e San Juan de la Cruz ou Federico García Lorca. Tamén se inclúe o relato "Martín Códax (século XIII)" no que se fala deste trobador e tamén se discute pola pronuncia do apelido Códax. No relato "Pero Meogo" fálase de cal tería sido o primeiro oficio deste trobador a partir do seu apelido. Por último inclúese o texto "Cunqueiro ou a liberación espacio-temporal" que consiste nunha conferencia realizada por el mesmo en homenaxe do autor Álvaro Cunqueiro.

Recensións:

- Xosé Feixó, "Valores fundamentais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245, "Libros", 24 abril 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, "Letras galegas", 3 maio 2008, p. 10.

Coméntase que o libro *Vida e obra de X. Mª Álvarez Blázquez*, volume preparado polo profesor Carlos L. Bernárdez. Destaca pola súa claridade e escolla acertada da obra do

autor que se relaciona perfectamente coa súa biografía. Elóxiase o servizo que o autor homenaxeado prestou á cultura galega como editor da nosa lírica medieval e da literatura dos Séculos Escuros dende as editoriais Monterrey e Castrelos. Tamén se recorda o seu traballo como escritor do *Faro de Vigo* no ano 1959 na sección "La ciudad y los días".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Preludio de primavera", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 5 marzo 2008, p. 4.

Dá noticia desta biografía que se define como "moi boa". Ademais, alude á compilación dos poemas inéditos e dispersos de Xosé María Álvarez Blázquez que levou a cabo Xavier Rodríguez Baixeras.

- V. Oliveira, "O escritor polifacético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 32.

Noticia na que se fai un repaso polas obras que preparan Galaxia e Xerais sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008. Ademais de se referir ás reedicións da produción literaria de Xosé María Álvarez Blázquez, menciónase a biografía e á escolma de textos dirixida por Carlos López Bernárdez.

- Xavier Castro Rodríguez, "Álvarez Blázquez: a creación literaria como modelo ético", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 12 abril 2008, p. 2.

Indícase que o volume inclúe un percorrido biobibliográfico sobre o autor e unha escolla de textos de poesía e de prosa en galego. Afírmase que, ademais do seu labor como escritor, o homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano tamén sobresaíu como editor e como investigador. Conclúese que foi un home fortemente comprometido coa cultura galega.

- Ramón Nicolás, "Tres biografías para Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", 26 abril 2008, p. 13.

Coméntanse brevemente tres libros recentes sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas. Entre eles figura *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, de Carlos L. Bernárdez, que é cualificado como un "rigoroso ensaio interpretativo e de corte divulgativo" sobre o percorrido literario e vital do autor. Destácase que o volume inclúe así mesmo unha escolma textual. Asemade, coméntanse *Xosé María Álvarez Blázquez*, un estudio de Darío Xohán Cabana, e *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta*, de Henrique Rabuñal.

Bernárdez, Carlos L. (ed.), *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez. Escolma de textos*, Vigo: Editorial Galaxia/Diario de Arousa, maio 2008, 38 pp. (D.L.: VG 520-2008). ■

A obra é unha compilación feita por Carlos Bernárdez (Vigo, 1958) dalgúns dos poemas e composicións prosísticas de Xosé María Álvarez Blázquez que acompaña cun limiar no que ofrece unha breve biografía do autor. Na sección de poesía acollen "Desterro",

"Don Álvaro de Soutomor", "Panida", "Cántiga de denantes e agora", "O mundo", "Elexía a unha muller do campo", "O neno", "Inmensidade", "Manuel Antonio", "Carta a Celso Emilio, novamente emigrado" ou "Solpor" que se atopaban orixinariamente nos seus poemarios *Poemas de ti a min* (1949), *Cancioneiro de Monfero* (1953), *Canle segredo* (1976) e en xornais como *Faro de Vigo*. Da narrativa escollen o relato "A esmeralda" aparecido en *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971) e "Martín Códax (século XIII)" de *Escolma da poesía medieval* (1975).

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O escritor polifacético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 32.

Noticia na que se fai un repaso polas obras que preparan Galaxia e Xerais sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008. Ademais de se referir ás reedicións da produción literaria de Xosé María Álvarez Blázquez, menciónase a biografía e á escolma de textos dirixida por Carlos López Bernárdez.

Cabana, Darío Xohán, *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e Obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 215 pp. (ISBN: 978-84-9782-715-7).

Darío Xohán Cabana (Terra Chá, 1952) despois dunha dedicatoria á súa filla, afillada de María Luísa Cáccamo e de Xosé María Álvarez Blázquez, quen di lle axudou a facer este libro, e dun recordo a unha comida familiar realizada en Cangas o 13 de abril de 1975, percorre a historia de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui 1915-Vigo 1985), nun proceso de redescuberta desta notábel figura das letras galegas, dende o respecto e a admiración que no escritor chairego esperta a figura de Álvarez Blázquez, profundiza no estudo da vida e a obra do pontevedrés. Numerosas imaxes, citas e fragmentos literarios do homenaxeado, así como doutros coñecidos escritores como Xosé Luís Méndez Ferrín, enriquecen este volume. Salienta que Álvarez Blázquez non foi só escritor de mérito, senón que tamén desenvolveu notábeis traballos en ámbitos tan diversos como: a poesía, a filoloxía, a dramaturxia, o ensaio, a arqueoloxía, os estudos históricos, etc. O percorrido por esta vida e obra faino Darío Xohán Cabana nos varios capítulos que compoñen o volume : unha breve introdución, "A dinastía Álvarez", "Vida de Xosé María", "Obra literaria galega", "As grandes Escolmas", "Outros estudos literarios", "Arqueólogo e historiador", "O editor" e unha "Bibliografía esencial".

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Editor apaixonado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, "Libros", 8 maio 2008, p. IV.

Sinálase que no caso do Día das Letras Galegas de 2008 hai moito que dicir do autor homenaxeado, pois se considera que tivo unha intensa vida intelectual e comprometida co galego. Explícase que neste libro, *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e Obra*, Darío Xohán Cabana, amigo e colaborador seu, detense nas súas orixes familiares como membro da estirpe de escritores Álvarez, fala dos seus descendentes e da súa obra, así

como do seu labor como editor para un público bibliófilo en Monterrey e para outro máis xeral en Castrelos. Afírmase que Xohán Cabana fai fincapé na súa obra literaria con respecto ás outras vertentes intelectuais do homenaxeado, e neste apartado salienta as interpretacións das composicións poéticas que se relacionan con acontecementos biográficos. Coméntase que tamén achega textos inéditos como cartas compartidas co autor do libro.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, 12 abril 2008, p. 11.

Nesta sección fixa Blanco Rivas recomenda un grupo de obras ofrecendo breve descritos de cada unha. Neste caso presenta esta obra de Darío Xohán Cabana, *Xosé María Álvarez Blázquez*, xunto a *Memorias dun esqueleto*, de Xosé Lois Ripalda; *Diario dun pai*, de Henrique Alvarellos; e *Xohán Xesús González*, de Héitor Picallo Fuentes.

- Ramón Nicolás, "Tres biografías para Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", 26 abril 2008, p. 13.

Coméntanse brevemente tres libros recentes sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas, entre os que aparece *Xosé María Álvarez Blázquez*, un estudio de Darío Xohán Cabana, que o crítico define como un "ensaio sólido" que "supera todas as expectativas posíbeis que nel se puidesen depositar". Máis aló do percorrido biográfico, desenvólvense as facetas do autor no campo da narración, o ensaio, a filoloxía, a historia. Por outra parte, cítanse *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, de Carlos L. Bernárdez, e *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta*, de Henrique Rabuñal.

Cabrera, María Dolores, *Xosé María Álvarez Blázquez. Ourive de libros*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho n.º 22, 2008, 76 pp. (ISBN da Colección completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-518-1/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-085-3). ■

Estrutúrase este breve monográfico en cinco capítulos, ademais dun sexto apartado destinado a bibliografía. O primeiro deles, que leva por título "As 200 carpetas de Don Xosé María", lembra as diversas ocupacións que desempeñou o editor, quen foi poeta e escritor de narrativa; investigador de literatura, historia e arqueoloxía; mestre, e convencido militante galeguista. No segundo capítulo, "A fenda da guerra e a difícil andaina da posguerra", exponse o panorama editorial galego da posguerra, que conta con selos como Nova e Citania, fundados por Luís Seoane na emigración; a colección de poesía Benito Soto, onde se publica *Poemas de ti e de min*, da autoría de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez; a editorial Bibliófilos Gallegos, e a editorial Galaxia, que saca á luz a *Escolma de poesía galega. I* e a *Escolma de poesía galega. II*, ambas compiladas por Álvarez Blázquez. O terceiro capítulo, "Edicións Monterrey", repasa a vida deste primeiro proxecto editorial da figura que se está a tratar, dende a libraría da que nace até as coleccións Leixado do Vento, Beatus Iacobus e Frol e Froito, colección

esta última que conta cos referentes inaugurais da Nova Narrativa Galega *Nasce un árbore* e *Memorias de Tains*, ambos de Gonzalo Rodríguez Mourullo. Á segunda editorial de Álvarez Blázquez está dedicado o cuarto capítulo, "Edicións Castrelos". Trátase dun proxecto cunha vocación máis popular e divulgativa, que acollerá os Cuadernos de Arte Gallego e as coleccións Pombal, Pico Sagro e Mogor. No último capítulo, "Os libriños de O Moucho", analízase esta colección, que Edicións Castrelos idea como unha biblioteca popular galega e que despois pasará a mans de Galaxia. O ensaio remata cun colofón á imitación dos colofóns orixinais da colección que dá conta do día en que se rematou de imprimir e que di "o día 29 de abril de 2008, nas vésperas do Día das Letras Galegas, dedicado hogano a tan insigne facedor de libros".

García Negro, Mª Pilar, *Xosé María Álvarez Blázquez: Claro mencer do tempo…*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Manuais Casahamlet. Teatro, n.º 9, 2008, 45 pp. (ISBN: 978-84-9812-087-5). ◆

Nesta pequena biografía a profesora Mª Pilar García Negro (Lugo, 1953) realiza unha breve achega á vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez coa finalidade de dar a coñecer a súa figura aos estudantes de institutos e a mocidade en xeral. Realiza un percorrido polos momentos máis importantes da vida do polígrafo, salientando a súa vocación de servizo á lingua e á cultura galega, a través de sete "flashes" ou apuntamentos, en correspondencia coas sete décadas que viviu, nos que insire poemas da súa autoría xunto a fragmentos de textos de personalidades e amigos seus que reflicten as impresións sobre Álvarez Blázquez. No primeiro apuntamento achégase á época da infancia salientando a súa afección á lectura, a vocación literaria iniciada co poemario en castelán *Abril* e a adscrición ao galeguismo co ingreso nas Mocidades Galeguistas. No segundo "flash" destaca a súa relación con Alexandre Bóveda, a faceta política a prol de Galicia e o seu "baptismo" oratorio no acto de homenaxe aos mártires de Carral no ano 1934. A seguir ofrece un apuntamento sobre a vida do escritor durante os anos da guerra e o seu exilio a Zamora. No cuarto apuntamento, faise unha achega ao labor cultural nos eidos literario, editorial, arqueolóxico e etnográfico; no quinto céntrase na análise do poemario *Canle segredo* e no sexto no seu labor editorial con Edicións Castrelos. O último apuntamento achégase ao labor cultural e literario na última década até a súa morte en 1985.

Hermida Gulías, Carme, *Xosé María Álvarez Blázquez. Un heroe galego*, ilust. Mauro Trastoy, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2008, 26 pp. (ISBN: 978-84-7824-545-1). ■

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2008, dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, Carme Hermida Gulías presenta a vida do homenaxeado e os seus logros. Comeza a historia relatando a lenda do grego Diomedes que fundou a cidade de Tui despois de participar na guerra de Troia. Nesta cidade naceu Álvarez Blázquez e alí comezou os seus estudos para amplialos posteriormente en Pontevedra; alí coñeceu a persoas moi importantes da Galicia daquel momento. Despois cóntanos o seu exilio por culpa da guerra civil e a posterior renuncia ao seu posto de mestre en Zamora. En 1942 regresa a Tui e alí traballa cos seus familiares nunha telleira. Pasados uns anos volve ao ensino como profesor titular de Formación Humanística no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo. Tamén lembra a autora todas as actividades culturais nas

que se implicou (editoriais, publicacións e colaboración en prensa e radio). O relato remata volvendo á historia de Diomedes, de maneira que relaciona a lenda do soldado grego con Xosé María Álvarez Blázquez. O texto de Carme Hermida está acompañado das ilustracións de Mauro Trastoy (Ferrol, 1971), elaboradas baixo tratamento dixital. As imaxes amosan aos personaxes nun primeiro plano sen expresividade nos ollos. As cores son planas, sen mesturas nin texturas, tan só xoga con diferentes tonalidades. Acompañan ao texto ao longo do relato.

Pérez Pintos, Irene, *Xosé María Álvarez Blázquez. Unidade didáctica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 96 pp. (ISBN: 978-84-9782-785-0).

Irene Pérez Pintos realiza un estudo a modo de unidade didáctica sobre a vida e obra do escritor Xosé María Álvarez Blázquez. Esta unidade didáctica presenta cinco apartados de estudo e unha escolma de textos do escritor. O primeiro capítulo, "A historia de Xosé María Álvarez Blázquez e de todos nos", fai un repaso pola existencia do escritor, centrándose naqueles elementos biográficos particulares, pero tratando ao mesmo tempo os acontecementos históricos máis importantes que viviu. "A historia sociolingüística de Xosé María Álvarez Blázquez" é o titulo da segunda sección da unidade didáctica. Neste bloque trata o emprego do galego na familia do escritor e tamén o uso da lingua galega por parte de Álvarez Blázquez. O terceiro apartado leva o título de "O amor ás letras do ADN" e nel, Irene Pérez, revisa o interese dos devanceiros do escritor polo mundo das letras. Por último, o capítulo cinco, "A obra literaria de Xosé María Álvarez Blázquez", céntrase na produción literaria do escritor, destacando o seu polifacetismo e analizando as características temáticas e de estilo da súa obra. Tamén debemos citar que ao final de cada capítulo da unidade didáctica aparecen actividades de comprensión e repaso. Por último, mostra unha escolma poética, onde aparecen trece poemas de Álvarez Blázquez.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, 5 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, 14 xuño 2008, p. 11.

Nesta sección fixa Blanco Rivas recomenda un grupo de obras ofrecendo breve descritos de cada unha. Neste caso presenta esta obra de Irene Pérez Pintos, *Xosé María Álvarez Blázquez. Unidade didáctica*, xunto a *Cantáteis* , de Chico César; e *Atracción total*, de Carmen Blanco.

Rabuñal, Henrique, *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle segreda*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 227, 87 pp. (ISBN: 978-84-8487-134-7).

Henrique Rabuñal (Pastoriza, Arteixo, 1962) fai un percorrido pola vida e obras do polígrafo tudense Xosé María Álvarez Blázquez ao xeito dunha homenaxe. A viaxe biográfica comeza cun capítulo intitulado "Outro sabio oculto e honesto", que constitúe unha especie de limiar no que Rabuñal explica as razóns que o levaron a estudar a vida de Álvarez Blázquez e que introduce ao lector no mundo que lle tocou vivir. "Un mozo,

escritor e galeguista (1915-1936)" é o título do seguinte capítulo, que traza as liñas basilares polas que decorreu a vida do autor: nacenza e nenez, estudos primarios, organizacións e grupos aos que se afiliou, como por exemplo a Federación de Mocedades ou mesmo o Partido Galeguista, e os primeiros escritos. A seguir, "Os anos 40: desterro e exilio interior", que dá conta dos acontecementos que lle ocorren na época da posguerra: a mudanza de Tui a Vigo, os veráns na casa de Coruxo, o premio López Cuevillas á súa novela *Mauro el barquero* (1960)... O seguinte epígrafe, " O proxecto Monterrey: a edición exquisita", trata das publicacións que a Editorial Monterrey leva a cabo dalgúns dos libros do noso autor, como o Limiar ás súas *Poesías galegas. N. Pastor Díaz* (1951), e da competencia que xorde coa editorial Galaxia, estabelecida por Álvarez Blázquez coa axuda de seu irmán Emilio. En "O poeta" analízase a súa actividade editorial poética grafada en galego, centrada nos anos 1949 e 1954 e cítanse exemplos dalgúns deses poemas, como "Otero Pedrayo, home", "Padre mío", "Mal estrano" ou "A democracia". O seguinte apartado, "Do laborar arreo", xira ao redor das publicacións e premios aconseguidos polo escritor, que actúan como recompensa ao esforzo dedicado á escritura. En "Castrelos: libros para o pobo" dá conta das Edicións Castrelos, fundada polo noso autor e seus irmáns en 1964 e ofrécese a listaxe completa dunha das colecções alí publicadas, "O Moucho". "A pega rabilonga"; con este título iníciase o seguinte apartado, no que se comenta o seu libro de narrativa *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* e se citan varios parágrafos dun dos contos incluídos no volume, "A esmeralda", dedicado a Luís Bouza Brey. O seguinte capítulo, intitulado "1975-1985: un decenio de transición democrática" aborda os sucesos ocorridos a Álvarez Blázquez nesa década, como o seu nomeamento como Cronista Oficial de Vigo. O último capítulo, "Presenza de Xosé María Álvarez Blázquez: 1985-2008", recolle as publicacións do noso escritor nese período. Remata o volume cun índice das obras de Xosé María Álvarez Blázquez citadas no volume seguido polo índice dos diversos capítulos que o compoñen. O volume inclúe tamén fotografías que ilustran a vida do escritor, cedidas por Celso Álvarez Cáccamo.

Recensións:

- Lucía Seoane, "Canles de nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Libros", 17 abril 2008, p. IV.

Primeiramente coméntase brevemente a traxectoria do autor, con libros como *Epistolario en catro tempos* (1985) ou *Rafael Dieste: a franqueza e o misterio* (1995), para seguidamente facer unha descrición do contido do presente libro, que comeza cun percorrido biográfico de Álvarez Blázquez polos seus anos de mocidade, cando fundou a revista *Cristal* e entra a formar parte das mocidades galeguista. Sinálase que no trinta e seis entra a formar parte do Partido Galeguista e que ese mesmo ano asasinan a seu pai. Engádese que tamén trata a súa andaina como editor, poeta e narrador.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, 27 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, 5 abril 2008, p. 11.

Nesta sección fixa Blanco Rivas recomenda un grupo de obras ofrecendo breve descritos de cada unha. Neste caso presenta esta obra de Henrique Rabuñal, *Xosé María*

Álvarez Blázquez, xuntos ás de Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*; e de Antón Dobao, *Incertos*.

- Ramón Nicolás, "Tres biografías para Xosé María Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", 26 abril 2008, p. 13.

Artigo no que se comentan brevemente tres libros recentes sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas. Entre estas obras aparece esta de Henrique Rabuñal, *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta¸* un percorrido a través da cultura galega ao longo do século XX, con exhaustivas referencias bibliográficas sobre o autor cun afán sintético e divulgativo. Tamén se refire a *Xosé María Álvarez Blázquez*, un estudio de Darío Xohán Cabana, e a *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, de Carlos L. Bernárdez.

Tarrío, Anxo (coord.), *Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas 2008*, ilust. Berta Álvarez Cáccamo, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9887-004-6). ◆

Volume co que o Departamento de Galego, anualmente, homenaxea ao escritor ou escritora que a Real Academia Galega para se deter na súa obra o Día das Letras Galegas. O volume comeza cunha introdución do coordinador:

- Anxo Tarrío Varela, "Presentación", pp. 7-9.

Explícase a posta en marcha de diferentes proxectos editoriais sobre a figura de Xosé María Álvarez Blázquez con motivo do Día das Letras Galegas do 2008. Fai un breve resumo dos artigo dos que consta o volume nos que se destaca o carácter multidisciplinar do autor que cultivou a creación literaria, a edición, a arqueoloxía e a investigación humanística.

A ela séguenlle os traballos de:

- Xosé Luís Couceiro, "A miña escolma", pp. 13-45.

Coméntanse dúas antoloxías de poesía medieval confeccionadas por Xosé María Álvarez Blázquez para a editorial Galaxia (1952) e Edicións Castrelos (1975). Explícase como o autor realizou a escolma e estúdanse os poemas que compoñen os volumes.

- Ramón Mariño Paz, "Dous vilancicos de Galegos cantados en Madrid e en Galicia no século XVII" pp. 47-58.

Analízanse os estudos que Xosé María Álvarez Blázquez realizou sobre os cantos de Nadal, Ano Novo e Reis, entre os que se atopan unha serie de vilancicos de personaxes galegos con moita expansión na Península nos séculos XVII e XVIII. Co motivo de homenaxear a figura do autor transcríbense dúas panxoliñas cantadas fóra de Galicia no século XVII: unha en Madrid no ano 1676 e outra en Sevilla no ano 1700.

- José Luis Forneiro, "Xosé María Álvarez Blázquez, estudioso da poesía narrativa popular na Galiza", pp. 59-82.

Despois de se referir ao cultivo e estudo por parte de Xosé María Álvarez Blázquez da literatura popular dos séculos XVI-XVIII, salienta a dedicación ao romanceiro. Dise que realizou numerosos estudos sobre esta temática en forma de libros, discursos ou artigos: *Cantares e romances vellos prosificados*, "O romance da *Silviña* en Galiza e Portugal", "Literatura popular en torno a Pardo de Cela" e *O libro da caza recollido polo pobo*. Faise un breve resumo das teses aparecidas nestes traballos.

- María Jesús Nogueira Pereira, "*Branca cantiga de pedras*. Achegamento á poesía de Xosé María Álvarez Blázquez", pp. 83-106.

Tras xustificar a inclusión de Xosé María Álvarez Blázquez na Xeración de 1936, coméntase que cultivou unha temática moi variada nas súas obras poéticas que divide seguindo as temáticas, as correntes e o tipo de publicación: o paisaxismo e a natureza, a inspiración popular, as resonancias trobadorescas e a poesía apócrifa, o intimismo, a poesía social, a poesía infantil e outros camiños poéticos. Saliéntase que estas diferentes temas atópanse nos seus distintos poemarios: *Roseira do teu mencer*, *Cancioneiro de Monfero*, *Canle Segredo* e *Poesía Galega*.

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Xosé María Álvarez Blázquez nos inicios da literatura infantil e xuvenil galega", pp. 107-123.

Explícase como a obra *Roseira do teu mencer* (1949-1950), de Xosé María Álvarez Blázquez, é unha obra precursora da literatura infantil e xuvenil da época, na que case non existían mostras deste tipo de literatura a causa da non existencia dun público novo lector de galego. Coméntase que dita obra foi escrita con motivo do nacemento da primeira filla do autor, á que chamaban familiarmente Colorín. Analízanse a seguir as reedicións deste poemario, entre as que se atopa *O que ben che quer*, na que aparecen poemas inéditos da serie dedicada a Colorín. Argumenta que estas composicións atópanse na liña de "poesía é maxia, xogo, conto e música" que cultivaban en castelán Gloria Fuertes e Pura Vázquez e na que se mesturan, polo tanto, as cantigas de berce coas rimas dos primeiros xogos, burlas, adiviñas, refráns e a lírica popular, entre outros. En canto á temática, saliéntanse os temas relacionados coa vida cotiá dos máis novos da casa: o pranto, o medo, aprender a andar.

- Xosé Manuel Dasilva, "A censura franquista e Xosé María Álvarez Blázquez", pp. 125-158.

Descríbese a situación que sufriu Galicia por mor da censura, centrándose na figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Para este traballo, dise que se consultaron en arquivos estatais e as distintas fichas que se realizaron sobre as obras do autor de Tui. Saliéntase como a maioría dos textos do autor están escritos en castelán para pasar a censura. Coméntase que non ocorreu así no seu labor como editor, xa que algunha obra publicada por el foi prohibida ou tivéronse que eliminar algunhas pasaxes, tal é o caso de textos de Celso Emilio Ferreiro.

- Marta Neira Rodríguez, "Unha achega bibliográfica á recepción de obra de Xosé María Álvarez Blázquez" pp. 161-190.

Preséntase este traballo como unha primeira aproximación que pretende ser o xermolo dunha futura bibliografía realizada sobre Xosé María Álvarez Blázquez. Está organizada en obras xerais; monografías; publicacións do autor con peritextos de reflexión; antoloxías, escolmas e seleccións; e recepción de Xosé María Álvarez Blázquez nas publicacións periódicas.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Últimos ecos das letras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Letras en galego", 31 maio 2008, p. 6.

Coméntanse tres novidades bibliográficas sobre o homenaxeado no Día das Letras do 2008. Ao lado de *Xosé María Álvarez Blázquez. Unha fotobiografía*, realizada por Alfonso Álvarez Cáccamo, d'*A cidade e os días. Calendario histórico de Vigo*, descríbese esta obra publicada pola Universidade de Santiago e coordinada por Anxo Tarrío, *Día das Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez*, que conta con ilustracións de Berta Álvarez Cáccamo. O monográfico reúne un feixe de artigos centrados en diversos aspectos do autor. Entre eles inclúese unha valoración científica das súas achegas á literatura infanto-xuvenil e á poesía, da autoría de Blanca-Ana Roig e María Xesús Nogueira.

VV.AA., *A palabra e os días. Homenaxe a Xosé Mª Álvarez Blázquez. Grial. Cadernos Letras Galegas 2008*, Vigo: Editorial Galaxia, 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-9865-0).

Nesta homenaxe ademais dos traballos que se describen a seguir reprodúcese o inédito "A mensaxe secreta dos nomes" (pp. 27-43) escrita entre 1980-1981 polo homenaxeado que se inicia cunhas "Notas para o prólogo" nas que fala da xénese do texto, unha noite de vixilia ao mencer cando o sono non quería aparecer, inspirado polo poeta Federico García Lorca. Tamén fala sobre a orixe, significado e finalidade dos alcumes e sobrenomes con connotacións histórico-sentimentais. A seguir en orde alfabética, preséntase os nomes dos personaxes e o seu anagrama co significado secreto e con explicacións biográficas ou datos anecdóticos. Os artigos que se inclúen corresponden a:

- Francisco Fernández del Riego. "Diálogos coas nosas lembranzas", pp. 5-7.

Rememórase diversos momentos na compaña do seu amigo Xosé María Álvarez Blázquez como un paseo pola cidade de Vigo, a viaxe a Santiago de Compostela con motivo do enterro do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, acompañados por Alvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro, a visita ao monte da Guía ou as "tertulias" na praia de Coruxo, salientando a faceta poética do escritor con obras como *Roseira do teu mencer*, *Cancioneiro de Monfero*, *Canle segredo* ou *Escolma de poesía galega*. Finalmente destaca o labor editorial coa fundación das editorias Monterrey e Castrelos nas que espallou a literatura popular autóctona a través da colección "O Moucho".

- Carlos L. Bernárdez, "Notas para unha biografía. Creación e compromiso ético", pp. 9-21.

Faise un percorrido pola vida deste escritor, pertencente á Xeración do 36, dende o seu nacemento en Tui no ano 1915 até o seu pasamento na cidade de Vigo no ano 1985, acompañado de fotografías, describindo os antecedentes familiares, a súa infancia reflectida nos poemarios e as súas achegas poéticas. Dise que Xosé María Álvarez Blázquez comezou a publicar coa corta idade de quince anos, estudou maxisterio en Pontevedra e fíxose membro da Federación de Mocedades Galeguistas (organización xuvenil Partido Galeguista). En 1932 Xosé María Álvarez Blázquez publicou o seu primeiro libro de versos intitulado *Abril* e foi co-fundador da revista pontevedresa *Cristal* xunto co poeta Xoán Vidal Martínez, coa finalidade de renovar a poesía galega, revista que o meteu de cheo no mundo literario galego. Saliéntase que a perda do seu pai na Guerra Civil, supuxo un golpe moi duro para Xosé María Álvarez Blázquez, mestre polo de entonces, que sufriu suspensión de emprego durante seis meses fóra da terra galega, en Zamora. De novo en Galicia pasou a meirande parte da súa vida na cidade de Vigo e retomou a súa actividade intelectual na que consolidou a súa obra literaria poética coa pegada do imaxinismo e o neotrobadorismo, empregando a tradición cultural propia popular e técnicas cultas evolucionando cara o intimismo e a preocupación social como se pode apreciar nos poemarios en galego *Poemas de ti e de min* (1949), *Cancioeiro de Monfero* (1953), *Roseira do teu mencer* (1950) e *Canle segredo* (1953), libro gañador do premio Eduardo Pondal do Centro Galego de Bos Aires que permanecerá inédito até 1976, e en castelán *Sonetos del alba insomne* (1955-1960), publicados postumamente en 1995. Tamén comenta a obra narrativa en castelán e em galego, na que salienta *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971), principal achega á narrativa de ficción. Finalmente detense noutras duas facetas do escritor: a de investigador no térreo da lírica medieval, da literatura dos Séculos Escuros e da literatura popular, a arqueoloxía e a historia da cidade de Vigo; e a edición en língua galega coa fundación de Editorial Monterrey en 1950 e a súa continuidade coa Editorial Castrelos, así como a súa incorporación á Real Academia Galega en 1962 co seu discurso de ingreso "Cantares e romances vellos prosificados".

- Gonzalo Navaza, "Anagramática. Unha aventura estética", pp. 23-26.

Presenta un autógrafo inédito de Xosé María Álvarez Blázquez intitulado "A mensaxe secreta dos nomes" no que amosa a súa afección ás exploracións secretas e no que xoga cos nomes nun intento de busca de significados ocultos. Primeiramente faise unha descrición física do inédito e da súa contextualización na obra do escritor, conectando con outros proxectos seus nos que se ocupou dos nomes como o intitulado *Os nomes da terra*, firmado baixo o pseudónimo de Celso de Baión, obra na que se ocupou da literatura oral popular suscitada pola toponimia. Por outra banda, o inédito é considerado "literatura culta que explora as virtualidades literarias da antroponímia" mediante o procedemento combinatorio de letras cunha dimensión lúdica pero tamén com afán de exploración das capacidades significativas da linguaxe, empregando as regras do xogo do anagrama. A seguir ofrécese un pequeno estudo da historia e o sentido do anagrama e da súa tradición dende o uso nos textos sagrados até o uso por escritores como Rabelais ou Lope de Vega para a construción de pseudónimos. Finalmente salienta a Xosé María Álvarez Blázquez como inaugurador da literatura anagramática galega mediante o uso do poema rimado ou a glosa erudita, digresión ou apostila para a combinación.

- Mª Dolores Cabrera, "Ourive de libros", pp. 45-59.

Destácase a faceta vocacional editora de Xosé María Álvarez Blázquez na que se estudia a relación de obras e títulos agrupados en coleccións xunto a nómina de escritores e colaboradores primeiro, xunto con Luís Viñas Cortegoso, na editorial viguesa Edicións Monterrey e despois con Edicións Castrelos. Dise que Edicións Monterrey, fundada no ano 1950, estaba dedicada a publicar obras de bibliófilo coas coleccións selectas e cultas "Leixado do Vento" e "Beatus Iacobus", combinada con outra liña máis popular en "Frol e Froito". Descríbense os volumes das dúas coleccións. Saliéntase o feitío dos exemplares dende o punto de vista formal que se reflicte na calidade do papel, as tintas, o formato, as cubertas, as tiraxes, as ilustracións dos gravados e debuxos e os colofóns. Da súa segunda empresa editorial, Edicións Castrelos, saliéntase a súa vocación popular e divulgativa con dúas etapas cronolóxicas. Descríbense as diferentes coleccións como os "Cuadernos de Arte Gallego", dedicados a difundir as distintas manifestacións artísticas; e as que compoñen a segunda etapa monolingüe con máis acollida coas coleccións "Pombal", "O Moucho", "Pico Sacro" e "Mogor". De cada unha delas, ofrécese unha descrición formal dos títulos. Salienta finalmente a colección "O Moucho" coa que conseguiu a popularización do libro galego pola elección da literatura popular, de temas, autores e colaboradores baseada na sinxeleza, brevidade e amenidade dos títulos. Tamén se describe físicamente a colección destacando o coprotagonismo da ilustración da cuberta co labrego de Bofill e o sistema de venda e distribución reflectida nas numerosas edicións dalgúns dos títulos, como foi o caso do *Catecismo do labrego*, e os exemplares editados.

- Darío Xohán Cabana, "A poesía galega de Xosé María Álvarez Blázquez", pp. 61-73.

Afonda na traxectoria poética en galego de Xosé María Álvarez Blázquez, achegando datos persoais da súa biografía que explican a súa produción e novos datos da edición ampliada do ano 2007 da *Poesía Galega Completa*. Distingue tres xeiras: unha primeira que comeza co poema en lingua galega "O merlo poeta" e continúa coa publicación de *Abril (Poesía 1929-1932)*, poemario con influencia de Juan Bautista Andrade ou Luís Amado Carballo. Dise que é unha etapa de formación da técnica e métrica con autocrítica e que tamén pertencen a esta etapa a maioría dos *Poemas de ti e de min* (1949). Entre 1934-1948 foi poeta ocasionalmente debido á necesidade económica e á motivación utilitaria como novelista. A segunda xeira deste poeta, época de madurez, que abrangue dende 1949 até finais de 1953, contén o xenial *Cancioneiro de Monfero* (1953), *Roseira do teu mencer*, *Canle Segredo* e *Sonetos del alba insomne*. Faise unha breve análise dos poemarios, estudando a súa xénese, circunstancias de composición e contido, así como a datación dos poemas. Na terceira e última parte da formación poética de Álvarez Blázquez exerce de poeta de xeito ocasional con poemas de extraordinario valor. Coméntase que o ano 1966 e 1984 no que escribe en castelán *Versos para mi sosiego*. Encádrase a figura deste escritor na Xeración de 1936. Finalmente faise unha valoración persoal dos poemarios salientando as súas características máis importantes como a pegada imaxinista en *Poemas de ti e de min*, o popularismo de *Roseira do teu mencer*, a tendencia neotrobadoresca en *Cancioeiro de Monfero* ou a súa poesía última na que se destaca a pericia técnica, a madurez dos versos brancos e hendecasílabos e nomea os tres poemas que considera máis fermosos: "Aló embaixo, onde agora", "Solpor" e "Que foi dos teus amores, vella codia". Finalmente reivindica a figura de Xosé María Álvarez Blázquez como poeta pola súa depurada obra, esquecida ou infravalorada nas historias da literatura e pola crítica que forma o canon.

- Manuel Forcadela, “A narrativa galega de Xosé María Álvarez Blázquez”, pp. 75-81.

Analiza a produción narrativa de Xosé María Álvarez Blázquez que abrangue dende títulos en galego, reservado para a narrativa breve, e a producción en castelán de novela con títulos como *Os ruíns* (1936), *El crimen de la isla Verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (1944), *O afillado* (1947), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955), *Crecen las aguas* (1956), e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971), nas que salienta o contraste de linguas e xéneros debido a estratexias discursivas diferentes, á proxección persoal e á innegábel vocación literaria. Di que se inicia como narrador c’*Os ruíns* influído pola Xeración Nós coa idea da construción da tradición literaria galega sen esquecer a narrativa oral pero na procura da modernización e que entronca con *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, e con *De catro a catro* á hora de crear un modelo de ficción literaria con mensaxe ética. Das obras narrativas analízanse os prototipos personaxes, a maneira de narrar e o argumento dos relatos d’*Os ruíns* salientando o distanciamento irónico, a singularidade temática e conceptual, a presenza do absurdo, o ambiente urbano, trazos todos eles que anticipan a Nova Narrativa Galega e o coidado estilístico con concesión ao poético. É polo tanto unha ponte de contacto con autores da súa xeración botando mán de recursos que apostan pola literatura moderna que se continúa co relato “O afillado”, publicado en 1947 no volume *Pontevedra, boa vila*, de A. Portela Paz, vinculado á narrativa existencialista *d’A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. A segunda obra narrativa en galego, *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, está situada no realismo máxico cun desprazamento espazo-temporal cara a Galicia esencialista e antiga coa aparición de acontecementos misteriosos e enigmáticos. Resúmese o argumento dos relatos deste volume, centrándose no espazo, personaxes, temas, técnicas narrativas empregadas, o tempo, o leit-motiv común do tesouro (fío condutor dos relatos), o modo de enunciación, a presenza do animal intelixente ou o recurso ao conto contado. Finalmente alúdese aos receptores explícitos e ás dedicatorias e conclúese coa significativa achega de Xosé María Álvarez Blázquez á tradición narrativa en lingua galega.

- X. L. Franco Grande, “Perfil, en proximidade, de Xosé María Álvarez Blázquez”, pp. 83-91.

Tras facer un breve achegamento á vida literaria e social cos parladoiros no Café Derby en Vigo, saliéntase a forxa dunha amizade con Xosé María Álvarez Blázquez, dende que Franco Grande entrou na procura dun libro na librería de Álvarez Blázquez. Así conta a impresión que tivo do intelectual e os posteriores encontros nos que se compartían un respeto e sentimento de ser membros dunha mesma comunidade galega e con ideas, aspiracións e actitudes cara o país moi semellantes. Fálase da persoa de Xosé María Álvarez Blázquez non só como escritor senón tamén como amigo, como persoa, como intelectual e como galeguista defensor do pobo e da lingua galega. Saliéntase a publicación en 1953 da antoloxía de poesía medieval galaico-portuguesa para o coñecemento dos fitos máis sobranceiros da nosa cultura, ao igual co segundo volume dedicado aos Séculos Escuros. Dise que o escritor ocupouse da erudición especializada máis tamén da literatura popular e foi cronista da cidade de Vigo coa súa achega ao volume colectivo sobre a historia de Vigo en 1979 cos cadros históricos da vida viguesa na Idade Media, a evolución de Vigo no século XIX e a prensa periódica nese período. Por outra banda di que os seus estudos arqueolóxicos tamén se achegaron á historia de Galicia. Apunta como caracterísitcas do escritor a súa curiosidade infinita por saber e o

sentido do humor que o levaron á erudita brincadeira de *Cancioeiro de Monfero*, á cofundación de Ediciones Monterrey e á organización das conversas organizadas en 1976 no Vicerrectorado de Investigación da USC. Finalmente salienta a figura do erudito como referente dun mellor coñecemento do país e de nós mesmos nesta "Galicia presentida".

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Álvarez Feáns, Aloia, "Radiografía dunha ausencia", *Tempos Novos*, n.º 132, "Entreculturas", "Letras Galegas 2008", maio 2008, pp. 74-77.

Faise un percorrido pola vida de Xosé María Álvarez Blázquez, como homenaxe póstuma ao autor. Refírese en primeiro lugar a algún dos actos que tiveron lugar o próximo 17 de maio en Vigo. Coméntase tamén que comezou a escribir de neno, entre os dez e os once anos, e aos dezaseis anos publicou o seu primeiro libro de poemas en galego. Ademais indícase que foi "comisario de escavacións arqueolóxicas de Vigo, cronista da mesma cidade, membro numerario da Real Academia Galega" e compositor de obra de calquera xénero.

Atenea, "Xosé María Álvarez Blázquez será o novo homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008", *Atenea*, n.º 30, "Xentes", xaneiro, febreiro, marzo 2008, p. 9.

Co gallo das Letras Galegas 2008, fálase do intelectual galeguista, Xosé María Álvarez Blázquez. Faise un repaso á súa traxectoria como escritor, sinalándose que conseguiu diversos premios tanto en narrativa coma en poesía, aínda que se comenta que non foron eses os únicos xéneros que cultivou pois foi tamén autor teatral. Destácase "o seu compromiso con Galicia" fundando en 1950 Edicións Monterrey, a primeira editora en lingua galega. Fálase tamén do seu interese pola arqueoloxía, plasmado en descubrimentos como lendas sepulcrais da época romana en Vigo, industrias paleolíticas do Baixo Miño e as gándaras de Budiño. Finalmente, coméntase a súa relación cos medios de comunicación e a súa pertenza a Real Academia Galega como membro numerario.

Cabana, Darío Xohán, "Xosé María Álvarez Blázquez, editor revolucionario", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Cuestións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 33-47.

Reprodúcese o texto da conferencia pronunciada por Darío Xohán Cabana no Congreso Álvarez Blázquez, celebrado en Tui entre o 11 e o 13 de decembro de 2008, organizado pola Real Academia Galega, a Xunta de Galicia e o Concello de Tui. Comeza sinalando que aínda correndo o risco de repetirse, quere salientar unha vez máis o importante labor como editor deste intelectual, especialmente a través de Edicións Castrelos. Evoca en primeiro lugar a inquietude que dende moi novo manifestou Xosé María pola edición, terreo no que dende 1935 acariñou un gran proxecto dunha biblioteca clásica galega como aínda hoxe non existe. Salienta tamén desta faceta o seu monolingüismo, malia que como creador era bilingüe, unha cuestión que considera lóxica pola súa concepción de que como editor era "executor dunha necesidade pública, dunha vontade nacional". A seguir expón tamén o proxecto que o intelectual esbozou durante o ano 1938 coa esperanza de que a República se instaurase de novo tras a guerra civil, no que se levaría a cabo unha exhaustiva historia de literatura galega en trinta e oito capítulos. Fai un breve percorrido pola situación da edición en Galicia antes da guerra civil, na que chama a atención sobre a súa febleza e modestia, que se reflicte no número de exemplares editados e vendidos. Despois lembra cómo se foi reconstruíndo o sistema

editorial galego durante os primeiros anos cincuenta e en catro puntos sinala algunhas das características do labor de Álvarez Blázquez, director da editora máis activa, Monterrey, xunto con Galaxia. A seguir repasa a situación durante a década dos sesenta, na que a lingua galega acada visibilidade en diferentes planos sociais, que coincide coa creación de dúas colecciónes en Castrelos, "O Moucho" e "Pombal", das que describe polo miúdo as súas entregas e evolución, pois repasa os títulos máis emblemáticos de cada unha delas e os autores que deron a coñecer, así como as tiraxes das edicións, que significaron para "a cultura galega escrita un cambio enorme, o esnaquizamento do gueto en que até daquela estivera recluída". Destaca a innovación introducida no mercado, eliminando a venda por subscrición e multiplicando os puntos de venda en toda Galicia. Remata pedindo estudos rigorosos sobre a edición en Galicia, posto que é necesario saber máis sobre os grandes catro editores que houbo en Galicia dende o Primeiro Rexurdimento até a morte de Franco: Manuel Soto Freire, Andrés Martínez Salazar, Ánxel Casal e Xosé María Álvarez Blázquez.

Canal Covelo, María Asunción, "Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 11, 2008, pp. 129-131.

Breve repaso biobibliográfico á traxectoria de Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008. Lémbranse feitos como a publicación do seu primeiro libro de poemas en castelán, *Abril* (1932), cando cantaba con a penas quince anos, a súa pertenza ás Mocedades Galeguistas, o ingreso no Partido Galeguista, o desterro en terras de Zamora despois do estalido da guerra civil e as súas novelas publicadas durante a década dos anos corenta e cincuenta, todas elas en castelán. Tamén se comenta que fundou a libraría anticuaria Monterrey, labor que compaxina coa de Comisario de Excavacións Arqueolóxicas de Vigo. Da súa obra en lingua galega sinala que comezou con *Roseira do teu mencer* (1950), seguida pola *Escolma de poesía galega I: Escola medieval galego-portuguesa* (1952), o *Cancioneiro de Monfero (século XIII)* (1953), *Romance do pescador peleriño* (1954) e *Canle segredo*, obra que mereceu o premio Eduardo Pondal do Centro Galego de Bos Aires, entre outras. Remata co repaso das demais obras do autor e dos recoñecementos que nos últimos anos da súa vida lle chegaron pola súa dilatada traxectoria tanto como creador como difusor cultural, especialmente como editor.

González Pérez, Clodio, "A' Galería de Gallegos Ilustres' de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Festa das letras", primavera 2008, pp. 21-22.

Coméntase o volume *Galería de Gallegos Ilustres* (1956), de Xosé María Álvarez Blázquez coa colaboración do seu irmán Emilio, publicado en Edicións Monterrey. Dise que saíu do prelo nunha época de escaseza de libros na que primaban as biografías e enciclopedias que seguían as directrices ideolóxicas e metodolóxicas do Ministerio de Educación e que enaltecían os valores "españois". Sinálase que neste ambiente esta obra pretendía contrarrestar esa influencia española coas biografías de galegos sobresaíntes nos eidos da literatura, historia, ou ciencia. Saliéntase que se trata dun proxecto que pretendía continuar e que o seu espallamento foi mínimo, así como que contiña un limiar do que se presenta a súa tradución ao galego. Explícase que nel os autores amosaban a súa pretensión de presentar uns vinte e cinco esbozos biográficos "brillante

exemplario de pretéritas glorias rexionais", acompañados de gravados, entre os que se salientan Emilia Pardo Bazán, Martín Sarmiento, Manuel Murguía, Rosalía de Castro ou Ramón María del Valle-Inclán, as que se quería espertar nos nenos a curiosidade polo noso pasado. Por último destácase que a obra viña abrir un baleiro sobre figuras galegas, tan só tratadas por Francisco Lanza Álvarez en *Dos mil nombres gallegos*, editado en Bos Aires en 1953.

González Pérez, Clodio, "Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)", *Raigame*, n. º 28, "Letras galegas 2008", maio 2008, pp. 98-117.

Faise un percorrido biográfico de Xosé María Álvarez Blázquez, polo que se fala da súa nenez e mocidade en Tui e Pontevedra, dos seus estudos, das súas primeiras achegas literarias na revista *Cristal*, da súa amizade con Alexandre Bóveda ou das súas primeiras escavacións arqueolóxicas. A seguir, coméntase a traxedia da guerra civil que lle supuxo a perda de seres queridos e o desterro a Zamora. Dise que nos seus anos de plenitude en Vigo xorden a súa produción narrativa e as súas empresas editoriais (Almoeda Monterrey e Edicións Monterrey) ademais de dedicarse á investigación da literatura medieval galaico-portuguesa, publicar o *Cancioeiro de Monfero* e outros poemarios (*Roseira do teu mencer*, *Poemas de ti e de min* e *Canle segredo*) e interesarse pola historia de Vigo. Coméntase que a partir de 1964, ao fundar Edicións Castrelos, publica varias compilacións de literatura popular e faise unha relación dos títulos. Dáse conta do seu labor de editor, presentando unha relación de autores ourensáns publicados nas súas editoriais entre 1950 e 1983 por orde alfabética coa mención dos títulos das obras. Por último, saliéntase a importancia do labor de Xosé María e os recoñecementos e premios que obtivo.

Gabriel, Narciso de, "Xosé María Álvarez Blázquez. Diario escolar dun mestre republicano", *Revista Galega do Ensino Eduga*, "A Nosa Escola", n.º 53, maio-agosto 2008, pp. 54-59.

Comeza repasando a vida académica de Xosé María Álvarez Blázquez dende a escola primaria até que comezou a traballar como mestre de escola e os problemas que lle causou ser "galleguista afiliado a la Juventud Galleguista" e facer "propaganda pro Estatuto". A continuación fala do diario que Blázquez escribiu durante a súa etapa de mestre, entre novembro de 1934 e xullo de 1935. Gabriel di que no diario hai unha anotación por día de clase, e nel detállase tamén cómo se distribuía o horario lectivo e o material pedagóxico empregado, coma o libro *Enciclopedia Ciclo-pedagógica Grado Medio*, de José Dalmau Carlés.

Grial, "Catro inéditos. Ramón Piñeiro", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "Documentos", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 91-93.

Preséntanse catro textos inéditos de Ramón Piñeiro, como anticipo das Letras Galegas 2009, dedicadas á figura do que foi director da revista *Grial*. O primeiro deles ten data de 1934 e trátase dunha intervención do autor no Mitin das Arengas na Praza da Quintana mediante a cal transmite a esperanza dos mozos labregos de Lugo nun futuro mellor e leva o título de "Intervención no "Mitin das Arengas" da Praza da Quintana".

O segundo, que ten por título "O novo bretonismo literario", dátase en 1960 e versa sobre a necesidade de que a literatura e cultura galega beba de si mesma, da súa tradición popular e non do mimetismo con outras culturas como a bretona. No terceiro, coa mesma data do anterior e co título "O diálogo", o autor reflexiona sobre a importancia das relacións entre os seres humanos, baseadas sobre todo na amizade, para chegar a ter conciencia dun mesmo e ao tempo da importancia da linguaxe como medio de comunicación que materializa esas relacións. O último dos artigos, "Realidade Galega" trata sobre a posibilidade da materialización da reforma do Estatuto de Autonomía para Galicia, e organizar unha corrente autonomista seria que resolvese os atrancos e problemas de Galicia. Acompañan estes escritos dúas imaxes que reproducen parte destes escritos manuscritos polo propio autor e un retrato feito por Carlos Maside en 1955.

Montero Santalha, José-Martinho, "Especial José María Álvarez Blázquez (Dia das Letras Galegas 2008) (2.ª parte)", *Agália*, n.º 93-94, 1.º semestre 2008, pp. 5-14.

O presente artigo é a segunda parte do "Especial Xosé María Álvarez Blázquez", cuxa primeira parte se publicara no n.º 91-91, 2.º semestre de 2007, na revista *Agália*. Agora o que se fai é analizar e reproducir a correspondencia postal que durante vinte anos mantiveron Manuel Rodrigues Lapa e mais Xosé María Álvarez Blázquez. En total reprodúcense corenta cartas ou postais, a primeira datada o 20 de setembro de 1951 e a última o 17 de xaneiro de 1970, das que se analiza o seu contido.

Neira Vilas, Xosé, "Lembranza persoal de Xosé María Álvarez Blázquez ", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "Documentos", abril, maio, xuño 2008, pp. 65-69.

Artigo no que Neira Vilas recorda a súa relación co homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008, a quen coñeceu a través da súa libraría anticuaria Monterrey. Neira Vilas mesmo comprou para a súa editorial, Follas Novas, libros da autoría do escritor tudense, como *Roseira do teu mencer* ou o *Cancioneiro de Monfero*. Define a Álvarez Blázquez como "un humanista e un militante da causa de Galicia", ademais dunha persoa polifacética, que cultivou o ensaio, a poesía, a narración, o ensaio... Para completar o artigo inclúense tres cartas da correspondencia que ambos autores mantiveron, as tres dos anos setenta.

Xanela, A, "Xosé María Álvarez Blázquez. '¡Había tanto que facer!", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Festa das letras", primavera 2008, p. 17.

Saliéntase a figura de Xosé María Álvarez Blázquez pola súa achega á cultura galega, especialmente polo seu labor editor con Edicións Monterrey e Castrelos. A seguir, ofrécese unha cronoloxía que recolle os acontecementos máis salientábeis da súa vida e obra, extraídos de *Xosé María Álvarez Blázquez*, de Alfonso Álvarez Cáccamo.

Xanela, A, "Xosé María Álvarez Blázquez", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Festa das letras", primavera 2008, pp. 18-20.

Acóllense os poemas “O merlo poeta”, “Romance do afiador”, “Os importantes” e “A cometa” xunto a unha fotografía do escritor, unha caricatura realizada por Tuñas en 1934 e algunhas das portadas das súas obras. Por último, reprodúcese o poema autógrafo intitulado “Solpor”, escrito en 1982.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

A D, "Unha figura polifacética e humana", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Activista cultural/A súa curiosidade ilimitada", 17 maio 2008, p. 40.

Expón as diferentes facetas do traballo de Xosé María Álvarez Blázquez. Destaca a de fundador das editoriais Monterrey e Castrelos, ademais da de narrador, cunha obra que consta de cinco relatos, e da de poeta, cunha obra breve pero que contén algúns dos versos máis fermosos escritos en lingua galega. Tamén salienta a súa contribución á conformación do canon literario galego como divulgador e descubridor de textos, así como o seu labor arqueolóxico. Non obstante, o seu fillo Celso sinala que foi, sobre todo, un pedagogo, herdeiro do ensino da República.

A D, "Poeta e narrador", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "O valor das palabras", 17 maio 2008, p. 41.

Repasa a obra poética e narrativa de Xosé María Álvarez Blázquez. Sinala que dentro da primeira se insiren os libros *Poemas de ti e de min*, belo tributo ao popularismo, imaxinismo e neotrobadorismo; *Roseira do teu mencer*, libro conmovedor que canta a emoción gozosa da paternidade; e *Canle segredo*, sinal dun cambio de rumbo da poesía galega. Tamén destaca un bo número de poemas soltos e o célebre engano que causou o seu *Cancioneiro de Monfero*. Por último, apunta que a súa obra narrativa en galego se compón dos conxuntos de relatos *Os ruíns* e *A pega rabilonga*, se ben tamén traduciu ao galego algunhas das súas novelas en castelán.

A D, "Sacou a literatura galega á rúa", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Editor", "Os primeiros retos", 17 maio 2008, p. 42.

Amosa os proxectos que Xosé María Álvarez Blázquez levou a cabo como editor. Sinala que o primeiro deles é a Editorial Monterrey, que foi fundada en 1950 xunto con Luís Viñas Cortegoso e amparou o nacemento da Nova Narrativa Galega. A seguir, explica que o segundo corresponde a Edicións Castrelos, proxecto que logrou, a partir de 1967, coas colecciónns "O Moucho" e "Pombal", unha auténtica conquista da rúa e das masas. Así mesmo, indica que este último proxecto tamén acolleu as colecciónns "Pico Sagro" e "Mogor".

A D, "Editor, poeta e galeguista", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Cronoloxía", "A súa vida a través dos anos", 17 maio 2008, p. 43.

Ofrece unha cronoloxía da biografía de Xosé María Álvarez Blázquez, nado en Tui o 4 de febreiro de 1915. Comenta que nos inicios dos anos trinta se trasladou a Pontevedra para estudar Maxisterio, e, cara á mediados da década, comezou a exercer a docencia na Guarda, até que foi desterrado a Coreses (Zamora). Así mesmo, apuntou que previamente, ingresara no Partido Galeguista e escribira o libro de relatos *Os ruíns*. Sinala que nos anos corenta compaxinou diversos traballos coa literatura, a

investigación e a arqueoloxía, así como que foi finalista do primeiro Premio Nadal e casou con María Luísa Cáccamo Frieben, con quen tivo seis fillos. Por outra parte, indica que nos cincuenta fundou a Editorial Monterrey e escribiu a súa mellor obra lírica, *Canle segredo*, para xa en 1964, ingresar na Real Academia Galega e fundar Edicións Castrelos. Por último, refire que nos anos setenta, volveu escribir prosa en galego, foi nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo e recibiu o Pedrón de Ouro, morrendo en 1985, logo de dous anos de enfermidade.

A D, "O erudito e activo galeguista", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Investigador", "Divulgador e descubridor de textos", 17 maio 2008, p. 44.

Trata da contribución de Xosé María Álvarez Blázquez á conformación do canon literario galego, mediante as súas facetas de divulgador e descubridor de textos. Comenta que a primeira destas facetas está representada polo tomo I da *Escolma de Poesía Galega*, publicado por Galaxia en 1952, que estabeleceu un amplísimo canon da poesía galega medieval; mentres que o tomo II da mesma obra simbolizou mellor a segunda das facetas sinaladas, pois gran parte da poesía dos Séculos Escuros recollida nel foi descuberta polo propio Álvarez Blázquez. Sinala que todo este labor erudito se viu alimentado por un espírito galeguista que tamén forneceu outras achegas en materia de literatura, arqueoloxía, historia e etnografía, que lle valeron, entre outros recoñecementos, o de Cronista Oficial da Cidade de Vigo.

A D, "Da postguerra á democracia", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Tempo novo", "Perdas na lembranza", 17 maio 2008, p. 48.

Describe o contexto histórico que viviu Xosé María Álvarez Blázquez, marcado polo traballo a prol do desenvolvemento de Galicia. Así, ao ano seguinte do seu nacemento, xurdiron as Irmandades da Fala, e, en 1923, o Seminario de Estudos Galegos. Explica que nos primeiros anos da II República entrou en contacto con figuras do Partido Galeguista, no que acabou ingresando ao comezo de 1936, e que durante a Guerra Civil, sufriu a morte do seu amigo Alexandre Bóveda e de seu pai, Darío Álvarez, o que fixo que acubillara un odio férreo ao franquismo. Tamén indica que a mediados dos sesenta, Álvarez Blázquez ingresou na Real Academia Galega, e apoiou o reconstituído Partido Galeguista nas primeiras eleccións autonómicas de 1981.

A D, "Arqueólogo de gran curiosidade", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Obxectos do pasado", "Excavacións e artigos", 17 maio 2008, p. 49.

Fai referencia ao labor arqueolóxico de Xosé María Álvarez Blázquez, quen foi nomeado, no ano 1949, Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo. Entre as obras referentes a este eido que publicou, destaca *Vigo arqueolóxico*. Por outra banda, comenta que o seu legado arqueolóxico tamén se espalla en libros, xornais e revistas especializadas, esencialmente en *Cuadernos de Estudios Gallegos* e *Grial*.

A D, "Retazos dunha vida intensa", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Retrato íntimo", "O amor a súa familia e amigos", 17 maio 2008, p. 50.

Leva a cabo un percorrido pola biografía de Xosé María Álvarez Blázquez, de xeito que fala dos seus pais e irmáns; das súas diversas profesións, entre as que se atopan a de mestre, propietario dunha fábrica de tellas e ladrillos, secretario da confraría de pescadores de Vigo, axente de vendas de Pescanova, editor e, por suposto, a de escritor; da súa esposa e dos seus fillos. Remata cun retrato físico e psicolóxico do homenaxeado.

Álvarez Cáccamo, Celso, "Pedra, papel, tesoura", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 23-24.

Faise un repaso pola vida de Xosé María Álvarez Blázquez a partir dos recordos e vivencias do seu fillo Celso, quen di que a vida do seu pai se podería semellar ao xogo do "pedra, papel, tesoura", unha estrutura que emprega. A etapa "pedra" céntraa no seu labor de arqueólogo. Na seguinte etapa, "papel", fala sobre a súa época en Vigo, na que abre xunto con Luís Viñas Cortegoso "umha livraria de velho" e edita, en 1952, unha escolma na que recolle poemas de cancioneiros medievais. Na última etapa do xogo, "tesoura", refírese ao seu labor na editora Monterrey, na que publica *Roseira do teu mencer* e na editora Castrelos, onde edita *Catecismo do labrego*. Por último, fala do "final de jogo", en relación á morte de Xosé María.

Bragado, Manolo, "O Vigo de XMAB", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 10 e 12.

Precísase que Xosé María Álvarez Blázquez se trasladou a Vigo no ano 1937 como "mestre provisional" na escola de Coia, despois de ter aprobadas as oposicións, aínda que en poucos meses foi sancionado por ser republicano e o trasladaron a Zamora, onde colaborou con *El Correo de Zamora* na sección "Parte neutral". Sinálase que a finais de 1941 regresou a Vigo cunha excedencia. Indícase que alí abriu xunto co seu amigo Luís Viñas Cortegoso a Libraría Anticuaria Monterrey, lugar onde despois desenvolveu o seu labor de editor para Edicións Monterrey e Edicións Castrelos, que posteriormente vendeu á Editorial Galaxia. Fálase sobre o seu labor de arqueólogo, estudioso e divulgador da historia, e indica que con *Hechos y figuras de Vigo* gañou o primeiro premio dos Xogos Florais de Vigo en 1950. Indícase que nesta mesma cidade obtivo no ano 1958 o Premio Álvarez García da Asociación de Prensa de Vigo polo traballo *Martín Códax, cantor del mar de Vigo.* Puntualízase que participou en programas radiofónicos vigueses, así como en xornais como *Faro de Vigo* e, máis adiante, en *El Correo Gallego* e publicou un libro sobre a cidade olívica, *La ciudad y los días.* Por último, recórdase que Xosé María foi nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo.

Cabana, Darío Xohán, "O héroe cultural", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 4-5.

Comenta que se vai centrar no papel que tivo Xosé María Álvarez Blázquez na recuperación cultural galega despois de 1936. Fala da súa participación no Seminario de Estudos Galegos e da obriga na que se viu de ingresar no exército de Franco. Sinala que o seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo atopou recentemente un "proxecto de

Biblioteca Básica Galega", que abranguía autores dende o Rexurdimento até os máis novos. Di que o seu labor cultural acolleu dende o traballo de arqueólogo, de historiador, de estudioso e divulgador da literatura, faceta na que destaca a publicación dos dous primeiros volumes da *Escolma de poesía galega* pola Editorial Galaxia nos anos 1953-1959. Por último, salienta o seu labor de editor, na editorial Monterrey e en Edicións Castrelos, destacando que nesta última nas colecciónns "O Moucho" e "Pombal" se facían tiraxes entre tres mil e cinco mil exemplares.

Cabrera, María Dolores, "O certeiro editor", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 13-14.

Destaca o labor de editor de Xosé María Álvarez Blázquez, polo que se refire ao papel que realizou na Editorial Monterrey, que abriu en Vigo no ano1948 xunto con Luís Viñas Cortegoso. Comenta que nesta editorial publicou a súa obra *Roseira do teu mencer* (1950) e *Calendario Histórico de Vigo* (1960), resultado das súas colaboracións no *Faro de Vigo*, así como obras de Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro, entre outros, e colecciónns populares e divulgativas como "Frol e Froito", "Pombal", "O Moucho", "Pico Sacro", onde incluíu o seu poemario *Canle segredo,* e a colección "Mogor".

Callón, Carlos, "Caixas negras da nación", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, p. 20.

Comeza sinalando a publicación dunha biografía de Xosé María Álvarez Blázquez, *Tempo do pai*, autoría do seu propio fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo, pero céntrase sobre todo na correspondencia mantida por Fermín Bouza Brey e o homenaxeado o Día das Letras Galegas. Sinala que a correspondencia vai dende os anos corenta até comezos dos setenta e que parte dela foi publicada no número 359 da *Revista das Letras*, da man de Antonio Rodríguez López. Dende esa correspondencia, achégase á figura de Xosé María para reconstruír o tempo persoal e histórico e indica que se reflicten nas epístolas discusións sobre cuestións de arqueoloxía e etnografía, o lamento pola morte de Castelao ou as súas
impresións polo golpe de estado. Salienta das misivas o uso do galego, a divulgación científica e a difusión literaria en galego mediante anexos manuscritos. Finalmente, aproveita para suxerir a publicación da correspondencia completa entre Fermín Bouza Brey e Xosé María Álvarez Blázquez.

Castro Rodríguez, "Álvarez Blázquez, estudoso da lírica galego-portuguesa", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 10 maio 2008, p. 2.

Primeiramente destácase o inxente labor desenvolvido por Xosé María Álvarez Blázquez en numerosos eidos literarios como a narrativa, poesía ou a edición para logo centrarse nos seus estudos e a súa paixón polo universo da literatura medieval da que deixa boa mostra na obra *Escolma da poesía medieval (1198-1354)* publicada en Edicións Castrelos en 1975. Dise que nesta obra hai máis de duascentas cincuenta páxinas con achegas biográficas e textos dos diferentes tipos de cantigas e dos compositores así como un importante glosario e bibliografía finais.

Forcadela, Manuel, "O breve se breve…", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 18-19.

Refire as obras de relatos que compuxo Xosé María Álvarez Blázquez: *Os ruíns (1936)*, *O afillado (1947)* e *A pega rabilonga e outras historias de tesouros (1971).* Sinala que *Os ruíns* fai unha descrición de cinco prototipos de personaxes (o anarquista, o poeta, o asasino, o ladroeiro e o sátiro), que ven como as súas vidas son truncadas por algún tipo de sorpresa ou equívoco. Tamén apunta que nesta obra hai unha "certa concepción surrealista do humor que nos evidencia a entidade lingüística da 'verdade", así como un coidado estilístico por parte do autor. Di que a novela *O afillado* pertence á súa etapa de posguerra e á "narrativa existencialista". Por último, fala d'*A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, obra pertencente á corrente do realismo máxico, na que se fala dunha Galiza pasada, aínda que non afastada. Precisa que "breve máis singinificativa foi, daquela, a achega de Xosé María Álvarez Blázquez á tradición narrativa en lingua galega".

Rodríguez, C., "Poesía de Álvarez Blázquez 'cunha rosa de outono na man", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 697, "Arquipélago", 24 febreiro 2008, p. 7.

Coméntase que a editorial Xerais presentou o volume *Poesía galega completa* (2007), en edición de Xavier Rodríguez Baixeras, que recupera a produción de Álvarez Blázquez neste xénero. Saliéntase que o editor é ademais o autor do limiar, que ofrece unha aproximación biográfica e bibliográfica ao poeta, membro da Xeración do 36. Engádese que nel coexisten unha liña de expresión popular con outras de carácter existencialista e realista, así como o imaxinismo ou hilozoísmo. Saliéntase que coa dedicación do Día das Letras Galegas a súa figura recupérase e actualízase a súa vida e traxectoria e, por outra banda, recoñécese o seu tempo e o labor do grupo no que se inscribe.

Rodríguez Baixeras, Xavier, "Sensibilidade e rigor", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 16-17.

Comézase precisando que a obra de Xosé María Álvarez Blázquez se caracteriza por tres aspectos: "a notabilísima variedade xenérica, a constante e uniforme beleza formal e a gran riqueza de contidos". Indícase que foi polígrafo e poeta e que nesta última faceta mesturou a sensibilidade coa formalidade, dous aspectos "en principio inalienábeis", como fixo por exemplo na súa obra *Poemas de ti e de min*. Sinálase que en 1950 abriu, xunto con Luís Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey en Vigo e fálase do seu labor como arqueólogo e historiador. Faise un repaso por diversos títulos seus como é a *Escolma de Poesía Medieval*, o *Cancioeiro de Monfero*, na que se fai pasar por un trobador medieval, ou a novela *Una cabaña en el cielo*. Por último, trátanse os poemas de *Canle segredo*, nos que Xosé María lle imprime un cambio á súa poética, dando paso "á poesía galega do seu tempo".

Villar, Miro, "A linaxe poética", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 6 e 9.

Sinálase que Xosé María Álvarez Cáccamo escribiu no ano 1983 uns versos de homenaxe ao seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, *Praia das furnas.* Logo desta anotación a modo de introdución, faise un repaso polas obras da estirpe do autor e sinálase que un catálogo imprescindíbel para coñecela é *Escolma de familia* (*Cen anos de poesía*, 2000), obra preparada por Xavier Rodríguez Baixeiras. Dise que inclúe a peza *Mari-Castaña, drama hestórico nun auto i en verso*, que Xosé María Álvarez Blázquez recuperara no n.º 50 dos *Cadernos da Escola Dramática*, tamén se recollen obras del como son *Poemas de ti e de min*, *Roseira do teu mencer*, versos que dedica á súa filla Colorín, *Cancioneiro de Monfero* ou *Canle segredo.*

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, "David Otero", *Galicia Hoxe,* "Opinión", "Ventos ábregos", 21 abril 2008, p. 5.

Coméntase que debido á aproximación do Día das Letras Galicia énchese de actividades culturais. Sinálase que unha das persoas máis comprometidas coa dinamización da cultura galega é David Otero Fernández, secretario da Fundación do Pedrón de Ouro e especialista en literatura infantil e xuvenil. Explícase que este biógrafo de Daniel Rodríguez Castelao e de Rafael Dieste, prepara a biografía de Alexandre Bóveda e que polo seu papel como dinamizador cultural vai ser homenaxeado na Estrada.

Abuín de Tembra, Avelino, "Debate sobre Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 13 xullo 2008, p. 5.

Revisa a figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado nas Letras Galegas de 2009. Abre tamén o debate sobre o traballo deste na defensa da terra, negando a súa intención galeguista e considerando a súa actuación como covarde. De calquera xeito, réndese tributo a este intelectual que, malia non se converter no salvador da terra galega, si loitou por ela.

Agís Villaverde, Marcelino, "Ramón Piñeiro e o Día das Letras Galegas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O Recanto da Filosofía", 10 xullo 2008, p. 4.

Faise eco da decisión tomada pola Real Academia Galega de dedicarlle o próximo Día das Letras Galegas 2009 á figura do galeguista Ramón Piñeiro. Con esta decisión afirma que se lembra a todos aqueles escritores que ao igual que Piñeiro apoiaron a loita pola terra galega, pola súa cultura e a súa lingua. Sinala que os seus comezos nas Mocidades Galeguistas de Lugo, logo no Partido Galeguista, permitíronlle ao homenaxeado coñecer a membros importantes da Xeración Nós como Daniel Rodríguez Castelao e Alexandre Bóveda, entre outros. Engade que o seu labor cultural tamén abrangue a dirección durante anos do Consello da Cultura Galega.

Agís Villaverde, Marcelino, "Crónica poética", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O Recanto da Filosofía", 31 xullo 2008, p. 4.

Informa da celebración do Día de Santiago e de Galicia e con el, a ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres e a misa na honra a Rosalía de Castro, Alfredo Brañas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Comenta que as coroas que cubrían a igrexa de San Domingos de Bonaval foron ofrecidas polo Parlamento de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela, as Universidades de Santiago e de Vigo, as Deputacións de Ourense e Pontevedra, o Centro Galego e o Centro Galicia de Bos Aires, as Fundacións Castelao e Alfredo Brañas, o Foro Galicia Milenio, o Concello de Sanxenxo e a Asociación de Amigos de Terra de Montes.

Agís Villaverde, Marcelino, "No cabodano de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O Recanto da Filosofía", 28 agosto 2008, p. 4.

Faise eco da homenaxe a Ramón Piñeiro, quen será homenaxeado no Día das Letras 2009, segundo a decisión tomada pola Real Academia Galega tras o transcurso de dezaoito anos do seu pasamento.

Alcalá, Xavier, "Queipo, Piñeiro e a saudade", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A voo de tecla", 20 agosto 2008, p. 12.

Informa sobre unha conferencia titulada "Na procura de coordenadas", que tivo lugar n'A Coruña, da man do escritor galego Xavier Queipo. Paralelamente quen se queixou pola dedicatoria do Día das Letras Galegas 2009 á persoa de Ramón Piñeiro.

Alonso Montero, Xesús, "Xosé María Álvarez Blázquez e o viño do Ribeiro", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 16 febreiro 2008, p. 12.

Recóllese unha curiosa faceta do homenaxeado no Día das Letras como entusiasta do viño ribeirao, e faise mención a que escribiu en 1954 o guión dunha peza audiovisual, *Entroido na península do Morrazo,* que non se sabe se se chegou a filmar.

Alonso Montero, Xesús, "Xosé María Álvarez Blázquez, poeta do século XIII", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 23 febreiro 2008, p. 13.

Faise mención ás oito cantigas do *Cancioneiro de Monfero*, de Xosé María Álvarez Blázquez, publicado por Edicións Monterrey en 1953. Indícase que aproveitou a súa erudición medieval para escribir este apócrifo, que moitos especialistas na literatura desta etapa tiveron por verdadeiro.

Alonso Montero, Xesús, "Álvarez Blázquez, nunha antoloxía de 1953", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 260, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 3 maio 2008, p. 14.

Coméntase que os estudosos da obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008 non mencionan a obra *Panorama de la poesía moderna española*, na que se recollen versos deste autor. Trátase dun corpus publicado en Bos Aires pola editorial Periplo en 1953, que supón a primeira aparición de Xosé María Álvarez Blázquez nunha antoloxía. Sinálase que o responsábel desta iniciativa foi o poeta exiliado en Arxentina Enrique Azcoaga, quen inclúe na obra mencionada dezasete poetas con obra en galego, como Amado Carballo, Luís Pimentel, Luís Seoane, Manuel Cuña Novás o Luz Pozo. Tres son os poemas que escolle de Álvarez Blázquez, a quen chama "Xavier María": "Amiga", "Romance do afiador" e "Notas", todos pertencentes ao seu primeiro libro editado en galego, *Poemas de ti e de min,* publicado en 1949. Conclúese que coa

súa inclusión na antoloxía sinalada, a poesía do autor tudense "asomouse ao vasto mundo hispano".

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Piñeiro e Luciana Stegagno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 280, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 20 setembro 2008, p. 11.

Reflexiona sobre a grande admiración da filóloga italiana Luciana Stegagno polo escritor lugués Ramón Piñeiro. Sinala que ambos os dous se encontraron en Santiago en xullo de 1975, reunindose posteriormente dúas veces máis no ano 1980 en Trier e no 1998, ano no que a Real Academia Galega lle dedicaba o Día das Letras Galegas aos tres poetas da Ría de Vigo.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Re-coñecemento de XMAB", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras. XMAB. Unha sombra polas eiras*", n.º 718, 17 maio 2008, pp. 25-26.

Precísanse todas aquelas publicacións e tarefas levadas a cabo polo fillo de Xosé María Álvarez Blázquez tras o falecemento do seu pai o 2 de marzo do 1985. Así cítanse: *Poesía galega completa*, publicada en 1987, *Sonetos del alba insomne*, en 1995, e *Escolma da familia*, 2000. Sinálase que cando o seu pai foi escollido para ser homenaxeado o Día das Letras Galegas, se decidiu a escribir a memoria sobre as súas vivencias e recordos, a peza *Tempo do pai*.

Álvarez Pousa, Luís, "Sostén Ramón Piñeiro", *El Ideal Gallego*, p. 26/*Diario de Ferrol*, p. 25/*Diario de Arousa*, "Opinión", "O galo no tellado", 10 xullo 2008, p. 26.

Indícase que as Letras Galegas 2009 estarán dedicadas á figura de Ramón Piñeiro e sinálase que este escritor, filósofo e filólogo non só destacou polos seus ensaios sobre a saudade, senón tamén polas súas vinculacións políticas en prol da lingua e da cultura galegas, que tanto defendeu e honrou. Considérase que a súa figura axudou á recuperación e reforzo das bases culturais da terra galega. Destaca o seu papel na editorial Galaxia, na revista *Grial*, no Instituto Galego de Información ou no Consello da Cultura Galega, do que foi director.

Aneiros, Rosa, "Sen ficar pequena", *Galicia Hoxe,* "Opinión", "Nove ondas", 21 maio 2008, p. 4.

Expresa o seu orgullo pola lingua galega días despois da xornada das Letras Galegas, e para enxalzala recolle palabras de Manuel Curros Enríquez, Manuel Antonio, Eduardo Pondal, Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro, Pilar Pallarés ou Marica Campo.

Araguas, Vicente, "Piñeiro", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 15 xullo 2008, p. 23.

Faise eco da celebración do Día das Letras Galegas 2009 e da homenaxe ao lucense Ramón Piñeiro, ao que considera motor do galeguismo e da defensa da patria galega.

Araguas, Vicente, "Compromiso", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 28 xullo 2008, p. 11.

Dá conta dunha nova proposta para a celebración do Día das Letras Galegas 2010. O homenaxeado segundo a mesma podería ser o escritor Ricardo Carballo Calero, contando en principio co apoio da Real Academia Galega.

Barcón, Carlos, "Carvalho Calero y Parallé", *Diario de Ferrol***,** "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 9 maio 2008, p. 19.

Recóllense as reivindicacións que dende certos sectores piden que sexan homenaxeados, no Día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero e o tamén profesor, poeta e escritor Xosé María Pérez Parallé. Non obstante, apúntase que mentres que tal homenaxe non se recolla, debería enxalzarse a figura de ambos os dous. Así vai facer SAF, que prepara conferencia e libro en torno a estes dous intelectuais da man do catedrático de Literatura Galega José Ramón Vázquez Martínez, presidente da Sociedade Galega de Grafoloxía.

Bragado, Manuel, "Ano de don Xosé María", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 6 xaneiro 2008, p. 25.

Opínase que o Día das Letras Galegas debe supoñer un recoñecemento definitivo da figura de Xosé María Álvarez Blázquez, pero, sobre todo, o recoñecemento da súa figura humana como resistente nos duros tempos do franquismo. Considérase que o ano dedicado ao escritor tudense terá particular importancia para a cidade de Vigo, que por fin poderá dar a importancia que se merece ao que foi o seu "cronista oficial" nas páxinas do *Faro*, coa súa sección "Calendario histórico de Vigo". Estas crónicas serían logo recollidas en forma de libro baixo o título de *La ciudad y los días*, unha obra que vai ser reeditada en galego. Ademais, Álvarez Blázquez é o autor principal de *Vigo en su historia,* un volume no que escribiu a metade dos textos que o compoñen.

Bragado, Manuel, "Álvarez Blázquez, editor de Monterrei", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 27 xaneiro 2008, p. 27.

O homenaxeado no Día das Letras do 2008 é definido como o "intelectual galego máis completo e poliédrico do seu tempo". Del destácase o seu labor como editor durante o franquismo, a través de Edicións Monterrey e Edicións Castrelos, dúas iniciativas a través das que contribuíu a reconstruír o tecido editorial galego. En Monterrey, editorial bilingüe, editou obras como *Teatro venatorio y coquinario gallego*, de José María Castroviejo e Álvaro Cunqueiro, ou a colección "Beatus Jacobus", todos volumes moi coidados. Ademais abriu dúas coleccións en lingua galega, "Leixado do vento" e "Frol e froito". Na primeira incluíu títulos da súa propia autoría, como *Roseira do teu mencer*, poemario dedicado á súa filla "Colorín", *Cancioeiro de Monfero, século XIII* ou *Romance do pescador peleriño,* ademais doutros emblemáticos para a literatura da nosa terra, como *Poesías galegas. Égloga de Belmiro e Benigno. A Alborada*, de Nicomedes Pastor Díaz, *Entremeses famosos sobre a pesca do río Miño* ou *Cantiga nova que se*

chama Riveira, unha reedición de 1957 do segundo poemario de Cunqueiro. A segunda colección mencionada, aberta cun libro de Ben-Cho-Sey, *Andrómenas. Contos para o pobo*, buscaba ser unha fiestra para os novos valores literarios, a recuperación de textos clásicos e a popularización dos galegos. Anticipou ademais o nacemento do que logo se chamaría "Nova Narrativa" coa publicación dos dous primeiros libros de Gonzalo R. Mourullo, *Nasce un árbore* e *Memorias de Tains*.

Bragado, Manuel, "O editor de Castrelos", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 9 marzo 2008, p. 25.

Saliéntase que Xosé María Álvarez Blázquez desenvolveu na súa editorial Castrelos un catálogo de case cen títulos, que permitiu a difusión de seiscentos mil exemplares, unhas cifras que a situaron como editorial punteira do seu tempo. Ademais, permitiron a ampliación da sociedade lectora en galego. Foi a editorial na que se publicaron a súa propia obra *Canle segredo* e o poemario de Darío Xohán Cabana *Romanceiro da Terra Cha*. Engádese que outra destacada iniciativa foi a colección "O Moucho", que aspiraba a proporcionar libros en galego a amplas capas da sociedade a través da súa venda non só en librarías, senón tamén en feiras populares. Sinálase que o primeiro título foi o coñecido *O catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal. Tamén saíu ao prelo alí *Retorno a Tagen Ata*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Outra colección, "Pombal", serviu para que toda unha xeración coñecese aos clásicos galegos do Rexurdimento, pois nela editáronse *Follas novas*, de Rosalía de Castro; *Queixumes dos pinos*, de Eduardo Pondal; ou *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez; ademais das primeiras edicións de libros clave como *A fronteira infinda*, de Celso Emilio Ferreiro; *Contos da néboa*, de Ánxel Fole; *Adiós María*, de Xohana Torres; ou *Dos anxos e dos mortos*, de Anxo Rei Ballesteros. Remátase coa idea de que Castrelos, ademais de poñer os alicerces para o nacemento da edición galega moderna, foi un foco de activismo cultural.

Bragado, Manuel, "A cidade e os días", *Faro de Vigo,* "Opinión", "Campo de Granada", 11 maio 2008, p. 29.

Afírmase que Xosé María Álvarez Blázquez desenvolveu nas páxinas do *Faro de Vigo* a súa sección "Calendario histórico de Vigo", que constitúe, segundo Bragado, "a obra máis orixinal e singular da historia local viguesa". Apúntase tamén que ao ano seguinte reuniría estas entregas no libro *La ciudad y los días*, que saíu ao prelo na súa propia editorial, Monterrey. Engádese que ademais foi o autor doutra obra de historiografía local, *Vigo en su historia*.

Caamaño, Agustín R. , "X. Mª Álvarez Blázquez: a loita pola supervivencia", *La Opinión,* "Opinión", "Arredor de nós", 21 maio 2008, p. 30.

Lembra a súa primeira lectura dun traballo de Álvarez Blázquez, enmarcado na poesía neotrobadoresca, e sinala que o Día das Letras é tamén un recoñecemento tácito á fidelidade da dinastía Álvarez á nosa terra.

Caneiro, Xosé Carlos, "Abrindo camiño", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras ficción", "Club dandi", 15 marzo 2008, p. 10.

Despois dunha referencia ao último premio García Barros, *As palabras da néboa* (2007), de Francisco Castro, apúntase que, dedicado o Día das Letras 2008 a Xosé María Álvarez Blázquez, poderá haber outros 17 de maio con igual merecemento, pero non con máis. Entre as obras que lembran a súa figura aparecidas con motivo desa data, destácase *Poesía galega completa*, de Xerais, con edición e prólogo de Xavier Rodríguez Baixeras.

Castro Rodríguez, Xavier, "Canle segredo': poesía maior editada como pequena alfaia", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 17 marzo 2008, p. 2.

Faise fincapé no feito de que Xosé María Álvarez Blázquez foi ante todo poeta e saliéntase como unha das súas obras con maior repercusión *Canle segredo (1951-1953)*, poemario que acadou o galardón "Eduardo Pondal" do Centro Galego de Bos Aires en 1953, pero que non sería publicado até 1976 en Edicións Castrelos. Explícase que está estruturado en tres partes, desiguais en canto ao número de textos: "Canle segredo", "Camiños de sol" e "As mágoas". Considérase que, de terse publicado no tempo en que foi creada, a obra tería marcado un fito na literatura galega do momento.

Conde, Alfredo, "A memoria de Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 17 maio 2008, p. 4.

Amosa a súa gratitude para con Xosé María Álvarez Blázquez por terlle publicado a súa primeira novela, *O Contubernio* (1978), e sinala que había tempo que un Día das Letras Galegas non era tan merecido.

Conde, Alfredo, "Un pensamento aínda moi válido nestes tempos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 13 xullo 2008, p. 4.

Faise eco de dous acontecementos arredor da figura do lucense Ramón Piñeiro. Por unha banda, a entrega da Medalla de Ouro de Galicia que no ano 2008 lle foi concedida á Editorial Galaxia, da cal Piñeiro foi membro fundador, e por outra a conmemoración da traxectoria desta figura da literatura e da política no Día das Letras Galegas 2009. Sinálase que esta decisión da Real Academia Galega supón a posibilidade de someter a debate a figura e o pensamento piñeirista, que algúns chaman galaxistas e que outros lle din culturalista.

Conde, Alfredo, "Volveron os ouriols, Freixanes", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 14 xullo 2008, p. 4.

Informa a través dun curioso e acertado xogo de metáforas da concesión da Medalla de Ouro de Galicia á editorial Galaxia, así como da dedicatoria do Día das Letras Galegas 2009 ao escritor, filósofo, filólogo e político Ramón Piñeiro.

Conde, Alfredo, "Un tempo de Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 18 agosto 2008, p. 4.

Faise eco da celebración do Día das Letras Galegas 2009, dedicado á figura de Ramón Piñeiro por decisión da Real Academia Galega,. Considera que a decisión semella ter como fundamento a concesión da Medalla de Ouro de Galicia á editorial Galaxia, da que Piñeiro foi fundador.

Dacosta, Marta, "Pasado o 17", *A Nosa Terra*, n.º 1.311, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 32.

Critícase que o Día das Letras Galegas sexa para algunha xente só un día de descanso máis, pero lembra que moitos ven nese día festivo a oportunidade de participar en actos reivindicativos, como o que se celebrou na honra de Xosé María Álvarez Blázquez.

Díaz, Ceferino, "Galaxia e Piñeiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Política", 24-30 xullo 2008, p. 11.

Faise eco da dedicatoria do Día das Letras Galegas 2009 á figura do escritor Ramón Piñeiro. Informa que este colaborou na fundación da editorial Galaxia, polo que ambos nomes quedaron ligados. Considera que Ramón Piñeiro amosou sempre un profundo compromiso coa lingua, tal e como evidencia a súa tradución da *Teoría da Verdade*, de Heidegger, coa que quería evidenciar a valía do galego alén da escritura poética.

Díaz, Yolanda, "Letras Galegas e Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "O Debate", 12 xullo 2008, p. 24.

Informa sobre a celebración do Día das Letras Galegas 2009 en homenaxe ao escritor Ramón Piñeiro, así como sobre as insistentes voces que reclaman que a vindeira edición se lle dedique á figura de Ricardo Carvalho Calero, pois no ano 2010 celebrarase o centenario do seu nacemento, un momento considerado perfecto para festexar a traxectoria deste gran intelectual galego.

Díaz Pérez, Yolanda, "Tópicos e lingua", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "O debate", 26 abril 2008, p. 27.

Censúrase a aqueles que o Día das Letras Galegas, a pesares de non falar galego, non dubidan en empregar esta data dun xeito oportunista.

Dobarro, Xosé María, "Lembranza doutro Xosé María", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 18 maio 2008, p. 25.

Lembra os primeiros contactos, epistolares, con Xosé María Álvarez Blázquez, e apunta que grazas a que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, agora é moito máis fácil

aproximarse á súa figura que hai só uns meses, pois foi obxecto de análise de numerosos estudos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Letras Galegas ao lonxe e no mundo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 19 maio 2008, p. 3.

Destácase o interese dos emigrantes galegos polo Día das Letras, por exemplo en Róterdam, onde se organizan en O Lar Galego, ou en Toquio, onde o Instituto Cervantes celebra as Letras Galegas. Son asociacións ou sociedades culturais que reivindican a memoria histórica literaria de Galicia. Recoñécese o traballo que a Xunta ten realizado neste ámbito, pero tamén a necesidade de amplialo.

Fernández Fernández, Ruth, "Letras Galegas (homenaxe a Tui con Álvarez Blázquez)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 3 xuño 2008, p. 4.

Indícase que *Canle segredo* constitúe a obra clave do poeta tudense, quen quedou finalista da primeira edición do Premio Nadal coa obra en castelán *En el pueblo hay caras nuevas.* Afírmase que Xosé María Álvarez Blázquez procede de toda unha estirpe de nomes de importancia na intelectualidade galega. Engádese que como editor e libreiro, destacou o seu labor nas editoriais Monterrey e Castrelos, coa que se fixo popular a obra de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Tamén participou na fundación de Galaxia.

Fernández, Xurxo, "La sabia evolución de Nadal", *El Correo Gallego*, "La rosa de los vientos", 3 marzo 2008, contracuberta.

Repaso por algúns nomes galegos destacados na historia do Premio Nadal que en 1968 obtivo Álvaro Cunqueiro coa novela *Un hombre que se parecía a Orestes*. Explícase que no primeiro ano de vida do galardón, 1944, cando o gañou Carmen Laforet con *Nada*, o finalista foi o propio homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, con *En el pueblo hay caras nuevas*. Engádese que en 1952 o finalista foi outro dos grandes nomes da literatura galega: Vicente Risco, con *La puerta de paja*.

Fidalgo, Luís, "Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Opinión", "La Batidora", 7 xullo 2008, p. 24.

Indica que o homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009 será o escritor lucense Ramón Piñeiro, cuxo labor literaria non se considera eclipsado polo seu labor político. Considera que foi unha figura fundamental durante o franquismo que se dedicou á transmisión dunha visión positiva da terra, da lingua, da vida política e económica de Galicia a través do impulso do Partido Galeguista.

Forcadela, Manuel, "Xentes con saudade", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 2, "Páxina de autor", 20 decembro 2008, contracuberta.

Faise eco da clausura do congreso celebrado en Tui ao redor da figura do escritor galego Xosé María Álvarez Blázquez e que tivo como organizadora á Real Academia Galega. Coméntase que este acto serviu para poñer punto e final a todo un ano dedicado ao autor, merecedor do Día das Letras Galega neste ano 2008. Tamén se menciona que no 2009 seralle dedicada esa sinalada data á figura do lucense Ramón Piñeiro, co que se agarda un ano literario tan intenso como o que remata. Considérase que Piñeiro lembra ese entusiasmo dos románticos tan patente na súa intervención en institucións literarias como a editorial Galaxia. Faise evidente o influxo político do intelectual, membro do Partido Galeguista e comprometido coa protección e o coidado da lingua e cultura galegas.

Franco, Camilo, "Nós somos nós", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 18 maio 2008, p. 39.

Con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Xosé María Álvarez Blázquez, Camilo Franco sinala que o mellor xeito de homenaxealo sería imitando o seu exemplo a prol da cultura galega.

Franco, Camilo, "Das fundicións ás fundacións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 26 maio 2008, p. 31.

Ante a petición dunha fundación para Xosé María Álvarez Blázquez, considérase que Galicia non merece un exceso deste tipo de institucións que impidan ver as árbores culturais.

Franco, Camilo, "Contra Piñeiro vivíamos mellor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 14 xullo 2008, p. 27.

Reflexiona sobre a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado no ano 2009 á figura de Ramón Piñeiro. Pretende reflectir as resistencias amosadas por certos sectores ante dita escolla. Indica que a Real Academia Galega considerou oportuna a realización desta homenaxe ao escritor malia a polémica suscitada e a debatida carga política da mesma.

Freixanes, Víctor F., "O amigo dos libros", *La Voz de Galicia*, "Ventos nas velas", 26 xaneiro 2008, p. 17.

Conta cómo coñeceu a Xosé María Álvarez Blázquez en Vigo, recén licenciado en Filoloxía, na librería Monterrey que este detentaba, e na que tiña o principal centro de operacións para as súas editoriais, Monterrey e Castrelos. Foi tamén alí onde naceu a colección "O Moucho", un conxunto de libros de baixo custo que se vendían en quioscos e feiras, e entre os que estaba *O catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal ou obras de Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole ou o *Retorno a Tagen Ata*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

García Bernardo, J., "Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de vista", 20 xullo 2008, p. 14.

Anuncia a celebración que a vila de Láncara podería levar a cabo con motivo da homenaxe ao seu "fillo" Ramón Piñeiro nas Letras Galegas 2009, pois xa conta cun premio chamado Ramón Piñeiro. Facer País. Afirma que, malia que Piñeiro non presenta unha extensa obra literaria, fóra de *Lembrando a Castelao* (1975), *Olladas no Futuro* (1974) ou *A linguaxe e as linguas* (discurso de ingreso na Real Academia Galega no ano 1967), foi considerado digno herdeiro daquela primeira conmemoración dedicada a Rosalía de Castro. Opina que Piñeiro tamén será lembrado polo seu labor político dentro do Partido Galeguista e como deputado autonómico no primeiro Parlamento de Galicia como independente nas listas do PSdeG- PSOE.

González Macías, Fernando, "Día das Letras, liturgia de mayo", *La Opinión*, "Opinión", "Al trasluz", 18 maio 2008, p. 30.

Critícase que o Día das Letras se convertese nun conxunto de cerimonias oficiadas por políticos e unha serie de intelectuais, que a maior parte dos galegos contempla dende a distancia e sen maior interese. O feito de que en moitos casos os homenaxeados non sexan coñecidos nin no entorno onde viviron tamén provoca que o groso da sociedade non se sinta concernida polos actos que se programan na súa honra. Así, define a data do 17 de maio como unha "celebración hueca", "mero envoltorio". O remedio, para o autor, viría polo camiño de desinstitucionalizala e de celebrar, sobre todo, que Galicia posúe unha lingua e unha cultura propias grazas tanto ás figuras senlleiras coma ao pobo en xeral, que mantivo os seus sinais de identidade.

González Macías, Fernando, "Ramón Piñeiro o la excusa revisionista", *La Opinión*, "Opinión", "Al trasluz", 12 agosto 2008, p. 23.

Refírese á dedicatoria do Día das Letras Galegas 2009 á figura de Ramón Piñeiro, non tanto polo seu labor literario, escaso, mais valioso, como polo seu compromiso político a prol do galego nos primeiros anos da posguerra. Considérase que foi un intelectual moi influínte na nosa historia máis recente: a da creación do Goberno autónomo de Galicia.

González Pérez, Clodio, "As guías de Vigo de Álvarez Blázquez", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 17 maio 2008, p. 4.

Opínase que Xosé María Álvarez Blázquez traballou a prol da historia viguesa en obras entre as que destaca *Calendario Histórico de Vigo*, publicado en 1960. Outros títulos sobre o tema *son Hechos y figuras de Vigo*, *Martín Códax. Cantor del mar de Vigo* ou *Síntesis histórica del periodismo vigués*. Céntrase nas guías da cidade, redactadas tanto en solitario como en colaboración con outros autores: *Vigo. Puerto y puerta de Galicia*, que comeza cunha escolma de textos, na que aparecen Miguel de Unamuno ou Celso Emilio Ferreiro; *Vigo. Plano y guía*, edición resumida da anterior; ou *Vigo. España* e

Vigo. Plano de la ciudad, unha das primeiras publicacións de Edicións Castrelos, empresa fundada polo propio Álvarez Blázquez.

González Pérez, Clodio, "Cando as mulleres declararon a guerra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 28 xuño 2008, p. 4.

Refírese a algúns libros incluídos na colección editada por Xosé María Álvarez Blázquez "O Moucho", na que o escritor falaba da muller e das súas antigas costumes, tomando as rendas da súa vida, abandonando ao seu home e aos seus fillos por un amante ou aquelas mociñas que lucían case espidas. Sinala a fortaleza feminina pois, malia que nunca chegou a participar na fronte de batalla, de telo feito, podería ter gañado.

González Tosar, Luís, "Soño e realidade de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2008, p. 28.

Informa da entrega da Medalla de Ouro da nación galega á editorial Galaxia. Sinala que esta foi creada, entre outros, por un Ramón Piñeiro ao que no ano 2009 se lle dedica o Día das Letras Galegas. Pola época da creación de Galaxia reuníanse en Compostela, un 25 de xullo, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabell, Fermín Penzol, Xaime Isla Couto, Celestino Fernández de la Vega, Marino Dónega e outros seguidores clandestinos do Partido Galeguista.

Lago, Alfonso, "Xose Mª Álvarez Blázquez", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 7 maio 2008, p. 30.

Recóllese a impresión de que os Blázquez son unha familia moi coñecida en Tui. Xosé María Álvarez Blázquez, o homenaxeado no Día das Letras Galegas, é definido como "un gran escritor galego e Cronista Oficial da Cidade de Vigo". Asemade solicítase ao alcalde de Tui un recoñecemento aos Blázquez, dedicándolles unha placa ou busto.

Limia de Gardón, Xabier, "Alvarado, no xardín das letras", *La Región*, "Ourense", "Auria et alia", 12 maio 2008, p. 6.

Enténdese como letras galegas as escritas en galego e as escritas dende o corazón galego, aínda que se faga en castelán. Indícase que o homenaxeado neste ano, Xosé Álvarez Blázquez, fundou a editorial Monterrey e escribiu en 1954 o seu poemario *Canle segredo,* que pese a ser premiado co Eduardo Pondal no Centro Galego de Buenos Aires, non se publicaría até 1976. Como consecuencia deste feito, perdeuse o contexto histórico e sociolóxico no que fora concibido.

Lizanco Santos, Plácido, "Día das Letras Galegas: Xosé María Álvarez Blázquez", *El Progreso*, "Opinión", 13 maio 2008, p. 26.

Faise unha homenaxe á figura de Xosé María Álvarez Blázquez lembrando as múltiples achegas do autor en materia de literatura popular e culta, arqueoloxía, historia, etnografía e as conferencias e discursos que impartiu como o primeiro discurso do que se ten noticia e que se pon de relevo: 'Berro en lembranza dos heroes de Carral', pronunciado en Tui no ano 1934. Tamén se destaca a súa colaboración en diversos medios como a BBC ou Radio Vigo, a súa modestia ao longo da súa vida e as feridas que lle supón o fusilamento do seu pai en 1936. Por último faise mención da exposición 'A palabra e os días' coa que se lle rende tributo nestas datas.

Lizancos, Plácido, "Día das Letras Galegas: Xosé María Álvarez Blázquez", *La Opinión*, "Opinión", 14 maio 2008, p. 31/Plácido Lizancos Santos, *Galicia Hoxe,* "Opinión", "Día a día", 15 maio 2008, p. 4.

Lóase a Xosé María Álvarez Blázquez, pertencente a unha saga de escritores, como unha das figuras máis laboriosas da cultura galega, cunha grande actividade que vai dende a literatura até a investigación ou a edición. Considérase o exemplo perfecto dun "polígrafo", un erudito, ademais, non aséptico, senón patriota. Indícase que a exposición *A palabra e os días. Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez*, organizada por Galaxia, reivindica a súa figura a través dunha viaxe pola súa vida. Conclúe o autor que sen ela, a Galicia que hoxe le e escribe en galego non existiría.

López Martínez, Marisol, "Celebrar as Letras Galegas en 2008", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Opinión", "Novidades editoriais", 17 maio 2008, p. 53.

Expón que o sentido último da celebración do Día das Letras Galegas é a reclamación e manifestación do dereito de poder vivir en galego. Tamén lembra os atrancos cos que se foi atopando o galego e a súa normalización e os que tivo que afrontar o propio Xosé María Álvarez Blázquez para poder exercer o dereito sinalado. Tamén fai referencia aos proxectos nos que está a traballar a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Méndez Ferrín, Xosé L., "Con Xosé María", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, pp. VI-VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, contracuberta.

Recolle as queixas que hai en contra do Día das Letras Galegas e aproveita para facer un alegato a favor das mesmas. Indica as facetas de creador, investigador e editor que rodean a Xosé María Álvarez Blázquez, creador tudense, case descoñecido, segundo se precisa, até que foi galardoado no Día das Letras Galegas. Sinala incluso que "non sería posíbel sen o editor Xosé María o estado actual da literatura galega e da historia da literatura galega".

Méndez Ferrín, X.L., "Nomes propios: Bernardino Graña", *Faro de Vigo*/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 26 maio 2008, p. 14.

Afírmase que moitos anos antes de existir a Xunta de Galicia, os escritores como Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro xa fundaran unha patria

e dignificaron o idioma. Considérase que o Día das Letras Galegas nunca se amosou tan multiforme e militante en favor del coma o 2008. Sinálase que o centro da manifestación con motivo desta data foi Bernardino Graña, quen contribuíu, como poucos, á mellora e consolidación da lingua.

Méndez Ferrín, X.L., "Á espera de Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*, p. 26/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 11 xullo 2008, p. 27.

Acolle con satisfacción a decisión da Real Academia Galega ao nomear ao lucense Ramón Piñeiro como figura central do Día das Letras Galegas 2009. Afirma que a obra de Piñeiro non é tanto literaria como política e que, de feito, só escribiu ensaios. Considera que si é relevante o seu labor na defensa da lingua galega durante o franquismo, sendo un axente activo do galeguismo na contra do poder opresor. Sinala que Ramón Piñeiro avogou pola resistencia e que, represaliado por isto, conseguiu perpetuar un pensamento que compartiu con Moncho Reboiras ou Alexandre Bóveda.

Méndez Ferrín, X.L., "Xosé María Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, p. 12/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 8 decembro 2008, p. 14.

Dá boa conta da celebración dun congreso dedicado ao escritor en torno ao redor do cal xira o Día das Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez. Afirma que os traballos deste contribuíron a asentar as bases da literatura medieval galega, que Álvarez Blázquez definiu no ano 1952 e que non foron modificadas dende entón. Opina que o labor deste escritor e a súa completa dedicación ao terreo da historiografía impulsaron a outros escritores como Méndez Ferrín a seguir un camiño case inexplorado.

Neira, Xosé Manuel "A ilustración insuficiente", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Búcaro de violetas", 28 agosto 2008, p. 4.

Reflexiona sobre as tendencias políticas de pensadores, escritores e filósofos da nosa terra como Vicente Risco, Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Nogueira, María Xesús, "Causa de encantamento", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 3 maio 2008, p. 27.

Lembra que o mes de maio marca a chegada do Día das Letras Galegas, no 2008 dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, "polígrafo e creador infatigábel" nuns anos especialmente duros para a cultura galega. Comenta que o homenaxeado interesouse pola literatura popular de tradición oral, sobre a que escribiu páxinas que encheron un importante baleiro existente sobre a materia. Engádese que precisamente esa literatura entrou na rede a través da iniciativa do escritor Antonio Reigosa denominada "Galicia encantada. Enciclopedia da fantasía popular de Galicia" (www.galiciaencantada.com).

Nogueira, María Xesús, "Marica dálle á roca", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 10 maio 2008, p. 29.

Chama a atención sobre o feito de que unha semana antes do Día das Letras, a xeografía galega estala en diversas celebracións. Critica que estas se acumulen nunhas datas concretas e sinala a conveniencia de que os festexos culturais se repartan ao longo do ano. Respecto á figura homenaxeada, Xosé María Álvarez Blázquez, poeta e "resistente" pola cultura galega, afirma que sente medo da súa posíbel soidade e esquecemento nos vindeiros anos, despois da atención que no 2008 se lle prestou.

Novo, Isidro, "E para Novoneyra o 2010", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa Pendurada", 26 xullo 2008, p. 4.

Informa da figura de Ramón Piñeiro no Día das Letras Galegas 2009, reflexionando sobre dita decisión, para algúns errónea, da Real Academia Galega. Comenta que outras das opcións que se podían ter barallado eran nomes como os de Ricardo Carvalho Calero, Fiz Vergara Vilariño ou Lois Pereiro. De todos os xeitos, considera que o candidato mellor situado para a homenaxe do ano próximo é Uxio Novoneyra, á vista da presión que se está a exercer dende a páxina web de dito autor.

Pena, Xosé Ramón, "Letras e letras", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 17 maio 2008, p. 34.

Critica que dende certos sectores se considere que o Día das Letras poidan estar dedicados a figuras tan dispares como Ana Kiro, Andrés do Barro ou o Xabarín Club. Considera que se trata dunha data que foi pensada cuns obxectivos concretos, e que cómpre non perder o tempo con ese tipo de propostas.

Pino, Concha, "O que son, penso e desexo para o futuro está representado na praza do Obradoiro", *La Voz de Galicia*, "*Santiago*", "Compostelanos en su rincón", 27 setembro 2008, p. 9.

Presenta a figura de Xerardo Fernández Albor, membro do Consello Consultivo de Galicia e primeiro presidente da Xunta elixido polo Parlamento de Galicia no ano 1981. Este garda unha especial lembranza de Ramón Piñeiro, quen o animou a se embarcar nas listas de Alianza Popular, pois desexaba que o galeguismo abranguese todo o arco parlamentario. Afirma que Piñeiro se convertera nun importante piar da editorial Galaxia, colaborando na defensa da lingua galega. Indica que Albor é hoxe en día presidente de Música en Compostela, da Fundación Valle Inclán e da Fundación A Rosaleda, de cuxa clínica fora fundador.

Quintana, Anxo, "A nosa lingua é potencia", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Opinión", 17 maio 2008, p. 46.

Afirma que o homenaxeado Xosé María Álvarez Blázquez soubo recoñecer a potencia da lingua galega e a súa potencialidade como capital intanxíbel, xerador de riqueza

cultural e materia prima das industrias culturais e do coñecemento. A continuación, anima a participar deste espírito de compromiso coa lingua galega, a velar pola comunicación en galego, a enriquecer o seu prestixio e a unha participación activa de toda a cidadanía.

Reixa, Antón, "Aqueles libros d'O Moucho", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Psicofonías", 9 maio 2008, p. 11.

Considérase que dedicar o Día das Letras a Xosé María Álvarez Blázquez ten moito de pedagoxía histórica, pois trátase dun intelectual polivalente e de acción, que investigou a poesía medieval e impulsou unha intelixente mercadotecnia editorial. Agradécelle ademais que a través dos libros da súa colección "O Moucho" cimentase a súa conciencia galeguista, a través de obras como *Retorno a Tagen Ata*, de Méndez Ferrín.

Rielo, Pedro, "Repensando a Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 11 xullo 2008, p. 4.

Anuncia a homenaxe que no Día das Letras Galegas 2009 se lle renderá á figura de Ramón Piñeiro. Afirma que dito intelectual, gran defensor da lingua galega, non é demasiado coñecido polos máis novos, mais xulga a súa dedicación política a prol da terra galega digna de ser lembrada, tal e como apunta a Real Academia Galega, pois as novas xeracións precisan de referencias.

Rivas, Manuel, "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 11 xullo 2008, p. 11.

Fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas ao redor da figura de Ramón Piñeiro, mencionando algunhas das particularidades do mesmo, como a súa "mesa camilla". Afirma que se trata dunha referencia que está intimamente ligada ao escritor, tan marabillosa que podería ser comparada mesmo coa computadora HAL 9000 d'*Odisea en el Espacio* (Stanley Kubrick). Sen embargo, considera que o escritor foi máis recoñecido polo seu labor político a prol do galeguismo, dando nome ao movemento piñeirista, que pola súa obra literaria, maioritariamente ensaística. Indica que dito movemento seguía unha ecuación moi simple: democracia + autonomía + europeísmo.

Rivas Troitiño, Xosé M., "Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta e Palla", 25 xullo 2008, p. 4.

Dá conta dunha entrevista que realizou a Ramón Piñeiro no 23-F e que formaba parte dunha serie de catorce enquisas tituladas *Encuesta sobre lo gallego*. Observa que a dedicatoria a este intelectual das Letras Galegas 2009 espertou profundos debates en contra de dita elección e chaga á conclusión de que quizais sería necesario escoller personaxes menos controvertidos e que non provocasen ningún tipo de regueifa. A título persoal propón a Diego Antonio Cernadas de Castro por ter escrito moito en galego a prol do pobo galego.

Rodríguez, Carlos Luis, "Letras sin ideología", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 19 maio 2008, p. 2.

Considera, en relación cunhas declaracións efectuadas durante os festexos oficiais do Día das Letras, que non se deberían mesturar lingua e ideoloxía, pois se o idioma non é visto como politicamente neutral corre o risco de quedar convertido nun código ritual das elites. Se ben apunta que no pasado o vínculo entre galego e galeguismo foi total, como ben amosou a figura do propio homenaxeado deste ano, Xosé María Álvarez Blázquez, na actualidade a connotación ideolóxica da reivindicación idiomática é un pesado lastre. Por tanto, o reto neste momento histórico é facer da lingua algo apto para todos os públicos.

Romero, Marga, "Álvarez Blázquez en Tui", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 32.

Dá conta da declaración do 2008 como Ano de Xosé María Álvarez Blázquez polo Concello de Tui. Saliéntase que a figura do poeta e homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008 vai ocupando así de novo a cidade.

Senín, Xavier, "Amor polos libros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 4 xuño 2008, p. 4.

Reivindícase que a figura de Xosé María Álvarez Blázquez ten que seguir sendo recordada despois do Día das Letras Galegas, pois a través das súas iniciativas editoriais Monterrey ou Castrelos foi unha das persoas que máis fixo pola difusión do libro e polo fomento da lectura.

Tarrío Varela, Anxo, "Flores para María Mariño", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 16 xullo 2008, contracuberta.

Fai unha particular e persoal homenaxe lírica á poetisa noiesa María Mariño, contestando a un recente ataque á mesma, tachada de analfabeta. Lembra tamén outro episodio desagradábel contra dita escritora e que se produciu en Noia, onde foi retirada unha placa conmemorativa que lucía na fachada da casa onde nacera Mariño.

Valcárcel, Marcos, "Algunha efemérides do 2008", "Efemérides", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 10 xaneiro 2008, p. 61/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 11 xaneiro 2008, contracuberta.

Dá conta de diferentes efemérides que serán celebradas durante o 2008 e distingue entre aquelas que cumpren cen anos e outras que festexan os cincuenta anos. Tamén en primeiro lugar informa que este ano o Día das Letras Galegas estará dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez.

Valcárcel, Marcos, "Álvarez Blázquez", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 4 xuño 2008, p. 61.

Rememórase o esforzo dos galeguistas tras o desastre da guerra e destácase a "Escolma de Poesía Galega" que Galaxia iniciou en 1953, matizando que foi Álvarez Blázquez quen preparou os dous primeiros tomos sobre a poesía dos trobadores e os versos galegos dos S. XIV e XV, agora publicados en facsímile.

Valcárcel, Marcos, "Ramón Piñeiro a debate", *La Región*, "Opinión", 7 xullo 2008, p. 12.

Faise eco da decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2009 á figura de Ramón Piñeiro, así como da controversia espertada por tal decisión. Comenta que, malia que son moitos os partidarios da homenaxe, tamén hai quen que tacha a Piñeiro de "traidor e filonazi". Porén, indica que a Real Academia Galega considera esta figura de gran interese polo seu labor constante e desinteresado en defensa da terra galega, da súa lingua e a súa cultura.

Valcárcel, Marcos, "Ramón Piñeiro a debate (1)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 8 xullo 2008, contracuberta.

Informa da decisión tomada pola Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2009 ao intelectual Ramón Piñeiro, mais tamén da controversia provocada por tal decisión. Sinala que outros nomes que se barallaban para dita homenaxe eran Manuel Luís Acuña, Florentino Delgado Gurriarán ou o ferrolán Ricardo Carvalho Calero.

Valcárcel, Marcos, "Ramón Piñeiro a debate (e 3)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 10 xullo 2008, contracuberta.

Reflexiona sobre a figura de Ramón Piñeiro como defensor da lingua galega. Indica que Piñeiro consideraba, e estaba convencido, de que o futuro da lingua galega pasaba pola concienciación do mundo urbano, base da modernidade, pois o galego tamén tiña que incluírse dentro da mesma.

Vázquez Gil, Lalo, "Concepción Arenal e `Galegas distinguidas", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 7 febreiro 2008, p. 3.

Recóllense palabras de Xosé María Álvarez Blázquez, cronista oficial de Vigo e homenaxeado no Día das letras, para glosar a figura de Concepción Arenal.

Vázquez Gil, Lalo, "A palabra e os días", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 24 abril 2008, p. 3.

Faise referencia á inauguración da exposición en Vigo de "A palabra e os días", na que se recolle en textos e imaxes a vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez, "o noso máis completo cronista da cidade", en palabras de Vázquez Gil. Indícase que se trata dunha mostra comisariada polo escritor Francisco Castro.

Veloso, Iolanda, "O tesouro cultural da nosa lingua", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Opinión", "Dúas visións", 17 maio 2008, p. 55.

Sinala como sentido da data do Día das Letras Galegas facer visíbel a relevancia do feito de contarmos cunha lingua propia. Considera necesario aproveitar o 17 de maio para concienciar do dereito a usala de maneira normal en todos os ámbitos da vida, polo que cómpre unha formación que garanta unha competencia suficiente no idioma como para poder elixir en liberdade.

Vidal, Xoán C., "Piñeiro", *El Progreso*, "El Postigo", 7 xullo 2008, contracuberta.

Valora positivamente a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2009 á figura do lucense Ramón Piñeiro, á vista da dedicación deste á terra galega e o seu papel de referente para as novas xeracións de galego falantes. Afirma que a intención desta homenaxe é a de invitar durante todo un ano á reflexión en torno á actividade intelectual e literaria levada a cabo polo escritor de Láncara.

Vidal Villaverde, Manuel, "Como cando o alba aínda é insomne", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Opinión/Dúas visións", 17 maio 2008, p. 55.

Cita a obra *Sonetos del alba insomne*, de Xosé María Álvarez Blázquez, como unha das que deixou fonda pegada no autor do artigo, quen a cualifica como fermosísima, tenra e extraordinaria.

Vidal Villaverde, Manuel, "Días felices", *Atlántico Diario*, "Opinión", 21 maio 2008, p. 3.

Manuel Vidal Villaverde conta que nos actos en lembranza de Xosé María Álvarez Blázquez atopou vellos amigos como Luz Pozo Garza, Saleta (viúva de Manuel María) ou Xosé Luís Axeitos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xa vén maio, xa vén o día", *Atlántico Diario*, "Opinión", 14 maio 2008, p. 3.

Recolle o escaso contacto persoal que tivo con Xosé María Álvarez Blázquez e adianta que o 17 de maio será un gran día para lembralo e homenaxealo.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Carballa, Xan, "Xosé Luis Franco Grande, Académico: 'Non favorece á literatura dicir que vive a idade de ouro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 xaneiro 2008, p. 8.

Xosé Luís Franco Grande sinala nesta entrevista que dende hai trinta anos a literatura galega baixou en calidade xa que é menos orixinal e máis aburrida. Cre que deberían facerse máis traducións e que a crítica literaria debería ser máis seria e debería orientar o lector. Comenta que nos anos cincuenta e sesenta se tomaba moi en serio a creación literaria pero que hoxe non é así porque hai un patrón, o que conleva que todos escriban igual, polo que non cre que se deba afirmar que vivimos unha idade de ouro literaria; e, por riba, moitos son profesores polo que coñecen o oficio pero non viven a literatura. Cre que as cifras sinalan que se vende moito pero é porque tamén entran os subvencionados e pensa que hoxe en día non se le porque a xente prefire entreterse con outros medios. É autor dun dicionario de gran difusión nos anos setenta e comenta que daquela non había posibilidade de profesionalización polo que se traballaba por patriotismo. Nos seus ensaios memorialísticos intitulados *Os anos escuros* (1985), recoñece o maxisterio de Ramón Piñeiro e reflicte a necesidade de romper co pai e voar só. Pensa que o lector, coa axuda da crítica, é o que estabelece o canon porque coa idade vaise facendo máis intuitivo. Di que hai que tomar en serio a escrita e hai que poñer os cinco sentido, pero non se fai porque moitos escriben só por dicir que teñen un libro. Para finalizar, opina que non se está facendo ben a política lingüística xa que en lugar de andar con libros complicadísimos deberían entusiasmar os rapaces con recuperación exitosas.

Correa, Anxa, "A literatura ten unha difusión minoritaria", *Diario de Pontevedra*, "Día das letras", 17 maio 2008, p. 4.

Xosé María Álvarez Cáccamo, primoxénito do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xosé María Álvarez Blázquez, nesta conversa fala da influencia da obra de seu pai sobre a súa propia, do sentimento emotivo que nel inflúe á hora de valorar ou escoller entre as obras de seu pai e da importancia que *Canle segredo* acadou. Destaca o labor editorial e investigador que desempeñou, así como o seu interese pola etnografía e o material popular, descríbeo tanto como un recuperador de historias para un público de masas, como un investigador dedicado a un público máis restrinxido. Tamén admira o seu labor intelectual durante a ditadura, pois amosou unha posición de resistencia activa dun xeito prudente.

F. D., "Foi un home inmensamente traballador", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", p. 14/*Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Recordos/O fillo fala do pai", p. 54, 17 maio 2008.

Alfonso Álvarez Cáccamo, fillo de Xosé María Álvarez Blázquez., expresa a ledicia nesta entrevista que sentiu a familia de Xosé María Álvarez Blázquez e expresa a gratitude que sente a súa familia ante o interese manifestado pola figura do seu pai, de quen destaca o seu carácter entrañábel, cariñoso e comunicativo e a súa faceta de editor, que resultou fundamental para o espallamento da cultura galega.

F. D., "A cultura galega debe durar 365 días", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 21.

A concelleira de Cultura do concello de Ourense, Isabel Pérez, nesta conversa sobre a celebración do Día das Letras Galegas sinala que cos festexos vinculados a este día a súa pretensión é que participe todo o mundo e que se difunda e recoñeza a lingua galega. Indica que participan no Correlingua da Xunta da Galicia con representacións teatrais e outras actividades. Precisa que colaboran co Concello asociacións coma os Amigos do Libro e Asociación de Libreiros.

González, Eva, "Adiquei 24 anos da miña vida a que moitas persoas teñan esperanza", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 30 abril 2008, p. 17.

Afírmase que A Guarda dedica o seu Día das Letras Galegas a José Antonio Uris Guisantes, fundador de Érguete Baixo Miño, quen leva vinte e catro anos traballando por e para a vila, por exemplo valorando as ideas da xuventude ou recompilando datos e documentos sobre a historia do seu pobo. Dise que é filántropo por natureza, pois comenta na entrevista que a súa maior satisfacción é dar esperanzas aos demais.

González, Eva, "Álvarez Blázquez abriu a porta á nova narrativa", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 11 decembro 2008, p. 20/*La Opinión*, "Cultura", 13 decembro 2008, p. 57.

Nesta entrevista co doutor en Filoloxía, Catedrático de Literatura no Instituto Santa Irene de Vigo, membro da Real Academia Galega e escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, realizada co gallo da apertura dun congreso sobre Xosé María Álvarez Blázquez, Ferrín fala da amizade que o unía ao intelectual pontevedrés, así como do labor de Blázquez no ámbito da edición e da Historia.

Loureiro, Ramón, "Europa haina que unir sobre unha identidade cultural e espiritual", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2008, p. 55.

Basilio Losada, de visita en Galicia para asistir a unha lectura de tese na Universidade da Coruña, manifesta nesta entrevistas o seu apoio a que se lle dedique o Día das Letras Galegas (17 maio) á figura de Ramón Piñeiro, co cal mantivo anos de correspondencia que vén de reunir nun volume aínda en preparación. Losada lembra a figura do intelectual lugués, quen foi seu mestre e quen, a través das súas cartas, lle ensinou moitos aspectos da vida e do ensino universitario. É por iso que, segundo Losada, a celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Piñeiro será unha boa maneira de recuperar toda a súa obra escrita, dentro da cal se integra tamén dita correspondencia.

Piñeiro, María, "Destaca o compromiso galeguista do autor", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 15 maio 2008, p. 10.

Celso Matalobos, vicedirector da publicación "Lucus Augusti", comenta nesta breve entrevista as actividades que se levarán a cabo no festival co mesmo nome, este ano centrado na persoa de Xosé María Álvarez Blázquez, como son a entrega de premios de poesía e narrativa, interpretacións musicais, lectura de poemas e presentación do número oito da colección "Cadernos de Literatura Galega na Escola", dedicado ao homenaxeado o Día das Letras, do que Celso destaca o seu compromiso galeguista e o seu carácter polifacético.

Quintás, Ángeles, "Eso da musas sí que existe, pese ó que se diga", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Semana das letras galegas", 16 maio 2008, p. 64.

O escritor e xornalista Manuel Rivas responde a unhas preguntas antes da súa participación nas xornadas pontevedresas "Diálogos en Pontevedra", onde participará xunto co crítico literario Ramón Nicolás nos "Diálogos Literarios". Fala do proceso aberto de converterse en escritor, da indispensábel inspiración e da importancia enriquecedora da crítica literaria para explicar a literatura e incluso ás veces para que os autores descubran a súa verdade. Tamén comenta dúas posicións negativas e extremas de entender o galego, unha que augura a súa extinción e outra antipática con prexuízos cara ao galego. Defende o Día das Letras porque da a coñecer autores galegos para moitos inexistentes.

Vidal Villaverde, Manuel, "Faler-ler-escreber galego na Galiza é máis difícil que aprender alemán ou inglés", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 30 xuño 2008, pp. 30-31.

A escritora e profesora na Universidade da Coruña Pilar García Negro, nesta extensa entrevista fai un repaso por diversos aspectos da actualidade política e da literatura en Galicia. Considera a entrevistada que o galego segue sufrindo unha subordinación imposta ao español, e amósase partidaria da máxima reintegración có portugués. Considera que a historia, a cultura e a arte galegas deberían valorarse moito máis do que se fai, pois "unha cultura galega empequenecida leva sempre a sermos galegos a tempo parcial", segundo as súas verbas. Cre, ademais, que falar, ler ou escribir en galego en Galicia é máis difícil que aprender alemán ou inglés. Respecto á situación actual da literatura galega, apunta que, se ben non se pode falar, como algúns afirman, de idade de ouro, dá nomes cunha calidade por enriba da media española. García Negro tamén fai referencia ás súas últimas obras, unha pequena monografía sobre Álvarez Blázquez en *Casahamlet* e un Decálogo sobre a lingua galega na Fundación Bautista Álvarez.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., "Álvarez Blázquez forzou a creación da sala de arqueoloxía con doazóns", *Atlántico Diario*, "Vigo", 21 maio 2008, p. 16.

Descríbese a faceta máis descoñecida do autor X. Mª Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras, a súa paixón pola arqueoloxía, da cal se fala na charla "Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo", que pon fin ao ciclo de conferencias sobre o autor en Vigo. Fálase da súa implicación nas escavacións e da súa vontade á hora de convencer a propietarios para que cedesen os seus terreos.

A C B, "O CCG recupera unha obra sobre Pastor Díaz de Álvarez Blázquez", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 maio 2008, p. 70.

O Consello da Cultura Galega (CCG) presentou unha edición de cincocentos exemplares dun cartafol especial sobre a "Égloga de Belmiro e Benigno" de Nicomedes Pastor Díaz, que recuperou e publicou Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008. O cartafol réndelle tributo acompañando a égloga das notas para unha edición crítica escritas polo propio Álvarez Blázquez, así como do facsímile de *Poesías galegas*, tamén de Pastor Díaz, que se publicara en 1951 na editorial Monterrey, impulsada polo poeta tudense. Nesta obra publicáronse tanto a propia égloga como a poesía "Alborada", do mesmo autor. O Consello da Cultura salienta a importancia de Blázquez como recuperador dos tesouros da literatura galega. De feito, el foi quen atribuíu a paternidade da égloga a Pastor Díaz, un dato moi importante posto que amosaba que o que era considerado príncipe dos poetas españois no seu tempo era tamén un poeta en lingua galega con solidez. Con anterioridade, soamente era coñecida en galego a súa poesía "Alborada". Neste senso, o profesor Henrique Monteagudo reivindicou na presentación o papel de Álvarez Blázquez como "investigador da literatura galega perdida".

A D, "As referencias vitais do seu labor", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Buscador de tesouros/Alma de poeta", 17 maio 2008, p. 34.

Expón a inquietude cultural por Galicia que sempre alimentou o labor do homenaxeado Xosé María Álvarez Blázquez, que xa estaba presente no seu avó, Emilio Álvarez Jiménez, e nos seus irmáns, e que ademais transmitiría aos seus fillos. En concreto, salienta que Vigo foi unha referencia central na vida de Álvarez Blázquez, polo que a súa obra contribuíu a entender mellor a historia cultural de Galicia.

A D, "Unha aposta pola cultura, a música e ocio", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Vigo/Espectáculos nas rúas", 17 maio 2008, p. 35.

Fai referencia aos actos programados polo Concello de Vigo para celebrar o Día das Letras Galegas. Destaca a ruta "Camiña e coñece, o camiño das letras", que inclúe a visita de lugares relacionados coa cultura galega, coma o sitio onde se publicou o

primeiro libro de *Cantares gallegos* ou onde viviu o primeiro tradutor do grego antigo ao galego da *Ilíada*. Tamén apunta que está programada unha lectura de versos de Xosé María Álvarez Blázquez e a exposición "Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo de Vigo", no museo Quiñones de León.

A D, "Editado o roteiro de Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Tui/Amplio programa de actividades", 17 maio 2008, p. 37.

Anuncia a creación dun folleto que amosa os lugares de Tui vinculados á personalidade e traxectoria de Álvarez Blázquez, no marco das actividades organizadas polo Concello para a celebración do "Ano Xosé María Álvarez Blázquez". Tamén informa que hai programadas outras actividades relacionadas co escritor, coma o desenvolvemento de diversos obradoiros.

A D, "A visión dos nenos sobre a figura do escritor", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Blázquez inédito/A outra mirada", 17 maio 2008, p. 38.

Amosa as actividades coas que o alumnado do Colexio Estudio de Vigo conmemora o Día das Letras Galegas e os coñecementos que posúe arredor da figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Sinala que os rapaces destacan as múltiples facetas que abrangueu o labor do homenaxeado, quen foi, entre outras cousas, arqueólogo, poeta, editor e mestre.

A D, "Apoios para crear unha fundación", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "Iniciativa/Difundir o seu legado", 17 maio 2008, p. 47.

Informa do anuncio, por parte dos fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, da súa disposición a crear unha fundación que axude a difundir o legado de seu pai se reciben os apoios necesarios.

A. G., "O erudito galeguista", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 8.

Fala sobre as diversas facetas desenvolvidas por Xosé María Álvarez Blázquez, tales como historiador, arqueólogo, literato…, centrándose no seu labor de divulgador e descubridor de textos. Refírese en primeiro lugar ao canon da poesía medieval clásica que se recolle no tomo da I *Escolma de Poesía Galega*, publicada pola editorial Galaxia no ano 1952, e despois sinala a importancia do segundo tomo, publicado no ano 1959, que se centra na poesía dos séculos XIV-XIX.

Albo, Francisco, "Intelectuais de varios países piden que o Día das Letras do 2010 se dedique a Uxío Novoneyra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2008, p. 50.

Dáse conta da creación no ano 2007 dunha páxina dedicada a Uxío Novoneyra e asinada por distintas personalidades que apoian a candidatura do escritor ás Letras Galegas do

ano 2010. Entre ditos asinantes sinálanse intelectuais galegos como Agustín Fernández Paz ou Camilo Valdehorras, así como numerosos escritores estranxeiros: o poeta arxentino Juan Gelman, o escritor portugués José Viale Moutinho ou o filólogo xaponés Takekazu Asaka. Coméntase que unha gran parte das sinaturas procede de autores da lusofonía, como Amadeu Baptista ou Guimarães.

Alonso Girgado, Luís, "Un poema para amar a poesía", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 14.

Destácase a faceta de escritor de Xosé Mª Álvarez Blázquez entre as demais que desempeñou ao longo da súa vida e en concreto a súa poesía da cal se comentan os títulos principais e logo se reproduce un dos poemas, "Solpor", publicado póstumo en 1985, como homenaxe.

Alonso Montero, Xesús, "De Arco da vella", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, p. 4.

Faise mención da antoloxía poética que ideou e levou a cabo Xosé Filgueira Valverde, que foi un encargo do Seminario de Estudos Galegos. Precísase que a primeira *Antología* fose publicada en 1932 por Gerardo Diego. Sinala que pronto sairá á luz a da de Filgueira Valverde, titulada *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, publicada polo Museo de Pontevedra e a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e editada por Xesús Alonso Montero e Ana Acuña. Indica que na edición se inclúe a carta enviada por Filgueira a Federico García Lorca e que foi devolta por algún erro no enderezo, así como se sinala que Filgueira invitou a Xosé María Álvarez Blázquez a participar nel. Faise un repaso pola bibliografía de Xosé María Álvarez Blázquez: un libriño de versos en castelán en 1932, *Berro en lembranzas dos herois de Carral* en 1934, varios poemas na prensa, sobre todo na revista *Cristal*, do ano 1932 ao 1933. Finalmente sinala que a obra coa que participou na *Antoloxía* foi co inédito *Arco da vella* (Poemas. 1932-1934).

Álvarez Blázquez, Xosé María, "De 'Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "QUE DOADO é cantar para ti, amiga,...", da obra poética *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Aquil neno que eu fun", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 maio 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Aquil neno que eu fun", de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Xosé María Álvarez Blázquez", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "*Bulebule*", 8-14 maio 2008, cuberta.

Reprodúcese un fragmento do poema "Romance do pescador peleriño " escrito polo homenaxeado.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Xosé María Álvarez Blázquez, da *Canle Segreda* do poeta ao grande ronsel do editor", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "*Letras Galegas*", 15-21 maio 2008, p. 25.

Reprodúcese o seu poema "Pedra viva".

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Álvarez Blázquez homenaxea a Blanco Amor", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "*Letras Galegas*", 15-21 maio 2008, p. 30.

Reprodúcese o texto que Álvarez Blázquez realizou en 1981 para un volume que preparou o concello de Redondela en lembranza de Eduardo Blanco Amor e que se publicou en 1982.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Poesías e carta do autor", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", "O escritor", "Poesía primeira", 17 maio 2008, p. 52.

Reprodúcense os seguintes poemas do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas: "Aquil neno que fun", "Era un airiño suave", "Diante da tumba de Cabanillas" e "Saudade".

Álvarez Blázquez, Xosé María, "A Gavilla", *Diario de Ferrol/Diario de Arousa/El Ideal Gallego*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2008, p. 9.

Reprodúcese a composición "A Gavilla" que o escritor tudense dedicou a Celso Emilio Ferreiro.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "De 'Roseira do teu mencer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 maio 2008, p. 43.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Era un airiño soave …" pertencente ao poemario *Roseira do teu mencer* (1950), de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "De 'Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 maio 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "NAUFRAXIO" pertencente ao poemario *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "de 'canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "PEDRA VIVA", pertencente ao poemario *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, "Entre o perdón e a alerta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, pp. II-III/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, pp. 2-3.

Descríbese a xuntanza da familia Álvarez Blázquez na súa totalidade para despois reproducir o discurso dun dos seus membros que actuou como portavoz no acto de inauguración do ano dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, que se celebrou o 23 de abril de 2008 en Tui, a súa cidade natal. Sinálase que Alfonso, fillo do homenaxeado, salienta o vínculo que manteñen todos eles con este lugar, pois permaneceron alí até o estoupido da guerra civil. Afirma que ese pasado debería permanecer nun estado letárxico, "entre o perdón e a alerta", para deixar paso aos momentos de celebración do presente. Precisa que Tui será un exemplo de actividade cultural como o fora nos tempos dos Xogos Florais, que contou co labor de tudenses como o filósofo Francisco Sánchez, O escéptico, ou o arcebispo Lago, que foi homenaxeado no ano 1973 no Día das Letras Galegas. Indica que Xosé María Álvarez Blázquez fai mención desta vila en todas as súas obras, incluídos os seus estudos arqueolóxicos.

B. B., "Unha ollada profunda a Galicia", *Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", 17 maio 2008, p. 6.

Destácase primeiramente o labor como editor de Xosé María Álvarez Blázquez, nun momento crucial para a literatura galega da posguerra, coa creación de Edicións Monterrey en paralelo á aparición da Editorial Galaxia e a venda posterior de Edicións Castrelos a Galaxia apostando sempre pola edición e divulgación de libros en galego. Lémbrase logo que foi un polifacético escritor en todos os xéneros e danse algúns dos seus títulos relevantes así como se fai referencia ao seu labor como articulista plasmando as súas achegas no campo da arqueoloxía ou da cultura. Por último lémbrase a importancia da cidade de Vigo na súa vida tras acollelo coa súa familia para fuxir do ambiente de represión franquista.

Bernárdez, Carlos L., "Tempos de cristal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", "Historia da literatura", 17 maio 2008, p. II.

Lémbrase a traxectoria literaria e vital de Xosé María Álvarez Blázquez a partir dos seus estudos de maxisterio en Pontevedra en 1931-1934, cidade de moita riqueza cultural naquel momento no que o autor coñece a personalidades como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Valentín Paz Andrade ou Alexandre Bóveda cos que entra en contacto. Dise que nesa época el e outros fundan a revista *Cristal* a través da cal coñece a poetas como Federico García Lorca. Logo lémbrase a súa relación estreita con

Alexandre Bóveda co cal emparenta e dise que na revista que funda publica até doce poemas e que con ela entra de cheo no mundo cultural galego e no seu compromiso ético co país. Engádese unha entrevista ao seu fillo, o tamén escritor Xosé María Álvarez Cáccamo na que lembra o significado da represión franquista para o seu pai e o entusiasmo e traballo que puxo en cada unha das cousas que fixo.

B. R. S., "A RAG reclama a creación dunha fundación para Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2008, p. 37.

Resume da sesión plenaria que a RAG celebrou o 17 de maio en Vigo para conmemorar a Xosé María Álvarez Blázquez. Indícase que no acto interviñeron Darío Xohán Cabana, que falou da polifacética figura do homenaxeado e do seu labor na cidade de Vigo, onde viviu a maior parte da súa vida; Víctor Freixanes, destacou o seu labor como editor co discurso "Arte de paquetería"; e Xosé Luís Méndez Ferrín, enfocou a súa charla no cotiá da vida do homenaxeado. Da xornada destacou o tema da posíbel creación dunha Fundación dedicada ao autor, posto que a familia conta cun gran arquivo de fondos que Álvarez Blázquez foi recollendo ao longo da súa vida e que debería ser catalogado, inventariado e dixitalizado para o uso común.

Baena, Ana, "Os actos polo Día das Letras Galegas comezan cun Correlinguas polas rúas", *Atlántico Diario*, "Vigo", 15 maio 2008, p. 18.

Dá conta da marcha levada a cabo polos estudantes de Educación Infantil, Primaria e Secundaria da comarca de Vigo para a defensa do uso do galego no ámbito educativo e social. Indica que o Correlinguas paseou polas rúas de Vigo até chegar a Castrelos, onde desenvolveron diferentes actividades. Engade que os cinco fillos do homenaxeado comunicaron a súa disposición para crear unha Fundación co nome de seu pai para conservar todos os traballos feitos e recollidos por este.

Baena, Ana, "Álvarez Blázquez 'volve' a Castrelos cos seus achádegos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 17 maio 2008, p. 14.

Comunícase a apertura dunha exposición no Museo Municipal de Quiñones de León nas instalacións de Castrelos, en Vigo, sobre a figura do homenaxeado este 17 de maio, Xosé María Álvarez Blázquez. Considérase esta como unha débeda que a cidade tiña co autor con respecto á súa faceta como arqueólogo e os xacementos nos que estivo implicado. Coméntase que os fillos do autor que acudiron á cerimonia falaron dos recordos de seu pai como arqueólogo.

Barbadillo, A., "Díaz Pardo sale absuelto de un delito de calumnias contra un socio de Sargadelos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Ciudad", "Judicial", 14 maio 2008, p. 9.

Tras a referencia a outras cuestión, indícase que Isaac Díaz Pardo participou na maratón de lectura en galego con motivo do Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, con quen Díaz Pardo compartiu unhas mesas redondas nos anos setenta.

Cabana, Darío Xohán, "Breve percorrido fotobiográfico", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Letras galegas. 2008", 15-21 maio 2008, pp. 28-29.

Reprodúcese a biografía de Xosé María Álvarez Blázquez realizada por Darío Xohán Cabana para a Real Academia Galega.

Carballa, Xan, "Piñeiro, o galeguismo dos anos da prohibición", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Cultura", 10-16 xullo 2008, pp. 24-25.

Presenta a figura do intelectual galego Ramón Piñeiro, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro non só é lembrado pola súa faceta literaria, senón tamén polos seus vencellos políticos. Membro do Partido Galeguista (PG), Piñeiro destaca polo seu compromiso ético con Galicia, así como polo seu traballo literario, as súas traducións e os seus ensaios. Coméntase que foi director literario da Editorial Galaxia e membro da Real Academia Galega.

Castro, Montse, "Touriño cierra el Día das Letras con un concurrido acto en Buenos Aires", *El Correo Gallego*, "Galicia", 19 maio 2008, p. 10.

Refírese ao acto de celebración do Día das Letras no Centro Galicia en Bos Aires, onde o presidente da Xunta agradeceu a todos os presentes a súa presenza, así como o seu apoio a Galicia.

Castro Rodríguez, Xavier, "Álvarez Blázquez: paixón creativa e arela erudita", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 xuño 2008, p. 2.

Descrición do libro *Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*, editado en 2007 por Toxosoutos, e do seu autor, o profesor, ensaísta, historiador e investigador, Clodio González Pérez. Esta obra amosa a fonda admiración que o autor sente polo que foi o seu amigo e mestre e fai un percorrido didáctico pola súa bibliografía e obra.

Correa, Anxa, "Álvarez Blázquez, do pobo e para o pobo", *Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", 17 maio 2008, p. 2.

Extenso percorrido pola traxectoria vital e profesional de Xosé María Álvarez Blázquez do que se destaca ter sido o pescudador das raíces da identidade galega e divulgador para un público amplo nas súas facetas de investigador, libreiro, editor, escritor, arqueólogo e activista. Lémbranse con detalle os episodios máis destacados da súa vida como o seu desterro en Zamora, a creación da librería e posterior editorial Monterrey, o Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires por *Canle segredo*, o seu ingreso na Real Academia Galega en 1964, a enfermidade da súa filla ou o seu nomeamento como cronista oficial da cidade de Vigo.

Correa, Anxa, "A semente da edición galega moderna", *Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", 17 maio 2008, p. 5.

Lémbrase o labor editorial de Xosé María Álvarez Blázquez ao fronte da editorial Castrelos coas colecciónes O Moucho e Pombal e o éxito de vendas de obras como *O catecismo do labrego* coa colaboración constante do seu compañeiro Darío Xohán Cabana. Dise que, segundo Cabana, o acerto do editor estivo en saber ver o cambio histórico que se estaba a producir xa que se demandaban libros en galego como forma de resistencia ao franquismo. Logo danse os nomes de múltiples obras editadas polas tres editoriais que traballaban forte a prol da cultura galega (Castrelos, Galaxia e Edicións do Castro) e por último lémbrase a traxectoria editorial do autor e o pulo dado aos clásicos e mesmo a obras coetáneas a Álvarez Blázquez e pertencentes á Nova Narrativa Galega.

C. R., "Un poemario de Álvarez Blázquez ve la luz tras 70 años", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 22 maio 2008, p. 17.

Sinálase que a Universidade de A Coruña publica un facsímile con poemas do autor homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, Xosé Mª Álvarez Blázquez, e explícase que contén poesías do propio autor, inéditas até agora e escritas entre 1934 e 1938, e tamén traducións feitas por este de clásicos como Víctor Hugo ou Catulo. Por último engádese que na presentación participou o seu fillo Celso, que ofreceu unha conferencia sobre o seu pai.

Cuíñas, Teresa, "Homenaje a un creador total", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 abril 2008, p. 7.

Comunícase a apertura da exposición sobre a vida e o traballo de Xosé Mª Álvarez Blázquez, autor homenaxeado este ano o Día das Letras. Detállase que a mostra provén da colaboración entre a Editorial Galaxia, a Fundación Penzol e a Consellería de Cultura, e que consta de doce paneis coas obras do autor e varios obxectos persoais. Sinálase que o primoxénito do homenaxeado tamén asistiu á exposición e que este destacou a faceta humorística, menos coñecida, de seu pai. Remata dando conta dos talleres escolares de cantigas medievais e arqueoloxía e do ciclo de conferencias que tamén se levarán a cabo.

Cuíñas, Teresa, "La Academia organizará un congreso sobre Álvarez Blázquez", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 maio 2008, p. 2.

Este breve artigo sobre a celebración do Día das Letras, dedicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez, destaca os puntos máis notábeis que se trataron durante a celebración oficial da homenaxe en Vigo. Recóllense as palabras de Darío Xohán Cabana, quen reclamou un congreso sobre a figura do homenaxeado, e as de Xosé Ramón Barreiro ratificando a existencia dun acordo para celebralo. Víctor Freixanes e Xosé Luís Méndez Ferrín destacaron a faceta como editor do autor.

Dacosta, Henrique, "Nótulas a un home poliédrico", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 7.

Tras enxalzar a personalidade e o labor realizado en todos os campos (investigación, edición, produción, arqueoloxía) por Xosé Mª Álvarez Blázquez dise que vén ser "unha prolongación sen fracturas do labor emprendido polos homes da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos" e que comeza xa a escribir poemas aos dez anos para non deixalo xamais. Céntrase logo no estudo da súa lírica da que se di que bebe nas fontes da Xeración do 25: imaxinismo e neotrobadorismo como en *Poemas de ti e de min* ou en *Cancioneiro de Monfero* e a canción popular e tradicional en *Roseira do teu mencer*. Dise por último que atinxe o seu cume con *Canle segredo* de temática intimista e social do que se destacan algúns poemas.

D L, "El PB pide que el Día de las Letras Gallegas honre al poeta Antonio Fernández", *Diario de León*, "El Bierzo", 18 setembro 2008, p. 12.

Infórmase de que o Partido do Bierzo reclamou que o Día das Letras Galegas do ano 2011 se lle dedique ao poeta berciano Antonio Fernández Morales co gallo do sesquicentenario da publicación de *Ensaios poéticos en dialecto berciano* e asemade apúntase que este partido político afirmou que Fernández Morales é o mellor literato galego do exterior.

E. G., "Rodríguez: 'Vivimos o ano de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "San Telmo 2008", 29 marzo 2008, p. 3.

O concelleiro de cultura do concello de Tui comunica a alegría que sentiron co nomeamento de Xosé Mª Álvarez Blázquez como homenaxeado este ano 2008 o Día das Letras. Declara que o nomeamento se celebrará o día das festas patronais de Tui na honra de San Pedro González Telmo, que reúne a xentes de Galicia e norte de Portugal.

E. G., "Hoteleros de la comarca ofrecerán la lectura de la obra de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 9 maio 2008, p. 17.

Anúnciase o programa "Palabra na solaina" que porá o libro *Xosé María Álvarez Blázquez. Poesía galega completa* (2007) a disposición dos turistas que visiten hoteis e casas rurais na zona do Baixo Miño. A iniciativa foi presentada pola conselleira de cultura, M. J. López Escudeiro, e polo concelleiro de cultura de Tui, Moisés Rodríguez, ante representantes de estabelecementos hoteleiros e estudantes do instituto San Paio.

E. G., "O aniversario de Xogos Florais celébrase cun recital sobre Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 24 xuño 2008, p. 16.

Celébranse dous referentes fundamentais para a historia de Tui, os cento dezasete anos dos Xogos Florais de Galicia que conmemoran os primeiros feitos integramente en galego celebrados en 1891 e nos que participaran os principais protagonistas do

"Rexurdimento", e a celebración do homenaxeado este ano no Día das Letras, Xosé María Álvarez Blázquez. Para a ocasión, lévase a cabo un recital poético de versos do autor.

E. G., "A vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez, á vista nunha exposición en Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 3 decembro 2008, p. 18.

Faise eco dunha exposición dedicada á figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Indícase que leva por título "A palabra e os días: homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez" e que está organizada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión, en colaboración co Concello de Tui. Afírmase que a exposición conta con doce paneis informativos que amosan un percorrido pola traxectoria do pontevedrés, dende os seus tempos mozos, pasando polos anos da República e a Guerra Civil, a morte de seu pai e o finamento de seu primo (Alexandre Bóveda). Destácanse algunhas datas clave na súa vida, como a fundación da Editorial Galaxia, o seu nomeamento como Comisario de Escavacións Arqueolóxicas ou o seu ingreso na Real Academia Galega (1962), entre outras.

E. G., "Tui capitalizará la cultura gallega durante el congreso sobre Xosé María Álvarez Blázquez ", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 4 decembro 2008, p. 14.

Informa da presentación dun congreso en torno á figura de Xosé María Álvarez Blázquez, organizado pola Real Academia Galega. O Presidente da mesma, Xosé Ramón Barreiro, subliñou neste acto que o congreso está pensado para amosar distintos aspectos da vida de Álvarez Blázquez, non só literarios mais tamén persoais e íntimos. Infórmase que á presentación tamén acudiu o escritor e catedrático Xosé Luís Méndez Ferrín.

F. D., "Editor, poeta e galeguista", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 3.

Sinala que publicou o seu primeiro libro en castelán nos anos 1931-1932, datas nas que funda xunto con Xoán Vidal a revista *Cristal* e entre os anos 1935-1936 escribe o libro de relatos, *Os ruíns.* Indica que no ano 1945 a súa novela, *En el pueblo hay caras nuevas* quedou finalista do primeiro Premio Nadal. Precísase que entre os anos 1948-1950 abriu con Luís Viñas Cortegoso a librería anticuaria Monterrey, nestes anos tamén saíu publicada na colección "Benito Soto", *Poemas de ti e de min.* Di que nos anos que van dende o 1950 ao 1959 fundou a Editorial Monterrey e escribiu *Canle segredo,* ganadora do Premio Pondal do Centro Galego de Bos Aires e que foi publicado no 1976; no ano 1960 publicou un corpus histórico sobre a cidade de Vigo, *La ciudad y los días.* Sinala que no ano 1964 ingresou na Real Academia Galega co discurso "Cantares e romances vellos prosificados" e fundou cos seus irmáns Edicións Castrelos e que no ano 1967 naceron as colecções "O Moucho" e "Pombal". Indica que no ano 1971 publicou, de novo en galego, *A pega rabilonga e outras historias de tesouros.* Indica que no ano 1982 escribiu o poema "Solpor". Por último fala da publicación póstuma, a cargo do seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo, dos *Sonetos del alba.*

F. D., "Selo conmemorativo", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 23.

Sinala que para festexar o Día das Letras Galegas en Maceda vaise presentar e pór en circulación un selo que simboliza a imaxe do Concello e que terá como protagonista a Quiroga Palacios, pola importancia que tivo na historia da vila.

Felpeto Babío, Vanesa, "Estamos en proceso de normalizar a nosa condición de galegos", *El Progreso*, "*Especial Día de Galicia*", 25 xullo 2008, pp. 28-30.

Faise eco da incorporación de Ramón Villares, presidente do Consello de Cultura, como novo membro da Real Academia Galega. No seu discurso de investidura, Villares fai alusión á condición actual de galegos e avoga polo cambio de Estatuto para incrementar a consciencia do significado da terra e da lingua galegas, afastando o sentimento de vergonza que anos atrás nos oprimía. A clave, segundo Villares, é asumir o ser galegos para poder ser capaces de honrar esa condición. Respecto á polémica sobre a elección de Ramón Piñeiro como figura homenaxeada nas Letras Galegas de 2009 afirma que se debería xulgar a súa obra tendo en conta a relación que existía entre cultura e política no momento da transición e da creación da autonomía.

Fernández, Carlos, "Lembranza do polifacético Álvarez Blázquez", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Día das Letras Galegas", 18 maio 2008, p. 64.

Coméntase o acto de celebración do Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez. Tres persoeiros destacaron as virtudes do autor, Darío Xohán Cabana, que aos dezanove anos traballou para o homenaxeado, destacou o seu labor como arqueólogo, o achado de lousas romanas no Areal e a creación da sección arqueoloxía do Museo de Castrelos. Víctor Freixanes falou do seu traballo como editor que se implicaba en todo o proceso da creación dun libro; mentres que Xosé Luís Méndez Ferrín destacou o seu patriotismo e sensibilidade artística. Xa pola tarde, a viúva do homenaxeado, María Luísa Cáccamo, e o alcalde descubriron unha placa conmemorativa no número cento oito da Gran Vía, onde viviu o autor. Durante o evento falouse da posibilidade de realizar un congreso sobre o autor, que segundo Cabana debería ser organizado pola Universidade de Vigo. Así mesmo, comentaron a posibilidade de crear unha Fundación para gardar todo o material histórico recollido polo autor, así como a numerosísima correspondencia e os traballos que a familia posúe deste.

F. F., "Viaxe ao corazón das Letras Galegas 2008", *Diario de Arousa*, 23 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da mostra de fotografías e material escrito sobre o autor tudense homenaxeado este ano no Día das Letras, Xosé Mª Álvarez Blázquez. Coméntase que foi instalada na biblioteca municipal de Vilagarcía e que consta de doce paneis sobre a vida e obra do autor.

Franco, Camilo, "Ramón Piñeiro protagonizará o Día das Letras Galegas do ano 2009", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xullo 2008, p. 34.

Emite unha valoración sobre a decisión da RAG de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2009 á figura de Ramón Piñeiro. Di que o escritor lucense non só destacou pola súa importante obra literaria e crítica. Destaca a súa participación nalgunhas das institucións máis importantes de Galicia como son a editorial Galaxia ou o Consello da Cultura Galega, así como a súa entrada na propia RAG no ano 1967. Considera que é merecedor de ser recoñecido polo seu labor político en defensa do galego, cun compromiso activo durante a Transición e os primeiros anos da Autonomía. Salienta a calidade literaria dos traballos de Piñeiro, eclipsados ao seu ver pola faceta política e reivindicativa.

Franco, F., "Xohán Cabana: 'Álvarez Blázquez é o pai do mundo editorial galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 13 maio 2008, pp. 42-43.

Coméntase como se desenvolveu o acto de homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez no Club Faro co gallo do Día das Letras Galegas no que estiveron presentes o escritor Darío Xohán Cabana, o seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo, o presidente da RAG Xosé Ramón Barreiro e o editor Manuel Bragado. Dise que o que máis se destacou foi o seu labor editorial e tamén xornalístico, o ton emotivo da intervención de Darío Xohán Cabana que o consideraba o seu mestre e gabou a súa obra poética e por último a súa faceta como historiador que comentou Xosé Ramón Barreiro.

García Márquez, Marta, "Do Álvarez Blázquez que viaxa en trípticos, charlas, teatro e recitais", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Día das Letras Galegas", 13 maio 2008, p. 15.

Noméanse moitas das actividades que se levarán a cabo no Día das Letras para conmemorar ao homenaxeado, X. Mª Álvarez Blázquez. Actividades como charlas dos seus fillos, conferencias como a de Sechu Sende: "Método de autohipnose para falar galego", música como a de Antón Castro ou Bandas Municipais, a obra de teatro "Os soños na gaiola", contacontos, etc. Saliéntase o labor editorial do autor, que fixo que de libros como *O catecismo do labrego*, da colección Castrelos, se chegaran a publicar trescentos mil exemplares. Tamén se lembra o nacemento da RAG, máis ou menos hai cen anos, que decidiu celebrar o Día das Letras Galegas en 1963.

García Márquez, Marta, "Como un paxaro de altos voos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña" "Cultura", 14 maio 2008, p. 15.

Coméntase a charla que deu Celso Álvarez Cáccamo con motivo da homenaxe a seu pai no Día das Letras Galegas. Descríbeo como un optimista e como un paxaro, porque amaba a liberdade e era gran coñecedor de aves, as que aparecen nos seus poemas, xunto con outros temas como a vida e a morte, a nostalxia da infancia, a crítica social e a represión. Tamén o louva por ter publicado tanto a clásicos como a novos valores nas súas editoriais.

Gómez, José, "Carvalho Calero segue agardando", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 473, "Reportaxe", 23 marzo 2008, pp. 2-4.

Distintas voces dan a súa opinión sobre a proposta de elixir a Ricardo Carvalho Calero como próximo homenaxeado o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Mauricio Castro e Silvia Casal, membros da Fundación Artábria, propoñen a candidatura de Carvalho Calero, como veñen facendo na súa fundación dende hai dez anos. Móstranse descontentos coa RAG por non telo elixido até o de agora, e consideran que isto se debe á vertente galego-portuguesa que defendía Carvalho, redactor da *Historia da Literatura Galega* (1963) e dunha gramática do galego xa nos anos sesenta. O escritor Alfredo Conde defende a elección de Carvalho polo labor de cultivo do galego que levou a cabo e compara o seu mérito con outros xa homenaxeados. Así e todo, recoñece a súa postura contraria con respecto á lingua. Darío Xohán Cabana, membro da RAG, destaca o mérito de Carvalho como historiador da literatura, como autor de teatro e poesía, e menos como novelista. Non obstante, considera que mantivo un posicionamento negativo con respecto á lingua, lusista e rexionalista. O poeta Miro Villar destaca a faceta do autor como poeta, a cal quedou relegada debido ao seu importante labor como investigador e estudoso da literatura. Considera que non foi homenaxeado até o de agora polo seu posicionamento lingüístico, que chegou a enfrontalo con membros da RAG. O escritor Vázquez Pintor defende a candidatura de Carvalho Calero pola súa obra literaria, pero tamén pola súa idea de que o galego ten a súa salvación no "mundo atlántico", o portugués, aínda que sen afastarse das súas propias raíces e rico vocabulario. O editor da poesía castelá de Carvalho, Claudio Rodríguez Fer, destaca o labor como historiador da literatura galega e da lingüística como o distintivo que debería dar pé a que fose homenaxeado no Día das letras e considera que o posicionamento reintegracionista de Carvalho é a causa de que non fose elixido até o de agora. O profesor Ramón Mariño destaca a obra de Carvalho, especialmente en canto á creación e á historiografía literaria, e considérao merecedor do Día das Letras, a pesar de que, dende o seu punto de vista, a súa obra lingüística é inferior. Por último, Carmen Blanco, autora dun dos libros de entrevistas con Carvalho, destaca a dedicación completa do autor a Galicia, e recorda que xa na preguerra defendía o galeguismo democrático e progresista. Tamén achaca que non o teñan homenaxeado até o de agora polo seu posicionamento radical reintegracionista.

González, E., "O Congreso Álvarez Blázquez ábrese en Tui como 'foro de reflexión crítica e diálogo", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 12 decembro 2008, p. 20.

Dá conta da presentación e inauguración dun congreso dedicado á figura do escritor Xosé María Álvarez Blázquez que tivo lugar na vila pontevedresa de Tui e que foi organizado pola Real Academia Galega. Sinala que contou na súa apertura coa asistencia de personalidades do país como o catedrático e escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, o director da RAG, o académico Xosé Luís Axeitos e a delegada provincial da Consellería de Cultura, María Xesús López Escudeiro, quen destacou a personalidade de Álvarez Blázquez, tanto como escritor como en calidade de editor e poeta.

González, Eva, "Un emotivo homenaje recuerda la figura de Álvarez Blázquez en Tui", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 24 abril 2008, p. 46.

Recóllese a noticia da homenaxe en Tui a Xosé Mª Álvarez Blázquez, homenaxeado no Día das Letras, á que asistiron familiares, como o seu fillo Alfonso, que agradeceu aos cidadáns de Tui o recoñecemento de seu pai, ou o presidente da RAG, X. R. Barreiro, que defendeu a memoria histórica e recordou o asasinato na Guerra Civil do pai do homenaxeado. O alcalde de Tui, Fernández Rocha, louvou a traxectoria do autor e expresou o orgullo de todos os tudenses por recordar ao ilustre nacido na súa vila.

González, Eva, "Humor e amor de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 29 abril 2008, p. 18.

Dáse conta do acto que tivo lugar no IES "Francisco Sánchez" de Tui en homenaxe a X. Mª Álvarez Blázquez, a quen se dedica este ano o Día da Letras. O seu fillo, Alfonso Álvarez Cáccamo, falou aos alumnos de seu pai e destacou o humor que o caracterizou, así como a inquietude que sentía pola natureza. Recitáronse poemas do autor e houbo unha actuación de "Xorima". Tamén se anuncia unha mesa redonda sobre o autor e a literatura na que intervirán, entre outros, seu fillo X. Mª Álvarez Cáccamo e Darío Xohán Cabana.

Gónzalez, Eva, "Ruta de Álvarez Blázquez en Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 8 maio 2008, p. 17.

Noticia que comunica a edición, por parte da Concellería de Cultura de Tui, da guía-roteiro sobre Xosé María Álvarez Blázquez, este ano homenaxeado no Día das Letras. O percorrido, que se levará a cabo o día 17 de maio, inclúe lugares estreitamente ligados co autor e a súa familia, como a casa natal, a casa n'O Rollo, onde viviron moitos anos, a escola graduada onde estudou, a alameda onde seu pai foi fusilado ou o Castro de Cabeza de Francos, onde participou en escavacións co grupo Ultreia.

Gónzalez, Eva, "Darío Xohán Cabana: 'Álvarez Blázquez quitou o libro galego da miseria", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 14 decembro 2008, p. 18.

Faise eco da clausura dun congreso dedicado á persoa de Xosé María Álvarez Blázquez e que tivo lugar en Tui durante o mes de decembro. Sinálase que á cita asistiron personalidades do círculo máis íntimo do escritor, así como escritores da categoría de Darío Xohán Cabana, quen firmou unha intervención final cunha documentada conferencia sobre o autor homenaxeado. Coméntase que o encargado de clausurar este encontro foi outro recoñecido escritor: Xosé Luís Méndez Ferrín, personalidade coa que tamén contaron para a sesión de apertura.

González Miranda, Marta, "Unha angueira máis: a biografía de Alexandre Bóveda", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 3.

Comeza lembrando que o legado que deixa Xosé Mª Álvarez Blázquez abrangue múltiples facetas e que a completa cunha biografía moi sentida do seu amigo titulada *Alexandre Bóveda. Apunte biográfico* (1982). Dise que escribila supuxo para el o recordo doloroso das súas vivencias no franquismo, que se detallan deseguido, para logo centrarse en como foi a relación estreita e mesmo familiar que mantiveron os dous galeguistas. Sinálase que a biografía debulla a vida persoal e profesional de Bóveda así como do seu intenso labor político e ao tempo describe a historia do Partido Galeguista.

González Lousada, Francisco, "De Ajuda a Monfero: a recepción da poesía trovadoresca", *Diario de Ferrol/Diario de Arousa/El Ideal*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2008, p. 6.

Refírese á edición que preparou Xosé María Álvarez Blázquez para Edicións Monterrey *Cancioneiro de Monfero* (1953) e explica que se trata dunha compilación de poesía profana do século XII que ficou inédita durante moitos séculos. Sinálase que Álvarez Blázquez declaraba no limiar que os textos chegaran ás súas mans a través dun apógrafo seiscentista copiado por un monxe bieito, frei Ramón Pazos, no mosteiro de Monfero.

G. T., "Poeta e narrador", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 4.

Precísase que Xosé María Álvarez Blázquez publicou en vida tres libros de poemas: *Poemas de ti e de min* (1949)*,* obra que elaborou conxuntamente co seu irmán Emilio e que constituiu un tributo ao popularismo, ao imaxinismo e a neotrobadorismo; *Roseira do teu mencer* (1950), que conforma un libro conmovedor; *Canle segredo* (impreso en 1976, pero escrito entre 1951 e 1953), que segundo di X.L. Méndez Ferrín se o libro se publicara no seu momento, "tería sido o sinal dun cambio de rumbo da poesía galega". Sinala que tamén se publicaron poemas seus en revistas ou folletos, como é o caso de *Romance do pescador pelegriño* (1954) ou do *Cancioneiro de Monfero* que publicou no día de Santos Inocentes, facéndoo pasar por un documento medieval. Indícase que toda a súa obra foi recollida polo seu fillo en "Poesía galega completa". Por último fala da súa produción narrativa constituida polos cinco relatos de *Os ruíns impresos,* publicados na revista *Nós,* e os outros cinco de *A pega rabilonga,* a esto hai que sumarlle a novela *Crecen as augas* e *En el pueblo hay caras nuevas*, traducidas ao galego da mán do seu fillo: *Enchen as augas* e *Na vila hai caras novas.*

Huete, C., "Ferrín reivindica la construcción nacional en el homenaje a Curros", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 maio 2008, p. 6.

Céntrase no acto levado a cabo no centenario da morte de Manuel Curros Enríquez na súa vila natal. Cítase entre os asistentes a persoeiros políticos e das letras, como Xosé Luís Méndez Ferrín, que falou sobre a represión franquista vivida polo autor homenaxeado e por un gran número de intelectuais, principalmente os galeguistas. Engádese que con música tamén se inaugurou a exposición sobre o autor na Casa dos Poetas, baixo o título "Na frente unha estrela", que recolle colecciónns de partituras, primeiras edicións, entre outros obxectos.

Jaureguizar, "Profesores gallegos de español debatirán el uso del castellano en Galicia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 29 marzo 2008, p. 88.

Descríbese o programa das III Jornadas Didácticas de Lengua y Literatura, organizadas pola Asociación Gallega de Profesores de Español Álvaro Cunqueiro, onde se debaterá o uso do castelán en Galicia. Sinálase que unha das charlas correrá a cargo de Darío Xohán Cabana e versará sobre a poesía de Xosé Mª Álvarez Blázquez.

Jaureguizar, "Álvarez Blázquez foi un loitador da cultura galega", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 17 abril 2008, p. 63.

Indícase que o músico e poeta Eloi Caldeiro presentou un libro-CD-DVD sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas baixo o título d'*Entre o Miño e o mar de Vigo*. Explícase que a obra se enmarca dentro da colección "O son da palabra", dedicada aos escritores aos que se honra nesta data e que comezou o ano pasado con María Mariño.

J. C., "Los diputados del PP apoyan dedicar el Día das Letras Galegas a Florencio Delgado", *La Región*, "Ourense", 16 xullo 2008, p. 6.

Informa do apoio ofrecido pola Deputación na proposta de celebración das Letras Galegas en homenaxe á figura do poeta de Córgomo (Vilamartín), Florencio Delgado Gurriarán. Engádese que o deputado valdeorrés do PP Moisés Blanco así o fixo saber logo de se comprometer ao financiamento das "VII Xornadas Teatrais" de Valdeorras cun presuposto de 3.000 euros.

J. M. R., "Crearán en Fisterra un libro gigante en honor a Xosé Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 maio 2008, p. 32.

Coméntanse varias actividades que terán lugar con motivo do Día das Letras, en honra a Xosé Mª Álvarez Blázquez. Indícase que o concello de Fisterra fará un libro xigante coa axuda dos nenos, realizará a entrega de premios do I Certame de Relato Corto e Poesía e a escritora Branca Vilela presentará o seu libro *Déixame a túa voz*. En Muxía presentarase o libro *Homenaxe a Manuel Balboa*, de Lino Braxe, mentres que en Zas se representará a obra *Máis aló do mar*, a cargo do grupo Feminino Plural.

J. P., "Cultura homenaxeará a Álvarez Blázquez pola súa vinculación coa Festa do Albariño", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", "Programación", 10 maio 2008, p. 18.

Noticia sobre as actividades que se levarán a cabo en Cambados con motivo do Día das Letras. A concelleira de cultura, Anabel Carro, destacou a relación do homenaxeado este ano, X. Mª Álvarez Blázquez, coa festa do Albariño, na que participou nas primeiras edicións. O programa da Semana das Letras inclúe a Mostra de Teatro Escolar, a ofrenda floral e poética a Ramón Cabanillas, o concerto da Banda de Música de Castrelo e a representación de "Unha rosa no xardín" por parte de Pinga Teatro.

Tamén se levará a cabo a VII Feira das Letras Galegas, que inclúe a entrega do V Premio Ramón Cabanillas á escritora Fina Casalderrey, o sorteo de lotes de libros e a entrega do premio aos gañadores do concurso de lemas.

J. P., "El Concello homenajea a Bázquez, secretario perpetuo del Albariño", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", "Cultura", 6 xuño 2008, p. 13.

Dáse conta do programa que Cambados ten preparado para homenaxear a X. Mª Álvarez Blázquez, pola súa faceta como secretario do Capítulo Serenísimo do Albariño. Realizarase a lectura dunha acta da "cata postrera" que o autor escribiu para a festa en 1963. Por outra banda, seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo recibirá a imposición dunha Beca do Capítulo Serenísimo, réplica das que foran entregadas a seu pai. Tamén se lerán coplas compostas polo irmán de Xosé María para o Albariño.

J. P., "O Albariño rende homenaxe ao seu secretario perpetuo", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "Homenaxe a Blázquez", 7 xullo 2008, p. 12.

Noticia que resume os actos celebrados no parque de Torrado, Cambados, en homenaxe a Xosé Mª Álvarez Blázquez, a quen se lle dedicou este ano o Día das Letras. Fíxose unha dramatización da vida e obra do autor por parte de membros do Consello de Galegos Ilustres e levouse a cabo a lectura da acta da cata postreira da Festa do Albariño do ano 1963 que redactara o homenaxeado, así como unhas coplas de seu irmán, Emilio Álvarez Blázquez. Tamén se recitou o poema que o autor dedicara a Ramón Cabanillas en 1960 e tivo lugar a imposición dunha Beca do Capítulo do Serenísimo do Albariño a Alfonso Álvarez Cáccamo, fillo do homenaxeado.

J. R. S., "Mostra en Vigo sobre X.M. Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 abril 2008, p. 68.

Breve noticia anunciando a exposición "A palabra e os días. Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez" en Vigo, organizada por Galaxia. Contén información da vida e da obra do autor ao que se lle dedica este a no o Día das Letras.

Lamas, Jorge, "O Museo de Castrelos amosa a cara arqueolóxica de Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2008, p. 54.

Coméntase a importancia de Xosé Mª Álvarez Blázquez, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras, no ámbito da arqueoloxía. Sinálase que o museo municipal de Vigo, Quiñones de León, acolle unha exposición que amosa esta faceta do autor dende 1949, cando Bouza Brey apadriña a Álvarez Blázquez como responsábel local de arqueoloxía. El foi o primeiro en escavar dun xeito científico no monte do Castro e en 1953 atopou 29 estelas funerarias romanas nunha rúa de Vigo. Tamén se dá conta dos actos oficiais que se levarán a cabo en Vigo con motivo das Letras Galegas.

L. B., “Sobre as pegadas de Álvarez Blázquez”, *Diario de Arousa*, 19 maio 2008, contracuberta.

Anúnciase a mostra feita por alumnos e profesores do instituto Cotarelo no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Esta mostra resultou gañadora do premio de Política Lingüística, e baixo o título “A Barbantesca” contén carteis explicativos da vida e obra de Xosé Mª Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras. Engádese que a mostra viaxará a centros culturais e de ensino de Galicia.

López, AR. e Montse **Dopico**, “Os fillos do pai”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, n.º 702, 3 xaneiro 2008, pp. 1-8.

Reprodúcese con motivo da homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez no Día das Letras Galegas unha serie de traballos realizados polos seus fillos: “Monólogos”, do libro inédito *O lugar dos inocentes* (2007), de Celso Álvarez Cáccamo; “Dúas imaxes do pai”, obras plásticas de Berta Cáccamo pintadas entre 1996 e 2006; os poemas “O pai que nunca dorme” (1987) e “Nova carta ao meu pai” (2007), de Xosé María Álvarez Cáccamo. Engádese ao final unhas notas biográficas de cada un deles e do propio homenaxeado.

López, Belén, “O Congreso sobre Álvarez Blázquez reúne a Ferrín, Álvarez Cáccamo e Darío X. Cabana”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 4 decembro 2008, p. 76.

Informa da presentación dun congreso dedicado á figura de Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado con motivo das Letras Galegas 2008, que se vai celebrar en Tui no mes de decembro. Indícase que o coloquio, organizado pola Real Academia Galega, contará coa presenza de distintas autoridades pertencentes xa sexa ao ámbito cultural e literario como o director da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xosé Luís Méndez Ferrín, Alfonso Álvarez Cáccamo ou Darío Xohán Cabana, ou da vida pública galega, como o alcalde de Tui, Antonio Feliciano Fernández Rocha; e a secretaria da Delegación de Cultura de Pontevedra, Olga Lema, asistentes tamén ao acto de presentación oficial do congreso.

López, Pablo, “Touriño agradece a la emigración su papel para conservar la cultura gallega”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 19 maio 2008, p. 5.

Resumo da celebración do Día das Letras na Casa de Galicia ante uns catro mil emigrantes. O presidente galego agradeceulles o seu papel no mantemento da cultura galega fóra de Galicia e recordou aos ilustres artistas galegos que pasaron por Arxentina, como Castelao, Dieste ou Lorenzo Varela. Houbo actuacións de Leilía, saúdos gravados dende Galicia por escritores e intelectuais e léronse poemas.

L R, “Oito librerías da cidade xúntanse no Paseo para achegar as súas novidades aos ourensáns”, *La Región*, “Ourense”, “Día das Letras Galegas”, 18 maio 2008, p. 6.

Faise eco da iniciativa da Asociación provincial de Libreiros ourensás que para festexar o Día das Letras sacaron á rúa os seus libros. Os de contido histórico e os infantís foron os máis vendidos. Na carpa "LiterAuria. Lar da Letras" realizouse un recital poético que tivo como base diferentes textos do homenaxeado Xosé Mª Álvarez Blázquez.

L R, "PSdeG, PP y BNG proponen dedicar el Día das Letras Galegas a Manuel Luís Acuña", *La Región*, " Ciudad", 5 xullo 2008, p. 13.

Faise eco do apoio dos tres grupos políticos representados na Deputación provincial de Ourense, PP, PsdeG e BNG, á candidatura do mestre e escritor Manuel Luís Acuña para o Día das Letras Galegas 2009. Coméntase que estes grupos políticos son conscientes da súa breve traxectoria literaria, xa que soamente publicou un libro, *Firgoas* (1979), pero consideran que o seu labor como ensinante pode servir de homenaxe a todos aqueles que ao igual que Acuña dedicaron a súa vida á docencia. Paralelamente, os grupos políticos amosaron o seu desexo de que en futuras edicións das Letras Galegas se lle poida lembrar a figura do ourensán Florencio Delgado Gurriarán.

M. A. F., "Oferta de contidos na TVG con motivo das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Televisión", 17 maio 2008, p. 70.

Recóllese a programación televisiva do Día das Letras Galegas dedicada a X. Mª Álvarez Blázquez. Entre outras propostas aparecen a produción *Xosé Mª Álvarez Blázquez, o home dos mil saberes*, dirixido por Luis Menéndez, a conexión de *A Revista* cos actos oficiais a redor do homenaxeado en Vigo e a exposición dedicada a Blázquez de *Miraxes*. A RNE tamén dedicará un especial á figura do investigador editor e escritor.

Malvido, Gemma, "As bibliotecas municipais festexan toda a semana As Letras Galegas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 13 maio 2008, p. 12.

A modo de axenda infórmase das actividades que levarán a cabo as bibliotecas municipais, en colaboración coa Concellería de Cultura, para festexar o Día das Letras, dedicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez. Indícase que en todas elas haberá paneis expositivos cunha breve biografía do homenaxeado, así como trípticos contando a súa andaina e marca-páxinas cun poema seu. Haberá charlas, como a do seu fillo Celso, teatro, lecturas, música, contacontos ou exposicións, entre outras. Tamén se informa doutras actividades en diferentes centros e locais.

maré, "Comezan os cantares", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2008, p. 29.

Comunícase a homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez este ano no Día das Letras e destácanse as súas antoloxías de poesía medieval e o seu labor como historiador e dinamizador social. Un dos primeiro actos do ano será a lectura simbólica do discurso realizado por Blázquez para entrar na Academia, o cal no seu día non foi publicado nin lido en público na cidade de Vigo, como o escritor desexaba. Será seu fillo Xosé María, xunto coa intervención de Fermín Bouza Brey, fillo, o encargado de ler o discurso.

maré, “O cronista volve á súa vila”, *Galicia Hoxe*, “Unha semana para a cultura galega”, 13 maio 2008, p. 44.

Coméntanse diferentes actividades que se realizarán para homenaxear a Xosé Mª Álvarez Blázquez no Día das Letras Galegas. Indícase que Xosé Luís Méndez Ferrín e Darío Xohán Cabana lerán os discursos oficiais. Xosé Luís Axeitos manifestou que Galicia vai por un bo camiño, o que corrobora a celebración do Día das Letras. Afírmase que a Secretaría de Política Lingüística levará polo mundo unha mostra sobre Álvarez Blázquez gañadora dun concurso entre centros escolares. Reedítase a crónica *A cidade e os días*, así como o poemario *Canle segredo*. Tamén se presenta o libro CD-DVD *Xosé María Álvarez Blázquez: entre o Miño e o mar de Vigo*, e o grupo de teatro Ouriol representará *Camiños de sol*, espectáculo poético-musical baseado en poemas do autor. Pola súa parte, o concello de Porriño iniciou o proxecto “Palabras liberadas para Xosé María Álvarez Blázquez”, coa presentación dun DVD que contén textos musicados e recitados da obra de Blázquez por artistas galegos.

maré, “Sete días, un nome propio”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 13 maio 2008, p. 45.

Resumo dos actos e actividades que se levarán a cabo no Día das Letras Galegas, como a presentación por parte do Consello da Cultura Galega da edición facsímile do manuscrito autógrafo *Égloga de Belmiro e Benigno*, de Nicomedes Pastor Díaz, editado en 1951 pola editorial Monterrey do homenaxeado Xosé Mª Álvarez Blázquez. Celebrarase o Maio das Letras en Compostela, a “Festa da Lingua” en A Coruña, a Ruta Literaria en Vigo, coa organización de lecturas de textos de Álvarez Blázquez e unha conferencia sobre a súa faceta como arqueólogo. Infórmase de que os lectorados galegos no exterior tamén organizarán as súas homenaxes e Touriño realizará unha viaxe a Arxentina e Brasil para homenaxear a Álvarez Blázquez.

maré, “A experiencia do papel”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Unha semana para a cultura galega”, 16 maio 2008, p. 32.

Anúnciase a publicación do suplemento co que a revista *Galicia Hoxe* homenaxea a celebración do Día das Letras, este ano dedicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez. O suplemento inclúe ilustracións da filla do homenaxeado, Berta Cáccamo e traballos de persoeiros galegos, tamén abrangue todas as facetas ás que dedicou a súa vida: literatura, arqueoloxía, etnografía e activismo político.

maré, “Unha ausencia para o 17 de Maio en Vigo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Unha semana para a cultura galega”, 16 maio 2008, p. 32.

Comunícase a ausencia de Xosé Mª Álvarez Cáccamo, fillo do homenaxeado este ano no Día das Letras, á cerimonia que a RAG celebrará en Vigo con motivo do día sinalado. Unha operación de apéndice é o motivo da súa indisposición. Resúmense brevemente os actos do día.

maré, “O terceiro Rexurdimento”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “A festa da cultura galega”, 18 maio 2008, p. 33.

Coméntase o acto conmemorativo levado a cabo pola RAG en Vigo con motivo do Día das Letras. Destácase a escasa afluencia de xente e atribúese á perda da galeguidade nas cidades. Varios persoeiros galegos falaron sobre o homenaxeado, Xosé Mª Álvarez Blázquez, como Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Méndez Ferrín, Víctor Freixanes e Xosé Ramón Barreiro, que destacaron os distintos labores que o autor desenvolveu durante a súa vida.

maré, “Novoneyra 2010”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 30 outubro 2008, p. 31

Faise eco da petición de distintas personalidades para que se recoñeza a labor do poeta Uxío Novoneyra, séndolle dedicado o Día das Letras Galegas do ano 2010. Dita reivindicación vén formulada a través da súa páxina, na que escritores e intelectuais poden deixar a súa sinatura, sumando esforzos para obter dito recoñecemento.

María, Manuel, “Memoria de Álvarez Blázquez ”, *A Nosa Terra*, n.º 1.309, “Cultura”, 8-14 maio 2008, p. 26.

Reprodúcese un artigo moi emotivo publicado no número 265 de *A Nosa Terra* por Manuel María ao pouco de falecer o seu amigo Xosé María Álvarez Blázquez. Destácase sobre todo a súa honradez e lealdade a Galicia para a que se di sempre mostrou un “amor insubornábel e sen fisuras”. Lémbrase o seu humanismo e a súa erudición xa que deixou estudos de todo tipo: lingüísticos, literarios, históricos, artigos xornalísticos, teatro, monografías e tamén o momento en que se coñeceron persoalmente en Santiago de Compostela. Por último fálase da saga familiar á que pertence Álvarez Blázquez e da faceta de poeta do autor lembrando obras como *Canle segredo* e reproducindo algúns versos.

Mato, M., “A Real Academia adica o Día das Letras ao galeguista e filósofo Ramón Piñeiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 6 xullo 2008, p. 45.

Presenta a vindeira celebración das Letras Galegas 2009, que estará dedicada á figura de Ramón Piñeiro López non só polo seu labor literario, senón tamén pola súa faceta política a prol da defensa da lingua e cultura galegas. Comenta que Piñeiro destacou por ser o fundador da Editorial Galaxia e o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega

Mato, Mar, “A Real Academia Galega inicia en Vigo os actos de homenaxe a Álvarez Blázquez”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 27 xaneiro 2008, p. 39.

Refire que o inicio dos actos de homenaxe a X. Mª Álvarez Blázquez, ao que se lle dedica este ano o Día das Letras. Expón que o seu fillo, Álvarez Cáccamo, pronunciou o discurso de ingreso de seu pai na RAG no ano 1964, cumprindo o desexo deste de que

fora lido en Vigo, mentres que Fermín Bouza Álvarez, fillo de Bouza Brey, releu a resposta que seu pai facilitara a Blázquez

Mato, Mar, "Homenaxe ao empaquetador da palabra", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 18 maio 2008, pp. 46-47.

Diferentes persoeiros galegos falan sobre Xosé Mª Álvarez Blázquez na homenaxe que lle ofreceron este ano no Día das Letras Galegas. O presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, cualificouno de "símbolo dos exiliados na propia terra", e outros persoeiros como Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Méndez Ferrín e Víctor Freixanes destacaron as súas múltiples facetas, como arqueólogo, escritor ou o seu labor editorial nas editoriais Monterrey e Castrelos, que achegaron os libros ao pobo. Tamén se reivindicou un congreso sobre o homenaxeado e non se volveu a tocar o tema sobre a segunda sede da RAG en Vigo.

M. B., "A libraría de Álvarez Blázquez", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", "Día das Letras", 1-7 maio 2008, p. 26.

Enumera e describe brevemente as obras que as editoriais galegas teñen preparadas sobre Xosé Mª Álvarez Blázquez (1915-1985) para homenaxealo este ano no Día das Letras. Antoloxías, reedicións, material histórico recollido polo autor homenaxeado, biografías, un dicionario e unha recompilación de narrativa breve compoñen os libros que Galaxia, Xerais, Toxosoutos, Laiovento e 3C3 editan en homenaxe a Blázquez.

M. C., "Unha figura polifacética", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985*)", 17 maio 2008, p. 2.

Sinala as diversas facetas exercidas por Xosé María Álvarez Blázquez ao longo da súa vida: poeta, narrador, historiador, orador, pedagogo e destaca o seu labor como editor. Indica que foi o fundador e animador das editoriais Monterrey e Castrelos, dando saída a grande parte das producións das pezas clásicas galegas. Precísase que publicou en vida tres libros aos que se lles suman as composicións recollidas en revistas e folletos.

M. C., "Sacou a literatura galega a rúa", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 6.

Refírese ao seu labor como editor, tanto na Editorial Monterrey, que fundou no ano 1950 xunto con Luís Viñas Cortegoso e a que se lle atribúe o mérito histórico de nacemento da Nova Narrativa Galega, coma na Editorial Castrelos, coa que sacou á luz as colecciónns "O Moucho" e "Pombal", coas que logrou que a literatura chegara a todo o mundo, pola súa extensa tirada. Sinala que Edicións Castrelos tamén editou as colecciónns "Pico sagro" e "Mogor"; indica que na primeira publicou as pezas *Romanceiro da Terra Chá* e *Canle segredo*, mentres que en "Mogor" foron cinco: *Laberinto, el clavicornio, Primera edad, Lideiras antre a paisaxe, Paisaxe de Glasgow* e *As veces en domingo avonda coa ternura.*

M. C., "Lecturas, cine, música e monicreques", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 20.

Precísase que en varios lugares da xeografía galega se realizan actos co gallo do Día das Letras Galegas. Sinala, en primeiro lugar, que en Xinzo de Limia terá lugar unha venta de libros ao longo do día, acto que virá acompañado de diversas actuacións musicais. Indica que no Concello de Ribadavia tamén se levará a cabo unha lectura continuada de textos de Xosé María Álvarez Blázquez, lectura que virá acompañada da exposición e venda de libros, así coma da actuación duns monicreques ao rematar o día. Di que en Verín se vai realizar unha gala músico-literaria que virá acompañada da proxección do telefilme *Entrebateas* na Casa do Pobo de Tamaguelos. Por último refírese á exposición filatélica que se vai realizar en Maceda, onde tamén se levará a cabo un troco de libros de galego, organizado pola Asociación Xuvenil "O Pipote".

M. D., "O colofón dun ano de actos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 decembro 2008, p. 34.

Recolle a petición de colaboración levada a cabo pola Real Academia Galega á Consellería de Cultura e á Universidade de Vigo para celebrar un congreso arredor da figura de Xosé María Álvarez Blázquez, no mesmo ano no que se lle dedicaron as Letras Galegas. Sinálase que este coloquio está pensado como broche final a un ano consagrado ao estudo da obra e a personalidade de Álvarez Blázquez, tal e como apuntaba Xosé Luís Méndez Ferrín, membro do comité organizador.

M. G., "La RAG homenajea en Vigo al intelectual Xosé María Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 xaneiro 2008, p. 75.

Anúnciase o acto que terá lugar no Pazo Museo Quiñones de León organizado pola RAG para conmemorar o Día das Letras, dedicado a X. Mª Álvarez Blázquez. Seu fillo Xosé María lerá o discurso de ingreso de seu pai na Academia no escenario que seu pai sempre quixo.

M. G., "A RAG reivindica o galeguismo e o "xenio" de Álvarez Blázquez", *El Correo Gallego*, "Tema del día", 18 maio 2008, p. 6.

Noticia sobre a sesión extraordinaria da RAG en Vigo para reivindicar un congreso sobre a figura de X. Mª Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras, así como unha fundación para inventariar a biblioteca e colecciónsdo autor. Persoeiros das letras galegas como Méndez Ferrín, D. Xohán Cabana ou Victor Freixanes destacaron as múltiples calidades de Blázquez, o seu papel no rexurdimento do galego na posguerra, a súa faceta como editor ou o seu patriotismo.

M. G. M., "Celebrando os versos do tudense", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 17 maio 2008, p. 14.

Na Fundación Seoane dáse conta dos actos que se levarán a cabo para homenaxear a X. Mª Álvarez Blázquez no Día das Letras. Haberá un percorrido histórico pola Cidade Vella, unha xornada dedicada á chave e á billarda, un macroconcerto de grupos galegos e, paralelamente, únese a festividade do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez cunha exposición que acolle os seus fondos documentais e bibliográficos. Tamén se informa das actividades que levarán a cabo fundacións como Barrié ou Jove, e a apertura de portas por parte dos museos.

Moreda Leirado, Marisa, "Bautismo", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 15.

Reprodúcese o soneto que supuxo o "bautismo" literario de Xosé Mª Álvarez Blázquez por parte do seu tío Xerardo Álvarez Limeses e dise que se estrea no número dous da revista *Cristal* na que logo colaborou durante dez números máis. Descríbese logo o desenvolvemento da revista na órbita do neotrobadorismo e as vangardas literarias e sinálanse os títulos que el foi publicando na mesma.

Nicolás, Ramón, " Álvarez Blázquez no horizonte", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 244, "Letras en galego", 5 xaneiro 2008, p. 11.

Comeza facendo un resumo das próximas publicacións, reedicións ou biografías, sobre o autor homenaxeado este ano o Día das Letras Galegas, Xosé María Álvarez Blázquez. Por exemplo, o poemario *Roseira do teu mencer*, e *Poesía galega completa* (2007), na editorial Xerais, ou o *Dicionario sobre o autor* na editora 3C3. Seguidamente coméntase a obra ensaística *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1885*, de Clodio González, publicada na editorial Toxosoutos en 2007. Sinálase que o libro é unha investigación de corte divulgativo que recolle e sistematiza practicamente todo o que se escribiu de interese sobre o autor, abordando as claves do seu perfil biográfico e creativo.

Nieves, Seve,"Títeres en Vilar de Santos", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 22.

Sinala que co gallo do Día das Letras Galegas vanse celebrar no Concello de Vilar de Santos unha serie de actividades pensadas tanto para os nenos, como é o caso do Xogo/Concurso "GaleInternet o Xogo destas Letras Galegas", como tamén para os adultos, pois adultos e nenos poden disfrutar da actividade cultural elaborada pola Consellería de Cultura e Deporte, "Titirimaxia".

Nieves, Seve, "Roteiro xeográfico por Tui", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 22.

Indica que co gallo do Día das Letras Galegas preparouse en Tui un roteiro no que se sinalan aqueles lugares cos que estivo vinculado Xosé María Álvarez Blázquez. Di que este roteiro foi editado e forma parte das diferentes actividades levadas a cabo no

concello no Ano de Xosé María, concretamente a visita dos lugares que constitúen o roteiro está incluída na programación da Feira do Libro.

N. R., "A brincadeira de Monforte", *La Opinión*, "Eume", 17 maio 2008, p. 21.

Saliéntase que Xosé María Álvarez Blázquez publicou en 1953 na súa editorial Monterrey *Cancioneiro de Monfero*, un dos referentes do Neotrobadorismo. Explícase que o autor presentou as cantigas que compoñen a obra como froito do achádego duns manuscritos, pero que días máis tarde desvelou a verdade e recoñeceu que el era o seu autor.

Obelleiro, Paola, "Primeira celebración oficial en A Coruña ", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 maio 2008, p. 7.

Dise que o Concello de A Coruña celebra a festividade das Letras Galegas cun gran número de actos culturais como conferencias, concertos, representacións teatrais e lecturas de poemas e que o seu alcalde Javier Losada lembra, na lectura do manifesto en galego, que a cidade é berce de institucións como as Irmandades da Fala ou a Real Academia Galega.

Obelleiro, Paola, "Presentan poemas y traducciones inéditas de Álvarez Blázquez", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 maio 2008, p. 7.

Indícase que a Universidade da Coruña editou un libro en homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez, integrado por poemas en castelán e galego do escritor, algúns deles inéditos. Trátase en realidade do facsímile dun dos seus cadernos de traballo, en concreto o número oito da serie "Eirís", onde o autor compilou versos durante os anos 1934 e 1938. Apréciase a coincidencia de que deixou de escribir poesía en galego a partir do estoupido do golpe de Estado de 1936.

Obelleiro, Paola, "La Academia dedica el Día das Letras a Ramón Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 xullo 2008, p. 7.

Coméntase que o Día das Letras Galegas 2009 dedicarase ao lucense Ramón Piñeiro, segundo decidiu a Real Academia Galega. Afírmase que a merecida homenaxe a Piñeiro non vén motivada exclusivamente polo seu labor literario, senón tamén polo seu esforzo político na defensa do galego. Saliéntase que Piñeiro foi o director literario da Editorial Galaxia, da colección e da revista *Grial*, presidindo o Consello de Cultura Galega dende a súa creación no 1983 até o ano do seu pasamento no 1990.

Oliveira, V., "Un poeta 'precoz e excepcional", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 abril 2008, p. 43.

Recóllese a noticia sobre a exposición "A palabra e os días" dedicada a Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras. A mostra amosa as

distintas facetas do autor poeta, arqueólogo e editor. Unha das curiosidades é a colocación de mouchos pola exposición, os que o autor foi comprando cada vez que editaba un libro. Entre o material tamén destaca un poema escrito sobre a traxedia do fusilamento de seu pai.

Oliveira, V., "Novoneyra para o Día das Letras", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 733, "O personaxe", 2 novembro 2008, contracuberta.

Faise eco do insistente traballo dos seguidores de Uxío Novoneyra para que se lle dedique o Día das Letras Galegas 2010. Dita vontade queda de manifesto na Internet, onde se habilitou unha opción nunha páxina web para asinar unha petición dirixida á Real Academia Galega. Coméntase que Novoneyra non só atopa apoio no noso país, senón que países tan diversos como México, Portugal, Arxentina, Francia, Estados Unidos, Brasil ou Colombia, participan desta iniciativa. Indica que Novoneyra presidiu a Asociación de Escritores en Lingua Galega até a súa morte no ano 1999.

Pérez, Marino, "A Coruña entona 'Os Pinos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 18 maio 2008, p. 12.

Noticia sobre a homenaxe a Xosé Mª Álvarez Blázquez no Día das Letras levada a cabo na Coruña. Dende María Pita saíu un Cortexo Cívico que percorreu as rúas. Diferentes persoeiros da vida política e cultural falaron a favor da celebración. Entre eles atopábase a concelleira Ermitas Valencia, o primeiro tenente de alcalde Henrique Tello, o escritor Manuel Rivas o humorista Cándido Pazó e o Mago Antón.

Pérez, Marino, "Una exposición sobre Álvarez Blázquez alarga el Día das Letras en el calendario", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Divulgación", 4 xullo 2008, p. 14.

Informa da inauguración dunha exposición dedicada ao homenaxeado no ano 2008 co gallo do Día das Letras Galegas, Xosé María Álvarez Blázquez. Indica que na inauguración, que tivo lugar na Casa da Cultura Salvador de Madariaga e á que asistiron o fillo do escritor e a Conselleira de Cultura, María Xosé Bravo, sinalouse o interese en que a homenaxe se prolongue no tempo e non só sexa cousa dun único día. Engade que a mostra está pensada como unha exposición itinerante que comezou en Vigo, cidade importante para Xosé María Álvarez Blázquez, pois nela desenvolveu a súa faceta periodística. Explica que a exposición conta con 12 paneis que narran diversos aspectos da vida e da obra de Blázquez.

P. G. CH., "A Fonsagrada celebra con literatura e música a semana das Letras Galegas", *El Progreso*, "Comarcas", "A Fonsagrada", 22 maio 2008, p. 12.

Breve noticia sobre as actividades que terán lugar no concello da Fonsagrada con motivo do Día das Letras. Un obradoiro literario a cargo de María Xosé Lamas, lectura de poesía por parte de Xiana Arias, contacontos e un festival que organiza a asociación "Anturuxas e Sorteiros.

Piñeiro, Águeda, "Romariz acollerá o primeiro Serán das Letras en Soutomaior", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 82.

Breve noticia sobre a organización do I Serán das Letras Galegas que terá lugar no campo de Romariz en Soutomaior. Tamén se comunica a actuación do grupo Os Carunchos na Casa dos Druídas en Vilaboa.

Pousada, Pilar, "2008: orgullosos da torre de Babel", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 694, "Reportaxe", 3 febreiro 2008, pp. 10-11.

Reportaxe sobre o estabelecemento do 2008 como Ano Internacional das Linguas por parte da Asemblea Xeral das Nacións Unidas. A UNESCO, con Koïchiro Matsuura á cabeza, coordinará os actos de celebración. O obxectivo é recordar que máis do cincuenta por cento das sete mil linguas que se falan no mundo están en perigo de extinción. Establécese unha división en familias das linguas faladas en Europa: as Indo-Europeas, as *Finno-Ugric*, as Turkic e as do Cáucaso. Aléntase a implantación de políticas lingüísticas para todas elas e o seu uso en todos os aspectos sociais. No caso de España, destácase que existen catro linguas recoñecidas como oficiais, mentres que o aragonés e o asturiano ou bable permanecen sen recoñecemento institucional, aínda que as dúas teñen unha Academia da Lingua e os asturianos contan cunha Oficina de Política Lingüística. Con respecto a Galicia, coméntase que numerosas editoriais galegas viaxarán á Feira do Libro da Habana, que se celebrará o centenario da morte de Curros Enríquez e se homenaxeará a X. Mª Álvarez Blázquez polo Día das Letras Galegas. A Xunta de Galicia tamén levará a Bruxelas e logo a Bos Aires unha exposición interactiva para presentar a lingua galega.

Quintas, Ángeles, "El día de X. María Álvarez Blázquez", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 18 maio 2008, p. 78.

Faise eco da festividade do Día das Letras Galegas, este ano dedicado a X. Mª Álvarez Blázquez. En Pontevedra celebrouse con concertos como o de From Hell ou o da Banda de Música de Salcedo. Por outra banda, a sociedade cultural "Como agua de maio" tamén está a celebrar este mes a súa onomástica.

Quintas, Ángeles, "La resaca de las letras gallegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 20 maio 2008, p. 86.

Fálase dos actos que tiveron lugar despois do Día das Letras Galegas como a inauguración da exposición "Primavera Verano 2008" a cargo da "Asociación de adolescentes de 60 a 80 anos" composta por xubilados e prexubilados que expoñen os seus traballos manuais. Dáse conta da presentación por parte da Galería Sargadelos de dous novos libros de Camilo Nogueira, *Galiza na unión. A porta atlántica* e *Europa, o continente pensado*.

Quintas, Ángeles, "Música a cargo de las Filarmónicas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 27 maio 2008, p. 94.

Dáse conta de diferentes actos celebrados en Pontevedra: o ciclo de conferencias "Castro Sampedro. A Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra e a recuperación da tradición musical de Galicia" nas que participarán, entre outros, os profesores Carlos Villanueva e Luís Costa; a presentación do novo libro de Luís Prego, "Para cantar y bailar"; e no Café Moderno charla sobre o homenaxeado este ano no Día das Letras, Xosé Mª Álvarez Blázquez, dentro das actividades de "Maio, mes da lingua".

Quintáns S., M., "Xosé Mª Álvarez Blázquez dende a BBC de Londres", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 12.

Tras lembrar a súa saga familiar de escritores e o fondo compromiso que Xosé Mª Álvarez Blázquez mantivo sempre con Galicia en todas as súas facetas como historiador, arqueólogo, editor, escritor e galeguista, dise que onde máis se amosa a súa vocación didáctica é no seu labor como conferenciante e a súa colaboración cos medios de comunicación en Galicia e no estranxeiro da cal se destaca a que fai no programa coordinado dende Galicia por Francisco Fernández del Riego, que, en galego, transmitiu a BBC de Londres dende 1947 até 1956. Explícanse logo como foron esas cinco lecciónns que impartiu a través da radio.

Raña, Ramón, "Roseira de poeta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, pp. XII-XII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, pp. 8-9.

Sinala a variedade temática e métrica que se pode observar nas obras de Xosé María Álvarez Blázquez: *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953). Precísase que por estes anos, concretamente no 1954, redacta *Canle segredo*, pero esta peza non viu a luz até vintedous anos despois. Faise unha breve descrición de cada unha destas pezas: sobre *Poemas de ti e de min* coméntase a pegada que presentan de Amado Carballo, Cunqueiro e Bouza Brei; indícase a sinxeleza e exaltación eufórica da vida en *Roseira do teu mencer*; tamén fala sobre o xogo creativo que se recolle en *Cancioeiro de Monfero*, que contén unha serie de poemas duns autores ficticios, recollidos polo trobador D. Álvaro de Soutomaior. Por último fai mención de *Canle segredo*, sobre o que afirma que é "o primordial dos libros de Álvarez Blázquez" e que contén as seguintes composicións: "Panida", "Sin voz", "Dona", "Naufraxio", "Cruz de dous", "Maternidade", "O neno" e "Meu moneco"; no segundo volume, "Camiños de sol", "Aquil neno que fun", e no terceiro, "As mágoas" e "Os importantes".

Requeixo, Armando, "Álvarez Blázquez e a literatura galega de tradición oral ", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 2.

Coméntase como o autor homenaxeado desenvolveu un importante labor de recompilación e divulgación da literatura de transmisión oral sobre todo a través de Edicións Castrelos en obras nas que deu cabida a refráns, cantigas, romances, contos e lendas en obras como *Cantigas do viño* (1968) ou *Cantares de cego* (1972). Destácase que sempre tivo preferencia polos vilancicos e mais os romances que reflectiu en obras como o seu discurso de ingreso na RAG (Real Academia Galega) co título *Cantares e romances vellos prosificados* lido o 28 de novembro de 1964. Engádese unha cronobiografía que recolle algunhas das datas máis significativas da vida do autor.

Requeixo, Armando, "Xeira de libros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, p. XIV/*La* Opinión, "*Saberes*", n.º 186, "Letras Galegas 2008: Xosé María Álvarez Blázquez", 17 maio 2008, p. 5.

Sinala que co gallo do homenaxe do Día das Letras Galegas estanse a publicar moitas obras sobre a vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez. Precísase que a editorial Xerais publicou a obra *Poesía galega completa*, da que se encargou Xavier Rodríguez Baixeras, e tamén sacou de novo á luz *A cidade e os días*; Galaxia reeditou as súas obras máis emblemáticas, como é o caso de *Canle segredo,* que conta cun prólogo dun fillo do autor, Xosé María Álvarez Cáccamo, *A pega rabilonga* e *Os ruíns*, estas últimas están presentadas por outro fillo, Afonso Álvarez Cáccamo. Indica que se reeditou a obra *Roseira do teu mencer,* peza ilustrada por Manuel Uhía e prologada por Darío Xohán Cabana. Di que tamén se publicou o discurso de ingreso do autor na RAG, *Cantares e romances vellos personificados.* Sinala que a editorial OQO editou o álbum *O que ben che quer*, que posúe ilustracións da filla de Xosé María Álvarez, Berta Cáccamo. Precísase que tamén saen á luz reedicións da súa obra, tamén ensaios e estudos sobre o autor: *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985*, *Tempo do pai* de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*, editada por Xerais , *Xosé María Álvarez Blázquez na súa canle secreta* compendiada por Henrique Rabuñal*, Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*, que contén a escolma realizada por Carlos L. Bernárdez, un *Diccionario Xosé Mª Álvarez Blázquez*, realizado por Ana Acuña, *Xosé Mª Álvarez Blázquez. Unha fotobiografía* preparada por Afonso Álvarez Cáccamo para a editorial Xerais e *Entre o Miño e o mar de Vigo*, obra editada por Sons de Galiza e que contou coa supervisión de Eloi Caldeiro.

Rozados, Lara, "O home que, no ermo dos cincuenta, lle devolveu ao pobo as palabras ", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Letras Galegas 2008", 8-14 maio 2008, p. 26.

Coméntase a importancia da figura de Xosé María Álvarez Blázquez na época dos anos cincuenta como un dos alicerces da cultura galega nun período negro cando despois da aparición da Editorial Galaxia, el e Lois Viña Cortegoso converten a súa librería de vello na Editorial Monterrey en Vigo. Dise que o principal obxectivo era a recuperación de textos cultos, a publicación de xoias bibliográficas ou de manuscritos escasamente divulgados. Logo coméntase a creación en 1963 da Editorial Castrelos onde traballa xunto aos seus irmáns e Darío Xohán Cabana conseguindo a través da súa colección O Moucho un número de vendas impensábel na época. Finalmente gábase a súa creatividade literaria facendo un percorrido polo estilo e contido das súas obras, o seu gusto pola onomástica e a aparición da obra *Cancioneiro de Monfero* da que se di que é

a máxima expresión do seu concepto lúdico da literatura e explicando como se xera a obra.

R. S., "A Real Academia Galega plantexa un congreso en Vigo sobre Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Día das letras galegas", 18 maio 2008, p. 12.

Refire o acto levado a cabo en conmemoración de X. Mª Álvarez Blázquez no Día das Letras Galegas ao que asistiron personalidades políticas, membros da familia do autor homenaxeado e compoñentes da RAG. Sinala que falaron da necesidade de crear un congreso sobre Blázquez no que se implicaría a Concellería de Cultura e a Universidade de Vigo. Así mesmo, di que no acto actuou o grupo Milladoiro, foi seguido por unha comida e posteriormente polo descubrimento dunha placa na rúa Gran Vía, onde viviu o autor. Apunta tamén que Darío Xohán Cabana, X. L. Méndez Ferrín e Víctor Freixanes destacaron as múltiples facetas do autor.

R. S., "A familia de Álvarez Blázquez quere unha sede para o legado", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Día das Letras Galegas", 18 maio 2008, p. 13.

Celso Álvarez Cáccamo, fillo de X. Mª Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras, expuxo a necesidade de crear unha Fundación coa obra e documentos de seu pai, que consta de cento trinta carpetas organizadas, material disperso e unha extensa biblioteca. Considera que a sede debería estar en Vigo e que se ocuparía de organizar, catalogar e incluso dixitalizar o material para que puidese ser utilizado posteriormente por estudiosos. Outro dos fillos, Alfonso, confesou a súa preferencia pola faceta de seu pai como poeta.

Ruibal García, David, "Álvarez Blázquez nas bolsas do súper", *Diario de Ferrol*, 7 maio 2008, contracuberta.

Alude á iniciativa da empresa Gadis para a conmemoración do Día das Letras que este ano homenaxea a Xosé Mª Álvarez Blázquez. Sinala que se repartirán bolsas da compra coa faciana do autor e un dos seus poemas, "A Cometa", e que por outra banda agasallará os seus clientes cun libro de Iria López Teixeiro, *Santa Matriusca*.

Saá, Ana, "A exposición 'A palabra e os días' homenaxea a Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 22 abril 2008, p. 44.

Comunícase a presentación da exposición "A palabra e os días" na Casa Galega da Cultura en Vigo, que conta con doce paneis informativos da vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras, e con retratos feitos por Laxeiro ou Xosé Sesto. Destácase o espazo dedicado á colección "O Moucho", que comezou en 1967 coa editorial Castrelos. Na presentación participaron F. F. del Riego, Víctor Freixanes, X. Mª Álvarez Cáccamo, fillo do homenaxeado, entre outros. Tamén se mencionan actividades complementarias.

Saá, Ana, "Os actos das Letras Galegas vencellan música, ocio e gastronomía", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 maio 2008, p. 11.

Presentación das actividades relacionadas coa festividade do Día das Letras, este ano dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Indícase que participaron o tenente de alcalde, Santi Domínguez, e a Concelleira de Normalización Lingüística, Iolanda Veloso, entre outros. Algunhas das actividades mencionadas foron a ruta "Camiña e coñece, o camiño das letras", o "Correlingua 2008", o "Xantar-romaría das Letras", a inauguración da exposición "Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo de Vigo" ou a conferencia de Pilar Barciela "O arqueólogo: Xosé María Álvarez Blázquez, buscador de tesouros".

Salgado, Daniel, "Avalancha de libros sobre Álvarez Blázquez ", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 maio 2008, p. 7.

Primeiramente faise un breve apuntamento biográfico do autor homenaxeado nas letras galegas, Xosé María Álvarez Blázquez e de seguido coméntanse os diferentes e abondosos libros que se publican co gallo desta celebración partindo do volume *Poesía galega completa*, de Edicións Xerais e a fotobiografía elaborada polo seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo. Engádense títulos como a reedición de *Canle segredo*, prologada polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo tamén en Xerais ou o *Dicionario Xosé Mª Álvarez Blázquez*, de Ana Acuña en 3C3. Por último dise que os seus fillos anuncian a súa intención de reunir apoios para crear unha Fundación e difundir o legado do autor.

Salgado, Daniel, "A controversia Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 xullo 2008, p. 8.

Sinálase que as Letras Galegas 2009 serán dedicadas á figura de Ramón Piñeiro. Afírmase que o escritor lugués non só foi recoñecido polo seu labor en defensa da lingua pois militou no Partido Galeguista e actuou como deputado galeguista independente nas listas do PsdeG- PSOE. Engádese que a súa traxectoria estivo sempre marcada pola polémica, tentando sempre defender a cultura galega.

Salgado, Fernando, "Pontevedra non perde de vista o 17 de maio", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 16 maio 2008, p. 66.

Dáse conta das actividades que terán lugar en diferentes concellos pontevedreses con motivo da celebración do Día das Letras dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Teatro, exposicións, música e espectáculos son as actividades que propoñen os concellos, como a exposición conmemorativa do homenaxeado na Biblioteca Rosalía de Castro en Vilagarcía. Tamén se destaca a homenaxe a Vázquez Pintor por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Sampedro, Domingos, "Touriño brinda a la emigración el único archivo sonoro con la voz de Castelao", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 18 maio 2008, p. 14.

Coméntase a visita realizada polo presidente da Xunta, Pérez Touriño, a Bos Aires para celebrar o Día das Letras para brindarlles aos bonaerenses o único arquivo sonoro que existe coa voz de Castelao, no que presentaba ademais a obra *Os vellos non deben namorarse*. O arquivo é unha doazón da familia de Fernando Iglesias "Tacholas". Touriño aproveitou para presentar tres libros que analizan a vinculación de autores arxentinos con Galicia e que inician a colección Miradas Alleas. Tamén participou na presentación do libro de poemas en galego de Eduardo Jorge Bosco e presenciou o cadro de Castelao que foi recentemente restaurado, *A derradeira lección do mestre*.

Sánchez Agustino, José Luis, "José María Álvarez Blázquez: Juegos Florales de 1963 ", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 25 maio 2008, p. 24.

Lémbrase como o autor do artigo coñece a Xosé María Álvarez Blázquez cando en 1963 lle encargan a organización das festas patronais de San Roque e deciden programar entre os actos previstos os primeiros Xogos Florais de García Lago en honor ao vate vilagarcián Ramón García Lago. Dise que nese acto actuou como pregoeiro Xosé María Álvarez Blázquez e xunto a el estaba tamén Álvaro Cunqueiro. Tamén se lembra que o gañador en lingua galega foi Carlos Casares.

Sánchez Bargiela, Rafael, "Xosé María Álvarez Blázquez pregoeiro de San Telmo", *Faro de Vigo*, "San Telmo 2008", 29 marzo 2008, p. 24.

Celébrase a elección de Álvarez Blázquez como homenaxeado este ano no Día das Letras e coméntase a relación do autor coa cidade de Tui, onde naceu. Enuméranse os proxectos que iniciou ou levou a cabo na súa cidade natal, como os seus primeiros versos e traballos como arqueólogo e prehistoriador. Participou na montaxe do primeiro museo tudense, realizou achegas de carácter etnográfico e comezou a traballar como mestre. Destácase o seu compromiso democrático e a súa militancia como galeguista na II República, e mais concretamente a súa participación como pregoeiro das festas do patrón, San Telmo, coincidindo coas primeiras eleccións municipais, en 1979, tras a recuperación democrática.

Santos, Ágatha de, "Una muestra en Vigo rescata la faceta arqueológica de Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 17 maio 2008, p. 49.

Coméntase a inauguración da exposición "Álvarez Blázquez. Arqueólogo de Vigo" no Museo Quiñones de León de Vigo, que reflicte a traxectoria do que foi primeiro comisario local de escavacións na cidade onde, entre outras cousas, atopou as estelas romanas na rúa Pontevedra. A exposición reúne máis de duascentas pezas arqueolóxicas e está estruturada en cinco salas. Seu fillo, Alfonso Álvarez Cáccamo, rememorou como seu pai os iniciou na paixón pola arqueoloxía e Pilar Barciela, que comisiona a exposición, destacou as calidades do autor como arqueólogo.

Sequeiro, Mónica, "Homenaxe ós 'bos e xenerosos' no teatro Castelao, en Buenos Aires", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Día das Letras Galegas", p.

65/“Tributo aos 'bos e xenerosos'”, *El Progreso*, “Vivir”, “Día das Letras”, 18 maio 2008, p. 68.

Dáse conta da homenaxe rendida pola comunidade galega en Bos Aires a todos os escritores e artistas que cultivaron a cultura galega dende a emigración. Fíxose un percorrido pola historia do Día das Letras dende o seu comezo en 1963, cando se dedicou a Rosalía de Castro, até este ano, que se dedica a Álvarez Blázquez. Tamén se repasou a historia da cultura e literatura galega na emigración e se escoitaron as palabras de Castelao nunha montaxe audiovisual da presentación d’*Os vellos non deben namorarse* en Bos Aires en 1941.

S. J., “Letra mollada na Deputación”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 24 maio 2008, p. 77.

Coméntanse os actos da Festa das Letras levados a cabo con motivo das Letras Galegas en Lugo o día vinte e tres de maio, despois de seren aprazados o pasado dezaseis por mor da choiva. A festa estivo composta por unha ampla oferta musical e teatral. Actuaron grupos coma “Cántigas e Frores”, “Palimoco”, “Solo voces” ou “Mofa e Befa”.

Sotelino, B.R., “Vigo ofrece nunha mostra unha viaxe polas múltiples facetas creativas e vitais de Xosé María Álvarez Blázquez”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2008, p. 49.

Infórmase das actividades que acolleu a mostra dedicada ao autor homenaxeado este ano no Día das Letras na Casa Galega da Cultura en Vigo, titulada “Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez”. Explícase que a exposición é un percorrido pola vida do autor e pola Galicia do século XX, con material bibliográfico e obxectos persoais. Entre os asistentes estiveron Víctor Freixanes e Ánxela Bugallo. Engádese que a mostra inclúe un obradoiro de cantigas medievais e outro de arqueoloxía, así como un ciclo de conferencias.

S. P., “El grupo de gobierno propondrá que el Día das Letras Galegas se dedique a Taboada Chivite”, *La Región*, “Monterrei”, 19 setembro 2008, p. 17.

Presenta a proposta feita polo alcalde de Verín e o seu grupo de goberno para que se lle dedique o Día das Letras Galegas ao intelectual Xesús Taboada Chivite. Asemade, comunícase que o concello de Verín organiza unha semana cultural arredor da figura de Chivite, que será clausurada coa entrega dun premio homónimo.

Trillo, J. e M. **Gil**, “De cando en cando, o libro sae á rúa”, *El Correo Gallego,* “Área de Compostela”, 18 maio 2008, p. 38.

Dáse conta de varios actos celebrados con motivo do Día das Letras Galegas en diversos lugares de Galicia: en Noia homenaxeouse a Antón Avilés de Taramancos e a

María Mariño; en Muxía, a xornada estivo dedicada a López Abente; en Brión, a biblioteca municipal acolleu a presentación de *Xosé María Álvarez Blázquez, 1915-1985* (2007), obra sobre o autor homenaxeado no Día das Letras 2008. Coméntase que o acto estivo presidido polo propio autor da publicación, Clodio González Pérez, quen destacou que grazas ao bibliografado "por primeira vez o libro galego chegou a máis fogares".

U. L., "Uns 700 alumnos padroneses asisten ás actividades do Concello con motivo do Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 13 maio 2008, p. L13.

Breve noticia sobre a sesión de contacontos organizada polo concello padronés para máis de setecentos alumnos de infantil e primaria. A sesión vén da man de Anxo Moure da ONG Bicis pola Paz, e titúlase "O Carballo con botas e historias de árbores atrapadoras de contos".

Uz, Carmen, "Escena que sana, voces que curan", *El Progreso*, 23 febreiro 2008, contracuberta.

Comenta que no hospital psiquiátrico de día de Lugo están a realizar actividades que melloren a rehabilitación dos pacientes e, unha delas, é o teatro. Explica que os pacientes están a preparar a obra *¿Quen matou ó coronel?*, para o Día das Letras Galegas e así homenaxear a Xosé María Álvarez Blázquez. De seguido, salienta a importancia de practicar o teatro para a memoria, a relación cos demais ou para a expresión verbal e corporal.

Valcárcel, Xulio, "Anos da infamia", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 4.

Céntrase na traxedia familiar que supuxo para Xosé Mª Álvarez Blázquez a Guerra Civil a partir do asasinato do seu curmán político Alexandre Bóveda ao que segue o do seu pai Darío Álvarez Limeses, un tío que falece enfermo de tristura tras a morte de Bóveda e un seu irmán, Celso, que morre pola tuberculose contraída na Guerra Civil. Dise que a isto se une a privación do seu traballo como mestre e desterro en Coreses, Zamora, para rematar reproducindo un soneto que se inclúe na obra *Sonetos del alma insomne* que escribiu entre 1955 e 1960 no cal o autor se dirixe ao pai fusilado.

Varela, Ángel, "A música de Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 258, "Documental", 19 abril 2008, p. 14.

Dá conta da presentación do disco-libro sobre Xosé María Álvarez Blázquez. Detállase que é Eloi Caldeiro o encargado de musicar os once poemas do autor para o CD intitulado *Miño e o mar de Vigo* e de editar un DVD cun documental acerca das orixes e vivencias do homenaxeado, que, entre outros, relatan os seus fillos, que falan da súa participación nas Mocidades Galeguista, a militancia no Partido Galeguista e a posterior dedicación ao mundo editorial, creando transcendentes editoriais como Monterrey e

Castrelos, coa colección de libros "O Moucho". Noméanse varias das súas obras como *Sonetos del alma insomne*, *El crimen de la isla verde*, *En el pueblo hay caras nuevas*, coa que quedou como finalista do Premio Nadal en 1945, *El zapato de cristal*, *Los pazos antiguos* ou *Poemas de ti e de min* (1949), entre outros. Tamén se di que destacou pola súa paixón pola arqueoloxía e o seu carácter optimista.

Vázquez Gil, Lalo, "Audiovisual sobre X. Mª Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 10 abril 2008, p. 3.

Infórmase de que Sons Galiza Comunicación é a promotora do segundo volume da colección "Son da palabra", que neste caso vai dedicado á figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Baixo o título de *Entre o Miño e o mar de Vigo* preséntase un audiovisual dirixido por Eloi Caldero no que se repasa a biografía do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008 "con gran hondura e calidade", a xuízo de Vázquez Gil. Na peza teñen tamén cabida os versos de *Roseira do teu mencer*, poemario que o escritor dedicara á súa filla "Colorín", musicados polo propio Eloi Caldeiro.

Vázquez Gil, Lalo, "A cidade e os días", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 8 maio 2008, p. 3.

Anúnciase a próxima presentación do libro *La ciudad y los días* en versión galega, de Xosé María Álvarez Blázquez, que o autor do artigo define como "o mellor e máis orixinal libro sobre historia viguesa".

Veiga, Marta, "Murado defende as súas patrias lucenses e de letra impresa na apertura da Feira do Libro", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 18 maio 2008, p. 69.

Coméntase o pregón ofrecido polo escritor lugués Miguel Anxo Murado para inaugurar a Feira do Libro en Lugo, quen nomeou varias anécdotas que unen a cidade de Lugo co mundo da literatura. Tamén se dá conta do paseo literario que se desenvolveu polas rúas, no que se escolmaron, entre outros, textos líricos de Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras.

Vilariño Suárez, María, "Xosé Mª Álvarez Blázquez, editor", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*/*Diario de Arousa*, "*Especial Xosé María Álvarez Blázquez*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2008, p. 8.

Pártese da gabanza do humanismo de Xosé Mª Álvarez Blázquez do que se di que é un home polifacético que atinxe a todos os campos do saber cunha intelectualidade que "parece non ter límite". Despois dise que hai tres momentos fundamentais no tramado editorial galego ao longo do século XX sendo os anos 50 os que achegan a importancia do labor editorial emprendido por el con Edicións Monterrey e Edicións Castrelos. Faise logo un percorrido pola traxectoria das dúas editoriais dende os seus comezos até o seu peche, centrándose tamén na importancia da colección "O Moucho" dentro da segunda.

Xestoso, Manuel, "Xosé Mª Álvarez Blázquez, reconstrutor dun país en anacos", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", "Día das Letras", 1-7 maio 2008, pp. 24-25.

Enaltécese o labor que levou a cabo Xosé María Álvarez Blázquez, homenaxeado este ano no Día das Letras, e que resultou ser unha ampla reconstrución de Galicia e da cultura galega tras o seu abatemento na Guerra Civil. Xa de novo participou nas Mocidades Galeguistas e despois no Partido Galeguista, fundou a revista literaria C*ristal,* foi autor de obras como *Canle Segredo* e dun vasto traballo ensaístico que abranguía campos moi dispares da cultura. Tamén se comenta o seu labor como editor en Monterrey e Castrelos. Destácase, sobre todo, a súa afección a coleccionar todo tipo de cousas, o que en conxunto supón a recreación dun pobo ou nación, o seu recoñecemento como tal e a dignificación do pasado histórico. Compárase o seu labor co doutros persoeiros europeos que axudaron a manter a identidade do seu pobo, como Hans Christian Andersen, Björnson ou Yeats.

X. G., "Arqueólogo de gran curiosidade", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 10.

Refírese ao seu labor como arqueólogo, sendo nomeado no ano 1949 Comisario de Excavacións Arqueolóxicas de Vigo, que o levou a publicar no ano 1980 a obra *Vigo arqueolóxico*, peza na que colaboraron Fernando Javier Costas Goberna e Xosé Manuel Hidalgo Cuñarro. Indica que as excavacións e investigacións levadas por Xosé María Álvarez Blázquez enriquecen a súa literatura e ademáis representan un esforzo que se viu reflectido en diversas revistas e folletos, especialmente en *Cuadernos de Estudios Gallegos* e *Grial.*

X. T., "Da posguerra á democracia", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 9.

Sinala que a mediados dos anos 60 Xosé María Álvarez Blázquez entra na Real Academia Galega. Indica tamén que por estas datas, concretamente no ano 1959 publica artículos en numerosos xornais de Galicia e concretamente no *Faro de Vigo* ten a sección "Calendario Histórico", onde saca á luz os artigos que serán recollidos posteriormente na peza *La Ciudad y los Días*. Precísase que no ano 1968 presenta en *El Correo Gallego* unha sección similar, "Calendario Histórico de Galicia". Indícase que invertirá grande parte da súa vida en Vigo e de feito será nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo, o que o levou no ano 1980 a coordinar, xunto con Álvaro Cunqueiro, o libro *Vigo na historia.*

X. V., "Dúas comisións popularán polo Día das Letras de Lueiro Rei", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Recoñecemento", 30 decembro 2008, p. 19.

Faise eco da proposta de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2010 ao escritor Manuel Lueiro Rei. Así o apuntaba o edil de Cultura Antón Mascato, que cualificaba a proposta de tarefa difícil. Explícase que estará xestionada por medio de dúas comisións: unha executiva e outra honorífica e que o ano concreto para dita celebración non queda

fixado, pero pensa que podería ser o 2010, aínda que será a Real Academia Galega quen tome a decisión final, tendo en conta un requisito importante: o homenaxeado deberá ser un escritor galego falecido fai máis dunha década. Comunica que as Letras Galegas 2009 serán dedicadas a Ramón Piñeiro.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Escrita contemporánea*, G, Vigo: Asociación de Escritores en Lingua Galega, 2008, 174 pp. (DL: VG-1293-2005). ◆

Volume no que, baixo o título xenérico de *Entre dous séculos. III Encontro de novos escritores/as*, se recollen os textos correspondentes ás participacións en mesas redondas e as comunicacións presentadas no Encontro de novos escritores, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que se celebraron no Pazo de Mariñán, da Coruña, os días 26 e 27 de setembro de 2008. Ábrese o volume cunha presentación de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación organizadora, na que dá a benvida e adianta que se trata dun evento no que se fomenta o diálogo, o encontro e a reflexión, á vez que se reivindica a literatura "como un acto de profunda e radical liberdade creadora". Cada unha das mesas organizadas xira arredor dunha temática e está coordinada por unha persoa da crítica ou da creación. Son as que seguen:

- María Xesús Nogueira (coord.), "Cartografías literarias no novo século", pp. 11-27.

Mesa redonda coordinada pola crítica María Xesús Nogueira, que comeza reflexionando sobre as implicacións que ten falar de autores "novos", tanto dende o punto de vista das súas poéticas coma das posíbeis homoxeneizacións ou invisibilidades das diversidades estéticas, cuestións que lles presenta aos participantes na mesa, Oriana Méndez (Vigo, 1984), Mario Regueira (Ferrol, 1979) e Rubén Ruibal (Ribadeo, 1970). Tamén lles propón que falen sobre cómo asumen e viven estes mozos escritores no inicio da súa traxectoria o adxectivo de "novos", pídelles que reflexionen sobre a súa visión do concepto de xeración ou sobre aqueles elementos que consideran que os definen. Despois da presentación ofrécese un breve currículo de cada un deles. Oriana Méndez considera que o que caracteriza aos diferentes creadores novos é o feito de ter compartido experiencias, principalmente lecturas e influencias, aínda que interpretadas de moi diversos xeitos. Neste senso, considera que "xeración" pode ser pertinente dende un punto de vista sociolóxico, pero non da crítica literaria. Méndez explícita algunhas das súas lecturas e estabelece conexións de distancia entre a literatura galega e española para xustificar o posicionamento político dos creadores. A seguir, Mario Regueira, baixo o título de "Xeografías imposíbeis" considera que o feito de poñer etiquetas, e neste caso concreto a de xeración, é unha forma de control dos poderes fácticos que manifesta unha clara obsesión por adiantarse ao que aínda non ocorreu, froito dun sistema literario mutilado, á vez que unha necesidade do poder académico. Admite que como individuo se ocupa un momento e lugar, que no literario ten a ver coa percepción de que cada proxecto representa unha escolla libre e considera que os grandes avances son froito dos esforzos colectivos de grupos que interviñeron no sistema en momentos concretos e non das xeracións literarias. Por iso conclúe que os "novos" son xente cun gran sentido da independencia pero tamén cunha gran responsabilidade como membros dun sistema. Por último, Rubén Ruibal parte da súa manifesta oposición a situarse nunha xeración e desenvolve un discurso cargado de humor e ironía, no que repasa algúns dos seus autores de referencia e tenta estabelecer lazos de unión cos seus

contemporáneos, entre os que sinala cuestións sociais como ser fillos das xeracións de posguerra, ser dos primeiros en escolarizarse en lingua galega, unha boa parte seren neofalantes e vivir nunha sociedade marcada polas novas tecnoloxías. Discrepa con aqueles que consideran a brevidade ou o emprego da primeira persoa como outras das características e remata coa súa vontade de seguir traballando no teatro diso que se chama literatura galega.

- Elvira Riveiro (coord.), "Presenza e invisibilidade das/os escritoras/es na sociedade actual", pp. 31-54.

A coordinadora desta mesa, Elvira Riveiro, comeza reproducindo as opinións, por veces contraditorias, de diferentes escritores e críticos sobre a visibilidade dos creadores na sociedade galega. Para reflexionar sobre esta cuestión cóntase coa participación de Ana Acuña (Marín, 1971), Iolanda Aldrei e Samuel Solleiro (Tui, 1982), dos que ofrece un breve currículo antes de cederlles a palabra. Baixo o título de "Espazos e contraespazos de visibilidade: da aula (<<a sétima>>) á Wolkswagen do 81 (<<a casa do poeta>>) Ana Acuña marca espazos de invisibilidade polos que ela ten mostrado interese e estudado, como é a literatura popular de tradición oral, pero sobre todo a literatura galega en Madrid, da que repasa moitas das iniciativas que se teñen levado a cabo, dende un espazo no que teñen xurdido novidades de gran relevancia como o grupo Brais Pinto ou o Colectivo da Imaxe e Atlántica, até as obras resultantes de creación (*En tránsito*, 2001; *Muller de doce sal*, 2000); a actividade de colectivos como o Grupo Bilbao ou de personalidades particulares que están a contribuír na difusión e visibilidade da literatura galega en espazos moi heteroxéneos. Por último, remata referíndose á importancia da revista *Madrygal* como punto de encontro e voceiro dos interesados na cultura galega. Iolanda R. Aldrei, baixo o título de "Escrever desde a disidência: escrever para ser invisíbel?", reflexiona sobre a escrita como acto de disidencia, botando man das propostas que ao longo da historia tentaron definir o acto da linguaxe, dende Aristóteles, pasando por Todorov, Barthes ou Mignolo. Por último, Samuel Solleiro no texto titulado "Case todo o sólido se disolve no aire ou a literatura galega como Liga dos Cabaleiros Extraordinarios", desenvolve unha postura a favor da invisibilidade en literatura (vista como un "superpoder") e as vantaxes que representa se son empregadas con intelixencia. Comeza definindo o que é a visibilidade nunha sociedade na que mudaron os modos de operar os canons e a relación centro-periferia. Malia que admite que os creadores galegos gozan de certa visibilidade, considera que isto non é baremo válido para avaliar a situación do sistema, pois hai moitos elementos dos medios de comunicación que poñen de manifesto outros ángulos de invisibilidade, que ocultan o contexto de conflito no que escriben os creadores galegos.

- Francisco Castro (coord.), "A literatura. Internet e novas tecnoloxías", pp. 55-78

Mesa arredor da relación entre literatura galega e novas tecnoloxías, na que o coordinador Francisco Castro, ademais de presentar aos participantes, lanza unha serie de cuestións que xiran arredor das posibilidades creativas, da condición efémera das creacións e do papel do texto na era da imaxe. Lara Bacelo relata a súa propia experiencia arredor dos blogs e a literatura creada na web, como xeito de dar a coñecer as súas inquietudes; considera que a fragmentariedade é unha característica da escrita actual, pero que convive coa novela longa; e que o texto e imaxe son unha nova forma de expresión que posibilita saír do encorsetamento. Refírese ás posibilidades que abren as novas tecnoloxías, nas que pon como exemplo *O home inédito*, novela que se

publicou en formato libro logo da súa exitosa existencia na rede, o que pon de relevo a maior capacidade de difusión que ten a rede e que ser escritor xa non é ter obra publicada en formato papel, senón "construír palabra". Leo Campos, baixo o título de "blog: temagochi punk", desenvolve un diálogo, que se acaba convertendo en monólogo, no que define o seu concepto do que é un blog e a arte, ademais de mostrarse en contra da propiedade intelectual e de considerar que a arte burguesa se sente ameazada. Por último, Eduardo Estevez comeza a súa reflexión arredor das características do sistema literario galego, que malia considerar pequeno asegura que existe. A seguir, refírese ao nacemento da poesía dos anos 90 en oposición á produción da década anterior, lembra cómo se xestou o proxecto de Letras de Cal, do que el foi un dos fundadores, fai un rápido repaso pola evolución da poesía galega de finais de século, na que considera que a verdadeira revolución se está a dar actualmente a causa das novas tecnoloxías; e remata reflexionando sobre si mesmo e a súa propia traxectoria, na que considera que os premios son un aliciente para continuar traballando.

- Marta Dacosta (coord.), "Literatura, sociedade, nación", pp. 79-107.

Mesa coordinada por Marta Dacosta na que se debate sobre a relación entre a literatura e a sociedade na que se produce, da man de María Reimóndez (Lugo, 1975), Carlos Negro (Lalín, 1970) e Rafa Villar (Cee, 1968). Comeza Carlos Negro, que baixo o título de "A roupa no tendal da casa (ou de como divagar sobre a literatura galega en relación ao clásico do compromiso ético e a súa relación co nacionalismo político)", no que desenvolve a súa percepción de escritor dun sistema marxinal e non normalizado. Refírese tamén ao compromiso, tanto dende o punto de vista persoal como do colectivo de creadores, entre os que estabelece catro tipoloxías das motivacións: a redentora, a lúdica, a subversiva e a pedagóxica. María Reimóndez, dende uns parámetros netamente feministas, elabora unha metáfora coa vestimenta no discurso titulado "Okupar o traxe de galega", no que se refire ao papel do creador, que considera que sempre escribe dende si pero para os demais, que a literatura galega é froito dun pobo e a súa cultura, na que o papel das mulleres adquire unha grande importancia e onde queda ao descuberto o sexismo da linguaxe. Por outra parte, denuncia o cuestionamento constante dos creadores galegos e as dificultades das creadoras a causa do patriarcado. Estabelece algunhas necesidades ás que hai que atender e conclúe que nas marxes é onde se forxa a revolución, nas que a literatura pode ser cómplice das ideas dominantes ou subvertelas. Por último, Rafa Villar reflexiona en vinte e cinco puntos sobre cómo se relacionan os tres conceptos obxecto de atención da mesa: literatura, sociedade e nación. Deste xeito asenta en bases teóricas como as de González-Millán ou Antón Figueroa, a concepción da literatura como acto comunicativo e refírese amplamente ás relacións de poder nun contexto de linguas en conflito.

Na segunda parte do volume recóllese unha serie de comunicacións presentadas durante o encontro, nas que os creadores e creadoras galegas reflexionan sobre a súa pertenza a unha unidade xeracional e aparecen organizadas por orde alfabética. Son as que seguen:

- An Alfaya, "O meu tempo xeracional", pp. 111-113.

An Alfaya (Vigo, 1964) comeza sinalando que non se pode definir como pertencente a ningunha xeración, entre outras causas por ser autora de obras dirixidas ao público infantil e xuvenil, terreo no que non ten unha visión de homoxeneidade, senón de individualidades con interesantes achegas. A seguir, centrándose no papel das mulleres

narradoras e os galardóns que teñen gañado durante a última década, considera que non ten senso falar de xeración, dados os poucos elementos que comparten. Por outra parte, tamén se detén na importancia de que estas narradoras sexan traducidas a outras linguas, na proliferación de blogs como vía de contactos literarios ou paraliterarios entre os creadores e a súa non identificación con ningunha tendencia, aínda que si existen afinidades, polo que suxire o termo "Xeración periférica" como unha posibilidade que só o tempo situará correctamente.

- Yolanda Castaño, "Éticas e estéticas dos 90", pp. 114-117.

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) despois de salientar as poetas que máis influíron na xeración dos anos noventa como por exemplo María Xosé Queizán, Chus Pato e Luísa Castro, poetas por antonomasia, emprega o concepto de xeración como ferramenta de análise e sinala que os elementos máis importantes para analizar esta amalgama de produtores é diferenciar entre as poéticas e as proxeccións externas. Considera que é neste senso onde se amosa un comportamento máis arredado dos novos con respecto aos anteriores. Individualismo e busca da propia voz, confróntanse coa forte idea de colectivo, materializado en numerosas iniciativas conxuntas (publicacións, editoras, colectivos poéticos). Considera que estes grupos están unidos na ética, mais separados na estética e que, xunto cos temas anteriores, recuperaron temáticas de carácter social. Como elementos fundamentais chama a atención sobre a presenza masiva de voces femininas, ademais de sinalar que co paso dos anos actualmente mudaron os medios de expresión, quedando atrás os fanzines e follas voandeiras para pasar ao soporte web, principalmente a través dos blogs.

- Francisco Castro, "A Xeración sen complexos (electricidade, novas linguaxes. Inconsciencia)", pp. 118-120.

Francisco Castro (Vigo, 1966) intégrase como membro dunha xeración sen conciencia de selo e na que considera que priman as individualidades, cos ollos postos máis en Europa que na tradición e que todos foron xa escolarizados en lingua galega. Como elementos verdadeiramente esenciais sinala que malia a individualidade, teñen interiorizado a vocación de colectivización, especialmente na posta á disposición e diálogo cos demais das súas creacións na rede, o que os fai máis visíbeis ca nunca; e, por outra parte, defínea como xeración sen complexos ao abordar calquera temática, seren ambiciosos, saben venderse como literatos, tradúcense con certa normalidade e opinan nos medios de comunicación. En definitiva, unha xeración que lle tira proveito ás novas posibilidades comunicativas e que está orgullosa de seu.

- Marta Dacosta, "A Xeración do Dragón das Letras. A literatura galega ante o século XXI", pp. 121-127.

Marta Dacosta (Vigo, 1966) explica como se foi conformado a "promoción dos 90", que xorde como resposta á frivolidade, ao culturalismo, formalismo excesivo e comprometidos coa lingua e o país. Estabelece como trazos definidores: a referencia da literatura galega e os seus autores (poetas dos oitenta e xeración do 57), a sinxeleza expresiva, recuperación dos temas sociais e feminización do texto poético. Repasa algúns dos títulos considerados máis relevantes da poesía galega, iniciativas como novos proxectos editoriais, a existencia de certames poéticos, publicación de antoloxías.

- Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Escrita na raia”, pp. 128-130.

Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros, Ramirás, Ourense, 1966) comeza cuestionando o emprego do concepto de “xeración” aplicado ao grupo da década dos 90, dado que aínda que se pode atopar algún elemento de cohesión entre membros do grupo (publicacións conxuntas), non se refire ao conxunto. Considera que a visibilidade dos autores na sociedade actual debería estar en consonancia co seu grao de participación e activismo nela. Considera que é moi importante que os creadores teñan presente os referentes e pensa que malia os novos espazos conquistados na rede, a literatura galega aínda ten coutos.

- Álvaro Lago, “Cando de lonxe vos oio”, pp. 131-133.

Álvaro Lago comeza definindo a literatura coma unha arte, na que as fronteiras son difusas e ante a cuestión de definirse como membro da xeración dos 90 responde rotundamente que non, dado que non atopa ningún acontecemento na orixe que sirva de nexo, nin como xeradora dunha determinada corrente artística, do mesmo modo que iniciativas comúns como os proxectos editoriais non son relevantes ao considerar que non condicionaron nin o fondo nin a forma da obra dos seus creadores.

- Xabier López López, “O mono no espello algunhas reflexións sobre a miña debida ou indebida inclusión na ‘xeración dos 90”, pp. 134-138.

Xabier López López (Bergondo, 1974) comeza repasando a súa traxectoria dende os inicios na literatura galega e sinala que o concepto de xeración non é apropiado, por considerar que son precisos outros parámetros diferentes aos estritamente cronolóxicos, como a xénese do grupo, a coincidencia estilística ou temática ou o programa político. Lembra unha das etiquetas empregadas por Jauregizar para referirse a un grupo de narradores dos anos noventa, e considera que non se pode caracterizar como xeración por non cumprir ningún dos supostos que os recoñecería como tales, desbotándoos totalmente.

- Alberte Momán, “O outono en Pequín”, pp. 139-140.

Alberte Momán (Ferrol, 1976) nun rápido repaso das súas consideracións sobre a percepción persoal dentro do sistema literario considera que unha das características do panorama galego é o cambio constante e os problemas que padecen outros sistemas consolidados. Manifesta a súa obsesión polo cambio, aínda que admite tamén as influencias dos predecesores. Critica o sistema editorial polo seu mercantilismo e a lenta actualización, que non sabe responder aos cambios e aos novos formatos, o que provoca a invisibilidade de moitas propostas e creadores e creadoras. Por último, destaca o papel da rede como ferramenta que racha fronteiras.

- Carlos Negro, “Como o monstro doente de Frankenstein”, pp. 141-143.

Carlos Negro (Lalín, 1970) elabora unha autopoética baseándose no lugar que ocupa el con respecto a conceptos como identidade, historia literaria e singraduras, mentres que para responder á pregunta: e ti de quen vés sendo? Repasa ducias de obras e autores que deixaron pegada nel, así como programas de televisión, cancións, etc.

- María do Cebreiro, “Arredor da cuestión xeracional (Obxeccións en voz baixa)”, pp. 144-145.

María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) alude á problemática teórica da refutación das xeracións, pero admite a súa potencia operativa. Neste senso manifesta o desacordo coa xeración na que se lle integra, así como con etiquetas como a de “poesía das mulleres”. Di sentirse máis próxima de escritoras anteriores e posteriores á súa xeración, polo que considera máis pertinente empregar o espazo como factor de agrupación literaria, sobre a que tería que preguntarse arredor de cuestións como qué din, que medios empregan, en que persoa escriben, que rexeitan, etc.

- Mario Regueira, “Por unha literatura maronda”, pp. 146-150.

Mario Regueira (Ferrol, 1979) explica as distintas acepcións de “maronda” e especifica o emprego do termo para referirse á literatura galega como espazo de transición e marxinalidade. A seguir, partindo dalgúns postulados da *teoría queer* estabelece relacións coa propia historia da literatura galega, comezando polo afán normativizador e etiquetador, polo que reivindica “a independencia do devir literario da súa teoría normativizante”. Por outra parte, refírese á tensión entre o poder central e a periferia, representada pola literatura galega, que se afasta das propostas españolas, xa dende a opción lingüística pero tamén nas tendencias, o que provoca a imposibilidade de facer análises conxuntas das literaturas do estado. Por outra parte, sinala que cada novo recoñecemento oculta outras realidades, que seguen formando parte da marxinalidade, e contrapartidas que por veces son positivas, caso dos premios literarios, aínda que advirte do risco de caer na euforia. Refírese tamén ás relacións de poder como elementos produtivos presentes na teoría foucaultiana e neste senso afirma que a literatura galega debería asumir con orgullo a súa subalternidade, por ser froito da relación de poder. Remata avogando por unha literatura resistente á mutilación categorizadora.

- María Reimóndez, “Onde unha pode andar espida”, pp. 151-152.

María Reimóndez (Lugo, 1975) aposta por estabelecer como xeración aquela que comparte un espazo de acollida, de confianza, de intimidade, que aposta polo diálogo, fóra do patriarcado e dende o tránsito, con base nos feminismos e a loita contra a explotación, en definitiva, ten a ver coas formas de estar en sociedade. Explícita amplamente as súas influencias, nas que aparecen dende autoras indias, pasando polas clásicas gregas até as galegas.

- Iolanda R. Aldrei, “Nos espelhos há tremor. Autopoética”, pp. 153-157.

Iolanda R. Aldrei nesta autopoética desenvolve amplamente o que para ela significa crear e o valor da palabra, que se desenvolve combinando textos poéticos e narrativos.

- Xurxo Sierra Veloso, “Xeración?”, pp. 158-161.

Xurxo Sierra Veloso (Caracas, 1969) cualifica o termo “xeración” como unha gaiola artificial. A seguir, percorre os lugares comúns que caracterizan á súa xeración, especialmente de carácter sociocultural. Recoñece a distancia entre os creadores que

supostamente pertencen a esa xeración e refírese ao feito de escribir para unha sociedade que non ten interese por esas creacións, o que os condena á invisibilidade.

- Samuel Solleiro, "Literatura e data de nacemento: un exercicio de autoteoría", pp. 162-166.

Samuel Solleiro (Tui, 1982) parte de idea de que a autoteoría é unha práctica necesaria, polo que desenvolve unha reflexión, a xeito de peza teatral, na que bota man de dúas personaxes: a do autor de ficción e a do antropólogo. Entre outras cuestións aposta polo humor como arma moi eficaz, di rexeitar as súas propias obras, renega do tratamento dispensado aos creadores novos, en especial polos medios de comunicación, e rexeita tamén as etiquetas de antisistema e irreverente que lle teñen aplicado, no que ve unha marca política. Conclúe que a marca de estilo si é unha cuestión da época na que lle toca vivir a cada creador.

Agrafoxo, Xerardo, *Noia no cambio de século*, A Coruña: Editorial Toxosoutos, 2008, 574 pp. (ISBN: 978-84-96673-55-7).

O volume de Xerardo Agrafoxo (Noia, 1952) ábrese cunha dedicatoria a Pepe Agrelo e Xoán Manuel Fernández, uns agradecementos e máis un breve limiar. Trátase do terceiro volume dunha triloxía que comezou con *Crónicas dunha democracia* (2006) e *A revolta nacionalista* (2006) e divídese en tres partes: "O primeiro Goberno do Partido Popular: 1995-1999", "O retorno do Partido Socialista: 1999-2003" e "O segundo Goberno do Partido Popular: 2003-2007". Entre as noticias referidas ao ámbito da política local, incorpórase tamén información relacionada co panorama cultural de Noia como os actos en homenaxe a Antón Avilés de Taramancos e a María Mariño, escritores aos que se lles dedicou o Día das Letras Galegas en 2003 e 2007, respectivamente, a celebración da Semana de Historia de Noia, a conmemoración do septuaxésimo quinto aniversario da Sociedade Liceo (2003), as actividades da Asociación Cultural *Barbantia*, a morte do escritor Xosé Agrelo Hermo ou a do músico Prudencio Romo. A maioría destas crónicas axúdanse da presentación de noticias ou artigos de opinión que recolleron algúns xornais de tirada local e, mesmo, estatal. Pecha o ensaio un epílogo a cargo do autor no que ademais das conclusións, realiza un percorrido pola actividade profesional de cada un dos alcaldes da vila entre 1995 e 2007 (Mari Carmen Abeixón García, Rafael García Guerrero e Antonio Pérez Insua). Contén ademais o apartado "Fontes históricas de investigación", no que se informa das testesmuñas e arquivos privados consultadas na triloxía, hemerotecas, fontes manuscritas e fontes impresas, así como unha bibliografía final.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, " Un libro que pecha a triloxía da recente historia noiesa", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 2 agosto 2008, p. 2.

Preséntase o último volume da triloxía do historiador Xerardo Agrafoxo, *Noia no cambio de século*, publicada pola editorial Toxosoutos. Os outros dous tomos que conforman esta triloxía son *Crónicas dunha democracia* e *A revolta nacionalista*.

Neste terceiro volume destácanse as ilustracións evocadoras das diferentes etapas na historia de Noia, a frase paratextual coa que se inicia a obra, extraída de Winston Churchill e a reflexión final. Doutra banda, menciónanse dúas obras do autor, anteriores á publicación deste volume, como *Prehistoria e Arqueoloxía da Terra da Barbanza* e a triloxía *A Segunda República en Lousame e Noia*.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Aniceto Núñez y el 'Atardecer en Atenas", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 2 xullo 2008, contracuberta.

Faise eco da presentación de *Noia no cambio de século*, de Xerardo Agrafoxo, destacando que se artella en dez capítulos nos que dá conta da vida política municipal durante os tres últimos mandatos. Explícase que a partir dos asuntos políticos, se examina a dedicatoria do Día das Letras Galegas a Avilés de Taramancos e María Mariño.

Alonso, Fran, *Un país a medio facer*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, novembro 2008, 220 pp. (ISBN: 978-84-9782-933-5).

Recompilación de varias entrevistas feitas por Fran Alonso (Vigo, 1963) nos anos noventa a persoas representativas do panorama cultural galego dentro de diferentes ámbitos como a literatura ou a música. O autor trata de dar conta da evolución da cultura galega ao longo de vinte anos a través das voces dos seus protagonistas. Dise que naquela época Galicia era "un país a medio facer" que buscaba acadar por fin a normalidade. Ábrese o volume cunha cita de Manuel Rivas sobre Galicia e a súa cultura e séguelle un prólogo homónimo asinado polo propio autor no cal se explica cal é a pretensión da obra e como foron feitas as entrevistas. A primeira parte leva por título "Entrevistas nun país a medio facer" e contén aquelas realizadas nos últimos anos oitenta e principios dos noventa a varios representantes da cultura galega pertencentes á literatura ou á música e que foron publicadas no *Diario 16 de Galicia*. Hai autores xa consolidados como Xosé Luís Méndez Ferrín ou Víctor Freixanes e outros que naquel momento eran figuras emerxentes, convertidos hoxe en referentes literarios como Manuel Rivas ou Suso de Toro. O panorama musical galego tamén está moi deseñado a partir das entrevistas a Antón Reixa, Uxía Senlle ou Xurxo Souto entre outros. A segunda parte "Vinte anos despois" recolle as entrevistas feitas a partir do ano 2000 a escritores "irreverentes" como Lupe Gómez, músicos como Marful ou actores de renome como Carlos Blanco e publicadas no suplemento "*Luces*" de *El País*. Esta crónica cultural e musical galega acompáñase das fotos dos protagonistas das entrevistas.

Recensións:

- Xosé Carlos Hidalgo, "Industria divina", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 22.

Dise que *Un país a medio facer*, de Fran Alonso consta de dúas partes: a primeira de dezaoito entrevistas feitas por el e publicadas entre 1989 e 1992 cando traballaba como xornalista no *Diario 16 de Galicia*; segunda parte co lema "Vinte anos despois. O país que parece normal", consiste en catro reportaxes protagonizadas por Marful, Lupe Gómez, Carlos Blanco e a revista *Sonotone* nas que se fai unha "radiografía" do campo literario galego. Comenta que o volume se completa con novos textos introdutorios dos dous bloques e fotografías. Critica o desequilibrio entre as súas partes e a brevidade das introducións. Finalmente explica o concepto de "anormal normalidade" da cultura.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Culturgal busca que a cultura do país teña «letras e números»", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2008, p. 58.

Coméntase a apertura da segunda edición da Feira das industriais culturais galegas coa que, segundo Ánxela Bugallo, conselleira do sector, se pretende demostrar o labor creativo como un dos factores de incidencia no desenvolvemento económico. No acto inaugural lanzouse a mensaxe de "participación para o coñecemento". Organizada en sesión continua, a feira abrangue presentacións de discos, obradoiros para os cativos sobre a dobraxe no cinema, o catálogo da Asociación de Actrices e Actores de Galicia e a vindeira cita coa lusofonía en Pontevedra, con "Cantos na maré". Inclúese asemade o programa coas actividades do día e menciónase, por último, a presentación do libro *Un país a medio facer*, de Fran Alonso, nun epígrafe intitulado "Un libro sobre o momento convulso da cultura galega no que cada cousa tiña a súa etiqueta". Descríbese como unha compilación de entrevistas no eido da cultura galega a persoeiros como Fernández del Riego, Víctor Freixanes, Méndez Ferrín, Cid Cabido, Uxía, Darío Xohan Cabana e Blanco Gil entre outros.

Alonso Montero, Xesús (ed., limiar e notas), *O epicedio de Curros Enríquez* "*A Rosalía*" *en vinte linguas*, epílogo de Xesús Rábade Paredes, Padrón: Centro de Estudios Rosalianos.Fundación Rosalía de Castro, col. Vintecatro de febreiro, n.º 8, xullo 2008, 45 pp. (ISBN: 84-87668-29-1). ■

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) no "Limiar" deste libro aclara algúns aspectos vencellados coa datación do poema "A Rosalía", de Manuel Curros Enríquez, e sinala o interese que suscitou esta composición en traballos dalgúns estudiosos. Por outro lado, tamén dá conta do infortunio que sufriu a deturpación do verso "comesta morreu" por "comesta se veu", explica o termo "epicedio" e engade unhas notas finais bibliográficas. A continuación, recóllese o poema "A Rosalía" en vinte linguas (galego, alemán, castelán, catalán, esperanto, euskera, finés, francés, grego clásico, inglés, italiano, latín, lituano, maltés, mapudungún, neerlandés, portugués, portugués (brasileiro), ruso e sueco) e indícase o nome do tradutor e mais o ano da tradución. Tamén se insiren as "Notas ás vinte versións", a primeira das cales informa que se transcribiu o texto tal e como apareceu na primeira edición coñecida, a do número 5 no xornal *La Patria Gallega* en 1891. Pecha o volume o epílogo intitulado "Rosalía vista por Curros" no que Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) reflexiona sobre as cirscuntancias vitais de ambos os autores analizados e destaca que a actitude do poeta celanovés ante a Cantora do Sar é a "dun xogo de identificación voluntario e consciente" ao que dota dunha "sensibilidade superiormente capacitada pola ruda adversidade". Tamén analiza o termo

"lobos" que aparece nesta e noutras composicións. Para rematar, ofrece chaves interpretativas do poema e mais de "Na tumba de Rosalía" (1904), tamén de Curros Enríquez.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, "Na Matanza, acto Literario do 15 de xullo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 9 xullo 2008, p. 5.

Dá conta da celebración na Casa-Museo da Matanza en Padrón do 123 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro. Recolle a presentación dos libros *O epicedio de Curros Enríquez. A Rosalía en vinte linguas*, baixo a dirección de Xesús Alonso Montero, *Poetas con Rosalía III* e *Rosalía vista por Curros*, do poeta Xesús Rábade Paredes.

- Xesús Alonso Montero, "Epicedio para Rosalía en vinte linguas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, "Beatus qui legit", 12 xullo 2008, p. 7.

Asegura que Manuel Curros Enríquez escribiu o famoso poema "A Rosalía" en maio de 1891 cando se levou o cadáver de Rosalía de Castro ao Panteón de Galegos Ilustres e non o día da súa morte, o 15 de xullo de 1885. Tamén apunta que se presentou un breve volume no que se ofrece este "inmortal poema de Curros" en vinte idiomas e que conta cun estudo de Xesús Rábade Paredes.

- C. G., "La fundación presenta esta tarde "Poetas con Rosalía III", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 xullo 2008, p. 37.

Recolle a presentación en Padrón, co gallo da conmemoración do pasamento de Rosalía de Castro, dos libros *O Epicedio de Curros Enríquez. A Rosalía en vinte linguas* e *Poetas con Rosalía III*.

- Helena Villar Janeiro, "A gran efeméride rosaliana", *El Correo Gallego*, "Opinión", 18 xullo 2008, p. 3.

Fala da publicación, por parte da Fundación Rosalía de Castro, dos libros *O Epicedio de Curros Enríquez* "*A Rosalía*" *en vinte linguas* e *Poetas con Rosalía III*, unha escolma de diferentes poetas con ilustracións de Baldo Ramos e realizada con motivo do aniversario do pasamento da autora de *Follas Novas*.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Letras galegas. Explicadas (de 1962 a 1980) en* "*Triunfo*" *e noutras revistas de fóra de Galicia*, prólogo e notas do editor, limiar de Fernando Salgado García, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 204 pp. (ISBN: 978-84-9782-937-3). ■

Ábrese este volume coa introdución de Fernando Salgado García na que fai unha gabanza do autor e unha dedicatoria de Xesús Alonso a José Monleón. A seguir, Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) recolle como el mesmo explica no prólogo, trinta e oito traballos publicados entre 1962 e 1980 en revistas extragalegas como *Triunfo*, *Canigó* ou *Cuadernos para el diálogo*, todas elas opostas ao franquismo, polo que os artigos

“esixen de min un autocontrol expresivo non pequeno”. Dende un punto de vista marxista, Montero trata temas como o problema da lingua, a socioloxía da literatura ou a relación entre os escritores e a revolución. A orientación principal destes artigos no momento da súa publicación foi a de divulgar a literatura e a cultura galegas fóra intentando que se esquecese a imaxe folclorista e idealista que se tiña dela. A obra remata cun apéndice no que se recolle unha cronoloxía da cultura galega do exilio de 1939 a 1962 na que se recollen libros, revistas, coleccións e grupos intelectuais. Os artigos recollidos son os seguintes: “Aquilino Iglesias Alvariño, traductor al gallego de textos latinos y griegos”, “El gallego. Historia, razón, pasión, adversidad y esperanzas de una lengua”, “El idioma gallego en su aspecto social. Lengua vil en el ideario burgués”, “Momento actual de la lengua gallega”, “En el 80 aniversario d’*O catecismo labrego*”, “Teatro gallego en Galicia. Desde Lugo”, “Al pie de las letras: Monólogo con Xesús Alonso Montero (Entrevista de Robert Saladrigas)”, “Antología de Castelao (Selección y traducción)”, “La literatura gallega de hoy: Un fenómeno en conflicto”, “Galicia no es sólo una bella puesta de sol, unas rías, unas gaitas, un marisco... (Entrevista de Carmen S. Larraburu)”, “17 de mayo. Día das Letras Galegas”, “Diez años de *Longa noite de Pedra*”, “Neira Vilas, en Galicia”, “Informe-dramático-sobre la lengua gallega (Entrevista)”, “Entrevista con Xesús Alonso Montero (Por Víctos F. Freixanes)”, “A propósito de Viqueira en su cincuenta aniversario. Darwin en Compostela”, “Xesús Alonso Montero y la cultura gallega”, “Cincuentenario de *Ronsel*”, “La Universitat Catalana d´Estiu a judici (Entrevista de Alex Broch)”, “Aniversario de la muerte de Castelao”, “Galicia, a la búsqueda de una personalidad perdida. Los gallegos ante la cultura (Entrevista de Fernando González)”, “Mesa redonda: las reclamaciones de Galicia”, “Castelao y los negros”, “Correo de Urgencia (Escribe Fernando G. Delgado)”, “La lengua gallega es mort (Entrevista de Ramón Serra)”, “Castelao y Galicia. 1916-1920”, “Esperando un decreto”, “Noticia de la revista *Galeuzca*”, “El poeta gallego Lorenzo Varela retorna del exilio”, “Un libro ¡inédito! de Castelao”, “La voz de Nicolás Guillén en lengua gallega”, “Requiem por Luís Seoane”, “El poeta Lorenzo Varela”, “Celso Emilio Ferreiro: *In memorian*”, “Blanco-Amor, los poemas gallegos de García Lorca y una incógnita”, “17 de mayo (Días das Letras Galegas), homenaje al poeta Alfonso X el Sabio”, “La derecha está reñida con la cultura (Entrevista de Fernando Salgado)” e “La literatura gallega del exilio”.

Alvarellos Casas, Henrique, *Diario dun pai acabado de nacer*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, febreiro 2008, 111 pp. (ISBN: 978-84-9782-711-9).

O xornalista Henrique Alvarellos Casas (Lugo, 1968) sinala ao comezo do libro que este diario íntimo empezou a ser escrito no mesmo intre de saber que ía ser pai. Ao longo das cen páxinas do libro, relata moitos dos momentos, pensamentos, reflexións que sinte antes de ser pai e despois de selo. Afirma que no diario están presentes as alegrías, os medos, as anécdotas, as experiencias e mesmo “as medras” do novo ser. Destaca ante todo o cambio radical na vida de quen afronta a novidade de converterse en pai por primeira vez. Advirte tamén que a intención do diario e ir reflexionando sobre o papel do pai, esa función que a sociedade a penas trata, deténdose exclusivamente no “intransferible” labor da nai. Desta maneira, Alvarellos preséntase como un pai en primeiro plano, coprotagonista dende os primeiros días da vida do fillo, colaborando en todas as situacións posíbeis e imposíbeis. Relata cómo durante cinco anos viu medrar ao seu fillo e gozou con el, que pasou de bebé a neno. Pero tamén conta

que nestes cinco anos foi o tempo en que, inesperadamente, perdeu a seu pai. O resultado dese contraste, dese descubrimento e perda á vez son as páxinas do *Diario dun pai acabado de nacer*, que el mesmo define como páxinas iniciáticas que envolven grandes momentos de ledicia, de ilusión e futuro; ao carón dos momentos de tristura, de medo e de dor.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Memoria dun pai en cueiros", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 258, 19 abril 2008, p. 10.

Comenta que Edicións Xerais de Galicia acaba de incorporar á súa colección "Crónica" a obra de Henrique Alvarellos *Diario dun pai acabado de nacer*. Lembra a importancia da Editora Alvarellos e dá conta doutras obras que tamén trataron o tema escollido polo autor. Explica que a orixinalidade de Henrique Alvarellos radica na forma de diario onde aborda a espera, o nacemento e os primeiros anos de vida do seu fillo. Tamén salienta que a obra é un texto emotivo no que relata as súas impresións e reflexiona sobre temas como a vida, o futuro, a morte, o paso do tempo, etc. Por último, comenta que o autor fuxiu do rexistro monocorde e que mostra metáforas de fondo e achados expresivos.

- Dorinda Castro Soliño, "Inzado de poesía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, "Libros", 1 maio 2008, p. IV.

Fai referencia ao libro de Henrique Alvarellos, *Diario dun pai acabado de nacer*, no que o autor mostra a súa experiencia como pai primeirizo e, ademais de salientar os descubrimentos que está a facer o neno, tamén mostra aspectos e conflitos da vida diaria. Afirma que o libro é unha reflexión sobre a existencia.

- Vicente Araguas, "Caro diario", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 408, "Libros", 6 xullo 2008, p. 14.

Trátase o diario de Henrique Alvarellos, *Diario dun pai acabado de nacer*, publicado por Edicións Xerais. Dise que, con data de inicio do 1 de abril de 2002 en Lugo, se narra a vida de Pablo Alvarellos a través dun ton lírico mesturado ás veces con trazos da realidade cotiá. Araguas subliña o feito doutros poetas como Luís Rei Núñez, Xulio Valcárcel ou Xela Arias ter tratado xa este tema.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Tempo e voz da nación incesante", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 395, "Musas", 16 marzo 2008, p. 54.

O xornalista, editor e escritor Henrique Alvarellos, que publica semanalmente artigos e crónicas na prensa galega, principalmente en *Galicia Hoxe*, comenta que nese momento saíu á rúa o seu quinto libro, unha crónica íntima titulada *Diario dun pai acabado de nacer*, escrita en tempo real ao longo de cinco anos. Conta que reflexiona sobre a paternidade nos primeiros anos do fillo e xurdiu cando soubo que ía ser pai e polo medio sucedeu a enfermidade e a morte de seu pai, tamén reflectidas nestas páxinas. Di

que na súa escrita hai moito de poeta, ás veces demasiado, e que lle gusta a prosa poética, que o ritmo da escrita leve música porque cre que escribir é algo máis que redactar palabras ou contar historias; así, na súa obra *Teoría de Lugo* hai prosa poética e ensaio e en *Diario dun pai acabado de nacer* tamén hai prosa poética. Conta que non se considera un escritor de ficción, xa que fai crónicas extensas, poetizadas, coa intención de subliñar a realidade por medio da escrita. Finalmente, confesa que lle gustaría facer unha crónica poetizada da súa vida e das cousas que o rodean.

- M. Lorenzo, "Decidín escribir unha crónica da experiencia e as vivencias como pai", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 marzo 2008, p. L16.

Coméntase que o propósito de Henrique Alvarellos foi elaborar "un diario íntimo, unha crónica poética" das súas "experiencias e vivencias" como pai do seu primeiro fillo, que plasma anécdotas das que salienta o cambio de perspectiva da vida ao ser pai e detalla que concibe ter un fillo como unha "porta á inmortalidade". Apunta que comprende a literatura como "a crónica" da propia vida, polo que destaca o "pudor" de espirse cara ao mundo, ao tempo que recoñece que constitúe a mellor forma de "comunicar anhelos e inquedanzas interiores". Remátase comentando que continuou a escribir as súas vivencias sobre o nacemento do seu segundo fillo e que non descarta publicadas nun futuro.

- Xosé Carlos Caneiro, "País en primavera", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 256, "Club Dandi", 5 abril 2008, p. 14.

Valórase a colección "Crónica" de Edicións Xerais polo enfoque diferente e tanxencial dos títulos, do que é proba *Diario dun pai acabado de nacer*, de Henrique Alvarellos, libro sentimental acerca das lembranzas do afundimento do Prestige, do amor e os temas do espírito e a terra. Ademais do citado, a segunda novela de Andrea Camilleri, *A pista de area* (2007), e a *Guía literaria de Celanova*, de autoría múltiple (Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Benito Rego, entre outros) son outras dúas razóns para criticar aquelas institucións que non afondan na esencia da galeguidade.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, 12 abril 2008, p. 11.

Refírese na súa sección fixa a catro obras: *Diario dun pai*, de Henrique Alvarellos; *Xosé María Álvarez Blázquez*, de Darío Xohán Cabana; *Memorias dun esqueleto*, de Xosé Lois Ripalda; e *Xohán Xesús González*, de Héitor Picallo Fuentes.

- M. Dopico, "Entre a ledicia e a incerteza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 abril 2008, p. 35.

Achega as palabras de Henrique Alvarellos que fala sobre a súa última experiencia: ser pai, reflectida no libro, *Diario dun pai acabado de nacer*. Alvarellos afirma que os pais deben estar cos fillos dende o primeiro momento, participar na súa educación e ser coprotagonistas coa nai. Afirma que na obra o que pretende é mostrar a súa experiencia e poder compartila con xente da súa idade. Tamén fala sobre o xénero do diario, do que indica que está moi pouco practicado en Galicia e comenta que o texto vai acompañado por debuxos feitos polo seu fillo. Por último, afirma que o libro ten moita reflexión sobre a vida.

- Eva Estévez, "Henrique Alvarellos. 'Sementar nun fillo é gañar a inmortalidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, 17-23 abril 2008, contracuberta.

Realiza unha entrevista a Henrique Alvarellos sobre a nova situación de ser pai, que a reflectiu na obra, *Diario dun pai acabado de nacer*. Alvarellos reclama a participación dos pais na educación dos fillos, afirma que non deben quedar afastados do crecemento dos nenos senón que teñen que desenvolver as súas funcións. Comenta que no libro explica a sensación do nacemento de seu fillo e a noticia da morte de seu pai, polo tanto, caracterízao de existencialista. Asegura que a publicación do libro foi pola ansia de comunicar.

- Roberto G. Méndez, "Escoito 'furbo' e boto a correr", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 20 abril 2008, contracuberta.

Entrevista a Henrique Alvarellos na que fala, entre outros asuntos, sobre a súa experiencia como pai e dá conta destas reflexións no seu novo libro, *Diario dun pai acabado de nacer*. Explica que ter un fillo é gañarse a inmortalidade e afirma que escribiu o libro como unha terapia. Comenta que as súas facetas de escritor e editor son complementarias, mais non lle gustaría editar os seus propios libros

- Marcos Valcárcel, "A primeira mirada", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 25 abril 2008, contracuberta.

Destaca o acerto do título do novo libro de Henrique Alvarellos, *Diario dun pai acabado de nacer*, e explica que se trata dun diario que o autor empezou cando coñeceu a noticia de que ía ser pai e nel tamén inclúe a morte do seu pai. Salienta o seu estilo lírico e evocador e tamén fai referencia aos debuxos que aparecen feitos polo propio neno.

- Armando Requeixo, "A luz primeira, poesía do nacido", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 34.

Trátase da recensión dun poemario de Xulio López Valcárcel, *O sol entre os dedos* (1995), e comeza referindo algúns autores que trataron o tema do gozo pola chegada ao mundo dun novo ser, entre eles, cita a recente obra de Henrique Alvarellos, *Diario dun pai acabado de nacer*.

Álvarez, Noemí, María **Rey** e Suso **Sambade**, *As douradas sílabas de X.M. López Ardeiro*, A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Divulgación e Ensaio, 2008, 189 pp. (ISBN: 978-84-96673-52-6).

Ensaio sobre a vida e obra do poeta barcalés Xosé Manuel López Ardeiro (Logrosa, 1944- Ferrol, 2007). O traballo, que se publica en homenaxe ao poeta e co obxectivo de dar a coñecer a súa obra, compúxose a partir de varias entrevistas persoais co autor e unha coidada selección de pezas tiradas dos seus seis poemarios: *Na néboa dunha esperanza* (Limbo, Ourense, 1981); *En bela sombra e amaranto* (Salamanca: Algalia, 1985); *O matiz esmeralda da sombra* (Sada: Edicións do Castro, 1991); *Sombras e outras presencias* (Santiago de Compostela: *El Correo Gallego*); *Un xardin no tempo*

(Santa Comba: 3C3); e *Versos de ausencia e desagravio* (A Coruña: Espiral Maior, 2005). Comeza o libro cun prólogo de J. A. Ponte Far titulado "O home, o poeta" e continúa cos apartados "Home", "O Poeta" (estes dous recollidos baixo un mesmo epígrafe, "Semblanza"), "Análise da obra", "Antoloxía" e "Evocacións", que recolle dous textos elexíacos dos seus amigos Avelino Pousa Antelo e Xulio L. Valcárcel. Pero o interese do traballo vai máis alá da súa calidade bibliográfica ou o de contaren co propio testemuño do barcalés, xa que, a través das entrevistas e o material fotográfico, o lector descubre o lado máis humano do poeta: os recordos de infancia, as súas inquedanzas, gustos, querenzas, medos... E, sobre todo, a súa relación coa poesía, que el entendía coma unha ferramenta de loita e comunicación, tanto íntima coma colectiva. Un documento que se torna clave ao saber que Ardeiro responde dende a conciencia de estar a punto de morrer por mor da enfermidade terminal que acabará coa súa vida aos poucos meses de rematar as entrevistas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, 22 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, 31 maio 2008, p. 11.

Nesta ocasión descríbense moi brevemente a obra *As douradas sílabas de X.M. López Ardeiro*, de Noemí Álvarez, María Rey e Suso Sambade, entre outras obras.

- Román Raña, "Testemuño humano", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", n.º 256, "Libros", 10 xullo 2008, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, "Letras galegas", 19 xullo 2008, p. 10.

Analízase o volume de Noemí Álvarez, María Rei e Suso Sambade, *As douradas sílabas de X. M. López Ardeiro*, editado por Toxosoutos en 2008. Tras unha presentación considerada como unha declaración de obxectivos, aparece un prólogo a cargo de José Antonio Ponte Far que da paso a unha serie de entrevistas sistematizadas. Sublíñase a división do volume en cinco partes, constituíndo a primeira un informe biográfico do poeta e a segunda un informe da súa traxectoria literaria, nas que se salienta o ton conversacional e o carácter divagador dos entrevistados. A terceira parte consiste nun estudo pormenorizado do corpus do poeta dividido en seccións temáticas mentres que a cuarta parte, "Antoloxía", reproduce un conxunto de poemas que confirman as seccións previas. A quinta e derradeira parte mostra dous textos de Avelino Pousa Antelo e Xulio López Valcárcel.

Álvarez Bravo, Begoña, *Máis de trinta anos de semente cultural nacionalista na cidade de Coruña. Historia da Asociación Cultural Alexandre Bóveda*, A Coruña: Deputación da Coruña/Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, 2008, 260 pp.(ISBN: 978-84-9812-081-3). ◆

Begoña Álvarez Bravo, co gallo da celebración do trinta aniversario do nacemento da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, realiza un estudo sobre esta asociación na que repasa as diferentes actividades levadas a cabo nela durante tres decenios. Ábrese cun limiar da autora no que se anuncian os contidos que se desenvolverán no libro. A seguir, acóllense os nove capítulos. No primeiro deles, "Agrupación Cultural Alexandre

Bóveda. Unha ollada ao interior dunha agrupación", trátase o nacemento da agrupación cultural e a relación desta con outras agrupacións culturais do país e tamén da colaboración con diversas institucións. No segundo capítulo, "A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda na defensa do patrimonio galego", Álvarez Bravo analiza o traballo levado a cabo no eido da cultura e do patrimonio galego, destacando a súa presenza no Entroido coruñés, nos magostos ou nos deportes populares. No terceiro, que leva o título de "Agrupación Cultural Alexandre Bóveda: o son da nosa vida" céntrase no labor desta Asociación no campo da música galega. Cita a importancia da coral da agrupación, así como, as celebracións dos Ciclos Folk Celta Internacional. Tamén repasa as cancións e os discos galegos de hoxe en día. "Unha ollada ao mundo dende a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda", o cuarto capítulo do libro, describe a relación da agrupación coa sociedade e a política galega, destacando principalmente o acontecemento do Prestige e o traballo da Plataforma Nunca Máis. En "Agrupación Cultural Alexandre Bóveda: as mulleres galegas do fin de século" repásase a importancia da muller na sociedade galega de finais do século XX e en "Arredor da lingua, arredor da literatura", Begoña Álvarez analiza o traballo da Agrupación no mundo da literatura galega: realización de cursos, monografías, homenaxes, ciclos literarios, creación de revistas, publicacións, etc. Nos tres últimos capítulos, "O cine-clube Alexandre Bóveda", "Ollo de vidro" e "A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda sae a escea", repásanse as diferentes actividades organizadas pola agrupación relacionadas co mundo do cine, da fotografía e, sobre todo, co mundo do teatro (creación do grupo de títeres Sapoconcho, Taller de Teatro, Memorial de Teatro Iban Toxeiro, etc). O estudo finaliza cun epílogo e remate da propia autora no que reflexiona sobre a importancia do traballo levado a cabo pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda.

Alvilares, Xosé, *Aínda é de noite. Literatura galega de século XIX e cristianismo*, Vigo: Sociedade de Estudios, Publicacións e Traballos (SEPT), 2008, 215 pp. (ISBN: 978-84-7337-061-5).

Xosé Alvilares (Axulfe, Chantada, 1928) abre este estudo cunha dedicatoria familiar e cuns versos de Rosalía de Castro, tomados de *Follas Novas*, nos que destaca "a noite que nunca se acaba", idea que escolle como título desta monografía. Séguelle o "Propósito", a modo de limiar, no que argumenta que volve "inda que, non de todo" ao tema do libro *Proceso a la Iglesia gallega* (1969) sobre a imaxe da Igrexa nos escritores galegos do século XIX. Di recuperar agora aquel libro nun contexto social e cultural "abismalmente distinto", que afecta á conciencia relixiosa e que lle serve de marco á presente reelectura. Neste senso, xustifica a obra en dúas perspectivas e divídea en tres partes: a primeira e a última ocúpanse do Cristianismo esencial: por unha banda, "Rosalía de Castro, cando o mundo nos deixa" e "Cuestións sobre o Cristianismo". Nunha, analízase polo miúdo o lugar que ocupa o Cristinianismo na obra da cantora, inmersa nun mundo interior de espiritualidade e saudade e no que destaca a proxección dun sentimento de Natureza, así como a presenza de Deus e a Igrexa. Na outra, "Cuestións sobre o Cristianismo", proseguen as reflexións sobre o tema e detalla as visións da figura de Xesús e Deus no mundo. Antes diso, está o apartado intitulado "Manuel Curros Enríquez, Cristianismo e sociedade" centrado no Cristinianismo Institucional e no que se define a súa obra como "poesía da comunidade" en contraste coa de Rosalía de Castro, "poesía de soidade". Achega as claves do seu anticlericalismo e as relacións coa fe cristiá, centrándose en diversas composicións que foron obxecto da

denuncia episcopal: “Mirand’o chau”, “Pelegriños a Roma” e “A igrexa fría”, poemas posteriores engadidos á primeira edición de *Aires da miña terra* (1880) e a parodia da obra *O divino Sainete* (1888). Continúa o apartado indagando no seu mundo moral e analizando os antecedentes literarios do poeta celanovés. Para rematar, ademais dunha bibliografía, recóllese o apartado “Para concluír: unha esperanza chamada fe”, con algunhas consideracións sobre a realidade da fe cristiá ou a salvación na persoa e obra de Xesús.

Aneiros Díaz, Rosa e Xosé **López García** (coords.), *Primeiros diarios galegos (1808-1909). Estudos críticos* (ISBN do tomo 1: 978-84-96530-65-2), prólogo dos coordinadores/ *Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de Santiago* (ISBN do tomo 2: 978-84-96530-66-9)/*Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de Santiago, Apéndice al primitivo diario de Santiago, Gazeta de la Coruña, Telegráfo Político y Literario de la Coruña* (ISBN do tomo 3: 978-84-96530-68-3)/*Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de la Coruña* (ISBN do tomo 4: 978-84-96530-67-6), prólogo dos coordinadores, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008, 157/780/1.366 /2.137 pp. (ISBN da obra completa: 978-84-96530-65-5). ◆

Edición de catro tomos preparada polo Consello da Cultura Galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Comunicación, e baixo a coordinación de Santiago Xosé López García e Rosa Aneiros. Contou ademais co apoio activo de Xosé Ramón Barreiro Fernández. Recolle e presenta, en versión facsimilar e ao longo de tres volumes, as primeiras cabeceiras galegas (*Diario de Santiago*, o *Telégrafo Político y Literario de la Coruña, Apéndice al Primitivo Diario de Santiago e Gazeta de la Coruña*) nacidas en 1808 coa proclama da Guerra da Independencia, que cesaron en xaneiro de 1909 coa chegada dos franceses a Galicia. Alén disto, o primeiro tomo, logo dun prólogo institucional, reúne unha serie de artigos intitulados “Estudos críticos” da autoría de Prudencio Viveiro Mogo (“Os promotores dos primeiros diarios galegos: Diario de Santiago e Diario de La Coruña”), Rosa Aneiros Díaz e Xosé López García (“O nacemento da prensa diaria galega: as noticias «más ciertas y testimoniadas, oculares» como grande arma contra o invasor”), Xosé R. Veiga Alonso (“Galiza e a súa presenza nos primeiros diarios galegos”), Elías Durán de Porras (“Da Coruña a Londres. Os xornais galegos, fonte informativa da prensa e do goberno inglés na Guerra da Independencia”); Xosé Ramón Barreiro Fernández (“Palabras novas para tempos novos. Aproximación ao léxico ideolóxico e político do primeiro xornalismo galego”) e Jesús de Juana López [“As orixes ideolóxicas da oposición francesa (maio, xuño, xullo de 1808). O bispo de Ourense D. Pedro de Quevedo]. Ao final do primeiro tomo, incorpórase unha guía informativa (lugar, número, data, paxinación e número de páxinas) dos exemplares existentes e localizados no Arquivo do Reino de Galicia, nos materiais de propiedade de Andrés Pascual, na Biblioteca Nacional de Galicia, Hemeroteca Municipal de Madrid, no Museo de Pontevedra, Museo Santiago Rey Fernández-Latorre e na Real Academia Galega. A seguir, reprodúcense os devanditos xornais, distribuídos nos tomos segundo, terceiro e cuarto. O segundo (e parte do terceiro volume) amosa douscentos vinte e tres números comprendidos entre o 1 de xuño de 1908 e o 12 de xaneiro de 1809 do xornal *Diario de Santiago.* Na continuación do terceiro volume, aparecen ademais reproducido o *Apéndice al Primitivo Diario de Galicia* que consta de catro páxinas; o xornal *Gazeta de la Coruña*, que comprende vinte e uns números publicados entre o 6 de agosto de 1808 e o 23 de marzo do ano seguinte e o *Telégrafo político y literario de la Coruña* do que se amosa o exemplar n.º

38 con data do 30 de outubro de 1808, malia botar a andar o 23 de setembro dese ano. Por último, o tomo cuarto recolle case douscentos exemplares do *Diario de la Coruña,* que viron a luz entre o 22 de xuño de 1808 e o 2 de xaneiro de 1909.

Bangueses Vázquez, Mercedes, *A ilustración do libro en Galicia. Céltiga*, *Lar*, *Nós*, *editoriais con inquietude artística*, A Coruña: Xunta de Galicia/Centro Galego de Arte Contemporánea, 2008, 327 pp. (ISBN: 978-84-453-4634-1). ◆

Tras dous prólogos institucionais, ábrese este volume cun terceiro de Mª Victoria Carballo Calero, directora da tese doutoral de Mercedes Bangueses Vázquez, que se recolle neste monografía. Xa na introdución a autora explica a importancia que ten o libro como vehículo de transmisión cultural e repasa a súa historia. Do mesmo xeito, incide no valor artístico do mesmo e xustifica así o interese do seu obxecto de estudo. Indica que se trata dun medio eficaz para detectar a influencia das vangardas artísticas no lugar e tempo determinados: Galicia, 1880-1936, data do inicio da guerra civil e fin de todos os avances culturais acadados até ese momento. Nesta etapa salienta a achega de editoriais como Céltiga, Lar e Nós, así como o labor de Ánxel Casal, responsábel destas dúas últimas empresas, que é descrito como un home comprometido co galeguismo que facilitou a difusión pública da obra de figuras literarias como Manuel Antonio, Vicente Risco ou Daniel Rodríguez Castelao, entre outros moitos. Os contidos anunciados na introdución desenvólvense nos capítulos que aparecen a continuación. Os dous primeiros céntranse no libro como unidade psicofísica e, posteriormente, no libro ilustrado como obxecto de exposición. A seguir, un amplo capítulo refire os pormenores das tres editoriais escollidas a través de varios subapartados. O inicial describe a súa historia, con especial énfase na vinculación destas iniciativas empresariais co nacionalismo galego. Neste apartado menciona, ademais dos libros editados, aquelas publicacións periódicas que saíron do prelo de Nós, caso d'*A Nosa Terra* e de *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*. O segundo apartado fai fincapé na evolución artística manifesta na produción destas editoriais e no papel de Castelao como nexo entre tradición e modernidade, sen esquecer as innovacións vangardistas doutros ilustradores como Cándido Fernández Mazas ou Carlos Maside. Distingue tres períodos: rexionalismo (1880-1916), realismo nacionalista (primeiras décadas do século XX) e novas linguaxes. Nesta última etapa subliña o vínculo entre literatura e arte, pois ambos os dous, textos e imaxes, pretendían contribuír á concienciación nacionalista. Despois de explicar a historia e evolución de Céltiga, Lar e Nós, Bangueses expón o traballo doutras editoriais implicadas na ilustración de libros, como Ronsel e Alborada, entre outras. O seguinte capítulo acolle unhas breves biografías dos ilustradores máis influentes do período. Esta relación inclúe a Álvaro Cebreiro Martínez, Camilo Díaz Baliño e Luís Seoane López, ademais dos xa citados e doutros. Por último, detállanse en cinco apartados diferentes os libros editados, organizados por imprenta e por ilustrador, así como a bibliografía consultada.

Barreiro, Herminio, *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2008, 239 pp. (ISBN: 978-84-9782-761-4).

Herminio Barreiro Rodríguez (Dorrón-Sanxenxo, 1937), profesor na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, ofrece unha crónica sentimental

da súa etapa de estudante. Divide esta historia persoal e sentida en catro apartados: "A primeira escola (1940-1946)", "Un ensino medio de guerra e de posguerra (1947-1955)", "Experiencia normalista (1954-1957)" e "A ruptura universitaria (1958-1965). Así, a partir das lembranzas da súa primeira escola nos anos corenta en Melide, unha aldeíña de Cercedo, en Terra de Montes, entre Pontevedra e Ourense, vai desenfiando todos os recordos que atesoura do seu paso polo ensino medio e superior e que o levaría a desprazarse a diversos puntos de Galicia e incluso a Madrid ou Francia. Refírese aos seus pais mestres e castigados polos seus ideais contrarios ao réxime franquista, a outros membros da súa familia, aos seus mestres ou aos seus amigos da infancia e mocidade, ao mesmo tempo que rememora episodios, feitos ou anécdotas que integran a particular historia da súa vida. Todas estas referencias acompáñanse de valoracións persoais e de numerosas alusións ao ámbito da educación e da literatura, entre outros. Deste último son de citar as alusións a autores e obras da literatura galega que algo tiveron que ver na súa vida, destacando a súa participación no grupo Brais Pinto durante a súa etapa universitaria en Madrid. Fala dos seus integrantes (Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo ou Uxío Novoneyra), da súa vida como estudantes, dos seus faladoiros, da súa escrita, do seu labor editorial e cultural, etc.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Recordar doe", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 529, "Páxina literaria", 3 agosto 2008, p. 4.

Coméntase o libro de memorias de Herminio Barreiro, *Recordar doe*, editado por Xerais, que recolle as súas lembranzas escolares e universitarias. Iníciase o comentario coa mención doutros escritos semellantes como os de María Teresa León *Memoria de la melancolía* (1968), ou Camilo José Cela "La memoria duele". Sinálase a continuación o ton confesional e crítico ao mesmo tempo das súas memorias e cítanse algúns dos topónimos que aparecen nelas e que as dotan de certa musicalidade. Xa por último destácanse as memorias referidas a algúns dos seus amigos como Ramón Lourenzo, Reimundo Patiño, Tino Grandío, Bernardino Graña, Alexandre Cribeiro e outros colegas do grupo Brais Pinto de Madrid. Esta recensión vén acompañada dunha ilustración de Xavier Garo.

- Estro Montaña, "Memoria da dor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, "Libros", 18 setembro 2008, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 200, "Letras galegas", 27 setembro 2008, p. 11.

Coméntase a nova publicación de Xerais, *Recordar doe*, escrita por Herminio Barreiro, profesor de Historia da educación na USC, centrada na súa traxectoria persoal no período de 1940 até 1965. Así, fala dos seus momentos ditosos como membro do grupo Brais Pinto, xunto a Uxío Novoneyra, Raimundo Patiño ou Xosé Luís Méndez Ferrín entre outros. Trátanse asemade as orixes do título deste volume, a partir do diario persoal do autor e do traballo que el mesmo lles asignara aos seus alumnos. Tras unha descrición das ideas principais desenvolvidas no libro, recoméndase a súa lectura xa que serve de gran axuda en canto á comprensión do actual sistema educativo.

- Luís Cochón, "Pescando ó corricán en *Recordar doe*, de Herminio Barreiro (por ver o que entra)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Publicacións", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 115-119.

Decálogo de Luís Cochón lido na presentación de *Recordar doe*, de Herminio Barreiro, na libraría Couceiro de Santiago de Compostela o 2 de xuño de 2008 e no que, de xeito fragmentario, vai percorrendo lembranzas e feitos salientábeis da vida do autor, asociados ao seu labor como docente ou á súa peripecia vital.

- Vicente Araguas, "Lembrar tamén tonifica", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 501, "Libros", 5 outubro 2008, p. 14.

Coméntase a nova publicación de Herminio Barreiro, *Recordar doe*. Destas memorias salienta Araguas algúns acontecementos na vida do autor como a súa chegada a Madrid onde coñecería a Brais Pinto e Uxío Novoneyra, o eloxio da Lei Villar Palasí ou a análise do bacharelato de 1938 por Pedro Sáinz Rodríguez. Destaca asemade a condición docente de Barreiro, irmán de Chinto Barreiro e fillo de "escolantes". Conclúe afirmando o seu desexo de ler a continuación destas memorias, inconclusas polo de agora.

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "Non me conformo con comentar o pasado senón tamén o presente", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*".

Entrevista a Herminio Barreiro con motivo da presentación en Riveira do seu libro *Recordar doe*, xunto a Santiago Páramo Aller e Manuel Bragado. Tras un breve apuntamento biográfico, trátanse as orixes do libro, a partir dun traballo asignado aos seus alumnos da materia de Historia da Educación. A obra refire a súa vida dende 1940 até 1965 e é estritamente autobiográfica e persoal, segundo palabras do autor. Coméntase por último a procedencia do título.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, 19 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, 28 xuño 2008, p. 11.

Analízase brevemente *Recordar doe*, de Herminio Barreiro, entre outras obras, falando do seu argumento e salientando a "escrita autobiográfica de enorme beleza e profundidade".

- Manuel Vidal Villaverde, "Vésperas de algo", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Vento lizgairo", 28 xuño 2008, p. 4.

Mencióñanse os escritos de Herminio Barreiro e Antón L. Dobao. Dise que en ambos aínda que se emprega unha "intertextualidade ben distinta" e un xeito distinto de escrita, teñen en común recordar "o recordo". A raíz desta temática reflexiónase sobre outros autores que a trataron, Freud e Marcel Proust en *À la recherche du temps perdu*. Remátase analizando a edición de *Baladas de los mares del norte. Poemas, Cuentos y ensayos, 1942-1973* de Urbano Lugrís editada por Olivia Rodríguez.

- Carme G. Magdaleno, “Quedei prendido da miña infancia nunha escola do rural”, *A Nosa Terra*, n.º 1.317, “A Aldea Global”, 17-23 xullo 2008, pp. 4-5.

Coméntase o libro do pedagogo e profesor de Ciencias da Educación, Herminio Barreiro, *Recordar doe*, publicado por Xerais. Tras un breve apuntamento biográfico, analízanse as orixes do libro no traballo que lles asignara aos seus alumnos da materia de Historia da educación. Así, o libro recolle as lembranzas do seu autor como alumno de 1940 a 1965 nunha escola franquista. Destácanse o medo, o castigo e a represión como tendencia dominante nas escolas daquela época e a cuestión da prohibición do bilingüismo galego-castelán nas mesmas. Finalmente, coméntanse os defectos e as virtudes das escolas franquistas e conclúese cunha defensa do ensino público.

- Carme G. Magdaleno, “O que falta hoxe na escola non é disciplina senón pautas polas que guiarse”, *A Nosa Terra*, n.º 1.317, “A Aldea Global”, 17-23 xullo, 2008, p. 5.

Entrevista a Herminio Barreiro, pedagogo e profesor de Ciencias da Educación, con motivo de *Recordar doe*. Comenta a situación de acoso escolar sufrida por algúns alumnos e sinala a falta dunha normativa pedagóxica que os guíe. En canto ao tema da desvalorización da figura de mestre, responde que hoxe en día a súa consideración social experimentou unha mellora. Xa por último, fala das súas experiencias persoais como estudante e fai referencia ao feito de ter unha nai que tamén foi mestra no seu tempo.

- Herminio Barreiro, “[Unha nova etapa da revolución cubana]”, *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [157]-160.

Con motivo da publicación de *Recordar doe*, libro de memorias sobre a súa experiencia pedagóxica no que reflicte a súa ideoloxía e ideas sobre o fenómeno revolucionario cubano, dedíca este artigo a comentar e opinar sobre os recentes cambios en Cuba tras o abandono político de Fidel Castro e o ascenso político de Raúl Castro.

- Concha Pino, “A dor da que eu falo é a da conciencia do paso do tempo”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Entrevista”, 27 xullo 2008, p. L8.

Entrevista ao profesor de Historia da educación Santiago Herminio Barreiro Fernández con motivo da publicación da súa crónica autobiográfica *Recordar doe*, editada por Xerais. Destácase a súa dobre orixe nun traballo asignado aos seus alumnos e na redacción dun artigo para as revistas *Sarmiento* e *Revista Galega do Ensino*. Fálase das conclusións dese traballo, dos peores e mellores momentos que recorda o profesor, da incidencia na crónica da súa experiencia persoal como docente e investigador e coméntase asemade a historia da educación dende aquela época até a actualidade e das melloras que experimentou a formación docente.

- Xosé Carlos Caneiro, “Libreiros e agosto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 275, “Letras en galego”, 16 agosto 2008, p. 5.

Tras unha primeira gabanza do oficio dos libreiros nas feiras do libro de A Coruña e Viveiro, por achegar ao lectorado ao eido do literario, recoméndanse *Recordar doe*, de Herminio Barreiro, xunto á novela *A revolución dos globos*, de Alfonso Álvarez Cáccamo.

- Iago Martínez, "A Igrexa está afeita a ter o monopolio da doutrina ideolóxica", *Tempos Novos*, n.º 136, "En foco", "Entrevista", setembro 2008, pp. 26-31.

Herminio Barreiro fala, entre outras cousas, sobre a obra que acaba de publicar, *Recordar doe*, unha obra na que se refire á Institución Libre de Enseñanza (ILE) e afirma que a educación non se debe dividir en Primaria e Secundaria, senón que ha de consistir nunha constante dende os tres aos dezaoito anos, e logo seguir estudos universitarios.

- Xosé Neira Vilas, " Os recordos de Herminio", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 14 setembro 2008.

Relátanse as orixes da amizade co escritor Herminio Barreiro. Menciónase asemade o seu novo volume de crónicas persoais dende 1940 até 1965, *Recordar doe*, editado por Xerais en 2008.

- Manuel Vidal Villaverde, "Galicia deixou hai tempo de ser unha realidade trasnoitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 20 outubro 2008, pp. 30-31.

Entrevista ao profesor emérito Herminio Barreiro trala súa publicación de *Recordar doe*. Comeza cuns breves apuntamentos biográficos e continúa cunha serie de preguntas ao redor da disciplina pedagóxica. Saliéntanse as súas colaboracións na prensa galega, especialmente en *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *A Nosa Terra*, *El Correo Gallego*, *Galicia Hoxe* e as súas publicacións nas revistas *Historia de la Educación*, *Bordón*, *Revista de Educación*, e *Paedagogia Historica* xunto a súa autoría do volume *Lorenzo Luzuriaga y la renovación educativa en España (1889-1936)* publicado en 1989 por Ediciós do Castro. As primeiras preguntas refírense ao concepto de pedagoxía como tal e como ciencia social e arte, para despois proseguir coa relación entre pedagoxía e filosofía, o grupo Brais Pinto en Madrid e a supervivencia ou non do galego como lingua. Remata a entrevista coa afirmación de que a literatura galega está atravesando unha fase de verdadeiro apoxeo.

Calvo Vidal, José Luis e Yago **Rodríguez Yánez**, *A Voz e o Silencio. Bibliografía e estudo en torno a Darío Xohán Cabana*, limiar dos autores, Lugo/Santiago de Compostela: Fundación Manuel María da Terra Chá/Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral de Creación e Difusión cultural, col. Pedra Albeira, n.º 4, [2008], 191 pp. (ISBN-13: 978-84-612-1550-8). ◆

Despois dunhas citas de Bai Juyi, Vicente Aleixandre e Darío Xohán Cabana, no "Limiar" dos autores, asinado en outono de 2007, faise un percorrido pola vida e obra de Darío Xohán Cabana (Roás-Terra Chá, 1952) dende a súa irrupción na "República das Letras Galegas". Saliéntanse os premios nos que foi galardoado e acóllense comentarios sobre algunha das súas obras verquidos ben en "Presentacións" ben en publicacións varias, tanto galegas como de fóra das fronteiras, para poñer de manifesto a transcendencia da escrita literaria e do exercicio de traducións realizado polo autor. A seguir, José Luis Calvo Vidal (Oviedo, 1973) e Yago Rodríguez Yáñez (Lugo, 1980) comentan que para afrontar con éxito a compilación bibliográfica seguen os presupostos

de Antony Meredith Lewin Robinson e dentro deles elixen a "Bibliografía Sistémica", pero sen obviar as outras dúas liñas propostas a "Analítica" e a "Histórica". Así, estruturan esta compilación bibliográfica en varios apartados e subapartados. No primeiro deles, "Cronobiografía", indican ano a ano o labor realizado polo escritor e os datos vitais; en "Bibliografía de Darío Xohán Cabana" ofrécense fichas da súa obra poética, tanto a realizada en volumes propios como en colectivos e antoloxías, publicacións periódicas e traducións das súas obras, e da produción narrativa. No apartado "Mudanzas (traducións e versións)" dan conta da faceta de tradutor deste galego en libros como en publicacións periódicas. Outro capítulo acolle "Limiares, epílogos e edicións" e no capítulo quinto danse as fichas doutros libros realizados polo autor ben só ben en colaboración. No sexto apartado preséntanse materiais audiovisuais e no sétimo "Outros escritos en publicacións periódicas e volumes colectivos". No capítulo "Bibliografía sobre Darío Xohán Cabana" ofrécense traballos sobre o autor en libros e en publicacións periódicas. Finaliza o volume con catro apéndices nos que se acollen "Premios e distincións", un "Discurso lido o 25 de maio de 1991 no Palazzo Vecchio de Florencia, na entrega da Medalla de Ouro do Concello florentino", "Libertá" de Paul Éluard. Tradución inédita de Darío Xohán Cabana" e unha "Homenaxe a Darío Xohán Cabana" realizada por Yago Rodríguez Yáñez.

Casares, Carlos, *Á marxe, 1998. Obra xornalística VII*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Carlos Casares, n.º 19, novembro 2008, 375 pp. (ISBN: 978-84-9865-135-5).

No ano 2008 a Editorial Galaxia publicou o sétimo volume que recolle os artigos xornalísticos publicados por Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) no xornal *La Voz de Galicia* ao longo do ano 1998. Nos artigos que se acollen, Casares ofrece a súa visión do mundo e da vida en xeral cun estilo próximo ao lector, abordando unha gran variedade de temáticas: referencias a numerosos lugares, alusións a escritores e persoeiros famosos, festas tradicionais galegas, preocupacións literarias e políticas da época na que redacta os artigos. Ao carón destas historias xorden moitas outras protagonizadas por xente do común e anécdotas varias que conforman a particular cosmovisión de Carlos Casares. A colección leva como ilustración da cuberta reproducións de cadros do pintor expresiónista alemán Egon Schiele, elixido por ser un dos preferidos de Casares.

Casares, Carlos e Carlos **G. Reigosa**, *Hemingway en Galicia*, ed. bilingüe galego-inglés, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 3, 2008, 99 pp. (DL: C 4424-2008) ◆

Edición bilingüe galego-inglés que se abre cun prólogo institucional e recolle a seguir os relatorios que o escritor limián Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941-Vigo, 2002) e o xornalista Carlos G. Reigosa (Pastoriza, Lugo, 1948) elaboraron para o "Encontro sobre Ernest Hemingway"organizado en outubro en 1999 na Illa de San Simón. Na "Introdución/Introduction" (pp. 7-9) Carlos G. Reigosa explica sucintamente a xénese do libro, e en "Hemingway e Galicia: memoria xornalística/Hemingway and Galicia: a journalistic memory" (pp. 11-29), céntrase na relación que Ernest Hemingway tivo con Galicia e o seu reflexo na obra xornalística do escritor estadounidense, para alén da recolla de testemuñas orais e escritas que achegan diversas curiosidades sobre este vínculo entre o Premio Nobel con Galicia. No estudo "Ernest

Hemingway en Galicia/Ernest Hemingway in Galicia" (pp. 30-67), estruturado nun limiar e dez partes, Carlos Casares define, no limiar, o seu estudo como "unha crónica dunha experiencia persoal" ao descubrir despois de moitos anos a orixe das múltiples referencias que Hemingway facía a Galicia. En *Galicia na obra de Hemigway* recolle os anacos das obras en que o nobel estadounidense fai referencia a coñecementos directos ou indirectos de Galicia completada con traballos sobre Hemingway onde se fala deste; *Hemingway en Galicia* relata o momento en que Casares topa por casualidade cun artigo de Hemingway sobre Vigo; nas sete seguintes liñas faise un resumo biográfico centrándose nas viaxes que o novelista de Chicago fixo á nosa terra e por último analiza a influencia dos mariñeiros galegos e a estadía de Hemingway no porto de Vigo á hora de escribir a obra pola que a Academia sueca lle faría entrega do premio máis relevante da literatura mundial, *O vello e o mar* (1998). Por último, en "A pesca do atún en España/Tuna fishing in Spain" (pp. 68-71), Ernest Hemingway (Oak Park, 1899-Ketchum, 1961) fai unha descrición da cidade de Vigo, da súa ría e da actividade pesqueira dos mariñeiros galegos, e "Cartas de Hemingway/Letters by Hemingway"(tradución dende o inglés ao cargo de Antón Corriente) (pp. 72-99) é unha escolma de cartas de Ernest Hemingway a amigos, familiares ou escritores como John Dos Passos, onde se citan lugares ou aspectos de Galicia.

Caseiro Nogueiras, Delfín, *Unidade didáctica: O porco de pé*, Ourense: Fundación Vicente Risco, 2008, 24 pp. (DL: OU-191-2008). ■

Unidade didáctica sobre a novela *O porco de pé* (1928), de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), realizada por Delfín Caseiro (Rairiz de Veiga, 1954) que conta con tres bloques: "Introdución", "Vicente Risco" e "*O porco de pé*"; mais unha "Bibliografía". Na "Introdución" repásase o contexto histórico e social do primeiro terzo do século XX en Galicia, fálase da cidade de Ourense entre 1900 e 1930 así como do marco literario europeo e galego desa altura. O segundo bloque céntrase no perfil biobibliográfico e ideolóxico de Vicente Risco mentres que no terceiro bloque é onde se debulla esta novela analizando a súa secuencialización narrativo-discursiva, as súas coordenadas espazo-temporais, os seus personaxes, o seu estilo e linguaxe, así como a súa vixencia.

Referencias varias:

- Javier Romero, "Una sátira que ya dura 80 años", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 2 decembro 2008, p. 2.

Fálase da inauguración do simposio, que terá lugar no IES Otero Pedrayo de Ourense, sobre a obra *O porco de pé* de Vicente Risco co gallo dos oitenta anos da súa publicación. Coméntase que contará con relatorios de X. M. Dobarro, Anxo Tarrío, César Morán, Alva Teixeiro, X. M. Millán, Manuel Forcadela. Tamén se informa que Delfín Caseiro presentará unha unidade didáctica sobre esta obra que levará o título de *Unidade didáctica: O porco de pé.*

Castelao, Alfonso R., *Alba de Groria*, Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia, 2008, 21 pp. (DL: VG 903-2008). ◆

Acóllese "Alba de Groria" tirado do tomo IV de *Obras de Castelao* (2000), editado por Henrique Monteagudo, segundo reza no colofón. Nunha páxina inicial indícase que o 25 de xullo de 2008 se cumpre o sesenta aniversario de "Alba de Groria" discurso pronunciado por de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, Arxentina,1950), para homenaxear o Día de Galicia de 1948 no Teatro Arxentino de Bos Aires. Comézase cunhas palabras datadas ese día nas que o rianxeiro vai loando diversas localizacións da xeografía galega para concluír que "por todas partes xurde unha alborada de groria". Despois céntrase no día da festa en Compostela co tanxer da Berenguela e o resto das campás das torres do Obradoiro e descríbese a "festa litúrxica" na Catedral. A continuación, explícase que os emigrados son os que máis senten "a festa maor de Galiza" e as relembranzas que evocan. A seguir, recóllense o epígrafe "Santa Compaña inmoredoira" porque propón observala formada por "inmortaes galegos" encabezados por Prisciliano e seguidos por santos, historiadores, pelegríns, emperadores e condes e señores feudais, entre outros. Indícase que o "fúnebre cortexo" decae como lle ocorreu a Galicia "ao trocarse en pobo sometido" mais saliéntanse personalidades como os escultores Andrade e Casas e Novoa, os padres Sarmiento e Feixóo, poetas como por exemplo Francisco Añón, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros, historiadores como Benito Vicetto, Manuel Murguía e Antonio López Ferreiro, patriotas, pensadores e outros escritores, entre outros autores citados. No epígrafe "Hestoria e tradición" repousa a súa ollada nos "seres innominados que ninguén recorda xa" porque "compoñen o *substractum* insobornable da nosa Patria", son creadores do "feito diferencial de Galiza" (idioma, cultura, artes, usos e costumes) e velan pola tradición por riba da historia e as fontes do carácter galego. Dirixe a evocación aos galegos para que percorran devotamente os cemiterios galegos "onde repousan os derradeiros mártires" que constitúen a "estrela e bandeira do noso porvir". E despídese deles dende a "segunda patria" desexando que sigan prendidas as fogueiras do espírito nas súas vidas e as do lume nos seus fogares.

Charlín Pérez, Francisco X. e Gonzalo **Allegue**, *O mundo de Valle-Inclán. Viaxe ás orixes*, introd. dos autores, Vilanova de Arousa: Asociación Cultural Amigos de Valle-Inclán, 2008, 161 pp. (ISBN: 978-84-95364-80-7) (DL: 1547-2008). ◆

Volume que acolle unha "viaxe literaria" pola biografía de Ramón María del Valle-Inclán, estruturada en tres partes: "Anos de formación: infancia e xuventude", "O retorno" e "Xeografía literaria". Comeza cunha introdución na que os autores recollen un poema inédito de Valle-Inclán que sitúan no ano 1912, cando regresa a Galicia tras vivir dezasete anos en Madrid. Explican ademais a estrutura do "itinerario" pola "súa terra materna" (como denomina Valle-Inclán a Galicia no poema). Indican que a primeira parte contextualiza a vila natal de Valle-Inclán para despois deterse en datos da súa biografía (nacemento, orixe familiar e amizades), da xeografía e para trazar a súa infancia e xuventude xa que "conforman o sustrato sobre o que se foi perfilando a súa personalidade". Precisan que na segunda parte abordan o seu regreso a Galicia dende Madrid, "xa como escritor afamado", vivindo primeiro en Cambados e despois na Pobra do Caramiñal. Explican tamén acontecementos biográficos e literarios. Na terceira parte apuntan "un recorrido xeográfico-literario". Rematan a introdución detallando que dividen a ría arousá no ámbito maioritario do Salnés, as rías mariñeiras e o Barbanza. Na primeira parte, "Anos de formación: infancia e xuventude", céntranse nos anos de infancia e xuventude de Valle-Inclán en Vilanova de Arousa, facendo fincapé no seu nacemento e bautismo, na casa natal O Cantillo, no momento do nacemento de Valle-

Inclán (que deducen dunhas cartas a Murguía), na acta de bautismo e nunha nota sobre a igrexa da Pastoriza. Tamén salientan as raíces familiares (da nai, do pai na Casa do Cuadrante e no pazo de A Rúa Nova, e dos irmáns de Ramón del Valle-Inclán). E mesmo describen os seus primeiros estudios, a exclusión do servizo militar, a estadía na Universidade compostelá, as primeiras publicacións e a morte dos seus pais. A segunda parte, "O retorno", arrinca no ano 1912 coa volta de Ramón del Valle-Inclán a Galicia dende Madrid, e céntrase primeiro na súa estadía en Cambados, onde publica *El Embrujado* e morre o seu fillo maior Joaquín. Despois expoñen que Valle-Inclán se traslada á Pobra do Caramiñal, onde vive na Casa da Merced, que participa no Sindicato Agrario e que viaxa novamente a México, antes de vivir despois en Santiago e vincularse á Sociedade de Amigos de Galicia. Na terceira parte, "Xeografía literaria", destácanse varias localizacións xeográficas que teñen un reflexo na escrita valleinclaniana, a praia da Lanzada, Vilanova de Arousa, as Illas arousás, O Barbanza e varias aldeas espalladas entre a serra e o océano Atlántico. Remata coa bibliografía secundaria empregada e citada ao longo do volume.

Cortázar, Julio e Aurora **Bernárdez**, *Un (re)encontro con Galicia*, ed. trilingüe (galego, castelán e inglés), A Coruña: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 0, 2008, 132 pp. (DL: C 1255-2008). ◆

Despois dun prólogo institucional, esta monografía presenta, intercalando imaxes e textos, catro artigos de Fernando Salgado, Nélida Piñón, Rocío San Claudio Santa Cruz e Camilo Franco que pretenden rescatar ao Julio Cortázar (Bruselas, Bélxica, 1914-París, Francia, 1984) que quedou prendado con Galicia e a súa relación con algúns dos artistas máis ilustres galegos. No libro tamén se reproduce "Caderno de Galicia" e as fotografías da viaxe que Cortázar realizou a Galicia. A seguir, inclúese a bibliografía do autor e unha cronoloxía. Remátase cos epígrafes "Textos en castelán" e "Textos en inglés" desta edición trilingüe que comeza coa versión galega de todos os textos. Referido á literatura galega descríbense os seguintes artigos:

- Fernando Salgado, "Un escritor destetado entre exiliados galegos", pp. 13-32.

Neste texto Fernando Salgado reproduce en gran medida o capítulo homónimo do seu libro *Lorenzo Varela: a voz desterrada* (2005) e achégase ao Julio Cortázar que inicia a súa andaina literaria e á súa relación cos exiliados Rafael Dieste, Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela. Todo isto vese reflectido coas imaxes de dedicatorias nos libros de Luís Seoane *Retratos furtivos* (1968); *Luís Seoane/Exposición retrosprectiva/1948-1968* (1968) ou *Na brétema Sant-Iago* (1956), entre outros, a Cortázar e viceversa. Recóllense tamén debuxos que Dieste lle fixo ao escritor Arxentino.

- Nélida Piñón, "O mago Julio", pp. 33-40.

Nélida Piñón (Río de Janeiro, 1937) conta a súa grata experiencia ao coñecer a Julio Cortázar a mediados dos anos setenta e comprender a esencia da súa personalidade para logo debullar o conto "Casa tomada", pertencente ao libro *Bestiario* (1951), do mesmo autor, e considerado pola autora como "un momento cume da obra contística cortazariana".

- Rocío San Claudio Santa Cruz, "Lourido. Fotografías fieis dunha viaxe a Galicia", pp. 41-56.

Retrátase a un Julio Cortázar apaixonado polo mundo da fotografía, sentimento que trasladará coa cámara na súa viaxe a Galicia realizada en compaña da que sería a súa dona, Aurora Bernárdez. Retrátase esta relación da mesma maneira no texto. Aparecen tamén dúas cartas, dirixidas a Eduardo Jonquieres e a José Angel Valente, cualificadas segundo o mesmo Cortázar como "la más auténtica expresión de mi ser".

- Camilo Franco, "Francisco Porrúa: 'Nunca fixen estudos de mercado e nunca sentín saudade", pp. 76-83.

Reproduce unha entrevista ao galego Francisco Porrúa, o editor da maior parte da obra de Cortázar, co que mantiña unha estreita relación, como se observa na reprodución dunha das cartas do escritor a Porrúa na que manifesta a súa idea para a tapa da obra *Rayuela.* Destácase tamén como Francisco Porrúa foi tamén editor doutras grandes obras como *Cien años de soledad*, de Gabriel García Márquez, ou *El señor de los anillos*, de John Ronald Reuel Tolkien.

Dasilva, Xosé Manuel, *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Divulgación e ensaio, 2008, 468 pp. (ISBN: 978-84-96673-84-7) (DL: C 4706-2008).

Volume no que se recollen corenta e un estudos de diversa índole, algúns deles conexos entre si, ao redor do fenómeno traductolóxico e mediante os cales se dá conta dos comezos da tradución no ámbito galego, así como da súa importancia de cara á produción literaria propia, tanto mediante traducións verquidas ao galego como de traducións de obras galegas a outras linguas, contribuíndo á consolidación dun fenómeno do cal se amosa a súa antiga historia no ámbito galego. Un dos autores tratados é o Padre Sarmiento, de quen se dá conta que xa na época ilustrada trataba o tema da tradución como fenómeno de importancia considerábel para o enriquecemento da cultura propia, así como tamén as características que un bo traductor debe posuír, ou os erros traductolóxicos máis acusados, aspectos tamén tratados en outros dos apartados. Outro autor sobre quen versan varios dos estudios presentes trátase de Rosalía de Castro, personalidade salientada pola multiplicidade de traducións e adaptacións da súa obra realizadas á lingua portuguesa, mencionando que este feito a sitúa "como a personalidade literaria galega de máis ampla fortuna en territorio portugués"; coméntanse asemade algunhas das súas obras máis traducidas, e o aumento de traducións da súa obra ao castelán. Tamén se estudian Manuel Curros Enríquez, de quen se dá conta do seu labor traductolóxico do portugués ao galego, e no xénero poético e dramático; Castelao, de quen se comenta a pouca importancia que atribuía ás traducións, e polo tanto o seu nulo labor traductolóxico, en contraposición do gran número de traducións de que gozou a súa obra dramática, concretamente *Os vellos non deben de namorarse* (1953); Manuel Rivas, outro autor salientado polo alto número de traducións realizadas ao ámbito lusófono; ou Nélida Piñón, como autora brasileria cuxa obra está sendo cada vez máis verquida ao galego; entre outros como Juan Ramón Jiménez, Lugrís Freire, Álvaro Cunqueiro ou Ánxel Fole. Por medio maioritariamente de autores galegos e portugueses, e centrándose en liñas xerais na tradución entre as linguas galega e portuguesa, dáse conta da historia da tradución en Galicia amosando as

diversas etapas polas que pasou por medio dos diferentes autores, entre o que se salienta especialmente o século XX, momento que destaca polo labor levado a cabo para enriquecer o repertorio textual coa incorporación de autores foráneos, onde a tradución constituía un xeito de creación de novas formas xenéricas e rexistros estilísticos.

Domínguez Rey, Antonio (ed.), *Centro e periferia. Linguaxe, tradución e poesía. Textos da VII edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética de Rianxo (Auliga 2006)*, limiar do editor, A Coruña: Edicións Espiral Maior/AULIGA, col. Auliga Ensaio, n.º 6, novembro 2008, 279 pp. (ISBN: 978-84-96475-97-9). ■

Volume no que se recollen os relatorios presentados por diferentes personalidades galegas, españolas, italianas e americanas na VII edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética que tivo lugar en Rianxo en 2006. Conta cun limiar, titulado "Xermolo de futuro", obra de Antonio Domínguez Rey, no que loa a figura de Darío Villanueva e no que subliña que a lingua galega garda en si un xermolo de futuro ao mirar dende Europa a América e dende América a Europa. A seguir detállanse os relatorios relacionados coa literatura galega:

- Claudio Rodríguez Fer, "Paseo polo amor e Bretaña", pp. 159-188.

Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) realiza un detallado e reflexivo repaso da súa estancia como profesor convidado da Université Haute Bretagne, centrándose na tradución dunha antoloxía dos seus versos de temática celta ao bretón baixo o título *Moito máis que mil anos/Muioc'h kalz eget mil bloaz* en 2000. Tamén comenta outros textos seus que teñen a súa xénese na Bretaña como a sección poética "Brigitte Rimbaud" de *A unha muller descoñecida*, o poemario *Viaxes a ti* ou os relatos "A puta filósofa" e "A raposa boreal".

- María Lopo, "A tradución ao bretón e ao francés da obra poética de Claudio Rodríguez Fer", pp. 189-197.

María Lopo comenta as súas experiencias na tradución do galego ao bretón de poemas de Claudio Rodríguez Fer e que deu como resultado a edición bilingüe galego-bretón titulada *Moito máis que mil anos/Muioc'h kalz eget mil bloaz* (2000). Indícase que foi traducida ao bretón por Herve ar Bihan, Alan Botrel, Gwendal Denez e María Lopo e analízase a estrutura deste volume poético.

- Manuel Fernández Rodríguez, "Claudio Rodríguez Fer: os vasos comunicantes", pp. 199-235.

Manuel Fernández Rodríguez (Lugo, 1973) fala das diferentes achegas de Claudio Rodríguez Fer á lírica galega, das circunstancias histórico-culturais nas que escribiu e mais da súa postura ideolóxica libertaria e vitalista. Outro aspecto importante deste estudo é a experiencia literaria da estranxeiría no caso de Claudio Rodríguez Fer dado que, segundo Manuel Fernández Rodríguez, configura a súa obra e asemade presenta certas especificidades que a converten nunha vivencia especial e individualizada.

- Xesús Portas Ferro, "Selección e tradución de poemas do poeta canario Arturo Maccanti", pp. 237-279.

Reprodúcense en lingua galega un total de oitenta e oito poemas, todos titulados, do poeta canario Arturo Maccanti.

Fandiño Veiga, Xosé Ramón, *Isaac Díaz Pardo. A patria enteira na memoria*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na historia, n.º 37, 2008, 64 pp. (ISBN: 978-84-7680-613-5).

Xosé Ramón Fandiño Veiga (Santiago de Compostela, 1946) amosa en nove capítulos, máis unha cronoloxía final, os principais fitos dentro da biografía de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920). Comézase este estudo co capítulo "Taller de Camilo Díaz Baliño, o pai" no que se fai unha aproximación biográfica á figura de Camilo Díaz Baliño (Ferrol, 1889-Cerceda, 1936), pai de Isaac Díaz Pardo. Nos capítulos II e III repásase a mocidade de Díaz Pardo, a influencia da Guerra Civil e mais a súa faceta de artista plástico e estudante de Belas Artes. O seguinte capítulo céntrase na historia dos alicerces da cerámica industrial do Castro de Samoedo. No capítulo V descóbrese como Díaz Pardo montou a Fábrica de Porcelanas Madalena, preto de Buenos Aires, mentres que no VI se relatan as primeiras actuacións do Laboratorio de Formas, a creación de Ediciós do Castro e se repasa a memoria histórica de Sargadelos. Os derradeiros tres capítulos lembran a Isaac Díaz Pardo como promotor de industrias culturais, como debuxante e cartelista e mais como escritor e colaborador en xornais e revistas. Este libro tamén acolle un apartado dedicado aos premios e distincións que acadou Díaz Pardo xunto coa reprodución dunha entrevista realizada por Gonzalo Vázquez Pozo a Díaz Pardo en 2006. Finalmente detállase o esquema cronolóxico do decorrer vital deste poliédrico e polifacético personaxe até o ano 2007, cando o Consello de Ministros lle concedeu a Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Patria e Memoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Libros", 29 maio 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 10.

Informa da publicación do libro *Isaac Díaz Pardo. A patria enteira na memoria*, de Xosé Ramón Fandiño Vega, no que se presenta a traxectoria deste intelectual dende os seus comezos, prestando especial atención ás súas inquietudes políticas e á súa figura de defensor da patria, sen esquecer os aspectos claves da súa biografía: a creación da Fábrica de Ceráminas do Castro, a Fábrica de Porcelanas Madalena na Arxentina, o Laboratorio de Formas de Galicia (conxuntamente co seu amigo Luís Seoane, etc.).

Fernández Rei, Francisco, Xosé M. **García Crego**, Rosa **López Fernández**, Xabier **Vázquez López** (eds.), *A semente da nación soñada. Homenaxe a X. L. Méndez Ferrín*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Sotelo Blanco Edicións, 2008, 545 pp. (ISBN: 978-84-9782-941-0/978-84-7824-556-6).

Trátase dun libro homenaxe á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), promovido pola Comisión de Homenaxe a Méndez Ferrín que se constituíu en Vigo en

marzo de 2006 e que estaba formada por membros da revista por el fundada *A Trabe de Ouro*, xente vinculada a esta publicación e representantes das dúas editoriais nas que o autor publica: Edicións Xerais de Galicia e Sotelo Blanco. Componse o volume de múltiples artigos e colaboracións de persoas próximas ao autor por teren unha relación persoal ao compartir proxectos políticos e socioculturais, por seren estudiosos da súa obra ou por outros motivos. Entre estas colaboracións hai nomes como Xabier Cordal, Arturo Estévez, Paco Martín, Antonio Gamoneda, Margarita Ledo Andión ou o seu propio fillo Roi Méndez. O libro ábrese cunha fotografía do escritor de Xurxo Lobato e logo unha caricatura del asinada por Pepe Carreiro. De seguido atopamos un "Limiar" intitulado "A merecida homenaxe" no cal a Comisión de Homenaxe explica como xorde este libro e cal é a intención que os move. A segunda parte é "Semblanzas biográficas e socioliterarias de Méndez Ferrín" na cal se recollen esas colaboracións nas que se plasma a relación persoal mantida co autor, como son a dimensión sociopolítica de "Compromiso, revolución", de Mariano Abalo Costa e Xosé M. García Crego; o aspecto ideolóxico e cultural de "Méndez Ferrín i la longa noite de pedra/ Méndez Ferrín e a longa noite de pedra", de Lluís Alpera; a amizade de "Veleiquí o meu xefe arraiano", de Aser Álvarez; a ampla cultura e erudición do escritor ourensán exposta en "Nas cercanías de Ferrín", de Alfonso Álvarez Gándara; a mestura de literatura e política en "Epístola a Méndez Ferrín", de Nemésio Barxa; a entrevista inédita sobre Ourense e as súas vivencias de infancia e xuventude en "Os ataques entre os mozos de Celanova e Vilanova eran a cantazos", de X.M. del Caño; as bases do seu pensamneto político en "Ferrín, político. Doce apuntamentos de urxencia", de Xabier Cordal; a traxectoria académica e literaria en "Ferrín *honoris causa*", de Xosé-Henrique Costas González; en "Xosé Luís Méndez Ferrín", a relación política e vivencial de Arturo Estévez co ourensán homenaxeado; a concepción do galeguismo en "Os independistas galegos e o estado", de X.L. Franco Grande; en "Ferrín, Ferrín", o coñecemento do galego e dos costumes galegos de Antonio Gamoneda; o labor de profesor en "Ferrín e o Santa Irene", de Alfonso García Suárez; en "*Walk on the wild side*", a influencia de Méndez Ferrín na vida de Xenaro García Suárez; en "Ferrín na minha vida", a amizade política e persoal de Luís Gonçales Blasco (Foz) co ourensán; en "Puño de liberdade", unha loubanza de Luís González Tosar do profesor e literato Méndez Ferrín; a defensa desa raza cabalar autóctona en "Ferrín e o cabalo galego", de Xoaquín González Troncoso; o relato "Ferrín", de Margarida Ledo Andión; en "E Tagen Ata, sempre", de Rosa López Fernández, a análise de aspectos da personaidade de Ferrín; en "Dos dous ou tres días en que eu fun Ferrín", de Paco Martín, unha anécdota de Juan Soto; a militancia política e a amizade en "Abrimos outra garraf?", de José Viale Moutinho; en "X.L. Méndez Ferrín: A man que terma do leme d'*A Trabe de Ouro*", as lembranzas de Olegario Sotelo Blanco; e en "Pequenos recordos", as vivencias do seu fillo Roi Méndez. En "Estudos sobre a obra de Méndez Ferrín" recóllense artigos sobre a obra do autor. Neles fálase da súa poesía, os seus contos, ensaios, os seus mitos ou a súa faceta de orador e defensor de Galicia, así como da súa lingua. Anxo Angueira considera o testamento como subxénero poético, en "Rosalía, Pondal, Ferrín: o testamento"; Xosé Manuel Beiras apunta a "metáfora política na obra" do homenaxeado, en "Retorno a Méndez Ferrín"; a reivindicación da poesía social de Darío Xohán Cabana, en "A voz do outro que son eu. A poesía 'social' de Méndez Ferrín"; Arturo Casas analiza a monografía que dá título ao seu estudo "*De Pondal a Novoneyra*: o proceso xeracional en tanto foco poetolóxico"; Xabier Cordal reproduce o "Diálogo de Mugueimes e Urce Branca (sobre o poema de Xosé Luís Méndez Ferrín)"; Antón Dobao propón un programa político de Méndez Ferrín a partir da lectura da súa obra, en "O sabor acedo da mellor literatura. Do éxodo ao partido difuso"; Francisco Fernández del Riego expón

as valencias identitarias galegas na produción do homenaxeado, en "O escritor e o seu mundo literario"; Francisco Fernández Rei analiza a obra que encabeza o título do seu estudo, "*Non fondeaban cadáveres, fondeaban semente*. A elexía de Heriberto Bens 'ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna e morreron no Atlántico, lonxe do terror"; Emma Lázare estabelece a influencia de Georges Brassens nos poemas "Señoras do pasado" e "Testamento do ghebo" do ourensán, en "Ferrín e Brassens"; Xosé Antonio López Teixeira analiza aspectos da personalidade do homenaxeado en "A historia de Galiza en Ferrín"; Manuel Outeiriño analiza o poemario *Contra maquieiro*, en "Méndez Ferrín, poeta cimarrón"; Xosé Ramón Pena analiza o poemario que dá título ao seu estudo, "*Estirpe* e os mitos materialistas"; María do Cebreiro repara na presenza da cidade en "Como funciona un libro de poemas? Espazo urbano e modernidade literaria en *Con pólvora e magnolias*"; Xosé Luís Regueira repara na faceta que serve de título ao seu estudo, "Ferrín orador"; Xosé Benito Reza evoca o tempo irrecupérabel en "Ferrín e a paisaxe da matria"; John Rutherford describe a necesidade de "asumir a personalidade literaria do autor orixinal" en "Lembranzas dun traductor"; Xosé M. Salgado precisa o labor de contista comezada en Pontevedra, en "Laín Feixóo, escritor de contos"; Francisco Sampedro describe as características do "anceio constante de universalidade", en "O desexo de filosofía en Ferrín"; Antón Santamarina apunta aspectos léxicos que teñen "algunha derivación fonética e morfolóxica" para amosar a riqueza de vocabulario e as preferencias literarias, en "A lingua de Ferrín. Notas dun lexicógrafo amador"; Paulino Vázquez repara en *Amor de Artur*, en "A espiral contra o fascismo"; e Moncha Fuentes fixa a súa atención "sobre dúas personaxes ferrinianas non suicidas", Misia Coxiña e a narradora de *No ventre do silencio*, en "Ferrín e o *soleil noir*". O cuarto apartado, "Varia", inclúe diferentes artigos sobre lingua, literatura ou mesmo política que dun xeito ou doutro teñen que ver coa obra de Ferrín. Así, Xosé Ramón Barreiro Fernández analiza a importancia de "*La Oliva*. Xornal progresista e galeguista de Vigo"; Domingo Blanco repara no poema "Cántiga" de Manuel Curros Enríquez, xa que ambos os dous autores están vinculados a Vilanova dos Infantes, en "Curros e a tradición folclórica"; Antón Figueroa analiza a "Autonomía do escritor e creación do campo literario"; Marcial Gondar Portasany tenta "demostrar que *os alicerces de tal Razón liberadora están nas cosmovisións das culturas subalternizadas e en como elas establecen as relacións tanto coa natureza como na interacción social*", en "Contra a paisaxe. Regueifa por unha razón 'concreta' (non liberal)"; Camilo Gonsar critica algúns textos do folleto de F. Savater que dá título ao seu estudo "O mito antinacionalista"; Carme Hermida Gulías e Damián Suárez Vázquez analizan a linguaxe dos afiadores e paraugueiros ourensáns na configuración da cosmografía ferriniana, en "O vocabulario do barallete recollido de Castelao"; Ramón Lorenzo en "Etimoloxías fantásticas e fabulosas" repara nelas en referencia " a topónimos e a nomes"; Xosé Neira Vilas analiza a emigración asentada en Bos Aires nos anos cincuenta do século XX, en "Os emigrantes e a defensa da lingua"; Giuseppe Tavani analiza as apostilas do corpus lírico do medievo hispánico que relacionan o cancioneiro da Vaticana con outros da mesma área lingüístico-literaria, en "As apostilas de colación no cancioneiro portugués da Vaticana (Vat.Lat. 4803)"; e Xavier Vence reflexiona sobre o pensamento neoliberal, en "Baixada da pena de Anamán, coa milmanda na man". Na quinta parte, intitulada "Creación Literaria", preséntanse algúns textos en prosa e verso de autores como Xosé María Álvarez Cáccamo, Xosé Cid Cabido, Xosé Fernández Ferreiro, Víctor F. Freixanes, Chus Pato, Xaquín Silva ou Manuel Vidal Villaverde que son extractos de novelas de próxima aparición ou poemas dedicados a Méndez Ferrín. Por último, péchase a obra cunha extensa bibliografía de Méndez Ferrín tanto da súa produción

literaria, ensaística e científica, a cargo de Miguel Anxo Seixas Seoane, como da aparecida en publicacións periódicas, realizada por Antón Capelán.

García Suárez, Xenaro, *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil. As matemáticas da literatura*, Bertamiráns: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 238, 2008, 277 pp. (ISBN: 978-84-8487-149-5).

Volume que trata de amigar as letras e as ciencias as cales son cualificadas por Xenaro García como "manifestacións do intelecto que adoitan presentarse como antagónicas". Para isto elabora unha escolla arbitraria de autores e obras que dan como resultado un traballo que consta de doce capítulos nos que se reflexiona cómo se entrelazan as matemáticas e mais a literatura en autores como Dostoievski, Sthendal, Thomas Mann, Paul Valéry, etc. Con referencia á literatura galega cómpre destacar o capítulo "Rafael Dieste: o son do universo" (pp. 187-194) no que se detén na análise da obra *Testamento geométrico* onde Dieste amosa o seu dominio da xeometría. Asemade neste capítulo coméntanse as relacións dos seus contos "O neno suicida", "Once mil novecentos vinteseis" e mais da súa obra *Historias e invenciones de Félix Muriel* coas matemáticas.

García Villar, Benedicto, *Sonata de amigos*, limiar de Emilio Pérez Touriño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. crónica, decembro 2008, 178 pp. (ISBN: 978-84-9782-944-1). ■

Grafado en primeira persoa, Benedicto García Villar (Santiago de Compostela, 1947) introdúcenos de cheo nas memorias da súa vida, a través da historia da súa familia a partir da infancia. Tras unha dedicatoria á súa neta Carolina, preséntase un limiar a cargo de Emilio Pérez Touriño, amigo de toda a vida e compañeiro de xeración, no que salienta a fundación por parte do autor do grupo "Voces ceibes" xunto á etapa da súa nenez. Estruturado ao redor de sete apartados, o primeiro deles, "Canción de berce", dá conta dos seus anos máis novos nos que a súa afección pola música comeza a xogar un rol importante cara ao seu futuro. Despois de presentarnos á familia dos seus pais e de comentar o labor dalgúns dos seus profesores no colexio La Salle con respecto á lingua e literatura galegas, comeza o seguinte apartado, "Voces Ceibes na Universidade". O autor destaca aquí a súa escolla da opción de ciencias á hora da Selectividade, previa á decisión de estudar Enxeñería de Telecomunicacións en Madrid e mudar despois para a carreira de Económicas en Santiago. Neste regreso a Santiago fala dos seus profesores e compañeiros de clase como Manuel María, Vicente Araguas ou Emilio Pérez Touriño entre outros. Salienta asemade a súa participación no recital levado a cabo na Aula Poética de Filosofía e no recital de Lugo así como en diversos recitais noutras partes da xeografía galega. Sería nese momento cando se produce a fundación do grupo "Voces ceibes" , branco da censura da época por mor das cancións que compuñan. Menciona tamén os concertos organizados en Ferrol e no teatro Capitol xusto antes de comezar a mili. No vindeiro apartado, "E alí preto, Portugal", dá conta da súa viaxe a Porto xunto a algúns amigos da facultade no tempo da Revolución dos Cravos así como de varios recitais que organizaran na capital francesa. En "De profesión, cantor", comenta a súa participación no Movemento Popular da Canción Galega e a organización do espectáculo "Agora entramos nós" en Magallanes. Comenta tamén a súa vida profesional como cantautor até 1980 xunto aos homenaxes organizados a Celso Emilio Ferreiro. "Finale ma non troppo" constitúe o seguinte apartado. García Villar fala aquí

dos seus anos como mestre, tras cursar estudos de Maxisterio en Santiago. Conclúe as súas memorias cunha coda dirixida ao lectorado na que sinala o fin co que redactou estas lembranzas persoais. Xa por último mostra unha serie de textos dalgunhas das súas cancións, como "Un home", dentro do apartado "Eu son a voz do pobo"; "Cantar de berce pró víspera de emigrar", "Dorna", "Latrica marica" e "Os compañeiros" dentro de "Pola unión"; "A festa", "A roseira", "Choiva", "Eres ti", "O furado", "Un día"e "O aparato"dentro de "O nome das cousas". Ao longo do volume, que pecha cun índice dos diferentes apartados e seccións, aparecen inseridas un gran número de fotografías relativas á vida do autor.

Leira, Xan, *Lembranzas e reflexións de Isaac Díaz Pardo*, colaboración fotográfica de José Luis Abalo, Vigo: Acuarela Comunicación, col. Memoria Viva, xaneiro 2008, 55 pp. (ISBN: 84-611-7698-4). Contén DVD. ◆

Percorrido pola vida de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920), no que Xan Leira (Bos Aires, Arxentina, 1955) trata temas relativos a todas as facetas do artista, pasando polos seus ideais e convicccións políticas, as cales se subliñan como moi presentes ao longo da vida deste polifacético artista, e que marcaron profundamente a súa existencia. Esta "crónica" resalta a importancia do pensamento e obra de Díaz Pardo, personalidade destacada como pintor, ceramista, publicista, escritor de ensaio, poesía, teatro, inventor de máquinas e ferramentas, editor, deseñador de mobles e arquitecto, facetas nas cales se ven reflectidos os seus ideais políticos, sociais e culturais, un pensamento que tivo unha grande influencia na cultura galega. A obra estrutúrase en apartados segundo a etapa da vida tratada e, dentro deles, a división de acordo co narrador, outorgando unha orde cronolóxica, r estrutural. Así faise un percorrido pola vida de Díaz Pardo tendo en conta as diferentes etapas da nenez e mocidade, da Guerra Civil e exilio e as actividades levadas a cabo en cada período. O texto acompáñase de fotografías que representan o comentado no texto. Vén acompañada de formato audiovisual (DVD) no que se ten acceso á toda a información do formato libro.

Longhini, Nora, *Neira Vilas: os anos da Arxentina 1949-1961. Textos recuperados*, col. Memoria, n.º 18, Vigo: Editorial Galaxia, 2008, 307 pp. (ISBN: 978-84-9865-060--0).

Neste ensaio, Nora Longhini (Bos Aires, Arxentina, 1944) repasa, a modo de relato biográfico, a vida de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) en Bos Aires dende 1949 até 1961. O traballo está dividido en tres partes e unha introdución firmada por Víctor F. Freixanes. Os tres apartados do ensaio son: "Entrevista", "Análise crítica" e "Apéndice". No primeiro deles, a xeito de entrevista, Longhini comeza a contar a vida de Neira Vilas a partir do 10 de febreiro de 1949, día no que ao igual que moitos outros emigrantes galegos o escritor desembarcou do buque Cabo de Buena Esperanza. Dise que con apenas vinte anos, Neira Vilas chega dende a Galicia da posguerra cos desexos de coñecer novos lugares e persoas. Fálase dos diferentes traballos que desempeñou así como dos estudos alí realizados. Despois de dar conta de como adquiriu unha sólida cultura, infórmase, polo miúdo, das iniciativas nas que participou en prol da defensa da cultura galega, a carón de intelectuais galegos de renome, tales como Luis Seoane, Eduardo Blanco Amor, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Emilio Pita, ou da súa muller

Anisia. Así en 1953, crea con outros mozos galegos, as Mocidades Galeguistas, editan a revista *Adiante* e colabora en publicacións como *Opinión Galega*, *Galicia*, *Lugo*, *Galicia Emigrante*, *Alborada* ou *Eufonía*, entre outras. No segundo apartado da obra, "Análise crítica", a autora do ensaio fai un percorrido polos artigos e obras que publicou Neira Vilas en diferentes xornais e revistas durante a década que estivo no país arxentino. Analiza a temática, o estilo e a importancia de diferentes elementos neses artigos e estudos do escritor. O último apartado do ensaio, titulado "Apéndice" divídese en catro seccións: "Contos", "Lembranzas", "Cartas aos labregos" e "Fábulas". É unha recompilación dos primeiros textos literarios escritos por Neira Vilas na prensa galega de Bos Aires, os cales aínda estaban sen recuperar e publicar.

Recensións:

- Xosé Feixó, "Coñecer a Neira Vilas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Libros", 5 xuño 2008, p. IV.

Dá conta da publicación dunha monografía que repasa a etapa arxentina do escritor Xosé Neira Vilas. Explícase que consta de dúas partes: a primeira é unha entrevista a Neira Vilas na que é o propio autor quen, de xeito retrospectivo, lembra os seus anos na Arxentina; na segunda parte, a modo de ensaio, faise unha aproximación ao labor literario de Neira Vilas na época. Engádese que o libro remata con achegas interesantes: un álbum gráfico, a bibliografía empregada e un índice onomástico.

- Xulio Valcárcel, "Os anos arxentinos de Neira Vilas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 528, "Páxina literaria", 27 xullo 2008, p. 4.

Analízase o libro de memorias *Neira Vilas. Os anos da Arxenti*na.*1949-1961*. Coméntase primeiramente que o volume consiste nunha recompilación dos textos que Neira Vilas escribiu e publicou na prensa galega da cidade bonaerense entre os anos 1949 e 1961. Tras un conciso apuntamento biográfico sobre os seus anos de exilio en Buenos Aires e Cuba, menciónase a súa amizade con Blanco Amor, Suárez Picallo, Lorenzo Varela, Antón Alonso Ríos e Rafael Dieste e a súa primeira publicación, o poemario "Dende lonxe" (1960). Esta recensión acompáñase dunha ilustración de Xavier Garo.

Referencias varias:

- Xavier Castro Rodríguez, "Neira Vilas: os anos de formación na Arxentina", *Galicia Hoxe*, "Couso e Arca", 26 marzo 2008, p. 2.

Relata a traxectoria de Neira Vilas e faise eco da obra *Neira Vilas: Os anos na Arxentina*, onde se ilustra a estadía do autor nesa terra, berce da súa formación e centro, durante os anos centrais da emigración, da actividade cultural e lingüística galegas no estranxeiro.

López-Barxas, Paco, *No xardín das mandrágoras*, limiar de Darío Villanueva Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Foradeserie, 2008, 121 pp. (ISBN: 978-84-8487-126-6).

Volume de Paco López Barxas (Ourense, 1952) que se abre cun limiar de Darío Villanueva no que se vincula o título da obra cun local clave, dentro do mundo cultural madrileño ao que acudían, entre outros, Joaquín Sabina, Alberto Pérez ou Javier Krahe. A seguir explica que a publicación recolle un conxunto de conversas con diferentes escritores iberoamericanos e loa, tanto o estilo dos diferentes entrevistados, como o do entrevistador. Tamén menciona os diferentes temas que se tratan: a política, a literatura, o poder, a represión, o exilio, a fantasía, o surrealismo, o neorrealismo, a escritura, a oralidade, a crítica e a creación literaria ou artística. Finaliza informando de que a meirande parte das entrevistas tiveron lugar a comezos dos anos oitenta mentres que as outras, dez anos despois. Os entrevistados por Paco López Barxas (Ourense, 1952) son: Julio Cortázar (1914-1984), Mario Benedetti (1920), Ernesto Cardenal (1925), Mario Vargas Llosa (1936), Dru Dougherty (1943), Francisco Ayala (1906), Camilo José Cela (1916-2002), Artur Cruzeiro Seixas (1920), José Cardoso Pires (1925-1998), Eugenio Granell (1912-2001), Xaquín Lorenzo (1907-1989), Xosé Luís Méndez Ferrín (1938). A seguir descríbense as declaracións referidas á literatura galega: Camilo José Cela apunta que o seu primeiro artigo publicado en prosa foi "Fotografías de la Pardo Bazán"; Xaquín Lorenzo comenta a súa relación con Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino Cuevillas, e a influencia que tivo da Xeración Nós, sobre todo de Castelao; e Xosé Luís Méndez Ferrín analiza o oficio do escritor, as claves da súa escrita, a narrativa galega actual, ademais de temas lingüísticos e políticos.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Os aforcados", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 492, "Libros", 3 agosto 2008, p. 14.

Coméntase o libro de entrevistas do xornalista Paco López-Barxas, *No xardín das mandrágoras*, publicado por Edicións Laiovento, do que Vicente Araguas salienta as entrevistas que o autor realizou a escritores como Julio Cortázar, Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Ayala, Camilo José Cela, Ernesto Cardenal ou Mario Vargas Llosa. Porén, o xornalista destaca a súa entrevista a Cruzeiro Seixas como a mellor que levou a cabo. Menciónase por último o feito de que algunhas das entrevistas aquí recollidas proveñen da revista *Argumentos*, de 1981.

Referencias varias:

- E.M., "El secreto de una buena entrevista está en la capacidad de indagar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 xuño 2008, p. 16.

Dá conta da presentación do libro *No Xardín das Mandrágoras* do escritor e periodista Paco López Barxas. Indícase que o libro recolle entrevistas a distintos escritores como Camilo José Cela, Mario Benedetti ou Julio Cortázar.

- Xurxo Fernández, "Solsticios", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 23 xuño 2008, contracuberta.

Fai mención da publicación desta monografía, definida como unha compilación de entrevistas a distintas figuras (Xosé Luís Méndez Ferrín, Artur Cruceiro Seixas, José

Cardoso Pires, Camilo José Cela, Mario Benedetti, Mario Vargas Llosa, Julio Cortázar, etc.).

- Manuela Pérez, "Soy un escritor que ejerce de periodista", *La Región*, "Ourense", "El personaje del día", 7 xullo 2008, p. 5.

Nesta conversación con Francisco López-Barxas con motivo da publicación do seu libro de entrevistas *No xardín das mandrágoras*, coméntanse diversos aspectos como as orixes do libro, editado por Laiovento na colección Foradeserie, e do seu título, unha planta con supostas propiedades máxicas que deu nome ao coñecido local da movida madrileña na década de 1980-1990. Fálase asemade dalgunhas anécdotas ocorridas no seo da Xeración Nós na entrevista que o autor mantivera con Xaquín Lorenzo e menciónanse por último o proxecto actual do escritor, un libro sobre a figura do galeguismo Ben-Cho-Sey, dedicado á cidade ourensá, e un conto bilingüe galego-castelán dirixido tanto a cativos como a adultos.

- Ramón Nicolás, "Onde crecen as palabras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, 12 xullo 2008, p. 6.

Analízase o libro de entrevistas de Paco López- Barxas, *No xardín das mandrágoras*, editado por Laiovento e cun limiar de Darío Villanueva. No epígrafe titulado "Diálogos", trátase máis en detalle o contido do libro e sublíñanse os conceptos do "fantástico", de Cortázar ou de "novela" de Vargas Llosa, entre outros. Menciónanse asemade os nomes dos entrevistados máis relevantes así como anteriores obras infantís do autor, como *O ladrón de paxaros*, de Baía Edicións, e *Sar e Sarela e os monstros de Compostela*, ilustrado por Kiko Dasilva, da editorial Kalandraka.

- José Miguel A. Giráldez, "Entrevistar es un arte: hay que entrar en el pensamiento y en las emociones del otro", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 13 xullo 2008, pp. 4-5.

Entrevista a Paco López Barxas, autor de *No xardín das mandrágoras*, publicado pola editorial Laiovento, na colección Fóra de serie. O volume recolle doce entrevistas a persoeiros do eido literario. Segundo López Barxas, o segredo dunha boa entrevista reside en facer un número elevado de preguntas ao entrevistado e conseguir que este se sinta relaxado e entre no xogo do entrevistador. No limiar, a cargo de Darío Villanueva, pódese ler a conexión entre o título e un local de Madrid no que se desenvolveran algunhas das entrevistas de López Barxas. Da súa entrevista con Camilo José Cela, publicada en *Ínsula*, destaca a afabilidade do escritor, mentres que da entrevista con Julio Cortázar salienta a súa conciencia socio-política. Na entrevista a Mario Vargas Llosa comenta o tema do que falaran, as grandes novelas e autores como Flaubert e Sartre. Finalmente, subliña a súa entrevista, aos quince anos, con Ramón Otero Pedrayo, que desgrazadamente non conservou.

- Xosé Carlos Caneiro, "Afirma Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283, "Letras en galego", 11 outubro 2008, p. 12.

Ademais de comentar dúas lecturas do xénero gótico na literatura galega, recoméndase, dentro do xénero xornalístico, *No xardín das mandrágoras*, de Paco López-Barxas, publicada por Edicións Laiovento. Destácase neste libro de entrevistas as realizadas

polo autor a Mario Benedetti, Julio Cortázar, José Cardoso Pires, Camilo José Cela e Francisco Ayala entre outros.

López Sández, María, *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio*, VII Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 46, outubro 2008, 214 pp. (ISBN: 978-84-9865-130-0). ■

A Doutora en Literatura Comparada e Teoría da Literatura, María López Sández (Lugo, 1973), abre este ensaio con dúas citas que fan referencia aos conceptos nación e territorio. A primeira é de Anna Barbauld e a segunda de Paul Zumthor. Desta maneira centra o tema principal da obra na análise do imaxinario social do nacionalismo e a súa relación coa paisaxe entendida como un espazo de creación; polo que a autora estabelece unha relación entre a paisaxe galega e a propia identidade dos galegos. Todo parte da idea de que para coñecer o que somos temos que coñecer onde vivimos. Ao longo deste ensaio a autora presenta diversas teorías sobre a paisaxe e a súa evolución histórica a través da pintura, da literatura e da reflexión filosófica, sempre vinculado o termo nacionalismo. O volume estruturase en catro capítulos: "Nacionalismo e Imaxinario social", "Espazo e paisaxe", "Paisaxe e nación no discurso literario galego" e "Discurso, ideoloxía, paisaxe e nación". O primeiro capítulo dedícase ao estudo do concepto nacionalismo. No segundo capítulo a autora céntrase no espazo e na paisaxe mediante o estudo da función e os usos ideolóxicos da paisaxe e a análise das representacións do espazo. No terceiro capítulo a autora recolle tres exemplos de etapas diferentes da literatura galega para exemplificar a conexión entre a realidade paisaxística e as persoais interpretacións facendo unha análise da paisaxe en diferentes textos literarios. Os comezos do imaxinario territorial estarían representados pola obra *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, vinculada á reivindicación paisaxística; o imaxinario asentado e os seus usos literarios vinculados á obra *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo, na que se produce un reflexión constante sobre os espazos; e o ciclo textual de *Retorno a Tagen Ata* (1971), de Xosé Luís Méndez Ferrín, representaría os tempos da desmitificación. O último capítulo esta dedicado á vinculación da ideoloxía, a paisaxe e a nación a actividade lingüística en xeral e literaria en particular. As últimas páxinas da obra recollen unha ampla bibliografía con todos os autores e obras que cita ao longo do texto.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Repensar o imaxinario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 26 novembro 2008, p. 35.

Preséntase o ensaio de María López Sández, *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, editado por Galaxia e merecente do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio en 2007. O volume trata a concepción da paisaxe en Galicia e na súa cultura a través das figuras de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo e Méndez Ferrín. No epígrafe intitulado "As opinións. Un ensaio 'valente' e 'universal", menciónanse os asistentes ao acto de presentación do volume xunto con algúns dos seus comentarios ao respecto. Noutro apartado, "As cidades, os lugares máis alienados e castelanizados", coméntase o recente auxe da presenza na literatura galega do espazo urbano e tamén o caso da toponimia galega.

Lopo, María, *Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*, A Coruña: Baia Edicións, 2008, 166 pp. (ISBN: 978-84-96893-85-6).

María Lopo (Vigo, 1967) realiza unha escolma da correspondencia mantida entre Santiago Casares Quiroga (A Coruña, 1884-París, 1950) e a súa filla, María Casares (A Coruña, 1922-Alloue, Francia, 1996), durante o seu exilio. Recóllense cartas que van dende o ano 1946 (a primeira datada o 16 de xullo do 1946) até o 1949 (carta escrita sobre o 30 de maio ou xuño dese ano). O libro iníciase cunha dedicatoria "A todas e cada unha das voces anónimas do exilio / Polo seu canto". Logo aparece unha introdución da autora na que explica diversos aspectos do traballo que levou a cabo como a súa revisión para a edición da escolma e das conclusións que obtivo da mesma. Posteriormente ofrécese unha relación de cartas entre pai e filla, ordeadas cronoloxicamente, e nas que María Lopo inclúe unha serie de notas ao pé, para facilitar así ao lector a comprensión das mesmas. Neste apartado "Correspondencia anotada", recóllense as cartas na linguaxe na que foron escritas orixinariamente, español e francés, e por iso no apartado seguinte, "Versión galega das cartas escritas en francés por María Casares", ofrécese unha tradución das mesmas ao galego. Nas cartas pai e filla cóntanse sucesos acaecidos no seu quefacer cotiá. As "batallas epistolares", que é como denomina á correspondencia que mantén Santiago Casares coa súa filla, están recollidas na lingua orixinal; no caso de Casares Quiroga están nun castelán coidado e escollido. Nelas atópanse palabras tomadas do francés (pois agás a primeira carta, escrita en Châtillon, Bélxica, as demáis foron redactadas en París, no exilio), que constitúen un xogo dialéctico coa súa filla. En cada unha das vinte epístolas fai mención á súa deficitaria saúde e ás visitas que recibe, pero tamén realiza unha panorámica sobre o mundo cultural e artístico francés de mediados do século XX. No caso das de María Casares, o libro contén once cartas, dúas delas están escritas en español mentres que as outras dez aparecen en francés. Nestas cartas a linguaxe e a sintaxe é máis espontánea e menos coidada, nelas María Casares conta o que lle está a suceder nas rodaxes que leva a cabo en diversos lugares: Roma, Niza e Senlis, ou os seus problemas de saúde e de amor. Recóllense tamén diversos materiais persoais da familia Casares que se atopan no "Fonds d'archives Maria Casarès". Por último, faise mención das fontes e referencias empregadas na edición.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Tras describir brevemente as novidades en narrativa, tanto de adultos como infantil e xuvenil, e de presentar varios poemarios, coméntase que María Lopo analiza nesta obra que nos ocupa a relación epistolar de María Casares co seu pai e que África López Souto presentou o libro de Simone de Beauvoir *O segundo sexo*. Asemade, saliéntase no ensaio o xénero feminino, obervábel en obras como a de Teresa Moure, *O natural é político*, e a de María Xosé Queizán, *Anti natura*.

Lorenzo Varela, periodista, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2008, [44] pp. (DL: C 4632-2008). ◆

No prólogo non asinado e datado en novembro de 2008 que abre este volume os responsábeis, dado que falan en plural, explican que nel se recollen cinco artigos xornalísticos de Jesús LorenzoVarela Vázquez (Cuba, 1916-Madrid, 1978), faceta esta pouco coñecida do escritor do exilio, e dise que son unha boa mostra da bagaxe cultural e do humanismo do autor. No primeiro artigo escrito en primeira persoa e publicado no xornal *El Sol* o 19 de xullo de 1936, "De la verdad al descubrimiento del 'chisgarabís", reflexiónase sobre a condición humana e a verdade. "Palabras a un miliciano anónimo" publicouse en *El Mono azul* o 29 de outubro de 1936 e baixo forma de carta diríxese a unha segunda persoa reflexionando sobre a crueza da guerra e as súas consecuencias. Retómase este tema no seguinte artigo "Carta a un amigo maquis" publicado no *Correo Literario 20* o 1 de setembro de 1944. O cuarto artigo, "Diseño de una nación", publicouse en *Clarín* o 6 de decembro de 1972 e nel faise un repaso polos nomes de escritores e intelectuais como Rafael Alberti ou Menéndez Pidal que foron conformando, segundo o autor, unha nova España baseada na cultura e na educación. Por último hai un ensaio necrolóxico, "Pablo Picasso", publicado en *Clarín* o 12 de abril de 1973 que se converte nunha gabanza do pintor malagueño tras a súa morte lembrando diferentes anécdotas da súa traxectoria vital e profesional. Os artigos están escritos en castelán e, agás o primeiro e o último, os tres restantes preséntanse como autobiográficos. Inclúense tamén diversas fotografías da vida do autor que recollen distintos momentos da súa vida no exilio.

Marinhas del Valle, Jenaro, *Caderno de notas*, prólogo, edición e notas de Pablo González Mariñas, Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe, Edicións A Nosa Terra, col. Prensa&CrIAción, n.º 20, 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-8341-256-5).

Volume que comeza cunhas verbas de Teixeira de Pascoes, seguidas dunha "nota previa" ao lector e dun prólogo, realizado por Pablo González Mariñas, Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe. A seguir, reprodúcense os comentarios de Jenaro Marinhas del Valle (A Coruña, 1908-1999) sobre Galicia e a súa historia como se anuncia no título. A maior parte do texto está escrita en primeira persoa, agás nos casos en que Marinhas recolle o diálogo que el mesmo mantivo con intelectuais da súa época. As notas están escritas en presente, pois o autor vai recollendo día a día os seus sentimentos e opinións acerca de determinados aspectos da sociedade galega, tales como a vida cultural do momento e a opresión á que se ve sometida a mesma pola lingua castelá, que é o asunto que conforma o tema do monográfico. Neste senso di que "para ser homem galego nom basta com ter nascido na Galiza" (p. 56). O estilo do libro, como se di no propio prólogo, "é grato, sinxelo, rítmico, eufónico e contribúe a un idilio de complicidade" (p. 15). Está escrito en reintegrado e nel cítanse autores como Ramón María del Valle-Inclán, ao que tivo insultado por non escribir en galego, pero do que se ten que retractar, porque non era consciente da estupidez que estaba a facer. As notas comezan o "1 Janeiro 1983" e rematan sen data, mesturadas con citas e fragmentos de personaxes coma Gotama Buddha, Langston Hughes ou Cesário Verde, entre outros.

Referencias varias:

- Lara Rozados, "As últimas reflexións de Marinhas del Valle", *A Nosa Terra*, n.º 1.326, "Cultura", 25 setembro-1 outubro 2008, p. 31.

Preséntase *Caderno de notas*, editado por A Nosa Terra en 2008 con motivo dos actos do centenario do novelista, ensaísta, poeta e dramaturgo, Jenaro Marinhas del Valhe. Sinálanse as orixes do caderno no momento da edición que Pablo González Mariñas, Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe estaban realizando da súa *Obra dramática completa* para Espiral Maior en 2006. Todos eles traballan na actualidade en *Amarga memoria*, unha recompilación de poemas dedicados a amigos expatriados ou asasinados en 1936. No epígrafe intitulado "Home do teatro", cítanse a súa produción dramática e a súa alocutio no acto de ingreso na RAG, "A importancia do público na revelación teatral", publicada en 1979 por Ediciós do Castro. Saliéntase asemade a súa dramaturxia de tipo literario, sen postas en escena. No apartado "Últimas reflexións" dáse conta das datas de inicio do caderno, en 1983-1984, aos 75 anos, e as datas de finalización, na década de 1990. Doutra banda se subliña o carácter de xénero literario que adoptou o caderno a partir das obras de Elias Canetti, Albert Camus e Miguel Torga. Nun derradeiro epígrafe, "Renuncia á Academia", menciónase o seu ingreso na mesma en 1978 baixo a proposta de Rafael Dieste e a súa renuncia algúns anos despois por mor do seu incipiente lusismo.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, 23 outubro 2008, p. VII.

Cítanse a modo de recomendación *Caderno de notas*, de Jenaro Marinhas del Valle, entre outras obras.

- Miguel A Mato Fondo., "A importancia de se chamar: Jenaro Marinhas del Valle", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 14, "Literatura", "A persoaxe", 2008, p. 25.

Achega á figura de Jenaro Marinhas del Valle, co gallo da celebración no mes de novembro do centenario do seu nacemento. Informa da publicación de dúas obras para lle render homenaxe, *Amarga memoria,* en Espiral Maior, e *Caderno de notas*, en A Nosa Terra. Indica que esta conmemoración permite coñecer a obra dramática do autor, así como o seu perfil ético e humano. A seguir, saliéntanse algúns aspectos biográficos de Marinhas del Valle, e as súas achegas ao galego dende a perspectiva reintegracionista. Incídese tamén no "drama universal" dun "pobo castigado pola adversidade" que reflicten os seus dramas, "fondamente comprometidos". Para rematar, céntrase nalgúns sentimentos verquidos en obras como *A Revolta* (1964) ou *Amarga memoria*.

- R. García, "Libros, audiovisuais, conferencias e obras de teatro lembran a Jenaro Marinhas no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 novembro 2008, p. 51.

Refire os actos que se celebrarán na Coruña en homenaxe do galeguista Jenaro Marinhas del Valle. Dise que a Casa Museo Casares Quiroga acolleu a presentación da obra dramática completa do autor, publicada por Espiral Maior, e do libro *Caderno de notas* (2008). Tamén se sinala que se representarán as súas obras *A velada*, no Teatro Rosalía de Castro a cargo de Teatro Proscrito; *A serpe*, no Fórum Metropolitano a cargo do grupo Alexandre Bóveda, e *O bosque*, no mesmo sitio por Teatro Fas-que-fas. Finalmente infórmase de que a Casa Casares Quiroga albergará a exposición "Jenaro

Marinhas: drama e exemplo do século XX galego", que inclúe a presentación do libro *Amarga memoria*.

Mariño Paz, Ramón (ed., fichas introdutorias e notas), notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández, coord. da ed. Rosa Aneiros Díaz, *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Base, 2008, 654 pp. (ISBN do volume I: 978-84-96530-70-6) (ISBN da obra completa: 978-84-96530- 69-0). ◆

Ábrese o volume cun limiar institucional onde se dá conta de como foi o proceso de desenvolvemento e de recompilación de diferentes textos literarios en lingua galega de finais do século XVIII e principios do século XIX, dos que moitos foron condenados ao esquecemento ou ao seu silencio. A continuación nas "Normas de edición", Ramón Mariño Paz sinala cales foron os criterios seguidos para facer esta monografía. A seguir, trátase de forma individual cada un dos autores, indicando de cada texto seleccionado cales son as diferentes versións existentes, sinalando a que se toma de referencia. Logo ofrécense unha serie de datos biobibliográficos do autor e reprodúcese o texto. Entre os autores seleccionados, tendo en conta que moitos dos textos son anónimos, atopamos a Ramón González Senra, Xan de Mingucho, Antonio Benito Fandiño, Manuel Pardo de Andrade, Vicente Turnes ou Florencio Pol. Tamén conforman a obra fotos de personaxes relevantes nese período histórico como a raíña María Cristina de Borbón ou o rei Fernando VII ou reprodución das cubertas e fragmentos orixinais dos textos. Remata o volume cun apartado de bibliografía e o índice dos textos recompilados.

Recensións:

- Lara Rozados, "Saen os 'Papés de emprenta condenada", *A Nosa Terra*, n.º 1.326, "Cultura", 25 setembro-1 outubro, p. 38.

Dáse conta da presentación do volume *Papés de emprenta condenada*, que abrangue escritos en galego e outros textos inéditos coa excepción de textos de panxoliñas dende 1797 até 1846 por parte do Consello da Cultura. Tras un breve apuntamento sobre as orixes do título, noméanse a Comisión Técnica de Prensa Histórica que impulsou o proxecto; a coordinadora Rosa Aneiros xunto aos profesores Henrique Monteagudo e Xosé López García; o transcritor e anotador de textos Ramón Mariño Paz; o elaborador das notas histórico-bibliográficas Xosé Ramón Barreiro Fernández e os encargados do acto de presentación, Henrique Monteagudo, Xosé R. Barreiro, Ramón Villares e Ramón Mariño. Cítanse tamén os membros da comisión técnica, Ramón Villares, Rosario Álvarez Blanco e Ernesto García Seoane. Saliéntase o punto de vista filolóxico e historiográfico na redacción do volume e no apartado "Unha ferramenta para a análise" sublíñase a conservación das características lingüísticas orixinais dos textos e destácanse os escritos "Proezas de Galicia" (1810), de José Fernández y Neira; "Rogos de un gallego" (1813), de Manuel Pardo de Andrade e un manuscrito epistolar de Cristobo ao seu tío don Alfonso de Santiago.

- Xosé Feixó, "Papés, papeis", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Libros", 6 novembro 2008, p. IV.

Coméntase o volume publicado polo Consello da Cultura Galega (CCG), *Papés d'Emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1847*, editado por Ramón Mariño e coordinado por Rosa Aneiros. Colaborou na redacción das notas históricas o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiros. Saliéntase a orixe do seu título no artigo de 1813 de Manuel Freire Castrillón, escrito co obxectivo de criticar o artigo de Manuel Pardo de Andrade, "Ruegos d'un gallego", do ano anterior. Menciónase a imposibilidade de incluír a produción de panxoliñas desa época pola súa grande extensión e considérase o volume como unha compilación das primeiras manifestacións do xornalismo en lingua galega.

Referencias varias:

- maré, "O tempo de absolutistas e 'liberais", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Historia", 11 setembro 2008, p. 30.

Preséntase o volume editado polo Consello da Cultura Galega, *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*, que recolle os textos escritos ou publicados nesa época. A presentación tivo lugar en Santiago de Compostela, a cargo do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares e do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiros. Asistiron tamén os profesores da USC Enrique Monteagudo e Ramón Mariño e a editora e coordinadora do volume, Rosa Aneiros. O volume iníciase cun poema de Pardo de Andrade e abrangue textos seus, de Fandiño, de Freire Castrillón e de Pintos entre outros. No apartado intitulado "Datos. Unha edición 'conservadora", Ramón Mariño analiza a orixe do título e engade que no aparecen panxoliñas recollidas no volume por mor da súa grande extensión. Indícase finalmente a proposta de publicación dun segundo volume que estude os textos recollidos no primeiro.

- C. O. S., "El CCG presenta el recopilatorio 'Papés d'Emprenta condenada", *El Correo Gallego*, "Comunicación", 11 setembro 2008, p. 77.

Presentación da compilación de textos inéditos da época pre-galeguista *Papés d'Emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1847*, polo Consello da Cultura Galega (CCG). Destácase, en primeiro lugar, o poema de Pardo de Andrade co que se inicia a obra e o que esta supón de recuperación dunha parte da cultura e da historia galegas, segundo o presidente do CCG, Ramón Villares e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro. O profesor da USC, Ramón Mariño, presente no acto, comentou a orixe do título da compilación. Engádese por último un breve comentario sobre a produción de panxoliñas da época, non recollida neste libro debido á falta de espazo.

Martínez Crespo, Xurxo e Felipe **Senén** (eds.), *Xosé Sesto, Cantigas para catro mortes/Poemas para cuatro muertes/Llau heriotzentzat kantak/Cançons per a quatre morts*, ilust. do autor, intr. Felipe Senén, biografía e notas de Xurxo Martínez Crespo, ed. tetralingüe, [Pontevedra]: Ager (Asociación Galega de Emigrantes Retornados), outubro 2008, 187 pp. (ISBN 13: 978-84-612-0854-8) (DL: VG 1290-2008). ■

Tras uns agradecementos iniciais e unha cita en verso da obra *Catorce fábulas*, de Gabriel Aresti e unha "Introdución", de Felipe Senén, Xurxo Martínez Crespo realiza a

biografía de Xosé Sesto (Pontevedra, 1909-Caracas, 1998), titulada "O home que só vivía de pan" e repasa brevemente a traxectoria vital de Sesto na emigración, con testemuños dos seus achegados. Despois dunha dedicatoria a Darío Álvarez Blázquez reprodúcese, como unha homenaxe a catro símbolos da resistencia anti-franquista, os catro poemas dedicados a Alexandre Bóveda, Lluís Companys, Gernika e Federico García Lorca. Trátase de catro historias particulares, unidas pola traxedia e que serven de motivo para unha obra tetralingüe que avoga pola unión dos pobos que forman España e pola comuñón na loita pola liberdade. Así pois, os catro idiomas cooficiais do noso país son as linguas vehiculares deste traballo: a redacción orixinal en galego e a tradución ao catalán, castelán e vasco. Un poema de cada homenaxeado inaugura cada unha das partes, tras unha longa cita bilingüe en latín e galego, castelán, catalán ou vasco (segundo o caso). A tradución dos fragmentos elixidos corre a cargo dos fillos de Xosé Sesto, Ignacio e Farruco Sesto, con E. Losada, Meritxell Romances Cuxart, Juan San Martín e Edorta Jiménez. A obra complétase con ilustracións tiradas do abecedario debuxado polo propio Xosé Sesto, fotografías da época e carteis propagandísticos. A edición consta de cincocentos veinte e cinco exemplares numerados á man.

Referencias varias:

- X. M., "Ó axexo dos libros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 739, 14 decembro 2008, p. 10.

Dise que Xosé Sesto foi o responsábel do limiar da obra *Vida, Paixón e Morte de Alexandre Bóveda* (1972), co cal compartiu as últimas horas de vida. Coméntase que Sesto escribiu o libro *Cantigas para catro mortes*, cuxa tradución ao castelán foi levada a cabo polo seu fillo Farruco. Sinálase que o libro, escrito na Venezuela da emigración, foi editado pola Federación Galega de Asociacións de Emigrantes Retornados, en colaboración coa Confederación Intersindical Galega, o Departamento de Migración e a Asociación Galega de Emigrantes Retornados.

Meixome Quinteiro, Carlos (dir.), *Victoriano Taibo. REM. Revista de Estudos Miñoranos. Monografías*, Gondomar-Pontevedra: Instituto Estudos Miñoranos (IEM)/Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte, 2008, 142 pp. (ISBN: 978-84-92590-30-8). (DL: VG-1297-2008). ◆

Monográfico dedicado ao escritor galego Victoriano Taibo (Santiago de Compostela, 1885-Vigo, 1966). Ábrese con dous prólogos institucionais. O primeiro, intitulado "Presentación" está asinado por María Xesús López Escudeiro e sinala que o volume ten como obxectivo recuperar a figura deste escritor nas súas múltiples facetas a prol da lingua, da literatura e da cultura galegas. No segundo, intitulado "Eloxio e rescate", asinado por Carlos Méixome, ponse de manifesto a intención de rescatar a figura de Victoriano Taibo polo que fai unha breve lembranza del e agradece a colaboración de todas as persoas que axudaron a que esta monografía saíra á luz. A continuación descríbense os estudos referidos á literatura galega:

- José Luis Alonso, "Datos para unha biografía", pp. 9-15.

Recolle os datos biográficos e académicos máis destacábeis de Victoriano Taibo dende o seu nacemento até a súa morte.

- Francisco Fernández Rei, “Apuntamento sobre a presencia de Victoriano Taibo na Real Academia Galega e sobre o seu discurso ‘Rosalía de Castro precursora da fala”, pp. 17-26.

Enumera as obras de Taibo que estaban catalogadas até xuño de 2008 nos fondos da biblioteca da Real Academia Galega, así como os seus traballos en obras colectivas, algúns artigos que facían referencia a el, un expediente académico e algunhas fotografías e cartas de pésame con motivo do seu falecemento. Tamén dá conta da súa proposta como numerario da Real Academia Galega, así como da súa recepción como académico e do seu discurso sobre Rosalía na mesma. Finalmente comenta o artigo “Apostillas a un discurso” no que Ricardo Carballo Calero critica dito discurso e remata opinando que hoxe é unha figura esquecida.

- Marta Dacosta Alonso, “Que nos coñezan polas obras”, pp. 27-38.

Fai un percorrido pola obra deste escritor, no que destaca a súa faceta como poeta, facendo fincapé nos poemarios *Abrente* e *Da vella roseira* e facendo unha análise exemplificada con poemas, como por exemplo “¡Rite!”.

- Manuel Forcadela, “Análise e gabanza de *Agra aberta* de Victoriano Taibo”, pp. 39-50.

Comenta o libro de contos e lendas *Da agra aberta*, polo que o sitúa no seu contexto socio-histórico e literario. Céntrase na polémica da autoría destas lendas populares, as cales teñen tres perspectivas enunciativas: unha lingüística, outra etnográfica e outra analítica. Finalmente fai unha análise de cada un dos contos que compoñen este libro.

- Mercedes Queixas Zas, “Reflexións dunha lectora cursidosa ao prólogo aos contos *Da agra aberta*”, pp. 51-55.

Comenta o prólogo de *Da agra aberta* e sitúa estes contos dentro do seu contexto socio-literario, pero sobre todo céntrase na preocupación de Victoriano Taibo pola lingua.

- Armando Requeixo, “Victoriano Taibo alén *Abrente* e *Da vella roseira*”, pp. 57-68.

Céntrase na poesía que deixou Victoriano Taibo inédita, xa que á súa morte só dous poemarios viran a luz, *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925). Así, analiza os manuscritos dos dous poemarios que conteñen a súa poesía inédita, *Abicedo* e *Cabrinfollas* e comenta a súa orixe e xestación, así como a recepción e expectación que tivo toda a súa obra.

- Miguel Anxo Mouriño, “As outras publicacións”, pp. 69-89.

Destaca a súa produción recollida en prensa, a súa participación en antoloxías e as publicacións privadas. O artigo vai acompañado dunha serie de cadros nos que se recolle de forma esquemática os xornais e revistas nos que colaborou; as datas e títulos das súas colaboracións, así como o xornal ou revista no que aparecían; o número de colaboracións que fixo en cada publicación e o título, data e ano das escolmas nas que participou así como o poema que aparecía nas mesmas.

- Xesús Alonso Montero, “A miña relación filolóxica con Victoriano Taibo”, pp. 91-92.

Conta que sempre lle interesou este escritor porque sempre empregou a fala popular e que, por iso, lle prologou *Da agra aberta* (1956), escribiu algún artigo sobre el e se carteou con el.

- Antonio Valverde, “As miñas lembranzas de don Victoriano Taibo”, pp. 93-99.

Conta que o coñeceu cando ambos ían ao taller do “Mareque” e que alí tamén coñeceron a outros intelectuais coma Xulio Sigüenza, Laxeiro ou Xosé María Castroviejo. Sinala que alí observaban como traballaba o ourive pero tamén era un lugar de reunión e “tertulia” e que Taibo tiña algúns temas recorrentes como a fala, Santiago de Compostela, a súa infancia pero que tamén recitaba poemas e cantaba cancións populares.

- Carlos Méixome, “A represión franquista sobre o maxisterio miñorán”, pp. 101-119.

Toma como punto de partida a tese de Francisco Morente Valero, *La depuración del Magisterio Nacional (1936-1939)*, para comentar o proceso represor que sufriron os mestres pontevedreses, entre os que se atopaba Victoriano Taibo. Sinala que cando era mestre en Morgadáns foi sancionado con suspensión de emprego e soldo dun mes e que se trasladou a Valladolid durante catro anos.

- Iago Martínez, “A memoria limita ao norte”, pp. 121-128.

Recolle as palabras dos únicos alumnos de Taibo que quedan vivos, os cales fan memoria e falan del, da época na que viviu e das súas inquedanzas e preocupacións.

O volume remata cun álbum no que se recollen varias fotografías de Taibo e unha cronobiografía na que se indica os acontecementos que pasaron en Galicia, España e o Mundo durante a súa vida e remata cun pequeno currículo de cada un dos autores que participaron nesta monografía..

Nicolás, Ramón, Xurxo **Souto Eiroa** e Mónica **Rodríguez Vázquez**, *Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía sonora*, selección fotográfica de Carlos Díaz, Sarria: Editorial Ouvirmos, 2008, 204 pp. (ISBN: 84-661-0328-9). Contén 2 CD’s. ■

O volume comeza cunha introdución de Isabel Ferreiro Loredo, representante da Fundación Celso Emilio Ferreiro, na que salienta a importancia do escritor Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1914-Vigo, 1979) e na que achega esta publicación e as razóns para ler esta monografía. A seguir acóllense os seguintes traballos que constitúen os apartados do libro:

- Ramón Nicolás, “Fotobiografía”, pp. [13-143].

Fai un percorrido cronolóxico pola vida e poa obra do autor de Celanova acompañado dunha ampla reportaxe fotográfica realizada por Carlos Díaz. Subdívidese esta achega de Ramón Nicolás en diferentes etapas temporais: “Celanova 1912-1936”, “Asturias

1936-1940", "Pontevedra 1940-1950", "Vigo 1950-1966", "Caracas 1966-1973" e "Madrid 1973-1979" ao inicio das que se insiren os poemas "Modestia fora", "Asturias", "Vintecinco anos de paz", "Amencer en Vigo", "Viaxe ao país dos ananos" e "Vispras".

- Ramón Nicolás, Xurxo Souto Eiroa e Mónica Rodríguez Vázquez, "Rexistros Sonoros", pp. [145-189].

Acolle un apartado titulado "A palabra", que está composto por "Celso Emilio Ferreiro: A súa obra na súa voz", onde Ramón Nicolás fala das gravacións realizadas polo propio Celso Emilio das súas obras salientando algunhas delas; en "Temas CD1. Poemas" reprodúcense os poemas e intervencións orais de Celso Emilio incluídos no cd. O apartado "A Música" contén o artigo "Ser dun Tempo, dunha terra" onde Xurxo Souto Eiroa recolle unha carta de Celso Emilio ao cantautor Xabier González no que se pon ao servizo do grupo que vai constituír a Nova Canción Galega. Analízase o compromiso de Celso Emilio con esta iniciativa e outras relacionadas coa música galega. En "Temas CD2. Músicas" reprodúcense as letras e as cubertas das cintas ou LP's cunha ficha catalográfica na que se describen os temas e a historia das cancións que acolle este cd.

- Mónica Rodríguez Vázquez, "Poemas e contos cantados e recitados", pp. [191-205].

Ofrécese un repertorio bibliográfico dos poemas e contos que se acollen nos cd's.

Recensións:

- Lara Rozados Lorenzo, "Celso Emilio en vivo", *A Nosa Terra*, n.º 1.307, "Magazine", 24-30 abril 2008, p. 40.

Refírese á recuperación das letras cantadas de Celso Emilio Ferreiro polo selo Ouvirmos, nunha fotobiografía sonora que reúne cento vinte imaxes do poeta e dous cedés: un con trece poemas na propia voz de Ferreiro e outro con quince temas musicais que naceron das súas letras. Faise referencia a fotobiografía similar que se fixera de Manuel María pouco despois da súa morte. Indícase que a escolma de poemas de Celso Emilio corren a cargo de Ramón Piñeiro Muíña e de Xurxo Souto Eiroa que, ademais, analiza como naceron as cancións nunha introdución titulada como a cita que encabeza *Longa noite de pedra*: "Ser dun tempo, dunha época". Engádese que a Nova Canción Galega fai corenta anos que xurdiu impulsada pola palabra de Celso Emilio. Destaca o feito de que as letras deste autor continúen a ser cantadas dende a esfera de Carlos Núñez, Luar na Lubre, Uxía, até o hip hop de Dios ke te Crew, o heavi de Astarot ou o punk de Tiro na testa. A explicación atópase na atemporalidade da poesía de Ferreiro, así como na súa lucidez para coñecer o presente e o futuro do seu país e a súa capacidade para transmitilos con total transparencia. Indícase que na actualidade a Fundación Celso Emilio Ferreiro recibe, polo menos, unha petición ao mes para musicar algún dos seus poemas dende o Xapón, Israel, Arxentina... Así, a poesía deste autor consegue ter a difusión da que goza grazas á música, segundo explica o seu fillo, Luís Ferreiro. Cítase tamén a súa obra *O soño sulagado* (1954).

- Román Raña, "Voz de Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, "Libros", 26 xuño 2008, p. V.

Comeza cualificando de "extraordinario, en todos os aspectos" o volume *Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía sonora*, pola cantidade de fotografías que reproduce, moitas delas inéditas, e porque se realiza un percorrido vital por cada etapa do autor, onde as fotografías amosan un Celso Emilio doméstico, íntimo, e lle confiren unha dimensión humana á súa escrita. Apunta, como outros aspectos salientábeis, a "excelente maquetación" externa, que se suma á calidade do contido dun autor que, con este volume, ve recuperada a súa figura. Lóase o "arduo esforzo" dos autores para recompilar todo o material disperso (datos, discos e libros) e sistematizalo. A seguir repara na calidade das firmas dos textos (Ramón Nicolás, Xurxo Souto e Mónica Rodríguez) que "esclarecen, contextualizan e analizan" a figura de Celso Emilio Ferreiro. Ademais apunta a posibilidade de apreciar a voz do autor nos dous CD's que acompañan o volume, indicando que no primeiro Celso Emilio recita os seus poemas, e que no segundo aparece unha selección das versións musicais de textos do escritor celanovés.

- Román Raña, "Saber conversar", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, "Letras galegas", 5 xullo 2008, p. 10.

Trátase o volume *Celso Emilio Ferreiro. Fotografía sonora*, editado por Edicións Ouvirmos en 2008, que recolle unha serie de textos de Ramón Nicolás, Xurxo Souto, Mónica Rodríguez e o propio Celso Emilio Ferreiro xunto a diversas fotografías, na súa maioría inéditas, que ilustran a traxectoria vital deste persoeiro. Saliéntanse a maquetación, a calidade do papel e das reproducións, a tipografía e o labor de recuperación e investigación que fixo posíbel a publicación do volume. Menciónase asemade a inclusión no volume de dous CD. No primeiro acóllense declamacións do poeta e no segundo diversas versións musicais sobre algúns dos seus textos.

Referencias varias:

- Belén López, "O libro máxico de Celso Emilio Ferreiro", *Diario de Pontevedra*, "Historias da contra", 17 abril 2008, p. 17.

Comeza lembrando escenas da vida de Celso Emilio Ferreiro para informar da publicación, por parte de Ouvirmos, dunha fotobiografía sonora sobre o escritor. Explica que este foi un traballo realizado polos fillos do poeta e que, ademais do libro, se achegan dous cd's nos que se recolle a voz do propio autor e algúns poemas musicados.

- L. V., "La biografía de Celso Emilio, presentada por sus hijos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 abril 2008, p. 7.

Informa da presentación dunha nova obra dedicada á figura de Celso Emilio Ferreiro, elaborada polos seus fillos, Isabel e Luis. Trátase da *Fotobiografía sonora* do escritor, editada por Ouvirmos, e que achega un cd coa voz do poeta e outro con cancións compostas a partir dos seus poemas.

- Vanesa Oliveira, "Fotobiografía sonora de Celso Emilio", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 705, "O personaxe", 20 abril 2008, contracuberta.

Anótase a publicación da fotobiografía sonora de Celso Emilio a cargo da discográfica Ouvirmos. Infórmase que a obra inclúe cento vinte fotografías do seu álbum familiar, unha introdución escrita por Ramón Nicolás así como reproducións das cubertas das obras máis salientábeis do poeta e dous discos, onde Celso Emilio recita os seus propios poemas e onde grupos musicais interpretan quince poemas seus. A continuación, indícanse algúns dos músicos que colaboran no disco e remata aludindo á traxectoria política e literaria do celanovés.

- Antonio Piñeiro, "¡Ay! Merich, ¡ay! Merich", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 3 maio 2008, p. 24.

Ademais de comentar outros temas, salienta da fotobiografía de Celso Emilio Ferreiro o atractivo de contar con dous cedés: un con poemas recitados polo propio Celso Emilio e outro con cancións.

- L R, "Una fotobiografía rescata la voz y la poesía de Celso Emilio Ferreiro", *La Región*, "Ourense", 14 xuño 2008, p. 8.

Dise que Luís Ferreiro, fillo do escritor Celso Emilio Ferreiro e presidente da fundación que leva o seu nome, presenta unha biografía audiovisual do seu pai composta por cen imaxes do álbum familiar, gravacións coa voz do seu pai e poemas musicalizados. Indícase que xa hai vinte anos que fixeran a primeira fotobiografía e que nesta ocasión se incorporan dos discos compactos que conteñen a voz do autor.

- Rosabel Candal, "Todo sobre Celso Emilio Ferreiro, no Verbum", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n. º 733, "Exposicións", 2 novembro 2008, p. 9.

Refírese á exposición dedicada á figura de Celso Emilio Ferreiro e que se leva a cabo no Museo Verbum-Casa das Palabras da cidade de Vigo. Dise que a exposición repasa a vida do escritor, dende o seu nacemento en Celanova até o seu pasamento na cidade de Madrid, sen esquecer a súa etapa en Asturias ou o exilio en Caracas. Coméntase que a mostra dá boa conta da súa traxectoria persoal e profesional por medio de varios paneis informativos con textos e imaxes e cun par de vitrinas nas que se expoñen obxectos que pertenceron ao propio escritor. Asemade, tamén se informa que hai planificada a proxección dun documento audiovisual con imaxes e sons extraídos da obra *Fotobiografía sonora de Celso Emilio Ferreiro*. Dise que esta obra se aproxima ao autor con máis de cen fotografías e acompañada de dous CD's nos que se recolle a voz do poeta e unha escolma dos seus poemas musicados.

Núñez Domínguez, Albino, *Ensaios e artigos: 1956-1973*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Ourense: Armonía Universal, marzo 2008, 279 pp. (ISBN: 978-84-935449-2-8).

Neste volume reúnense, baixo a forma de ensaios e artigos, incursións de Albino Núñez Domínguez (A Mezquita, Ourense, 1901-Ourense, 1974) en prensa sobre temas de historia, literatura, xeografía ou pedagoxía. Trátase de páxinas moi dispersas en diversas publicacións periódicas (*ABC*, *La Noche*, *Faro de Vigo*, publicacións de alén-mar...), que aquí se presentan agrupadas: o primeiro texto da colectánea saíu en 1956 en *La*

Región de Ourense; o último publicado por Núñez Domínguez, no mesmo xornal en 1973, tamén é o que pecha este volume. Os artigos preséntanse en castelán e galego, idioma que o autor emprega sobre todo pasados os anos máis duros do franquismo. Entre os exemplos da colectánea dominan como tema os grandes autores da literatura galega (Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro), as páxinas sobre Ourense e os textos sobre a lingua galega. Neste senso, Albino Núñez defende o galego enxebre e rexeita os lusismos e a castelanización ou castrapización dos topónimos. Tamén solicita a elaboración dunhas normas para unificar o idioma escrito e defende a presenza da muller na Real Academia Española. Outras preocupacións que se manifestan nos artigos deste volume son o ensino e a loita contra os tópicos existentes sobre Galicia. Repítense en varios textos a figura do Padre Feixóo e de Pero Pardo de Cela, así como episodios coñecidos da historia de Galicia como a loita irmandiña, o caciquismo e a emigración. A toponimia galega está así mesmo moi presente. Pechan o volume tres artigos presentados como anexos, dos que non se puido comprobar nin data nin lugar de publicación.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Albino Núñez", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 23 abril 2008, contracuberta.

Refírese á presentación desta obra de Albino Núñez, tras a presentación hai uns meses dos seus poemas. Aclárase que ambas edicións están prologadas por Alonso Montero, e que estes volumes son obra dos seus descendentes. Destácase a grande asistencia de xente á presentación xa que Albino Núñez fora "un profesor moi recoñecido", fundador dunha academia privada na posguerra, Estudios Galicia, e director de La Escuela del Trabajo. Saliéntase a calidade das súas entregas para os xornais *La Noche*, *La Región* ou na prensa americana, nas que logra burlar a censura para falar da xeografía galega, da renovación pedagóxica e da lingua e literatura galegas. Remátase apuntando que compartiu con Ben-Cho-Sey un grande interese por defender a toponimia galega, e que non gustaba do castrapo.

Pardo de Neyra, Xulio, *O pérfido canto das sereas*. *O culto á 'matria' no sistema literario galego. Enfrontamento xenérico, sexismo, renovación e asunción dos moldes tradicionais na escrita galega contemporánea*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 2008, 221 pp. (ISBN: 978-84-8408-480-8).

Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) fai neste ensaio un percorrido pola mitoloxía, sobre todo pola figura da serea e o seu valor simbólico, centrándose especialmente en Galicia. O volume comeza con dedicatorias persoais, seguidas duns versos de Salvador Cabeza de León, que dan paso ao índice e ao prólogo do autor intitulado "Introdución para leitoras e leitores curiosos", na que comenta as diferenzas e similitudes entre mito e literatura mitolóxicae fala de identidade e cultura. Reflexiona sobre o papel da literatura galega ao longo da historia e tenta reflectir esa historia na monografía, momento que aproveita para explicar o título e a estrutura da mesma. No primeiro apartado do libro, "Literatura galega e mito: historia dun enfrontamento xenérico" acláranse as diferenzas entre os mitos e as lendas, aspecto que retomará no último episodio do ensaio destinado ás conclusións, dotando así á obra dunha estrutura cíclica. Neste apartado aborda o

papel da muller como muller deificada e como ser dotado con capacidade de xeración e fecundidade. No segundo capítulo, titulado "A serea, un espazo mitolóxico na procura da dignificación masculina. A lenda da mariña e o cabaleiro de Goiáns", comeza tratando a "antípoda da serea", en referencia á obra que Hans Christian Andersen publicou en 1837, *A pequena serea*, que lle serve para falar da figura da serea, presente en obras como o *Purgatorio*, de Dante Aligheri, *Antón e Cleopatra*, de William Shakespeare e *O pescador*, de Johann Wolfgang von Goethe. Tamén trata das influencias dos fenómenos atmosféricos nas mesmas e da súa evolución, sinalando que "a imaxe máis vella da muller peixe coa que contamos está na cultura fenicia". A terceira parte titúlase "A Sirena", de Ramón Otero Pedrayo, un eslavón tradicionalista no contexto periodolóxico da Xeración da República ou cando, transformado en *señorito da Mirteira*, D. Ramón (o arquetipo do fidalgo galego) namorouse da serea (metonimia da Galiza)" e sinálase que este conto foi publicado no número 90 da revista *Nós*, despois da proclamación da II República. Faise un percorrido na literatura da historia do home que se namora dunha serea, centrándose na obra de Fermín Bouza-Brey, *Cabalgadas en Salnés* (1925), e na de Otero Pedrayo. O apartado seguinte titúlase "Rafael Dieste e *A Doncela guerreira*. Aproximación á entidade transgresora feminina dunha figura caracterizada segundo o tradicionalismo masculinizante da posesión da violencia bélica" e nel aclara que en realidade se trata de *La Doncella guerrera*, xa que Rafael Dieste a escribiu para ser representada por terras españolas. Nesta peza abórdase o tema da muller guerreira, que ten a súa antecesora na figura da amazona, aspecto tamén presente na obra *La abadesa preñada*, de Gonzalo de Berceo ou na figura da "raiña de Saba", caracterizada como *mulier virilis*. Ao final do apartado sinala as similitudes da figura feminina guerreira que aparece na obra de Rafael Dieste coa doutras historias ou mitos, como é o caso de Mu-lan, Catalina de Erauso " a monxa alférez", María Castaña, María Pita e Agustina de Aragón. O seguinte bloque de contidos titúlase "*A Dona das Torres* de Ánxel del Castillo, unha aposta pola revitalización do aparello nobiliar nunha literatura dignificadora da 'muller santa' e o 'cabaleiro malfeitor" e refírese o argumento da obra publicada o 22 de agosto de 1925 na revista *Lar* número 12. O último apartado, ademais de acoller as fontes bibliográficas e documentais, está dedicado ás "Conclusións" e nel, Pardo de Neyra, volve a retomar a distinción entre contos e lendas, pasando pola evolución dos pazos a palacios, a existencia simultánea duns e doutros e o que cada un deles representaba, co que se retoma a narración da historia de Galicia. Recorre a textos doutros autores, que se mesturan na peza dando lugar a unha obra na que a lingua predominante é o galego, un galego culto e coidado, que converxe co castelán, tanto no eido medieval, como se pode apreciar por exemplo no texto de Fernando de Castro Pires de Lima, como no seu uso actual, apreciábel por exemplo na cita que se fai de Jorge Luis Borges. O papel da muller na sociedade abórdase a partir dunha serie de obras que serven ao escritor como fío condutor da historia da evolución da mitoloxía sobre as sereas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "A literatura galega mudou masculina a serea', di Neyra", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 xuño 2008, p. 87.

Faise eco da presentación do ensaio *O pérfido canto das sereas*, que presenta a figura da serea a través de distintas obras narrativas, como "Lenda da mariña e o cabaleiro", de Goyanes; "A Sirena", de Ramón Otero Pedrayo; e "Dona das torres", de Ánxel de

Castillo.

Pérez-Abadín, Soledad (dir. ed.), *Doutros lados: capítulos sobre os contos de Cortázar*, adaptación lingüística de Carlos Arias Iglesias, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Ensaio e divulgación, 2008, 404 pp. (ISBN: 978-84-96673-51-9).

Ensaio monográfico, editado por Soledad Pérez-Abadín Barro, que recompila diversos traballos de autoría múltiple nos que se someten a diversos enfoques os contos de Julio Cortázar. O libro ábrese cunha dedicatoria a Aurora Bernárdez, a muller de Julio Cortázar, "pola súa xenerosa doazón a Galicia", na que se aproveita para repasar a súa traxectoria profesional. A continuación hai unha nota na que se indica que o volume é a recompilación dos traballos dos alumnos da materia de Literatura hispanoamericana do século XX durante 2006-2007, os cales decidiron dedicarlle o curso ao estudo dos contos de Cortázar. Despois aparece un texto a modo de limiar titulado "Para unha indefinición do conto" da autoría da editora no que intenta definir o conto para o que destaca as súas características máis salientábeis, confrontándoo coa novela; logo céntrase nos contos de Julio Cortázar e describe os seus riscos máis rechamantes como, por exemplo, a prioridade que sempre lle deu aos personaxes ou o seu carácter aberto; finalmente, indica os contos que van ser analizados e os capítulos de que consta este recompilatorio. A seguir acóllense oito capítulos que coinciden cos oito enfoques dende os que se analizaron os contos: en "De viaxes e cronotopías" reformúlanse as dimensións de espazo e tempo; "Variacións sobre metamorfoses" trata sobre a identidade persoal exemplificada en dobres, reencarnacións e mutacións; "Da convención do rito ao misterio como ritual" fai referencia ás estrañas cerimorias fóra da lóxica do relato; en "A vida como ficción: poética do relato lúdico" o xogo é o tema do conto e o eixe vital dos seus protagonistas; en "Os enigmas da fantasía" analízase o misterio, o horror e ambigüidade do relato fantástico; en "A realidade en perspectiva" tense en conta o punto de vista do observador da realidade; "Literatura transcendida: modelos de sincretismo artístico" pon exemplos de que a expresión verbal é capaz de acceder a certos dominios como a música, a pintura e a fotografía e, finalmente, "A arquitectura dos signos" atende ao valor da palabra e da linguaxe como símbolos. O libro péchase cunha ilustración de Pachu Méndez Torres e oito de David Fernández Alfaro, o cal tamén ilustra a cuberta, que se corresponderían cos oito capítulos de que consta a obra; ademais dos resumos de cada un dos traballos deste recompilatorio e unha bibliografía.

Recensións:

- Estro Montaña, "Soños e 'Cronotopías", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 267, "Libros", 13 novembro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 208, "Letras galegas", 22 novembro 2008, p. 10.

Dáse conta do libro *Doutros lados: capítulos sobre os contos de Cortázar*, editado por Soledad Pérez-Abadín Barro, profesora da USC e publicado pola editora noiesa Toxosoutos en 2008. Saliéntase a súa redacción en lingua galega e realízase un percorrido polos seus oito apartados e pola introdución, na que a editora destaca a actitude revolucionaria e lúdica de Cortázar. Sinálase finalmente o labor achegado polos vinte e nove críticos que estudaron a obra de Cortázar en detalle ao longo deste volume.

Picallo Fuentes, Héitor, *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, prólogo de X. L. Méndez Ferrín, A Coruña: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 228, 2008, 252 pp. (ISBN: 978-84-8487-135-5).

Obra dedicada á traxectoria vital e profesional deste autor, ao que Xosé Luis Méndez Ferrín define no prólogo que a inicia como o primeiro exemplo de líder político que buscou o encontro entre a esquerda socialista e o nacionalismo galego no século XX. Héitor Picallo Fuentes (O Baño, Cuntis) divide a obra en dúas partes: a primeira, "Soberanía vital, soberanía cultural", percorre o labor xornalístico e como escritor de Xohán Xesús González. Dise que, con estudos de maxisterio e dereito, no seu traballo como escritor entrou en relación coa intelectualidade galega de principios do século XX. Coméntase que na súa produción ensaística deixou clara a súa oposición ao centralismo español. Tamén como xornalista tentou concienciar sobre a realidade de Galicia como nación. Ao tempo, sinálase que foi un activo defensor dos dereitos da muller e da lingua galega, pois cría que no idioma residía a esencia da nación. A segunda e última parte, "Da canteira sindical á edificación política na *res publica*", ocúpase da faceta de activista político e de sindicalista da UXT do protagonista, ao que se define como un "precursor do independentismo galego". Lémbrase que formou parte da Unión Socialista Galega (USG), que defendía un Estado galego nunha confederación de Estados ibéricos, con idioma e cultura propias, e foi o fundador da Agrupación al Servicio de la Autonomía (ASA). Tamén se di que participou na directiva de Izquierda Republicana. Finalmente afírmase que o seu compromiso democrático custoulle ser fusilado no ano 1936, ao pouco de estalar a Guerra Civil. O libro remata cunha reivindicación do autor da recuperación da súa memoria. Nunha serie de apéndices recóllense documentos persoais do protagonista, exemplos de poesía de Xohán Xesús González en prensa e de artigos xornalísticos da súa autoría, así como textos nos que quedan plasmadas as súas ideas políticas. Tamén é útil a Cronoloxía, na que se inclúen, ademais da vida do biografado, as iniciativas na memoria de González que se levaron a cabo entre os anos 2002 e 2007.

Recensións:

- Vicente Araguas, "E repinicando", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 490, "Libros", 20 xullo 2008, p. 14.

Preséntase a monografía que Héitor Picallo Fuentes, escritor e activista cultural, realizou sobre Xohán Xesús González e titulou *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, publicado por Edicións Laiovento. Destácase, dunha banda, o seu fusilamento en Santiago o 12 de setembro de 1936 e a crónica desta morte aparecida en *El Pueblo Gallego* e doutra, o limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín xunto co fragmento dun dos seus poemas "Con pólvora e magnolias" que pecha o libro.

- Ángel Núñez Sobrino, "*Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Publicacións", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 121-122.

Comeza indicando que "unha nova xeración de mozos investigadores" están a recuperar

figuras que estaban esquecidas, tal como acontece con Héitor Picallo Fuentes coa monografía sobre Xohán Xesús González. Apunta que salienta os dous parámetros nos que traballou o intelectual estudado, "actuación e reflexión, praxe e estudo, entrega e proxecto", e que Héitor Picallo dedicou dez anos de investigación para lograr unha boa documentación coa que consegue plasmalo "como un poliedro con brillos propios", ademais de presentalo como "unha persoa moi lectora, e asistente a faladoiros", ao que lle interesa "a antropoloxía cultural como unha materia interpretativa básica". Precisa a estrutura do volume e destaca o peche e sobre todo o epígrafe "Fontes e Arquivos". Explica que Xohán Xesús González descubriu a importancia da Arte vista como "arma e utensilio dunha identidade". Remata valorando do prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín "a súa disección lúcida, a súa acción a prol da memoria histórica".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, 12 abril 2008, p. 11.

Refírese na súa sección fixa a catro obras: *Xosé María Álvarez Blázquez*, de Darío Xohán Cabana; *Memorias dun esqueleto*, de Xosé Lois Ripalda; *Diario dun pai*, de Henrique Alvarellos; e *Xohán Xesús González*, de Héitor Picallo Fuentes.

- Lidia M. Gallas Otero, "Héitor Picallo presenta un ensaio para dar a coñecer a figura de Xohán Xesús González", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Literatura", 27 abril 2008, p. 25.

Dá conta da presentación, na casa da Cultura Roberto Blanco Torres de Cuntis, da obra *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*, escrita por Héitor Picallo coa colaboración de Xosé Luís Méndez Ferrín como prologuista.

- Chus Gómez, "Héitor Picallo Fuentes, autor do libro *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego*", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 30 abril 2008, p. 13.

Entrevista a Héitor Picallo Fuentes co gallo da presentación do seu último libro. Di que Xohán Xesús González foi un dos loitadores pola recuperación da cultura e identidade do país na época de preguerra e conta que era de familia humilde, que foi canteiro, despois mestre e avogado nos anos trinta. Comenta que foi ensaísta, novelista, dramaturgo, que colaborou na prensa da época e fundou un par de xornais e tres agrupacións políticas. Afirma que se está a recuperar a súa figura porque antes non se vía ben que un canteiro chegase a avogado e que as súas ideas políticas fosen un mestura entre o socialismo, o marxismo e o nacionalismo; de feito, cría que España debería estar dividida en estados confederados como Galicia, Euskadi, Catalunya e Portugal; e senón estes deberían estar independizados. Confesa que o descubriu porque tanto seu pai coma os veciños de Curtis lle falaron del, tamén conversou con intelectuais que o coñeceron en vida. Asegura que escribiu o libro porque quería saber máis sobre o canteiro marxista, que consultou moita hemerografía e bibliografía e que lle custou máis elaboralo que escribilo porque tivo que reescribir moitos textos. Comenta que o seu libro foi prologado por Xosé Luís Méndez Ferrín porque cre que é o herdeiro de Xohán Xesús González xa que é socialista, marxista e nacionalista. Finalmente opina que en Galicia se está cumprindo axeitadamente a Lei de Memoria Histórica, xa que se está a

facer unha limpeza de símbolos fascistas, pero cre que cómpre erguerlle a Xohán Xesús González un monumento de pedra e poñerlle unha placa na súa sepultura.

Piñeiro, Antonio, *Xosé Velo Mosquera. Poeta e soñador, político e pensador, revolucionario e mestre*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na historia, n.º 36, 2008, 64 pp. (ISBN: 978-84-7680-612-8).

Achega biográfica de Antonio Piñeiro (Celanova, Ourense, 1959) á figura de Xosé Velo Mosquera (Celanova, 1916-São Paulo, 1972). Estrutúrase en catro bloques principais, nos que se fai un pormenorizado percorrido pola vida deste celanovés, datos acompañados con abondoso material icónico. Así, en "A xuventude en Celanova", Piñeiro detense na nenez do protagonista e os avatares familiares (1916-1932) que transcorreron na vila ourensá nas primeiras décadas do século XX, para a seguir centrarse nos anos de adolescencia e primeiro compromiso político de Xosé Velo nos anos previos á Guerra civil (1932-1936), nos que mantén unha estreita amizade con Celso Emilio Ferreiro e ingresa nas Mocedades Galeguistas. No segundo apartado, "Tempos clandestinos", que está dividido á súa vez en dous períodos diferentes, describe as vivencias de Velo durante a Guerra civil e as consecuencias que para el tivo a contenda (1936-1943), nos que acaba na cadea e exerce a actividade docente en Celanova, até que en 1943 se traslada a Vigo, onde abre unha academia, forma parte do Partido Comunista e acaba de novo na cadea por esta actividade. Unha vez libre de novo, mantense agochado durante un ano e sae ao exilio por Portugal. No terceiro apartado, "O primeiro exilio: Venezuela", achégase á vida do celanovés en tres momentos diferentes: "O lar galego (1948-1956)", "O soño Ibérico (1956-1960)" e "O Santa María. Aquela 'fermosa tolería' (1961)". Ao longo destes tres momentos descríbese o seu labor docente na academia "Orto", o seu traballo político e social a través da sociedade "Lar Gallego", no que chega a ser presidente, e a súa revelación como grande orador no Primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado en Bos Aires no mes de xullo de 1956. Antonio Piñeiro tamén se detén no contacto cos movementos de resistencia á ditadura franquista e salazarista, que desembocarían no Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, responsábel do secuestro do buque Santa María en 1961, co que querían atraer a atención do mundo sobre o problema político e social que vivían España e Portugal. Descríbese pormenorizadamente o desenvolvemento desta acción, na que Xosé Velo é o ideólogo, até o exilio no Brasil, asunto central do último bloque, "O segundo exilio: Brasil", onde se detén no seu "Reencontro coa literatura" en 1961 e 1970, nos que escribe de novo poesía, rexenta a libraría Nós en São Paulo e leva a cabo un prolífico labor editorial. Finalmente, repásase brevemente o último ano de vida, no que a causa dun cancro de pulmón finou en xanerio de 1972. Péchase o volume cunha cronoloxía sobre a vida do autor.

Recensións:

- Lucía Seoane, "Vocación universal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Libros", 5 xuño 2008, p. IV.

Faise eco da colección "Galegos na Historia" da editorial Ir Indo. Dise que Antonio Piñeiro presentou nela o volume titulado *Xosé Velo Mosquera, poeta e soñador, político e pensador, revolucionario*. Coméntase que Piñeiro fai un percorrido pola historia deste

autor e pola súa traxectoria vital dende que nace en Celanova até o seu pasamento o 31 de xaneiro de 1972 na cidade brasileira de São Paulo.

Queizán, María Xosé, *Anti natura*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ensaio, n.º 19, 2008, 133 pp. (ISBN: 978-84-9782-889-5).

María Xosé Queizán (Vigo, 1939) leva a cabo unha análise dos abusos que aínda seguen a padecer as mulleres na actualidade, a pesar dos avances feministas vividos dende o século XVIII, momento no que nace o feminismo, ao abeiro da luz da razón prendida pola Ilustración. No limiar, que leva por título "A igualdade inviable no patriarcado", a autora manifesta querer sinalar aqueles aspectos propios da sociedade patriarcal que seguen vixentes, entendido o patriarcado coma unha "toma de poder histórica dos homes sobre as mulleres na que o axente ocasional é de orde biolóxica, se ben elevado este a categoría política e económica", definición tomada do *Diccionario ideológico feminista*, de Victoria Sau. A partir de aí, o ensaio estrutúrase en trece capítulos máis unha conclusión. Os tres primeiros, "Privado e público", "Os seus labores" e "A razón e o privado na Ilustración", explican o feito de que as mulleres estivesen recluídas historicamente no ámbito privado como unha necesidade dos homes de que estas se dedicasen ao coidado do fogar para así quedaren eles libres destas tarefas e completamente dispoñíbeis para a esfera pública, onde se desenvolve a razón. Mentres, o privado é o espazo propio do irracional, onde toda violencia e abuso son válidos con tal de que fiquen pechados dentro dos lindes desa privacidade. Nos cinco seguintes, titulados "Animal doméstico por natureza", "Concepto científico da natureza", "Do naturalismo aristotélico ao pene freudiano", "Repercusións do naturalismo na apropiación das mulleres" e "Esencias e diferenzas", analízase o argumento que tradicionalmente veu xustificando a situación descrita con anterioridade, segundo o cal a muller é propicia para o ámbito privado por natureza. Os apartados "Sexo e reprodución", "Prostitución" e "O coito" tratan as condutas sexuais que rexen na actualidade, que, segundo a autora, constitúen o aspecto da sociedade patriarcal que se mantén con maior vixencia. Nos dous últimos capítulos, chamados "Unhas leis paradigmáticas" e "A segunda creación", explícase como a cultura, a través da lexislación e a ciencia, axuda á liberación da muller, sobre todo en materia de reprodución e sexualidade, onde se fai máis necesaria. De feito, á marxe da cuestión feminista, todo o libro invita a unha reflexión sobre a dicotomía entre natureza e cultura, sobre se as persoas deben ou non entregarse á cultura que as vaia humanizando e, polo tanto, afastando da súa natureza animal. Así, a autora expón na "Conclusión" que, para acabar de superar o sistema patriarcal, cómpre un feminismo próximo á ciencia, que permita "gozar da natureza sen ser natureza". A obra bebe de numerosas autoras que trataron a causa feminista, coma Amelia Valcárcel (*Sexo y filosofía. Sobre mujer y poder*, *La política de las mujeres*), Hannah Arendt (*La condición humana*, *Sobre la Revolución*), Carole Pateman (*El contrato sexual*), Geneviève Fraisse (*Musa de la Razón*), Luisa Posada Kubissa (*Sexo y esencia*), Kate Millet (*Política sexual*), Colette Guillomin (*Sexe, Race et Pratique du pouvoir*), Simone de Beauvoir (*O segundo sexo*) ou mesmo Rosalía de Castro (*Las Literatas*), ademais de anteriores traballos da propia Queizán.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Tras describir brevemente as novidades en narrativa, tanto de adultos como infantil e xuvenil, e de presentar varios poemarios, saliéntase no ensaio o xénero feminino. Sinálanse así esta obra de María Xosé Queizán, *Anti natura*, e a escrita por Teresa Moure sobre temas medioambientais, *O natural é político*. Tamén se comenta que María Lopo analiza a relación epistolar de María Casares co seu pai e que África López Souto presenta o libro de Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*.

Reigosa, Carlos G., *A Galicia máxica de Gabriel García Márquez*, ed. bilingüe galego-castelán, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 4, 2008, 82 pp. (DL: C 4423-2008) ◆

Trátase dun volume monográfico de Carlos G. Reigosa (Pastoriza, Lugo, 1948) sobre o escritor e xornalista latinoamericano Gabriel García Márquez. É un libro bilingüe en galego e castelán e inclúe múltiples fotografías do escritor. En primeiro lugar, ofrécesenos un prólogo institucional de Fernando Salgado que se chama "¿Gallegos? ¡Gallegos todos!". Nel faise referencia á celebración na Habana do centenario do himno galego composto por Eduardo Pondal á que acudiu García Márquez. Ademais, fálasenos de Tranquilina Iguarán, a suposta avoa galega do escritor e explícase que existe moito enigma en relación á súa verdadeira orixe xa que o escritor nunca asegurou rotundamente que a súa familia tivera procedencia de Galicia. A seguir, no artigo "Viendo llover en Galicia" (pp. 12-15), trascríbese o artigo publicado o 11 de maio do 1983 en *El País* por Gabriel García Márquez. Nel refírese á comida galega e recorda as supostas raíces galegas da súa avoa. Por outra parte louva a choiva galega e di non entender a razón pola cal os galegos a queren escusar. Os seguintes artigos da autoría de Carlos G. Reigosa tratan diversos aspectos da relación de García Márquez con Galicia. En "A avoa galega de García Márquez/La abuela gallega de García Márquez" (pp. 18-27), Reigosa recorda o momento no que por primeira vez soubo das raíces galegas de García Márquez no ano 1968 e tamén o día no que conseguiu falar por primeira vez co escritor, no ano 1975 na redacción da Axencia Efe en Madrid. A partir deses momentos comezou a investigar e soubo que García Márquez consideraba que tiña orixes galegas porque tiña a maneira de contar as cousas propia dos galegos. Ademais atribuía á súa avoa Tranquilina calidades que el consideraba galegas como a superstición, a capacidade de explicar mitos e lendas e empregar a súa imaxinación, e chegouna a comparar coa forma de contar de Frank Kafka. De feito, descubriu que o escritor escribiu *Cien Años de Soledad* baseándose nese método de contar. No artigo, "A viaxe a Galicia/El viaje a Galicia" (pp. 29-39) explícase o cambio de rumbo da vida do escritor a partir da publicación do libro antes citado, situación que se descontrolou así que recibiu o Premio Nobel. Por iso, explícase que decidiu agasallarse a si mesmo cunha viaxe a Santiago de Compostela. Alí, quedou trastornado ao ver que as flores nacían das pedras. Tamén se fala do artigo que escribiu o escritor sobre ese día que posteriormente se publicou en *El País*, citado anteriormente. En "Un día con García Márquez/Un día con García Márquez" (pp. 40-45) describe o seu primeiro encontro con García Márquez no ano 1991. Di do escritor que non é un intelectual común xa que non admite réplica. Ademais explícanse as anécdotas ás que Márquez fixo referencia naquela xornada, relacionadas moitas delas con Fidel Castro. No seguinte traballo, titulado "Reencontro en Los Ángeles/Reecuentro en Los Ángeles" (pp. 46-50), fai referencia ao momento no

que se decidiu a preguntarlle polos seus antepasados galegos porque sospeitaba que Márquez tiña incertezas sobre isto. Finalmente en "A biografía e as memorias/La biografía e las memorias" (pp. 51-61) explica que cando soubo que García Márquez ía publicar as súas memorias se podería descubrir dunha vez por todas o misterio que rodeaba ás súas orixes galegas e descubrir se Tranquilina era galega ou non. Porén, a súa decepción é que o escritor non fixo nin unha soa referencia a todo isto, quizais porque non o podía demostrar. O volume péchase con tres epílogos: "Epílogo I. Francisco Porrúa, o galego do milagre/ Epílogo I. Francisco Porrúa, el gallego del milagro" (pp. 62-69) no que se explica que Francisco Porrúa foi o editor de Cien *Años de Soledad*, quen explica cómo soubo da existencia de García Márquez e que decidiu publicarlle ese libro porque era "unha obra mestra"; en "Epílogo II. Gabriel García Márquez e Álvaro Cunqueiro/Epílogo II. Gabriel García Márquez y Álvaro Cunqueiro" (pp. 70-74) faise referencia ao momento no que se coñeceron estes dous escritores en Barcelona. Dise que realmente Cunqueiro foi un dos creadores do realismo máxico, pero non conseguiu ter tanto éxito coma os europeos; e en "Epílogo III. O xeito de contar/O modo de contar" (pp. 75-82) coméntase que *Cien años de soledad* se converteu no emblema do realismo máxico. Dise que o máis importante dese libro é o xeito de contar. Tamén importou na súa obra a construción narrativa con múltiples influencias de John dos Passos ou Ernest Hemingway. Remátase comentando que a característica máis importante dos seus libros é a nostalxia.

Rivas, Manuel, *Os Grouchos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, xuño 2008, 295 pp. (ISBN: 978-84-9782-850-5).

Sexto libro que recolle a obra xornalística de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) para *El País*, concretamente na sección "Luces" da edición galega, co título d´*Os Grouchos* facendo alusión á etimoloxía da palabra en galego (groucho é outra verba para grolo ou trago). Cada artigo é un "groucho" que forma parte dunha escolma á que se lle engadiron algúns orixinais. A temática é variada, como corresponde a unha columna semanal sen tema fixo: emigración, política galega, a loita obreira ou literatura galega, entre outros. Os artigos non están ordenados pola temática e tampouco pola data de publicación no xornal. É de resaltar as diferentes extensións dos textos, así como a amplitude de temas nun mesmo artigo. Destaca a subsección "Migas e faragullas" nalgúns artigos (caso de "Camarada, isto non é un libro" ou "Cando se fodeu Galicia? ") que veñen sendo uns parágrafos dedicados a un tema alleo ao corpo principal do artigo.

Recensións:

- Vicente Araguas, "A vida a grouchos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 497, "Libros", 7 setembro 2008, p. 14.

Comeza aclarando que non existe semellanza con Groucho Marx, como apunta Manuel Rivas no prólogo, senón que se trata dunha compilación de artigos imprevisíbeis, ateigados de humor e orientados ao turismo rural galego que xa foran publicados previamente no xornal *El País* baixo o heterónimo Manuel O'Rivas. Loa a escrita do autor de Elviña porque non é previsíbel e define o volume como "especie de 'vademécum' para que os viaxeiros do futuro por Galicia saiban que cousas se

gobernaban estes días nos fornos de patria" galega, vista como "irredenta", e mesmo precisa que constitúe un "manual para navegantes".

- Dorinda Castro Soliño, "Nada alleo. Indo de Grouchos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. IV.

Presentación do libro de Manuel O'Rivas (heterónimo do coñecido Manuel Rivas), *Os Grouchos*, publicado pola editorial Xerais en 2008 e que recolle os seus artigos de opinión xa publicados con anterioridade no xornal *El País*. Saliéntase o ataque sen ira, rivense, contra a autodestrución da nosa cultura galega en favor doutras alleas; contra a devastación da paisaxe con feitos como por exemplo o salto do Xallas ou as obras do Gaiás; contra o conservadorismo, as inxustizas e a falta de recoñecemento dos individuos que o merecen.

Referencias varias:

- maré, "Volve 'Manolo Rivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xuño 2007, p. 32.

Faise eco da aparición da nova obra de Manolo Rivas, *Os Grouchos*, detallando que se trata dunha compilación de artigos da súa célebre sección na prensa nacional. Cualifícase como una obra de denuncia do silencio, así como unha ollada cara o futuro do saber.

- Carmen Villar, "Manuel O'Rivas: 'A liberdade neste momento forma parte do medio ambiente', *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 24 xuño 2008, p. 46.

Dá conta da publicación do último libro de Manuel Rivas, *Os Grouchos*, que recolle moitos dos seus artigos de crítica e opinión a través dos que, asegura o autor, hai que loitar contra o "que non se pode ver e o que non se pode dicir".

- M. Manteiga, "Manuel Rivas eligió Santa Comba para presentar sus relatos cortos 'Os Grouchos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Acto", 24 xuño 2008, p. 34.

Faise eco da presentación da nova obra de Manolo Rivas, *Os Grouchos*. Dise que o lugar escollido para dito evento foi a vila de Santa Comba, onde o escritor afirmou que o título da obra evoca "por un lado a Groucho Marx, tan surrealista e galego, como tamén á verba grolo". Coméntase que o volume é unha compilación de artigos de opinión e crítica publicados polo propio autor no xornal *El País*.

- Jaureguizar, "Rivas presenta 'Os grouchos' e compara o xornalismo coa 'escoita de barcos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 xuño 2008, p. 68.

Informa da presentación do libro de Manuel Rivas especificando que o volume é unha compilación de artigos culturais publicados nos últimos anos na prensa española.

- Xosé Manuel Pereiro, "Rivas busca sentido al ruido", *El País*, "*Galicia*", 24 xuño 2008, p. 7.

Alude á publicación da última obra de Manuel Rivas, *Os Grouchos*. Dise que o libro é unha compilación de artigos de opinión escritos polo propio Rivas no suplemento

"Luces", dentro da edición galega de *El País*.

- M. Dopico, "Loitar contra o 'esquecemento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Pensamento", 24 xuño 2008, p. 37.

Faise eco da presentación do libro *Os Grouchos*, do escritor e xornalista Manolo Rivas. Explícase que o volume está conformado por unha serie de artigos de opinión, moitos deles publicados no xornal *El País*, a través dos que Rivas tenta buscar vías de expresión para aquilo que permanece agochado.

- Lecer, "Manolo Rivas, a palabra", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 715, "O personaxe", 29 xuño 2008, contracuberta.

Analízase a figura do escritor Manuel Rivas con motivo da publicación do seu novo libro, *Os Grouchos*, unha compilación a xeito de ensaio dos seus artigos xornalísticos. Tras un breve apuntamento biográfico, descríbese a súa traxectoria literaria en canto á súa escritura de creación e xornalística, citando as súas obras e os premios recibidos.

- Jaureguizar, "Polémicas literarias con mamá", *El Progreso*, "Vivir", "Ollo mol", 30 xuño 2008, p. 79.

Dá conta da presentación do libro *Os Grouchos*, de Manuel Rivas, enfatizando o tema da polémica e como a xente non está acostumada a facerlle fronte.

- Mar Mato, "Para min, é un milagre que veñan cun libro meu na man", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", "Feria do Libro de Vigo", 1 xullo 2008, p. 48.

Entrevista a Manuel Rivas co gallo da presentación da obra *Os Grouchos* na que compila artigos de opinión e historias de taberna.

- Alberte Mera, "La feria del libro llega a su clausura con intenciones de reformularse", *Atlántico Diario,* "Vigo", 7 xullo 2008, p. 12.

Infórmase do desenvolvemento da Feira do Libro de Vigo no mes de xullo e da proposta dos participantes nela de que se inclúan novas actividades relacionadas con outras expresións culturais (cine ou música) para aumentar o número de visitantes nas próximas edicións. Por último lémbrase que os exemplares máis demandados en lingua galega foron *Os grouchos* de Manuel Rivas e *Os Bolechas* para o público infantil.

- César Lorenzo, "Nestes artigos fuxín da brevidade dos aforismos do blog", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Cultura", 10-16 xullo 2008, p. 31.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da publicación do seu libro *Os Grouchos*, editado por Xerais, que consiste nunha compilación dos seus artigos publicados no suplemento da edición galega d'*El País*, "Luzes", dende o ano 2006. Menciónase a polémica con Xosé Luís Franco Grande, a publicación do Manifesto pola Lingua Común e trátase a cuestión da diferenza entre o xornalismo e a literatura, centrada na experiencia e na linguaxe segundo Rivas.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Xornalismo literario aquí e agora", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 29 xullo 2008, p. 3.

Preséntanse os libros *Os Grouchos*, de Manuel Rivas e *Outra Galiza*, de Suso de Toro, publicados por Edicións Xerais. Ambos recollen artigos publicados en diversos xornais entre os anos 2003 e 2008. Partindo da mestura que estes dous novelistas realizan entre a poesía e o xornalismo literario, menciónanse as características principais deste último xénero segundo Tom Wolfe e ofrécense as definicións que del fixeron Octavio Paz e Alejo Carpentier.

- Marta García Márquez, "As letras invaden Méndez Núñez na maior Feira do Libro de Galicia", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Literatura", 2 agosto 2008, p. 12.

Trátase a trixésimo sétima Feira do Libro na rúa coruñesa de Méndez Núñez coa presenza do escritor e profesor Luciano Rodríguez como pregoeiro. A feira ofreceu as últimas novidades editoriais (*El asombroso viaje de Pomponio Flato*, de Eduardo Mendoza; *Os Grouchos*, de Manuel Rivas) e contou asemade coa asistencia do concelleiro de Festas, Carlos González-Garcés, quen gabou o importante labor dos escritores, así como do presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Xurxo Patiño, que citou algúns best sellers e louvou a feira en canto ao seu rol como promotora da cultura literaria por medio do libro. Baixo o epígrafe "Opinións", recóllense os comentarios de representantes editoriais con postos na feira, como Begoña Couceiro, de Couceiro, Cecilia Martínez, de Nós, Suso Carballido, de Carballido, Ricardo Rodríguez, de Kalandraka, Verónica Sixto, de Queixumes, Xaime, Pío e Andrés, de Komic, e Enrique Molist, de Molist.

- Iria Lago, "Aventuras y experiencias de un libro bajo el brazo", *Diario de Pontevedra,* "*Revista!*", n.º 424, "Mil primaveras máis", 3 agosto 2008, p. 6.

Fálase sobre a lectura como hábito, sobre todo no verán, e danse diversas recomendacións acerca de autores e obras a partir das palabras de varios libreiros. Dise que dentro da literatura galega o máis lido é a tradución *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne, así como os últimos títulos *Os Grouchos*, de Manuel Rivas, e *A outra Galiza*, de Suso de Toro. Tamén se recollen os datos de distintas enquisas sobre o hábito lector en España e infórmase de que a Xunta pon en marcha a campaña "Máis libros, máis libres" para fomentar a lectura.

-M. G. M./I. L., "¿Puede un paseo literario por el Cantón ayudar a esquivar la crisis?", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", "Feria del libro", 3 agosto 2008, p. 14.

Trátase a Feira do libro na zona dos Cantóns, n'A Coruña, que contou con Luciano Rodríguez como pregoeiro e coa asistencia de Cecilia Martínez, da librería Nós e Enrique Molist, da librería Molist, como parte dos cincuenta e dous postos da Feira. No apartado titulado "Los autores más mediáticos, los primeros en llenar Méndez Núñez", saliéntanse as presentacións dos libros de *Os Grouchos*, de Manuel Rivas, publicado por Xerais en 2008 e *Profundidade de campo*, de Yolanda Castaño, publicado en 2007. Rivas falou sobre "O contentamento descontento", unha sátira sobre a situación política autonómica mentres que Castaño comentou posíbeis melloras da Feira a partir do emprego de novas tecnoloxías ou a realización de obradoiros que favorecesen o contacto entre os escritores e o público lector.

- Rosa Aneiros, “Ler a dor”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Nove Ondas”, 13 agosto 2008, p. 4.

Tras recomendar novelas como *Festina Lente*, de Marcos S. Calveiro; e *Da beleza*, de Zadie Smith, entre outras; saliéntase a monografía *Os grouchos*, de Manuel Rivas.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 258, “Libros”, 11 setembro 2008, p. VII.

Refírese ás obras de Manuel Rivas, *Os Grouchos*, entre outras recomendacións de libros publicados en 2008.

- Patricia Santos, “Manolo Rivas, a palabra”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 715, “O personaxe”, 29 setembro 2008, p. 24.

Faise eco da publicación da última obra do escritor Manolo Rivas, unha compilación dos seus artigos de opinión. Afírmase que Manolo Rivas, nado no barrio coruñés de Montealto o 26 de outubro de 1957 e residente en Vimianzo, é, xunto con Suso de Toro, a cabeza visíbel dunha xeración de narradores galegos con amplo eco de crítica e público en toda España. Saliéntase neste xornalista, ensaísta e escritor, o seu amor pola terra, á que se sente intimamente vinculado non só polas súas obras, senón tamén pola súa participación activa na creación da plataforma “Nunca Máis” con motivo da desfeita do Prestige.

Rivas, Manuel, *A corpo aberto. Unha ollada ‘indie’ do local universal*, limiar do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, novembro 2008, 350 pp. (ISBN: 978-84-9782-929-8).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) presenta esta compilación de artigos xornalísticos a xeito de dicionario co que afondar dun xeito crítico unha España que considera en “Estado de Apocalipse Permanente”, tal é como se nomea no texto, mediante a creación dun mundo imaxinario situado en terras españolas aló polo conservador ano 2004. É a política o tema central desta obra, que repasa os acontecementos internos e humanos que cambiaron os tempos. O libro está divido en catro partes que, á súa vez, contan con distintos subapartados: “Unha ollada indie á España do Último Día”, “A amnesia retrógrada”, “A revolución do mar” e “Re-existencias”. Ábrese cun limiar intitulado “Un xornalismo ‘indie’: Ler e desler” do propio autor, no que adianta os contidos do volume e remata cun índice para unha mellor compresión dos apartados nos que se divide a obra. Os textos están escritos en terceira persoa e comezan cunha frase, un nome, un substantivo, que funcionan como título ou resumo metafórico do que se vai tratar. Unha longa lista de nomes públicos de España (dende coñecidos presentadores como Iker Jiménez a políticos como Alberto Ruíz-Gallardón ou xogadores como Zidane) aparece citada neste volume. A última parte “Re-existencias” acolle vinte e catro relatos narrativos sobre temas relacionados co medio ambiente e remata deixando unha pregunta no aire: hai vida antes da morte? Con ela preténdese pechar unha historia sobre a vida, sobre os cambios naturais e políticos. O libro tamén está ilustrado con fotografías, facendo unha revisión dos cambios experimentados no mundo da edición. O

escritor finaliza agradecendo aos compañeiros e amigos que axudaron na creación deste traballo.

Recensións:

- Xiana Arias, "Na misa e repicando", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "ProTagonista", inverno 08-09 , p. 18.

Dise que *A corpo aberto* é unha nova recompilación de textos publicados en diferentes medios de comunicación por Manuel Rivas. Tras unha breve introdución sobre a participación do autor no xénero periodístico, atopamos a explicación da estrutura da obra que está dividida en catro partes. Salienta que a terceira parte trata do fenómeno "Nunca Máis". Chégase a conclusión de que a obra é un fragmento da autobiografía do pensamento do autor e remátase afirmando que debería ser recomendada a súa lectura na asignatura "Educación para a Cidadanía".

Referencias varias:

- Xosé Manuel Pereiro, "Me daría mucho miedo escribir un 'best-seller", *El País*, "Galicia", 15 outubro 2008, p. 7.

Entrevista ao escritor Manuel Rivas con motivo da publicación da súa novela *Os libros arden mal*, traducida ao francés como *L'éclat dans l'abyme* (*El resplandor en el abismo. Memorias de un auto de fe*, tradución de Serge Mestre) e unha das finalistas do premio Médicis á mellor obra en lingua estranxeira. Saliéntanse as reaccións francesa e galega perante esta novela e a súa acollida polo público lector nos dous países. Tras describir de xeito conciso o seu argumento, coméntanse os proxectos actuais do escritor, como por exemplo a redacción dun volume de poesía ou a dunha novela humorística. Menciónase finalmente a vindeira publicación de *A corpo aberto (unha ollada indie)* ao respecto da súa escritura que combina xornalismo e literatura nun intento de adoptar unha ollada libre e axuizada fronte a actualidade.

- S. Jaureguizar, "Manuel Rivas mira cara o 'aznarismo' en 'A corpo aberto", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 novembro 2008, p. 69.

Dáse conta do novo libro de Manuel Rivas, *A corpo aberto*, unha compilación de traballos xornalísticos publicada en Xerais. Estruturado en tres partes, a primeira fai referencia ao 'aznarismo', especialmente á expresión de 'España se rompe'. A segunda fala da memoria histórica e a terceira, intitulada "A revolución do mar", refire tres loitas medioambientais. A xeito de conclusión, o libro recolle trinta relatos sobre temas relacionados co medio ambiente xa publicados con anterioridade na revista *Integral*. O editor, Manuel Bragado, comentou o status de continuidade deste libro ao respecto do anterior, *Os Grouchos*, en canto ao xornalismo literario presente en ambos.

- Marta García Márquez, "Das letras e disparos que atinan en galego", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 6 decembro 2008, p. 14.

Trátanse algunhas das actividades máis importantes levadas a cabo na feira "Cultur.gal" n'A Coruña. En primeiro lugar, a presentación do libro *A corpo aberto*, de Manuel

Rivas, co conseguinte comentario das ideas principais; en segundo lugar a presentación do disco "A Coruña son 08", pola conselleira de Cultura María Xosé Bravo. Xa por último a presentación do videoxogo "E. L. E." pola produtora Continental, co obxectivo de distribuílo a través dos xornais e na Internet, seguindo a proposta de Impulso T.V., parte da antedita produtora. Inclúese asemade a axenda da feira con tres eventos recomendados: o concerto gratuíto en "Music.gal", os obradoiros dirixidos aos máis cativos e a presentación das novidades literarias *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A serea do mundo* e *Branco país sen neve*, de Encarna Otero; *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez e *Construcións* de Eduardo Estévez.

- Paloma Calvo, "Hai moito 'fax-ismo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Coruña", 6 decembro 2008, p. 29.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da presentación do seu novo libro *A corpo aberto*, parte do programa da Feira Galega das Industrias Culturais Cultur.gal 2008 celebrado no Palexco de A Coruña. Destácase o xornalismo 'indie', co significado de librepensamento, como idea principal do libro así como o don da escoita como máximo expoñente da figura do xornalista. Baixo o epígrafe de "Tipoloxía. Épocas de tresillo e de fronteira" menciónase a clasificación dos escritores norteamericanos do século XIX segundo o seu posicionamento de conformidade ou innovación.

- Henrique Alvarellos, "Crónica da semana invisible", *Galicia Hoxe*, "A contra", 9 decembro 2008, contracuberta.

Coméntanse unha serie de libros na semana do "xornalismo literario". Baixo o epígrafe de "Auga destilada" recoméndase a lectura de *Música para camaleones*, de Truman Capote, quen, xunto con Tom Wolfe e outros xornalistas americanos, deron orixe ao chamado "novo xornalismo" nos anos 60. No seguinte apartado, "Contra o fax-ismo", preséntase a obra *A corpo aberto*, de Manuel Rivas, publicada por Xerais. Dise que esta presentación forma parte das actividades da feira Cultur.gal e que a súa obra compila diversos traballos xornalísticos de produción propia e que Rivas defende o xornalismo "indie", que, segundo as palabras do escritor, é un xornalismo "independente, libre, irónico, crítico e de fábrica literaria". O derradeiro libro que se recomenda, no apartado "Lecturas de chuvia", é *Vivir para contarla*, de Gabriel García Márquez, que ofrece claros exemplos da chamada "literatura do real".

- Xosé Ramón López Boullón, "Cultur.gal", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 10 decembro 2008, p. 5.

Dáse conta da feira Cultur.gal e das actividades que abrangue, como os proxectos de literatura infantil, as novidades editoriais do eido literario galego e as presentacións de libros, entre os que cómpre salientar *A corpo aberto*, de Manuel Rivas, entre outras obras. Destácase o obxectivo da feira de favorecer a cooperación entre as empresas culturais e as de novas tecnoloxías.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, 18 decembro 2008, p. VII.

Pequena escolma de novidades literarias, entre as que se sitúan nesta ocasión *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery; *A corpo aberto*, de Manuel Rivas; e *Sardinia Blues*, de Flavio Soriga.

- Ana Salgado, "Unha gran parte do xornalismo actúa como máquina de ocultación", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proTagonista", inverno 08-09, pp. 16-19.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da publicación en 2008 d'*Os Grouchos* e *A Corpo Aberto*, libros que compilan a escrita xornalística última do autor d'*Os libros arden mal.* Nas diferentes cuestións que se lle propoñen ao autor este ofrece a súa opinión sobre as súas novas obras. Fala sobre *A Corpo Aberto* que incorpora diferentes xéneros, como textos de actualidade e unha novela breve; das mudanzas no contacto cos lectores no soporte de xornal ou de libro; do estilo da narración que debe buscar a precisión, da interrelación entre xornalismo e ficción coa presenza da memoria. Tamén informa do seu labor como xornalista, do espazo minorizado que ten a cultura galega nos medios e que precisa de responsabilidade institucional e de autocrítica para superar a súa invisibilidade, ademais da conxunción de distintos eidos creativos e espírito de vangarda. Comenta a institucionalización das políticas da memoria. Cuestiona que *Os libros arden mal* sexa unha novela histórica e comenta que os seus personaxes rememoran empregando o uso da ironía. Fala da próxima publicación do poemario "Herbas de cego", reconvertido en *A desaparición da neve*. Finalmente alude ao concepto de "sistema literario", opina sobre a calidade da literatura galega e fala das súas lecturas actuais, como son Faulkner e Sylvia Plath, un libro de Álvaro Cunqueiro, Sófocles, Eurípides e *A árbore seca*, de David Souto e *Amor, amén*, de Iolanda Zúñiga e das súas preferencias musicais.

Rodríguez, Luciano e Xosé M. **Fernández Castro** (eds.), *V Encontro de Escritores Galegos*, A Coruña: Deputación da Coruña, col. Cadernos de Mariñán, n.º 3, 2008, 191 pp. (ISBN obra completa: 978-84-9812-035-6, ISBN n.º 5: 978-84-9812-092-9).

Volume que recolle a conferencia inaugural, as diversas comunicacións, unha selección bilingüe de textos alemáns, franceses, ingleses e italianos e dous estudios críticos que compoñen o V Encontro de Escritores Galegos con sede no Pazo coruñés de Mariñán do trinta de novembro ao dous de decembro de 2007, e que tivo como tema "Os ámbitos da tradución". Os diversos apartados da publicación van introducidos por unha achega de Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación da Coruña, na que anuncia o Encontro e a súa temática, ademais dunha introdución na que se dá conta do programa do encontro e dos seus asistentes. Dá comezo Valentín Arias López coa conferencia inaugural, co título "Confeso que traducín", na que fala da súa experiencia como traductor e importancia da tradución, deixando constancia de suposicións erróneas asumidas en canto ao tema tratado; dá conta asemade da existencia de obras de autores estranxeiros pasados ao galego e da súa importancia na conformación do sistema literario da lingua de chegada. A continuación, preséntanse as diferentes comunicacións, sendo a primeira delas a de Darío Xohán Cabana co título "Un traductor practicante", onde se deixa constancia da dificultade de tradución do xénero poético, así como da ausencia de apoio institucional e económico ao eido traductolóxico en xeral. Séguelle "A tradución teatral en Galicia", por Miguel Pérez Romero, onde se fai un percorrido polos textos teatrais traducidos ao galego, anunciando que na súa maioría son textos representados pero non publicados; despois de dita achega realiza unha crítica das

adaptacións, termo que considera se relaciona coa tradución en detrimento desta última por mor dos cambios operados no fenómeno das versións. Manuel Bragado Rodríguez fala tamén dos seus inicios e da súa experiencia como traductor, neste caso do xénero narrativo en "Ámbitos da tradución de narrativa en lingua galega", no que ademais se ponderan as publicacións en lingua galega e as traducións verquidas ao galego, para rematar aludindo á importancia para o sistema literario propio tanto de traducións ao galego como de traducións do galego a outras linguas. A última comunicación vén da man de Henrique Harguindey Banet, "Traducteur, Hélas! (Xoguete en tres movementos)", na que se dá conta das dificultades editoriais á hora de realizar e publicar traducións, acúsase a falta de crítica ao fenómeno traductolóxico e coméntanse as dificultades do proceso de tradución. A continuación, na sección "Caderno de Traducións", achéganse sete textos en versión bilingüe cuxas traducións veñen de ser realizadas por Gonzalo Navaza, Eme Cartea, Luís G. Soto, Xulio L. Valcárcel, Suso Pensado, Antonio R. De Toro Santos e Tareixa Roca. Para finalizar, preséntanse dous traballos na sección "Caderno de Crítica"; o primeiro deles , "Cancións de muller na lírica occitana", por María Xosé Queizán, deixa constancia da nula produción feminina de lírica galega medieval en comparación coa occitana, con respecto ao cal se expoñen as causas sociais e ideolóxicas de dito fenómeno; coméntanse asemade as diferencias formais deste tipo de produción con respecto á de autoría masculina, e comparase coas "cantigas de amigo" galegas, postas en boca dunha muller, aínda que realizadas por un home. Como último traballo preséntase "Tradución ó galego de obras científicas", por Xulián Maure, no que se comenta a necesidade de traducir obras non literarias ao galego, como obras técnicas ou de tipo histórico, para contribuír a enriquecer o corpus do sistema cultural galego e dar auxe ao ámbito traductolóxico.

Rodríguez Fer, Claudio, *Borges dende o labirinto galego*, ed. bilingüe galego-castelán, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 1, 2008, 77 pp. (DL: C 1777-2008) ◆

Volume no que se recolle unha conferencia pronunciada na Universidade de Vigo por Claudio Rodríguez Fer con motivo do centenario do nacemento de Jorge Luís Borges e un estudo sobre o escepticismo e a fantasía na obra do autor bonaerense. Nestes traballos percórrese a traxectoria literaria de Borges e detállase a súa relación con intelectuais galegos como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste e Luís Seoane, así como anos máis tarde con José Ángel Valente. Tamén se estudan as críticas que Borges fixo de obras de autores galegos, como Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Rosalía de Castro, da que consideraba que alcanzara maior calidade na produción en lingua galega ca na castelá, lingua esta á que denominaba "dialecto académico"; así como das figuras de Emilia Pardo Bazán ou de Concepción Arenal. Detense na presenza do autor en Galicia, durante a súa visita en 1964 a Santiago de Compostela, na compaña da escritora de orixe galega María Esther Vázquez, onde entraron en contacto con Ramón Piñeiro, figura intelectual á que valoraron moito.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Claudio Rodríguez Fer presentará en Buenos Aires con María Kodama un libro sobre Borges", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2008, p. 48.

Dá conta da presentación en Bos Aires da obra *Borges dende o labirinto galego*, de Claudio Rodríguez Fer, editada nunha edición biligüe (en galego e castelán) e que sae á luz o propio Día das Letras Galegas. Explícase que Rodríguez Fer xa publicou outra obra sobre Borges en 1978 e neste ano un libro de poemas titulado *Viaxe a ti* (tamén en edición bilingüe, mais neste caso en galego e francés).

- X. F., "Tres Alfaias Arxentinas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en Galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Dá conta da publicación pola Xunta de Galicia de tres volumes dedicados a figuras da literatura como son Julio Cortázar, Ernesto Sábato e Jorge Luis Borges. Resultado disto é a publicación d'*Un (re)encontro con Galiza* (2006), de Julio Cortázar; *Palabras para Galicia*, de Ernesto Sábato e *Borges dende o labirinto galego*, de Claudio Rodríguez Fer.

Sábato, Ernesto, *Palabras para Galicia*, ed. bilingüe galego-castelán, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 2, 2008, 97 pp. (DL: C 1797-2008) ◆

Este libro quere servir de homenaxe ao escritor arxentino Ernesto Sábato (Rojas, Bos Aires, 1911) para conmemorar o seu noventa e sete aniversario. O volume ábrese cun prólogo institucional intitulado "Un domingo no Tortoni /Un domingo en el Tortoni", no que se lembra a súa última aparición pública, en marzo de 2006, na presentación da biografía do poeta Xoaquín Lorenzo Varela, da que é autor Fernando Salgado, no café Tortoni de Bos Aires, onde sempre se xuntaron galegos e arxentinos para falar de libros, e a súa visita a Galicia en 2002. Ao final do libro recóllese unha bibliografía de Ernesto Sábato. A seguir, acóllense os seguintes traballos relacionados con Galicia:

- Ernesto Sábato, "Palabras para Galicia", pp. 11-23.

Neste texto inédito, escrito en abril de 2002, en vésperas da súa última viaxe a Galicia, recoñece a admiración que sempre sentiu polo pobo galego, o cal soubo conservar a súa tradición e cultura. Di que a primeira vez que veu a Galiza e viu a inmensidade do mar e a terra fértil comprendeu a morriña que sentían os inmigrantes galegos cando chegaron á deserta e inhóspita pampa arxentina. Conta que estes para manter a súa cultura tocaban a gaita e cantaban cancións que facían referencia á nostalxia da súa infancia e da súa terra e que recollían o testemuño da emigración ás segas de Castela no século XVIII e da emigración a América no XIX, sobre todo a Cuba, Arxentina e Brasil. Despois fai un repaso da lingua galega dende a súa orixe, cando chegan os celtas no século VI a. C., até que segundo el está vivindo unha época de desprezo fronte a modelos máis globais coa desculpa dunha maior comunicación.

- Luís González Tosar, "Crónica dunha viaxe literaria/Crónica de un viaje literario: Sábato en Galicia", pp. 24-35.

Lembra a última viaxe de Ernesto Sábato a Galicia para recoller o Premio Rosalía de Castro, concedido polo PEN Clube, do que é presidente. Conta que chegou a Madrid, onde foi recibido por César Antonio Molina, daquela Director do Círculo de Belas Artes, que despois deu conferencias en Asturias e Valladolid até que chegou a

Compostela, cidade da que quedou fascinado. Alí comenta que recolleu o premio anteriormente mencionado nun acto no que participaron Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero e o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela naquel momento, Darío Villanueva. Conta que ao día seguinte fixo unha viaxe por Padrón, como homenaxe a Rosalía de Castro, Arousa, O Grove, A Toxa, etc. e que despois deu unha conferencia nun acto no que o Reitor da USC lle impuxo a Insignia de Ouro da *Alma Mater* compostelá.

- Ernesto Sábato, "Unha poeta de resonancia universal/Una poeta de resonancia universal", pp. 36-43.

Recolle as palabras de Ernesto Sábato no acto de entrega do Premio Rosalía de Castro. Agradece o premio e di que se sente moi honrado porque vén dun pobo ao que está moi vinculado e porque leva o nome da poeta que ennobreceu a lingua galega. Para rematar, recita uns versos de Rosalía onde se fala do sentimento de morriña e nostalxia dos inmigrantes galegos por estar afastados da súa terra.

- Víctor F. Freixanes, "Dúas tardes en santos lugares/Dos tardes en santos lugares", pp. 44-49.

Lembra cando coñeceu a Ernesto Sábato; di que naquela visita á súa humilde casa de Santos Lugares a súa intención non era a do editor que quere que o escritor publique na súa editorial, senón a do lector interesado pola obra do escritor. Comenta que pasou dúas tardes con el nas que falaron de literatura, de intelectuais como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Xoaquín Lorenzo Varela; pero tamén de temas como a situación da Arxentina naquel momento, a súa estadía en París e a morte do seu fillo dous anos antes. Finalmente, sinala que lle ensinou o seu obradoiro de pintor, que daquela era a actividade na que ocupaba a maior parte do seu tempo.

- Gregorio Ferreiro Fonte, "Ernesto Sábato: tratado de literatura e de amizade en cinco cartas/Ernesto Sábato: tratado de literatura y de amistad en cinco cartas", pp. 76-91.

Conta que Ernesto Sábato até a trintena foi un prometedor físico pero que polos anos corenta deixou a súa carreira para dedicarse á literatura. Di que esta época coincide coa emigración de grandes escritores galegos como Luís Seoane, Rafael Dieste ou Xoaquín Lorenzo Varela á Arxentina, os cales comezaron a reunirse con outros artistas e escritores arxentinos no Café Tortoni para falar de literatura. Comenta que non se sabe con exactitude cando se coñeceron Lorenzo Varela e Sábato, pero o que si se sabe é que Varela editou, xunto con Luís Seoane, as revistas *Correo Literario* e *Cabalgata*, nas que colaborou Sábato cando aínda non era moi coñecido. Así, sinala que na cabeceira do número 5 de *Correo literario* (o 15 de xaneiro de 1944) aparece o artigo de Sábato "Las dos inmortalidades del surrealismo" e no número 0 da revista *Cabalgata* (o 1 de xuño de 1945) Varela fai unha recensión ao libro de Sábato *Uno y el universo*, onde non aforra en eloxios e acenos de complicidade para o seu amigo. Sinala que mostra desa amizade, que duraría até a morte de Varela, son as cinco cartas de Sábato que se recollen como anexo: catro delas con agarimosas palabras dirixidas a Lorenzo Varela e outra de recomendación dirixida ao director de *El País*, cando o seu amigo regresou a España.

Este volume inclúe un caderno con motivo da presentación do libro *Lorenzo Varela: a*

voz desterrada. "Caderno de Tortoni/Cuaderno de Tortoni", Café Tortoni, Bos Aires, Domingo 12 de marzo de 2006, coas seguintes intervencións:

- Xosé Luís Axeitos, "A ética da solidariedade/La ética de la solidaridad", pp. 53-57.

Fala do título do libro que, na súa opinión, é unha metáfora da particular forma de sentirse exiliado. Dise que Xoaquín Lorenzo Varela nunca se sentiu refuxiado, nin trasterrado, nin emigrado, senón desterrado, xa que foi obrigado a abandonar a súa patria e, sen raíces, instalarse na terra de acollida. Xos é Luís Axeitos cre que isto o leva a ter limitación na súa vida e non é capaz de percibir a realidade da terra que o acolleu porque está pendente dunha terra idealizada que ten todos os seus valores. Comenta que os intelectuais desterrados daquela época (Xoaquín Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Xosé Otero Espasandín, Antonio Baltar ou Luís Seoane, entre outros) debatían no Café Tortoni, ao que volvían décadas despois para a presentación do libro, o cal era a verdadeira universidade republicana. Remata a intervención lendo unha carta de Luís Seoane a Susana e William Shand na que está reflectida a desilusión dos exiliados que nunca renunciaron á utopía dunha Galicia máis libre e solidaria.

- Fernando Salgado, "Historias de barcos e de cafés/ Historias de barcos y de cafés", pp. 58-65.

Utiliza unha metáfora para falar da vida de Xoaquín Lorenzo Varela e os demais exiliados: as súas eran vidas de barcos e de cafés. Comenta que o barco é importante na vida do exiliado porque nel chegou á terra de acollida e simboliza o soño de regresar á patria; e que os cafés eran os lugares de reunión para reconstruír esa patria perdida, eran os seus fogares transitorios mentres non regresaban. Sinala que de todos os cafés, o máis antigo e importante é o Café Tortoni porque alí xurdiron moitas historias, das cales conta tres pero destácase aquela na que Luís Seoane trouxera varios gravados para que Lorenzo Varela lles puxese voz, e así naceu o primeiro libro deste último en galego *Catro poemas para catro grabados*; pero tamén conta que foi o lugar onde recibiron a noticia máis doce, que os aliados liberaran París, pero tamén a máis amarga, a chegada de tropas franquistas a Arxentina.

- Ernesto Sábato, "Homenaxe aos galegos/Homenaje a los gallegos", pp. 66-69.

Expresa o seu afecto e admiración ao pobo galego e lembra as romarías que celebraban os galegos para lembrar a terra e a tradición; recita uns versos de Rosalía de Castro que lembran a todos os galegos desterrados e, finalmente, lembra a súa viaxe a Galicia en 2002.

Referencias varias:

- X. F., "Tres *Alfaias* Arxentinas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en Galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Dá conta da publicación pola Xunta de Galicia de tres volumes dedicados a figuras da literatura como son Julio Cortázar, Ernesto Sábato e Jorge Luis Borges. Resultado disto é a publicación d'*Un (re)encontro con Galiza* (2006), de Julio Cortázar; *Palabras para Galicia*, de Ernesto Sábato e *Borges dende o labirinto galego*, de Claudio Rodríguez

Fer.

Sánchez Ferro, Pablo e Xulia **Seoane Boedo**, *Catálogo de publicacións seriadas da Biblioteca da Fundación Otero Pedrayo*, [Vigo]: Fundación Otero Pedrayo, col. Biblioteca Centro de Estudos Oterianos. Documentos, novembro 2008, 259 pp. (ISBN: 978-84-612-8309-5) (DL: VG 1622-2008). ◆

Ábrese cunha breve presentación asinada polos autores deste volume, Pablo Sánchez Ferro e Xulia Seoane Boedo, na que comentan que coa publicación deste *Catálogo* a Fundación Otero Pedrayo desexa "continuar a liña de difusión do seu patrimonio bibliográfico que se abriu coa publicación no ano 2006 do *Catálogo do fondo antigo* existente na súa biblioteca" e na que dan conta da súa intención coa saída a lume destes volumes. A seguir, anuncian o contido deste *Catálogo*, comentan a procedencia das trescentas oitenta e dúas publicacións que se describen e sinalan as súas características máis destacábeis; dan conta da estrutura do *Catálogo* en dúas partes ("Publicacións diarias" e "Publicacións seriadas") e explican cómo se levou a cabo a descrición das publicacións (orde alfabética por título e indicación de área de título, autores secundarios, periodicidade, edición, numeración, publicación, descrición, notas, DL, ISSN, materias e signatura). Na parte final desta presentación Sánchez Ferro e Seoane Boedo comentan que as colaboracións de Otero Pedrayo ou a existencia de artigos ou mesmo entrevistas sobre o escritor aparecen indicados na "área de notas" e que na descrición da publicación que se presenta tamén se indica a referencia bibliográfica da colaboración pois "desta maneira queda constancia da produción, tanto articulista como literaria de Otero Pedrayo que se pode atopar na Fundación". O volume inclúe unha listaxe coas abrevituras empregadas e una serie de índices: índice de títulos, de autores secundarios, de materias, de publicacións seriadas nas que colaborou Ramón Otero Pedrayo e de títulos das colaboracións deste escritor de Trasalba.

Seixo Pastor, Marcos, *A loita permanente de Xohán Xesús González*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2008, 281 pp. (ISBN: 978-84-8341-225-1).

Marcos Seixo Pastor (Lugo, 1959) fai un percorrido pola vida de Xoán Xesús González (Cuntis, 1895-Santiago de Compostela,1936), importante persoeiro da vida social e cultural de Galicia, participando activamente nas loitas estudantís e agrarias e na defensa do galeguismo. O libro ábrese cuns versos de Anatole France ("Non perdamos nada do pasado/Só a partir do pasado se pode contruír o provir") que dan pé ao limiar do libro, no que Marcos Seixo Pastor explica o por que desta obra e sitúa ao lectorado nun momento concreto da historia de Galicia, os anos anteriores á Guerra Civil española. O volume céntrase case exclusivamente no plano cultural e reivindicativo de Xoán Xesús González, vida que servirá como fío condutor do tema da obra que é os logros obtidos polos defensores da lingua galega dende finais do século XIX até a primeira metade do século XX, concretamente até o ano 1936, que é cando morre fusilado o protagonista. O relato está escrito en terceira persoa, cun narrador descritivo que abala as súas exposicións con fragmentos das creacións do propio Xoán Xesús González, xa sexa percorrendo publicacións en diversos xornais, a obra súa ou facendo referencias a algúns dos discursos que publicou ao longo da súa vida. Todas están referencias aparecen perfectamente referenciadas ao final do libro no apartado denominado "Notas", xusto diante desta sección atópase un apartado denominado

"Apéndice documental" no que se recollen diversas fotos do autor e dos intelectuais da súa época, así como diversos documentos aos que se fai referencia ao longo da obra. O espazo narrativo localízase basicamente en dous lugares, Cuntis, lugar onde naceu Xoán Xesús González, e Santiago de Compostela, onde levou a cabo todo o seu labor cultural e político e onde morreu fusilado. A localización en Santiago de Compostela da pé a un repaso polas personaxes que forman parte da vida socio-cultural da Galicia da preguerra. O ritmo narrativo ralentízase nos momentos en que o autor párase a describir situacións cruciais na vida de Xoán Xesús González, que o levarán até o fin dos seus días, que constitúe o fin do libro.

Soto, Luís G., *O espírito da letra*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, n.º 24, 2008, 257 pp. (ISBN: 978-84-96475-93-9).

Volume de Luís G. Soto (A Coruña, 1956), filósofo e ensaísta, que consta de dez capítulos: "O espírito da letra", "Irrupción do feminino", "Saudade como mensaxe", "Escrita, abertura e inacabamento éticos", "Eoas?", "*Arredor de si* ao fío de Europa", "Scorpio e Tauro ou o gozo e o sublime", "Unha ollada a *Os Eidos*", "Unha cidade, a cidade, outra cidade" e "Soñando nos acantilados". O primeiro destes capítulos é unha introdución na que o autor fala como comezou a interesarse pola relación entre a literatura e a filosofía, grazas a tres figuras fundamentais: Roland Barthes, Manuel Castelao e Ricardo Carvalho Calero. Dende un punto de vista filosófico Luís Soto analiza textos nos seguintes capítulos, textos dos seguintes autores: Heinrich Heine ("Sen título", poema numero dez en *Novas Poesías*), Eduardo Pondal (*Os Eoas*), Otero Pedrayo (*Arredor de si*), Carvalho Calero (*Scórpio*), Uxío Nononeyra (*Os Eidos*), Luisa Villalta (*En concreto*) e César Antonio Molina (*Soños nos cantís*). Moitos dos estudos presentados no volume foron confeccionados polo autor na súa época de estudante e foran xa comentados por Tereixa Roca e Manuel Castelao, que contribuíron coas observacións e suxestións a "enriquecer a versión final".

Sumai, Anxos, *Perigosamente normais*, VIII Premio "Roberto Blanco Torres" de Xornalismo Literario e de Opinión 2006, intr. de Miguel Túñez, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, inverno 2008, 115 pp. (ISBN: 978-84-9750-921-3). ◆

Conxunto de textos xornalísticos de Anxos Sumai (Catoira, 1960) que comeza con dúas dedicatorias e cunha introdución de Miguel Túñez, titulada "E así é", onde destaca o labor xornalístico de Sumai, como un traballo contemporáneo que favorece a retroalimentación entre o emisor e receptor, tanto na rede (www.culturagalega.org) como na radio. De seguido, inclúese unha imaxe vangardista da escritora deseñada por Saúl Blanco e as dúas partes en que se estrutura o volume. Por un lado, "Perigosamente normais", formada por unha serie de textos emitidos no programa *Diario Cultural* da Radio Galega todos os xoves dende o 12 de xaneiro até o 21 de decembro de 2006, onde a xornalista fala de feitos cotiás, lembranzas, a felicidade, a morte, a violencia de xénero, os valores humanos e a literatura, con constantes referencias a autores e obras literarias e doutras artes como o cinema. Por outro lado, "Crítica da memoria pura" alberga textos retrospectivos sobre as propias vivencias da escritora no momento en que se produciron distintos feitos históricos, sociais ou culturais que tiveron lugar entre o ano 1967 e o 2000.

Referencias varias:

- M. Angueira, "Un día de sorpresas para Anxos Sumai", *Diario de Arousa*, 29 abril 2008, contracuberta.

Infórmase da concesión do VIII Premio Roberto Blanco Torres a Anxos Sumai. Neste acto, presentouse o libro *Somos perigosamente normais*, que recolle os artigos radiofónicos cos que a premiada colabora no programa "Diario Cultural" da Radio Galega. Por outra banda, coméntase outras actividades que tiveron lugar neste acto.

Toro, Suso de, *Outra Galiza*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, xuño 2008, 298 pp. (ISBN: 978-84-9782-851-2).

O escritor Suso de Toro (Santiago, 1956) recompila parte do seu traballo como xornalista en *Outra Galiza*, unha crónica na que se compilan artigos escritos por el entre os anos 2003-2008. Neles, De Toro pretende facer crítica e autocrítica para buscar unha mellora do país galego e romper cun pasado lamentábel. Son unha serie de artigos utilitarios que pretenden cambiar ideas e facer avanzar as cousas e mellorar Galicia. O escritor amosa, nembargantes, unha confianza na sociedade actual e nos novos tempos, un optimismo claro marcado pola liberdade de expresión da que goza o galego. Os artigos foron recollidos nos xornais *A Nosa Terra*, subsección "Tempo Aberto", e abranguen dende o 2003 ao 2004, mentres que os do xornal *El País*, na subsección "Saíndo ao día", publicáronse dende 2006 até 2008. Así, atópnase artigos tales que "A ollada limpa" do 27 de novembro de 2003, no que se avalía a figura dun presidente como persoa que debe ter unha cultura cívica, dignidade política, comportarse con decoro e tratar de educar a sociedade nas virtudes democráticas que gobernan o país. "E nós en bañador" do 15 de xaneiro de 2004, que revisa o modelo político e administrativo español vixente nesa ápoca, no que non hai espazo para a terra galega. En "Os libros e os mestres" do 6 de maio de 2007, De Toro fala dun descontento no ámbito do ensino no que aos mestres se refire. A posta en marcha da venta de libros de balde seméllalle un gasto innecesario da Xunta para con aquelas familias que teñen medios suficientes. Do mesmo xeito, sae en defensa do mestre como educador do cidadán e critica o menosprezo ao que están sometidos. E, en "PSdeG?" faise unha revisión ao goberno de Fraga e á falta de oposición durante esa época, a chegada de Pérez Touriño comeza a opoñerse ao mandato da Xunta naquela época e abre a posibilidade a outra liña de goberno. Considera que Touriño e os socialistas que gobernaban neste momento, 15 de xuño de 2007, facíano con dignidade, pero se querían servir a Galicia deberían ter herdado a tradición galeguista, mantendo e impulsando a tradición cultural e política galega. Así, até máis de oitenta artigos que abordan distintos temas, dende o terrorismo, á política, a cultura, a sociedade. Todo isto dende a persoal opinión de Suso de Toro.

Recensións:

- Xan Carballa, "As forzas políticas van por detrás da sociedade", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Política", 3-9 xullo 2008, pp. 10-11.

Entrevista ao escritor santiagués Suso de Toro tras a publicación do seu libro *Outra Galiza*, por Xerais en 2008, unha compilación dos seus artigos publicados en *A Nosa Terra* e *El País* entre 2003 e 2008. Destácase do seu limiar a benquerenza que xa dende cativo o escritor desenvolveu polo xornalismo. Menciónase asemade a súa biografía máis recente sobre o presidente de España, *Madeira de Zapatero*, no que desenvolve as súas ideas sobre o protagonismo xeracional. No epígrafe intitulado "Deixar o sectarismo, ouvir á sociedade", de Toro afirma que "as forzas políticas están por detrás das potencialidades da sociedade galega" e lamenta a situación sectaria na que se atopa o nacionalismo galego. Noutro apartado, "O meu galeguismo é o de *Galiza*, non o de *Galicia*", explica o seu libro como unha "reivindicación da cidadanía como suxeito de soberanía" e comenta que son os cidadáns de a pé os que fan posíbel a construción de espazos nacionais. Por último, no epígrafe "Pasamos do *España* se rompe a *el castellano* se rompe", apunta a negociación que os cidadáns españois fan sobre os devanditos espazos soberanos.

Referencias varias:

- Carmen Villar, "De Toro cre que o cambio político en 'Galiza' non erradicou o 'clientelismo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 1 xullo 2008, p. 48.

Informa da presentación do novo libro do recoñecido escritor Suso de Toro, *Outra Galiza*. Dise que neste volume, o escritor defende un novo galeguismo, tecendo unha nova Galiza, con z. Coméntase que a obra recolle unha serie de artigos xornalísticos do escritor que fan un percorrido por outros tantos anos da historia da comunidade galega (dende 2003 até a primavera deste ano 2008).

- S. R. P, "Suso de Toro: "Soy de los Galicia con Z", *El País*, "*Galicia*", 1 xullo 2008, p. 7.

Dá conta da presentación do novo libro do escritor galego Suso de Toro, *Outra Galiza,* con z. Sinálase que este volume corresponde a unha compilación de artigos do propio escritor publicados en *El País* e *A nosa Terra*.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Xornalismo literario aquí e agora", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 29 xullo 2008, p. 3.

Preséntanse os libros *Os Grouchos*, de Manuel Rivas e *Outra Galiza*, de Suso de Toro, e indícase que están publicados por Edicións Xerais. Açuntase que ambos recollen artigos publicados en diversos xornais entre os anos 2003 e 2008. Ademais, partindo da mestura que estes dous novelistas realizan entre a poesía e o xornalismo literario, menciónanse as características principais deste último xénero segundo Tom Wolfe, e así mesmo se ofrecen as definicións que del fixeron Octavio Paz e Alejo Carpentier.

- Iria Lago, "Aventuras y experiencias de un libro bajo el brazo", *Diario de Pontevedra,* "*Revista!*", n.º 424, "Mil primaveras máis", 3 agosto 2008, p. 6.

Fálase sobre a lectura como hábito, sobre todo no verán, e danse diversas recomendacións acerca de autores e obras a partir das palabras de varios libreiros. Dise

que dentro da literatura galega o máis lido é a tradución *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne, así como os títulos *Os Grouchos*, de Manuel Rivas, e *A outra Galiza*, de Suso de Toro. Tamén se recollen os datos de distintas enquisas sobre o hábito lector en España e infórmase de que a Xunta pon en marcha a campaña "Máis libros, máis libres" para fomentar a lectura.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 257, 4 setembro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, 26 xullo 2008, p. 11.

Recoméndase a lectura d'*Outra Galiza*, de Suso de Toro, entre outras novidades publicadas no ano 2008.

- Alfredo Iglesias, "Matinando noutro país", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, "Libros", 30 outubro 2008, p. V. Tamén en *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 206, "Letras galegas", 8 novembro 2008, p.10.

Coméntase o novo libro de Suso de Toro, *Outra Galiza*, publicado en Xerais en 2008. Artellado ao redor de tres eixes temáticos, a cidadanía e o dereito á rebeldía; a defensa da lingua galega e a necesidade dunha clase empresarial galega, o volume recolle unha escolma de artigos previamente publicados n'*A Nosa Terra* entre 2003 e 2004 baixo o epígrafe "Tempo aberto"e *El País*, entre 2007 e 2008 no apartado "Saíndo ao día".

Torres Queiruga, Andrés e Manuel **Rivas García** (coords.), *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, prólogo de Andrés Torres Queiruga, introd. de Manuel Rivas García, Santiago de Compostela/Vigo: Consello da Cultura Galega/Edicións Xerais de Galicia, 2008, 723 pp. (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-883-3; ISBN do Consello da Cultura Galega: 978-84-96530-63-8).

Versado na filosofía e o pensamento galego, este dicionario coordinado por Andrés Torres Queiruga (Aguiño-Ribeira, A Coruña, 1940) e Manuel Rivas García (Distriz, Vilalba, Lugo, 1959), ofrece unha panorámica da historia intelectual galega a través dunha estruturación en dúas partes, unha correspondente ao dicionario e outra á enciclopedia. O prólogo, a cargo de Torres Queiruga, comenta os inicios da Sección do Pensamento do Consello da Cultura Galega por medio do proxecto que deu como resultado a saída ao prelo deste dicionario enciclopédico. Sinala asemade as dificultades de estruturación do proxecto en canto á selección de autores e ao engadido dunha segunda parte ao dicionario sobre os máis destacados temas culturais. Menciónanse finalmente os membros da Comisión Técnica de Pensamento creada no seo da Sección de Filosofía e Pensamento. A introdución vén da man de Rivas García e salienta os obxectivos deste volume de unificar certos pensadores galegos cunha temática filosófica da cultura galega. Comenta tamén a escolla do termo "pensamento" fronte ao de "filosofía" para designar este volume, así como a dificultade de delimitación temporal dunha cultura tipicamente galega, para pasar a continuación a tratar as orixes das enciclopedias e describir brevemente o contido das dúas partes que compoñen o volume. A primeira parte, "Autores", abrangue unha serie de pensadores que van dende María do Carme Adán Villamarín até Xohán Vicente Viqueira. Tras mencionar de xeito moi conciso a traxectoria profesional de cada pensador, cítanse as súas obras máis significativas e nalgúns casos as súas biografías. A segunda parte, "Temas", abrangue os eidos da antropoloxía, ciencia, dereito, economía, estética, exilio, feminismo,

liberalismo e absolutismo, literatura galega, matemática, medicina, nacionalismo, pedagoxía en Galicia, política, prensa e relixión. Cada tema inclúe un sumario, unha introdución e un percorrido pola súa historia. Finalmente, inclúense un apartado de notas e dous índices, un temático e outro onomástico.

Recensións:

- Manuel M. Barreiro, "Un saber aberto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 21.

Pretende achegar ao público en xeral, e en particular a aqueles que se interesan pola filosofía, un diccionario que pretende o asentamento do coñecemento sobre a reflexión filosófica en Galicia, titulado *Diccionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, coordinado por Andrés Torres Queiruga e Manuel Rivas García. Dise que está sistematizado biográfica e historiograficamente e que se trata dunha "oferta cultural contracorrente". Descríbese a propia obra, clasificada por temática, que adxunta máis dun centenar de entradas bio(biblio)gráficas e que contén dezaseis monografías que se constrúen como unha sucesión de panorámicas sobre Ética, Relixión, Literatura, etc. Salienta a solidez e calidade da obra e indícase que, para orientarse no panorama cultural de Galicia, será imprescindíbel a súa consulta.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Lectores de dicionarios", "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", *Galicia Hoxe*¸ 23 decembro 2008, p.3.

Dáse conta da publicación do *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, un feito que considera proba do interese que espertan as obras de consulta. Afirma que a lectura deste tipo de dicionarios permite a obtención dunha conciencia lingüística e que achega unha maior capacidade de produción de recursos expresivos.

Valcárcel, Marcos, *Historia de Ourense*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 70 pp. (ISBN: 978-84-9782-893-2).

Esta breve achega á historia de Ourense, con abondoso apoio fotográfico da Cidade das Burgas e dos seus principais persoeiros, realizada por Marcos Valcárcel (Ourense, 1958) está xebrada en seis capítulos máis unha bibliografía da cidade de Ourense que aparece baixo o título de "Para saber moito máis...". A cerna deste estudo son catro capítulos: "As orixes da vella Auria", "Marcada pola topografía", "Sede auriensis" e "A cidade contemporánea". No breve capítulo "As orixes da vella Auria" proporciona datos para a localización orográfica de Ourense e indica así mesmo datos da súa climatoloxía. En "Marcada pola topografía" traza a xénese da cidade das Burgas dende o Paleolítico e recolle opinións do arqueólogo José Mª Eguileta, dos autores Florentino López Cuevillas, Xesús Ferro Couselo e Vicente Risco e do investigador Juan C. Rivas Fernández que asentan o seu nacemento como cidade na época romana, funcionando como cidade-ponte debido ás súas características topográficas. No capítulo "Sede auriensis" salienta os restos dos suevos e dos visigodos, e o feito de que dende o século IV Ourense se convertera nunha "cidade episcopal" que nos séculos VI e VII se

recuperou urbanisticamente. Explica a forma de vida económica e social, os conflitos igrexa-concello, a estrutura da cidade por barrios, os oficios, e os cambios económicos e do trazado da cidade a partir do século XIX. En "A cidade contemporánea" dá conta do xurdimento do Ourense que existe hoxe en día sobre un "substrato medieval" que se conserva case intacto. Sitúa na segunda metade do século XIX a "transformación radical" da "fisionomía urbana" de Ourense, que supuxo unha nova organización social e económica. O volume péchase cos capítulos "A Segunda República" e mais "Ourense na posguerra". En "A Segunda República" destaca o lixeiro crecemento da poboación dende a Restauración e as "iniciativas sociais e culturais" levadas a cabo dende os diversos bandos políticos. No capítulo "Ourense na posguerra" enmarca a Ourense no conxunto de Galicia á hora de salientar como consecuencia da guerra civil "a ruptura co esplendor cultural", e vai desgrosando as achegas dos faladoiros literarios nos cafés da cidade ourensá e as citas e as actividades culturais. Ao longo dos diversos capítulos son numerosas as referencias a escritores ourensáns, entre eles, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Carlos Casares.

Referencias varias:

- Grial, "Homenaxe a Marcos Válcarcel", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 9-10.

Dáse conta de que, con motivo da presentación do libro *Historia de Ourense*, de Marcos Válcarcel, se lle fixo unha homenaxe o día 29 de novembro no Liceo de Ourense para salientar o seu traballo como dinamizador cultural na cidade. Dise que consistiu nun acto e posterior cea na que interviñeron algún dos seus amigos como Bieito Iglesias, Suso de Toro, Xesús Alonso Montero ou Ramón Villares, entre outros.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Marcos Valcárcel, intelectual e historiador", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 14 novembro 2008, p. 3.

Considera que Marcos Valcárcel é un verdadeiro intelectual e reafirma isto con palabras de Mario Bunge e mais de Pierre Bordieu. Despois céntrase na presentación que vai ter lugar en Ourense do volume *Historia de Ourense*, de M. Valcárcel de quen fai un breve repaso da súa faceta investigadora.

- Helena Villar Janeiro, "Marcos Valcárcel", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 28 novembro 2008, p. 3.

Cre que Eduardo Pondal, cando escribiu o poema que se convertería no himno galego, tiña unha certa premonición de que existiría unha persoa coma Marcos Valcárcel cando fala dos "bos e xenerosos". Sinala as múltiples actividades deste último e dá noticia da presentación da súa *Historia de Ourense* ao día seguinte.

- Marica Campo, "Marcos de Auria", *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 28 novembro 2008, p. 29.

Reflexiona sobre a relevancia da figura de Marcos Valcárcel subliñando a morea de libros que leva publicados e comentando que el é o verdadeiro alcalde de Auria.

Asemade, indica que presentou no Liceo de Ourense a súa *Historia de Ourense* e comenta que este acto será "testemuño de admiración e amizade".

- M. Dopico, "Valcárcel evoca o peso de Ourense na construción da identidade cultural galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 novembro 2008, p. 76.

Homenaxe ao historiador e catedrático de Lingua e Literatura galegas ourensán Marcos Valcárcel con motivo da publicación do seu novo libro *Historia de Ourense*, editado por Manuel Bragado en Xerais. Sublíñase o seu ton divulgativo e o extenso apartado dedicado ao século XX. Presentes nesta homenaxe estiveron, entre as cerca de trescentas persoas, Vázquez Monxardín, un dos organizadores, o antedito editor e o alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez.

- Ramón Nicolás, "Ourense: unha visión do pasado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, 29 novembro 2008, p. 10.

Preséntase o ensaio do historiador ourensán Marcos Valcárcel, *Historia de Ourense*, subliñando o seu criterio global e xeral á hora de tratar os diversos capítulos do volume, centrados nas orixes da cidade, na súa topografía e nas diferentes épocas históricas que a constituíron. Tras analizar a obra dende un punto de vista crítico, relátase o xeito de concluír o ensaio, enxalzando o patrimonio e a identidade histórica da cidade ourensá e menciónase o acto de homenaxe dedicado ao escritor.

- Sonia Torre, "As cousas si se fan ben, sen desexo de ridículos protagonismos, teñen boa resposta", *La Región*, "Ourense", "A entrevista", 29 novembro 2008, p. 12.

Entrevista a Marcos Valcárcel López, con motivo da presentación desta monografía e de ser o protagonista dunha cea-homenaxe como recoñecemento a unha traxectoria. Comenta que as súa facetas de profesor, investigador e historiador son complementarias e sinala que *Historia de Ourense* é un libro de divulgación pensado para estudantes, "incluso para universitarios", pero que tenta chegar á maior parte da poboación. Por outra banda, fala das iniciativas culturais que se realizan nesta cidade e indica que o apoio institucional se dirixe máis á "cultura espectáculo". Considera que os políticos deben ser "conscientes do valor da cultura" pois é a que dá identidade a unha sociedade e di que é necesario que exista unha "xeración relevo" para as actividades culturais. Para rematar, lembra a súa xuventude nos anos 70, dos que di que foron "un cambio radical".

- M. Dopico, "O traballo recoñecido", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 novembro 2008, p. 27.

Informa dunha homenaxe a Marcos Valcárcel que serviu ao tempo para que o autor presentase o seu novo libro *Historia de Ourense*, editado por Xerais. Saliéntase que esta obra é, como o seu propio título indica, unha historia da cidade de Ourense que comprende dende o mundo romano até a actualidade, dedicándolle especial atención ao século XX (a República, a posguerra, os anos '50, '60 e '70, etc.). Coméntase que, na presentación do libro, estiveron Alfonso Vázquez-Monxardín, Manuel Bragado e o alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez.

- Manuel Bragado, "O Ourense de Marcos Valcárcel", *Faro de Vigo*, "Opinión",

“Campo de Granada”, 30 novembro 2008, p. 30.

Refírese ao acto que tivo lugar en Ourense de homenaxe a Marcos Valcárcel co gallo da presentación do seu libro *Historia de Ourense*, que é cualificado como “preciosa e esencial lección de historia local”. Tamén comenta que Valcárcel desenvolve unha actividade incesante dende hai máis de vinte e cinco anos, que é a primeira autoridade mundial no estudo de Ourense e ademais que o seu blog “As uvas na solaina” é o blog de información e debate cultural de meirande relevancia en lingua galega.

- Imanol Hernández, “Homenaje a una vida a través de la cultura”, *La Región*, “Ourense”, 30 novembro 2008, p. 12.

Preséntase a obra *Historia de Ourense* do profesor e historiador Marcos Valcárcel. O acto tivo lugar no Liceo ourensán e contou cunha asistencia de cerca de trescentas persoas, entre as cales se atopaban César Arias, un dos fundadores do Clube Alexandre Bóveda, Xosé Carlos Sierra, o secretario xeral de Cultura e Manuel García de Buciños, que enxalzaron a figura do autor. Baixo o epígrafe “Un home que está co pobo”, José Luis Baltar, presidente da Deputación, loou a figura de Valcárcel. Noutro apartado intitulado “Marcos é un auténtico xigante”, o escritor e colaborador de *La Región*, Alfonso Vázquez Monxardín, comentou e gabou a obra do historiador mentres que o editor da mesma, Manuel Bragado, destacou o seu rol como columnista e o estilo didáctico do libro. Por último, no apartado “La cultura gallega se cita en el homenaje al escritor ourensano”, dáse conta da cea nun dos restaurantes máis importantes da cidade ourensá que pechou a homenaxe. Cítanse os persoeiros que asistiron, como por exemplo a escritora Marilar Aleixandre e os representantes da vida política de Ourense e Galicia.

- Miguel Seoane, “Arredor de Marcos Valcárcel”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, “Galicia”, p. 68/“Arredor de Marcos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Encontro de amigos en Auria”, 1 decembro 2008, p. 29.

Fálase sobre a homenaxe que recibiu o escritor, historiador e mestre Marcos Valcárcel no salón de actos do Liceo da cidade de Ourense onde máis de trescentas persoas se reuniron para a presentación do seu libro *Historia de Ourense.* Entre outros asistentes, dise que se lle dedicaron algunhas palabras autores como Manuel Rivas ou Xesús Alonso Montero e como agasallo o autor homenaxeado recibiu unha escultura de Buciños e retratos de Siro e Antón Pulido.

- Cristina Huete, “Homenaje a Marcos Valcárcel, el ‘intelectual elegante”, *El País*, “Galicia”, 1 decembro 2008, p. 5.

Dáse conta da cea homenaxe ao profesor e historiador Marcos Valcárcel, con motivo da publicación do seu libro *Historia de Ourense*. Os asistentes procedían maioritariamente do eido cultural e do nacionalismo galego. Escritores como Bieito Iglesias, Suso de Toro, Xesús Alonso Montero, Manuel Rivas, Kristina Berg, Xosé Luís Axeitos e Ramón Villares loaron a súa traxectoria e personalidade. Finalmente, destaca a proposta do seu nomeamento como Cronista da República das Letras Galegas por parte de Alonso Montero e da solicitude da concesión da Medalla de Ouro de Ourense.

- Moncho Conde Corbal, “Percepciones”, *La Región*, “Ciudad”, 2 decembro 2008, p.12.

Presentación do poemario de Víctor Campio tras a elección do Míster e Miss ourensáns. Coméntase o retraso do poeta Luís González Tosar por mor das pésimas condicións meteorolóxicas e menciónase por último a presentación doutro libro, *Historia de Ourense*, do historiador ourensán Marcos Valcárcel.

- Antón Baamonde, "Marcos Valcárcel", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 5 decembro 2008, p. 35.

Refírese á homenaxe cívica a Marcos Valcárcel que tivo lugar en Ourense e destácase del a súa xenerosidade, a súa bonhomía e a súa liberdade. Tamén se cita a súa última obra, *Historia de Ourense*, como proba do amor pola súa cidade, e recálcase que nel fica o espírito da Xeración Nós.

- Xan Carballa, "A cultura de Galicia segue sendo unha descuberta para os máis novos", *A Nosa Terra*, n.º 1.337, "Cultura", "Balance Cultural", 12-17 decembro 2008, pp. 24-25.

Dá conta dunha entrevista feita ao historiador Marcos Valcárcel co gallo da homenaxe que recibiu logo da publicación do seu último libro, *Historia de Ourense*. Na súa presentación, Valcárcel falou de diferentes movementos que marcaron a súa mocidade: tanto cristiáns como pagáns (o "cineclubismo", entre outros), aludindo tamén ao controvertido tema do futuro da lingua galega.

Vázquez González, Inés, *O Divino Sainete*, Ourense: Fundación Curros Enríquez, 2008, [28 pp.]. (DL: OU-201-2008). ◆

Esta publicación, baseada nunha exposición dedicada á obra *O divino sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez, consta dunha parte gráfica da fotógrafa celanovesa Lina Cofán e mais do pintor madrileño Manuel Sánchez-Algora e dun texto introdutorio, "As ferramentas da dignidade: *O divino sainete*", de Inés Vázquez González. Este texto introdutorio, que aparece en galego e en español, fai unha aproximación á interpretación que Lina Cofán e Manuel Sánchez-Algora fan ao *Divino sainete* de Curros dende a fotografía, gravados e pintura. A seguir preséntase a achega de Lina Cofán, titulada "Á mocedade galega", na que presenta unha colección de fotografías onde mestura gravados galegos do século XIX con imaxes do século XXI, acompañadas con fragmentos d'*O divino sainete*. Despois recóllese unha interpretación pictórica d'*O divino sainete* a cargo de Manuel Sánchez-Algora titulada "De vagón en vagón".

VV.AA. *Labras do oficio. Xesús Rábade Paredes ante 33 miradas*, Lugo: Fundación Manuel María/Asociación Xermolos, 2008, 143 pp. (ISBN: 978-84-691-3814-4). ◆

Obra colectiva na que se rende homenaxe a Xesús Rábade Paredes (Seixas, Cospeito, Lugo, 1949) a través de textos en prosa, líricos e ilustracións. Despois dunha presentación e dun limiar institucionais, aparece un "Limiar" de Alfonso Blanco Torrado, coordinador da Fundación Manuel María, na que salienta o labor dos poetas que conseguen que a Terra Chá siga viva a través dos seus textos. A continuación, atópase unha caricatura do homenaxeado realizada por Siro, seguida dunhas notas biográficas e da bibliografía, nas que se refiren os momentos máis relevantes na súa

vida e na súa produción literaria. Xesús Alonso Montero homenaxea ao autor co artigo "A miña relación con Xesús Rábade Paredes nos inicios da súa carreira literaria e outras notas memorialísticas", no que se salienta a importancia que para o autor tiveron os seus anos de formación no instituto e a figura da profesora María Victoria Moreno Vázquez. Séguelle un soneto de Darío Xohán Cabana, "Soneto a Xesús Rábade Paredes, seguindo as rimas doutro del que fala da nosa mocidade en Lugo", e "Os dedos dos loureiros", de Ramón Lorenzo, no que se fala deste poemario de Rábade Paredes publicado en 2000. Alfonso Becerra de Becerreá en "Do bico da chaira" explica a pegada que en Cospeito, a terra na que Rábade naceu, ten na súa produción poética. Tras isto, unha sextina de Marica Campo, "Sextina para Xesús Rábade Paredes (coas seis palabras que me deu e un eco de Quevedo)", e o artigo "Aquel poeta mozo", de Víctor F. Freixanes, na que refire como se coñeceron e a impresión que levou dese primeiro encontro co autor. Henrique Marques Samyn fai un breve repaso da poética do autor en "A plenitude da palavra (a poética de Xesús Rábade Paredes" e Vicente Araugas dedícalle "Unha canción para Xesús Rábade Paredes". En "Para Xesús Rábade Paredes desde Rianxo" Xosé Luis Axeitos fala de relación que o autor e a súa muller tiveron coa vila e a obra que lle rende homenaxe *Mentres a herba medra* (2007). Sigue un poema en prosa poética de Daniel Salgado "Xuro que non hai pobo vencido para sempre" e outra composición poética de Margarita Ledo Andión "BROSSA no camp do Barça (ou l'Àngel Caigut)". Pola súa banda, Xulio L. Valcárcel fala dos primeiros anos en Cospeito do autor e refire a influencia que tiveron nel os profesores Mª Victoria Moreno e Alonso Montero en "Con Rábade en Cospeito". Xosé Manuel Rey Nóvoa non esquece o labor de Paredes como xornalista en "Rábade Paredes, escritor e xornalista" traballo ao que lle segue unha composición poética de Arcadio López-Casanova "Retrato en tres tempos (Xesús Rábade Paredes)" e "Suso", de Xosé Vázquez Pintor, no que este fala da súa relación dende que eran cativos. En "Palabras abolidas", Luís Cochón explica a evolución poética de Rábade e en "Facendo país", de Xosé Manuel González Reboredo, fálase da relación persoal e profesional que os une, así como do compromiso galeguista do autor chairense. Pola súa banda, Alfonso Blanco Torrado céntrase na parte da súa creación poética na que se expresa un compromiso coa Igrexa Galega. A continuación, Anxo Angueira dedícalle o poema "Carballo" e Yago Rodríguez Yáñez fala da poesía do autor en "Temática existencial na produción lírica de Xesús Rábade Paredes". Despois dáse paso a un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín, "Cospeito que borbolla", e a un traballo da súa dona, Helena Villar Janeiro, "Tallador de caxatos", na que fala desta actividade que facía o autor. María do Cebreiro, a súa filla, dedícalle o poema "A escrita, un compromiso" e Abe Rábade, o seu fillo, unha canción que inclúe a partitura "Matria de Sombra". O volume ten como colofón unha galería de fotos do autor, da súa familia e dos seus compañeiros e amigos. A obra está acompañada por unha serie de láminas de distintos artistas plásticos como Siro, Xulio Maside, Soledad Pite, Virxilio, Xan Pardiñas e Pedro Ávila Durán.

Recensións:

- S. C., "Xesús Rábade, ante 33 miradas", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Para leer", 8 xuño 2008, p. 26.

Dá conta da publicación da obra *Labras de Oficio*, que presenta a figura do escritor e catedrático Xesús Rábade, a través da mirada de trinta e tres amigos e baixo a coordinación da súa muller, Helena Villar, encargada de estruturar os textos así como da

bibliografía e das numerosas fotos que percorren toda a obra.

- Vicente Araguas, "Homenaxe sentida", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 499, "Libros", 21 setembro 2008, p. 14.

Coméntase o libro homenaxe a Xesús Rábade Paredes *Labras do oficio. Xesús Rábade Paredes ante 33 miradas*, escrito, entre outros, polos seus fillos, María do Cebreiro e Abe Rábade e a súa compañeira, Helena Villar Janeiro, e publicado pola Fundación Manuel María e a Asociación Xérmolos en 2008. Araguas subliña a honestidade coa que amigos e familiares redactaron este homenaxe.

- Ramón Nicolás, "Poesía e recoñecemento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 281, 27 setembro 2008, p. 11.

Sinálase o feito de ser un volume de autoría compartida en homenaxe ao poeta chairego. Por tanto, dise que o lectorado se atopa ante un material heteroxéneo que vai dende notas biográficas até material fotográfico, pasando por textos en prosa que analizan a obra do poeta ou ben fan un percorrido biográfico do mesmo.

VV.AA., *Manuel Curros Enríquez. Catro artigos e outros textos. Homenaxe ó periodista no centenario do seu pasamento*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, marzo 2008, 58 pp. (DL: C 619-2008). ◆

Este opúsculo ofrece unha brevísima escolma de catro artigos do amplo labor xornalístico de Manuel Curros Enríquez xunto cun apéndice con sete poemas, dous fragmentarios, que achegan á personalidade moral e literaria de Curros. Os artigos reproducidos son: "El símbolo", publicado en *La Tierra Gallega* da Habana o 14 de abril de 1895; "La Academia Gallega", publicado en *La Tierra Gallega* da Habana o 19 de maio de 1895; "Perfidia yankee", publicado en 1896, e mais "El aniversario" publicado en *Remedio ilustrado* da Habana en 1906. A seguir están os textos en verso sobre Curros, un autorretrato e mais seis retratos de Eduardo Pondal, Alfonso Camín, Emilio Coco, orixinal en italiano e con versión galega de Henrique Monteagudo, Salvador García-Bodaño, X. C. Gómez Alfaro e mais de Pietro Molteni (fillo).

Referencias varias:

- L. F., "Intelectuales gallegos ensalzan en Celanova al Curros periodista 'innovador, punzante y ágil", *La Región*, "Celanova", 9 marzo 2008, p. 16.

Dá conta do acto celebrado en Celanova en conmemoración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Indica que o acto foi organizado pola Secretaría Xeral de Comunicación e que participaron Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Rosa Aneiros, Xosé López e Marcos Valcárcel, que trataron a imaxe de Curros como xornalista. Tamén comenta que houbo un recital musicado dalgúns poemas e se proxectou o documental *Curros e a orixe do himno galego*. Así mesmo, coméntase que o presidente da Secretaría Xeral de Comunicación presentou o libro *Manuel Curros Enríquez. Catro artigos e outros textos*. En columna á parte dá conta doutros actos que se levaron a cabo.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso Montero, Xesús, *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*, estudo introdutorio do autor, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste. Divulgación&Ensaio, novembro 2008, 248 pp. (ISBN: 978-84-89323-25-4).

Edición facsimilar desta obra de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) publicada en 1974. Trátase dunha obra fundacional da socio-lingüística na Galicia na que o seu autor fai opinar sobre as linguas e as culturas minorizadas a un grupo de intelectuais non galegos. Nesta nova edición incorpórase un novo prólogo no que se explica como foi xestada a obra cando saíu a lume, como era o discurso na España dese momento. Reflicte expresións dos intelectuais encuestados en relación co tema, a acollida que tivo a enquisa en diferentes territorios. O libro está cargado de referencias a escritores e escritoras que conforman o patrimonio literario galego.

Novo, Olga, *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer (Erotismo, coñecemento e utopías)*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 44, 2008, 143 pp. (ISBN: 978-84-85385-46-1).

Segunda edición do volume de Olga Novo (Vilarmao, Lugo, 1975) publicado en 1999 na mesma editorial e na mesma colección. Nesta edición de 2008 múdase o subtítulo orixinal "(Estudio e antoloxía)" por "(Erotismo, coñecemento e utopías)" e o número da colección (o número 4 na edición orixinal e o 44 na edición de 2008). Este volume contaba en 1999 cunha páxina na que aparecía a dedicatoria e unha cita de Vrastislay Effenberger, que na segunda edición aparecen en dúas páxinas. Mantense a introdución mais engádeselle un quinto apartado intitulado "A Vida", e actualízase a "Bibliografía utilizada". Invírtese a orde "Antoloxía" e a denominación desta, "E o rumor dos teus pétalos durará máis que a morte", e tamén muda a selección dos poemas e a orde dos poemas seleccionados en ambas as edicións. As indicacións da mudanza da bibliografía e da antoloxía aparecen indicadas na solapa da capa, antes das notas da traxectoria de Claudio Rodríguez Fer que se insiren baixo a breve referencia biobibliográfica da autora (mentres na primeira edición só aparecían datos de Olga Novo). O índice detallado da introdución e da antoloxía da primeira edición son substituídos por un índice composto unicamente polo esquema básico "Introdución" e "Antoloxía". Esta edición de 2008 conta na cuberta coa ilustración "A vida. Gravado sobre corpo", poema visual de Claudio Rodríguez Fer. Na introdución, Olga Novo propón "unha perspectiva biliteraria" para achegar "unha visión da obra" de Claudio Rodríguez Fer. Estrutúraa en catro bloques temáticos: "A plenitude vital", "Sempre no mundo", "O bosque máxico" e "A viaxe dos signos", aos que engade en 2008 "A Vida"; apartados todos eles artellados en torno a unhas palabras do propio poeta e profesor lucense: "*os temas da súa obra son, estritamente, os temas da súa vida*". Seguindo a integración de elementos paratextuais tratada por Gérard Genette en *Seuils*, Olga Novo conecta os epitextos cos peritextos "para ofrecer unha visión de conxunto e comunica-los distintos niveis en que se estrutura e se vive a produción literaria do autor". Os apartados están subdivididos á súa vez, e tras eles reprodúcese a escolma de poemas de Claudio Rodríguez Fer, indicando a obra á que pertence cada poema.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Libro de referencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, "Libros", 26 xuño 2008, p. 4.

Preséntase a nova edición que ven de sacar a editorial Follas Novas do estudo de Olga Novo, *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer*. A obra, que xa fora publicada por primeira vez en 1999, foi actualizada e ampliada e preséntase agora dentro da colección "Libros da Frouma". Dise que o obxectivo desta revisión é analizar a obra de Rodríguez Fer, figura clave dentro das letras galegas por canto foi pioneiro da literatura erótica en galego; con ese obxectivo, Olga Novo, cree unha obra estruturada en tres partes: "A plenitude vital", "Sempre no mundo" e "O bosque máxico", que se completan a súa vez cunha antoloxía poética. O resultado é, en palabras de Dorinda Castro, "un libro de referencia para o estudo da literatura galega".

Piñeiro, Ramón, *A linguaxe e as linguas*, limiar de Henrique Monteagudo, discurso de resposta de Domingo García-Sabell, ilust. da capa Leopoldo Novoa, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Ramón Piñeiro, n.º 1, abril 2008, 128 pp. (ISBN: 978-84-9865-036-5).

Volume que presenta un extenso "Limiar", a cargo de Henrique Monteagudo, no que se realiza unha achega ao ideario idiomático de Ramón Piñeiro (Láncara, Lugo, 1915-Santiago de Compostela, 1990), entre 1950 e 1973, o cal serve de pano de fondo para situar o discurso "A linguaxe e as linguas", de Ramón Piñeiro, que aparece reproducido a seguir e que foi editado orixinariamente por Galaxia en 1967 baixo o título *A lingoaxe i as linguas*. Este limiar conta con catro apartados: "Ramón Piñeiro na Real Academia Galega. Noticias sobre o ingreso", "A lingua, sangue do espírito. O organicismo inicial", "A linguaxe e as linguas: o agromar do sociolingüística galega", "Os preconceptos sociolóxicos. Prognóstico de futuro para o idioma", xunto coas "Referencias bibliográficas". Despois do limiar ensaio "A linguaxe a as linguas", discurso que Piñeiro leu para ingresar na Real Academia Galega o 25 de novembro de 1967, o discurso resposta de Domingo García-Sabell e mais un "Informe de Otero Pedrayo á Real Academia" datado en 1963. Cómpre sinalar que o discurso de Piñeiro aborda a relación da lingua galega coa identidade colectiva do pobo galego. Este libro que inicia a colección "Biblioteca Ramón Piñeiro" de Galaxia e que conta cunha ilustración da capa de Leopoldo Nóvoa péchase cun "Índice onomástico".

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Reedicións de Ramón Piñeiro", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 521, "Páxina literaria", 1 xuño 2008, p. 04.

Fálase da reedición por parte de Galaxia de dúas obras de Ramón Piñeiro, *A linguaxe e as linguas* e *Olladas no futuro*. Posteriormente, fálase da idea pola que Piñeiro foi acusado, isto é, pola súa reivindicación nacional de Galicia nunha "mera e inocua" alternativa cultural. Faise referencia á carta que este enviaría a Manuel Rodríguez Lapa onde reflexiona sobre a situación do idioma galego.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura transversal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 266, "Club Dandi", 14 xuño 2008, p.14.

Facendo honor ao seu título, o artigo traza unha liña transversal que arranca coa análise da obra gañadora do VI Premio Caixanova de Poesía, *Sombras, rosas, sombras*, de Carlos Penelas (Vigo, 1957),e remata mencionando a última edición da obra de dramática de Francisco Taxes, publicada en Edicións Xerais por Xurxo Taxes. Entremedias, o autor fai un comentario crítico da poética galega contemporánea e unha breve análise da última edición de Galaxia do discurso de entrada na Real Academia Galega de Ramón Piñeiro, *A lingua e as linguas*, con limiar de Henrique Monteagudo.

- Xavier Castro Rodríguez, "Lingua e Linguaxe: o crisol do idioma de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 13 decembro 2008, p. 2.

Fai referencia á publicación d'*A linguaxe e as linguas*, de Ramón Piñeiro, unha obra que se corresponde co discurso do escritor co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega (RAG). Coméntase que as súas reflexións teñen vixencia na actualidade, xa que analizan o prexuízo sociolóxico que considera o idioma como un elemento de distinción por parte das clases privilexiadas.

Piñeiro, Ramón, *Olladas no futuro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Ramón Piñeiro, n.º 2, 2008, 320 pp. (ISBN: 978-84-9865-049-5).

Trátase dun volume recompilatorio que recolle varios dos escritos que Ramón Piñeiro (Láncara 1915- Santiago de Compostela 1990) deixou baixo a forma de reflexións durante un período de vinte e cinco anos. Nesta obra de ensaio e investigación recóllese, a través dos seus textos, o pensamento e curiosidade intelectual dunha das principais figuras do galeguismo do século XX e neles atópanse, por exemplo, cartas persoais que el mesmo escribe a varios dos seus amigos (figuras representativas da literatura e cultura galega: Daniel Cortezón, Ánxel Fole...), apuntamentos biográficos sobre autores representativos como Xohán Vicente Viqueira, reflexións sobre a obra de escritores e escritoras como Rosalía de Castro ou Ramón Otero Pedrayo ou sobre a realidade humana, literaria, cultural e sociolingüística de Galicia. O volume ábrese cunha foto do autor e unha dedicatoria que el mesmo dirixe a Fermín e Branca Penzol seguidos dun limiar do propio autor onde explica por que xorde a obra, cal é a disposición dos textos (seguen a orde cronolóxica da súa aparición) e a temática que abrangue. Tras os textos, como peche da obra, hai un índice onomástico das persoas que son nomeadas. É unha obra de referencia obrigada para coñecer a evolución histórica, cultural, literaria e sociolingüística de Galicia en máis dos vinte e cinco anos que recollen os textos escolmados.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Olladas no presente, esperanza no futuro", *Galicia Hoxe*, "Opinión ", "Fai fume", 30 abril 2008, p. 4.

Tras manifestar a fagocitación do galeguismo liderado por Ramón Piñeiro nas fileiras

da socialdemócratas do PSOE, manifesto na súa obra *Olladas no futuro*, denúncianse as actitudes de determinados homes e mulleres dos socialistas galegos.

- Xulio Valcárcel, "Reedicións de Ramón Piñeiro", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 521, "Páxina literaria", 1 xuño 2008, p. 4.

Fálase da reedición por parte de Galaxia de dúas obras de Ramón Piñeiro, *A linguaxe e as linguas* e *Olladas no futuro*. O artigo céntrase na segunda obra onde Piñeiro "enxerga os desafíos" que Galicia había de enfrontar. Indica que foron textos escritos ao longo de vinte e cinco anos e que se publicaron de maneira dispersa até a súa recollida neste volume considerado como "fundamental" no pensamento galeguista.

- Xavier Castro Rodríguez, "Enxergar o futuro desde as olladas de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Couso e Arca", 21 xuño 2008, p. 2.

Presenta un retrato de Ramón Piñeiro e salienta o seu compromiso político e social coa súa terra e as súas orixes. Afirma que obras tan significativas como *A filosofía i o home*, *A linguaxe i as linguas*, *Pra unha filosofía da saudade*, etc., se unen ao libro editado por Galaxia no que se recupera unha ampla parte do traballo deste galeguista. Así, *Olladas no futuro* recolle artigos deste e doutros autores como Afonso Daniel Castelao, Ánxel Fole ou Vicente Viqueira, tentando reflectir os valores e a valía da terra galega.

- Xosé Carlos Caneiro, "Ollar no futuro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 277, "Letras en galego", "Club dandi", 30 agosto 2008, p. 6.

Faise eco da comercialización da obra de Ramón Piñeiro *Olladas no Futuro*, reeditada recentemente co gallo Letras Galegas 2009, dedicadas ao intelectual lugués.

VV.AA., *Galicia Hoy (París/Buenos Aires, 1996)*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 2008, XIV páxinas novas e 153 pp. da edición de 1966. (ISBN: 978-84-8485-276-6).

Libro colectivo publicado por José Martínez en 1966 e asinado por Santiago Fernández e Maximino Brocos (pseudónimos de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane). Trátase dunha edición facsimilar da obra *Galicia Hoy* publicada no ano 1966, editada por Ruedo Ibérico e impresa en Arxentina. A novidade que se atopa na edición do ano 2008 é un prólogo a cargo de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), intitulado "Prólogo para *Galicia hoy* corenta e dous anos despois", no que fai un repaso á situación política do momento e ás causas que levaron a publicar na clandestinidade esta obra, debido a que contén unha colección de documentos e textos antifranquistas prohibidos nesa época. Tamén fai referencia aos responsábeis intelectuais da edición do ano 1966, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, que aparecen cos pseudónimos de Maximino Brocos e Santiago Fernández, respectivamente. Logo dun breve repaso polas composicións contidas na obra e por algúns retazos da súa vida, Alonso Montero remata o prólogo facendo mención doutra publicación que levara o mesmo nome, *Galicia hoy,* que saiu á luz no número de decembro de 1966 do *Semanario de la juventud*, revista vencellada á igrexa católica "progresista". Ao final do prólogo inclúense unhas notas, onde se sinala a bibliografía das citas que se recollen no prólogo. A seguir, comeza a reproducción facsimilar do volume clandestino do ano 1966. Ao inicio da mesma atópase o índice no

que se marcan os distintos aspectos sociais, ecónomicos e políticos de Galicia que se van abordar ao longo da edición. Tamén se sinala que contén unha serie de poemas e debuxos de autores varios. A continuación repróducese o limiar da edición orixinal que foi escrito por Santiago Fernández e Maximino Brocos, no que explican a finalidade da publicación que é compendiar todas aquelas noticias e comentarios que estaban prohibidos polo Réxime e que dese modo a xente coñecera a realidade de Galicia. Ao longo da edición orixinal atópanse unha serie de ilustracións coas que se pretende amosar a situación da sociedade galega naquel momento, estes debuxos son de Argüelles, Balboa, Castelao, Luis Colmeiro, Isaac Díaz Pardo, Laxeiro, Leopoldo Nóvoa, Pérez Bellas, Raimundo Patiño, Mercedes Ruibal, Luís Seoane e Manuel Torres. Os poemas tamén son de autores diversos e todos teñen en común ese fin de cuestionar o discurso oficial do Estado e de denunciar a situación real da sociedade galega. Estes poemas están escritos en primeira persoa, xa sexa en singular ou en plural, cando se quere transmitir esa rabia e inxustiza vivida polo propio autor; emprégase a descrición en terceira persoa cando se fai alusión á situación que está a vivir a sociedade galega e se fai unha reflexión xeral sobre a mesma. Os poemas e autores que se presentan son: Lorenzo Varela, "A ruy xordo"; Eduardo Pondal, ["Do teu verdor conguido"]; "Catro poemas medievais" do clérigo Airas Nunes, Martín Moxa e Pero García Burgales, xunto coa súa traducción ao castelán; Luis Pimentel, "Cunetas", (Lugo, marzo, 1937) e ["Chámote Rosalía"]; Lorenzo Varela, "Manuel Ponte" e "Emigrantes"; Ramón Cabanillas, "Romance de loita. Aos loitadores galegos" (De "Nova Galiza" de Barcelona, nº 4, 1937); Celso Emilio Ferreiro, "Carta a Fuco Buxán"; Xosé Neira Vilas, "Éxodo" e "Despedida"; Arcadio López Casanova, ["A todos os chamaron"]; Díaz Pardo, "Comprobade o que fago"; Manuel María, "Acuso á clase media"; Xan Casalderrei Petán, "Vinte e cinco anos de paz"; Tomás Barros, "Perto"; Antonio Tobar Bobillo, ["Galicia morredoira"]; e Luís Seoane, "Noso pobo".

Referencias varias:

- Isabel Bugallal, "Galicia hoy' vuelve a la clandestinidad", *La Opinión*, 5 marzo 2008, contracuberta.

Comeza afirmando que o volume *Galicia Hoy*, firmado por Santiago Fernández e Maximino Brocos e que fora publicado no 1966, volve a verse reducido á clandestinidade, mais sen ser desta volta a causa do franquismo. Así, malia estar a piques de ver a luz, a imprenta da editorial do grupo Sargadelos, Gráficas Moret, retivo a tirada (en versión facsímil) e evitou a súa publicación por un polémico colofón que o autor desta iniciativa, Díaz Pardo, pretendía incluír na mesma.

VV.AA., *Represión, solidariedade e resistencia antifranquista. Homenaxe aos mártires do Furriolo*, gravados de Conde Corbal, Santiago de Compostela: Asociación Arraianos/Alvarellos Editora, 2008, 136 pp. (ISBN: 978-84-89323-28-5) (DL: C 4532-2008). Inclúe un DVD.

Resultado da homenaxe aos mártires do Furriolo (monte situado no concello da Bola, preto da localidade ourensá de Celanova) que organizara en agosto de 2006 a Asociación Arraianos. Tamén dá conta das primeiras xornadas sobre represión, solidariedade e resistencia antifranquista celebradas no territorio fronteirizo entre

Galicia e Portugal, coñecido como A Raia. No verán de 2007, baixo a coordinación de Aser Álvarez e Xoán Carlos Domínguez Alberte, publicouse o monográfico de *Caderno Arraiano* titulado "Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista", onde se acollían varios traballos cos que se homenaxea aos mártires do Furriolo e se lle dá voz a algúns protagonistas da represión durante a ditadura ("Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados no Alto do Furriolo"). Nel ofrecíanse composicións literarias da man de Anxo Angueira, de Antón Tovar (lido por Delfín Caseiro), Delfín Caseiro, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Xosé Luis Méndez Ferrín, Víctor Campio Ferreira, Lois Antón Pérez, Baldo Ramos e Manuel Vilanova (pp. 7-19). Ademais dos artigos dos represaliados, os que se corresponden con intelectuais das letras, foron descritos no apartado "Publicación en revistas" do *Informe de Literatura 2007*. Esta reedición de 2008 reproduce a monografía de *Caderno arraiano* de 2007 e engade un DVD composto pola videocreación *Noutrora*, de Xudit Casas, en homenaxe aos asasinados no Furriolo; o documental *Elixio Rodríguez, o aviador arraiano*, de Alfonso Vázquez, sobre a homenaxe promovida pola Asociación Arraianos coa colaboración da Fundación Galiza Sempre, e un dossier con información visual das actividades que realiza Arraianos para recuperar a memoria.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS E REEDICIÓNS

Alonso Montero, Xesús (ed., prólogo e notas), *Azorín. Galicia (Paisajes, gentes, carácter, costumbres, escritores*...), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alleas, n.º 5, 2008, 97 pp. (DL: C 4422-2008).

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) explica na "Nota sobre esta edición" que non reproduce exactamente o publicado en 1973 co título *Rosalía de Castro y otros motivos gallegos*, ademais está estruturado de forma diferente e conten textos novos, unha carta da viúva de Azorín e máis notas. O volume inclúe dous apéndices nos que aparece recollido o epistolario de Azorín coa Real Academia Galega ("Apéndice I. Epistolario. Azorín-Real Academia Gallega (y cartas conexas), pp. 75-82) e tres cartas del dirixidas a Dionisio Gamallo Fierros ("Apéndice II. Tres cartas de Azorín a Dionisio Gamallo Fieros, pp. 83-85). Para finalizar, despois de especificar de onde proceden os diferentes textos empregados no presente estudo (pp. 87-89), aparecen recollidas en anexos diversas fotografías e facsímiles de textos relacionados co intelectual (pp. 91-97). O volume consta dos seguintes apartados, nos que, dende o *Informe de Literatura* interesa salientar as referencias de Azorín a Galicia:

- "Azorín en Galicia, Azorín e Galicia", pp. 9-21.

Realiza unha breve descrición do seu perfil biográfico, destacando os feitos máis importantes. Logo repasa brevemente a súa produción bibliográfica e despois comenta a relación que tivo con Galicia e cos seus escritores.

- "Galicia. Primera parte: paisajes, gentes, carácter, costumbres...", pp. 25-46.

Recolle diversos artigos nos que o intelectual describe, de xeito moi positivo, a paisaxe galega empregando, ademais das súas propias palabras, fragmentos paisaxísticos de escritores como Rosalía, Valle-Inclán ou Emilia Pardo Bazán. Entre outros aspectos, tenta derrubar a lenda negra que hai sobre Galicia e denuncia a pouca estima e a marxinación na que se ten no resto de España. Loa tamén a súa música, a comida, as corozas e o humor Finaliza expresando a súa admiración por Rosalía de Castro e comenta algún dos seus fragmentos.

- "Galicia. Segunda parte: escritores"

Analiza, no epígrafe "Escritores: Rosalía de Castro" (pp. 49-65), a relación que tivo coa escritora de Padrón, sobre a que publicou quince artigos en diferentes xornais de Bos Aires e España nos que, entre outros aspectos, salienta a pouca consideración que se ten dela fóra de Galicia. No seguinte apatado, "Otros escritores" (pp. 67-73), recóllense artigos nos que falou de Camilo Barciela e Julio Camba, nos que destacou a súa faceta humorística; de Valentín Lamas Carvajal, de quen salientou a súa obra *Espinas, follas e frores*; e, finalmente, analiza a figura de Emilia Pardo Bazán, citando a súa obra *Morriña* e definíndoa como unha das precursoras do "rexurdimento nacional".

Arias-Andreu Rodríguez, Xan (selecc. e intr.), *A Coruña nos textos dos viaxeiros.*

Séculos XVIII, XIX e XX, trad. ao galego Ana Belén Martínez Delgado, Iñas-Oleiros (A Coruña): Editorial Trifolium, col. Fume de Leña, xullo 2008, 256 pp. (ISBN: 978-84-935325-1-2).

Xan Arias-Andreu Rodríguez presenta unha escolma de diversos textos vencellados a unha mesma temática: a vida cotiá nos portos coruñeses ao longo dos tres últimos séculos. Despois dun limiar institucional, aparece unha cita tomada de *Una historia de la lectura*, de Alberto Manguel. O volume está dividido en tres grandes bloques: unha "Introdución" sobre o motivo do estudo, unha "Breve descrición dos viaxeiros", na que se achega á figura dos viaxeiros recibidos ao longo dos tres séculos tratados e, finalmente, unha rica escolma de textos variados. Na "Introdución", Arias-Andreu sublíña que intelectuais nacionais e internacionais como Manuel Azaña, Blaise Cendrars, George Borrow ou Álvaro Cunqueiro servíronlle de referentes para, a través de fragmentos escollidos dalgunhas das súas obras máis representativas, construír un rico panorama do devir da cara mariñeira da Coruña. Na "Breve descrición dos viaxeiros", presenta una bio-bibliografía dos intelectuais escollidos que compuxeron libros sobre viaxes, nos que se poden salientar autores estranxeiros como John Adams, Robert Southey, Alexander von Humboldt, George Borrow, Archer Milton Huntington, ou españois como Miguel de Unamuno, e tamén galegos como Isidoro Bugallal de Araujo, Victoriano García Martín, Camilo José Cela ou Álvaro Cunqueiro entre outros. Na escolma presenta unha selección de fragmentos de textos deses autores que tratan sobre a cidade da Coruña, subdivididos segundo a súa temática en: "Impresións e opinións xerais", "Dos hábitos dos coruñeses", "Divertimentos e lecer", "Sobre usos e cortexos amorosos", "As pousadas", "Instrución e cultura", "O comercio e a industria"; tamén hai outros apartados sobre os tipos de cidade: "A cidade de cristal", "A Torre de Hércules", "As defensas da cidade" e "O Porto". Todo iso vén completado por unha abondosa bibliografía sobre a que se fundamenta nas conclusións. Finalmente, numerosas estampas, cadros, carteis, gravados e fotografías ilustran este traballo, contribuíndo a enriquecer as realidades reflectidas nos diversos textos.

Beauvoir, Simone, *O segundo sexo. Tomo I. Os feitos e os mitos*, trad. Marga Rodríguez Marcuño, revisión temático-filosófica e prólogo de África B. López Souto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade), col. Ensaio, n.º 17, marzo 2008, 462 pp. (ISBN: 978-84-9782-701-0). ■

Tradución do primeiro tomo da obra de Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*, editado en dous volumes orixinais: *Os feitos e os mitos* e isto como tal *A experiencia vivida*. Esta publicación coincide coa celebración do centenario do nacemento da escritora francesa. Nesta obra, Simone de Beauvoir (París, 1908-1986) analiza de maneira exhaustiva, tanto dende a psicoloxía, a bioloxía, a antropoloxía e a historia, o rol que tiveron as mulleres ao longo da historia da humanidade. Defende a tese principal de que a muller constituíuse como tal sempre en referencia a outro ser (é nai, irmá, esposa, filla) e pensa que chegou o momento de romper con esta situación. Defende a emancipación da muller e sinala que non debe resignarse a ser o produto cultural que sempre foi e que a sociedade sempre a someteu a unha situación de dependencia total e a unha manifesta falta de liberdade e decisión. Simone de Beauvoir aborda a visión do que implica ser muller dende un punto de vista biolóxico e psicolóxico, así como tamén dende o materialismo histórico. A estas cuestións dedícalles tres apartados nos que destaca o papel secundario da muller nun mundo e universo creado por e para os homes.

Tamén recolle neste primeiro tomo a historia da humanidade atendendo ao papel das mulleres, e trata o mito feminino en cinco escritores homes de diferentes momentos: Henry de Montherlant, D. H. Lawrence, Paul Claudel, André Breton e Stendhal. O último apartado temático do ensaio analiza as vivencias das mulleres ao longo de diferentes idades, dende a infancia até a vellez, destacando novamente o papel submiso ao longo da historia.

Recensións:

- Lara Rozados, "O feminismo no centenario de Simone de Beauvoir", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, "Cultura", 10-16 xaneiro 2008, p. 39.

Dá conta da tradución ao galego da obra da filósofa francesa Simone de Beauvoir, coincidindo co centenario do seu nacemento. Dise que a obra se dessenvolve na liña de defensa dos presupostos feministas e da igualdade e segue a ser, mesmo na actualidade, o libro de cabeceira de moitas das ramificacións do feminismo do século XX.

- Lara Rozados Lorenzo, "8 de marzo, cando o segundo sexo se converte en primeiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "A aldea global", 6-12 marzo 2008, p. 4.

A conmemoración do Día Internacional da Muller Traballadora foi parella á celebración do centenario do nacemento da francesa Simone de Beauvoir, así como á saída a luz da edición en galego d'*O segundo sexo*. Coméntase que a tradución, feita por Margarita Rodríguez Marcuño, reúne os dous volumes orixinais (*Os feitos e os mitos* e *A experiencia vivida*), editados por Xerais.

- M. B., "Publicada en galego 'O segundo sexo', de Simone de Beauvoir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 marzo 2008, p. 47.

Dá conta da publicación da obra *O segundo sexo*, tradución ao galego da obra da filósofa francesa Simone de Beauvoir. Dise que esta tradución foi levada a cabo por Marga Rodríguez Marcuño e coeditada pola Secretaría Xeral de Igualdade e por Edicións de Galicia Xerais. Sinálase que a publicación da obra conmemora o centenario do nacemento da autora e que está encadrada dentro do programa de actos organizados con motivo do Día Internacional da Muller.

- Helena Miguélez Carballeira, "Volvendo a Beauvoir", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 27.

Recensión d´*O segundo sexo*, a obra universal da teoría feminista escrito pola filósofa francesa Simone de Beauvoir e da cal agora a editorial Xerais publica a primeira parte en galego. Afírmase que, pese a teren pasado case corenta anos dende a súa primeira edición, en 1949, a actualidade do texto é innegábel. Recórdase para demostralo os numerosos tópicos que rodean a Beauvoir ou a recente publicación de *The Sexual Paradox*, o texto de Susan Pinker no que se explica bioloxicamente a diferenza social entre sexos. Sinálase que o labor de tradución foi levado conxuntamente polas profesoras Marga Rodríguez Marcuño e África B. López, que preparan a publicación da segunda parte da obra.

- Laura Caveiro, “Da ‘arte’ revolucionaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 241, “Libros”, 27 marzo 2008, p. I.

Presenta unha revisión da traxectoria de Simone de Beauvoir (1908-1986) neste ano 2008 no que se conmemora o centenario do seu nacemento. Simone de Beauvoir foi recoñecida non só como novelista, senón tamén como ensaísta, representante da corrente filosófica existencialista, dramaturga e intelectual comprometida con cuestións sociopolíticas. A tradución ao galego da súa obra *O segundo sexo* devolve ao plano da actualidade outras obras da mesma autora, entre as que destacan: *Memorias dunha moza formal* (1958), *A Forza da idade* (1960), *A Forza das cousas* (1963) e *Final de Contas* (1972). *Cerimonia do Adeus* contén unha especial dedicatoria á figura de Jean Paul Sartre, compañeiro de Beauvoir e parte importante da súa vida persoal e profesional. Este artigo serve tamén para poñer de manifesto a importancia do seu labor como profesora de filosofía na Sorbona, a súa participación no movemento da Resistencia francesa, así como a súa colaboración coa publicación *Les Temps Modernes*. A que podería ser considerada como a súa mellor obra -*Os Mandaríns*- fíxoa merecedora do premio Goncourt no 1954 (sen esquecer novelas como *A convidada*, *O sangue dos outros* ou *Todos os homes mortais*).

- Xulio Valcárcel, “Un clásico de Simone de Beauvoir”, *El Ideal Gallego*, *La Galería!*, n.º 514, “Páxina Literaria”, 13 abril 2008, p. 4.

Dá conta da publicación da obra máis representativa de Simone de Beauvoir (traducida ao galego) no ano no que se conmemora o centenario do nacemento desta. Así, *O segundo sexo* fai unha revisión da cuestión feminina muller e sostén a necesidade de ser muller para entender todo o que afecta directamente a ese sexo.

- Xulio Valcárcel, “Máis sobre a condición femenina”, *El Ideal Gallego*, *La Galería!*, n.º 516, “Páxina Literaria”, 27 abril 2008, p. 4.

Co gallo do centenario do nacemento da autora Simone de Beauvoir, ve a luz a tradución da súa obra *O segundo sexo*. Nela explícase á muller como unha masa heteroxénea difícil de entender e de controlar, sendo preciso profundizar nela para unha plena comprensión.

- Laura Caveiro, “Segunda Onda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 246, “Libros” 1 maio 2008, p. V.

Dá conta da traxectoria da filósofa e ensaísta Simone de Beauvoir no centenario do seu nacemento, coincidindo coa aparición da tradución ao galego d’*O segundo sexo*, obra recollida no libro *Os feitos e os mitos*, no que tamén se revisan obras de DH Lawrence, Stendhal, Claudel, etc., co obxectivo de axudarlle ao lector a entender o pensamento "beauvoiriano" que defende que o feito de recoñecer na muller a un ser humano non implica empobrecer a experiencia do home.

- Marga Romero, “ Segunda onda”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 185, “Letras galegas”, 10 maio 2008, p 10.

Fai referencia á tradución ao galego do primeiro volume do considerado como o ensaio feminista máis importante do século XX: *O segundo sexo*, escrito por Simone de

Beauvoir e traducido por Marga Rodríguez Marcuño, quen aclara no propio volume algúns aspectos do seu traballo. Indícase que o prólogo vai da man da Doutora en Filosofía, África López Souto, quen lembra a repercusión do ensaio que inspirou grande parte do feminismo teórico da segunda metade do XX. Salienta ao lectorado que no contorno galego tamén se contribuíu ao feminismo coa creación de movementos como a Asociación Galega da Muller e as Feministas Independentes Galegas e que o volume *Os feitos e os mitos* recolle datos científicos co fin de evidenciar que ningún destes discursos demostra a existencia dunha esencia inmutábel da muller, tal e como indica a propia Marga Romero no seu artigo.

- Mercedes Expósito, "O sexo é política", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 23.

Anúnciase a publicación da tradución á lingua galega d'*O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir para reflexionar sobre a razón de porqué ás mulleres non lles gusta a pornografía. Comézase sinalando que nel a autora fai unha dura crítica da concepción sexual da muller que se manifesta en *O amante de Lady Chatterley*, mentres que outros ensaístas como J.M. Coetzee a consideran positivamente como nova, liberadora e precursora da liberación que se produciría nos anos sesenta do século XX. Dende estas posturas contrapostas de ver a sexualidade como opresión ou como liberación percórrese a perspectiva adoptada polo suxeito, "que non é neutro nin neutral", pois considera que para as mulleres a sexualidade implica submisión, mentres que para os homes é dominio e liberación. Reflexiónase sobre a consciencia da toma de posición, percórrense outros ensaios sobre a temática e conclúese que na obra de Beauvoir se afirma que o sexo se emprega para designar ás mulleres "porque elas representan a carne e os seus perigos".

Referencias varias:

- maré, "Saudando os novos 'retos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Centenario", 9 xaneiro 2008, p. 29.

No centenario do nacemento da filósofa Simone de Beauvoir publícase a tradución ao galego da súa obra *O segundo sexo* que estará moi presente nos actos previstos co gallo do Día Internacional da Muller.

- Laura Caveiro, "Palabra de Beauvoir", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, 24-30 xaneiro 2008, pp. 29-30.

Dá boa conta da publicación do libro de Simone de Beauvoir, *O segundo sexo*, que serve para traer de novo á actualidade o tema do aborto. Presenta datos sobre a sociedade francesa, a súa media de "crimes abortivo" -equiparables aos nacementos-, así como a narración por parte da autora da aventura do chamado "novo sexo" acompañada dunha serie de argumentos en prol do mesmo.

- Daniel Salgado, "Publican la obra central de Simone de Beauvoir en gallego", *El País*, "Galicia", 8 marzo 2008, p. 7.

Sae á luz a tradución ao galego da obra de Simone de Beauvoir *O segundo sexo* co gallo do Día Internacional da Muller. Coeditada por Xerais e pola Secretaría Xeral de

Igualdade da Xunta de Galicia, a tradución foi feita por Margarita Rodríguez Marcuño e conta con unha introdución a cargo de África López Souto.

- M. Dopico, "O espertar das 'mulleres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Ensaio", 11 marzo 2008, p. 42.

Faise eco da presentación da tradución ao galego da obra *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir. Indícase que a filósofa francesa cuestionou os fundamentos do sistema patriarcal nesta novidosa e reivindicativa obra, recibindo por ela loubanzas e insultos a partes iguais. Detállase que cuestionou o matrimonio, o rol da nai, da prostituta, da lesbiana, da narcisista, da rapariga namorada e da mística.

- M. B., "Publicada en galego 'O segundo sexo', de Simone de Beauvoir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 marzo 2008, p. 47.

Dá conta da tradución ao galego da obra *O segundo sexo*, da filósofa francesa Simone de Beauvoir. Saliéntase que a tradución foi levada a cabo por Marga Rodríguez Marcuño e coeditada pola Secretaría Xeral de Igualdad e a Editorial Xerais de Galicia. Explícase que a publicación da obra conmemora o centenario do nacemento da autora e está encadrada dentro do programa de actos organizados con motivo do Día Internacional da Muller.

- Ruth López, "Mulleres alén o biolóxico", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 marzo 2008, p. 71.

Dá conta da tradución ao galego da obra da filósofa francesa, *O segundo sexo*, co gallo do centenario do seu nacemento. Especifícase que a obra foi editada conxuntamente por Xerais e pola Secretaría Xeral de Igualdade, así como que a publicación da mesma está enmarcada dentro do programa de actos organizados arredor do Día Internacional da Muller.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "O segundo sexo", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 26 marzo 2008, p. 3.

Dá conta das celebracións levadas a cabo en Francia no centenario do nacemento da escritora Simone de Beauvoir, nada en París o 9 de xaneiro de 1908, e rememora a súa obra *O Segundo Sexo*, que había de chegar a converter nun ensaio emblemático da historia do feminismo. Infórmase de que a tradución desta obra ao galego vén de ser editada por Edicións Xerais de Galicia dentro do volume *Os feitos e os mitos*.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Tras describir brevemente as novidades en narrativa, tanto de adultos como infantil e xuvenil, e de presentar varios poemarios, coméntase que África López Souto presentou este libro de Simone de Beauvoir *O segundo sexo* e que María Lopo se ocupou a relación epistolar de María Casares co seu pai. Asemade, saliéntase no ensaio o xénero feminino, obervábel en obras como a de Teresa Moure, *O natural é político*, e a de María Xosé Queizán, *Anti natura*.

Bernal López, Diego, *Escritorio de Bordóns*, intr. de Nieves Bernal Modia, Santiago de Compostela: Correo S.A.U./Consorcio de Santiago de Compostela, 2008, 180 pp. (DL: C 3506-2008). ◆

Recompilación de artigos que Diego Bernal (Santiago de Compostela, 1940-2001) publicou no xornal compostelán *El Correo Gallego*. Esta escolma de oitenta e catro traballos xornalísticos en que o autor percorre diferentes personaxes vinculados dunha forma ou outra a Galicia ou á súa cultura e en especial á súa capital, é unha homenaxe que o Consorcio de Santiago e o Grupo Correo Gallego fixeron, animados pola viúva do xornalista, á raíz da súa prematura morte. López-Barxas encargouse da escolla dos artigos que Bernal publicaba en castelán semanalmente neste diario. Após un prólogo institucional do presidente do Consorcio e alcalde de Compostela, Nieves Bernal, xornalista e filla do homenaxeado, asina unha introdución onde explica a razón principal destas páxinas: a lembranza da prosa de Bernal, quen é descrito como un amante da vida e dos personaxes do país galego. Ao longo dos artigos, inzados de lirismo, referencias literarias, e numerosas citas eruditas, o escritor liga cada personaxe descrito con engarzados contos ou con pasaxes históricas case sempre referidas á súa cidade natal. Son personaxes heteroxéneas, dende poetas como Manuel María, pintores como Laxeiro e Abelenda, eruditos como Martínez Barbeito, médicos como Agustín Sixto-Seco, estudiosos como Benito Varela Jácome ou escritores como Saramago, a cardeais como Quiroga Palacios ou o comunista revolucionario arxentino-cubano comandante Che Guevara.

Referencias varias:

- Henrique Alvarellos, "Plumas de trazo libre", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Caderno de brumas", 13 decembro 2008, p. 5.

Faise unha lembranza de Diego Bernal e das contracubertas que semanalmente escribía en *El Correo Gallego* durante os anos noventa e cualifícase a este compostelán como unha das "plumas máis brillantes do xornalismo literario". Recóllense as palabras que a súa filla di na presentación do libro *Escritorio de bordóns* editado polo Consorcio de Santiago e o Grupo Correo Gallego que reúne moitas desas contracubertas.

Casanova, Sofía, *Exóticas e escritos xornalísticos*, introd. de Rosario Martínez Martínez, trad. de Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Servicio Galego de Igualdade/Editorial Sotelo Blanco, col. As letras das mulleres, n.º 10, 2008, 401 pp. (ISBN: 978-84-7824-546-8). ■

Na introdución deste volume a profesora Rosario Martínez Martínez repasa con detalle a vida e obras da autora e a difícil situación que tivo que soportar debido ao duro momento histórico que lle tocou vivir. A obra recolle unha colección de relatos curtos da escritora Sofía Casanova (Culleredo, A Coruña, 1861- Poznan, 1958). En primeiro lugar *Exóticas* (1913) que é unha colección de relatos curtos agrupados en "Das terras do odio" e "Da Arte amiga e o Amor que chora". O primeiro grupo inclúe: "A barbarie gris", "Unha novela española castigada en Rusia", "Da Europa Asiática", "A cidade de odio", "Os cosacos, un censor ruso e a miña biblioteca", "A nai escola", "A destrución

de España", "Nas rúas de Varsovia", "Un crime", "¡Sen dereito de asilo!". A escritora narra en primeira persoa e comenta os seus viaxes por diferentes países europeos no momento en que non existía liberdade en Polonia ocupada polos imperios ruso, alemán e austríaco. Sofía Casanova describe, reflexiona e opina, entre outras cousas, sobre as dificultades da poboación, a represión, a brutalidade do exército. Encontramos tamén algunhas referencias a España e destacan algúns comportamentos pouco convencionais para una muller de esa época e nesa situación. O segundo grupo dos relatos centrase nas relacións amorosas entre mulleres e homes célebres. Nos podemos ignorar a complexa relación da autora co seu home, un intelectual algo extravagante. Os relatos que compoñen esta parte son: "España en Polonia. O humanista Ruiz Moros e a Virxe das Villuercas", "Extraordinaria historia do amor conxugal", "Un testamento, o káiser e Sienkiewicz", "Strindberg namorado", "O amor de Wagner", "A idade perigosa da muller", "As mulleres dun poeta", "Un nome", "Páxina similar. Os nenos". A continuación inclúese unha selección do traballo da autora como correspondente do xornal *ABC*. A escritora compaxina o seu traballo xornalístico coa axuda humanitaria que prestaba nos hospitais. A autora relata en primeira persoa as horribles experiencias da guerra dende Varsovia, dende as trincheiras, os efectos dos gases mortíferos lanzados polos alemáns, e a evacuación de Varsovia. Logo continua as súas crónicas dende Rusia falando do éxodo e da situación do país. Dende San Petersburgo describirá o horror que rodeou a Revolución bolxevique. A última parte da obra recolle a conferencia que a escritora impartiu o 25 de abril de 1919 no Centro do Exército e da Armada" en Madrid. Finalmente recóllense unha serie de artigos publicados no diario *ABC* nos que relata cál debería ser o papel da muller na sociedade xa que lle parece moi ben a posibilidade de que traballen, de que poida votar, aínda que nos escritos descubrimos que non é partidaria dun feminismo radical e revélase profundamente católica.

Recensións:

- Marga Romero, "Identidade na escrita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Libros", 23 outubro 2008, p. IV.

Analízase o volume de Sofía Casanova titulado *Exóticas e escritos xornalísticos* coeditado por Sotelo Blanco e o Servizo de Igualdade da Xunta de Galicia na colección "As Letras das Mulleres". Traducido ao galego por Iria Sobrino Freire e cunha introdución de Rosario Martínez Martínez na que se dá conta dos apuntamentos biobibliográficos da autora, o volume céntrase no seu rol de pioneira no eido do xornalismo feminino e salienta epígrafes como os de "Correspondente do ABC", alicerzado na evolución ideolóxica da autora ou"As mulleres nos anos 20", que abrangue textos que contrastan a vida social da muller coa súa visión católica e conservadora. Menciónase tamén a súa conferencia de 1919, "Impresións dunha muller na fronte oriental da guerra europea", na que condena os conflitos bélicos.

- Xulio Valcárcel, "Sofía Casanova", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 547, "Páxina literaria", 14 decembro 2008, p. 4.

Dáse conta da publicación dunha escolma de textos de Sofía Casanova por Sotelo Blanco na colección "Letras de mulleres", patrocinada pola Xunta de Galicia. A partir da introdución de Rosario Martínez Martínez e da tradución e notas de Iria Sobrino Freire, trátase a traxectoria vital da poeta, salientándose feitos como a súa aceptación

nos salóns literarios da súa época, o seu labor como correspondente na Primeira Guerra Mundial e como cronista do *ABC*, xornal no que publicou artigos sobre Grigori Rasputin, a morte de Nicolás II ou Leon Trotsky entre outros. En canto á súa produción literaria sublíñanse o seu primeiro libro, *Poesías* (1855), apadriñado por Afonso XIII; a ilustración da súa novela *Princesa del amor hermoso* (1909) por Castelao e a tradución dos textos "Lo Eterno" (1907); "Más que amor" (1908); "El pecado" (1911); "Exóticas" (1913). Esta recensión vén acompañada por unha ilustración de Xavier Garo.

Freud, Sigmund, *Conferencias de introdución á psicanálise*, trad. de Mª José Noya, prólogo de Fernando Márquez Gallego, Santiago de Compostela/ [Madrid]: Universidade de Santiago/BBVA, col. Clásicos do pensamento Universal, n.º 11, 2008, 546 pp. (ISBN: 978-84-9750-918-3). ◆

A colección "Clásicos do pensamento Universal" pretende reunir as traducións ao galego das obras indispensabeis do pensamento universal, vertidas directamente da lingua orixinal por expertos e precedidas dun elaborado estudio sobre o autor e a propia obra. A colección é moi coidada, destacando a sobrestampación da cuberta e a sobrecuberta en papel vexetal e a dúas tintas. O volume comeza cun completo e extenso prólogo de Fernando Márquez Gallego, profesor de Psiquiatría da Universidade de Santiago de Compostela, no que analiza a relevancia da psicanálise en varios ámbitos. A continuación inclúe unha biografía de Sigmund Freud (Moravia 1856-Londres 1939) e da súa obra, e a explicación da orixe e evolución da psicanálise e a súa relación con outros campos. Nas páxinas seguintes recolle dun xeito más concreto, e dende un punto de vista crítico, os aspectos centrais da cada unha das conferencias para terminar cunha listaxe bibliográfica. A tradutora, Mª José Noya, inclúe unha breve "nota da tradutora" que precede a tradución, nota na que afirma que mantivo a intención do autor e o tipo de lector, feito que a leva a engadir unha serie de notas a pe de páxina onde recolle o termo orixinal. A tradución recolle en primeiro lugar o prólogo escrito por Freud na edición da *Introdución á Psicanálise* publicada en Viena en 1917, na que explica que as conferencias son as clases que impartiu na devandita universidade entre 1915-16 e 1916-1917. As conferencias organízanse en tres partes e pretenden ser transcrición directa das conferencias de Freud, polo que o autor diríxese en primeira persoa ao público e dun xeito directo mostrando especial interese en que o receptor entenda toda a explicación, o que leva a Freud a engadir exemplos moi concretos dos conceptos que manexa. A primeira parte, "Os actos falidos", recolle catro conferencias nas que Freud describe os actos falidos e os clasifica. A segunda parte, "O sono", consta de once conferencias nas que describe a tipoloxía dos sonos, a relación cos actos falidos e a interpretación dos sonos. Céntrase logo nas particularidades dos soños infantís, para a continuación tratar a problemática da censura do sono e exemplificar os diferentes tipos de sonos. A terceira parte, "A doutrina xeral das neuroses", inclúe trece conferencias nas que explica a compresión e descrición dos fenómenos neuróticos (neuroses traumáticas, angustias, fobias, neurastenias, neuroses por angustia e hipocondrías, etc.) e a súa relación cos actos falidos e os sonos.

Gramsci, Antonio, *Escritos sobre teatro I [1916-1917]*, intr., trad. e notas de Xesús González Gómez, A Coruña: Universidade de A Coruña-Facultade de Filoloxía-Departamento de galego-portugués, francés e lingüística, col. Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Maior", serie verde, n.º 55, 2008, 167 pp. (ISBN da Obra

completa: 978-84-9749-311-6; ISBN do vol. I: 978-84-9749-310-9). ■

A presente edición dos escritos sobre teatro de Antonio Gramsci (Cerdeña, 1891-Roma, 1937) abrangue todas as recensións teatrais e artigos sobre teatro que publicou na edición piamontesa do xornal *Avanti!* e, en menor medida, no semanario turinés *Il Grido del Popolo*. Asemade, recolle os textos sobre teatro incluídos nos *Quaderni del carcere*. Trátase dunha das edicións máis completas, segundo afirma o compilador, dos escritos sobre teatro do autor. Antes de presentar os textos, Xesús González ofrece unha introdución polo miúdo da vida do autor, do seu pensamento e do seu labor como crítico teatral. Ademais, acompaña este estudo cun interesante sumario sobre o teatro italiano do momento no que Gramsci viviu. Nesta escolma, de carácter científico e destinada a investigadores ou a un público erudito, atópanse reseñas teatrais de multitude de obras, entre outras, *La Falena* (Bataille), *Paolo e Virginia* (Ambrosini e Michelotti), *Il Pomo de la discordia* (Testoni), *L´erbò d´la libertà* (Leoni), *Il piccolo santo* (Bracco), *Quacquarà* (Capuana), *La malquerida* (Benavente), *Il titano* (Niccodemi), *Macbeth* (Shakespeare), *Les fiancés de Rosalie* (Moncay e Dauwillans), *Le due sponde* (Poggio), *Robespierre* (Sardou), *Il dio della vendetta* (Shalon Asch), *Il matrimonio di Figaro* (Beaunarchais), *Le tre pene de Pierrot* (Berta), *La maschera e il volto* (Chiarelli) ou *L´elevazione* (Bernstein). Tamén se recollen notas sobre actores e actrices como Olga Vittoria Gentilli, Angelo Musco, Alfredo Sainati, Ruggero Ruggeri, Armando Falconi ou Tina Di Lorenzo entre outroa e reflexións sobre o papel do teatro para o intelecto, a relación entre teatro e cine, a agonía do Guiñol italiano ou os problemas da industria teatral.

Gramsci, Antonio, *Escritos sobre teatro II[1918-1920]*, intr., trad. e notas de Xesús González Gómez, A Coruña: Universidade de A Coruña-Facultade de Filoloxía-Departamento de galego-portugués, francés e lingüística, col. Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Maior", serie verde, n.º 56, setembro 2008, 157 pp. (ISBN da Obra completa: 978-84-9749-311-6; ISBN do vol. II: 978-84-9749-312-3). ■

Este segundo volume contén as reflexións sobre o teatro que o pensador italiano marxista, Antonio Gramsci (Cerdeña, 1891-Roma, 1937), publicou entre os anos 1918-1920. A primeira parte do libro é unha escolma de notas, crónicas e reseñas teatrais publicadas na sección teatral da edición piamontesa do xornal *Avanti!*, órgano nacional do Partido Socialista Italiano. Na segunda parte recóllense outros escritos sobre teatro publicados en *Quaderni del carcere* e na sección "Sotto la mole" do xornal *Avanti!* Os textos amosan un crítico preocupado pola función social, política e artística do teatro, pola posta en escena dos textos teatrais, pola interpretación que deles fan os actores, e polas reaccións do público, entre outros. Todos estes factores son os que teñen que ter en conta os críticos de teatro porque teatro e crítica son instrumentos da formación política. As notas que acompañan a escolma axudan ao lector a comprender dun xeito moito os escritos deste pensador.

Kollontai, Alexandra, *Amor vermello e escritos sociais e políticos*, intr. de Encarna Otero Cepeda, trad. e notas de Mª Fe González, Xunta de Galicia. Servizo Galego de Igualdade/Sotelo Blanco Edicións, col. As letras das mulleres, n.º 11, 2008, 424 pp. (ISBN: 978-84-7824-567-3).

Despois dunha presentación institucional, este novo volume da colección "As letras das mulleres", *Amor vermello e escritos sociais e políticos*, é unha recompilación de textos da revolucionaria bolxevique, feminista e socialista Alexandra Kollontai (1872-1952). Na introdución titulada "Alexandra Kollontai: muller bolxevique", de Encarna Otero Cepeda, faise unha achega á biografía da escritora na que se comenta que participou activamente na Revolución Rusa, sendo a primeira muller embaixadora da historia, desempeñou o cargo de Comisaria do Pobo para a Asistencia Pública no Goberno e traballou activamente escribindo artigos sociais e políticos, organizando as mulleres traballadoras rusas até que acadaron o pleno dereito ao voto e igualaron os dereitos laborais da muller e do home. A seguir acóllese unha selección de textos de extensión e temática diversa: textos sociais, políticos, autobiográficos e feministas mesturados con panfletos políticos nos que se amosa o pensamento da autora sobre temas como a unión libre de homes e mulleres sen lazos maritais, o compromiso cara a unha sociedade construída por traballadores e traballadoras en igualdade, a liberdade do propio corpo, o aborto, ou a responsabilidade colectiva con respecto á maternidade. Ademais acóllese a novela *Amor vermello*, dividida en catorce capítulos, na que un narrador en terceira persoa conta a vida dunha rapaza obreira, chamada Vasilisa: o seu traballo, a adscrición aos bolcheviques, a organización da comuna, o enamoramento e a vida marital con Vladimir. Na súa relación sentimental pasan polas acusacións e aprisioamento de Vladimir, as infidelidades, mentiras e dobre vida do seu home e a ruptura da súa relación pola falla de confianza. Vasilisa descobre a relación do seu marido con Nina e o embarazo dela. Decide separarse e volver á comuna, descobre que está embarazada e acorda crialo sóa mentres que Vladimir reinicia a súa relación con Nina. Ao longo da narración a escritora aproveita para falar desa época histórica da Revolución Rusa, das discusións internas entre faccións, das reunións dos comités do partido, etc.

Lojo, María Rosa (dir.), Marina **Guidotti de Sánchez** e Ruy **Farías**, *Los "gallegos" en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Galicia Exterior. Consello da Cultura Galega, 2008, 455 pp. (ISBN: 978-84-95892-70-6). ◆

Volume dirixido por María Rosa Lojo (Bos Aires, 1954), que abrangue unha serie de estudos interdisciplinarios cuxos puntos basais se definen pola cuestión da emigración galega. Tras un índice que enumera os contidos aparece unha presentación, asinada por Xosé M. Núñez Seixas, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Arquivo da Emigración Galega, na que salienta as razóns polas que o volume constitúe un exemplo da recente evolución e diversidade que está a experimentar a emigración galega na actualidade. Destaca asemade a interactividade espacial das diversas etnias inmigrantes na Arxentina, en especial a galega e pón de manifesto a presenza da cultura galega nese país dende o século XIX como punto de partida dos estudos incluídos no presente volume. Menciona así mesmo o proxecto de investigación "Os galegos no imaxinario arxentino" financiado polo Arquivo da Emigración Galega e dirixido por María Rosa Lojo cuxos resultados conforman os estudos que reúne o volume. Despois dunha nota de agradecemento a diversas entidades e individuos aparece un limiar grafado por María Rosa Lojo e alicerzado nos xermolos do seu proxecto de investigación. Subliña este proxecto como un paso previo cara a futuros traballos de investigación e sinala os xéneros da prensa e do sainete como orixinarios da inclusión dunha antoloxía nas páxinas finais do volume. A estruturación do volume xira ao redor de seis seccións. As catro primeiras refírense

aos estudos levados a cabo por María Rosa Lojo, Marina Guidotti de Sánchez e Ruy Farías; a quinta constitúe unha serie de reflexións finais e a última vén conformada pola antoloxía antedita.

- María Rosa Lojo, Marina Guidoti de Sánchez e Ruy Farías, "Características generales de la emigración gallega a la Argentina (circa 1750-1960). Hacia la construcción de un imaginario", pp. 21-41.

Describe o fenómeno migratorio galego prestando especial atención á recepción arxentina destes emigrantes dende mediados do século XVIII até finais do século XIX. Comenta asemade a emigración colectiva ao devandito país así como os indicadores da integración social entre arxentinos e galegos. Doutra banda trata a cuestión da derradeira ondada migratoria na metade do século XX e da construción dun imaxinario colectivo que incluía xéneros literarios como o sainete ou a prensa.

- María Rosa Lojo, "Los 'gallegos' en la literatura argentina", pp. 45-130.

Introduce a cuestión migratoria a través dunha introdución sobre os textos considerados canónicos na literatura arxentina decimonónica para despois comentar acontecementos como a inmigración masiva de 1852 e mesmo analizar os trazos máis recorrentes dos individuos galegos na literatura arxentina. Dentro deses trazos salienta os da figura do criado (a) no eido doméstico; o chamado "trabajador (a) honrado(a)"e os "agitadores", charlatáns, "leguleyos" e militantes. Doutra banda dedica algunhas páxinas á cuestión da narrativa histórica arxentina, no seo da cal alude a certos revolucionarios e a galegos como os devanceiros máis próximos dos narradores arxentinos. Trata tamén a falta de persoeiros galegos na literatura arxentina; o clixé do "icono galaico"; as xerarquías dos inmigrantes; o mimetismo existente entre a figura do galego e a do arxentino e xa por último os casos de Ricardo Rojas e Roberto Arlt.

- Marina Guidotti de Sánchez, "Las obras de teatro: espejo de los estereotipos gallegos en el imaginario argentino", pp. 133-197.

Describe a situación que provocou a chegada dos emigrantes no panorama literario arxentino, como por exemplo o xurdimento de novos mitos sociais. Trata asemade os trazos idiomáticos da lingua española na zona do Río de la Plata así como as orixes do lunfardo para despois centrarse no eido teatral. Comeza así pois, co tango, a expresión na danza da súa linguaxe, o antedito lunfardo e prosegue cos escritores que foron cativados por esta danza e mais polo sainete. Continúa co espazo do "conventillo", ao que considera de tipo antropolóxico e a historia subxacente. Describe despois o "turf" e reflexiona sobre o ascenso social que grazas a este tipo de variedades teatrais conseguiron algúns galegos. No tocante ao contido temático destas obras, analiza cuestións como as relacións familiares, a política, imaxes estereotipadas femininas e remata cunha especie de resumo do comentado anteriormente no seu estudo.

- Ruy Farías, "Galicia y los gallegos desde la mirada de *Caras y Caretas*", pp. 201- 277.

Analiza o semanario *Caras y Caretas*, a primeira revista ilustrada popular arxentina. A partir do seu nacemento en 1898, vai comentando a percepción da cultura galega polos arxentinos así como a súa situación espazo-temporal, o emprego do xentilicio, a súa inserción no ámbito profesional e social, as súas características morais e intelectuais, os

trazos fenotípicos e lingüísticos, a súa sociabilidade e asociacionismo e xa por último a súa repercusión na historia, política, cultura e economía arxentinas.

Tras este estudo aparece a penúltima sección, consistente nunhas breves reflexións finais sobre o sainete como representativo da incorporación dos galegos a unha sociedade multiétnica como a arxentina; o semanario *Caras y Caretas* e a cuestión dos estereotipos na literatura. A seguir reprodúcese unha antoloxía que recolle ensaios publicados en *La Escena. Revista Teatral* da autoría de Arnaldo Malfatti, Julio Escobar, E. Alippi e A. Botta, Rafael José de Rosa e José A. Bugliot e María Bellini. Nas derradeiras páxinas do volume aparecen un anexo gráfico con ilustracións do semanario *Caras y Caretas*; un glosario que explica termos propios do castelán falado en Arxentina e do lunfardo e unha bibliografía. Con respecto á disposición tipográfica, as notas a rodapé aparecen escritas en columnas verticais a ambos lados do texto. Doutra banda, a separación entre seccións lévase a cabo cunha folla de cor laranxa.

Mera, Montse, *El periodismo de Álvaro Cunqueiro. "El Envés" como columna original en la prensa española*, Diputación Provincial de Lugo. Servicio de Publicaciones, col. Historia, 2007, 173 pp. (ISBN: 978-84-8192-371-1) ◆

Estudo de Montse Mera que se centra na descrición e análise do labor xornalístico de Álvaro Cunqueiro Mora (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) en lingua española baseándose nos artigos que publicou entre 1961 e 1981 no diario *Faro de Vigo* dentro da sección "El envés". O estudo comeza cunha sucinta biografía de Álvaro Cunqueiro centrándose na súa faceta xornalística e a seguir, asentándose en vinte e un textos publicados en "El envés", e que se reproducen neste volume, faise unha achega a estes textos en particular e descríbense as súas principais características: estratexias de verosimilitude, a "memoria deformante", inspiracións, humor, fantasía, presenza constante de Galiza ou a importancia das historias e da lendas. Indica que nesta sección podemos atopar todas as características propias do xornalismo de Cunqueiro. Este libro péchase cunha bibliografía xebrada en dúas partes: "Bibliografía de Álvaro Cunqueiro", obra, compilacións en libro e artigos xornalísticos e mais discografía, e "Bibliografía sobre Álvaro Cunqueiro" que acolle libros e publicacións especiais sobre Álvaro Cunqueiro.

Notabene, Nicolaus (Søren Kierkegaard), *Prólogos. Lectura lixeira para certos estamentos segundo tempo e ocasión* (*Morskabslaesning for enkelte Staender efter Tid og Leilighed*, 1844), tradución, introdución e notas de Óscar Parcero Oubiña, maqueta de colección, deseño da cuberta e ilustración de Manuel Janeiro, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, maio 2008, 120 pp. (ISBN: 978-84-8288-941-2).

Co motivo de fondo propio de Søren Kierkegaard (Copenhague, 1813-1855), a ironía, está obra cun dos moitos pseudónimos do autor dinamarqués, Nicolaus Notabene, desenvólvese esta pequena obra de pensamento antihegeliano como resposta ao filófoso que afirma que os prólogos son superfluos, absurdos e mesmo contraditorios coa finalidade última dunha obra filosófica. Notabene fai referencia a algunhas figuras relevantes da cultura da súa época, sobre todo J. L. Heiberg, ao modo irónico que o caracteriza, respondendo ás recensións que realizaran sobre a obra de Kierkegaard ou, simplemente, aos seus sistemas de pensamento. A obra está formada por oito prólogos, algúns elaborados con materiais anteriores. En liñas xerais, subliñan a condición da

escritura, a importancia da forma no contido; o papel da publicación e comercialización dos libros, algúns feitos ás presas polos autores, ofrecen a posibilidade de crear un xornal filosófico, fornecen de importancia filosófica ao prólogo e defende, en definitiva, o uso desta fórmula literaria. Éngadese unha "Apostila" de Para a maior comprensión da obra do escritor dinamarqués, a introdución e notas de Óscar Parcero Oubiña resultan ser moi clarificadoras, ademais de salientar o feito de ser a primeira vez que se traducen os *Prólogos* ao galego, mesmo antes que ao portugués e o castelán.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un Kierkegaard posmoderno", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "Cultura", "Narrativa", 17-23 xullo 2008, pp. 33-34.

Dáse conta do volume *Prólogos*, de Nicolaus Notabene, seudónimo de Søren Kierkegaard. Comeza coa mención da posterior influencia que este autor tivo en Ibsen, John Updike, Kafka, Herman Hesse, Borges, Rilke e Jean Paul Sartre entre outros. Destácase este volume como un documento literario orixinado nunha crítica perante o hegelianismo da época e formado por oito limiares baseados nun humor entre irónico e sarcástico que non parecen prologar ningunha obra en si, constituíndo ademais unha especie de reflexión posmoderna sobre a natureza da escritura. Sinálase a estratexia literaria do emprego de seudónimos por parte de Kierkegaard como precursora dos heterónimos de Fernando Pessoa. Conclúese mencionando as posíbeis dificultades de recepción entre o público lector da súa época e cítase un exemplo ao respecto extraído do volume.

- Rebeca Baceiro, "A ironía subversiva", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 23.

Achega aos *Prólogos*, de Søren Kierkegaard, o pioneiro das filosofías da existencia. Saliéntase o seu humor e que se asenta na subxectividade máis íntima para facer filosofía. Dise que partindo da ficción literaria, o danés fai textos denominados "prólogo-artigos" nos que "cun sofisticado humor subverte todas as figuras institucionais e intelectuais da época" e alía xornalismo e literatura, empregando a dimensión literaria e a filosofía. Comenta que se trata dunha serie de prólogos cos que se "destrúe a noción de libro como exposición sistemática dun obxecto intelectual". Finalmente salienta a filosofía óntica e a singularidade da expresión da subxectividade por medios destes prólogos "emancipados, 'desarraigados', atemperados polo humor".

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Libros do existir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", "Club dandi", 22 novembro 2008, p.13

Refírese a esta monografía de Søren Kierkegaard como unha colectánea de impresións filosóficas e literarias. Considera que se trata dun libro divertido, intelixente e luminoso, que provoca e estimula intelectualmente.

Palacios González, Manuela e Helena **González Fernández** (eds.), *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy*, Oleiros-A Coruña: Netbiblo S.L., col. Irish Studies Series, 2008, 159 pp. (ISBN: 978-84-9745-198-7) (DL: C-3117-2008). ■

Esta recompilación de estudos literarios das editoras Manuela Palacios e Helena González, baseada na poesía galega e irlandesa de autoría feminina dos últimos tempos, é froito do proxecto "Poesía y género: poetas irlandesas y gallegas contemporáneas", composto por Mª Xesús Nogueira, Laura Lojo, Helena González, Luz Mar González Arias, Mª Xesús Lama, David Clark e Clair Wills. Tras unha serie de apuntamentos biográficos sobre as editoras e as autoras de cada un dos artigos recompilados, iníciase o volume cunha nota de agradecemento ás institucións que colaboraron no seu financiamento. A introdución, "Escrituras desde el género en Galicia e Irlanda", (pp. xix-xxx), a cargo das editoras, parte dunha serie de factores causantes da situación actual no eido literario en Galicia e Irlanda como a economía, a lingua e a relixión e fai un percorrido pola historia dende a década de 1970 até o presente, salientando acontecementos que conduciron a un novo camiño de modernización e renovación das dúas culturas. O volume estrutúrase en dúas partes e ten como obxectivo a difusión da obra das figuras femininas máis salientábeis da poesía galega e irlandesa contemporánea xunto coa creación dun diálogo entre ambas culturas a partir dunha aproximación literaria. A primeira, "Naturaleza, Lenguaje y Mito" (pp. 3-95), abrangue os motivos que se citan no seu título na poesía galega e irlandesa, mentres que a segunda, "Con voz propia: Ensayos y entrevistas" (pp. 99-159), comprende dous ensaios e catro entrevistas ás poetas Chus Pato, Ana Romaní, Mary O'Donnell e Celia de Fréine. En cada unha destas partes vanse alternando os estudos referidos ao eido literario galego cos referidos ao eido literario irlandés, descritos brevemente a continuación:

- María Xesús Nogueira Pereira, "Palabras de tierra para detener la marea. El paisaje en las poetas gallegas", pp. 3-13.

Partindo de tres cuestións esenciais, como a emerxencia dunha literatura de xénero na década de 1980, a chamada "xenealoxía de escritoras" e a poesía da década de 1990, analiza o tratamento da paisaxe nas poetas galegas e a súa condición imprescindíbel na poesía actual.

- Manuela Palacios, "La luna en el cristal: Poetas irlandesas y naturaleza", pp.15-28.

Dende un punto de vista ecofeminista, os xermolos do feitío que as poetas irlandesas elaboran a partir do medio natural que as envolve.

- Helena González Fernández, "Encrucijadas identitarias gallegas y el laboratorio del lenguaje", pp. 29-47.

Amosa ao lectorado a conexión existente entre a investigación poética e as conxecturas propias da posmodernidade, xunto cos interrogantes que xiran arredor do tema da identidade nacional.

- Laura Mª Lojo Rodríguez, "Corporeidad y lenguaje en la poesía irlandesa actual", pp. 49-63.

Fundaméntase na comunicación e reciprocidade da linguaxe coa subxectividade e corporeidade humanas no seo da poesía irlandesa contemporánea.

- Mª Xesús Lama López, "Tejiendo y destejiendo mitos o el moldeable tapiz de la realidad en las poetas gallegas", pp. 65-74.

Estabelece un estudo pormenorizado da presenza dos mitos na literatura galega.

- Luz Mar González Arias, "Intertextualidad clásica en la poesía irlandesa de autoría femenina: 1980-2007", pp. 75-95.

Percorrido polos mitos grecolatinos na poesía irlandesa contemporánea escrita por mulleres.

- María do Cebreiro, "Nuestro cuerpo es un campo de batalla. El sentido político de la poesía gallega escrita por mujeres", pp. 99-107.

A poeta delibera sobre o corpo e o seu significado político na poesía galega de autoría feminina.

- Anne Le Marquand Hartigan, "Librando espacio: Un porqué de la escritura", pp.109-125.

Suxírense novos modos de enxeñar o acto da creación poética arrincando da voz "cómico", relacionada neste caso coa representación dramática.

- María Xesús Nogueira Pereira, "Los signos de la diferencia. Entrevistas con las poetas Chus Pato y Ana Romaní", pp.127-139.

Salienta a representatividade destas dúas poetas galegas contemporáneas e adianta o tema sobre o que xirará a entrevista: a muller como persoeiro no discurso literario galego e a evolución do feminismo galego dende a figura de Rosalía de Castro.

- Luz Mar González Arias, "Poemas desde las fronteras del arte: Conversaciones con Mary O'Donnell y Celia de Fréine", pp. 141-159.

Entrevista ás poetas mencionadas no antedito título e pecha o volume.

Recensións:

- Antía Marante Arias, "Xeografías distantes e similares", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 111-112.

Faise un estudo da obra *Palabras extremas: ecritoras gallegas e irlandesas de hoy* subliñando a importancia de que se recollan nela estudos críticos de autoras galegas e irlandesas que estando tan distantes no espazo presentan temáticas semellantes centradas na problemática da muller, da inmigración ou das linguas (galego e gaélico). Descríbense os diferentes bloques que a compoñen e conclúese coa afirmación de que

se trata de recoller as voces das autoras actuais que están a transformar o discurso poético nos dous espazos xeográficos diferentes.

Referencias varias:

- C. P., "As poetas irlandesas comparten moito no terreo creativo", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 22 novembro 2008, p. L16.

Entrevista a Manuela Palacios, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, con motivo da presentación do seu libro *Palabras extremas: escritoras gallegas e irlandesas de hoy*, editado conxuntamente con Helena González. Este volume é o resultado do labor de investigación do proxecto do Ministerio de Educación, no que colaboran diversas investigadoras de España, Irlanda e Inglaterra así como integrantes do grupo "Poesía e Xénero" da USC, entre as que se destaca a presenza de María Xesús Nogueira. A idea principal do libro é a análise comparativa entre a literatura irlandesa e galega de autoría feminina nos últimos trinta anos. Menciónanse entre as poetas galegas a Ana Romaní, Chus Pato e María do Cebreiro e sublíñase a gran similitude entre as escritoras de Galicia e de Irlanda.

Patterson, Craig, *O devalar da idea. Otero Pedrayo e a identidade galega (Galician Cultural Identity in the Works of Ramón Otero Pedrayo*, 2006), limiar de Derek Flitter, tradución de Xabier Cid, Ourense: Fundación Otero Pedrayo, col. Biblioteca Centro de Estudos Oterianos, xuño 2008, 398 pp. (ISBN: 978-84-612-4782-0). ◆

Craig Patterson presenta neste traballo as ideas e fontes que deron forma á obra do escritor Ramón Otero Pedrayo e recuperaron parte da identidade galega reprimida durante un longo período político alleo á cultura galega. Despois do limiar do catedrático e hispanista Dereck Flitter, e dos agradecementos pertinentes a un traballo que é froito dunha tese doutoral, o tradutor presenta unha nota na que explica o seu criterio ao enfrontarse aos diferentes textos que aparecen en varios idiomas no orixinal. Séguenlle sete páxinas de abreviaturas utilizadas polo autor no traballo que dan paso á introdución do propio Patterson. O capítulo introductorio facilita aos lectores o achegamento á vida de Otero Pedrayo e ao marco contextual das ideas que condicionaron o universo ideolóxico do escritor. A continuación analiza as ideas e os factores que influíron na ideoloxía do escritor por exemplo o pensamento historicista alemán e o romanticismo, a recepción en Galicia do renacemento céltico europeo ou o papel que desempeñou a xeración Nós en todo isto. O segundo capítulo trata da importancia da natureza e a paisaxe para Otero Pedrayo que o considera clave da identidade cultural e nacional. Para iso o escritor defende empregar a filosofía bergsoniana para entender como a paisaxe e o tempo están vinculados ao carácter galego. No capítulo terceiro, referido á lingua, Patterson analiza o valor indispensábel que representa para Otero como determinante da identidade galega, revisa tamén os estudos culturais europeos e o pensamento dos filósofos coetáneos. Fálase de Martín Sarmiento como precursor do nacionalismo lingüístico. Analízase o historicismo e as bases lingüísticas do nacionalismo romántico así como o conflito lingüístico de Spengler e a identidade "faústica" de Galicia. No mesmo capítulo menciónanse a Yeats e a Synge, autores irlandeses que gustan á Xeración Nós porque representan parte dun programa ideolóxico celtista e atlantista. Finalmente recompílase nun apartado titulado "A historia de Galicia segundo Otero: unha perspectiva lingüística" os comentarios que

a través de toda a súa obra estende Otero para explicar as súas ideas sobre a historia da lingua galega. O capítulo cuarto ten coma tema a relixión, que é o aspecto, en palabras de Patterson, máis antropolóxico do pensamento oteriano e resalta o valor que ten na conformación da identidade galega. O último capítulo, tan extenso como os demais, fai referencia ao termo de nacionalidade e menciona a diferentes pensadores europeos cuxas ideoloxías influíron no pensamento de Otero: Herder e o seu historicismo romántico como fontes dunha dinámica nacional; o volksgeist celta ao que compara co espírito nacional galego e no que se trata da raza e do pobo. Tamén se mencionan pensadores autóctonos como Manuel Murguía, que serve a Otero de guía nese pensamento romántico historicista.A segunda parte do capítulo céntrase máis na análise de Galicia nunha España imaxinada e nunha Europa de nacións orgánicas para pasar a aspectos máis concretos de estudo como é o significado nacional de Santiago de Compostela ou o rexurdimento da nación "occidental". Para rematar, o autor do libro analiza dúas áreas do pensamento de Otero que melloran a comprensión da súa definición de nacionalidade galega: a proposta dunha elite intelectual gobernante e os valores da aldea, do campesinado, o espírito do agro fronte á modernidade. O denso traballo de investigación, do que dan conta tamén as súas 576 notas ao pé de páxina, remata cunha brevísima conclusión para un traballo de case 400 páxinas na que se di que a identidade cultural galega non se pode concibir sen o axente activo da lingua. Unha extensa bibliografía do autor e sobre o autor xunto cun índice onomástico pechan o volume.

Referencias varias:

- Eduardo Gutiérrez, "O devalar da idea", *El Progreso*, "Opinión", 20 agosto 2008, p. 25.

Coméntase a tradución do libro *Galician Cultural Identity in the Works of Ramón Otero Pedrayo*, de Craig Patterson, ao galego como *O devalar da idea. Otero Pedrayo e a identidade galega*. Cun limiar de Derek Flitter e orixinado nunha tese de doutoramento, o libro fai fincapé na figura de Otero Pedrayo como defensor do punto de vista bergsoniano á hora de equiparar a dinámica paisaxística coa histórica. Patterson conclúe o seu estudo afirmando o xeito de vivir de Otero Pedrayo conforme ao pragmatismo filosófico e político do seu tempo.

Rodríguez Fer, Claudio (ed.), *Valente: el fulgor y las tinieblas*, Lugo: Editorial Axac, col. Onoma, n.º 1, 2008, 189 pp. (ISBN 10: 84-935495-7-6; ISBN 13: 978-84-935495-7-2).

Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) explica na "Presentación" que este volume se publica coa intención de reunir diversos estudos sobre o poeta José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, Suiza, 2000) que, inicialmente, foron publicados en *Moenia. Revista de Lingüística&Literatura*. Así mesmo, sinala que outra das intencións é a de difundir en castelán traballos escritos noutras linguas e que, agora, se enriquecen coa inclusión dalgún texto inédito. Describe brevemente os traballos reunidos e indica cales son as súas procedencias. A seguir, preséntanse aqueles que atenden á escrita en galego do poeta ourensán:

- Claudio Rodríguez Fer, “José Ángel Valente, poeta cero”, pp. 11-27.

Dende o seu nacemento en Ourense en 1929 até o seu falecemento en Xenebra no ano 2000, realízase un percorrido pola biografía de José Ángel Valente, ao mesmo tempo que se citan e comentan as súas obras. Así, alúdese á súa escrita como poeta, narrador e ensaísta e ao seu labor como tradutor, chegándose a cualificar a súa produción creativa como palimpsesto do máis alto *desideratum* da literatura occidental de todos os tempos. En canto á súa escrita en galego, coméntase que logo de disertar sobre as cantigas galaico-portuguesas de Alonso X el Sabio, publicou o poemario *Sete cántigas de alén* (1981), que sería obxecto de posteriores reedicións. Tamén se sinala que as múltiples conexións galaicas de Valente se acentúan na súa obra en galego e que aquelas proceden do cancioneiro alfonsí e de toda a tradición lírica medieval e popular, así como de Rosalía de Castro, obxecto de poemas e ensaios, e doutros autores contemporáneos (Vicente Risco, Manuel Antonio ou Rafael Dieste). Por último, inclúese unha bibliografía básica de e sobre José Ángel Valente.

- Manuel Fernández Rodríguez, “José Ángel Valente: el exilio como raíz”, pp. 139-151.

Sinala que a obra poética, ensaística e narrativa en lingua española de José Ángel Valente non desmerece en calidade e intensidade a breve obra lírica en galego, pese a que neste ámbito sexa menos recoñecido e visitado pola crítica. Considera que a súa bibliografía poética en galego é facilmente resumíbel, pero que debe entenderse como unha entidade plenamente autónoma. Refírese ao seu poemario en galego, *Sete cántigas de alén* (1981), e considera que a propia orixe da creación poética galega valenteana ten que ver cunha situación exílica e de regreso, tanto no que respecta á biografía do autor –voluntariamente exiliado en Xenebra- coma no relativo ao propio acto de creación poética, mediante un regreso á lingua das orixes. Analiza as recorrencias temáticas da estranxeiría na obra valenteana e considera que a cuestión do exilio ou a estraxeiría posúe, no caso da lírica, a narrativa e no ensaio valenteanos, unha dobre vía: a histórica, cun enfoque ideolóxico crítico, e a mítica, trancendente, que se refire a un exilio ontolóxico e existencial e que é a que domina ideoloxicamente a actitude xeral do autor.

- Carmen Blanco, “Lugar *alén*. Una vereda en la que escuchar las *Cántigas* de Valente”, pp. 153-168.

Fai un repaso a través dos textos de *Cántigas de alén*, que completa cunha serie de comentarios, así como cita autores da literatura galega que teñen influenciado a José Ángel Valente. Tamén reproduce un texto da súa autoría que alude ao pasamento do escritor ourensán.

Recensións:

- Francisco R. Pastoriza, “Valente”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 209, “Lecturas", 6 decembro 2008, p. 3.

Dá conta da publicación do segundo volume das *Obras Completas* de José Ángel Valente. Indica que o libro foi publicado por editorial Galaxia- Gutenberg e que nel se inclúen os seus ensaios, cartas, artigos, informes literarios, etc. Afirma que nos seus escritos transloce o interese do autor pola promoción dunha crítica política que facilite a

existencia dunha boa lírica cultural e literaria. Conclúese que a súa produción textual fixo del un célebre ensaísta e un notábel poeta, mais foi no xénero do ensaio no que conquistou maiores éxitos.

Referencias varias:

- Armando Requeixo, "Actualidad Valente", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 5.

Sinálase que en *Valente: el fulgor y las tinieblas* participaron estudiosos de toda Europa, América e África con traballos traducidos ao castelán e orixinalmente editados en galego, inglés e francés.

Rodríguez González, Olivia (ed.), *Urbano Lugrís. Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos, 1942-1973*, introdución e apéndices da autora, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Rescate, n.º 9, maio 2008, 313 pp. (ISBN: 978-84-89232-18-6).

Volume en lingua castelá de Olivia Rodríguez González que se abre cunha introdución, titulada "La obra literaria de Urbano Lugrís", na que a autora fai un repaso pola vida de Urbano Lugrís González (A Coruña, 1908- Vigo, 1973), así como pola súa obra literaria, deténdose, neste último caso, nas colaboracións na prensa da época (especialmente, aínda que non só, en *El Pueblo Gallego*, *Atlántida* e *Vida Gallega*) na que traballaría como ilustrador e director artístico respectivamente. Atendendo ao xénero ao que se corresponden as diferentes colaboracións xornalística, é dicir, tendo en conta se son "Poemas", "Cuentos" ou "Ensayo", a autora fai unha caracterización xeral desta produción. Así mesmo, introduce o apartado "Características de la literatura de Lugrís" no que destaca, entre outros aspectos, a compoñente visual e sonora, pero tamén táctil e olfactiva da súa produción; o "culturalismo" do autor; a intertextualidade presente nos traballos deste autor; a combinación de linguaxes específicas; etc. En "¿Pseudónimos o heterónimos?", Olivia Rodríguez detense nos nomes que empregou para asinar a súa obra (no ortónimo, pero tamén en heterónimos como "Ulysses Fingal", "Caghliustriño", "Ramsés", "El bachiller Payo Grovio", etc). Péchase a introdución co apartado "La presente edición" no que se dá conta dos manuscritos e fontes manexadas para esta edición, se indican os tipos de intervencións que se realizaron nos textos e se agradece a axuda prestada a diferentes intelectuais, escritores e artistas. A seguir, estrutúrase o volume nos apartados "Poemas (1942-1973)", que consta de dezaseis textos; "Cuentos (1945-1958)", composto de oito textos; "Ensayo literario y periodístico", subdividio en "Prosa poética", con nove textos, "Prosa descriptiva y estampa costumbrista", de trece textos, "Prosa informativa y biográfico-histórica" de trece textos e "Crítica literaria y artística", de tres textos; "De varia re (1949-1961)", unha miscelánea composta de seis partes nas que aparecen entrevistas ou xeroglíficos e, finalmente, "Apéndices", no que se presentan as "Aproximaciones y estudios sobre Urbano Lugrís González", unha listaxe de libros nos que este escritor e artista aparece como personaxe de ficción novelesca e un "Glosario léxico gallego". No que á literatura galega se refire acolle no apartado "Poemas (1942-1973)" as composicións "A Isaac Díaz Pardo", "Nas terras do Leste…", "Loubanza de Betanzos", "Durme, meu meniño, durme", "Tránsito", "Neno" e "Un réquiem cativo para un pintor grande" e, no apartado "Ensayo literario e artístico", "Conto de Reises", títulos todos eles que anuncian o

contido do que autor vai tratar. Ademais do dito, nalgúns dos textos escritos en castelán reproducidos inclúense breves coplas populares ou outros textos en lingua galega, así como homenaxes ou alusións a autores galegos como pode ser Manuel Antonio. O volume presenta tamén fotografías e debuxos do autor e mesmo cubertas de diferentes publicacións nas que Lugrís González participou.

Referencias varias:

- M. Barros, "Cen anos de Urbano Lugrís", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, "Magazine", 10-16 xaneiro 2008, pp. 40-41.

Coméntase que con motivo do centenario do nacemento de Urbano Lugrís, se suceden centos de acontecementos para rendir homenaxe á súa figura. Así, distintas exposicións, mais tamén unhas xornadas na Coruña dedicadas que presentan un percorrido pola súa traxectoria, conferencias e publicacións de varios libros, conforman o esencial dos actos que terán lugar para celebrar o nacemento deste artista.

- Manuel Vidal Villaverde, "Tempo de ver e vivir", *Atlántico*, "Opinión", 18 xuño 2008, p. 3.

Dáse conta da reedición da obra *Balada de los mares del norte, poemas, cuentos y ensayos, 1942-1973*, de Urbano Lugrís, e saliéntanse as ilustracións de Olivia Rodríguez González por revivir o surrealismo do pintor do centenario do seu nacemento.

- Manuel Vidal Villaverde, "Vésperas de algo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Vento lizgairo", 28 xuño 2008, p. 4.

Analízase a edición de Urbano Lugrís, *Balada de los mares del norte. Poemas, Cuentos y ensayos, 1942-1973*, do que se destacan as notas e os apéndices de Olivia Rodríguez González e se indica que foi publicado por Alvarellos Editora. Remata coa cita dun terceto pertencente a un dos sonetos que Lugrís lle adicou ao pintor Villar Chao.

- Marga Romero, "Maio Galano Maio", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 256, "Libros", 10 xullo 2008, p. IV.

Coméntase que o relato "Maio Galano Maio" resulta moi singular e que evoca a cidade da Coruña durante a celebración en 1870 da festa dos Maios. Sinálase que o neno Urbano Lugrís gardará recordo destas imaxes relacionadas coa chegada da deusa flora durante toda a súa vida. Tamén se sinala que se chegue ao texto despois de ver dúas fermosas ilustracións, unha delas dedicada ao Maio humano, do propio Lugrís. Así destácase que no libro se produce unha unión perfecta entre ilustración e relato, que mostra o valor da tradición para unha xeración galega de vangardistas.

- Ángel Varela, "Un libro recopila por primera vez la obra escrita de Urbano Lugrís", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 agosto 2008, p. 39.

Dáse conta da recompilación da obra escrita do pintor Urbano Lugrís, *Baladas de los mares del norte*, editada por Henrique Alvarellos e anotada pola profesora da Universidade da Coruña, Olivia Rodríguez, que se presentou na feira do libro da Coruña

en 2008. Sinálase a inclusión no volume de sesenta e dous escritos que abranguen poemas, contos e ensaios publicados entre 1942 e 1973 nas revistas *Vida Gallega* e *Atlántida* e nos xornais *El Pueblo Gallego* e *La Voz de Galicia*, así como outros escritos e ilustracións inéditas. Destácanse as influencias de Pablo Neruda, Manuel Antonio e Eduardo Pondal na súa produción poética xunto a unha temática referida ao eido da mariña. Olivia Rodríguez subliñou asemade a conexión temática que lle aproxima a escritores como Melville, Stevenson, Risco, Cunqueiro e ao seu propio pai, Lugrís Freire xunto aos seus estudos biográficos sobre Murguía, Vicetto, Tettamancy e Valle-Inclán dentro do xénero ensaístico. No epígrafe intitulado "Beleza e sentido mítico", coméntanse a súa grande achega á cultura galega, a fusión existente entre a súa produción artística e literaria e o valioso labor de investigación levado a cabo por Olivia Rodríguez segundo o editor Alvarellos. Acompáñase esta referencia dunha autocaricatura de Lugrís, da cabeceira que el mesmo deseñou, dun dos seus manuscritos e do seu traballo gráfico "Aleluyas".

Romero Tobar, Leonardo (ed.), *Literatura y nación. La emergencia de las literaturas nacionales*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza-Prensas Universitarias de Zaragoza, col. Humanidades, Serie Clío y Calíope, n.º 69, agosto 2008, 573 pp. (DL: Z-3292-2008). ◆

Volume colectivo que tras un "Preliminar" do editor no que explica a estrutura do monográfico, recolle un conxunto de estudios críticos que revisan as relacións entre a literatura e as comunidades inventadas "nacionais". Os estudios refírense á literatura española dos séculos XVIII ao XX, á literatura hispanoamericana e ás literaturas alemá, inglesa, francófona, belga, galega, vasca e catalá, e organízanse en catro partes baixo os epígrafes: "Teoría", "Literaturas Nacionales", "Literatura Hispanoamericana" e "Literatura Española" que abranguen estudios teóricos xerais e propostas máis concretas. En relación coa literatura galega acolle o estudio:

- Anxo Tarrío, "Literatura, nación y geografía. Espacios culturales en la Galicia contemporánea (1840-1936)", pp. 245-273.

Partése da relación existente entre a literatura e a xeografía natural ou urbana, posta de manifesto en obras de Manuel María, Darío Xohán Cabana, Xesús Rábade, Uxío Novoneyra ou trovadores como Martín Códax, entre outros. Distingue as xeografías naturais e as cidades como Santiago de Compostela ou Ourense, que foron fonte de inspiración polo seu interés monumental ou histórico. Advirte do localismo na literatura galega e a proliferación de centros de produción cultural que se deberían ter en conta á hora de describir espacialmente o sistema cultural. Tomando como unidade de asentamento de produción literaria, política e cultural a cidade, describe o labor cultural, periodístico, editorial, político e literario realizado nas distintas cidades galegas (Santiago de Compostela, Ferrol, Ourense, Vigo, A Coruña, Lugo, Pontevedra) e as causas e consecuencias dos cambios nos centros de produción cultural, en tres periodos temporais: Prerrexurdimento (1840-1861) coa predominancia de Santiago de Compostela; Rexurdimento (1862-1906), co protagonismo da Coruña e Época Nós (1916-1936) con dous centros de produción contrapostos, A Coruña (acción política do nacionalismo galego) e Ourense (acción culturalista), ademais da importancia da Universidade de Santiago de Compostela e do Seminario de Estudos galegos. Tamén realiza unha contextualización das características demográficas, sociais e culturais da

Galicia contemporánea, así como do fenómeno da emigración. Salienta a importancia e o papel da imprenta na difusión da cultura, a proliferación das publicacións periódicas como voceiros das ideas políticas dos intelectuais galegos e a creación de editoriais que acollían a produción literaria de Galicia, sen discriminar a lingua empregada.

Villanueva, Darío, *Imágenes de la ciudad: poesía y cine, de Whitman a Lorca*, Valladolid: Universidad de Valladolid. Servicio de publicaciones, col. Ensayos literarios. Cátedra Miguel Delibes, n.º 4, 2008, 286 pp. (ISBN: 978-84-8448-456-1). ◆

Ensaio de Darío Villanueva Prieto (Vilalba, 1950), cuxas ideas foran xa esbozadas en 2007 nun curso de posgrao impartido na City University of New York. Partindo do concepto de "cidade industrial", o autor estuda a converxencia entre poesía e cinema coa finalidade de apreciar até que punto as imaxes urbanas chegaron a ser solidarias entre si durante o tránsito do Romanticismo á Modernidade. Ao longo das case trescentas páxinas distribuídas en cinco capítulos, plásmase como se produciu entre cidade, cinema e poesía un comercio estético de extraordinarios rendementos. As teorías esbozadas neste ensaio teñen o seu correlato aplicado na minuciosa descrición das secuencias dos filmes analizados así como no estudo exhautivo das composicións elixidas. Como complemento imprescindíbel o traballo incorpora un índice de ilustracións e un amplo aparato de referencias bibliográficas e filmográficas. O primeiro capítulo, "La écfrasis inversa. Manhattan, de la poesía al cine", ocúpase de dilucidar a converxencia formal que permite apreciar até que punto as imaxes urbanas da poesía e o cinema vangardista chegaron a ser solidarias entre si durante a segunda metade do século XIX. O segundo capítulo, "Géneros del cine vanguardista. El *filme ciudad*, poema, sinfonía", propón un interesante percorrido polo cinema expresionista do primeiro tercio do século XX, que acadara xa un desenvolvemento significativo dende que en 1919 Robert Wiene se consagrara co *Das Kabinett des Dr. Caligari*. No capítulo denominado "La imagen en las vanguardias españolas: cine y poesía" estúdanse os Ismos que introduciron na poesía de vangarda o gusto polo visualismo, polas imaxes e polas metáforas que se convertiron en esencia da poesía e suxeriron relacións inmediatas coa séptima arte. Como indica o seu título, "Buñuel, Lorca y Dalí. Entre poesía y cine", o cuarto capítulo constitúe unha descrición da España vangardista, considerada como unha das repúblicas literarias na que os nexos entre cinema e literatura quedan máis patentes. No último capítulo, "*Poeta en nueva York* desde el expresionismo de 'la aurora", desenvólvese unha completa análise do devandito poemario lorquiano, estudado dende a óptica expresionista.. Así, *Imágenes de la ciudad* encádrase dentro da apertura inteartística do estudo da literatura española do século XX. Neste sentido, a perspectiva adoptada ao longo de todo o traballo presenta a Modernidade no caso español inserida dentro dun contexto mundial do que os creadores eran conscientes de formar parte.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abeleira, Xoán, "[O home que non lle temía ao mercurio]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [114]-127.

Tras salientar a traxectoria literaria de Xoán Abeleira, acóllese unha escolma composta por doce textos poéticos.

Agra, Agustín, "Os nosos libros", *Alameda*, n.º 32, decembro 2008, p. 116.

Sección fixa desta revista que contén breves recensións de obras en galego do ano 2008. Nesta ocasión, ocúpase da monografía *Noia no cambio de século*, de Xerardo AgraFoxo. En canto á literatura infantil e xuvenil, fai referencia á novela *A capela maldita*, de Mario Franco.

Alameda, "V Concurso de contos Liceo de Noia", *Alameda*, n.º 32, decembro 2008, pp. 42-46.

Acóllense os contos "A braga fantástica", de Mª Cristina Pavón Mauriz (pp. 42-44) e "Coctel La Chapelle", de Xosé Francisco Pais Lopez (pp. 44-46).

Alameda, "Félix Petisco: 'Mar de ondas", *Alameda*, n.º 32, decembro 2008, pp. 111-112.

Reprodúcese a composición narrativa "Mar de ondas", de Félix Petisco, coordinador do ENDL do IES David Buján, que aparece acompañada das ilustracións de Coral Hermo Calvo e Rosana A.

Aleixandre, Marilar, Xavier **Queipo** e Francisco **Castro**, "A literatura e a paisaxe do eu. Historias, liberdades e blogs en Valencia", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2008, p. 11.

Trátase dunha referencia a Galeusca, o encontro de escritores e escritoras galegos, vascos e cataláns que se celebrou en Sueca, Valencia, en novembro de 2008. Os tres participantes galegos describen o encontro destacando as emocións conxuntas que compartiron nos recitais, nas excursións e nos relatorios.

Alonso Estraviz, Isaac, "Marcial Suárez Fernández (Alhariz, 15-02-1918; Aguieira-Porto do Som (Corunha), 26 de Agosto de 1996", *Agália*, n.os 93-94, 1º semestre 2008, pp. 203-210.

Con este traballo preténdese dar a coñecer o escritor Marcial Suárez Fernández (Allariz, 1918-Porto do Son, 1996). Isaac Alonso Estraviz detense na vida e na obra de Suárez Fernández da que salienta a obra *O acomodador e outras historias* (1969), un libro de

dezaoito relatos de fácil lectura. Desta obra destaca que o seu autor demostra o fondo coñecemento que tiña da vila e da idiosincrasia das xentes de Allariz e tamén se comenta a súa riqueza lingüística e lexical.

Alonso Montero, Xesús, "Joan Maragall en Galicia. Tres traducións galegas de *La vaca cega*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 11, 2008, pp. 125-128.

Recóllense as tres traducións que coñeceu ao galego un poema do catalán Joan Maragall i Gorina (Barcelona, 1860-1911) intitulado "La vaca cega". Comézase cunha pequena achega biobibliográfica ao autor, considerado o primeiro poeta clásico do século XX en Cataluña, seguida dunha breve aproximación á súa presenza nas letras galegas. Así, sinálase que o poema citado se traduciu en 1917, o intitulado "Himno da arbre froital" en 1929 e o "Cant espiritual" en 1960. A seguir, reprodúcese o poema orixinal, publicado por primeira vez na revista *L'avenç* en 1893, e as traducións feitas ao galego desta composición de grande éxito entre autores de diferentes nacionalidades. Comézase pola de Xosé Iglesias Roure, publicada n'*A Nosa Terra* en 1917 e reproducida despois en "Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña *El Noroeste*" en 1918. A segunda tradución é do propio Alonso Montero de 1972, que apareceu no xornal *La Voz de Galicia*. Por último, reprodúcese a tradución de Manuel Casado Nieto, publicada no *Faro de Vigo* en 1981. Remata cunha breve alusión a outras traducións de poemas deste autor, aínda que facendo notar que ningunha composición tivo tan boa acollida como este poema de "La vaca cega".

Alonso Montero, Xesús, "Rosalía de Castro no epistolario de Ramón Piñeiro: cartas (e poemas) de Luís Pimentel e Alberte Machado da Rosa", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 9-25.

Estudo do profesor Xesús Alonso Montero referido á relación epistolar estabelecida entre Ramón Piñeiro e dous poetas: Luís Pimentel e Alberto Machado da Rosa, referida a Rosalía de Castro e que acolle o texto manuscrito autógrafo do poema de Pimentel "Outra vez Rosalía", escrito no outono de 1954 e dedicado a Ramón Otero Pedrayo. Sinálase que este poema se reproduciu co mesmo título no volume *Sombra do aire na herba* (1959). Achéganse, por outra banda, fragmentos de cartas entre Pimentel e Piñeiro e, a súa vez, entre Machado da Rosa e Piñeiro. Lémbrase que o portugués foi autor dunha tese doutoral titulada *Rosalía de Castro, a muller e o poeta*, que foi publicada en 2005 por Elías J. Torres Feijó e Joel R. Gómez. A seguir, reprodúcense dous poemas de Machado da Rosa co título "Chegada a Compostela", escrito en 1957, e "Campo Galego", composto en 1945. Tamén se ofrece parte da resposta que deu Fermín Bouza Brey a un traballo de Machado da Rosa ("Rosalía de Castro, poeta incomprendida", *Revista Hispánica Moderna,* N. York, 1954, pp. 181-223). Sinálase que a resposta de Bouza Brey figura en "Los amores de Aurelio Aguirre y su amistad con Rosalía de Castro", capítulo do artigo "La joven Rosalía en Compostela (1852-1856).

Alonso Montero, Xesús, "Díaz Pardo: atípico capitalista galego", *Tempos Novos*, n.º 129, "As claves", "Biografía", febreiro 2008, pp. 57-58.

Faise un percorrido pola vida de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920), pertencente ás Xuventudes Socialistas, motivo polo que foi perseguido. Cóntase que cando amainaron un pouco as cousas estudou Belas Artes e fíxose pintor. Di que creou varias empresas, incluída unha en Arxentina, pero que, entre elas, destaca a fábrica de cerámica de Sargadelos, na que tiña plena autoridade até que se rebelaron os seus socios e acadaron o poder, con Santiago Sineiro á fronte. Informa de que estes dous bandos tamén se enfrontaron na asamblea do Instituto Galego de Información (IGI), que nunca logrou o seu obxectivo, constituír un xornal chamado *Galicia.*

Alonso Montero, Xesús, "Marcos Valcárcel, 'Cronista da República das Letras Galegas", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 140, "Letras", decembro 2008, pp. 34-36.

Reprodúcese a carta do profesor Pietro Molteni (fillo) a Xesús Alonso Montero sobre a figura de Marcos Valcárcel, con motivo da homenaxe que terá lugar o 29 de novembro en Ourense, na que reflexiona sobre as achegas de Valentín Lamas Carvajal, Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco-Amor ao retrato da cidade de Ourense. A seguir, céntrase en Válcarcel, salientándose a súa polifacética erudición e o seu tacto como historiador coa serie de miniartigos "Andoliña" e a serie cronolóxica "Cen anos de historia cultural" entre outras achegas. Ademais reivindícase o título republicano de "Cronista da República das Letras Galegas" para o historiador polo seu labor realizado.

Álvarez, Rafael, "Poesía gallega contemporánea", *LA letrA DEL ESCRIBA*, n.º 66, "portal", enero-febrero 2008, p. 11.

Faise unha escolma de poesía galega contemporánea a propósito da presenza de Galicia como invitada de honra na decimosétima Feira de Cuba. Dáse un pequeno apuntamento biográfico de cada autor e autora (Luz Pozo Garza, Xosé Mª Álvarez Cáccamo ou Chus Pato, entre outros) e a continuación reprodúcese cadanseu poema coa súa tradución ao castelán correspondente da man de Rafael Álvarez.

Álvarez Pino, Andrea, "Unha transgresión necesaria", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "Teatro", verán 2008, p. 14.

Comentario da versión galega da peza de teatro *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade* (2006), da austríaca Elfriede Jelinek. Sitúa a peza no movemento de reivindicación feminista, pero desligada do mito burgués da liberación da muller. Dise que a autora extrapola as proclamas feministas dunha época a outra anterior e fai que a actitude da protagonista sexa unha "rebelde". Dise que se trata dn anacronismo que considera moi pertinente, como o propio recurso ao metateatro e a estética brechtiana. En definitiva, considera que a autora é consciente do desafío e unha forma de dar a voz de alarma.

Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria, "Sobre 'El Codio' (1864), obra perdida de Rosalía de Castro", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 27-37.

Investigación sobre o artigo de costumes de Rosalía de Castro "El Codio", que ía ser publicado no *Almanaque de la juventud elegante y de buen tono para 1865,* que editaba en Lugo Manuel Soto Freire. Aclárase que a publicación do artigo de Rosalía de Castro non chegou a ver a luz debido ás protestas dos seminaristas da capital lucense, os cales pensaban que o artigo da poeta era unha ofensa para o seu colectivo. Ruíz de Ojeda indica os erros que se deron ao longo do tempo na investigación deste texto e reproduce fragmentos das novas de prensa que se publicaron nos periódicos sobre as protestas dos seminaristas.

Álvarez Blázquez, Xosé Mª, "Homenaxe a Rosalía", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Xuízos sobre Rosalía poucos coñecidos", 2008, pp. 223-224.

Reprodución do discurso pronunciado por Xosé Mª Álvarez Blázquez no vestíbulo do Centro Galego de Bos Aires, nas xeiras da Festa de Galicia de 1969 co que se pretende rematar coa idea dunha Rosalía chorimiqueira. Trata de romper co tópico para indicar que o que fai a galega coa súa poesía é protestar pero tamén outras cousas coma rir.

Álvarez Pino, Andrea, "Crio-Xénese", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p .20.

Comentario de *Crio-Xénese*, drama nun só acto de Alfonso Becerra de Becerreá publicada por Laiovento en 2007. Sinálase que a obra, protagonizada por Alfa e Omega, amosa resonancias beckettianas e unha clara inspiración en *Esperando a Godot*. Un exemplo do Teatro do Absurdo que, segundo Andrea Álvarez, "porfía nas teimas dos vellos. Nietzsche, Heidegger, Samuel Beckett".

Allende, Isabel, "Rosalía, canción y bandera", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Premios Rosalía 2006", 2008, pp. 131-134.

Discurso da escritora chilena con motivo do premio que lle outorgou o PEN Clube de Galicia polo conxunto da súa obra literaria en lingua castelá. Neste texto que xa foi publicado polo PEN Clube no seu día, fálase da importancia da existencia de escritoras como Rosalía de Castro que foron abrindo paso a todas as mulleres que viñeron despois. Indica que a súa xeración vive tal e como o fai grazas á acción de mulleres como a autora galega ou outras personalidades como Gabriela Mistral.

Amigo, Anabel, "Isidro Dubert, *Cultura e imaxinario social en Galicia*, Santiago, USC, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, p. 141.

Sinálase que o ensaio *Cultura e imaxinario social en Galicia* está relacionado coa cultura popular, vista dende diferentes puntos de vista: etnográfico, literario, histórico, etc., co obxectivo de conservala xa que se está a perder. Afírmase que se fai unha análise de elementos coma a presenza da morte na mentalidade galega, o factor relixioso e a súa influencia na sociedade tradicional ou a obsesión do poder eclesiástico por eliminar os ritos ancestrais. Destácase tamén, o carácter multidisciplinar do estudo xa que pode ser válido para campos como a historia e a literatura oral; así, nel aparece unha

análise do conto "O angazo" na que se fai un contraste entre a versión recollida por Sarmiento e a que aparece nos *Contos populares da provincia de Lugo* e trata temas como os factores que motivaron as diferenzas. Tamén se comenta que, en canto ao personaxe de María Pita, se tratan todos os factores para que un mito triunfe: a muller facendo cousas de homes, preocupacións en principio masculinas como a honra, o patriotismo fronte aos ingleses, etc. Por último dise que para completar o traballo, o autor emprega mapas, gráficos e datos numéricos.

Andrade, Eugenio de, "Rosalía", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Xuízos sobre Rosalía poucos coñecidos", 2008, pp. 227-229.

Texto escrito en portugués que foi publicado na obra de Eugenio de Andrade *Os afluentes do silêncio* (1968). O escritor explica a súa relación coa poeta galega Rosalía de Castro e da importancia desta para a cultura de Galicia, xa que segundo o autor, os seus versos son a expresión do *etnos* e do *pathos* galaicos.

Angueira, Anxo, "Os cantares populares en *Cantares gallegos*", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 39-51.

Analízase a relación dos cantares populares coa obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos* (1863). Anxo Angueira estuda os sistemas dos que se vale a autora para aplicar a poesía popular nas súas composicións poéticas, cunha intención dignificadora de Galicia contra os tópicos sobre a mesma existentes na época. A seguir reprodúcese un poema de Góngora, "A Galicia", de primeiros do século XVII, onde se ven os numerosos tópicos negativos existentes na mentalidade da época e que continuarán até Rosalía de Castro.

Angueira, Anxo, "De provincia a república", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 73, tomo I, ano XIX, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2008, pp. 127-129.

Faise unha crítica da obra *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (2007), de Justo Beramendi a partir dunha columna asinada n'*A Nosa Terra* por Damián Villalaín na que se queixa de que non obtivese o premio da Asociación Galega de Editores. A partir desta, critícase o feito de que o período que describe a historia do galeguismo entre 1936 e a actualidade teña moi pouca extensión dentro da obra e que se desvalore o manifesto "Máis Alá" asinado polos vangardistas en 1922. Analízanse finalmente, segundo o autor do artigo, outras dúas eivas que presenta a obra: esquécese a publicación en 1961 en León dos *Ensaios poéticos en dialecto berciano*, de Antonio Fernández Morales, e non se cita Italia como referente do nacionalismo para Manuel Murguía, Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez. Por último dáse fin ao artigo cunha gabanza da obra de Beramendi considerándoa indispensábel polo seu esforzado traballo de documentación e análise.

Angueira, Anxo, "Hai cincuenta anos", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2008, pp. 101-104.

Recolle o discurso pronunciado por Anxo Angueira en Padrón ao pé da estatua de Rosalía de Castro o 12 de abril de 2008 no acto de "Lembranza do cincuenta aniversario da coroación poética de Ramón Cabanillas no Espolón de Padrón". Lémbrase a importancia de Ramón Cabanillas como Poeta da Raza e tamén a doutros escritores e escritoras como Rosalía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Ramón Otero Pedrayo. Remata enxalzando o tesouro da cultura galega como a verdadeira arma de progreso e loita que existe en Galicia.

Angueira, Anxo, "Algunhas claves da literatura galega contemporánea", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Cuestións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 49-55.

Texto dunha conferencia pronunciada por Anxo Angueira no II Festival Internacional de Linguas e Literaturas Neolatinas, celebrado en Recife (Brasil) en setembro de 2008, na que, partindo da figura de Rosalía de Castro, fai un percorrido polas voces fundamentais da literatura galega do século XX, comparándoa e asimilándoa coa brasileira e portuguesa, ás que di que está fortemente unida. Comeza situando a Rosalía de Castro como "pai de patria e escritora nacional", polo que considera que a literatura galega contemporánea é "feminista desde a raíz, transgresora, crítica, resistente". Fai un rápido repaso polos principais avatares da historia galega, da que a súa literatura se fixo testemuño, dende a emigración, o exilio, a loita antifranquista, etc., exemplificando con versos de diferentes autores. Considera que Rosalía de Castro "inventou" a paisaxe galega e que a utilizou politicamente contra Castela, metonimia de España, unha tensión que utilizaron, de diversas formas, outros escritores posteriores como Ramón Otero Pedrayo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Eduardo Pondal, etc., á vez que sitúa como matriz na obra de Rosalía a liña popular, na que transgrede esta literatura terxiversando e apropiándose dos cantares populares dende os que proxectar o seu pensamento crítico. Continúa, no repaso fugaz á literatura galega do século XX, dando pinceladas nas que se citan correntes e nomes de autores, vínculos e tendencias, nas que destaca a pegada de Manoel Antonio. Salienta a constante entre o nacionalismo e o universalismo e volve de novo a Rosalía, á tensión entre o eu e o nós, presente sobre todo en *Follas novas* (1880), unha liña tamén representada por nomes como Celso Emilio Ferreiro. Conclúe que o sistema literario galego naceu, con Rosalía de Castro, marcado ideoloxicamente, e que malia Galicia non ser unha gran potencia a nivel mundial ten "unha cultura milenaria" irmanada coa lusofonía.

Araguas, Vicente, "Voces Ceibes revisitadas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Crónica", vol. 11, 2008, p. 157.

Breve evocación do labor de Voces Ceibes, grupo representativo da canción-protesta galega da época final da ditadura franquista, na que Vicente Araguas, membro da agrupación, lembra que se veñen de cumprir os corenta anos da fundación deste colectivo. Négase a admitir que as cancións que facían serviran só como denuncia da situación social e política, pois el mesmo compuxo temas de amor, por entender que a

canción ten que ser tamén "vida, maneras de vivir y de querer, modos de revolucionar todo lo revolucionable". Considera que Voces Ceibes fixo un labor cívico, entre o artístico e a expresión pública dos anhelos colectivos. Lembra que o gran letrista da agrupación era Celso Emilio Ferreiro, ao que o unía unha fonda amizade e admiración. Remata aludindo a que malia o paso do tempo e os cambios sociais, os seus integrantes seguen traballando.

Araúxo García, Mª Teresa, "Ramón Otero Pedrayo, *Teoría de Galicia: artigos esquecidos en* Vida Gallega*, 1926-1963*, introdución de Marcos Valcárcel, Santiago, Alvarellos Editora, 2007", *Arraianos. A vidas nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, p. 143.

Comézase felicitando a Alvarellos Editora polo seu trixésimo aniversario e saliéntase que o seu obxectivo sempre foi "rescatar" o mellor da cultura galega presente e pasada. Dise que se centrou na narrativa publicando as obras de Manuel María ou Xavier Alcalá; en ensaio, cunha obra de Elixio Rivas, e na recuperación das obras de autores dos séculos XVIII e XIX coma Martiño Sarmiento, o Cura de Fruíme ou Benito Vicetto. Despois coméntase que a primeira parte desta colección de artigos de Ramón Otero Pedrayo, os publicados entre 1926 e 1930, presentan a un autor preocupado e comprometido co seu país e tratan temas que aínda seguen sen resolverse hoxe, como por exemplo, o necesario compromiso co porvir de Galicia ou a procura da súa propia identidade. Sinálase que, na segunda parte da obra, que recolle os artigos entre 1954 e 1963, predomina a lembranza e saudade polo pasado, polo que Castelao aparece en varios artigos sobre xornalismo ou pintura. Afírmase que se observan dous Oteros: o primeiro é o que comeza a súa carreira literaria e está comprometido co ideario da Xeración Nós e o segundo, o que reflexiona sobre o pasado e sobre o que se perdeu. Para rematar, faise referencia a "Otero Pedrayo no xornalismo galego", a introdución que Marcos Valcárcel fai para este libro e na que se analizan as temáticas das publicacións nas que colaborou Otero e as temáticas dos setenta e dous artigos que se reúnen neste recompilatorio, relacionándoos co resto da súa obra xornalística.

Araúxo García, Nuria, "Manuel Núñez Singala, *Comedia bífida*, Vigo, Galaxia, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 140-141.

Coméntase que esta é unha obra de teatro didáctica que ten como obxectivo facer reflexionar ao receptor sobre a situación de perigo en que se atopa a lingua galega, polo que a mensaxe é o único importante, non a posta en escena. Opínase que todos os diálogos teñen unha función pedagóxica e son imposíbeis de crer, aínda que Singala pretende que o receptor crea que existen na realidade. Sinálase que se percibe unha influencia de Bertolt Brecht no afán moralizante e nalgúns elementos metateatrais, nos cambios espazo-temporais, na fuxida do presente escénico, nas analepses continuas e nas parodias. Afírmase que, ademais, obriga ao público a participar, como personaxes, do que ocorre, mentres que o autor queda afastado da súa creación. Finalmente, faise mención ás citas iniciais de Darío Fo e da *Apocalipse*, onde se deixa claro que a obra pretende facer ver a verdade, e que todos os libros deberían facer o mesmo.

Arén, Román e X. **Santamarta**, "Publicacións no Barbanza", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 4, 2008, pp. [277]-291.

Como se apunta no parágrafo inicial e nos epígrafes, acóllese un "repertorio bibliográfico" composto por poemarios, narracións, pezas teatrais, ensaios, biografías, libros de historia, de etnografía e antropoloxía, de xeografía, de ensino, de arte e música, ademais de revistas e xornais, obras traducidas, entrevistas, libros sobre lingua e outras obras varias. Precísase que se trata de "autores do Barbanza ou moi vinculados á bisbarra" sobre "temas e personaxes nosos" e que a bibliografía comprende un ano de publicacións, dende outubro de 2007. Afírmase que está incompleto e que acolle obras non recollidas anteriormente. Remátase sinalando que se realizou unha escolma das "notas, artigos e recensións" dos que dan conta.

Arias, Valentín, "Poñernos á fala co resto do mundo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 179, Tomo XLVI, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2008, pp. 16-17.

O tradutor Valentín Arias reflexiona sobre o seu oficio. Sinala que entende que o galego fragua identidades e que, por tanto, traducir a el o que se di noutras linguas permite ver que é unha lingua tan válida coma outras, que nos pon á fala co resto do mundo e que debería estimular a autoestima e desenvolvemento galegos. Pide unha crítica rigorosa e seria de tódalas traducións, e que vaian asinadas. Sinala que o fin último debería ser evitar que diminúa a súa calidade. A Administración galega, opina Arias, tamén debería implicarse neste punto, pois a tradución é esencial para a normalización e enriquecemento da lingua e da cultura galegas, á vez que ten un matiz "desalienante" que contribúe a afianzar a identidade galega.

Arias Rego, Xiana, "A memoria histórica sentimental", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 17.

Recensión de *Cardume* (2007), novela de Rexina Veiga que foi escrita e galardoada co Premio Xerais de Novela en 2007. Coméntase que cun argumento contextualizado no Vigo da Guerra Civil e de posguerra, e para o cal Veiga non dubidou en rescatar do recordo nomes e feitos reais, a obra abriu o debate sobre o que é ou non é unha "novela de memoria histórica". Xunto a esa dimensión ambigua, a cabalo entre o colectivo e o íntimo, saliéntase que o outro grande atractivo da novela é a mestría coa que están trazados algúns personaxes.

Atenea, "Xosé Fontenla Leal", *Atenea*, n.º 30, "Xentes", xaneiro, febreiro, marzo 2008, p. 10.

Co motivo do nomeamento de Xosé Fontenla Leal como Fillo Predilecto da cidade de Ferrol, faise fincapé no seu labor como impulsor do himno galego, destacando todas as xestións que fixo para que o poema "Os Pinos", de Eduardo Pondal, saíse elixido.

Atenea, "Artábria segue pulando por Carvalho Calero", *Atenea*, n.º 31, "Outras

entidades", xaneiro, febreiro, marzo 2008, p. 9.

Coméntase que a fundación ferrolá Artabria "vén reunindo apoios intelectuais" a Ricardo Carballo Calero para a declaración do Día das Letras Galegas 2009. Faise constar que dita fundación leva meses organizando distintos actos e recadando apoios doutras organizacións para conseguir dito recoñecemento. De seguido faise unha biografía de Ricardo Carballo Calero dende a súa vida académica até as súas publicacións.

Atenea, "Centenario da morte de Curros Enríquez", *Atenea*, n.º 31, "Xentes", abril, maio, xuño 2008, pp. 10-11.

Co motivo do centenario do falecemento de Manuel Curros Enríquez, achéganse datos da súa traxectoria literaria, destacando que foi, con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, "o gran referente" do "Rexurdimento" da literatura galega no século XIX. Repárase en *Aires da miña terra* e no labor como xornalista e como correspondente de guerra, ademais de salientar as actividades culturais que desenvolveu en Cuba. Nun á parte recóllese unha "cronoloxía" na que se dá conta dos feitos máis destacábeis da traxectoria vital e profesional de Curros Enríquez.

Atenea, "A literatura e o cine", *Atenea*, n.º 31, "Programación", abril, maio, xuño 2008, pp. 20-25.

Recóllese a relación de filmes que se proxectaron no "ciclo abril-maio-2008" e dáse unha breve achega biobliográfica de cada un dos escritores españois e estranxeiros seleccionados. En relación coa literatura galega escolleuse o filme *A lingua das bolboretas*, baseado na obra homónima de Manuel Rivas. Deste autor saliéntase o seu labor xornalístico e indícase que escribe "poemas, novelas, artigos e ensaios literarios" que lle valeron a consideración de "o escritor galego con máis proxección internacional".

Axeitos, Xosé Luís, "Crónica abreviada dun centenario: o casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía celebrado en Madrid en 1858", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 53-63.

Dáse conta do actos realizados polo centenario do casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Descríbense os variados actos celebrados tanto no seo da Academia Galega como en Madrid. Reprodúcense de maneira facsímile a acta matrimonial de Manuel Murguía e Rosalía de Castro do 10 de outubro de 1858, o programa de man dos actos do centenario, así como unha foto do propio acto en si celebrado en Madrid onde destaca a presenza de dona Gala, filla do matrimonio, xunto con outra do descubrimento dunha placa conmemorativa na rúa Ballesta n.º 13. Finalmente aparece outra fotografía dos asistentes á propia velada literaria.

Baldomir Cabanas, Xohán Xabier, "A poesía de Ricardo Carvalho Calero en *Futuro Condicional (1961-1980)*", *Boletín Galego de Literatura*, n°s 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 7-36.

Xohán Xabier Baldomir Cabanas realiza un percorrido pola produción lírica creada entre 1961 e 1980 polo escritor ferrolán Ricardo Carvalho Calero, a través do poemario *Futuro Condicional (1961-1980)* (1982). Sitúa o poemario no contexto literario no que viu a luz e alude á poética do autor con respecto á dos seus compañeiros poetas de xeración, apuntando o parentesco e as diferenzas da súa creación lírica coa de Xosé María Díaz Castro, Aquilino Iglesia Alvariño e Álvaro Cunqueiro. A seguir, describe a estrutura externa do libro, composto por cento vinte e cinco textos poéticos divididos en tres partes tituladas -"Excalibur", "Venusberg" e "Avalon"–, e interpreta o título, *Futuro Condicional*, revelando que garda relación con aspectos autobiográficos do propio Carvalho e supón unha continuación de *Pretérito Imperfeito* (1980). Detense na análise de cada unha desas partes contemplando diferentes niveis: o contextual, o estrutural, o temático, o métrico e o estilístico. Conclúe salientando que a poesía carvalhocaleriana en xeral e *Futuro Condicional* en particular aborda tres temáticas: a erótica, a mitolóxica e a bíblica, sendo a primeira a predominante, mentres que o mítico e o mitolóxico se utilizan como unha especie de *efecto de distanciamento* dunha situación actual e/ou persoal, "de aí que sexa unha escrita a súa tan tendente á reflexión filosófica".

Bande Rodríguez, Enrique, "Problemática vital de Curros", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 59-66.

Despois de ofrecer algún dato biográfico de Manuel Curros Enríquez e de sinalar os períodos 1851-1894 e 1894-1908 como "ben distintos" na vida de Curros Enríquez, Enrique Bande Rodríguez presenta os problemas familiares, persoais, xurídicos, relixiosos e profanos que o autor celanovés tivo. Así, fala dos problemas con seu pai cando era neno; dos problemas de xuventude; do seu primeiro exilio a Londres e á Coruña; do regreso a Madrid; do problema coa igrexa ourensá e Santa Sede; da volta a Madrid e dos problemas matrimoniais, etc. Xa en Cuba, dos problemas familiares e dos enfrontamentos cos galegos; da clausura do semanario *Tierra Gallega*; dos enfrontamentos co Centro Galego da Habana e da súa morte lonxe dos paisanos. Remata o artigo comentando a situación de Curros nos últimos anos de vida, lembrando declaracións feitas por diferentes autores ao redor do autor celanovés despois da súa morte e nomeando os traballos que saíron a lume na prensa arredor da figura de Manuel Curros Enríquez.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Publicacións", primavera 2008, pp. 33-34.

Sección fixa que acolle a presentación de obras e revistas publicadas en galego e portugués, acompañadas dunha pequena descrición. En relación á literatura galega anuncia *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985* (2007), de Clodio González Pérez, do que se di que é un "documentado e completo" estudo; *Poemas a Alda* (2007), escolma de poemas de Xosé Estévez dedicados á súa filla e coa colaboración de Olga Patiño.

Tamén informa da aparición do número 10 da revista *Xistral* e do número 3 da revista *Adra*.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Publicacións", primavera 2008, pp. 25-26.

Sección fixa que acolle as publicacións recentes de libros e revistas, tanto en castelán, como en galego ou portugués, achegando un breve resumo. En relación á literatura galega anuncia a publicación do primeiro poemario de Gabriela Rodríguez, *Elemental*, editado na colección "Xanela da Poesía", do que se di que conta con catro apartados de cinco poemas cada un ademais dun epílogo. Tamén salienta *O nariz de Fiz* (2007), de Miro Villar, que acadou o premio "Pura e Dora Vázquez", que conta con ilustracións de Lola Lorente; e *Sinais de area. Escritos sobre arte*, de Xulio Valcárcel, no que trata de pintura, fotografía e escultura.

Basanta, Ángel, "Vida de Urbano Lugrís e recreación da súa época/ Vida de Urbano Lugrís y recreación de su época", *Galegos*, n.º 3, "Artigos/Artículos", III trimestre 2008, pp. 177-178.

Comeza dicindo que, en 2008, se conmemora o centenario do nacemento de Lugrís Freire e, por tal motivo, houbo "varios traballos monográficos" dedicados a él na revista *Galegos* e tamén varios libros, e cualifica como "o mellor" *Urbano Lugrís: viaje al corazón del océano*, de Antón Patiño. A continuación, fala da obra *El señor Lugrís y la negra sombra*, escrita por Luis Rei Núñez, premio da Crítica Española para obras de literatura galega, da que di que é "unha novela ambiciosa".

Baujin, José Antonio, "Galicia-Cuba: el patrimonio común", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, pp. 35-38.

Tras a finalización da XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana fálase sobra a estreita relación que sempre existiu entre Cuba e Galicia destacando e expoñendo numerosos exemplos da mesma sobre todo culturais e literarios. Coméntase a publicación de tres libros que plasman amplamente esta relación: *Los gallegos de la Habana* de Ángela Oramas, onde se reúne información sobre a pegada galega na Habana; *Pescadores gallegos de la Habana*, de Xosé Neira Vilas no que se fala de pescadores galegos asentados na cidade de Casablanca que transmitiron o seu saber aos cubanos; *De raíz profunda: Galicia y lo gallego en Cuba,* concibido por profesores da Universidade de Santiago e da Habana onde se trata a emigración galega en Cuba, o exilio galego político e por último as relacións intelectuais entre ambos os países.

Becerra de Becerreá, Afonso, "Rosalía despide aos amantes de Shakespeare. 'Cantan os galos pra o día' en *Romeo e Xulieta*", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 65-73.

Investigación sobre a teatralidade dos textos de Rosalía de Castro, centrándose en concreto no poema da galega "Cantan os galos pra o día", que compara co texto de

Shakespeare *Romeo e Xulieta.* Ao principio do artigo explícase en que consiste a dramaticidade e aquilo que debe ter un texto para ser teatral. Posteriormente póñense en relación o texto da galega cos do bardo inglés, unha comparación que se xustifica pola práctica en común dunha poesía cósmica e dramática nas súas coordenadas fundamentais. Á súa vez fálase dos valores dramáticos do poema de Rosalía, entre os que salienta a súa capacidade para converter a cerna do texto en acción e a presenza doutros elementos esenciais do teatro como o conflito, a voz ou o personaxe. Asemade, afírmase que, aínda que non se pode considerar literatura dramática directamente, a forma monologal ou dialogal dalgunhas das súas composicións, constitúe un indicio importante de dramaticidade.

Bernárdez, Carlos L., "Carlos Maside e a construción da nova pintura galega", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 99-103.

Reflexión sobre a evolución da arte de Carlos Maside (1897-1958) en plena eclosión cultural da Galicia dos anos vinte do século XX. Recóllense as palabras de Rafael Dieste sobre a necesidade de que a arte sexa comprometida e dise que este intelectual valorou a evolución experimentada nos últimos anos da década dos vinte e primeiros do trinta da produción deste pintor, do que mesmo chegou a dicir que marcou unha "época de Maside". Obsérvase que nesta etapa hai un gran compromiso social e unha forte carga crítica, á vez que se reflicte unha toma de posición ideolóxica republicana e de esquerdas. Sinálase que a súa obra se incluíu en obras como *Retrincos* (1938), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, na que se ve o camiño percorrido dende as estampas de temas populares á nova imaxe na que se supera o tópico costumista. Alúdese aos seus debuxos propagandísticos de carácter político e insístese na súa busca dunha imaxe do galego que supere o tópico, no que se inspira na escultura medieval e na tradición popular dos canteiros, tradición da que se considera herdeiro e que deu como resultado a "estética do granito". Contextualizado no momento histórico galego, considérase que a Maside, como a outros artistas galegos, o que realmente os motivou foi o seu forte compromiso social, unha actitude na que compatibilizaron a realidade nacional e o cosmopolitismo.

Bernárdez Vilar, Xoan, "Filas e Abú Simbel como referencias", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 156, "Rolda da Cultura", xaneiro-febreiro 2008, pp. 99-101.

Entre outras novas, dá conta no apartado "As Letras" do proxecto "Palabra con memoria" da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que procura recuperar palabras en desuso e levalas aos dicionarios. En "Premios" informa dos galardóns outorgados no ano 2007 pola AELG, dos premios Xohán Carballeira do Concello de Bueu, dos "Premios Galicia de Comunicación" da Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia e do premio do certame literario Manuel Lueiro Rei; mentres que no apartado "Varia" recolle a historia do himno galego, dende a escolla do texto de Eduardo Pondal en 1890, até a súa estrea oficial na Habana en 1907 e a súa adopción como himno da Comunidade Autónoma polo Parlamento de Galicia en 1984. Recolle tamén a celebración da efeméride en decembro de 2007 no Gran Teatro de La Habana, coa presenza do presidente da Xunta.

Bernárdez Vilar, Xoan, "Ben valerá, como creo, un vaso de bo viño", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 159, "Rolda da Cultura", setembro-outubro 2008, pp. 90-95.

Entre outras novas, no apartado "Audiovisual" dá conta da estrea no Teatro Colón da Coruña da ópera *O Arame*, con libreto de Manuel Lourenzo e música de Xoán Durán. Recolle tamén en "Banda Deseñada" as celebracións dos Salóns do Cómic na Coruña e Cangas, así como a publicación do albúm *Terra Libre*, de Fran Jaraba e a renuncia de Xaquín Marín Formoso á dirección do Museo do Humor de Fene. No apartado "Cine e Teatro" informa da XXV Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e a XXIV Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Igualmente, recolle a clausura da Primeira Edición do Filmiño ou Festa do Cinema Galego e Portugués e a concesión do premio Ciudad de San Sebastián ao filme *Pradolongo*, de Ignacio Vilar. En "As Letras" recolle a escolla de Ramón Piñeiro pola Real Academia Galega para o Días das Letras Galegas de 2009, así como un breve repaso á traxectoria do profesor compostelán. En "Novas en Xeral" fala do libro *Memoria de Ferro* (2005), de Antón Patiño Regueiro, e como grazas á súa biografía se sabe do importante labor das irmáns Touza, Lola, Amparo e Xulia, residentes no concello de Ribadavia, protexendo a xudeus fuxitivos da Alemaña nazi e represaliados da ditadura de Franco. Por último, no apartado "Premios" informa dos fallos dos Premios Nacionais de Cultura, da Consellería de Cultura, dos Premios Xerais de Novela, Literatura Xuvenil e Literatura Infantil, dos Premios Antón Losada Diegúez, das Medallas Castelao, do galardón Terra de Melide a Santiago Jaureguizar pola súa novela *O Globo de Shakespeare* (2008), do Premio de Poesía Espiral Maior, do Premio Casa dos Poetas de Celanova, do Ramón Piñeiro Facer País, así como o fallo do Premio Barco de Vapor que distinguiu a obra *O canto dos peixes*, de Marcos Sánchez Calveiro.

Bernárdez Vilar, Xoan, "Os nosos cidadáns", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 160, "Rolda da Cultura", novembro-decembro 2008, pp. 93-100.

Recolle, entre outra noticias, no apartado "Audiovisual" a celebración de tres concertos de *Fuxan os Ventos* e aproveita para lembrar ao movemento *Voces Ceibes*, nado no ano 1968 e integrado na denominada *Nova Canción Galega*. En "Banda Deseñada" indica que o Premio Ourense de Banda Deseñada lle foi outorgado á Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña e fala do aniversario da revista *Retranca*. No apartado "Congresos. Comunicacións" informa da celebración en Valencia do XXV encontro Galeuska de escritores galegos, vascos e cataláns e en "Decesos" recolle a morte do poeta Ramiro Fonte Crespo, director do Instituto Cervantes de Lisboa, o pasamento do filólogo Constantino García, fundador do Instituto da Lingua Galega e dos escritores Anxo Rei Ballesteros e Camilo Gonsar, dos que fai unha breve noticia biográfica. En "As Letras" comentase a recepción como Académico de Honra a John Rutherford pola Real Academia Galega, a inauguración da exposición conmemorativa do centenario do pasamento de Manuel Curros Enríquez, a creación da Axencia Literaria Galega da mán de Rinoceronte Editora, que nace coa finalidade de promover a carreira literaria de autores galegos tanto fóra como dentro de Galicia, e da reedición, por parte de Consello da Cultura Galega, dos primeiros xornais galegos dos anos 1808-1809. No apartado de

“Premios” fala da entrega dos premios “Rosalía Castro” por parte do Pen Clube de Galicia, destinados a outras literaturas ibéricas, do fallo do “Premio Barco de Vapor”, que recaeu en Marcos S. Calveiro coa súa obra *O Canto dos Peixes*, así como do “Premio Nacional de Literatura na modalidade de Ensaio”, ano 2008, para Justo Beramendi González pola súa obra *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Igualmente, dá conta da obtención do “Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil” para Agustín Fernández Paz pola súa obra *O único que queda é o amor*, do “Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester” para Carlos González Reigosa pola súa novela *A vida do outro*, e do “Premio Cunqueiro de Teatro”, por *Sempre quixen bailar un tango*, e do “Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil”, por *Pingueiras e Tarteiras*, para Teresa González Costa. Destaca tamén o “Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé” para Susana Sánchez Aríns por *(de)construçom* e o “Premio Meiga Moura” para Xavier López Rodríguez pola súa novela *Os Globos de Andar*, o premio Pura e Dora Vázquez para Concha Blanco polo relato “Encontros ás agachadas” e o Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester para Carlos González Reigosa pola novela *A vida do outro*. Tamén se di que o Pen Clube realizou a Bienal de Pedra e Palabra, adicada ás literaturas emerxentes do mundo. Por último, “Varia” recolle a concesión do “Premio Ramón Piñeiro, Facer País”, da Asociación Cultural Val de Láncara, a Avelino Pousa Antelo do que se mencionan os diferentes premios acadados.

Bessa-Luís, Agustina, “Bendita Rosalía, toma a mina mao”, *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, “Premios Rosalía 2006”, 2008, pp. 135-136.

Discurso da escritora portuguesa Agustina Bessa-Luís con motivo do premio que lle outorgou o PEN Clube de Galicia polo conxunto da súa obra literaria en lingua portuguesa. Neste texto que xa foi publicado polo PEN Clube. A autora da a súa propia visión da obra de Rosalía de Castro, incidindo en varios aspectos pero sobre todo na carencia dunha biografía da galega e tamén da imposibilidade de traducir a poesía.

Blanco Llano, Pedro Xosé**,** “Curros Enríquez en palabras de Celso Emilio”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, “Centenario do pasamento de Curros Enríquqez”, maio 2008, pp. 10-12.

Logo de referirse ás múltiples iniciativas promovidas polos grupos políticos e polas entidades culturais durante a época da Transición, céntrase no Real Coro Toxos e Froles, decana das entidades folclóricas galegas dende a súa fundación en 1914. Sinala que esta entidade naceu para que Ferrol, a cidade considerada como a menos galega de Galicia, non esquecese as súas orixes. Así mesmo, apunta que é difícil ocultar a galeguidade dunha cidade que ten barrios con nomes tan galegos e na que naceron figuras como Manuel Fontenla Leal ou Ricardo Carballo Calero. Faise eco da programación cultural de Toxos e Flores, quen convidou a Celso Emilio Ferreiro a Ferrol en 1978 para falar de Manuel Curros Enríquez, cando se cumpría o setenta cabodano do seu pasamento. Tamén recorda que grazas á iniciativa de Toxos se fixo o monumento a Curros que está nos Cantóns da Coruña. Por último, reivindica un estudo serio e documentado do verdadeiro labor desenvolvido polas entidades culturais nas primeiras catro décadas do século XX.

Blanco Montecelos, Susa, "Paco Souto, *As horas de María*, A Coruña, Espiral Maior, 2007", *Arraianos*, n.º VII, "A vida nas aldeas", "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 136-137.

Opínase que este poemario, gañador do X Premio de Poesía Johán Carballeira, é unha homenaxe á figura feminina de María pero tamén á recuperación do mundo rural xa desaparecido. Coméntase que os poemas lembran o relevante papel da muller no rural galego, así María simboliza a dualidade muller / rural, na que o esforzo, o traballo, a dureza da vida, etc. deben quedar nun segundo plano. Sinálase que o poemario é unha lembranza case fotográfica da biografía de María que, grazas á expresión poética, dota os poemas dunha gran carga sentimental. Afírmase que o libro de poemas comeza e remata falando da morte e que, aínda que ao longo del hai moitas referencias a elementos do mundo físico, como corpos, obxectos, traballos do campo, etc., os textos están dotados de fondura e espiritualidade. Cóntase que tamén aparece a dualidade campo / mar e que na segunda metade do libro os versos amplían a súa temática en dous motivos máis: a Guerra Civil Española e a chegada das novas tecnoloxías. Para rematar menciónase que contén un rico léxico a piques de se perder e que hai seis poemas espallados pola publicación reproducidos coas correccións do autor, coa finalidade dun achegamento escritor/lector.

Blockeel, Francesca, "A literatura contra o silencio. Suso de Toro", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 7-27.

Francesca Blockeel comeza este artigo achegándose a consideracións como o tratamento na literatura española do tema da Guerra Civil dende os anos corenta, salientando que a pesar deste feito foi só a partir de mediados dos anos noventa cando entrou tamén o asunto da memoria histórica nas narracións españolas. Apunta así mesmo como a aprobación da Lei de Memoria Histórica en decembro de 2007 foi precedida en toda a sociedade española por discusións acaloradas entre os defensores do rescate da memoria e os seus opositores, argumentando estes que a iniciativa abriría vellas feridas. Despois de esbozar estes aspectos referidos á situación actual, analiza a novela de Suso de Toro *Home sen nome*. Móstrase como o escritor galego, tamén coñecido polos seus escritos ensaísticos e as súas posicións políticas, intenta rematar nesta obra co esquecemento que caracterizou a política oficial española até hai poucos anos. Salienta que a novela, ao redor dunha trama narrativa que non se desvela até o final, o escritor esbozou un retrato da sociedade española e galega, de antes e despois da Guerra Civil, situando a historia no contexto europeo do auxe dos totalitarismos. Apunta ademais que o autor vai alén desta intención ao introducir deliberadamente unha crítica á política oficial a respecto da recuperación da memoria, valéndose da voz narrativa do criminal e do que esta profire. Finalmente, identifica a presenza da obra "cívica" de Suso de Toro nesta novela, "chea de citas ocultas ou explícitas" e ateigada de escrita comprometida coa sociedade contemporánea e coa súa conciencia histórica.

Bragado, Manuel, "Os futuros do libro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, outono 2008, p. 26.

Resumo da celebración da Feira do Libro de Frankfurt da que se comeza ofrecendo as cifras globais de participación, expositores, escritores, actos, etc., que resultan "abrumadoras" e a converten na cita por excelencia a nivel mundial co libro. Refírese tamén á presenza do sector audiovisual e das novas tecnoloxías, aínda que valora por enriba de todo a posibilidade de contacto relacional que propicia este evento. Explica que na edición de 2008 o maior interese estivo no debate arredor do libro electrónico, aínda que considera que segue sendo moi minoritario e con pouca presenza. Recolle tamén as impresións de diferentes persoeiros sobre o futuro deste aparello, e dá conta da diferente actitude entre os editores anglosaxóns, que propoñen a convivencia durante un tempo de ambos formatos, e os españois, moi pouco entusiasmados e preparados. A seguir céntrase na presenza de Galicia nesta feira e considera que a imaxe de pouca autoestima está mudando, en parte, pola presenza dos editores galegos e tamén polo apoio que están a recibir da Xunta de Galicia. Destaca a imaxe que se proxecta no evento, a presenza cada vez maior de editoras, aínda que considera que unha eiva é a visibilidade da literatura galega e da venda de dereitos de tradución, aspecto que para mellorar considera que hai que mirar para Cataluña e adoptar unha "estratexia de país", proxectada polo poder e os axentes do sector do libro.

Bragado, Manuel, "Cidadáns da utopía e artesáns da palabra", *Tempos Novos*, n.º 138, "As claves", "Obituario", novembro 2008, pp. 49-51.

Faise unha homenaxe aos recentemente finados Suso Jares e Ramiro Fonte, colaboradores da revista *Tempos Novos*. Destaca en primeiro lugar o papel de Suso Jares nos movementos de renovación pedagóxica e respecto a Ramiro Fontes dise que traballou arreo na súa obra e polo galego e que deixou "unha obra literaria viva en diálogo co tempo futuro", unha obra na que renuncia á súa voz a favor dunha confesión colectiva. Destácase o seu incansábel traballo no seu proxecto *Vidas de infancia*, "relato no que recuperou a súa infancia umesa".

Bragado, Manuel, "Fonte ou o mar na fragrancia da ribeira/Fonte o el mar en la fragancia de la ribera", *Galegos*, n.º 4, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2008, pp. 102-103.

Despois de cualificar a Fonte como un poeta "liberal, romántico, moderno e popular", comenta que os seus temas literarios son "os esenciais á condición humana: amor, amizade, a morte e a mocidade que imos perdendo". Analiza o seu relato *Vidas de infancia*, do que di que está cheo de páxinas "emocionantes, dignas e honestas". Comenta que é o proxecto, en forma de triloxía, no que invertiu sete anos de traballo e intentou describir "o paraíso".

Cabada Castro, Manuel, "Novos escritos de Manuel Cabada Vázquez", *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, vol. 11, 2008, pp. 139-156.

Preséntanse algúns escritos do poeta e político estradense Manuel Cabada Vázquez (1901-1936) os cales non figuran entre os recollidos na edición publicada hai anos da súa obra. Dise que se trata dun escrito en prosa de 1930, outro en verso de 1931 e tres cartas dirixidas a Xosé Filgueira Valverde. Sinálase que nestes escritos se ve a súa

relación con Antonio Noriega Varela do cal Cabada Vázquez estudou a obra amplamente. Destácase o seu decidido galeguismo e intercálanse diferentes textos extraídos das súas obras.

Caeiro, Lucía, "Un gato nun piso baleiro", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 11.

Nesta sección acóllese o poema "Kot w pustym mieszkaniu" do libro *Miłość szcęśliwa i inne wiersze* (2007), de Wislawa Szymborska, coa correspondente tradución ao galego de Lucía Caeiro, titulada "Un gato nun piso baleiro".

Campos, Leonardo F., "O pasado posmoderno", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 14.

Crítica d'*As palabras da néboa*, novela de Francisco Castro publicada en 2007 pola editorial Galaxia. Sinálase que o autor é de sobra coñecido por traballos anteriores coma *Memorial do Infortunio* (2003) ou *Xeografías* (2001), co que chegou en 2001 á final do Premio Narrativas Quentes de Edicións Positivas. Coméntase que Castro presenta agora unha novela histórica intimamente emparentada coa obra de Víctor Freixanes *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982). Explícase que nela se narra unha historia situada en Galicia, a cabalo entre os séculos XV e XVI e protagonizada por personaxes populares. No referido ao estilo saliéntanse a corrente de consciencia, a ironía, a xustaposición, a digresión anacrónica, uns elementos que se consideran presentes en obras súas anteriores.

Canal Covelo, María Asunción, "Angueira, Anxo (2007): *Fóra do sagrado*, Vigo, Xerais, 62 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, p. 210.

Breve comentario do poemario *Fóra do sagrado* (2007), de Anxo Angueira, do que mª Asunción Canal sinala que a cidade de Vigo é a protagonista. Dise que formalmente é un único poema, no que as referencias son múltiples, dende autores de referencia, pasando por sectores como os mariñeiros, obreiros ou as vítimas do fascismo. Explica que, a través das referencias espaciais, a cidade se converte na "maior aldea do mundo", na que conflúen os máis importantes episodios da historia de Galicia. Por último, sinala que no poemario aparecen diferentes voces que xorden e desaparecen, mesmo reproducindo as variedades dialectais.

Caneda Cabrera, María Teresa, "Galician Cultural Identity in the Works of Otero Pedrayo. Craig Patterson", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 171-172.

Indícase que o volume *Galician Cultural Identity in the works of Otero Pedrayo* (2006), publicado por Craig Patterson, é un estudo que se achega a Ramón Otero Pedrayo coa intención de desvelar os modelos de identidade que desprende a súa escrita. Coméntase que o volume se estrutura en cinco capítulos centrados no perfil biográfico e no

contexto de Otero Pedrayo, na natureza e na paisaxe, na lingua, na relixión e finalmente na idea de nación. Destaca que a achega máis anovadora e interesante deste estudo é a lectura dos textos de Otero Pedrayo baixo o prisma de pensadores europeos. Finalmente apúntase que Craig Patterson é coherente á hora de conformar o retrato de Otero Pedrayo e que este volume constitúe unha atinada proposta para resituar ao autor de Trasalba no panorama cultural europeo.

Capote Cruz, Zaida, "La gallega' de Masdeu, ochenta años después", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, pp. 70-72.

Coméntase a novela que publicou Jesús Masdeu na Habana en 1927 co título de *La gallega* na cal reflicte a situación na que desenvolvían a súa vida na citada cidade as mulleres galegas inmigrantes hai oitenta anos: empregadas de fogar nas casas de familias ricas ou mesmo acabando na delincuencia ou prostitución. Dise que estas mulleres vivían nunha situación de indefensión ante as difíciles situacións de adaptación e que isto mesmo é o que se conta na novela a través da súa protagonista Llorca, unha moza galega inmigrante que sofre as consecuencias dun embarazo e o posterior desprezo ao que se ve sometida.

Casado Nieto, Manuel, "Un viaxe a Celanova", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 67-71.

Despois de enxalzar a Celanova e de referirse ás saudades que lle provoca, rememora unha viaxe que fixo xunto a Vicente Risco a esa vila no verán de 1951 con motivo da celebración do centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez. Relata o que lles acontece co coche no que viaxaban e relembra a xuntanza que na vila celebrou a Real Academia Galega, así como que no banquete estivo sentado ao pé de Celso Emilio Ferreiro, antigo compañeiro de escola, que viña de gañar un premio por unha biografía sobre Curros.

Casas, Arturo, "Galician Books ábrese en Fráncfort", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPulsión", inverno 08-09, p. 26.

Trátase da preocupación de editores e institucións pola proxección exterior da cultura que cristalizou, tras o caso Steiner, na toma de consciencia xeneralizada e no proxecto "The Galician Way" que acolleu libros, música, filmes, artes visuais e escénicas, na creación de AGADIC e o Instituto Rosalía de Castro. Dentro desta internacionalización da cultura galega salienta a publicación de dous números de Galician Books en 2008, un dedicado á LIX e ao Congreso do IBBY e outro, coordinado por Xabier Cid, que presenta a narrativa galega actual para a Feira de Fráncfort, que inclúe autores actuais xunto aos narradores que constitúen a base da narrativa galega do século XX. Salienta o deseño e a enerxía gráfica da maquetación dos dous números. Do número sobre narrativa, destaca o formato, a descrición, a sobriedade e a claridade coa que se transmite a vitalidade e pluralidade da narrativa actual, escollendo dez renovadores, nas páxinas pares, xunto a vinte e ún autores máis e un repaso dos elos que constitúen a

base da narrativa galega do século XX nas impares, creando un "conxunto equilibrado e elocuente".

Caseiro, Delfín, "A fascinación da infancia", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 15.

Coméntase a novela autobiográfica de Ramiro Fonte *As pontes no ceo*, publicada en 2007 pola editorial Xerais. Sinálase que a memoria é o cerne vertebrador desta obra que, a partir dunha maxistral combinación entre o recordo individual e a historia colectiva baixo forma de crónica, se completa con títulos anteriores coma *Os leopardos da lúa* (1993), *Os meus ollos* (2003) ou *Os ollos da ponte* (2004). Dise que xunto con estes dous últimos *As pontes no ceo* conforma a triloxía *Vida da infancia*, coa que o autor pretende deixar un retrato preciso e meticuloso da sociedade eumesa.

Caseiro, Delfín, "Sempre Pontedeume", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 8.

Achega á produción literaria de Ramiro Fonte, con motivo do seu pasamento, dende que comezou a súa andaina nos anos setenta como membro do colectivo poético Cravo Fondo. Lembra que colaborou en revistas como *Nordés*, *Grial*, *Bonaval* e o *Anuario de estudos literarios galegos* e que foi un dos impulsores de *Dorna (Expresión Poética Galega)*. No que se refire á súa obra exenta comeza polo repaso á produción poética, na que sinala que se inaugurou con *As cidades da nada* (1983), que formou unha triloxía xunto con *Designium* (1984) e *Pensar na tempestade* (1986). Desta etapa destaca o hermetismo e a carga simbólica, que daría paso a unha liña máis introspectiva e reflexiva, na que se enmarcan títulos como *Pasa un segredo* (1988), galardoada co Premio da Crítica Española, *Adeus Norte* (1991), *Luz de mediodía* (1995) ou *O cazador de libros* (1997). Marca como seguinte paso a poesía esencial, de expresión clara e directa, que se reúne en *Capitán inverno* (1999), que continúa no seu último libro publicado en vida, *A rocha dos proscritos (Poemas complementarios 1994-2004)*, no que se destaca a conciliación entre clasicismo e modernidade, creación culta e popular. Adiántase que a esta liña seguen fieis dous poemarios de próxima aparición e que levarán por título *Reversos (Días adiados)* e *O xardín do pasatempo*. Márcanse como eixes da súa produción poética a condición humana, o tempo e a natureza, así como os elementos nucleares conformados polo mar, o vento e o outono. Tamén se alude á súa obra ensaística, na que deu ao prelo títulos como *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria* (1992) e *As bandeiras do corsario* (1996). No que se refire á narrativa sinálase que comezou a súa andaina cun relato e que a súa primeira novela foi *Catro novelas sentimentais* (1988), seguida d'*As regras do xogo* (1990) e *Os leopardos da lúa* (1993). Nesta liña destaca a triloxía *Vidas de infancia*, conformada por *Os meus ollos* (2003), *Os ollos da ponte* (2004) e *As pontes no ceo* (2007), unha magna obra na que se recrea a vida do seu Pontedeume natal ao longo dun século. Ademais de sobrancear a calidade literaria desta triloxía, saliéntanse as pegadas das súas lecturas de clásicos universais e conclúese sinalando que foron máis de trinta anos de "fecunda creación artística e de rigorosa análise interpretativa das manifestacións culturais de nós". A honestidade e a consciencia da vida como tránsito póñense como alicerces da obra dun "señor dun imperio de palabras preciosas".

Castaño, Yolanda, "Poesía", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", "Poesía gallega", marzo 2008, p. 55.

Nesta sección acóllense os poemas "Quén preservará todos os contornos da conciencia...", pertencente a *Delicia* (1998), e "Qué pensarán", extraído do poemario *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), de Yolanda Castaño, en galego e coa súa tradución ao castelán de Rafael Álvarez R.

Castro, Aurelio, "O esencialismo foi o que destruíu a miña xeración política", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proTagonista", verán 2008, pp. 16-19.

Longa conversa con Chus Pato na que, partindo das letras do abecedario, se fai unha achega á súa poética. Comeza reflexionando sobre a "animalidade" e a relación de perda que se deu no home, substituída por próteses coma a linguaxe ou a poesía, para continuar cos conceptos "bioloxía", "Celan", "Dor", "Escrita", "Feliú", "Ganxes", "Heriberto Bens", "Incomunicabilidade", "Linguaxe", "M-Talá, método", "Nación", "Ñ", "Outeiriño", "Pedra", "Redes escarlata", "Suxeito lírico", "Termidor, Tebas", "Urania", "Voces", "Xenealoxía" e "Ronseltz". Deste xeito refírese a aspectos da súa poética e da súa escrita como a necesidade de coñecer o noso corpo, porque a linguaxe sería "estremecemento" dese corpo; refírese á influencia na súa poesía de Paúl Celan, concibe a dor como elemento constitutivo do ser humano; lembra que a primeira revista na que publicou foi *Escrita* e que o feito de escribir, que lle gusta moito, "é unha brutalidade", no que só hai palabras. Explica que Belén Feliú era unha amiga, que morreu prematuramente, o que a marcou e quedou reflectido nos poemas de *m-Talá*, nos que considera que se deu a maior "expresión de violencia" da súa escritura. Alude á presenza dos ríos como paisaxes dun "chorro infinito", como a súa propia poesía, que se estende; refírese tamén á influencia de Xosé Luís Ferrín e á súa concepción da escritura como un trastorno. Reflexiona sobre a incomunicabilidade, a linguaxe poética como reafirmación de futuro, a influencia das novas tecnoloxías na plasticidade dos poemas, que ela puxo en práctica en *m-Talá*, primeira obra que escribía con ordenador. En "nación"móstrase moi doída coa situación á que se chegou despois do franquismo e considera que a súa xeración está "liquidada politicamente". Por outra parte, evoca a figura do seu amigo Manuel Outeiriño, ao que define como "unha persoa tan potente como a Xeración Nós enteira" e define o seu concepto de pedra como o propio coñecemento. Lembra tamén o movemento cultural que estaba detrás das Redes Escarlatas, e defínese como filla de Rosalía de Castro e Ferrín. Define o concepto de "Tebas" como a relación co pai e "Urania" como unha musa da harmonía que é o ceo de Ourense. Remata referíndose á escrita como muller, que considera diferente da do home e lembra ao colectivo Ronseltz, aos que define pola súa concepción da literatura non colonial e como "galegos contentos de selo".

Castro, X. Antón, "A pintura dun fabulador/La pintura de un fabulador", *Galegos*, n.º 1, "Caderno Laxeiro/ Cuaderno Laxeiro", I trimestre 2008, pp. 42-51.

X. Antón Castro fala sobre a renovación pictórica galega dos anos vinte. Explica a orixe da vangarda en Galicia, que se fixo "á marxe do topismo rexionalista precedente". Destaca a figura de Laxeiro como "o artista da súa xeración por excelencia", con

alusións a algúns datos biográficos do pintor que atinxen á súa formación. Sinala as súas obras, características e influencias máis salientábeis das distintas décadas que viviu e recolle o gran contributo á pintura con motivo dos cen anos do seu nacemento. Finalmente, lembra o apoio que ofreceu aos estudantes de Belas Artes de Pontevedra para reivindicar unhas melloras na facultade, concluíndo cunha frase do artista, "ser artista significa ser un rebelde do tempo que un vive".

Castro, Antón, "Paixón do mar/Pasión do mar", *Galegos*, n.º 2, "Caderno. Cen anos de Urbano Lugrís/Cuaderno. Cien años de Urbano Lugrís", II trimestre 2008, pp. 62-69.

Contextualiza, nun principio, as vangardas en Galicia e céntrase no movemento surrealista e no "máis singular de todos os surrealistas" galegos, Urbano Lugrís. Fala do contacto que tivo o artista coa literatura e como accede á poética surrealista en termos pictóricos a finais da Guerra Civil. Explica como desenvolve un surrealismo mariño e a aplicación da súa arte en diferentes soportes. Fala da súa partipación na creación da revista *Atlántida* e ofrece unha enumeración de todos os motivos, símbolos e temas, que xiran en torno ao mar, e que recolle Lugrís na súa obra artística.

Castro Rodríguez, Xavier, "Oriana Méndez, *Derradeiras conversas co capitán Kraft*, Vigo, Galaxia, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 138-139.

Coméntase que a colección "Dombate" da Editorial Galaxia está dedicada á poesía e que nela se acollen poemarios tanto de voces clásicas como Álvaro Cunqueiro, Díaz Castro ou Manuel Antonio como de novas voces como Miguel Anxo Fernán Vello, María do Cebreiro ou Chus Pato. Di que a estes se une Oriana Méndez cun poemario persoal, unha especie de monólogo da súa voz proxectada sobre a figura mítico-lendaria do capitán, e redondo, xa que abre e pecha arredor da homenaxe á imaxe francesa que vai dende a ilustración da cuberta (un cadro de Gustave Caillebotte) até o remate cunha nota paratextual de futuro. Sinálase que nos vinte e sete poemas se nos ofrece "unha visión ética e estética coas que comezar a andar este século acabado de estrear", pero sen esquecer a traxedia, a destrución, a poesía e o pensamento dos escritores e filósofos do século XX. Afírmase que a poeta emprega a denuncia, o compromiso e a ironía para enfatizar a violencia do presente e que sintetiza o seu pensamento e lírica conxugando escritores coma o polaco Adam Zagajewski, a filosofía de Gilles Deleuze, o ensaio de Gaston Bachelard, a historia galega, a poesía actual de Chus Lago, Antón Lopo, etc. e o compromiso das Redes Escarlatas.

Cebreiro, María do, "Poesía", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", "Poesía gallega", marzo 2008, pp. 53-54.

Nesta sección acóllense os poemas "A alma da lingua", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), e "O banquete", extraído do poemario *Non queres que o poema te coñeza* (2004), de María do Cebreiro, en galego e coa súa tradución ao castelán de Rafael Álvarez R.

Cerqueira Ogando, Vanessa, "*Cólera*. María Xosé Queizán", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 186-187.

Afirma que os vinte e seis poemas de *Cólera* (2007), de M.ª Xosé Queizán, sintetizan a recuperación da memoria histórica da xeración de resistencia ao franquismo. Destaca que unha das grandes virtudes deste poemario é que a súa autora abandona a óptica feminina para dar conta dos feitos dende o punto de vista masculino e que ao longo de *Cólera* se conxugan os problemas sociais coas ilusións políticas.

Cerviño Ferrín, Victoria, "As rulas de Bakunin', de Antón Riveiro Coello", *O Ollo Público. Revista das artes*, n.º 22, "Literatura", "Crítica literaria", marzo-xuño 2008, p. 9.

Descríbese a novela de Antón Riveiro Coello, *As rulas de Bakunin* (2007). Menciónase primeiramente o rol do narrador, Camilo, que refire a historia dende unha perspectiva de retrocesos e saltos temporais. A seguir preséntase a nenez que lle tocou vivir ao narrador xunto seus avós nun contexto galego histórico e social no que se salientan acontecementos como o movemento agrario ou a ditadura do xeneral Primo de Rivera, entre outros. Sinálase xa por último o tema da emigración e do fascismo como parte do fío argumental da novela.

Cochón, Luís, "Lugar do canto", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Publicacións", abril-maio-xuño 2008, pp. 133-135.

Texto laudatorio, estruturado arredor de oito puntos, lido na presentación da selección de poemas *Lugar do canto*, de Xesús Rábade Paredes, que tivo lugar na libraría Couceiro de Santiago de Compostela o día 23 de abril de 2008. Luís Cochón refírese nesta presentación á habelencia de Rábade como poeta e lembra algúns dos seus títulos máis sobranceiros, como *Poldros de música* (1994) ou *Os dedos dos loureiros* (2000). Refírese ao feito de que o autor refugara empregar o termo "antoloxía" para a selección que ofrece neste volume e define esta proposta como unha "predela", no senso de escolla dunha parte ou selección. Tamén alude a que a obra está incluída na colección Hipocampo amigo, na que destaca o labor de Sabino Torres. A seguir, loa o prólogo de Darío Xohán Cabana, que cualifica como "perfecto, adecuado, medido". Explica que se trata dunha versión bilingüe, en galego e castelán, na que o poeta demostra unha grande ousadía na autotradución, pondo de manifesto unha gran liberdade expresiva na lingua allea, o castelán.

Codias, Lois, "Santiago Lamas, *Ferrín e outras historias*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, p. 142.

Sinálase que o libro abre cunha cita de Florentino López Cuevillas e que é un conxunto de notas agrupadas en tres ensaios: "Volverse contra si", "Nunca chegarás a nada" e "De lobos, homes e lobishomes". Afírmase que a primeira peza é a máis longa e trata do suicidio en xeral e do suicidio na literatura en particular, sobre todo na narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín. Coméntase que a segunda peza é unha evocación de Hugo

Pratt e Corto Maltés nas súas viaxes libertarias, da Irlanda do primeiro IRA até a Patagonia de Chatwin, que rematan en Laussanne. Por último, cóntase que o terceiro trata a figura do lobishome, o asasino múltiple do antigo mundo rural que encarnou Romasanta.

Conde, Perfecto, "Francisco Fernández del Riego. 'A literatura galega medrou enormemente en cantidade, pero non en calidade'/ Francisco Fernández del Riego. 'La literatura gallega creció enormemente en cantidad, pero no en calidad", *Galegos*, n.º 1, "Entrevistas/Entrevistas", I trimestre 2008, pp. 8-26.

Entrevista distendida a Francisco Fernández del Riego sobre a súa vida, as súas experiencias e opinións. Comeza con preguntas sobre aspectos máis banais para, logo, centrarse no seu interese pola literatura, a súa formación, o seu traballo, a familia, as vivencias na época de represión, a vila natal, relación con outras persoas destacadas, así como a situación da lingua e literatura galega na actualidade.

Conde, Perfecto, "O irmán' que era de todos/El hermano' que era de todos", *Galegos*, n.º 4, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2008, pp. 98-99.

Lóase a figura de Ramiro Fonte e a súa obra. Lémbranse as imaxes que mantén del na mente de cando era neno en Compostela e comezaba a súa andaina literaria. Explícase que ía acompañado de Luís González Tosar e que reunidos tamén con Suso da Illa comezaron a publicar a revista *Dorna*. Laméntase que unha enfermidade truncara a vida de quen considera que "remataría sendo unha enciclopedia viva da cultura galega como foi Ramón Otero Pedrayo ou aínda Francisco Fernández del Riego". Remata explicando como os afastou o seu traslado a Madrid e como coincidían menos nos últimos anos, pero que quere "deixar constancia" de que perdeu "un irmán moi querido. Un irmán que era de todos".

Conde Lengua, Paula, "Da casa de Curros á 'Casa dos Poetas", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 47-51.

Ábrese cunha breve introdución na que se informa de que a casa natal de Manuel Curros Enríquez é un centro cultural onde o visitante pode "achegarse á vida e obra do ilustre vate, así como á dos outros autores da Terra de Celanova", e tamén, dende o ano 2006, sede da Fundación Curros Enríquez. Así mesmo, comenta a razón da denominación "Casa do Poetas". Baixo o epígrafe "Historia da casa dos Curros Enríquez" Paula Conde Lengua dá conta de como esta construción pasou a mans do pai de Curros e como posteriormente pasou a mans totalmente alleas aos Curros Enríquez até que finalmente foi rehabilitada e aberta ao público en febreiro de 2006 como Fundación. A seguir, infórmase das características construtivas desta casa familiar e as modificacións que se foron realizando e, finalmente, dá conta da exposición permanente e do que nela se pode contemplar.

Cruz, Juan, "George Steiner: Yo intento fracasar mejor", *El País Semanal*, n.º 1.665, "Entrevista", 24 agosto 2008, pp. 28-33.

Entrevista feita ao escritor e mestre George Steiner con motivo da publicación do seu último libro *Los libros que nunca he escrito*. Ao mesmo tempo aparecen recollidas as seguintes declaracións respecto á literatura galega: "Pero no me compare el catalán con el gallego! El catalán es un idioma importante, con una literatura impresionante. Pero el gallego ¿por qué ha de ser obligatorio en una universidad?".

Cunha Leão, Francisco da, "Curros Enríquez desde Portugal", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 39-45.

Reprodúcese o artigo de Francisco da Cunha Leão, escrito en 1956, no que se presenta a Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908) como membro da tríade máis importante das letras galegas, composta tamén por Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Do autor celanovés salienta o seu talento ironizante, considerado un aspecto en común entre Galicia e Portugal, así como o seu amor pola terra e polas tradicións do pobo galego, que antepón a outras influencias universais como o romanticismo, o iluminismo ou o mito positivista do progreso, expresados politicamente nun federalismo republicano, en oposición ao centralismo castelán, e nun sentimento anticlerical, evidenciado en obras como *A virxe do Cristal* (1877). Remata cualificando a Curros como un gran poeta social por tratar a emigración, a miseria rural e as supersticións do pobo galego, entre outras cuestións, en composicións como "Cantigas", "O ciprianillo" e "Tarangaños".

Dacosta, Marta, "Catro poemas do libro inédito *Cinza* (2004)", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, pp. 3-4.

Acóllense os poemas intitulados "(Matamá, 1947)", "(A Ribeira, 1953)", "(1971)" e "(1972)", pertencentes ao poemario inédito *Cinza* (2004), de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, "(1971), (1972)", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Creación", outono 2008, p. 4.

Acolle esta sección dous poemas de Marta Dacosta do libro inédito *Cinza* (2004), intitulados "(1971)" e "(1972)".

Darriba, Manuel, "Categorías e misterios", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 4.

Faise unha breve introdución da narrativa de Camilo Gonsar, pasando posteriormente a analizar con máis profundidade a súa técnica narrativa, dende os personaxes até a maneira en que se manifestan as historias do escritor nado en Sarria. Dise que os seus personaxes teñen "túneles" e "parénteses", que o misterio é a sustancia da súa narrativa, que o narrador adoita unha posición feble na forma pois no fondo a súa faena é

maxistral, que a historia é unha ferramenta non unha finalidade e que ten unha veta humorístico-sociolóxica no debuxo de tipoloxías. Por último salienta o seu "pracer de narrar".

Dasilva, Xosé Manuel, "Carlos Casares como autotradutor. 'Deus sentado nun sillón azul' en castelán", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Simposio Carlos Casares", 2008, pp. 52-61.

Artigo que analiza a actividade de Carlos Casares como autotradutor centrándose na súa novela *Deus sentado nun sillón azul* (1997). Comézase cunhas reflexións sobre a actualidade do feito de autotradutor e con referencia á tradución de *Deus sentado nun sillón azul* ao español comenta que cando Casares se autotraduce actúa nomeadamente como tradutor e moi poucas veces como autor. Conclúe afirmando que Casares non fai uso da liberdade que "disporía, se quixese, para reconstruír o universo ficticio da novela que autotraduce".

Dasilva, Xosé Manuel, "Follas Novas / Hojas Nuevas", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 186-190.

Xosé Manuel Dasilva ocúpase da tradución do libro de Rosalía de Castro, *Follas Novas / Hojas Nuevas* (2004), realizada por Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro para a Fundación que leva o nome da escritora, apuntando traducións previas á presente realizadas polo poeta José Hierro, *Follas novas. Antología* (1945), recentemente posta de novo en circulación en luxosa edición facsímile (Federico Domenech, 2001); por Juan Barja, *Follas novas* (Akal, 1985); e por Jei Noguerol (*Follas novas*, Ediciones 29, 1992). Con respecto á presente edición, Dasilva menciona o texto introdutorio, intitulado "*Follas novas* o la modernidad", que define como "unha aproximación sucinta á significación desta obra na traxectoria poética de Rosalía, botando man para iso da coñecida distinción entre poemas *solidarios* e poemas *solitarios* -estabelecida hai moitos anos por Alonso Montero- que está presente alternativamente ao longo do libro"; e o epígrafe "Esta tradución", do que salienta que Rábade Paredes e Villar Janeiro afirman que a súa é a primeira tradución íntegra de *Follas novas* ao castelán, o que supón, ao seu ver, unha afirmación que non se axusta rigorosamente á realidade, á vista dos datos bibliográficos que el ofrece. Considera de gran transcendencia os criterios empregados para realizar as versións dos poemas ao castelán, consciente da dificultade de transferir a outra lingua unha autora da categoría de Rosalía de Castro e apunta dúas cuestións. Por unha banda, a actividade de Rosalía como autotradutora dos seus poemas -algúns dos cales forman parte de *Follas Novas*- leva a Dalsilva a reflexionar sobre a lexitimidade de traducir as poesías dun autor á lingua na cal el mesmo xa as puxo; e, por outra, o recensionista apunta a dispoñibilidade, para algúns poemas, de versións en castelán debidas a ilustres tradutores que non se teñen en conta neste volume.

Dasilva, Xosé Manuel, "Eça de Queirós outra vez en galego", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 91-92.

Dise que o volume *Contos* reúne seis relatos do coñecido escritor luso: "A perfección", "Civilización", "José Matías", "No muíño", "O tesouro" e "Un poeta lírico". Baixo o

selo da editorial Tris Tram indícase que *Contos* (2007) supón a segunda versión de Eça de Queirós en galego, despois de que, hai arredor dun século, se verteran no xornal *A Nosa Terra* catro contos da súa autoría: "A aia", "Frei Genebro", "O suave milagre" e "No muíño". A antoloxía ratifica, segundo sinala Xosé Manuel Dasilva, que o galego é unha lingua apta para ler os grandes contos da literatura mundial.

Dasilva, Xosé Manuel, "Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 179, Tomo XLVI, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2008, pp. 87-97.

Percorrido polas vicisitudes que sufriu a tradución ao galego da conferencia de Heidegger *Da esencia da verdade*, realizada por Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega, dende que se rematou en 1952 até que finalmente saíu publicada en Galaxia catro anos máis tarde. Dise que o problema para a súa edición veu da censura franquista e, máis en concreto, da figura de Juan Aparicio, aínda que finalmente puido editarse en 1956, segundo Xosé Manuel Dasilva, porque o peso deste home no Ministerio de Información e Turismo comezara a decaer e pola denuncia que Piñeiro efectuou sobre a persecución do galego na VIII Conferencia Xeral da Unesco, celebrada en 1954. Opínase que a razón última para que a censura actuase contra a tradución foi que o réxime franquista consideraba que o galego debería permanecer relegado a certos rexistros: se se permitía que o autor alemán fose traducido ao galego, íase máis aló dos ámbitos de utilización que a lingua tiña asignados. De feito, polas testemuñas epistolares de Piñeiro sábese que con esta obra pretendía prestixiar a lingua galega, exhibindo a súa aptitude para contidos de calquera natureza. Co fin de completar a pescuda sobre a prohibición desta tradución, Dasilva achégase ás relacións coa censura doutra iniciativa editorial en galego, a colección "Benito Soto", primeira tentativa estábel para publicar libros en galego tras a Guerra Civil. Recolle o autor a "lenda" de que os libros desta colección apareceron sen a autorización da censura, dun xeito "clandestino", cando en realidade, segundo apunta, existen probas de que si se solicitaba tal autorización.

Diéguez, Lois, "As cereixas", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 5.

Acóllese o relato breve "As cereixas", de Lois Diéguez, asinado en xuño de 2004, acompañado dunha ilustración de Luís Otero.

D. L., "Da electricidade das historias", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proXectil", "Blogs", verán 2008, p. 28.

Nova sobre a aparición dun blogue colectivo e literario que leva por nome *Historias eléctricas*, do que se reproduce un parágrafo da presentación. Explícase que nel se inclúen relatos hipertextuais, videocreacións e música, aínda que se critica o feito de que sexa pouco práctico e cun ritmo de actualizacións moi escaso. Remátase coa reprodución dun parágrafo dunha das propostas deste colectivo, do que se sinala que o enderezo é http://historiaselectricas.blogspot.com.

D. L., "Letras non subvencionadas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proXectil", outono 2008, p. 28.

Reprodúcense algúns parágrafos do manifesto fundacional de Estaleiro Editora, da que explica que está fundada por persoas vinculadas ao mundo das letras e que ten en Internet o punto de apoio para dar saída a obras con "vocación independente e sen preocupación polo destino final ou as posíbeis transformacións dos seus textos". Entre os autores destes textos figuran Alberto Lema, Rubén Ruibal ou Carlos Diegues, que forman parte deste proxecto caracterizado por non procurar subvencións e rexeitar as vías de distribución tradicionais. Tamén se refire ao plano visual do sitio web da editora, que cualifica como sobrio, acorde coa finalidade para a que foi creada, aínda que consideran unha eiva a lenta actualización do blogue que posúe a páxina. Remata coa reprodución dun parágrafo do manifesto fundacional de Estaleiro Editora, no que aposta pola transgresión e a evolución da literatura e da cultura.

Domínguez, Marlen, "Un gallego-cubano visto por Barnet", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, pp. 39-42.

Analízase a novela de carácter testemuñal *Gallego* (1983), escrita por Miguel Barnet, a partir de datos reais de moitos emigrados a Cuba e que conta a historia de Manuel Ruíz dende os dezaseis anos nos que sae da aldea de Arnosa até os oitenta cando descansa como ancián nun parque da Habana. Dise que se estrutura en cinco capítulos e deseguido descríbese cada un deles. Coméntase por último que a obra inclúe moitas tipografías textuais (cartas privadas, artigos de costumes, crónicas) e que a climatoloxía e a natureza transcorren en paralelo á vida do protagonista condicionándoa.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, "Costro", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 7.

Sección que acolle o relato "Costro", de Xoán Carlos Domínguez Alberte.

Durán, Gabriel P., "A necesidade de facer balance", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 28.

Coméntase *Da palabra no tempo. Estudo e ensaios de literatura*, ensaio do catedrático e académico Darío Villanueva que publicou Espiral Maior en 2007. Do traballo saliéntase a súa diversidade, que abrangue dende o modernismo até Luís Acuña ou do realismo a Álvaro Cunqueiro, pasando por James Joyce ou Rosalía de Castro. Sinálase que os artigos se completan ademais cun epílogo no que se ofrece a transcrición dunha conversa entre o propio Villanueva, Anxo Abuín, César Domínguez e Anxo Tarrío, que xa fora publicado no *Boletín Galego de Literatura 33* (2005). Identifícanse catro eivas no ensaio: a falta de coherencia nas citas empregadas, a excesiva aversión que se amosa cara a deconstrución, un optimismo desmedido á hora de valorar o papel da lectura coma fonte de coñecementos na sociedade actual e a actualización e reconfiguración do tema nalgún dos ensaios.

Estévez, Xavier, "Ter ou non ter convenio, esta é a cuestión.", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Temas", primavera 2008, pp. 22-24.

Faise referencia á posta en marcha dun convenio colectivo entre a Asociación de Actores e Actrices e a Asociación de Compañías coa fin de negociar un borrador entre as dúas partes. Primeiramente alúdese a anteriores intentos de conseguir un acordo entre os dous sectores pero que nunca chegaron a bo porto, primeiro pola oposición de boa parte de ambos os grupos e, despois, pola falta dunha organización que agrupase a parte empresarial. Móstrase coa confianza de que esta vez sexa a verdadeira porque aínda que non se van solucionar todos os problemas, si que se poderían marcar unhas pautas máis definidas, dignificar o traballo e colaborar na normalización do sector. Alude á imposibilidade de revalorizar o profesional mentres non se poña en valor o sector de forma colectiva e xustifícase que a maior parte das queixas da comunidade proveñen dos autores. Explícase que é moi difícil facer unha estimación dos custos e tamén das subvencións necesarias no proceso empresarial do teatro, razón pola cal tamén se ve necesaria a creación do dito convenio.

Eyré, Xosé Manuel, "Marilar Aleixandre, *A compañía clandestina de contrapublicidade*, Vigo, Xerais, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 135-136.

Coméntase que esta novela, que obtivo o Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa do ano 1997, foi editada de novo dez anos despois. Sinálase que se conta a historia de Kompañía Klandestina que, cansa da desinformación da xente, pon en cuestión a percepción da realidade, polo que dubida da veracidade do que di o sistema. Afírmase que se percibe na novela un xogo de destrución do mito consumista contado a modo de fábula, pero na que non se condiciona ao lector.

Fandiño, Xosé Ramón, "Isaac Díaz Pardo, a patria enteira na memoria/Isaac Díaz Pardo, la patria entera en la memoria", *Galegos*, n.º 2, "Entrevistas/Entrevistas", II trimestre 2008, pp. 6-27.

Extensa entrevista a Isaac Díaz Pardo, poucos días despois da asamblea en que se fallou o intento de expulsalo do IGI (Instituto Galego de Información). A través das distintas preguntas o entrevistado desvela datos biográficos, dende a súa orixe até a actualidade, e as vivencias que tivo, principalmente na época de entreguerras. Nos últimos interrogatorios céntrase na situación actual do artista perante o IGI.

Fandiño, Xosé Ramón, "Avelino Pousa Antelo, agrarista, mestre e galeguista/ Avelino Pousa Antelo, agrarista, maestro y galleguista", *Galegos*, n.º 4, "Entrevistas/Entrevistas", IV trimestre 2008, pp. 6-29.

Comeza dando unha achega biográfica de Pousa Antelo dende o seu nacemento en 1914. A continuación, pasa directamente a unha extensa entrevista con el. A conversa comeza con varios datos persoais de Pousa e cunha descrición da vida na súa comarca. Conta tamén que foi a súa asistencia a un mitín en Santiago, cando estudaba no

seminario, o que o "motivou a entrar en política", e fala das circunstancias do seu ingreso nas Xuventudes Galeguistas e a súa traxectoria no Partido Galeguista até a súa disolución en 1984. Como anécdota, recorda que votou en tres ocasións no plebiscito do Estatuto de Autonomía. Dá a súa opinión sobre políticos e intelectuais coma Ramón Otero Pedrayo ou Ramón Piñeiro e recorda que, nos mitins que el daba, falaba de agrarismo e cooperativismo. Repasa tamén o seu traballo en escolas de primaria e tamén agrícolas. Remata dicindo que o BNG "é a única forza galega actual".

Fandiño, Xosé Ramón, "Ramiro Fonte e os seus libros/Ramiro Fonte y sus libros", *Galegos*, n.º 4, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2008, pp. 96-106.

Escrito co gallo do falecemento de Ramiro Fonte, o ensaio de Fandiño comeza contando a infancia de Ramiro Fonte, que foi membro da Real Academia Galega e director do Instituto Cervantes de Lisboa. Así, comenta a súa estancia nunha escola na que os mestres "aplicaban a máxima de a letra con sangue entra", e que no bacharelato coincidiu con xente como Luis Barral ou Antón Louro. Fala tamén da súa relación coa súa familia. A continuación, resume o seu paso pola universidade compostelá e o seu debut literario no libro colectivo *Cravo fondo* (1977). Coméntanse os seus comezos profesionais na revista *Bonaval* e a súa traxectoria en distintas revistas, así como o seu traballo como profesor de instituto. O artigo dentense na ideoloxía política de Fonte e a súa afiliciación ao Partido Socialista Galego. Salienta que coñeceu a Fonte cando entrou como colaborador na *Enciclopedia Gallega*, en 1993. Remata cun repaso á obra literaria de Fonte, e destaca que a súa poesía "foi traducida a catalán, italiano, francés e inglés" e tamén que publicou catro libros en castelán. Ademáis, fai referencia a que fixo estudos sobre outros "grandes escritores galegos".

Feijóo, Ramón, "Una veintena de grupos ourensanos participan en el programa 'Cultura vai verán", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 134, "Escena", xuño 2008, pp. 38-40.

Alude á convocatoria da Consellería de Cultura para que os concellos participen no programa "Cultura vai verán" no que se ofertan sete apartados escénicos divididos en música, teatro, danza, títeres, novo circo, maxia e narración oral. Di que esta oferta obrigou á elaboración dun catálogo de artistas e afeccionados que permitiu valorar o estado da xestión cultural escénica ourensá. Comenta que esta listaxe non deixa en bo lugar á provincia, que representa tan só o 7% da produción artística total galega, e que en teatro só tres grupos ourensáns participan neste proxecto: 7 Lobos Teatro (tamén en monicreques), La Imagina Machina e Sarabela Teatro.

Fernández, Carlos, "O Ballesteros que eu quixen", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 116-117.

Trátase do texto lido polo autor no acto de homenaxe a Anxo Rei Ballesteros que celebrou o Café Voltaire de Vigo o 17 de outubro, días antes do seu pasamento. Escrito en segunda persoa lembra o primeiro contacto entre ambos os dous en 1972 en Santiago de Compostela e os sucesivos encontros ao longo dos anos oitenta e noventa, sobre todo

nos faladoiros do Café Voltaire en Vigo. Destaca a enerxía, a intelixencia e a grandeza do autor homenaxeado e o seu desexo de vivir intensamente.

Fernández, Laura, "Eugenio Montes. Apuntes para aproximarse a la figura del periodista y escritor de Bande", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 138, "Ourensanos", setembro 2008, pp. 38-40.

Repasa a traxectoria vital do membro da Real Academia Española, Eugenio Montes e a súa carreira literaria. Salienta os faladoiros no Ateneo de Madrid xunto a José Ortega y Gasset, Ramón Valle Inclán, Salvador Dalí ou Federico García Lorca, entre outros. Di que se dedicou á poesía, periodismo e ensaio e nomea a súa obra en galego, composta por *Versos a tres cás o neto*, *O vello mariñeiro toma o sol, e outros contos*, *Tres contos de cego* e *Estética da Muñeira*, e en castelán. Destaca que participou nas Irmandades da Fala, n'*A Nosa Terra* e en *Nós*, da man de Vicente Risco e que até 1930 se posicionou no nacionalismo galego, contribuíndo á poesía galega vangardista. Explica que en 1931 rompe co galeguismo e abandona a lingua galega ademais de colaborar na creación da Falanxe.

Fernández Fernández, Ruth, "Entrevista a Xosé Luís Bóveda (fillo de Alexandre Bóveda)", *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, "Vigo e Pontevedra baixo a bota", n.º 13, 2008, pp. 123-131.

Entrevista a Xosé Luís Bóveda, fillo de Alexandre Bóveda, na que se lembra a figura do seu pai represaliado, como viviu a súa nenez en Poio e no internado madrileño e como a súa nai Amalia Álvarez Gallego seguiu adiante. Tamén se fala sobre a Cátedra Alexandre Bóveda creada a través da Universidade de Vigo, sobre a Fundación que tamén leva o nome do galeguista e sobre o libro escrito por Xerardo Álvarez Gallego (irmán da viúva) *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* que se publicou na Editorial Nós en Bos Aires en 1973. Acompáñase a entrevista de varias fotografías familiares.

Fernández Naval, Francisco, "Quen rece por min. No centenario do escritor Manuel Curros Enríquez", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 23, 2008, pp. 32-35.

Céntrase en indagar na relixión de Manuel Curros Enríquez. Comeza comentando que na novela *Unha falsa luz* (2007), de Xabier Alcalá, este incluiu varias referencias "á condición de membro da igrexa evanxélica de Manuel Curros Enríquez" e que hai varias versións acerca de cómo chegou Curros a facerse evanxelista. Apunta que unha posibilidade é que se convertese nunha viaxe a Londres que fixo sendo moi novo. Segue dicindo que "non tódolos escritores e intelectuais galegos están de acordo en que esta viaxe fose certa". Salienta tamén que Curros era de Celanova, "vila na que existíu tradición evanxélica". Remata dicindo que "gozou dunha enorme popularidade no seu tempo" e que non era un escritor "antirrelixioso, senón anticlerical".

Fernández del Riego, Francisco, "Pintor no mundo das letras/Pintor en el mundo de las letras", *Galegos*, n.º 2, "Caderno. Cen anos de Urbano Lugrís/Cuaderno. Cien años de Urbano Lugrís", II trimestre 2008, pp. 70-72.

Defende que Urbano Lugrís non era só un bo pintor, senón tamén "un entusiasta de canto o arrodeaba". Destaca o interese que tivo pola literatura, as súas preferencias e inspiracións. Tamén a súa función como creador literario, a través de textos escritos en prosa, a reactualización de textos coñecidos, a recitación e publicación de poemas na revista *Atlántida*. Conclúe afirmando a súa presenza artística, enxeñosa, humana, cuxa obra tanto plástica ou pictórica do artista é sinxelamente Lugrís.

Fernández del Riego, A. e F., "Uvas e granito (I). Viaxe por Galicia', de Nina Epton", *Galegos*, n.º 3, "Encarte", III Trimestre 2008, pp. 129-160.

Sección fixa na que se reproduce a primeira parte de *Uvas e granito. Viaxe por Galicia*, de Nina Epton, editada en 1993 pola Editorial Ir Indo e traducida polos irmáns Fernández del Riego, que contou cun limiar de Francisco Fernández del Riego. Neste número reprodúcense o "Limiar" e os catro primeiros capítulos: "Introducción", "Sur de Baía de Vigo", "Mosteiros admirables dos arredores de Ourense" e "Festas en Santiago de Compostela".

Fernández del Riego, A. e F., "Uvas e granito (II). Viaxe por Galicia', de Nina Epton", *Galegos*, n.º 4, "Encarte", IV Trimestre 2008, pp. 125-172.

Sección fixa na que se reproduce a segunda parte de *Uvas e granito. Viaxe por Galicia*, de Nina Epton, editada en 1993 pola Editorial Ir Indo e traducida polos irmáns Fernández del Riego, que contou cun limiar de Francisco Fernández del Riego. Neste número reprodúcense os catro últimos capítulos: "Explorando a penedosa costa norteña", "Curiosidades das Rías Baixas", "Peregrinase á montaña" e "Unha serra salvase e un Cáliz Sagro".

Fernández Poza, Óscar, "Ana Acuña (2005): *Xoán Vidal. Voz e memoria*. Pontevedra, Concello de Pontevedra, 44 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, p. 207.

Comentario sobre a publicación da edición de Ana Acuña, *Xoán Vidal. Voz e memoria* (2005), da que se salienta que é un traballo feito dende a amizade e a admiración polo poeta pontevedrés. Explica que a obra está estruturada en dous bloques principais que xiran arredor da traxectoria biográfica e a literaria e o contexto e os textos literarios, respectivamente, sen esquecer que se pecha cunha antoloxía. Salienta da primeira parte que se recollan as influencias literarias e a ideoloxía de Vidal, mentres que da segunda destaca a fonda análise que a editora fai da obra prosística e poética de Xoán Vidal.

Fernández Rei, Francisco, "Ramón Cabanillas, unha xenerosa entrega á construción da nación e da patria da lingua galega", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de*

pensamento crítico, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2008, pp. 105-110.

Trátase dun texto lido por Francisco Fernández Rei no Auditorio do Centro Social de Padrón o día 12 de abril de 2008 no acto de "Lembranza do 50 aniversario da coroación poética de Cabanillas no Espolón de Padrón", organizado por poetas da Terra de Iria e a asociación sociocultural Redes Escarlata. Nel faise un percorrido pola vida e obra do autor cambadés e de seguido o propio autor do discurso lembra como observou o acto do pasamento de Ramón Cabanillas en Fefiñáns cando el era un neno de seis ou oito anos que descoñecía de quen se trataba. Finaliza facendo unha loanza dos galegos e galegas ilustres enterrados xunto con Cabanillas en San Domingos de Bonaval.

Fernández Rei, Francisco, "Crónica do 50 aniversario da coroación poética de Cabanillas", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Crónica", abril-maio-xuño 2008, pp. 137-141.

Relátase como se levou a cabo o acto conmemorativo do cincuenta aniversario da coroación poética de Ramón Cabanillas, celebrada o 8 de abril de 1958 no Espolón de Padrón, na que se lembra que participou Ramón Otero Pedrayo. A seguir, detállase o transcurso do acto celebrado o 8 de abril de 2008 no mesmo lugar, do que se explica que deu comezo coa intervención do técnico de cultura do Concello, Luís Rei, na que falou da vida do autor homenaxeado, seguido pola presentación do volume *Ramón Cabanillas. Antoloxía da literatura galega*, do Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, que deu paso á lectura do poema "O cantar do que se alexa" e que se clausurou coa intervención da concelleira de Cultura, Anabel Carro, que manifestou a súa ledicia por ver a obra de Cabanillas traducida á lingua rusa. Continúa referíndose ao acto que tivo lugar o 12 de abril, no que deu un discurso Anxo Angueira e se fixo unha ofrenda floral a Cabanillas e a Rosalía de Castro. Explica que a celebración continuou coa proxección dun documental, no que se recollían imaxes do acto de 1958, coa intervención de Aurora Vidal, neta de Cabanillas, e Xosé García Lapido, que falaron das súas lembranzas, e por último, cunha semblanza do propio Fernández Rei arredor da figura de Cabanillas. Por último, descríbese a intervención de cada un dos poetas que participaron no recital poético, que puxo o punto final a esta conmemoración.

Fernández Vázquez, Mar, "Da palabra no tempo. Estudos e ensaios de literatura", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 199-207.

Recensión centrada no volume *Da palabra no tempo. Estudos e ensaios de literatura* (2007) que recompila estudos e ensaios de literatura, escritos e publicados en galego entre 1986 e 2006 por Darío Villanueva. Mar Fernández Vázquez detense nos aspectos máis destacábeis dos oito estudos e os trece ensaios literarios que contén o libro, artellado arredor de dous grandes apartados: a teoría literaria e discursiva e a lectura dalgúns autores e obras literarias que concentran as preferencias do estudioso. Detense nomeadamente no apartado "Autores e Textos", onde Villanueva estuda distintos autores e obras en galego, de diversos xéneros, dos que se pode interpretar que están unidos por compartir aspectos como a oralidade e a reivindicación da oralidade (Rafael Dieste, Ramón Piñeiro e Carlos Casares), o horizonte de expectativas do lector (Rosalía

de Castro e Álvaro Cunqueiro), a universalidade da literatura (Ramón del Valle-Inclán en relación a James Joyce e a Pío Baroja), a renovación das vangardas (Ramón del Valle-Inclán e Acuña) e a reivindicación do galego como idioma literario (Domingo García-Sabell e Ricardo Carballo Calero). Conclúe salientando que *Da palabra no tempo. Estudos e ensaios de literatura* "ha converterse nun referente teórico e práctico sobre Literatura para consulta de teóricos, docentes, investigadores, estudantes e demais lectores", por mor da precisa e detallada exposición de teorías e a súa aplicación práctica; a repousada reflexión sobre conceptos, escolas teóricas e disciplinas literarias ou a coidada ollada a escritores galegos inxustamente recoñecidos para reivindicarlles os acertos e premiarlles as achegas de pegada universal.

Ferreiro, Celso Emilio, "Longa noite de pedra", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 134, "Fotografía", xuño 2008, p. 42.

Reprodúcese o poema "Longa noite de pedra" que lle dá título ao poemario homónimo do escritor celanovés Celso Emilio Ferreiro.

Ferreiro, Celso Emilio**,** "Curros Enríquez, emigrante", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 13-28.

A través da achega de datos biográficos sobre Curros Enríquez, coméntanse as crenzas erróneas a cerca da súa emigración en Cuba. Como dato inicial fálase da súa participación no periódico *Tierra Gallega*, do que se informa que cada vez máis derivaba de cara a ideoloxías políticas de interese alleo aos galegos, polo que se deu de baixa na suscrición, motivo que se presenta como desencadeante da súa enemistade coas directivas do Centro Galego, o comezo dunha confrontación entre Curros Enríquez e as autoridades culturais representantes dos galegos na illa. Deste xeito, infórmase mediante achegas de fragmentos de diversas cartas e poemas seus, dos conflitos sufridos durante toda a súa vida, até a morte, deste tipo de confrontacións.

Fontoria, Lidya, "Castro, Rosalía de (2006): *Unha nova visión de Rosalía. El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas*. (Estudo introdutorio de María Pilar García Negro. Edición antoada de Celia María Armas García), Edicións Sotelo Blanco, Santiago, 520 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 216-218.

Recensión da nova entrega da colección "As Letras das Mulleres", na que se inclúe *Unha nova visión de Rosalía. El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas* (2006), unha edición de Celia María Armas García e un prólogo de Pilar García Negro, no que se destaca que ofrece unha revisión da maior parte da obra narrativa rosaliana e a recepción crítica que ao longo do tempo tivo a figura de Rosalía de Castro, para restituír a verdadeira imaxe dela. Saliéntase tamén que a segunda parte da obra se dedica ao estudo dos núcleos significativos do feminismo rosaliano, aspectos que vai repasando nos diferentes títulos de Rosalía, nos que se chega á conclusión de que é un dos eixes vertebradores da produción da autora. Das notas da editora, Celia Armas, considera que as notas de maior interese son as referidas a contidos literarios, que ofrecen liñas de

lectura e interpretación.

Fontoira Suris, Lydia, "Rosalía de Castro e o *Almanaque de Galicia*", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 75-91.

Trátase neste artigo a relación que estabeleceu Rosalía de Castro coa publicación editada por Manuel Soto Freire *Almanaque de Galicia.* O estudo está dividido en catro apartados. En primeiro lugar explícase a traxectoria do editor Soto Freire; en segundo lugar indícase a localización dos diferentes números do *Almanaque.* En terceiro lugar explicítase a relación de Rosalía de Castro coa propia publicación que se estende dende 1863 a 1868; e, en cuarto lugar, analízanse os propios textos rosalianos do *Almanaque*, onde aparecen sete composicións que constitúen a súa primeira edición.

Forcadela, Manuel, "O ensaio no ano 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 97-110.

Estrutura a produción de 2007 en dous grandes eixos que centran as olladas máis innovadoras e as reflexións de meirande calado: a crise da modernidade e mais o devalar do pensamento humanístico. Porén, clasifica os ensaios publicados en 2007 en tres núcleos temáticos: "Pensar os novos tempos", "O peso da historia" e mais "De re varia". En "Pensar os novos tempos" destaca catro libros que ocupan un lugar central: *Saudar a vida*, de Xavier Seoane; *Da palabra no tempo*, de Darío Villanueva; *Arte e parte*, de Xurxo Borrazás, e mais *Desidencia ferida*, de Xavier Alcalde. En "O peso da historia" comenta que en 2007 xurdiron actualizacións do pensamento sobre a historia de Galicia, onde se destaca o traballo monumental de Xusto G. Beramendi intitulado *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, xunto con outros como *Teoría de Galicia. Obra xornalística en "Vida Gallega", 1926-1963*, sobre Ramón Otero Pedrayo; o polémico *¿Para que serve a historia?*, de José Carlos Bermejo; *O nacionalismo cívico*, de Xosé Manuel Maceira ou *Os escritores galegos ante a guerra civil española. Textos e actitudes*, de Xesús Alonso Montero entre outros. En "De re varia" faise referencia a volumes como *Dun tempo e dun país*, de Manuel Caamaño Suárez; *Ferrín e outras historias*, de Santiago Lamas; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area e Alexandre García, que cualifica como excelente exemplo de integración da psiquiatría e da literatura; *Reexistencia. A obra de Manuel Rivas*, de Isabel Castro, no que se recoñece o seu interese internacional; *Querer crer entrever. (Expresións críticas de reflexión e lectura)*, de Carlos Paulo Martínez Pereiro; *Eidos do xornalismo*, de Carlos Reigosa; e *Dramaturxia. Teoría e práctica*, de Afonso Becerra, que cualifica de magnífico manual con numerosos exemplos textuais que ilustran todas as afirmacións que se realizan neste volume. Finalmente Manuel Forcadela conclúe subliñando que 2007 foi un excelente ano para o ensaio en lingua galega asentado no número de títulos e na súa calidade o que demostra a súa madureza.

Forcadela, Manuel, "[Adeus literatura]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [106]-113.

Acóllese o traballo híbrido *Adeus literatura*, composto polas imaxes dun videopoema e o texto en alexandrinos "Voyage au bout de la nuit/The long and winding road", de Manuel Forcadela, despois de nomear a produción literaria do escritor.

Freixanes, Víctor F., "Galaxia, Piñeiro, Bouzada ", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "Carta do editor", abril, maio, xuño 2008, pp. 5-7.

Faise un repaso polos feitos máis salientábeis da historia da Editorial Galaxia, á que o Goberno galego vén de conceder a Medalla de Ouro de Galicia. Lémbrase que naceu en 1950, nos tempos máis duros da ditadura de Franco, presidida por Ramón Otero Pedrayo e co obxectivo de dignificar a cultura e a lingua galega. Sinálase que Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego puxeron a dirección editorial e literaria nas mans de Ramón Piñeiro, a quen se acordou dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2009, e que se convertería no motor ideolóxico da empresa, amén de nunha "das figuras máis sobranceiras da nosa historia recente". Finalmente indícase que en 1963 nacía a revista *Grial,* da que en 1989 se fai cargo outro dos grandes nomes da literatura galega: Carlos Casares.

Freixanes, Víctor, "[O pozo da señora]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [76]-82.

Tras unha pequena achega á faceta literaria de Víctor Freixanes, reprodúcese o relato "O pozo da señora".

Freixanes, Victor F., "Horizontes novos para o libro galego/Nuevos horizontes para el libro gallego", *Galegos*, n.º 3, "Crónicas/Crónicas", III trimestre 2008, pp. 106-110.

Comeza sinalando que en 1975 "soamente se publicaron sesenta e oito libros en galego", pero, dende entón até a actualidade, "foi aumentando" a publicación en galego. Sinala que en 1980 se publicaron cento oitenta e sete libros. Entre 1999 e 2006 editáronse dez mil catrocentos noventa e nove títulos en galego. Na actualidade, ascenden a vinte e sete mil. Fai logo un recorrido pola historia do galego, comenzando polos manuscritos medievais para centrarse logo no primeiro proxecto de edición en galego de 1885, coa Biblioteca Gallega de Andrés Martínez Salazar e Juan Fernández Latorre, que tiña La Biblioteca Gallega. O proxecto deixou de funcionar até que *La Voz de Galicia* o recuperou en 1975. Continua facendo a relación de editores que houbo, así como autores e títulos importantes que foron publicados por elas. Remata dicindo que, dende 1983, existe unha normativa ortográfica oficial e "empeza un novo tempo e así os editores e autores van ás feiras internacionais".

Freixanes, Victor F., "Os primeiros pasos do galego na radio 1933-1936", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "75 anos de radio en Galicia", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 36-45.

Fálase sobre a importancia da aparición dos medios de comunicación de masas, fundamentalmente radio e televisión, como novos factores de desgaleguización da sociedade galega a partir dos anos 30. Malia ser unha sociedade basicamente

galegofalante, coméntase como a aparición da radio como símbolo da nova modernidade foi introducindo o castelán de xeito progresivo. Dise que en Galicia se estabeleceu a primeira emisora en Santiago de Compostela no ano 1933 e a partir de aí foron xurdindo Radio Coruña, Radio Pontevedra, Radio Vigo, Radio Ourense e Radio Lugo que se crearon entre 1933 e 1935. Coméntase que dende o primeiro momento a emisora compostelá introduciu o galego nas súas emisións con figuras do galeguismo como Antón Fraguas, un dos primeiros locutores en galego, e incluiu na súa programación contos, poemas, representacións teatrais ou colaboracións de profesores e políticos. Saliéntase a colaboración especial do Vello dos Contos, Xosé Mosquera Pérez, que daquela era director do grupo teatral "Cativeces". Dise que primeiro realizou unha serie de programas de divulgación da cultura popular e logo incorporou seccións de teatro, refráns, contos ou diálogos con grande aceptación. Tamén se comenta que houbo outras emisións como a peza orixinal nun acto *Pasatempo ou O rei da carballeira* (1932), de Ricardo Frade Giráldez, *Sinxebra*, de Armando Cotarelo Valledor, ou *A fiestra baldeira*, de Rafael Dieste, entre 1934 e 1936. Por último faise referencia ás emisións que se realizaban na emigración americana.

Gabriela, "Abride a xanela", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Creación", outono 2008, p. 3.

Sección que acolle o poema "Abride a xanela", de Gabriela.

Gallego, Olga, "Historia da muller", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 135, "Literatura", xullo 2008, p. 37.

Dáse conta da aparición do volume *Historias da muller. Mulleres ourensás dos séculos XIV-XVIII* (2008), de Olga Gallego, e afírmase que con este libro a súa autora consegue sacar á luz un gran número de mulleres clasificándoas en sete capítulos.

García García, Javier, "Calvo, J. L./ Rodríguez Yáñez, Y. (2007): *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita.* Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 293 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 213-216.

Recensión de *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita* (2007), da que salienta que está baseada en catorce horas de conversa de Iago Rodríguez Yáñez e J. Luís Calvo co autor lugués. Explícase que a obra está estruturada en catro seccións que xiran arredor da vida e a literatura, a poesía, a narrativa e a tradución. Explícase que na primeira se recollen abondosos aspectos sobre a biografía do autor, dende os primeiros recordos da infancia, pasando pola militancia política, as primeiras lecturas até a súa entrada na Real Academia Galega; no referente á poesía dise que foi sempre un gran lector de poemas e repásanse as temáticas de obras poéticas como *Home e terra* (1969), *Verbas a un irmao* (1970), *Romanceiro da Terra Chá* (1973) ou *Mortos porque viva Galicia*, *Ábrelle a porta ó día* (1981) até *Patria do mar* (1989). Da narrativa lémbrase que a súa primeira obra publicada foi *As aventuras de Breogán Folgueira*, que gañou o Premio Xerais con *Galván en Saor* (1989), unha novela de temática artúrica, ademais doutros títulos como *Vidas senlleiras* (1992) ou a que considera a súa mellor novela, *O cervo na torre* (1994), gañadora tamén do Xerais. Por último, da tradución sinala que

ten traducido a autores italianos do grupo stilnovista, a Francesco Petrarca e a Dante Alighieri, labor polo que foi premiado en Florencia coa Medalla de Ouro do Consello Florentino.

García Jambrina, Luis, "La poesía española en el 2007", *Ínsula*, n.º 735, marzo 2008, pp. 6-9.

Achégase unha panorámica ampla e xeral das novidades poéticas do ano 2007. O texto comeza cunha crítica á situación do mercado editorial da poesía e continúa cun repaso dos principais poemarios publicados ao longo do ano, dende a edición do *Cantar de Mio Cid* publicado co gallo do octavo centenario do romance; até *Zona desconocida*, de Julia Uceda, a gañadora do Premio da Crítica. No referido á poesía galega, destácanse dous poemarios: a antoloxía publicada pola Sociedad de Cultura Valle-Inclán, *Poesía viva, pura poesía*, no que se recollen poemas de autores galardoados co Premio Esquío entre 1981 e 2006; e a obra de César Antonio Molina *Eume*, editada por Galaxia. Esta última, obra que se describe como continuadora dos grandes temas do autor, o nomadismo, o vagabundeo vital coma actitude ante o mundo, e que destaca pola súa mestura entre o real e o ficticio.

García López, José Ángel**,** "Estudo e edición de 'Poemas e cantigas', obra inédita de Emilio Álvarez Blázquez", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Estudos", 2008, pp. 7-23.

Faise unha descrición do labor literario de Emilio Álvarez Blázquez así como da súa recepción na crítica. Tamén se realiza un estudo do libro de poemas inédito *Poemas e cantigas*, e, a partir de testemuños orais e escritos, explícase o descoñecemento que tiñan os estudiosos deste poemario. Péchase este estudo coa edición dos poemas de *Poemas e cantigas* con todas as súas variantes e coa análise da súa forma.

García López, José Ángel, "Curros Enríquez e a prensa. Consideracións verbo do tratamento do centenario do escritor e do Día das Letras Galegas de 1967", *Haz de Luz. Estudios de literatura contemporánea*, 2008, pp. 95-115.

Análise dos diferentes actos que tiveron lugar no Día das Letras Galegas de 1967 para celebrar o centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez. Achega as diferentes publicacións galegas e foráneas que trataron o evento e estrutura o artigo en once puntos nos que vai dando conta das referencias, artigos e opinións que apareceron nas publicacións periódicas. Os apartados do seu estudo son: "Actos celebrados en Celanova, vila natal do escritor, arredor do centenario do nacemento de Curros", "Actividades realizadas para festexa-lo susodito acontecemento noutras localidades galegas", "Conmemoracións levadas a cabo no resto de España en 1951", "Accións promovidas polas comunidades galegas no exterior en 1951", "Xuízos sobre Curros e a súa obra por norte do centenario", "As homenaxes a Curros nas publicacións galegas de ultramar en 1951", "Actividades levadas a cabo en Galicia en 1967", "Celebracións realizadas no resto de España en 1967", "Homenaxes promovidas polas sociedades galegas no exterior en 1967" e, por último, "Xuízos sobre Curros e a súa obra nas

publicacións periódicas galegas en 1967". Finalmente achega un apartado coas conclusións.

García López, José Ángel**,** "En lembranza de Curros Enríquez", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 73-93.

Amplo traballo de carácter descritivo no que se repasa o tratamento que recibiron os actos de homenaxe a Manuel Curros Enríquez con motivo do centenario do nacemento do escritor e tamén como se reflectiu na prensa a celebración do Día das Letras Galegas de 1967, dedicadas ao autor ourensán. Unha panorámica de informacións e opinións vertidas tanto en xornais galegos coma noutras cabeceiras de fóra de Galicia. Deste modo, estrutúrase o material recollido arredor de once apartados, que responden a: actos celebrados en Celanova, vila natal do escritor, arredor do centenario do seu nacemento, como un certame literario, no que Ramón Otero Pedrayo foi o mantedor; as actividades realizadas para festexar este acontecemento noutras vilas de Galicia, como os concertos na Coruña da Coral Follas Novas ou unha ofrenda floral; as conmemoracións noutros lugares de España en 1951, entre as que salientan un ciclo de conferencias nos Centros Galegos de Madrid e Barcelona; as accións promovidas polas comunidades galegas no exterior neste mesmo ano, especialmente no Centro Galego de Bos Aires, que convocou un concurso literario arredor da vida e obra do poeta, iniciativa que tamén levou a cabo o Centro Galego da Habana; xuízos sobre Curros e a súa obra no centenario, entre os que se sinalan traballos de Celso Collazo, Benito Varela Jácome ou Lois Tobío; as homenaxes que lle renderon publicacións galegas de ultramar en 1951, en especial a través de edicións e reproducións das obras do autor; actividades celebradas en Galicia con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas en 1967, como a conferencia de Ricardo Carballo Calero, unha ofrenda floral da Real Academia Galega e da Asociación O Facho ou as conferencias de Xesús Alonso Montero; as escasas celebracións que tiveron lugar no resto de España, como nas revistas dos Centros Galegos de Valladolid e Zaragoza; as homenaxes promovidas polas sociedades galegas no exterior neste mesmo ano, todas elas arredor de conferencias; e os xuízos sobre Curros e a súa obra nas publicacións periódicas galegas en 1967, como os de Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carballo Calero, entre outros; para rematar concluíndo que con estas iniciativas se reivindicou a figura de Curros Enríquez, recuperándoo do esquecemento e marxinación na que se atopaba.

García Negro, María Pilar, "Rosalía de Castro: a inauguradora da modernidade galega", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 11, 2008, pp. 133-136.

Análise en cinco puntos da vida e obra de Rosalía de Castro como inauguradora da modernidade galega. Comeza sinalando que se trata da figura máis representativa da cultura galega e a que mellor soubo reflectir na súa obra a problemática íntima e psíquica do ser. Considera que a súa escrita é "revolucionaria" tanto por empregar unha lingua relegada ao plano oral como por poñer de manifesto as eivas, contradicións e hipocrisías da burguesía como clase emerxente no seu momento. Considera que isto foi o que provocou que fose canonizada a través da desfiguración e da creación dunha *meta-Rosalía*, que tenta "desmascarar". En primeiro lugar apunta a súa heteroxénea produción, o que a converte nunha autora multixenérica pero con clara intencionalidade

de profesionalización, que busca a intervención social dende a literatura. En segundo lugar destaca a súa formación intelectual, moi superior á media da época, e a reivindicación da muller como suxeito independente e en igualdade de condicións do home, como ocorre en obras como *La hija del mar*, o poema "Eva" (1861) ou *Flavio* (1867). En terceiro lugar destaca a importancia para a cultura galega de *Cantares Gallegos* (1863) e os valores reivindicativos que observa na obra, entre eles o de denuncia da situación social ou reivindicación da lingua galega. Do mesmo xeito, considera que en "Conto gallego" (1864) denuncia a misoxinia e en *Las literatas* (1865) tematiza a relación da muller coa literatura, unha obra coa que considera que están moi relacionadas *Ruínas* (1866) e *El caballero de las botas azules* (1867). Neste punto sitúa tamén a obra *Follas Novas* (1880), na que considera que están contidas todas as rosalías. O cuarto punto recolle a etapa na que se percibe na súa obra a sensación de fracaso histórico-biográfico, que se reflicte en obras como *El primer loco* (1881) e *En las orillas del Sar* (1884). Por último, lembra que cen anos despois da súa morte os estudiosos seguen a buscar a verdadeira imaxe da autora, tan deformada e manipulada pola historia.

García Nespereira, Sofía, "*La Busca* y *La Esmorga*: Aproximación a un estudio comparativo de sus personajes", *Haz de Luz: Estudios de literatura contemporánea*, 2008, pp. 177-190.

Presenta un estudo comparativo entre as dúas obras, *La Busca*, de Pío Baroja e *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Salienta que aínda que estas novelas estean separadas no tempo ambas mostran características comúns, principalmente en relación aos personaxes, mais tamén destaca similitudes de tipo estrutural e temático. Neste artigo, García Nespereira céntrase na análise dos paralelismos entre os personaxes das dúas obras, tanto os protagonistas como os personaxes secundarios, achegando, como exemplo, fragmentos das dúas novelas. Finalmente, inserta o apartado da conclusión e inclúe unha bibliografía das obras consultadas.

García Vidal, Pedro, "Polas xeografías de aldea da man de Antón Avilés de Taramancos. Paisaxes construídas no fondo do espello", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 4, 2008, pp. 41-59.

García Vidal estruturou o artigo en nove apartados. No primeiro, intitulado "Xeografía, literatura e paisaxe", explica a relación que existe dende hai tempo entre a natureza e as artes, como a literatura ou a pintura. Afirma que en Galicia a paisaxe agraria é a de maior riqueza xa que posúe grandes contidos culturais. Así, explica que neste traballo fai un recorrido polas terras de Taramancos e bota man das palabras de Antón Avilés. No seguinte apartado, "Paisaxe e mirada", analiza o concepto de paisaxe e ofrece algunhas características dela; tamén afirma que a idea de paisaxe depende moito da mirada de quen a contempla. "O poeta, un 'Deus da percepción" é o terceiro apartado do artigo no que García Vidal comeza salientando a importancia do sentido da vista para percibir a paisaxe e achega uns versos de Avilés de Taramancos. Tamén destaca a importancia do poeta como un ser perceptor e a literatura como un medio para interpretar a paisaxe. A continuación, comenta cómo o poeta Avilés de Taramancos percibe a paisaxe e asegura que ademais da vista tamén emprega o resto dos sentidos para poder describila. Comenta e propón algúns versos do poeta sobre o sentido do

oído, o olfacto, o gusto e o tacto, e indica que a través deles, Avilés penetra nos segredos máis íntimos da paisaxe analizando o chan, a auga, a luz, o horizonte, a vexetación e os animais. O apartado cuarto aparece co título de "Paisaxes da ausencia" e aquí fai referencia ás paisaxes da infancia, aquelas que permanecen no recordo, que para Avilés ese espazo natal é a aldea de Taramancos descrita na seguinte parte do artigo, "Taramancos, aldea con mar de paisaxe". Neste quinto apartado e no seguinte, "Aldeas e vila, a veciñanza habitada", describe en conxunto a aldea e, particularmente, a casa materna do escritor, tamén fai referencia a outras vilas próximas a Taramancos e achega algúns fragmentos da obra do escritor. No apartado sétimo, "A aldea, a paisaxe humanizada", analiza a importancia da aldea na vida e obra de Avilés, tamén refire as figuras da nai e a avoa e destaca o sentido do labrego e da terra en Avilés de Taramancos, así como, a importancia do mar próximo á súa aldea, comentado no apartado "O mar da ría". Finalmente, no apartado noveno, "A poesía de Avilés, o compromiso coa terra e a defensa da identidade", fai un resumo dos contidos tratados e presenta como remate unha breve bibliografía.

Geni, "Ventos", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 8.

Nesta sección reprodúcese o poema intitulado "Ventos", de Geni.

Geni, "Pechade a xanela", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Creación", outono 2008, p. 3.

Sección que acolle o poema "Pechade a xanela", de Geni.

Gómez-Montero, Javier, "Urbs mythica-Cidade submisa-Futura polis. Pautas de lectura de Compostela na narrativa de Suso de Toro", trad. Dolores Torres París, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Estudos", 2008, pp. 24-39.

Análise da representación literaria da cidade de Santiago de Compostela plasmada en tres novelas de Suso de Toro que debuxan un mapa diferenciado dos discursos sociais e culturais de dita cidade. Para isto traballa coas novelas *Ambulancia* (1990), *Trece badaladas* (2002) e mais *Home sen nome* (2006) nas que a ficción literaria constrúe un imaxinario polifónico para Santiago de Compostela e asemade ofrece toda unha antropoloxía deste espazo urbano. Concretamente a análise destes textos aséntase na indagación da cidade de Santiago de Compostela dende a súa ruinosa contemporaneidade en *Ambulancia*, á súa orixe mítica en *Trece badaladas* e mais á súa memoria histórica en *Home sen nome*.

González Fernández, Helena, "zoommm. textos biónicos", *Anuario Grial de Estudos Literarios 2007*, "Libros", 2008, pp. 171-194.

Comenta que os textos de *zoommm. textos biónicos* (2007), de Estíbaliz Espinosa, se poden descargar en formato PDF dende a páxina web www.aregueifa.net e asegura que se concibe como unha narración cosmogónica proxectada no futuro e relatada por unha

Anónima. Indica que a narración debulla as orixes a partir da cohibernación e afirma que neste poemario aparecen varias voces. Detalla que o libro se enmarca no proxecto de experimentación creativa que Estíbaliz Espinosa desenvolve dende a publicación de *número e* (2004).

González Fernández, Helena, "Cartografiando a ausencia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 92-93.

Informa da saída á luz na colección "Dombate" de Galaxia do último libro de Helena de Carlos, *Vigo* (2007) que acadou o Premio da Crítica Española 2008. Sinálase que é un libro que delimita unha poética diferente, no que se marcan os dous grandes piares da traxectoria da autora: a literatura clásica e a poesía da experiencia, sempre buscando o texto limpo e a fuxida dos excesos retóricos. Coméntase que en *Vigo* a cidade non é un simple escenario, senón que é o marco espacial básico para a poesía, unha verdadeira "cidade vivida". Así mesmo, dise que no poemario aparecen as rúas, a memoria da infancia e da mocidade, o mar e a bisbarra próxima á cidade olívica. O eixo da pescuda poética radica aquí, segundo a articulista, na constatación da ausencia, consubstancial ao propio decorrer da vida e imposíbel de resolver. Dise que a casa, presente en libros anteriores da autora, se presenta unha vez máis como territorio dos afectos e convive cos cambios miúdos, eses que acontecen sen nos decatar.

González García, Miguel Ángel, "Teatro y beneficiencia en Ourense en 1841", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 139, "Historia", novembro 2008, pp. 24-25.

Saliéntase que no século XIX unha porcentaxe das entradas do teatro dedicábase como ingresos para a beneficencia, feito do que se dá conta no documento "Año 1841. Liquidación del producto que resultó de las funciones representadas en los Teatros de esta ciudad de Orense a favor del Hospital a Inclusa de la misma", conservado no Arquivo Histórico Diocesano (Caja 606-91). A seguir, achegánse detalles da vida teatral da época así como cos actores e cas compañías que actuaban e ca tipoloxía e temática das obras representadas. Tamén se ofrecen por meses os títulos das obras representadas e o número de asistentes.

González Neira, Ana, "Rubia Barcia y Lorca en la revista 'Nuestra España", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 23, 2008, pp. 158-159.

Coméntase que a revista *Nuestra España* viu a luz na Habana en 1936, onde colaboraron moitos escritores galegos, entre eles o ferrolán José Rubia Barcia, quen, no número dous da revista, publicou un artigo no que daba a súa versión da morte de Federico García Lorca. Di que dito artigo "nunca foi citado" porque "son varios os puntos discordantes entre a versión ofrecida por Rubia Barcia e a que mantén a historiografía actual".

Grial, "Falece o escritor Camilo Gonsar", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2008, p. 9.

Lémbranse os aspectos máis destacados da vida e obra de Camilo González Suárez-Llanos (Sarria, 1931-2008) con motivo do seu falecemento o 9 de novembro de 2008. Destácase a súa contribución á renovación da literatura galega durante os anos sesenta e a súa pertenza á Real Academia Galega.

Guimaraes Cunha Leão, Francisco, "A verdadeira personalidade de Curros Enríquez", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 30-38.

Reprodúcese a conferencia de Pepe Velo, pronunciada no "Lar Gallego" de Caracas, Venezuela, en setembro de 1951 con motivo dos actos conmemorativos do centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908), na que pretende honrar a súa memoria pola súa calidade literaria, á marxe das súas ideas políticas e relixiosas para evitar o uso propagandístico da súa figura. Xustifica a inmortalidade da súa obra polo seu romanticismo puro e espontáneo e pola súa raíz galega, e comenta que a saudade está especialmente presente n'*A virxe do Cristal* (1877). A seguir, expón a súa historia familiar, marcada por un pai de carácter severo e unha nai abnegada á que adoraba, e comenta que estes sentimentos e lembranzas da súa nenez, unidos ao amor pola terra galega, se reflicten na súa obra. Con respecto a fe relixiosa, afirma que se trata dunha cuestión esencial na súa vida, aínda que poemarios como o xa citado poidan indicar o contrario.

Heim, Christa, "Das Haus der Ertrunkenen", *Galicien Magazin*, n.º 19, "Übersetzung", febreiro 2008, pp. 20-33.

Dá conta da tradución ao alemán da obra de 1989, *A casa dos afogados*, do escritor e editor galego, nado en Cospeito en 1958, Miguel Anxo Fernán Vello. Sinala que o autor é membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega e da AGAL. Asemade, indica que fundou a editorial Espiral Maior en 1991 e que foi un dos fundadores das revistas *Cen augas* e *Agália*. Engade que se deu a coñecer ao ser premiado no VIIº Concurso Modesto R. Figueiredo co relato "Anti-memória dun dia".

Hidalgo, X. Carlos, "Camposanto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 18.

Recensión de *Camposanto*, obra do escritor e académico alemán Winfried Georg Sebald (1944-2001), traducida ao galego por Catuxa López Pato e publicada pola editorial Galaxia en 2007. Sinálase que o volume se divide en dúas grandes partes, "Prosa" e "Ensaio", composta esta última metade pola terna de artigos ensaísticos "O alleo, integración e crise", "Constructos do dó" e "Entre a historia e a historia natural". Considérase que a importancia de *Camposanto* reside na luz que bota sobre a obra de Sebald, especialmente sobre títulos tan senlleiros coma *Austerliz* (2001).

Iglesias, Bieito, "Que vos proe?", *Tempos Novos*, n.º 128, "Días soltos", xaneiro 2008, p. 6.

Faise unha crítica ás opinións vertidas nun par de xornais galegos, concretamente nun da Coruña e noutro de Vigo, nos que se devalúa a cultura galega, sobre a que se opina que ten moito do que loubarse.

Iglesias, Bieito, "Contos da terriña", *Tempos Novos*, n.º 128, "Días soltos", xaneiro 2008, p. 7.

Indica que se acaba de traducir ao galego a obra de John Berger, *Porca Terra* (2007), na que se describe a vida labrega tradicional e se reivindican os valores da cultura material e espiritual, que se está a desaparecer. Afírmase que precisamente por contar as cosas vividas en primeira persoa serán ben acollidas polos lectores.

Iglesias, Bieito, "Tolos ensopados", *Tempos Novos*, n.º 128, "Días soltos", xaneiro 2008, p. 7.

Faise mención da opinión vertida por María López Sández, ensaísta galardoada con premio Ramón Piñeiro, acerca de Juan Ramón Jiménez, que describiu Galiza como mojado manicomio. Aspecto que di que non hai que tomarse a mal, porque todo depende de quen veña e "lentura e loucura son excelentes cartas de presentación do país".

Iglesias, Fina, "O destino non se pode deseñar", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 88-89.

Coméntase que Anxos Sumai abandona o estilo de dietario que cultivara nas súas dúas primeiras incursións na literatura con *Así nacen as baleas* (2007), unha historia intimista na que as pequenas cousas teñen un papel importante, como é habitual na súa escrita. Dise que a obra, publicada por Galaxia, acadou o Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2007. Infórmase que a protagonista, unha estudante estabelecida en México, debe volver á casa pola enfermidade da súa nai e enfrontarse cunha vida da que quería fuxir, cun pai que as abandonou e un irmán discapacitado psíquico. Sinálase que esta familia reúne, de feito, os lugares comúns de moitas das que teñen fillos con necesidades especiais, incluída a figura dunha nai que se centra no irmán enfermo e descoida o agarimo cara á filla. Conclúese afirmando que se trata dunha historia de abandonos, entre o que se inclúe o da propia protagonista, a quen ninguén chama polo seu nome, só "a Nena", noutro abandono máis, o da propia identidade. A novela supón tamén unha reivindicación da diferenza, así como unha mostra de que as reviravoltas da vida rompen até coas planificacións máis aquilatadas.

Labraña, Carlos, "ENTREVISTA3: Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Entrevistas", verán 2008, pp. 29-38.

Dá noticia da entrada de tres novos dramaturgos en Drama3: Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal. Destaca que a idea principal era que cada un destes dramaturgos escribira unha peza breve sobre un mesmo tema, pero posteriormente decidiuse crear unha única peza na que cada un escribiría un acto. *Estigma* é o resultado deste traballo.

A continuación comeza a entrevista a cada un dos personaxes. Na conversa contan como foi a súa chegada a Drama3 e como foi o proceso de elaboración da obra. O primeiro acto, *Abismos*, de Jacobo Paz baséase no suspense, nun lugar para vivir habitado por pantasmas e o título fai referencia á idea de levar ao abismo aos personaxes. Vanesa Otero é a autora do segundo acto, *Elsa*. Destácase que o título está tomado dun relato da propia autora*, Elsa Malpartida ou a historia da muller que non podía ser tocada*. O terceiro acto, *Terra queimada*, de Rubén Ruibal centrada no tema do suicidio. Todos destacan que a experiencia foi moi positiva pero tamén difícil, xa que había que unir tres historias diferentes e tres estilos tamén diferentes. Finalmente afirman que se senten moi satisfeitos coas críticas recibidas.

Lado Ínsua, Marta e Mariña **Río Mallo**, "Ruibal, Rubén (2006): *Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)*. Vigo, Xerais, 176 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 220-221.

Achégase a *Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)* (2006), de Rubén Ruibal, da que sinala que ten como protagonista a dous enfermos que estabelecen unha fonda amizade na sala de hemodiálise. Sinálase que a obra é unha gran crítica social en sentido amplo, na que se deixa ver a inxustiza e o ridículo de moitas situacións. Tamén valora os personaxes que aparecen na obra, todos ben definidos por trazos de carácter e situacións sociolingüísticas contemporáneas do autor, que chega a reflectir o seu propio posicionamento sobre a vida e a morte. Finalmente, fai un detallado repaso polas principais características, tanto dos personaxes principais coma dos secundarios. Chámase a atención sobre a importancia que ten a luz na obra. Da estrutura sinala que lembra os guións cinematográficos, o mesmo que o tratamento do tempo e a dose de intriga que considera unha das mellores calidades da peza.

Lamapereira, Antón, "O teatro non é patrimonio cultural galego?", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Editorial", primavera 2008, p. 6.

Ponse de manifesto que dende a chegada do bipartito ao poder, o Centro de Documentación Teatral (CDT), dependente do IGAEM, está pechado e que só o Arquivo Pillado Mayor da Universidade da Coruña está dedicado á documentación teatral. Pregúntase se os carteis, as fotografías das representacións das compañías de teatro e dos grupos de teatro afeccionado e escolar non son patrimonio cultural. Laméntase de que algunhas testemuñas e documentación poidan estar xa desaparecidas. Interprétase que o problema é que o Centro de Documentación Teatral non ten un lugar fixo dentro do organigrama da Consellería de Cultura e opínase que máis ben se maltrata a expresión dramática en lugar de protexela. Critícase que o CDT fose pechado sen ter buscada previamente unha alternativa e laméntase que aínda non se fixera un novo proxecto. Finalmente pídese aos lectores que engadan a súa voz a esta denuncia para pedir atención para esta parte do patrimonio.

Lamapereira, Antón, "A dobraxe supuxo que a profesión puidera adicarse ao teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, "Entrevistas", inverno 2008, pp. 39-48.

Conversa co actor Xosé Manuel Vázquez, coñecido tamén como "Tuto", no Hotel

Riazor da Coruña. Recóllense datos biográficos e referidos aos seus traballos no teatro, en series de televisión, en teatro radiofónico e en estudos de dobraxe, entre outros. Concrétase que os seus inicios foron na escola e que mentres facía estudos de Maxisterio comezou a traballar no grupo de teatro afeccionado Tespis e máis tarde noutro grupo de teatro adscrito á sociedade cultural O Facho. Despois explícase que viñeron os tempos do Teatro Circo, nos anos do franquismo, nos que se facían obras en galego, como unha forma de resistencia cultural. Lémbrase que en moitas ocasións, algunhas funcións eran canceladas por non obter permiso do Goberno Civil pois este teatro tiña un público, sobre todo, de xente militante de partidos de esquerdas, que neste tempo eran clandestinos. Sinálase que un dos exemplos disto foi *A longa viaxe do Capitán Celta*, unha obra que tiña toques nacionalistas e na que tamén se facían outras insinuacións políticas. Tuto Vázquez fala do teatro desta época como puro voluntarismo e di que, máis alá do teatro, cada actor ou actriz tiña un traballo remunerado. Ademais conta o paso do Teatro Circo á Escola Dramática Galega coa obra de Daniel Rodríguez Castelao, *Os vellos non deben de namorarse* (1953). Indica que foi neste momento, cando deu o paso ao teatro profesional, cun taller dentro da Escola Dramática Galega, que esixía dedicación, dispoñibilidade para viaxar e que xa cobraba polas súas actuacións. Comenta que na década dos anos oitenta, xa nacida a Televisión Galega, Tuto Vázquez comeza a traballar na dobraxe, nunha serie inglesa dos anos 70. Declara que a dobraxe supuxo que a profesión puidera dedicarse ao teatro, xa que tiña ese plus da dobraxe a maiores, segundo as propias palabras deste actor. Sinálase que a última serie na que participou foi *Padre Casares*, na que realizou o personaxe de Don Crisanto, que lembra con especial agarimo, e que tivo que interromper por causa de enfermidade. Entre os personaxes teatrais que lembra con satisfacción, destaca o do Ramonciño d'*Os vellos non deben de namorarse* ou, o seu último papel en teatro, o de *Cyrano de Bergerac*. En canto ao futuro do teatro galego, Tuto Vázquez lamenta o exceso de compañías e pronúnciase en contra de que o Centro Dramático Galego non actúe fóra de Galicia para que se coñeza o teatro galego.

Lamazares, Antón, "¡Laxeiro unicornio único!", *Galegos*, n.º 1, "Caderno Laxeiro", I Trimestre 2008, p. 41.

Acóllese a reprodución autógrafa, firmada por Maceira, do poema dedicado a Laxeiro, titulado "¡Laxeiro unicornio único!", datado o 23 de febreiro de 2008.

Lema, Alberto, "[Crónica do chan]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [91]-98.

Primeiro reflexiónase sobre a obra de Alberto Lema para a seguir acoller sete poemas de *Crónica do chan*, intitulados "[Crónica do chan]", "[Sete e media, Lázaro]", "[Colombia capital Cambados]", "[Ítaca]", "[Tara]" e "[Retrato xeracional]".

Lema, Alberto, "No labirinto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "próLogo", outono 2008, p. 27.

Relato de Alberto Lema (Bamiro, 1975) no que un narrador en primeira persoa explica cómo sente unha grande inclinación polos labirintos, aos que chega para desvelar o seu misterio e a clave que ocultan. Explica pormenorizadamente o proceso que segue para

chegar a desentrañar este que atopou e que é chinés. Mentres accede ao segredo, que é unha cámara hexagonal chea de libros, achégaselle un ancián cego co que inicia unha conversa. Nesta conversa desvélase a concepción da vida e da existencia que posúe o narrador, que non é senón Borges fronte a todo o seu universo literario.

Lema, Carlos, "Trece xeitos de ler (e escribir) poesía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2008, pp. 112-117.

Artigo no que o autor reflexiona sobre cómo facer poesía, a forma na que escribir unha materia que se afasta das regras. Considera Carlos Lema que a poesía non é literatura senón que, máis ben, ten certo parentesco coa maxia, pois nos fai ver o que antes non viamos. Os trece xeitos que propón no seu título son: significado, verdade (a poesía debe axudarnos achegar á maior das ignorancias, non se pode entender), torpeza (someterse ao poema é aprender a ser torpe, coñecer a lingua para poder chegar a ignorala), persuasión (a poesía non persuade, evade. Abandona a certeza), insistencia, realidade, acontecemento (non excepcional. Non é unha creación individual, tampouco única nin orixinal), evasión (o poema é o mellor método para buscarse a un mesmo no Outro, para re-coñecerse), contratempo (a poesía é concreción, limitación e presente. Non fala do tempo, é o tempo), desviación (é unha desviación do discurso literario), desorde (a linguaxe, como orde, presupón unha desorde anterior ou posterior ao discurso e forma parte desa desorde da linguaxe ou alude a ela), somatización (non é a poesía unha especie de somatización lingüística dos pensamentos?) e flores do mal (a poesía relaciónase co Mal porque non procura o beneficio e é un gasto. Sinálase que o capital da poesía é simbólico, un tipo de capital que se rexe por leis inversas ás do económico, mentres que o poema representa esa parte maldita, a que non beneficia a ninguén.

Lema, Carlos, "Por que é posible a lectura?", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "próLogo", inverno 08-09, p. 27.

Presenta neste artigo varios textos que en realidade son formas de achegamento á literatura non como disciplina, senón como incitación a indisciplina, participando da idea da lectura como evasión do significado. Nos diferentes textos encontramos en liñas xerais esta idea e outras como a pregunta de por que se pode ler, a idea de liberdade na lectura, as diferencias entre lectura en silencio e lectura oral, o concepto de sucesión narrativa, a lectura como exercicio de poder ou como será a lectura no futuro, entre outros temas.

Liñeira, María, "*Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*. Xulio Borrazás", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 173-174.

Achégase a *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida* (2007), de Xulio Borrazás, do que destaca que está composto por vinte e sete fragmentos de desigual feitura e aínda que o libro semella estar concibido de xeito fragmentario, os seus capítulos están entrelazados. Tamén apunta que este volume recibiu o XXXI premio da Crítica de Galicia de Ensaio e Pensamento e que as súas recensións son positivas. Agradece que o

seu autor non teña "pelos na lingua" e comenta que merece "unha (re)lectura demorada pero, por moita intención francotiradora que haxa, as balas son de fogueo".

Liñeira, María, "Villar, Domingo (2006): *Ollos de auga*. Vigo, Galaxia, 248 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 221-222.

María Liñeira achégase a *Ollos de auga* (2006), de Domingo Villar, situándoa entre o mellor da produción da novela policial. Destaca que como primeira entrega dunha serie a historia marco é ampla, aínda que quedan pendentes preguntas que axudan a fidelizar ao lectorado para próximos episodios. Tamén destaca a exploración da identidade sexual e antropolóxica, as diferenzas culturais entre os galegos e a ambientación urbana, presente xa en obras anteriores do xénero. Destaca tamén que a novela trata un crime paixonal homosexual, visibilizando un aspecto practicamente ausente da nosa literatura. Conclúe que lle agrada que se faga literatura exportábel e que a literatura de xénero venda e crea lectorado.

Lis, Xaime, "O ano das viñetas sociais", *Tempos Novos*, n.º 136, "Entreculturas", "Crónica", setembro 2008, pp. 72-75.

Indícase que se celebra unha vez máis o salón do cómic na cidade galega da Coruña, concretamente esta é a décimo primeira edición chamado "Viñetas dende o Atlántico". Tivo lugar dende o día 11 ao 17 de agosto do 2008 e estivo dirixida por Miguel Prado. Saliéntase que este novo festival da banda súmase á longa tradición por este arte que hai na cidade herculina dende o ano 1998. Nesta nova cita non faltaron temas de problemas sociais, como o alzheimer, o autismo ou a inmigración nin tampouco grandes autores da banda deseñada como Paco Roca, Miguel Gallardo e Daniel Acuña, entre outros.

Lista, David, "[Desenlace]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [53]-65.

Acóllense os once poemas con numeración arábiga de *Desenlace*, proxecto de David Lista, no que conflúen a fotografía e a literatura.

Lombao, David, "Blogueiros contra a lingua bífida", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proXectil", "Rede e autoodio", verán 2008, p. 28.

Preséntase *Blogues pola lingua*, unha iniciativa auspiciada por cinco blogueiros que conta cun amplo apoio e que xurdiu como compromiso coa lingua galega, á vista dos ataques que se veñen producindo nos últimos meses e que se consideran unha manifestación máis do "autoodio". Explícase que esta iniciativa xurdiu arredor do 17 de maio, Día das Letras Galegas, e que a potencialidade está no feito de que un grupo de blogueiros, que xa escribían os seus blogs en lingua galega, leven a cabo iniciativas como "Combater a ignorancia con poesía", na que cada un dos membros propuxo unha entrada imaxinativa coa que combater as falacias que no nome do bilingüismo se están dicindo. Da iniciativa critícase a falta de atractivo, por parecer un espazo corporativo interno e non un sitio onde mostrarlle ao mundo o que queren facer. Remata coa

consideración de que *Blogues pola lingua* é necesario na rede, aínda que parece ter dificultades para avanzar de dinamizarse.

Lombao, David, "Editores de libros libres", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proXectil", outono 2008, p. 28.

Achégase a algunhas iniciativas do mundo editorial que toman Internet como base dos seus proxectos, iniciativas que apostan polas licenzas Creative Commons, o que permite traducións libres e distribución de materiais sen ter que pagar dereitos de autor. Destas iniciativas destaca Estaleiro Editora, Urco Editora e Ediciós da Rotonda, que poñen no mercado produtos moi baratos e ás veces permiten o acceso gratuíto. Repasa a filosofía de cada unha destas editoras, que van dende a renuncia a calquera tipo de lucro, até o uso de textos liberados das pexas das licenzas, que por veces se fai extensivo incluso ás ferramentas empregadas para a tradución, como programas informáticos libres. Repasa algún dos resultados destas iniciativas, como *Conan: a filla do xigante*, editada por Urco; *Fume* e *Insomnio*, de Estaleiro; e *O home inédito* (2005), editado por Ediciós da Rotonda. Remata preguntándose sobre as posibilidades do mundo editorial na era da Internet e a viabilidade da opción de gañar só cartos para cubrir gastos.

López, Siro, "O humor na Transición", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 23, 2008, pp. 188-205.

Reprodución dunha conferencia de Siro López que comeza cun preámbulo no que salienta que ao falar da política a través do humor "hai que ter prevención coa audiencia porque se xoga coa ideoloxía". Continúa repasando a súa vinculación coa política "de esquerdas", pero resalta que tamén é crítico con ela. A continuación pasa a resumir a súa traxectoria profesional, que comezou con caricaturas políticas en *La Voz de Galicia*. Sinala que a Lei de Prensa de Fraga "supuxo un avance para a redución da censura, pero o artigo segundo era ameazante para o xornalista por ser moi amplo", algo que ilustra con exemplos. Finaliza comentando que o mundo militar e o da xustiza foron dende sempre "pouco tratados polo humor", por medo a represalias.

López Fernández, Alicia, "Perozo, Xosé Antonio (2006): *Espérame*. Vigo, Xerais, 304 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 219-220.

Reseña da novela de Xosé Antonio Perozo, *Espérame* (2006), da que comeza repasando detidamente o argumento arredor do que xira a historia narrada. Considera que os dous eixes que marcan a vida da protagonista son os fondos valores éticos e o mundo da prostitución. Tamén marca tres etapas na evolución da vida da protagonista: a de consolidación económica e de poder a razón do sexo; a do emprego dos seus medios en beneficio dos máis necesitados, aínda que é unha muller contraditoria; e a da palabra, na que atopa a un home co que falar de si mesma e da súa vida.

López Lemus, Virgilio, "ROSALÍA O LA DENSA BRUMA", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, p. 58.

Analízase a poesía rosaliana dende a óptica do século XIX e a súa temática metafísica, dando conta de que a diferenza doutros coetáneos seus a súa obra lírica é atemporal e universal, xa que non cae na sensiblería e constrúe a arte da palabra. Finalmente dise que a dor que ela expresa é a dor colectiva de todo un pobo e o seu pranto é universal e que este é un fragmento extraído do prólogo da antoloxía *Poesías escogidas* (2007), de Rosalía de Castro, editada na Habana.

López López, Lorena, "*Así nacen as baleas*. Anxos Sumai", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 176-178.

Indica que a trama de *Así nacen as baleas* (2007), de Anxos Sumai, parte da man dunha moza que regresa á casa da nai enferma, coa que sempre mantivo unha relación difícil e a seguir desenvolve en toda a súa complexidade e crueza as difíciles relacións dentro do seo dunha familia. Comenta que a balea é a imaxe da liberdade, fala dos personaxes secundarios e recalca que o principal acerto de Anxos Sumai foi a súa maneira de presentarnos a realidade dunha familia sen tabús nin maniqueísmos.

López Silva, Inma, "*Teatro imprevisto*. Eduardo Alonso", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 193-194.

Comenta que *Teatro imprevisto* (2007), de Eduardo Alonso, recolle tres textos dramáticos: "Alta comedia", definido como un triángulo amoroso propio do xénero burgués; "As damas de Ferrol", cun acedo sentido do humor, e mais "Ensaio", o texto máis pesimista de *Teatro imprevisto*. Indica que o interese engadido deste volume é a posibilidade de realizar un exercicio interesante no que a literatura se supedita ao teatro.

López Silva, Inma, " Amadores do teatro", *Tempos Novos*, n.º 137, "Crítica", "Teatro", outubro 2008, p. 86.

Alegato a favor do teatro *amateur* e, sobre todo, dos actores, que queren ser chamados "amadores", que sen ánimo de lucro se dedican a difundir o gusto polo teatro co seu traballo diario e gratuíto. Mencíonase como o teatro galego profesional derivou destes "amadores" e por iso se lles debe tanto en Galicia, un lugar onde o teatro "se difunde pouco e mal". Tamén se fala do nacemento da Federación Galega do Teatro Afeccionado no ano 2001, co gallo de xestionar o traballo deste "amadores" e que a día de hoxe conta cuns vinte grupo, a maioría en activo, como é o caso de Ditea de Santiago, o Orballo do Carballiño, Escoitade e Teatro Avento en Vigo e Metátese en Palas de Rei, entre outros.

Losada, Benito, "Bienal de Caricatura", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 130, "Exposiciones", febreiro 2008, pp. 34-35.

Faise un repaso polas actividades que terán lugar en Ourense do 5 ao 30 de marzo de 2008 co gallo da celebración da IX edición da Bienal de Caricatura de Ourense. Indica que proseguirá a súa andaina a prol do humor gráfico e que contará con vinte e seis

humoristas galegos e cun programa que incluirá a presentación dos volumes *O Farelo. Catálogo de autores*, editado por *A Peneira*, e mais *O humor non engorda...!*, de Kiko da Silva e publicado por Biblos.

Losada, X. Ricardo, "Restos dunha entrevista", *Alameda*, n.º 32, decembro 2008, pp. 78-80.

O propio autor recolle algunhas das preguntas e respostas dunha entrevista que lle fixeran hai un mes e que non foran publicadas, nas cales fala sobre a súa concepción da literatura e o seu oficio de escritor, sobre o seu traballo como docente e sobre a súa vida persoal en Rianxo, aludindo a que esta vila tamén é berce de grandes escritores como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Lourenzo, Manuel, "A fantasía, un mundo ou un recurso?", *Casahamlet. Revista de Teatro*, n.º 10, "Teoría", maio 2008, pp. 4-7.

Analiza a presenza da fantasía na literatura galega dos séculos XIX e XX, dende a alicerzada no celtismo e atlantismo até a utilizada como refuxio en épocas duras para a liberdade política e cultural. Neste senso, trata a defensa da literatura fantástica levada a cabo por Ramón Piñeiro, "idealizador extremo dunha literatura desvinculada dos males da época". Así, reprodúcense algúns fragmentos da súa "Carta a Daniel Cortezón Álvarez", prólogo á narración *As covas do rei Cintolo*, editada en 1956 por Galaxia. Nel, di da obra que é unha narración puramente imaxinativa, sen dependencia nin relación coa realidade e oposta, por esa razón, á maioría da literatura contemporánea, que se centra na observación e descrición da realidade. Para Ramón Piñeiro, o problema desta literatura é que reflicte un home cuxa existencia carece de sentido e da correspondente independencia para desenvolvelo. Mentres, a realidade espiritual galega mantén unha liberdade baseada no equilibrio individuo-comunidade, liberdade que permite conservar o mundo da fantasía. En relación con isto, o autor do artigo conclúe que a fantasía non é un recurso, senón unha extensión da nosa liberdade a partir da imaxinación.

Lourenzo, Manuel, "[Non vos necesito]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [139]-140.

Tras achegarse á faceta teatral de Manuel Lourenzo, salientando o seu proxecto "Casa Hamlet", acóllese un microrrelato intitulado "Non vos necesito".

Lourido, Isaac, "Linguaxe, linguas, o insólito", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 22.

Recensión de *Teatriños ou aturuxos calados* (2007), edición bilingüe publicada por Galaxia do texto orixinal de 2005 *Littel Theatres*. Explícase que a obra foi escrita orixinalmente pola poeta canadense de ascendencia galega Erín Moure e traducida ao galego por María Reimóndez. Nela sinálanse, pese á distancia xeográfica e cultural, o emprego de formas idiomáticas propiamente galegas e mesmo algún eco de creadores

autóctonos como Chus Pato, María do Cebreiro, Pilar Beiro, Cesáreo Carballido, Claudio Pato ou Alfonso Pexegueiro.

Louzao, Miguel, "López Silva, Inma (2007): *New York, New York*. Vigo, Editorial Galaxia, 196 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 218-219.

Reseña de *New York, New York* (2007), de Inma López Silva, na que se comeza sinalando que a autora "explora sen complexos" o mito. Lembra que na súa entrega anterior, *Non quero ser Doris Day* (2006), a acción se situaba en París e que o texto se estruturaba ao modo de cartas-correos electrónicos, estrutura que agora se repite, aínda que coa cidade americana de fondo. Considera que esta obra non é unha novela, nin un libro de relatos, nin un ensaio, senón unha especie de diario sen datas, que anteriormente foi un blog. Destaca a boa escrita, a ironía, o absurdo da vida, o xogo da realidade-ficción, nunha obra que considera fresca e sen complexos.

Louzao Outeiro, Miguel, "Manuel Pereira Varcárcel: *Días do final*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 73, tomo I, ano XIX, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2008, pp. 131-132.

Faise unha reseña da nova entrega narrativa dun poeta consagrado, Manuel Pereira Valcárcel, que leva por título *Días do final* (2007), da que se di que é unha historia común centrada nos últimos meses de vida dunha persoa, narrada polo seu fillo (narrador testemuña). Dise tamén que está narrado dende un punto de vista realista, dando unha visión da situación deportiva da Galiza de 1995 e mesturando a convivencia dos protagonistas coas demais familias de pacientes que están no hospital. Por último, destácase, como acertos da obra, a súa "honestidade temática", a "pulcritude lingüística", a "corrección narrativa" e que o seu autor vai enfiando a historia, malia a súa dureza, de xeito que o lector non pode deixar de ler.

Lueiro, Xosé, "O convenio dos actores galegos supón unha conquista capital", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 14, "Teatro", "A entrevista", 2008, pp. [10-14].

A raíz do convenio asinado para mellorar o marco laboral do sector das artes escénicas entre diversas asociacións, entrevístase a Celso Parada, director de Escena Galega, quen comeza afirmando que se trata dun dos logros máis importantes acadados neste ámbito profesional e que ao mesmo tempo serve para implantar o Plan Galego das Artes Escénicas. Explica que este convenio trata de fixar uns mínimos salariais que os actores e as empresas privadas ou de orde institucional deben cumprir. Por outro lado, comenta algunhas propostas que mellorarían a distribución das compañías galegas e opina sobre os cambios que se poderían dar se houbese un cambio de goberno a respecto do PGAE.

Lugones Vásquez, Yoel, "Una historia de miserias y grandezas humanas", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", "Reseña", marzo 2008, p. 50.

Faise unha reseña sobre a obra de Manuel Rivas *O lapis do carpinteiro* (1998), da cal se destaca o seu discurso cheo de poesía, a súa intensidade, a mestura de crueza e tenrura, así como a combinación de varios estilos de escritura. Tamén se recollen algunhas das palabras de Manuel Rivas durante a XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana falando de literatura.

Luna Alonso, Ana, "A tradución en 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 162-168.

Pasa revista ás obras máis significativas da tradución ao galego no ano 2007 e achega unha análise crítica destas obras contextualizándoas no conxunto da produción literaria. Destaca que as cifras máis elevadas están no ámbito do ensino así como na literatura en xeral. Fala das políticas de tradución e con referencia ás traducións de narrativa para adultos, onde sobresae a editorial Galaxia, destaca as novidades de Paul Auster, con *A vida interior de Martin Frost* e *Viaxes no scriptorium*, así como as traducións da editorial Rinoceronte con *Porca terra*, de John Berger; *A casa das belas adormecidas*, de Y. Kawabata; e *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna. Tamén se detén na tradución dos clásicos como *A Odisea*, de Homero, *Tres contos*, de G. Flaubert; *A ponte sobre o río Drina*, de Ivo Andric; do conto tradicional *Carapuchina vermella* ou d'*O banqueiro anarquista*, de F. Pessoa. Informa que no que respecta ás traducións de poesía cómpre subliñar o labor das editoras Rinoceronte, Galaxia, Espiral Maior, Positivas ou Azul Editorial. Finalmente detense brevemente nas traducións teatrais con Edicións Xerais e a Colección do CDG e conclúe referíndose á literatura infantil e xuvenil co traballo das editoras Kalandraka, OQO, Xerais, Tambre, Everest, Faktoria K, Baía, Rodeira, Galaxia e mais Sotelo Blanco.

Marante Arias, Antía, "*Profundidade de campo*. Yolanda Castaño", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 187-188.

Opina que *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño, se articula ao redor de cinco seccións ben diferenciadas pero complementarias, que son analizadas nesta recensión. Comenta que en conxunto *Profundidade de campo* é cualificada por Antía Marante como uns versos arriscados, fotografados só para quen escolle imaxes nunca vistas sen ler o pé de foto e cunha fotografía poética apta para unha contemplación prolongada.

Marco, Aurora, "Revisiones y reescrituras de mitos femeninos", *Lenguaje y sociedad. Revista de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, n.º 27, julio 2008, pp. 15-36.

Análise da transformación sufrida polo mito de Penélope na literatura escrita por mulleres mediante a ruptura de estereotipos, roles, arquetipos e mitos herdados dende que foi inmortalizada na *Odisea*, de Homero, como paradigma de muller eternamente fiel e arquetipo para mulleres, sobre todo a finais do século XIX. Explícase que este mito foi revisado e reescrito dende a creación literaria feminina e feminista, cunha nova lectura desmitificadora nun proceso de ruptura co mito clásico, transmitido e construído por voces masculinas. Neste proceso de desmitificación, analiza os cambios do mito

nun corpus de textos de autoría feminina escritos entre 1884 e 1997, nos que se aprecian xa marcas de identidade de xénero con novos valores, discursos e puntos de vista que deslexitiman os patróns clásicos de feminidade inspirados na Biblia e na literatura grega antiga. Así analiza poemas de Rosalía de Castro; de Xohana Torres; de Claribel Alegría; de Isabel Rodríguez Baquero; de Myriam Fraga e un relato, de Marilar Aleixandre, nos que se aborda o mito dende unha lectura feminista, reflectida na temática e nos modelos estilísticos e lingüísticos, que reelaboran o mito e o actualizan, dando interpretacións da heroína clásica a partir do hipotexto homérico que negan a historia oficial e inician o camino da liberdade para construír a identidade feminina. Tamén se mencionan brevemente obras de autoría masculina que se achegan a este mito dende a óptica de insubmisión como Antonio Buero Vallejo ou Augusto Monterroso e noméanse outras achegas dende poetas, narradoras ou dramaturgas, así como no eido das artes plásticas e a música. Finalmente Aurora Marco salienta todo ese material literario, visual e artístico do mito de Penélope como de grande interese para o traballo na aula co alumnado, mediante o tratamento intertextual e interdisciplinario, e achega actividades de interpretación, análise e produción para traballar na aula.

Martín Sánchez, Rita, "Algúns apuntamentos sobre o feito cinematográfico no Barbanza", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 4, 2008, 61-71 pp.

Neste artigo no que Rita Martín Sánchez dá conta dalgúns apuntamentos sobre o feito cinematográfico na comarca do Barbanza (primeiras rodaxes, locais de exhibición cinematográfica, curtametraxes, directores actuais, rodaxes na comarca, etc.) a autora tamén se detén nas figuras dos escritores Rafael Dieste e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e no seu contacto co cinema. Así, comenta que o "documentalista de renome" Carlos Velo requiriu o asesoramento de Dieste para o seu documental *Galicia*; que este rianxeiro publicou en marzo de 1935, na revista *PAN*, o texto "Sobre teatro en cine" ou que mesmo levou a cabo a elaboración dun guión chamado *Promesa del Viejo y de la Doncella*, do que se ofrece o seu argumento e do que se di que, malia non chegar a realizarse a película, finalmente o guión foi publicado no volume *Teseo. (Los problemas literarios)*. No que atinxe a Castelao, Rita Martín comenta que o autor d'*Un ollo de vidro* foi autor da que se considera a primeira película galega de ficción, *Miss Ledya* (1916); que un seu relato de *Cousas* inspirou a película *A traxedia de Xirobio* (1930) e outro, "O pai de Migueliño", a finais dos anos setenta, a cinta homónima do director Miguel Castelo; e, finalmente, que o rianxeiro tamén participou no documental realizado por Velo, así como en moitos documentos cinematográficos que se conservan dos galegos emigrados ou exiliados a Latinoamérica e que en moitos casos serviron de base para a realización de cintas centradas na vida e obra deste escritor ou dos seus coetáneos. A autora do artigo tamén sinala que textos literarios de autores galegos como Lino Braxe ou Manolo Rivas tamén serviron como base de curtametraxes.

Martínez, Iago, "Exportas ou proxectas?", *Tempos Novos*, n.º 131, "En foco", "Informe", abril 2008, pp. 17-22.

Analízase o papel de Galicia na XXVII Feira do libro da Habana. Amósanse datos de interese, coma o número de visitas ao *stand* galego, algúns dos creadores que integraron a delegación ou as diferentes polémicas que xurdiron en torno ao proceso de selección, entre outros. A partir da interpretación dos datos, chégase así á conclusión de que se ben

a cultura galega debe asentar os mecanismos de difusión que xa posúe, cómpre que avance cara a procura de modelos aptos para o novo mercado. A diferenza, tal e como se sinala no título do artigo, está entre "exportar" ou "proxectar."

Martínez González, Xurxo, "Continuacións', artigo inédito de Ramón Villar Ponte na memoria do seu irmán Antón", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 177, Tomo XLVI, "Documentos", xaneiro, febreiro, marzo 2008, pp. 65-67.

Artigo no que se recupera a memoria de Antón e Ramón Villar Ponte, unha parella fundamental no nacemento e desenvolvemento da teoría nacionalista. Lémbrase que Antón finou no 1936 e o grupo Abrente tributoulle pouco despois un acto de homenaxe no que os mozos Jesús Noya Iglesias e José Hermida López leron os traballos enviados por autores como Ramón Otero Pedrayo, Xaime Quintanilla, Arturo Noguerol e o propio Ramón Villar Ponte para lembrar ao falecido. O artigo recolle o bosquexo inicial que Ramón escribira para a homenaxe, intitulado "Continuacións". Nel, o irmán do desaparecido sinala o seu desexo de seguir contribuíndo a manter a lembranza de Antón e de proseguir a súa obra.

Martínez González, Xurxo, "*La Oliva*. A soleira do Rexurdimento. Breve achegamento ao xornal matriz da ideoloxía do Rexurdimento", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, "Acoutacións", xullo-agosto-setembro 2008, pp. 89-102.

Coméntase como se desenvolveu a primeira xeira do xornal *La Oliva* (1856-1857) que naceu coa vontade de ser voz dos progresistas da época e de servir para o "avance que virá dado pola ciencia, a cultura e a educación". Dise que naceu como contestación e crítica ao modelo político imperante absolutista e moderado, representado xornalisticamente polo *Faro de Vigo*, que apareceu en 1853. Saliéntase que entre os fundadores e colaboradores estaban Manuel Murguía e Juan Compañel e indícase que o primeiro número saiu á rúa o 2 de febreiro de 1856 co subtítulo de "Periódico de Política, Literatura e intereses materiales". Tamén se dá unha visión pormenorizada de como se foi desenvolvendo a súa andaina e dos nomes que nela colaboraron: Aurelio Aguirre, Emilio Castelar ou José López de la Vega. Sublíñase o éxito que acadou dende os inicios e as referencias continuas a Galicia, así como o seu ton galeguista, as colaboracións literarias e as persecucións que sufriu durante as tres etapas.

Martínez Jiménez, Xorxe, "Noticia varia Heraclio Pérez Placer", *A Trabe de* Ouro. *Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 67-88.

Primeira entrega dunha achega á figura de Heraclio Pérez Placer, na que se parte da idea que para coñecer aos autores de finais do século XIX, dos que existen moi poucos datos biográficos, é preciso estudar polo miúdo as súas producións. Deste modo, comeza por repasar as colaboracións máis temperás na prensa galega da época de Pérez Placer e continúa con diferentes novas que viron a luz en xornais como *O Tío Marcos da Portela*, *El Ciclón*, *Diario Universal*, *El Eco de Órense*, etc.., das que se realizan comentarios contextualizando o escrito por Pérez Placer con acontecementos sociais ou

con aspectos da súa propia vida. Deste modo, chégase ao ano 1912, momento no que deixa de escribir e publicar por mor dunha sentencia que o obriga a perder a correspondencia do xornal *Diario Universal* e ao desterro. Considérase que o berce literario do autor é Ourense, aínda que a maior parte da súa produción viu a luz en Compostela, dous núcleos inspiradores "que reproducen o esquema que el, de maneira consciente, e con valor simbólico e de oculta efectividade literaria utiliza para "elaborar unha literatura que ten un dos seus resortes principais no propósito da busca da esaxeración do contraste, para expresar sensacións". Tamén se sinala como fundamental a presenza dos elementos relixiosos, á vez que de irrelixiosidade, tamén do erotismo e da sensualidade. A seguir, céntrase no lento abandono do cultivo literario en lingua galega do autor, que asocia co seu "morno" rexionalismo e unha posición españolista, na liña do "liberalismo monterista", aspecto no que se detén amplamente. Por último, refírese á súa concepción da literatura galega, á que consideraba diferenciada dos demais sistemas literarios e caracterizada pola "sentimentalismo e o humorismo", aínda que reivindica a necesidade de que esta literatura se abra a máis amplos horizontes creativos.

Martínez Lema, Paulo, "delirio", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 6.

Sección que acolle o poema intitulado "delirio", de Paulo Martínez Lema.

Martínez Lema, Paulo, "Fragmentos dun poema…", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Creación", outono 2008, p. 5.

Reprodúcense fragmentos dun poema, de Paulo Martínez Lema.

Martínez-Risco Daviña, Luís, "A literatura refuxio da memoria. Relacións e solidariedades raiotas no universo literario", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2008, pp. 85-95.

Faise un percorrido a través da historia da literatura galega durante a etapa da Guerra Civil e a posguerra para mostrar como, malia a censura e a persecución sufrida polos axentes literarios e culturais galegos, foi posíbel ir publicando certas obras que serviron de "refuxio para a memoria histórica". Indícase que poetas e romancistas, como axentes culturais, se encargaron de reflectir a época de terror e sufrimento que daquela se vivía, sendo a poesía o xénero predominante nos primeiros anos, como a obra de Luís Pimentel. Engádese que a novela foi logo tomando forza e serviu tamén como base para os historiadores que foron recollendo as realidades anónimas, individuais e colectivas, daquela época. Danse así diversos exemplos de novelas como *O bosque das Antas*, de F. X. Fernández Naval; *Arraianos*, de X. L. Méndez Ferrín; ou *Vilardevós*, de Silvio Santiago. Tamén se centra na recuperación da memoria nos lugares fronteirizos con Portugal (A Raia), achegando fragmentos de obras de autores portugueses que se unen aos galegos. Conclúe centrándose na relación escrita entre historia e literatura, que serve para recompoñer a memoria e para que o lector teña unha cosmovisión histórica de Galicia e reflexiona sobre isto.

Mato Fondo, Miguel A., "A importancia de se chamar: Ánxel Fole", *Naz-on. Revista cultural galega*, "A personaxe", n.º 10, 2008, p. 23

Pescúdase nas orixes d'*Á lus do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955), dúas das obras máis representativas do autor lucense Ánxel Fole. Ao longo do texto, analízase a presenza do mito, o uso do tempo ou o significado que Fole lle asigna á montaña nos seus relatos. Temas todos que lle serven ao autor para trazar algúns paralelismos entre Fole e autores máis novos, coma Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Casares ou mesmo Eduardo Blanco Amor.

Maure, Xulián, "Homenaxe a Valentín Arias", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 179, Tomo XLVI, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2008, pp. 12-15.

O repaso pola traxectoria profesional de Valentín Arias López, ao que se define como "auténtico patriarca das traducións en lingua galega", dende que iniciara o seu labor coa tradución en 1980 da obra de Hartmut Heine *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Dende entón, Xerais, Ir Indo, SM, Galaxia, Edicións do Cumio, Almadraba Editorial, Alfaguara, Anaya ou Círculo de Lectores son algunhas das empresas que lle encargaron a tradución de obras. Saliéntase que, a Biblioteca Virtual bivir.com ten máis da metade dos seus títulos traducidos por este autor. Mediante o seu traballo, Arias demostrou que a lingua galega era válida para abordar textos folclóricos, xornalísticos ou científicos doutras culturas. Prestou especial atención aos libros escolares e á literatura universal consagrada á xuventude. Explícase que é autor de varios libros da colección "Andel" da Consellería de Cultura sobre o seu propio oficio, pero dirixidos tamén a lectores en xeral, nos que se abordan cuestións como o xeito de escribir sen erros en galego ou os libros de estilo. Dos atrancos que atopou, a falta dunha normativa para o galego escrito. De feito, antes da aprobación da Lei de Normalización Lingüística, tanto Arias como os membros do Instituto da Lingua Galega eran unha referencia segura para poñer un pouco de orde entre as numerosas propostas gráficas que por entón existían. Díse que se converteu no máis solicitado corrector de estilo de textos orixinais e traducións feitas por outros. Ademais, para suscitar a demanda de libros de literatura universal que espontaneamente non existía, participa en 1984 no grupo fundador da Asociación de Tradutores Galegos (ATG). Xulián Maure tamén reflexiona sobre a situación actual e os retos do tradutor en Galicia. Considera que o futuro da lingua galega non pode quedar en mans da iniciativa privada ou do mercado e apunta que escribir e traducir en Galicia é unha actividade política, de construción dunha "polis" aínda sen organizar. Non obstante, sinala que a realidade da tradución en galego é "desacougante", aínda cando se trata dunha actividade que define como "instrumento de universalidade e alimento da nosa identidade colectiva".

Mayoral, Marina, "Manuela Cambronero/Manuela Cambronero", *Galegos*, n.º 2, "Artigos", II trimestre 2008, pp. 169-172.

Fálase sobre unha escritora galega do século XIX case descoñecida, pero da que se achega a súa produción e datos biográficos. Dise que viviu na Coruña sen que se saiba certo o lugar e data de nacemento e morte, pero que xa aparece un texto seu recollido na

antoloxía *El Álbum de la Caridad*, no que se reúnen os textos premiados os primeiros Xogos Florais da Coruña. Infórmase de que publicou poemas soltos en distintos xornais, unha obra de teatro, *Safira*, en Valladolid, unha colección de noveliñas en Cádiz e na Coruña un libro publicado en 1852, que leva por título *Días de convalecencia*, que comprende unha colección de poesías, unha novela curta, *El caballero negro,* e outra moi curta intitulada *Inés.* Coméntase que representa un tipo de poesía de amizade entre mulleres, moi común no século XIX, e que recorda a súa poesía á doutros románticos como Rosalía ou Zorrilla. Intercálanse tamén algúns dos seus poemas.

McKevitt, Kerry Ann, "Translating the Galicians into Celtic History: The Presence of 'Leabhar Gabhála' in 'Nós", *Galician Review. Volumes 5-6. 2006-2007*, 2008, pp. [66]-81.

Versión da conferencia presentada no simposio internacional "Galicia: a Language, a People", organizado polo Seminario de Estudios Galegos na Universidade de Birmingham en setembro de 2001. Como obxectivo principal, a autora analiza unha das creacións épicas irlandesas traducida ao galego polos membros da Xeración Nós, *Leabhar Gabhála*, e o porqué da devandita tradución. O texto dá conta da suposta xenealoxía dos devanceiros celtas de Irlanda, xunto á historia da colonización dese país. Tras comentar sucintamente o seu fío argumental, trata a data da súa redacción e a súa estrutura, tomando como punto de referencia as traducións de Eoin MacNeill e R.A.S. Macalister. Salienta asemade a intención dos integrantes do xornal *Nós* de estabelecer unha diferenciación entre a identidade galega e a castelá como o xermolo das inclusións de artigos de temática irlandesa nese xornal. Doutra banda, a través deste tipo de traducións víase reflectida a súa tentativa de converter a lingua galega en lingua do pobo e de lexitimar unha relación filial coa nación celta. A seguir, comenta en máis detalle estas traducións publicadas en *Nós*, xunto ao rol do tradutor, para despois tratar a cuestión da identidade do tradutor do texto irlandés. Como posíbeis tradutores cita a Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Otero Pedrayo e mesmo Florentino López Cuevillas baseándose na análise estilística do texto. Conclúe o estudo afirmando a axuda de Vicente Risco e *Nós* á hora de traducir textos irlandeses pertencentes ao eido da mitoloxía e historia celtas, posibilitando así o reforzo da identidade galega como nación.

Mejía Ruíz, Carmen, "Zubillaga, Carlos, *Castelao y Uruguai. Etapas de una Relación Entrañable*, Centro de Estudios Gallegos. Universidad de la República: Montevideo, 165pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, p. 223.

Comeza destacando a importancia que a obra *Castelao y Uruguai. Etapas de una Relación Entrañable* ten para a autora polas lembranzas que lle trae da súa estadía en América e con figuras da cultura galega. Explica que a obra xira arredor da figura de Castelao e a súa loita polas liberdades. Lembra outras publicacións que tratan sobre a temática do exilio. Da obra de Zubillaga destaca o distanciamento e a obxectividade coa que se aborda o tema. Explícase que na obra se recollen as conferencias de Castelao, a crítica dos seus libros e mesmo a existencia dunha tradución pirata d'*Os dous de sempre*, todo acompañado de abondosas fotografías.

Méndez, Oriana, "[Cero]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [8]-15.

Tras uns pequenos apuntamentos sobre a escrita de Oriana Méndez, acóllese un conxunto de oito textos poéticos inéditos intitulados *Cero*.

Méndez Ferrín, X.L., "O celtismo galego explicado aos bretóns", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 73, tomo I, ano XIX, "Acoutacións", xaneiro-febreiro-marzo 2008, pp.87-96.

Pártese da chegada dos romanos a Galicia e como xorde o nome de Gallaecia para centrarse logo na identificación de Galicia como nación, que se dá xa no Rexurdimento, e a aparición do celtismo como xénese do pobo galego, que nesta época xa estabelecen autores como Manuel Murguía ou Eduardo Pondal e a súa posterior presenza na literatura galega do século XX. Céntrase primeiramente na poesía pondaliana e a súa interpretación do celtismo a través de personaxes como o bardo, inspirado pola obra de Macpherson, e o *Lebar Gabala*, así como a figura de Breogán, do cal se fai unha pormenorizada descrición. Pásase deseguido ao estudo do celtismo na literatura galega do século XX, baseado sobre todo na materia de Bretaña a través de autores como Ramón Cabanillas (1876-1959) e a súa obra *Na noite estrelecida*. Dise que esta materia é a predilecta na literatura galega do século XX, como se reflicte en obras de diversos autores: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *As cruces de pedra na Bretaña*; Álvaro Cunqueiro, *As crónicas do Sochantre*, ou Manuel María con *Laio e clamor pola Bretaña*.

Méndez Ferrín, X.L., "Discurso na ofrenda floral da Academia galega ao monumento a Curros en Celanova", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Crónica", abril-maio-xuño 2008, pp. 151-153.

Reprodúcese o discurso de Xosé Luís Méndez Ferrín durante a ofrenda floral ao monumento de Manuel Curros Enríquez en Celanova, no que comeza rememorando a súa estadía o día da inauguración deste monumento en 1951. Contextualiza a timidez do emprego do galego nese acto, na onda de represión que pouco antes tivera lugar da Unión de Intelectuais Libres, o que provocara o medo entre a xente da zona. Evoca outros momentos, como o do enterro de Celso Emilio Ferreiro ou o feito de que moitos anos despois se colocara tamén unha escultura de Ferreiro a poucos metros da de Curros. Por iso considera que "ningunha forza maligna prevalecerá contra a poesía nacional-popular" de ambos os autores, nin tampouco contra a lingua galega. Conclúe que Curros, como fillo de Celanova, "representa os valores democráticos e nacionalistas da nova sociedade e da nova Galicia".

Méndez García, Rosa Mª, "Unha carta de Castelao", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 3, 2008, pp.109-116.

Faise eco da presentación dunha carta de Alfonso Rodríguez Castelao pertencente ao arquivo particular de Antonio Fraguas Fraguas. Explícase que o arquivo chegou ao Museo do Pobo Galego no ano 1999, momento da morte de Antón Fraguas, e que se comezou a súa organización e clasificación no 2000. Faise referencia a que esa carta lla entregara a irmá de Castelao, Teresa Rodríguez Castelao a Fraguas. Ponse en evidencia

que os destinatarios da carta eran os pais do escritor e político galego, datada no ano 1905. Posteriormente faise un breve repaso sobre a biografía de Castelao, dende que embarcou cara a Bos Aires até os seus anos como estudante, nos que xa destacaba como caricaturista. Tamén se fai referencia á súa participación en actividades políticas e sociais motivadas por protestas estudantís e explícase que Castelao emprega unha linguaxe clara á hora de contar todos estes acontecementos. Dáselle importancia ao tema de que nalgunhas sociedades había xogo ilegal de estudantes, actividade moi mal vista por parte dos pais e tamén dos veciños de Santiago, aínda que as autoridades gobernamentais non facían nada por evitalo. Vese como o autor galego explica uns incidentes que remataron coa morte dun estudante e ponse de manifesto cómo Castelao se mostra moi comprometido e solidario cos seus compañeiros. Finalmente, inclúese a transcrición da carta de Castelao e tamén unha copia do orixinal.

Miranda, David, "Álvarez, Francisco (2007): *Ratas en Manhattan*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 116 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 208-209.

Comézase cun breve repaso daquelas obras que nos últimos anos presentaron a Nova York como escenario, entre elas *O home inédito* (2005), de Carlos G. Meixide; *Xelamonite* (2006), de Luís Paradelo; e *New York, New York* (2007), de Inma López Silva, ademais de *Ratas en Manhattan* (2007), de Francisco Álvarez, sobre a que se centra o comentario. Considera que esta cidade se converteu en referente cultural, social, económico e político, mesmo nun mito moderno, especialmente despois dos atentados do 11 de setembro. Da obra de Francisco Álvarez sinala que ten dous eixes básicos, que xiran arredor da visión dicotómica da cidade e a crise persoal e identitaria do individuo fronte á realidade circundante. Saliéntase que os protagonistas son as ratas, tanto animais como seres desprezábeis que percorren os diferentes relatos que compoñen a obra. Seres todos eles que como emigrantes representan a imaxe máis deplorable da emigración. Tamén sinala que a emigración na que se centra é a galega, a través da que ofrece unha imaxe neoiorquina galeguizada. Conclúe que as obras de autores galegos que nos últimos anos se ocuparon desta cidade é tanto pola súa relevancia como mito urbano moderno, coma pola existencia dunha comunidade galega moi importante, da que era preciso facer a crónica.

Miranda, Xosé, "Para unha definición da literatura fantástica", *Casahamlet. Revista de Teatro*, n.º 10, "Teoría", maio 2008, pp. 8-9.

Pretende dar unha definición da literatura fantástica e diferenciala doutras como a literatura do marabilloso, a do estraño ou a realista, entendida esta no senso daquela que pretende reflectir o mundo real. Despois de achegar definicións dadas por diversos autores, conclúe que a literatura fantástica é unha narración realista na que se inclúe algo que non encaixa, algo sobrenatural que racha bruscamente coa placidez, ao xeito da literatura de Ánxel Fole ou dos *Contos Nocturnos* (1985), de Xesús Valcárcel. Sinala que a literatura do estraño produce unha sensación de estrañeza e ambigüidade e tende ao tétrico e misterioso, ao igual que pode facer a fantástica, pero non é precisa ningunha explicación sobrenatural ou irracional para que a historia funcione. Afirma que a literatura do estraño é a que cultiva Rafael Dieste en *Dos arquivos do trasno* (1926). Explica que o marabilloso é o que se sitúa nun mundo alternativo, paralelo, pero que

non interfire no mundo real, aínda que pode darse a literatura do marabilloso cotián, como a de Álvaro Cunqueiro, que parte da fantasía e se vai aproximando ao real sen romper co marabilloso, xusto o contrario do que fai a literatura fantástica. Conclúe que o realismo reflicte o mundo real, sen ambigüidades nin irrupción do sobrenatural, tal e como fan Eduardo Blanco Amor ou Bieito Iglesias.

Mirón Domínguez, Natalia, "Antón Xosé Meilán García. *O "mito" do mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura*", *Boletín Galego de Literatura*, n°s 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 276-282.

Comentario centrado no volume *O "mito" do mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura* (2004), de Antón Xosé Meilán García, que Natalia Mirón sitúa como produto das investigacións realizadas polo autor para participar en abril de 2003 na presentación do relato "A última viaxe de Pero Pardo de Cela 'O mariscal", editado para conmemorar o corenta aniversario dunha libraría focense. Percorre os contidos dos sete capítulos do volume, acompañados dun "Apéndice documental", no que se recollen dezaoito documentos relacionados coa traxectoria vital do mariscal e tirados dos diferentes libros, artigos e documentos históricos que o autor consultou para a redacción do volume. Explica que a eles se engade texto aclaratorio, no que o autor fai referencia á mestura de realidade e lenda arredor de Pardo de Cela, e cita tamén as sete ilustracións de Juan Puchades, que evocan momentos ou lugares destacábeis na traxectoria vital do mariscal. Dedica especial atención aos capítulos "Mito e lendas do Mariscal" e "Pardo de Cela na literatura", por faceren referencia a cuestións relacionadas coa literatura. Saliéntanse aspectos como a mitificación da figura de Pardo de Cela, odiado e temido polos seus coetáneos, a novelización e a conversión en lenda de moitos aspectos da súa vida por parte da imaxinación popular, a irrupción do mariscal no sistema literario galego ao longo dos séculos XV, XVI e XVII, e mesmo en épocas posteriores, citando mostras como a peza *O mariscal. Lenda tráxica en verso* (1926), de Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte; *El mariscal Pardo de Cela, leyenda trágica* (1925), de Trapero Pardo; *Apocalipse dos condes galegos* (1997), de Xoán I. Sánchez-Andrade; *Confesión do mariscal Pardo de Cela* (2001), de Luís Enrique Cabanela; ou os contos da tradición oral recollidos en *Contos do Valadouro* (2000), de Manuel Lourenzo, Xesús Pisón e Isaac Ferreira, entre outros exemplos.

M. O., "As cruces de pedra na Galiza. Florentino Cuevillas", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Textos", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 107-111.

Reprodúcese o texto escrito por Florentino Cuevillas para a presentación no programa radiofónico *Galician Programme* da BBC, emitido en 1950, da obra *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao. Despois de que o Consello de Redacción da revista agradece a cesión deste documento a Elvira Cuevillas, reprodúcese o texto no que Cuevillas comeza referíndose con nostalxia á figura do rianxeiro, xa morto no momento da recepción da obra e lembra que esta entrega era coa que Castelao quería facer entrada no Seminario de Estudos Galegos. A seguir, salienta o enorme labor de documentación que durante anos levou a cabo o autor e percorre a súa concepción do significado destes símbolos en Galicia, moi ligados co prehistórico e que el cualifica como "emblemas labrados en ósos do pasado", que liga ás sucesivas tradicións, entre elas a de forte

pegada xacobea. Sinala que o autor se fixou especialmente nos cruceiros, elementos dos que buscou a súa esencia, a intención artística, os modelos, etc., que poñen de manifesto que "somos dun xeito especial e caraiterístico que berra dende calquera lugar en que, aínda sen querelo, falemos coas nosas propias verbas". Destaca tamén os deseños e láminas reproducidos na obra, nos que observa a pegada do artista, a súa forza de evocación, a reprodución de ambientes, en definitiva, plásmase como en toda a súa obra o amor inmenso que sentiu por Galicia, e que n'*As cruces de pedra na Galiza* considera que queda "unha parte do esprito dun pobo e a ialma enteira dun home xenial que soubo amar e padecer".

Monteagudo, Henrique, "Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 177, Tomo XLVI, "Documentos", xaneiro, febreiro, marzo 2008, pp. 65-67.

Repaso pola traxectoria de Ramón Piñeiro durante os anos 1950-1962, centrándose na defensa do idioma que levou a cabo durante estes difíciles tempos da ditadura franquista. Piñeiro formou parte durante a década dos cincuenta das iniciativas galeguistas orientadas cara ao activismo cultural, entre as que destaca a fundación da Editorial Galaxia en 1950, a creación da revista *Grial*. Axiña Piñeiro se incorporou ao proxecto de Galaxia, para logo converterse en director literario. Saliéntase que na "Colección Grial" Piñeiro vai publicar a súa primeira incursión no ensaio filosófico, "O significado metafísico da saudade. Notas para unha filosofía galaico-portuguesa", unha das primeiras tentativas de abordar o ensaio en lingua galega. Outra das empresas do protagonista foi a tradución ao galego da conferencia *Da esencia da verdade* do filósofo alemán Martin Heidegger que espertou as reticencias das autoridades franquistas cara a edición de textos cultos en galego. Tamén se dá conta da súa participación na VIII Asemblea Xeral da UNESCOna que presentou un manifesto degran repercusión. Tamén se refire á participación de Piñeiro no Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires co relatorio "A defensa do idioma, vencello espiritual de todos os galegos", que apareceu suscrito por persoeiros da talla de Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo, Juan Rof, Domingo García Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto. Neste escrito proponse un plan para elaborar un gran dicionario galego e para a creación dun Patronato da Lingua Galega que fixese viábel dito proxecto. Tamén se alude á súa colaboración no proceso de fixación dunha normativa idiomática.

Monteagudo, Henrique, "O Consello da Cultura Galega: 25 anos de singradura/El Consello da Cultura Galega: 25 años de singladura", *Galegos*, n.º 1, "Artigos/Artículos", I trimestre 2008, pp. 201-203.

Con motivo do aniversario da Lei do Consello da Cultura Galega, que fai un cuarto de século, explica nun punto intitulado "Unha institución asesora e representativa" en qué consiste, os seus principios e como xurdiu a necesidade de creala. A seguir, dedica outro punto a "Unha acción ao servizo da cultura galega", onde salienta os movementos de acción, os membros e as súas funcións, así como os diferentes ámbitos e iniciativas que desenvolve. Ten en conta o contexto político ao que se adscribiu e, finalmente, formula uns interrogantes sobre posíbeis actuacións futuras da lei que están por determinar.

Monteagudo, Henrique, "Medio século de desterro americano", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "Conversa con Víctor Fuentes", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 52-63.

Recóllese nestas páxinas a extensa entrevista feita por Henrique Monteagudo ao catedrático emérito de Literatura Española na Universidade de California-Santa Bárbara onde exerce como profesor dende 1965. Nela faise un percorrido por moitas vivencias do exilio francés e o posterior nos Estados Unidos por causa da Guerra Civil e lémbranse importantes figuras españolas e europeas do panorama cultural e literario da época. Anúnciase que está a preparar a terceira entrega das súas memorias noveladas e que nos estudos que el ten sobre a obra literaria do exilio español nos Estados Unidos presta atención á contribución galega con artigos como "Arredor da narrativa galega no exilio" e "Constantes galegas no desterro intelectual en Norteamérica", publicados nesta revista nos números 145 e 163.

Monteagudo, Enrique, "Homenaxe a Antón Santamarina", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2008, p. 8.

Aproveitando a homenaxe que se lle fixo ao profesor Antón Santamarina na Facultade de Filoloxía de Santiago o 13 de novembro, Monteagudo fai unha semblanza bio-bibliográfica na que salienta os seus esforzos na fundación do Instituto da Lingua Galega, as súas achegas á codificadión da lingua galega, a súa pegada na Comisión de Toponimia, a compilación e edición do *Cancioneiro Popular Galego* en seis volumes (1984-1995) ou o seu labor na Real Academia Galega e no Consello da Cultura.

Montero Santalha, José-Martinho, "Poemas de Joaquim Árias Miranda (Ferrol 1911)", *Agália*, n.º 93-94, 1º semestre 2008, pp. 235-242.

Artigo centrado na figura do poeta galego Joaquim Árias Miranda e no que se comeza repasando o que dixeron del Eugenio Carré Aldao na súa *Literatura Gallega*, Antonio Couceiro Freijomil no seu *Diccionario biobibliográfico de escritores*, Ricardo Carvalho Calero na súa *Historia da literatura*, Francisco Fernández del Riego no seu *Diccionario de escritores en lingua galega* e mais no primeiro volume do *Diccionario da literatura galega*, coordinado por Dolores Vilavedra. Tamén se transcribe un caderno autógrafo de poemas de Joaquim Árias Miranda que contén os poemas: "Miña musa", "O bardo Eduardo Pondal. Loubanza", "O poeta das rebeldías. Curros Enríquez", "Diante dun carabel", "Fuches ti...", "Vén...", "Nena", "¡Deixa que!...", "Sua y-alma", "Perfume de outono", "Cantiga do paria", "¡Probe!...", "¿Por que choras?", "¿Onde está?...", "Confesión", "¡Cousas do mundo!", "Sola..." e mais "Dende a aldea".

Neira Rodríguez, Marta, "*Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 179-182.

Sitúa o volume *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* (2006), editado por Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González, na colección "Narrativa Recuperada", froito do proxecto homónimo dirixido por Modesto Hermida no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Salienta os datos que se ofrecen no estudo preliminar sobre a figura de Amador Montenegro Saavedra, sobre todo os referidos ao seu labor na publicación periódica luguesa *A Monteira* (1889-1890). A seguir sinala que na primeira parte do libro se analiza polo miúdo a obra narrativa en galego do escritor en diferentes apartados. Recolle a clasificación que achegan as editoras dos seus relatos, na que se ten en conta como criterio fundamental a procedencia popular dos textos, e menciona outros aspectos destacados como a análise dos personaxes e doutros elementos narrativos. No que atinxe á segunda parte, indica que nela se reproducen cronoloxicamente os textos narrativos en galego de Montenegro Saavedra, que ficaban espallados por diferentes publicacións periódicas da época. Marta Neira sinala que o criterio cronolóxico é acertado, pois axuda ao lectorado a estabelecer unha posíbel evolución temática e mesmo formal da obra do autor.

Neira Vilas, Xosé, "No centenario do pasamento de Curros", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros" maio 2008, pp. 6-9.

Evocación da vida de Manuel Curros Enríquez en Cuba, con motivo da celebración do seu nacemento, na que se lembra a súa morte na clínica La Covadonga, na cidade da Habana, as súas desavinzas cos directivos do Centro Galego e os pormenores dos últimos días de vida do autor, así como as súas relacións de amizade entre a intelectualidade galega asentada na illa caribeña. Remátase cos pormenores do seu funeral até o seu traslado á Coruña en 1908.

Nicolás, Ramón, "Alfredo Conde, *María das Batallas*, Vigo, Galaxia, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, p. 136.

Considérase *María das Batallas*, de Alfredo Conde unha novela histórica pero tamén de aventuras, xa que hai reconstrución do pasado pero tamén intriga e que o título debe estar inspirado nuns versos de Lorenzo Varela que comezan así: "María das batallas / levareiche unha frol por cada bala...". Coméntase que a figura de María Pita está descrita dende tres puntos de vista: a dun familiar do pirata inglés Drake, a dun narrador omnisciente, que relata o cerco e defensa da cidade da Coruña asediada por vinte mil ingleses, e a dunha filla de María Pita, que fala do ámbito máis íntimo e familiar da súa nai. Crese que este recurso lle permite ao lector ter unha visión máis equilibrada do acontecido e coñecer a faceta máis humana desta heroína, da que tamén se dan a coñecer os múltiples preitos que tivo durante a súa vida, os seus compañeiros de viaxe e o seu desexo de sobrevivir na Coruña. Por último faise referencia ao ritmo áxil da novela, cunha prosa madura e arcaizante, o que fai que teña certo corte cinematográfico.

Nicolás Rodríguez, Ramón, "Álvaro Cunqueiro: poemas e confesións do ano 1933", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 11, 2008, pp. 57-62.

Danse a coñecer unha serie de textos de Álvaro Cunqueiro que viron a luz no suplemento literario "Los viernes literarios de *La Región*", do xornal ourensán do mesmo nome. Explica que este material nunca foi editado e que chegou a el grazas ao fillo do poeta Manuel Luís Acuña, que o herdara de seu pai, gran amigo do notario Xohán Luís Ramos Cóleman, membro das Mocedades Galeguistas e quen o gardara no seu momento. Explica que este suplemento literario estivo dirixido por Acuña e Ramos Cóleman e que con el querían ofrecer unha plataforma literaria renovadora e comprometida coa cultura galega. Repasa a nómina de colaboradores e céntrase no papel de Álvaro Cunqueiro, quen está presente nunha boa parte dos números deste suplemento, o que demostra o interese do autor por dar a coñecer os seus traballos e o interese que para os responsábeis do suplemento tiñan os textos de Cunqueiro. Repasa cada un dos textos, dende a peza de teatro "Xan, o bon conspirador", pasando polas prosas poéticas "11. ela bailaba" e "12. conversa septima despois de morta", que encadra na produción de marcada influencia surrealista, textos que o autor non chegou a incluír en ningunha obra posterior. Sobre a temática sinala que no primeiro se ofrece unha historia de amor, mentres que no segundo se afonda na pegada surrealista nunha elexía moi particular, procedendo á reprodución de ambos os dous despois de cada comentario. Detense tamén nunha autoentrevista, na que o Cunqueiro fala da súa actividade literaria nos anos 1932-1933, e, por último, detense na composición que aparece no epígrafe "Poema con sono", que leva por título "10", na que observa a pegada surrealista harmonizada con elementos parateatrais, texto que pecha este traballo e a colaboración cunqueiriana no suplemento ourensán.

Nogueira, María Xesús, "Silverio Cerradelo, *Os paxaros sempre migran ao sur*, Vigo, Xerais, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, p. 135.

Coméntase que esta novela, gañadora do Premio Terra de Melide 2006, se abre cun limiar onde se dá conta de que é unha historia de amor, escrita en primeira persoa a modo de diario e que existen tres versións: en catalán, galego e castelán; e que se pecha cunha nota final onde se di que está "inspirado nunha historia real". Sinálase que a novela achega a historia de amor entre Jordi, un mozo biólogo que está preparando a súa tese de doutoramento, e Eva, unha rapaza alemá heroinómana; e que esta relación transforma os hábitos, os valores e a visión de Barcelona, a cidade do protagonista. Afírmase que se utiliza unha linguaxe directa, na que hai un orixinal tratamento do erotismo e, aínda que se agardaría certo dramatismo ante o modo de vida de Eva no que destacan as drogas e a prostitución, ocorre todo o contrario e percíbese resignación por parte de Jordi. Finalmente, dise que a novela deixa nas mans do lector a tarefa de valorar unha historia de amor chea de humanidade e libre de prexuízos.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Contra a traxedia da esencia humana. A lectura de Cunqueiro por Carlos Casares", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Simposio Carlos Casares", 2008, pp. 62-67.

Estudio ao redor da interpretación da literatura de Álvaro Cunqueiro levada a cabo por Carlos Casares nos seus escritos. Entre os recursos de Casares, fálase do proxecto de entrevistar a Cunqueiro, interrompido pola súa morte, así como dos aspectos literarios que constituíron o obxecto de interese de Carlos Casares. Conclúese falando da

incidencia que a lectura de Casares tivo na recepción do escritor e na inclusión do canon da literatura galega.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Novos soportes con xente detrás. A produción poética en 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 139-147.

Comenta a incorporación das novas propostas poéticas por parte de voces inéditas, onde destaca o autor polifacético chamado O Leo con *Hai cu. Pintadas no báter*, cualificado como o volume máis provocador de 2007, xunto con outras achegas como Xiana Arias con *Ortigas*; Oriana Méndez con *Derradeiras conversas co capitán Kraft*; Pura Salceda con *A ollada de Astraté*; Berta Dávila con *Corpo baleiro*; Moncho Iglesias con *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos*; ou Xosé A. Cascudo con *Manual do misántropo*; xunto coa reaparición dalgúns nomes despois dun tempo de silencio como Rafa Villar quen, despois dun lustro sen publicar en 2007 presentou *Escoración dos días* e mais *Memoria de Ahab,* ou Francisco Souto con *As horas de María*, aspectos que marcaron as tendencias da produción da poética galega publicada en 2007. Tamén subliña neste ano a importancia de Internet, nomeadamente dos blogs, na difusión gratuíta da poesía galega e mais que a editorial Sotelo Blanco recuperara a súa colección de poesía intitulada agora "Edoy Leliadoura", con seis volumes, ou a recuperación da revista *Dorna*. En conxunto salienta que outra das características da poética galega en 2007 foi a diversidade e o empeño dalgúns poetas por se ceibaren do horizonte de expectativas creado por cuestións de xénero ou xeración.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 182-185.

Comeza comentando o feito de que no volume *Cunqueiro e* Don Hamlet *en Lugo (San Froilán, 1959)* (2007), de Darío Xohán Cabana, se aborda a inclusión da representación da peza de teatro de Cunqueiro no programa de festas do San Froilán no ano 1959, acontecemento que traspasou o ámbito local e tivo unha extraordinaria transcendencia no seu momento. Salienta o amplo material hemerográfico manexado por Darío Xohán Cabana, a través do cal reconstrúe os feitos que rodearon a representación da peza *O incerto Señor Don Hamlet*, *Príncipe de Dinamarca*. Ademais detense noutros aspectos estudados por Cabana, coma tal, a xénese da obra e a recepción entusiasta do texto tras a súa publicación en 1958. Así mesmo, María Xesús Nogueira apunta que a crónica de Darío Xohán Cabana, apoiada en textos de prensa e no epistolario do propio Cunqueiro, deixa constancia da decepción do escritor ante o primeiro atranco da censura, contraria a autorizar a representación; da resolución do problema, logo da intervención de Manuel Fraga Iribarne, a quen o propio Cunqueiro recorrera; e da campaña iniciada por un grupo de intelectuais lugueses vinculados á Asociación de Prensa Local, para conseguir que a peza do mindoniense fose incluída no programa do San Froilán. Finalmente, sinala que o volume recolle moito máis que a crónica dunha representación teatral, pois proporciona abundantes datos sobre a vida cultural luguesa do momento e sobre o interese que suscitaba a peza de Cunqueiro, concibida como unha porta aberta á esperanza de poder inserir o teatro en galego nas escasas programacións existentes.

Nogueira Pereira, María Xesús, "Dos índices onomásticos cunqueirianos: *Merlín e familia vs Merlín y familia*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 53-75.

María Xesús Nogueira leva a cabo un estudo contrastivo dos índices onomásticos de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, e da versión castelá, *Merlín y familia*, elaborada polo propio escritor. A comparación de ambos os paratextos mostra diferenzas que son analizadas no traballo cunha gran profusión de exemplos co obxectivo de poñer de manifesto as estratexias narrativas adoptadas polo autor, tanto nos singulares índices onomásticos, cos que concluíu a maior parte das súas novelas, coma no conxunto da súa narrativa.

Noia, Camiño, "A pedrada de Steiner", *Tempos Novos*, n.º 137, "Obertura", outubro 2008, p. 3.

Faise unha reflexión sobre a situación da lingua e da literatura galegas na actualidade. Primeiro presenta a dúbida de que as cousas serían moi distintas para a lingua galega se a crítica de Steiner ao uso do galego nas universidades tivese sido positiva. A súa conclusión é dicindo que non o cre, pois o recoñecemento do uso do galego depende dos propios galegos, que non deben conformarse con simples subvencións e premios a obra literarias polo simple feito de estar en galego, senón que hai que ser críticos e crear entre todos un auténtico hábito de boa literatura en lingua galega.

Núñez Sobrino, Ángel, "No tocante ao humorismo", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 105-106.

Breve reflexión sobre a creatividade implícita no humor, para o que toma como exemplo de correlato gráfico do humor galego a colección completa de *Cousas da vida*, de Castelao, que viron a luz no *Faro de Vigo*. Considera que o artista rianxeiro "levanta cos seus debuxos un estado de cousas", nos que a maioría se refiren a cuestións políticas que denuncia e nos que só aparecen figuras, polo que a súa dimensión acada a indignación, o ataque, o compromiso, etc.., que co paso do tempo o percibimos dentro dun "estado de cordialidade, fraxilidade, iluminación e menesterosidade". Non obstante, considera que detrás desta produción de Castelao había unha grande autoestima e fundamento, procedentes das empresas culturais e artísticas nas que estaba involucrado, que lle daban unha dimensión ética e política a esta obra. Tamén apunta que esta obra "constitúe a maior publicidade da Galicia da época no que á prensa española e galega se refire", na que o humor diminúe a agresividade e se converte nun elemento apto para a convivencia, o coñecemento, a relaxación e o relativismo, pois "o humor sempre vai deixando tras de si un ronsel dialéctico".

Orzán, Moncho do, "Pontevedra, 31 de agosto de 1919", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Folclore", primavera 2008, pp. 29-30.

Fálase das diferentes etapas dos músicos, coincidentes coas épocas da literatura galega, denominadas: os precursores, o Rexurdimento e as Irmandades. Saliéntase a figura de Perfecto Feijóo e o grupo Aires d'A Terra, a quen se lle rendeu homenaxe no chamado "día galego", no que se entoou o himno de Eduardo Pondal, se fixeron regueifas ao laureado e no que Uxío Labarta leu un poema. Finalmente transcríbese un poema de Ramón Cabanillas dedicado ao gaiteiro, intitulado "¡Nobre gaiteiro-poeta…".

Outeiriño, Manuel, "*Descrición sen lugar* e *Unha tarde calquera en New Haven*", *A Trabe de Ouro Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 73, tomo I, ano XIX, "Textos", xaneiro-febreiro-marzo 2008, pp. 103-121.

Ofrécese unha tradución ao galego feita por Manuel Outeiriño dos poemas *Descrición sen lugar* e *Unha tarde calquera en New Haven* escritos por Wallace Stevens (Pennsylvania 1879-Hartfod ,Connecticut, 1955), autor contemporáneo da Xeración Nós. Primeiramente o propio tradutor fala sobre eses textos e o seu autor, nunha introdución na que aclara que *Unha tarde calquera en New Haven* foi publicado por primeira vez nunha escolma británica da súa obra. Explícase que esta primeira versión tiña once cantos, mentres que a presentada neste caso ten trinta e un para, a continuación, comentar os trazos xerais do poema. De seguido, ofrécense os trinta e un textos que conforman o poema e seguidos dos do poema *Descrición sen lugar.*

Outeiriño, Manuel, "[Boas lenturas]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [83]-90.

Tras unha pequena achega ao escritor Manuel Outeiriño, reprodúcense dezaoito poemas de *Boas lenturas*.

Palau i Fadre, Josep, "Rosalía: el drama de l'emigració", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Premios Rosalía 2006", 2008, pp. 137-138.

O escritor catalán escribe un discurso breve no seu idioma con motivo do premio que lle otorgou o PEN Clube de Galicia polo conxunto da súa obra literaria en lingua catalá. Manifestase que este texto xa foi publicado polo PEN Clube no seu día. Sobre o contido, o autor destaca un poema de Rosalía de Castro "Este váise" sobre a emigración galega e o poema de Federico García Lorca "Madrigal â cibdá de Santiago".

Paraíso, "Entre o teatro e a televixión", *Paraíso*, n.º 3, xaneiro 2008, pp.13-17.

Conxunto de tres entrevistas realizadas aos actores galegos Rocío González, María Bouzas, Xúlio Abonjo e Víctor Mosqueira. Cada unha delas componse das mesmas trece preguntas, nas que se tratan temas coma a situación do teatro e o audiovisual en Galicia, as súas experiencia persoais e as vivencias sobre as táboas. Todo acompañado dunha breve ficha informativa de cada un deles.

Paredes, Zé, "Preguntémonos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Temas", verán 2008, pp. 25-27.

Comeza reflexionando sobre as relacións existentes entre o teatro e a política, para despois facer un pregunta: "é importante o teatro?". Esta pregunta dá pé á análise da situación do teatro na actualidade, na que os profesionais seguen acumulando actividades, non contan cun convenio laboral e as compañías presentan serios problemas económicos que non posibilitan a investigación artística. Conclúe que o teatro non depende tanto da súa necesidade social como de gustarlles aos técnicos de cultura. Despois recorda o Festeixo, Festival de Teatro Do Eixo Atlántico, onde se realizou o congreso Teatragal, cuxas ponencias foron publicadas na revista ENSAIO. O autor destaca que se formou como actor no Teatro do Noroeste o que fixo posíbel que coñecese o teatro galego e o portugués. Para rematar fai mención á obra *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño, que segundo el recolle tres elementos fundamentais para estabelecer a relación entre teatro e política: a autocrítica da profesión, as relacións coas institucións e a relación coa comunidade. Remata afirmando que o teatro é unha alerta social e polo tanto hai que manter viva a súa enerxía.

Pascual Rodríguez, Roberto, "Daniel Cortezón. Lembranzas dunha vida autodidacta", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Entrevista", vol. 11, 2008, pp. 199-205.

Conversa con Daniel Cortezón, destacado literato e dramaturgo galego, na que comeza lembrando os anos da infancia durante a guerra civil, na que seu pai loitou no bando republicano, foi destinado a diferentes frontes, ás que o seguiron a muller e o fillo, até o seu encarceramento durante cinco anos en Gijón. Evoca as súas lecturas e a formación autodidacta, os seus primeiros escritos, as colaboracións xornalísticas e a publicación en 1956 d'*As covas do rei Cintolo*, que lle propiciou a amizade co grupo de Galaxia, e a peza de teatro *Nicolás Flamel* (1960). Evoca as súas relacións co movemento anarquista e recoñece a influencia de Maiakovski na súa peza *Intermezzo bufo* (1996). Rememora tamén os faladoiros do Café Gijón durante a súa estadía en Madrid, a súa toma de conciencia da necesidade dun teatro histórico galego, no que busca explicar porqué España é unha "nación de nacións". Sobre a actitude dos galegos e a falta de coñecemento do seu pasado, considera que é á causa dun "nihilismo histórico" e de que "o minifundio económico conduce ao minifundio mental", de aí a pouca memoria histórica. Explica que escribiu teatro por unha cuestión socio-política, pois a historia non se pode entender sen coñecer o pasado. Evoca as súas múltiples relacións epistolares con persoeiros como Ramón Piñeiro ou Valentín Fernández, director da *Revista do Centro Galego de Bos Aires*. Reitera o seu interese en crear teatro histórico pola conciencia de baleiro e repasa os títulos das súas obras, creadas dentro dun proxecto de "Teatro Histórico-Épico Galego", con títulos como *Prisciliano*, *Xelmírez ou a Gloria de Compostela*, *Os Irmandiños*, *Pedro Madruga*, etc... Remata referíndose ás súas inquedanzas pola situación da lingua, que aínda non está normalizada pola loita económica co castelán. Finalmente, evoca as figuras de Ramón Piñeiro, que cualifica de "grande e inesquecible amigo"; Roberto Vidal Bolaño, ao que considera un dos máis importantes dramaturgos do teatro galego; Gamallo Fierros, amigo e intelectual para o que pide un maior recoñecemento; e Luz Pozo Garza, á que cualifica como unha das máis firmes intelectuais galegas e excelente poeta.

Pazó, Cándido, "O baño, a auga suxa e o neno", *Escaramuza*, n.º 25, "En portada", "Os dereitos de autor", "Cara ou cruz", xaneiro 2008, pp. 3-4.

Coméntase a polémica dos dereitos de autor no caso dos autores dramáticos e non dramáticos, partindo dunha definición dos mesmos baseada na posibilitación dos autores á hora de recibir os honorarios correspondentes á repetición ou repeticións das súas obras e expoñendo, a continuación, o caso dunha compañía teatral que pon en escena o texto dun determinado autor italiano. Trátase decontino a cuestión da recadación deses dereitos por parte de sociedades como a SGAE., da que salienta de xeito positivo o feito de ter unha boa reputación en canto a termos infraestruturais, malia criticar o seu excesivo conservadorismo no funcionamento interno. Xa por último, subliña o propósito desta sociedade e da Fundación Autor de crear máis espazos ao servizo dos autores e da cidadanía e destaca o bo labor que a SGAE está a levar a cabo pese a todo.

Pazos García, Fernando, "Presenza de Rosalía na obra de Ramón Cabanillas", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Os poetas cantan a Rosalía", 2008, pp. 147-171.

Análise das relacións entre a poesía de Rosalía de Castro e a de Ramón Cabanillas. Comeza o traballo cunha breve descrición da vinculación especial que tivo Cabanillas coa poeta, e as composicións que o autor de *No desterro* (1913) lle dedicou. Aparecen reproducidos con diferentes explicacións os poemas "A Rosalía de Castro", incluído na segunda edición de *Vento Mareiro* (1915), un segundo poema que se trata dun himno feito por encargo do Orfeón de Santiago, un terceiro publicado en 1917 na primeira edición de *Da terra asoballada* e que leva de novo por título "A Rosalía de Castro", e, finalmente, un cuarto poema realizado no 1951 con motivo da ofrenda floral que se lle fai a autora nese ano en Santiago. Esta composición leva por título "Ofrenda floral a Rosalía de Castro diante do monumento de Santiago". Nunha segunda parte do estudo aparecen composicións do poeta con influencias claras de Rosalía; reprodúcense varios poemas como "Ofrenda", que aparece dentro da *Obra Completa*, editada por Xesús Alonso Montero (vol. I, 1979, e vol. II, 1981), dentro do epígrafe "Poemas soltos datados". Na terceira parte do estudo indícanse poemas con presenza tanxencial de Rosalía. Asemade, aparecen fragmentos de varias composicións do autor explicados en relación coa autora.

Permuy, Carlos, "Jean Philippe Toussaint", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 202, marzo 2008, pp.68-70.

Entrevista a Jean-Philippe Toussaint (Bruxelas, 1957), escritor e director de cine franco-belga cuxa novela *Fuxir* (2007) foi publicada en lingua galega por Galaxia, cunha tradución de Carmen e Dolores Torres París. Ademais desta última obra, que lle valeu ao autor o prestixioso Premio Médicis de novela francesa en 2005, sinálase que Jean-Philippe Toussaint é autor doutras tantas novelas, entre as que destacan *La Salle de Bain* (1985), *Monsieur* (1986), *L´appareil-photo* (1988) e *La Télévision* (1997) e *Faire l´amour* (2002). Engádese que todas elas están publicadas en Éditions de Minuit.

Pérez Durán, Gabriel, "*L'affiche rouge*. Mario Regueira", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 178-181.

Considera que en *L'affiche rouge* (2007), de Mario Regueira, se confecciona un tecido narrativo complexo no que pivota unha gran variedade temática, que vai dende o clásico conflito interxeracional até o nihilismo asociado a un futuro incerto. Comenta que se trata dunha caleidoscópica radiografía vivencial duns mozos que se enfrontan a un periplo vital afogado pola presión social e remata afirmando que é unha novela de ideas.

Pérez Prieto, Victorino, "Un símbolo necesario: Prisciliano na cultura galega/Un símbolo necesario: Prisciliano en la cultura gallega", *Galegos*, n.º 1, "Crónicas/Crónicas", I trimestre 2008, pp. 106-113.

Na primeira parte intitulada "Prisciliano nas orixes do pensamento galego" loa a figura de Prisciliano e introduce distintas opinións sobre el e, a seguir, enumera e describe diversos personaxes relixiosos influídos pola súa ideoloxía. No segundo punto "O eco de Priscilianismo na cultura galega ata a xeración Nós", introduce diferentes puntos de vista sobre a posibel orixe galega do relixioso e a súa repercusión. Finalmente, "Prisciliano e a xeración Nós" inclúe o achegamento e o significado que Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Castelao transmitiron nas súas obras de Prisciliano.

Pérez Prieto, Victorino, "Otero Pedrayo, Risco e Prisciliano", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "Temas do noso tempo", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 118-129.

Pormenorizado estudo da presenza e da fonda pegada da figura de Prisciliano e o priscilianismo na obra de Ramón Otero Pedrayo como un referente da identidade do pobo galego, feito común ao galeguismo da época, reflectido noutros membros da Xeración Nós como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Vicente Risco, se ben neste último hai unha visión moi diferente. Coméntase que para Otero Pedrayo é "un verdadeiro símbolo da identidade relixiosa e cultural dos galegos" e danse os nomes de obras deste autor nas que Prisciliano e o priscilianismo están presentes dun ou doutro xeito. Entre outras, coméntanse polo miúdo obras como *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, no que lle dedica un capítulo enteiro intitulado "Gnose e catolicismo", *Guía de Galicia* (1926) ou a novela breve *Vidas non paralelas* (1930). Conclúese coa idea de que Prisciliano é para Otero un "símbolo da perenne resistencia galega contra o centralismo" e faise por último unha aproximación á obra *Historia de Galicia* (1952), de Vicente Risco, onde a visión sobre Prisciliano é totalmente oposta á de Otero.

Pino Gutiérrez, Domingo del, "Os galegos en Cuba: exilios, patrias chicas e outros espazos de humanidade/Los gallegos en Cuba: exilios, patrias chicas y otros espacios de humanidad", *Galegos*, n.º 1, "Crónicas/Crónicas", I trimestre 2008, pp. 122-127.

Fala da súa impresión do Centro Galego de La Habana cando en 1963 chegou por primeira vez. Dá conta da historia do centro, fundado en 1879, das mudanzas que tivo e dos emigrantes que o frecuentaban. Así mesmo, recolle os feitos históricos de Cuba e a relación entre os emigrantes españois e galegos a comezos do século XX.

Piñeiro, Alberto, "Cuarto acto", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 4, 2008, 243-276 pp.

Despois de dar conta do seu interese por George Steiner e do que supuxeron as declaracións deste autor a respecto da lingua galega nunha recente entrevista, Alberto Piñeiro fai, en memoria a Anxo Rei Ballesteros, resumo das actividades levadas a cabo por *Barbantia*. Ao longo de diferentes "escenas" numeradas dá conta de tódalas presentacións de libros que se fixeron ao longo do ano; dos actos relacionados cos premios Barbantia da Cultura 2007; das visitas de escritores que promoveu a Asociación; da xornadas que organizou, etc.

Piñeiro, Antonio, "Na frente unha estrela", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 133, "Efemérides", maio 2008, pp. 24-27.

Faise un repaso polas características da exposición "Na frente unha estrela" coa que se saca por primeira vez á luz unha manchea de obxectos e documentos orixinais que nos axudarán a coñecer a vida e obra de Curros Enríquez. Indícase que conta con seis bloques que nos mostran seis episodios cruciais na biografía de Curros e asemande este artigo conta con abondoso apoio fotográfico da exposición.

Piñeiro, Antonio "Curros Enríquez. A verdadeira personalidade", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 29-31.

Despois de dar conta da homenaxe a Curros Enríquez celebrada no "Lar Gallego" de Caracas con motivo da celebración do centenario do seu nacemento, faise mención aos actos levados a cabo na súa conmemoración, tras o cal se achegan datos salientábeis sobre a súa vida e obra en honra da súa personalidade.

Piñeiro Domínguez, María Jesús, "Primeira década de *Madrygal*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 11, 2008, pp. 73-81.

Repaso descritivo aos dez anos que a revista *Madrygal* leva publicándose. Comézase facendo referencia á vontade da publicación de ser o voceiro da galeguidade en Madrid e a apertura que demostrou sempre a todo tipo de colaboradores. Lémbrase o apoio incondicional de persoeiros como Alonso Zamora Vicente, presidente honorario, e o traballo da súa directora, Carmen Mejía. Repásanse algúns dos colaboradores máis insignes e as colaboracións dalgúns deles, como o profesor Xesús Alonso Montero. A seguir enuméranse as colaboracións que viron a luz en cada un dos dez números da revista, organizadas tematicamente, segundo cada unha das seccións da publicación, todas elas descritas nas diferentes entregas e os apartados correspondentes do *Informe de literatura*.

Ponferrada, "Manuel Rivas recoge el miércoles el 'Xarmenta", *El Mundo. La crónica de León*, "El Bierzo", 14 xaneiro 2008, p. 28.

Anúnciase que o escritor Manuel Rivas recollerá o vindeiro mércores o premio Xarmenta 2007 no Teatro Bergidum de Ponferrada e indícase que o propio galardoado pediu que as nais e os pais bercianos matriculen aos seus fillos na materia de galego e asemade tamén se sinalan algunhas das obras máis representativas de Manuel Rivas.

Pozo Garza, Luz, "Rosalía para o Terceiro Milenio (Aurora López e Andrés Pociña)", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 200, "Opinión", xaneiro 2008, p. 81.

Breve artigo en homenaxe a Rosalía no que se loa á "meirande poeta española do século XIX" e se reflexiona acerca do xeito de aproximación á súa vida e obra. Saliéntanse catro aspectos das investigacións sobre a escritora: a nenez de Rosalía xunto á súa nai, novos datos sobre a actuación de Rosalía en representacións teatrais, a publicación do volume de *Cartas a Murguía* e novas publicacións que achegan datos sobre o Rexionalismo e o Nacionalismo.

Pozo Garza, Luz, "Aleph", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, nº 203, "Opinión", abril 2008, p. 73.

Reprodúcese o poema "Aleph", obra da propia Luz Garza.

Pozo Garza, Luz, "Poesía de Cunqueiro. (I) Aspectos pragmáticos", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, nº 204, "Opinión", maio 2008, p. 73.

Tras describir brevemente a poesía de Álvaro Cunqueiro, Pozo Garza mostra un fragmento da súa obra "Deloutro lado das montañas".

Pozo Garza, Luz, "Poesía de Cunqueiro. (II) Unha cara da condición humana", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 205, "Opinión", xuño 2008, p. 81.

A membro da Real Academia Galega salienta o interese polos mitos de Álvaro Cunqueiro, poñendo como exemplo a obra *Herba aquí ou acolá*.

Prieto, José, "Dramatrugo non é (necesariamente) un insulto", *Escaramuza*, "Opinión", n.º 25, xaneiro 2008, p. 11.

Acóllese unha pequena peza de teatro, intitulada *Feira de teatro absurda*, na que un peregrino anda na procura da feira e fálanlle da Feira de Teatro de Galicia. Pero non é a feira que busca e marcha.

PT, "Grial. Revista Galega de Cultura", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 30.

Breve comentario do último número da revista *Grial* do ano 2007, dedicada de xeito monográfico a cuestións de xénero, sexo e sexualidade. Neste número a publicación

editada por Galaxia e dirixida por Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo ofrece un traballo colectivo coordinado polas profesoras María Xosé Agra e Dolores Vilavedra; varias colaboracións da man de Lourdes Méndez, Raquel Osborne, Sara Barrón, Jorge Sacido Romero e María Reimóndez; e unha entrevista coa catedrática e directora do Centro de Estudos de Xénero da UNED, Celia Amorós. A parte desta sección monográfica, o número conta coas habituais páxinas de crítica literaria e as colaboracións de Xulio López Valcárcel, Carlos Lema e Xesús Constela, este último cunha crónica dende o Istambul de Orhan Pamuk. Sinálase que o número se pecha cun traballo de Marcos Pérez Pena sobre o libro galego nas Américas, realizado co gallo dos cincuenta anos de *Follas Novas.*

PT, "A trabe de ouro", *Tempos Novos*, *Protexta*, n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 30.

Brevísimo comentario dalgún dos artigos publicados n´*A trabe de ouro* en 2007, a revista de cultural dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín e editada por Sotelo Blanco. O primeiro deses artigos é "A problemática elaboración do galego literario moderno", de Francisco Fernández Rei. Séguelle un traballo de Patricio Sánchez Fernández sobre a pobreza en Galicia, outro de Antón Santamarina no que se tratan os trinta anos do Atlás Lingüístico Galego e un conxunto de artigos de Bieito Iglesias, Amelia Gamoneda e Ángel Núñez, entre outros. No apartado de crítica literaria destacan os textos *Fóra do sagrado* (2007), de Anxo Angueira, e *O suxeito posmoderno* (2006), de Rebeca Baceiredo.

Puñal, Belén, "Para levar na maleta", *Tempos Novos*, *Protexta*, n.º 7, "Verán de libros", verán 2008, pp. 2-3.

Repaso, da man dalgúns creadores e creadoras galegas, de obras que recomendan como lecturas para a época estival. Estes creadores son Daniel Salgado, Begoña Paz, Miguel Vázquez Freire, María do Cebreiro, Armando Requeixo, Carme Villarino, Rebeca Baceiredo, Anxos Sumai, Ana Salgado, Germán Hermida e María Lado. Deste xeito, cada un vai facendo as recomendacións que considera oportunas e que, no referido á literatura galega, destacan en narrativa *A aurora boreal*, de Philip Pullman; *Dz ou o libro do esperma* (2006), de Samuel Solleiro; *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro; *Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra; ou *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias. No que se refire ao ensaio recoméndanse títulos como *O oficio de vivir* (2007), de Cesare Pavese; *Fin de século en Palestina*, de Miguel Anxo Murado; ou *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*, de María Sández. En canto á poesía os títulos recomendados son os de Chus Pato, *Hordas de escritura*; María do Cebreiro, *Cuarto de outono*; Xiana Arias, *Ortigas* (2007); Alberto Lema, *Plan de fuga*; e Xavier Lama, *Melancolía líquida da idade das vacas*. No tocante ao cómic, recoméndanse, entre outras lecturas a d'*Os amigos de Archimboldo Roque* e *Aventuras de cacauequi*, ambos os dous de Jacobo Fernández. Por último, recoméndanse as pezas de teatro de Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue* (2007); Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*; e *Novos autores*.

Puñal, Belén, "Á procura do ensaio en galego", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proCura", verán 2008, pp. 30-31.

Amplo repaso polas novidades que están a ver a luz ou que en breve sairán ao mercado. Comeza referíndose ao ensaio, terreo deficitario no sistema literario galego, pero que nesta nova tempada parece ofrecer un gran número de títulos, tanto de pensamento político coma sobre a cuestión feminina. De poesía sinala que se vén de publicar a novela policial *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; á que se unirá *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias. Tamén anuncia a edición dos *Relatos completos*, de Camilo Gonsar; *A choiva do mundo*, de Xosé Manuel Pacho; *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo; ou *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez. No que se refire á poesía destaca a edición de textos do colectivo Ronseltz espallados por diferentes publicacións, de *Látigo de algas*, de Antón Reixa; ou *Debaixo de Dziga Vertov hai unha buxaina*, da autora novel Valentina Carro Padín. Da tradución repasa algúns dos títulos que se van publicar como *Un home na escuridade*, de Paul Auster; *Mil cretinos*, de Quim Monzó; *A historia universal de Paniceiros*, de Xuán Bello; *Tras do solpor*, de Haruki Muyakami; e *Eu servín ao rei de Inglaterra*, de Bohumil Hrabal. En canto á literatura infantil e xuvenil repásanse iniciativas como os libros que A Nosa Terra vai tirar para o prelectorado ou os libros narrativos de OQO, do mesmo xeito que se chama a atención sobre a presenza de obras de autores consagrados como Manuel Rivas, Ramiro Fonte ou Rafa Villar, dirixidas aos máis novos. Repásanse tamén as novidades de Kalandraka, Faktoría K, Tambre, Xerais e Do Cumio, con abondosos títulos en cada caso. Remátase coa referencia á banda deseñada, na que se publica a primeira novela gráfica, *A conta atrás*, de Carlos Portela, e o cómic manga *Bícame profe*, e ao teatro, que se considera o xénero menos favorecido, no que só se atopa un título, *Ciclo de Xúpiter*.

Puñal, Belén, "Non sei se le o señor Irisarri", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proNome", outono 2008, p. 29.

Conversa coa avogada Iolanda Díaz, coordinadora de Esquerda Unida en Galicia, na que fala das súas preferencias literarias e as recomendacións que lle faría a diferentes persoeiros do mundo da política. Fala das lecturas que está realizando neste momento e confesa que o que máis lle gusta é ler poesía, da que recomenda algún título de Xosé Luís Méndez Ferrín e de Manuel Antonio, así como de Uxío Novoneyra e Daniel Salgado, do que considera importante a súa obra *Éxodo*.

Puñal, Belén, "Outono en verso", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proCura", outono 2008, pp. 30-31.

Amplo repaso das novidades que van ver a luz coa chegada do outono, nas que se comeza pola produción poética, na que sinala o traballo de Yolanda Zúñiga intitulado *Amar, amén*; de María do Cebreiro, *Non son de aquí*; e de Olalla Cociña, *Libro de Alicia*, aos que se unirán tamén títulos como *Os límites do arreguizo*, de María do Carmen Krukenberg; *Do ventre da cóbrega*, de Xabier Seoane; *Sky-line*, de Úrsula Heinze; ou a obra póstuma de Ramiro Fonte, *Reversos*. Tamén se anuncia a publicación dunha antoloxía de poesía mapuche intitulada *Lúa de xemas frías*, en lingua galega e mapudungun, ao que se une o volume *Poema ao pai*, dos fillos de Álvarez Blázquez; e a reedición de *Unicornio de cenoiras que cabalgas os sábados*, do Colectivo Ronseltz, entre outras. No tocante á literatura xornalística anúnciase a publicación dos artigos que Xesús Alonso Montero deu á luz na revista *Triunfo*, o de Manuel Rivas, *A corpo aberto*,

ou *Un país a medio facer*, de Fran Alonso. De obras de carácter memorialístico destácanse títulos como *Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares*, de María Lopo; *A resistencia antifranquista en Galicia*, de Xosé Enrique Acuña; *O espírito das letras*, de Luís García Soto; *Os personaxes na narrativa de Cunqueiro*, de María Xesús Nogueira; e *As gravacións da música galega (1975-2000)*, de Xaime Estevez. No apartado daquelas obras que teñen como temática o exilio repasa algúns títulos como *Memoria das cidades sen luz*, de Inma López Silva; *Shakespeare destilado*, de Xesús Constenla; e *A verdade como mal menor*, de X. L. Martínez Pereiro. Tamén se adianta que sairán novos títulos de Kalandraka para achegar a música aos máis novos e unha colección de contos de Galaxia, na que o texto vai acompañado dun CD, no que se recolle o relato narrado, acompañado da música da Real Filharmonía de Galicia. No tocante á arte, dise que verán a luz entregas nas que se lle achega ao lectorado máis novo propostas como *Caderno de animalistas* (OQO) ou *Descubrir a arte a través do mundo* (Faktoría K). Xunto con diferentes títulos de autores galegos anúnciase a publicación de novas colecciónns arredor da natureza ou das tradicións, entre outras. Por último, percórrense as propostas que chegan da man de editoriais como Rinoceronte ou Kalandraka, que dan a coñecer autores de diferentes culturas do mundo, presentes tamén nos textos que serviron de guións para filmes recentes e que verán a luz da man de editoras como Biblos, Xerais ou Laiovento. Remata coa achega ás propostas dramáticas, entre as que se nomea *As horas baixas*, de Manuel Lourenzo, ou *Esperta principiño*, de Carlos Labraña.

Puñal, Belén, "Limiares do 17 de maio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proCura", inverno 08-09, pp. 30-31.

Achéganse aos lectores as diferentes novidades literarias que saen ao prelo na primavera do 2009. Entre as diferentes novidades destacan aquelas referidas a Ramón Piñeiro por mor do Día das Letras Galegas: *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; *Diccionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez; *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo. Tamén Galaxia editará a correspondencia do galeguista con Basilio Losada e unha nova edición de *Filosofía da saudade*. En canto a narrativa aparecen como novidades as obras *A vida do outro*, de Carlos Reigosa; *A perspectiva dende a porta*, de Patricia Janeiro; *Blue Moon*, de Xosé Carlos Caneiro; *Sidecar*, de Alberto Lema; *Pirata*, de María Reimóndez; *Para seguir bailando*, de Francisco Fernández Naval; ou *Peaxes*, de Agustín Agra, entre outros. Na poesía fálase de *Zoom*, de Estíbaliz Espinosa; *TSC. Diario da Noite*, de Alfonso Armada; *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza; *Ámote vermella*, de Claudio Rodríguez Fer ou *A torre da derrota*, de Gonzalo Navaza, entre outros. No apartado de traducións aparecen textos como *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir; *O caderno dourado* de Doris Lessing; *Do que estou a falar cando falo de correr*, de Haruki Murakami; *O museo da inocencia*, de Orman Pamuk; ou *Os poemas do desamor* de Cesare Pavese e a Biblioteca de Edgar Allan Poe e textos teatrais como *Calígula*, de Albert Camus. Para finalizar explícanse as novidades da literatura infantil.

Queizán, María Xosé, "Lectura de 'A xustiza pola man' de Rosalía de Castro verso a verso", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "A xustiza pola man", 2008, pp. 109-116.

Explícase verso a verso a súa propia lectura poética do texto de Rosalía de Castro "A

xustiza pola man". Tras a explicación da súa lectura poética, analízase o poema a través dun comentario histórico-filosófico, onde indica que a poeta, ao revés doutros escritores do seu tempo, céntrase no que ve ao seu redor, falando da problemática feminina denunciando a inxustiza que sofre a protagonista do poema.

Quintáns Suárez, Manuel, "Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue*, Vigo, Xerais, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 139-140.

Coméntase que esta obra de teatro, que gañou o XIV Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais no 2005, lembra o teatro de Roberto Vidal Bolaño, ao que o autor lle rende homenaxe na lapela do libro e na dedicatoria. Coméntase que é unha obra crítica que recrea situacións da realidade máis familiar do espectador, pero coa presenza da morte como ameaza; así, os dous personaxes, Fernando e Pantaleón, que representan, respectivamente, o mundo da marxinación social e o da corrupción especuladora, coñécense na sala de diálese á espera ou dun transplante de riles ou da morte, polo que establecen unha relación de amizade íntima, polo tanto, sinálase que o motivo esencial da obra é a desesperanza. Afírmase que este texto teatral, dividido en trinta e unha escenas, ten un diálogo directo, áxil e case cinematográfico e que está pensada para ser representada e non lida; sorprende, polo tanto, que até ese momento non se teña posto en escena.

Quiroga, Carlos, "o teu Natércia", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 9.

Nesta sección reprodúcese a composición poética inédita intitulada "o teu Natércia", de Carlos Quiroga.

Quiroga, Carlos, "no entardecer frío de Abril", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 10.

Reprodúcense dúas composicións poéticas de Carlos Quiroga tituladas "no entardecer frío de Abril…" e "mmm", acompañadas dunha ilustración de Luis Otero.

Rábade Paredes, Xesús, "Dúas fouces, dúas actitudes: Rosalía e Cabanillas ante a inxustiza (cun epílogo de B. Brecht), *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "A xustiza pola man", 2008, pp. 117-120.

Analízase o poema de Rosalía de Castro "A xustiza pola man", comparándoo con textos de Cabanillas como o soneto "A Basilio Álvarez" ou "Acción Gallega", e de Bertold Brecht "Loa á dialéctica". Ao comezo do poema proponse un posíbel motivo que puido propiciar a creación do poema de Rosalía. Así transcríbese unha carta de Rosalía a Murguía do 1853.

Rábade Villar, María do Cebreiro, "Para que precisamos o estranxeiro? O poema de Rosalía de Castro a sir John Moore", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Estudios", 2008, pp. 93-101.

Analízase o poema de Rosalía de Castro a sir John Moore, partindo do ensaio de Bonnie Honig *Democracy and the Foreigner* (2001), no cal se parte da figura do estranxeiro para construír unha achega aos principais problemas da teoría política contemporánea. Analízase o poema en profundidade dende diferentes perspectivas e enriquecendo o comentario con múltiples teorías de diferentes autores.

Ramírez Almanza, Antonio, "Curros Enríquez en Juan Ramón Jiménez", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, "Centenario do pasamento de Curros Enríquez", maio 2008, pp. 95-97.

Comeza apuntando que Juan Ramón Jiménez aos dezasete anos lía a Rosalía de Castro e a Manuel Curros Enríquez en galego e que os traducía e publicaba constantemente, como se acolle nunhas declaracións súas que se reproducen. Indica que esas lecturas iniciais influíron nos seus primeiros poemas, e que se aprecia en *Platero y yo*, *Elegía andaluza* e sobre todo en *El Modernismo. Notas de un curso (1953)* xa que "incorpora y comenta la traducción primera que hiciera del poema *Ai!*". Destaca que en diversas reflexións sobre o Modernismo considera a Rosalía e a Curros máis "modernos que los del centro" de España. Tamén califica de mística "La Virgen de Cristal", de Curros, autor de que tiña pensado facer un "retrato lírico" como se afirma no *Libro de retratos*. Remata coa reprodución do capítulo "El niño tonto" (pertencente a *Platero y yo*) e con referencias bibliográficas.

Raña, Román, "*Vigo*. Helena de Carlos", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 189-191.

Afirma nesta recensión que Helena de Carlos en *Vigo* (2007) visita os territorios da melancolía da man do consolo da filosofía e da amizade estimulante cos clásicos. Vai describindo os poemas de *Vigo* e destaca que estamos perante uns poemas cunha sintaxe de altos quilates, cunha belísima dicción e pulcritude.

Redes Escarlata, Francisco, "Manifesto pola lembranza do 50 aniversario da coroación poética de Cabanillas no Espolón de Padrón", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Crónica", abril-maio-xuño 2008, pp. 143-145.

Reprodúcese o manifesto das Redes Escarlatas, xunto cos poetas de Terra de Iria e Cambados, no que rememoran a coroación de Ramón Cabanillas como un acto de resistencia antifranquista. Lémbrase que no ano 1957 se inaugurou o monumento a Rosalía de Castro, un acto que propiciou outras iniciativas como a convocatoria de concursos literarios e a propia coroación de Cabanillas. Descríbese o acto e destácase a intervención de Ramón Otero Pedrayo, da que se conclúe que a "palabra ponnos de novo no camiño da esperanza". Por último, Redes Escarlatas manifesta a súa adhesión ao acto de lembranza desta coroación poética.

Regueira, Mario, "O dobre como tótem: o dobre animal na narrativa de Hermann Hesse, Julio Cortázar e Xosé Luís Méndez Ferrín", *Boletín Galego de Literatura*, n°s 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Notas", 2008, pp. 227-238.

Partindo da construción freudiana de tótem, o presente traballo de Mario Regueira analiza os dobres animais nas narrativas de tres autores de diferentes sistemas literarios: Herman Hesse, Julio Cortázar e Xosé Luís Méndez Ferrín. Nos exemplos propostos o dobre animal interprétase, dependendo do caso, como unha manifestación física ou simbólica de determinadas facetas ocultas dos personaxes. A lectura da presenza dos animais faise dende a perspectiva da literatura comparada e tamén en relación ao seu simbolismo e ao seu significado segundo a evolución histórica do sistema literario en relación ás correntes do pensamento posmoderno.

Regueira, Mario, "[Raí]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [41]-52.

Acóllese o relato iniciático sobre a relación afectivo-pistoleira de dous rapaces de arrabaldo intitulado"[Raí]", de Mario Regueira. Trátase da historia de amizade de dous rapaces de arrabaldo que se dedican a roubar e despois a traficar con droga.

Regueiro Salgado, Begoña, "Alonso Montero, Xesús (2006): *Os escritores galegos ante a guerra civil española. 1936-1939. Textos e actitudes*. Vigo, Galaxia, 536 pp.", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 11, 2008, pp. 207-208.

Salienta da obra *Os escritores galegos ante a guerra civil española. 1936-1939. Textos e actitudes* (2006) o carácter polifacético e plural, ao acoller cuestións relacionadas coa historia, unha biografía e mesmo unha antoloxía. Percorre cada un destes aspectos e sinala que, probabelmente, sexa o carácter histórico o que predomina na obra e que o fai dende unha posición de reivindicación da memoria histórica. Do carácter biográfico comenta que se dan a coñecer nomes de persoas até o de agora ignoradas, pero dende o punto de vista dun historiador que é testemuña, o propio Alonso Montero, que insire lembranzas da infancia. No que se refire á antoloxía, destaca a recuperación de textos inéditos ou pouco difundidos. Describe brevemente as seis partes nas que está dividida esta obra que nos ofrece unha "visión máis realista, completa e humana de algo que pasou hai non tanto tempo".

Requeixo, Armando, "O frío azul", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 15.

Céntrase n'*O frío azul*, novela de temática histórica de Ramón Caride Ogando publicada en 2007 pola editorial Sotelo Blanco. Detállase que a trama xira arredor da Inquisición e do mundo da nigromancia, sen renunciar por iso a temas de raizame máis actual coma o ecoloxismo ou o feminismo. Saliéntase que o ritmo vertixinoso, o uso de *flash back* e o artellamento dun estilo áxil e dinámico son os sinais de identidade do seu estilo.

RGT, "30 anos de teatro (profesional)", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Documentos", primavera 2008, pp. 90-92.

Exponse o discurso de Suso de Toro na celebración do trinta aniversario do teatro profesional galego co recordo de todos os obstáculos e todas as caídas dende o seu inicio até agora, como foron a invención de novo da lingua, a creación do propio teatro e tamén a creación do seu público. Recórdase que este teatro logrou desenvolverse nun país no que non había actividade social nin artística para chegar a vivir no tempo do inmediato e do dixital no que busca conservar o seu sentido. Posteriormente, ofrécese unha comparación do teatro coa escrita en xeral e refírese a que no teatro todas as palabras son significativas e que serven para mostrar un mundo simbólico. Engádese que o teatro é quen de desvelar o humano e todas as súas explicacións e afírmase que o teatro en lugar de tratar da historia, trata da vida.

Rigal Collado, Pablo, "Después de los séculos escuros", *LA letrA DEL ESCRIBA*, n.º 66, "letrAfilo con 'Evocación loynaciana", enero-febrero 2008, p. 12.

Faise primeiramente unha definición dos Séculos Escuros e unha breve historia destes e do século XVIII. Pásase logo a describir o Rexurdimento no século XIX e céntrase na vida e obra de Rosalía de Castro para logo indicarse un novo período de represión cultural: o Franquismo.

Riobó, Pedro P., "A función social do teatro afeccionado", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Temas", primavera 2008, pp. 17-21.

Faise referencia ao relatorio presentado das II Xornadas de Teatro Afeccionado organizadas pola FEGATEA (Federación Galega de Teatro Afeccionado), atendendo a tres aspectos distintos e unha conclusión. En primeiro lugar explícase a evolución do teatro amador, como pasou de ser un vehículo para o proselitismo a ser, co tempo, unha forma de pasar o tempo libre e expresarse. Clarifícase que a actividade teatral ten un valor intrínseco, ademais de achegar solucións en determinados grupos da sociedade que, quizais, están máis excluídos, como anciáns ou drogodependentes. Ponse de manifesto que boa parte das veces as sociedades teatrais e as institucións non coinciden á hora de apoiar esta actividade, sobre todo no relacionado coa representación. Exemplifícase con que a calidade non é entendida do mesmo xeito por un programador, un animador teatral ou un afeccionado. Ademais, aclárase que os obxectivos do teatro amador non son os mesmos do teatro profesional, que busca achegarse a uns obxectivos previamente marcados. Outro aspecto que se trata é a función social do teatro a súa función educacional, a de formación de público, como actividade ocupacional e de lecer, a súa función integradora e como terapia. Por último, aténdese ás perspectivas para unha política social de teatro nos concellos, tales como o apoio institucional, o fomento da actividade teatral no ámbito asociacional, a promoción da actividade teatral no ensino e nos centros sociais e a creación de escolas municipais de teatro. Finalízase reclamando que o teatro teña un lugar equitativo con outras actividades.

Riobó, Pedro P., "Teodoro Piñeiro Alonso", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Entrevistas", "Fotoentrevista", primavera 2008, pp. 51-53.

Ofrécese unha entrevista feita a Teodoro Piñeiro Alonso, fundador do Grupo de Teatro Escoitade do Centro Cultural de Valladares en Vigo. Preséntanse unhas breves pinceladas da actividade profesional de Piñeiro e destácase o seu papel como autor de seis obras de grande importancia no panorama teatral galego. Logo, explícase que se iniciou no teatro mentres estaba na Universidade Laboral de Zamora debido ás súas inquietudes en relación coa cultura e tamén se refire á importancia do regreso de Eduardo Blanco Amor para o teatro en Galicia. Ponse de manifesto o momento de creación do grupo Escoitade e a súa posterior entrada neste colectivo. Destácase que o traballo que marcou un fito na súa carreira foi a representación de *Edipo* e tamén a súa obra *O cobizoso*, unha adaptación d'*O avaro*, de Molière. Explícase que actualmente só se dedica a ver e escribir teatro, sobre todo dende que foi despedido de Escoitade debido a asuntos de corte político, aínda que despois fose readmitido. Engádese que o que máis lle gusta do teatro é dirixir e por iso só traballou como actor nunha ocasión. Na súa opinión, o teatro galego está mellorando e destaca a evolución do teatro afeccionado. Laméntase de que este último aínda non teña o seu escenario e tamén da pouca participación por parte da administración. Finalmente, ofrécese un pequeno test teatral no que responde a dez preguntas sobre gustos teatrais.

Riobó, Pedro P., "Luma Gómez", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Entrevistas", "Fotoentrevista", verán 2008, pp. 47-49.

Entrevista a actriz nacida en Ferrol e ligada á compañía Teatro do Noroeste, Luma López. Destaca que como case todo o mundo empezou interpretando pequenos papeis no Instituto Masculino de Ferrol e que posteriormente, acompañada dun grupo de amigos, decidiu marchar a Madrid. De entre os seus traballos, destaca no cine *O bosque animado* e no teatro *O soño dunha noite de verán* e *Feirantes*. Sinala que na actualidade está coas últimas funcións de *Romeo e Xulieta* e cun espectáculo baseado nun texto de Eduardo Pondal, *Extraradios*. *Comedia das mulleres desamparadas*. Tamén afirma que para ela ser actor de teatro, de cine ou de televisión é unha única profesión. Termina destacando algúns aspectos que se deberían mellorar no mundo do teatro, como as condicións de traballo, o respecto ao actor ou os convenios de traballo.

Riobó, Pedro P. , "FOTOENTREVISTA. Tareixa Campo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Entrevistas", outono 2008, pp. 91-93.

Entrevista a Mª Teresa Campo Domínguez, mestra xubilada que conta cunha importante traxectoria teatral relacionada co mundo teatral do colexio Casás de Lugo, ademais de ser fundadora de dous proxectos moi importantes da súa cidade: o Grupo Achádego e a Aula de Teatro do Campus de Lugo. Comeza facendo un repaso polos inicios no teatro desta muller destaca que comezou xogando, sendo o xogo sempre unha representación. Sinala que primeira obra que codirixiu foi *El cartero del Rei* e que, posteriormente, formou parte do Grupo Tarabelo no que recibiu formación de Richard Finch. Entre os seus traballos, destaca *O Premexentes non pode cos páxaros rebezos*, da súa irmá Marica Campo, *Ramo cativo*, de Jenaro Marinhas del Valle, e tres montaxes de Achádego: *A tempestade* de Shakespeare, *A mandrágora*, de Maquiavelo *e A confusión de María Balteira*, de Marica Campo. Entre os seus proxectos refírese a montaxe de *Medea*, de Andrés Pociña, cuxo título verdadeiro é *Medea en Camariñas*. Remata cunha

breve análise da situación do teatro en Galicia que resume na frase "a saúde dun pobo se mide pola saúde do seu teatro".

Riobó, Pedro P., "Xosé Manuel Olveira 'Pico", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, "Entrevistas", "Fotoentrevista", inverno 2008, pp. 49-52.

Entrevista ao actor Xosé Manuel Oliveira, máis coñecido como "Pico". Indícase que Oliveira foi o gañador en tres ocasións do Premio Teatral María Casares e alude aos seus inicios no teatro, no seu propio colexio, e ao seu desexo de querer estudar arte dramática, desexo que non se cumpriu, por imposibilidade económica. Declara o actor que comezou traballando no Teatro Ditea mentres estudaba Maxisterio en Santiago e que, máis tarde, a actriz Rosa Álvarez, animouno a presentar o seu currículo ao Centro Dramático Galego sendo así como entrou a formar parte da compañía. Considera que os seus papeis máis salientables foron *A noite vai coma un río*, o seu primeiro traballo no CDG, e *A pousadeira* de Goldoni, entre outros. Confesa que o que máis lle gusta do teatro é a interpretación e comenta a súa situación actual (está traballando con *Aeroplanos*, un texto do arxentino Carlos Gostoriza para a compañía Lagarta, Lagarta) e os seus proxectos teatrais de futuro (*Noite de reis*, de Quico Cadaval). Estima que é necesario subir a un escenario e ter o público diante, antes de pasar ao ámbito audiovisual, xa que esta é unha aprendizaxe que non está presente no cine ou na televisión. Así, afirma que "O teatro é unha escola non só no aspecto de interpretación, senón no coñecemento da profesión, no respecto ao compañeiro, da aprendizaxe de pautas que son esenciais para que non che suban os fumes". Tamén opina que o CDG, como compañía institucional de Galicia, debe ter tres aspectos primordiais: mostrar, conservar e ensinar o noso idioma; darlle un traballo digno á xente da profesión; e facer espectáculos que mostren a capacidade creativa do país.

Rivas Troitiño, José Manuel, "Reivindicación de Diego Antonio Cernadas de Castro/ Reivindicación de Diego Antonio Cernadas de Castro", *Galegos*, n.º 3, "Artigos/Artículos", III trimestre 2008, pp. 179-181.

Dise que Cernadas "debería ser un ídolo para os nacionalistas galegos", porque usou o termo "nación gallega" por primeria vez. Ademáis, destaca que foi a primeira persoa en publicar en vida en lingua galega no século XVIII, polo que se di que "debería figurar no Olimpo da Real Academia Galega". Fálase tamén das súas obras literarias, destacando que a súa faceta "menos coñecida" é a de poeta. A continuación resume a súa biografía e destaca varias anécdotas que salientan o seu "sentimento galeguista".

Rodríguez, Francisco, "Manuel Curros Enríquez, un clásico galego, após 100 anos da súa morte/ Manuel Curros Enríquez, un clásico gallego, 100 años después de su muerte", *Galegos*, n.º 1, "Artigos/Artículos", I trimestre 2008, pp. 194-197.

Repara na figura de Manuel Curros Enríquez, un dos representantes da "triada dos clásicos galegos do século XIX", e así o compara con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A seguir, destaca que a palabra do poeta vai ligada ao seu fondo ideolóxico baseado na democraccia, librepensamento, laicismo e república. Dise que foi quen de transmutar poeticamente a realidade. Así, recolle a evolución ideolóxica de Curros

como escritor: dende *Aires da miña Terra* (1880), que supón unha proclama do seu programa democrático aplicado á realidade galega, pasando polo *O Divino Sainete* (1888), sátira contra a Igrexa católica na que reivindica a liberdade de expresión, até chegar á súa etapa cubana (1894-1908), na que defende unha alternativa autonomista para Galicia e denuncia a marxinación do estado español cara Galicia "nunha dialéctica centro-periferia". Por último, loa o seu labor literario como poeta realista "con doses importantes de simbolismo e de surrealismo", facendo unha poesía de vangarda en relación ás literaturas centrais.

Rodríguez, Gabriela, "Lunáticos", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 6.

Sección que acolle o poema intitulado "Lunáticos", de Gabriela Rodríguez.

Rodríguez Fer, Claudio, "Memoria dun militante da memoria", *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, "Memoria da memoria", n.º 13, 2008, pp. 145-180.

Explica como, dende neno, se interesou moito por informarse sobre o Franquismo e as duras consecuencias que este provocou. Parte da súa infancia cun pai tolerante e de ideas pacifistas para ir debullando a historia en diferentes apartados, como por exemplo "Galicia e a militancia da memoria". Di que xa na adolescencia lle resultou moi útil ler os artigos que Ánxel Fole publicaba na prensa lucense da época ou a revista *Triunfo*, que aludía a intelectuais e políticos republicanos. Lembra como adquiriu clandestinamente, cando era mozo, a obra *Sempre en Galiza*, de Castelao e como lle serven de testemuños biográficos e literarios obras como *Non agardei por ninguén*, de Ramón de Valenzuela, *O silencio redimido*, de Silvio Santiago ou *Scórpio*, de Ricardo Carvalho Calero. Tamén salienta o labor de información no fin da Ditadura da colección creada por Isaac Díaz Pardo en Ediciós do Castro, "Documentos para a historia contemporánea". Comenta que a revista *Unión libre*, nace en 1996 das mans del e de Carmen Blanco, María Lopo, Olga Novo e Xosé Luís Axeitos coa vontade de transmitir e facer perdurar a memoria histórica e facer xustiza literaria e cultural até o presente número, que xunto con outros dous anteriores está coordinado polo autor para recuperar a loita antifascista. Céntrase na cidade de Lugo e nomea algunha das obras nas que dedicou poesías aos represaliados ou poetas da cidade como Luís Pimentel, ao que lle dedica un poema en *Lugo blues.* A seguir, puntualiza que a represión ás mulleres se ve reflectida na súa peza teatral *As costureiras* ou nalgún poema do seu volume *Ámote vermella*, así como en obras de Carmen Blanco como *Atracción total.*

Rodríguez González, Olivia, "Carlos Casares e a Xeración Nós", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Simposio Carlos Casares", 2008, pp. 74-85.

Explica que, despois de revisar os traballos de ensaios, biografías e entradas de enciclopedias que Carlos Casares dedica á Xeración Nós, entre 1975 e 2001, se advirte que intentou incorporar os intelectuais de Galaxia á Xeración Nós. Tamén comenta que Casares investigou os enigmas da personalidade e da traxectoria intelectual de Vicente Risco.

Rodríguez González, Olivia, "*Unha falsa luz*. Xavier Alcalá", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 181-183.

Caracteriza *Unha falsa luz* (2007), de Xavier Alcalá, en cinco trazos: conta cun narrador protagonista, a narración transmite unha avalancha de sucesos, a modalización narrativa recae unicamente no seu narrador protagonista, enlázanse ben os sucesos históricos coa trama e mais que as actividades do narrador protagonista só fican postas en relevo, deixando nun segundo plano todo o demais. Apunta que, alén do seu valor como reportaxe ou crónica, se nos atemos aos seu méritos literarios, a súa elaboración está feita con apresuramento, abafo, dificultades de asimilación e certo desleixo nesta última parte da triloxía.

Rodríguez González, Olivia, "María Mariño no sistema literario galego. Reflexións críticas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 11, 2008, pp. 83-89.

Transcrición da conferencia que pronunciou con motivo da celebración do Día das Letras Galegas de 2007 na Universidade Complutense de Madrid. Nela analiza o intento de canonización de María Mariño no sistema literario galego. Así comeza explicando a diferenza entre "sistema literario" e "literatura", para logo describir o contexto histórico da Galicia de posguerra, no que sitúa a María Mariño, descuberta por Uxío Novoneyra, e que encarnaba a escrita feminina que faltaba no sistema literario. Destaca o feito de que a súa primeira obra, *Palabra no tempo*, vise a luz no ano do centenario de *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, ano tamén da instauración da celebración do Día das Letras Galegas, e considera que foi un intento de cubrir o baleiro da muller-poeta do pobo, humilde e autora dunha poesía xenuína que viña ofrecer unha visión e produción fóra do canon culto que entón encarnaban outros poetas. A seguir, analiza outros axentes canonizadores, como o grande interese de Xosé Luís Méndez Ferrín pola produción desta autora, na liña de ruptura coa lingua dominante e coa norma culta do galego, así como a importancia de que a súa obra leve un prólogo de Ramón Otero Pedrayo, figura que na altura lexitimaba unha literatura, a galega, necesitada de recuperación. Da escrita de María Mariño considera que lela en clave vangardista é un erro e que se foi lexitimada é debido á influencia de Uxío Novoneyra e á súa posición de lexitimador como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, un papel que despois desempeñou Méndez Ferrín, como académico impulsor de dedicarlle o Día das Letras. Por último, realiza unha serie de constatacións sobre a escrita de Mariño, como o considerala recuperada pola crítica feminista galega. Sinala que as achegas na efeméride son reiterativas e de escaso valor, agás algunhas excepcións sinalades e apunta que o único texto relevante é a obra *Más alla del tiempo*, por ser a única na que non houbo mediadores, pero á que a crítica ignora por estar escrita en castelán. Tamén opina que a crítica feminista rompe o proceso canonizador (o de poeta colonizada) e substitúeo polo de muller con voz propia. Remata lanzando interrogantes sobre as interpretacións que até o de agora se levaron a cabo e cuestionándose a lexitimación desta autora no sistema literario galego.

Rodríguez Pardo , Xosé L., "As Irmandades da Fala", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 23, 2008, pp. 36-41.

Conta que o concepto de galeguismo, sen as Irmandades da Fala, "significaría un simple sentimento de amor á terra, amor ás súas xentes e ás tradicións e á lingua como feito básico que nos identifica como galegos dende hai tantos anos". Fai un repaso pola historia das Irmandades, que comezaron na Coruña co nome de "Hirmandade dos Amigos da Fala Galega". Destaca que " a fala non tiña necesidade de defensa" senón que "os movementos do agro" defendían "a vida do rural galego". Salienta que no 2008, en Celanova, ocorreu algo "parecido" ao que propoñían as Irmandades da Fala, cando se formou a Irmandade Xurídica Galega, creada para "a defensa da fala galega no terreo da xustiza en Galicia". Explica que esta iniciativa foi impulsada pola Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, e ten como meta "facer unha plataforma que permita que o mundo da xudicatura e o dereito se exprese en galego porque o seu uso está moi limitado". A continuación, di que das Irmandades da Fala "xurdiron os xérmolos do Partido Galeguista", xa que moitos dos obxectivos do Partido "coincidían" cos das Irmandades. Acto seguido, reproduce os puntos do manifesto da Asamblea Nacionalista de Lugo. Resúmese a historia da publicación *A Nosa Terra*, editada polas Irmandades até 1931, cando pasa a ser "voceira do Partido Galeguista". Remata dicido que xa "non se necesitan nin aos Irmandiños nin ás Irmandades" grazas á Constitución.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "A xeración de Avilés no Barbanza", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 4, 2008, pp. 141-157.

Analiza a figura de Avilés de Taramancos en relación á súa xeración e tamén o aspecto xeográfico do escritor: a súa pertenza á bisbarra do Barbanza. Comeza incluíndo a Avilés na Xeración das Festas Minervais tal como fixo Xosé Luís Méndez Ferrín na súa obra *De Pondal a Novoneyra*, e tamén toma o libro de Franco Grande, *Os anos escuros*, como punto de referencia para a súa análise. Comenta os contidos destas dúas obras e achega os trazos comúns que caracterizan esta xeración propostos por Méndez Ferrín: a cualificación de "nenos da guerra", a influencia da Igrexa Católica, a imposición do castelán, a necesidade da emigración, o contacto coa xeración de 1936, o nacemento do nacionalismo revolucionario e a importancia das asociacións culturais, entre outros. A continuación, pasa a falar do segundo eixe que vertebra o artigo: o espazo territorial do Barbanza. Explica que para acoutar o espazo toma como factor o nacemento e así, xunto a Avilés de Taramancos, tamén hai outros autores desa comarca que influíron nas xeracións posteriores. A seguir, analiza individualmente cada un dos seguintes escritores nados nos anos 30 na bisbarra do Barbanza: Xosé Agrelo Hermo, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Manuel Caamaño Suárez, Xesús Santos Suárez e Andrés Torres Queiruga; tamén trata as figuras de Xosé Martínez Abelleira, Manuel Hermida Iglesias e Julio Seijas Fernández de forma máis breve. Finalmente, achega unha bibliografía de oito obras.

Romero, Marga, "A musa alemá en Galiza: Literatura alemá en versión galega na Editorial Galaxia", *Galicien Magazin*, n.º 19, "Varia", febreiro 2008, pp. 48-50.

Refírese á tradución ao galego dunha serie de novelas alemás de soa e fama mundial como son *As magoas do mozo Werther* (2007), de Goethe; *Höderlin*, de Rilke; *A medición do mundo* (2006), de Daniel Kehlmann; *O Retorno* (2007), de Bernhard Schlink; e *Camposanto* (2007), de W. G. Sebald. Destaca a expansión que están a ter as letras xermanas no ámbito galego, subliñando o esforzo pola súa publicación levado a

cabo por Galaxia que é a editora de todas estas obras.

Salgado, Ana, "Bingo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 22.

Coméntase o poemario *Bingo* (2007), escrito por Pilar Beiro e publicado pola editorial Sotelo Blanco. Sinálase que a súa poética está caracterizada por un ton autorreflexivo, a intervención social, o feminismo e un certo distanciamento irónico. Considérase que o sei é un estilo que se identifica como próximo ao dos autores galegos Chus Pato e Xabier Cordal, aínda que dende unha temática distinta, máis centrada na crítica política. No tocante á estrutura, explícase que o poemario se pode dividir en dúas partes: unha inicial, de baixa cohesión interna; e a segunda, "A primeira vez (documental)", composta por unha serie de catorce poemas nos que se tratan cuestións coma a identidade sexual, o desposuimento da cultura ou a privatización do desexo.

Salgado, Daniel, "Lawrence Ferlinghetti. *A poesía como arte insurxente*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Textos", abril-maio-xuño 2008, pp. 111-125.

Achega á figura de Lawrence Ferlinghetti, na que Daniel Salgado fai un breve repaso polos títulos dalgunhas das súas obras máis coñecidas, publicadas dende os anos cincuenta até a actualidade. A seguir, explica que os poemas dos que ofrece a tradución levan por título "A poesía como arte insurxente" e viron a luz en 2007 nun volume homónimo, no que o autor introduciu no colofón a súa concepción da poesía como arte en movemento, como proceso de aprendizaxe. Reproduce os poemas, de marcado carácter narrativo, nos que a reflexión metapoética sobre o acto creativo e a figura do propio poeta son os eixes centrais. Xunto a estas composicións, achega tamén o poema "The mind of Ché Guevara a day after his death", na súa versión orixinal.

Salgado, Daniel, "[fragmento número (…)]", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Creación", primavera 2008, p. 8.

Nesta sección reprodúcese o poema intitulado "[fragmento número (…)]", de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, "(Ofensiva)", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [34]-40.

Tras unhas reflexións sobre o que supón a poesía para Daniel Salgado, acóllense os poemas intitulados: "[Por un poema en ofensiva]", "[Asfalto]", "[Chris Marker]", "[Ser de esquerdas]", "[Os helicópteros están a arder]", "[O sabor do sake]" e "[Arte poética '07]".

Salinas Portugal, Francisco, "[Boca da cobra]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [16]-23.

Tras uns pequenos apuntamentos bibliográficos do autor, reprodúcense cinco textos poéticos do poemario inédito *Boca da cobra*, e tres do inédito *O xesto vencido*.

Sampedro, Francisco, "A condición de Novoneyra", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, "Cuestións", xullo-agosto-setembro 2008, pp. 67-71.

Faise unha introdución sobre a relación profunda entre filosofía e poesía para achegarse á obra poética de Uxío Novoneyra do que, segundo se di, "emanaba un desexo de filosofía". Analízase o sentido da súa poesía na que se observa a fusión da soidade do home perante a natureza. Dise que esta fusión se asenta nunha ollada existencial na que os nomes da natureza sustentan a memoria e a lingua que permanece.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís, "Os mortos daquel verán' vinte anos despois da súa publicación", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Simposio Carlos Casares", 2008, pp. 86-95.

Coméntase os compoñente esenciais da novela de Carlos Casares, *Os mortos daquel verán* (1987). Detense no seu título, na súa dedicatoria, no narrador, e na súa estrutura narrativa, onde se detalla a extensión e a sintagmática secuencia da unidade desta novela. Así mesmo, analízase a e na propia historia que se asenta, na súa opinión, en catro signos ideolóxicos: pensamento dogmático, fanatismo, intolerancia e violencia.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís, "Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 11, 2008, pp. 91-100.

Céntrase nos relatos de Vicente Risco, *Do caso que lle aconteceu ó doctor Alveiros*, *O lobo da xente* e *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, nos que analiza as pegadas da adopción, por parte do autor, dunhas premisas irracionalistas baseadas en que o soño, a fantasía, o mito, a lenda, a tradición ou o instinto eran as únicas vías de acceso ao máis auténtico e real. Deste xeito, estabelece unha serie de guías estéticas que observa nas cartas, recensións, ensaios, etc do autor ourensán e que xiran arredor da exteriorización do desacordo intelectual do escritor co momento histórico no que lle tocou vivir, en especial, pola consolidación da sociedade burguesa e os novos modos de produción, que levaron á disolución do mundo anterior, a sociedade tradicional. A seguir, detense no contido de *Do caso que lle aconteceu ó doctor Alveiros*, texto do que describe pormenorizadamente a trama e no que se chama a atención sobre o xogo autorial para facerlle crer ao lector que o narrado era un soño até que, inmediatamente antes do final, o converte en realidade. Refírese tamén á técnica narrativa e á presenza constante do narrador omnisciente, que non pode evitar conducir constantemente lector.

Sánchez Rei, Xosé Manuel, "Longa e calma marea: sobre o teatro de Ramón Otero Pedrayo", *Casahamlet Revista de Teatro*, n.º 10, "Documentación", maio 2008, pp. 80-87.

En concordancia coa crítica literaria actual, salienta a validez, a diversidade e a modernidade do teatro de Ramón Otero Pedrayo citando as opinións de expertos na materia e facendo un percorrido por toda a súa produción dramática, comentándoa e analizándoa en profundidade. Parte da peza *A lagarada*, pasando polas obras *Teatro de máscaras*, *Diálogos na noite, Latricadas*, *O desengano do prioiro*, *Rosalía*, *Traxicomedia da Noite dos Santos*, *Comediola*, *Na noite nai do abrente*, *O diálogo de Merlín e da raíña Lupa* e *O fidalgo e a noite* até chegar a *Noite compostelá*. Finalmente, cita e explica os grandes temas das obras literarias de Otero Pedrayo (Galiza, a fidalguía, a paisaxe rural, a viaxe e a experiencia vital e persoal do autor).

Santamarina, Antón, "Constantino García González *In Memoriam*", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Publicacións", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 145-149.

Aproximación á vida académica de Constantino García González, con motivo do seu falecemento o 23 de outubro de 2008 en Santiago de Compostela, na que se detallan os diferentes postos que desempeñou na Universidade, tanto española como alemá. Saliéntase deste profesor a súa comunicación cun alumnado acostumado á rixidez universitaria do Franquismo e o carácter participativo das súas aulas. Destácase tamén o seu labor en proxectos como o do Atlas Lingüístico da Península Ibérica, a fundación da revista galega de filoloxía *Verba*, a fundación dos Seminarios de Lexicografía e Sociolingüística da Real Academia Galega ou diferentes dicionarios, así como a dirección que ocupou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Santana Fernández de Castro, Astrid, "Islas, utopías y ficciones de Álvaro Cunqueiro", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, pp. 43-52.

Achégase á obra *Se o vello Simbad volvese ás illas* (1962), centrándose no mundo imaxinario, nas utopías e na ficción que crea o seu autor Álvaro Cunqueiro. Pártese da análise dos múltiples temas que se atopan na novela, na que si que "é imposible separar o tempo do espazo na súa condición de categorías significantes". Coméntase o seu nivel narrativo formado de mini-historias e contos que o seu protagonista vai transmitindo e pásase logo a determinar as múltiples referencias literarias que serven a Cunqueiro para construír as súas propias fantasías, como con os libros de viaxes e a novela de cabalerías renacentista, clásicos grecolatinos como a *Odisea* ou as aventuras de Marco Polo. Tamén se alude ao espazo insular imaxinario ao que escapa Sinbad cos seus relatos, o cal crea o autor lembrando outros referentes como as propias illas que aparecen n' *As mil e unha noites.*

Santiago, Carlos, "Confesións dun arrepentido", *Escaramuza*, n.º 25, "En portada", "Os dereitos de autor", "Cara ou cruz", xaneiro 2008, pp. 3-4.

Fálase da cuestión do *copyright* nos dereitos de autor no eido do sindicato da Sociedad General de Autores de España, que xestiona os devanditos dereitos en todo o estado. Sinálase asemade o caso dos autores en lingua galega como medio de expresión artística, cuxas obras non gozan da mesma difusión mediática a nivel estatal que as

obras españolas. Coa chamada "cultura libre", que suxire novas licenzas e canles de distribución, considérase se facilitaría unha saída para o mercado cultural galego. Xa por último, coméntase unha posíbel autoxestión dos recursos culturais galegos co dobre obxectivo de finalizar co monopolio da SGAE sobre os dereitos de autor e estruturar un mercado galego propio.

Seara, Teresa, "Píntegas e bolboretas na poesía galega de 1997 a 2007. Dez anos do premio 'Concello de Carral", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Estudos", 2008, pp. 40-49.

Este texto, que foi lido o 5 de maio de 2007 como conferencia inaugural do X Premio de Poesía Concello de Carral, repasa os dez anos de existencia deste galardón detallando os libros gañadores e os feitos que marcaron o espazo poético galego nesta década. Comenta a discusión crítica sobre o rol desenvolvido polos premios literarios, as novas voces coa súa renovación lírica, a mestura da poesía con outras linguaxes ou a presenza da poesía en editoriais e selos de autor e asemade alude a dous símbolos, píntega e bolboreta, presentes nas obras gañadoras da primeira e da décima edición do citado premio.

Seara, Teresa, "Amor deshabitado", *Tempos Novos*, n.º 6, "*Protexta*", "proPostas", primavera 2008, p. 22.

Coméntase o poemario de Ánxeles Penas, *Amor deshabitado*, publicado por Espiral Maior en 2007. Sinálase que o amor coma idea mutábel ao longo da Historia; coma cimento de historias tan universais coma a de Orfeo e Eurídice, Polifemo e Galatea, Ofelio e Xulieta; e, sobre todo, o amor entendido en toda a súa dimensión humana son os puntos sobre os que basea este poemario de Penas.

Seara, Teresa, "A voz na ferida", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril_maio_xuño 2008, pp. 93-94.

Sinálase que en *Dicionario do estremecemento* (2007) se atopa reflectida a capacidade de Miguel Anxo Fernán Vello para poñer o lectorado en contacto con todas as emocións primarias, aquelas que se poden englobar baixo o xenérico nome de "estremecemento", as convulsións interiores que poden chegar a cambiar totalmente a realidade do eu e facelo sentir desvalido.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, "Un soneto inédito para Luís Seoane", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 76, tomo IV, ano XIX, "Textos", outubro-novembro-decembro 2008, pp. 113-114.

Recupérase un poema inédito escrito por Urbano Lugrís e dedicado a Luís Seoane, con motivo da súa viaxe a Galicia no verán de 1963. Explícase o periplo de Seoane dende que sae da Arxentina até que chega á Coruña, onde Isaac Díaz Pardo lle organiza unha exposición. Tamén se sinala que este texto se conserva na Fundación Luís Seoane e que, malia que non ten título, leva como sinatura o nome de Lugrís e o lugar e data de "Na

Cruña-setembro-63". Trátase dun soneto no que se loa a figura do artista galego, ao que se ve como unha esperanza cara ao futuro.

Seixo Pastor, Marcos, "A obra literaria de Xoán Xesús. Unha armada para a liberación", *A Taboada. Revista das asociacións culturais A Cabana (Moraña) e O Meigallo (Cuntis)*, n.º 13, xullo 2008, pp. 117-146.

Fálase sobre a figura de Xoán Xesús González, asasinado polo franquismo en 1936, de cuxa obra literaria se di que é "unha manifestación literaria de todo o labor divulgativo levado a cabo, como ideólogo e comunicador no plano cultural e político". Alúdese a que militou sempre no nacionalismo e sindicalismo obreiro e que logo pasou á literatura en todos os xéneros dándolle un sentido plenamente cívico. Faise un percorrido polas obras que compoñen a súa produción clasificándoas por xéneros e noméanse as obras de ensaio e poesía, sendo o seu único poemario, *Agarimo* (1921), de temática amorosa e social. En teatro, destácase a estrea do drama *Carmiña* en 1922 e en narrativa explícase que deixou tres novelas ambientadas basicamente en Compostela e recensionadas na prensa da época.

Serantes, Arantxa, "*As galeras de Normandía*, de Ramón Loureiro", *Boletín Galego de Literatura*, n°s 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Notas", 2008, pp. 239-245.

Despois de poñer de manifesto a boa acollida que tivo no seu día a novela de Ramón Loureiro, *As galeras de Normandía* (2005), fai unha análise dela poñendo de manifesto algunhas claves que a crítica, por diversas razóns, non soubo percibir. A complexidade e orixinalidade estrutural, certas mitoloxías e tradicións literarias dos países nórdicos, así como a intertextualidade con obras doutros autores galegos, como Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester, Castelao ou Carlos Casares, considera claves fundamentais que o lector debe ter en conta para transformarse en colaborador e cómplice da escritura, e mesmo en personaxe da novela.

Sobrino, Iria, "Cómo fracturar o mundo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 23.

Coméntase *Os poemas de como se rompe todo* (2007), do xornalista, poeta e ensaísta Daniel Salgado que publica a editorial Sotelo Blanco. Do libro saliéntase o uso das enumeracións e xustaposición, a ruptura cos clixés, a intelixencia e, sobre todo, a fusión entre a función crítica e poética que se pode atopar en toda a produción de Salgado e que emparenta este poemario con outros anteriores coma *Éxodo*. Identifícanse dúas partes ben diferenciadas da obra: unha primeira, que xiraría ao redor dun estado de cousas chamado "capitalismo serodio", e unha segunda parte na que o tema principal constitúeo a intimidade e a súa realidade actual.

Solleiro, Samuel, "Non falar de política", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "próLogo", verán 2008, p. 27.

Texto a modo de carta dirixida a Saul Bellow, autor da novela *Herzog* (1964) e tamén dun breve texto sobre estilo en narrativa, no que Samuel Solleiro, botando man do formato dunha grande ironía, reflexiona sobre o que considera el o estilo máis apropiado, con alusións constantes á obra de Bellow, que parece rexeitar abertamente. No que se refire á depuración verbal que propón o autor americano, Solleiro concorda inicialmente, pero considera que hai unha clara diferenza entre a obra dun autor consolidado e a dun novel, que se vai compracer sempre en si mesmo polo estilo "espido", defendéndose co argumento de que o importante é ter unha historia que contar. O autor galego alude á súa propia obra, da que sinala que fixo unha prosa sobrecargada en *dz ou o libro do esperma* (2006), aspecto do que manifesta non arrepentirse. Do mesmo modo, sinala algúns autores como Roberto Bolaño ou Ángela Cárter, polos que di ter unha gran simpatía, fronte ao rexeitamento que lle produce Bellow.

Tarrío Varela, Anxo, "Comentario de 'A xustiza pola man', de Rosalía de Castro", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "A xustiza pola man", 2008, pp. 121-125.

Transcríbese en primeiro lugar o poema de Rosalía "A xustiza pola man", para posteriormente analizar o poema en diferentes apartados: aspectos formais, métrica, rima, poesía dramático-narrativa e aspectos ideolóxicos. Principalmente, céntrase nos aspectos referidos á poesía dramático-narrativa e aos aspectos ideolóxicos, nun entrando nos aspectos formais, xa que só se presentan castelanismos e vulgarismos propios do estado dunha literatura emerxente que aínda non tiña instrumentos gramaticais e lexicográficos.

Tarrío Varela, Anxo, "Espazos culturais e literatura na Galicia contemporánea", *Boletín Galego de Literatura*, n°s 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 169-198.

Despois de facer ver a íntima relación que sempre tiveron os escritores galegos coas súas comarcas, cidades ou vilas de nacemento, achega unha aproximación á literatura galega contemporánea con criterios xeográficos, poñendo a atención en tres períodos clave na formación da nación galega contemporánea e da propia literatura, seguindo os pasos dos discursos *provincialista*, *rexionalista* e *nacionalista*, respectivamente, elaborados neses tres períodos: 1840 a 1861 (*Prerrexurdimento*), de 1862 a 1906 (*Rexurdimento*) e 1916 a 1936 (*Época Nós*). Así mesmo, realiza un seguimento da diversa e cambiante importancia que foron tendo no tempo as principais cidades de Galicia en canto centros de produción cultural.

Toro, Suso de, "[To]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [134]-138.

Tras achegarse á personalidade literaria de Suso de Toro, acóllese o relato "To", que trata sobre o transo dun infarto e que incide no tema da identidade, a través da conciencia dos límites do corpo.

Toro, Suso de, "Ramiro perseguidor de poesía/Ramiro perseguidor de poesía", *Galegos*, n.º 4, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2008, pp. 100-101.

Comeza comentando que "poucos escritores se toman a vocación tan en serio como fixo Ramiro Fonte", o que o levou a tratar con poetas "máis radicais" e a saber " a fonte na que se inspiraban os románticos alemáns". Comenta que Fonte "é un poeta vivencial que viviu como poeta e así morreu".

Torres Regueiro, Xesús, "O ano dos irmáns Suárez Picallo", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, "Conmemoracións", outono 2008, p. 15.

Coméntase que o Concello de Sada decidiu dedicar o ano 2008 aos irmáns Suárez Picallo. Dise que, ao abeiro do centenario do nacemento de Xohán Antón, se celebran varios actos como conferencias, mesas redondas, roteiro ou edición de libros e a repatriación dos restos de Ramón para ser enterrado no Fiunchedo. A seguir, saliéntase a figura política de Ramón Suárez, chamado a ser o gran dirixente do Partido Galeguista se non fose pola guerra civil, e faise unha pequena biografía del, destacándose a súa colaboración na revista *Céltiga*, a estrea da obra *Marola*, a súa capacidade oratoria e a súa humildade e aproximación á xente do pobo. Por último, achégase á figura de Xohán Antón, sindicalista de esquerdas e activista do desenvolvemento agrario, asasinado en 1936. Felicítase ao concello pola iniciativa e as II Xornadas dedicados aos irmáns Picallo.

Touriñán, Xosé, "Salas e bares", *Escaramuza*, n.º 25, "Teatreiros en ruta", xaneiro 2008, p. 16.

Trátase o proceso de creación da sala "The Star" por Marcos Pereiro, Xosé Touriñán e Alex Souto en Carral. Sublíñase a súa participación nas actividades promovidas ola asociación Mil e Pico, da que son socios, e da taberna "Lume e Ferro". No primeiro parágrafo, "A orixe", cítase a data da inauguración da sala, a comezos de xuño de 2007. En "Unha oferta variada", proporciónase a dirección electrónica dos creadores e menciónanse os grupos que xa acudiron á sala a tocar as súas pezas. No seguinte parágrafo, "Un negocio a medias", sinálase a falta de subvencións deste seu proxecto e xa por último, en "Cara adiante", dáse a dirección da sala coruñesa e sinálase o comezo dunha interacción coas restantes salas do lugar.

Trabe de Ouro, A, "Política cultural", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, abril-maio-xuño 2008, pp. [7-9].

A modo de editorial da revista, reprodúcese un breve texto no que se define a concepción de política cultural galega e a súa necesidade. Para iso, percórrese a historia do Seminario de Estudos Galegos, dende a súa fundación en 1923 até a sublevación de 1936, na que foi intervido polos falanxistas e desposuído dos seus fondos. Explícase que na década dos anos corenta, e da man dalgúns membros máis afíns ao réxime, se tentou a súa supervivencia pasando os fondos que se salvaran á Biblioteca Universitaria de Santiago. Tamén se explica pormenorizadamente como deixou de ser unha institución netamente galega e pasou a depender do Consejo Superior de Investigaciones

Científicas (CSIC) e, polo tanto, a ser dirixido dende Madrid baixo o nome de Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Alúdese á tentativa de refundición levada a cabo en 1978 por diversas entidades privadas, dirixidas por Isaac Díaz Pardo, que ademais de denunciar o roubo do Seminario non conseguiron senón que todo ficara nun acto político que non logrou devolver esta institución "á vida real no seo do pobo galego". Exemplifícase este tipo de inxustizas e expropiacións de legados noutras organizacións, como as sindicais ou agrarias, e denúnciase que o Seminario de Estudos Galegos siga na mesma situación, pendente dunha "re-nacionalización". Conclúese coa reivindicación de que o Padre Sarmiento desapareza como instituto en poder do CSIC e que se reconstrúa como institución galega, formando parte do organigrama de centros de investigación e ciencias humanas e sociais de Galicia de forma racionalizada.

Tresuvele, "A publicidade en *Nós*/La publicidad en *Nós*", *Galegos*, n.º 2, "Crónicas/Crónicas", II trimestre 2008, pp. 114-117.

O equipo Tresuvele, formado por J. Augusto Ventín Pereira, J. Augusto Ventín Sánchez, Gemma S. Ventín Sánchez e Alejandra Lopera Velásquez declara botar en falta estudos sobre revistas galegas que teñan en conta a publicidade como parte integrante do conxunto de contidos. Afirma que, partindo do principio estruturalista da comunicación que di que as partes inflúen no todo, como o todo nas partes, debe prestarse atención ao elemento publicitario, pois interactúa coas dimensións política, económica e histórica, xerando unha serie de características que non son inherentes aos outros compoñentes. Engade respecto á publicidade que se trata dun elemento de identificación máis e apunta á lingua como o principal nexo coa revista e cos contidos, así como coa terra que pretende representar. Explica que a principal fonte de ingreso de *Nós* era a subscrición de lectores, aínda que recoñecen que a publicidade tiña un peso considerábel no financiamento deste tipo de publicacións. Considera que o feito publicitario nesta primeira revista defensora da cultura galega forma parte dunha estratexia inconsciente que potencia a idea do galeguismo e constitúe parte da mensaxe global de *Nós*. Diferenza varias categorías de anunciantes: institucionais, de comercios locais e de ámbito nacional. Respecto aos primeiros, afirma que posuían unha tinguidura propagandística de publicacións, charlas, conferencias e demais eventos de persoeiros próximos á contorno político-cultural galeguista, así como un carácter corporativo, pois os anuncios referíanse case sempre ás publicacións da editorial *Nós*, da que formaba parte a revista ou tiña intereses. Sobre os comercios locais anunciantes, entre os que salienta a súa gran fidelidade á revista, supoñen que a súa intención era chegar aos galeguistas do seu ámbito territorial. Como remate interpreta que os produtos de empresas galegas que se anunciaban tamén en revistas e xornais estatais, conscientes da cativa difusión que podía ter a revista *Nós*, facíano por axudar a manter o seu esforzo de divulgación.

Urretabizkaia, Arantxa, "A primeira frecha no camino, Rosalía" (versión ao galego), *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Premios Rosalía 2006", 2008, p. 141.

A escritora vasca escribe un discurso no seu idioma con motivo do premio que lle otorgou o PEN Clube de Galicia, polo conxunto da súa obra literaria en éuscaro. Este texto xa foi publicado polo PEN Clube no seu día. A autora destaca o coñecemento da poeta galega Rosalía de Castro a través dunha enciclopedia que utilizou para estudar

cando era adolescente. Sinala que enciclopedia había unha listaxe de autores entre os cales a única muller era a galega.

Valado, Liliana, "Quen traduce en Galicia?", *Praza das letras*, n.º 5, maio 2008, pp. 10-13.

Reportaxe sobre a tradución en Galicia: o seu papel e estado de saúde dentro das editoriais, a situación dos profesionais do sector, as últimas iniciativas para impulsar o mercado... A partir dun bo número de fontes vinculadas ao sector, ofrece unha perspectiva xeral da historia da tradución en Galicia, dende os seus orixes, cando en 1896 Uxío Carré Aldao traduce *Brétema*, até as últimas novidades, como a recente tradución d´*O segundo sexo*, de Simone Beavouir e que Xerais publicou en 2008 cunha tradución de Marga Rodríguez Marcuño. Tamén dá conta dos grandes problemas do sector, que se teñen intentado minimizar ao longo dos últimos anos coa creación de asociacións coma a ATG (Asociación de Tradutores Galegos) ou a AGPTI (Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación), ambas as dúas moi vinculadas á Universidade de Vigo.

Veiga, Manuel, "A aldea, os nenos e a literatura", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, xaneiro 2008, p.91.

Comenta que a súa filla de sete anos non quería ir á aldea pero que súa nai a convenceu dicíndolle que alí podería explorar, é dicir, percorrer o lugar sen a supervisión do adulto. Así cre que a literatura tamén é exploración e que un debe aprender a explorar por si mesmo, algo que sempre permitiu a aldea e que non se debería perder. Opina que as cidades tamén incitan ao descubrimento pero en idades máis maduras.

Velazco Fajardo, Yanelis, "Impresiones de inmensidad' en Xosé Vázquez Pintor", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, pp. 56-64.

Tras incluírse a Xosé Vázquez Pintor na xeración de autores galegos dos oitenta e nomear a outros membros da mesma, analízase detalladamente a súa produción narrativa e poética destacando o seu incansábel labor de defensa da lingua galega e da memoria. Descríbense primeiro as súas obras narrativas *Memoria de boi* e *Quen faga voar*, para logo centrarse na súa faceta poética facendo un percorrido polos seus poemarios *Ofidios de diario* (1984), *Na vertical da noite* (1989) e *Rotación violeta* (1996), dos que se salienta a "inmensidade interior" do suxeito lírico, as imaxes poéticas extraídas dos obxectos do cotián, o amor como "forza capaz de resumir nun instante a eternidade toda" ou a sociedade do suxeito lírico. Vanse intercalando fragmentos da súa poesía ao longo dos comentarios.

Vicenti, Alfredo, "A orillas del Ulla", *Galegos*, n.º 2, "Encarte", II Trimestre 2008, pp. 137-168.

Sección que acolle a reprodución íntegra das memorias dunha aldea galega en 1895

tituladas *A orillas del Ulla*, de Alfredo Vicenti, cun prólogo de José Antonio Durán, publicadas por primeira vez en *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional* (1986), libro editado polo citado Durán.

Vidal, Javier, "Non somos un clube exclusivo", *Escaramuza*, n.º 25, "En portada", xaneiro 2008, p. 6.

Entrevista ao delegado da SGAE con motivo das recentes críticas ao sindicato, que defende o labor da súa identidade na promoción da cultura en galego. Coméntase a creación e inauguración da súa Sede Noroeste en Santiago de Compostela co fin de estimular a cultura galega a través da creación, da formación e da divulgación. Precísase que esta sede ofrecerá obradoiros, presentacións de libros polos autores, proxeccións de obras audiovisuais e realización de gravacións no plató ou no auditorio, de gran capacidade. Faise referencia ao terreo cedido polo Concello de Santiago para a construción da súa sede en canto ao seu status de terreo destinado para o uso público e sinálase que a SGAE ten pensado unha programación de actividades de interese público, ás que se poderá acudir sen necesidade de formar parte do sindicato. Finalmente, saliéntase a asunción de medidas concretas de apoio á creación escénica -que abrangue o teatro e a danza- á musical e á audiovisual xunto coa intención declarade de cooperar coas asociacións culturais galegas, co concello, coa Universidade e co IGAEM.

Vidal, Roi, "[A última tentación de Edipo]", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [141]-146.

Tras unha breve achega á figura de Roi Vidal, reprodúcese o seu segundo texto dramático no que revisita Edipo, intitulado "A última tentación de Edipo".

Vidal Collazo, Marisa, "Celso Matalobos, Manuel: *Elementos de Arquitectura Senti-mentalista*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 156, "Libros chegados á redacción", xaneiro-febreiro 2008, p. 112.

Dá conta dos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente a obra do poeta lugués Celso Matalobos, *Elementos de Arquitectura Senti-mentalista*. Salienta a súa pertenza ao movemento sentimentalista e a madurez do seu estilo.

Vidal Collazo, Marisa, "Fuentes Alende, Xosé: *Xanciño de Zorín, o can Canito e o coello Coli*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 159, "Libros Chegados", setembro-outubro 2008, p. 110-111.

Refírese aos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente a obra *Xanciño de Zorín, o can Canito e o coello Coli*, de Xosé Fuentes Alende. Comenta que se trata dunha presada de contos influídos polo mundo da electrónica e que conta con debuxos de José Crespo.

Vilanova, Manuel, "Baldo Ramos, *O ourego e o compás*, Ourense, Fundación Curros Enríquez, 2007", *Arraianos. A vida nas aldeas*, n.º VII, "Andel de Libros", xaneiro 2008, pp. 137-138.

Lémbranse os comezos poéticos de Baldo Ramos e aprovéitase para comentar o seu estilo no que abundan antíteses, símbolos e paradoxos, no que toma como marco a paisaxe e no que é curiosa a disposición gráfica dos poemas con espazos en branco. Sinálase que neste poemario, *O ourego e o compás*, o tempo é circular, símbolo do infinito, e que nel emprega a antítese e a toponimia, así como os seres queridos son un dos elementos figurativos da súa poesía. Así, o ourego utilizábao súa avoa para condimentar a comida e o compás abrangue o seu territorio. Finalmente, analízanse algúns dos poemas e afírmase que o derradeiro sintetiza os elementos da súa poesía: a herdanza dos poetas, a caligrafía, a imaxe paradoxal, os desprazamentos das calidades das cousas e a ferida do amor.

Vilavedra, Dolores, "Presentación", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Simposio Carlos Casares", 2008, p. 51.

Realiza unha presentación do Simposio Internacional Carlos Casares, que tivo lugar en Ourense en decembro de 2007 e a seguir indica que no *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007* aparecerán reproducidos unha selección dos traballos presentados en Ourense dos que fai un sucinto comentario.

Vilavedra, Dolores, "Un ano sen turbulencias. A narrativa en 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 132-138.

Pasa revista ás obras máis significativas da narrativa galega publicadas ao longo de 2007 e realiza unha análise crítica de cada unha delas. Cualifica a 2007 como "ano sen as turbulencias mediáticas que adoito producen as novidades narrativas dos autores máis consagrados". Comenta que saíu decepcionada con dúas obras de Teresa Moure, *Benquerida catástrofe* e mais *A casa dos Lucarios*, e tamén se detén en fenómenos singulares como o éxito de *Sempre en Galiza*, de Sechu Sende, que cualifica de un bo síntoma da hiperfiloloxización de Galiza; *Fios-de-contas*, de Paula San Vicente, ou *O único que nos queda é o amor*, de Fernández Paz, do que subliña que cuestiona as fronteiras cronolóxicas e paratextuais. Refírese ao remate das triloxías "Evanxélica memoria", de Xavier Alcalá e mais "Vidas de infancia", de Ramiro Fonte e comenta, entre outros, *O soño da febre*, de Miguel Anxo Murado; *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez; *Dragona*, de Xavier Queipo; ou *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade. Asemade, fala do retorno de Marina Mayoral con *Case perfeto* e sorpréndese do retorno de Lois Diéguez con *O canto do muecín*. Indica que en 2007 se descubriron novos autores como Mario Regueira con *L'affiche rouge*; Héctor Carré con *Diario dun impostor*; Silverio Carracedo con *Os paxaros migran ao sur*; Manuel Blanco Dasar con *Nos dominios da incerteza*; Iolanda Zúñiga con *Vidas post-it*; Antía Nara con *Aquel lugar*, Rexina Vega con *Cardume* e mais Mariña Pérez Rei con *Canícula*. Con referencias a estas últimas narradoras, destaca e congratúlase da presenza feminina na narrativa galega actual.

Vilavedra, Dolores, "Un año de literatura gallega", *Ínsula*, n.º 735, marzo 2008, pp. 21-23.

Dividido en tres grandes epígrafes –literatura dramática, ensaio, narrativa e poesía-, preséntase un exhaustivo seguimento das principais novidades editoriais do ano 2007 en todos os xéneros. Dá conta das grandes novidades, como pode ser a publicación d'*Ocaso Otero*, a obra de Manuel Guede que gañou o prestixioso Premio Álvaro Cunqueiro 2006; toda a produción ensaística que se realizou co gallo da homenaxe a María Mariño no Día das Letras Galegas; a novela *Benquerida catástrofe* (2007), de Teresa Moure; ou o poemario *Cólera* (2007), de María Xosé Queizán.

Vilavedra, Dolores, "Contra a teima taxonómica", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proVisión", "Verán de libros", verán 2008, p. 3.

Reflexión sobre o achegamento da mocidade á chamada literatura xuvenil galega. Comeza cuestionando a falta de atención dos adultos coas lecturas dos máis novos e o seu afán de transgresión. Por iso propón rachar as fronteiras e crear contornos de encontro interxeracional, nos que opinar, criticar ou contrastar ideas entre os adultos e os mozos. Dende este punto de vista percorre unha serie de títulos que son susceptíbeis de ser lidos polos mozos, como *O neno de pixamas a raias*, de John Boyne; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, dúas obras de moito éxito. A estas obras engade outras como *Fin de século en Palestina*, de Miguel Anxo Murado; *Unha puta percorre Europa*, de Alberto Lema, que destaca pola súa frescura, axilidade e provocación; *As mellores intencións*, de Begoña Paz; *Tres disparos e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández; e *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro, da que salienta a linguaxe engaiolante. A seguir destaca tamén o labor de Rinoceronte Editora, con títulos como *O bosque dos raposos aforcados*, de Arto Paasilinna, e *Só o silencio me responde*, de Anna Akhmátova. De poesía recomenda a lectura de *De esparto e seda*, de Xosé Antonio Neira Cruz; mentres que en teatro inclínase por *Antígona. A cartuxeira. Neuras*, de Mª Xosé Queizán. Finalmente, remata aludindo á presenza das editoras foráneas en Galicia, feito que a leva a preguntarse se a política de tradución que se está a facer en Galicia será a correcta. Neste senso destaca o labor de El Anden, que ademais de poñer en galego *As fillas do César*, de Pablo Núñez, tamén ten o compromiso de traducir ao castelán a autores galegos.

Villar, Miro, "Rosalía de Castro na obra de Antón Zapata García", *Revista de Estudos Rosalianos*, n.º 3, "Os poetas cantan a Rosalía", 2008, pp. 173-197.

Estuda a relación da obra de Antón Zapata García con Rosalía de Castro, ao longo de sete apartados. Ao comezo aparecen unas breves notas biográficas do escritor nado en Laxe. En segundo lugar analízanse dous poemas do escritor dedicados á poeta, "A Rosalía de Castro" publicado na revista *Suevia* en 1913, e "Rosalía de Castro" que forma parte do libro *A Roseira do soidade*, aínda que este poema xa se publicara con anterioridade nas revistas *Compostela* (1941-1944) e *Galicia* (1952) de Bos Aires. A terceira parte do artigo está dedicado á presenza de Rosalía noutros poemas do escritor aparecendo fragmentos de varios poemas. O cuarto apartado céntrase nos diferentes actos públicos do escritor onde se destacou a figura de Rosalía. A quinta parte refírese a obra en prosa do escritor relacionada coa galega. Aparecen fragmentos de dous artigos

do escritor "La cruz del dolor español", publicado en *Galicia* o 6 de setembro de 1936, e "La brutal supervivencia del ostrogodo", publicado en *España republicana* o 16 de abril de 1936. O sexto apartado correspóndese coa presenza de Rosalía no epistolario de Zapata García. Pódense ler varios fragmentos de cartas dirixidas a José Vidal García en 1935 ou a Xosé Filgueira Valverde en 1936. Finalmente, atópase un anexo con poemas onde aparece a figura de Rosalía: "A campana da soidade", "Rosalía de Castro", "Loito, fedor e medo", "A Rosalía de Castro" e como remate un fragmento de "Galiceibe".

Villar, Miro, "*Ortigas*. Xiana Arias Rego", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Libros", 2008, pp. 191-193.

Comenta que *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego, se divide en sete apartados que son debullados nesta recensión. Asemade afirma que conta cun fío que une todos os apartados: a presenza das "lauras", que son unha sorte de sinécdoque das mulleres como vítimas da violencia machista. Finalmente apunta que *Ortigas* loita contra toda violencia e que a súa lectura é para reflexionar.

Villares, Ramón, "As raíces de Galicia: Os celtas e os outros/Las raíces de Galicia: Los celtas y los otros", *Galegos*, n.º 1, "Crónicas/Crónicas", I trimestre 2008, pp. 82-93.

Fai unha reflexión sobre a presenza celta nas orixes galegas. Alude a outras razas para comparar o proceso de asentamento e evolución doutras culturas nun territorio e sinala as contribucións dos celtas na cultura galega e a súa influencia con referencias até o século XX, por exemplo Manuel Murguía.

Villavedra, Dolores, "Un año de literatura gallega", *Ínsula*, n.º 735, marzo 2008, pp. 21-23.

Dividido en tres grandes epígrafes–literatura dramática, ensaio, narrativa e poesía–, preséntase un exhaustivo seguimento das principais novidades editoriais do ano 2007 en todos os xéneros. Dá conta das grandes novidades, como pode ser a publicación d'*Ocaso Otero*, a obra de Manuel Guede que gañou o prestixioso Premio Álvaro Cunqueiro 2006; toda a produción ensaística que se realizou co gallo da homenaxe a María Mariño no día das Letras Galegas; a novela *Benquerida catástrofe*, de Teresa Moure; ou o poemario *Cólera*, de María Xosé Queizán.

Viveiro Mogo, Prudencio, "Símbolos da nación", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 178, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2008, pp. 100-101.

Fálase do libro *Os símbolos de Galicia* (2007), editado por Ramón Villares e Xosé Ramón Barreiro Fernández. Dáse conta de todos os artigos asinados respectivamente por Ramón Villares, Eduardo Pardo de Guevara, Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos e, finalmente, Manuel Ferreiro e Fernando López-Acuña. Sinálse que a obra presta atención tamén a outros elementos de importancia no subconsciente colectivo, como o Panteón de Galegos Ilustres ou a análise da oficialización por lei dos símbolos de Galicia. Conclúese que estamos ante un "libro rigoroso" que supón un atinado estado

da cuestión sobre os símbolos nacionais de Galiza.

Viveiro Mogo, Prudencio, "*Resol de ensueños 'para Arturo Cuadrado*. Antonio Manuel Chaves Cuiñas", *Estudos migratorios. Revista galega de análise das migracións*, vol. I, n.º 1 (Monográfico Gallegos e tanos), 2008, pp. 311-313.

Xanela, A, "Urbano Lugrís", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Centenario", primavera 2008, pp. 27-28.

Faise unha biografía do artista coruñés, pai do escritor Manuel Lugrís Freire, con motivo do centenario do seu nacemento. Saliéntase da súa obra pictórica e gráfica o tratamento do mundo mariño simbólico e onírico. Recupérase para esta homenaxe a portada da revista *Vida Gallega*, n.º 6 de agosto de 1955, dedicada a Betanzos, e o poema "Loubanza de Betanzos", de Urbano Lugrís, publicado en dito número. Tamén se acollen unhas valoracións da súa obra pictórica feitas por Emilio Álvarez Blázquez para o n.º 9 da revista *Nordés* (1982).

Xarmenta, "Actividades 2008", *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 3, "Actividades 2008", 2008, pp. 16-17.

Danse a coñecer e coméntanse todas as actividades que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta desenvolveu no Bierzo, nomeadamente en Ponferrada e en Cacabelos, dende a publicación do número 2 de *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, que tivo lugar o 14 de decembro de 2007, até a gala dos IV premios Xarmenta, 15 xaneiro de 2009. Comézanse resumindo as actividades máis salientábeis desta asociación dende a súa fundación en marzo de 2005 até 2007. Con referencias ás actividades realizadas en 2008 infórmase que Xarmenta organizou encontros escolares sobre o Día das Letras Galegas; xuntanzas entre escolares galegos e bercianos; participou na XIII Feira do Libro de Ponferrada; estabeleceu, en colaboración co Concello de Cacabelos, as bases do II Concurso Literario Poeta Antonio Fernández Morales ou que convocou, xunto coa Asociación Vagalume Valdeorras, o VII certame artístico literario. Remátase sinalando que o número 3 da revista *Xarmenta* saíu á luz o 10 de decembro de 2008 e anunciando que a gala dos IV premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo, terá lugar o 15 de xaneiro de 2009 no Teatro Bérgidum de Ponferrada e que os premiados serán Susana Seivane e de xeito conxunto a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e a Aira da Pedra.

Zernova, Elena, "Antoloxía da literatura galega en ruso", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 74, tomo II, ano XIX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2008, pp. 97-100.

Transcríbese o texto que foi enviado pola propia autora para ser lido no acto celebrado en Cambados o día 8 de abril de 2008 para conmemorar o cincuenta aniversario da coroación poética de Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959) no Espolón de Padrón. Faise un percorrido polas antoloxías de literatura galega en ruso que levan aparecido en Rusia dende que xorden as dúas primeiras en 1977, onde se recollen por primeira vez as

obras de Rosalía de Castro. Dise que o verdadeiro momento do descubrimento da literatura galega en ruso foi no ano 1994 cando se crea o Centro de Estudos Galegos na Universidade de San Petesburgo. A partir de aí, coméntase que se decide preparar e editar unha antoloxía histórica da literatura galega que sexa bilingüe e que recree en ruso non só o contido senón tamén a forma dos orixinais tendo o mesmo calor estético e emocional. Indícase que o volume do ano 2007 está dedicado a Ramón Cabanillas cun limiar de Francisco Fernández Rei e que no labor deste centro tamén está traducir diversas obras soltas de autores galegos como Alfredo Conde. Por último, destácase que diversas institucións culturais rusas colaboran co centro así como existen varias colaboracións coa radio, televisión e prestixiosas editoriais rusas.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abelenda, Ana, "O corazón da boneca", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", 1 marzo 2008, p. 10.

Comenta que con *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño, ofrece un monólogo cunha vítima dun xuízo baseado só nas aparencias. Asemade apunta que con este poemario a poeta retoma o ton confesional d'*O libro da egoísta* (2003).

Abelenda, Ana, "O segredo da harmonía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libro para as letras", 17 maio 2008, p. 6.

Recoméndase o libro de poemas *A melancolía dos corpos* (2007), de Xulio López Valcárcel, no que, segundo se di, conflúen trazos de varias xeracións e paisaxes. Explícase como nestas poesías se reúnen todas as idades do ser humano dando lugar a unha idea multitemporal. Con respecto ao estilo, afírmase que nos poemas escasean as sentenzas pechadas e o recurso aos signos de puntuación. Engádese que o autor interfire dalgún xeito na realidade que observa, na que se mesturan ausencia e recordo.

Abelenda, Ana, "Viaxe á estación das ausencias", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 265, "Letras en galego", 7 xuño 2008, p. 14.

Afonda no poemario *Amor deshabitado* (2007), da poeta e pintora Ánxeles Penas, concedéndolle especial atención ao aspecto temático da autora. Sinala os puntos fortes da poeta ourensá e sitúa este último título coma "un fito máis" no camiño percorrido pola autora entre *Con los pies en la frontera* e *O santuario intocable* (1992).

Alonso, Rodolfo, "La sangre de un poeta", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 506, "Enfiando", 9 novembro 2008, p. 23.

Analiza a obra dun dos poetas españois máis recoñecidos, Federico García Lorca, salientando *Seis poemas galegos*, publicados en 1936 por Ánxel Casal, quen tamén foi asasinado ao comezo da guerra civil. Comenta que o poeta granadino tiña unha gran capacidade moral e cultural para aprender unha realidade, como tiña feito co caso galego.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "O Pazo de 'Laiovento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2008, p. 34.

Faise eco da publicación da obra *No Pazo de Laiovento* (2007), que recolle conversas con Francisco Pillado Maior. Sinálase que a obra presenta a traxectoria do escritor por medio dunha serie de conversas nas que se abordan temas como as súas inquietudes culturais, a súa visión sobre a ditadura, sobre a transición e sobre o goberno de Galicia.

Ameixeiras, Diego, "Rosa e maldito", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 4.

Tráese á memoria a Francisco Álvarez de Nóvoa e o seu libro *Pé das Burgas* (1896). Considérase que o libro inaugurou a prosa moderna galega a pesar de estar esquecido inxustamente durante décadas por motivos extraliterarios. Explícase como a reedición de 1988, co prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, trouxo de novo a escena a este autor que non seguiu as temáticas do ruralismo e a emigración. Critícase que os seus contemporáneos non lle prodigaran eloxios no seu tempo. Faise referencia á expresividade plástica á hora de facer as descricións e á busca da psicoloxía nos personaxes, que non son nin fidalgos nin labregos.

Araguas, Vicente, "Pirulí de La Habana", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 463, "Libros", 13 xaneiro 2008, p. 20.

Comenta que o volume *Galeg@s da Habana* (2007), de Ángela Oramas Camero, é un gustoso libro que percorre con xenerosidade os avatares da emigración galega a Cuba, que califica de moi dura. Indica que nel se fala de Manuel Curros Enríquez, Daniel Rodríguez Castelao ou Ramón Cabanillas e asemade comenta que conta con erros na súa tradución ao galego.

Araguas, Vicente, "Zapatos de Woody Guthrie", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 464, "Libros", 20 xaneiro 2008, p. 20.

Apoiándose no poema "Poesía e política", de Daniel Salgado, no que se fala das cancións con zapatos de Woody Guthrie, subliña que o poemario no que se integra este poema, titulado *Os poemas de como se rompe todo* (2007), é un bo exemplo dunha poética moi pouco practicada hoxe en día e que Araguas denomina como "poética da belixerancia".

Araguas, Vicente, "Exit", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 465, "Libros", 27 xaneiro 2008, p. 20.

Afirma que *Días do final* (2007), de Manuel Pereira Valcárcel, xorde da reflexión dorida e comenta que o seu autor empeza a ser "de culto". Asegura que neste libro se narran os derradeiros días da vida do pai do autor, vítima dunha leucemia e destaca que esta temática é empregada sen "caídas no sensibileiro nin na choromicada".

Araguas, Vicente, "Maneiras clásicas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 466, "Libros", 3 febreiro 2008, p. 20.

Sinala que *Vigo* (2007), de Helena de Carlos, é un poemario triste xa que é un libro de perdas e de retornos e que conta cunha palabra que amplifica a dor causada polo paso do tempo. Tamén compara a reconstrución de Vigo que fai Helena de Carlos coa de Anxo Angueira.

Araguas, Vicente, "Palabra no tempo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 467, "Libros", 10 febreiro 2008, p. 20.

Comenta que o libro de ensaios titulado *Da palabra no tempo* (2007), de Darío Villanueva, conta con textos que proceden de moi diversas fontes e que presentan un amplo abano temático multidisciplinar, se ben o seu contido central ten que ver coas letras. Tamén se indica que Darío Villanueva é un dos mellores críticos de hoxe en día dado que combina a erudición coa sinxeleza.

Araguas, Vicente, "Nunca ver chover", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 468, "Libros", 17 febreiro 2008, p. 20.

Explica que *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias, é un libro que mestura poemas e fotografías cun apoio inequívoco, mais non demagóxico, á causa palestina e cun resultado irregular dentro dun alarde poético visual. Por outra parte, critica que a Editora Positivas non poña os datos biográficos dos seus autores nas lapelas dos libros o cal é un atranco para os críticos.

Araguas, Vicente, "Herba en tres", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", nº 469, "Libros", 24 febreiro 2008, p. 20.

Recomenda a lectura do libro de Xesús Rábade Paredes, *Mentres a herba medra* (2007), gañador do premio Blanco Amor 2007. Comenta que se trata dunha novela na que aparecen tres xeracións de galegos e salienta o ben empregada que está a lingua. Así mesmo, afirma que Rábade non moraliza nin dogmatiza, senón que deixa que o lector escolla como foi narrada a historia de Galiza. Por último, indica que se trata dun libro complementario ao de Sechu Sende, *Made in Galiza* (2007).

Araguas, Vicente, "Poesía de sempre", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 471, "Libros", 9 marzo 2008, p. 20.

Manifesta que *Derrota con raíces* (2007), de Modesto Fraga, é un libro irregular con poemas de emerxencia que dá como resultado unha certa descompensación. Destaca os poemas de homenaxe xunto con outros de amor, do mar, da exaltación do idioma e da patria, da paisaxe, etc., e remata expoñendo que agarda novos volumes deste autor máis arriscados.

Araguas, Vicente, "Xornalismo galego", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 472, "Libros", 16 marzo 2008, p. 20.

Mostra que o volume *Xornalistas con opinión. 20 biografías* (2007) recolle a vida e mais a obra xornalística de moitos dos mellores dos xornalistas nados en Galicia. Indica que algún dos biografados son dende Manuel Pardo de Andrade até Álvaro Cunqueiro pasando por Wenceslao Fernández Flórez, Basilio Álvarez ou Concepción Arenal e

sinala que cada un deles conta cun glosador, por exemplo, Víctor F. Freixanes ou Marcos Valcárcel.

Araguas, Vicente, "Cincuenta anos despois", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 473, "Libros", 23 marzo 2008, p. 20.

Expón que a tradución galega de *Howl and other poems*, de Allen Ginsberg, baixo o título *Ouveo e outros poemas* (2007) xa saíra no número 52 d'*A trabe de ouro*. Con respecto ao poemario, indica que ten motivación política intemporal e que en conxunto é un libro indómito con influencias de Bob Dylan.

Araguas, Vicente, "Da hemeroteca", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 474, "Libros", 30 marzo 2008, p. 20.

Fala do volume *Xornalistas con opinión. Escolma de textos* (2007) como a continuación e complemento de *Xornalistas con opinión. 20 biografías* (2007). Comenta que *Xornalistas con opinión. Escolma de textos* (2007) é un "florilexio de artigos" de vinte xornalistas nacidos en Galicia e que nel se poden atopar artigos en galego e en español.

Araguas, Vicente, "Cousas da vida (poética)", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", n.º 478, "Libros", 27 abril 2008, p. 20.

Con prosa ácida e enxeño afiado, refúirese ao poemario de Manuel Celso Matalobos, *Elementos de Arquitectura senti-MENTAL-ista* (2007), no que só ve "boas intencións". Sinala que destaca pola falta de innovación e o uso de elementos poéticos esgotados hai máis de corenta anos, para rematar co seguinte comentario: "o que podía ser transgresión literaria é agora chistonada con pouca graza, [...] este libro de poemas chega con moitos anos de retraso. E o mundo ten dado desde aquela tantas voltas que nos sentimos vellos (revellos, mellor) ao lelo".

Araguas, Vicente, "Poesía con luz", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 483, "Libros", 1 xuño 2008, p. 20.

Sostén que Santiago Agrelo Martínez, actual arcebispo de Tánxer, semella estar máis cómodo no poema en pequeno formato ca no poema longo, despois de ter lido *Diurnal* (*seguido de Dicionario de Soños*) (2007). Destaca que nos poemas curtos con intención popular é onde Agrelo "atopa os seus mellores logros".

Araguas, Vicente, "Fiat Luce", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 484, 8 xuño 2008, p. 20.

Faise eco da última entrega, *Unha falsa luz* (2007), da triloxía de Xavier Alcalá. Dise que se trata dunha novela sobre a historia de Galicia durante o réxime franquista, desenvolvéndose a narración polas paraxes tudenses e da bisbarra do Eume. Asemade,

comenta que Alcalá achega apuntes documentais sobre o nacemento do CIT na citada comarca.

Araguas, Vicente, "Cousa de encantamento", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 502, 12 outubro 2008, p. 20.

Afirma que Miguel Anxo Fernán Vello é un dos poucos poetas que teñen recoñecido o seu enorme talento en vida, considerado por moitos o primeiro da clase poética galega do momento, e cita como exemplo *Dicionario do estremecemento* (2007), a súa última obra publicada. Considera que a poética de Fernán Vello, moi cómplice coa natureza, foi co tempo afondando na terra belixerante sempre dende a pureza léxica. Explica que non é un libro temático nin monográfico, senón unha colección de poemas na que se inclúe todo tipo de temas, dende reflexións viaxeiras até a inmensidade polo fillo que non foi.

Borrazás, X., "O que se celebra é o que se ten nas mans", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 4.

O articulista recomenda a primeira obra de Manuel Blanco Desar, *Nos dominios da incerteza* (2007), por non caer no inconformismo nin na copia do estilo doutros textos. Explícase que emprega unha linguaxe afiada e precisa e faise referencia a que o subtítulo, *Historias económicas*, se debe a que o escenario da historia é o mundo da economía, os excesos do economicismo e a ironía fronte á visión mercantilista das relacións persoais. Tamén se explica o insólito deste autor xa que é economista, avogado e politólogo e publica este libro cando está na década dos corenta pero, dise, evidénciase a súa bagaxe como bo lector e unha grande axilidade e humor á hora de escribir.

Caneiro, Xosé Carlos, "Momento óptimo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "Club Dandi", 1 marzo 2008, p. 4.

Destaca que a última obra de Antón Riveiro Coello, *Os ollos de K* (2007), presenta algúns trucos propios da "novela negra" e que en conxunto conta con momentos memorábeis, con intriga dende o comezo e cun final abondo inesperado.

Caneiro, Xosé Carlos, "Faulkner, o intrépido", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras en galego", "Lecturas para sempre", 29 marzo 2008, p. 7.

Repasa a trama argumental do libro *O ruído e as furias* (2007), de William Faulkner, que é cualificado como novela de decadencia. Comenta o argumento, fala dos saltos temporais e indica que os grandes temas da literatura están tratados con orixinalidade e con virtuosismo e mais que a súa lectura require un grande esforzo por parte do lectorado.

Caneiro, Xosé Carlos, "O río do eterno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", "Lecturas para sempre", 26 abril 2008, p. 13.

Considera que a esencia da escrita de Álvaro Cunqueiro se alicerza na imaxinación xunto cunha orixinal dicción. Para exemplificar isto, comenta a novela *Un home que se parecía a Orestes* (1969), da que recalca que non está suficientemente ponderada e que nela se narra unha historia de vinganza pero que en esencia é unha historia do interior do ser humano.

Caneiro, X. C., "Os brazos consistentes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 5.

Alúdese á novela *Os ollos de K* (2007), de Antón Riveiro Coello. Considérase ao autor como imprescindíbel na historia da literatura galega e sobre todo da novela negra. Explícase que a contradición é o aspecto máis importante da obra, a cal se ve enriquecida grazas aos seus modos narrativos. Faise referencia ao enigmático de toda a historia, que recolle unha viaxe a Praga e na que os protagonistas son unha asasina e un escritor que se atopa a si mesmo. Descríbese ao autor como novelista de acción que propón unha nova forma de encarar o mundo, aínda que se di esperar del unha maior ambición cunha novela na que empregue todo o seu talento e formación.

Caneiro, Xosé Carlos, "O outro modo de Casares", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Letras en galego", "Lecturas para sempre", 6 setembro 2008, p. 11.

Afirma que *Os mortos daquel verán*, novela de Carlos Casares escrita en 1987, trata de esclarecer un asasinato producido nos inicios da Guerra Civil española. Facendo balance de toda a literatura de Casares, considera que trata de pór en evidencia aos contrarios e que se decanta a favor dos pequenos, dos oprimidos, dos antihéroes. Salienta que esta novela ten varias declaracións xudiciais que se cruzan dende perspectivas diferenciadas, que enfrontan a verdade coa aparencia da verdade, fronte á mentira como sustento dunha época en que todo era de cor gris. Conclúe que é unha novela de estruturación perfecta, pura e esencial cun tema recorrente, a Guerra Civil, pero dun modo distinto.

Carballa, Xan, "Memoria viva de Francisco Pillado", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, p. 26.

Descríbese o volume *No pazo de Laiovento* (2007), no que Xosé Luna Sanmartín entrevista a Francisco Pillado. Afírmase que nel se fai un percorrido lineal da biografía persoal de Pillado mediante unha entrevista que percorre todos os fitos máis salientábeis da súa biobibliografía, con especial atención á súa faceta teatral e editora. Indícase que é un libro de "afirmacións contundentes" con crítica e emotividade onde tamén teñen cabida a militancia política e as iniciativas culturais. Remátase afirmando que este libro fornece unha luz diferente á recente historia cultural de Galicia.

Carreño, Antonio, "Antropología de un espacio cultural: *A esmorga*", *La Región*, "Opinión", "Crónicas desde la Ribeira Sacra", 6 xuño 2008, p. 23.

Faise unha análise en español da novela *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor. Opina que conta cunha gramaticalidade enunciativa complexa, que é unha crónica con versión xurídica, que se sitúa entre a historia e a fábula e mais que pertence ao canon da literatura de Occidente debido á súa complexidade textual.

Casanova, Jorge, "Tempo de guerrilleiros", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "Las huellas de Napoleón: as novelas en galego", 26 xaneiro 2008, p. 11.

Fálase da publicación en galego da novela histórica *O de Millarengo* (2007), escrita orixinalmente en español por Beatriz Martínez Millarengo. Considérase que presenta unha lectura áxil e atractiva, que conta unha historia na que se mesturan acontecementos históricos e novelados e que é "unha revisión moi digna" da Galicia que loitou contra Napoleón.

Castro Rodríguez, Xavier, "Escolma de poetas galegos. Madrid, maio de 1929", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 5 xaneiro 2008, p. 2.

Céntrase na descrición dunha curiosa antoloxía titulada *Antología de poetas gallegos*, publicada en Madrid en 1929. Comenta que está inserida dentro dunha colección titulada "Los poetas" e que este volume facía o número 41. Indícase tamén que contaba cun prólogo de Wenceslao Fernández Flórez e que na antoloxía se mesturaban composicións de escritores en galego, como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Manuel Antonio, con outras en español como Ramón Mª del Valle Inclán ou Vicente Casanova.

Castro Rodríguez, Xavier, "Celso Emilio Ferreiro vai facendo o epitafio", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 2 febreiro 2008, p. 2.

Destaca que Celso Emilio Ferreiro, con pseudónimos ou co seu propio nome, recuperou e actualizou o xénero satírico humorístico. Como exemplo, céntrase en *Cimenterio privado* (1973), do que se afirma que en cinco anos tivo tres edicións, a primeira e a terceira (1978) en galego e a de 1974 en español, editada en Caracas. Comenta que conta con abundante burla que vai dende a ironía á sátira, pasando polo humor, a retranca e o escarnio político e social.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cincuenta estampas de Castelao para 'Nós", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 16 febreiro 2008, p. 2.

Comenta que Galicia non podería ser entendida sen Alfonso R. Castelao xa que toda a súa obra é unha lección de arte e humanismo. Fai referencia ao álbum de cincuenta estampas que publicou Ediciones Júcar en 1931, onde se recollían reflexións gráficas baixo o título de *Nós*. Indica que esta obra apareceu cun prólogo escrito en prosa por Castelao e comenta que os debuxos foron realizados entre os anos 1916 e 1918 e expostos en todas as vilas e cidades galegas. Por último, achega unhas verbas de Luís Seoane sobre esta obra gráfica do rianxeiro.

Castro Rodríguez, Xavier, "Eduardo Pondal: poeta bergantiñán e bardo da épica", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 23 febreiro 2008, p. 2.

Afirma que Eduardo Pondal é o primeiro poeta galego moderno e que, pese a isto, parte da súa obra ficou ignorada ao longo de moitas décadas e os estudos rigorosos arredor da súa obra poética tardaron en ver a luz. A seguir exemplifica con *Os Eoas*, do que se fai unha breve análise.

Castro Rodríguez, Xavier, "Singraduras e evolución histórica do relato galego", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 19 abril 2008, p. 2.

Afirma que o volume *Singraduras da narrativa galega* (1973), de Benito Varela Jácome, é unha escolma de dezaoito narradores galegos onde se realiza unha panorámica da vida e da prosa galega de autores dende Alfonso Daniel Rodríguez Castelao até Xosé Neira Vilas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Gulliver Ferreiro, viaxeiro, emigrado e poeta cáustico", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 5 xuño 2008, p. 2.

Considera que *Viaxe ao país dos ananos* (1968), de Celso Emilio Ferreiro, ten dous dos trazos máis importantes da produción do autor celanovés: a sátira e mais o sarcasmo e tamén fala do seu enfrontamento coa Hermandad Gallega de Caracas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Historias do canizo: 'Quedei eu para contárvolo", *Galicia Hoxe*, "Couso e arca", 16 agosto 2008, p. 2.

Faise referencia á primeira obra narrativa de Ánxel Sevillano García (Cea, 1906 – Pontevedra, 1989), *Historias do canizo* (1978), publicada despois da ditadura, á que seguiría outra novela, *Doutor Famiano* (1988). Explícase que na primeira se realiza unha homenaxe ao idioma e a un espazo íntimo, onde, segundo o propio autor afirma, "un pode topar aínda o ser verdadeiro e sinxelo das cousas".

Castro Rodríguez, Xavier, "Fixación dos estratos que consolidaron o Himno Galego", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 15 novembro 2008, p. 2.

Coméntase a obra de Manuel Ferreiro, *De Breogán aos Pinos* (Laiovento, 2007), e indica que esta edición do texto do himno vai xa pola súa cuarta tirada, testemuña da súa boa acollida. Sinala que na obra se fai referencia ao poema *Os Pinos*, de Eduardo Pondal (22 de maio 1890), que se considera a base do himno actual, presentando todos os cambios e variacións diversas (textuais, históricas e mesmo persoais) que afectaron ao mesmo até chegar a converterse no himno galego actual.

Castro Rodríguez, Xavier, "Manuel Leiras Pulpeiro: médico dos pobres e poetas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 22 novembro 2008, p. 2.

Dá conta do vintecinco aniversario da publicación da biografía de Manuel Leiras Pulpeiro, *Manuel Leiras Pulpeiro: o cidadán e o poeta* (1983), escrita por Xesús Alonso Montero e publicada por Sálvora. Sinala que a obra lle ofrece ao lector os datos máis significativos do escritor galego, insistindo na súa faceta literaria.

Castro Rodríguez, Xavier, "Actualidade cultural galega na revista 'Ozono", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 29 novembro 2008, p. 2.

Coméntase que a revista *Ozono*, xurdida a finais do período franquista, serviu como tribuna de expresión e de reivindicación da desexada liberdade literaria e cultural. Infórmase que estivo dirixida por Alfonso González-Caldero dende 1974 ata 1979. O número sobre o que xira este estudo data de 1977 e centrábase no labor cultural galego desenvolto nas 'Xornadas de Cine de Ourense' (abril de 1977), en homenaxe a Carlos Velo. Tamén se destaca unha entrevista con Celso Emilio Ferreiro.

Castro Rodríguez, Xavier, "Os Compson: decadencia no sur profundo", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 6 decembro 2008, p. 2.

Dá conta da publicación de *The sound and the fury*, de William Faulkner na súa tradución ao galego (*O ruído e a furia*, 2007), dentro da colección "Clásicos Universais" da editorial Galaxia. Comenta que este traballo, no que se reflicte a vida da sociedade norteamericana do Sur, ten como responsábel ao tradutor Xurxo Borrazás. Considera que esta novela é un dos grandes libros da literatura estadounidense e que marcou un punto de inflexión na traxectoria do seu autor.

Castro Rodríguez, Xavier, "Lembranza e homenaxe de Blanco Amor no ano 1981", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 13 decembro 2008, p. 2.

Lémbrase a publicación dun libro, titulado *Homenaxe a Blanco Amor* (1981). Engádese que o acto tivo lugar en Redondela, coincidindo coa primeira convocatoria do Premio de Novela Longa que leva o seu nome. Sinálase que esta publicación recolle dezaseis propostas levadas a cabo por nomes tan significativos como Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín e Alfredo Conde, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cela, Cunqueiro e Piel, 'honoris causa' en Compostela" *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 20 decembro 2008, p. 2.

Dá conta da investidura no ano 1980 de tres escritores galegos como membros "honoris causa" da Universidade de Santiago de Compostela, así como da publicación posterior dun volume cos seus discursos: *Discursos*: *D. Camilo Xosé Cela*, *D. Álvaro Cunqueiro*. *D. Joseph M. Piel*. Afirma que dita obra serviu para lembrar estas tres importantes figuras da literatura e dos estudos filolóxicos en xeral.

Castro Soliño, Dorinda, "Sentimentos e paixóns", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Libros", p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, "Xuvenil/novidades", 10 xaneiro 2008, p. 11.

Afirma que a escrita por mulleres en Galicia está a ser un importante fenómeno cultural e pon como exemplo a Anxos Sumai, autora da que se realiza un repaso pola súa traxectoria literaria. A seguir, céntrase na análise d'*Así nacen as baleas* (2007), gañadora do premio Repsol YPF e a primeira incursión da autora no relato. Repásase a súa trama argumental, que se centra na figura da narradora e protagonista Nena.

Castro Soliño, Dorinda, "Boris Vian, entre nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Libros", 24 xaneiro 2008, p. IV.

Loa o labor editorial que está a levar a cabo Faktoría K con traducións de narrativa de referencia. Exemplifica isto coa tradución de *J'irai cracher sur vos tombes* (1946), de Boris Vian, baixo o título *Cuspirei sobre a vosa tumba* (2007). Comenta que este libro contén violencia e sexo, que está escrito en primeira persoa e mais que conta cun ritmo áxil, unha linguaxe directa e con notas ao pé do tradutor.

Castro Soliño, Dorinda, "Monsieur Ibrahim", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Libros", 6 marzo 2008, p. IV.

Comeza falando da importancia da novela *O señor Ibrahim e as flores do Corán* (2007) e da súa versión cinematográfica. Con respecto á novela, afirma que nela se narra en primeira persoa as peripecias vitais de Momo centradas na súa amizade co señor Ibrahim con quen realiza unha viaxe física e espiritual.

Caveiro, Laura, "Relembranza da infancia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Libros", 24 xaneiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 172, "Letras galegas", 2 febreiro 2008, p. 10.

Sinala que *As pontes no ceo* (2007), de Ramiro Fonte, é a última entrega da triloxía das memorias da infancia do seu autor. Comenta que conta cun enfoque panorámico no que conflúe a memoria persoal coa colectiva e que conta cunha trama coral. Ademais destaca que narra con ironía e indica que no universo deste libro xorden nomes e apelidos reais.

C. F., "Un libro reconstrúe os últimos meses de Valle-Inclán en Compostela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xaneiro 2008, p. 47.

Infórmase de que a Consellaría de Cultura, dentro da colección "Cadernos de Compostela", vén de editar *Valle-Inclán en Compostela. A derradeira estadía en Galicia* (2007), unha monografía que relata os últimos meses de Valle Inclán en Compostela, dende marzo de 1935 até o 5 de xaneiro de 1936 (ano do seu pasamento). Explícase que o libro se fai eco do empeoramento da súa enfermidade (cancro de

vexiga) e da última estadía na terra galega, na que asistiu a faladoiros literarios no Derby, recibiu homenaxes e colaborou co xornal *La Voz de Galicia*. Sinálase que a monografía se centra non só na súa vida, senón tamén nas circunstancias do seu pasamento e na repercusión que suscitou na súa época.

Cordal, Xabier, "En diálogo co tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2008, p. 27.

Co gallo dos cincuenta anos da publicación *Percival e outras historias* (1994), de Xosé Luís Méndez Ferrín, reflexiona sobre a importancia de Ferrín dentro da narrativa galega. Recalca que os fundadores da Nova Narrativa tiveron que exercer de creadores, axentes, editores, críticos e publicistas e que *Percival e outras historias* inaugura o universo ferriniano que é unha precocísima alternativa ao paraíso de Álvaro Cunqueiro. Indica tamén que os relatos deste libro son contemporáneos aos poemas de *Voces na néboa*.

Costa, Xosé María, "Salgado, singular e suxerente", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Cultura", 17-23 xaneiro 2008, pp. 33-34.

Referencia ao volume *Os poemas de como se rompe todo* (2007), de Daniel Salgado, que é cualificado como un conxunto de versos concentrados e íntimos inzados de melancolía e derrota e que en conxunto esbozan o desacougo e a soidade.

Costa, Xosé María, "Marica Campo, rebelde e evocadora, ás veces ritual", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, p. 33.

Indica que *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), de Marica Campo, resulta ser un poemario rebelde e evocador onde se debuxa o rumor da tristeza e da ausencia cunha voz intensa e rebelde.

Costa, Xosé María, "Sobrias e suxerentes reflexións sobre a arte", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21-27 febreiro 2008, p. 32.

Asegura que no volume *Sinais na area. Escritos sobre a arte* (2007), de Xulio López Valcárcel e editado pola Deputación da Coruña, o seu autor entrega unha serie de intensas aproximacións críticas a diferentes artistas e estéticas de Galicia.

Costa, Xosé María, "Fernán Vello ou o afectado torrente verbal", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro-5 marzo 2008, pp. 33-34.

Explica que a escolma poética de Miguel Anxo Fernán Vello editada polo PEN Clube de Galiza baixo o título *Astro interior. Escolma poética 1984-2007* en 2007 ofrece unha poesía distante e estática perfilada polo ton uniforme. Indica que conta cunha introdución a cargo de Teresa Seara e que nos poemas de Vello xorde a tendencia a subliñar a emoción e a edulcorar as imaxes.

Costa, Xosé María, "As ausencias de Carlos Penelas", *A Nosa Terra*, n.º 1.315, "Cultura", 19-25 xuño 2008, p. 34.

Comenta que con *Sombras*, *rosas*, *sombras* (2007) o seu autor, Carlos Penelas, tenta a rebeldía e agás algún momento de esperanza ritual, o que apunta neste poemario é a imaxe do baleiro, a sombra onde fica o silencio e mais a tristeza.

Dacosta, Henrique, "Boa colleita, a de 2007", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 467, "Enfiando", 10 febreiro 2008, p. 23.

Analiza dúas obras publicadas en 2007: *Teatro popular*, de Eduardo Fra Molinero, e *Libro das alquimias*, de Xesús Constela. Sobre *Teatro popular* explica que se trata dunha obra que presenta tres pezas teatrais, unha traxicomedia "Irmandiñas" e dúas comedias "O parto de Calandrino" e "O converso de Ribadavia". Comenta que Fra Molinero expresa a súa ironía e retranca e fai xogos de palabras, ademais de puntualizar que as tres pezas presentan unha moralexa final. Salienta tamén a linguaxe rica e viva, utilizada en diferentes rexistros. Por outra parte, sobre o *Libro das alquimias*, destaca o bo facer de Constela que presenta unha novela na que prima a intriga e cuxo obxectivo é un canto á liberdade. Por último, fala sobre os dous personaxes principais, o rapaz e o vello, e o cruce das súas vidas.

Dopico, M., "A reexistencia dun pobo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xaneiro 2008, p. 27.

Asegura que Isabel Castro reivindica o pensamento de Manuel Rivas como unha vía para a integración nun mundo globalizado sen deixar de ser galego no ensaio titulado *Reexistencia. A obra de Manuel Rivas* (2007). Tamén se afirma que Rivas escribe en galego para conectar o galego co universal e destaca que tamén reconcilia na súa obra unha globalización ecolóxica. Finalmente considera que Rivas parte da experiencia local da "outredade", as persoas anónimas, para construír un discurso universal da resistencia á asimilación.

Eyré, Xosé M., "Lugrís, pintor e náugfrago", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, "Cultura", 10-16 xaneiro 2008, p. 32.

Afirma que n'*O señor Lugrís e a negra sombra* (2007) se pode atopar un considerábel número de "lugrisadas", que son anécdotas do pintor e algo poeta Urbano Lugrís, que o axudarán a coñecer e a desmitificar. Asegura que esta novela presenta o recurso do manuscrito atopado e que o xogo de narradores é un dos aspectos técnicos máis suxestivos. Tamén sinala a calidade técnica das analepses e manifesta que a tendencia do narrador ao chiste caracteriza en exceso o discurso. Finalmente asegura que despois da lectura desta novela fica unha imaxe de Lugrís de pintor que leva unha vida bohemia.

Eyré, Xosé M., "Once historias arredor da economía e as súas aplicacións", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Cultura", 17-23 xaneiro 2008, p. 32.

Comenta que *Nos dominios da incerteza* (2007), de Manuel Blanco Desar, trata a economía e destaca que este é un tema pouco transitado no campo literario da ficción. Destaca o seu carácter transgresor e que as historias que aparecen neste volume teñen como obxectivo a reflexión sobre as prácticas económicas, sobre temas convencionalmente cualificados de espiñentos e polémicos e que en conxunto é unha aposta pola economía ao servizo do ser humano. Igualmente apunta que nestas historias o fundamental son as reflexións dos personaxes ou do narrador e non a acción en si.

Eyré, Xosé M., "Saga familiar", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, p. 32.

Comenta que a historia de *Cardume* (2007), de Rexina Vega, parte da realidade e pon ao lectorado agardado perante unha fabulación que homenaxea a vida de Urbano, que se inspira en parte na vida de Urbano Rodríguez Moledo. Explica que esta novela ten como eixo o golpe de estado franquista e que nela se conta a historia dunha saga cunha trama poboada de moitas personaxes o que provoca unha construción por acumulación que non funciona. Indica que é constante o uso do resumo e da enumeración e remata asegurando que esta novela lle lembra moito a *A xente da Barreira* (1951), de Ricardo Carvalho Calero.

Eyré, Xosé M., "Compatibilidade entre a muller e a familia", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Cultura", 31 xaneiro-6 febreiro 2008, p. 32.

Reflexión sobre *Así nacen as baleas* (2007), de Anxos Sumai, na que se apunta que trata un tema que preocupa: a posibilidade de que a realización persoal dunha muller non sexa compatíbel coa vida familiar. Salienta que a historia ten como foco a Nena e que está contada en tres momentos, nos que a dosificación sobre a información e sobre as relacións entre os personaxes é un dos aspectos técnicos máis salientábeis. Fala brevemente dos personaxes que aparecen nesta novela e explica que se centra nas relacións entre estes personaxes, tendo como centro a Nena e en segundo termo o defunto Ramón, irmán de Nena. Asemade apunta que *Así nacen as baleas* ten o reclamo da autenticidade e da proximidade.

Eyré, Xosé M., "Unha reflexión sobre a arte verbal do futuro", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 32.

Sostén que *Bingo* (2007), de Pilar Beiro, é un poemario que non é poesía senón que é "a Arte Verbal do Futuro". Tamén indica que a voz poética deste libro emite o seu discurso dende unha indubidábel conciencia política e feminina e mais que este tipo de poesía representa sempre unha procura obsesionada da beleza.

Eyré, Xosé M., "O escritor como personaxe", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Cultura", 14-20 febreiro 2008, p. 32.

Asegura que *Os ollos de K* (2007), de Antón Riveiro Coello, pretende transparentar o propio proceso da escrita. Explica que é unha novela de detectives protagonizada por un escritor, que o xeito de contar do seu autor ten unha clara ascendencia clásica e tamén destaca que Riveiro Coello é un reputado construtor de tramas.

Eyré, Xosé M., "As ortigadas de Xiana Arias", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21-27 febreiro 2008, p. 32.

Alude a que os poemas de *Ortigas* (2007), de Xiana Arias, abanean entre o concepto de microrelato e o de poesía. Comenta que neste poemario hai moito teatro e tamén moito microconto. Afirma que a descrición é un recurso moi empregado e que se está perante unha poesía máis de necesidades que de sentimentos ou verdades; tamén poesía de solidariedades e de soidade.

Eyré, Xosé M., "Un narrador posmoderno na Idade Media", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 32.

Destaca que *As palabras na néboa* (2007), de Francisco Castro, narra unha curiosa historia ambientada despois das guerras irmandiñas e que conta con personaxes principais: Antonio de Outeiro, Isabel de Portugal e o malvado Luís. Indica que presenta alusións extemporáneas e que o personaxe que mellor sae parado é o de Luís, dado que é o único que presenta evolución.

Eyré, Xosé M., "A personalidade minimizada", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 32.

Informa que n'*Unha falsa luz* (2007), de Xavier Alcalá, a compoñente social o é todo. Comenta a pouca atención que se lle presta á muller, fala da súa cadencia rítmica lenta e sorpréndese do ben parado que sae Manuel Fraga nesta novela. Tamén se pregunta se é posíbel construír un discurso histórico con menos de cincuenta anos de perspectiva.

Eyré, Xosé M., "Miseria, emigración e música dos Tamara", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 32.

Coméntase o volume *A lúa dos Everglades* (2007), de Xesús Manuel Marcos, do que se indica que presenta un discurso que se desenvolve en Arxentina, Madrid, Miami e Galicia. Céntrase na descrición destes lugares e indica que o seu autor xoga moi habilmente coa converxencia das historias de Miami, Madrid e Galicia. Finalmente, compara este volume con *Os ollos de K* (2007), de Antón Riveiro Coello.

Eyré, X. Manuel, "A novela como reflexión do testemuño", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", 1-7 maio 2008, p. 32.

Comenta a novela de Xesús Rábade Paredes, *Mentres a herba medra* (2007). Comeza comparando esta novela con *Blúmsdei* (2006), de Xosé Cid Cabido, e mais con *Os*

nomes da morte (2002), de Vítor Vaqueiro, e saca como idea central que estes volumes reflicten a necesidade dos seu autores de pór en palabras a dialéctica entre a vida e a conciencia individual. Afirma que *Mentres a herba medra* é unha novela fundamentalmente reflexiva, que nela podemos ver unha revisitación crítica da memoria de boa parte da historia do século XX cun ritmo pausado e que a integración do material reflexivo e narrativo é total. Finalmente indica que a auténtica personaxe desta novela é o seu autor-narrador xa que o resto de personaxes actúan como provocadores deste autor-narrador.

Eyré, X. Manuel, "En tempos da Inquisición", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Cultura", 15-21 maio 2008, p. 34.

Comeza salientando as diferenzas entre o conto longo, a novela breve e máis a novela longa, e propón como exemplo de novela breve a obra de Ramón Caride, *O frío azul* (2007). Dá conta da orixe da obra a partir de dous feitos históricos e destaca a súa intensidade. Tamén fai referencia aos narradores: explica que a novela comeza cun narrador en terceira persoa que deixa paso a un personaxe e remata novamente co narrador en terceira persoa. A continuación comenta que a obra esixe un lector activo e indica que o autor coidou moito a intensidade da trama. Finalmente, afirma que a obra de Caride pode ter certos trazos de novela histórica e detalla en qué puntos a podemos considerar como tal.

Eyré, Xosé M., "Segredos do detective Montalbano, segredos de Camilleri", *A Nosa Terra*, n.º 1.311, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 32.

Sinala que *A pista de area* (2007), de Andrea Camillieri, é versión galega de *La pista di sabbia*. Indica que é o duodécimo título dunha serie centrada no comisario Salvo Montalbano e describe o seu peculiar cadro de axudantes. Apunta que nesta entrega se poden ver as complexas relacións do protagonista con Livia, Ingrid e mais Rachele e destaca o seu humorismo. Apunta que o mellor da novela radica na variedade de ambientes mais laméntase que nesta versión galega só se reflictan os dialectalismos sicilianos do orixinal italiano nos hipocorísticos.

Faginas, S. "Vivir no ilimitado límite do ser humano", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 6.

Faise eco da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Arrabaldo do norte* (1964). Explícase que o autor conseguiu rachar coa literatura anterior, a decimonónica e a de posguerra, nas a penas cen páxinas do libro. Engádese que con esta obra se rompe coa idea da acción, do narrador e da caracterización de personaxes para tratar unicamente o desconcerto do home no espazo físico que ocupa. Destácase, por outra banda, a precisión estilística, a técnica depurada e innovadora e a sensibilidade que produce a estrañeza do ser humano.

Feixó, Xosé, "Espazos para o diálogo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Libros", 13 marzo 2008, p. IV.

Comentario centrado no volume *Ao pé do abismo* (2007), de Rosa Aneiros, do que se salienta que é un libro de pensamentos onde se recompilan artigos xornalísticos da autora publicados nos tres últimos anos e dos que destaca tres títulos: "Xogo de espellos", "A mazá que trabou Adán" e mais "Flores no mar".

Fernández, Xurxo, "La creación y el estado melancólico", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 23 marzo 2008, pp. 4-5.

Comeza falando sobre a importancia de obras fundamentais de distintas artes como a literatura, a pintura ou a música na nosa historia universal, e tras salientar a autores e obras, dá conta da tradución que a editorial Galaxia publicou da obra de Jack London, *O viaxeiro astral* (2007), traducida por Xoán Abeleira. Comenta que se trata dunha obra moi rara que se centra na figura do prisioneiro Darrell Standing quen recibe numerosas torturas das cales saca forzas para seguir resistindo, grazas ao control da súa mente. Indica que é nesa resistencia onde radica o interese da obra. Finalmente, salienta que o argumento da novela foi comprado polo autor a outro escritor, nos anos finais da súa vida.

Fernández Lorenzo, Rafael, "Prá A Habana!", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, "Libros", 28 febreiro 2008, p. IV.

Apúntase que o autor de *Da vendima á zafra* (2007) é o escritor cubano Emilio Comas Paret, que é coñecido polo seu traballo como crítico e colaborador en *Gaceta de Cuba*. No referente a esta novela indícase que é unha crónica dun emigrante galego en Cuba, repásase a súa trama argumental e dela destácase que é "unha historia conmovedora", que conta con abondosa etimoloxía ao pé de páxina e que serve como exemplo contra a xenofobia e o racismo imperante hoxe en día.

Fernández Lorenzo, Rafael, "Solidariedade proporcional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Libros", 10 abril 2008, p. 4.

Preséntase neste artigo *Vanakkam benvidas* (2007), un libro creado con textos de diferentes escritoras de Galicia e do estado indio de Tamil Nadu. Dise que a obra, publicada grazas ao traballo conxunto da plataforma "Implicadas/os no desenvolvemento" e á Editorial Galaxia, pretende actuar como unha defensa da muller dentro da sociedade india. Explícase que para iso conta non só coa colaboración de poetas, pedagogas, tradutoras e filólogas que dan a súa visión sobre tema, senón tamén co traballo de Desoños no deseño gráfico. Coméntase tamén que o libro conta ademais cun CD no que se recollen todos os poemas en formato dixital.

Fraga, Xesús, "Orhan Pamuk revela a súa inspiración", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras Ficción", 29 marzo 2008, p. 6.

Faise unha pequena introdución á figura do escritor turco Orhan Pamuk e a seguir repásase a trama argumental do libro, *O castelo branco* (2007), do que se subliña que é

a novela que deu a coñecer internacionalmente a este escritor. Explícase que esta novela de aventuras está chea de acenos literarios e que contén unha importante reflexión sobre a identidade persoal e colectiva.

Gallas Otero, Lidia M., "Artesanía e poesía conflúen no 'Monólogo do calígrafo' de Baldo Ramos", *Diario de Arousa*, "Literatura", 2 marzo 2008, p. 32.

Co gallo da presentación de *Monólogo do calígrafo* (2007), de Baldo Ramos, no Ateneo Valle Inclán de Ribeira faise unha descrición deste "libro diferente" publicado na colección "Bourel". Destácase que é unha edición única de cen unidades na que se recollen textos nos que o seu autor reflexiona sobre o seu traballo como pintor. Tamén se afirma que se está perante un exercicio poético no que se poñen en práctica tres expresións artísticas: literatura, caligrafía e pintura.

Gallas Otero, Lidia M., "As palabras da néboa' consegue o premio de novela García Barros 2007", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Premio", 30 marzo 2008, p. 27.

Dá conta do libro gañador do Premio de Novela García Barros 2007, outorgado polo Concello da Estrada. Indica que a obra gañadora é *As palabras da néboa* (2007), de Francisco Castro e que foi publicada por Galaxia. Comenta que o tema fundamental do libro é a liberdade e os soños desenvolvidos a través de tres historias con tres protagonistas de destinos diferentes. A continuación, dá conta da traxectoria literaria de Castro e nomea outros premios acadados.

Gallas Otero, Lidia M., "O catalán Ferrán Fernández introdúcese nas letras galegas con 'Xeografía nocturna", *Diario de Arousa*, "Literatura", 13 abril 2008, p. 29.

Coméntase que o Ateneo Valle Inclán de Ribeira xunto coa Asociación Barbantia e mais a colección artesanal "Bourel" presentaron recentemente a obra *Xeografía nocturna* (2007), do poeta catalán Ferrán Fernández. Detállase que este volume está composto por un caderno poético en lingua galega, que inclúe seis haikus, e caracterízase a obra como "desenfadada e cunha esencia contraditoria" acompañada cun toque de humor.

García, M. V., "Enxeñería dramática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Teatro", 17 xaneiro 2008, p. VIII.

Faise unha análise do volume *Dramaturxia. Teoría e práctica* (2007), de Afonso Becerra de Becerra, do que se subliña que constitúe unha excelente introdución aos procesos de análise e interpretación da dramaticidade nos seus elementos distintivos. Tamén apunta que este "magnífico volume" esixiría un novo traballo que o complemente e que amose os procesos de adaptación e transformación que configuran o texto e mais o espectáculo na súa dimensión virtual. Cualifica a este libro de manual de referencia de textos dramáticos e indica que consta de once capítulos onde se presentan os elementos fundamentais do texto dramático dende unha dimensión teórica.

García, M. V., "Despois de Godot", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Teatro", 17 abril 2008, p. VIII.

Coméntase o volume *Crio-Xénese* (2007), de Afonso Becerra de Becerra, e con respecto ao concepto de "crio-xénese" indícase que admite múltiples interpretacións ao se tratar este libro dun texto aberto. Detállase que os dous personaxes desta obra, Alfa e mais Omega, habitan o mundo terminal ou primixenio que é recreado por Becerra e indícase que conta cun prólogo escrito por Manuel Lourenzo.

García, M. V., "Memoria da dominación", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, "Lecturas", 10 maio 2008, p. 9.

Informa que *O regreso ao deserto* (2007), de Bernard-Marie Koltès, que aparece agora en lingua galega baixo a tradución de Fernando Moreiras, xa fora presentado en 2006 como espectáculo polo Centro Dramático Galego, con dirección de Cristina Domínguez. No referente a este volume, indica que recrea o mundo pechado dunha cidade calquera de Francia nos anos sesenta e destaca a vontade de explorar os diferentes estilos e rexistros cos que o autor reflicte unha realidade heteroxénea.

García, M. V., "A nación clandestina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Teatro", 23 outubro 2008, p. VIII.

Afírmase que o xénero da parodia radica en que o real adoite unha dimensión satírica, grotesca, burlona... Dise que con ela se tenta mostrar unha crítica profunda do real e, nese sentido, a parodia se tense utilizado como ferramenta de intervención política, *O xigante Mapoulas* (1995), de Juan Bautista Alberdi, e versionado ao galego por Ramón Rocamonde. Sinálase que é unha narración onde se critica ao xeneral Juan Manuel de Rosas, onde a rosa se transforma en papoula e os militares en Mentirola, Mosquito e Guitarra. Dise que esta obra foi pioneira no seu tempo e que está chea de críticas veladas dos protagonistas do drama real. Pola outra banda, afírmase que *Taras mínimas*, de Gustavo Pernas, publicada en 2007 por Edicións Embora, vai na mesma liña ca anterior. Coméntase que Pernas adopta unha posición politicamente incómoda e mostra a historia de nove mulleres cun só corpo e moitas cabezas, que representan a tantas mulleres que se converten en forza de traballo de corporacións que van sempre na busca de man de traballo máis barata, máis dócil, da máis necesitada. Finalmente, indícase que o tema central non é a crítica ao mundo empresarial, senón á deshumanización do mundo empresarial.

García, Rodri, "Un axeitado guión para Sam Peckinpah", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, 26 xaneiro 2008, p. 11.

Faise unha análise do libro *O sabre do francés* (2002), de Miguel Anxo Fernández, do que se indica que recolle doce relatos ambientados na loita contra os franceses e que algúns toman feitos históricos como referentes e que outros son recreacións. Fálase da pegada de cineastas como Henri Ford ou John Huston neste volume e recálcase que o

seu autor estivo a traballar nel cinco anos e que no seu proceso de documentación visitou museos de Lisboa, Pontevedra e A Coruña.

García, Rodri, "O señor Ibrahim merca uns zapatos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 249, 9 febreiro 2008, p. 14.

Coméntase o argumento d'*O señor Ibrahim e as flores do Corán* (2007) e afírmase que é unha fermosa historia de amizade, de iniciación e de humor. Dise que os seus protagonistas son un pícaro xudeu chamado Moisés e mais o señor Ibrahim que é "un magnífico observador da vida".

González Reigosa, Carlos, "O perseguidor de Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 248, "Lecturas para sempre", 2 febreiro 2008, p. 3.

Texto que fala da innovación narrativa que supuxo Julio Cortázar no século XX e indica que no conto "El perseguidor" está a chave da súa novidosa literatura. Tamén comenta que tivo a influencia dos exiliados galegos en Arxentina e que isto se pode comprobar no estudo *Respirar polo idioma* (2006), de Francisco Xavier Fernández Naval.

Iglesias, Óscar, "O editor de todos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 maio 2008, p. 8.

Refírese á monografía *Ánxel Casal, un editor para un país* (2007), coordinada por Alfonso Mato. Sinálase que o libro foi presentado polo Seminario de Estudos Galegos e o Consello de Cultura e que recolle o traballo de Ánxel Casal, insistindo na súa preocupación constante por publicar o máximo número posíbel de obras escritas en galego, co único obxectivo de enriquecer Galicia e o galego.

López, Ruth, "O crepúsculo brillante", *El Progreso*, "Vivir", 10 marzo 2008, p. 87.

Comentario sobre unha das obras de Gustave Flaubert, *Tres contos* (2007), publicada por vez primeira en 1877, tres anos antes do seu pasamento, e reimpresa recentemente pola Editorial Galaxia. Sinálase que o volume abrangue os contos "Un corazón simple", "A lenda de San Xulián o Hospitalario" e "Herodías". Recórdase que o primeiro narra a historia dunha humilde asistenta na Normandía campesiña do século XIX; o segundo recrea coidadosamente a vida cotiá na Europa do medievo e xa por último, o terceiro achéganos ao relato bíblico de Salomé, no mundo antigo. Conclúese cunha pequena sección que leva por título "Mocidade", sobre os comezos do escritor francés e as súas obras máis importantes.

López, Ruth, "Fuxido nas terras da imaxinación", *El Progreso*, "Cultura", 14 abril 2008, p. 71.

Afirma que *O viaxeiro astral* (2007), de Jack London, é unha das máis grandes e emblemáticas novelas do autor e indica que nela se describe a brutalidade e as experiencias vividas por Darell Standing no cárcere de San Quintín. Tamén se detén na

"impresionante" biografía de London da que se salienta que estivo chea de achaques físicos e que estivo rodeado de amigos que se aproveitaron del e que todo isto envorcou con forza "no torrente da súa fantasía creadora".

Loureiro, R., "Xulio Valcárcel, en 17 idiomas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, 15 marzo 2008, p. 15.

O articulista comenta o poemario *Se envellecemos xuntos* (2007), editado pola Sociedade Valle-Inclán de Ferrol na Colección Soláster para render homenaxe ao poeta galego Xulio Valcárcel. Tal e como salienta, a orixinalidade da obra reside en reproducir o célebre poema que lle dá nome, "Se envellecemos xuntos", en dezasete idiomas, coma o portugués, o francés, o italiano, o rumano, o alemán, o inglés, o holandés, o polaco, o húngaro, o ruso ou o árabe. Dise que o poemario conta ademais coa colaboración de grandes artistas galegos, da talla de Alfonso Costa, Alfredo Erias, Jano Múñoz, Nito da Vila, Beatriz Asende, Ana Karina, Yolanda Dorda e Pedro Bueno.

Loureiro, Ramón, "Ramiro, na súa ponte do ceo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 284, "Obituario", 18 outubro 2008, p. 13.

Afírmase que, se é ben certo que todas as mortes son tan inxustas coma prematuras, a de Ramiro Fonte resulta especialmente cruel e irremediábel. Dise que sentiu especialmente a súa morte César Antonio Molina, ao que o unía unha fonda amizade de máis de dúas décadas e que dicía que un poeta nunca morre, porque a súa obra permanece. Sinálanse a continuación as tres obras que constitúen a triloxía de Ramiro Fonte, *Vidas de infancia*. Coméntase que a primeira delas, *Os meus ollos* (2003), deixa constancia dos que a morte quería facer desaparecer envoltos nas brumas do pasado, mentres que na segunda delas, *Os ollos da ponte* (2004), na que Pontedeume é un lugar ao pé do Atlántico, Fonte leva á súa vila a realidade poética. Para rematar indícase que *As pontes no ceo* (2007) foi o último libro que escribiu antes de morrer.

Loureiro, Ramón, "Ante o estremecemento, Fernán Vello", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en Galego", 6 decembro 2008, p. 10.

Destácase a orixe do título deste poemario de Miguel-Anxo Fernán Vello, *Dicionario do estremecemento* (2007) nunha cita de Goethe incluída no presente volume. Faise un breve percorrido pola produción poética do poeta e sinálase o entendemento da poesía como unha forma de verdade e as diversas lecturas das que son susceptibles os seus poemas. Igualmente, faise mención do importante lugar que ocupa o poeta dentro do canon poético da literatura galega.

Martínez Bouza, Francisco, "Retrato da raza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Libros", 10 xaneiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 169, "Letras galegas", 12 xaneiro 2008, p.10.

Destácase que o volume *Porca terra* (2007), de John Berger, constitúe o primeiro volume da triloxía "Do seu labor" na que o seu autor afonda na realidade da vida

labrega. Indícase que combina relatos, poemas e debuxos e saliéntase que na versión galega se emprega a fala do interior oriental de Galicia para que "polo menos" unha parte dos labregos galegos se recoñezan neste relato.

Martínez Bouza, Francisco, "Texto polifónico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Libros", 17 xaneiro 2008, p. V.

Asegura que *Mentres a herba medra* (2007), de Xesús Rábade Paredes, é un texto polifónico que presenta un fondo ritmo de jazz e mais un macro protagonista colectivo onde se presenta unha verdadeira saga familiar. Tamén afirma que é unha novela de tese con historias cruzadas que pretende ser unha mostra representativa da actual narrativa de formato longo. Igualmente comenta que esta obra lle presenta ao lector unha visión do mundo á marxe dos elementos estruturais tradicionais.

Martínez Bouza, Francisco, "Entre dúas culturas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, "Libros", 14 febreiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 175, "Lecturas", 23 febreiro 2008, p. 10.

Considera que o escritor turco Orhan Pamuk comezou a ter éxito mundial coa publicación en 1985 d'*O castelo branco*, que se editou en lingua galega no 2007 e que rematou co Nobel de Literatura en 2006. Afirma que este libro é un clásico da literatura turca e que nel se conta a historia de dous homes, un veneciano e mais un turco, que trocan o seu lugar na vida ao se entrecruzaren as súa vivencias.

Martínez Torres, Dolores, "Fugacidade e mito", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Libros", 6 marzo 2008, p. V.

Detense n'*A casa das belas adormentadas* (2007), de Yasunari Kawabata. Indícase que concentra a fugacidade dun haiku e a transcendencia dun mito e cualifícase como "novela breve, inquedante e surreal". Destácase que presenta un argumento simple e, despois de repasar a súa trama argumental, afírmase que neste volume Kawabata mostra a morte e o sexo co pincel delgado dunha estampa cortesá.

Martínez Torres, Dolores, "Innegable oficio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Libros", 13 marzo 2008, p. IV.

Longa descrición da trama argumental d'*O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando. Despois de destacar o "innegable oficio" do seu autor, afirma que nesta novela se combinan acontecementos históricos, arquetipos literarios e folclore conformando unha novela gótica de entretida lectura.

Martínez Torres, Dolores, "Imaxes poderosas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Libros", 27 marzo 2008, p. IV.

Comenta que os contos que integran *Tres contos* (2007), de Gustave Flaubert, son distintos entre si en ton e paisaxe, pero que sintetizan as diferentes facetas do xenio do seu autor. Fai unha breve aproximación aos tres contos deste volume e así afirma que "Un corazón simple" é un exemplo de psicoloxía intimista, que "A lenda de San Xulián o Hospitalario" transloce o gusto polo medievalismo e o sobrenatural, mentres que "Herodías" ilustra a historia bíblica da morte do Bautista.

Martínez Torres, Dolores, "Fugacidade e mito", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 178, "Letras galegas", 15 marzo 2008, p. 10.

Comenta que Yasunari Kawabata foi o primeiro escritor xaponés en recibir o Premio Nobel, e fai referencia á súa novela curta *A casa das belas adormentadas* (2007), traducida ao galego por Mona Imai e publicada por Rinoceronte. Afirma que a obra concentra a fugacidade dun haiku coa transcendencia dun mito e indica que a acción é moi curta e que discorre no medio de símbolos e temas ancestrais. A seguir, relata o argumento da obra e céntrase no espazo da casa como territorio máxico. Finalmente, loa a estrutura da obra e a súa poética e orixinalidade.

Martínez Torres, Dolores, "Para perdurar", *La Opinión*, "*Saberes*", nº 183, "Letras galegas", 26 abril 2008, p. 10/"Desde a mestría", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Libros", 17 abril 2008, p. V.

Fai referencia á novela de William Faulkner, *O ruído e a furia* (2007), traducida ao galego por Xurxo Borrazás e publicada por Galaxia. Comenta que nesta obra, ao principio, todo parece confuso e inconexo mais o éxito da novela atópase na selección que o autor fai das palabras que intrigan e hipnotizan ao lector. Indica que a edición tamén achega uns anexos do propio autor onde explica a xénese da novela e afirma que se trata dunha das mellores obras da literatura moderna norteamericana. De seguido, fai referencia aos distintos narradores e salienta trazos da linguaxe empregada por Faulkner.

M. de Bran, "Ogando, 'o irmanciño' e a cultura verde", *La Región*, "Opinión", 28 xaneiro 2008, p. 16.

Explícase que o volume *Ogando, o Irmanciño e a cultura verde* (2007), de Carlos Rodríguez Dacal, se estrutura en tres partes tituladas ("Semblanzas do señor Ogando", "A cultura da árbore en Galicia" e "O Irmanciño de Otero Pedrayo") e que conta cun limiar de Fernando González Suárez. Coméntase que este libro se escribiu como homenaxe póstuma ao intelectual Xulio Fernández Ogando e descríbese como este lle construíu a Otero Pedrayo un cadaleito cun pinsapo abeto que o propio Otero pensaba que era unha araucaria. Tamén se sinala que este libro remata cunha "abundante bibliografía e documentación".

Mera, Héitor, "Capacidade provocadora", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Libros", 21 febreiro 2008, p. IV.

Cualifica o *Hai cu* (2007), de O Leo, de poemario inzado de xogos de palabras cunha mensaxe que vai máis alá do que parece. Destaca que a súa meirande virtude é a capacidade provocadora dos seus escatolóxicos versos e afirma que en realidade se está perante unha arroutada lúdica dende o formalismo tradicional dunha das literaturas tradicionais.

Mera, Héitor, "Intimismo egolátrico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Libros", 6 marzo 2008, p. V/"Insomnio egolátrico", *La Opinión*, "*Letras galegas*", n.º 178, 15 marzo de 2008, p.10.

Análise do poemario *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño. Cun ton marcadamente crítico, Mera dedícase a presentar unha obra organizada en cinco seccións, pero nas que el detecta o redundar ao redor dun mesmo tema: "o intimismo egolátrico e inmodesto" da autora. Esta aparente sinxeleza e mesmo banalidade da obra permítelle acabar de xeito rápido con ela e pasar a reflexionar sobre a situación da poesía na literatura galega. Móstrase claro partidario dunha produción na que se desbote o "todo vale" e unha política de apoio á literatura que saiba actuar tanto por acción coma por omisión.

Mera, Héitor, "Ladaíña de angustias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Libros", 13 marzo 2008, p. IV.

Asegura que *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias, conta cunha boa poesía na que o centro é case sempre a muller e na que tamén teñen cabida os recordos da nenez. Destaca que calquera que lea este libro se decatará da evocación sincera do seu autor e que é un poemario auténtico e que non engana.

Mera, Héitor, "Versos navegables", "Versos navegables. Desde o amor pleno", *Faro de Vigo*, "Libros", n.º 263, 16 outubro 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", 25 outubro 2008, p. 10.

Dáse conta da publicación do novo poemario de Vladimir Dragossán, *O cabaleiro da rosa*, do que destaca a sinxeleza e temática sentimental, sendo a disposición do amor o fío que enguedella os poemas. Apúntase que a luz e a esperanza tamén teñen un destacado papel ao longo do poemario, empregando o poeta abondosas metáforas e imaxes, que de feito presentan diferentes formas, como é o caso dos haikus. Destaca o poemario, en definitiva, pola súa conxunción de sentimento e expresión.

Montaña, Estro, "No envés", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Libros", 21 febreiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, "Lecturas", 1 marzo 2008, p.10.

Coméntase a obra *El periodismo de Álvaro Cunqueiro* (2007), de Montse Mera, no que se fai unha didáctica semblanza biográfica de Cunqueiro e onde se estuda a súa orixinalidade. Explícase que a súa autora estudou os artigos publicados por Cunqueiro

entre 1961 e 1981 na sección "El envés" en *Faro de Vigo* e deles destaca que a vixencia destes artigos está na unión entre a columna de xornal e a literatura.

Montaña, Estro, "Para perdurar", *Faro de Vigo*, *Faro da Cultura*, n.º 242, "Libros", 3 abril 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, "Letras Galegas", 12 abril 2008, p. 10.

Faise eco da publicación da obra *Da palabra no tempo* (2007), de Darío Villanueva. Coméntase que nesta ocasión o catedrático intenta amosar distintos camiños para a análise do perfil dos mestres de literatura galega e española. Dise que Villanueva defende a restauración da tradicional relación entre o lector e a obra literaria.

Montaña, Estro, "Amor, amizade, melancolía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, "Libros", 30 outubro 2008, p. IV.

Dise que non é frecuente que obras xaponesas sexan traducidas ao galego, pero que *Kitchen* é unha excepción. Destácase que esta pequena novela é un relato autobiográfico contado por unha moza que ao morrer a súa avoa queda orfa e logra superar a súa dor cando coñece a outro mozo que tamén é orfo. Indícase que a historia mestura o amor, a amizade, a soidade e a melancolía. Afirmase que Banana Yoshimito acadou un recoñecemento sorprendente e hai quen a compara na escena internacional coa chilena Isabel Allende.

M. S., "A visión da vida entre os dezasete e os vinte anos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 708, "Ó asexo dos libros", 11 maio 2008, p. 8.

Comenta que Abel B. Veiga Corpo ofrece en *Versos del ayer* un conxunto de versos en galego e en español que acubilla unha poesía que sae do fondo da alma e que evoca os sentimentos e mais a visión dun rapaz. Informa que foron escritos hai doce anos e que os poemas en galegos datan de 1990 e 1991 e que levan o título de "Na esperanza dun mencer". Así mesmo, di que este autor tamén ten escrita unha novela dende hai trece anos.

M. T., "Un anaco de historia en Xunqueira", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, 23 febreiro 2008, p. 12.

Breve comentario referido á publicación d'*As soas*, de Ramón Pérez. Dise que o autor coa súa escrita quixo deixar constancia duns tempos pasados que marcaron a súa vida en Xunqueira de Ambía.

Nicolás, R., "Plumas brillantes e galegas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "Letras en galego", 26 xaneiro 2008, p. 7.

O articulista saúda a edición de dous volumes que se deron a lume grazas a un proxecto nado no Consello da Cultura Galega. Así en *Xornalistas con opinión* (2007), reúnense as biografías de vinte xornalistas galegos de todos os tempos, entre os que se atopan

Manuel Prado de Andrade, Emilia Pardo Bazán, Basilio Álvarez, Roberto Blanco Torres, Luís Seoane, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro, entre outros. Fala tamén da escolma de textos onde se mestura o xornalismo literario co de opinión cuxos autores, tal e como afirman X. López e Víctor Freixanes, "eran persoas que sabían que sen medios propios non había opinión propia e que sen opinión propia un país non existe no mundo".

Nicolás, R., "Novela tensa e emocional", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 249, "Letras en galego", 9 febreiro 2008, p. 14.

Analízase a novela *Así nacen as baleas* (2007), da escritora Anxos Sumai e editada por Galaxia. Fálase do seu ritmo narrativo, da técnica fragmentarística e incluso da estética intimista que a caracteriza.Coméntase que se trata dunha obra que foi galardoada co Repsol-YPF de narrativa curta.

Nicolás, R., "De liberdades e utopías", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", 1 marzo 2008, p. 10.

Preséntase *As palabras de néboa* (2007), de Francisco Castro Veloso, onde se conta a historia de Antonio de Outeiro, un vasalo que decide volver ao seu lugar de orixe logo dunha experiencia no Novo Mundo. Sinálase que é un lugar onde se atopa con don Luís, despótico e sanguinario. Coméntase que a estes personaxes se lles une o de Isabel de Portugal así como a sombra da Inquisición. Dise que a pesar dos vínculos que a obra mantén coa anterior, *Memorial do infortunio* (2003), o certo é que salienta a "virtualidade como exercicio que acredita nas utopías libertarias da condición humana".

Nicolás, R., "Cos ollos da vida e da creación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", 23 febreiro 2008, p. 12.

Infórmase da nova proposta narrativa de Antón Riveiro Coello, *Os ollos de K* (2007). Dise que é unha densa novela de carácter negro ou policial onde se observa unha inequívoca homenaxe, que se pode percibir xa no mesmo título, a Franz Kafka. Ademais, coméntase que o autor recorre ao escritor Suso Paradela que se ispe na súa dimensión biográfica e remátase afirmando que "esta é a escrita dunha aventura ou a aventura dunha escrita".

Nicolás, R., "De Filgueira Valverde a Espriu", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", 8 marzo 2008, p. 13.

Alúdese á importancia da colección dos "Adrais" de Xosé Fernando Filgueira Valverde, onde se encerran as respostas a moitas preguntas. Cítanse os seus *Estudos sobre a lírica medieval*, *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* ou *Quintana viva*. Coméntase que son coñecementos que se atopan recompilados nun voluminoso catálogo entendido como unha monografía monumental sobre Filgueira. Fálase a seguir de *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996* e *Indesinenter. Anuari Espriu*, dous ensaios que recalan na biografía intelectual do autor catalá e nas relacións intelectuais que este mantivo con

Galicia. Noméanse tamén diversas obras de autores varios centrados na figura de Xosé Filgueira Valverde.

Nicolás, R., "O espello de Francisco Pillado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", 15 marzo 2008, p. 15.

Preséntase *Conversas no pazo de Laiovento* (2007), proposta que vén da man do profesor e director da editorial Fervenza, Xosé Luna, e onde se presentan os diálogos que mantivo con Francisco Pillado, ensaísta, dramaturgo, editor e tradutor. Sinálase a este último como unha personalidade de importancia cultural e comprometido con Galicia. Destácase a distancia que adopta Luna perante a obra.

Nicolás, Ramón, "Unha novela poliédrica", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras en galego", 29 marzo 2008, p. 13.

Comenta que o escritor Caride Ogando retorna ao mundo da novela coa obra *O frío azul* (2007), gañadora do premio de novela curta Lueiro Rey. Indica que Caride Ogando introduce aos lectores nun mundo de ficción baseado en tres piares sólidos: as pegadas das novelas de aventuras, os trazos das novelas góticas e certas características da novela histórica. Así mesmo, salienta que ademais de estes tres piares, o autor recupera un espazo de ficción: as terras de Xálima, e destaca a riqueza léxica e o ritmo trepidante co que transcorre a historia.

Nicolás, Ramón, "Celanova ten un vento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 260, "Letras en galego", 3 maio 2008, p. 13.

Dáse conta da publicación da *Guía Literaria de Celanova* (2007) pola Fundación Curros Enríquez. Dise que a guía inclúe un abundante material de carácter documental e fotográfico. Tamén se sinala que a publicación está coordinada por Antonio Piñeiro e Paula Conde e que conta con numerosas colaboracións: Xosé María Paz Gago, Xosé Benito Reza, Antonio Piñeiro, Xosé María del Caño ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

Nicolás, Ramón, "Espírito contemporáneo 'in modo antico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 6.

Recoméndase o libro de poemas *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), de Marica Campo, debido ao talento da autora. Explícase que o título vén dado da forma métrica empregada: a sextina. Engádese que a intención da autora é a de achegar unha visión persoal do mundo a través dos trinta e nove poemas que responden a moi diversas temáticas, dende o proceso de creación literaria até os que se refiren á sociedade contemporánea. Tamén se informa das boas críticas obtidas polo libro, pouco frecuentes nun xénero como é o poético.

Nicolás, Ramón, "O grande editor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 268, "Letras en

Galego", 28 xuño 2008, p. 11.

Comenta que o Consello da Cultura Galega e o Seminario de Estudos Galegos, baixo a coordinación de Alfonso Mato, publicou a obra *Ánxel Casal: Un editor para un país* (2007). Dise que o volume aborda o labor editorial levado a cabo por Ánxel Casal, entre o que se atopa a catalogación e enumeración comentada dos rexistros editados e impresos nas editoriais Lar e Nós, así como a realización das famosas cubertas dos libros de Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Manuel Antonio, da revista *Nós* ou dos históricos arquivos do Seminario de Estudos Galegos.

Nicolás, Ramón, "Luz entre as sombras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 277, "Letras en galego", 30 agosto 2008, p. 6.

Cualifica a triloxía de Xavier Alcalá (*Entre Fronteiras*, 2004; *Nas catacumbas*, 2005; e *Unha falsa luz*, 2007), como un intenso esforzo narrativo que describe en case mil trescentas páxinas a memoria da comunidade evanxélica dende o reinado de Alfonso XII até a morte do xeneral Franco. Di que este traballo foi asumido pola comunidade evanxélica como un orgullo para eles e afirma que máis alá do tema relixioso se tratan as consecuencias dunhas xentes que por lealdade a unhas crenzas sufriron circunstancias adversas e en moitas ocasións extremas. Sinala que, polo feito de estar inspirada en acontecementos reais, adapta a historia aos seus lexítimos intereses, e que a triloxía está soportada por diferentes documentos de tipo documental, notariais..., material transformado en materia narrativa mesturada cos acontecementos históricos que teñen lugar no curso da narración. Remata indicando que toca temas como a capacidade de resistencia, a perseveranza, a crueldade, o amor, o odio..., e que o autor consegue, dende o punto de vista de Ramón Nicolás, o obxectivo último das tres obras: darlle voz a quen non puideron facerse oír.

Pena Presas, Montse, "Descubrir a Schlink", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Libros", 7 febreiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Novidades en galego", 16 febrero 2008, p. 10.

Refírese a Bernhard Schlink, autor do novo libro traducido ao galego por Patricia Buján Otero, *O retorno* (2007), como "un dos autores máis aclamados pola crítica en Alemaña". Posteriormente procédese a explicar o argumento da obra a medida que vai incluíndo conceptos da narratoloxía. Así, explícase que a historia d'*O retorno* está contada a través dun protagonista en primeira persoa, Peter Debauer, que comparte co lector un anaco da súa existencia que vai dende a primeira posguerra alemá até os anos que seguen á caída do muro de Berlín. Sinálase que a través do incumprimento dun mandato imposto polos seus avós, isto é, non ler as novelas cuxos follas el utilizaba para escribir, o protagonista comeza a busca do final dunha historia de retornados da guerra. Dise que é unha busca literaria que se converte en metáfora da busca do que un mesmo é. Tamén se sinalan os acaídos comentarios que na obra se recollen da *Odisea*. Finalmente, alúdese á novela anterior de Schlink, *O lector*, que sería traducida a máis de trinta idiomas.

Pena Presas, Montse, "O camiño da historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Libros", 21 febreiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, "Letras galegas", 1 marzo 2008, p. 10.

Considera o ano 2007 o de Francisco Castro por quedar finalista do II Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil coa novela "anovadora e sorprendente", *O ceo dos afogados*, e por conseguir o García Barros con *As palabras da néboa*. Esta última obra, ambientada no século XVI, cualifícase como "unha das novelas galegas máis sorprendentes dos últimos tempos", por non só revisitar o vieiro histórico galego, senón que tamén por encerrar unha trama narrativa de importante interese. Ademais, dise que se ve favorecida polo uso dun narrador moi particular que, pese a situarse nun tempo presente e funcionar como un demiúrgo do pasado, se corresponde cunha voz irónica consigo mesma e co autor empírico, sendo tamén un pouco burleira e encargada de espertar a reacción no lector. En definitiva, caracteriza a esta obra por ter un texto escrito coa forza e a crenza na boa literatura.

Pena, Xosé R., "Sombra de Lugo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Libros", 17 abril 2008, p. IV.

Presenta *Unha cidade e un poeta. Lugo e Luís Pimentel* (2007), de Araceli Herrero Figueroa. Fai referencia á estrutura da obra chegando a citar, textualmente, o título dos capítulos que a conforman. Refírese a definición que a autora dá do poeta lugués, a quen cualifica de "poeta hispánico", aínda que considera que o feito de ter como lingua de creación o castelán non impide a súa inclusión dentro da literatura galega.

Piñeiro, Alba, "Diario sensorial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", 16 febreiro 2008, p. 11.

Despois de facerse un pequeno repaso polos galardóns obtidos pola autora da obra poética *Zarzalúa* (2007), Pilar Blanco, indícase que é este un volume que se achega á lingua galega con especial gusto pola beleza e musicalidade que lle fixeron aflorar "mananciais de sons e vivencias primeiras", debido á orixe galega dunha parte da súa familia. Enumérase e exponse unha serie de trazos estilísticos desta autora e, finalmente, póñense de relevancia os aspectos editoriais debido ao xiro dado polo costume artesanal libroartístico e ensaístico da colección "Bourel". Remátase explicando as innovacións.

Ponte, Pilar, "Derradeiro London", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, "Libros", 1 maio 2008, p. IV.

Agradece ás editoriais galegas que estean a realizar un catálogo de obras universais traducidas ao galego e, nesta ocasión, comenta a publicación por parte de Galaxia da obra de Jack London, *O viaxeiro astral* (2007). Dá conta do argumento da novela e salienta que se basea en dous eixes temáticos: a denuncia do sistema e a supervivencia a través da mente. Explica que a obra é unha crítica ao sistema e á existencia de mecanismos torturadores e represores e, ao mesmo tempo, a historia é unha defensa do poder do individuo a través da súa mente. Por último, comenta que a obra foi traducida

por Xoán Abeleira de quen destaca o seu facer lingüístico e asegura que a novela é unha mestura de novela de aventuras e novela psicolóxica.

Rabuñal, Henrique, "No pazo de Laiovento", *La Opinión*, 8 marzo 2008, "*Saberes*", n.º 177, "Letras galegas", p. 8.

Refírese ao libro de Xosé Luna, *No Pazo de Laiovento. Conversas con Francisco Pillado Maior* (2007), como unha evocación da súa ampla traxectoria na vida cultural galega. Así, saliéntase que, dende a década dos anos corenta até as súas últimas experiencias literarias, o libro recolle os grandes proxectos protagonizados por Francisco Pillado. Tamén se comentan pormenores relevantes sobre a súa obra de creación, investigación e tradución, ademais de destacarse que no presente volume se dedica un espazo ás grandes figuras da historia galega, tamén grandes amigos de Pillado, como Luís Seoane ou Ricardo Carvalho Calero, entre outros.

Raña, Román, "Ritmo feraz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Libros", 10 xaneiro 2008, p. IV.

Preséntase o novo poemario de Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Mar aberto* (2007), gañador do XXII Premio de Poesía Cidade de Ourense, do que Román Raña sinala a presenza da constante da obra de Gómez Alfaro: "impetuosa musicalidade, o seu ritmo feraz, a súa feroz onda expansiva". Tamén se refire ao número de textos, ao tipo de composición poética utilizado (sonetos) e incluso ao tipo de rima (na súa maioría asonante), concluíndo que Gómez Alfaro se afasta, polo tanto, de preceptos canónicos.

Raña, Román, "Da maré salgada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Libros", 17 xaneiro 2008, p. IV.

Faise eco do novo libro de Modesto Fraga, *Derrotas con raíces* publicada (2007), dentro da colección "Edoy Leliadoura". Posteriormente, procédese a sinalar as características propias das seis partes que compoñen a obra e saliéntase que a primeira vén caracterizada por ser a máis coherente e manter un pulso coa memoria das vivencias, mentres que a terceira se caracteriza pola súa diversidade, pois pasa do rexistro da intimidade ao compromiso coa causa palestiniana. Pola súa banda, explícase que a segunda se compón de tres poemas mariñeiros, a cuarta alberga cinco homenaxes, e a quinta e a sexta perfilan un camiño de poesía comprometida.

Raña, Román, "Arriscada aposta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Libros", 24 xaneiro 2008, p.V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 172, 2 febreiro 2008, "Letras galegas", p. 10.

Fálase do libro *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), de Marica Campo, e indícase que está composto a partir da sextina. Asegúrase que a autora foxe de todos os perigos que trae consigo a susodita composición e "insúflalle vida propia, emoción interna, paixón pola palabra e vehemencia no dicir". Sinálase que o libro, ademais, conta cun prólogo de Carlos Paulo Martínez Pereiro que tamén sinala este aspecto. Indícase tamén a

temática do poemario que vai dende pezas dedicadas á patria galega, até a fugacidade da vida pasando por claras homenaxes a Manuel María e Celso Emilio Ferreiro. Considérase que, en definitiva, trata todo aquilo que "estremece o corazón do lector". Co fin de argumentar e exemplificar a súa análise, cítanse algúns dos versos do poema "Soliloquio" e outros como "As razóns do asasino", "Cortazariana" e "Desterro". Finalmente valórase de "extraordinario" este libro de Marica Campo.

Raña, Román, "Forma compacta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Libros", 7 febreiro 2008, p. IV

Fai referencia ao libro de X. H. Rivadulla Corcón, *O adeus do vello mariñeiro* (2007), e indica que se trata dunha obra monotemática e formalmente moi compacta, da que destaca o grado de vehemencia amorosa mostrado polos protagonistas, dous anciáns próximos á morte que, tras convivir en parella moitos anos, seguen mantendo intacto todo o seu frenesí cariñoso. Sinala que, ademais de estar estruturada en dúas partes, cada unha delas comeza cunha breve narración en prosa e segue con vinte e nove breves poemas que expresan a interioridade dos personaxes. Indica tamén que as composicións poéticas están formadas por tres estrofas con tres versos ao modo de tres haikus.

Raña, Román, "Como un retábulo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, "Libros", 14 febreiro 2008, p. IV.

Refírese a *O espello do gato* (2006), obra de Álvaro Lago, na que se presenta un retábulo onde se exhiben as condutas máis reprobábeis personificadas en protagonistas viscosos, de comportamentos indecentes e hábitos viciosos. Indícase que a unificación deste "maremagno pluriforme" se consegue grazas á prosa do propio autor que mestura o barroquismo decimonónico co absolutamente contemporáneo. Compárase con Ramón Mª del Valle-Inclán e co seu esperpento, así como co Vicente Risco d'*O porco de pé* (1925). Sinálase que a crítica mordaz e a sátira feroz tamén se atopan presentes nesta novela, onde os personaxes acaban sendo "caricaturas absurdas, siluetas ridículas, escorzos bufonescos".

Raña, Román, "Insurreción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Libros", 6 marzo 2008, p. IV.

Preséntase *Ouveo e outros poemas* (2007), do poeta norteamericano Allen Ginsberg, unha obra traducida ao galego por Daniel Salgado. Sinálase que os versos cos que comeza a obra son moi coñecidos e que marcan unha época presidida pola iconoclastia e a traxedia, a rebelión e a desorde, entre outras cousas. Indícase que o poema se expande en espiral, empregando a enumeración caótica e o paralelismo salmódico. Tamén se sinala o feito de que Ginsberg fose o membro máis destacado dos Beatniks de San Francisco e de que a súa creación, *Ouveo*, fose confiscada polas autoridades dos Estados Unidos despois da súa publicación en Gran Bretaña no ano 1956. Apúntase que cita tamén poetas como Gary Snyder ou Gregory Corso.

Raña, Román, "Calidade de poeta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Libros", 13 marzo 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 179, "Letras galegas", 29 marzo 2008, p. 10.

Coméntase o libro *Astro interior*. *Escolma poética (1984-2007)*, que Miguel Anxo Fernán Vello publicou en 2007 na colección "Arte de Trobar". Sinálase que nel se recollen e se seleccionan poemas de toda a súa "dilatada produción". Indícase que a obra se abre con prólogo de Teresa Seara, onde se analiza a obra, se fai un repaso da súa biografía e se explican os símbolos necesarios para unha completa interpretación dos seus poemas. Posteriormente, abórdanse algúns dos seus poemarios como *Memoria de brancura* (1985), *Entre auga e fogo. Cantos da terra posuída* (1987) e *As certezas do clima* (1996). Conclúese asegurando o feito de que bastaría con este libro para afirmar "a prodixiosa calidade" da literatura galega e do "extraordinario poeta" que é Fernán Vello. Tamén se citan René Char e a Nuno Júdice para comparalos co autor do libro comentado.

Raña, Román, "Profunda musicalidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Libros", 27 marzo 2008, p. IV.

Preséntase *Amor deshabitado* (2007), de Ánxeles Penas, unha muller que cualifica como "polifacética" pola súa inmersión clásica, helenística e proxección shakesperiana dalgúns dos seus versos. Destácase tamén a súa musicalidade conseguida a través do uso do alexandrino ou o heptasílabo, composicións que conviven en versos de plural intensidade. Reprodúcense diversos versos co fin de afondar máis na poesía de Penas.

Raña, Román, "Precoz madurez", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Libros", 3 abril 2008, p. IV.

Crítica do primeiro poemario da galega Berta Davila, *Corpo baleiro*, publicado pola editorial Espiral Maior en 2007. Dise que a obra consta de tres actos ben diferenciados e un prólogo a cargo de Miguel Anxo Fernán Vello. Sinálase que o primeiro acto, "Vinte notas mínimas para unha poética (ou por que eu quería ser palabra)", inclúe vinte aforismos, ao longo dos que a autora traza unha autopoética; o segundo acto, "Penso, logo escribo", recolle unha ampla variedade temática, que se vai desenvolvendo ao longo de corenta e dous poemas de liña intimista, e o terceiro, "Tres velas brancas", acolle un só poema con data de 2006. No referido á forma, saliéntase o emprego da lingua, o xogo coa sintaxe e, en definitiva, un estilo que el cualifica de "agudo e limpo".

Raña, Ramón, "Con ironía e ternura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Libros",10 abril 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Letras galegas", 17 maio 2008, p. 10.

Alusión a *Vestíbulo da devastación*, o primeiro libro individual da poeta Rosa Enríquez, publicado por Espiral Maior en 2007. Dise que o poemario se abre cun prólogo de Yolanda Castaño e que nel son salientábeis a temática intimista e o estilo persoal. Identifícanse tópicos coma a soidade, a busca da liberdade e o silencio, ou a desazón

perante a esterilidade, por medio de versos que non prescinden do xogo verbal, a caligrafía alegre e o uso de metáforas.

Raña, Ramón, "Un ton innovador", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Libros", 17 abril 2008, p. IV.

Faise unha achega a *Esteiro de noites falecidas*, o poemario de Isidro Novo que foi merecedor do IX Premio de poesía Concello de Carral e que publicou Espiral Maior en 2007. Aínda que a obra destaca por varios aspectos, saliéntase un sobre os demais: a forza das súas imaxes, que se cualifican coma "impactantes, sen concesións ao lirismo redentor". Sinálase que se trata dunha forza que bebe directamente da súa experiencia como narrador e que se reflicte dobremente neste poemario, ao contar a historia dos personaxes que transitan polos seus poemas.

Raña, Román, "Madurez expresiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", 24 abril 2008, n.º 245, p. IV.

Fala do novo libro de Antonio García Teijeiro, *Presenzas marcadas* (2007), como o libro "máis profundo" e o "máis maduro" da súa traxectoria. Argumenta estas afirmacións dicindo que a voz do poeta alcanzou a súa madurez expresiva en poemas breves e que os temas se converten en nítidos retratos da súa realidade íntima. Salienta o feito de que as composicións non van acompañadas de títulos pero que, pese a todo, o lector unha vez finaliza a súa lectura non se atopa con ningunha dificultade para saber a quen está dedicado. Destaca tamén a sinceridade "inquebrantábel" dos versos e sinala que nesta obra tamén participa Xulio García Rivas, coas súas ilustracións, e Armando Requeixo, autor do prólogo.

Raña, Román, "Apoteose patriótica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, "Libros", 1 maio 2008, p. IV.

Analiza a reedición de *Non máis emigración*, *Apropóseto lírico-dramático en dous autos e sete cuadros* (2006), de Ramón Armada Teixeiro (1858-1920), logo de ofrecer datos sobre a traxectoria profesional do autor. Desta obra teatral salienta o propio título "reivindicativo e social" e apunta que contén elementos costumistas con certo carácter patriótico. Ademais, sinala a similitude dos protagonistas (Xan, Marica e Farruco) respecto aos do poema "A Virxe de Cristal", de Manuel Curros Enríquez. Cualifica tamén a obra de relevadora, no sentido de estar escrita nun tempo en que a literatura "estaba ao servizo dunha causa política e sentimental". Remata aludindo ao deseño gráfico, a cargo de Álvaro Lago.

Raña, Ramón, "Marabilloso percorrido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Libros", 5 xuño 2008, p. IV.

Comeza reclamando a figura de Eduardo Blanco Amor como poeta, unha dimensión que se ten visto eclipsada polo éxito do autor d´*A esmorga* coma narrador. Rematada esta defensa, pasa a presentar *Ars Amandi* (2007), un volume no que se recollen poemas

inéditos de Blanco Amor escritos en castelán e que agora publica a editorial Galaxia en colaboración co Pen Clube. Salienta que a obra foi iniciativa de Xabier Castro, aínda que foi realizada por Luís Pérez Rodríguez e que conta cun prólogo de Luís González Tosar. Entre os seus principais atractivos, destaca o carácter inédito das súas pezas e unha colección de fotografías e retratos de Blanco Amor.

R. L., "O crime real e o crime ficticio", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 24 marzo 2008, p. 71.

Refírese ao novo libro de Antón Riveiro Coello, *Os ollos de K* editado por Galaxia en 2007. Sinálase que nesta obra, ambientada en Ourense, o autor recupera o personaxe Suso Paradela xa presente noutros dos seus libros como *A quinta de Salero* ou *Cartafol do Barbanza*. Despois de introducir o argumento da obra, procédese á citación dos premios cos que Riveiro Coello foi galardoado. Finalmente, faise referencia ao seu anterior libro, *Casas baratas* (2005).

Requeixo, Armando, "Homoamores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Libros", 10 xaneiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 169, 12 xaneiro 2008, "Letras galegas", p. 10.

Preséntase a tradución ao galego de *Poemas canónicos* (2007), de Konstantinos Kavafis, feita por Yolanda Vilarchao e editada por Rinoceronte Editora. Sinálase que o volume inclúe cento e medio de textos autoescolmados en vida por Kavafis como os máis acabados de entre os algo máis de douscentos que deixaría escritos. Tamén se recolle o lamento que sente Armando Requeixo pola tardía tradución á lingua galega dos mellores poemas do autor grego.

Requeixo, Armando, "Tanzas, vísceras e baleas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 463, "Libros", 13 xaneiro 2008, p. 21.

Preséntase *Así nacen as baleas* (2007), primeira novela de Anxos Sumai gañadora do II Premio de Narrativa Breve Repsol-YPF. Sinálase que a través dunha prosa "exquisita", a obra se mergulla nos "océanos do interior humano" da man de seres "singulares". Ademais de facerse referencia ao seu argumento, cítanse obras anteriores da autora incluídas no ámbito da diarística-ficción: *Anxos de garda* (2003) e *Melodía de días usados* (2005).

Requeixo, Armando, "Exercicio revelador", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Libros", 7 febreiro 2008, p. IV.

Preséntase *Elementos de Arquitectura Senti_Mental_ista*, primeiro volume de versos de Manuel Celso Matalobos publicado por Bubela Editorial en 2007. Indícase que nesta editorial xa apareceran outros títulos da mesma corrente literaria debidos ao seu fundador, Xesús Manuel Valcárcel, autor tamén do prólogo do libro a comentar. Faise referencia á pupilaxe libre de Matalobos en relación a Valcárcel e sinálase que tanto a teoría coma a praxe compositiva da citada obra manteñen unha serie de presupostos

literarios como é o caso da liberdade formal e temática ou a asunción ecléctica dos modelos, entre outros. Apúntase que a ironía e a crítica social é vital así como a sonoridade lúdica e desenfadada do ritmo. En relación a este último, considérase que a rítmica interna pode resultar por veces un tanto "forzada" e que o recurso semántico puramente acumulativo "non asegura a excelencia textual". Tamén se asegura que se trata dun exercicio de revelación a través do absurdo e da consideración dunha realidade que convén repensarnos.

Requeixo, Armando, "A xeito de vacina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Libros", 21 febreiro 2008, p. IV.

Faise referencia ao debut narrativo de Manuel Blanco Desar coa obra *Nos dominios da incerteza*, publicada por Sotelo Blanco Edicións en 2007. Sinálase que está composta por once relatos na liña do "mellor" e máis "agre" Swift, que poñen ao descuberto as hipocrisías, cinismos e obscenidades éticas que roden ao ser humano. Trátase, polo tanto, dun "portentoso manual" sobre a Lei do Embude e a Teoría da Panca.

Requeixo, Armando, "Pensar a Celestino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, "Libros", 28 febreiro 2008, p. V.

Faise eco da publicación dunha monografía dedicada a Celestino Fernández de la Vega e escrita polo ensaísta e filósofo Ramón López Vázquez, titulada *Celestino Fernández de la Vega, pensador do novo galeguismo* (2007). Dise que o volume revisa a traxectoria do escritor tratando de determinar as etapas fundamentais da súa formación como pensador.

Requeixo, Armando, "Contra a hipocrisía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Libros", 6 marzo 2008, p. IV.

Fálase do último volume da triloxía que conformou a metamorfose dun dos considerados clásicos modernos das letras galegas, Xavier Alcalá. Cítanse as obras anteriores, *Entre fronteiras* (2004) e *Nas catacumbas* (2005), e céntrase n'*Unha falsa luz* (2007) que, proseguindo o tema argumental aberto polas entregas anteriores, isto é as comunidades evanxélicas, traslada a trama aos anos que van dende a década dos cincuenta até o pasamento do ditador Francisco Franco. Destácase a figura do protagonista e narrador, Valeriano Liñares Couto, que simboliza a sensatez longánime, humanidade e respecto ao próximo de que tan faltos andaban o Estado e a Igrexa.

Requeixo, Armando, "Días fantasmas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 473, "Libros", 23 marzo 2008, p. 21.

Tras facer un pequeno percorrido pola bibliografía de Isidro Novo, preséntase o segundo poemario deste autor, *Esteiro de noites falecidas* (2007), gañador do premio de Poesía do Concello de Carral. Fálase do léxico utilizado polo autor, isto é, cultismos de altura, coloquialismos ao uso e incluso prosaísmos de argot agre. Considérase este volume como un "grimorio fero da desolación".

Requeixo, Armando, "Riografía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Libros", 27 marzo 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, "Letras galegas", 5 abril 2008, p. 10.

Preséntase o último ensalmo de Franciso X. Fernández Naval, *Miño* (2007), gañador do XXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense. Cualifícase como unha "poética fluvial do Grande Río Pai galego" e cítanse autores que xa traballaran a mesma temática, entre os que se atoparían Ramón Otero Pedrayo, Tovar, Manuel María ou Darío Xohán Cabana. Por outra parte, refírese ao que denomina "as estacións do verso" desta obra: "O Carpazal", "Caderno azul", "Riografía" ou "Lugares da memoria". Remátase aludindo a unha obra anterior de Fernández Naval, *A fonte abagañada* (1981).

Requeixo, Armando, "Disolución da luz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Libros", 3 abril 2008, p. IV.

Fálase de Xerardo Quintiá como un autor que "vai por libre", movéndose á marxe das correntes imperantes na escrita galega actual. Ademais de facerse un breve percorrido pola súa bibliografía (narrativa, libros de relatos, ensaio e poesía), céntrase en *Poesía en ruta* (2007), segundo poemario do autor galardoado co III Premio de Poesía Fermín Bouza Brey. Refírese ao multiformismo dos versos de Quintiá, que se intercalan alternativamente nos territorios da autopoética aforística (en "Proceso poético"), as prosas líricas ("Variación sobre un poema de Raymon Carver") e até nos textos autodenominados "Intención de haiku", recollendo influencias de Rimbaud, Pessoa, Celan, Char, Manuel Antonio, Lois Pereiro, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Uxío Novoneyra. Tamén se indica que as ilustracións da cuberta son de Anxo Pastor.

Requeixo, Armando, "Lume líquido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Libros", 10 abril 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 182, "Letras galegas", 19 abril 2008, p. 10.

Refírese ao *Dicionario do estremecemento*, poemario de Miguel Anxo Fernán Vello (2007), que se encontra na liña aberta con *Capital do corpo* (2004) e *Territorio da desaparición* (2004). Tras facer un percorrido polas temáticas do poemario, alúdese ao inicio do libro composto por unha dedicatoria a Xosé Manuel Beiras así como por unha cita de Goethe. Sinálase que a imaxe da portada corre a cargo de Isabel Pintado.

Requeixo, Armando, "Ferrán Hernández: lletraferit galego", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 477, "Libros", 20 abril 2008, p. 21.

Preséntase *Xeografía nocturna* (2007), de Ferrán Fernández, un poemario que recolle a longa tradición de Gonzalo Cantó Villaplana, Miguel Ventura Balañá, Matilde Llorida, Carles Ribas..., poetas todos nados en Cataluña pero que se viron seducidos pola creación en galego. Dise que *Xeografía nocturna* foi publicado na colección "Bourel" baixo a dirección de Antonio Piñeiro e que conta con preto dunha vintena de poemas divididos en dúas partes: "Seis haikus galegos", composto por pezas escritas

directamente en galego; e os restantes poemas, sacados de creacións inéditas e da súa obra *Lógica sentimental* (1997) e traducidos ao galego por M. Cartea. Armando Remátase o artigo facendo unha breve mención ao estilo de Ferrán, marcado pola condensación extrema e no que se detecta o emprego do paradoxo, o oxímoro e a antítese.

Requeixo, Armando, "Sistema métrico sensual", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 482, "Libros", 25 maio 2008, p. 21.

Iníciase salientando que se trata dunha obra bilingüe (galego-francés) enmarcada no proxecto de versionado de obras galegas a outras linguas promovido pola Asociación de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia (Auliga). Para levar a cabo este labor, coméntase que a iniciativa contou coa colaboración de María Lopo e Annick Boilève-Guerlet, quen se encargaron de traducir os orixinais galegos ao francés. *Voyages a toi* dise que se enmarca dentro da obra precedente de Rodríguez Fer e que se divide en dúas seccións: *Voyages en toi* ("Viaxes en ti") e *Voyages avec toi* ("Viaxes a canda ti"), na que se mestura de xeito indesligábel o Eros e o espazo.

Requeixo, Armando, "Narrativa vangardista de Pexegueiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", 29 maio 2008, p. 33.

Cualifícase a Alfonso Pexegueiro como un dos autores que, a principios dos oitenta, fan despegar a literatura galega cara a unha etapa de progreso. Así, faise referencia á súa obra poética *Seraogna* (1976) e a *Relatos para salferir* (1981), sendo esta última un volume narrativo que, aínda que menos coñecido, complementaba as vías de exploración rupturista e neovangardista que ensaiaba nos eidos poéticos. Sinálase que Pexegueiro representou a fusión interxenérica e a mestizaxe dos discursos daquel tempo, establecendo co lector unha complicidade cominatoria asentada na interlocución directa. Afírmase que o resultado se plasma no conxunto de catorce relatos con múltiples referencias ao mundo da música, ao cinema e, sobre todo, ás remisións metaliterarias onde Rimbaud e Proust convivían con Wolfe e Artaud, e Musil e Kafaka daban réplica a Faulkner e Petronio. Apúntase que *Relatos para salferir*, segundo chegou a dicir o seu propio autor, é un libro que xoga a "descubrir o mundo ou a acabar con el".

Requeixo, Armando, "A voz luminosa de Álvarez Torneiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 34.

Fai referencia á obra *Memoria dun silencio* (1982), de Manuel Álvarez Torneiro, candidato ao Premio Nacional de Literatura e indica que con este libro de poemas inaugura a revisitación melancólica e sentimental da Galicia de Posguerra. Indica que esta temática tamén foi traballada por poetas e narradores como Manuel Rivas, Fernando Rei Núñez, Suso de Toro ou Francisco Fernández Naval "con indubidábel acerto". En *Memoria dun silencio* observa os influxos de San Juan de la Cruz, Pablo Neruda, César Vallejo e Gabriel Celaya e considera que a obra ten "unha ourivería estilística admirábel", onde se tensan os recursos da dicción clásica "engastada" nun versolibrismo sinéstésico de "atrevidas" metáforas. Atribúe o uso dun léxico apropiado

á creación dun discurso cunha atmosfera "emotiva". A modo de curiosidade, cita a Xosé Fernández Ferreiro, autor d'*Agosto do 36* (2002), para dicir que, sendo este sabedor de que Torneiro ficara finalista do Premio Cidade da Coruña na convocatoria de 1981 co mesmo poemario, llo presentou a Isaac Díaz Pardo, que sería quen acabaría publicando o volume nas Ediciós do Castro.

Requeixo, Armando, "Embaixadas Literarias", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 486, "Libros", 22 xuño 2008, p. 21.

Informa sobre a nova publicación de Fernando Martinho Guimarães, *Incomunidade*, que recolle medio cento de colaboracións xornalísticas sobre política, sociedade, cultura e literatura que se deran a coñecer no xornal *Ponte Delgada Correio das Açores* e que agora figuran reunidas no volume *Crónicas* (2008)). Sinala que entre estes ensaios hai dous dedicados á escrita galega: "A propósito do Día das Letras Galegas" e máis "O 17 de Maio Galego", servindo ambos para homenaxear as figuras máis notábeis das artes literarias galegas.

Requeixo, Armando, "O primeiro Murado onírico", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Cultura", 10-16 xullo 2008, p. 34.

Comenta que *De soños e derribos* (1986), obra de Miguel Anxo Murado, foi revisada e ampliada en 1993 baixo o título *Memoria de derribos*. Considera que esta obra foi unha orixinal incursión no mundo da prosa, onde a propia cidade na que se daban os acontecementos era a protagonista fundamental e que recreaba un realismo máxico e persoal que levaba ao relato cara a finais inesperados. Sinala que as súas historias son froito dos soños dos seus tres protagonistas mostrando nostalxias inventadas e melancólicas, casas animadas, relatos de procuras arqueolóxicas e seres con personalidade múltiple no terreo do paranormal, entre outros elementos. Conclúe que se trata dunha mostra do realismo máxico que Murado amosa de maneira totalmente orixinal.

Requeixo, Armando, "Viaxe iniciática ao pracer carnal", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Cultura", 24-30 xullo 2008, p. 34.

Sinala que houbo no camiño da literatura galega autores que se achegaron ao mundo da narrativa erótica en galego como Bieito Iglesias, Francisco Castro ou Chelo Suárez. Considera que quen conseguiu imprimir un selo propio neste xénero foi César Cunqueiro, pertencente a unha saga familiar que é historia dna cultura galega, neto de periodista e fillo de Álvaro Cunqueiro. Di que no ano 1993 a editorial Ir Indo publicou *Beatum Corpus*, que polo de agora é a única novela publicada polo autor. Comenta que a súa temática é complexa e que o lectorado agardado se atopa cunha obra ideada como unha viaxe iniciática ao mundo do pracer carnal, no que dúas sacerdotisas conducen o protagonista polo erótico e o desexo incontrolábel. Conclúe destacando que se trata dunha erótica en estado puro narrada dende unha linguaxe culta, pragada de referencias ao mundo clásico grecolatino, de mitoloxías pagás, na que a hibridación das culturas leva ao lectorado a deixarse levar polos sentidos exacerbados.

Requeixo, Armando, "Margarita Ledo Andión, *avant la lettre*", *A Nosa Terra*, n.º 1.323, "Cultura", 5-10 setembro 2008, p. 34.

Mamá-Fe (1983), de Margarita Ledo Andión, considérase unha obra que dá moitas claves narrativas que agora se considerarían actuais, narrada dende unha voz conscientemente reivindicativa e feminista. Dise que "Mamá-Fe" entrelaza o glamour da decadencia de fin de século e o enigmático secretismo grupal mediante paixón contida, mesmo cerebral dunha muller da posguerra; "Tacón Boneca" describe unha sexualidade de complexidade psicolóxica; "Dona Inés e o Xusticieiro" relata os amores e casoiros de Don Pedro de Portugal e Dona Inés, dende os ollos de dúas mozas novas que son o reflexo dunha realidade sutilmente cuestionada; "Ironpark Crime", considerada a mellor das historias deste libro, trata un tema tan antigo coma actual, o da memoria; e "Viol en premiere" acción ventureira que ten como escenario o Balneario de Mondariz.

Requeixo, Armando, "O relatos verídicos de Antón Reixa", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18–24 setembro 2008, p. 34.

Refírese a novela que publicou Antón Reixa no ano 1991 na Editorial Positivas, *Transporte de superficie*, sobre a que comenta que se trata dunha obra breve que contén vinte e seis "relatos verídicos", que narran de forma rápida e periódica unha historia universal centrada na cidade galega de Vigo. Considérase que a narración está dotada de gran plasticidade e de imaxes moi visuais, que se mesturan co caos e o absurdo que sente o lector ao ler esta obra.

Requeixo, Armando, "Luz sen ansia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 495, 24 agosto 2008, p. 21.

Afirma que hai autores que conseguen que as súas obras permanezan sempre na nosa memoria. Baixo o seu criterio, *Se envellecemos xuntos* (2007) é unha desas obras. Explica que está escrita hai máis de trinta anos polo lugués Xulio Valcárcel e que se publicou por primeira vez en forma de volume grazas á Sociedade Cultural Valle Inclán de Ferrol. Engade que a obra está traducida a máis de vinte linguas, entre as que se atopan o castelán, o vasco, o francés, o inglés, o ruso, o armenio, o alemán ou o árabe. Considera que este poemario contén os máis fermosos poemas de amor que se escribiron en galego e que están cheos de futuro compartido. Sinala que o libro se completa coas achegas plásticas de Alfonso Costa, Alfredo Erias ou Beatriz Ansede, entre outros.

Requeixo, Armando, "Árbore dos símbolos", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", 16-22 outubro 2008, p. 34.

Lembra que *A árbore das sete palavras* (1990), de Cesáreo Sánchez Iglesias, foi distinguido como finalista do Premio Leliadoura en 1989. Concreta que se trata dun extenso poemario narrativo, onde se mesturan o comunal e o persoal nos que o mítico, o simbólico e o épico o inundan todo. Salienta os símiles entre a terra fecundadora e a

propia evolución do home dende a infancia á vida adulta, a mediación entre o relixioso e o profano, a Apocalipse; os substratos da Materia de Bretaña ou o simbolismo numérico do sete (sete días da creación, sete pasos de Buda, os sete raios do sol...). Conclúe que a obra está repleta de simbolismos.

Requeixo, Armando, "O amorvilao de Darío Xohán Cabana", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 34.

Afirma, respecto ás *Cantigas de amorvilao*, de Darío Xohán Cabana (editado por Galaxia en 1987, aínda que escrito seis anos antes), que a súa publicación supuxo a confirmación da súa mestría lírica. Especifica que a obra se compón de vinte e dúas composicións estruturadas nunha particular alternancia e que tras un metro moderno se atopa unha cantiga ao estilo medieval. Sinala que cos seus versos "Cabana conseguiu recrear algúns dos versos eróticos máis suxestivos e sensuais das últimas décadas". Asemade considera que se trata de versos moi elaborados nos que a natureza se funde co erotismo, e salienta deste libro as ilustracións de Xurxo Fernández por conseguir plasmar á perfección a escrita de Cabana.

Requeixo, Armando, "A cinepoética de Rodriguez Fer", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 34.

Precisa que a obra de Claudio Rodríguez Fer, *Cinepoemas* (1983), aparece nunha época na que o cinema galego empezaba a obter os seus primeiros resultados, nun momento no que o público receptor estaba educado para a súa comprensión. Sinala que este libro resulta un extraordinario complemento de moitas películas que forman parte do imaxinario visual de moita xente. Engade que aparecen poetizados películas e autores de toda índole: dende Griffith e o cinema ruso, o cine cómico de Chaplin, os norteamericanos John Ford, a modernidade de Orson Welles, o cinema crítico de Elia Kazan, até a ciencia ficción de Stanley Kubrick, entre moitos outros autores e directores claves na historia do cinema. Considera que o cinema galego non estaba suficientemente desenvolvido como para plasmarse neste libro, aínda que aparecen continuas citas a autores galegos. Conclúe que *Cinepoemas* serve de punto de partida da linguaxe fílmica e poética que moitos autores utilizaron con posterioridade, sen a cal non se entendería o presente literario galego.

Requeixo, Armando, "A escrita telúrica de Medos Romero", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 34.

Faise eco da obra de Medos Romero, *Ámome en por min*, editada por Espiral no 1999. Entende este poemario como unha ollada ao mundo rural galego da infancia da autora, acompañada do lamento pola fermosa paisaxe agora perdida. Sinala que a obra está dividida en dúas partes. A primeira, "A fonte dos ameneiros", é unha serie de textos ao máis puro estilo do haiku oriental que serve para representar os primeiros anos da vida da poeta. A segunda parte, "Ámote en por min", (que da título á obra), reflicte os anos da mocidade, empregando para iso o verso curto.

Requeixo, Armando, "Anxo Pastor, na sombra", *A Nosa Terra*, n.º 1.337, "Cultura", 12-17 decembro 2008, p. 33.

Sombra Fértil, de Anxo Pastor (editada por Espiral Maior no 1999) preséntase coma unha obra poética surrealista, que trata de abranguer a profundidade dos soños e das sombras que atormentan ao ser humano. Sinálase que ten como fondo o xogo de claros e escuros da vida cotiá, expresado a través dunha "prosa poética máis ou menos surreal e o empaste lírico-filosófico do aforismo".

Requeixo, Armando, "Xesús Manuel Valcárcel ou o Calafrío interior", *A Nosa Terra*, n.º 1.339, "Cultura", "Libros de fondo", 24-30 decembro 2008, p. 23.

Refírese á obra *Contos Nocturnos*, escrita por Xesús Manuel Valcárcel e editada por Galaxia. Dise que conta con catorce relatos pertencentes ao xénero de terror que o fixeron merecedor do Premio Galicia de Narrativa no ano 1984. Sinálase que a obra desafía o lectorado a agardar paciente até o final e coñecer a terríbel conclusión, probando a resistencia de cada un ante o medo ao descoñecido.

Rivas, Manuel, "Quen secuestrou o 'Galicia hoy'?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 febreiro 2008, p. 12.

Alude ao acontecido co volume *Galicia hoy*, publicada en 1966 por Ruedo Ibérico. Indica que se trata dunha obra de Maximino Brotos e de Santiago Fernández, en realidade Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. Sinala que como colaborador estaba Xesús Alonso Montero, quen tería "o valor" de escribir e de asinar co seu nome o capítulo "El gallego; historia, razón , pasión, adversidad y esperanzas de una lengua". Explica que o libro está formado por catorce poemas, co extraordinario de Lorenzo Varela ao capitán irmandiño Ruy Xordo. Ademais de conter ilustracións de doce autores, entre os que se atoparían Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Raimundo Patiño, comenta que a parte fotográfica significou unha revolución, pois alí, por vez primeira, se publicaba a foto da despedida de emigrantes de Manuel Ferrol. Explica que a portada é deseño de Luís Seoane ao igual que moitos dos textos. Engade que o libro, recibido como doente sorpresa nas órbitas de información e represión do réxime franquista, é un documento de denuncia, un manual de loita e unha densa enciclopedia da Ilustración que se esgotou en pouco tempo polas corredoiras clandestinas. Salienta como figura importante deste acontecemento a José Martínez, fundador e editor de Ruedo Ibérico, quen recibiría dende Arxentina os libros que cada día un estudante de Química enviaba a París. Fai referencia tamén a *El pensamiento político de Castelao*, de Alberto Míguez, primeiro libro publicado polo contacto entre os antifranquistas galegos e a editorial xa citada anteriormente.

R. Loureiro, "Os libros das marxes todas daqueles días", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", 1 marzo 2008, p. 11.

Preséntase *Á marxe* (2005-2007), na que se recollen os artigos publicados por Carlos Casares nas páxinas de *La Voz de Galicia* nos anos 1996 e 1997 e que se corresponden aos volumes quinto e sexto da colección. Recóllese a opinión dalgúns dos seus

contemporáneos en relación á escrita de Casares, os cales afirman que a mellor literatura deste autor foron xustamente estes artigos. Cítanse tamén obras súas como *Vento ferido* (1967) ou *Os escuros soños de Clío* (1979). Finalmente, equipárase a Casares co escritor norteamericano William Faulkner.

Rodríguez, C., "Pessoa, Iglesia Alvariño e Rodríguez Baixeras", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 690, "Arquipélago", 6 xaneiro 2008, p. 7.

Dá conta da publicación de *Tres Miradas Poéticas* (2006), de Luciano Rodríguez, editado por Laiovento. Explica que neste volume se fai unha aproximación a tres personalidades implicadas na creación lírica en tempos diferentes e en espazos moi distintos e que son Fernando Pessoa, Aquilino Iglesia Alvariño e Xavier Rodríguez Baixeras. Salienta que son tres interesantes achegas que serven como ollada crítica a tres poéticas unidas pola forza da palabra e a presenza do eu.

Romero, Marga, "*Bingo*, performance", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Libros", 17 xaneiro 2008 , p. IV.

Preséntase *Bingo* (2007), a nova obra de Pilar Beiro publicada na nova colección de poesía "Edoy Leiladoura" da editorial Sotelo Blanco. Sinálase que neste poemario non falta a ironía, a parodia e o humor e que nel se ofrece a poesía e a historia de Eduardo Pondal "re-visitada" e "res-crita". Indícase que tamén aborda a crítica feminista, os gozos e o sexo e cítanse obras anteriores de Beiro, como *Hinterland* (1999) e *Xuro que nunca volverei a pasar fame* (2003). Conclúese que con *Bingo* recupera para a poesía galega a Ulrike Meinhof.

Romero, Marga, "De Ahab", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Libros", 24 xaneiro 2008, p. IV.

Fálase da publicación de *Memoria de Ahab* (2001) na páxina web do seu autor, Rafa Villar, un feito que impide comprobar se nesta nova edición na colección "Edoy Leliadoura" da editorial Sotelo Blanco, hai algunha mudanza. Apúntase que o propio título remite á loita do capitán Ahab contra a balea Moby Dick contada por Herman Melville, mentres que o interior está formado por tres apartados. Explícase que o primeiro está composto por cincuenta e nove poemas numerados, mentres que o segundo, "Pregunta derradeira", é un único poema, e finalmente, "Rastros de mar", confórmano sete composicións que remiten á literatura nacida como contestación á catástrofe do Prestige. No relativo a aspectos narratolóxicos, saliéntase que se fai uso do verso libre e da sinxeleza léxica e gramatical. Conclúese asegurando que non é este un libro no que "nos enchoupemos no mar para buscarnos" como en *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio, e que non é esta o mellor de Villar.

Romero, Marga, "Voz inconfundíbel", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, "Libros", 14 febreiro 2008, p. IV.

Preséntase *Os poemas de como se rompe todo* (2007), de Daniel Salgado, publicado por Sotelo Blanco na colección "Edoy Leiladoura". Indícase que o texto se abre con citas de Samir Ami e de Frederic Jameson, que sitúan a lectura no que se define como "a orde mundial". Obsérvase que a linguaxe está traballada e que funciona como arma que irrompe na lectura interna do propio lector. Cítanse tamén obras anteriores de Salgado como *Sucede* (2004) e *Éxodo* (2006).

Romero, Marga, "Sete días, sete mares", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Libros", 27 marzo 2008, p. IV.

Preséntase *Saladina* (2007), obra de Xabier Queipo, na que amosa un "dominio" das técnicas do relato oral e un estilo capaz de recrear toda a atmosfera de marabilla na que se vai introducindo o lector. Desenfíase o argumento da obra, que se basea nunha viaxe onde van todos os navegantes e todos os seres e espazos que os envolven, regresan ao porto da cidade de Constantinia. Explícase que as historias se atopaban na memoria reencarnada do vello Haki que será quen llas desvele á súa neta, Saladina.

Romero, Marga, "Goethe e nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Libros", 3 abril 2008, p. IV.

Faise eco da tradución ao galego d'*As mágoas do mozo Werther* (2007), levada a cabo por Francisco Manuel Mariño e Sabine Geck, que na "Nota dos tradutores" sitúan a obra dentro do período estético "Sturm und Drang" e achegan ao lector os criterios que seguiron para realizar a súa versión. A seguir, cítase a tradución de Lois Tobío da obra *Fausto* (1982), tamén de Goethe. Faise referencia á influencia da vida de Werther na literatura galega aludíndose ao capítulo que narra a morte de Adrián Soutelo na novela de Ramón Otero Pedrayo, *Os camiños da vida* (1928).

Romero, Marga, "Saber conversar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Libros",10 abril 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 182, "Letras galegas", 19 abril 2008, p. 10.

Detense na publicación da obra *No pazo de Laiovento, conversas con Francisco Mayor* (2007), escrita polo estradense Xosé Luna Sanmartín. Coméntase que o volume se fai eco de trinta horas de conversa na que o protagonista dá conta da súa historia e das súas vivencias, así como das memorias do seu tempo, un tempo no que renacía o teatro galego, a actividade cultural e a conciencia lingüística.

Rosales, Manuel, "Doses de humor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Libros", 21 febreiro 2008, p. IV.

Céntrase n'*Os ollos de K* (2007), obra de Antón Riveiro Coello, na que se presentan as relacións entre a literatura e a realidade a través do "complexo" mundo da creación. Apunta que se parte dun personaxe escritor e protagonista doutras obras de Riveiro Coello, Suso Paradela, que introduce ao lectorado nun labirinto de referencias reais e ficticias ao redor da creación dunha novela e dunha serie de relatos xornalísticos. Así

considera que se obriga a unha lectura en tres planos: o da ficción, a novela que escribe Suso; o plano da realidade, a propia vida de Suso; e o plano da fusión ou encontro no que se difuminan eses límites e se desencadea a propia novela. Pensa que, por riba de todo, se atopa o proceso da escritura, unha reflexión sobre o proceso de creación do relato. Sinala que a cidade de Praga e *O proceso* (2003), de Kafka, aparecen como procedementos recorrentes e que sobresae un "brillante" xogo formal, que cobra protagonismo en cinco breves relatos escritos, dende a ficción, para a prensa e intercalados no medio dos trinta e un capítulos da obra.

Rozados, Lara, "No gume da ficción: *Ao pé do abismo*", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 38.

Preséntase *Ao pé do abismo* (2007), volume recompilatorio de artigos de Rosa Aneiros publicados en culturagalega.org, *El Progreso*, *Galicia Hoxe*, *El País* ou *Radio Galega*. Afírmase que todos eles dan fe da súa forma de entender o xornalismo como loita e como toma de posición. Sinálase que nesta obra, polo tanto, mestura "con acerto" a narrativa e a información. Destácase o texto "A última vaca" merecedora do Premio Caixanova Francisco Fernández del Riego de Xornalismo. Como persoas que cultivasen con anterioridade ese xénero agora utilizado por Aneiros, cítanse a Caros Casares e a Álvaro Cunqueiro.

Salgado, Daniel, "Entre o vello e o novo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 xaneiro 2008, pp. 7-8.

Arríncase afirmando que o concepto de "xeración" resulta "escasamente rigoroso" e recóllense as opinións do crítico Isaac Lourido, do profesor Arturo Casas, da profesora e poeta María do Cebreiro, da profesora Dolores Vilavedra e de Armando Requeixo. Tamén se reflexiona sobre o concepto de "novo" e o "papel social da literatura" e achéganse datos sobre autores e obras publicadas nos últimos cinco anos. Remátase recollendo as opinións de Xesús González Gómez, María do Cebreiro e Arturo Casas sobre os cambios literarios que observan.

Sande, Miguel, "Por como o autor se enfrontou á palabra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 3.

Recoméndase a novela *Ámote* (2003), de Xosé Carlos Caneiro, pola súa capacidade para conseguir que a ficción saia de cada un dos lectores. Destácase deste autor a súa forma de enfrontarse á palabra nun momento no que as historias nas novelas, segundo se di, están quedando antigas porque nós mesmos podemos crear múltiples historias ou incluso lelas nos xornais. A pesar de dicir non entender o interese polos fíos argumentais na actualidade, considérase que esta novela é distinta ás demais precisamente polo uso que da palabra se fai e por conseguir que non pareza unha novela.

Silva, I. L., "A herba que nace con Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 de maio 2008, p. 5.

A articulista amosa que o libro *Herba aquí ou acolá* (1980), de Álvaro Cunqueiro, explica todas as emocións que podemos sentir os humanos e exprésase como se desenvolve a loita entre o poeta e o novelista. Considérase que todas as obras deste autor salvaron a literatura galega e lóase que fose capaz de facer confundir a realidade da ficción, a literatura da vida. Explícase que o autor, a través deste poemario, se espiu do disfrazo do autor para dar a entender a inquedanza que lle percorreu a alma e para revelar as cousas que non desexaba levar á tumba.

Sumai, A., "Un libro imborrable", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as Letras", 17 maio 2008, p. 5.

A xornalista recomenda a obra *Palabras contadas* (2006), de Camilo Franco, no que predomina a intensidade dos textos, que emocionan e fan pensar. Explícase que as palabras cambian segundo a situación do lector, o que provoca un desacougo que conduce a posteriores lecturas e dise que consegue dar no centro dos sentimentos. Defínese ao autor como inconoclasta e ousado e destácase o seu rexeitamento á corrección política e o feito de enfrontarse de forma irónica á vida cotiá. Ponse de manifesto que esta obra nos saca da visión conservadora da literatura e demostra que hai outras formas de ler.

T. C., "Historia da creación dramática desde as orixes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Sentar as bases", 2 agosto 2008, p. 7.

Preséntase a segunda entrega da colección Biblioteca de Teatro -apoiada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais- *Literatura dramática. Unha introdución histórica*, de varios autores e editada por Galaxia. Sinálase o carácter divulgativo do volume xunto ao título da primeira entrega, *Introdución ás grandes teorías do teatro*, de Jean-Jacques Roubine. Menciónase o labor de coordinación de Manuel F. Vieites así como a participación de diversos estudiosos e investigadores e profesores da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Descríbense finalmente de xeito xeral os capítulos e o obxectivo principal do volume.

Valcárcel, Marcos, "Sobre xornalistas con opinión", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Tribuna libre", 14 abril 2008, p. 68.

Fálase da obra *Xornalistas con opinión* (2007) como unha contribución fundamental a estudar o xornalismo de opinión na prensa galega dende o século XIX até hoxe. Indícase que está formada por dous tomos: o primeiro inclúe biografías de vinte autores e o segundo unha ampla escolma de textos dos mesmos. Explícase que Víctor Freixanes e Xosé López asinan a introdución onde reflexionan dende o presente sobre o significado do xornalismo de opinión e a escasa atención que lle teñen dedicado até agora os estudosos a este ámbito. Afirma que unha colaboradora activa foi Rosa Aneiros e que ademais cada biografía vai a cargo dun especialista, como é o caso de Basilio Álvarez, estudado por Marcos Valcárcel. Sinálase tamén que nesta obra se recollen voces que van dende o xornalismo republicano (Basilio Álvarez ou Roberto Blanco Torres) até o galeguismo "máis brillante" (Antón Villar Ponte, Víctor Casas ou Luís Seoane), pasando polo xornalismo literario (Álvaro Cunqueiro, Basilio Fernández

Flórez ou Julio Camba) e a mirada feminina (Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán).

Valcárcel, Marcos, "Xornalismo Galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", 1-7 maio 2008, p. 37.

Preséntanse os dous volumes publicados por Galaxia e o Consello da Cultura Galega titulados *Xornalismo con Opinión* (2007). Indícase que o primeiro se dedica a estudos sobre vinte autores, mentres que o segundo se trata dunha escolma de textos dos mesmos xornalistas e escritores. Sinálase que na introdución, Xosé López e Víctor Freixanes mostran unha reflexión dende o presente sobre o significado do xornalismo de opinión e inciden na escasa atención que lle teñen dedicado até agora os estudosos da comunicación. Apúntase que con eles tamén colaborou Rosa Aneiros, ademais de reflexionarse sobre a memoria "precaria" do xornalismo galego.

Valcárcel, Marcos, "Ánxel Casal", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 3 xuño 2008, p. 61/*Galicia Hoxe*, "A Contra", "Andoliña", 3 xuño 2008, contracuberta.

Faise eco da publicación da obra *Ánxel Casal, un editor para un país* (2007), editada polo Consello da Cultura Galega e coordinada por Alfonso Mato, traendo á actualidade a unha das figuras pioneiras do que hoxe se chama "industria cultural" galega.

Valcárcel, Xulio, "Literatura galega en México", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 503, "Páxina literaria", 27 xaneiro 2008, p. 04.

Fai referencia á Feira Internacional do Libro de Guadalajara, que serviu de marco para a presentación de "Reverso" onde se recolle unha escolma da poesía galega, *Catorce Voces do Século XX*, feita por Teresa Seara. Indica que a edición, ilustrada por Alfonso Costa e Maribel Longueira, estivo a cargo de Carlos López de Alba. Recolle que no texto previo á achega dos poetas, Seara sinala os diversos avatares polos que pasou a lírica galega dende 1196 até os nosos días co fin de dar a coñecer a literatura galega e de favorecer a "aínda escasa" comunicación cultural entre ambos países.

Valcárcel, Xulio, "Dous libros", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 507, "Páxina literaria", 24 febreiro 2008, p. 04.

Procédese á presentación da tradución ao castelán da novela de Ramón Loureiro, *As galeras de Normandía* (2005), e *Interior Silencio*, poemario de Cristina de Mello. Sinálase que o primeiro dos volumes, traducido polo propio Loureiro, é considerado por Ramón Pernas como unha nova proposta, e en certa medida, un novo libro. Apóiase este comentario apuntándose que se en galego soa con ecos de grande magnificencia seguindo a liña inventiva do mellor Álvaro Cunqueiro ou do propio Gonzalo Torrente Ballester, en castelán lembra quizais o barroquismo exuberante e musical, ben traballado e laboriosamente construído de Lezama Lima sen esquecer un certo Cela. Engádese que se trata dun libro "inusual" tanto pola formulación literaria coma pola ambición artística. Considérase un libro que esixe un esforzo por parte do lector e onde

se mestura o imaxinario "lontano" con temas de actualidade como a deturpación da costa ou a corrupción. Por outra banda, considérase que a obra de Mello, presentada pola Agrupación Cultural O Facho, está marcada pola reflexión e a interiorización de vivencias sedimentas e traslada a emoción da cotidianeidade e da súa condición feminina. Destácase a coidada simboloxía e a forza que ten o amor nesta obra, na que conviven textos breves cos poemas longos.

Valcárcel, Xulio, "As pontes no ceo", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 508, "Páxina Literaria", 2 marzo 2008, p. 04.

Preséntase *As pontes do ceo* (2007), último volume da triloxía *Vidas de infancia*, de Ramiro Fonte. Sinálase que se trata dun relato denso, sereno e caudaloso cun fío narrativo baseado na lembranza que discorre coa naturalidade e sinxeleza coa que viviu o neno, protagonista e narrador as vivencias agora recuperadas. Ademais de facerse referencia ao seu argumento, caracterízase a súa prosa como directa, precisa e libre de retórica. Apúntase que a elegancia do humor e a sutil ironía compensan e equilibran a tristeza que radica detrás do desvalemento do neno. Tamén se afirma que esta obra se erixe en paradigma universal de toda unha xeración.

Valcárcel, Xulio, "Pazo de Laiovento", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 510, "Páxina literaria", 16 marzo 2008, p. 04.

Fálase de *No pazo de Laiovento* (2007), obra na que Xosé Luna Sanmartín fala con Francisco Pillado Maior. Afírmase que o libro permite coñecer polo miúdo e dende dentro o movemento político e cultural galego a través dunha mirada crítica sobre a cultura e a identidade galegas. Considérase que Pillado Maior non pretende quedar ben, senón que é honesto consigo mesmo, leal aos amigos e contundente con aqueles que ao seu xuízo non deron a talla requirida. Declárase que a súa memoria non é unha memoria persoal, senón unha memoria xeracional.

Valcárcel, Xulio, "Poemas de Campo e López-Luaces", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 512, "Páxina literaria", 30 marzo 2008, p. 04.

Refírese a *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), de Marica Campo. Indícase que este libro, publicado por Sotelo Blanco na colección "Edoy Leliadoura", se compón por trinta e nove poemas de temática diversa que vai dende a reflexión poética e os poemas homenaxes, até a violencia de xénero e a denuncia da fame.

Valcárcel, -Xulio, "Poemas coruñeses", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 531, "Páxina literaria",17 agosto 2008, p. 4.

Apúntase que a escolma de poemas realizada por Henrique Rabuñal conta cunha temática común, a gabanza á cidade d'A Coruña. Precísase que a antoloxía conmemora os oitocentos anos da fundación da cidade, e que os diversos autores abranguen dende o século XIX até o XX, destacando especialmente Henrique Rabuñal a celebración dos Xogos Florais de 1861. Porén, a primeira composición de gabanza á cidade que se

recolle nesta escolma é a de Vicente de Turnes, de 1846, co gallo da inauguración do Liceo Artístico e Literario d'A Coruña, ao que seguen Francisco Añón, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro ou Curros Enríquez. Xa no século vinte, recóllense poemas de poetas como Luz Pozo, Uxío Novoneyra, Darío Xohán Cabana ou Manuel Rivas.

Xestoso, Manuel, "Para auténticos amantes da literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.292, "Cultura", 4-9 xaneiro 2008, p. 31.

Aténdese á edición de Galaxia de *Tres contos* (2007), de Flaubert, unha das obras que inauguran a narrativa moderna e que se cualifica de "perfecta". Indícase que Flaubert escribiu estes tres contos en pleno apoxeo creativo e que levan impresos os atributos fundamentais do seu estilo en cada páxina, isto é, a exactitude e o rigor lingüísticos, a ironía insinuante e contida que proporciona distancia crítica e unha certa gravidade melancólica. Ademais, sinálase o tratamento singularizado dos protagonistas dos relatos que, ao contrario que nas súas obras máis coñecidas, o afasta da contorna dos personaxes para se centrar na súa cerna moral. Apúntase que, polo tanto, Flaubert se concentra nas situacións de sufrimento padecidas por eles. Conclúese que este libro, traducido por Emma Lázare Rodríguez, podería ser escollido como representante da prosa toda de Flaubert.

Xestoso, Manuel, "A arte da suxestión", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, "Cultura", 10-16 xaneiro 2008, p. 33.

Deténse na publicación levada a cabo por Rinoceronte d'*A casa das belas adormentadas* (2007), obra de Yasunari Kawabata e traducida ao galego por Mona Imai. Considérase que probabelmente o seu grande atractivo vén dado pola característica mestura do lirismo e da narración que distingue a escrita deste escritor. Indícase que é ben sabido que Kawabata está considerado como o introdutor das técnicas narrativas occidentais na tradición xaponesa. Ademais de presentarse o argumento da obra, sinálase que *A casa das belas adormentadas*, máis que argumento, semella que só existe unha sucesión de escenas que repiten unha situación base. Así, a novela xira arredor dun peculiar bordel cuxa seleccionada clientela está constituída por anciáns. Fálase tamén que, como en todas as novelas deste escritor, adquiren unha fundamental importancia as sensacións ligadas á época do ano en que se desenvolve a acción. Por último, saliéntase que outra característica radica na súa concisión transparente que acaba por resultar enigmática.

Xestoso, Manuel, "De boas intencións...", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Cultura", 17-23 xaneiro 2008, p. 33.

Fálase d'*O señor Ibrahim e as flores do Corán* (2007), novela de Eric-Emmanuel Schmitt traducida por Emma Lázare Rodríguez e editada por Factoría K. Ademais de facerse referencia ao argumento, indícase que o problema desta novela é que nin a concreción literaria consegue o que procura, nin as teses acaban de estar claramente definidas. Engádese que como fábula lle falta orixinalidade e que como novela é só un esbozo. Cítanse outras obras deste autor como *Pequenos crimes conxugais*, *Variacións enigmáticas*, *O labertino* ou *O evanxeo segundo Pilatos*.

Xestoso, Manuel, "Unha viaxe faiscante polo Camiño de Santiago", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, p. 33.

Preséntase *As frechas e ouro* (2004), de John Rutherford. Indícase que neste libro, centrado no Camiño de Santiago, o inglés Rutherford rende tributo a Galicia e á súa lingua. Sinálase o seu estilo directo, case coloquial, e aínda soliloquial que fai doada e pracenteira a lectura, ademais de subliñarse algúns dos artificios narrativos dos que bota man o escritor e a súa fina ironía.

Xestoso, Manuel, "O mal do totalitarismo e o mal contemporáneo", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Cultura", 31 xaneiro-6 febreiro 2008, p. 33.

Fai referencia á última novela de Bernhard Schlink, *O retorno* (2007), que, traducida ao galego por Patricia Buján Otero e editada por Galaxia, indaga no pasado nazi e nas súas pervivencias no presente. Tamén introduce unha clasificación feita a partir do posicionamento dos escritores alemáns de posguerra perante o tema do nazismo. Así, identifica un primeiro grupo que escribiría dende a urxencia de librarse do sentimento de culpa que a lembranza do nazismo espertaba neles, entre os que se atopan nomes como Arno Schmidt, Heinrich Böll ou Günter Grass. Ligada ao movemento do maio do 68, aparecería unha segunda promoción de escritores cuxa obra se caracteriza polo cuestionamento e as acusacións contra o papel desenvolvido pola xeración dos seus pais nos anos do Holocausto, como de Uwe Timm, Christoph Meckel ou Ulla Hahn. Pola súa banda, apunta que a obra *O lector*, de Scklink, anunciaba a irrupción dunha terceira xeración de escritores, moito menos implicada persoalmente cos acontecementos históricos ligados ao nazismos e que podía tratalos dente unha posición máis liberada de complexos. Explica que n'*O retorno* o autor retoma a fórmula de presentar unha indagación no pasado máis recente da historia alemá baixo a forma dunha trama case policial. Faise referencia ao argumento e sinala que o debate moral desta obra sitúase nun nivel externo á trama. Resalta tamén a gran capacidade de Schlink para a narración áxil.

Xestoso, Manuel, "A dialéctica do engano", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 33.

Coméntase *O banqueiro anarquista* (2007), de Fernando Pessoa, editada por Embora, traducida ao galego por Xoán Montero Domínguez e gañadora do Premio Plácido Castro de Tradución. Sinálase que é unha especie de conto filosófico que toma a forma de diálogo platónico entre un narrador anónimo e un ex-operario que se converteu en empresario e banqueiro. Resúmese a dialéctica do banqueiro e móstrase sorpresa ante o feito de que a discusión crítica sobre o conto se centrase especialmente na posición política do propio Pessoa sen prestar atención a penas aos recursos literarios. Saliéntase neste relato o "soberbio" emprego da ironía e apúntase que o autor do prólogo, Burghard Baltrusch, condensa "moi ben" esa discusión crítica.

Xestoso, Manuel, "A nostalxia de ser un deus", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Cultura", 27 maio-2 abril 2008, p. 33.

Fálase da tradución ao galego feita por Galaxia para a súa colección "Clásicos Universais" de *Werther* (2007), de Goethe. Ademais de ofrecerse o argumento da obra, sinálase que se trata dunha obra extraordinaria, radical e fermosísima que conmoveu a toda Europa. Explícase que se creou a partir dos modelos epistolares que lle ofrecían as novelas de Richardson de Rousseau, que provocaron un cataclismo na narrativa que destrúe tanto o idealismo destas coma a ironía materialista de Sterne e Fielding.

Xestoso, Manuel, "O dramaturgo furioso", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "Cultura", 10-16 abril 2008, p. 35.

Coméntase *O regreso ao deserto* (2007), de Bernard-Marie Koltès, traducida ao galego por Fernando Moreiras para Laiovento e o IGAEM. Apúntase que nela o autor debuxa un descarnado retrato da burguesía occidental, para o que Koltès creou unha linguaxe de gran calado poético, partindo do furor e o desacougo dun Genet ou dun Céline filtrados pola maxestuosidade expresiva do *grand style* francés. Indícase que esta obra é unha rareza dentro da súa produción en canto que os habituais espazos marxinais presentes nos seus textos son substituídos polo máis familiar universo da provincia francesa, da vida doméstica e cotiá das clases procedentes na camiña gala. Ademais, explícase o autor parte dos modelos tradicionais da comedia de *boulevard* completando o clásico xogo entre amos e criados co elemento racial, substitúe o amor familiar pola sospeita do incesto; e transforma a visión amábel dos conflitos sociais nunha inflamábel barafunda, na que os ben pensantes acoden ao terrorismo reaccionario para dirimir as súas diferenzas coas clases menos favorecidas. Tamén se indica que Koltès mestura de xeito irreverente recursos procedentes de diferentes tradicións creando un estilo heteroxéneo e fragmentario, pero coherente co discurso que sostén.

Xestoso, Manuel, "O berro da América rebelde", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "Cultura", 17-23 abril 2008, p. 33.

Preséntase a tradución de *Ouveo e outros poemas* (2007), de Allen Ginsberg traducido por Daniel Salgado e editado por Positivas. Ademais de facerse referencia ao seu argumento, sinálase que se trata dun dos libros máis coñecidos de toda a poesía americana, así como que é un exemplo "excelente" de performance literaria. Afírmase que Ginsberg apostaba por un retorno ás fontes líricas da poesía e ao carácter rapsódico dun verso pensado para ser lido; e que se acolle ao caudaloso verso libre da estirpe de Walt Whitman, eludindo as formas métricas clásicas e confiando na estrutura musical latente nos longos períodos que conforman o poema e nos frenéticos ritmos resultantes da xustaposición de elementos. Considéranse valores irrenunciábeis a improvisación e a espontaneidade e laméntase a tradución, confiando en que con algo máis de tempo e de revisión se poida lograr unha versión máis acaída.

Xestoso, Manuel, "Fuxir coa mente", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 33.

Comenta a biografía do escritor Jack London e asegura que as súas experiencias vitais vense reflectidas nos seus libros. Cita algúns deles e céntrase na última novela, *O*

viaxeiro astral (2007), na que o autor mostra as súas obsesións. Indica que na obra hai dúas liñas narrativas: a historia do protagonista encerrado nunha prisión, e a outra liña, son as vidas precedentes do prisioneiro. Tamén fai referencia ao optimismo que impera na historia e ao trunfo do espírito mesturado co desánimo. Por último, comenta aspectos do estilo e salienta a denuncia que London realiza dos cárceres, e nomea que a tradución ao galego foi feita por Xoán Abeleira.

Xestoso, Manuel, "O corazón da traxedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.315, "Cultura", 19-25 xuño 2008, p. 33.

Fai referencia a tradución ao galego por Xurxo Borrazás d'*O ruído e a furia* (2007), de William Faulkner. Sinala que é unha das obras mestras da novela do século XX e indica que ofrece, paradoxalmente, un testemuño da morte dunha sociedade a través dun estilo radicalmente novo e experimental e ofrece o argumento do libro, ademais de indicar tamén que a tradución consegue reflectir o revirado estilo con dignidade.

Xestoso, Manuel, "Cando o corpo é a memoria", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Cultura", 24-30 xullo 2008, p. 33.

Considérase que os *Poemas canónicos*, de Konstantinos Kavafis, na edición publicada en 2007 pola editorial Rinoceronte, son unha obra exemplar, que está na primeira liña da creación poética dos inicios do século XX. Opínase que se trata dun retrato da cidade de Alexandría que Kavafis adoraba e que soubo reflectir dun xeito extraordinario. Sinálase que plasmou a comuñón da cultura milenaria ática e a bizantina e o helenismo europeo. Coméntase que o seu trato do erotismo goza dunha sensualidade infrecuente no seu tempo, o verdadeiro obxecto da súa escritura é a memoria. Dise que a fugacidade das cousas e o valor do instante residen na constante ameaza de ser esquecidos e que os sentimentos están vividos dende a provisionalidade do corpo. Dende esta perspectiva, coméntase que o mundo que relata Kavafis nos seus poemas (bordeles, cantinas ocultas...) deben ser entendidos coma o reverso do mundo helénico antigo. Explícase que os primeiros son a descrición onde se desenvolven os sentimentos; e que os segundos presentan os temores e problemas que angustian a miúdo.

Xestoso, Manuel, "Literatura de farol", *A Nosa Terra*, n.º 1.326, "Cultura", 25 setembro-1 outubro 2008, p. 33.

Afirmase que a autora da novela *Kitchen* acadou un recoñecemento sorprendente que pode estar impulsado de certo xeito polo éxito do seu compatriota Haruki Murakami. Coméntase que estes dous autores comparten personaxes desorientados que deambulan pola realidade sentándose diferentes ao resto das persoas; polo tanto, estes homes e mulleres presentan comportamentos estraños, que rozan o patolóxico. Destácase que a obra está protagonizada por unha moza que ao morrer a súa avoa queda orfa e logra superar a súa dor cando coñece a outro mozo que tamén é orfo, Yuichi. Este rapaz vive co seu pai que agora é unha muller xa que se someteu a un operación de cambio de sexo. Precisa que a prosa de Yoshimoto é moi simple, case infantil, carece de calquera retórica, por iso conduce a certa sensación de imprecisión e desgana.

Xestoso, Manuel, " Todo o teatro occidental", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", "Ensaio", 4-10 decembro 2008, pp. 33-34.

Analízase o volume *Literatura dramática. Unha introdución histórica*, de autoría diversa (Afonso Becerra, Inma López Silva, Roberto Pascual, Laura Tato, Damián Villalaín e Manuel Vieites entre outros) e editado por Galaxia. Dise que o seu obxectivo vén descrito como unha tentativa de explicación dos acontecementos máis expoñentes no desenvolvemento do teatro universal dende as súas orixes até a actualidade, dende unha perspectiva didáctica e pedagóxica. Sinálase asemade a súa división en vinte e un ensaios monográficos que comezan cunha introdución histórica e teórica para proseguir cun estudo máis pormenorizado dos autores e obras. Finalmente, realízase unha crítica a certos aspectos negativos destes ensaios e menciónase unha mestura en canto aos criterios artísticos, cronolóxicos e políticos no eido epistemolóxico.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abeleira, Xoán, "Non si (e II)", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 28 xaneiro 2008, p. 17.

Reprodúcese o poema dedicado á lingua galega intitulado "Non si (e II)".

Abeleira, Xoán, "No aniversario de Sylvia Plath", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 11 febreiro 2008, p. 16.

Comenta que se vai publicar este ano a poesía completa da escritora inglesa Sylvia Plath e achega un poema seu, traducido ao galego, que pertence ao libro *Ariel* (1965).

Abeleira, Xoán, "Negativos", *La Opinión*, "Opinión", 12 maio 2008, p. 17.

Salienta o poemario de Berta Dávila, *Corpo baleiro* (2007), comparándoo coa focaxe fotográfica. Despois reflexiona sobre a destrución dos negativos fotográficos, froito do emprego das novas tecnoloxías, e anima á rebeldía ante os novos tempos, alicerzada en diferentes pasaxes da historia, o cinema e a relixión, como vía de acadar o celme da realidade.

Abeleira, Xoán, "O primeiro poema", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 14 xullo 2008, p. 17.

Acóllense dous poemas "I" e "II" de Xoán Abeleira, dos que se di que compoñen un dobre poema, o primeiro que o autor escribiu ao se instalar en Galicia e co que se despide por ºun tempo dos lectores.

Abuín de Tembra, Avelino, "A Lúa nos beizos", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 6 xaneiro 2008, p. 26.

Comenta que Camilo González Suárez-Llanos deixou a súa pegada na literatura galega con obras importantes como *Cara a Times Square* (1980) e está considerado como un dos prosistas máis sobranceiros nesa literatura. Indica que na actualidade forma parte da Real Academia Galega e que acaba de propoñer a súa teoría sobre o escaso uso que fan os galegos da súa lingua. A continuación, achega as palabras do propio Camilo Gonsar coas que propón medios para cambiar a situación que vive a lingua o galego.

Abuín de Tembra, Avelino, "Do 5 ao 7 de xaneiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 6 xaneiro 2008, p. 5.

Comenta que o mes de xaneiro foi importante na historia de Galicia xa que nese mes morreron dous dos mellores escritores galegos: Ramón Mª del Valle-Inclán e Alfonso

Daniel Rodríguez Castelao. Indica que ambos mostraron unha mutua simpatía e salienta, sobre todo, as loanzas de Castelao cara Valle en moitos actos públicos así como a ledicia que mostra ao asistir dende Bos Aires ao trunfo da obra de Valle-Inclán na década dos 40. Por último, comenta que Valle-Inclán foi rexeitado por algúns nacionalistas que o criticaron por non escribir en galego, mais considera que debe recoñecérselle a súa calidade.

Abuín de Tembra, Avelino, "Academia de Rianxo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 7 xaneiro 2008, p. 5.

Reclama que moitas vilas galegas reciban un título oficial como "vilas altares ou aras líricas de Patria" e propón varios exemplos. Entre elas, salienta a vila de Rianxo xa que foi berce de Daniel Rodríguez Castelao, de Manuel Antonio e de Rafael Dieste, e comenta que as súas respectivas casas van ser preparadas para crear a Academia Literaria de Rianxo.

Abuín de Tembra, Avelino, "A guerra dos himnos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 14 xaneiro 2008, p. 5.

Comenta que os himnos representan ás nacións e cita algúns como o francés, o portugués, o catalán e o galego. Narra como naceu o himno galego, baseado nun poema de Eduardo Pondal do seu libro *Queixumes dos pinos*, e explica como se difundiu dende a súa aceptación en América. Indica que foi aprobado polo goberno da II República en 1935, prohibido na Ditadura e ratificado novamente en 1977. Finalmente, fai referencia ao feito de que agora o Comité Olímpico Español lle queira poñer letra á Marcha Real.

Abuín de Tembra, Avelino, "Letras galegas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 20 xaneiro 2008, p. 5.

Fai referencia aos hábitos de lectura en Galicia e considera que a literatura galega é das máis espléndidas e destacadas. Critica que se considere unha literatura de menor categoría e non comprende por que os galegos non len literatura en galego.

Abuín de Tembra, Avelino, "Instituto Internacional Castelao", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 27 xaneiro 2008, p. 26.

Fálase da vontade de crear o Instituto Internacional Castelao de Galicia para "difundir e divulgar, esparexer e propagar" a lingua galega como o meirande valor universal do país. Sinala que Rosalía de Castro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao son os autores que mellor se identifican con Galicia. Di que con motivo do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Castelao na vila de Rianxo xurdiu a iniciativa de crear o Instituto Internacional Castelao, que sería un organismo semellante ao Instituto Camões de Portugal e co que Galicia terá o seu propio lugar nun mundo cada vez máis masificado e uniformado.

Abuín de Tembra, Avelino, "Eduardo Noguerol", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 10 febreiro 2008, p. 28.

Alude aos autores "alternativos", chamados así porque son discípulos, seguidores ou continuadores dos grandes autores literarios. Comenta que hai un historiador da literatura galega que inclúe neste grupo a escritores como Valentín Lamas Carvajal, Xoán Cuveiro Piñol ou Xoán Barcia Caballero, entre outros, e noutro grupo inclúe aos escritores, chamados epígonos, que son os continuadores dos tres grandes do Rexurdimento (Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez). De seguido, explica que a Real Academia Galega está intentando recuperar a eses escritores que quedaron no silencio e busca novos candidatos para homenaxear no Día das Letras Galegas. A continuación fala sobre algúns dos homenaxeados e, por último, salienta a biografía de Arturo Noguerol Buján.

Abuín de Tembra, Avelino, "Segundo Centenario (e II)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 11 febreiro 2008, p. 5.

Fai referencia á defensa que se fixo en Galicia fronte á invasión dos franceses e comenta que Rosalía de Castro, anos despois, lle dedicou un poema ao xeneral Sir Jonh Moore pola defensa que fixo da cidade da Coruña. Indica que o poema se titula "Na memoria do xeneral inglés Sir John Moore, morto na batalla de Elviña, Coruña, o 16 de xaneiro de 1809. Á miña amiga María Bertorini, nativa do País de Gales. Cruña, 1871" e está recollido no poemario *Follas Novas* (1880).

Abuín de Tembra, Avelino, "¡Maldito quen se negue!", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 18 febreiro 2008, p. 5.

Comenta que ás veces a publicación de datos estatísticos resulta moi pesimista, tal como aconteceu coas últimas cifras sobre o índice de lectura en Galicia. Explica que os galegos son os penúltimos na lectura de libros, nos hábitos lectores e máis na compra de volumes polo que, afirma que son uns "insolidarios" coa lingua xa que non a axudan a medrar. Por último, presenta a pregunta de por que os galegos non len libros, ante o que non atopa ningunha resposta.

Abuín de Tembra, Avelino, "O ano de Curros", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 9 marzo 2008, p. 5.

Reclama que o ano 2008 sexa declarado o "Ano Institucional de Curros", xa que foi o símbolo das liberdades de Galicia. Considera que é o segundo escritor de importancia despois de Rosalía de Castro e indica que tal feito debería ser celebrado. De seguido, salienta os actos conmemorativos que levou a cabo a Fundación Curros Enríquez para celebrar o centenario da súa morte, volve propoñer o ano institucional de Curros e nomea outros autores aos que tamén se lles debería celebrar tal efeméride.

Abuín de Tembra, Avelino, "Celebración de Curros", *Diario de Arousa*, , "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza",13 abril 2008, p. 26.

Láiase de que o ano 2008 non se declarase Ano Institucional de Curros, do mesmo xeito que se fixo co centenario e cincuentenario de Rosalía de Castro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Tamén se refire ao esquecemento institucional de Alexandre Bóveda e anuncia que en 2017 se deberá dedicar a Eduardo Pondal ou en 2023 a Manuel Murguía. Céntrase na figura de Curros, que cualifica de poeta rebelde e símbolo das liberdades de Galicia e refírese aos actos que organiza a Fundación que leva o seu nome co gallo do centenario da morte do poeta celanovés.

Abuín de Tembra, Avelino, "Xan de Forcados", *Diario de Arousa*, , "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 15 xuño 2008, p. 26.

Dáse a coñecer a importancia do médico Juan López Suárez, "Xan de Forcados". Comenta que dende o comezo do século XX até 1936, unha das épocas máis gloriosas da vida de Galicia, Xan de Forcados está presente. Para analizar a vida e obra deste médico, o articulista indica que todos os datos aquí apuntados xorden do volume *Juan López Suárez ou Xan de Forcados. Home de ciencia e impulsor das melloras culturais en Galicia* (2003), obra de Xosé Ramón Fandiño Veiga. Así, realízase unha análise centrada en Xan de Forcados onde se salienta a súa relación con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Abuín de Tembra, Avelino, "Unha ópera rosaliana (e II)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 23 xuño 2008, p. 5.

Apoiándose no personaxe central da ópera *Camiños de Rosalía*, de Roxelio Groba, reflexiona sobre a evolución narrativa da obra, dende a aparición dos personaxes Xan Luís, Mariquiña e unha Vella pedicheira até as conversas de amor e consellos das dúas figuras femininas; a estruturación en dez capítulos e unha escena; a localización e os personaxes, dos que cómpre salientar a presenza abundante dos coros e os propósitos.

Abuín de Tembra, Avelino, "De letras e libros", *Diario de Arousa*, , "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 29 xuño 2008, p. 28.

Despois dunha breve referencia aos actos celebrados na Casa Museo de Rosalía de Castro co gallo do Día das Letras Galegas de 2008 céntrase en comentar o volume *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (2007), de Justo Beramendi, co que acadou o Pedrón de Ouro 2008. Sinala que este volume se converterá en breve "na biblia do galeguismo e do nacionalismo de Galicia" e que se está perante unha sucesión de datos cohesionados, trabados e harmonicamente manexados polo seu autor. Apunta que este traballo consagra toda unha vida de pescudas e indagacións e mais que tras a súa lectura xorde un sentimento na alma: "somos unha Nación".

Abuín de Tembra, Avelino, "Dieste recobrado, *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 6 xullo 2008, p. 5.

Fala da importancia da vila de Rianxo dentro da literatura galega e incluso chega denominala como a Atenas de Arousa. Tamén destaca o labor do alcalde deste vila para recuperar as casas dos seus tres grandes escritores: a de Manuel Antonio, que case está; a de Castelao, envolta nunha liorta familiar e institucional incompresíbel e mais a de Rafael Dieste, a única que xa culminou. Finalmente apunta que cómpre converter a rúa de Abaixo de Rianxo nun "lugar de peregrinaxe, probablemente único en Galicia".

Abuín de Tembra, Avelino, "Unha escolma poética de Cabanillas para o seu cincuentanario", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 13 xullo 2008, p. 26.

Opina sobre Xesús Rábade Paredes que é un dos grandes escritores contemporáneos da época que goza dunha obra ben destacábel: *O sangue na paisaxe (1980), A terra prometida (1974), Matria de sombra* (1985), pero que quizais unha das facetas menos coñecidas do escritor sexan os seus ensaios como historiador e crítico. Indica que, dado o seu interese por Ramón Cabanillas, en 2003 se publicou *Ramón Cabanillas. Escolma poética*, unha edición de Caixanova, Pen Clube de Galicia e Edicións Xerais. Dise que a obra é unha compilación de cincuenta poemas do autor estruturados en orde cronolóxica, considerada imprescindíbel para coñecer a Cabanillas, autor esquecido dende o seu pasamento en 1959. Afirma que Cabanillas era un home cunhas facultades naturais para a integración dos elementos populares e cultos, a voz da protesta, o patriotismo, a reivindicación emocional... De Rábade Paredes salienta que sente admiración por el como poeta e tamén pola súa condición humana: humilde, xeneroso, fiel amante de Galicia. Considera que este traballo tan ben feito é a mellor homenaxe no cincuentenario da morte de Cabanillas.

Abuín de Tembra, Avelino, "123 anos de Rosalía", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 14 xullo 2008, p. 5.

Céntrase na figura de Rosalía de Castro co gallo do 123 aniversario do seu pasamento. Para isto apóiase nunhas reflexións de Xosé María Álvarez Blázquez sobre a gran poetisa galega. Entre elas cómpre salientar: Rosalía non chora, protesta; Rosalía cando non protesta, ri ou que a Rosalía que acada unha meirande categoría é a Rosalía muller.

Abuín de Tembra, Avelino, "Ánxel Fole na señardade", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 27 xullo 2008, p. 26.

Critícase o feito de que non se faga unha celebración "pomposa" do centenario do nacemento de Ánxel Fole que é segundo se di o escritor lugués por antonomasia. Coméntase que só se fai un acto en Lugo cun discurso de Luís Alonso Girgado e que se dá unha breve nota do acontecemento na prensa do cal se lamenta Abuín de Tembra.

Abuín de Tembra, Avelino, "Rosalía, 169 anos de existencia", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 3 agosto 2008, p. 28.

Afírmase nun texto escrito o 24 de febreiro de 2008, data na que cumpriría cento sesenta e seis anos Rosalía de Castro, que sobre esta poeta se escribiron incomprensíbeis inexactitudes a finais do século XX. En concreto sinala que considera un nefasto traballo de Martínez Barbeito e insiste en que aínda queda moito que facer polo recoñecemento internacional que a autora padronesa se merece. A continuación explica que a Fundación trata de situar a Rosalía no lugar que lle corresponde por "ser a manifestación máis orixinal, máis forte, da lingua castelá do século XIX". Por outra banda, Avelino Abuín de Tembra considera que hoxe en día escasea a vocación xuvenil para seren os poetas do futuro e comenta que seguen a convocarse certames de poesía e os xurados non queren deixar ningún premio sen gañador. Opina que o dito é unha bágoa, xa que a poesía é un dos emblemas de Galicia dende sempre. Cita a Martín Codax, Pero Meogo ou Airas Nunes pero tamén fala de Rosalía, Manuel Curros, Eduardo Pondal, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilo e da compilación realizada por Francisco Fernández del Riego en 1955 dos mellores poemas de cincuenta escritores galegos, entre os que non se atopa a Antón Trovar, autor que pasou sen que se lle dera a relevancia merecida. Para rematar comenta que lle acaban de conceder o XIX Premio Celanova dos Poetas.

Abuín de Tembra, Avelino, "Devolución de Sixto Seco", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 10 agosto 2008, p. 30.

Considera que a obra de Eusebio Lorenzo Baleirón gaña cada día máis adeptos e que é o gran poeta das elexías e da morte. Tamén comenta que Sixto Aguirre Garrín, executado canda a Bóveda, vai ser exhumado e asemade o cronista afirma que asistirá ás exequias de Sixto Aguirre e de Carlos Díaz Baliño que terán lugar o 14 de agosto de 2008 na aldea de Sa, en Palas de Rei.

Abuín de Tembra, Avelino, "Galicia Mártir", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 17 agosto 2008, p. 30.

Comenta que nun futuro próximo se terá que estabelecer un "Calendario civil galego" que deberá contar, entre outras, coas seguintes conmemoracións: 6 de marzo (Banquete de Conxo); 17 de maio (Día das Letras Galegas); 28 xuño (Día do Estatuto de 1936); 25 xullo (Día da Nación Galega); e 17 de agosto como Día da Galicia Mártir, que é denominada tamén por Abuín de Tembra como Día da Fidelidade e Lealdade.

Abuín de Tembra, Avelino, "A Cultura e Rianxo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 26 outubro 2008, p. 5.

Expresa o seu amor por Rianxo e considera a esta vila como Altar da Patria ao ser nela onde naceron ilustres persoeiros galegos. Despois de recalcar o seu simbolismo reflexiona sobre Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Antonio e mais Rafael Dieste e asemade recalca que se sente compracido con Isaac Díaz Pardo, a quen acaban de designar Fillo Adoptivo desta localidade.

Abuín de Tembra, Avelino, "A poeta de Arousa: Herminia Fariña", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 30 novembro 2008, p. 25.

Céntrase na figura da escritora Herminia Fariña. Comeza preguntándose se naceu en 1902 ou en 1904 e a seguir comenta que os fíos condutores da súa poesía son o achego á natureza, o compostelanismo e mais a tristura e a pena de vivir. Indica que en 1995 o Concello de Meaño publicou as súas obras completas, que a RAG lle terá que dedicar un Día das Letras Galegas e que en 1937 publicou un vergoñento poema de loanza ao xeneral Franco que produce arrepío.

Abuín de Tembra, Avelino, "Poesía para un futuro urxente", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 14 decembro 2008, p. 28.

Declara que en Galicia a poesía non está derrotada grazas á nova fornada de poetas e para isto comenta os premios literarios Minerva. Apunta que estivo en 2003 como membro do seu xurado e mais que estes "poetas novos, mais que novos novísimos" serán o futuro da poesía en lingua galega.

Abuín de Tembra, Avelino, "Castelao BIC", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 15 decembro 2008, p. 5.

Comenta que a casa de Daniel Rodríguez Castelao en Rianxo acaba de ser declarada BIC (Ben de Interese Cultural), unha idea que viña de lonxe e que considera moi necesaria ao ser Castelao o pai do nacionalismo galego e "un personaxe nidio, puro, claro e contundente" que non pode xerar indiferenza.

Agís Villaverde, Marcelino, "Viva Cuba ¿libre?", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O recanto da filosofía", 21 febreiro 2008, p. 5.

Critica a situación que están a vivir aínda hoxe os presos cubanos que foron detidos por pensar e opinar de xeito diferente ao réxime, e comenta que a expedición galega que participou na Feira Internacional do Libro da Habana tamén se mantivo apartada desta situación polo que considera que non se deben virar as costas ante o problema, senón denuncialo.

Agís Villaverde, Marcelino, "Pedrayo e Baliñas, historia dunha amizade", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O recanto da filosofía", 3 setembro 2008, p. 4.

Dá conta da amizade forxada entre o alumno Carlos Baliñas e o seu mestre Ramón Otero Pedrayo, froito da cal xurdiu a obra *Descubrindo a Otero Pedrayo* (1991). Saliéntase a importancia da mesma pola súa fonda aproximación á figura de Don Ramón, tanto dende o punto de vista da súa labor cultural, como no eido persoal e como impulsor da defensa dos valores da terra galega.

Agís Villaverde, Marcelino, "Homenaxe ós mestres", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O recanto da filosofía", 13 novembro 2008, p. 4.

Alude á importancia que tiveron os seus mestres na súa formación. Detense en Alfredo Conde, Xaime Isla Couto, quen o introduciu no galeguismo, Ramón Piñeiro, Carlos Baliñas, Paul Ricoeur e Xerardo Fernández Albor, dos que recalca que lles debe unha manchea de ensinanzas.

Alfaya, An, "Literatura-cine-educación", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Opinión", 2-8 outubro 2008, p. 15.

Comenta que as obras ambientadas na guerra civil son necesarias, xa que restitúen a memoria dos devanceiros e fala dos vínculos entre igrexa e educación na guerra, exemplificando cos filmes *Los girasoles ciegos* ou *A lingua das bolboretas*.

Alonso, Julio, "Sempre Ferrín", *Atlántico Diario*, "Opinión", 23 xuño 2008, p. 3.

Con motivo da xubilación de Xosé Luis Méndez Ferrín, realiza un eloxio sobre a traxectoria docente deste, alicerzada na independencia no proceso de aprendizaxe, na erudición e na asunción dun posicionamento político.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao en Cuba: 'Galicia y Valle-Inclán", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 xaneiro 2008, p. 12.

Fala sobre a admiración que sentiu sempre Daniel Rodríguez Castelao pola obra de Ramón Mª del Valle-Inclán. Comenta que ambos os personaxes están vinculados ao mes de xaneiro e refire o discurso que pronunciou Castelao en Cuba en homenaxe a Valle. Dise que a conferencia titulouna "Galicia y Valle-Inclán" e foi publicada na *Revista Bimestre Cubana*. Así mesmo, tamén achega algunhas verbas de Castelao sobre o escritor admirado.

Alonso Montero, Xesús, "Cen anos dun extraordinario periodista: Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 8 marzo 2008, p. 12.

Tras celebrar o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, salienta o labor xornalístico do escritor, considerado como un gran xornalista en Madrid, Galicia e na Habana. Comenta que Curros tiña un espírito independente e que se comprometía coas causas xustas. Tamén cita a outros xornalistas importantes como Manuel Pardo de Andrade ou Roberto Blanco. De seguido, anima a realizar unha escolma da obra periodística de Curros, xa que a través dela poderíamos comprender mellor as súas ideas políticas ou a súa actitude cara a relixión.

Alonso Montero, Xesús, "Miro Villar e Antón Zapata, cum laude", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 15 marzo 2008, p. 14.

Comenta que dende o 25 de febreiro de 2008 todos os interesados poden coñecer mellor a figura de Antón Zapata García, poeta de Laxe forxado na emigración porteña, grazas á tese de doutoramento de Miro Villar. Afirma que agora xa é posíbel analizar o corpus literario completo deste poeta, que só publicou *A roseira da soidade* (1953), e indica que o seu compromiso co antifascismo o levou a compoñer, en español, un canto aos soldados soviéticos que detiveron ás tropas de Hitler.

Alonso Montero, Xesús, "Curros Enríquez e un tal M.G.García", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 29 marzo 2008, p. 14.

Fala de *Poesías* (1951), único libro publicado en España acerca do escritor Manuel Curros Enríquez. Di que se trata dunha antoloxía con dezasete textos en galego e catro en castelán, caracterizados por seren asimilábeis para a censura, cun prólogo de M.G. García. Mercé ás esculcas do profesor Germán R. Abella Chouciño, coñecedor das tribulacións do articulista, sábese que estas iniciais corresponden a Manuel García García.

Alonso Montero, Xesús, "Morre en París Rosalía Paz Noya González", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 256, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 5 abril 2008, p. 15.

Informa sobre o falecemento de Rosalía Paz Noya o 20 de marzo do presente ano. Di que era filla de pais emigrados e con formación filolóxica, e que mantivo unha actitude de preocupación e interese pola cultura galega, aspectos materializados na tese de licenciatura *Catro poetas galegos na emigración venezolana: Xosé Velo, Pura Vázquez, Celso Emilio Ferreiro e Farruco Sesto Novás*; no contacto con escritores, como Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane, que se hospedaban na residencia familiar, e no artigo "Xosé Velo Mosquera", incluido na obra *Galicia no ano 1979* (1979), de Manuel Oreste Rodrígues Lópes.

Alonso Montero, Xesús, "Saturno Lois, cineasta de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 abril 2008, p. 14.

Comenta a admiración existente en Lugo polo profesor Saturno Lois Piñeiro. A raíz disto, Alonso Montero realiza un percorrido biográfico e artístico, salientando que Lois Piñeiro, xunto ao seu irmán Manuel, dirixiu o filme *A Virxe do Cristal* baseada na obra homônima de Manuel Curros Enríquez. Destácanse del as ideas políticas e as virtudes humanas.

Alonso Montero, Xesús, "O poeta e a bibliógrafa: amor e alofonía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 261, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 10 maio 2008, p. 13.

Neste artigo evócase a figura de Josefa Emilia Sobor Riera, nada en Vilagarcía de Arousa e emigrante en Bos Aires dende os dous anos, e mais a do seu marido Eduardo Jorge Bosco co gallo da celebración dun acto literario no Café Tortoni de Bos Aires no que se presentaron os *Poemas en lingua galega* (2007), de Bosco. Asemade sinálase que Sobor Riera acadou en 1992 o premio Nacional de Historia do goberno arxentino mentres que Bosco escribiu en 1939 sete cancións galegas dedicadas á súa muller.

Alonso Montero, Xesús, "Réquiem polo poeta Gómez Alfaro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 31 maio 2008, p. 14.

Coméntase o pasamento de Xosé Carlos Gómez Alfaro. A partir dese feito lémbrase como "poeta matriótico", como o proban os poemarios *As labaradas da lembranza* (1996) e *Mar aberto* (2007), galardoado co XXI Premio de Poesía Cidade de Ourense, e como profesor da Guarda, onde foi un referente da vida literaria.

Alonso Montero, Xesús, "Cando María Casares recitaba a Curros", *La Voz de Galicia*, "C*ulturas*", n.º 265, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 7 xuño 2008, p. 15.

Destácase a figura de María Casares na faceta de recitadora de poemas de Manuel Curros Enríquez e, en concreto, da composición "Saúdo", subtitulada "Ouh, meiga cibdá da Cruña", grabada no auditorio do centro Lucense de Bos Aires en 1957 e emitida no espazo radiofónico de Luís Seoane. Dise tamén que nunha entrevista realizada no n.º 31 da revista *Galicia Emigrante*, a actriz salienta a súa preferencia pola poesía de Rosalía de Castro e de Manuel Curros Enríquez.

Alonso Montero, Xesús, "Un oftalmólogo escribe a Otero Pedrayo en 1958", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 266, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 14 xuño 2008, p. 15.

Comenta que Antón Beiras García foi o galeguista máis coherente na súa praxe idiomática na Galiza dos anos cincuenta e sesenta do século pasado. Relacionado con isto, fala da existencia dunha carta súa dirixida a Ramón Otero Pedrayo co gallo da súa última clase como catedrático de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela. Indica que tivo lugar o 7 de marzo de 1958 e que Beiras García felicitou nela a Otero Pedrayo e que esta foi a primeira vez que como catedrático falaba en público en galego.

Alonso Montero, Xesús, "O intelectual Xaime Quintanilla, ¿patrón laico?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 xullo 2008, p. 12.

Salienta a importancia do ferrolán Xaime Quintanilla, dentro da "intelligentzia" galega do século XX, coma dinamizador cultural e político. Así mesmo sinala a necesidade de mudar a celebración do Día da Patria Galega de lugar (de Rianxo a Ferrol) e de cronoloxía (xa que , segundo alonso Montero,o 25 de xullo é unha data con connotacións conservadoras e non laicas).

Alonso Montero, Xesús, "Sobre o arquivo da emigración, unha vez máis", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 2 agosto 2008, p. 15.

Comenta que asistiu en Buenos Aires a unha homenaxe a Luís Seoane e á bibliófila Pepita Sabor e que a seguir foi convidado a un xantar na Federación de Sociedades Galegas, que dirixe Francisco Lores, da que se subliña que posúe un inmenso fondo bibliográfico e documental con exemplares que están fóra do circuíto normal das librarías galegas. Finalmente, opina que eses fondos deberán ser os alicerces do gran Museo da Emigración.

Alonso Montero, Xesús, "Unha Filgueira Valverde: de 1936 a hoxe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 275, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 16 agosto 2008, p. 6.

Sinálase que o 8 de agosto de 2008 se presentou no Museo de Pontevedra o volume *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*, de Xosé Filgueira Valverde. Asemade explícase que a súa orixe está en 1935 cando o seu autor redactou unha carta, que contiña un "Inquérito", dirixida a case cen poetas, á cal responderon trinta e dous, para redactar esta antoloxía que foi tronzada pola guerra civil pero que ve a luz setenta e dous anos despois.

Alonso Montero, Xesús, "Otero Pedrayo: "Tu carta eres tú", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 277, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 30 agosto 2008, p. 7.

Comenta que cómpre salientar a faceta epistolar de Ramón Otero Pedrayo, nomeadamente as misivas dirixidas a súa nai, Eladia Pedrayo Ansoar. Sostén que na edición destas cartas, realizada por Galaxia en 2007, non están todas, dado que a magnitude d-+o corpus epistolar entre Otero e súa nai, entre 1905 e 1957 tivo etapas que chegaban a ser dunha carta diaria.

Alonso Montero, Xesús, "Otero Pedrayo: 'Tu carta eres tú" (II)", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 6 setembro 2008, p. 11.

Defínese *Cartas á nai* (2007), de Ramón Otero Pedrayo, como un reflexo dunhas cartas que Pedrayo lle escribe á súa nai, Dona Eladia, dende o exilio en Bos Aires. Afirma que se trata dunhas misivas indispensábeis para a biografía deste autor, onde amosa un tenro amor de fillo. Dise que por medio desta correspondencia se descobren o autor de trasalba compartía sorprendentes opinións que con súa nai sobre Alfonso XIII e sobre diversos temas sociais. Sinala que cando Dona Eladia xa está moi maior, lle escríbe cartas moito máis breves declarándolle o amor de fillo que sente por ela, que xa a bota de menos dende o mesmo momento en que non a ve.

Alonso Montero, Xesús, "Pedro Leiras e Pepe de Requeixo: o fistor e o taxista", *La*

Voz de Galicia, "*Culturas*", n.º 281, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 27 setembro 2008, p. 12.

Refírese á homenaxe aos cantautores Mini e Mero que tivo lugar o 10 de agosto de 2008 en Chantada organizada pola Asociación Cultural Xohán de Regueiro, que preside o taxista afincado en Barcelona Pepe de Requeixo. Tamén se indica que se presentou un volume, coordinado por Pepe de Requeixo, no que colaboran trinta e seis autores, entre eles Pedro Leiras, quen escribiu un romance de cego en gabanza de Mini e Mero.

Alonso Montero, Xesús, "Curros Enríquez en Sarria e en Castroverde", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 286, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 1 novembro 2008, p. 11.

Dá conta dos actos celebrados no Instituto Gregorio Fernández de Sarria e no Colexio Público de Castroverde por mor do centenario do falecemento de Manuel Curros Enríquez, autor do que foron recitados e cantados os seus versos. Afirma que é un escritor que chega moito á nenez pola súa vida de neno rebelde, de emigrante, de poeta indómito e de crente que discrepaba da Igrexa. Detalla que no Instituto de Sarria o alumnado recitou poemas significativos do autor e un coro cantou *Unha noite na eira do trigo.* Asemade, indica que a celebración de Castroverde foi organizada pola Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, do que o profesor de literatura galega Manuel Muñiz é presidente. Por último, explica que, ademais dos actos no propio centro, tamén houbo unha reunión no salón de plenos do Concello, onde arredor de corenta persoas acompañada por unha violinista e unha contrabaixo cantaron a citada composición.

Alonso Montero, Xesús, "Homenaxe (serodia) a Victoriano Taibo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 8 novembro 2008, p. 11.

Dá conta da homenaxe ao literato Victoriano Taibo en Morgadáns, Gondomar. Amosa que foi poeta, mestre, autor de contos populares, lexicógrafo e devoto de Rosalía de Castro. Asemade, apunta que nestes actos se apresentarán tres volumes centrados neste autor con obras inéditas, estudos da súa obra e reprodución facsimilares de *Contos pequenos* (1955).

Alonso Montero, Xesús, "¿Existe o Panteón de Galegos e Galegas ilustres?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 22 novembro 2008, p. 13.

Comenta que nunha conferencia súa dentro da II Bienal Literaria Internacional organizada polo PEN Clube de Galiza afirmou que o Panteón de Galegos Ilustres nunca tivo existencia legal e que nun futuro cómpre que sexa un espazo literario e laico e de se deben definir as virtudes dos candidatos que poidan figurar neste "parnaso simbólico" galego.

Alonso Montero, Xesús, "Sofía Cordal Piñeiro e Antón Santamarina", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 29 novembro 2008, p.10.

Comenta a reunión de lingüistas que tivo lugar o día 13 de novembro na Facultade de Filoloxía con motivo da homenaxe ao profesor Antón Santamarina sinala que esta noticia a sesión se presentaba o libro *Cada palabra pesaba, cada palabra. Homenaxe a Antón Santamarina* (2008) no que Xesús Alonso Montero colabora co traballo "Sofía Cordal Piñeiro, labrega do Ribeiro de Miño, escribe unha carta en galego no ano 1888*"* no que recolle as "asombrosas expresións" empregadas no galego da época e das que espera que non tarden en entrar no dicionario da lingua galega que está a compoñer Antón Santamarina.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao na Real Academia Española", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 13 decembro 2008, p. 10.

Comenta que soubo que Daniel Rodríguez Castelao ingresara como membro numerario da RAE pola Sección Galega o 6 de xuño de 1951, grazas a un traballo de Max Aub que agora é reeditado por Manuel Aznar Soler nun volume da Biblioteca del Exilio.

Alonso Montero, Xesús, "Montero Alonso traduce a Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 293, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 20 decembro 2008, p. 9.

Apunta que José Montero Reguera, neto de José Montero Alonso, vén de publicar en edición facsímile unha escolma literaria de 1930 baixo o título *Antología de poetas y prosistas españoles*. Deste volume indica que contén textos de 68 autores entre os que figura Rosalía de Castro cos poemas "Yo no sé lo que busco eternamente" e "Yo tenía un clavo" que reflicten a angustia existencial da súa autora.

Alvarellos, Henrique, "A estética do Entroido", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Caderno de brumas", 26 xaneiro 2008, p. 5.

Fala sobre a cociña galega na época do Entroido e cita algúns versos de Álvaro Cunqueiro relacionados cos seus coñecementos culinarios.

Álvarez Pousa, Luís, "Unha pica na Habana", *El Ideal Gallego*, p. 26/*Diario de Ferrol*, p. 24/*Diario de Arousa*, "Opinión", "O galo no tellado", 19 febreiro 2008, p. 22.

Defende a participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana e considera que é un bo xeito de dar a coñecer a cultura galega, pois a participación en feiras internacionais, segundo comenta, resulta ser un bo medio para que os editores galegos participen no mercado da compra e venda dos dereitos de obras literarias. Por último, fala sobre o gasto económico investido e as críticas que suscitou.

Álvarez Pousa, Luís, "Memorial de amigos", *Diario de Ferrol*, p. 24/*Diario de Arousa*,

"O galo no tellado", 14 outubro 2008, p. 25.

Comenta que despois do óbito de Xan Bouzada e mais de Suso Jares vén agora o de Ramiro Fonte. Tamén afirma que atopa nos tres falecidos o compromiso coa construción dun pensamento crítico e creativo xunto cun sentido ético que está presente nas súas biografías e obras literarias.

Amenedo, Cristina, "Curros Enríquez", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 16 marzo 2008, p. 4.

Fai alusión ao centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, escritor bilingüe con obras como o ensaio poético *El símbolo* e *La Oda a la guerra civil*, incidindo na ausencia do ideario político na súa poesía e no posicionamento relixioso do autor.

Amenedo, Cristina, "Manuel Antonio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 25 xullo 2008, p. 4.

Lamenta o contido do manifesto *Máis Alá* (1922), de Manuel Antonio, que xulga "excesivo" xa que rexeita tanto a Rosalía de Castro como a Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal e Ramón María del Valle Inclán. A continuación adula o seu libro de poemas *De catro a catro* (1928) que compara, en canto á mestría e á beleza, con *De mar a mar* (1934), da autoría de Feliciano Rolán.

Amenedo, Cristina, "Ramiro Fonte", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 17 outubro 2008, p. 4.

Dá conta do falecemento de Ramiro Fonte e láiase de que non puidese realizar o prólogo do libro *Metafísica da estrela*, de Cristina Amenedo, tal e como tiñan proxectado.

Aneiros, Rosa, "Abrir o apetito", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Nove ondas", 19 febreiro 2008, p. 24/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 19 febreiro 2008, p. 25/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 20 febreiro 2008, p. 4.

Fai referencia á celebración do Forum Gastronómico Santiago 2008 ao redor do cal se están a realizar múltiples actividades. Salienta a importancia da unión entre a gastronomía tradicional e a innovadora e cita a Álvaro Cunqueiro quen entendeu que a cociña era unha gran "construción cultural".

Aneiros, Rosa, "Puro teatro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Nove ondas", 22 xaneiro 2008, p. 28/*El Progreso*, "Opinión", "Nove ondas", 22 xaneiro 2008, p. 28/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 22 xaneiro 2008, p. 26/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 23 xaneiro 2008, p. 4.

Fai unha crítica da sociedade e da selección que se realiza sobre feitos que son noticia e os que non. Como referencia cita a novela de Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria* (2006), e afirma que á sociedade actual axiña se lle esquecen os feitos.

Aneiros, Rosa, "Abril", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 8 abril 2008, p. 25/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 9 abril 2008, p. 4

Reflexiona sobre a necesidade da literatura como exercicio vital e da reinvención das feiras do libro, inseríndoas así no cotián das cidades e vilas, para que os libros sexan considerados como pracer, en troques dun encordio.

Aneiros, Rosa, "Sen ficar pequena", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Nove Ondas", p. 28/*El Progreso*, "Opinión", "Nove ondas", p. 27, 20 maio 2008.

Felicita á cidadanía pola celebración serodia das Letras Galegas á cidadanía cuns versos de poetas galegos dos diferentes períodos literarios, dende Fernando Esquío e Manuel Curros Enríquez, pasando por Uxío Novoneira e Celso Emilio Ferreiro, até Pilar Pallarés e Marica Campo.

Aneiros, Rosa, "Ler a dor", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove Ondas", 13 agosto 2008, p. 4.

Comeza lembrándose dos veráns da súa nenez e a seguir indica unha serie de lecturas que recomenda para este verán entre as que cómpre destacar *Da beleza*, de Zadie Smith, *Festina Lente*, de Marcos S. Calveiro, *Os grouchos*, de Manuel Rivas ou *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Aneiros, Rosa, "Sinbad", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove Ondas", 3 setembro 2008, p. 4.

Reflexión centrada en *Se o vello Sinbad volvese ás illas* (1961), de Álvaro Cunqueiro, na que afirma que é necesario "volver a Cunqueiro" e asemade explica que Sinbad nos ofrece a sabedoría da memoria e a evidencia das palabras que nomean universos.

Araguas, Vicente, "Hímnica", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 15 xaneiro 2008, p. 26.

Fala sobre o feito de poñerlle letra ao himno español e propón como exemplo o himno galego, no que si se complementan a música de Pascual Veiga coa letra de Eduardo Pondal.

Araguas, Vicente, "Mentira", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 22 xaneiro 2008, p. 26.

Comenta que na Casa de Galicia en Madrid se están a celebrar os recitais poéticos habituais que contan, nesta ocasión, con escritores de lingua galega, portuguesa e castelá. A continuación fala sobre o escritor portugués, Jose Manuel Mendes.

Araguas, Vicente, "Noites de ronda", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Panorama", "Agora xa foi", 3 febreiro 2008, p. 17.

Fala sobre a súa relación con Alfredo Conde, dende que se coñeceron compartindo o gusto de musicar os seus versos en Voces Ceibes e cando publicou o seu primeiro poemario *Mencer de lúas* (1968). Lembra tamén os faladoiros que realizaron xuntos e salienta o vínculo de amizade que agora mantén con el. De seguido, fai referencia a Xosé Ignacio Fernández de Viana e lembra cando se xuntaron algúns dos pertencentes a Voces Ceibes.

Araguas, Vicente, "Fontenla", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 4 marzo 2008, p. 26.

Faise eco da aparición dunha unidade didáctica en torno ao verbo de Fontenla. Editado polo Concello de Ferrol e asinado por Ánxela Loureiro e Guillermo Freire, o libriño sobre o Himno invítanos a descubrilo a través tamén duns produtivos exercicios.

Araguas, Vicente, "Trátase de Ramiro", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 19 outubro 2008, p. 6.

Fala da súa relación intensa con Ramiro Fonte de quen salienta o seu currículo literario e profesional cheo de premios. Tamén destaca que na triloxía *Vidas de infancia* (2003-2007) é onde podemos atopar o verdadeiro Ramiro novelista e salienta da escrita de Ramiro Fonte o extremo coidado co que escollía as palabras.

Araguas, Vicente, "Volve Roldán", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 23 novembro 2008, p. 6.

Entre outros comentarios indica que na Casa de Galicia de Madrid estiveron tres poetas galegos en español: Maruxa Orjales, Ramón Pernas e mais Antonino Nieto.

Araguas, Vicente, "Dous", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 23 decembro 2008, p. 19.

Céntrase na presenza dos poetas Antón Reixa e mais de Luis Antonio de Villena na Casa de Galicia de Madrid, que son cualificados como "tan diferentes e complementarios".

Baamonde, Antón, "Voces ceibes", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 30 maio 2008, p. 30.

Faise eco do recital de Raimón en Santiago de Compostela en 1967; da denuncia da Guerra de Vietnam por parte duns imberbes, e da reivindicación dos dereitos e as liberdades polos estudantes santiagueses e madrileños. Así mesmo, rende tributo aos primeiros pasos da decana das formacións musicais de tipo revindicativo, "Voces ceibes", ao falar do primeiro selo discográfico, Edigasa, e as cancións de maior impronta para o articulista: "A Leo Ferré, compañeiro", de Vicente Araguas; "Venceremos Nós", adaptación de Xoán Rubia, e "Olla meu irmán honrado", de Celso Emilio Ferreiro, cantada por Miro Casabella.

Baamonde, Antón, "Celestino Fernández de la Vega", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 31 outubro 2008, p. 30.

Fala do ciclo de conferencias que tivo lugar en Lugo sobre a figura de Celestino Fernández de la Vega e a seguir describe a súa figura. Comenta que só os eruditos coñecen o conxunto da súa obra e salienta que grazas a el podemos ler en galego a obra *Da esencia da verdade*, do pensador alemán Heidegger.

Bande, Ana, "De libros e de libres", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 3, "Páxina de autora", 27 decembro 2008, contracuberta.

Texto no que Ana Bande se describe como unha persoa que, despois de dez anos sen ler nada, comeza a traballar nunha biblioteca e así vai construíndo a súa propia biblioteca ideal a partir dos libros que deixan os lectores. Así fala d'*Unha soidade demasiado ruidosa* (2006), de B. Hrabal, ou de *A ponte sobre o río Drina* (2007), de Ivo Andric.

Bande Rodríguez, Enrique, "La generación y el grupo 'Nós", *La Región*, "Opinión", 31 decembro 2008, p. 26.

Repasa a importancia da Xeración "Nós" dentro da historia de Galicia, xustificada por facilitar a renovación da literatura galega, ademais de desenvolver un papel fundamental no eido político e da cultura en xeral. Lembra tamén que os seus precursores amosaron o seu afán europeista en publicacións como *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega* fundada en Ourense en 1920.

Barcón, Carlos, "Betty: mujer once", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 29 xaneiro 2008, p. 19.

Informa sobre a visita de Betty M. Millarengo á Galería Sargadelos e fala sobre a súa faceta de pintora. Ao final, comenta que vai saír á luz unha nova obra literaria da escritora, a novela *O de Millarengo* (2007).

Barcón, Carlos, "Destacados escritores ferrolanos", *Diario de Pontevedra*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 6 abril, 2008, p. 18.

Infórmase do aumento de libros da autoría de escritores ferroláns, entre os que está o volume *O de Millarengo*, de Betty M.Millarengo, quen ten en preparación outro titulado *Los cuentos de Betty*, primeira parte, escrito en castelán, prologado por Ricardo Díaz-Casteleiro e ilustrado por Corín Diego Cervera. Dise que nel se aborda as experiencias da súa nenez.

Barcón, Carlos, "Mucho que ver y oír", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 3 xuño 2008, p. 15.

Amosa a súa intención de asistir á charla de María del Pilar Mateo Herrero sobre "El mal de Chagas y el vampiro de los pobres" así coma aos "Diálogos Literarios de Mariñán" organizados pola Fundación Carlos Casares e coordinados por Román Raña que contan coa participación de poetas coma María do Carmo Kruckenberg e Manuel Álvarez Torneiro.

Barcón, Carlos, "Carballo Calero: memoria/epistolario", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 19 xaneiro 2008, p. 19.

Comenta que acaba de recibir das mans da filla de Ricardo Carballo Calero, María Victoria Carballo-Calero Ramos, o libro *Memoria/Epistolario a Fernández del Riego* (2006), publicado por Galaxia e coa transcrición e edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena.

Barcón, Carlos, "Ramiro Fronte", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 13 outubro 2008, p. 9.

Fala do falecemento de Ramiro Fonte, de quen se afirma que naceu con vocación de poeta, e indica que antes da súa morte lle enviou ao articulista o poema intitulado "Minerva", que se reproduce, para a súa publicación no número 23 da revista ferrolá *Minerva*.

Barros Guede, José, "Rosalía de Castro, mito emblemático del alma gallega", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 4 xaneiro 2008, p. 27.

Relata a biografía de Rosalía de Castro, comezando polos seus anos de infancia e salienta que en 1857 publicou o seu primeiro poemario *La flor*. De seguido, comenta o casamento con Manuel Murguía e destaca os continuos traslados de residencia. Di que o seguinte poemario en castelán foi *La hija del mar*, publicado en 1859, e a continuación analiza brevemente o libro *Cantares gallegos* (1963), ao que seguirá en 1880 a obra *Follas Novas*, do que tamén comenta o seu contido. Por último, fala doutras obras publicadas en anos posteriores e do momento da súa morte. Finaliza o artigo coas palabras de Manuel Murguía sobre a súa muller, tomadas do libro *Los precursores* (1886).

Barros Guede, José, "Eduardo Pondal, Bardo mítico de Bergantiños", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 11 xaneiro 2008, p. 23.

Narra a traxectoria literaria e vital de Eduardo Pondal, (salientando a súa infancia, os anos de estudo en Santiago, as relacións cos grupos revolucionarios e liberais) e dá conta da publicación do seu primeiro libro, *Rumores de los pinos*, en 1877. Por último, cita outras obras de Pondal e achega uns versos de "Os Pinos", poema tomado como letra do Himno galego.

Barros Guede, José, "Manuel Martínez Murguía, promotor del regionalismo cultural gallego (I)", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 18 xaneiro 2008, p. 27.

Detense na biografía de Manuel Antonio Martínez Murguía. Comeza falando sobre o seu lugar de nacemento, seus pais e dos continuos traslados de vivenda. Refire a publicación das primeiras obras e tamén a colaboración con distintos xornais nos que publicou artigos. De seguido, dá conta do casamento con Rosalía de Castro e da gran dor que lle causou a súa morte. Por último, fai referencia á obra *Historia de Galicia* (1865-1911) e cita os xornais e revistas nos que traballou a finais da década dos 70.

Barros Guede, José, "Manuel Martínez Murguía, promotor del regionalismo cultural gallego (y II)", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 25 xaneiro 2008, p. 30.

Continúa neste artigo o repaso á traxectoria vital e literaria de Manuel Murguía. Dá conta das obras publicadas na década dos 80 e detense na súa participación en diferentes xornais e en actos públicos en defensa de Galicia. Tamén enumera as asociacións das que formou parte como La Asociación Regionalista Gallega ou La Liga Gallega e refire a súa profesión de arquiveiro e máis o nomeamento como presidente da Real Academia Galega. Por último, cita outras obras de Murguía.

Barros Guede, José, "Manuel Curros Enríquez, ruiseñor y coautor del resurgir de la lengua gallega (y II)", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 15 febreiro 2008, p. 35.

Continúa à achega á biografía de Manuel Curros Enríquez a partir do ano 1883. Indica que en 1888 publicou *O divino sainete* e posteriormente traballou na redacción de diferentes xornais. No ano 1894, afirma que emigrou a Cuba e dá conta de todo o traballo que Curros levou a cabo dende a illa. A continuación analiza o poema "A Virxen do Cristal" e considérao como unha das "xoias poéticas narrativas máis preciosas da literatura galega", tamén fala d' *O divino sainete*, do que sinala o d' argumento e analiza a calidade literaria deste poema satírico. Finalmente, cita outras obras de Curros e dá conta das múltiples traducións que se teñen feito a outros idiomas.

Barros Guede, José, "Valentín Lamas Carvajal, el Homero gallego", *La Opinión*, "Opinión", 21 marzo 2008, p. 19.

Longo repaso biobibliográfico ao escritor Valentín Lamas Carvajal. Nel dise que existen numerosas imprecisións no referente á produción literaria de Lamas Carvajal. O texto remata coa reprodución dunha carta que Lamas Carvajal lle escribiu a Basilio Álvarez pouco antes da morte do escritor ourensán.

Barros Guede, José, "Alberto García Ferreiro, elocuente abogado, polémico periodista y célebre poeta", *La Opinión*, "Opinión", "Símbolos y patriotas gallegos", 25 abril 2008, p. 31.

Con motivo da colocación dunha lápida en memoria do escritor decimonónico Alberto García Ferreiro na súa casa natal, fai un percorrido pola vida e obra do escritor bilingüe, de posicionamento liberal e progresista, que desempeñou os traballos de Delegado da Asemblea Central Rexionalista Galega e foi un dos promotores do levantamento da estatua de Concepción Arenal na cidade de Ourense. Saliéntase que colaborou na revista *O tío Marcos da Portela*, dirixida por Valentín Lamas Carvajal e que escribiu en galego os poemarios *Volvoretas* (1887), *Chorismas* (1890), *Follas de papel* (1892) e a súa mellor obra *Lenda de Grería* (1891), un canto épico á defensa da cidade da Coruña contra a invasión inglesa do almirante Drake, co que gañou o Certame Literario organizado polo Liceo Brigantino coruñés.

Barros Guede, José, "Poeta nacionalista de la raza gallega", *La Opinión*, "Opinión", 6 xuño 2008, p. 27.

Artigo no que se fai un percorrido biobibliográfico, do poeta Ramón Cabanillas, de quen se subliña que é o "poeta nacionalista de la raza gallega", e que remata coa reprodución do poema "A rosa que sangra" tirado do libro *A terra asoballada* (1987).

Barros Guede, José, "Emilia Pardo Bazán, una singular coruñesa (III)", *La Opinión*, "Opinión", 4 xullo 2008, p. 28.

Refírese á *Revista de Galicia*, publicación semanal dirixida por Emilia Pardo Bazán, que incluía estudos críticos e históricos galegos sobre lendas, costumes e poesías, unha iniciativa da que se salienta a súa curta duración polos problemas de saúde da escritora.

Barros Guede, José, "Emilia Pardo Bazán, una singular coruñesa (VI)", *La Opinión*, "Opinión", "En el VIII centenario da Coruña", 25 de xullo de 2008, p. 28.

Relata diversos episodios biográficos da escritora Emilia Pardo Bazán, da que di que dedicou a súa vida "al estudio y a la investigación de la historia y de la cultura española, especialmente literaria", salientando a súa relación epistolar, de carácter literario, con Marcelino Menéndez Pelayo e cos escritores cataláns José Yxart i Moragas e Narciso Oller i Moragas.

Barros Guede, José, "Emilia Pardo Bazán, una singular coruñesa (V)", *La Opinión*, "Opinión", 28 xullo 2008, p. 31.

Dáse conta da actividade literaria e pública de Emilia Pardo Bazán en distintas publicacións periódicas e actos. Así, detense no artigo que sobre Manuel Curros Enríquez publicou no número 13 da *Revista de Galicia,* fundada o 29 de xaneiro de 1880, no que opina sobre a poesía do autor de *Airiños da miña terra* (1976); fala do contido do discurso que Pardo Bazán leu co título "La poesía regional gallega" en setembro de 1885, no que se detivo na obra de Rosalía de Castro e doutros autores como Aureliano J. Pereira ou Alberto García Ferreiro. Finalmente abórdanse os seus estudos sobre a muller e sobre a cidade da Coruña , os traballos de crítica literaria sobre a poesía galega e obras como *O cancioneiro popular galego* (1973) ou *Poesía labrega* (1890).

Beiras, Xosé Manuel, "Antón Avilés na memoria histórica", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "De catro a catro", 14 setembro 2008, p. 3.

Longa reflexión sobre a figura de Antón Avilés de Taramancos na que fala do seu perfil humano e cívico, describe como Taramancos se negou a xurar a bandeira española no servizo militar e destaca que profesaba a humildade, a xenerosidade, a solidariedade e a afectividade e mais como se integrou no nacionalismo galego. Tamén se detén a comentar como entendeu e asumiu a política como compromiso na práctica social e cívica.

Beiras, Xosé Manuel, "Confidencias de Antón Avilés de Taramancos (I)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "De catro a catro", 21 setembro 2008, p. 3.

Co gallo do texto publicado en *Galicia Hoxe* o 14 de setembro de 2008, intitulado "Antón Avilés na memoria histórica", lémbrase das mobilizacións de "Nunca Máis" e reproduce dúas cartas datadas en 2002. Coméntase que a primeira é para Antón Avilés de Taramancos, na que se recorda da súa figura, mentres que a segunda é para Pepe Cáccamo, se ben a presenza de Aviles de Taramancos é tamén importante.

Bello, Xaime, "Idioma", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 13 febreiro 2008, p. 26.

Critica que un xuíz da Audiencia Provincial denominase ao galego como "dialecto" e cita unha canción de María Manuela baseada nun poema de Manuel María, considerado este poema como un himno de amor á lingua.

Bello Costa, Xaime, "Curros", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 9 xaneiro 2008, p. 22.

Fala sobre Manuel Curros Enríquez con motivo da conmemoración do centenario do seu pasamento. Explica que foi un autor comprometido e enfrontado con parte da sociedade polas súas ideas. Comenta que Celso Emilio Ferreiro escribiu unha biografía sobre el e que Francisco Rodríguez n'*A evolución ideolóxica de Manuel Curros*

Enríquez (1973), salienta o seu ideario combativo. Por último, lembra que grazas a este escritor e a outros naceron en Cuba os inicios da Real Academia Galega.

Bello Costa, Xaime, "Embora", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 16 xaneiro 2008, p. 26.

Fai referencia á editorial Embora e celebra os seus case quince anos de existencia. Lembra os seus comezos coa publicación da obra *Ferroláns* (1996), de Guillermo Llorca e, de seguido, dá conta doutras obras importantes publicadas por esta editorial ferrolá.

Bello Costa, Xaime, "Día do Libro", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 23 abril 2008, p. 27.

Faise eco da efeméride cultural do Día do Libro, resaltando a oportunidade para a cidadanía ferrolá de achegarse ao mundo literario. Así mesmo, salienta que o pregoeiro será Manuel Rivas do que nomea os premios acadados con *Que me queres amor?*(1996) e *A lingua das bolboretas* (2005). Tamén agradece o traballo e o esforzo dos libreiros e libreiras, liderados por Miguel Salas.

Bello Costa, Xaime, "Castelao e Pessoa", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 30 abril 2008, p. 28.

Partindo da viaxe ás cidades de Guimarães e Porto por parte do alumnado de portugués da Escola de Idiomas de Ferrol, fai unha gabanza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Fernando Pessoa, considerados, en verbas de Bello Costa, "orgullo de nacións irmáns, Galiza e Portugal".

Bello Costa, Xaime, "Steiner", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 24 setembro 2008, p. 23.

Fala de George Steiner e das súas manifestacións que realizou contra a literatura galega e contra isto Xaime Bello agasalla virtualmente tres obras literarias galegas a Steiner: *Cantigas de amor, amigo e escarnio e maldicer*; *Follas novas*, de Rosalía de Castro; e mais *Scórpio*, de Ricardo Carvalho Calero. Asemade, recoméndalle para unha aproximación sociolingüística o volume *A represión lingüística en Galiza no século XX*.

B. L., "Sobre Steiner", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "A polémica", 28 agosto 2008, p. 59.

Recolle as palabras da Asociación de Escritores en Lingua Galega na que critican os comentarios que Steiner fixo sobre a lingua e literatura galegas e recalca que estas foron realizadas dende o descoñecemento temerario da tradición literaria galega.

Blanco Valdés, Roberto L., "Tres tristes noticias que llegan de Cuba", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "El ojo público", 17 febreiro 2008, p. 18.

Desaproba a expedición de todos os galegos desprazados a Cuba para participar na Feira Internacional do Libro da Habana, e critica especialmente as actuacións da conselleira Ánxela Bugallo.

Bouza Álvarez, José Luís, "El último viaje del legado Bouza-Brey", *El Correo Gallego*, "Opinión", "El análisis", 22 xullo 2008, p. 3.

Afirma que lle ofreceu á Xunta de Galicia a posibilidade de posuír a biblioteca e colección de Fermín Bouza Brey, xa que é moi dificultoso xestionar este legado dende Madrid, e que foi ordenada e catalogada polo seu fillo, que é o propio articulista, hai trinta anos. Considera que é unha memoria documental de Galica digna de conservar.

Bragado, Manuel, "Clubs de lectura", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 8 xuño 2008, p. 29.

Coméntase a súa participación nos dous clubs de lectura que funcionan na Biblioteca Pública de Vigo, iniciativas de recente aparición en Galicia e nacidas, na súa maioría, ao abeiro das bibliotecas municipais, que tiveron como pioneira a "Lonxa literaria" de Moaña. Partindo disto, nomea outras iniciativas de fomento da lectura, como "Literactúa", promovida pola área de normalización lingüística de Carballo, e as campañas levadas a cabo polos cinco clubs de lectura de Pontevedra, recoñecidas na nova Lei do Libro e a lectura. Por último, considera os clubs de lectura como factores revolucionarios no funcionamento da biblioteca pública.

Bragado, Manuel, "O libro galego mira cara fóra", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 19 outubro 2008, p. 26.

Destaca que o futuro da proxección exterior da edición en lingua galega pode contemplarse cun optimismo razoábel, en gran medida grazas ao apoio da Consellaría de Cultura e Deporte para a presenza da literatura en lingua galega en espazos expositivos internacionais. Destaca o labor pioneiro de Kalandraka no mercado internacional porén, indica que seguen existindo dificultades para exportar a literatura en lingua galega.

Bragado, Manuel, "Datos para animar un debate", *Xornal de Galicia*, "Opinión", 23 decembro 2008, p. 55.

Apunta unha serie de datos sobre o mundo editorial en Galicia, como que supón o 5,3% do mercado español, mais que debido á súa poboación ten un déficit do 1,3%, e recalca que o libro en español factura en Galicia dez veces máis que o libro en lingua galega.

Bran, María de, "Coma se morrese un ninguén de ningures", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5

novembro 2008, p. 35.

Critica a pouca repercusión na prensa galega que tivo o óbito de Constantino García, fundador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e da *Revista Galega do Ensino*, entre outras institucións e publicacións, e contrapón esta postura co feito en Cataluña con Pompeu Fabra.

Braxe, Lino, "Marinhas del Valle e Miguel Pernas", *La Opinión*, "Opinión", 24 novembro 2008, p. 17.

Afirma que se está a celebrar o centenario do nacemento do poeta, ensaísta, narrador e dramaturgo Jenaro Marinhas del Valle do que se fai unha breve aproximación e a seguir céntrase no actor profesional Miguel Pernas, do que se celebran os trinta anos como actor.

Bugallal, Isabel, "Teatro para burgueses", *La Opinión*, "A Coruña", 27 marzo 2008, contracuberta.

Repásase a importancia da obra *A fonte do xuramento* dentro da historia dramática en galego. Afirma que a súa estrea na Coruña, en 1822, exasperou a sectores rexionalistas pola visión que se daba de Galicia, coméntase a súa trama argumental e recálcase que tivo un éxito inmediato de público.

Calvo, Tucho, "Soño o que son", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", 26 abril 2008, p. 5.

Partindo da reflexión sobre os criterios avaliadores da obra literaria e dos escritores, manifesta que o enfoque mediático e mitómano do tempo presente condiciona o achegamento á obra do escritor.

Campo, Marica, "O Divino Sainete", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 32.

Cando se cumpren os cen anos do pasamento de Manuel Curros Enríquez, lembra a súa obra *O divino sainete* (1969) e comproba que o seu contido aínda está vixente. Critica os feitos da Igrexa Católica e denomínaa como "inimiga do progreso", igual que acontece coa defensa dun sistema literario galego. Asegura que é necesario volver a ler esta obra de Curros porque axuda a ler o presente.

Campo, Marica, "Achádego", *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 5 decembro 2008, p. 31.

Aplaude a traxectoria do grupo teatral lugués Achádego destacando que son afeccionados e que xa levan vinte anos en escena. Tamén se refire aos problemas económicos do teatro e pregúntase cál é o segredo para resistir tanto tempo e responde

que é o seu amor polo teatro.

Caneiro, Xosé Carlos, "Todos queremos a Isaac", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "El equilibrista", 25 xaneiro 2008, p. 16.

Fai referencia a Isaac Díaz Pardo como unha persoa importante no mundo cultural galego. Considera que non se deve mérito a todas aquelas persoas que colaboraron con Sargadelos e que as homenaxes hai que facelas en vida e non castigar co esquecemento. Así mesmo, afirma que outra cousa é o Instituto Galego da Información (IGI) e o seu obxectivo, polo tanto, asegura que se debe separar a lóxica empresarial da lóxica dos sentimentos.

Caneiro, Xosé Carlos, "Incomodidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 260, "Letras en galego", "Club Dandi", 3 maio 2008, p. 10.

Baixo a premisa da lectura como exercicio de pensamento, Caneiro recomenda clásicos como o poemario *E direivos eu do míster das cobras* (1980), de Manuel Vilanova, editado en 1980 e reeditado recentemente por Libros da Frouma, e a obra acerca de Simone de Beauvoir dada á luz por Edicións Xerais e patrocinada pola Consellaría de Presidencia, en conmemoración do seu nacemento.

Caneiro, Xosé Carlos, "Abismos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 281, "Letras en galego", "Club Dandi", 27 setembro 2008, p. 11.

Fala das súas percepcións sobre unha serie de libros, entre os que destaca *Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra, e *Estúrdiga materia*, de González Tosar.

Caneiro, Xosé Carlos, "A gran mentira da literatura (galega)", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "Letras en galego", "Club Dandi", 8 novembro 2008, p. 11.

Rexeita que as obras de Anxo Rei Ballesteros non fosen lidas nos institutos e comenta que agora que morreu se verá a grandeza da súa escrita. Tamén cuestiona o canon literario galego do que subliña que está inzado de novelas mediocres cheas de "badaladas sombras cazadoras e caóticos relatos guerracivilescos".

Caneiro, Xosé Carlos, "Os xogos de Casares", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 289, "Letras en galego", "Lecturas para sempre", 15 novembro 2008, p. 10.

Indica que no relato era onde Carlos Casares ofrecía todo o seu talento e comenta que para el os mellores libros de relatos da nosa historia son *Arraianos* (1991), de Xosé Luís Méndez Ferrín, e mais *Os escuros soños de Clío*, (1979), de Carlos Casares, do que destaca os relatos "Cagliostro en Compostela", "O alquimista Caaveiro" e mais "Un escritor didáctico".

Caneiro, Xosé Carlos, "Estar na literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p.11.

Faise un breve comentario crítico dalgunhas obras de recente publicación en galego como as traducións *Lolita*, de Vladimir Nabokov, que verteu ao galego Xesús Fraga en Factoría K e *Da beleza*, de Zadie Smith, traducida por Eva Almazán. Asemade, coméntanse a novela negra *Tres disparos e dous friames*, de Miguel Anxo Fernández, e *Festina Lente*, de Marcos Calveiro.

Caneiro, Xosé Carlos, "Pura ledicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Club dandi", 6 decembro 2008, p. 11.

Coméntanse algunhas obras de literatura galega de recente publicación que se cualifican moi positivamente como *Relatos completos 1961-1995*, de Camilo Gonsar, e *Reversos*, o derradeiro poemario de Ramiro Fonte. Faise o mesmo con dúas traducións ao galego de literatura catalá dos autores Sergi Pàmies e Quim Monzó.

Canosa, María, "Unha de propósitos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Pingas de cristal", 8 xaneiro 2008, p. 14.

Propón unha serie de boas novas para o ano 2008 que comeza e unha delas é a dedicación que Cuba lle vai facer a Galicia na Feira Internacional do Libro, así como a lembranza que está a ofrecer a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Canosa, María, "Unha por Ramiro Fonte", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Pingas de cristal", 13 outubro 2008, p. 15.

Láiase do óbito de Ramiro Fonte e fai un breve repaso á súa traxectoria literaria dende o colectivo Cravo Fondo até ser membro da RAG e finalmente lle dá as grazas por todo o seu labor.

Carreño, Antonio, "En torno a la voz: Pura Vázquez", *La Región*, "Opinión", "Crónicas desde la Ribeira Sacra", 18 maio 2008, p. 36.

A raíz da recomendación de Pura Vázquez, realizada pola profesora universitaria Mirta Camandone, Carreño afonda na profundidade da poesía desta escritora galega, que se caracteriza polo cultivo de diferentes liñas temáticas, dende a existencia como concepto metafísico até a perspectiva erótica e femenina, inscritas nun espazo e tempo alén de territorios e coordenadas cronolóxicas xeracionais.

Casal, César, "Anclados a Lugrís", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Corazonadas", 12 febreiro 2008, p. 14.

Realiza unha lembranza de Urbano Lugrís e salienta a relación que mantivo con Antón Avilés de Taramancos. Achega algúns datos da súa vida e define ao artista.

Casal, César, "A Coruña", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Corazonadas", 2 abril 2008, p. 14.

Deféndese a galeguidade da cidade herculina mediante acontecementos culturais e históricos do presente e do pasado, como o cortexo de honra, celebrado o 5 de abril de 2008, co gallo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez; a primeira representación teatral en galego, e a fundación da Editorial Nós, as Irmandades da Fala, a Real Academia Galega e a Cova Céltica, entre outros.

Casas, Arturo, "O "caso Steiner", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 setembro 2008, p. 28.

Longa reflexión sobre as polémicas palabras de George Steiner contra a lingua galega. Para isto enumera unha serie de notas persoais: que Steiner non é un ignorante, que a literatura galega carece dun espazo propio entre os comparativistas de prestixio, que Steiner posúe informacións escasas e terxiversadas sobre a cultura galega, que o entrevistador Juan Cruz é un actor secundario nesta polémica ou que Steiner ten seis libros traducidos ao catalán e ningún ao galego.

Castaño, Yolanda, "Achegar o propio labor", *El Progreso*, "Opinión", "Columna invertebrada", 4 xaneiro 2008, p. 28.

Salienta a dúas mulleres que acadaron éxito en dúas profesións dominadas polos homes e compara estes éxitos co traballo de ser poeta, onde segue habendo prexuízos. Considera que os poetas tamén deben vender o seu labor igual que fan os cantantes ou os fotógrafos.

Castaño, Yolanda, "Eternamente sempre", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 3 febreiro 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da súa participación no Salón do Libro de Pontevedra, concretamente nun obradoiro de poesía para adultos. Salienta que nesta festa da lectura a literatura convidada é a cubana, por corresponder co protagonismo de Galicia na súa feira. Así mesmo, tamén comenta que asistiu á presentación do poemario de Rosa Enríquez, *Vestíbulo da devastación* (2007), na libraría Couceiro de Santiago.

Castaño, Yolanda, "Liberdade creativa", *Diario de Pontevedra*, "Columna invertebrada", 15 febreiro 2008, contracuberta/*El Progreso*, "Opinión", "Columna invertebrada", 16 febreiro 2008, p. 24/*El Ideal Gallego*, "Columna invertebrada", 15 febreiro 2008, p. 34/*Diario de Ferrol*, "Columna invertebrada", 16 febreiro 2008, p. 33.

Fai referencia ao tópico que existe sobre o feito de que os escritores vivan da literatura e isto sexa unha ameaza para a súa liberdade creadora. Explica que non é malo vender as

obras literarias sempre e cando iso non condicione a creación no momento de poñerse a escribir.

Castaño, Yolanda, "Visibilidade do escritor/a", *Diario de Ferrol*, p. 30/*Diario de Arousa*, p. 31/*El Ideal Gallego*, "Galicia", "Columna invertebrada", 3 outubro 2008, p. 35.

Reflexiona sobre a visibilidade do autor literario e indica que moitas veces está a cabalo entre a proxección mediático e o mercado literario.

Castaño, Yolanda, "Dun aurresku ata un vals", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 26 outubro 2008, contracuberta.

Comenta a súa presenza, xunto a Olga Novo, na Semana da Poesía que se celebra en Bilbao.

Castrelo, Miguel, "Benzoado maldito Ballesteros", *A Nosa Terra*, n.º 1.322, "Cultura", 2-12 novembro 2008, pp. 38-39.

Fai un repaso da súa relación con Anxo Rei Ballesteros co gallo da súa morte. Comenta a novela *Dos anxos e dos mortos* (1977) e dos seus contactos con Rei Ballesteros destaca que participou nas Xornadas de Cine e Vídeo do Carballiño e tamén nos encontros literarios de Mariñán. Asemade, subliña as súa destreza das alocucións públicas, das que recalca a súa emoción, e finalmente apunta que coa súa morte Galicia perde "unha das mentes máis lúcidas e privilexiadas da nosa cultura actual".

Castro, Xavier, "Un fato de damiselas neuróticas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Da nosa acordanza", 25 xaneiro 2008, p. 5.

Fala sobre as viñas galegas e as pragas que sufriron en diferentes anos e considera que se deben cultivar as esencias culturais. Propón como exemplos a Ramón Otero Pedrayo, coa súa defensa dos costumes das zonas do Ribeiro, a Álvaro Cunqueiro, pola defensa da gastronomía galega, e a Ramón Cabanillas, pois nas súas composicións poéticas aparecen citados o espadeiro e o albariño. Finalmente, cita a Ramón Otero Pedrayo quen no artigo "A Galicia do pan e a Galicia do viño" rexeitou as viñas foráneas.

Castro, Xavier, "Artigos de Cunqueiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Da nosa acordanza", 1 febreiro 2008, p. 5.

Comenta que o perfil humano e artístico de Álvaro Cunqueiro coincide coa vila de Mondoñedo e salienta a compilación que a editorial Nigratrea fixo dos artigos que Cunqueiro publicou na revista catalá *Destino*. Dise que este volume saíu co título de *El laberinto habitado* (2007). Dá conta doutras colecciónS sobre a obra de Cunqueiro e afirma que cada artigo do escritor é unha "pequena peza literaria", con talento creativo e que aínda teñen importancia na actualidade. Indica que os artigos son de temática moi

diversa e destaca que Cunqueiro non se para só na anécdota senón que se expresa co corazón.

Castro Rodríguez, Xavier, "Ramón Cabanillas, poeta galego na Real Academia Española", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 26 xaneiro 2008, p. 2.

Comézase salientando a importancia do Balneario de Mondariz como centro de difusión cultural nos anos vinte, con cabeceiras como *Mondariz* ou *A Tempada*, e a seguir descríbese como Ramón Cabanillas ingresou na RAG en 1920 e como en 1929 o faría na RAE cun discurso sobre Eduardo Pondal.

Castro Rodríguez, Xavier, "Ruralismo e costumismo poético en Prado Lameiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 9 febreiro 2008, p. 2.

Destaca o pulo dado á dramaturxia galega polas Irmandades da Fala e, a seguir, céntrase na análise de Xavier Prado "Lameiro" como un elo máis desta etapa histórica. Afirma que o seu teatro tivo moita difusión polo coro ourensán "De Ruada" e asemade céntrase na súa faceta lírica con volumes como *Epigramas* (1918) ou *Cóxegas e moxetes* (1928).

Castro Rodríguez, Xavier, "La Centuria', para romper o ritmo habitual das ideas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 1 marzo 2008, p. 2.

Fai referencia á creación da revista *La Centuria*, en xuño de 1917. Conta que esta iniciativa foi tomada por Vicente Risco, quen pretendía ofrecer un espazo para a exposición e a reflexión. Comenta que a revista levaba o subtítulo de *Revista neosófica* e que ademais da súa coidada estética, tamén destacaban os temas filosóficos, literarios e de ensaio.

Castro Rodríguez, Xavier, "Lembranza de Curros Enríquez no seu centenario", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 7 marzo 2008, p. 2.

Céntrase na figura de Manuel Curros Enríquez co gallo do centenario do seu pasamento en Cuba. Indícase que foi un poeta de compromiso coas causas do ser humano, que fixo do xornalismo a súa paixón, que a súa vida e obra xorde en paralelo coas figuras de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal e que axiña apareceron estudos sobre a súa obra. Exemplifícase isto co volume *Obras completas*, que viu a luz en 1979 na editorial Aguilar.

Castro Rodríguez, Xavier, "A madureza de Pura Vázquez nos versos de *Maturidade*", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 15 marzo 2008, p. 2.

Lembra que Pura Vázquez cumpriría en marzo noventa anos e, a seguir, céntrase na súa figura. Explica que tiña dúas paixóns, a docencia e a creación literaria, que se encadra dentro da Xeración do 36. Tamén comenta que é unha escritora bilingüe cunha lírica

intimista e introspectiva e mais que, dende 1946 e até a súa morte en 2006, escribiu arreo deixando unha ampla e vizosa obra literaria e xornalística.

Castro Rodríguez, Xavier, "Pedro Garfias: México presente na esperanza", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e Arca", 26 marzo 2008, p. 2.

Dá conta da existencia da revista *Comunidad Ibérica* na que colaboraron numerosos exiliados. Sinálase que esta revista se publicou entre 1962 e 1971 e se converteu nun elemento cultural esencial do exilio galego en México. Entre os seus números, saliéntanse dous por achegar ao lectorado intimamente a terras galegas, da man do artigo "Castelao y sus destellos artísticos" e "Galicia. Su carácter, su historia y sus anhelos", no que se ofrecía unha perspectiva de Galicia en relación á Península Ibérica e á Confederación de Pobos Ibéricos.

Castro Rodríguez, Xavier, "O Miño: recanto de vida compartida entre norte e sur", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 xuño 2008, p. 2.

Comenta que Eliseo Alonso Rodríguez, a pesar de nacer en Goián, desenvolveu un importante labor como literato e xornalista en América e tamén en Galicia. Explica que publicou varios libros como *Contos do Miño* (1955), mais que se centrou no labor antropolóxico. Como exemplo disto último fala de *Bajo Miño y Costa Sur* (1967).

Castro Rodríguez, Xavier, "Soidade e distancia nos versos de Arturo Cuadrado", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 xuño 2008, p. 2.

Coméntase que Arturo Cuadrado emigrou a América a bordo do barco francés "Masslia", xunto cunhas cento cincuenta persoas máis, moitos deles intelectuais obrigados a fuxir da guerra civil (pintores, cineastas, escritores, escultores, xornalistas...). Di que tras a súa chegada a Bos Aires, despois de ter pasado por Chile e México, Cuadrado se reunía no café Tortoni cun grupo de exiliados, entre eles Luís Seoane, Lorenzo Varela ou Rafael Dieste. Coméntase que destas reunións naceron diferentes libros, como *Botella de mar* ou *Soledad imposible* (1952). Sinálase que este último título consta de poemas, acompañados por ilustracións de Seoane, e pórtico de Lorenzo Varela, que describe esta obra coma un espello de néboa por onde esvara a vida dos soños.

Castro Rodríguez, Xavier, "Poetas galegos desde o século XIX aos inicios do XX", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 5 xullo 2008, p. 2.

Repaso da traxectoria de Francisco Fernández del Riego, no que se salienta o seu labor durante anos con libros e conferencias. Tamén se di que, como un dos membros destacados de defensa dos intereses dos galegos, colaborou en publicacións diarias e periódicas. Despois de citar varias obras publicadas na Editorial Galaxia durante a década dos setenta (*Manuais Galaxia*, saberes heteroxéneos de traballos reeditados; *Historia de Galicia*, de Vicente Risco; *Guía de Galicia*, de Ramón Otero Pedrayo; *A cociña galega*, de Álvaro Cunqueiro), refírese tamén a dous traballos en torno á

dimensión literaria de Galicia: a *Antoloxía de poesía galega*: *dos devanceiros ao dezaoito*, de Landeira Yrago, e *Do dezanove aos continuadores*, de Francisco Fernández del Riego (1976). Deste último título sinálase que se trata dunha recompilación de máis de trinta escritores, cunha breve biografía de cada un deles, e una cronoloxía final na que se recollen os feitos máis salientábeis do século XIX. Dise que algúns dos autores seleccionados son Nicomedes Pastor Díaz, Xosé Crecente Vega, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Antón Noriega e Ramón Cabanillas, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cuarta edición arxentina (1974) de 'Sempre en Galiza", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 26 xullo 2008, p. 2.

Explícase que *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, está formado por catro libros e un *Adro* que abranguen un período de doce anos (1935-1947). Lémbrase que a súa redacción tivo lugar en diferentes lugares ao longo do tempo para ir matando a morriña do exilio. Así, dise que se iniciou en Badaxoz e se continuou en Valencia e Barcelona, Nova York e Océano Atlántico (1940) e Bos Aires (1943). Coméntase que a cuarta edición arxentina de *Sempre en Galiza* ten lugar baixo o selo de Edicións Galicia e que contou coa colaboración do Centro Galego e co Instituto Arxentino de Cultura Galega. Conclúese dicindo que nestes tempos en que tanto se fala da realidade dos idiomas, dos falantes e dos pobos, deberían terse en conta algunhas consideracións de Castelao ao respecto, que aínda co pasar do tempo seguen presentes hoxe en día.

Castro Rodríguez, Xavier, "Breve achega a Celso Emilio Ferreiro por Emilio Gené", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 2 agosto 2008, p. 2.

Sinálase que Celso Emilio Ferreiro se caracterizou polo seu rexistro opositor ao réxime, aos totalitarismos en xeral, e por poñer voz a prol dos desfavorecidos. Afírmase que foi un creador diferente e profundamente convulsionado polas circunstancias do tempo vivido. A continuación, coméntase que, un ano antes da súa morte, a Universidade de Barcelona, editaba de man de Emilio Gené un breve traballo que tentaba descubrir a este poeta a partir de dúas obras que se consideraban esenciais: *Longa noite de pedra* (1962) e *Viaxe ao pais dos ananos* (1968). Remata afirmando que o labor de Emilio Gené estivo marcado por dúas dificultades: a primeira, as poucas fontes biográficas que atopou de Celso Emilio; e a segunda, as dificultades de atopar moitas das súas edicións, ben por estar esgotadas ben por estar editadas en América.

Castro Rodríguez, Xavier, "Tres obras do Antigo Testamento na versión galega de Casado Nieto", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 23 agosto 2008, p. 2.

Refírese a Manuel Casado Nieto (Castro Caldelas, 1912-Barcelona, 1984), pertencente á chamada Xeración do 25, quen presidiu durante moitos anos o Centro Galego de Barcelona. Considera que desenvolveu un importante labor tanto en galego coma en castelán, con poesía (*Orballo ispido* (1954) e *Canta lonxe o corazón do* tempo (1969), prosa (*Contos que non son* contos (1971) e *Trancos de Braisiño* (1970), e colaboracións xornalísticas, artigos en revistas especializadas, traducións... Coméntase que todo isto o combinou co seu traballo como fiscal en Oviedo, Pontevedra e, finalmente, Barcelona.

Engádese que as traducións do *Libro de Job, O Eclesiastés* e *A cántiga das cantigas* foron as primeiras publicacións deste Centro Galego.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cousas da vida': a expresión da verdade a dor e o misterio", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 30 agosto 2008, p. 2.

Refírese á morte de Alfonso Daniel Castelao no exilio, que o privou de seguir gozando da paixón artística á que dedicou toda unha vida, plasmada tanto en pintura, debuxo, retrato, conto, teatro, novela e mesmo na actividade política, sempre ao servizo das xentes de Galicia. Dise que nas súas numerosas publicacións tanto dentro coma fóra de Galicia, salientan todos os seus traballos como creador plástico, reflexo do acontecer cotiá en todos os sentidos, como reflexo da sociedade, da política, da emigración... Sinálase que once anos despois da súa morte, a Editorial Galaxia lle rendeu homenaxe coa publicación *Cousas da vida*, que eran anacos da realidade dos nenos, mulleres, homes, animais... Indícase que o libro leva un limiar do seu compañeiro Ramón Otero Pedrayo no que di: "foi Castelao o verdadeiro descobridor da aitualidade esencial dos labregos e os mariñeiros...".

Castro Rodríguez, Xavier, "Cunqueiro e Castroviejo: arte culinaria e saber venatorio", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 6 setembro 2008, p. 2.

Analiza os anos da posguerra nos que conviviron Álvaro Cunqueiro e Xosé María Castroviejo comentando que a creación literaria de ambos os escritores e a súa paixón polo xornalismo deu entre eles un labor de colaboración reflectida en traballos e éxito tanto dentro coma fóra do país. Considera que se identificaron con aspectos fundamentais da xente galega tocando temas tan diversos como a arte gastronómica, a fábula, a maxia, a cinexética, entre moitos outros; aspectos moi afastados entre si pero aos que lles procuraban relación. Refírese a obras conxuntas como *Teatro venatorio y coquinario gallego* (1958), que catro anos despois daría lugar a *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia* (1962). Engade que neste último libro interveñen entre outros escritores Julio Camba, Emilia Pardo Bazán ou Ángel Muro, e que esta obra leva aos autores a gozar da mellor tradición de obras arredor da gastronomía e a caza. Cita así mesmo dúas obras de Cunqueiro: *La cocina cristiana de Occidente* (1969) e *A cociña galega* (1973). Por último, recolle unhas palabras de Cunqueiro dun dos seus libros: "todo escrito co entusiasmo e a ledicia por terlle sido concedido ao ser humano a cociña e as receitas".

Castro Rodríguez, Xavier, "Exposición arredor da historia editorial galega", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 4 outubro 2008, p. 2.

Comenta que o Centro Galego de Bos Aires se fundou en maio de 1907 e que dende entón foi acrecentando o seu patrimonio e ampliando unhas instalacións que dan idea da transcendencia que tivo e que aínda ten sobre miles de galegos emigrados no continente americano. Despois da súa bagaxe de anos, dise que se converteu nunha importante pinacoteca, biblioteca con miles de publicacións, a simbólica e fundamental Edicións Galicia, arquivos sonoros e teatro. Sinálase que no día de Galicia de 1948 tivo lugar unha exposición ao redor dos autores galegos. A seguir, detense na obra expositiva que

ten a intención de reflectir a achega de Galicia á cultura universal. Así dise que o libro está estruturado en tres partes ben diferenciadas. Na primeira delas dáse unha presentación da historia do libro galego (dende a lírica medieval até nomes como Ánxel Casal, Eduardo Blanco Amor ou Luís Seoane, entre outros). A segunda parte consta tanto de reprodución de páxinas de volumes históricos coma de ilustracións de Daniel Rodríguez Castelao ou Carlos Maside. Finalmente, faría unha breve recensión das obras dos séculos XVII, XVIII e XIX .

Castro Rodríguez, Xavier, "Reconquista': revista bilingüe no Brasil", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 11 outubro 2008, p. 2.

Sinala que numerosas publicacións non galegas recolleron ao longo de varias décadas do século pasado estudos, recensións ou números especiais relacionados coa cultura e a literatura galegas. Cita concretamente *Reconquista*, unha revista bilingüe de cultura editada en São Paulo e dirixida por José Pèdro Galvâo de Sosa (1912-1992). Indica que se trata dunha revista de orientación tradicionalista moi achegada ao universo hispano-americano, o que se deu en chamar *Patria Nova*. Explica que o nome desta revista non deixa dúbida do pensamento que movía este proxecto. Refírese ao seu terceiro número, correspondente ao ano 1950, onde aparece unha intervención en castelán de Manuel G. Cerezales na sección "Notas biográficas", cun comentario sobre a edición luguesa de *D'o emo* (1946), de Antonio Noriega Varela. Comenta que Manuel G. Cerezales fai unha recensión arredor do libro, os poemas e o seu autor, que recolle nas súas letras a alma do pobo galego.

Caveiro, Laura, "Cambio e crítica", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, 21-27 febreiro 2008, contracuberta.

Lembra dúas novidades culturais que lle trouxeron un pulo de aire fresco. Comenta que unha delas foi a lectura do ensaio de Xurxo Borrazás, *Arte e parte* (2007), editado por Galaxia, e que a segunda nova foi a creación da sección da Crítica Literaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen, para dar inicio á súa andaina, realizou unha xornada sobre a crítica literaria en Galicia.

C. E., "Steiner pide disculpas al Pen Club gallego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 setembro 2008, p. 46.

Faise referencia ás palabras de desculpa de George Steiner sobre as súas reflexións sobre a cultura galega. Así, indícase que Steiner realizou as súas afirmacións de xeito irreflexivo e pide as desculpas do PEN Clube galego.

Cebreiro, María do, "Obxeccións en voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 setembro 2008, p. 28.

Ofrece a súa visión sobre a cuestión xeracional xa que afirma non pertencer á promoción literaria na que adoita ser integrada. Comenta que lle parece máis pertinente que o factor de agrupación literaria sexa o espazo, de aí que desbote ser integrada na

“poesía dos noventa” ou na “poesía das mulleres”. Finalmente, formula unha serie de preguntas que poderían usarse para xuntar poetas.

Cermeño, Xosé, “Libros ausentes”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Punta balea”, 26 decembro 2008, p. 5.

Ofrece unha serie de comentarios sobre a influencia que exerceron nel todas as formas de papel impreso. Sostén que todas lles interesan e rexeita que a meirande parte dos libreiros de Galiza coloquen os libros en lingua galega nun lugar secundario nos andeis das súas librarías.

Chao, Ramón, “Salón del Libro”, *El País*, “*Galicia*”, 26 marzo 2008, p. 6.

Partindo da ameaza de bomba do Salón do Libro no ano 2008, motivada polo festexo do cuadraxésimo aniversario do Estado de Israel, Chao Rego aborda as incidencias negativas do mundo dos libros, como os atrancos económicos e a intromisión relixiosa, coa pretensión de defender a laicidade no desenvolvemento da actividade do Centro Galego de París e denunciar o abandono da literatura galega na capital francesa, propiciada pola deixadez económica e burocrática da Xunta de Galicia.

Conde, Alfredo, “A satisfacción do sabor e o precio”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 13 xaneiro 2008, p. 4.

Compara a literatura galega de hoxe coa de períodos anteriores a partir dunha comparación entre o xamón de hoxe e antano de antes.

Conde, Alfredo, “Agora o que sabemos é que non están”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 21 xaneiro 2008, p. 4.

Critica que hoxe en día nas homenaxes e actos culturais non hai rapaces novos. Lembra que cando era pequeno eran poucos os que acudían a estes eventos, pero algún había, e afirma que agora, incluso os adultos, non se presentan aos actos dependendo da súa militancia política ou preferencia cultural.

Conde, Alfredo, “Non vale todo malia que o pareza”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 2 febreiro 2008, p. 4.

Reclama que os autores deben pelexar polos seus dereitos de autor nun mundo no que se cometen moitos delitos. Afirma que hai que defender a obra artística auténtica e ao escritor honrado e non permitir as edicións piratas de libros, controlar as tiradas e non baixar cancións e películas da internet.

Conde, Alfredo, “No Pazo de Laiovento”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 9 febreiro 2008, p. 4.

Comenta que comezou a ler o libro *No Pazo de Laiovento* (2007), de Xosé Luna Sanmartín, onde o autor recolle as conversas mantidas con Francisco Pillado Maior. Afirma que Pillado é un "aristócrata da intelixencia e do afán creador desinteresado e puro", dos cales xa quedan poucos, e recomenda a lectura deste libro.

Conde, Alfredo, "Agasallo vital de Antonio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 11 febreiro 2008, p. 4.

Fala sobre un texto que escribiu hai anos e que agora non ten no seu poder. Dá conta do que falaba o escrito e comenta que se baseaba nun cadro de Antonio Quesada, concretamente o que describe a paisaxe urbana de Ourense.

Conde, Alfredo, "Unha educación para a cidadanía", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 12 febreiro 2008, p. 4.

Segue a falar sobre os dereitos de autor das creacións artísticas. Critica o feito de que se omita o nome da persoa que comete un delito e expón como exemplo un caso persoal. Considera que non debe primar a protección de identidade do usuario e remata o artigo coas palabras finais d'*O Divino Sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez.

Conde, Alfredo, "Estrafalario sino da nosa cultura", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 13 febreiro 2008, p. 4.

Dá conta da súa participación nun acto cultural en Roma e indica que vai de camiño á Feira Internacional do Libro da Habana. Critica que do medio cento de escritores galegos que estarán na illa, hai moitos que non coñece os seus nomes e afirma que Galicia debe ser o país do mundo con máis "contedores culturais" e con máis "vagos, difusos, profusos e confusos contidos culturais". Finalmente,di que ten a esperanza de que esta afirmación non sexa certa.

Conde, Alfredo, "Un xeito de levitar", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 14 febreiro 2008, p. 4.

Responde a un artigo xa publicado de Vicente Araguas que falaba sobre a súa condición de poeta. O articulista considérase un mal poeta, que comezou cos versos de *Mencer de Lúas* (1968), e agradece as palabras de Araguas a este respecto.

Conde, Alfredo, "O de poeta, oficio de difuntos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 16 febreiro 2008, p. 4.

Comeza afirmando que en Galicia debería entronizarse ao poeta Manuel Álvarez Torneiro pola súa calidade, mais considera que é un país que non valora a poesía e que, ás veces, incluso os propios poetas non valoran libros de poemas que non sexan os seus. Indica que está a ler *Parábola do incrédulo* (2006) e afirma que se non chega alguén de

fóra que nos diga que o poemario é moi bo, non saberemos valorar a calidade desta obra.

Conde, Alfredo, "Paisaxes intelectuais e humanas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 21 febreiro 2008, p. 4.

Dá conta da súa participación nos actos celebrados en Roma con motivo do ano europeo do diálogo intercultural e salienta a mestizaxe de culturas coas que se relacionou. Tamén indica que agora está a escribir este artigo dende Cuba, onde asistirá á Feira Internacional do Libro.

Conde, Alfredo, "Parangonarse cos máis grandes", *El Correo Gallego,* "Opinión", "Os outros días", 5 abril 2008, p. 4.

Reflexiona sobre a liña editorial emprendida na actualidade pola Editorial Galaxia, consistente na tiraxe simultánea de oito exemplares, combinando autores foráneos, clásicos da literatura universal e a recuperación de escritores xa falecidos. Así, Conde conclúe que a realización destes esforzos hai vinte ou trinta anos conlevarían un panorama literario máis esperanzador.

Conde, Alfredo, "A recepción de libros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 6 abril 2008, p. 4.

Informa sobre o necesario exercicio de actualización dos colaboradores xornalísticos para poder actuar de elemento dinamizador da sociedade, no canto de ser unha rémora da actualidade.

Conde, Alfredo, "Entre galegos e portugueses", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 3 maio 2008, p. 4.

Deixa constancia dunha conversa con Lobo Antunes na que este reflicte receptividade e comprensión do feito literario galego, abranguendo dende as *Cantigas de Santa María* até Rosalía de Castro.

Conde, Alfredo, "Caír intelectualmente tan baixo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 1 setembro 2008, p. 4.

Detalla cómo o seu irmán o chamou para lle falar das palabras que Steiner dixera nun xornal sobre a lingua galega. Sen ler o dito artigo, comenta que se Steiner dixo o que dixo sobre a literatura galega ou fai ostentación da súa ignorancia ou o entrevistador lle fixo unha mala xogada, e finalmente comenta que lle debeu preguntar a seu irmán polo nome do entrevistador.

Conde, Alfredo, "A equivocación de Steiner", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 2 setembro 2008, p. 4.

Comenta que despois de ler con detalle a entrevista a Steiner haberá que devolver a boa intención que puxo en dúbida no artigo "Caír intelectualmente tan baixo". Comenta que Juan Cruz foi o entrevistador e que haberá que desculpar a Steiner que non saiba nada da literatura galega, xa que é un home de oitenta anos que fai o amor en varios idiomas.

Conde, Alfredo, "Escribir en circunstancias adversas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 15 setembro 2008, p. 4.

Alén de reflexionar sobre as palabras de Steiner, indica que o sistema literario galego está estragadiño e canso e como exemplos indica que nos últimos vinte e cinco anos non se escribiu ningunha obra literaria equiparábel coas de épocas anteriores ou que millóns de libros estaban abandonados e sen distribuír en naves da Xunta de Galicia.

Conde, Alfredo, "Amola tanta prepotencia", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 8 outubro 2008, p. 4.

Explica que despois de ler as reaccións que produciron as palabras de Stiener contra a lingua galega xa está farto da xente que non le e opina e mais que arrisca criterio partindo da ignorancia. Para sustentar isto comenta uns artigos críticos contra Suso de Toro e de Muñoz Molina.

Conde, Alfredo, "Morreu un poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 21 outubro 2008, p. 4.

Láiase do pasamento de Ramiro Fonte e expresa a súa admiración como literato, pero tamén recoñece que non foron moi amigos. Describe unha viaxe que fixeron Carlos Casares, Ramiro Fonte, Luís Tosar e o articulista para visitar a Miguel Torga en Coimbra e afirma que hoxe só están vivos Luís Tosar e quen escribe o artigo.

Conde, Alfredo, "Afirmacións apoiadas na honradez", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 31 outubro 2008, p. 4.

Comenta que lle sorprenden os repoches que recibiu do artigo "Morreu un poeta"publicado en *El Correo Gallego* por dicir que non fora moi amigo de Ramiro Fonte. Recalca agora que isto non implicaba que fosen inimigos e que o eloxio que fixo da obra de Ramiro Fonte, desinteresado e certo , non o ditaron razóns de amizade senón literarias

Conde, Alfredo, "Constantino, digno de admiración", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 7 novembro 2008, p. 4.

Declara a súa admiración polo falecido Constantino García, de quen subliña a súa

bonhomía e entrega. Tamén indica que a excesiva castelanización da lingua galega se debe ao labor de Constantino e o ILG, mais deixa claro que "admiro e agradezo" o traballo do ILG a prol do galego.

Conde, Alfredo, "Rei Ballesteros e a nova narrativa", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 10 novembro 2008, p. 4.

Sente a morte de Anxo Rei Ballesteros e comenta que a súa novela *Dos anxos e dos mortos* (1976) debería estar dentro da Nova Narrativa Galega, á beira de Gonzalo Rodríguez Mourullo e de Ignacio Vázquez Diéguez.

Conde, Alfredo, "Quen tal afirme, minte", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 24 decembro 2008, p. 4.

Co gallo de se celebraren os corenta anos do premio ex aequo con Arcadio López Casanova dos Xogos Minervais recalca que nunca pediu o voto para a dereita nin que nunca optou a un premio literario que puidera depender do criterio dun Blas Piñar.

Conde Corbal, Moncho, *La Región*, "Ciudad", "Percepciones", 21 novembro 2008, p. 15.

Breve reflexión sobre a conveniencia de que a casa ourensá na que naceron Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco se converta nun referente cultural e para isto apoia as palabras de Víctor Freixanes nas que defendía esta iniciativa.

Cordal, Xabier, "Haberá outros maios", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 16.

Sinálanse dúas ideas fundamentais: a demanda de crear un Premio Nacional de Literatura propiamente galego e o tirón de orellas a un lectorado que, coma acontece no caso do galego, permanece alleo á meirande parte dos seus grandes autores. Diríxese de xeito especial a aqueles colectivos que se mostran críticos co 17 de maio.

Cordal, Xabier, "A serpe de Steiner traía cola", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2008, p. 30.

Comenta que o racismo lingüístico medra en Europa e recalca que isto non mellorará con desculpas como as que pronunciou George Steiner a raíz das súas afirmacións de desprezo cara á lingua galega, e que se reproducen literalmente. Fala das disputas que trouxeron as palabras de Steiner e delas destaca o artigo "O caso Steiner", de Arturo Casas publicado en *Galicia Hoxe*.

Cordal, Xabier, "A narrativa está de loito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 novembro 2008, p. 37.

Láiase das mortes de Ramiro Fonte, Anxo Rei Ballesteros e mais de Camilo Gonsar. Deste último destaca a súa gran pegada en autores como Xurxo Borrazás, Samuel Solleiro, Santiago Jaureguízar, Manuel Darriba ou María do Cebreiro. Comenta que non cesa de adeptos e fai un percorrido polas súas obras entre as que destaca o seu derradeiro libro *A noite da aurora* (2003).

Cordal, Xabier, "Lopo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Caruma", 24 decembro 2008, p. 54.

Refírese a Antón Lopo como un poeta que arrisca, que é un "funambulista entre a herdanza textual e a fascinación polo contemporáneo" e conclúe afirmando que a súa novela *Ganga* (2001) é a máis orixinal e profunda da moderna literatura galega.

Dacosta, Henrique, "A outredade de Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 483, "Enfiando", 25 maio 2008, p. 23.

O articulista aposta por Ricardo Carvalho Calero como próximo homenaxeado no Día das Letras Galegas, dado que non houbo faceta nestas nas que non traballase. Fala da súa escrita, nomeadamente dramática e poética, e subliña o seu labor como crítico literario. Tamén indica que unha das súas meirandes tachas, dentro da "intelligentsia" galega, é que foi quen abandeirou o reintegracionismo.

Dacosta, Marta, "Ler en novembro", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 12 novembro 2008, p. 32.

Fálase da tradución da obra completa de Sylvia Plath, por parte do poeta galego Xoan Abeleiras e da novela *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre, gañadora do premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil.

Dacosta, Marta, "Victoriano Taibo", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 32.

Valora a homenaxe a Victoriano Taibo celebrada en Gondomar polo Instituto de Estudos Miñoranos e que tivo como principais responsábeis a Miguel Mouriño e Xosé Luís Alonso. Comenta que o acto antigos alumnos de Taibo lembraron a figura do mestre e recitaron os seus poemas. Considera que a celebración é unha homenaxe de xustiza e un éxito rotundo que posibilitou "un mellor coñecemento doutro home admirábel das Irmandades da Fala".

Díaz, Yolanda, "Escritores", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "O debate", 1 novembro 2008, p. 25.

Refírese á morte dos escritores Anxo Rei e Ramiro Fonte e comenta algunhas das súas características, como a importancia da natureza do primeiro e o comezo no grupo Cravo

Fondo do segundo.

Díaz Pardo, Isaac, "Luís Seoane e a súa Fundación", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 8 xaneiro 2008, p. 17.

Comenta que se celebrou unha importante reunión no Padroado da Fundación Luís Seoane, xa que se escolleu ao novo director e se propuxo un avance da programación para o ano 2008. Achega datos sobre o novo director, Alberto Ruiz de Samaniego, e indica que a vicepresidenta será Silvia Longueira. A continuación afirma que a única persoa que pode representar a continuidade de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao é Luís Seone e comenta que foi el o que pensou na creación dunha institución que recollese a obra e a documentación do movemento renovador da arte galega. Por último, informa que o Padroado vai solicitar ao goberno galego a protección como Ben de Interese Cultural a Planta Circular de Sargadelos, na que hai fundidos cinco murais de Luís Seoane.

Díaz Pardo, Isaac, "Morrer en Veloi e que me enterren no Fiunchedo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 27 outubro 2008, p. 16.

Comenta que o interese de Ramón Suárez Picallo de ser soterrado en Fiunchedo só tiña unha compoñente poética e que hai pouco deixáronse as súas cinzas no lugar que o finado quería. Tamén fai un repaso pola vida de Suárez Picallo onde aparece o traballo *No cuarto da miña nai* (1926).

Dobarro, Xosé María, "Curros nesta hora", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 13 xaneiro 2008, p. 26.

Comenta que nun par de meses se van cumprir os cen anos do pasamento de Manuel Curros Enríquez e lembra o día da súa morte e o traslado dos seus restos a Galicia, así como o posterior enterramento no cemiterio de San Amaro da Coruña. Indica que no seu momento intentaron xuntar cartos para darlle a Curros un mausoleo máis honorífico e afirma que, despois de cen anos, isto aínda non se produciu. Así mesmo, achega versos dos poemas "Saúdo" e "Sobre unha foxa" e afirma que os restos de Curros, sendo como era republicano, librepensador e anticlerical, deberían estar fóra do ámbito católico.

Dobarro, Xosé María, "Don Ricardo Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 1 xuño 2008, p. 25.

A raíz das xornadas, organizadas pola "Fundaçom Artábria", dedicadas ao profesor Ricardo Carvalho Calero na semana do seu pasamento, Dobarro apoia a reclamación de dedicar o Día das Letras Galegas ao excelso escritor e profesor ferrolán.

Dourado Deira, Manuel, "A compra da casa de Dieste", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 5 xaneiro 2008, p. 5.

Fala sobre a compra da casa de Rafael Dieste polo Concello de Rianxo e sobre as críticas que recibiu o alcalde por parte do BNG por non comprar tamén a obra do escritor. Remóntase ao ano 1993 cando a viúva de Dieste, Carmen Muñoz, mostrou a súa intención de doar ao pobo de Rianxo a casa e máis a biblioteca. Indica que por motivos descoñecidos o alcalde non acudiu no seu momento á cita e Carmen Muñoz considerou isto unha afronta polo que cambiou de parecer e non deu o patrimonio dos Dieste á vila.

Dourado Deira, Manuel, "Que faría a Xunta por Isaac e Galicia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 26 xaneiro 2008, p. 5.

Toma parte na polémica nacida ao redor de Isaac Díaz Pardo. Comenta que se celebrou a xuntanza de accionistas e afirma que a súa pretensión é botar a Díaz Pardo como conselleiro delegado do grupo Sargadelos. Dourado dálle folgos a Díaz Pardo a quen considera como patrimonio de Galicia e pide desculpas por non poder asistir aos actos de defensa do gran "patriota galego".

Dourado Deira, Manuel, "Actos Castelao en Rianxo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 2 febreiro 2008, p. 5.

Dá conta dos actos que a vila de Rianxo celebrou como homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Indica que estes actos foron convocados conxuntamente pola Editorial Galaxia, a Asociación Cultural Barbantia, o Concello de Rianxo e *La Voz de Galicia*. De seguido, refire as presentacións que tiveron lugar: o libro *Mentres a herba medra* (2007), de Xesús Rábade Paredes, e diversos boletíns. Tamén comenta que houbo un recital poético e unha ofrenda floral no busto do escritor. Finalmente, fai referencia ás palabras pronunciadas por Pedro Piñeiro, alcalde de Rianxo, e por Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao.

Dourado Deira, Manuel, "Fraterno reencontro de Rosalía e Castelo Branco", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 23 febreiro 2008, p. 5.

Explica como en marzo de 2007 as Fundacións Rosalía de Castro e mais a Fundação Camilo Castelo Branco se reencontraron. Explica que o froito desta unión foi a reedición conxunta e fraternal por ambas as fundacións de *Follas novas* e de *Amor de perdição*, grazas ao esforzo de Helena Villar Janeiro, actual presidenta da Fundación Rosalía de Castro.

Dourado Deira, Manuel, "Debates, cultura, auditorio, música", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 8 marzo 2008, p. 5.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da visita do ministro de cultura, César Antonio Molina, a Rianxo. Comenta que o ministro quixo visitar as casas de Rafael Dieste e Manuel Antonio para as que o Ministerio que direxe achegou cincocentos mil euros. Tamén salienta o interese que mostrou por recuperar a casa de

Afonso Daniel Castelao e refire as afirmacións de Pedro Piñeiro, alcalde de Rianxo, sobre a situación da compra.

Dourado Deira, Manuel, "Acto literario do 15 de xullo: Epílogo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 26 xullo 2008, p. 5.

Alude aos actos que se van realizar na Casa da Matanza de Rosalía de Castro con motivo do 123 aniversario do seu pasamento. Asemade, debulla o volume *Rosalía vista por Curros* (2001), de Xesús Rábade Paredes, e despois de reproducir o famoso poema de Manuel Curros Enríquez dedicado a Rosalía, indica que Rábade conclúe fundindo nunha imaxe as agresións do desmemoriado, do verdugo, do lobo e da besta imperialista.

Enríquez, Rosa, "Os outros", *La Región*, "Opinión", 11 decembro 2008, p. 24.

Comenta que lle vén á cabeza o conto do negro galego de Daniel Rodríguez Castelao que en *Sempre en Galiza* (1944) emprega como exemplo de verdadeira integración e asemade comenta, apoiándose no texto de Castelao, que Galicia acolle sempre con cariño sen deixar a ninguén á marxe.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Xornalismo en galego día a día", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 4 xaneiro 2008, p. 3.

Reflexiona sobre a publicación da revista *A Nosa Terra* que comezou a súa andaina no ano 1916. Recórdase que primeiro apareceu como decenario para se converter posteriormente en semanario e que, seguindo o exemplo deste, se crearon outras moitas revistas e xornais diarios, como é o caso de *Galicia Hoxe*, que cumpre en 2008 cinco anos dende a súa primeira tirada.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Letras galegas do noso tempo (I)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 21 xaneiro 2008, p. 3.

Comenta que nunca se produciu tanta literatura en Galicia dende a Guerra Civil e considera que a literatura que se produce hoxe é unha aposta polo futuro do país. Salienta a nova xeración de poetas novas que está a ter moito éxito e opina que xunto cos poetas da Xeración dos 80 a poesía galega está nun dos seus momentos máis importantes. Indica que os poetas galegos son convidados a eventos internacionais e salienta a "enerxía creativa" e a "potencia lírica" dos mesmos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Letras galegas do noso tempo (II)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 22 xaneiro 2008, p. 3.

Salienta dúas obras narrativas: *No ventre do silencio* (1999), de Xose Luís Méndez Ferrín e *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, como dous libros que están entre os mellores da narrativa europea do noso tempo. De seguido, cita outros narradores de

gran peso literario e afirma que os escritores galegos dominan os artefactos narrativos, teñen un dominio artístico da linguaxe, mostran acerto nos temas escollidos e fan gala da orixinalidade e do sentimento de paixón pola literatura. Por isto, asegura que a narrativa galega está a nivel europeo e conta cun amplo número de lectores.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Letras galegas do noso tempo (e V)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 25 xaneiro 2008, p. 3.

Afirma que escribir hoxe en galego é un "compromiso ético e estético". Explica que o galego é o idioma propio e escribir neste idioma é un acto de amor e de respecto ao pasado. Comenta que ás veces algúns escritores reciben o recoñecemento a nivel internacional e, en cambio, non se lles valora no propio país. Afirma que isto debe mudar e considera que a literatura galega ten que chegar a ser unha marca de calidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Libros e literatura galega en La Habana (I)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 4 febreiro 2008, p. 3.

Dá conta da participación de Galicia como convidada de honra na Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que xa outros países participaron nesta feira e salientaron a importancia da súa celebración e cita a escritores, editores e outros membros da cultura que representaron España no seu momento.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Libros e literatura galega en La Habana (II)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 5 febreiro 2008, p. 3.

Comenta que o presidente da Xunta de Galicia se trasladou á Habana para conmemorar o centenario do himno galego. Tamén afirma que na Habana se iniciou o proxecto de crear a Real Academia Galega da man de Xosé Fontenla Leal e Manuel Curros Enríquez, e foi tamén na illa onde ondeou por primeira vez a bandeira galega. Así mesmo, un dos libros máis importantes da literatura galega, *Follas Novas* (1888), viu a luz por primeira vez en Cuba. Por todos estes feitos, considera que é lóxico que este ano Galicia sexa a invitada de honra na Feira Internacional do Libro da Habana.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Sinais na area", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 8 febreiro 2008, p. 3.

Comenta a obra de Xulio López Valcárcel, *Sinais na area. Escritos sobre arte* (2007), editado pola Deputación da Coruña. Indica que se trata dunha obra que destaca pola súa forma e carácter, onde o poeta se converte nun crítico de arte e dialoga coa creación pictórica, escultórica e fotográfica de Galicia. Dá conta doutros poetas interesados nas artes plásticas e afirma que o libro de López Valcárcel pódese inscribir na mellor crítica de arte galega.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Ramón Villares fala en La Habana", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 19 febreiro 2008, p. 3.

Fai referencia ao discurso pronunciado por Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, na inauguración da Feira Internacional do Libro da Habana. Salienta a oratoria de Villares e a súa construción verbal e comunicante, e dá conta dos puntos fundamentais do relatorio titulado "Unha cultura para un país".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Intercambio cultural", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 20 febreiro 2008, p. 3.

Salienta o intercambio cultural que se está a producir entre Galicia e Cuba pola participación na Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que unha parte importante do intercambio entre os dous países é a literatura, o idioma e a cultura en xeral e salienta o grande interese que mostran os asistentes á feira por Galicia. Por último, destaca que a nosa literatura galega medieval é única en Europa e afirma que Galicia ten que proxectar a súa cultura no mundo, sen medos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Alfonso Costa", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 28 marzo 2008, p. 3.

Informa da publicación dun libro, editado pola Deputación da Coruña na Colección "Grandes Pintores", con dedicatoria ao pintor de Noia Alfonso Costa e textos de Ánxeles Penas e Eva Veiga.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Fisterra, espazo poético", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 20 abril 2008, p. 3.

Con motivo da celebración das II Xornadas culturais e literarias "Cabo Fisterra: Patrimonio Cultural Europeo", diferentes escritores aquén (Modesto Fraga, Mónica Góñez, Xoán Alberte Moure...) e alén (Emilio Coco, Carlos Alvar...) de Galicia reflexionaron acerca de Fisterra como espazo poético.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "A vida e a poesía", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 16 maio 2008, p. 3.

A raíz da intervención no ciclo do Liceo sobre Poetas da Posguerra para falar de Manuel María, coméntase a extraordinaria relación de fidelidade entre vida e poesía, sendo esta un paradigma dunha crónica da seu devalar vital, do poeta chairego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Calidades poéticas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 1 agosto 2008, p. 3.

Comenta as distintas calidades poéticas de Xavier Rodríguez Baixeiras e de Ramiro Fonte, de quen destaca a súa persoal capacidade construtiva ou compositiva do poema con entidade propia, e mostra o seu acordo con Antonio Colina quen afirma que a única pretensión do poeta é escribir poesía, sexa cal for a temática escollida.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Felipe Criado", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 4 agosto 2008, p. 3.

Fai un repaso pola obra do pintor Felipe Criado como colaborador crítico de arte en *La Noche*, como deseñador de pezas cerámicas con Isaac Díaz Pardo ou como autor dun libro, con poemas de Salvador García-Bodaño, intitulado *Trinta e oito debuxos para un País* (1986).

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Steiner e a ignorancia", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 29 agosto 2008, p. 3.

Expresa o seu rexeitamento á ignorancia de George Steiner sobre a lingua e literatura galegas, que cualifica de lamentábel e patético, e contrapón isto á visión positiva da literatura galega que ten o mexicano e premio Nobel Octavio Paz quen afirmou que "a lírica galega era unha das xoias da humanidade".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Internacionalización do galego", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 1 setembro 2008, p. 3.

Cuestiónase a correcta internacionalización da lingua e da literatura galegas e compara o feito polos gobernos cataláns co feito polos gobernos galegos na proxección exterior da lingua propia. Pregúntase ónde está o Instituto Rosalía de Castro e recalca que o galego, con variantes, ten douscentos millóns de falantes.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Unha política literaria internacionalista", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 3 setembro 2008, p. 3.

Comenta algúns acontecementos que se levan feitos a prol da internacionalización da literatura galega como o sexaxésimo Congreso Internacional do PEN Clube de Galicia con escritores como Antón Lobo Antunes, Sophia de Mello, Perre Gimferrer ou Isabel Allende, ou o evento realizado en 2001 en Santiago de Compostela no que o poeta e dramaturgo nixeriano Wole Soyinka estivo e coñeceu a importancia da literatura galega en América con escritores como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste ou Luís Seoane.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Estado da Literatura Galega", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 17 setembro 2008, p. 3.

Apoiándose en palabras de Rexina R. Vega nas que afirma que é extraordinario que a literatura galega teña un discurso literario tan vivo e diverso a pesar do seu tamaño, reflexiona sobre o estado da literatura galega comentando o número de volumes publicados. Tamén considera que Antonio Gamoneda ten un lugar sobranceiro nas poéticas peninsulares presentes.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Furacán Steiner", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 22 setembro 2008, p. 3.

Co gallo do furacán provocado pola palabras de Steiner contra a literatura galega e as súas posteriores desculpas, indícase que Umberto Eco cualificou hai tempo a Steiner como "un grandísimo amigo co que rara vez estou de acordo". A seguir coméntase que moitas veces o propio pobo galego ignora a súa historia e que pouco importan as reaccións contra Steiner se a realidade é a que é.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poeta máximo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 12 outubro 2008, p. 58.

Compara a Ramiro Fonte con poetas como Arthur Rimbaud, César Vallejo, Luís Cernuda ou Avilés de Taramancos, e de Ramiro Fonte destaca que é un poeta de puro cerne que viviu toda a súa vida no centro da poesía.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Ramiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 13 outubro 2008, p. 3.

Loa a figura de Ramiro Fonte cualificándoo de poeta culto e esixente e comparándoo con Jorge Luis Borges, ao abrir espazos á memoria, co chileno Gonzalo Rojas e co mexicano Alberto Blanco ao teren unha poesía de "áncora e centro".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Opinións críticas sobre a literatura", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 14 outubro 2008, p. 3.

Compara as palabras de Francisco Rodríguez, quen afirmou que a literatura galega ten menos incidencia hoxe que no Franquismo, coas de Carod Rovira quen afirmou que se Cataluña for hoxe un Estado xa tería algún premio Nobel de literatura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poetas en México", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 23 outubro 2008, p. 3.

Alude ao encontro de Poetas Mundo Latino 2008 que tivo a Jordi Virallonga como representante catalán e a quen escribe este texto como representante galego. Como reflexión deste encontro en México recalca que os poetas mexicanos e chilenos, particularmente, mostran un serio coñecemento de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Literatura e memoria", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 1 decembro 2008, p. 3.

Comenta que na XV edición do Seminario de Historia de Culleredo se falou de literatura con Antonio Gamoneda e asemade sinala que tamén se lle fixo unha homenaxe ao poeta Ramiro Fonte.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "O tesouro da amizade", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 3 decembro 2008, p. 3.

Subliña o significado da palabra "amizade" na súa relación con Marcos Valcárcel e refírese á multitudinaria homenaxe nacional que se lle tributou en Ourense a Marcos. A seguir reflexiona sobre o étimo de amizade e sobre a amizade en obras clásicas como en *Ética a Nicómano*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Novelistas poetas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 4 decembro 2008, p. 3.

Comenta que son poucos os literatos que se internan "decididamente na selva lírica" e como mostras desta rareza pon a Roberto Bodaño e a seguir nomea literatos que comezaron sendo poetas como Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Alfredo Conde. Tamén fala de Xosé Luis Méndez Ferrín e mais de Manuel Rivas como de "novelistas poetas" e finalmente fala de Xosé A. Neira Cruz como un gran narrador que publica agora poesía.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Mundo rural en desaparición", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 16 decembro 2008, p. 3.

Fala da desaparición do "mundo rural" e refírese a Emilio Araúxo, a Medos Romero e mais a Olalla Cociña como poetas que saben captar de xeito intenso ese drama e que asemade só esta poesía se converte nun inestábel tremor do fondo laio da desesperación do fin deste mundo.

Fernández, Hilario, "Primeira académica electa da RAG", *El Correo Gallego*, "Sociedad", "Nuestras gallegas de oro", 28 xullo 2008, p. 51.

Faise un repaso á vida e obra de Francisca Herrera Garrido. No tocante a súa produción literaria, destácase a súa novela *Néveda* (1920) e a presenza de tres temas: o ruralismo, a muller-nai e a renuncia feminina. Saliéntase tamén o feito de ser a primeira muller á que a Real Academia Galega elixiu como membro numerario.

Fernández, Hilario, "El sentir gallego hecho poesía", *El Correo Gallego*, "Sociedad", "Nuestras gallegas de oro", 18 agosto 2008, p. 50.

Realiza, en español, unha serie de comentarios sobre a vida e obra de Rosalía de Castro, entre elas: que o seu ciclo vital estivo marcado pola desgraza, que o 17 de maio de 1863 publica *Cantares gallegos*, que escribiu *Follas novas* ou que cando Rosalía versifica non en galego resulta bastante menos íntima.

Fernández, Luís, "É Steiner un gran pensador europeo?", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "A

aldea global", "Tribuna", 14-24 setembro 2008, p. 4.

Analiza a veracidade da presentación mediática de George Steiner como un dos grandes pensadores europeos vivos. Fronte a isto tamén se detén nas polémicas declaracións de Steiner contra a lingua e literaturas galegas e conclúe afirmando que a groseira xenofobia das súas palabras ficará nas escolmas da "xenofobia aplicada aos galegos e á súa lingua".

Fernández, Santiago, "De cómicos", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Puro teatro", 26 marzo 2008, p. 26.

Co gallo da celebración do Día Internacional do Teatro, realiza unha sentida homenaxe desta arte que sobreviviu ás tecnoloxías e á decrepitude do ser humano e que continuará existindo por mor da esencia impura e bastarda desta.

Fernández, Xurxo, "Emblemas eternos del maleficio", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 17 novembro 2008, contracuberta.

Sinala a obra *O lapis do carpinteiro* (2005), de Manuel Rivas, como exemplo de que as novelas son mellores se refiren episodios pasados que sucederon nun ámbito próximo ao do escritor. Dise que neste libro Rivas parte dunha historia que lle relataron os propios familiares do protagonista e chega a un grao de implicación psicolóxica no tema que fai que o desenvolvemento da trama acade unha forza insólita. Cita esta novela para estabelecer unha comparación entre ela e *El emblema del traidor* (2008), de Juan Gómez-Jurado, quen tamén partiu duns acontecementos que lle narrou o fillo do protagonista.

Fernández Areal, Manuel, "Las cruces de Castelao", *El Correo Gallego*, "Opinión", "De aquí y de allá", 15 decembro 2008, p. 2.

Fala da importancia dos estudos de Daniel Rodríguez Castelao sobre os cruceiros e a seguir comenta a hipótese "no descabellada" de retirada dos cruceiros galegos despois de ouvir a algúns políticos ou de ver algunha sentenza xudicial aínda non firme.

Fernández del Riego, Francisco, "Peculiaridade e universalismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 244 , "Letras en galego", "De cotío", 5 xaneiro 2008, p. 10.

Francisco Fernández del Riego comenta que o renacemento literario galego débelle moito ao labor de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal mais considera que foi o traballo da Xeración Nós o que consolidou o renacer desta literatura. Explica que os homes de Nós, a través da revista homónima, puxeron en marcha o "novo ciclo da cultura galega" e levaron a cabo a reconstrución espiritual dándolle a Galicia unha cultura de seu.

Fernández del Riego, Francisco, "Aquela noite Compostela con García Lorca", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 264, "Letras en galego", "De cotío", 31 xaneiro 2008, p. 7.

Recorda a constitución do Comité de Cooperación en Santiago de Compostela, a mediados da década dos anos trinta e o posterior patrocinio dunha serie de conferencias a cargo de diversos artistas, como Federico García Lorca, quen, despois da lección poética no Colexio San Clemente, manifestou o coñecemento da obra poética de Manuel Curros Enríquez e, en especial, de Rosalía de Castro.

Fernández del Riego, Francisco, "O que nos contou de si Iglesia Alvariño", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 249, "Cultura galega", "De cotío", 9 febreiro 2008, p. 15.

Comenta que co pasar dos anos a obra e o nome de Aquilino Iglesia Alvariño foi caendo no esquecemento. Relata a súa biografía e lembra momentos significativos e relevantes que o propio Iglesia Alvariño revelou. Así mesmo, tamén achega algúns versos do poeta.

Fernández del Riego, Francisco, "A paisaxe nas letras galegas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "De cotío", 16 febreiro 2008, p. 12.

Artigo centrado na importancia da paisaxe dentro da literatura. Nun primeiro momento fala da paisaxe en Ortega Gasset e mais en Teixeira de Pascoaes. A seguir, indica que a poesía paisaxística galega tivo a súa orixe nos cancioneiros medievais mais afirma que daquela non existía unha temática paisaxística na lírica galega xa que esta foi unha invención moderna do século XIX. Destaca que na produción literaria da Galicia moderna a natureza ten sido o amor preferido dos poetas galegos e conclúe afirmando que este se entrañaron na terra na que cantaron os "intres máis líricos da súa vida".

Fernández del Riego, Francisco, "A cultura renacida en publicacións periódicas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 263, "Letras en galego", "De cotío", 24 maio 2008, p. 13.

Comeza nomeando os integrantes das tres promocións sucesivas que no século XIX crearon e arrequeceron a cultura galega mais que ao iren envellecendo foron substituídos por outras personalidades que crearon *A Nosa Terra* e mais a revista *Nós* coas que se encetou unha nova política sobre a peculiaridade de Galicia. Tamén nomea outras publicacións aparecidas até 1936 como *Logos* ou *Alento* e, integramente en galego, *Máis* ou *Galiza*.

Fernández del Riego, Francisco, "Mondoñedo, escenario de letras e música", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 274, "Letras en galego", "De cotío", 16 agosto 2008, p. 13.

Refírese á vila de Mondoñedo e tamén realiza un repaso polo autores literarios vinculados con esta vila, entre eles, Antonio M.ª de Castro, Luís Corra, Nicomedes Pastor Díaz, Aquilino Iglesia Alvariño, José Crecente Vega, Xosé María Díaz Castro, Eduardo Noriega Varela, E. Lence-Santar Guitián ou Álvaro Cunqueiro.

Fernández del Riego, Francisco, "Festas Minervais de Mondariz", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 280, "Letras en galego", "De cotío", 20 setembro 2008, p. 11.

Lémbrase da relevancia do Gran Hotel Balneario de Mondariz no que estiveron en veladas literarias ilustres persoeiros galegos como Vicente Risco, Antonio Rei Soto, Antón Vilar Ponte, Manuel Lezón ou Marcelo Macías. Refírese tamén á homenaxe que neste balneario se fixo a Manuel Murguía e mais destaca a importancia de Enrique Peinador no balneario de Mondariz.

Ferrer i Balsebre, Luis, "Quessada", *La Opinión*, "El tonel de Diógenes", 6 xaneiro 2008, p. 38.

Lembra as súas vivencias con Xaime Quessada e caracteriza ao pintor como un home "elegante, caótico, disperso, verborreico e xenial". Dá conta dalgunhas das actividades nas que participou e salienta que na súa vida fixo obras inmortais.

Figueiras, Manolo, "Memoria de Maside", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 3.

Faise un repaso pola vida do pintor Carlos Maside do que se subliña que renovou a arte galega. No referente á literatura apúntase que foi grande amigo de Manuel Antonio, que asistiu de novo a conferencias de Daniel Rodríguez Castelao, que acudiu ao Café Español de Santiago de Compostela ao lado de Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro ou que como director artístico do grupo Galaxia puxo en marcha os "Cadernos Grial" dos que saíron catro número até que foron censurados en 1952.

Fonte, Ramiro, "Non ter unha idea", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 37.

Fala sobre o tema das ideas e de que se debe ter coidado con elas xa que, ás veces, as ideas levan a actos perigosos. Tamén comenta que a nosa historia está chea de intolerancias e isto recórdao pola lectura da obra *O judeu*, de Camilo Castelo Branco.

Fonte, Ramiro, "Mulleres", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Cultura", 6-12 marzo 2008, p. 32.

Considera que o sistema literario está configurado polo número de mulleres lectoras; asegura que son moito mellor lectoras que os homes e dá conta dalgúns nomes de escritoras que el ten como cabeceira.

Formoso, David, "La opinión vuelve a casa", *Xornal de Galicia*, "Creadores de opinión", "Caderno de lanzamento", decembro 2008, p. 10.

Fai unha breve aproximación aos mestres do xornalismo galego e nesta listaxe pon a Alfredo Vicenti, Wenceslao Fernández Flórez, Basilio Álvarez, ao que cualifica de "Obama de entonces", Álvaro Cunqueiro, Antón Villar Ponte, Xoán Xesús González, Roberto Blanco Torres, Luís Seoane e remata con Sofía Casanova.

Fraga, Xesús, "Desenvolver todo o potencial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Letras en galego", "Luz de cruce", 27 decembro 2008, p. 4.

Sostén que os libros excepcionais de 2008 foron os relatos de Agustín Fernández Paz e mais o ensaio de Justo Beramendi. Tamén recalca que a pesar destes libros, que obtiveron prestixiosos premios, o libro en galego aínda está nos "andeis de fondo" na meirande parte das librarías de Galicia e remata referíndose á feira Cultur.gal.

Franco, Camilo, "Non deixarse enganar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 17 novembro 2008, p. 31.

Coida que a industria do libro non vai desaparecer porque é o oficio máis vello do mundo e afirma que as loanzas que se lle fan a Anxo Rei Ballesteros e mais a Camilo Gonsar son certas, incluso ao seren hiperbólicas.

Franco, Camilo, "Contan todos, incluso os malos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "En portada", "Reserva india", 27 decembro 2008, p. 2.

Indica que a literatura galega está en plena madureza de nos atermos ao número de volumes publicados e subliña que o que cómpre facer agora é atopar para cada libro os lectores que mereza.

Franco, Navia, "Penúltimos", *El Progreso*, "Opinión", "Desenlaces", 13 febreiro 2008, p. 28.

Fai referencia ás estatísticas que afirman que os galegos somos os penúltimos como lectores. Pregúntase se isto é algo que lle preocupe á sociedade e considera que se non se melhore non haberá unha evolución. Por último, faille a mesma pregunta aos políticos.

Franco, Navia, "Arranxando o mundo", *El Ideal Gallego*, p. 26/"Arranxando o mundo", *Diario de Arousa*, p. 27/"Dous amañando o mundo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Desenlaces", 12 novembro 2008, p. 5.

Lembra que cando estudaba e lle mandaran ler *Cara a Times Square* (1980) ao atopar polas rúas de Vigo o seu autor, Camilo Gonsar, este lle dixo que lle amolaba que a súa obra fose de lectura obrigatoria. Tamén se refire á amizade "tan indisoluble" que unía a Camilo Gonsar co pai da articulista, Xosé Luís Franco Grande.

Franco Grande, X. L., "Ramiro Fonte", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 20 outubro 2008, p. 14.

Reitera que a pesar de esperar a morte de Ramiro Fonte esta lle causou un gran desconcerto e refírese a Fonte como un poeta que de súpeto publicou tres grosos volumes que se converteron en clásicos da literatura galega.

Franco Grande, X. L., "Camilo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 17 novembro 2008, p. 14.

Destaca que Camilo Gonsar era un home de fonda cultura, un verdadeiro humanista que conversaba en varias linguas, entre elas o noruegués, e del tamén destaca o seu pesimismo lene e irónico.

Freixanes, Víctor F., "Galicia en Cuba", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 17 febreiro 2008, p. 20.

Comenta que parte da historia da cultura galega se pode atopar na Habana e dá conta dalgúns edificios nos que tiveron lugar feitos importantes. Considera que A Habana reencarna o Rexurdimento galego xa que alí naceu a idea de identidade, de autoestima colectiva e de modernidade.

Freixanes, Víctor F., "Ánxel Casal", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 5 maio 2008, p. 14.

Refírese á monografía de Alfonso Mato, *Ánxel Casal, un editor para un país* (2007). Lembra a figura do editor coruñés dende os seus primeiros proxectos na Colección Lar, xunto a Eugenio Carré Aldao, e as publicacións do Seminario de Estudos Galegos até a publicación dos *Seis poemas de García Lorca* e as revistas *A Nosa Terra* e *Nós*.

Freixanes Víctor F., "O caso Steiner", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 28 setembro 2008, p. 19.

Coida que o caso Steiner o hai que enfocar quer de fóra para dentro laiándonos da incomprensión dos outros quer de dentro a fóra intentado comprender a causa de declaracións como as de Steiner. Con respecto a isto último sostén que cómpre mudar a política cultural exterior, con máis investimentos, e romper as fronteiras literarias como o fixeron os nosos artistas plásticos e os nosos músicos.

Freixanes Víctor F., "Algunhas cifras do libro galego", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 12 outubro 2008, p. 21.

Detallada reflexión sobre os datos do informe de comercio interior do libro en España. Deste destaca que as corenta e tres empresas privadas do libro en Galicia publicaron un

2% máis ca o ano anterior, que a tendencia é positiva e mais que se publicaron en galego 1674 títulos dos que un 22% se corresponden con editoriais de fóra de Galicia.

Freixanes Víctor F., "A casa da Xeración Nós", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 16 novembro 2008, p. 21.

Mostra o seu desexo para que a casa ourensá na que naceron Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo e que agora está en venda, se converta nun espazo simbólico de Galicia e que lle tire uso e proveito o conxunto da sociedade galega. Tamén se refire á importancia da cidade de Ourense dentro da Xeración Nós.

Gaciño, Xosé A., "O galego para as muiñeiras", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Enquanto há força", 8 agosto 2008, p. 4.

Refírese aos ataques que está a sufrir a lingua e literaturas galegas a man de George Steiner ou do español Arturo Pérez Reverte e fronte a estes comentarios xenófobos reproduce palabras de Manuel Rivas nas que afirma que nin o español nin o galego están en perigo de morte en Galicia. Tamén alude a que Anxo Quintana cualificou de "racismo lingüístico" as posturas de Steiner e mais de Pérez Reverte.

G. Balado, Ramón, "Cantares galegos' por Resonet", *El Correo Gallego*, "Reseña musical", 13 febreiro 2008, p. 30.

Loa o traballo realizado polo grupo Resonet que lle puxo música aos versos de Rosalía de Castro, aos cancioneiros medievais e máis a outros escritores galegos. Dá conta dalgunhas adaptacións de obras e salienta os arranxos de Fernando Reyes, a voz de Mercedes Hernández ou Enrique Pedrosa e a música de Vilas.

G. Reigosa, Carlos, "A paisaxe e o xantar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "Letras en galego", 26 xaneiro 2008, p. 7.

Comenta que a literatura sempre estivo ligada á paisaxe e á comida e que mostra diso se pode atopar na obra de moitos escritores universais. Reclama que debería haber unha antoloxía dos escritores alleos a Galicia que loan a paisaxe galega, como tamén dos que falan sobre a nosa gastronomía. Así mesmo, cita varios autores que trataron estes temas: Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Rivas, Camilo José Cela ou Ramón Mª del Valle-Inclán, entre outros.

García, Xosé Lois, "Parabéns, Pepe de Requeixo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 8 abril 2008, p. 4.

Comenta o labor do novo presidente do Centro Galego de Barcelona: Xosé Méndez, coñecido como Pepe de Requeixo. Loa o traballo de defensa de Galicia e a súa cultura deste taxista nacido en Chantada e, de seguido, critica o labor doutros presidentes anteriores. Así mesmo, cita dous libros que relatan a historia do Centro Galego de

Barcelona: *Centro Galego de Barcelona* (*80 anos de historia 1923-2003*) e *Máis que nós, ninguén*, de Manoel Carrete Rivera, dos que comenta que non recollen a cuestión da emigración galega e os seus conflitos. Finaliza cunhas palabras de Celso Emilio Ferreiro da súa obra *Viaxe ao País dos Ananos* (1968).

García, Xosé Lois, "A ollada de Estarté", *Galicia Hoxe*, "Opinión ", "Ecos da berenguela", 5 febreiro 2008, p. 4.

Comenta a obra de Pura Salceda, *A ollada de Estarté*, publicada por Espiral Maior en 2007. Indica que con esta obra a poesía amorosa galega está nun momento álxido e afirma que a poeta busca nela o amor puro coa innovación de símbolos, metáforas e indagacións. Afirma que é unha poética de impactos que crea emocións e nela salienta dous elementos claves: a "proclamación" e o "ocultamento". No primeiro a poeta anuncia o seu amor e desvélao, mentres que no segundo fala dende o interior.

García, Xosé Lois, "O poeta nacional do Paraguai era galego", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 21 outubro 2008, p. 4.

Comenta que coa súa visita a Paraguai descubriu que o seu poeta nacional era de orixe galega e que tiña o nome de Victorino Abente Lago. Fai un repaso biobibliográfico do que destaca que era natural de Muxía e que colaborou nun dos grandes xornais paraguaios *El Pueblo*.

García, Xosé Lois, "O frío azul", *Galicia Hoxe*, "Opinión ", "Ecos da Berenguela", 29 abril 2008, p. 4.

Comenta a publicación na colección "Medusa" da Editorial Sotelo Blanco da novela *O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando, galardoada co Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta. Ambiéntase no proceso de castración de Galicia, en concreto no século XVI, e desenvolve a peregrinaxe do cabaleiro Egas ás terras de Oseira.

García, Xosé Lois, "Lembrando a Xosé Carlos Alfaro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 27 maio 2008, p. 4.

A raíz do falecemento de Xosé Carlos Gómez Alfaro, faise un tributo á súa memoria polo compromiso con Galicia e polo cultivo da poesía elexíaca, social relixiosa e humana baixo un pano de fondo humanista.

García Bernardo, J., "Camilo Gonsar", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de Vista", 16 novembro 2008, p. 14.

Realiza un repaso á vida do escritor e académico sarriano Camilo Gonsar e salienta os seus vínculos coa Nova Narrativa Galega. Tamén afirma que agora cómpre aproveitar a súa repercusión mediática para o honrar e finalmente recomenda mercar os seus relatos completos en Galaxia.

García-Bodaño, Salvador, "Agasallos e lembranzas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 6 xaneiro 2008, p. 3

Comenta que no Día dos Reis Magos recibiu como agasallo un DVD remitido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (A.E.L.G.) e intitulado *Escritores en 1ª persoa*. Explica que este DVD mostra as entrevistas realizadas a diferentes escritores dos que dá conta e que interveñen cunha lectura dun texto doutro autor e mais a lectura dun texto propio, así como, unha breve explicación de por qué se iniciou na escrita. Por último, lembra que a AELG vai facer xa os vinte e oito anos da súa existencia.

García-Bodaño, Salvador, "Curros, vivo na memoria", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 2 marzo 2008, p. 3.

Dá conta de cada un dos actos que se van celebrar para conmemorar o centenario do falecemento de Manuel Curros Enríquez. Comenta que na Coruña terá lugar unha ofrenda floral no cemiterio de San Amaro, tamén unha visita ao colexio Curros Enríquez e un recital fronte á súa estatua nos xardíns de Méndez Núñez. De seguido, comenta as actividades que levará a cabo a Real Academia Galega: unha exposición sobre o escritor e mais un roteiro pola cidade da Coruña. Por último, explica que a exposición se iniciará en Celanova e contará con tres partes que se corresponden coas tres etapas fundamentais da vida de Curros Enríquez.

García-Bodaño, Salvador, "Ramiro Fonte con nós", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "No pasar dos días", 19 outubro 2008, p. 3.

Céntrase na figura de Ramiro Fonte e recalca a súa querenza bibliófila por antigas ou primeiras edicións de libros de autores galegos. Afirmase que posuía unha linguaxe lírica de abondosas figuracións imaxinativas e mais que escribiu unha triloxía de novelas de fondo biográfico e epocal.

García Fonte, Anxos, "O universo de Bolaño", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 2, "Opinión", "A pena da moura", 20 decembro 2008, p. 6.

Pide respecto pola obra de Roberto Vidal Bolaño, dado que todo o que publicou en vida foi seleccionado e revisado por el mesmo e o que escribiu e ficou sen publicar só debe ser accesíbel para os estudiosos pero nunca ser publicado e tamén alude a que un dos valores fundamentais da súa obra radica na súa extraordinaria lucidez para representar as relacións de poder na nosa sociedade.

García Iglesias, José Manuel, "Quessada", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidad", 3 xaneiro 2008, p. 2.

Fai referencia á morte dos artistas Quessada, tanto pai como fillo, e comenta que a Deputación de Ourense realizou unha exposición sobre os pintores no Pazo de

Vilamarín. Así mesmo, tamén salienta que Quessada foi o artista que soubo galeguizar a Picasso.

García Iglesias, José Manuel, "Derechos de autor", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidad", 7 febreiro 2008, p. 2.

Defende os dereitos dos autores con respecto aos beneficios acadados polas súas obras. Considera que na actualidade hai unha distancia entre o que se escribe e o lectorado e afirma que isto debe desaparecer mediante a potenciación da lectura, a boa dotación das bibliotecas e, tamén, co apoio á edición no caso de obras de relevancia.

García López, Xoán G., "¡Ei!, Carballeira", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Honro", "Gente", "La ventana", 27 marzo 2008, p. 20.

Partindo da idea do pasado como elemento de constitución do futuro, fala da novela *O de Millarengo* (2007), de Beatriz Martínez, que aborda, por un lado, a Guerra da Independencia de 1808 e, polo outro, os temas da solidariedade, o amor e a paz. Tras falar do relato, fai un alegato a favor da pluralidade lingüística de España e da súa procedencia campesiña.

García Negro, María Pilar, "Carta aberta a Xoán Abelleira (a conta de John Berger)", *La Opinión*, "Opinión", 1 outubro 2008, p. 31.

Dálle os parabéns a Xoán Abelleira polo seu labor na tradución ao galego dunha obra de John Berger baixo o título de *Porca terra* (2007). Dela subliña que tivo o acerto de non desprezar as formas do galego propias do bloque oriental ou que nela se pode ver o dominio literario do idioma de orixe e de meta do seu tradutor.

García-Posada, Miguel, "Cantó por todos y para todos", *ABC*, "Agenda", "Necrológicas", "Esquelas", 12 outubro 2008, p. 56.

Breve comentario sobre a morte de Ramiro Fonte, que o cualifica como o máis universal dos poetas galegos. Ao final reprodúcense dous versos orixinais de Fonte coa súa tradución ao español.

García Teixeiro, Antonio, "Todo un libreiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "*Bule bule*", 6-12 marzo 2008, p. 28.

Salienta a figura do libreiro e a súa función social, pois hoxe en día hai un excesivo número de publicacións e as lecturas xa desbordan. Aínda así, rememora a ese libreiro que fala cos clientes e os aconsella.

García Teixeiro, Antonio, "Lorca en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "*Bule bule*", 6-12 novembro 2008, p. 24.

Fala da emoción que lle produce a lectura dos *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca, coas súas estruturas sinxelas cheas de musicalidade, ao preparar unha conferencia.

Gil Gómez, Adolfo, "La retranca de Steiner da otra vez en el clavo", *La Opinión*, "Opinión", "La feliz gobernación", 23 setembro 2008, p. 28.

Defende neste artigo as palabras de desprezo cara a lingua galega feitas por George Steiner e asemade recalca que as súas desculpas son atinadas. Afirma que a literatura galega debe deixarse de vitimismos, que non se pode vivir toda a vida da lírica medieval, do romanticismo e de Álvaro Cunqueiro e que só protestaron contra Steiner os autores que viven da literatura galega.

Giráldez, J. Miguel, "Cando os anos pesan tanto como os mortos", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Foto finish", 5 xaneiro 2008, contracuberta.

Reflexiona sobre a morte e afirma que os homes, co paso dos anos, vanse quedando sós. Lembra a morte de Xaime Quessada e pensa en como deberon ser os últimos días até a súa morte.

Giráldez, Miguel J., "Un galego chamado John", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Foto finish", 21 outubro 2008, contracuberta.

Comenta as súas lembranzas e experiencias con John Rutherford en Ribadeo ou en Castrillo, preto de Astorga, e salienta que ten feito moito pola lingua galega e que a súa entrada na RAG é "un acto de plena xustiza".

Gómez, Jose, "Once olladas sobre Ramiro Fonte", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 504, "Reportaxe", 13 outubro 2008, pp. 2-3.

Un conxunto de persoas vinculadas á literatura e mais á cultura de Ferrolterra e de Galicia (Xosé Ramón Barreiro, Julia Uceda, Luís Alonso Girgado, Xosé M.ª Dobarro, Teresa Seara, Eva Veiga, Medos Romero, Armando Requeixo, Vicente Araguas, Xulio López Valcárcel e mais Darío Xohán Cabana) expoñen as razóns polas que hai que ler a Ramiro Fonte. Entre elas salientan as palabras de Valcárcel ao afirmar que "escribiu unhas das empresas literarias máis ambiciosas" ou as de Girgado, que dixo que é un dos tres mellores poetas dos últimos vinte e cinco anos.

Gómez, Jose, "Reivindicando a Ribalta, o ferrolán que escribiu como falaba", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 512, 13 decembro 2008, pp. 2-3.

Fai un repaso pola vida e obra de Aurelio Ribalta Copete onde insiste en que foi un dos meirandes defensores da lingua galega no Posrexurdimento e que un aspecto interesante foi que tentou resolver a cuestión ortográfica. Relacionado con isto relata unha

anécdota, durante a súa estancia en Soto del Real, cando escribiu na porta da súa casa "Petai Kos Kotenos" e a xente pensaba que era un diplomático grego.

Gómez, José Luis, "El perogrullo incómodo de Steiner", *La Opinión*, "Opinión", "La feliz gobernación", 2 setembro 2008, p. 26.

Defende a George Steiner e ataca aos gurús da intelectualidade galega polo seu "papanatismo" e por atacar a Steiner polos seus comentarios contra a lingua galega. Recalca que os ataques a Steiner só saíron das entidades corporativas e dun par de autores galegos

Gómez, Lupe, "Era estranxeira?", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 737, "Estar nas nubes", 30 novembro 2008, p. 9.

Sinala o feito de que Rosalía de Castro semellaba estranxeira, pois parecía sentirse sempre fóra de lugar. Di que isto se deve que escribía "coa liberdade das súas entrañas e da súa dor". Tamén apunta que a obra e o patrimonio de Rosalía pertencen a todo o pobo galego, polo que cómpre achegarse a eles dunha maneira menos erudita e académica e máis persoal e humana, para non perder a súa esencia popular. Tamén se cita o disco *Rosalía 21*, que interpreta os textos da padronesa en clave de jazz, traballo necesario porque "Rosalía era unha muller de jazz". Indícase que participan nel Abe Rábade, Guadi Galego e Anxo Angueira.

Gómez, Lupe, "Mazás verdes", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 728, "Estar nas nubes", 28 setembro 2008, p. 9.

Compara a escrita de Manuel Rivas e mais a de John Berger e destaca que ambos os dous son uns ídolos para quen redacta este artigo. Sinala que ten practicamente todos os libros de ambos os escritores, que Rivas é un home tímido e que ten un amigo euscaldún, chamado Joseba, que se namorou da lingua galega ao ler a Rivas.

Gómez, Pedro, "Tristeza (Sagan/Rosalía)", *La Región*, "Opinión", 21 xaneiro 2008, p. 14.

Analiza o concepto da tristura e afirma que está moi presente na sociedade actual. Indica que un dos exemplos máis destacados da literatura galega é Rosalía de Castro, xa que a tristura é unha constante na súa expresión.

Gómez Rivas, Isabel, "A 'Biblioteca del exilio', o rescate duns Robinsóns", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 697, "Opinión", 24 febreiro 2008, p. 15.

Coméntase que o 19 de febreiro de 2008 tivo lugar na Casa de América de Madrid a presentación dun proxecto editorial que xa está en marcha e que leva o título de "Biblioteca del exilio". Indícase que xorde da colaboración entre Ediciós do Castro e mais da editorial sevillana Renacimiento e que con ela tentan rescatar a obra dos

exiliados republicanos de 1939 que ficaron á marxe ou fóra da historia. Tamén se di que nesta presentación estiveron presentes todos os membros do seu comité editorial, onde está Isaac Díaz Pardo, e repásanse algúns dos volumes xa publicados neste proxecto editorial.

González Collado, José Mª, "De poetas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 468, "Mis personajes favoritos", 17 febreiro 2008, p. 24.

Lembra as reunións ás que asistiu no Café Gijón de Madrid e cales eran os obxectivos dos que se xuntaban alí. Dá conta dalgúns escritores galegos que tamén participaban como Oroza, Isorna ou Pepe García Nieto, entre outros. Por último, recorda outra das tertulias que tiña lugar no Café León e comenta que todas as noites Uxío Novoneyra recitaba algúns poemas en castelán na televisión española.

González Collado, José M.ª, "Xohana Torres", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 507, "Mis personajes favoritos", 24 outubro 2008, p. 6.

Lémbrase o autor do artigo do retrato pintado en 1956 a Xohana Torres e tamén indica que tiveron unha estreita relación até que ela casou e foi para Vigo e el marchou para Madrid.

González Gómez, Xesús, "Para que serven os suplementos literarios?", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", "Tribuna", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 26.

Cuestiónase a funcionalidade dos suplementos literarios que ofrecen os xornais. Comenta que hoxe en día calquera xornal que se valore edita unha vez á semana un suplemento literario no que acolle as diferentes novidades editoriais. Indica que, ás veces, estes suplementos teñen un patrocinador detrás e o que buscan é a efectividade. De todos xeitos, pregúntase se estes fan medrar as vendas e interesan aos lectores. De seguido, comenta que nunha enquisa realizada por un xornal parisino, os datos verificaban que só un dez por cento lía o suplemento. Polo tanto, afirma que o suplemento literario só serve para darlle prestixio ao xornal e asegura que se trata dun engano máis da industria cultural.

González Martínez, Xosé, "Danzas francas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 30 xaneiro 2008, p. 28.

Fai referencia á desaparición de moitas danzas antigas que existían nos pobos de Galicia e comenta que algúns historiadores están a recuperalas. Cita ao pai Amoedo que escribiu sobre as danzas que se bailaban en Pontevedra e indica que estes escritos foron traducidos ao galego por Xoán Manuel Pintos. Así mesmo, tamén salienta o labor de recuperación que realizou Fermín Bouza Brey, catalogando un número abundante de danzas.

González Martínez, Xosé, "Desde Piñeiro a Enrique Peinador", *Diario de Pontevedra*,

“Opinión&Análisis”,”La firma”, 2 agosto 2008, p. 22.

Fai un repaso á vida de Enrique Peinador Vela, fundador do Balneario de Mondariz e comenta que Xohán Carballeira lle chamaba o “cónsul do romanticismo”. Asemade, repasa outros acontecementos nos que estivo Peinador como o Pacto de Barrantes ou o Estatuto de Autonomía de 1936 e remata apuntando que “está por escribir aínda a biografía completa que defina ao político, filántropo, empresario e articulista galeguista” chamado Enrique Peinador Vela.

González Pérez, Clodio, “O pirata e a colección Benito Soto”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “O rodicio do tempo”, 5 xaneiro 2008, p. 4.

Refire que está a ler o libro dos irmáns Álvarez Blázquez, *Poemas de ti e de min* (1949), onde a única barreira que separa os poetas é o limiar de Salvador Lorenzana. De seguido, explica que este libro é o número 3-4 da colección “Benito Soto” de Pontevedra da cal comenta que tivo moi poucos anos de vida, (só saíron catorce títulos dos que dá conta). A continuación, explica os motivos de que durara tan poucos anos e salienta que tiveron problemas coas autoridades polo título da colección xa que o nome de Benito Soto era o dun pirata.

González Pérez, Clodio, “Aquel 1968”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “O rodicio do tempo”, 8 marzo 2008, p. 4.

Informa da inauguración da exposición “Venceremos Nós” que está dedicada a lembrar as mobilizacións estudiantís do ano 68 en Compostela. Dá conta dos distintos paneis que se poden observar e afirma que naquel momento algúns escritores e artistas solicitaron ao goberno e ás autoridades académicas que se retomase o curso. Entre os asinantes desa carta cita a Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Valentín Paz Andrade ou Xosé Mª Álvarez Blázquez entre outros.

González Pérez, Clodio, “Soberosum”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “O rodicio do tempo”, 13 decembro 2008, p. 4.

Refírese á publicación do terceiro número da revista *Soberosum. Revista de Estudos. Museo Municipal de Ponteareas*, que viu a luz no ano 1994 da man de Rafael Sánchez Bargiela e Moné Fernández Álvarez. Comenta que aquel exemplar contaba con tres artigos sobre Arqueoloxía, seis sobre Historia, dous sobre Etnografía e unha serie de artigos de temáticas diversas, entre os que sinala “A obra rexionalista de Roque Pesqueira”, poeta pontearean colaborador d’*O Tío Marcos da Portela* e *A Monteira.*

González Reigosa, Carlos, “O mestre do relato curto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 260, “Letras en galego”, “Lecturas para sempre”, 3 maio 2008, p. 13.

Comenta que o estadounidense Edgar Allan Poe goza hoxe en día dun recoñecemento unánime como mestre do relato curto en todo o mundo e que a súa influencia se estendeu ao cinema e á música. Destácase a maxistralidade dos seus contos e Carlos

González Reigosa indíca que entre os seus preferidos están *O corvo* (2007) e mais *Annabel Lee*.

González Reigosa, Carlos, "A guerra civil novelada", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 263, "Letras en galego", "Vagalume", 24 maio 2008, p. 13.

Indica que máis de setecentas novelas viron a luz en todo o mundo referidas á Guerra Civil española e en Galicia destaca, entre outras, ás de Manuel Rivas, Xosé Fernández Ferreiro ou Suso de Toro. Finalmente pregúntase se xa se escribiu a grande obra da guerra civil e reponde que "se cadra xa falta pouco para que chegue".

González Tosar, Luís, "A patria anterior", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 14 xaneiro 2008, p. 12/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 14 xaneiro 2008, p. 14/*El Correo Gallego*, "Opinión", "Extramuros", 15 xaneiro 2008, p. 2.

Fai referencia ao escritor José González Carbalho que foi fillo de emigrantes galegos e viviu na Arxentina onde coñeceu a Eduardo Blanco Amor e traballou con el na defensa galeguista. Indica que os dous en colaboración publicaron o libro *Discurso encol da lingua galega*. A continuación comenta que hai un artigo de Antonio Requeni, publicado no *Boletín Galego de Literatura*, que se centra no escritor González Carbalho e comenta que formou parte da xeración que escribiu ao redor da revista *Martín Fierro*.

González Tosar, Luís, "De putas e de letras", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 10 febreiro 2008, p. 27/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Ao raiar o sol", 11 febreiro 2008, p. 12.

Afirma que a figura da prostituta aparece en toda a literatura universal. Cita moitos autores que incluíron a estas mulleres nas súas obras e, como exemplo, na literatura galega propón a obra de Eduardo Blanco Amor *A esmorga* (1959). Finalmente achega diferentes nomes cos que se lles teñen denominado.

González Tosar, Luís, "Árbores memorables", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 17 febreiro 2008, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "a Contraportada", "Ao raiar o sol", 18 febreiro 2008, contracuberta/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 18 febreiro 2008, p. 12/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 18 febreiro 2008, p. 14.

Cita varias árbores históricas que existen no mundo e fai referencia a dúas que hai en Galicia: a figueira que Rosalía de Castro plantou na Matanza e onde se fixo unha fotografía coa súa familia en 1883, e a araucaria que plantou o pai de Ramón Otero Pedrayo en Cima de Vila, cando naceu o escritor en 1888.

González Tosar, Luís, "De donos liberto", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 2 marzo 2008, p. 2.

Comenta que con motivo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez se deberían retomar as actas do *Congreso Curros Enríquez e o seu tempo*, celebrado en Celanova no ano 2001, para comprobar cales son as eivas que aínda faltan nos estudos deste escritor. Achega algúns dos temas nos que se debería profundar, como a faceta xornalística, a súa creación literaria en castelán, a correspondencia ou o pensamento político, así como a súa condición de masón. Sobre este último tema, recomenda a obra de Alberto Valín Fernández *Galicia y la masonería en el siglo XIX* (1991).

González Tosar, Luís, " Un poeta que rompe", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 23 marzo 2008, p. 2.

Na sétima edición do premio Caixanova á poesía actual, saliéntanse tres autores: Miguel Anxo Fernán Vello con *Astro interior*, *Escolma poética 1984-2007* (2007); Chus Pato con *Hordas de escritura*; e Bernardino Graña con *Acendede as almenaras*. Tamén destaca *Os poemas de cómo se rompe todo* (2007), da autoría de Miguel Salgado, publicado na colección "Edoy Leliadoura" da editorial Sotelo Blanco.

González Tosar, Luís, "González Carbalho", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 27 abril 2008, p. 31.

Fai alusión aos testemuños sobre José González Carbalho, membro da xeración nucleada arredor da revista *Martín Fierro* e colaborador xornalístico, do que se ten testemuño mediante as composicións "A González Carbalho el Río de la Plata", de Pablo Neruda, incluída na obra *Canto general*; o *Discurso encol da lingua galega*, de Eduardo Blanco Amor, e o artigo de Antonio Requeni, presente no *Boletín Galego de Literatura*.

González Tosar, Luís, "Na morte dun poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 xuño 2008, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Opinión& Análisis", "Ao raiar o sol", 7 xuño 2008, p. 28.

Coméntase o óbito de Xosé Carlos Gómez Alfaro, quen se caracterizou por ser un escritor intimista marcado por unha vida chea de problemas e polo fatal sino, como se constata nos poemarios *As labaradas da lembranza* (1996) e *Amor aberto* (2006).

González Tosar, Luís, "Galicia, ovación, Ferrín", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 22 xuño 2008, p. 51.

Malia non asistir á entrega de Premios Nacionais da Cultura Galega por motivos de saúde, infórmase da afervoada recepción ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín mercé a un sentimento de irmandade sementado polas verbas do insigne ourensán.

González Tosar, Luís, "Gustavo Santiago Valencia", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 24 agosto 2008, p. 27.

Lembra, con motivo da morte de Gustavo Santiago Valencia, a de Modesto Rodríguez e dise qyue Fernández-Figueirido finou no acto de entrega do Premio Pedrón de etnografía a Xosé María Lema Suárez polo traballo "Bamiro, un estudo do hábitat rural galego", celebrado o 11 de decembro de 1976 polo grupo escolar de Baio, ao que pertencía o autor da columna. Coméntase que este grupo levaba o nome do escritor Enrique Labarta Pose, cuxo falecemento nun accidente de tranvía ocorrido en 1925 tamén aparece citado. Siñálase que no acto de entrega se atopaba tamén o propio Santiago Valencia, a quen se define coma amigo leal, fidalgo ilusionado, nacionalista firme e católico sentimental.

González Tosar, Luís, "O de marras", *Diario de Ferrol*/*El Ideal Gallego*,"Opinión", "Ao raiar o sol", 1 setembro 2008, p. 12.

Indica que parece que está a ver a Manolo Vázquez Montalbán e mais a Carlos Casares discutindo quer no Centro Galego da Habana, quer en Verines, quer en Madrid e define a Carlos Casares como "tolo pola tertulia" pero tamén critica a un relator que só facía comentarios impertinentes, moitos deles contra o galego, e sinala que veu hai pouco aos Encontros de Mariñán pero que Bieito Iglesias fixo que se fora "co rabo entre as pernas".

González Tosar, Luís, "Vivir literatura", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 28 setembro 2008, p. 2.

Sinala que algúns escritores como Manuel Rivas, Bieito Iglesias, Antón Ribeiro Coello, Gonzalo Navaza e o propio articulistas "compartillamos en Boiro" unha xornada de festa da literatura e como conclusión dese día comenta que a literatura é unha das marabillas do mundo.

González Tosar, Luís, "De Homero a Nélida", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Ferrol*, p. 25/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 27, 12 outubro 2008,.

Refírese a unha xuntanza que tivo con Nélida Piñón na que a escritora brasileira lle comentou que vén de entregar á súa axente un volume que se ha chamar *Corazón andariego* que é un texto memoralístico no que Borela, Cotobade e Galicia de onte e mais de hoxe teñen un lugar moi salientábel.

González Tosar, Luís, "Curros, o rebelde", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Pontevedra*, p. 28/*Diario de Ferrol*, p. 12/*El Ideal Gallego*, p. 13/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 25, 20 outubro 2008.

Comeza falando de que os destinatarios da actividade literaria son lectores e a seguir alude á edición de 2008 do Encontro de Escritores Ourensáns. Sinala que a el asistiron Serafín Alonso Pintos, Alfonso Vázquez-Monxardín, Antonio Piñeiro e Marcos Valcárcel e que á cea e posterior coloquio se incorporaron Bieito Iglesias, Manolo Guede e Fernández Naval onde falaron de Curros e d'*O divino sainete*.

González Tosar, Luís, "Anxo Rei Ballesteros", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Pontevedra*, p. 12/*Diario de Ferrol*, p. 24/*El Ideal Gallego*, p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 21, 2 novembro 2008.

Expresa as súas experiencias de xuventude e mocidade con Anxo Rei Ballesteros na cidade de Santiago de Compostela e destaca que Rei Balleteros tardou en pórse serio e dar ao prelo *Dos anxos e dos mortos* (1976) co que marcou aquela altura.

González Tosar, Luís, "La Noce", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Ferrol*, p. 30/ *El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 21, 23 novembro 2008.

Comeza referíndose aos intentos de traducir ao francés *A esmorga* (1959) e que culminaron en 2007 cando por iniciativa do Centro Galego de Toulouse saíu unha versión francesa, a cargo de Vicent Ozanam, e baixo o título de *La noce* editado pola editora Terre de Brume e dentro da colección "Terres de D'Ailleurs" dirixida por Ignacio Ramonet e Ramón Chao.

González Tosar, Luis, "Ás voltas con Blanco-Amor", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 30 novembro 2008, p. 2.

Repásanse unha serie de obras para chegar a *Joan of Arc*, da que se precisa que se trata dunha obra traducida e anotada por Eduardo Blanco-Amor.

González Tosar, Luís, "Na morte de E. B. A.", *Diario de* Pontevedra, p. 29/*El Ideal Gallego*, p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 27, 30 novembro 2008.

Fai unha serie de comentarios e reflexións sobre a morte de Eduardo Blanco Amor, destaca que o personaxe Blanco Amor foi denominado como o "último dandi ourensán" e mais que alguén tan xenial como el non mereceu vivir en tempos tan escuros.

González Tosar, Luís, "Soyinka en Avilés", *El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 23 decembro 2008, p. 19.

Opina que o nobel Wole Soyinka está a participar no proxecto de Neimeyer de Avilés mentres que en Galicia estamos a darlle voltas aos contidos da Cidade da Cultura e non deixamos a Gao Xingjiam visitar estas instalacións por seguridade.

González Tosar, Luís, "Galicia en Guadalajara", *El Correo Gallego*, p. 2/*El Progreso* "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 25, 30 decembro 2008.

Láiase de que a Consellería de Cultura non loitase máis para que Galicia fose a convidada de honra na Feira do Libro de Guadalajara de 2010 ou 2011 e destaca a relevancia desta feira na que se poden atopar moitos premios Nobel e na que se outorga o prestixioso premio Juan Rulfo, actualmente denominado Premio FIL.

Gradín, Tere, "El año del poeta", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, "Letras galegas", 19 xaneiro 2008, p.10.

Texto que repasa, a traxectoria vital de Manuel Curros Enríquez. Comeza afirmando que 2008 terá tres importantes acontecementos na cultura galega: o centenario da morte de Curros, o Día das Letras Galegas dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez e mais a Feira Internacional do Libro da Habana. Faise un repaso da traxectoria literaria de Curros, coméntanse os actos que se levarán a cabo en 2008, co gallo do centenario do seu óbito e infórmase de que a Casa Museo de Curros de Celanova comezou as súas obras en 1999 e que se inaugurou en 2006 coa exposición "31 artistas arredor de X. L. Méndez Ferrín".

Gutiérrez, Eduardo, "Letra e música", *El Progreso*, "Da capo", 6 febreiro 2008, p. 25.

Comenta que hoxe en día a información que se buscaba nos dicionarios e enciclopedias xa se pode atopar máis rapidamente na internet. Sinala que o himnos dos que se pode, onde podemos escoitar incluso a súa melodía. Fai referencia a diferentes himnos e aos estudos que se teñen feito e, ao final, comenta que a diferenza do español, o himno galego xa naceu con letra.

Gutiérrez, Eduardo, "Incoercible", *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 26 novembro 2008, p. 29.

Alude á exposición "Editar en galego baixo a censura franquista" da que comenta algúns dos seus contidos, como a represión contra a literatura galega ou o cine, e da que recomenda que debe viaxar por toda Galicia

Iglesias, Bieito, "Literatos", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, 10-16 xaneiro 2008, contracuberta.

Opina que hoxe en día hai xente que trata á literatura galega con termos desfavorábeis e que considera que "non vale gran cousa". Bieito Iglesias critica esta maneira de pensar.

Iglesias, Bieito, "Poesía", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Pan e coitelo", 22 maio 2008, p. 68.

Partindo das peripecias vitais e a enfermidade do seu can Cuqui, reflexiona sobre a tradución á linguaxe humana do lamento canino, que, segundo Edmond Jabès, sería "A dor é un ceo estrelado; a noite enteira está en nós" e que está presente na poesía da experiencia, dende Gil de Biedma até Manoel Antonio.

Iglesias, Bieito, "Cartas marcadas", *El Correo Gallego*, "Sociedad", "Pan e coitelo", 11 decembro 2008, p. 66.

Di que a "xeración literaria galega do seiscentos" (é dicir, os nados, coma o coche, en 1957), entre os que se atopan Manuel Rivas, Pilar Pallarés, Gonzalo Navaza, Ramón Caride Ogando, Alberto Avendaño, Xavier Queipo, Antón Reixa e el mesmo, sufriron de nenos varios andazos e agora aspiran a que o goberno os retire.

Jabois, Manuel, "No me compare el catalán con el gallego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Apuntes en sucio", 26 agosto 2008, p. 57.

Comenta a entrevista que lle fixo Juan Cruz a Steiner, o cal se estraña de que haxa unha universidade na que é obrigatorio falar galego. Di que o seu entrevistador lle di que é o mesmo que en Cataluña, onde é obrigatorio coñecer o castelán e o catalán, ao que o intelectual contesta que non se pode comparar xa que o catalán é un idioma importante cunha literatura impresionante.

Janeiro, Juan F., "El demiurgo Cunqueiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 xaneiro 2008, p. 4.

Comenta que na sociedade actual a xente necesita dun preparador ou asesor que a axude a atopar a felicidade. Afirma que os galegos poden atopar ese demiurgo en Álvaro Cunqueiro, xa que lendo as súas obras se encontra ese camiño da felicidade. Informa que acaban de saír dous volumes sobre o escritor: *Galegos na historia: Álvaro Cunqueiro*, de Francisco Fernández del Riego e *Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío* (2007), de Manuel Gregorio González. Así mesmo, tamén indica que as obras de Cunqueiro son "excelentes antidepresivos", que enchen a quen os le de ironía, imaxinación e fantasía para superar as desgrazas cun sorriso nos beizos.

Jaureguizar, "Os fenicios non nos deixaron as súas sagas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 28 abril 2008, p. 79.

A diferenza da concepción burguesa e impropia de Galicia por parte doutros escritores, considera que as sagas literarias se artellan consonte unha estrutura comercial, da que Galicia é pouco partícipe, e que a ausencia de sagas novelísticas se debe ao subdesenvolvemento da nosa literatura e á correspondente plasmación nun xénero menor, o conto. Remata cunha crítica a aqueles escritores que se avergoñan do sesgo comercial e aqueloutros que, erixidos en salvadores do idioma, non atenden ao enfoque popularizante para a literatura.

Jaureguizar, "A gran novela galega e outros absurdos", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 26 maio 2008, p. 55.

Proposta de construción da novela galega mediante o surrealismo de Thomas Pynchon, presente na obra *Mason e Dixon*, John Updike, Philip Roth e Natham Zuckerman, pois non entende a concreción, a extensión e a utilización do xénero novelístico para se dotar de textos que nos definan como país.

Jaureguízar, “3.500 persoas poden estar enganadas”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Ollo mol”, 6 outubro 2008, p. 73.

Sinala que a literatura norteamericana gañou o seu último Nobel en 1993, grazas a Toni Morrison. Cre que non volveu a gañar dende que é secretario da Academia Sueca Horace Engdahl, xa que sinala que este declarou que Estados Unidos está demasiado illado, que non traduce polo que non dialoga con outras literaturas, que se centra nas tendencias da súa cultura de masas de escasa calidade e pensa que Europa é o centro do mundo literario. Opina que en Europa só cotiza Manuel Rivas, pero que, aínda así, o ano pasado houbo tres mil cincocentas persoas que apoiaron a Xosé Luís Méndez Ferrín como Nobel, a pesar de que crea que están enganadas.

Jaureguízar, “Steiner aconsellounos máis Europa”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Ollo mol”, 1 setembro 2008, p. 63.

Comenta as declaracións de George Steiner nas que di que lle contaron que había unha universidade en España na que se obrigaba a falar galego e opina que esta afirmación só pode existir no imaxinario de Galicia Bilingüe. Pero cre que o problema non está na ignorancia de Steiner senón na resposta do xornalista Juan Cruz: “din que forma parte da súa identidade”, cando é a esencia dela. Sinala que este defensor das linguas cativas cre que o catalán é unha lingua importante pero non entende porque é obrigatorio o galego na universidade. Para rematar, indica que os intelectuais que se convidan a Galiza son hispanofalantes ou lusofalantes que, polo menos, saben onde está o noso país.

Lezcano, Arturo, “Años con Jaime Quesada”, *La Región*, “Opinión”, 8 xaneiro 2008, p. 24.

Comenta que foi amigo de Xaime Quessada dende a infancia e lembra os anos de xuventude. Tamén fai referencia aos faladoiros que participaron e sinala que estaban presentes outros artistas da época como Vicente Risco ou Carlos Casares. A continuación, céntrase en comentar a súa obra artística e, por último, fai referencia ao seu pasamento.

Lezcano, Arturo, “Os ‘Artistiñas’ da ‘Atenas da Galiza”, *La Opinión*, “Opinión”, “Soliloquios”, 16 abril 2008, p. 29/“Ourense lendario”, *La Región*, “Opinión”, 26 abril 2008, p. 23.

Dá conta da vivacidade cultural de Ourense e, por extensión, do pobo galego mercé a acción da xeración literaria dos Artistiñas (Arturo Baltar, Jaime Quessada, Acisclo Manzano, José Luis de Dios, Manolo de Buciños e Xavier Pousa), que foron homenaxeados no Cine Xesteira o día 11 de abril de 2008 pola entidade Amigos da República.

Llano, Pedro de, "Viaje a ninguna parte", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Tribuna", 13 febreiro 2008, p. 6.

Critica a participación de Galicia como convidada de honra na Feira Internacional do Libro da Habana. Considera que non se debería asistir a tal acto porque Cuba é un país que defende a represión e a falta de liberdade de expresión, polo tanto, asegura que os galegos non deben apoiar a ese goberno.

Lloreda, Jaume Mari, "Celso Emilio Ferreiro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 6 xaneiro 2008, p. 28.

Relata a traxectoria vital e literaria de Celso Emilio Ferreiro. Dá conta dos anos de xuventude, os estudos realizados e das obras que publicou. Tamén refire as colaboracións nos xornais e a súa actividade en relación coa política. Así mesmo, narra a viaxe que realizou a Venezuela e salienta os problemas económicos que alí viviu. Por último, refire o regreso a España e a súa morte en Vigo.

Lloreda, Jaume Marí, "Eduardo Pondal", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", 6 febreiro 2008, p. 30.

Da conta da biografía de Eduardo Pondal e comenta as súas obras literarias. Afirma que a vocación de Pondal foi a poesía e salienta a súa obra *Queixumes dos pinos* (1886), da cal naceu o himno galego. Tamén destaca os seus discursos a favor da defensa do galego e, finalmente,fala da súa morte.

López, Ruth, "A biblia da literatura actual", *El Progreso*, "Vivir", 7 abril 2008, p. 71.

Comenta unha das mellores obras de William Faulkner, *O ruido e a furia* (2007), que se editou por Galaxia coa tradución ao galego de Xurxo Borrazás. Analiza o argumento da novela e saliéntaa como unha das máis importantes do século XX.

López, Ruth, "Relixión e nigromancia en Galicia", *El Progreso*, "Vivir", 31 marzo 2008, p. 79.

Comenta a novela gañadora do premio Lueiro Rey, *O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando. Dá conta do argumento e salienta que se trata dun relato de guerras e nigromancia ambientado en séculos pasados. Explica que a orixe da trama parte dun feito real e que se desenvolve a partir do mosteiro de Oseira como espazo narrativo no que pretende amosar algúns aspectos escuros da Igrexa. Finalmente, dá conta da traxectoria literaria de Caride Ogando.

López Boullón, Xosé Ramón, "A oblicua opinión do gran pensador", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 3 setembro 2008, p. 5.

Comenta a entrevista á Steiner na que este políglota e defensor das linguas minoritarias menospreza a lingua e literatura galegas, e cre que non se pode pasar isto por alto.

López Boullón, Xosé Ramón, "Cultur.gal", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 10 decembro 2008, p. 5.

Dáse conta da feira Cultur.gal e das actividades que abrangue, como os proxectos de literatura infantil, as novidades editoriais do eido literario galego e as presentacións de libros. Destácase o obxectivo da feira de favorecer a cooperación entre as empresas culturais e as de novas tecnoloxías.

López López, Xabier, "Delibes na illa lagarto", *A Nosa Terra*, n.º 1.302, "Cultura", 13-26 marzo 2008, p. 32.

Lembra os anos en que chegou á maioría de idade e as lecturas que máis lle marcaron. Entre os autores galegos salienta a Manuel Antonio e a Eduardo Blanco Amor.

López López, Xabier, "A volta de Caneiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "Cultura", 17-23 abril 2008, p. 32.

Comenta que Xosé Carlos Caneiro volve ao mundo literario cunha nova obra, aínda que non di de qué obra se trata. Festexa o feito de que este bo escritor regrese ás librarías e afirma que os mellores escritores só deben mostrar silencios entre cada palabra impresa das súas obras.

Lorenzo, Fran P., "Os intelectuais máis indignados do mundo", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Vai de blog", 18 setembro 2008, contracuberta.

Restoulle importancia ao desprezo que fixo Steiner cara á lingua galega e que tanta indignación produciu entre os intelectuais galegos. Comenta que este feito propiciou manifestos nunha sociedade que, segundo o seu criterio, anteriormente foi incapaz de debater cousas máis importantes como, por exemplo, a decisión de moitos pais galegos a facer un intercambio con nenos de fóra de Galiza para fomentar o uso do español. Cre que iso si insulta á intelixencia e á realidade galega.

Lorenzo, Fran P., "Deixemos de vivir como galegos...!", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Vai de blog", 13 novembro 2008, contracuberta.

Comenta os tres anuncios de Gadis, "Vivamos como galegos" porque cre que non son máis ca unha exaltación do tópico utilizado como identidade nacional; así, segundo el, inciden nos tópicos de que somos riquiños, dubitativos e que sempre respondemos con outra pregunta. Di que lle chama a atención o último anuncio no Times Square de Nova York porque lle fai lembrar ao entón recén falecido Camilo Gonsar, o cal escribiu sen tópicos *Cara a Times Square* (1980), unha novela allea ao estereotipado.

Lorenzo Gil, César, "A matemática da columna", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", "Opinión", 16-22 outubro 2008, p. 39.

Conta que a Ramiro Fonte nunca lle chegaba o espazo na súa columna d'*A Nosa Terra* e comenta o que alí escribía, fundamentalmente sobre as súas investigacións ao redor de autores, obras e cultura portuguesa e sobre a emigración galega en Lisboa.

Losada, Antón, "Virtuosos e poetas", *Galicia Hoxe*, "Disque disque", 29 maio 2008, cuberta.

Refírese á concesión do Premio Nacional de Literatura a Xosé Luís Méndez Ferrín, considerado, tomando as verbas de Lord Byron, como poeta guerreiro, categoría esta ausente na actualidade ao existiren virtuosos da escrita.

Loureiro, Ramón, "Ojalá un día con el necesario sosiego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "Velut umbra", 16 febreiro 2008, p. 7.

Confía en que chegue o día en que poida ter a suficiente tranquilidade para volver a ler os clásicos, aqueles libros que o emocionaron e cos que gozou, e pregúntase se cando morramos poderemos levar con nós aos moitos escritores que nos conquistaron. Cita a varios autores e, entre eles, aparece Álvaro Cunqueiro.

Loureiro, Ramón, "Formas da verdade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 10 novembro 2008, p. 30.

Debido á noticia da morte do novelista Camilo Gonsar, dá a súa opinión sobre a súa contribución á literatura e a súa maneira de escribir. Salienta a fondura da súa escrita, coa que xustifica a transcendencia de obras como *Lonxe de nós e dentro* (1961).

Loureiro, Ramón, "Uns pecados modestos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 259, "Letras en galego", "Velut umbra", 26 abril 2008, p. 5.

Dá conta da ideoloxía de Gonzalo Torrente Ballester e Álvaro Cunqueiro e as penurias sentimentais de Wenceslao Fernández Flórez e económicas de Benito Pérez Galdós e o Padre Sarmiento e da correspondente incidencia na escrita, conmovendo deste xeito ao lectorado, no canto de o agredir.

Máiz Togores, Xosé María, "Unha noite... e María do Ceo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O chioleiro", 23 xullo 2008, p. 5.

Sinala que o poema "Cántiga", de Manuel Curros Enríquez, máis coñecido polo seu verso "Unha noite na eira do trigo", foi versionado por moitos músicos, grupos, corais, bandas, etc. e destaca a versión de Uxía Senlle pero, sobre todo, a de María do Ceo.

Máiz Togores, Xosé María, "Os meus poemas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O chioleiro", 30 xullo 2008, p. 5.

Comenta que con dezaseis anos descubriu a poesía galega en Madrid. Conta que foi ao despacho de seu pai e que lle chamou a atención unha escolma de Benito Varela Jácome, que a folleou e que descubriu a Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Meendiño, Manuel María, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro. Finalmente, di que aínda que fisicamente non estea en Galicia, grazas a estes poetas lévaa dentro.

Máiz Togores, Xosé María, "Rosalía en Madrid", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Filoso", 26 novembro 2008, p. 5.

Comenta que estudando as linguas peninsulares quixo que os seus alumnos soubesen máis dos galegos e da súa lingua, polo que lles falou de Rosalía de Castro debuxándoa coma unha muller emprendedora en permanente loita coa adversidade. Conta que lles leu dous poemas dela: "Adiós, ríos; adiós, fontes", para que entendesen o tema da emigración, e "Dicen que no hablan las plantas...", d'*En las orillas del Sar*, no que se observa a xuntanza da vida coa natureza. Remata sinalando que tres das súas alumnas ao saír mercaron unha escolma da obra de Rosalía.

Mallo, Albino, "Voces en galego nun DVD da AELG", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Visións", 9 xaneiro 2008, p. 4.

Felicita á Asociación de Escritores en Lingua Galega (A.E.L.G.) polo traballo desenvolvido durante o ano e dá conta dos libros que lle regalou no Nadal. Comenta que un deles recolle os relatorios do congreso de escritores raianos que o segundo é unha homenaxe de variados poetas á figura de Uxío Novoneyra, unha axenda con retratos de escritoras galegas e, por último, e o que máis lle gustou, un DVD no que aparecen varios escritores galegos recitando os seus propios versos ou prosas. Dá conta dos autores que aparecen neste DVD e espera que saían á luz novos números.

Mallo, Albino, "Os cen anos de Urbano Lugrís", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Visións", 30 xaneiro 2008, p. 4.

Lembra os seus encontros con Urbano Lugrís e dá conta dos faladoiros que organizaban tamén con outros artistas. Comenta que os seus cadros estaban cheos de personalidade e informa que a Fundación Caixa Galicia da Coruña presenta unha exposición con obras da súa propiedade. Así mesmo, tamén lembra os debuxos que Lugrís pintaba en algúns bares ou casas de comida, os cales se perderon co derrubamento desas vivendas.

Martín, Paco, "O humor e o segredo", *El Progreso*, "Opinión", "Auga lizgaira", 17 novembro 2008, p. 17.

Lembra a Celestino Fernández de la Vega, a quen o Club Cultural Valle-Inclán acababa de dedicarlle unha homenaxe con conferencias e mesas redondas sobre a súa vida e a súa obra, da que destaca *O segredo do humor* (1983).

Martínez Sevilla, J. A., "El idioma teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 15 novembro 2008, p. 26.

Comenta que o escritor Jenaro Marinhas del Valle, malia que ten unha obra profunda, é un descoñecido, ben por empregar un galego artificial, ben pola súa devoción cara a Rafael Dieste, Ricardo Carvalho Calero, Eduardo Blanco Amor, etc. ou ben por inclinarse pola literatura portuguesa-brasileira. Cre que o autor escénico ten que ser moi coidadoso coa lingua para determinar personaxes, tempos, ditos e modos para definir o seu pensamento.

Marzal, Carlos, "Ramiro Fonte", *El Mundo*, "*Campus*", n.º 527, "Tribuna", "La piedra imán", 22 outubro 2008, p. 2.

Lembra ao escritor, daquela recén falecido, Ramiro Fonte. Comenta que deixa unha poesía feita con palabras sinxelas pero que emocionan ao lector, unha poesía narrativa, melancólica e culta e cre que é un pracer lela. Para rematar conta como foi a última vez que o viu en Lisboa, onde dirixía o Instituto Cervantes.

Mayoral, Marina, "Que din os rumorosos", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Páxinas soltas", 23 xaneiro 2008, p. 17.

Fai referencia á creación da letra para o himno de España e cita o himno francés e o galego. Comenta que o himno galego está feito por un gran poeta, Eduardo Pondal, e tamén por un bo músico, Pascual Veiga, polo que o resultado na súa opinión foi espléndido. Salienta que o himno galego evoca a beleza da natureza e, ao mesmo tempo, incita á loita contra a inxustiza que oprime á terra.

Méndez Ferrín, X.L., "Memoria de Xaime como neno de Ourantes", *Faro de Vigo*, "Opinión", 4 xaneiro 2008, p. 22.

Lembra os momentos da infancia que pasou xunto a Xaime Quessada e conta parte da vida que levaban. Mostra a súa dor pola morte dun amigo e grande artista.

Méndez Ferrín, X.L., "Olá, irmán Don Paco", *Faro de Vigo*, p. 12/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 7 xaneiro 2008, p. 16.

Salienta a importancia de persoas como Francisco Fernández del Riego para lembrar os avances que se produciron na II República. Dise que Del Riego pode transmitir os seus coñecementos e que escritores posteriores lle dan forma co obxectivo de reconstruír a "Nación derrotada" e recuperar principalmente a lingua. Comenta que unha das maiores

preocupacións de Del Riego é que a lingua galega sobreviva e afirma que é optimista neste aspecto polo que os demais galegos deben ter a mesma esperanza.

Méndez Ferrín, X.L., "Arquivos, bibliotecas e museus", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Segunda feira", 15 xaneiro 2008, p. 28.

Comenta que o sistema actual galego de arquivos, bibliotecas e museos padece un enorme déficit tanto de materiais como de instalacións. Indica que son moi poucas as bibliotecas que existen en Galicia e nin sequera se tiña unha biblioteca pública en Santiago de Compostela até agora, xa que o Ministro de Cultura vai inaugurar en Compostela Ánxel Casal. Así mesmo, tamén reclama unha biblioteca maior para a cidade de Vigo e afirma que o Ministerio de Cultura pensa abrir unha biblioteca pública estatal en Vigo. Dá grazas ao interese dende Madrid e critica que os poderes políticos galegos non promovan as bibliotecas galegas.

Méndez Ferrín, X.L., "De Sainte-Maure a Flaubert", *Faro de Vigo*, p. 12/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 11 febreiro 2008 p. 15.

Fai referencia ás traducións que se realizan da literatura universal ao galego e durante todas as épocas. Comenta que a mellor prosa literaria galega do período medieval é unha tradución e tamé que no Rexurdimento houbo a necesidade de ler os grandes escritores. De seguido, informa que en lengua galega se publicará na revista *A Trabe de Ouro* unha tradución do pensamento chinés ao galego, realizada por Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Finalmente, dá conta da tradución feita por Emma Lázare da obra de Flaubert, *Tres contos* (2007).

Méndez Ferrín, X. L., "Soto con Castelao", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 550, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 175, "No fondo dos espellos", 23 febreiro 2008, contracuberta.

Partindo dunha foto datada en 1938 na Habana e na que aparecen Alfonso Daniel Castelao e mais Lois Soto Fernández, Xosé Luís Méndez Ferrín reflexiona sobre a estreita alianza entre estes dous persoeiros. Afirma que na súa relación conflúen o marxismo e o nacionalismo galego e que se non estivesen xuntos en 1938 hoxe non habería CIG, FPG, UPG, CUT, BNG nin bipartito na Xunta de Galicia.

Méndez Ferrín, X. L., "Navy Bar", *La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 7 marzo 2008, p. 29.

Fala sobre o Commerce Bar que foi o primeiro establecemento que houbo no porto de Vigo. Informa da diferente clientela que tiña e conte que Manuel Antonio lle dedicou un poema intitulado "Navy Bar". Tamén di que outro escritor coetáneo, Luís Amado Carballo, escribiu sobre este local con anterioridade, a composición "Taberna". Finalmente, informa que este bar aínda existe pero con outro nome.

Méndez Ferrín, X.L., "Mañán, Padrón", *Faro de Vigo*, p. 25/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", p. 30, 11 abril 2008.

Co gallo do cincuenta aniversario da coroación de Ramón Cabanillas "como Príncipe dos Poetas Galegos" por parte das Redes Escarlatas, infórmase sobre o citado acto e o da inauguración do monumento a Rosalía de Castro, acontecidos, respectivamente, en 1957 e 1958, nos actos das Pascuas de Padrón, grazas ao artífice político Camilo Agrasar Vidal e ao portavoz público o xornal *La Noche*.

Méndez Ferrín, X.L., "Curros á Praza de Compostela", *Faro de Vigo*, p. 12/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 14 abril 2008, p. 16.

Con motivo do centenario do enterro de Manuel Curros Enríquez no cemiterio coruñés de San Amaro, faise eco da restitución da figura de Curros Enríquez na Alameda de Vigo, onde o puxera a comezos do século XX o pobo e a "Sociedade La Oliva", presidida por Manuel Gómez Román.

Méndez Ferrín, X.L., "María Mariño e as fraudes literarias", *La Opinión*, "Opinión", "Segunda Feira", 28 abril 2008, p. 16.

Partindo da localización madrileña das Cuevas de Sésamo nos anos cincuenta, aborda o Premio Sésamo, ao que presentara en 1959 o conto *Suso*, non galardoado pola vixencia da corrente realista mais inspirador da obra de Eduardo Blanco Amor, *Os biosbardos* (1962). Tamén se refire a concesión do citado premio un ano despois a Julio López Cid, de quen dá conta da novela breve *El Río*, editada pola Editorial Duen de Bux, de Ourense, ambientada e protagonizada polo río Miño.

Méndez Ferrín, X.L., "Na frente unha estrela", *Faro de Vigo*, p. 13/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 19 maio 2008, p. 15.

Co gallo da exposición "Na frente unha estrela" acerca de Curros Enríquez para celebrar o centenario do seu falecemento e o seu posterior traslado á cidade herculina, organizada pola Academia Galega coa colaboración do Patronato Curros Enríquez na Casa dos Poetas de Celanova, coméntase a significación da estrela, que foi colocada por Castelao onda unha fouce de ouro no escudo republicano de Galicia, e indícase que o rubro do acto procede dun poema dedicado a Rosalía de Castro polo vate celanovés. Tamén aborda o medo e o poder represor exercido polo réxime franquista de mediados do século XX, presentes, respectivamente, na desarticulación, en 1947, da "Organización de Intelectuais Libres" pola Brigadilla da GC e, catro anos despois, no comezo da singradura do Patronato.

Méndez Ferrín, X.L., "En minoría IV: Da putrefacción", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 23 maio 2008, p. 28.

Con motivo do encallamento dunha balea e outros cetáceos máis pequenos na costa de Oia, na Guarda, manifesta o seu posicionamento contrario á incineración dos cadáveres

dos animais e partidario do apodrecemento dos corpos para forneceren de nutrintes aos sistemas orgánicos. Acompaña o relato dos acontecementos coa referencia a un conto da autoría de Rafael Dieste sobre unha balea encallada e a un poema de Charles Baudelaire, traducido por Lois Tobío ao galego baixo o título "A prea".

Méndez Ferrín, X.L., "Líneas e Letras", *Faro de Vigo*, p. 13/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 2 xuño 2008, p. 16.

Comenta anécdotas de Ramón Otero Pedrayo, quen viaxou por primeira vez en avión para visitar a Daniel Rodríguez Castelao en Bos Aires. Tamén lembra que tomou prestado ao novelista ourensán, a quen Xosé Luís Méndez Ferrín considera o seu mestre, o título da triloxía "Camiños da vida" como lema dunha das súas colaboracións no xornal *Faro de Vigo*.

Méndez Ferrín, X. L., "Dorna en Brest", *Faro de Vigo*, p. 29/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 18 xullo 2008, p. 30.

Lamenta que teña pouca repercusión o feito de que Galicia sexa invitada como país ou nación á Feira do Libro da Habana e á Festa Marítima Internacional de Brest. Comenta que Brest é unha cidade militar e o centro naval da Bretaña francesa. Cre que hai certo afecto entre bretóns e galegos e di que eles coñecen algúns libros da nosa literatura como *Cruces de Pedra da Bretaña* (1930), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; *As crónicas do Sochantre* (1956), de Álvaro Cunqueiro; e *Laio* (1973), de Manuel María. Tamén comenta que Fermín Bouza-Brey, no seu himno das Mocidades Galeguistas, dicía que Galiza era unha das sete nacións celtas. Finalmente, sinala que na Festa de Brest uns carpinteiros labraron unha dorna, embarcación tradicional galega, que aparece moito na literatura, como por exemplo no escritor do século XIII Joan Zorro, e que foi botada ao mar de Brest.

Méndez Ferrín, X. L., "A primavera de Sada", *Faro de Vigo*, p.21/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 15 agosto 2008", p. 25.

Di que na vila de Sada celebráronse en maio de 2008 unhas xornadas en memoria dos irmáns Xohán Antón e Ramón Suárez Picallo, que despois houbo unha cornetada no Pazo de Meirás e que, finalmente, comunicáronlle que se ían repatriar no outono dese ano os restos de Ramón Suárez Picallo. Polo que repasa a vida deste orador e político e comenta que en Bos Aires foi sindicalista, que regresou a Galiza en 1931, que foi deputado nas Constituíntes da República, que despois deixou o Partido Republicano para formar parte do Partido Galeguista xunto a Daniel Rodríguez Castelao (xuntos foron candidatos polo PG), Ramón Otero Pedrayo e Alexandro Bóveda e que ao final da súa vida volveu exiliado a Chile e Bos Aires, onde morreu.

Méndez Ferrín, X. L., "Metamorfose dos anxos", *Faro de Vigo*, p. 31/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 12 setembro 2008, p. 27.

Comenta que nunca tivo moita fe nos anxos pero si nos poetas do século XX, e neles aparece esta figura; así, por exemplo, Gerardo Diego, escribiu *Ángeles de Compostela*. Sinala que os anxos tamén aparecen nos escritores galegos, aínda que só sexa no título, así temos, por exemplo, *Anxo da Terra* (1950), de Ricardo Carballo Calero; *Contra el Ángel y la noche*, de Aquilino Iglesia Alvariño; e *Dos anxos e dos mortos* (1976), de Anxo Rei Ballesteros.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "A arrogancia dos eunucos", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 576, 13 setembro 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 199, "No fondo dos espellos", 20 setembro 2008, contracuberta.

Manifesta o seu molestar polo desprezo que o crítico literario Steiner suscitou cara a lingua e cultura galegas na entrevista que concedeu a Juan Cruz. Nela, di que o alemán insinúa ter en alta estima o castelán e despois o catalán pero chámalle a atención que no seu libro *Lenguaje y silencio* só cite a algúns escritores en lingua española pero que non mencione a outros importantísimos e que nin Cataluña nin Galiza aparezan en ningún momento. Para rematar, parécelle digno de sinalar que este feito ocorre no lanzamento ao mercado das traducións ao castelán e catalán do seu libro.

Méndez Ferrín, X. L., "Da Galicia Imperceptíbel", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 19 setembro 2008, p. 26.

Comenta que está de acordo con Manuel Rivas que dixo, referíndose á despectiva opinión de George Steiner sobre o galego, que a nosa lingua necesita ser perceptíbel para o mundo, pero cre que non poden facernos un perfil visíbel no mundo aqueles que desprezan a propia identidade. Pon algún exemplo diso como que cando se cruza a fronteira non hai ningún cartel que informe da nosa nacionalidade, que algunhas fábricas conserveiras tampouco a mencionan, nin Colin Smith na tradución inglesa de *Merlín e familia* (1955), de Álvaro Cunqueiro, non di que a primeira edición foi en galego, nin na descrición do río Miño no dicionario portugués de Lelo e Irmão se menciona a palabra Galicia.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "A arte de fumar por paipa", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 205, "No fondo dos espellos", 1 novembro 2008, contracuberta.

Fala de que as paipas, como se lles chaman en Vigo, ou cachimbas eran símbolo de prestixio e que agora case ninguén fuma por elas. Así, conta que Manuel Antonio, fumador de paipa ao igual que Rafael Dieste, adoptou o anglicismo popular e incorporouno nuns poemas posteriores a *De catro a catro* (1928) e que despois desapareceron. Sinala que era empregada por moita xente e que aparecía moito nas películas antigas e tamén nas bandas deseñadas. Para rematar, comenta que Celso Emilio Ferreiro, tamén fumador de paipa, lle regalou un libro que non conserva, que se titulaba *El arte de fumar en pipa*.

Méndez Ferrín, X.L, "Un casamento pouco convencional", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 584, 8 novembro 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "No fondo dos espellos", 15 novembro 2008, contracuberta.

Lémbrase o casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía o 10 de decembro de 1858, na parroquia de San Ildefonso (Madrid). Defíneo como un enlace "pouco convencional", pois non contou coa presenza nin de familiares nin de amigos. Sinálase que un ano máis tarde, Rosalía daba a luz á súa primoxénita, Alexandra, na cidade de Compostela e que a parella seguiría viaxando a Madrid, visitando tamén moitas outras cidades.

Méndez Ferrín, X.L, "Fillos da Revolución", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 206, "No fondo dos espellos", 8 novembro 2008, contracuberta.

Coméntase que cento cincuenta anos atrás casaron Rosalía de Castro e Manuel Murguía na cidade de Madrid. Dáse conta do labor político do escritor e da súa dona, convertidos en axentes de concienciación dos valores da terra galega que tanto defendían e protexían.

Méndez Ferrín, X. L., "A Suidade en Taibo", *Faro de Vigo*, p. 31/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 14 novembro 2008, p. 33.

Lembra ao poeta Victoriano Taibo que viviu os seus últimos anos en Vigo, por mor de que naquel momento estaban a facerlle unha homenaxe no Instituto de Estudos Miñoranos, en Gondomar. Di que o acorda coma un ancián sabio que coñecía ben o idioma galego e que da súa obra recomenda os relatos de *Da agra aberta* (1956), porque neles áchase o galego culto do noso tempo. Comenta que como poeta estivo aberto ás novidades do seu tempo pero que estaba afincado na lírica tradicional oral e que Manuel Antonio lle sinalou a ruta da innovación radical e Teixeira de Pascoaes os vieiros da Saudade, así el emprega moito a palabra "Suidade".

Méndez Ferrín, X. L., "Sofía Casanova", *La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 24 novembro 2008, p. 16.

Lembra que en 1958 asistiu a unha conferencia de Carlos Martínez Barbeito sobre a escritora coruñesa Sofía Casanova, na que contou as súas lembranzas de neno xunto a ela e a súa vida en oriente.

Méndez Ferrín, X. L., "A censura franquista de libros", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 28 novembro 2008, p. 26/"Experiencias coa censura franquista", *La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 1 decembro 2008, p. 16.

Co gallo da exposición "Editar en galego baixo a censura franquista", lembra que esta se dividía en dous períodos. Comenta que no primeiro, as obras eran examinadas por tres lectores e logo redactábase unha resolución na que se prohibía a totalidade, se autorizaba ou se suprimían partes da obra. Sinala que na segunda etapa, o Ministerio de

Información de Fraga Iribarne abriu un libro de rexistro editorial no que se relataban as editoriais de máis confianza que podían publicar sen se someter á consulta previa, pero que se o libro contiña proposicións contrarias ao réxime podía ser retirado da circulación e os editores e autor, procesados. Tamén conta que as conferencias culturais tamén tiñan que ser aprobadas presentando previamente o texto e comenta que non entende como saíu á luz un volume da obra completa de Manuel Curros Enríquez en 1943 sen que nada d'*Aires da miña Terra* (1880) nin d'*O Divino Sainete* (1888) fose suprimido ou corrixido pola censura. Pero di que o que si pode asegurar é que a censura actuaba dun xeito aparentemente arbitrario, e que o sabe porque en 1958 permitíronlle publicar o conto "O asasino" no que nun país fascista inexistente o pobo se subleva contra o totalitarismo, pero que outro conto de temática parecida intitulado "Elipsis" si foi publicado en 1972 na revista do Centro Galego de Baracaldo pero non lle deixaron facelo no libro *Elipsis*. Conta que a censura prohibiu a publicación d'*A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, e *O Hamlet* (1958), de Álvaro Cunqueiro, pero que permitiu a posta en escena d'*A puta respectuosa*, de Sastre e d'*A raposa e as uvas*, de Guillerme de Figueiredo.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Homenaxe a Cabanillas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 590, 20 decembro 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "No fondo dos espellos", 27 decembro 2008, contracuberta.

Comenta que o 14 de decembro de 1959 o grupo Brais Pinto, ao que pertencía e cuxos membros vai indicando na foto que acompaña ao artigo, réndelle unha homenaxe a Ramón Cabanillas con motivo do seu falecemento. Di que Brais Pinto estaba afastado esteticamente do poeta do Salnés pero que para eles era un símbolo nacionalista popular. Sinala que na homenaxe léronse textos de Cabanillas, sobre todo de *Da terra asoballada* (1917) e que cada un deles leu o seu propio discurso ou os seus propios textos poéticos. Para rematar, cre que se aquel día non se xuntasen, a cultura artístico-literaria e a expansión da esquerda nacionalista non se produciría de xeito ascendente como efectivamente se produciu.

Méndez Ferrín, X. L., "Máis sobre o Ceregumil", *Faro de Vigo*, "Opinión", p. 13/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 22 decembro 2008, p. 14.

Conta que Couceiro Freijomil nos anos vinte e trinta do século pasado escribiu unha historia de Pontedeume, un dicionario bibliográfico de escritores galegos e *El Idioma Gallego*, onde fala con desprezo de Ramón Otero Pedrayo e intenta ridiculizar a Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro. Sinala que se dedicaba a observar aos galeguistas e nacionalistas para sacarlles os defectos e que estaba contra todo: contra Rosalía de Castro, Manuel Murguía, a Academia Galega, o himno, as normas ortográficas, etc. Cre que iso acabou por beneficiar os nacionalistas porque parecía que eran importante e poderosos. Para rematar di que os galeguistas daquela época lle puxeron o alcume de "O Ceregumil", un xarope reconstituínte para nenos.

Méndez Fonte, Rosa, "Cousas de Ferrol: Álvaro Cunqueiro e Otero Pedrayo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 467, "Patrimonio e sociedade", 10 febreiro 2008, p. 7.

Fala de dous artigos de Álvaro Cunqueiro e de Ramón Otero Pedrayo. Achega un fragmento do artigo de Cunqueiro, "Memorias de El Ferrol", publicado nunha revista local de 1957, e do artigo de Otero Pedrayo,"Guía de Galicia", publicado en 1926.

Méndez Fonte, Rosa, "Adelardo Novo e Curros Enríquez", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 476, "Patrimonio e sociedade", 13 abril 2008, p. 7.

Reprodución do artigo "Curros Enríquez y El Diario Español", de Adelardo Novo, publicado na Habana en 1911 en *El Diario Español por dentro* no que se ve a relación entre Curros e o propio Adelardo Novo e como reaccionaron cando a directiva de *El Diario Español* pretendía pór o celanovés como director dada a xuventude de Novo.

Mera, Manuel, "Curros Enríquez, alén do poeta", *La Región*, "Opinión", 16 abril 2008, p. 23.

Co gallo do centenario do pasamento de Manuel Curros Enríquez, glosa a figura do vate celanovés, de tendencia anticlerical e republicana, que pasou longas estadías en Madrid estudando e colaborando nas publicacións *La Gaceta de Madrid*, *El Imparcial*, *El Porvenir* e *El País* e que residiu, dende 1893 até a súa morte, en Cuba, a onde emigrou por motivos de saúde e políticos.

Miranda, Xosé, "Vida e literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 17-23 xullo 2008, p. 38.

Comenta que se estraña cando lle preguntan que quere dicir coas súas obras porque cre que a literatura é autoelusiva e porque é inimigo das teorías literarias e máis amigo das prácticas. Isto di que se debe a que cre que na literatura non é suficiente a intelixencia, xa que se traballa con emocións. Así, opina que, moitas veces, as cousas aceptadas baséanse en falsas verdades; pon exemplos diso, como que a obra de Álvaro Cunqueiro está enmarcada no fantástico e forma parte da "Materia de Bretaña" ou que o realismo máxico é cousa dos sudamericáns, cando en todos os países do mundo o sobrenatural forma parte da realidade.

Miranda, Xosé, "Marcos Valcárcel", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 38.

Lembra como e cando coñeceu a Marcos Valcárcel. Di que é un home tranquilo, partidario da igualdade e da cultura, amigo dos amigos e educado cos inimigos. Comenta que ten unha cultura enorme e que é ameno, claro e didáctico, tamén demócrata, xeneroso e tolerante pero defensor das súa ideas. Sinala que sempre levou Galicia no corazón, que é solidario cos desfavorecidos e que ten gusto literario. Cre que ninguén fixo tanto por Ourense coma Valcárcel, nin estudou tanto a súa historia dende Otero Pedrayo, polo que non entende como aínda non lle deron a medalla de ouro da cidade. Ademais dos seus libros, artigos e conferencias, destaca o seu blog "As uvas na solaina" que para el é un dos escasos foros de debate democráticos.

Molina, César Antonio, "Memoria de Anxo Rei Ballesteros", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 31 outubro 2008, p. 19.

Lembra a Anxo Rei Ballesteros debido ao seu, daquela, recente falecemento. Comenta que o coñeceu na facultade, xa que ambos estudaban Dereito, carreira que nunca lles interesou a ningún dos dous. Sinala que cando abandonou a Universidade envioulle a novela *Dos anxos e dos mortos* (1976), que lle lembraba moito aos seus anos de estudante e até había un personaxe que se parecía moito a el. Para rematar, opina que foi un magnífico tradutor e un gran narrador como o demostran *A sombra dos teus ollos*, *Loaira* (1992) e "A outra memoria", artigo publicado en *Grial* (1989).

Moya, Luis, "Viajes con Cunqueiro a Betanzos", *La Opinión*, "Opinión", 24 xaneiro 2008, p. 30.

Fala sobre a vila de Betanzos e salienta algúns dos seus monumentos. Tamén cita uns versos de Álvaro Cunqueiro sobre o seu interese en visitar Betanzos.

Neira, Manuel, "Un ensaio para 'Trabe de ouro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 8 maio 2008, p. 5.

Faise unha revisión da traxectoria de certas personalidades galegas, como Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Pondal, e da súa historia, da súa caste e do pouso que queda das mesmas na memoria xeral ou espallado nas lembranzas das casas que habitaron.

Neira, Manuel X., "Unha fartura de títulos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 7 xaneiro 2008, p. 5.

Dá conta de diferentes obras da literatura galega que están ben consideradas e cita a varios autores, principalmente a Gonzalo Torrente Ballester, a quen lle reclama non ter escrito en galego.

Neira, Manuel X., "Unha novela histórica", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 4 febreiro 2008, p. 5.

Fala sobre certas cuestións alleas á literatura galega e cita a obra de Francisco del Riego *Realidade galega* (2007).

Neira, Manuel X., "Dous polos de actuación", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 26 marzo 2008, p. 5.

Reflexiona sobre os destinatarios da escrita, situados nas perspectivas burguesa ou de carácter nacional galego, alicerzada esta última nunha liña proletaria, que foron fornecidas por persoeiros como Ramón Piñeiro e Valentín Paz Andrade. Despois de

comentar a abundancia de escritores en Galicia, considera que na actualidade as dúas liñas están mesturadas e manifesta a súa decepción coa política.

Neira, Manuel X., "Patrimonio", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 31 marzo 2008, p. 5.

Partindo da idea do Museo da Romanización e o Auditorio e da denuncia da perda de patrimonio por parte de Isaac Díaz Pardo, comenta que calquera iniciativa é positiva e valiosa mais precisa inventiva para acadar éxito.

Neira, Manuel X., "Visión de Galiza: patria vendida", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A tenda de gramolas", 21 abril 2008, p. 5.

Infórmase da existencia de diferentes visións de Galicia, definida como terra derrotada, ofrecidas ao longo do tempo polos poetas Ánxel Fole, Manuel Cuña Novás e Manoel Antonio, entre outros.

Neira, Manuel X., "Cunqueiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A tenda das gramolas", 21 xuño 2008, p. 5.

Glosa a figura de Álvaro Cunqueiro como paradigma das virtudes literarias, da idiosincrasia do ser galego e das calidades humanas. Ademais, considérao como o artífice da existencia da literatura en galego.

Neira, Manuel X., "O Atlántico infindo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 11 xullo 2008, p. 4.

Comenta que non é nada novo a opinión do poeta Antonio Gamoneda sobre a lírica galega, quen non esperaba que en Galicia se fixera mellor poesía ca "desolada, triste e seca España". Di que un dos mellores poetas galegos é Manuel Vilanova, quen no poemario de tensión prosaica, no que hai xogos fáciles, intitulado *A esmeralda branca* fai un exercicio de boa poesía. Tamén sinala que a poesía de Xabier Rodríguez Baixeras está moi traballada e elaborada, chea de culturalismo e ten musicalidade e ritmo, aínda que non teña rima. Aínda así, confesa que lle segue interesando a poesía de ritmo infantil de Antonio Machado.

Neira, Manuel X., "Sobre a literatura", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 8 agosto 2008, p. 4.

Comenta que sempre lle din que o seu forte é a literatura, a pesar de que está indirectamente implicado na política. Sinala que leu *Merlín e familia* (1955) e *Balada de las damas* (1945), de Álvaro Cunqueiro, decorrido e cre que tanto este coma Rosalía de Castro parece que pertencen á cultura galega dedicada ao exterior porque non formulan teses en termos de nación.

Neira, Manuel X., "Unha serpe sobre si", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 18 setembro 2008, p. 4.

Comenta que Vicente Risco defendía a burguesía allea mentres que Ramón Otero Pedrayo a burguesía propia. Cre que a aldea cambiou e está a desaparecer e que agora xa non existen figuras como o neno Balbino, de Xosé Neira Vilas. Destaca a autores coma Florentino Cuevillas que foi un erudito no campo da historiografía e a Ánxel Fole que non pasa da estampa, do costumismo e o folclórico, os cales hoxe xa están obsoletos. Tamén destaca *Xente ao lonxe* (1972) e *A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco-Amor.

Neira, Manuel X., "Pantalóns brancos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 16 outubro 2008, p. 4.

Comenta que na década de 1980 houbo unha xeración dos "Pantalóns brancos" á que pertencen Alfredo Conde, Xavier Seoane e Lois Mariño e na que destacaron poetas coma Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Xosé Vázquez Pintor, Xoán Manuel Casado, Vicente Araguas, Alfonso Pexegueiro e Vaqueiro. Sinala que na década de 1970 houbo varias correntes e destacaron escritores coma Xosé Dono, Claudio Rodríguez Fer, Luís Álvarez Pousa, Manuel Vilanova, Xosé María Álvarez Cáccamo, Román Raña, Manuel Forcadela e Millán Picouto.

Neira, Manuel X., "Os primeiros xipis, os celtas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 21 novembro 2008, p. 4.

Comenta que o sentido estético e ético dos xipis vén dos celtas e que estes lle darían sentido ao Estado. Sinala que a poesía ten o valor de purificación e que hai xente máis limpa de corazón ca de corpo. Cre que Camilo José Cela rematou cos xipis e que el non parecía galego polo seu carácter austero castelán.

Neira, Manuel X., "Un contiño de Fole", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de Jazz", 5 decembro 2008, p. 4.

Comenta a escrita de Ánxel Fole, en especial os seus contos, e compáraa coa de Álvaro Cunqueiro. Sinala que nos contos de ambos aparece a vida diaria das xentes de Lugo, pero opina que os de Cunqueiro estaban moi ben escritos e que tiñan un dominio da fala popular mentres que os de Fole ademais diso eran costumistas, coma unha estampa na que aparecía a Galicia máis auténtica cun sabor popular.

Neira, Manuel Xosé, "Prospectivas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 11 febreiro 2008, p. 5.

Dá conta da situación actual de Galicia e considera que se dá un paso cara diante tamén se dá outro cara atrás. Pensa que o esplendor da época dos cancioneiros medievais nunca volveu e afirma que grazas a Rosalía de Castro cultura galega non desapareceu

completamente. Considera que hoxe hai grandes escritores como Xosé Carlos Caneiro ou Suso de Toro e tamén afirma que o maior capital político de Galicia foi Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Asegura que a situación debe mellorar xa que Galicia está sufrindo.

Neira, Manuel Xosé, "Herba aquí e acolá", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A tenda de gramolas", 29 xuño 2008, p. 4.

Considera que Álvaro Cunqueiro brillou na prosa pero cre que puido brillar tamén na poesía pero que, aínda que non a tratou a fondo, era delicado na forma e tiña unha veta lírica moi propia, polo que sería un poeta moi galego. Di que se manifestaba como poeta até na prosa e que un exemplo diso é o título *Herba aquí e acolá*. Comenta que improvisaba, que cría na inspiración e que tiña arte e xenio.

Neira, Manuel Xosé, "D. Ánxel Fole Sánchez", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Búcaro de violetas", 15 agosto 2008, p. 4.

Di que Ánxel Fole puido ser un escritor moi aproveitábel, pero que non pasou do costumismo folclórico e da estampa porque as xeración máis novas, por exemplo Xulio Valcárcel, Xavier Rodríguez Barrio ou Miguel Anxo Fernán Vello, acabaron con el. Comenta que Claudio Rodríguez Fer o estudou en profundidade e puxo ao día o mito de nación de Eduardo Pondal mediante algún personaxe que vaga polo vello Lugo.

Neira, Manuel Xosé, "Pondal e o tema da nación", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A tenda de gramolas", 8 setembro 2008, p. 4.

Comenta que aínda que destacan escritores coma Rosalía de Castro, que supuxo a liberación da muller xa que ninguén coñece á muller como a muller mesma, foi Eduardo Pondal o precursor formal do mito da nación galega. Cre que non é Vicente Risco, senón Daniel Rodríguez Castelao o grande ideólogo galego, e iso que todo o mundo lle botou terra enriba.

Neira, Manuel Xosé, "Morfoloxía da paisaxe", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Búcaro de violetas", 1 novembro 2008, p. 5.

Sinala que hai varios escritores que dan conta da morfoloxía da paisaxe. Comenta que o gran abandeirado foi Ramón Otero Pedrayo que nos presentaba unha Galicia con raíces, cunha paisaxe salvaxe, neboenta, con ríos limpos que contrastaba coa Castela que nos presentaba Bécquer con ríos pouco saneados, camiños vellos e abadías con campanarios derrubados onde cría a cegoña. Di que unha fiel seguidora de Otero é Luz Pozo Garza, tamén Ricardo Amado Carballo cos seus mosteiros entre carballeiras en Pontevedra e Carvalho Calero, ao que propón como novo homenaxeado das Letras Galegas 2010.

Neira, Manuel Xosé, "O país de Pondal", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Búcaro de violetas", 17 novembro 2008, p. 4.

Fala da escrita de Eduardo Pondal, do seu país soñado e do mito de "Nación". Cre que Pondal e José Ángel Valente son similares e que escriben así debido a moitos séculos de prostración. Tamén opina que o surrealismo non o inventou André Breton senón os poetas españois.

Neira, Manuel Xosé, "Intencións", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Búcaro de violetas", 1 decembro 2008, p. 4.

Comenta que Juan Ramón Jiménez é un poeta que hai que ler con clama e que Manuel Aleixandre era un poeta surrealista. Sinala que ambos foron Nobel, foron poetas difíciles e que se tivesen máis seguidores evitarían os versificadores que, na súa opinión, tanto dano fan á poesía. Do mesmo xeito, considera que Manuel Vilanova é un dos mellores autores da literatura galega, ao mesmo nivel que os anteriores.

Neira Vilas, X., "Valoracións contrapostas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 marzo 2008, p. 35.

Móstranse as diversas opinións que dende décadas atrás xurdiron ao redor do himno de Galicia. Así, lémbrase que conseguiu reunir críticas de persoeiros como Xosé Fernando Filgueira Valverde, Francisco Portela Pérez ou Avelino Rodríguez Elías que chocan coas palabras do musicólogo Sinesio Fraga, a xornalista Mercedes Vieito ou o escritor Eduardo Blanco-Amor.

Neira Vilas, Xosé, "Lembranza de Garrido", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 13 xaneiro 2008, p. 2.

Fala sobre a traxectoria vital de Manuel Celso Garrido a quen coñeceu na emigración e conta a súa intención de chegar a ser un poeta. Comenta que lle publicaron algúns poemas escritos en galego e tamén o seu único libro *Saudade*.

Neira Vilas, Xosé, "Xaime Quessada", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 17 febreiro 2008, p. 2.

Fai referencia á perda do artista Xaime Quessada e refire a historia dalgúns dos seus cadros. Así mesmo, tamén comenta que un deseño de Quessada aparece no seu libro *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires* (1994) e indica que o libro que está a preparar como homenaxe a José Otero Abeledo Laxeiro tamén vai levar un deseño inédito de Quessada.

Neira Vilas, Xosé, "O carteiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 1 xuño 2008, p. 2.

Coméntase a profesión de carteiro, que desempeñou Neira Vilas dende os doce aos catorce anos cando se consideraba unha institución nas aldeas, pola zona de Gres a

Merza, que plasmou parcialmente no libro infantil *De cando o Suso foi carteiro* (1993), e faise eco da idea sobre a supresión deste oficio. Remata apelando ao bo siso para non o perder, posto que a poboación está dispersa.

Neira Vilas, Xosé, "A veciña Portugal", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 22 xuño 2008, p. 2.

Dá conta dos pasos do goberno de Galicia para estreitar a relación con Portugal, terra coa que se manteñen relacións deportivas, económicas, laborais e culturais, estas últimas dende fai moito tempo, coas revistas *Quatro ventos* e *Céltica*, e vínculos intelectuais presentes nas figuras de Manuel Rodríguez Lapa e Agostinho da Silva. Así mesmo, manifesta que a fronteira galaico-portuguesa é convencional e que os portugueses non son estranxeiros para os galegos.

Neira Vilas, Xosé, "O humor de Xaquín", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 17 agosto 2008, p. 2.

Comenta que Xaquín Marín é un humorista para o cal o humor e a sátira son armas para atacar, por exemplo, as malas condutas. Di que ten obras en nove museos, que publicou vinte e seis libros , que é autor do primeiro libro de cómic galego *Dúas viaxes* e que colabora na prensa como caricaturista, entre outras facetas. Conta que a el lle ilustrou tres libros: *A marela Tarabela* (2004), *Espantallo amigo* (2006) e *Relatos mariñeiros* (2003).

Neira Vilas, Xosé, "Montecristo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 7 setembro 2008, p. 2.

Lembra que a súa primeira lectura extensa foi *El Conde de Montecristo*, de AlejandroDumas, con nove anos. Conta que veu varias versións cinematográficas e que a releu case vinte anos despois e até lle dedicou unha páxina no seu libro *Lar* (1974). Cre que esta novela ten relación co "Manifesto de Montecristo", redactado polo poeta cubano José Martí e o dominicano Máximo Gómez, cando comezaba a derradeira etapa da loita anticolonial.

Neira Vilas, Xosé, "O retorno de Picallo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 30 novembro 2008, p. 2.

Fai un breve percorrido pola vida de Ramón Suárez Picallo. Conta que morreu en Bos Aires en 1964 e que corenta e catro anos despois se cumpriu o seu desexo e que se trasladaron os seus restos ao seu Veloi natal, en Sada. Del destaca tanto a súa faceta xornalística como a política, así como a reivindicación da nación galega e a defensa do seu pobo oprimido.

Neira Vilas, Xosé, "Víctor L. Molinari", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 14 decembro 2008, p. 2.

Fala do libro do poeta e xornalista arxentino Víctor Luís Molinari que el traduciu. Di que era o primeiro libro deste escritor arxentino de tema galego, que é unha versión bilingüe de 1958 e que se distribuíu por toda Arxentina coa portada de Laxeiro e o prólogo de Ramón Suárez Picallo.

Nicolás, Ramón, "Adeus a un excepcional narrador", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 289, "Letras en galego", 15 novembro 2008, p. 10.

Lembra a figura de Camilo Gonsar, morto uns días antes. Di que o seu elemento distintivo foron as súas vivencias en Londres, EE.UU. e Canadá. Comenta que escribiu os libros de relatos *Lonxe de nós e dentro*(1961) e *Arredor do non* (1955), e as novelas *Como calquera día* (1962), *Cara a Times Square* (1980), *Desfeita* (1983) e *A noite da aurora* (2004). Sinala que en todos os seus libros mantén unha vontade renovadora e que sempre hai ironía, descricións sobrias e profundas, personaxes na busca da razón, a temática da morte, do absurdo ou da condición humana. Conta que no ano 1969 o profesor Xesús Alonso Montero remítelle un inquérito para formar parte dun proxecto intitulado *Dicionario da Nova Literatura Galega*, que se publicará en 2009, no que se di que o escritor que máis influíu nel foi Ramón Piñeiro, pero tamén destaca a Rosalía de Castro, a Manuel Curros Enríquez e á Xeración Nós e cre que son necesarios uns bos libros didácticos para as escolas primarias, entre outras cousas.

Nogueira, María Xesús, "Lectura e memoria", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 16 febreiro 2008, p. 25.

Comenta que os xornais están a dar conta da participación de Galicia como invitada na Feira Internacional do Libro da Habana e indica que, en comparación con estes eventos, o índice de lectura en Galicia está moi por debaixo da media. Tamén afirma que os datos sobre a compra de libros son aínda máis negativos e pregúntase que pasará cos escritores e os críticos literarios.

Nogueira, María Xesús, "A alegría do vento", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 29 marzo 2008, p. 35.

Con motivo dos dezaseis anos do pasamento de Antón Avilés de Taramancos, ofrece unha breve biografía, na que aborda a infancia e a mocidade transcorrida en Noia, o periplo emigrante en Colombia, presente en *Cantos caucanos* (1985), e o retorno á súa terra natal, onde rexentou a Tasca Típica e participou na vida cultural de Galicia até o punto de se converter en presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Despois de se referir á dedicatoria ao noiés do Día das Letras Galegas, en 2008, critícase a cultura das homenaxes polo esquecemento e a caprichosa influencia na vida literaria.

Nogueira, María Xesús, "Pasa un poeta", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 18 outubro 2008, p. 25.

Lembra a figura do escritor Ramiro Fonte debido ao seu recente falecemento nese momento. Comenta que pertenceu a unha promoción de profesores-poetas encadrados na xeración dos oitenta e que modernizou o discurso poético. Sinala que destacou como poeta, pero que tamén cultivou a narrativa e a crítica. Para rematar lembra algún dos seus versos porque cre que a mellor homenaxe que se lle pode facer a un escritor é a contemplación da súa obra.

Novo, Isidro, "Novoneyra, esencia nosa", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 26 marzo 2008, p. 4.

Informa sobre a andaina da páxina web para recoller sinaturas para lle dedicar o día das Letras Galegas de 2010 a Uxío Novoneyra, con quen mantiña amizade, e comenta que a recuperación da Casa de Parada para a converter nun museo acerca da súa obra sería un acto de xustiza por parte das institucións correspondentes.

Novo, Isidro, "Algunhas reflexións sobre poesía", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 30 abril 2008, p. 4.

Coméntase a estrañeza suscitada por aqueles lectores, malia recoñecer rexistros poéticos en prosa, que non recoñecen o concepto poético. Refírese ao convencionalismo dos poetas e á tendencia actual de usar poesía para aludir á habelencia verbal e de coñecementos, no canto de a empregar para a expresar sentimentos e emocións.

Novo, Isidro, "Novoneyra na lembranza", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 5 novembro 2008, p. 4.

Reclama que o Día das Letras Galegas de 2010 sexa dedicado a Uxío Novoneyra, xa que nese ano se celebrará o décimo aniversario da súa morte. Cre que non se debería aprazar esa homenaxe porque os seus versos denotaban o amor á terra, á súa paisaxe e ao home. Tamén dá un enderezo electrónico da súa páxina web para asinar o apoio Novoneyra para a súa elección como homenaxeado en 2010.

Otero, David, "Agosto dos nosos mártires", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2008, p. 31.

Comenta que no mes de agosto debe facerse unha homenaxe aos denominados mártires galegos: Alexandre Bóveda, Víctor Casas, González Adrio, Camilo Díaz Baliño, Sixto Aguirre, Ánxel Casal, Pepe Devesa, etc., os cales loitaron e morreron a prol da liberdade das persoas e os pobos. Así, di que o 17 de agosto as fundacións Alexandre Bóveda e Castelao renderían unha homenaxe a Alexandre Bóveda e implicitamente ao resto de mártires.

Palmeiro, Xosé María, "Casal dos libros e un adeus", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 31 marzo 2008, p. 5.

Comenta que a nova Biblioteca Pública de Compostela vai levar o nome de Ánxel Casal, en memoria do alcalde da cidade asasinado en agosto do 1936. De seguido, achega os comentarios de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo sobre Ánxel Casal.

Palmeiro, Xosé María, "Galicia pola radio", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 3 novembro 2008, p. 5.

Comenta que hai setenta e cinco anos que chegou a radio a Galicia, polo que se celebraría o congreso "Galicia pola radio" para reflexionar sobre as transformacións do medio dende 1933 até hoxe. Sinala que aínda hoxe a radio segue a ser un extraordinario soporte para a información e un medio para a mellor expresión do idioma, por exemplo, do galego. Para rematar di que pola radio soubo da morte de Anxo Rei Ballesteros, que publicou novelas como *Dos anxos e dos mortos* (1976), *Loaira* (1992) e *Non sei cando nos veremos* (2005).

Palmeiro, Xosé María, "Andoliña para Marcos Valcárcel", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 1 decembro 2008, p. 5.

Conta que foi a Ourense á presentación da *Historia de Ourense* (2008), de Marcos Valcárcel e que despois lle fixeron unha homenaxe a este historiador e columnista. Comenta que nela se destacaron os seus traballos de investigación e divulgación da historia de Galiza, o seu labor xornalístico e de dinamización cultural en Ourense dende posicións galeguistas, progresistas e dialogantes. Sinala que á homenaxe asistiron, entre outros, Vázquez-Monxardín, Suso de Toro, Manuel Rivas e Xesús Alonso Montero.

Patterson, Craig, "Alén dun Castelao racista", G*alicia Hoxe*, "Opinión", "Devalar", 24 xullo 2008, p. 5.

Comenta que os cadernos onde Castelao ía apuntando as ideas para o que sería o *Sempre en Galiza*, que están no apéndice da edición crítica do Parlamento (2000), revelan un home máis complexo. Sinala que as súas ideas dos xudeos eran parecidas ás de Vicente Risco, xa que cría que gañaban a antipatía de todos e que os demócratas ían coincidir con Hitler por culpa deles, que dicía que se sentía afastado da raza negra e que consideraba a mestura como algo anormal. Pero conta que en 1938 redímese e que en Virxinia Occidental confesa sentir compaixón polos negros e que quere matar a súa repugnancia por eles e fala de ser defensor desa raza.

Patterson, Craig, "Publicar en galego entre outros mares", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Devalar", 2 outubro 2008, p. 5.

Comenta que James Salter, escritor escocés que viviu uns anos en Vigo, presentou en Escocia unha novela escrita en galego. Cre que calquera sistema literario que queira certa normalización ten que contar con escritores non nativos. Sinala que Salter dixo que escribiu a novela en galego porque é un libro galego, polo que opina que tivo que ser un auténtico desafío para el.

Pavon, Lalo, "O traballo ben feito", *La Región*, "Ourense", "O candil", 12 febreiro 2008, p. 6.

Fai referencia á rehabilitación do paraninfo do instituto Otero Pedrayo e felicita a todos aqueles que conseguiron recuperar parte da historia de Galicia.

Paz Rodríguez, José, "Lembranza de Curros desde India", *La Región*, "Opinión", 7 febreiro 2008, p. 26.

Escribe este artigo dende Calcuta para lembrar a figura de Manuel Curros Enríquez o día do centenario do seu pasamento. Salienta que foi unha figura fundamental na recuperación da lingua e cita as principais obras do escritor (*Aires d'a miña terra*, *O Divino Sainete*, *A Virxe do cristal* e o poema "Aquí ven o maio de flores cuberto"). Tamén destaca os seus traballos xornalísticos e anima a todos os docentes galegos a que falen hoxe de Curros Enríquez.

Paz Rodríguez, José, "Vicente Risco, descobridor de Tagore", *La Región*, "Opinión", 7 maio 2008, p. 22.

Co gallo do aniversario dos cento corenta e sete anos do nacemento de Rabindranath Tagore, o 7 de maio de 1861, comenta a influencia do pensador hindú en Vicente Risco, sobre todo na etapa orientalista, presente nos poemas traducidos ao galego das revistas *A Nosa Terra* e *Nós*. Co paso do tempo, en 1930, a influencia de Tagore perdeu peso polo hieratismo observado nunha conferencia na sala do pazo Kronpinz da Kaiser Fridrich Universität por Risco, cando estaba cunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudios.

Paz Rodríguez, José, "Dora Vázquez entre nós", *La Región*, "Opinión", 10 xullo 2008, p. 26.

Co gallo da entrega do premio de narración infantil e xuvenil "Pura e Dora Vázquez" a Miro Villar pola súa obra *O nariz de Fiz*, ilustrado pola alacantina Lola Lorente, faise unha loubanza das dúas mestras ourensás que dan nome ao premio. Céntrase despois na figura de Dora Vázquez que tamén estivo presente no acto de entrega do premio e lémbrase a importancia da súa obra e do seu traballo para fomentar a lectura e a lingua galega entre os mozos e mozas galegos. Finalmente noméase unha das primeiras obras publicadas pola autora ourensá e amósanse dous poemas representativos da mesma.

Pena, Xosé Ramón,"Sempre Don Paco", *Faro de Vigo*, "Opinión", "De bolina", 5 xuño 2008, p.12.

Co gallo da entrega da III Edición dos Premios PEN Club de Galicia a Isaac Díaz Pardo e a Francisco Fernández del Riego faise unha semblanza dos dous galeguistas para

centrarse logo na figura do segundo e lembrar a súa importancia dentro do desenvolvemento da cultura e da literatura galega do século XX.

Penas, Ánxeles, "A Curros", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Crítica Arte", 3 decembro 2008, p. 28.

Comenta que para rematar o programa de actividades de homenaxe a Manuel Curros Enríquez, organizada para conmemorar o centenario da súa morte, realizouse unha mostra colectiva de cincuenta e seis artistas coruñeses ou residentes na Coruña.

PEN Clube de Galicia, "A entrevista de Juan Cruz a Steiner", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A opinión", 29 agosto 2008, p. 28.

Manifestan que as declaracións de George Steiner, onde afirmaba non entender a obrigatoriedade de falar galego nunha universidade de España e o seu desprezo pola literatura galega comparándoa pexorativamente coa catalá, puideron ser remediadas polo entrevistador Juan Cruz. Din que este coñece a traxectoria da literatura galega e a existencia de escritores coma Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Carlos Casares, etc. e que ten participado en moitas actividades literarias en Galicia. Cren que aproveitou estas declaracións para botar leña ao lume na actual situación lingüística e literaria das autonomías.

Penedo, José Luis, "Ourense, huérfana de artistas", *La Región*, "Opinión", 22 xaneiro 2008, p. 22.

Afirma que a cidade de Ourense foi en anos anteriores a Atenas de Galicia. Considera que houbo grandes artistas e entre os escritores galegos cita a Antón Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e salienta, principalmente, a Eduardo Blanco Amor e a súa obra *A Esmorga* (1959). Comenta que como lembranza moitas rúas levan os seus nomes non se entende.

Pérez Prieto, Victorino, "Curros: anticlerical, non anticristián", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "De cotío", 11 abril 2008, p. 17.

Con motivo do centenario do óbito de Manuel Curros Enríquez, dá conta do acto de honra ao poeta celanovés acontecido no cemiterio de San Amaro da Coruña, do que se deduce a pervivencia do seu legado. Remátase manifestando que *O divino sainete* (1888) lle supuxera numerosos problemas coa Igrexa da época, sen se decatar esta do contido evanxélico e fondamente cristián dos versos.

Perozo, Xosé A., "Ramiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Cara ou cruz", 12 outubro 2008, p. 2.

Dá noticia da morte do poeta Ramiro Fonte e di que Galicia perde unha gran voz na poesía e na prosa, pero tamén no ensino e no pensamento.

Perozo, Xosé A., "Ceibes", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Cara ou cruz", 5 decembro 2008, p. 2.

Comenta que hai corenta anos estaban dispostos a cambiar o mundo e acabar coa ditadura cunha arma infalíbel: a palabra e cre que esta con música chega mellor, aínda que non se teña boa voz. Di que descubriron que os versos de Celso Emilio Ferreiro poderían rachar coa longa noite de pedra e cre que non conseguiron cambiar o mundo pero que acadaron ser voces ceibes.

Picallo Fuentes, Héitor, "Xosé Luis Méndez Ferrín: Dende a sinxeleza cotiá", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 14 setembro 2008, p. 29.

Dinos que admira a Xose Luis Méndez Ferrín porque desvelou as teorías histórico-lingüísticas creadas por Menéndez Pidal para demostrar a supremacía do castelán sobre o galego. Opina que Ferrín é un escritor comprometido, traballador, polifacético e un pensador coherente nas súas reflexións, ademais de natural, sinxelo e cotiá nas formas e nos feitos. Sinala que é marxista e un humanista antropolóxico que se preocupa dunha forma existencialista polo individuo e que admite ser un espírito libre, atento á sociedade dende un punto de vista social. Conta que está descontento cun mundo que cre que debería mudar e concentrarse máis nos grupos humanos e non se deixa levar por adulacións.

Picallo Fuentes, Héitor, "Anxos Sumai e o paraíso das cousas miúdas", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 19 outubro 2008, p. 32.

Fala de Anxos Sumai e da súa escrita. Di que no seu libro de artigos de prensa, *Perigosamente normais* (2008), hai un dominio do léxico que se presenta fluído, rico e tradicional, así coma un compromiso co idioma e activismo cultural. Sinala que na súa escrita tanto hai influencias de Álvaro Cunqueiro como de Eduardo Galeano. Di que é unha muller atenta á sociedade, coa que se implica, e ao que acontece e centra a atención nas muidezas, aínda que tamén contempla á xente traballadora, sobre todo ás mulleres ignoradas e humilladas pero fortes e con coraxe.

Picallo Fuentes, Héitor, "Xosé Luis Méndez Ferrín: dende a sinxeleza cotiá", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 16 novembro 2008, p. 32.

Analiza a situación política no ano 1931, cando se instaura a Segunda República en España, na que foron deputados Manuel Fernández Rodríguez, Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Suárez Picallo e Ramón Otero Pedrayo. Tamén di que Basilio Álvarez estivo implicado en política e levou a cabo un importante labor sindical e de concienciación agraria.

Piñeiro, Antonio, "Un libro en La Habana", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 19 febreiro 2008, p. 22.

Comenta que parte da historia contemporánea de Galicia e os seus símbolos se poden atopar na cidade da Habana, a onde se desprazaron unhas duascentas persoas para festexar a Feira do Libro. Afirma que non quere facer referencia ás críticas sobre a expedición mais pregúntase se o traballo feito anos atrás por moitos galegos ten un resultado positivo na actualidade.

Piñeiro, Xosé Manuel, "Tres libros e dous blogs", *La Región*, p. 26/"Tres libros e dous blogs", *Atlántico Diario*, "Opinión", 25 abril 2008, p. 3.

Con motivo da celebración do día do libro, recomenda *As palabras da néboa* (2007), de Francisco Castro, entre outros libros que está a ler. Loa a súa figura literaria, ademais de lle agradecer a defensa que lle proporcionou dende o seu blog, "A Canción do Náufrago", "á súa persoa desde o eido profesional e de compromiso coa terra". Remátase estendendo as súas simpatías a Marcos Valcárcel e recomendando ademias o seu blog "As uvas na solaina".

Ponte, José Manuel, "Las tonterías de Steiner", *La Opinión*, "Página dos", "Inventario de perplejidades", 26 agosto 2008, p. 2.

Comenta que non comprende que un intelectual tan erudito e intelixente coma George Steiner, defensor das linguas minoritarias, dixera que non entendía como o galego era obrigatorio na universidade, e que ante a réplica do seu entrevistador na que di que en Cataluña son obrigatorios castelán e catalán, asegurara que non se pode comparar porque este último é un idioma importante cunha cultura impresionante. Remata sinalando que a xente intelixente tamén di tonterías.

Pozo Garza, Luz, "Le Clézio e Eduardo Moreiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 284, "Letras en galego", 18 outubro 2008, p. 3.

Fai fincapé na figura de Eduardo Moreiras por achegarse ás literaturas europeas moito antes que outros escritores galegos. Así apunta que xa en 1955 traducira *Dez poemas*, de Paul Éliard na editorial Laurel de Bos Aires e que traballou con obras de André Gide e Hemingway. Indica que no mesmo ano traduciu un poemario da italiana Elena Bono chamado *Xardin dos cabaleiros de Malta*, editado tamén en Bos Aires, así como traballos de J. Amado e de Guimarães Rosa no Brasil. Por outra banda, salienta que no seu libro *Follas de vagar* (1972), Moreiras dá conta de autores pouco frecuentes neses tempos. A continuación, céntrase na súa paixón por Le Clézio, recente premio Nobel, o que dá mostra da intuición deste escritor galego. Para rematar recolle as súas palabras sobre Le Clézio no artigo "Os viaxes de Naja Naja", publicado na *Revista Nordés* en 1980.

Raña, Román, "Luz de Ramiro", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 204, "Poesía", 25 outubro 2008, p. 3.

Fala de Ramiro Fonte, daquela recén falecido. Di que era un poeta que adoraba a Baudelaire e Rosalía de Castro e, ultimamente, tamén a Ramón Cabanillas. Cre que a súa produción constitúe un fito na historia das nosas letras, que sempre tivo certa obsesión polo tema da perda da inocencia nos seus poemas e que sentía asombro polos anos que se van. Comenta que nas súas composicións había musicalidade, mediante imaxes e tropos, e melancolía polo que se amou e perdeu, que pode rematar sendo ironía, como ocorre n'*O cazador de libros* (1997). Sinala que na súa poesía hai saudade e unha raíz mística e que na súa novela *Os meus ollos* (2003) revive a súa infancia en Pontedeume.

Regueira, Mario, "Por unha literatura maronda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 outubro 2008, p. 34.

Inténtase estabelecer unha relación entre o pensamento do movemento *queer* e a situación histórica da literatura galega. Explícase que a cultura *queer* se move nas marxes, que reivindica as súas rarezas con respecto ao que se considera normal socialmente, que parte da base de considerarse a si mesma disonante e que non encaixa en ningunha categorización. Sinala que intentando relacionar este tema coa historia da literatura galega cabe comezar polas xeracións de grupos literarios que se suceden a un ritmo vertixinoso. Apúntase que a cultura *queer* revélase contra o poder normalizador que a despreza e a reprime, e exactamente o mesmo pasou coa literatura galega. Afírmase que a historia da literatura galega se desenvolveu, e se desenvolve na actualidade, contra as tendencias definidas politicamente polo poder central, empezando por facer uso dunha lingua distinta da promocionada polo Estado e pola tendencia a diferenciarse do que se estaba a facer na literatura española. Considera que o recoñecemento a nivel estatal dunha literatura en galego encerra o concepto dunha literatura de primeira e de segunda. Conclúese que a relación de poder e a subalternidade foi a que fixo a literatura galega tal e como é e que foi esa necesidade de diferenciación a que a lle fixo ser unha das literaturas máis orixinais de Europa.

Reixa, Antón, "A oratoria de Castelao", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Psicofonías", 11 abril 2008, p. 11.

Dá conta da capacidade oratoria e da pedagoxía política de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, da que é testemuño o discurso pronunciado en 1936 na vila de Lira arredor da reforma agraria, incluída no programa do Partido Galeguista. Finaliza coa nostalxia dos vellos galeguistas, gañadores da República, que, a diferenza das campañas dos políticos actuais, presentaban cultura e intelixencia política.

Requeixo, Armando, "Para salvar a desmemoria", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Cultura", "Libros de fondo", 15-21 maio 2008, p. 36.

Explícase que dende a columna quincenal que arrinca vaise facer eco da revisitación do pasado literario das décadas dos oitenta, noventa e dous mil para evitar o esquecemento, estendido na actualidade nas culturas occidentais. Remátase apuntando que dende a súa perspectiva de crítico literario galego vai tentar crear unha relación de "Libros de fondo" para "(re)descubrir".

Requeixo, Armando, "Actualidad Valente", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 5.

Mostra como, pese á morte de José Ángel Valente hai case oito anos, a figura deste escritor ourensán segue máis viva que nunca. Para argumentalo, cita as obras que foron publicadas sobre a figura deste poeta en lingua castelá do século XX, pero que tamén foi un interesante, aínda que "exiguo", creador en lingua galega. Nomea, polo tanto, obras que compoñen a colección que aparecería dende a cátedra que leva o seu nome, tales como *Valente: texto e contexto* (2007), de Antonio Gamoneda; e o volume colectivo *Referentes europeos en la obra de Valente* (2007), de Manuel Fernández Rodríguez, David Conte Imbert, Jonathan Mayhex, María Lopo e Rosa Marta Gómez Pato. Explica que cada un destes pon en relación a obra de Valente con autores como Beckett ou mesmo coa filosofía heideggeriana, entre outros. Sinala que Galaxia Gutemberg-Círculo de Lectores prepara dende 2006 a edición das súas obras completas e que o primeiro volume é responsabilidade do canario Andrés Sánchez Robayna (*Obras completas, I. Poesía y prosa*), e o segundo do lugués Claudio Rodríguez Fer. Engade que na Catédra Valente tamén ten publicado *En el espacio de la mediación: Valente y el discurso místico*, pola hispanista marroquí Fatiha Benlabbah. Anuncia que Juan Goytisolo, ao igual que Sur Jorge Machín-Lucas, publicarán cadansúa monografía. Indícanse tamén tradutores da obra de Valente a idiomas como o francés (Jacques Ancet, *Fragments brisés* no 2007) e ao italiano (Miguel Ángel Cuevas, *Il fulgore* no 2005). Sinala que os seus poemas de Alén (2007) foron editados en París e traducidos ao castelán por César Antonio Molina. Por último, recomenda un documental de David del Águila, *El lugar del poeta*, unha "suxestiva" aproximación á biografía de Valente.

Requeixo, Armando, "Luces no tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Literatura e Sociedade", 19 xuño 2008, p II/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, "Letras galegas", 28 xuño 2008, p. 10.

Refírese ao "lento" proceso de recuperación do patrimonio literario histórico galego debido á tendencia que existe a pensar "equivocadamente" que xa fica todo dito respecto dos clásicos e, en xeral, dos autores doutras épocas. Para argumentar isto, comenta que hai aspectos dos clásicos galegos, como Rosalía de Castro, que aínda foron revisitados hai "pouco" tempo. Posteriormente, cita a editoriais como Galaxia, Xerais e Alvarellos, ao Centro Ramón Piñeiro e a Colección "Libros da Frouma" da Librería Follas Novas como os que máis destacan na recuperación do pasado literario galego e procede á enumeración dalgúns dos traballos levados a cabo polas citadas entidades.

Rielo, Pedro, "O poeta dos silencios", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 4 abril 2008, p. 4.

Tras cincuenta anos do pasamento de Luís Pimentel, coméntase a vixencia da poesía deste, dende *Triscos* (1958) até *Sombra do aire na herba* (1959), pola sinceridade, a sensibilidade e o afastamento dos estereotipos literarios.

Rielo, Pedro, "Un poeta de elegantes melancolías", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 17 outubro 2008, p. 4.

Lembra ao poeta Ramiro Fonte, recén falecido nese momento, e a súa obra. Di que era un poeta viaxado, de múltiples lecturas, pero que tiña sempre os ollos postos na súa patria sentimental, así sempre había nos seus poemas lembranzas, sensacións e facianas recoñecíbeis.

Ríos, Xulio, "O soft power de Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Opinón&Análisis", 25 febreiro 2008, p. 14.

Asegura que a presenza de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana é un grande acerto para a universalización do país e considera que non debería haber acusacións con respecto a esta viaxe.

Rivas, Manuel, "A dor de Galicia, a dor de España", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 25 xaneiro 2008, p. 12.

Fala sobre a situación actual de Galicia e algúns dos problemas que está a sufrir. Ao falar deste tema lembra a figura de Uxío Novoneyra e o seu encontro nun recital de poesía celebrado con motivo do Día das Letras Galegas na Residencia Sanitaria da Coruña. Dá conta dos poemas que recitou e comenta que Novoneyra lle preguntou se a el lle doía Galicia ao que Rivas respondeu que "a min dóeme todo".

Rivas, Manuel, "Otero Pedrayo, Marx e a caza do raposo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Botella ao mar", 15 febreiro 2008, p. 12.

Trata diferentes temas neste artigo e, entre eles, fai referencia á exposición que a Fundación Caixa Galicia abriu na Coruña cos cadros de Urbano Lugrís. Comenta que nestas obras se pode observar a natureza e salienta a cartografía na que aparece a lagoa de Antela, desaparecida durante o franquismo. Afirma que Ramón Otero Pedrayo denunciou esa catástrofe ecolóxica e, de seguido, pasa a falar sobre a figura deste escritor.

Rivas, Manuel, "Cuba, Galicia e o complexo de Procrustes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 22 febreiro 2008, p. 12.

Comenta a súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana e salienta o papel de Galicia como "cultura invitada este ano". Comeza o artigo comparando o complexo de Procrustes co eido informativo actual e indica que este evento para Galicia supuxo unha proxección exterior como cultura independente. Afirma que foi unha cita obrigada para todo escritor demócrata e critica a aqueles que consideran a viaxe á Habana como unha "excursión inútil", cando realmente debería ser un motivo de orgullo.

Rivas, Manuel, "A novela de 'Contra a novela' ", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 agosto 2008, p. 28.

Di que quere responder ao texto "Contra a novela" de Carlos Lema, publicado pola "*Revista das Letras*", para defender a súa novela *Os libros arden mal* (2006) á que se fai referencia no citado texto. Comenta que "Contra a novela" ten mérito porque pode lerse coma unha novela curta xa que ten como protagonistas a textos, escritores e pensadores críticos e que o asunto sería a supervivencia da personaxe chamada Novela. Sinala que non está de acordo coa análise que fai d'*Os libros arden mal* porque, segundo a súa opinión, tiña unha teoría previa que non deixou que a novela real a estragase.

Rivas, Manuel, "Dixo o corvo: Nunca Máis", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 7 novembro 2008, p. 10.

Comenta que en 2009 celébrase o bicentenario do nacemento de Edgar Allan Poe e que o farán co lema *Quoth the Raven: Nevermore* (Dixo o corvo: Nunca Máis). Di que "The Raven" ("O corvo") é un dos poemas máis universais de Poe porque é envolvente, cativador e opresivo, como a "Negra sombra", de Rosalía de Castro. Comenta que na universidade John Hopkins, de Baltimore, se estaba a desenvolver o curso "Unha ollada galega á España contemporánea" e que os alumnos non só coñecen ao corvo Nevermore de Poe, senón tamén aos "feros corvos do Xallas", de Eduardo Pondal, que Jonathan Dunne traduciu ao inglés. Sinala que o seu interese por este animal comezou xa de neno cando soubo que Noé ceibou un corvo e unha pomba para saber cando descendían as augas, a pomba regresou pero do corvo non se soubo nada. Así, cre que o voar do corvo de Noé é o xeito de voar a literatura: o corvo foi á descuberta, penetrou nas zonas de misterio, pero fíxoo con ironía.

Rivas Troitiño, Xosé M., "Galego na escola e na vida", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta de palla", 22 febreiro 2008, p. 5.

Refire que o galego e o castelán son os dous idiomas principais nos que se están a formar os nenos e nenas da ensinanza galega e asegura que se debe coidar que non morra a nosa lingua. Así mesmo, tamén afirma que se trata da lingua de grandes escritores como Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Rivas Troitiño, Xosé M., "Laxe, un poeta de verdade", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta de palla", 11 xullo 2008, p. 5.

Comenta que descobriu un poeta de calidade chamado Xosé Antón Laxe, do que leu os sonetos do seu poemario *Quen beillaría iso?* (2007). Sinala que o título o toma dun texto d'*Un hombre que se parecía a Orestes* (1969), de Álvaro Cunqueiro. De aí, di que nos sonetos se perciba a sensibilidade, a tenrura, a delicadeza e a atención aos detalles cunqueiranos; aínda que tamén atende aos amores, ao contorno e hai unha parte na que tamén se percibe rabia e protesta, que non teñen que ver con Cunqueiro. Conta que é gaiteiro polo que se percibe musicalidade nos sonetos.

Rodríguez, C., "Nomes propios do xornalismo de opinión", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 1.712, "Arquipélago", 3 febreiro 2008, p. 8.

Fai referencia á publicación, por parte da Editorial Galaxia, de dous libros dedicados ao xornalismo de opinión. Comenta que o xénero xornalístico sufriu unha gran transformación dende o seu nacemento no século XIX e afirma que con estas obras se realizase un repaso pola historia deste tipo de discurso a través dos seus autores. Dise que o primeiro volume é *Xornalistas con opinión. 20 biografías* (2007)e que o segundo se titula *Escolma de textos* (2007). Indica que os libros pertencen á colección "Ensaio-Comunicación" e están editados por Rosa Aneiros, Xosé López, Marta Pérez e Víctor F. Freixanes.

Rodríguez, Carlos, "Literatura impropia", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 16 xuño 2008, p. 2.

Dá conta da existencia dunha literatura galega en castelán, que existe, en parte, polo escaso éxito da política lingüística, e da consideración do castelán como lingua materna implicaría o emprego da impropia.

Rodríguez, Carlos Luis, "Poeta sin pedestal", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 13 outubro 2008, p. 2.

Dedica unhas palabras de agarimo e loanza ao entón recén falecido poeta Ramiro Fonte. Del di que era un poeta profesional e que a súa poesía é un compendio do que somos e do que é Galicia. Tamén lembra a outros escritores coma Carlos Casares ou Ramón Piñeiro, xa que os tres gañaron grandes batallas a prol do idioma galego.

Rodríguez, Carlos Luis, "Lenguas y lenguos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 26 novembro 2008, p. 2.

Comenta unha nova teoría na que se di que o castelán sería machista e os seus usuarios máis propensos a maltratar a muller, polo que opina que as galegas terían a opresión doméstica dos abusadores e a social do idioma. Sinala que, entón, o castelán non se adapta á feminidade, como di Rosalía de Castro, que sería presionada por Manuel Murguía para escribir en castelán *En las orillas del Sar*. Cre que quen desexa a expansión do galego mira cara á Academia, ao Consello da Cultura, etc. Para rematar afirma que parece que o idioma ten sexo, hai lenguas e lenguos, polo que Manuel Curros daba no cravo cando dicía "Falade meniñas, falade galego".

Rodríguez, Francisco, "Efemérides 2008", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "En profundidade", 14 novembro 2008, p. 4.

Fala das tres efemérides que, segundo o seu criterio, teñen especial significado en 2008: o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez na Habana e do traslado dos seus restos mortais a A Coruña (1908), o noventa aniversario do Manifesto da Asamblea

Nacionalista de Lugo ao pobo galego (1918) e o centenario do nacemento de Jenaro Marinhas del Valle (1908). Sinala que son acontecementos distintos, pero que teñen unha conexión de fondo: a toma de conciencia de Galiza como nación. Comenta que Curros se consideraba discípulo de Rosalía de Castro e a ela dedicou dous poemas "A Rosalía" (1891) e "Na tumba de Rosalía" (1904). Di que Jenaro Marinhas del Valle se formou baixo o maxisterio de homes coma Daniel Rodríguez Castelao, Héctor Suárez Picallo e Ricardo Carvalho Calero.

Rodríguez, Rosa, "O setenta aniversario de Ferrín", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 704, "O personaxe", 13 abril 2008, contracuberta.

Co gallo do setenta aniversario de Xosé Luís Méndez Ferrín, presenta unha biografía, na que, ademais de indicar a licenciatura en Filoloxía Románica, cursada en Madrid, pon de relevo o compromiso galeguista e político contra as Ditaduras de Primo de Rivera e franquista, motivo este último que o levou a ser procesado tres veces, ocupan un lugar relevante. Na actualidade exerce como profesor de literatura no Instituto de Santa Irene en Vigo. Conclúe dando conta da constitución por parte dun grupo de amigos dunha comisión para realizar un libro homenaxe.

Rodríguez Caamaño, Agustín, "Fontenla Leal e a Real Academia Galega", *La Opinión*, "Opinión", 18 xullo 2008, p. 31.

Coméntase que nos máis de cen anos de vida da Real Academia Galega, pasou por serias carencias económicas, presións políticas e toda clase de dificultades para desenvolver o seu labor cultural, pero que houbo homes e mulleres que loitaron e achegaron cartos para erguer o nivel económico e cultural desta institución. Sinálase que unha destas persoas foi Xosé Fontenla Leal (Ferrol, 1865-A Habana, 1919), un home clave nos primeiros anos do século XX, xa que xunto con Manuel Curros Enríquez se dedicou á constitución dunha asociación iniciadora e protectora da Academia Galega en 1905, colaborou na creación do Himno Galego e en 1886 fundou en Cuba a *Revista de Galicia*. Por último, refírese á homenaxe no teatro Jofre de Ferrol por parte do Concello, a Real Academia Galega e o seu pobo. Considérase que existe un gran número de persoas que son merecedoras tamén de ser recordadas polo seu labor e o seu esforzo a prol da cultura galega, pois na historia da literatura galega atópanse autores como José Pascual López Cotón, quen costeou os Xogos Florais da Coruña de 1861 e a edición do *Album de la caridad*, Fermín Penzol, Agustín Sixto Seco ou Manuel Puente; entre moitos outros.

Rozados, Lara, "A pegada xornalística de Curros 100 anos despois da súa morte", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Cultura", 6-12 marzo 2008, p. 31.

Fai referencia aos actos que se levarán a cabo con motivo da conmemoración do centenario de Manuel Curros Enríquez. Lévase a cabo un breve percorrido pola súa traxectoria vital e bibliográfica, para a cal se citan poemas como "A Virxe do Cristal", "Unha boda en Einibó", "O Gaiteiro de Penalta" ou "N'a morte de miña nay", e libros como *Aires da miña terra* (1880) e *O divino sainete* (1888). Faise referencia a xornais nos que colaborou como *El País* ou *El Progreso*, así como a fundación en Cuba de *La*

Tierra Gallega. Preténdese destacar tamén de Curros a figura fundamental que foi para a dinamización cultural e social, e non só a "figura senlleira" do Rexurdimento literario. Ademais da descrición dos actos que se levarán a cabo o día da conmemoración, cítase a *Guía literaria de Celanova* (2007), editada pola Fundación Curros Enríquez baixo a coordinación de Antonio Piñeiro e Paula Conde Lengua e con limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Ruibal, Arturo, "Frente al mar", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", "Álbum", "Perfil", 6 xaneiro 2008, p. 15.

Fala sobre o escritor pontevedrés Alberto Fortes e comenta como lle naceu o interese pola literatura. Afirma que ía ser mariñeiro mais un día empezou a contar as súas historias. De seguido, dá conta de varias obras como *Tristemil* (2004), *Memorias de Ravachol* ou *O corsario*(2005), das que comenta o máis salientábel.

Salgado, D. e Óscar **Iglesias**, "A lingua atopada", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 febreiro 2008, pp. 8-9.

Achega as diferentes opinións de escritores estranxeiros e o por qué da súa decisión de escribir as súas obras literarias en lingua galega. Os autores seleccionados dos que se fala son Erín Moure, de Canadá; Justo González Beramendi, de Madrid; Marilar Aleixandre, de Madrid; Carlos Álvarez-Ossorio, de Sevilla; James Salter, de Glasgow; e Craig Patterson, de Gloucester.

Sampedro, Pilar, "Fabeiro na memoria", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Tribuna libre", 13 outubro 2008, p. 23.

Lembra a figura de Manuel Fabeiro. Comenta que publicou algúns traballos de investigación coma *Páxinas históricas de Noia*, *Páxinas históricas de Muros* e algúns artigos coma "Poesía allea verquida ao galego", "A feligresía de Santa María do Obre en Muros, vila mariñeira" e "Sobre Antonio Avilés Vinagre". Sinala que foi un poeta da xeración da guerra e publicou os poemarios *Follas dun arbre senlleiro* (1951) e *Cachemare da saudade* (1953), pero que tamén foi tradutor e crítico e que recolleu o "Cancioneiro de Muros", que se publicou nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* (1958).

Sánchez Agustino, José Luis, "Cambados, fanal poético de la Ría arousana (y II)", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 17 agosto 2008, p. 28.

Comenta que o poeta arousán Ramón Cabanillas sempre enxalzou, ao servizo do galeguismo, a terra que o viu nacer: Cambados. Así, di que publicou os poemarios *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915) na Habana, onde tamén trataría a personaxes coma Xosé Fontela, Basilio Álvarez e Vicente Risco. Sinala que, de volta a Galiza, publicou as obras de teatro *A man da santiña* (1921) e *O Mariscal* (1926) e os poemarios *Da terra asoballada* (1917), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927), *Antífona da cantiga* (1951), *Da miña zanfona* (1954) e *Samos* (1958). Lembra que outros escritores contemporáneos seus son os arousáns Ramón del Valle Inclán,

Victoriano García Martí, os irmáns Camba e Daniel Rodríguez Castelao; pero tamén Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Noriega Varela, Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro que formaron unha etapa considerada fundamental no pasado de Galicia.

Sánchez Dalama, Manuel, "El libro gallego que no viajó a La Habana", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 22 febreiro 2008, p. 19.

Critica a situación en que viven os cubanos en relación á liberdade de expresión e comenta que eles non poden expor os seus libros na Feira Internacional da Habana, tal como fan os escritores galegos. Tamén fala sobre as opinións confrontadas da viaxe da cultura galega a Cuba.

Senén, Felipe, "O onte, hoxe e sempre de Xaime Quessada", *La Opinión*, "O labirinto do alquimista", 6 xaneiro 2008, p. 28.

Céntrase en analizar a figura de Xaime Quessada tras a noticia do seu pasamento. Refire a súa traxectoria vital e dá conta dalgúns cadros e exposicións que realizou. Así mesmo, comenta as relacións que mantivo con outros artistas e nomea a Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor.

Senén, Felipe, "Esoutra Compostela", *La Opinión*, "O labirinto do alquimista", 27 xaneiro 2008, p. 31.

Faise unha gabanza da cidade de Santiago de Compostela como síntese de Galicia comezando pola referencia aos escritores e escritoras que nela se inspiraron ou que a fixeron personaxes das súas obras literarias. A seguir, tamén se fai un percorrido arquitectónico e sociolóxico lembrando rúas, clases sociais ou persoeiros que forman ou formaron parte dela.

Senín, Xavier, "Libraría de poesía", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 3 novembro 2008, p. 4.

Comenta que descubriu unha libraría en Valencia dedicada exclusivamente á poesía, a cal tiña representación das distintas linguas peninsulares. Conta que alí atopou un poemario de Miguel Anxo Fernán Vello, *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro, en versión bilingüe e un poemario de Ramiro Fonte; pero cando regresou uns meses despois o local xa estaba pechado.

Seoane, Lucía, "Con *Grial*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Libros", 3 xullo 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, "Letras galegas", 12 xullo 2008, p. 11.

Alude á chegada ás librerías da entrega número 177 da veterana revista cultural, que neste caso ten como tema a educación na sociedade contemporánea. Di que o profesor Xan Bouzada deseñou as liñas mestras da publicación, que leva por título, precisamente,

“Desafíos da educación”. Apunta que neste número se inclúen ademais achegas sobre outros temas vinculados á cultura. Entre elas destaca a análise de Henrique Monteagudo sobre a figura de Ramón Piñeiro, baixo o título de “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)”.

Sotelo Blanco, “Na morte de Quessada”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 xaneiro 2008, p. 25.

Refire o recente falecemento do artista Xaime Quessada e dá conta do trato que mantivo con el. Comenta que na súa editorial publicou tres obras de Quessada (*Lucenza*, *El Olvido* e *Cuentos crueles*) e tamén o seu libro *Conversas con Xaime Quessada*(1992), que recolle máis de quince anos de conversas. A continuación, fala sobre as obras e comenta algunhas exposicións. Por último, fai referencia ao grupo O’Volter constituído por Quessada, Acisclo Manzano e Manolo Buciños, que tiveron relacións especiais con outros escritores e artistas da época, como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Eduardo Blanco Amor, entre outros.

Tarrío Varela, Anxo, “Galicia for ever”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “De letras e de signos”, 24 xaneiro 2008, p. 4.

Fai referencia ao primeiro mapa topográfico de Galicia que foi impreso en 1834, elaborado por Domingo Fontán e coñecido como a Carta Xeométrica de Galicia. Comenta que hai dous escritores galegos que fixeron referencias a el: Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro. En relación a Otero Pedrayo achega o fragmento da novela *Arredor de sí*, onde aparece a referencia ao mapa, e sobre Cunqueiro, refire as palabras do escritor cando viu o mapa pendurado das paredes do instituto de Lugo ao que ía estudar.

Tarrío Varela, Anxo, “A Mariñeira”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “De letras e de signos”, 21 maio 2008, contracuberta.

Coméntase o argumento da película *A Mariñeira*, baseada no relato de Darío Xohán Cabana, “A Mariñeira de Quilmas”, e indica que a historia está moi ben artellada. Pregúntase se o autor se baseou nunha historia real ou foi produto da súa imaxinación e salienta a figura da muller que como tantas outras na historia loitaron polos seus dereitos. Cita a María Balteira, Pepa a Loba ou María Pita e indica que tanto o relato de Cabana como outros son unha homenaxe a todas as mulleres ás que nunca lles foi recoñecido o seu sacrificio.

Tarrío Varela, Anxo, “‘La Señora’ e posibilidades galegas”, *Galicia Hoxe*, “A Contra”, “De letras e de signos”, 28 maio 2008, contracuberta.

Sinálase que na televisión galega faltan series inspiradas en obras literarias como *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, ou *Maxina ou a filla espúrea* (1970), de Marcial Valladares, para obter produtos como “La Señora” emitida pola Televisión Española da cal se destaca a súa calidade. Dise que deste xeito se achegaría a literatura

galega á xente que doutro xeito non a consome por ser só consumidores de televisión e non de obras de lectura.

Tarrío Varela, Anxo, "O caso Steiner", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 3 setembro 2008, contracuberta.

Opina que a actitude de Juan Cruz é equivocada na entrevista que lle fai a George Steiner, o cal dicía unhas palabras desafortunadas acerta da literatura e a lingua galegas. Cre que a súa misión era tirarlle ao entrevistado declaracións sobre a súa actividade e que debería facer unha criba, xa que era unha entrevista informal. Pensa que foi el o responsábel porque, ante a ignorancia do filósofo alemán sobre a cultura galega, non lle explicou que en ningunha universidade é obrigatorio o uso do galego e non lle falou da existencia milenaria da lingua galega. No seu canto, segundo o seu criterio, botou máis leña ao lume falando da convivencia "obrigada" do catalán e castelán en Cataluña.

Tarrío Varela, Anxo, "Manuel Rivas en francés", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 17 setembro 2008, contracuberta.

Comenta que un amigo seu lle dixo que fixera "apropiación indebida" de Emilia Pardo Bazán ao deixar entrever nunha entrevista que a Condesa pertencía ao sistema literario galego porque incentivou a creación de institucións coma unha Academia Gallega e unha Sociedad del folclore gallego, ademais da súa análise da literatura escrita en lingua vernácula e de ser presidenta honoraria da Real Academia Galega. Di que non sabe se cre o mesmo o seu amigo ao ler unha bibliografía española na que se agochan as versións orixinais en galego de autores coma Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor; así, opina que o lector cre que *Merlín y familia*, *Si el viejo Sinbad volviese a las islas* ou *La parranda* foron redactadas orixinariamente en castelán. Conta que o mesmo pasa con Manuel Rivas xa que as súas obras se traducen ao francés dende o castelán, non dende a súa lingua orixinal: o galego.

Tarrío Varela, Anxo, "O neno do pixama a raias", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 1 outubro 2008, contracuberta.

Refírese ao filme *O neno do pixama de raias* (2007), de Mark Herman, escrita polo irlandés John Boyne en 1971. Deixando baseado na obra à marxe da análise os aspectos máis técnicos do filme, céntrase na narrativa da historia precisando que a película conta a historia de dous nenos, Bruno e Shmuel, con vidas ben distintas. Detalla que Bruno é fillo dun comandante responsábel do exterminio nazi e Shmuel, un neno xudeu pechado nese campo; estes nenos teñen contacto a través da barreira que encerra a Shmuel. Considera que a temática do filme conta coa predisposición do público a emocionarse e conmoverse, por moi explotado que estea o tema. Por isto mesmo destaca que se trata dunha obra posta ao servizo do conmovedor final, cuns personaxes excesivamente estereotipados, no caso dos militares, e sobreactuados, no caso dos xudeus.

Tarrío Varela, Anxo, "De pedra e de palabra", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 29 outubro 2008, contracuberta.

Conta que se estaba a celebrar en Compostela, organizado polo PEN Galicia, o II Bienal Internacional titulado "De pedra e de palabra", dedicado ás literaturas de Asia e África. Di que o presidente do PEN Galicia, Luís González Tosar, conseguiu reunir escritores dos máis afastados países, entre os que destacan Gao Xingjian, premio Nobel de literatura de 2000, que se prestou a que a súa obra sexa traducida ao galego, e Justo Bolekia, de Guinea Ecuatoriana, que animou aos autores africanos a empregar as súas linguas propias.

Tarrío Varela, Anxo, "De pedra e de palabra", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 29 outubro 2008, contracuberta.

Conta que se estaba a celebrar en Compostela, organizado polo PEN Galicia, o II Bienal Internacional titulado "De pedra e de palabra", dedicado ás literaturas de Asia e África. Di que o presidente do PEN Galicia, Luís González Tosar, conseguiu reunir escritores dos máis afastados países, entre os que destacan Gao Xingjian, premio Nobel de literatura de 2000, que se prestou a que a súa obra sexa traducida ao galego, e Justo Bolekia, de Guinea Ecuatoriana, que animou aos autores africanos a empregar as súas linguas propias.

Tato, Laura, "Espazo libre nos escenarios", *Xornal de Galicia*, "*Caderno de lanzamento*", "Teatro", decembro 2008, p. 81.

Co gallo da celebración do seu cuarto de século, fala do nacemento do Centro Dramático Galego (CDG) en 1984 e da evolución da súa traxectoria a través destes vinte e cinco anos. Di que o nacemento do CDG supuxo un cambio xa que ía levar aos teatros a un público burgués que nunca asistira a representacións galegas. Conta que as primeiras montaxes foron *Woyzeck*, de Georg Büchner, dirixida por Xulio Lago e *Agasallo de sombras*, por Roberto Vidal Bolaño. Comenta que entre 1991 e 1996 o CDG non subiu aos escenarios ningunha obra dun dramaturgo galego en activo, só clásicos coma Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, etc., pero que xa en 1997 estreou un texto de Xavier Lama. Sinala que en 1998 presentou como programación catro obras escritas en español e que despois renunciou á lingua galega, pero como houbo unha gran manifestación, na tempada seguinte estrearon pezas de Raúl Dans, Daniel Cortezón e recuperaron as de Roberto Vidal Bolaño. Para rematar, indica que actualmente aspira a ser o grande referente da creación dramática galega apostando pola diversidade de repertorios.

Toro, Suso de, "Temos que morrer", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Análise", 11 xaneiro 2008, p. 9.

Fai referencia á polémica sobre o feito de que moitos estudosos galegos critiquen a literatura galega dos últimos corenta anos, catalogándoa de baixa calidade. Considera que durante estes anos se publicou o noventa por cento da produción e afirma que entre todos eses libros hai moitos considerados como boa literatura. Afirma que autores estranxeiros fan unha boa valoración das galegas letras e critica que se consideren mellores as obras escritas noutros idiomas. De seguido, comenta que grandes escritores

galegos tamén tiveron éxito nas letras castelás como Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro ou Vicente Risco e asegura que resulta irónico que no seu momento estes escritores non foran considerados como bos e agora, xa mortos, se poñan como exemplo da "gran literatura galega". Por último, opina sobre a actitude do lectorado.

Toro, Suso de, "Untados, abrasados e mariñeiros", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Botella ao mar", 15 febreiro 2008, p. 12.

Entre outros temas Suso Toro fai referencia ao himno galego e fala da creación literaria.

Toro, Suso de, "Steiner y nosotros", *El País*, "Opinión", 22 setembro 2008, pp. 33-34.

Manifféstase acerca das palabras de George Steiner sobre a lingua e a literatura galegas. Cre que a ignorancia do filósofo alemán débese a que alguén lle mentiu dicíndolle que había unha universidade onde o galego era a lingua obrigatoria e a que el non sabe que o galego é a lingua nai do portugués e ao descoñecemento da súa tradición escrita, por exemplo da literatura medieval ou de figuras coma Rosalía de Castro.

Toro, Suso de, "Anxo Rei Ballesteros, escritor gallego", *El País*, "Obituarios", 3 novembro 2008, p. 54.

Fai un pequeno resumo da vida do escritor Anxo Rei Ballesteros, recén falecido naquel momento. Dos seus libros destaca as novelas *Dos anxos e dos mortos* (1977), *Loaira* (1992) e *Non sei cando nos veremos* (2005), a obra de teatro *Xogo de damas* e o ensaio *Tempo e vinganza* (2003). Sinala que tamén traduciu ao galego *La Voix Humaine*, de Cocteau e *Molloy*, de Becket.

Torres, Carlos, "El laberinto de Cunqueiro", *El Progreso*, "Losunoslosotros", 14 enero 2008, contracuberta.

Comenta que un dos investigadores que máis ten estudado a obra xornalística de Álvaro Cunqueiro é César Antonio Molina e afirma que a maioría dos libros que recollen eses artigos foron publicados pola editorial Tusquets. De seguido, informa que a editorial Nigratea acaba de sacar do prelo un novo libro, *El laberinto habitado* (2007), obra de Cunqueiro e editado por María García Liñeira quen recolle neste volume os artigos que o escritor publicou na revista barcelonesa *Destino*.

Trigo, Xosé Manuel G., "O mes das Marías", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Á beira do Sar", 1 outubro 2008, p. 35.

Critica a Javier Marías, o cal xustificou as rancias declaracións que George Steiner fixo sobre a literatura galega facendo unha loanza da subxectividade, a cal lexitima as necedades que dixo o intelectual alemán. Cre que o que revela esta defensa de Steiner é unha devoción polas literaturas únicas.

Valcárcel, Marcos, "Poetas en Lugo", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 4 xaneiro 2008, p. 65.

Refírese a dous libros de Darío Xohán Cabana, editados polo Concello de Lugo no ano 2007: *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo* e *Poetas en Lugo*. Comenta que o primeiro é unha crónica sobre a estrea da obra de Álvaro Cunqueiro en Lugo e que o segundo libro recolle as voces poéticas que cantaron á cidade dende a Idade Media até á actualidade.

Valcárcel, Marcos, "Balance dos anos 80", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 690, "Cen anos de historia cultural", 6 xaneiro 2008, p. 6.

Faise un repaso polas novidades que trouxeron consigo os anos oitenta co Estatuto de Autonomía xa en marcha. Así, procédese á citación de novas institucións culturais, como o Consello da Cultura Galega, a Radio-Televisión Galegas ou o Centro Dramático Galego, no que respecta ao teatro. Saliéntase o importante papel precursor que tivo no cine o filme *Mamasunción*, de Chano Piñeiro ou o fenómeno Atlántica nas artes plásticas. No relativo á prensa, destácase *Luzes de Galiza*, *Dorna*, *Boletín Galego de Literatura* ou *Mancomún*. Noméase tamén a Biblioteca Básica da Cultura Galega, colecciónes de poesía como "Leiladoura", a fundación dos Premios de Narrativa Blanco Amor, Xerais e Merlín ou a tradución ao galego d'*A Divina Comedia* grazas a Darío Xoán Cabana. Posteriormente, enuméranse autores relevantes dentro da poesía , no ensaio e na investigación.

Valcárcel, Marcos, "Fóra do sagrado", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 11 xaneiro 2008, p. 69.

Alude á presentación que Anxo Angueira fixo do seu libro *Fóra do sagrado* (2007) en Ourense e achega as palabras dun amigo do escritor comentando o libro.

Valcárcel, Marcos, "Otero, xaneiro de 1933", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 12 xaneiro 2008, contracuberta.

Comenta que en xaneiro do ano 1933 Ramón Otero Pedrayo non pronunciou unha conferencia nos salóns de Acción Femenina xa que os estatutos do seu partido lle prohibían acudir a actos da dereita; ademais, sinala que o ouresán sempre foi fiel ás súas ideas.

Valcárcel, Marcos, "Otero Pedrayo (2)", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 13 xaneiro 2008, p. 85/"Otero Pedrayo: ucronía", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 15 xaneiro 2008, contracuberta.

Salienta que Ramón Otero Pedrayo pertenceu aos republicanos e militou no Partido Galeguista. Así mesmo, pregúntase que papel desenvolvería Otero se se houbese aprobado o Estatuto de Autonomía no ano 1936.

Valcárcel, Marcos, "1990: narrativa de xénero", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 691, "Cen anos de historia cultural", 13 xaneiro 2008, p. 4.

Debido a que a narrativa do ano 1990 foi "abondosa en libros, en xéneros e tamén en calidade", procédese á nomear obras publicadas neste ano organizadas segundo o seu xénero: narrativa policíaca, de aventuras, novela negra, erótica, infantil e xuvenil ou poesía. Así, cítanse obras como *Land rover*, de Suso de Toro, ou a edición por parte de Galaxia de *Terra coutada*, novela de Antonio Fernández Pérez que, aínda que escrita en 1950, sería publicada en 1990 con limiar de Ramón Otero Pedrayo. Faise referencia ao nacemento da colección "Clásicos en Galego" publicada pola Xunta e moi importante para a normalización cultural e editorial de Galicia. Por outra banda, indícase que o Consello da Cultura publicou *A Ilíada*, de Homero, cunha tradución galega de Evaristo de Sela, e que apareceu, despois das dúbidas sobre a súa existencia, *Las tinieblas de Occidente*, de Vicente Risco, publicada por Sotelo Blanco cun estudo de Manuel Outeriño. Infórmase finalmente que a revista *Grial*, pola súa parte, dedicou un monográfico (n.º 107) aos problemas da lingua galega.

Valcárcel, Marcos, "Churrianas' de Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 18 xaneiro 2008, contracuberta.

Comenta que acaba de saír un libro, *O mundo do traballo en Galicia*, que dá conta dos diferentes traballos que desempeñaron as mulleres e, entre eles, salienta o oficio de prostituta. Ofrece datos sobre elas e cita a Eduardo Blanco Amor que falaba delas no libro *Xente ao lonxe*.

Valcárcel, Marcos, "1991: de Cunqueiro a Arrainos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 692, "Cen anos de historia cultural", 20 xaneiro 2008, p. 4.

Considérase o ano 1991 como o do apoxeo da narrativa e do ensaio, ademais de ser o ano de Álvaro Cunqueiro, protagonista do Día das Letras Galegas. Cítanse obras publicadas no ano indicado organizadas por xéneros como sería o caso da narrativa erótica, narrativa xuvenil ou a poesía. Fálase tamén de reedicións como *A romaría de Xelmírez*, de Ramón Otero Pedrayo, ou do "polémico" Premio Nadal, polo debate galego/castelán que levaría Alfredo Conte por *Los otros días*. Faise referencia a revistas como *Anima+L*, que saía con artigos sobre Cunqueiro, a novela negra e o grupo de teatro Chevére; á aparición de *Ecos* e á realización dun especial por parte de *Anthropos* sobre Rafael Dieste. Sinálase que *Luzes de Galiza* trataría, pola súa banda, o desastre da paisaxe (o feísmo) e faise eco de traballos no terreo musical e teatral e da creación do Centro Galego de Artes da Imaxe así como o nomeamento de Giuseppe Tavani como doutor Honoris Causa. Tamén se fai referencia á aparición da editorial Espiral Maior.

Valcárcel, Marcos, "Mateo Díez", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 23 xaneiro 2008, p. 69/"Luis Mateo Díez", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 24 xaneiro 2008, contracuberta.

Fai referencia ao poeta Luis Mateo Díez que participou nos Encontros Literarios do Liceo de Ourense. Salienta a faceta deste escritor e comenta que citou a autores galegos que tiveron relevancia na súa formación como Rafael Dieste, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Eduardo Blanco Amor, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro.

Valcárcel, Marcos, "Juan Cruz en Auria", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 23 xaneiro 2008, contracuberta.

Informa que se están a celebrar os XVIII Encontros Literarios do Liceo de Ourense, dirixidos moitos anos por Carlos Casares, e indica que este ano o encargado de inaugurar o evento foi o escritor canario Juan Cruz.

Valcárcel, Marcos, "Brevidade", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 24 xaneiro 2008, p. 69/"Brevidade, poesía, vida", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 25 xaneiro 2008, contracuberta.

Fala sobre os poemas breves das letras galegas e salienta a Uxío Novoneyra de quen achega algúns versos. Tamén compara este tipo de poemas cos haikus orientais.

Valcárcel, Marcos, "Máis sobre poemas breves", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 26 xaneiro 2008, contracuberta.

Refírese ao formato do poema breve que escolleron moitos poetas para expresar os seus sentimentos. Achega os versos de Rosalía de Castro, de Manuel María e de Uxío Novoneyra, tres poetas que considera de gran calidade.

Valcárcel, Marcos, "1992: Voces femininas na lírica", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 693, "Cen anos de historia cultural", 27 xaneiro 2008, p. 5.

Faise un repaso polo ano 1992, considerado un ano de "boa colleita" nos diversos xéneros literarios, dende a poesía ao ensaio. Ademais de nomearse distintas obras publicadas neste ano, sinálase que o Día das Letras Galegas iría dedicado a Fermín Bouza Brey e que a presenza feminina era tamén o centro do libro colectivo, *Palabra de muller* (Xerais), coordinado por Camiño Noia con Celia Ramos no apartado de fotografía. Sinálanse traballos publicados en medios impresos, así como feitos no campo musical, nas artes ou no cine.

Valcárcel, Marcos, "Poemas breves (e 3)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 29 xaneiro 2008, contracuberta.

Segue a falar dos poetas que crearon poemas breves em lingua galega e cita uns versos de Aquilino Iglesia Alvariño. Tamén comenta que Celso Emilio Ferreiro empregou este formato para a sátira e, por último, achega un poema breve de Afonso Pexegueiro.

Valcárcel, Marcos, "O' Rivas", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 31 xaneiro 2008, p. 69/"Manuel Rivas e o seu público", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 1 febreiro 2008, p. 40

Dá conta da clausura dos Encontros Literarios celebrados no Liceo de Ourense e comenta que o último relatorio estivo a cargo de Manuel Rivas quen soubo captar ao público e tamén asinou o seus libros. Destaca que na conferencia leu dous relatos sobre os seus pais.

Valcárcel, Marcos, "Convivencias, Laura Alonso", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 2 febreiro 2008, p. 40.

Comenta que participou en Ourense no acto de conmemoración dos vinte e cinco anos do Parlamento Galego e que no concerto realizado se interpretaron cancións baseadas en poemas de Rosalía de Castro, Vicente Risco, Ramón Cabanillas ou Xosé María Álvarez Blázquez. Tamén indica que Dolores Villarino lembrou a Carlos Casares e Xaime Quessada e refire que se leron poemas de Ramón Pedrayo Otero e Celso Emilio, entre outros.

Valcárcel, Marcos, "1993: O ano de Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 694, "Cen anos de historia cultural", 3 febreiro 2008, p. 4.

Fálase do ano 1993 como o ano de Eduardo Blanco Amor, ao que se lle dedicaría o Día das Letras Galegas e que cobrou protagonismo a través dos actos celebrados e da bibliografía aparecida. Posteriormente, procédese á enumeración e citación das obras aparecidas no eido da narrativa negra, xuvenil, tradución dos clásicos, poesía e ensaio. Ademais das referencias musicais e do nacemento de revistas como *Revista Galega do Ensino* ou do suplemento "*Faro das Letras*", fálase da continuación doutras como sería a clásica *Grial*. No apartado institucional, sinálase a creación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e do Centro Galego da Arte Contemporánea.

Valcárcel, Marcos, "40 anos de Voces Ceibes", *La Región*, "Opinión", 11 febreiro 2008, p. 14.

Dá conta que este ano hai que celebrar os corenta anos do nacemento de Voces Ceibes e da Nova Canción Galega. Lembra un encontro celebrado en 1968 na Facultade de Medicina de Santiago no que participaron diversos escritores. De seguido refire o concerto celebrado en decembro do ano 68 no Cine Capitol de Santiago e dá conta doutros concertos programados. Finalmente, comenta que ese ano tamén saíron do prelo bos textos literarios como o poema de Novoneyra "Vietnam canto", os libros de Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao país dos ananos* (1979)e as *Cantigas de escarnio e maldicir*. Tamén sinala que se publicaron os poemarios de Manuel María, *Proba documental* (1968); de López Casanova, *Retratos para tempos de pouca luz*; de Lois Diéguez, *Canciós para un agromar branco i azul*, e de Alfredo Conde, *Mencer de lúas* (1968).

Valcárcel, Marcos, "Paraninfo", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 61/"Un instituto con historia", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", contracuberta, 12 febreiro 2008

Alude ao acto de inauguración da restauración do paraninfo do instituto Otero Pedrayo de Ourense. Cita as personalidades que participaron no acto e comenta que o alumnado recitou poemas de Rosalía de Castro. Tamén indica que se fixo referencia a outros escritores.

Valcárcel, Marcos, "1995: Rafael Dieste. A Domus", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 696, "Cen anos de historia cultural", 17 febreiro 2008, p. 4.

Faise un balance do acontecido no 1995 no eido da narrativa, cine, prensa, música, artes e ensaio e investigación. Así fálase do xénero de maior éxito, a novela negra, con obras como *Unha noite con Carla*, de Aníbal Malvar, Premio Xerais do ano. Na literatura de xénero, aventuras, terror ou ciencia-ficción sinálase que aparecen títulos como *Perigo vexetal*, de Ramón Caride, Premio Merlín de Literatura Infantil, ou *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, mentres que *O cable inglés*, de Xosé A. Moreno, gañaría o Premio de Relato Café Dublín. Ademais de ser o ano de Rafael Dieste, protagonista do Día das Letras Galegas, tamén se destaca o 1995 como un ano onde toma protagonismo a presenza feminina na poesía con Chus Pato ou Iolanda Castaño, así como a aparición en clave feminista de obras como *O contradicurso das mulleres*, de Carme Castaño. Indícase que a Editorial Galaxia iniciaba *Obras Completas de Vicente Risco* e *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores* e se comenta que no cine se estreaba *A lei da fronteira*, de Adolfo Araistarain. Tamén se apunta que nacía *Cielo Negro*, revista de cine, xunto con outras como *Cadernos de Teatro*, *Galicia Internacional* (precedente da actual *Tempos Novos*), *Clave Orión*, *Contemporánea*, *Viceversa* e *Deporte Campeón*. No caso das artes, saliéntase a exposición de Eugenio Fernández Granell, a inauguración do museo interactivo dedicado ao ser humano, a Domus, o nacemento do Festival de Teatro Universitario, en Compostela e a creación do grupo musical Berrogüetto.

Valcárcel, Marcos, "1996: Casares, Rivas, D.X. Cabana", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 697, "Cen anos de historia cultural", 24 febreiro 2008, p. 5.

Sinálase que a narrativa foi o xénero con maior esplendor ao longo do ano 1996, sobre todo coa edición da novela *Deus sentado nun sillón azul*, de Carlos Casares; e do libro de relatos de Manuel Rivas, *Que me queres amor?*. Faise referencia ao Premio Xerais que gañaría Manuel Seixas, con *A velocidade do frío*, así como tamén se indica que xa se falaba moito da Literatura Bravú. Ademais de sinalarse a recuperación dos clásicos, procédese á enumeración das distintas obras publicadas e organizadas segundo fose narrativa breve, escolmas, narrativa infantil e xuvenil, traducións, teatro, poesía, ensaio e investigación.

Valcárcel, Marcos, "Corazón de nós", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 36.

Fai un recorrido por algunhas rúas de Ourense nas que viviron grandes escritores como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Xoaquín Lourenzo, Florentino Cuevillas ou Eduardo Blanco Amor, e comenta que acaba de ver nun xornal a venda da casa onde viviron Otero Pedrayo e Risco. Por isto, solicita ás autoridades que tomen man neste asunto para poder adquirir a vivenda e que esta forme parte do patrimonio cultural galego.

Valcárcel, Marcos, "1996: Filharmonía e Rock Bravú", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 698, "Cen anos de historia cultural", 2 marzo 2008, p. 4.

Repásase o ano 1996 dende a perspectiva literaria de xéneros como o ensaio. Faise referencia a traballos levados a cabo polo Centro Galego de Arte Contemporánea, como exposicións de fotografías de tema galego do Arxiu Mas, e que, ademais, celebraba por aquel entón unha homenaxe a Laxeiro. Recórdase que no caso do Centro Dramático, chegaban aos escenarios obras como *A esmorga*, de Sarabela e dirixida por Ánxeles Cuña, e que no eido musical se rexistraban múltiples novidades, destacándose os grupos musicais nacidos arredor do fenómeno do Rock Bravú que reivindicaba a lingua galega dende a música rock e cuxo pai sería Xurxo Souto e a súa banda Os Diplomáticos. Tamen se refire ao nacemento do portal Veiros, un feito "revolucionario" no mundo dixital galego, e a que *A Nosa Terra* e a AS-PG iniciaban a súa ambiciosa *Historia da Literatura Galega* en fascículos. Por outra parte, alúdese á aparición d'*Unión Libre. Cadernos de vida e culturas* e ás defuncións de Xosé Fernando Filgueira Valverde, Lois Pereiro ou Armando Fernández Mazas. Tamén se apunta que a editorial Galaxia publicaba, pola súa banda, guías monográficas dedicada ás festas populares.

Valcárcel, Marcos, "O partido de Curros", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 8 marzo 2008, contracuberta.

Indica que se celebrou na Coruña un acto de homenaxe ao por mor do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, organizado pola Real Academia Galega (RAG) e a Fundación Curros Enríquez, e de seguido, afirma que vai participar noutro acto en Celanova onde salientarán a figura do escritor e o seu labor como xornalista. Finalmente, tamén o destaca como poeta.

Valcárcel, Marcos, "1997: Caneiro, Fernández Paz, Borrazás", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 699, "Cen anos de historia cultural", 9 marzo 2008, p. 16.

Indícase que o 1997 foi un ano "moi intenso" en produción literaria tanto na narrativa coma na poesía. Da primeira, destácase *O paxaro que canta un home*, de Xavier Lourenzo, Premio Blanco Amor; *Un xogo de apócrifos*, de Xosé Carlos Caneiro, Premio de Novela Torrente Ballester; *O paso do noroeste*, de Xavier Queipo, gañador do García Barros. Sobre a narrativa breve e os relatos afírmase que ofrecen outra "manchea" de títulos como *Sarou*, de Ramón Caride, Premio Café Dublín de Narrativa Breve; ou *Terra queimada*, de Xesús M. Marcos, Premio Carvalho Calero en Ferrol. Entre os títulos da literatura infantil e xuvenil cítanse *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz e *Gárgola*, de Carlos Vila Sexto, VI Premio Rúa Nova de Narrativa. Dáse conta da reedición d'*Anagnórise*, de María Victoria Moreno, e das traducións de

obras como *Corazón de escuridade*, de J. Conrad; *Mr. Vértigo*, de Paul Auster; ou o *Fausto*, de Goethe. En relación aos clásicos galegos, sinálase que o Centro de Estudos Medievais de Ribadavia recuperaba a biografía de Manuel Curros Enríquez, por Eduardo Chao, e que se reeditaron obras como *Arnoia, Arnoia*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinálase que a Real Academia Galega publicaba unha escolma de Ánxel Fole preparada por Carlos Casares e o *Dicionario de Fole*, de X. De Cora, así como o primeiro "Dicionario" desta institución con vinte e cinco mil palabras. Na poesía rexístrase o nacemento da colección "Ablativo Absoluto" (Xerais), mentres que na música Luar na Lubre editaba o disco "Plenilunio". Coméntase que o Centro Dramático Galego montaba *O bufón de El-Rei*, de Vicente Risco, e que nacían publicacións como *A xanela* e a revista de cómic *A carallada*, entre outros feitos.

Valcárcel, Marcos, "Ao fío de Curros Enríquez", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 14 marzo 2008, contracuberta.

Infórmase da mesa redonda sobre Manuel Curros Enríquez, celebrado no Liceo Ourensán, coa participación de Xesús Alonso Montero, Antonio Piñeiro e o propio Valcárcel. Nela, Curros Enríquez caracterizouse polo enfoque civil, republicano e cristián, posicionamento este último presente no artigo "El símbolo"dunha escolma editada pola Xunta de Galicia e no conflito co bispo Cesáreo Rodríguez coas correspondentes reaccións sociais evocado por Alonso Montero.

Valcárcel, Marcos, "1998: Rivas, X. Miranda, Fernández Naval", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 700, "Cen anos de historia cultural", 16 marzo 2008, p. 16.

Refírese ao 1998 como un ano "abondo fecundo", sobre todo no campo da narrativa. Así, sinálase que Edicións Xerais lanzou unha nova colección de libros de peto, "Peto-Xerais", que se publicou *Morning Star*, de Xosé Miranda, gañadora do Premio Xerais ou a novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*; mentres que de Antón Risco, falecido no mesmo ano, saía a edición póstuma da novela *Tánata*, así como *A compañía clandestina da Contrapublicidade*, de Marilar Aleixandre, Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa. No subxénero dos relatos e narrativa breve, anótase *Estado permanente de fracaso*, de Xosé Carlos Caneiro ou *Coa lei de costas*, de Xoán X. Piñeiro Cochón, Premio Narrativa Curta Carballo Calero en Ferrol. No apartado das recuperacións, cítanse obras como *As rebeiras son escuras*, relatos dos anos sesenta de Manuel María, ou *O desengano do Prioiro*, de Ramón Otero Pedrayo. Coméntase que nas letras xuvenís e infantís a colección "Fóra de Xogo" de Xerais ofrecía títulos de Xosé Vázquez Pintor, como *Lume de biqueira*; *Mutacións xenéticas*, de Fina Casalderrey; e *O Pazo Baleiro*, de Xabier P. Docampo. Pola súa banda, lémbrase que Carlos Casares traducía *O vello e o mar*, de Ernest Hemingway e publicaba *Un país de palabras* e que en poesía saían á luz a obras como *O cazador de libros*, de Ramiro Fonte, entre outras.

Valcárcel, Marcos, "1998: Mirada á Idade Media", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 701, "Cen anos de historia cultural", 23 marzo 2008, p. 16.

Ademais de dedicarse o Día das Letras Galegas de 1998 aos poetas trobadores da ría de Vigo, Martín Códax, Johan de Cangas e Meendinho, coméntase que se produciron unha

serie de actos de homenaxe e de estudos a cargo de autores como Henrique Monteagudo ou Luz Pozo Garza, entre outros. Sinálase que o mundo medieval tamén estaba moi presente nalgúns dos estudos históricos do ano, aínda que a historia contemporánea seguía acollendo a maioría dos traballos de ensaio e investigación, como *Sindicalistas e rebeldes* (ANT), de Dionisio Pereira. Saliéntanse moitas novidades no ámbito de lingua e literatura, como a *Homenaxe a Ramón Lorenzo* publicada en Galaxia, baixo a edición de Dieter Kremel, o Consello da Cultura Galega e as Universidades de Compostela e Trier (Tréveris), con estudos de Xosé Luís Méndez Ferrín e Carlos Casares, entre outros. Sinálase a polémica que rodearía ao ensaio de María Xosé Queizán, *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal* (Laiovento), que xerou un certo debate dende o feminismo na cultura galega. No eido musical, Amancio Prada publicaba o disco en directo *Tres poetas en el Círculo* con textos de Álvaro Cunqueiro, Federico García Lorca e Agustín García Calvo, mentres que o grupo de música antiga Martín Códax editaba *O viño da vida* sobre poemas medievais. Tamén se recorda que a escritora brasileira de raíces galegas, Nélida Piñón, era nomeada Doutora Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela e que aparecían revistas como *Elipse* e *Eidos do libro*. No campo teatral, faise eco da "forte polémica" co espectáculo do Centro Dramático Galego que representaba a Valle Inclán en castelán.

Valcárcel, Marcos, "Sátira e poetas (IV)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 25 marzo 2008, contracuberta.

Dáse conta da existosa utilización da animalización expresiva por Vicente Risco localizada nas imaxes do protagonista Don Celidonio d'*O porco de pé* (1928), que lle valera para burlarse dun personaxe "inculto e materialista" e como Risco emprega na súa novela a correspondencia física e psíquica entre personaxes e animais.

Valcárcel, Marcos, "O Miño dos poetas (I)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 28 marzo 2008, contracuberta.

O río Miño preséntase como definidor do espírito auriense, presente nos poemarios *O Miño, canle de luz e néboa* (1996), de Manuel María; *O bosque das antas* (1988) e *Miño* (2007), de Francisco X. Fernández Naval, e na poesía de Euxenio Montes, e símbolo da fusión dos pobos e as culturas ao longo do tempo.

Valcárcel, Marcos, "Poetas", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 29 marzo 2008, p. 69.

Infórmase sobre os actos de homenaxe, celebrados no Liceo Ourensán o Día Mundial da Poesía, aos vates Manuel Curros Enríquez, con motivo do centenario da súa morte; Alfonso Alcaraz, no cincuenta aniversario do seu pasamento, e Luis Pimentel. Ademais, dá conta da lectura de poemas acerca da convivencia arredor da palabra poética, efectuada por medio cento de mozos de diversos intitutos de Ourense, e da charla de Victor Campio e Delfín Caseiro verbo da obra de Alcaraz e Pimentel.

Valcárcel, Marcos, "O Miño dos poetas (e II)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 29 marzo 2008, contracuberta.

Saliéntase que os poemarios *Eume* (2007), de César Antonio Molina, e *Miño* (2007), de Francisco X. Fernández Naval, galardoado co XXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense, se inspiran nun río. En concreto afírmase que o segundo reflicte unha mirada acerca de tópicos literarios como a inexorabilidade do transcorrer do tempo, a saudade, a infancia e a mocidade revividas, entre outros.

Valcárcel, Marcos, "1999: Libros para un final de século", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 702, "Cen anos de historia cultural", 30 marzo 2008, p. 16.

Fálase de 1999 como un ano onde houbo unha "boa fornada de libros" sobre todo nos campos da narrativa, o ensaio e a investigación. Así, cítanse *As irmáns bastardas da ciencia*, Premio de Narración Curta Carvalho Calero, de José Luís Martínez Pereiro, e as reedicións d'*Amor de tango*, novela de María Xosé Queizán. Tamén se recorda que Xosé L. Méndez Ferrín recibía o doutorado Honoris Causa da Universidade de Vigo e que a prensa publicaba traballos sobre a súa obra. Por outra parte, dise que a literatura xuvenil contaba con novos títulos de autores como Pepe Carballude ou Paula Carballeira, así como con algunhas traducións como *Silencio no corazón*, de Jaume Cela ou *Ionqui*, de Melvin Burguess. Agustín Fernández Paz publicaba tamén unha visión sintética sobre *A literatura infantil e xuvenil en galego*. Na literatura de viaxes, sinálase o volume *Viaxe ás terras encantadas de Lemos* (ANT), de Lois Diéguez; e *Viaxe por Galicia. De Ribadeo a Tui*, relembranza da viaxe galega do escritor catalán Josep Pla nos anos setenta.

Valcárcel, Marcos, "Xornalistas con opinión", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", "Colaboración", 2 abril 2008, p. 46.

Refírese á *Xornalistas con opinión* (2007), unha obra formada por dous tomos editados pola Editorial Galaxia en colaboración co Consello da Cultura Galega. Comenta que conta cunha introdución de Víctor Freixanes e Xosé López sobre o significado do xornalismo de opinión e da escasa atención proporcionada polos especialistas da comunicación. Salienta, así mesmo, como características o compromiso político ou social e a pluralidade de rexistros e estilos dos xornalistas escolmados, entre os que figuran Manuel Pardo de Andrade, Alfredo Brañas, Basilio Álvarez, Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro, entre outros. Explica que o primeiro tomo recolle a biografía de vinte autores e o segundo unha extensa escolma de textos dos referidos especialistas.

Valcárcel, Marcos, "Lembranza do Volter", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 37.

Dá conta da homenaxe, organizada pola Asociación de Amigos da República, en memoria dos artistas Xosé Luís de Dios, Acisclo Manzano, Xaime Quessada, Manuel García Buciños, Xavier Pousa, Arturo Baltar e Virxilio, que organizaron unha exposición de arte abstracto no bar Tucho, denominado por Vicente Risco como "Volter". Comenta que Vicente Risco inspirou esta xuntanza como mestre intelectual.

Valcárcel, Marcos, "A paisaxe nunha lei", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 3 abril 2008, contracuberta.

Partindo das verbas poéticas de Ánxel Fole, Ramón Otero Pedrayo e Manuel María, sinálase o valor económico da paisaxe polos técnicos e autoridades de Turismo e a reclamación dos xeógrafos sobre o cumprimento legal.

Valcárcel, Marcos, "Un poema", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 6 abril 2008, p. 77.

Reprodúcese integramente o poema "Irmaus", de Celso Emilio Ferreiro, musicado, con posterioridade, polo grupo musical "Fuxan os ventos". Refírese á composición como unha mostra intensa e vital merecedora nas décadas dos anos cincuenta e sesenta de rematar algúns mítins de Martin Luther King.

Valcárcel, Marcos, "1999: Roberto Blanco Torres", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 703, "Cen anos de historia cultural", 6 abril 2008, p. 6.

Continúase co balance do 1999, cuxo Día das Letras Galegas foi dedicado a Roberto Blanco Torres, do que se publicarían biografías e estudos, como o de Xesús Alonso Montero; e que contou cunha fotobiografía en Xerais e con diversos estudos e obras da mesa editorial, como sería o de Xosé M. Núñez Seixas ou Xosé L. Méndez Ferrín. Sinálase que no ámbito poético, na colección "Ablativo Absoluto" (Edicións Xerais de Galicia), aparecían volumes como *O estadio do espello*, primeiro poemario de María do Cebreiro, entre outras publicacións. Coméntase que o campo das traducións tivo especial protagonismo coa edición de obras como *Afirma Pereira* (Galaxia), de Antonio Tabucchi, traducida por Dolores Martínez Torres; ou *O lai de Graelent* e os *Epigramas de Marcial*, dous títulos publicados na colección de "Clásicos en Galego" promovida pola Xunta. Tamén se apunta que o Premio de Narrativa Xerais, cando a editorial celebraba vinte anos, foi para *Pensa nao*, de Anxo Angueira, e o premio Blanco Amor para Xosé Cid Cabido pola súa novela *Grupo Abeliano*. Por outra parte, lémbrase que a Real Academia Galega publicaba os discursos de ingreso de Francisco Fernández Rei, Ramón Lorenzo e Alonso Montero e que nas artes plásticas, entre outras novidades, a galería Sargadelos de Vigo expuña as cincuenta láminas do álbum de Bretaña de Castelao. No campo teatral, rexístranse varias montaxes como a do Centro Dramático Galego, *Lugar*, de Raul Dans, dirixida por A. Simón; e, na prensa aparecían as revistas *Casahamlet* e *Fadamorgana*. Anótase que o Centro Ramón Piñeiro recuperaba a edición facsímile *La Tierra Gallega* e *La Alborada*, dúas revistas galego-cubanas nas que escribira Roberto Blanco Torres, a *Enciclopedia Galega Universal* e a *Enciclopedia Temática* d'*A Nosa Terra*. Por último, faise eco da aparición de varias coleccións de breves biografías e semblanzas e do falecemento de Gonzalo Torrente Ballester, Antón Fraguas ou Uxío Novoneyra.

Valcárcel, Marcos, "A aventura do Volter", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 704, "Enfoques culturais", 13 abril 2008, p. 5/"A Aventura do Volter (I)", *La Región*, "Opinión", 14 abril 2008, p. 16.

Faise referencia á conmemoración, por parte da Asociación de Amigos da República, do aniversario do 14 de abril e á homenaxe aos "artistiñas" ourensáns do Volter, grupo integrado por Xaime Quessada, Xosé Luis de Dios e o escultor Acisclo Manzano. Posteriormente, dise que se incorporarían outros pintores, escultores, escritores, artistas e xornalistas. Fálase do libro que a investigadora Sofía Tros de Ilarduya dedicaría á "aventura do Volter", unha aposta que inscribía nas coordenadas da resistencia cultural contra o franquismo das novas xeracións que empezaban a aboiar nos anos cincuenta e sesenta. Ademais de falar das obras plásticas e escritas que cubrían as paredes do Volter (a taberna do Tucho), coméntase o programa de actos en homenaxe aos "artistiñas". Entre eles atópase a presentación do libro *Canteiros da Terra de Montes no Exército Popular da República. Álbum de Guerra* (2008), de Dionisio Pereira.

Valcárcel, Marcos, "República e artistiñas", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 15 abril 2008, contracuberta.

Alúdese á celebración dos actos conmemorativos do 14 de abril celebrados pola Asociación de Amigos da República, entre os que estaba a homenaxe aos "artistiñas" de Ourense. Remítese ao artigo publicado no suplemento "*Lecer*" (n.º 704) do xornal *Galicia Hoxe*, no que se trata máis detalladamente a cuestión.

Valcárcel, Marcos, "2000: Castelao. Manuel Antonio", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 705, "Cen anos de historia cultural", 20 abril 2008, p. 6.

No balance do ano 2000 rexístrase o cincuentenario da morte de Daniel Rodríguez Castelao, motivo polo cal o Centro Dramático Galego representou a súa obra *Os vellos non deben namorarse*, así como o centenario do poeta da vangarda Manuel Antonio e de Xosé Otero Espasandín. Tamén se comenta que foi ano de libros "notábeis", sobre todo no campo da narrativa, o ensaio e a investigación. Ente os primeiros cítase *Expediente Artieda*, de Luís Rei Núñez, gañador do Premio Xerais dese ano; e na literatura infantil e xuvenil aparecen, entre outros, *As cousas claras*, de Xosé Antonio Neira Cruz, Premio Merlín; e *Un polbo xigante*, de Carlos Casares. Sinálase que Xosé Luís Méndez Ferrín ingresaba na Real Academia Galega (RAG) co discurso "Poesía medieval galega visa desde os relanzos derradeiros do século XX" e que no Día das Letras Galegas, dedicado a Manuel Murguía, apareceron traballos de Xosé R. Barreiro Fernández, entre outros. Por último, coméntase que Xesús Alonso Montero deixaba as aulas universitarias e que no campo teatral, ademais da obra de Castelao, se presentaba *Calígula*, de Albert Camus.

Valcárcel, Marcos, "A aventura do Volter", *La Región*, "Opinión", 21 abril 2008, p. 16.

Amplíase a cuestión tratada no artigo de Marcos Valcárcel, publicado tamén no xornal *La Región* o 14 de abril, que se centra nesta ocasión na faceta literaria dos faladoiros do Volter. Sinálase que nas súas paredes colgaban poemas de Ramón Cabanillas, Ricardo

Carballo Calero, Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro, entre outros moitos, e saliéntase a forte influencia de Vicente Risco nos faladoiros da posguerra. Lémbrase tamén os certames poéticos co nome deste local celebrado nos anos 1975 e 1976, que se outorgaron a Millán Picouto e Ánxeles Penas respectivamente.

Valcárcel, Marcos, "Sextinario", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 27 abril 2008, p. 27.

Considera que o poemario *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), escrito por Marica Campo, profesora de Lingua Galega en Guitiriz e autora de poesía, narrativa e teatro, é exemplo dunha poesía verdadeira xurdida das raíces e do corazón.

Valcárcel, Marcos, "Editorial Galaxia, Couto Mixto e mais Golfiño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 706, "Cen anos de historia cultural", 27 abril 2008, p. 6.

Continúase o repaso polo ano 2000 dando conta dos falecementos (como o de Dionisio Gamallo Fierros ou Tareixa Castelao), do nacemento do Foro da Cultura ou da entrada en vigor, o 7 de febreiro, da lei que permitía galeguizar os nomes e os apelidos no rexistro civil. Sinálase que nacía tamén a revista *Golfiño* e que a editorial Galaxia celebraba con diversas actividades o seu cincuenta aniversario e publicaba as obras de Daniel Rodríguez Castelao en oito tomos. Así mesmo apúntase que Xesús Alonso Montero era o homenaxeado pola Fundación Otero Pedrayo recollendo os seus artigos sobre don Ramón no volume *Oteriana*. Lémbrase da fundación da Asociación de Músicos en Lingua Galega e da Asociación de Amigos de Couto Mixto, ademais de mencionarse a participación de Carlos Casares no Tren Expreso da Literatura, percorrendo boa parte do continente e dando conta desas viaxes literarias na súa sección "Á marxe" no xornal *La Voz de Galicia*. Pola súa banda, indícase que nos Premios da Crítica de Galicia entre os elixidos se atopaba Luís Álvarez Pousa e que Pura Vázquez gañaría o Premio das Letras e das Artes de Galicia instituído pola Xunta de Galicia e Gonzalo Navaza, o VIII Premio Martín Códax de Poesía co volume *Libra*. Tamén se fai eco da publicación por parte de Xerais d'*O bandido Casanova*, de Hixinio Puentes, e de Galaxia de Paulo Coelho, coa súa obra *Veronika debe morrer*.

Valcárcel, Marcos, "Rula, abidueira, dorna", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 2 maio 2008, contracuberta.

Utiliza unha cita de Álvaro Cunqueiro, manifestada nunha homenaxe á súa figura en Vigo, como exemplo de amor á lingua que, á súa vez, serve para comprender unha forma de ser. Conclúe manifestando o non entendemento da actitude dalgúns galegos, acochados baixo siglas, por renunciar á súa propia identidade.

Valcárcel, Marcos, "2001: World Poetry Day", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 707, "Cen anos de historia cultural", 4 maio 2008, p. 6.

Lévase a cabo o balance do ano 2001, destacando como principal acontecemento cultural a celebración en Compostela do Día Mundial da Poesía da man do Pen Clube

Galego. Sinálase que tamén houbo homenaxes aos poetas galegos medievais na illa de San Simón e que nos actos participaron poetas como Hanna Awwad, Eugenio de Andrade e Bella Akhamandulia, entre outros. Fálase da publicación de moitos libros de poesía como é o caso da reedición de *Brétemas do muiñeiro*, de Manuel María; ou *Escolma de familia. Cen anos de poesía*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Recórdase que Espiral Maior cumpriu dez anos como editorial con cento cincuenta títulos no catálogo e abundante presenza da poesía e en na narrativa, sublíñase a edición por Galaxia de *Calella sen saída*, de Victor Omgbá, primeira novela que aborda o tema da inmigración dende a perspectiva das propias vítimas. Cítase tamén *Quen faga voar*, obra coa que Xosé Vázquez Pintor gañaría o Premio Carballo Calero 2000 de Narrativa. Pola súa banda, anótase que Marilar Aleixandre gañaría o Xerais de Novela con *Teoría do caos* e que a novela de xénero, e máis en concreto a novela negra, seguía a ter moitos seguidores, con títulos como *Narcos*, de Carlos Reigosa. Nas letras xuvenís saliéntanse títulos como *O señor dos Aneis*, de J.R.R. Tolkien, traducida ao galego en Xerais por Moisés R. Barcia, e *Catro cartas*, de Xabier P. Docampo, entre outras. Por último, coméntase que Xosé María Álvarez Cáccamo gañaba o premio de poesía para nenos da Fundación Neira Vilas con *Lúa de pan*.

Valcárcel, Marcos, "O Moucho", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 69/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", contracuberta, 8 maio 2008.

Lémbrase a colección "O Moucho", que acolleu entre os seus títulos *Barriga verde*, de Manuel María, e o *Catecismo do labrego*, do que chegaron a vender vinte mil exemplares nun ano. Salienta como trazos un formato atractivo, cunha ilustración a cinco cores na portada, e textos variados, dende os chistes de Fernando Quesada até as coplas, refráns galegos e textos de Ramón Otero Pedrayo, Xosé Luís Méndez Ferrín e Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

Valcárcel, Marcos, "2001: Congreso de Curros e mais Eladio Rodríguez", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 708, "Cen anos de historia cultural", 11 maio 2008, p. 6.

Faise un repaso polo ámbito cultural e editorial de 2001. Destácase a aparición de estudos como *Nación, literatura, identidade*, de Antón Figueroa. No xornalismo literario, saliéntanse volumes como *Paseos literarios*, de Helena Villar, e lémbrase que o Día das Letras Galegas se dedicou a Eladio Rodríguez González. Con este motivo, apúntase que o Centro Ramón Piñeiro recuperou en edición facsímile *Nós. Páxinas gallegas do diario El Noroeste*, que dirixía don Eladio. Ademais sinálase que aparecerían outros estudos sobre este autor de, entre outros, Xoán González-Millán. Coméntase que o Centro Ramón Piñeiro tamén recuperou a obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire (por Xabier Campos Villar), de Aurelio Ribalta y Copete (por Eulalia Agrelo Costas), de Roque Pesqueira Crespo (por Teresa Araújo) e de Ángel Vázquez Taboada. Ademais de longametraxes, obras teatrais e de exposicións levadas a cabo neste ano, faise referencia ao I Congreso Internacional Curros Enríquez.

Valcárcel, Marcos, "A Academia en Celanova", *La Región*, "Opinión", 12 maio 2008, p. 15/"Academia en Celanova", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 13 maio 2008, contracuberta.

Faise eco, tras cincuenta e sete anos da sesión de ingreso de Xoaquín Lourenzo e Xesús Ferro Couselo, da última xuntanza da Real Academia Galega acontecida en Celanova, con motivo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez.

Valcárcel, Marcos, "Novoneyra", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 13 maio 2008, p. 51/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 14 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da charla acerca da obra de Novoneyra, no marco do VI Ciclo Visións de Galicia celebradas no Liceo Ourensán, por parte de Luís González Tosar, quen fixo mención ás claves interpretativas d'*Os eidos* (1955) e á ausencia de poetas desa caste. Remata engadindo que non existen poetas capaces de condensaren o seu cosmos vital en dous versos.

Valcárcel, Marcos, "Manuel María", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 14 maio 2008, p. 69/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 15 maio 2008, contracuberta.

Infórmase do ciclo dos grandes poetas da posguerra no Liceo Ourensán e refírese á charla acerca de Manuel María, dada por Miguel Anxo Fernán Vello, quen subliñou a forte identidade entre vida e poesía do poeta chairego.

Valcárcel, Marcos, "Manuel María (2)", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 15 maio 2008, p. 69/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 16 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da publicación en abril de 1977 de *Poemas para construír unha patria*, de Manuel María, por parte da Frente Cultural da AN-PG. Refírese ao polemismo do volume suscitado no seo da sociedade e dentro do nacionalismo popular daquela época, xa que o poeta chairego fixera, por unha banda, unha renovación formal (tipografías, xogos cos versos, barras e guións, etc.) e, pola outra, un volume de poesía poética adecuado á estratexia política da AN-PG e a UPG.

Valcárcel, Marcos, "Manuel María (3)", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 16 maio 2008, p. 73/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 17 maio 2008, contracuberta.

Coméntase que na obra completa do escritor hai máis de seiscentas veces a palabra "amor" en alusión á personalidade da súa compañeira Saleta Goi e indica que as imaxes do amor ao longo da obra son infinitas,

Valcárcel, Marcos, "2002: Casares, Freixanes, Ferreiro", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 709, "Cen anos de historia cultural", 18 maio 2008, p. 6.

Sinálase que a prensa cultural comezaba o ano 2002 falando dunha obra clave publicada a finais do ano anterior, *Galicia, unha luz no Atlántico*, baixo a coordinación de Víctor Freixanes, quen tamén publicaría nese mesmo ano *A cidade dos Césares*, Premio Torrente Ballester en 1992. Faise referencia á morte de Carlos Casares e á novela

póstuma publicada de inmediato, *O sol do verán*, ademais de apuntarse que daría lugar a monográficos como o do n.º 217 da revista *Quimera*. Indícase que foi un ano fecundo nas letras e procédese á citación de numerosas obras narrativas como a gañadora do Premio Xerais de Novela, *Concubinas*, de Inma López Silva. Entre os novos autores sinálase a Roque Cameselle como un dos máis aplaudidos pola crítica con *O Pausiñas*. Por outra parte, dise que Rosa Aneiros gañaba o Premio Carballo Calero de Relato Curto en Ferrol con *Corazóns amolecidos en salitre* e que Manuel Lourenzo González merecía con *Infidelicidades* o primeiro Premio de Literatura Erótica en Edicións Positivas, ademais de X. A. Perozo ser merecedor do XI Premio Blanco Amor con *Martázul*. Xa no terreo da poesía, destácase a publicación en dous tomos da *Obra Poética Completa de Manuel María* por Espiral Maior.

Valcárcel, Marcos, "2002: Sarmiento. Abrente. Paratextos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 710, "Cen anos de historia cultural", 25 maio 2008, p. 10.

Fálase do 2002 como o ano do Padre Sarmiento, protagonista do Día das Letras Galegas e arredor do cal se celebraron actos en toda Galicia e do cal tamén se publicaron estudos como o de Antón Costa ou Carlos Casares, entre outros. En canto aos traballos de investigación e ensaio, no campo literario rexístranse estudos como *Manuel María: os traballos e os días*, de Camilo Gómez Torres. Nas letras xuvenís, anótase a aparición de obras como *Ariadna*, de Xosé Miranda; mentres que nas traducións se fai referencia tanto a títulos clásicos da literatura universal coma a obras contemporáneas. No apartado de semblanzas e memoria, cítase o volume e conversas con Carlos Casares, *Nove retratos e unha conversa inacabada*, de Ramón Loureiro, entre outros. Fálase tamén do falecemento de Carlos Casares, Xoán M. Casado e outras figuras da cultura galega, así como da estrea da Biblioteca Virtual Galega.

Valcárcel, Marcos, "Centenario de Curros", "Curros Enríquez", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 27 maio 2008, p. 61/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 29 maio 2008, contracuberta.

Comenta que debido á celebración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, a Consellería de Cultura organizou unha mostra que estivo na Coruña, Ourense e rematou en Celanova. Di que nela se recollen os riscos fundamentais da vida e obra do escritor, así como algunhas fotos do seu enterro, as bandas sonoras que inspirou e varias tarxetas de embarque dos emigrantes.

Valcárcel, Marcos, "O Pai Miño", *La Región*, "Sociedad", "Mirada retida", 8 xuño 2008, p. 77.

Coméntase que o poemario *Miño* (2007), de Francisco X. Fernández Naval, alude aos misterios e a acollida literaria do Miño, como se constata no vangardismo de Eugenio Montes e nas poesías de Víctor Campio, Ramón Otero Pedrayo e Augusto María Casas, entre outros.

Valcárcel, Marcos, "2004: Narrativa, historia, memoria", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 712, "Cen anos de historia cultural", 8 xuño 2008, p. 6.

Sinálase que a narrativa galega do ano 2004 estivo marcada polo compromiso coa memoria e as esculcas no pasado galego máis conflitivo. Así coméntase que en Xerais aparecían obras como *O exiliado e a primavera*, de Manuel Veiga, Premio Xerais 2004; e en Galaxia *As humanas proporcións*, de Xesús Constenla, Premio Torrente Ballester 2003 e Premio da Crítica Española para Narrativa Galega. Na Literatura Xuvenil, indícase que o abano de posibilidades era abondoso e cítanse obras como *Un bosque cheo de faias*, de Francisco Castro; ou *Chove nos versos*, de A. García Teijeiro, con debuxos de Lázaro Enríquez. En poesía, indícase que se publicaron obras como *Charenton*, de Chus Pato; *Contra Rochester*, de Miriam Sánchez Moreiras; e que María do Cebreiro gañaba o segundo Premio Caixanova con *Non queres que o poema te coñeza*. No campo do ensaio e a investigación, lémbrase que o 2004 foi o ano de don Xoaquín Lourenzo e que arredor da súa figura apareceron libros de X.M. González Reboredo ou Manuel Vilar, entre outros. En relación ás despedidas, fálase da morte de Manuel María e de Luísa Villalta.

Valcárcel, Marcos, "Documentación e remate", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 714, 22 xuño 2008, p. 6.

Ponse punto e final á serie "Cen Anos de Historia Cultural", publicada en Galicia Hoxe dende xaneiro do ano 2006. Explícase que con ela se pretendía rescatar o xénero das efemérides culturais que tanto éxito tivo entre finais do XIX e mediados do XX. Posteriormente procede a indicar algunhas das fontes documentais utilizadas e a sinalar algúns agradecementos.

Valcárcel, Marcos, "Mediados dos 60", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 4 xullo 2008, p. 69.

Lémbrase a nova etapa do galeguismo dos anos sesenta co nacemento de partidos políticos novos, nacionalistas e marxistas; asociacións culturais, e as iniciativas de Méndez Ferrín e Ben-Cho-Sey para introducir o galego na liturxia.

Valcárcel, Marcos, "Xornalismo", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 10 xullo 2008, p. 61/"Perfidia yankee", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 11 xullo 2008, contracuberta.

Afirma que no centenario da morte de Manuel Curros En ríquez un dos feitos máis positivos foi a lembranza do seu papel como xornalista porque foi o seu medio de vida e conseguiu manter unha coherencia ideolóxica nos seus escritos. Destaca os seus artigos contra o papel de Estados Unidos na guerra de Cuba, coma por exemplo "Perfidia yankee" (1896).

Valcárcel, Marcos, "Poetas", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 11 xullo 2008, p. 69/"Tres poetas", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 12 xullo 2008, contracuberta.

Dá conta da publicación de dúas antoloxías de poemas, unha delas é *Lugar do campo*, escolma bilingüe de Xesús Rábade Paredes, editado por Hipocampo Amigo, con presentación de Darío Xohán Cabana; a outra é *Astro interior* (2007), de Miguel Anxo Fernán Vello, e publicada por Arte de Trobar e o Pen Clube de Galicia, cun estudo de Teresa Seara. Sinala tamén a publicación do poemario de Luís González Tosar, *Estúrdiga materia*.

Valcárcel, Marcos, "As tres pontes", *La Región*, "Sociedad", "A mirada retida", 13 xullo 2008, p. 65.

Sinala que Eduardo Blanco Amor ademais de destacar en narrativa, poesía, teatro e xornalismo, cre que tamén puido ser un gran pintor e, de feito, foi un gran fotógrafo xa que as súas fotografías foron recollidas en varios volumes. Para demostralo, temos un exemplo: a foto que fixo das Tres Pontes aurienses, reproducida n'*A ollada do desexo* (2004).

Valcárcel, Marcos, "Curros en 'El Correo de Celanova'(I)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 718, "Fírgoas de historia e xornalismo", 20 xullo 2008, p. 6.

Saliéntase que Manuel Curros Enríquez foi sobre todas as cousas xornalista. Dise que, igual que moitos escritores do seu tempo como Valentín Lamas Carvajal ou Francisco Álvarez Nóvoa, a súa faceta periodística foi sempre máis recoñecida que a de escritor e poeta. Sinálase que na súa estancia en Galicia a esta súa faceta se plasmouse en publicacións como *El Heraldo gallego*, *O Tío Marcos da Portela* ou *El Eco del liceo*, por citar algúns exemplos. Dise que *El Correo de Celanova* foi o único xornal de Celanova no que escribiu, con dúas intervencións ocasionais. Coméntase que este foi un xornal de edición semanal que tivo vida dende 1893 até 1895 que e contou cun total de sesenta e oito números publicados e dirixidos por Luciano Meleiro. Lémbrase que nas editoriais deste xornal tocábanse temas tan relevantes como a divulgación do novo socialismo, as causas do anarquismo, a emancipación da muller ou a constante crítica da monarquía en defensa da República. Coméntase que algúns títulos son un bo reflexo dos ideais que representa: "A la lucha", "Abajo los tiranos", "Guerra al caciquismo..."

Valcárcel, Marcos, "Os costumes", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 25 xullo 2008, p. 61.

Comenta que Xavier Castro, na súa *Historia da vida cotiá en Galicia* (2007), lembra algúns costumes como que nos anos da ditadura de Primo de Rivera as mozas casadeiras saían á rúa acompañadas dunha "dama de compañía" que evitaban que os mozos se propasasen; así, non lle estraña que Castelao en 1921 se escandalizara ao ver en París á xente bicarse na rúa.

Valcárcel, Marcos, "Curros en 'El Correo de Celanova'(e 2)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 719, "Fírgoas de historia e xornalismo", 27 xullo 2008, p. 6.

Afírmase que no tempo de Manuel Curros Enríquez o xornalismo era unha profesión reservada para xentes con paixóns políticas e literarias, con grandes dificultades e presións das editoriais e con duras condicións de traballo. Coméntase que ás veces, a necesidade económica ou as presións das autoridades deran lugar casos singulares, coma Valentín Lamas Carvajal posicionado a favor dos liberais de Vicente Pérez en el *Eco de Orense*, e, tempo despois, oposto totalmente a esta ideoloxía. Sinálase que a figura de Curros aparece de novo no xornal de Celanova nun texto no que se critica duramente á escritora Emilia Pardo Bazán pola decisión de poñer o seu nome a unha rúa de Celanova. Finalmente indícase que Curros aparece novamente nesta publicación con motivo da súa marcha a Cuba no ano 1894, nun artigo de Leopoldo Seoane, quen sinala que foi a sociedade na que vivía a que impulsou ao celanovés a marchar por un tempo da súa terra.

Valcárcel, Marcos, "Lingua e empresa", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 6 setembro 2008, contracuberta.

Fala de dúas negativas para o galego: o caso Steiner e o pronunciamento do Club Financeiro de Vigo. Sinala que o primeiro denota a falta de proxección exterior da cultura galega, incluída a literatura, e o dano que fan certas campañas mediáticas. Pero cre que o segundo caso é máis preocupante porque parte do propio país e porque reflicte os prexuízos diglósicos da burguesía galega; aínda que comparte con Miguel Anxo Fernán Vello a idea de que tamén hai grandes empresas galegas comprometidas coa lingua propia.

Valcárcel, Marcos, "Guieiro', voz moza e rebelde", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 725, "Fírgoas de historia e xornalismo", 7 setembro 2008, p. 4.

Fálase de *Guieiro*, revista da Federación de Mocidades Galeguistas do Partido Galeguista. Lémbrase que primeiro momento foi unha páxina semanal n'*A Nosa Terra*, en 1934, e que en novembro dese mesmo ano apareceu con autonomía propia, en forma de catro páxinas editadas en Ourense. Indícase que esta publicación monolingüe galega tiña nun inicio periodicidade quincenal e posteriormente mensual. A seguir, detense nos seus directores: nun primeiro momento, Manuel Vázquez Martín, seguido por Celso Emilio Ferreiro e logo por José Castro Arines. Indícase que baixo a dirección de Celso Emilio a revista foi secuestrada por orde do goberno en 1935 por "inxurias a Hespaña".

Valcárcel, Marcos, "Conservadores", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 10 setembro 2008, contracuberta.

Lembra a tese de Manuel Rivas sobre os conservadores e cre que os de hoxe en día non están precisamente polo labor de salvagardar o mellor que define Galiza: o seu idioma e cultura e a súa paisaxe e natureza. Cre que estes só apostan polo cemento e non conservan nin o idioma, por exemplo o Club Financeiro de Vigo di que o galego é un atranco contra a crise económica. Remata opinando que conservadores de verdade foron Manuel Murguía, Daniel Rodríguez Castelao, Antonio Villar Ponte e Ramón Otero Pedrayo, entre outros, que sabían o que valía a pena manter e falaban de identidade.

Valcárcel, Marcos, "A capeliña dos Remedios", *La Región*, "Sociedad", "A mirada retida", 14 setembro 2008, p. 73.

Comenta que na novela *Vento de seda* (1992), Bieito Iglesias recreou na capeliña dos Remedios a chegada dos feirantes para pedirlle á virxe que lles curase os males e que tivesen unha boa venda na feira. Conta que esa peregrinación á capela o primeiro de maio tamén foi recollida por Eduardo Blanco Amor na súa novela *Xente ao lonxe* (1972).

Valcárcel, Marcos, "El Heraldo Gallego': crer no país", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 726, "Fírgoas de historia e xornalismo", "Publicacións", 14 setembro 2008, p. 6.

Fala dunha das publicacións máis relevantes no século XIX: *El Heraldo Gallego*, subtitulada "Semanario de Ciencias, Artes y Literatura". Conta que se publicou entre xaneiro de 1874 e outubro de 1880 chegando aos 408 números. Comenta que tratou sobre todo temas literarios, históricos, culturais, etc. e publicaba biografías de galegos ilustres, semblanzas de costumes galegos e dedicou números especiais ao poeta Francisco Añón e ao historiador Benito Vicetto, entre outros. Sinala que o seu fundador e director foi Valentín Lamas Carvajal e entre os seus colaboradores contamos, por exemplo, con Francisco Añón, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Benito Losada, Manuel Murguía, Emilia Pardo Bazán e Eduardo Pondal. Afirma que no seu primeiro editorial xa contaba entre as súas aspiracións a independencia dos partidos políticos, a denuncia do caciquismo e a profesión da fe cristiá. Para rematar, fai referencia ao seu director Lamas Carvajal que, ademais de poeta e prosista, fixo do xornalismo a súa profesión, polo que fundou tres xornais: o xa citado *El Heraldo Gallego*, *O Tío Marcos d'a Portela* e o diario *El Eco de Orense*.

Valcárcel, Marcos, "Lobishome e melancolía", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 7 outubro 2008, contracuberta.

Fala do mito do Lobishome e di que o trataron autores como, por exemplo, Vicente Risco, Carlos Martínez Barbeito, Alfredo Conde ou Xosé Miranda. Tamén fai referencia a algúns libros no que aparece como o ensaio "De lobos, homes e lobishomes", de Santiago Lamas, que aparece no libro *Ferrín e outras historias* (2007) ou a *Guía da Galiza Máxica* (1998), de Víctor Vaqueiro.

Valcárcel, Marcos, "Miguel Torga", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 11 outubro 2008, p. 69/"A erguer unha videira...", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 14 outubro 2008, contracuberta.

Pregúntase que é a vida pero, aínda que cre que cada individuo ten unha resposta diferente e todas son válidas, atopa no poema "Bucólica", pertencente ao poemario *O espírito da Terra* (2002), de Miguel Torga, unha boa resposta que lle dedica ao seu amigo Suso Jares e tamén a Xoán Bouzada e Ramiro Fonte.

Valcárcel, Marcos, "Tempos mouros", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 14 outubro 2008, p. 61.

Comenta que son tempos mouros porque en poucos meses morreron o sociólogo Xoán Bouzada, o pedagogo Suso Jares e o poeta Ramiro Fonte. Afirma que a este último quere agradecerlle a calidade da súa obra poética pero tamén novelística, sobre todo a da triloxía que forman as novelas *Os meus ollos* (2003), *Os ollos da ponte* (2004) e *A ponte nos ollos* (2007), as cales lle fan lembrar as páxinas de Castelao e Luís Seoane.

Valcárcel, Marcos, "Arredor de Curros", *La Región*, "Opinión", 20 outubro 2008, p. 14/"Arredor de Curros (I)", 22 outubro 2008;"Arredor de Curros (II)", 23 outubro 2008;"Arredor de Curros (III)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 24 outubro 2008, contracuberta.

Fala do VI Encontro de Escritores Ourensáns que, debido á celebración do centenario da súa morte, xirou entorno ao poeta Manuel Curros Enríquez. Comenta que varias das comunicacións xiraron arredor da súa vida e personalidade; así, di que Antonio Piñeiro falou sobre a familia de súa nai e que Afonso Vázquez Monxardín contrastou dúas épocas da súa vida: cando foi perseguido pola xerarquía eclesiástica en Ourense e cando foi gabado pola opinión liberal, republicana e anarquista na Coruña. Sinala que Francisco X. Fernández Naval falou da súa relación coas igrexas evanxélicas e Luís González Tosar da súa militancia masónica. Finalmente conta que Serafín Alonso e Bieito Iglesias falaron da lingua do escritor e Manuel Guede Oliva afondou na pegada de Curros na súa formación teatral e o seu desexo de facer unha versión teatral d'*O divino sainete* (1888) cando dirixía o Centro Dramático Galego.

Valcárcel, Marcos, "Novela negra (II)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 29 outubro 2008, contracuberta/"Novela negra (e 3)", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 30 outubro 2008, p. 69.

Fala das xornadas de novela negra, nas que di que Bieito Iglesias comentou que as claves desta eran a soidade do heroe e o papel da cidade protagonista, unha cidade noitébrega e neboenta, e que hoxe ten unha liña dominante nos relatos de psicópatas. Sinala que Xoán Ramón Díaz opinou que a novela negra xa estaba presente na Biblia ou en obras como *A Esmorga* (1959), *Macbeth* ou *Luces de bohemia*. Asemade, comenta que, segundo o volume *Novela negra e saúde mental*, de Ania Justo Alonso, Edgar Allan Poe estaría nas raíces da novela negra. Despois repite as palabras de Xoán Ramón Díaz que xa se recolleron no artigo do día anterior.

Valcárcel, Marcos, "Un presente cheo de futuros", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 7 novembro 2008, contracuberta.

Comenta que hai varias razóns polas que ser optimista co presente cultural galego: os Premios Nacionais a Xurxo Beramendi e a Agustín Fernández Paz, a tradución ao francés da novela *Os libros arden mal* (2007), de Manuel Rivas, o encontro en Compostela de escritores internacionais e a celebración dos vinte e cinco anos do

Consello da Cultura Galega. Cre que, aínda que calquera cultura se sentiría orgullosa, algúns rexeitan calquera pulo de galeguización.

Valcárcel, Marcos, "El periodismo es un cuento", *La Región*, "Opinión", 10 novembro 2008, p. 16.

Recomenda un libro de Manuel Rivas, publicado en 1997 que é unha escolma de textos xornalísticos do seu autor, xa publicados sobre todo na prensa madrileña. Di que o gran mérito de Rivas é que desdebuxa os límites entre xornalismo e literatura, polo que reinventa libremente xéneros como a reportaxe, a entrevista ou a columna de opinión.

Valcárcel, Marcos, " Miro Casavelle", *Galicia Hoxe*, "A contra", " Andoliña",12 decembro 2008, contracuberta.

Afirma que o grupo musical Voces Ceibes ten un valor asociado á xeración de 1968, e sitúa o libro de Xan Fraga, *Miro Casabella e a nova canción galega : reportaxe*, neste contexto.

Valcárcel, Marcos, "Unha familia literaria", *A Nosa Terra*, n.º 1.337, "Cultura", 12-17 decembro 2008, p. 37.

Fala dunha gran familia literaria, a de autores de literatura fantástica nas diferentes linguas peninsulares. Sinala que a esta familia pertencen algúns escritores galegos como Álvaro Cunqueiro, Carlos Casares con *Os escuros soños de Clío* (1979), e Xosé Miranda, con *As mans do medo* (2007). Comenta que os especialistas consideran que a literatura fantástica ten o seu momento de maior esplendor en 1957 coa publicación d'*As crónicas do Sochantre*, de Álvaro Cunqueiro e o *Libro de caballerías*, do escritor catalán Joan Perucho.

Valcárcel, Marcos, "Os nenos de Blanco Amor", *La Región*, "Sociedad", "A mirada retida", 21 decembro 2008, p. 73.

Comenta que a Eduardo Blanco Amor xa lle chegaba con *A Esmorga* (1959) para pasar á historia da literatura, pero di que tamén destacou como novelista, poeta, xornalista, dramaturgo e fotógrafo. Conta que un dos seus piares na literatura foron os nenos, así aparecen nas novelas *Os biosbardos* (1962), *La catedral y el niño* (1948) e *Xente ao lonxe* (1972); pero sinala que tamén os inmortalizou nalgunhas fotografías.

Valcárcel, Marcos, "Vangarda e Tradición", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 30 decembro 2008, p. 69.

Sinala que algunhas revistas culturais de inicios do século XX, como por exemplo *Alfar*, *Nós*, *Papel de color* ou *Cristal*, recollían os traballos tanto de poetas e artistas tradicionais como doutros máis vangardistas; así, comenta que nas súas páxinas aparecían algúns nomes coma Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Colmeiro ou Carlos

Maside, ao lado doutros totalmente diferentes coma Luís Seoane, Arturo Souto, Laxeiro ou Cándido Fernández Mazas.

Valcárcel, Xulio, "Novas da Editorial Baía", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 526, "Páxina literaria", 13 xullo 2008, p. 4.

Comenta as novidades da Editorial Baía. Afirma que *Cataventos e Cía* é a comedia de Celia Díaz Núñez que obtivo o II Premio Barriga Verde para teatro de monicreques na modalidade infantil. Despois fala de tres "óperas primas": *Liliput*, a primeira novela de Manuel Lugrís Rodríguez; *Distancias*, de Paco Yáñez; e *Na solaina*, de David D. Vázquez Álvarez Tamén di que o historiador Félix Longueira Fafián publica *Breve historia da Coruña* (1980), na que hai un capítulo dedicado a figuras como Urbano Lugrís, Pucho Boedo, Antón Avilés ou Manuel María, entre outros. Finalmente fala da *Edición da Poesía Trobadoresca en Galicia* (2008), que é unha obra colectiva que contén estudos dos profesores M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaíña.

Vázquez Gil, Lalo, "Xornais de humor en galego", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 4 setembro 2008, p. 3.

Coméntase a aparición en Redondela da primeira revista de humor galega, *Retranca*, e a continuación faise un percorrido por outras revistas e xornais deste estilo que foron aparecendo en Galicia dende *O tío Marcos da Portela* até a actualidade e noméanse colaboradores deles como o propio autor do artigo, Pepe Carreiro ou Siro.

Vázquez Monxardín, Afonso, "¿Queda alguén aí?", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Camiño no vao", 12 febreiro 2008, p. 5.

Fai referencia ao novo filme de Rafael Cid, *¿Queda alguén aí?*, baseado no tema da despoboación do rural e comenta que este problema xa o viron vir algúns escritores que falaron del nas súas obras como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao *n'Un ollo de vidro* ou *O retrato*; Ramón Otero Pedrayo *n'O desengano do prioiro* ou *A lagarada*; Vicente Risco en *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*; e Rafael Dieste *n'A morte do Bieito*.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Curros, poeta (case) coruñés", *La Región*, "Opinión", 11 novembro 2008, p. 24/"Curros, poeta da Coruña", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Camiño do vao", 25 novembro 2008, p. 5.

Opina que Curros Enríquez é un poeta (case) coruñés. Sinala que no tempo que viviu en Ourense tivo poucos amigos, moitas pelexas con Valentín Lamas Carvajal, que cambiou continuamente de xornal e que en 1880 o bispo Cesáreo Rodríguez o denuncia polo libro *Aires da Miña Terra* (1880), polo que é condenado. Comenta que na Coruña, porén, é absolvido e ten recoñecementos múltiples da Academia, do concello e da xente común, que lembra a esta cidade en varios poemas e que alí é coroado e enterrado.

Vázquez Pintor, Xosé, "Cuba si", *Diario de Pontevedra*, "Viviraquí", "Sociedad", "DendeCuba", 23 febreiro 2008, p. 83.

Conta unha anécdota de cando despediu a seu tío que ía viaxar a Cuba e afirma que moitos anos despois é unha ledicia que os galegos poidan participar na Feira do Libro que se celebra na Habana. De seguido dálle as grazas á escritora cubana Yanelis Velazco Fajardo por regalarlle o seu libro.

Vence, Ánxel, "Galegos contra a tele (e mailos libros)", *La Opinión*, "Galicia", "Novas de matute", 10 febreiro 2008, p. 31.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia ao final do artigo ao baixo índice de lectura que ten Galicia nas estatísticas sobre os hábitos lectores.

Ventoso, Luís, "Bebo no va", *La Voz de Galicia*, "Vidas ejemplares", 17 febreiro 2008, contracuberta.

Critica a situación política e a represión que están a sufrir todos os cubanos e fai referencia á expedición cultural que Galicia presentará na Feira Internacional do Libro. Refire con ironía algúns dos encontros e espectáculos en contraste coa situación de vida dos cubanos.

Ventura, Joaquim, "Xeira da Vangarda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, 12 xuño 2008, cuberta.

Indícase que a eclosión das vangardas españolas estivo acoutada localmente, no comezo dos anos vinte: o manifesto *Máis alá* (1928), de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, en Galicia; o *Manifiesto ultraísta*, de Rafael Cansinos Assens, no eixo Madrid-Sevilla; ou, en Cataluña, Joan Salvat Papasseit co seu manifesto *Contra el poetes amb minúscula*.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xosé Ferreiro Loredo", *Atlántico Diario*, "Opinión", 23 xaneiro 2008, p. 3.

Chora a morte do seu amigo Xosé Ferreiro Loredo, fillo de Celso Emilio Ferreiro. Lembra algúns momentos vividos xuntos e tamén o enterro da súa nai, así mesmo, achega un versos de Celso Emilio como lembranza do seu fillo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Se non é vero, é bene trovato", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 23 xaneiro 2008, p. 4.

Comenta que existen moitos críticos que non saben apreciar a literatura galega e escriben críticas que mostran a súa "frustración". Dá conta dalgúns dos bos escritores galegos como Manuel Rivas, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Luz Pozo Garza entre outros, e fala tamén sobre outros escritores estranxeiros. Finalmente, define a este tipo de críticos que el considera de baixa calidade.

Vidal Villaverde, Manuel, "España?", *Atlántico Diario*, "Opinión", 6 febreiro 2008, p. 3.

Fai referencia á relación dos galegos con Castela e como deste reino naceu o Estado Español. Define como eran vistos os casteláns e cita uns versos de Rosalía de Castro sobre eles.

Vidal Villaverde, Manuel, "Entroido e eleccións", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Lizgairo", 12 febreiro 2008, p. 5.

Fala sobre variados temas e, ao final do artigo, comenta que o escribiu un domingo pola mañá e estabelece unha relación entre varios autores. Cita a Alfonso Álvarez Cáccamo, a Manuel María ou a Uxío Novoneyra entre outros e fai referencia a un poema que escribiron hai anos en Compostela.

Vidal Villaverde, Manuel, "Reflexión sobre literatura e pintura (I)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 2 abril 2008, p. 4.

Dáse conta do aburguesamento das artes fronte á literatura, incidindo así no valor económico dos cadros, coa corresponde análise sobre os destinatarios das respectivas obras.

Vidal Villaverde, Manuel, "Fría e estremecida primavera", *Atlántico Diario*, "Opinión", 16 abril 2008, p. 3.

Faise eco do acto conmemorativo verbo de Ramón Cabanillas, celebrado na Casa da Cultura de Padrón, no que Francisco Fernández Rei, a título persoal e en representación dos compoñentes das Redes Escarlatas, solicitou que Cabanillas tivese un panteón en San Domingos de Bonaval, no canto dunha lousa. A este respecto, súmase a esta iniciativa mais manifesta o seu desacordo para alterar os rumbos da "Historia da Vida e a Morte".

Vidal Villaverde, Manuel, "A síndrome Steiner?", *Atlántico Diario*, "Opinión", 3 setembro 2008, p. 3.

Fala da entrevista que lle fixo Juan Cruz a George Steiner, na que di que este declaraba que o galego non servía para nada mentres que o catalán si tiña unha tradición literaria. Opina que non entende como un intelectual coma el pode dicir semellante parvada, a cal só pode ser produto da súa desinformación acerca da lírica medieval galega e de escritores como o rei Afonso X "O Sabio".

Vidal Villaverde, Manuel, "Outono na memoria", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 24 setembro 2008, p. 4.

A raíz das polémicas declaracións de Steiner sobre a lingua e a literatura galegas, cre que este debería agradecer os cataláns as traducións que fixeron da súa obra e a España polo Premio Príncipe de Asturias. Pero opina que non coñecer a lírica medieval galega non desculpa esas declaracións.

Vidal Villaverde, Manuel, "Ramiro Fonte: tempus fugit", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Obituario", 12 outubro 2008, p. 5.

Emotiva lembranza do poeta Ramiro Fonte no día do seu pasamento na que se dá conta de varios dos momentos vividos xuntos dende a infancia e tamén das súas facetas como profesor, poeta e amigo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Retrousos do tempo a vivir", *Atlántico Diario*, "Opinión", 5 novembro 2008, p. 3.

Sinala que o retrouso na lírica medieval galega era como un "estribillo" e utilizábano, entre outros, Martin Codax e Meendinho. Comenta que no neotrobadorismo, escritores como Álvaro Cunqueiro ou Fermín Bouza-Brey empregaban o retrouso porque as letras dos seus poemas naceron para ser cantadas, aínda que lle parecen difíciles de musicar poesía como "Dona do corpo delgado" ou "Cantiga nova que se chama ribeira", de Cunqueiro. Finalmente, opina que o retrouso moderno é a reiteración de palabras "comodín" até a saciedade, da que fan uso moitos políticos, pero tamén escritores coma Alfonso Álvarez Cáccamo.

Vidal Villaverde, Manuel, "No silencio de Camilo Gonsar", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Obituario", 11 novembro 2008, p. 5.

Debido á morte do escritor Camilo Gonsar, di que quere lembrar ao amigo que se foi do mesmo xeito que viviu, con discreción e en silencio. Fala da última vez que o veu e do seu encontro cando ingresou Manuel María na Real Academia Galega.

Vidal Villaverde, Manuel, "Memoria de Camelias Street", *Atlántico Diario*, "Opinión", 12 novembro 2008, p. 3.

Fala da rúa máis literaria e artística de Vigo: a Camelias Street, alí namoráronse Xohana Torres e Xosé Luís Méndez Ferrín e era o lugar de intelectuais como Antón Pulido, Anxo Angueira, Xosé Cid Cabido, Oriana Méndez, Moncha Fuentes, Gonzalo Navaza, Xavier Ocaña Eiroa, Rufo Pérez, Pablos, Manuel Orío, Moncho Pena, Francisco Sampedro, Alexandre Cribeiro, Xulio Alonso, Xulio Fontes, Manuel Bragado, Víctor Freixanes e Camilo Gonsar, o cal morrera había pouco tempo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Canción de inverno", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 24 decembro 2008, p. 4.

Comenta que quere destacar dous poemarios de Luz Pozo Garza: *Concerto de Outono* 81981) e *Códice Calixtino* (1986), dos cales di que teñen unha beleza conmovedora. Tamén sinala que lle regalou o seu poemario intitulado *O paxaro na boca* (1952).

Villalaín, Damián, "Rei Ballesteros", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Política", 6-12 novembro 2008, p. 12.

Sinala que na tertulia chamada "Café Volter", van botar de menos a Anxo Rei Ballesteros, que morrera había pouco tempo. Di que quedan as súas obras, como *Tempo e vinganza* (2003), que na súa opinión debería ser traducida ao castelán, francés e inglés xa que é unha das poucas achegas orixinais a Hamlet, tamén o libro de contos *A sombra dos teus soños* (1998) e a novela moral *Non sei cando nos veremos* (2005).

Villanueva, Darío, "Xaime Quessada, ciudadano de la cultura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 febreiro 2008, p. 6.

Analiza a obra de Xaime Quessada e comenta algunhas das creacións máis sorprendentes. Tamén dá conta das influencias que recibiu e cales foron os temas principais que tratou.

Villanueva, Darío, "¿Importa el tamaño de las literaturas?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 novembro 2008, p. 6.

Comenta que o escritor chinés, premio Nobel, Gao Xingjian, dixo en Compostela que non hai literaturas pequenas se están vivas; isto, segundo o seu criterio, foi o contrapunto ás controvertidas declaracións de George Steiner nas que por ignorancia, desprezaba a lingua e literaturas galegas. Sinala que exemplo disto é o poemario de Marica Campo, *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), no que fala da súa pertenza a unha determinada tradición da literatura paneuropea. Segundo as palabras da autora "o poema é a sombra que me copia". Para rematar, di que esta poeta trata tamén neste poemario asuntos de actualidade como a violencia machista en poemas como "As razóns do asasino", "A razón da vítima" ou "Mulleres de Ciudad Juárez".

Villar, Carmen, "¿Cunqueiro o Valle Inclán?", *La Opinión*, "Sociedad", 13 novembro 2008, p. 41.

Recóllense as opinións de Suso de Toro, Manuel Rivas, Luísa Castro e Marta Rivera de la Cruz sobre o conflito lingüístico en Galicia tras unhas declaracións do valedor do pobo acerca deste tema.

Villar, Manuel, "Só tres ou catro escritores galegos viven da literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 423, "Personajes", 21 setembro 2008, p. 62.

Entrevista a Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na que fala dos comezos desta última que naceu grazas á iniciativa de

escritores coma Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos ou Manuel María, entre outros. Tamén comenta as actividades que está a desenvolver neste momento como encontros, obradoiros de creación literaria, un proxecto audiovisual ou a participación na federación Galeusca. Sinala que a AELG propón para a candidatura aos Premios Nobel dende hai anos a Xosé Luís Méndez Ferrín e Luz Pozo Garza. Finalmente tamén opina sobre as declaración de George Steiner, das que di que son froito do seu descoñecemento da nosa tradición literaria polo que cre necesaria a promoción da nosa cultura polo mundo.

Villar Janeiro, Helena, "No centenario de Curros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 16 maio 2008, p. 3.

Infórmase dos actos conmemorativos do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez en Celanova, dende o pasarrúas da banda de música da citada localidade e os discursos da neta Ángela Curros Enríquez e a tataraneta Miriam Gilbertson Hernando até a recepción no Concello, na que interviu Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da Real Academia Galega, entidade promovida polo homenaxeado en terras cubanas.

Villar Janeiro, Helena, "Homenaxe a Ramón Lorenzo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 23 maio 2008, p. 3.

Dáse noticia da homenaxe ao académico Ramón Lorenzo Vázquez, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, efectuado polo Concello de Ames o 18 de maio, debido a un periplo vital marcado pola dedicación á lingua galega.

Villar Janeiro, Helena, "O pequeno cachouriso", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 1 agosto 2008, p. 3.

Conta que nunha entrevista lle preguntaron que libro levaría a unha illa deserta e que respondeu *Os outros feirantes* (1979), de Álvaro Cunqueiro porque lle lembra a súa infancia e adolescencia e para os momentos de meditación *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro. Pero di que despois de que tivera na súa horta un ourizo gacho que a súa nai o abandonou cando veu un perigo, cambiaría a súa resposta e escollería un tratado para que lle aclarase o misterioso proceder do instinto maternal.

Villar Janeiro, Helena, "O esvarón de George Steiner", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 29 agosto 2008, p. 3.

Critícanse unhas declaracións feitas no xornal *El País* por George Steiner, filósofo, ensaísta e premio Príncipe de Asturias de 2001, nas cales resta importancia á lingua e literatura galegas fronte ás catalás e danse os nomes de obras e autores galegos que a enxalzan.

Villar Janeiro, Helena, "Homenaxe a Marie Laffranque", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 12 decembro 2008, p. 3.

Fala da tradutora, filósofa e estudiosa de García Lorca María Laffranque, á que ía homenaxear a Casa de Galicia de Toulouse. Conta que tivo dous encontros con ela e que lle enviou unha carta para Eduardo Blanco Amor que debía ser lida nunha homenaxe que lle facía o PEN Clube de Galicia ao escritor ourensán. Sinala que se carteou con este e que quedou sorprendida do prestixio da nosa lingua a través da prosa do propio Blanco Amor e dos poemas galegos de Federico García Lorca, polo que ía asistir a clases de galego para ler mellor a Rosalía de Castro.

Villot, José María, "De festa en festa", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La galería", 17 maio 2008, p. 28.

Faise eco do nacemento dunha nova novela e doutra intitulada *Herbas de namorar*, de Manuel Rivas en colaboración co pintor Xosé Xosé Luís de Dios. Remata dando conta do novo suplemento, "*Protexta*", que conta entre as súas fileiras aos novos escritores da nova falanxe literaria en galego.

X. C., "Morre Rei Ballesteros, un heterodoxo", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 6-12 novembro 2008, p. 38.

Debido á, daquela, recente morte de Anxo A. Rei Ballesteros, fala da súa traxectoria profesional. Comenta que é o autor da primeira novela en galego publicada en democracia: *Dos anxos e dos mortos* (1976), comezou colaborando na revista *Bonaval* e publicou as novelas *Loaira* (Premio Losada Diéguez, 1993) e *Non sei cando nos veremos* (2005) e o libro de contos *A sombra dos teus soños* (1988). Fixo incursións no teatro e estreou no 1987 *Xogos de damas* e no 1991 dirixiu unha versión d'*A voz humana* de Jean Cocteau. Finalmente, tamén publicou algún ensaio como *Tempo e vinganza*, que trata sobre o *Hamlet* de Shakespeare e xunto con Carlos Fernández editaron *Urda e mundo. Un ensaio sobre Rof Codina*.

Xestoso, Manuel, "Os premios literarios e a visibilización da literatura", *A Nosa Terra*, nº 1.336, "Cultura", "A intersección dos sistemas literarios", 4-10 decembro 2008, pp. 24-25.

Comenta que os premios literarios cumpren, a meirande parte das veces, a función de sustentar os discursos ideolóxicos dos poderes que os conceden. Por exemplo, parécelle curioso que o mesmo ano que por primeira vez se lle concedeu o Premio Nacional de Literatura de Galicia a Xosé Luís Méndez Ferrín, en España se lle conceda o premio co mesmo nome por primeira vez a dous autores galegos, aínda que ningún deles a Ferrín. Isto pensa que se debe a que o prestixio de cada literatura mídese polo valor que se lle recoñece en relación coas outras e os premios funcionan como unha estratexia máis dentro dese combate pola supremacía. Sinala que a literatura española é un sistema que quere manter dentro a escritores que adquiren reputación internacional pero que pertencen a "literaturas periféricas", como é o caso de Manuel Rivas; así, cre que

intentan visibilizarse invisibilizando aos máis próximos. Para rematar di que unha literatura como a galega debería buscar estratexias para darse a coñecer.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelenda, Ana, "Yolanda Castaño, poeta: 'A percepción da miña imaxe frivolizou a lectura da miña obra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 259, "A escritora do mes", 12 abril 2008, p. 13.

Yolanda Castaño fala do seu libro de poemas *Profundidade no campo* (2007). Comeza afirmando que se sente ante todo poeta pero cre que a poesía debería botar man doutras linguaxes como a audiovisual e das novas tecnoloxías, e que os libros deberían ser postos en escena. Con este poemario non sabe se alcanzou a madurez pero si está segura que co tempo cambiou e que, cada vez máis, elimina o innecesario e queda coa esencia. Cre que se ten utilizado a súa obra para criticar a súa imaxe e pensa que o lector non debe permitir que a imaxe do autor desvíe a atención na obra. Afirma que tivo que renunciar a moitas cousas pero que, despois de moito traballo, pode vivir da escrita. Para rematar, comenta que o feito de acadar o éxito tan cedo repercútelle no feito de que lle afectan máis as críticas.

Alonso, Pilar M., "Echo en falta más riesgo en la literatura en lengua gallega", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 530, "La Entrevista", 10 agosto 2008, p. 6.

Entrevista a Blanca Riestra, con motivo da súa estadía na Feira do Libro da Coruña para asinar exemplares da súa obra *Madrid Blues* (2008). Afirma que para pasar de ser receptor a narrador hai que ler moito e opina que a empatía é unha condición necesaria para escribir. Confesa que se deprime cando remata un libro porque pensa que non vai ser capaz de escribir o seguinte e que nas súas novelas o seu obxectivo é escarvar no significado do mundo, amosar o que non se ve a primeira vista. Sinala que está en contra do autor comprometido politicamente e considera que só lle importan as súas propias críticas. Dá a súa opinión respecto da defensa do galego e di que lle gustaría que a recordaran como un clásico. Para rematar, informa dos seus novos proxectos, unha novela sobre a "Ruta 66", unha de ciencia-ficción e algo en galego.

Álvarez, Natalia, "Hai unha visión subalterna por parte dos que ocupan os espazos hexemónicos no audiovisual en Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Entrevista", 10 xaneiro 2008, p. III.

Antón Dobao fala nesta entrevista das adaptacións audiovisuais que realiza de obras galegas e, concretamente, da última adaptación dun conto de Darío Xohán Cabana, "A Mariñeira", que se inclúe no proxecto "Un mundo de historias". Comenta que o traballo de creación do guión o compartiu con Xabier Cordal e explica que se trata dun traballo que requiriu bastante tempo, xa que dun conto de seis páxinas tiveron que crear unha película de hora e media. De seguido, opina sobre por qué hai tan pouco cine en galego e afirma que a maioría prefire producir para o mercado español, aínda que el considera que é necesario que se faga cinema en galego. A continuación fala de como chegou ao mundo do audiovisual e tamén da rodaxe d'*A Mariñeira* en Quilmas, así como, do trato cos veciños e da personaxe protagonista, María, interpretado por Camila Bossa. Explica que resultou moi difícil atopar á actriz máis axeitada porque tiña que interpretar un personaxe complexo, mais valora o traballo realizado por Bossa. Por último, dá conta de

cando se presentará o filme e anuncia que o seguinte traballo de "Un mundo de historias" será unha adaptación d'*O club da calceta* (2007), de María Reimóndez.

Álvarez, Natalia, "Xavier Alcalde: 'O poeta é paradigma de ser paixonal, aquel que se expón á vulnerabilidade máxima", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Entrevista", 17 xaneiro 2008, p. 3.

Xavier Alcalde fala do seu libro de poemas *Disidencia ferida* (2007), do que se di que se aprecia unha contraposición entre a lóxica do desexo e a lóxica da paixón. Así comenta que parece que fala o poeta, que é o ser paixonal por excelencia e di que o poemario está escrito nunha linguaxe baseada na racionalidade resultante da busca do sentido, polo que a converte nunha linguaxe influenciada polos sentimentos do que le e do que escribe. Dise que é un libro de temática ampla que el engloba nun só tema: o existir. Así, cre que o ser humano é un ser incompleto e que o capitalismo tapa esta carencia en vez de solucionala. Finalmente, tamén fala do medo a descubrir que non somos nada, sentimento que comeza a xurdir na adolescencia, que é a etapa en que se esaxera todo.

Álvarez, Natalia, "Jean-Philippe Toussaint: 'A fuxida, simbólica ou real, é unha constante nas miñas obras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 234, "Entrevista", 14 febreiro 2008, p. 3.

Entrevista a Jean-Philippe Toussaint, cuxa novela titulada *Fuxir* (2007) foi traducida ao galego pola editorial Galaxia. Nela di que descoñece por completo a Literatura Galega, de feito, cando lle dixeron que esta súa obra ía ser traducida a esta lingua tivo que mirar no mapa para saber onde quedaba Galicia. Afirma que a primeira vez que foi traducida (hai vinte anos ao italiano) revisou o texto pero que agora ten plena confianza nos tradutores pois foi traducida a unhas vinte ou vinte e cinco linguas. Comenta que *Fuxir* é unha novela moi visual ambientada na China, como representación do século XXI porque é unha sociedade en expansión, e no Mediterráneo, que é máis calmo. Comenta que lle puxo este título porque nela están presentes todos os significados de fuxir: a fuxida consciente, a metafórica e a real. Por último, afirma que en todas as súas novelas aparece unha obsesión polos detalles cotiáns pero que é a primeira vez que trata o tema da morte.

Álvarez, Natalia, "Vicente Araguas: 'Fixemos o papel de voceiros dunha situación política que non tiña xeito de poder expresarse", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Entrevista", 17 abril 2008, p. 3/"Vicente Araguas, membro do movemento 'Voces Ceibes': 'Fixemos de voceiros políticos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, "Entrevista", 26 abril 2008, p. 4.

Conversa con Vicente Araguas para falar de "Voces Ceibes", que tivo a súa orixe o 26 de abril de 1968, grazas a un grupo de mozos comprometidos politicamente que desexaban facer unha canción de autor en galego. Di que un ano máis tarde fixeron un recital diante de tres mil persoas, fundaron o colectivo e gravaron un disco. Conta que se separaron en 1974 debido ao nacemento do Movemento Popular da Canción Galega; así, no seu libro afirma que "Voces Ceibes' morreu de morte natural" xa que non eran

cantantes profesionais senón estudantes e, chegado o momento, cada un dedicouse á súa profesión. Comenta que dende o punto de vista político o seu papel foi o de voceiros da situación daquel tempo e dende o punto de vista cultural foron pioneiros da canción de autor galega. Recoñece que "Voces Ceibes" foi para el unha lousa porque, cando publicou o seu primeiro libro ou cando comezou a dedicarse á crítica literaria, ninguén o vía como escritor senón como o cantautor que lle dá por dedicarse a outras cousas. Sinala que escribiu unhas memorias de "Voces Ceibes" en forma de crónica que tivo moi boas críticas. Cre que foi máis que un estudante que cantaba xa que logrou levar a cabo unha carreira literaria. Para rematar, confesa que lle gustaría escribir unha novela ambientada no ano 1968, aínda que xa escribiu *Voces Ceibes* (1991), que no seu momento pareceu unha novela.

Álvarez, Natalia, "Os subsidios son contraproducentes para a produción literaria galega", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Entrevista", 22 maio 2008, p. 3.

Carlos Figueiras, portavoz da editora libre Estaleiro, presenta a iniciativa levada a cabo pola Asociación Cultural homónima, o funcionamento da súa editorial e os obxectivos que esta se marca a medio prazo. Nesta entrevista Figueiras critica o sistema editorial galego, que tacha de excesivamente dependente dos subsidios oficiais. Entre outras cuestións salienta os títulos publicados por Estaleiro até o momento, o seu traballo coas licencias Creative Commons ou as dinámicas que a editora emprega.

Araguas, Vicente, "Xosé María Dobarro, catedrático de Lingua e Literatura Galega: 'Cando era novo Ferrol semellaba unha cidade eufónica pero triste, como a época", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS", "Cultura", 27 xaneiro 2008, p. 14.

Xosé Mª Dobarro fala da súa vila natal, Ferrol, e lembra que el e Vicente Araguas foron xuntos ao colexio, ao instituto e á universidade. Di que comezou a estudar Dereito en Santiago pero que o deixou por Filosofía e Letras, carreira que remataría en 1973. Comenta que foi alumno de Ricardo Carballo Calero e con el fixo unha tese sobre Alberto Camino. Sinala que foi docente na Coruña dende o curso 75-76 e en 1993 chegou a catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa. Para rematar conta que agora vive en Cee e se sente ceense porque, segundo el, esta é unha vila onde é doado integrarse.

Arriba, M., "Boto en falta un gran relato sobre a cidade de Lugo", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 21 agosto 2008, p. 16.

Conversa con Darío Xohán Cabana na que indica que o Concello de Lugo ten en marcha a publicación de varios libros sobre a cidade. Opina que hai tres escritores deste lugar que todo lucense debería ler: *Contos da néboa* (1973), de Ánxel Fole, *Sombra do aire na herba* (1959), de Luís Pimentel, e *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín. Informa en que consiste a produción de libros do Concello e remata dicindo que bota en falta un gran relato sobre Lugo, que fose como unha gran guía da cidade e que sexa útil e interesante para os propios lucenses e para a xente de fóra.

Baena, Ana, "Francisco Castro, escritor, ganador del premio de novela García Barros 2007: 'Un libro escrito en galego esta condenado á invisibilidade", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 febreiro 2008, p. 22.

Francisco Castro refírese a súa novela *As palabras da néboa* (2007), gañadora do premio García Barros. Afirma que é un libro de aventuras de tres personaxes que coinciden debido ás circunstancias. Di que para el gañar este premio supón unha maior responsabilidade pero tamén unha maior difusión para un libro en galego, xa que Galicia é a segunda comunidade que menos libros merca e se o fai estes son en castelán. Para rematar, desvela que ten en proxecto unha novela que trata o tema do amor.

Beceiro, M., "Miro Villar González, escritor e profesor: 'Antón Zapata abrazou a causa do exilio cun forte compromiso republicano", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 febreiro 2008, p. 16.

O profesor Miro Villar di, con motivo da presentación da súa tese doutoral "Antón Zapata García. Edición e estudo", que Zapata García foi un poeta que chegou á Arxentina no ano 1903 con dezasete anos e que viviu alí até a súa morte en 1956. Tamén comenta que foi un poeta seguidor da liña pondaliana que utilizaba moito o léxico mariñeiro e que tratou o tema do exilio dende un compromiso republicano. Para rematar revela que non foi unha gran figura das letras pero, como asistía a todos os actos literarios, era moi valorado na diáspora.

Blanco, M. X., "Antón Riveiro Coello, escritor e presidente da Asociación Barbantia: 'O futuro da entidade a longo prazo pasa pola profesionalización", *La Voz de Galicia*, "Barbanza-Muros-Noia", "Entrevista", 20 xaneiro 2008, p. 17.

Antón Riveiro Coello, presidente da Asociación Barbantia, afirma que esta entidade naceu coa mera intención de dinamizar a cultura da bisbarra do Barbanza pero que xa conseguiu unha ducia de publicacións. Afirma que levan tres anos facendo cultura pero que tamén a reciben debido á visita de moitos intelectuais galegos. Di que ao principio a asociación estaba vinculada á política pero, que agora non, e que tampouco é un grupo elitista xa que na asociación hai amas de casa e mariñeiros que escriben. Cre que teñen axuda por parte da Administración pero que non é suficiente xa que precisan dunha profesionalización, o que suporá poder contar cun técnico. Confesa que debido ao seu labor en Barbantia non pode dedicar todo o tempo que quixera a escribir. Das súas obras a sinala que máis éxito tivo foi *As rulas de Bakunin* (2000), que á que máis cariño lle ten é *A quinta de Saler* (2002), porque se deu a coñecer con ela, e a que máis completa é *A esfinxe de amaranto* (2003). Afirma que escribir é fácil, pero escribir ben non o logra todo o mundo. Así mesmo, di que só se pode vivir da literatura en galego se se ten fama fóra de Galicia e que aquí só se pode conseguir isto coa axuda doutras actividades como por exemplo, conferencias, pois aos que comezan neste mundo da escrita recoméndalles que estean atentos, que lean moito e que teñen que ser ambiciosos para superarse, aínda que isto non significa ter vaidade. Finalmente, non van aceptar as críticas.

Bom, José Xavier, "María do Cebreiro Rábade Villar, escritora e investigadora: 'En Gales vin inquietude e interese pola nosa cultura", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", "Entrevista", 2 abril 2008, p. 2.

María do Cebreiro fala da súa estancia en Gales, onde participou en actividades docentes, literarias e de investigación algunhas das cales se nomean. Di que o descoñecemento da literatura galega e galesa é mutuo pero que alí veu interese e curiosidade pola cultura galega. Cre que son dúas realidades moi parecidas e que aínda que hai certo descoñecemento, comezan a relacionarse. Neste senso comenta que Xosé Luís Méndez Ferrín está traducido ao galés e que xa hai unha escolma de poesía galesa traducida ao galego. Tamén confesa que escribiu unha serie de poemas aos que titulou *Bangor*, que é o nome do lugar no que estivo, e fala doutros proxectos derivados desta estadía. Comenta que para ela non hai unha identidade galega, senón que habería que falar de identidades e que aínda hai persoas interesadas en continuar coa herdanza cultural resistente. Para rematar, opina non hai que buscar a homologación a través da normalización, senón que é positivo ser diferentes sempre e cando nos sintamos orgullosos de selo nun mundo cada vez máis homoxéneo.

Bugallal, Isabel, "Margarita Ledo, Catedrática de Comunicación Audiovisual de la USC: 'Conseguí que ser mujer nunca fuera un obstáculo", *La Opinión*, 1 abril 2008, contracuberta.

Conversa con Margarita Ledo co gallo do seu nomeamento como numeraria da Real Academia Galega (RAG). Conta que é a quinta muller pero a primeira que pertence ao mundo da comunicación, que aínda non pensou no discurso e que a noticia non a colleu de sorpresa xa que a RAG ten uns parámetros (a cultura, especificamente a lingua) nos que ela entra. Di que non abandonou a poesía xa que acaba de facer dous poemas para o padroado Rosalía de Castro e outro para Suso Rábade, pero admite que agora só fai encargos porque leva uns anos centrada na escrita de películas. Comenta que os temas que máis a obsesionaron sempre foron o feminismo e o século XX. Confesa que nunca tivo que renunciar a nada porque nunca quixo ter fillos, pero que tivo que traballar moito en espazos pouco traballados, porén non pode dicir que lle custou chegar a onde está porque sempre gozou co seu traballo. Di que está moi orgullosa de ter dirixido *A Nosa Terra* e de organizar a Facultade de Ciencias da Educación porque iso supón que os chamen aos congresos máis importantes e que teñan moitos grupos de investigación. Conta que pertenceu á UPG e tivo que exiliarse nos anos setenta durante dous anos pero di que non lle atrae cinematograficamente esta época porque a viviu de maneira moi próxima.

Bugallal, Isabel, "Los hombres no tragaron a doña Emilia", *La Opinión*, 10 setembro 2008, contracuberta.

Entrevista a Marina Mayoral na que comenta que en Galicia se malinterpretan algúns aspectos de Emilia Pardo Bazán, pois afirma que algúns mesturan política e literatura e a presentan como unha "burguesa enchufada y una traidora a la patria". Opina que a escritora fixo moito pola incorporación da muller á literatura e que houbo quen a desprezou por non escribir en galego e tamén pola súa condición de muller. Por outro lado, Mayoral fala da súa experiencia como escritora entre homes. Nomea a Ramón

Piñeiro, do que di que a axudou moito e que nunca lle recriminou que escribira en castelán. Comenta que despois da súa separación matrimonial, de Andrés Amorós, non lle foi difícil editar e que tanto Edicións Xerais de Galiciacomo Galaxia a apoiaron nos primeiros momentos. Tamén di que en todas as súas novelas están presente o tema da Guerra Civil e conta ao respecto o clima que viviu na súa infancia en Mondoñedo. Di que escolle entre o castelán e o galego dependendo do lugar onde comece a novela.

Caamaño, Andrés, "Caneiro xa é un clásico pola súa forma de escribir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 272, "A entrevista", 26 xullo 2007, p. 13.

Recolle unha entrevista con Olivia Pena co gallo da presentación da súa tese de doutoramento dedicada á figura do escritor e poeta Xosé Carlos Caneiro. Di que se licenciou en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, doutorándose na Universidade da Coruña cunha tese titulada *Aproximación á estilística a través da obra narrativa de Xosé Carlos Caneiro*. Comenta que a relación de amizade que une a investigadora co autor obxecto do estudo non só lle permitiu a ela afondar en certos aspectos da obra de Caneiro, senón que constituíu un alicerce máis para esta profesora. Finalmente considera necesaria a poética simbólica de Caneiro no desenvolvemento da literatura galega máis actual.

Canda Mariño, Pilar, "La lógica me aburre profundamente", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 25 agosto 2008, p. 44.

Entrevista a Rafael Pintos con motivo da publicación da súa obra *O Cabaleiro da Rosa*, con prólogo de Xesús Manuel Valcárcel. Rafael Pintos destaca o papel revolucionario da súa poesía e as influencias de Baudelaire e Rimbaud, así como do expresionismo e do surrealismo.

Carballa, Xan, "Margarida Ledo entra na Academia: 'Non conectamos pero os galeguistas foron xenerosos con nós", *A Nosa Terra*, n.º 1307, "Cultura", 24-30 abril 2008, pp. 24-25.

Entrevista á xornalista e escritora Margarita Ledo co gallo da súa entrada na Real Academia Galega (RAG). Nela di que antes había certa inmobilidade na Academia xa que só entraban escritores e xente da cultura pero que agora dáselle máis protagonismo a outros perfís como mulleres ou exiliados. Conta que a súa xeración fixo unha fenda no galeguismo que se está a reparar agora e que cando dirixía *A Nosa Terra*, en 1978, dábaselle cabida a todo o mundo. Afirma que o seu primeiro poemario ten un galego raro e que foi elaborado cos obxectivos principais de contactar con Manuel María e aprender o galego escrito; despois que fixo unha paréntese para centrarse no xornalismo; máis tarde publicou varios libros (*Trasalba*, 1985; *Porta Blindada*, 1990; *Linguas Mortas*, 1989) e algún ensaio sobre escultura galega moderna ou cine que e na agora escribe poesía por petición. Admite que a súa obra é hermética porque se perderon referentes e que se centra nos anos sesenta porque é a época da transformación nas propostas políticas. Comenta que ten seis meses para depositar o discurso do que só ten o título "Ensaio crítico da cultura galega", cuxo referente é a obra de Ramón Otero Pedrayo. Para rematar di que non entende porque a lingua é tema de debate xa que é a

sociedade quen a constrúe, a identifica e se expresa con ela; cre que só se debe a que aquí o galego é a segunda lingua, polo tanto é unha cuestión de poder.

Carballa, Xan, "O tempo, a violencia e a morte son as miñas fixacións literarias", *A Nosa Terra*, nº 1.332, "Cultura", 6-12 novembro 2008, p. 38.

Publicación dun extracto da entrevista a Anxo Rei Ballesteros n'*A Nosa Terra* (n.º 1.191) con motivo da publicación da súa novela *Non sei cando nos veremos* (2005). Nela, o escritor fala do exceso de censura político-moral que hai en Galicia e tamén de autocensura. Ademais comenta a presenza do sexual que hai nos seus libros, que é unha das súas fixacións como escritor, xunto co tempo, a violencia e a morte. Tamén opina sobre a literatura que se fai para ser lida no ensino.

Cordal, Xabier, "Moncho Iglesias, profesor de castelán en Belén: 'Para min, non hai rutina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "En conflito", 5 abril 2008, p. 32.

Descóbrese nesta entrevista a Moncho Iglesias, profesor de castelán na Universidade de Belén, que escribiu o poemario *Oda das nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007) e que traduciu ao castelán unha guía de Palestina a raíz do seu traballo como cronista de Vieiros, a Radio Galega ou Igadi. Nela, asegura que lle gustaría manter un blog nalgún xornal galego para contar o que ve e para explicar algúns sentimentos sobre o respecto que lle teñen persoas completamente diferentes a el, tanto no aspecto político coma no relixioso. Di que está traducindo *A un meu fillo* (1995), de Xosé Luís Méndez Ferrín, ao hebreo e ao dialecto árabe de Palestina e que despois vai traducir a primeira novela do árabe-israelí Said Kaxua, e asegura que lle gustaría traducir autores palestinos pouco coñecidos. Tamén conta que traduce contos tradicionais e que prepara unha exposición fotográfica sobre Galicia con música e poesía para o Día das Letras Galegas e que prepara un recital de poesía en varias linguas, así como que repartirá uns versos de Darwish na súa lingua orixinal e noutras quince linguas diferentes. Pensa que a poesía é un medio de liberación xa que os recitais están cheos de xente que, aínda que non lean moito, necesitan escoitar esas angustias. Para rematar, recomenda algún poeta palestino coma Barghouthi (tanto o pai coma o fillo), Ibrahim Tuqan, Samih al-Qasim ou Jabra Ibrahim Jabra.

Correa, Anxa, "Jean-Philippe Toussaint, escritor: 'Toda a literatura é unha fuxida en tanto en canto é un xeito de evadirse da realidade", *El Progreso*, "Vivir", 8 febreiro 2008, p. 84.

Entrevista ao escritor e cineasta Jean-Philippe Toussaint co gallo da súa visita a Galicia, debida a que no 2007 a súa novela *Fuxir* foi traducida ao galego. Di que a tradución a outras linguas é unha maneira de expandir coñecementos e que a súa primeira novela titulada *La Salle de Bain* foi traducida a vinte linguas diferentes. O tradutor da obra, Xabier Queipo, comentou que o escritor belga trouxo consigo un libro en francés de autores galegos con textos sobre Santiago. Toussaint di non crer nas linguas minoritarias pero sorpréndelle a tradución da súa novela na lingua dun lugar que tivo que buscar no mapa, aínda que recoñece que polo menos coñece o alfabeto, cousa que non lle pasa con outras linguas ao que foi traducida como o xaponés ou o árabe. Afirma

que o título da novela se *Fuxir* debe ao comezo e ao final da obra. En definitiva, cre que toda a literatura é unha fuxida xa que é un xeito de evadirse da realidade. Opina que a linguaxe cinematográfica e a literaria son diferentes e que só converxen na parte visual; así, o libro é a creación de imaxes a partir de palabras e o filme só se basea nas imaxes. Finalmente, comenta que lle interesa o tema do soño e a vida do século XXI que se reflicte hoxe en día en Asia razóns polas que as súas dúas últimas novelas están ambientadas alí: *Faire l'amour*, en Xapón, e *Fuxir*, en China.

Correa, Anxa, "A economía desde a literatura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Literatura", 9 febreiro 2008, p. 75/"Manuel Blanco, politólogo e autor de *Nos dominios da incerteza*: 'A literatura é a canle máis directa para chegar ó corazón e ó cerebro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 febreiro 2008, p. 64.

Conversa co economista, avogado e politólogo Manuel Blanco na presentación do seu libro de relatos *Nos dominios da incerteza*, editado por Sotelo Blanco en 2007. Afirma que a maioría dos once contos están baseados en historias reais pero que tamén hai algún froito da imaxinación. Di que todos teñen en común unha compoñente paradóxica e lúdica e que o seu obxectivo principal é que o lector se cuestione moitos dogmas económicos. Polo tanto, considera que fai unha literatura comprometida coa análise crítica da sociedade galega pero con notas de humor. Conta que prefire os relatos que buscan as causas porque así neles pode facerse drama, acción ou comedia, porque cre que o estilo debe ser só o envoltorio do que realmente se conta. Comenta que a literatura é a canle máis directa para chegar ao corazón e ao cerebro das persoas e que todo está suxeito a exame polo que hai que dubidar dos dogmas. Engade que o mundo é demasiado complexo polo que se precisa construír pequenas historias para que non se esmague esa complexidade. Así, afirma que el, para comprender a economía, constrúe relatos para espir institucións ou fenómenos que se adoitan presentar con moita maquillaxe. Comenta que no seu relato "Deontoloxía mercantil" aparece a dicotomía lei, que adoita ser escrava da economía institucionalizada, e xustiza, filla da ética básica. Para rematar, sinala que nos seus contos non propón un modelo económico alternativo porque non se cre tan ousado para iso, pero di crer no mecanismo de proba-erro que fai mellores persoas e máis abertas.

Correa, Anxa, "Hónrame recibir o 'Fernando Rey' porque premia unha traxectoria", *El Progreso*, "Vivir", 14 abril 2008, p. 72.

Entrevista a Ernesto Chao, gañador do Premio de Honra Fernando Rey. O autor confesa o afortunado que se sente por estes galardóns. Conta que proximamente comezara a ensaiar un novo espectáculo *Aeroplanos* xunto con Xosé Manuel Oliveira "Pico". Fala sobre a necesidade de gañar público para o teatro en Galicia.

Correa, Anxa, "Alfredo Conde, escritor: 'Máis que María Pita interesáronme as mulleres da Coruña", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 maio 2008, p. 84/"Alfredo Conde, escritor: 'O episodio do cerco da Coruña é a descrición do odio como motor", *El Ideal Gallego*, "Sociedad", 29 maio 2008, p. 51/*Diario de Ferrol*, "Sociedad", 29 maio 2008, p. 45/*Diario de Arousa*, "Sociedad", 29 maio 2008, p. 37.

Entrevista co escritor Alfredo Conde para falar da súa novela en castelán *María de las batallas* (2007), que antes saíu en galego. Di que a intención da novela é demostrar que a historia de Galicia non se coñece tanto como se necesita, por iso sempre utilizou as súas novelas para dala a coñecer. Conta que escribiu a novela pola figura da muller e por curiosidade cara ao personaxe de María Pita, pero que o que máis lle sorprendeu foi que as mulleres da Coruña foron as que evitaron a invasión de Drake, personaxe que tamén quería investigar. Di que a el non lle chamou a atención a heroicidade de María Pita, senón a súa intensa personalidade que a levou a ter un cento de pleitos, que gañou case todos, que tivo catro maridos, fillos e que sae da nada para acabar ocupando un posto salientábel na sociedade do momento. Para rematar, comenta que ela non podía contar a historia porque non sería críbel polo que decide que a historia sexa contada dende tres puntos de vista externos: unha filla dela, un parente de Drake e un coro. Engade que os tres puntos de vista contan a mesma historia dende distintas perspectivas. Comenta que ao final morren todos pero que a intriga sempre a hai nunha novela de aventuras porque se ve como se van desenvolvendo os acontecementos e resolvendo as batallas. Para reconstruír a historia di que tomou como referencia a súa propia experiencia despois de escribir quince novelas e ler moito. Sinala que, aínda que a novela se escribiu en galego, cre que María Pita falaba bastante castelán debido á Real Audiencia, a que vivía na Coruña e a que o seu terceiro marido non era galego. Supón que cos dous primeiros homes falaba galego porque eles eran galegos.

C. P., "É máis dura a poesía que os artigos que escribo sobre a vida en Palestina", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 8 xaneiro 2008, p. L16.

Con motivo da presentación do último poemario de Moncho Iglesias na Libraría Couceiro de Santiago, realízase unha entrevista ao autor para falar sobre *Oda as nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007). Moncho Iglesias comenta que o máis duro que se vive en Palestina aparece reflectido nos seus versos e afirma que son vivencias persoais do seu primeiro ano alí. Así mesmo, tamén fala sobre a relación do conto galego cos da cultura árabe palestina, tema da súa tese doutoral e, finalmente, indica que as protagonistas do seu poemario son as nais, xa que sofren a maior opresión e aceptan o sacrificio dos seus fillos.

C. P., "Bartug Aykan, tradutor ao galego de Orhan Pamuk: 'Para traducir hai que ter en conta que unha lingua son sentimentos, cores", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 13 xaneiro 2008, p. L16.

Entrevista a Bartug Aykan, encargado de traducir ao galego *O castelo branco* (2007), primeira novela do escritor turco e Nobel de Literatura 2006 Orhan Pamuk. Di que esta é a súa primeira tradución literaria ao galego e que tivo que contar co asesoramento de Eva Almazán xa que esta é unha lingua que non domina. Conta que están traducindo o libro *Istambul* e que teñen en proxecto outros sete ou oito libros. Finalmente sinala que xa leu algunha novela de Pamuk e que reflicte moi ben a súa cultura.

C. P., "Patricia Casas, autora da novela *Teselas de cidade*: 'O premio Biblos foi moi alentador no camiño da miña primeira novela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 18 xaneiro 2008, p. L16.

Conversa con Patricia Casas na presentación da súa novela *Teselas de cidade* (2007), gañadora da terceira edición do premio Biblos-Pazos de Galicia. Di que este premio vai dirixido a menores de vinte e cinco anos e que nel se elixe un proxecto de novela para poñer ao seu autor a traballar cun escritor consagrado que o guíe no proceso de escritura. No seu caso, afirma que traballou con Helena Villar, a cal non entrou no proceso de construción senón que só matizou algunhas cuestións de estilo. Comenta que para ela foi unha experiencia positiva e que non tivo medo de traballar cunha escritora xa consagrada. Admite non ter ningún proxecto, só ideas; pero di que a primeira novela a tiña pensado había moito tempo, sobre todo o feito de que os momentos e os personaxes formasen un mosaico.

C. P., "Fernando Moreiras, tradutor de *A aurora boreal*: 'Na tradución desta obra asesoreime cun filósofo para abordala sen medos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 6 maio 2008, p. L16.

Fernando Moreiras, co gallo da presentación da tradución que fixo ao galego d'*A aurora boreal* (2007), do inglés Philip Pullman, afirma que non é fundamental que che guste unha novela á hora de traducila, porque tamén se traducen outro tipo de textos, coma xurídicos ou comerciais, pero cre que se che gusta se leva mellor o traballo. Afirma que el aceptou a tradución da triloxía "A materia escura" (formada por *A aurora boreal* (2007), *O coitelo sutil* (2008) e *O anteollo de ámbar* (2008) porque lle atraen os temas fantásticos. Di que é agradábel que comece a ser recoñecida tamén a tradución e comenta que antes de traducila se asesorou cun filósofo. Finalmente, conta que até agora este tipo de literatura era secundaria, xa que a comercial estaba mellor pagada, pero que agora a situación está mudando.

Dopico, Montse, "Helena de Carlos. Luz, mar, memoria", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 714, 24 abril 2008, pp. 6-8.

A escritora Helena de Carlos refírese ao seu poemario *Vigo* (2007), co que obtivo o Premio da Crítica en 2007, como un libro de poemas que naceu da necesidade de resituarse no mundo despois da inesperada perda de seres queridos. Conta que a poesía lle produce tranquilidade porque é un proceso de creación artística pero tamén unha maneira de entender o mundo. Comenta que para a lapela do libro escolleu unha imaxe que reflicte a luz que ela vía á hora de escribir, xa que aparece unha cidade dinámica porque lembra o Vigo da súa nenez. Conta que no poemario aparecen moitas referencias aos clásicos, (toma de Horacio a temática do decorrer do tempo), pero que tamén ten outras referencias, xa que ela le moita narrativa e ensaio (afirma que lle influíu moito *Con pólvora e magnolias* (1977), de Xosé Luís Méndez Ferrín). Comenta que a creación de *Vigo* foi lenta, de feito algúns poemas son do ano 2002, porque necesita ler moito, pero que teñen algo en común: son representativos dunha época da súa vida. Cre que as críticas foron boas, que a xente o acolleu ben porque se sentiron identificados e que non foi consciente á hora de escribir da capacidade comunicativa do libro. Para finalizar, di que *Vigo* e *1999*(2001) teñen en común a reflexión sobre quen é a autora e valora o protagonismo doutras creadoras na poesía galega.

D. S., "Ángela Bugallo: 'Nuestra cultura enriquece a la internacional", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 febreiro 2008, p. 6.

Ángela Bugallo fai referencia á participación de Galicia como invitada de honra na Feira Internacional do Libro da Habana en 2008. Di que é un paso importante para que a cultura galega chegue á internacionalización, de feito aspírase a que sexa convidada á feira de Guadalaxara en 2011. Comenta que a internacionalización abre novos mercados e que a cultura galega axuda a enriquecer a cultura internacional.

Fernández, Saúco, "Yolanda Castaño: 'A poesía pode atoparse nos spots", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D escenarios", "Así se ve...", 20 xuño 2008, p. 10.

Yolanda Castaño di que a poesía pertence tanto ao século X coma ao XXV, só que se vai adaptando aos tempos porque para o ser humano non só teñen valor as cousas materiais. Comenta que, hoxe en día, non só se atopa poesía nos libros senón tamén en spots publicitarios, videoclips, no que conta a veciña e nas letras das cancións. Para rematar, pensa que o cine e a poesía, aínda que teñen puntos en común, son linguaxes diferentes polo que non son comparábeis.

Fraga, Xesús, "Mona Imai, tradutora do xaponés ao galego: 'As traducións axudan moito a que a xente lea máis en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 16 xaneiro 2008, p. 49.

Mona Imai, autora da primeira tradución galega dunha novela xaponesa, *A casa das belas adormentadas* (2007), de Yasunari Kawabata, primeiro Premio Nobel xaponés, opina que ás veces á hora de traducir importa tanto saber trasladar hábitos dunha cultura para facelos comprensíbeis noutra como dominar a lingua. De feito, di que con esta novela non tivo moitos problemas, só coa sintaxe, xa que é completamente diferente dunha lingua a outra e Kawabata fai oracións moi longas. Sinala que, como foi unha experiencia moi boa, despois comezou a traducir a Murakami, para iso púxose a traballar cun rapaz galego porque cre que se complementan e que iso se nota na calidade da tradución. Di que Murakami e Kawabata non teñen moito que ver xa que se diferencian na época, no estilo e na temática. Cre que a tradución é unha arte de ler e interpretar unha obra noutra dimensión. Finalmente, opina que as traducións axudan a que a xente lea máis en galego, lingua da que cre que realza a súa beleza na escrita polo que favorece a lectura.

Franco, Camilo, "Rosa Aneiros, escritora: 'Nunca me interesou escribir literatura de evasión ou de xénero", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "A escritora do mes", 23 febreiro 2008, p. 16.

Rosa Aneiros, con motivo da sétima edición de *Resistencia* (2002), di que a novela tivo moi boa acollida entre o lectorado adolescente porque serve para explicar o contexto portugués da revolución. Ela non cre no tópico de que a literatura galega non vende e conta que, cando escribe, non pensa nos lectores senón que escribe o que lle apetece. Pensa que a súa formación como xornalista inflúe na decisión de escoller temas sociais xa que xorden do que ve e do que lle preocupa. Comenta que nunca lle interesou

escribir literatura de evasión ou de xénero, como a novela negra ou a ciencia ficción. Sinala que, tanto cando escribe literatura coma cando escribe para a prensa, utiliza as mesmas ferramentas e nas dúas hai realidade. Non cre na literatura de muller ou feminina porque iso suporía considerar a literatura a secas como masculina, pero di que hai máis escritoras, aínda que agora a escrita non responde ao xénero do autor mais os lectores queren ter certos datos para situar e visualizar o autor.

Franco, Camilo, "Ramón Caride Ogando, autor de *O frío azul*, novela gañadora do Lueiro Rey: 'Os premios son a maneira máis fácil de ser visible", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 25 febreiro 2008, p. 34.

Ramón Caride Ogando, co gallo do nomeamento da súa novela curta *O frío azul* (2007) como gañadora do premio Lueiro Rey en 2007, conta que é unha novela histórica ambientada no século XVI e que parte dun feito real: unha imprudencia cometida pola Inquisición en Estremadura, que aproveita para relacionar con Oseira, como exemplo do ambiente feudal en Galicia. Di que a novela ten trazos fantásticos, como bruxas ou un abade nigromante, a outra cara da relixión porque cre que a xente en Galicia está cansa dela. Sinala que os premios son unha maneira de promocionarse e facerse visíbel. Para rematar comenta que nas súas obras el sempre parte da historia, non do xénero.

Franco, Camilo, "Manuel Ferreiro, escritor: 'Eu non vexo que os galegos discutamos sobre o noso himno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "O escritor do mes", 29 marzo 2008, p. 16.

Manuel Ferreiro di que escritor é aquel que crea un texto escrito, aínda que habitualmente só se consideren tal os que escriben ficción e se deixen fóra a ensaístas e investigadores. Cre que a ficción, o ensaio e a investigación deberían ter a mesma importancia porque dependen unhas das outras. Tamén pensa que Galicia é a sociedade da incomunicación, e iso xera descoñecemento, así, na Feira do libro da Habana coñeceu a moita xente descoñecida para el. Afirma que é falso o tópico da distancia da universidade coa sociedade, xa que a primeira é resultado da segunda, e pensa que hai prexuízos sobre a investigación, sobre todo a literaria e lingüística. Di que é especialista en Eduardo Pondal e cre que a crítica literaria debería interpretar a súa obra, xa que se coñeceu recentemente. Aínda que Eduardo Pondal ten colgado o tópico do celtismo, a misoxinia, etc., cre que novas lecturas descubrirían un autor máis completo e máis complexo. Tamén opina que os galegos non discuten sobre o himno xa que leva cen anos asentado, aínda que haxa xente que o cante pero non saiba do que fala Pondal. Para rematar, comenta que o himno volveu de Cuba con cambios na letra que xa sinalou Pondal pero cre que os símbolos teñen que axeitarse aos novos tempos.

Franco, Camilo, "Alfredo Conde, escritor: 'Escribo novela histórica para coñecer a historia de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 29 maio 2008, p. 57.

Alfredo Conde, con motivo da publicación da versión castelá da súa novela *María de las batallas* (2008), escrita previamente en galego, di que a historia de María Pita é próxima para os galegos pero dáballe medo o acollemento que podía ter por parte doutro lector máis distante. Conta que a versión galega xa se publicou no verán de 2007 e que

xa ía pola terceira edición, polo que cre que non hai superposición entre esta e a versión castelá. Sinala que antes non se escribía sobre a historia de Galicia porque non se sabía nada sobre ela, pero que a el lle interesa porque a quere coñecer mellor, polo que fai un traballo de documentación para ampliar coñecementos, e confesa que espera que o lector tamén teña esa curiosidade. Comenta que intenta que as súas novelas non sexan predicíbeis e que iso significa correr un risco. Afirma que leva corenta anos escribindo e que iso lle afecta como escritor e que sabe o que se di del porque le a prensa, cuxas críticas teñen falado ben dos seus libros aínda que o criticasen a el. Para rematar, di que prefire a entrevista a escribir sobre si mesmo, é dicir, a escribir unhas memorias porque está máis acostumado á ficción e cre que é máis fiábel o que fai outro.

Franco, Camilo, "No ensino literario ponse demasiada énfase na historia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "A escritora do mes", 8 novembro 2008, p. 12.

Conversa con Aurora Marco na que explica a definición que deu de si mesma de "traballadora da cultura". Opina sobre a visión que hoxe en día se ten da obra de Ricardo Carvalho Calero e sinala que resultou "incómodo para certo holding cultural galego e foi combatido e marxinalizado". Apunta que a investigación arredor das mulleres é un traballo inmenso e que hai que rachar con esa "visión androcéntrica do mundo". Cuestiona a dobre minorización no caso da muller na cultura galega e sinala que nela se ofrece unha visión "redutora, parcial e inharmónica". Por outra banda, fala da situación actual sobre o uso do galego e opina que hai unha perda considerábel de galego-falantes porque non ven o idioma como un "instrumento útil".

García, Rodri, "Manuel Vilanova, escritor, premio de la crítica española 2007: 'Os poetas están afastados e, cando están moi de moda, malo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "O escritor do mes", 26 xaneiro 2008, p. 16.

Manuel Vilanova, con motivo da concesión do premio da crítica española en 2007 ao seu poemario *A esmeralda branca*, di que a obra *E direivos eu do mister das cobras* (2007), xunto con *Mesteres* (1976), de Arcadio López Casanova, e *Con pólvora e magnolias* (1977), de Xosé Luís Méndez Ferrín, supuxeron un cambio na expresividade da poesía. Conta que hai uns anos houbo unha época de ouro na prosa con Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ramón Otero Pedrayo, entre outros, e que aínda hoxe hai prosa moi ben feita. Cre que a poesía tamén está ben e que antes había máis poetas que prosistas, pero que agora están nivelados. Tamén cre que a crítica mellorou moito, de feito quedou sorprendido cos diferentes puntos de vista que tivo *A esmeralda branca* xa que o entenderon moi ben, e iso que considera que é un libro con dúas lecturas, moi complexo e moi extenso. Aínda que non lle ten máis cariño ca os outros, admite que o esforzo foi maior. Sinala que admira a Juan Ramón Jiménez porque pasou a súa vida escribindo. Comenta que o importante para o poeta é a escrita e que a divulgación da obra é unha montaxe socio-literaria allea a aquela, da que a maioría dos poetas están afastados. Conta que a escrita é unha tarefa de entrega total e cotiá pero a distribución é intermitente e que o feito de escribir en castelán e galego provoca que uns libros teñan máis distribución ca outros. Di que Deus está sempre presente na súa poesía, sobre todo en *El quinto cáliz* e *El corazón del pan*; tamén n'*A esmeralda branca*, xa que se fai fincapé no aspecto sagrado do home.

García, Rodri, "Baba e Botafumeiro están á orde do día, é escandaloso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "O escritor do mes", 29 novembro 2008, p. 7.

Manuel Álvarez Torneiro conta porque se fixo poeta e di que empezou a publicar tarde por unha cuestión de paciencia, oportunidade editorial e tamén de "valoración e autocrítica". Sinala que a linguaxe da súa obra é culta e que "reflicte moitas lecturas". Confesa que é pesimista "dono dunha información arrepiante" e explica a presenza do silencio na súa obra, da que afirma que é naturalidade expresiva. Ademais apunta que a memoria xustifica gran parte da súa obra. Por outra lado, considera que toda poesía é social pero que non milita "na panda dos poetas salvadores dun mundo insalvable" e que son prescindíbeis a maioría dos libros de poesía que se publican en Galicia. Noutra liña, fala da súa amizade con José Hierro e sinala algúns autores cos que di estar en débeda. Para rematar, comenta a presenza da música nos seus versos.

García Márquez, Marta, "Amancio Prada, cantante y músico: 'Mis autores son todos marginales, cuando no malditos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 2 marzo 2008, p. 17.

Amancio Prada, co gallo da publicación do seu disco *Vida de artista*, fala de que en 1974 comezou versionando en castelán e galego poemas de Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro ou Darío Xohán Cabana. Di que no novo traballo lle pon voz ao poeta francés Léo Ferré e a San Juan de la Cruz e comenta que a elección do primeiro se debe a que a súa poesía está inzada de imaxes e que desenvolve temáticas como o paso do tempo, a ruptura dunha parella ou a nostalxia do tango. Afirma que el escolle a poesía porque compón a música, da que extrae a letra e a través dela di o que sinte. Sinala que a poesía sempre foi o motor das súas cancións e que xa no primeiro álbum, *Vida e morte* (1974), a utilizou e nunha cara gravou en castelán e noutra en galego. Conta que Rosalía sempre vai con el e que lle dedicou o seu segundo disco. Di que versiona clásicos porque nunca pasan de moda, de feito cre que os libros de Rosalía e Álvaro Cunqueiro na súa época pasaron desapercibidos. Para rematar, sinala que ía sacar un traballo sobre as *Coplas por la muerte de su padre*, de Jorge Manrique.

García Márquez, Marta, "Miguel Anxo Fernán Vello, poeta: 'Os candidatos desta campaña son bustos parlantes", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 4 marzo 2008, p. 14.

Miguel Anxo Fernán Vello, autor de obras como *Dicionario de estremecemento* (2007), di que a misión da poesía é provocar unha emoción para estremecer e que despois de levar máis de vinte anos comunicando agora busca que o poema vaia directo ao corazón do público. Conta que este poemario que presenta é un dicionario formado por moitas voces e un libro aberto a novas edicións; de feito, xa ten poemas inéditos para poemarios futuros. Comenta que leva trinta e cinco anos vivindo na Coruña e que esta está presente dende *As certezas do clima* (1996) porque non se pode separar da realidade. Así, cre que a poesía pode dar resposta a certos interrogantes nun momento político ou social tenso e que non se pode separar do acto de vivir. Sinala que participou na escolma da súa traxectoria preparada por Teresa Seara, onde se ve certa progresión xa que os seus comezos foron simbolistas e agora está no realismo simbólico, que é

unha poesía máis directa. Opina que neste intre os libros se reducen á matemática e ao número e que, polo tanto, se perdeu a abstracción que supón a linguaxe e os símbolos. Para rematar, conta que o libro está dedicado a Xosé Manuel Beiras porque cre que é un dos últimos políticos da cultura porque os de agora cometen moitos erros semánticos e gramaticais.

Giráldez, José Miguel A., "A los escritores les gusta conocer al traductor, es una figura que les causa respeto", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 22 xuño 2008, p. 8.

Javier Gómez Montero, catedrático da Universidade de Kiel (Alemaña) e organizador dos *Encontros de tradutores e escritores* que se veñen celebrando en Castillo de los Polvazares (Astorga) dende hai tres anos, declara que a literatura galega ten unha grande presenza nestas xornadas. Gómez Montero explica que hai un proxecto vinculado ao Camiño de Santiago, un volume de poesía urbana con composicións de Fran Alonso e unha antoloxía na que está o poeta Luís Tosar. Ademais, nos encontros de Kiel, antecedente dos celebrados en Astorga, participaron autores galegos coma Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcárcel ou Suso de Toro, que estará presente este ano na vila leonesa. Apunta que estes Encontros permiten que os escritores coñezan as persoas encargadas de traducir a súa obra a idiomas coma o alemán, o francés ou o inglés, e comenten as versións e dificultades de tradución. Conclúese que deles sairán traducións de textos de Carlos Casares, Euloxio Ruibal, Manuel Rivas ou mesmo de Álvaro Cunqueiro. Gómez Montero incluso expresa a súa intención de elaborar un libro dedicado a autores galegos no que se traballe fundamentalmente dende Galicia.

Gómez, Lupe, "O poeta observador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xaneiro 2008, p. 29.

Ricardo Martínez-Conde, co gallo da publicación do seu atlas de haikus *Occitania* (2007), di que os haikus comezaron sendo poemas longos de temática relixiosa, urbana ou cómica; que no século XVI comezaron a ser curtos e pasaron a ser unha expresión reflexiva da natureza, resultado da observación. Cre que a poesía, máis que emoción, é unha forma de pensar. Comenta que fai haikus porque na cultura galega hai unha relación directa entre o ser humano e a natureza, polo que cre que estas composicións significan a dignificación do paisano, a procura dun signo de identidade, porque o paisano interioriza o que ve. Pensa que hai un perigo nun texto: poñer só a emoción porque, segundo el, iso pode causar ansiedade. Opina que a humildade é a esencia do haiku porque o poeta non é protagonista, só é un transmisor e que o importante é o lector. Fala de que formalmente non existe unha tradición de haikus na literatura galega, pero cre que si hai formas próximas en escritores como Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio ou Uxío Novoneyra. Cre que o galego se adapta máis ao haiku porque é un idioma próximo ao ensaio e que o poeta de haikus fai un espello da natureza. Para rematar di que o século XXI é o século do haiku urbano, no que os elementos da natureza se trasladan á cidade e que hoxe hai moita ansiedade, polo que o individuo debería aproximarse a si mesmo mediante o silencio.

Gómez, Lupe, "Rock and roll poético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2008, p. 34.

Rosa Enríquez, quen publicou o seu primeiro poemario individual, *Vestíbulo da devastación*, en 2007, cre que se trata dun poemario optimista porque, aínda que hai algo de soidade existencial, tamén hai unha luz na procura da liberdade. Parécelle que a súa poesía ten forza, que transmite ganas de loitar, xa que hai moitas metáforas e simbolismo. Di que leva toda a vida escribindo, de feito con once anos gañou un premio por un poema, e cre que o baile na poesía ten un significado simbólico de procura da liberdade e que a figura da bailarina pode representar un ser agredido polo sistema. Opina que o recital é un xeito de conquistar o público porque a palabra é máis eficaz e directa nestes actos, xa que a xente percibe que a poesía ten forza. Comenta que tamén escribe prosa porque supón disciplina e dedicación á palabra, xa que nos poemas non hai tanta continuidade. Sinala que é fácil falar de feminismo pero que é difícil ser feminista en sociedades machistas. Di que ten un blog no que escribe poemas curtos e textos en prosa e, finalmente, opina que hai que defender o galego na escrita porque tamén hai publicacións en castelán de baixa calidade, non só en galego.

Gómez, Lupe, "Poesía en movemento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2008, p. 35.

Xerardo Quintiá fala do seu poemario *Poesía en ruta* (2007), que gañou o III Premio de Poesía Fermín Bouza Brey, e di que a poesía é un movemento continuo sen principio nin final (a novela ou o relato, porén, si teñen principio e final), xa que entre os poemas hai unha vía de comunicación. Cre que a poesía é un xeito de recuperar mundos perdidos e de revivir o pasado e que o poema é unha intervención que actúa sobre uns poucos lectores, non sobre a realidade. Comenta que o haiku require disciplina mental, de feito opina que é a forma máis perfecta porque só amosa o carozo do poema, e di que lle gusta a narrativa oriental, sobre todo as novelas *A Presa* e *Unha cuestión persoal*, de Oe. Sinala que hai poucos poetas que tivesen o mar como eixe central da súa obra e nomea como exemplo a Manuel Antonio que converteu a súa poesía nun mar-símbolo e do que di que o seu discurso poético é un diálogo entre o home e o universo. Afirma que a poesía de Uxío Novoneyra é un canto solitario no medio da noite e que os seus poemas son como un espello no que se reflicte parte do seu mundo. Tamén opina que Lois Pereiro ten un discurso singular e moderno e que lle lembra a Manuel Antonio pola ruptura coas tendencias do momento. Di que a natureza está presente na súa propia poesía porque forma parte do mundo que perdeu e ao que quere regresar mediante a palabra, e que o momento poético actual é abundante en autores e tamén en apoios por parte das institucións, pero iso provoca que os discursos sexan moi parecidos. Para rematar, comenta que os tres elementos sobre os que cimenta a súa poesía son o aire, símbolo do espírito e a alma; o lugar, símbolo do destino; e o tacto, como capacidade para sentir.

Gómez, Lupe, "Revolución íntima", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 outubro 2008, p. 35.

Con motivo da publicación do seu primeiro disco, que leva por título *Nai*, entrevístase ao músico Xoán Curiel. Sinálase que constitúe unha homenaxe á enerxía creadora feminina e pon música a textos das poetas Antía Otero e Gisneide Nunes. Segundo o compositor, a poesía de Antía Otero posúe un fondo de denuncia e de reafirmación do "íntimo", mentres que concibe a de Gisneide Nunes coma unha celebración íntima do amor e da vida.

Gómez, Lupe, "Mover os marcos", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Entrevista", 4 novembro 2008, p. 38.

Faise unha presentación de Xiana Arias, poeta e xornalista no *Diario Cultural* da Radio Galega, quen na entrevista define o que para ela é o poema e opina sobre a necesidade de "ortigarse", a propósito do seu poemario *Ortigas* (2007). Por outro lado, comenta que tanto María do Cebreiro como Daniel Salgado, nomes que aparecen no seu libro de versos, son persoas moi importantes na súa vida. Ademais, fala sobre o sentimento de pertencer a unha "xeración poética", e di que lle gusta máis o concepto de grupo que o de xeración. Para rematar, conta os seus próximos proxectos literarios.

Gómez, Lupe, "Provocación punk", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 22 novembro 2008, p. 33.

Lupe Gómez presenta a Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño, do que di que escribe cancións, poesía e teatro. O entrevistado opina que a poesía é un xogo agresivo coa linguaxe. Sobre o teatro afirma que foi a primeira arte que coñeceu dende neno e que escribir teatro é un reto pois cústalle máis que escribir poesía. Opina que a obra de Roberto Vidal Bolaño podería "estar máis viva" e indica que o dramaturgo conseguiu que lle gustase a todo o mundo. Dá a súa opinión respecto ao teatro galego actual e comenta o traballo do seu grupo Ataque Escampe co disco "Galicia es una mierda".

González, Xurxo, "Xesús Manuel Marcos: 'Un emigrante case sempre é un fracasado emocional, aínda que non o sexa económico", *A Nosa Terra*, n.º 1310, "Cultura", 15-21 maio 2008, p. 33.

Xesús Manuel Marcos refírese *A lúa dos Everglades* (2007), que gañou o Premio Terra de Melide, como un relato construído a partir dun feito real que viu nun xornal: a irmá dun dos fundadores dos Tamara sofre amnesia e só se lembra das cancións do grupo do seu irmán. Comenta que a realidade é fundamental na súa obra, aínda que ten obras que son pura fantasía, xa que o escritor é unha esponxa que absorbe todo o que ve. Sinala que este relato é unha homenaxe aos emigrantes maiores que sofren un fracaso, non tanto económico como emocional; que desexan voltar pero non teñen medios. No momento da entrevista confesa estar traballando nunha tetraloxía da que anuncia algunha característica (temática, localización, etc.). Tamén afirma que xa ten rematada a segunda parte d'*O Brindo de Ouro* (2004), novela coa que está sendo moi esixente, pero admite que ten que sacala porque xa hai catro anos da primeira parte e a xente vaise esquecer da primeira historia. Desta, comenta que acaba de saír a súa tradución ao castelán e que está contento co resultado porque aspira, como todo escritor, a ser lido polo maior número posíbel de lectores, aos que só aspira chegar vía tradución. Remata sinalando que foi convidado a asinar na Feira do Libro de Madrid pero que, como non é un escritor coñecido, ten medo a que non se achegue ninguén.

González, Xurxo, "Domingo Villar, escritor: '*Ollos de auga* é unha novela negra en cores", *A Nosa Terra*, n.º 1311, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 31.

Domingo Villar fala da súa novela policial *Ollos de auga* (2006), gañadora do premio Frei Martín Sarmiento 2008, que vai pola quinta edición en galego e pola sétima en castelán e que acaba de saír en inglés e italiano e está a piques de facelo en alemán e ruso. Conta que cando escribiu a novela non sabía se lle ía interesar ao público, pero se iso ocorría faría unha serie e que está rematando unha segunda novela titulada *A praia dos afogados*, na que o inspector Caldas investiga o caso dun mariñeiro afogado. Sinala que non colabora na adaptación cinematográfica d' *Ollos de auga*, pero si foi o autor da súa tradución ao castelán. Di que non se pode comparar a Caldas con Pepe Carvalho nin a el con Montalbán, xa que este ten máis fondura social ca el, aínda que na súa primeira novela haxa un retrato social. Admite que na súa obra cita a clásicos do xénero coma Ellroy, Chandler e Hammett porque lle gustan as súas lecturas, non porque inflúan nel, xa que os seus estilos son máis escuros. Para rematar, afirma que no momento de escribir a novela non a etiquetou como literatura xuvenil, pero que está encantado de que a lean os adolescentes, aínda que non lle gusta que a poñan como lectura obrigatoria.

Hernández, Imanol, "Necesitamos fomentar a lectura de aula", *La Región*, "Ciudad", "Personaje del día", 3 decembro 2008, p. 13.

Recolle as declaracións do catedrático de Lingua Galega e Literatura Delfín Caseiro Nogueiras con motivo da presentación da primeira unidade didáctica sobre a novela *O porco de pé* (1928), de Vicente Risco. Segundo Caseiro Nogueiras o obxectivo desta unidade didáctica consiste en fomentar a lectura e revisión reflexiva da obra de Risco por parte de profesores e alumnos. Para o catedrático, a obra risquiana é nova, moderna e orixinal, e responde a unha lucidez extraordinaria do autor, quen coñecía profundamente a situación cultural europea da época. Ademais, rompe co ruralismo realista e énchese de carga intelectual con tendencia ao didactismo. O filólogo sinala que se distribuirán mil cincocentos exemplares desta unidade, mentres que proxecta unha nova edición anotada d'*O porco de pé* para o vindeiro ano.

Hernández, Imanol, "Risco debe llegar a los escolares", *La Región*, "Ourense", "Personaje del día", 4 decembro 2008, p. 12.

O catedrático en Filoloxía Galega e Portuguesa, Xosé María Dobarro, afirma, con motivo da súa visita a Ourense para ofrecer unha conferencia sobre a visión política e ideolóxica de Vicente Risco no congreso *O porco de pé*, organizado pola Fundación Vicente Risco no IES Otero Pedrayo, que a importancia de Risco radica en que foi o creador dunha literatura galega universal e vangardista e en que animou a outros escritores da época a utilizar a poesía como elemento social. Porén indica que, na ensinanza secundaria dos últimos anos, se perdeu a lectura e coñecemento da súa obra e que a lectura do libro *O porco de pé* (1928) debería ser obrigatoria. O congreso representa unha oportunidade de reler e reflexionar sobre esta novela para Dobarro, que tamén está traballando na recuperación da literatura galega censurada na época franquista.

Iglesias, Bieito, "Entrevista-case imaxinaria-a Gao Xingjian. Un escritor e os seus asuntos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "ProTagonista", inverno 08-09, pp. 2-3.

Entrevista realizada polo escritor ourensán Bieito Iglesias ao Nobel de Literatura Gao Xingjian con motivo da súa presenza en outubro do 2008, na II Bienal Literaria Internacional "De pedra e de palabra" convidado polo PEN Clube. O narrador ourensán extraeu máis silenzos ca respostas, das cales destaca que o lugar do escritor está entre o poder e o mercado, e contra o tempo. Tamén reflexiona sobre a lingua literaria da que confesa que "o vocabulario dialectal posúe maior capacidade para expresar sensacións". Sobre o teatro, explicou que o importante son os actores, recoñecese próximo á obra dramática de Jean Genet e manifesta certo fastío cos excesos da escrita dramática, salientando a centralidade da palabra no teatro.

Iglesias, Óscar, "Arcadio López-Casanova, poeta: 'Hai que ser poeta 'fatal' e non artesán da poesía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 xaneiro 2008, p. 9.

Saliéntanse tres obras do poeta, ensaísta e crítico Arcadio López-Casanova: de 2006 o poemario *Dicir unha razón* e de 2007 a recompilación de sonetos titulada *Caeiro dos días* e o ensaio *Macrotexto poético y estructuras de sentido*. Indícase que tamén se ía reeditar o poemario *Mesteres* (1976), que apareceu nun momento en que comezaba a desaparecer o suposto de que a temática xustificaba a calidade. López-Casanova comenta que nunca estivo en contra de ningún tipo de poesía, sempre e cando teña calidade estética. Cre que o seu poemario *Mesteres* (1976), *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín, e *E direivos eu do mester das cobras* (1980), de Manuel Vilanova, supuxeron unha renovación polo esforzo na procura de mundos persoais. Pensa que hoxe non ten sentido falar de grupos ou xeracións literarias, xa que a poesía cumpre unha función edificativa do proxecto existencial. Di que cada mundo ten as súas canles de expresión, así o seu *La oscura potestad* (1978) sería impensábel en galego e *Mesteres* impensábel en castelán; e que o seu mundo é de base simbólica, ao igual que Rosalía de Castro, Luís Pimentel ou Manuel Antonio. Comenta que escribe no galego vivo da súa terra, porque a poesía é o traballo coa palabra e que vive en Valencia, pero Galicia segue presente nel. Sinala que no seu caso o ser crítico axúdalle a ser poeta, cre que hai que ser poeta "fatal" e non artesán da poesía, porque na poesía de calidade xúntanse sentir e saber, e que a ironía funciona na poesía máis narrativa. Opina que hai que seleccionar moi ben as obras innovadoras para fortalecer o sistema porque hai demasiada produción e un sistema minorizado ten que ser máis selectivo. Parécelle que na poesía galega actual falta a renovación dos anos oitenta, pero que ten máis novidades cá castelá ou a catalá e como referentes sinala a Yolanda Castaño, Olga Novo ou Modesto Fraga, entre outros. Para rematar di que as linguas morren se morren os pobos, polo que, se desaparece o galego, Galicia tería outra identidade.

Iglesias, Óscar, "Ánxeles Cuña, directora de Sarabela Teatro: 'O teatro debe buscar espectadores, non consumidores", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 febreiro 2008, p. 9.

Ánxeles Cuña, a directora da compañía Sarabela Teatro, di que este é unha compañía estábel que produce, crea, forma, programa, distribúe e xestiona. Comenta que no sector hai bos profesionais e cre que a dependencia das institucións provoca intromisión, que dificulta a aparición de novas formas, e que se diga que tipo de teatro hai que facer. Sinala que a Rede Galega de Teatros potencia públicos e programación, de feito di que Galicia está entre as nove autonomías con máis de cincuenta espazos, cun mínimo de

cinco funcións por compañía, e pensa que se as compañías coxestionasen estes espazos, a perspectiva de consolidación sería máis esperanzadora. Parécelle importante o primeiro plan escénico galego porque ten que haber marcos legais para o desenvolvemento do sector teatral e cre que hai desequilibrio entre a oferta e a demanda, así como que se debería tender ao intercambio cultural entre autonomías. Opina que os recursos destinados ao teatro están estancados e espera que non se reduza o seu peso, de feito di que o teatro está subvencionado en toda Europa porque é un ben sociocultural, non porque resulte rendíbel, así o teatro busca espectadores, non consumidores. Comenta que foi directora do Centro Dramático Galego pero que dimitiu porque retornou á docencia e que o que máis lle interesa do teatro actual é a pluralidade de códigos e a intertextualidade. Finalmente, sinala que sen Artaud o teatro de hoxe non sería o que é.

Iglesias, Zaida, "O ourensán 'Tacholas' fixolle un oco a Galicia no cine e no teatro arxentinos", *La Región*, "Ourense", 26 decembro 2008, p. 7.

Faise eco dunha entrevista feita a Clotilde Iglesias, filla de Fernando Luís Iglesias, coñecido como "Tacholas", co gallo da recollida dun premio honorífico outorgado ao dramaturgo galego en recoñecemento do seu traballo pola dignificación do teatro galego na Arxentina. No texto, Clotilde Iglesias destaca a vinculación de seu pai coa súa terra dende a emigración arxentina, así como a imaxe que del garda, lembrando emocionado a súa Galicia representada nos escenarios daquel país sudamericano.

Jabois, Manuel, "Xaime Corral, libreiro: 'Coa troula levamos ben as carencias da época", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 406, "Entrevista", 13 abril 2008, pp. 4-5.

Xaime Corral, o presidente da Federación de Libreiros de Galicia, explica que fundou a Librería Nós en 1978 porque rematou Maxisterio pero non puido exercer por problemas de saúde. Conta que en 1977 houbo un movemento veciñal comprometido e rompedor: a Asociación de veciños de Sanxenxo, que comezou a publicar o xornal *Rexurdimento*. Sinala que para coñecer a súa infancia hai que ler *Luz, viento, arena y mar* do seu amigo Toño Castro Martínez, un libro de contos que lle lembra os escenarios da súa época xuvenil, onde había un ambiente máis solidario. Di que o seu concello está moi ben descrito por Ramón Cabanillas no poema "Terras do Salnés", onde describe a beleza das parroquias e a excelencia do albariño, e Emilia Pardo Bazán en *Una cristiana*. Parécelle preocupante a situación do libro de texto e aproveita para convidar aos compañeiros que fagan das súas librerías focos de cultura activos. Comenta que o sector está satisfeito porque nunca se leu como agora e que os que máis len son os rapaces entre doce e vinte e catro anos. Cre que habería que mellorar as dotacións nas bibliotecas públicas e que a obrigatoriedade da lectura na LOE tamén vai contribuír positivamente. Fálase de que a Consellería de Cultura constituíu un consello asesor para orientar a promoción da lectura e do libro en Galicia, e que presentou un novo portal en internet "prazadasletras.org", como referente do libro galego en internet con datos básicos de escritores, ilustradores e tradutores en lingua galega. Para rematar, cre que a literatura galega actual é fecunda en todos os campos, así o acreditan os premios nacionais e internacionais e as traducións a diferentes idiomas.

Jaureguizar, "Isidro Novo, escritor: 'Parece que en Lugo non existe a marxinalidade; a xente evita vela", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 febreiro 2008, p. 72.

Entrevista ao escritor Isidro Novo para falar do seu poemario *Esteiro de noites falecidas* (2007). Di que nos seus libros fala das cousas que lle preocupan ou que afectan ás persoas, polo que a xente cre que son pesimistas. Conta que os poemas de *Esteiro de noites falecidas* levan dez anos feitos e que os foi corrixindo; cre que seguen interesando porque a poesía fala de sentimentos e crenzas que segue mantendo, se non fose así non os publicaría. Comenta que é un poemario moi narrativo e moi próximo ao realismo sucio cotián da xente tocada polo alcohol ou as drogas. Cre que en Lugo a xente evita ver a marxinalidade, pero existe, e reflexiona e aplica os seus sentimentos, polo que trata temas coma o suicidio ou a vida dos mendigos, entre outros. Di que lle gusta a boa vida, pero tamén está interesado na marxinalidade, que xa aparecía no seu libro *Carne de can* (1997). Conta que a maioría das cousas que escribe teñen a súa inspiración en Lugo, pero, aínda que fai poucas referencias a esta cidade, refírese moito á xente que coñece. Para rematar, opina que Luís Pimentel é un dos seus poetas favoritos e que, ao igual ca el, coida moito o nome dos poemas.

Jaureguizar, "María do Ceo, cantante: 'As poesías de Rosalía ou Curros son fados pola súa melancolía", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 maio 2008, p. 72.

A cantante María do Ceo fala dos seus inicios na profesión e dos seus dezaseis anos na música, entre outras cousas. Di que ten un disco de platino en Galicia "Dúas almas do Miño", con poemas de Moncho Borrajo, e que acaba de gravar un disco-libro titulado *No bico un cantar*, con poemas de poetas de Celanova como Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e Castor Elices. Afirma que sempre foi unha admiradora de Curros e que no seu repertorio hai anos que ten poesías súas musicadas como "Unha noite na eira do trigo" ou "O Maio". Sinala que as poesías de Rosalía de Castro e Curros son fados porque son melancólicos e teñen unha boa letra. Tamén fala do seu concerto en Lugo e da nova xeración de fadistas. Para rematar comenta que no seu espectáculo musicou os poemas galegos con sonoridades de todas as partes en que estiveron os emigrantes galegos.

L. L. P., "Estou moi contento e agradecido á Academia por este premio", *Diario de Ferrol*, "CGS", 13 abril 2008, p.12.

Nesta entrevista felicitase ao actor Ernesto Chao polo Premio Fernández Rey que lle entregou a Academia Galega do Audiovisual na gala dos Premios Mestre Mateo. Fala da súa longa traxectoria tanto en teatro coma en cine e televisión, da súa propia compañía de teatro Lagarta, lagarta, así como do traballo dos actores e actrices galegos e o panorama do teatro galego actual.

L. L. P., "Amancio Prada, músico: 'Hay dos hilos conductores: la poesía de Mestre y la presencia del mar", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Ferrol", 5 abril 2008, p. 14.

Entrevista ao músico Amancio Prada para falar do seu proxecto "Eloxio da Palabra". Di que neste proxecto alterna as súas cancións cos poemas de Juan Carlos Mestre, cancións

inspiradas no mar. Sinala que no recital se inclúen poemas de Rosalía de Castro, da que asegura que é fundamental na súa obra, ao igual que Álvaro Cunqueiro. Para rematar, fala dos futuros proxectos.

López, Belén, "Samuel Solleiro, escritor: 'Eu non sei escribir en castelán", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Entrevista", 30 xaneiro 2008, p. 83.

Entrevista a Samuel Solleiro para falar do seu nomeamento como protagonista do ano 2008 polo *EP3*, o suplemento de *El País*. Conta que Lengua de Trapo traduciulle ao castelán *Elexías a Deus e ao Diaño*, libro de relatos que supuxo o seu debut literario en 2001. Comenta que a tradución é unha cousa boa pero que só é iso, non unha nova versión do libro, e que non lle gustaría que o coñecesen polas traducións senón polos orixinais. Asegura que nunca compaxinará a escrita en galego e en español, porque nesta última lingua non sabe escribir. Sinala que neste libro de relatos despreocupouse da ansia de contar unha historia para deixar constancia dun estado de ánimo, unha sensación ou unha imaxe; que non tivo influencia doutras disciplinas e que non cre que se poida escribir sen ler. Afirma que só ten fobias estilísticas puntuais e que nunca quixo ser escritor, que escribir é a forma que sabe de facer arte. Finalmente, di que non é especialista en literatura, polo tanto non sabe se existe unha "nova literatura".

López, Belén, "Nancy Pérez Rey, coordinadora xeral da programación galega na Feira do Libro de La Habana: 'Os cubanos van redescubrir Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "Entrevista", 14 febreiro 2008, p. 75.

Nancy Pérez Rey di sobre a Feira do Libro da Habana que coincide coa presenza da conselleira de Cultura, polo que aproveitan para facer outros actos institucionais, como por exemplo, asinar acordos con institucións cubanas para realizar actividade conxuntas. Comenta que na feira de 2005 Fernán-Vello lle propuxera ao ministro de Cultura que Galicia fose convidada algún ano; polo que, ao ano seguinte, a delegación foi máis importante: houbo corenta representantes de Galicia para mostrar a proposta galega, e dende entón non pararon de traballar para esta edición. Sinala que o obxectivo da participación nesta feira é internacionalizar a cultura galega e utilizan A Habana para exportar fóra de Galicia. Finalmente, opina que hai uns vínculos moi fortes entre as dúas culturas pero que a percepción do galego é equivocada, polo que cre que a Feira vai ter unha gran repercusión e os cubanos van redescubrir Galicia.

López Pardo, Lorena, "Ao principio pensei que era unha broma", *Diario de Ferrol*, "Ferrol Ciudad", "Premios nacionales", 30 marzo 2008, p. 5.

Entrevista a Rubén Ruibal tras recibir o Premio Nacional de Literatura Dramática(2007) pola súa obra *Limpeza de sangue* que anteriormente xa foi galardoada co Premio Álvaro Cunqueiro no ano 2005. O autor da obra gaba a figura de Roberto Vidal Bolaño e recoñece que a obra foi escrita para ser representada, feito que espera se produza o antes posíbel. Por último fala sobre o recoñecemento que este premio supón e avanza algún dos novos proxectos.

Lorenzo, Fran P., "Unha muller que son todas", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Literatura", 29 maio 2008, p. 76.

Alfredo Conde comenta que *María de las batallas*, novela traducida ao castelán, está protagonizada por unha gran muller porque saíu da nada, casou catro veces, preiteou, loitou e chegou moi lonxe; polo que ve nela "o símbolo dunha actitude colectiva", xa que só mil mulleres conseguiron repeler o cerco de vinte mil homes, polo tanto, cre que todas elas son Marías Pitas. Confesa que, para recrear o momento histórico no que se insire o cerco, tivo que documentarse moito para que non houbese recreacións que non se correspondesen cos feitos, así, o noventa e cinco por cento do que escribiu é histórico. Di que aborda a trama dende tres puntos de vista complementarios e que é unha novela seria pero amena, xa que fai un retrato da colectividade en situacións extremas: guerra e odio, pero tamén amor e sexo.

Lorenzo Gil, César, "Jean-Philippe Toussaint: 'Un artista non é un político, pode observar a realidade sen ser crítico", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Cultura", 14-20 febreiro 2008, pp. 24-25.

O escritor belga Jean-Philippe Toussaint di da súa novela *Fuxir*, traducida ao galego en 2007, que é unha viaxe pendular ao presente-futuro (China) e ao pasado (Elba), pero que non está equilibrada xa que a China é o escenario de dous terzos da novela, porque é o país do século XXI, e Elba representa a intemporalidade. Comenta que non fai unha análise da sociedade, senón que é a ollada exótica do personaxe, que non entende o chinés e que coincide coa do narrador. Sinala que isto é unha metáfora da literatura, a cal é unha ollada externa á sociedade sen intervir. Asegura que é conciso e preciso estilisticamente porque quere que a súa prosa pareza simple, pero que teña unha estrutura definida e un discurso elegante. Cre que o escritor de hoxe en día ten que analizar o mundo contemporáneo cunha linguaxe actual, aínda que lle guste máis o pasado; isto non significa que teña que renunciar á tradición, pero non pode ignorar certos movementos como as vangardas, que lle impiden tentar modelos do século XIX. Conta que na súa obra estilo e tema van ligados, porque, aínda que lle importa a forma, busca a estética mediante os temas e que os seus personaxes son pasivos, só ollan, non modifican a vida, isto úneos ao autor que debe distanciarse para non intervir. Asegura que ante todo é escritor, non novelista que é un termo que limita moito, pero tamén artista polo que expón fotografías ou fai cinema, entre outras cousas. Di que o que o leva a escribir unha novela é o decorado, que despois se illa para reflexionar, tomar notas e ir tecendo a historia. Tamén fala da situación actual da literatura francesa na que parece que só destacan os escritores que pasan o día subliñando a súa posición literaria; el non quere entrar nese xogo polo que non fai entrevistas (quere que os seus libros se vendan pola súa calidade lingüística non porque sexa famoso). Comenta que é belga pero que sempre falou francés, polo que cre que está nunha situación cómoda xa que vén dun país pequeno cunha lingua grande e opina que Flandres non se vai independizar. Para rematar, conta que estaba a ler un libro de crítica literaria.

Loureiro, Ramón, "Galicia abriume as portas dunha existencia fondamente humana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 3 outubro 2008, p. 50.

Entrevista ao escritor, académico e profesor da universidade de Oxford, John Rutherford con motivo do seu nomeamento como membro de honra da Real Academia Galega. Saliéntase o ano 1958 como o ano en que chegou a Galicia por vez primeira e agradécelle a esta cidade o feito de ter chegado a ser profesor da universidade de Oxford. Baixo o epígrafe intitulado "Facer o camiño foi unha experiencia espiritual moi intensa", destaca a creación da súa novela escrita en galego, *As frechas de ouro*, no transcurso da Ruta Xacobea.

Loureiro, Ramón, "Tiven a ousadía de querer reinventar a humanidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Entrevistas del 2008", 27 decembro 2008, p. 14.

Dá conta da entrevista feita ao escritor Ramiro Fonte tras recibir o Premio Porto Magno polo conxunto da súa obra. Dito recoñecemento foille outorgado pola cidade de Ferrol, na que o escritor pasou boa parte da súa mocidade. A entrevista revisa a obra de Fonte prestando especial atención a aquelas vilas que marcaron –ou marcan– a súa traxectoria persoal e literaria: Pontedeume natal, Londres, Lisboa e Barcelona, cidade esta última na que o reside na actualidade. Tamén fai mención a algunhas das súas fontes literarias, que van dende a propia Rosalía de Castro ate James Joyce ou Willian Faulkner.

L. R. L., "Xesús Rábade : 'A mal chamada literatura xuvenil está a destruír os lectores", *A Nosa Terra*, n.º 1292, "Cultura", 4-9 xaneiro 2008, p. 35.

Xesús Rábade refírese á súa novela *Mentres a herba medra* (2007), que gañou o premio Eduardo Blanco Amor en 2006. Asegura que esta novela é produto dunha reflexión ética e estética, xa presente na súa poética anterior, porque a literatura sempre é forma de expresión. Comenta que na novela non hai un narrador omnisciente nin un personaxe preponderante, polo tanto, os puntos de vista están ben plasmados e son os auténticos protagonistas. Di que isto se debe a que parte de personaxes reais xa que un narrador sempre acode ao autobiográfico desdebuxado, por exemplo, o músico novo lembra ao seu fillo Abe Rábade que é músico de jazz, e que se meteu na pel dos personaxes para plasmar o contexto. Sinala que na novela trata o conflito rural-urbano, que é un tema que, segundo el, hoxe en día non se trata porque os escritores novos descoñecen certos temas e certos códigos. Opina que houbo un fracaso total coa lingua, xa que parece que a ninguén lle importa que se estea a perder. Tamén cre que a literatura xuvenil está destruíndo o lectorado mozo xa que este está capacitado para asumir a gran literatura e non se lles pode negar a posibilidade de ler os clásicos para promover o seu sentido crítico; de feito, pensa que ademais de contidos hai que darlles as claves para poder procesalos e reflexionar sobre eles. Para rematar, afirma que na súa novela el mira a xuventude con esperanza, porque cre que condenalos sería condenar o futuro, e di que a novela é moi crítica, pero non senta doutrinas.

L. R. L., "Victorino Pérez Prieto: 'Este século XXI vai ser cada vez máis místico", *A Nosa Terra*, n.º 1296, "Cultura", 31 xaneiro – 6 febreiro 2008, p. 31.

O escritor e teólogo Victorino Pérez Prieto fala da súa escolma *Poesía relixiosa en galego* (2007) e di que a relación entre cristianismo e galego é unha teima que ten dende hai tempo, que xa tratou noutras obras que nomea. Comenta que sempre lle gustou a

poesía polo goce estético e porque serve para explicar o inexplicábel, como o Misterio, a Divindade ou Deus. Comenta que a poesía relixiosa non só é a que pretende expresar a realidade divina, senón tamén a que busca o Misterio ou sente a súa ausencia, chámeselle Deus ou non, a que busca a Realidade; esta non é cristiá necesariamente polo que conecta coa realidade do século XXI, que é cada vez máis místico. Sinala que se centrou na poesía culta, aínda que haxa algo de popular nas panxoliñas de Nadal, porque lle interesaba manifestar a realidade pluritemática e pluriforme da poesía relixiosa en galego. Tamén conta que no corpus hai poesía portuguesa, sobre todo dos séculos XIV-XVII, e que algúns autores como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María ou Lorenzo Varela, que eran críticos á Igrexa, escribiron poesía relixiosa. Asegura que non é un libro de devoción, senón un libro de poesía e que na relixión cristiá está moi presente a xustiza e a solidariedade cos asoballados, o cal foi recollido por poetas como Celso Emilio, Xosé Carlos Gómez Alfaro ou Xosé Antón Miguélez Díaz. Cre que a relación entre relixión e natureza é unha característica da literatura galega e destaca neste senso a Ramón Otero Pedrayo. Di que outros autores poden ter vivencias dende diferentes tradicións, así Eduardo Moreira ten dous poemas no libro: un na liña budista e noutro sitúase ao lado dunha cruz. Finalmente, parécelle que a poesía relixiosa ten un estilo recorrente pero non é pechada.

maré, "O verso é un machado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 7 febreiro 2008, p. 29.

Miguel Anxo Fernán-Vello fala do seu poemario *Dicionario do Estremecemento* (2007) e da escolma *Astro interior* (2007), realizada por Teresa Seara. Do primeiro di que supuxo o reencontro coa "poesía culta" e a constatación dunha mudanza, que se vén realizando dende a publicación d'*As incertezas do clima*, que consiste na fuxida da cultura poética para achegarse á poesía como comunicación do inmediato. Comenta que se trata de restarlle importancia á palabra e ver o libro coma un machado que se crava nas costas do lectorado para obrigalo a reaccionar. Sinala que este poemario é como unha obra interminábel que pretende ir ampliando con entradas novas e que nel hai algo de biografía porque cre que non se pode separar conciencia e vida, xa que na poesía hai unha translación de un mesmo dende dentro para fóra. De *Astro interior* di que é un excelente espello das voces que percorren a súa poesía, aínda que hai poemas adolescentes do seu primeiro poemario que volvería a publicar. Cre que o importante é que a antoloxía amosa a expansión da súa linguaxe e o seu crecemento en conciencia poética e expresividade, porque opina que hai que procurar non repetirse sen renunciar ao selo de cada un. Como representante da xeración dos oitenta, comenta que seguen todos moi activos e que se ve a si mesmo nunha primeira madureza, polo tanto cheo de enerxía pois aínda non escribiu o que lle gustaría ter escrito. Parécelle que non hai diferenza entre eles e a xeración dos noventa, coa que se enfrontaron polo espazo. Para rematar, sinala que nese momento está a traballar nunha antoloxía de poetas nóveis.

Martínez, Ana, "Antítese Nativa busca dar un salto sobre o que estamos acostumados ao lermos poesía", *ABC*, "Galicia", 22 xuño 2008, p. 63.

Manuel López Rodrígues é entrevistado, logo de ter gañado o XIV Premio de Poesía "Suso Vaamonde" co seu libro *Antítese nativa*, por Ana Martínez que cualifica a obra de "transcultural, culta e elegante." A entrevista ábrese cunha breve presentación de

López Rodrígues da que se tiran datos tan relevantes coma a súa participación na antoloxía *37 poemas por man propia* (editado na Colección Bourel) ou o seu papel na fundación do Colectivo Literario Sacou e do grupo de teatro Éteatro. Por outra banda, informa da visión que ten o autor a respecto da poesía e do estado de saúde do que goza esta en Galicia.

M. B., "Anxos Sumai, escritora: 'O feito de escribir en Internet axudoume a apurar a escrita", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 21 febreiro 2008, p. L.16.

Anxos Sumai, entrevistada co gallo da súa novela *Así nacen as baleas* (2007) ser a gañadora do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF de literatura galega, afirma que non sabe a orixe do seu apelido pero que é unha palabra xaponesa que significa casa. Comenta que a Internet a formou como escritora porque para escribir na rede hai que ter máis intensidade que extensión, polo que axuda a apurar a escrita. Para rematar, conta que esta súa novela ten unha historia moi clásica (o regreso dunha persoa ao ámbito familiar para encargarse dun negocio) e que nela intenta mostrar que os contrarios se unen.

Méndez, Roberto G., "Antón Reixa, artista multimedia e produtor audiovisual: 'O que me move é o medo a aburrirme", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 20 xaneiro 2008, contracuberta.

Antón Reixa salienta varias das súas facetas profesionais e afirma que como director de cine cre que a crítica non o trata ben, independentemente do que logo pense o público; di que non volvería a repetir como actor por respecto á profesión; comenta que o traballo como profesor de lingua e literatura galegas nun instituto foi o máis ameno e doado pero no que se pode mentir moito; sinala que como cantante comezou por casualidade. Finalmente, recoñece que é poeta dende a adolescencia e que a poesía é "o combate máis sincero coa propia vida e coa melancolía".

Mosquera, Javier, "Xosé Luis Méndez Ferrín, escritor : 'Estou encantado de que Curros volte a Alameda no seu centenario", *Faro de Vigo*, "Vigo", 12 abril 2008, p. 8.

Xosé Luís Méndez Ferrín considera que o traslado da estatua de Manuel Curros Enríquez da Alameda ao Castro foi unha insensatez porque a retiraron e a puxeron nun sitio menos visíbel para poñer no seu lugar un monolito de Rubén Darío no seu centenario. Di que leva pedindo unha rectificación dende 1965 e que, despois de máis de corenta anos, ao fin se vai facer cando se cumpre o centenario da súa morte. Comenta que o último escrito de petición do traslado da escultura a seu lugar ía asinado ate polo bispo da diocese. Sinala que Santiago de Compostela é unha cidade peculiar porque parece que a xente non se molesta por algunhas accións.

M. R., "Se dás unha boa oferta, funciona", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 3 outubro 2008, p. 37.

Entrevista a Vicente Araguas quen organiza na Casa de Galicia en Madrid a xuntanza literaria "Estacións Poéticas". Apunta o bo balance dos dous ciclos que se levan convocados. Considera que a poesía ten que ser minoritaria e que o éxito de que a xente se achegue máis á poesía é porque descobren que "lonxe de ser algo aburrido é delicioso". Para rematar, sinala que a metade do público está familiarizado co galego.

Neira, Nieves, "Ofelia, Don Quixote e Ana Karenina forman parte da humanidade", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 agosto 2008, p. 54.

Helena Villar Janeiro opina que "vida e literatura chegan a se mesturar tanto que personaxes literarios resultan tan reais como os personaxes históricos". Indica que o seu libro de cabeceira son ducias de libros pero que, de estar o barco a piques de marchar, levaría a unha illa deserta *Os outros feirantes* (1979), de Álvaro Cunqueiro. Confesa que foi *Follas novas* (1880) o libro que máis veces leu e que nunca pensou na lectura por estacións do ano.

Obelleiro, María, "As memorias perdidas do mestre Luís Bazal", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Magazine", 27 marzo–2 abril 2008, pp. 44-45.

O etnógrafo e investigador Xerardo Dasairas sinala que o seu libro *Luis Bazal. Memoria e fuga dun mestre anarquista galego* (2007) contén a biografía dun dos primeiros activistas da resistencia fronte aos militares do ano 1936 na provincia de Ourense sobre quen non se sabía nada malia ter deixado as súas memorias nunha biblioteca da Universidade, as cales axudaron a contextualizar o levantamento militar e a represión, xa que son crónicas noveladas nas que fala da evolución da guerra e a da súa ideoloxía. Logo de dar conta dalgún dato biográfico de Luis Bazal, Dasairas opina que a represión foi tal que os protagonistas non falaban do tema por medo, pero aínda así, nas memorias aparecen datos de como vivía a xente, sobre todo en Ourense, e da solidariedade das autoridades portuguesas cos fuxidos galegos. A entrevista remata cun anaco das memorias deste activista ourensán.

Oliveira, V., "Quixen facer un mosaico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 18 xaneiro 2008, p. 32.

Por mor da presentación da novela *Teselas de cidade* (2007), gañadora da terceira edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia, a súa autora, Patricia Casas, explica que as historias desta novela foron unha escusa porque o que lle interesaba era facer un mosaico da cidade, para que o lectorado tivese a sensación de estar paseando polas rúas máis coñecidas da Coruña. Di que contou coa axuda da escritora Helena Villar que a guiaba na redacción e que a novela tamén foi editada en castelán por Saleta Fernández. Confesa que, como A Coruña é unha cidade moi castelanizada, pensou en empregar o castelán nalgúns diálogos, pero que Helena Villar lle dixo que nunha novela en galego non era necesario marcar a diglosia porque é unha convención. Para rematar, admite que escribir unha novela é algo moi duro pero tamén interesante e que tivo a sorte de poder dedicarlle un mes enteiro.

Oliveira, V., "O realismo máxico é galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obra", 27 febreiro 2008, p. 34.

Entrevista ao escritor catalán Francisco Casavella na que ademais de falar da súa novela gañadora do Premio Nadal (*Lo que sé de los vampiros*), dá conta da súa orixe galega e sinala a obra *El secreto de las fiestas* (1997) como outra das súas novelas ambientadas en Galicia. Para finalizar, considera que o realismo máxico americano é galego, xa que cre que autores como Ramón María del Valle-Inclán, Rafael Dieste ou Álvaro Cunqueiro son realistas máxicos. Tamén afirma que está subestimada a influencia galega en América.

Oliver, Juan, "Pizarro dá moito máis xogo literario que Solbes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xaneiro 2008, p. 55.

Entrevístase ao economista, avogado e politólogo co gallo da publicación da obra que supón a súa primeira incursión na literatura, *Nos dominios da incerteza Historias económicas* (2007). Dise que se trata dun conxunto de relatos nos que a economía se converte no fío condutor das diferentes historias.

Penelas, Sandra, "No sustituimos a la librería, hacemos que se vendan más libros", *Faro de Vigo*, "Vigo", 29 outubro 2008, p. 6.

Entrevista a Luís Collado, director de Google Book Search en España, con motivo da súa participación en Vigo nunha mesa redonda sobre a idade dixital do galego. Di que a presenza que ten o galego no buscador é moi pouca e informa que Galaxia se uniu recentemente e que están á espera da incorporación doutras editoriais galegas. Opina que o buscador é un medio de información para acceder aos contidos e difundir ao máximo unha cultura e un idioma. Por outro lado, conta de que maneira se foron incorporando as editoriais españolas ao Google Book Search.

Pereira, José, "O fundamental é que a figura de Cabanillas sexa posta en valor no 2009 por todos os galegos", *Diario de Arousa*, "Cambados", 21 setembro 2008, p. 13.

Francisco Fernández Rei comeza a conversa falando do Ano Cabanillas 2009. Conta que Ramón Cabanillas tivo en vida recoñecemento público e que tamén se valorou o seu compromiso coa lingua, a literatura e a renovación de Galicia. Espera que durante este ano se poña en valor todo o seu legado e comenta o estado das propostas para elaborar a programación. Neste senso, di que "con poucos cartos" tamén se poden facer moitas cousas e lembra o acto do cincuenta aniversario da coroación de Cabanillas en Padrón. Por outro lado, sinala que o borrador que presentou xunto con Luís Rei é un programa moi ambicioso e opina que esta celebración pode ser o xerme da creación da Fundación Cabanillas.

Pérez, Marino, "Os irlandeses tamén son xente 'retranqueira', como os galegos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 30 xullo 2008, p. 17.

Martín Veiga Alonso volve a Galicia despois de dez anos dando clases de galego na Universidade de Cork (Irlanda), para participar no ciclo A-fóras. Nesta entrevista di porque é poeta e indica que Antón Avilés de Taramancos foi para el unha "especie de mentor". Conta tamén que a súa obra xa foi recoñecida na terra natal como gañador dalgúns premios literarios. Por outra banda, comenta as similitudes dos irlandeses cos galegos e remata opinando sobre a situación do galego.

Picallo, Héitor, "Cómpre ler os clásicos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 694, "Entrevista", 3 febreiro 2008, pp. 12-13.

Xosé Luna Sanmartín e Francisco Pillado Maior charlan co gallo da publicación de *No pazo de Laiovento: conversas con Francisco Pillado Maior* (2007). En primeiro lugar Héitor Picallo entrevista a Francisco Pillado, o cal di que como biografado lle interesa saber se ten algún interese para o lectorado o que conta nas páxinas do libro. Sinala que o seu mérito é que viviu experiencias moi diversas e que coñeceu moitas persoas que influíron na súa vida e traxectoria. Comenta que Xosé Luna é moi xeneroso e que o coñeceu en 2000 porque lle fixo unha entrevista para o libro *Daniel Varela Buxán. O Patriarca do Teatro Galego* (2000) e, a partir de aí, se viron con frecuencia até que lle insistiu para facer este libro. Di que a banda sonora da súa vida é a familia, pero tamén a música de Beethoven, Mozart, Chopin, etc. e as palabras: voces poéticas, como Miguel-Anxo Fernán-Vello ou Xosé María Álvarez Cáccamo, e voces dramáticas, como Manuel Lourenzo ou Gustavo Pernas. Asegura que non mudaría nada da súa vida e que no libro se di que ten tres familias: a carnal, a fraternal e a cultural, das dúas últimas di que é difícil disocialas e que sen as tres a súa vida sería diferente. Cre que os tempos e as circunstancias mudan pero os grandes problemas do ser humano seguen a ser os mesmos, polo que cómpre ler os clásicos. Opina que o dilema de Rosa Luxemburg (socialismo ou barbarie) segue gozando de actualidade e pensa que o socialismo é a solución máis xusta, aínda que non se debe renunciar á utopía. Despois, entrevístase a Xosé Luna que di que foi unha honra falar dun home fundamental na historia do teatro e da cultura galega contemporánea. Afirma que fixo un libro de conversas porque quería un Pillado en estado puro, sen verniz literario, e que, tras trinta horas de traballo, está orgulloso do resultado. Asegura que resumir o libro nun título é imposíbel, polo que decidiu facer referencia ao espazo común: o Pazo de Laiovento. Cre que tamén pode considerarse un libro histórico xa que percorre a historia de Galicia a través da biografía e que nel se reflicte todo o universo cultural e creativo de Pillado. Opina que a cultura non se pode avaliar dende un punto de vista económico porque habería libros que nunca verían a luz e editoriais que terían que pechar, e di que na súa faceta de editor débelles moito a Francisco Pillado e Manuel Lourenzo.

Pino, Concha, "Non creo que a cultura occidental teña sido derrotada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 11 febreiro 2008, p. 31.

Entrevista ao escritor belga Jean-Philippe Toussaint para falar da súa novela *Fuxir*, traducida ao galego en 2007. Di que, dende a súa primeira obra, titulada *La salle de bain* (1985), o narrador non ten nome e fala en primeira persoa, algo que se converte nunha marca de estilo. Comenta que *Fuxir* parte doutra novela titulada *Faire l'amour* e que vai haber máis porque el escribe unha única historia; porén, cada novela pode lerse independente das outras, pero se se len todas recoñécense algúns personaxes. Sinala que

forman un "contínuum" que o obriga a reflexionar sobre o contido do libro e a estrutura deste mosaico. Asegura que isto o leva a investigar máis porque en cada novela aumenta a complexidade e que xa traballou no terceiro libro que aínda está sen rematar. Afirma que a novela non é autobiográfica pero que algunhas imaxes evocan situacións que xa viviu ou soñou. Para rematar di que na novela se contrapón a situación de Elba, unha illa mediterránea ancorada no pasado, a Pekín pero iso non significa que crea que a cultura occidental foi derrotada.

Pino, Concha, "Pido un esforzo para que a feira non desapareza", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "A pie de calle", 6 abril 2008, p. L8.

Isabel Ares, a directora da Feira do Libro de Santiago, ante a escasa participación dos libreiros santiagueses, comenta nesta entrevista que un dos motivos da baixa participación é o adianto nas datas de celebración da feira así como que nos últimos anos está a ter moi pouca acollida por parte do público. Considera que todo o sector do libro se debería sentar a falar e propoñer algunhas solucións a estes problemas.

Pino, Concha, "Considérome ante todo poeta, e narrar é un reto que me seduce", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, "A escritora do mes", 12 xullo, 2008, p. 16.

Helena Villar comenta nesta entrevista de que maneira determinaron os seus fillos o seu arranque como escritora. Dos inicios salienta cando escribía xunto co marido, Xesús Rábade, afirmando que en narrativa foi sempre "máis autónoma que na poesía" e asegura que seguirían escribindo xuntos se a sociedade o entendese. Por outro lado, considera que o problema "máis grande" da literatura galega actual é que os escritores non coñecen a grandeza lingüística do país e que isto supón un empobrecemento. Opina que hai poetas "moi novos que escriben de pena, que mesmo colocan mal os pronomes". Para rematar, fala da súa relación con Rosalía de Castro e afirma que vai estar pouco tempo máis como presidenta da Fundación Rosalía.

Porto, H. J., "Non se aproveitou a oportunidade que tivemos ao traducir 'Mondo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 284, 18 outubro 2008, p. 3.

Valentín Arias fala nesta entrevista da tradución ao galego que realizou do libro *Mondo e outras historias* de Le Clézio. Comenta que mentres o traducía, se deu conta de que era un "escritor de profundidade", non superficial. Ademais, conta como foi o traballo de dous tradutores para un mesmo libro e menciona os dous premios que recibiron, o Nacional e o da Crítica. Ademais, opina que daquela a editorial non "quitou partido do éxito".

Pousa, Luís, "Faltan lectores espontáneos en lingua galega", *El Correo Gallego,* "Entrevista", "Galicia XXI", "Actores do cambio", 11 setembro 2008, pp. 8-9/"O sistema literario español é periférico respecto do galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galicia XXI", "Actores do cambio", 11 setembro 2008, pp. 28-29.

Anxo Tarrío comeza a conversa falando da obra de Benito Pérez Galdós, da que fixo a súa tese doutoral, e di que Galicia non tivo os seus "propios episodios nacionais" pois daquela non había "documentación para que un novelista se metese a escribir unhas novelas históricas con coñecemento de causa", aínda que sinala que de haber un autor, podería ter sido Manuel Murguía. Comenta que Rosalía de Castro soubo reflectir o ser antropolóxico galego. Ademais mantén que en Galicia, quen escribe en castelán pertence ao sistema literario castelán, mais que no século XIX isto "non está tan claro", de maneira que di flexibilizar "moito o criterio lingüístico" para este século. Entre outros aspectos vinculados coa literatura galega, sinala que "sobran autores e faltan títulos" e considera que aínda está sen facer a novela que "transmita todas as vivencias que hai en Compostela". En "O perfil" responde a preguntas de carácter máis persoal.

Pousa, Luís, "A crise é o mellor momento para vender libros", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Galicia XXI", "Actores do cambio", 7 decembro 2008, pp. 30-31.

Entrevista a Francisco Rodríguez, fundador de Hércules de Edicións, onde fala do proxecto Galicia. Explica por qué o proxecto se especializou en grandes obras temáticas e salienta que naceu porque "Galicia necesitaba unha obra que recollese a súa cultura e a súa identidade". Por outro lado, indica que vai continuar con el, pero que intentará abarcar outros campos. Sobre a desaparición do libro en soporte papel opina que só desaparecerán os de información xurídica. Por outro lado, comenta por qué a empresa se instalou tamén en Andalucía e en Asturias. Fai mención doutros proxectos no campo de audiovisual. En "O perfil" responde a preguntas de carácter persoal.

Rial, María, "Podría haberme convertido en un escritor gallego", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 12 setembro 2008, p. 49.

Xulio Ricardo Trigo comenta que lle é difícil falar de si mesmo como escritor galego ou catalán, aínda que di que "un escritor lo es de la lengua que utiliza, pero más de la mitad de mi obra está relacionada con Galicia". Da súa última novela, *Els secrets de la reina* di que uniu dous xéneros: o histórico e a intriga. A continuación, comenta que a súa obra é froito do *boom* latinoamericano e confesa que tamén lle chamou a atención dende o primeiro momento Arturo Pérez Reverte. Para rematar, di que dende hai catro anos escribe o blog "El violinista celest".

Rivero, Marta, "É difícil educar na nosa lingua en Vigo porque é onde menos galego se fala", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 23 abril 2008, p. 45.

Xurxo Borrazás, cuxa obra está escrita integramente en galego e que gañou, entre outros, o premio da Crítica Española, di que el escribe na súa lingua, o galego, e cre que se debe traducir a outros idiomas pero non escribir noutras linguas. Comenta que traduciu *Trópico de Cáncer* ao galego (2006), porén, non se venden moitas traducións, segundo el, porque non había hábito de traducir pero este estase a cambiar; con todo, cre que as traducións son boas para a saúde do galego. Pensa que, en aparencia, a situación actual da lingua galega é positiva porque se publica máis e o galego vai accedendo a lugares aos que nunca chegara, pero as estatísticas mostran unha perda de falantes. De todos os xeitos, non cre que a supervivencia do galego perigue e considera que non se

pode deixar a expansión da lingua en mans dos escritores, xa que son os pais os que teñen que transmitirlles a lingua aos fillos para que permaneza. Asegura que el o fai co seu fillo, e iso que pensa que educar en galego en Vigo é complicado porque non se fala. Opina que Política Lingüística fai política de subvencións que van para grandes empresas que non lle teñen amor á lingua, senón aos cartos. Para rematar, cre que a normativa vixente non axuda a que a xente se sinta identificada, xa que tanto os políticos como os medios de comunicación usan o galego de xeito ritual e irreal.

Rodríguez, Ana, "Non me interesa formar parte dunha xeración poética", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 5 marzo 2008, p. 10.

A poeta Lucía Aldao, co gallo da presentación de "Acústico feminino" no teatro Rosalía, comenta que xunto a ela van actuar outros tres grupos de música popular, con maioría de membros mulleres. Comenta que tanto na música como na poesía as súas referencias son mulleres como Janis Joplin, Patty Smith, Marguerita Duras ou Luísa Castro. Afirma que se sente unida por afinidade literaria e de idade a outras poetas como Yolanda Castaño, María Lado ou María do Cebreiro, pero que non lle interesa formar parte dunha xeración. Para rematar, fala do seu proxecto AiDDao co dj Diego Delgado.

Rodríguez, Rosa, "O xornalista ten que saír máis do despachiño. Hai demasiados profesionais que falan de oídas", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", 4 marzo 2008, p. 53.

Víctor F. Freixanes, que forma parte dun equipo de especialistas que abordan en dous ensaios o xornalismo de opinión no século XIX, mediante as biografías e os textos de vinte xornalistas da época, comeza dicindo que o xornalismo de opinión non é contraditorio senón que é un xénero dentro doutro e que no século XIX estaba de moda a opinión, que despois quedou en segundo plano pola información e que cre que o futuro do medio impreso está na interpretación da realidade. Pensa que hoxe a opinión ten moita forza pero a calidade é irregular. Así, segundo el, hai moitos xornalistas de despacho que deberían saír del, xa que non se preocupan de comprobar se a fonte é fiábel, e pensa que deberían ordenar as novas ao servizo da audiencia e facer un seguimento de certos persoeiros, para o que terían que recorrer á hemeroteca. Comenta que foi difícil escoller só vinte xornalistas para plasmar a realidade do século XIX na monografía *Xornalistas con opinión* (2007) , polo que escolleron os construtores de opinión que axudaron á creación de Galicia, dende Paz Andrade até Álvaro Cunqueiro; con todo, opina que hai a necesidade dunha segunda entrega con Daniel Rodríguez Castelao e Mauel Curros Enríquez. Para rematar, afirma que todo o que participa dun xeito activo exercendo a opinión é xornalista.

Rodríguez, Rosa, "O xornalismo derivou no espectacular", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (I)", 7 abril 2008, p. 38.

Rosa Aneiros refírese á faceta xornalística de Concepción Arenal, figura recollida no libro *Xornalistas con opinión* (2007). Di que a súa achega ao xornalismo foi a claridade argumentativa porque nos seus textos deixaba entrever o seu pensamento; así, estaba interesada polos asuntos socias e non pola política, polo que analizou en profundidade

temas como a caridade, a guerra, os centros de acollida, a educación e o feminismo, e, sobre todo, as penintenciarías e a beneficiencia. Comenta que os seus textos eran discursos sociolóxicos apegados á realidade circundante e, aínda que se mantivo allea á política, entrou en temas tan controvertidos como a actuación do goberno vixente nesa época. Afirma que nunca se queixou da censura, pero que non sabemos se foi porque non a sufriu ou porque a evitou, xa que era unha persoa suave nas formas e no discurso e cunha retórica ben argumentada, aínda que concibía o xornalismo como arma para mudar a sociedade. Sinala que o que máis lle sorprendeu dela foi a súa coherencia e fuxida do protagonismo, porque o que lle interesaba era a difusión do seu pensamento, non da súa figura. Cre que o xornalismo cambiou moito dende aquela, xa que se perdeu claridade, gusto pola capacidade de argumentar sen crear crispacións, os recursos retóricos e a profundidade de pensamento e análise. Opina que nas biografías de Concepción Arenal se fala pouco da súa faceta como xornalista. Finalmente, recóllese unha pequena biografía e un texto da xornalista galega.

Rodríguez, Rosa, "Os medios deben ser máis creativos, menos previsibles e evitar a parodia", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (II)", 13 abril 2008, p. 42.

O profesor Francisco Campos, encargado de estudar a vida e a obra de Alfredo Brañas en *Xornalistas con opinión* (2007) di que Brañas foi un xornalista de vocación e destaca del a súa paixón pola comunicación como transmisor de ideas e valores para axudar a rexenerar Galicia de seu. Comenta que foi o principal puntal do rexionalismo galego, ao que tratou de darlle altura intelectual política e económica e que reclamou para España unha reforma política para saír da crise. Sinala que a prensa rexionalista era partidista polo que non se trata dunha comunicación de ideas. Afirma que a referencia de Brañas era Cataluña, mentres que hoxe as referencias de Galicia son máis globais pero tamén máis dispersas. Pensa que hoxe a unidade, da que falaba Brañas, se entende dende a diversidade, porque a fragmentación é o signo da sociedade actual, e que agora a fraternidade se reflicte en internet. Considera que era, e sería hoxe, un inconformista porque a sociedade de hoxe así o é. Opina que na actualidade hai constantes innovacións e que isto afecta aos medios para ben porque teñen que ser máis creativos, con máis debate e menos faladoiro e parodia. Para rematar, ofrécese unha pequena bibliografía, onde se di que a faceta de xornalista de Brañas é a máis intensa pero a menos coñecida e achega un texto da súa autoría.

Rodríguez, Rosa, "Basilio apostaba por xornalistas ousados que tivesen a redacción na rúa", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (III)", 21 abril 2008, p. 38.

Marcos Valcárcel, responsábel de achegar ao lectorado agardado a figura de Basilio Álvarez no libro *Xornalistas con opinión* (2007), comenta que foi un xornalista pouco coñecido, que foi perseguido e que usou o xornal como ferramenta para cumprir a súa misión política e social. Sinala que o xornalismo de hoxe é diferente do daquela, pero que no seu libro *El libro del periodista* (1912) demandaba xornalistas formados e que tivesen a redacción na rúa. Opina que, seguramente, el diría do xornalismo actual que é demasiado conformista e condescendente cos poderes e que o sorprenderían as novas tecnoloxías. Afirma que o que máis o impresionou da súa vida foi que apoiou no seu xornal a escritores máis novos como Roberto Blanco Torres. Di que Ourense tivo na década dos anos vinte e trinta un esplendor xornalístico que perdeu, xa que tivo tres

importantes diarios: o republicano *La Zarpa*, o católico *La Región* e o calvosotelista *Galicia*. Finalmente atópase unha pequena biografía, onde se considera que o franquismo fixo o posíbel para enterrar a súa figura, seguido dun fragmento dun texto xornalístico de Basilio Álvarez.

Rodríguez, Rosa, "As miserias do xornalismo no século XX multiplicáronse na actualidade", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (V)", 4 maio 2008, p. 41.

Emilio Xosé Ínsua, encargado do estudo sobre Antón Villar Ponte no libro *Xornalistas con opinión* (2007), sinala que foi un dos piares da Galicia moderna porque, xa antes de 1936, deseñou as bases dunha Galiza nova. Comenta que non se pode separar a súa faceta de xornalista da de político, aínda que tivo máis logros no eido xornalístico, xa que foi vendo que ao ser nacionalista se lle pecharon moitas portas e que estaba tan entregado á causa nacionalista que non puido rematar algúns proxectos como escritor. Cre que, aínda hoxe, se cumpre o que dicía Villar Ponte: os xornalistas libres non se perseguen, pero si se buscan para postos retribuídos. Afirma que as actitudes de Manuel Rivas, Suso de Toro ou Xosé Luís Méndez Ferrín lémbranlle a el porque coñecen o pasado, están abertos ao novo e as súas ideas son progresistas e comprometidas co idioma. Opina que non estaría moi contento co xornalismo de hoxe, sobre todo, coas baixísimas porcentaxes do emprego en galego, a excesiva atención ao mundo do faranduleo e o nulo apoio á cultura galega. Para rematar, recóllese unha pequena biografía do xornalista e un fragmento dun texto del.

Rodríguez, Rosa, "O xornalismo é a verdade vivida", *Galicia Hoxe,* "Comunicación Hoxe", "Olladas (VI)", 11 maio 2008, p. 41.

Marta Pérez Pereiro fala do seu traballo sobre Sofía Casanova no ensaio *Xornalistas con opinión* (2007) e afirma que foi unha figura destacada no seu tempo, da que Sotelo Blanco publicou unha tradución das súas obras ao galego. Comenta que foi a segunda muller correspondente de guerra e galega, xa que cubriu a Primeira Guerra Mundial, a Revolución Rusa e a Segunda Guerra Mundial, polo que asistiu ao agromar do comunismo e á transformación do mapa do mundo. Conta que tivo un accidente en Moscú onde perdeu parte da vista pero que escribiu até a morte, a pesar de que o *ABC* a censurou para que non falase mal dos alemáns. Sinala que era católica e monárquica, polo que o comunismo lle parecía un perigo e defendía os réximes de Primo de Rivera e Franco. Sinala que foi unha correspondente con estilo propio que combinaba os datos coa experiencia vivida e o coñecemento da vida das xentes da súa contorna. Cre que para ela non era importante a lingua nin a cultura galegas. Pola contra, dela destaca a súa formación en linguas e que lle achegaba ao lector o acontecido dende unha perspectiva persoal, diferente ao *ABC*. Para rematar, recóllese unha pequena biografía e un fragmento dun texto xornalístico dela.

Rodríguez, Rosa, "Sen unha mínima reflexión non se pode facer un xornalismo solvente", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (IX)", 15 xuño 2008, p. 42.

Juan Soto, encargado de relatar a vida e obra de Ánxel Fole no libro *Xornalistas con opinión* (2007) di que foi o seu aprendiz, que lle tiña moito cariño e que lle interesa a

súa etapa combativa como xornalista en *Yunque* e tamén os artigos das súas series paisaxísticas. Comenta que os lucenses lle teñen moito cariño, igual que el lle tiña á xente de Lugo, e que achegou ou calidade literaria e independencia de criterio nun tempo no que os xornalistas adulaban o réxime. Sinala que era modesto e que dicía que para facer bo xornalismo non se pode deixar un levar polas présas, cousa que hoxe é imposíbel, a pesar de que el cría que sen reflexión o xornalismo non é nin lexíbel nin intelixíbel. Anota que leva anos coa súa columna en *El Progreso* pero que intenta non deixarse levar pola rutina nin deixar de lado as súas convicciónns éticas e estéticas, e cre que o xornalismo do futuro é o de "explicación" porque a xente recibe moita información e necesita axuda para descifrala. Finalmente recóllese unha pequena biografía e un fragmento xornalístico de Fole.

Rodríguez, Rosa, "Todos os represariados foron esquecidos", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", "Olladas (XI)", 22 xuño 2008, p. 34.

Marcos Seixo Pastor, historiador que recupera as figuras de Xoán Xesús González e Roberto Blanco Torres para o libro *Xornalistas con opinión* (2007) di do primeiro de Xoán Xesús González que desempeñou moitas facetas na súa vida, pero todas relacionadas coa loita social que levou a cabo co artigo xornalístico, o ensaio, o mitin e a novela. Comenta que sempre buscaba o autoaprezo dos galegos e a creación da consciencia patriótica e que foi unha figura esquecida, ao igual que todos os represaliados, por ser imposíbel de manipular. Pensa que hoxe sería crítico co centralismo de Madrid para negociar os intereses galegos en Europa e que estaría molesto co trato vexatorio que se lle está dando á lingua galega. Sinala que, naquel tempo, Cuntis tiña moita actividade social e cultural e que se fundaron varios xornais. De Blanco Torres anota que cría que o xornalismo tiña que ser informativo e que se necesitaba unha prensa ética e combativa para defender os intereses das clases populares. Opina que non foron coñecidos pero que deron unha boa lección de ética e compromiso con Galicia e as clases populares. Para rematar, recóllese unha pequena biografía e un fragmento xornalístico de cada un deles.

Rodríguez Peleteiro, Marta, "Rivera de la Cruz ve excelente la salud de la literatura gallega", *El Correo Gallego,* "Cultura", 3 agosto 2008, p. 75.

Noméanse algunhas das actividades levadas a cabo pola escritora e periodista Marta Rivera de la Cruz, quen destaca que a súa afección ao periodismo vén do seu pai e do avó. Considera "increíble" que se discuta a súa condición de galega "por haber elegido escribir en castellano" e opina que non se acepta que boa parte da mellor literatura galega se "esté escribiendo en castellano". Por outra parte, sobre os seus referentes na escritura nomea aos escritores latinoamericanos, algúns ingleses e estadounidenses e tamén aos clásicos do século XIX. Entre os mellores escritores galegos considera a Emilia Pardo Bazán, Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro, Manuel Rivas, Luísa Castro ou Miguelanxo Murado. Para rematar, sinala os seus proxectos máis inmediatos e di que á hora de escribir o que máis lle custa é pasar polos "momentos de absoluta inseguridad".

Rodríguez, Rosa, "Pardo Bazán supuxo a ruptura", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", "Olladas (VI)", 26 maio 2008, p. 37.

Entrevístase a Vicente González Radío con motivo da súa participación no volume *Xornalistas con opinión* (2007), que versa sobre a figura de Emilia Pardo Bazán. Indícase que a escritora coruñesa se presenta como a proxección das tendencias culturais, a modernidade e a ruptura no tema da pornografía, artellada en fundamentos científicos e xurdida das necesidades e aspiracións da sociedade da época.

Rozados, Lara, "Tiña medo que a xente pensase que a novela era autobiográfica", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Cultura", 17-23 xaneiro 2008, p. 31.

Saliéntase que Anxos Sumai gañou en 2007 coa súa primeira novela *Así nacen as baleas* o Premio de Narrativa Breve Repsol YPF. Tamén se di que a Asociación Galega de Editores a escolleu autora do ano e que gañou o Premio Roberto Blanco Torres de Xornalismo de Opinión pola súa columna no Diario Cultural da Radio Galega. Comenta que quere escribir con tranquilidade e investir máis tempo na narrativa, así como que non planifica o que vai facer, xa que algunha vez se puxo a escribir un relato e saíulle unha obra de teatro, pero que quere seguir investigando o tema da violencia doméstica. Sinala que na citada novela intenta alterar os estereotipos da violencia do fogar, de feito, a que exerce a violencia é a nai, e o pai é un personaxe totalmente ausente. Di que a estrutura é fragmentaria, porque se acostumou a escribir na rede, e non foi capaz de escribir a historia dun tirón resultándolle máis fácil crear tres relatos independentes que puidesen crear unha lectura conxunta. Admite que nunca escribiu nada novidoso no que á temática se refire e conta que a protagonista se mantén no anonimato porque, como a novela está escrita en primeira persoa, tiña medo de que pensasen que era autobiográfica. Así o pai, a nena, a nai e mesmo a cidade non teñen nome, segundo ela, para reflectir que esa situación pode acontecer en calquera familia. Finalmente anota que as luces, as sombras e os espazos están moi estudados, xa que pon os cinco sentidos na escrita para facela emocional. Tamén que está aprendendo a quedarse ela á marxe e cederlles a voz aos personaxes.

Rozados, Lara, "A miña poesía está sempre apegada á realidade, aínda que traballe con simbolismos", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro–5 marzo 2008, pp. 24-25.

Miguel Anxo Fernán Vello, autor do poemario *Dicionario do estremecemento* (2007), refírese á escolma realizada da súa poesía entre 1984 e 2007 por Teresa Seara e titulada *Astro interior* (2007). Di que Teresa Seara é boa coñecedora da súa poesía xa que foi o tema da súa tese e fixo unha selección tendo en conta a súa evolución. Así, comenta que participou pouco nesta escolma porque respecta moito o traballo de Seara, ademais de que coinciden en canto a criterio. Comenta que o poema ten vida polo que non admite cambios pero si reestruturacións; que na súa poesía se observa unha evolución na expresión e que se mestura o sensorial co social. Cre que o poeta debe atender á realidade do inmediato porque non entende a poesía que non é capaz de influír no lectorado, que non pode haber arte sen metáfora e que o erotismo, inseparábel da conciencia, é a base de todo. Conta que nalgúns dos seus poemas a idea central é a confluencia de paixón e razón, xa que lle interesa a beleza que, segundo el, segue a ser revolucionaria. Confésase lector de poesía pero non cre que teña influencias marcadas,

con todo destaca algunhas como Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Xosé Luís Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova e Manuel María. Tamén Avilés de Taramancos e Uxío Novoneyra e, da súa xeración, Xavier Seoane, Xulio López Valcárcel, Xavier Rodríguez Baixeiras e Xosé Mª Álvarez Cáccamo. Anota que en toda creación artística hai influencias, que deben ser indicadas pola crítica, aínda que, segundo o seu criterio, nos últimos tempos hai unha gran riqueza de voces poéticas como Rafa Villar ou Yolanda Castaño e que, nun futuro, se verá o conxunto da poesía galega sen parcelas. Sinala que hai quen cre que o seu poemario *Territorio da desaparición* (2004) é pesimista, pero que o concibiu como optimista: fronte á sombra hai posibilidades de saír adiante, porque aínda que traballe con simbolismos quere estar apegado á realidade. Di que o poemario *Dicionario do estremecemento* "é un laboratorio poético" no que recolle novas entradas e todos os temas teñen cabida; que é un proxecto que vai seguir adiante con novos poemas e tentando estabelecer un diálogo o máis completo posíbel coa realidade. Para rematar, comenta que cada poema tivo a intención de crear un momento e golpear a conciencia do lector.

Rozados Lorenzo, Lara, "As mulleres preferimos morder a mazá aínda que nos boten do paraíso", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 31.

Marilar Aleixandre declara sobre o seu poemario *Mudanzas* (2007), gañador do V Premio de Poesía Caixanova 2006, que o libro non é unha tradución, senón un diálogo áxil e reflexivo coas *Metamorfoses* de Ovidio. Comenta que quixo darlles voz ás mulleres porque nas *Metamorfoses* teñen unha presenza marxinal. Exemplifica coa transformación de Ío e sinala que no seu poema aparece a vaca de Fisterra porque trouxo os poemas ao momento presente. Comenta que o libro remata co poema "A miña lingua na túa" porque pasou sete anos dialogando con Ovidio; así, o primeiro poema publicouno en *Dorna* en 2001 e despois fixo máis, aínda que nun principio non pensou en facer un libro. Confesa que lle gusta o carácter efémero dos poemas e que ten influencias dende Homero e Safo até Pilar Pallarés, tamén Luís Camões no poema "A luz do día é escura", que trata sobre os fusilamentos do franquismo. Pensa que o que caracteriza a Eva é a curiosidade e que marcou ás mulleres, que prefiren morder a mazá aínda que as boten do paraíso. Cre que o castigo era unha maneira de ocultar as mulleres, segundo ela, non é que non aparezan senón que o seu punto de vista foi suprimido; por exemplo, Tereo viola a Filomela e cando ela o vai contar córtalle a lingua, e opina que isto é unha metáfora do que aínda pasa hoxe cos malos tratos. Finalmente conta que o do carro de Faetón lle lembrou ao quecemento global e aos incendios en Galicia e que conecta as portas do inferno coa rúa Luís Taboada porque alí foi torturada moita xente.

Rozados Lorenzo, Lara, "A literatura ten que contar o que non vén nos libros de Historia", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Cultura", 14-20 febreiro 2008, p. 31.

O escritor Francisco Castro, gañador do premio Manuel García Barros coa novela *As palabras da néboa* (2007) e finalista do Premio Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil con *O ceo dos afogados* (2007), comenta que a novela *As palabras da néboa* é moi extensa, esixente e con poucos signos de puntuación e que o premio foi un estímulo para el xa que os libros premiados sempre se converten no centro da atención. Sinala que esta novela lle levou un ano porque para falar do século XVI precisou documentarse

e que cando se mete nunha novela o fai intensamente para que cando saia o faga definitivamente. Anota que sempre lle interesaron as relacións conflitivas en que media o poder e que sempre se inspira en personaxes anónimos. Así, comenta en que se inspirou nas obras citadas e achégase aos personaxes e argumenta de *As palabras da néboa*. A seguir, di que a palabra e o seu poder son o outro gran protagonista desta novela, que até están presentes no título, que optou por un estilo acumulativo con pouca puntuación e que grazas a que se documentou conseguiu moita verosimilitude. Confesa que non lle interesa o que vén nos libros de Historia, así non lle interesa a vida dos reis senón a dos campesiños, e cre que a literatura ten que ocuparse desa outra parte da historia. Finalmente, fala de que agora é coordinador de novos proxectos de Galaxia como a edición electrónica porque non se lle poden dar as costas a Internet, xa que nela pódese adiantar parte dun libro antes de estar en papel, ademais de coidar a relación co público.

Rozados Lourenzo, Lara, "Buscabamos ser alternativos, pero iso colocounos nunha situación privilexiada", *A Nosa Terra*, n.º 1319, "Cultura", 17-23 xullo 2008, p. 39.

Entrevista ao editor Carlos Figueiras da Editorial Estaleiro na cal explica como se desenvolve o traballo desta e como, malia nacer como unha iniciativa alternativa sen ánimo de lucro, hoxe ten un bo rendemento e mesmo se dá o salto dende esta editorial na rede á publicación das obras logo noutras editoriais como Galaxia ou Xerais e mesmo á inversa.

Saá, Ana, "No tengo ni don ni voluntad para dedicarme a la literatura", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 14 febreiro 2008, p. 40.

Joaquín del Valle Inclán, co gallo da presentación de *Inédito*, obra inédita que recolle cento corenta e catro cartas, datadas entre 1895 e 1935, e catro relatos do seu avó Ramón del Valle-Inclán. Comenta que este era práctico, nada bohemio e moi sociábel. Conta tamén que este libro llo dedica a seu pai porque pasou a vida recompilando o material e difundindo a obra de seu avó. Sinala que o material inédito serve como biografía de don Ramón e que el non ten nin don nin vontade para a literatura. Finalmente, comenta que na literatura actual non hai ninguén que se pareza a Valle-Inclán, o cal tiña un estilo diferente.

Salgado, Daniel, "Nas clases medias suceden poucas cousas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 maio 2008, p. 9.

Bieito Iglesias comenta que publicou unha novela titulada *Pan e coitelo* (2007), frase popular galega que equivale ao castelán "uña y carne", na que o pan é un conselleiro de Cultura e o coitelo un presidente da Xunta. Di que a rematou en 2004 e que é unha sátira política que trata o longo período do fraguismo, que o personaxe máis real é o propio Fraga Iribarne e que a novela parte dunha anécdota: un construtor contrata un sicario colombiano para matar ao conselleiro Xosé Cuíña. Sinala que aparecen algúns costumes folclóricos da época e, ao mesmo tempo, desenvólvese unha historia policial co detective Renato Nóvoa. Tamén do que está escrita de xeito fragmentario, pero que hai unha trama, e que o tempo é fundamental, polo que nada ten sentido. Comenta que

nas súas novelas sempre hai moitas cantigas porque funcionan como marcadores temporais, trasladan á súa época e inflúen na escena. Anota que fai unha homenaxe á cultura de masas e que utiliza unha linguaxe tan pulida que moitos lectores non a entenden porque utiliza un idiolecto privado e conecta os rexistros populares cos cultos e o arcaico co novo. Opina que Vicente Risco está pouco lido e que era máis moderno ca Otero Pedrayo, xa que combinaba conservadurismo político con novas correntes estéticas; así, cre que era un expresionista esaxerado que relataba o mundo popular. Para rematar, confesa que garda no caixón un libro de poemas pero que está máis cómodo na narrativa.

Sánchez, M., "A vangarda poética está escrita en feminino", *La Región*, "Ourense", 1 febreiro 2008, p. 10.

A poeta Rosa Enríquez Noya conta que en *Vestíbulo da devastación* (2007) o mosaico é un escenario escénico. Di que precisa da musicalidade porque dispensa a estrutura e a disposición dos versos pero tamén da fotografía como metáfora para dicir o que pensa. Cre que, cando se fala de vangarda en Galicia, se refiren a unha escrita en feminino na que a muller reinterpreta, refunde e innova empregando a fotografía ou a internet, entre outros recursos. Considera que o galego é o idioma ideal para transmitir sensibilidade e harmonía e opina que exemplo diso é a lírica galego-portuguesa da Idade Media. Pensa que o que se está a publicar agora en galego é bo e que non se debe ter medo a defender a literatura galega, porque hai libros malos en castelán e ninguén se cuestiona nada; de feito, cre que na narrativa hai escritores moi bos coma Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Teresa Moure, Manuel Rivas ou Suso de Toro, mentres que cualifica a etapa vivida na poesía como unha época dourada. Sinala que existe a inspiración, pero que despois ten que xurdir o oficio e a entrega, e afirma que goza escribindo, pero que calará cando vexa a necesidade de facelo. Comenta que cando un libro gusta xa se defende só, pero que os escritores venden todo o que fan, bo e malo, e iso é algo perigoso porque pode facerlles perder o norte. Finalmente, recóllese unha pequena noticia sobre a presentación do libro.

Santos, Ágatha de, "A xente necesita da poesía, aínda que nin sequera o saiba", *Faro de Vigo*, "Vigo", 25 xaneiro 2008, p. 11.

Antonio García Teijeiro, co gallo da presentación do seu poemario *Presenzas marcadas* (2007), comenta que non é máis difícil escribir para nenos que para adultos xa que os temas, uso coidado do léxico e a creación da imaxe poden ser os mesmos; de feito, non fai distinción porque cre que hai que ter un mínimo de calidade sempre. Afirma que goza escribindo para a nenez e que, cando escribe para adultos, o fai dende a necesidade de seguir coñecéndose a si mesmo e de expulsar os seus "demos" (as contradicións dende o punto de vista persoal, social e anímico); polo tanto, opina que o poeta ten que ser honesto consigo mesmo, cos demais e coa literatura. Considera que entre escritor e lector hai complicidade pero tamén puntos de vista distintos, porque os poemas teñen diferentes lecturas e cada lector fai a súa; un exemplo disto é, segundo el, o poemario *Presenzas marcadas* que ten múltiples lecturas; é moi musical e rítmico. Para rematar, cre que hai que promocionar máis a poesía para que chegue a todos os sitios, ás aulas sobre todo.

Sotelino, Begoña R., "Veño aínda á biblioteca porque quero morrer coas botas postas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 2 xaneiro 2008, p. 40.

Francisco Fernández del Riego fala do seu día a día. Comenta que adoita ir ata a biblioteca da Fundación Penzol dúas ou tres veces por até semana porque quere morrer coas botas postas e que, aínda que está case cego, mantén unha colaboración semanal en *La Voz de Galicia*. Admite que non sabe o que pasará coa Fundación cando el xa non poida ocuparse dela, pero cre que vai perdurar. Comenta que fixo de todo e que pertenceu ás Mocidades de Galiza e ao Partido Galeguista. Di que sempre foi moi optimista en canto ao futuro do galego, de feito cre que seguirá vivo se ten cultivadores, xa que na súa época non había mulleres que o cultivase e que agora hai moitas mulleres que fan literatura en galego. Sinala que nos escritores de agora hai moita pobreza tanto no léxico coma na sintaxe ou na oralidade, xa que falan un galego castelanizado; segundo el, os intelectuais de antes (Vicente Risco, Alfonso Daniel Castelao, Ramón Pedrayo) falaban un galego culto, rico de léxico e baseado no popular; en definitiva, opina que hai que que cultivar o idioma con amplitude, vitalidade e non con normas. Confésase un lector empedernido aínda que agora ten que ler coa lupa e admite que lle sorprende a revolución tecnolóxica, da que opina que deshumaniza. Finalmente, conta en que pasa o tempo: lendo a prensa, vendo os informativos da televisión e escoitando música clásica; e asegura que non lle ten medo á morte e que bota de menos aos amigos porque é o único militante do Partido Galeguista que queda vivo.

Tojo, Marga, "Non hai mellor letrista de blues que Rosalía", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 697, "Entrevista", 24 febreiro 2008, pp. 12-13.

O músico de *blues* galego Víctor Aneiros, que acaba de iniciar a xira de presentación do seu disco "Heroe secreto", explica o que significa "blues", cales foron as súas raíces e a súa evolución e que naceu sendo unha música americana pero que agora non ten fronteiras. Tamén se fala doutros estilos como o jazz, o rock, o rap ou o hip hop, que hoxe conta con bos referentes na lingua galega. Sinala que o seu disco "Que el blues te acompañe" (1999) contén só dúas cancións en galego, mentres que "Blues do amencer" (2004) está integramente en galego. Comenta que os clásicos das letras callan moi ben no estilo; así, "Unha noite na eira do trigo", de Manuel Curros Enríquez, que incorporou no disco "Heroe secreto", funciona perfectamente para o blues, e pensa que Rosalía de Castro é a mellor letrista de blues en galego. Conta que foi a varios festivais a Portugal e fala do panorama do blues en Galicia, recomenda o local Manteca Jazz de Vigo e di cal é a estrutura rítmica do blues. Remata falando da súa traxectoria.

Tojo, Marga, "Rosalía xa tiña un poema contra a violencia de xénero", *Galicia Hoxe*, "Vivir", "Sociedade", 12 marzo 2008, p. 14.

A historiadora Encarna Otero comenta que a raíña Urraca foi unha innovadora no seu tempo porque participou na vida política e na configuración do Reino de Galicia, e foi a titora do seu fillo Afonso VII. Sinala que Rosalía de Castro tamén foi moi innovadora e intelectualmente foi comprometida e poderosa polo emprego escrito da lingua galega, pola denuncia social que fixo do trato contra os galegos, da emigración, da violencia de xénero (que tratou con retranca no poema "San Antonio Bendito"), e pola chamada á

rebeldía das mulleres no poema "A xustiza pola man". Conta que Concepción Arenal estudou Dereito disfrazada de home porque estaba prohibido para as mulleres e Emilia Pardo Bazán foi a primeira muller Catedrática de Universidade. Para rematar, dá a súa opinión sobre a lei de prazos do aborto e sobre os resultados electorais.

Vidal, Manuel, "Eu non creo que a Literatura galega viva a súa idade de ouro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 23 xuño 2008, pp. 30-31.

Entrevista ao escritor Xavier Rodríguez Baixeras na que se di que escribiu os poemarios *Fentos no mar* (1981), *Lembranza do areal* (1985), *Anos de viaxe* (1987), *Visitantes* (1991), *Soneto do irmán* (1991), *Nadador* (1995), *Beira Norte* (1997), *Eclipse* (2001), *Francesca* (2003) e *O pan da tarde* (2006). Tamén que traduciu ao galego poetas e novelistas en catalán e ao catalán poetas e novelistas galegos. Rodríguez Baixeras afirma que na súa poética sempre prevaleceu a voz do seu primeiro poema "Mal chega a voz" e que nos anos sesenta no seu círculo nacionalista de Madrid recitaban e publicaban en galego, aínda que tiñan medo porque era algo clandestino. Confesa que foi educado no trilingüismo pero que nunca o defendeu, polo que non entende a defensa do bilingüismo e cre que o problema de aproximación ao portugués é unha cuestión máis portuguesa ca galega, e iso que pensa que os portugueses ignoran, polo que el está a favor dunha normativa "de concordia", sempre que non haxa prexuízos e que sexa factíbel un ensino aos galegos en lingua galega. Na súa opinión, o galego non está vivindo unha idade de ouro pero si cre que está a un nivel bastante bo, xa que lexicograficamente está ben servido e iso que cada vez se extinguen máis palabras. Pensa que os escritores non deberían obsesionarse tanto polo estándar e que sería interesante que empregasen unha lingua máis viva. Afirma que non lle gusta a poesía que se inspira no presente porque normalmente non é sentimental senón mental. Comenta que en tradución se avanzou moito, tanto en número como en calidade, aínda que falta camiño por andar, que é unha arte que mellora co tempo polo que está orgulloso das súas últimas traducións *Pavese ou Lampedusa* e *O Deserto dos Tártaros*, pero tamén d'*Os noivos*, de Alessandro Mantoni, e a versión catalá de *Bretanya, Esmeraldina* de Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinala que as enquisas din que o galego é unha lingua realmente ameazada e que esta só se recuperará cando estea "canto menos" en igualdade co castelán. Para rematar anota que foi tentado pola novela sen éxito e que nel a poesía agora mesmo está adormecida.

Vidal Villaverde, Manuel, "Na procura do tempo e a liberdade", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 388, "Musas", 27 xaneiro 2008, p. 50.

Anxos Sumai fala de que os seus libros son resultado do tempo libre que dispón e que ten que escribir no seu espazo, xa que fóra del é incapaz. Comenta que nunca escribiu poesía pero que do resto explorou case todo; de todos xeitos, prefire a narrativa xa que lle gusta que lle conten contos e se ninguén o fai, invéntaos ela. Sinala que está contra a existencia do tempo, pero como existe intenta empregalo con sentido e adáptao ao seu estado de ánimo; cre que un relato é unha boa maneira de encarcelalo. Opina que a poesía é unha forma de vida, unha actitude, xa que a medida que pasa o tempo a vida e poesía convértense na mesma cousa. Pensa que a literatura xa é un compromiso de seu no momento en que o escritor decide compartir o que escribe co lector e anota que o seu é contar e amosar o que ve sen xulgar, polo que escribe como testemuña non como xuíz,

e que a inqueda a literatura moralizante na que se expón o punto de vista do autor como unha verdade absoluta.

Vidal Villaverde, Manuel, "Murguía era o único que conceptualmente viu en Galicia unha nación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 28 xaneiro 2008, pp. 28-29.

O historiador Justo Beramendi, co gallo da publicación do seu *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (2007), destaca dous tipos de aspectos: o primeiro é a análise das ideoloxías galeguista e nacionalista dende o principio até 1960, a natureza e a acción das súas organizacións, e a relación destas coas restantes forzas políticas e coa sociedade galega do momento; o segundo, as biografías dos principais líderes e ideólogos e o estudo do nacionalismo que xorde nos anos sesenta e chega até hoxe. Comenta que a definición da historia de Galicia é de índole metahistórica e que na súa escritura caben dúas posturas de partida: imaxinar que Galicia é dende o principio dos tempos unha "persoa" colectiva que co tempo vai desenvolvendo a súa personalidade ou entender que é un territorio ben delimitado dentro do que hai diferentes poboacións e tipos de sociedade; esta última é a opción que a el máis lle convence porque é a dos posíbeis precedentes do galeguismo ou do nacionalismo en épocas anteriores aos séculos XIX e XX. Sinala que antes de 1916-1918 o único que afirma que Galicia é unha nación é Manuel Murguía, os demais seguen asumindo que forma parte da nación española aínda que desexan que sexa unha España descentralizada na que Galicia goce de certa cota de autogoberno. Opina que Vicente Risco foi o teórico maior do nacente nacionalismo galego nos anos vinte e que reivindicaba unha Galicia confederada coas outras nacións ibéricas. Di que Ramón Piñeiro, porén, deixou de ser nacionalista contra 1950 para apuntarse a unha labor de "galeguización" de todas as forzas políticas democráticas da Galicia despois de Franco; isto, segundo el, tivo dúas consecuencias: unha negativa, que foi impedir a reactivación do Partido Galeguista no tardofranquismo, o que cre que cambiaría o mapa político galego posterior, e outra positiva, contribuír a que persoas do referente nacional español reivindicasen, por exemplo, a autonomía e a cooficialidade do galego. Opina que ninguén sente e pensa como galego en todas as cuestións e circunstancias da súa vida e, finalmente, cre que cada un ten o dereito a usar a súa lingua nai e que cantos máis idiomas se coñezan mellor.

Vidal Villaverde, Manuel, "A emoción do libro", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 389, "Musas", 3 febreiro 2008, p. 56.

Manuel Bragado asegura que leva dezaoito anos como editor e quince como director da editorial Xerais, na que levan publicados case dous mil títulos en galego. Di que como escritor está neste momento traballando nun ensaio que constitúe a súa tese de licenciatura ou doutoramento en Pedagoxía, que trata sobre as publicacións pedagóxicas en Galicia e en galego de principios do século XX até 1980, momento no que se incorpora o ensino do galego. Comenta que escribe moito pero que só ten publicado un libro para nenos e algunhas monografías de carácter pedagóxico para o profesorado. Tamén e que ten varios libros pendentes de escribir, pero que agora está centrado na súa faceta de editor. Sinala que lle propuxeron escolmar a produción xornalística que vén realizando no seu "Campo de Granada" dende hai dez anos, con todo cre que publica

moito diariamente no seu blog "Brétemas". Para rematar, afirma que admira a poesía, xa que é a que mellor reflicte a condición e a perplexidade da condición humana.

Vidal Villaverde, Manuel, "Se as cousas seguen así, a desaparición do galego chegará antes dos efectos do cambio climático", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 4 febreiro 2008, pp. 30-31.

Despois de lembrar a produción de Alfonso Álvarez Cáccamo, como as novelas *Peito de vimbio* (1988), *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990) e *O espírito de Broustenac* (1996); os libros de relatos *O eco do Ramallón* (1992), *Xente de mala morte* (1993) e *Tecendo panos* (2000); o poemario *Na flor do vento* (1999); a *Biografía de Xosé María Álvarez Blázquez* (1994) ou as traducións ao galego das novelas de seu pai *Na vila hai caras novas* e *Enchen as augas*, entrevístase a este artista e escritor que manifesta non estar de acordo coa división entre novelistas, poetas e narradores. Di que o seu poemario *Na flor do vento* non tivo moi boas críticas pero cre que a crítica ten dereito a opinar sobre un libro, sexa ben ou mal. Comenta que a súa novela *O bosque de Levas*, da que se fixeron dúas edicións nun ano, vendeuse moito porque foi moi publicitada e distribuída; que a novela *O espírito de Broustenac* foi a obra que mellor críticas recibiu, gañou o premio García Barros e foi traducida ao castelán. Con todo, de toda a súa obra elixiría *Xente de mala morte* que gañou o Premio Álvaro Cunqueiro e da que se fixeron catro edicións. Sinala que o primeiro que escribiu foi un poema en castelán con once anos que aínda sabe de memoria. Comenta que na súa narrativa hai unha constante: a denuncia da soidade, polo que os seus personaxes son solitarios, antiheroes, perdedores. Tamén dá a súa opinión sobre política: fala do seu posicionamento e do futuro político de Galicia, así di que é pesimista en canto ao idioma galego, o cal cre que non vai tardar en desaparecer, que a Lei de Normalización Lingüística non se está a cumprir e que os políticos falan nunha xerga que é un insulto ao idioma. Pensa que é de xustiza que se lle dedicasen as Letras 2008 a seu pai, do que di que foi un excelente poeta, narrador, investigador, historiador, editor, etc. e que a súa máxima virtude foi a modestia. Admite que nunca o solicitou pero que lle gustaría ter unha sección fixa nun xornal porque o xornalismo de opinión lle parece moi atraente. Anota que *Sonetos del alba insomne* é un fermoso poemario escrito en castelán polo seu pai que el nunca viu publicado. Para rematar, anticipa as súas publicacións para o ano 2008: *Fotobiografía de Xosé María Álvarez Blázquez* e a novela *A revolución dos globos: vida de Culebrius*, tamén prólogos e un poemario titulado *Sebes contra o vento* que non sabe cando sairá.

Vidal Villaverde, Manuel, "Nunca a realidade foi tan irreal. Agora interesa só facer consumidores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 11 febreiro 2008, pp. 30-31.

A escritora Marica Campo di que a poesía é o que foxe e se quere atrapar, así cada libro e cada poema son testemuños dunha busca, por exemplo en *Pedinche luz prestada* (2001). Conta que segue buscando porque aínda non deu co que quere e iso garante que seguirá escribindo mentres poida. Comenta que se a poesía é a reflexión consciente sobre a propia existencia hai poesía na vida do carpinteiro, albanel, etc. Cre que a poesía deixa constancia de toda a gama de sentimentos e ideas particulares xa que se busca unha saída para o negativo ou o retorno ao tempo feliz. Sinala que escribir significa "arrincar as contras do medo e saber", que é un continuo regresar, e que non se

considera novelista porque por extensión as súas achegas non poden considerarse novelas, cre que son máis ben relatos. Anota que María Balteira representa a liberdade nunha sociedade opresora coas mulleres, por iso é a protagonista no libro de relatos que leva o seu nome, na obra de teatro *Confusión de María Balteira* (2006) e no poemario *Sextinario* (2007), do que conta que é unha travesía literaria aínda que se cinga a unha estrutura tan ríxida como a sextina. Tamén fala de temas como a relixión, a realidade, xa que opina que ler e escribir é unha fuxida desa realidade virtual á real, por iso cre que a literatura, e sobre todo a poesía, son tan necesarias. Finalmente, manifesta que hoxe hai unha obsesión polo novo, aínda que sexa lixo, e que iso tamén pasa na literatura.

Vidal Villaverde, Manuel, "Usar a lingua da miña terra significa, aínda hoxe, unha toma de posición ideolóxica, un compromiso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 18 febreiro 2008, pp. 22-23.

Dise que Xosé María Álvarez Cáccamo publicou obra narrativa e teatral, pero destaca como poeta, xa que escribiu uns quince poemarios e dúas escolmas da súa poesía e recibiu varios premios. A seguir, entrevístase ao autor quen se considera máis poeta que outra cousa, polo que titulou o seu libro de memorias como *Memoria de poeta* (2006). Álvarez Cáccamo afirma que despois de escribir este libro non lle preocupa demasiado a súa identidade xenérica como escritor; así, sempre tivo debilidade polos territorios fronteirizos da arte e da vida, polo que non lle preocupa se o que fai pode ser clasificado como poemas obxectuais ou como esculturas poemáticas. Por exemplo di que descoñece se as prosas do seu libro *Microtopofanías* (1992) son obra dun poeta ou dun narrador e que nun futuro lle gustaría escribir textos inclasificábeis. Sinala que é autor tamén do libro de relatos *A luz dos desnortados* (1996) e de textos narrativos destinados ao público infantil en prosa ou verso, a crónica autobiográfica *Memoria de poeta* e tamén *Tempo do pai* (2008); así, pensa que practica unha narrativa pero non de ficción, á que admite que algún día se sentiu tentado pero na que non se sinte cómodo, cousa que non lle pasa coas memorias ou co conto. Comenta que de Galicia o impresiona a paisaxe e o intelixente sentido do humor dos galegos e que ao seu posicionamento político chegou por conta propia aínda que tamén o influíu a familia. Conta que aos dezasete anos comezou a escribir poesía porque quedou abraiado coa lectura dalgúns poetas da Xeración do 27. Anota que o seu poemario *Calendario perpetuo* (1997) supuxo un cambio coa súa escrita anterior debido a que son poemas en prosa cunha ambición totalizadora e que *Os cadernos da ira* (1999) é poesía de contido e intención políticos e protagonista colectivo. Di que a temática civil ou de denuncia está presente na súa obra de principios dos noventa, pero tamén aparece nalgún poemario dos oitenta, como por exemplo *Os documentos da sombra* (1986), porque, segundo el, tanto a corrente intimista como a comprometida sempre estiveron na súa obra. Fala de que utilizar o galego na súa obra significa unha toma de posición ideolóxica, un compromiso, de que é ateo e recomenda ler o libro de Fernando Vallejo *A puta de Babilonia* para coñecer a infamia das igrexas. Sinala que na poesía non abonda a actitude senón que tamén se precisa a existencia e cre que a literatura galega está a vivir unha época de convivencia de grupos xeracionais e unha multiplicación de voces. Pensa que se le pouco en galego, e iso preocúpalle máis que o feito de que non se publique, aínda que na súa opinión se se publica incentívase a lectura. Para rematar, confesa que o emociona que se dedique o Día das Letras Galegas 2008 a seu pai.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xamais se viviu un momneto de creación tan extraordinario como o das últimas décadas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 3 marzo 2008, pp. 30-31.

Despois de enumerar algunhas obras de Anxo Angueira, como os poemarios *Val de Ramirás* (1989), *O valo de Manselle* (1996) e *Fóra do sagrado* (2007); os títulos de narrativa *Bágoas de facer illas* (1997), *Pensa nao* (1999), *A morte de A.* (2003) ou a guía literaria *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002); e estudos sobre as obras de Rosalía de Castro, Antonio Fernández Morales, Manuel Curros Enríquez e Xosé Luís Méndez Ferrín, pois fixo unha edición crítica de *Bretaña, Esmeraldina*, novela da que realizou a súa tese de doutoramento, faiselle unha entrevista a este autor de Dodro. Angueira di que a novela *Pensa en nao* está ambientada nunha época que non explican os libros, polo que para escribila tivo que documentarse e recorrer a un vello epistolario familiar da emigración, de principios do século XX, á literatura da época, ás investigacións de Lourenzo Fernández Prieto e á memoria dos veciños. Comenta que o título fai referencia a unha gamela que tiñan para ir pescar e que despois serviu para fuxir do terror fascista. Sinala que o poemario *Fóra do sagrado* fai épica do Vigo que el sinte, sen tópicos. Conta que na súa tese de doutoramento *A espiral do espello* intenta demostrar que *Bretaña, Esmeraldina* é a obra central do macrotexto de Ferrín, xa que supón unha quebra literaria e política; así, *Retorno a Tagen Ata* expuña alegoricamente a ruptura co piñeirismo mentres que *Bretaña, Esmeraldina* apunta ao nacemento do independentismo contemporáneo e retrata a lingua literaria na máis elevada, rica e expresiva feitura. Anota que é profesor de galego na Universidade de Vigo e no Instituto Carlos Casares, o que lle permite estar en contacto coa realidade da mocidade galega. Fálase de política e opina que tanto a novela como a poesía teñen unha mensaxe e que os avances das últimas décadas en lingua literaria son espectaculares, xa que é rica e variada, así como en creación literaria. Para finalizar, di que estivo traballando no proxecto "Rosalía 21" que é un espectáculo poético-musical con música de Abe Rábade, e que ten neste momento unha novela no maxín.

Vidal Villaverde, Manuel, "Queda o máis difícil: construír un estado nacional que garanta a supervivencia da lingua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 10 marzo 2008, pp. 38-39.

Conversa co escritor Darío Xohán Cabana: narrador, poeta, ensaísta, tradutor de Alighieri Dante (*A divina comedia*) e Francesco Petrarca (*Cancioneiro*) e membro da Real Academia Galega.
Dise que entre as súas novelas destacan *Galván en Saor* (1989) e *Vidas senlleiras* (1992), e que a súa obra poética foi reunida nun volume co título *Vinte cadernos* (poemas de 1969 a 2002); tamén se salienta a *Antoloxía do Doce Estilo Novo*. Comenta que a súa obra forma parte da literatura nacional que fundou Rosalía de Castro e que na súa xeración a opción pola lingua galega procede dunha actitude nacionalista, pero que hai moita xente que contribuíu a construír unha literatura nacional pero non é nacionalista. Anota que botou vinte anos sendo exclusivamente poeta e que, ao mellor non volve escribir outra novela, pero outro poema si. Conta que a paisaxe e os seres humanos que retrata proveñen da realidade, aínda que tranformados, dependendo do poema ou do relato; por exemplo, en *Vidas senlleiras* todo é como se describe pero en *Galván en Saor* ou *Mitos e memorias* (2003) hai construcións fantásticas sobre unha base real, sobre todo a patria da infancia ou o Vigo da súa mocidade. Sinala que os

personaxes tamén son reais pero que a maioría son fantasías que toman cousas de xente que coñeceu ou de libros que leu; así, n'*O cervo na torre* (1994) hai cinco ou seis personaxes que son amigos del pero na novela son outra cousa. Afirma que empezou a escribir narracións en serio despois de traducir *A divina comedia* e que traduciu a Dante e Petrarca porque son grandes poetas e pensa que a literatura galega necesita posuír os grandes clásicos; así cre que estas traducións son a parte máis importante da súa obra. Admite que lle gustaría participar na elaboración do dicionario da Academia Galega pero non pode polo que se sente frustrado, xa que sempre tivo vocación lexicográfica. Di que dende hai uns anos dedícase máis ao ensaio e que fixo un libro sobre Xosé María Álvarez Blázquez. Confesa sentirse realizado como escritor xa que lle gusta o que fixo, así na poesía destaca títulos coma *Canta de cerca a morte* e *Cabalgada na brétema* e en narrativa *Galván en Saor*, *O cervo na torre* e *Morte de rei*. Comenta que ama a literatura de Álvaro Cunqueiro e que na súa obra hai moito del pero tamén de Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Pondal porque sempre leu moito, e que os libros que máis pegada lle deixaron foron *Queixume dos pinos* e *Bretaña, Esmeraldina*. Para rematar, asegura que vai seguir traducindo e escribindo poemas, de feito está neste momento a poñer en galego unha escolma de trobadores occitanos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Se o galego sobrevive ou non, vai depender da vontade dos galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 24 marzo 2008, pp. 30-31.

Gonzalo Navaza, autor dos poemarios *Fábrica íntima* (1989), *A torre da derrota* (1992) e *Libra* (2000), e das obras narrativas *Erros e tánatos* (1996), *Santos e defuntos* (1998) e *Elucidario* (1999), di que no ano 2006 publicou a súa tese de doutoramento, o libro dos fitotopónimos, que en 2007 sacou un libro sobre a toponimia de Catoira e que en 2008 vai saír outro sobre a toponimia da parroquia viguesa de Beade. Con todo, cre que en toponimia queda moito por facer, aínda que se conta con abundante documentación medieval que axuda a interpretar os topónimos. Opina que a toponimia de orixe prehistórica é un campo interesantísimo, que moitos topónimos están emparentados con formas das linguas celtas e que aínda que morren moitos, moitos outros sobreviven. Admite que se sente a gusto como narrador, poeta e tradutor, que nunca cultivou o ensaio xa que o que publicou sobre onomástica ou literatura considera que é máis ben prosa didáctica. Pensa que o idioma non goza de boa saúde e que as polémicas ao redor da norma non axudan nada. Comenta que ten entre mans unha novela pero non sabe se a rematará en 2008, que quere publicar unha colección de contos, dos que dous ou tres son inéditos e os outros xa están publicados en revistas. Sinala que para escribir ten que haber un compromiso coa literatura. Na súa opinión, non existe o "bilingüismo harmónico" porque unha lingua é forte e a outra débil e que as persoas non teñen plena competencia nas dúas polo que teñen unha deficiencia na súa formación. Anota que cando a unha praza ou rúa se lle cambia o nome orixinal por outro honorífico ou conmemorativo estase agredindo o patrimonio. Finalmente, conta que traduciu *As flores do mal*, de Charles Baudelaire.

Vidal Villaverde, Manuel, "É un bo momento da literatura galega, excelente en certos eidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 31 marzo 2008, pp. 30-31.

Conversa con Xesús Alonso Montero na que di que dende que era estudante de Filoloxía Románica se comprometeu co galego e que isto, no fondo, era un compromiso "nacionalista" cos cidadáns que sofren a historia noutra lingua e que era unha cuestión que está a redactar nun libro. Cre que Alfonso Daniel Castelao copiou a definición de nación de Stalin no seu *Sempre en Galiza* (1944, aínda que o escribiu en 1937) e comenta que fai libros de versos políticos, satíricos, de denuncia social coma Airas Nunes, Manuel Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro e destaca o seu libro *Versos (satíricos) para hoxe ao xeito medieval* (1998). Sinala que dende 1980 o galego ten presenza na escola e nos medios de comunicación pero que está esmorecendo como práctica social habitual e pensa que a responsabilidade é da sociedade, pero tamén dos partidos políticos. Confesa que desexa unha España republicana e socialista. Opina que é un bo momento para a literatura galega e que no Instituto da Lingua Galega (ILGA) se está a traballar dende hai décadas na elaboración do gran corpus léxico do galego. Na súa opinión, no ámbito escolar a actual normativa desconcerta e desanima máis ca anterior. Para rematar afirma que, con oitenta anos, está a retocar varios libros coma *Cento vinte cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, *Castelao na Unión Soviética* ou *O Beatus ille de Horacio nas Letras galegas* entre outros e que ten moi adiantados outros en lingua castelán.

Vidal Villaverde, Manuel, "Na emoción da palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 398, "Musas", 6 abril 2008, p. 51.

O etnógrafo, antropólogo, historiador e escritor Xosé Lois Ripalta di que o primeiro relato que escribiu, titulado "O vello testán", trata a historia dun home que tiveron que sacar á forza da casa cando o encoro dos Peares asolagou aldeas e terras e que forma parte do seu segundo libro de relatos *Contos para engaiolar* (1984). Comenta que no novo libro trata temas xeográficos, pero tamén aspectos etnográficos relacionados cos ríos, como poden ser as tradicións, lendas, festas ao carón del, sendeirismo e os monumentos que se reflicten nas súas augas: mosteiros, igrexas, pazos, castelos. Sinala que escribiu refráns, cantigas e poesías de lo a lobo nun libro inédito. Anota que neste momento está a traballar en dous libros *O sabio do monte*, sobre o lobo, e *A cultura do viño*.

Vidal Villaverde, Manuel, "Vivimos nun país que está despegando, e xa ía sendo tempo!", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 14 abril 2008, pp. 30-31.

Primeiramente dise que o escritor e xornalista Manuel Outeiriño fundou *A Trabe de Ouro* e que publicou *Depósito de espantos* (1994), *Letras vencidas* (1999) e *É* (2005), ademais de ensaios e traducións. A continuación segue a entrevista na que comenta que vivimos na intertextualidade pero que non o convencen as interpretacións textualistas da sociedade nin da cultura. Cre que a poesía está por todas partes e que a fala popular é un depósito poético e que o poético é o singular e común. Pensa que o xornalismo é fundamental na cultura moderna e non pode faltar na universidade actual. Opina que o galego é unha lingua elaborada, fermosa e moi antiga e que está empezando a recuperarse pero que é unha vergoña que moitas empresas non respeten a lingua dos seus empregados. Na súa opinión, a poesía é unha forma de loita contra a dominación e a violencia simbólica nun mundo mal administrado. Confesa que de todas as súas

traducións está satifeito, sobre todo, co ensaio *Beleza. Un estudo sobre a estética burguesa*, de Christopher Caudwell. Sinala que o bilingüismo é unha manía da xente estreita e con vocación de subalternidade e que o nacionalismo e marxismo son incompatíbeis. Para rematar, afirma que lle gustaría escribir unha novela de "azerratas libres".

Vidal Villaverde, Manuel, "Escribo, poida que antes de nada, para facer idioma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 21 abril 2008, pp. 30-31.

O escritor Xosé Neira Vilas di que exiliado é o que se despraza por razóns políticas, polo que el non foi exiliado senón emigrante. Comenta que os seus libros *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971), *Aqueles anos do Moncho* (1977) e *Querido Tomás* (1980) teñen en común que o seu escenario é o mundo rural e a época (entre 1940 e 1980). Sinala que no libro de contos *A muller de ferro* (1969) quixo denunciar taras humanas como a insolidariedade, o egoísmo, fanatismos, rutinas, abusos, etc., que é unha alegoría sobre algúns aspectos do devir humano e que nel tamén hai rebeldía, protesta e inconformismo expresados mediante a fala. Conta que Luís Seoane trataba con respecto e comprensión aos emigrados. Cre que o bilingüismo é unha realidade pero parécelle parvo que se defenda ao castelán "en perigo" cando se debe defender a lingua propia, o galego. Fala do que significaba para el Galicia na emigración e de que durante os corenta e tres anos que viviu en América só escribiu en galego. Anota que sempre escribiu poesía sen présa, que o último poemario íntimo *Dende Gres* (2004) é un retorno aos ancestros e que o seu primeiro poemario *Dende lonxe* (1960) saíu en Bos Aires. Opina que hai que utilizar o galego, promovelo e falalo dende a infancia para poder conservalo. Confesa que agora non está facendo ningún poemario, pero si poemas; que se sinte máis cómodo escribindo novelas e contos, pero tamén na investigación, e que seguirá contando historias, de feito promete contar a súa historia americana.

Vidal Villaverde, Manuel, "Todas as investigacións apuntan á celticidade primitiva de Galiza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 28 abril 2008, pp. 30-31.

Conversa co profesor, tradutor e poeta Xiao Roel na que di que ten dous poemarios na gaveta: *Ortegal* e *Culinaria de amor salgado* (inédita). Declárase ateo e anarquista, non nacionalista, o que o leva a ter pouca conta das cuestións das fronteiras e os estados. Fala do que é para el Nación: o lugar onde se nace e a lingua e di que lle preocupan cuestións como a orixe do portugués. Conta que neste momento está traballando, xunto con outros lingüistas, na "Teoría da continuidade paleolítica"; confesa que ao principio a rexeitou porque parecía ir en contra do que el estudara sobre o indoeuropeo, pero despois decatouse de que o que estaba lendo daba resposta a moitas das súas dúbidas. Pensa que no bilingüismo harmónico non se domina ben ningunha das dúas linguas, que en Galicia hai unha situación de diglosia e que con cada lingua que morre, morre tamén unha maneira diferente de ver o mundo. Comenta que comezou a escribir poesía na adolescencia pero que é un poeta inédito, xa que só publicou en revistas e leu algún poema en recitais. Opina que as palabras son realidade pero tamén sentimento. Sinala que está traducindo neste momento a Marcel Proust, que é un pracer, pero aínda non sabe se o vai publicar. Cre que a literatura galega actual goza de boa saúde, sobre todo a poesía da que di que está na idade de ouro e destaca a escritores como Bernardino

Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Vilanova, Arcadio López Casanova, Salvador Bodaño, Alfonso Pexegueiro, María Xosé Queizán, Luz Pozo, Darío Xohán Cabana, Luís González Tosar, Manuel Forcadela e Anxo Angueira.

Vidal Villaverde, Manuel, "O galego debe ser un valor de mercado no mundo globalizado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 5 maio 2008, p. 28.

Faise eco dunha conversa mantida con Marcos Valcárcel, historiador e catedrático de Lingua e Literatura Galegas. Ofrécense algúns dos datos bibliográficos (colaborador na prensa ourensá, encargado da sección "Andoliña" de *Galicia Hoxe*, etc.) de Valcárcel, quen opina sobre a obra de Justo G. Beramendi *De provincia a nación* (2007) que se trata dunha achega fundamental para a historia política e cultural galega.

Vidal Villaverde, Manuel, "Falar de bilingüismo en Galicia é unha contradición nos termos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 19 maio 2008, pp. 32-33.

Entrevístase a Manuel Forcadela, tras un parágrafo inicial biobibliográfico, sobre as semellanzas e diferenzas entre algúns dos seus poemarios órficos, entre outros, os cales o propio autor considera na liña "do estético solitario" e "do simbolismo". Tamén se lle pregunta sobre os seus ensaios sobre os que afirma que se considera a si mesmo "un ensaísta apolíneo, racional". Recoñece que bota en falta unha maior unidade política na esquerda nacionalista, e que non cre na "Historia como ciencia" senón como discurso. Apúntase que Añón, Curros, Pondal e Rosalía forman parte do patrimonio cultural de todos que se reconstrúe a diario. Afírmase que "Galicia é unha sociedade diglósica" e aposta pola normalización da lingua e da cultura. Critícase a política feita pola dereita. Remátase explicando que está por publicarse o poemario *Música de cinza*, tras "cinco anos de escrita" e que rematou un ensaio pendente de saír á luz e que anda a escribir unha novela.

Vidal Villaverde, Manuel, "A miña maneira de estar no mundo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 405, "Musas", 25 maio 2008, p. 45.

O dramaturgo Roberto Salgueiro di que escribiu varios textos teatrais, dos que publicou nove e veu estreados varios. Comenta que o primeiro foi *O arce no xardín* (1988) e o último *Molière final* (2002). Sinala que nos seus comezos escribiu narrativa e que publicou algúns relatos en revistas como *Ólisbos*. Sinala que da poesía só é lector e neste momento está a ler a Eloy Rosillo, Catulo e María do Cebreiro. Confesa que para el o teatro é a súa maneira de estar no mundo, aínda que cre que non goza agora mesmo de boa saúde.

Vidal Villaverde, Manuel, "Coido que Galiza ten a conciencia de si totalmente reducida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 26 maio 2008, p. 28.

Saliéntanse as obras do novelista Suso de Toro: *Caixón de xastre* (1993), *Polaroid* (1986), *Land Rover* (1988), *Ambulancia* (1990) e *Home sen nome* (2006). Deste último título na entrevista o escritor comenta que lle desconcertou a recepción xa que non gustou nin en galego nin da tradución castelá porque, segundo a súa opinión, é un libro que molesta. Cre que un autor ten o compromiso de facer unha obra, un compromiso coa profesión, cos demais, pero sobre todo consigo mesmo. Pensa que a obra dun autor é un camiño, unha vía de coñecemento, e así, os seus libros son diferentes entre si porque vai ensaiando e dándolle voltas aos mesmos temas; por exemplo, *Trece Badaladas* (2002) expón narrativamente temas poéticos que xa estaban en *Polaroid* e *Tic-Tac* (1993). Opina que os autores sempre se senten pouco valorados, algo imprescindíbel para seguir traballando, aínda que el di sentirse recoñecido polo lectorado. Sinala que lle ten tanto respecto á poesía que o paraliza, que non cre que estea ao seu alcance. Comenta que non se identifica con ningunha forza política, que Galicia é un país sen conciencia nacional porque ignora a súa propia historia, polo que non debe chamarse "nacionalidade" xa que non se considera como tal. Cre que Galicia debe autogobernarse e que o problema da lingua é un problema de toda a sociedade. Pensa que nos últimos trinta anos se escribiu o noventa por cento da literatura galega, polo que, segundo el, está no seu mellor momento dende a Idade Media. Finalmente, conta que en xuño deste 2008 sacará un libro co que escribiu en prensa sobre Galicia dende 2003 e que está a escribir neste momento un libro sobre seu avó.

Vidal Villaverde, Manuel, "Soster que o castelán está en perigo son entelequias, tangaraños", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 14 xullo 2008, pp. 30-31.

Entrevista a Xoán Carlos Domínguez Alberte, que vén de publicar *Migracións na Galicia contemporánea* (2008). Ademais de dar o seu punto de vista sobre a situación do galego e o conflito lingüístico actual, defínese como "galego que procuro facer uso normal da miña lingua, a nivel oral e escrito". Sobre os traballos que ten publicados informa que se identifica con *Volver a palabra*, que realizou na asociación Arraianos. Canto á literatura galega, considera que segue a haber "eivas de fondo" e que se publica abondo pero "lese pouco". A respecto do material para o ensino, eido no que tamén ten traballado, di que "hai que tentar crear lectores reais e non de cirscuntancias". Por outro lado, alúdese ao seu ensaio *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética,* publicado en 1999 co gallo do Día das Letras Galegas, conmemoración que segundo Domínguez Alberte, é preciso reorientar.

Vidal Villaverde, Manuel, "O neopiñeirismo é moi perigoso: só busca o poder polo poder", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 21 xullo 2008, pp. 30-31.

Henrique Costas opina sobre a cuestión da situación actual da lingua galega. Sobre a normativa da concordia feita pola Real Academia Galega considera que hai que defendela "a morte", malia as opinións diversas de cada un dos seus académicos. Informa que os traballos de dialectoloxía, temática que tratou nalgúns estudos, están incorporados ao Arquivo do Galego Oral no ILG. Por outro lado, considera que é "posible" estar no mellor momento da literatura galega "en canto a cantidade e calidade". Para rematar, indica que actualmente está a traballar nun libro compilatorio

de traballos xa publicados anteriormente sobre as falas galegas do Val do Río Ellas, en Cáceres.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os vinte anos de Vázquez na Coruña foi unha época xorda e miserenta. Agora respiramos mellor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 11 agosto 2008, pp. 30-31.

Tras uns apuntamentos biográficos, entrevístase a Xulio L. Valcárcel, quen pensa que a arte de narrar é tamén un xeito de poesía e aproveita para reflexionar sobre o seu último libro, *Casa última*. Por outra parte, opina sobre a situación lingüística de Galicia e considera que a diversidade é unha riqueza, lamentándose do "cinismo" dos que se agochan "baixo unha falsa, torpe e interesada liberdade". Mantén que a literatura galega goza de boa saúde, pois "nunca tanto e tan ben se escribiu". Ademais, indica que os seus próximos libros a publicar son *Sinais na area,* sobre arte, e o poemario *A melancolía dos corpos*. Tamén informa que está a preparar unha antoloxía de poesía mapuche, que xurdiu dunha viaxe pola Arxentina e Chile.

Vidal Villaverde, Manuel, "Entre o soño e rigor do pensamento", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 418, "Musas", 17 agosto 2008, p. 50.

Manuel Miragaia Doldán (A Coruña, 1958) ofrece de si mesmo unhas "pinceladas autobiográficas", onde di que estudou Maxisterio e Filosofía e que actualmente é profesor. A continuación, comenta que o seu primeiro libro foi *Xénese e Apocalipse* (1981) e que nel intentou "reflectir a angustia do ser humano perante a morte" e formular preguntas dende unha óptica existencialista. Por outro lado, opina que a literatura galega non está no seu mellor momento, aínda que si nun dos mellores períodos en canto á produción de libros. Sobre os xéneros di que prefire a poesía e o ensaio, e comenta que quizais algún día publique "algo de narrativa".

Vidal Villaverde, Manuel, "O mellor para Galicia é máximo autogoberno e máxima solidariedade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 25 agosto 2008, pp. 30-31.

Conversa con Manuel Rivas, quen realiza unha reflexión sobre a convivencia das linguas en Galicia, avogando por un modelo de "espazo de benestar social". Considera que hai que superar o síndrome do "burn-out', de estar queimados, e impulsar dinámicas de confianza básica que pasen pola asunción da 'biodiversidade' cultural e lingüística como un don". Ademais, tratánse outras cuestións vinculadas co devir político do país. Sobre a situación da literatura galega, opina que a literatura "non se pode medir con criterios de Olimpíadas" e que o que hai de positivo é a "existencia dun 'pobo lector". Comenta que é coa súa obra *En salvaxe compaña* coa que máis se sente identificado e a respecto da poesía, considera que é "a célula nai" e informa de que hai un libro en marcha titulado *Herbas do cego*.

Vidal Villaverde, Manuel, "Vida e tempo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 420, "Musas", 31 agosto 2008, p. 44.

Xosé Miranda (Lugo, 1955) ofrece de si mesmo unhas "pinceladas autobiográficas" e sinala que dependendo do "estado de ánimo e do tempo" que teña fai relato, novela ou poesía. Ademais, comenta o traballo con Cuba e Reigosa sobre a mitoloxía galega e di que aínda "queda moito por saber e por recoller". Manifesta que é "sobre todo" poeta e comenta que lle gustaría escribir algún libro sobre a historia dos emigrantes en América, entre outros temas. Para finalizar, indica que en breve sairá *Amancio Amigo e o demo da botella* e para o ano que vén, *Guía de Galicia*. Ademais, di querer rematar "un par de novelas que teño a medias".

Vidal Villaverde, Manuel, "Estou convencida de que o poema é sempre un xeito de resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 10 setembro 2008, pp. 30-31.

Entrevista a María do Cebreiro Rábade Villar, quen se define como "unha buscadora" que "se apaixoa polos procesos de descuberta e tenta facer de continuo o que non sabe facer". Ademais, interpreta o poema como "un xeito de encarar a experiencia histórica". Tamén dá a súa opinión sobre o estado da lingua galega e manifesta que a escolla do galego para facer poesía se entende como "indicios dun posicionamento político e social moi explícito". Nesta liña, tamén di botar en falta un proceso de reflexión conxunta sobre as normativas vixentes do idioma. Ademais de tratar temas de carácter político e relixioso, manifesta que ve o ensaio, a poesía e a tradución "moi achegadas entre si" e que lle tenta moito escribir narrativa.

Vidal Villaverde, Manuel, "Creo firmemente no iberismo: un estado federal integrado en Europa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 15 setembro 2008, pp. 30-31.

Entrevista a Rexina R. Vega que xira fundamentalmente arredor do tema do bilingüismo, do que di que é "unha situación desacougante" e cuestiona a dupla condición lingüística de Álvaro Cunqueiro. Entre outras reflexións, opina que hai "dúas tendencias opostas que se van fortalecendo", a do monolingüismo en castelán, por unha banda, e en galego, pola outra. Considera que a lingua galega debería "pasar por un novo modelo de organización que nos dea máis visibilidade no exterior e que nos aproxime a Portugal". Respecto da literatura galega, cre que "cada vez ten máis calidade e diversidade" e que "é promocionada polo ensino". Por outro lado, indica que o panorama do ensaio en galego deu pasos de xigante e que traballos sobre socio-crítica ou post-feminismo "sitúanos na liña da vangarda".

Vidal Villaverde, Manuel, "Galicia é un país politicamente afónico e culturalmente simbólico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 22 setembro 2008, pp. 30-31.

Conversa con Claudio Rodríguez Fer quen dá a súa opinión sobre o presente e o futuro da lingua galega e posiciónase respecto das "guerras lingüísticas" entre o galego e o castelán. Considera que os lectores de literatura galega aumentan "pola incorporación do galego á educación e á administración" e que para sandar os males que afectan ao

país é necesario "amor pola terra e amor polo próximo". A continuación, céntrase a entrevista arredor da súa obra, quen apunta que comezou publicando libros de poesía e que "seguramente morrerei facéndoa". Noutra orde de cousas, sinala que se sente identificado con todos os poemarios que escribiu pero que por "lóxica cronolóxica" está máis próximo a *Viaxes a ti* e *Ámote vermella,* do que informa que sairá proximamente en Xerais e que se trata dunha homenaxe ás mulleres represaliadas polo fascismo. Canto á narrativa, indica *Belas e bestas*, aínda sen publicar, e *Borges dende o labirinto galego*, como obra ensaística.

Vidal Villaverde, Manuel, "A literatura como compromiso da vida", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 424, "Musas", 28 setembro 2008, p. 48.

Antonio García Teijeiro comeza dando de si mesmo unhas pinceladas biográficas. Confesa que o que primeiro escribiu na súa vida foi un poemario "hai xa máis de vinte anos", e que levou por título *Parolando.* Informa que a principios deste ano viu a luz *Presenzas marcadas* (2007), poemario "para adultos do que estou bastante satisfeito" mais que goza "escribindo poesía para os rapaces" e que malia ter escritas tres novelas xuvenís, "prefire as distancias curtas". Comenta ademais algúns libros que escribiu e cos que se sente identificado.

Vidal Villaverde, Manuel, "Deime de baixa do BNG por razón estritamente persoais hai catro meses", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 29 setembro 2008, pp. 28-29.

Logo dun bosquexo da traxectoria profesional, comeza a conversa con Miguel Anxo Fernán Vello que xira arredor das ideoloxías de carácter nacionalista. Con respecto ao futuro da lingua galega, manifestase como "pesimista, aínda que non derrotista" e reflexiona sobre o bilingüismo. Noutra liña, o escritor defínese como "un traballador do idioma, da literatura" e que a poesía forma parte da súa "psique, da miña bioloxía". Sobre o estado da literatura actual, opina que "sairán algúns nomes importantes" e que o tempo "encargarase de sinalalos ou confirmalos". Por outra parte, informa que publicara dúas obras narrativas e alúdese ao seu poemario *Territorio da desaparición* (2004), do que apunta que "é un libro que sinala unha nova inflexión estética e ética" na súa escrita de poesía. A continuación, fálase da súa faceta como editor e para rematar, opina sobre a calidade da poesía en xeral.

Vidal Villaverde, Manuel, "O tempo como obra literaria", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 427, "Musas", 19 outubro 2008, p. 43.

Conversa con Fran Alonso quen apunta que a escrita é a súa vocación, "o que sempre quixen facer desde neno". Di que os escritores tratan os seus libros como se fosen fillos e que concibe a súa obra como unha totalidade que se autoalimenta e se complementa. Informa que en breve vai publicar dous libros, *Un país a medio facer* e un de textos xornalísticos. Por outro lado, sinala que para ser escritor hai que ser previamente lector. Considérase "un escritor todoterreo", que tamén é un dos seus retos como escritor.

Vidal Villaverde, Manuel, "Na poesía galega vexo demasiados tópicos e pouca viraxe radical", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 27 outubro 2008, pp. 30-31.

Xavier Seoane comeza a entrevista verquendo a súa opinión sobre o estado da lingua galega e manifesta que "de seguir a tendencia actual, ao noso idioma agárdalle moi pouco futuro como lingua viva". Sobre o panorama da literatura galega cre que o momento cultural é "puxante" e "interesante" e que tamén hai "materia prima no ámbito da creación". Sobre a poesía, destaca que hai elementos positivos pero pide aos "poetas, estudosos e críticos" máis lecturas e máis "dominio das cuestións técnicas" así como rigor nas análises. Observa ademais tópicos incuestionados e unha "aposta polas estratexias amicais e promocionais". Defínea como "unha das formas de coñecemento e comunicación máis cernais do ser humano" e pensa que o poeta debe procurar a súa voz, "por modesta e humilde que sexa". Ao longo da conversa, tamén comenta outros temas de carácter socio-político e relixioso.

Vidal Villaverde, Manuel, "Hai xente que prefire ser madrileño de terceira que galega de primeira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 3 novembro 2008, pp. 28-29.

Logo duns apuntamentos biográficos que encadran o inicio, comeza a entrevista a Anxo Tarrío, quen dá o seu punto de vista sobre a situación da literatura galega actual. Opina que aínda que o incremento "sexa lento" cada vez se le máis en galego. Sobre a situación lingüística, considera que é tal debido á falta de persoas sen "coñecemento do ser histórico e cultural de Galicia" e ve positiva a achega da escrita do galego ao portugués. Ademais de falar da súa visión política, comenta que ten publicados algúns relatos pero que nunca foron recollidos en libro. Respecto disto, considera que "non está de máis que quen se dedica profesionalmente ao ensino da literatura ou á práctica da crítica probe a facer algo de creación para collerlles máis respecto ao escritores". Para rematar, sinala que neste momento está a traballar nun Dicionario sistémico da literatura galega do Rexurdimento e nun de termos literarios.

Vidal Villaverde, Manuel, "A interiorización da vida", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 430, "Musas", 9 novembro 2008, p. 45.

Conversa con Xoán Carlos Domínguez Alberte quen afirma que a escrita ocupa un lugar importante na súa vida cotiá e que o "pensamento expresado con acento poético" é "unha condensación de emoción e reflexión". Define o ensaio e a narrativa como "regueiros de conducir e transmitir as ideas" e non é partidario de separar ambos xéneros. Sinala que se sente satisfeito dalgún proxecto editorial no que participou directamente que deu á lume a obra colectiva *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*. Por outro lado, verque a súa opinión sobre o estado actual da literatura galega e remata aludindo aos proxectos nos que traballa como coordinador da publicación de *Voz de terra, arela de pobo*.

Vidal Villaverde, Manuel, "A poesía é a vida", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 431, "Musas", 16 novembro 2008, p. 44.

Conversa con María Reimóndez quen dá de si mesma algúns datos biográficos. Define a poesía como "unha forma magnífica de investigar o que nos rodea" aínda que di que a súa maneira de investigar é "pouco ortodoxa". Ademais di que tamén practica co ensaio, e que no futuro próximo publicará algo nesta liña. Sobre o panorama da literatura galega actual, considera que aínda "segue estando moi masculinizado". Para rematar, indica que se sente identificada con todos os libros que publicou, pero que ten especial predilección por *Moda Galega* (2002) e *O Club da calceta* (2006).

Vidal Villaverde, Manuel, "Toda lingua convertida en idioma político é unha mera construción", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 24 novembro 2008, pp. 30-31.

Realízase unha entrevista á poeta Olga Novo, quen despois duns apuntamentos sobre a súa traxectoria profesional, defínese como unha muller "libre, filla de labregos, soñadora solidaria solitaria". A continuación, reflexiona sobre a "liorta lingüística" que vive actualmente o galego. Sobre a cultura, cre no "entusiasmo creador e na paixón da intelixencia". Como profesora na Universidade da Baixa Bretaña, verte a súa opinión sobre a situación da lingua bretoa. Por outro lado, di que a súa vivencia e concepción da literatura é "transtemporal" da mesma maneira que non cre na "compartimentación epocal da literatura" e que poesía e ensaio son achegas ao coñecemento desde postulados diferentes "que poden resultar igualmente iluminadoras e intensas". Para finalizar, indica que nunca traballa nun libro porque apunta que escribe por pracer.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galicia é dona e señora de si na medida en que cada un o sinta como tal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 8 decembro 2008, pp. 26-27.

Conversa con Fina Casalderrey quen ademais de dar a súa opinión sobre as organizacións que pretenden a derogación do decreto normalizador da lingua galega, comenta que a medida que vai tendo máis oportunidade de ler "bos textos poéticos", "vai minguando a miña ousadía de poeta". Manifesta que deixou o seu traballo de articulista por "circunstancias persoais adversas" pero que o entende como un "retiro momentáneo". Entre os seus libros escritos, sinala que o predilecto é "hipoteticamente, aquel que escollo para darlle a un lector a que só ten a posibilidade de ler un libro meu". Noutra orde de cousas, reflexiona sobre o estado actual da literatura galega e salienta "o compromiso cos movementos emerxentes que representan o renacer do espírito crítico" de ensaístas como Teresa Moure ou Xurxo Borrazás.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os paradoxos da vida e a literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 435, "Musas", 14 decembro 2008, p. 43.

Achéganse os comentarios de Manuel Bragado sobre o "paradoxo" que hai entre a perda de galego-falantes e o aumento de número de lectores e lectoras en lingua galega. Por outro lado, comenta que ten publicado algún libro de literatura infantil e de carácter pedagóxico, antes de traballar como editor en Xerais, e que aínda que "nunca deixei de escribir", considera que é "díficil compatibilizar o oficio de editor co de autor". Tamén

fai referencia aos vinte e cinco anos que leva publicando en prensa e di que algunha vez pensou "na posibilidade de escolmar algúns". Tamén verque súa opinión sobre a actual industrial do mundo editorial en Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, "A vida, despois de todo, é como un verso branco no colo das mans", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 decembro 2008, "Conversas contemporáneas", p. 27.

Entrevista ao dramaturgo Xosé Vázquez Pintor, na que reflexiona sobre o bilingüismo en Galicia mantendo unha actitude de firme compromiso coa defensa da Lingua e da Fala (con maiúsculas) de Galicia. Tamén se inclúe unha referencia á súa próxima publicación *Máis Vidas* (narrativa).

Vidal Villaverde, Manuel, "O tempo é un neno que medra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 437, "Musas", 28 decembro 2008, p. 39.

O poeta Manuel Vilanova reflexiona sobre os tres piares da súa escrita poética: evolución, cambio e resistencia. Porén, Vilanova recoñece tamén o grande influxo das modas, a necesidade de ir cos tempos e co cambio, tentando sempre mellorar como poeta. Mais, por enriba de todo iso, o autor salienta que certas vangardas non sempre son positivas ao desapareceren coa mesma rapidez coa que foron creadas.

Vidal Villaverde, Manuel, "As estatísticas son un indicio da política demagóxica e desnortada que padecemos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas, 29 decembro 2008, pp. 30-31.

Conversa na que o profesor e académico Xosé Luís Axeitos Agrelo, analiza a cuestión do bilingüismo na comunidade galega e do camiño que semella conducir a un monolingüismo absoluto baixo a bandeira do castelán, privando ao falante de galego da súa lingua e do desenvolvemento natural da mesma. Axeitos Agrelo fai mención ao seu último traballo académico: un epistolario sobre o intelectual Manuel Murguía.

Villar, Manuel, "Libro que non se vende, libro que non existe", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 417, "Personajes", 10 agosto 2008, p. 52.

Conversa con Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores, quen fala dos obxectivos que esta asociación se marca para esta nova etapa. Opina que no traballo de editor hai "moito de militancia cultural e de voluntarismo persoal", que malia o definir como "positivo", considera que ten que ser "tarefa profesional". A continuación, alude á cuestión do futuro da edición con respecto aos novos soportes, dos que pensa que deben de "servir para reforzar". Para mellorar os baixos índices de lectura en Galicia considera que a clave está na familia, de modo que os "pais son un modelo de leitura para os seus fillos". Para rematar, recomenda a lectura de *O neno do pixama de raias* (2007) na súa versión galega e a versión infantil de *A Odisea*, e explica en qué consiste a aprobación por parte da AGE da creación dunha comisión para axudas.

Villar, Manuel, "En Galicia, só hai tres ou catro escritores que poidan vivir en exclusiva da literatura", *La Región*, "Galicia", 22 setembro 2008, p. 19.

Césareo Sánchez Iglesias comeza a conversa falando das orixes da Asociación de Escritores en Lingua Galega e do que esta ofrece aos seus membros. Indica que os escritores que non poden vivir en exclusiva da literatura teñen que recorrer a outras actividades complementarias. Tamén informa que os elixidos para a candidatura do Premio Nobel deste ano son Xosé Luís Méndez Ferrín e Luz Pozo Garza. Para rematar, laméntase do descoñecemento e desprezo da lingua e literatura galegas por George Steiner e remata falando da participación na federación Galeuzca.

Villarino, Elena, "O difícil é ter moitos lectores", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 440, "Mil primaveras máis", "Entrevista", 23 novembro 2008, p. 9.

A escritora, Elvira Riveiro, comeza esta entrevista falando das dificultades coas que se atopan os mozos para introducirse no mercado literario. Sinala que para ela non foi difícil darse a coñecer e considera que o que escribe pretende ser universal e para todo o mundo e que non aspira a vivir da súa obra, entre outras cousas, porque "é moi díficil". Ademais, conta como comezou a escribir poesía e fai un percorrido polos libros que ten publicado. Para rematar, sinala que o panorama actual da literatura galega é "moi rico e variado".

Villarino, Elena, "Non quero renunciar a escribir na miña lingua", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 442, "Entrevista", 7 decembro 2008, p. 9.

Recóllense os comentarios de Ledicia Costas, quen apunta que goza escribindo narrativa e poesía. Informa ademais que se está introducindo na videocreación e na poesía audiovisual. Ademais confesa que se sente máis cómoda no eido da narrativa e conta que tivo sorte porque a súa obra *Unha estrela no vento* (2000), malia non gañar nun concurso de Xerais, "gustou moito" e "publicáronma de todas formas". Por outra parte, apunta que escribe en galego por ideoloxía e dá conta das obras que ten publicadas. Sobre o panorama literario galego di que está "en continua emerxencia" e que se fan "cousas de moita calidade".

Villot, José María, "O Ideal foi a mellor universidade que puidera imaxinar", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 4 maio 2008, p. 28.

O escritor e xornalista Manuel Rivas di que no xornalismo dos anos setenta había nas redaccións moita comunicación humana coa rúa, que traballou no *Ideal* con Luís Pita e Margarida Ledo, entre outros, e que para el foi a mellor universidade que puido ter. Comenta que o xornalismo é contar o que pasa, pero que é unha profesión moi condicionada, por iso escribiu un libro en castelán titulado *El periodismo es un cuento*, frase que para el ten un sentido positivo: contar as cousas ben, con estilo e sen aborrecemento. Conta que hoxe é un articulista e cre que o artigo tamén ten unha compoñente informativa, o que require sentir a tensión e a velocidade da redacción.

Sinala que a poesía é a "ecoloxía da linguaxe" xa que é unha linguaxe que loita contra a contaminación e que a verdadeira poesía é a que explica o inexplicábel. Fala de que traballou na prensa, radio e televisión porque pensa que os medios inflúen moito uns nos outros, e que foi xefe de prensa do Concello da Coruña pero que co tempo o deixou para volver traballar como xornalista. Opina que tivo moita sorte coas adaptacións das súas obras ao cinema e ao teatro, xa que é algo que esixe un esforzo moi grande. Di que daquela ía saír un "caderno de arte" titulado *Herbas de cego*, onde se combinan os seus poemas coas pinturas de Xosé Luís de Dios e que está a comezar unha novela.

Xestoso, Manuel, "É unha obra ambiciosa que pasará desapercibida", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Cultura", 17-23 xaneiro 2008, pp. 24-25.

O escritor Ramiro Fonte fala da súa triloxía sobre os anos sesenta "Vidas de infancia", formada polas novelas *Os meus ollos* (2003), *Os ollos da ponte* (2004)e *As pontes no ceo* (2007). Di que nesta última hai unha aposta por unha prosa invisíbel, natural, que se lea ben e que fuxa da grandilocuencia e da ausencia de estilo, moi común nos narradores actuais, segundo el. Comenta que a obra está baseada na vida real de personaxes que existiron, polo que está dacabalo entre a ficción e o documental. Sinala tamén que nos segundo e terceiro volumes recolle as reaccións dos personaxes aos tomos precedentes, o que a converte nunha obra indulxente pero tamén irónica. Por exemplo, di que a imaxe que se dá de Franco no terceiro volume, como un personaxe máis da historia, é novidosa porque o converte nun monicreque patético. Asegura que quería que a obra estivese emparentada coas novelas do século XIX pero tamén inscrita na modernidade do século XXI, polo que hai moita influencia do cine e, sobre todo, unha homenaxe á mirada dos fotógrafos da vila que lograron transmitir a vida cotiá mediante a súa obra. Anota que nesta obra hai referencias a Henry Roth, o autor máis joyceano do século XX, pero que prescinde da experimentación polo que lle quixo aplicar a substancia poética e sentimental de Joyce n'*Os mortos* a unha vila tradicional galega. Confesa que ao principio era una proxecto máis humilde pero que a partir das trescentas páxinas comezou a converterse no que é agora, porque se decatou que o material daba para tres libros e empezou a tratala con máis ambición; con todo, cre que pasará desapercibida e iso que sabe que hai trescentos lectores en Pontedeume, que nunca leran un libro en galego, que a van mercar e ler.

Xestoso, Manuel, "A cultura, aquilo que non tiña prezo, desapareceu porque, hoxe, o que non ten prezo non existe", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 24-25.

Entrevista ao editor Constantino Bértolo, a propósito da publicación do seu libro *La cena de los notables*. Reflexiona sobre a idea de que a tradición literaria é un poder "en canto fonte de autoridade" e pensa que a cultura dominante actual xa non precisa da "lexitimación humanista ou elitista" e que o único poder é o económico. Nesta liña, considera que a crítica progresista ante esta situación debe partir desta realidade e defender un espazo social e cultural "no que non haxa lugar nin para a xungla nin para o altar dos sacerdotes". Noutra orde de cousas, fala de como romper coa imaxe autoritaria do crítico e destaca que en Galiza, a crítica é similar á do sistema literario español, mais que o "parámetro nacionalista" ten capacidade de intervención e "facilita que o político apareza en publicacións como *A trabe de ouro* ou *Cartafol*".

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

ABC, "Curros, primeiro cronista de guerra galego, será honrado", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 7 marzo 2008, p. 86.

Anúnciase a homenaxe que o Secretario Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, Fernando Salgado, e o profesor Gregorio Enríquez están a preparar para conmemorar o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Comenta que se celebrarán unhas xornadas que levarán por título "Curros, periodista", nas que se salientará o labor xornalístico do escritor e intervirán, entre outros, Marcos Valcárcel, Xosé López, Xosé Luís Axeitos, Rosa Aneiros e Xesús Alonso Montero. Así mesmo, tamén cita algúns dos xornais nos que colaborou Curros e informa que a Secretaría Xeral de Comunicación vai publicar a colección "Voces do periodismo".

Abeleira, Xoán, "A morte garda…", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 setembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "A morte garda…", de Xoán Abeleira.

Abelenda, Ana, "O bardo, en pé de terra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292, 13 decembro 2008, pp. 2-3.

Infórmase da inauguración da Fundación Eduardo Pondal no rehabilitado edificio da reitoral de Cospindo onde o escritor bergantiñán fora bautizado. Lémbrase a súa produción poética como *A campana de Anllóns* (1857) ou *Os Eoas* e a súa insatisfacción vital que o leva mesmo á neurose. Recóllense os comentarios de varios escritores actuais como Alberto Lema, Xulio López Valcárcel ou Manuel Forcadela sobre o poeta, afirmando que é o poeta que mellor recolle o sentimento da patria, que construíu unha obra galega a partir da incorporación das tradicións foráneas ou a súa faceta misóxina que estudia María Xosé Queizán na súa obra *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal* (1998). Tamén se fala sobre un roteiro que hai na terra natal do autor por aqueles lugares que son significativos na súa obra e se recollen publicacións da súa obra como a obra completa editada por Sotelo Blanco en catro volumes ou traballos de referencia como *Pondal: do dandysmo á loucura* (1991), de Manuel Ferreiro ou a tesiña *A harpa e a terra* (1998), de Manuel Forcadela.

Abilleira, Marina, "Poïetica nace en Poio co fin de achegar a poesía actual á xente", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 13 abril 2008, p. 67.

Informa da celebración do I Festival de Poesía organizado polo Concello de Poio e indica que contou coa presenza de seis creadoras galegas: Ana Romaní, Lucía Aldao, Pilar Beiro, Lupe Gómez, Andrea Núñez Briones e Rosa Enríquez. Explica que o obxectivo deste encontro é achegar a poesía actual a toda a poboación.

Abuín de Tembra, Avelino, "Ánxel Fóle na señardade", *Diario de Arousa*, "Crónicas de Bouza", 27 xullo 2008, p. 26.

Faise unha protesta polo esquecemento ao que é condenado o escritor Ánxel Fole. Considera que Fole forma parte dunha ampla nómina de autores galegos contemporáneos dos que só se recoñece o seu labor de forma esporádica, feito que xulga como "un despropósito". Lembra que en Lugo houbo un "discurso loatorio" pola conmemoración do centenario do escritor da man de Luís Alonso Girgado. Por último, fai un repaso da vida e da obra do escritor lucense ancorado "na insensible soidade".

A. C., "Cultura defende o seu proxecto", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 febreiro 2008, p. 75.

Achégase o comentario de varias autoridades galegas que participaron na Feira Internacional do Libro da Habana e todas elas salientan o importante papel que desenvolveu Galicia neste evento. Indícase que a Consellería de Cultura investiu un millón e medio de euros e espera que Galicia volva ser invitada na próxima edición.

A. C., "Curros Enríquez, un xornalista 'comprometido' e 'incómodo'", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/ "Galicia homenaxea a Curros como o seu primeiro cronista de guerra", *El Progreso*, "Vivir", p. 78/"Adiantado ao seu tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 33, 9 marzo 2008.

Dá conta da celebración en Celanova das xornadas "Curros, periodista", organizadas pola Secretaría Xeral de Comunicación e a Fundación Curros Enríquez, con motivo do centenario do falecemento do escritor. De seguido, comenta cada unha das intervencións dos que participaron no evento como foron Fernando Salgado, Xosé López, Rosa Aneiros, Marcos Valcárcel e Xesús Alonso Montero. Sinala que todos salientaron o labor de Curros Enríquez e repasaron a súa traxectoria xornalística.

A. C., "O 62% dos libros que se editan en Galicia se escriben en lingua galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 abril 2008, p. 67.

Achega os datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística que sitúan a Galicia como a sétima comunidade autónoma con maior produción editorial en 2007. Indica que a produción aumentou nos últimos anos e comenta que a maior parte das obras publicadas en galego pertencen aos campos da literatura, a historia e a crítica literaria.

A. C. B., "Valentín Arias hizo la versión de la única novela que fue publicada en lengua gallega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 outubro 2008, p. 79.

Dise que a versión en galego da obra *Mondo e outras historias* do Premio Nobel de Literatura, Jean Marie Gustave Le Clézio, foi feita en 1987 por Valentín Arias en colaboración con Raquel Villanueva dentro da colección Xabarín de Xerais, hoxe esgotado. Engádese que ambos tradutores viron recompensado o seu traballo co Premio Ramón Cabanillas e o Premio Nacional de Tradución en 1989.

ACB, "Rexeitouna o seu home por non parir o salvador polaco", *El Progreso*, "Vivir", 22 novembro 2008, p. 75.

Faise referencia ao traballo literario que desenvolveu Sofía Casanova nos ámbitos da poesía, a narrativa e o teatro e os temas que tratou (impresións de viaxes, feitos históricos, experiencias familiares e morriña). Dise que malia escribir en castelán nas súas obras poéticas e narrativas tamén hai temática galega e foi mesmo proposta para o Día das Letras Galegas. Tamén se comenta que mantivo relación con outras escritoras de fins do século dezanove e que admiraba profundamente a obra de Rosalía de Castro e por último que sufriu a represión machista do seu home. Así mesmo fálase da súa importancia como tradutora de literatura polaca e cítanse opinións de expertos na materia como Antón Pazos e Rosario Martínez que evidencian os aspectos máis sórdidos da vida desta escritora.

A. C. V., "Falece o autor sarriao Camilo Gonsar aos 77 anos logo dunha enfermidade", *El Progreso*, "Cultura", 10 novembro 2008, p. 80.

Dáse conta da morte de Camilo González Suárez-Llanos, coñecido no mundo literario co pseudónimo de Camilo Gonsar, e achéganse datos biográficos do mesmo, así como as impresións dos familiares e amigos tras recibir a noticia. Finalmente, indícase que Gonsar, xunto con Xosé Luís Méndez Ferrín, formaba parte da Nova Narrativa galega, considerada "unha corrente con grande actividade literaria en galego no século XX".

A. D., "Ánxeles Penas indaga en el amor", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 14 marzo 2008, p. 15

Fálase da presentación do poemario de Ánxeles Pena, *Amor deshabitado* (2007), que tivo lugar o día 13 de marzo. Danse algúns detalles sobre o acto ao que asistiron, entre outros, personalidades como o editor Miguel Anxo Fernán Vello e a actriz e poeta Ánxela Abalo. Tamén se ofrecen algúns trasos da poesía de Penas, que se relaciona coa súa obra plástica.

A. F., "Díaz Pardo diseña el logotipo de la Torre inspirándose en las dos "caras" del faro", *Diario de Ferrol*, "A Coruña", "Provincia", p. 24/*El Ideal gallego*, "A Coruña", "Ciudad", p. 5, 7 febreiro 2008.

Fálase sobre o novo logotipo de identificación da Torre de Hércules feito por Isaac Díaz Pardo que vai servir de identificación gráfica do monumento coruñés de cara, sobre todo, ao turismo. Dise que o alcalde da cidade herculina gaba a figura do deseñador e ao tempo explícase como se desenvolve o proxecto e a súa significación.

A. F., "Finou o profesor e poeta guardés Xosé Carlos Alfaro", *Atlántico Diario*, "Metropolitana", 16 maio 2008.

Infórmase sobre o finamento de Xosé Carlos Gómez Alfaro, autor de poemarios coma *As labaradas da lembranza* (1996), *Alén do lume* (2000) ou *Confiteor* (2005). Dáse conta de como lle sobreveu a morte ao poeta ourensán e fai un breve percorrido pola súa bibliografía e premios, entre os que figuran algúns dos máis prestixiosos de Galicia, coma o Rosalía de Castro ou o Antón Tovar.

AGN., "Un catálogo do Castelao global", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 agosto 2008, p. 67.

Indícase que a Fundación Castelao está a desenvolver un traballo de catalogación de toda a obra gráfica e escrita, do intelectual galeguista, que se calcula nunhas tres mil pezas esparexidas por todo o mundo. Dise que é un catálogo dixital que estará a disposición do público no Arquivo Nacional da Cidade da Cultura e que está a realizarse por un equipo coordinado por Miguel Anxo Seixas. Engádese que se fará un percorrido polas cidades que supoñen a xeografía vital do autor comezando por Vigo, A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela e Madrid. Por último coméntase que despois analizarase a actividade do autor no exilio en lugares como Bos Aires, Estados Unidos, Chile ou México.

Agulla, Álvaro, "Estrela de Marín' celebra el próximo fin de semana la 'III Feira do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Provincia", 14 abril 2008, p. 10.

Dá conta da celebración da terceira edición da Feira do libro de Marín, que durará tres días e contará con actividades variadas: obradoiros, recitais poéticos, etc. Describe os actos de cada día e indica que os escritores que asinarán libros son Xavier Alcalá, Álvaro Otero e Fina Casalderrey.

A. I., "La Galicia de los mil ríos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 abril 2008, p. 27.

Infórmase da entrega de premios do "Certamen de Relatos Cortos: Galicia, país de los mil ríos" no que participaron en total cincuenta e sete narracións, vinte e sete das cales estaban escritas en lingua galega. Menciónase ao gañador, Alberto Torres e ao finalista, Xaquín Lorenzo Muíños. Informa tamén dos membros do xurado, quen concederon ademais tres accésits a Xulia Vidal Ibáñez, a José Félix Castrillejo González e a Santiago Santos Vázquez. Dise que a entrega de premios tivo lugar no Centro Comercial Compostela, con motivo do seu X aniversario.

A. I., "Teatro rabiosamente joven", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 xuño 2008, p. 28.

Dáse conta da entrega de premios do Certame Intercentros, organizado pola Concellería de Educación, que terá lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Ademais, comenta outros actos dentro da programación cultural que organiza o Concello.

Aira, M. e A. **Mosquera**, "Los 40, el ecuador de la vida. La generación gallega del príncipe Felipe", *El Progreso*, "*E7P*", 27 xaneiro 2008, pp. 8-9.

Realízase unha enquisa a diferentes personaxes da vida política, social e cultural galega, os cales cumpren en 2008 corenta anos. Entre os entrevistados, en relación coa literatura galega, achéganse os comentarios do editor Henrique Alvarellos e do escritor Xosé Antonio Neira Cruz. Indícase que para Alvarellos os feitos históricos máis importantes foron a morte de Franco e o golpe de Estado, ademais de referir os seus grupos de música preferidos e salientar a lectura dos versos de Cunqueiro. Por outra banda, recóllense as declaracións de Neira Cruz quen define a súa xeración como unha xeración con escasos coñecementos e destaca a figura de Felipe González na política e ao grupo Milladoiro na música.

Aldán, Clara, "Concejalas enamoradizas en el Concello de Moaña", *Diario de Pontevedra*, "Y además", "A praza da verdura", 16 febreiro 2008, p. 27.

Informa, entre outras cuestións, da entrega de premios do certame de cartas de amor de Moaña por parte da concelleira de Xuventude, Libertad Cruz. Nel, dise que resultou gañadora unha persoa que tamén gañou un certame en Cangas e que presentou a mesma carta a ambos concursos.

Aldao, Lucía, "Confesábame...", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poetica "Confesábame...", de Lucía Aldao.

Alonso, Emilio, "Amurallados", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 1 agosto 2008.

Reprodúcese o capítulo un da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Lola", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 2 agosto 2008.

Reprodúcese o capítulo dous da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Os rituais da praza Maior", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 3 agosto 2008, p. 44.

Reprodúcese o capítulo tres da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "O anxo da morte", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 4 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo cuatro da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "No Hotel Méndez", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 5 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo cinco da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "O home de xeo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 6 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo seis da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Panchiño Figueirido", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 7 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo sete da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Unha cita insospeitada", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 8 agosto 2008, p. 33.

Reprodúcese o capítulo oito da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Agasallos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 9 agosto 2008, p. 30.

Reprodúcese o capítulo nove da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Un emparellamento inexplicable", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 10 agosto 2008, p. 39.

Reprodúcese o capítulo dez da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Prexuízos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 11 agosto 2008, p. 36.

Reprodúcese o capítulo once da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "O gran circo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 12 agosto 2008, p. 32.

Reprodúcese o capítulo doce da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "A voltas coa torta", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 13 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo trece da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Esperpéntico remate", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 14 agosto 2008, p. 32.

Reprodúcese o capítulo catorce da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Mercado persa", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 15 agosto 2008, p. 38.

Reprodúcese o capítulo quince da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Sanatorio Alonso-Pimentel", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 16 agosto 2008, p. 33.

Reprodúcese o capítulo dezaseis da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "O Ciclope", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 17 agosto 2008, p. 40.

Reprodúcese o capítulo dezasete da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Seguro que non vai ir para o ceo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 18 agosto 2008, p. 33.

Reprodúcese o capítulo dezaoito da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "En cuartos separados", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 19 agosto 2008, p. 32.

Reprodúcese o capítulo dezanove da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Intoxicado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 20 agosto 2008, p. 32.

Reprodúcese o capítulo vinte da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Mercurio”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 21 agosto 2008, p. 39.

Reprodúcese o capítulo vinte e un da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Apocalipse”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”,22 agosto 2008, p. 39.

Reprodúcese o capítulo vinte e dous da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “O vello falanxista”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 23 agosto 2008, p. 36.

Reprodúcese o capítulo vinte e tres da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “O aceite gris”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 24 agosto 2008, p. 39.

Reprodúcese o capítulo vinte e catro da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Pepe Meigo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 25 agosto 2008, p. 32.

Reprodúcese o capítulo vinte e cinco da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Inimigos e outras teorías”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 26 agosto 2008, p. 43.

Reprodúcese o capítulo vinte e seis da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, “Avelardo Cortés e a porta traseira”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, 27 agosto 2008, p. 35.

Reprodúcese o capítulo vinte e sete da “Novela por entregas” *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Confesións no Pipper's Club", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 28 agosto 2008, p. 42.

Reprodúcese o capítulo vinte e oito da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "Contacto excesivo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 29 agosto 2008, p. 41.

Reprodúcese o capítulo vinte e nove da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "O termómetro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 30 agosto 2008, p. 44.

Reprodúcese o trinta da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, Emilio, "A perola prateada", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 31 agosto 2008, p. 54.

Reprodúcese o capítulo trinta e un da "Novela por entregas" *Mercurio*, realizada ao longo do mes de agosto por Emilio Alonso, acompañado dunha ilustración de Abraldes.

Alonso, José, "Emotivo adiós literario al poeta Luis Pimentel", *El Progreso*, "Historias de Lugo", 7 xaneiro 2008, p. 4.

Lembra o pasamento do médico e poeta Luís Pimentel, así como as homenaxes que se lle renderon. Cita algún dos emotivos recordos e parte da crónica sobre o seu falecemento que se publicou no xornal *El Progreso*. Refire o día do enterro e o percorrido até o cemiterio, ademais de aludir aos versos dedicados por Ángel Johan e Álvaro Cunqueiro ao poeta lugués. Por outra parte, faise eco da páxina da amizade que editou *El Progreso* e na que participaron, entre outros, Ánxel Fole, Luz Pozo Garza, Manuel María e Ukío Novoneyra, entre outros.

Alonso, José, "El pronóstico de Reigosa para el académico Darío Xohán Cabana", *El Progreso*, "*Gente*", n.º 646, "Al paso", 13 xaneiro 2008, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que a previsión feita por Antonio Reigosa sobre o éxito e a lembranza de Darío Xohán Cabana pode verse acurtada no tempo segundo pensan outros académicos.

Álvarez, Fernando, "Otra vez y siempre Aturuxo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 468, "Crónicas de la diáspora", 17 febreiro 2008, p. 5.

A partir dun artigo escrito por José Mª Gómez sobre a revista *Aturuxo*, lembra a época dos anos corenta en España. Comenta que o período da posguerra foron tempos moi duros e, en canto á literatura, destaca que o primeiro xénero en rexurdir foi a poesía. Dá conta de moitas das revistas que se editaban aqueles anos e das revistas galegas salienta *Aturuxo*, creada por Miguel C. Vidal e por Tomás Barros. Así mesmo, tamén achega os títulos de obras castelás publicadas en todo o Estado.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "De 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2008, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "até perder toda noticia e non saber...", da obra poética *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "De 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 de abril de 2008, p. 47.

Nesta sección fixa acóllese o poema "ALÉN DA última praia non hai mundo." pertencente ao poemario *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "De 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "ENTRE as substancias primeiras...", da obra poética *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Álvarez Moreira, Manuel, "A palabra filmada: cine e literatura galegos", *El Progreso*, "Galicia a fondo", 6 xaneiro 2008, pp. 8-9.

Analiza a relación da literatura e o cine galegos en todo o século XX. Comenta que son moitos os escritores galegos que coas súas obras deron pé á creación do cine galego e dá conta das obras que trataron este fenómeno como o *Diccionario do cine en Galicia* (1896-2000). A continuación, indica que o cine nacional se baseou en moitas obras de escritores galegos e salienta as producións de Ramón Mª del Valle Inclán, Emilia Pardo Bazán ou Alfredo Pérez Lugín; tamén dá conta das obras de Wenceslao Fernández Flórez, Camilo José Cela e Gonzalo Torrente Ballester. Entre os autores que escribiron en galego e se fixeron adaptacións das súas obras ao castelán para levalas á gran pantalla cita a Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Miguel Anxo Murado e Carlos González Reigosa. Salienta, por último, como os de maior éxito a Manuel Rivas e Suso de Toro.

Álvarez Moreiras, Manuel, "Curros Enríquez, a voz fachendosa", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 395, "Reportaxe", 3 febreiro 2008, p. 6.

Reportaxe na que se realiza un demorado repaso pola vida e mais pola obra de Manuel Curros Enríquez co gallo de se cumprir o centenario da súa morte. Céntrase no seu compromiso coa lingua galega e coa súa nai, no seu traballo como xornalista ou en sinalar algunhas das características da súa poesía, onde "cabían con igual rango e aprecio os temas popular e os cultos". Tamén fala dos eventos que está a preparar a Fundación Curros Enríquez con diversos actos cívicos e académicos.

Álvarez Reza, Gumersindo, "Cabalos e muíños", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 4 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Gumersindo Álvarez Reza (53 anos) intitulado "Cabalos e muíños".

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Parábola do incrédulo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "LINGUAXE DE SILICIO" pertencente ao poemario *Parábola do incrédulo*, de Manuel Álvarez Torneiro.

Álvarez Torneiro, Manuel, "de 'Setembro Stradivarious", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2008, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Un sexo de alacaloide negará as esfinxes.", pertencente a *Setembro Stradivarious* (2004), de Manuel Álvarez Torneiro.

A. **M.**, "Díaz Pardo aporta el logotipo para promocionar la Torre de Hércules", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 febreiro 2008, p. 68.

Fálase sobre o novo logotipo de identificación da Torre de Hércules feito por Isaac Díaz Pardo que vai servir de identificación gráfica do monumento coruñés de cara, sobre todo, ao turismo. Dise tamén que o alcalde da cidade herculina explica como se desenvolve o proxecto e a súa significación.

A.M., "El sábado se recordará el entierro de Curros en A Coruña hace cien años", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 abril 2008, p. 68.

Comenta que con motivo da conmemoración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, se vai celebrar na cidade da Coruña un roteiro denominado "Cortexo de Honra a Curros Enríquez". Comenta que está organizado polo Concello da Coruña e a Real Academia Galega e dá conta de como se vai desenvolver o acto.

A. M., "Nace un Encontro de escritores en A Coruña sobre narrativa y ensayo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 xullo 2008, p. 67.

Dise que se celebra por primeira vez o "Encontro Internacional Literario Cidade da Coruña" na Casa Museo Casares Quiroga e que se abre cunha mesa redonda co título *Narrativa con memoria histórica* na que participan Manuel Rivas, Lidia Jorge e Carme Riera. Engádese que o presentador do evento foi o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, e que tamén se fará un recital poético no que participan entre outros Marica Campo, Lidia Jorge, Xavier Seoane e Carme Riera.

A. M., "El himno de la nación de Breogán", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2008, p. 17.

Lémbrase que no ano 2007 se celebrou o centenario do himno galego escrito por Eduardo Pondal co título "Os pinos" e publicado en 1890. Dise que o autor da súa música é Pascual Veiga e que está regulado oficialmente pola Lei de Símbolos da comunidade. Destácase finalmente que é único símbolo galeguista que nunca foi criticado.

A. M., "Unha data para lembrar a 'Patria natural", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2008, p. 26.

Lémbrase a conmemoración do Día de Galicia coincidindo coa festividade do patrón da comunidade e de España, o Apóstolo Santiago. A continuación, explícase, mediante referencias históricas, que foron as Irmandades da Fala as que crearon o Día de Galicia no que se celebra unha misa en memoria de Rosalía de Castro no convento de San Domingos de Bonaval. Tamén se indica que se celebra igualmente na diáspora e mesmo se celebraba durante a represión franquista.

Andaluz, Cándida, "Una obra inédita de Antón Risco protagonizó los actos del libro en la capital", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 5 xuño 2008, p. 10.

Destaca a gran cantidade de obras presentadas na Feira do Libro de Ourense e, de entre elas, comenta que na presentación da obra póstuma de Antón Risco, *Obxectos antigos de orixe ignorada*, estiveron presentes Xosé Manuel Pacho, Carlos Lema e Arturo Pérez Lezcano. Explica que este último falou da dificultade de recompilar toda a obra inédita de Antón Risco, quen indicou que foi un autor prolífico na ficción e mais no ensaio.

Andrey Dono, Sabela, "A carteira", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 21 agosto 2008, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Sabela Andrey Dono (26 anos) intitulado "A carteira".

Aneiros, Rosa, "O bandullo do Valle Sagrado", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 19 decembro 2008, p. 8.

Acóllese nesta sección un texto narrativo de Rosa Aneiros no que relata unha cea familiar de fin de ano.

Angueira, Anxo, "Kuntur Wasi", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 3, "Creación", 27 decembro 2008, pp. 14-15.

Acóllese nesta sección o poema inédito "Kuntur Wasi", de Anxo Angueira. Trátase dunha elexía pola morte da súa irmá, acompañada das ilustracións de Juan Manuel Rubio.

Angueira, M., "Ramón Caride recibe el premio Lueiro Rey por su obra 'O frío azul", *Diario de Arousa*, "O Grove", 6 xaneiro 2008, p. 15.

Informa que o escritor Ramón Caride presentou no Grove a novela, *O frío azul* (2007), gañadora da décimo quinta edición do certame Manuel Lueiro Rey de narrativa breve. Dá conta das persoas que acompañaron ao escritor neste acto e indica que se trata da primeira novela histórica de Caride. Comenta que a obra está ambientada entre os anos 1500 e 1525 no Mosteiro de Oseira e salienta a boa construción dos personaxes, a dosificación da atención narrativa e máis a corrección ortográfica.

Angueira, M., "El Premio Máximo Sar de memoria popular abre el plazo para presentar obras", *Diario de Arousa,* "Ulla-Umia", "Caldas de Reis", 19 xaneiro 2008, p. 19.

Anuncia a convocatoria do Premio Máximo Sar polo Concello de Caldas e no que se deben presentar os traballos, que teñen que facer alusión a Galicia e estar en galego ou castelán. Apúntase ademais a dotación económica.

Angueira, M., "La biblioteca organiza un concurso de poesía con motivo del Día del Árbol", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Caldas de Reis", 10 febreiro 2008, p. 20.

Informa de que a Biblioteca de Caldas de Reis organiza un concurso con motivo da celebración do Día Internacional da Poesía e que levará por nome "Poemas de Primavera". Conta que se trata da segunda edición, na que poden participar o alumnado de Primaria dos centros escolares do Concello e comenta ademais as bases do concurso.

Angueira, Anxo, "Outra vez Rosalía", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 717, 15 maio 2008, p. 7.

Salienta a importancia que ten a figura de Rosalía de Castro na literatura galega posterior, pois os seus versos foron a base doutras obras de arte, tanto na literatura coma na imaxe ou na música. Dende o Rexionalismo pasando polas Irmandades da Fala e até

a celebración do Día das Letras Galegas de 1963, así como o Congreso celebrado en 1985, repasa as diferentes homenaxes fundamentais que se lle teñen dedicado á poeta e algúns dos libros publicados sobre ela. Finalmente, destaca o último proxecto "Rosalía 21" e afirma que son necesarias novas reedicións da súa obra e estudos que mostren novas olladas críticas.

Antón, B., "Ramiro Fonte, premio Porto Magno del Toxos e Froles", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 xuño 2008, p. 38.

Infórmase de que o poeta, narrador, crítico e ensaísta Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes de Lisboa, foi o gañador do Premio Porto Magno polo seu labor, segundo o xurado, na promoción da chamada Galicia do norte e polo traballo que desenvolveu para dar a coñecer a comunidade galega máis alá das súas fronteiras.

Á. P., "Taller literario en la biblioteca de Soutomaior", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 29 xaneiro 2008, p. 11.

Comenta que a Biblioteca de Soutomaior vai levar a cabo unha serie de actividades relacionadas coa literatura. Indica que a máis importante é a creación dun taller literario e de escritura creativa para adultos, no que se fará unha introdución á poesía, ao conto e á novela, así como ás técnicas de redacción e análise literaria. Outra das actividades das que dá conta é o Club de Lectura e, para os máis pequenos, organizarán contacontos, xogos trilingües, monicreques e poemas musicador.

A. P., "Remata o prazo do concurso 'Verbas para namorar' en Soutomaior", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Comarca", 15 abril 2008, p. 14.

Infórmase da convocatoria dun concurso polo Concello de Soutomaior destinado aos estudantes do colexio Manuel Padín Truiteiro e Santiago Apóstol, con motivo do Día das Letras Galegas. Dise que a intención é fomentar o uso do galego, así como a participación dos nenos. Coméntase as pautas para presentarse ao concurso.

Araguas, Vicente, "Memoria e coñecemento", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 6 xaneiro 2008, p. 14.

Comeza facendo referencia ao libro de Ramiro Fonte, *As pontes no ceo* (2007), editado por Edicións Xerais de Galicia. Indica que o autor volve á infancia e preadolescencia e salienta o uso dos recursos métricos. Lembra a súa relación con Ramiro Fonte e, de seguido, pasa a falar da colección "Edoy Leliadoura". Comenta que a nova andaina da colección vén da man de Xesús González Gómez e dá conta dos tres primeiros volumes editados: *Sextinario: trinta e seis + tres* (2007), de Marica Campo; *Os poemas de cómo se rompe todo* (2007), de Daniel Salgado; e *Memoria de Ahab* (2007), de Rafa Villar. Así mesmo, analiza brevemente cada unha das obras.

Araguas, Vicente, "Elas eran tres irmás", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 27 xaneiro 2008, p. 18.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que leu o libro *Da palabra no tempo* (2007), de Darío Villanueva, onde fai referencia a moitos aspectos e no que teñen cabida algúns escritores galegos como Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo, Manuel Luís Acuña e Domingo García Sabell. Indica que á beira destes autores realiza unha reflexión sobre o cinema e a literatura.

Araguas, Vicente, "Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 novembro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "DERRADEIRO GUATEQUE", da obra poética *Xuvia revisitada*, de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "De 'Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 novembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "BEBA PÍDEME NO QUIOSQUE NON FALAR DE COUSAS TRISTES", de *Xuvia revisitada*, poemario de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "De 'Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 decembro 2008, p. 28.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "CHEGABAN AS PEIXEIRAS CON CHEIRUMES DE PRATA", da obra poética *Xuvia revisitada*, de Vicente Araguas.

Araújo, Lorena, "Joyas literarias en espacios de autor", *La Región*, "Ciudad", 13 xullo 2008, p.12.

Infórmase da incorporación á biblioteca do Centro Cultural da Deputación de Ourense do fondo bibliográfico de Pura e Dora Vázquez que se unen ás colecciónes que alí xa se atopan de autores como Eduardo Blanco-Amor ou Manuel Abelenda. Engádese que tamén contén dossieres de prensa da vida pública de Ourense ou periódicos antigos dende o ano 1800 en adiante. Por último faise referencia a que alí tamén se gardan valiosas cartas como a escrita a man pola primeira esposa de Rafael Alberti a Blanco Amor ou os planos elaborados polo propio autor para construír unha praza de touros en Ourense.

Arias, Carlos, "De 'Da dor da claridade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2008, p. 29.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Ao final deste crepúsculo...", da obra *Da dor da claridade*, de Carlos Arias.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 febreiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento da composición poética "AÍNDA dormen. Laura coa boca aberta", de *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 febreiro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle un fragmento intitulado "-Quero facerche un regalo. Algo que sempre/...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 febreiro 2008, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento intitulado "Pode ser que importe....", da obra poética *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 febreiro 2008, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento da obra poética de Xiana Arias, intitulada *Ortigas* (2007).

Arias, Xiana, "De 'Comen o baleiro...", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2008, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Xiana Arias, titulado "Comen o baleiro...".

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "SENTADA na porta da cas cun coxín na barriga,…" de *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Armada y Losada, Juan, "Fragmento de 'Relembros d'a terra ullán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 setembro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección un fragmento poético que comeza "De Gundian n-o alto…", de Juan Armada y Losada.

A. R. R., "Antía Otero y Yolanda Castaño formarán parte de la actividad 'A hora do conto", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 27 abril 2008, p. 18.

Dá conta da actividade relacionada coa lectura que a biblioteca de Chantada vai levar a cabo baixo o título "A hora do conto". Tamén indica que dúas das participantes serán

Antía Otero e Yolanda Castaño e salienta que o obxectivo da actividade é promover a lectura en lingua galega.

A. T., "Oroso rinde homenaje a Díaz Pardo con una plaza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 xaneiro 2008, p. 32.

Informa da inauguración da exposición da "Memoria histórica" que terá lugar en Oroso. Comenta que na xornada inaugural participará Isaac Díaz Pardo para falar sobre a época da Segunda República até a Ditadura e que tamén estará presente Xesús Alonso Montero, que impartirá a conferencia "As misións Pedagóxicas na Segunda República". Así mesmo, indica que haberá outras conferencias e que o Concello de Oroso vai homenaxear a Díaz Pardo dándolle o seu nome á actual Praza do Concello.

A. T., "Cálido tributo a David Otero, 'un imprescindible da cultura galega", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 maio 2008, p. 18.

Faise eco da celebración da terceira edición da Cea das Letras, onde se lle dedicou unha homenaxe a David Otero. Dá conta dalgunhas das persoas que asistiron á cea e salienta o labor do escritor homenaxeado.

A. T., "Ruta cultural en Vilagarcía ", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 11 agosto 2008, p. 70.

Coméntase que a Secretaria xeral de Política Lingüística inaugura en Vilagarcía de Arousa a exposición itinerante "As nosas palabras, os nosos mundos", que pretende 'contribuír a difundir o plurilingüismo' e fai un percorrido pola historia do galego no contexto da diversidade cultural do planeta. Dise que a mostra contén materiais gráficos, sonoros e audiovisuais en trinta e un idiomas diferentes. Entre outros materiais dise que hai poemas de Rosalía de Castro e Federico García Lorca e que case un milleiro de persoas de diferentes zonas de España visitan a exposición no Mosteiro de San Martiño Pinario.

A. V, "Dolores Villarino lamenta la pérdida del poeta Ramiro Fonte", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 outubro 2008, p. 68.

Sinálase que a presidenta do Parlamento Galego lamenta a morte do poeta Ramiro Fonte o cal segundo ela di representa unhas das voces máis importantes da literatura contemporánea. Dise que alén de ensaísta, narrador e estudioso da literatura galega era membro da Real Academia Galega e director do Instituto Cervantes de Lisboa. Por último indícase que a capela ardente está instalada en Pontedeume, a súa vila natal, da cal é Fillo Predilecto e Medalla de Ouro da vila.

Bacoy, I., "Una chuleta para el himno", *Faro de Vigo*, "Galicia", 26 xullo 2008, p. 19.

Alúdese a que o BNG distribuiu a letra completa do himno, con letra do poema de Eduardo Pondal, no reverso dunhas grandes estrelas vermellas (símbolo do nacionalismo galego), ante as evidentes lagoas que o público presente no festexo do Día da Patria presentaba ao tratar de cantar as dúas últimas estrofas. Comenta que este descoñecemento se atribue á "cultura centralista imperante durante anos", segundos membros desta organización política.

Baena, Ana, "La mujer sufre más paro cuanto más nivel académico tiene, según CC OO", *Atlántico Diario*, "Vigo", 5 marzo 2008, p. 24.

Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora, dá conta da participación da escritora María do Carme Kruckenberg no recital poético "Elas-7", organizado por Comisións Obreiras. Outros participantes que nomea son Román Raña, Ana María González e Pusene Kruckenberg. Así mesmo, anuncia que os poemas serán recollidos nunha antoloxía.

Baena, Ana, "La Escola Superior de Arte Dramática tendrá una compañía teatral propia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 13 abril 2008, p. 13.

Comenta que a Escola de Arte Dramática de Vigo vai crear unha compañía de teatro destinada principalmente ao alumnado do último curso da Escola. En palabras do seu director, Francisco Vieites, explica que aínda non decidiron quen levará a dirección da compañía, mais afirma que realizarán dúas representacións anuais e que estrearán novas instalacións en Navia.

Baena, Ana, "Aumenta el número de espectadores de teatro en Vigo en plena crisis del cine", *Atlántico Diario*, "Vigo", 14 abril 2008, p. 13.

Achega os datos estatísticos sobre a mellora da situación do teatro na cidade de Vigo. Comenta que ante a crise que está a sufrir o cine, pola contra, o teatro atópase nunha época dourada. Indica que se incrementou o número de espazos escénicos, a programación e as dotacións económicas con respecto ao 2006. Así mesmo, recolle os datos en relación ás funcións da Rede Galega de Teatro e Auditorios e das salas Teatro Arte Livre e Teatro Ensalle. En columna á parte, achega os comentarios sobre a situación do teatro galego de Celso Parada, director de Teatro do Morcego, e de Cándido Pazó, que se atopa de xira coa compañía Talía Teatro.

Baena, Ana, "Las librerías llegaron a cuadriplicar las ventas con motivo del Día del Libro", *Atlántico Diario*, "Vigo", 24 abril 2008, p. 18.

Fai referencia á celebración do Día do Libro en Vigo no que o número de vendas de libros aumentou. Con respecto á literatura galega, comenta que os máis vendidos foron *Made in Galicia* (2007), de Sechu Sende, e *O Señor Lugrís e a negra sombra* (2007), de Luís Rei Núñez. Tamén indica que se venderon moitos libros relacionados con Vigo debido ao bicentenario da cidade. En columna á parte, informa sobre o baixo índice de lectura en Galicia.

Bande, Enrique, "Universalismo, progresismo y liberalismo", *La Región*, "Centenario de Curros Enríquez", 7 marzo 2008, p. 17.

Repasa a traxectoria literaria e biográfica de Manuel Curros Enríquez. Comenta os seus anos de xuventude e as diferentes cidades nas que viviu, tamén indica os relatos que escribiu e salienta a publicación da súa primeira obra poética, *Aires da miña terra* (1880). De seguido, comenta que Curros Enríquez destacou principalmente como poeta civil, político e xornalista e, a continuación, describe os anos que pasou en Cuba e cita os xornais cos que colaborou. Por último, fai referencia aos derradeiros anos e ao momento da súa morte.

Bará Torres, Luís, "A viaxe da cultura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 febreiro 2008, p. 10.

Informa que a cultura galega estase a abrir camiño no mundo, nos mercados mundiais e en diversos espazos xeográficos de Europa e América e isto, grazas ás viaxes como a que vai realizar a cultura galega a Cuba, para a súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana. Salienta que a presenza nesta feira mostra o recoñecemento de Galiza como cultura, ademais tamén é unha vía para coñecer a realidade dun país e serve como porta de entrada da nosa cultura en América. Por último, refierese ao traballo da Consellería de Cultura arredor de estratexias globais de promoción e indica que a participación galega é algo positivo para o país.

Barcón, Carlos, "La Javiota' de Cedeira", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 19 febreiro 2008, p. 17.

Faise eco da publicación da revista local de Cedeira *La Javiota*, dirixida por Diego Romero Loureiro. Explica que a revista, chea de fotos e de referencias a acontecementos, conta tamén con conversas con numerosas personalidades da vila.

Barcón, Carlos, "Fiesta de la Cultura", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS/Agenda", "Entre nosotros", 31 marzo 2008, p. 11.

Faise eco da celebración dos Premios Nacionales na cidade de Ferrol. Destaca o discurso pronunciado polo Ministro de Cultura, César Antonio Molina e sinala algunhas das declaracións vertidas polo presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño.

Barrigós, Concha, "A ollada revisionista", *Galicia Hoxe*, "Letras", 23 novembro 2008, p. 32.

Dá conta de que o autor do libro *O neno do pixama de raias* (2007), o escritor irlandés John Boyne, lanza a súa última novela: *Motín na Bounty* que, publicada en España por Salamandra e froito dunha investigación de oito meses e doutros dez de escritura, foi concibida para reivindicar a figura do capitán William Bligh e pór no seu sitio a

Fletcher Christian. Engádense as opinións do autor sobre os feitos de gran controversia nos que se centra a obra.

Barros, Xavier, "De Toro teme que las letras gallegas sean un gallo sin cabeza", *La Opinión*, "Cultura", 9 outubro 2008, p. 55.

Comenta que os escritores Suso de Toro, Rexina Vega e Antón Figuero sinalan a necesidade de obter unha maior proxección dos libros galegos e un maior número de traducións a outras linguas para competir no mercado aínda que tamén apoian medidas proteccionistas. Pola súa parte, Suso de Toro lamenta que Galicia non siga a "exportación literaria" catalá.

Barros, Xavier, "De Toro, Vega y Figueroa piden más traducción", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 9 outubro 2008, p. 68.

Alude a que os escritores Suso de Toro, Rexina Vega e Antón Figueroa son os invitados dun debate en Vigo sobre o futuro da literatura galega, organizado polo Consello da Cultura Protesta, e nel os tres sinalan a necesidade dunha maior proxección dos libros galegos e da súa tradución a outras linguas. Dise que de Toro apunta que o futuro da produción literaria en galego está vinculada á lingua pero tamén á calidade. Ademais, lamenta que Galicia non siga a política de Cataluña de apoiar a exportación dos seus libros e de traducións.

Bascoy, I., "Una chuleta para el himno", *Faro de Vigo*, "Galicia", 26 xullo 2008, p. 19.

Dise que o descoñecemento do himno galego e sobre todo das súas dúas últimas estrofas por parte da poboación galega púxose en evidencia na celebración do 25 de xullo de 2008 no que os organizadores da manifestación polo Día da Patria repartiron estrelas vermellas co texto completo do himno entre os milleiros de manifestantes.

Beceiro, Manuel, "A Medalla de Ouro da Cidade premia o labor do Museo do Pobo Galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 16 febreiro 2008, p. 9.

Indica que o Concello de Santiago lle outorgou o galardón da Medalla de Ouro da cidade ao Mérito Cultural ao Museo do Pobo Galego. Indica que o acto de entrega tivo lugar na igrexa de Bonaval e foi Isaac Díaz Pardo quen recolleu a Medalla. Por último, lembra a historia do Museo nos seus trinta anos de vida.

Bernárdez, Carlos L., "Cen anos de Urbano Lugrís", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 234, "Arte", 31 xaneiro 2008, p. VI.

Comenta que este ano se cumpre o centenario do nacemento do artista Urbano Lugrís e por isto xa se están a preparar iniciativas. Dá conta da publicación de dous libros sobre Lugrís: o primeiro é unha biografía novelada da man de Luís Rei Núñez, *O señor Lugrís e a Negra Sombra* (2007), e a segunda, obra de Antón Patiño, *Urbano Lugrís: viaxe ao*

corazón do océano é un ensaio sobre a vida e obra do artista. Así mesmo, tamén informa que a Fundación Caixa Galicia vai abrir unha exposición na Coruña coas obras do pintor. En columna á parte, salienta a faceta literaria de Urbano Lugrís e comenta que o seu poeta preferido era Manuel Antonio, a quen chamaba "o poeta maior do mar".

Biscaíhno, Carlos Caetano, "Un marco legal para o teatro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 2, "Artes escénicas", 20 decembro 2008, p. 7.

Anúnciase que o proceso de profesionalización do teatro galego que se iniciara en 1987 se completará en 2009 tras a entrada en vigor do primeiro Convenio de Actores e Actrices. Sinálase que os encargados de levar a cabo este proceso, así como de definir as súas liñas básicas, son a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas e a Axencia Galega das Industrias Culturais. Por último, ponse de manifesto a situación ao longo da historia do teatro na nosa comunidade que aínda non contaba cun marco regulador das relacións laborais.

B. L., "Pontevedreses nunha illa do Caribe", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 17 febreiro 2008, p. 64.

Dá conta de distintas personalidades pontevedresas que representaron a Galicia na Feira do Libro da Habana e salienta a presenza de Xosé Neira Vilas, entre outros escritores como Víctor Freixanes, Fina Casalderrey, Xose Mª Álvarez Cáccamo e Manuel Vázquez Pintor. Tamén dá conta da participación do grupo de animación infantil Pavís Pavós e do realizador Mario Iglesias.

Blanco, M. X., "Namorados da pluma e do papel", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 maio 2008, p. 2.

Faise eco do transcorrer da vida da familia de escritores formada por Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro e a súa filla María do Cebreiro. Explica como se iniciou na escrita cada un deles e afirma que os tres presentan estilos diferentes. A continuación, fala do outro fillo do matrimonio, Abe Rábade, quen se decantou pola arte da música. Por último, comenta que a familia pasa os seus días de descanso nunha casa do concello de Rianxo.

Blanco, X.R., "O seguinte paso é que sexa BIC toda a súa obra", *Xornal de Galicia*, "En clave", 11 decembro 2008, p. 9.

Chámase a atención sobre o feito de que calquera documento inédito da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao precisa do consentimento de Xavier Baltar, herdeiro lexítimo dos dereitos da obra gráfica e escrita do autor, para ser publicado. Así mesmo, infórmase de que duascentas cartas que o escritor remitiu a Rodolfo Prada, o seu home de confianza durante o exilio, se atopan baixo este veto. Por último, anúnciase o ambicioso traballo de compilación das máis de tres mil pezas que compoñen o legado intelectual de Castelao entre creacións en prosa, textos teatrais, obras literarias,

discursos parlamentarios, debuxos e artigos xornalísticos, en formato dixitalizado, por parte da Consellería de Cultura.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Andel de novidades", 17 xaneiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 163, "Andel de novidades", 26 xaneiro 2008, p. 11.

Ocúpase brevemente da novela *Amor de Tango* (1992), de Mª Xosé Queizán, así como do poemario de Moncho Iglesias intitulado *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007) e da obra de teatro *Luz de sombras* (2007), de Luís Rodríguez Cao. En canto á literatura infantil e xuvenil, fai referencia á obra de Miguel Vázquez Freire, *Contos de Reis e de Nadal* (2007).

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, 24 xaneiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 164, "Andel de novidades", 2 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa na que se achega ao número 17 da revista *Animal* que inclúe un conto do escritor brasileiro Machado de Assis, intitulado "O Alienista", e tamén ao último número da revista *LongaLingua* da Mesa pola Normalización Lingüística. En poesía, trata do último libro de Daniel Salgado, *Poemas de como se rompe todo* (2007) e inclúe, finalmente, tamén o volume *O misterio de Carlos G. Reigosa* (2007) no que se recollen as conversas que o autor, Xosé Manuel del Caño, mantivo co escritor Carlos Reigosa.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 234, 31 xaneiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, "Andel de novidades", 9 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle nesta ocasión unha breve aproximación a catro libros de ensaio: *Da palabra no tempo* (2007), de Darío Villanueva; *Relación dalgunhas casas e liñaxes do Reino de Galicia*, de Vasco da Ponte; unha nova edición de *De Breogán aos Pinos* (1996), de Manuel Ferreiro; e *No pazo de Laiovento* (2007), de Xosé Luna Sanmartín.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, 7 febreiro 2007, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Andel de novidades", 16 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle nesta ocasión un breve comentario de catro libros: dúas das obras son de ensaio xeral que non atinxen ao ámbito da literatura (*O carnaval en Galicia* e *Álbum de Guerra*); os outros dous libros son *Eléctricas* (2007), de Manuel Lourenzo, que acolle tres pezas cómicas ("Forzas eléctricas", "O maratón sentimental de Elisa Fortes" e "A comisión"), e os relatos recollidos en *A idade da auga*, primeira obra narrativa do escocés James Salter.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, 14 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 175, "Andel de novidades", 23 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento, na que nesta ocasión, se atende ao volume *Poesía galega completa* (2007), que recolle a obra poética de X. M.ª Álvarez Blázquez, publicado por Edicións Xerais de Galicia, así como tamén á obra narrativa *Para dicir abril*, de Xosé Vázquez Pintor; e os dous poemarios *Ouveo e outros poemas* (2007), de Allen Ginsberg, traducido por Daniel Salgado, e *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, 21 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, 1 marzo 2008, p. 11.

Analiza brevemente na sección fixa do suplemento catro obras: a novela curta gañadora do Premio Manuel Lueiro en 2007, *O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando, e a narración *A venus de cristal*, de Chelo Suárez, mentres que en literatura infantil e xuvenil comenta, *Ollobrusco* da autoría de Darabuc e Maurizio A. C. Quarello. Así mesmo, ocúpase tamén brevemente do poemario de Rosa Enríquez, *Vestíbulo da devastación* (2007).

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, 28 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 177, 8 marzo 2008, p. 11.

Sección fixa na que se acollen pequenos comentarios de dúas novidades de narrativa como son *Da vendima á Zafra* (2007), de Emilio Comas Paret, e *Memoria contra o Alzheimer*, de Rafael Laso Lorenzo, así como dúas pezas teatrais: *A cabana de Babaiagá*, adaptación dun conto tradicional eslavo de Paula Carballeira para os máis novos e *O regreso ao deserto* (2007), de Bernard-Maríe Koltés.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, 13 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 179, 29 marzo 2008, p. 11.

Ocúpase, esta sección fixa, de tres títulos de poesía: *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña; *Miño* (2007), de Francisco X. Fernández Naval, e *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila. Ademais tamén inclúe a referencia, no ámbito da literatura infantil, a *Castañas con porco bravo* (2007), unha entrega da colección "Os pequenos barbanzóns", de Pepe Carreiro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, 17 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, 26 abril 2008, p. 11.

Analízanse brevemente *O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga; *O casal*, de André Evangelista Marques; *Un barquiño coma min*, de Thomas Docherty; e *Francisco Taxes e o teatro*, editado por Xurxo Taxes Díaz.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, 1 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, 10 maio 2008, p. 11.

Recoméndase as achegas literarias de Xosé Luna, con *O teatro de Varela Buxán*; de Anxo Fariña, con *O ladrón de palabras*; e de Amadeo Cobas, con *As pantasmas sodes do que non hai* (2007).

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, 12 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 191, 21 xuño 2008, p. 11.

Sección fixa onde teñen cabida a modo de recomendación libros como *A cidade e os días*, de Xosé María Álvarez Blazquez; *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño; e as traducións *Venres ou a vida salvaxe*, de Michel Tournier; e *Viaxe ao centro da Terra*, de Jules Verne.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, 10 xullo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, 19 xullo 2008, p. 11.

Acóllense nesta columna títulos como *La Gallega*, de Celso García de la Riega; *Bertiño Rompetodo*, escrito por Ramón Caride e ilustrado por Chus Ferrín; e, por último, *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, 18 setembro 2008, p. VII.

Sección fixa onde teñen cabida a modo de recomendación libros como *Sagarmatha* (2005), de Josep-Francesc Delgado; e *Poderosa*, de Sérgio Klein.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, 30 outubro 2008, p. VII

Sección fixa onde se comentan cabida, entre outros títulos alleos á literatura galega, *Eu tamén son fonte*, de Teresa Moure e Leandro Lamas; e *Os alimentos terrestres*, de André Gidé.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 267, 13 novembro 2008, p. VII.

Sección fixa que salienta do panorama literario galego libros como *Xenaro e a mochila verde*, de Mar Guerra; *A soas*, de Ramón Pérez Cid; e *Mal de escola*, de Daniel Pennac.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, 20 novembro 2008, p. VII.

Cítanse a modo de recomendación *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo; *Nos dominios da incerteza* (2007), de Manuel Blanco Desar; *Xanciño de Zoxín*, de Xosé Fuentes Alende; e *Reversos*, de Ramiro Fonte.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 271, 11 decembro 2008, p. VII.

Columna que presenta novidades literarias como *As flores do mal*, de Charles Baudelaire; *Boa noite, meu bebé*, de Ana Martín Larrañaga; e *Ao final do infinito*, de Basilio Lourenzo Fondevila.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 591, 27 decembro 2008, p. 3.

Recoméndase a lectura de *Historia Universal de Paniceiros*, de Xuan Bello; *Os Bolechas no zoo*, de Pepe Carreiro; e *Paisaxe e nación*, de María López Sández, quen mereceu por esta obra o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007.

Blanco Rodríguez, Luísa, "Galicia e Carmen Martín Gaite", *Diario de Pontevedra*, "Revista", n.º 443, "Reportaxe", 14 decembro 2008, p. 11.

Nesta reportaxe, ponse de manifesto a galeguidade presente na obra narrativa de Carmen Martín Gaite (considerada unha das figuras máis importantes das letras hispánicas e a primeira muller á que se lle concedeu o Premio Nacional de Literatura) polas continuas referencias a Galicia, tanto no que atinxe ao tratamento da forma coma ao tratamento do fondo. Para exemplificar este sentimento galego recóllense citas de anacos das súas obras así como as propias declaracións da autora, falecida en 2000. Dise que a súa nai era galega e pasou moitos anos de infancia e adolescencia en Galicia e esa influencia manifóstase sobre todo nalgúns aspectos lingüísticos como por exemplo o uso do sintagma "llamar por ella" ou no cambio de lingua que se produce cando nas súas novelas fala un personaxe galego.

Bocixa, Xose, "Cuba, primeira etapa da proxección internacional da cultura galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro 2008, p. 31.

Dá conta da inauguración da XVII Feira Internacional do Libro da Habana e da participación do colectivo galego. Indica que Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas foron os persoeiros galegos do acto inaugural e salienta a masiva presenza de público. Comenta que houbo moitas actividades da cultura galega, literarias e musicais, e que a feira contou con artistas galegos como Chus Pato, Rosa Aneiros e Mercedes Peón, entre outros. Por último, afirma que á feira só lle faltou realizar actividades máis populares e non tan elitistas.

Bóveda, José Emilio, "Degaro…", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 12 agosto 2008, p. 18.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de José Emilio Bóveda, intitulado "Degaro…" e ilustrado por Xoán Baltar, que narra a obsesión do protagonista por atrapar palabras co seu bolígrafo.

Bóveda Álvarez, Jorge, "Novo ensaio sobre a cegueira", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 28 xullo 2008, p. 11.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Jorge Bóveda Álvarez, intitulado "Novo ensaio sobre a cegueira" e ilustrado por Xoán Baltar, no que conta a peculiar característica física dun personaxe que naceu cos ollos revirados cara ao seu interior. Este feito permítelle coñecerse a si mesmo pero non o deixa ter o equilibrio preciso para ser un humano equilibrado ao non poder vivir cara fóra.

Bruña, Rubén, "Distintas disciplinas artísticas se hermanarán durante 'Cultur.gal", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xullo 2008, p. 10.

Enumera as actividades culturais (actuacións musicais, proxeccións, talleres, presentacións de libros, actividades infantís ou mesas redondas), tanto para público especializado coma para os demais asistentes, que teñen lugar no recinto do Palexco en Cultur.gal 08, onde se reúne, segundo o seu director, Nel Vidal, o máis rico, vangardista e innovador da música, do teatro, do cine e da totalidade das artes que realizan os artistas galegos.

Bruña, Rubén, "María Pita acoge una exposición en el centenario de Curros Enríquez", *La Opinión*, "A Coruña", 14 outubro 2008, p. 12.

Infórmase de que o Palacio Municipal de María Pita acolle a maior colección de artigos relacionados co poeta Manuel Curros Enríquez, unha exposición presentada pola Real Academia Galega e o Concello da Coruña que leva por nome "Na frente unha estrela", realizada con motivo do centenario da morte do escritor, e que nela se recollen múltiples obxectos relacionados co poeta. Finalmente, cítanse as palabras da concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, eloxiando a figura de Curros Enríquez.

Bruña, Rubén, "La Real Academia Galega digitaliza sus archivos documentales", *La Opinión*, "A Coruña", 20 novembro 2008, p. 12.

Anúnciase que os fondos bibliográficos e documentais da Real Academia Galega serán dixitalizados tras a firma dun convenio entre a entidade e a Concellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Sinálase que unha vez dixitalizados os fondos escritos, sonoros ou audiovisuais serán postos a disposición do público en xeral e pasarán a formar parte da Real Academia e da Biblioteca Nacional de Galicia. Por último faise

unha relación dos fondos máis importantes que pasan po reste proceso como publicacións de persoeiros do século XIX como Marcial de Adalid ou as primeiras publicación en galego do mesmo século como xornais e revistas (*La Oliva*, *El Miño, El Criticón*)

Bruña, Rubén, "Una exposición colectiva rinde homenaje a Curros Enríquez en el Kiosco", *La Opinión*, "A Coruña", 26 novembro 2008, p. 13.

Comenta que, con motivo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, o Kiosko Alfonso acolle a mostra "Quen puidera connosco voar", unha homenaxe ao escritor de Celanova que contén cincuenta e sete obras, entre pinturas, esculturas e fotografías de artistas coruñeses. Ademais dise que, despois da visita guiada á mostra, o grupo teatral de Casa Hamlet realiza un recital poético musical para honrar os versos deste poeta da man da escritora Ánxeles Penas.

Bruña, Rubén, "Cultura recibe una donación de la biblioteca privada de Marinhas", *La Opinión*, "A Coruña", 2 decembro 2008, p. 15.

Infórmase de que a Concellería de Cultura difundirá a colección bibliográfica do dramaturgo coruñés Jenaro Marinhas del Valle, a cal contén máis de dúas mil obras impresas, con gran cantidade de temáticas: literatura, filosofía, poesía, filoloxía, historia, ensaio e teatro. Dise que tamén contén unha colección de revistas e xornais galegos, algún deles de moita antigüidade. Dos títulos en galego da colección, salienta unha edición facsimilar de *Las Cantigas de Santa María*, así como dicionarios e coleccións de arte e historia.

Bugallal, Isabel, "Urbano Lugrís en su isla", *La Opinión*, 11 xaneiro 2008, contracuberta.

Salienta que Urbano Lugrís deixou un legado de mundos míticos e submarinos que agora se están a lembrar con motivo de celebración do centenario do seu nacemento. Informa que a Fundación Caixa Galicia mostra unha exposición dos fondos do artista e que ademais saíron publicadas dúas obras sobre Lugrís: *O señor Lugrís e a Negra Sombra* (2007), de Luís Rei Núñez, editada por Xerais; e a de Antón Patiño, *Urbano Lugrís: viaxe ao corazón do océano* (2007), publicada por Ediciós do Castro. A continuación describe a súa traxectoria vital e artística.

Bugallal, Isabel, "Cuando Curros se topó con la Iglesia", *La Opinión*, 6 marzo 2008, contracuberta.

Fai referencia aos enfrontamentos que Manuel Curros Enríquez tivo coa Igrexa, concretamente comenta a denuncia que o bispo de Ourense lle puxo a Curros polos seus poemas "A igrexa fría" e "Mirando ó chau", no ano 1874. A continuación, relata o exilio de Londres e a emigración americana, onde traballou en distintos xornais e acadou sona como poeta. Finalmente, comenta os seus últimos días e o traslado dos seus restos á cidade da Coruña.

Bugallal, Isabel, "La cátedra de La Peña", *La Opinión*, 13 marzo 2008, contracuberta.

Lembra o faladoiro La Peña que se celebraba nos anos vinte nun café da rúa Real da Coruña. Dá conta das persoas que participaban nestes relatorios sobre literatura, música, pintura, etc, e salienta o libro publicado por Julio R. Yordi, *La Peña y la peña*, no que conta como se desenvolvían estes faladoiros e dedica un capítulo do libro a cada un dos personaxes que participaban.

Bustabad, Lorena, "Versos salvajes en la ciudad dormida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 abril 2008, p. 12.

Informa da celebración da I Semana da Poesía Salvaxe de Ferrol, organizada pola Concellería de Cultura. Explica que durante catro días unha ducia de poetas van declamar os seus versos nas rúas e prazas da cidade para manter un contacto directo cos veciños. Comenta que se trata dun proxecto semellante ao que se realiza en Córdoba, Cosmopoética, e conta algunhas anécdotas do evento. Así mesmo, achega os nomes dos artistas participantes.

Bustabad, Lorena, "Centenares de amigos y vecinos despiden a Ramiro Fonte", *El País*, "*Galicia*", 14 outubro 2008, p. 6.

Descríbese o funeral do escritor Ramiro Fonte, no que salienta a asistencia de rostros coñecidos na órbita cultural galega coma o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, o catedrático de literatura Xesús Alonso Montero ou o escritor Miguel Anxo Fernán-Vello. Danse os detalles da celebración e as palabras do ministro lembrando o amigo.

Calvo, Tucho, "Raúl Castro presidiu a inauguración da Feira do Libro da Habana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 febreiro 2008, p. 57.

Faise eco da inauguración da Feira Internacional do Libro da Habana na que participan trinta e dous países e dá conta das personalidades que acudiron ao acto, entre elas, a conselleira galega de cultura, Ánxela Bugallo, quen salienta a importancia de presentar unha cultura "viva, dinámica e moderna".

Calvo, Tucho, "Éxito de vendas dos editores galegos na Habana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 febreiro 2008, p. 38.

Salienta o grande éxito que acadou a cultura galega coa súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana e non só a nivel de vendas de libros senón tamén cos espectáculos que presentou. Ademais, comenta que estabeleceu contactos con Chile que será a invitada de honra en 2009.

Canda Mariño, Pilar, "Homenaje a los niños de 1808, un canto á paz e á esperanza", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 agosto 2008, p. 75.

Anúnciase que a Galería Sargadelos foi o lugar elixido para presentar o libro *Homenaje a los niños de 1808*, no que se denuncia o carácter inxustificábel de toda guerra, insistindo sobre os padecementos dos nenos nas contendas. Dise que os encargados de presentar a obra foron Helena Torres, Marilar Aleixandre, Antonio García Teijeiro, Agustín Fernández Paz, Violeta Monreal e Sara Moreno. No libro, dezaoito escritores e oito ilustradores reflexionan sobre as consecuencias da guerra para os máis cativos.

Candelas Colodrón, Manuel Ángel, "A inundación do globomillo", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 3, "Cultura na Rede", 27 decembro 2008, p. 2.

Reflexiona sobre a proliferación dos blogs na Internet e a súa notábel labor de expansión e difusión da lingua galega. Dise que o chamado "Blogomillo" supón un avance no terreo da literatura, pois nel se penduran nun só día un número maior de comentarios e anotacións que en toda unha semana xornalística. Apúntase que outros blogs son: "Dpaso" (de Manuel J. Barreiro), "Calidonia", "Zerovacas" (de Marcos S. Pérez), "Sihomesí" (de Xosé Manuel Pereiro), "Cousas de Imeneo", "O demo me leve" ou "Croques" (de Perfecto Conde e na que se comenta actualidade política), "Brétemas" (Manuel Bragado) ou "As uvas na solaina" (de Marcos Valcárcel), que informan acerca de eventos culturais. Comenta que a cultura tamén é protagonista noutros cadernos de bitácora como "Capítulo" (de Manuel Gago), "Fragmentos da Galaxia" (de Juan Blanco Valdés) ou "Lándoa" (de Arturo Casas). Ademais, hai blogs centrados exclusivamente na literatura, mais dende un punto de vista da crítica como "Trasalba", "O levantador de minas" ou "Ferraduras en tránsito" (de Xosé M. Eyre). Dise que outras propostas que saen á luz no espazo virtual son "Casatlántica", de María Lado; "Ovnis e issoglosas", de Igor Lugrís; "A pícara de Allegue", "Haicu de Leo", "Selva de Esmelle", "Cartafol de silencio", "Chantos na chaira" ou o máis recente "Clubdacalceta", de María Reimóndez. Salienta que mesmo escritores coñecidos colaboran neste tipo de iniciativas, creando novas fórmulas de escritura en liña como é o caso de Jaureguizar. Finalmente di que no terreo da Internet tamén hai sitio para as artes visuais: "Paxarada" e "As ovellas eléctricas" exemplifican esa nova vía de exploración, difundindo traballos de Kiko da Silva na revista *Retranca*, dedicada á banda deseñada.

Caneiro, Xosé Carlos, "No 2008", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 244 , 5 xaneiro 2008, p. 10.

Con motivo do inicio do ano 2008, Caneiro recomenda a lectura dunha serie de libros que considera básicos da literatura galega. Salienta a obra de Ramiro Fonte, *As pontes no ceo* (2007); o poemario de Yolanda Castaño, *Profundidade de campo* (2007); a tradución feita ao galego da obra *O castelo branco* (2007), de Pamuk; e, finalmente, a última entrega de Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor* (2007).

Caneiro, Xosé Carlos, "Luces e bohemia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 248, 2 febreiro 2008, p. 10.

Comeza destacando a importancia de que un escritor cree o seu propio estilo e indica que este foi o caso de Carlos Casares. Comenta que a editorial Galaxia publicou na colección "Biblioteca Carlos Casares" as columnas que o escritor publicou no xornal *La Voz de Galicia*, baixo o título de *Á marxe* (2007). A continuación, informa que a escritora Anxos Sumai foi a gañadora do Premio Repsol YPF de narrativa breve coa obra *Así nacen as baleas* (2007) e, de seguido, recomenda a lectura do poemario de Helena de Carlos, *Vigo* (2007). Tamén dá conta das obras de Anxo Angueira, *Fóra do sagrado* (2007), e de Francisco X. Fernández Naval, *Miño* (2007).

Caño, X. M. del, "Unha exposición amosa obxectos persoais e cartas de Curros Enríquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 maio 2008, p. 47.

Comenta que a Real Academia Galega organiza en Celanova a exposición máis completa sobre a figura de Manuel Curros Enríquez para celebrar o centenario do pasamento deste escritor. Indica que nesta exposición se poden atopar dende obxectos persoais do poeta até as súas obras, cartas e documentos de entidades coas que estivo relacionado.

Carballa, X., "Morre Camilo Gonsar, figura renovadora da narrativa galega", *A Nosa Terra*, "Cultura", n.º 1.333, 13-19 novembro 2008, pp. 38-39.

Dá conta do falecemento aos setenta e sete anos de idade do escritor sarriá Camilo González Suárez-Llanos, máis coñecido no mundo das letras como Camilo Gonsar. Infórmase que, entre a súa produción literaria, se contan obras como *Lonxe de nós e dentro* (1961), *Como calquer outro día* (1962) ou *Cara a Times Square* (1980). Coméntase que non só dedicou a súa vida a escribir senón que tamén traballou na Universidade neoiorquina de Syracusa e como profesor de instituto dende 1964 até a súa xubilación nun instituto de Vigo. Tamén foi membro da Real Academia Galega dende o 14 de decembro de 2004 co discurso de entrada "Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo". Por último acóllense dúas entrevistas ao escritor, publicadas n'*A Nosa Terra* en 2004 e 2002, nas que fala da orixe do nome da Nova Narrativa Galega, do seu estilo narrativo, do uso social do idioma galego e das esixencias de promoción do mundo editorial.

Carballedo, A., "Molina erixe Mondoñedo en 'lugar clave' das letras universais", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 29 febreiro 2008, p. 74.

Dá conta da celebración do vixésimo sétimo aniversario de Manuel Curros Enríquez. Comenta as palabras de loanza pronunciadas polo ministro de Cultura, César Antonio Molina, e anuncia que o seu próximo libro versará sobre os espazos de "curación". Así mesmo, tamén dá conta doutras personalidades que participaron no acto e das distintas actividades que se levaron a cabo.

Carballeira, Paula, "De 'Contatrás", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28de abril de 2008, p. 33.

Nesta sección fixa acóllese o poema "OS ANIMAIS" pertencente ao poemario *Contatrás*, de Paula Carballeira.

Carlos, Helena de, "De 'Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "CON ESTE ÚLTIMO acto devolvámoste á auga…" pertencente ao poemario *Vigo*, de Helena de Carlos.

Carlos, Helena de, "de '1999", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 outubro 2008, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Emerxen os camións do solpor…" do poemario *1999* (2001), de Helena de Carlos.

Casas, Arturo, "Voces no blog (case unha poética)", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 3, "Cultura", 27 decembro 2008, p. 4.

Reflexiona sobre a importancia e uso literario dos blogs , que os converte en todo un fenómeno. Considera necesario facer un balance desta particular tendencia, valorando os contidos literarios de algúns que ocupan unha categoría á parte. Dise que Isabel Hernán Casciari falou deste mesmo tema no Evento Blog 2008 celebrado en Sevilla, distinguindo entre dous tipos de blogueiros: os que xa escribían antes de que aparecese este formato e aqueles que se decataron de que tamén tiñan algo que contar e foron inspirados pola moda da Internet.

Cascudo, Xosé Antón, "De 'Manual do misántropo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 de abril de 2008, p. 33.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Máis anónimo que unha folla…" pertencente ao poemario *Manual do misántropo*, de Xosé Antón Cascudo.

Cascudo, Xosé Antón, "de 'Manual do misántropo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Manual do misántropo* (2007), de Xosé Antón Cascudo, intitulada "Os anos nocturnos de amizade e xuventude…".

Castaño, Yolanda, "Rica nica", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 24 febreiro 2008, contracuberta.

Fala sobre a súa participación no Festival de Poesía de Granada, realizado en Nicaragua, e salienta a diferenza de ser poeta en América Latina e en Europa. De seguido, describe as actividades que realizou e a súa volta a Galicia. Por último, comenta que atopou nunha gasolineira unha obra de Anxos Sumai.

Castaño, Yolanda, "Vicios e defectos", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 2 marzo 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta a súa participación na presentación do novo libro do escritor zaragozano Amadeo Cobas, quen acaba de publicar en Sotelo Blanco a obra, *As pantasmas sodes do que non hai* (2007).

Castaño, Yolanda, "Implicados/as do ano", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 21 decembro 2008, contracuberta.

Coméntase na relación diaria de noticias variadas respecto ao domingo 14 de decembro que esa noite se centra no traballo da ONG "Implicados/as no desenvolvemento" ademais de celebrar o festival "Implícate!" e unha "Noite de música e palabra solidarias". Precísase que a cuarta edición desta noite musical foi copresentada co actor Luis Tosar e contou tamén con Celso Parada, Xabier Cordal e Celso Fernández Sanmartín, ademais das palabras de María do Cebreiro e Marga do Val. Remátase destacando a conmoción que produciu a representación de Disque Danza con Factoría Teatro, a música e o premio "Eu tamén navegar".

Castelo, Miguel, "Benzoado maldito Ballesteros", *A Nosa Terra*, "Cultura", n.º 1.332, "Tribuna", 6-12 novembro 2008, pp. 38-39.

Dise que Anxo Rei Ballesteros foi sen dúbida unha das voces máis singulares e significativas da literatura galega máis recente. Neste artigo lémbrase unha parte da súa traxectoria, con títulos tales como *Dos anxos e dos mortos* (1977), a súa primeira novela, ou *Tempo e vinganza* (2003). Exáltase a persoa do escritor, defendendo a crenza de que con el se perde unha das mentes máis privilexiadas da cultura galega actual.

Castro, Francisco, "A xeración sen complexos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 setembro 2008, p. 28.

Reflexiona sobre a xeración de escritores 'entre séculos', que contan agora. Entre 35 e 55 anos, e da súa falla de conciencia de xeración, algo que os distingue da coñecida Xeración Nós, que había de marcar un antes e un despois na historia da lingua e da cultura galega. Dise que dentro do período máis actual estarían escritores como Bieito Iglesias, Suso de Toro, Manuel Rivas, Rodríguez Baixeras ou Xosé María Álvarez Cáccamo entre outros que están máis próximos da idea de Europa, mais sen abandonar o espírito de defensa da identidade cultural galega. Comenta que malia promover a individualidade, gozan tamén dun certo efecto colectivo a través dos seus blogs (o que lles permite medirse ao resto de escritores, en contacto cos lectores e coa xente) e non se consideran limitados por ningún tipo de complexo (tocan todos os temas posíbeis, sen vetos). Así, afirma que esta xeración é sen dúbida a xeración que mellor aproveita todos os medios de expresión ao seu alcance, tales como a Internet.

Castro, Rosalía de, "De 'Mais ve que o meu corazón", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 de

abril de 2008, p. 46.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Mais ve que o meu corazón", de Rosalía de Castro.

Castro, Xan, "E de postre, chulas", *La Región*, "Verano", "Catro contos", 1 agosto 2008, p. 16.

Acóllese o relato breve intitulado "E de postre, chulas", da autoría de Xan Castro.

Castro, Xan, "Coa fame non se debe negociar", *La Región*, "Verano", "Catro contos", 2 agosto 2008, p. 17.

Reprodúcese o relato "Coa fame non se debe negociar", da autoría de Xan Castro.

Castro, Víctor, "Se estrenó en Gres la pieza 'A unha neniña", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 26 novembro 2008, p. 22.

Infórmase que, organizado pola Fundación Xosé Neira Vilas da localidade pontevedresa de Gres-Vila de Cruces, tivo lugar un concerto da Coral Polifónica "Pazo de Oca" na igrexa da localidade. No concerto presentouse unha alborada intitulada 'A unha neniña', cuxa letra pertence ao propio Neira Vilas e que foi composta por Francisco Casal Espiñeira, 'Paco Casal'.

Castro Alvaredo, Olalla Amparo, "Nina", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 17 agosto 2008, p. 40.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Olalla Amparo Castro Alvaredo (33 anos) intitulado "Nina".

Castro Rodríguez, X., "Especial de literatura gallega na revista 'Cántico", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e Arca", 31 maio 2008, p. 2.

Desenvolve unha serie de reflexións arredor da historia da revista cordobesa *Cántico*, plataforma de resistencia fronte ao Réxime. Dise que foi creada no ano 1947 para servir de canle de difusión a unha poesía humana e impura, que contou sempre con traducións, homenaxes ou aproximacións a outras literaturas nacionais como a galega ou a catalá. De feito, no ano 1954 dedicoulle unha boa parte do número publicado ao III Congreso de Poesía en Compostela, no que se incluían poemas en versión bilingüe de Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesias Alvariño, Manuel María ou Uxío Novoneyra, entre outros.

C. B., "Reclaman un sarcófago digno para Cabanillas en Bonaval", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 abril 2008, p. 20.

Dá conta da celebración do cincuenta aniversario da coroación poética de Ramón Cabanillas. Achega os comentarios dalgunhas das persoas que participaron no acto como Anxo Angueira, Aurora Vidal, neta de Ramón Cabanillas, e de Francisco Fernández Rei. Todos eles salientaron o labor do escritor e a defensa que realizou da lingua galega.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 marzo 2008, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "O SEXO", da obra poética *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Objetos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 marzo 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "A ALMA DA LINGUA", da obra poética *Objetos perdidos* (2007), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 de abril de 2008, p. 47.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A Oliveira" pertencente ao poemario *Os hemisferios*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Objetos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Lonxa da seda" pertencente ao poemario *Objetos perdidos*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Objetos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 de maio de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A memoria é o espazo de reapropiación …" pertencente ao poemario *Objetos perdidos*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Cuarto de outono", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 agosto 2008, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Non falaban…" do libro *Cuarto de outono*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "A promesa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 agosto 2008, p. 32.

Acolle esta sección fixa o poema intitulado "Lembras aquela vez…", de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "Eu quero' de 'Cuarto de outono", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 agosto 2008, p. 28.

Sección fixa que acolle o poema "Eu quero" de *Cuarto de outono*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2008, p. 36.

Achégase nesta sección fixa o poema intitulado "A LINGUAXE" do poemario *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "Eu nunca", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 novembro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Eu nunca", de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 decembro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "A LEALDADE", da obra poética *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Non son de aquí", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 decembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Crime and splendor", da obra poética *Non son de aquí*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Non son de aquí", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 decembro 2008, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "A chuvia era o resumo...", da obra poética *Non son de aquí*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Non son de aquí", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 decembro 2008, p. 28.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Crime and splendor", da obra poética *Non son de aquí*, de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Non son de aquí", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 decembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "A chuvia era o resumo...", da obra poética *Non son de aquí*, de María do Cebreiro.

César, Chico, "De 'Cantáteis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 de maio de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "quem sabe o mundo se acabe…" pertencente ao poemario *Cantáteis*, de César Chico.

César, Chico, "Cantáteis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 de xuño de 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema "e, claro, reapareço …" pertencente ao poemario *Cantáteis*, de Chico César.

César, Chico, "de 'cantáteis, cantos elegíacos da amozade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección unha composición poética de *Cantáteis*. *Cantos elegíacos de amozade*, de Chico César, intitulada "sou maré onda espuma…".

C.F., "Un seminario estuda en Santiago a aparición e situación da poesía de Muller nos casos de Galicia e Irlanda", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 outubro 2008, p. 57.

Faise eco da primeira reunión do seminario internacional "Creación, edición e crítica. Poetas galegas e irlandesas", que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Infórmase que o seminario estivo organizado polo Grupo de Investigación Poesía e Xénero presidido por María Xesús Nogueira, no que participa a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

C. G., "Las bibliotecas de O Milladoiro y Bertamiráns superan los veinte mil documentos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 9 febreiro 2008, p. 37.

Comenta que a biblioteca de Ames conta con vinte mil documentos segundo os últimos datos estatísticos e salienta que os fondos medraron este ano en cinco mil novos exemplares. Así mesmo, tamén indica que a biblioteca do Milladoiro ten once mil trinta e a de Bertamiráns conta con oito mil documentos.

C. G., "La Biblioteca Nacional se encargará de restaurar los privilegios de Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 febreiro 2008, p. 22.

Comenta que a Biblioteca Nacional e o Ministerio de Cultura vanse facer cargo da restauración duns pergamiños medievais que recollen os privilexios de Padrón e, así mesmo, indica que os representantes destas entidades visitaron a Casa-museo Rosalía de Castro e a Fundación Camilo José Cela.

C. G., "Neira Vilas dedicará unha obra ó xenial pintor de Lalín, Laxeiro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 abril 2008, p. 75.

Dá conta da inauguración da segunda edición da Feira do Libro de Lalín. Comenta que o pregón correu a cargo do escritor Xosé Neira Vilas, que revelou que está a preparar unha obra sobre o pintor Laxeiro. Tamén achega os nomes doutros escritores que xa participaron na feira presentando os seus libros.

C. G., "Arrancan mañana en O Pino los actos en honor a Luís Seoane", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 maio 2008, p. 41.

Comenta que o Concello do Pino vai nomear fillo predilecto a Luís Seoane e indica que nese acto de homenaxe, o escritor Manuel Losa Rocha vai presentar o seu novo libro, *Relato dun emigrante...De Santiago a Montevideo* (2007), no que relata a historia de Galicia e Montevideo a partir dos anos cincuenta. Así mesmo, tamén comenta que nos actos de homenaxe participarán Xosé Neira Vilas e Víctor Freixanes.

C. G., "Vedra acoge una charla vía Internet de Sechu Sende", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 outubro 2008, p. 34.

Infórmase que o clube de lectura vedresa "Letra Muída" acolle unha conferencia do escritor Sechu Sende. Dise que , grazas ás novas tecnoloxías, a participación do intelectual farase vía Internet a través dunha vídeo-conferencia, pois atópase en Bos Aires. Coméntase que o tema principal do coloquio será o seu libro *Made in Galiza*, galardoado co Premio Ánxel Casal 2007.

C. H., "Celanova recupera al Curros Enríquez reportero de guerra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2008, p. 7.

Dá conta da homenaxe que se realizou en Celanova a Manuel Curros Enríquez. Comenta que se lembrou o seu labor como poeta e xornalista, principalmente o seu traballo como correspondente. Apunta que os encargados de levar a cabo o acto foron Emilio Batallán, Fernando Salgado e Marcos Valcárcel. Por último, indica que se proxectou un vídeo no que se lembraba o acto celebrado no Teatro Tacón da Habana, en 1907.

Cid Conde, Félix, "O crime de Meire", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 8 agosto 2008, p. 33.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Félix Cid Conde (45 anos) intitulado "O crime de Meire".

Cid Neira, Xulio, "De 'Gasumelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poética "E quedamos alí...", de *Gasumelo* (2004), de Xulio Cid Neira.

Cillero, Sonia F., "El pregón del escritor Xavier Docampo abre esta noche las fiestas de Castro", *El Progreso*, "A Chaira", "Castro", 8 agosto 2008, p. 12.

Dá conta do comezo das festas patronais de Castro Ribeiras de Lea da man do pregón pronunciado polo escritor Xavier Puente Docampo. Dise que o programa conta con mostras de artesanía, carreiras, trofeo de tiro ao prato, torneos de baloncesto e fútbol ou un mesmo un partido de hóckey en liña.

C. L., "Relatos cortos para homenajear a la mujer", *Diario de Arousa*, 8 marzo 2008, contracuberta.

Noticia na que se informa do concurso "Muller, toda unha vida". Menciónase á gañadora, Sandra Besada Carramal que recibiu o seu premio nunha gala onde asistiron mulleres pertencentes a diversos ámbitos sociais e profesionais. Remátase dando conta doutros actos que terán lugar para a celebración do Día Internacional da Muller.

Conde Corbal, Moncho, "Una de poesía", *La Región*, "Ciudad", "Percepciones", 22 febreiro 2008, p. 16.

Acolle o poema "Lembranzas", de Juan Grullo.

Conde Corbal, Moncho, "Curros Enríquez", *La Región*, "Ciudad", "Percepciones", 7 marzo 2008, p. 12.

Faise eco da traxectoria do poeta Manuel Curros Enríquez no centenario do seu pasamento. Sinálase que a publicación da *Guía Literaria de Celanova* (2007) se centra en dúas personalidades desta vila: o propio Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Explícase que esta obra se realizou en colaboración con catro escritores actuais desa terra ourensá: Xosé Manuel del Caño, Xosé María Paz Gago, Antonio Piñeiro e Xosé Benito Reza.

Cordal, Xabier, "Polémica na literatura galega", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xaneiro 2008, p. 31.

Fai referencia a un artigo que Xosé Luís Franco Grande publicou no xornal *La Voz de Galicia*, no que comentaba que o baixo índice de lectura nas letras galegas é debido á pouca calidade literaria, entre outras cousas. A estas verbas responderon Manuel Rivas e Suso de Toro dos cales achega as súas opinións. Tamén outros autores que responderon a estas críticas foron Xosé Miranda ou Marcos Valcárcel.

Cordal, Xabier, "A nosa embaixada cultural", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 febreiro 2008, p. 35.

Comenta a participación de Galicia na Feira do Libro da Habana e, concretamente, dá conta da recepción deste feito por parte dos xornais. Comenta a crítica negativa que mostrou a prensa con respecto á participación e, sobre todo, ao enorme investimento que o goberno galego tivo que realizar. De seguido, achega algunhas citas nas que se recollen ditas opinións.

Cordal, Xabier, "A fraude das xeracións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 marzo 2008, p. 35.

Comenta que as clasificacións xeracionais que se recollen nos manuais de literatura galega hoxe en día xa están obsoletas porque a maioría chegan só até o ano 1976. Nomea a *Historia da Literatura Galega* (1963), de Ricardo Carballo Calero e a obra *De Pondal a Novoneyra* (1990), de Xosé Luis Méndez Ferrín, mais afirma que, por exemplo, a poesía dos anos oitenta está por clasificar. A continuación, comenta a poesía dos autores dos anos oitenta e noventa e, por último, afirma que aínda faltan moitos estudos por facer sobre os anos posteriores a 1976.

Cordal, Xabier, "Terras angulares de literatura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2008, p. 29.

Reflexiona sobre o vínculo existente entre a terra e os escritores que nela naceron. Lembra que moitos lugares da xeografía galega son célebres e que se serven dunha certa 'propaganda' grazas aos escritores que naceron e viviron nela, como o caso de Mondoñedo, patria de Álvaro Cunqueiro; ou o Padrón de Rosalía. Sen embargo, critícase que non se potencie o beneficio tirado pola terra e que as institucións públicas e a propia Xunta de Galicia non creen máis casas-museo, promovan a organización de congresos literarios e fundacións para continuar a homenaxe da nosa terra aos seus intelectuais e seguir situando tantas e tantas vilas no mapa da cultura.

Correa, Anxa, "Galicia, cada día máis preto de Cuba", *Diario de Pontevedra*, "VivirAquí", "Cultura", 19 xaneiro 2008, p. 68.

Indica que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, presentou en Santiago o amplo programa de actividades que Galiza desenvolverá na Feira Internacional do Libro da

Habana. Dá conta das persoas que acompañaron á concelleira neste acto e informa que haberá encontros, exposicións, obradoiros e venda de libros de máis de trinta editoriais.

Correa, Anxa, "Galicia asistirá como convidada á Feria del Libro de La Habana", *El Progreso*, "Cultura", 19 xaneiro 2008, p. 73.

Comenta que Galicia é a convidada este ano á Feira Internacional do Libro da Habana, onde se exporá toda a cultura galega. Explica que contará con tres pavillóns nos que se realizarán obradoiros, exposicións, encontros e venda de libros. Indica que se levarán arredor de seiscentos títulos e que estarán á venda seis mil exemplares. Así mesmo, dá conta dalgunhas publicacións que se entregarán e indica que a Feira contará con corenta escritores galegos, dos que dá conta ao final da noticia.

Correa, Anxa, "Toda a obra gráfica e escrita de Castelao será dixitalizada e catalogada", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 30 xaneiro 2008, p. 70.

Informa que a Fundación Castelao vai desenvolver un proxecto de dixitalización e catalogación de toda a obra gráfica e escrita do artista rianxeiro. Indica que o coordinador do proxecto é Miguel Anxo Seixas Seoane quen conta coa axuda económica de trescentos mil euros procedentes da Consellería de Cultura. Comenta que unha das dificultades será atopar todas as obras que Castelao creou nos distintos países nos que viviu.

Correa, Anxa, "Os galegos son os que menos libros compran e os segundos que menos len", *El Progreso*, "Vivir", 8 febreiro 2008, p. 88.

Sinálase que, segundo o resultado do "Barómetro de hábitos de lectura y compra de libros", realizado para a Federación de Gremios de Editores de España, os galegos son os que menos libros mercan e ocupan o penúltimo posto respecto á poboación lectora, que diminuiu dende o ano 2006. Engádese que o máis paradoxal é que os galegos acoden frecuentemente ao préstamo de libros.

Correa, Anxa, "Os galegos que escribiron a historia de Cuba na Feira do Libro da Habana", *Diario de Pontevedra*, "VivirAquí", "Cultura", 22 febreiro 2008, p. 75.

Dentro do marco da Feira do Libro da Habana, dá conta da celebración dunhas xornadas sobre a emigración galega na illa, celebradas no Instituto de Literatura e Lingüística da Habana. Achega as opinións da profesora Carmen Barcia sobre a mestura entre cubanos e galegos.

Correa, Anxa, "Os autores galegos triunfan na Feira do Libro da Habana", *Diario de Pontevedra*, "VivirAquí", "Cultura", 23 febreiro 2008, p. 84.

Comenta que a participación de Galicia na Feira do Libro da Habana está a ser un éxito, xa que o cincuenta por cento dos libros expostos están vendidos. Indica que aos

visitantes lles chama a atención as coidadas edicións, as cores e os satinados das páxinas e que o idioma non supón ningunha barreira.

Correa, Anxa, "Pablo Milanés cantou a Rosalía polo seu aniversario na Feira do Libro da Habana", *El Progreso*, "Vivir", 25 febreiro 2008, p. 80.

Con motivo da celebración da Feira do Libro da Habana, comenta a homenaxe que o músico cubano Pablo Milanés lle rendeu a Rosalía de Castro. Así mesmo, fai referencia á presentación, no Teatro Mella, do espectáculo *Rosalía 21*, dirixido polo poeta Anxo Angueira e con música de Abe Rábade. Por último, comenta que ao remate da Feira, Galicia recibiu o premio ao mellor stand, pola súa "exquisitez de deseño" e polo esforzo en amosar a riqueza da cultura galega.

Correa, Anxa, "Cultura defiende el 'éxito' en la feria de Cuba y cifra el gasto en 1'3 millones", *El Progreso*, "Galicia", 28 febreiro 2008, p. 25.

Achega as palabras de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura, sobre o éxito alcanzado por Galicia tras a súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana. Confirma que o gasto foi moi elevado mais os resultados son positivos e estabelecéronse boas relacións con axentes culturais latinoamericanos.

Correa, Anxa, "Todas as guerras de Sofía Casanova", *El Progreso*, "Vivir", 22 novembro 2008, pp. 74-75.

Lémbrase a figura de Sofía Casanova (1861-1958) cun ciclo de exposicións, proxeccións e conferencias organizado polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, dependente do Centro Superior de Investigación Científicas (CISC), e a Xunta de Galicia. Dise que Casanova é recoñecida polo seu labor como enviada especial nas dúas guerras mundiais, así como polo seu traballo como novelista, poeta e dramaturga, sendo unha das poucas mulleres membro da Real Academia Galega e proposta para un premio Nobel. O repaso da súa traxectoria serve para lembrar unha boa parte da historia europea: a Revolución Rusa, a invasión rusa de Polonia (país no que pasou unha importante etapa súa vida), a ocupación alemá, etc. Saliéntase que esta xornalista e escritora foi definida como activista feminista, católica, contraria ás guerras, aos totalitarismos, ao nazismo e aos bolxeviques. Coméntase que as súas crónicas da guerra son testemuñas da súa fortaleza, accedendo grazas á súa condición de enfermeira a moitos sitios vetados aos corresponsais masculinos.

Correa, Anxa, "O escritor achegarase ó lector", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 decembro 2008, p. 67.

Dá conta das propostas presentadas polo Foro Letras Vivas e Cultur.gal para a creación de actividades de animación á lectura. Infórmase que o Director Xeral de Creación e Difusión salientou a importancia deste programa e prometeu a ampliación do mesmo para continuar coa liña de promoción das letras galegas. Coméntase que o obxectivo é amosar que a literatura galega goza de boa saúde, con ideas como a de promover o

recoñecemento do ‘autor do mes’ en cada biblioteca como método de amosar impulsar aos noveis do noso país. Dise que outras actividades son: teatro, monicreques, obradoiros ou maxia, e que as propostas, incluídas no catálogo Letras Vivas, veñen da man de Altega, Bugalú, Reverso, Argallando, Duende Sico, A Locamotora, María Inés Cuadrado, Seisdedos/Viravolta e Migallas Teatro.

Corredoira Brañas, Rita, “Chegar tarde”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, “Relatos de verán”, 23 agosto 2008, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rita Corredoira Brañas (23 anos) intitulado “Chegar tarde”.

Costa, Violeta, “Rosalía empata con la Pasionaria”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra/Ciudad”, 10 abril 2008, p. 11.

Con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora, a oficina do Voluntariado da Xunqueira deu a coñecer cales son as mulleres máis influíntes na historia, segundo os estudantes de Pontevedra. Comenta que o trunfo obtivérono a Pasionaria e Rosalía de Castro.

Costa, Xosé María, “Formas distantes de Antón L. Dobao”, *A Nosa Terra*, n.º 1.293, “Crítica”, 10 xaneiro 2008, p. 34.

Comenta a obra de Xosé Antón López Dobao, *Onde o ollar comeza a doer* (2007), na que o autor mostra uns versos “desdebuxados” con figuras e formas distantes. Comenta que Dobao pretende fixar o instante e amosar a dor e máis a ausencia. Así mesmo, achega versos do poemario.

Costa, Xosé María, “Poesía. Soidade e rebeldía nos versos de Pilar Beiro”, *A Nosa Terra*, n.º 1.292, “Crítica”, 4 xaneiro 2008, p. 34.

Analiza a obra de Pilar Beiro, *Bingo*, publicada por Sotelo Blanco en 2007. Comenta que se trata dun poemario no que a autora denuncia o conformismo e amosa a frustración, tamén o sarcasmo e a derrota. Así mesmo, tamén achega algúns versos do libro.

Costas Álvarez, Ledicia, “De ‘Aparición de triste”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 de abril de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema “Que xa non quero vivir debaixo...” pertencente ao poemario *Aparición de triste*, de Ledicia Costas Álvarez.

C. P., "Compatibilizo la literatura con mi otra pasión, que es la pintura", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 12 febreiro 2008, p. L16.

Dá conta da presentación na Galería Sargadelos da obra de Betty Millarengo, *O de Millarengo* (2007). Comenta a autora que o protagonista da súa novela foi un antepasado seu que participou na Guerra da Independencia e afirma que, a partir do apelido, creou a historia de ficción, mais asegura que o contexto histórico é real. Finalmente, comenta que compatibiliza a literatura coa pintura.

C. P., "A partitura máis antiga do Himno é unha versión para banda de 1906", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 febreiro 2008, p. 48.

Dá conta da aparición da partitura orixinal e manuscrita da versión do himno galego para banda que se utilizou para a súa estrea. Indica que a partitura foi atopada nos arquivos da Banda Municipal da Habana e agora está exposta na igrexa de San Domingos de Bonaval. De seguido, achega as opinións de Xosé Luís Axeitos sobre a autenticidade da peza.

C. P., "Nace 'Galegos', revista trimestral que distribuirá 10.000 exemplares gratis e dirixida por Carlos Reigosa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 maio 2008, p. 56.

Dá conta da presentación do primeiro número da revista *Galegos*, publicada por Ézaro Edicións. A revista, que terá unha periodicidade trimestral, está editada en galego e castelán e ve a luz cunha tiraxe de 10.000 exemplares que serán distribuídos por toda Galicia mediante a fórmula da suscrición gratuíta. No resto do mundo, farase a través das embaixadas e dos centros galegos.

C. P., "Os editores reocoñecen que deben aprender a vender fóra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 novembro 2008, p. 48.

Informa da clausura dun simposio dedicado ao mundo editorial que tivo lugar no Consello da Cultura Galega. Coméntase que, organizadas pola Asociación Galega de Editores e centradas no tema "O libro galego no mundo: presente e futuro", as xornadas abríronse coa intervención da vicedirectora de Feira do Libro de Fráncfort, Mary Fé Boix, que salientou a importancia da participación de Galicia neste tipo de feiras e da presenza nas mesmas das institucións de goberno, mais non da AGE ou das editoriais.

C. P. R., "Díaz Pardo e Fernández del Riego foron galardonados polo Pen Club", *El Progreso*, "Vivir", 13 xaneiro 2008, p. 68.

Infórmase que Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego recibiron os premios "Voces de liberdade". Dise que estes galardóns teñen como finalidade recoñecer as voces independentes do país. A continuación, menciónanse os membros do xurado e dáse noticia das cuestións que se valoraron á hora de conceder estes premios. Remátase definindo o que é o Pen Clube de Galicia.

C. P. R., "El belén de Begonte echó la llave", *El Progreso*, "A Chaira", 27 xaneiro 2008, p. 14.

Entre outras cuestións, dáse a coñecer ao gañador da XXXII edición do certame de poesía a Baldomero Iglesias "Mero" polo poema "Sempre será Nadal". Infórmase que o segundo premio foi para Martiño Maseda. No certame de xornalismo gañou Félix Villares por "Camiño de Begonte, en obrigada romaxe" e Ruth Fernández. En todos os premios houbo mencións honoríficas.

C. P. R., "Certamen literario en Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 29 febreiro 2008, p. 16.

Breve noticia onde se dá conta da convocatoria do 12º certame literario "Benjamín Paz", ao que poden concorrer alumnos de Infantil e Primaria. Ademais, infórmase da dotación económica.

Cuenya, Manuel, "Xarmenta", *Diario de León*, "El Bierzo", 14 xaneiro 2008, p. 8.

Artigo no que se loa o traballo que está a desenvolver a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta a prol da lingua galega no Bierzo e onde o articulista indica que a lingua galega sempre lle resultou familiar. Tamén afirma que Manuel Rivas asistirá á gala de entrega dos premios Xarmenta e comenta que o número dous da revista *Xarmenta* conta coa colaboración de tres literatos bercianos María José Montero, Loli Prieto e mais Fermín López con "un ingenioso cuento".

Cuíñas, T., "Un fogar para o teatro alternativo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 outubro 2008, p. 11.

Conta a historia da creación do Teatro Ensalle en Vigo a través dos comentarios dos seus directores, Raquel Hernández e Pedro Fresneda. Lembra cómo abriron a sala de Vigo e qué tipo de representacións son as que admiten nas súas instalacións. Tamén indica que se senten como os herdeiros da desaparecida Sala Galán de Compostela. A seguir, comenta as relacións do Teatro Ensalle con outras agrupacións estatais e nomea algúns dos festivais que organizan. Ademais, fai referencia ao aumento de espectadores no último ano.

Cuíñas, Teresa, "María do Cebreiro y Joana Pimentel unen foto y poesía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 xaneiro 2008, p. 7.

Comenta a relación entre María do Cebreiro e Joana Pimentel en canto á súa obra creativa. Sinala que as dúas artistas mesturaron as súas obras e presentan agora unha exposición na galería Ad Hoc de Vigo, na que se mostra o tema da mestura do corpo e a palabra.

Cuíñas, Teresa, "O teatro precisa dunha campaña de popularización", *El País*, "Galicia", "Luces", 4 abril 2008, p. 10.

Recolle unha entrevista ao director e empresario teatral Roberto Cordovani, de quen se informa que está á fronte do Teatro Arte Livre de Vigo. Co gallo da súa recente participación no Festival de Teatro do Algarve portugués, resúmense as súas declaracións arredor da súa fascinación polo teatro, dos seus comezos con diversas creacións no teatro vigués, e das súas perspectivas de futuro. Sublíñase a favorábel situación de Vigo, cidade cosmopolita, malia salientar que conta aínda con pouco público no ámbito do teatro, a pesar do cal se comenta que afronta con ilusión as representacións, informando de que na súa maioría son clásicos pois, como se indica na entrevista, non é necesario pagar tantos dereitos de autor.

Cuíñas, Teresa, "La censura franquista contra los libros gallegos", *El País*, "*Galicia*", 19 novembro 2008, p. 5.

Informa sobre a exposición "Editar en galego baixo a censura franquista" que acolle a Casa Galega da Cultura de Vigo até xaneiro do 2009. Nesta mostra aparecen libros tan coñecidos como *Percival e outras historias*, de Xosé Luis Méndez Ferrín; *Xoguetes para un tempo prohibido*, de Carlos Casares ou *A orella no buraco*, de María Xosé Queizán. Dise que a investigación literaria que permitiu a creación desta exposición quedará plasmada nun libro que contará co apoio do director xeral de Creación Cultural, Luís Bará.

Cuíñas, Teresa, "Curros y Rosalía 'on the road'", *El País*, "*Galicia*", 22 outubro 2008, p. 12.

Dá conta da adaptación de textos célebres galegos a pezas musicais en clave de blues, levada a cabo polo guitarrista Víctor Aneiros e recollida no seu último traballo *Heroe secreto*. Tal e como apunta o propio Aneiros, o seu traballo baseouse no aparentemente sinxelo proceso de tomar un poema de Curros Enríquez ou Rosalía de Castro na súa versión orixinal e acompañalo con música en clave de blues. Infórmase que o disco está dedicado a Pucho Boedo, que xa interpretara con éxito poemas de Curros.

Curros Enríquez, Manuel, "Morriña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2008, p. 27.

Sección fixa que acolle nesta ocasión o poema "Morriña", de Manuel Curros Enríquez.

Curros Enríquez, Manuel, "¡Ai!", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 15 agosto 2008, p. 69.

Acóllese nesta sección o poema "¡Ai!", de Manuel Curros Enríquez.

C.V., “Mary Fé Boix: ‘El libro gallego se publicita poco’”, *La Opinión*, “Cultura”, 14 novembro 2008, p. 60.

Recolle as verbas de Mary Fé Boix, vicedirectora da Feira Internacional do Libro de Fráncfort, na conferencia de apertura das xornadas “O libro galego no mundo”, organizadas pola Asociación Galega de Editores (AGE) no Consello da Cultura Galega. Comenta que considera que o libro en galego ten pouca publicidade e subliña que para ela foi unha tarefa difícil atopar publicacións en lingua galega na mostra alemá deste ano a través do catálogo institucional, pois limítase a mencionar a Xunta de Galicia mais non a AGE ou as propias editoriais galegas.

Dávila, Berta, “De ‘Corpo Baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 febreiro 2008, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Corpo Baleiro* (2007), de Berta Dávila.

Dávila, Berta, “De ‘Corpo baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 febreiro 2008, p. 39.

Achégase nesta sección fixa unha composición poética de *Corpo baleiro*, de Berta Dávila, intitulada “Non sinto mar, nin aire, chan ou lume…”.

Dávila, Berta, “8:03 AM (Segunda parte)”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 11 febreiro 2008, p. 33.

Reprodúcese un texto poético de Berta Dávila, intitulado “8:03 AM”.

Dávila, Berta, “De ‘Corpo baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 febreiro 2008, p. 36.

Acóllese nesta ocasión un fragmento da obra de Berta Dávila *Corpo baleiro* (2007).

Dávila, Berta, “De ‘Corpo baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 16 febreiro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa unha composición poética de *Corpo baleiro*, de Berta Dávila, intitulada “Maldita poeta que me está buscando…”.

Dávila, Berta, “De ‘Corpo baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 febreiro 2008, p. 32.

Achégase un fragmento da obra *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila

Dávila, Berta, “De ‘Corpo baleiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 5 marzo 2008, p. 38.

Recóllese un fragmento da obra de Berta Dávila, *Corpo baleiro* (2007).

Dávila, Berta, "De 'Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 marzo 2008, p. 35.

Reprodúcese un fragmento intitulado "As bonecas finximos...", da obra poética *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila.

Dávila, Berta, "De 'Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2008, p. 32.

Acóllese nesta ocasión o poema XI, da obra poética *Corpo baleiro*, de Berta Dávila.

Dávila, Berta, "De 'Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 de abril de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "ERA un turbio e intenso café na túa pel." pertencente ao poemario *Corpo baleiro*, de Berta Dávila.

Dávila, Berta, "De 'Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 agosto 2008, p. 33.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila, intitulada "Aínda amo o mapa que compoñen os lugares do teu corpo,…".

D. D., "Revitalizar as letras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 decembro 2008, p. 32.

Informa da reunión promovida no Cultur.gal polo Foro Letras Vivas para presentar os programas de fomento do libro desenvolvidos dende a Consellería de Cultura. Unha destas actividades consiste en realizar nas bibliotecas actividades para todos os públicos arredor dun "autor galego do mes". Segundo o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, este tipo de iniciativas permiten amosar que "a literatura galega está viva" e que temos "grandísimos escritores vivos". Así mesmo, sinálase a celebración dunha das xornadas do programa "Falemos de libros", polo que figuras da literatura actual dan conta das súas recentes creacións na web da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Tamén se sinala que tivo lugar no Cultur.gal a presentación do ensaio de Teresa Moure *O natural é político*, que trata da ecoloxía en relación co modelo de desenvolvemento neoliberal e dende o punto de vista de Galicia.

D. G. C., "Seguindo os derradeiros pasos do poeta", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Provincia", 6 abril 2008, p. 13.

Comenta o acto de homenaxe que se celebrou na Coruña polo centenario da morte de Manuel Curros Enríquez cunha ofrenda floral cun percorrido até á Real Academia Galega. A continuación, dá conta dos actos que se realizaron na praza de María Pita para rematar a homenaxe fronte á estatua dos xardíns de Méndez Núñez.

D. G. C., " Máis de 500 persoas homenaxean a Curros no centenario da súa morte", *Diario de Ferrol*, "A Coruña Provincia", 6 abril 2008, p. 23.

Refírese ao acto de homenaxe que se celebrou na Coruña polo centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Indica que no cemiterio de Santo Amaro se realizou unha ofrenda floral e de seguido se fixo un recorrido até chegar á Real Academia Galega, onde Xosé Ramón Barreiro, presidente da entidade, leu algúns versos do poeta.

Diario de Pontevedra, "O globo de Shakespeare", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 437, "Anaquel dos libros", 2 novembro 2008, pp. 8-9.

Sección que acolle un fragmento da novela *O globo de Shakespeare*, de Jaureguízar, coa que gañou o Premio Terra de Melide 2008. Tamén se comenta que a obra é unha homenaxe ao teatro de Shakespeare, que ten unha trama de intriga e que reflexiona sobre a soidade na sociedade actual. Por último, achégase unha pequena bibliografía do narrador.

Díaz Castro, Xosé M., "De 'Nimbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "HERBA pequerrechiña…" da obra *Nimbos* (1961), de Xosé M. Díaz Castro.

Díaz Daponte, Raquel, "Na chuvia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 novembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema intitulado "Na chuvia", de Raquel Díaz Daponte.

Díaz Simón, Carmen, "Puro teatro", *El Progreso*, "Mira Lugo", 25 xaneiro 2008, p. 11.

Comenta que na cidade de Lugo xa levan oito anos celebrando a semana do teatro clásico, e dá conta dalgunhas obras que se poñen en escena como *Cyrano de Bergerac*, *Dous cabaleiros de Verona*, *Romances del Cid*, *O can do hortelán* e *O avaro*

Dios, Xosé Luis de e Acisclo **Manzano**, "Los hijos de Risco", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 20 xaneiro 2008, pp. 2-3.

Falan sobre a súas vivencias no período da posguerra e lembran as relacións que mantiveron con algúns escritores. Comeza falando Xosé Luís de Dios, quen lembra a figura de Ramón Otero Pedrayo como unha persoa con carácter e moi culta e refire as relacións con Vicente Risco, con Florentino López Alonso-Cuevillas e co Xocas (Xaquín Lourenzo). De seguido, fala sobre Celso Emilio Ferreiro e as súas viaxes a Ourense e tamén sobre a creación do grupo entre Xaime Quessada, De Dios e Manzano que, pouco a pouco, foi medrando con xente nova. Por último, De Dios relata o día en que morreu Quessada, que coincidiu coa publicación do seu álbum *Citera*. A continuación, Manzano fai referencia á súa relación con Risco e destaca que era un home sabio que os aconsellaba ben. Tamén alude á amizade con Quessada e ás viaxes que realizaron por Europa, así como, á estadía en París en maio do 68. Por último, explica o que significou Xaime Quessada na súa vida.

DL, “Rivas confirma su asistencia el miércoles a los premios Xarmenta”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 13 xaneiro 2008, p. 13.

Coméntase que Manuel Rivas confirmou a súa presenza na gala de entrega dos III premios Xarmenta e a seguir indícase que a súa obra literaria abrangue diversos xéneros e algúns dos seus títulos máis representativos.

Dobao, Ángeles, “La digitalización de los fondos de la RAG permitirá su consulta en la red”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Cultura”, “Patrimonio”, p. 15/*Diario de Ferrol*, “Provincia”, “A Coruña”, “Patrimonio”, p. 21, 20 novembro 2008.

Informa que a Consellería de Cultura vén de asinar un acordo polo que se compromete a achegar 149.000 euros para a dixitalización dos fondos da Real Academia Galega, un avance que permitirá ofrecer ao público en xeral as fontes de consulta. Dise que se comezará polas obras do século XIX (un total de 11.400), continuando con trinta e tres títulos de xornais e revistas até completar un total de oito mil páxinas. Coméntase que os traballos están tamén subvencionados pola Fundación Cidade da Cultura.

Dobao, X. Antón L., “De ‘Onde o ollar comeza a doer”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 febreiro 2008, p. 39.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un fragmento da obra poética de X. Antón L. Dobao, *Onde o ollar comeza a doer* (2007).

Dobao, Antón, “Sería imprescindible dominarlle as normas.”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 de xuño de 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema “Sería imprescindible dominarlle as normas.”, de Antón Dobao.

Dopico, M., “Construír ‘outro mundo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Escrita”, 4 xaneiro 2008, p. 21.

Sinálase que o escritor estradense Xosé Luna revisa a historia do intelectual galego Francisco Pillado na obra *No pazo de Laiovento: conversas con Francisco Pillado Maior* (2007). Asemade, faise eco da traxectoria do escritor a través dunha serie de conversas nas que se tocan temas como as súas inquietudes culturais, a súa visión sobre a ditadura, a transición e o goberno da terra galega.

Dopico, M., “Tremer coa inxustiza”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 xaneiro 2008, p. 31.

Comenta que Moncho Iglesias acaba de publicar o seu primeiro poemario en galego, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), no que mostra feitos

cotiáns da cidade palestina de Belén. En palabras do propio autor, explica que a obra é como un diario no que mostra o que sucede de forma directa e con temas como a carencia, o paso do tempo ou a espera. Así mesmo, tamén afirma que se trata de poemas sociais e non políticos.

Dopico, M., "A Rosalía máis viva e profunda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2008, p. 36.

Fai referencia ao proxecto *Rosalía 21*, dirixido polo escritor Anxo Angueira. Explica que este proxecto conta con tres traballos principais: un espectáculo de música e vídeo, un libro e a edición dun disco. De seguido, fai referencia á próxima publicación do disco que se articula, segundo explica, ao redor de nove ideas: a terra e a paisaxe, a casa, a muller, os excluídos, a xustiza, a alborada como metáfora da esperanza e a sombra. Afirma que este disco está producido por Abe Rábade e o seu grupo e, por último, indica que as letras son poemas escollidos de Rosalía de Castro.

Dopico, M., "O océano e as mulleres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 marzo 2008, p. 35.

Dá conta da presentación do novo disco de Uxía, *Eterno navegar*, do que comenta que moitas das letras deste álbum son versos de Celso Emilio Ferreiro, de Manuel Curros Enríquez ou de Marica Campo. Así mesmo, tamén explica que se trata dunha homenaxe ás mulleres e ao mar.

Dopico, M., "Unha loita colectiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 abril 2008, p. 34.

Informa que a Academia Galega do Audiovisual lle concedeu a Ernesto Chao o premio de honra Fernando Rey, que lle será entregado na gala dos Premios Mestre Mateo. De seguido, explica a traxectoria teatral deste actor, como empezou na escena coa súa propia compañía Lagarta Lagarta e, en palabras de Chao, indica que o mundo teatral galego mudou moito nas últimas décadas, aínda que conta con recursos limitados. Tamén fai referencia ao seu labor no mundo do cine.

Dopico, M., "Espazos de resistencia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 agosto 2008, p. 60.

Comenta a celebración da XXII edición do Festival da Poesía organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva do Condado en Salvaterra de Miño. Dise que o lema deste ano, "Galiza nom se vende", deixa ver o carácter reivindicativo e de denuncia que posúe o Festival dende o seu nacemento, que reflicte as demandas de colectivos sociais e os intereses dos cidadáns fronte aos abusos de empresas e da administración. Tamén se salienta que constitúe unha maneira de dar a coñecer a vangarda da poesía, con autores novos e outros máis consolidados. Finalmente nomeanse aos asistentes, entre os que se atopan O Leo, María Ledo, Xiana Arias, Alberto Lema, Igor Lugrís e Pilar Beiro.

Dopico, M., "Romper a hexemonía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 outubro 2008, p. 34.

Faise eco do seminario organizado na Facultade de Filoloxía da USC sobre as poetas e escritoras galegas e irlandesas baixo o título "Creación, Edición e Crítica, poetas galegas e irlandesas". Infórmase que dita reunión forma parte do proxecto de investigación "Poesía e xénero: poetas galegas e irlandesas contemporáneas", iniciado no ano 2006 baixo a dirección de Manuela Palacios. Coméntase que as organizadoras do congreso foron Manuela Palacios, Laura Lojo e María Xesús Nogueira.

Dopico, M., "Voces para a historia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 novembro 2008, p. 37.

Informa da presentación do libro *Miro Casabella e a nova canción galega*, de Xan Fraga e editado por Galaxia. Na obra únense a crónica histórica con fotografías, documentos, música e mesmo documentos policiais da época tratada. O fío argumental da obra é a traxectoria de Miro Casabella entre 1968 a 1975 a través de Voces Ceibes, tendo como punto de partida unha contextualización histórica da canción galega.

Dopico, M., "Os libros que prohibiu Franco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 novembro 2008, p. 37.

Fala da inauguración dunha exposición que dá a coñecer aqueles libros afectados pola censura franquista, como foron *A esmorga* e *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor; a *Obra completa*, de Ramón Cabanillas ou *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Dise que a Casa Galega da Cultura é o lugar escollido para albergar dito evento, baixo o título "Editar en galego baixo a censura franquista" e que está promovido pola Fundación Penzol. Informa que ao acto de inauguración asistiron personalidades da cultura e das letras como o director de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará; o concelleiro de Cultura de Vigo, Xesús López Carreira; o vicepresidente da Fundación Penzol, Alfonso Zulueta de Haz; e o comisario de dita exposición, Xosé Manuel Dasilva.

Dopico, M., "A vixencia de Risco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro 2008, p. 35.

Informa dun simposio organizado pola Fundación Vicente Risco que tivo lugar no IES Otero Pedrayo. Neste seminario analízouse a obra *O porco de pé*, convertida segundo a crítica na primeira novela da literatura galega moderna. Di que o coloquio estivo reservado aos profesionais de secundaria, pois esta obra estúdase principalmente nos institutos e dá conta dos contidos e títulos das conferencias, como a de Anxo Tarrío, intitulada "Elementos de vangarda n'*O porco de pe*". Comenta que, coincidindo con esta cita, Galaxia edita unha edición facsímile da novela da que só hai 999 exemplares que serán distribuídos en bibliotecas e centros de ensino. Ademais, saliéntase que a Fundación Vicente Risco promoveu a elaboración dunha unidade didáctica sobre a obra de Vicente Risco.

Dopico, Montse/A.R. **López**, "O escritor fronte ao seu espello", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 722, 12 xuño 2008, pp. 2-8.

Artigo no que Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), debate sobre a situación dos escritores galegos e as súas obras, así como sobre o desaxuste existente entre as expectativas dos creadores e a resposta do público. De feito, escritores como Xosé Carlos Caneiro, Xosé Vázquez Pintor ou Suso de Toro amosan a insatisfacción por non veren recoñecidos os seus méritos e a calidade das súas obras. Cesáreo Sánchez considera que as apreciacións son sempre subxectivas e que as obras máis arriscadas tenden a ter unha acollida minoritaria, factor a ter en conta polo propio escritor á hora de crear. Dise que curiosamente hai obras que, sen teren especial relevancia no momento da súa comercialización, acadan posteriormente un grande renome. Xosé Carlos Caneiro considera que para unha mellor difusión da literatura é preciso dar a coñecer aos autores e facilitar a inserción dos traballos no seo da sociedade. Xosé Vázquez Pintor acusa ás editoriais de interesarse máis nuns xéneros que noutros, sobre todo en certos estilos que fan máis negocio. Suso de Toro ao igual que Dolores Vilavedra, Alfredo Conde, Xesús Constenla, Manuel Bragado, Alfonso Eiré, Alfonso Lema ou María Xosé Queizán, entre outros, cre que os autores galegos se senten pouco recoñecidos, menos valorados e respectados.

Domínguez, Daniel, "A Coruña lembra a Curros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 abril 2008, p. 33.

Dá conta da homenaxe que os veciños da Coruña lle renderon a Manuel Curros Enríquez no centenario do seu pasamento. Comenta que a homenaxe consistiu nun cortexo de honra en diferentes puntos da cidade que durou máis de tres horas.

Domínguez Toxo, Xaime, "A cadela", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 8 agosto 2008, p. 33.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xaime Domínguez Toxo (52 anos) intitulado "A cadela".

D. S., "El Consello da Cultura celebra sus 25 años con foros de debate", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 xaneiro 2008, p. 4.

Faise eco das actividades que vai levar a cabo o Consello da Cultura Galega para celebrar os seus vinte e cinco anos de existencia. Informa que haberá seis foros de debate e unha exposición que comezará en Vigo. Indica que o proxecto leva por título "Crear cultura, imaxinar país" e refire que a primeira conferencia será "Galicia na sociedade do coñecemento", a cargo de Domingo Docampo.

D. S., "Manuel Martínez e Anxos Sumai debuxan no po", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 febreiro 2008, p. 11.

Infórmase da publicación do volume poético *24 10 06* que presentan Anxos Sumai e o fotógrafo Manuel Martínez dentro da editora compostelá Candeia. Ao tempo tamén se

dá conta doutras novidades poéticas que aparecen simultaneamente en Espiral Maior como *Profundidade de campo*, de Yolanda Castaño ou en Edicións Positivas na que aparece Safo traducida ao galego así como outras novidades doutros xéneros como a novela *Para dicir abril*, de Xosé Vázquez Pintor que vén de ser galardoado co premio Letra E da asociación de Escritores en Lingua Galega, entre outras.

D. S., "La feria de La Habana premia el pabellón de Galicia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 febreiro 2008, p. 7.

Dá conta da clausura da XVII Feira Internacional do Libro da Habana co espectáculo, entre outros, *Rosalía 21*, dirixido por Anxo Angueira e con música de Abe Rábade e Guadi Galego. Así mesmo, tamén comenta que Galicia foi galardoada como o mellor expositor estranxeiro.

D. S., "A escasa visibilidade dunha efeméride", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 marzo 2008, p. 8.

Critica a perda de protagonismo estético que está a ter a celebración do centenario do pasamento de Manuel Curros Enríquez. Comenta que na Coruña se celebrou un acto de homenaxe no cemiterio de Santo Amaro, así como un recital poético por parte do alumnado dos institutos Curros Enríquez da Coruña, de Celanova e de Pazos de Borbén. Finalmente, informa que no mosteiro de Celanova realizarán a homenaxe "Curros, periodista" na que intervirán, entre outros, Marcos Valcárcel, Xosé Luís Axeitos, Fernando Salgado, Rosa Aneiros e Xesús Alonso Montero. Apunta que todos eles analizarán a figura de Curros Enríquez como xornalista.

D. S., "Editores y escritores dicen que el PP 'falta a la verdad", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 marzo 2008, p. 7.

Comenta que as asociacións de escritores, editores, ilustradores e do libro infantil e xuvenil de Galicia presentaron un comunicado no que critican as declaracións do PP en relación á participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana.

D. S., "Publican una antología en ruso de Ramón Cabanillas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 abril 2008, p. 7.

Informa que para conmemorar o acto de coroación poética de Ramón Cabanillas, celebrado hai cincuenta anos, o Concello de Cambados acaba de presentar unha antoloxía do escritor en lingua rusa. Informa que o prólogo foi escrito por Francisco Fernández Rei e comenta que a Asociación socio-cultural Redes Escarlata tamén participa na celebración.

D. S., "Historias dun oficio", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 abril 2008, p. 8.

Dá conta de varios escritores galegos que se dedicaron a facer traducións de autores estranxeiros. Indica que un dos primeiros foi Álvaro Cunqueiro, quen traduciu poemas de escritores de todo o mundo. De seguido, inclúe a Ramón Otero Pedrayo como o tradutor que marcou un cambio na tradución galega moderna e achega outros nomes como os irmáns Vilar Ponte, Plácido Castro, Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega.

D. S., "Editan un CD con cancións de textos de Celso Emilio", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 abril 2008, p. 10.

Informa que a Editorial Ouvirmos vai publicar un libro e dous cd's dedicados a Celso Emilio Ferreiro. Explica que o volume recolle cento vinte fotografías do escritor e un texto crítico realizado por Ramón Nicolás. Así mesmo, indica que os cd's achegan unha selección de quince cancións sobre poemas de Celso Emilio.

D. S., "Entre 'Negra Sombra' e o electropop", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 abril 2008, pp. 8-9.

Salienta a importancia da literatura galega como fonte de creación da música pop galega. Comenta que foron moitos os artistas que tomaron os versos de poetas galegos para crear as súas cancións e realiza un repaso por diferentes grupos e escritores escollidos. Entre os poetas cuxos versos son máis cantados destaca a Rosalía de Castro.

D. S., "A cultura horizontal", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 decembro 2008, p. 7.

Dá conta da presentación do proxecto "copyleft", relacionado cos dereitos de autor e a proposta do uso de licencias libres de edición levada a cabo pola editorial Estaleiro. Dise que esta editorial, creada no ano 2005, non editou o seu primeiro libro *Plan de fuga*, de Alberto Lema, até febreiro de 2008, e que tres meses despois viu a luz *Unha puta percorre Europa*. Comenta que, mesmo o Premio Nacional de Literatura Dramática 2007 pola obra *Limpeza de Sangue*, Rubén Ruibal editou en Estaleiro a súa obra *Fume* e con Carlos Losada, *Insomnio*.

E. F., "O poeta Ardeiro recibe mañá a homenaxe do Concello negreirés e da cultura galega", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 14 maio 2008, p. 13.

Informa que o Concello de Negreira lle vai render unha homenaxe ao poeta Xosé Manuel Lopes Ardeiro, na que participarán os poetas Salvador García Bodaño, Helena Villar Janeiro, Xesús Rábade Paredes e Xulio López Valcárcel. Así mesmo, comenta que se vai poñer o seu nome a unha rúa da vila, se proxectará un vídeo e se lerán poemas.

E. G., "Cultura prevé llegar a los 100.000 espectadores en cinco años de actividad del Teatro Municipal", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 9 xaneiro 2008, p. 14.

Comenta que a Concellería de Cultura de Tui prevé que en cinco anos o Teatro Municipal acadará a cifra de cen mil espectadores e achega os datos positivos de 2007. Indica que houbo oitenta e seis actividades de diversos xéneros (danza, teatro, marionetas, maxia, música, etc.) e que a asistencia de público foi de vinte e un mil espectadores. Refire ademais que tiveron moito éxito os espectáculos infantís e nomea as representacións realizadas polo Centro Dramático Galego con *A Piragua* e *Noite de Reis*, así como salienta as actuacións de Lagarta Lagarta, Tirinautas, Sarabela, Factoría Teatro ou Teatro do Atlántico.

E. G., "El Teatro Municipal de Tui cumple cinco años de vida", *Faro de Vigo*, "San Telmo 2008", 29 marzo 2008, pp. 12-13.

Fai referencia aos cinco anos de actividades que leva desenvolvendo o Teatro Municipal de Tui. Comenta que este teatro pertence á Rede Galega de Teatros e Auditorios e que tamén é un dos espazos do Centro Dramático Galego. Dá conta do equipamento que posúe e indica que o Concello solicitou unha subvención para mellorar as infraestruturas. A continuación, salienta o enorme éxito de público que tiveron as representacións e cita algunhas delas. De seguido, informa sobre a programación do primeiro semestre do ano que inclúe doce espectáculos, dos cales oito son representacións teatrais. Por último, cita as compañías que van actuar, fala do orzamento e comenta que a programación está recollida na Axenda Cultura *Corredoira*, onde se describen outras actividades programadas.

Eiroa, Eduardo, "La biblioteca de Galicia que se editó en Londres", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "En portada", 1 marzo 2008, pp. 2-3.

Fai referencia á presenza de Galicia en moitos textos dos escritores británicos, sendo no século XIX cando neste país se acadou unha maior produción editorial sobre Galicia. De seguido, cita algúns dos escritores que fixeron alusión a Galicia nas súas obras e indica que estes libros aínda se poden atopar en librarías de vello ou nos anticuarios de Inglaterra e Estados Unidos. Por último, salienta algunhas das críticas que fixeron os escritores británicos sobre as infraestruturas galegas.

Enríquez, Rosa, "De 'Vestíbulo da devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 febreiro 2008, p. 42.

Acóllese un fragmento de *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, "De 'Vestíbulo da devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 febreiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta ocasión o poema VI da obra de Rosa Enríquez, intitulada *Vestíbulo da devastación* (2007).

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 febreiro 2008, p. 33.

Reproduce nesta sección fixa un fragmento da obra poética *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 marzo 2008, p. 38.

Acóllese un novo fragmento de *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 marzo 2008, p. 39.

Sección fixa que acolle unha composición poética de Rosa Enríquez baixo a epígrafe “XI” da súa obra *Vestíbulo da devastación* (2007).

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 marzo 2008, p. 31.

Nesta ocasión reproduce o poema “VII”, do poemario *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 marzo 2008, p. 38.

Recolle un fragmento intitulado “O meu neno pequeno...”, da obra poética *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 22 de abril de 2008, p. 46.

Nesta sección fixa acóllese o poema “VIII“ pertencente ao poemario *Vestíbulo da devastación*, de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 13 de maio de 2008, p. 47.

Nesta sección fixa acóllese o poema “VIII” pertencente ao poemario *Vestíbulo da devastación*, de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, “De ‘Vestíbulo da devastación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 14 de maio de 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema "XV" pertencente ao poemario *Vestíbulo da devastación*, de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, "De 'Vestíbulo da devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 de maio de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllense os poemas "estrañO … e LENTO" pertencentes ao poemario *Vestíbulo da devastación*, de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, "De 'Vestíbulo da devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2008, p. 38.

Reprodúcese un fragmento poético intitulado "regalei o corpo...", da obra poética *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

E. P., "Ourense dedicará o 2009 a Blanco Amor polos 50 anos da obra *A esmorga*", *El Progreso*, "Cultura", 2 decembro 2008, p. 79.

Refírese ao anuncio, por parte da Concelleira de Cultura de Ourense, de dedicar o ano 2009 a Eduardo Blanco Amor e ao seu libro *A esmorga* (1959), con motivo do medio século de publicación da obra e do trixésimo aniversario do falecemento do escritor. O catedrático de Literatura Galega Marcos Valcárcel lembra que *A esmorga* é a mellor novela galega da posguerra, e Blanco Amor, un autor de carácter e escritos "libres, independentes e rebeldes", que os mozos de hoxe deberían coñecer.

E. P., "O CDG crea unha web que fai "accesibles" os textos teatrais", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 decembro 2008, p. 67.

Fai referencia á presentación da web www.dramaturxiadaactualidade.org por parte do CDG (Centro Dramático Galego). Amósase coma unha ferramenta de difusión de textos dramáticos de novos creadores e de acceso a obras descatalogadas ou difíciles de atopar. Tamén inclúe un espazo de foros que permite valorar a realidade dramática do momento. Sinálase que o dramaturgo Cándido Pazó, que dirixe un laboratorio de escritura do que sairán textos para a web, destaca a importancia de iniciativas coma esta, que permite acceder aos textos en formato PDF de xeito libre e gratuíto, ante a "reticencia" das editoras para publicar obras dramáticas.

E. R., "Díaz Pardo recibe una medalla 'polo moito que me queda por traballar", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 29 xaneiro 2008, p. 32/"Una medalla por lo que 'queda por facer", *El Progreso*, "Galicia", 29 xaneiro 2008, p. 19.

Informa da concesión da Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo ao galeguista Isaac Díaz Pardo, entregada polo Ministro de Traballo, Jesús Caldera. Sinala que Díaz Pardo

pediu dar o seu discurso de agradecemento en galego e destacou que aínda lle queda moito por traballar.

E. R., "Monterroso recordará el sábado a Curros y Lorenzo Varela", *El Progreso*, "Comarcas", 10 decembro 2008, p. 21.

Informa da homenaxe aos poetas Manuel Curros Enríquez e Lorenzo Varela, que terá lugar no centro sociocultural de Monterroso, co gallo do centenario e trixésimo aniversario das súas mortes, respectivamente. Entre os distintos actos da homenaxe, atópase a presentación dun libro de José Ángel García López e a actuación musical de Mini e Mero e de Luís Emilio Batallán, autor de cancións baseadas en poemas de Curros.

E. R., "A Pipa' acerca a Rivas y Queizán a Becerreá para sendas charlas", *El Progreso*, "Comarcas", 26 decembro 2008, p. 17.

Coméntase que María Xosé Queizán e Manuel Rivas son os convidados no vixésimo aniversario da creación da Asociación Cultural A Pipa, principal referente literario da zona da Montaña. Dise que estas dúas personalidades do panorama intelectual galego ofrecerán dúas charlas na casa da Cultura de Becerreá. Infórmase que dous actos máis ao redor deste aniversario serán a representación de diversas obras teatrais e a celebración de recitais poéticos nos que participarán os propios Rivas e Queizán.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2008, p. 35.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poetica "A busca todopoderosa...", de *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Espiño, A., "El Museo de Pontevedra pone en la Red el fondo digitalizado de Castelao", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 novembro 2008, p. 68.

Sinala a presentación, por parte do presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, do catálogo web que recolle toda a obra plástica de Castelao que alberga o Museo de Pontevedra. Eplícase que a esta produción se accede mediante o epígrafe "Colección" da páxina de inicio do Museo. Engádese que algunhas das imaxes que agora se atopan a disposición directa de todos os cidadáns pertencen a pezas literarias tan senlleiras como *Os dous de sempre* (1934) ou *Os vellos non deben de namorarse* (1953). Valórase que o sistema permite ver con calidade os detalles de cada debuxo e que achega información técnica sobre a obra.

Estévez, Eduardo, "Construcións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2008, p. 38.

Sección fixa na que se reproduce un fragmento do poemario *Construcións*, de Eduardo Estévez.

Estévez, Xoán M., "Produción interdisciplinar", *A Nosa Terra*, n.º 1.310, "Cultura", 15 marzo 2008, p. 37.

Fai referencia ao novo proxecto de musicalización da poesía de Rosalía de Castro. Indica que o compositor e pianista Abe Rábade exerceu de director musical do proxecto e comenta a compenetración entre o canto de Guadi Galego e a recitación do escritor Anxo Angueira. De seguido, salienta algúns dos temas do disco como "Tecín soia a miña tea" e "Padrón, Padrón, Santa María, Lestrove", entre outros.

Etcheverría, Carlos,"Ferrol, capital de la cultura", *La Opinión*, "Opinión", 29 marzo 2008, p.29.

Informa do acto que terá lugar no ferrolán Teatro Jofre da entrega dos Premios Nacionales e que estarán presididos polo Ministro de Cultura, César Antonio Molina, que fará públicos os nomes dos galardoados. Comenta que a designación desta cidade para tal evento ten dous significados: descentralizar este premio e resaltar os méritos de Ferrol como "Ciudad Ilustrada", situándoa "en un primer plano de la vida nacional".

Eyré, Xosé M., "Narrativa. Escolma de lecturas do ano que rematou", *A Nosa Terra*, n.º 1.292, "Crítica", 4 xaneiro 2008, p. 30.

Achega unha listaxe dos libros de lectura obrigada que se publicaron en 2007. Comeza falando sobre as reedicións dalgunhas obras e outras novidades: *Bretaña, Esmeraldina*, de Méndez Ferrín; *Historia dun paraugas azul*, de Xosé Miranda; *O cervo na torre*, de Darío X. Cabana; *A compañía clandestina de contrapublicidade*, de Marilar Aleixandre; a novela de Mario Regueira, *L'affiche rouge*. En canto á literatura de viaxes salienta *O conto do muecín*, de Lois Diéguez, e *Aquel lugar*, de Antía Nara. Tamén destaca as reedicións d´*O escarabello de ouro*, de Allan Poe, e mais *O can dos Baskerville*, de Conan Doyle. En canto ás novelas gañadoras de premios, cita *Cardume*, de Rexina Veiga; *As palabras da néboa*, de Francisco Castro; *Minimaladas*, de Carlos López; e *A lúa dos Everglades*, de Manuel Marcos. Tamén cita *Os ollos de K*, de Antón Riveiro Coello, e *As Vidas pos-it*, de Iolanda Zúñiga. En relación ás publicacións de poemas dá conta das seguintes obras: *Mudanzas*, de Marilar Aleixandre; *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira; *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar; *Bingo*, de Pilar Beiro; *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga; *Sextinario: trinta e seis + tres*, de Marica Campo; *Onde o ollar comeza a doer*, de Antón L. Dobao; *Os poemas de cómo se rompe todo*, de Daniel Salgado; e *Os hemisferios*, de María do Cebreiro. En relación ás obras teatrais, refire *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal, e *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala.

Fariña Pedreira, Juan Antonio, "2108 A.D", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 28 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Juan Antonio Fariña Pedreira (35 anos) intitulado "2108 A.D".

F. D., "Homenaxe a Alexandre Bóveda", *Atlántico Diario*, "*Día de Galicia*", p. 4/*La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2008, p. 4.

Anuncia un acto en homenaxe de Alexandre Bóveda, fillo predilecto de Ourense, organizado dende a Tenencia de Alcaldía do Concello con motivo da celebración do Día de Galicia. Dise que o tenente de alcalde, Alexandre Sánchez Vidal, lembra que o Día da Patria Galega e a Xeración Nós teñen grandes vínculos con Ourense, a través de figuras da literatura coma o propio Alexandre Bóveda ou Castelao.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, "De 'Astro interior", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 de xuño de 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Lume nas sombras…" pertencente ao poemario *Astro interior*, de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Ramiro Fonte", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno Aberto", 31 xullo 2008, p. 3.

Dá conta do recoñecemento a Ramiro Fonte na cidade de Ferrol co Premio Porto Magno, instituído polo Real Coro Toxos e Froles para conmemorar o 150 aniversario da concesión do título de cidade a Ferrol. Explica a orixe do título de dito premio para a seguir facer unha pequena caracterización da poesía do poeta eumés.

Fernández, Laura, "La Fundación Curros Enríquez destina 58.000 euros a los actos del centenario del escritor", *La Región*, "Celanova", 10 febreiro 2008, p. 19.

Comenta que os membros da Fundación Curros Enríquez acaban de fixar o calendario de actividades que levarán a cabo para conmemorar o centenario do pasamento do escritor. Indica que a cantidade económica é de cincuenta e sete mil euros achegados polo Concello de Celanova, a Deputación de Ourense, as Consellerías de Cultura e de Educación e mais Caixanova. Sinala que tamén as universidades galegas e a Real Academia Galega participarán coa realización de actividades. A continuación, dá conta dos actos que terán lugar o 7 de marzo na Coruña. En columna á parte, comenta que en Celanova organizarán exposicións, haberá lectura de poemas, cursos, seminarios, etc., ao redor da figura de Curros Enríquez.

Fernández, Laura, "Vecinos de Celanova recitan a Curros", *La Región*, "Celanova", 17 xuño 2008, p. 19.

Explica cómo a Fundación de Discapacitados Terra de Celanova aproveita o centenario da morte do poeta Manuel Curros Enríquez para dar a coñecer o seu centro ocupacional. Dise que o fai invitando a diversos colectivos da sociedade para que lles lean aos alumnos unha pasaxe da obra *Aires da miña terra* (1880) e visiten as instalacións do centro. Comenta que os lectores tamén teñen que asinar dous exemplares, un deles para

a biblioteca da Casa dos Poetas, de xeito que quede constancia da lectura de Curros por máis persoas xuntas nun mesmo sitio.

Fernández, Laura, "Turistas y vecinos de Allariz ponen su voz a los poemas de Manuel Curros Enríquez", *La Región*, "Ourense", 14 agosto 2008, p. 8.

Fai referencia ao maratón de lectura que tivo lugar en Allariz con motivo do centenario da morte do escritor Manuel Curros Enríquez. Dise que o acto, no que se recitaron múltiples versos do autor celanovés, se enmarca dentro da exposición "Curros Enríquez. Nazón, liberdade e progreso".

Fernández, Xurxo, "La aurora", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 7 xaneiro 2008, p. 72.

Brevísima referencia ao sitio web autoresgalegos.org, espazo no que se recolle información sobre diferentes autores galegos e a súa obra.

Fernández, Xurxo, "Libro de horas de un poeta", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 4 febreiro 2008, contracuberta.

Preséntase en clave laudatoria a obra *24 10 06* (2007), froito do traballo conxunto do fotógrafo Manuel Martínez e da poeta Anxos Sumai, que é relacionada coa produción dos grandes libros de artista. De feito, remata elevando o libro a cotas tan altas que di del que "é tan grande coma un gravado de Rembrandt", e mesmo o cualifica como "unha obra maestra que perdurará no curso do tempo".

Fernández, Xurxo, "Cosas de familia: los Plinios, las Brontë, los Bach, Rábade, Auster…", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Sociología", 7 setembro 2008, p. 8.

Cita os Rábade como unha das grandes familias de creadores, tema central do escrito, e xustifica esta mención sinalando o brillo "notable" de Xesús Rábade Paredes, da súa muller, Helena Villar Janeiro, e da filla de ambos, María do Cebreiro, figuras destacadas as tres da literatura galega actual.

Fernández Blanco, Xerardo, "O poder máxico dos castiñeiros", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 19 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xerardo Fernández Blanco intitulado "O poder máxico dos castiñeiros".

Fernández Naval, Francisco X., "O ritmo da chuvia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xaneiro 2008, p. 28.

Acolle un fragmento do poema “O ritmo da chuvia”, de Francisco X. Fernández Naval.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Do desexo en corpo e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 xaneiro 2008, p. 25.

Sección fixa que recolle nesta ocasión un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello, da súa obra *Do desexo en corpo e sombra* (1984).

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Do desexo en corpo e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 19 xaneiro 2008, p. 32.

Recolle un fragmento da composición poética “O desexo é unha fenda desde dentro...”, de *Do desexo en corpo e sombra* (1984), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Libro das paisaxes vivas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 xaneiro 2008, p. 33.

Acolle un fragmento da composición poética “Voume sen nada...”, de *Libro das paisaxes vivas* (1985), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Astro interior. Escolma poética”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 23 xaneiro 2008, p. 32.

Nesta ocasión, inclúe un poema de *Astro interior. Escolma poética* (2007), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Dicionario do estremecemento”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 24 xaneiro 2008, p. 32.

Recolle o poema “Erótica II” de Miguel Anxo Fernán-Vello, da súa obra *Dicionario do estremecemento* (2007).

Fernán-Vello, Miguel Anxo, “De ‘Do desexo en corpo e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa que reproduce un poema de Miguel Anxo Fernán-Vello, da súa obra *Do desexo en corpo e sombra* (1984).

Ferreira, Isaac, “Tiña de todo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, “Relatos de verán”, 6 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Isaac Ferreira (62 anos) intitulado "Tiña de todo".

Ferreiro, Celso Emilio, "De 'Teño o corazón senlleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Teño o corazón senlleiro", de Celso Emilio Ferreiro.

Ferreiro, Celso Emilio, "Eiquí será", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 15 agosto 2008, p. 69.

Acóllese nesta sección o poema "Eiquí será", de Celso Emilio Ferreiro.

Fidalgo, C., "Manuel Rivas asume 'la misión' de potenciar el uso del gallego en El Bierzo", *Diario de León*, "El Bierzo", 17 xaneiro 2008, p. 9.

Coméntase que Manuel Rivas eloxiou o convenio entre a Junta e a Xunta para a introdución da lingua galega no ensino no Bierzo e que no seu discurso, na gala dos premios Xarmenta, citou a Miguel Torga, a Luther King ou a Ulises.

F. F., "Cultura presenta as bases do segundo certame de poesía Xosé A. Barral", *Diario de Arousa*, "O Grove local", "Literatura", 9 xaneiro 2008, p. 17.

Infórmase da publicación das bases da segunda edición do certame de poesía Xosé Antonio Barral. Dise que esta iniciativa pretende servir de homenaxe ao profesor Barral e promocionar os poemas premiados.

F. L. H., "Steiner pide disculpas al PEN Club por una afirmación irreflexiva", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 setembro 2008, p. 75.

Trata a petición de desculpas do filósofo George Steiner ao PEN Club de Galicia polas súas declaracións sobre a lingua galega. Explica que Steiner dera a entender nunha entrevista con *El País Semanal* que, mentres que o catalán é un idioma importante, o galego e a súa literatura non deberían ter tanta presenza na Universidade. Dise que o filósofo afirma que o seu comentario foi "irreflexivo" e unha resposta ao "chovinismo rexional que ameaza agora a unidade de España".

Floriani, Juan, "Aires de música celestial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2008, p. 23.

Informa que o grupo de Música Antiga Resonet vai realizar unha nova interpretación dos *Cantares galegos*, de Rosalía de Castro que contará con dezasete cantigas que foron gravadas no Museo do Pobo Galego co apoio da Fundación Rosalía de Castro. Indica que este traballo se editou cun libro que inclúe os poemas orixinais traducidos ao castelán, ao inglés e ao francés. A continuación, relata o nacemento do grupo Resonet en 1990 e a súa traxectoria até a actualidade.

Floriani, Juan, "De 'Confesións dun pallaso triste", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xaneiro 2008, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa o poema "NOITE DE VIÑO E ROSAS", de *Confesións dun pallaso triste*, de Juan Floriani.

Floriani, Juan, "Unha vida de poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 febreiro 2008, p. 33.

Comenta o labor poético de María do Carmo Kruckenberg que, sendo unha poeta da xeración da posguerra, aínda conserva a lucidez intelectual e mantense activa no mundo cultural. Conta que comezou a escribir con dezaseis anos uns poemas nos que describía a realidade que vía e que estes textos foron recollidos posteriormente no libro *Cantigas do vento*. De seguido, describe as viaxes que realizou por Europa e a chegada a Arxentina, onde coñeceu moitos galegos como Castelao, Luís Seoane, Laxeiro, etc. Salienta a fonda pegada que Castelao deixou na poeta e refírese á volta a Galicia, onde continuou coa faceta poética até a actualidade.

Flowers, Margarito, "El artillero de Napoleón y la dama de Ferrol", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 12 febreiro 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, informa da presentación en Compostela da obra de Betty Millarengo, *O de Millarengo*, (2007), baseada na época das invasións de Napoleón e publicada por Ediciós do Castro. Dá conta do argumento da novela e ofrece algúns datos da traxectoria da escritora.

Flowers, Margarito, "El cine gallego pisa cada vez con más fuerza", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 19 febreiro 2008, contracuberta.

Con respecto ao éxito do cine galego, fai referencia á presentación de tres novas curtametraxes do director Jairo Iglesias: *Rosa dos Ventos*, *1936 Ribadeo* e *Cores*. Explica que a primeira delas foi creada como unha homenaxe a Rosalía de Castro e comenta que a historia xurdiu do poema "Viúvas de vivos e viúvas de mortos".

Flowers, Margarito, "Talentos gallegos que triunfan en televisión y poesía con la firma magistral de Fernán-Vello", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 4 xaneiro 2008, p. 64.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, salienta o labor, tanto literario coma xornalístico, de Miguel Anxo Fernán-Vello e tamén dá conta do seu traballo ao fronte da editorial Espiral Maior. Ademais refírese ás dúas obras do poeta: *Dicionario do estremecemento* (2007), en Espiral Maior; e *Astro interior. Escolma poética 1984-2007* (2007), en Arte de Trobar e cunha introdución de Teresa Seara.

Flowers, Margarito, "Niños prodigio presentados con acento gallego, librerías con encanto especial y sagas con caché", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 8 xaneiro 2008, p. 72.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que tras a recente apertura da libraría Couceiro na praza Cervantes de Compostela, farase alí a presentación do novo libro de Moncho Iglesias, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007). Indica que se trata dunha obra que amosa a vida en Oriente Medio, chea de angustias, esperanza e, incluso, humor.

Flowers, Margarito, "Conde presenta su libro 'María de las Batallas", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 27 maio 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da presentación da tradución ao castelán da novela de Alfredo Conde, *María de las batallas*. Indica que o acto de presentación terá lugar no Hostal dos Reis Católicos en Compostela e contará cunha xira de presentacións por toda España.

F. M., "Samuel Solleiro", *El País*, "Apuestas2008Libros", 4 xaneiro 2008, p. 14.

Comenta que Samuel Solleiro é un escritor galego que acaba de dar a coñecer o seu gusto por contar historias que, segundo el, están inspiradas no que ve. Refire que a Editorial Lengua de Trapo acaba de sacar do prelo, en tradución ao castelán, o seu libro *Elegías a Dios y al Diablo*.

Fontes, Carlos, "Eidos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 20 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Carlos Fontes (39 anos) intitulado "Eidos".

Forcadela, Manuel, "De 'Música de cinza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2008, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema "Améndoas dame figos e queixos ovelleiros…", do poemario *Música de cinza*, de Manuel Forcadela.

Forján, Emilio, "Homenaxe con rúa para 'Ardeiro", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 16 maio 2008, p. 13.

Refire a homenaxe que o Concello de Negreira lle ofreceu ao poeta, recentemente falecido, Xosé Manuel López Ardeiro. Comenta que os actos da homenaxe foron coordinados polo seu amigo José Antonio Ponte Far e salienta a descuberta dunha placa que dará nome a unha rúa da vila. Así mesmo, dá conta da actuación do orfeón Terra a Nosa, da realización dun acto poético-musical, da proxección dun vídeo e da celebración dun recital poético. Por último, comenta que o autor deixou escritas tres obras inéditas, dous libros de poemas e unha novela, e destaca a necesidade de afondar e estudar a obra de Ardeiro.

F. P. L., "A capital das industrias culturais", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 novembro 2008, p. 75.

Informa da próxima celebración da segunda edición de Cultur.gal no Palexco da Coruña. Dise que a principal novidade deste ano consiste na apertura do festival a novos tipos de producións culturais, baixo o lema integrador "Cultur.gal, Feira Galega das Industrias Culturais". En relación coa literatura, comenta que haberá presentacións de novos libros, coma os de Manuel Rivas, Teresa Moure, Santiago Jaureguizar e Inma López Silva. Por último salienta que tamén terá cabida a poesía, da man de Estíbaliz Espinosa e Yolanda Castaño.

Fraga, Modesto, "De Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle nesta ocasión o poema "A Castelao" da obra de Modesto Fraga, intitulada *Derrotas con raíces* (2007).

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2008, p. 36.

Reproduce un fragmento do poema "DESPOIS DO AMOR", de *Derrotas con raíces* (2007), de Modesto Fraga.

Fraga, Modesto, "Nostálxica saudade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Nostálxica saudade", de Modesto Fraga.

Fraga, Xesús, "Dous libros reivindican tres séculos de xornalismo de opinión en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 febreiro 2008, p. 50.

Faise eco da publicación pola editorial Galaxia de dous volumes en colaboración coa

Sección de Comunicación do Consello de Cultura, presentando unha escolma do xornalismo de opinión de Galicia dos últimos tres séculos. Sinálase que o primeiro dos libros contén unha introdución de Xosé López e de Víctor Freixanes, así como vinte biografías dos autores seleccionados. Tamén se apunta que o segundo, *Á marxe* (2007), presenta unha antoloxía de artigos publicados por Carlos Casares na súa homónima columna diaria, en *La Voz de Galicia*, entre 1996 e 1997.

Fraga, X., "La retirada de un facsímil provoca un nuevo conflicto entre Díaz Pardo y la dirección de Sargadelos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 febreiro 2008, p. 48.

Fai referencia ao novo enfrontamento entre Isaac Díaz Pardo e a nova directiva de Sargadelos por mor da publicación do último volume de *Galicia Hoy*.

Fraga, Xesús e Rodri **García**, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Analiza as últimas novidades da literatura galega e sinala a mestura de xéneros e historias coma un elemento común a varias delas. Sinálase que o entrecruzamento de xéneros dáse na obra *A choiva do mundo*, de Xosé M. Pacho Blanco, a quen lle valeu o premio Torrente Ballester. Dise que o cruce de historias subxace na novela *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais. Comenta que Vítor Vaqueiro volve combinar escritura e fotografía no libro *Os espellos do tempo*, e Sabino Torres mestura memoria e ficción nun relato no que rememora a Pontevedra dos anos trinta a cincuenta. Ademais, Xerais publicará outros títulos coma *O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; *A porta de Mayo*, de Gonzalo Moure; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; ou *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal. En canto á literatura infantil e xuvenil, destaca a publicación, por parte de Kalandraka, da obra da arxentina Natalia Colombo, *Cerca*, gañadora do primeiro Premio Compostela para Álbumes Ilustrados e que sairá nas cinco linguas peninsulares. Engádese que Kalandraka publicará tamén unha versión do clásico *Garavanciño*, e Baía edicións, outra d' *A volta ao mundo en oitenta días*, de Saviour Pirotta e Riechard Johnson. Salienta que Edicións Xerais de Galicia presenta *O libro das viaxes imaxinarias*, novo álbum do escritor Xavier P. Docampo e do ilustrador Xosé Cobas, e *O sombreiro chichiriteiro*, primeira incursión de Manuel Rivas neste xénero. Faise eco de que dentro da poesía, se presentan *Estúrdiga Materia*, de Luís G. Tosar; *Non son de aquí*, de María do Cebreiro; e *Amor, amén*, de Yolanda Zúñiga. Entre as traducións destaca *Tras do solpor*, do xaponés Haruki Murakami. Por último, no ensaio, salienta o xénero feminino: María Xosé Queizán publica *Anti natura*; Teresa Moure trata temas medioambientais na obra *O natural é político*; María Lopo analiza a relación epistolar de María Casares co seu pai e África López Souto presenta o libro de Simone de Beauvoir *O segundo sexo*.

Fraga, Xesús, "Galicia, epicentro de linguas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 novembro 2008, p. 31.

Sinala a celebración da segunda bienal "De pedra e palabra", organizada polo PEN Club, que reuniu en Santiago de Compostela a escritores de quince países. Dise que este

encontro foi formulado dende a defensa da variedade lingüística, e tanto a directora executiva do PEN Internacional, Caroline McCormick, coma o secretario en funcións, Eric Lax, gabaron esta orientación. Tamén coinciden en valorar a situación xeográfica de Galicia coma estratéxica para converterse en punto de encontro lingüístico, debido a que se atopa próxima á lusofonía, ao ámbito hispánico e mesmo á zona mediterránea, ademais de contar cun centro de referencia europeo: o Camiño de Santiago.

Franco, Camilo, "O Salón Teatro amplía a súa programación con danza e música", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 xaneiro 2008, p. 9.

Comenta que o Salón Teatro de Santiago vai contar con cincuenta e seis funcións teatrais, así como espectáculos de danza e música. Entre as obras teatrais, dá conta das producións e coproducións do Centro Dramático Galego como *Valdemuller* e *DramA3* e as coproducións serán *Cascuda* e a representación de *PeriFeria* pola compañía Voadora.

Franco, Camilo, "A unha illa do Caribe", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 febreiro 2008, p. 39.

Fai referencia ao enorme investimento que a Consellería de Cultura tivo que facer para exercer de nación convidada na Feira Internacional do Libro da Habana. Considera que ese gasto é necesario e critica a aqueles que protestan polo gasto económico na cultura.

Franco, Camilo, "Galicia celebra o centenario da morte de Curros Enríquez en Cuba", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 marzo 2008, p. 48.

Ademais dun resumo visual das datas máis salientábeis da vida de Manuel Curros Enríquez, infórmase dos actos que terán lugar na Coruña e mais en Celanova co gallo do centenario da súa morte. Indícase que na Coruña haberá ofrendas florais, un recitado e a escenificación do poema "O maio", mentres que en Celanova haberá charlas e Emilio Batallán musicará poemas de Curros.

Franco, Camilo, "Presentan o PGAE como a segunda profesionalización do teatro galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 maio 2008, p. 54.

Dá conta da presentación do novo Plan Galego das Artes Escénicas e achega os comentarios de Miguel Martín, xerente do IGAEM, de Celso Parada, presidente do colectivo de compañías, e de Vicente Montoto, presidente dos actores, sobre a aprobación do novo plan.

Franco, Camilo, "Todo o mundo ri moito", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Música/Rufus Wainwright", 29 maio 2008, p. 9.

Dá conta da diversión e o entretemento que proporciona o teatro universitario tanto para os espectadores como para os propios profesionais da escena. Sinálase que nel todo o

mundo se divirte, ri e o pasa ben, sendo este o primordial obxectivo destas propostas teatrais.

Franco, Camilo, "Ir Indo presenta EGU, a primeira enciclopedia galega de Internet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 xullo 2008, p. 46.

Infórmase sobre a aparición na Rede da Enciclopedia Galega Universal (www.egu.es), co que a mítica publicación da cultura galega se adapta ás novas tecnoloxías e aproveita as posibilidades da Internet. Entre os datos máis salientábeis que achega a noticia destacan tres: que o acceso á Enciclopedia posibilitará ademais o uso do dicionario en liña Digalego.com; que a iniciativa nace coa vontade dunha actualización constante; e que preto do corenta por cento dos contidos e das entradas son de argumento enteiramente galego.

Franco, Camilo. "Palabras en perigo de extinción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, 12 xullo 2008, p. 10.

Refírese á creación da web www.aelg.org, proxecto creado conxuntamente polo escritor lugués Isidro Novo e a Asociación de Escritores en Lingua Galega dentro do proxecto "Palabras con memoria". Explícase que o obxectivo da proposta é formar unha base o máis ampla posíbel de léxico en desuso co fin de evitar que esas palabras desaparezan da lingua.

Franco, Camilo, "Os escritores critican o descoñecemento do galego de Steiner", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 4 setembro 2008, p. 47.

Salienta as iras da cultura galega fronte as palabras de George Steiner nas que desprezaba á lingua galega e tamén se refire ás palabras de Luís G. Tosar nas que se estraña de que o entrevistador de Steiner, Juan Cruz, non matizara as respostas de Steiner. Tamén se refire á necesidade de promoción e ensino internacional da lingua e cultura galegas.

Franco, Camilo, "Steiner descúlpase dicindo que é apaixonado defensor das lingua minoritarias", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2008, pp. 48-49.

Comenta as desculpas de Steiner ante as súas declaracións contra a lingua galega pero destácase que a última frase desta desculpa "é unha maneira de non cambiar de opinión" e tamén se reproducen declaracións de persoeiros galegos, como Víctor Freixanes, Ramón Villares, Manuel Bragado, M.ª do Cebreiro, Xoán Carlos Caneiro, Mercedes Queixas ou Antonio R. Coello nas que afirman que hai unha diferenza entre o descoñecemento e o desprezo.

Franco, Camilo, "Galeusca pide unha 'relación máis profesional" por parte dos editores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 novembro 2008, p. 49.

Destaca a reivindicación dunha maior profesionalidade por parte das editoras como a principal conclusión do último Congreso Galeuzca. Para iso, dise que se buscan novos tipos de contrato que eviten a indefensión do escritor e a creación dunha comisión que trate os conflitos entre autores e editores sen ter que pasar polos xulgados. Comenta que outra conclusión do Congreso é a necesidade de regular os dereitos de autor en relación cos formatos dixitais e as novas tecnoloxías, así como coa lexislación europea. Por último dise que Galeuzca tamén denunciou a involución na normalización das linguas que se deu nas tres comunidades, ante o que se impulsarán iniciativas para reforzar a relación entre os tres colectivos, como a apertura da Casa do Escritor no País Vasco, coa posibilidade de que Galicia chegue a contar cunha instalación similar.

Franco, Camilo, "Os gañadores dos Xerais reclaman máis visibilidade para a literatura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 novembro 2008, p. 30.

Alude a que os tres premios Xerais de 2008 prefiren que houbese máis galardóns ás obras publicadas. Asemade indica que Mar Guerra defende a utilidade da literatura como vehículo para que a xente poida ser máis feliz ou que Manuel Lourenzo González coida que a práctica literaria en galego enfróntase co problema da verosimilitude co idioma galego xa que este non se fala en todos os contextos.

Franco, Camilo, "As novas formas de narrar asumen o protagonismo do Culturgal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 decembro 2008, p. 53.

Refire a presentación da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, que tivo lugar no Culturgal. Dise que esta asociación pretende funcionar como plataforma de representación dos profesionais da xestión, así como abrirse a profesionais procedentes doutras institucións diferentes ás administracións locais e tamén do ámbito privado. Comenta que o Culturgal acolle a a presentación d'*O globo de Shakespeare*, de Santiago Jaureguizar; a sinatura de libros por parte dos tres gañadores dos Premios Xerais, Manuel Lourenzo González, Marilar Alexandre e Mar Guerra; a presentación dos álbums ilustrados *A serea do mundo*, e *O branco país sen neve*, de Encarna Otero; e a presentación d'*A corpo aberto*, de Manuel Rivas; *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez; e *Construcións*, de Eduardo Estévez.

Franco, Fernando, "Del Teatro Vigués", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 12 febreiro 2008, p. 14.

Fai mención ao gran labor que se está a levar a cabo en Vigo a prol do teatro. Refírese en primeiro lugar á sala do Teatro Ensalle, no que se levou a cabo con moito éxito o *Ensalle*, de Pedro Fresnada e Raquel Fernández, que ofertan catro días de programación para os vigueses; tamén di que a sala do Teatro Arte Livre, que está a cargo de Cordovani e Eisenhower Moreno, está a levar a cabo unhas boas representacións de producións propias.

Franco, Xesús, "De 'Atlántico, Atlántico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 decembro 2008, p. 46.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "ERREI", da obra poética *Atlántico, Atlántico* (2004), de Xesús Franco.

Gallas Otero, Lidia M., "Poesía e pintura cóllense da man para homenaxear a Castelao no seu Rianxo natal", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 27 xaneiro 2008, p. 23.

Informa que a vila de Rianxo celebrou os actos Castelao 2008 e dá conta das actividades que se levaron a cabo, como a presentación do libro de Xesús Rábade Paredes, *Mentres a herba medra* (2007), ou a ofrenda floral ante a estatua de Castelao. De seguido, refire outras actividades como a presentación do Boletín da Fundación Castelao e o opúsculo de Emilio Xosé Ínsua, *Unha visión ecoloxista da obra e do pensamento de Castelao*. Tamén comenta que a parte poética do acto correu a cargo de Alberto Piñeiro e de Beatriz Bugallo que leron textos de *Sempre en Galiza* (2004) e mais de *Retrincos* (1934) e *Cousas* (1926). Por último, fai referencia á obra pictórica de Castelao.

Gallas Otero, Lidia M., "Non quero ós guapos de turno para os papeis protagonistas", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*",17 febreiro 2008.

Comenta que o actor Miro Magariños vai impartir un curso de iniciación ao teatro no Concello de Moraña e salienta o seu currículo interpretativo. De seguido, realiza unha entrevista ao actor quen comenta como vai desenvolver o curso e tamén explica de que forma unha persoa descobre que lle gusta o teatro. El indica que xa de pequeno lle gustaba actuar e interpretar historias e agora gustaríalle facer o papel dun "malo malísimo". Por último, fala sobre unha gravación de *Libro de familia* e comenta a relación coas súas parellas televisivas.

Gallas Otero, Lidia M., "O poeta e xornalista 'Caramiñas' volve á Pobra da man do Museo Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Exposición", 27 abril 2008, p. 27.

Con motivo da celebración do Día Mundial do Libro, comenta que o Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal organizou unha exposición en homenaxe ao poeta e xornalista José Juan Pérez Gómez, coñecido co sobrenome de "Caramiñas". Explica que no 2006 o Museo xa editara un estudo sobre Caramiñas, realizado por Xoán Xosé Fernández Abella. De seguido, narra brevemente a súa biografía e destaca as súas obras literarias, así como as traducións que realizou de obras internacionais. Tamén comenta que a produción poética a publicou principalmente nos xornais, por exemplo *Galicia*, e comenta que morreu entre 1946 e 1947 debido a unha longa enfermidade.

Gallas Otero, Lidia M., "Ribadumia une a vida e obra de Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas arredor do viño", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 8 xuño 2008, p. 23.

Afonda na mostra que ten lugar no Auditorio Municipal de Ribadumia e que se centra no viño como nexo de unión entre a obra de Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas. Sinala que a primeira parte da exposición pretende facer un achegamento á vida e obra dos escritores, así como ás súas casas-museo, entidades que impulsaron a iniciativa da mostra. A continuación, amósase a relación da súa produción co viño. Incídese en que o viñedo está presente nas paisaxes que describe a padronesa, nas súas composicións populares relacionadas coa infancia en Ortoño, na súa prosa de denuncia e mesmo no xardín da súa Casa-museo, onde aparece como metáfora da concepción rosaliana da casa. Dise que Cabanillas fala do viño e das parras deitadas ao sol nos poemas "Sono Dourado", "Vendima do Salnés" e "Diante dunha cunca de viño espadeiro". Finalmente saliéntase que a exposición está reforzada por diverso material didáctico con xogos e actividades sobre o tema do viño e a produción literaria destes dous autores.

Gallas Otero, Lidia M., "A historia dos cen anos do himno galego chega a Rianxo coa Fundación Iniciativas XXI", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 14 setembro 2008, p. 23.

Anuncia a chegada á Casa da Cultura de Rianxo da mostra itinerante "A nosa voz. Cen anos do Himno de Galicia". Dise que a localización das primeiras partituras do himno galego, escrito polo poeta Eduardo Pondal, no Arquivo da Banda Municipal de La Habana, impulsou a realización desta exposición. Nela, ademais das citadas partituras, recóllense os manuscritos de Pondal coas distintas fases de composición do poema; as misivas enviadas entre Fontenla Leal, Pondal e Pascual Veiga; distintas edicións da obra *Lamentos de los pendientes*; creacións artísticas inspiradas na produción pondaliana, e libros que asentaron o relato céltico da fundación de Galicia. No tocante á parte musical, atópanse, entre outras cousas, as primeiras gravacións do himno e a documentación do concurso de 1890 para poñerlle música e imaxes dalgunhas agrupacións históricas que tiveron a oportunidade de gravalo.

Gallas Otero, Lidia M., "Os naufraxios acontecidos no Grove serven de inspiración a Henrique Conde", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Exposición", 21 setembro 2008, p. 27.

Dá conta da inauguración de dúas exposicións que se poderán ver nas instalacións do Clube Náutico San Vicente. Sinala que unha delas, *Restos dun naufraxio*, está composta por trece pezas creadas por Henrique Conde que foron elaboradas cos restos de naufraxios. Salienta que a exposición se completa cun poema de Manoel Antonio que acae a esta temática, intitulado "SOS".

Gámir, Chinny, "La Casa de Galicia en Madrid homenajea al poeta celanovés Manuel Curros Enríquez", *La Región*, "Ourense", 11 xuño 2008, p. 14.

Trata dos actos celebrados na Casa de Galicia en Madrid con motivo da homenaxe a Manuel Curros Enríquez no centenario da súa morte. Dise que na primeira das xornadas participaron o director da Casa de Galicia, Alfonso Sobrado Palomares, o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, e o alcalde de Celanova e presidente da Fundación Curros Enríquez, Antonio Mouriño, quen falou da vixencia da mensaxe

poética do escritor e da actualidade que aínda manteñen moitos dos seus artigos periodísticos. Ademais, coméntase que a compañía de teatro Casa Hamlet ofreceu un recital-concerto poético sobre a obra de Curros, con poemas coma "O Gaiteiro", "O Mayo" e "A Rosalía".

García, Hilario, "La poesía y la música se dan cita en el centro penitenciario de Monterroso", *El Progreso*, "A Ulloa", 9 agosto 2008, p. 16.

Informa da organización de varias actividades relacionadas coa música clásica e coa poesía por parte da penitenciaría de Monterroso. Dise que a poesía terá presenza nun taller impartido por Antón Fontes Torres, escritor e catedrático de Lingua Galega no Instituto de Sarria.

García, Jesús Manuel, "La Xunta publica las actas del último congreso de Manuel Luís Acuña incluyendo una entrevista con él", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 5 novembro 2008, p. 6.

Coméntase que o Foro Manuel Luís Acuña e as Consellerías de Cultura e Deporte e mais do Medio Rural veñen de publicar as *Actas do III Congreso Manuel Luís Acuña* que tivera lugar en Trives en novembro de 2006. Do libro destácase que inclúe un CD cunha entrevista a Manuel Luís Acuña e mais que nel se recolleu estudos, entre outros, sobre a Xeración Nós ou sobre os proxectos educativos e políticos da II República.

García, Jesús Manuel, "Una base de datos registrará las ilustraciones gallegas de 1880 a 1936", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2008, p. 57.

Anuncia a realización dunha base de datos que rexistrará as ilustracións publicadas en libros e revistas de vangarda galegos entre os anos 1880 e 1936. Dise que o proxecto, que levará a cabo o equipo da catedrática María Victoria Carballo-Calero Ramos, da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, parte das obras *Follas Novas*, de Rosalía de Castro, e *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez. Coméntase que despois se engadirán as obras feitas por escritores como Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Manuel Murguía ou Antón Vilar Ponte cos ilustradores Soto Freire, García Ybarra, Ánxel Casal, Roel, Ferrer ou Gerardo Castro. Saliéntase que o equipo catalogador se deterá, sobre todo, nas editoriais Céltiga, Nós e Lar e que a busca se fará en once bibliotecas galegas. Finalmente Carballo-Calero sinala que este proxecto resume a súa traxectoria académica, xa que se trata dunha liña de investigación que comezou coa publicación do seu libro *La ilustración de la revista Nós* (1983).

García, MV, "Escola Dramática Galega", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 234, "Teatro", 31 xaneiro 2008, p. VIII.

Lembra a historia da Escola Dramática Galega que naceu da man de Eduardo Sánchez Miño e que pasou por diferentes directores. Explica que en 1922 volveu aparecer unha nova Escola Dramática Galega baixo a dirección de Leandro Carré Alvarellos que contaba con xente pertencente á Irmandade da Fala da Coruña e, posteriormente, en

1978 volveu renacer a partir do grupo Teatro Circo como unha cooperativa que fundou os *Cadernos da Escola Dramática Galega*, nos que publicaron autores como Inma Souto, Fernán Vello, Luísa Villalta, etc. e difundiron moitas obras teatrais. De seguido, fai referencia ás actividades que levou a cabo a Escola, conferencias, debates e actividades divulgativas do feito teatral, e fala das abundantes representacións e dos actores que trunfaron nela. Por último, informa que a historia da Escola Dramática Galega aparece recollida no libro de Carlos Biscaínho, *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral* (2007).

García, R., "Os novos escritores foxen das xeracións literarias", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 setembro 2008, p. 57.

Destaca o feito de que os novos escritores non tenden a agruparse en xeracións entre os argumentos que se están a debater no terceiro encontro de novos autores, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dise que durante a primeira das xornadas que se levan a cabo no pazo de Mariñán se desenvolveron dúas mesas, intituladas "Cartografías literarias no novo século" e "Presenza e invisibilidade". Coméntase que na primeira, onde interviñeron Oriana Méndez, Mario Regueira, Rubén Ruibal e María Xesús Nogueira como coordinadora, se salientou o deber da literatura galega de asumir con orgullo os apelativos de anormalidade ou subalternidade, o pulo que están a ter as minorías e a aposta polas novas vías de creación. Finalmente na segunda, que non quedou concluída, incluinse un recital poético.

García, Rodri, "Unha edición facsimilar recolle os documentos do himno galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 abril 2008, p. 49.

Dáse conta da publicación do libro *O Himno Galego. Documentos históricos 1890-1907* (2007). Dise que a obra, presentada na sede da Real Academia Galega polas tres universidades galegas para celebrar o centenario do himno, é unha edición facsimilar que recolle o manuscrito de Eduardo Pondal, que chama a atención pola cantidade de borróns do autor que presenta, así como a partitura da música composta por Pascual Veiga para o texto e varias das cartas da correspondencia que mantiveron ambos. Infórmase que o catedrático Manuel Ferreiro, especialista na obra de Pondal, é o autor dunha breve aproximación á historia do himno na que describe o proceso de nacemento do texto e da música, así como da súa institucionalización. A publicación está formada por cinco cadernos sobre cada un dos temas, sendo o seu fío vencellador os principais elementos da identidade nacional da Galiza: a bandeira, o escudo e mais o himno, os tres símbolos cos que unha nación proclama a súa identidade revelando o seu pasado, o seu pensamento e a súa vontade de permanencia.

García, Rodri, "Los diálogos literarios de Mariñán congregan desde ayer a cincuenta invitados", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xuño 2008, p. 39.

Describe a primeira xornada dos diálogos literarios abertos ao público que teñen lugar en Mariñán. Dise que estes diálogos están marcados polo espírito dos encontros literarios de Verines, aos que Carlos Casares poñía comezo con algunha das súas historias. Saliéntase que a primeira conversa, intitulada "Ollos novos", entre Inma

López Silva e Rexina Vega, acolleu temas como a profesionalización do oficio de escritor ou o estado da crítica literaria. Por último sinálase que, moderados por Dolores Vilavedra, o catalán Joan Margarit e o portugués Fernando Pinto do Amaral mantiveron un emotivo diálogo poético.

García, Rubén, "Un canon para los libros", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 466, "Reportaje", 3 febreiro 2008, pp. 2-4.

Fai referencia á polémica xurdida a partir da aprobación da Lei da lectura, do libro e das bibliotecas. Comenta que segundo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea se debe pagar aos autores polo préstamo das súas obras nas bibliotecas e indica que este canon correu a cargo do Estado. Afirma que a entidade encargada de supervisar o canon bibliotecario é o Centro Español de Dereitos Reprográficos, quen controla os pagos aos autores e mais aos editores dos vinte céntimos de euro por cada exemplar prestado. A continuación dá conta do descontento por parte das bibliotecas, pois consideran que o canon vai reducir as dotacións económicas para a adquisición de novos exemplares. De seguido, achega as opinións de Yolanda Díaz, Concelleira de Cultura de Ferrol, de Alejandro Caínzos, bibliotecario de Pontedeume, e de Manuel Grueiro, bibliotecario de Neda.

García, Xoán, "In-ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "O parque esquece fíos de horizonte...", d'*In-ventos* (2004), de Xoán García.

García, Xosé Lois, "de 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Pola porta Camiño entra o mundo..." da obra *No imo do tempo* (2007), de Xosé Lois García.

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 outubro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Para quen sabe dos limos…" da obra *No imo do tempo* (2007), de Xosé Lois García.

García, Xosé Lois, "De 'Pórticos do gozo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "INVERNÍA EN MAÑENTE", da obra poética *Pórticos do gozo*, de Xosé Lois García.

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro

2008, p. 40.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Compostela!...", da obra poética *No imo do tempo* (2007), de Xosé Lois García.

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2008, p. 32.

Sección fixa que recolle o poema "FLUTÚAS", da obra poética *No imo do tempo* (2007), de Xosé Lois García.

García, Xoán Xosé, "Amala coma un ceo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 setembro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Amala coma un ceo", de Xoán Xosé García.

García, Xoán Xosé, "de 'In-Ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "É un silencio parracial…" da obra *In-Ventos* (2004), de Xoán Xosé García.

García Acuña, Fernando, "De 'Antoloxía dos poetas galegos en Cuba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 novembro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético de Fernando García Acuña, intitulado "Catro renglóns mal esquirtos...", que se inclúe na *Antoloxía dos poetas galegos en Cuba*, de Xosé Lois García.

García Balado, Ramón, "Homenaje lírico a Curros Enríquez", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 xuño 2008, p. 28.

Informa da homenaxe musical a Manuel Curros Enríquez que tivo lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela baixo o título *Na frente unha estrela* e que se puido seguir noutras capitais galegas. Dos compositores aos que se recorreu para elixir as pezas do recital, destaca José Castro "Chané" quen, xunto con Alonso Salgado, deu vida a poemas como "Tangaraños", "Un adios a Mariquiña", "Os teus ollos" ou "Unha noite na eira do trigo". Tamén comenta que, o músico Baldomir se encargou de "Rosalía" e "Como foi", tomado d'*Aires da miña terra* (1880).

García Fernández, Isabel, "De Hollywood al valle del Ouro", *El Progreso*, 31 decembro 2008, contracuberta.

Fai referencia á presentación, na casa da cultura de Ferreira do Valadouro, dun filme baseado en dous relatos dun libro de contos escrito por tres destacados veciños da zona: o actor Manuel Lourenzo, Isaac Ferreira e Xesús Pisón. Coméntase que a película, intitulada *Lume na alma*, trata o tema da Santa Compaña e que está creada por profesores e alumnos do IES Alfoz-Valadouro. Dise que Manuel Lourenzo se atopa inmerso noutros proxectos, coma o musical *Quen puidera convosco voar*, feito a partir dunha obra de Manuel Curros Enríquez; un espectáculo sobre unha versión da novela *La isla del Doctor Moró*, intitulada *O cuarto de Ofelia* e creada por Xesús Pisón, ou o ensaio dun conto de Bernardino Graña, levado a cabo pola súa compañía e escola de interpretación Casa Hamlet.

García Ferreiro, Xosé Luís, "Como unha cantiga", *El Ideal Gallego*, "Especial fiestas de Vilalba", 30 agosto 2008, p. 44.

Recolle as propias lembranzas do autor sobre a súa vila natal, Vilalba, á que sempre volve polas festas, e intercálaas con versos do seu pai, Xosé Luís García Mato. Obsérvase que as lembranzas están introducidas por uns versos tirados da obra *Labirinto de inverno* (1990), de Fermín Bouza Álvarez.

García Fonte, Anxos, "Cando Risco era alguén. A publicación 'd'O porco de pé' cumpre 80 anos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 9 decembro 2008, p. 54.

Informa da celebración dun simposio sobre Vicente Risco e a súa obra narrativa *O porco de pé* (1928), organizado pola Fundación Risco no Paraninfo do IES Otero Pedrayo de Ourense, con motivo do oitenta aniversario da citada obra. Coméntase que o profesor Manuel Forcadela asegura que a traxectoria vital e ideolóxica de Risco é coherente e que sinala a Gran Guerra e a Revolución Bolxevique como punto de inflexión na evolución do seu pensamento, que vén exposta a continuación. Saliéntase que esta conmemoración deu lugar a unha edición non venal facsimilar da obra, que inclúe un estudo de Manuel Outeiriño, publicada pola editorial Galaxia, e a unha unidade didáctica, editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

García Márquez, Marta, "Literatura para todos os gustos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 6 xaneiro 2008, p. 17.

Comenta que en época de Nadal as persoas se animan a regalar literatura, principalmente, o Día de Reis. Xaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, dá conta das principais obras que se están a vender e, en relación á literatura galega, indica que os volumes de maior número de vendas son *Madeira de zapateiro* (2007), de Suso de Toro; e *Made in Galiza* (2007), de Sechu Sende.

García Márquez, Marta, "Las salas municipales refrescarán la memoria durante el primer trimestre", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 8 xaneiro 2008, p. 14.

Refire que as salas municipais da Coruña van comezar a celebrar os cen anos do nacemento do himno galego. Informa que a Casa Museo Casares Quiroga vai presentar

unha exposición sobre os versos de Pondal e que tamén haberá unha mostra itinerante intitulada "O Himno. Os tempos son chegados", así como que o Kiosko Alfonso presentará "Rostros da Memoria", que recolle fotografías anónimas sobre as vítimas da Ditadura, realizadas por Xurxo Lobato. Por último, comenta que a asociación Cántigas da Terra, que cumpre noventa anos, tamén vai festexar os cen anos do himno galego cunha exposición en Durán Loriga.

García Márquez, Marta, "Dúas arterias separadas por cen metros", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 31 xaneiro 2008, p. 14.

Comenta que a Real Academia Galega xa conta cunha nova sede que é a antiga casa que Rosalía de Castro e Manuel Murguía tiñan na rúa do Príncipe da Coruña. Explica, en palabras de Xosé Ramón Barreiro, que a nova casa ten que ser adaptada ás necesidades da RAG e que contará ademais cun pequeno museo sobre o matrimonio Murguía. Así mesmo, indica Barreiro que o legado de Pardo Bazán quedará na sede actual. Por último, comenta que xa contan con propostas de diferentes empresas para comezar as obras de remodelación.

García Márquez, Marta, "A RAG recala nos orixes dos símbolos no libro 'Desperta do teu sonos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 15 febreiro 2008, p. 15.

Dá conta da presentación da monografía *Desperta do teu sono*, que afonda nas orixes do himno galego e que recolle tamén unha análise sobre o noso escudo. Sinala que Xosé Luís Axeitos, un dos colaboradores da obra, salienta a importancia da Real Academia Galega no proceso de escritura e de publicación deste volume. Engade que no acto de presentación se lle entregou unha bandeira galega ao presidente da RAG.

García Márquez, Marta, "A RAG vincula a figura de Curros coa cidade en 'Na frente unha estrela", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 14.

Sinala a presentación da mostra "Na frente unha estrela" que se centra nas achegas realizadas polo poeta Manuel Curros Enríquez á cidade da Coruña e no que significou esta para o escritor. Dise que a mostra conta con documentos e materiais, recompilados pola Real Academia Galega, que inclúen manuscritos como o do poema "Pol-a unión"; as lentes de cristais redondeados do autor; a coroa que o distinguía como poeta nacional; debuxos e fotografías, como a do barco que o levou a Cuba. Tamén se comenta que hai un espazo dedicado aos xornais nos que traballou e que fundou, como *Tierra Gallega*, e outro centrado no día do seu pasamento, coas cabeceiras que destacaron en portada a morte do poeta e o bando do alcalde que chamaba a toda a cidadanía a participar nos actos fúnebres. Por último, alúdese a que a exposición conta cunha película reconstruída a partir de fotografías.

Ginsberg, Allen, "Ouveo e outros poemas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 marzo 2008, p. 36.

Sección fixa que acolle un fragmento de *Ouveo e outros poemas* (2007), de Allen

Ginsberg.

Gómez, José Mª, "Aturuxo, un berro fértil para o terreo ermo da posguerra", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 465, "Reportaxe", 27 xaneiro 2008, p. 2.

Ponse de relevo a importancia da revista *Aturuxo*, considerada a primeira revista literaria da posguerra en Galicia e describe os seus oito anos en circulación. Considérase que foi unha das mellores revistas de poesía e de crítica literaria, impulsada por figuras tan relevantes como Ricardo Carvalho Calero, Miguel Castro Vidal e Tomás Barro, aos que seguirían máis tarde Mario Couceiro e Miguel González Garcés. Indícase que levaron a cabo unha edición bilingüe nun dos momentos máis delicados polos que ten atravesado a cultura galega. A continuación, explícase que a conservación da colección completa débese ás edicións do Centro Ramón Piñeiro (1994 e 2002). Por último, recóllense as palabras do director do proxecto, Luís Alonso Girgado, quen afirma que *Aturuxo* foi unha revista poética de referencia da época.

Gómez, Jose, "Voces Ceibes, a canción protesta galega corenta anos despois", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 481, "Reportaxe", 18 maio 2008, pp. 2-4.

Faise unha demorada análise ao grupo de cantautores chamado Voces Ceibes que é cualificado como "fenómeno cultural do tardofranquismo". Para esta análise baséase no volume *Voces Ceibes* (1991), de Vicente Araguas, así como nas reflexións do propio Vicente Araguas e de Guillermo Rojo, Alfredo Conde ou Miro Casabella. Fálase dos seus comezos e destácase que a lingua galega formaba parte dunha canción social, comprometida e con fondos textos, que a filosofía e compromiso de Voces Ceibes radicaba en facer canción de autor comprometida e mais que eran un colectivo con vocación de movemento artístico xeracional, que supuxo un revulsivo na Galicia de 1968.

Gómez, Lupe, "Unha nómade do amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xaneiro 2008, p. 21.

Comenta que a cantante Carmen Dor vai sacar un novo disco no que as cancións son versos de Rosalía de Castro, cos que vai mesturar o blues e o fado. Explica o que significa a poesía da poeta para esta cantautora e dá conta dos seus inicios no mundo da música.

Gómez, Lupe, "O abismo é profundo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 692, 20 xaneiro 2008, p. 5.

Estrutura o artigo en varios días do mes de xaneiro e conta anécdotas do día a día. Salienta os versos de *Profundidade de campo* (2007), obra de Yolanda Castaño, e lembra tamén a poesía musicada de Luís García Montero.

Gómez, Lupe, "Romper o mosaico", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 697, "A bailarina", 24 febreiro 2008, p. 6.

Neste repaso polos seis días da semana, dende o 15 até o 21 de febreiro, comeza cuns versos da poeta Rosa Enríquez. En relación á literatura galega, indica a aparición dunha nova poeta galega e comenta o poemario de M.ª Rosa Enríquez Salido, *Vestíbulo da devastación* (2007), editado por Espiral Maior. Máis adiante, tamén fai referencia á presenza dos escritores galegos na Feira do Libro da Habana.

Gómez, Lupe, "Transformar a materia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 febreiro 2008, p. 34.

Analiza o novo disco de Tino Baz, *Cinsa namorada* e, en relación coa literatura galega, indica que as cancións emotivas e sinceras deste disco xiran ao redor dun poema de Marica Campo.

Gómez, Lupe, "Documentos do estremecemento", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 698, "A bailarina", 2 marzo 2008, p. 5.

Repasa sete días da semana, dende o 19 até o 24 de febreiro e mais o 27 do mesmo mes, e comeza cuns versos do poeta Miguel Anxo Fernán Vello. De seguido, comenta a poesía deste escritor e salienta o volume *Dicionario do estremecemento* (2007), editado por Espiral Maior. Así mesmo, tamén destaca un poema que Fernán Vello lle dedica a Rosalía de Castro e, a continuación, comenta que está a traducir ao portugués a súa obra *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999). Por último, lembra que xa leva dous anos facéndose cargo desta sección do xornal na que tratou a diferentes escritores.

Gómez, Lupe, "De 'Levantar as tetas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "O sexo...", da obra poética *Levantar as tetas* (2004), de Lupe Gómez.

Gómez, Yesmariana, "La juventud también tiene mucha poesía", *Diario de Arousa*, 22 maio 2008, contracuberta.

Informa da celebración da novena edición do concurso "Xogos Florais", organizado anualmente polo Colexio San Francisco de Vilagarcía. Dise que participaron trece alumnos e no acto estivo presente o concelleiro de Cultura, Xosé Castro Ratón. A continuación, coméntase o programa de actividades que se levou a cabo e apunta aos gañadores, Cristina Pascual, Ángela Cuervo e Angélica Martínez Fariña; primeiro, segundo e terceiro premio respectivamente.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "De 'Mar aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Sei que hai que seguir" pertencente ao poemario *Mar aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, Alfredo, "De 'In-ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 de maio de 2008, p. 33.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Prendarme de Pandora…", pertencente ao poemario *In-ventos*, de Alfredo Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X. C., "de 'confíteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "Por eles, amador, polos da cruz…" de *Confíteor* (2005), de X. C. Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "De 'Mar aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Este mar proceloso que me arranca...", da obra poética *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

González Pérez, Clodio, "A Xanela'. Revista cultural das Mariñas", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 2 agosto 2008, p. 2.

Faise referencia *A Xanela*, unha publicación local de carácter literario con vinte e cinco números no seu haber, grazas á Asociación Cultural "Eira Vella", de Betanzos, e ao seu coordinador Suso Torres. Explícase que *A Xanela* é unha publicación sinxela e orixinal que recolle traballos de diferentes temas e que as súas catro edicións anuais coinciden coas estacións do ano. Do número de primavera salienta as páxinas dedicadas ao Día das Letras Galegas, do mesmo xeito que no número 25 da publicación non falta o protagonismo de Xosé María Álvarez Blázquez: un resumo biográfico, varios poemas, un pequeno artigo sobre o libro *Galería de Galegos Ilustres* (1956). Engade que se atopan nesta edición, como no resto dos números, artigos e poemas de autores noveis, o que crea grandes oportunidades de novos descubrimentos para as editoriais. Coincidindo co centenario do nacemento do artista coruñés Urbano Lugrís, reprodúcese parte dun artigo que lle dedicara Emilio Álvarez Blázquez na revista *Nordés* en 1982. Este volume d'*A Xanela* pertencente á primavera de 2008, ademais doutros artigos de temática non literaria, acolle varias recensións.

Gradín, Tere, "El año del poeta", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 545, 12 xaneiro 2008, p. 1.

Comenta que no ano 2008 se van celebrar diferentes efemérides entre as que salienta a homenaxe a Manuel Curros Enríquez polo centenario do seu pasamento. Dá conta da vida do escritor como unha das figuras claves do Rexurdimento e destaca feitos

importantes, así como analiza a súa obra. Por último, fai referencia á inauguración da casa natal de Curros e ás actividades que se levan a cabo nela.

Grandal, Laura, "El BNG convierte el homenaje a Castelao en un acto de precampaña", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 6 xaneiro 2008, p. 30.

Con motivo do inicio da precampaña electoral do BNG, comenta que os nacionalistas realizaron unha homenaxe en Rianxo a Castelao a quen tomaron como modelo nas súas ideas sobre Galicia. Así mesmo, indica que lle renderon a homenaxe cunha ofrenda floral.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 febreiro 2008, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento de *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 de maio de 2008, p. 35.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Ninguén pensa en pasar por ser un tolo…" pertencente ao poemario *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 de maio de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Rabincheira, berros mil …" pertencente ao poemario *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 de xuño de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Rabincheira, berros mil…" pertencente ao poemario *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 de xuño de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Ninguén pensa en pasar por ser un tolo…" pertencente ao poemario *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "de 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Ninguén pensa en pasar por ser un tolo…" de *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "de 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle a composición poética "Ribincheira, berros mil…" pertencente ao poemario *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña.

Guillén Vázquez, Xan, "Lorena Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 20 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xan Guillén Vázquez intitulado "Lorena Piñeiro".

Gutiérrez, Eduardo,"John Rutherford na academia", *El Progreso*, "Opinión", 22 outubro 2008, p. 29.

Dáse conta do acto de ingreso do doutor John Rutherford como membro de honra na sede coruñesa da Real Academia Galega. O seu discurso, "O fermoso sorriso do profeta Daniel", centrado na figura do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, foi respondido cunha *laudatio* polo académico Antón Santamarina que xiraba ao redor do seu rol como pioneiro no eido do hispanismo británico na cultura galega. Cítase un dos estudos que o Dr. Rutherford levou a cabo, "The Comical and the Humorous in the Poema de Mío Cid" e coméntase, xa por último, o "Primeiro Simposium de Estudios Galegos" con lugar na Taylor Institution de Oxford en 1991, a partir do cal se concibiron as "Xornadas de Cultura Galega. Unha visión desde a Universidade Británica", celebradas por vez primeira en 1992.

Heinze, Úrsula, "Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 novembro 2008, p. 40.

Sección fixa na que se reproduce un fragmento do poema "Soterrados os versos...", de *Na pel do insomnio*, de Úrsula Heinze.

Heinze, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 novembro 2008, p. 37.

Sección fixa que acolle un fragmento do poema "vivindo polo soño...", de *Na pel do insomnio*, de Úrsula Heinze.

Heinze, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle un fragmento do poema "ó cabo dun soño...", de *Na pel do insomnio*, de Úrsula Heinze.

Heinze, Úrsula, "Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 novembro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle un fragmento do poema "medran os montes...", de *Na pel do insomnio*, de Úrsula Heinze.

Heinze, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 novembro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta ocasión un fragmento do poema "vivindo polo soño...", de *Na pel do insomnio*, de Úrsula Heinze.

Hermida, María, "El alcalde socialista de Rianxo abronca a Cultura por su actitud con Castelao", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 28 xaneiro 2008, p. 9.

Indica que con motivo de que todos os anos en Rianxo se celebrou a homenaxe a Castelao por parte do Concello e da Fundación que leva o seu nome, recóllense as críticas dos representantes das institucións, Pedro Piñeiro e Avelino Pousa Antelo, á Consellería de Cultura polo seu abandono con respecto á adquisición da casa natal de Castelao e pola falta de catalogación do legado do escritor. Dise que tamén se solicitou o traslado dos restos de Castelao a Rianxo e que se criticou o propietario da casa de Castelao, Xabier Baltar, de quen se afirma que só se move por intereses económicos.

Hermida, Patricia, "Molina rescata a Galicia máxica", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 xaneiro 2008, p. 67.

Dáse conta do acto de entrega do premio Letras de Bretaña 2007, ao que acudiu o obsequiado, César Antonio Molina, quen manifestou que todos os que reciben este premio teñen unha "débeda cos que nos precederon, en especial con Álvaro Cunqueiro e Gonzalo Torrente Ballester". Por outra banda, fixo memoria dos momentos que viviu en Ferrol e recoñeceu ademais a labor do Real Coro Toxos e Flores, organizador do acto.

Hermida, Patricia, "Los veinte magníficos de la Cultura", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 marzo 2008, p. 74.

Noticia na que se informa da celebración dos Premios Nacionales que tivo lugar en Ferrol. Coméntase que a gañadora do Premio Nacional de las Letras Españolas, Ana María Matute, non puido asistir por motivos de saúde e que enviou un discurso emotivo,

que leu o seu fillo Juan Pablo Goicoechea. A seguir, menciónanse algúns dos premiados.

Hermida, Patricia, "Os loitadores do verso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 abril 2008, p. 33.

Informa sobre a celebración da I Semana da Poesía Salvaxe en Ferrol, que consiste en que os poetas saian ás rúas, prazas, mercados, palcos de música, etc., e fagan chegar a poesía ao público. Explica que esta é unha iniciativa da Concellería de Cultura de Ferrol na que participarán dez artistas. Dá conta da actuación de Guillermo Fernández e Karlotty, así como das poetas María Lado e Lucía Aldao. Por último, comenta cales serán as seguintes actuacións.

Hermida, Patricia, "Ramiro fonte: o gran cazador de libros regresa á cidade cantora", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 xullo 2008, p. 59.

Coméntase como se desenvolveu a homenaxe no Concello de Ferrol ao escritor Ramiro Fonte para recoller o Premio Porto Magno que lle concedeu o Coro Toxos e Froles de Ferrol. Dise que no acto estiveron presentes o seu amigo íntimo e Ministro de Cultura, César Antonio Molina, e que tamén se gabou a traxectoria persoal e profesional do autor.

Hermida, Patricia, "Adeus a Ramiro Fonte: o gran poeta das néboas do río Eume", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 67.

Describe o enterro do poeta pontedeumés Ramiro Fonte. Dise que durante o acto se interpretaron os cantos de *Negra sombra* e *El cant dels ocells* e que se recitaron múltiples versos, tal e como o falecido escritor desexaba. Infórmase que numerosas personalidades despediron o poeta do Eume, como Carmen Caffarel, Xesús Alonso Montero, Ramón Villares, Camilo Nogueira ou o ministro de Cultura César Antonio Molina, quen se referiu ao defunto como un dos máis grandes poetas e narradores da literatura galega, que "fixo do galego unha lingua extraordinaria".

Hernández, Imanol, "Los escolares honran a Curros Enríquez", *La Región*, "Ciudad", 12 marzo 2008, p. 10.

Dá conta dos actos que se celebraron en Ourense para conmemorar o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Explica que o Liceo de Ourense e mais cento oitenta alumnos da cidade lembraron a súa figura, cunha ofrenda de flores e un recital poético. Así mesmo, achega as palabras de Marcos Valcárcel, director da sección de Literatura do Liceo, sobre a importancia social de Curros Enríquez e informa da realización dunha exposición organizada pola Real Academia Galega e a Fundación Curros Enríquez, en Celanova. En columna á parte, comenta que como acto de clausura van participar nunha mesa redonda sobre o escritor, Xesús Alonso Montero, Marcos Valcárcel e Antonio Piñeiro.

Hernández, Imanol, "Rosa Enríquez reflexiona sobre las injusticias sociales", *La Región*, "Ciudad", 15 marzo 2008, p.11.

Breve crónica da presentación do poemario *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez. Sinálase que a presentación tivo lugar o día 14 na libraría Torga de Ourense e que contou coa presenza do historiador Marcos Valcárcel e do director de Edicións Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán Vello. Tamén se fala da vontade crítica coa que xorde a obra.

Hernández, Imanol, "La magia de la literatura se adueña del Paseo en la primera jornada de la XXIV Feria do Libro", *La Región*, "Ourense", 1 xuño 2008, p. 7.

Informa da inauguración da XXIV Feira do Libro de Ourense que este ano conta con dez librarías e achega os comentarios de distintas personalidades que acudiron ao acto, como Agustín Fernández Paz, encargado de ler o pregón; Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense; Alexandre Sánchez Vidal, tenente de alcalde; e Pilar Rodríguez, presidenta da Asociación de Libreiros de Ourense.

Hernández, Imanol, "Arte en vivo con acento valdeorrés", *La Región*, "Ourense", 14 xuño 2008, p. 8.

Trata da presentación, no Centro Cultural da Deputación de Ourense, dunha performance dramática intitulada *Palabra en movemento*, que adapta a obra poética *Vestíbulo de la devastación* (2007), da escritora Rosa Enríquez. Dise que, segundo a autora, o obxectivo da performance foi transcribir a obsesión máxima da obra: a procura da liberdade e da identidade. Coméntase que a posta en escena combinou a representación de Rosa Enríquez e Christian Escuredo coa fotografía e videoarte de Andrea Costas e Vítor Nieves e a escultura e instalación de Iván Prieto.

Hernández, Imanol, "La Biblioteca de la Diputación guardará el legado narrativo de la poeta Pura Vázquez", *La Región*, "Ourense", 3 xullo 2008, p. 9.

Anuncia a cesión da obra da poeta Pura Vázquez, falecida en 2006, á Biblioteca da Deputación de Ourense. Infórmase que o legado inclúe vinte e sete manuscritos orixinais da autora, novecentos oitenta e un exemplares das súas publicacións, douscentos vinte e seis títulos de narrativa en galego e en castelán do século XX, material fotográfico, premios, medallas, títulos e correspondencia persoal con escritores coma Camilo José Cela ou Gabriel Celaya. Por último o presidente da Deputación lembrou que esta creou en 2002 o premio de Narración e Ilustración Xuvenil Pura e Dora Vázquez, e que, entre os últimos recibidos pola defunta Pura, están o Trasalba de 1996 e o das Letras e Artes de Galicia de 2002.

Hernández, Imanol, "El BNG homenajea a Alexandre Bóveda para celebrar el Día da Patria Galega", *La Región*, "Ourense", 25 xullo 2008, p. 9.

Informa da homenaxe a Alexandre Bóveda celebrada na cidade de Ourense con motivo da véspera do Día da Patria Galega. Dise que a homenaxe consistiu nun acto literario fronte á estatua do político, na rúa da Barreira. Saliéntase que Sánchez Vidal destacou o labor de Bóveda e realizou unha ofrenda floral fronte á súa estatua. Finalmente, deuse paso á entoación do himno galego.

Hernández, Imanol, "Una audioguía en "mp3"ofrece un viaje narrativo por Celanova", *La Región*, "Verano", 25 xullo 2008, p. 21.

Informa dunha adaptación do poema de Manuel Curros Enríquez "Un adios a Mariquiña", entre os temas musicais que se inclúen na audioguía que repartirá o Concello de Celanova aos turistas que desexen saber máis do seu patrimonio histórico.

Hernández, Imanol, "El Auditorio exhibe la faceta plástica del escritor Antón Risco con una exposición", *La Región*, "Ciudad", 17 setembro 2008, p. 13.

Informa da inauguración na Fundación Vicente Risco dunha exposición sobre a obra plástica do escritor Antón Risco. Destaca que dita exposición está composta por corenta debuxos, que se celebrará un simposio intitulado "A literatura fantástica" e que se presentará unha novela inédita do escritor intitulada *Novela gráfica*.

Hernández, Imanol, "Una edición facsímil de la obra 'O porco de pé' acerca la novela de Risco a los ourensanos", *La Región*, "Ourense", 2 decembro 2008, p. 7.

Trata do primeiro congreso "O porco de pé", organizado pola Fundación Vicente Risco no IES Otero Pedrayo. Dise que o secretario da Fundación, Luís Martínez Risco, explicou que o obxectivo do congreso é conmemorar o oitenta aniversario da primeira edición da obra e informou da publicación dunha edición facsímil da mesma e dunha unidade didáctica. Coméntase que o periodista Arturo Lezcano analizou a vixencia e importancia da novela na actualidade e o escritor Manuel Outeiriño presentou a edición facsimilar.

Hernández, Imanol, "A esmorga' revive en Ourense", *La Región*, "Ourense", 2 decembro 2008, p. 10.

Salienta os principais acontecementos do acto conmemorativo organizado polo PEN Club de Galicia, con motivo do aniversario do falecemento do escritor Eduardo Blanco Amor. Coméntase que a Concelleira de Cultura ourensá, Isabel Pérez, explicou que se proporá no próximo pleno dedicar o 2009 ao escritor e á súa obra *A esmorga*, con motivo dos trinta anos do seu falecemento e dos cincuenta da publicación da novela. Dise que o catedrático Marcos Valcárcel destacou *Os biosbardos* e *La catedral y el niño* como obras onde Blanco Amor reflicte o peso asfixiante da Igrexa na sociedade da época. Tamén se presentou unha unidade didáctica composta por documentación biográfica, poemas dedicados a Blanco Amor, fotografías e un extracto da derradeira entrevista que o autor concedeu. Finalmente, a homenaxe completouse coa

representación dun fragmento da obra *Os baralláns* e coa entrega do premio de contos xuvenís dedicados ao escritor.

Hernández Quintas, Hugo, "A Coruña coñece máis de Curros do que pensa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", 20 outubro 2008, p. 7.

Fai referencia á visita guiada ao cemiterio coruñés de Santo Amaro, onde repousan os restos de Manuel Curros Enríquez, co obxectivo de homenaxear ao poeta de Celanova no centenario do seu falecemento. Dise que o acto foi presentado polo profesor de historia, Xulio Cuba Orosa, e a Concelleira de Cultura María Xosé Bravo, quen invitou a todos a acudir á exposición sobre Curros que ten lugar no Palacio Municipal, intitulada "Na frente unha estrela". Salienta que a Concelleira afirmou que A Coruña coñece máis a Curros do que pensa, debido a que moitas cancións interpretadas por bandas corais son letras compostas por este autor, e insistiu na plena vixencia da súa obra. Por último, comenta que se aproveitou o percorrido para deterse nas tumbas doutros personaxes salientábeis da cultura galega, como Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Juana de Vega.

Huete, Cristina, "Ourense declarará 2009 el año Blanco Amor", *El País*, "Galicia", 2 decembro 2008, p. 8.

Destaca o anuncio, por parte da Concelleira de Cultura de Ourense, Isabel Pérez, da decisión de converter 2009 no ano Blanco Amor, con motivo do trixésimo aniversario da morte do escritor e do quincuaxésimo da publicación da novela *A esmorga*. Dise que a declaración foi feita durante o acto que se leva a cabo cada ano xunto á tumba do ourensán cando se cumpren anos do seu pasamento. Nel, reivindicouse a súa figura mediante ofrendas florais e versos dedicados ao escritor. Por último, infórmase que Luís González Tosar, presidente do PEN Club Galego, e Marcos Valcárcel lle dedicaron sentidas e reivindicativas palabras, e o tenente de alcalde Alexandre Sánchez Vidal manifestou confiar na creación dunha cátedra ou seminario universitario co seu nome.

H. V., "A literatura galega do século XX regresa aos institutos", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "A aldea global", 2-8 outubro 2008, p. 3.

Refírese ao restablecemento da materia "Literatura galega do século XX" como unha das optativas do bacharelato por parte da Consellería de Educación. Coméntase que a materia fora suprimida a finais de xuño dese ano, o que desencadeara as protestas do sindicato CIG , que presentou un recurso ante o Tribunal Superior e que retirará tras a nova decisión da Xunta, do PEN Club e da Asociación de Escritores.

Iglesias, Ana, "Xosé Carlos García, profesor", *El Correo Gallego*, "*el Correo 3*", "Vida social gallega", "Vips de Galicia", 6 xaneiro 2008, contracuberta.

Presenta unha nova achega á figura do profesor Xosé Carlos García, nado en París e que dirixe na actualidade a revista *Vento do Leste*, da Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña, e que actúa como vogal de cultura da Asociación Cultural Rosalía

de Castro de Cornellá.

Iglesias, Ana, "Deitados en leitos de follas novas", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Viviendo Compostela", 30 xaneiro 2008, p. 28.

Dáse conta da entrega dos Premios Minerva, onde actuou de mantedor Manuel Vilanova Rodríguez. Alúdese á publicación na editorial Galaxia do libro que recolle as composicións premiadas no 2007. A continuación, cita ás persoas galardoadas co Premio de Poesía e Narración, así como os segundos e terceiros premios, cos accésits correspondentes.

Iglesias, Ana, "Cultura con sello gallego", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 abril 2008, p. 29.

Comenta que o director xeral de Difusión Cultural e mais o Concello de Santiago presentaron o programa de actividades, estruturadas en catro ciclos. Explica cada un destes espazos culturais e indica que o dedicado á literatura galega, "Letras vivas", consta de sesenta actividades literarias, entre as que salienta as sesións de contacontos, marionetas e os encontros entre escritores e o seu público. Así mesmo cita algúns dos autores que participarán: Yolanda Castaño, María Lado, González Tósar, Estíbaliz Espinosa, etc.

Iglesias, Ana, "El valor artístico de la vaca", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 xullo 2008, p. 29.

Fai referencia á mostra "Mú (Temos moito que dicir)", na Casa da Parra de Compostela, que recolle traballos de doce creadores galegos relacionados coa vaca, animal do que pretende amosar unha visión plural e enriquecedora. Dise que entre estes artistas, se atopa o poeta e escultor Paco Pestana, que participa cunha obra "efectista bañada pola poesía dos seus versos", segundo indica a crítica de arte Fátima Otero, comisaria da mostra. Alúdese a que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, lembra que a vaca aparece como tema central nalgunhas historias de Castelao, quen a coloca "coma símbolo de paz".

Iglesias, José, "Letras, música y bici, mucha bici", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 17 maio 2008, p. 94.

Dá conta das actividades que se teñen programadas para a fin de semana en Pontevedra. En relación á literatura galega, comenta que a Biblioteca Pública celebrará unhas sesións de teatro destinadas aos nenos e aos adultos. A sesión infantil correrá a cargo do grupo Pinga Teatro e para os maiores actuará Arume.

Iglesias, José, "Certames literarios e máis exposicións", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Xente de etiqueta", 5 xuño 2008, p. 86.

Anuncia a entrega de premios do cuarto Certame literario do IES Sanxenxo, que terá lugar no auditorio Emilia Pardo Bazán ás oito da tarde. Coméntase que durante o acto, haberá unha charla co escritor Fran Alonso, quen, ademais, exerce como subdirector para a Edición Xeral en Xerais. Tamén informa do recital poético-musical "Na frente unha estrela", en homenaxe ao poeta Manuel Curros Enríquez con motivo do centenario do seu pasamento.

Iglesias, José, "Premios y charlas para abrir semana", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 16 xuño 2008, p. 62.

Noticia onde se informa da charla literaria que terá lugar no Club de Lectura da Biblioteca Pública de Pontevedra a cargo de Teresa Moure, galardoada recentemente co Premio Rafael Dieste de Teatro. Infórmase que comentará a súa novela *Herba Moura*, coa que obtivo o premio Xerais e o da Crítica Española en 2005.

Iglesias, Mar, "Manuel Rivas, Junta de Castilla León y Xunta de Galicia, premios Xarmenta 2007", *Bierzo 7*, n.º 1212, "La cultura", 17 xaneiro 2008, p. 19.

Sinala que Manuel Rivas, co gallo da entrega dos III premios Xarmenta, afirmou en Ponferrada que O Bierzo non é unha fronteira senón un espazo común de linguas, un espazo erótico de fecundación" e asemade o escritor galego, e gañador dun premio Xarmenta, aplaudiu a colaboración institucional na promoción do galego no Bierzo.

Iglesias, Moncho, "Os fumes desas candeas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xaneiro 2008, p. 25.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un fragmento do poema "Os fumes desas candeas...", de *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias.

Iglesias, Moncho, "Teño coche", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2008, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento do poema "Teño coche...", de *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias.

Iglesias, Moncho, "Hoxe quixera escoitar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xaneiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento do poema "Hoxe quixera escoitar...", de Moncho Iglesias.

Iglesias, Óscar, "A retranca das medallas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 xaneiro 2008, p. 10.

Infórmase do premio á mellor obra gráfica en medios impresos a Xosé Lois González Vázquez, na Toxa. Céntrase a noticia en recoller algunhas declaracións do galardoado e comentar o seu personaxe, O Carrabouxo. Por outro lado, dáse noticia da homenaxe a Siro López que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago.

Iglesias, Ó., "A outra guerra perdida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 febreiro 2008, p. 8.

Fai referencia á polémica existente ao redor da compra da casa natal de Castelao en Rianxo, por parte do Concello da vila. Achega as opinións dos implicados e dá conta dos proxectos que dende o Concello queren levar a cabo en conxunto coa casa de Manuel Antonio e a de Rafael Dieste.

Iglesias, O., "O grande milagro de Pimentel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 febreiro 2008, p. 10.

Despois de facer un breve percorrido pola vida privada de Luís Pimentel, fai referencia á obra deste poeta lugués (*Triscos*, 1950, e *Sombra do aire na herba*, 1959). Posteriormente, procédese á alusión de estudos que se están levando a cabo sobre a súa creación no quincuaxésimo aniversario da súa morte. Cabe destacar, tamén, o apunte relativo ás axudas que recibía de escritores como Ánxel Fole para levar a cabo a tradución ao galego dos seus escritos.

Iglesias, Óscar, "Las diez grandes del teatro crecieron un 36% desde el cambio de Gobierno", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 31 marzo 2008, p. 6.

Informa sobre as cifras positivas dos ingresos das principais compañías teatrais galegas. Achega as palabras de Miguel Martín, director do IGAEM, sobre a mellora das subvencións aos espectáculos culturais dende a chegada do novo goberno.

Iglesias, Óscar, "O editor de todos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 maio 2008, p. 8.

Refírese á monografía *Ánxel Casal, un editor para un país* (2007), coordinada por Alfonso Mato. Sinálase que o libro foi presentado polo Seminario de Estudos Galegos e o Consello de Cultura e que recolle o traballo de Ánxel Casal, insistindo na súa preocupación constante por publicar o máximo número posíbel de obras escritas en galego, co único obxectivo de enriquecer a nosa terra e a nosa lingua.

Iglesias, Óscar, "Manuel Rivas, finalista en Francia del Premio Médicis", *El País*, "*Galicia*", 17 setembro 2008, p. 5.

Dise que a obra de Manuel Rivas *Os libros arden mal* foi traducida ao francés como *L´éclat de l'abîme* e que está proposta na selección do Premio Médicis no seu quincuaxésimo aniversario así como que tamén figura entre as dez obras seleccionadas

para o Premio France Culture-Télérama. Dise por último que durante unha semana varios fragmentos da obra ocuparán espazo na radio pública francesa.

Iglesias, Óscar, "O oficio de Anxo era a vida", *El País*, "Galicia", "Luces", 31 outubro 2008, p. 8.

Reúne declaracións de diferentes personaxes sobre o recentemente falecido Anxo Rei Ballesteros e traza un percorrido pola produción literaria deste. Recolle que o seu amigo Marcelino de Santiago, *Kukas*, afirma que para el escribir era o primeiro, aínda que o seu verdadeiro oficio era a vida. O escritor Suso de Toro destaca a creación en galego dun texto enormemente libre na súa primeira novela *Dos anxos e dos mortos* (1977), que constituíu, segundo Xosé Luís Méndez Ferrín, a resurrección da nova narrativa. Pola súa banda, Carlos Lema, director editorial de Galaxia, fala do gran pensador que aparece en *Tempo e vinganza*, ensaio sobre "o tempo e a perda do sentido de comunidade". Finalmente menciónanse outras obras do finado como as novelas *Loaira* (1992) e *Non sei cando nos veremos* (2005); as pezas teatrais *Xogos de damas* e *A voz humana*, versión inédita da obra de Cocteau; o conxunto de relatos *A sombra dos teus soños* (1988), e a tradución do *Molloy*, de Beckett (2006).

Iglesias, Óscar, "Quisimos hacer una narrativa menos erudita, más legible", *El País*, "*Galicia*", 11 novembro 2008, p. 5.

Apunta datos da biografía e da produción literaria do recentemente falecido Camilo Gonsar, e reúne declaracións relacionadas, como unha feita polo propio escritor na que sinalaba que o obxectivo da Nova Narrativa Galega, á que el pertencera, fora elaborar unha narrativa menos erudita e máis lexíbel. O profesor Xesús Alonso Montero afirma que foi Ramón Piñeiro quen lle fixo ver ao escritor o seu papel na reconstrución da literatura galega. Dise que Gonsar publicou, tras uns anos que Xosé Luís Franco Grande cualifica como bohemios, os relatos de *Lonxe de nós e dentro* (1961) e a novela *Como calquera outro día* (1962), que xa amosaba unha aplicación decidida das técnicas de vangarda. Por outra parte, o director editorial de Galaxia, Carlos Lema, destaca o seu humor irónico, de tinturas kafkianas. Finalmente, menciónanse outras obras como *Cara a Times Square*, novela breve onde subxace o fracaso das identidades políticas desgaxadas da existencia; os relatos de *Arredor do non* (1995); a semirreportaxe *Desfeita* (1983) e a novela *A noite da aurora* (2004).

Iglesias, Óscar, "Camilo Gonsar, escritor en lengua gallega", *El País*, "Obituarios", 19 novembro 2008, p. 54.

Repasa a produción literaria do escritor Camilo Gonsar, falecido dez días antes. Dise que a súa primeira novela, *Como calquera outro día* (1962), retrata a súa etapa de estudante en Madrid e amosa influencias de Joyce; *Lonxe de nós e dentro* (1961) reúne relatos con historias cosmopolitas, froito dos cinco anos de experimentación que pasou o autor entre Lugo, Londres e Nova York, con narradores difusos e sucesos débiles. Informa que Gonsar participou da renovación que levou a cabo a Nova Narrativa Galega, pero sempre mantivo un discurso propio. Segundo o poeta e crítico Manuel Forcadela, a súa novela *Cara a Times Square* (1980) desfai os mitos dunha xeración.

Por último, cítanse outros títulos do autor como a semirreportaxe *Desfeita* (1983), os relatos de *Arredor do non* , (1995) compilados agora por Galaxia, e a novela *A noite da aurora* (2004).

Iglesias, Óscar, "A cultura pendente do bipartito", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 21 novembro 2008, p. 6.

Recolle as declaracións de diversos especialistas sobre as contas pendentes que foi deixando o goberno do bipartito con respecto á xestión cultural. En relación coa literatura, o director de Xerais, Manuel Bragado, lamenta a falta de ambición de considerar a lectura un tema político e lembra que se están a consumir en libros vinte e un millóns de euros menos do que lle correspondería a Galicia por poboación. Bragado recomenda afondar no diálogo co sector a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e reforzar a promoción da literatura no exterior. Tamén sinala a necesidade de crear unha Oficina do Libro que xunte a editoras, asociacións de escritores e administracións.

Insua, Marta, "La USC analiza la obra de varias escritoras en lenguas minoritarias", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 9 xullo 2008, p. 15.

Refírese á temática dun curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela, que xira arredor de escritoras en língua ibéricas e celtas, celebrado en Monforte. Dise que o curso acolle, entre outros actos, un concerto musical de poemas de mulleres galegas.

Jabois, Manuel, "Para dicir Pintor", *Diario de Pontevedra*, 2 marzo 2008, contracuberta.

Gábase a novela de Xosé Vázquez Pintor, *A memoria do boi*, que recibiu o Premio Torrente Ballester no ano 2000. É cualificada como "un dos libros máis extraordinarios que sobre Pontevedra se teñen escrito". Destácase do autor o seu 'oficio tradicional: traballar coa palabra e manter un idioma'. Tamén se indica que gañou o Premio Vicente Risco 2007 coa súa obra *Para dicir abril.*

Jaureguizar, "Promoción sen fin", *El Progreso*, "Ollo mol", 21 xaneiro 2008, p. 72.

Fala sobre o éxito dalgúns escritores como Ken Follet e, con respecto á literatura galega, comenta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega e mais Galaxia convidaron ao escritor francés Jean-Philippe Toussaint a visitar Compostela e que falase sobre a súa novela, *Fuxir* (2007).

Jaureguizar, "Medio siglo sin el poeta discreto", *El Progreso*, "Vivir", 13 febreiro 2008, p. 62.

Fai referencia á vida e obra de Luís Pimentel e comenta que foi un poeta pouco coñecido, incluso despois da súa morte existen escasos estudos sobre os seus versos.

Salienta que Pimentel era defensor dunha poesía pura, sen importarlle a publicación, e dá conta da relación que mantivo con Dámaso Alonso quen o instou a editar a súa obra. Explica que Dámaso Alonso foi un admirador de Pimentel e que llo presentou a Vicente Aleixandre e Jorge Guillén, os cales tamén loaron os seus poemas. Destaca que a obra de Pimentel tivo moi pouca difusión e que, tras a súa morte, os amigos se encargaron de dar á luz os seus poemarios, *Sombra de aire na herba* (1959) e *Barco sin luces* (1960).

Jaureguizar, "De neno labrego a estrela de cine", *El Progreso*, "Cultura vivir", 17 febreiro 2008, p. 69.

Comenta que o director ourensán Ismael González vai iniciar a rodaxe cinematográfica de *Memorias dun neno labrego*. Indica que xa leva anos querendo facer este filme e dá conta dos actores que interpretarán os personaxes da novela. Tamén se indica que o guión foi elaborado por Ismael González e mais Emilio Carlos García Fernández e que foi revisado posteriormente por Neira Vilas. En columna á parte, informa que sesenta escritores galegos van presentar nun volume colectivo as súas reflexións sobre o que significou para eles *Memorias dun neno labrego*, que será dado a coñecer na homenaxe dos oitenta anos de Neira Vilas, así como anota que en Gres se colocará unha estatua de Balbino. Finalmente, o propio Neira Vilas fala sobre o nacemento da novela e a primeira publicación da mesma.

Jaureguizar, "O Pallarego gustaría do jazz rosalián", *El Progreso*, "Ollo Mol", 17 marzo 2008, p. 71.

Explica por qué a escola municipal de música de Mondoñedo leva o nome do Pallarego, personaxe literario de Cunqueiro, e reflexiona sobre a influencia mutua entre a música e a literatura. Tras a súa reflexión, finaliza comentando que o músico Abe Rábade acaba de sacar o disco, *Rosalía 21*, baseado nos poemas de Rosalía de Castro. Indica que Rábade contou coa colaboración de Anxo Angueira e de Guadi Galego.

Jaureguizar, "Palimoco' será a primeira compañía teatral de Lugo que se fai profesional", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 27 marzo 2008, p. 71.

Dá conta do grupo teatral Palimoco teatro, informando de que se vai converter na primeira compañía dramática lucense en facerse profesional, tal e como sinalou a directora de dito colectivo, Paloma Lugilde. Indícase que o grupo está formado pola propia Paloma Lugilde e os actores Javier Díaz, Maribel Lugilde, Maica García, Alberte Viveiro e Alba Fernández.

Jaureguizar, "Quince mil motivos para ler", *El Progreso*, "Vivir", 16 maio 2008, p. 85.

Informa da inauguración da Feira do Libro en Lugo, cuxo acto de presentación correrá a cargo do escritor Miguel Anxo Murado. Explica que este ano a Feira contará con dez librarías e se dividirá en catro xornadas temáticas: o Día das Letras Galegas, o Día do Teatro, o Día da Poesía e o Día das Mulleres pola Paz e contra a Violencia. De seguido, dá conta dalgúns dos escritores que participarán asinando os seus libros e pasa a

comentar as actividades de cada xornada. Anúncianse que no día do teatro o grupo Palimoco Teatro interpretará a obra *O soño dos ruíns. Letra viva 2008* e haberá un coloquio sobre a actividade dramática na cidade e, en canto ao día da poesía, realizarán unha homenaxe ao poeta Xosé María Álvarez Blázquez. Por último, achega as palabras das personalidades do Concello sobre a celebración da feira.

Jaureguizar, "Miguel Anxo Prado protagoniza o certame de cómic 'Anda na banda'", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 maio 2008, p. 80.

Faise eco do programa de "Lugo cultural" no que se destaca o encontro do debuxante Miguel Anxo Prado co músico Nani García dentro da II edición de 'Anda na banda', ambos participantes na película de animación *De profundis* que foi previamente proxectada. Tamén se di que outro dos actos do certame será a liberación de trescentos cómics na cidade de Lugo. Finalmente anúncianse os concertos que terán lugar dentro desta programación cultural.

Jaureguizar, "Zafón e a tradución ao galego permiten unha boa Feira do Libro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 23 maio 2008, p. 86.

Comenta que a Feira do Libro de Lugo está a acadar moito éxito debido á tradución de moitas obras ao galego como, por exemplo, *O curioso incidente do can a medianoite*, de Mard Haddon; *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne; *O corvo* (2007), de Edgard Allan Poe; *Cuspirei sobre as vosas tumbas* (2007), de Boris Vian; *Seda* (2006), de Alessandro Baricco; e *O muiñeiro ouveador* (2007), de Arto Paasilina. De seguido, salienta a presentación dos libros *Os fíos do titiriteiro*, de Xosé Manuel Gayoso; e *O culto oculto*, (2007) de Básico Rodríguez. Finalmente, comenta que tamén houbo un recital de poesía de Álvarez Blázquez.

Jaureguizar, "Antón Dobao reunirá a María Vázquez e Camila Bossa en 'O club da calceta", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 agosto 2008, p. 64.

Infórmase de que o director lucense Antón Dobao filmará a versión televisiva da novela *O club da calceta* (2006), de María Reimóndez, continuando así a súa idea de transformar textos narrativos galegos en audiovisuais baixo o nome de 'Un mundo de historias', como xa antes fixera con outros autores galegos. Noméanse as súas protagonistas e dise cal é o argumento.

Jaureguizar, "Steiner publica dous libros en galego tras as súas explosivas declaracións", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 agosto 2008, p. 73.

Coméntase que Edicións Xerais de Galicia publica dous libros de George Steiner, traducidos ao galego, tras as polémicas declaracións deste, nas que situaba a literatura galega moi por debaixo da catalá, ademais de comentar as súas posteriores desculpas ao Pen Club de Galicia. Faise unha aproximación ás dúas obras, *George Steiner at 'The New Yorker'* e *After Babel* e tamén á súa temática.

Jaureguizar, "Alcalá e Queipo, autores da nova Axencia Literaria Galega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 setembro 2008, p. 71.

Anúnciase a creación da Axencia Literaria Galega (ALG), primeira oficina de representación de escritores que se crea en Galicia como unha iniciativa para contribuír á profesionalización dos escritores galegos e cubrir un oco na súa representación estatal e internacional. Dise que unha das iniciativas é levar información sobre os autores ao Liber de Barcelona e á Feira do Libro de Frankfurt.

Jaureguizar, "Río Gonsar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 novembro 2008, p. 80.

Trátase dun artigo de loanza á figura de Camilo Gonsar, tras a súa morte, a través das páxinas e dos personaxes das súas obras.

Jaureguizar, "Achádego', vinte anos tapando buratos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 decembro 2008, p. 78.

Coméntase que na Biblioteca Provincial de Lugo hai unha exposición sobre os vinte anos de vida do grupo teatral Achádego e, ao mesmo tempo, a actriz Tareixa Campos explica como foron os comezos dende 1988 e como se van superando os atrancos para poder facer as súas obras. Dise que "malia os atrancos rexeitan dar o paso á profesionalidade" e que se basean na autofinanciación.

J. E., "Los libros de la biblioteca Xoán XXIII 'descansan' en el Tambre", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 xaneiro 2008, p. 20.

Informa que os libros da biblioteca Xoán XXIII están a ser clasificados e catalogados en dúas naves do polígono do Tambre. Comenta que o material está composto, ademais de libros, por DVD's e CD's que se atopan en boas condicións. Por parte da Consellería de Cultura afirman que se está a realizar o traslado dos libros á biblioteca. Finalmente, informa que o director desta biblioteca será José Daniel Buján Núñez.

J. G., "A homenaxe ideal ao escritor de buxo", *Diario de Ferrol*, 8 xuño 2008, contracuberta.

Explícase en qué consiste a homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), baixo a iniciativa 'O Escritor na súa terra', dedica este ano a Xosé Vázquez Pintor na súa vila natal de Melide. Tamén se indica o nome dos outros escritores e escritoras homenaxeados nos anos anteriores.

Jiménez, José Luis, "Los socialistas reprochan al Bloque su uso partidista de la figura de Castelao", *ABC*, "Galicia", 6 xaneiro 2008, p. 51.

Fai referencia á polémica nacida ao redor da figura de Castelao, xa que se acusa ao BNG de facer súa a ideoloxía do rianxeiro na celebración do cincuenta e oito

aniversario do seu pasamento. Así mesmo, tamén hai discordia en canto á creación da Academia Literaria de Rianxo e sobre a adquisición da casa natal de Castelao por parte do Concello da vila.

J. L., "Ézaro Ediciones presenta hoy la revista trimestral 'Galegos", *El Correo Gallego*, "Comunicación", 14 maio 2008, p. 69.

Dá conta da presentación da revista trimestral *Galegos*, publicada por Ediciones Ézaro e dirixida polo periodista e escritor Carlos González Reigosa. Sinálase que a revista será editada en galego e castelán, nunha edición bilingüe que pretende conxugar distintos contidos: dende as tradicións, o folclore e cultura popular até os novos valores emerxentes no ámbito empresarial e artístico, científico e culinario.

J. P., "El BNG pide que se constituya la comisión organizadora del Ano Cabanillas 2009", *Diario de Arousa*, "Cambados local", 8 abril 2008, p. 11.

Fai referencia á axilización dos trámites para crear a comisión organizadora dos actos do Ano Cabanillas 2009. Recolle as palabras de Víctor Camaño, representante do BNG en Cambados, quen afirma que esta comisión se encargará de organizar todas as actividades que promovan a vida e obra de Cabanillas. Así mesmo, comenta que outro dos obxectivos é crear a Fundación Ramón Cabanillas.

J. P., "O vento mareiro de Cabanillas enche de galeguismo á universidade rusa", *Diario de Arousa*, "Cambados", 9 abril 2008, p. 12.

Dá conta da publicación dun poemario de Ramón Cabanillas en edición bilingüe eslava-galega. Explica que este traballo correu a cargo de Elena Zernova, responsábel do Centro de Estudos Galegos en San Petersburgo, e indica que o limiar está asinado por Francisco Fernández Rei. De seguido, comenta que este poemario foi presentado no Concello de Cambados no acto de conmemoración do cincuenta aniversario da coroación poética do escritor e salienta o emotivo que foi o acto, no que unha alumna do instituto Ramón Cabanillas e unha muller de nacionalidade rusa, recitaron o poema "O cantar que se alexa". Tamén achega as verbas de Fernández Rei sobre a súa achega ao volume e sobre a obra do escritor cambadés.

J. P., "Os libreiros entregarán o V Premio Ramón Cabanillas á escritora Fina Casalderrey", *Diario de Arousa*, 10 maio 2008, p. 18.

Dise que, co gallo da celebración da VII Feira das Letras Galegas, os libreiros de Cambados, entre outras actividades, entregaron o V Premio Ramón Cabanillas a Fina Casalderrey o día 17 de maio. Tamén se conta que a escritora asinou exemplares dos seus libros e os libreiros realizaron un sorteo de libros. Por último coméntase que o día 18 de maio tamén se entregan libros aos gañadores do certame de lemas de animación ao emprego do galego que sempre se organiza nesas datas.

J. P., "Cultura coordina la aportación de los colectivos a los actos del Ano Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados O Salnés", "Comisión mixta de cultura", 3 xullo 2008, p.13/"Luís Rey canalizará las sugerencias de las asociaciones para el Ano Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados O Salnés", "Comisión mixta de Cultura", 4 xullo 2008, p. 10.

Sinálase que a Concelleira de Cultura de Cambados presenta os proxectos previstos para a celebración do Ano Cabanillas 2009 e anuncia que será Luís Rei o que canalice todos os proxectos e iniciativas que acheguen as diferentes asociacións e colectivos do municipio, relacionadas co programa de actividades culturais.

J. P., "Bará compromete el apoyo de Cultura a los actos del ano Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "Cultura", 8 xullo 2008, p. 13.

Infórmase da reunión mantida polo alcalde e a Concelleira de Cultura de Cambados co Director Xeral de Cultura, Luís Bará, para expoñer os proxectos relacionados co "Ano Cabanillas 2009" e lograr o compromiso de financiamento con varias axudas económicas para levalo a cabo.

J. P., "Candea prepara el Ano Cabanillas 2009 con unas jornadas sobre el autor cambadés", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "Educación", 19 setembro 2008, p. 12.

Preséntanse as I Xornadas Cabanillas na Escola que servirán para que o profesorado e o alumnado afonde na vida e obra deste escritor cambadés e para preparar as diversas actividades que se sucederán ao longo do ano 2009 como homenaxe ao escritor. Dise cales son as diversas actividades que se farán e como será a xornada de clausura.

J. P., "Tabuyo presenta una Proposición de ley para que el gobierno apoye el 'Ano Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "Cultura", 9 outubro 2008, p. 13.

Indícase que o deputado socialista Domingo Tabuyo propón que o concello de Cambados se implique na celebración e organización do Ano Cabanillas 2009 no que se conmemoran os cincuenta anos do seu falecemento. Dise que o deputado presenta unha Proposición non de Lei no Congreso para conseguir esta contribución do concello, co apoio do grupo socialista. Faise tamén unha referencia ao escritor Luís Rei que se encarga de canalizar todos os proxectos e actividades que se desenvolvan.

J. P., "Candea reúne a más de 120 profesores en las 'I Xornadas Cabanillas na Escola", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 15.

Fálase sobre as I Xornadas Cabanillas na Escola, organizadas pola Asociación de Ensinantes do Salnés Candea, nas que se analiza o legado que o escritor deixou como recurso para o ensino. Dise que nelas se desenvolverán conferencias, exposicións e publicacións e que unha das finalidades das xornadas é servir ao profesorado para programar actividades a desenvolver nos centros escolares durante o Ano Cabanillas

2009. Por último sinálase que o presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousada Antelo, pechará as xornadas cunha conferencia sobre o autor.

J. P., "Luís Rei desvela que, trala República, Ramón Cabanillas foi secretario do Concello de Meis", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "I Xornadas Cabanillas na Escola de Candea", 24 outubro 2008, p. 11.

Coméntanse os datos achegados por Luís Rei, o biógrafo de Ramón Cabanillas, no desenvolvemento das I Xornadas Cabanillas na Escola, nas que participan máis dun cento de mestres de toda a comarca.

J. P., "Os colexios elaborarán paneis e publicarán un libro ilustrado sobre os poemas de Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "I Xornadas Cabanillas na Escola de Candea", 24 outubro 2008, p. 15.

Indícanse cales son as propostas de traballo que propoñen profesores e alumnos que participaron na clausura das I Xornadas Cabanillas na Escola, que organiza a Asociación Ensinantes do Salnés Candea. Dise que se elaborarán paneis para expoñer nos centros educativos ao longo de 2009 e un libro conxunto que recolla traballos escolares, a partir dos paneis da exposición ou de investigacións realizadas por mestres ou alumnado.

J. P., "La diputación patrocinará una magna exposición dedicada a Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*,"Cambados Local", "Cultura", 2 novembro 2008, p. 14.

Anúnciase que a Deputación de Pontevedra achegará unha grande axuda económica para o desenvolvemento de actividades culturais relacionadas co Ano Cabanillas 2009. Engádese que outras das actividades que o concello ten previstas son un spot publicitario para promocionar dito ano, unidades didácticas nos centros de ensino e reedicións das obras do autor cambadés.

Lado, María, "Nove", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 outubro 2008, p. 36.

Sección fixa que acolle a composición poética "Nove", de María Lado.

Lama, Xavier, "De 'Tigres como Fausto con ollos de bruma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 febreiro 2008, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento de *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), obra poética de Xavier Lama.

Lama, Xavier, "De 'Tigres como Fausto con ollos de bruma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 marzo 2008, p. 40.

Sección fixa que acolle nesta ocasión "Perspectiva 1", fragmento de *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), obra poética de Xavier Lama.

Lama, Xavier, "de 'Tigres como Fausto con ollos de bruma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2008, p. 31.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "Conquistar o tempo…", do libro *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Antón Patiño.

Lamas, Jorge, "A gran viaxe da cultura galega cara ao século XXI", *La Voz de Galicia*, "*Cultura*s", n.º 282, "En portada", 4 outubro 2008, p. 2.

Infórmase da inauguración da exposición "Galicia 25. Unha cultura para un novo século", organizada polo Consello da Cultura Galega con motivo do seu vixésimo quinto aniversario, e que pode verse no Centro Cultural Caixanova en Vigo. Dise que nela se recollen vinte e cinco anos de cultura galega en todos os seus ámbitos, destacando os grandes pasos que se deron na súa diversificación e modernidade.

Laso Lorenzo, Rafael, "¡Adeus, bolboreta!", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 27 xullo 2008, p. 23.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Rafael Laso Lorenzo, intitulado "¡Adeus, bolboreta!" e ilustrado por Xoán Baltar, no que reflexiona sobre a perda das palabras pola falla de uso.

Laso Lorenzo, Rafael, "A derradeira palabra", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 19 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rafael Laso Lorenzo (43 anos) intitulado "A derradeira palabra".

Laudesa Porras, Daniel, "Home-árbore", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 1 agosto 2008, p. 18.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Daniel Laudesa Porras, intitulado "Home-árbore" e ilustrado por Xoán Baltar, no que se conta os últimos momentos dun vello antes de morrer no frío da noite.

Laudesa Porras, Daniel, "Bloc de notas", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 2 agosto 2008, p. 18.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Daniel Laudesa Porras, intitulado "Bloc de notas" e ilustrado por Xoán Baltar, no que se conta como un empregado de oficina reflexiona por unha nota esquecida no ordenador por alguén do turno anterior.

La Voz, "El centenario de la muerte de Curros Enríquez se celebrará con ofrendas, conciertos y recitales", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 10 febreiro 2008, p. 12.

Fálase dos actos que terán lugar en Celanova co gallo do centenario da morte de Manuel Curros. Destácase a exposición "Cen anos despois de Curros. Poesía e xornalismo", así como o apartado musical ou a realización de tres encontros: de autores nados en Celanova, de novos escritores e mais de escritores funcionarios.

La Voz, "A Fundación Vicente Risco crea un espazo expositivo adicado ao nacionalismo galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 10 febreiro 2008, p. 13.

Infórmase de que o primeiro andar do predio da Fundación Vicente Risco de Allariz albergará unha exposición na que se fará un percorrido histórico e cronolóxico sobre a evolución do pensamento de Vicente Risco e mais sobre a historia do nacionalismo galego até 1981. Tamén se indica que á súa inauguración asistiu Anxo Quintana, quen cualificou a Risco como ideólogo do nacionalismo.

Lecer, "Margarita Ledo, dama galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 707, "O personaxe", 4 maio 2008, contracuberta.

Coméntase que a escritora, xornalista e cineasta Margarita Ledo ía ocupar a cadeira de Miguel Anxo Araúxo, que morreu en 2007, na Real Academia Galega (RAG). Dise que con ela son cinco as mulleres na RAG (as outras catro son: Rosario Álvarez Blanco, Olga Gallego Domínguez, Luz Pozo Garza e Xohana Torres), fronte a trinta homes. Cóntase que estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela (USC), carreira que non rematou, que foi militante da Unión do Pobo Galego (UPG), polo que tivo que exiliarse a Portugal entre 1974-76, onde traballou como lectora na Universidade de Letras do Porto. Sinálase que se titulou en Xornalismo en Barcelona, que foi directora do Semanario *A Nosa Terra* entre 1977-80 e que fixo investigacións sobre a prensa galega. Coméntase que foi profesora da Universidade Autónoma de Barcelona entre 1983-91 e que dende 1991 é profesora na Facultade de Ciencias da Información da USC. Dise que escribiu os poemarios *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto* (1970) e *O corvo érguese cedo* (1973), o libro de relatos *Mamá-fe* (1983), as novelas *Trasalba ou Violeta ou o militar morto* (1985) e *Porta Blindada* (1990) e que dirixiu dúas longametraxes documentais: "Santa Liberdade" (2004) e "Liste pronunciado Líster" (2007).

Lecer, "Santamarina, 'patrón' da lingua galega", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 735, "O personaxe", 16 novembro 2008, contracuberta.

Faise unha semblanza da figura de Antón Santamarina tras a homenaxe organizada por Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Regueira e Mercedes Brea. Destácase o seu labor como lingüista, investigador e a súa calidade humana, así como o seu traballo á fronte do Consello da Cultura Galega ou como director do Instituto da Lingua Galega.

Leiro, Xaime, "Andrés Trapiello gana el Julio Camba y Lamas Crego, el Fernández del Riego", *El Correo Gallego,* "Cultura", 4 marzo 2008, p. 68.

Dáse conta dos gañadores dos premios de xornalismo Julio Camba e Fernández del Riego que corresponderon no primeiro caso a Andrés Trapiello e no segundo a Santiago Lamas Crego, ambos os dous dotados con 12.000 euros. Saliéntase a unanimidade do fallo do xurado e a calidade das obras gañadoras. Por último lémbrase que os premios convocados por Caixanova son dos de maior contía económica concedidos en España e que na próxima edición haberá cambios notabeis.

Lema, A., "Barbantia e o Virxe do Mar unen os seus esforzos para espallar a historia da ría de Muros e Noia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Barbanza- Muros-Noia", 13 xaneiro 2008, p. 4.

Faise eco da presentación, no Instituto Virxe do Mar, da revista *Casa da Gramática*. Dise que este acto estiveron presentes os representantes do colectivo cultural Barbantia, así como os propios impulsores de dita revista. O número que viu a luz nesta ocasión foi o 30, xunto cun libro intitulado *Voces na Historia*

Lema, Carlos, "De 'O xeito de Freud", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 decembro 2008, p. 29.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "LANCE", da obra poética *O xeito de Freud*, de Carlos Lema.

Lens, Joaquín, "Un mundo mágico y de fantasía", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 12 xaneiro 2008, p. 57.

Informa que a Fundación Caixa Galicia inaugurou unha exposición sobre a obra pictórica de Urbano Lugrís, para conmemorar o ano do seu nacemento, e dá conta da súa traxectoria vital. Con respecto á biografía do artista, indica que o escritor Luís Rey acaba de publicar un libro sobre a vida novelesca de Lugrís, *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007).

L. F., "La Fundación inicia el centenario de Curros con la presentación de una guía literaria", *La Región*, "Celanova", 16 febreiro 2008, p. 19.

Con motivo da celebración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, informa que a súa Fundación vai presentar un libro, *Guía Literaria sobre Terras de Celanova* (2007), no que se destaca a riqueza literaria destas terras. Indica que a guía contén os textos de Xosé Benito Reza, José María Paz Gago, Xosé Manuel del Caño, Xosé Luis Méndez Ferrín e Antonio Piñeiro.

L. F., "Un homenaje a Curros a dos bandas", *La Región*, "Celanova", 5 marzo 2008, p. 18.

Comenta que a Fundación Curros Enríquez está a ultimar os actos de conmemoración do centenario da morte do escritor. Indica que as actividades se iniciarán na cidade da Coruña cunha ofrenda floral e recitais por parte dos alumnos dos colexios que levan o seu nome. Tamén comenta que a Fundación dará a coñecer o nome do gañador do premio "Celanova, Casa dos poetas". A continuación, explica que en Celanova, ese mesmo día, realizarán un recital poético diante da estatua do escritor e ao día seguinte haberá un encontro cos escritores Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Rosa Neiros, Xosé López e Marcos Valcárcel.

L. F., "Intelectuales vigueses celebran el regreso del monumento de Curros al centro de la ciudad", *La Región*, "Celanova", 17 marzo 2008, p. 17.

Comenta que con motivo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, a cidade de Vigo cambiou a localización da estatua do escritor para o seu lugar orixinal na Alameda. Así mesmo, dá conta das personalidades que interviñeron no acto e o porqué do cambio da estatua.

L. F., "El certamen 'Unha viaxe pola Baixa Limia' invita a los escolares a escribir en gallego", *La Región*, 4 maio 2008, p. 22.

Para incentivar o emprego da lingua galega entre os escolares da comarca da Limia anúnciase unha nova convocatoria do concurso de relatos curtos 'Unha viaxe pola Baixa Limia' a través do departamento de cultura do Concello de Muíños. Indícanse os requisitos que deben cumprir os traballos que se presenten así como a data na que remata o prazo de presentación das obras.

L. F., "Escolares de 21 localidades gallegas recitan a Curros Enríquez en un acto simultáneo", *La Región*, "Celanova", 5 xuño 2008, p.19.

Sinálase que, co gallo da celebración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, a fundación que leva o seu nome organizou un acto simultáneo, en colaboración con centros escolares e concellos que levan unha rúa co nome do poeta, onde os escolares de toda Galicia participaron nun recital das obras máis coñecidas do autor. Tamén se indica que os actos de homenaxe continuarán na Casa de Galicia en Madrid en datas posteriores e que a cantante María do Ceo será unha das que actúen no acto de homenaxe.

L. F., "El recital poético musical sobre obras de Curros Enríquez llega a Celanova", *La Región*, "Verano", 3 setembro 2008, p. 15.

Comunícase que continúan os actos do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez na súa vila natal, Celanova, co recital e concerto dos seus poemas de man de Casahamlet co espectáculo "Quen pudera convosco voar". Dise que este espectáculo está dirixido e interpretado por Santiago Fernández e Manuel Lourenzo e recibiu o premio Celanova Casas dos Poetas en 2007. Finalmente coméntase que estes actos se completarán cun concerto homenaxe aos escritores de Celanova.

L. F., "Unas 200 personas participaron en el homenaje al poeta y nacionalista Lois Antón", *La Región*, "Provincia", 25 novembro 2008, p. 19.

Fálase da homenaxe que recibiu o poeta e dramaturgo, Lois Antón Pérez, na súa vila natal, Escudeiros, e no Picouto e Celanova. Dise que o autor se reuniu cos seus veciños e que o acto consistiu nunha conferencia sobre a súa obra, un documental e a representación de parte da súa obra, *Aquela néboa no eido*, para finalizar cunha cea para cento corenta e cinco persoas.

L. G., "Intentan manter en Boiro o bo costume da lectura", *Diario de Arousa*, 27 agosto 2008, contracuberta.

Dise que a Asociación O Faiado 2, de Boiro, organizou a 'III Xuntanza Literaria: Barbanza na escrita de séculos pasados', na que persoas da vida pública da comarca e asistentes anónimos participaron na lectura de textos de autores xa finados da comarca do Barbanza como Borobó, Ramón Martínez López, Celestino García Romero, Ramón Fernández Mato e Valle Inclán, entre outros. Dise que tamén se proxectou unha curtametraxe sobre un dos escritores e que a finalidade da xuntanza foi recuperar a memoria dos escritores da zona, así como manter o interese pola lectura.

L. G., "O Faiado dá a coñecer a vida de Ramón López", *Diario de Arousa*, 10 setembro 2008, contracuberta.

Indícase que a asociación cultural O Faiado 2 de Boiro organizou unha mostra de homenaxe ao autor da vila Ramón Martínez López, con imaxes e recortes aparecidos en diversos xornais e dedicados á súa persoa. Tamén se di que o Concello decidiu poñerlle o seu nome á Casa da Cultura de Boiro.

Lista, David, "De 'Desenlace", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Desenlace*, de David Lista, intitulada "Coa boca chea de balíns…".

Lista, David, "De 'Desenlace", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Desenlace*, de David Lista, intitulada "Quero dicir…".

L. L. P., "Ferrol, escenario cinematográfico", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", 13 setembro 2008, p. 10.

Preséntase a rodaxe en Ferrol da primeira longametraxe integramente en galego, *O Club da calceta*, baseada na novela homónima de María Reimóndez, que tamén acudiu á presentación e terá un pequeno papel dentro da obra. Engádese que a longametraxe, dirixida por Antón Dobao, forma parte dun proxecto deste director, creado en 1999, e leva por título "Un mundo de historias".

Lodeiro, Ruth, "Galiza Nova homenajea en su XX aniversario a Rosalía y Castelao", *El Correo Gallego*, "Tema del día", "25 de xullo/Día de Galicia", 25 xullo 2008, p. 9.

Con motivo da celebración do XX aniversario de Galiza Nova, coincidindo cos actos de conmemoración do Día da Patria Galega, faise unha homenaxe a Rosalía de Castro e a Castelao no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago de Compostela. Dise que no acto lembrouse a importancia destas dúas figuras da cultura galega e ao tempo reivindicouse a utilización do idioma galego e a súa defensa.

López, A.R. e Montse **Dopico** (coords.), "Simone de Beauvoir", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 703, 10 xaneiro 2008, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Simone de Beauvoir ao cumprirse cen anos do nacemento da filósofa que contén as reflexions debidas á Francisco Sampedro, Herminio Barreiro, María Xosé Agra, Marilar Aleixandre e das feministas Nani Santos e Carme Blanco e dous amplos trabalhos devidos a Montse Dopico e A.R. López, intitulado "Simone de Beauvoir. A liberdade concreta", (pp. 2-4) no que se comenta a vida e obra de Simone de Beauvoir (París-Francia, 1908) a través de catro apartados encabezados por citas da filósofa. O primeiro apartado céntrase no feminismo de Beauvoir, a súa filosofía existencialista e a súa visión política de esquerdas. O segundo refire a autobiografía de Beauvoir: os desexos de evasión, cólera e rancores contra a súa familia burguesa; os estudos universitarios na Sorbona onde coñece a Sartre, e a referencia aos temas da liberdade e a responsabilidade individual. O terceiro apartado relata a relación profesional e sentimental entre Beauvoir e Sartre. A biografía de Danielle Sallevane retoma as acusacións de dependencia e sumisión a Sartre das que ela se defendeu nas súas memorias. O derradeiro apartado describe o seu pensamento e praxe feminista, e enumera libros de relatos, viaxes, teatro, e ensaios, e cartas publicadas. E remata apuntando que os mitómanos destrúen a imaxe dos escritores porque "nos fan intervir nos seus contos". Carme Adán, no seu trabalho "Pensar para a igualdade" (pp. 5-7), reivindica a débeda que teñen as mulleres con Simone de Beauvoir (París-Francia, 1908) porque o pensamento transforma o mundo, pero as mulleres tamén o fan. O artigo recorda a vida e obra de Beauvoir. Naceu nun ambiente burgués parisino, teimou por cambiar a orde social, foi unha estudante brillante, e escribiu novelas, ensaios e memorias, entre outros xéneros pero impactou con *O segundo sexo* con frases coma

“non se nace muller, chégase a selo”. Reflexiona sobre Beauvoir porque a partir de marzo este libro terá tradución ao galego coeditado por Edicións Xerais e a Xunta de Galicia. Beauvoir criticou e revisou os estereotipos de xénero. E anticipouse sen sabelo á teoría do feminismo actual. Desde os anos setenta tivo unha activa participación feminista. Políticamente foi unha filósofa comprometida co seu tempo. A obra de Beauvoir é contemporánea, e trascende a novas activistas sociais e políticas. “A súa actualidade reside na nosa lectura e na súa apertura”.

López, A. R. e Montse **Dopico** (coords.), “Novos e mancados”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, n.º 705, 31 xaneiro 2008, pp. 1-11.

Faise unha breve achega á vida de varios persoeiros, entre eles Arthur Rimbaud, Federico García Lorca ou Lois Pereiro, que teñen en común a súa forte personalidade, unha brillante faceta creadora e mais por sufriren unha morte temperá. Respecto a Pereiro indícase que se integrou na contracultura, unha posición que lle permitiu acometer unha obra persoal e afastada dos tópicos.

López, A.R., “Galicia causa expectación”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 14 febreiro 2008, p. 31.

Dá conta da participación de Galicia como convidada de honra á Feira Internacional do Libro da Habana e fai referencia aos espectáculos que está a desenvolver o noso país. Así mesmo, indica as referencias á Feira da prensa e os informativos locais. En relación á literatura galega, comenta que nun dos programas de maior audiencia da Habana lles fixeron entrevistas ao escritor Neira Vilas, a Elías Torres e Ramón Villares, organizadores da exposición “O sorriso de Daniel” e tamén falaron da edición en libro da revista infantil *Zum Zum*.

López, A.R. e Montse **Dopico**, “A Xustiza pola man”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, n.º 717, 15 maio 2008, contracuberta.

Reprodúcese neste suplemento dedicado a Rosalía de Castro o seu poema “A xustiza pola man”.

López, A.R. e Montse **Dopico**, “Rosalía de Castro. A transgresión amordazada”, *Galicia Hoxe*, “*Revista das Letras*”, n.º 717, 15 maio 2008, pp. 2-6.

Fai referencia ao debate sobre a reivindicación que certos escritores iniciaron xa a partir dos anos sesenta do século XX, ao redor da figura de Rosalía de Castro como a poeta da tristura, da melancolía, da saudade, etc. Sinala que estes escritores defenderon a Rosalía “máis forte, incorformista, reivindicativa e combativa” e que agora o tema volve rexurdir. A continuación, presenta as opinións de distintos escritores que achegan o seu punto de vista sobre este debate, entre os que están Chus Pato, Xosé Luís Méndez Ferrín, Helena Villar, María Xosé Queizán, Xabier Seoane, Lupe Gómez, Helena González, Mercedes Queixas, Francisco Rodríguez, Pilar García Negro, Avelino Abuín de Tembra e Xesús Alonso Montero.

López, A. R., "A poesía da experiencia xa cansa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 outubro 2008, p. 35.

Dise que o escritor galego Xoán Abeleira presentou a tradución que fixo para o castelán da *Obra completa*, da escritora Sylvia Plath, da que salienta o seu 'gran dominio da técnica poética' e a boa recepción entre o público español. Tamén se indica que a Fundación Caixa Galicia rendeu unha homenaxe á escritora na Coruña nun acto organizado polo propio Xoán Abeleira e que o suplemento "*Revista das Letras*" de *Galicia Hoxe* publicará unha escolma da súa poesía.

López, A. R., "Da arte heroica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 outubro 2008, p. 41.

Recóllense as palabras de varios escritores galegos sobre o seu compañeiro Anxo Rei Ballesteros no día do seu enterro tras unha grave doenza. Faise un pequeno percorrido pola súa vida e pola súa traxectoria literaria a través das palabras de Suso de Toro e Xosé María Álvarez Blázquez, entre outros, e saliéntase a importancia da súa obra para a literatura galega.

López, Belén, "Galicia enteira ocupa La Habana", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 13 febreiro 2008, p. 83.

Alude á participación de Galicia como convidada de honor á Feira Internacional do Libro da Habana. Dá conta dos proxectos conxuntos entre galegos e cubanos que se van desenvolver como "Ópticas cruzadas" e un encontro de contacontos cubanos, galegos e africanos. Ademais, indica que haberá concertos, espectáculos de danza e teatro infantil. Tamén cita as mostras "Mapas creativos" e "Outra xeografía. Arte desde Galicia".

López, Belén, "Aprazamento da inauguración", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", "A mirada", 14 febreiro 2008, p.75.

Fai referencia á celebración da Feira Internacional do Libro da Habana e dá conta do aprazamento da inauguración para o día seguinte debido á ameaza de choiva. Tamén comenta que todo o mundo na Habana está pendente deste evento que se considera un dos máis importantes de Latinoamérica. Por último, informa do emprazamento da feira.

López, Belén, "Presentan un roteiro baseado na obra do autor Xosé Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 16 febreiro 2008, p. 67.

Con motivo da celebración da Feira Internacional do Libro da Habana, informa que se vai presentar un roteiro centrado nos lugares típicos da Habana. Explica que se vai basear nun texto escrito por Xosé Neira Vilas e que será completado cos estudos de Nancy Pérez e de Natasha Vázquez. Tamén indica que o acto de presentación terá lugar no Hotel Plaza e participarán os autores, a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e Víctor Fernández Freixanes.

López, Belén, "Colas para mercar un libro galego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 17 febreiro 2008, p. 64.

Comenta que nas dúas primeiras xornadas de celebración da Feira Internacional do Libro da Habana a afluencia de público foi moi numerosa. Indica que o posto de venda dos libros galegos tivo moitas ringleiras e que a xente mercou libros a moreas, debido en parte aos baixos prezos. Así mesmo, salienta as actividades paralelas como os concertos, presentacións de libros, conferencias ou encontros cos autores e, finalmente, achega a satisfacción do presidente da Asociación Galega de Editores quen afirma que se esgotarán os seis mil exemplares levados a Cuba.

López, Belén, "De esa mezcla de cubanía y galleguidad", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 18 febreiro 2008, p. 67.

Con motivo da celebración da Feira Internacional do Libro da Habana, dá conta da homenaxe a Galicia que se realizou na praza de San Francisco e na que participaron agrupacións culturais e asistiu, coa súa muller, o escritor Xosé Neira Vilas.

López, Belén, "Curros tamén é un 'zentolo", *Diario de Pontevedra*, "Historias da contra", 13 marzo 2008, p. 13.

Con motivo da celebración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, comenta que a Fundación que leva o seu nome, lle encargou á empresa Rei Zentolo o deseño dunha camiseta en homenaxe ao escritor. Explica Pablo Rodríguez, membro de Rei Zentolo, que non tiñan moi claro qué debuxo crear até que se decidiron pola cara do poeta feita cos títulos de todas as súas obras e rodeada dun verso seu que o define moi ben: "Se eu fixen tal mundo… que o demo me leve". Por último, dá conta doutras actividades programadas pola Fundación como os recitais poéticos ou a representación da peza teatralizada *A Virxe do Cristal*.

López, Belén, "Pontevedra queda sen Culturgal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 4 abril 2008, p. 81.

Comenta que a celebración do Culturgal, que tivo lugar o ano pasado en Pontevedra, se vai trasladar en 2008 á cidade da Coruña. Explica que o sitio de celebración xa fora un tema discutido e que varias editoriais propuxeron que tivese un carácter itinerante. Tamén comenta que hai un cambio na organización, xa que agora depende da Xunta de Galicia e, finalmente, lamenta que non se lle recoñeza a Pontevedra o esforzo para levar a cabo a edición anterior.

López, Belén, "Non hai literatura que non sexa poética", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 maio 2008, p. 84.

Dá conta da participación de Manuel Rivas no foro Diálogos de Pontevedra e salienta a afluencia de público que acudiu ao acto. Comenta que foi Ramón Nicolás o encargado de manter o diálogo con Rivas sobre a creación literaria e o que esta significa para o escritor e, de seguido, anuncia que Manuel Rivas está a compoñer un novo libro de poemas.

López, Diana, "Entrega de los premios Máximo Sar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 11 xulio 2008, p. 76.

Recolle o acto de entrega dos Premios Máximo Sar de Memoria Popular. Dáse conta nesta terceira edición que a gañadora foi María Pura Díaz co relato "Recuerdos de una larga vida". Sinala que os segundo premios foron para Herminia Pernas por "De Carmiña a doña Carme", e Mercedes Arriaga por "Catoira na memoria". Menciónase tamén os terceiros premios, que foron parar a Inmaculada Míguez por "De Tomiño a Venezuela" e Belarmino Pérez por "El silencio también llora".

López, Iria, "Las huellas coruñesas de la literatura", *El Ideal Gallego*, 8 agosto 2008, contracuberta.

Coméntase a iniciativa "Verbas na rúa" que tivo lugar na Coruña e que consistiu en colocar adhesivos polas rúas, con corenta e dous fragmentos literarios nos que se menciona a cidade. Indícase que os textos pertencen a autores de todas as épocas literarias.

López, Laura, "El público de FIOT premió la trayectoria teatral de Dorotea Bárcena y la 'Noite de Reis' del CDG", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 novembro 2008, p. 51.

Recolle o acto de entrega dos premios do Festival Internacional Outono de Teatro, que se celebra en Carballo. Sinálase que os premios, outorgados polo público, recaeron en Dorotea Bárcena que recibiu o Premio Xograr de Outono, e o Centro Dramático Galego que se alzou co Premio do Público 2007.

López, Lorena, "Un pequeño rincón con mucha historia", *Diario de Ferrol*, "CGS", 3 febreiro 2008, p. 12.

Comenta que o Ateneo de Ferrol é a única hemeroteca que existe na comarca e garda desde hai trinta anos, máis de sete mil cincocentos volumes, aínda que non conta con moitas axudas económicas. Informa que acaban de asinar un convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza para mellorar as condicións do Ateneo, que se baseará principalmente en dixitalizar todos os fondos para que os usuarios teñan un acceso máis doado e que os documentos se conserven en mellores condicións. De seguido, dá conta das revistas e xornais que se poden consultar e comenta que trimestralmente o Ateneo edita unha revista na que recolle as novidades que van chegando á biblioteca.

López, Ruth, "Unha mostra lembra en Lugo a Curros Enríquez nos cen anos do pasamento", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 setembro 2008, p. 68.

Preséntase a exposición "Curros Enríquez. Nación, liberdade e progreso", que se inaugura en Lugo despois de pasar por outras cidades galegas e que forma parte das actividades que teñen lugar con motivo do centenario da súa morte. Dise que nela se fai un percorrido a través da traxectoria vital e literaria do autor e indícase en qué consiste esta exposición.

López, Ruth, "Teresa Moure pensa diferente", *El Progreso*, "Vivir", 15 decembro 2008, p. 79.

Tras repasar a traxectoria literaria de Teresa Moure, na que salienta novelas como a *A xeira das árbores* (2004) *Herba moura* (2005), aborda a publicación do ensaio *O natural é político*. Afirma que fala da economía galega, das antigas fontes de ingresos (o mar e a terra) e da necesidade de conservalas para non danar a saúde do noso planeta.

López, Uxía, "A figura e obra de Rosalía chega aos colectivos que non teñen fácil o acceso a cultura", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 18 maio 2008, p. 12.

Comenta que a Fundación Rosalía de Castro está a levar a cabo o proxecto "Aula para a diversidade", que consiste en acercar a figura de Rosalía de Castro a aqueles colectivos que teñen menos doado o acceso. Indica que xa estiveron na Fundación un grupo de nove mulleres xitanas de Ribeira e tamén os presos do cárcere de Teixeiro, e que as próximas visitas serán as dun grupo de discapacitados e outro de inmigrantes. Así mesmo, tamén recolle as palabras da presidenta da Fundación, Helena Villar Janeiro, quen afirma que un dos proxectos prioritarios é a adaptación das instalacións da Casa-Museo.

López, Uxía, "A Fundación Rosalía de Castro crea unha Aula Pedagóxica para difundir o coñecemento da poeta", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 18 outubro 2008, p. L12.

Anúnciase a creación da Aula Pedagóxica 'Tres pitas brancas', na sede da Casa-Museo da Matanza en Padrón, para poñela ao servizo do ensino obrigatorio e para difundir o coñecemento da poeta e da súa obra. Dise que o acto de inauguración se enmarcou dentro da conmemoración dos cento cincuenta anos do casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía.

López Ardeiro, Xosé M., "De 'Versos de ausencia e de desagravio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Si os teus labios pousaras docemente, ...", da obra poética *Versos de ausencia e de desagravio* (2005), de Xosé M. López Ardeiro.

López Gómez, Xesús Anxo, "Testamento hológrafo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 18 agosto 2008, p. 33.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xesús Anxo López Gómez (56 anos) intitulado "Testamento hológrafo".

López Marqués, Xavier, "De 'A Lúa nun ichó", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xuño de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "¿Será que os deuses só saben estar reclinados…" pertencente ao poemario *A Lúa nun ichó*, de Xavier López Marqués.

López Marqués, Xavier, "A lúa nun ichó", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema "Hai mañás nas que nós falamos…" do poemario *A lúa nun ichó*, de Xavier López Marqués.

Lopo, Antón, "O difícil que é amar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 febreiro 2008, p. 30.

Comenta que co traballo realizado sobre a biografía de Lorenzo Varela puido coñecer a tres mulleres, entre elas, Julita Álvarez, antiga moza de Lorenzo Varela nos seus anos de Lugo. Indica que esta muller acaba de morrer e lembra como a coñeceu e as cousas que Julita lle contou dos anos vividos con Lorenzo Varela. Explica que foi o que namorou a Julita Álvarez e comenta que a súa relación rematou en 1934, cando Lorenzo Varela tivo que marchar a Madrid. Aclara que a partir dese momento, só se volveron ver unha vez e dá conta de cómo sucedeu ese encontro.

Lorenzo, Ana, "La familia de Jenaro Marinhas dona sus libros a la Biblioteca Nacional de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2008, p. 50.

Dise que os tres sobriños de Jenaro Marinhas del Valle doaron a ampla colección de máis de dous mil libros do seu tío á Biblioteca Nacional de Galicia da Cidade da Cultura, co cal se inicia a andaina da sección denominada Biblioteca de Especial Interese que estará dedicada a conservar e difundir o legado de grandes persoeiros da cultura galega. Coméntase como foi o acto de entrega e dise que conta cun gran número de libros que son referentes da literatura portuguesa e brasileira.

Lorenzo, Ana, "La Universidade da Coruña ya cuenta con 56 volúmenes sobre las creaciones teatrales", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 decembro 2008, p. 50.

Coméntase que se celebrou na Universidade da Coruña un acto de presentación dos catro novos tomos da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado, que conta xa con

cincuenta e seis exemplares en total. Dise que esta iniciativa comezou en 1996 por parte de Francisco Pillado, que doou os miles de exemplares que foi adquirindo ao longo de trinta anos sobre o teatro en diferentes lugares do mundo.

Lorenzo, Fran P., "O orgullo da forza da identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2008, p. 29.

Refire que o pavillón de Galicia acadou o premio ao mellor expositor na Feira Internacional do Libro da Habana. Indica que recolleu o premio Elena Torres e achega as palabras de Luís Bará, director xeral de Cultura, quen agradece a distinción e salienta o enorme traballo realizado polo seu equipo.

Lorenzo, Fran P., "Teño con Neda un amor carnal", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 agosto 2008, p. 59.

Infórmase de que o poeta, narrador e crítico literario Vicente Araguas recibiu o título de fillo predilecto do concello de Xuvia (Neda), do que é nativo. Dise que este galardón se une a outros que xa foi recibindo ao longo dos dous últimos anos.

Lorenzo, Fran P., "Morre Camilo Gonsar, o renovador cosmopolita da literatura galega", *El Correo Gallego* , "Cultura", 2 decembro 2008, p. 50.

Faise unha lembranza da vida e obra de Camilo Gonsar, con motivo do seu falecemento, recoñecendo a importancia que a súa obra tivo para as letras galegas malia que fose breve.

Lorenzo, Fran P.,"A xeración do 68 compostelán tómalle o pulso ao pasado común", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 decembro 2008, p. 67.

Coméntase a homenaxe que, na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, recibiu o histórico grupo Voces Ceibes, como fin dos festexos de aniversario de 'Maio do 68', dentro dunha homenaxe máis ampla e colectiva de recoñecemento da comunidade universitaria represaliada polo franquismo. Indícase que o grupo ofreceu un concerto, como xa fixera naquela época, ao tempo que polo estrado ían pasando os protagonistas daqueles feitos como Guillermo Rojo ou Miro Casabella.

Lorenzo Gil, César, "Xeración do 57", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21 febreiro 2008, pp. 24-25.

Realízase unha análise sobre a existencia da xeración do 57, constituída polos seguintes escritores: Alberto Avendaño, Ramón Caride, Ramiro Fonte, Bieito Iglesias, Gonzalo Navaza, Pilar Pallarés, Xavier Queipo, Antón Reixa, Manuel Rivas e Luísa Villalta. Achéganse as opinións de Dolores Vilavedra quen afirma que o único que tiñan en común, ademais do ano de nacemento, era a conciencia colectiva de saber que estaban a mellorar a literatura galega. Tamén o crítico Gónzalez Gómez explica que non se poden

considerar como unha xeración, xa que só os une as coincidencias biográficas. Pola contra, Bieito Iglesias afirma que viviron a mesma época e, polo tanto, poden considerarse como integrantes dunha xeración; ademais, Ramón Caride indica que teñen moitas obras en común, caracterizadas polo atrevemento e, finalmente, propoñen algúns escritores novos que están a seguir os seus pasos.

Lorenzo Gil, César, "O aumento das traducións atrae novos lectores", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Cultura", 6 marzo 2008, p. 36.

Indica que o número de lectores en galego aumentou nos últimos anos grazas á presenza da literatura estranxeira. Achega as opinións de dous libreiros, Xaime Nogueira, da Libraría Andel de Vigo, e de Antón Pedreira, da Libraría Pedreira de Santiago, ambos afirman que o cambio se debe ao aumento das traducións e da boa calidade que presentan. Apuntan que a tradución de novidades editoriais é un éxito e Pedreira salienta o labor da Editorial Rinoceronte que traduciu obras que non existen en castelán.

Losada, Benito, "Fragmento de 'A festa de Gundián' (1887)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle un fragmento poético que comeza "O paráx'e é tan garrido…", de Benito Losada.

Loureiro, Ramón, "Los Premios Nacionales hacen de Ferrol la capital del arte y las letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 marzo 2008, p. 32.

Dáse conta da entrega dos Premios Nacionais da Cultura no Teatro Jofre de Ferrol nos que o Ministro de Cultura, César Antonio Molina, entregou nunha cerimonia conxunta todos os galardóns que cualificou como o máximo recoñecemento á forza creadora a nivel estatal. Entre os moitos premiados houbo dous representantes galegos, Rubén Ruibal na categoría de Literatura Dramática coa obra *Limpeza de sangue* e Manuel Vilariño no apartado de fotografía.

Loureiro, Ramón, "Neda dedica sus quintas Xornadas Literarias a analizar la trascendencia de la obra de Faulkner", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 abril 2008, p. 49.

Informa da celebración da quinta edición das Xornadas Literarias de Neda que este ano están dedicadas ao estudo do escritor William Faulkner. Sinálase que entre os participantes do encontro se atopa algún escritor galego como Xurxo Borrazás.

Loureiro, Ramón, "Ramiro Fonte y el oso de piedra", *La Voz de Galicia,* "*Cultura*s", n.º 272, 26 xullo 2008, p. 10.

Lóase a figura de Ramiro Fonte tras o seu recente falecemento, lembrando a importancia do autor para as letras galegas e para a súa vila natal, Pontedeume.

Loureiro, Ramón, "César Antonio Molina: 'Para min, retornar ao Eume é viaxar pola poesía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2008, p. 27.

Recóllense as palabras de César Antonio Molina ao volver ás terras do Eume, que inspiraron o seu último libro de poesía e a súa próxima obra, aínda en proceso de creación, *Memorias de ficción.* Tamén se di que estivo presente na homenaxe realizada a outro escritor da zona, Ramiro Fonte, ao que se lle fixo entrega do Premio Porto Magno, no Palacio Municipal de Ferrol, como recoñecemento ao conxunto da súa obra literaria.

Loureiro, Ramón, "John Rutherford recibirá o sábado o título de membro de honra da Real Academia Galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2008, p. 48.

Coméntase o nomeamento do escritor e profesor da universidade de Oxford, John Rutherford como membro de honra da Real Academia Galega. O acto contará coa presenza de persoeiros do eido cultural galego, como por exemplo Antón Santamarina, Manuel González e o presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, que pronunciarán unha laudatio sobre o profesor. Menciónase asemade unha das súas novelas, *A frecha de ouro*, escrita en galego e publicada en 2004.

Loureiro, Ramón, Camilo **Franco** e A. **Varela**, "El Nuevo y el Viejo Mundo se disputan el Nobel de las Letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 outubro 2008, p. 48.

Danse os nomes dos que se considera posibles gañadores do Premio Nobel de Literatura entre os que se atopan Mario Vargas Llosa, Claudio Magris ou Antonio Lobo Antunes. Tamén se recollen, a este respecto, as palabras de diferentes escritores galegos como Agustín Fernández Paz, Diego Ameixeiras, Xosé Vázquez Pintor, Rosa Aneiros ou Luz Pozo Garza, entre outros.

Loureiro, Ramón, "La Universidad polaca de Poznan analiza el legado literario de Torrente, Cunqueiro, Valle-Inclán y Cela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 novembro 2008, p. 49.

Infórmase que a Universidade polaca de Poznan, a través do departamento de Literatura Española, acolleu un encontro internacional dedicado a Gonzalo Torrente Ballester e aos escritores nacidos en Galicia (Álvaro Cunqueiro, Ramón María del Valle-Inclán e Camilo José Cela). Noméanse os diferentes relatores que falaron no congreso entre os que se atopaban Carmen Becerra ou o profesor ferrolán, experto en Gonzalo Torrente Ballester, José Antonio Ponte Far.

Lourido, Raquel, "A patria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xaneiro 2008, p. 25.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poetica "A patria", de Raquel Lourido.

LR, "Quintana asegura que el BNG 'é a obra viva de Castelao' en el 58 aniversario de su muerte", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 6 xaneiro 2008, p. 18.

En relación aos actos do BNG, comenta que os dirixentes do partido nacionalista realizaron unha homenaxe a Castelao para conmemorar o cincuenta e oito aniversario da morte do escritor.

LR, "El PSOE recuerda que el escritor 'non é patrimonio dun partido", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Comarca", 6 xaneiro 2008, p. 19.

Fai referencia á polémica nacida ao redor do aniversario da morte de Castelao. Achega as opinións de José Manuel Lage Tuñás, parlamentario socialista, quen considera que a figura de Castelao é patrimonio colectivo do pobo e non debe ser exclusiva de ningunha forza política. Tamén afirma que o Concello de Rianxo apoia a creación da Academia Literaria e refire que se está a axilizar a petición de que a Casa natal de Castelao sexa considerada Ben de Interese Cultural.

LR,"Lola Lorente gaña o Pura e Dora Vázquez de ilustración", *La Región*, "Ciudad", 25 xaneiro 2008, p. 12.

Dise cal foi a gañadora da quinta edición do Premio Pura e Dora Vázquez de ilustración convocado pola Deputación de Ourense, dotado con 3.000 euros e a publicación do traballo elixido como gañador. Neste caso foi gañadora a coruñesa Lola Lorente e o xurado destacou a calidade da obra presentada, o seu dinamismo e a linguaxe plástica moderna. Indícase tamén a composición do xurado e a intención de empregar a obra publicada nunha campaña de animación á lectura entre os máis novos.

LR, "Galiza e Cuba reencóntranse na Habana", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Cultura", 31 xaneiro 2008, p. 26.

Fai referencia á participación de Galiza como convidade de honra na XVII Feira Internacional do Libro da Habana e dá conta de todo o desenvolvemento da cultura galega. Comenta que nos tres pavillóns realizarán obradoiros, encontros, mostras, exposicións, etc. e que se presentarán seiscentos libros e porán á venda seis mil exemplares. Así mesmo, indica que participarán trinta editoriais galegas e nomea a algúns dos escritores que viaxarán á Habana. Informa sobre outras actividades de música e teatro e dá conta de tres exposicións: "O sorriso de Daniel", "Plantando libros" e "Escritores galegos: a literatura dunha nación".

LR, "Pérez Touriño elogia el Paraninfo del Otero Pedrayo como 'vértice de la intelectualidad", *La Región*, 12 febreiro 2008, p. 6.

Dá conta da celebración do acto inaugural do paraninfo do IES Otero Pedrayo de Ourense, tras a súa reforma. Apunta que no evento, o presidente da Xunta salientou a

formación da Xeración Nós, así como outros alumnos destacados (Vicente Risco, Carlos Casares, Alfredo Conde, etc.) e tamén lembrou os xuízos que alí se celebraron durante a Guerra Civil e a Posguerra. Por último, alude ás persoas que asistiron ao acto e comenta que algúns alumnos leron poemas de Rosalía de Castro.

LR, "La Fundación Curros Enríquez lanza una guía con el legado literario de Celanova", *La Región*, "Ourense", 17 febreiro 2008, p. 14.

Infórmase sobre a presentación da *Guía Literaria de Celanova* (2007) que foi publicada pola Fundación Curros Enríquez cunha subvención do Ministerio de Cultura. Indícase que o obxectivo desta guía é promocionar dita vila ourensá, así como a Casa dos Poetas. Explícase que a publicación desta obra encádrase nos actos que tiveron lugar co gallo da celebración do centenario do escritor celanovés. Engádese que a presentación tivo lugar na Casa do Libro de Vigo e que nela estiveron presentes: Antonio Mouriño Villar, alcalde de Celanova e presidente da fundación; o escritor Xosé Lois Méndez Ferrín; o director xeral de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza; o profesor José María Paz Gago; e o técnico de cultura do Concello celanovés, Antonio Piñeiro.

LR, "César Antonio Molina ratifica en Rianxo el compromiso del Ministerio para impulsar la Academia Literaria", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 4 marzo 2008, p. 22.

Dá conta da visita que o ministro de cultura, César Antonio Molina, realizou á vila de Rianxo e na que falou sobre o compromiso de levar a cabo por parte do goberno central o proxecto da Academia Literaria. Comenta que estivo acompañado do alcalde de Rianxo, Pedro Piñeiro, quen falou sobre a achega económica para mellorar as casas dos escritores Manuel Antonio, Rafael Dieste e Castelao. Tamén indica que realizaron unha ofrenda floral e visitaron as tumbas dos autores.

LR, "Unas jornadas 'online' analizarán la relación de la obra de Curros con otras artes", *La Región*, "Ourense", 22 abril 2008, p. 10.

Informa da celebración dunhas xornadas nas que se analizará a relación de Manuel Curros Enríquez con outras artes diferentes á literaria, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Explica que se trata dun curso de formación a distancia destinado, principalmente, a profesores de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato. Tamén comenta que a actividade se emitirá dende a Facultade de Filoloxía da Coruña.

LR, "Adeus ó poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro", *La Región*, "Ourense", 17 maio 2008, p. 9.

Dá conta do falecemento do escritor Xosé Carlos Gómez Alfaro e do emotivo adeus que lle rendeu a comarca do Ribeiro. Lembra a Gómez Alfaro como un dos mellores escritores de Ribadavia e salienta dúas das súas obras: *O clamor da eclise* (2004) e *Mar aberto* (2007), gañadoras do premio "Cidade de Ourense".

LR, "Un curso acerca los grandes clásicos de la literatura", *La Región*, "Ourense", 9 outubro 2008, p. 15.

Sinálase que o Centro de Desenvolvemento de Caixanova organizou en Ourense un obradoiro de lectura, dirixido ás persoas afeccionadas á literatura. Dise que estaba dirixido por Ramón Nicolás e levou o título de "Gústache ler?". Tamén se comenta que se analizaron diversos textos literarios e que se fixo unha achega á literatura galega e á narrativa infantil e xuvenil.

LR, "Un congreso analiza en el IES Otero Pedrayo el legado novelístico de Vicente Risco", *La Región,* "Ourense", 1 decembro 2008, p. 6.

Dise que a Fundación Vicente Risco organizou, co gallo do oitenta aniversario da edición da obra satírica *O porco de pé*, o primeiro congreso que leva como título o nome da obra, no paraninfo do IES Otero Pedrayo. Danse os nomes dos conferenciantes participantes e indícase cal é o contido das xornadas.

LR, "Celanova homenajeó a Curros", *La Región*, "Fin de año 2008", 31 decembro 2008, p. 36.

Lémbrase que, ao longo do ano no que se conmemora o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, o escritor recibiu múltiples homenaxes dentro e fóra da súa vila natal, sendo unha das máis emotivas a celebrada no Mosteiro de San Rosendo.

L. T.,"Murió lejos de su país, en la indiferencia y el olvido de los suyos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Área metropolitana", 3 setembro 2008, p. 22.

Lémbranse as palabras que escribira Manuel Murguía en *Los Precursores* sobre Antolín Faraldo, loando a importancia deste galeguista e o esquecemento que sufriu por parte dos seus veciños. Dise que cada dezasete de agosto (Día da Galiza Mártir) se lembra a súa figura ao pé do busto que lle dedicou a súa cidade e engádese que a data fora escollida por Castelao e o Consello de Galicia no exilio en 1942, coincidindo co aniversario da morte de Alexandre Bóveda, asasinado no Monte da Caeira de Poio o 17 de agosto de 1936.

Lueiro, Xosé, "Retallos dun ano teatral", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 4 xaneiro 2008, p. 4.

Presenta diversas opinións de persoas relacionadas co teatro que falan sobre as controversias nacidas en 2007 ao redor das artes escénicas. Os entrevistados son: Luís Bará, director xeral de Cultura; Alfredo Rodríguez, responsábel da compañía A Factoría Teatro; Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego; Pepe Penabade, responsábel da compañía Volta e Dálle; Ernesto Chao, director da compañía Lagarta Lagarta; Mercedes Castro, distribuidora de Eme2; Eduardo Alonso, director e xestor da

Sala Yago de Compostela; Pablo Suárez, director da compañía Títeres Buratini; e do actor Manuel Manquiña.

Lugrís, Igor, "De 'A minha língua quero…", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A minha língua quero na tua boca…", de Igor Lugrís.

L.V.B., "El 'making off' de 'Rosa dos ventos' está en www.curtametraxes.com", *El Correo Gallego*, "Cultura", 12 marzo 2008, p. 68.

Comenta que o documental sobre como se fixo a curtametraxe *Rosa dos ventos* xa se pode consultar en internet, ademais de achegar as palabras do seu director, Jairo Iglesias, sobre a composición da curtametraxe e o significado que lle deu. Explica que se trata dunha creación en homenaxe a Galicia, a todas as mulleres do mar e a Rosalía de Castro, para o que se inspirou no poema "Viúvas de vivos e viúvas de mortos".

M. A. C., "María e Pilocha Barcala dan un recital poético en Campelo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Poio", 7 marzo 2008, p. 21.

Informa que a Biblioteca Municipal de Poio, con motivo do aniversario de Rosalía de Castro, organizou o recital "Poetas: cronistas do seu tempo", no que participaron María e Pilocha Barcala, as cales ofreceron un recorrido pola poesía galega dende a Idade Media até a actualidade.

M. A. C., "Once jóvenes autores participarán este domingo en el recital Poetas na Rúa", *Diario de Pontevedra*, "Poio/Comarca", 11 setembro 2008, p. 12.

Dáse conta do recital poético "Poetas na Rúa", creado pola Concellería, no que once creadores e creadoras novos ofrecen en Combarro para dar a coñecer as súas obras e no que tamén actúa Tino Baz poñendo música aos poemas.

M. A. C., "Rafael Pintos recrea en Ferreirós los montes de A Caeira con su poemario 'Os ollos do acibeche", *Diario de Pontevedra*, "Poio/Comarca", 15 novembro 2008, p. 13.

Dá conta da presentación do poemario de Rafael Pintos *Os ollos do acibeche* (Ediciós do Castro, 2005) no cal o autor recrea as paisaxes e personaxes do concello de Poio.

Machuca, Carlos G., "La investigación más desenfadada", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 novembro 2008, p. 16

Recolle a entrega de premios do concurso de relatos curtos "Ciencia que conta". O primeiro premio na categoría de primaria recaeu en Manuel e Irene González López por "Pequeñajo y grandullón juegan con la presión". Na categoría de secundaria levou o premio Andrea Gómez Estévez por "Con la mirada en la piel". Raquel Ordóñez Tobio gañou na categoría de bacharelato-ciclos con "O principio da principia". Na categoría de público xeral o vencedor foi Xosé Alfredo Naz Fernández polo relato "Os desexos de Lady Ada Byron".

Malvido, G. e A. **Rodríguez**, "Un mundo sin fin' llena las estanterías", *La Opinión*, "A Coruña", 8 xaneiro 2008, p. 10.

Dá conta da lista dos libros máis vendidos na cidade da Coruña durante a época do Nadal de 2007. Con respecto aos libros vendidos en lingua galega, salienta o libro de Cristina de la Vega, *Vinte historias de amor e unha canción á esperanza* (2006), e tamén indica que a obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal* (2007), volveu estar entre os máis vendidos. Outros éxitos dos que dá conta son a tradución d'*O neno co pixama de raias* (2007) e *Made in Galiza* (2007), de Sechu Sende. Tamén como novidades cita o *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos* (2007), de Xosé Luís Méndez Ferrín e a novela de Alfredo Conde, *María das Batallas* (2007). En relación ao cómic, apunta que o máis vendido foi *A mansión dos Pampín* (2002), de Miguelanxo Prado e con respecto á literatura infantil, explica que os primeiros postos os ocupa *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* (2007), de Werner Holzwath, *Mirar a pintura* (2006) da Editorial Kalandraka e *O Castelo da Princesa* (2007), de Baía Edicións.

Malvido, Gemma, "A partitura de Galicia", *La Opinión*, "A Coruña", 11 xaneiro 2008, p. 10.

Informa que a Casa Museo Casares Quiroga presenta a exposición "O himno. Os tempos son chegados", na que se mostra, a través de paneis fotográficos, unha retrospectiva de Galicia cen anos atrás, até a primeira interpretación do himno galego.

Malvido, Gemma, "La nueva cara de Durán Loriga", *La Opinión*, "A Coruña", 31 xaneiro 2008, p. 11.

Faise eco da apertura da Biblioteca Municipal de Estudos Locais da cidade da Coruña que, despois de tres meses de obras, abre as súas portas cunha nova imaxe, na que prima a mestura do antigo coa modernidade. Así mesmo, comenta que a Biblioteca terá unha exposición dos libros que falan sobre a Torre de Hércules.

Malvido, Gemma, "Cen anos de lembranzas para Curros Enríquez", *La Opinión*, "A Coruña", 1 abril 2008, p. 12.

Dá conta dos diferentes actos que terán lugar na cidade da Coruña para celebrar o centenario do falecemento de Manuel Curros Enríquez. Comenta que se organizará un cortexo de honra que partirá do cemiterio de Santo Amaro e parará no colexio que leva

o seu nome, tamén na Real Academia Galega, no Concello da cidade e, por último, no monumento sito nos xardíns de Méndez Núñez.

Malvido, Gemma, "La Fundación Caixa Galicia expone cerca de un centenar de dibujos de Castelao", *La Opinión*, "A Coruña", 14 maio 2008, p. 15.

Dáse conta da inauguración da exposición "Debuxos do álbum Cousas da vida. Castelao na Colección Caixa Galicia" e indícase que se exhibirán preto dun centenar de obras. Sobre a súa traxectoria detalla que colaborou en cabeceiras como *Galiza Moza*, *Nós* ou *A Nosa Terra* e concreta que nesta etapa decatouse da insuficiencia do seu xeito de facer humor para levar a cabo a crítica política que pretendía. A continuación explica que deu un xiro á súa forma de crear e que empezou a recoller a sabiduría do seu pobo e o seu sarcasmo para incitar á rebelión contra o poder e a ignorancia. Por último sinala que a súa obra gráfica se recicla en *Retrincos* (1934), onde se converte en narrativa sen perder a combatividade de *Cousas* (1926, 1929).

Malvido, Gemma, "Uxía Senlle e o compositor Paulino Pereiro renden homenaxe a Curros", *La Opinión*, "A Coruña", 17 maio 2008, p. 14.

Apunta que con motivo de celebrar o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, o Concello da Coruña organizou o concerto intitulado "Frorecen os eidos". Comenta que participaron a cantante Uxía Senlle, o compositor Paulino Pereiro e mais o alumnado do colexio Curros Enríquez. Tamén comenta que organizarán unha exposición sobre o escritor, "Unha ollada a Curros Enríquez: fondos documentais e bibliográficos", pertencente ao Concello e que se expoñerá na casa da cultura Salvador de Madariaga.

Malvido, Gemma, "Ainhoa Arteta interpretará en A Coruña su primera ópera en Galicia", *La Opinión*, "A Coruña", 4 xullo 2008, p. 10.

Dise que dentro do programa Festival de Amigos de la Ópera da Coruña, no que será Ainhoa Arteta unha das protagonistas, estrearase a primeira ópera galega en máis de oitenta anos, *O arame*, de Manuel Lourenzo, baseada nun relato homónimo do escritor.

Malvido, Gemma, "O Castrillón inaugura con versos y música su biblioteca", *La Opinión*, "A Coruña", 12 outubro 2008, p. 13.

Fálase da inauguración da nova biblioteca municipal do barrio do Castrillón, na cidade da Coruña, que contou coa participación de poetas como Yolanda Castaño ou Antía Otero e músicos como Xosé Liz. Dise que o fondo da mesma son dezasete mil libros e que comeza de inmediato co préstamo de obras de lectura, música ou incluso ordenadores portátiles.

Mallo, Albino, "As fantasías oníricas de Lugrís", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 693, "Desde a miña fiestra", 27 xaneiro 2008, p. 9.

Co gallo da exposición "Urbano Lugrís nos fondos da Colección Caixa Galicia" faise unha aproximación á vida e obra de Urbano Lugrís e descríbese o contido desta exposición que estará na Coruña até o 16 de febreiro de 2008. Coméntase que Lugrís foi un pintor autodidacta, apúntase a súa admiración por Xulio Verne e dise que fundou en 1954 a revista *Atlántida* na Coruña.

maré, "Xosé Montero traduce 'O banqueiro anarquista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xaneiro 2008, p. 21.

Informa que Edicións Embora acaba de publicar a tradución ao galego da obra *O banqueiro anarquista* (2007), de Fernando Pessoa, realizada polo tradutor Xoán Montero Domínguez. Así mesmo, indica que esta tradución recibiu o premio Plácido Castro, da Asociación de Tradutores en Lingua Galega. De seguido, relata brevemente o argumento do libro.

maré, "O Bloque lembra o 58 cabodano de Castelao", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xaneiro 2008, p. 21.

Refire que o BNG vai realizar unha homenaxe a Castelao polo cincuenta e oito aniversario do seu falecemento. Comenta que o acto terá lugar na Casa da Cultura de Rianxo e que despois farán unha ofrenda floral.

maré, "O mercado potencial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xaneiro 2008, p. 28.

Comenta que a Editorial Galaxia acaba de presentar tres novos números da súa colección "Biblioteca Compostela de Narración Europea" coa que pretende achegar Europa a Galicia e ofrecer aos compostelans as novidades editoriais en galego. Apunta que os volumes editados en 2007 foron *O retorno*, de Bernhard Schlink; *A pista de area*, de Andrea Camilleri; *O castelo branco*, de Orhan Pamuk; e tamén a reedición de *Xuntos e máis nada*, de Anna Gavalda.

maré, "O porvir dunha utopía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xaneiro 2008, p. 30.

Dá conta dos diferentes actos que a Rede de Acción Sociocultural Arredemo vai levar a cabo para defender e homenaxear a Isaac Díaz Pardo ante a posíbel perda do Instituto Galego de Información (IGI). Comenta que Arredemo presentará o seu novo portal neste centro e que ademais quere destacar a creación do xornal *Galicia* por parte do IGI en 1977, polo que publicará o número cero deste xornal, no que ofrecerán unha reflexión colectiva sobre a situación galega do territorio, a lingua, a cultura, etc.

maré, "Sempre na resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2008, p. 27.

Coméntase a asistencia de Isaac Díaz Pardo á asemblea que reúne aos novos administradores do IGI (Instituto Galego de Información) e as súas consideracións sobre a mesma así como se indica que a Asociación de Escritores en Lingua Galega pide á

Xunta o inventariado e catalogación do patrimonio documental do Instituto. Engádese que o colectivo Arredemo e Burla Negra tamén realizan actos de apoio ao galeguista durante a xuntanza.

maré, "O triunfo da resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2008, p. 27.

Coméntase que a xuntanza de accionistas de Sargadelos, na cal se pretendía destituír a Isaac Díaz Pardo do seu posto de conselleiro delegado do seu grupo, foi invalidada ao non presentar as contas do exercicio do 2006 outorgando así unha nova vitoria ao galeguista que pode continuar no seu cargo até a nova xuntanza e gañar tempo para resolver a situación.

maré, "O sorriso de Daniel' chega á Universidade de Lisboa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xaneiro 2008, p. 27.

Informa que o Consello da Cultura Galega vai presentar a súa exposición "Galicia, o sorriso de Daniel" na Universidade Nova de Lisboa. Explica que a mostra pretende dar a coñecer a realidade e diversidade da cultura galega dende os tempos prehistóricos até a actualidade.

maré, "A amizade por riba dos aramios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2008, p. 30.

Dá conta da presentación do libro *O neno do pixama de raias*, de John Boyne, traducida ao galego por Daniel Saavedra en 2007, na FNAC da Coruña. Comenta que Saavedra falará sobre as claves do relato e a amizade entre os dous nenos e indica que a obra está incluída na colección "Narrativa K".

maré, "Ampliando os obxectivos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2008, p. 31.

Dá conta dos cambios realizados nos estatutos da Fundación Penzol que permiten mellorar a súa situación e dar entrada a novas institucións (a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega). Tamén cita os seus directivos e comenta que se crearán tres novas comisións de traballo. Por último, lembra a orixe da Fundación.

maré, "Cuba, embaixada cultural", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 febreiro 2008, p. 30.

Informa que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, presentou en Madrid a estratexia de internacionalización da cultura galega coa súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana. Salientou a importancia de dar a coñecer a cultura galega e tamén presentou unha nova plataforma dixital: www.letrasdegalicia.com.

maré, "Galicia regresa a Cuba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 febreiro 2008, p. 35.

Dáse conta da participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana e fai referencia a distintos actos, á inauguración de dúas mostras e ao recibimento por parte da prensa cubana.

maré, "A choiva tamén viaxa á illa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2008, p. 32.

Informa que por causas meteorolóxicas a inauguración da XVII Feira Internacional do Libro da Habana tivo que atrasasse un día e dá conta de todas as actividades ás que acudiu a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo. Entre as actividades literarias, comenta que no acto inaugural, Ramón Villares presentou o discurso "Unha cultura para un país", e Bugallo asistiu á mesa redonda "Documental e memoria histórica", na que interviñeron Margarita Ledo e Belkis Vega. Así mesmo, dá conta da presentación de dous libros: *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte* (2007) e o *Dicionario de mulleres galegas* (2007). En columna á parte, dá conta doutras actividades literarias como a mostra organizada pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración e a exposición "Cantiga da costureira poeta", dedicada a María Mariño.

maré, "Inmensamente orgullosos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2008, p. 34.

Recolle as palabras de Ánxela Bugallo en defensa do que a Consellería de Cultura investiu na Feira do Libro da Habana. Explica que Galicia foi como invitada a Cuba e que cumpriu altamente os seus obxectivos. De seguido, achega as verbas de satisfacción de García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores, e mais de Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural, quen afirma que podemos sentirnos "inmensamente orgullosos do noso país e do mundo da cultura".

maré, "Apoteose galego-cubana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2008, p. 35.

Dá conta do enorme éxito que tivo a Feira Internacional do Libro da Habana e o elevado número de vendas que alcanzou a literatura galega. Achega as palabras de asombro do presidente do gremio, Alfonso Sanmartín, e comenta que Galicia recibiu o premio á mellor caseta internacional. De seguido, apunta as palabras de Ánxela Bugallo quen destaca os acordos que se asinaron con outras institucións e refire a polémica sobre os orzamentos que a Consellería de Cultura investiu nesta feira.

maré, "En 'boas mans", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 febreiro 2008, p. 35.

Comenta que a Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela acaba de asinar un acordo coa familia do escritor para ter acceso ao ser taller, no que se atopan manuscritos aínda inéditos.

maré, "Experimentar co teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2008, p. 40.

Infórmase de que o Centro de Creación Dramática Contemporánea do Centro Dramático Galego (CDG) retomou a súa actividade en Compostela con dúas actividades: un

obradoiro impartido polo dramaturgo portugués Lucas Pires, supervisado por Cándido Pazó, e un laboratorio de investigación e innovación escénica, a cargo da coruñesa Rosa Sánchez e de Alain Baumann, que forman Kònic Theatre.

maré, "Respaldo ao poeta do Courel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 marzo 2008, p. 36.

Infórmase sobre a páxina web www.uxionovoneyra.com, creada por un grupo de amigos do poeta Uxío Novoneyra co obxectivo de dar a coñecer o legado do literato courelán e, sobre todo, apoiar a súa candidatura para o Día das Letras Galegas de 2010. Coméntase que a páxina xa conta con apoios tan importantes coma o do colectivo ADEGA (Asociación de Escritores en Lingua Galega), a Asociación Cultural Formigueiros de Seoane do Caurel ou o de autores coma Xosé M. Eyré, Olga Patiño, Séchu Sende e o galardoado co Premio Cervantes de 2008, Juan Gelma.

maré, "Un editor para un país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2008, p. 33.

Sinálase que se pretende consagrar definitivamente a figura de Ánxel Casal como un dos mellores editores galegos coa obra *Ánxel Casal, un editor para un país* (2007). Especifícase que ao acto de presentación asistiron distintas personalidades do ámbito editorial galego: o presidente do Consello da Cultura Galega, RamónVillares; o presidente do Seminario de Estudos Galegos, Francisco Díaz Fierros; e o presidente da Asociación Galega de Editores, Alfonso G. Sanmartín, entre outras personalidades.

maré, "Fernández del Riego, Cabaleiro do Mariscal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 abril 2008, p. 33.

Informa que a asociación luguesa "O Mundo de Galea" outorgou o título de Cabaleiro do Mariscal a Francisco Fernández del Riego pola súa vinculación coa terra do Mariscal Pardo de Cela. Indica que a asociación se desprazará a Vigo para facer a investidura debido á pouca mobilidade de Fernández del Riego e comenta que outros galardoados foron Manuel Lourenzo, Isaac Díaz Pardo e Marina Mayoral.

maré, "A máis alta enerxía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2008, p. 32.

Comenta que a asociación Redes Escarlata vai conmemorar a Coroación Poética de Ramón Cabanillas, acto que tivo lugar o 8 de abril de 1958 en Padrón. Explica que aquel feito foi posíbel grazas ao discurso de Ramón Otero Pedrayo e ao poema lido por Aquilino Iglesia Alvariño. Por último dá conta dos actos que se levarán a cabo: unha ofrenda floral e un discurso de Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

maré, "Máis cartos para os premios de textos do Igaem", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 abril 2008, p. 33.

Informa sobre o incremento económico que experimentarán os tres premios de literatura dramática do IGAEM: o "Álvaro Cunqueiro" de textos teatrais, o "Manuel María" de literatura dramática infantil e o "Barriga Verde" de textos para monicreques.

maré, "O club da calceta' dáse a coñecer en Italia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 abril 2008, p. 35.

Refire as diferentes presentacións que realizou a escritora María Reimóndez da súa obra *O club da calceta* (2006), por distintas cidades de Italia. Comenta que a presentación da novela coincidiu coa Feira do Libro Infantil e Xuvenil en Boloña e que tamén visitou Roma, Milán e Padova. Así mesmo, indica o nome doutros escritores que participaron nos actos de presentación.

maré, "Promoven un curso virtual sobre Curros Enríquez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 abril 2008, p. 28.

Informa da celebración dunhas xornadas virtuais sobre a figura de Manuel Curros Enríquez. Comenta que está organizadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Explica que se trata dun curso de formación a distancia destinado, principalmente, a profesores de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato. Tamén indica que a actividade se emitirá dende a Facultade de Filoloxía da Coruña.

maré, "Dramaturxia para comer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xuño 2008, p. 35.

Infórmase de que a compañía italiana Teatro delle Ariete abre o ciclo de *performance* do Centro Dramático Galego (CDG) AcciónST no Salón Teatro de Compostela co seu espectáculo *Teatro para comer*. Dise que a montaxe converte o feito dramático en acontecemento culinario: vinte e seis espectadores están sentados arredor dunha gran mesa, ao xeito dun restaurante, e arredor deles, os tres integrantes da compañía cociñan, fan de camareiros e, ao tempo, actúan. Destácase tamén a participación no ciclo de Iván Marcos, coa intervención de Cámara escura, e Roberto Leal, que dirixe *De gaivotas e rancheiras*.

maré, "Ollos de auga' logra cativar a crítica británica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2008, p 35.

Destácase o éxito da novela de Domingo Villar, *Ollos de auga* (2007), na crítica británica a partir da recensión feita polo crítico literario Daniel Jeffreys, que inclúe a obra galega entre unha das máis selectas e pouco numerosas novelas europeas traducidas e publicadas en inglés co título de *Water-blue Eyes.* Tamén se indica que a novela xa vai na súa quinta edición en lingua galega e que asemade atinxiu un grande éxito na súa tradución ao castelán.

maré, “O libro é para a cama”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Vangardas”, 27 xullo 2008, p. 29.

Comenta que a poeta, performer, cantante e compositora Lucía Aldao (A Coruña, 1982) ten textos e espectáculos con títulos coma “A poeta analfabeta” ou “Onde estea un cubata que se quite un poema”, nos que hai activismo, axitación e compromiso. Sinala que ás veces a inspiración a colle sen avisar e que o proceso de escrita é complexo, xa que é unha chea de sensacións descontroladas. Cre que o libro é para a cama ou o tren e que a lectura chegará ao lector tendo ou non en conta a intención do poeta, pero que nos recitais a poesía está adornada de cousas como a voz, a música ou a posta en escena que inflúen en quen a escoita, polo que parece máis clara a intención do poeta. Dise que ela é unha das revelación da “poesía ao vivo” e propón unha fórmula de recital para que guste dunha forma non convencional.

maré, “Regreso ás raíces da infancia”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 xullo 2008, p. 29.

Dise que o Ministro de Cultura entregou en Ferrol o Premio Porto Magno ao seu amigo e poeta Ramiro Fonte nun acto de recoñecemento a toda a súa traxectoria e ao conxunto da súa obra. Noméanse os membros do xurado, e lémbranse títulos representativos do escritor e a súa pertenza do autor ao colectivo poético Cravo Fondo.

maré, “O escritor ante a nova época”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Homenaxe”, 29 xullo 2008, p. 28.

Recolle a concesión do Premio Porto Magno a Ramiro Fonte, poeta e director do Instituto Cervantes de Lisboa. Comenta que o premio, creado hai cento cincuenta anos polo Coro Toxos e Froles, recuperouse agora na honra do bardo das vilas portuarias e guerreiras. Recolle tamén un breve percurso biobibliográfico e menciona a “laudatio” do presidente da Asociación Nacional de Críticos Literarios, Miguel García Posada, na entrega do galardón.

maré, “A gran cita do verán”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 31 xullo 2008, p. 27.

Anúnciase a apertura da Feira do Libro da Coruña e indícanse as actividades que se realizarán e o número de volumes que se ofertarán nos expositores. Dise que se completará a feira coa celebración do programa “A cidade literaria no VII Centenario”, que contará con actividades por toda a cidade, salientando o ciclo de conferencias nos xardíns de Méndez Núñez.

maré, “Á procura doutra novela”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 2 agosto 2008, p. 29.

Coméntase o debate creado a partir da publicación de “Contra a novela”, de Carlos Lema, no suplemento “*Revista das Letras*”, no que o autor cuestiona o típico formato narrativo. Danse a coñecer as opinións de seis autores galegos como Suso de Toro, Mario Regueira, Rosa Aneiros, Xesús Constela, Jauregizar e Samuel Solleiro.

maré, “A Coruña literaria”, *Galicia Hoxe*, “Maré Hoxe”, 8 agosto 2008, p. 26.

Dáse conta do proxecto “Verbas na rúa” que pretende encher as rúas da Coruña de textos de autores e autoras galegos que escribiron sobre a cidade e que se enmarca dentro dos actos para conmemorar o oitocento aniversario da cidade. Dise que os textos se espallan polas rúas e están rotulados sobre adhesivos redondos nun material resistente á auga e á sucidade e que pode despegarse facilmente.

maré, “O borrón do escribán”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Polémica”, 27 agosto 2008, p. 27.

Recolle as reaccións dos escritores e intelectuais galegos ante as palabras de George Steiner cara a lingua e literatura galegas, xa que afirma que non entende como un idioma coma o galego pode ser obrigatorio na universidade, e que non se pode comparar co catalán xa que este é importante e ten unha literatura impresionante. Sinala que ningún deles entende que diga iso o home que sempre defendeu nos seus traballos os idiomas minoritarios e a diversidade lingüística mundial como unha riqueza. Comenta que algúns coma Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, cren que o seu desprezo é impropio dun intelectual; outros coma Francisco Rodríguez, militante do BNG, o historiador e presidente do Consello da Cultura Galega Ramón Villares ou o escritor Xabier Cordal cren que non hai que darlle demasiada importancia a esas palabras; o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín e a profesora Dolores Vilavedra apuntaron á responsabilidade do xornalista; finalmente, Manuel Rivas cre que o informaron mal ou de mala fe e Suso de Toro pensa que lle contaron unha mentira ou que el entendeu mal.

maré, “Síntome ferido”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Polémica”, 31 agosto 2008, p. 26.

Comenta que o xornalista Juan Cruz fíxolle unha entrevista a George Steiner na que este declaraba que o galego non era un idioma merecente de ensinarse na Universidade e que tiña un nivel inferior ao catalán. Sinala que, ante iso, o PEN Clube de Galicia publicou un comunicado no que culpaban ao entrevistador de aproveitar estas declaracións para botar leña ao lume na situación lingüística actual das Autonomías. Sinala que Cruz cre que é inxusta esta acusación xa que sempre foi moi respectuoso coa literatura galega, á que coñeceu grazas a Ávaro Cunqueiro e Gonzalo Torrente Ballester e quere que o PEN recoñeza a manipulación que fixeron da entrevista.

maré, “A idade acaba coa frustración”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 5 setembro 2008, p. 31.

Infórmase de que o escritor Alfredo Conde gañou o Premio ‘Civilta delle Minorance’ en Italia como recoñecemento ao conxunto da súa obra. Expóñense tamén as primeiras reflexións do autor tras recibir o galardón.

maré, “Manuel María, ano IV”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 setembro 2008, p. 27.

Infórmase da homenaxe que o escritor Manuel María vai recibir en Outeiro de Rei, a súa vila natal, por parte do BNG de Lugo e doutros compañeiros de profesión. Destácase tamén a importancia da súa obra para Galicia e lémbrase brevemente algún aspecto da súa traxectoria literaria e política.

maré, "Mergullado nun mundo de historias", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 setembro 2008, p. 29.

Indícase que o director de cine Antón Dobao segue co seu proxecto "Un mundo de historias" consistente en transformar en imaxes algunhas das narracións máis importantes da literatura galega recente. Dise que neste momento comeza a rodaxe, con Ferrol como escenario, d' *O club da calceta*, baseada na obra homónima de María Reimóndez. Coméntase como se desenvolverá a rodaxe e cal é o elenco que protagoniza o filme.

maré, "Intensidade de poeta e narrador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 setembro 2008, p. 29.

Destácase o éxito de crítica que en Francia recibiu a novela *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, que a leva a ser unha das finalistas do Premio Médicis, un dos máis prestixiosos no mercado editorial galo. Tamén se comenta o contido da novela e o grande éxito que atinxiu nas listas de vendas en Galicia.

maré, "Os escritores mozos reúnense en Mariñán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2008, p. 28.

Coméntase o III Encontro de Escritores Novos que reúne poetas e narradores das primeiras xeracións do século XXI, sobre todo os que publicaron nos anos noventa. Dise que se xuntaron no Pazo de Mariñán e que estivo organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega Tamén se dan os nomes de varios dos participantes como Emma Couceiro, Mario Regueira ou Rafa Villar.

maré, "Letras de entre séculos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 setembro 2008, p. 28.

Faise eco do III Encontro de Escritores Novos que ten por título "Entre dous séculos" e que reúne poetas e narradores das primeiras xeracións do século XXI. Dise que se reúnen no Pazo de Mariñán, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, e que hai debates, conferencias, recitais e actos musicais. Tamén se dan os nomes de varios dos participantes como Emma Couceiro, Mario Regueira ou Rafa Villar.

maré, "No ventre dos libros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2008, p. 35.

Fálase sobre a intención da Consellería de Cultura de afianzar a presenza galega nas grandes feiras internacionais do mercado editorial, contando nelas con figuras relevantes da literatura galega como Anxos Sumai, en Liber (Barcelona); Santiago Jaureguizar na feira de Uruguai e na feira de Frankfurt; Miguel Anxo Murado, María Reimóndez e o presidente de Gálix, Manuel Figueiras. Por último destácase a importancia de Anxos Sumai nas letras galegas actuais e dise cales serán os actos que se desenvolverán na feira de Barcelona.

maré, "Ramiro Fonte regresa por última vez a Pontedeume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2008, p. 28.

Coméntase a celebración do sepelio do poeta Ramiro Fonte, falecido por mor dun cancro en Barcelona, e anúnciase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega prepara xa unha homenaxe ao escritor.

maré, "Cita en Santiago de Galicia e Irlanda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2008, p. 36.

Faise eco do seminario que ten lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e que analiza as relacións entre as escritoras galegas e irlandesas. Dise que leva por título "Creación, Edición e Crítica: poetas galegas e irlandesas" e que nel participan, Ramón Nicolás, Marilar Aleixandre, María do Cebreiro e Luz Pichel, entre outros.

maré, "Brindamos á túa saúde", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 outubro 2008, p. 30.

Infórmase que, no Café Voltaire de Vigo, celebrouse unha homenaxe a Anxo Rei Ballesteros no faladoiro do que el é un dos principais animadores. Dise que a homenaxe se realiza cando o escritor leva xa uns meses convalecente dunha grave enfermidade. Indícanse cales son os participantes na homenaxe e faise unha pequena aproximación á súa figura.

maré, "Unha forma elegante de acabar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2008, p. 31.

Dáse conta que, despois das polémicas declaracións de George Steiner sobre a menor importancia do galego fronte ao catalán e o desprezo do ensino do mesmo nas universidades, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, anuncia que se retoma a relación co escritor tras pedir este desculpas ao Pen Clube de Galicia e que se traducen dúas das súas obras (*After Babel* e a inédita *George Steiner at the New Yorker*).

maré, "A literatura como construción do suxeito", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 1 novembro 2008, p. 37.

Sinálase que quince escritores galegos participan na XXV edición dos encontros Galeuzca, organizada polos escritores en lingua catalá no País Valenciano, que nesta ocasión reflexiona sobre a paisaxe do eu. Dise que é o primeiro encontro que se realiza tras a constitución da Federación Galeuzca, que agrupa as asociacións de escritores en lingua galega, catalá e vasca e, finalmente, noméanse os escritores galegos que participan nel como Agustín Fernández Paz e Anxos Sumai, entre outros.

maré, "O Galeusca literario reflexionará en Valencia sobre a paisaxe do eu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2008, p. 35.

Sinálase que quince escritores galegos participan na XXV edición dos encontros Galeuzca, organizada polos escritores en lingua catalá no País Valenciano que nesta ocasión reflexiona sobre a paisaxe do eu. Dise que é o primeiro encontro que se realiza tras a constitución da Federación Galeuzca que agrupa as asociacións de escritores en lingua galega, catalá e vasca e finalmente noméanse os escritores galegos que participan nel como Agustín Fernández Paz ou Anxos Sumai.

maré, "Rivas enfeitiza os lectores galos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2008, p. 37.

Coméntase a presentación feita en Toulouse da tradución ao francés da obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal* (2006), publicada co título *L'éclat dans l'abîme*. Dise que o acto está organizado pola libraría Ombres Blanches de Toulouse, en colaboración co Instituto Cervantes, a Casa de Galicia en Toulouse e o profesor Jean Croizat-Viallet e destácase o grande éxito obtido polo autor entre a crítica francesa.

maré, "Nace o 'Made in Galiza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 novembro 2008, p. 34.

Infórmase do éxito da Feira Galega das Artes Escénicas organizada en Compostela por Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) para facilitar a contratación de espectáculos galegos fóra da comunidade. Dise que o balance da feira é moi positivo porque as transaccións aumentaron máis dun oitenta por cento respecto do ano pasado e que Teatro do Morcego, Acontrabutaca e Matarile encabezan as compañías galegas con maior número de espectáculos contratados.

maré, "López-Casanova inaugura o xoves o Encontro de Mariñán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 novembro 2008, p. 32.

Preséntase a sexta edición dos Encontros de Escritores Galegos que se celebra no Pazo de Mariñán, organizado pola Deputación da Coruña. Dise que se reúnen durante unha fin de semana para reflexionar sobre o seu oficio, danse os nomes dos participantes e sinálase que o poeta e crítico literario Arcadio López-Casanova, será o encargado de pronunciar a conferencia inaugural do encontro literario.

maré, "Os camiños da liberdade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2008, p. 29.

Lembra a obra e vida do escritor Camilo Gonsar con motivo do seu recente falecemento. Di que no curso 1960-61 deu clases na Universidade de Syracusa, nos EE. UU., e que alí se dá a coñecer como escritor co libro de relatos *Lonxe de nós e dentro* (1961), co que introduce na narrativa galega as técnicas do obxectivismo e do fluír das conciencias dos vangardistas. Comenta que en 1962 escribe a novela curta *Como calquer outro día*, onde se ve a influencia de James Joyce; en 1980 publica *Cara a Times Square*, onde parte do recurso do texto atopado para tratar un dos seus temas predilectos: o camiñar absurdo, xa que o protagonista camiña cun descoñecido co que mantén unha conversa incoherente e ao que empurra ao mar ao final do libro; en 1983 publica a novela *Desfeita*, onde describe a degradación cultural da burguesía causante da desfeita urbanística nas cidades e vilas galegas. Finalmente, sinala que nos anos noventa publica *Cemento e outras escenas* (1994) e *Arredor do non* (1995), conxuntos de textos narrativos, filosóficos, etc. e que en 2004 publica a novela *A noite da aurora*, ambientada en Islandia, conta unha historia sobre galegos que abandonan a súa patria e reflexionan sobre o destino.

maré, "Reformulando modelos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 novembro 2008, p. 35.

Coméntase a nova reunión que ten lugar en Valencia convocada e organizada conxuntamente polas asociacións de escritores en lingua galega, vasca e catalá, Galeuzca, e que nesta XXV edición xira arredor da "Literatura e a paisaxe do eu". Dise que un dos temas que tratan é a aparición de movementos belixerantes cos idiomas cooficiais como o "*Manifiesto por la lengua común*" que asinaron varios escritores españois.

maré, "Menos linguas, máis títulos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 novembro 2008, p. 33.

Fálase sobre a tendencia que existe en Galicia de incrementar o número de exemplares editados pero tamén do esmorecemento da publicación de volumes en galego. Dise que é unha das conclusións do Anuario de Estatísticas Culturais e achéganse as cifras relacionadas con outras actividades culturais como as artes escénicas, o aumento das compañías de teatro en Galicia e o incremento do número de empresas culturais. Tamén se fai referencia á importancia dos libros de texto e de literatura infantil e xuvenil para o aumento das publicacións e das vendas.

maré, "Flores para Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "Maré Hoxe", 1 decembro 2008, p. 27.

Co gallo do vixésimo aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor, dise que o Pen Clube de Galicia celebra un acto de homenaxe na súa cidade natal e no cemiterio onde está soterrado que consiste nunha ofrenda floral e posteriormente un acto literario fronte ao seu monumento nos Xardíns Bispo Cesáreo. Tamén se alude á entrega do "Premio Blanco Amor" de contos para a mocidade.

maré, “O mellor dos destinos posibles”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 2 decembro 2008, p. 39.

Dise que os tres sobriños de Jenaro Marinhas del Valle doaron a ampla colección de máis de dous mil libros do seu tío á Biblioteca Nacional de Galicia da Cidade da Cultura co que se inicia a andaina da sección denominada “Biblioteca de Especial Interese”, que estará dedicada a conservar e difundir o legado de grandes persoeiros da cultura galega. Coméntase como foi o acto de entrega e dise que tamén hai un gran número de libros que son referentes da literatura portuguesa e brasileira.

María, Manuel, “Qué pasa neste mes?”, *A Nosa Terra*, n.º 1.304, “*Bulebule*”, 3-9 abril 2008, p. 30.

Acóllese o poema “O cuco, cuco, cuqueiro.”, de Manuel María.

Martínez Furé, Rogelio, “de ‘Poesía anónima africana”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 19 marzo 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema “LEMBRANDO A MORTE”, da obra poética *Poesía anónima africana* (2007), de Rogelio Martínez Furé.

Martínez, Alberto, “A medalla é polo moito que teño que traballar’, dice Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, 29 xaneiro 2008, p. 11.

Dá conta do acto de entrega da Medalla de Ouro ao Mérito no Traballo ao galeguista Isaac Díaz Pardo e refire parte do seu discurso de agradecemento. Tamén nomea outras personalidades que participaron no acto que tivo lugar na Coruña.

Martínez, Diana, “Junta y Xunta ‘borran’ las fronteras lingüísticas para alentar la difusión del gallego en El Bierzo, *El Mundo*, “*La crónica de León*”, “El Bierzo”, 17 xaneiro 2008, p. 39.

Recóllense as palabras dos gañadores dos terceiros premios Xarmenta 2007 e con referencia a Manuel Rivas indícase que afirmou que el mesmo se considera representante de moita xente e mais que O Bierzo non ten nada que ver co concepto de fronteira senón dun espazo común.

Martínez, Iago, “Carballo Calero viviu aquí. Zonas de sombra no patrimonio material da cultura galega”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 10 decembro 2008, p. 50.

Coméntase a iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega de facer o inventario das casas e edificios de autores e autoras da literatura galega para recuperar estes lugares, darlles a importancia que merecen e fomentar o seu coñecemento entre a poboación. Dise que de momento hai noventa e catro catalogadas, que inclúen tanto casas rehabilitadas, museos ou casas en ruínas e que actualmente se traballa na

recuperación da casa ferrolá de Ricardo Carballo Calero, a noiesa de María Mariño ou a da editorial Castrelos en Vigo.

Martínez, Iago, "Os editores demandan máis visibilidade para o produto galego nas librerías", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 decembro 2008, p. 54.

Danse a coñecer as diferentes opinións de libreiros e editores sobre o mercado do libro galego no Nadal en canto a vendas, novidades, éxito das traducións, demanda de títulos, distribución e comercialización e difusión dos distintos produtos que se ofrecen.

Martínez Carballal, Modesto, "www.paquencollido.com", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 5 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Modesto Martínez Carballal (57 anos) intitulado "www.paquencollido.com".

Martínez Furé, Rogelio, "de 'Poesía anónima africana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección unha composición poética de *Poesía anónima africana*, de Rogelio Martínez Furé, intitulada "O SONO".

Martori, Raquel, "Galicia prepara su desembarco en la Feria del Libro de Cuba", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 febreiro 2008, p. 75.

Fai referencia á celebración da XVII Feira Internacional do Libro da Habana na que Galicia participa este ano como invitada de honra. Explica que a viaxe a Cuba será de toda a cultura galega (escritores, editores, artistas, músicos, etc.) e afirma que á inauguración asistirán Manuel Rivas, Suso de Toro, Xosé Neira Vilas e Teresa Moure. Así mesmo, comenta que Galicia leva preparados cincuenta mil exemplares para regalar dunha antoloxía narrativa dos escritores clásicos e contemporáneos galegos. Tamén indica que se fará a presentación doutra antoloxía dedicada a Ernesto Che Guevara, outra de literatura infantil e xuvenil e mais un libro sobre a presenza galega en Cuba.

Matamoros, José, "Aceptar lo diferente desde niños", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", "Crónica", 12 marzo 2008, p. 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, informa que o economista Manuel Blanco Desar viaxou a Bruxelas para presentar o seu último libro, *Nos dominios da incerteza, historias económicas*, publicado por Sotelo Blanco dentro da súa colección Medusa Narrativa en 2007. Comenta que Blanco Desar estivo acompañado por Xavier Queipo e afirma que a obra está baseada en feitos cotiáns do mundo da economía.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "Do románico ao gótico", "*XXV fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 10 decembro 2008, pp. 1-8.

Como remate da sexta entrega da serie "Fitos da cultura galega", publicada con motivo do vixésimo quinto aniversario do Consello da Cultura Galega, reprodúcense dúas composicións poéticas: "Na Catedral", de Rosalía de Castro, e "Rondeau das señoras donas pintadas no ouso...", de Álvaro Cunqueiro.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "O nacemento da prensa periódica", "*XXV fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 15 decembro 2008, pp. 1-8.

Entre as publicacións periódicas pioneiras no contexto galego salientadas na décimo primeira entrega da serie "Fitos da cultura galega", cítanse revistas como *Vida Gallega*, dirixida por Jaime Solá, na que colaboran gran parte dos escritores galegos do primeiro terzo do século XX; *Revista Gallega*, voceiro dos rexionalistas liberais da Cova Céltica; e *Alfar*, considerada unha das máis sobranceiras revistas culturais publicadas en Galicia, en canto divulgadora do movemento vangardista mundial entre 1922 e 1926. Como grandes fitos da prensa en galego sinálanse *A Nosa Terra* e *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*, produto da xuntanza de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Daniel Rodríguez Castelao e Primitivo Rodríguez Sanjurjo e Arturo Noguerol. Engádense a esta relación publicacións de temática literaria e artística como *Ronsel*, *Galiza*, *Yunque*, *Cristal* e *Resol*.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "A lingua e a literatura: O rexurdimento", "*XXV fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 17 decembro 2008, pp. 1-8.

Trátase da décimo terceira entrega da serie "Fitos da cultura galega", dedicada nesta ocasión a definir o contexto do Rexurdimento, posterior ao periodo definido como "Séculos Escuros" pola decadencia da lingua e da literatura galegas tras o esplendor da época medieval. Ricardo Carballo Calero na súa *Historia da literatura galega contemporánea* (1975) considera como precursores a Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón e Benito Vicetto, entre outros. A seguir saliéntase as primeiras obras escritas en galego: *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, como o primeiro libro realizado integramente nesta lingua; *Proezas de Galicia explicadas baxo la conversación rústica de los dos comprades Chinto y Mingote* (1810), de Xosé Fernández Neira, como a primeira obra en prosa; e *A Casamenteira* (1841), de Antonio Benito Fandiño, como primeira peza teatral tras o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*. Tras achegar un breve resume biográfico de Rosalía de Castro, faise o propio con Eduardo Pondal, alcumado o bardo, e Manuel Curros Enríquez, elevado a categoría de "príncipe dos poetas galegos" .

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "A cultura popular, música e folclore", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 19 decembro 2008, pp. 1-8.

Refírense nesta décimo quinta entrega da serie á creación do Himno galego, que se levou a cabo por Eduardo Pondal a partir do seu poema "Os Pinos" en colaboración co

compositor Pascual Veiga. A continuación repróducese dita composición e explícase como diferentes iniciativas desembocaron na publicación da colección "Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas", que nos tomos VII, IX e XI recollía o *Cancioneiro Popular Galego* (1885-1886). Do mesmo xeito, saliéntanse outras compilacións como a realizada por Xosé Filgueira Valverde en 1967 e que finalmente se publicou en 1974.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "Cultura e conciencia de nación", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 20 decembro 2008, pp. 1-8.

Paralelamente á descrición do proceso evolutivo do nacionalismo galego, explícase a aparición da xeración Nós, grupo de intelectuais responsábel da creación da revista *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*. Sinálase que o núcleo fundacional da revista e do grupo dividiu o traballo para estabelecer as bases científicas da cultura autóctona. Así, Ramón Otero Pedrayo dedicouse a estudar a terra; Vicente Risco, o home; e Florentino Cuevillas, as orixes máis remotas. Pola súa banda, Antón Losada Diéguez e Daniel Rodríguez Castelao figuraban na relación de redactores, unha responsabilidade que Castelao sumaba á dirección artística da revista. Péchase a décimo sexta entrega da serie "Fitos da cultura galega" cun texto de *Nós, os inadaptados* (1933), de Risco, e o poema "Noite na citanía", contido na obra *Prosas galegas* (1962), de Cuevillas.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "O movemento renovador da arte galega", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 22 decembro 2008, pp. 1-8.

Sinálase nesta décimo octova entrega da serie "Fitos da cultura galega" que na revista *Alfar*, considerada a máis sobranceira das publicadas en Galicia no campo da creación artística de vangarda, colaboraron destacados escritores e artistas galegos, españois, europeos e americanos e que se distriuía nas principais cidades de España e en diversas capitais de Europa e de Hispanoamérica. Entre os escritores galegos saliéntanse Vicente Risco, Antón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira e Victoriano Taibo. Outra revista destacada é *Ronsel*, que contou coas achegas de Manuel Antonio, Luís Pimentel e Evaristo Correa Calderón, director da publicación.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "Galicia emigrante", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 23 decembro 2008, pp. 1-8.

Exemplifícase a experiencia vivida polos participantes no movemento migratorio posterior ao estoupido da Guerra Civil, tema da décimo novena entrega da serie "Fitos da cultura galega", co caso de Daniel Rodríguez Castelao, quen escribiu *As cruces de pedra na Galiza* (1950) e parte da obra *Os vellos non deben de namorarse* (1953) nos Estados Unidos.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "A cultura do exilio", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 24 decembro 2008, pp. 1-8.

En relación co contexto do exilio galego iniciado en 1936, refírense a *Sempre en Galiza*, ensaio de Daniel Rodríguez Castelao publicado en Bos Aires no 1944, como o libro máis coñecido do seu autor e o de maior influencia no nacionalismo galego. Explícase que a primeira parte contén os artigos publicados durante a Guerra Civil co fin de movilizar á opinión pública a favor do Estatuto de Autonomía, mentres que o segundo, escrito entre Nova York e Bos Aires , ten un carácter máis autobiográfico. A vixésima entrega da serie "Fitos da cultura galega" remata ampliando a cuestión coas experiencias doutros intelectuais exiliados como Luís Seoane ou Rafel Dieste.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "O libro e a industria cultural", "*XXV Fitos da cultura galega*", *Galicia Hoxe*, 26 decembro 2008, pp. 1-8

Lémbrase a fundación da editorial Galaxia no ano 1959 como o vixésimo primeiro "fito" desta serie, no que tiveron un papel especialmente importante Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro á hora de orientar a editorial cara á recuperación da lingua e da cultura galegas. A seguir cítanse algunhas das primeiras obras saídas do seu prelo, como *Antígona da cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas, e *Á lus do candil. Contos a carón do lume* (1951), de Ánxel Fole.

Mato, Mar, "Homenaxe multitudinaria a Del Riego e Díaz Pardo na entrega dos Premios PEN Club", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 13 xaneiro 2008, p.49.

Sinálase que na terceira edición dos Premios PEN Club de Galicia houbo unha sentida homenaxe a dous dos galeguistas máis representativos do século XX, aos que se lle concederon estes premios como recoñecemento ao seu gran legado intelectual e aos seus proxectos culturais. Dise que foron declarados membros honorarios do PEN Club e Voces de Liberdade e recóllense as palabras dos dous homenaxeados tras os múltiples eloxios que recibiron.

Mato, Mar, "A Xunta e as editoriais galegas levarán á Feira do Libro da Habana 411.000 exemplares", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 9 febreiro 2008, p. 46.

Comenta que vai empezar a Feira Internacional do Libro da Habana e que Galicia participará como invitada, presentando un total de catrocentos mil textos editados especialmente para a ocasión, aos que se sumarán once mil exemplares das editoriais destinados á venda. Ademais, indica que Kalandraka venderá uns cinco mil libros e achega as palabras de Henrique Alvarellos, director da Editorial Alvarellos, quen afirma que esta é unha boa oportunidade para darse a coñecer. Comenta que Alvarellos presentará dúas colecciónns: "A lume lento" e "A rescate".

Mato, Mar, "A viaxe a Luisiana de Rosalía", *La Opinión*, "Cultura", 10 marzo 2008, p. 67.

Fai referencia ao novo disco publicado pola discográfica Falcatruada, *Rosalía XXI*, interpretado por Abe Rábade Quartet. Comenta que o cd está baseado en poemas de Rosalía de Castro e que quere mostrar a unha Rosalía fóra dos tópicos. Así mesmo,

indica que o traballo naceu para ser presentado na Feira do Libro da Habana, onde acadou un grande éxito.

Mato, Mar, "El teatro gallego levanta cabeza", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 27 marzo 2008, p. 43.

No Día Mundial do Teatro, o IGAEM ofrece en datos a mellora paulatina da situación do teatro galego. Informa que o número de compañías galegas aumentou dende o 2005 e tamén as representacións tanto en Galicia coma fóra. Por outra parte, comenta que o número de espectadores se incrementou e, segundo as enquisas realizadas, as compañías mellor valoradas foron Mofa e Befa e Talía Teatro. Por último, insiste en que se debe aumentar a publicidade e a promoción das obras.

Mato, Mar, "La Escola de Arte Dramática premia a los nuevos intérpretes de España y Portugal", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 28 marzo 2008, p.42.

Coméntase que, na honra dunha alumna falecida no pasado ano, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, en Vigo, crea o Premio Marta Sieiro co que pretende recoñecer cada ano o mellor espectáculo de España e Portugal realizado por alumnos das escolas teatrais da Península. A contía do galardón é de mil euros e unha estatuíña. Dise que os proxectos elixidos se presentarán a véspera do Día Mundial do Teatro para que o xurado decida na efeméride cal é o gañador. Engádese que a escola tamén pon en marcha unha nova páxina web que ofrece un banco de textos teatrais: dramaturxia.com. Por último dise que estas novidades e outras actuacións forman parte da celebración do Día Mundial do Teatro na escola.

Mato, Mar, "A tradución revoluciona o galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 abril 2008, pp. 46-47/*La Opinión*, "Cultura", 13 abril 2008, p. 72.

Fai referencia á tradución ao galego de obras con moito éxito na súa lingua de orixe. Salienta a tradución da última entrega de Harry Potter, realizada por Laura Sáez, quen afirma que é importante para a normalización do galego que a obra se publique ao mesmo tempo que a tradución en castelán. Tamén dá conta da tradución de Daniel Saavedra d'*O neno do pixama de raias* (2007), ou do enorme éxito acadado por Carme e María Dolores Torres coas traducións d'*A república dos soños* (2004)e *Xuntos e máis nada* (2006). A continuación, comenta cales son as claves para realizar unha boa tradución e achega as opinións doutros tradutores como Eva Almazán, Lara Domínguez, Emma Lázare, David Gippini, Xurxo Borrazás e de Marga Rodríguez Marcuño.

Mato, Mar, "A volta ao mundo do libro galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 22 abril 2008, p. 44.

Comenta os datos achegados polo Instituto Español de Comercio Exterior sobre a exportación de libros creados en Galicia. Indica que hai un total de cincuenta e catro países que mercan ao ano libros galegos e afirma que os principais destinatarios son Portugal e despois Francia ou Kenya. Tamén comenta que se está a crear unha Oficina

do Libro Galego no exterior e explica os dous camiños que as editoriais galegas teñen para as traducións: elaborar todo o libro e mais a tradución en Galiza, ou que as editoriais estranxeiras adquiran os dereitos e se encarguen do proceso de edición.

Mato, Mar, "La comunidad gallega pierde peso en la producción editorial española", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 29 abril 2008, p. 40.

Dá conta dos índices de lectura de todas as comunidades do Estado e indica que Galicia baixou unha posición con respecto ao 2006. Ocupa a sétima posición de títulos publicados ao ano. Explica que, en xeral, descendeu o número de libros editados por tirada e que os campos máis publicados seguen a ser a literatura e as ciencias sociais.

Mato, Mar, "O Verbum pon música á vida de Celso Emilio", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 8 outubro 2008, p. 45.

Infórmase sobre o contido da exposición que se inaugura no museo Verbum de Vigo sobre o poeta Celso Emilio Ferreiro que, ao tempo que fai un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria, presenta tamén unha peza audiovisual con fotos familiares e obxectos persoais.

Mato, Mar, "Balada arredor de Lugrís", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 decembro 2008, p. 52.

Co gallo do trinta e cinco cabodano do pintor Urbano Lugrís, Antón Patiño presenta o seu libro *Urbano Lugrís. Viaje al corazón del océano* da editorial Nigratea. Dise que se trata dunha revisión ampliada e en castelán da obra en galego que editara con Ediciós do Castro en 2007. Lémbranse tamén diversos aspectos da vida en Vigo do homenaxeado.

Mato, Mar, "A maré de libros prepárase para os Reis", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 decembro 2008, p. 43/"Marea de libros para os Reis", *La Opinión*, "Cultura", 29 decembro 2008, p. 37.

Faise un percorrido por todas as novidades editoriais en lingua galega que se poden atopar nas librerías no Nadal e que poden ser un agasallo perfecto para esas datas. Preséntanse as novidades tanto na temática de ficción, como ensaio, traducións, infantil e xuvenil ou a banda deseñada.

Mato Fondo, Miguel, "De 'O whiskey na barrica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 setembro 2008, p. 36.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "AQUELES que amei…", do poemario *O whiskey na barrica* (2004), de Miguel Mato Fondo.

Mato Fondo, Miguel, "de 'O whiskey na barrica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30

setembro 2008, p. 35.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Aquí poñemos unha pedra…", do poemario *O whiskey na barrica* (2004), de Miguel Mato Fondo.

Mato Fondo, Miguel, "De 'O wiskey na barrica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "INFANCIA", da obra poética *O wiskey na barrica* (2004), de Miguel Mato Fondo.

Mauleón, Amalia, "Las últimas de un resistente", *La Opinión*, "Cultura", 23 xaneiro 2008, p. 60.

Recóllense as opinións de Isaac Díaz Pardo e dalgún dos dez traballadores que forman parte do seu equipo e que lle amosan o seu apoio nos difíciles momentos que está a pasar a súa fundación, o IGI (Instituto Galego da Información). Danse os nomes dos diferentes colectivos e personalidades individuais que tamén o apoian e dise que nestes días organizan unha exposición na sede compostelá do centro para mostrar os últimos fondos adquiridos e concienciar o público da importancia do mesmo.

Mauleón, Amaia, "Así vivía el abuelo de mi abuelo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 novembro 2008, p. 43.

Preséntase o seminario que ten lugar no Museo Verbum de Vigo sobre a vida cotiá dos galegos do século XIX ofrecido polo historiador vigués Xavier Castro. Dise que o autor traballou durante vinte anos para dar ao prelo a súa obra *Servir era o pan do demo. Historia da vida cotiá en Galicia (Séculos XIX-XX)* coa qua conseguiu o Premio de Investigación Ferro Couselo en 2007 e que agora serve de base a este seminario.

Mauleón, Amaia, "Doce autores se unen a la primera agencia de representantes de escritores de Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 decembro 2008, p. 43.

Anúnciase a creación da primeira axencia de representantes dos escritores galegos, a Axencia Literaria Galega, que ten como finalidade promocionar a obra dos escritores galegos fóra de Galicia, intermediar entre as editoriais e o autor para a negociación da publicación, buscar o editor máis adecuado, defender os dereitos de autor e xestionar posíbeis labores de tradución. Danse os nomes dos primeiros integrantes da axencia e dise que os seus promotores son Moisés Barcia e Penélope Pedreira, os responsábeis da Editorial Rinoceronte.

Mauleón, Amaia, "Los escritores gallegos cuentan con su primera agencia literaria", *La Opinión*, "Cultura", 7 decembro 2008, p. 68.

Fálase da creación da primeira Axencia Literaria Galega que nace cos obxectivos principais de promocionar a obra dos autores galegos fóra de Galicia, intermediar entre as editoriais e o autor para a negociación da publicación, buscar o editor máis apropiado, defender os dereitos do autor e xestionar posíbeis traducións da obra. Danse tamén os nomes dos primeiros autores e autoras galegos que se unen ao proxecto.

M. B., "El sistema Cegal en Red permitirá a los libreros acceder a las fichas de las publicaciones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 febreiro 2008, p. 49.

Anúnciase a aparición de "Cegal en Red", ferramenta electrónica creada pola Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros (Cegal) e que lle permite aos libreiros, distribuidores, editores e bibliotecarios de Galicia dispor dun acceso en tempo real a todas as fichas das publicacións. Sinálase que mellorar os sistemas de xestión bibliográfica é o obxectivo desta ferramenta, que sae á Rede cun custe de uso de dez euros para os socios de Cegal e de trinta para o resto.

M. B., "Cuatro nuevos ciclos de música, cine y letras enriquecerán la oferta cultural", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 18 abril 2008, p. 9.

Dá conta da nova programación que presentaron os departamentos de cultura do Concello de Santiago e mais da Xunta de Galicia. Explica que se trata de catro programas e que no cuarto se inclúen sesenta actividades literarias, recollidas baixo o título de "Letras vivas". Indica que haberá contacontos, monicreques, actuacións teatrais, talleres de creación literaria, recitais e encontros con escritores como Yolanda Castaño, María Lado, Luís González Tosar, Estíbaliz Espinosa, etc.

M. B., "As empresas teatrais estiman que as axudas deben establecer os baremos para fixar salarios", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 29 abril 2008, p. 6.

Comenta que a asociación de empresas teatrais galegas, Escena Galega, en boca do seu presidente, Celso Parada, está a facer un chamamento a todos os que forman parte do sector para poder firmar un convenio que favoreza a mellora do teatro galego. Tamén apunta que Parada indicou que xa están tratados case todos os puntos e que o máis discordante é o relacionado cos salarios, para o cal se propuxeron unhas táboas salariais.

M. C., "Andrés Trapiello y Santiago Lamas ganan los premios Julio Camba y Fernández del Riego", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 4 marzo 2008, p.49.

Faise eco dos gañadores dos premios de Xornalismo Julio Camba e Fernández del Riego, en castelán e galego respectivamente, Andrés Trapiello e Santiago Lamas, outorgados por Caixanova na súa vixésimo novena edición e dotados con doce mil euros. Comenta que o xurado presidido por Alfredo Conde destacou que o artigo gañador en castelán "Una violeta de la España negra", publicado en *La Vanguardia*, era "moi literario". Dise que o título do artigo de Santiago Lamas foi "Ventos", publicado en *La Región*.

M. D., “A procura da liberdade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 20 febreiro 2008, p. 30.

Informa da presentación na Fundación Torrente Ballester do libro de Anxos Sumai, *Así nacen as baleas*, publicado por Galaxia e gañador do premio de narrativa breve Repsol IPF 2007. Comenta que se trata dun relato sobre a memoria individual, no que a idea de familia tradicional se rompe e a protagonista escapa dese mundo. Tamén indica que o relato, aínda que é ficción, ten unha pegada autobiográfica e, finalmente, dá conta doutros proxectos que ten en mente Anxos Sumai.

M. D., “Un erro no X premio Avelina Valladares”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Poesía”, 2 setembro 2008, p. 29.

Sinala o erro que se produciu á hora de publicar o poemario agraciado co XI Premio Avelina Valladares no ano 2007, da autoría de María Lado. Conta que no canto de mencionalo como o XI premio, púxose por erro o X, que gañara Arsenio Iglesias no ano 2006, cuxo libro permanece inédito.

Méndez, Roberto G., “Mis libros tienen un efecto benéfico”, *El Correo Gallego*, “Esta boca es mía”, 20 xullo 2008, contracuberta.

Recóllense as palabras da escritora francesa Anna Gavalda acerca da literatura e da súa propia escrita. Coméntase que gañou o Premio de Novela Europea Casino de Santiago coa súa novela *Xuntos* en 2005 que foi traducida ao galego.

Méndez Ferrín, X.L., “De ‘Contra Maquieiro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 de maio de 2008, p. 40.

Nesta sección fixa acóllese o poema “Agora é todo isto a folla do pasado…” pertencente ao poemario *Contra Maquieiro*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Eduardo en familia”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 568, “No fondo dos espellos”, 5 xullo 2008, p. 4.

Trátase da descrición dun retrato familiar no que aparece Eduardo Blanco Amor coa súa nai e os seus irmáns, no que se destaca da figura materna a súa procedencia obreira e o seu carácter de muller traballadora e valente que serviu de guía aos seus fillos, en concreto ao escritor ourensán.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Rutherford nas Tabernas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 580, “No fondo dos espellos”, 11 outubro 2008, p. 4/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 203, “No fondo dos espellos”, 18 outubro 2008, contracuberta.

Dáse conta do ingreso do profesor John Rutherford como académico de honra na Real Academia Galega e do seu discurso, respondido cunha *laudatio* do profesor Antón

Santamarina. A alocución, intitulada "O fermoso sorriso do profeta Daniel", referida á figura do profeta homónimo do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, centrouse nas ideas do humor e da comicidade presentes no libro de Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor* (1964).

Méndez Ferrín, X. L., "de 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle a composición poética "Proletario non o esquenzas…" de *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, X.L., "Fillos da Revolución", *Faro de Vigo*, *"El sábado"*, "No fondo dos espellos", 1 novembro 2008, p. 4.

Con motivo da publicación dun estudio de X.L. Axeitos na revista *de Estudos Rosalianos* sobre o cento cincuenta aniversario da voda entre Rosalía e Murguía, Ferrín reflexiona sobre a significación do evento, que supuxo a unión entre dúas grandes figuras da cultura galega, e sobre a época na que tivo lugar. Naquel momento dominaba en España a política moderantista, namentres que en Londres, Karl Marx publicaba a serie de artigos de "Revolutionary Spain". Sinálase que o propio Murguía coincidiría con el á hora de enfatizar a presenza obreira na revolución de 1854 en Galicia e, moi especialmente, no Banquete de Conxo. Comenta Ferrín que foi esta revolución, e non a Gloriosa de 1868, a que marcou fondamente aos Precursores dos que formaba parte o propio Murguía, unha xeración que dotou de conciencia á nación galega. Ademais do Banquete de Conxo, a súa outra gran empresa foi o xornal *La Oliva*, editado en Vigo. Finalmente di que, unha vez pechada a posibilidade revolucionaria, os Precursores se centraron no ámbito da cultura, o que serviu finalmente para alicerzar a mencionada conciencia de Galicia como nación.

Méndez Ferrín, X.L., "Mil novecentos cincuenta e oito", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", "No fondo dos espellos", 15 novembro 2008, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 208, "No fondo dos espellos", 22 novembro 2008, contracuberta.

Comenta que o Centro Galego de Madrid celebrou o 10 de outubro de 1958 unha velada de conmemoración do casamento de Rosalía con Murguía, que ocorrera un día como aquel un cento de anos atrás. Precisamente Ferrín sinala que el mesmo estivo na Calle de la Ballesta para descubrir unha lápida na casa na que se afirma que viviu a poeta e da que saíu para a súa voda. Di que as xornadas que conmemoraron este enlace en 1958 non foron senón un máis dos actos político-culturais que se celebraron na mesma época. Tratouse, segundo Ferrín, dun proceso de concentración patrióticas e antifranquistas que culminaría no banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro no Hotel Miño de Ourense.

Méndez Fonte, Rosa, "Cousas de Ferrol: Curros Enríquez", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 471, "Patrimonio e sociedade", 9 marzo 2008, p. 7.

Lembra a figura de Manuel Curros Enríquez e a súa relación coa cidade de Ferrol, na celebración do centenario do pasamento do escritor. Salienta que se teñen realizado moitos estudos sobre a súa produción literaria e xornalística e destaca a dirección na Habana do semanario *La Tierra Gallega*. De seguido, fai referencia á aparición no semanario da botadura do cruceiro dona María de Molina e do Princesa de Asturias nos estaleiros da Carraca, e achega parte do artigo que Curros Enríquez publicou no seu xornal en defensa dos estaleiros ferroláns.

Méndez Fonte, Rosa, "Ferrol en 'La Tierra Gallega", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 472, "Patrimonio e sociedade", 16 marzo 2008, p. 7.

Continúa estabelecendo as relacións que mantivo Manuel Curros Enríquez coa cidade de Ferrol e as referencias que a ela facía no semanario *La Tierra Gallega*. Nesta ocasión, lembra os comentarios que Curros Enríquez fixo sobre o Motín de Carranza e achega as protestas do pobo ferrolán. A continuación, refire parte dunha entrevista realizada a Curros por Lisardo Barreiro, na que explica como naceu a composición "Cántiga".

M. G., "Pistoletazo de salida a la Semana do Libro e da Lectura de Noia, que estará dedicada al mar, en el Coliseo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "En breve", 25 novembro 2008, p. 36.

Infórmase da inauguración da Semana do Libro e da Lectura O Mar en Noia nun acto celebrado no Coliseo Noela e dise que se pretende promover, con esta actividade, a difusión do hábito da lectura.

M. G. M., "Un ordenador sigue sin hacer una buena traducción", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 5 marzo 2008, p. 15.

Fala co tradutor Fernando Moreiras sobre o oficio da tradución. Considera que por agora os ordenadores aínda non fan boas traducións, xa que os tradutores danlle un toque persoal ás súas obras. Pensa Moreiras que hai moita xente que traduce sen ter moita idea e tamén condena a rapidez no tempo que esixen as editoriais.

M. G. M., "Cultura celebra o centenario de Curros con exposicións, concertos e obras teatrais", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 7 marzo 2008, p. 18.

Dá conta do programa de actividades en homenaxe ao centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, presentado pola Concelleira de Cultura da Coruña. Comenta que os actos se iniciarán cun roteiro polas rúas coruñesas e tamén cun recital por parte da polifónica Follas Novas. Así mesmo, apunta que se dará un ciclo de conferencias intitulado "Curros no seu tempo" e indica que Marica Campo realizará unha versión teatral da obra *O Divino Sainete*. Por último, dá conta dunha exposición que se fará polas rúas con murais sobre o escritor.

M. G. M., "Do primeiro debuxo de 'Cousas da vida' ata o propio Castelao retratado", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 15 maio 2008, p. 15.

Refírese á exposición que a Fundación Caixa Galicia baixo o título "Debuxos do álbum *Cousas da vida*. Castelao na Colección Caixa Galicia", acollerá oitenta e oito debuxos de animais, labregos, cousas relacionadas coa inxustiza cos cidadáns e co caciquismo. Saliéntase que esta actitude crítica lle supuxo unha vixilancia estreita por parte das autoridades, que chegaron a prohibir algunha das súas obras.

M. G. M., "Os novos escritores reflexionan sobre o costume de encuadralos en xeracións", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Cultura", 27 setembro 2008, p. 15.

Anúnciase o terceiro Encontro de s Escritores, celebrado no Pazo de Mariñán, que leva por título "Entre dous séculos". Dise que se centra sobre todo no costume dos intelectuais de encadrar as firmas de escritores e escritoras en xeracións. Tamén se engade que hai un recital poético incluído no encontro co título de "Antes mortos que solemnes" protagonizado por María Lado, Lucía Aldao, Enma Couceiro, Estíbaliz Espinosa e O Leo.

M. G. M., "Cultura e Universidade homenaxean a figura de Jenaro Marinhas del Valle", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Cultura", 12 novembro 2008, p. 17.

Dise que se fan unha serie de actos de homenaxe a Jenaro Marinhas del Valle, no centenario do seu nacemento, entre os que se atopan unha serie de conferencias e unha exposición na casa museo Casares Quiroga. Engádese que a eses actos se unen unha serie de representacións teatrais e de actividades audiovisuais.

M. G. M., "Uns 56 autores coruñeses homenaxean a Curros Enríquez", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Cultura", 26 novembro 2008, p. 15.

Coméntase a exposición que se realiza na Coruña, no Kiosco Alfonso, para homenaxear a Manuel Curros Enríquez polo cariño que sempre demostrou pola cidade. Dise que a exposición reúne cincuenta e seis pezas pictóricas, escultóricas e fotográficas que se inspiran nos versos do poeta.

Mirás, Nacho, "Un defecto de forma posibilita que Díaz Pardo siga al frente del IGI", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xaneiro 2008, p. 55.

Dise que, a causa dun defecto de forma, o actual consello de administración de Sargadelos con Isaac Díaz Pardo ao fronte segue no seu posto. Tamén se indica que os colectivos de apoio ao galeguista, Arredemo e Burla Negra, editan o número cero Do xornal *Galicia* mentres se realiza a asemblea para dar testemuño da súa oposición á pretensión de destituír a Isaac Díaz Pardo.

M. J., "Homenaje al poeta celanovés", *La Región*, "Centenario de Curros Enríquez", 7 marzo 2008, p. 16.

Sinala a posta en marcha das actividades que levará a cabo conxuntamente a Fundación Curros Enríquez e mais o Concello da Coruña para homenaxear o escritor no centenario do seu falecemento. Indica que os actos comezarán cunha ofrenda floral no cemiterio de Santo Amaro e cun recital poético nos xardíns de Méndez Núñez. Tamén indica que haberá outros actos na Real Academia Galega, coincidindo coa entrega do premio "Celanova, Casa dos Poetas".

M. J., "Diálogos en Pontevedra trae a la ciudad tres encuentros literarios", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 12 abril 2008, p. 67.

Informa da inauguración dos "Diálogos Literarios" que se realizarán en Pontevedra e nos que participarán diferentes escritores. En relación á literatura galega, comenta que na última xornada intervirán Manuel Rivas e Ramón Nicolás Rodríguez, e achega algúns datos sobre a súa traxectoria literaria.

M. J. R., "Andrés Martínez vuelve a ganar el certamen de relatos del Torrente Ballester.", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Cultura", "Literatura", 4 marzo 2008, p. 14.

Indícase que Andrés Martínez Riveira, como xa sucedera no ano 2005 por primeira vez, foi o gañador do certame de relatos do Premio Torrente Ballester, despois de formar parte como alumno do curso de narrativa que leva o mesmo nome que o premio. Destácase como novidade deste ano a inclusión dun apartado dedicado á poesía no que foi gañador Jaime Pereira Maroto. Dise que os integrantes do xurado foron algúns dos relatores que participaron no curso de narrativa. Finalmente lémbrase que as obras escollidas formarán parte dun número monográfico da revista *Concepción Arenal*.

M. J. R., "O curso de literatura Torrente Ballester fornece Ferrol de novos escritores", *Diario de Ferrol*, "Ciclo", 29 marzo 2008, p. 15.

Comenta o acto de clausura do terceiro curso de literatura Torrente Ballester no que se entregan os premios aos gañadores nos apartados de narrativa e poesía. Dise que tamén houbo un recital poético e musical no que se escoitaron as voces de poetas consagrados como Xulio Valcárcel e Eva Veiga e o grupo Noise. Faise unha valoración moi positiva do curso e dos seus participantes e lémbrase que se fai entrega dun número monográfico da revista *Concepción Arenal* que recolle os traballos gañadores.

M. J. R., "Juan Mayorga: "Este premio es un doble gesto de confianza y exigencia", *Diario de Ferrol*, "Ferrol/Ciudad", "Premios Nacionales", 30 marzo 2008, p. 03.

Infórmase de que o dramaturgo Juan Mayorga e o poeta e fotógrafo Manuel Vilariño son uns dos galardoados nos Premios Nacionais 2007 entregados no Teatro Jofre en Ferrol. Dise que Juan Mayorga falou en nome dos galardoados na categoría de artes

escénicas e música e Manuel Vilariño en representación dos galardoados na categoría de Belas Artes.

M. J. R., "Matute: 'No hubiera podido hacer otra cosa sino escribir'", *Diario de Ferrol*, "Ferrol/Ciudad", "Premios Nacionales", 30 marzo 2008, p.03.

Faise mención á concesión do galardón literario máis importante, o Premio Nacional á traxectoria dun escritor, a Ana María Matute dentro do acto de entrega dos Premios Nacionais 2007 no Teatro Jofre de Ferrol. Dise que por motivos de saúde a autora non puido asistir e recolleu o premio o seu fillo que falou tamén no seu nome. Faise tamén un percorrido pola súa biografía e noméanse os diversos premios que posúe.

M. J. R., "Medulio recorda a Curros Enríquez", *Diario de Ferrol*, 1 abril 2008, contracuberta.

Dá conta das actividades que vai levar a cabo a sociedade cultural Medulio como homenaxe ao centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Explica que haberá unha conferencia na galería Sargadelos de Ferrol, a cargo do especialista da súa obra, Francisco Rodríguez, e tamén unha mesa redonda intitulada "Tres momentos significativos no percorrido vital de Curros". De seguido, indica que as celebracións continuarán na Coruña cos actos organizados polo Concello e mais pola Fundación do escritor. Tamén comenta que desenvolverán un espectáculo poético-musical e que haberá unha conferencia de Marica Campo sobre a representación teatral d'*O Divino Sainete*, que levará a escena o grupo Achádego, de Lugo.

M. J. R., "Narón mantense na vangarda en canto a funcións e público de teatro en galego", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Ferrol", 23 abril 2008, p. 12.

Salienta os datos ofrecidos polo IGAEM con respecto ao aumento no número de representacións teatrais que se desenvolveron en 2007 en Narón. Sinala que a cifra pasou de doce a vinte e sete funcións e destaca a boa acollida por parte dos espectadores. A continuación, fai referencia ao aumento nas cifras doutros dous concellos de Ferrolterra: As Pontes e Cedeira. Finalmente, indica que en Ferrol tamén aumentou o número de representacións e achega os datos doutros municipios incluídos no circuíto da Rede Galega.

M. J. R., "A historia de Galicia a través da prensa plántase no cantón", *Diario de Ferrol*, "CGS", 19 xullo 2008, p. 10.

Refírese á chegada da exposición "100 anos de A Nosa Terra" coa que a revista celebra o seu centenario. Dise que pasou polas principais vilas galegas e danse algúns datos sobre a historia e desenvolvemento da mesma.

M. J. R., "Ramiro Fonte: Ferrol é a cidade da miña adolescencia, aquí descubrín a poesía", *Diario de Ferrol*, "Cultura, Gente, Servicios", 29 xullo 2008, p. 10.

Coméntase como se desenvolveu a homenaxe no Concello de Ferrol ao escritor Ramiro Fonte para recoller o Premio Porto Magno que lle concedeu o Coro Toxos e Froles de Ferrol. Dise que no acto estiveron presentes o seu amigo íntimo e Ministro de Cultura, César Antonio Molina, a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e outras personalidades políticas e culturais así como que tamén se gaba a traxectoria persoal e profesional do autor.

M. J. R., "O concello instalará unha capela ardente para homenaxear ao escritor Ramiro Fonte", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Provincia", 12 outubro 2008, p. 25.

Comunícase o falecemento do escritor eumés Ramiro Fonte e a intención do Concello de instalar unha capela ardente para que poida ser homenaxeado polos seus veciños. Tamén se indica que numerosas personalidades acudirán ao acto, entre elas, o ministro de Cultura Cesar Antonio Molina, íntimo amigo do autor.

M. J. R., "Centos de persoas despiden ó escritor Ramiro Fonte Crespo na súa vila natal", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Provincia", 14 outubro 2008, p. 25.

Infórmase do sepelio de Ramiro Fonte, que tivo lugar na súa vila natal, Pontedeume, no cal se deron cita numerosas personalidades da cultura galega e española. Explícase como se desenvolveu o acto e as homenaxes que nel se fixeron ao escritor eumés e anúnciase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega prepara un grande acto de homenaxe nacional.

M. L., "Homenaxe á figura do Rexurdimento galego", *Diario de Arousa*, 23 febreiro 2008, contracuberta.

Dáse conta da inauguración dunha exposición dedicada á vida e obra de Rosalía de Castro, organizada pola Biblioteca Municipal de Vilagarcía e mais o Concello para celebrar o cento setenta e un aniversario do nacemento da escritora. Explica que a mostra conta con dous paneis e con sesenta e nove títulos relacionados coa autora, que os visitantes poderán consultar e levar en préstamo.

M. M., "Un recital de poesía para estrechar los lazos entre la emigración y Santa Comba", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 xaneiro 2008, p. 39.

Apunta que se vai celebrar en Santa Comba un foro intitulado "Lembranza do emigrante: música e poesía" que consistirá nun recital poético musicado para homenaxear os emigrantes xalleiros que marcharon ao Brasil. Tamén indica que participarán catro poetas galegos: Luz Pozo Garza, Luís G. Tosar, Miro Villar e Blanca Vilela.

M. M. L., "Portomarín sale del premio 'Condado de Pallares", *El Progreso*, "Comarcas", 7 febreiro 2008, p.14.

Infórmase da decisión do goberno de Portomarín de non facer a contribución económica de mil douscentos euros que xa comprometera para o certame de investigación 'Condado de Pallares' e que está promovido pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares. Trátase da primeira edición deste premio e dise que por confrontacións cos outros concellos que están integrados no proxecto, entre eles Guntín, non achegarán finalmente esa cantidade por considerar que a mesma debería ser empregada para investigacións relativas á historia de Portomarín. Coméntase tamén que se tentará atopar unha solución para salvar o compromiso que xa estaba adquirido.

Molina, César Antonio, "César Antonio Molina, al margen de modas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 878, "Literatura española", "Poetas españoles de hoy", 20 febreiro 2008, pp. 4-5.

Reprodúcense neste artigo un poema intitulado "Torre de Hércules", d'*A fin de Fisterra* (2001), "Obrigado a agardar varias horas no aeroporto..." e "O sari mollado", de *Eume* (2007).

Molina, César Antonio, "De 'eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2008, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema "ESPELLO DA AUGA", da obra poética *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Montero García, Carlos, "Compañeiro morriña", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 11 agosto 2008, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Carlos Montero García (25 anos) intitulado "Compañeiro morriña".

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xaneiro 2008, p. 24.

Sección fixa que acolle nesta ocasión un fragmento do poema "Hai un reino de paz que por min chama...", de *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "De 'Elexía a unha princesa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xaneiro 2008, p. 25.

Recóllese nesta ocasión un fragmento do poema "Princesa engalanada de ouro e seda...", d'*Elexía a unha princesa*, de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 outubro 2008, p.

38.

Sección fixa que acolle o poema “Polo enfesto camino…”, do poemario *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, “Elexías de luz”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 novembro 2008, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento do poemario *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

M. P., “Un foro literario congregará a los mejores escritores en lengua gallega”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/*C*ultura”, 9 xullo 2008, p. 15.

Anúnciase a inauguración na cidade da Coruña dunha nova iniciativa cultural para fomentar a literatura que leva o nome de “Encontro cidade da Coruña”, cunha duración de dous días. Sinálase que se xuntan escritores nacidos en Galicia e outros vidos de fóra e que o tema escollido para vertebrar a iniciativa é a memoria histórica. Entre os escritores invitados dise que están Manuel Rivas, Marica Campo, Yolanda Castaño e Luz Pozo, entre outros.

M. R., “Un anaco musical da personalidade galega”, *Diario de Arousa*, 27 marzo 2008, contracuberta.

Dá conta da presentación do novo disco da compositora Olalla Bouzas que empregou para o seu traballo poemas de varios escritores galegos como Xesús Alonso Montero, Manuel Blanco Mariño, Xosé Neira Vilas, Fermín Bouza-Brey, Manuel Rivas, Baldomero Iglesias, Xesús Rábade, Daniel Pino e Sabino Torres. Explica que a temática é moi variada, aínda que as cancións mostran un referente continuo que é o mar e todo o que representa.

M. R., “Rábade e Angueira reivindican a Rosalía en clave de jazz”, *A Nosa Terra*, n.º 1.307, “Cultura”, 3 abril 2008, p. 38.

Fai referencia ao novo proxecto de Abe Rábade e Anxo Angueira, *Rosalía 21*, que naceu como un espectáculo multimedia para presentar na Feira do Libro da Habana. Explica que o traballo mostra a través de once temas “unha nova ollada” da obra e do pensamento rosaliano. Indica que no apartado literario, ademais de Anxo Angueira que é o director, participaron os escritores Xosé Luís Méndez Ferrín, Xabier Cordal e María do Cebreiro. Por último, fai referencia ao aspecto musical do traballo.

M. R. I., “Ferrol na Feira do Libro da Habana”, *Diario de Ferrol*, 14 febreiro 2008, contracuberta.

Dá conta dos ferroláns que participan na Feira Internacional do Libro da Habana e, concretamente, nas diferentes exposicións e actividades que se van levar a cabo.

M. R. I., "Debate de creadores no Pazo de Mariñán", *Diario de Ferrol*, 16 novembro 2008, contracuberta.

Preséntase a sexta edición dos Encontros de Escritores Galegos que se celebra no Pazo de Mariñán, organizado pola Deputación da Coruña. Dise que se reúnen durante unha fin de semana para reflexionar sobre o seu oficio e danse os nomes dos participantes.

M. R. P., "Marta Rivera dice que 'Rosalía quiso rescatar a Galicia de la fama de ignorancia", *El Progreso*, "Vivir", 13 abril 2008, p. 69.

Alude á conferencia que Marta Rivera de la Cruz pronunciou na Casa de Galicia de Madrid, na que falou sobre Rosalía de Castro e afirmou que a poeta coa súa obra, *Cantares gallegos* (1863), intentou rescatar a Galicia desa "fama de ignorancia e vulgaridade". Por outra parte, tamén salientou a fondura da letra de "Negra sombra".

M. R. P., "Paixón e política", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 abril 2008, p. 32.

Infórmase de que Marta Rivera de la Cruz pronunciou unha conferencia na Casa de Galicia en Madrid sobre Rosalía de Castro. Asegúrase que nela quixo desmitificar e aclarar diversos aspectos da vida e obra de Rosalía achegando comentarios como que a autora de *Cantares gallegos* xurou odio eterno á lingua galega, de aí que escribise *En las orillas del Sar* en español, ou que marchou para Madrid para solucionar un preito que a súa familia tiña que dirimir na capital. Tamén sinala, apoiándose en palabras de Unamuno, que Rosalía escribiu o máis íntimo, como a súa correspondencia epistolar en español, e finalmente define a Rosalía como "muller insatisfeita coa vida". Tamén se apunta que Marta Rivera de la Cruz é lucense mais que só publicou obras en español.

M. R. P., "Las ponencias del Congreso La Galicia de Valle-Inclán ven la luz", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 outubro 2008, p. 67.

Dise que o número 16 da revista *Cuadrante* recolle neste caso as ponencias do Congreso Nacional La Galicia de Valle-Inclán celebrado no ano 2004 na Pobra do Caramiñal. Salienta que entre os autores dos textos se atopan Suso de Toro, Xaquín del Valle-Inclán ou Margarita Santos Zas. Coméntase que a revista analiza o ambiente e o mundo no que viviu o autor galego e que se trata dunha publicación semestral que se distribúe en máis de corenta universidades españolas e nalgunhas do estranxeiro e en convencións de teatro, dende o seu nacemento no ano 2000. Finalmente nomea a algúns intelectuais que participan como Xosé Ramón Barreiro, X. L. Axeitos ou Darío Villanueva entre outros.

M. T., "Os escritores mozos reúnense en Mariñán", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 736, "A personaxe", 23 novembro 2008, contracuberta.

Faise unha lembranza da figura de Sofía Casanova, xornalista, poeta e correspondente de guerra, nada en Culleredo en 1861. Dise que, con motivo do seu cincuenta pasamento en Polonia, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento inicia o ciclo "Vida e tempo de Sofía Casanova" para dar a coñecer unha figura clave na cultura galega bastante descoñecida. A continuación faise un repaso pola súa biografía destacando finalmente as súas crónicas sobre a revolución bolxevique.

M. V., "Cuarenta años de canción protesta en gallego", *La Región*, "Galicia", 25 maio 2008, p. 31.

Relata a historia do grupo Voces Ceibes, salienta as súas intervencións de protesta e comenta que moitas cancións estaban baseadas en poemas de Celso Emilio Ferreiro. Tamén indica que as traducións ao galego foron feitas por Carlos Casares e Salvador García-Bodaño.

Neira, Henrique, "Destino puntogal", *Galicia Hoxe*, "Océano", 25 de febreiro 2008, contracuberta.

Dáse conta da reunión da ICANN (Corporación de Internet para a Asignación de Nomes e Números) celebrada en Nova Deli durante os días 10 e 15 de febreiro e das reivindicacións que nela se fixeron para acadar o dominio ".gal" baixo o que poder identificar páxinas de lingua e cultura galega. Na noticia danse datos de interese, coma o nome dos integrantes da comisión galega ou algunhas previsións de futuro para a Icann.

Naya Abeleira, Fernando, "A carón do lume", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Fernando Naya Abeleira (45 anos) intitulado "A carón do lume".

Neira, Henrique e Miguel **Seoane** (coords.), "125 gallegos más influyentes de 2008", *El Correo Gallego*"/ "Os 125 galegos máis influentes do 2008", *Galicia Hoxe*,10 febreiro 2008, pp. 1-32.

Entre os 125 galegos máis influintes do 2008 que anualmente realizan *Galicia Hoxe* e *El Correo Gallego*, salienta a incorporación de escritores e intelectuais relacionados coa literatura, como é o caso de Francisco González, Manuel Rivas, Isaac Díaz Pardo, Suso de Toro, Xosé M. Beiras, Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Fernández del Riego, Alfredo Conde, Teresa Moure, Darío Villanueva e Antón Reixa.

Neira Vilas, Xosé, "A conmemoración do 1983", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2008, p. 25.

Comenta que o 22 de febreiro de 1983 se celebrou na Habana o setenta e cinco aniversario da estrea do himno galego e lembra o traballo desenvolvido para recuperar parte da historia de Galicia na illa. Así mesmo, sinala que o Concello da Coruña se ofreceu para colocar unha placa no Teatro García Lorca na que se afirmaba que alí fora interpretado o himno por primeira vez pola Banda Municipal da Habana. Explica que o acto tivo lugar nos soportais do teatro e foi unha celebración galego-cubana, recoñecéndose oficialmente o himno galego.

Neira Vilas, Xosé, "Testemuñas de hai 25 anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2008, p. 30.

Explica que quixo coñecer as primeiras sensacións que causou a escoita do himno galego e achega os comentarios de distintos amigos sobre as súas impresións. Apunta que os personaxes preguntados son Xesús Alonso Montero, Herminio Barreiro, Fernando Filgueira Valverde, Basilio Losada, Valentín Paz Andrade e Luís Tobío.

Neira Vilas, Xosé, "Na Galicia territorial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 febreiro 2008, p. 30.

Dá conta de como se estendeu o uso de himno galego por toda Galicia e lembra que xa era coñecido en América antes de que chegase a Galicia. Indica que a vez en que se afianzou foi nunha homenaxe a Rosalía de Castro realizada polo Circo Teatro de Pontevedra, en 1913. De seguido, cita outros actos nos que tamén se interpretou e comenta que durante as dúas ditaduras o seu canto estivo prohibido en público mais sobreviviu de forma individual.

Neira Vilas, Xosé, "Conmemoracións estradenses", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 febreiro 2008, p. 30.

Alude á súa participación no acto de conmemoración do centenario do himno galego, celebrado no Teatro Principal da Estrada. Describe as diferentes actuacións que se desenvolveron na conmemoración e salienta a participación conxunta dos estradenses, outros galegos e cubanos.

Neira Vilas, Xosé, "Rodas de papel", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 24 febreiro 2008, p. 2.

Comenta que xa se cumpriron os cen anos do xornal *A Nosa Terra* e lembra as distintas etapas polas que pasou. Conta a súa experiencia persoal de coñecer o semanario en Bos Aires e como lle serviu de base ideolóxica e política. Por último, lembra o momento en que lle entregou o premio "Ramón Piñeiro: Facer país", ao seu director Afonso Eiré.

Neira Vilas, Xosé, "Novos testemuños", *Galicia Hoxe*, "Himno Galego", 10 marzo 2008, p. 40.

Achega os comentarios de diferentes testemuños que relatan o seu primeiro contacto co himno galego. As persoas entrevistadas son: Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, María do Carme Kruckenberg, Xosé Ramón Barreiro, Amado Ricón, Antía Cal, Fiz Fernández, Andrés Beade e Antón Santamarina Delgado.

Neira Vilas, Xosé, "Oportunas coincidencias", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2008, p. 29.

Lembra o ano de 1907 e, concretamente, o momento en que se colocou a primeira pedra do palacio do Centro Galego da Habana. Dá conta das personalidades que estiveron presentes e salienta que, doce días despois deste acto, a banda municipal interpretou por primeira vez o himno galego. Tamén achega algúns versos do poema "Diálogo" que o poeta Fernández Merino escribiu para a ocasión.

Neira Vilas, Xosé, "A lembranza dun símbolo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2008, p. 29.

Refire a conmemoración oficial que se realizou en Cuba con motivo do centenario do himno galego. Dá conta das personalidades asistentes e achega comentarios do discurso pronunciado por Emilio Pérez Touriño. Así mesmo, comenta outros aspectos do desenvolvemento do acto.

Neira Vilas, Xosé, "Na terra do bardo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 abril 2008, p. 34.

Dá conta dos diferentes actos que se levarán a cabo en Ponteceso para celebrar o centenario do himno galego. Entre as actividades, salienta unha exposición intitulada "Himno, os tempos son chegados", un recital de poemas, conferencia "A estrea do himno galego na Habana no 1907", a interpretación da habanera "Cen anos hai" por parte da Coral Polifónica da Estrada e unha homenaxe diante da estatua de Pondal. Por último, lembra o nacemento do himno.

Neira Vilas, X., "O símbolo da nosa identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 abril 2008, p. 35.

En forma de crónica, infórmase de todos os actos celebrados con motivo da celebración da efeméride que se levou a cabo na Habana do himno galego. Fálase pois dos asistentes e de cada unha das actividades realizadas finalizando cun parágrafo de agradecementos ao propio xornal *Galicia Hoxe* por brindar a oportunidade de amosar nas súas páxinas a xénese e o desenvolvemento da obra de Eduardo Pondal e Pascual Veiga.

Nerium, Alexandre, "de 'Vogar de Couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección unha composición poética de *Vogar de Couse* (2003), de Alexandre Nerium, intitulada "A nosa estirpe, vós, homes do mar que vindes…".

Nerium, Alexandre, "De 'Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 agosto 2008, p. 32.

Achégase nesta sección unha composición poética de *Nocturnidade do sal*, de Alexandre Nerium, intitulada "Chegada a nordesía…".

Nerium, Alexandre, "De 'Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 setembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección unha composición poética pertencente ao poemario *Nocturnidade do sal*, de Alexandre Nerium, intitulada "Só cavacos…".

Nerium, Alexandre, "Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento do poemario *Nocturnidade do sal*, de Alexandre Nerium.

Neves, Kiko, "De 'Dez por dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Nom" do volumen *Dez por dez*, de Kiko Neves.

Nicolás, Ramón, "Xa están aquí", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "Os novos narradores galegos", 19 xullo 2008, p. 5.

Reflexiónase sobre unha nova xeración de escritores e escritoras galegos e galegas que, segundo se di, poderían agruparse baixo dous criterios principais: menores de trinta e cinco anos e ter publicados un, dous ou máis libros de narrativa independentemente. Entre eles cítase a Roque Cameselle, Chelo Suárez, Xosé Díaz, Carlos Vila Sexto, Patricia Casas e Andrés G. Meixide.

Nicolás, Ramón, "Un bo ano para Galicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "En portada", 27 decembro 2008, p. 2.

Faise un percorrido polas novidades editoriais máis significativas que marcaron o ano 2008 cualificando este de moi produtivo e intenso. Destácanse as obras que foron premiadas ao longo do ano por diferentes organismos ou institucións, mesmo a nivel estatal, e tamén se lembran os escritores que faleceron neste ano deixando un importante legado á literatura galega, como é o caso de Ramiro Fonte ou Anxo Rei Ballesteros.

Ninguén, “Unha ferida”, *La Región*, “Verano”, “Los relatos del Liceo”, 29 xullo 2008, p. 18.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato asinado por Ninguén, intitulado “Unha ferida” e ilustrado por Xoán Baltar, no que narra o paseo dunha arañiña por unha mesa até que afonda nun vaso de xenebra.

Noguerol, Natalia, “Luís Seoane recibe o título de fillo predilecto da ‘súa patria”, *La Voz de Galicia*, “Área Metropolitana”, 1 xuño 2008, p. 10.

Informa que o Concello do Pino acaba de recoñecer, a título póstumo, a Luís Seoane como fillo predilecto. Indica que no acto estiveron presentes Víctor Fernández Freixanes, Xosé Neira Vilas e Isaac Díaz Pardo, os cales salientaron a relación de Seoane con esta terra e achéganse os seus comentarios.

Noguerol, Natalia, “Un profeta na súa terra”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 8 xuño 2008, p. L14.

Salienta a homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega fai ao escritor Xosé Vázquez Pintor no acto de inauguración da Biblioteca Municipal de Melide, terra natal do autor, á que se puxo o seu nome.

Nóvoa, Rubén, “El mercado devora el recuerdo de Risco y Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “El reverso del día”, 21 febreiro 2008, contracuberta.

Comenta que a casa natal de Vicente Risco e de Ramón Otero Pedrayo, na rúa A Paz de Ourense, se atopa en venda e salienta que nese espazo tiveron lugar moitos faladoiros literarios. Remata aludindo á esperanza de que os compradores a rehabiliten.

Novo, Isidro, “De ‘Esteiro de noites falecidas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 10 xaneiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento do poema “Sal azul lambe os seus ollos...”, de *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Novo, Isidro, “Sabemos xa...”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle un fragmento do poema “Sabemos xa...”, de Isidro Novo.

Novo, Isidro, “De ‘Esteiro de noites falecidas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Un home" pertencente ao poemario *Esteiro de noites falecidas*, de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A VELLA PASEANTA" pertencente ao poemario *Esteiro de noites falecidas*, de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 de xuño de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Cando por fin se decatan…" pertencente ao poemario *Esteiro de noites falecidas*, de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética intitulada "UN HOME", pertencente ao poemario *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Núñez, Rafael, "Fuxida final", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 outubro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado "Fuxida final" de Rafael Núñez.

Obelleiro, Paola, "Caldera impone a Díaz Pardo la Medalla al Trabajo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 xaneiro 2008, p. 2.

Dá conta do acto de entrega da Medalla de Ouro ao Mérito do Traballo a Isaac Díaz Pardo e achega os agradecementos do homenaxeado.

Obelleiro, Paola, "Homenaxe de escritores galegos a Sylvia Plath", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 31 outubro 2008, p. 8.

Fálase sobre a homenaxe organizada por Xoán Abeleira para a poeta estadounidense Sylvia Plath da cal é o tradutor ao español da súa poesía completa. Dise que no acto participaron escritores, pintores, profesores, dramaturgos e actores galegos que leron os vinte poemas que el mesmo traduciu ao galego. Achégase tamén un pequeno resumo biográfico da autora.

Obelleiro, Paola, "Los fondos de la Real Academia abren la era digital del patrimonio gallego", *El País*, "*Galicia*", 20 novembro 2008, p. 9.

Dise que a Consellería de Cultura ten un convenio con varias institucións galegas públicas e privadas para comezar coa dixitalización dos seus respectivos fondos documentais. Coméntase que o proxecto dá comezo na Real Academia Galega cun total de 121.320 páxinas de fondos bibliográficos, correspondentes a setecentas noventa e dúas obras, entre elas xornais galeguistas históricos como *La Oliva,* permitindo deste xeito difundir e poñer ao alcance de toda a poboación o gran patrimonio cultural galego.

Obelleiro, Paola, "Diálogo artístico con Curros", *El País*, "*Galicia*", 30 novembro 2008, p. 11.

Sinálase que se presenta na Coruña unha exposición-homenaxe a Manuel Curros Enríquez con motivo do centenario do seu pasamento, que conxuga os versos do poeta ourensán coa obra de cincuenta e seis artistas, nados ou afincados na cidade (escultores, pintores e fotógrafos, entre outros). Dise que está situada no Kiosco Alfonso até o 8 de decembro e que leva por título "Quen puidera convosco voar!".

Obelleiro, Paola, "O rescate de Jenaro Marinhas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 5 decembro 2008, p. 7.

Comenta que unha mostra lembra na Coruña a figura do galeguista, dramaturgo e poeta Jenaro Marinhas del Valle con motivo dunha homenaxe, organizada por Pilar García Negro no concello coruñés e faise ao mesmo tempo un repaso polos feitos máis relevantes da súa biografía e da súa actividade cultural e literaria.

Ocampo, Carlos, "Centenario de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 883, "lengua", 2 abril 2008, p. 6.

Fai referencia ao centenario da morte de Manuel Curros Enríquez que está a ser moi comentado en todos os xornais. Dá conta da súa infancia e salienta que o seu primeiro poema, "Cántiga", no escribiu nun dos seus libros de economía. De seguido, lembra que en 1877 gañou un premio coas pezas "A Virxe do Cristal", "O gueiteiro" e "Unha boda en Einibó", e dá conta doutros acontecementos da súa vida como a publicación da súa primeira obra, a emigración á Habana ou a fundación da revista *La Tierra Gallega*.

Ocampo, Elena, "Una autopsia que atraviesa el tiempo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 novembro 2008, p. 51.

Refírese ao feito de que a vida e morte de moitos escritores e artistas quedaron marcados polas enfermidades que padeceron. Como exemplo, entre outros moitos, dáse o caso da tuberculose padecida por Rosalía de Castro. Dise que varios médicos realizan estudos sobre as enfermidades destas persoas como o feito sobre Rosalía polo médico Julio Montes. Aclárase que o nome que reciben estes estudos é "patobiografías".

O. I., "Una editorial mexicana traduce a Ramón Caride", *El País*, "*Galicia*", 13 novembro 2008, p. 10.

Anúnciase a publicación da tradución ao castelán da obra de Ramón Caride, *O sangue dos camiños* (2003), premio Risco de novela fantástica en 2003, co título *Tiempos de fuga*, pola editorial mexicana Almadía. Tamén se indica que outras das obras do autor dentro do ámbito da literatura infantil e xuvenil galega están sendo xa traducidas ao castelán.

Oliveira, V., "As renuncias de Lugrís", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2008, p. 26/"Luís Rei derriba os clixés de Lugrís que o ven como o último bohemio", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 xaneiro 2008, p. 67.

Achega os comentarios do xornalista Luís Rei Núñez sobre a novela que publicou centrada na figura do pintor Urbano Lugrís e indica que xa había tempo que estaba interesado neste personaxe. Sinala que *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007) é unha biografía novelada do artista que reflicte a súa traxectoria e rompe certos clixés como o de ser o "último bohemio" e só un pintor "surrealista e do mar". Rei Núñez afirma que no libro tamén estudou a época artística de Lugrís e salienta o espallamento das súas obras pictóricas. Por último, reclama a creación dunha fundación dedicada a Lugrís.

Oliveira, V., "O CCG cumpre 25 anos co reto de 'seguir con máis forma e vitalidade", *El Correo Gallego*, "Cultura", 12 xaneiro 2008, p. 75.

Fai referencia aos actos de celebración dos vinte e cinco anos de existencia do Consello da Cultura Galega e dá conta do programa de actividades presentado baixo o título de "Crear cultura, imaxinar país", no que haberá seis foros de debate e unha exposición. Así mesmo, achega os comentarios do presidente do Consello, Ramón Villares, quen salienta a "consolidación" da institución.

Oliveira, V., "Francisco Castro afronta o reto en Galaxia da edición electrónica", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 xaneiro 2008, p. 66/"Cambio de rumbo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xaneiro 2008, p. 28.

Comenta que o escritor Francisco Castro recibiu o Premio Manuel García Barros e que agora a Editorial Galaxia acaba de propoñerlle o posto de coordinador de Novos Proxectos da editorial. Castro comenta que lle ten que dar un novo pulo ao mundo do libro, sobre todo coa influencia de internet, e indica que tamén se encargará da edición electrónica.

Oliveira, V., "Patricia Casas presentou onte 'Teselas de cidade", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 xaneiro 2008, p. 68.

Informa que a escritora Patricia Casas presentou a súa primeira novela, *Teselas de cidade* (2007), elaborada na Casa Grande do Bachao, tras ser a gañadora da terceira edición do Biblos-Pazos de Galicia.

Oliveira, V., "Revelacións agridoces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 febreiro 2008, p. 28.

Refire que a Asociación de Escritores en Lingua Galega vaille conceder este ano a "Letra E" ao escritor Xosé Vázquez Pintor, en recoñecemento da súa traxectoria literaria. Resume a traxectoria de Pintor e indica que se dedicou tanto á poesía coma á narrativa, ensaio e teatro, ademais de afirmar que recibiu os galardóns galegos máis importantes. A continuación, achega as palabras de Pintor, quen asegura que a súa xeración poética dos Novísimos foi unha "xeración desastrosa" porque non os tiveron en conta. Debido a isto, explica que pasou a escribir narrativa, coa que si acadou maior sona. De seguido, comenta o labor que está a desenvolver Pintor na actualidade e anuncia a súa asistencia á Feira Internacional do Libro da Habana para a presentación do volume, *Xosé Vázquez Pintor: la memoria que reconstruye un mundo*, tese doutoral de Velazco Fajardo. Finalmente, fai referencia ao seu labor teatral de Pintor e á súa obra de teatro para nenos.

Oliveira, V., "Pesimismo dende fóra a dentro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 febreiro 2008, p. 33.

Informa que o escritor Isidro Novo vai presentar na Deputación de Lugo o seu último poemario, *Esteiro de noites falecidas*, gañador do IX Premio de Poesía do Concello de Carral en 2006. Comenta que as obras de Isidro Novo son coñecidas grazas aos premios literarios e indica que a súa poesía sufriu unha transformación. De seguido, comenta da obra que se trata dunha poesía pesimista que se divide en tres partes. Por último, indica que a presentación do libro irá acompañada por unha proxección de cómic feita polo seu fillo, Bruno Elerre, e tamén por unha recitación de poemas e música.

Oliveira, V., "Amancio Prada, a voz de Rosalía", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 699, 9 marzo 2008, contracuberta.

Comenta que o cantautor Amancio Prada acaba de presentar un novo disco, *Concierto de amor vivo*, no que inclúe o poema de Rosalía de Castro, "Adiós ríos". A partir deste feito, lembra outros traballos realizados por Amancio Prada que tiveron como protagonista á poeta galega.

Oliveira, V., "Filólogo de sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 maio 2008, p. 41.

Resume a traxectoria vital e literaria de Ramón Lourenzo, a quen o Concello de Ames lle dedica un acto de homenaxe. Comenta que agora está dedicado á investigación no Instituto da Lingua Galega e salienta o seu labor como académico da Real Academia Galega. Recolle as opinións de Lourenzo, que critica os continuos cambios que está a sufrir a normativa da lingua galega e, por último, lembra os anos como membro e fundador do Grupo Brais Pinto.

Oliveira, V., "Vitola' volve a Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xullo 2008, p. 29.

Coméntase que a Casa Museo Casares Quiroga abre unha sala dedicada a María Casares, filla do presidente da II República. Dise que ocupa a bufarda da casa onde ela viviu até os catorce anos cando deixou Galicia. Indícase tamén cal é o material que alí se pode ver, como os cartaces dos filmes nos que ela traballou.

Oliveira, V., "O sorriso de 'Daniel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Coruña", 4 setembro 2008, p. 35.

Trátase o acto de ingreso na RAG como académico de honra do profesor de Queen´s College (Oxford), John Rutherford, dedicado ao labor de investigación e difusión da lingua e cultura galegas. Fundador, entre outros, da Asociación Internacional de Estudos Galegos en 1985, foi merecente do Premio Trasalba en 2007, da medalla Castelao en 1998 e do Pedrón de Honra en 2003. O discurso que lerá no seu acto de ingreso leva por título "O fermoso sorriso do profeta Daniel"e será respondido cunha laudatio do profesor Antón Santamarina. Baixo o epígrafe intitulado "En Inglaterra hai unha cultura moi insular", coméntanse os escritores españois Cervantes e Lorca como os máis vendidos en Inglaterra e sublíñase o rol de tradutor do profesor Rutherford, coas súas traducións ao inglés de *La Regenta*, *O Quixote* (1996-1997), *Cousas* de Castelao e unha escolma da obra literaria de Xosé Luís Méndez Ferrín. No apartado"A lingua e o país", subtitulado "O galego ten que sobrevivir como expresión da identidade do pobo", o profesor dá a súa opinión sobre o futuro da lingua galega. Finalmente, no epígrafe "O seu traballo", subtitulado "Acaba de traducir ó inglés contos de doce autores galegos actuais", cítanse os nomes deses autores e menciónase a súa publicación en 2004 de *As frechas de ouro* xunto co libro que está a escribir sobre o humorismo e a comicidade, alicerzado n'*O segredo do humor* (1964) de Celestino Fernández de la Vega.

Oliveira, V., "Na busca de afectos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2008, p. 37.

Informa sobre o desenvolvemento do debate que tivo lugar na Feira Galega das Artes Escénicas no Auditorio de Galicia, de Santiago de Compostela, no cal participaron directores teatrais, programadores e xestores culturais de Galicia e Portugal.

Oliveira, V., "Unha mirada moderna", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2008, p. 37.

Sinálase que a escritora María Reimóndez e o escritor Miguel Anxo Murado volven da Feira do Libro de Frankfurt cunha visión moi positiva sobre a presenza nela da literatura galega. Destacan a boa acollida do libro galego nesta feira e a necesidade de que os escritores galegos se fagan máis visíbeis.

Oliveira, V., "2009: o ano de Eduardo Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "*Lecer"*, n.º 741, "O personaxe", 28 decembro 2008, contracuberta.

Lémbrase que o ano 2009 é o trinta aniversario da morte do autor ourensán Eduardo Blanco Amor e o cincuenta da publicación da súa primeira novela, *A Esmorga*, polo que se fai un repaso breve da súa vida e obra.

Oliveira, V., "O galego cada día máis atacado", *Galicia Hoxe*, 31 decembro 2008, p. 26.

Faise unha exposición dos feitos máis relevantes que, ao longo do ano, tiveron que ver coa lingua e literatura galegas e a súa difusión. Comézase por falar sobre os ataques continuos que a lingua sufriu por parte de diversas organizacións como Galicia Bilingüe para logo facer un repaso dos diferentes proxectos culturais que se desenvolveron en Galicia durante o ano. Finalmente cóntanse todas as novidades editoriais e todos os premios que recibiron autores e autoras galegos para rematar cunha lembranza dos escritores que finaron neste ano 2008.

Otero, David, "Voz de terra sempre", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "A Ollada", 7 xuño 2008, p. 65.

Loanza do escritor Xosé Vázquez Pintor con motivo da homenaxe que lle ofrece a Asociación de Escritores en Lingua Galega na súa terra natal, Melide. Destácase a importancia do seu labor a prol da lingua e da literatura galega.

Otero, David, "Agosto dos nosos mártires", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 15 agosto 2008, p. 24.

Recoñésese o labor de todas aquelas persoas que loitaron por Galicia pacificamente, só cos seus ideais. Noméanse algúns deles, especialmente Alexandre Bóveda ou Anxel Casal, e reafírmase o orgullo de ser galego.

Otero, Marcos, "Los actos en recuerdo de Curros arrancarán con una ruta homenaje", *La Opinión*, "A Coruña", 7 marzo 2008, p. 11.

Dá conta dos actos de homenaxe a Manuel Curros Enríquez que vai levar a cabo a Concellería de Cultura da Coruña. Comenta que o primeiro evento será un recorrido polas rúas da cidade, dende o cemiterio de Santo Amaro até a estatua de Curros nos xardíns de Méndez Núñez. En palabras da concelleira, explica que se trata dunha ruta ao revés, que serve como "metáfora da morte á vida" do escritor. Finalmente, dá conta doutros actos como exposicións, concertos ou obras de teatro.

Otero, Marcos, "Del himno gallego a 'Macbeth", *La Opinión*, "A Coruña", 21 xullo 2008, p. 4.

Dise que co gallo da celebración do centenario da publicación do himno galego a Coral Polifónica El Eco participou nun destes actos interpretando o himno, xa que o creador de dita coral, en 1881, foi Pascual Veiga, autor da música do poema de Eduardo Pondal.

Otero, Marcos, "Un 'facho' todavía encendido", *La Opinión*, "A Coruña", 6 outubro 2008, p. 8.

Destácase que a Agrupación Cultural O Facho, creada no ano 1963 coa intención de facer unha defensa da lingua e da cultura galegas mediante a produción dun foro de debate sobre as mesmas, vén de abrir novas convocatorias dirixidas aos colexios. Tamén se indica que con elas, pretende impulsar e difundir o gusto pola lectura entre os máis novos. Finalmente, esta agrupación propón premios nas categorías de literatura infantil, xuvenil e teatro.

Otero López, Ruben, "No arquivo do doutor Bloom", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 12 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Ruben Otero López (22 anos) intitulado "No arquivo do doutor Bloom".

Outeiriño, Maribel, "Nace una nueva sección:'Los viernes literarios", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 4 xullo 2008, p. 69.

Tras informar da creación en 1933 dunha nova sección no xornal na que colaboraron intelectuais galegos, escribindo en galego e castelán, acóllese o poema "Gris", de Manuel Luís Acuña.

Outeiriño, Maribel, "Réquiem a Cuevillas", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 1 agosto 2008, p. 61.

Reprodúcese o poema "Eu traio a voz das mámoas e dos castros…" que recitou Fermín Bouza Brey durante o enterro de don Florentino López Cuevillas, no cemiterio de San Francisco en 1958.

Outeiriño, Manuel, "O do estrés", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "O do estrés", de Manuel Outeiriño.

Outeiriño, Manuel, "Bruar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 setembro 2008, p. 25.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "Bruar", de Manuel Outeiriño.

Outeiriño, Maribel, "Poemas para quemar", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 5 novembro 2008, p. 61.

Despois de comentar o libro *Bocarribeira, poemas para ler e queimar*, de Ramón Otero Pedrayo, co que iniciou a súa andaina a editorial Brais Pinto en 1983, reprodúcese un fragmento do poemario que comeza "Fala dos vellos: vento no souto...".

Padín, Román, "Desde el paseo del Arenal: visita y recuerdos con los Beiras García-Martí", *El Correo Gallego*, "*El Correo 3*", 10 febreiro 2008, pp. 22-23.

Lembra a figura do escritor e avogado Victoriano García Martí. Conta como foi a súa traxectoria tanto en Galicia coma no exterior e dá conta dos diferentes familiares, así como das amizades que mantivo na súa vida. Por outra parte, fai referencia á admiración que García Martí sentiu por Rosalía de Castro, motivo que o levou a escribir unha biografía en castelán sobre a poeta, ademais de realizar a primeira grande edición das súas obras completas.

Pascual, Roberto, "Políticas teatrais dende a creación da escena galega", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 1, 13 decembro 2008, p. 9.

Analízase a evolución da escena teatral galega con motivo da entrega dos premios María Casares na celebración do trinta aniversario do teatro profesional de Galicia. Tamén se lembran os vinte e cinco anos do Centro Dramático Galego (CDG) e a necesidade de boas políticas encamiñadas á profesionalización do teatro galego.

Patiño, Antón, "Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 setembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "Océano e silencio", de Antón Patiño.

Patiño Regueira, Antón, "Lola, Amparo e Xulia", *A Nosa Terra*, n.º 1.323, "Política", 5-10 setembro 2008, p. 10.

Acóllese o relato intitulado "Lola, Amparo e Xulia", de Antón Patiño Regueira, publicado no n.º 1.122 d'*A Nosa Terra* e recollido no volume *Memoria de Ferro*.

Pato, Chus, "Nevermore", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 1, "Creación", 13 decembro 2008, p. 15.

Acóllese nesta sección un texto narrativo intitulado "Nevermore", de Chus Pato, acompañado dunha ilustración de Idoia de Luxán.

Pato Garabatos, Miguel, "Descuberta", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 26 agosto 2008, p. 43.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Miguel Pato Garabatos (34 anos) intitulado "Descuberta".

Paz, Xabier, "De 'Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 marzo 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento de *Materia de Lucrecio* (2006), obra poética de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Sedimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 marzo 2008, p. 39.

Sección fixa que recolle un fragmento intitulado "A que cultivar flores nas vasillas do vento...", do poemario *Sedimentos* (2001), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A forza xeradora do universo… ", pertencente ao poemario *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "Outras gravidades' de 'Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Sen caermos nas fáciles polisemias,…" da obra *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz.

Paz Rodríguez, José, "O nosso idioma é internacional", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985)*", 17 maio 2008, p. 15.

Faise un alegato sobre a utilidade e a importancia do galego, algo que segundo se indica, xa fixera Castelao en *Sempre en Galiza.* Sinala que o galego e o portugués son o mesmo e forman un todo. Di que se debe esixir a reinvidación do papel internacional que ten o galego e que se ten que solicitar a entrada da lingua galega no "Conselho da lusofonia" (CPLP).

P. C.,"Cultur.Gal", *El País*, "*Galicia*", 22 novembro 2008, p. 6.

Anúnciase a celebración na Coruña da feira galega da industria da cultura, Cultur.Gal, na primeira semana de decembro, coa participación dun centenar de empresas e entidades do sector. Dise que o obxectivo da mesma é dar pulo ao tecido empresarial privado da cultura en Galicia. Coméntase que haberá presentacións de discos ou libros, concertos, conferencias profesionais ou actividades infantís.

P. C. R., "Estimular a creación literaria dos alumnos", *Diario de Ferrol,* 10 xullo 2008, contracuberta. Pasado eevv

Infórmase da convocatoria da primeira edición do Certame Literario dirixido aos estudantes do IES Ferrol Vello que nace coa vocación de consolidarse no calendario

académico do centro. Dise que ten dúas modalidades, poesía e narración breve, e tamén se explican as categorías e os premios que reciben os gañadores.

Peña Díaz, Helga, "Alborada para a Lúa", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 4 agosto 2008, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Helga Peña Díaz (11 anos) intitulado "Alborada para a Lúa".

Peña Moscoso, Laura, "Biodiversidades", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 13 agosto 2008, p. 18.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Laura Peña Moscoso, intitulado "Biodiversidades" e ilustrado por Xoán Baltar, no que conta a biodiversidade que habita dentro do seu organismo á que se pode acceder só mirando cara dentro.

Pereira, Damián, "Conta atrás para poder compartir asento con don Ramón", *Diario de Arousa*, "Cambados", 29 maio 2008, p. 11.

Dá conta da presentación da nova talla, feita de barro, do escritor Ramón Cabanillas, realizada polo artista Lucas Míguez. Comenta que esta escultura se fará posteriormente en bronce e será exposta nos xardíns da Casa dos Fraga en Cambados. Tamén indica que a escultura mostra a un Cabanillas maior, sentado nun banco e coa mirada perdida en busca da inspiración.

Pereira, Nonito, "No bico un cantar", *El Ideal Gallego*, "Música", 10 agosto 2008, p. 07.

Coméntase a publicación dun disco libro de cincuenta e catro páxinas coas biografías dos poetas Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Castor Elices e Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise que o libro presenta dezaseis poemas escritos polos catro poetas da vila ourensá de Celanova máis recoñecidos e fotos de todos eles. Tamén se informa que a voz da cantante portuguesa María do Ceo aparece no disco e se conta como o autor do artigo descubriu a cantante.

Pereira, Xesús, "De 'Cantos da Seiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "...LENEMENTE, sobre a alma póusase...", da obra poética *Cantos da Seiva* (2002), de Xesús Pereira.

Pereiras, Xesús, "De 'Cantos da selva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 de maio de 2008, p. 47.

Nesta sección fixa acóllese o poema "COA tranquilidade que algún día…" pertencente ao poemario *Cantos da selva*, de Xesús Pereiras.

Pereiro, Lois, "de Poesía última de amor e enfermidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 agosto 2008, p. 33.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "A TRAVÉS DO COLCHÓN", datado en setembro de 1995, que pertence ao poemario *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), de Lois Pereiro.

Pérez, Marino, "La Casa de María Pita podría albergar cuadros de Llorens e Isaac Daíz Pardo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", 17 abril 2008, p.17.

Infórmase da XVII edición do certame poético dos Xogos Florais convocado pola Casa Museo de María Pita. Acláranse as bases do concurso e tamén se lembra que o concello pretende trasladar a este centro cadros de Isaac Díaz Pardo e de Francisco Lloréns coa intención de impulsar un cambio nos usos do museo.

Pérez, Marino, "Hipnosis para poder 'falar en galego", *El Ideal Gallego*, 15 maio 2008, contracuberta.

Salienta que o escritor Sechu Sende realizou unha actividade da autohipnose, para que todos os asistentes á sesión aprendesen a falar en galego.

Pérez, Marino, "A 'poeta' que non quere ser poetisa", *El Ideal Gallego*, 6 outubro 2008, contracuberta.

Fálase sobre a traxectoria da poeta Lucía Aldao e da súa faceta como guitarrista. Destácase a súa creatividade como escritora e o seu continuo labor en ambas facetas.

Pérez García, Manuel, "¡Viva Vilafranca!", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 3 agosto 2008, p. 44.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Pérez García (36 anos) intitulado "¡Viva Vilafranca!".

Pérez Lorenzo, Fran, "En Cuba, os organismos estatais publican libros en lingua galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 febreiro 2008, p. 75/"Un lugar sagrado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 febreiro 2008, p. 31.

Con motivo da celebración da Feira do Libro da Habana, dá conta da inauguración do ciclo de conferencias "Entre dos mares. Historia de la emigración y del exilio gallego en Cuba", organizado polo Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, que conta cunha sección galega creada en 1969 por Xosé Neira Vilas. A continuación, achega os nomes dos participantes: o propio Neira Vilas e a súa muller, Nuria Gregori, Manuel Ferreiro (quen analizou a historia do himno galego), Denis Vázquez e Yolanda Vidal. Por último, fai referencia ao espectáculo de narración oral "Tres continentes para una isla", de Quico Cadaval.

Pérez Lorenzo, Fran, "A verba poética de Rosalía pecha os actos da Feira do Libro da Habana", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 febreiro 2008, p. 76.

Comenta a participación de Galicia na Feira do Libro da Habana e dá conta da actuación que o músico cubano Pablo Milanés lle rendeu a Rosalía de Castro. Así mesmo, fai referencia á presentación, no Teatro Mella, do espectáculo *Rosalía 21*, dirixido polo poeta Anxo Angueira, con música de Abe Rábade e coa voz de Guadi Galego. De seguido, comenta que Galicia foi invitada á feira que se celebrará en Chile e, por último, achega os nomes dalgúns escritores que participaron e salienta o éxito de vendas.

Pérez Lorenzo, Fran, "A sede galega, mellor expositor estranxeiro na Feira da Habana", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 febreiro 2008, p. 68.

Comenta que Galicia recibiu o premio ao mellor expositor na Feira do Libro da Habana e achega as palabras de agradecemento de Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural. Así mesmo, Bará fai referencia á presenza do escritor Xosé Neira Vilas e a súa muller, como activos participantes no programa da delegación galega.

Pérez Pernas, Samantha, "O meu can", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 9 agosto 2008, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Samantha Pérez Pernas (16 anos) intitulado "O meu can".

Pérez Rei, Mariña, "Historia cuántica de Röos", *La Región*, "Verano", "Los relatos del Liceo", 25 xullo 2008, p. 21.

Sección que acolle os relatos presentados ao VII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese o relato de Mariña Pérez Rei, intitulado "Historia cuántica de Röos" e cunha ilustración de Xoán Baltar, que conta a masacre realizada polo mozo Röos polo seu odio cara aos seus veciños, a súa exmoza, os seus compañeiros e a sociedade finlandes en xeral.

P. H., "El ministro Molina recibe en Ferrol el Premio Letras de Bretaña por su trayectoria", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 xaneiro 2008, p. 67.

Informa que vai ter lugar o acto de entrega do galardón Letras de Bretaña 2007 outorgado ao ministro de cultura, César Antonio Molina, polos seus estudos sobre a Galicia do norte e máis sobre Cunqueiro. Explica que este premio o concede en Ferrol o Real Coro Toxos e Froles e escolleron a Molina polas traducións de obras de Cunqueiro ao castelán e polos estudos e artigos publicados sobre o escritor mindoniense.

Pilán, Nesto, "Hawking", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 setembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "Hawking", de Nesto Pilán.

Pino, Concha, "O Museo do Pobo abriu una sala da imprenta, o libro e a prensa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 3 xaneiro 2008, p. L6.

Dá conta da inauguración da nova sala do Museo do Pobo Galego na que se recolle o máis representativo do mundo da imprenta e da historia letrada de Galicia. Indica que o nome desta sala é "Da imprenta. Dos impresores e encadernadores. Do libro e da prensa". Explica que se trata dun repaso histórico e que ofrece a información de maneira cronolóxica, así mesmo explica que a produción literaria comeza coa publicación de *Cantares gallegos* (1863).

Pino, Concha, "Días de gloria y reconocimientos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 8 xaneiro 2008, p. L16.

Dá conta do éxito que acadou a novela de Anna Gavalda, *Xuntos e máis nada* (2007), traducida ao galego por María Dolores Torres París. Comenta que a novela foi levada ao cine e agora a Editorial Galaxia presenta a súa reedición. Así mesmo, dá conta doutras tres novidades editoriais do ano 2007: *O castelo branco*, de Orham Pamuk; *A pista de area*, de Andrea Camilleri; e *O retorno*, de Bernhard Schlink. Tamén indica que proximamente sacará do prelo *Da beleza*, de Zadie Smith. Por último, comenta que todas estas obras pertencen á colección "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea".

Pino, Concha, "Cachirulo recrea al niño Mozart", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 9 xaneiro 2008, p. L16.

Informa que Moncho Iglesias presentou na Libraría Couceiro de Santiago o seu primeiro poemario escrito en galego, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos*, publicada por Edicións Positivas en 2007. Comenta que este libro contén a traxedia, o dolor e o horror do mundo de Oriente e reclama a esperanza e o amor; unha mostra da situación de angustia presentada a través dun humor sorprendente.

Pino, Concha, "Compostela sempre foi o centro do meu universo vital e intelectual", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 9 febreiro 2008, p. L7.

Relátase a traxectoria vital de Carme Ríos Panisse, coñecida como Menani, quen aos seus sesenta e nove anos se xubilou como profesora de galego no instituto Rosalía de Castro de Santiago. Recolle as palabras de Menani quen fala da súa vinculación con Compostela e lembra momentos importantes da súa vida: o inicio do colexio, o traballo de seus pais, a relación co seu marido Antón Santamarina, etc.

Pino, Concha, "A obra teatral de dous composteláns gaña un premio que lle retiraron a outro autor no mesmo certame", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 marzo 2008, p.11.

Dise que dous autores composteláns gañaron o premio literario Kutxa Ciudad de San Sebastián coa obra *El cuarto oscuro*, a versión en castelán da que son autores os dous profesores do instituto Poeta Díaz Castro, de Guitiriz. Coméntase que en principio quedaran en segundo lugar pero a organización retirou o premio á obra gañadora porque estaba rexistrada para a súa comercialización co ISBN, incumprindo as bases. Fálase da temática da obra que se inspirou na contorna docente e na problemática dos adolescentes e do traballo que desenvolveron os dous profesores co seu grupo de teatro escolar.

Pino, Concha, "Visitas que enseñan y aleccionan", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 14 marzo 2008, p. 16.

Dá conta da presentación no Hostal dos Reis Católicos da revista trimestral e bilingüe (en castelán e en galego) *Galegos*, publicada por Ézaro Edicións e dirixida por Carlos G. Reigosa. Especifica que conta, entre os seus colaboradores, con Xavier Alcalá, Manuel Rivas, Ramón Villares e Xosé Ramón Barreiros, entre outros.

Pino, Concha, "Libros únicos feitos a man", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 marzo 2008, p. L12.

Reportaxe na que se informa da presentación de *Monólogo do calígrafo*, o último poemario do poeta e artista plástico Baldo Ramos e publicado dentro da Colección "Bourel" en 2007. Sinálase que a obra conta cunha particularidade especial e é que está escrita e ilustrada a man polo propio Ramos, mantendo a liña que xa abrira tempo atrás con obras anteriores coma *Ut pictura poesis*, *As follas da memoria* ou *Signos de Cinza*. Coméntase que esta particularidade obrigou a lanzar unha tirada de tan só cen exemplares, todos eles numerados e personalizados polo propio autor. Indícase que a presentación da obra, que tivo lugar na libraría Couceiro, contou coa asistencia do músico Víctor Blanco e do escritor Antonio Piñeiro, responsábel da colección e que completou o acto coa presentación de *37 poemas por man propia*, antoloxía poética escrita a man por trinta e sete autores galegos e con prólogo de Xosé Ramón Barreiro.

Pino, Concha, "Reconocimiento final de etapa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 22 maio 2008, p. L16.

Infórmase de que os gañadores da segunda edición do Certame de Poesía e Relato Curto convocado pola sección xuvenil do PPdeG son Francisco Javier Sánchez González en poesía e Rocío Leira Castro en relato curto.

Pino, Concha, "Una tarde de café en el claustro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 xuño 2008, p. L16.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da presentación do libro *Relato dun emigrante. De Santiago a Montevideo* (2007), do escritor Manuel Losa Rocha. Así mesmo, nomea ás persoas que acompañaron ao autor no acto.

Pino, Concha, "Adiós colegio Peleteiro, adiós", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 27 xuño 2008, p. L16.

Dise que o relato "Abafada de soños", de Noemí Cano Rodríguez, foi gañador da quinta edición do concurso "Como te imaxinas na USC?" e que unha alumna do instituto ourensán As Lagoas, Sandra Dacal Pérez, mereceu unha mención especial do xurado. Tamén se comenta que a entrega de premios a presidiu o reitor da USC, Senén Barro.

Pino, Concha, "Creadores en tiempo de ocio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 9 xullo 2008, p. L12.

Fálase sobre os Cursos de Lingua e Cultura Galegas para estranxeiros que se imparten nas aulas de verán da Universidade de Santiago de Compostela e coméntase que neles o profesor Xosé Manuel Salgado fala sobre a obra do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Pino, Concha, "Compostela como referencia", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "Patio de vecinos", 25 setembro 2008, p. L16.

Anúnciase que a novela de María Reimóndez, *O club da calceta* (2007), gañadora de diversos premios vén de ser traducida ao castelán e está en proceso unha produción para a TVG, así como a adaptación teatral da mesma, e lémbrase que a autora xa recibira varios premios literarios para mozos como o Rúa Nova e o Minerva.

Piñeiro, Águeda, "La biblioteca Luís Seoane de Arcade crea grupos de lectura y creación literaria", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 14 febreiro 2008, p. 15.

Indica que a Biblioteca Luís Seoane de Arcade vai celebrar tres talleres de creación literaria. Explica que o primeiro é un taller literario e de escritura creativa destinado aos adultos e que o segundo tamén é de creación literaria, pero destinado aos máis pequenos e cun desenvolvemento trilingüe (inglés, galego e castelán); mentras que e o último é un club de lectura para adultos. Tamén salienta que todos eles son de balde e informa, finalmente, da actuación da contacontos Soledad Felloza.

Piñeiro, Antonio, "De 'Mentres te alonxas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 outubro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "O REGRESO", do poemario *Mentres te alonxas* (2004), de Antonio Piñeiro.

Piñeiro, Antonio, "Mentres te alonxas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 novembro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "PRESENTIMENTO", da obra *Mentres te alonxas* (2004), de Antonio Piñeiro.

Piñeiro, Antonio, "De 'Mentres te alonxas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "ESENCIA", da obra poética *Mentres te alonxas* (2004), de Antonio Piñeiro.

Ponte Far, José A., "Botadura artística", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 256, "Viéndolas pasar", 5 abril 2008, p.12.

Destácase a entrega dos Premios Nacionais do Ministerio de Cultura no teatro Jofre de Ferrol e faise ao mesmo tempo unha lembranza do escritor Gonzalo Torrente Ballester que era un asiduo visitante do mesmo.

Porto, Héctor J. e Ana **Abelenda**, "Seis escritores sen xeración", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 271, "En portada", 19 xullo 2008, p. 2.

Coméntase a conversa que teñen arredor dunha mesa de debate seis escritores novos dentro da literatura galega: Samuel Solleiro. Mario Regueira, Inma López Silva, Santiago Lopo, Alberto Lema e Alberto Ramos. Dise que non cren no nome "xeración" para poder agrupalos e que cada un deles representa ao seu xeito unha nova forma de facer literatura.Tamén destacan que o seu maior vínculo é o idioma e a posibilidade que todos tiveron de poder acceder a el no ensino, malia estaren algo cansos de que escribir en galego siga considerándose un acto de militancia. Sinálase que se moven nun sistema literario periférico e que asumen a influencia das linguaxes audiovisuais.

Posilio, Alejandro, "Nace la marca Letras de Galicia y una web para la promoción internacional de la literatura gallega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 de febreiro 2008, p. 49

Infórmase da creación da marca Letras de Galicia e da súa páxina web www.letrasdegalicia.es, que nace con dúas finalidades fundamentais: promocionar a literatura galega a nivel internacional, especialmente no ámbito hispano; e informar

sobre as novidades do panorama literario galego. Explícase que neste último cometido completará o labor xa desempeñado por ReadGalicia.com, onde xa existen colgadas máis de duascentas obras galegas con partes traducidas ao inglés.

Posilio, Alejandro, "Galicia ocupa el penúltimo lugar en el índice de lectura por autonomías", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 febreiro 2008, p. 48.

Achega os datos do Barómetro de Hábitos de Lectura e Compra de Libros, presentado pola Federación de Gremios de Editores de España que mostran que Galicia ocupa o penúltimo lugar en índices lectores en 2007. Comenta que este índice descendeu e indica que a Xunta de Galicia vai lanzar unha campaña para promover o hábito lector.

Pousada, Pilar, "Ás mozas encántalles Rosalía, pola súa actitude de desafío", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 698, "Reportaxe", 2 marzo 2008, pp. 2-3.

Trátase dun artigo sobre a profesora Kirsty Hooper, encargada da ensinanza da cultura galega na Universidade de Liverpool. Comenta que esta profesora foi alumna de John Rutherford e que agora está a ensinar a lingua e a cultura galega a máis de trinta alumnos por ano. Explica que o curso que imparte na universidade, de dúas horas á semana, se divide nunha hora de cultura e outra de lingua e indica que na primeira clase os alumnos len un poema de Celso Emilio Ferreiro e, posteriormente, traballan con outros autores como Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Castelao, Suso de Toro ou María Xosé Queizán e, por suposto, Rosalía de Castro. Comenta que o obxectivo é relacionar aos alumnos ingleses con Galicia e que se animen a visitala e coñecela mellor. A continuación, achega a experiencia dalgúns estudantes que visitaron o noso país e salienta o labor de Kirsty Hooper como difusora da nosa cultura, a través tamén dun congreso "Saíndo da Nación: Máis aló do nacional na produción cultural galega contemporánea".

P. R., "Amigos do Patrimonio de Castroverde homenajeará a Alonso Montero", *El Progreso*, "Comarca de Lugo", 14 outubro 2008, p. 15.

Comunícase que o catedrático de Literatura Galega e ensaísta Xesús Alonso Montero recibe unha homenaxe na Casa do Concello de Castroverde, organizada pola Asociación Amigos do Patrimonio deste mesmo concello e que será nomeado membro de honor desta.

Prieto, Susana, "Verín se impregna de arte, humor y literatura", *La Región*, "Verano", 1 agosto 2008, p. 16.

Coméntase a realización da terceira edición do Festival Internacional da Palabra na Casa da Cultura de Verín que comeza con contos para os nenos e un manual sobre patrimonio. Dise que tamén hai unha exposición na Casa do Escudo con fondos do Museo do Humor de Fene e a presentación do *Libro-Guía de Monterrei* escrito polo verinense Xerardo Dasairas Valsa. Finalmente faise unha entrevista ao escritor

verinense na que comenta a súa obra onde hai mesmo un apartado sobre cantigas e poesía.

Prol, Santiago, "De 'Alga e fungo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 novembro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético da obra *Alga e fungo*, de Santiago Prol.

Quintas, Ángeles, "Homenajes, galas y ciencia", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 18 febreiro 2008, p. 78.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que a Fundación La Rosaleda iniciou o seu plan de actividades de 2008, entre as que salienta a realización dos "Xoves Culturais-Literapia".

Quintas, Ángeles, "Julio Camba y Riego ya tienen ganadores", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 marzo 2008, p. 75.

Sinálase que os gañadores dos premios de xornalismo Julio Camba e Francisco Fernández del Riego foron respectivamente Andrés Trapiello co artigo "Una violeta de la España negra" e Santiago Lamas Crego polo artigo "Ventos". Tamén se destaca a calidade de ambos os dous artigos.

Quintas, Ángeles, "El peso del teatro en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 17 abril 2008, p. 86.

Dá conta das diferentes actividades que se van celebrar en Pontevedra e, en relación á literatura galega, salienta a presentación, na que participará Xurxo Souto, dunha fotobiografía sonora do escritor Celso Emilio Ferreiro, publicada pola editorial Ouvirmos. Así mesmo, dá conta do inicio do ciclo "Os camiños da Literatura Galega" no que participarán María do Cebreiro e Marta Dacosta coa conferencia "Malos tempos para a lírica?".

Quintas, Ángeles, "Teresa Moure en el club de lectura ", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 17 xuño 2008, p. 78.

Coméntase que con motivo da despedida das actividades do club de lectura da Biblioteca Pública de Pontevedra a escritora Teresa Moure comentará a súa novela *Herba moura* (2006) cos asistentes ao acto de clausura e tamén haberá outros actos como a actuación da compañía Pisando Ovos no Teatro Principal da cidade.

Quintas, Ángeles, "Cuestiones de cine y literatura", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 26 xuño 2008, p. 86.

Dá conta da actividade cultural que se ten programada para a cidade de Pontevedra e, en relación á literatura galega, informa da presentación de dous novos libros: *O Meco*, de Nélida Paz e *Deambulario*, de Clementina Vidal.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xaneiro 2008, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento da composición poética "asunto: <<intervalo>>...", de *Poesía en ruta* (2007), de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 febreiro 2008, p. 25.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "asunto:«epílogo»" de *Poesía en ruta* (2007), de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 de abril de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "asunto: ((intención de haiku))" pertencente ao poemario *Poesía en ruta*, de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "asunto: camiña" pertencente ao poemario *Poesía en ruta*, de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 de xuño de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "camiña…" pertencente ao poemario *Poesía en ruta*, de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "de 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 outubro 2008, p. 47.

Sección fixa que acolle a composición poética "na mácula que o voo imprenta: no avientar das…", do poemario *Poesía en ruta*, de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 novembro 2008, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento da composición poética "asunto: <<curvatura>>...", de *Poesía en ruta* (2007), de Xerardo Quintiá.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Amargamente choro polas desesperadas..." pertencente ao poemario *Lugar do Canto*, de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 de abril de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A Daniel Salgado…." pertencente ao poemario *Lugar do Canto*, de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 de abril de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A Ana Romaní…." pertencente ao poemario *Lugar do Canto*, de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 de abril de 2008, p. 46.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Amor, unha palabra" pertencente ao poemario *Lugar do Canto*, de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "- Di, mía filla, a do corpo belido, …" pertencente ao poemario *Lugar do canto*, de Xesús Rábade Paredes.

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 marzo 2008, p. 39.

Reprodución nesta sección fixa do poema "ACENO DE AMOR", d'*O cristal da sede* (2006), de Henrique Rabuñal.

Rabuñal, Henrique, "O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2008, p. 39.

Reprodución nesta sección fixa do poema "SUAVE Á MEMORIA", d'*O cristal da sede* (2006), de Henrique Rabuñal.

Ramos, Baldo, "de 'monólogo do calígrafo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "non é o tempo que pasa." de *Monólogo do calígrafo*, de Baldo Ramos.

Ramos Maceira, Candela, "Volvinme tola", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 9 agosto 2008, p. 30.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Candela Ramos Maceira (12 anos) intitulado "Volvinme tola".

Reboiras, Ramón, "De 'Shakespeare mata o porco cunha rosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 de xuño de 2008, p. 33.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Morno quence o valo…" pertencente ao poemario *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, de Ramón Reboiras.

Reboiro, X.A., "Neira Vilas participará no acto de presentación do documental 'Memorias dun neno labrego", *La Región*, "Carballiño", 29 abril 2008, p. 16.

Dá conta da celebración da terceira edición do festival "Orcellón fala e canta", promovido pola Asociación Cultural Avantar de Carballiño. Informa sobre algunhas actividades que se levarán a cabo como a presenza de Xosé Neira Vilas no documental *Memorias dun neno labrego*, a participación do grupo afeccionado Tiruleque Teatro ou o roteiro dedicado ao poeta Manuel María.

Reboiro, X.A., "Os rapaces lembran a Curros", *La Región*, "Provincia", 6 xuño 2008, p. 20.

Dise que con motivo do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez o Patronato que leva o seu nome invita aos concellos galegos que teñen unha rúa que leva o seu nome á promoción de recitais por parte dos alumnos máis novos dos colexios e institutos. Indícase que os rapaces e rapazas recitan os poemas máis representativos do autor como "Cántiga" ou "Na chegada a Ourense da primeira locomotora" acompañados de música de autores como Andrés Dobarro.

Regueira, Carolina, "Alumnos alemanes editarán un libro de poemas gallegos en su lengua materna", *Diario de Ferrol*, "A Coruña", "Provincia", 20 setembro 2008, p. 23.

Infórmase de que vinte alumnos alemáns estudantes de galego en cinco universidades alemás están de visita en Galicia para coñecer mellor esta cultura e a súa lingua e

literatura e dise que de regreso a Alemaña publicarán unha edición bilingüe galego-alemá de poesías de autores e autoras galegos como Manuel Rivas, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Miguel Anxo Fernán-Vello.

Regueira, Carolina, "La familia de Jenaro Marinhas del Valle dona a Cultua su biblioteca privada", *El Ideal Gallego* , "A Coruña", "Cultura", 2 decembro 2008, p. 14.

Anuncia o acto de presentación da doazón da colección de libros de Jenaro Marinhas del Valle á Biblioteca Nacional de Galicia na Casa Museo Casares Quiroga da Coruña. Indícase que esta colección está composta por máis de dous mil volumes, na que se inclúe unha colección de obras portuguesas e brasileiras e números moi antigos de xornais e revistas galegas.

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 de abril de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Desfarémonos no medio do amor e non…" pertencente ao poemario *Tanxerina*, de Mario Regueira.

Regueira, Mario, "Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "TANXERINA, como hei de carpir…", de Mario Regueira.

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro 2008, p. 32.

Sección que acolle a composición poética "E había tantos mundos a construír como cada area,…", incluida en *Tanxerina* (2006), de Mario Regueira.

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 novembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento da obra poética *Tanxerina* (2006), de Mario Regueira.

Regueira, Mario, "Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2008, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento da obra poética *Tanxerina* (2006), de Mario Regueira.

Regueiro, Raúl, "Os mortos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 outubro 2008, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema "Os mortos" de Raúl Regueiro.

Reixa, Antón, "Creación emerxente", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 febreiro 2008, p. 11.

Fai un repaso cultural das súas últimas semanas e salienta o elevado número de actividades e publicacións que se realizan ao redor da cultura galega. Dá conta dalgunha destas novidades e comenta que a nova cultura galega de creación e de expresión é "sorprendente" nestes tempos de tanto caos e barbarie.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 agosto 2008, p. 33.

Acóllese nesta sección o poema intitulado "Xunto a ti descubrín que outra vida é posible" de *Látego de algas*, de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Xunto a ti descubrín que outra vida é posible", da obra *Látego de algas*, de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle o poema intitulado "Quererte é planificar a ansiedade" do libro *Látego de algas*, de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 agosto 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema intitulado "QUERERTE É PLANIFICAR A ANSIEDADE" da obra *Látego de algas*, de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 decembro 2008, p. 28.

Nesta sección fixa acóllese o poema "UNHA LONGA XORNADA LABORAL", da obra poética *Látego de algas*, de Antón Reixa.

R. G., "Huellas ferrolanas de la emigración gallega en Cuba", *Diario de Ferrol*, 3 febreiro 2008, p. 72.

Refírese a que a xornalista cubana Ángela Oramas acaba de publicar o libro *Galeg@s da Habana*, no que mostra un estudo sobre a presenza galega na illa. Así mesmo, salienta que Oramas ten en conta a varios escritores ferroláns, sobre todo, a José Fontenla Leal relacionado coa estrea do himno galego.

Ribadulla, Marta, "Internet lanza la primera enciclopedia universal totalmente escrita en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 xullo 2008, p. 41.

Infórmase brevemente da incorporación da Enciclopedia Galega Universal ao contorno web a través da páxina www.egu.es. Dise que a iniciativa, desenvolvida por Ir Indo Edicións co apoio da Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, conta con máis de duascentas mil entradas e un corpus de contidos que dun xeito ou outro, ben a través da súa orixe, ben pola óptica dende a que se tratan, relaciónanse coa cultura galega. Explícase que a enciclopedia conta cun servizo de actualización permanente; a posibilidade de consulta en galego, castelán, inglés ou portugués; e un amplo abano de recursos multimedia, coma as súas máis vinte mil ilustracións, imaxes animadas, documentos audio-visuais e xogos. Engádese que a inclusión dunha opción de lectura en voz alta abre ademais o seu uso ás persoas con discapacidade.

Rico, M. J., "Os meus libros son unha saída a unha preocupación profunda", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS", "Cultura", 18 xaneiro 2008, p. 17.

Comenta que Luísa Castro participou cunha conferencia no curso de narrativa "Torrente Ballester", na que salientou que a súa escritura vai ligada á súa vida pero sen sentimentalismos nin intimismo. Tamén apunta que a escritora considera que abriu unha nova etapa despois da obra *Viajes con mi padre* e destaca que agora ten unha maior conexión co lectorado.

Rico, María Jesús, "El Ministerio de Cultura entregó en el Jofre los galardones a los mejores creadores de 2007", *Diario de Ferrol,* "Ferrol", "Premios Nacionales", 30 marzo 2008, p. 2.

Coméntase a entrega dos Premios Nacionales convocados polo Ministerio de Cultura nun acto que ten lugar no Teatro Jofre de Ferrol, presentado polo ministro de cultura César Antonio Molina. Dise que a representación galega dos premios son Manuel Vilariño como fotógrafo e Rubén Ruibal como dramaturgo. Tamén se informa de como se desenvolve este acto cultural.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 marzo 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa "O TEMPO NO ESPELLO", composición poética da obra de Pedro Rielo intitulada *As palabras furtivas* (2006).

Rielo, Pedro, "A idade dos poetas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 outubro 2008, p. 37.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "A idade dos poetas" de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "de 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 outubro 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "O leite morno sobre a mesa da cociña,…" da obra *As palabras furtivas* (2006), de Pedro Rielo.

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2008, p. 47.

Sección fixa na que se acolle nesta ocasión "Perfume", poema de *O adeus do vello mariñeiro* (2007), de X. H. Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X.H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 de maio de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Encontro" pertencente ao poemario *O adeus do vello mariñeiro*, de X.H. Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X. H., "de 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 setembro 2008, p. 32.

Sección que acolle o poema "Silencio" pertencente ao libro *O adeus do vello mariñeiro* (2007), de X. H. Rivadulla Corcón.

Riveiro, Elvira, "en A_Fontanela (nº 0)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 agosto 2008, p. 29.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética intitulada "FARENHEIT 451", de Elvira Riveiro, publicada na revista *A Fontanela* nº 0.

Riveiro Tobío, Elvira, "de 'Andar ao leu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección unha composición poética de *Andar ao leu* (2005), de Elvira Riveiro Tobío, intitulada "O MEDO".

Rivero, Marta, "Una poetisa que emigró de Cuba con su musa a cuestas", *Faro de Vigo*, "Vigo4costados", 22 xaneiro 2008, p. 7.

Comenta que a escritora Elba Torres vai impartir un taller literario de poesía en Vigo, proposto pola Federación Galega de Asociacións de Inmigrantes e indica que está a traballar noutro proxecto no que traducirá os seus poemas ao galego, principalmente, aqueles versos que tratan de Galicia e de Vigo.

R. L., "Rosalía 21' actualiza en clave de jazz as poesías da escritora e poetisa de Padrón", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 12 marzo 2008, p. 71.

Fai referencia ao espectáculo *Rosalía 21*, ideado por Abe Rábade e coa voz de Guadi Galego e de Anxo Angueira. De seguido, explica que o traballo ten como obxectivo a renovación estética da temática rosaliana e comenta que a estrea do espectáculo se fixo na clausura da Feira Internacional do Libro da Habana, coa colaboración especial de Pablo Milanés. Por último, achega a reivindicación de Abe Rábade sobre a figura de Rosalía de Castro.

R. L., "Encerrada no paraíso da cociña", *El Progreso*, "Vivir", 6 outubro 2008, p. 73.

Refírese á novela xaponesa, *Kitchen*, de Banana Yoshimato, unha novela da que salienta a súa aparente sinxeleza e que amosa a historia de amor e tenrura entre Yuichi e Mikage, esta última unha moza que atopa acougo ás súas penurias nunha cociña. Indícase que na novela se ofrecen moitos elementos da literatura xaponesa, fascinante para os alleos a esta cultura, e que, de feito, foi todo un éxito en Xapón.

R. L., "Un creador para a eternidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 outubro 2008, p. 58.

Lembranza persoal do autor Ramiro Fonte con motivo do seu recente falecemento. Lémbrase o día que o autor do artigo pasou con el en Pontedeume percorrendo a súa paisaxe con outros amigos como César Antonio Molina. Tamén se pon de relevo a publicación en 2007 dunha triloxía narrativa, *Vidas de infancia,* que o autor dedicou á súa vila natal e que está baseada nas súas memorias.

R. L., "El Centro de Formación de Profesores inicia los encuentros con escritores", *El Ideal Gallego*, "A Coruña ciudad", "Educación", 23 novembro 2008, p. 11.

Dá noticia de que o Centro de Formación de Profesores da Coruña organiza os V Encontros con Autores cunha charla do escritor Agustín Fernández Paz. Tamén se comentan os obxectivos e temas destes encontros.

Robles González, Manuel, "Roquiño do Monte", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 22 agosto 2008, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Robles González (82 anos) intitulado "Roquiño do Monte".

Rodil, Juan, "Los editores, sorprendidos por la demanda de obras en gallego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 febreiro 2008, p. 76/"La gran demanda de libros en gallego sorprende en la feria de La Habana", *La Opinión*, 17 febreiro 2008, p. 75.

En palabras do presidente da Asociación Galega de Editores, Alfonso García Sanmartín, salienta a boa acollida do libro galego na XVII Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que os editores galegos queren con esta feira darse a coñecer e fai referencia á situación actual do libro galego. Indica que aumentou moito o número de editoriais e ve algo negativo que o sector dependa moito do libro de texto e mais da literatura infantil e xuvenil.

Rodil, Juan, "Rivas habla de una cultura menos resabiada en Cuba", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 febreiro 2008, p. 67/"Alimento da resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 febreiro 2008, p. 39.

Informa da participación de Manuel Rivas na Feira Internacional do Libro da Habana, onde o escritor salientou a relación "cálida" que os cubanos manteñen cos libros e coa lectura, pois ven a literatura como un xeito de información e de refuxio. Ademais, indicou que alí onde están os libros é onde deben estar os escritores, nese espazo de liberdade. Por último, comenta que xunto a Manuel Rivas outros escritores asistentes foron Víctor Freixanes e Cesáreo Sánchez e sinala que a Cátedra de Cultura Galega da Habana ofrece encontros entre estudantes e poetas, ilustradores e narradores.

Rodríguez, Alfonso, "De 'Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 marzo 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético da obra de Alfonso Rodríguez intitulada *Subir ao faiado* (2004).

Rodríguez, Alfonso, "Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "vivo nun lugar …" pertencente ao poemario *Subir ao faiado*, de Ana Romaní.

Rodríguez, Alfonso, "De 'Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 novembro 2008, p. 29.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético da obra de Alfonso Rodríguez intitulada *Subir ao faiado* (2004).

Rodríguez, Ana, "El instituto Torre vuelve a criticar el trato del BNG al faro", *La Opinión*, "A Coruña", 7 febreiro 2008, p. 7.

Coméntase a crítica que fai o Instituto de Estudios Torre de Hércules polo trato que o BNG, segundo se di, dá á candidatura da Torre de Hércules como patrimonio da humanidade. Dise que se critica sobre todo a Concellería de Turismo coruñesa pero que se felicita a Isaac Díaz Pardo polo deseño do novo logotipo da candidatura.

Rodríguez, Ana/ **M. M.**, "A historia fai xustiza a Curros Enríquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 8 marzo 2008, p. 48/**Rodríguez**, Ana, "O Curros da Marola", *La Opinión*, "A Coruña", 8 marzo 2008, p. 14.

Informa que o presidente da Fundación Curros Enríquez abriu os actos de homenaxe ao escritor no centenario do seu pasamento. Indica que o primeiro acto tivo lugar no cemiterio de Santo Amaro da Coruña e que a este lle seguiron outras celebracións: unha ofrenda floral, a lectura dos seus poemas, o acto da Real Academia Galega, etc. Posteriormente, dá conta dos actos celebrados en Celanova e Ourense. En columna á parte, comenta que unhas nove mil persoas visitan cada ano a casa natal de Curros Enríquez e explica os proxectos que levará a cabo a Fundación.

Rodríguez, Ana, "Curros Enríquez vuelve a prestar sus versos a las cantigas gallegas", *La Opinión* , "A Coruña", 10 xuño 2008, p. 12.

Fálase sobre a montaxe "Na frente unha estrela" que se inclúe nos actos de conmemoración do centenario da morte de Manuel Curros Enríquez, na que o barítono Antón de Santiago e a mezzosoprano María José Ladra interpretarán algunhas das composicións do poeta celanovés coa música dos mestres Chané, Montes e Baldomir.

Rodríguez, Ana, "Rivas e Jaureguizar presentarán os seus novos libros en Palexco", *La Opinión*, "A Coruña", 30 novembro 2008, p. 15.

Coméntase que na edición da Feira Galega das Industrias Culturais, Cultur.Gal 2008, participan Manuel Rivas, Teresa Moure e Santiago Jaureguizar para presentar os seus novos traballos. Tamén se anuncian as diversas actividades relacionadas coa literatura galega que se desenvolverán na feira como o programa "Falemos de libros", con conversas con autores e autoras galegos como Yolanda Castaño, Xurxo Souto ou Rosa Aneiros.

Rodríguez, C., "Deus na poesía galega e portuguesa", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 696, 17 febreiro 2008, p. 7.

Preséntase moi brevemente ao poeta e relixioso galego Vitorino Pérez Prieto, dando conta dos seus títulos máis importantes e algunha nota biográfica. A continuación, pásase á presentación do seu último título, *Os ríos pasan cheos de Deus* (2007), unha escolma de poesía galega e portuguesa publicada por Toxosoutos (colección "Nume") e que ten como núcleo articulador o contido relixioso. Tamén se alude a algúns dos autores incluídos na obra, como Afonso X, Guerra Junqueiro ou Marica Campo, e ás partes das que aquela consta.

Rodríguez, R., "Antón Dobao, o tradutor de imaxes", *Galicia Hoxe* , "*Lecer*", n.º 727, "O Personaxe", 21 setembro 2008, contracuberta.

Destácase a faceta de Antón Dobao como director de cine e a rodaxe que acaba de

comezar d'*O club da calceta* inspirada na obra homónima de María Reimóndez, enmarcada dentro do seu proxecto "Un mundo de historias", no cal busca converter en imaxes algunhas das obras da literatura galega contemporánea máis representativas. Tamén se destacan as súas facetas de lingüista, guionista e profesor en Xornalismo.

Rodríguez, Xosé, "Una biblioteca de altas miras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 3 xaneiro 2008, p. 5.

Comenta que a Biblioteca Xoán XXIII abrirá as súas portas ao público en pouco tempo. Informa da visita do presidente da Xunta e o Ministro de Cultura ás instalacións e salienta que a biblioteca albergará sesenta mil títulos, aínda que ten capacidade para trescentos mil. Así mesmo, indica que contará con dezasete mil publicacións periódicas e cento corenta mil documentos audiovisuais. De seguido, dá conta das dificultades de levar a cabo o proxecto e da distribución do edificio.

Rodríguez Cabanas, María Francisca, "O reloxo da avoa", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 13 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por María Francisca Rodríguez Cabanas (77 anos) intitulado "O reloxo da avoa".

Rodríguez Rañón, Xosé Carlos, "Pepe, o motorista", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 18 agosto 2008, p. 33.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Carlos Rodríguez Rañón (35 anos) intitulado "Pepe, o motorista".

Roel Villanueva, Antón, "No día do libro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 23 abril 2008, p. 32.

Comenta que o Día do Libro as árbores de Pontevedra estaban ateigadas de exemplares de moitos títulos literarios que a xente collía e lía por calquera parte da cidade. Dá conta dalgunhas das obras como *Trasno*, de Agostiño Ortela, *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda, *Os Bolechas*, de Pepe Caseiro, etc.

Romaní, Ana, "De 'Pensando nelas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 de maio de 2008, p. 32.

Nesta sección fixa acóllese o poema "CAMIÑAN DESCALZAS POLAS ROCHAS, …" pertencente ao poemario *Pensando nelas*, de Ana Romaní.

Romero, Javier, "Intelectuales piden el rescate de la casa de Pedrayo y Risco", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 13 novembro 2008, p. 4.

Indícase que Víctor Freixanes, co gallo da presentación dun convenio entre a Deputación de Ourense e a Fundación Trasalba, afirmou que sería interesante que as institucións públicas adquirisen o inmóbel da cidade de Ourense no que naceron Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo para convertelo nun lugar de referencia da Xeración Nós do mesmo xeito que a Casa-Museo de Rosalía de Castro en Padrón. Finalmente, apunta que lle consta que o presidente da Deputación de Ourense está interesado neste proxecto.

Romero, Javier, "La Diputación rechaza comprar la casa de Pedrayo y Risco", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 14 novembro 2008, p. 9.

Infórmase de que despois do chamamento público realizado onte por parte de Víctor Freixanes, no que se pedía que as institucións públicas adquirisen o inmóbel onde naceron Vicente Risco e Otero Pedrayo, a Deputación de Ourense descarta ser o único investidor que participe neste proxecto cultural. Explícase que a Deputación solicita a participación do Concello de Ourense e mais da Xunta de Galicia, dado que só un dos pisos custa 180.000 euros.

Romero, Javier, "Tributo al embajador de Auria", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 2 decembro 2008, p. 16.

Coméntase, con abondoso apoio fotográfico, o tributo que se lle vendeu a Eduardo Blanco Amor no cemiterio ourensán de San Francisco, co gallo do aniversario do seu falecemento. Indícase que ao acto asistiu alumnado dos IES Blanco Amor e das Lagoas, escritores como Marcos Valcárcel, Marita Bóveda e Luís González Tosar, así como representantes do Concello de Ourense, da Deputación de Ourense e mais da Xunta de Galicia.

Romero, L., "Moreda y Piñeiro inauguran una muestra sobre el centenario del himno gallego", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 11 setembro 2008, p. 22.

Anúnciase a inauguración da exposición "A nosa voz, cen anos do himno de Galicia" na Casa da Cultura Cuartel Vello de Rianxo. Dise que a organiza a Fundación Iniciativas 21 en colaboración coa Deputación da Coruña e que se recollen diversos materiais relacionados co autor do himno, Eduardo Pondal, e da súa música, Pascual Veiga, entre eles material gráfico e audiovisual referente á súa interpretación, por primeira vez, no Gran Teatro Nacional da Habana.

Romero, Lucía, "El Concello contrata la reforma exterior de las casas de Dieste y Manuel Antonio", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", 3 decembro 2008, p. 25.

Dise que o Concello de Rianxo traballa na constitución da Academia Literaria, un proxecto co que pretende converter en museo as casas de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e aclárase que é unha vella aspiración do Goberno local e de intelectuais como Xosé Luís Axeitos, Xesús Alonso Montero e Isaac Díaz Pardo. Tamén se engade que queren crear outros espazos como un centro de investigación dedicado aos escritores rianxeiros e promocionar turisticamente a vila en base á importancia que tivo como berce dalgúns dos literatos máis importantes da comunidade galega.

Romero, Lucía, "La justicia permite la entrada a la casa de Castelao para iniciar su declaración BIC", *Diario de Arousa* , "O Barbanza", "Comarca", 11 decembro 2008, p. 24.

Coméntase que a xustiza permítelle xa á Dirección Xeral de Patrimonio acceder á casa natal de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en Rianxo para comprobar o seu estado e iniciar a súa declaración como Ben de Interese Cultural. Dise que deste xeito podería completarse o proxecto do Concello da Academia Literaria ao converter en museos a casa de Castelao e a de Rafael Dieste.

Romón, Manuel M., "de 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 agosto 2008, p. 33.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "e se non vés…" do poemario *Poesía barata* (2006), de Manuel M. Romón.

Rozados, Lara, "Fina Robbe-Grillet, un revolucionario da novela cuxo eco chegou a Galiza", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21-27 febreiro 2008, p. 37.

Informa do falecemento do escritor francés Alain Robbe-Grillet, impulsor das novidades narrativas dos anos cincuenta e que influíu tamén na literatura galega. Dá conta da súa traxectoria literaria e a partir de aquí explica a evolución e o significado deste autor na Nova Narrativa Galega, en palabras de Manuel Forcadela e Xosé Luís Méndez Ferrín. Por último, achega as opinións de María Xosé Queizán, quen afirma que a influencia do *Nouveau Roman* na literatura galega non foi tan estendida.

Rozados, Lara, "A poesía 'salvaxe' toma as rúas de Ferrol", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "Cultura", 17-23 abril 2008, p. 38.

Dise que "A Palabra Encarnada. I Semana de Poesía Salvaxe" de Ferrol ten o obxectivo de levar a arte aos espazos cotiáns, ademais de mesturar diversas artes, dende a interpretación, pasando pola poesía e a oralidade. Coméntase que a iniciativa bota a andar co ferrolán Guillermo Fernández e con Carlos Gómez "Karlotty". Tamén se di que participan o escritor Camilo Franco e o músico Magín Blanco, co seu espectáculo poético musical "Palabras contadas".

Rozados, Lara, "A derradeira vez de Rubén García sobre as táboas", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 10 outubro-5 novembro 2008, p. 26.

Coméntase o falecemento do director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Rubén García, e o acto de soterramento que tivo lugar na súa vila natal, Ribadavia. Destácanse os numerosos premios que recibiu ao longo da súa dilatada carreira, como o recente Premio de Honra Marisa Soto nos Premios María Casares de Teatro, e detállase a súa traxectoria vital e profesional.

Rozados, Lara, "Pavese e o oficio de vivir", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 6-12 decembro 2008, p. 24.

Lémbrase, no centenario do seu nacemento, ao escritor Cesare Pavese. A través da súa obra mestra, *Il mestere di vivere*, cuxa tradución, *O oficio de vivir*, foi levada a cabo por Xavier Rodríguez Baixeras e Galaxia, na colección "Clásicos Universais", réndeselle homenaxe no seu aniversario. Sinálanse tamén outras traducións ao galego de obras do autor: *O demo sobre os arteiros* (1989) e algúns poemas recollidos en *Virá a morte e terá os teus ollos*, traducidos por Moisés Barcia para o n.º 23 da revista *O Ollo público*.

Rozados, Lara, "Con esta Bienal enterramos o provincianismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 6-12 novembro 2008, p. 26.

Anúnciase a IIª edición da Bienal "De Pedra e Palabra", organizada polo Pen Clube de Galicia, que pretende afondar nas literaturas africana e oriental e cumprir os obxectivos fundamentais da entidade: a liberdade de expresión dos escritores e escritoras e a proxección exterior da literatura galega. Destácase a presenza da directora xeral do Pen Clube Internacional Carolina MacCormick e o discurso de clausura ofrecido por Xosé Luís Méndez Ferrín.

Rozados, Lara, "O encontro de Galeuska critica a involución lingüística", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 26.

Sinálase que na XXV edición do encontro de escritores galegos, cataláns e vascos organizado en Valencia pola Federación de Asociacións de Escritores "Galeuzca" houbo un intenso debate sobre as relacións entre a literatura e as paisaxes do eu e sobre a necesidade de traballar na procura da normalidade nun contexto de adversidade sociolingüística, cultural e política. Dise que, entre os escritores galegos que participaron, estaban Xavier Queipo, Agustín Fernández Paz e Antía Otero, entre outros.

Rozados, Lara, "Libros, música e imaxe na gran cita da industria cultural", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "Cultura", 4-10 decembro 2008, p. 39.

Dise que este ano a feira Cultur.Gal se instala no Pazo de Exposicións e Congresos (PALEXCO) da Coruña co obxectivo de pór en contacto o público coa oferta e os diferentes sectores entre si. Dentro dela dise que ten lugar un dos eventos editoriais do

ano, xa que se expoñen algunhas das novidades máis representativas da literatura galega actual. Tamén se informa que se desenvolven varias actividades de dinamización da lectura e da lingua galega, contacontos, teatro e o mundo da edición.

Rozados, Lara, "Lecturas de nadal, da poesía ao xornalismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "Cultura", 12-24 decembro 2008, p. 26.

Salienta entre as novidades editoriais obras de ensaio como *Exóticas e escritos xornalísticos*, de Sofía Casanova; *O natural é político*, de Teresa Moure; *Antinatura*, de Mª Xosé Queizán; *Un país a medio facer*, de Fran Alonso; e o *Dicionario enciclopedia do pensamento galego*, de Andrés Torres Queiruga e Manuel Rivas García.

Rozados Lourenzo, Lara, "Non hai xeracións, só creadores", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Cultura", 2-8 outubro 2008, p. 24.

Coméntanse as diferentes mesas de debate que teñen lugar no III Encontro de Novos Escritores organizado pola Asociación Galega de Escritoes no Pazo Mariñán. Dise que se recoñece a importancia do autor individual fronte ás xeracións, que o grao de compromiso social dos autores non ten que ver coa idade, que existe a necesidade de facer visíbel a literatura oral popular e que a literatura galega segue a formar parte da inestabilidade política de Galicia e a escribirse nunha lingua minorizada.

Rozas, Ramón, "Na morte dun poeta", *Diario de Pontevedra* , "La vida en un hilo", 18 outubro 2008, contracuberta.

Gabanza emotiva do poeta Ramiro Fonte e da súa obra con motivo da súa morte, lembrando sobre todo que a poesía era para el parte indispensábel dun xeito de pensar, de vivir e de soñar. Dise tamén que a súa obra lírica xira arredor da memoria, do xogo do tempo e do emprego do recordo para medrar dende a infancia até a madureza.

R. P. P., "Unha Comisaría normalizadora", *Diario de Ferrol*, 25 xaneiro 2008, contracuberta.

Dá conta da iniciativa levada a cabo na Comisaría de Ferrol-Narón que participa na campaña "Contos de agardar". Explica que este proxecto consiste en entregar de balde nas comisarías libros que recollen relatos de intriga policial en galego para a xente que teña que esperar a facer as súas xestións. Comenta ademais que os libros non superan as vinte páxinas e que contribúen á normalización da nosa lingua. Así mesmo, dá conta dalgúns títulos das obras e os seus autores.

R. R., Vicente, "Xosé Carlos Gómez Alfaro in memoriam", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 31 maio 2008, p. 48.

A través dunha linguaxe poética e cun abundante léxico mariñeiro, despídese de Xosé Carlos Gómez Alfaro e afirma que a súa voz lírica era a "mellor testemuña" do seu

compromiso coa lingua galega e con Galicia. Destaca tamén a figura do finado coma un ser humano volcado na familia e no seu labor educativo no Colexio PP. Somascos d'A Guarda.

R. S., "Sentido homenaje de los escritores a Díaz Pardo y Fernández del Riego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 13 xaneiro 2008, p. 14.

Sinálase que Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego reciben en Vigo unha homenaxe da asociación de escritores Pen Club de Galicia e os premios que estes lles entregan na súa terceira edición "pola súa constante defensa da liberdade de expresión" e pola súa traxectoria galeguista.

R. S. C., "John Rutherford ingresa na Real Academia Galega", *ABC*, "Galicia", 5 outubro 2008, p. 53.

Coméntase o ingreso na RAG do hispanista inglés John Rutherford como académico honorario. Sublíñase o seu rol de tradutor das obras d'*El Quijote* e *La Regenta* así como de obras de Castelao e Méndez Ferrín. Destácase o seu discurso de ingreso, intitulado "O fermoso sorriso de Daniel", referido á figura do profeta homónimo esculpida no Pórtico da Gloria da catedral compostelá. Xa por último, saliéntanse algúns dos comentarios do profesor ao respecto da retranca do humor galego fronte ao sarcasmo do humor inglés e o feito da cultura galega estar infravalorada polos propios galegos.

R. T., "Sánchez Dragó y Peñafiel, en la II Feira do Libro de Lalín, que pregonará Neira Vilas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 12 abril 2008, p. 68.

Informa da celebración da II Feira do Libro de Lalín que contará coa presenza do escritor Xosé Neira Vilas, como encargado de ler o pregón inaugural. Dá conta doutros escritores que participarán na feira e comenta algunhas das actividades que se levarán a cabo como monicreques, contacontos ou obsequios de lotes de libros.

Ruibal, Arturo, "La lengua es el paisaje", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 392, "Álbum", "Perfil", 13 xaneiro 2008, p. 15.

Fai referencia á escritora Luz Pichel e repasa a súa traxectoria vital. Dá conta dos anos da infancia que pasou en Deza e do posterior traslado a Lugo. Comenta que marchou a Madrid por asuntos de amor e pasou a escribir en castelán até que hai pouco conseguiu expresar os seus sentimentos en galego e publicou *Casa Pechada* (2006), gañadora do Premio Esquío. Así mesmo, explica que volveu empregar a lingua galega no seu poemario *Bestiario do Alén* (inédito) co que retorna á súa infancia.

Ruibal, Arturo, "Entre libros", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 401, "Álbum", "Perfil", 9 marzo 2008, p. 23.

Resume de xeito subxectivo a biografía de Luis Rei. Comenta que foi un rapaz cunha infancia común, que viviu en Santiago e Pontevedra e que agora está a dirixir a área de cultura na Televisión de Galicia. Tamén comenta cales son os autores preferidos de Rei e salienta algunhas obras como *A ronda invisible* (2000), *A rota dos adeuses* (1989), *Expediente Artieda* (Premio Xerais 2000), *Colección de bolboretas* (1993) ou *Toda a vida* (2006). Remata facendo referencia á súa última obra, *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007).

Ruiz, Eduardo, "Restos doutro tempo", *Galicia Hoxe* , "MARÉ", 21 marzo 2008, p. 31.

Coméntase o argumento da obra de Emilia Pardo Bazán *Os pazos de Ulloa*, destacando a súa relativa vixencia como retrato da decadencia dunha clase social nun pazo perdido no máis profundo de Galicia no século XIX. Dise que é unha novela naturalista que disecciona con gran precisión a baixa nobreza decimonónica, converténdose nun cadro da época de innegábel valor cuns personaxes perfectamente trazados.

Ruiz, Rosa, "O CCG fala dun día histórico pola dixitalización dos fondos da emigración galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 16 febreiro 2008, p. 67.

Informa sobre o convenio de colaboración que asinaron a Xunta de Galicia e o Consello de Cultura Galega coa institución cubana que garda os fondos da emigración galega, para dixitalizar nun período de dous anos todos os documentos relacionados coa emigración.

Ruiz, Rosa, "As editoriais venden máis aquí nun día que nunha feira en Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 febreiro 2008, p. 64.

Refírese aos comentarios de Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores, sobre a participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que os editores galegos xa levan vendidos seis mil libros e que o público que se achega ao posto é do máis variado. Tamén salienta o interese por libros de literatura infantil e xuvenil e afirma que xa se esgotaron exemplares de obras de Ramón Villares e Fina Casalderrey.

Ruiz, Rosa, "El Ministerio de Cultura destaca en La Habana 'la fuerza creativa que tiene Galicia", *El Progreso*, "Vivir", 18 febreiro 2008, p. 80.

Comenta a participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana e achega as palabras do director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Rogelio Blanco, quen salienta a produción editorial de Galicia e celebra a forza creativa do país. Así mesmo, compara a participación galega coa asistencia de Cataluña e Andalucía á Feira do Libro de Guadalajara e indica que a comunidade galega aspira a ser a próxima convidada na feira mexicana de 2010.

R. V., "María do Ceo recoge en su nuevo CD poemas de autores de Celanova", *El Correo Gallego*, "Cultura", 27 xuño 2008, p. 75.

Preséntase o novo traballo da cantante María do Ceo, *No bico un cantar*, un disco-libro no que interpreta dezaseis poemas de autores galegos como Manuel Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro.

Saá, Ana, "Francisco Castro fala de liberdade e soños en 'As palabras da néboa", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 29 febreiro 2008, p. 60.

Informa da presentación do novo libro de Francisco Castro, *As palabras da néboa* (2007), na Casa do Libro de Vigo. Comenta o autor que se trata dunha obra ambientada na Galicia do século XVI, onde os personaxes buscan a liberdade a través da lectura. Tamén comenta que esta obra resalta o poder dos libros prohibidos.

Saavedra, Paula, "Yolanda Castaño será la pregonera del 'X Encontro do Millo Corvo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Bueu", 9 marzo 2008, p. 17.

Explica que a poeta Yolanda Castaño vai ser a encargada de ler o pregón que dá inicio á décima edición do Encontro degustación do Millo Corvo.

Safo, "Arriba…", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 de maio de 2008, p. 46.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Arriba a arquitrabe …", de Safo de Lesbos.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 marzo 2008, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Sei que non son pousada...", da obra poética *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Vén, que che coma o corazón" pertencente ao poemario *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 de abril de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "EU SON A FINALD A VIAXE" pertencente ao poemario *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 de maio de 2008, p. 30.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Deséxante pero es meu …" pertencente ao poemario *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "de 'a olada de astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 agosto 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética intitulada "POUSADA", pertencente ao poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "de 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 setembro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa a composición poética intitulada "NON desfixen a chuvia sen motivo,…", pertencente ao poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salgado, D., "Abe Rábade y Anxo Angueira revisan en clave jazz a Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 marzo 2008, p. 7.

Fai referencia ao proxecto levado a cabo por Anxo Angueira, no que realiza unha homenaxe a Rosalía de Castro. Sinala que leva por título *Rosalía XXI* e que a parte musical correu a cargo do grupo de jazz de Abe Rábade e de Guadi Galego. De seguido, explica que o traballo consta de tres partes (o disco, o espectáculo e un libro de ensaios) e comenta que a estrea se fixo na clausura da Feira Internacional do Libro da Habana.

Salgado, Daniel, "Sobre el oficio de Gutenberg", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 xaneiro 2008, p. 8.

Informa que o mundo da imprenta vai contar cunha sala fixa no Museo do Pobo Galego que levará por título "Da imprenta. Dos impresores e encadernadores. Do libro e da prensa". Explica que a exposición recolle a historia da imprenta en Galicia e dá conta das primeiras impresións galegas, en cidades como Santiago, Ferrol, Lugo, Tui, etc. Tamén indica que a primeira obra publicada integramente en galego foi *Cantares gallegos* (1863). Por último, informa que a exposición ten dedicada unha sección á prensa galega e refire que a primeira publicación periódica en galego foi *O Tío Marcos da Portela* (1989).

Salgado, Daniel, "La división de los accionistas impide destituír a Díaz Pardo en Sargadelos", *El País*, "*Galicia*", 24 xaneiro 2008, p. 2.

Coméntase como se desenvolveu a xuntanza de accionistas de Sargadelos na que tras catro horas de discusión os accionistas maioritarios non lograron destituír a Isaac Díaz

Pardo do seu cargo como así se pretendía. Tamén se informa das múltiples mostras de apoio a Díaz Pardo que simultaneamente tiñan lugar fóra da reunión.

Salgado, Daniel, "Pertinencia de Castelao", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 febreiro 2008, p. 7.

Achega as valoracións de diferentes intelectuais galegos ao redor das consideracións críticas sobre a obra de Castelao. Antón Baamonde, Xosé Luís Axeitos, Helena González, Camilo Franco e Manuel Outeiriño dan a súa opinión sobre a obra do rianxeiro e informan que a Fundación Castelao e a Consellería de Cultura van compilar e dixitalizar todo o legado de Castelao. Tamén fan referencia á súa obra pictórica, salientan a obra *Cousas* como "o libro pioneiro do microrrelato", falan do Castelao ensaísta e da súa figura tomada como unha icona de Galicia.

Salgado, Daniel, "Galicia en La Habana", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 febreiro 2008, p. 6.

Dá conta da participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana e achega as diferentes actividades que se van levar a cabo. Indica que no acto inaugural intervirá Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, coa conferencia "Una cultura para un país", e que tamén se realizará a presentación dos libros *16 poemas para Ernesto Che Guevara contra a súa morte* e o *Dicionario de mulleres galegas*. Así mesmo, apunta o nome dalgúns escritores que farán acto de presenza na Habana e indica que no recinto feiral haberá tres exposicións (do libro, de historia e de literatura).

Salgado, Daniel, "Galicia retorna al Gran Teatro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 febreiro 2008, p. 8.

Faise eco da apertura de dúas exposicións de arte galego dentro da Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que no teatro García Lorca foi inaugurada a mostra "Mapas creativos. Novos nomes da arte galega", dirixida por Xosé Manuel Lens. A segunda exposición destacada é "Outra xeografía. Arte desde Galicia", na que se repasa a escultura e pintura galegas dos últimos corenta anos.

Salgado, Daniel, "La Habana de Neira Vilas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 febreiro 2008, pp. 8-9.

Describe a viaxe de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda dende o aeroporto de Cuba até as instalacións da Unión Nacional de Escritores e Artistas de Cuba, para participar na XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana. Achega as lembranzas que durante ese traxecto viviron o matrimonio de escritores galego-cubano e salienta o traballo levado a cabo por Neira Vilas e Miranda durante a emigración.

Salgado, Daniel, "Un 'galleguito cubano", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 febreiro 2008, p. 9.

Dá conta do acto de inauguración da XVII Feira Internacional do Libro da Habana, na que Galicia é a convidada de honra. Nomea as personalidades que participaron no acto e salienta a presenza de Fidel Castro, quen comentou que se sentía como "un galleguito más". Por último, achega as palabras da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen valora a benvida ofrecida por todos os cubanos.

Salgado, Daniel, "La cultura cierra filas con la Xunta", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 febreiro 2008, p. 12.

Fai referencia á presentación da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, do balance positivo da participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana. Comenta que nunca antes se fixera unha proxección exterior da cultura galega tan ampla e agradece a todos os sectores a colaboración. De seguido, achega os comentarios dos presidentes das diferentes entidades que participaron na Habana como o Consello da Cultura Galega, a Universidade de Santiago, a Asociación Galega de Editores, a Asociación de Escritores, etc.

Salgado, Daniel, "Biodiversidade editorial", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 febreiro 2008, pp. 8-9.

Comenta que as pequenas editoras galegas na actualidade se enfrontan a unha situación incerta, xa que o volume de títulos editados diminuíu. Achega as opinións dalgúns editores que consideran que o mundo de internet abre camiños na edición e chámalles a atención o feito de que non exista unha empresa exclusivamente de edición electrónica. Tamén comenta que moitas editoriais naceron a partir das imprentas, como o caso de Toxosoutos ou Tris-Tram e mostra outra das opcións editoriais que é a escollida por Amastra-n-gallar, que se dedica á edición non venal de poetas e filósofos contemporáneos. Finalmente, achega as opinións dos editores Tomás González Ahola, de Urco Editora; de Xavier Paz, de Difusora de Letras, Artes e Ideas; de Francisco Macías, de Edicións Positivas; e de Moisés Rodríguez Barcia, de Rinoceronte Editora.

Salgado, Daniel, "O Estado contra Curros", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 marzo 2008, p. 7.

Alude ao proceso xudicial en que se viu implicado Manuel Curros Enríquez tras a publicación da obra, *Aires da miña terra* (1975). Analiza todo o proceso e achega as dificultades que tivo que superar polas acusacións recibidas.

Salgado, Daniel, "Cultura destina 9 millones a promoción de la lectura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 marzo 2008, p. 7.

Infórmase da constitución do Consello Asesor do Libro, órgano creado pola Consellería de Cultura para trazar as liñas de promoción da lectura e das bibliotecas. Unha desas

liñas foi a posta en marcha da web "Praza das letras", que pretende ser, en palabras de Luís Bará, Director Xeral de Creación, "o aglutinador na Rede das diferentes accións que a Consellería leve adiante para desenvolver o Plan de Fomento do Libro e a Lectura."

Salgado, Daniel, "De 'Ofensiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 setembro 2008, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Ser de esquerdas…", de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, "Literatura do estrañamento", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 novembro 2008, p. 6.

Faise unha achega á chamada Nova Narrativa Galega que se desenvolveu nos anos sesenta con autores como Xosé Luís Méndez Ferrín ou María Xosé Queizán. Analízanse as diferentes temáticas e técnicas narrativas a través das obras e autores máis relevantes que conforman a xeración daqueles anos e conclúese coa idea de que o rastro desta escrita permanece, aínda que con dificultades, na prosa galega contemporánea.

Salgado, Daniel, "As artes en tempos sombrizos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 novembro 2008, p. 7.

Trátase dunha reflexión de Alberto Lema sobre os efectos que a crise económica ten sobre o mundo das artes, como o cinema ou a literatura, e ofrécense as opinións dalgúns escritores e escritoras galegos relevantes como Miguel Anxo Fernán-Vello ou Chus Pato. Dise que xeralmente se producen recortes nos orzamentos destinados ás artes e que os artistas reflicten a súa propia visión da crise nas súas obras.

Salgado, Daniel, "Libros para un inverno", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 decembro 2008, p. 7.

Coméntase a campaña de Nadal das librarías e editoriais galegas e faise un percorrido polos títulos que saen á venda. Dise que a principal oferta de títulos segue sendo a narrativa, con obras como *Memorias de cidades sen luz*, de Inma López Silva, ou *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela, as traducións como *Mil cretinos*, de Quim Monzó, ou *Mal de Escola*, de Daniel Pennac. Tamén se nomean outras novidades en poesía e ensaio dentro doutras editoriais como Espiral Maior ou A Nosa Terra.

Sampedro, Xoán R., "Os 'sen editorial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2008, p. 28.

Coméntase a iniciativa do colectivo Estaleiro Editora que naceu en 2006 coa intención de publicar na rede obras sen ánimo de lucro para os autores nin para a editora por medio de licenzas Creative Commons, como un convite ao uso creativo e comunitario das creacións. Dise que a primeira desas obras é *Plan de fuga*, de Alberte Lema, e a seguinte é *Fume/Insomnio* con dúas obras teatrais, unha de Carlos Losada e outra de Rubén Ruibal, Premio Nacional de Literatura Dramática 2007.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 decembro 2008, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "A palabra lúa nace dunha debilidade que se presente...", da obra poética *Hoxe, que vén o vento do sur* (2006), de Miguel Sande.

Sanjurjo, Marta, "Lídia Jorge afirma que la politización de los premios literarios perjudica a las literaturas pequeñas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 xullo 2008, p. 26.

Dise que se celebra na Coruña o "Encontro cidade da Coruña" e que nel ten lugar unha mesa redonda sobre a memoria histórica da narrativa na cal participa a escritora portuguesa Lídia Jorge. Destácase a traxectoria desta autora portuguesa que e como a memoria histórica é tan importante en Portugal.Por último sinálase que tamén hai un recital poético e lectura de textos no Teatro Rosalía de Castro no cal interveñen entre outros Yolanda Castaño, Marica Campo, Lídia Jorge, Manuel Rivas ou Xavier Seoane.

Sanmartín López, Xesús, "¿Fóra ou dentro?", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 10 agosto 2008, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xesús Sanmartín López intitulado "¿Fóra ou dentro?".

Santos, A. de/**Mauleón**, A., "Tiempo de bonanza para el libro gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 23 abril 2008, p. 43/**Santos**, A. de, "Tiempo de bonanza para el libro gallego", *La Opinión*, "Cultura", 24 abril 2008, p. 62.

Con motivo da celebración do Día Internacional do Libro, o presidente da Asociación Galega de Editores, Alfonso García Sanmartín, valora a situación actual do libro galego. Considera que estamos nun momento de recuperación e aumento da facturación e produción, mais lamenta que unha boa parte do libro infantil e xuvenil estea sometido ao sistema escolar. Afirma que un dos retos do sector é a "diversificación" e propón que se achegue a lectura ao fogar. Así mesmo, indica que a principal preocupación é a edición institucional. Por último, en columna á parte, achégase o comentario de tres escritores (Alberto Lema, Héctor Carré e Marta Farias), sobre a experiencia de escribir a súa primeira novela.

Santos, Ágatha de, "Escritores galegos, cataláns e vascos fedéranse para defender o seu oficio", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 xuño 2008, p. 38.

Anúnciase que os escritores cataláns, galegos e vascos constitúen en Tarragona a Federación Galeuzca, que engloba a máis de mil dous centos oitenta creadores literarios,

para defender a profesión e dotarla dun instrumento xurídico de coordinación e acción conxunta. Dise que este acto coincide co vinte e cinco aniversario do encontro anual entre autores das tres comunidades e que leva o mesmo nome.

Santos, Agatha de, "¿Alguien ha leído a Le Clèzio?", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 outubro 2008, p. 41.

Recóllense varias opinións de escritores galegos como Suso de Toro, Luísa Castro ou Xosé Luís Méndez Ferrín acerca da concesión do Premio Nobel de Literatura a Jean-Marie Gustave Le Clèzio coincidindo de xeito case unánime no descoñecemento que os escritores galegos teñen da súa obra.

S. C., "Clausura pasada por agua de la Feria del Libro en la Alameda", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 abril 2008, p. 19.

Informa da clausura da Feira do Libro de Santiago de Compostela e salienta o mal tempo que fixo diminuír a asistencia de público. Dá conta das diferentes actividades que se realizaron durante a semana e cita algúns dos escritores que asistiron á feira: Rafael Lema, Miguel Anxo Murado, Teresa Moure, Antón Dobao, Darío Xohán Cabana e Rosa Aneiros.

Sende, Séchu, "De 'dez por dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 de maio de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Todas as minhas palavras estám vivas." pertencente ao poemario *dez por dez*, de Xosé María Álvarez Blázquez.

Seoane, Xavier, "De 'Vagar de amor e sombra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2008, p. 36.

Sección fixa na que se acolle nesta ocasión un texto de Xavier Seoane, pertencente á súa obra *Vagar de amor e sombra* (2004).

Seoane, Xavier, "De 'Vagar de amor e sombra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A unha filla" pertencente ao poemario *Vagar de amor e sombra*, de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, "A luz máis desexada', de 'Vagar de amor e sombra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 de xuño de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "A luz máis desexada…" pertencente ao poemario *Vagar de amor e sombra*, de Xavier Seoane.

S. F., "Vedra convoca el I Certamen de Cartas de Amor y Desamor", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 xaneiro 2008, p.34.

Infórmase de que o Departamento de Cultura do Concello de Vedra comeza o ano convocando o I Certame de Cartas de Amor e Desamor, dirixido a toda a veciñanza do municipio e a alumnado dos centros do Concello. Coméntanse as categorías que se contemplan, as bases do concurso e en que consiste o premio.

S. G. S, "Caminantes y aspirantes a la pasarela", *Atlántico Diario*, "Vigo en 24 horas", 27 outubro 2008, p. 11.

Dise que o Centro Cultural de Valadares celebra a decimoprimeira edición do Festival de Regueifas e que conta coa presenza dos escritores Xavier Cordal e Antía Otero.

Sigüenza Raimúndez, Xulio, "Tennis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Tennis" de Xulio Sigüenza Raimúndez

Silva, Toni, "Kitchen", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", 22 novembro 2008, p. 11.

Informa da chegada a Galicia e en galego da man de edición Rinoceronte de *Kitchen*, de Banana Yoshimoto, autora chamada recentemente Mahoko Yoshimoto. Destácase que esta novela foi un best-seller en Xapón, superando o medio centenar de edicións.

S. J., "Era un hombre tranquilo que andaba despacio, con boquilla para fumar menos", *El Progreso*, "Vivir", 13 febreiro 2008, p. 63.

En palabras de José Vázquez Cereijo, sobriño de Luís Pimentel, lembra a vida que levou seu tío e salienta a obsesión que tiña por non saír do país. Comenta que foi un home moi tranquilo e ofrece as opinións de Luz Pozo Garza e de Claudio Rodríguez Fer sobre a actitude de Pimentel.

S. J., "Os grupos dramáticos de Lugo agardan que a Casa do Teatro supoña melloras", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 22 maio 2008, p. 79.

Achega as críticas dos representantes de diferentes grupos dramáticos de Lugo que se queixan da falta de infraestruturas axeitadas para os ensaios e as representacións, polo que esixen a construción da Casa do Teatro.

Sobral Iglesias, Antón, "O estaleiro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 13 agosto 2008, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antón Sobral Iglesias (56 anos) intitulado "O estaleiro".

Sotelo Blanco, Olegario, "A cultura, a mellor embaixadora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2008, p. 33.

Resume a súa participación na Feira Internacional do Libro da Habana e salienta o bo papel desenvolvido pola cultura galega. Destaca a alta participación do pobo cubano e a multitude de actividades organizadas pola Consellería de Cultura (exposicións, concertos, conferencias, presentación de libros, etc.). De seguido, fala sobre o labor que desenvolveron os galegos e os seus descendentes na illa de Cuba e pasa a comentar a presenza da súa editorial na Feira. Dá conta dalgunhas das obras que presentou e do interese de moitos escritores. Finalmente, comenta certas críticas como a ausencia do sector dos libreiros ou o tema do investimento económico, e remata agradecendo a participación de Galicia neste evento.

Soutelo Vázquez, María N., "De 'Código poético", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2008, p. 36.

Sección fixa que acolle nesta ocasión o poema "Son un pequeno ditador...", do poemario *Código poético*, de María N. Soutelo Vázquez.

Souto, Paco, "de 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 outubro 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "María asubía…", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

S. U., "Manuel Rivas dará una conferencia na cátedra Casares", *Galicia Hoxe*, "Universidade", n.º 2, "Cultura", 22 xaneiro 2008, contracuberta.

Informa que o escritor Manuel Rivas será o que poña peche ao ciclo Encontros Literarios, celebrados no Liceo de Ourense e promovidos pola Cátedra Casares da Universidade de Vigo. Explica que os encontros contaron con tres sesións e que na última intervirá Manuel Rivas coa conferencia "A corpo aberto".

Suárez, Alba, "Pilar Valiño y Díaz Pardo reciben la Medalla de Oro al Mérito en el Trabajo", *Diario de Ferrol*, "Provincia", 29 xaneiro 2008, p. 23/*El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", 29 xaneiro 2008, p. 9.

Dá conta da entrega da Medalla de Ouro ao Traballo a Isaac Díaz Pardo, que ofreceu o seu discurso de agradecemento cargado de ironía. Indica que ao acto acudiron o presidente da Xunta e o ministro de Traballo.

Suárez, Chelo, "de 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 outubro 2008, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Un asubío." de *Corpo de mar*, de Chelo Suárez.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 novembro 2008, p. 38.

Sección fixa que reproduce nesta ocasión un fragmento do poemario *Corpo de mar*, de Chelo Suárez.

Suárez, Rodri, "A lea coa casa de Castelao, 'Unha viñeta póstuma sobre Galicia", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 decembro 2008, p. 51.

Sinálase que, tras varios anos de conflito inmobiliario para converter a casa de Castelao en Museo e ser declarada Patrimonio Cultural, aínda non hai unha solución clara e dise que isto é síntoma de "falta de autoestima do país" e da falta de conciencia popular para coidar o patrimonio propio.

Sumai, Anxos, "Unha horta de pexegos e xirasois", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 novembro 2008, p. 34.

Trátase do texto literario escollido por Anxos Sumai para a súa intervención no encontro Galeuzca celebrado en Valencia. Nel exprésase de xeito emotivo como foi chegando a autora ao exercicio da escrita e como se alimenta de experiencias vitais para desenvolver a súa imaxinación e a súa creatividade.

Taboada, X. A., "La mayoría accionarial de Sargadelos no logra destituír a Isaac Díaz Pardo", *La Opinión*, "Cultura", 24 xaneiro 2008, p. 61.

Dise que a proposta do grupo maioritario de accionistas de Sargadelos de destituír a Isaac Díaz Pardo do seu cargo de delegado do IGI (Instituto Galego da Información) non tivo efecto polo apoio incondicional do grupo minoritario ao galeguista e recóllense as primeiras palabras deste tras a súa vitoria.

Taladrid, Alba, "Díaz Pardo, testemuña da historia", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 xaneiro 2008, p. 30.

Comenta que o Concello de Oroso lle ofreceu unha homenaxe ao galeguista Isaac Díaz Pardo poñéndolle o seu nome á antiga praza do Concello. Indica que a citada institución quere lembrar a personalidades importantes e a outros artistas que contarán con rúas en Oroso, caso de Manuel Curros Enríquez, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Pondal, Alexandre Bóveda ou Álvaro Cunqueiro. Así mesmo, informa que Díaz Pardo inaugurou a II Exposición da Memoria Histórica e que Xesús Alonso Montero impartiu

a conferencia “As misións pedagóxicas na Segunda República”. Por último, comenta que Díaz Pardo interviu co discurso “Da Segunda República á ditadura franquista”.

Tébar, Roma, “El BNG critica al Concello de Ponteareas por olvidar el aniversario de Bouza Brey”, *Atlántico Diario*, “Metropolitana”, 2 abril 2008, p. 19.

Sinala que o concelleiro do BNG, Nemesio Boente, presentou unha crítica ao goberno de Ponteareas e, concretamente, á Área de Cultura, por esquecerse de celebrar o aniversario do nacemento de Fermín Bouza Brey. Tamén critica o feito de que o Concello leva dous anos sen convocar o premio de investigación “Fermín Bouza Brey”.

Tenreiro, Lucía, “Los restos de Antolín Faraldo siguen en Granada a pesar del acuerdo de traslado”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña/Área metropolitana”, 3 setembro 2008, p. 22.

Indícase que seguen sen ser repatriados dende Granada a Galicia, os restos do ilustre galeguista Antolín Faraldo, Fillo Predilecto da súa vila natal, Betanzos, malia o acordo tomado en 2004. Lémbrase a súa importancia dentro da historia de Galicia, sinalado por outros galeguistas ilustres como Manuel Murguía, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Francisco Fernández del Riego, e tamén se destaca o descoñecemento que da súa figura teñen os seus propios paisanos.

Togores, Xosé María, “De ‘Noites”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 marzo 2008, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado “A ilusión, no amor, é facermos real e perceptíbel ao...”, da obra poética *Noites*, de Xosé María Togores.

Tomé, Irene, “La elección de los internautas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 273, “Libros para el verano”, 2 agosto 2008, p. 10.

Danse os títulos das obras máis recomendadas para este verán polos lectores do xornal a través de internet. Destácanse *As palabras da néboa* (2007), de Francisco Castro; *A vida nova de Madame Bovary*, de Xosé Caneiro; *Herba moura* (2007), de Teresa Moure; e os clásicos como Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Blanco Amor.

Toro, Suso de, “Ramiro Fonte, poeta gallego”, *El País*, “Obituarios”, 12 outubro 2008, p. 50.

Faise unha emotiva lembranza do poeta Ramiro Fonte tras a súa morte, lembrando momentos que compartiu con el, a súa forza como poeta e a temática do tempo como fío en toda a súa obra. Lémbrase por último a triloxía narrativa que recolle as memorias da súa vida dende a infancia.

Torre, Patricia de la,"Calurosas despedidas y triunfo de los estudiosos gallegos", *El Correo Gallego,* "Santiago", "¿Sabía usted que...?", 1 marzo 2008, p.32.

Faise unha referencia á concesión do premio de Ensaio Ferrater Mora 2007 a Óscar Horta pola súa obra *A filosofía moral de J. Ferrater Mora*. Dise que é profesor do Departamento de Lóxica e Filosofía Moral da USC e que recibiu o premio, dotado con seis mil euros, en Girona, e que tamén inclúe a publicación en inglés e castelán.

Torre, Sonia, "Los ourensanos apuestan por el teatro", *El Progreso*, "Vivir. Cultura", 24 febreiro 2008, p. 78.

Dá conta dos datos ofrecidos polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais sobre a boa acollida por parte do público dos espectáculos teatrais. Comenta que o público escolleu como mellor compañía ao grupo La Imagina Machina e o menos valorado foi Nove Dous. Tamén salienta que as puntuacións dependen das provincias e son distintas dependendo da categoría.

Torres, Patricia, "Quintana y Beiras resaltan la figura del galleguista Elixio Rodríguez", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 5 xaneiro 2008, p. 38.

Informa do acto de homenaxe ofrecido a Elixio Rodríguez en Lobios e Celanova, organizado pola Fundación Galicia Sempre e a Asociación Arraianos. Comenta que en Lobios se inaugurou unha praza co nome de Elixio Rodríguez e afirma que foi presentada a reedición da súa obra *Matádeo mañá*. Por último, dá conta da participación do vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e de Xosé Manuel Beiras.

Torres, Raquel, "Lalín tributou homenaxe ao barbeiro a quen un gnomo transformou en Laxeiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 febreiro 2008, p. 78.

Dá conta da homenaxe que se realizou en Lalín para celebrar o centenario do nacemento de Laxeiro. Comenta que no acto estiveron presentes o Ministro de Cultura, César Antonio Molina, xunto á Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo. Así mesmo, achega algunhas palabras de loanza ao artista e indica que outras personalidades asistentes foron Isaac Díaz Pardo, Ramón Villares, José Luís Méndez, Antón Lamazares e Rafael Louzán.

Torres, Raquel, "Peñafiel y Fernán-Vello estarán en la Feria do Libro de Lalín", *Diario de Pontevedra*, "Deza/O Deza", 16 marzo 2008, p. 22.

Tras o éxito acadado na edición anterior, comenta que o Concello de Lalín vai celebrar a segunda edición da Feira do Libro e informa que contarán coa presenza do xornalista Jaime Peñafiel, do poeta e dramaturgo Miguel Anxo Fernán-Vello e do escritor Xosé Luna. De seguido, o Concelleiro de Educación de Lalín comenta que este ano intentarán superar o número de asistentes e para iso teñen programadas máis actividades.

Torres, Raquel, "Neira Vilas adica un libro a Laxeiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 18 abril 2008, p. 74.

Refire que o escritor Xosé Neira Vilas foi o encargado de ler o pregón co que se inaugurou a segunda edición da Feira do Libro de Lalín. Sinala que Neira Vilas anunciou que está a rematar un libro dedicado a Laxeiro intitulado *Encontros con Laxeiro*. Por outra parte achega as tres ideas fundamentais sobre as que xirou o pregón: a necesidade de inculcar a lectura aos nenos, a importancia de que os libreiros promovan a literatura galega e que o libro sobrevivirá ás novas tecnoloxías.

Torrón Fariña, Alejandra, "Relato da avoa", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 29 agosto 2008, p. 41.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Alejandra Torrón Fariña (33 anos) intitulado "Relato da avoa".

U .L., "Durán presentó la escuela de teatro que pondrá en marcha la Fundación Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 5 xaneiro 2008, p. 12.

Comenta que o edil de cultura do Concello de Vilanova, José Juan Durán, presentou o novo proxecto conxunto da Fundación Valle-Inclán, a Concellería de Cultura e mais a Deputación, de crear un taller teatral no que participarán quince persoas, que ao final interpretarán unha peza de Valle Inclán. Explica que a matrícula está aberta a todos os públicos e que as clases se impartirán no Auditorio Municipal. Ademais, afirma que isto pode ser o inicio dunha futura escola de arte dramática estábel.

U. L., "Os escolares celebran a data do 171 cumpreanos de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 23 febreiro 2008, p. 12.

Comenta que a Fundación Rosalía de Castro celebrou o cento setenta e un aniversario do seu nacemento cun acto no que participaron alumnos de centros da comarca. Así mesmo, informa que no acto tamén se presentou o libro de María do Carme Kruckenberg, *O paxariño andaluz*.

Valcárcel, Marcos, "Pan por pan", *La Región*, "Sociedad", 25 xaneiro 2008, p. 77.

Lembra a algúns escritores galegos que empregaron o poema breve (entre catro e sete versos) para expresar o amor, a traxedia, a angustia, etc. Entre eles, salienta a Rosalía de Castro, María Mariño, Uxío Novoneyra e Celso Emilio Ferreiro.

Valcárcel, Marcos, "1994: 'O Correo Galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 695, 10 febreiro 2008, p. 6.

Comenta cales foron as principais publicacións que se editaron en 1994 e comeza salientando a creación do primeiro xornal integramente en galego, *O Correo Galego*, dirixido por José M. Rey Nóvoa. A continuación, dá conta das novidades narrativas dese ano e, por último, achega os títulos editados para o público infantil. Así mesmo, dá conta dos gañadores dos premios literarios máis importantes. En columna á parte, céntrase nas publicacións poéticas e indica tamén os gañadores dos premios do xénero poético.

Valcárcel, Marcos, "2003.Avilés.Anxos Sumai.Marica Campo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 711, "Cen anos de historia cultural", 1 xuño 2008, p. 6.

Danse os nomes de títulos e autores que foron publicados no ano 2003, tanto en narrativa coma en poesía, entre eles *Anxos da garda*, de Anxos Sumai, e *Moda galega*, de María Reimóndez. Tamén se di que os temas destacados en ensaio e investigación foron a lingua, a historia e a identidade.

Valcárcel, Marcos, "O final de Basilio", *La Región*, "Sociedad", "A mirada retida", 27 xullo 2008, p. 77.

Fálase sobre a figura do agrarismo, Basilio Álvarez, o seu labor no xornal que el editaba, *La Zarpa*, e do seu exilio arxentino, onde morreu en 1943. Acompáñase dunha foto tomada en 1937 en Bos Aires con outros galeguistas cando se publicou a súa revista *España en crisol.*

Valcárcel, Marcos, "A pensión Eva", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 11 setembro 2008, contracuberta.

Céntrase n'*A pensión Eva* (Galaxia, 2006), novela escrita polo gañador do segundo premio RBA de novela negra, Andrea Camillen, e traducida ao galego por Carlos Acevedo. Sinálase que esta novela de iniciación está ambientada na Italia da II Guerra Mundial e relata a vida nunha casa de prostitución dende o punto de vista humanista e neorrealista.

Valcárcel, Marcos, "As outras voces", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 13 decembro 2008, p. 61.

Sinálase que no libro que publica Xoán Fraga sobre Miro Casabella fálase tamén doutros integrantes do movemento musical "Voces Ceibes" e dise que pola súa cualidade había outros autores como Amancio Prada ou Luís Batallán que eran máis respectados.

Válcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xaneiro 2008, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa "Adagio, ofrenda última", un poema de *En voz baixa*

(2002), obra de Xulio L. Valcárcel.

Valcárcel, Xulio L., "De 'En Voz Baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xuño de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Aciñeirais." pertencente ao poemario *En Voz Baixa*, de Xulio L. Valcárcel.

Valcárcel, Xulio L., "de 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2008, p. 36.

Sección fixa que acolle a composición poética "Chámame a terra,…" do poemario En voz baixa (1995), de Xulio L. Valcárcel.

Valenzuela, Alfredo, "El poemario del Congreso Antifascista del 37 fue rescatado", *El Progreso*, "Vivir", 7 xaneiro 2008, p. 80.

Comenta que se acaba de rescatar un poemario intitulado *Poetas en la España Leal*, no que aparecen, entre outros, versos de Lorenzo Varela. Explica que a súa edición é facsímile e que foi publicado para regalar en 1937 aos escritores antifascistas.

Vallejo, Melchor, "O odio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poetica "O odio", de Melchor Vallejo.

Varela, Ángel, "Falece Camilo Gonsar, o gran renovador da novela en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 novembro 2008, p. 30.

Infórmase do falecemento do escritor Camilo Gonsar, pertencente á xeración da Nova Narrativa Galega. Dise que xunto a outros escritores como Xosé Luís Méndez Ferrín ou María Xosé Queizán renovou a literatura galega e rompeu coa tradición anterior. Tamén se fai un percorrido pola súa traxectoria literaria lembrando que a súa obra máis importante *Cara a Times Square* se publicou en 1980, aínda que a súa andaina comezou en 1961 con *Lonxe de nós e dentro*.

Varela, Fernando, "Bugallo defiende el gasto en la Feria del Libro de La Habana", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 febreiro 2008, p. 4.

Fai referencia á defensa que a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, realizou ante as críticas do portavoz do PP no Parlamento, pola participación de Galicia na Feira Internacional do Libro da Habana e, concretamente, pola invitación dos douscentos membros da delegación.

Vázquez Mosteiro, Uxía, "Bonifacio", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 11 agosto 2008, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Uxía Vázquez Mosteiro (30 anos) intitulado "Bonifacio".

Veiga, Marta, "Dous libros glosan a Darío Xohán Cabana coma 'clásico vivo' galego", *El Progreso*, "*Cultura*", 5 xaneiro 2008, p. 79.

Infórmase da elaboración dun volume de conversas con Darío Xohán Cabana, así como unha bibliografía comentada do escritor. Sinala que os filólogos José Luís Calvo Vidal e Yago Rodríguez son os responsábeis de *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita* (2007), editado por Xerais, e *Voz do silencio. Bibliografía e estudo entorno a Darío Xohán Cabana* (2007), financiado pola fundación Manuel María.

Veiga, Marta, "Declaradamente namoradas do galego", *El Progreso*, "Cultura.Vivir", 18 maio 2008, p. 71.

Danse os nomes das seis gañadoras do certame "Lingua de amor", convocado polo Consello da Xuventude de Galicia (CXG) para fomentar o emprego da lingua galega entre os mozos e mozas galegos. Na categoría que agrupa idades de entre catorce e dezanove anos as gañadoras son: Silvia Castañal (primeira), Bibiana Rodríguez (segunda) e Marta Lois (terceira). Na outra categoría, con idades entre os vinte e os trinta anos, as gañadoras son Bibiana Caamaño (primeira), Margarita Sampedro (segunda) e Dolores Torrado (terceira). Recóllense tamén as palabras de tres delas ao recoller o premio e indícase o nome dos membros do xurado.

Veiga, Rosa, "Blanco Amor, o precursor do colectivo gay de Galiza", *Galicia Hoxe* , "Vivir", "Sociedade", 27 xuño 2008, p. 14.

Faise eco dos actos que a Asociación de Gays, Lesbianas e Transexuais (Aglet) de Ourense levan a cabo para a celebración do Día do Orgullo Gay e dise que este ano inclúe unha ofrenda floral á estatua do intelectual Eduardo Blanco Amor, que consideran un precursor por incluír esta temática na súa novela *A Esmorga* (1995).

Veiga, Rosa, "Protección para as 'casas dos patriarcas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 novembro 2008, p. 36.

Coméntase que Víctor Freixanes insiste na necesidade de converter a casa natal de Ramón Otero Pedrayo e de Vicente Risco, situada na rúa Paz de Ourense, en Ben de Interese Cultural para conseguir así a creación dun centro cultural e de documentación de referencia sobre a Xeración Nós.

Veiga, Rosa, "Blanco Amor: un autor 'libre' e 'rebelde", *Galicia Hoxe* , "MARÉ", 2 decembro 2008, p. 39.

Fálase do desenvolvemento dos actos de homenaxe a Eduardo Blanco Amor en Ourense unha vez que o concello decidiu que se dedicará o ano 2009 a este autor e á súa obra. Coméntase a súa importancia dentro da literatura e cultura galega e en concreto da súa novela *A Esmorga* (1995).

Ventura, Joaquím, "De mar a mar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, 13 marzo 2008, p. 1.

Fai referencia aos estudos sobre a literatura galega que se fan máis alá das nosas fronteiras e comenta que o Centro de Documentación e Estudos Salvador Espriu en Cataluña acaba de publicar o segundo número do anuario *Indesinenter*, dedicado ás relacións entre o poeta catalán e a literatura galega. A continuación, lembra o interese de Espriu pola literatura galega e a amizade que mantivo con Basilio Losada ou Manuel María.

Vidal, Fidel, "De 'A camelia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xaneiro 2008, p. 34.

Sección fixa na que se acolle un fragmento do poema "AQUÍ ME TES", de *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "Manuscritos de silencio', de 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xuño de 2008, p. 39.

Nesta sección fixa acóllese o poema "Manuscritos de silencio" pertencente ao poemario *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xuño de 2008, p. 36.

Nesta sección fixa acóllese o poema "DEPURACIÓN" pertencente ao poemario *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "de 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 setembro 2008, p. 32.

Esta sección acolle o poema intitulado "Esporéame verde infinda torpe…", do libro *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "de 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 outubro 2008, p. 38.

Sección que acolle o poema "Nu a inocencia foxe do pecado…", do libro *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal Villaverde, Manuel, "O día de Galicia dende a outra banda do río", *La Región*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2008, p. 22.

Con motivo da celebración do Día da Patria Galega, lémbranse os nomes de galeguistas como Castelao que conseguiron un Estatuto de Autonomía que recoñece o "carácter de nacionalidade histórica" para Galicia. Tamén se di que este día naceu en 1919 na Asemblea das Irmandades da Fala, cando se decidiu celebralo por primeira vez ao ano seguinte.

Vilariño, Paula, "Foros de ciudadanía", *El Progreso*, "Lugo", 14 xaneiro 2008, p. 7.

Comenta que a presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino, vai clausurar en Mondoñedo a mostra "Convivencias máxicas", na que se expoñen fotografías e textos literarios sobre o que é a convivencia. Tamén informa que o colofón desta iniciativa terá lugar no teatro Pascual Veiga onde intervirá Quico Cadaval.

Vilavedra, Dolores, "Un inconformista rabudo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 marzo 2008, p. 8.

Salienta dúas efemérides que tiveron lugar: o centenario do himno galego e o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Explica que para escribir a historia de Galicia non se pode esquecer o escenario americano nin a heteroxeneidade que reinou nela. De seguido, resume a traxectoria vital de Curros Enríquez e destácao, despois de Rosalía de Castro, como a figura máis coñecida e admirada das letras galegas. Comenta a enorme difusión que tiveron algúns poemas e incluso refire aqueles que viviron na voz do pobo e que aínda sobreviven na memoria colectiva.

Villar, C., "A primeira vez dos 'rumorosos", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 16 febreiro 2008, p. 40.

Informa que na Igrexa de San Domingos de Bonaval se abriu unha exposición na que se poden ver obxectos importantes da cultura galega, como a partitura máis antiga do himno galego ou a primeira bandeira galega que ondeou en Galiza. Indica que o comisario desta mostra é Xosé Luís Axeitos e Ramón Máiz, que a presentan baixo o título de "A nosa voz".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xaneiro 2008, p. 32.

Sección fixa na que se acolle un fragmento da composición poética "dicir...", de *Memoria de Ahab* (2007), de Rafa Villar.

Villar, Rafa, "De 'Memorias de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 de abril de 2008, p. 38.

Nesta sección fixa acóllese o poema "avante" pertencente ao poemario *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar.

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 setembro 2008, p. 32.

Sección que reproduce a composición poética "aquí estamos…", do poemario *Memoria de Ahab* (2007), de Rafa Villar.

Villar, Rafa, "Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 outubro 2008, p. 38.

Acóllsese nesta sección o poema "despois de tanto babel,…" pertencente a *Memoria de Ahab* (2007), de Rafa Villar.

Viqueira, Ana, "Rutherford: 'Me fasciné con el misterio de la cultura gallega", *La Opinión*, "Cultura", 5 outubro 2008, p. 67.

Anúnciase o acto de ingreso na RAG como académico honorario do hispanista inglés e antigo profesor da Universidade de Oxford, John Rutherford, tradutor ao inglés de obras como *El Quijote* ou *La Regenta* e algunhas obras de Castelao e Méndez Ferrín. Saliéntase o seu discurso, inintitulado "O fermoso sorriso de Daniel", destácanse asemade os seus comentarios sobre a cultura galega e a súa lingua e remátase coa mención do seu continuo labor ao fronte do Centro de Estudios Gallegos da Universidade de Oxford.

Vixande, H., "O Bacharelato queda sen Literatura Galega do s. XX", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "A Aldea Global", 17-23 xullo 2008, p. 7.

Alúdese a que se suprime a materia optativa de Literatura Galega do século XX de Bacharelato mediante unha orde da Consellería que se realiza a final de curso, sen tempo para a reacción dos sindicatos e que a cuestión se abordase na Mesa Sectorial Docente. Recóllense as críticas do presidente do Pen Clube de Galicia sobre este feito e insístese na necesidade de prestixiar a lingua e literatura galegas.

Vixande, H., "Xoán Carballo, poeta ambulante. 'É unha forma de levar os meus versos a todas partes", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, 11 setembro 2008, contracuberta.

Entrevístase a Xoán Carballo, un poeta novo que percorre Galicia co seu espectáculo ambulante "A casa do poeta", no que xunto cun músico que o acompaña coa guitarra fai un recitado de poesía da súa obra. Dise que fai este percorrido coa súa furgoneta que é a que lle serve de escenario ambulante e que conta coa colaboración dos concellos aos que vai.

X. A. R., "El certamen de la "Festa da Mimosa" de Carballiño premia poemas y relatos cortos", *La Región,* "Carballiño" 8 xaneiro 2008, p. 15.

Sinálase que coincidindo coa cuadraxésima edición da "Festa da Mimosa" unha das actividades que se organiza de forma paralela é a oitava edición do Concurso Literario do cal se indican as bases, a contía do premio e os membros do xurado.

X. A. R., "O Carballiño rendirá homenaxe a Quessada", *La Región*, "Carballiño", 10 xaneiro 2008, p. 17.

Comenta que tras o pasamento do debuxante, pintor e escritor Xaime Quessada, o Concello do Carballiño como homenaxe vai dedicarlle unha rúa ou praza do pobo. Así mesmo, indica que o voceiro do PP propuxo dedicarlle a Quessada a sala de exposicións do Auditorio Municipal.

X. A. R., "Ramón Caride publica a novela 'O frío azul', premiada no certame Manuel Lueiro Rey", *La Región*, "Provincia", 9 febreiro 2008, p. 20.

Informa que a Editorial Sotelo Blanco publicou no 2007 na colección "Medusa Narrativa" a novela de Ramón Caride Ogando, *O frío azul*. Explica que é unha obra ambientada no ano 1517 e sobre o tema das guerras e a nigromancia. De seguido, indica que esta novela foi gañadora o ano pasado do Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta. Finalmente, dá conta doutros premios acadados por Caride Ogando.

X. C., "A Feira do Libro serve para asinar acordos entre Galiza e Cuba", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21 febreiro 2008, p. 39.

Con motivo da celebración da Feira Internacional do Libro da Habana, dá conta dun dos novos proxectos que se asinaron: a colaboración coa Escola Internacional de Cine e Televisión de Cuba. Tamén informa que a Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou a Nancy Morejón a pluma que simboliza o nomeamento como escritora galega universal.

X. C., "Escritores galegos, vascos e cataláns en favor do plurilingüismo"*, A Nosa Terra,* n.º 1.319, "Aldea global", 17-23 xullo 2008, p. 2.

Fálase sobre a constitución, en Poblet, o día 15 de xuño de 2008, da federación Galeuzca que agrupa os escritores galegos, cataláns e vascos e que presenta un manifesto para promover publicamente a defensa da diversidade lingüística, o recoñecemento e prestixio do galego, catalán e vasco e a necesidade de políticas educativas efectivas que garantan o futuro das mesmas.

X. C., "Ribadavia homenaxea a tres Schindler galegas", *A Nosa Terra*, n.º 1.323, "Política", 5-10 setembro 2008, p.10.

Infórmase de que o sete de setembro serán homenaxeadas en Ribadavia Lola, Amparo e Xulia Touza Domínguez, tres irmáns desta vila que axudaban a xudeus a fuxir do nazismo durante a II Guerra Mundial. Explícase que esta historia está recollida no libro de Antón Patiño, *Memoria de ferro* (A Nosa Terra, 2005). Dise que esta obra deu pé a inserir na "Xornada Europea da Cultura Xudía" a cidades galegas coma Tui, Monforte ou Ribadavia. Engádese que o acto constará de audicións musicais, degustación de doces e viños, visitas á xudería de Ribadavia e dunha xornada de portas abertas do Museo Sefardí de Galicia, así como dunha ofrenda floral no cemiterio de Ribadavia.

X. C., "Péchanse os ollos do escritor Ramiro Fonte", *A Nosa Terra*, n.º 1.329, "Cultura", 16-27 outubro 2008, p. 38.

Coméntase o falecemento do escritor Ramiro Fonte e destácase o seu incansábel labor como poeta e o seu compromiso profundo coa lingua galega. Dise que quedan dous libros aínda no prelo que se editarán postumamente e descríbese a súa traxectoria profesional así como o seu traballo como director do Instituto Cervantes en Lisboa dende 2004.

X. C., "Morre Rei Ballesteros, un heterodoxo", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Cultura", 6-12 novembro 2008, p. 38.

Faise unha breve lembranza da traxectoria literaria do escritor Anxo Rei Ballesteros tras a súa morte o 29 de outubro de 2008 en Vigo e sublíñase a importancia da súa primeira novela *Dos anxos e dos mortos*, publicada en 1977 e considerada a primeira novela publicada en galego na democracia.

X. E. A, "O nº 424 de A Nosa Terra recuperado despois de 70 anos", *A Nosa Terra*, n.º 1321, "Cultura", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 24.

Dáse conta da recuperación do número 424 da revista *A Nosa Terra* que se publicara en Bos Aires en xullo de 1938 como Boletín do Partido Galeguista. Dise que se trata dunha entrega de enorme valor histórico, ausente da edición facsimilar, no que se recollen textos e artigos de múltiples galeguistas representativos da época e que foi editada por un núcleo militante encabezado por tres personalidades como Emilio Pita, Xosé Abraira e Rodolfo Prada.

Xestoso, Manuel, "O libro como experimento", *A Nosa Terra*, n.º 1.299. "Magazine", 10 abril 2008, pp. 40-41.

Fai referencia á celebración da II Feira do Proxecto Edición que tivo lugar en Pontevedra e na que o público puido comprobar a variedade de formas en que se pode publicar un libro. Narra a evolución que sufriu a edición de libros ao longo da historia e afirma que foi no século XX cando "o pacto entre creación literaria e visual" adquiriu maior protagonismo. A seguir, considera que agora non só importa o contido senón tamén a forma, xa que algúns libros son auténticas obras de arte e afirma que, polo

momento, o libro non se sente ameazado polas novas tecnoloxías.

X. M. R., "A Deputación e o escritor Luís González Tosar crean 'A insua dos poetas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 10 abril 2008, p. 11.

Coméntase que a Deputación de Ourense e mais o escritor Luís González Tosar promoverán a creación dun espazo cultural de cen ferrados denominado "A insua do Eixán". Indícase que este espazo, cedido por Tosar á Deputación, está situado na parroquia carballiñesa de Madarnás e que o seu obxectivo será o de crear un espazo literario adaptado á natureza e infórmase de que a súa primeira actividade será a celebración do Día do Libro.

X. N., "Unha vida dedicada a preservar o noso legado lingüístico", *Galicia Hoxe,* "Universidade", "Entrevista", 17 xuño 2008, p. 12.

Faise un percorrido pola traxectoria profesional e vital de Ramón Lourenzo tras indicar que no ano 2004 recibiu, na categoría Sénior, o Premio Galicia de Investigación, que concede anualmente a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta como recoñecemento á súa traxectoria investigadora, particularmente aos seus estudos sobre a lingua e a literatura galegas da Idade Media.

X. R. S., "Un antídoto para o autoodio", *Galicia Hoxe* , "MARÉ", 23 xullo 2008, p. 29.

Dise que se celebra en Santiago un encontro de escritores galegos con ex-alumnos dos cursos de galego para estranxeiros, galegofalantes de Xapón, Chile, Brasil, Arxentina, Chile ou India. Coméntanse as intervencións dalgúns dos autores que se deron alí cita como Suso de Toro, Manuel Rivas, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Fina Casalderrey nas que se valoran enormemente estes cursos e a gran proxección exterior da lingua galega, conseguida grazas a eles.

X. R. S., "A voz do maleducado elegante", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 agosto 2008, p. 28.

Dá conta da publicación do primeiro poemario de Samuel L. París *Manual da destrución*, que recolle poemas escritos en diferentes momentos da vida do poeta. Destaca a relación do poemario coa música, pola sonoridade e ritmo dos poemas, e a visión, lonxe de romanticismos, que dá o poeta do amor, un dos temas do libro, ao igual que a violencia. Destácase a súa edición en formato e-book.

Zúñiga, Iolanda, "De 'Amor amén", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2008, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Medrarás...", da obra poética *Amor amén*, de Iolanda Zúñiga.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Platón, *Teeteto, ou do coñecemento de Platón*, trad. de Teresa Amado Rodríguez, prólogo de Carlos Baliñas Fernández, Madrid/Santiago de Compostela: Fundación BBVA/Universidade de Santiago, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. Clásicos do Pensamento Universal, n.º 10, 2008, 135 pp. (ISBN: 978-84-9750-916-9). ◆

Diálogo filosófico, escrito entre os anos 374 e 376 a.C., precedido por un prólogo de Carlos Baliñas no que nos fala do autor, do seu contexto histórico, da súa obra, da teoría das ideas de Platón (Atenas 428 ou 423-347 a.C.), dos diálogos como xénero literario e, en concreto, de *Teeteto*, para, finalmente, presentarnos esta tradución ao galego. En segundo lugar temos unha nota da tradutora na que asegura que intentou respectar, dentro do posíbel, o orixinal e agradece a axuda recibida por outros filólogos. O diálogo ábrese cunha conversa entre Euclides e Terpsión, onde o primeiro comenta que escribiu un diálogo segundo o que lle ía contando Sócrates e pídelle ao escravo que o lea. Este é un diálogo entre Sócrates e Teeteto, principalmente, no que ás veces tamén participa Teodoro, o profesor do segundo. Así, Sócrates mediante a maiéutica, arte parecida á das parteiras, fai preguntas a Teeteto para que poida "parir" as ideas das que está preñado pero que non coñece a súa existencia. Nesta dinámica de pregunta e resposta intentan descubrir que é o coñecemento, ao longo da conversa discútese se o coñecemento é percepción, opinión ou opinión razoada, pero ao final conclúese que ningunha das tres porque, se se soubera o que é, non tería sentido que estivesen intentando pescudalo.

Safo de Lesbos, *Cantos e fragmentos*, trad. e introdución de Raúl Gómez Pato, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, abril 2008, 202 pp. (ISBN: 978-84-87783-93-7).

O libro consta de catro apartados claramente diferenciados: introdución, a edición bilingüe (grego e galego) dos *Cantos e fragmentos*, as notas á edición do texto grego e as notas aos fragmentos. Na introdución, Raúl Gomez Pato (Ourense, 1966) fai un breve recorrido polos datos biográficos da poetisa Safo de Lesbos e tamén nos fala da importancia da súa obra, tanto no contexto histórico da Grecia clásica como ao longo da historia da literatura. Destaca a poetisa Safo como un personaxe enigmático e especial, debido en boa parte as súas aventuras amorosas homosexuais. A edición consta de cento trinta e nove poemas, a maioría deles incompletos. En toda esta serie hai tres poemas que están case completos e que teñen como figura principal á deusa Afrodita, que representaba o desexo amoroso no mundo mitolóxico grego. O resto dos poemas son pequenos fragmentos que, na maior parte, apenas teñen sentido, aínda que podemos observar a presenza de numerosos personaxes mitolóxicos: Eros, Afrodita, Zeus, etc. Todos estes poemas están relacionados coa temática amorosa, eixo fundamental dos

cantos de Safo. Nas notas á edición do texto grego, Raul Gómez indica a edición que seguiu e os criterios que tivo en conta para levar a cabo a tradución. Sinala tamén o significado dos signos diacríticos que se empregaron na edición do texto grego. Por último, no apartado "Notas aos fragmentos" aclara certos aspectos oscuros ou difíciles de entender dos fragmentos de Safo de Lesbos.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, "Lectura herética de Safo", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "Cultura", 17-23 xullo 2008, p. 32.

Sinálase que o poemario recolle a obra conservada da poeta da illa de Lesbos. Indícase que son dúas composicións completas ("Oda a Afrodita" e "Oda ás Nereidas") e menos de douscentos fragmentos. Dise que máis que de poemas fálase de cantares, pois a súa función escrita era realmente secundaria no seu tempo. Faise un percorrido pola biografía de Safo e a súa importancia na literatura occidental (Bocaccio, Baudelaire, Byron ou Virginia Woolf), enmarcando a lectura da súa poesía nos esquemas da Literatura Mínima que se centra única e exclusivamente no texto que o lector ten diante de si.

- Héitor Mera, "Misterio de Safo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, 26 xuño 2008, p. IV.

Ademais de salientar o gran valor que posúe a obra da poetisa grega e a necesidade de contar cunha tradución de calidade dentro da literatura galega, fai referencia ao valor intrínseco da edición. Neste senso chama a atención sobre a "preocupación didáctica e profesionalismo" da publicación, que conta coa tradución ao galego nas páxinas impares, o texto orixinal anotado nas páxinas pares e un aparato crítico ao final do libro que botan luz sobre determinados fragmentos.

- Manuel Xestoso, "A décima musa", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 33.

Cóntase que a evocación da illa Lesbos está na orixe do que hoxe se coñece por "lírica", en tanto que na poesía de Safo aparece por primeira vez a subxectividade, o íntimo, que a épica descoñecía. Segundo sinala, á poeta chamábaselle na antigüedade a "Décima musa"e apunta que representa os valores interiores do ser humano como rebelión ao mundo externo. Neste senso, cita algúns versos do poema "O que cadaquén ame". Por outra banda, céntrase na maneira de describir o estado de ánimo vencelladas á paixón erótica, que segundo el opina, é onde se expresa con maior riqueza. Remata apuntando a dificultade de tradución dunha obra grega, malia afirmar que nesta tradución se conseguen "rescatar as imaxes fundamentais" e "a personalidade excepcional" da poeta.

- Pilar Buela, "Safo, poucas cousas certas", *Animal. Revista cultural para todas as especies*, n.º 19, inverno 2008, pp. 60-67.

Salienta que a obra de Safo "constitúe a fonte máis clara do sentimento erótico que unha muller podía inspirar a outra, así como a naturalidade" desa experiencia na época arcaica, a calidade da súa obra e a súa influencia na poesía galega. Comenta a

imprecisión dos datos sobre a súa vida e que se considera a máis notábel representante do amor lésbico e do feminino. A seguir rastréxase a figura de Safo na literatura galega dende o século XIX con Eduardo Pondal, pasando ao século XX con Xosé Luís Méndez Ferrín ou Estíbaliz Espinosa, referente da poesía feminina, ofrecendo textos poéticos a modo de exemplificación. Conclúe alabando a publicación de *Cantos e fragmentos*, de Safo, baixo a tradución de Raúl Gómez Pato e transcribindo un poema de *Mulleres* (2002), de Marica Campo, adicado a María Xosé Queizán.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, 17 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, 24 maio 2008, p. 11.

Acóllense nesta columna títulos como *Cantos e fragmentos de Safo*, de Raúl Gomez Pato; *Os piratas da Illa da Esperanza*, de X.H. Rivadulla Corcón; e *Os Bolechas en Beijing*, de Pepe Carreiro.

VII. *A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL*

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Agra, Agustín, *Cazaría salvaxe*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 112, [mocidade], abril 2008, 102 pp. (ISBN: 978-84-9782-724-9).

Wotan, o Demo Negro, sae de caza e marca a aqueles aos que eliminará neste libro de terror de Agustín Agra Barreiro (Noia, 1968). Ricardo Ferreiro, un rapaz dunha aldea de Marselle, foi o único sobrevivente e o elixido para rematar con esa horrenda criatura que chegou alí cos seus cans de presa. Cando Ricardo regresa ao País do Vento tenta rematar coa orxía de sangue de Wotan matando a Tucho Arredademos, o causante de que o demo incrementara o seu grao de crueldade até facela insoportábel para todos. Vénceo e Wotan non volve aparecer, pero o prezo a pagar son uns enormes remordementos por ter rematado coa vida dun ser humano. Como ilustración da cuberta aparece unha fotomontaxe da cuberta realizada por Antonio Seijas (Ares, 1976) que amosa unha paisaxe estarrecedora, nocturna, fría e a silueta dunha besta cos ollos vermellos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Misterio, humor e terror para a mocidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, pp. 32-33.

Menciónanse dúas obras publicadas no ano 2008 pola Editorial Xerais, na súa colección "Fóra de Xogo": *Veleno tinto*, de Ramón Carredano, e *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra. Indícase que as dúas narracións están pensadas para os nenos, pero iso non implica que non as deban ler os adultos. Indícase que a novela *Cazaría salvaxe* é unha obra apocalíptica e mítica cunha estrutura semellante, en ocasións, á da lenda. Comenta que o seu protagonista é un cego e que a novela non está situada nin nun lugar nin nunha época concreta.

- María Navarro, "Doses de fantasía. Relato con sabor a lenda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, "Infantil/Xuvenil", 2 outubro 2008, p. VII.

Destaca a súa ambientación tanto temporal como espacial na Gallaecia dos nosos antepasados baixo o formato de narración popular que lle dá un sabor a lenda. Loa a temática, a linguaxe elaborada e persoal que xunto co tempo e espazo estabelecen a autenticidade da novela e unha relación entre lector e texto chea de contradicións que "posibilitan a fusión e consolidación dun universo literario rico e animado".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Entre a historia e a vida", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 399, "Musas", 13 abril 2008, p. 51.

Entrevista ao fundador do Grupo de Teatro Candea, Ramón Carredano Cobas, na que di que publicou as novelas *Frei Samuel* (2002), *Unha branca de cobre para Martiño* (2005) e *Veleno tinto*, o relato "A unlla da Aguia" (2004), e que colaborou en libros e revistas con contos e relatos. Comenta que o primeiro que escribiu foi para as revistas *Alameda* e *Casa da Gramática*. Sinala que non ten ningunha relación coa poesía e confesa que o personaxe do que máis satisfeito se sente é de Frei Samuel, un frade pilleirento, mullereiro, comellón, simpático e intelixente e que volve a aparecer en *Veleno tinto*. Afirma que neste momento ten dúas novelas totalmente rematadas no caixón e outro par delas a medio empezar.

- Manuel Vidal Villaverde, "O rigor e o pracer de escribir", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 400, "Musas", 20 abril 2008, p. 41.

Entrevista a Agustín Agra definíndoo como "bo conversador, afábel e intelixente, coidadoso co idioma". Pídelle que faga un breve foto-retrato autobiográfico seu, antes de preguntarlle sobre a xénese da súa recente novela, *Cazaría salvaxe*. Así, comenta que está baseada en vivencias do verán do 2006: un descenso ao río Maior, en Esteiro e os incendios en Galicia. Lembra o primeiro texto que escribiu e recoñece que, pese a ser encadrado como escritor de LIX, se sente máis cómodo no relato curto. Salienta que a poesía lle resulta unha fonte de goce e de inspiración, pero non se considera con sensibilidade para escribila. A seguir, precisa que entende a literatura como unha aventura de "emocións intransferibles e inexplicables", valorando "ler para gozar". Remata apuntando que leva meses tentando escribir unha nova "novela xuvenil".

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, 17 maio 2008, p. 11.

Entre as obras que neste "Andel de novidades" salienta Blanco Rivas está *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra. Ademais describe brevemente *Veleno tinto*, de Ramón Carredano Cobas; *Sopa de marsopa*, de Isabel Freire; *A pel do crocodilo*, de Abraham Carreiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Afirma Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283 "Letras en galego", 11 outubro 2008, p.12.

Comeza falando das lecturas que recorda da súa adolescencia para facer referencia a varios creadores galegos que poden pertencer ao xénero "gótico", intriguesco ou "terrofantástico". Desta maneira destaca dúas obras que leu ultimamente, destacando *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra, da que precisa que foi publicada na colección "Fóra de Xogo", de Edicións Xerais. Tamén dá conta dunha monografía sobre Julio Cortázar.

Aleixandre, Marilar, *A Cabeza de Medusa*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 116, [lectorado mozo], outubro 2008, 211 pp. (ISBN Edicións Xerais: 978-84-9782-900-7/ISBN Fundación Caixa Galicia: 978-84-96982-25-3).

Esta novela de violacións e de amor de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) está dividida en dezaseis capítulos máis un epílogo titulados, agrupados en tres partes, tamén

tituladas. A narración transcorre nun lugar indeterminado, pero que calquera adolescente pode identificar coa súa propia casa ou o seu instituto, nun tempo de aproximadamente tres meses. Un narrador omnisciente cóntanos que Sofía e Lupe, dúas rapazas de dezaoito anos, van ao baile de entroido do seu instituto, cando remata o baile teñen frío e deciden ir para a casa cuns rapaces que non coñecen. Estes violanas e seus pais lévanas ao hospital para facer un recoñecemento e á comisaría para poñer unha denuncia, que tempo despois Lupe retirará. A noticia sae na prensa e cando volven á clase todos saben o que ocorreu. Son tratadas por compañeiros e profesores con moito tacto, aínda así hai cousas que lles fan moito dano como realizar a tradución das *Metamorfoses*, de Ovidio, onde se cometen moitas violacións. Mauricio, un rapaz maior ca elas, cospe cando pasa Lupe; uns días máis tarde ven a Mauricio saír do servizo das rapaza e atopan unhas pintadas con insultos dirixidos a Lupe e Sofía. Levan o asunto ao consello escolar, en principio queren que expulsen ao rapaz un mes, pero comezan as protestas porque non tiñan probas suficientes e ao final só o expulsan unha semana. As mozas tentan seguir coa súa vida normal e namóranse. A autora xoga constantemente coa intertextualidade e introduce en moitas ocasións temas de materias coma latín ou inglés, o que provoca a identificación do lectorado coa historia que se está a contar. As fotografías tan características da artista contemporánea Victoria Dhiel (A Coruña, 1978), permítenos observar as posibilidades estéticas da tecnoloxía dixital. A cuberta é unha fotografía manipulada onde o vivo (os beizos) e o inerte (a cabeza da medusa de mármore) desafía a propia anatomía. Realidade e ficción únense en perfecta sintonía. Son imaxes moi impactantes que non deixan indiferente a ninguén e invitan ao espectador a abrir o libro para gozar do relato de Marilar Aleixandre.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "E Medusa volveu vivir", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, p. 104.

Despois de recordar que a narración parte da violación de dúas mozas de segundo de Bacharelato ao remataren unha noite de troula, posibelmente para introducir ao lectorado no debate sobre un tema contemporáneo, destácase a caracterización psicolóxica das protagonistas (Sofía e Lupe), a variedade de visións narrativas, a introdución dun tema controvertido e de personaxes en transición cara á idade adulta e a utilización profesa de paratextos (escritores clásicos greco-latinos ou escritores galegos como Rosalía ou Pondal).

- Belén Puñal, "A palabra violada e o poder da reescrita", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 9.

Indícase que a finalidade d'*A cabeza da medusa*, de Marilar Aleixandre, é devolver a voz ás mulleres que non puideron contar a súa historia e literatura ao longo dos séculos dende Ovidio até Eduardo Pondal. Dise que a novela relata a violación física que sufriron dúas mozas e a súa agresión simbólica por parte de quen as estigmatiza "sen dramatismos e con naturalidade", empregando a metáfora da Medusa. Salienta a súa sinxeleza, o carácter didáctico e a forza das palabras.

Referencias varias:

- M. Dopico, “A superación do medo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Novela”, 13 xuño 2008, p. 36.

Dáse conta da publicación d’*A cabeza de Medusa*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008. Saliéntase que esta novela narra a transformación da súa protagonista, Sofía, quen se nega despois de ser violada a comportarse como unha vítima. A autora afirma que introduciu no libro textos de diversas procedencia, como as *Metamorfoses*, de Ovidio, e mesmo de internet, para abordar o tema dende diferentes perspectivas.

- Marta Dacosta, “Ler en novembro”, *A Nosa Terra*, n.º 1.332, “Cultura”, 12 novembro 2008, p. 32.

Fálase da tradución da obra completa de Sylvia Plath, por parte do poeta galego Xoan Abeleiras. Coméntase a personalidade de Sylvia Plath, que se viu condicionada pola sociedade do seu tempo. Tamén se refire á novela *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre, gañadora do premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, que trata “sobre o mundo dos adolescentes” e a violación social de dúas adolescentes.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 270, 4 decembro 2008, p. VII.

Escóllese entre a produción literaria galega un conxunto de obras que se describen cuns poucos trazos, entre as que está *A cabeza da medusa*, de Marilar Aleixandre. Ademais acóllense *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; *A cova da mariña*, de Pilar García Cardamas; e *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *A revolución dos globos*. *Vida de Culebrius*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], abril 2008, 293 pp. (ISBN: 978-84-9865-064-8).

Nesta novela de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) nárrase parte da súa historia persoal, de aí que nas dedicatorias á súa familia e amigos apareza a razón pola cal os inclúe. Na “Introdución” detállase como o título ten unha base real nun agasallo que recibiu xunto ao seu irmán Pepe na infancia, *Cuentos tradicionales de Gurzonia* (1958), de Marcius Lenset, traducido ao castelán por J.M. Alcántara e Sepúlveda. Tamén se explica como os irmáns xogaron a inventar historias a partir das ilustracións desa tradución dun orixinal gurzonio, creando ao seu redor un mundo imaxinario, con personaxes e situacións de nomes inventados, aínda que construída sobre unha base real. Ademais conta como no ano 1976 puido viaxar á República de Gurzonia e relata a gran distancia cultural e dos costumes respecto á España daquela época. A seguir explica que decidiu aprender o idioma gurzonio para o que mercou un dicionario e o libro *Biteu ede Culebrius* (“Vida de Culebrius”), de Artropius Glass a cuxa tradución lle estivo dedicando moitos anos. Remata afirmando que comparte ambas nacións e que en Galicia se debería seguir o exemplo de Gurzonia na loita para implantar a república e tamén o exemplo do libro que lle serve de subtítulo a esta narración. A trama desenvólvese a partir das vivencias e actividades de amigos, familiares e compañeiros do propio escritor, transportados ao ambiente máxico de Gurzonia, paraxe que se alimenta do mundo da infancia, da creatividade e da imaxinación dos máis cativos. O

labor ilustrativo limítase á cuberta e é obra de Fausto Isorna (Catoira, 1961), deseñador tamén da colección "Costa Oeste". Na esquina superior esquerda aparece unha imaxe de cunchas de caracois, mentres o resto da composición queda libre cun fondo vermello escuro onde se superpoñen os textos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Historia de Culebrius, xenio precoz, feo e introvertido", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Cultura", 24-30 xullo 2008, p. 32.

Indícase que Alfonso Álvarez Cáccamo acaba de publicar a súa obra *A revolución dos globos*, que leva por subtítulo "Vida de Culebrius", composición que se vén a sumar a outras como son *Peito de Vimbio* (1995), *As baleas de E. Reinoso* (1990), *O Espírito de Bronstenac* e *O bosque de Levas* (2002). Afírmase que na máis recente, tal e como sucede en todas as anteriores, aparece o humor, neste caso ocupando un lugar central que é empregado polo autor para crear unha obra que faga reflexionar ao lector sobre o que está a ler, unha novela complexa cun protagonista imaxinario como tamén imaxinario é o lugar no que se atopa, aínda que se podería interpretar a través del as actitudes da vida na Galicia actual.

- Dolores Martínez Torres, "Famosos descoñecidos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, "Libros", 9 outubro 2008, p. IV.

Refírese á obra *A revolución dos globos*, de Alfonso Álvarez Cáccamo, da que salienta a mestura do mundo real co mundo imaxinario creado para tal ocasión, Gurzonia. De feito, a suposta finalidade da novela é recoller a tradución da bibliografía de Entelequia Culebrius, "heroe gurzonio que a comezos do século XX conseguiu converter aquel reino en república". Sinálase que a obra presenta un ton humorístico-didáctico, representado sobre todo na exposición da vida de Mimbrano, modelo de disciplina e talante liberal.

Arias, Carlos, *Ríos que se abrazan*, ilust. Jesús Arias Varela, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, outubro 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-96673-66-3).

Carlos Arias Iglesias (Lugo, 1959) presenta a historia de Gael, un rapaz que descobre paseando pola praia no mes de setembro a un home ancián e misterioso. Este home, vestido cunha camisa branca e un pantalón claro, estaba a tocar un instrumento descoñecido para Gael. Aquel obxecto da cor do ouro vello ofrecía unha melodía que o engaiolaba. O home misterioso falou de cousas moi raras con Gael e ao final cedeulle o instrumento. Gael volveu á casa e lembrou para sempre este encontro máxico. Xa adolescente, Gael aprendeu o oficio de carpinteiro e un bo día decidiu que debía coñecer mundo máis alá dos Montes de Poñente. Os pais despedírono cun fondo sentimento agridoce. Gael viaxou durante moitos días e anos, ofrecendo o seu traballo de carpinteiro a cambio de pousada e comida e tamén da compañía doutras persoas. Un día coñeceu a unha misteriosa muller, que máis parecía unha sombra que un ser humano; durante varias xornadas volveu a ollala até que un día se encontraron e xaceu coa muller dos cabelos dourados. Desta relación amorosa entre Gael e Indraxa, así era o nome da muller de cabelos dourados, naceu un novo ser: Máelan. Cando a nena recén nada se

fixo un pouco máis grande a nova familia seguiu percorrendo vilas e aldeas, até chegar á illa perdida onde nacera Indraxa. Despois de pasar uns meses alí, decidiron regresar á terra de Gael. Cando chegaron á súa aldea da infancia, Gael volveu á praia e pechou os ollos. Cando espertou ollou un cativo que o observaba con admiración. Viuse a si mesmo como un ancián vestido cunha camisa branca e un pantalón claro.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Recreación panteística", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, "Libros", l4 decembro 2008, p. IV.

Refírese á obra de Carlos Arias , *Ríos que se abrazan*, como unha novela curta na que aparece un narrador omnisciente en terceira persoa que narra a historia dun home dende que era un neno, realizando unha "bibliografía emocional". Sinálase que a prosa lingüística é moi coidada e que o léxico está perfectamente escollido. Engádese que conta cunhas ilustracións realizadas por Jesús Arias Varela e que a ilustración da cuberta non implica que sexa un libro infantil, senón que pertence á literatura xuvenil e de adultos.

Avilés de Taramancos, Antón, *O cabalo de vidro*, deseño da capa e ilust. José Luís Veiras Manteiga, ed. e estudo de Aurora Marco, Noia: Concello de Noia, [lectorado autónomo], decembro 2008, 38 pp. (ISBN: 978-84-87879-02-9). ◆

Texto inédito escrito por Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-A Coruña, 1992) na década dos cincuenta durante a súa estadía na Coruña, como explica con detalle Aurora Marco no seu estudo que pecha o volume. Trátase dun conto marabilloso ambientado na Idade Media e narrado en terceira persoa no que se transmite a historia dunha nena de ollos azuis moi leda e agarimosa chamada Xohaniña. Como recompensa polos coidados que dispensa ao vello Quintelán, recibe un regalo máxico: unha chave que lle permite viaxar nun cabalo de vidro por sitios marabillosos. Cóntase cómo un día, mentres viaxaba no cabalo, un trasno lle fixo unha falcatruada e pechoulle a porta para que o cabalo non puidese entrar. Así foi como bateu contra a porta e se fixo anacos. Entre tanto, as xentes da vila da protagonista botárona en falta e mobilizáronse até atopala na cova onde Xohaniña estaba secuestrada polo trasno. Este conto, enraizado coa tradición popular galega, non é a primeira achega do escritor noiés ao lectorado infanto-xuvenil, senón que, en palabras de Aurora Marco, se poden atopar achegas nos eidos da poesía, con obras como *A frauta i-o garamelo* (1959), do teatro, con *Tres capitáns de tempos idos* (2003), e da narrativa, con *Nova Crónica das Indias* (1989) como exemplo. Tomando a Bruno Bettelheim e Alexander Propp como referentes, Marco indica que este relato se pode incluír dentro da categoría de contos marabillosos ou de encantamento polas semellanzas temáticas, estruturais, polos motivos, personaxes e funcións, entre as que salienta a indeterminación temporal e o uso de recursos como o símbolo, a metáfora, a hipérbole ou a personificación, entre outros. Asemade indica que Avilés de Taramancos recolle numerosos materiais míticos que compatibiliza con outros reais.

Ballesteros, Xosé, *Imaxina animais*, ilust. Juan Vidaurre, Pontevedra: Kalandraka

Editora, [lectorado mozo], 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-650-1).

Traballo conxunto de Xosé Ballesteros (Vigo, 1956) e Juan Vidaurre (Madrid, 1970). Por unha banda, unha presentación inicial fai saber a través dunha voz narrativa a existencia das instantáneas do profesor Vidaurre, feitas en viaxes aos lugares máis recónditos do mundo: "Teño diante miña as instantáneas do profesor Vidaurre. Fotografías case imposibles que recolleu nas súas viaxes polos lugares máis recónditos do planeta" (p. 2). Esta pequena aclaración indica que a xénese deste libro se levou a cabo de forma diferente á maioría das edicións, é dicir, os relatos que aparecen no seu interior, naceron a partir das ilustracións anteriormente elaboradas polo artista Juan Vidaurre. Deste xeito, o textual e o visual compleméntanse e enriquécense mutuamente. Así pois, coñécense a "o abrenoites", "o metrocol", "o tibulatas", "o bicopato", "a bolbopecha", "o platafiño", "o pingüitor", "a serpelleira", "a frepolbo", "o pasador", "o tourotenaz" e "a chaveíña", que adquiren a forma de animais a través de elementos do cotiá (un abrelatas, un metro, un zapato, un plátano, un interruptor,...). A imaxinación e a sorpresa visual do lector fai que se prescinda por momentos da propia natureza dos obxectos, que aparecen fotografados sobre fondos ilustrados. Sobre as imaxes apóianse os textos, que son concisos e presentan a vida destes seres a través do humor e a parodia. A fotografía da cuberta, unha lámpada sobre un fondo esbrancuxado, rapidamente esperta o interese do lectorado e agocha no seu interior un animal, un insecto, un becho ou mesmo o que se queira imaxinar, como suxire o propio título. É unha cuberta que, cando menos, estimula o pensamento e convida a pasar páxina para imaxinar os outros animais que poden agocharse no seu interior. O libro remata dando paso á chamada da fantasía, confesando a existencia de miles de bechos que aínda están por descubrir e que viven ao carón dos humanos, o maior perigo deste tipo de animais.

Recensións:

- María Jesús Fernández, "*Imaxina animais*. Xosé Ballesteros", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 213, "Libros", marzo 2008, p. 65.

Infórmase que esta obra conta con edición en castelán. Cualifícase como libro suxestivo para ler e mirar. Saliéntase que os autores do texto e a ilustración propoñen unha mirada distinta sobre obxectos da vida cotiá que debido ao seu tratamento se converten en animais. Sobre as ilustracións dise que axudan á recreación da realidade e a sorprendentes descubrimentos. En canto aos textos saliéntase o xogo metafórico que o ollo descobre e tamén a linguaxe que xoga un dobre sentido e dise que se "saca partido del humor para describir a estos surrealistas seres". Finalmente cualifica a obra de intelixente e fermosa.

- Ramón Nicolás, "Dúas propostas para a fantasía", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 256, "Letras en galego", 5 abril 2008, p. 14.

Coméntase que, co gallo do Día do Libro Infantil (2 de abril), a Editorial Kaladraka sacou á luz dúas novas obras: *Imaxina animais*, de Xosé Ballesteros; e *Guernica*, obra francesa de Heliane Bernard e Olivier Charpentier traducida ao galego por Lázare. Respecto á obra de Ballesteros, afírmase que pretende estimular a imaxinación creativa a través da proposta dunha lectura alternativa de obxectos cotiáns, asociados a figuras fantásticas co fin de sorprender ao lectorado a través das imaxes e dos textos. No caso

das ilustracións, da autoría de Juan Vidaurre, considérase que se logra evocar esa realidade alternativa a través das técnicas da fotomontaxe e da colaxe, mentres que os textos se engloban na liña surrealista cortaziana.

- Paula Fernández, "Proposta innovadora", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Infantil/Xuvenil", 29 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Libros", 7 xuño 2008, p. 11.

Coméntase que esta obra resulta sorprendente grazas á combinación das fotografías e ilustracións cun coidado texto descritivo. Do mesmo xeito, saliéntase que a partir das ilustracións de Juan Vidaurre, Xosé Ballesteros crea un texto próximo aos "bestiarios" da época medieval. Engádese que os autores presentan a doce seres incríbeis no seu hábitat.

- Isabel Soto, "Caza imaxinaria", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 8.

Achega á obra de Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre, *Imaxia animais*, na que se salienta a exquisitez do seu deseño e a integración das linguaxes, baseada na complicidade da proposta estética do ilustrador e o desenvolvemento narrativo, ao xeito dun catálogo de arte. Dise que se trata dun bestiario que amosa unha ducia de animais imaxinarios aos que o ilustrador e autor dotan de presenza física, transformando os obxectos cotiáns en animais quiméricos. Salienta o xogo e a parodia dos textos, que remiten ás greguerías de Ramón Gómez de la Serna ou á lóxica semántica do nonsense de Lewis Carrol, e que descobren mediante unha *descriptio* a adiviña que propón a imaxe.

Blanco, Concha, *Habitación 202*, ilust. Suso Cubeiro, Premio Novela por Entregas 2007 de La Voz de Galicia, A Coruña: Everest Galicia, col Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-403-1097-2)

Fernando é un xornalista ao que lle suceden unha serie de estraños feitos que non pode explicar nesta novela da ceense Concha Blanco (Lires, Cee, 1950). Ademais, a súa ex-moza, Laura, reaparece de improviso e confésalle que descubriu que os dous, fillos adoptados, son irmáns. Aínda que máis adiante e feitas as probas demóstrase que se enganou, o que non cesan son os acontecementos misteriosos, coa reiterada aparición do espectro dunha muller que o protagonista non pode recoñecer nin moito menos tocar. Finalmente descobre que se trata da filla dos seus pais adoptivos, falecida na mocidade. A través dela vai coñecer tamén todo un pasado que ninguén lle quixo contar e mesmo, indirectamente, atopará un novo amor. Nas ilustracións de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954) aparece unha cuberta inquietante, chea de manchas de acuarela imprecisas, de cores frías, onde destaca o protagonista en branco. No interior as ilustracións, tamén de acuarela, están feitas con pinceladas húmidas que, con formas abertas, configuran imaxes inquietantes, imprecisas ás veces, incompletas e que apoian as circunstancias do relato. O estilo figurativo empregado nestas pinturas de trazos soltos e pinceladas de cores frías resulta moi expresivo. As composicións son fragmentos de figuras ou de obxectos que completan visualmente o texto.

Blanco, Concha, *Nano*, ilust. Manel Craneo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de

Encontro, [lectorado mozo], 2008, 137 pp. (ISBN: 978-84-403-0538-1).

Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) constrúe esta breve novela ambientada na cidade da Coruña onde o seu protagonista, un mozo arquitecto, vive perdido e atormentado pola súa homosexualidade. Un narrador en terceira persoa presenta a cómoda vida que leva Fernando Maceiras, Nano, nun andar da rúa Barcelona e sitúa o relato nun inverno que se sabe presente grazas ás múltiplas referencias a internet, os móbiles, "o afundimento do Prestige" ou "unha tarxeta de Nunca Máis". O narrador heterodiexético descobre as tentativas de suicidio de Nano, as súas relacións fracasadas con distintas raparigas e a súa excelente relación coa a súa ex-moza Amalia, a quen só el chama Mali, e que é a súa mellor amiga. Un *flashback* desloca ao lector á recente morte do pai de Nano e mostra o duro golpe sufrido polo fillo. Estruturada en trinta e tres sucintos capítulos son varios os espazos polos que se transita nesta obra: Fisterra, Camariñas, Santa Cristina, Barcelona e, con certeza, A Coruña, onde se desenvolve a práctica totalidade da acción. Após o seu reencontro con Mali, a única que intúe que Nano non é heterosexual, o ritmo da narración axilízase e sucédense unha serie de rápidos acontecementos que levarán a Nano preso polo asasinato dun home cántabro durante o entroido coruñés. Estes dramáticos acontecementos permitirán que as persoas achegadas a Nano acaben por coñecer a súa verdadeira sexualidade. Finalmente Nano viaxa a Barcelona onde coñecerá a Daniel, profesor compostelán de xeografía e historia, con quen iniciará a súa primeira relación homosexual. As ilustracións figurativas de Manuel Cráneo (A Coruña, 1973) cun estilo propio de banda deseñada, con cores planas, predominantemente frías (grises e azuladas) completan esta novela. As composicións de páxina enteira están salpicadas ao longo do libro e refírense a unha escena concreta da narración.

Recensións:

- J. M. Ramos, "Concha Blanco alcanza con su novela 'Nano' los treinta libros publicados", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Literatura", 18 febreiro 2008, p. 21.

Saliéntase que o protagonista, que dá nome á novela, debe enfrontarse a un pasado doloroso para poder continuar coa súa vida. Afírmase que o libro se centra no tema da homosexualidade e no problema que presenta para o protagonista recoñecer a súa identidade sexual de forma pública.

- Eduardo Eiroa, "Nano", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", 23 febreiro 2008, p. 12.

Nesta análise incídese no percorrido íntimo a través da historia dun arquitecto mozo de trinta anos. Coméntase que está ambientada nunha Coruña real e máis que a súa trama está marcada polo suspense.

- María Navarro, "Típicos tópicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, "Infantil/Xuvenil", 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, "Infantil/Xuvenil", 17 maio 2008, p. 11.

Comenta que esta novela de Concha Blanco se centra no protagonista, Nano, que ten que asumir a súa condición de homosexual de forma pública e enfrontarse a un pasado

doloroso para poder continuar coa súa vida. Sinala que estas cuestións obrigan aos lectores a reflexionar sobre certos aspectos compartidos co personaxe. Dá conta da historia da novela e informa que se estrutura en trinta e tres capítulos nos que destacan algúns tópicos previsíbeis e algunha pinga de intriga.

- Alba Piñeiro, "Recoñecer a propia identidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "*Bule Bule*", 13-19 novembro 2008. p. 30.

Comeza detallando o fío argumental de *Nano*, escrito por Concha Blanco, que se centra no seu protagonista e a "súa loita interior para esconder a súa tendencia sexual". Aborda con detalle a historia que conta a vida de Nano, un arquitecto que, coa axuda da súa nai "decátase de que o seu obxectivo claro é buscar a felicidade e a realización persoal". Salienta que emprega un narrador omnisciente, unha linguaxe sinxela e directa e que o seu obxectivo é a busca da felicidade e a realización persoal. Remata comentando que as ilustracións de Manel Cráneo son "suxestivas".

Blanco Calvo, Ramón, *Pegasiño*, ilust. Xan López Domínguez, Pontevedra: Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, serie azul, n.º 18, a partir dos 7 anos, 2008, 78 pp. (ISBN: 978-84-9854-145-8).

Nesta historia de Ramón Blanco Calvo, Pachín é un rapaz que se sente moi orgulloso do camión do seu pai, ao que chama Pegasiño. Nel pasa horas e horas de xogo. O vehículo mesmo "participa" nas obras da aldea onde vive o neno e lévao xunto coa súa familia á praia. Un paseo nel como regalo de aniversario é o mellor que lle pode pasar a Pachín. O pícaro vai medrando, e xa maior, decide manter o camión para o seu uso persoal até que remata estragándose de maneira definitiva. Finalmente, opta por despezalo para que os seus elementos poidan axudar a outros camións a seguir transitando polas estradas. As ilustracións figurativas de Xan López Domínguez (Lugo, 1957) ocupan algunhas páxinas do libro, con escenas significativas para o relato. As formas están rodeadas dunha grosa liña negra e teñen tintas dun cromatismo rico e variado que están aplicadas de xeito plano e non pretenden conseguir sensación de volume. As composicións, centradas nas figuras dos personaxes, completan o texto achegando información sobre as características do mesmo.

Calveiro, Marcos S., *O canto dos peixes*, XXIV Premio O Barco de Vapor 2008, Vigo: Xerme Edicións, col. Barco de vapor, n.º 32, a partir de 12 anos, 101 pp. (ISBN: 978-84-9854-144-1).

Ábrese esta novela de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) cunha dedicatoria e deseguido unha cita composta por dous versos do poeta Manuel Antonio que teñen igual có libro o mar como referente. Narrado en terceira persoa, o seu marco temporal correspóndese coa actualidade e os espazos redúcense practicamente ao porto e ao vello embarcadoiro onde os protagonistas se reúnen cada tarde. Cóntase a estreita amizade que xorde entre un vello mariñeiro, Xacobe, e un mozo, Ismael, o cal leva unha difícil vida traballando na chatarra co seu pai e vivindo nos arrabaldes da vila, de xeito que os encontros co vello lle serven para refuxiarse da súa soidade e das súas dificultades vitais. A temática medioambiental xorde na obra a través das conversas dos dous protagonistas que se lamentan da mala situación na que se atopa o mar a causa do

progreso e do mal uso que deste fan os humanos. Evidénciase tamén a temática social ao centrarse na relación interxeracional que se estabelece entre eles intercambiando as súas experiencias. O máis destacado é a súa riqueza léxica, xa que malia ser unha obra dirixida a un público xuvenil obsérvase un excesivo coidado no uso da lingua. No tocante ás ilustracións só a cuberta ten unha ilustración de Ramón Trigo (Vigo, 1965) que contextualiza a narración do interior nun porto de mar. A imaxe ten moita riqueza expresiva pola técnica empregada onde se aprecian as pinceladas e a cualidade matérica da pintura.

Referencias varias:

- Olalla Bouza-Brey, "Non é certo que os nenos e os mozos de hoxe en día non lean", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 21 setembro 2008, p. 32.

Entrevístase a Marcos Sánchez Calveiro, gañador de "O Barco de Vapor" pola súa obra *O canto dos peixes*. Explícase que compaxina a avogacía co seu labor de escritor. Fala dos seus comezos como escritor na adolescencia grazas a que na súa casa había moitos libros e da súa vida familiar. Ademais engádese que a súa obra publicada é concibida primeiro como unha historia e que despois a editorial é a encargada de asinarlle o xénero no que debe integrarse. Cóntase a seguir o argumento da narración premiada, e remata apuntando que se atopa nun momento de seca literaria con varias historias comezadas.

Carballeira, Paula, *A casa redonda*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Baía Edicións, col. Cempés. Letras miúdas, n.º 2, [lectorado autónomo], xullo 2008, 31 pp. (ISBN: 978-84-96893-68-9). ■

Wapiti é unha nena esquimó que vai construíndo iglús cada vez máis grandes para ter unha maior cantidade de terreo sobre a que camiñar nesta historia de Paula Carballeira (Fene, 1972). Chegado un punto descobre que calquera vivenda ten os seus límites, polo que decide tomar o mundo enteiro por casa. O estilo empregado por Manuel Uhía (Portonovo, 1944) nas súas ilustracións é figurativo e a técnica de pintura a acuarela. As cores frías en tonalidades suaves compoñen unhas imaxes amábeis que apoian uns textos curtos con información sobre as paisaxes das terras árticas, os animais propios do polo Norte e as características máis salientábeis dos esquimós como as súas faccións, as súas vestimentas, a forma das vivendas ou algúns dos seus costumes.

Caride, Ramón, *Bertiño rompetodo*, ilust. Chus Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], marzo 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-9782-741-6).

A través dun narrador en terceira persoa, Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957), nome literario de Ramón Caride Ogando, relata a vida cotiá de Bertiño un neno que ten a peculiaridade de romper todo aquilo que toca. Os pais de Bertiño, cansos de todas as queixas que reciben polos continuos conflitos que crea o seu fillo, deciden marchar a vivir ao campo por teren lonxe os veciños. Finalmente, e tras unha cea coa xefa de súa nai na que esnaquiza a vaixela e pega aos maiores ás cadeiras, Bertiño é contratado para traballar na sección de control de calidade na empresa da súa nai, posto que se un

material aguanta as trasnadas de Bertiño, aguántao todo. As ilustracións de Chus Ferrín (Vigo, 1968) complementan o texto, priman nelas as cores fortes; as composicións son a dobre páxina con puntos de vista atrevidos que crean escorzos das figuras e achegan maior dinamismo ás formas. As figuras das personaxes están concibidas para salientar aqueles aspectos máis destacados da narración; buscan a expresión máis que un tratamento realista. A técnica empregada facilita a expresividade cos trazos de lapis de cores saturadas que contrastan en cada páxina.

Recensións:

- Paula Fernández, "Conto en verso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, "Infantil/Xuvenil", 18 setembro 2008, p. VII.

Faise referencia á traxectoria do autor como narrador e poeta e logo como escritor de literatura xuvenil con preferencia polo tema ecolóxico, que o levou a crear a "innovadora" serie que ten como protagonistas aos irmáns Said e Sheila. Mais esta nova achega supón un "fermoso conto ilustrado, divertido e visualmente moi atractivo". Coméntase o seu argumento que salienta polo uso do humor e as situacións caóticas e dise que se trata dunha "composición narrativa en verso de desenvolvemento lineal" cunha sintaxe sinxela e lectura musicalizada polo uso da rima que se apoia con ilustracións coloristas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, 10 xullo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, 19 xullo 2008, p. 11.

Acóllense nesta columna de novidades títulos como este de Ramón Caride, *Bertiño Rompetodo*; *La Gallega*, de Celso García de la Riega; e, por último, *Historia da chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro.

Caride, Ramón, *O bastón dos desexos*, ilust. Manuel Uhía, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 24, serie laranxa, a partir de 8 anos, febreiro 2008, 64 pp. (ISBN: 978-84-9811-136-1). ■

Conto fantástico de Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957), nome literario de Ramón Caride Ogando, que leva ao comezo un dedicatoria e que contén dez capítulos con título. A través do xogo de referencialidade aos contos clásicos, un narrador omnisciente en terceira persoa, que ás veces cede a palabra aos protagonistas mediante diálogos, conta as aventuras de catro animaliños que van xuntos á escola de Animalandia e son amigos: Manporquiño, Murrigato, Caracol Col e Murrato. Un día van ao cine e á saída atopan un bastón máxico idéntico ao da película que viran, polo que Col pide ir a Australia, de repente o bastón convértese en barco e aparecen no medio do mar. O barco dá a volta e aparece unha balea que só quere comer o barco pero primeiro lévaos a terra firme, alí coñecen ao canguro Arturo que lles propón que traballen con el no circo para recadar os cartos necesarios para poder volver á casa. Pasan cen días no circo pero cando reparten os cartos decátanse que só chega para tres billetes, polo que Caracol Col viaxou no peto de Manporquiño. Cando chegan á casa os

pais non estaban preocupados porque para eles non pasara tanto tempo e no último capítulo Manporquiño fai un novo amigo: Verdegarto. As ilustracións figurativas son de Manuel Uhía (Portonovo, Pontevedra, 1944) e recollen un momento da historia, sempre son retratos dos protagonistas en gris e rosa, agás a cuberta que contén máis cores.

Recensións:

- María Navarro, "Historia de amizade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Infantil/Xuvenil", 29 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Libros", 7 xuño 2008, p. 11.

Destácase desta obra de Ramón Caride, *O bastón dos desexos*, que está protagonizada por diversos animais e que serán estes os que presenten unha historia de amizade, de compañeirismo, de aventura e sentimentos. Considérase un relato situado no mundo da fantasía e caracterizado pola sinxeleza. Ao mesmo tempo indica que é unha obra para rapaces que lles guste o xogo e a busca de novas experiencias onde os seus personaxes son animais. Finalmente, afirma que se trata dunha obra que ofrece moitas posibilidades interpretativas.

Carredano Cobas, Ramón, *Veleno tinto. Unha aventura de frei Samuel*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 111, [mocidade], abril 2008, 186 pp. (ISBN: 978-84-9782-723-2).

Nesta obra de Ramón Carredano Cobas (Noia, 1950) trátanse as peripecias de frei Samuel, monxe sandador do mosteiro de Toxosoutos, no ano 1319. Comeza a novela cando o monxe camiñaba cara a Noia para reunirse co bispo Berenguel de Landoire, quen quería agradecerlle a frei Samuel un servizo que lle prestara para axudarlle na loita que enfronta a ese bispo con Suárez de Deza, xa que ambos tentan conseguir o bispado de Compostela. Mentres vai camiñando, coincide con Pedro Ordóñez, a súa filla Sabela e a ama desta, Petra. Eles tamén se dirixen ao castelo de don Rui de Soga de Lobeira, e ofrécense a levar a frei Samuel na súa carruaxe. Ao chegar ao castelo, contra a súa vontade, o monxe de Toxosoutos ten a misión de descubrir o asasinato dun criado do dono do castelo. Como reza o título da novela, o asasinato produciuse envelenando viño tinto; unha intriga que parece, nun principio, motivada pola loita dos contrincantes ao bispado de Compostela, pero que conclúe de forma sorprendente. Cómpre destacar nos paratextos, o agradecemento inicial do autor "A Lola Arxóns e a Lois Agrelo" por permitirlle documentarse sobre o século XIV na súa biblioteca, ademais de ofrecerlle os seus coñecementos, revisar a súa obra creativa e por crer nel, na súa produción literaria, e finalmente, pola amizade que os une. A fotomontaxe da cuberta realizada por Antonio Seijas (Ares, 1976) recrea un ambiente medieval, cun castelo e unha cunca de madeira que derrama un líquido tinto. A fotografía da cuberta serve para situar o tempo do relato e afianzar visualmente a incógnita do título.

Recensións:

- Paula Fernández, "Relato de aventuras. Dos bos xeitos clásicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Infantil/ Xuvenil", 23 outubro 2008, p.VII.

Principia identificando a Frei Samuel, protagonista da historia, como personaxe principal doutra das novelas de Carredano. Logo pasa a falar do carácter detectivesco da historia que transcorre no Castelo de don Rui de Lobeira, onde aconteceu un crime. Dise que a trama se desenvolve ao modo das novelas de intriga clásicas, que recrea as intrigas político-relixiosas da Galicia do século XIV e que emprega o uso dos diálogos dos protagonistas para narrar a historia de xeito que "atrapa ao lector" e fai que participe de maneira activa "facéndoo hipotetizar sobre a resolución do caso". Salienta a linguaxe afín ao público xuvenil, a acción e emoción desta novela de aventuras.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, 17 maio 2008, p. 11.

Saliéntase esta obra, *Veleno tinto*, de Ramón Carredano Cobas e dáse noticia doutras como *Sopa de marsopa*, de Isabel Freire; *A pel do crocodilo*, de Abraham Carreiro; e *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra.

- Xosé M. Eyré, "Misterio, humor e terror para a mocidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, pp. 32-33.

Menciónanse dúas obras publicadas no ano 2008 pola Editorial Xerais, na súa colección "Fóra de Xogo". Esta que nos ocupa, *Veleno tinto*, de Ramón Carredano, e *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra. Indícase que as dúas narracións están pensadas para os nenos, pero iso non implica que non as deban ler os adultos, tal e como afirma Xosé M. Eyré. En *Veleno tinto* mestúrase o misterio e humor e o seu protagonista é o frei Samuel, que xa aparecera anteriormente noutras obras galegas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Afirma Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283 "Letras en galego", 11 outubro 2008, p. 12.

Comeza falando das lecturas que recorda da súa adolescencia para facer referencia a varios creadores galegos que poden pertencer ao xénero "gótico", intriguesco ou "terrofantástico". Desta maneira destaca dúas obras que leu ultimamente, destacando *Veleno tinto*, de Ramón Carredano Cobas da que precisa que foi publicada na colección "Fóra de Xogo" de Edicións Xerais. Tamén dá conta dunha monografía sobre Julio Cortázar.

Carreiro, Abraham, *A pel do crocodilo. A pel de Namibia*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Contos que len outros nenos do mundo, [lectorado autónomo], 2008, 27 pp. (ISBN: 978-84-8341-208-4).

A introdución do libro corre a cargo da mascota da colección á que pertence a obra, "Contos que len outros nenos do mundo". Neste caso nárrase un conto doutra cultura, de Namibia, que está no sur de África. Nesta narración en terceira persoa mesturada con breves diálogos e composta por Abraham Carreiro (Vigo, 1981) cóntase a historia dunha aldea de Namibia, na que os seus habitantes andaban abraiados pola fermosura da pel dun crocodilo que vivía na lagoa e na que se reflectía polas noites a luz da lúa. Pola

admiración que provocaba terminou por saír tamén de día, pero isto secou a súa pel. Co paso do tempo e coa perda, tanto da súa fermosa pel coma das loanzas dos demais animais voltou á auga e non quixo saír xamais dela. As ilustracións son do autor de texto. A tónica xeral das imaxes segue un estilismo propio que caracteriza os personaxes do conto. Os protagonistas teñen uns trazos moi acentuados e nas súas caras os ollos reflicten distintas emocións: medo, alegría ou asombro, tanto nas persoas coma nos animais. As cores empregadas son predominantemente cálidas e achégannos ao ambiente cálido do continente africano; só emprega tonalidades frías para describir as paisaxes cando a acción ocorre de noite. A técnica que emprega é a acuarela con pinceladas augadas para os fondos e mais espesas para as formas. No interior das gardas podemos atopar esbozos das ilustracións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, 17 maio 2008, p. 11.

Ademais de facer alusións a esta obra, tamén se detén brevemente en *Veleno tinto*, de Ramón Carredano Cobas, saliéntanse *Sopa de marsopa*, de Isabel Freire; *A pel do crocodilo*, de Abraham Carreiro; e *Cazaría salvaxe*, de Agustín Agra.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber... como son os xogos olímpicos e paralímpicos de verán* (ISBN: 978-84-8341-239-8)/*Os Bolechas queren saber... como é a praza* (ISBN: 978-84-8341-045-5)/ *Os Bolechas queren saber... como é a Pataca* (ISBN: 978-84-8341-048-6)/ *Os Bolechas queren saber… como é o noso Patrimonio Cultural* (ISBN: 978-84-8341-178-0)/ *Os Bolechas queren saber... que se bota no contedor amarelo* (ISBN: 978-84-8341-290-9), ilust. o autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas queren saber..., n.os 19/20/21/22/23, [lectorado autónomo], 2008, 27 pp. ■

Nestas novas entregas da colección "Os Bolechas queren saber", de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) faise un percorrido polas temáticas ás que aluden os títulos. N'*Os Bolechas queren saber como son os xogos olímpicos e paralímpicos de verán* faise unha breve historia dos Xogos Olímpicos dende a súa orixe grega. Dáse un breve descritor dos tipos de modalidades olímpicas até os Xogos de 2008 celebrados en Londres e dise que se está por decidir a sé para o ano 2016 na que se presenta a proposta de Madrid. Saliéntase que o xadrez aínda non é xogo olímpico. Finaliza o álbum didáctico con datos xerais das Olimpiadas. N'*Os Bolechas queren saber... como é a praza*, Chispa queda na gardería de cans porque non pode entrar e descobren que a praza é divertida e van observando os costumes dos vendedores. Á par ofrécese unha pequena historia de cómo chegan os diferentes alimentos á praza para o seu consumo e datos sobre as mercadorías que se venden na praza. N'*Os Bolechas queren saber como é a Pataca*, o grupo está sentados na mesa diante dunha fonte de patacas. Faise a historia deste produto dende a súa chegada a Galicia. Fálase das distintas denominacións, de como se cultivou, se selecciona e chega aos almacéns; de como substituíu a outros produtos e das súas características. N' *Os Bolechas queren saber… como é o noso Patrimonio Cultural* fálase, despois de pasar coa avoa pola Ponte Vella de Ourense, dos canteiros, albaneis, ferreiros e outros moitos artesáns que fixeron obras que caracterizan o

patrimonio cultural galego. Tamén describen petróglifos, mámoas, castros, cidades fortificadas, igrexas, catedrais, santuarios, a Torre de Hércules e o Centro Galego de Arte Contemporánea, explicando as características da época en que se construíron. Dáse ao final unha listaxe de lugares do Patrimonio Cultural Galego. N' *Os Bolechas queren saber... que se bota no contedor amarelo* ofrécese unha lección sobre cómo se recicla o lixo que os humanos producen. Fálase dos distintos envases, das plantas de clasificación, dos tipos de colectores que acollen os materiais para reciclar. Ao final unhas notas recordatorias sobre o tema. En canto ás ilustracións, os personaxes de todos os títulos están debuxados cunhas formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica. Son figurativas, están realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes.

Referencias varias:

- M. B. "A pataca, o tesouro escondido", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "Magazine", 6-12 novembro 2008, pp. 44-45.

Ofrécese unha introdución á historia da pataca co gallo da presentación do libro de Pepe Carreiro, *Os Bolechas queren saber… como é Pataca de Galicia*, por medio dunha nova aventura dos Bolechas. Sinálase como fin último do relato a mostra do proceso de semente da pataca entre os máis novos. Nun á parte intitulado "I Salón en Xinzo" indícase que este relato foi presentado neste I Salón Monográfico da Pataca en Xinzo de Limia.

- J. C., "Cien escolares acuden a la presentación del libro de Os Bolechas sobre el reciclaje", *La Región*, "Valdeorras", 6 decembro 2008, p. 18.

Dáse conta da presentación no Barco de Valdeorras do libro *Os Bolechas queren saber… que se bota no contedor amarelo*, de Pepe Carreiro.

- M. Angueira, "Os Bolechas tamén saben de reciclaxe", *Diario de Arousa*, "Publicación", 12 decembro 2008, contracuberta.

Infórmase da presentación no Colexio Alfonso VII de Caldas de Reis do novo libro de aventuras dos Bolechas, *Os Bolechas queren saber... que se bota no contedor amarelo*, que ten como obxectivo o fomento da reciclaxe entre os máis novos. Explícase que o relato ten como tema central a reciclaxe, saliéntase que se debe introducir na bolsa amarela, e indícase ademais que foi editado pola administración local e polas empresas de recollida de lixo: Sogama e Ecoembres.

- Chus Gómez, "Os Bolechas ensinan os misterios da reciclaxe", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 12 decembro 2008, p. 76.

Fai referencia á presentación en Caldas de Reis do libro de Pepe Carreiro *Os Bolechas queren saber que se bota no contedor amarelo* no colexio Alfonso VII ante os nenos de primaria. Dise que o obxectivo desta publicación é o fomento da reciclaxe entre os máis novos.

- J. M. R. “Presentan las aventuras de ‘Os Bolechas’ en Vilarmide”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 decembro 2008, p. 46.

Infórmase da presentación do libro *Os Bolechas queren saber… que se bota no contedor amarelo* no CEIP de Vilarmide (Muxía).

Carreiro, Pepe, *O bonito de Burela* (ISBN: 978-84-8341-254-1)/*Os Xogos Olímpicos en Beijing* (ISBN: 978-84-8341-204-6), ilust. o autor, Vigo: A Nosa Terra. Promocións culturais galegas, col. Os Bolechas van de viaxe, [lectorado autónomo], 2008, 27 pp.

Novas entregas da colección “Os Bolechas van de viaxe”, de Pepe Carreiro (Vigo, 1954). N’*O bonito de Burela* preséntase a unha amiga dos Bolechas que teima en conseguir un bonito vivo. O avó doutra rapaza, mariñeiro, tenta axudala, pero cando por fin pesca un, a nena decátase de que o que quería en realidade era un peixe pallaso. Ao final, todos rematan o día comendo unha empanada de bonito na feira de Burela, felices a pesares da confusión acontecida. Inclúense ademais diferentes datos de carácter didáctico sobre a especie que o protagoniza. E n’ *Os xogos olímpicos en Beijing* un narrador omnisciente en terceira persoa conta que os Bolechas viaxaron a Beijing para asistir aos Xogos Olímpicos e participar na carreira de remudas. Cando chegan alí xa os esperan no aeroporto os seus amigos chineses que tamén van competir nesa proba e xuntos van comer a un restaurante, pero os Bolechas non entenden chinés e os seus amigos teñen que traducirlles os nomes das comidas. Despois van para o hotel e ao día seguinte chégalles unha mensaxe dos seus amigos onde lles indican a hora e lugar da carreira pero non a entenden porque cren que está escrita en chinés. Pregúntanlle ao recepcionista, a un voluntario olímpico e a un vello que coñece todas as linguas da China pero ningún entende a nota, até que se atopan cos seus amigos que din que non está escrita en chinés senón que é un xeroglifo. Chegan á carreira a tempo e póñense moi contentos porque todos soben ao podio aínda que os que gañaron foron os africanos. As ilustracións, feitas polo autor do libro, son figurativas e con moitas cores moi vivas. Serven, sobre todo, para situar os personaxes nos lugares aos que foron, de feito nas dúas últimas páxinas móstrase en miniaturas todos os espazos da viaxe, e tamén se presenta aos Bolechas no reverso da capa e a contracapa. Os personaxes destes dous títulos están debuxados cunhas formas redondeadas co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica. Son figurativos, están realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes

Referencias varias:

- María Obelleiro, “Os Bolechas nos Xogos Olímpicos”, *A Nosa Terra*, n.º 1.304, “A aldea global”, 3 abril 2008, p. 2.

Informa que a editorial A Nosa Terra e máis a Consellería de Cultura e Deporte acaban de publicar unha nova aventura dos Bolechas. Nesta ocasión comenta que Pepe Carreiro sitúa aos seus personaxes nos xogos de Beijing xunto a outros amigos. Indica que os mil exemplares publicados co título, *Os Bolechas van de viaxe. Os Xogos Olímpicos de Beijing*, tiveron moi boa acollida.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 248, 17 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, 24 maio 2008, p. 11.

Dáse conta nesta columna da obra *Os Bolechas en Beijing*, de Pepe Carreiro, e de títulos como *Cantos e fragmentos de Safo*, de Raúl Gomez Pato e *Os piratas da Illa da Esperanza*, de X.H. Rivadulla Corcón.

Coen, Guillerme, *A calor dun niño*, ilust. Kalo Varea, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], novembro 2008, 111 pp. (ISBN: 978-84-96673-79-4).

Conxunto de cinco historias que teñen en común o estaren ambientadas en Santiago e zonas limítrofes e protagonizadas por personaxes marxinais. O libro de Guillerme Coen (Bos Aires, 1957) ábrese co relato "Un malfadado fogar", no que o protagonista volta á casa que abandonara cando mozo, no barrio de Vista Alegre, despois de ter pasado un tempo no cárcere. Enganchado ás drogas e enfermo de morte, volve atopar na casa dos pais a atmosfera abafante da que quixo e quere -pero non pode- fuxir. A nai repróchalle a súa volta e el decide, xa para sempre, abandonar aos seus proxenitores. En "Destemidos" un rapaz chega ao pazo familiar e coñece a outro mozo da súa idade co que vivirá nunha soa noite unha serie de aventuras que os unirán profundamente. "Paisaxe de Piñor, Figueiras" vai dedicado a Euloxio R. Ruibal: Senín é un rapaz namorado da pintura, pero cunha familia que non comprende tal interese. Na paisaxe próxima á casa reflexiona sobre as súas desventuras. O tema da violencia doméstica nunha parella mancada polo alcoholismo centra "O aparello corrector de dentes", unha historia con final tráxico. O último relato que compón o libro é "Can de palleira": Roxer é un mozo condenado ao traballo do campo por un pai que non lle deu a posibilidade de estudar para lograr unha vida mellor. Nunha liorta, mátao e remata no cárcere. A pesares do encerro, na cadea será consciente de que aínda non é tarde para recuperar as rendas da súa propia vida. Só ten ilustrada a cuberta cun debuxo de Kalo Varela. A imaxe da muller achéganos sentimentos de desesperanza e desolación pola disposición do rostro escondido, pola postura agachada e pola presenza dunha louza rota no chan. A técnica mestura un debuxo de liña negra con trazos sensíbeis e formas recheas de tintas frías tratadas por ordenador.

Cortizas Amado, Antón, *Os amores de Bruno*, ilust. Mª del Carmen Ferrín Prieto, Barcelona: Planeta & Oxford, col. Camaleón, n.º 23, serie laranxa, a partir de 8 anos, marzo 2008, 144 pp. (ISBN: 978-84-9811-135-4).

Este libro de Antón Cortizas Amado (Ferrol, 1954) é un canto á amizade pese ás diferenzas.
Bruno é un rapaz negro que acode a unha escola na que convive con nenos de diferentes razas e orixes xeográficas. Alí aprenden que todos son iguais pese a esas diferenzas externas. Bruno, vendo os problemas amorosos dos seus compañeiros de clase, decide crear unha oficina de consellos. Pouco a pouco, as súas recomendacións esténdense a variados temas que van máis aló do amoroso, cun grande éxito. O libro tamén relata as relacións entre os rapaces, perfectamente integrados pese ás súas diferenzas raciais e nacionais. Mesmo reciben na escola a unha extraterrestre, á que tamén acollen coma unha máis. Vaise, pero Bruno xa namorou dela, e agora é el o que precisa os consellos que antes daba. As ilustracións figurativas son de Mª del Carmen Ferrín Prieto. A

cuberta a toda cor presenta de forma visual a temática do relato con cabezas de nenos e nenas de todas as razas. No interior as composicións teñen referencias á escola, ao mestre, ás actividades escolares e á aula.

Recensións:

- María Navarro, "Converxer sentimentos. Un paseo pola tolerancia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, "Infantil/Xuvenil", 18 setembro 2008, p. VII.

Destaca nesta noveliña a transformación das diferenzas en unión a través da multiculturalidade dos personaxes e a tolerancia. Recolle o argumento da obra e a traxectoria do autor, con numerosas obras no eido da literatura infantil e xuvenil. Trátase dunha obra recreada nun mundo marabilloso que deixa no lector a idea de que outro mundo é posíbel, na que as boas intencións, o desexo dun mundo mellor, o soño, a prosa áxil e o entretemento son as súas chaves.

Darién, Juan, *Bestiario cubano*, ilust. o autor, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 18, a partir de 5 anos, novembro 2008, [42] pp. (ISBN:978-84-96893-78-8).

Narración e ilustracións de Juan Darién (La Habana, 1980) que, a través dun narrador en terceira persoa, describe cales son as características (o aspecto físico, as peculiaridades, os gustos, os costumes ou a forma de vida) de cada un dos múltiples seres fantásticos que viven nos contos da Illa de Cuba, caracterizada, á súa vez, por ser toda ela un crocodilo xigante durmido. Tras unha breve introdución neste mundo de fantasía, Darién describe cada un destes seres insólitos apoiándose nas ilustracións, cheas de cores (tanto cálidas coma frías) que el mesmo realiza. Cada personaxe mítico ten a súa imaxe, e a descrición do texto vese reforzada polas figuras. O estilo sintético das ilustracións achega só o necesario para deseñar os monstros. As formas están recortadas sobre fondos lisos de cores intensas.

Díaz, Checa, *Que desfeita!/Por favor comparte*, Vigo: A Nosa Terra/Promocións Culturais Galegas, col. Os libros de Tatá, [prelectorado], 2008, 14 pp. (ISBN: 978-84-8341-206-0/978-84-8341-205-3).

Libro do tipo pop-up con ventás que se poden abrir e pestanas para tirar. Composicións centradas no animal protagonista concibido cun estilo sinxelo, debuxado con cores planas e saturadas, moi alegres. As formas están rodeadas dunha liña de contorno sobre uns fondos planos sen profundidade.

Docampo, Xabier P., *O libro das viaxes imaxinarias*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Edicións singulares [lectorado mozo], outubro 2008, 221 pp. (ISBN: 978-84-9782-916-8).

Volume de gran singularidade, froito do traballo conxunto de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) e Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953), que declaran na súa nota final o seu carácter de homenaxe a outro libro de difícil clasificación, *As cidades invisíbeis*,

de Italo Calvino, co que estabelecen un xogo intertextual a partir das escolleitas denominacións dos enclaves visitados. Recorrendo ao artificio do manuscrito atopado, no limiar anúnciaselle ao lector que o que vén a seguir é o resultado da transcrición de dous cadernos de viaxe dun anónimo camiñante, sen precisión de autoría, data ou localización dos lugares visitados. Asemade insístese na importancia do regreso como esencia de calquera viaxe, xa que sempre cómpre volver para converter en relato ese camiño que nos transforma. Acóllese tamén a presenza do que anhela o regreso, como suxiren a dedicatoria a Penélope e a cita inicial, que apunta a melancolía dos que, coma o viaxeiro por antonomasia, Ulises, emprenden a súa volta a Ítaca. A seguir, a voz narrativa dese anónimo Viaxeiro describe poeticamente trinta lugares imaxinarios: reinos, cidades, camiños, vales e montañas que acubillan todo un conxunto de marabillas. Arimori, reino alicerzado en ouro e asentado nun diamante, cuxos habitantes teñen a obriga de seren hospitalarios; Arama, a vila agonizante ou morta, cuxas portas conservan variados chamadores de martelo; Arodisi, Aiza ou Aigra, onde esculcan xigantes, os ollos espertos dos seres insomnes ou o monstro que se alimenta de sombras; Adnilo, cuxos habitantes esqueceron totalmente o seu pasado, son só algunhas destas cidades descritas con palabras e interpretadas a través das imaxes. Ademais, o Viaxeiro achega o retrato das xentes diversas que o acollen e apunta os seus costumes, tristezas, miserias, preocupacións e alegrías. O carácter de caderno de viaxe refórzase coa inserción doutros apuntamentos, en forma de poemas, cancións, debuxos, receitas, apócemas curativas, aforismos, refráns, contos... As ilustracións de Cobas, cun estilo pictórico, presentan sobre fondos en tonalidades ocres, obxectos e seres.

Recensións:

- Martín Pawley, "Longo camiño", *Tempos Novos*, *Protexta*, n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 15.

Despois de referirse á colaboración creativa entre Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, que acadou unha grande altura con títulos como *Bolboretas* (2004), céntrase na última entrega de ambos os dous creadores, *O libro das viaxes imaxinarias*, a cal considera un punto de inflexión. Do labor creativo de Cobas salienta a forza das imaxes e a liña de depuración que representan na traxectoria do ilustrador, un traballo que esixe un lectorado activo e atento á multitude "de ecos e sensacións que agachan os seus deseños". Explícase que este libro está inspirado n'*As cidades invisíbeis*, de Italo Calvino e cualifícase a obra como de "inmensa potencia narrativa", cunha visión social e política, con fondura épica e visión clara do país. Sinálase tamén a pegada de autores como Homero e Cunqueiro, nunha obra na que a viaxe "faise literatura que nos explica o mundo".

- Ramón Nicolás, "Decálogo para ler nun libro senlleiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", 22 novembro 2008, p. 12.

Cita dez razóns polas que se debe ler *O libro das viaxes imaxinarias*, con textos de Xabier P. Docampo e ilustrado por Xosé Cobas: o seu paralelismo coa *Odisea*; a figura "canónica" do viaxeiro que mostra o valor "en declive" da hospitalidade; a viaxe como forma de ir "construíndo unha cartografía persoal"; a súa estrutura como un caderno de bitácora que abrangue "todo o que rodea a viaxe" dende relatos até descricións e receitas; a súa ironía; o seu estilo, xa que "non é un libro escrito ás présas"; o elemento

fantástico; a súa semellanza con *As cidades invisibles*, de Ítalo Calvino; o seu "exemplar dominio expresivo" e, por último, o "suxestivo e intenso soporte visual" que lle dan as ilustracións.

- R. L., "Docampo reinventa o mundo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 novembro 2008, p. 79.

Dise que *O libro das viaxes imaxinarias*, escrito por Xabier P. Docampo e ilustrado por Xosé Cobas, reflicte a transcrición de dous cadernos de viaxe que non teñen data nin identifican os lugares que describen. A continuación detalla o contido da obra e salienta que está "inspirada" na obra de Italo Calvino e recolle unhas palabras do crítico Martin Pawley a propósito da mesma obra, coas que salienta que é un "libro visualmente abraiante" cunha prosa de alta calidade. Finalmente, o artigo pasa a tratar sobre a obra *Bolboretas* (2004), no que colaboraron Docampo e Cobas, un libro escrito en primeira persoa onde se fala sobre o espertar do amor.

- Xosé M. Eyré, "Viaxes fantásticas e metafóricas", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "Cultura", "Crítica", 18-24 decembro 2008, p. 32.

Analízase a obra de Xabier P. Docampo *O libro das viaxes imaxinarias* cualificando de "marabillosos" o texto e as ilustracións do volume. Cítanse como "referencias principais" a Álvaro Cunqueiro e Ítalo Calvino e o seu libro *As cidades invisibles*, referíndose a que son "dúas caras da mesma moeda". Continúase describindo o contido do libro, "un compendio de trinta viaxes imaxinarias" como metáfora da vida e reivindicación da fantasía, e as ilustracións "hipnóticas, reflexivas, soñadoras, suaves e contundentes", para concluír que o volume "é un inigualábel libro obxecto" que convida a reflexionar sobre a viaxe como medio de loita contra a soidade, sobre o valor da camaradaxe, sobre o medo, a xustiza, entre outras cuestións.

- Alba Piñeiro, "O pracer da lectura", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "*Bule Bule*", 18-24 decembro 2008. p. 30.

Tras comentar a estrutura da obra *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo, dividida en trinta capítulos curtos escritos coma se fosen dous cadernos de viaxe, pasa a valorar o contido do libro "que reflicte o mundo fantástico do ser humano". Di que o libro ten como referente a Italo Calvino e a súa obra *As cidades invisibles*, e resalta a súa linguaxe "simbólica" e a "simbiose do texto e as imaxes", realizadas por Xosé Cobas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Noemí López concibe a ilustración 'como outro xeito para contar", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 28 marzo 2008, p. 85.

Dá conta da participación da ilustradora Noemí López en defensa da súa profesión como modo de contar na presentación do número trece da revista oral *O Pazo das Musas* que se levou a cabo no Museo Provincial de Lugo. Sinálase que participou neste evento Xabier Docampo, quen se referiu a súa obra, *O libro das viaxes imaxinarias*, como un libro que conta as estadías dun viaxeiro en diversas cidades, nas que vai aprendendo cousas dos seus habitantes, como refráns, receitas ou historias.

- Ángela Varela, "Decidín escribir para que os rapaces puidesen ler en galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 275, "O escritor do mes", 16 agosto 2008, p. 7.

Entrevístase ao escritor Xabier P. Docampo a raíz da publicación d'*As viaxes imaxinarias*, a súa última obra. Faise referencia á adaptación ao cine dunha das súas obras xa publicadas anteriormente *A casa da luz* (2002). Tamén afirma que a que acaba de saír está baseada na obra de Italo Calvino, *As cidades invisíbeis*. Indícase que o protagonista é un viaxeiro que vai visitando cidades e lugares inventados que describe en terceira persoa.

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Despois de describir brevemente as últimas novidades da literatura galega de adultos faise o mesmo coas da literatura infantil e xuvenil. Destácanse entre elas esta obra do escritor Xavier P. Docampo e do ilustrador Xosé Cobas, *O libro das viaxes imaxinarias*, así como a da arxentina Natalia Colombo, *Cerca*, gañadora do primeiro Premio Compostela para Álbumes Ilustrados e que sairá nas cinco linguas peninsulares. Engádese que Kalandraka publicará tamén unha versión do clásico *Garavanciño*, e Baía Edicións, outra d' *A volta ao mundo en oitenta contos*, de Saviour Pirotta e Riechard Johnson, e *O sombreiro chichiriteiro*, primeira incursión de Manuel Rivas neste xénero.

- Jaureguizar, "Docampo inventa cidades e reinos para o seu novo libro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 setembro 2008, p. 66.

Dá noticia da última obra do escritor Xavier Docampo, *O libro das viaxes imaxinarias*. Destácase que esta novela é un conxunto de trinta cidades e reinos que forman parte do caderno dun viaxeiro, tamén salienta que a obra presenta unha relación directa coa figura de Ulises.

- Yolanda Castaño, "Aprender a escribir", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 16 novembro 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións, coméntase *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo que é cualificada como unha obra " difícil de clasificar e conmovedora" e unha "desas xoias atípicas".

- Manuel Vidal Villaverde, "O sentimento de sermos galegos está en grave perigo", *Galicia Hoxe*, "Conversas contemporáneas", 17 novembro 2008, p. 30.

Entrevista a Xabier P. Docampo na que comeza resumindo a súa biografía e, de seguido, expresa a súa opinión sobre distintos temas que van saíndo na conversa: di que a situación actual do galego é produto de "unha mentalidade alienada pola diglosia", aínda que salienta que "nunca tantas editoriais existiron nin tantos libros en galego se venderon". Sobre o futuro do galego di non se debería permitir a súa desaparición, que sería "un delicto de lesa patria". Fala tamén do seu último libro, *O libro das viaxes imaxinarias*, sinalando que lle levou dous anos rematalo e que o seu traballo se complementa coa "escritura plástica" de Xosé Cobas. Recoñece que lle produce "certo medo" abordar a poesía, posto que el se declara un "narrador".

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, 20 novembro 2008, p. VII.

Cítanse a modo de recomendación *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo e tamén *Nos dominios da incerteza* (2007), de Manuel Blanco Desar; *Xanciño de Zoxín*, de Xosé Fuentes Alende; e *Reversos*, de Ramiro Fonte.

- CLIJ, "*O libro das viaxes imaxinarias*. Xabier P. Docampo", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 221, "Libros/de regalo", decembro 2008, p. 76.

Entre as recomendacións do apartado "Libros/de regalo" cítase *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo. Saliéntaseque con el o autor "invita al lector a descubrir paisajes y personajes extraordinarios y a disfrtuar de una aventura insólita por los territorios de la imaginación". Ofrécese o argumento e sinálase a presenza de homenaxes explícitas a obras e autores clásicos.

- Xosé Carlos Caneiro, "Excelencia editorial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 293, "Club dandi", 20 decembro 2008, p. 9.

Despois de facer unha loanza dos editores galegos, salienta a edición d'*O libro das viaxes imaxinarias*, de Xavier Puente Docampo, ilustrado por Xosé Cobas, ao que cualifica de "marabilla na súa sensibilidade, imaxinación, prosa, dicción narrativa" que acada a "perfección". Tamén loa *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo por ser unha "fermosa historia de amor que trenza de modo maxistral o autor" e que acadou o Premio Xerais.

- Ramón Loureiro, "Palabras do reino sen fronteiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 294, "En portada", "Velut umbra", 27 decembro 2008, p. 3.

Faise unha loanza das letras galegas a partir da referencia a recentes publicacións de autores que son expoñentes da vitalidade da literatura galega actual, entre elas destaca a obra *O libro da viaxes imaxinarias*, de Xavier P. Docampo; autor que considera un "dos máis grandes autores das letras galegas". Cita ademais as obras de Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel, Luís González Tosar, César Antonio Molina e Xosé Carlos Caneiro.

Estévez, Xavier, *A lenda do rei Lobo*, ilust. Andrea López, Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Ala delta, serie verde, n.º 23, a partir dos 10 anos, 2008, 140 pp. (ISBN: 978-84-92404-16-2).

Esta primeira novela de aventuras e misterio de Xavier Estévez (Bélxica, 1967), relata o meirande acontecemento na vida do seu protagonista, Berto, un rapaz apaixonado pola lectura e a comida envolto nunha realidade cotiá rutineira. A novela ábrese cunha dedicatoria a seus pais e a Fátima para despois estruturarse en dúas partes. A primeira, "O óso do dinosauro" refire os comezos do misterio mentres que a segunda, "Gunner o lobo", conta a lenda da que xurdiu a reliquia que tanta xente procurou e só Berto acadou descubrir. El será quen conte, en primeira persoa, o sucedido na visita da clase á exposición "Dinosauros: os monstros do pasado" do Museo de Historia. A partir do roubo do óso dun dos dinosauros exhibidos, Berto descobre unha reliquia agochada nun

labirinto de túneles e moi cobizada por certos individuos de non moi boas intencións. Grazas ao apoio do inspector Andrade e das súas amigas Branca e Estrela, Berto consegue descifrar o misterio do roubo. As ilustracións figurativas en branco e negro son escasas mais aparecen en momentos importantes no desenvolvemento do fío argumental, representando visualmente o descrito no texto. Péchase o volume cun índice dos capítulos que conforman a historia. Na cuberta aparece o protagonista e no fondo unha silueta dun lobo. Con esta imaxe de Andrea López en cores saturadas e atractivas vaise empuxando cara a unha historia intrigante. No interior presenta unhas ilustracións que varían co relato ao principio están contextualizadas na nosa época e cara ao final da narración as vestimentas dos personaxes indican que o contexto cambia a épocas antigas. O estilo das composicións é sinxelo, está centrado nos personaxes con algunha información esquemática da contorna.

Fariña Temprano, Anxo, *O ladrón de palabras*, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos do Miño, 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-8341-207-7).

Neste libro de Anxo Fariña (Vigo, 1977) cóntase a historia que lle ocorreu ao tío Manuel e aos seus sobriños, Xela e Brais, mentres daban un paseo en góndola nas súas vacacións en Venecia. Ao lonxe, observaron un personaxe cunha potente aspiradora. De volta das vacacións, decátanse de que ninguén pode falar nin escribir e observan palabras ciscadas polo chan. Para descubrir o sucedido, deciden seguir o camiño das letras e atópanse co Ladrón de Palabras e a súa aspiradora. Intentan atrapalo, primeiro, xuntando as letras "f, o, g, u, e, t, e" e logo "c, o, r, d, a", coa que conseguen atrapar ao ladrón, que desesperado, xunta as letras "b, o, m, b, a" co fin de facer o mal e esvaécese. A aspiradora estourou en anacos de modo que as palabras desapareceron para sempre. Ao tío Manuel ocorréuselle a idea de facer coas letras a palabra "bicicleta" e "papaventos" para percorrer toda a nosa terra, de modo que "as palabras non viven na cabeza, viven no corazón das persoas". Por outra parte, a edición conta con ilustracións do propio autor, uns debuxos a toda cor que recrean os momentos narrados e o sentimento dos personaxes. Nas ilustracións deste álbum as composicións xogan coa disposición de formas figurativas e con palabras debuxadas, xa que os protagonistas son tanto os personaxes como as palabras roubadas. Sobre uns fondos traballados con pintura as figuras defínense grazas ao emprego dunha liña expresiva que se superpón ás manchas de cor. As composicións son moi variadas. As cores predominantes son cálidas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "A forza das palabras", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "*Bulebule*", 17-23 abril 2008, p. 31.

Comeza destacando a importancia que teñen as palabras para poder comunicarnos e indica que este é o tema do libro *O ladrón de palabras*, de Anxo Fariña. Indica que os tres protagonistas da historia (o tío Manuel, Xela e Brais) teñen que loitar contra un ladrón que roubou a capacidade de comunicación na cidade de Venecia. Comenta que as ilustracións están en sintonía co texto e destaca o uso de xogos plásticos para obter maior expresividade.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, 1 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, 10 maio 2008, p. 11.

Recoméndanse as lecturas das achegas literarias que salienta, entre elas, ademais da obra *O teatro de Varela Buxán*; de Anxo Fariña, citas as de Xosé Luna, *O ladrón de palabras*; e de Amadeo Cobas, con *As pantasmas sodes do que non hai* (2007).

Fariña Temprano, Anxo, *Os megatoxos e a espada esmeralda*, ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Megatoxos, n.º 2, [lectorado mozo], 2008, 141 pp. (ISBN: 978-84-8341-219-0).

Segunda entrega desta colección creada por Anxo Fariña (Vigo, 1977), que por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes relata en doce capítulos o que lles acontece aos Megatoxos Faísca, Lúa, Ninfa e Ruxe. A acción primeira localízase no ano 1247, e preséntase á espada esmeralda, arma que acada o seu máximo progatonismo cara ao final da obra. A profesora Marta Larafuzas, dotada dunha "super-intelixencia" e causante do accidente que tiveran co Toxo, axúdalles a buscalo, para acabar cos problemas que teñen polos seus diversos poderes sobrenaturais. Para tal fin, chámaos aos catro mentres están na clase de Historia co profesor Burela, quen lle dá a Ruxe a nota que di: "Non deixes que el a colla". A Larafuzas, logo de falar cun tal señor M. P., indícalles o lugar ao que teñen que ir a través da máquina do tempo que os transportará ao medievo. Ao chegar, encontrarán un misterioso mosteiro e acordarán inspeccionalo. Alí dentro terán que usar a súa intelixencia nas estancias do edificio, fundamentalmente na biblioteca. Usarán así mesmo os seus poderes para enfrontarse a diversos personaxes como o monstro de pedra ou tratar cos xemelgos Exeria e Ezbel. Volven sen recuperar ao Toxo de maneira que o desenlace fica aberto a novas aventuras e coa "terríbel sensación" de que a profesora Larafuzas lles "está ocultando algo importante". A obra conta no seu interior con dez ilustracións do propio autor e inclúe un marcapáxinas nunha das lapelas. Os debuxos de Anxo Fariña son de estilo figurativo, moi próximos ao cómic. Os personaxes destacan polos seus trazos sinxelos, e cores contrastadas cos fondos neutros ou con texturas moi suaves.

Referencias varias:

- A. N. T., "Nova etapa de 'Edicións a Nosa Terra", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 26.

Coméntase que a división editorial d'A Nosa Terra senta as bases para medrar tanto en contidos coma a nivel cuantitativo. Entre os cambios que estabelece destácanse o aumento do plantel, o nomeamento de Xosé Fernández Puga como director e a creación dun consello asesor. Entre as súas publicacións dáse conta da saída d'*Os Megatoxos*, considerados como un dos seus recentes éxitos.

- M. Barros, "Ofrecer libros cunha estética moderna é a clave para enganchar os rapaces", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 31.

Ao longo desta conversa Anxo Fariña confesa que tiña fe no éxito d'*Os Megatoxos* porque escribiu esta serie dun xeito moi visual con personaxes actuais e politicamente incorrectos, pero que non agardaba unha resposta tan positiva, sobre todo por parte dos mediadores. Explica que estas novelas protagonizadas por superheroes se dirixen a un lectorado de once anos en diante e que presentan unha estética manga para se adaptar ás súas preferencias. Por último, anuncia unha terceira entrega.

Fariña, Anxo, *Que veñen os monstros!*, ilust. o autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, [lectorado mozo], col. A monstroescola, n.º 1, 2008, 84 pp. (ISBN: 978-84-8341-261-9).

Novela infantil fantástica de Anxo Fariña (Vigo, 1977) narrada en primeira persoa polos cativos protagonistas que xira arredor do esforzo de dous irmáns, Xan e Lidia, e a súa mestra Katia para conseguir que non lles pechen a escola de Vilamaior, que ten como alumnado aos irmáns, os únicos nenos do pobo. Para esa misión contan coa axuda dunha pantasma, que vía correo electrónico, e grazas a *monstronet*, pon un anuncio reclamando a asistencia á escola dunha cuadrilla de monstros. Deste xeito, dous irmáns vampiros, unha princesa momia, un neno invisíbel, un home lobo e un monstro do armario acompañarán aos dous protagonistas nas súas aventuras para evitar o peche da escola. A ilustración da cuberta así como o resto das que aparecen ao longo da obra son creación do propio Fariña. Estas imaxes son de estilo figurativo, moi próximas ao cómic. Os personaxes destacan polos seus trazos sinxelos e cores contrastadas sobre os fondos brancos. Finalmente, a novela tamén conta cun índice ao final da mesma.

Fernández, Ana María, *Historias que contan as paredes*, ilust. Manel Cráneo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 119 pp. (ISBN: 978-84-403-1063-7).

A través de diferentes voces narrativas, que se manifestan tanto a partir dunha primeira persoa coma dunha terceira, Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) inclúe neste volume un total de corenta e tres textos narrativos, que aparecen introducidos polo seu respectivo título. Trátase de breves historias escritas a partir dunha prosa poética cargada de sonoridade e sensibilidade, que non se cinguen de forma exclusiva ao lectorado máis novo. As historias narradas recollen experiencias da vida cotiá, feitos insólitos, soños, lembranzas, sensacións ou sentimentos, que parten dunha galería de personaxes predominantemente adultos, aínda que tamén aparecen outros máis particulares como poden ser as palabras ou os libros. Todas estas pequenas pezas narrativas, nas que a fantasía e realidade alternan ou chegan a convivir, compoñen un universo literario que impresiona, estimula e provoca a reflexión sobre a nosa vida, relacións, emocións, etc. Destaca a presenza de historias nas que a vellez asume un protagonismo especial, pois, dende esa etapa da vida, óllase cara á morte ou lémbranse vellas paixóns da mocidade. As ilustracións son de Manuel Cráneo (A Coruña, 1973).

Fernández Naval, Francisco X., *Suso Espada, Istanbul e o cabaliño de ouro*, ilust. Beatriz García Trigo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 176 pp. (ISBN: 978-84-403-1018-7).

Novela de detectives de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) estruturada en catorce capítulos aínda que están marcados quince, pois salta do doce ao catorce, obviando así o número trece. Trátase dunha historia ambientada na cidade de Istambul (Turquía), onde destinan ao investigador privado e narrador da historia Suso Espada, alcume de Suso Nabucodonosor , que empeza a misión encomendada pola axencia ADN con desconfianza e temor polas diferenzas culturais e lingüísticas. O asunto en cuestión é descubrir o paradoiro de Carmen Mosquera Palacios, unha muller do Morrazo desaparecida da prisión turca onde foi encerrada por tráfico de drogas. As pescudas empezan no consulado español, dirixido por Cambón, tamén de procedencia galega. Para el traballan o grego Anguelos e os turcos Nihat e Tamar como secretario, chofer e tradutora, respectivamente. Na súa compaña Suso visita unha aparente tenda de alfombras que agocha o centro de operacións da rede mafiosa que controla as prisións, e a casa de Moshé Yerushalayim, profesor de Carmen e experto en ciencias ocultas, cábala, interpretación de textos antigos e disciplinas similares, así como o despacho do gobernador ou Beg (Zeki Karakovan). O mestre entrega ao detective, presentado como familiar da desaparecida, un caderno no que ela anotaba os seus pensamentos, moitos deles en clave. Tanto este libro como o outro que albiscou o detective no lugar de reunións da organización clandestina, o coñecido Ciprianillo ou libro escuro con feitizos e localizacións de tesouros, conteñen todos os datos precisos para descifrar o misterio. Ao rematar a novela aparecen as solucións aos enigmas propostos. Das ilustracións de Beatriz García Trillo salienta a creación dunhas figuras humanas bastante estilizadas sen intencións volumétricas. Ademais, a autora resalta dun xeito significativo os elementos do ambiente exótico que dan máis indicios sobre onde se atopan os protagonistas: grazas ás imaxes incorpóranse datos sobre as arquitecturas, as vestimentas e os costumes do país onde transcorre o relato. Por último, débese mencionar as referencias a diversas figuras literarias, tanto galegas, caso de Álvaro Cunqueiro e Eva Veiga, coma estranxeiras, caso de Constantino Kavafis.

Recensións:

- Mª Jesús Fernández,"*Suso Espada. Istambul e o cabaliño de ouro*. Francisco X. Fernández Naval", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n. º 213, "Libros", marzo 2008, p. 68.

Despois de resumir a historia que se conta nesta novela con moitos elementos misteriosos que saltan na investigación, cualifícase de interesante e amena, con trama ben construída, boa descrición de ambientes, tanto de Istambul coma da Costa da Morte e a mestura de elementos da realidade actual con outros relativos a antigos ritos e crenzas e a presenza de todos os personaxes na Historia.

- Rodri García, "O Suso espada máis viaxeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras en galego", 29 marzo 2008, p.13.

Comenta que o escritor Fernández Naval acaba de poñer ao seu detective, Suso Espada, nunha nova investigación, na que destacan as referencias a outras culturas e, especialmente, a outros idiomas. Así mesmo, salienta que as aventuras do detective se mesturan con referencias literarias e dá conta dalgunha delas.

- Armando Requeixo, "ADN naval", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245,

"Libros", 24 abril 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, "Letras galegas", 3 maio 2008, p. 10.

Desta nova entrega das aventuras de Suso Espada, personaxe creado por Francisco X. Fernández Naval, na novela *Suso Espada: Istanbul e o cabaliño de ouro*, salienta que nesta ocasión o protagonista viaxa a Istambul para axudar a unha presa galega e que se ve inmerso en persecucións, equívocos e asasinatos. Destaca o pulso narrativo do escritor e comenta que na obra fai referencia a outros escritores como Álvaro Cunqueiro ou Eva Veiga. Por último, informa que a novela tamén foi publicada en castelán e asegura que é unha obra atractiva para adolescentes e adultos.

Referencias varias:

- Rodri García, "Vuelve a los escaparates el detective Suso Espada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 marzo 2008, p. 50.

Indícase que no Día das Letras Galegas de 2006 Francisco Fernández Naval rematou este título editado por Everest. Precísase que esta data inflúe no contido da historia e tamén é importante porque se adiantou a outros escritores falando da Alianza de Civilizacións, a través do guía Tamar e do arxentino Ricardo, ademais doutras xentes de Istambul e da galega Carmen. Remátase apuntando que este título se publicou ao mesmo título e co mesmo título en galego e en castelán, e que o seu autor vincula o local co universal a través da mostra de detalles comúns entre a cultura árabe e a historia galega.

Fernández Paz, Agustín, *A pastelería de dona Remedios*, ilust. Mabel Piérola, A Coruña: Editorial Rodeira, col. Tucán, de 6 anos en diante, marzo 2008, 60 pp. (ISBN: 978-84-8349-122-5).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) presenta unha historia que ten lugar na pastelería O Paraíso, da propiedade de dona Remedios. Atraídos pola fama das delicias que preparan con agarimo e esmero Charo, Lola, Santi e o señor André baixo as ordes da dinámica reposteira, numerosos visitantes acoden ao famoso estabelecemento. A única visita temida por todos e que consegue revolucionar o obradoiro é a de Luís, sobriño da propietaria que, pese ás advertencias da súa nai, non pode evitar a tentación de cometer unha trasnada tras outra. Cada un deles ten algunha lembranza das súas fazañas, dende unha "casual" aparición dunha bóla, que provoca a caída de Charo e de todo o que levaba con ela, até o "misterioso" cambio no estante do tarro da canela polo de pementa. Esta obra, estruturada en nove capítulos, consta dunha pequena introdución, seguida por un *flash black*, que explica os temores do persoal d'O Paraíso respecto ao pequeno rebuldeiro, para finalmente expoñer os acontecementos centrais e pechar cun final aberto. Trátase dunha historia narrada en terceira persoa con gran sinxeleza, mais está dotada de expresivas descricións que caracterizan aos personaxes principais e o escenario onde se desenvolve a acción. Asemade, conta co ritmo axeitado para marcar os principais acontecementos, especialmente nos momentos previos á chegada de Luís, que acelera a actividade no obradoiro, mentres que durante a propia visita o transcorrer do tempo parece retardarse anunciando a catástrofe final a cámara lenta. Así logra o autor recrear dunha maneira moi visual estas situacións de marcado carácter cómico, ton que preside o relato constantemente.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "O estraño meigallo dos xoves", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "*Bulebule*", 3-9 xuño 2008, p. 30.

Céntrase en describir o argumento d'*A pastelería de dona remedios*, un libro de Agustín Fernández Paz. Indícase que o libro consta de nove capítulos e trata dos feitos ocorridos na pastelería de dona Remedios a onde vai xente a mercar deliciosos manxares, coa particularidade de que o último xoves de cada mes ocorren feitos estraños, cos que podería ter relación o sobriño de dona Remedios. Afirma que se trata dunha boa historia nun ton alegre e fresco. Remata mencionando que as ilustracións de Mabel Piérola "están en concordancia co ton alegre e fresco do texto".

- María Jesús Fernández, "*A pastelería de dona Remedios*. Agustín Fernández Paz", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 218, "Libros/Novedades", setembro 2008, p. 63.

Despois de relatar a historia da pastelaría e das visitas de Luís, o sobriño da pasteleira e as catástrofes que produce, cualifícase a obra de "interesante relato con características singulares dentro de la obra de este autor para los pequeños lectores", unha historia realista cargada de humor, con xogos ambiguos e coidada linguaxe, que se enriquece coas imaxes "sensoriales, olfativas y visuales" que acompañan o texto.

- María Navarro, "Doce recendo. Sinxela e entrañable", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 263, "Infantil/Xuvenil", 16 outubro 2008, p. VII

Describe esta obra coma unha historia sinxela e entrañábel que vai dirixida a todos os sentidos dos cativos co fin de facelos soñar a través dunha prosa e argumento sinxelos: un feito cotián, nun lugar cotián, que resulta marabilloso. Salienta a nobreza dos sentimentos fraternais, a sinxeleza dos actos para atopar a felicidade. Tamén comenta as ilustracións de Mabel Piérola que achegan frescura a través do trazo sinxelo e limpo que recorda as figuras dos contos tradicionais.

Fernández Paz, Agustín, *¡Upa!*, ilust. Noemí Villamuza, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 2, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-794-2).

Breve conto de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) narrado en terceira persoa no que se recrea a historia de Mati e do seu pai, quen a colle no colo ante as diversas circunstancias que lle provocan medo, como os ladridos dun can ou o ruído provocado por unhas obras. Márcase a introdución destes elementos coa fórmula "¡Upa!", que tamén dá titulo ao libro. O conto remata coa escena da nena protexendo as súas bonecas, do mesmo xeito que o seu pai fai con ela. Péchase o volume con dous apartados didácticos titulados "O noso corpo" e "Ecoflash" con dúas mensaxes dirixidas a concienciar a infancia sobre a importancia da saúde e da ecoloxía. Respecto ao formato de libro, salienta que está troquelado cunha esquina redondeada, seguindo a forma da ilustración da cuberta, circunscrita nun círculo. As ilustracións, que son de Noemí

Villamuza, están feitas cun trazo moi expresivo de estilo abocetado. No texto non hai referencias á raza dos personaxes pero nas imaxes é indudábel a raza negra da familia protagonista. As cores empregadas son cálidas.

Ferreirós, Cristina, *Alfombriña*, ilust. da autora, A Coruña: Baía Edicións, col. Contos da Igualdade, n.º 3, de 2 a 6 anos, marzo 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96893-10-8). ■

Combina deseños moi simplificados e textos moi breves creados por Cristina [Ferreirós] nunha obra que trata sobre a liberdade. Presenta a casa onde mora a protagonista, Alfombriña, así como os seus pais e un domador de nenas e nenos. Antes de desvelar a información, formúlanse as preguntas para fomentar a imaxinación do lector. A protagonista vive deitada no chan e non pode facer as cousas que ela quere, como comer na bañeira, camiñar polo teito, ler dentro do armario... Só o vento poderá levantala do chan e facer que Alfombriña voe. Ademais, o libro consta dun DVD que contén xogos protagonizados polos mesmos personaxes. O texto apóiase visualmente coas ilustracións figurativas da autora, de estilo esquemático, con cores planas e moi saturadas.

Referencias varias:

- Carlos Názara Blanco, "Contacontos na biblioteca municipal de Sanxenxo", *Diario de Arousa*, "*Revista de Adina*", n.º 30, "Sanxenxo", 6 abril 2008, p. 2.

Dá conta de que o pasado 28 de marzo se realizou na Biblioteca municipal de Sanxenxo, no Pazo de Emilia Pardo Bazán, a actividade de contacontos coa obra *Alfombriña*. Explícase que se escolleu esta composición pola súa utilidade para tratar cos nenos e nenas alí presentes valores como a cooperación ou a igualdade de xénero.

Fortes, Antón, *Caderno de animalista*, ilust. Maurizio A.C. Quarello, Pontevedra: OQO Editora, col. Oqart. Sementes de arte, [lectorado autónomo e mozo], outubro 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-9871-064-9).

Volume que conxuga pintura e literatura. Antón Fortes (Sarria, 1957) fai un percorrido a través de distintas obras emblemáticas da arte do século XX, mais reconvertidas para crear unha nova obra. Todas elas protagonizadas por distintos animais. As obras escollidas para reinventar veñen da man de Otto Dix, Miró, Mondrian, Brancusi, Picasso, Degas, Dalí, Klimt, Goya, Munch, Grosz, Duchamp, Hopper, Botero, Friedrich, Warhol, Magritte, Matisse, Klee, Haring e Lautrec. Cun ton humorístico, as imaxes acompáñanse de distintos tipos textuais, onde se emprega a linguaxe audiovisual, a lírica, o texto expositivo, o descritivo, o relato, o teatro, o diálogo, a entrevista, o monólogo, o índice, a noticia, a carta e o prospecto. Inclúense neles, ademais, referencias literarias como Stein, Curros, Joyce, Blanco Amor, ou do mundo audiovisual como *Tarzán* ou *Fama*. As divertidas ilustracións de Maurizio A. C. Quarello recrean pinturas famosas do século XX, substituíndo as persoas por animais. A imaxe ten unha grande importancia sobre o texto. A técnica empregada é a mesma que nos cadros orixinais. A forza das imaxes é maior para os que coñecen as obras de arte e sería interesante que houbera ao final una relación dos cadros ou unha referencia visual

dos mesmos.

Recensións:

- L. Pousa, "Un fermosísimo bestiario", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 290, "Letras en galego", 2 novembro 2008, p. 11

Coméntase o libro *Caderno de animalista*, con textos de Antón Fortes e ilustracións de Maurizio A. C. Quarello. Dise que o libro "baséase en obras máis recentes que o clásico *Gran libro dos animais*". Salienta que "recibe inspiración dos grandes pintores mundiais", posto que versiona cadros famosos, colocando a animais como protagonistas co obxectivo de facer que os "pequenos lectores, coa axuda dos profesores" descubran cal é o cadro orixinal.

- Sabela López Pato, "Brincadeira e afasia", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 8.

Descríbese a obra *Caderno animalista*, de Antonio Fortes e Maurizio A. C. Quarello, como unha proposta que traza os seus camiños a través das vangardas artísticas e literarias do século XX, con algunha incursión no Romanticismo. Dise que o troco de obxectos e personaxes da arte por animais evidencia o significado aberto das obras artísticas e que a linguaxe ten un movemento constitutivo. Indica que dende os anos oitenta non se realizara unha proposta de arte para nenos tan seria dentro do panorama editorial. Porén critica o uso do canon e que falten artistas como Frida Kahlo ou galegos como Luís Seoane, Urbano Lugrís ou Maruja Mallo.

- Montse Pena Presas, "Fusionar artes", *Xornal de Galicia*, "*Exit*", n.º 2, "Ler con nenas", 19 decembro 2008, p. 14.

Analiza *Caderno de animalista*, un libro con textos de Antón Fortes e ilustracións de Mauricio A. Quarello que "homenaxea/parodia" a artistas plásticos coma Picasso, Klimt ou Warhol, redebuxando os seus cadros para que estean "protagonizados" por animais, aos que se introduce a través de distintas modalidades de texto. Conclúe que o libro é unha "fusión perfecta de arte e literatura".

Fortes, Antón, *Fume*, ilust. Joanna Concejo, Pontevedra: OQO Editora, col. Qontextos. Mar de candeas, [lectorado mozo], novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-058-8).

Este relato de Antón Fortes (Sarria, Lugo, 1957) arrinca cunha dedicatoria "Aos que nunca se someten á verdade dos vencedores" e comeza a historia nunha estación de tren na que os soldados vixían aos viaxeiros. Unha voz narrativa en primeira persoa vai describindo o que acontece na estación onde estes son separados en filas: os homes nunha, e o neno narrador coa súa nai, noutra. Son trasladados a unha casa numerada onde están apiñados en "liteiras vellas de madeira, con palla". Narra os peores momentos vividos alí: estar baixo o frío e a neve cando os recontan e a comida. O neno narrador tamén explica que non chora porque viu que levaran a un meniño que "choromicaba" e ademais comenta que a súa nai viu pasar ao seu pai detrás do aramado.

Conta outras penurias que pasan e como as nais os agochan para que non os leve o médico, mentres el soña con volver á súa vida anterior, estando toda a familia xunta. Así mesmo observa os disparos, os golpes dados cos fusís e como colgan a xente no patio ao son da música dunha orquestra. Paralelamente, cóntase como un neno chamado Vadío logra fuxir da casa dos xitanos e como as mulleres o axudan a zafarse para que non o boten nun camión. Nárrase como diminúen as forzas da nai de tanto traballar e como xa non ve ao pai, antes de ir á casa da cheminea onde os nenos van ao ceo, como lle explica a nai. Remata cando o neno narrador e o seu amigo Vadío van camiñando espidos na escuridade a ducharse tras pecharlles a porta. Este álbum ilustrado de Joanna Concejo (Polonia, 1971) conta cunha edición moi coidada, con tapas duras e papel groso de cor ocre. As gardas imitan páxinas dun álbum de fotos que nos falan de recordos, de historias antigas, de memorias de familia. As ilustracións son fundamentais para seguir o relato. Trátase de imaxes moi coidadas, de gran forza expresiva, que reflicten o patetismo da historia. As composicións sitúanse a dobre páxina con figuras reais mesturadas con imaxes alegóricas que aluden á traxedia dos campos de exterminio. A técnica empregada é o debuxo a lapis en branco e negro, só utiliza a cor polo seu significado simbólico en determinados detalles.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Fortes mira un campo de exterminio ca ollada dun neno no álbum 'Fume", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 18 decembro 2008, p. 71.

Explícase en primeiro lugar a localización xeográfica e temporal do álbum ilustrado *Fume*. Recóllense as palabras do autor explicando que é posterior ao filme de Benini, mais anterior á novela de John Boyle. Inclúese o comentario da editora Eva Mejuto explicando que este conto abre unha colección para que o lectorado reflexione "sobre realidades sociais desfavorables", para facelos "conscientes desas realidades", e remata enumerando os tres motivos que os levaron a editalo.

Franco, Mario, *A capela maldita*, Premio "Avilés de Taramancos" de relato de aventuras 2008, ilust. Paula Paradela, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], maio 2008, 66 pp. (ISBN: 978-84-96673-54-0).

Este relato de Mario Franco Rodríguez (Santiago de Compostela, 1934) vai precedido dunha dedicatoria e cunha cita de Xavier Villaurrutia. O relato comeza coa chamada de axuda de Francisco, un médico que vive nun pazo, ao seu colega Remixio que reside en Compostela. No escrito que lle manda Francisco a Remixio cóntalle que o seu estado de saúde é moi precario e tamén lle relata a historia pola que el cre que se atopa nesa situación de agonía. Un día Fernando saíu a pasear polas súas terras e acabou atopando unha capela no monte que aparentemente estaba abandonada. Non obstante, pareceulle que algo habitaba nela e nos seus arredores. De volta ao pazo, Fernando pregúntalle ao seu criado Manuel sobre a citada capela. Nese momento, Manuel túrbase e ao final cóntalle a lenda sobre a capela e os antepasados do señor do pazo. Advírtelle que el cando era novo tamén visitou de casualidade a capela e esa mesma noite a Estadea veuno buscar. Nun primeiro momento, Francisco non cre ren da historia de Manuel. Mais pouco a pouco, segundo lle vai contando toda a historia, vaise asustando e cre que a el tamén o vai a visitar a Estadea. Esa mesma noite, Francisco ten un soño no cal

visita a capela e alí ve o fantasma dunha antiga muller da familia, a cal xace con el e obrígao a levar a cruz da Estadea durante parte da noite. Á mañá seguinte, esperta e non sabe se foi un soño ou foi real, pero cada vez ten máis dúbidas e a súa racionalidade empeza a minguar. Á noite seguinte volve ter o mesmo soño e daquela comprende que está enmeigado e que vai morrer. Todos estes feitos refírellos na carta a Remixio, o cal acude o máis rápido posíbel para sandar ao seu amigo e colega médico. Remixio realízalle unha sesión de hipnotismo para, supostamente, acabar coa obsesión psíquica do seu amigo. Ao final, a sesión non funciona e Remixio observa que o seu amigo está morto. Manuel insiste en que non é así, que o que está sen vida é o seu corpo porque a Estadea veu a por el. Á alba do día seguinte, Remixio comproba que o seu amigo está vivo, aínda que agonizando. Ante esta situación que desborda os seus coñecementos e principios decide pedir axuda a un cóengo exorcista de Compostela. Don Amaro, o cóengo exorcista, intervén e logra sandar a Francisco.

Recensións:

- Héitor Mera, "Predicible historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, "Libros", 30 outubro 2008, p. IV.

Analiza esta obra, *A capela maldita*, premiada no Certame literario de Relato de Aventuras, e indica que é xa a segunda vez que o seu autor, Mario Franco, gaña este premio. Afírmase que se trata dun "relato curto ou noveliña curta" a modo de homenaxe ao xénero de terror, dando como resultado unha obra que tematicamente segue o esquema do xénero e que estilisticamente precisaría ser pulida, pois o seu estilo ou os diálogos, segundo afirma Héctor Mera, son moi mellorábeis.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Mario Franco opón en 'A capela maldita' ciencia e superstición", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Libro", 20 agosto 2008, p. 59.

Preséntase a obra gañadora da última entrega do VII Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, *A Capela maldita*, de Mario Franco. Coméntase que a obra será publicada pola editorial Toxosoutos e que se trata dunha novela de misterio, con elementos de terror ambientada en Santiago e nas terras do Ulla na segunda metade do século XIX.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, 9 outubro 2008, p. VII.

Despois de citar neste andel a obra *A capela maldita*, de Mario Franco, tamén se refire a *Renacer*, de Xabier Paz; e *Bea*, de Iván Sende.

Freire, Isabel, *Sopa de marsopa*, ilust. Jon Puga, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 179, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 114 pp. (ISBN: 978-84-9782-729-6-3).

Isabel Freire (A Coruña, 1960) emprega un narrador omnisciente, o comisario xefe de

policía Roncudo Lor, para referir as aventuras que lle ocorrerán xunto ao detective máis rechamante que ten ao seu servizo, Bilbo Bons. A través dunha linguaxe nidia e sinxela e de oito capítulos curtos cóntase a historia. Ábrese cunha introdución na que Roncudo preséntase como personaxe e introduce ao lectorado de cheo nun mundo onde as cousas non son o que parecen. Tras unha descrición de Bilbo tanto física como psicolóxica, dá comezo o caso da toniña desaparecida do zoo. Bilbo empeza a pescudar e atopa unha fábrica vedraña onde se cociñan graúdos caldeiros de sopa. Ao ser descuberto, Bilbo tenta liscar como pode pero hai demasiados obstáculos. Finalmente todo se resolve de xeito satisfactorio e ábrese o seguinte caso, o dos buracos no descampado dun colexio. Esta aventura dará con el e mailo xefe de policía nun entramado de túneles subterráneos que porán en perigo as súas vidas. Alcanza a cispar pero todo fica inconcluso, como se dun soño se tratase. As ilustracións coloristas de Jon Puga (Vigo, 1982) logran dar unha sensación realista ao texto e axudan ao lectorado máis novo a concibir mentalmente o tipo de personaxes e as aventuras ás que se verán sometidos. As ilustracións de Jon Puga son de carácter figurativo e teñen un estilo visual altamente caricaturesco, confiren especial importancia aos elementos dos ambientes, achegando detalles que completan visualmente a información dos textos. Asemade, as faccións dos protagonistas están moi marcadas e preséntannos uns personaxes fortemente estilizados.

Recensións:

- María Navarro, "Intriga e animais. Mestura de planos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 257, "Infantil/Xuvenil", 4 setembro 2008, p. VII.

Dáse conta do argumento desta novela que nos presenta ao detective Bilbo Bons, o anti-detective, baixiño e regordete. Trátase dun relato de aventuras policiais cheo de acción narrado polo comisario Roncudo Lor, no que salientan tres eixes claves: "os personaxes, perfilados como antiheroes, a trama con certa dose de intriga e os detalles que teñen en animais o seu punto de referencia". Finalmente destaca a mestura de realidade e fantasía e as ilustracións de Jon Puga baseadas no "trazo despuntado, na cor e na representación de escenas clave" que acompañan o texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 186, 17 maio 2008, p. 11.

Neste andel cítase *Sopa de marsopa*, de Isabel Freire, e tamén *Veleno tinto*, de Ramón Carredano Cobas; *A pel do crocodilo*, de Abraham Carreiro; e *Cazaría salvaxe* , de Agustín Agra.

- V. Oliveira, "Isabel Freire crea o personaxe de Bilbo Bons, o máis grande detective", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 68/"Sopa de 'marsopa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Novela", 15 maio 2008, p. 39.

Dáse conta da presentación da cuarta obra da xornalista coruñesa Isabel Freire, editada por Xerais e ilustrada por Jon Puga. Coméntase que se narran as aventuras de Bilbo Bons, un axente secreto moi peculiar que toma o seu nome do hobbit Bilbo Bolsón, creado por J.R.R. Tolkien para a triloxía *O Señor dos aneis* (2002), e o apelido do

famoso axente secreto James Bond, de Ian Fleming.

García Cardamas, Pilar, *A cova da mariña*, ilust. a autora e Leandro Lamas, Noia: Editorial Toxosoutos, col Nume, [lectorado mozo], outubro 2008, 191 pp. (ISBN: 978-84-96673-68-7).

Esta novela fantástica de Pilar García Cardamas (Ares, 1957) ábrese cun fragmento dunha cantiga medieval de Airas Nunes con temática moral no que se fala da procura da verdade. Presenta un narrador protagonista en primeira persoa, Brandán, que comeza a súa narración a partir do varamento dunha balea na praia da Barrosa, nunha vila mariñeira, o cal provoca que todos os veciños saian na súa axuda. No momento do regreso polas paredes dos cantís el mesmo descobre a espenuca que pasa a converterse no principal espazo da historia. Outros amigos e veciños adéntranse con el na gruta (Rufo, Martiño, Vítor, Darío...) e deciden explorala. Prodúcese un accidente ao desprenderse unhas rochas que tapan a entrada da cova e provocan unha pequena inundación. Fican alí presos e así permanecerán nove meses até que conseguen saír. Van descubrindo que a cova encerra múltiples espazos e ao tempo atopan e mestúranse con personaxes que pertencen a outras épocas como a medieval. Deste xeito o mundo marabilloso e o mundo real pasan a un só plano e os protagonistas deben sortear diversos perigos e enfrontarse con personaxes como guerreiros da morte, vellas con gadaña, reis medievais e os seus cabaleiros para conseguir saír ao exterior. O descubrimento dese outro mundo oculto serve para que os personaxes da historia se enfronten á súa propia existencia e aos seus valores, para que tenten esforzarse xuntos por saír dos perigos e compartir así amor, violencia, compromiso e mesmo a morte. Unha vez fóra da cova deben enfrontarse a un novo reto: conseguir que todos os habitantes da vila que quedaran fóra agardando a súa volta crean a existencia do mundo fantástico que se agocha no interior da gruta. A atemporalidade do relato paira por toda a obra e só no final se dá a referencia concreta do paso do tempo cando o narrador-protagonista informa de que pasaran nove anos dende que ocorreran os feitos. A historia está relatada a través dunha linguaxe coloquial, sen vocabulario extremadamente dificultoso e con abondosos diálogos que achegan maior fluidez ao relato.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, 4 decembro 2008, p. VII.

Escóllese entre a produción literaria galega do ano esta obra *A cova da mariña*, de Pilar García Cardamas; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío; e *A cabeza da medusa*, de Marilar Aleixandre.

García Otero, Corona de Jesús, *Pitiño*, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], abril 2008, 90 pp. (ISBN: 978-84-95460-82-0).

Novela infantil de Corona de Jesús García Otero (O Pino, A Coruña, 1943) que leva ao comezo unha dedicatoria e que contén trece capítulos con título. Un narrador omnisciente en terceira persoa, que ás veces cede a palabra aos protagonistas mediante

diálogos, conta as aventuras de Pitiño, un paxariño que se instala cerca da casa dunha nena chamada Elena, da que se fai moi amigo e coa que ten longas conversas. Cando chega o outono Pitiño intenta adiar a súa viaxe para estar máis tempo con ela pero dáse conta de que non pode sobrevivir ao inverno, polo que decide emprender a súa viaxe a África dúas semanas despois dos outros paxaros da aldea. Antes de chegar decide descansar no niño dunha cegoña e comer algunhas sementes, a pesar de que un espantallo lle pon algunhas trabas. Un flamenco cóntalle que no medio do deserto hai oasis con moita auga e vexetación, polo que decide aventurarse e ir vivir alí. Está moi ben pero lémbrase de Elena e coñece un camelo que o convida a ir a Exipto con el e o seu dono, pero no medio do camiño dáse conta de que en España é inverno e vai morrer co frío así que volve ao oasis sen dicir nada. Cando chega a primavera regresa á árbore da casa de Elena, pasan un verán moi divertido pero cando volve o outono Elena proponlle quedar a vivir na súa casa, onde lle prepara unha gaiola. El proba pero a falta de liberdade entristéceo e decide pasar o inverno en África, aínda que na primavera regresa e continúan a súa amizade. A cuberta ten un debuxo do pitiño protagonista a cor e no interior ilustracións, sen asinar, a tinta con predominio da liña que son retratos das personaxes.

Gómez Cuerpo, Amparo, *Contos da tía Rosario: Perico o cangrexo*, ilust. a autora, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante contacontos, serie verde, máis de 8 anos, 2008, 54 pp. (ISBN: 978-84-7680-634-X).

Cóntase neste segundo conto da serie comezada por Amparo Gómez Cuerpo (Pontevedra, 1955) en 2007 con *Contos da tía Rosario: Titi, caca* a historia de Xoán, María, Lara e Adrián que van pasar o verán á casa da súa tía Rosario. Un día, xogando na praia, deciden coller uns caracois e cangrexos para ensinarllos á súa tía. Esta, preocupada, decide contarlles a historia do cangrexo Perico que foi un día recollido na auga e botado nun caldeiro, xunto con outros peixes, por uns nenos que o único que querían facer era miralos. O problema foi que os nenos se esqueceron deles e moitos dos peixes morreron por non se atoparen no seu medio natural. Perico conseguiu salvarse e quixo rematar con esta situación. Ao seguinte día deixouse coller por un novo neno ao que lle falou explicándolle o que pasara o día anterior, polo que o rapaz decidiu deixalo de novo. Ao escoitaren a historia de Perico, Xoán, María, Lara e Adrián deciden voltar os animais que colleran á auga entendendo a ensinanza da historia que a súa tía Rosario lles relatara. As ilustracións son debuxos infantís realizados por Amparo Gómez (Pontevedra, 1955) de estilo figurativo e cores cálidas. O relato complétase cun vocabulario e cunha unidade didáctica que se pode descargar na páxina web da editorial.

Guerra, Mar, *Xenaro e o misterio da mochila verde*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2008, ilust. Fernando Llorente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 184, de 11 anos en diante, outubro 2008, 160 pp. (ISBN: 978-84-9782-895-6).

Nesta novela de aventuras grupais Mar Guerra (Madrid, 1963) recrea os lugares onde se desenvolve a vida dos rapaces: dende o colexio, até o domicilio familiar ou os centros de reunión reservados aos amigos. En primeiro lugar dáse a coñecer Xenaro Conese Maiúsculo Coidado Conel (*Xe*), protagonista e narrador en primeira persoa da actividade do colexio Universal. Coa chegada de Antonio Fernández-Xildas (tamén

chamado o *Novo* ou o *Neno Antonio*) créase un grupo que pronto se diferenza do resto: os *Garapiñadas*, alcumados así por Xenaro a raíz dunha das súas afeccións preferidas. O grupo componse por aqueles que até ese momento se sentían excluídos por diversos motivos. Á cabeza sitúase o *Neno Antonio*, que manifesta decontado o seu carácter prepotente e conta entre os seus aliados con Zacarías Fontesanta Rodríguez (o *Sansón*). Por outra banda, Xenaro, quen amosa unha personalidade sensíbel e afectuosa, séntese moi unido a Violeta (*Uve*) e Filipe (*Efes* ou *Flipe*). A linguaxe do texto incorpora numerosas expresións cheas de espontaneidade, o que outorga ao relato unha gran viveza. Ao mesmo tempo, empréganse incontábeis sinónimos, parónimos e antónimos como consecuencia da paixón de Xenaro polas palabras, que o levan a devorar libros de aventuras e xornais como preparación das lecturas de Shakespeare que a súa nai lle anuncia nun futuro próximo. Tamén é de salientar a intertextualidade á que o tipo de relato recuperado dalgún xeito por Mar Guerra leva, citando obras mestras da literatura xuvenil de aventuras como *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson; *Ivanhoe*, de Walter Scott; ou *Miguel Strogoff*, *o correo do tsar*, de Julio Verne. As ilustracións figurativas de cores cálidas de Fernando Llorente (As Palmas de Gran Canaria, 1954) acompañan ao texto en diversos capítulos para visualizar algunhas escenas do relato. Os personaxes, de trazos redondeados e de expresividade afábel, conectan moi ben co lectorado. O ilustrador xoga coa desproporción visual da mochila para centrar a atención do lector no misterio que adianta o título da cuberta.

Recensión:

- Ramón Nicolás, "Unha metáfora sobre a amizade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292, "Letras en galego", 13 decembro 2008, p. 10.

Comeza salientando a capacidade da escritora Mar Guerra para conectar cos seus lectores co seu libro *Xenaro e o misterio da mochila verde.* A continuación valora o libro e comenta que "mostra unha ollada ao mundo real, as situacións máis ou menos cotiás a través dos ollos dun neno". Finalmente cualifica o libro como "unha sólida estrea" para a súa autora e resalta as ilustracións de Fernando Llorente.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 267, 13 novembro 2008, p. VII.

Nesta sección fixa na que se salienta novidades do panorama literario galego acóllese esta obra, *Xenaro e a mochila verde*, de Mar Guerra, xunto a outras como *A soas*, de Ramón Pérez Cid e *Mal de escola*, de Daniel Pennac.

- Marta García Márquez, " Os nenos len dúas páxinas e se non lles mola: adeus!", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 27 novembro 2008, p. 17.

Entrevista informal cunha introdución moi pintoresca onde se compara o libro *Xenaro e a mochila verde*, de Mar Guerra, coa preparación dun estraño prato. Fala do seu personaxe, Xenaro, da idade recomendada de lectura, da obtención do Premio Merlín, da calidade editorial do mercado infantil e expresa algúns dos seus pareceres sobre a escrita para nenos que é máis difícil que para os adultos.

Iglesias, Arturo, *Carolina e os caracois*, ilust. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Cempés. Letras miúdas, n.º 1, [lectorado autónomo], xullo 2008, 31 pp. (ISBN: 978-84-96893-67-2). ■

Este conto infantil, narrado por Arturo Iglesias (Ferrol, 1961) e ilustrado por Xosé Tomas, é a historia dunha nena que está marabillada cos caracois, coas súas cores e coa forma da súa cuncha. Cando xa é máis grande cántalles unha canción para que saian da cuncha cando están a durmir. A obra, narrada en terceira persoa, ten un mínimo texto fronte á ilustración, reproducida a dobre páxina. As ilustracións figurativas de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) están enmarcadas nun recadro e son fotografías dunhas composicións tridimensionais feitas con elementos naturais como pedras, algodón e teas e con formas modeladas. As composicións céntranse nos personaxes principais, Carolina e os caracois, amosando imaxes que apoian ao texto, permitindo unha lectura case exclusivamente visual. Remata coa seguinte canción: "caracol, col, col bota os corniños ao sol que teu pai e túa nai andan xuntos por Ferrol".

Janeiro Casal, Manuel, *A fada das lapas*, ilust. Zita Delaco, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado mozo], 2008, 58 pp. (ISBN: 978-84-9865-133-1).

Esta novela do ilustrador, poeta e profesor Manuel Janeiro (Madrid, 1951) conta a historia de Gabriel, o fillo dun ferreiro, quen traballa na ferrería do seu pai fabricando ferramentas para o agro e tamén diferentes armas. Un día recibe a visita dunha fada máxica, que se presenta ante el como Venéfica. Sorprendido e engaiolado pola súa beleza e polo efecto da maxia da fada, Gabriel abandona a súa casa e aldea e vaise vivir coa fada a un lugar remoto. Venéfica múdalle o nome a Gabriel, chamarase Victus. A partir dese momento vivirán felices e terán un fillo ao que chamarán Humane. Este presenta unha fisionomía case humana, pero algúns dos seus trazos son herdados da súa nai, a fada. Pouco a pouco, Victus empeza a botar de menos a súa familia e un día proponlle a Venéfica regresar á aldea para que seus pais coñezan ao seu neto. A fada pensa que non é aínda o momento e dille que hai que esperar. A relación entre Victus e Venéfica vaise arrefriando e a fada pasa a maior parte do tempo con Humane, sen deixarlle a penas relacionarse co seu pai. Pasado un tempo, Victus insiste na idea de volver á aldea e entón Venéfica, enfadada, foxe co seu fillo voando. Durante varios días, Victus séntese perdido, pero ao final decide regresar á súa aldea para poder recuperar ao seu fillo. Tras moitos días de viaxe chega á ferraría do seu pai e cóntalle a historia. Decide fabricar armas para poder matar ou convencer a unha quimera para que lle axude a rescatar ao seu fillo, os dous fan unha longa viaxe até un volcán, alí, Victus descobre a Venéfica e ao seu fillo. A fada colle ao fillo e métese no volcán mentres a quimera os persegue. Cando os atopa no interior descobre que Humane está nos brazos da fada carbonizado. A quimera lévao á superficie e entrégallo a Victus, o cal, horrorizado, comeza a cavar un túnel para poder atoparse con Venéfica, nun intento de recuperar a felicidade inicial dos tres. Dende a cuberta a protagonista femenina desta narración, mira directamente ao lector como invitándoo a participar. Ao longo desta novela fantástica hai algunhas ilustracións de Zita Delaco que apoian visualmente escenas importantes da narración. A técnica empregada, que achega moita forza expresiva ás imaxes polas manchas de cor, polos trazos e pola disposición das formas, dálle enerxía aos personaxes protagonistas desta saga.

Recensións:

- Manuel Rodríguez Álvarez, "Amorosa destrución", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 180, Tomo XLVI, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2008, pp. 102-103.

Cualifica esta obra de "conto para adultos lúcidos" convertido en mito, intenso e enfatizado". Dise que se trata dunha historia de amor con tráxicas consecuencias, con protagonistas atormentados que se buscan a si mesmos, movéndose nun mundo misterioso e desesperanzador. Destácase o dominio da linguaxe poética usada de xeito que consegue engaiolar o lector até a fin do relato nunha "dura e claustrofóbica historia que non dá tregua".

Referencias varias:

- Fernando Franco, "A fada das lapas", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Mira Vigo", 11 decembro 2008, p. 12.

Faise eco da presentación do libro *A fada das lapas*, de Manuel Janeiro, na Casa da Cultura Galega.

Laso Lorenzo, Rafael, *Memoria contra Alzheimer*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 109, [mocidade], xaneiro 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-9782-691-4).

Novela de Rafael Laso Lorenzo (Xinzo de Limia, Ourense, 1965) estruturada en dúas partes máis un epílogo. O libro ábrese cunha dedicatoria, tres citas que teñen que ver coa memoria e o esquecemento e as definicións de alzheimer e memoria tomadas da *Enciclopedia Salvat*. A parte primeira titulada "Xadrez contra Alzheimer", á súa vez consta de dezasete "xogadas" que levan como título os movementos da partida xogada nos entreactos d'*O barbeiro de Sevilla*. Nela un narrador-protagonista en primeira persoa, que padece alzheimer e que se perdeu e non entende porqué está nun hospital, xa que a el non lle doe nada, case nunca lembra como se chama, non recoñece os fillos e cre que foi campión do mundo de xadrez, polo que moitas veces confunde algunhas xogadas coa realidade. A parte segunda titúlase "Memoria contra memoria" e nela un narrador omnisciente en terceira persoa cóntanos que o home que aparecía na primeira parte chamábase Casiano Filgueira e que xa xubilado gañara un terceiro premio de literatura que lle permitira mercar un PC de segunda man. Este debía estar mal formateado, xa que traía un documento titulado "Trevo de catro follas" onde un home, coa perspectiva de cando era neno, lembra en catro escritos os seus catro avós. No epílogo o narrador volve a ser Casiano que segue a confundir a realidade coas historias que atopara no ordenador e cun taboleiro de xadrez. A fotografía da cuberta de Antonio Seijas (Ares, 1976) presenta unha montaxe na que hai unha contorna dunha persona, un misto que se apaga e uns números que simbolizan o problema desta enfermidade.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, 28 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 177, 8 marzo 2008, p. 11.

Nesta sección fixa que acolle pequenos comentarios de obras de recente publicación, danse unhas notas desta obra *Memoria contra o Alzheimer*, de Rafael Laso Lorenzo. Tamén se salientan *Da vendima á Zafra* (2007), de Emilio Comas Paret, así como dúas pezas teatrais: *A cabana de Babaiagá*, adaptación dun conto tradicional eslavo de Paula Carballeira para os máis novos, e *O regreso ao deserto* (2007), de Bernard-Maríe Koltés.

- A. S., "O Alzheimer perde a partida ao xadrez no libro de Rafael Laso", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 4 marzo 2008, p. 44.

Fai referencia ao libro de Rafael Laso, *Memorias contra Alzheimer*, e achega as palabras do autor sobre o obxectivo desta obra. Laso comenta que intentou describir as fases do esquecemento das persoas que sofren esta enfermidade e salienta que non se centrou nos familiares, senón na persoa que o padece.

Laso Lorenzo, Rafael, *A vida que non é*, Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Catavento, n.º 25, [mocidade], 2008, 130 pp. (ISBN: 978-84-92404-17-9).

Esta novela de Rafael Laso (Xinzo de Limia, Ourense, 1965) estruturada en trinta e un capítulos nárrase en primeira persoa a través do protagonista, un escritor que adquire unha casa abandonada coa que manteñen relación varios personaxes. Como temas principais aparecen un escuro segredo que agocha a mencionada casa, a busca da sorte, que é o factor predominante no conxunto do relato, e a morte, que tamén xoga un papel moi importante. Todos os personaxes (o escritor, unha muller, un pintor, un crego e un médico) tratan de buscar a devandita sorte a través de diversos medios. Esta sorte non se entende como azar, senón que se presenta como un elemento que existe e hai que buscar. Asemade, a obra ten unha linguaxe sinxela, da que salienta o emprego de metáforas. Laso identifica a morte cos gatos e conta que cando alguén desaparecía na aldea aparecía un gato novo doutro color e doutra raza.

Lema, Rafael, *Crónicas corsarias*, Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Catavento, n.º 26, [mocidade], 2008, 167 pp. (ISBN: 978-84-92404-18-6).

Rafael Lema (Ponte do Porto-Camariñas, 1967) presenta unha novela de aventuras de quince capítulos narrada en primeira persoa e protagonizada por un personaxe real da época napoleónica. Trátase dun rapaz galego chamado Roi Martíns, que embarca ao cumprir a maioría de idade no barco corsario de Ambrosio Álvarez Pardiñas, alcumado o Capitán Araña. Nesta primeira travesía teñen como compañeiros a Uktena, un indio cherokee xigante, e o gran danés Pinto. Tras a aparente desaparición do capitán Araña, todos eles son acollidos polo capitán Ambrosio Pardiñas o Vello, dono do barco Veracruz e responsábel de abastecer a mansión do bispo español Basilio Suárez de Lema, tío de Elisa, a moza que namora a Roi. A tripulación do barco Veracruz, habitual de tabernas onde se reúne a piratería procedente dos máis diversos países, coñece na Pousada de Xamaica a noticia de que o Capitán Araña aínda está vivo. Unha carta do

desaparecido confírmalles este rumor e anuncia a súa visita. Tras dous anos de ausencia, conta que nese tempo logrou facer fortuna e mercar un novo barco co que volver a Corcubión e abrazar de novo ao seu pai, ao mesmo tempo que enrolou a varios compatriotas. A recomposta tropa, novos e vellos camaradas, parte rumbo ás Azores para percorrer despois varias colonias co fin de cumprir a misión que o vicerrei de México encarga ao Capitán Araña, convertido así en velador da fe e dos intereses dos conquistadores nas Américas.

López Rodríguez, Xavier, *Os globos de andar*, III Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil, ilust. Marcos Calo, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 15, a partir de 8 anos, novembro 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-96893-87-0).

Xabier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) presenta nesta obra a Marcos, un neno de dez anos, que ten que cambiar de cidade e polo tanto de vida. Desta maneira nace a historia que intenta reproducir os pequenos problemas que os nenos atopan no seu día a día. Ao primeiro problema que se ten que enfrontar Marcos é a que na nova cidade non coñece a ninguén, non ten amigos, situación que cambia rapidamente, pois hai un neno peculiar, Xandro, que non pode andar senón é cun globo. Estes elementos dan lugar a unha historia na que se unen a inocencia, a bondade, a solidariedade e a esperanza, valores que comparten os personaxes protagonistas. Marcos e Xandro fanse amigos e Marcos continúa moi intrigado polo comportamento do pequeno, así que un día decide coller un globo e soltalo para ver que fai Xandro. Este mira marchar o globo até que o perde de vista e volve sentar. Pero un día Marcos decide utilizar un axóuxere para entreter ao pequeno e dende ese día nunca máis necesitou dun globo para andar. Esta historia foi recollida nun caderno a petición do avó. Este relato verosímil e sen complexidades ten unha linguaxe sinxela e accesíbel, adaptada ás necesidades do lectorado ao que vai dirixido. A historia vai acompañada das ilustracións de Marcos Calo que axudan a comprender e facer máis atractiva a lectura. Calo emprega o ordenador como unha tecnoloxía auxiliar á hora de elaborar as súas ilustracións. Todas as ilustracións interiores son en branco e negro, con intención volumétrica e amosan uns personaxes moi próximos aos debuxos animados. As ilustracións acompañan e visualizan algunhas accións que se van sucedendo no relato.

Referencias varias:

- Lara F. Baldomir, "La literatura nace de la realidad", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 30 setembro 2008, p. 16.

Coméntanse diversos feitos relacionados co mundo da literatura. En primeiro lugar fálase da presentación da obra do economista Marcelino Fernández Mallo, *A trenza*. Dise que esta novela trata da tumultuosa traxectoria do seu protagonista, Mario Quintela. Coméntase que no acto estivo presente a poeta Yolanda Castaño. En segundo lugar fálase da presentación da obra *El síndrome de Mowgli*, de Andrés Pérez Domínguez, novela pola cal recibiu o premio Luís Berenguer. E por último faise referencia ao premio Meiga Moura de literatura infantil, que se concedeu a Xabier López Rodríguez pola obra *Os globos de andar* que se está a describir.

Lourenzo, Manuel, *O día despois do día*, ilust. Enrique Flores, Vigo: Xerme Edicións, col. Barco de vapor, n.º 30, a partir dos 9 anos, 157 pp. (ISBN: 978-84-9854-141-0).

Novela de aventuras de Manuel Lourenzo (Vilaboa, 1955) protagonizada e narrada en primeira persoa por Maite, unha rapaza de oito anos que se atopa envolta nun estraño misterio. Ao longo de dez capítulos e un epílogo sucédense unha serie de feitos insólitos ao redor de Lionel, un neno que chega á cidade de Fortela para instalarse na coñecida como Casa da Luz, por ser unha antiga central eléctrica. Xunto aos seus amigos Sindo e Tamara descobre a razón pola que Lionel non acode ao colexio. Por unha banda, Lionel padece unha rara enfermidade por unha bebida tomada accidentalmente que lle impide distinguir soño e realidade. O pequeno vive nun mundo onírico permanente que envolve todo canto está xunto a el. Por outra banda, o seu pai resulta ser un científico de renome internacional que investiga a onirobioloxía, é dicir, unha rama da bioloxía centrada nos mecanismos do sono, e a importancia dos seus experimentos obrígano a vivir no anonimato. A pesar das súas precaucións, os líderes da organización criminal Nuf-Uns logran localizalo a través dos seus correos electrónicos. Tras secuestrar a Diego Quintana, verdadeiro nome do científico que se fai chamar Pablo Estévez, pretenden forzalo para que aplique os seus coñecementos á invención dunha fórmula que elimine nos seres humanos a necesidade de durmir e así aumentar a produtividade dos traballadores, ao mesmo tempo que a súa riqueza. Na resolución deste conflito estará implicada a rapazada, que conta coa telepatía entre Lionel e o seu pai como gran vantaxe fonte aos criminais. As ilustracións en branco e negro de estilo figurativo de Enrique Flores, de trazos e expresións infantís, amosan aos personaxes do relato e acompañan o texto nalgunhas ocasións.

Losada, Óscar, *As pedras do destino*, Zaragoza/Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Catavento n.º 23, [mocidade], 2008, 123 pp. (ISBN: 978-84-92404-08-7).

Nesta novela realista de carácter marcadamente político, Oscar Losada (A Coruña, 1965), por medio dun narrador omnisciente e dos diálogos dos personaxes presenta dúas historias distintas, mais cun pano de fondo común: o encontro do primeiro amor en dous adolescentes que viven implicados no activismo político. Estruturada en vinte e catro capítulos, a narración amosa dous espazos ben diferenciados, Nablús, en Palestina e Derry, en Irlanda do Norte. Simultaneando estes espazos a través dos capítulos, ofrécese a dura visión de dous rapaces, Sean e Hamadan, envoltos no radicalismo político que ten lugar nos seus territorios no ano 1988, ano de comezo da Intifada palestina e de duros enfrontamentos en Irlanda do Norte. O rápido ritmo marca o paso dos días de loita, que son descritos de maneira directa e sinxela e cun léxico rigoroso sen ornamentos. O clímax da novela chega coa unión das dúas historias, representadas en dous capítulos compartidos onde os protagonistas son arrestados e máis adiante deben decidir sobre un futuro de violencia ou de paz. Descóbrese nos dous capítulos finais, a través dun *flash forward* de vinte anos, o triunfo da vida e do amor perante a oferta de confronto armado. O autor procura a reflexión sobre a vida dos mozos perante situacións de inxustiza, violencia e o sentimento de pertenza a unha comunidade oprimida.

Maceiras, Andrea, *Proxecto Bolboreta*, Premio Certame de Micronovela Concello de Soutomaior 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 114,

[lectorado mozo], xullo 2008, 114 pp. (ISBN: 978-84-9782-824-6).

Nesta narración de viaxes de Andrea Maceiras (Cambre, A Coruña, 1987) mestúranse dúas historias: a viaxe dende Pequín até Nova York realizada polo matemático e "gran soñador", Hadrián Barcés, que persegue o bater inicial das ás dunha bolboreta, coa finalidade de descubir se é certo o proverbio chinés recollido ao inicio do libro: "o bater das ás dunha bolboreta pódese sentir ao outro lado do mundo", así como as outras versións de James Gleick, Edward Lorenz e Henry Adams. A outra historia que se conta é unha ligazón de historias na que os personaxes se encontran por casualidade e ese feito casual dá pé a pasar dunha persoa a outra sen deterse demasiado en ningunha, pero apreciándose a influenza que teñen estes pequenos detalles nas persoas. O tema do relato principal é, como o seu título indica, "O Proxecto Bolboreta", que leva ao profesor Hadrián Barcés dun lado para outro. O argumento poderíase resumir dicindo que o que transmite o libro é cómo un feito minúsculo, como o batemento das ás dunha bolboreta ou a rifa inocente dun rapaz a un home, pode cambiar o clima e/ou a vida de moitas persoas. A narración de Hadrián Barcés está escrita en primeira persoa, na que o matemático amosa todos os seus sentimentos, padeceres ou ledicias. O ritmo narrativo é lento, lentitude que vén reforzada polas verbas do profesor, que non fai máis que queixarse polos poucos avances do seu proxecto, até o final, cando se acelera o ritmo para concluír a historia e mesturar ambos relatos. A linguaxe empregada é culta, coidada e moi sinxela, pois amosa un diario que vai dende o un de abril (dun ano que non se di cal é) até o mesmo día do ano seguinte. Noutro relato nárrase en terceira persoa, con algunhas acoutacións en primeira persoa, na que se recollen os pensamentos dos personaxes ou algún diálogo, o trascorrer diario dunha serie de persoas correntes que ven cambiar a súa vida por algún feito casual. Esta narración presenta un ritmo rápido, pois conta en breves liñas toda unha escena que aparece representada cunha linguaxe plástica e clara que resulta de gran materialidade para o lector. Ao final do libro, tal e como o explicita a autora, conflúen ambas historias "ao mesmo tempo, a aventura científica e a humana, dando lugar á máis fermosa tarde de chuvia que endexamais se viviu en Nova York". O prólogo e o epílogo recollen o discurso pronunciado por Hadrián Barcés na entrega dos premios Ignobel 2008, premio que recibiu pola súa investigación do "Proxecto Bolboreta". Respecto ás ilustracións, obsérvase que na montaxe fotográfica da cuberta de Antonio Seijas (Ares, 1976) aparece unha bolboreta en primeiro plano sobre un mapa. A imaxe da bolboreta remarca a información que achega o título e a ruta debuxada sobre o mapa do fondo avanza que a historia vai de viaxes e aventuras.

Recensións:

- M. P. P., "Logo de obter éxito", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 14.

Comentario do relato curto *Proxecto Bolboreta*, de Andrea Maceiras, gañador do I Certame de Micronovela de Soutomaior. Explícase o argumento e sinálase que a obra se basea en cuestións da investigación científica, ecoloxía e utopía, elementos aos que se unen aspectos como a importancia do compañeirismo ou o amor. Refírese ás dúas voces narrativas, a do personaxe central, Hadrián, en primeira persoa, e a dun narrador omnisciente, que traslada as historias de diferentes personaxes. Considera que é unha entrega de grande actualidade, na liña de títulos como *O ceo dos afogados* (2007), de

Francisco Castro, ademais de marcar o carácter utópico e a visión global de valores.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, 2 outubro 2008, p. VII.

Nesta ocasión, para dar unhas notas que motiven cara á lectura, acóllense as obras de Andrea Maceiras, *Proxecto bolboreta* e a de Fran Jaraba, *Terra Libre*.

- Manuel Vidal Villaverde, "Na vida o tempo da literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 432, "Musas", 23 novembro 2008, p. 50.

Andrea Maceiras fala da súa biografía, da preferencia polo conto e a poesía, dos dous contos publicados e da súa primeira novela *Proxecto bolboreta*, que se trata dun libro de aventuras protagonizado por unha bolboreta que emprende unha viaxe dende Pekín a Nova York. Di que a bolboreta é o motor de acción e símbolo de que os soños poden cumprirse. Finalmente dá a súa opinión sobre o panorama da literatura galega actual e dos seus próximos proxectos.

Mandianes, Manuel, *Raposiño e o cego*, ilust. Aurora López, Ourense: Limaia Produccións, [lectorado mozo], decembro 2008, 155 pp. (ISBN: 978-84-96893-84-9).

Cunha mestura de nostalxia e realismo Manuel Mandianes (Loureses, Ourense, 1942), ofrece nesta serie de narracións curtas a visión de Raposiño, un rapaz galego cuxos pais emigraran a Barcelona, sobre a vida e os costumes do seu pobo natal, Loureses, no val de Fontercada. Así, ao longo dos seus cinco capítulos, trátanse cuestións como as supersticións, os festexos, as vodas, a morte, a emigración, a medicina popular de curandeiros e sandadores ou a diferente mentalidade dos homes e das mulleres da época. Raposiño vai coñecendo a realidade da súa aldea a través das opinións do cego, amigo de seu avó, e da linguaxe por veces sentenciosa dos seus avós. O narrador de cada acontecemento é o propio Raposiño, quen acadara ese alcume por mor da súa amizade con Raposo, un amigo de seus avós. As ilustracións que acompañan esta historia formada por multitude de pequenas sub-historias, que ben poden lerse de diante a atrás ou viceversa, ou incluso de xeito descontinuo, amosan, a través dun colorido vivo e ledo, as escenas costumistas relatadas no texto. As figuras aparecen baseadas en trazos redondeados. En canto á disposición tipográfica, cómpre salientar a escritura en maiúsculas das primeiras palabras de cada narración. Pódese dicir que moitos dos personaxes e situacións que a ilustradora elaborou están inspirados nos debuxos e tiras cómicas de Daniel Rodríguez Castelao.

Martín, Paco, *Das novas cousas de Ramón Lamote*, ilust. Xoán Balboa, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 155, serie verde, a partir dos 12 anos, 2008, 182 pp. (ISBN: 978-84-9865-044-0).

Segunda entrega das aventuras de Ramón Lamote, personaxe creado por Paco Martín (Lugo, 1940) que apareceu por vez primeira nos anos 1974-1975 nas páxinas do suplemento infantil *Axóuxere. Semanario do neno galego*, do xornal *La Región* de

Ourense e, en 1985, como protagonista de *Das cousas de Ramón Lamote* (Premio Nacional de Literatura 1986). Ábrese o volume cunha "Nota obrigada" na que o autor fai referencia á dedicatoria feita na primeira entrega das aventuras deste seu personaxe e na que fala daqueles "cos que sempre podo contar" e daqueles outros que permitiron que novamente o lectorado se atope cun personaxe literario xa coñecido e que mesmo "xa ten pedra ergueita co seu nome". Neste breve texto tamén se inclúe unha lembranza aos que, aínda que non fisicamente, sempre estarán entre nós. A seguir, acóllense os sete capítulos que compoñen o libro, un máis que nas primeiras aventuras deste debuxante de soños por encargo e profesor de chairego que, agora, pasados os anos, deixou "nas mans dalgúns dos seus antigos discípulos" as clases e, xubilado, segue a vivir na súa tranquila cidade na que, co tempo, aconteceron mudanzas na maneira de entender a veciñanza e os bos costumes. Así, o lectorado agardado coñecerá como Ramón Lamote, grazas á axuda da nena que anos atrás se lle achegara tras a súa sonada conferencia sobre os entomodelfos, Sabela, conseguirá a creación dunha biblioteca, con escola incluída, a partir das baleiras pretensións dun poderoso construtor e promotor inmobiliario, Manuel Antonio López-Sánchez e Rodríguez Díaz (alias o Cágado), que só desexaba acadar prestixio e "transcendencia"; como terá que visitar o eterno e coñecido Rexedor da cidade, Alberto Airas, para axudar á súa amiga Astrea a fundar unha singular entidade, a Asociación Internacional de Realizadores de Saques de Honra en Eventos Deportivos; e como será a súa viaxe e estadía en Urbscras, cidade na que vai participar nun congreso sobre inutilidades, trapalladas e outros disparates improdutivos e na que ler un xornal é "anticuado" e relacionarse e expresar os sentimentos é case un delito pois as novas tecnoloxías dominan o ambiente. É un volume no que o autor estabelece xogos co lectorado, ao que se lle fan constantes chiscadelas: déixanse espazos en branco para que quen lea cubra os ocos; aparecen notas do autor para guiar nalgún sentido a lectura do texto ou suxerir actividades con el, etc. As ilustracións figurativas de Xoán Balboa (Lugo, 1938) amosan un estilo de tipo caricaturesco no que predomina a liña e as texturas visuais. As imaxes correspóndense con situacións significativas da narración. Só ten cor a ilustración da cuberta.

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, "*Das novas cousas de Ramón Lamote*. Paco Martín", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216, "Libros/Novedades", xuño 2008, p. 66.

Despois de recordar que Paco Martín merecera o Premio Nacional de Literatura 1986 con *Das cousas de Ramón Lamote* unha obra que repercutiu no recoñecemento da "literatura infantil en Galicia", dise que consagrou a un personaxe paradigmático que formar parte do imaxinario infantil como un novo Quíxote, que se opón ao materialismo ramplón e á prepotencia con lucidez, con "retranca" e unha fina ironía. A seguir, coméntase que agora se atopa a un Ramón Lamote xubilado, que ofrece a súa xenerosidade e idealismo en contraste coa sociedade, que pon o poder e os cartos por riba de calquera valor. Salienta que esta crítica se exerce con humor e que ridiculiza situación e personaxes; a linguaxe coloquial do gran conversador Ramón Lamote, que mantén as peculiaridades do anterior actualizando os contidos e axudado polas ilustracións de Xoán Balboa.

- Marta Neira Rodríguez, "*Das novas cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín",

Malasartes (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), número 16 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2008, pp. 81-82.

Despois de lembrar que *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín foi a primeira obra de autor galego que mereceu o Premio Nacional de Literatura, informa da saía a lume en 2008 de *Das novas cousas de Ramón Lamote*. A articulista detense na "Nota obrigada" coa que se abre o volume para, a seguir, dar conta das temáticas abordadas nos sete capítulos que o compoñen. Ademais da crítica ao abuso das novas tecnoloxías en detrimento dos costumes da sociedade tradicional e da crítica á burocracia administrativa e á sociedade hipócrita e ignorante, destácase a presenza do humor, a retranca e a picardía, elementos xa presentes na primeira entrega das aventuras de Lamote.

- Paula Fernández, "Retorna Lamote. Un personaxe de noso", *Faro de Vigo*,"*Faro da Cultura*", n.º 267, "Infantil/ Xuvenil", 13 novembro 2008, p. VII.

Comeza facendo referencia ao precedente desta obra: *Das cousas de Ramón Lamote*, publicado no ano 1985 e que acadou o primeiro Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Dise que desta volta o libro de Paco Martín presenta a un Ramón Lamote ancián e entrañábel. Fálase do argumento e estrutura da historia, dividida en sete capítulos artellados arredor de tres motivos fundamentais. Saliéntase a importancia da recuperación dun clásico da Literatura Infantil e Xuvenil galega, traducido a varios idiomas, cargado de valores, dun espectacular sentido do humor e dunha conciencia crítica chea de retranca.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Gustaríame ser como Ramón Lamote pero non teño tanta graza", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 4 febreiro 2008, p. 18.

Entrevista a Paco Martín, autor de *Das novas cousas de Ramón Lamote*, quen salienta a súa satisfacción pola gran acollida que tivo a primeira entrega. Afirma que este personaxe creado na década de 1980 conserva a súa curiosidade e o seu humor, pero que non se recoñece nel.

- V. Oliveira, "Volve Ramón Lamote", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Best-seller dos 80", 5 febreiro 2008, p. 31.

Coméntase que o personaxe de Ramón Lamote conseguiu transcender a vida literaria e mesmo a propia de Paco Martín ao se incorporar ao imaxinario colectivo da xeración da década de 1980 e se converter nun best-seller traducido a varias linguas. Respecto á nova entrega, recóllense declaracións do escritor lugués, nas que afirma que o Lamote xubilado, máis vello e lúcido, observa a realidade coa mesma curiosidade que antes, pero con maior escepticismo nalgúns casos. Engádese un breve resumo da traxectoria literaria de Paco Martín.

- Antonio García Teijeiro, "Textos intelixentes", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "*Bulebule*", 10-16 abril 2008, p. 28.

Dá conta da publicación das obras *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín

Fernández Paz, e *Das novas cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín, que tratan, respectivamente, o protagonismo do amor durante diversos feitos e as teimas do profesor chairego, elaboradas cun discurso crítico e irónico.

- M. O., "O regreso de Ramón Lamote", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 260, "Letras en galego", 3 maio 2008, p. 13.

Informa da reaparición do personaxe Ramón Lamote que volve cunha nova aventura, despois de vinte anos, nunha vida de xubilado. A obra titúlase *Das novas cousas de Ramón Lamote*.

- Montse Pena, "O ollar cativo", *Xornal de Galicia*, "*Exit*", n.º 1, "Ler con nenas", 12 decembro 2008, p. 14.

Indícase que pasaron máis de vinte anos dende a aparición de Ramón Lamote e que agora se recupera a súa figura no novo libro de Paco Martín, *Das novas cousas de Ramón Lamote*. Afírmase que se presenta máis combativo e máis posuidor da retranca habitual, e que nos lembra o valor das cousas pequenas nunha sociedade marcada por un "avance destrutor e despersonalizado do universo informatizado".

Méndez, Luz e Pepe **Tobaruela**, *Vouvos papar!*, ilust. Daniel Xove, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde, n.º 185, de 9 anos en diante, 2008, 109 pp. (ISBN: 978-84-9782-924-3).

Relato de Luz Méndez (Ventosa, Agolada) e Pepe Tobaruela (Barcelona, 1965) no que se narra a historia que viviron Tucho e Mucha, dous nenos que non se coñecían até que compartiron a experiencia de ser chuchados polo ordenador. Son eles mesmos quen contan o que lles aconteceu unha vez que a aventura remata. O lector vai ser testemuña do suceso, grazas á combinación de fragmentos dos diarios e dos correos electrónicos dos nenos, que pretenden deixar constancia do feito. Desta maneira, coñécese tamén como se vai forxando a amizade entre ambos, que sen se coñecer só tiñan en común o pasaren tempo conectados en Internet ou xogando ao buscaminas. Unha vez dentro do ordenador, atopan un carballo que os informa que un "ser indestrutible", un lobo, quere acabar co mundo virtual. A obra supón unha achega ás novas tecnoloxías e aos seus programas informáticos, que pretende ensinar que "é un mundo de imaxinación e nós tamén podemos imaxinar. '¡Aquí as cousas son porque cremos que son!". Os debuxos de Daniel Xove (Santiago, 1988) ilustran algunhas escenas da aventura; ademais diante dos correos electrónicos de cada un dos rapaces aparece un sobre, do mesmo xeito que ao inicio dos fragmentos dos diarios, se incorpora a estampa ou ben da nena ou ben do neno, segundo corresponda. As imaxes de cores frías elaboradas por Xove a través do tratamento dixital amósannos personaxes desproporcionados e carentes de expresividade.

Miranda, Xosé, *Amancio Amigo e o demo da botella,* ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Amancio Amigo, n.º 2, [lectorado mozo], xullo 2008, 150 pp. (ISBN: 978-84-9782-890-1).

Segunda entrega da serie, tras *Amancio Amigo e o Meigo de Salamanca* (2004), de Xosé

Miranda [Ruíz] (Lugo, 1955), composta por doce capítulos. Está narrada e protagonizada por Sabela, a irmá de Susana e amiga de Loreto, moza e irmá de Amancio, respectivamente, quen lembra a estadía do filósofo Kalouro e o seu axudante Franco Opaco, na casa dos Pardela, onde ademais dela e da súa irmá, estaba a nai e o pai, o cacique do lugar. Alí, estes impostores investigaron o roubo que se produciu e se realmente "o ladrón entrou pola ventá ou viceversa". Antes diso, sucedera que Sabela liberara a un demiño que o meigo tiña nunha botella. Cando Amancio o soubo, insistiu en que o había que atopar antes do día de San Xoán. Entre tanto, Sabela e Loreto, deciden crear outro para substituír a Berbenvexo, chocando ovos. Nace Anduriño, que tamén ha fuxir. Para que todo teña arranxo, contarán coa axuda do meigo, quen terá que se enfrontar co inimigo Lionel e coa adversidade das nubes, pois os lugares convértense en ameaza cando a situación atmosférica empeora. Os elementos de misterio e fantasía presentes na novela inclúen pós de rapé, conxuros ou soños. Destaca ademais a presenza de xogos lingüísticos en forma de versos. Ambientada nos arredores do Courel, hai referencias a escritores autóctonos como Uxío Novoneyra ou Fiz Vergara Vilariño. As ilustracións de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974) son de estilo figurativo e moi coidadas. A gama cálida tingue as ilustracións con cores moi mesturadas e esvaecidas, case neutras. O uso da iluminación ten unha grande importancia. As imaxes céntranse nos personaxes, tanto nos que son reais como nos que teñen carácter fantástico. Os doce debuxos, un por cada capítulo, ilustran acontecementos puntuais da novela. Ao final, pódese atopar un índice dos capítulos, ademais dun bosquexo da traxectoria vital e profesional do autor.

Moure, Teresa, *Eu tamén son fonte*, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9865-127-0). ■

Álbum con texto de Teresa Moure (Monforte, 1969) e ilustrado por Leandro Lamas. Trátase dun libro promovido pola Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactancia Materna (Fedegalma) que conta a historia dunha muller embarazada e a súa intimidade até dar a luz. Escrito en clave poética, a protagonista é quen narra a historia, que se sitúa na primavera ao identificarse esta co tempo de espera. Cóntase como o seu corpo experimenta unha serie de cambios e de que maneira estes lle afectan aos sentimentos sobre o presente e o futuro. As gañas de ser fonte identifícanse co desexo de dar o peito ao bebé unha vez que naza, que é "cando a primavera acaba". As ilustracións pictóricas de Leandro Lamas (Ferrol) amosan un estilo figurativo, con formas moi rotundas, case escultóricas, nas que se marcan os volumes. As imaxes caracterízanse por cores cálidas e saturadas, que achegan vitalidade ao texto, e unha textura propia dun lenzo, mesmo se poden observar os trazos iniciais a lapis antes do acabado final. Acompañan ao texto ao longo de todo o álbum e son imprescindíbeis para seguir a narración. Respecto á cuberta e á contracuberta do volume obsérvase que reflicten o comezo e o final do conto, pois nunha contémplase á muller con flores e noutra, co seu bebé apoiándose nunha árbore. O resto de ilustracións, todas elas a dobre páxina, presentan diferentes expresións e situacións da muller, onde está moi presente a natureza (outros animais aleitando ás súas crías, a auga, etc.).

Recensións:

- Montse Pena, "Primaveras de espera", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas",

inverno 08-09, p. 9.

Descríbese a obra *Eu tamén son fonte*, de Teresa Moure, como un álbum vitalista a prol do aleitamento materno no primeiro tempo de vida. Saliéntase a escrita reivindicativa de Moure a prol do feminismo, do ecoloxismo e da liberación, e a importancia do corpo como símbolo dunha transformación máis fonda, presente tamén en *Herba moura* (2005) e *Benquerida catástrofe* (2007). Coméntase a brevidade dos textos, a feble estrutura ternaria e o colorismo, a fermosura, o impacto visual e o apoio das ilustracións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, 30 outubro 2008, p. VII

Sección fixa onde teñen cabida para realizar unha breve descrición, *Eu tamén son fonte*, de Teresa Moure e Leandro Lamas, e *Os alimentos terrestres*, de André Gidé.

- maré, "Galaxia edita para primeros lectores a obra 'O Samaín", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 novembro 2008, p. 33.

Indica que a editorial Galaxia acaba de sacar do prelo a obra *O Samaín*, que abre a colección "Pimpín por aquí non vin". Ademais afirma que tamén publicará *O Magosto* e *O Nadal*. A seguir, explica que esta nova colección está formada por volumes en formato acordeón e despregábeis con ilustracións de Jacobo Fernández. Por último, fai referencia a outra obra publicada pola editorial: *Eu tamén son fonte*, de Teresa Moure, que é unha "historia poética sobre o amor, a vida e a intimidade entre as nais e os seus fillos".

Moure, Teresa, *Mamá, ti si que me entendes!*, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9865-148-5).

Neste relato de Teresa Moure (Monforte, 1969) cóntase a vida cotiá dun naipelo dende o seu punto de vista. Nárrase a relación especial que se estabelece entre nai e neno e as preocupacións da nai ante os choros do bebé. O neno relata como a súa nai está sempre pendente del e o viste, o lava, lle cambia o cueiro ou o amamanta. Un día chegan a avoa, a veciña e Rita a velo e el ponse nervioso por tanto ruído e bótase a chorar. Elas pensan que ten fame, así que a nai dálle de comer ante a mirada das visitas pero como o neno volve chorar, as mulleres pensan que quedou con fame e vanlle preparar un biberón pero intervén a nai enfadada, opoñéndose a darlle o biberón e volve ofrecerlle o seu peito. O neno volve coller o peito e queda tranquilo no colo da súa nai. As ilustracións pictóricas de Leandro Lamas (Ferrol) amosan un estilo figurativo, con formas redondeadas caracterizadas por o uso de múltiples cores que achegan vitalidade ao texto, e unha textura propia dun lenzo. Acompañan ao texto ao longo de todo o álbum e son un apoio para seguir a narración. Na cuberta aparece a nai co neno no colo e na contracuberta as tres visitantes ollando para eles. O resto de ilustracións, todas elas a dobre páxina, presentan diferentes labores cotiás no coidado do neno (o berce, o peiteado, o xogo, as visitas, a hora da comida ou o enfrontamento co biberón).

Neira Cruz, Xosé Antonio, *Unha chea de familias*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [40] pp. (ISBN: 978-84-9865-104-1). ■

Neste relato infantil de Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) faise un percorrido polos diversos tipos de familia que se atopan na sociedade actual. Esta viaxe vén plasmada nunha ruta que fai Mariña e mailo seu pai polos diferentes andares do seu edificio. Na composición mestúranse as descricións en terceira persoa cos diálogos en primeira persoa que recollen as conversas que Mariña mantén cos diversos membros do seu edificio. Ao longo da obra empréganse frases breves e sinxelas para facilitar a lectura, para o cal tamén se indica nos diálogos quen fala en cada momento. A primeira familia da que se fala é da de Mariña, que non ten nai, porque faleceu cando ela era moi pequena. A primeira visita é a Loli e Xoán, que teñen dous fillos e un hámster, *Chon*. A seguinte porta á que chaman é a de Tao, filla adoptiva de Antía e Fernando. Logo van á casa de Aicha, ela, os seus irmáns, a súa avoa e o seus pais viñeron de Marrocos fai xa algúns anos. A seguinte visita é a Carme, que tivo dous xemelgos por fecundación in vitro. No 6º H vive unha señora moi maior co seu fillo Ramón. Despois, no ascensor, atópanse con Óscar e Fran, unha parella de homosexuais que lles din que vaian visitar a Lía e Rosa, que si que teñen fillos. A continuación van xantar á casa de Xurxo Castro, onde tamén está a nai del, o seu pai e o mozo da súa nai, pois os seus pais están divorciados. Despois de xantar van ao parque e alí atópanse con Paco, un home cego, quen ao quedar viúvo ten como única compaña o seu can *Curro.* O libro conclúe coa seguinte sentencia de Mariña, "hai unha chea de familias".

Recensións:

- María Jesús Fernández, "*Unha chea de familias*. Xosé A. Neira Cruz", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 218, "Libros/Novedades", setembro 2008, p. 65.

Dise que "con un tratamiento editorial especial, en un álbum de gran formato y dobles páginas ilustradas" se nos presentan diferentes formas de agrupamentos familiares que hai na vida de hoxe, sen poñer "especial énfasis en ninguna de las situaciones". Remata cualificando o libro de "muy oportuno, que posibelmente resulte más novedoso en su planteamiento a los adultos que a los propios niños".

- Alba Piñeiro, "A convivencia familiar", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "*Bulebule*", 9-15 outubro 2008, p. 30.

Saliéntase a "coidada edición no formato, na técnica plástica e no contido" e faise un breve resumo do seu argumento. Dise que o libro conta a historia de Mariña que xunto o seu pai descobre as diferenzas entre as distintas familias do seu arredor e como o amor é o punto de unión en todas. Destácase como a historia tenta ensinar que "educando no respecto e na tolerancia" outro mundo é posíbel. Por último destácase a creatividade das imaxes e o predominio das formas humanas.

- Paula Fernández, "Realidade inmediata. Unha escrita amena", *Faro de Vigo*,"*Faro da Cultura*", n.º 268, "Infantil/ Xuvenil", 20 novembro 2008, p. VII.

Destácase o carácter realista da obra que mostra con naturalidade os diferentes tipos de familias que hai; igualmente fai unha mención á importancia de que o concepto familia non se concrete na idea tradicional e continúa facendo un chamamento á necesidade de que os rapaces sexan criados na tolerancia ao respecto deste tema e o papel central que ten o colexio neste aspecto. Faise un breve resumo do argumento da obra e subliñase como todas as familias están unidas polo amor. Das ilustracións dise que malia seren figuras desproporcionadas están harmonizadas co texto.

Referencias varias:

- Mar Mato, "O esquema do lector hipócrita non entra na cabeza dun neno", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 1 xullo 2008, p. 48.

Entrevista a Xosé A. Neira Cruz na que o autor comenta que con esta obra pretende mostrar aos rapaces a gran cantidade de familias diferentes que existen na actualidade e a necesidade de respectar todas as opcións.

Otero, Encarna, *A serea do mundo*, ilust. Elisa Gallego Picard, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-109-6).

Encarna Otero (Santiago de Compostela, 1950) escribiu esta historia dunha serea que desexa coñecer ás xentes que habitan nos diferentes mares do mundo, mais para iso precisa recoller escamas limpas nas praias e é precisamente na praia onde a coñece a narradora. Trátase dun relato escrito en terceira persoa por unha narradora infantil no que as ilustracións de Elisa Gallego Picard, feitas por ordenador e de cores frías, apoian visualmente o relato. Baséanse na superposición de diferentes planos que conforman as ilustracións finais. Durante toda a obra están moi presentes os trazos esquemáticos e complexos que van conformando texturas, obxectos e paisaxes.

Referencias varias:

- Diego E. Barros, "Mi Buenos Aires querido (e odiado)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 739, "De banda deseñada", 14 decembro 2008, p. 11.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que a editorial Galaxia acaba de publicar dous novos títulos: *A serea do mundo* e *O branco país sen neve*. Indica que os dous contos son de Encarna Otero e ilustrados por Elisa Gallego Picard, e critica o elevado prezo dos volumes.

- V. Oliveira, "Ter utopías fai que me sinta 'viva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 20 decembro 2008, p. 34.

Comentario sobre os libros *A serea do mundo* e *O branco país sen neve*, de Encarna Otero, ilustrados por Elisa Picard. Explícase que esta incursión no mundo literario se debe ao mundo de soños que todas "as persoas levamos dentro" e porque se sente como unha "nena muller". Precísase que cando era profesora de historia tiña publicado libros sobre ese tema, e que nestes contos busca a complicidade co lectorado. Nun á parte apúntase que na presentación dos libros estará acompañada polos escritores Xosé A.

Neira Cruz e Teresa Moure.

Otero, Encarna, *O branco país sen neve*, ilust. Elisa Gallego Picard, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9865-110-2). ■

Encarna Otero (Santiago de Compostela, 1950) diríxese ao lectorado infantil con esta obra escrita en terceira persoa e que conta o soño dunha nena de ter o seu pequeno país branco, mais sen neve. Para logralo, comeza a plantar cerdeiras, árbore de flor branca, de xeito tal que os seus veciños de seguido a imitan e o pequeno país énchese desta árbore. Polo San Xoán, co abrochar das cerdeiras, cúmprese o soño da cativa de ter un país branco. As ilustracións de Elisa Gallego Picard vanse alternando cos textos da narración. Das imaxes, feitas dixitalmente, salientan as cores frías e a superposición de diferentes planos, que xogan con elementos que van conformando os ambientes e os diferentes lugares onde transcorre o relato.

Referencias varias:

- Diego E. Barros, "Mi Buenos Aires querido (e odiado)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 739, "De banda deseñada", 14 decembro 2008, p. 11.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que a editorial Galaxia acaba de publicar dous novos títulos: *A serea do mundo* e *O branco país sen neve*. Indica que os dous contos son de Encarna Otero e ilustrados por Elisa Gallego Picard, e critica o elevado prezo dos volumes.

- V. Oliveira, "Ter utopías fai que me sinta 'viva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 20 decembro 2008, p. 34.

Comentario sobre os libros *A serea do mundo* e *O branco país sen neve*, de Encarna Otero, ilustrados por Elisa Picard. Explícase que esta incursión no mundo literario se debe ao mundo de soños que todas "as persoas levamos dentro" e porque se sente como unha "nena muller". Precísase que cando era profesora de historia tiña publicado libros sobre ese tema, e que nestes contos busca a complicidade co lectorado. Explícase a xénese d'*O branco país sen neve* como imaxe de Galicia para axudar a configurar o país e o mundo. Remátase apuntando que "o relato, a historia, a narración" atoparon correlato na "beleza do ben feito" das ilustracións. Nun á parte apúntase que na presentación dos libros estará acompañada polos escritores Xosé A. Neira Cruz e Teresa Moure.

Paz Souto, Fuco, *Cachiños do meu cerne*, ilust. Kalo Varea, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], novembro 2008, 81 pp. (ISBN:978-84-96673-78-6).

Conxunto de doce relatos de Fuco Paz Souto (Os Muíños, Monelos, A Coruña, 1955) que achega unha visión da nenez centrada nos sentimentos producidos pola descuberta de novas experiencias a través dun narrador en terceira persoa. Dado que os seis primeiros relatos parecen ter un carácter autobiográfico pola coincidencia do nome e do

lugar e data de nacemento, pode interpretarse que os feitos descritos constitúen lembranzas entrañábeis para o autor do libro. Deste xeito, reflíctese a ilusión con que se viven acontecementos como as compras no "centro" da cidade da Coruña, en oposición á zona dos Muíños na que reside o protagonista, así como a proxección dos primeiros filmes, a actuación do mago Antón no Teatro Rosalía de Castro e a carta aos Reis Magos, entre outros. A seguir, recóllense as historias doutros personaxes infantís, tres deles galegos, caso de Pancho, Alberte e Brais. Por último, a través de Yang e Chang, unha parella de namorados chineses, e de Seydou, un rapaz procedente de Senegal que chega a Málaga en caiuco para mellorar as súas condicións de vida, introdúcese ao lectorado noutras realidades afastadas da civilización occidental. Entre as ilustracións de Kalo Varea salienta a que aparece na cuberta por ser a única en cor e por atoparse tamén no interior. Trátase da representación da escena narrada no terceiro relato, titulado "...De compras", na que Fuquiño viaxa na motocicleta do seu pai xunto á súa irmá Sita.

Pérez Iglesias, David (coord.), *Mañá de sábado* (*Relatos para Noia*), ilust. Francisco Pérez Villanueva, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], xullo 2008, 112 pp. (ISBN: 978-84-96673-61-8).

Volume no que David Pérez Iglesias reúne unha serie de relatos que teñen como eixo central a vila de Noia e a presenza de atmosferas tétricas ou nas que se xoga co onírico e elementos de ultratumba, en clara conexión coa referencia expresa no subtítulo "paranoia". Estes traballos, como explica o coordinador nunha breve introdución son o resultado dun obradoiro de escritura que se desenvolveu durante quince sábados consecutivos e nos que participaron os escritores profesionais Anxos Sumai e Bieito Iglesias. Despois desta introdución, dáse paso a cada un deles, que son os que seguen:

- Antonieta Caramés Hermo, "Residente", pp. 11-14.

Neste relato de Antonieta Caramés Hermo descríbese o paseo do Residente co seu can, mentres observa os efectos dunha folga dos traballadores da recollida de lixo. A súa obsesión pola orde e a limpeza queda recollida a modo de diario, no que se especifican os días e as horas, se describe con todo detalle o número de persoas, obxectos e accións, horarios e prezos que paga en cada lugar que entra. Finalmente, o Residente decide poñerlle lume aos contedores, pero descobre que ao día seguinte todo está igual de novo.

- Martín Veiga Alonso, "A rosa dos ventos", pp. 15-20.

Relato de Martín Veiga Alonso, no que se alterna a voz dun narrador omnisciente en terceira persoa, coa da protagonista, dona Engracia, unha muller vella que evoca a súa vida, centrándose nos traballos que padecen para sacar adiante os tres fillos, dado que o seu home marchou para a emigración e non regresou até ser un ancián.

- Xabier Blanco, "A ventá", pp. 21-26.

Xabier Blanco recrea os pensamentos dun mozo que evoca a súa infancia cando regresa a Noia, vila á que están ligadas as lembranzas máis tenras e nas que aparecen os seus seres máis queridos, como os pais. Entre as lembranzas destaca o frío que ía na rúa cando había nevaradas e o feito de que a causa da asma que padecía non podía saír da

casa.

- Pablo Nogueira, “Non é”, pp. 27-36.

Xogando coa suposta etimoloxía do nome de Noia e as súas vinculacións bíblicas con Noé e o diluvio universal, Pablo Nogueira desenvolve as intrigas arredor da detención dun activista a prol do ecoloxismo e os ataques que recibe por ese feito, que mesmo o levaron ao hospital.

- Carlos Penela, “O mar desde esa banda”, pp. 37-42.

A través da recreación ficticia dunha noite de anguria dun prisioneiro nun campo de concentración, Carlos Penela rende unha homenaxe aos exiliados galegos que entre 1940 e 1945 foron deportados dende Francia a distintos campos de concentración nazis, nos que practicamente todos acabaron perecendo.

- Andrea Bermúdez Puente, “Velaí”, pp. 43-52.

Andrea Bermúdez Puente céntrase nos problemas da adolescencia, en especial na falta de diálogo e entendemento entre unha moza sen nome e a súa nai e padrasto e mesmo os compañeiros de clase. A falta do seu pai, afogado cando navegaba por Filipinas, fai que se sinta soa e abandonada pola nai, coa que non se entende. Malia que parece comezar unha feble amizade cunha compañeira do instituto, a cal parece mesmo que a atrae fisicamente, decide poñer punto e final á súa vida.

- Luís Avilés Baquero, “Os condenados”, pp. 53-59.

O suicidio dun individuo que se colga dunha árbore é o argumento elixido por Luís Avilés Baquero para dar paso ao propio morto, que explica cómo se sente e as incertezas ás que se enfronta ante o novo estado, no que o seu máximo desexo é que non atopen o seu corpo para fundirse coa terra. Xunto a el séntese tamén a voz do asasino e dos membros das forzas da orde.

- Juan Ramón López Oviedo, “Unha carta para Xulia”, pp. 61-69.

Xulia é a protagonista deste relato de Juan Ramón López Oviedo, no que esta muller conta cómo despois da morte do seu ex-marido recibe unha caixa, na que hai un feixe de cartas escritas por el e dirixidas a ela. As lembranzas do seu noivado, matrimonio e posterior distanciamento até a separación final a causa da incomunicación mestúranse con parágrafos das cartas de Calros, que son máis de cincocentas, tantas como as semanas que pasaron separados antes del morrer.

- Juan Martínez Lestayo, “O paseo”, pp. 71-76.

De camiño cara a casa da súa noiva, Sara, o rapaz atopa cun ancián que lle pide dende un banco que o convide a un cigarro, pois a súa neta non o deixa fumar na casa. Mentres acompaña ao vello este comeza a falar e non deixa de contarlle feitos ocorridos durante a guerra civil na vila de Noia e arredores. A longa conversa co vello lévao a desconfiar que poida ser un dos asasinos do seu propio avó, Marcial o Mineiro.

- Inés Coiradas Martínez, “A man Morta”, pp. 77-82.

Comeza cunha interpelación ao lectorado para que se anime a introducirse no relato que propón Inés Coiradas Martínez, no que se fala da vida de Orlando Zopo Argalo, un ser particular polo desequilibrio provocado pola súa protuberancia testicular, que malia a súa impotencia, sente un arrebato paixonal nun ascensor, cando se atopa na compaña dunha muller maior.

- José M. Martínez Abeijón, “O ollo dos sentidos”, pp. 83-92.

Relato no que o protagonista é un mozo, Xurxo, sobriño de fotógrafo, que converte este oficio na súa ilusión e no centro da súa vida. A diferenza co seu parente é que o vello ve a fotografía como unha profesión da que tirar o maior rendemento económico posíbel, mentres que Xurxo ve a fotografía como unha forma de sensibilidade e reflexo da realidade máis diversa. A súa querencia por esta arte demóstrase tamén o día que se celebran as festas patronais de Noia e asiste á corrida de touros, na que un dos toureiros é collido por un animal e a súa vida corre perigo. Nesta situación, Xurxo non dubida en doarlle sangue para que o home se salve, retratándoo no momento máis doce, cando todos son conscientes de que se vai recuperar da collida.

- Ramón Blanco Fernández, “Arruamento”, pp. 93-102.

Ramón Blanco Fernández, partindo da carta enviada polo Administrador das Rendas Reais do Reino de Galicia á Coroa de Filipe III en 1599, recrea a visión da vida na vila de Noia nos anos finais do século, desgastados pola guerra e pola peste, o que provoca un retrato miserento das pobres xentes noiesas, feito polo licenciado Hierónimo de la Puebla Orejo.

- Santiago Nieto Romarís, “Mares de Arghaso”, pp. 103-108.

A volta á casa dos avós dunha muller serve de motor para que chegue a reencontrarse coa súa avoa afogada. Malia que durante a visita tentou manter a distancia afectiva cos familiares que quedaban vivos, dos que se despediu evitando as emocións, non pode fuxir do destino ao entrar nunha exposición na que descobre que unha fotografía é da súa propia avoa cando leva un cabazo de argazo á cabeza, imaxe que xa nunca a abandonará.

- Miguel Anxo Ponte Santiago, “Os que estamos”, pp. 109-112.

Recréase o ambiente e as sensacións que predominan durante un velorio, no que as propias percepcións do morto forman parte do retrato. O narrador convértese finalmente nun morto máis, que actúa a modo de anfitrión.

Pérez Otero, Amalia, *O libro das illas Cíes*, ilust. Michel Casado Freire, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-8341-286-2).

Coas palabras dun narrador omnisciente arrinca este relato ecolóxico de Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974) no que un grupo de nenos viaxan de excursión ás illas Cíes,

pensando en buscar tesouros, aínda que o garda lles explica que se trata dun "parque natural". Xela deixa tirada unha botella de plástico "no oco dunha rocha" o que enfada a un "trasno fedellón" chamado Illote, quen a recolle e a leva até a Pedra da campá. Alí, Xela tras queixarse de que alguén tirara unha botella (sen saber que fora ela mesma) dálle unha patada, ante a ollada do trasno que se vinga de novo de Xela, colocando a botella no camiño. Xela, ao vela de novo, decide gardala na súa mochila. Mentres están no Faro Grande, Xela e Nolo deciden tirar pedras á illa do sur e o trasno Illote sopra con forza para evitar que a pedra pegue nun niño de gaivotas e estas se enfaden cos nenos. A seguir van cantando a historia do pirata Drake "O Temido" mentres van cara a Praia de Rodas para xantar. Aí uns báñanse, outros ven nécoras no Lago das nenos e o trasno vixía a Antía e Xela que buscan a Flor de Namorar, "o tesouro das Illas". Cando ía saltar un balado para collela, o trasno faille unha falcatruada e unha táboa bate en Antía. Remata cando Xela, Nolo e Antía marchan no barco ao solpor pensando nas "cousas máxicas" que acontecen nas illas Cíes, mentres o trasno Illote queda satisfeito na illa á que considera o seu "tesouro". As ilustracións figurativas son obra de Michel Casado Freire (Vigo, 1979). Os debuxos teñen unhas cores alegres nas roupas dos nenos en contraste coas cores máis matizadas da contorna natural. As formas están rodeadas dunha grosa liña negra. As imaxes axudan a seguir a narración con información sobre as paisaxes das illas.

Recensións:

- María Navarro, "Viaxar ás illas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Infantil/Xuvenil", 6 novembro 2008, p. VII.

Despois de describir o argumento d'*O libro das Illas Cíes*, da escritora Amalia Pérez Otero, indica que o libro "semella un bo método" para transmitirlles aos nenos a importancia de coidar o medio ambiente. Cualifica o libro de "sinxelo" e as súas ilustracións de "moi semellantes" ás que os nenos poidan debuxar. Salienta tamén o "elemento fantástico" do libro que serve "para darlle un carácter literario ao texto".

Pérez Otero, Amalia, *O libro da Illa de Ons*, ilust. Michel Casado Freire, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-8341-289-3).

A través das grandes ilustracións de Michel Casado Freire (Vigo, 1979) de rechamantes cores, este conto de Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974) vai levando o lector mentres fai un percorrido pola Illa de Ons xunto aos seus protagonistas Sariña, Mario e o trasno Illote, que nunca se deixa ver. De carácter lúdico-didáctico a obra, narrada en terceira persoa como os contos tradicionais, serve para dar a coñecer aos máis pequenos a illa mantendo a súa toponimia orixinal como trazo realista máis destacado. Sariña e Mario van explorar a illa e sen decatarse o trasno segue todos os seus pasos mentres eles van descubrindo múltiples recantos, mariscos, serpes e o faro. O personaxe do trasno introduce o elemento fantástico propio tamén da literatura infantil. Son así os trazos máis relevantes as grandes ilustracións que captan a atención do lectorado máis novo, o espazo xeográfico concreto e real (a Illa de Ons) e a atemporalidade do relato, xa que pode corresponderse con calquera época mesmo coa actual.

Pérez Otero, Amalia, *Soños de algodón*, ilust. de Alba Grimaldi Pérez e da autora , Vigo: Nova Galicia Edicións, [prelectorado], 2008, [25] pp. (ISBN: 978-84-92590-25-4).

Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974) céntrase neste relato en cuestións vitais como a impotencia por querer ser o que non podemos, ao mesmo tempo que reflicte a contradición que supón o feito de que mesmo no caso de ver cumpridas as nosas aspiracións non acadaríamos a felicidade. Conclúe que a clave do benestar radica na aceptación dun mesmo. Formalmente a obra de Pérez Otero salienta polos trazos creados a partir do texto, que describen un percorrido ondulante e obrigan a unha lectura dinámica ao enlazar o obxecto que desexa cambiar con aquel no que se quere converter e así sucesivamente até formar unha cadea. Tamén destaca o colorido dos fondos de cada páxina que contrasta cos debuxos feitos pola filla da autora, Alba Grimaldi Pérez.

Pillado Vega, Ana, *Azul e Rosa*, (ISBN: 978-84-8341-064-6)/ *Roi quere ser mamá*, (ISBN: 978-84-8341-066-0)/*Carlota e o príncipe azul* (ISBN: 978-84-8341-065-3), Vigo: Promocións Culturais Galegas/Edicións A Nosa Terra, col. Lila Lilaina, n.º 1/2/3, [lectorado autónomo], 2008, [20] pp.

Nesta serie de contos infantís de Ana Pillado Vega (A Coruña, 1971), a personaxe común nesta serie é a rapaza Lila. Ao final dos libros recóllese un xogo para facer. No primeiro relato, *Azul e Rosa,* nárrase a historia de dous irmáns, Lila e Pilo, aos que os seus avós lles regalan un gorro e unha bufanda e, coma sempre, os da rapaza son rosas e os do rapaz azuis. Isto os rapaces non o comprenden e pregúntanlles aos seus avós porque o fan. Os avós explícanlles que é segundo os colores estereotipados para cada sexo, cousa que os nenos rebaten até acabar convencendo aos avós de que as cousas xa non son así. Finalmente os rapaces intercambian os agasallos. Abórdase deste xeito o tema da igualdade de sexos, mediante a non estereotipación de cores segundo o sexo do rapaz ou adulto. No de *Roi quere ser mamá* recóllense as inquedanzas de Roi, amigo de Lila, que acaba de ter unha irmá, Sabela. O rapaz expón os seus anhelos de ser unha boa nai cando sexa maior, ao cal Lila lle replica que non o pode ser, pois é home. Comezan así a facer un repaso polas tarefas que desenvolven a nai e o pai de Roi, o cal amosa unha distribución marcada polo xénero que Roi non comprende; isto amosa a diferenza xeracional entre Roi e os seus pais. Ao final Roi xogará co seu pai ás casiñas, rompendo así cos roles estereotipados de home e muller. No terceiro, *Carlota e o príncipe azul,* nárrase a historia de dúas nenas, Carlota e Lila, Carlota anda á espera do seu príncipe azul para poder xogar, pero Lila convéncea de que poden xogar sen necesidade que as socorra ningún príncipe. Nesta obra faise un alegato feminista en contra dos roles que implicaban que as mulleres precisaban dun home para facer as cousas. Cóntase un conto dentro do conto, o do príncipe que vén ao rescate da princesa.

Pinto&Chinto, *Circo Rigatoni*, ilust. os autores, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado autónomo], 2008, 61 pp. (ISBN: 978-84-403-1055-2).

Baixo o nome Pinto&Chinto atópase o dúo de humoristas gráficos David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, 1967) que presentan este relato no que se conta as peripecias do elenco de artistas do Circo Rigatoni. O relato comeza cun

“Limiar” no que, a xeito de presentación, aparece a característica fórmula circense “Pasen e lean”, adecuada ao ámbito da lectura. A partir de aí, cóntase como o mago Tommaso sacou da súa chistera este circo, no que hai todo un conxunto de personaxes peculiares. A maneira de pequenas crónicas biográficas nárranse as historias vitais dos artistas, cheas de matices surrealistas: o intrépido domador Antonello Centofanti; a contorsionista Martina dal Bosco; o fabuloso home bala Massimiliano Gambarotta; o pallaso Fortunato Montefiorino; a amazona Immacolata dal Pozzo; e a trapecista Iovanna Quintarelli, entre outros, acompañados dos músicos que percorren as rúas anunciando a chegada do circo e que apoian, coas súas melodías, as actuacións. O relato remata cun “Epílogo” que dá conta da repentina desaparición do circo e da sorte que correron os seus artistas. No tocante á técnica narrativa, o relato está narrado dun xeito impersoal que acentúa o ton de crónica sen marcar un eixo crono-espacial concreto, cun abondoso uso de recursos moi empregados na literatura infantil e xuvenil como o paralelismo, as enumeracións aumentativas e tamén o inicio reiterativo. As biografías acompáñanse e compleméntanse coas ilustracións figurativas dos propios autores, caracterizadas polo emprego de cores cálidas, trazos esquemáticos e personaxes desproporcionados e alongados, que lle confire dinamismo ás imaxes. Nalgunha ocasión crean texturas nos volumes a partir da repetición de trazos moi finos, superpostos ou seriados, para crear diferentes tramas. Son ilustracións que acompañan a cada un dos relatos que forman parte desta obra, achegando máis información ao texto dende os detalles de cada un dos personaxes recreados por Pinto & Chinto.

Recensións:

- Marta Otero, “¡Pasen e lean...!”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 290, “Letras en galego”, 22 novembro 2008, p. 11.

Despois de falar da traxectoria profesional do dúo Pinto&Chinto, céntrase nos diferentes protagonistas da historia. Destaca que *Circo Rigatoni* se trata dunha obra sobre o mundo do circo, cargada de personaxes e historias fantásticas que fan soñar ao lector e que reivindica a fantasía.

Referencias varias:

- César Casal, “Circo Rigatoni”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Corazonadas”, 7 novembro 2008, p. 16.

Valórase positivamente a obra *Circo Rigatoni* que servirá para “desfrutar coas peripecias das súas personaxes”, Giacomo, Fortunato, Guiseppina ou Martina. Sobre o estilo narrativo do libro di que “é difícil dicir máis con tan poucas palabras” e salienta que é unha obra cómica.

Pinto&Chinto, *Novas minimaladas*, ilust. os autores, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, [lectorado autónomo], novembro 2008, [64] pp. (ISBN: 978-84-9782-931-1).

Componse esta obra de David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, 1967) de múltiples pequenos textos a modo de chiste tradicional, nos cales os

protagonistas son sempre animais aos que lles ocorre algo gracioso por culpa da súa forma, do seu nome ou dalgún trazo que os caracteriza. Explícase así o título do volume, que en todos os textos comezan baixo a fórmula "este/a era un/unha". Serve de exemplo o caso da couza, á que lle encanta comer libros, pero ao chegar a vella cáenlle os dentes e xa non pode comer os de tapa dura. A partir dese comezo tradicional característico dos chistes orais preséntase o animal correspondente como o armadillo, a couza, o porco espiño, o rinoceronte ou un cempés e a situación ou problema que lle ocorre. Cada páxina está ocupada por un só texto, que vai acompañado dunha ilustración, sobre fondo branco, que conforma toda a páxina, feita polos propios autores, a cal representa o animal e o seu problema. A estrutura da obra permite unha lectura rápida e áxil, moi axeitada para o público ao que vai dirixida. O volume péchase cun brevísimo texto que fai referencia á propia obra a modo de conclusión e que segue a mesma estrutura que os demais ("este era un libro de minimaladas que un día alguén escribiu, logo leu e despois pechou").

Portela, Max, *Don Pol e o pequeno Pin*, ilust. Rodrigo Chao Blanco, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 15, de 3 a 5 anos, 2008, 32 pp. (ISBN: 978-84-96893-42-9).

Neste conto de Max Portela cóntase unha historia que se centra na figura dun polbo, Don Pol, e un cangrexo, Pin. O polvo Don Pol xa é moi vello e ten os ollos enormes, o cangrexo Pin, non ten cuncha e todo o mundo se mofa del, o seu corpo é moi peculiar, brando e retorcido e ademais ten unha pinza máis grande cá outra. Pol quere comer a Pin, pero antes falan das peculiaridades de Pin. O polbo cóntalle que todos somos diferentes e que os cangrexos coma el non teñen cuncha pero poden coller as cunchas doutro cangrexos ou meterse en calquera oco. Pin, vendo que o polbo quere comelo, decide retalo a ver se é quen de meterse dentro dunha botella. Unha vez que Pol entra na botella Pin, escóndese nunha cuncha e unhas anémonas pican ao polbo para que non coma ao cangrexo. Despois disto o pequeno Pin marcha cara a unha illa onde viven outros cangrexos coma el. Desta maneira Pin aprovéitase da súa intelixencia e astucia para non ser comido por Pol, pero tamén logrará coñecer a súa propia identidade e superar os seus medos. As ilustracións deste álbum son de Rodrigo Chao Blanco (Boiro-A Coruña, 1976). No estilo figurativo empregado aprécianse licencias no tratamento dos animais, nas expresións das caras e nas actitudes. As cores están moi matizadas: verdes suaves, azuis e grises para o mar e ocres para a area do fondo. Nas composicións hai predominio de liñas curvas.

Reimóndez, María, *Lía e as zapatillas de deporte*, ilust. Iván Sende, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 178, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 88 pp. (ISBN: 978-84-9782-725-6).

Lía é unha rapaza que recibe como regalo de reis unhas zapatillas de deporte nesta historia con mensaxe de María Reimóndez (Lugo, 1975). A primeira noite, as zapatillas comezan a saloucar e deciden contarlle a súa triste historia: lévana á India de viaxe e amósanlle como foron feitas por rapaces coma ela, explotados en fábricas e sen infancia. Aínda impresionada polo que viviu, volve á súa realidade cotiá, pero decide tentar facer algo para cambiar a situación deses nenos. Así, escribe unha serie de cartas a deportistas e clubs deportivos para pedirlles que deixen de apoiar as empresas que

empregan man de obra infantil. Realiza máis viaxes coas súas zapatillas á India, e pode ver como, grazas ao apoio de diferentes ONG's, a situación vai cambiando e os rapaces traballadores poden acudir á escola. Continúa incrementando o seu coñecemento sobre o tema acudindo coa clase a unha tenda de comercio xusto, onde descobre unha boneca moi semellante a ela mesma, feita na zona india que visitara. Lévaa á casa e, xunto con ela e as zapatillas parlantes, decide que loitará por lograr un mundo mellor. Nas ilustracións figurativas de Iván Sende (Vedra, 1977) as imaxes da protagonista ganan moita forza expresiva polo tamaño dos ollos. As composicións son variadas e están pensadas para resaltar as zapatillas que, xunto coa nena, son o eixo do relato. As diferenzas entre os nenos aprécianse dun xeito visual pola cor da pel e no tipo das roupas.

Recensións:

- María Navarro, "Zapatillas faladoras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, "Infantil/Xuvenil", 20 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, "Infantil/Xuvenil", 5 xullo 2008, p.11.

Dá conta do argumento da nova obra de María Reimóndez, *Lía e as zapatillas de deporte*, e indica que se basea no feito sorprendente de que as zapatillas de deporte falan. Sinala que o conto está destinado a rapaces de nove anos en diante e salienta o feito de que autora intente mostrar aos máis novos os conflitos que existen no mundo actual.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, 22 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, 31 maio 2008, p. 11.

Nesta ocasión descríbense moi brevemente as obras *Lía e as zapatillas de deporte*, de María Reimóndez, e tamén *As douradas sílabas de X.M. López Ardeiro*, de Noemí Álvarez, María Rey e Suso Sambade.

Reigosa, Antonio, *O polimacho e outras criaturas*, ilust. Irene Fra, Vigo: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 22, serie verde, a partir dos 10 anos, 2008, 84 pp. (ISBN: 978-84-92404-07-0).

Conxunto de dez contos precedidos dun limiar que leva por título "Felpudo", onde o propio autor, Antonio Reigosa (Zoñán de Mondoñedo, 1958), convida ao lectorado a entrar nas historias e convivir cos personaxes que nelas aparecen. A fantasía, o humor e a mitoloxía galega (o mago Merlín, San Rosendo, o pirata Benito Soto, o home do saco) son os elementos comúns a estas historias e mestúranse con personaxes (un pastor, unha nena que navega por internet, un neno que queda cego tras un accidente de coche), e espazos (fragas, o cuarto onde a nena navega pola rede, Mondoñedo, unha praia no ano 2005) do mundo real para conformar o universo narrativo. A voz narrativa é a primeira persoa nalgúns contos (remitindo á infancia) e a terceira noutros. A linguaxe non presenta ningún tipo de complicacións xa que o léxico e as estruturas sintácticas simples están perfectamente adecuadas ao tipo de lectorado que vai dirixida a obra, dotando os

contos dun ritmo narrativo áxil e vivo. As ilustracións da cuberta e do interior son de Irene Fra (Mataró, 1971). Na cuberta, a cor, é moi evidente a figura do escritor e as súas creacións que xorden do ordenador. Os protagonistas dos diferentes relatos están concibidos nun estilo figurativo que, non obstante, permite licencias á imaxinación como os peixes voando ou a figura que sae da impresora. A técnica empregada é o lapis aplicado con trazos suaves. As composicións son moi variadas, están centradas nas figuras e achegan poucos datos da contorna.

Rivadulla Corcón, X.H., *Os piratas da illa da Esperanza*, ilust. Adrián Solleiro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 181, serie laranxa, de 11 anos en diante, marzo 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-9782-728-7).

A través de quince capítulos Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) amósanos unha narración de amizade, lealdade, aventura, imaxinación e gusto pola lectura, protagonizada por un grupo de nenos (Uxía, Xan, Lola, Luísa e Mario) e un mariñeiro (O Vagabundo) na Costa da Morte. O narrador homodiexético emprega a técnica da analepse para contar a historia que viviu cos seus amigos en Muxía. A creación do Club de Lectura Pedra dos Corvos e a amizade co vello navegante, quen lles suxire a lectura da *Illa do Tesouro*, de Robert Louis Stevenson, orixina a unión dos membros do grupo nunha imaxinaria aventura na procura do tesouro da illa da Esperanza. Mais a aventura vese truncada pola doenza da leucemia que padece un dos rapaces, Xan. Grazas á compatibilidade sanguínea co Vagabundo e á súa vontade por salvalo da morte, Xan recupérase. A imaxe que tiñan do vello amigo, que non fora ben visto polas persoas maiores da vila, muda despois da súa axuda. Isto provoca que O Vagabundo non regrese a Muxía e que, despois de catro anos, aos rapaces lles chegue unha carta escrita por el, despois de morrer, onde lles explica por qué non volveu á vila e na que destaca os valores humanos que eles lle demostraron, "sodes amigos de verdade, solidarios, capaces de entregar todo o esforzo posíbel a unha idea, crendo nas persoas por como son, non polo que son, esquecendo os intereses persoais, e sendo fieis sempre á verdade da vida". As ilustracións figurativas son de Adrián Solleiro (Tui, 1985). A técnica empregada mestura lapis de cores e acuarela. As tonalidades son suaves e delicadas. O estilo realista que emprega serve para achegar moita información sobre os distintos escenarios onde transcorre a narración, contextualizando visualmente as partes máis importantes do texto.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "A realización dos soños", *A Nosa Terra*, n.º 1.323, "*Bulebule*", 5-10 setembro 2008, p. 30.

Dise que é unha historia de piratas narrada a partires dun dos mozos protagonistas. Destaca a importancia da amizade entre un adulto e cinco rapaces dentro do argumento da novela que conta con dezasete capítulo onde "a realidade se mestura coa ficción dun xeito natural e espontáneo". Considérase unha homenaxe aos grandes clásicos da novela de aventuras de piratas, a través da cal o autor fai chegar valores coma a amizade, solidariedade e liberdade ao lector, a través dunha linguaxe expresiva e polisémica, reforzada polas ilustracións de Adrián Solleiro.

- María Navarro, “Sabor a sal. Espazos máxicos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 260, “Infantil/Xuvenil”, 25 setembro 2008, p. VII.

Comeza cunha referencia á totalidade da obra do autor para logo continuar analizando *Os piratas da illa da Esperanza*. Dela destaca o amor e gusto polo mundo do mar e todas as relacións que este implica entre as persoas que participan del. Di que o argumento é o habitual das novelas xuvenís de piratas, na que xira todo sobre o océano, e sinala o mar como lugar máxico. Subliña a importancia da amizade, o respecto, a tolerancia ou a axuda desinteresada no argumento da novela e no propio mundo do mar.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 248, 17 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 187, 24 maio 2008, p. 11.

Acóllense nesta columna breves descricións de novidades como é o caso d’*Os piratas da Illa da Esperanza*, de X.H. Rivadulla Corcón, e tamén de títulos como *Cantos e fragmentos de Safo*, de Raúl Gomez Pato, e *Os Bolechas en Beijing*, de Pepe Carreiro.

Santamaría Hervella, Mª Teresa, *A bolboreta Doreta*, ilust. Marta Álvarez Miguéns, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 17, a partir de 3 anos, 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-96893-80-1).

Conto de María Teresa Santamaría Hervella (Ourense, 1961) no que por medio dun narrador colectivo (o conxunto de nenos da aula dun colexio) en primeira persoa de plural, narra de xeito lineal a historia de amizade que se estabelece entre eles e unha bolboreta á que chaman Doreta, a cal lles confía os ovos das súas crías. Os rapaces, tras a consulta dun libro, preparan unha caixa cunhas verzas para iniciar o coidado das eirugas. Sen embargo, un día atópanas transformadas en crisálidas e pensan que as eirugas morreron, até que Marta, unha das nenas, le un libro na biblioteca e explícalles o que lles sucede aos seus compañeiros: as eirugas convértense en crisálidas e co tempo en bolboretas. Os rapaces esperan impacientes o gran día até que, por fin, das crisálidas saen unhas bolboretas amarelas que eles soltan no patio do recreo para que inicien a busca da súa nai, Doreta. O texto acompáñase de ilustracións figurativas de Marta Álvarez Miguéns (Vilagarcía, 1976). Estas imaxes, caracterizadas pola presenza de cores vivas, como os verdes e os azuis que predominan na mesma portada, plasman o transcurso dos acontecementos recollidos no texto. Os personaxes recreados por Marta Álvarez son moi próximos ao mundo infantil, desproporcionados, de pequeno tamaño, amosando o mundo con ollos de neno. A técnica empregada é a pintura.

Sánchez Gómez, Xurxo, *A grande ameaza*, ilust. Xosé Luís Serrano, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [prelectorado], 2008, 28 pp. (ISBN: 978-84-7824-553-6).

Conto de Xurxo Sánchez Gómez sobre a vida na carballeira de Baio, ao carón do Río Grande. Os seus habitantes animais eran moi amigábeis e hospedaban aos visitantes nas vivendas fabricadas polo paxaro carpinteiro Pascual. Unha mañá ao espertar, Pascual descubriu que lle roubaran o seu martelo, a principal ferramenta de traballo. Decidiu

saír na súa busca para poder seguir construíndo niños, pero non a atopou. Entón ofreceu unha recompensa, pero tampouco apareceu. Pascual enfadouse moito polo desprezo á súa recompensa e decidiu castigar ao ladrón e non apareceu. Entón ameazou con facer o que fixera o seu avó e apareceu un peto novo que lle collera a ferramenta pola súa afección á carpintería. O ladrón preguntou polo significado da ameaza. Pascual contoulle que era comprar outro, riuse do mozo e decidiu ofrecerlle un xantar e traballar con el como axudante na súa carpintería. As ilustracións figurativas de Xosé Luís Serrano acompañan os textos achegando información complementaria. As formas están rodeadas dunha liña negra e recheas con cores por ordenador. Imaxes sinxelas centradas nos protagonistas.

Sende, Iván, *Bea*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], marzo 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-9782-742-3).

A partir dunha cita de P. J. Harvey dá comezo este conto de Iván Sende Gómez (Vedra, 1977) sobre unha rapaciña chamada Bea. A historia principia no momento en que Bea ten trinta anos e vai retrocedendo até a súa nenez a través das palabras dun narrador omnisciente que nos describe os restantes membros da súa familia e a súa rutina cotiá como a escola, os deportes, as profesións coas que soña (como bandoleira ou astronauta), as actividades dentro da casa como os deberes, o coidado das plantas, o baño da súa irmá pequena e os xogos cos seus amigos, como o teléfono móbil feito con botes de iogur ou a mariola. O narrador tamén conta o segredo de Bea: bailar ao son da música da radio de seu pai. As ilustracións figurativas, en cores negra e vermella, mesturadas co branco e negro corren a cargo do autor e amosan a protagonista do conto, Bea, desenvolvendo as accións narradas no texto, salientando asemade certos obxectos importantes para a nena. Na cuberta o bisavó mira de fronte. Os debuxos están centrados no protagonista, ampliando con imaxes a información que achegan os textos. As cores empregadas só son o negro, gris e vermello.

Recensións:

- Paula Fernández, "Feliz segredo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 256, "Infantil/Xuvenil", 10 xullo 2008, p. VII.

Fai referencia a esta nova obra do ilustrador Iván Sende, na que recrea o mundo infantil a partir dun personaxe simpático e carismático que gaña o favor do público. Comenta que a protagonista é unha nena da década dos oitenta e con ela Sende pretende amosar cómo se divertían os homes e mulleres que hoxe andan polos trinta anos. Tamén salienta que o conto mostra certa melancolía pola infancia pasada e afirma que ten semellanzas co cómic *Persépolis*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, 9 outubro 2008, p. VII.

Breve descrición desta obra e doutras novidades como *Renacer*, de Xabier Paz e *A capela maldita*, de Mario Franco.

Solar, María, *Boa sorte*, ilust. Xosé Tomas, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 13, [lectorado mozo], abril 2008, 62 pp. (ISBN: 978-84-96893-30-6).

Esta novela de María Solar (Santiago de Compostela, 1970) consta de dúas partes. Na primeira parte un narrador omnisciente en terceira persoa cóntanos a historia dun neno chamado Boa Sorte que tivo mala sorte dende que naceu, xa que o hospital quedou sen luz por culpa dunha tronada e, como era oitomesino, tiveron que poñelo debaixo dunha lámpada como a un pitiño. Cando tiña oito anos foi ás Canarias visitar a seus avós e caeu unha nevarada, despois foi ao aeroporto ver os avións pero había moita néboa e non viu nada e o día da súa primeira comuñón choveu tanto que o tiveron que ir rescatar nun helicóptero. Con dez anos decatouse de que a súa mala sorte sempre estaba relacionada cos fenómenos atmosféricos, polo que decidiu ir ver un meteorólogo para que lle explicase cousas sobre o tempo atmosférico. De volta para a casa, viu uns nenos que se resgardaban da tormenta debaixo dunha árbore e foi alí para que marchasen antes de que caese un raio. A partir dese momento, non volveu ter mala sorte. A segunda parte é moi pedagóxica, xa que contén algúns datos teóricos sobre o tema: historia, tipos de vento, refráns, unha entrevista co meteorólogo Santiago Pemán, exercicios e experimentos nos que se lles propón aos nenos a fabricación dun papaventos e un pluviómetro. As ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) son figurativas, na primeira parte achegan información sobre as situacións dos personaxes, xa que esaxeran os seus xestos, e na segunda parte ilustra as personaxes que presentan estes proxectos editoriais, a Meiga Moira e Muxicas, e tamén se ilustra a Santiago Pemán. Aparecen palabras salientadas con cores vivas ou cun tipo de letra ou tamaño diferente. Utilízanse cores escuras para reflectir o estado de ánimo de Boa Sorte e porque el é "gafe". O ilustrador Xosé Tomás emprega un estilo figurativo nunhas imaxes de corte didáctico con esquemas, nas que as figuras serven de fío condutor dunha historia. Destaca a uniformidade das cores e o predominio da curva.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Un templo para una cocina de calidad", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 13 xuño 2008, contracuberta.

No apartado "María Solar, metida a narradora para niños", dáse conta da saída a lume desta obra da presentadora da TVG, María Solar, que edita Baía Edicións, con ilustracións de Xosé Tomás, ao tempo que se comenta que será presentada, xunto a *O tempo do revés*, polos seus compañeiros da TVG Vítor Fábregas, Jorge Mira e Santiago Pemán.

- Concha Pino, "A ciencia está presente en calquera cousa da vida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 xuño 2008, p. L2.

Entrevístase á xornalista e presentadora da TVG María Solar con motivo da presentación de dous novos contos, *O tempo do revés e Boa sorte*, tras dez anos sen publicar. Salienta que se trata de narracións nas que aparece a ciencia "porque está en calquera cousa da vida". A seguir comenta o seu interese por divulgar a ciencia nos programas televisivos que presenta, aínda que estes sexan de entretemento.

Solar, María, *O tempo do revés*, ilust. Xosé Tomas, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 12, [lectorado mozo], abril 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-96893-28-3).

O personaxe d'A Meiga Moira introduce ao lector na historia sobre "o mundo da ciencia e a experimentación". A continuación, María Solar (Santiago de Compostela, 1970) presenta a unha rapariga, chamada Aldara, de nove anos, que mora en Santiago de Compostela. Descobre, grazas ao seu pai, o que é un chat e comeza a falar con Ana, unha nena de once anos, que vive na Arxentina. Combinan ás sete da tarde do día seguinte para falaren; Ana non aparece e Aldara entristécese. Ao día seguinte tampouco se conecta Ana. O pai repara en que os horarios dos distintos lugares onde residen son diferentes. Así, o pai de Aldara explícalle cunha bola de plástico e unha lanterna o movemento da terra e o fuso horario. Ademais, pescudan na internet e en libros información que lles axuda a calcularen a diferenza de hora e, deste modo, conseguen coincidir coa nena Arxentina no chat, a quen lle acontecera o mesmo problema que a Aldara. Comezan a comparar as diferenzas de tempo dos seus países e descobren que o xiro da terra marca moitas cousas como o día e a noite ou as estacións do ano. Despois, na segunda parte do libro "Moira e a ciencia" inclúense unha serie de actividades deseñadas por Xosé Tomás e Arturo Iglesias relacionadas coa temática da historia. "Cantos anos tes... na terra" propón descubrir a nosa idade se vivísemos noutro planeta cunha serie de indicacións. Logo, un texto informativo explica quen foi o que demostrou que a terra realmente se movía. "A sombra misteriosa" convídanos a ver como se prolongan as sombras ao logo da terra. Inclúe, a seguir, outro texto explicativo sobre Erastóstenes, que calculou a medida da terra. "Lúa lueira" consiste en fixar unha marca nunha ventá onde se vexa a lúa durante varios días e ver o que acontece. "Programando o futuro" mostra unhas bandas deseñadas e unha entrevista da Meiga Moira a Ada Byron, nai da programación informática. A actividade que forma parte deste contido proponse relacionar cada inventora co seu invento. Para finalizar, atópanse uns breves textos inseridos nun deseño sobre curiosidades que teñen que ver coa astronomía. No libro as ilustracións de Xosé Tomás teñen tanta importancia coma a narración en si. Trátase dunhas ilustracións que fan un uso reiterado da iluminación e as sombras, cunhas cores pouco saturadas. Os personaxes de orixe animal teñen actitudes antropomórficos e as formas predominantes son curvas. Son ilustracións de corte didáctico con esquemas e mapas.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Un templo para una cocina de calidad", *El Correo Gallego,* "Gente a la última", 13 xuño 2008, contracuberta.

Saliéntase que a presentadora da TVG decidiu seguir o camiño de Poe, Stevenson ou Kipling ao considerar aos "críos como público". Así mesmo dáse conta da presentación deste último libro e doutro tamén da autora editados por Baía Edicións.

- Concha Pino, "A ciencia está presente en calquera cousa da vida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 xuño 2008, p. L2.

Entrevístase á bióloga e xornalista María Solar con motivo da presentación dos seus

dous contos infantís, *O tempo do revés* e *Boa sorte*. Destácase que os escribira hai tres anos e que viron a luz grazas ás ilustracións de Xosé Tomás e ao traballo de Arturo Iglesias. Explícase a súa traxectoria académica, ademais de explicar que vai seguir editando libros infantís con Baía Edicións, xunto a outros escritores, sobre temas de matemáticas e xenética, porque apunta que a curiosidade é un aspecto común á ciencia, ao xornalismo e aos nenos.

Soldado Mérida, Madalena, *Gústame o inverno*, ilust. Xacobe Muñiz López, A Coruña: Rodeira, a partir de 5 anos, col. Os meus contos favoritos. Tren azul, outubro 2008, [33] pp. (ISBN: 978-84-8349-144-7).

Relato didáctico no que Madalena Soldado Mérida (1973) fai un percorrido polas características da estación invernal con graza e humor. Trátase dun relato escrito para un lectorado infantil en proceso de aprendizaxe lector e narrado en primeira persoa. Descríbense as situacións, hábitos, vestimenta e alimentos cotiáns dunha nena en época invernal. O texto disponse no centro das páxinas impares, con letra cursiva e sobre un fondo de cor intenso que vai trocando ao longo do libro que se apoia nas ilustracións de Xacobe Muñiz López (Pontedeume, 1973) que ocupan todas as páxinas pares coa imaxe centrada na nena protagonista sobre un fondo branco case sen referencias espaciais nin da contorna. A nena protagonista ten a cabeza moi grande e a cara é moi expresiva: vai reflectindo diferentes sensacións.

Tobaruela, Pere e Ana **Boullón**, *Unha vaca marela en Compostela* (ISBN: 978-84-7824-564-2)/ *Unha pantasma na cidade?* (ISBN: 978-84-7824-565-9), ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consorcio de Santiago, col. Branco de Cores, n.os 5/6, [lectorado autónomo], 2008, 29 pp. ■

Pere Tobaruela i Martínez (Barcelona, 1965) e Ana Isabel Boullón Agrelo (A Pobra do Caramiñal, 1962) achegan dúas novas entregas da serie "Branco de Cores", unha iniciativa destinada a fomentar o coñecemento da historia da cidade de Santiago de Compostela. *Unha vaca marela en Compostela* está protagonizada, como o resto de volumes da serie, polo cabaliño Branco de Cores, quen atopa á vaca Gallarda extraviada na Alameda. Conmovido polas ansias que ten o animal de coñecer a cidade compostelá, decide actuar de guía nunha rápida visita polas principais prazas de Santiago: o Toural, onde se organizaba un mercado de gando; Mazarelos, lugar de venda de viños, verduras e cereais; Praterías, tamén coñecida como Praza dos Ourives; o Obradoiro, lugar de traballo dos artesáns da pedra artífices da catedral; a do Paraíso, antigamente final do Camiño de Santiago, que agora está dividida na praza da Inmaculada e na da Acibechería; a Quintana, de Vivos e de Mortos, ou Praza dos Literarios; e, por último, a de Cervantes, anterior sede do concello e posteriormente mercado principal da cidade. N'*Unha pantasma na cidade* interveñen, ademais do cabalo protagonista, o seu amigo Manolo, guía turístico, e unha misteriosa pantasma, culpábel de asustar a canto visitante da zona monumental de Compostela se cruza con el. Tras descifrar as pistas deixadas en forma de letras desordenadas, Branco de Cores e Manolo deducen que se trata da pantasma do edificio Castromil, situado na praza de Galicia. Finalmente, revélalles que a súa única intención era concienciar a xente sobre a importancia de conservar o patrimonio. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo,1970) amosan unha gran variedade cromática, con cores cálidas e vivas. Dende a cuberta, xa se presentan os

personaxes do relato, que treñen faccións redondeadas e volumétricas, en contraste cos fondos planos e esquemáticos. O ilustrador emprega en todas as imaxes dous planos. Nun primeiro plano sempre aparecen os personaxes ou obxectos sobre os que recae a acción, con cores máis saturadas e trazos negros para focalizar a atención do espectador. Nun segundo plano, con tintas máis difuminadas, suaves e con trazos de cores neutras coma o gris, correspóndese cos diferentes espazos onde transcorre a historia, deste xeito pódense recoñecer lugares emblemáticos de Santiago de Compostela.

Toro, Xelís de, *Unha chuvia de meteoritos* (ISBN: 978-84-7824-555-0)/*Concurso de Pacos* (ISBN: 978-84-7824-556-7)/*O xenio xenial* (ISBN: 978-84-7824-558-1) /*O robot que toleou* (ISBN: 978-84-7824-557-4)/*O mago Orlando* (ISBN: 978-84-7824-559-8)/*O marciano azul* (ISBN: 978-84-7824-560-4), ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Paco Peco pequeneiro, [prelectorado], 2008, [22] pp.

De Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1967) saen á luz esta serie da colección de Paco Peco Pequeneiro. N'*Unha chuvia de meteoritos* narra en terceira persoa unha das aventuras de Paco Peco Pequeneiro, ao cal lle gusta moito observar o ceo e os planetas e imaxinar o que alí se fai co seu gran telescopio. No en tanto, o único que lle queda por ver é unha chuvia de meteoritos que, como non consegue ver, decide creala el mesmo cun lote de balóns. Pola súa banda, en *Concurso de Pacos*, narra en terceira persoa unha nova historia de Paco Peco Pequeneiro, que se presenta a un concurso para saber quen é o Paco máis divertido, concurso votado polos nenos e que ten como premio unha viaxe espacial. Porén, Paco Peco Pequeneiro esqueceu as súas lentes e o seu sombreiro, polo que está nervioso e pensa que non vai gañar, non conta coa axuda da súa amiga Ana Lista que, sen querelo, contribúe á súa vitoria. Xa n'*O xenio xenial* nun día de calor, o protagonista do relato, Paco Peco Pequeneiro, desexa máis que nada ter un ventilador para poder refrescarse cando, de súpeto, se atopa cun xenio dentro dunha botella que lle concede tres desexos. Un parasol e un gran xeado son dous dos desexos de Pacopeco que non verá cumprido o terceiro, xa que o xenio marcha asustado porque un balón de Ana Lista rompe sen querer a súa botella. N'*O robot que toleou* narra en terceira persoa, e co uso do diálogo en varias ocasións, como Paco Peco Pequeneiro gaña un robot nunha tómbola, que resulta ser un problema, xa que bebe moito e gústalle facer trasnadas que molestan á xente da vila. Pero de súpeto, o robot cambia ao recibir un pelotazo por accidente de Ana Lista a futbolista. N' *O mago Orlando* narra unha nova historia de Paco Peco Pequeneiro, na que se atopa co Mago Orlando, co cal pelexa, xa que o mago quere facerse co seu sombreiro. Finalmente, fanse amigos e Pacopeco consegue que o mago Orlando faga dun zapato un balón para Ana Lista a futbolista que perdeu o que tiña dándolle unha patada moi forte. E n'*O marciano azul* o protagonismo recae, nesta volta, en Ana lista a futbolista que decide marchar e percorrer o mundo coa axuda do seu balón que lle vai marcando o rumbo. Paco Peco está aliviado xa que sabe que a súa historia non rematará coma sempre cun pelotazo de Ana Lista, aínda que se equivoca pois a súa amiga volverá atopalo dun balonazo.

Uhía Lima, Manuel, *O autobús da selva*, ilust. do autor, Vigo: Editorial Luís Vives/Tambre, Col. Ala Delta, n.º 16, 2008, a partir dos 5 anos, 39 pp. (ISBN: 978-84-920-404-05-6).

Manuel Uhía (Portonovo, 1944), nesta obra combina varias voces narrativas para facer un percorrido pola fraga, alterada pola aparición do peculiar autobús que é a tartaruga Paca. A historia comeza cando Paca axuda de bo grao a un ratiño ferido e canso. Cando o resto dos habitantes do bosque se decatan das vantaxes deste novo transporte, todos queren aproveitarse da boa vontade da tartaruga. O problema xorde cando a elefanta esixe o mesmo trato que o resto dos animaliños da fraga. Paca, axudada polo agradecido rato, atopará unha solución do gusto de todos, converténdose a elefanta no transporte dos habitantes do bosque. As ilustracións figurativas do autor e ilustrador Manuel Uhía ocupan a páxina enteira ou a dobre páxina. As composicións reflicten as escenas principais do relato centradas nos animais protagonistas. Hai predominio da liña curva nas formas dos personaxes e tamén se emprega dun xeito decorativo nas árbores da paisaxe. A técnica que utiliza é lapis de cores con tonalidades cálidas sobre fondos lisos con matices degradados.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Imprudente axuda", *A Nosa Terra*, n.º 1.319, "*Bulebule*", 17-23 xullo 2008, p. 30.

Describe o argumento e os protagonistas deste conto: unha tartaruga cuxo nome é Pepa e un ratiño lacazán. Anuncia un final feliz para a historia con humor e algunha chiscadela ao lector infantil. Salienta os diálogos como "fonte de transmisión da expresividade do relato". Remata dicindo das ilustracións que son vivas e coloristas e que "captan a linguaxe expresiva da escrita" mediante a simbiose textual e plástica.

Vázquez Álvarez, David D., *Améndoas e flores silvestres*, ilust. Noemí López, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 14, a partir 12 anos, setembro 2008, 325 pp. (ISBN: 978-84-96893-75-7).

Esta novela de temática artúrica de David D. Vázquez Álvarez (Vilamartín, 1953) está ambientada no medieval reino de Galicia, contra finais do século XI. Protagonizada por dous nenos, Roi e Alba, *Améndoas e flores silvestres* ten como pano de fondo as lendas artúricas e o Santo Grial, temática moi propia da literatura galega. De feito, a historia familiar do neno Roi está moi relacionada co mago Merlín, personaxe característico da nosa tradición narrativa, grazas á obra de Álvaro Cunqueiro. A procura do cáliz onde Cristo bebeu por última vez antes da súa crucifixión é o eixo temático da narración. O libro divídese en dezasete capítulos sen numeración nin título e conta con ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974). Están realizadas cuns debuxos de estilo figurativo. Na composición predominan as liñas curvas. Na cuberta a ilustración céntrase no protagonista e anticipa unha narración de ambiente medieval. As ilustracións que aparecen no interior do libro corresponden a situacións significativas de cada capítulo, son en branco e negro e ocupan toda a páxina.

Ventoso Mariño, Xosé Antonio, *Historia das historias da escola*, ilust. Xoán Fernández, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Infantil, n.º 38, máis de 12 anos, 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-7680-627-2).

Novela realista de Xosé A. Ventoso Mariño (Ribeira, A Coruña, 1951) na que se afonda nas condicións das escolas e do mundo docente no ámbito dos máis pequenos. A obra consta de trinta capítulos, encabezados por un título que sintetiza o contido dos mesmos. Nárrase en primeira persoa a experiencia dos primeiros días da escola, a relación cos mestres e as materias estudiadas, así como a ilusión do mestre, do traballo do aínda opositor, dos comezos nun novo colexio e outras aventuras. Atópanse relatos como "Secretos", que se mete na pel dun alumno de 2º de Bacharelato como se do seu diario íntimo se tratase, descubrindo os seus pensamentos, desexos e medos. "Un mestre novo" aborda a vida dun rapaz que, logo de aprobar as oposicións, entra a dar clase nun colexio. O ruído inquedo dos alumnos, as primeiras vivencias, etc., do mestre centran este capítulo. En "O reloxo", un meniño conta cáles son as súas vivencias da escolaridade. Pouco a pouco, relatos de pequenos e maiores van configurando o retrato do mundo académico galego. As ilustracións desta novela corren a cargo de Xoán Fernández quen acompaña con escenas significativas os textos. Cada capítulo ten unha imaxe realista que completa a información visualmente. A técnica empregada é a acuarela aplicada con pinceladas húmidas que transmiten expresividade ás composicións. Só a cuberta está impresa a cor, no interior as imaxes son en branco e negro. O volume remata cun índice que recolle cada relato que nel aparece.

Villar, Miro, *O nariz de Fiz*, ilust. Lola Lorente, V Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez", Ourense: Deputación Provincial de Ourense, [lectorado mozo], 2008, 117 pp. (ISBN: 978-84-96503-77-9).◆

Esta novela do polifacético Miro Villar (nome literario de Arximiro Villar González, Cee, 1965) arrinca coa cita "MORALITÉ" extraída de *Riquet à la houppe*, de Charles Perrault. Cada capítulo ábrese con catro versos escritos a cor vermella, que anuncian o argumento. Un narrador omnisciente conta que Fiz nace nunha aldea da montaña da Galicia interior e rural, situada preto de Vilancosta, e a súa nai escolle ese nome ao sentir a grande acollida dos seus veciños. Despois nárranse anécdotas da vida cotiá da "criatura máis pequerrechiña e miudiña que o labrego vira nos arredores". Segundo se avanza na lectura descóbrese que Fiz posúe a habelencia dun grande olfacto que salvará o pai do incendio do circo e os seus amigos Gustavo e Rosa de afogar na cova da serpe. Grazas a ese "prodixioso olfacto" consegue o recoñecemento dos seus coñecidos, e mesmo dos seus inimigos, e indícase que este prestixio quedou "na memoria da xente e aínda se conta hoxe". O xogo intertextual constitúe o recurso creativo desta novela ao salientar a miudeza do protagonista, referir os contos tradicionais de fadas e porque mesmo Miro Villar inventa que os monicreques de Talía Teatro representan *La cabeza del dragón*, de Ramón del Valle-Inclán. Das ilustracións de Lola Lorente (Bigastro, Alacante, 1980) destaca a figura de Fiz sobre o seu nariz, que aparece na contracapa e na parte inferior dereita das páxinas, en vermello e contendo o número das mesmas, con Fiz mirando cara o texto, nun debuxo que lembra *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry. A técnica empregada mestura tintas de cores con formas recortadas en papeis variados. As composicións céntranse en describir escenas importantes da narración, destacando expresións dos nenos protagonistas e describindo os ambientes onde ocorren as diferentes situacións. As cores son alegres cun certo predominio da cor vermella que ten o nariz do protagonista.

Referencias varias:

- Baraxeiro, “As novas que nos chegan”, *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 26, “Publicacións”, primavera 2008, pp. 25-26.

Sección fixa que acolle as publicacións recentes de libros e revistas, tanto en castelán, galego ou portugués, achegando un breve resumo. En relación á literatura galega anuncia *O nariz de Fiz*, de Miro Villar, que acadou o premio “Pura e Dora Vázquez”, que conta con ilustracións de Lola Lórente, e a publicación do primeiro poemario de Gabriela Rodríguez, *Elemental*.

VV.AA., *O asegurador de OVNIS e catro contos máis*, XXIV Concurso de Contos para a Mocidade 2007, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, [mocidade], xaneiro 2008, 68 pp. (ISBN: 978-84-453-4551-1).

Esta obra, que na súa primeira edición tirou mil exemplares, é resultado da XXIV edición do Concurso de Contos para a Mocidade, convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense. Este certame, de dilatada traxectoria, converte en páxinas impresas os contos gañadores dende 1993. Posúe unha cuberta moi simple, de composición esquemática de formas xeométricas en distintos tons sepias. Reúnense neste volume cinco traballos, recoñecidos co primeiro premio e catro accésits que levan por título: “O asegurador de ovnis”, “Na febra da miña trampa”, “Folerpas de neve negra”, “A chave dos soños” e “Loucura”. Malia o aparente carácter heteroxéneo dos traballos obsérvanse como trazos comúns a todos eles a prosa sinxela e áxil, sen requintamentos, a creación de atmosferas nas que convive o onírico coa realidade, a angustia e desesperación dalgúns dos protagonistas, a violencia de xénero e a procura da identidade persoal. Precede aos cinco contos un breve limiar dos organizadores, no que se subliña a importancia deste certame como descubridor de novos valores, que dá paso aos traballos premaidos:

- Xerardo Neira, “O asegurador de OVNIS”, pp. 9-28.

Conto de Xerardo Neira (Santiago de Compostela, 1978), gañador nesta edición, que dá título ao volume. Dividido en tres partes de diferente extensión aparentemente é un conto de ficción científica, no que un pobre labrego pretende asegurar a súa figueira a través dun contrato que inclúe unha curiosa cláusula: sería indemnizado cunha importante suma de cartos no caso de que a súa vivenda fose destruída por un OVNI. Dende logo todo é posíbel mesmo que o próximo cliente do “asegurador” sexa un alieníxena. Deste xeito, humor, ironía e crítica social son trazos que caracterizan o relato, reflectidos mesmo na diglosia empregada como elemento definidor da realidade sociolingüística de Galicia.

- Alba Cid, “Na febra da miña trampa”, pp. 29-38.

Presenta unha maior dificultade de comprensión. Construído en primeira persoa parece introducir o lector na mente de alguén que está en coma nun hospital a través dunha visión onírica da mente humana. A técnica narrativa baséase nun xogo co lector a través dunha prosa engaiolante que conforma as seis pequenas partes nas que o relato se divide, as cales se abren cunha cita de escritores e escritoras galegas como María do Cebreiro, Helena de Carlos ou Xosé M. Millán Otero.

- Rocío Leira Castro, “Folerpas de neve negra”, pp. 39-44.

Céntrase nun tema de triste actualidade: a violencia de xénero. Faino a través dos ollos dunha muller de cincuenta anos asolagada pola monotonía, a tristura e algunha que outra labazada. Todo é consecuencia dun matrimonio infeliz no que o alcohol é un dos protagonistas. Mentres agarda outra noite máis a que el regrese á casa, ela fai un repaso dorido e abafante das súas vivencias, marcadas polas “noites de esperpento que os trinta anos de matrimonio lle proporcionaran”, tal e como ela mesma confesa. Neste caso, soñar, aínda que sexa esperta, é a única saída que lle queda á protagonista dotando dun gran realismo o contido do relato.

- Mario Otero Iglesias, “A chave dos soños”, pp. 45-52.

A identidade persoal é a temática deste conto no que o protagonista é Luís, un mozo que teme que un soño recorrente durante varias semanas sexa a confirmación da súa homosexualidade. Un psicólogo amigo da familia está tratando o rapaz dende que o seu pai se suicidara e o pesadelo repítese noite tras noite. Trátase dun soño erótico onde un home con bata branca, quizais un médico, se aproveita do rapaz.

- Andrés Ocampo Lourido, “Loucura”, pp. 53-60.

Amosa a traxedia familiar á que leva a tolemia dun home tras perder a súa muller. A non aceptación desa morte carrexa unha loucura obsesiva que nin sequera o fillo médico pode curar. Pero tras esa tolemia tamén se agocha o tema da violencia de xénero moi sutilmente nomeada.

Péchase o volume coa relación dos participantes nesta edición e un cadro de honra no que se recollen, por orde cronolóxica, os autores e títulos dos relatos gañadores en cada unha das edicións celebradas dende 1984.

Referencias varias:

- L. R., “Un joven de Santiago obtiene el ‘Premio Ourense de Contos para a Mocidade”, *La Región*, “Ourense”, 11 febreiro 2008, p. 5.

Breve nota de prensa na que se dá conta da publicación do volume que recolle os contos finalistas do Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2007 que leva por título *O asegurador de ovnis e catro contos máis* a partir do título do conto que resultou gañador e os catro que obtiveron un accésit. Dise que o gañador foi un mozo de Santiago que mestura o real e o ficticio no seu relato e a continuación noméanse os autores dos accésits e os respectivos títulos dos seus contos.

VV. AA., *De cando a primavera cría que era inverno*, ilust. Marta Álvarez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural/Gálix, col. Lagarto Pintado, 2008, 64 pp. (D.L. C. 902-2008) ◆

Volume que conta coas ilustracións figurativas de Marta Álvarez, nas que se

representan escenas do texto narrado, e que acolle os seguintes textos:

- Carlos Labraña, "A viaxe de Farrapos", pp. 7-26.

Peza teatral dividida en oito escenas na que Carlos Labraña presenta como protagonista a Farrapos, un boneco de neve que fan dous nenos e que comeza unha longa viaxe na busca do lugar onde "sempre é noite, o vento treme e a neve perdura" coa intención de non se derreter. Na súa viaxe, na que contará coa axuda de Golpe, Curuxa, Vagalumes e Esquío, pasará por Primavera, Verán e Outono, até chegar a Inverno, lugar onde o atoparán dous vellos que resultarán ser os dous nenos que o fixeran.

- Carlos López, "Bepo e a cabaza", pp. 27-38.

Relato de Carlos López que ten como protagonista a Bepo, un mal estudante ao que o mestre lle dá, por suspender, unha cabaza que se converterá na amiga e confidente de Bepo, así como na nai da cabaza coa que o rapaz gañará o concurso de cabazas da festa do Samaín do colexio.

- Xosé Ballesteros, "O neno no saco", pp. 39-50.

Relato de Xosé Ballesteros no que un narrador en primeira persoa lle conta ao lectorado agardado a historia de Pedro, unha historia que escoitou nunha rexión de Italia "nunha fría noite de inverno, a carón da lareira". Nela o protagonista, un rapaz que faltaba á escola, é enganado varias veces pola bruxa Bibruxa, que o quere comer. Grazas á súa perspicacia o protagonista liberarase da morte, razón pola que non faltará máis á escola.

- María Reimóndez, "Pía non encaixa", pp. 51-64.

María Reimóndez, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, presenta a historia de Pía, unha nena-paxaro que se sinte e descobre diferente aos seus pais e veciños. Pía atoparase con Arteu, o paxaro-neno e xuntos comprenderán quen son, malia o seu diferente aspecto.

Referencias varias:

- maré, "Presentan' en Oleiros dous novos títulos de Lagarto pintado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Edición", 3 abril 2008, p. 35.

Dáse conta da celebración en Oleiros do Día do Libro Infantil e Xuvenil, promovido pola Consellería de Cultura e a Asociación Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Explícase que co gallo desta celebración se presentaron dúas novas obras incluídas na colección "Lagarto pintado"e que levan por título *De cando a primavera cría que era inverso* e *Tres blues e un rap*.

VV. AA., *I Premio Literario Escolar Caixanova* (*Poesía e Relatos. Premios e Mencións*), Vigo: Caixanova. Obra Social, 79 pp. (VG-652-2008). ◆

Esta publicación recolle os Premios e as Mencións Específicas do I.º Premio Literario

Caixanova que está dirixido a todos os escolares de Galiza da ESO e do Bacharelato. Indícase que o xurado desta primeira edición estivo composto por Francisco Castro Veloso, como presidente, xunto con Agustín Fernández Paz, Ramón Nicolás Rodríguez e mais Álvaro Otero González. Dos nove galardoados nesta edición, quer en Premios, quer en Mencións Honoríficas, só están redactados en lingua galega tres traballos, que son o de Lucía Barrera López, de 2.º ESO do IES Perdouro de Burela, que gañou cos poemas "No ocaso do mar", "Sensacións para un tempo vivo" e mais "Retrincos do maxín" (pp. 15-25); e as Mencións Honoríficas, que foron para Pedro Naveira Osinde, de 2.º ESO do IES Agra do Orzán da Coruña, que presentou o relato "Desaparecido" (pp. 50-55), onde se narra como Pablo soña a morte do seu mellor amigo Ramón; e, de Eliana dos Anjos Alonso, de Bacharelato, do IES Ribeira do Louro do Porriño, co relato "Meu mariñeiro" (pp. 73-79), no que se desenvolven as reflexións de Esther, que vén de perder ao seu marido no mar.

VV. AA., *Tres blues e un rap*, ilust. Ramón Trigo, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural/Gálix, col. Lagarto Pintado, 2008, 57 pp. (D.L. C. 901-2008) ◆

Volume que se acompaña das ilustracións figurativas de Ramón Trigo (Vigo, 1965), nas que se representan escenas do texto narrado, e que acolle os seguintes textos:

- Xerardo Quintiá, "DJ Machuquito", pp. 5-16.

Xerardo Quintiá bota man dun narrador omnisciente para presentar os sentimentos de DJ Machuquito, un mozo de dezaseis anos ao que lle encante o rap, o grafitti , o skate-board, así como, dun tempo a esta parte, unha moza chamada Lorelai.

- Lourdes Maceira, "A viaxe", pp. 17-28.

A conversa estabelecida entre Carlos e Marcos sobre as súas vidas nunha viaxe en avión entre Madrid e Barcelona é o tema deste relato de Lourdes Maceiras no que se descobre a dous personaxes que menten sobre as súa vidas, pero que finalmente conseguen o que desexan.

- Marcos S. Calveiro, "Se un home perde algo", pp. 29-44.

Neste relato Marcos S. Calveiro presenta a un narrador en primeira persoa que traslada ao lectorado agardado a terras de indios. Neste lugar o que foi "cazador de homes" conversa co boi co que traballa e ao que lle vai contando a súa vida.

- María Canosa, "O café de Ramón", pp. 45-57.

Os clientes do Café que lle dá título á narración e as historias que neste local acontecen ou aconteceron son os que centran a atención do narrador en primeira persoa deste relato de María Canosa. Nel preséntase fundamentalmente a misteriosa historia dun mariñeiro que chega ao Café de Ramón unha noite de treboada na que marchou a luz, retala un naufraxio e desaparece no momento en que regresa a luz.

Referencias varias:

- maré, “Presentan’ en Oleiros dous novos títulos de Lagarto pintado”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Edición”, 3 abril 2008, p. 35.

Dáse conta da celebración en Oleiros do Día do Libro Infantil e Xuvenil, promovido pola Consellería de Cultura e a Asociación Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Explícase que co gallo desta celebración se presentaron dúas novas obras incluídas na colección “Lagarto pintado”e que levan por título *De cando a primavera cría que era inverso* e *Tres blues e un rap*.

VII.1.2. REEDICIÓNS E TEXTOS RECUPERADOS

Alvárez Blázquez, Xosé María, *O que ben che quer*, ilust. Berta Cáccamo, prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, febreiro 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-030-4).

Ver apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Boullosa, Palmira G., *Adiviñas*, ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2008, 33 pp. (ISBN: 978-84-9865-099-0).

Palmira Boullosa (1941) publicou, por primeira vez en 1985 nesta mesma esditora, este conxunto de adiviñas que presentan a súa resolución tanto en texto como a través da ilustración. Os cambios que presenta esta nova edición repercuten na adaptación da lingua ás novas normas ortográficas, ao novo deseño da colección "Tartaruga", anteriormente ao cargo de M. Janeiro (Madrid, 1951) e F. Mantecón (Vigo, 1948-2001), e ás ilustracións, que agora son realizadas por RuAn (Rubén Pérez Puig e Antón Romero Ces-Vilagarcía de Arousa, 1970), ocupando todas as páxinas pero usando múltiples cores e achegando máis datos para a resolución da adiviña. Son figurativas, teñen un estilo infantil, e seguen fielmente ao texto. Presentan cores moi saturadas en alto contraste.

Referencias varias:

- Antonio García Teijeiro, "Tartarugas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "*Bule Bule*", 24-30 xullo 2008, p. [30].

Comeza cuns versos do seu primeiro poemario dirixido ao lectorado infantil, e explica que como os rapaces "gozaron" del, se deu conta de que dende entón "escribiría poesía infantil". Precisa que ese poema foi incluído en *Nenos* (1988), publicado na colección "Tartaruga", da cal destaca a fermosura e delicadeza do seu deseño. Lembra que grazas ao labor de Manuel Janeiro, nesa colección viron a luz textos de Carlos Casares, David Otero ou Palmira G. Boullosa, entre outros. Explica que a colección Tartaruga "abriu canles" coa ousadía dos seus presupostos e a riqueza dos seus contidos literarios, até a súa desaparición. Precisa que Francisco Castro a recuperou, cambiando a fonte da letra, presentándoa a cores, axeitándoa a un deseño máis actual e inserindo as ilustracións "expresivas e graciosas" de RuAn. Remata apuntando que xa saíron a lume cinco títulos, *Arrolos*, *Adiviñas*, *Por se che pasa*, *Aloumiños* e *Coplas*.

Boullosa, Palmira G., *Arrolos,* ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2008, 37 pp. (ISBN: 978-84-9865-100-0).

Conxunto de trinta e unha cantigas de berce completadas con ilustracións. Foron publicadas por Palmira G. Boullosa (1941) en 1987 por primeira vez na mesma editora e colección. Os cambios que presenta repercuten na adaptación da lingua ás novas normas ortográficas, ao novo deseño da colección "Tartaruga", neste mesmo título ao

cargo de F. Mantecón (Vigo, 1948-2001), e ás ilustracións, que agora son realizadas por RuAn (Rubén Pérez Puig e Antón Romero, Ces, Vilagarcía de Arousa, 1970), ocupando todas as páxinas, usando múltiples cores e achegando máis datos para completar o texto escrito. Seguen un estilo infantil e son fieis ao texto. Presentan cores moi saturadas en alto contraste.

Referencias varias:

- Antonio García Teijeiro, "Tartarugas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "*Bule Bule*", 24-30 xullo 2008, p. [30].

Comeza cuns versos do seu primeiro poemario dirixido ao lectorado infantil, e explica que como os rapaces "gozaron" del, se deu conta de que dende entón "escribiría poesía infantil". Precisa que ese poema foi incluído en *Nenos* (1988), publicado na colección "Tartaruga", da cal destaca a fermosura e delicadeza do seu deseño. Lembra que grazas ao labor de Manuel Janeiro, nesa colección viron a luz textos de Carlos Casares, David Otero ou Palmira G. Boullosa, entre outros. Explica que a colección Tartaruga "abriu canles" coa ousadía dos seus presupostos e a riqueza dos seus contidos literarios, até a súa desaparición. Precisa que Francisco Castro a recuperou, cambiando a fonte da letra, presentándoa a cores, axeitándoa a un deseño máis actual e inserindo as ilustracións "expresivas e graciosas" de RuAn. Remata apuntando que xa saíron a lume cinco títulos, *Arrolos*, *Adiviñas*, *Por se che pasa*, *Aloumiños* e *Coplas*.

Carbalho Calero, Ricardo, *As pitas baixo a choiva*, ilust. Alberto Toval, Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [lectorado autónomo], decembro 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-95460-94-3).

Este relato que se recupera de Ricardo Carbalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) foi publicado por primeira vez nos na revista bonaerense *Lar* (1952) como reza nun peritexto da obra, onde tamén se indica que se respecta a grafía empregada daquela, que foi incluído despois no número 3 da edición facsimilar da revista *Galicia (Caracas, 1952-1954)* publicada no ano 1952. Esta nova edición constitúe a primeira edición en formato libro, agora Edicións Embora inclúeo na súa colección "Fardel dos soños", acompañándoo das ilustracións de Alberto Toval e engadíndolle así mesmo un "Glosario" de termos na derradeira páxina. Agás a última páxina, o relato aparece sempre na páxina impar e a ilustración a toda páxina na par, aínda que algunhas ilustracións ocupan parte da impar. Neste relato cóntanse as diferenzas entre os galos ergueitos, lanzás e maxestuosos de cando o narrador era pequeno e os galos de agora, "brancos, grises" e con cristas e colas curtas. Descríbese a tonalidade da plumaxe, a cola e o porte dos galos de antano, aos que se compara con "capitáns de Frandes, príncipes idumeos, arquimandritas siríacos" para pasar a loar ao galo máis antigo do que o narrador ten memoria. Despois nárrase en primeira persoa actividades que realiza o narrador co seu pai os sábados, tales como cazar grilos, ollar para as galiñas, botarlles millo e recoller os ovos. A seguir conta como tentou levar as pitas ao curro para resgardalas unha tarde cando caeu unha tormenta de repente, mentres seu pai e súa avoa lle mandan deixalas e ir para a casa. Como o narrador segue a gardar as pitas, a súa familia baixa a axudalo e rematan todos mollados e coa avoa no chan. As ilustracións de Alberto Toval (Ferrol, 1968) acompañan os textos. As imaxes das galiñas están moi traballadas, as formas, as cores do plumaxe; as persoas teñen un estilo

máis simple, sen detalles. As composicións van seguindo aos textos complementandoos. A técnica empregada é a pintura, con pinceladas soltas nas galiñas e nas nubes e máis contidas nas figuras.

Referencias varias:

- L. L. P., "Embora publica 'As pitas baixo a choiva", *Diario de Ferrol*, "Novedades", 8 novembro 2008, contracuberta.

Comeza indicando que Edicións Embora reedita o conto infantil *As pitas baixo a choiva*, publicado por Ricardo Carvalho Calero, en 1952, na revista *Lar*. Detalla o argumento e precisa que se inclúe na colección "Fardel dos soños", unha colección infantil que para o Nadal publicará dous relatos en verso de Antón Cortizas, *Sopra neste furadiño* e *Vestida co arco da vella*, ilustrado por Leandro Lamas e Spela Trobec, relatos dos cales describe o argumento. Remata apuntando novos títulos que vai publicar esta editorial na colección "O globo", *Como se fixo o primeiro alfabeto*, de Rudyard Kipling e *A pantasma de Canterville*, de Óscar Wilde.

- Ramón Loureiro "Publican unha nova edición dun conto de Carballo Calero", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2008, p. 53.

Coméntase a presentación en Ferrol da nova edición, feita por Embora, do conto *As pitas baixo a choiva*, de Ricardo Carballo Calero, con ilustracións de Alberto Toval. Explícase que se trata dunha edición para nenos do conto orixinal publicado en 1952 na revista *Lar*. Remátase indicando que se respectou "escrupulosamente a grafía empregada polo autor naquela ocasión".

Carballude, Pepe, *Romaxe de desventuras*, ilust. Siro López, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-403-0927-3).

Novela de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956), publicada por primeira vez en 1997 como número sete da colección "Periscopio" de Edebé Rodeira e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Esta nova edición, ademais da adaptación lingüística á normativa vixente do ano 2003, presenta como novidade as ilustracións, agora a cor de Siro López, nas que se amosan escenas do relato textual. Trátase dunhas ilustracións figurativas, realizadas por ordenador e concibidas co estilo caricaturesco propio deste artista. Emprega tintas planas para encher de cor as imaxes, nas que predominan as tonalidades cálidas.

Docampo, Xabier P., *Adelaida, Henrique e demais familia*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 87, serie azul, a partir dos 10 anos, 2008, 147 pp. (ISBN: 978-84-9865-057-0).

Relato de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) publicado por primeira vez en 1996, cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Esta terceira edición aparece na renovada colección "árbore/galaxia" coa lingua adaptada á

normativa vixente de 2003 e cunha nova ilustración da cuberta caracterizada pola cor. No interior mantéñense as ilustracións figurativas de Xosé Cobas (Negreira, A Coruña, 1953) cunha gama de tonalidades reducida ao sepia que salpican o texto. O uso de formas cun nivel moi forte de abstracción contrasta coas dos personaxes que, se ben manteñen certa estilización, son moito más figurativas que a escena en si. As creacións de Cobas recrean lugares e personaxes do relato baixo a visión particular do ilustrador. Os lugares e os personaxes confórmanse baixo augadas e formas estilizadas e pouco delimitadas, en tonalidades sepia, que acompañan ao relato en diversas ocasións.

Miranda, Xosé, *Vestio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 110, [mocidade], xaneiro 2008, 96 pp. (ISBN: 978-84-9782-690-7).

Esta reedición da novela de Xosé Miranda (Lugo, 1955) publicada orixinariamente en 1995 aparece agora nunha nova editorial (fronte á viguesa Nigra Imaxe). Os cambios na editorial tamén implican un cambio de colección (orixinariamente editouse na colección "TusiTalia"), agora diríxese a un lectorado infantil e xuvenil por iso aparece na colección "Fóra de Xogo" para a mocidade e os adultos (fronte á colección de 1995 ao coidado de Ramón Nicolás sen un lectorado marcado). Esta novela conta con dous narradores, o primeiro, que enmarca a obra, é un narrador omnisciente en terceira persoa que nos presenta á doutora protagonista, Eva García, e cuxa narración axiña se alterna coa dun antropólogo inglés a través dunhas notas, en primeira persoa, que son atopadas tras a súa estraña morte. Xosé Miranda descóbrenos con esta novela curta de intriga e misterio os antigos segredos gardados polo pobo de Viana das Veigas, ao que a doutora García se traslada para exercer a súa profesión e onde experimenta a perda traumática da súa filla. O suspense e o misterio están presentes durante toda a obra e sobre todo nas notas do estranxeiro asasinado que le a doutora. O título fai referencia ao deus da natureza que idolatran os nativos de Viana. O tempo é pasado mentres se narra a experiencia do antropólogo, pero transfórmase en presente cando a doutora decide descubrir por si mesma o segredo. Así mesmo o formato do libro presenta en 2008 un maior tamaño e as ilustracións de Eugenio de la Iglesia en 1995 son substituídas por unha montaxe fotográfica de Antonio Seijas (Ares, 1976) na cuberta. A montaxe fotográfica realizada por Seijas, convidan a introducirse nunha historia, cando menos, moi misteriosa. Un burato na terra, onde non se percibe a profundidade nin a magnitude do lugar, invita ao espectador a pensar sobre o posíbel argumento da obra. Ademais a sombra dunha especie de becho irrecoñecíbel reforza visualmente a idea de misterio.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A vixencia do misterio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 261, "Letras en galego", 10 maio 2008, p. 12.

Salienta a importancia das propostas feitas hai anos por algunhas editorias de publicar libros con formato de peto para poder chegar a un maior número de lectores. Dá conta dalgunhas obras que se deron a coñecer deste xeito e destaca a novela fantástica de Xosé Miranda, *Vestio*, reeditada agora por Xerais. Indica que a obra aínda é de actualidade xa que presenta os trazos propios da intriga e o misterio, mostra as tradicións dos thrillers psicolóxicos e a pervivencia das tradicións. Tamén comenta que a historia capta ao lector dende o principio até o final e, nos aspectos formais, destaca o

carácter narrativo, descritivo e dialogal, así como, a riqueza do rexistro lingüístico.

- Anxos García Fonte, "O pulso do irracional", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 7.

Reseña dos volumes *Vestio* e *As mans do medo* (2007), ambos de Xosé Miranda e publicados pola editorial Xerais. O primeiro, *Vestío*, recolle un relato longo que xa fora publicado con anterioridade no ano 2000 dentro do libro de relatos *Triloxía pánica*. O segundo libro, *As mans do medo*, é unha escolma que mestura textos sacados da *Triloxía pánica* – "A neve e a caldeira" e "Lambirón"–, con outros editados anteriormente en *Tarxeta Vermella* (2003) – "Seis dedos" –, algúns aparecidos en xornais – "Noite de reis" e "Anxos da garda" – e un cuarto grupo de relatos inéditos. Dise que todos se caracterizan pola súa calidade literaria e a mestría con que Miranda emprega a lingua.

- Héitor Mera, "A forza da intriga", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 250, "Libros", 29 maio 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Lecturas", 7 xuño 2008, p. 10.

Dá conta da nova publicación de Xosé Miranda, *Vestio*, que é a primeira novela curta de subxénero de terror que escribe o autor. Comenta que nela se atopan os temas do esoterismo, a filosofía, a relixión, etc., e afirma que é unha historia que non cae no ridículo. De seguido, resume o argumento da novela e salienta o recurso que emprega Miranda do "caderno atopado" para desenvolver a acción. Tamén destaca a intriga que circula por toda a novela.

- Alba Piñeiro, "Crenzas ancestrais", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "*Bulebule*", 12-18 xuño 2008, p. 30.

Analiza a novela de Xosé Miranda, *Vestio*, estruturada en dez capítulos curtos que se centran nunha historia de investigación. Afirma que se trata dunha novela de suspense e a acción desenvólvese en Viana das Veigas. Tamén salienta o fluír do ritmo, ás veces, pausado e outras veces vertixinoso. Por último, dá conta da riqueza expresiva na caracterización dos personaxes e destaca a presenza da lúa como testemuña dos acontecementos.

Oli, *O pirata Pata de Lata*, ilust. Ramón Trigo, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-679-2).

Trátase dunha reedición da obra de Oli, alcume literario de Xosé Manuel González (Cangas do Morrazo, 1961), publicada por primeira vez en 1998, como se pode ver no *Informe* dese ano. Agora reedítase, con revisión textual, na colección "Demademora" renovada. Dánse máis referencias sobre as características do pirata e un cambio total da ilustración, que adopta un carácter figurativo nas mans de Ramón Trigo (Vigo, 1965). Na cuberta aparece o protagonista: un pirata con aspecto desastrado pero simpático. No interior as gardas amosan o percorrido que o barco pirata fai na procura do tesouro. En canto a técnica, a cor está aplicada de xeito pouco uniforme, con pinceladas e trazos expresivos coas que consigue unhas formas descoidadas de acordo co aspecto desaliñado do protagonista. O cromatismo vivo, de cores saturadas transmite alegría e achega ao lectorado con simpatía ao personaxe.

Otero Fernández, David, *Por se che pasa*, ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [prelectorado], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-9865-098-3).

Neste conto de Daniel Otero Fernández (Santiago de Compostela, 1946) o lectorado pode elixir o día no que quere que se realice a historia, o nome dos protagonistas e desenvolver, por medio de texto e da moita ilustración que o acompaña, a pequena historia dun tractorista que unha nena, por ocorrente e imaxinativa, consegue levar á súa casa. Veu a lume por primeira vez en 1988 na mesma colección da editorial Galaxia. Os cambios que presenta agora repercuten na adaptación da lingua ás novas normas ortográficas, ao novo deseño da colección "Tartaruga" e as ilustracións, que son realizadas por RuAn (Rubén Pérez Puig e Antón Romero Ces-Vilagarcía de Arousa, 1970), ocupando todas as páxinas pero usando múltiples cores e achegando máis datos para a resolución da adiviña. Seguen un estilo infantil e as imaxes son fieis ao texto. Presentan cores moi saturadas en alto contraste.

Referencias varias:

- C. P., "Hai que ter moi en conta que un libro é un medio e non un fin", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 28 xuño 2008, p. L16.

Faise mención da próxima presentación da renovada colección "Tartaruga" pola editorial Galaxia. Dise que nesta primeira entrega se inclúe só un conto, creado polo profesor e escritor David Otero, pioneiro na creación de contos para nenos. Explícase que esta obra se titula *Por se che pasa* e que é unha composición na que os nenos terán parte activa, pois é preciso que vaian completando eles mesmos a súa lectura. Dise que por esta razón está pensado para o medio escolar, aínda que tamén para os pais e, sobre todo, para os nenos.

- Antonio García Teijeiro, "Tartarugas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "*Bule Bule*", 24-30 xullo 2008, p. [30].

Comeza cuns versos do seu primeiro poemario dirixido ao lectorado infantil, e explica que como os rapaces "gozaron" del, se deu conta de que dende entón "escribiría poesía infantil". Precisa que ese poema foi incluído en *Nenos* (1988), publicado na colección "Tartaruga", da cal destaca a fermosura e delicadeza do seu deseño. Lembra que grazas ao labor de Manuel Janeiro, nesa colección viron a luz textos de Carlos Casares, David Otero ou Palmira G. Boullosa, entre outros. Explica que a colección Tartaruga "abriu canles" coa ousadía dos seus presupostos e a riqueza dos seus contidos literarios, até a súa desaparición. Precisa que Francisco Castro a recuperou, cambiando a fonte da letra, presentándoa a cores, axeitándoa a un deseño máis actual e inserindo as ilustracións "expresivas e graciosas" de RuAn. Remata apuntando que xa saíron a lume cinco títulos, *Arrolos*, *Adiviñas*, *Por se che pasa*, *Aloumiños* e *Coplas*.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Alonso, Tareixa, *Os sete cabritos*, ilust. Teresa Lima, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96788-67-1). ■

Tareixa Alonso fai unha reformulación do conto tradicional no que Mamá Cabra e os seus sete fillos terán que desfacerse do inimigo lobo, unha vez que este consegue enganar os pequenos e comelos, xa que a nai tivera que ausentarse deixándoos sós. Á súa volta á casa atopa só o máis pequeno dos fillos que a guiará até o río onde o lobo descansa durmindo tras a enchente. Unha vez alí, cunhas grandes tesoiras, a nai abre o ventre do lobo e, tras saír os cabritos de dentro del, cósello con fío e agulla enchéndoo primeiro de pedras. Cando esperta sente sede e ao achegarse á beira para beber cae ao río e a familia volta tranquila á casa. Presenta un narrador en terceira persoa e un estilo sinxelo, dotado do ritmo áxil que é propio dos contos orais que aquí se reproduce. As ilustracións de Teresa Lima enchen as páxinas do libro dotando a historia de vida a carón dunha ortografía na que se emprega o cambio de letra para marcar as distintas emocións e accións que realizan os personaxes. As ilustracións figurativas están traballadas cunha técnica de pintura na que se aprecian diferentes tipos de pinceladas. As figuras dos personaxes están deseñadas cunha estética estilizada que alonga os brazos e os animais presentan actitudes propias de humanos: están vestidos, teñen lentes e viven nunha casa. A narración visual acompaña ao texto seguindo as pautas do que aquel di pero tamén achega detalles da contorna ou das roupas que fai posíbel unha lectura coidada, buscando gozar das imaxes. Tamén hai que subliñar os cambios que experimenta a tipografía (negriña, cursiva ou máis grande) segundo quen fale ou o ton no que fala. As tonalidades cálidas das ilustracións están presentadas nun papel satinado de boa calidade.

Ballesteros, Xosé (adapt.), *Os tres osos*, ilust. Miguel Tanco, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os Contos do Trasno, [lectorado autónomo], marzo 2008, [34 pp.]. (ISBN:978-84-8464-664-8).

Segunda adaptación da Editorial Kalandraka do clásico conto de Robert Southey, no que se recolle a peripecia dunha nena que entra na casa de tres osos, un grande, un pequeno e un mediano, e que remata coa fuxida da mesma coa chegada dos osos, que a descobren a durmir nunha das súas camas. A adaptación correu, ao igual que a editada en 1998, a cargo de Xosé Ballesteros. A presente edición consta dun texto pretendidamente similar ao de 1998, mais presenta pequenas diferenzas ao ter este último un texto máis directo e reducido. Tamén cómpre sinalar a inclusión do clásico remate, "E colorín colorado este conto está rematado", que non aparecía na antiga edición. O cambio máis perceptíbel prodúcese, porén no cambio de ilustrador, Pepe Carreiro, por Miguel Tanco (Badaxoz, 1972). Se no caso do primeiro as ilustracións presentaban un corte clásico, en Miguel Tanco introdúcese unhas figuras de corte vangardista de trazos máis incisivos e cores apagadas. Conta esta edición tamén co dobre de páxinas, polo que a cada ilustración corresponde menos carga textual. O ilustrador Miguel Tanco fai uso de texturas reais para formar os principais elementos dos espazos: rafia, tea de saco e papeis variados. Por outra banda, nas ilustracións vese reflectida a actitude antropomórfica dos osos protagonistas, resultando no uso das súas

extremidades tal como o farían os seres humanos, aínda que non os amosa vestidos. As composicións están centradas na figura da nena protagonista e no seu percorrido pola casa dos osos, de tal xeito que se pode seguir a narración sen a axuda do texto.

Referencias varias:

- Araceli Silva, "Unha década de libros para soñar", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 404, "Mil primaveras máis/Reportaxe", 30 marzo 2008, pp. 6-7.

Destaca que a editorial Kalandraka cumpre unha década no mercado do libro e tamén a satisfacción da editora de ter achegado algo novo á cultura galega: o álbum ilustrado. O 2 de abril de 1998, coincidindo co Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil comezaba a súa andadura esta editorial. Hoxe, dez anos despois, publica dous libros para conmemorar este aniversario, *A casiña de chocolate e Os tres osos*, contos clásicos universais. Despois de dous anos publicando exclusivamente en galego, a editorial quere abrir outras portas e publicar noutras linguas.

- J. G., "Libros para seguir soñando outros dez anos", *Diario de Ferrol*, "Aniversario", 3 abril 2008, contracuberta.

Salienta que a editorial Kalandraka cumpre unha década no mercado do libro. Lembra que o 2 de abril de 1998, coincidindo co Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil, comezaba a súa andaina esta editorial. Engade que, dez anos despois, publica dous libros para conmemorar este aniversario, *A casiña de chocolate e Os tres osos*, contos clásicos universais.

- Rosabel Candal, "As ilustracións dos contos de Kalandraka", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 736, "Exposicións", 23 novembro 2008, p. 9.

Comenta que a Editorial Kalandraka e máis a Secretaría Xeral de Política Lingüística están a desenvolver a campaña "Cantar e contar: ler na nosa lingua" para promover a lectura en galego. Indica que o proxecto está formado por exposicións das ilustracións dos libros da editorial, como *A verdadeira historia de Carapuchiña*, *Os sete cabritos*, *A casiña de chocolate*, ilustrada por Pablo Auladell e reeditada con motivo do décimo aniversario da editorial, e o recente *Os tres osos*, do que se ofrecen os orixinais realizados polo estremeño Miguel Tanco. Dá conta dalgúns dos ilustradores máis coñecidos. Tamén informa sobre os horarios da exposición e os lugares nos que se realizará. Outras actividades paralelas son as sesións de contos e música e a mostra de instrumentos musicais antigos.

González, Olalla, *Garavanciño*, ilust. Marc Taeger, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do Trasno, [lectorado autónomo], novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-682-2).

Olalla González fai unha adaptación do conto popular protagonizado por un rapaz ao que seus pais chamaron Garavanciño polo seu diminuto tamaño. A nai fai o xantar para o pai que está traballando no bosque pero fáltalle un ingrediente que o rapaz vai buscar á tenda. Vai cantando e con moito coidado para que ninguén o pise. Logo quere levarlle

o xantar ao pai e de camiño bótase a chover e refúxiase debaixo dun repolo quedando durmido. Un boi comeu o repolo e con el a Garavanciño. Os pais saen na súa busca e ao atopar ao boi escoitan unha voz que sae da súa barriga. Danlle de comer moitos repolos até que este por fin expulsa o neno a través dunha gran ventosidade. Como a maioría dos contos populares a voz narradora está en terceira persoa e o estilo é sinxelo e de ritmo áxil, cun léxico perfectamente axeitado ao público infantil. As grandes ilustracións de cores vivas e figuras ben definidas destacan sobre un fondo branco. O cambio de letra, máis grande e en negriña, marca a elevación do ton ao falar os personaxes. Este álbum ilustrado está creado cunha estética que ten a súa inspiración nos debuxos infantís. Marc Taeger (Berna, Suíza, 1963) deseña as distintas páxinas deste libro con composicións sinxelas, sen profundidade, con concepcións espaciais semellantes ás dos nenos, con figuras esquemáticas e cuns materiais propios da escola: os lapis de cores. Tamén imita no trazo os garabatos, e as cores empregadas son saturadas, alegres e moi contrastadas. Ademais de seguir o relato polos debuxos do álbum hai un xogo no deseño das gardas feitas cos recortes das imaxes que se empregan nos debuxos do interior.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Despois de describir brevemente as últimas novidades da literatura galega de adultos faise o mesmo coas da literatura infantil e xuvenil. Destácanse entre elas esta versión do clásico *Garavanciño*, entre outras como *A volta ao mundo en oitenta contos*, de Saviour Pirotta e Riechard Johnson, e *O sombreiro chichiriteiro*, que se agarda como a primeira incursión de Manuel Rivas nesta literatura.

Hermida Gulías, Carme, *Eu son tan forte*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, n.º 7, [prelectorado], 2008, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-554-3).

Adaptación que fai Carme Hermida Gulías (Portela de Lamas-Pardesoa, Forcarei, Pontevedra, 1961) dun conto popular baseado no encadeamento de palabras e preguntas que vai facendo a protagonista para saber cal é o elemento máis forte. Narrado en terceira persoa como os contos populares comeza coa fórmula de apertura propia destes relatos: "Esta era unha muller...". Logo o narrador vai cedendo a súa voz aos distintos personaxes que van intercalando preguntas e respostas. Tras quedar atrapada cos pés na xeada, a muller protagonista quere atopar a cousa ou persoa que sexa a máis forte do mundo e é nese momento cando comeza a súa rolda de preguntas aos elementos naturais e animais que vai atopando. Un dos trazos característicos é a caligrafía que reproduce o tipo de letra que se emprega na escola para que os cativos e cativas aprendan a ler e identificar as letras. Isto acompáñase das ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, Pontevedra, 1970) nas que as formas están configuradas dun xeito persoal. As imaxes están centradas na protagonista e nas cousas que lle ocorren. Ocupan unha páxina mentres que na contraria se dispón o texto.

Méndez, Raquel, *Os tres porquiños*, ilust. Helga Bansch, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, maio 2008, [33] pp. (ISBN: 978-84-9871-050-2).

Versión de Raquel Méndez deste conto tradicional. Seguindo a sinxela trama do conto, a escritora non achega ningún novo elemento ao esquema narrativo. Os tres porquiños para protexerse do lobo fan cada un unha casa: de palla, de madeira e de tixolos. O lobo, tras petar e pedir que lle abran a porta, vai derrubando co seu soprido as casas até que chega á casa de tixolos. Tras comprobar que non é capaz de derrubala, tenta entrar pola cheminea e cae nunha pota de auga fervendo. Marcha correndo co rabo colorado e nunca máis volve por alí. A narración en terceira persoa alterna co diálogo entre o lobo e cadanseu porquiño e os textos son complementados polas imaxes aínda que é posíbel facer moitas lecturas exclusivamente visuais, como é o caso do que fai o lobo nas primeiras páxinas antes de entrar en acción ou o que pasa no interior das casas dos porquiños. As ilustracións figurativas de Helga Bansch (Leoben-Austria, 1957) para este álbum ilustrado teñen un deseño moi coidado en todos os detalles. A imaxe da cuberta presenta aos tres porquiños protagonistas e ao abrir o libro complétase a composición coa contracuberta, onde aparece o outro protagonista da historia, o lobo. As cores cálidas e moi matizadas que emprega aproximan a unha historia coñecida nunha versión cuxos protagonistas están concibidos cun aspecto simpático, tamén o lobo, próximos aos nenos pequenos. As gardas están pensadas para este álbum, cun deseño propio, cheo de flores e a cuberta amosa unha ventá dende onde saúdan os tres porquiños. As imaxes son sempre composicións a dobre páxina nas que se incorpora o texto, variando a grafía segundo quen fale. Nalgunhas páxinas os berros do lobo están impresos nunha grafía máis grande que se estende pola páxina e se fai moi visíbel. As composicións están centradas nos protagonistas con referencias ao contorno, con árbores no exterior e con detalles das habitacións das casas dos porquiños. No tratamento das imaxes aprécianse características pictóricas nas mesturas, veladuras, pinceladas soltas sobre diferentes bases: lisas, con anacos de periódico, de cartóns ou de papel engurrado. As cores que predominan son cálidas: beiges para os fondos, grises cálidos, ocres, brancos rotos, etc. con toques de laranxas e vermellos. A secuencia de imaxes presenta unha historia sinxela, na cal a configuración dos personaxes -con actitudes de persoas- resulta atractiva para os nenos, e consegue crear unha narración fluída grazas ao conxunto que forman texto e imaxes.

Neira Cruz, Xosé A., *O debut de Martino Porconi*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Galaxia/Consorcio de Santiago, "Árbore/galaxia. Musicontos", [lectorado autónomo], 2008, [44] pp. (ISBN: 978-84-9865-139-3). ■ Contén CD musical.

Esta adaptación inspirada no conto *Os tres porquiños* de Charles Perrault (París, 1628-1703) e realizada por Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) arrinca co tenor Porconi preparándose para actuar no Teatro della Scala de Milán e explicando que o seu verdadeiro nome é Martiño Corrincho, debido a unha "chanza pesada" do padriño de bautismo. Lembra unha conversa dos seus irmáns Farruco e Perico, na que se conforman con levar unha vida de "porcos desleixados", mentres el loitaba, como irmán maior, por prosperar. Tamén lembra que cada un construíu unha casa con teitos de palla, paus e tixolos, respectivamente. Unha noite o lobo Fungón, o Soprador, rompe a súa tranquilidade. Explica que foi tal o medo daquela noite que aínda o sente "agora ao pensalo". Cando as campás tocan a rebato cada irmán porquiño péchase na súa casa,

pensando estar protexido do lobo. Farruco foxe da súa casa cara á do seu irmán Perico cando a súa casa tremelica coas sopradas do lobo Fungón. Os dous deben fuxir tamén da casa de palla e marchan á casa de tixolos de Martiño. Os dous irmáns "anguriados" pensaban que a casa non ía soportar o "vento feroz" mais as paredes nin sequera renxeron e "o vento deixou de se oír", mentres os tres irmáns se abrazaron e bailaron. O medo volveu cando sentiron que o lobo baixaba pola cheminea mais tranquilizáronse ao comprobar que caía no pote de auga que Martiño puxera a ferver. Nese momento Martiño ouveou de xeito "profundo, intenso e lastimeiro". O tenor Porconi sae a escena tras a aprobación do seu vestiario por parte do lobo Fungón. Apunta que coa caída no pote, o lobo perdera "pelello" ao tempo que "gañara un sucesor". Remata co Fígaro Lupone soltando bágoas entre bambalinas mentres Martiño Porconi comeza a ouvear. Este conto adaptado vén acompañado dun CD no que se inclúe o conto e as pezas musicais "II Cidade" e "III Frase" pertencentes a *Les illuminations*, de Benjamin Britten (Lowestoft, 1913-Aldeburg, 1976) e tamén os Allegro, Moderato, Presto, Largo e Allegretto da *Sinfonía n.º 9 en Mi bemol maior Op. 78*, de Dimitri Shostakóvich (San Petersburgo, 1906-Moscú, 1975), todas elas interpretadas pola Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave. As ilustracións figurativas de Federico Fernández (Vigo, 1972) permiten seguir o relato que transcurre en dous tempos diferentes: o actual ligado ao concerto de Martino Porconi e os recordos do protagonista que o identifican como un dos tres porquiños. As imaxes presentan aos porquiños vestidos como persoas e actuando en escenarios propios de humanos. As tonalidades que predominan son cálidas: amarelos, ocres, laranxas e vermellos. As gardas presentan unha foto dos músicos da orquestra sobre un fondo semellante ao dos debuxos.

Neira Cruz, Xosé A., *O prodixio dos zapatos de cristal*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Galaxia/Consorcio de Santiago, "Árbore/galaxia. Musicontos", [lectorado autónomo], 2008, [44] pp. (ISBN: 978-84-9865-141-6). ■

Título inspirado no conto a *Cinsenta* de Charles Perrault (1628-1703). Foi narrado os días 29 e 30 de outubro no Auditorio de Galicia dentro do programa de concertos didácticos coa Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave, con Teresa Santamaría como narradora e Gloria Arnil como Mezzosoprano. O volume presentouse acompañado dun CD que contén tamén *La Cenerentola*, de Giooachino Rossini. O estilo das ilustracións de Rodrigo Chao Blanco (Boiro-A Coruña, 1976) ten connotacións surrealistas que recordan as paisaxes de Dalí e as imaxes de Magritte. As figuras dos protagonistas son estilizadas. As composicións presentan puntos de vista moi acusados: primeiros planos, vistas dende o chan, ángulos inclinados, etc. As cores están pouco saturadas. As gardas presentan unha foto dos músicos da orquestra sobre un fondo deseñado, no que aparece un zapato de cristal.

Palomo García, Carmen (adapt.), *Historias marabillosas da Biblia*, ilusts. Claudia Legnazzi, Roselino López, Noemí López, Francesca Massai, Inés Huni, Ada García, Ángeles Peinador, Escletxa, deseño da cuberta Francisco A. Morais, adapt. ao galego Irene Penas Muruais, A Coruña: Everest Galicia, [lectorado autónomo], 2008, [520] pp. (ISBN: 978-84-403-1071-2).

Carmen Palomo García (León, 1966) presenta unha adaptación da Biblia para nenos e como tal a autora expón as que considera as historias máis relevantes dela, mantendo a

división orixinal entre Antigo e Novo Testamento. Trátase dunha ampla recompilación de diferentes acontecementos descritos na Biblia que nos mostran o poder de Deus e a súa relación co home a través do tempo, narrados nunha forma sinxela e clara. A tipografía é grande e sempre a mesma; pero o máis significativo do libro é que nel participan numerosos debuxantes que o ilustran profusamente, de tal modo que a imaxe ten un peso específico importante en cada unha das historias narradas. Ademais tamén aparecen profusamente decoradas as marxes laterais exteriores. As historias seleccionadas por Palomo García son as seguintes co seu debuxante correspondente en cada caso: polo que respecta ao Antigo Testamento, Claudia Legnazzi con "A creación nas mans de Deus", "Adán e Eva non Paraíso", "A arca de Noé", "A gran torre de Babel"; Inés Huni con "Abraham e Isaac", "Xosé sabe ler os soños", "Moisés entre os egipcios", "Moisés libera o pobo hebreo"; Roselino López con "Sansón e Dalila", "Rute axuda a Noemí", "Samuel escoita a Deus", "David loita contra Goliat", e Ada García con "Salomón, ou rei máis sabio", "Ester", "Daniel amansa os leóns" e "Xonás". En canto ao Novo Testamento, Noemí López con "Un arcanxo visita a María", "O nacemento de Xesús", "Xesús é recoñecido como o Mesías", "Xesús é o Mestre"; Ángeles Peinado con "Lázaro volve á vida", "A multiplicación dos pans e dos peixes", "Xesús domina as augas", "A parábola do sementador"; Francesca Massai con "A parábola do fillo pródigo", "A xenerosidade dos seguidores de Xesús", "A Última Cea", "O xuízo contra Xesús", e Ecletxa con "Xesús more na cruz", "A Pascua de Resurrección", "A primeira festa de Pentecoste" e "Paulo de Tarso, ou apóstolo incansable".

Vilariño Sanmartín, Inacio, *Tío Miseria. Adaptación dun conto popular*, monicreques Inacio Vilariño Sanmartín, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 16, de 3 a 8 anos, 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-96893-41-2). ■

Inacio Vilariño Sanmartín (Lalín, 1974) crea esta historia en clave humorística baseada nun conto popular que explica a existencia da miseria no mundo. O narrador en terceira persoa conta como o ferreiro Tío Miseria un día atopou unha moeda de oro e empregouna en ferrarlle a burra a un vagabundo, que era San Pedro disfrazado, sen pedirlle nada a cambio. San Pedro pola súa xenerosidade concedeulle un desexo, máis só se lle ocurreu que quen subise ao seu pereiro non puidese baixar sen o seu permiso. Arrepentido o ferreiro por non ter pedido máis vida, lamentouse e entón apareceu o demo que fixo un contrato de venda da alma a cambio de trinta anos máis de vida. Pasado ese tempo, volveu o diaño a cobrar a débeda e levar a alma, máis o astuto home invitouno a subir ao pereiro e probar as peras. O demo quedou preso polo desexo pedido a San Pedro e así remataron as enfermidades, as discusións e pelexas, co cal os médicos e abogados, pobres pola falla de traballo, queixáronse ao Gobernador que obrigou ao Tío Miseria a soltar ao demo que volvese a facer das súas. O Tío Miseria triste esperou pola morte no leito pero non puido ir nin ao ceo nin ao inferno, así que a súa alma de Miseria vaga errante dende entón polo mundo entre os homes que a sofren. As ilustracións consisten en fotografías de Miguel Calvo Ulloa (Lalín, Pontevedra, 1977) en branco e negro, agás un pequeno detalle que se tinge dunha cor cando se quere remarcar algo importante para a comprensión do relato: a moeda, a cruz vermella ou o verde das árbores. Tamén hai cor na tipografía e nas páxinas que, ás veces, trocan o branco polo vermello, o dourado, o negro ou o verde. Os personaxes están construídos con anacos de madeiras, trapos, coitelos, cucharas, chaves, parafusos, etc., aproveitando a forma dos obxectos en íntima conexión cos obxectos encontrados das correntes

dadaístas e surrealistas. A narración necesita da unión dos textos coas imaxes e vai xogando visualmente coa disposición das verbas, a tipografía empregada e o tamaño das letras.

VII.1.4. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Aguilar, Luisa, *Orellas de bolboreta* (*Orejas de mariposa*, 2008), trad. Manuela Rodríguez, ilust. André Neves, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], marzo 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-662-4).

Álbum no que Luisa Aguilar (Asturias, 1974) por medio dun narrador en terceira persoa conta a historia dunha nena da que se burlan por diferentes motivos: por ter unhas orellas grandes, o pelo de estropallo, por levar roupa vella, por ler libros usados ou por ser unha langrana. Pero a nena sempre atopa unha explicación a todas estas características que os demais consideran defectos e dálle unha reviravolta positiva ás cuestións de burla. A historia trata das diferentes perspectivas, puntos de vista e os valores morais das persoas. Este conto complétase coas ilustracións de André Neves (Recife, Brasil, 1973), quen destaca na cuberta a imaxe centrada na nena protagonista. Todas as composicións xiran arredor dela e a súa relación cos outros compañeiros. A disposición das figuras é moi variada en función da escena que quere destacar e o estilo empregado estiliza as formas dos corpos para destacar as cabezas. Na protagonista ten moita importancia salientar diferentes expresións: tristura, asombro, ensoñación, alegría, entre outras, mentres nos demais nenos a expresión é sempre a mesma, unha cara chea de dentes simboliza a burla. Nuns fondos traballados con diferentes texturas e cores dispóñense unhas figuras realizadas con técnica mixta: pintura, fíos de cores, anacos de papeis, etc.

Recensións:

- María Navarro, "Tornar en positivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Infantil/Xuvenil", 26 xullo 2008, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, "Infantil/Xuvenil", 26 xullo 2008, p. 11.

Comenta que nesta historia de Luísa Aguilar, *Orellas de bolboreta*, se crea un universo de ficción totalmente verosímil. Salienta que Mara, a protagonista da historia, actúa sempre de modo positivo ante as mofas que sofre, ao mesmo tempo que destaca a figura da nai como personaxe fundamental. Tamén fai referencia aos espazos do conto e a certos valores como a tolerancia, a autoestima, etc.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Había unha vez un país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Infantil", 19 marzo 2008, p. 34.

Dá conta das publicacións de Kalandraka, que decidiu incorporar á literatura en galego obras como esta, *Orellas de bolboreta*, de Luisa Aguilar. Tamén cita *A caricia da bolboreta*, de Christian Voltz, e *A casiña de chocolate*, dos irmáns Grimm. Por último, refírese a *Sar*, *Sarela*, *e os monstros de Compostela* (2006), de Paco López Barxas e Kiko da Silva, quen debutou na literatura infantil coa obra *O ladrón de páxaros* (Baía Edicións, 2006).

Alapont, Pasqual, *Vítor ponse a remollo* (*Víctor es posa a remulla*, 2008), ilust. Rosanna Crespo e Quique Soler, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mondo, n.º 11, setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-803-1).

Pasqual Alapont (Catajorra, Valencia, 1963) relata as vacacións de Vítor na aldea cos avós. Despois de participar nas actividades da granxa o neno continúa aprendendo e divertíndose e báñase nun barreño, o que leva ao narrador en terceira persoa, que se mestura no relato cos diálogos entre Vítor e os avós, a subliñar a importancia da auga e de non malgastala. Ese mesmo narrador explica nas dúas últimas páxinas, xunto a un debuxo que contrasta o pasado e o presente, a importancia dos inventos, principalmente a electricidade e os electrodomésticos. Os debuxos dos ilustradores Rosanna Crespo (1962) e Quique Soler (1960) presentan de cores suaves. Trátase dun formato de libro troquelado cunha esquina redondeada seguindo a forma da ilustración da cuberta circunscrita nun círculo. Aínda que na cuberta predominan as cores frías, no interior as cores son sempre tonalidades cálidas. As composicións amosan información visual sobre a granxa e os animais. E as escenas están tratadas en clave de humor cuns personaxes amábeis.

Albo, Pablo, *Un gato na árbore* (*Un gato en el árbol*), ilust. Geraldine Alibeu, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, febreiro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-025-0).

Tradución ao galego do relato fantástico-realista de Pablo Albo (Alacante, 1971) que conta con humor e optimismo a historia dun gato que, perseguido por un can, decide subir a unha árbore. Ao non poder baixar, a filla da señora Paca e mais o marido desta soben para axudalo, sen éxito. A situación empeora e a señora Paca chama polos bombeiros, que tamén han subir á árbore. Con tanto peso, é posíbel que tronce, de maneira que un paxaro lle pide axuda a unha nube, que desesperada, pónse a chover, co que o gato, espantado pola chuvia, decide baixar. Remata cun final feliz, narrado con recursos característicos da oralidade. Por outra parte, as ilustracións están feitas por Géraldine Alibeu (Echirolles, 1978). Na cuberta están presentes os dous grandes protagonistas do libro, o gato e a árbore. As cores son moi vivas e destacan algunhas imaxes pola súa inverosimilitude con respecto ao mundo real, como é a árbore vermella ou a nube violeta. É salientábel ademais a case total ausencia de fondos, o que lle confire especial protagonismo aos personaxes e á narración. As imaxes, permiten unha lectura independiente do texto. Os personaxes son de estilo figurativo e reflicten nas súas caras as emocións que senten: preocupación, curiosidade, temor e inquietude, entre outras. As composicións seguen un estilo minimalista onde non hai máis que os personaxes sobre fondos limpos, baleiros, con cores neutras e algunha casa moi esquemática para simbolizar a cidade. A técnica mixta empregada xunta formas recortadas en papeis variados con trazos de lapis e texturas de ordenador. A cuberta é moi explícita co tema que trata o libro.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Impulsos imprudentes", *A Nosa Terra*, n.º 1.315, "*Bulebule*", 19-25 xuño 2008, p. 30.

Explica o argumento do conto de Pablo Albo, *Un gato na árbore*, e salienta a linguaxe sinxela e chea de humor, tamén as formas de expresividade. A seguir, indica que as ilustracións aparecen a dobre páxina e que son unha colaxe dos protagonistas de cada escena.

- Paula Fernández, "Escenarios cotiáns", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, "Infantil/Xuvenil", 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, "Infantil/Xuvenil", 5 xullo 2008, p. 11.

Comeza destacando o labor do escritor Pablo Albo, quen ademais de escribir libros para nenos e adultos tamén se dedica ao fomento da lectura. Cita algúns traballos seus e salienta a tradución ao galego, realizada por Sara Monda, que acaba de publicar OQO, da súa obra *Un gato na árbore*. Comenta que a obra mestura o real co irreal e dá conta do argumento. Afirma que a mestura de realidades se consegue cos escenarios cotiáns e as ilustracións, realizadas por Géraldine Alibeu.

Aliaga, Roberto, *A boneca e a castiñeira* (*La muñeca y la castañera*, 2008), ilust. Maja Celija, trad. do castelán Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-9871-068-7).

Marcela é unha nena que vive coa súa avoa castiñeira e coa súa vella boneca de trapo. Como todos os Nadais a avoa monta o seu posto de castañas enfronte da xoguetería e de cando en vez mira cara ao escaparate onde está exposta unha preciosa boneca de porcelana que non pode regalar á súa neta polas súas escasas ganancias. Ao saír un día apresuradamente da xoguetería un home cargado de paquetes, un deles cáelle: nel atópase a boneca de porcelana. A avoa pensa que o agasallo lle vai encantar á súa neta, pero non tanto como ela cría, porque a boneca de porcelana está feita para ser contemplada, non para xogar con ela e enchela de abrazos e bicos. O conto de Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976) presenta unha reflexión sobre a necesidade dun consumo responsábel a través do feito de que o valor dun xoguete está na súa capacidade para espertar a imaxinación infantil e non na súa sofisticación e o seu puro valor monetario. Maja Celija (Maribor, Eslovenia, 1977) recrea o ambiente e as principais escenas da historia conseguindo transmitir o esencial da obra sobre todo a través das cores.

Aliaga, Roberto, *Pingoriña e o tempo* (*Pingoreta y el tiempo*, 2008), ilust. Mónica Gutiérrez Serna, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 8 anos, 2008, 44 pp. (978-84-7942-281-3).

O señor Pingoriña, que traballa nunha fábrica de botóns como contábel e polo tanto pasa a xornada de traballo entre números, está obsesionado co tempo e dedica unha parte importante ao longo de cada día da súa vida a buscalo; pero, aínda que o intenta, nunca ten tempo para nada: levántase tarde, chega tarde non só a calquera cita que teña, senón até ao traballo, come os iogures caducados, chega á biblioteca cando a están pechando e non ten tempo para lerlle o xornal ao seu querido gato. Busca o tempo desesperadamente pero este sempre vai por diante del. Logo de darlle moitas voltas decide pórlle máis horas ao reloxo do concello para ter máis tempo, pero non foi un bo remedio. Entón elixe todo o contrario, quitarlle todos os números ao reloxo e así non

existirían as horas, pero tampouco funcionou. Para rematar pensa que a solución está en xuntar as horas, pero o resultado non foi o esperado, porque pasa de non ter tempo a ter demasiado e a non saber como enchelo. Finalmente dáse conta que é mellor deixar as cousas como estaban ao principio e volve colocar as horas no seu sitio habitual, guiado polo sabios consellos da quiosqueira onde compra o xornal habitualmente. Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976) presenta unha reflexión sobre o feito de que, basicamente, o importante é aproveitar o tempo e gozar del no canto de perdelo por estar constantemente na súa procura para gañalo. As ilustracións figurativas de Mónica Gutiérrez Serna (México, 1967) están centradas no protagonista e nas súas aventuras na percura de máis tempo e nas composicións vemos sempre ao Sr. Pignoriña, caracterizado coma un señor do século XIX con chistera, grandes mostachos, que se xuntaban coas patillas, e paxarela e xunto a el reloxos de distintas formas e cores. A relación do personaxe co tempo plásmase coa inclusión de números que simbolizan a súa relación enfermiza cos minutos. A técnica empregada mestura pintura con lápis e texturas xeradas co ordenador, e crea unhas imaxes fora de calquera tempo e lugar centradas no protagonista.

Aliaga, Roberto, *Un reloxo con plumas* (*Un reloj con plumas*, 2008), ilust. Óscar Villán, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 6 anos, 2008, 40 pp. (ISBN: 978-84-7942-279-0).

Neste conto de Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976) relátase que había unha vez un reloxo-espertador que non sabía contar e que pasaba os seus días abandonado no escaparate dunha reloxería. Iso si, soar dábaselle de marabilla aínda que o "ring, ring, ring" das súas campás nunca se producise no momento oportuno. Un día, farto de que non servise para nada, o reloxeiro botouno da tenda. Vagou polas rúas buscando un amigo co que compartir o seu destino: primeiro o farol para soar cada vez que este acendese a súa luz, logo a caixa de correos para tanxer as campás cada vez que lle botasen unha carta; máis tarde dous chafarices de gasolina para soar cada vez que un vehículo parase botar gasolina. Pero sen resultado, xa que ninguén o consideraba necesario. Unha mañá chegou a unha granxa onde no alto do tellado estaba o catavento ao que tampouco interesou o ofrecemento do reloxo-espertador, xa que ademais estaba moi triste porque o dono da granxa ía vender no mercado o parrulo xa que non servía para nada: non puña ovos, non daba leite e non sabía cantar. E na granxa atopou o reloxo-espertador a solución aos seus problemas: a partir de entón quen se encargaba de espertar a toda a granxa non era o galo que o granxeiro ía comprar ao vender ao parrulo, senón un insuperábel reloxo con plumas, a combinación perfecta entre o parrulo, o animal máis madrugador e puntual pola mañá e o reloxo-espertador, o máis potente en facer soar as súas campás. O conto mestura a narración co diálogo de cada un dos personaxes e a tipografía utilizada é sempre a mesma. As ilustracións de Óscar Villán (Valladolid, 1972), cada dúas páxinas a páxina completa, recrean as diferentes situacións narradas nas que usa unha gran paleta de cores dando vida a cada un dos protagonistas da historia, en especial, ao reloxo-espertador ao que personifica dotándoo de corpo humano e cabeza de reloxo.

Aliaga, Roberto, *A tartaruga que quería durmir* (*La tortuga que quería dormir*, 2008), ilust. Alessandra Cimatoribus, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xaneiro 2008, [30] pp. (ISBN:

978-84-9871-021-2).

Neste conto de Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, 1976) relátase a historia dunha tartaruga que, de tanto sono que ten, decide durmir todo o inverno. Despois de amañarse e xa cando o tictac do reloxo a conseguira adurmiñar, petaron á porta. Tras dela, atopouse cun paquete en cuxo interior estaba a manta que a súa amiga cotovía decidira regalarlle para que pasara un bo inverno. Contenta, decidiu regresar ao seu leito e xa cando volvía adurmiñar, alguén volveu chamar á porta. Era a súa amiga a marmota que lle traía un pastel de pera para desexarlle un bo inverno. O xogo repetirase sucesivamente até que, ao final do relato e xa moi enfadada, pediralle ao seu amigo o león que, como agasallo, quere un silencio prolongado. Sería grazas a este felino que a tartaruga quedou axiña durmida "porque deitado na entrada, o león vixiaba para que non se movese nin sequera unha rama". E así foi como a tartaruga, por fin, puido durmir todo o inverno. Esta é a historia que conta Roberto Aliaga, valéndose dun texto escrito en distintos tipos de letra, para diferenciar a terceira persoa narrativa das voces dos diferentes personaxes. Atópase á esquerda ou ben debaixo das ilustracións que Alessandra Cimatoribus (Pordenone, Italia, 1967) ofrece a dobre páxina, centrándose nos pasos dados pola protagonista, polo que a cor que a identifica, o verde, é o foco visual central de todas as páxinas deste "conto para a noite", no que os nenos poden ver reflectidos moitos dos seus hábitos e comportamentos ao final do día. O breve relato componse de repeticións e rimas constantes o que implica que as ilustracións, sempre ocupando as dúas páxinas, tamén sexan moi similares. Isto é, a tartaruga bocexando, espertando, aseándose e atopando o regalo. Regalos que, dalgún xeito ou outro, sempre utilizará antes de regresar ao leito.

Recensións:

- Carlos Ocampo, "Un conto para a noite", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 258, "Letras en galego", 19 abril 2008, p. 10.

Comenta a obra de Roberto Aliaga *A tartaruga que quería durmir*, e caracterízaa como un conto sinxelo destinado aos primeiros lectores. Dá conta do argumento da obra e destaca as ilustracións de Alessandra Cimatoribus. Tamén salienta unha linguaxe rica chea de recursos como as onomatopeas, a rima, as enumeracións e as repeticións. Ademais indica que os temas tratados son a amizade, a necesidade de durmir e a perda do medo á noite.

- María Navarro, "Boas intencións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Infantil/Xuvenil", 5 xullo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, "Xuvenil/novidades", 14 xuño 2008, p. 11.

Comenta que a Editora OQO acaba de publicar a obra de Roberto Aliaga, *A tartaruga que quería durmir*, con ilustracións de Alessandra Cimatoribus e traducida ao galego por Marisa Núñez. Indica que a obra presenta como protagonistas a animais que mostran sentimentos propios das persoas ou incluso, ás veces, valores que non teñen os humanos. Refire que os temas fundamentais da obra son a paciencia, a solidariedade e a amizade, tamén fai referencia a hábitos saudábeis. En canto á linguaxe, salienta as repeticións, enumeracións e rimas, xogos de palabras, onomatopeas, etc. Por último, destaca as ilustracións que captan aínda máis a atención do público infantil.

Álvarez, Blanca, *Agardarei por ti en África* (*Búscame en África*, 2007), trad. Isabel Soto, Barcelona: Planeta & Oxford, col. Nautilus, n.º 11, a partir dos 14 anos, xaneiro 2008, 123 pp. (ISBN: 978-84-9811-140-8).

Blanca Álvarez (Cartavio, Coaña, 1957) aborda, dende un estilo marcado polos trazos líricos, a historia de Roxelio, un neno de dez anos que, malia non sufrir as grandes escasezas da posguerra española que viven os demais nenos da súa vila, un lugar anónimo, mais que presenta moitas similitudes coa realidade galega, intúe que a súa familia garda un terríbel segredo. Decorre o ano 1947 e na súa casa, a tía Xosefina vive e chora pechada no seu cuarto, sufrindo as maldicións da avoa Palmira cara a esa filla descarreirada; seu pai, o capitán Teodoro, heroico militar e toco do brazo esquerdo, a penas aparece; o avó fica ensumido nun silencio de pedra; os criados, Cándida e Leal, ofrécenlle explicacións confusas. Que acontece naquel pazo? Roxelio sofre a ausencia de súa nai, sobre a que non atopa un relato certo: só a súa morte e a culpa que sente tras morrer ela no parto. No cemiterio atopa a alegría de Lisseta, unha nena de trece anos recollida polas monxas do Beaterio por ser filla dunha roxa, e mais os relatos do vello Rubén, combatente na guerra de África en 1909, na que ficou sen vida malia seguir no mundo dos vivos, cando perdeu o amor de Imaina. Que tiña que ver un labrego pobre de Galicia con aqueles homes tan remotos?, pregúntase. Dende aquela, Rubén pasea a súa morte polas tapias do camposanto, escenario de máis guerras e máis mortes, as dos fusilados contra os valos. O relato achégase deste xeito á interpretación dos tempos da fame, da miseria, do silencio, dende os ollos dun neno, nun país onde todo, agás a dor e a culpa está prohibido. Un mundo dividido en dous bandos, o dos vencidos e o dos vencedores, por mor dunha guerra, un mundo no que existen palabras malditas coma "roxos". Roxelio desafiará ese mundo pechado. Agochará a Lisseta dun destino que a condena a traballar na casa dalgún rico e derrubará os muros de covardía que illaban a súa familia. O avó porá fin ao dominio da súa poderosa muller, aliada dos vencedores, e Roxelio coñecerá a verdade das súas orixes, aínda que esa verdade lle esgace o corazón. A imaxe na cuberta, de Carlos Fernández, representa a dous nenos xunto a un cemiterio. As expresións dos nenos e o lugar onde se atopan xunto coas tonalidades suaves (grises cálidos) anticipan un relato de fondos sentimentos e realidades duras. A técnica empregada é a acuarela aplicada con pinceladas sutís nun estilo realista.

Allan Poe, Edgar, *Hop frog* (*Or the eight chained ourang-outangs*), versión galega de Paco Liván, ilust. Alberto Vázquez, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, marzo 2008, [58] pp. (ISBN: 978-84-9871-033-5).

O texto deste conto de Edgard Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) narra a vinganza levada a cabo por un bufón que é sometido continuamente ás burlas do seu rei e dos seus ministros. O libro presenta un formato de conto, pero tanto a historia como as ilustracións son un tanto macabros. O bufón é cruelmente tratado polos seus superiores e cando presencia que a súa compañeira corre o mesmo perigo prepara, xunto con ela, unha vinganza mortal para aqueles que os someten. As ilustracións figurativas de Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) son igualmente crueis e grotescas. Destaca o emprego de diferentes técnicas como a acuarela e a colaxe, predominando as cores vermellas e negras. As imaxes seguen as características fantásticas do relato, reforzándoo cuns deseños estrambóticos. A técnica empregada préstase a formas moi

expresivas: manchas feitas con pinceladas rápidas e trazos soltos espontáneos. O dramatismo das imaxes acentúase coa disposición das cores: formas escuras en negro e marróns escuros contrastando coas figuras dos protagonistas en vermello ou azul intenso. As composicións xogan coa disposición dos textos que se integran no deseño das páxinas.

Atxaga, Bernardo, *Obabakoak* (*Obabakoak*, 1988), ilust. e deseño de portada Marc Taeger, trad. Ramón Nicolás dende a versión castelá realizada polo autor do seu orixinal en éuscaro, Vigo: Factoría K, col. Narrativa K, n.º 5, xullo 2008, 415 pp. (ISBN: 978-84-96957-36-7).

Esta colectánea de vidas, escrita por Bernardo Atxaga (pseudónimo de Joseba Irazu Garmendia, Asteasu, Guipúscoa, 1951), desenvólvense nun único espazo: Obaba. A historia de Esteban Werfell abre o volume e nela o protagonista comeza a debullar as súas lembranzas no momento en que, con catorce anos, obtivo o permiso paterno para entrar por primeira vez na igrexa; malia a xenreira de vello que tiña á relixión, o señor Werfell, enxeñeiro nas minas de Obaba, resignarase por problemas económicos, a que o seu fillo fose como os demais e quedará a vivir en Obaba. Porén, a impresión que causou en Esteban a igrexa (grande, escura, co cheiro dos cirios) axudou ao pai a artellar un plan que cambiaría a vida do fillo: aproveitando a visión que Esteban lle relatara dunha rapaza, Maria Vockel, que se achegaba a el e lle daba o seu enderezo, o enxeñeiro contactou cun vello amigo e entre os dous prepararon cartas e inventaron a vida da moza, animándoo así a estudar e a formarse coa ilusión de facerse un home atractivo aos ollos da amada soñada. En "Exposición da carta do cóengo Lizardi" nárrase con pretensións de verosimilitude (a partir da existencia dunha carta) unha historia fantástica: Xavier, fillo ilexítimo do cóengo segundo o díxome-díxome, viviu nunha pousada onde o maltrataban até que un día fuxiu ao bosque; nada del se soubo máis pero apareceu na vila un xabaril branco que danaba a todos aqueles que se portaban mal co rapaz. Como a xente lle tiña medo e tentaban cazalo con cepos e velenos, o pobre animal sufría moito até que Matías, un ancián coñecido del da pousada, lle pediu a Lizardi permiso para matalo e que deixase de sufrir. O cóengo deu o permiso e o home conseguiu ferilo de morte aínda que el tamén morreu no lance. "Post Tenebras Spero Lucem" conta o mal paso dado por unha mestra destinada a Albania, un dos barrios marxinais de Obaba, cando desesperada porque pensa que o seu noivo e os amigos se esqueceron dela decide invitar a un alumno a pasar a noite con ela. En "Sairía a pasear todas as noites" recóllense dúas declaracións de mulleres, a moza Katharina e a nena Marie, que parten da oración condicional que dá título ao relato; Katharina sairía se non fose porque sente medo e lle dá vergonza saír soa, co cal queda na casa facendo calceta, escoitando a radio e imaxinando historias do tren que sempre pasa; Marie sairía se puidese porque a noite é moi bonita e lembra cando saía co avó a pasear e levaban o cabalo para ver como medraban as colleitas ou para buscar morcegos ou outros bechos. "Nove palabras en honra da vila de Villamediana" amosa unha estrutura interna moi orixinal, con pequenos retallos da vida do protagonista en Villamediana, unha vila de Castela semideserta e amiga da murmuración; cada lembranza vai precedida por un número, até 9, e a suma de todas elas fornece ao lector cunha imaxe impresionista do lugar: a familia dos pegureiros, en boca de todos pola súa "moral relaxada"; o Onofre, home solitario que devece pola amizade do narrador e cuxo patetismo é evidente cando fala da compaña que fai o espertador; a tirapuxa entre o casino e o bar Nagasaki, con siareiros ben distintos, republicanos e ricos no primeiro

caso, e falanxistas e pobres no segundo; as vidas dos xubilados Xulián e Benito, aboiando no rutineiro pasar dos días; a desolación do anano Carlos García, que cría ser descendente do conde de Tassis; etc. En "A busca da derradeira palabra" nárrase unha desacougante historia na que o protagonista, partindo dunha vella foto colectiva do colexio, quere saber se un compañeiro seu, Albino María, quedou xordo por culpa dunha lagarta que lle meteu na orella Ismael, o neno que estaba xusto ao seu carón. Co gallo de asegurarse se existe base científica para que isto poida acontecer contacta cun amigo médico, que acepta pasar uns días en Obaba para axudalo e para asistir a unha sesión de lectura de relatos na casa de seu tío. Mentres avanzan nas pescudas, tamén intercambian contos, aos que ambos son moi afeccionados. Tanto estes contos como os que se len na casa do tío do protagonista recóllense tamén no libro; algúns están ambientados en lugares exóticos como Bagdad, o Nepal ou a selva amazónica e outros en distintos puntos de Europa. No que respecta á historia da lagarta, as sospeitas ficaron en nada: a Ismael seguíronlle gustando os lagartos toda a vida e mesmo era membro dun grupo ecoloxista que se dedicaba a curalos, coa axuda do seu antigo compañeiro, Albino María. Finalmente, no derradeiro relato do libro, "A xeito de autobiografía", agroma o sentir de Bernardo Atxaga sobre o que é facer literatura en éuscaro e sobre a percepción que ten da vida como se do xogo da oca se tratase: unha viaxe na que o azar e as escollas propias son as forzas que, combinadas, nos fan avanzar.

Recensións:

- Ruth López, "Atxaga paséanos por Obaba", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 29 setembro 2008, p. 87.

Indica que a obra de Bernardo Atxaga, *Obabakoak*, consta de vinte e seis relatos que transcorren ou teñen algunha relación co mundo vasco. Saliéntase que na composición se mestura o mundo da realidade coa ficción, convertendo ao lector nun neno que se introduce neste mundo mixto. Segundo os expertos que abordaron a obra, esta ten "unha estrutura peculiar". Sinala que a primeira edición da obra en lingua castelá foi publicada en novembro de 1989.

- Manuel Xestoso, "As suxestións do nimio", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "Cultura", 9-15 outubro 2008, p. 33.

Maniféstase que o escritor Bernardo Atxaga dáse a coñecer internacionalmente coa obra *Obabakoak*, da que di que é "difícil de encaixar nas categorías xenéricas porque non é novela nin colección de relatos". A continuación pasa a comentar o contido da obra, que comeza cun relato de costumes rurais vascas e segue contando historias localizadas noutros lugares. Sinala que inclúe resumos de contos de autores internacionais e "citas, plaxios, e imitacións". Remata comentando que é unha obra de "múltiples lecturas" e "engaiolante".

- Dolores Martínez Torres, "Retorno a Obaba. Un conto sobre os contos", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 267, "Libros", 13 de novembro do 2008, p. IV.

Dise que a aldea opresora e hostil de Obaba é o "nexo que enlaza os personaxes". Argumenta que esta obra é "un conto sobre os contos" con argumentos e personaxes que se entrecruzan tecendo unha trama apoiada en recursos epistolares e traducións

empregando unha escolma de estilos e modelos literarios. Salienta o recurso da intertextualidade e que a estrutura do relato queda ao descuberto de xeito intencionado coma unha lección maxistral de construción textual desta obra escrita en éuscaro e traducida agora ao galego dende o castelán.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Factoría K publica en galego obras de Atxaga e Nabokov", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xullo 2008, p. 27.

Afirma que a editorial Factoría K aposta pola tradución ao galego de textos fundamentais da narrativa actual como *Lolita*, de Vladimir Nabokob, ou *Obabakoak*, de Bernardo Atxaga. Sinala que nesta última achega do escritor vasco se atopan pezas consideradas de gran categoría como a "Exposición da carta do cóengo Lizardi" ou "Esteban Werfell". Pola súa banda, Ramón Nicolás, tradutor da obra, opina que pode resultar próxima ao lectorado galego polo seu cripticismo.

Baltscheit, Martin, *O pequeno señor Paul* (*Der kleine Herr Paul*/*Der Kleine Herr Paul macht Ferien*, 2008), ilust. Ulf K, trad. Patricia Buján Otero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], maio 2008, 151 pp. (ISBN: 978-84-9782-819-2).

Ao señor Paul o que máis lle gusta na vida é ler e le todo aquilo que cae nas súas mans porque todo lle interesa, de tal xeito que a literatura e a súa propia vida se confunden porque sente que a súa vida ten moito que ver cos libros e que só con eles pode ser completamente feliz. Martin Baltscheit (Düsseldorf, 1965) presenta esta obra estruturada en dúas partes, "O pequeno señor Paul" e "O pequeno señor Paul vaise de vacacións", e en ambas as dúas, a través de breves relatos ilustrados, preséntase ao protagonista de todas as historias, que ofrece unha peculiar visión da realidade: o final equivocado dun libro, a existencia do tren invisíbel, o achado do taller dos remendos para cambiar as cousas da vida que a un non lle gustan ou o encontro coa señora que gardaba o seu mal día no bolso. Todo aquilo que forma ou pode formar parte da vida atópao o señor Paul entre as páxinas dun libro e con el os seus lectores. As ilustracións de Ulf K. (Oberhausen, 1969) aparecen ben ao final de páxina, ben a páxina completa, e presentan tamén unha marcada diferenciación entre as dúas partes da obra: na primeira utiliza a cor branca, negra e laranxa, e na segunda, repite as cores básicas pero substitúe a laranxa pola verde. As imaxes achegan información sobre os escenarios onde ocorren os feitos narrados no libro. Neste libro as ilustracións complementan aos textos.

Recensións:

- María Navarro, "Exercicio de imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, "Infantil/Xuvenil", 18 decembro 2008, p. VII.

Analiza a obra *O pequeno señor Paul*, de Martín Baltschei, un relato que supón "todo un exercicio de imaxinación do que se pode extraer algunha conclusión non banal como a importancia de manter ideais". A continuación describe a estrutura do libro, que ten dúas partes con sete relatos breves e autónomos cada unha e que conta co señor Paul como fío condutor. Finaliza cunha mención ás ilustracións de Ulf K., que reforzan o

“carácter aparentemente surrealista” do texto.

Basic, Zdenko, *A araña máis intelixente*, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, [16] pp. (ISBN: 978-84-96893-54-2).

Zdenko Basic (Zagreb, Croacia, 1980) crea neste álbum en cartón que se abre como un abano ao pasar as follas as figuras que piden os personaxes no relato. A araña protagonista xáctase da súa intelixencia de poder facelo todo ante a xoaniña, a bolboreta, o mosquito, a formiga, o grupo do seus amigos e a súa nai: unha mazá, un vestido, unha colmea, unha árbore, unha pelota, un paraugas, un xerro violeta, respectivamente, segundo as peticións dos personaxes e incluso unha sorpresa final, o arco da vella. Tanto as ilustracións como os obxectos concretos feitos pola araña presentan unhas cores moi vivas. Neste relato prima a variedade e disposición das ilustracións sobre o texto e mesmo remata cun recadro somerxido que agocha un modelo de abano, do que se indica que sae de cada arco da vella. Os debuxos de estilo infantil presentan cores alegres. As composicións resultan moi dinámicas polo deseño das patas dos insectos que crean una rede de liñas oblicuas que achegan movemento ás imaxes. Os personaxes están concibidos con liberdade e non son moi reais.

Bernard, Heliane, *Guernica*, (*Guernica*, 2007), ilust. Olivier Charpentier, trad. Emma Lázare, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado mozo], xaneiro 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-8464-654-9).

Tras un breve parágrafo introdutorio co título “Febreiro de 1936” que explica os motivos do desencadeamento da Guerra Civil, dá comezo este texto narrativo cunha mención ás Brigadas Internacionais, integradas por cidadáns chegados de toda Europa, nunha composición poética. A seguir empeza a historia narrada en terceira persoa e protagonizada por Pablo Picasso, situado nesa data na Provenza francesa. Despois aparece outra composión dedicada nesta ocasión ao exterminio dos republicanos. As noticias que chegan a Francia sobre o bombardeo en Guernica impresionan até tal punto a Picasso que decide reflectir toda a súa dor e indignación nun cadro que levará por título o nome do lugar masacrado e que se exhibirá na Exposición Universal de París (1937). Péchase o volume cunhas notas sobre o contexto histórico e a biografía do pintor malagueño, así como a análise desta obra pictórica. Olivier Charpentier elabora unhas ilustracións pictóricas combinando tres cores, o negro o vermello e o azul. Son ilustracións onde se perciben perfectamente os trazos áxiles e vigorosos do pincel de Olivier, que lembran moitas das obras de Pablo Picasso. As faccións dos personaxes tamén levan os trazos identificativos da xenialidade do pintor malagueño. Texto e imaxe compleméntanse e enriquécense mutuamente e, ás veces, só se fai uso da ilustración. Por último, engádense unhas liñas para presentar os autores do libro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Dúas propostas para a fantasía”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, n.º 256, “Letras en galego”, 5 abril 2008, p. 14.

Coméntase que, co gallo do Día do Libro Infantil (2 de abril), a Editorial Kaladraka

sacou á luz dúas novas obras: *Guernica*, obra francesa de Heliane Bernard e Olivier Charpentier; e *Imaxina animais*, de Xosé Ballesteros. Respecto a *Guernica*, afírmase que Bernard describe o proceso de xestación do famoso cadro de Pablo Picasso a través dun discurso sinxelo e breve, do que se salienta o seu rigor histórico e analítico á hora de expor todos os factores que influíron na súa composición. Por outra banda, considérase que as ilustracións de Charpentier se caracterizan pola sobriedade e polo simbolismo. Conclúese que se trata dun excelente exemplo do que se pode realizar a partir da inspiración nunha obra artística clave.

- CLIJ, "*Guernica*. Heliane Bernard", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 215, "Libros/Novidades", maio 2008, p. 66.

Saliéntase que historia e arte se funden neste álbum que mostra a xénese do cadro de Picasso sobre o bombardeo de Guernica o 26 de abril de 1937 e o que trouxo consigo a Guerra Civil española. Dise que ao lado dun texto conciso, periodístico, que presenta en paralelo os acontecementos históricos e a vida de Picasso en París, é de salientar a forza dramática das ilustracións. Remátase dicindo que se trata dun álbum inclasificábel, apto para todos os públicos que informa e fai reflexionar. Descríbese a súa estrutura.

Bowley, Tim, *Amelia quere un can* (*Amelia wants a dog*, 2008), ilust. André Neves, trad. Isa Pita e Silvia Pérez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. demademora, [lectorado autónomo], setembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-649-5).

Neste conto de Tim Bowley (1945), ante a negativa do seu pai de ter un can na casa, Amelia dedícase incansabelmente a interrumpilo na lectura do xornal preguntándolle se poden ter como animais de compañía diversas especies (aguia, cabalo, elefante, balea, tigre, crocodilo, canguro, hipopótamo, dinosaurio). Ao final, a nena volve á súa primeira pregunta: Papá, non podemos ter un can? Ao que o pai responde que lle parece unha boísima idea. Amelia está satisfeita aínda que recoñece que, ás veces, é moi difícil convencer aos maiores. As ilustracións figurativas de André Neves neste álbum mesturan a realidade con imaxes froito da imaxinación da nena protagonista. As formas son estilizadas e móvense con liberdade compositiva, achegando dinamismo ás figuras de Amelia, do seu pai e dos animais que imaxina. As composicións abranguen dúas páxinas e son moi variadas; predominan as cores frías sobre fondo gris verdoso, que se alternan con composicións de cores cálidas e máis saturadas cando a nena imaxina ter un animal de compañía. O ritmo narrativo repite ao pai sentado na butaca lendo e á nena preguntando pero variando os puntos de vista da habitación.

Browne, Anthony, *No bosque* (*Into the Forest*, 2004), ilust. do autor, trad. Chema Heras e Pilar Martínez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, [lectorado autónomo], outubro 2008, [26] pp. (978-84-8464-668-6).

Anthony Browne (Sheffield, Inglaterra, 1946) ilustra tamén este conto no que un narrador omnisciente conta a historia dun neno que vive cheo de angustias infantís, experiencias típicas e significativas da infancia. Unha noite esperta por unha tormenta e pola mañá advirte que o seu pai non está na casa e a súa nai non sabe cando volverá. A ilustración reflicte esa soidade que sente o neno ante a ausencia do seu pai. En catro viñetas advírtese que o neno escribe por toda a casa uns papeliños que pega polos

mobles coa frase “volve a casa papá”. A seguir estabelece un xogo con contos clásicos. Así, a súa nai pídelle que leve unha cesta cun biscoito á súa avoa enferma. Dise que hai dous camiños para chegar á súa casa: un longo e outro curto e a súa nai recoméndalle que non vaia polo bosque e que vaia polo camiño longo. Como quería volver pronto por se volvía o seu pai, elixe o camiño curto e penetra no bosque onde se atopa primeiro cun neno que lle ofrece comprar unha vaca leiteira, e despois cunha nena loura de trenciñas que lle pide o que leva na cesta. Aparece escurecido o bosque onde o protagonista atopa a un neno e unha nena abrazados que lle preguntan se viu aos seus pais cortando leña polo bosque. Os nenos laméntanse de que non volvan os seus pais pero o protagonista segue o seu rumbo e comeza a ter frío. De súpeto atópase cun abrigo de cor vermella colgado dunha árbore e cando o pon comeza a ter medo e acórdase do conto que lle contaba a súa avoa sobre un lobo. Empeza a correr e pérdese até que por fin atopa a casa da súa avoa ao final dun espeso bosque. Cando chama á porta respóndelle unha voz que non é a da súa avoa e cando entra o neno asustado, atopa na cama á súa avoíña coa voz rouca pero ao instante escoita un ruído tras el, dá a volta e atopáse co seu pai. Nárralles a ambos as súas peripecias e ao pouco tempo volven os dous á casa, onde os recibe a nai cun amplo sorriso. As imaxes realistas de Anthony Browne serven de apoio ao relato, ao permitir unha lectura visual independiente das palabras, teñen un tratamento da cor que serve para separar as escenas reais, a toda cor, das imaxes que imaxina o neno protagonista nun bosque que son en branco e negro. Os debuxos son moi realistas e con profusión de detalles sobre a contorna. As composicións son moi variadas como pequenos recadros, imaxes grandes, panorámicas do bosque e primeiros planos dos protagonistas.

Bruno, Pep, *A noite das mudanzas*, ilust. Lucie Müllerová, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, marzo 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-032-8).

Neste conto de Pep Bruno (Barcelona, 1971) nárrase unha estraña noite na vida do granxeiro Leiro, na que, como non podía durmir, decidiu tomar un vaso de leite quente. Foi mungir a vaca e levou unha sorpresa, porque no sitio da vaca atopou co galo. Este díxolle que era noite de mudanzas e que fose mirar no tellado. Resultou que alí estaba o porco, no cortello estaba o burro, na corte estaban as galiñas e no galiñeiro estaba o can, quen lle dixo que mirase no cercado, que sabía que alí non estaban as ovellas. Finalmente o granxeiro Leiro atopou a vaca alí, mungiuna, tomou un vaso de leite e foi durmir, pero non á súa cama senón á caseta do can porque, como era noite de mudanzas, as ovellas apropiáronse do seu cuarto. A historia transcorre pola noite e por iso o negro é a cor que predomina nas súas páxinas, dende a mesma cuberta, na que aparecen todos os animais que a protagonizan mirando á lúa, un disco de luz que porta o título do conto nun texto escrito en letras negras. A capa e a contracapa forman parte dunha mesma composición, como igualmente sucede en todas as follas do conto, onde todas as ilustracións de Lucie Müllerová (Český Krumlov, República Checa, 1977) son composicións a dobre páxina, nas que de modo similar, polo xeral, aparecen os diferentes personaxes empregando a técnica de pintura, aplicada con pincelas espesas e con mesturas groseras e usando cores escuras e pouco saturadas. As imaxes van acompañando ao texto e describindo os lugares e os animais que protagonizan o conto xunto co granxeiro. O texto, en varios tipos de letra para diferenciar a terceira persoa narrativa e as voces dos distintos personaxes, está escrito en branco, salvo nas poucas ocasións nas que destaca en negro sobre un espazo en branco xunto ás composicións

nocturnas.

Bruno, Pep, *Pétala*, ilust. Luciano Lozano, trad. do castelán Eva Mejuto, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, marzo 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-031-1).

Empregando personaxes e motivos dos contos tradicionais, como o dragón, Pep Bruno (Barcelona, 1971) relata a historia de Pétala, unha pomba branca que, mediante a súa habelencia, consegue liberar ao bosque do dragón que se fixo coa casa da chuvia e bebía toda a auga das nubes sen deixar nada para o bosque. Pétala faise cun espello e mostra a súa propia cara terríbel ao dragón que foxe deixando aos habitantes do bosque nun estado de paz e alegría. As ilustracións de Luciano Lozano (Línea de la Concepción, Cádiz, 1969) amosan unhas pombas adoptando actitudes antropomórficas, vivindo en casas e peiteándose, nunha contorna tamén fantástica, con obxectos que teñen ollos e naris como as árbores, a lúa e o sol.

Burfoot, Ella, *A miña amiga a escuridade*, ilust. a autora, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-96893-53-5).

Con dúas cores básicas -o negro da escuridade e o rosa de María- Ella Burfoot (Dorset, Inglaterra) relata e debuxa a historia dunha nena que se enfronta á noite, xunto cos medos que a espertan. A noite personifícase, con certa intriga inquietante, mais a valentía da nena é grande, xa que a colle pola man, baila con ela e toma unha cunca de chocolate cun pastel de amorodo. Dende entón son amigas e todas as noites xogan xuntas até a hora de pechar os ollos e durmir sendo boas amigas. As ilustracións elaboradas por Ella Burfoot son moi próximas aos debuxos animados pola expresividade dos personaxes, as formas redondeadas e as cores cálidas, a excepción do personaxe da noite que é totalmente negro. Xoga co texto entrelazándoo coa propia ilustración e nalgúns momentos prescinde do texto e a secuencia narrativa é totalmente visual mediante viñetas. É destacábel a variedade de planos, ángulos e encadres que dan moito dinamismo ás ilustracións. A ilustradora, máster pola universidade de Falmouth, trasladou os seus coñecementos ao álbum, que mostra gran formato, con debuxos definidos, onde as dúas cores presentan diferentes texturas -brillante e vinílico para o negro, mate para o resto.

Calleja Pérez, Seve, *Dáme a man* (*Dame la mano*, 2008), debuxos Santy Gutiérrez Gómez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 9, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-801-7).

Eméno, que significa “vida”, é o nome dunha nena africana cunha doenza nos seus ollos que, acompañada polo seu mono Akeva, que significa “amizade”, chega a España para curarse. Outra nena, Ana, e os seus pais son a súa nova familia durante o tempo que dura a cura. Con eles Eméno descobre que existen outros idiomas, cheiros e costumes, ao mesmo tempo que aprende novos valores, como a xenerosidade e a gratitude, que emanan do amor e da amizade. E así é ela quen ao final da historia devolve o amor recibido nun acto de suma xenerosidade: regálalle Akeva a Xosé, o seu compañeiro de habitación no hospital, para que non quede só. O conto de Seve Calleja (Zamora, 1953)

é unha exaltación á vida e á amizade. No conxunto das composicións ocupa un espazo menor que as ilustracións coloristas e figurativas de Santy Gutiérrez (Vigo, 1971) que o acompañan a dobre páxina e que, paralelamente, tamén contan a historia dunha forma moi amábel e colorida, facendo destacar o pelo e a pel escura de Eméno e o vermello da pelame do seu grande amigo Akeva. Esta mesma combinación de cores preside a cuberta do conto, un detalle da única ilustración na que Akeva non aparece e no seu lugar é o vermello do vestido da nai de Eméno o que a envolve nun abrazo. Son ilustracións tratadas por ordenador a base de tonalidades cálidas, sen pretensión volúmetrica, e moi próximas á estética dos debuxos animados. Ademais contén dúas páxinas finais á marxe, pero ao fío desta historia: a da esquerda é un peritexto intitulado "Amigos e compañeiros", que recolle unha sinxela reflexión sobre o valor dos amigos e dos compañeiros, así como un ecoflash cun consello para sorprender a un amigo; a da dereita é un debuxo que recolle unha escena de nenos xogando na neve.

Campanari, José, *E que podo facer eu?*, ilust. Jesús Cisneros, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, 3 a 7 anos, maio 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-049-6).

Despois de ler o xornal, o señor X queda cheo de preocupación e dá en matinar nunha pregunta: E eu que podo facer? Pero un día lanza ao aire esta interrogante e a veciña do terceiro pídelle que lle compre o pan porque ten unha perna rota. Dende entón, cada vez que fai a pregunta alguén contesta e xa non se sente inquedo porque sabe que está axudando á xente da súa contorna que o necesita. Neste conto sublíñase a actitude activa, colaborativa, desinteresada e loitadora ante a vida que proporciona felicidade aos que adoitan esta forma de existencia. No texto de José Campanari (Bos Aires) faise uso de distintos tamaños de letra e de recursos gráficos marcados (como a negriña) para indicar o grao de importancia, o ton, etc., do que o neno vai lendo en definitiva. A imaxe da cuberta, que se completa coa da contracuberta, é un debuxo sinxelo, centrado no protagonista da obra. As ilustracións de Jesús Cisneros (Zaragoza, 1969) a dobre páxina con espazos baleiros nas composicións onde se sitúan os textos serven para indicar cales son os pensamentos do protagonista. As imaxes que se centran no protagonista son moi simples e achegan pouca información dos interiores contrastan coas imaxes do exterior, que presentan panorámicas dos edificios da cidade, das rúas, do parque, etc. As cores que emprega son cálidas: diversos matices de ocres, grises, verdes, marróns, sienas e brancos. A técnica para facer as ilustracións está baseada en modelos con diferentes formas e con pintura aplicada en salpicaduras ou estampacións. O estilo figurativo co que están deseñados os personaxes é esquemático e un pouco ríxido polo resultado de aplicar as guías.

Recensións:

- María Navarro, "Axudar aos outros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Infantil/Xuvenil", 20 novembro 2008, p. VII.

Despois de reflexionar sobre a dificultade de respostar á pregunta "E que podo facer eu?", pasa a explicar que esa é a intención do libro *E que podo facer eu?*, escrito por José Campari e ilustrado por Jesús Cisneros. Apunta que "valores" como axudar aos demais "subxacen nunha segunda lectura do texto", que recolle as actividades cotiás do

señor X para "mellorar, dende a súa posición, o que sucede no seu entorno". Por outra parte, con respecto ás ilustracións, afirma que cobran "un significado especial" a medida que avanza o texto.

Campanari, José, *Ernesto bo día*, ilust. João Vaz de Carvalho, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, outubro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-074-8).

Ernesto estaba invitado a merendar á casa da súa noiva, Enriqueta, ás seis en punto, neste relato de José Campanary (Bos Aires). Saíu da casa nunha fermosa tarde de sol, mentres Enriqueta e familia preparaban a merenda. De súpeto, ergueuse brisa, primeiro suave e logo máis forte, empezou a chover e tronar. Ernesto, conforme co dito do seu avó, "ao mal tempo boa cara", non perde o ánimo en ningún momento, amosa fortaleza e tenacidade fronte ás dificultades e, finalmente, é recompensado cun final feliz. Nas ilustracións figurativas de João Vaz de Carvalho, a cuberta presenta unha imaxe de corte surrealista cunha gran nube negra que tapa a cabeza do protagonista. A tonalidade das páxinas é cálida predominando diferentes variedades de ocres. Os ambientes dos dous interiores diferéncianse porque a casa da noiva de Ernesto ten o piso dunha cor vermella moi intensa. As caras dos personaxes son moi parecidas, cun gran narís e uns ollos saltóns graciosos, pero distínguense pola variedade nos cabelos, bigotes, paxariña e gravatas, resultan divertidas e cunha grande expresividade nas actitudes e nos acenos. As composicións son variadas e hai moi poucos detalles do ambiente: nos interiores só a estrutura cúbica dos cuartos e no exterior a esquina dunha casa e unha árbore pequena.

Canals Botines, Mireia, *O conto de vestirme só*, (ISBN: 978-84-96893-37-5)/*O conto de comelo todo* (ISBN: 978-84-96893-38-2)/*O conto dos xoguetes ordenados* (*El conte de les joguines endreçades,* 2008) (ISBN: 978-84-96893-38-2), ilust. Mar Cerdá Albert, A Coruña: Baía Edicións, col. Os Contos Educativos de Marcos e María, n.os 1, 2, 3, [prelectorado], febreiro 2008, 47 pp.

Estes contos de Mireia Canals constitúen unha colección na que segundo se di na nota introdutoria son narracións educativas con personaxes que ensinan hábitos e valores. O fío condutor dos relatos son Marcos e María, irmáns de tres e un ano e medio que presentan e despiden as historias. Por outra parte, nos volumes ofrécense actividades para facer co lectorado e unha canción acorde coa temática de cada entrega. N'*O conto de vestirme só* nárrase como Marcos non sabe vestirse só e precisa a axuda dos seus pais. Un día, cando a súa nai abriu a porta do armario para lle coller a roupa, desaparece dentro do armario, nun xardín de flores, bolboretas e caracois, cheo de cogomelos. Como Marcos quixo ir tras dela e estaba espido, tivo que vestirse el só. Ambos encheron unha cesta con cogomelos e voltaron á casa contentos. Despois dáse un salto ao inverno e de novo, cando a nai lle vai coller a roupa, volve desaparecer dentro do armario, e seguindo as indicacións da súa nai vestiuse con roupa de abrigo para facer con ela un boneco de neve ao que lle puxeron por nariz unha cenoria, uns botóns como ollos, e unhas pólas para facer de cabelos, brazos e mans. Remata indicando que ás veces Marcos entra só no armario para xogar cos seus amigos. N'*O conto de comelo todo* nárrase como os irmáns Marcos e María se dispoñen a cear coa axuda do pai, mentres a nai remata de facer a cea. Marcos fai xogos ao tomar a sopa para distraer a María e mesmo deixa caer unha cullerada que lle dá súa nai cando quere que deixe de

xogar e que tome a sopa. Remata tomando o boneco Pinocho. Á noite seguinte, o almorzo de Marcos acabouno comendo un crocodilo verde. A seguir explícase que cando os nenos e nenas non comen, acaban póndose tristes e iso foi o que lle pasou a Marcos, pois os bonecos comíanlle toda a comida até que ao final véndoo tan triste ofrecéronlle a Marcos que comera con eles. Remátase narrando que ás veces, os bonecos de Marcos e María acoden á cociña a cear cos dous irmáns, e que despois de cear os protagonistas do conto van durmir. E n'*O conto dos xoguetes ordenados* cóntase como os irmáns esparexen todos os xoguetes pola casa para se divertir. Chega a hora do baño e seguen a xogar con xoguetes na auga. Cando rematan a súa nai pídelles que recollan os xoguetes. Marcos olvídase e dorme. Mais de repente, cando todos dormían na casa, Marcos esperta porque escoitou chorar a alguén. Eran os seus xoguetes que ían cara á escaleira para intentar chegar ás caixas e poder durmir tamén. Entón, Marcos colleu os xoguetes que puido e foinos gardar pouco a pouco, e logo apagou as luces e volveu á cama. Á mañá seguinte contoulle á súa nai o que lle pasara pola noite. A nai de Marcos deulle un bico e díxolle que os xoguetes parecían moi contentos e con isto remata o conto. As ilustracións figurativas de Mar Cerdá Albert presentan a imaxe do neno protagonista centrado en todas as composicións. Son o resultado de xogar con figuras recortadas sobre un fondo que describe os ambientes.

Cano, Harkaitz, *O mar na cociña* (*El mar en la cocina*, 2008), ilust. Lluïsa Jover, trad. Gabriel Anxo Botana, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 6 anos, 2008, 40 pp. (978-84-7942-280-6).

Xurxo é un neno que, coma todos, ten unha imaxinación desbordante. Como as paredes da cociña da súa casa están pintadas de branco e azul, cre de verdade que a cociña é o océano e como tal, cada vez que entra nela, pon os lentes de mergullar e nada e goza das cousas que o mar ofrece, debuxando nas paredes peixes e polbos con rotulador e enchendo o chan coas cunchas e estrelas de mar que colleu na praia. Pero á súa nai todo isto non lle gusta nada e un día, moi enfadada, vai ao supermercado e compra un produto para limpar as paredes e non só iso, senón que chama a uns pintores para que as pinten de amarelo. Pero iso non foi o que sucedeu para Xurxo, o único que ocorreu foi que o mar secou e pasou a converterse nun deserto. E así, puxo a cortina da cociña a modo de turbante, colleu de novo os seus rotuladores e pintou nas paredes, convertidas nun oasis, palmeiras e un camelo que se converteu no seu novo amigo. Harkaitz Cano (San Sebastián, 1975) ofrece neste conto unha reflexión sobre a perseverante e inesgotábel imaxinación infantil a proba da paciencia dos pais. As ilustracións figurativas de Llüisa Jover (Barcelona, 1942) están deseñadas nun estilo simple, aínda que as caras dos personaxes son moi expresivas e amosan distintas emocións: sorpresa, susto, enfado, etc. As imaxes interpretan visualmente as diferentes escenas que se van relatando no texto con cores moi saturadas que achegan alegría e vistosidade ás composicións de acordo coa propia importancia que as cores teñen na historia e adquirindo unha gran forza expresiva ao representar os momentos máis significativos do conto. Non hai intención de representar figuras con volume pero as páxinas ábrense a uns escenarios con profundidade espacial, que engaden información sobre os ambientes nos que se desenvolven as distintas situacións.

Carbonell, Paula, *Buscando o norte*, ilust. Cecilia Afonso Esteves, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos,

agosto 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-060-1).

Neste conto de Paula Carbonell nárrase en terceira persoa a historia de Lume, unha luciérnaga que xoga a ser estrela fugaz e o seu amigo Sal, unha limacha e un caracol que queren viaxar á terra dos pexegueiros que está ao norte. Deben seguir a estrela polar até que a lúa estea en cuarto crecente, con forma de D e que é o tempo da semente. Na viaxe pérdense e un cabaliño do demo dilles que sigan á estrela polar até que a lúa estea chea. Continuan e preguntan a unha abella que lles indica que sigan á estrela polar até que a lúa estea en cuarto minguante, en forma de C. Finalmente chegan ao país dos pexegueiros. As ilustracións de Cecilia Afonso Esteves (Bos Aires, 1977) están realizadas con papel e cartolina recortada para darlles a forma desexada e fotografadas as imaxes nun fondo xeralmente escuro ou ben claro segundo a intención do texto, facilitando a aprendizaxe das fases da lúa. A colaxe a base de cartóns e papeis de diferentes texturas son os materiais principais que emprega a ilustradora, facendo uso da harmonía cromática de cores cálidas. A composición e distribución plástica das formas crea verdadeiras poesías visuais. Os círculos, as diferentes fontes tipográficas e as formas xeométricas adquiren protagonismo xa dende a cuberta. Dentro dunha mesma ilustración pódese observar como coexisten diferentes accións que conforman a narrativa visual ao longo da obra. Texto e imaxe compleméntanse en todo momento aínda que, algunhas veces, as ilustracións achegan novas accións ao argumento textual.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Camiñar tras os soños", *A Nosa Terra*, n.º 1.336, "*Bule Bule*", 4-10 decembro 2008, p. 30.

Dise que o libro *Buscando o norte*, de Paula Carbonell, é un "fermoso" álbum ilustrado, que mestura "a simboloxía das palabras coas imaxes". Continua detallando o argumento do álbum, protagonizado por unha lesma e un caracol que, durante unha viaxe cara ao norte coñecen outros bechos "que lles proporcionarán novos xeitos de aprendizaxe". Conclúe dicindo que o libro é "unha evolución do coñecemento tanto exterior coma interior". Salienta tamén o emprego da técnica da colaxe para "chamar a atención do público infantil".

Carranza, Maite, *O clan da loba* (*El clan de la loba*, 2005), trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Rodeira, col. A guerra das Bruxas, vol. I, [mocidade], outubro 2008, 398 pp. (ISBN: 978-84-8349-216-1).

Maite Carranza (Barcelona, 1958) tece esta novela fantástica na que o fío narrativo se complica e que relata as peripecias de Anaíd, unha rapariga de catorce anos que vive coa súa nai, Selene, escritora de comics. Leva unha vida convencional até que un día Selene desaparece; a partir de aí Anaíd terá que encarar a realidade: ela pertence a unha familia de bruxas, as Omar, en loita co clan das sanguinarias Odish e que agardan pola elixida da profecía dende tempos inmemoriais. Anaíd decatarase de que ela é a única que pode salvar ao seu clan da destrución porque é a elixida, entende a linguaxe das lobas e ten poderes para predicir o futuro. Nun principio todos pensan que era Selene: tiña o cabelo color lume e finxiu unha traizón ao seu clan poñéndose do lado das Odish, as bruxas que tiñan vida eterna porque bebían o sangue dos meniños e das mozas.

Porén, o que pretendía Selene era protexer a Anaíd, porque sabía que era a verdadeira elixida e que podía morrer na loita coas Odish. Iso fixo que nunca iniciara á filla nas artes da bruxería. Pero, finalmente, Anaíd conseguirá vencer logo de moitas aventuras e axudada polo resto do clan e por clans amigos. O deseño da cuberta de César Farrés e Marc Sala presenta unha fotografía que remarca o título: unha imaxe dunha loba auleando a contraluz sobre un ceo de solpor.

Referencias varias:

- Javier Romero, "Galicia inspira historias misteriosas y socarronas en las noches mágicas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevistas", 3 decembro 2008, p. 50.

Destaca que aínda que Maite Carranza emprega habitualmente o catalán, a súa obra esténdese a outros ámbitos lingüísticos do marco ibérico e do resto do mundo. Indica que acaba de presentar *O clan da loba*, e que dende os dezaseis anos coñece Galicia. Apunta que comezou a editar en galego grazas a Fina Casalderrey quen amadriñou o seu último libro, *La maldición de Oli*. Entre as súas obras recomendaría a historia máxica *La guerra de las brujas* e explica o seu interese por escribir e ler triloxías xa se se estabelecen unha escrita "más interactiva". Recoñece que maioritariamente o seu lectorado é mozo mais que os adultos tamén se achegan aos libros dos seus fillos. Remata indicando que combina o seu labor como editora co de guionista de televisión.

Castagnoli, Anna, *A incríbel historia da nena paxaro e o galopín* , ilust. Susanne Jansen, trad. do italiano Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, febreiro 2008, [44] pp. (ISBN: 978-84-96788-68-8).

Un rapaz medra interesado só pola árbore situada diante da súa casa, que se converte no seu observatorio do mundo. Un día descobre nela un ovo, do que resulta saír unha fermosa nenapaxaro. Pero a pesar dos moitos coidados materiais que lle proporciona o rapaz, a nena está sempre tristeira. Baixando do seu universo na árbore e contemplando ás nais cos seus fillos, o rapaz descobre que o que lle falta é aprender a amar. Dá cariño á nenapaxaro e logra finalmente facela feliz neste conto de Anna Castagnoli (Versalles, 1971). As ilustracións de Susanne Janssen (Aachen, Alemaña, 1965) para este conto son moi expresivas. As composicións teñen diferentes puntos de vista e conseguen unhas escenas pouco convencionais. As imaxes son fantásticas e o tratamento da cor co uso exclusivo do branco, negro e vermello e os seus matices achegan dramatismo. A técnica mixta emprega figuras pintadas ou fotografías recortadas e dispostas sobre planos lisos o con textura.

Recensións:

- María Navarro, "Sentimentos asimétricos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Infantil/Xuvenil", 19 xullo 2008, p. VII.

Comenta que a través da literatura se poden expresar sentimentos, sensacións, experiencias e isto é o que acontece na obra de Anna Castagnoli, *A incríbel historia da nenapaxaro e o galopín*, publicada por OQO Editora. Indica que se trata dunha obra que reproduce a anguria dos sentimentos asimétricos e refire que é un texto "triste e goloso"

ao mesmo tempo. A seguir narra o argumento do conto.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "OQO sitúa o libro ilustrado no centro dunha mostra na Deputación de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 novembro 2008, p. 84.

Informa que a Editorial OQO inaugurou unha mostra sobre o álbum ilustrado na Sala de Mostras de San Marcos titulada "OQO: Novas formas de mirar o álbum ilustrado". Comenta a editora Marisa Núñez que a exposición está formada por composicións de varios volumes: *Sal e azucre* (2006), de Iván Prieto; *Chocolata* (2006), de Marisa Núñez e de Helga Bansch; *O papón* (2006), de Maurizio de Quarello; *A princesa do Courel* (2006), de Javier Solchaga; *Lobo Feroz* (2006), de Chené Gómez; *A incrible historia do galopín e a nena paxaro*; e *O gran libro de retratos dos animais* (2006), de Junakovic. Así mesmo, salienta que o álbum recolle dúas linguaxes: a plástica e a literaria.

Catelli, Mario, *Quen levou a lúa?* (*¿Quién ha robado la luna?*, 2008), ilust. Madalena Matoso, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xullo 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-056-4).

Nesta obra de Mario Catelli (Rosario, Arxentina, 1957) o protagonista da historia é Kipá, o membro máis pequeno dunha manda de lobos. Unha noite Kipá escapa porque quere ouvearlle á lúa como fan os maiores, cando chega ao cume dunha montaña aspira tan forte cara á lúa que esta cae do ceo. Con esta historia tan sinxela o autor quere achegarse aos nenos e facerlles comprender cousas da vida real mediante a imitación. A obra conta con ilustracións de Madalena Matoso (Lisboa, 1974) que fan o libro moito máis atractivo para os máis pequenos. As imaxes presentan aos lobos dende un punto de vista amábel, o que se transmite dende o tratamento visual por unhas faccións sinxelas, sorrindo ás veces, sen amosar os dentes, cunhas cores irreais pero divertidas, alegres. Os lobos protagonistas están deseñados cunha simplicidade moi efectiva; as formas están recortadas en papeis previamente pintados e as composicións dos animais feitas con colaxes destacan sobre o fondo claro da neve. A contorna tamén está deseñada dunha forma sinxela, distintas árbores compoñen unha paisaxe de bosque, con colinas ao fondo, nun estilo esquemático. Na narración as imaxes teñen unha importancia maior cá dos textos, ao poder seguir o relato facendo unha lectura exclusivamente visual.

Chaundler, Rachel, *Macario dromedario* (*Macario, dromedario*), ilust. Bernardo Carvalho, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xullo 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-054-0).

O protagonista deste conto infantil é precisamente o que se recolle no título, Macario, un dromedario que non facía máis que chorar e que por mor diso, lle desapareceu a chepa e "un dromedario sen chepa... é una vergoña!". Aventurouse nas dunas cun ourizo, que lle dixo que lle axudaría a buscar a súa chepa, pero cando os irmáns de Macario o seguiron para ver que ía facer, caeron nunhas areas movedizas, e ao centrarse en sacalos o dromedario non chorou e iso fixo que a súa chepa non minguase máis, de feito, ao beber nun oasis perto para recuperar as forzas, tamén recuperou a chepa. Toda

a historia de Rachel Chaundler vén acompañada dunhas ilustracións de Bernardo Carvalho (Lisboa, 1975). Emprégase en case todo o momento o diálogo en primeira persoa, na que o dromedario dialoga co ourizo, aínda que tamén hai partes en terceira persoa, nas que os irmáns e demais parentes do dromedario falan sobre a súa faceta de chorón. A partir de trazos negros redondeados de distinto grosor, pero limpos na delimitación das formas, Bernardo Carvalho elabora unhas ilustracións de tonalidades cálidas, con predominio de amarelos, ocres e alaranxados, para situar visualmente o lugar onde suceden as accións: o deserto. Consegue unha uniformidade visual a partir de repetición de elementos nas distintas acción, como poden ser as dunas e as montañas de area do deserto. Texto e imaxe compleméntanse.

Recensións:

- María Navarro, "Un dromedario especial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 296, "Infantil/Xuvenil", 27 novembro 2008, p. VII.

Comenta que en *Macario, dromedario*, de Raul Chaundler, traducido ao galego por Marisa Núñez, o protagonista sérvese do pranto para manifestar o "seu desacordo co que sucede ao seu redor". Indica que sofre un cambio físico e que pensa que se debe ao seu pranto. Explica o significado do choro, como forma de relación co mundo adulto, e que a autora amosa ao lectorado que "as aparencias enganan" e que certos problemas deben afrontarse "con tesón e firmeza". Remata reparando nas cores das ilustracións de Bernardo Carvalho.

Colasanti, Marina, *No labirinto do vento* (*Uma idéia toda azul. Doze reis e a moça no labirinto do vento*, 1978, 2008), ilust. Carmen Segovia, trad. Mercedes Pacheco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], novembro 2008, 149 pp. (ISBN: 978-84-9782-932-8).

Esta obra de Marina Colasanti (Etiopía, 1937) está composta por vinte e tres relatos curtos cuxo fío condutor é a prosa poética e o elemento fantástico. Nel hai princesas cazadoras que, na procura de bolboretas, se converten en cisnes ("Por dúas alas de veludo"), princesas namoradas de unicornios que se funden con eles nun amor de morte ("Unha espiña de marfil"), princesas solitarias coa única compaña do seu propio reflexo nos espellos ou na auga ("A primeira só"), princesas que tecen un marido nun tapiz para logo destecelo cando se decatan da súa ruín natureza ("A moza tecelá"), reis que galopan en unicornios soñados ("Entre león e unicornio"), príncipes namorados de sereas que habitan buginas e que devecen polo mar ("Unha bugina á beira do mar"), reis aliados do vento que coñecen ao seu través as novas do mundo ("O derradeiro rei") e reis inimigos do vento cuxos corazóns se volven de mármore ao correr no seu labirinto trala princesa soñada ("Doce reis e a moza no labirinto do vento"). Algúns dos contos trazan unha polifonía con historias de clásicos da literatura universal; así, "Máis alá do bastidor", o conto da nena que bordou unha paisaxe e que pode entrar nela polo fío, pódense percibir claros ecos da obra de Lewis Carroll *Through the Looking-Glass (Alicia do outro lado do espello*); en "Sete anos e outros sete" atopamos paralelismos co clásico dos Grimm "A bela adormecida" pero coa inclusión de quenotipos que trasladan o relato á modernidade (un príncipe que non rematou os estudos); outro clásico, o da raíña das neves (Andersen), semella fornecer o sustrato para "Na procura dun reflexo",

onde unha rapaza que perdeu a imaxe é secuestrada pola Dama dos Espellos; "O rostro detrás do rostro", o conto do guerreiro sen face tras de varias máscaras, causa no lector unha sensación de arrepío similar á que provocan os relatos de Edgar Allan Poe. Outros son contos de trazos surrealistas que recrean un universo onde a abstracción se materializa, como "Unha idea completamente azul", no que o rei que tivo unha idea azul e a mantivo adormecida nun leito case toda a súa vida para que ninguén lla levase, ou "Palabras aladas", no que un rei, amante do silencio, pechou o seu castelo para que non entrasen os sons do exterior e conseguiu así que tampouco puidesen saír os sons producidos dentro de tal xeito que as palabras, as frases e as interxeccións ateigaban mobles e andeis. A ilustradora Carmen Segovia (Barcelona, 1978) elabora unhas orixinais colaxes, que actúan como pequenas escenografías das diferentes accións que suceden nos relatos. Para iso emprega a técnica dos recortábeis en cartolina, onde os personaxes e os lugares se superpoñen e únense visualmente a través de fios de cores creando redes e formas dentro das propias ilustracións.

Colombo, Natalia, *Cerca* (*Cerca*, 2008), ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, I Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados 2008, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado], outubro 2008, [35] pp. (ISBN: 978-84-8464-677-8). ■

Neste conto de Natalia Colombo (Bos Aires, Arxentina, 1971) sobre a incomunicación e a soidade, un narrador en terceira persoa conta que o señor pato e o señor coello se cruzan todos os días pero non se saúdan, o cal é unha pena porque poderían ser grandes amigos. As ilustracións figurativas tamén son obra da autora e complementan o texto, xa que poñen exemplos de cando se cruzan os dous personaxes protagonistas: cando van ao traballo, cando van en coche e cando pasean. Algúns destes exemplos xa están escritos no conto pero outros non e só se recollen nas ilustracións. Estas son principalmente pinturas, con trazos infantís e con cores vivas e rechamantes. Os tamaños dos debuxos son moi variábeis, tanto poden aparecer varios debuxos mediante a técnica da colaxe nunha soa páxina, como só un debuxo, ou unha parte pequena dun dos personaxes, por exemplo só a cabeza deles que ocupa dúas páxinas.

Recensións:

- Xabier P. Docampo, "Ensimesmarse", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 14.

Iníciase o comentario cun repaso do argumento deste álbum, *Cerca*, da arxentina Natalia Colombo, no que se sinala que os dous personaxes principais se ignoran mutuamente, malia coincidiren todos os días ao saír da casa, a causa do ensimesmamento. Sinálase que este álbum foi o gañador do I Premio Internacional Compostela 2008. Considérase que, sen presentar innovacións temáticas nin formais, a obra "sabe resolver en ambos os casos cunha eficacia moi estimábel". Destaca por enriba de todo a composición da páxina, tanto unitaria coma dobre, na que os personaxes comparten espazo co texto, nunha habelenciosa variedade de propostas de planificación. Conclúe que a chamada de atención para o lectorado levarao á conclusión de que o ensimesmamento é a única causa que impide que o coello e o pato sexan amigos.

- R. N., “Álbum ilustrado *Cerca*”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 288, “A entrevista”, 8 novembro 2008, p. 16.

Escribindo dende a primeira persoa, comeza aplicándolle a Natalia Colombo unhas palabras de Julio Cortázar en relación ao bo uso das palabras exactas coas que se debe dicir algo. A continuación pasa a analizar o libro *Cerca* do que afirma que mediante o “esquema das fábulas” constrúe unha “metáfora” sobre a incapacidade de comunicarse. Remata salientando o “acerto” de Colombo na escolla dos debuxos que acompañan a súa historia e o feito de que *Cerca* fose “elixido como o mellor álbum infantil entre trescentos orixinais”.

Referencias varias:

- maré, “Kalandraka fai dez anos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Volume”, 3 abril 2008, p. 35.

Dáse conta de que a ilustradora Natalia Colombo gaña o I Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados coa obra *Cerca*, convocado pola Consellería de Educación e a Editorial Kalandraka. Explícase que esta obra publicouna a finais do 2008 a propia editorial Kalandraka e que tamén foron mencionados polo seu interese outras obras como *Trocas as voltas ao tempo*, de José António Gomes e Gémeo Luís, e *Ovelhina dá-me lá*, de Nicolás Arispe.

- Xesús Fraga e Rodri García, “Estación de letras cruzadas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 278, “Literatura en galego”, “Libros de outono”, 6 setembro 2008, p. 6.

Despois de describir brevemente as últimas novidades da literatura galega de adultos faise o mesmo coas da literatura infantil e xuvenil. Destácanse entre elas esta obra de Natalia Colombo, *Cerca*, gañadora do primeiro Premio Compostela para Álbumes Ilustrados e que sairá nas cinco linguas peninsulares. A seguir cítanse outras como a do escritor Xavier P. Docampo e do ilustrador Xosé Cobas, *O libro das viaxes imaxinarias*. Engádese que Kalandraka publicará tamén unha versión do clásico *Garavanciño*, e Baía edicións, outra d’ *A volta ao mundo en oitenta contos* de Saviour Pirotta e Riechard Johnson, e *O sombreiro chichiriteiro*, primeira incursión de Manuel Rivas neste xénero.

- V. Oliveira, “Imaxinación para grandes e cativos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 outubro 2008, p. 35.

Faise referencia á recollida do I Premio Internacional Compostela por parte de Natalia Colombo, polo álbum ilustrado *Cerca*. Explícase a xénese do mesmo e menciónase a traxectoria da autora. Nun á parte intitulado “Edición” dáse conta de que será publicado en sete linguas e fálase do argumento da obra premiada, as valoracións do xurado, as técnicas empregadas na ilustración e mesmo se indica a web da artista.

- Sandra Cuíña, “Premio Compostela para Natalia Colombo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 outubro 2008, p. 28.

Refírese á entrega do I Premio Internacional Compostela para Álbumes Ilustrados a Natalia Colombo polo álbum *Cerca*, editado por Kalandraka Edicións. Resalta a dotación do premio, 12.000 euros, e na tiraxe da editorial en sete linguas. Párase na

descrición da autora da súa obra e fai mención da técnica multidisciplinar que empregou, mesturando colaxe con pintura acrílica, entre outros.

- Camilo Franco, "Natalia Colombo defiende el álbum ilustrado para adultos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 outubro 2008, p. 50.

Recóllense as palabras da gañadora do premio Compostela polo álbum ilustrado infantil *Cerca*, a arxentina Cristina Colombo. Explícase o argumento da historia e arremétese contra as etiquetas da idade dos libros, e considera que sendo ilustradora e escritora a un tempo é quen de transmitir máis e dun xeito máis claro.

- Ramón Nicolás, "En 'Cerca', palabras e imaxes ían pedindo permiso unhas ás outras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "A entrevista", 8 novembro 2008, p. 16.

Entrevístase a Natalia Colombo, autora do álbum ilustrado de nome *Cerca* co que gañou o I Premio Compostela organizado pola editorial Kalandraka. Destácase a súa recoñecida obra gráfica e a emoción e oportunidades que lle brindou o galardón. Respecto á relación entre Galicia e Arxentina, indícase que coñece o labor da Editorial Kalandraka, e que aposta por acurtar distancias. Explícase que tivo un longo proceso para conseguir unha narración sinxela na que proxecta como metáforas temas tirados da sociedade actual. Remata apuntando as innovacións técnicas nas ilustracións de cada traballo e que este premio reforzou a súa traxectoria como ilustradora.

Cortázar, Julio, *Discurso do oso* (*Discurso del oso*, Libros del Zorro Rojo, Barcelona-Madrid, 2008), trad. Xosé Ballesteros, ilust. Emilio Urberuaga, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], marzo 2008, [24] pp. (ISBN: 978-84-8464-658-7).

O protagonista desta obra, "o oso dos canos da casa", como el se presenta, conta en primeira persoa as súas reflexións mentres pasa a noite a través dos canos dun edificio e observa as persoas que nel viven. Julio Cortázar (Bruxelas, 1914-1984) reflexiona neste conto, situado nun tempo e lugar indeterminados, sobre o mundo dos adultos cun ritmo áxil, baseado en estruturas sintácticas curtas e sinxelas pero cheas de lirismo, como se dun poema se tratase. As ilustracións de Emilio Urberuaga (Madrid, 1954) enchen por completo as páxinas de colorido e convértense na outra linguaxe do libro. Urberuaga emprega tonalidades cálidas para recrear espazos pictóricos cheos de accións e detalles visuais. O personaxe principal, un oso de cor vermella, é o primeiro elemento visual que percibe o espectador, xa que o artista xoga co contraste crómatico para salientar e outorgar protagonismo ao oso, para que así o lectorado centre a súa mirada na acción que está a desenvolver. Son trazos áxiles que confiren dinamismo ás ilustracións e resultan moi cercanos aos máis pequenos. Texto e imaxe únense en perfecta sintonía.

Recensións:

- Xabier P. Docampo, "O oso que soñara Cortázar", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proPostas", "LiX", verán 2008, p. 13.

Con motivo da publicación de *Discurso do oso*, de Julio Cortázar, por parte de Kalandraka, Xabier P. Docampo achégase a este conto e explica que a súa xénese está

no texto escrito en 1952 polo autor para os fillos do poeta Eduardo Jonquières, que despois incluiría na súa obra *Historias de cronopios y famas*, editada polo galego Paco Porrúa. Sinala que neste relato se dá una explicación da orixe dos ruídos que polas noites se propagan polas tubaxes das casas e que ten orixe nos movementos dun oso que vive feliz neses lugares. Das ilustracións de Emilio Urberuaga destaca a grande altura artística, tanto polo emprego só das cores básicas coma polo xogo entre a marcha e os trazos delimitadores, un traballo no que considera que Urberuaga soubo internarse no texto e facer un traballo conxunto de ambas as dúas autorías (escrita e ilustración), que se complementan. Conclúe dicindo que este álbum se converte en paradigma "do tratamento que certos textos necesitan para salvar a eiva de seren unha excepción creativa na obra dos seus autores e gañar o respecto e consideración que merecen".

- María Navarro, "A través do surrealismo. Tenros sentimentos, fortes desexos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 258, "Infantil/Xuvenil", 11 setembro 2008, p. VII.

Salienta o feito de que *Discurso do oso* é o primeiro álbum infantil feito a partires dun relato de Julio Cortázar. Di que o público máis cativo se mete na pel do oso protagonista, limpador de tubaxes e facedor de camiños, nun relato empapado dun realismo máxico e de humor. Destaca que as ilustracións de Emilio Urberuaga que acompañan a narración teñen colorido e placidez de formas e que invitan ao lector a "recrearse no detalle".

Referencias varias:

- A. C. B., "Kalandraka lanza para nenos o 'Discurso do oso', de Julio Cortázar", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Literatura", 16 maio 2008, p. 74.

Despois de se referir á tradución en galego desta obra de Cortázar con motivo do Día das Letras Galegas, saliéntase o feito de que achega ao público infantil a obra dun dos grandes escritores da literatura universal. Sinálase que este relato pertence ao libro *Historias de cronopios y de famas* e que reflexiona sobre a soidade e as peculiaridades da existencia humana.

- Ramón Nicolás, "Dun singular e intenso cómic ao surrealismo 'made in' Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 263, 24 maio 2008, p. 13.

Comenta a obra, *Discurso do oso*, de Julio Cortázar, na que salienta as ilustracións de Emilio Urberuaga e resume o seu argumento, ao mesmo tempo que se refire á obra de banda deseñada *Os cinco narradores de Bagdad*, do autor francés Vehlmann.

Costa, María, *A cor dos amigos*, ilust. Antonio Amago, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e releo, n.º 4, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-43-0).

Con este conto de María Costa preténdese fomentar a educación para a paz, os valores democráticos e a diversidade cultural. É importante a aceptación dos outros sen dar importancia á raza, o sexo ou á condición social, aprendendo a ver as diferenzas como un elemento enriquecedor. O conto nárrase en primeira persoa e fai referencia á escola á que asisten nenos de todos os países. O profesor de música está encantado de ver caras

diferentes e di aos nenos que a música tamén ten diferentes cores, como as persoas. O alumnado tan diferente interpretará cancións dos seus variados países e cada país estará representado por unha cor. Todos os nenos e nenas están contentos porque xogarán a cantar a cor das cancións. O narrador en primeira persoa conclúe dicindo que ten moita sorte de ter na súa escola persoas de todo o mundo para aprender as súas cores e coñecer as súas cancións. O conto pretende que se aprendan valores lendo e o texto ten dúas grafías: na parte darriba aparecen as letras que o lectorado fai cando aprenden a escribir (cursiva) e na parte baixa da páxina, o mesmo texto escrito en maiúsculas, para que se vaian acostumando a ambas as dúas grafías. Ao final do libro aparece un texto para nais e pais e uns exercicios de animación á lectura con información de descarga gratuíta na páxina web www.miniland.es/catalogominilandeducational/librosvalores

Darabuc, *Ollobrusco*, ilust. Maurizio A. C. Quarello, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xaneiro 2008, [33] pp. (ISBN: 978-84-96788-69-5).

Gonzalo García "Darabuc" (1972) narra en terceira persoa as aventuras de Rato, quen decide saír a percorrer o mundo aburrido pola súa vida rutineira. Ao longo do seu devagar polo Mar dos Manteis atopa compañeiros que se lle unen, caso de Can. Ambos os dous acadan o Mar dos Trigais, onde coinciden con Elefante e incrementan así o tamaño do grupo de viaxe. Na seguinte etapa chegan alén da Terra até o Mar das Estrelas e alí coñecen a Ollobrusco, un ser de cor verde, cun só ollo, dúas antenas e numerosos tentáculos. Os tres propoñen ao extraterrestre que se sume á compañía e piden que lles proporcione comida, pero a cambio esíxelles que traballen para el. En realidade Ollobrusco pretende devoralos a todos, obxectivo logrado con Elefante e Can, aínda que Rato logra liberalos grazas ao seu enxeño. O conto mantén unha estrutura tradicional de presentación, nó e desenlace, con tres etapas moi ben diferenzadas polos personaxes e escenarios que aparecen. A súa linguaxe caracterízase polo emprego de fórmulas repetitivas con frases feitas como "e meu dito, meu feito", que marcan a transición aos distintos escenarios. Algunhas partes deste álbum ilustrado por Maurizio A.C. Quarello (Turín) teñen unha estética que bebe de fontes construtivistas: as curvas, o xogo da tipografía do título cos planos, a tonalidade dominante. As imaxes facilitan o seguimento do relato pero tamen é posíbel unha lectura só visual. O estilo figurativo ten un acabado coidado e configura formas rotundas e moi sólidas. Tamén é de subliñar a disposición da tipografía dos textos entre as imaxes e as variacións no tamaño das letras.

Recensións:

- María Navarro, "Estructuras paralelísticas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, "Xuvenil/novidades", 31 maio 2008, p. 11./*Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Infantil/Xuvenil", 22 maio 2008, p. VII.

Narra o argumento do libro de Maurizio Darabuc, *Ollobrusco*, e salienta da obra a creación dun mundo imaxinario que se mestura co real. Indica que a temática rende homenaxe á intelixencia dos máis pequenos e comenta que os personaxes do conto mostran inxenuidade e tamén astucia para vivir situacións positivas. Afirma que se trata dunha obra de enxeño aínda que con ingredientes tradicionais.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, 21 febreiro 2008, p. VII*/La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, 1 marzo 2008, p. 11.

Analiza brevemente na sección fixa do suplemento catro obras ademais desta que se describe, *Ollobrusco*, da autoría de Darabuc e Maurizio A. C. Qarello, a novela curta gañadora do Premio Manuel Lueiro en 2007, *O frío azul* (2007), de Ramón Caride Ogando, e a narración *A venus de cristal*, de Chelo Suárez. Así mesmo, ocúpase tamén brevemente do poemario de Rosa Enríquez, *Vestíbulo da devastación* (2007).

Docherty, Thomas, *Un barquiño coma min* (*Soy un barquito*, 2008), ilust. do autor, trad. de Mª Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de contos, [primeiros lectores], marzo 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9782-708-9).

Neste conto de Thomas Docherty un barquiño cóntanos en primeira persoa que é moi valente xa que é capaz de botar áncoras el só, de cruzar furacáns e remuíños e de navegar cos seus amigos até a fin do mundo, porque non ten medo a nada. As ilustracións figurativas son do autor do conto e complementan o texto, xa que achegan información sobre a situación do barquiño: de perigo, de lecer cos amigos, etc., de tal xeito que reflicten todo o que se di no texto. Para os debuxos emprega sempre cores moi suaves e claras, nada chamativas. Álbum ilustrado de formato pequeno con ilustracións centradas no barquiño, que achegan ao mar en circunstancias moi variadas: tempestades, marusías, mar calma, fondos mariños, etc. As composicións xogan con esquemas diversos: recortes, páxinas enteiras, vista de paxaro e vista dende un anteollo. As cores empregadas son frías, con predominio do azul, sobre o que destacan as cores do barco protagonista: vermello, branco e amarelo. As ilustracións mostran un barco que presenta certas actitudes de persoa polas expresións dos ollos que amosan emocións variadas. A técnica empregada mestura pintura e liñas de cor con rotulador.

Recensións:

- Paula Fernández, "Sinxelo e fermoso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, "Infantil/Xuvenil", 26 xuño 2008, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, "Infantil/Xuvenil", 29 xullo 2008, p. 11.

Dá conta dalgunhas obras do ilustrador inglés Thomas Docherty e salienta que a editorial Xerais acaba de sacar do prelo a tradución do primeiro conto do escritor, *Un barquiño coma min*. Indica que a obra é para nenos de entre cinco e oito anos e resume o argumento no que destaca a moralexa: vencer o imposíbel aínda que un sexa pequeno. Ademais afirma que nos lectores o libro desenvolve os sentimentos da superación, a solidariedade, a amizade e o valor de cooperar cos demais.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, 17 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, 26 abril 2008, p. 11.

Saliéntase esta obra que se describe, *Un barquiño coma min*, de Thomas Docherty, e ademais *O profesor de vegliota*, de Manuel Veiga; *O casal*, de André Evangelista Marques; e *Francisco Taxes e o teatro*, editado por Xurxo Taxes Díaz.

Duran Armengol, Teresa, *¡Que paisaxe!* (*Quin paisatge!*, 2008), debuxos Montse Ginesta Clavell, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 4, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp.(ISBN: 978-84-9782-796-6).

Paco Pérez é un pintor de paisaxes que prepara unha exposición e cada día toma como modelo unha localización distinta: a praia, a horta, o bosque, a montaña, o río, a selva e a cidade. Porén, modelos e cadros non teñen moito que ver: o titulado "A praia" amosa as dunas dun deserto mentres que o que leva por nome "A cidade" é un ceo estrelado. Todos os que van á exposición pensan que Paco pinta moi ben pero non entenden por que os cadros teñen nomes raros. Ao final do conto de Teresa Duran Armengol (Barcelona, 1948), escrito con caracteres caligráficos, os pequenos atopan dúas seccións: o peritexto intulado "A paisaxe" e un "Ecoflash". Na primeira explícanse os distintos tipos de paisaxe (chairega ou de horta, costeira e montañosa), a importancia da auga nela e como as persoas a modificamos. Na sección "Ecoflash" aconséllase ter coidado co lume para non destruír a paisaxe. As ilustracións figurativas de Montse Ginesta de tonalidades cálidas, cuxa técnica empregada é a pintura, están pensadas para acompañar ao texto do relato. Os personaxes principais que aparecen nas ilustracións teñen a mesma expresivade en todas as accións nas que aparecen representados, amosando un carácter amábel e cercano ao espectador.

Eugène, *A vida encaixa* (*Les mises en boîtes*, 2004), ilust. Esperanza León, trad. Emma Lázare, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 36, a partir de 12 anos, abril 2008, 102 pp. (ISBN: 978-84-9782-792-8).

Nesta pequena novela pre-xuvenil, Sachinka é unha rapaza que ten grandes interrogantes que se facer e que realizar aos adultos. Vive nunha vila que se chama Nolo, gobernada por un home da familia dos fundadores, os Reducto, PRoducto, xa que os seus nomes sempre empezan por "p". A vila está gobernada con milimétrica exactitude onde todos os habitantes traballan na fábrica, que produce caixas de todo tipo e función, ou nos estabelecementos do sistema organizado ao redor da marca PRoducto. Sachinka, nun só día, consegue "desencaixar" ao seu pai, ao director da escola e mesmo ao señor Roducto. Dese xeito, os noleses, acaban por rexeitar a súa vida rutineira e rexida por patróns preestabelecidos, guiados polo pai de Sachinka, a propia Sachinka, ademais de polo movemento comunitario que estes xeran. Non se salva a señorita Frémoulu, verdadeira malvada deste conto que manipula aos habitantes da vila e a propio señor Roducto, a pesar da indulxencia final do pobo. Eugène (Bucarest, 1969) critica o consumo, a falta de solidariedade e a vida baixo unha ditadura. Os debuxos monocromáticos en acrílico e colaxe pertencen a Esperanza León (Olivares de Júcar, 1956) e neles mestúrase a realidade coas letras en diferentes composicións: unhas reais e outras imaxinadas. A técnica empregada mestura pintura con recortes e estampacións de distintos obxectos. A atmosfera creada nas composicións é moi expresiva, grazas á variada aplicación da pintura con fregados, salpicados, pinceladas, estampacións, etc. A relación das ilustracións co texto ten connotacións conceptuais polo emprego da

interrogación e de escenarios case abstractos. A cuberta está impresa a cor; no interior as imaxes ocupan toda a páxina en branco e negro. Acompaña ao texto unha biografía de Eugène e unha pequena entrevista con Esperanza León.

Recensións:

- Paula Fernández, "Alegoría. Contra o totalitarismo", *Faro de Vigo*,"*Faro da Cultura*", n.º 265, "Infantil/ Xuvenil", 30 outubro 2008, p. VII.

Cualifica esta obra de simbolista por facer uso da metáfora para transmitirlle aos mozos a realidade do totalitarismo. Di que a novela contén trazos biográficos e se ambienta na ditadura de Ceaucescu en Romanía. Salienta que a protagonista é unha moza, Sachinka, que representa a loita contra o totalitarismo dende a inocencia e inxenuidade mediante o uso da alegoría. Por último dá claves de reflexión sobre diferentes temas ao longo da novela como a solidariedade, a reflexión sobre a sociedade de consumo, a procura da propia identidade ou o espírito crítico.

Farias, Juan, *Galego á beira do mar* (*Gallego a la orilla del mar*, 2006), ilust. Xosé Cobas, trad. Xavier Senín e Isabel Soto, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado mozo], abril 2008, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-667-9).

Este conto de Juan Farias (Serantes, A Coruña, 1935) comeza cunha dedicatoria a Peter Pan coa que se alude á historia que se vai desenvolver. Tras a presentación do personaxe principal, o Rapaciño, iníciase, a través dun narrador omnisciente, a descrición da vila na que habita, "A Carón do Mar", que vai adquirindo trazos cada vez máis minuciosos, cada vez máis persoais, ateigados de acordanzas do protagonista e capaces de portar ao lectorado ao seu microcosmos particular, no que a historia máis fermosa que lle puido acontecer, a historia do seu amor con Ela, perdura por sempre. A linguaxe coa que Juan Farias refire os eventos máis importantes que tiveron lugar na vida do Rapaciño é nidia e sinxela; como cando marcha vivir coa familia da súa filla, a Roxa, cando lle aprende os segredos da pesca e do mar ao seu neto, o Pencas, ou mesmo cando ten que aceptar que xa ten unha idade na que non pode facer segundo que cousas. O labor ilustrativo de Xosé Cobas (Negreira, A Coruña, 1953) mediante o uso de cores claras e figuras de trazos suaves, consegue transmitir visualmente as ideas de respecto e tolerancia cara aos maiores, desenvolvidas na trama. Na derradeira páxina do conto aparece un glosario centrado na explicación dos tipos de embarcación mencionados no conto, acompañados da conseguinte ilustración.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "O percorrer dos anos", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "*Bulebule*", 26 xuño-3 xullo 2008, p. 30.

Comenta que *Galego á beira do mar* é un álbum ilustrado escrito nunha prosa poética e que versa sobre os anos finais do protagonista, un vello que lembra a súa vida e bota en falta á súa muller. Afirma que a obra está chea de nostalxia, de imaxes líricas e sentimentos.

- Xabier P. Docampo, "Un regalo da melancolía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 273, "Álbum ilustrado", 2 agosto 2008, p. 7.

Analízase o libro *Galego. Á beira do mar* do que se indica que é un álbum ilustrado con textos de Juan Farias e debuxos de Xosé Cobas. Comézase destacando o "prexuízo" de pensar que un álbum ilustrado é para nenos e continúa describindo o argumento da obra, que narra "a conmovedora historia dun home que xa se sente coma a súa embarcación". Lóase a "mestría literaria" do autor dos textos e faise referencia ás ilustracións, que cualifica coma "un xogo de continuas suxestións cromáticas".

- María Navarro, "Evocación nostálxica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 265, "Infantil/Xuvenil", 30 outubro 2008, p. VII.

Comeza describindo o argumento do libro *Galego. Á beira do mar*, a historia da vida de Rapaciño. A continuación, pasa a valorar a forma de escribir do autor do libro, Juan Farias, da que afirma que ten "ausencia de conectores" e "repetición de nomes", pero tamén que fai "insinuantes referencias a tempos pasados". Considera que o libro "quizais chame a atención do lector mozo porque hai referencias explícitas a un comportamento exemplar" e que "fará reflexionar o adulto". Remata facendo referencia ás ilustracións de Xosé Cobas, que "mantén co texto unha simbiose perfecta".

Farias, Marta, *A viaxe do bisavó* (*El viaje del bisabuelo*, 2008), trad. Manuela Rodríguez, ilust. Aitana Carrasco, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], abril 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-665-5).

Este relato de Marta Farias (Madrid, 1967) comeza cunha dedicatoria "Aos soños que se cumpren e aos que nunca chegan a cumprirse". Un narrador omnisciente describe ao seu bisavó, un gran xefe indio que adopta costumes modernos (o chapeu e un caxato) en lugar de plumas, propias dos indios. Explica como o seu avó sempre quixera viaxar ao outro lado do océano e que baixaba á praia todos os días na busca desa aventura, e como foi aprazando unha e outra vez a súa viaxe para axudar a unha tartaruga, porque o moito vento lle estragou o tellado da casa e a barca, o nacemento da sua filla (a avoa do narrador) e como moitos anos despois, cando o bisavó volveu baixar á praia, xa non quería navegar. Ademais a avoa contaxiada polo bisavó tamén quería "cruzar o mar" e que ela si o conseguiu, e na outra parte do mundo descubriu cousas novas. A seguir nárrase a nova vida e indícase que lle custou acostumarse porque tiña morriña e así pasaba os momentos libres na azotea do edificio máis alto da cidade para recibir os seus sons infantís. Nesas visitas á azotea coñeceu a un mozo até que remataron namorándose e tendo fillos de raza mesturada, unha das cales é a nai do narrador coa descrición da cal remata o relato. Nas ilustracións de Aitana Carrasco Inglés (Valencia, 1978) refórzanse as características raciais dos personaxes: a cor da pel, os ollos rasgados o peinado; tamén hai máis información da que achega o texto sobre as paisaxes de ultramar e as vestimentas dos protagonistas. As cores son intensas co maior protagonismo de azuis e laranxas.

Recensións:

- María Navarro, “Historia de ilusións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 256, “Infantil/Xuvenil”, 10 xullo 2008, p. VII.

Narra o argumento do conto de Marta Farias, *A viaxe do bisavó*, e destaca as ilustracións de Aitana Carrasco, cuxas imaxes chegan a converterse en símbolos cargados de expresividade. Indica que a obra mostra gran riqueza de valores, xa que ensina aos nenos o respecto polo medio ambiente, a responsabilidade no coidado dos fillos, a emigración e inmigración, a mestizaxe, a existencia doutras culturas, etc., e todo dentro do marco fundamental que é a familia.

Franz Rosell, Joel, *Don Agapito o apesarado* (*Don Agapito el apenado*, 2008), ilust. Federico Fernández, trad. Xosé Manuel González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], xullo 2008, 45 pp. (ISBN: 978-84-8464-675-4).

Don Agapito acaba de xubilarse e quere ocupar o seu tempo. Sen decatarse, vai asumindo as preocupacións dos seus veciños e vainas gardando en gaiolas. As penas esixen tantos coidados como os animais de compañía: aliméntanse de pensamentos, teñen necesidades fisiolóxicas e supoñen moito traballo. A presión é tanta que o propio Agapito se ve invadido por unha mágoa: a de non poderse ocupar axeitadamente das mágoas alleas e comprende que o xeito de liberarse dela, e de axudar aos demais a facelo, é atacala de raíz. O texto de Joel Franz Rosell (Cuba, 1954) está escrito nunha linguaxe dinámica e actual, coma se o estivesen contando de viva voz, e o narrador faise visíbel e próximo en múltiples ocasións. As ilustracións figurativas de Federico Fernández (Vigo, 1972) destacan pola composición moi libre, xogando coa disposición das páxinas e o texto. Son imaxes dinámicas nas que se utiliza a curva e a diagonal. As figuras están realizadas con pintura espesa, con uso do clarescuro. As cores son escuras e mesturadas, facendo gran contraste sobre o fondo branco das páxinas. As imaxes resolven dun xeito visual surrealista a visualización dos pesares que o protagonista pecha dentro das gaiolas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, “Saber escoitar”, *A Nosa Terra*, n.º 1.331, “*Bule Bule*”, 30 outubro-5 novembro 2008. p. 30.

Fala da tradución ao galego do libro *Don Agapito o apesarado*, do autor Joel Franz Rosell, que trata a historia de Don Agapito mentres se acostuma á súa xubilación, “comezou a observar, logo a escoitar para, de último, rematar axudando á súa veciñanza”. Comenta que o estilo do libro é “sinxelo, linguaxe expresiva, e narrado en terceira persoa, o que facilita o labor de contacontos por parte dos pais”. Destaca que o conto invita a “reflexionar sobre a sociedade na que vivimos” e cualifica as ilustracións de Federico Fernández como “vivas e orixinais”.

- María Navarro, “Para todas as idades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 271, “Infantil/Xuvenil”, 27 novembro 2008, p. VII.

Explica que o argumento de *Don Agapito o apesarado*, de Joel Rosell, se basea nun tema real e que o enfoca na dobre “soidade” dun xubilado. Destaca que o autor amosa o

valor do servizo que prestan os xubilados na sociedade pola súa experiencia, tranquilidade e paciencia. Indica que se trata dun texto adecuado para calquera idade do lectorado. Remata precisando que as ilustracións de Federico Fernández achegan unha "deformación necesaria para causar extrañeza".

Galeano, Eduardo, *Historia da resurrección do papagaio* (*Historia de la resurrección del papagayo*, 2008), ilust. Antonio Santos, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], decembro 2008, [24] pp. (ISBN: 978-84-8464-685-3).

Este conto de Eduardo Hughes Galeano (Montevideo, Uruguai, 1940) que fora publicado orixinalmente no libro *Las palabras andantes* (1993) está inspirado nunha lenda brasileira. A morte accidental dun papagaio, que se asomou a unha ola fervendo, enche a todos de tristura: á nena, á laranxa, ao lume, ao muro, á arbore. Un arteiro alfareiro consegue que ao final o papagaio volva á vida. Neste libro as ilustracións de Antonio Santos son fotografías de pezas de madeira torneadas e pintadas. Son figuras de persoas e animais toscas, que recordan a artesanía de Centroamérica. As cores son moi alegres e saturadas e contrastan contra o fondo branco. As composicións varían os puntos de vista e as esculturas de madeira vense moi de cerca con gran definición.

Gil Martínez, Carmen, *Iván, o cabaleiro valente* (*Iván, el caballero valiente*, 2008), debuxos Bernardette Cuxart Picart, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 12, [lectorado autónomo], setembro 2008, 20 pp. (ISBN: 978-84-9782-804-8).

Carmen Gil (Línea de la Concepción, Cádiz, 1962) presenta unha curta pero precisa clase de historia en forma de conto dentro do conto, para permitir que Iván poida protagonizar a súa aventura de "cabaleiro Valente" no escenario simulado que da Idade Media ofrece a súa localidade, que celebra a súa festa medieval, e ao que acode coa súa profesora e xunto ao resto dos seus compañeiros de clase. A narración en pasado e en terceira persoa combínase co estilo directo das intervencións dos personaxes e ocupa un espazo menor á esquerda das composicións, compartíndoo coas ilustracións de Bernardette Cuxart Picart (Barcelona, 1965) que o acompañan a dobre páxina e que reflicten fiel e detalladamente cada unha das escenas descritas no conto. A cuberta recolle un detalle da escena de Iván no castelo. Nela, xunto a el vese a mesma pomba que está presente en todas as páxinas do conto e que é un elemento lúdico que serve de aliciente á lectura, pois, como se indica na contracapa do libro, o lector debe intentar localizala en todas as escenas; con iso conséguese que o debuxo motive novas lecturas e que estas, se cabe, resulten aínda máis amenas. Ademais contén dúas páxinas finais á marxe, pero ao fío desta historia: a da esquerda é un peritexto, intitulado "A historia", que recolle unha sinxela reflexión sobre a historia e unha breve exposición dos cambios da vida do home co paso do tempo, así como un ecoflash co consello de pensar no medio ambiente e de evitar comprar obxectos elaborados con materiais contaminantes: unha chiscadela ao futuro que completará a nosa historia pasada e presente, en definitiva; a da dereita ilustra diferentes escenas da nosa vida cotiá en comparación con outras similares no pasado. Nas ilustracións as cores son alegres e variadas e as formas están rodeadas dunha liña fina de cor negra. Nas composicións aparecen os nenos dunha clase e, no deseño dos protagonistas, hai características físicas moi variadas: diferentes

cores de pel, distintos tipos de cabelo, hai nenos con gafas, e esta información da diversidade da clase aparece só de forma visual, non hai referencias no texto.

Gómez Cerdá, Alfredo, *Cha-ca-pun* (*Cha-ca-pun*, 2007), ilust. Paz Rodero, trad. Gabriel Anxo Botana, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 6 anos, 2008, 41 pp. (ISBN: 978-84-7942-294-3).

Alfredo Gómez Cerdá (Madrid, 1951) relata unha máxica historia sobre un tren moi vello e os seus pequenos trasnos que respondían ao nome de Cha, Ca e Pun. Era un tren sen horarios de saída ou chegada. Os trasnos ananos descravaban os raís por detrás, unha vez que pasaba o tren e volvían cravalos por diante. O maquinista chamábase Don Zenón e coleccionaba pipas. Era o tren máis lento. Un día os trens modernos reuníronse e queixáronse de que o vello tren era un desprestixio para eles. O director decidiu retirar o vello tren da circulación e levárono a unha gran sala do Museo do ferrocarril. Centos de persoas visitábano e tocábano todo. Unha mañá desapareceu do Museo e ninguén o puido atopar. As ilustracións de Paz Rodero (Salamanca, 1957) son atractivas e coloristas e aclaran o final feliz do tren co debuxo das derradeiras páxinas do conto.

Recensións:

- María Navarro, "Tenra historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 264, "Infantil/Xuvenil", 23 outubro 2008, p. VII.

Presenta a colección "Librosauro", da editorial Macmillan, que se inaugura con *Cha-ca-pun*, de Alfredo Gómez Cerdá, galardoada co premio Cervantes Chico. Afirma que a historia de Cha-ca-pun é "tenra e curiosa" e está protagonizada por un tren vello, conducido por un maquinista vello e axudado por tres trasnos. Apunta que se trata dun texto "sinxelo que encerra múltiples valores asociados a cuestión como a utilidade das cousas ou ao carácter servicial das persoas" e para iso escolle personaxes reais e fantásticos cos que crea un mundo fantástico para educar na tolerancia e a concordia.

Gomi, Taro, *Quen fala? As partes do corpo opinan* (*Karada no minasan*, 2002), ilust. o autor, trad. Maki Fukuhara e Chema Heras, Vigo: Faktoría K de Libros, [lectorado autónomo], agosto 2008, [28] pp. (ISBN:978-84-96957-43-5).

Taro Gomi (Tokio, 1945) trata neste conto didáctico non só dos cinco sentidos e a súa percepción dos elementos que gustan, cheiran, tocan, ollan e escoitan, senón que tamén acompañados das partes do corpo que reaccionan ante estímulos e situacións. Esas partes, físicas ou psíquicas, van xerando a acción a partir dun caramelo que aparece no peto do pantalón de Pablo e decide comelo, ir ao parque, espirse pola calor, vestirse pola razón, beber pola sede e acabar descansando nun parque onde todas as partes do corpo opinan e falan das sensacións, sentimentos e razoamentos que lles competen. A imaxe, infantil e primaria, ten o punto cómico parello á narración e utiliza a falta de profundidade e a ausencia das tres dimensións sen deixar os detalles espallados polos recunchos das páxinas. Estas ilustracións, feitas polo autor dos textos, son moi sinxelas, figurativas pero cun alto grao de simplificación que non lle resta expresividade. Están centradas no protagonista, que ocupa toda a páxina e ao seu redor hai pequenos debuxos

esquemáticos de obxectos que o acompañan. Nas composicións o autor xoga coas imaxes e coa distribución dos textos.

Grimm, J. e W., *A casiña de chocolate* (*Hänsel und Gretel*, 1812), ilust. Pablo Auladell, trad. Marta Rincón e Laura Almazán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os Contos do Trasno, [lectorado autónomo], marzo 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-8464-663-1).

Esta reedición do conto clásico dos irmáns Grimm, Jacob (Hanau, Frankfurt, Alemania, 1785-1859) e Wilhelm (Hanau, Frankfurt, Alemania, 1786-1863), publicado co título orixinal de *Hänsel und Gretel* en 1812, traducido ao galego no ano 1998 e agora en 2008 no novo formato da mesma colección de Kalandraka Editora. As variacións desta nova edición afectan a un cambio de ilustrador (Pablo Auladell, en lugar de Macu Fontarigo) e ao contido, xa que na cuberta da tradución de 1998 se indicaba que Xoán Couto adaptaba o texto dos irmáns Grimm. Por medio dun narrador en terceira persoa, cóntase a historia dun leñador, que baixo a influencia da súa muller, decide abandonar aos fillos na fraga, ao non ter que lles dar de comer. Hänsel, que sabe o que lles vai suceder, recolle seixos para deixar pegadas e volver sobre elas de regreso a casa. Volven, pero a madrasta convence ao pai para que os abandone unha vez máis. Esta vez, os nenos só poden deixar migallas de pan, pero os paxaros cómenllas, e non saben o camiño de volta. Chegan a unha casa recuberta de chocolate, que construíu unha bruxa con forma de paxaro para atraer aos nenos e comelos. Primeiro, quere cebar a Hänsel mentres Gretel come as sobras. Gretel consegue meter á Bruxa no forno, sen que poida saír. Libera ao seu irmán e collen da casa unhas pedras preciosas, coas que volven á casa a vivir felizmente co pai, sen a madrastra, a cal xa falecera. Por outra banda, o conto contén ilustracións coa técnica da acuarela e do acrílico de Pablo Auladell (Alicante, 1972) que destacan polas cores escuras, onde os elementos da natureza (os paxaros e as árbores) axexan aos nenos na súa andaina pola fraga e transmiten a desesperación e a ameaza que viven ao saberse abandonados. Porén, as cores transfórmanse cando chegan á casa de chocolate, vólvense máis claras, pero só é unha simple aparencia. Visualmente este relato achega moita expresividade a través da técnica empregada: a textura das formas, os bordes pouco definidos dos personaxes figurativos, os fondos traballados con fregados e veladuras e a mestura da pintura co debuxo a lapis nalgúns animais.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Había unha vez un país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Infantil", 19 marzo 2008, p. 34.

Dá conta das publicacións de Kalandraka, que decidiu incorporar á literatura en galego obras como esta, *A casiña de chocolate*, dos irmáns Grimm. Tamén cita *Orellas de bolboreta*, de Luisa Aguilar, e *A caricia da bolboreta*, de Christian Voltz. Por último, refírese a *Sar*, *Sarela*, *e os monstros de Compostela* (2006), de Paco López Barxas e Kiko da Silva, quen debutou na literatura infantil coa obra *O ladrón de páxaros* (Baía Edicións, 2006).

- Araceli Silva, "Unha década de libros para soñar", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*",

n.º 404, “Mil primaveras máis”, “Reportaxe”, 30 marzo 2008, pp. 6-7.

Despois de recordar que a editorial Kalandraka cumpre unha década no mercado do libro e de destacar a satisfacción de ter achegado algo novo á cultura galega: o álbum ilustrado, e que o 2 de abril de 1998, coincidindo co Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil, comezou a súa andaina, comenta que dez anos despois, publica dous libros para conmemorar este aniversario, *A casiña de chocolate e Os tres osos*, contos clásicos universais e que despois de dous anos publicando exclusivamente en galego, quixo abrir outras portas e publicar noutras linguas.

- J. G., “Libros para seguir soñando outros dez anos”, *Diario de Ferrol*, “Aniversario”, 3 abril 2008, contracuberta.

Salienta que a editorial Kalandraka cumpre unha década no mercado do libro. Lembra que o 2 de abril de 1998, coincidindo co Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil, comezaba a súa andaina esta editorial. Engade que, dez anos despois, publica dous libros para conmemorar este aniversario, *A casiña de chocolate e Os tres osos*, contos clásicos universais.

- Rosabel Candal, “As ilustracións dos contos de Kalandraka”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 736, “Exposicións”, 23 novembro 2008, p. 9.

Comenta que a Editorial Kalandraka e máis a Secretaría Xeral de Política Lingüística están a desenvolver a campaña “Cantar e contar: ler na nosa lingua” para promover a lectura en galego. Indica que o proxecto está formado por exposicións das ilustracións dos libros da editorial, como *A verdadeira historia de Carapuchiña*, *Os sete cabritos*, *A casiña de chocolate*, ilustrada por Pablo Auladell e reeditada con motivo do décimo aniversario da editorial, e o recente *Os tres osos*, do que se ofrecen os orixinais realizados polo estremeño Miguel Tanco. Dá conta dalgúns dos ilustradores máis coñecidos. Tamén informa sobre os horarios da exposición e os lugares nos que se realizará. Outras actividades paralelas son as sesións de contos e música e a mostra de instrumentos musicais antigos.

Honrado, Alexandre, *O soño de Xelá*, ilust. Marta Torrão, trad. do portugués Verónica Camiña, Pontevedra: OQO Editora, col. Q Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, agosto 2008, [92] pp. (ISBN:978-84-96788-72-5). ■

Empregando prosa poética e diferente tipografía (negriña, letra de diferentes tamaños...) nesta obra de Alexandre Honrado (Lisboa, 1960) relátase unha historia fantástica co uso do “nonsense”. Miguel viaxa cos pais para quedar na casa de seus avós; é un rapaz moi imaxinativo que ve o coche no que vai coma unha teteira botando vapor. Cando chegan, Miguel atopa ao avó lendo nun libro. Cunha técnica que semella o realismo máxico de García Márquez pero pensado para nenos, o avó indícalle ao neto o camiño para gozar dos libros. Miguel ármase de valor e, exclamando “tremelicantementetremelicante!”, déixase caer polo buraco negro do punto final. O neno bate cun gnomo, Álex, ou mellor Xelá por mor de verse reflectido o nome no espello, quen o introduce en sucesivos mundos de fantasía con ríos de cristal sen auga, cogomelos que falan, peixes con cabeza humana, desertos de azucre, mancheas de criaturas estrañas e mesmo quenotipos como os televisores, que conectan o mundo fantástico coa realidade cotiá. Miguel vive moitas

aventuras fantásticas naquel novo mundo de Xelá até que cae de novo no punto final e se atopa ao carón do seu avó, que lle di que todo foi un soño. Porén, o avó parécese moito a Xelá e no peto de Miguel está unha cinta vermella con adornos dourados que pertencía ao mundo fantástico e que dá fe da súa existencia. As ilustracións de Marta Torrão (Lisboa, 1974) neste volume de coidada edición, con tapas duras, gardas decoradas, papel satinado e ilustracións en todas as páxinas, son de estilo figurativo realizadas con lapis de grafito e pintura e con cores suaves predominantes. Os personaxes, concibidos cun estilo estilizado, dispóñense nunhas composicións nas que a imaxinación do ilustrador se pon ao servizo da narración dos soños de Xelá.

Igerabide, Juan Kruz, *Munia dorme baixo a manta* (*Munia ohe azpian lo*, 2008), debuxos Roger Olmos Pastor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 8, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-800-0).

Munia é unha nena que vai ter un irmán. Os seus pais están no hospital e ela debe quedar co avó. Sacada da súa rutina, Juan Kruz Igerabide (Aduna, Guipúscoa, 1956) fala dos seus medos á hora de ir durmir e do que bota de menos, como son o sabor das comidas de mamá ou a voz tranquilizadora do seu pai ao lerlle o conto de todas as noites. Munia cre ver ogros no teito da habitación mentres un ratiño a observa, rato que o lector debe tentar localizar en todas as páxinas, coma se dun xogo se tratase, tal como se indica na contracapa do libro. As cores do escenario das ilustracións a dobre páxina de Roger Olmos (Barcelona, 1975) son pardas, en consonancia coa noite; a araña da primeira folla, o ogro e, en xeral, todos os personaxes do conto, que recordan aos debuxos de Tim Burton (especialmente polos seus ollos, o seu pelo e as súas mans), resultan tétricos e serven igualmente ao propósito de representar os terrores infantís nocturnos. Ademais contén dúas páxinas finais á marxe, pero ao fío desta historia: a da esquerda é un peritexto, intitulado "Vivimos en familia", cunha sinxela reflexión sobre a familia, nas súas distintas manifestacións, máis ou menos tradicionais, e con consellos sobre o correcto comportamento na contorna familiar e na casa, así como un ecoflash co consello ecolóxico de pensar no medio ambiente e evitar empregar pratos, vasos ou cubertos dun só uso nas celebracións familiares; a da dereita é o debuxo dunha familia pondo a mesa e no que se pode observar que todos colaboran nesta tarefa doméstica. Estas ilustracións figurativas ocupan dobre páxina. Están centradas no pensamento da nena para visualizalo. É de salientar un xogo visual que mostra un pequeno rato que aparece e desaparece o longo de todo o relato. As cores empregadas son pouco saturadas e a técnica empregada é a pintura.

Igerabide, Juan Kruz, *Querido tolo*, ilust. Tesa González, trad. Gabriel Anxo Botana, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 6 anos, 2008, 44 pp. (978-84-7942-296-7).

Este conto de Juan Kruz Igerabide (Aduna, Guipúscoa, 1956) é a historia de amor e desamor entre dous cans veciños, unha cadeliña pequena, simpática e coqueta chamada Pitimininonseiqué, cuxa dona é unha nena, e Bartolo, cuxo dono, forte e mandón, chama abreviadamente Tolo. Ao comezo ningún dos cans se gustan: Pitimininonseiqué porque pensa que Tolo é feo, baboso e sen graza, e Tolo porque considera que a cadeliña é pequena, frouxa e que cheira demasiado a xabón. Pero todo cambia un día para Pitimininonseiqué, que comeza a ver a Tolo con outros ollos; empeza a atopalo

atractivo e, de golpe, séntese namorada. A partir dese momento, vai facer todo o posíbel para que o can se fixe nela: vai acurtando aos poucos a distancia que os separa, refrégase na herba para non cheirar tanto a champú e tenta que o can se fixe nela. E así foi. Tolo cae finalmente nas súas redes e, considerando que a cadeliña está moi fraca porque a súa dona non lle dá suficiente comida, invítaa a compartir o seu prezado anaco de salchichón. Pero á cadeliña non lle gusta en absoluto o salchichón e, este pequeno detalle, provoca que se rompa o encanto e, de novo, os cans deixen de interesarse o un polo outro e volva cada un á súa correspondente rutina. Dende o punto de vista tipográfico o conto presenta unha interesante diferenza: utilízanse dous tipos de letras distintas, unha máis fina en cursiva cando a que se expresa, de forma directa ou indirecta é a cadeliña, e outra máis grande e redonda cando a voz a ten o seu veciño Tolo. Ademais cada dúas páxinas van comunicándose de xeito alternante os dous cans e o texto vai perfectamente acompañado cos coloristas debuxos figurativos de Tesa González (Getxo, Biscaia, 1962) que ilustran de forma sincrónica cada unha das situacións narradas. Presenta aos cans cun aspecto amábel e simpático. As referencias espaciais son moi sinxelas e seguen as indicacións dos textos. As composición están pensadas arredor dos cans e presentan unas cores suaves.

Kipling, Rudyard, *Como se fixo o alfabeto* (*How the alphabet was made*, 1900), trad. Xesús Constenla, ilust. Luís Rapela, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado mozo], 2008, 63 pp. (ISBN: 978-84-95460-90-5).

Volume que acolle dous relatos, "Como se fixo o primeiro alfabeto" (How the alphabet was made) e "Como se escribiu a primeira carta" (How the first letter was written), publicados por Rudyard Kipling (Bombay, 1865-Londres, 1936) no volume *Just So Stories* en 1902. O primeiro relato comeza coma os contos tradicionais, coa típica frase de "había unha vez, hai moito moitísimo tempo…" para logo narrar a historia dunha cativa chamada Taffy que vai pescar carpas co seu pai ao río. A lanza rompe e Tegumai, o pai, esquecera levar unha lanza de reposto. Como a súa filla non pode voltar soa á aldea a buscala, cando aparece pola beira un forasteiro dunha tribo afastada e, mentres o seu pai trata de amañar a lanza, ela, rabuñando nunha cortiza de bidueiro, debuxou o que o forasteiro pensou era a forma que a nena tiña de amosar os seus problemas. Pensou en axudar á nena e botouse a correr rápido coma o vento cara á tribo de Taffy. O forasteiro entregou o debuxo á nai de Taffy que nada máis velo, púxose a berrar coma unha tola e abalanzouse contra o forasteiro. Amosoulles o debuxo aos demais que o interpretaron como un ataque a Tegumai. Toda a tribo de Tegumai, decidiu que primeiro o forasteiro habería de conducilos río abaixo até levalos ao lugar onde tiña agochada á Taffy e logo cortaríanlle a cabeza. Cando chegaron ao lugar Taffy preguntoulle para qué trouxo a tanta xente e que andaban a lle facer ao seu amigo o forasteiro. A culpa tíñaa o debuxo e a súa interpretación. O relato remata coas palabras do xefe da tribo que di que algún día a xente ía chamar ao invento de Taffy escritura e que os debuxos non sempre se entenden ben. Cando se fagan letras e sexan capaces de lelas e escribilas diranse cousas sen erro ningún. O segundo relato continúa cos mesmos protagonistas e a voz narrativa é omnisciente. O texto está cheo de diálogos entre o pai e a súa filla mentres inventan o alfabeto baseado en debuxos simplificados de elementos da nai natureza. A acción ten lugar unha semana despois e menciona as circunstancias e consecuencias do invento anterior. Baixo a superficie agradábel e humorística atópanse aspectos abstractos que se centran no tema do sistema de signos. O argumento baséase en que a tribo de Tegumai pode falar a súa lingua, mais non pode escribila. Por isto a

historia trata da invención dun código alfabético que se corresponde con sons.

Klein, Sérgio, *Poderosa. Diario dunha rapaza que tiña o mundo na man* (*Poderosa: Diário de uma Garota que Tinha o Mundo na Mão*, 2006), trad. Mercedes Pacheco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 115, [mocidade], xullo 2008, 247 pp. (ISBN: 978-84-9782-823-9).

Joana Dalva é unha adolescente que está a sufrir esas transformacións propias do seu mundo. Acaba de facer catorce anos e non ten a menstruación, o rapaz que lle gusta parece estar detrás da rapariga máis popular da clase e os seus pais están a piques de divorciarse. Sobre amor, relacións interxeracionais e de amizade, desenvólvese esta novela xuvenil, de tintes cómicos, alén da homenaxe ao oficio de escritor e a forza cativadora das palabras escritas, todo da man de Sérgio Klein (Brasil). A acción parte do traballo sobre Xoana de Arco que Joana -cuxa nai é profesora na facultade de Historia e especialista na heroína francesa- debe realizar con outras dúas compañeiras. Decide inventar un final no que Xoana de Arco non é queimada na fogueira porque o seu médico e amado Louis-Auguste -nome sospeitosamente parecido ao do rapaz da clase que lle gusta- inmólase por ela. Logo, Xoana de Arco viviría anos e axudaría a Francia nos destinos do país. Despois do cero no traballo e a rifa do profesor, descóbrese, polas últimas investigacións arqueolóxicas, que Xoana de Arco salvouse e viviu moitos máis anos, aprendendo a ler e escribindo un diario. Joana decátase de que ten a capacidade de cambiar o curso dos acontecementos pasados e futuros. Así, fai que os seus pais se apaixonen de novo, que a súa avoa, con Alzheimer, volva ter saúde, mesmo ser unha rapariga de trece anos coma ela ou que resucite o can morto do seu amigo Júnior. Finalmente, Joana Dalva acaba por deixar que a vida siga o seu transcurso, deixando o seu poder de lado e vivindo os cambios da adolescencia coas súas limitacións.

Recensións:

- Ruth López, "Dona dun poder insospeitado", *El Progreso*, "Vivir", 22 setembro 2008, p. 71.

Coméntase esta novela, *Poderosa. Diario dunha rapaza que tiña o mundo na man*, de Sergio Klein. Salienta que recibiu o Premio Jabuti na categoría infanto-xuvenil. Indícase que nela se conta o quefacer diario de Joana Dalva, unha rapaza que soña con ser escritora, pero que ten o problema de que cada cousa que ela escribe provoca cambios tanto no pasado coma no presente. Dese modo vaise mesturando na obra e na propia vida da protagonista a realidade coa ficción.

- Xosé M. Eyré, "Unha heroína diferente para substituir a Harry Potter", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "Cultura", "Crítica", 9-15 outubro 2008, p. 32.

Comeza reflexionando sobre quen será o sucesor, en canto a éxito, de Harry Potter e propón como candidata a Joana Dalva, a protagonista da saga de libros *Poderosa*, do autor brasileiro Sérgio Klein. Compara ambos os dous títulos e chega á conclusión de que "*Poderosa* é unha novela de formación de maneira moito máis diáfana que Harry Potter", aínda que "tampouco estea exenta de tópicos". Dise que é unha novela realista

que integra o mundo máxico e que fala dunha garota de clase media alta. Remata destacando que non cre que na tradución dende o portugués "sexa necesario algo máis que unha simple adaptación gráfica".

- Montse Pena Presas, "Explotar o humor", *Xornal de Galicia*, "*Exit*", n.º 3, "Ler con nenas", 26 decembro 2008, p. 14.

Comenta que *Poderosa* é un "dos mellores libros xuvenís" publicados no ano 2008 e que forma parte da "raquítica porción de literatura brasileira" que chega ao marco ibérico. Destaca as características que lle auguran "ser un éxito", a historia, os personaxes, a mestura de verosemellanza e fantasía, entre outras mais céntrase en reparar no seu humor intelixente e divertido. Remata apuntando que en Brasil xa está publicada a cuarta parte desta saga.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, 18 setembro 2008, p. VII.

Sección fixa onde teñen cabida a modo de recomendación libros como este que se describe, *Poderosa*, de Sérgio Klein, xunto a *Sagarmatha* (2005), de Josep-Francesc Delgado.

Lionni, Leo, *A casa máis grande do mundo* (*The Biggest House in The World*, 1968), ilust. do autor, trad. Xosé Manuel González Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], decembro 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-699-0).

Leo Lionni (Ámsterdam, 1910-Toscana, Italia, 1999) presenta a unha familia de caracois que vivían nunha saborosa verza e coa casa ao lombo percorrían toda a planta en busca das follas máis tenras. Un día un caracol fillo díxolle ao seu pai que cando fose maior tería unha casa moi grande. O pai respondeulle que iso é unha bobada porque as cousas grandes non son sempre as mellores. O pai cóntalle a historia dun caracol que dicía o mesmo ca el e que se estiraba de mil xeitos para poder agrandar a súa casa, a pesar de que o seu propio pai lle dicía que a súa casa debía ser o máis lixeira posíbel. Cando a súa casa tiña o tamaño dun melón seguiu movéndose para que lle saísen unha especie de pináculos e engadirlles cores. Estaba feliz e orgulloso porque as bolboretas pensaban que era unha catedral ou un circo polo seu tamaño e colorido e até as ras se fixan na súa casa tan grande e fermosa. O seu problema chegou cando os caracois comeron todas as follas e teñen que marchar cara a outra verza. O pequeno caracol non pode moverse porque a súa casa é demasiado pesada e termina morrendo, abandonado. O pequeno caracol que escoita a historia recapacita e decide que a súa casa será pequena porque así poderá levala onde queira. Cunhas ilustracións que mostran unha natureza exuberante termina a historia do caracol gozando do campo. Nunca se esqueceu da historia que o seu pai lle contou. As ilustracións están feitas polo mesmo autor dos textos. As imaxes dos caracois están debuxadas dende o punto de vista dos animais, a contorna que se ve son as follas da verza que comen ou o chan debuxado co horizonte moi baixo. Son pinturas realistas nas cores e no deseño dos caracois e amosan liberdade de composición e deseño na parte fantástica do conto.

Lowry, Lois, *Conta as estrelas* (*Numbers the Stars*, 1990), ilust. de cuberta Rocío del Moral, ilust. interiores Juan Carlos Sanz, trad. Montserrat Bascoy Lamelas, Barcelona: Planeta & Oxford, col. Nautilus, n.º 12, a partir de 12 anos, marzo 2008, 152 pp. (ISBN: 978-84-9811-139-2).

A través dos dezasete capítulos titulados e do epílogo que compoñen o volume, Lois Lowry (Boston, 1937) aborda neste libro, un dos máis populares da súa estensa produción, polo que recibiu a Medalla Newbery, a solidariedade do pobo danés cos xudeus durante os cinco anos de ocupación nazi que sufriu o país. A través da voz dun narrador omnisciente coñecemos a Annemarie, a protagonista de dez anos, que observa como muda a súa realidade cotiá coa chegada a Dinamarca das tropas alemás e co comezo da persecución dos xudeus daneses en 1943. Daquela, a súa familia, os Johansen, asomen o risco de acoller a Ellen Rosen, a súa veciña e mellor amiga, para salvarlle a vida, e fana pasar pola súa irmá. Annemarie é moi consciente do que pasa, pois, ademais de sufrir a escaseza de alimentos e a morte de súa irmá maior Lise dúas semanas antes da súa voda con Peter Nielsen, un mozo membro da Resistencia, seu pai explícalle o que acontece e mesmo as razóns da rendición de Dinamarca a Alemaña en 1940: o país era pequeno e non contaba cun exército, de aí que por medo a seren aniquilados ante o terríbel poder das forzas alemás, o rei Christian X decidira entregar o país. Ela transforma a realidade en contos que lle explica a súa irmá pequena Kirsti. Para evitar o perigo, a nai e as nenas trasládanse a unha vila da costa danesa preto de Suecia, Gilleleje, á casa do tío Henrik. Alí organizarán o traslado dun grupo de xudeus no barco de pesca do tío, fuxindo da intensa vixilancia dos soldados alemáns. Annemarie terá que separarse da súa amiga Ellen pero antes desempeñará un papel decisivo na fuxida, pois terá que atravesar un bosque para levarlle a seu tío unha cesta onde vai o pano que impedirá que os cans da Gestapo sigan o rastro dos xudeus. A narración alterna o medo que sente a rapaza cunha versión que ela mesma imaxina do conto da Carapuchiña Vermella. Dous anos máis tarde, Annemarie asiste ás celebracións na súa cidade pola fin da guerra. Nunca esquecerá a súa amiga e coidará da súa estrela de David até que volva. Sente como os tristes acontecementos, o fusilamento de Peter Nielsen, a quen sempre considerara un irmán, e a verdade da morte de súa irmá Lise, tamén membro da Resistencia, mudaron o seu xeito de ver as cousas para sempre. No epílogo, a autora estadounidense sinala que se inspirou en acontecementos reais ocorridos en Dinamarca no ano 1943, que coñeceu polo relato da súa amiga Annelise Platt, e aclara que partes da historia son certas, sobre todo as referidas aos datos e ás anécdotas históricas, e aquelas procedentes da súa propia investigación sobre a resistencia danesa e o apoio dos cidadáns deste país aos xudeus para axudalos a escapar do holocausto. Conta como os alemáns utilizaban cans policías para buscar os pasaxeiros agochados nos barcos de pesca e como os científicos suecos crearon unha substancia que destruía temporalmente o sentido do olfacto dos cans, tal e como se recolle na narración. Na cuberta de Rocío del Moral avánzase a temática da Segunda Guerra Mundial pola gorra de nazi e o álbum de fotos vellas. As ilustracións do interior están realizadas por Juan Carlos Sanz. Ao comezo de cada capítulo hai unha pequena ilustración dun obxecto ou dun detalle significativo do capítulo que vai comezar. Tamén hai ilustracións de páxina enteira salpicadas ao longo do libro. Nas ilustracións o estilo é realista e deténse moito nos detalles achegando moita información.

Recensións:

- Paula Fernández, "Novela iniciática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, "Infantil/Xuvenil", 25 setembro 2008, p. VII.

Comenta que a base espazo-temporal (a persecución xudía en Dinamarca en 1943) outorga verosimilitude á novela e aos seus personaxes e que se trata dunha "novela iniciática" para pre-adolescentes que trata o tema do Holocausto, baseándose en dous personaxes xuvenís daneses que se ven inmersos na Segunda Guerra Mundial. Salienta o sentido de solidariedade que transmite esta novela "de aprendizaxe, de personaxes complexos" e historia lineal que "apresenta unha perspectiva non tan común na literatura do exterminio nazi".

Llamero, Braulio, *Clara non para* (*Clara no para*, 2008), debuxos Eider Eibar, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de letras, n.º 5, [lectorado autónomo], 2008, 60 pp. (ISBN: 978-84-96893-40-5).

Este relato de Braulio Llamero (Manzanal del Barco-Zamora, 1956) conta o que sente Xema, unha nena de cinco anos, pola súa irmá Clara, de dous. Para Xema a súa irmá é un bule-bule coa que ás veces o pasa ben e outras rifa, como cando lle tira a torre de pezas de cores, ou se empolinca no colo do papá quitándolle a ela o sitio, ou monopoliza a atención da mamá á hora da comida. A familia de Xema e Clara viven nunha casa con xardín e pasan momentos moi agradábeis coas súas avoas e cos seus curmáns maiores. Os debuxos de Eider Eibar (Amorebieta-Bizkaia, 1980), feitos con acuarelas de cores suaves e moi matizados, completan visualmente as situacións que se narran nos textos e mostran as escenas cotiás de dúas irmás pequenas, vistas dende a perspectiva da maior, nas que salientan as expresións das irmáns que son moi ricas e variadas.

Lluch, Enric, *A granxa de Simón* (*La granja de Simò*, 2008), ilust. Mariano Gabriel Epelbaum, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 5, [lectorado autónomo], setembro 2008, 20 pp. (ISBN: 978-84-9782-797-3).

De corte pedagóxico e pequeno formato, *A granxa de Simón*, de Enric Lluch (Algemesí, 1949) mostra a vida cotiá nunha granxa cun cabalo, galiñas, patos e un can. Simón, á noitiña toca a frauta e os animais séntense ben e en harmonía co seu dono. Na última páxina inclúese unha valoración xeral sobre os animais con informacións sobre a súa clasificación, alimentación e a necesidade de respectalos. Este formato de libro troquelado conta cunha esquina redondeada seguindo a forma da ilustración da cuberta circunscrita nun círculo. As ilustracións, clásicas á vez que expresivas, así como a escolla da caligrafía, responden á visión positiva da rutina na granxa en ocres, verdes e vermellos da man de Mariano Epelbaum (Buenos Aires, 1975). Estes debuxos figurativos amosan a uns animais simpáticos nunha contorna con elementos propios das granxas.

Lobel, Arnold, *Contos de ratiños* (*Mouse tales*, 1972), ilust. do autor, trad. Xosé M. González Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes,

[prelectorado], maio 2008, 61 pp. [+3 pp.] (ISBN: 978-84-95123-51-0).

Esta terceira edición da tradución de 1999 reproduce fielmente a totalidade desa primeira tradución. Así, como xa se describira no *Informe de Literatura* correspondente, este conto, de Arnold Lobel (Os Anxeles, 1933- Nova Iork, 1987), divídese en sete capítulos que se corresponden cos sete contos que o pai rato narra aos seus sete fillos, antes de que estes vaian durmir. Cando os pequenos ratiños lle fan a promesa ao pai, este dá paso aos seguintes relatos: "O pozo dos desexos", "Nubes", "Rato Moi Alto e Rato moi Baixo", "O rato e os ventos", "A viaxe", "O rato vello" e "O baño". Os contos tratan da amizade, dos soños, do medo, do esforzo por lograr o que queremos e mesmo do egoísmo. Arnold Lobel encárgase do texto e das ilustracións. Estas son a acuarela e están moi coidadas: son sinxelas e explicativas do texto ao que acompañan, con ratos como personaxes, como o título indica, e con predominio das cores rosadas, ao igual que na cuberta. Teñen un acabado de estética antiga, conseguida coas imaxes e os textos enmarcados cunha liña laranxa, a temática de animais e a cor amarela do papel satinado. Os debuxos son de estilo figurativo; os animais protagonistas presentan actitudes antropomorfas e os ambientes reflicten unha realidade humana. Os debuxos están iluminados con cores á acuarela, con predominio de tintas cálidas. A cuberta tamén segue unha estética antiga na decoración do fondo e na tipografía empregada para o título.

Lööf, Jan, *As aventuras da mazá vermella* (*Sagan om det röda äpplet*, 1974), ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, maio 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-670-9).

Este relato encadenado de Jan Lööf (Trollhättan, Suecia, 1940), que conta cunha mazá como fío condutor, narra o percorrido que fai esta froita pola cidade e a serie de casualidades insólitas e encadeadas que a levan de volta ao inicio onde comezou a súa odisea. Relátase a historia dende o principio: un home antóllase dunha mazá e entra nunha froitería a mercala pero o froiteiro engánao e véndelle unha mazá de plástico. O froiteiro ten unha fermosa mazá vermella no seu xardín. O home chega á casa e colócaa no peitoril da ventá para que madure. Dende aí toda unha serie de acontecementos secuenciais e casuais levan á mazá a percorrer a cidade: a mazá de plástico cae e golpea a unha anciá, que culpa a un neno, que case é atropelado por un coche, que se empotra na valla do xardín do froiteiro, por onde pasa un descoñecido e colle a mazá vermella, que tras unha viaxe pola cidade remata nas máns do comprador e suplanta á mazá de plástico coa sorpresa do froiteiro. As imaxes do escritor e ilustrador seguen ao texto axudando a comprendelo. Achegan moita información sobre a contorna, permitindo unha ollada visual polos detalles dos interiores ou das rúas polas que pasa o protagonista. A cadea de acontecementos que ocorren nesta narración vense enriquecidos pola sucesión de imaxes. As composicións están centradas no protagonista e están circunscritas nun recadro grande, que ocupa case toda a páxina, deixando o texto na parte inferior. A tonalidade amarillenta do papel e as cores empregadas achegan unha sensación cálida ás ilustracións que teñen un sabor antiguo.

Recensións:

- CLIJ, "Los imperdibles. La historia de la manzana roja. Jan Lööf", *CLIJ* (*Cuadernos*

de Literatura Infantil y Juvenil), n.º 220, "Libros/Novedades", novembro 2008, p. 66.

Comézase describindo a historia deste álbum dun burlador burlado por unha serie de casualidades e dise que podería ser o argumento dun curto cómico de cine mudo ou terse presente con viñetas dun cómic. Cualifícase de "divertida e ingeniosa historia encadenada, puesta en escena en nuevas composiciones que cuentan más que el texto si se saben mirar, y que contienen referentes culturales diversos en un guiño al lector adulto". Compárase o estilo de Löof co de Hergé. Un álbum publicado en 1974 por primeira vez en España, primeiro en 1974 por Miñón e en 1991 por Susaeta, recuperado por Kalandraka que conta con edición en galego.

Lozano, María José, *A gaivota e o faro*, ilust. Jorge del Corral, trad. ao galego Emma Abella Cruz e Maisu Quintillán González, Madrid: Sieteleguas Ediciones, col. Contos terapéuticos para nenos coa pedagoxía de Bert Hellinger, n.º 3, [lectorado autónomo], maio 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96965-64-5).

Neste conto María José Lozano Lorenzo narra a historia de Gota, unha gaivota de gran corazón que vive co seu amigo Faro nunha costa mariñeira onde os ventos son tan fortes que as vidas dos homes do mar están sempre en perigo. O seu nome débese a unha mancha peculiar que ten nunha das súas ás que a fai diferente ás demais. A través de Gota coñecemos a vida da súa tía Tara, que tivo que emigrar da colonia na que naceu por culpa do rexeitamento do resto das gaivotas que a excluían por ter tamén unha mancha no seu corpo. Gota quere axudar á súa nai Branca que está triste pola distancia da súa irmá e vai na súa procura para que volva ao lugar onde naceu. E así, unha vez desaparecidas as presións sociais da colonia polo feito de ser diferente, Faro é o testemuño inmutábel do reencontro das tres gaivotas e o seu dereito a pertencer a un grupo, un dos principios básicos a ter en conta á hora de educar e manter a unha sociedade saudábel. Este conto é o terceiro escrito por María José Lozano, baseado na pedagoxía sistémica de Bert Hellinger -os dous anteriores son *O colibrí e o seu novo amigo* e *O concerto dos golfiños*-. Esta pedagoxía apóiase na importancia da inclusión de todos os membros que compón calquera sistema humano, empezando pola familia e seguindo por todos os demais. En canto á tipografía do conto é sempre a mesma e só se resalta noutra cor a primeira letra de cada parágrafo en cada unha das follas. Os dereitos de autor foron cedidos pola escritora á Asociación Down Pontevedra "Xuntos", como achega aos fins de devandita asociación. O ilustrador do conto Jorge del Corral presenta uns debuxos acordes coa espectacularidade do ambiente descrito, onde as cores azuis das augas do mar e os brancos e negros das gaivotas predominan envolvendo toda a historia. Estas ilustracións figurativas ocupan dobre páxina deixando un pequeno espazo para os textos, ou unha páxina, deixando a outra para o texto cando este é moi longo. O ilustrador presenta nestas pinturas un deseño simpático e rechoncho das gaivotas e vai describindo visualmente a súa contorna: o faro, as rochas, as ondas do mar, as nubes e o ceo. As cores predominantes son frías, debido ao emprego das cores reais das formas representadas, aínda que nalgunhas imaxes estas cores frías fan contraste coa baranda vermella do faro. As composicións son moi dinámicas como resultado das formas curvas utilizadas nas gaivotas, nas ondas do mar, nas diferentes partes do faro, etc. As ilustracións complementan os textos e facilitan seguir o relato pola cantidade de información dos lugares e das situacións que amosan.

Referencias varias:

- Carmen Nogueira, "Exposiciones a la carta", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Gente a diario", "Gente de etiqueta", 16 xullo 2008, p. 78.

Faise referencia, entre outras moitas cuestións non literarias, á presentación do conto *A gaviota e o faro*, de María Lozano Lorenzo, editado pola asociación Down de Pontevedra "Xuntos" e a editorial Sieteleguas. Apúntase que se publicará en galego e en castelán.

- S. Sánchez, "La moraleja de mi cuento es que no se tiene que marginar a nadie", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 20 xullo 2008, p. L12.

María José Lozano, nesta entrevista, degraña o argumento da súa novela *La gaviota y el faro*, protagonizada por unha gaivota amiga dun faro. Salienta tamén que é unha obra dirixida a nenos de todas as idades e que o contido da historia é unha das bases da pedagoxía sistemática de Bert Hellinger.

Lozano Carballo, Pilar, *¡Non é tan doado ser neno!* (*¡No es tan fácil ser niño*, 2008), Premio Edebé de Literatura Infantil 2008, ilust. Montse Tobella, trad. Marta González Costoya, Xavier Senín e Isabel Soto, A Coruña: Editorial Rodeira, col. Tucán, máis de 10 anos, febreiro 2008, 129 pp. (ISBN: 978-84-8349-150-8).

Fernando Lagos é un rapaz de nove ou dez anos que ao iniciar o curso e cambiar de clase ten que enfrontarse ás burlas dos seus novos compañeiros por ter as orellas abertas, sobre todo as dun tal Pedriño Lucendo, que lle vai facer a vida imposíbel. Fernando converterase no centro das chanzas dos seus compañeiros e este "problema" ten difícil solución, xa que o neno se sente só porque o seu mellor amigo foi vivir a outra cidade e non se atreve a contarllo a ninguén. Pilar Lozano Carballo (Benavente, Zamora, 1953) presenta nesta obra un tema de actualidade na escola como é o do acoso escolar e descríbenos todo o proceso que sofre este neno, dende como sente, pasando por como o vive para chegar, grazas ao humor e o enxeño, a vencer finalmente os seus complexos e as hostilidades dos seus compañeiros e lograr así superarse a si mesmo. A autora leonesa amosa unha realidade que non presenta paliativos: o feito de estar no colexio constitúe unha aprendizaxe de convivencia que non sempre resulta fácil. As poucas ilustracións en branco e negro de Montse Tobella (Barcelona, 1957) salpican as escenas máis salientábeis da historia a páxina completa; os debuxos elixidos representan algunhas das escenas máis reseñábeis da historia. A cuberta ten unha cara de neno que chora agarrado ao seu peluche. No interior hai algunha imaxe en branco e negro con debuxos do neno en diferentes circunstancias.

Madrid, Juan, *Fuxida cara ao sur* (*Huida al Sur*, 2008), trad. Isabel Soto, XVI Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2008, A Coruña: Rodeira, col. Periscopio, n.º 3, [mocidade], marzo 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-8349-149-2).

O autor desta novela negra e guionista de cine e televisión é Juan Madrid, (Málaga, 1947) e nela cóntase que Tomás, un mozo pobre, homosexual e marroquí, botóns dun vello hotel de Salobreña, que é acusado do roubo dun broche porque o autor da obra,

axustándose a todos os típicos tópicos, confírelle todas as papeletas para que sexa imputado. A partir de aí e sen darse conta, vese envolto nunha trama de mafia e especulación inmobiliaria xunto a Clara, unha estudante que está pasando a fin de semana no hotel. Ambos vivirán unha aventura na que descubrirán o valor da amizade. Está ambientada entre a súa Málaga natal e Salobreña e nela mestúranse as paisaxes propias do Sur cunha galería de personaxes que nos mostran todas as paixóns e mesquindades do ser humano. A novela presenta moitas novidades: trátase dunha novela policial escrita para mozos, onde o protagonista é un mozo diferente aos demais, non só por ser pobre e marroquí, senón porque tamén é homosexual e onde Juan Madrid, apoiándose en estereotipos reais, denuncia non só o problema da marxinalidade e a discriminación social, senón tamén a corrupción inmobiliaria e a especulación que utiliza como transfondo da historia. A fotografía da cuberta afianza visualmente o título da obra amosándonos unha estrada que se desvanece no infinito, como invitando ao lector a percorrer o seu camiño.

Recensións:

- CLIJ, "*Huída al Sur*. Juan Madrid", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216, "Libros/Novedades", xuño 2008, p. 69.

Comeza recordando que dende 1993 Juan Madrid non volvera a "transitar el género de intriga o policial dirigido a los jóvenes". A seguir describe a obra, Premio Edebé Juvenil 2007, que conta con tradución ao galego e cualifícaa de "bastante coral" e na que o autor resolve as tramas "las policiales y las emocionales" con limpeza e delixencia, "dibuja con certeras pinceladas a una galería de personajes" e trata temas como a especulación inmobiliaria o negocio dos tixolos que ameaza "la pervivencia del hotel y amenaza a la hermosa población de Salobreña" onde se desenvolve a obra.

Martín, Andreu, *A noite que Wendy aprendeu a voar* (*La nit que Wendy va aprende a volar*, 2007), XI Premi Bancaixa de Literatura Xuvenil, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 113, [mocidade], maio 2008, 151 pp. (ISBN: 978-84-9782-809-3).

Nesta novela negra de Andreu Martín (Barcelona, 1949) relátase a partir dunha voz narrativa omnisciente, como Wendy Aguilar, unha Mosso d'Esquadra, se ve envolta, nunha truculenta trama de roubo de antigüidades e de sociedades secretas. Cando estaban comezando a súa garda, ela e o seu compañeiro e ex-mozo, Roger Dueso, son avisados dun asasinato nunha mansión próxima. Cando estaban alí investigando o ocorrido, Wendy, fíxase en que, ao lonxe, estaba unha nena semiagochada xunto uns contedores de lixo. Vai xunto dela, pero esta foxe. Comeza entón unha persecución que remata cando a consegue alcanzar dentro dun dos túneles do metro. Xusto cando saían da estación, e logo de que a nena, Mon, lle contase como participara, obrigada, no roubo dunha xoia na mansión, que acabou co asasinato do dono que os sorprendera in fraganti, dous malfeitores, o Trampas e o Galiñas, secuéstranas. Á axente tírana do peirao atada a un pesado lastre, pero consegue escapar, e á nena lévana para a súa casa, xa que o padrasto, o Garrao, formaba parte da banda. Wendy consegue chegar a ese piso, e logo de varias voltas acaba na casa de Marc Asín, un famoso historiador que contratara aos tres malfeitores para que roubaran a xoia, "O ollo de Deus". Alí, coa axuda dos seus

compañeiros, consegue rescatar a nena, a xoia e desbaratar os comezos dunha sociedade secreta. Ao final da obra o título, *A noite que Wendy aprendeu a voar*, cúmprese literal e metaforicamente, xa que, durante esas horas aprende, aos seus recén cumpridos vinte e tres anos, a valerse por si soa e ademais, nun determinado momento co único obxectivo de salvar a Mon, aínda a risco da súa vida, dá un gran salto entre dous edificios. A fotomontaxe da cuberta realizada por Antonio Seijas (Ares, 1976) recrea unha paisaxe nocturna chea de misterio, onde as luces acesas de dous coches e dunha fiestra apuntan directamente ao lector.

Referencias varias:

- Diego Ameixeiras, "Jogo bonito' (e negro)", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "ProPostas", "Narrativa", verán 2008, p. 7.

Comeza o comentario coa reprodución das palabras que Andreu Martín dixo hai máis de vinte anos, nas que se refería á marxinalidade e menosprezo que padecía o autor de literatura policial ou serie negra. Destaca a traxectoria deste autor de numerosas obras de "terror urbano". A seguir, refírese a *Hat Trick*, que enmarca na liña doutros títulos anteriores, dos que repasa a liña argumental, e mesmo compara algún coa novela *Todo ben*, de Manuel Rivas, ligadas ambas as dúas pola presenza do mundo do fútbol. Despois desta achega á súa produción en lingua castelá, nomea a tradución ao galego de *A noite que Wendy aprendeu a voar*, da que só se describe brevemente a liña argumental.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, 5 xullo 2008, p. 11.

Atópanse, entre outras obras alleas á literatura galega, esta obra que se comenta de Andreu Martín, *A noite que Wendy aprendeu a voar* e o libro de Jules Verne, *A volta ao mundo en 80 días*.

Martínez, Rocío, *A historia do RAINBOW WARRIOR* (*La historia del Rainbow Warrior*, 2008), trad. Laura Almazán, Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], maio 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-671-6). Contén ao final un despregábel titulado "O que fixo o Rainbow Warrior". ■

O Rainbow Warrior convértese no símbolo do traballo en equipo e a loita pola conservación das baleas. É un barco vello que se transforma en baluarte contra a esquilma das baleas e o tráfico ilegal das mesmas, pero tamén traballa para a protección das focas, dos peixes, do mar e contra os verquidos tóxicos. Con intención concienciadora, Greenpeace conta a historia real desta nave eléctrica a partir da narración oral dunha balea ao pequeno baleato. Engade ao final un anexo despregábel coa cronología e os fitos máis importantes da súa acción, intitulado "O que fixo o Rainbow Warrior". Rocío Martínez (Madrid, 1966) é a ilustradora e escritora desta obra ecolóxica e respectuosa co medio ambiente, xa que é editada con papel reciclado, onde predominan os azuis e os deseños simbólicos. Alterna unhas ilustracións realistas do mar e dos animais mariños cunhas imaxes símbolicas onde unhas siluetas de animais serven de soporte para relatar visualmente a loita de Greenpeace na defensa desa

especie. A técnica empregada é a pintura para achegar a cor e unha liña moi fina para rodear as formas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Respecto polo medio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, "Infantil/Xuvenil", 4 decembro de 2008, p. VII.

Fai referencia ao apoio de Greenpeace á edición deste relato pola procedencia da madeira que se empregou para a súa fabricación e pola súa temática de carácter ecolóxico. Coméntase que este volume amosa dúas historias paralelas que conflúen ao final, que van dirixidas a nenos de a partires de 5 anos e que se apoian maiormente nas ilustracións de "trazo sinxelo e delicado" da propia autora que marcan a liña de todo o relato. Conta a historia do buque insignia de Greenpeace e todas as súas fazañas sempre cun trasfondo simbólico.

Referencias varias:

- M. M., "Un libro de Kalandraka e Greenpeace recolle a historia do Rainbow Warrior", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 5 xuño 2008, p. 41.

Dáse conta da presentación d'*A historia do RAINBOW WARRIOR* na Feira do Libro de Madrid a cargo da editorial Kalandraka e a ONG Greenpeace. Coméntase que este relato recrea a historia narrada polo ecoloxista Alberto de la Fuente á súa filla sobre o barco Rainbow Warrior. Precísase que a editorial Kalandraka publica dous mil exemplares en galego.

McKee, David, *Negros e brancos*, (*Tusk Tusk*, 1978), trad. Montserrat Paz Núñez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de contos, [primeiros lectores], marzo 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-9782-707-2).

Conto que, malia a súa brevidade, consegue alertar do perigo dos odios racistas: inicialmente no mundo había elefantes negros e brancos que vivían separados e se odiaban entre si; a guerra estourou e matáronse entre eles agás uns poucos amantes da paz que fuxiron a un curruncho da selva. Cando souberon do final da contenda os netos daqueles elefantes, nin brancos nin negros senón grises agora, foron saíndo do seu agocho e poboaron de novo todo o mundo. Porén, comezan a mirarse con algo de xenreira os elefantes de orellas pequenas e os de orellas grandes. O final aberto supón un recordatorio de que a historia pode repetirse. Xa na cuberta as imaxes anuncian a disputa entre os elefantes que se vai narrar no interior do libro e que seguen unha secuencia que permite unha lectura visual independente do texto. A composición das imaxes é sempre de dobre páxina co texto na parte inferior cunha disposición simétrica. No lado esquerdo os elefantes son negros e no lado dereito son brancos. As cores son augadas de acuarela, húmidas, e unha liña fina rodea todas as formas.

Recensións:

- Ana Amado, “Negros e brancos”, *Tempos Novos*, *Protexta*, “Detrás do barco pirata”, n.º 6, primavera 2008, p. 4.

Coméntase que *Negros e brancos*, de David McKee, é unha historia sobre a loita entre os elefantes negros e brancos e os seus efectos, e explícase que se trata dunha confrontación moi violenta, sen sentido e sen remedio, pois todos os intentos, a pesar das boas intencións dos máis conciliadores, resultan inútiles. Saliéntanse o discurso pacifista e, especialmente, a expresividade das ilustracións, sobre as que está o peso da historia.

- Paula Fernández, “Cores con significado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 258, “Infantil/Xuvenil”, 11 setembro 2008, p. VII.

Crítica laudatoria deste conto na que se fala do seu argumento e se salienta “o ton máis solemne e elevado” fronte a anteriores títulos e se indica que mantén os seus “xogos cromáticos”. Indícase que se fai unha crítica ao racismo e ás guerras mediante a figura dos elefantes, cuxa conduta representa diferentes ideoloxías do século XX. Preséntase a dicotomía entre dous grupos, negros e brancos, que se enfrontan, aínda que se estabelece un contrapunto coa esperanza de grupos pacifistas que amosan unha posíbel convivencia. Apúntase o xurdimento dun novo conflito que serve para anunciar un novo título. Remátase loando as ilustracións do autor e a súa escrita porque está “guiada pola intención transversal” sobre os dereitos fundamentais.

- Alba Piñeiro, “Aceptar as diferenzas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.329, “*Bule Bule*”, 26-22 outubro 2008, p. 30.

Comeza destacando a “simbiose entre texto e imaxe” que se dá no álbum ilustrado *Negros e branco*s, do autor David McKee, destinado aos primeiros lectores. A continuación describe o argumento do libro, protagonizado por dous grupos de elefantes, uns negros e outros brancos. Piñeiro destaca que o libro supón un “chamamento á paz e a tolerancia”. O estilo do libro é descrito como “sinxelo”.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 243, 10 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 182, 19 abril 2008, p. 11.

Sección fixa onde teñen cabida a modo de recomendación libros como *Negros e brancos*, de David McKee, entre outros alleos á literatura galega.

Mendiguren, Xabier, *Katiuskas amarelas* (*Katiuska horiak*, 2008), ilust. Mariona Cabassa, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 3, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-795-9).

Xabier Mendiguren (Beasain, 1964) conta a través dunha primeira persoa a ilusión dunha rapaza por estrear as súas novas katiuskas amarelas, regalo traído polos Reis Magos. No entanto, non chove nin de día nin de noite, loce o sol e brilla a lúa, durante meses até que un día comeza a chover e a rapaza, chea de ledicia salta nos charcos e

xoga. Na última páxina explícase o ciclo dos días e as variacións climatolóxicas. Para concienciar aos rapaces e rapazas recoméndase a reciclaxe. Este formato de libro está troquelado cunha esquina redondeada seguindo a forma da ilustración da cuberta circunscrita nun círculo. Os debuxos, románticos e de cores intensas apoian o texto, son de Mariona Cabassa (Barcelona, 1977). As cores empregadas son saturadas alegres e contrastadas.

Montalbán, Carmen, *Estás na lúa* (*Estás en la luna*, 2008), trad. Laura Almazán, ilust. Pilar Millán, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Seteleguas, [mocidade], maio 2008, 108 pp. (ISBN: 978-84-8464-673-0).

Nesta obra de Carmen Montalbán (Talarrubias, Badaxoz, 1963) cóntase que a familia de Baraka vive na Hamada arxelina, un lugar infértil e inhóspito, despois de ser expulsados hai máis de trinta anos do Sahara Occidental. Baraka, a protagonita, é unha nena de doce anos que vive coa súa nai, as súas tías e a súa avoa nun campamento de refuxiados. O título da obra vén dunha frase que a avoa lle repetía a Baraka contantemente "Estás na lúa". A historia comeza cando a avoa de Baraka, Bahía, comeza a comportase dunha maneira estraña, Bahía ten Alzheimer. Esta enfermidade arríncalle o pouco que lle quedaba, os seus recordos, pero permite que Baraka cree unha relación moi íntima coa nai do seu pai. Bahía dálle á súa neta a herdanza cultural do seu pobo. A obra presenta unha confrontación entre o mundo occidental e o mundo de Baraka nun campamento de refuxiados, onde os valores como a familia, o amor, a amizade ou a cultura superan todas a barreiras. As ilustracións figurativas son de Pilar Millán (Ferrol, A Coruña, 1962). A imaxe da cuberta, que se corresponde cunha do interior, amosa unha figura de costas, sentada na area, ollando para a lúa nunha paisaxe desértica, co cal está desvelando a temática do libro. As ilustracións completan o texto visualmente ao mostrar aspectos e características dos pobos nómades: o interior das tendas nas que viven, os deseños das alfombras, as vestimentas das protagonistas, etc. As cores son moi intensas e saturadas. A técnica que emprega é a acuarela aplicada con pinceladas húmidas que mesturan as cores.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Dar raizames", *Tempos Novos*, *Protexta*, n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 14.

Dáse conta da publicación da primeira obra traducida ao galego da escritora estremeña Carmen Montalbán, *Estás na lúa*, da que se salienta a sensibilidade e a sinxeleza. Repásase brevemente o argumento da obra, que xira arredor dunha nena saharauí e a súa avoa, que comeza a sufrir os efectos do alzheimer. Deste xeito, é a nena a que adopta o papel de narradora para lembrarlle o pasado á súa avoa. Destácase a relación interxeracional pero tamén a interculturalidade de fondo, que se pon de manifesto nas experiencias que vive a nena. Finalmente, coméntase que neste pano de fondo se detecta a esperanza.

Montrul Martorell, Anabel, *O xantar*, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante: Miniland S. A, col. Leo e Releo,

Miniland Educational serie verde Educación prá saúde, n.º 6, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-42-3).

Rodrigo e os seus amigos, Omar (de Marrocos) e Hernán (da Arxentina), xúntanse todos os días para xantar no patio e cada un come unha cousa: Rodrigo froita, Omar froitos secos e Hernán pasteliño de chocolate. Un día, Hernán esqueceuse de levar o xantar e os seus amigos déronlle do seu. Dende entón Hernán prefire froita e froitos secos aos pasteliños de chocolate. O conto de Anabel Montrul Martorell remata preguntando aos pequenos lectores se ese día comeron froita. Está composto por grandes ilustracións nas páxinas impares que espellan claramente o que os nenos van lendo nas páxinas pares. Nestas últimas, o mesmo texto (na maioría das ocasións, unha única oración sinxela e con sentido completo) reprodúcese en caracteres caligráficos na parte superior da folla e en letras maiúsculas na inferior. Ao final do conto aconséllase aos pais que fomenten nos seus fillos hábitos alimentarios saudábeis e propóñense actividades de animación á lectura sobre este tema, pensadas para que pais e fillos o pasen ben xuntos. As ilustracións figurativas de Antonio Amago Alonso posúen cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan aos textos.

Montrul Martorell, Anabel, *O regalo*, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante: Miniland S. A., col. Leo e Releo, Miniland Educational serie vermella Educación pró consumo, n.º 7, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-45-4).

Dora aforra todas as moedas que lle trae o ratiño Pérez cada vez que lle cae un dente para comprar un quebracabezas que brilla na escuridade. Xa na casa, decátase de que lle falta unha peza, así que decide voltar á tenda para que lle dean outro. Busca o ticket de compra que deixou na súa caixa dos segredos e troca o quebracabezas sen problemas. Este conto de Anabel Montrul Martorell está composto por grandes ilustracións nas páxinas impares que reflicten claramente o que os nenos van lendo nas páxinas pares. Nestas últimas, o mesmo texto (na maioría das ocasións, unha única oración sinxela e con sentido completo) reprodúcese en caracteres caligráficos na parte superior da folla e en letras maiúsculas na inferior. Ao final do conto danse consellos aos pais para educar os seus fillos na sociedade de consumo (reducir o consumo de xoguetes, reutilizalos e reciclalos) e propóñense actividades de animación á lectura sobre este tema pensadas para que pais e fillos gocen xuntos. As ilustracións figurativas de Antonio Amago Alonso posúen cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan os textos.

Moscada, Neus, *Soidades*, ilust. Chiara Fatti, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, maio 2008, [36] pp. (ISBN: 978-84-97-871-053-3).

A protagonista deste conto de Neus Moscada (Barcelona, 1967) describe por que hai momentos nos que lle gusta estar soa aínda que remata dicindo que nunca o está porque ten os seus bonecos, as súas cores, os libros, o campo, o sol... e cando está con alguén comparte o que sentía cando estaba soa. As ilustracións figurativas de Chiara Fatti

(Verona, Italia, 1972) están centradas na protagonista do conto. As imaxes necesitan o apoio do texto para seguir a narración, aínda que sexan parte fundamental do relato. As composicións son de dobre páxina ou dunha páxina e seguen sempre o mesmo esquema: a nena facendo o que se di no texto, debuxada con lapis de grafito e recortada sobre un fondo plano de cor.

Obiols, Miquel, *O cadro máis bonito do mundo* (*El quadre més bonic del món*, 2001), ilust. Roger Olmos, trad. Miguel Barrios, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado mozo], setembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-674-7).

Reedición deste conto de Miquel Obiol (Roda de Ter, Barcelona, 1945), publicado orixinariamente en 2001 (ver *Informe* correspondente), e nesta segunda edición de 2008 na mesma colección, agora renovada por medio do tamaño, que se presenta en formato de maiores dimensións e cos cambios lingüísticos esixidos pola normativa lingüística en vigor. Nárrase en terceira persoa a historia do pintor Joan Miró e, máis concretamente, a súa loita fronte ao lenzo en branco que nesta historia representan as paredes brancas do seu estudo. Esfórzase por imaxinar un debuxo cheo de cores, amarelo, azul, vermello, negro e verde, pero só pode ver manchas baixo a luz mallorquina dunha mañá de primavera. Enfróntase a elas primeiro co seu látigo, como un domador do circo fronte ás feras, pero do pincel non saen as formas buscadas, senón só manchas que se resisten e que foxen saíndo do estudo para perderse no mar aberto. O pintor sae tras elas como un mariñeiro na súa barca branca e así chega até Barcelona, onde atopa que todas as casas e as persoas están pintadas coas cores escapadas do seu estudo. Para atopalas sobe a un helicóptero branco, dende onde pode ver que as manchas seguen correndo como tolas pintándoo todo ao seu paso. O pintor consegue atrapalas finalmente e, cansado, volve á súa illa. A loita coa imaxinación acaba así e o pintor esa noite puido, por fin, ver a súa obra, que lle apareceu en soños como o cadro máis bonito do mundo. A quietude da cor azul do ceo mallorquino e do mar mediterráneo ceden o protagonismo ás demais cores nas composicións a dobre páxina que ilustra Roger Olmos (Barcelona, 1975), nas que todo se dinamiza para representar os diferentes estados de ánimo do pintor protagonista e o ritmo se acelera até que, por fin, termina a loita do artista e este atopa de novo a inspiración e consegue visualizar a súa obra en soños.

Pérez Díaz, Enrique, *O rei e a coroa Setepedras* (*El rey y la corona Sietepiedras*, 2007), ilust. Claudia Ranucci, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, máis de 6 anos, 2008, [46] pp. (978-84-7942-295-0).

Enrique Pérez Díaz (La Habana, 1958) e Claudia Ranucci (Roma, 1973), ilustradora, crean xuntos un traballo poético neste libro cheo de fantasía e nostalxia polo tempo perdido. Pérez Díaz narra en terceira persoa a historia dun rei que vivía feliz na súa illa. Coidaba das súas plantas e gozaba oíndo o murmurio do vento. Pero un bo día, o rei atopou unha coroa con pedras preciosas e deixou de ser o mesmo. Transformouse nun rei que só pensaba na súa coroa, abandonando totalmente as necesidades da súa illa, até que un día un forte vento levou o que máis quería. Por fin o rei deuse conta de que o seu maior tesouro non era a coroa que lle producía soidade e abandono senón a amizade e a boa compañía. Agora que todo o fermoso da súa vida desaparecía, sentía tristeza, morriña e el era o culpábel porque esqueceu que posuía o mellor do mundo, una marabillosa natureza que mantiña limpa e agarimosa. As ilustracións de Claudia

Ranucci están feitas con siluetas sinxelas recortadas en papeis. As imaxes seguen un estilo simbólico para recrear as partes do libro e son figurativas pero cunha gran estilización das formas. O cromatismo empregado xoga cos contrastes entre as cores.

Peydró, Eva, *O tesouro de Saida* (*El tresor de Saïda*, 2007), ilust. Paco Roca, trad. Inma Seage Freire, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 17, serie verde, a partir de 10 anos, febreiro 2008, 200 pp. (ISBN: 978-84-9811-137-8).

Novela de aventuras de Eva Peydró (Valencia, 1962) onde o narrador en primeira persoa e protagonista é un neno chamado Fernando que tivo na súa casa a unha nena saharauí e que quere ir vela á súa terra. Didi, un neno que quedou en Galicia por problemas de saúde, dille que Saida lle contara que a súa familia tiña un tesouro agochado, dende ese momento Fernando comeza a obsesionarse, até que un día seus pais lle dan a sorpresa: van ir de vacacións ao Sáhara á casa de Saida. Cando chega alí, nota as diferenzas desa civilización coa súa: aínda que son pobres, comparten con eles todo o que teñen. Saida ten un irmán pequeno e vano bautizar, para escoller o nome meten unhas pedras con diferentes nomes, pero Fernando cre que eses non son nomes para un bebé, polo que mete outras cinco pedras con nomes que a el lle gustan. Cando escollen a pedra sae o nome de Fernando, polo que os pais de Saída, que son xente moi comprensíbel, cren que hai que manter as tradicións e deciden poñerlle o nome que saíu ao azar ao seu meniño. Un día os pais de Fernando foron chamar por teléfono, para o cal tiñan que desprazarse varios quilómetros, e como tardaban, deixaron regresar os nenos sós, pero comezou a soprar o Siroco, o vento do deserto, e Fernando perdeuse, aínda que sen saber cómo volveu ao lugar onde estaban os seus pais. Despois desta aventura crese capaz de calquera cousa, polo que lle propón a Saida que vaian buscar o tesouro da súa familia para que poidan vivir mellor; así, unha noite, deciden coller o camelo dun veciño e aventurarse polo deserto adiante, pasan a noite ao pé dunha duna e pola mañá atopan a un home que vive cerca de Saída, que os leva de volta á casa. Unha vez alí os pais, avós e bisavós de Saida explícanlles que o tesouro só son a chave da súa casa e outras cousas que son un tesouro sentimental e que non vale de nada mentres non poidan voltar ao seu fogar. Entón os nenos deciden facer un tesouro sentimental conxunto e enterralo. As ilustracións figurativas de Paco Roca (Valencia, 1969) están en branco e negro, agás a da cuberta que é en cor, e recollen un momento da historia narrada no libro.

Recensións:

- María Navarro, "Outras culturas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, "Infantil/Xuvenil", 12 xullo 2008, p. VII.

Comenta que a a novela *O tesouro de Saida* mostra unha ensinanza a través do seu protagonista, Fernando, tanto para os pequenos e os maiores, e relata o argumento da mesma. Por último, destaca algúns temas filosóficos que aparecen na obra como as relacións entre as persoas, a relación co medio e co pasado.

Pi Andreu, Andrés, *O que sabe Alexandre* (*Lo que sabe Alejandro*, 2006), ilust. Adian González, trad. Xavier Senín, Barcelona: Planeta & Oxford, col. Camaleón, n.º 18, serie

verde, a partir de 10 anos, marzo 2008, 144 pp. (ISBN: 978-84-9811-138-5).

O cubano Andrés Pi Andreu (A Habana, 1969) recorre á primeira persoa narrativa para nos presentar a Alexandre Sánchez López, un rapaz cubano de once anos cunha particular capacidade de observación. Tras dunhas páxinas iniciais que explican como durante a súa festa de aniversario os seus amigos e amigas descobren o seu caderno, enterrado no seu xardín hai tres anos, e como a súa mellor amiga, María Petunia, deu en lelo, transcríbense todos os pensamentos que Alexandre foi apuntando nunha listaxe de noventa e nove puntos para se defender dos que pensan que os nenos son cativallada sen opinión. Ao longo de todas as notas que contén este "Caderno de Apuntamentos Importantes", coñécense os pensamentos e sentimentos de Alexandre arredor do que sabe da vida, pois está farto de que os maiores lle digan que non pode opinar pola súa curta idade. Con moito humor e inxenuidade, o protagonista fala da súa familia, da súa casa e da súa realidade cotiá na escola e cos amigos e amigas. A través das súas observacións coñecemos como transcorre a súa vida dende a separación dos seus pais, a súa especial relación co avó ou como reacciona cando seu pai lle di que vai ter un medio irmán. Así mesmo, insírense dende a ollada de Alexandre feitos da realidade cubana como a existencia do racionamento de alimentos, a presenza constante de heroes cubanos como José Martí ou as diferenzas sociais existentes. Tras a transcrición do caderno, a historia conclúe coas reaccións dos amigos de Alexandre ante o que acaban de escoitar, sobre todo a de María Petunia que deixa de consideralo un insensíbel.

Recensións:

- Paula Fernández, "Diario pre-adolescente. Con sinxeleza estrutural", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 266, "Infantil/ Xuvenil", 6 novembro 2008, p. VII.

Comeza falando do tópico do diario adolescente na literatura xuvenil; esta novela, en concreto, considéraa pouco salientábel no que atinxe á orixinalidade e destaca dela que o diario sirva só de complemento para coñecer os pensamentos do rapaz na súa Cuba natal. Táchaa de sinxela en canto á estrutura "máis completa ao afondar nos textos do rapaz" que trazan datos autobiográficos do autor "grazas ao realismo". Conclúe dicindo que invita a reflexionar sobre as diferenzas entre a realidade dun neno cubano e a dun galego e a debater sobre os valores, a amizade, o amor ou a lealtade.

Pirotta, Saviour, *A volta ao mundo en 80 contos*, ilust. Richard Johnson, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, 176 pp. (ISBN: 978-84-96893-25-2).

Saviour Pirotta (Naxxar, Malta, 1958) valéndose dos contos fai un percorrido narrativo por todo o mundo. Estrutúrase en seis anómalos continentes: o primeiro deles engloba América do Norte, América Central e o Caribe e presenta dez contos; o segundo é América do Sur con nove; o terceiro Europa con vinte e oito; o cuarto África con catorce; o quinto Asia con quince historias e o sexto Oceanía con catro narracións. Ao recoller o volume un número tan extenso de contos, a temática é moi variada e o autor propón esta orixinal estrutura xeográfica, non tanto polo contido propio de cada conto, senón máis ben porque a identificación de cada narración cun determinado país prodúcese pola utilización fundamentalmente de nomes propios característicos do devandito país ou de tradicións, costumes e usos que lle son propios. Preséntase sempre

a mesma tipografía e áchase profusamente ilustrado por Richard Johnson (Nova Inglaterra) con debuxos de diferentes tamaños, en diferentes posicións e con toda a gama de cores posíbel, debuxos que representan case sempre o momento máis significativo do conto. Dende o punto de vista ilustrativo, caracterízase pola presenza ao longo de toda a marxe superior da mesma franxa con debuxos para cada unha das diferentes partes do volume, na que se mostran elementos significativos de cada un dos seis continentes nos que foi dividida.

Referencias varias:

- Xesús Fraga e Rodri García, "Estación de letras cruzadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 278, "Literatura en galego", "Libros de outono", 6 setembro 2008, p. 6.

Despois de describir brevemente as últimas novidades da literatura galega de adultos faise o mesmo coas da literatura infantil e xuvenil. Destácanse entre elas esta versión de Baía Edicións *A volta ao mundo en oitenta contos*, de Saviour Pirotta e Richard Johnson, así como a do clásico *Garavanciño*. Tamén anúnciase *O sombreiro chichiriteiro*, que se agarda como a primeira incursión de Manuel Rivas neste xénero.

Prado, Miguelanxo, *De Profundis* (*De Profundis*, 2007), trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, 2008, [88 pp.] (ISBN: 978-84-612-4765-3).

O volume recolle en formato libro e en galego, tras a edición previa en castelán de Norma Editorial en 2007, a historia que Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) escribiu a partir dunha serie de cadros ao óleo e que serviu de base para a realización dunha película de animación co mesmo título. Trátase pois dun relato ilustrado no que as imaxes que aparecen no filme van acompañadas de cadanseu texto. A historia contextualízase nunha casa situada no medio do mar na que viven namorados unha muller que toca o violonchelo e un pintor engaiolado polo universo mariño e as criaturas e seres marabillosos que poboan as súas profundidades. Seducido polo mar, o pintor adoita acompañar os mariñeiros que saen pescar para gozar da cerimonia e do silencio e para debuxar peixes reais e imaxinados. Mais un deses días, os pescadores collen o peixe que se alimenta das almas dos mariñeiros que morren no mar e, malia intentar fuxir da maldición, axiña se desata unha forte treboada e toda a tripulación morre nas augas. O pintor percorre na compaña dunha serea as profundidades do mar, namentres a muller que o ama agarda por el na casa até comprender que a súa espera rematou cando un espléndido cetáceo xorde das augas para asistir ao seu concerto de violonchelo. Pecha o volume un "Caderno de bitácora" no que se reproducen oito páxinas de deseños e bocetos previos.

Recensións:

- M. L., "Profunda mirada", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 14.

Coméntase que tras a estrea no ano 2007 da película *De Profundis*, a editorial El Patito publica a tradución do castelán onde se mesturan os textos e as imaxes de Miguelanxo Prado, que contan a historia dun pintor e dunha vilonchelista que habitan unha casa no

medio do océano. *De profundis* non é senón "unha historia de amor que atopa na arte a súa mellor expresión". Salienta o ambiente mariñeiro, os personaxes mitolóxicos e a expresión poética. Tamén di que se inclúen bosquexos no "Caderno de bitácora".

Referencias varias:

- Abel Peña, "El principio de un cómic es el verbo", *El Ideal Gallego*, "Formación", 30 xaneiro 2008, contracuberta.

Alúdese ao obradoiro de escritura creativa que tivo lugar na Biblioteca Municipal Infantil de Durán Loriga, ao que acudiu Miguelanxo Prado para dar a súa particular visión do proceso creativo. Opinou que sempre que hai unha historia "antes de debuxala, primeiro tes que escribila". Neste acto estiveron presentes vinte e catro nenos e ao final, realizouse unha sesión de firmas, onde o debuxante engadiu viñetas aos libros que se lle presentaron.

- M. Barros, "O cómic igual que a literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 39.

Afirma que a banda deseñada goza de mellor saúde que en décadas anteriores, porén di que dista moito de acadar as cotas de normalización como ocorre noutros países veciños. Apunta que en Galicia só a editorial Faktoría K publica de xeito profesional e menciona a creación doutro selo editorial especializado, El Patito Editorial. Por outra banda, salientáse a algúns dos últimos libros publicados e dise que "a posta máis forte da editora" é a edición das obras de Miguelanxo Prado ao galego, como *Os Compañeiros. A orde de pedra* ou *De Profundis*. Remátase nomeando os seus novos proxectos, que contará coa segunda entrega da Biblioteca Feima de Clásicos da Historieta Galega, *Home, sweet home*, de Eduardo Galán.

- M. Barros, "Historietas para o outono", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, p. 31.

Informa das novidades que grazas a editoras e colectivos de banda deseñada verán a luz. Cita esta que se describe, *De Profundis*, de Miguelanxo Prado, e tamén *Aventuras no Camiño de Santiago*, de Primitivo Marcos; *Terra Libre*, de Fran Jaraba, e *A conta atrás* de Carlos Portela. O artigo tamén se fai eco do novo número da revista do colectivo de debuxantes Polaqia, *Barsowia*. Dise que este colectivo publica tamén tres álbums autoeditados: *Prime Time Holocausto*, de Álvaro López; *Rara Avis*, de Iván Suárez e *Polaqia Sketch-Book*, de Roque Romero.

- Diego E. Barros, "Viaxe á profundidade dos mares perdidos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 732, "De banda deseñada", 26 outubro, p. 8.

Comeza loando o esforzo de El Patito Editorial para publicar en galego *De Profundis*, de Miguelanxo Prado. Explica a xénese da obra concibida inicialmente como unha longametraxe sobre a catástrofe da embarcación *Prestige*. Precisa que no álbum se estabelece un constante xogo entre o mar coñecido na superficie e o imaxinado baixo as augas, e salienta a "beleza poética" do texto, á marxe da grandeza visual. Como carencias do álbum apunta o argumento previsíbel, aínda que recoñece que se trata dunha fábula adecuada para calquera lectorado. Remata agardando os novos proxectos

da editorial, *Trazo de tiza* e *Stratos*.

Puig, Tere, *Quen son eu?*, [40] pp. (ISBN: 978-84-8289-249-8)/*Tan grandes*, *tan pequenos*, [28] pp. (ISBN: 978-84-8289-249-8)/*Cando escoito o teu corazón*, [28] pp. (ISBN: 978-84-8289-248-1)/*Soñei que era unha árbore*, [28] pp. (ISBN: 978-84-8289-246-7), ilust. Isao, trad. María Lado, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], setembro 2008.

Tere Puig e a ilustradora Isao publican catro entregas desta serie protagonizada por un neno chamado Lucas. En *Quen son eu?* Lucas quere averiguar quen é, e a súa nai dille que a mellor forma de sabelo é preguntarlle ao silenzo, de xeito que Lucas o busca e tenta escoitar a súa voz, cousa que non é nada doada. En *Tan grandes, tan pequenos* transmítese, de xeito poético, a conversa dunha nai e o fillo, Lucas, antes de durmir, na que a nai mostra a harmonía cos seres do universo para os que Lucas e maila nai son grandes (árbores, pedras, herbas, insectos) ou pequenos (ceo, estrelas, planetas). En *Cando escoito o teu corazón* a nai de Lucas sempre sabe como se sente aínda que él non diga nada. Cando lle pregunta como o fai, ela explícalle que observa e intenta comprender aos que a rodean e escoita os seus corazóns. Lucas practica e aprende a facer esa maxia que tan ben domina a súa nai. Por último, en *Soñei que era unha árbore* recóllese o momento no que Lucas vai durmir arroupado polos seus pais. O soño de Lucas identificándose cunha árbore e falando coa Terra destaca o respecto pola Natureza e os elementos que a compoñen. Estes contos van acompañado das ilustracións, de Isao, en trazos moi básicos e tintas planas de cor branca, negra e vermella escura. Os debuxos representan só a cara dun neno, case esquemática.

Quintero, Armando, *Caracol e formiga* (ISBN: 978-84-96788-80-0)/*Caracol e Caracola* (ISBN: 978-84-96788-77-0)/*Caracol e vermiño* (ISBN: 978-84-96788-81-7)/*Navega, Caracol* (ISBN: 978-84-96788-79-4)/*Que susto!* (ISBN: 978-84-96788-78-7), ilust. André Letria, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. nanOQOs, [prelectorado], setembro 2008, [24] pp. ■

Novas entregas da serie protagonizada por Caracol, apoiada pola Direcção-Geral do Livro e das Bibliotecas Portugal, de Armando Quintero (1944), un conxunto de álbums en follas acartonadas. O álbum *Caracol e formiga* preséntase con sinxelas ilustracións nas que predomina a alegre cor laranxa o paseo de dous amigos, Caracol e Formiga, até o que pensan que é un lago. Alí atópanse coa pomba, que lles di que non é tal senón unha poza. Mediante o emprego de léxico e sintaxe básicos os máis pequenos introdúcense nun conxunto de valores sociais. En *Caracol e vermiño*, Caracol e Vermiño comen os dous de distintos lados da mesma folla até que se atopan e discuten de quen é. Mentres, chega a pomba, engule toda a saborosa folla e agradécelles que a compartiran con ela. Abraiados, Caracol e Vermiño fan as paces e van pasear polo xardín, onde atopan outra folla de leituga, que comparten, dándose unha grande enchente. A través do uso dunha andamiaxe estrutural sinxela, con abundantes formas repetitivas e un léxico básico, os nenos aprenden a importancia de compartir. En *Navega, Caracol* conta unha das pequenas aventuras de Caracol no seu descubrimento do mundo. Relátase a incursión de Caracol nas augas dun regato sobre unha barca improvisada -unha folla-, onde coñece unha mamá ra e cinco raíñas que están aprendendo a falar. Caracol axuda a nai a ensinar o canto da ra ás cinco crías e marcha

contento polas novas amigas. En *Caracol e Caracola* o caracol pensa que é feo cando se compara cos outros animais e que non pode facer as mesmas cousas que eles. Ditos pensamentos adquiren máis forza mediante o uso do estilo directo. Finalmente, Caracol encontra a Caracola e descobre a verdadeira amizade. E en *Que susto!*, pequeno álbum de follas acartonadas, presenta o paseo de Caracola e Caracol nunha mañá de sol até a horta da veciña. Empregando estruturas repetitivas relátanse os encontros que teñen os dous animaliños coa cadela e co gato da casa do lado. O susto que levan os gasterópodos ao atopárense con animais grandes levaraos a agocharse nas súas cunchas. O recoñecido ilustrador portugués André Letría (Lisboa, 1975) inclúe ilustracións entrañábeis e suaves tons azuis e verdes que, xunto coas follas grosas do libro, pretenden atraer a atención dos nenos máis pequenos e o seu gusto pola lectura.

Recensións:

- CLIJ, "*Caracol y gusanito*. Armando Quintero", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 220, "Libros/Novedades", novembro 2008, p. 63.

Comeza salientando que OQO sorprende cunha nova colección "Nanoqos" dirixida ao prelectorado (0 a 3 anos) que inaugura coa serie Caracoles, formada por cinco títulos presentados nun pack. A seguir comentan que o escritor uruguaio-venezolano Armando Quintero e o ilustrador André Letria presentan estes libros obxectos, divertidos, con sorpresa e emoción, a través duns personaxes e unhas aventuras coas que o lectorado se pode identificar: amizade, autoestima, exploración do mundo, coidado da natureza, etc.

- Paula Fernández, "Sinxeleza expositiva. En tempo de caracois", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 272, "Infantil/Xuvenil", 18 decembro do 2008, p. VII.

Coméntase a colección "Caracois" composta de cinco títulos que forman un "bonito conxunto grazas ao coidado" na súa elaboración na escolla dos temas e na compoñente plástica. Saliéntase *Navega Caracol!* polo seu argumento sinxelo no que destacan a exploración do mundo, a amizade e a natureza, e a sinxeleza expositiva, evitando o barroquismo lingüístico. Estas características xunto coas ilustracións figurativas de André Letria fan desta proposta unha obra axeitada para a iniciación na lectura dos máis cativos.

Rai, Bali, *Un casoiro ben mal amañado* (*Un) arranged marriage*, 2001), ilust. da cuberta Alejandro Maceda, trad. Ramón Porto e Belén Souto García, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. DoceXVintedous, [lectorado mozo], 2008, 296 pp. (ISBN: 978-84-7824-561-1). ■

Nesta novela de Bali Rai (Leicester, Inglaterra, 1971), relátase a historia dun mozo punxabi chamado Manny que se nega a aceptar un matrimonio concertado polos seus pais ao xeito da India. A acción ten lugar na Inglaterra actual e no Punxab, onde Manny ten que viaxar cos seus pais e onde lle deixan un tempo para que se esqueza do seu desexo de ser británico e así recobre a súa herdanza cultural punxabi. A novela fálanos de Manny dende que ten trece anos e trata de conciliar as espectativas familiares sobre o seu futuro e os seus propios desexos dun futuro eminentemente británico aos dezasete anos. O relato é a exploración do conflito xeracional, do choque de culturas e do tema

universal dos adolescentes rebelándose contra os seus pais, neste caso orixinarios da India e coas súas tradicións ancestrais. O raparigo ten unha identidade híbrida e realmente esfórzase en conciliar ambas as culturas pero prevalece a británica porque é británico e criouse en Inglaterra. No libro analízase a situación dos matrimonios concertados dende unha perspectiva única -a do home- e incorpora aspectos tales como o racismo interétnico, a presión á que está sometido pola súa familia, a violencia e outros aspectos que teñen que ver coa súa vida no colexio e o primeiro amor. A novela está escrita en primeira persoa e parece ser en parte autobiográfica baseándose tamén nas experiencias de amigos e familia do autor. É unha mirada a esa sociedade postcolonial británica-india que ás veces se ignora. É unha novela para adolescentes baseada nun aspecto real dunha microsociedade ignorante ás veces, moi tradicional cos seus costumes, estabelecida dentro da Inglaterra actual. Logo de pasar un tempo no Punxab e coñecer máis profundamente a súa familia da India, volve a Inglaterra e definitivamente foxe para evitar esa futura vida predeterminada pola súa familia -escápase o día da voda- para ser el mesmo, apoiado pola familia inglesa do seu primeiro amor e o seu mellor amigo, Adri, pero converténdose na vergoña e deshonra da súa familia, polo que será buscado pola súa traizón. A cuberta está ilustrada por Alejandro Maceda cunha imaxe dun rapaz triste en primeiro plano e os seus amigos como unha sombra ao fondo.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Bali Rai, entre dous mundos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 509, 30 novembro 2008, p. 21.

Comeza indicando que o primeiro traballo narrativo de Bali Rai, *Un casoiro ben mal amañado*, foi traducido ao galego, e que se trata da primeira vez que unha obra do "recoñecido escritor" Bali Rai se traduce a un "idioma peninsular". Explica o argumento da novela e apunta como *leitmotiv* a loita dun rapaz entre cumprir coa tradición e cos seus pais ou actuar con liberdade. Precisa que xorden "temas e motivos" como o multiculturalismo, o choque xeracional e as relacións familiares, entre outros. Comenta que na recente visita do escritor a Galicia descubriu a súa calidade literaria e sobre todo a súa capacidade para conectar co lectorado. Non entra a valorar a tradución e recomenda a todo o lectorado a lectura desta novela. Remata agardando que continúen as traducións deste escritor e anuncia que se podería traducir *City of Ghosts*, que se vai publicar en breve.

- Francisco Martínez Bouzas, "Fuxindo dos prexuízos. Entre a identidade e a alienación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, "Libros", 4 decembro 2008, p. V / "Fuxindo dos prexuízos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 210, "Lecturas", 13 decembro 2008, p. 11.

Despois de afondar na relación entre amor e matrimonio na cultura occidental e de falar do matrimonio concertado en culturas como a india, comenta o argumento desta obra narrativa que conta a historia dun rapaz de orixe punxabi criado no Reino Unido que é obrigado por seu pai a casar cunha muller que nin coñece, co fin de facerlle un favor a un amigo. Salienta o feito de que esta tradución é a primeira versión dunha obra de Bali Rai a unha lingua peninsular e felicita aos tradutores, Ramón Porto e Belén Souto, por empregar un galego xenuino e as xergas xuvenís actuais. Destaca que a novela trata da

alienación e a identidade cultural nas relacións humanas, sobre todo dos emigrados, que remata cun final feliz. Saliéntase a linguaxe directa e sinxela, o relato lineal en primeira persoa e o ritmo narrativo, ademais da expresividade textual e o trasfondo da historia, que nos presenta outra visión do amor non coincidente coa occidental.

- Rodri García, "Un casoiro ben mal amañado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 291, "Letras en galego", "Novela", 6 decembro 2008, p. 10.

Comeza reproducindo un fragmento da novela *Un casoiro ben mal amañado* e explicando como o seu autor, Bali Rai, narra un problema que sofren moitos emigrantes que dubidan se casar aos seus fillos con xente da súa etnia ou se mesturar con xente "do país a onde emigraron". Apunta que Bali Rai "reflicte a viveza da linguaxe adolescente", a través dun narrador en primeira persoa que aínda se sente atado ao país do que emigrou. Apunta que Bali Rai amosa "a inadaptación, a intolerancia ou a alienación que sofren os emigrantes". Remata apuntando que o autor dubida sobre a posíbel "integración racial, a tolerancia ou o multiculturalismo".

Referencias varias:

- Rodri García, "Chega a Galicia Bali Rai, primeiro escritor indio traducido ao galego", *La Voz de Galicia,* "*Cultura*", 25 novembro 2008, p. 49.

Comenta a visita a Galicia de Bali Rai para promocionar a primeira tradución ao galego dunha obra súa, *Un casoiro ben mal amañado*, e para manter encontros co alumnado dalgúns institutos galegos. Apunta que "o pano de fondo" da novela o constitúe a integración na cultura anglosaxona, e que ten moita relación coas vivencias persoais do escritor. Indica que lle preguntaron sobre o nome do protagonista e doutros personaxes, e que Bali Rai afirmou que se trata de preguntas frecuentes noutras partes do mundo que visita. Remata precisando que o autor recalcou que mentres en Suecia ou España a emigración está na primeira xeración, no Reino Unido xa vai pola segunda.

- Salvador Soutullo Carolo, "Bali Rai, un autor británico-asiático en Compostela", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "A vista de paxaro", 7 decembro 2008, p. 4.

Informa de publicación por parte da editorial Sotelo Blanco en galego da obra de Bali Rai *Un matrimonio ben mal amañado*. Ademais destácase que a novela reflicte a vida dos Punxabis dentro da India, e sobre todo na súa emigración a Inglaterra.

Rivera Ferner, Marta, *Aliñas de cristal* (*Alitas de cristal*) (ISBN: 978-84-403-0544-2)/ *Ruídos, sombras e medos* (*Ruidos, sombras y miedos*) (ISBN: 978-84-403-0546-6), ilust. da autora, adaptación ao galego de Irene Penas Murias, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, serie Fantasía e Medio Natural, a partir de 5 anos, 2008, [50]/[48] pp.

Novas entregas desta serie de Marta Rivera Ferner. En *Aliñas de cristal* a caída ao río da caixa de acuarelas de Erea permite ao lectorado facer un percorrido polas diferentes estacións do ano. Cando chega a primavera e a nena vai ao río para que este lle devolva as súas pinturas, comproba que xa non están. Pero, de súpeto, saen da auga pequenas bolboretas tinguidas coas cores de Erea que se esparexen por todas partes e volven cada primavera. E en *Ruídos, sombras e medos* o narrador relata o medo que Sabela, a

protagonista, sente de noite por todas as cousas que a rodean (os ruídos e as sombras dos monecos, da roupa e dos xoguetes, entre outros), demostrando unha enorme imaxinación e sempre os seus pais aparecen até que, finalmente, logran tranquilizala e arroupala. A autora pretende mediante os diálogos entre os personaxes que os nenos aprendan as diferenzas entre o real e o irreal e lean para vencer o medo. As ilustracións de *Aliñas de cristal*, a toda cor, están feitas pola autora dos textos, aproveitando as posibilidades compositivas do ordenador. Esta técnica permítelle conxugar fotografías e fondos con texturas diversas para completar as imaxes. Son ilustracións dun cromatismo moi atractivo e as cores teñen alto grao de saturación. Son composicións figurativas cun gran dinamismo, nas que aparece sempre a nena protagonista. E nas ilustracións de *Ruídos, sombras e medos*, nos fondos das composicións predominan as cores escuras e as sombras, que son as que dan medo ao protagonista. As composicións son tamén moi variadas e nelas aparece sempre a nena na cama, cos pelos de punta e os ollos abertos, amosando o medo que ten dun xeito visual durante todo o relato.

Rodari, Gianni, *Ricardo o escultor* (*Lo scultore Riccardo*, 1993), dibuxos Montse Tobella Soler, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, n.º 6, [lectorado autónomo], novembro 2008, 60 pp. (ISBN: 978-84-96893-84-9).

Neste conto de temática fantástica, extraído de *Prime fiabe e filastrocche*, de Gianni Rodari (Omegna, Roma, 1920-1980), as estatuas que fai Ricardo saltan do pedestal, saúdan ao seu creador e marchan percorrer mundo. De cando en vez, volven para contarlle as súas aventuras e para pedirlle que lles faga modificacións: que lles quite a chepa, que lles endereite as pernas e que lles poña ollos e nariz. Ricardo explica que son estatuas e por iso poden ser diferentes pero elas non están contentas co seu aspecto e, finalmente, o escultor atende as diversas peticións. Emprégase unha linguaxe áxil e divertida. As ilustracións figurativas de Montse Tobella (Barcelona, 1957) acompañan ao texto, enriquecendoo con imaxes do escultor protagonista e as súas estatuas. Non hai referencias espaciais, o fondo é branco e as ilustracións céntranse nos personaxes con composicións sinxelas. A técnica empregada no tratamento das cores das imaxes é de tipo pictórico. O estilo das formas e máis compacto como se estivesen talladas cos volumes marcados, reforzando así o aspecto escultórico que se describe no texto.

Rowling, J. K., *Harry Potter e a orde do Fénix* (*Harry Potter and the Order of the Phoenix*, 2003), trad. Laura Sáez, Vigo/Barcelona: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, [mocidade], 2008, 889 pp. (ISBN: 978-84-9865-132-4). ■

Nesta novela, a número cinco e a máis longa da saga da autoría de J.K. Rowling (Yate, Reino Unido, 1965), Harry Potter descobre que el é un home marcado e que a súa vida debe incluír ou, no peor dos casos, rematar nun asasinato, xa sexa como vítima, ou ben como asasino. Así o expresou a profesora Sybill Trelawney fai dezaseis anos na súa profecía e el fora o elixido por Voldemort como o seu igual para que esta se cumprise. Xunto ao destino, a morte como experiencia vital ante a perda dos seres queridos é outro dos temas principais do libro. A sempre recordada morte dos pais, así como a doutros fundadores da Orde do Fénix, a recente morte de Cedric Diggory no libro anterior, a ameaza constante da morte que simbolizan Voldemort e os seus seguidores e a visión da morte nesta ocasión de Sirius Black son algúns exemplos que o ilustran. Ademais, outros temas tamén están presentes nesta novela máxica que nos ofrece unha

trama na que se mestura o thriller político e o drama psicolóxico do seu protagonista, tales como a loita polo poder, a manipulación, a traizón, o sacrificio persoal, o desencanto, etc. No conxunto da serie completa, este quinto libro, no que o mundo de Harry Potter se poboa de novos personaxes e de novos escenarios, resulta novo tamén no tocante á voz narrativa: o seu narrador, omnisciente, como nos demais libros, adopta o punto de vista do protagonista durante toda a narración, permitíndonos coñecer até os seus soños e os seus máis íntimos pensamentos mediante a técnica do monólogo interior. A novela comeza a finais das vacacións de verán, cando Harry aínda se atopa na casa dos seus tíos, desexando que comece o novo curso en Howarts. A súa vida resulta aburrida e Harry séntese illado, afastado do seu mundo, e vivindo noutro do que non sente partícipe. A rutina rompe un día cando, de forma inesperada, o seu curmán Dudley e el son atacados por un grupo de dementotes. Harry enfróntase a eles usando un Patronius e consegue librarse dos seus atacantes. Este feito, no entanto, levarao ante un tribunal disciplinario no Ministerio de Maxia, por facer uso da maxia fóra do colexio de Howarts, sendo menor de dezaoito anos. Este feito desencadea o arranque da trama: un novo ano entre magos na vida de Harry Potter. Comeza cos días anteriores ao xuízo e que Harry os pasa no número 12 de Grimmauld Place, sede dunha organización secreta encargada de combater a Voldemort e aos seus secuaces, liderada por Dumbledore, integrada entre outros polo seu padriño, Sirius Black, e os Weasley e que conta con fundadores tan coñecidos como o foron os seus propios pais. Grazas á mediación de Dumbledore, a audiencia disciplinaria acaba coa total absolución de Harry, quen, deste xeito, ten permiso para poder comezar un novo curso en Howarts. O ministro Cornelius Fudge, que non pode evitar a expulsión de Harry de Howarts, non se resigna a aceptar a derrota ante Dumbledore, a quen acusa de tolo polas súas declaracións sobre a volta de Lord Voldemort, inicia unha nova manobra política e empréndea contra o propio colexio nomeando á subsecretaria do Ministerio, Dores Umbridge, nova profesora de Defensa contra as artes escuras primeiro e Alta Inquisidora despois. Finalmente, ademais, consegue desbancar a Dumbledore e facerse coa dirección do colexio a través do seu representante, a citada profesora de Defensa. A tiranía imposta pola nova dirección pronto se atopa coa oposición dalgúns dos seus alumnos interesados en practicar as artes escuras e cansados de non aprender máis que a teoría imposta polo filtro da nova profesora; estes constitúense como grupo clandestino para levar a cabo estas prácticas baixo o liderado de Harry Potter e autodenomínanse o Exército de Dumbledore. Harry sofre estraños pesadelos. Nun deles ve como unha serpe ataca a Arthur Weasley, o pai de Ron, o seu mellor amigo. Grazas a Harry conseguen rescatar ao señor Weasley a tempo para fornecerlle un antídoto e este salva a súa vida. Os soños seguintes acaban desvelando un novo ataque a outra persoa querida de Harry: o seu padriño Sirius Black. Xunto a outras vivencias, como o reencontro con Hagrid; a presentación do seu irmán, o xigante Grawp; as clases de oclumancia que Harry recibe de mans do profesor Snape; e a incursión na fraga prohibida con Dores Umbridge para desfacerse dela ou os temidos exames de E.M.O.; Harry, Ron, Hermione, así como outros fieis seguidores, diríxense ao escenario no que Harry viu en soños que atacaban a Sirius: a cámara das profecías no Ministerio de Maxia. Comeza entón unha batalla entre eles e os devoradores de homes, os secuaces de Voldemort, que ten como obxectivo facerse coa bóla que garda a gravación da profecía que liga os destinos de Harry e de Voldemort. En axuda ao grupo de Harry acoden os integrantes da Orde do Fénix, con Dumbledore á cabeza e é o propio Voldemort o que acode para enfrontarse a el. Este enfrontamento, no que Harry presencia a morte de Sirius, acaba finalmente coa fuxida de Voldemort e a vitoria de Dumbledore e de todos eles. O grupo dos Defensores sofre algunhas feridas que os obrigarán a pasar pola enfermería; fronte a esta dor física, con

todo, a Harry invádeo unha dor maior, causada polos sentimentos de culpabilidade e de pena ante a perda de Sirius. Restituído no seu cargo como director de Howarts, Dumbledore sincérase con Harry e desvélalle a mensaxe da profecía para que poida entender, por fin, cal é o papel que lle ten reservada a vida. Só está ilustrada a cuberta, cunha imaxe do protagonista en grises e azuis misteriosamente iluminado por unha luz fría.

Referencias varias:

- maré, "Para harrypotólogos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Tradución", 15 febreiro 2008, p. 35.

Dáse conta da publicación en galego de varias entregas de Harry Potter, entre as que se cita á referida á Orde do Fénix.

Rowling, J. K., *Harry Potter e o misterio do príncipe* (*Harry Potter and the Half-Blood Prince*, 2005), ilust. cuberta Dolores Avendaño, trad. Carlos Acevedo Díaz, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, [mocidade], 2008, 600 pp. (ISBN: 978-84-9865-128-7).

Sexto libro da saga de Harry Potter, escrita pola autora británica J.K. Rowling (Yate, Reino Unido, 1965) e presentada por unha ilustración na cuberta de Dolores Avendaño, na que os personaxes aparecen iluminados polo resplandor das variñas máxicas, nunha imaxe centrada nos protagonistas e que fai evidente dende o comezo o contido fantástico da novela. Un narrador omnisciente conta a nova aventura do mago que, con dezaseis anos cumpridos, inicia o sexto curso en Hogwarts. É elixido capitán do equipo de quidditch e isto, os adestramentos e as rapazas ocupan o seu tempo ao principio, pero a súa tranquilidade dura pouco, pois a pesar dos controis de seguridade que protexen a escola de magos, dous alumnos son brutalmente atacados. Dumbledore, máximo responsábel de Hogwarts, sabe que se achega o momento anunciado pola profecía no que Harry e Voldemort se van enfrontar á morte e que un dos dous debe morrer a mans do outro. O director pídelle axuda a Harry e xuntos emprenden unha serie de viaxes co obxectivo de coñecer os comezos de Lord Voldemort no mundo da maxia e poder descubrir os seus puntos febles. Conta tamén co apoio dos seus inseparábeis amigos, Ron e Hermione, e coa axuda dun vello libro de pocións pertencente a un misterioso príncipe que se fai chamar Príncipe Mestizo. O principal obxectivo de Harry e Dumbledore consiste en destruír os Horcruxes, que representan a alma dividida en sete partes de Voldemort e que aparecen por primeira vez neste libro. Un dos acontecementos máis importantes e dramáticos é a morte de Dumbledore. Precisamente a novela remata co enterro e coa determinación de Harry de deixar a escola para matar ao antagonista da historia. Harry tamén abandona a súa relación con Ginny polo medo a que Voldemort poida utilizala para achegarse a el. Cre que debe sentirse libre de compromisos para levar a cabo a súa empresa. A autora, para romper coa tristeza provocada polo enterro dun personaxe tan admirado e querido como Dumbledore, pecha este volume coa conversa entre Ron e Harry sobre a voda á que teñen que asistir. A Harry parécelle case imposíbel que poida existir algo tan normal e ao mesmo tempo tan marabilloso tras todo o acontecido. Con isto crébase a tensión final.

Referencias varias:

- maré, “Para harrypotólogos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Tradución”, 15 febreiro 2008, p. 35.

Infórmase da presentación da sexta entrega da saga de Harry Potter, titulada *Harry Potter e o misterio do príncipe* e anúnciase que estará á venda a partir do 21 de febreiro. Ao mesmo tempo, dáse conta das actividades organizadas con motivo deste evento, que terán lugar na FNAC da Coruña e na Casa do Libro de Vigo.

Rowling, J. K., *Harry Potter e as reliquias da morte* (*Harry Potter and the Deathly Hallows*, xullo 2007), trad. Laura Sáez, Vigo: Editorial Galaxia, febreiro 2008, 632 pp. (ISBN: 978-84-9865-050-1).

Trátase do sétimo e último libro da serie de novelas fantásticas protagonizadas por Harry Potter e escritas pola autora británica J.K. Rowling (Yate, Reino Unido, 1965). Péchase deste xeito a saga que comezou dez anos antes. Nesta última entrega nárranse os acontecementos que seguen directamente ao libro anterior: *Harry Potter e o misterio do príncipe* e, polo tanto, conclúe co enfrontamento final entre Harry Potter e os seus aliados, e o mago escuro Lord Voldemort e os seus serventes, os Mortífagos. Ábrese cunha dedicatoria escrita en forma de lóstrego dirixida a varias persoas e finalmente ao lectorado que seguiu a saga. A continuación aparecen dúas citas sobre a morte e a amizade. A primeira é unha pasaxe d’*As coéforas*, do escritor grego Esquilo, e a segunda é un fragmento da novela *More Fruits of Solitude*, de Wiliam Penn. O corpo da obra consta de trinta e seis capítulos e un epílogo que leva por título “Dezanove anos despois”, ambos narrados en terceira persoa omnisciente. Os diálogos entre os personaxes son abundantes. A linguaxe empregada caracterízase pola súa sinxeleza, acadada a través de estruturas sintácticas en xeral curtas, con predominio da parataxe. Conta con numerosos elementos fantásticos, propios deste tipo de literatura xuvenil, ademais dun ritmo áxil e vivo. A historia comeza cando Harry Potter cumpre a maioría de idade, polo que a protección máxica que tiña na casa dos Dursley se perde. Lord Voldemort e os seus seguidores preparan entón unha emboscada e os tres protagonistas, Harry, Ron e Hermione, buscan acubillo no Tobo, onde reciben a herdanza que lles deixou Albus Dumbledore: varios obxectos máxicos que lles servirán para atopar e rematar cos Horcruxes que faltan por destruír (fragmentos da alma de Voldemort que deben ser destruídos para finalmente vencelo). Esta busca obrigaraos a transportarse e agocharse en distintos lugares do Reino Unido. Tras sobrevivir a varios enfrontamentos con todos os seus inimigos, Harry vese só para resolver o labor que lle foi encomendado, até que Severus Snape revela a súa verdadeira lealdade (unha incógnita que se mantiña ao longo da serie). A raíz das memorias que lle lega este último, Harry aprende que el mesmo é un Horcrux, polo que debe morrer para derrotar o Señor das Tebras. Na escena final, Harry entrégase docilmente e é vítima da maldición asasina. Non morre, senón que esperta nunha especie de limbo onde o espírito de Dumbledore lle explica que o Horcrux fora destruído nel e que, ao resignarse a morrer e perder o medo á morte, converteuse no verdadeiro “amo da morte” e polo tanto no xusto dono das reliquias. O libro finaliza cun epílogo no que conta a historia dos protagonistas dezanove anos despois da Batalla de Hogwarts, ambientada na plataforma 9¾ da estación King's Cross, cando un dos fillos de Harry Potter sobe no Expreso de Hogwarts

para asistir ao seu primeiro ano escolar.

Recensións:

- Paula Fernández, "A cicatriz de Harry", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Infantil/Xuvenil", 19 xuño 2008, p. VII.

Refire que despois de dez anos da publicación do primeiro libro de Harry Potter, acaba de ver a luz o último libro da colección, publicado en galego por Galaxia: *Harry Potter e as reliquias da morte*. Afirma que nesta última entrega o protagonista se mostra máis maduro e adquiren maior importancia os seus amigos. A seguir relata o argumento da novela na que o protagonista deberá tomar decisións importantes na súa vida e enfrontarse co mago Voldemort.

Referencias varias:

- maré, "Para harrypotólogos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Tradución", 15 febreiro 2008, p. 35.

Indícase que *Harry Potter e as reliquias da morte* é o único libro da serie que non inclúe ningún comentario da crítica no interior da cuberta, onde se pode ler o seguinte: "Agora presentamos a sétima e última parte do conto épico de Harry Potter".

- Miguel Lorenci, "La última entrega de Harry Potter se vende a partir de hoy", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 febreiro 2008, p. 49.

Dáse conta de que acaba de saír á luz a última entrega da saga da autora J. K. Rowling, co título *Harry Potter y las reliquias de la muerte*, traducido e difundido pola editorial Salamandra. Dise que a versión orixinal en inglés, da que se conta agora con tradución en galego e en catalán, *De Harry Potter and the deathly hallows*, foi difundida o pasado mes de xullo cun enorme éxito, chegando a ser o libro máis vendido da historia nas súas primeiras vintecatro horas.

- Ana Saá, "Última aventura en Hogwarts", *Faro de Vigo*, 22 febreiro 2008, contracuberta.

Exponse que coa publicación da última entrega de Harry Potter, *Harry Potter e as reliquias da morte*, os seus seguidores xa teñen acceso ao desenlace da saga. Salienta entre os actos organizados con motivo deste acontecemento a celebración dun coloquio presentado por Francisco Castro.

- Ana Iglesias, "Harry Potter, incombustible", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Lanzamiento", 22 febreiro 2008, p. 27.

Dá conta do espectáculo de maxia organizado por El Corte Inglés para celebrar o lanzamento da última entrega de Harry Potter, no que se lles deu diplomas a todos os clientes que tiñan o libro reservado. Infórmase da publicación simultánea deste volume en castelán, catalán e galego en España, Latinoamérica e Estados Unidos.

- Manuel Jabois, "Última aventura de Harry Potter el mago que embrujó a millones de jóvenes", *Diario de Pontevedra*, "Viviraquí", 22 febreiro 2008, p. 72.

Indica que a editorial Galaxia distribúe catro mil exemplares de *Harry Potter e as reliquias da morte*, feito que xustifica por considerar esta novela un fenómeno da cultura de masas con récords de vendas. Engade uns apuntes sobre os personaxes da saga creada por Rowling.

- Ana Baena, "Colas para hacerse con 'Harry Potter", *Atlántico Diario*, "Vigo", 22 febreiro 2008, p. 22.

Reflíctese a expectación provocada pola sétima entrega das aventuras do mago Harry Potter e anúnciase que esta edición conta cunha tradución ao galego, distribuída ao mesmo tempo que a castelá.

- Ana Rodríguez, "Potter cuelga la varita", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 22 febreiro 2008, p. 12.

Dá conta dos actos organizados pola Fnac e pola Editorial Galaxia para celebrar a publicación da sétima entrega das aventuras de Harry Potter, *Harry Potter e as reliquias da morte*. Sinala que neste libro aparecen numerosas sorpresas e xiros narrativos e que se explica o pasado de moitos dos personaxes principais, co fin de pechar a historia contada ao longo dos seis volumes anteriores.

- maré, "O último truco de Harry", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 febreiro 2008, p. 22.

Dáse noticia da publicación de *Harry Potter e as reliquias da morte*, cualificado como o máis famoso mago da historia da literatura infanto-xuvenil, e saliéntase que a editorial Galaxia completa así a serie en lingua galega. Coméntase que esta novela tivo unha acollida menor que anteriores entregas como *Harry Potter e a Orde do Fénix* e *Harry Potter e o misterio do Príncipe*.

Saiz, Raquel, *Chuzos de punta*, ilust. Maja Celija, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-039-7).

O relato de Raquel Saiz comeza describindo en terceira persoa a rutina diaria do albanel Manolo até que empeza a chover a o protagonista dáse conta de que do ceo caen gotas que son princesas vestidas de roxo e que bailan coa xente. Son tantas que o alcalde decide que cada cidadán leve unha á súa casa. E iso é o que fai Manolo. A conclusión é que as leis da natureza non sempre funcionan e o amor pode caer do ceo. A escritora logra dun xeito irónico tratar o tópico da princesa que se namora do príncipe e viven sempre felices e descubrir a importancia dos sentimentos. A ilustradora croata Maja Celija consegue cunha técnica expresionista marcar a forza expresiva das imaxes realistas e con moita diversidade de cor. As figuras das rapazas da cuberta non anticipan nada da temática do relato. A trama vaise revelando conforme avanza o relato e as imaxes van describindo o que pasa dun xeito literal. Para un relato tan imaxinativo como este as composicións recollen visualmente como caen do ceo as princesas, como se enche o pobo con elas, etc., cunhas referencias espaciais moi detalladas. As cores son

variadas, con predominio do vermello dos traxes das princesas.

Recensións:

- Arianna Squilloni, "¡Qué chaparrón! Raquel Saiz", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 218, "Libros/Novedades", setembro 2008, p. 61.

Comeza ofrecendo datos biográficos da ilustradora croata e as súas preferencias nas técnicas que emprega, que se considera a converten na ilustradora ideal para esta obra, na que un día calquera se converte en excepcional, xa que cae un chaparrón de princesas que aparecen nos contos de fadas e un home bo e solitario atopa o amor da vida. Cualifica o libro de "planteamiento austero, muy bien ejecutado, que nos habla de la importancia de las pequeñas cosas, con un plus de sencillez y otro de magia".

- Paula Fernández, "Desmitificando. Con fantasía e humor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 263, "Infantil/ Xuvenil", 16 outubro 2008, p.VII.

Comenta que a autora pretende desmitificar algúns tópicos dos contos infantís que os nenos cren e que é "un xeito orixinal de anovar a literatura e de debuxar fermosas imaxes coas palabras". Dise que o conto ten como protagonista ao señor Manolo que se namora dunha princesa caída do ceo nunha chuvia de princesas que require a intervención das autoridades para o seu cese. Trátase, dun texto áxil e ordenado, onde se funden fantasía e humor, que incide "na igualdade, na convivencia e na sinceridade" e que emprega unhas ilustracións "coloristas, divertidas e expresionistas".

Referencias varias:

- M. O., "Chuzos de punta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 263, "Infantil", 24 maio 2008, p. 12.

Dise que este libro está dirixido a nenos de entre tres e sete anos e que pretende ensinar o valor da convivencia e romper co mito da princesa que se namora para toda a vida. Tamén se comenta que a historia está "chea de lirismo, ironía e sentido do humor" e saliéntase a calidade e "forza expresiva" das ilustracións de Maja Celija.

Santos Torres, Care, *O álbum de Jumbo* (*L'album d'en Jumbo*, 2008), debuxos SUBI, trad. Paula Fernández González, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 10, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-802-4).

Neste conto de Care Santos Torres (Mataró, Barcelona, 1970), no que se empregan caracteres caligráficos, Jumbo, un Boeing 747, un dos avións máis grandes e rápidos do mundo, relata en primeira persoa a súa vida e gustos: quen foron os seus pais (unha hidroavión e un campión de velocidade), o medo que tiña no seu primeiro voo, quen foron os primeiros nenos que viaxaron nel, como o que máis lle gustaba era voar sobre o oceáno, o accidente que tivo aínda que ninguén se mancou e como, finalmente, en lugar de rompelo en anaquiños para usar as súas pezas na reparación doutros avións decidiron instalalo nun parque de atraccións onde o visitan moitos nenos e nenas dende

onde ve o que máis lle gusta, o mar. A última páxina do conto está dividida en dúas seccións: o peritexto intitulado "Os transportes" e un "Ecoflash". Na primeira lémbraselles ao lectorado os tipos de transportes que existen, para que serven e a súa evolución ao longo do tempo, mentres que na segunda díselles que é mellor usar os transportes colectivos para aforrar cartos e contaminar menos. Joan Subirana "Subi" (Manresa, 1969) elabora unhas ilustracións de estilo figurativo moi cercanas ao lectorado. Os personaxes son de estilo figurativo e humaniza aos seres inertes, como o protagonista, un avión. Son ilustracións que cabe destacar que conservan os trazos iniciais do artista, asemellando os bocetos aos que despois se lles dá cor, fundamentalmente en tons azuis. Acompañan ao texto e enriquecéno en moitas ocasións. Mostran un Jumbo humanizado e contribúen a reforzar o que o neno está lendo.

Sierra i Fabra, Jordi, *A fabulosa lenda do Rei Artur* (*La fabulosa leyenda del rey Arturo*, 2008), ilust. Francesc Rovira, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, A Coruña: Editorial Rodeira, [lectorado autónomo], outubro 2008, 135 pp. (ISBN: 978-84-8349-153-9).

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) presenta neste volume de gran formato e en tapa dura unha versión da coñecida lenda do Rei Artur, coa particularidade de retomala retrocedendo á súa infancia. A historia comeza cun prólogo no que o suposto narrador do relato, o auténtico mago Merlín, se dirixe ao lectorado e prepárao para se adentrar nun mundo de aventuras, advertindo que só aqueles que acubillen paz e amor no seu espírito serán quen de penetrar neste relato. A seguir sucédense tres partes. Na primera, "A espada máxica", coñecemos o protagonista dende o momento no que, por sorpresa, é quen de arrincar a misteriosa espada que fica cravada no cemiterio de Canterbury. Consonte a lenda, é el o encargado de reinar en Bretaña e poñer paz e, xa que logo, debe coñecer os datos relativos ao seu misterioso pasado: a morte dos seus pais e a protección que recibiu do mago Merlín. Na segunda parte, "O soño? de Artur", nárrase o proceso de madureza do Artur adolescente, no intre de comezar a asumir o seu destino. Nun paseo polo bosque coñece a princesa Xenebra, da que se namora, e consegue que dous inimigos irreconciliábeis, o dragón Anvil e o elfo Thrupew, cheguen a un acordo botando man do razoamento e arredor dunha mesa redonda, o obxecto perfecto porque non hai cabeceira e así todo o mundo se sente igual que os demais. Na última parte, "A dama do lago e Excalibur", Artur coñece por fin a Merlín, que o informa do seu destino, converterse nun gran rei e nunha lenda, para o cal terá que loitar e enfrontarse con valor e decisión aos perigos. Finalmente, Artur chega onde a Dama do Lago, que lle pide un desexo a cambio de axudalo a conseguir a espada Excalibur, que o conducirá invencíbel por todas as batallas sempre que non lle perda a vaíña e cando lle chegue a hora da morte cumpra o que di na súa folla: "Guíndame lonxe". A historia conclúe cun epílogo, de novo na voz de Merlín, que resume a vida e os logros deste rei até a súa morte dando fe da súa veracidade. Trátase dunha edición moi coidada, de tapas duras e ilustracións de Francesc Rovira (Barcelona, 1958) quen fai un aceno ao lectorado desta historia ao elixir para crear a Artur a mesma imaxe de Jorge, o personaxe da tira cómica que publica semanalmente, xunto con Sierra i Fabra, nas páxinas de *El Pequeño País*. Na cuberta aparece o protagonista sostendo unha espada, destacándose sobre un fondo difuminado cheo de dragóns, ogros e monstros. O aspecto que ten o personaxe principal é o dun rapaz con rostro amábel. As ilustracións do interior ocupan unha páxina enteira e achegan información sobre as vestimentas e os

utensilios da época. As imaxes están deseñadas con debuxos a tinta, iluminados con acuarelas de tons suaves. As gardas, o inicio de capítulo e o número das páxinas están decorados cunhas grecas de deseño xeométrico que lle confiren un aspecto antigo.

Sierra i Fabra, Jordi, *O meu cole* (*L'escola*, 2008), debuxos Elena Odriozola Belástegui, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 1, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-793-5).

O relato de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) combina o estilo directo e o plural de primeira persoa, facéndolle partícipe do narrado ao lectorado, e en conxunto recolle as impresións dun neno ao longo dun día calquera na escola e os hábitos e valores dominantes. Ese neno é Quique, aínda que o seu nome só o coñecemos ao chegar á última páxina da historia, na que un neno, el, frega os ollos ao mesmo tempo que a súa mamá lle lembra que chegará tarde ao colexio. No debuxo desta última páxina recoñécese ao neno que protagoniza a historia a través dos dous elementos que o identifican: o seu pelo louro e un paxariño amarelo que sempre o acompaña. Deste xeito, a repetición do cotián do narrado, levantarse e ir á escola, compleméntase perfectamente coas ilustracións, as cales invitan a novas lecturas para atopar a Quique nos debuxos, entre outros nenos de caras redondas, roxos, morenos, castaños e rubios, coma se dun xogo se tratase. Ademais contén dúas páxinas finais á marxe, pero ao fío desta historia: a da esquerda é un peritexto, intitulado "A escola", que recolle unha sinxela descrición da escola, así como un ecoflash cunha suxestión para que os nenos saiban como poden colaborar no aula na reciclaxe do papel; a da dereita é un debuxo que recolle unha escena de nenos en clase de música. As ilustracións figurativas de Elena Odriozola (Donostia, 1967) destacan pola deformidade e a desproporción dos personaxes para as que emprega a acuarela como técnica pictórica. As ilustracións de Odriozola son moi características polos trazos redondeados, delimitados por unha liña moi fina e sen pretensión volumétrica.

Slegers, Liesbet, *¿Que estou a ver?* (*Wat zie ik?*, 2008) (ISBN: 978-84-92404-11-7)/*¿Que estou a tocar?* (*Wat voel ik?*, 2008) (ISBN: 978-84-92404-10-0)/*¿Que estou a oír?* (*Wat hoor ik?*, 2008), (ISBN: 978-84-92404-12-4), ilust. da autora, trad. Ignacio Chao, Vigo, Editorial Luis Vives/Tambre, col. XELA, n.os 1/2/3, [prelectorado], 2008, [24] pp.

Esta serie de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975), titulada "Xela", ten como obxectivo facilitar ao prelectorado a descuberta sensorial da contorna a través da súa protagonista. A estrutura común aos tres volumes é a seguinte: na páxina esquerda descríbese textualmente a través dun narrador en primeira persoa un obxecto, mentres que nas páxinas dereitas despregábeis aparece o que se ha adiviñar entre catro opcións representado a través da ilustración. O primeiro número, *¿Que estou a ver?*, inclúe unha serie de pistas para descubrir algúns obxectos observados: unha pelota, un gato, un sándwich de queixo, un armario onde garda os xoguetes, unha flor que lle vai dar á súa nai, e, por último, o seu pai. O segundo número, *¿Que estou a tocar?*, contén seis adiviñas que describen un obxecto que está tocando Xela nese momento: un coello de peluche, pezas de construción, auga, un frigorífico, xabón e unha árbore. O terceiro título, *Que estou a oír?*, achega do mesmo xeito varias pistas para que descubra nesta ocasión unha serie de sons. Descríbense, co apoio das ilustracións, os sons da choiva, do

teléfono, da radio, dun avión, da aspiradora e o canto dun peto. As ilustracións da autora son de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As composicións están pensadas dende o punto de vista do neno.

Sobrino, Javier, *A nube de Martín* (*La nube de Martín*, 2008), Finalista I Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados 2008, ilust. Rebeca Luciani, trad. do castelán Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Mare Mar, [lectorado autónomo], novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-708-9).

Javier Sobrino (Pimiango, Asturias, 1960), que xa fora galardoado co Premio Internacional ao Albúm Ilustrado Biblioteca Insular (2006), presenta a un narrador en terceira persoa para relatar a historia de Martín, o neno protagonista que "ten unha nube" e pode soñar que se encontra en diferentes lugares como nun faro, e pode voar nun albatros, explorar a selva. Deste xeito remárcase o carácter soñador do neno e tamén o paso da nenez á adolescencia. A ilustradora Rebeca Luciani (La Plata, Argentina, 1976) presenta a un protagonista, cuxa cabeza é alongada e moi ancha na parte superior, mentres o resto do corpo parece irrelevante. Xa na cuberta, acompañando ao título, aparece a imaxe dun neno cunha nube enriba da cabeza. As gardas tamén son imaxes de nubes. As imaxes seguen ao texto desenvolvéndoo nunhas composicións moi imaxinativas que beben de fontes surrealistas, onde a presenza da obra de Giorgio de Chirico é moi evidente. As cores cálidas da cuberta e do interior, de gran forza expresiva, enriquécense con gamas variadas e máis contrastadas.

Sobrino, Javier, *Un segredo do bosque*, ilust. Elena Odriazola, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2008, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-037-3).

Javier Sobrino (Pimiango, Asturias, 1960) convida ao lectorado a descubrir o que se agocha no fondo do bosque. Non é un animal, non é unha praga, non é unha ameaza para os seus habitantes o que ocorre é que Esquío caeu nas redes do amor. Os animais andan todos revoltos desexando saber quen é o namorado do Esquío, pois veno desesperado e tolo de amor. Logo de moitas pescudas e de centos de consellos máis ou menos acertados, o Esquío confesa que ama ao Peto. A sorpresa dos animais do bosque é tal que non conseguen entender cómo puido xurdir o amor entre estas dúas criaturas. Contra todo prognóstico, o seu amor chega a todos os recunchos do bosque, mentres eles comparten unha vida en común. As ilustracións de Elena Odriozola (Donostia, 1967) teñen un carácter figurativo. Unha rama de árbore chea de paxaros aparece na cuberta e complétase na contracuberta; a imaxe segue tamén nas gardas. As ilustracións, feitas coa técnica da acuarela, amosan unhas imaxes do bosque moi delicadas polo colorido suave e polo predominio de curvas. O deseño dos animais está feito con simplicidade nas formas pero gardando a esencia de cada un deles.

Recensións:

- María Navarro, “Amor sublime. Tenruras no bosque”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 262, “Infantil/Xuvenil”, 9 outubro 2008, p. VII.

Dise que o obxectivo desta obra é, por unha banda, chamar a atención do lectorado infantil elixindo animais como protagonistas e, por outra, enxalzar o amor por enriba de todas as cousas. Comenta que a ilustradora Elena Odriozola contribúe á creación dun marco idílico co emprego dun trazo sinxelo que insinúa un ambiente de placidez e calma. Dise que os protagonistas, Esquío e Peto, son a alegoría da amizade e do amor, mensaxe que lle chegará aos máis pequenos grazas á sinxeleza da súa prosa.

Solá, Gemma, Nuria **Fernández** e Sandra **Sayavera**, *Os xoguetes enfadados*, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland S. A/ Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 3, [prelectorado], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-41-6).

Neste terceiro relato da colección “Leo e Releo”, Gemma Solá, Nuria Fernández e Sandra Sayavera pretenden que o neno saiba coidar os seus xoguetes. Así mesturan breves diálogos cun narrador en terceira persoa. Os xoguetes están enfadados porque a nenez non os trata ben. Paulo e María decátanse do seu erro e volven a xogar con eles e a coidalos. O texto é mínimo xa que só recolle unha o dúas frases en maiúsculas e minúsculas tendo en conta que receptor está aprendendo a ler. As ilustracións figurativas de Antonio Amago presentan cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan aos textos.

Soler, Teresa, *Pepe e o seu hámster* (*L´hàmster de Josep*, 2008), ilust. Montserrat Tobella, trad. Paula Fernández González, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 7, [lectorado autónomo], setembro 2008, 24 pp. (ISBN:978-84-9782-799-7).

O conto de Teresa Soler artéllase arredor da procura do hámster de Pepe, que escapou da gaiola. O neno persegue ao animaliño por toda a casa até que escapa pola fiestra do xardín. Cando pensa que xa nunca o atopará chamán á porta; é unha veciña que trae de volta ao hámster. Contén o libro unha páxina final de tipo educativo que explica de xeito moi resumido a función da casa, a súa estrutura, os profesionais que interveñen na súa construción (albanel, fontaneiro...), tipos de casas do mundo (tipi, iglú, jaima) e un consello ecolóxico para aplicar no fogar e axudar así, cun sinxelo xesto, a frear o cambio climático. Montse Tobella (Barcelona, 1957) emprega a pintura como técnica de ilustración para elaborar uns personaxes que destacan polo protagonismo dos ollos e o nariz. Xoga co encadre centrando a atención do lector visual nas accións que está a densenvolver o personaxe principal. Son ilustracións que acompañan ao texto durante todo o relato.

Tibo, Gilles, *A gran viaxe do señor M.* (*Le grand voyage de Monsieur*, 2001), trad. Emma Lázare, ilust. Luc Melanson, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], maio 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-672-3).

Gilles Tibo (Canadá, 1951) presenta a vida do Señor M. despois da morte do seu neno.

O narrador en terceira persoa describe que o home viaxa a lugares lonxe e preto sen separarse do seu osiño de lá e dunha cadeira, até que coñece a un neno cuxa familia desaparecera pola guerra. O neno descobre unha boneca de trapo entre os cascallos da súa casa e o señor M. axúdalle a arranxar unha cadeira. Logo viaxan xuntos e comparten os seus obxectos. O ilustrador canadense Luc Melanson, quen recibiu o premio "Governor General's Literary Award" ao mellor libro ilustrado en Canadá no ano 2002 xoga con diferentes cores nunhas ilustracións que ocupan a maior parte das páxinas polo que o texto é mínimo. Os trazos son moi estilizados e algo difusos. Trátase de debuxos que repiten visualmente o narrado polo texto, pon en imaxes as paisaxes e os países onde ocorren as aventuras do protagonista. A técnica empregada é o pastel sobre papel coloreado, que se deixa ver entre os trazos de pastel e que achega ás composicións unha textura branda e algodonosa. As cores das ilustracións van alternando entre cálidas e frías.

Torres, Encarna, *Ramona e Renato*, ilust. Antonio Amago, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e releo, n.º 4, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-44-7).

Neste relato de Encarna Torres [Escuriola] os dous burros Ramona e Renato teñen un amo que os quere vender xa que non os utiliza. Para evitalo deciden transformar a escola nunha granxa escola. Preténdese describirlle ao neno a importancia da contorna que o rodea, ao que axudan as ilustracións de Antonio Amago, moi expresivas e entrañábeis. Coma nos outros libros da colección o texto é mínimo, predomina o narrador en terceira persoa sobre o diálogo, e o uso de letras maiúsculas e minúsculas segue a liña do proceso de aprendizaxe do neno. As ilustracións figurativas presentan cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan aos textos.

Torres, Encarna e Anabel **Montrul Martolell**, *A cidade sen semáforos*, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 1, [prelectorado], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-46-1).

Para intentar evitar todos os problemas de tráfico da cidade o alcalde Federico explica as normas de educación viaria logrando deste xeito o seu obxectivo neste relato de Encarna Torres. Seguindo a liña dos outros relatos da colección o texto é mínimo, combina o diálogo co narrador en terceira persoa, e o uso de letras maiúsculas e minúsculas segue a liña do proceso de aprendizaxe do neno. As ilustracións figurativas de Antonio Amago Alonso son moi entrañábeis e atractivas para o neno e reflicten os sentimentos dos personaxes. Presentan cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan aos textos.

Torres Escuriola, Encarna (AIJU), *Teño un irmán máis novo (Tengo un hermano pequeño*, 2008), ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alicante/Madrid: Miniland/ Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 5, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-47-8).

Este conto de Encarna Torres Escuriola trata de educar na igualdade de sexos e non marcar diferenza entre nenos e nenas. Trata de evitar estereotipos e fomentar hábitos coeducativos como compartir tarefas da casa e xogar con todo tipo de xoguetes. Narra en terceira persoa a historia dun neno chamado Pedro que está moi contento porque lle naceu un irmán. A nai e o pai coidan del e mentres, Pedro xoga cun boneco bebé para aprender a coidar de seu irmán máis tarde. Xoga a pais e nais, mais os nenos da clase rinse del porque din que xogar con bonecos é cousa de nenas. Pedro non entende que lle digan iso se seu pai fai o mesmo e non é unha nena. O seu pai dille que xogar non é nin de nenos nin de nenas. O conto vai dirixido a nenos pequenos que están aprendendo valores lendo e o texto ten dúas grafías: na parte superior aparecen as letras manuscritas que eles mesmos fan cando aprenden a escribir e na parte baixa da páxina, o mesmo texto escrito en maiúsculas, para que vaian acostumándose a ambas as dúas grafías. Ao final do libro aparece un texto pra nais e pais e uns exercicios de animación á lectura con información de descarga gratuíta na páxina web de Miniland. As ilustracións figurativas de Antonio Amago presentan cores intensas, figuras infantís rodeadas de liñas negras. Trátase de imaxes centradas nas figuras con algunhas referencias espaciais que completan aos textos.

Tournier, Michel, *Venres ou a vida salvaxe* (*Vendredi ou la vie sauvage*. D'après *Vendredi ou les limbes du Pacifique*, 1977), ilust. Maife Quesada, trad. e notas Gustavo Luca de Tena, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 3, [lectorado mozo], maio 2008, 178 pp. (ISBN: 978-84-9782-773-7).

Respecto a primeira edición de 1987 hai cambios debidos á adaptación ao novo deseño da colección e á ortografía vixente. Eliminároнse a introdución da editora e as ilustracións paratextuais. Michel Tournier (París, 1924) reescribe a novela de Daniel Defoe dende unha visión actualizada, máis axeitada aos tempos do autor. Nun principio mantén a visión racista do mito de Robinsón no que o náufrago crea un xeito de vida na illa que plasma as ideas do país imperialista do que procede, o cal se volve máis evidente cando aparece Venres e Robinsón non dubida en tratalo como a un ser inferior que precisa aprender os seus sistemas de vida. Non obstante, tras un suceso fatal que derruba a farsa na que vive, Robinsón decátase da falsidade da súa superioridade e de que os seus métodos son ineficaces, polo menos na illa. Deste xeito, deixarase levar polo modo de vida máis salvaxe, pero efectivo, de Venres. Como se indica no título, Venres representa a vida salvaxe, unha civilización diferente, unha vida que Robinsón descobre pouco a pouco e que non é outra cousa que un xeito de vida diferente á del. O continuo recaer de Robinson nun estado depresivo e de abandono indica que os costumes da súa civilización non son os adecuados para a illa na que se atopa. Pódese estabelecer claramente un antes e un despois da aparición de Venres, quen sen querelo incita a Robinsón a reformular o seu modo de vida. A historia está narrada en terceira persoa por un narrador omnisciente, o espazo redúcese á illa na que o protagonista naufraga e o tempo abarca oito anos. A novela está precedida por un prefacio do autor que nos revela datos históricos do mito de Robinsón, así como unha breve análise do libro de Daniel Defoe. Só aparece unha imaxe de Xavi Montes na cuberta cun náufrago na area dunha praia tropical que suxire aventuras por terras lonxanas. No interior hai uns pequenos debuxos de Marifé Quesada que representan mans para axudar a comprender a liguaxe de símbolos.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Sorpresa arreo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 257, "Libros", 4 setembro 2008, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 198, "Letras galegas", 13 setembro 2008, p. 10.

Comézase explicando a historia real na que se baseou o *Robinson Crusoe* publicado por Daniel Defoe en 1719, e a repercusión e éxito acadados con esa novela, e como o seu personaxe pasou a ser "mitolóxico". A seguir céntrase no filósofo e novelista francés quen recibiu en 1967 por *Venres ou os limbos do Pacífico* o Premio da Academia Francesa. Indícase que despois escribiu unha nova obra intitulada *Venres ou a vida salvaxe*, á que considera como a "adaptación para a xuventude do libro anterior". Resúmese o argumento da novela e resáltase a importancia das traduccións e as escollas "neste longo e difícil camiño da normalización".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, "Libros", 12 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 191, "Libros", 21 xuño 2008, p. 11.

Sección fixa onde se dá cabida a modo de recomendación varios libros como, neste caso, ademais da obra que nos ocupa, *Venres ou a vida salvaxe*, de Michel Tournier, acóllense *A cidade e os días*, de Xosé María Álvarez Blazquez; *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño; e *Viaxe ao centro da Terra*, de Jules Verne.

Verne, Jules, *Viaxe ao centro da Terra (Voyage au centre de la terre*, 1864), trad. e notas Valentín Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 4, [lectorado mozo], maio 2008, 373 pp. (ISBN: 978-84-9782-774-4).

Nesta reedición da tradución ao galego desta novela precedente da ficción científica de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) publicada en 1985 eliminouse a introdución de Valentín Arias e as ilustracións de Riou. Tamén se corrixen erros das probas de imprenta tales como a aparición da páxina 258 en lugar da páxina 260 e viceversa, ademais dos cambios debidos á adaptación á normativa do galego que afectan ao nome da colección (agora Xabaril en lugar de Xabarín) e ao texto da novela. O cambio normativo no nome da colección tamén modifica o número desta novela: na colección "Xabarín" no ano 1985 ocupaba o número 13, mentres agora na colección "Xabaril" ocupa o 4. Nesta novela nárrase a viaxe emprendida polo profesor Otto Liddenbrock até o centro da Terra en compañía do seu sobriño e guiados por Hans e un pergamiño do século XII, obra do sabio islandés Arne Saknussem. Nesta expedición científica e imaxinativa para acceder ao centro da Terra ingresan nun volcán a través do cal descobren un imaxinario mundo propio da época mesozoica enterrado nas profundidades terrestres, ademais da existencia dun mar interior e mesmo luz eléctrica.

Recensións:

- Pilar Ponte, “O mestre das viaxes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 257, “Libros”, 4 setembro 2008, p. IV/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 198, “Letras galegas” 13 setembro 2008, p. 10.

Coméntase a tradución ao galego do libro de Jules Verne, *Viaxe ao centro da Terra*, do que tamén se conta o argumento. Cualifica ao seu tradutor, Valentín Arias, de “excelente tradutor” e salienta del que “enriquece” o texto ao engadir notas documentadas que axudan á comprensión da obra. A continuación faise un repaso polo currículo do tradutor e os premios que recibiu, coma o Plácido Castro.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 252, 12 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 191, 21 xuño 2008, p. 11.

Sección fixa onde teñen cabida a modo de recomendación libros coma este que se está a describir *Viaxe ao centro da Terra*, de Jules Verne; *A cidade e os días*, de Xosé María Álvarez Blazquez; *Profundidade de campo* (2007), de Yolanda Castaño; e *Venres ou a vida salvaxe*, de Michel Tournier.

Verne, Jules, *A volta ao mundo en 80 días (Le tour du munde en quatre-vingts jours,* 1872), trad. e notas Valentín Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 5, [lectorado mozo], maio 2008, 367 pp. (ISBN: 978-84-9782-775-1).

Reedición desta novela publicada orixinariamente na colección “Xabarín” no ano 1983 e que en 2008 aparece na nova colección “Xabaril”, con cambios para adecuarse á norma ortográfica do galego e varios dos comentados na obra descrita anteriormente, *Viaxe ao centro da Terra*. Neste clásico da literatura universal, relátase o que o propio título indica: a volta ao mundo en 80 días. Unha viaxe froito dunha trivial aposta xurdida entre o protagonista da historia, o singular pero non típico londinense Phileas Fogg e o seu círculo de coñecidos. Elefante, barco ou tren son algúns dos medios de transporte que Phileas, xunto co seu maiordomo Passepartout e outros compañeiros de travesía, utilizarán para percorrer todas aquelas terras que o devolvan ao seu punto de partida: Londres. E xunto co interrogante de se chegarán antes da hora acordada, xa nas primeiras páxinas se engade outro “¿será Mr. Fogg o ladrón dun banco da capital inglesa tal e como pensa o detective Fix? Para contárnolo, Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) decidiu deixar en mans dun narrador omnisciente o relato das fantásticas aventuras coas que van tropezando os seus personaxes en cada territorio avanzando cara ao leste. As cidades de Londres, París, Turín, Brindisi, Suez, Bombai, Calcuta, Singapur, Hong Kong, Shangai, Nagasaki, Yokohama, San Francisco, Ogden, Green River, Omaha, Chicago, New York, Queenstown, Dublín, Liverpool e, novamente, Londres son proba dun espazo tan variopinto como cambiante que outorgan á historia unha estrutura circular. Atopámonos perante unha obra documentada con inventos xa por aquel entón existentes mesturados con outros que existirían *a posteriori*.

Recensións:

- Pilar Ponte, "A máis célebre viaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 258, "Libros", 11 setembro 2008, p. IV.

Fálase da tradución ao galego d'*A volta ao mundo en 80 días*, de Jules Verne, feita por Valentín Arias a partir do orixinal. Fai un comentario sobre as distintas adaptacións cinematográficas das que foi obxecto a obra, e tamén da súa adaptación ao formato de serie de debuxos animados de televisión. Salienta que a trama é sinxela e se estrutura en dúas partes, que se trata dunha novela de aventuras e que o tema da obra é "a dominación da natureza polo home".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 193, 5 xullo 2008, p. 11.

Atópanse, entre outras obras alleas á literatura galega que se describen brevemente, esta de Jules Verne, *A volta ao mundo en 80 días*, e a de Andreu Martín, *A noite que Wendy aprendeu a voar*.

Vila i Vila, Joan, *Cleta. Un agasallo do mar* (*Cleta, un regal del mar*, 2008), trad. Luís Manuel Fernández, ilust. Roger Olmos, Vigo: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Ala Delta, serie azul, n.º 19, a partir dos 8 anos, 2008, 77 pp. (ISBN: 978-84-92404-06-3).

O conto de Joan Vila i Vila (Catarroja, Valencia, 1943) é a historia fascinante de Cleta, unha rapariga serea de ollos verdes e unha longa cabeleira da cor do ouro. O relato comeza describindo en terceira persoa a Cleta rindo coa súa nai adoptiva e o narrador omnisciente anímanos a ler con atención a historia que vai contar. No segundo capítulo Cleta está coa nai, quen se dispuña a amosar á súa filla o que se vía fóra da auga. Mentres gozan do paseo nas ondas, unha embarcación crúzase no seu camiño e o corpo da nai é arrastrado cara a unha hélice e morre no acto. O corpo da sereíña apareceu na praia horas despois, onde os fareiros, Xosé e mais Ana, o atoparon e o levaron á casa. Coma ninguén a reclamou, a criatura quedou a vivir con eles como filla adoptiva. Uns anos máis tarde, o pai cóntalle que ela foi un agasallo do mar. A cativa gustaba de sentar á beira do mar. Un día, cando celebrou o seu sétimo aniversario, abandonou a casa pola xanela, baixou á praia e mergullouse na inmensa poza salgada. Nadaba moi rápido e descubría que tiña aletas coma as dos peixes. Abraiada saíu da auga e pensou que tivera un pesadelo. Fixo isto varias noites e descubriu que era como unha serea e que podía mergullarse até o fondo dos mares. Coñeceu a novas amigas, tamén sereas. Decatouse de que só podía nadar ben cando había lúa chea e que perdía esas calidades cando minguaba a lúa. Só podía visitar ás súas amigas sete días seguidos. Era feliz dentro e fóra da auga. Só tiña a pena de non dicirlle a verdade aos seus pais adoptivos. Unha vez foi a un parque acuático e tivo un accidente que lle provocou unha triple fractura na perna dereita. Pasou bastante tempo até que se recuperou e intentou volver realizar os seus paseos nocturnos polo mar. Descubriu que xa non podía nadar tan rápido e que case a ataca un peixe espada se non é polos golfiños que acoden na súa axuda e a escoltan até a colonia das súas amigas as sereas. Estas pedíronlle explicacións polas súas ausencias e ao final tivo que contarlles a historia da súa vida. As súas amigas déronlle un remedio para sanar a súa perna dereita feito de algas e pronto se

restabeleceu. Agora quería que os seus pais tamén coñecesen a outra parte da súa historia e pronto lla contaría. Contan que dende aquel momento son moitas as sereas que abandonan o mar e que viven como nenas e que volven ás súas colonias os días de lúa chea. Roger Olmos (Barcelona, 1975) ilustra a cuberta en cor e o interior en branco e negro. Na cuberta aparece xa a protagonista; está na parte superior dun faro, avanzando aventuras relacionadas co mar como xa se di no título do libro. Debuxos feitos con tinta, con predominio de liñas curvas que van deseñando unhas imaxes de fantasía no fondo do mar. As composicións serven para contextualizar os diferentes escenarios, mariños ou terrestres, onde ocorren as aventuras dos protagonistas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, " Dobre vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "*Bulebule*", 11-17 setembro 2008, p. 30.

Despois de dar conta do argumento desta obra, saliéntase o carácter fantástico-lúdico desta historia dunha nena que agocha un segredo relacionado coa súa orixe. Dise que o autor toma recursos dos contos de tradición oral na temática e na forma para captar a atención e a curiosidade do lector. Cualifícase a linguaxe como sinxela e expresiva e das súas ilustracións destaca o xogo do branco e negro que dá lugar a "imaxes suxestivas".

Vissher, Cécile de, *Mimi e a xirafa azul (Mimí y la jirafa azul*, 2008*)*, ilust. María Ella Carrera, A Coruña: Baía Edicións, col. Queres coñecerme?, [prelectorado], setembro 2008, 47 pp. (ISBN: 978-84-96893-76-4).

A xirafa Mimí é moi feliz porque vai ter un irmanciño. O seu irmán é unha pequena xirafa azul que ten problemas de mobilidade pero que finalmente os dous irmáns poderán solucionar. O relato de Cécile de Vissher, en forma dialogada, mesturada cun narrador en terceira persoa, pretende axudar aos nenos que teñen un irmán con discapacidade, ese é o punto de vista na obra, o de Mimí. Ao final do relato inclúese unha "nota para nais e educadores" na que se describe a intención pedagóxica do relato e como se pode axudar ás familias con nenos con discapacidade. As ilustracións figurativas de María Elia Carrera amosan aos animais na seu contorna habitual. A liña de horizonte alta axuda a describir os espazos amplos da sabana africana onde se desenvolve a acción, empregando composicións moi variadas, pero centradas sempre nas xirafas: o mesmo se ve a protagonista de lonxe como nun primeiro plano da cabeza. As imaxes seguen aos textos relatando visualmente o que ocorre no relato, empregando unha técnica de pintura aplicada con pinceladas soltas algo contidas nas figuras polo uso da liña de contorno, e máis libres nos fondos. As cores son realistas, agás na xirafa azul, cuxa diferenza se quere subliñar e supón o tema principal do álbum.

Vinci, Leonardo da, *As fábulas de Leonardo da Vinci*, ilust. Rossana Casano, trad. Susana Rodríguez Barcia, Vilaboa (Pontevedra): Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], febreiro 2008, 27 pp. (ISBN: 978-84-8289-032-6).

Doce fábulas moi breves compoñen este conto de Leonardo da Vinci (Anchiano, Italia,

1452-Castillo de Clos-Lucé Francia, 1519). Na maioría dos casos os personaxes son animais, pero nalgún deles tamén aparecen plantas, árbores e incluso obxectos inanimados. Como acostuma a suceder nas fábulas, estas conteñen unha mensaxe que advirte do perigo que corren aqueles que se comportan dun xeito avaricioso ou larpeiro e, nalgún caso, amosa comportamentos axeitados, como a paciencia. Os debuxos de Rossana Casano (Sicilia, 1968) son sinxelos cun predominio das cores marróns. Trátase de ilustracións figurativas que imitan as follas de papel embelecido como se foran antigas. Colorido cálido: amarelos, laranxas, ocres, para facer uns debuxos a tinta que van acompañando ás fábulas amosando quen son os animais protagonistas.

Recensións:

- Marta Otero, "As fábulas de Leonardo da Vinci", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 255, "Letras en galego", 29 marzo 2008, p. 13.

Salienta a Leonardo da Vinci como un dos creadores máis polifacéticos da historia da humanidade e fai referencia ao seu labor literario, concretamente, ás fábulas que agora foron traducidas ao galego e publicadas por Edicións Cumio: *As fábulas de Leonardo da Vinci*. Comenta que a obra contén doce historias breves, algunhas protagonizadas por animais, que están cheas de sabedoría e mensaxes aínda vixentes. Por último, destaca as ilustracións do libro realizadas por Rossana Casano.

- María Navarro, "Final exemplarizante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Infantil/Xuvenil", 27 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, "Xuvenil/novidades", 5 abril 2008, p. 11.

Tras explicar brevemente a historia da fábula na antigüidade e a súa orixe, comenta o libro editado por Edicións do Cumio, *As fábulas de Leonardo da Vinci*, no que se recollen doce textos con formato de fábula cun esquema de presentación, desenvolvemento e desenlace, e ese final é sempre exemplarizante ou cun comentario de ensinanza moral. Indica que se pretende mostrar ao lectorado que hai determinados actos cos que se conseguen os efectos contrarios aos propostos. Sinala que os protagonistas dos contos son animais ou seres inanimados que destacan valores e contravalores sobre as posibilidades de éxito en detrimento dos demais. Finalmente, salienta o carácter didáctico da obra porque, segundo María Navarro, co exemplo é como mellor se aprende, e lembra que este tipo de ensinanzas xa eran empregadas polos pedagogos grecorromanos.

Voltz, Christian, *A caricia da bolboreta* (*La caresse du papillon*, 2005), ilust. do autor, trad. Emma Lázare, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], febreiro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-657-0).

Neste relato intimista de Christian Voltz (Estrasburgo, 1967) dialogan un avó e o seu neto cando van traballar na leira. O neto lembra que a avoa lle rifaba ao avó cando este bebía. O avó vaille indicando ao neto qué xeiras debe facer: sementar un rego de patacas, ao que o avó lle bota un chisco de auga cunha regadoira, e plantar unha cerdeira, coa axuda tamén do avó. O neto pregúntalle ao avó onde se foi a avoa e el explícalle que aínda que uns din que está baixo a terra non pode ser porque ela lle tiña

medo aos bechos; nin tampouco puido voar coas nubes, co seu peso, como afirman outros. O avó explícalle ao neto que en realidade a avoa segue preto deles, xa que non abandonou o seu xardín porque o avó sente que ela lle axuda a regar as flores ou que ás veces o mira. Remata cando o avó lle conta ao seu neto que era unha "muller especial", "unha señora", e que por iso sabe que segue preto, e despois beben un grolo xa que fixeron un bo traballo. As ilustracións tan identificativas de Christian Voltz caracterízanse pola expresividade dos seus personaxes con trazos caricaturescos moi aceptados entre o público máis novo. En todas as súas ilustracións emprega unha técnica mixta a base de arames, fíos, teas, paus e obxectos cotíans, aos que lles outorga unha nova función, para compoñer escenografías con moito dinamismo e colaxes con altas doses creativas e humorísticas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Transfondo existencialista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 252, "Infantil/Xuvenil", 12 xuño 2008, p. VII.

Considérase este relato destinado aos primeiros lectores pouco común polo seu transfondo existencialista, pois reflexiona sobre a morte a través de dous personaxes: un avó e un neto. Saliéntase o seu valor simbólico e o ton humorístico que emprega para contrarrestar o dramatismo da temática. Por último, coméntase que debe a súa efectividade ao acerto da linguaxe e da proposta plástica, unha mestura de fotografías e ilustracións.

- Oblit Baseiria, "La caricia de mariposa. Christian Voltz", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 218, "Libros/Novedades", setembro 2008, p. 64.

Despois de se referir a que algúns libros nos invitan a falar sobre temas que poden resultar duros de abordar como o caso da morte, salienta que esta obra é unha das que nos achega á temática con calidade e dende o punto de vista do corazón. A seguir cóntase a historia e remátase dicindo que "el relato consigue una exquisita y delicada sencillez, pocas palabras pero escogidas y precisas" e que as ilustracións realizadas con figuras de arame e outros materiais de refugallo dan "una respuesta real, llena de poesía y magia a unha pregunta de difícil contestación y más si quien la formula no levanta más de un palmo".

Referencias varias:

- M. Dopico, "Había unha vez un país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Infantil", 19 marzo 2008, p. 34.

Dá conta das publicacións de Kalandraka. Ademais de se referir a esta obra, *A caricia da bolboreta*, tamén describe brevemente *Sar*, *Sarela, e os monstros de Compostela* (2006), de Paco López Barxas e Kiko da Silva, quen debutou na literatura infantil coa obra *O ladrón de páxaros* (Baía Edicións, 2006). Sinala que esta editora tamén decidiu incorporar á literatura en galego outras obras como *A casiña de chocolate*, dos irmáns Grimm, e *Orellas de bolboreta*, de Luisa Aguilar.

Wilde, Óscar, *A pantasma de Canterville*, ilust. Celedonia García, trad. Adela Pita, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado mozo], 2008, 71 pp. (ISBN: 978-84-95460-91-2).

Novela curta do autor irlandés Oscar Wilde (Dublín, 1854-París, 1900) na que se presenta en sete capítulos e por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, a historia da familia americana Otis por mor da súa mudanza a Inglaterra, onde merca a mansión de Lord Canterville a pesar de ser advertidos sobre a presenza da pantasma do seu antigo dono. Nárranse os intentos da pantasma por amedrentar á familia Otis e, como non só resultan infructíferos, senón que ademais provocan o riso e a burla por parte de case todos os membros da familia. Wilde emprega a ironía e o humor para tratar, mediante a versión tradicional e folclórica do tropo da pantasma, as diferenzas e enfrontamentos entre a nova e moderna sociedade americana e a tradicional sociedade europea nun contexto habilmente construído para acoller a modernidade e o tradicionalismo, tinguido de doses de humor.

Referencias varias:

- L. L. P., "Embora publica 'As pitas baixo a choiva", *Diario de Ferrol*, "Novedades", 8 novembro 2008, contracuberta.

Comeza indicando que Edicións Embora reedita o conto infantil *As pitas baixo a choiva*, publicado por Ricardo Carvalho Calero en 1952 na revista *Lar*. Detalla o argumento e precisa que se inclúe na colección "Fardel dos soños", unha colección infantil que para o Nadal publicará dous relatos en verso de Antón Cortizas, *Sopra neste furadiño* e *Vestida co arco da vella*, ilustrado por Leandro Lamas e Spela Trobec, relatos dos cales describe o argumento. Remata apuntando novos títulos que vai publicar esta editorial na colección "O globo", *Como se fixo o primeiro alfabeto*, de Rudyard Kipling, e *A pantasma de Canterville*, de Óscar Wilde.

Wiesmüller, Dieter, *Olladas* (*Augenblick*, 2002), ilust. do autor, trad. Eva Almazán, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], abril 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-656-3).

O escritor e ilustrador Wiesmüller (Rotemburg, Alemaña, 1950) a través dun narrador en terceira persoa, que apela directamente ao lectorado, logra que o neno se implique directamente na lectura, e intenta que sexa consciente do mundo que o rodea, xa que non está só. A disposición que segue é: na páxina esquerda aparece a imaxe do ollo de cada un dos animais que describe na páxina dereita e que o neno ten que descubrir antes de ler a última páxina do libro, na que se inclúen as solucións. Os animais son facilmente recoñecíbeis para o neno. O texto é mínimo e sitúase na parte inferior da páxina, subliñando deste xeito a forza do papel das ilustracións, xa que se asemellan a paisaxes reais e están feitas con témpera transparente e opaca. As tonalidades marróns e verdes que predominan nestas pinturas son de gamas cálidas. O deseño é moi coidado e achega gran cantidade de detalles sobre as contornas diferentes que están sendo observadas polos distintos animais.

Recensións:

- Paula Fernández, “Miradas e misterio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 257, “Infantil/Xuvenil”, 4 setembro 2008, p. VII.

Valórase o libro *Augenblick*, do autor Dieter Wiesmüller, traducido ao galego por Eva Almazán co nome de *Olladas*. Indícase que a obra ten “unha importancia fundamentalmente plástica sobre as miradas e o misterio” e, a continuación, descríbese a distribución interna dos contidos do volume “que evoca os vellos álbumes de animais e organízase do mesmo xeito”. Finalízase citando un dos premios que recibiu a obra, o premio internacional ao mellor libro que outorga a Asociación de Bibliotecarios Escolares nos Estados Unidos.

VII.1.5. ANTOLOXÍAS

Carpintero, Pablo e Anxo **Fernández Ocampo** (coords.), *Contos de ida e volta. Stories that come an go. Contes d'aller- retour*, escolma realizada e reescrita por Xabier Xil Xardón, Vigo: Vicerreitoría de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo/Difusora de Letras, Artes e ideas S.L., col. Literal, n.º 3, [lectorado autónomo], xullo 2008, 150 pp. (ISBN: 978-84-935963-8-5). ■

Recompilación de vinte e tres contos en catro versións idiomáticas: galego, castelán, inglés e francés. O limiar que abre o volume, sen asinar, explica que os relatos, escolmados e reescritos por Xabier Xil Xardón, proceden de catro antoloxías da narrativa galega oral e da revista *Nós* (1920-1936), aos que hai que engadir tres procedentes do "fardelo das lembranzas" do propio Xil Xardón. En concreto, as narrativas tradicionais escollidas son: *Contos populares da provincia de Lugo* (1963), *Contos do Valadouro* (2005), *Contos colorados* (2001) e *Contos galegos de tradición oral* (2003). Aínda que presentan diferenzas de contido e diversos escenarios poden apuntarse cando menos tres elementos comúns á maior parte deles: o protagonismo dos animais, o predominio de escenarios rurais e a presenza de moralexas. Non ten ilustrado o interior agás unha pequena imaxe dun can en todas as páxinas. A cuberta presenta un deseño no que se mesturan pequenas imaxes de aquilo que pode estar no interior.

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Aleixandre, Marilar, *Dez abellas na laranxeira*, ilust. Pere Mejan, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 6, [lectorado autónomo], 2008, 20 pp. (ISBN: 978-84-9782-798-0).

En estrofas de catro versos Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) vai contando as aventuras dun grupo de abellas entre plantas e flores. Na primeira estrofa presenta as dez abellas e no resto, en orde decrecente, vai fixando a atención nos grupos de nove, oito, sete, até chegar ao labor que narra o que fai unha abella. Remátase cun peritexto intitulado "As plantas" no que se describen as súas características, ademais dun "Ecoflash" no que se insiste na necesidade de respectalas. Trátase dun formato de libro troquelado cunha esquina redondeada seguindo a forma da ilustración da cuberta circunscrita nun círculo. Nesta imaxe, e nas do interior, as ilustracións son de Pere Mejan (Barcelona, 1972) e presentan distintas escenas que completan o relato. O estilo é figurativo e realista pero con certas licencias xa que as abellas presentan algunhas actitudes antropomórficas.

Blanco, Concha, *Cantos da rula*, Premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas 2007, ilust. X. Vizoso, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, col. Arume de poesía para nenos, [lectorado autónomo], setembro 2008, 132 pp. (ISBN: 978-84-8485-294-0)

Este poemario de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) está composto de vinte e nove poemas relacionados con diferentes aspectos da vida cotiá. Trátase do seu primer achegamento ao mundo da poesía, e con estas composicións demostra que calquera obxecto da vida diaria pode ser homenaxeado nun poema como é o caso dun bolígrafo ou calquera elemento da natureza como un paxaro. Os poemas son sinxelos e claros, o que menos importa é a rima e outras convencións literarias, simplemente quere achegar a poesía aos nenos como un elemento máis das súas vidas. O libro tamén conta coas ilustracións de X. Vizoso (Mondoñedo, 1950), realizadas cun estilo figurativo aínda que presentan un certo grao de abstracción. Emprega soamente uns trazos simples de cor azul para describir figuras de animais ou persoas relacionadas coa temática dos poemas.

Cortizas, Antón, *Sopra neste furadiño*, ilust. Leandro Lamas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [prelectorado e lectorado autónomo], 2008, [24 pp.], (ISBN: 978-84-95460-92-9).

Este conto infantil de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) fai que os rapaces viaxen por todos aqueles lugares aos que pode chegar o alento que expulsan ao soprar polo furadiño. De feito, todo o libro presenta un furado no centro para que os rapaces vaian soprando e viaxando por un mundo de realidade mesturado de fantasía na que o autor guía aos rapaces mediante uns tercetos rimados e sonoros, nos que emprega unha linguaxe coidada, dotada de tenrura mediante o uso de diminutivos e frases sinxelas, expresadas por un narrador en segunda persoa que se dirixe ao rapaz que ten que soprar polo furadiño. O ritmo é rápido, o que dota ao libro da mesma lixeireza que ese soprido que

percorre as páxinas do libro. Un soprido que ha de estar presente dende a portada do libro, para que así os rapaces non se convirtan en meros oíntes, senón que interactúen co que están a escoitar; para iso o autor inclúe as seguintes verbas ao comezo do relato, que recordan as instrucións de uso dun medicamento ou un electrodoméstico: "o adulto debe contar esta historia ao neno ou nena incitándoo a soprar no furado, xa dende a capa. A cada sopro da crianza van sucedendo os acontecementos". Por iso o tema constante da obra será o percorrido do soprido e, por conseguinte, do rapaz que o emita. O conto complétase coas ilustracións figurativas de Leandro Lamas, pois xa na cuberta aparece o feito principal sobre o que xira este conto ao ter un furado troquelado no medio do libro. Nas diferentes imaxes o furado coincide con figuras que están relacionadas co texto e invita a unha interacción do lector. A técnica empregada é a pintura, aplicada sobre unha superficie texturada e as cores son moi atractivas e alegres.

Cortizas, Antón, *Vestida co arco da vella,* ilust. Spela Trobec, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [prelectorado e lectorado autónomo], 2008, [24 pp.], (ISBN: 978-84-95460-93-6).

Antón Cortizas (Ferrol, 1954) realiza neste relato infantil unha viaxe hipotética, caracterizada ao inicio de cada oración, "se un día…", na que introduce ao lectorado nun mundo de soños, de fantasía, no que o rapaz sexa quen de imaxinarse vestindo todos eses elementos da natureza que se lle van indicando no libro. Para que quen escoite ou lea o relato se sinta involucrado co mesmo, Antón Cortizas emprega unha linguaxe sinxela, coidada e moi melodiosa; as frases son curtas e isto fai que o ritmo de lectura se acelere pola premura da súa lectura e asimilación do contido. Ademais, o libro semella non ter nunca fin, porque cada oración remata cuns puntos suspensivos, que só conclúen cando se chega ao arco da vella, o que dota ao libro dunha estrutura cíclica, pois comeza no título e remata ao final. O tema do relato é o das diversas vestimentas fantásticas que pode usar o lectorado, que aparecen expresadas por un narrador en segunda persoa que se dirixe a ese ti, que é o que podería poñer todos eses peculiares traxes. As ilustracións figurativas de Spela Trobec (Eslovenia, 1974) mesturan o debuxo con tinta ou lapis, a pintura espesa aplicada a manchóns e a inclusión de obxectos como anacos de tecidos, papeis ou fibras vexetais, e siguen aos textos mais é posíbel unha lectura exclusivamente visual. As composicións xiran arredor da nena protagonista e da súa relación cas cores; a nena está debuxada, case sempre cunha liña negra, nun estilo infantil de trazos soltos e intensos e xunto a ela en cada páxina hai una recreación cromática con cada unha das cores do arco da vella.

Fernández Martínez, Ana María e Xoán **Babarro González**, *Do A ao Z. Galicia*, ilust. Luisa Vera Guardiola, A Coruña: Editorial Everest Galicia, [lectorado autónomo], 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-403-0541-1).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) e Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) presentan neste poemario un conxunto de vinte e sete composicións, que seguen a orde do alfabeto e ofrecen a posibilidade de coñecer con maior profundidade a terra galega. Así, as referencias á súa xeografía, hábitat, economía, deporte, patrimonio artístico, cultura popular, lingua e literatura son os vértices temáticos dos diferentes textos, que se complementan cunhas anotacións a rodapé que xustifican a poetización de cada un dos elementos seleccionados. A voz lírica destaca

pola asunción dun ton afábel e aséntase sobre unhas composicións que conxugan os modelos poéticos máis tradicionais das estrofas de catro versos con aqueloutros máis innovadores formados por versos dunha soa sílaba e cunha distribución máis atrevida na páxina. Así mesmo, destaca a súa sonoridade asentada en recursos como a aliteración ou a onomatopea e o seu ritmo que parte, maioritariamente, das estruturas paralelísticas. Esta guía poética, de ton lúdico e marcado carácter ecosistémico, está ilustrada por Luisa Vera (Elda, Alacant, 1962).

Fonte, Ramiro, *Xardín do pasatempo*, ilust. Jacobo Muñiz, Vigo: Editorial Tambre, col. Ala delta, serie verde, nº 24, a partir dos 10 anos, 2008, 113 pp. (ISBN: 978-84-92404-15-5).

Este poemario de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-Barcelona, 2008) consta de sete partes: "Xardín do pasatempo", "Grea de gatos", "Dicionario de símbolos", "Vellas datas do futuro", "Meses novos", "Catro estacións" e "Históricos, bisestos". Nestes poemas alterna composicións de distinta extensión, dende un gran poema como "Grea de gatos" até outros que só ocupan tres versos como "Cornucopia", "Arco da vella" ou "Hipocampo" ou catro versos: "Denario", "Estraloque" e "Lobisome". Domina a rima consoante de versos octosílabos na maioría das composicións, aínda que tamén se atopa un poema dialogado que racha coa estrutura dominante do poemario: "Paxaros, paxariños". Ramiro Fonte inclúe moitas referencias á literatura clásica, nos seus poemas agroman os nomes de Hamlet, o Quixote, Madame Bovary, Cervantes, Kafka; así como alusións á música como o jazz ou aos violíns Stradivarius ou ao cine (fala de John Ford na poema "Wéstern"). O mundo animal tamén está moi presente nesta obra: "Grea de gatos" e "Zoo". Polo tanto, o autor abarca unha ampla temática, pero sempre relacionada co mundo cotián que o rodea e polo que sente predilección.

Referencias varias:

- Ágatha Santos, "Morre o poeta galego Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes de Lisboa", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 outubro 2008, p. 42.

Comunícase o falecemento do poeta Ramiro Fonte e faise unha somera descrición da súa traxectoria vital e literaria. Tamén se engaden as palabras dedicadas por algúns amigos do poeta que o cualifican como un dos mellores poetas da literatura galega contemporánea. Destácanse especialmente dúas obras do poeta que se publican en edición póstuma, *Xardín do pasatempo* e *Reversos.*

- Daniel Salgado, "Fallece con 51 años el poeta Ramiro Fonte, una de las voces de la Xeración dos 80", *El País*, "*Galicia*", 12 outubro 2008, p. 9.

Comunícase o falecemento do escritor eumés Ramiro Fonte e faise un percorrido pola súa traxectoria literaria destacando a calidade da súa poética, a súa paixón polo mundo lusófono e a súa grande contribución á literatura galega. Por último noméanse as súas últimas obras publicadas como a triloxía autobiográfica *Vidas de infancia* e a próxima publicación póstuma de dous libros de poemas *O xardín do pasatempo* (Editorial Tambre) e *Reversos* (Editorial Galaxia).

- A. R. López, “O poeta do rigor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 outubro 2008, p. 34.

Infórmase do falecemento do escritor Ramiro Fonte, do que se di que é unha das voces que cohesionaron os principios estéticos da Xeración dos 80. Destácase que, xusto dous días despois da súa morte, chegan ás librarías os exemplares de *Reversos*, o poemario que foi escribindo nos seus últimos meses de vida. Tamén se di que en breve se publica outro libro de poesía infantil que dedica á súa afillada, *Xardín do pasamento.* Coméntase finalmente como era a súa escrita, marcada polo culturalismo da súa xeración, e dise que a súa obra capital é a triloxía narrativa sobre a súa infancia.

- Daniel Salgado, “A voz transparente de Ramiro Fonte”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 31 outubro 2008, p. 7.

Estúdase a obra e a traxectoria literaria de Ramiro Fonte, centrándose nos dous seus últimos poemarios publicados xa postumamente: *Reversos* na editorial Galaxia e *Xardín do pasatempo* na editorial Tambre, subliñando a procura da musicalidade que o autor sempre se preocupou de inserir nos seus textos. Tamén se achegan as impresións que a súa obra poética deixou e os gustos persoais de autores galegos como Mario Regueira, Vicente Araguas, Arturo Casas ou Xosé María Álvarez Cáccamo.

García Teijeiro, Antonio, *Bolboretas no papel*, ilust. Fino Lorenzo, Editorial Luis Vives/Tambre, col. Ala delta, serie azul, n.º 20, a partir dos 8 anos, 2008, 56 pp. (ISBN: 978-84-92404-13-1).

Novo poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), dedicado a Susi, Antón e Noa, que, como o título anuncia, ten como protagonistas ás bolboretas. Acolle trinta composicións distribuídas en catro partes, “Voando, voando”, “O país das bolboretas”, “No país das bolboretas” e “As bolboretas visitan a algúns poetas”, nas que se transmiten emocións, sentimentos e momentos fuxidíos a través deses animais libres e doutros que observan; se coñece como é o país das bolboretas e cómo se vive nel e se realizan homenaxes a músicos e escritores galegos e doutras latitudes. Nestes poemario, no que está presente o humor e mesmo o surrealismo, combínanse formas da transmisión oral con outras composicións de técnica, ritmo e rima máis complexas. As ilustracións de Fino Lorenzo (Baiona, 1962) destacan polo emprego de técnicas mixtas como o collage. Trozos de papeis e recortes de imaxes dan forma ás bolboretas, así coma aos personaxes e lugares onde transcorre o relato. A superposición e repetición das formas van creando as propias ilustracións en branco e negro para acompañar ao texto.

Janeiro, Almudena (adapt.), *Contos en cantos*, varios autores, ilustradores e músicos, composición musical da adaptadora, Pontevedra; OQO Editora, col. Q son, [prelectorado e lectorado autónomo], setembro 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-9871-047-2). Contén CD música e DVD Karaoke.

Este volume acolle unha adaptación de Almudena Janeiro de varios contos publicados pola Editorial OQO, ademais do conto *Pío Pío* (2008), de Anna Castagnoli. Ao lado de cada conto aparece unha ilustración publicada no conto orixinal. O volume acompáñase dun CD coas composicións musicais e dun DVD Karaoke. Como todos os volumes

desta colección Q son, todos os contos seleccionados van acompañados de melodías "con aromas trangalleiros e sabores atrevidos, lembrando un ramallete de pasatempos, aos mandos dunha voz rica e saltarina que tardará en acougar na nosa memoria". Maurizio A.C. Quarello (2008, 2007 e 2006) encárgase da portada, pormenores e de ilustrar os contos "Titiritesa" e "O Papón". O resto de ilustradores ou ben ilustran un conto ou dous. Así, as ilustracións de "Paco Papán" corresponden a Evelyn Daviddi (2007), as de "Chocolata" e "Cocorico" son obra de Helga Bansch (2006), Iván Prieto (2005) ilustra "Sal e azucre", mentres "Mariluz avestruz" é ilustrado por Bernardo Carbalho (2007), "Corre, corre, cabaciña" contén ilustracións de André Letria (2006), "A princesa do Caurel" conta coas ilustracións de Javier Solchaga (2006), o labor de ilsutrativos de "Loboferoz" corresponde a Chené (2006), "Sígueme!" a Roger Olmos (2007), "Rato Tom e Rata Tomasa" a A. Cimatoribus (2005) e "Pío Pío" a Susanne Jansen (2008).

Recensións:

- María Reimóndez, "Un espazo de encontro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proPostas", inverno 08-09, p. 9.

Indícase que esta proposta innovadora de *Contos en cantos*, de Almudena Janeiro, é unha relectura musical de textos publicados anteriormente como *Chocolata* (2006), *Corre, corre, cabaciña* (2006) ou *A princesa do Caurel* (2006). Dise que quere ser un espazo de encontro, de "metafronteira onde á imaxe e á palabra se lle engade a música e o xogo" e que contén as letras das cancións identificadas cunha ilustración dos textos orixinais. Salienta que a música axuda a fixar as palabras e os contidos aos nenos de curta idade, empregando variedade de ritmos. Comenta que a interacción do libro continúa cun DVD que permite cantar en karaoke, onde imaxe, música e palabra chegan a unha "maridade excelente". Por último, recomenda a súa lectura pola calidade e complexidade do libro e pola importancia de educar a sensibilidade nos nenos.

Referencias varias:

- M.B. "Quero que os nenos canten", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "Cultura", 9-15 outubro 2008, p. 26.

Breve entrevista á mestra de música Almudena Xaneiro sobre o seu labor textual e musical no libro-disco *Contos en cantos*. Atribúese o mérito á editora xa que seleccionou os textos. Entre as finalidades do traballo búscase que os nenos canten e lean en galego. Precísase que vai dirixido a nenos de 3 anos en diante e que ela é moi crítica cos contidos dirixidos aos nenos.

Riveiro Tobío, Elvira, *PAlAbrAs brAncAs*, Finalista Premio Merlín 2007, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 180, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 77 pp. (ISBN: 978-84-9782-727-0).

Poemario co que Elvira Rivero Tobío (Cerponzóns, Pontevedra, 1971) se estrea na Literatura Infantil e Xuvenil, avalado pola súa designación como finalista do veterano Premio Merlín 2007, que convoca Edicións Xerais de Galicia dende 1986, e que

constitúe unha novidosa proposta, pois todo o poemario está construído unicamente con palabras que levan a vogal *A* (véxase neste sentido o propio deseño gráfico do título). Dende estes presupostos de partida, os vinte e sete poemas distribuídos en seis seccións encádranse nos lindeiros dunha poesía experimental. Apóstase pola reivindicación de novos significantes, a interacción con códigos diversos, a colaxe levada ao ámbito das palabras e a utilización das posibilidades expresivas da maquetación. Estamos, xa que logo, nunha intelixente combinación dos presupostos que a especialista Blanca-Ana Roig (*A poesía infantil e xuvenil en Galicia*, 2000) identificou coas etiquetas "poesía é xogo", "poesía é música" e "poesía é maxia". As composicións de Elvira Riveiro parten dun xogo continuo coas palabras e coa súa sonoridade na busca de novas combinacións e amálgamas raras e transcenden a intención meramente lúdica para se adentrar nas posibilidades infinitas da rima, da invención, da dispersión dos significados e das conexións metafóricas. O resultado é un conxunto de textos orixinais, boa parte deles de carácter humorístico, sen perder aínda así o coidado estilístico e o resón poético. As ilustracións do volume corresponden a Fino Lorenzo (Baiona, 1962). As imaxes recorren aos trazos de lapis de cores aos que se lles suma algún elemento, normalmente recortes de fotografías e anacos de papel de periódico, o cal as converte nunhas colaxes moi sinxelas pero moi expresivas e imaxinativas e perfectamente integradas coas propostas no ámbito máxico das palabras.

Recensións:

- Paula Fernández, "Invitando á creación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 251, "Infantil/Xuvenil", 5 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, 14 xuño 2008, p.11.

Crítica de *PAlAbrAs brAncAs*, poemario de Elvira Riveiro Tobio, sobre o que opina que se trata da "proposta poética máis innovadora do ano", xa que é unha colectánea de composicións caracterizadas polo emprego exclusivo da vogal A. Ao mesmo tempo, considera que isto non lle resta profundidade expresiva. Afonda na estrutura do texto e leva a cabo un estudo do contido, da forma e do diálogo que os versos de Riveiro Tobío rematan estabelecendo coas ilustracións de Fino Lorenzo. Comenta que a obra está estruturada en cinco bloques: "As palabras", "A rapazada", "As andanzas", "A mar", "A manda" e "Amalgama". Salienta o feito de que evoque lugares exóticos e o uso de recursos literarios como as onomatopeas, xogos de palabras, símiles, etc. Por último, tamén refire os temas da paz e a igualdade. Asemade, achega un fragmento do poemario.

- María Jesús Fernández, "*PALAbrAs brAncAs*. Elvira Riveiro Tobío", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 218, "Libros/Novedades", setembro 2008, p. 67.

Comeza cualificando este poemario de "una muy agradable sorpresa" e salientando que sexa a primeira incursión da autora na Literatua galega. Dise que é un poemario singular no que as palabras ademais de contar teñen unha presenza física, foron elixidas polo seu significante, polo xogo lúdico e expresivo da palabra como tal realidade sensorial. Logo coméntase que a autora expresa o seu agradecemento a Joan Brossa, ao poeta galego Gonzalo Navaza e tamén ao grupo Oulipo de quen elixe técnicas creativas e constrúe os poemas coa letra A coa que consegue "hermosas composiciones con riqueza de

contenido, muy rítmicas, con distintas estructuras poéticas, variada temática y con utilización de otros recursos líricos". Un poemario ao que se unen unhas ilustracións moi persoais, poéticas e suxestivas.

-Alba Piñeiro, "O son do A", *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Bulebule", 18-24 setembro 2008, p. 30.

Dise que este poemario, de vinte e sete poemas distribuidos en seis bloques temáticos, quedou finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil 2007. Fálase da estrutura e temática do poemario en conxunto e dos diferentes poemas e destaca o feito de que todos eles teñen como fío condutor o uso exclusivo da letra A. Saliéntase a forza expresiva e musicalidade dos versos e o emprego de xogos de palabras que facilitan a súa comprensión. Tamén se comenta que as ilustracións son colaxes ben conectadas co texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 270, 4 decembro 2008, p. VII.

Escóllese neste andel, entre a produción literaria galega ademais de *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío; *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; *A cova da mariña*, de Pilar García Cardamas; e *A cabeza da medusa*, de Marilar Aleixandre.

Varela Vázquez, Begoña (recomp.), *Mentiras. Textos populares*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, Clásicos e Medio Cultural, a partir de 5 anos, 2008, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1056-9).

A partir dunha dedicatoria a Xano, Paqui, Tino e todos os nenos galegos dá comezo esta recompilación de textos populares da man de Begoña Varela Vázquez. Os vinte e dous textos incluídos fan referencia ao ámbito do fantástico mesturado co ludismo co obxectivo de ensinar ao lectorado a disimilitude entre realidade e ficción. Así presenta esta recompilación como un conto "de mil mentiras" narrado pola bruxa que aparece nas ilustracións en verso e estruturado por medio de encalbagamentos, repetición de elementos (o mar, as lebres, as anguías, o río, as sardiñas, entre outros) e rimas maioritariamente consonantes. Nárranse mentiras relativas a uns zapatos, un paxaro e un xastre, un castiñeiro, unha cabaza, unha cadela, unha galiña, a feira de Monterroso e santa Liliana. As ilustracións, a cargo de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954), xiran ao redor da figura dunha bruxa e do seu gato cuxas accións reflicten o contido de cada texto e están realizadas en diversas cores nas que se destacan a amarela e a verde. As imaxes teñen un deseño coidado nos animais e máis caricaturesco na figura da bruxa cun grao de comicidade nas expresións e nas escenas propio da caricatura. As cores predominantes son tonalidades cálidas. A técnica é a acuarela con pinceladas soltas e húmidas. O fío conductor das ilustracións é a imaxe da bruxa que escenifica todas as mentiras e unha creación do ilustrador xa que non se describe no texto a este personaxe que visualmente é a protagonista.

Varela Vázquez, Begoña (rec.), *Arrolos e Rodas. Textos populares*, ilust. Noemí

López, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, Clásicos e Medio Cultural, a partir de 3 anos, 2008, [48] pp. (ISBN: 978-84-403-1099-6).

Nesta recompilación de cancións de anainar levada a cabo por Begoña Varela Vázquez, dirixida a nenos e nenas de tres anos en adiante co obxectivo de facilitarlles o seu sono, destaca o xeito en que cada canción se integra coa ilustración que a acompaña, acadando así unha imaxe que amosa a acción implícita do texto popular perfectamente adaptado aos máis cativos. Cada texto vén constituído por unha estrofa de catro versos rimados que tanto poden ser lidos como cantados polo lectorado adulto co fin de adormecer ao neno. A partir da páxina trinta o volume presenta dez cancións de roda ateigadas de rimas que fan máis doada a súa memorización. Aparecen en forma narrada ou dialogada, como por exemplo a de "A roda das abelliñas do mel", na páxina trinta e sete. Os debuxos que secundan as cancións, realizados por Noemí López (Xixón, 1974), destacan polos seus trazos suaves e redondados así como polo seu colorido e tons ocres e acastañados. As figuras que aparecen neles, tanto persoas como animais parten dun piar realista, axudando así ao lectorado agardado a comprender mellor o significado das cancións. Trátase dunhas composicións dinámicas que se adecúan aos distintos poemas empregando escorzos e distintos cambios de planos. Nas imaxes xoga cunha certa desproporción para acentuar a expresividade dos personaxes protagonistas. A pintura é a técnica elixida pola ilustradora cuns resultados onde se aprecian as diferentes mesturas de cores.

Varela Vázquez, Begoña (rec.), *Pandas: textos populares,* ilust. Marcos Calo, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, Clásicos e Medio Cultural, a partir de 5 anos, 2008, [38] pp. (ISBN: 978-84-403-1057-6).

Volume de vinte e dous textos de Begoña Varela Vázquez que recollen fórmulas para seren recitadas neste xogo infantil popular, onde os nenos se esconden para seren descubertos pola persoa que "panda". Distínguense as normas estabelecidas entre os membros, malia ter todos as mesmas posibilidades, a de quedar libres ou a de "apandar": "Serra, serra, miña carabela, eu para o mar, e ti para a terra". O que apanda é quen recita a fórmula, mentres o resto se esconde, até que sexan atopados. Na maioría dos casos, conteñen números ("Unha, dole, tele, catole..." ou "Uni, doni, teni, cateni,...") Aparecen ademais campos semánticos facilmente recoñecíbeis como os animais (o gato, a galiña, a vaca...) ou o rei e a raíña ("Sortelliña pequeniña, a de ouro e a de prata, onde o rei repartía nata"). Destacan pola súa brevidade, a sonoridade a través do rimo e a rima, a presenza das repeticións ("a pon, pon / a pon, pon") e aliteracións ("cinta de ouro para o mouro / cinta de prata para a gata") así como expresións que carecen de significado aparente "semana bagana, currimpín, currimpés / conta ben que son dez..."). Por outra parte, as ilustracións de Marcos Calo presentan ao grupo, formado por tres nenos e unha xirafa. As imaxes sempre teñen relación co texto, de maneira que están presentes os seres ou obxectos que neles se mencionan (o saco, a cinta, a campá,…). Está ilustrado con cores alegres e cunhas imaxes fantasiosas que xogan coa presenza dunha xirafa e uns nenos que escenifican as diferentes pandas. Nas poesías non hai referencia algunha ao protagonismo da xirafa, mais nas composicións é importante a súa imaxe xa que condiciona os diferentes puntos de vista empregados.

Varela Vázquez, Begoña (rec.), *Trabalinguas: textos populares*, ilust. Manolo Uhía, A

Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, Clásicos e Medio Cultural, a partir de 5 anos, 2008, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1058-3).

Recompilación de vinte e dous trabalinguas de Begoña Varela Vázquez que se presentan con cadansúa ilustración. Trátase de textos de tradición oral que destacan pola súa finalidade lúdica, e que, ao mesmo tempo, favorecen a aprendizaxe da lingua, axudando tamén a exercitar a memoria a través da oralidade, e nalgúns casos, a unha correcta pronunciación do idioma. Estilisticamente, os versos son de arte menor e presentan técnicas do paralelismo que combinan fonemas similares a través da aliteración e a rima ("canta o cuco / cuquí, cucó. / Canta o Cuco, cuquí, cucá.") ou a paranomasia: "Unha poldra parda petra / trouxo un poldro pardo petro. / Díxolle a poldra parda petra / ao poldriño pardo petro". A súa extensión varia e a temática é ampla, aínda que están moi presentes os animais (a pega, a poldra, a vaca...). As ilustracións de Manuel Uhía (Portonovo, 1944) están realizadas en cores suaves, e representan escenas significativas de cada un dos trabalinguas. Ocupan as dúas páxinas con debuxos de formas sinxelas que teñen tonalidades suaves e luminosas cun aspecto aterciopelado conseguido polo pastel empregado. Nas composicións destaca o emprego de formas curvas que fan as imaxes máis dinámicas.

VV.AA., *XI Certame Francisco Añón de poesía. Outes 2007*, limiar de Aurora Marco, epílogo de Raquel Miragaia, Outes: Concello de Outes, maio 2008, 118 pp. (DL: C-1550-2008). ◆

Ver apartado II.1 Poesía deste *Informe*.

VII.2.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Álvarez Blázquez, Xosé María, *O año pitaño*, ilust. Isabel Pintado, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Letras Miúdas, n.º 1, [prelectorado], xuño 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-96475-81-6). ■

Ver apartado IV.1 Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Alvárez Blázquez, Xosé María, *O que ben che quer*, ilust. Berta Cáccamo, prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, febreiro 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9871-030-4).

Ver apartado IV.1 Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Alvárez Blázquez, Xosé María, *Roseira do teu mencer*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, de 11 anos en diante, xaneiro 2008, [95] pp. (ISBN: 978-84-9782-692-1)

Ver apartado IV.1 Día das Letras Galegas deste *Informe*.

García Teijeiro, Antonio, *Aloumiños*, ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2008, 29 pp. (ISBN: 978-84-9865-101-0).

Este poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) publicouse por primeira vez no ano 1987. Os cambios que presenta repercuten na adaptación da lingua ás novas normas ortográficas, ao novo deseño da colección "Tartaruga" e ás ilustracións, que agora son realizadas por ordenador por RuAn, formado por Rubén Pérez Puig, e Antón Romero Ces (Vilagarcía de Arousa, 1970), en lugar das de Manuel Janeiro da primeira edición. Estas ocupan todas as páxinas e caracterízanse polas cores planas e pola falta de intención volumétrica, completando o texto escrito. Esta reedición conta cunha grafía que asemella a dun neno, e nos vintetrés poemas, divididos en cuartetos, abórdanse distintas facetas da vida como a vellez, o paso do tempo, o amor e os aloumiños. Na páxina seis aparece unha dedicatoria do autor aos seus fillos, Antón e Noa, e ao seu alumnado. Os protagonistas son tanto persoas como seres animados e inanimados: nenos que soñan con ser cabalos, elementos da natureza, anciás que lle cantan á lúa, nenos que reciben aloumiños, gotas de auga que se converten en fadas do inverno, un rato que canta a lúa, entre outros.

Recensións:

- Antonio García Teijeiro, "Tartarugas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "*Bule Bule*", 24-30 xullo 2008, p. [30].

Comeza cuns versos do seu primeiro poemario dirixido ao lectorado infantil e explica que, como os rapaces "gozaron" del, se deu conta de que dende entón "escribiría poesía

infantil". Precisa que ese poema foi incluído en *Nenos* (1988), publicado na colección "Tartaruga", da cal destaca a fermosura e delicadeza do seu deseño. Lembra que grazas ao labor de Manuel Janeiro, nesa colección viron a luz textos de Carlos Casares, David Otero ou Palmira G. Boullosa, entre outros. Explica que a colección "Tartaruga" "abriu canles" coa ousadía da súa presentación e a riqueza dos seus contidos literarios, até a súa desaparición. Precisa que Francisco Castro a recuperou, cambiando a fonte da letra, presentándoa a cores, axeitándoa a un deseño máis actual e inserindo as ilustracións "expresivas e graciosas" de RuAn. Remata apuntando que xa saíron a lume cinco títulos, *Arrolos*, *Adiviñas*, *Por se che pasa*, *Aloumiños* e *Coplas*.

- Paula Fernández, "Aloumiñando. Descubrir un mundo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, "Infantil/Xuvenil", 27 de novembro de 2008, p. VII.

Comenta a recuperación de textos da década dos 80 na colección "Tartaruga" ilustrados polo colectivo RuAn, composto por Rubén Pérez Puig e Antón Romero Ces. Nesta ocasión salienta *Aloumiños*, poemario de temas cotiáns con uso de metáforas e recursos fónicos e métricos que lembran á literatura de tradición oral, con continuas reminiscencias aos motivos da tradición poética galega que resaltan nas ilustracións de "trazos suaves e predominio absoluto de verdes e azuis" nas que predomina a felicidade.

García Teijeiro, Antonio, *Coplas*, ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2ª ed. 2008, 33 pp. (ISBN 978-84-9865-102-7).

Nesta creación poética de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), que viu a súa primeira edición en 1988, recóllense un conxunto de vinte e oito coplas sinxelas ao estilo da transmisión oral, acompañadas con ilustracións. Nestes poemas aparecen as nubes, o arco da vella, as estrelas, os paxaros xunto con outros elementos da natureza e figuras como o pai, o mariñeiro ou Celso Emilio. Os cambios que presenta esta edición repercuten na adaptación da lingua ás novas normas ortográficas, ao novo deseño da colección "Tartaruga" e ás ilustracións, que agora son realizadas por ordenador por RuAn, formado por Rubén Pérez Puig, e Antón Romero Ces (Vilagarcía de Arousa, 1970) e que ocupan todas as páxinas, usan múltiples cores e completan o texto escrito. Estas ilustracións figurativas seguen fielmente ao texto e presentan cores moi saturadas en alto contraste.

Recensións:

- Antonio García Teijeiro, "Tartarugas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "*Bule Bule*", 24-30 xullo 2008, p. [30].

Comeza cuns versos do seu primeiro poemario dirixido ao lectorado infantil e explica que, como os rapaces "gozaron" del, se deu conta de que dende entón "escribiría poesía infantil". Precisa que ese poema foi incluído en *Nenos* (1988), publicado na colección "Tartaruga", da cal destaca a fermosura e delicadeza do seu deseño. Lembra que grazas ao labor de Manuel Janeiro, nesa colección viron a luz textos de Carlos Casares, David Otero ou Palmira G. Boullosa, entre outros. Explica que a colección "Tartaruga" "abriu canles" coa ousadía da súa presentación e a riqueza dos seus contidos literarios, até a súa desaparición. Precisa que Francisco Castro a recuperou, cambiando a fonte da letra,

presentándoa a cores, axeitándoa a un deseño máis actual e inserindo as ilustracións "expresivas e graciosas" de RuAn. Remata apuntando que xa saíron a lume cinco títulos, *Arrolos*, *Adiviñas*, *Por se che pasa*, *Aloumiños* e *Coplas*.

VII.2.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Cano, Isabel, *Coma o can e o gato* (*Como el perro y el gato*, 2008), ilust. Juan Ramón Alonso, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosauro. Eu leo en galego!, de 3 a 6 anos, 2008, [26] pp. (978-84-7942-278-3).

Isabel Cano (Cañamares, Cuenca, 1957) narra, en verso, a historia prototípica dos dous amigos-inimigos nos contos tradicionais e infantís: o can e o gato. Nesta historia o can é quen lle gasta trasnadas ao gato, mentres que os seus donos (un rapaz para o gato, unha rapaza para a cadela) asisten ás falcatruadas das súas mascotas. O gato, farto de ser obxectivo das burlas do can, devólvelle unha delas. Finalmente, convértense en amigos que se enredan en bromas porque son amigos "só cando lles peta", tal e como di o último verso. Os debuxos de Juan Ramón Alonso (Madrid, 1951) de corte clásico axudan á maior comprensión da historia ao acompañar ao relato e enfatizan as reaccións dos personaxes animais e humanos. Alonso crea unhas ilustracións por ordenador de cores cálidas e contrastadas. Xoga coa desproporción para crear espazos e planos moito máis interesantes para o lectorado.

Gevry, Claudine, *A princesa perfecta*, ilust. da autora, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, [14] pp. (ISBN: 978-84-96893-71-9).

Conto tradicional narrado en terceira persoa e iniciado coa clásica fórmula "Había unha vez...". A súa protagonista é María Coletas, unha princesa sumamente coqueta que aspira a ganar o título de "Princesa Perfecta". Con este fin non dubida en coidar a súa imaxe co máximo detalle, sen esquecer a súa mascota: a cadela Lupe. Ambas as dúas resultan merecedoras do premio outorgado polo príncipe no salón de baile. Salientan dous aspectos desta obra: en primeiro lugar a inserción de figuras despregábeis en cada páxina, integradas no argumento do conto, até o punto de desvelar o premio obtido pola Princesa, agochado nun oco; e en segundo lugar o uso dunha prosa rimada estruturada en estrofas.

Gozalbo Felip, Mónica, *Historia dun compás*, ilust. Marta Ribes Montoliu, trad. María Lado, Vilaboa (Pontevedra): Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], outubro 2008, [38] pp. (ISBN: 978-84-8289-088-3).

Tomás é un compás que vive na mesa dunha habitación en compañía dos seus amigos: Roma a goma, Abel o papel, Carla a escuadra e Ramón o cartabón. Con todo Tomás está triste porque sente distinto aos demais xa que non é capaz de trazar liñas rectas, pero a súa amiga Roma a goma ensínalle a importancia das formas circulares e, converténdose na súa mestra, ensínalle a bailar levando o compás. Deste xeito Tomás aprenderá a importancia de todas as cousas que nos rodean e transmitirá á súa vez todo o que experimentou, repetindo de novo a historia a aqueles que se senten tristes polo mesmo que se sentía el. Mónica Gozalbo Felip (Castelló) narra esta historia en verso conseguindo unhas rimas divertidas complementadas á súa vez cun pegadizo refrán. Os debuxos de Marta Ribes Montoliu enchen a historia dun gran colorido xa que, por exemplo, cada páxina presenta unha cor de fondo distinto e o deseño dos diferentes personaxes atrae aos nenos.

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

Castro, Rosalía de, *Escolma poética*, selección de textos Manuela Rodríguez, imaxes de Belén Padrón, Vigo: Faktoría K de Libros, col. Trece Lúas, marzo 2008, [lectorado autónomo], 57 pp. (ISBN: 978-84-96957-29-9). ■

Recompilación de poemas de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) que dá comezo tras un índice dos poemas incluídos, un poemiña homónimo do título da colección á que pertence e unha nota de agradecemento á Fundación Rosalía de Castro. De diversa temática, cada poema especifica, tras o seu derradeiro verso, a súa procedencia, polo xeral de *Cantares Gallegos* ou *Follas Novas*. O primeiro poema, "Nasín cando as prantas nasen", trata o tema do amor non correspondido. O segundo, "Maio longo", aparece dedicado ao mes que conforma o seu título. "Adiós ríos, adiós fontes", céntrase na cuestión da emigración e da nostalxia pola terra natal da poeta. Con "Máis ve que o meu corazón", trátase un momento da vida da poeta no que sufre tristura e amargura. "¡Pra a Habana!", estruturado en cinco partes numeradas con díxitos romanos, retoma o tópico da emigración, esta vez a Cuba, do individuo galego que se ve obrigado a deixar a súa terra. A terceira parte do poema aparece nunha folla despregábel e ilustrada. O seguinte poema, "¡Soia!", dá conta dunha muller que afoga no mar por mor dunha pena que non é capaz de superar. A seguir aparece "Cando penso que te fuches", sobre a nostalxia e a soidade. "Campanas de Bastabales" aparece estruturado en cinco partes baixo numeración romana, coa terceira nunha folla despregábel. O mesmo terceto vén a modo de introdución e de conclusión. Con "¿Que pasa ó redor de min?", numerado como VI, trátase o medo á desgraza que pode devir en calquera momento na vida da poeta. "Unha vez tiven un cravo" alicérzase na amargura e a dor sufridos pola poeta, mentres que "Tecín soia a miña tea" confronta a inmensa tristura que lle produce a morte do seu home. O seguinte poema, "Tal como as nubes", versa sobre o pensamento e a imaxinación e xa por último, "Cando era tempo de inverno", presenta a idea do esquecemento a través da nostalxia que sente polo seu amor. Xusto despois desta escolma aparece unha reprodución dos textos orixinais de Rosalía, coa grafía coa que foron publicados no seu tempo. A continuación introdúcese un apuntamento sobre a figura da poeta asinado pola Fundación Rosalía de Castro que salienta a publicación de *Cantares Gallegos* en 1863; a condición de Rosalía como muller orfa e doente polo xeral que asumiu a defensa da súa cultura galega, marxinada. Destácase asemade a publicación de *Follas Novas* en 1880, coa súa visión dramática da cuestión da ansiedade humana e da súa condición crítica. Tras este apuntamento aparece outro, esta vez sobre a ilustradora, Belén Padrón (Oviedo, 1976), que informa brevemente dos aspectos máis destacados da súa biografía, prestando especial atención ás súas exposicións e ilustracións. Con respecto ás imaxes que ilustran esta escolma cómpre sinalar o uso tan variado de cores vivas coas que amosa de xeito visual o contido de cada poema. Pecha a escolma un poema da ilustradora dedicado á figura rosaliana xunto a unha invitación á lectura poética por parte da colección "Trece Lúas". As ilustracións de estilo surrealista desenvolven con gran liberdade aspectos ou ideas relacionadas cos poemas da escolma, que son os que suxiren os aspectos visuais traballados nas imaxes. A técnica empregada é a pintura e o cromatismo empregado fai un forte contraste cunhas liñas negras que rodean ou se xustapoñen ás formas.

Referencias varias:

- D. S., “Faktoría K inicia una colección de poesía ilustrada”, *El País*, “*Galicia*”, 25 marzo 2008, p. 6.

Breve noticia da inauguración de “Trece Lúas” e que bota a andar coa edición de dúas escolmas poéticas, cadansúa con trece poemas: a primeira, de Rosalía de Castro, a cargo de Manuela Rodríguez e con ilustracións de Belén Pardo, e a segunda, de Celso Emilio Ferreiro, levada a cabo por Ramón Nicolás e ilustrada por Baldo Ramos. Infórmase que o seguinte autor que dará continuidade á colección será Manuel Curros Enríquez.

- Concha Pino, “La jubilación cierra La Tropicana”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Crónica”, 26 marzo 2008, p. L16.

Dáse conta da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela da colección “Trece Lúas” da editora Factoría K. Infórmase que foron Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro, os autores protagonistas dos dous primeiros títulos da colección. Dise que cada edición contén trece poemas, con ilustracións de Belén Padrón e de Baldo Ramos, respectivamente. Infórmase de que participaron no acto: Helena Villar, Ramón Nicolás e Baldo Ramos e dise que Manuela Rodríguez realizou o recitado de poemas, acompañada da música de Pablo Díaz.

Ferreiro, Celso Emilio, *Escolma poética*, ed. literaria de Ramón Nicolás, imaxes de Baldo Ramos, Vigo: Factoría K de Libros, col. Trece Lúas, marzo 2008, [lectorado autónomo], 45 pp. (ISBN: 978-84-96957-30-5). ■

Recompilación de poemas de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1914-Vigo, 1979) extraídos das súas obras, *Longa noite de pedra* (1962), *Viaxe ao País dos Ananos* (1968) e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). A partir dun índice que contén os títulos dos poemas seleccionados e un poema conciso sobre a colección Trece Lúas á que pertence esta escolma, aparece o primeiro poema, “Modestia fora”, que refire o nacemento do poeta en Celanova. O segundo poema, “Teño o corazón senlleiro” trata a cuestión da soidade humana mentres que o seguinte, “Longa noite de pedra”, trata a cuestión da emigración e da miseria dalgunhas clases sociais como a traballadora. Con “Irmáus” fai referencia á igualdade entre homes ao igual que con “Viaxeiro...” dedicado aos emigrantes. O seguinte poema, “Monólogo do vello traballador”, sinala a crúa realidade social do home traballador explotado polo seu patrón. “Deitado frente ao mar...”, en formato despregábel, leva a cabo unha defensa da lingua galega e do dereito a falala. “Son un pasmón”, tamén en formato despregábel, defende o dereito á liberdade do individuo, mentres que “María soliña” amosa o sentimento de soidade e saudade dunha muller de Cangas. “Inverno” céntrase na cuestión do incesante labor da clase traballadora, sumida sempre na pobreza. Con “Digo Viet Nam e basta”, en formato despregábel, achégase á temática antibelicista a través da guerra do Vietnam. O seguinte poema, “Xaneiro 1972, II”, fala da morte, da vida e da esperanza, ao igual que “Eiquí será”, o derradeiro poema incluído nesta escolma. A seguir aparece un apuntamento sobre Celso Emilio Ferreiro no que se destacan os máis importantes acontecementos ocorridos na súa vida xunto á publicación d’*O soño sulagado* (1954), *Longa noite de pedra* (1962), *Viaxe ao País dos Ananos* (1968) e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), para despois presentar unha noticia biobibliográfica sobre o ilustrador, Baldo Ramos (Celanova, Ourense, 1971). As ilustracións que acompañan os poemas nesta

escolma aparecen baseadas en tinta vermella e negra, inda que nalgunhas poden observarse trazos de tinta verde e amarela escura. Así mesmo se advirten versos grafados a man nalgunhas ilustracións que se corresponden cos versos do poema que acompaña. Remata a escolma cun breve apuntamento do ilustrador dirixido ao lectorado no que explica o poema que reproduce a continuación sobre a figura do poeta. Trátase de formas abstractas, onde os trazos evocan os sentimentos e as sensacións que os poemas provocan no lector. A técnica de pintura empregada permite ver os brochazos e as pinceladas expresivas que configuran unhas imaxes que beben na súa inspiración da obra de Miró.

Referencias varias:

- D. S., "Faktoría K inicia una colección de poesía ilustrada", *El País*, "*Galicia*", 25 marzo 2008, p. 6.

Breve noticia da inauguración de "Trece Lúas" e que bota a andar coa edición de dúas escolmas poéticas, cadansúa con trece poemas: a primeira, de Rosalía de Castro, a cargo de Manuela Rodríguez e con ilustracións de Belén Pardo, e a segunda, de Celso Emilio Ferreiro, levada a cabo por Ramón Nicolás e ilustrada por Baldo Ramos. Infórmase que o seguinte autor que dará continuidade á colección será Manuel Curros Enríquez.

- V. Oliveira, "Enfoques 'renovadores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Colección", 25 marzo 2008, p. 14.

Anuncio da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela de "Trece Lúas" de Factoría K. Informa que a colección se inaugura cunha obra dedicada a Rosalía de Castro, debuxada por Belén Padrón, e con outra de Celso Emilio Ferreiro, que contén ilustracións de Baldo Ramos. Coméntase que a editora pretendeu que ambos ilustradores coñeceran a obra dos poetas e tivesen con eles algún vínculo afectivo.

- Concha Pino, "La jubilación cierra La Tropicana", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 26 marzo 2008, p. L16.

Dáse conta da presentación na libraría "Couceiro" de Santiago de Compostela da colección "Trece Lúas" da editora Factoría K. Infórmase que foron Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro, os autores protagonistas dos dous primeiros títulos da colección. Cada edición contén trece poemas, con ilustracións de Belén Padrón e de Baldo Ramos, respectivamente. Dise que participaron no acto: Helena Villar, Ramón Nicolás e o Baldo Ramos e tamén que Manuela Rodríguez realizou o recitado de poemas, acompañada da música de Pablo Díaz.

VV.AA., *I Premio Literario Escolar Caixanova (Poesía e Relatos. Premios e Mencións)*, Vigo: Caixanova. Obra Social, 79 pp. (DP:VG-652-2008). ◆

Ver apartado VI.1.5. deste *Informe*.

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Antelo, Tino, *Cucho, Coco e o dilema do 6*, ilust. Marina Seoane, I Premio Internacional Barriga Verde de textos de teatro para monicreques (2003, modalidade infantil), A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia/IGAEM, col. Barriga Verde, n.º 5, [lectorado mozo], abril 2008, 36 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-96893-43-6, ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4589-4). ■

Tino Antelo (A Coruña, 1975) preséntanos nesta obra teatral de tema cómico e de acto único a Cucho e Coco, dous compañeiros da escola que ademais son moi bos amigos. Estes dous rapaces, coa axuda dos maiores van intentar resolver un misterio moi interesante e difícil, "o dilema do 6". Cucho dille a Coco que ten seis, pero Coco pensa que seis son poucos se os compara, por exemplo, cos dedos dos pés e os cabelos da cabeza, pero Cucho pensa que son moitísimos se pensamos que só hai duas mans ou dous pés. Ante este problema deciden preguntarlle á súa profesora, a un quiosqueiro, aos pais… pero ninguén parece aclarar as cousas. Seis son os anos de Cucho, que finalmente invita a Coco ao seu cumpreanos e deciden que seis non son nin poucos nin moitos, son os xustos. Esta edición vai acompañada das ilustracións pictóricas de Marina Seoane Pascual (Madrid, 1957), de formas volumétricas e redondeadas, que poden recordarnos a obra de Bottero, sobre todo se nos fixamos nas faccións dos personaxes. Emprega a pintura pastada para facer e simular as texturas das casas, do chan e das paredes, que contrastan cas cores planas dos personaxes.

Arca Caldas, Olimpio, *Hoxe naceu un neno*, A Estrada: Edicións Fervenza¸ col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 62, [lectorado mozo], 2008, 22 pp. (ISBN: 84-96368-69-6).

Nesta peza de Olimpio Arca Caldas (Cuntis, 1928), o autor, como el mesmo di, trata de respostar a unha pregunta que se lle fixo aos nenos na escola no Nadal: "que petición lle farías hoxe ao neno Xesús?". No diálogo teatral recóllese a representación de Nadal, poderíase dicir que é una historia "metateatral", na que saen a escena os espectadores, o director… e dialogan e discuten sobre as súas diverxencias e opinións respecto á representación que están a facer polo Nadal; representación que posteriormente se leva a cabo, pero dun xeito moi peculiar, pois os diálogos non son os que estamos acostumados, senón que responden ás inquedanzas dos rapaces, que son tamén os protagonistas e actores na obra. A cuberta monocromática de Técnicas&Gramaxe reproduce un debuxo dunha nai abrazando a un neno.

Díaz Núñez, Celia, *Cataventos e Cía ou A Verdadeira historia de Amanda, a Princesa, e Leonardo, o Poeta*, ilust. Xulia Barros, II Premio Internacional Barriga Verde de textos de teatro para monicreques, modalidade infantil, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia/IGAEM, col. Barriga Verde, n.º 4, [lectorado mozo], febreiro 2008, 39 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-96893-36-8, ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4569-6). ■

Celia Díaz Núñez presenta esta peza teatral na que se dá conta do casamento da princesa Amanda e de como seu pai desexa que case cun vello millonario chamado Xacinto Uciño. Indícase a presenza do vento, do cataventos e de outras personaxes da natureza que tamén contan cun papel importante ao longo da peza como bolboretas, formigas ou avespas. Finalmente, a princesa Amanda convence a seu pai de casar con Leonardo, o poeta romántico que a ama siceramente, así o remate da mesma é un típico fin satisfactorio para todos os compoñentes e personaxes que habitan no castelo do rei Filemón VI. As ilustracións pictóricas de Xulia Barros (Lamas de Zamora, Arxentina, 1968) son imaxes que acompañan ao texto nalgunhas escenas da peza teatral. Algúns personaxes, como animais e plantas, amosan accións propias dos humanos, mentres que o resto son de estilo figurativo e destacan pola súa expresividade, sobre todo o protagonismo recae na boca e nos ollos.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Novas da Editorial Baía", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 526, "Páxina literaria", 13 xullo 2008, p. 4.

Refirese, entre as novidades da Editorial Baía, a *Cataventos e Cía* e salienta que obtivo o II Premio Barriga Verde para teatro de monicreques na modalidade infantil, así como o atractivo das ilustracións de Xulia Barros. Considera que se trata dunha lectura amena pola axilidade dos seus diálogos e pola captación dos seus personaxes.

Fernández Fernández, Cipriano, *O rei Maragato estaba triste e tres pezas máis. Teatro para nenos*, ilust. David Ferrando Giraut, prólogo de Segundo Durán Guillán, Ames-A Coruña: tresCtres Editores, col. Rubín/Teatro, [lectorado autónomo], 2008, [118] pp. (ISBN: 978-84-936262-1-1).

Catro pezas teatrais de Cipriano Fernández Fernández (A Coruña, 1952) escolleitas para un lectorado de entre cinco a oito anos. O volume ábrese cunha dedicatoria a amigos, compañeiros e alumnos e segue cun índice das diferentes obras que o compoñen. O limiar, a cargo de Segundo Durán Guillán, máis coñecido como "Chiki", compara o acto creativo de Fernández coa acción de cociñar e enxalza o seu xeito de escribir e os personaxes por el enxeñados. A primeira peza é "Salvada pola Campá!" (2001), representada para nenos a partir de seis anos na Mostra de Teatro Infantil de Ribeira en 2006 e que desenvolve a historia dunha eiruga, Coleta, que se agacha tras un arbusto medrosa de que algún dos pardais a atope e a coma. A segunda peza, "A ventrílocua sen bonecos" (2001), para nenos a partir de oito anos, dun só acto, xira arredor da vida de Ximena, unha rapaza que chegou a ser ventrílocua e representa unha función con bonecos de carne e óso moi divertida na súa vila. A seguir atópase a peza "O rei Maragato estaba triste" (2002), tamén dun só acto, para nenos a partir de seis anos, que conta a historia dun rei que xamais ría. O mago Vaticinio resolve que para que curase terían que ir na procura da mona Lucinda e traérllela ao rei para que a bicase. Cando así o fai, a mona convértese na princesa Sucharita e o rei sanda por fin. A última peza, "O tío Ramón pesca de todo" (2002), para nenos a partir de cinco anos, vai dirixida á loita contra a vertedura de lixo no mar e presta especial atención á catástrofe do *Prestige* hai xa algúns anos. Todas as pezas van precedidas dunha listaxe cos nomes dos personaxes. As ilustracións de David Ferrando Giraut son moi simples pero serven para dar unha

idea das características principias dalgúns dos personaxes protagonistas destas obras de teatro. Son debuxos a pluma en branco e negro. Péchase o volume cunha lista dos últimos libros publicados nesta colección e unha lista das coleccións que están a ser publicadas por tresCtres editores.

Referencias varias:

- Ana Cabanas, "Cipriano Fernández. Escritor e profesor", *La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 12 abril 2008, p. L16.

Entrevista a Cipriano Fernández con motivo da presentación do seu último libro *O rei Maragato estaba triste e tres pezas máis*. Saliéntase a súa gran experiencia como educador no eido do teatro infantil e coméntase o principal obxectivo do seu libro: levar o teatro ás aulas e que os máis cativos poidan representar a obra a partir da lectura. Sublíñase por outra banda o feito de que o libro se escribiu en galego debido á carencia de obras nesta lingua. Cítase, por último, a David Fernández como ilustrador.

González Costa, Teresa, *Chegaron no tren das 7,30. Western teatral*, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 60, [lectorado mozo], 2008, 27 pp. (ISBN: 84-96368-67-X).

Nova achega de Teresa González Costa (O Grove, 1975) á colección de teatro infantil escolar "A Pinguela". Trátase dunha parodia na que os espazos e os personaxes lembran o xénero do oeste ou "western", de aí o título da obra. O espazo é a "Rúa principal de Pedra Única, unha cidade do leste" e o "Saloon" onde se moven e se atopan os personaxes a partir da chegada do tren das sete e media. As acoutacións van situando as accións e os personaxes nas diferentes escenas que se suceden e un deses personaxes, o Shériff, convértese no narrador que, segundo se indica, vai dando conta da historia sentado nun extremo do espazo escénico durante toda a obra. Dous dos personaxes que chegan nese tren das sete e media, Sen Nome e Media Cara, serán os que se enfronten nun duelo seguindo as normas que impón Mimí, a protagonista feminina da obra. O remate da obra é o esperado nestes casos, a vitoria dun deles e o bico de recompensa e a marcha do outro. Tras as dez escenas que conforman a estrutura da obra hai un epílogo no que aparece de novo o Shériff explicando o que sucede posteriormente con cada un dos personaxes. O máis destacado da obra é a constante actualización de ambientes que crea a autora, tendo en conta o público ao que vai destinada, facendo que resulten recoñecíbeis e familiares para os lectores. Só presenta ilustración na cuberta cun debuxo en blanco e negro feito pola autora do texto.

González Costa, Teresa, *O misterio das ganas de durmir*, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 59, [lectorado mozo], 2008, 27 pp. (ISBN: 84-96368-66-1).

Teresa González Costa (O Grove, 1975) publica esta peza nunha colección de teatro escolar dirixida, especialmente, para rapaces e raparigas "que aman o teatro", tal e como é indicado na contracapa da brochura. Esta obriña desenvólvese nunha casa de hóspedes de verán no "hotel de Lola", unha das personaxes que protagoniza a acción xunto cun

pintor, unha raíña e unha domadora de pulgas, todos eles inquilinos da pousada, e un detective e un vendedor-tintureiro, que aparecen pola escena para contribuíren á resolución do problema principal arredor do que xira a acción: a perda de sono da raíña. Estruturado nun só acto, este drama comeza coa patroa do hotel debruzada no mostrador da recepción tentando ler un libro en voz alta, porén, primeiro o pintor de "solpores e menceres" e despois o resto do elenco irán interrompéndoa até ela se ver na necesidade de telefonar un detective privado que lles axude a descubrir quen roubou o sono da raíña. Finalmente, o detective, tamén actor de filmes no seu tempo de lecer, non consegue encontrar o verdadeiro ladrón mais si mostrar a súa fantasía e enxeño. Quen si resolve o misterio será Lola grazas á intervención do empregado da tinturaría. Xogos de palabras, frases feitas, metáforas, reiteracións e outros recursos lingüísticos son utilizados para provocar o riso fácil do público. Así, en canto o detective encontra todo "moi interesante" para a raíña todo é "real" mesmo as súas galiñas. É este un teatro rápido, "para ler e representar", reza a lenda da colección "A Pinguela", e efectivamente, a sinxeleza inza o espírito deste relato, tanto no plano lingüístico como na escenificación ou no humorístico. Só presenta ilustración na cuberta cun debuxo en blanco e negro feito pola autora do texto.

González Graña, Fernando, *O partido de fútbol do século*, portada e ilust. Manuel Riveira Rendo, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, Teatro escolar para ler e representar, n.º 63, [lectorado mozo], 2008, 28 pp. (ISBN: 84-96368-70-X). ■

Esta peza teatral de Fernando González Graña (Cuntis, 1962), estrutúrase en catro escenas e conta a historia do derradeiro partido da Champios LIC (Liga Interparroquial de Cuntis), que disputan no estadio "Herbeira da Costa" o equipo local Troáns Club de Fútbol e o visitante Estacas Fútbol Club. Nas tres primeiras partes preséntanse tres personaxes en cada unha delas. Na primeira parte móstrase o vestiario local (a adestradora, o capitán e o dianteiro centro); na segunda, o vestiario do equipo visitante (o adestrador, o capitán e a porteira), e na terceira parte, a parcela arbitral (a señora árbitro, o xuíz de liña I e o xuíz de liña II), polo que na escena IV, coa que comeza a segunda parte, entran en escena todos os personaxes. As conversas xiran ao redor do partido tan importante que están a disputar e que teñen en mente gañar (o equipo arbitral en facer o seu traballo o máis xusto posíbel), malia todo, nos diálogos tamén hai lugar para as rifas persoais, que son representadas en clave de humor. Finalmente, descoñécese quen gaña o partido que comezara cun resultado a ceros, e no momento de caer o pano, un dos equipos marca gol. Por outra banda, a peza teatral conta ademais con ilustracións en branco e negro na cuberta e no interior de Manuel Riveira Rendo, que axudan fundamentalmente á caracterización dos personaxes, ademais de reproducirse o propio cartel anunciador do encontro deportivo. As ilustracións de Manuel Riveira Rendo acollen no interior algún debuxo a lapis dos protagonistas. Na ilustración da cuberta aparece unha imaxe dun estadio en sintonía co título.

Labraña, Carlos, *Esperta, Principiño!*, ilust. Alberto Toval, Ferrol: Edicións Embora, col. A Biblioteca Ambulante da Garola. Colección de Teatro Infantil e Xuvenil Galego, [lectorado mozo], setembro 2008, 69 pp. (ISBN: 978-84-95460-88-2). ■

Carlos Labraña, (Cedeira, 1969) constrúe esta obra dramática baseándose na aventura de tres amigos que atopan unha torre antiga na que hai personaxes fantásticos como

unha raíña, un principiño, cabaleiros, bufóns e mesmo o mago Merlín. Un dos nenos faise amigo do principiño, que está moi triste porque seu pai, o rei, está na guerra. O neno ensínalle os valores da amizade. Ao final das súas peripecias rematan descubrindo que todo é unha ficción levada a cabo por un psicólogo para que o suposto principiño (que é un rapaz normal) se recupere do trauma que lle ocasionou a morte de seu pai mediante a terapia da hipnose. O fío dramático desenvólvese de xeito rápido, as intervencións dos personaxes son curtas e facilmente comprensíbeis e case non hai acotacións.

Referencias varias:

- José Mª Gómez**,** "O teatro segue sendo o irmán pobre dentro da literatura infantil", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 488, "Entrevista", 6 xullo 2008, pp. 2-3.

Nesta entrevista Fusta Guillén e Carlos Labraña falan dos seus inicios no eido do teatro infantil hai xa vinte anos, tras fundar a agrupación cultural Garola en 1988 cos obxectivos de escribir e crear unha colección de teatro para nenos. Contan asemade o xurdimento da devandita agrupación e cómo despois de acadar un premio da mostra da Xeración Nós comezan a ser recoñecidos como un verdadeiro grupo de teatro. Durante todos eses anos Garola leva a cabo actividades como o Club de Lectura ou concursos de contos. Comentan que na actualidade están a piques de publicar dúas obras, *O segredo do faiado*, de Fusta Guillén e *Esperta, principiño!*, de Carlos Labraña. Rematan a entrevista afirmando que as obras que escriben non son catalogábeis como "contos tipo Disney".

Labraña Barrero, Carlos, *Lendas da noite de San Xoán*, ilust. David Pintor, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 6 anos, 2008, 34 pp. (ISBN: 978-84-403-1064-4).

Esta peza de teatro de Carlos Labraña (Cedeira, A Coruña, 1969) baséase nas lendas da noite de San Xoán para contarnos que un home e o seu fillo mercan un libro de tesouros e len un meigallo para que se abra unha pena, conséguenо e dela sae unha moura. Esta dilles que está enmeigada e que necesita que lle dean un bico para poder ser libre e para que eles poidan entrar a coller o tesouro, porén a súa sombra dálles unha presa de ouro a cambio de que marchen, pero engánaos e dálles carbón. Uns nenos fanlle unha broma ao muiñeiro e lévanlle o carro con el dentro e déixano diante do penedo da moura, esta pídelle un bico pero a sombra bótalle un meigallo e déixao pampo. Entón os nenos teñen unha idea e bótanlle fariña á sombra por riba, esta comeza a minguar e péchase na cova. Aínda que quedaron sen o ouro conseguiron liberar á moura. Nas últimas dúas páxinas cóntasenos cando é a noite de San Xoán e recóllense as lendas que aparecen no libro. As ilustracións figurativas de David Pintor (A Coruña, 1975) son chamativas polas súas cores pero tamén pola súa posición xa que os personaxes, sobre todo os nenos, aparecen coa cabeza inclinada, cos brazos sempre estirados en sinal de alegría e ás veces coa cabeza no chan e os pés para riba, coma se estivesen choutando ou bailando. En moitas ocasións estes debuxos son un apoio á lectura do texto, pero noutras aparecen os nenos ao final do capítulo sen ter que ver co texto. Algunhas escenas apoian ao texto redundando visualmente o que se di no texto e outras amosan aos personaxes protagonistas en diferentes actitudes. As imaxes achegan dinamismo e

suxiren información sobre a vestimenta dos personaxes.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Noite máxica", *A Nosa Terra*, n.º 1.326, "Bulebule", 25 setembro-1 outubro 2008, p. 30.

Dise que está estruturada en seis escenas integradas por cinco lendas mesturadas ao redor do día máxico de San Xoán que logran "un conxunto onde a maxia e a diversión están aseguradas". Faise unha breve recollida da importancia deste día ao longo da historia da cultura galega e saliéntase desta peza teatral as acoutacións sinxelas e precisas, a súa prosa fluída influída polas cantigas populares de tradición oral e as ilustracións coloridas que axudan á súa comprensión.

Losada Galiñáns, Carlos, *Game over*, II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008, ilust. Fran Pedreira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 8, [lectorado mozo], abril 2008, 71 pp. (ISBN:978-84-9782-783-6/978-84-453-4583-2). ■

Carlos Losada (Brexo-Cambados, 1966) obtivo por esta obra de teatro o II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2007. A obra, a xeito de soño teatral, embarca ao xove Roi nun mundo fantástico gobernado por xogos e videoconsolas. Todo comeza cando Roi se nega a ir xogar cos seus amigos, preferindo quedar pechado no seu cuarto a competir con Ken no xogo Mortal Kombat. Nada fóra do normal, de non ser porque un mal pesadelo fai que o rapaz entre nun mundo de estraños labirintos. Alí contará coa axuda dunha cascuda, unha manta, uns pingüíns e o seu leal amigo Ken. Cando Roi esperta, decátase da grande lección que vén de recibir: o verdadeiro divertimento non se atopa na pantalla dunha televisión, senón na rúa, cos seus compañeiros. O desacougo do pesadelo nocturno fai que non poida evitar botar unha ollada á pantalla na que latexan as letras *Game Over*. As ilustracións figurativas de Fran Pedreira refírense a momentos importantes pero non reflicten escenas posíbeis para organizar a súa representación sobre o escenario. Os datos visuais sobre as características físicas dos protagonistas son moi limitadas, só queda claro que é un neno con roupa actual e uns xoguetes.

Recensións:

- Paula Fernández, "Transformar a máquina", *El Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 262, 9 outubro 2008, p. VII.

Analiza o argumento do libro *Game Over*, de Carlos Losada, premiado co II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Comenta que o protagonista do libro é un meniño que está obsesionado cun xogo da video-consola, que o leva a esquecer as chamadas de seu pai, seu amigo e súa nai; e como consecuencia disto será castigado. Pero, por seguir xogando tampouco cumprirá o castigo e seguirá co xogo até quedar durmido. Entón, nos seus soños, el mesmo convértese en protagonista do xogo. Paula Fernández informa de que o libro advirte dos perigos que pode entrañar o universo

virtual para os nenos e que o fai cunha fala directa e con ritmo. Dise que as imaxes de Fran Pedreira constitúen un soporte ideal para o texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 255, 26 xuño 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, 26 xullo 2008, p. 11.

Nesta ocasión descríbense moi brevemente *Game over*, de Carlos Losada; e tamén *ReGaliza e outras chuches*, de Carlos Solla; e o volume que recolle as obras gañadoras do *II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*.

Vázquez Pintor, Xosé, *Teatro do Patacón. Os pés do vento*, ilust. da cuberta Manuel Fragoso, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 61, [lectorado mozo], 2008, 23 pp. (ISBN: 84-96368-68-8).

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) é autor de distintas pezas teatrais, entre as que descubrimos cinco pezas inéditas baixo o título *Teatro do Patacón*, do que forma parte *Os pés do vento*, obriña teatral escrita en 1991 para o Grupo de Teatro da Terceira Idade "Casa da Bola" de Cangas, ahora recollida e publicada nesta colección. Esta obra presenta a catro personaxes femininas que se atopan de camiño a Compostela. O seu traxecto e os lances do camiño lévanas a partillar sentimentos e pensamentos. Así, Zaida, Zulema, Xiana e Xisela comparten a peregrinación e a maxia do camiño, cun obxectivo común: chegar á cidade do Apóstolo. A ilustración de Manuel Fragoso na cuberta está feita en blanco e negro.

VII.3.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

María, Manuel, *Barriga verde*. *Farsa pra bonecos*, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 5, 2008, 51 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-466-5/ ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-071-6). ■

Reedición desta farsa publicada en Edicións Castrelos, de Vigo, "o día 5 de Outono de 1968, festa de San Froilán que nacéu en Lugo. Foi amigo dos lobos e moi nemigo do demo", tal e como aparece no colofón. Trátase dunha obra para bonecos de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929), escrita en tres tempos de cinco escenas cada un. O libro comeza coa relación dos personaxes que participan na obra dramática: Barriga Verde, O Galego, A Moza, O Serrador, Crego, O Demo e Touro. No prólogo, Barriga Verde preséntase ao público como un feirante inmortal e pelexa co Demo. O tempo I amosa cómo O Serrador e mailo Galego lle fan as beiras á Moza, quen decide casar co último. Ambos os dous pretendentes discuten polo amor da rapaza e esta anúncialle a nova do casamento a Barriga Verde, que fará de padriño. No tempo II, O Serrador pídelle a Barriga Verde que lle axude a roubar A Moza e, cando este se nega, xura que ha de matar O Galego. Despois de que os noivos dispoñen a voda co Crego, O Serrador trae a Touro para que acabe co Galego, pero este consegue matalo e deixa O Serrador ferido. No tempo III, O Serrador aparece xunto co Demo o día do casamento. Barriga Verde mata o segundo, e O Galego cre facer o mesmo co primeiro, pero este acaba erguéndose e fuxindo. Nun intento de danar O Serrador, O Galego magoa o Crego, e non pode celebrarse a voda.

VII.3.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Donizetti, Gaetano, *O elixir do amor* (*El elixir de amor*, 2008), ilust. Adrià Fruitós, adapt. Stefanía Fantauzzi, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Kalandraka Editora/Edicións Hipòtesi, decembro 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-686-0). Contén CD.

Adaptación de Domenico Gaetano Maria Donizetti, coñecido como Gaetano Donizetti (Bérgamo, 29 de novembro de 1797-8 de abril de 1848) para nenos maiores de 8 anos da ópera bufa en dous actos, con libreto de Felice Romani (Génova, 31 de enero de 1788-Moneglia, 28 de enero de 1865), baseado en *Le Philtre* (O Filtro), de Eugène Scribe (París, 24 de diciembre de 1791-20 de febrero de 1861) e música de Gaetano Donizetti. Estreouse en Milán, o 12 de maio de 1832 no Teatro da Canobbiana. Inclúense indicacións das correspondentes pistas do CD de audición e unha biografía de Donizetti. A orquestra encargada da música é a *Hungarian State Opera Choir e Orchestra* dirixida por Pier Giorgio Morando. O texto teatral relata un triángulo amoroso entre Adina e o mozo Nemorino e o militar Belcore. O primeiro consegue o amor da moza grazas a un elixir que en realidade non era tal. As ilustracións de Adrià Fruitós (Barcelona, 1984) serven para contextualizar a época na que ocorren os feitos narrados nunha época actual, a diferencia da habitual escenografía do século XIX para esta ópera de Donizetti. As vestimentas dos protagonistas asi como os avións e o automóbil falan dunha iconografía dos noso tempos. As imaxes dos personaxes en cores vivas fan contrastes fortes sobre os fondos máis claros e reflicten só algúns fragmentos do texto teatral.

Gershwin, George, *Porgy and Bess*, ilust. Daniel Jiménez, adapt. Joan de Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Edicións Hipòtesi/Kalandraka Editora, [mocidade], 2008, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-669-3). Contén CD. ■

George Gershwin (Nova York, 1898-Hollywood, California, 1937) sérvese dun narrador omnisciente para introducir ao lectorado no mundo de Catfish Row, un barrio negro de Charleston nos Estados Unidos. Neste barrio convive xente de clase obreira cuxo único recurso de subsistencia reside na pesca. A única brincadeira destes pescadores e estibadores é a partida de dados. Pero nunha destas partidas a vida transfórmase para todos. Aparece Crown, o vilán, e rifa cun dos xogadores até quitarlle a vida. Chega a policía e apresa a Peter, un home inocente que non tivera nada que ver co asunto. Crown escapa e deixa alí á súa moza, Bess, menosprezada polo resto das mulleres do barrio. Porgy, que o viu todo, decide axudala e ofrécelle a súa casa para que ela teña un sitio onde ficar. O amor xorde entre eles, pero Crown reaparece nunha excursión que os veciños fan a unha illa próxima e dille a Bess que ela é súa e non parará até recuperala. Cando Crown tenta cumprir a súa ameaza, Porgy enfróntase a el e mátao. A policía fai a súa presenza unha vez máis e leva preso a Porgy para interrogalo. Nese intre aparece Sporting Life, un traficante de drogas que persuade a Bess para que marche a Nova York con el a vivir entre o luxo. Ela acaba accedendo e cando Porgy volta, ceibe, os veciños cóntanlle o acontecido e Porgy decide ir na procura de Bess. Remata o conto coa certeza de que Porgy recuperara á súa Bess. Este conto preséntase como unha ópera folclórica en tres actos, adaptada da novela de Du Bose Heyward e con música de Ira Gershwin, irmá do autor. Foi estreada en Boston o 30 de setembro de

1935 e máis adiante, o 10 de outubro, presentouse no Teatro Alvin de Nova York. Cabe salientar o labor ilustrativo de Daniel Jiménez (Villalba) cuns debuxos de gran colorido que axudan ao lectorado a comprender mellor a historia. Os personaxes da ópera parecen cobrar vida nestas ilustracións grazas aos seus trazos realistas e cheos de expresividade. Por outra banda, o libro vén acompañado dun CD con cinco cancións cuxos títulos aparecen na derradeira páxina do libro. Cada canción ten que ser escoitada en puntos precisos da historia co obxectivo de proporcionar unha dimensión máis realista á trama. Eses puntos veñen indicados no mesmo texto a través dun pequeno símbolo que representa o CD xunto co número da canción. Na penúltima páxina do volume ofrécese unha breve noticia biográfica do autor, destacando o seu rol como músico.

Recensións:

- Marta Otero, "A ópera para os máis pequenos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, "Letras en galego", 12 xullo 2008, p. 6.

Informa que a Editorial Kalandraka creou unha colección de ópera para os máis pequenos e comenta que acaba de sacar a quinta entrega da colección, unha obra dedicada a George Gershwin, *Porgy and Bess*. Indica que o volume consta dun libreto adaptado por Joan de Deu Prats e con ilustracións de Daniel Jiménez, máis un cedé que inclúe cinco dos temas da ópera. A seguir, narra o argumento da historia e dá conta doutras obras publicadas por Kalandraka.

Guillén, Fusa, *O segredo do faiado*, ilust. Pilar Guillén, ilust. da cuberta Alberto Toval, trad. Conchi Méndez, Ferrol: Edicións Embora, col. A Biblioteca Ambulante da Garola. Colección de Teatro Infantil e Xuvenil Galego, [lectorado mozo], setembro 2008, 153 pp. (ISBN: 978-84-95460-87-5). ■

Este texto teatral da actriz ferrolá Fusa Guillén, membro da Asociación Cultural A Garola de Cedeira, sitúase nunha casa de campo nun val entre montañas. Comeza no ano 1996 cando Claudia ten once anos, Emilio dez e Ricardo catorce. Son curmáns e os dous primeiros están no faiado da casa da avoa falando da posibilidade de que exista un trasno no faiado. Asústanse cando se apagan as candeas pero danse conta de que é Ricardo. A trama continúa vinte anos despois, no ano 2007, cando Claudia ten trinta e dous anos, Emilio trinta e un, e Ricardo trinta e cinco e a avoa acaba de morrer. Os curmáns regresan á casa para o enterro e coñecen que a avoa llela deixa en herdanza. Pouco a pouco descubrimos o carácter de cada un deles e o plan de Ricardo de comprar as partes para vender a casa, aínda que os curmáns non queiran vender. Claudia decide pasar a noite na casa e cando está sola fala coa avoa. Aparece Arándono, o trasno que afirma que vive alí e que convence a Claudia para que viva na casa. Varios meses despois Claudia vai superando os problemas pero Ricardo segue no seu empeño de vender a casa. Claudia volve a falar co trasno e pouco a pouco este revela o secreto. Hai unha caixa con moito diñeiro e Claudia pode axudar a Emilio e comprar a parte de Ricardo. Era todo unha estratexia da avoa que sabía que unha empresa de construción quería terminar con todo. Este texto teatral pretende acercar o teatro aos nenos e mantén a intriga até o final e insiste nos valores que deben caracterizar a toda boa persoa. Tamén existen tres ilustracións en branco e negro do faiado debidas a Pilar Guillén.

Referencias varias:

- José Mª Gómez**,** "O teatro segue sendo o irmán pobre dentro da literatura infantil", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 488, "Entrevista", 6 xullo 2008, pp. 2-3.

Nesta entrevista Fusta Guillén e Carlos Labraña falan dos seus inicios no eido do teatro infantil hai xa vinte anos, tras fundar a agrupación cultural Garola en 1988 cos obxectivos de escribir e crear unha colección de teatro para nenos. Contan asemade o xurdimento da devandita agrupación e cómo despois de acadar un premio da mostra da Xeración Nós comezan a ser recoñecidos como un verdadeiro grupo de teatro. Durante todos eses anos Garola leva a cabo actividades como o Club de Lectura ou concursos de contos. Comentan que na actualidade están a piques de publicar dúas obras, *O segredo do faiado*, de Guillén e *Esperta, principiño!* de Labraña. Rematan a entrevista afirmando que as obras que escriben non son catalogábeis como "contos tipo Disney".

Mozart, Wolfang Amadeus, *A frauta máxica* (*Die Zauberflöte*), ilust. Joma, adapt. Joán de Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Edicións Hipòtesi/Kalandraka Editora, [mocidade], 2008, [24] pp. (ISBN: 978-84-8464-582-5). Contén CD.

Esta segunda edición do texto teatral publicado en 2006 pretende achegar a ópera aos nenos maiores de 8 anos, polo que se inclúen indicacións das correspondentes pistas do CD de audición e unha biografía final de Mozart. Trátase dunha ópera en dous actos con música de Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756-Viena, 1791) e libreto de Johann Joseph Schickeneder, coñecido como Emanuel Schikaneder (Straubin, 1751-Viena, 1812). Fora estreada no freihaustheater auf Viena, o 30 de setembro de 1791. A orquestra encargada da música é a Failono Orchestra, Hungarian Ferstival Chorus, dirixida por Michael Halász. Relátase a historia do príncipe Tamino que consegue rescatar a princesa Pamina coa axuda dun cazador de paxaros chamado Papaxeno e unha frauta máxica, maxia que envolve toda a obra. As ilustracións de Joma, seudónimo de Josep María Rius (Barcelona,1954), describen só algúns momentos centrais da trama, válense da forza das cores e axudan ao lector a comprender os sentimentos dos personaxes.

Puccini, Giacomo, *Turandot* (*Turandot*, 2003), ilust. Pep Montserrat, adapt. Joan de Déu Prats, trad. Vitoria Ballesteros, Pontevedra/Barcelona: Kalandraka Editora/Edicións Hipòtesi, decembro 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-704-1). Contén CD.

Este drama lírico en tres actos de Giacomo Puccini (Lucca, Italia, 1858-Bruxelas, Bélxica, 1924) está baseado no conto homónimo de Carlo Gozzi (Venecia, 1720-1806), con música de Giacomo Puccini e libreto de Giuseppe Adami (Verona, 1878-Milán, 1946) e Renato Simoni (Verona, 1875-Milán, 1952). Estreado no Teatro alla Scala de Milán, o 25 de abril de 1926. A orquestra responsábel é a *Orchestra&Coro del Teatro Comunale dell'Opera di Genova* dirixida por Daniel Oren. Preténdese acercar a ópera aos nenos maiores de 8 anos, polo que se inclúen indicacións das correspondentes pistas

do CD de audición e unha biografía final de Puccini. A acción desenvólvese na corte imperial chinesa e describe como Calaf logra abrandar e namorar o duro corazón da princesa Turandot xunto coa axuda dunha escrava fel e namorada. Calaf consegue adiviñar o desafío da princesa e poñer fin a un período cheo de frialdade e escuridade. As ilustracións de Pep Montserrat (Roda de Ter, 1966) sitúannos nuns escenarios de China. Achegan información visual sobre diferentes edificios, roupas e características raciais. Ademais as composicións están cheas de letras do alfabeto chino como é costume nas imaxes desta civilización. As imaxes sirven para mergullarnos nun contexto distinto do noso para seguir a música e o libreto desta ópera. Describen a corte imperial e os sentimentos dos personaxes dun xeito moi expresivo. Predomina a cor vermella da princesa.

VII.3.4. POSTAS EN ESCENA

VII.3.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Anisia Miranda, IIIª Xornadas de Teatro Infantil

Xornadas de teatro infantil organizadas polo Concelllo de Cabana de Bergantiños, e coa colaboración da Fundación Xosé Neira Vilas. Teñen lugar na Escola Unitaria de Borneiro e no CEIP As Revoltas.

Referencias varias:

- maré, "Gres acolle as III Xornadas de Teatro Anisia Miranda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xuño 2008, p. 30.

Anúncianse as terceiras Xornadas de Teatro Infantil Anisia Miranda, organizadas polo Concello de Cabana de Bergantiños, que terán lugar na Escola Unitaria de Borneiro e no CEIP As Revoltas. Contan coa colaboración da Fundación Xosé Neira Vilas.

Atenea 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Certame de teatro afeccionado organizado polo Ateneo Ferrolán e co patrocinio de Caixanova, que está dirixido a Centros Escolares ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil e xuvenil. As representacións, que teñen lugar en Ferrol nos meses de marzo, abril e maio, optan á concesión dun premio en metálico destinado á formación e promoción das artes escénicas. Entre os grupos teatrais participan o Grupo de Teatro do Colexio "Carmen Polo"; o Grupo do CEIP Centieiras de Fene, con *Todo é un conto*; o Grupo Atios, do CEIP Atios, con *O galo Quirico*; o Grupo do CEIP Cruceiro Canido, con *Berenguela*; o Grupo da Asociación Os Amigos Arco Iris de Valdoviño, con *A farsa das zocas*; o Grupo IES Carballo Calero, con *Un casting para Melchor*; e o Grupo "Pasapadentro" da Asociación Cultural Melandrinas de Arteixo.

Bande, XIIIº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de Bande

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Nel participan estudantes de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria dos centros de Lobios, Celanova, Os Blancos, Ourense, Baños de Molgas, Barbadás, a Coruña e Lugo.

Referencias varias:

- L. F., "Los escolares despiden la muestra de teatro", *La Región*, "Baixa Limia",

"Bande", 17 maio 2008, p. 20.

Infórmase dos XIIIº Encontros de Teatro Escolar e Amateur no Concello de Bande con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Explícase que o comité organizador destes encontros está formado polo IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo. Tamén se di que os participantes foron alumnos de diversos concellos de Ourense, Lugo e A Coruña. Saliéntase o feito de que as representacións foron levadas a cabo no novo salón de actos do colexio Xaquín Lourenzo. Menciónase por último a asistencia da delegada de Presidencia, Conchita Camiña, e a do coordinador dos equipos de normalización lingüística, Paulino Peña.

Descubrir o Teatro, XIXª Mostra de Teatro escolar

Presentado por Carlos González Garcés, contará coa participación de preto de cincocentos alumnos de Educación Infantil, Primaria e ESO da cidade da Coruña. Entre eles cóntase co grupo Curriños II, coa obra *La capitana gavilán*.

Referencias varias:

- M. P., "Más de 400 alumnos tomarán parte en la XIX Muestra de Teatro Escolar", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Ciudad", "Iniciativa Infantil", 17 abril 2008, p. 17.

Presentación da XIXª Mostra de Teatro Escolar na Coruña por Carlos González Garcés, coordinador da área de Educación. Explícase que esta edición leva por título "Descubrir o teatro" e contará coa participación de preto de cincocentos alumnos de Educación infantil, Primaria e ESO da cidade coruñesa. Adiántase que o primeiro en actuar será o grupo Curriños II, coa obra *La capitana gavilán* no Colexio Fogar de Santa Margarida. A seguir cítase a listaxe das diferentes representacións que se levarán a cabo xunto co agradecemento de González Garcés a todos os colaboradores. Destácase por último o labor do goberno coruñés co fin de apoiar a participación activa dos rapaces no eido do teatro.

Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando desde o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2008 participou a compañía La Baldufa Teatre, con *Zeppelín*.

Referencias varias:

- Kevin Carballo&Asociados, "Teatros infantiles y otros deportes", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta…", 14 xaneiro 2007, p. 70.

Infórmase do espectáculo *Cantacontos* celebrado en Cotobade a cargo do grupo Migallas, liderado por María Campos e Carlos Yus. A obra pechou o programa de Nadal organizado pola Concellaría de Cultura, que tamén propuxera un concurso de postais de Nadal, un certame de Cantares de Reis e a cabalgata. Menciónase asemade a nova programación de teatro familiar "Domingos do Principal", dirixida pola compañía Akatro e apoiada polo Concello de Pontevedra. O grupo teatral La Baldufa Teatre foi a encargada de dar comezo ao ciclo co seu espectáculo *Zeppelin*.

Especial de Galicia, IVª Mostra de Teatro La Fundación Anade, Lugo

Mostra de teatro organizada pola Fundación Anade en Lugo e apoiada polo Concello e a empresa Coca-Cola. Dirixida especialmente aos escolares, permite ver a arte dramática máis rica que ofrecen grupos teatrais integrados por persoas con minusvalías. Na edición de 2008 participaron as compañía Hermanas Hospitalarias de Betanzos, con *O mono de Pau*, e Paladio Segovia, con *Cyranus Circus*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Teatro con un encanto especial", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 11 novembro 2008, p. 11.

Faise eco da IVª Edición da Mostra Rexional de Teatro Especial de Galicia, que se levou a cabo no auditorio da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo. Indícase que este ciclo de teatro deu a coñecer cinco obras de teatro realizadas por actores con algunha discapacidade física ou psíquica, tendo como principal obxectivo amosar as propostas artísticas deste colectivo, buscando tamén unha vía alternativa de entretemento para os mesmos. Destácanse algunhas das obras que serán levadas a escena: *O mono de Pau*, da compañía Hermanas Hospitalarias de Betanzos, e *Cyranus Circus*, de Paladio Segovia.

Galicreques, XIIIº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando desde o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Desde o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, desde a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. A edición de 2008 tivo lugar do 6 ao 12 de outubro nos emprazamentos do Teatro Principal e o novo espazo Arteria Noroeste, acollendo vinte compañías, entre as cales se contou coa francesa Risorius; Teatro Portátil do Brasil; Sixfingers Theatre de Finlandia; Eva Kaufmann de Austria; Theater Passpartu, de Alemaña; Pavel Vangeli, de República Checa; e Steven Groenen, de Bélxica; ademais

de compañías procedentes da Arxentina, Navarra, Uruguai, Madrid, Cuenca, Chile, Ecuador, India e Galicia. Entre as galegas contouse co Centro Dramático Galego, con *Valdemuller*; e Títeres Alakrán, con *O ferreiro e o diaño*.

Referencias varias:

- N. M. S., "Abel López Soto presenta en el Consorcio Galicreques 2008", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Área Metropolitana/ Sada", 4 outubro 2008, p. 22.

Refírese á presentación do festival "Galicreques 2008" que contou cunha serie de personalidades na sede do Consorcio das Mariñas no municipio de Bergondo. Sinálase que o festival terá lugar entre os días 7 e 15 de outubro nos municipios de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada. Tamén se adianta que as actuacións van dirixidas fundamentalmente ao público infantil e serán representadas por máis de vinte compañías de todo o mundo. Saliéntase o "novedoso espectáculo" nun tráiler-teatro dunha compañía francesa. Conclúese sinalando que o festival inclúe tamén tres exposicións e unha mostra fotográfica.

- maré, "Un Galicreques internacional", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2008, p. 35.

Anúnciase o comezo do festival Galicreques que terá lugar en Santiago de Compostela e no que participarán compañías de Uruguai, Francia, Arxentina, Checoslovaquia, Ecuador, India, Brasil, Bélxica, Alemaña e Finlandia. Saliéntase o espectáculo da compañía francesa Risorius que representarán a súa peza *O soño de Papá Topolino* nun camión climatizado que se situará na Alameda Compostelá.

- Camilo Franco, "Todo o mundo sinte as varillas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Títeres/ Galicreques", 9 outubro 2008, p. 9.

Faise un repaso polo festival de monicreques Galicreques, insistindo na función que esta 'atracción' pode ter máis aló do nivel teatral e cultural. Sinálase que os monicreques poden ir máis alén do simplemente literario para contar historias verídicas e reais, aínda que non poidan presentar ningunha solución para os problemas da vida cotiá, pois saliéntase a súa función de entreter e informar.

- Olalla Sánchez, "Compostela se apunta a la fiesta de los Galicreques", *La Voz de Galicia*, "Escenarios", "Fugas", 10 outubro 2008, p.19.

Faise referencia ao inicio do Festival Internacional de Títeres Galicreques en Santiago de Compostela, con historias chegadas de países como Arxentina, Alemania, Finlandia ou Sri Lanka. Dise que no certame participarán vinte compañías que actuarán no Teatro Principal e en Arteria Noroeste, aínda que tamén haberá números na rúa. A continuación inclúese o programa para o venres, sábado e domingo.

Liceo Casino, Festival de Títeres

Festival organizado polo Liceo Casino. No ano 2008 participou a compañías Caramuxo Teatro, con *Glub-glub*.

Referencias varias:

- M. López, "Una oferta cultural para los más pequeños", *Diario de Arousa*, "Colofón", 2 xuño 2008, contracuberta.

Infórmase do acto de clausura do Festival de Títeres do Liceo-Casino coa compañía coruñesa Caramuxo Teatro como protagonista. A obra escolleita para a ocasión foi *Glub-glub*, dirixida a un público preescolar. Coméntase asemade a estrea da devandita obra en Sada en 2005, que supuxo a primeira representación teatral en galego para este tipo de público. Explícase que a obra está escrita e dirixida por Juan Rodríguez e será representada tamén na Escuela Infantil Breogán, en Santiago de Compostela. Destácase por último o emprego de teatro de actor, monicreques de mesa e teatro de obxectos nas obras producidas por esta compañía.

Lugo, XVIIIª Mostra de Teatro Infantil de

Dirixida a escolares de entre os tres e os trece anos, esta mostra está organizada pola Concellaría de Educación do Concello de Lugo en colaboración coa Fundación Caixa Galicia e celébrase no Auditorio Municipal da cidade das Murallas. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios.A edición de 2008, que ten lugar entre os meses de outubro e novembro, foi presentada pola Concelleira de Educación Dolores Viero. Lévanse a cabo representacións por parte tanto de compañías nacionais como internacionais, entre elas as seguintes obras: *Rucs. O maleficio do bruxo*, de La Pera Limonera; *Vacamioneta*, da madrileña La Tartana Teatro; *Brancaneves*, de La Baracca, de Italia; *Outra vez*, de Ultramarinos de Lucas; *A lúa de Xoán*, de Teatro Nu; e *Pacama*, De Katarsis.

Referencias varias:

- F. G., "Unos seis mil niños irán a la Mostra de Teatro", *El Pogreso*, 18 outubro 2008, p. 8.

Refírese á presentación por parte da Concelleira de Educación, Dolores Viero, da Mostra de Teatro Infantil de Lugo dirixida a alumnos de Educación Infantil e Primaria. Adiántase que contará con seis representacións, entre os meses de outubro e novembro, levadas a cabo por compañías nacionais e internacionais que poderán verse no auditorio municipal Gustavo Freire e no centro sociocultural de Fingoi.

- Marta Becerra, "La magia del teatro se acerca al cole", *El Progreso*, "El Despertador", 23 outubro 2008, p. 11.

Refírese á celebración no auditorio Gustavo Freire de Lugo da décimo oitava edición da Mostra de Teatro Infantil de Lugo, na que se sinala que se representaron as seguintes obras: *Rucs*, *Vacamioneta*, unha versión do clásico "Blancanieves", *Outra vez*, *A lúa de Xoán* e *Pacama*.

- Jacobo Táboas, “A maxia do teatro infantil envolve aos nenos lucenses”, *El Progreso*, “Pícaros”, 1 novembro 2008, p. 2.

Fálase da XVIIIª Mostra de Teatro Infantil de Lugo organizada polo Concello e a Fundación Caixa Galicia, na que se representaron seis obras de distintas compañías nacionais e internacionais que se detallan.

María José Jove, IVº Festival de Títeres

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2008 o festival tivo lugar no Fórum Metropolitano e na sede da Fundación María José Jove entre os días 26 e 30 de decembro, e representáronse as obras *Sombras del Mundo*, por Asombro; *El monstruito* e *Pequeñeces* de Tropos; *Unha de amor*, de Artello Teatro; *Ringorrango* de Pistacatro; *Kraft* de Bambalina; e *O Ferreiro e o Diaño*, por Títeres Alakrán.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, “La Fundación Jove cierra el año con la cuarta edición del Festival de Títeres”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 decembro 2008, p. 11.

Faise eco da cuarta edición do Festival de Títeres organizado pola Fundación María José Jove, con respecto ao cal se salienta que tenta afeccionar aos máis novos ao mundo do teatro. Indícase que un total de dez espectáculos formarán parte desta nova edición, entres os que se contan pezas da Compañía Artello Teatro, coa súa *Unha de amor*, ou Pistacatro, con *Ringo Rango*.

- Seve Nieves, “Diez espectáculos en el Festival de títeres”, *La Región*, “Nadal en A Coruña”, 27 decembro 2008, p. 3.

Refírense a unha serie de actividades que terán lugar durante as datas de Nadal na Coruña, entre as que se atopa o Festival de monicreques organizado pola Fundación María José Jové. Adiántase que contará con dez espectáculos dos que sinala algúns, ademais de indicar que as representacións terán lugar no Fórum Metropolitano.

- E. P., “El Fórum de A Coruña acoge hoy el IV Festival de Títeres María José Jové”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 decembro 2008, p. 59.

Dáse conta de que as compañías Asombro e Tropos representaron senllas obras dentro do marco desta mostra dirixida ao público infantil. Detense en dúas obras de compañías foráneas.

Monterroso, XIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Está organizado pola Escola de Teatro Falcatrueiros e patrocinado pola Consellería de Cultura e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. A edición de 2008 abriu as

súas portas coa obra *Misterio no Circo*; da clausura encargouse o grupo O Bordelo de Cervo, con *RIP Marandaina*.

Referencias varias:

- B. D., "Monterroso acoge teatro cada noche hasta el domingo en el 11º certamen de 'Falcatrueiros", *El Progreso*, "Comarcas", "Monterroso", 18 setembro 2008, p. 22.

Dá conta do XIº certame de teatro organizado pola asociación sociocultural 'Falcatrueiros' de Monterroso. Sinálase que a apertura do mesmo correu a cargo da representación *Misterio no Circo*, levada a cabo por un grupo de alumnos de até doce anos, e que da clausura se encargará o grupo O Bordelo de Cervo, coa obra *RIP Marandaina*.

MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Organizada polo Concello, o Teatro Principal e a Universidade de Ourense, esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. Na edición de 2008, que se celebra entre os días 25 e 30 de decembro, leváronse a cabo dezanove espectáculos, entre os que se conta coas representacións de trece compañías: Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*; Jácara Teatro; La Casa Incierta; Cuarta Pared; L´Home Dibuxat; a Aula Universitaria de Ourense Geppetto, con *Resucita e o reino dos sentimentos*; e Tanxarina, con *Titiricircus*; ademais de Gorakada, Catarsis, Rayuela, Trécola, Entremáns, ou Zancolino. A mostra comprende ademais espectáculos de pasarrúas e marionetas.

Referencias varias:

- L. R., "Los menores podrán disfrutar de 15 obras de teatro durante las vacaciones de Navidad", *La Región*, "Ciudad", 5 decembro 2008, p. 14.

Relátase a presentación da quinta edición da Mostra de Teatro Infantil da cidade de Ourense (MOTI) que se desenvolverá durante os días 25 e 30 de decembro e na que participarán trece compañías que escenificarán vinte e tres obras en total. Porén, sinálase que as actividades comezarán o día 15 con actividades teatrais, pasarrúas e marionetas.

- Imanol Hernández, "La magia teatral enmarca la Navidad", *La Región*, "Ciudad", 26 decembro 2008, p. 10.

Refírese á quinta edición da Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI), na que se levarán a cabo dezanove espectáculos no Teatro Principal de Ourense, no Auditorio e na aula teatral do Edificio Politécnico do Campus. Explícase que son trece as compañías que participan nesta mostra, entre as que se atopan: L´Home, Dibuxat, Monicreques

Cachirulo, Jácara Teatro, Gorakada, Katarsis, Aula Gepetto, La Casa Incierta, Rayuela, Trécola, Entremáns, Cuarta Pared, Tanxariña e Zancolino. Saliéntase a iniciativa da representación da obra *Titiricircus*, da compañía Tanxariña, que terá lugar no Hospital Materno-Infantil de Ourense.

- Imanol Hernández, "Comienza el espectáculo", *La Región*, "Ciudad", 27 decembro 2008, p. 9.

Fálase da primeira xornada da Mostra de Teatro Infantil de Ourense que comezou coa representación de dúas pezas de compañías foráneas, das que repasa o argumento, entre elas *Titiricircus*, da compañía Tanxarina, dirixida por Eduardo Rodríguez e Miguel Borines. Coméntase a suspensión da representación desta mesma obra no Complexo Hospitalario de Ourense, debido a que a maioría dos nenos foron dados de alta durante o Nadal.

- Imanol Hernández, "El lado solidario de la escena", *La Región*, "Ourense", 28 decembro 2008, p. 10.

Refírense ás dúas pezas teatrais representadas na MOTI (Mostra de Teatro Infantil de Ourense), a da compañía madrileña Cuarta Pared e a da aula universitaria do Campus de Ourense, Geppetto, *Resucita e o reino dos sentimentos*, baixo a dirección da actriz Elena Seijo. Explícase que os beneficios de senllas obras foron destinados para UNICEF.

- Imanol Hernández, "La alegría de ser como somos", *La Región*, "Ciudad", 30 decembro 2008, p. 10.

Fálase da representación da compañía Jácara no marco da Mostra de Teatro Infantil de Ourense e da compañía de títeres Cachirulo que representou *Do, re, mi. Mozart xoga, aquí*, na que se narran os comezos de Mozart como compositor. Completa o cartel do día a peza dirixida a bebés *Anda*, da compañía La Casa Incierta.

Morrazo, "MOTESMO", XIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do

Conta co patrocinio da Deputación de Pontevedra, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. Na edición de 2008 participaron sete centros educativos.

Referencias varias:

- Antón Lamapereira, "XII Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, "Festivais", verán 2008, pp. 96-99.

Dá noticia da celebración da XIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

para despois analizar todas as vantaxes da actividade teatral durante os estudos. Sinálase que o teatro permite que os rapaces se abran aos demais, aprendan a escoitar, a mirar, a traballar en grupo, a falar en público…. Posteriormente fala da importancia da existencia dun acontecemento como este, destacando que nesta edición participaron sete centros educativos. Tamén se afirma que os doce anos de existencia da Motesmo son unha proba máis da intensa actividade teatral do Morrazo que conta con tres compañías profesionais e varios grupos escolares. O artigo remata coa presentación do programa de representacións.

Mos, Xornadas de Teatro

Xornadas teatrais organizadas durante o nadal nas que participaron o Grupo Teatral de Salceda de Caselas, con *O soño dunha noite de verán*; Migallas Teatro, con *O libro máxico*; e Falcatrúa, con *O espírito do bosque*.

Referencias varias:

- Cecilia Albarenga, "Mos invierte en literatura y magia en sus actos de Nadal", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/ Louriña", 27 decembro 2008, p. 7.

Fálase das actividades organizadas polo Concello de Mos con motivo das festas do Nadal. Entre elas atópanse unhas xornadas de teatro que contan coa actuación de Migallas Teatro coa obra *O libro máxico*, o Grupo Teatral de Salceda coa obra *O soño dunha noite de verán* e Falcatrúa coa peza *O espírito do bosque*.

Nadal, Ciclos de

Acóllense neste ciclo todos os festivais e representacións en xeral que realizaron concellos, salas e grupos para celebrar o Nadal desde as representacións teatrais. Entre eles cóntase coa celebración realizada no Salón Teatro de Santiago de Compostela, a cal inclúe os seguintes espectáculos: *Babiliglub*, de Galitoon Productions; *Diz que diz*, de Teatro do Frío; *Ringorrango*, de Pistacatro; Teatro Gorakada; e *Cristovo e o libro das marabillas*, de Sarabela Teatro. Outro festival presente é o levado a cabo en Cangas, onde as obras representadas foron: *Los músicos de Brenes*, da compañía Buho y Maravillas; *Golulá*, da compañía Galitoon; *Polgariño*, da compañía Artello Teatro alla scala 1:5; e *Boas Noites*. da compañía Berrobambán; ademais do de Santiago de Compostela, coas representacións de *O mago de Oz*, por parte de Os Quinquilláns e *Menú Vexetal*, de Disque Danza.

Referencias varias:

- M. Roade, "Cangas pone en valor la cultura", *Atlántico Diario*, "Navidad en O Morrazo", 21 decembro 2008, p. 53.

Fálase da iniciativa do concello de Cangas de organizar unha mostra de teatro con motivo das datas do Nadal orientada cara ao público infantil. Explícase que as obras que

se representarán son as seguintes: *Los músicos de Brenes* da compañía Buho y Maravillas, *Golulá* da compañía Galitoon, *Polgariño* da compañía Artello Teatro alla scala 1:5 e *Boas Noites* da compañía Berrobambán.

- maré, "Un nadal de teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 24 decembro 2008, p. 29.

Refírese á Mostra de Teatro Infantil no Nadal que se celebra no Salón Teatro de Santiago de Compostela. O festival inclúe os seguintes espectáculos: *Babiglub*, de Galitoon Productions; *Diz que diz*, de Teatro do Frío; *Ringorrango*, de Pistacatro; *La ciudad inventada*, de Teatro Gorakada; e *Cristovo e o libro das marabillas*, de Sarabela Teatro.

- J. M. Vicente, "El Salón Teatro despide el año haciendo cantera", *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", 26 decembro 2008, p. 13.

Refírese á Mostra de Teatro Infantil no Nadal que se celebra no Salón Tetro desde o ano 2000 e que inclúe cinco espectáculos: *Babiliglub* de Galitoon Productions, *Diz que diz* de Teatro do Frío, *Ringorrango* de Pistacatro, *La ciudad inventada* de Teatro Gorakada e *Cristovo e o libro das marabillas* de Sarabela Teatro.

- Seve Nieves, "Magia, teatro, talleres y música", *La Región,* "Nadal en Santiago", 27 decembro 2008, p. 4.

Refírese ao programa de Nadal cultural do concello de Santiago de Compostela que inclúe unha serie de representacións no Teatro Principal: *O Mago de Oz* da compañía galega Os Quinquilláns, *Boas Noites* de Berrobambán Teatro e *Menú Vexetal (dáme verde)* de Disque Danza.

- J. Gómez, "El que se aburre es porque quiere", *La Voz de Galicia*, "Patio de Vecinos", 28 decembro 2008, p. 12.

Fálase das representacións que se celebran en Santiago de Compostela nas datas do Nadal. Na sala Arteria Noroeste representouse a versión para títeres d´*A canción de Nadal*, de Charles Dickens, por parte da compañía Cachirulo. Pola súa parte, no Principal Os Quinquilláns adaptaron ao galego *O Mago de Oz*. Finalmente, O teatro do Frío portugués levou a cabo outra representación para público infantil no Salón Teatro.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que celebraban desde 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e da Deputación da Coruña.

Nova Escena, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación Fingoi

Organizado pola Concellaría de Benestar Social ten lugar no Centro Social de Fingoi. No ano 2008 participaron as compañías: O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*; Max Teatro, con *A miña muller é o….fontaneiro*; Carfax Teatro, con *Lili Cuartel*; e Achádego Teatro, con *O libro de ler e desler*.

Pontevedra, XIIIº Festival de Teatro Infantil e Xuvenil

Festival de Teatro que nesta décimo terceira edición ten lugar no Teatro Principal de Pontevedra. Conta coa participación de alumnos de CEIP Mourente, Sagrado Corazón, Salcedo, Doroteas e Tenorio, ademais da representación *Canta connosco!*, de Migallas Teatro.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Jornada dedicada al teatro", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 28 maio 2008, p. 94.

Infórmase da inauguración do XIII Festival de Teatro Infantil e Xuvenil no Teatro Principal de Pontevedra, coa participación de alumnos de CEIP Mourente, Sagrado Corazón, Salcedo, Doroteas e Tenorio. Lístase tamén ao resto dos colexios que van tomar parte no festival e dáse conta do espectáculo *Canta connosco!*, da compañía Migallas Teatro, que tivo lugar na Biblioteca Pública de Pontevedra. Menciónanse por último o ciclo de cine "Maestros italianos" e a presentación do dicionario Xosé María Álvarez Blázquez na Galería Sargadelos, a cargo da asociación Maio Longo.

Redondela, IXº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de "La Caixa", ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2008 homenaxea ademais ao paiaso italiano Carlo Colombaioni e a Antón Andrele, titiriteiro checo. Tivo lugar entre os días 26 de maio e o 1 de xuño e contou con catorce grupos estranxeiros e catro nacionais, de Cataluña e Galicia, que realizarán preto de oitenta e tres representacións; inclúense ademais diversas actividades e espectáculos, como o monicreque tradicional, da man de diversas compañías, os contos tradicionais con monecos de madeira da man de Vita Marcik que representou unha versión de Branca de neve, e tamén as tradicións asiáticas. Entre as representacións contouse con: a compañía británica Whalley Range All Stars; as arxentinas El Chonchón, Fernán Cardama e Teatro Harapo; os grupos franceses Bululu Theatre, Compagnie Tro-Héol e Carton Louf…!; a compañía éuscara de Txo Titelles; a danesa de Sofie Krog; as compañías portuguesas de Teatro de Formas Animadas e Criadores de Imagens; a compañía srilankesa Traditional Puppets Art Museum; a compañía Ocelot Teatro, de El Salvador;

a Checa Vita Marcik; as catalás Guixot de 8, Companyia La Tal e Txo Titelles; a brasileira Teatro de Formas Animadas; a australiana The Von Trolley Quartet; as galegas The Turre´s Band e Tanxarina Títeres, con *Sombreiros sen chapeu*; e, pechando o espectáculo Bululú Theatre.

Referencias varias:

- A. P., "El Festival de Títeres de Redondela reunirá a 18 compañías de 11 países", *Faro de Vigo*, "Área metropolitana/Redondela", 4 abril 2008, p. 19.

Infórmase da novena edición do Festival Internacional de Títeres "Memorial Juanjo Amoedo" que terá lugar en Redondela entre o 26 de maio e o 1 de xuño de 2008. Organizado pola Asociación Xente Titiriteira e maila Consellería de Cultura, anúnciase que o festival contará coa participación de catorce grupos estranxeiros e catro nacionais, de Cataluña e Galicia, que efectuarán preto de oitenta e tres representacións nas rúas do municipio redondelán. Sinálase asemade o apoio económico de varias institucións políticas, económicas e sociais e dun voluntariado de cincuenta persoas. Remata coa mención da cota de asistencia do ano anterior e a esperanza de que este ano a devandita cota se vexa incrementada.

- M. Barros, "O porco máis grande do mundo", *A Nosa Terra*, n.º 1.311, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 39.

Infórmase da novena edición do Festival de Títeres (Memorial Juanjo Amoedo) que se celebrará en Redondela desde o 26 maio até o 1 xuño de 2008. Saliéntase a participación da compañía británica Whalley Range All Stars e mencionánse asemade a compañía éuscara de Txo Titelles, a danesa Sofie Krog e a arxentina El Chonchón. Nun apartado intitulado "Sorpresas na rúa" cítanse as compañías portuguesas de Teatro de Formas Animadas e Criadores de Imagens e maila compañía srilankesa Traditional Puppets Art Museum. Remata a noticia coa mención dos grupos franceses Compagnie Tro-Héol e Bululu Theatre, esta última encargada de pechar o festival.

- Miguel Borines, "IX Festival Internacional de Títeres de Redondela", *Revista Galega de Teatro*, n.º 56, "Festivais", outono 2008, pp. 53-55.

Dá noticia da celebración do IXº Festival Internacional de Títeres de Redondela, destacando que esta edición esta dedicada á memoria de Juanjo Amonedo, o seu impulsor, pero tamén a Carlo Colombaioni, paiaso italiano e a Antón Andrele, titiriteiro checo. A continuación preséntasen as diversas actividades e espectáculos: como o monicreque tradicional da man de diversas compañías, os contos tradicionais con monecos de madeira e algunhas tradicións asiáticas. En canto ao teatro destaca a presentación de espectáculos baseados nas novas linguaxes e sinálase que o espectáculo que pechou o certame, *El titiritero* de Bululú Theatre, é unha das "vacas sagradas" do teatro de títeres mundial. Na parte final do artigo menciona os espectáculos relacionados coa música e os xogos de carácter participativo de Guixot.

Ribeiran, Mostra de Teatro Infantil

Presentada polo Concelleiro de Cultura, Luciano Fernández e o coordinador do grupo municipal de teatro, Segundo Durán, "Chiki", esta edición conta coas representacións dos alumnos do colexio de Palmeira; do colexio de Aguiño, do colexio Galaxia; de Milagrosa de Oleiros; do CEIP Ribeira e do CEIP Bayón.

Referencias varias:

- L. R., "La Mostra de Teatro Infantil cumple once años con la representación de un total de ocho piezas", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", "Ribeira", 22 maio 2008, p. 25.

Presentación da nova edición da Mostra de Teatro Infantil de Ribeira por parte do Concelleiro de Cultura, Luciano Fernández e o coordinador do grupo municipal de teatro, Segundo Durán, "Chiki". Destácanse as orixes da Mostra na Asociación Alfaia xunto co seu obxectivo: fomentar novas producións dentro do teatro infantil. Adiántase que os primeiros en participar serán os alumnos do colexio de Palmeira, seguidos polos do colexio de Aguiño, o colexio Galaxia e o de Milagrosa de Oleiros. Tamén se anuncia que van intervir alumnos do CEIP Ribeira e do CEIP Bayón. As representacións terán lugar no Auditorio municipal. Menciónase por último a axuda económica e organizativa que a Concellería de Cultura de Ribeira empresta á Mostra.

Tarabelo, IVº Certame de Teatro

Certame de teatro organizado polo grupo teatral Tarabelo con representacións no auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán os días 6, 7 e 8 de decembro. Entre elas contouse con *Criaturas*, a cargo da Compañía da Escola Municipal de Teatro da Estrada; *Pic-nic*, polo grupo de teatro Tarabelo; e *¿E se cantamos?*, por Migallas Teatro.

Titirilucus

Programa cultural organizado por Antonio Veiga, responsábel da Área de Cultura da Deputación de Lugo. Lévanse a cabo unha serie de representacións dirixidas ao alumnado de Primaria de diversos colexios e postas en escena da man das compañías Spaguetti Títeres, de Mondoñedo, e de Teatro do Liló, de Monforte de Lemos.

Referencias varias:

- Ignacio R. Díaz, "Titirilucus' acercará a 3.000 escolares lucenses al mundo de las marionetas", *El Progreso*, "Comarcas", 14 maio 2008, p. 13.

Dáse conta do programa cultural "Titirilucus" organizado por Antonio Veiga, responsábel da Área de Cultura da Deputación de Lugo. As compañías Spaguetti Títeres, de Mondoñedo e Teatro do Liló de Monforte serán as encargadas das representacións teatrais deste programa, dirixido sobre todo a alumnos de Primaria. Lístanse finalmente os colexios nos que se levarán a cabo estas actuacións.

Todo Público, Mostra

Mostra de teatro organizada polo colectivo 'Todo Público' na que se representan unha serie de obras durante unha semana coa finalidade de achegalo aos máis pequenos. A edición de 2008 contou coas representacións da compañía italiana Baraca; *Cristovo e o libro das marabillas*, por Sarabela Teatro; e *Madcap*.

Referencias varias:

- Marino Pérez, "Una Blancanieves contada al público por los tramoyistas triunfa en el Fórum", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 26 outubro 2008, p. 14.

Refírese á iniciativa do colectivo "Todo Público" de achegar o teatro aos máis pequenos. Para iso, organizaron unha mostra no Fórum na que se representaron unha serie de obras durante unha semana. Entre elas atópase a compañía italiana Baraca, coa súa *Blancanieves*, na cal a compañía simula que os actores se atrasan e non poden chegar a tempo para a función, polo que son os tramoxistas os que discuten entre eles sobre como contar a historia. Salíentanse tamén as obras *Cristovo e o libro das marabillas* e *Madcap* polas súas propostas innovadoras.

Vedra, Mostra Escolar de Teatro Amador

Primeira edición desta mostra de teatro, coordinada por Afonso García Pernas, e levada a cabo polos alumnos da Aula de Teatro Municipal de Laxe, baixo a dirección da súa profesora Aída Sánchez Expósito. Emprazada no centro sociocultural da terceira idade do concello vedrés, contou coas representacións *Viaxe ó prado da ledicia* e *Folerpas*, da Aula de Teatro Municipal de Laxe, ademais da Aula de Teatro do CPI de Touro.

Referencia varias:

- S. Formoso, "Treinta niños de Laxe estrenan la Mostra Escolar de Teatro Amador", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Vedra", 7 maio 2008, p. 33.

Infórmase da inauguración da Mostra Escolar de Teatro Amador de Vedra e adiántanse algunhas das pezas que se van representar.

Vigo á Escena

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas.

Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Programa teatral destinado a escolares no que participaron os grupos Disquedanza, con *Menú vexetal*; Teatro Paraíso, con *Los músicos de Bremen*; La Machina, con *Robinson Crusoe*; La Bufanda, con *Lío en la granja*; Trompicallo Teatro, con *Bolboreta*; Teloncillo Kaspar, con *Marco Polo*; Tanxarina Títeres, con *Sombreiros sen chapeu*; Sapristi, con *O son das cousas*; Producións Acontrabutaca, con *Robin Hood*; Berrobambán, con *Boas noites*; e os Monicreques de Kukas, con *Sen título 4x8x6*.

Referencias varias:

- M. L., "Momentos máxicos para os máis pequenos", *Diario de Arousa*, "Casa da cultura", 4 xaneiro 2008, contracuberta.

Dáse conta do acto de clausura do ciclo de teatro infantil de Nadal producido pola Concellería de Cultura. A obra escollida para a ocasión foi a de *Sen título 4x8x6*, da compañía compostelá Os Monicreques de Kukas, que combinou os *mass media*, a poesía, a musica e maila pintura na súa posta en escena. Saliéntase a intencionalidade da compañía neste espectáculo: ensinar o momento exacto en que o artista se dispón a crear a súa obra. Coméntase, por outra banda, as orixes da compañía, nada en 1979 de Isabel Rey e Marcelino de Santiago, "Kukas", que pretende harmonizar diferentes técnicas de manipulación de monicreques co obxectivo de perfeccionar a montaxe das súas obras.

- L. B., "Pequenas historias de tres sombreiros", *Diario de Arousa*, "Teatro infantil", 9 febreiro 2008, contracuberta.

No Auditorio Municipal de Vilagarcía estase a celebrar un ciclo de teatro infantil no que se van a representar tres obras. A primeira corre a cargo da compañía Tanxarina que xa debutou coa obra *Sombreiros sen chapeu*. A segunda representación, que será tamén gratuíta, será da compañía Sapristi coa obra *O son das cousas* e a última estará ambientada nas mesmas fragas galegas, *Robin Hood,* que custará de 3 a 8,5 euros.

- M. G., "Fantasía e realidade, misturadas na noite", *Diario de Arousa*, "Teatro en Familia", 17 febreiro 2008, contracuberta.

Dáse conta da representación do espectáculo *Boas noites*, da compañía Berrobambán, no Auditorio Municipal de Vilagarcía, como parte da proposta da Concellería de Cultura para fomentar o teatro familiar. Dirixido por Jorge Padín, este espectáculo xa fora galardoado co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en 2007. Destácase unha linguaxe nidia envolta en música en directo, un elenco no que aparece a autora do texto, Paula Carballeira, e o humor que desprende. Descríbese finalmente o seu argumento e menciónase outra obra de próxima aparición, *Agnes de Dios*.

- Sara Roldán, "Caixanova invita a los escolares a que participen en su programa de actividades", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Educación", 26 setembro 2008, p. 10.

Anúncianse as actividades que o Centro Social Caixanova organiza para escolares e que

terán lugar en Vilagarcía. Explícase que entre as distintas actividades se atopa un programa de teatro formado por nove obras das que se ofrece a relación.

- L. R., "Una obra de teatro para escolares acerca a los niños a una alimentación saludable", *La Región*, "Ourense", 22 novembro 2008, p. 11.

Anúnciase a posta en marcha da programación de actividades para escolares que organiza Caixanova e que comeza coa obra teatral *Menú Vexetal* da compañía Disquedanza. A peza, a través de teatro e danza, ten como finalidade motivar aos nenos cara a unha alimentación máis saudábel que se completa con unha unidade didáctica para profesores que poden desenvolver nas aulas.

- L. R., "*Menú Vexetal* adentra a los escolares en el teatro", *La Región*, "Ciudad", 25 novembro 2008, p. 12.

Anúnciase a posta en marcha da programación de actividades para escolares que organiza Caixanova e que comeza coa obra teatral *Menú Vexetal* da compañía Disquedanza. A peza, a través de teatro e danza, ten como finalidade motivar aos nenos cara a unha alimentación máis saudábel que se completa con unha unidade didáctica para profesores que poden desenvolver nas aulas.

Yago, Sala

Desde o ano 2002 esta Sala abriu unha nova liña de programación, da que tamén se dá conta no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*.

VII.3.4.2. ESTREAS

VII.3.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Títeres **Alakrán**: *O ferreiro e o diaño*, dirección Borja Insua

Ver Galicreques, XIIIº Festival Internacional de Títeres
Ver María José Jove, IVº Festival de Títeres

Albions Teatro: *Ao circo con Augusto e Bianco*

A Loca Motora (1): *A loca motora*

A Loca Motora (2): *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Teatro do **Andamio**: *O mostro do castelo*

Artello Teatro Alla Scala 1:5 : *Polgariño*, texto Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, dirección Manuel Pombal.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Ilustrar os contos", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 22 outubro 2008, p. 59.

Fálase da obra de títeres *Polgariño*, da compañía Artello alla Scalla, na que se salienta a súa condición de conto ilustrado superando as convencións do espectáculo de monicreques habitual. Trátase tamén de forma positiva o humor que se mestura cos medos dos personaxes. Asemade, destácase que as narracións a viva voz que inclúen axudan a darlle unha maior proximidade cos espectadores, aínda que ralentizan a acción.

- Víctor Castro, "Teatro Artello presenta hoy *Pulgarcito*", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 14 novembro 2008, p. 22.

Dáse noticia da representación da obra *Pulgarcito* no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens de Sada por parte da compañía Teatro do Artello.

Bambalina Teatro: *Kraft*

Ver María José Jove, IVº Festival de Títeres

Bengala Produccións: *Historia do soldado*, texto Igor Stravinsky e Charles-Ferdinand Ramuz, dirección Xosé Manuel Rabón.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- M. B., "Ópera en familia para el diálogo de padres y niños", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Crónica", 8 maio 2008, p. L2.

Preséntase o espectáculo *Historia do soldado*, da compañía Bengala Produccións, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Dirixido por Xosé Manuel Rabón, dise que forma parte do Festival de la Ópera de A Coruña. Destácanse as montaxes de óperas desta compañía pensadas para o mundo infantil. No caso de *Historia do soldado*, a súa posta en escena aparece ambientada no mundo circense, cun templete e un quiosco onde se sitúa a orquestra, neste caso La Sinfonieta de Vigo, dirixida por Joam Trillo. Explícase que o tenor é Diego Neira e o barítono Luis Martínez. Cítase a Lino Braxe e Marta Cancela como figuras do elenco. Por último, menciónase a Igor Stravinsky, quen escribiu esta historia en 1919, xunto co argumento da mesma.

- Iago Casal, "Ópera para todos con 'Historia do soldado", *Diario de Arousa*, "Espectáculo adaptado", 24 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da adaptación da ópera clásica *Historia do soldado*, de Víctor Strawinsky, por parte do grupo Bengala Produccións co obxectivo de presentala a espectadores de todas as idades. Destácase a presenza de Diego Neira, Luis Martínez e Lino Braxe no elenco, así como unha mestura de música de ritmos africanos e teatro capaz de achegar mellor a obra ao público máis cativo, no que o vestiario está deseñado por Xosé Méndez e inspirado no mundo circense. Finalmente dise que a posta en escena desta obra encadrouse no programa do Concello "Ópera en familia".

Buho y Marabillas: *Os músicos de Brenes*, texto e dirección Jesualdo Díaz e Juan Luis Clavijo.

Cachirulo Teatro: *As aventuras de Pinoccio¸* texto Carlo Collodi.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Teatro **Cachuzo**: *Game over*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Game Over", *La Voz de Galicia,* "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 2 outubro 2008, p. L9.

Precísase que se está a representar no Salón Teatro de Santiago de Compostela a obra *Game Over.* Indica que nela se amosa a un rapaz que ha de escoller entre o mundo real e a ficción que lle amosan os videoxogos, entre "a realidade convencional e a realidade ficcional".

- Camilo Franco, "Máis longa que ancha", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 15 outubro 2008, p. 59.

Trátase a obra *Game Over* da compañía Cachuzo da que se salienta o uso do humor e dunha linguaxe que racha co convencional, ademais dun argumento indentificábel para o público ao que vai dirixido. Por outra banda, fálase das lagoas e dos espazos en branco que ralentizan acción, polo que "a montaxe queda a medias: demostrando a intención pero sen rematar a faena".

Caramuxo S. C. (1): *Historia dunha semente*, texto e dirección Juan Rodríguez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Caramuxo S. C. (2): *Lazarillo*, dirección Juan Rodríguez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- M. M. O., "Teatro en Negreira y cita ciclista pospuesta hasta el mes de septiembre", *El Corrreo Gallego*, "Área de Compostela", 2 agosto 2008, p. 40.

Dise que na Praza do Concello en Negreira se ofrece a obra de teatro *Lazarillo*.

Títeres **Cascanueces**: *A Rúa das Pantasmas*, texto Javier Villafañe, dirección Lázaro Duyos Jordá.

Danthea Teatro (1): *As aventuras do Polichonela*

Danthea Teatro (2): *Carapuchiña vermella*, dirección Pepe Cáccamo.

Danthea Teatro (3): *Dinosaurio Belisario*, dirección Pepe Cáccamo.

Fátima e Servando: *Animais, contos, debuxos, libros e algo máis*.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "Una jornada de ambiente familiar", *La Región*, "Ourense", 2 xuño 2008, p. 7.

Infórmase do programa cultural correspondente á XXIVª Feira do Libro de Ourense, na que se incluíron actividades infantís como unha sesión de contacontos (musical) e un taller de monifates. Explícase que a sesión de contacontos correu a cargo da compañía Fátima e Servando, coa súa obra *Animais, contos, cantigas, debuxos, libros e algo máis*, mentres que o taller estivo organizado polo grupo teatral "Experimentacultura".

Fiuncho: *O anel máxico*

Referencias varias:

- M. Roade, "Música tradicional y animación infantil en Tomiño", *Atlántico Diario*, "Navidad en comarcas", 20 decembro 2008, p. 63.

Anúncianse as actividades previstas para o Nadal no concello de Tomiño nas que se atopa a representación dunha peza teatral. Trátase d´*O Anel máxico*, da compañía Fiuncho, que terá lugar no Auditorio Municipal.

Galitoon: *Babiliglub*, dirección Andrea Bayer.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de

Referencias varias:

- Mar Barros, "A fábrica de monecos", *A Nosa Terra*, n.º 1.037, "Magazine", 24-30 abril 2008, pp. 44-45.

Comeza informando da estrea do espectáculo *Babi-glub* no Salón do Libro de Pontevedra a cargo de Galitoon, unha compañía integrada por Andrea Bayer, Santiago Alonso, Chisco Casteleiro Fraga e Óscar Ferreira e dirixida por Luís Miguel Rodríguez Castro. Explícase que esta empresa galega, a única especializada na elaboración de bonecos "poppets" ou "body poppets", ten as súas orixes nas producións para teatro e televisión, nas que incluían estas figuras con obxectivos educativos para os nenos de entre un e tres anos. Saliéntanse algunhas das súas creacións como o galo Cecilio, para o programa de televisión *Supermartes* e as vacas Pinta e Marela para o programa *Luar*.

Coméntase que na actualidade esta compañía está producindo o programa audiovisual *Cousiñas*, dirixido aos máis novos e distribuído nas Galescolas como axuda didáctica, que conta co apoio da Vicepresidencia. Nun apartado intitulado "Castelos, orangutáns e *bosquimonos*", destácase a figura de Óscar Ferreira, do eido da animación sociocultural, como o que dá forma física aos deseños de Santiago Alonso. Noutro apartado, "Aprender a manipular os *body poppets*", Barros comenta a escola creada por Galitoon, na que se ensina a manipulación destes "poppets" cara aos ámbitos teatral e televisivo. Sublíñanse asemade os novos proxectos que están a preparar e o mercado que despunta grazas á rede de teatros e ás axudas públicas.

Imagina Machina (1): *A habitación da maxia*, texto e dirección Mago Romondi.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

La **Imagina Machina** (2): *Robinson Crusoe*

Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Teatro **Imaxinario**: *O Rato Pérez*, texto Mireia Soriano.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, "Cientos de niños asistieron al inicio del curso teatral para ver *O Rato Pérez*", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 22 setembro 2008, p. 7.

Fálase da representación da obra *O Rato Pérez*, unha peza de Mireia Soriano, da compañía Teatro Imaginario, no Teatro Colón da Coruña. Explícase que a actriz Cristina Aguirre é a encargada de dar vida a Pérez, mentres que Mario Mañas interpreta o antagonista da peza: a Señora Caries. Anúncianse as próximas obras para público infantil que se representarán no teatro: *Pipi Calzaslargas*, *A ratiña presumida*, *Os tres porquiños*, *Sherlock Holmes* e *Conto de Nadal*.

Monicreques de **Kukas**: *Un agasallo para Xaquín*, texto Marcelino de Santiago (Kukas), dirección Isabel Rey Pousada.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Manazas: *Cantos, contos ¿contas?*

Mariclown: *A vida de Rosa, día a día*.

Referencias varias:

- Marta Quintero, "Puedes ser un buen actor sin necesidad de salir en la tele", *Diario de Ferrol*, 15 decembro 2008, contraportada.

Fálase da actriz nada en Vimianzo, pero afincada en Ferrol, Sabela Amado Rojo, que conta coa súa propia compañía de teatro, Mariclown, coa que representa *A vida de Rosa, día tras día*. Saliéntase tamén a súa faceta como a doutora Girasola para a Fundación Theodora e os seus traballos coas compañías de títeres Falcatrúa ou Trompicallo, entre outras.

Migallas Teatro (1): *Cantacontos*

Referencias varias:

- Kevin Carballo&Asociados, "Teatros infantiles y otros deportes", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta…", 14 xaneiro 2007, p. 70.

Infórmase do espectáculo *Cantacontos* celebrado en Cotobade a cargo do grupo Migallas, liderado por María Campos e Carlos Yus. Indícase que a obra pechou o programa de Nadal organizado pola Concellaría de Cultura, que tamén propuxera un concurso de postais de Nadal, un certame de Cantares de Reis e a cabalgata. Menciónase tamén a nova programación de teatro familiar "Domingos do Principal".

Migallas Teatro (2): *O libro máxico*

Ver Mos, Xornadas de Teatro

Referencias varias:

- Kevin Carballo, "Personalidades en Caixanova", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 10 xuño 2008, p. 86.

Preséntase o espectáculo teatral *O libro máxico* a cargo da compañía Migallas Teatro como parte da axenda cultural teucra. Menciónanse asemade outros actos como a entrega dos premios de xornalismo Caixanova (Julio Camba e Francisco Fernández del Riego) xunto cos nomes dos asistentes e dánse a coñecer os premiados.

Teatro **Paraíso** (1): *Estrelas*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Filmes, cortos y teatro para niños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir

aquí", 6 maio 2008, p. 86.

Coméntase que a compañía Teatro Paraíso se subiu ao escenario do Centro Social Caixanova para interpretar a obra infantil *Estrelas*. Sinálase tamén que na Casa das Campás presentouse a décima edición da Mostra de Teatro Universitario.

The **Pinga Teatro** (1): *O rei dos mares*

Referencias varias:

- Asun Losada, "Teatro, cine y juegos navideños", *La Región*, "Nadal en Valdeorras", 21 decembro 2008, p. 2.

Anúnciase a representación da peza teatral *O rei dos mares* da compañía The Pinga Teatro no teatro Lauro Olmo de O Barco de Valdeorras. Esta representación encádrase dentro do programas de actividades do Nadal da vila.

The **Pinga Teatro** (2): *Unha rosa no xardín*, texto e dirección Miguel Condal.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Pistacatro: *Ringorrango*

Ver María José Jove, IVº Festival de Títeres
Ver Nadal, Ciclos de

Os **Quinquilláns**: *Moby Dici*

Referencias varias:

- A. Ramos, "Música, cine y teatro llenan el programa lúdico del Concello", *La Voz de Galicia*, "Teo", 14 xullo 2008, p. 6.

Dá conta do programa de actividades lúdicas que ten preparado o Concello de Teo e, entre estas actividades, salienta as representacións teatrais. Explica que se levará a cabo a iniciativa Xprésate-Ho!, que permitirá subir ao escenario a grupos de teatro de Teo que non teñen moita experiencia. Tamén achega as actuacións dos grupos de teatro profesionais, entre os que se di que Os Quinquilláns interpretará *Moby Dici*; *Manualidades* será a obra estreada por Pista Catro e Volta e Dálle poñerá en escena *Pan*.

Sarabela Teatro: *Cósima*, baseada en textos de Cris Baldwin, dirección Ánxeles Cuña.

Referencias varias:

- Javier Romero, "Ourense produce la obra teatral *Cósima*, el primer espectáculo financiado por un ayuntamiento gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2008, p. 58.

Anúnciase a representación da obra financiada polo Concello de Ourense, *Cósima*, de Sarabela Teatro, que se poderá ver no Auditorio da cidade. Dise que a peza está dirixida por Ánxeles Cuña e conta coa participación de Fernando Dacosta, Elena Seijo, Sabela Gago e Tito Asorey. A obra, dirixida ao público infantil, está baseada nun texto de Cris Baldwin e inspirado nas personaxes que Italo Calvino creou para "Barón Rampante". Explícase que nela se narra a historia dun neno que, enfadado cos seus pais que non o escoltan, sobe a unha árbore para non baixar xamais.

Sol y Tierra: *Érase unha vez no espazo*

Referencias varias:

- A. I. S., "Concha Velasco inicia 'Teatro e Danza en Xira", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 febreiro 2008, p. 30.

Presentación do ciclo de concertos e teatro organizado pola Concellaría de Educación e a Obra Social e Cultural de Ibercaja, alicerzado no musical "Érase unha voz...a Historia", do grupo de voces B Vocal e na obra de teatro infantil *Érase unha vez no espazo*, da compañía de monifates Sol y Tierra. Infórmase asemade da presentación por parte do Concelleiro de Cultura Néstor Rego, do programa "Teatro e Danza en Xira", auspiciado por Caixa Galicia, que contará coa presenza de Concha Velasco na obra *Filomena Marturano*, de Eduardo de Filippo, e que traerá á capital compostelá as compañías teatrais españolas e portuguesas de maior éxito.

Talía Teatro (1): *Menos lobos*, texto e dirección Artur Trillo.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Talía Teatro (2): *Mundos Contados*, texto e dirección Paula Carballeira.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un

repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, así como tamén representacións pertencentes ao teatro infantil e xuvenil, tanto na súa vertente de espectáculos de monicreques coma os de actor. Un campo no que sobresaen obras como *Mundos Contados*, producida por Talía Teatro.

Talía Teatro (3): *Valentino Rufino e âkil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)*

Referencias varias:

- M. Dopico, "Por enriba das diferenzas", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Escena", 9 decembro 2008, p. 31.

Refírese a dúas pezas que se van representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a cargo da compañía Talía Teatro, *Valentino Rufino e âkil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *E ti, quen ves sendo?.* Sinala que en ámbalas dúas obras se trata o tema da mendicidade, das persoas sen teito que a diario se ven nas rúas e que "con frecuencia son olladas como un obxecto máis da paisaxe urbana". Refírese que a primeira delas está ambientada na Italia do século XVIII e está protagonizada por un cabaleiro poeta e un traballador magrebí que por azares da vida rematan durmindo nunha casa abandonada. Indica que os actores que representan estes papeis son Dani Trillo e Diego Rey.

Tanxarina Teatro: *Titiricircus*, texto e dirección Tanxarina.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Tarabelo: *Pic-nic*, texto Fernando Arrabal

Ver Tarabelo, IVº Certame de Teatro

Teloncillo Kaspar: *Marco Polo*

Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Títeres Cachirulo: *Canción de Nadal*, texto Charles Dickens.

Referencias varias:

- J. Gómez, "El que se aburre es porque quiere", *La Voz de Galicia*, "Patio de Vecinos", 28 decembro 2008, p. 12.

Fálase das representacións que se celebran en Santiago de Compostela nas datas do Nadal. Indícase que na sala Arteria Noroeste se representou a versión para títeres d´*A canción de Nadal* de Charles Dickens por parte da compañía Cachirulo. Pola súa parte, tamén se sinala que no Principal Os Quinquilláns adaptaron ao galego *O Mago de Oz*. Finalmente, O teatro do Frío portugués levou a cabo outra representación para público infantil no Salón Teatro.

Títeres en acción (1): *A extraña viaxe*, texto e dirección Guy Bobillo Pérez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Títeres en acción (2): *Trastos vellos*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Títeres Seisdedos: *Varietés*

Tres Globos (1): *O sapo encantado*

Tres Globos (2): *Pedro e o Lobo, singular versión*, texto e dirección Xan Pérez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Ultramarinos de Lucas: *Outra vez*

Ver Lugo, XIIIª Mostra de Teatro Infantil

Viravolta Títeres: *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*, texto Viravolta Títeres, dirección Anxo García.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- M. G., "La 'Feira do Libro' rinde un homenaje póstumo al escritor Xosé Agrelo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xullo 2008, p. 38.

Dise que dentro da Feira do Libro de Noia se fai unha homenaxe póstuma ao escritor Xosé Agrelo na que, entre outros actos, se pon en escena a súa obra *Cara lavada e chorisón*, que escenifica na Alameda o Grupo de Teatro Esteiro. Engádese que tamén se representa a obra *Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón*, do grupo Viravolta.

VII.3.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *O libro de ler e desler*, dirección Tareixa Campo.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nova Escena, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación Fingoi

Referencias varias:

- S. J., "Achádego 'identificouse co país', salienta Gómez Torres na revista do Museo", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", 19 decembro 2008, p. 77.

Dáse conta das palabras do profesor Camilo Gómez Torres sobre Achádego Teatro, nas que informa de que se trata dun colectivo de teatro amador que foi o protagonista da revista oral *O Pazo das Musas*, dirixida por Antonio Reigosa no Museo Provincial de Lugo. Saliéntase asemade a montaxe *O libro de ler e desler*.

Grupo **Aneis**/**Escola Municipal de Teatro Xinzo de Limia**: *Os vellos non deben de namorarse*

Referencias varias:

- J. J. Cid, "Exposiciones, teatro y conciertos", *La Región*, "Nadal na Limia 2008", 19 decembro 2008, p. 2.

Fálase das representacións do Teatro Infantil de Aninovo que ten lugar na Casa da Cultura de Xinzo de Limia. As obras que se representarán son *PinoKia* do Grupo de Teatro Trécola de Ourense e *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao, a cargo da Escola Municipal de Teatro e o Grupo Aneis.

Grupo da Asociación Os Amigos **Arco Iris**: *A farsa das zocas*, dirección Lucía Caneiro.

Ver "Atenea" 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Argallando Educación e Tempo Libre: *Charlie e a fábrica de chocolate*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Grupo **Atios**: *O galo Quirico*

Ver "Atenea" 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Bartoleta Teatro: *Animaliños*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Helga Méndez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- C. G., "El curso en el IES de Brión se inaugura con un acto dedicado a Vidal Bolaño", *El Correo Gallego*, 26 novembro 2008, p. 34.

Informa da inauguración do ano académico no IES de Brión cunha mesa redonda dedicada a Salvador García Bolaño e a representación da obra *Animaliños*.

Caracol Teatro: *Pim, pam, pum*, texto Tomás Afán Muñoz, dirección Olga González.

Referencias varias:

- José Pereira, "Teatro Caracol berra o seu particular Non ás guerras! Na estrea de 'Pim, pam, pum", *Diario de Arousa*, "Cambados local", "Cultura, arte e divertimento da man dos amantes da escena", 15 abril 2008, p. 13.

Dáse conta da estrea no salón de actos do instituto Francisco Asorey en Cambados do musical *Pim, pam, pum*, da compañía Teatro Caracol. Saliéntanse os apartados musicais, de iluminación e vestiario, lingüísticos e rítmicos na súa posta en escena. Dirixido por Olga González, saliéntase que a moral da obra radica na condena dos conflitos bélicos e avoga polo diálogo como única solución. Tras mencionar o feito de que a obra é unha adaptación do texto de Tomás Afán Muñoz descríbese o seu fío argumental, que remata cun final feliz.

Grupo IES **Carballo Calero**: *Un casting para Melchor*, dirección Mª Pilar Patiño

Ver "Atenea" 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Carfax Teatro: *Lilí Cuartel*

Ver apartado III.4.1 *deste informe*
Ver Nova Escena, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación Fingoi

Carpe Diem: *A lenda do pirata*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Grupo do CEIP **Centieiras** de Fene: *Todo é un conto*, dirección Mª Cointa Pazos García

Ver "Atenea" 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Compañía do Elefante Elegante: *Tristán, cara de Can*, dirección Gonzalo Guerreiro.

Grupo do CEIP **Cruceiro Canido**: *Berenguela*, dirección Pablo Lombao Grandal e Isabel López Bellas

Ver "Atenea" 2008, VIº Certame de Teatro Infantil e Xuvenil

Grupo **Curriños II**: *La capitana gavilán*

Ver "Descubrir el Teatro", Mostra de Teatro Escolar

Compañía da Escola Municipal da **Estrada**: *Criaturas*

Ver Tarabelo, IVº Certame de Teatro

Geppetto, Aula Universitaria de Ourense: *Resucita e o reino dos sentimentos*

Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Aula de Teatro Municipal de **Laxe** (1): *Folerpas*

Ver Vedra, Mostra Escolar de Teatro Amador

Aula de Teatro Municipal de **Laxe** (2): *Viaxe ó prado da ledicia*

Ver Vedra, Mostra Escolar de Teatro Amador

Matapiollos: *Flis-fli-ris-flás*, dirección Jorge Coira.

Referencias varias:

- L. R., "Dos obras de teatro fomentan la educación plurilingüe", *La Región*, "Ourense", 30 setembro 2008, p. 11.

Dise que a Tenencia de Alcaldía, a través da Consellería de Cultura e Normalización Lingüística, leva a cabo unha serie de actividades inscritas na campaña "As linguas no sistema educativo", en colaboración coa Universidade de Vigo. Infórmase de que se

inclúe neste programa a representación de dúas obras de teatro que fomentan o plurilingüismo e dan a coñecer a realidade sociolingüística de Galicia: *Bicos con lengua*, de Talía Teatro, e para os máis pequenos *Flis-flis-ris-flas*, da compañía Matapiollos.

- L. G., "Acudir ao teatro non é só cousa dos maiores", *Diario de Arousa*, 23 outubro 2008, contraportada.

Fálase da obra teatral *Flis-fli-ris-flás* da compañía Matapiollos que se representou no Auditorio Municipal de Vilagarcía ante setecentos escolares de diversos colexios da comarca. Dise que a peza é unha iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística e ten como finalidade fomentar a lingua galega e o hábito lector nas familias. O protagonista da historia é un neno que ten medo á escuridade pero que grazas á lectura dun conto fai que ese temor desapareza.

- Coco Vecino, "Semana dedicada a los niños", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Xente do Morrazo", 1 novembro 2008, p. 14.

Faláse da representación en Bueu da obra *Flis-fli-ris-flás* da compañía Matapiollos que ten como finalidade o fomento do uso do galego entre os nenos. Explícase que a obra é unha iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística que narra a historia de Martiño, un neno que ten medo á oscuridade.

- Ana Saá, "Editorial Galaxia presenta unha campaña de fomento do uso da lingua galega e a lectura", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 novembro 2008, p. 42.

Fálase da campaña de fomento da lectura desenvolvida conxuntamente entre a editorial Galaxia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Sinálase que entre outras actividades conta cunha representación teatral do grupo Matapiollos, *Flis-fli-ris-flás*, dirixido por Jorge Coira, que se complementa cun conto, un libro de actividade e un CD-Rom para o fomento do hábito lector no ámbito familiar. A campaña percorrerá corenta e sete concellos galegos.

- A. L., "Marionetas para animar la lengua gallega", *El Correo Gallego*, "Santiago", 1 decembro 2008, p. 9.

Refírese á campaña "Flis-fli-ris-flás, cóntallo en galego", posta en marcha pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a editorial Galaxia, en colaboración coa Concellería de Educación, dirixida a alumnos de Primaria que combina teatro, literatura e novas tecnoloxías. Dise que a primeira das representacións correu a cargo da compañía Matapiollos, que combinou na súa obra as marionetas coa música.

- Henrique Alvarellos, "Blues do decembro chegado", *Galicia Hoxe*, "A contra", 2 decembro 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións, faise referencia á representación no Auditorio de Santiago da peza *Flis-fli-ris-flas*.

Max Teatro: *A miña muller é….o fontaneiro*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nova Escena, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación Fingoi

Novo Circo: *Remedios Peregríns*

Referencias varias:

- L. R., "El Coliseum baila con Juan Luis Guerra", *La Región*, "Verano", "Agenda", 20 agosto 2008, p. 20.

Anúnciase unha serie de representacións teatrais que terán lugar en distintas vilas galegas: en Vilar de Barrio o espectáculo *Remedios Peregríns*, a cargo da compañía Novo Circo; en Ourense a compañía Teatro da Gavela representará o *Conde Alarcos*; en Bueu o teatro de marionetas Trécola ofrece o seu espectáculo *N.º 8 da rúa dos contos*; en Maside a compañía A Xanela do Maxín ofrece a representación de títeres *Chincha Rabincha*; e en Cartelle o *Lazarillo de Tormes* será representado por Teatro do Morcego.

Colectivo **Prodene**: *Os vellos non deben namorarse*, texto Alfonso Rodríguez Castelao.

Referencias varias:

- A. R. R., "Prodene clausura hoy el certamen de teatro escolar", *El Progreso*, 14 maio 2008, p. 17.

Dáse conta da representación d´*Os vellos non deben namorarse*, por parte do Colectivo Prodene.

Grupo Teatral de **Salceda**: *O soño dunha noite de verán*, texto William Shakespeare, adaptación de Juan Bosco, dirección Tamzin Townsed.

Ver Mos, Xornadas de Teatro

Referencias varias:

- Albino Mallo, "A versión musical de 'O soño dunha noite de verán', de xira por Galicia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 8 xaneiro 2008, p. 67.

Infórmase de que baixo a dirección da británica Tamzin Townsend, este espectáculo parte da idea de trasladar o concepto orixinal da obra de William Shakespeare á cultura mediterránea. Coméntase que, en versión musical, con cancións compostas por Antonio Carmona, a posta en escena adopta aires xitanos e o bosque anglosaxón convértese en praia mediterránea.

- Damián Pereira, "O Shakespeare máis cómico visitará o Auditorio de Vilagarcía disfrazado de xitano", *Diario de Arousa*, "Teatro. Arousa, un mar de cultura", 13 xaneiro 2008, p. 23.

O soño dunha noite de verán, de William Shakespeare, chega a Vilagarcía nunha adaptación de Juan Bosco con dirección artística de Tamzin Townsend, inglesa afincada en España. Antonio Carmona dirixe a parte musical. Neste caso optouse por unha readaptación do clásico ao carácter mediterráneo-xitano, coa que se busca achegar a obra á actualidade e á "idiosincrasia española", en palabras da súa directora artística.

- Cecilia Albarenga, "Mos invierte en literatura y magia en sus actos de Nadal", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/ Louriña", 27 decembro 2008, p. 7.

Fálase das actividades organizadas polo Concello de Mos con motivo das festas do Nadal. Entre elas atópanse unhas xornadas de teatro que contan coa actuación de Migallas Teatro coa obra *O libro máxico*, o Grupo Teatral de Salceda coa obra *O soño dunha noite de verán* e Falcatrúa coa peza *O espírito do bosque*.

Toxos&Carrouchas: *Todo polos cartos*

O **Trasno Novo Teatro**: *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*

Ver Nova Escena, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación Fingoi

Trécola (1): *N.º 8 da rúa dos contos*

Referencias varias:

- L. R., "El Coliseum baila con Juan Luis Guerra", *La Región*, "Verano", "Agenda", 20 agosto 2008, p. 20.

Anúnciase unha serie de representacións teatrais que terán lugar en distintas vilas galegas: en Vilar de Barrio o espectáculo *Remedios Peregríns*, a cargo da compañía Novo Circo; en Ourense a compañía Teatro da Gavela representará o *Conde Alarcos*; en Bueu o teatro de marionetas Trécola ofrece o seu espectáculo *N.º 8 da rúa dos contos*; en Maside a compañía A Xanela do Maxín ofrece a representación de títeres *Chincha Rabincha* e en Cartelle o *Lazarillo de Tormes* será representado por Teatro do Morcego.

Trécola (2): *PinoKia*

Referencias varias:

- J. J. Cid, "Exposiciones, teatro y conciertos", *La Región*, "Nadal na Limia 2008", 19

decembro 2008, p. 2.

Fálase das representacións do Teatro Infantil de Aninovo que terán lugar na Casa da Cultura de Xinzo de Limia. Adiántase que as obras que se representarán son *PinoKia*, do Grupo de Teatro Trécola, de Ourense, e *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao, a cargo da Escola Municipal de Teatro e o Grupo Aneis.

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba**: *A casa de Bernarda Alba*, texto Federico García Lorca.

Referencias varias:

- María Roca, "Jornada de puro teatro en Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 29 marzo 2008, p. 29.

Dáse conta da representación d´*A casa de Bernarda Alba* no auditorio Carmen Estévez en Vilalba. Adaptada do texto homónimo de Federico García Lorca, dise que o elenco estaba conformado por alumnos da escola municipal de teatro. Tamén se refire a outra obra desta Escola, *O bosque do corazón partido*, un conto sobre a amizade dirixido por Teresa Castro no que participaron os alumnos do taller de expresión corporal impartido na escola de Educación Infantil vilalbesa. Cítanse por último os proxectos de final de curso a cargo dos alumnos, nos que se atopa a organización dun obradoiro de lectura dramatizada.

A **Xanela de Maxín**: *Chincha Rabincha*

Referencias varias:

- L. R., "El Coliseum baila con Juan Luis Guerra", *La Región*, "Verano", "Agenda", 20 agosto 2008, p. 20.

Anúnciase unha serie de representacións teatrais que terán lugar en distintas vilas galegas: en Vilar de Barrio o espectáculo *Remedios Peregríns*, a cargo da compañía Novo Circo; en Ourense a compañía Teatro da Gavela con o *Conde Alarcos*; en Bueu, o teatro de marionetas Trécola co espectáculo *N.º 8 da rúa dos contos*; en Maside, a compañía A Xanela do Maxín cos monicreques *Chincha Rabincha* e en Cartelle o *Lazarillo de Tormes* será representado por Teatro do Morcego.

- Víctor Castro, "Hoy, teatro de títeres para niños en Sada", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 26 decembro 2008, p. 20.

Anúnciase a representación da obra de monicreques *Chincha Rabincha* da compañía A Xanela de Maxín no Auditorio da Casa da Cultura de Sada. Explícase que nesta peza se mestura a maxia e o mundo real para contar a historia de tres personaxes: un paiaso, un bruxo e un neno.

VII.3.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Produccións **Acontrabutaca**: *Robin Hood*, texto Wonderland Group, dirección Xosé Lueiro.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- M. L., "El clásico de la literatura infantil, Robin Hood, se estrena en Vilagarcía", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 2 febreiro 2008, p. 10.

Preséntase a nova obra da compañía Acontrabutaca, *Robin Hood*, en galego, no Auditorio vilagarcián. Sublíñase o apoio que o Concelleiro de Cultura, Xosé Castro Ratón, emprestou a esta representación, dirixida por Xosé Lueiro e protagonizada por Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González, Ana Puente e Fran Ameixeiras. No apartado titulado "Entradas" indícase a dirección de internet onde se poden conseguir as entradas para asistir á obra, xunto cos horarios de venda e os prezos. Finalmente descríbese a trama narrativa da obra.

- Ana Saá, "Galleguizamos la obra con la mitología celta", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 15 febreiro 2008, p. 39.

Entrevista a Xosé Lueiro, director da compañía Acontrabutaca, dentro da que dirixe a adaptación do clásico de Disney *Robin Hood*, en clave musical. Saliéntase que, mantendo elementos dese clásico, tentaron galeguizar a posta en escena coa introdución de elementos mitolóxicos e celtas. Lueiro explica que elixiu este conto infantil en concreto porque a obra amosa unha serie de elementos que non perden vixencia co tempo, como a lealdade, as inxustizas, a solidariedade e a defensa dos máis desfavorecidos. Resalta ademais os valores da montaxe para atraer o interese dos máis pequenos.

- maré, "O 'Robin Hood' de Xosé Lueiro chega a Ourense", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "En escena", 22 febreiro 2008, p. 27.

Presentación do musical *Robin Hood*, dirixido e composto por Xosé Lueiro, no Auditorio Municipal de Ourense. Saliéntase a produción, a cargo de Acontrabutaca e os protagonistas, Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González, Ana Ponte e Fran Ameixeiras.

- E. G., "El Teatro Municipal de Tui ofrece 'Robin Hood o Musical", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 9 maio 2008, p. 17.

Infórmase da representación da obra *Robin Hood (o Musical)* no teatro Municipal de Tui a cargo de Produccións Acontrabutaca e dirixida por Xosé Lueiro. Lístanse tamén aos actores principais.

- C. G., "La obra gallega 'Robin Hood' abre en septiembre una gira nacional", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "A Estrada", 25 maio 2008, p. 34.

Dáse conta da estrea en Madrid o día 1 de marzo da obra infantil *Robin Hood* a cargo d'Acontrabutaca Produccións e dirixida polo estradense Xosé Lueiro. Saliéntase o acordo que fai esta compañía cunha das máis importantes distribuidoras nacionais de teatro infantil, Telón Producciones, grazas ao cal a devandita obra principiará unha xira por toda España en setembro. A representación conta, ademais, co apoio dunha mercadoría que inclúe un CD da produtora compostelá Audia Récords. Menciónase por último a negociación entre Acontrabutaca e a editorial Xixirín sobre unha posíbel edición bilingüe galego-castelán deste espectáculo co obxectivo de dála a coñecer en todo o territorio español.

- L. B., "Robin Hood' encanta al público vilagarciano", *Diario de Arousa*, "Musical", 11 xuño 2008, contracuberta.

Dáse conta da posta en escena do musical *Robin Hood* no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Dise que a representación contou co patrocinio do Concello e de Caixanova. Sublíñase o torneo de tiro como momento cume da obra, xunto coas cancións dun dos personaxes, o Príncipe Juan. Menciónase por último a presenza do edil da Concellería de Cultura, Xosé Castro Ratón.

- M. G., "Outes y Noia acogen este fin de semana dos espectáculos teatrales", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "En breve", 8 novembro 2008, p. 37.

Anúncianse dúas obras teatrais que se representarán en Outes e Noia. Na primeira localidade porase en escena *Robin Hood*, mentres que na segunda será Talía Teatro a encargada de representar *Quero ser grande*.

Artello-Teatro Alla Scala 1:5: *Unha de amor*, texto Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro; dirección Manuel Pombal

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver María José Jove, IVº Festival de Títeres

Berrobambán Teatro: *Boas noites*, texto Paula Carballeira, dirección Paula Carballeira e Jorge Padín.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, así como tamén representacións pertencentes ao teatro infantil e xuvenil, tanto na súa vertente de espectáculos monicreques coma os de actor. Un campo no que sobresaen nomes coma Paula Carballeira, que acadou con *Boas noites* o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

- Lidia M. Gallas Otero, "Boas noites' invita a perder os medos infantís a través do teatro", *Diario de Arousa*, "Programación", 4 maio 2008, p. 23.

Presentación do espectáculo *Boas noites* da compañía Berrobambán no Auditorio Municipal Santa Eulalia e no Auditorio de Cordeiro, en Ribadumia. Explícase que esta obra, con Anabel Gago como protagonista, está dirixida aos máis cativos e conta cunha escenografía e unha música que trata de lles axudar a vencer calquera trauma nesa idade. A seguir descríbese o argumento e cítanse os intérpretes do apartado musical da obra. Coméntase asemade a autoría da obra, a cargo de Paula Carballeira, galardoada co I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Coméntase que Jorge Padín, o director da obra, é membro do Teatro de la Abadía. Dáse conta por último, das orixes do grupo Berrobambán, no ano 1995, en Galicia, comprometido desde o seu inicio co desenvolvemento da cultura galega. Tamén se salienta que en 2001 realizaron unha obra dirixida a adultos, *NdC*, e en 2004 levaron a cabo *Vendetta*, tamén para adultos.

- Seve Nieves, "Magia, teatro, talleres y música", *La Región,* "Nadal en Santiago", 27 decembro 2008, p. 4.

Refírese ao programa de Nadal cultural do concello de Santiago de Compostela que inclúe unha serie de representacións no Teatro Principal: *O Mago de Oz* da compañía galega Os Quinquilláns, *Boas Noites* de Berrobambán Teatro e *Menú Vexetal (dáme verde)* de Disque Danza.

Caramuxo Teatro (1): *Glub, glub*, dirección de Juan Rodríguez.

Ver Liceo-Casino, Festival de Títeres

Referencias varias:

- Belén López, "Glub glub': os bebés van ao teatro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 2 febreiro 2008, p. 66.

Infórmase do espectáculo *Glub-glub*, a cargo da compañía Caramuxo Teatro, como parte do programa cultural do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil, celebrado en Pontevedra. Saliéntanse a montaxe e as exposicións paralelas á representación.

Menciónase por último a homenaxe ao escritor Xabier Puente Docampo como acto de clausura do Salón, que contará coa presenza de Fina Casalderrey.

Caramuxo Teatro (2): *Vagamundos*

Referencias varias:

- J. M. R., "Cee acoge una función de títeres y Dumbría, una representación teatral", *El Correo Gallego*, "Área Compostela", "En breve", 8 novembro 2008, p. 36.

Anúncianse dúas representacións, a primeira delas, *O poliño feo*, función de monicreques con música, terá lugar en Cee. Pola súa banda, Caramuxo Teatro representará a peza *Vagamundos* en Dumbría.

Cascanueces Títeres: *O gato simple*, texto Fidel Galbán, dirección Lázaro Duyos.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Centro Dramático Galego: *Valdemuller*, texto Xosé A. Neira Cruz; adaptación Julio Salvatierra e Pablo Vergne; dirección Pablo Vergne.

Ver Galicreques, XIIIº Festival Internacional de Títeres

Referencias varias:

- D. M., "El CDG estrena 'Valdemuller", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 8 febreiro 2008, p. 18.

Infórmase da estrea no Teatro Principal de Ourense da obra *Valdemuller*, baseada na novela de Xosé A. Neira Cruz, co obxectivo de achegar o teatro aos alumnos de Primaria e descríbese brevemente o seu argumento.

- Imanol Hernández, "El Centro Dramático estrena por primera vez en Ourense un espectáculo de marionetas", *La Región*, "Ourense", 13 febreiro 2008, p. 10.

Precísase que despois de once anos por fin se leva a cabo en Ourense un espectáculo de marionetas, *Valdemuller*. Sinala que esta representación corre a cargo do Centro Dramático Galego (CDG) e que se realiza a partir dunha obra de Xosé A. Neira Cruz. Indica que o seu director, Pablo Vergne, e as actrices e marionetistas tamén se encargaron da elaboración e posta a punto das propias marionetas. Por último refírese ás verbas de Cristina Domínguez, directora do CDG, quen sinala a importancia de que a entidade que preside non se limite só a Santiago de Compostela.

- Camilo Franco, "Un traballo de intencións", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 17 febreiro 2008, p. 75.

Coméntase a nova obra do Centro Dramático Galego, *Valdemuller*, baseada no texto do narrador galego Xosé Neira Cruz. Saliéntase a intencionalidade da obra, xunto coa montaxe e os monicreques, feitos ao estilo dos personaxes do libro.

- M. J. R., "O CDG volve a Narón co seu recén estreado espectáculo de monicreques", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", "Artes escénicas", 20 febreiro 2008, p. 12.

Infórmase da recente produción do Centro Dramático Galego, *Valdemuller*, da que se describe o argumento a través da historia que lle acontece á súa protagonista, Mina, para continuar coa mención do libro do que se orixinou, de X.A. Neira Cruz, galardoado co premio Barco de Vapor. Explícase que as actrices encargadas do manexo dos bonecos foron Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela. Coméntase que Pablo Vergne foi o director da obra e o que elaborou os monifates principais. O resto dos monicreques foron creados por Ricardo Vergne, quen contou coa colaboración de artesáns galegos. Cítase por outra banda o horario das representacións e nun apunte intitulado "Introducción ó teatro a través de xogos de rol" coméntase a opción de xogar antes do inicio da representación, ofrecida polo Centro Dramático Galego aos rapaces asistentes.

- M. R. I., "Carapuchiña polas fragas galegas", *Diario de Ferrol*, "Valdemuller", 21 febreiro 2008, p. 13.

Dáse conta da posta en escena da obra *Valdemuller*, do Centro Dramático Galego, no Auditorio de Narón. Descríbese a súa trama narrativa e indícase a súa base no texto de X.A. Neira Cruz. Saliéntase a linguaxe da adaptación, que conxuga monicreques, con sombras chinesas e danzas.

- Belén López, "Xogos na rúa anuncian a estrea de 'Valdemuller' hoxe en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 5 marzo 2008, p. 84.

Presentación da nova produción do Centro Dramático Galego, *Valdemuller*, no Pazo da Cultura en Pontevedra. Alicerzada na combinación de xogos e na comicidade, saliéntase que pretende achegar o eido teatral ao público infantil como algo entretido á vez que cotián. Coméntase que algúns dos seus personaxes percorreron as rúas da cidade coa intención de promocionar o espectáculo. Indícase por último a orixe desta obra, dirixida por Pablo Vergne, no texto homónimo de Xosé Antonio Neira Cruz.

- M. C. S., "Escolares carballeses acuden a la escenificación de 'Valdemuller", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 11 marzo 2008, p. 43.

Dáse conta da representación da obra *Valdemuller*, a cargo do Centro Dramático Galego, no Pazo da Cultura de Carballo. Anúnciase que vai asistir á función o alumnado dos colexios de Artai, Isidro Parga Pondal, Monte Neme e Alfredo Brañas. Menciónase por último o ciclo dos Venres Culturais, no que se salienta o concerto de Óscar Avendaño.

- A. C., "Os monicreques de 'Valdemuller' chegan ao Salón Teatro de Santiago", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 marzo 2008, p. 60.

Comenta que a produción do Centro Dramático Galego *Valdemuller* vai ser representada no Salón Teatro de Santiago. Explica que é unha peza de monicreques baseada na novela de Xosé A. Neira Cruz e dirixida por Pablo Vergne. Dá conta das actividades realizadas para chamar ao público a que fose a ver a obra e salienta que tiveron que adaptar o texto á linguaxe das marionetas "convertendo toda a narración en acción". Tamén salienta no espectáculo a selección musical, unha peza audiovisual e pequenas postas cinematográficas.

- M. Dopico, "Unha viaxe iniciática", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Monicreques", 26 marzo 2008, p. 33.

Faise mención da representación no SalónTeatro de Compostela da montaxe de monicreques *Valdemuller*. Sinala que a obra está adaptada da peza de Xosé Neira Cruz e dirixida neste caso por Pablo Vergne, que conta con Gena Bamonde como axudante de dirección. Precisa que os monicreques reproducen a "viaxe" que comeza Mina no seu quince cumpreanos para atopar a súa propia identidade. Indica que nela participan a nai, a avoa, a amiga… o que fai que a obra sexa interesante para todos os públicos. Faise mención a que lles dan vida a estes monicreques Alba Grande, Raquel Queizas y Manuela Varela.

- Roberto Pascual, "Entre os fíos das fillas da lúa", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Críticas", primavera 2008, pp. 63-65.

Faise eco da presentación da obra *Valdemuller,* do Centro Dramático Galego, no Teatro Principal de Ourense. Defínese o espectáculo, que mestura os monicreques e a puberdade, como entretido, simbólico e capaz de sorprender en moitos momentos. Explícase que se trata dunha obra dirixida ao público adolescente por medio de técnicas como as sombras, as manipulacións de bonecos e imaxes audiovisuais. Explícase que o fío argumental é a ruptura coa conservadora tradición familiar e a decisión da descuberta da identidade e indícase que a protagonista é Mina, unha moza moderna e intelixente, á que se compara no texto con Lara Croft, e que loita contra os seus medos, a violencia machista e as manipulacións. Especifícase que a historia comeza logo de que a rapaza tome a decisión de buscar á súa avoa, quen vive no monte. A partires de aí irase coñecendo un segredo ao mesmo tempo que un concepto, as fillas da lúa. Recórdase que todo isto se ve favorecido por unha boa confección dos bonecos e a introdución de seres no monte. Engádese que o posíbel erro da obra sexa a caracterización dos múltiples personaxes por parte dunhas poucas actrices manipuladoras, xa que nalgúns momentos pode provocar confusión e incluso perdas na calidade.

- Lidia M. Gallas Otero, "Valdemuller' achega a Vilagarcía unha representación de títeres para mozos", *Diario de Arousa*, "Teatro", 4 maio 2008, p. 29.

Infórmase da representación da nova obra *Valdemuller*, do Centro Dramático Galego, no Auditorio Municipal de Vilagarcía, dirixida a adolescentes. Explícase que a obra ten as súas raíces no libro homónimo de Xosé Antón Neira Cruz, galardoado co Premio Barco de Vapor en 1997. Trala mención do director da obra, Pablo Vergne, e do encargado da súa adaptación, Julio Salvatierra, descríbese o seu argumento e saliéntanse algúns dos seus temas principais: a loita entre o frouxo e o correúdo, a voluptuosidade das mouras, as supersticións... Conclúe a noticia coa referencia ás orixes do Centro

Dramático Galego, en 1984, co obxectivo de desenvolver o teatro en Galicia, e sinálase a súa importancia no eido da produción dramática en galego.

- M. L., "Os rapaces do Salnés atópanse a sí mesmos", *Diario de Arousa*, "Auditorio", 10 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da posta en escena da obra *Valdemuller*, do Centro Dramático Galego, no Auditorio do Salnés. Tras unha primeira descrición da monicreque protagonista coméntase a orixe da obra, no texto homónimo de X.A. Neira Cruz. A seguir descríbese o seu argumento xunto co obxectivo do Centro Dramático Galego: achegar a historia desenvolvida na obra a rapaces maiores de oito anos. Menciónase finalmente a algunhas das actrices que tomaron o texto de Neira Cruz e o converteron neste espectáculo: Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela.

- Xosé Neira Cruz, "Entender a lagoa da fantasía", *Casahamlet. Revista de Teatro*, n.º 10, "Teoría", maio 2008, pp. 10-13.

Traballo no que Xosé Antonio Neira Cruz, con motivo da representación de *Valdemuller* polo CDG, comeza facendo un balance negativo da escasa produción teatral galega dirixida ao público infantil e xuvenil, considerando que hai poucos dramaturgos especializados, poucas obras de teatro publicadas e poucas posibilidades de levar a cabo iniciativas de calidade. A continuación, estabelece as relacións entre fantasía e teatro. Asegura que non só a creación ten que ver coa fantasía senón que incluso as actividades humanas máis empíricas xorden da capacidade do ser humano de soñar e sinala a paixón e o desexo coma causantes da necesidade de contar historias e, polo tanto, coma gromo da fantasía (pracer -afirma- que nel pode máis que o desexo de escribir). Expón a teoría de que a arte é o mundo imaxinario onde o artista se busca a si mesmo e remata cunha lenda de Italo Calvino, onde a lagoa é o lugar no que o ser humano se ve reflectido, sendo sen ser. Polo medio refírese tamén a *Valdemuller*.

- maré, "Asentando propostas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 agosto 2008, p. 28.

Dise que o CDG (Centro Dramático Galego) recuperou moitos espectadores de teatro grazas ás obras que presentou este ano, en concreto *Noite de Reis.Ou o que queirades*, *Valdemuller* e *Estigma*. Destácase o éxito da primeira das pezas nomeadas mencionando o prestixio que lle outorga a concesión de varios premios María Casares. Indícase tamén o número de funcións e de espectadores que acadou cada obra.

Disque Danza: *Menú vexetal (dáme verde)*, texto Paula Carballeira, dirección Carmela Bueno e Alfredo Rodríguez.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Espinacas saltimbanquis", *La Opinión*, "A Coruña", 19 marzo 2008,

p. 12.

Presentación da nova obra da compañía Disque Danza, dirixida por Olga Cameselle, *Menú vexetal: dáme verde*, no auditorio de Riego de Agua. Coméntase a orixe da obra nas ideas de Alfredo Rodríguez e Carmela Bueno, xunto cun texto de Paula Carballeira. Saliéntase a presenza de Nuria Gullón no elenco e anúnciase a obra *Golulá* como vindeira representación no teatro Rosalía.

Títeres **Falcatrúa**: *O espírito do bosque*

Ver Mos, Xornadas de Teatro

Galitoon: *Golulá*, texto e dirección Andrea Bayer.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de

Referencias varias:

- Paraíso, "Xogando a imaxinar", *Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, "Reportaxe teatro", xaneiro 2008, pp. 35-37.

Infórmase da compañía galega Galitoon formada por Santiago Alonso, Andrea Bayer, Chisco Casteleiro e Óscar Ramos. Saliéntase o seu rol pioneiro na arte de construír monifates ou *poppets* ou *body poppets*. As súas orixes radican nos Estados Unidos, no programa para televisión *Sesame Street*. En canto ao seu manexo dise que empregan unha serie de técnicas como as sombras, os monicreques de luvas ou o teatro de xoguetes e de actor. Descríbese, a seguir, o proceso de creación destes bonecos, sendo o primeiro paso o seu deseño, do cal se encarga Santiago Alonso. Coméntase despois o seu último espectáculo, *Golulá*. O seguinte paso neste proceso creativo consiste na materialización dos bonecos xa deseñados a partir de materiais base como a gomaespuma, o peluche, o látex, a madeira, etc. Cítanse aquí algunhas das súas creacións, como o gorila Bunkaa ou o dragón bebé Bato, entre outros. Por outra banda, destácase que a posta en escena abrangue aspectos esenciais como o ritmo, o humor, a música e os efectos sonoros. Xa por último, menciónase o traballo paralelo que esta compañía fai no teatro e na televisión, con programas educativos que fomentan a literatura infantil para os rapaces. O artigo vén acompañado dunhas fotografías que mostran os monicreques creados por Galitoon xunto a algúns dos seus membros.

- Camilo Franco, "Fábula para bonecos", *La Voz de Galicia*, "Teatro/Golulá", 2 xaneiro 2008, p. 51.

Coméntase a nova obra da compañía Galitoon, *Golulá*, unha fábula visual que incorpora bonecos lixeiramente diferentes dos típicos monicreques na súa posta en escena. Saliéntase a súa parte visual fronte á argumental e remata citando á directora da obra, Andrea Bayer e aos actores principais.

- Ana Rodríguez, “Espinacas saltimbanquis”, *La Opinión*, “A Coruña”, 19 marzo 2008, p. 12.

Presentación da nova obra da compañía Disque Danza, dirixida por Olga Cameselle, *Menú vexetal: dáme verde*, no auditorio de Riego de Agua. Ademais doutras cuestións referidas ao texto e ao elenco, tamén se anuncia a obra *Golulá* como vindeira a representación no teatro Rosalía.

- M. P., “La obra familiar ‘Golulá’ se presenta mañana en el Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña Cultura”, “Teatro”, 20 marzo 2008, p. 12.

Presentación do espectáculo teatral *Golulá* no teatro Rosalía. Dirixido por Andrea Bayer e encamiñado á atención dos máis cativos, a montaxe mestura personaxes de carne e óso con monicreques varios. Saliéntase o premio como mellor espectáculo infantil co que foi galardoado no festival de Ciudad Rodrigo, xunto co rol que xoga a música na súa posta en escena. A seguir descríbese o seu fío argumental, no que se subliña a técnica mixta de *body poppets*, *poppets* e teatro negro coa que se leva a cabo o espectáculo.

- L. R., “El espectáculo *Golulá* lleva la fantasía y magia al Teatro Principal”, *La Región*, “Ourense”, 22 novembro 2008, p. 10.

Anúnciase a representación da peza de teatro infantil *Golulá* da compañía Galitoon no Teatro Principal de Ourense. Saliéntanse a traxectoria desta obra dirixida por Andrea Bayer que recibiu varios premios como o de mellor espectáculo innovador da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e o mellor valorado polo público infantil na novena edición dos Domingos do Principal de Pontevedra.

- L. R., “La obra *Golulá* convirtió en actores a los niños de O Barco”, *La Región*, “Valdeorras”, 29 setembro 2008, p. 9.

Fálase da representación teatral de *Golulá* da compañía compostelá Galitoon no auditorio do Teatro Lauro Olmo do Barco. Saliéntase que a peza foi galardoada co primeiro premio da X Feria Internacional de Teatro Ciudad Rodrigo. Remítese sinalando que a obra foi dirixida por Andrea Bayer e contou coa participación activa do público infantil á que está dirixida.

Teatro do Liló: *A lampariña de cristal*, texto anónimo, dirección Mario Roldán.

Migallas Teatro (1): *Un avó especial*, texto María Campos e Carlos Yus, dirección María Campos.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Marino Pérez, “De cómo aprender a aceptar el olvido”, *El Ideal Gallego*, 24 setembro 2008, contraportada.

Fálase da obra *Un avó especial* que foi representada no Teatro Colón da Coruña e que narra a relación entre unha neta e o seu avó. Sinálase que a peza é unha iniciativa da AFACO (Asociación de enfermos de Alzheimer da Coruña) e ten como finalidade concienciar aos máis novos do que en realidade é a enfermidade.

- Rubén Bruña, "Pequeños aliados de los mayores", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 24 setembro 2008, p. 12.

Fálase da representación *Un avó especial*, creada pola compañía Migallas Teatro e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer da Coruña, que tivo lugar no Teatro Colón desta cidade. Coméntase que a obra nace coa intención explicar aos escolares as dificultades que pasan as persoas e as familias que sofren a enfermidade do alzheimer.

Migallas Teatro (2): *¡Canta connosco!*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Ver XIIIº Festival de Teatro Infantil e Xuvenil

Referencias varias:

- E. G., "O grupo "Migallas" abre o domingo a programa da Semana do Libro e a Lectura", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana / Baixo Miño", "Tui – O Rosal – A Garda – Tomiño – Salceda de Caselas", 14 maio 2008, p. 16.

Indica que o grupo Migallas vai ser o encargado de inaugurar a Semana do Libro e a Lectura en Tui, organizada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Tui e a coordinación da Asociación Sociopedagóxica Galega. Sinala que se fará coa representación da obra *Canta Connosco* no Teatro Municipal do lugar. Precísase que participarán durante toda a semana os rapaces dos distintos centros da zona nas actividades de lectura, monicreques, expresión oral e escrita… e haberá un curso de formación para o profesorado; sen esquecer as familias, ás que se destina a actividade "Animación á lectura desde a casa".

Migallas Teatro (3): *¿E se o cantamos?*, guión e dirección María Campos e Carlos Yus.

Ver Tarabelo, IVº Certame de Teatro

Monicreques de Kukas (1)*: A doncela guerreira*, texto Rafael Dieste, dirección Isabel Rey e Kukas.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Monicreques de Kukas (2)*: Sen título 4x8x6* (*técnica mixta sobre o escenario*), texto Marcelino de Santiago (Kukas), dirección Isabel Rey e Kukas.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- F. F., "Los títeres de Kukas deleitan hoy a los más pequeños en el Cine O Mariño", *Diario de Arousa*, "Programación", 4 xaneiro 2008, p. 15.

Dáse conta da estrea do espectáculo *Sen título*, a cargo da compañía Kukas no Cine O Mariño, no Grove. A representación, baseada nas artes plásticas, mestura monicreques con personaxes reais. Menciónanse asemade outras proxeccións que terán lugar no devandito cine, patrocinadas pola Consellería de Innovación e Industria, entre as cales se destaca a d´*O Partido*, producida por Emma Lustres e con actores como Manuel Manquiña.

- Camilo Franco, "Monicreques", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 14 febreiro 2008, p. L9.

Presentación do espectáculo *Sen título 4x8x6*, da compañía Kukas no Teatro Principal.

Os **Quinquilláns**: *O Mago de Oz*, texto L. Frank Baum, adaptación Lucho Penabade, dirección Kevin John Stewart e Carolina Ramos.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de

Referencias varias:

- Seve Nieves, "Magia, teatro, talleres y música", *La Región,* "Nadal en Santiago", 27 decembro 2008, p. 4.

Refírese ao programa de Nadal cultural do concello de Santiago de Compostela que inclúe unha serie de representacións no Teatro Principal: *O Mago de Oz* da compañía galega Os Quinquilláns, *Boas Noites* de Berrobambán Teatro e *Menú Vexetal (dáme verde)* de Disque Danza.

Sarabela Teatro: *Cristovo e o libro das marabillas*, dirección Fina Calleja.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Nadal, Ciclos de
Ver Todo Público, Mostra

Referencias varias:

- E. G., "Sarabela Teatro actúa hoy en el Teatro Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 3 outubro 2008, p. 7.

Dáse noticia da representación no Teatro Municipal de Tui da obra *Cristovo e o libro das marabillas*, da compañía Sarabela Teatro. A obra, que relata as aventuras de Cristobal Colón e Marco Polo, coméntase que está dirixida por Fina Calleja e conta cos actores Fernando Dacosta, Tito Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo e Fina Calleja. Os encargados das marionetas son José Bayón e Rubén Dobanos.

Sapristi (1): *Ao son das cousas*, texto e dirección José Campanari.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, así como tamén representacións pertencentes ao teatro infantil e xuvenil, tanto na súa vertente de espectáculos de monicreques coma os de actor. Un campo no que sobresaen obras como *O son das cousas*, de José Campanari.

Os sete magníficos e mais un: *O gordo e o calvo van ao médico*

Talía Teatro (1): *Bicos con lingua*, texto Avelino González, Suso de Toro, Cándido Pazó, Xabier Lama, Manuel Núñez Singala, Ana Iglesias e Marta Etxebarría; dirección Avelino González.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, "Talía Teatro lleva su obra ´Bicos con lingua'a París", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 xaneiro 2008, p. 33.

Coméntase que a compañía ceense chega a Francia coa representación desta obra no Instituto Cervantes de París. Explícase que a función se enmarca nun ciclo de actividades organizado polo Centro de Estudos Galegos da capital para analizar a situación das linguas minorizadas en Europa. A obra, dirixida por Avelino González, é

unha radiografía da situación do galego desde un ámbito socio-lingüístico. Tamén se sinala que a obra *Bicos con lingua* se estreou no ano 2003 e desgde entón e até a data de publicación da nova xa se representara máis de 250 veces.

- A. B., "Reflexionamos sobre o desprestixio do galego en clave de humor", *Atlántico Diario*, "Vigo", 18 abril 2008, p. 17.

Realízase unha breve entrevista a Artur Trillo con motivo de ter recibido o premio María Casares ao mellor actor pola súa interpretación en *Bicos con lingua*. Coméntase que esta obra ten intención "didáctica e panfletaria" en defensa da lingua galega e a súa pretensión é chamar a atención sobre o desprestixio que está a sufrir a lingua.

- L. R., "Dos obras de teatro fomentan la educación plurilingüe", *La Región*, "Ourense", 30 setembro 2008, p. 11.

Dise que a Tenencia de Alcaldía, a través da Consellería de Cultura e Normalización Lingüística, leva a cabo unha serie de actividades inscritas na campaña "As linguas no sistema educativo", en colaboración coa Universidade de Vigo. Dise que se inclúe neste programa a representación de dúas obras de teatro que fomentan o plurilingüismo e dan a coñecer a realidade sociolingüística de Galicia: *Bicos con lengua*, de Talía Teatro, e para os máis pequenos *Flis-flis-ris-flas*, da compañía Matapiollos.

- N. A., "Culmina con éxito el programa municipal Outono Cultural", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 Costados", 25 novembro 2008, p. 4.

Explícase que o programa municipal "Outono Cultural", dirixido aos maiores de sesenta e cinco anos, culminou coa obra *Aeroplanos* de Lagarta Lagarta. Coméntase que outra obra das representadas foi *Bicos con lingua*, da compañía Talía Teatro. E destácase que con este programa se achegou aos maiores aos museos, sobre todo ao Liste, dedicado á etnografía, e ao Museo do Mar.

- Daniel Domínguez, "Adictos á cultura do país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cultur.gal", 5 decembro 2008, p. 33.

Infórmase da celebración de Cultur.Gal, a feira das industrias culturais, destacando que o seu obxectivo é facer visíbeis aos creadores galegos. Entre os actos programados faise mención da presentación da obra de Teresa Moure, *O natural é político*, e tamén se indica que haberá unha representación teatral por parte da compañía Talía Teatro coa obra infantil, *Bicos con lingua*.

Talía Teatro (2): *O merlo branco*, texto Cándido Pazó, dirección Artur Trillo.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Víctor Carbajales López, "Coa esperanza de apaixonar", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas*, n.º 3, xaneiro 2008, p. 23.

Faise un adianto das principais novidades dramáticas anunciadas para o ano 2008 e un repaso, tamén breve e conciso, dos grandes acertos do 2007, especialmente no tocante aos cambios efectuados no calendario de programacións. Ademais de facer referencia ás grandes compañías coméntanse algunhas das novas propostas dos creadores máis novos, así como tamén representacións pertencentes ao teatro infantil e xuvenil, tanto na súa vertente de espectáculos de monicreques coma os de actor. Un campo no que sobresaen nomes como o de Cándido Pazó, co seu clásico *O merlo branco*.

- Xosé Lueiro, "Bonito merliño feo", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", "A contrabutaca", 29 febreiro 2008, p. 4.

Dáse conta da nova obra de teatro da compañía Talía Teatro, *O merlo branco*, escrita por Cándido Pazó e dirixida por Artur Trillo. Saliéntanse a banda sonora da obra, o vestiario, a nitidez expositiva, a montaxe e a súa atmosfera lúdica. No apartado intitulado *As claves*, coméntase con máis detalle o elenco, a compañía e a sinopse da obra. En canto ao elenco, cítanse os nomes dos participantes na obra e tamén dos encargados da música (Manolo Vázquez), da escena (Carlos Alonso), da iluminación (Dani e Artur Trillo) e do vestiario e estilismo (Carlos Alonso e Cloti Vaello). Dise tamén que esta obra estará de xira pola Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o ano 2008. A seguir coméntase o estado da compañía: nada en 1988 no Concello de Cee, ten levado á escena obras como *O rei aborrecido* de Xesús Pisón e *Ai, Carmela*, de J. Sanchis Sinisterra, entre outras. Remata a noticia cunha breve descrición sinóptica da obra.

Talía Teatro (3): *Quero ser grande*, texto e dirección Artur Trillo.

Ver apartado III.4.1 deste *Infofrme*

Referencias varias:

- M. G., "Outes y Noia acogen este fin de semana dos espectáculos teatrales", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "En breve", 8 novembro 2008, p. 37.

Anúncianse dúas obras teatrais que se representarán en Outes e Noia. Na primeira localidade porase en escena *Robin Hood*, mentres que en Noia, será Talía Teatro a encargada de representar *Quero ser grande*.

Talytakumy (1): *A árbore da vida*

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Crear atmosferas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 outubro 2008, p. 35.

Entrevista a Paulina Fumes, actriz que forma parte da compañía galega Talytakumy coa que representa *Os contacontos de Talyta e Kumy* e *A árbore de vida*, dirixidas ao

público infantil. A actriz explica como intentan romper cos estereotipos do conto clásico e crear obras satíricas e paródicas. Salienta tamén o seu traballo con monicrequeques na obra *A árbore da vida* na que se relata a amizade entre unha nena e unha árbore e de cómo esta cambia segundo a nena vai medrando até convertirse nunha muller adulta.

Talytakumy (2): *Os contacontos de Talyta Kumy*

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Crear atmosferas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 outubro 2008, p. 35.

Entrevista a Paulina Fumes, actriz que forma parte da compañía galega Talytakumy coa que representa *Os contacontos de Talyta e Kumy* e *A árbore de vida*, dirixidas ao público infantil. A actriz explica como intentan romper cos estereotipos do conto clásico e crear obras satíricas e paródicas.

Tanxarina Títeres (1): *Os Narigudos*, texto Terry Jones, dirección Cándido Pazó.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Tanxarina Títeres (2): *Sombreiros sen chapeu,* texto Tanxarina, dirección Eduardo R. Cunha "Tatán" e Miguel Borines.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Redondela, IXº Festival Internacional de Títeres de
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- Tere Gradín, "Tanxarina: 25 años de títeres con cabeza", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 309 (ano 7), "Reportaje", 20 abril 2008, p. 15.

Sinala que a compañía de Títeres Tanxarina cumpre vinte e cinco anos e celébrao sobre os escenarios coa representación dunha nova obra, *Sombreiros sen chapeu*. Obra na que segundo se di "a silueta é a protagonista, a luz o espacio escénico e a música a narradora de accións". Precísase que as súas actuacións se levan a cabo pola xeografía galega, como por exemplo no Festival Internacional de Títeres de Redondela, pero tamén en Portugal, Austria e Bélxica, entre outros lugares. Indica que os integrantes da recoñecida como unha das mellores compañías de monicreques do país son Eduardo Rodríguez, "Tantán", que é o fundador, Miguel Borines e Andrés Giraldes. Refírese a outras producións súas como *Monstros de risa, Contaloucos, Os narigudos, Rapatú, Titiricircus* ou *Titiricircus medieval*, entre outros.

Teatro do Tempo: *Os tres porquiños*.

Referencias varias:

- M. Rodríguez, "Cientos de niños asistieron al inicio del curso teatral para ver *O Rato Pérez*", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 22 setembro 2008, p. 7.

Fálase da representación da obra *O Rato Pérez*, un relato de Mireia Soriano, da compañía Teatro Imaginario, no Teatro Colón da Coruña. A actriz Cristina Aguirre é a encargada de dar vida a Pérez, mentres que Mario Mañas interpreta o antagonista da peza: a Señora Caries. Anúncianse as próximas obras para público infantil que se representarán no teatro: *Pipi Calzaslargas*, *A ratiña presumida*, *Os tres porquiños*, *Sherlock Holmes* e *Conto de Nadal*.

Títeres Cachirulo (1): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Referencias varias:

- Concha Pino, "Cachirulo recrea al niño Mozart", "La Voz de Santiago", "Patio de vecinos", "Crónica", 9 xaneiro 2008, p. L16.

Coméntase o novo espectáculo da compañía Títeres Cachirulo, *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, dirixido por Jorge Rey, en colaboración con Carmen Domech. Destácase o feito dos monicreques estar construídos en madeira e descríbese brevemente o seu argumento. Menciónanse por último outras obras desta compañía como por exemplo *Pinocho*, *O libro da selva*, *A guerra das Galicsias*, *Catro contos de China* ou *O calcetín amarelo*.

- Camilo Franco, "A infancia dos xenios", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", "Crítica", 9 maio 2008, p. 16.

Coméntase a nova obra da compañía Títeres Cachirulo, baseada na figura de Wolfgang Amadeus Mozart e que pretende ensinar aos máis cativos a vida e obra deste compositor por medio da risa e o humor.

Títeres Cachirulo Teatro (2): *Típico Tópico*, dirección Jorge Rey e Carmen Domech.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Diversificando", *La Voz de Galicia,* "Cartelera y críticas", "Monicreques", 14 outubro 2008, p. 59.

Sinala que a compañía Títeres Cachirulo está a levar a cabo o espectáculo de monicreques *Típico tópico.* Precísase que a obra non está dirixida en exclusiva aos cativos, como cabería pensar, senón que se tenta romper cos tópicos, tanto referidos ao destinatario como á abordaxe do humor neste tipo de pezas. Indícase que o seu autor e director é Jorge Rey, quen tamén é manipulador dos monicreques, xunto con Carmen Domech.

Títeres **Trompicallo** (1): *Bolboreta*, texto Marián González e Luís González. Música, dirección Santiago Montenegro.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*
Ver Vilagarcía, Programa de Teatro de Caixanova

Referencias varias:

- I. C., "Monicreques en busca do sorriso dos nenos", *Diario de Arousa*, "Representación de 'Bolboreta", 17 maio 2008, contracuberta.

Dáse conta da representación da obra *Bolboreta* da compañía Monicreques Trompicallo no Auditorio Municipal do Concello de Arousa. Coméntase o argumento e apunta que os nenos puideron ver a obra de balde.

Títeres Trompicallo (2): *Nadarín*, texto Cristina Ferreirós, dirección Plamen Dipchikov.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

VII.3.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

O **Castelo**, Escola de Teatro Infantil: *Conto de Nadal*

Referencias varias:

- M. Rodríguez, "Cientos de niños asistieron al inicio del curso teatral para ver *O Rato Pérez*", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 22 setembro 2008, p. 7.

Fálase da representación da obra *O Rato Pérez*, un relato de Mireia Soriano, da compañía Teatro Imaginario, no Teatro Colón da Coruña. A actriz Cristina Aguirre é a encargada de dar vida a Pérez, mentres que Mario Mañas interpreta o antagonista da peza: a Señora Caries. Anúncianse as próximas obras para público infantil que se representarán no teatro: *Pipi Calzaslargas*, *A ratiña presumida*, *Os tres porquiños*, *Sherlock Holmes* e *Conto de Nadal*.

Falcatrueiros: *Clown escola.*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*

Aula **Folque Infantil**: *Morfasóns*

Referencias varias:

- Kevin Carballo, "Niños por aquí, niños por allá", *Diario de Pontevedra*, "Gente de etiqueta", 1 xuño 2008, p. 94.

Comenta algunhas das actividades culturais que propón o Concello de Pontevedra para os nenos. Informa que o alumnado da Aula Folque Infantil representou a obra *Morfasóns*, e que tamén puideron ver a representación de títeres *Os Barballocas*. Así mesmo, comenta que na Alameda hai unha exposición con paneis sobre a vida e obra de Curros Enríquez, ao que tamén se lle dedicará proximamente un recital poético.

Marañao Teatro: *O achado do castro*, texto Manuel Núñez Singala.

Ver o apartado III.4.1 deste *Informe.*

Pinchacarneiro: *Pic Nic*

Teatro do **Vilar**: *Memoria dun tempo.*

Vichelocrego: *A ópera do emprendedor*, texto Roberto Vidal Bolaño.

VII.4. CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Carreiro, Pepe, *O autobús escolar* (ISBN: 978-84-8341-244-2)/ *A cear e á cama* (ISBN: 978-84-8341-241-1)/*Ta tá, bau bau* (ISBN: 978-84-8341-281-7)/*O rato Pérez* (ISBN: 978-84-8341-296-1), ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas en banda deseñada, n.os1/2/3/4, [lectorado autónomo], 2008, 21 pp.

Nesta colección preséntanse historias infantís de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) protagonizadas polos irmáns Bolechas, uns personaxes xa moi coñecidos polas series literarias e didácticas, agora en banda deseñada: Neste ano publicáronse os seguintes títulos: n'*O autobús escolar*, tentan chegar á escola despois de perder o autobús que debería levalos. Ao final conseguen facelo a tempo, aínda que nun peculiar vehículo. Pola contra, *A cear e á cama* comeza cunha páxina na que se presentan todos Os Bolechas e despois arrinca con Carlos Bolechas comendo comida de cans xusto antes de que a nai lles dea a cea para ir durmir. Ao mesmo tempo Sonia, outra das irmás, négase a ir para a cama coa desculpa de non ter aínda sono. Pero queda durmida na mesa mentres cean e ao rematar van todos para a cama. A nai deita a Sonia e a Tatá pero logo o can, Chispa, vai de cama en cama enchendo as sabas de pelos e espertando a todos coa calor que desprende. Finalmente ningún pode durmir polo picor que producen os pelos do can nas sabas. En *Ta tá, bau bau*, tras a páxina na que se presentan os personaxes, arrinca esta historia protagonizada por Tatá, na que a nai lle dá de comer e lle conta que os seus irmáns Carlos, Pili, Loli, Braulio e Sonia foron á escola. O bebé só pronuncia Ta para se referir a calquera obxecto e a nai inténtalle explicar a pronunciación de diversas palabras. Despois regresan os irmáns da escola e saúdan a Tatá e ao can Chispa, o cal se alporiza cando cos rapaces entra tamén na casa Boston, o can do veciño. Viven toda unha aventura seguindo ao can Boston polos diversos pisos do edificio onde este vai entrando e collendo salchichas na casa da carniceira Lola quen enfadada quere estofalo. Remata cando os rapaces lle din á carniceira que non se trata dun can sen dono, senón que é de Lino, o veciño do primeiro, e ela regálalles as salchichas ao can. N'*O rato Pérez*, tras a presentación dos personaxes, arrinca esta historia protagonizada por Braulio na que, ao lavar as mans, ve no espello que lle falta un dente e vai buscalo pola casa adiante para darllo ao Rato Pérez. Sonia confunde o dente de Braulio cun cairo do seu crocodilo de peluche e Loli decide pasar a aspiradora para dar co dente. Remata cando espertan e observan o babeiro que o Crocodilo Pérez lle deixou ao crocodilo de peluche de Sonia polo seu cairo. As ilustracións do autor están realizadas con deseño de cómic. As imaxes vanse sucedendo en viñetas sempre do mesmo tamaño: catro por páxina. Os personaxes están debuxados cunhas formas redondeadas co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Hora de cear", *A Nosa Terra*, n.º 1.330, "*Bule Bule*", 23-29 outubro 2008, p. 30.

Comeza presentando aos persoaxes do libro *A cear e á cama*, escrito por Pepe Carreiro

e pertencente á colección "Os Bolechas". A continuación comenta a estrutura interna do volume, dicindo que "cada páxina está dividida en catro viñetas a toda cor". Destaca a "expresividade" dos personaxes protagonistas, aos que cualifica como "ben definidos a través de trazos físicos e psicolóxicos".

Referencias varias:

- Alberte Mera, "La feria del libro llega a su clausura con intenciones de reformularse", *Atlántico Diario,* "Vigo", 7 xullo 2008, p. 12.

Infórmase do desenvolvemento da Feira do Libro de Vigo no mes de xullo e da proposta dos participantes nela de que se inclúan novas actividades relacionadas con outras expresións culturais (cine ou música) para aumentar o número de visitantes nas próximas edicións. Por último lémbrase que os exemplares máis demandados en lingua galega foron *Os Grouchos* de Manuel Rivas e *Os Bolechas* para o público infantil.

Fernández Maceiras, Tino, *Os compañeiros. A orde de pedra*, ilust. Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. Biblioteca FEIMA de Clásicos da Historieta Galega, [lectorado mozo], n.º 1, abril 2008, [45] pp. (ISBN: 978-84-612-3397-7). ■

Volume de tiras escritas por Tino Fernández Maceiras e debuxadas por Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958). Contén unha introdución de Fausto Isorna titulada "Os primeiros pasos do mestre" que centra a atención fundamentalmente no ilustrador, do que fala das súas primeiras andainas profesionais. *Os compañeiros: A orde de Pedra* trátase do seu primeiro traballo comercial, que viu a luz no xornal *La Voz de Galicia* entre novembro de 1980 e febreiro de 1981. Infórmase tamén que son setenta e tres tiras e que se trata da colección completa. Para a reprodución tívose en conta os orixinais que conservaba Prado, agás as últimas quince tiras (da corenta e oito até a sesenta e tres), que se reproducen da edición orixinal, a excepción da cincuenta, da que se usou unha versión dixital. Na presentación alúdese tamén ao argumento, autoría de Tino Fernández Maceiras, e do que se di que Miguelanxo Prado posibelmente non ficou alleo. Para rematar, menciónase que coa publicación desta obra se dá por inaugurada a colección de "Clásicos da Historieta Galega" da Biblioteca Feima. No que respecta ás tiras, retratan con humor a vida e a visión do mundo dun grupo de xente que vive na época do Neolítico. Brandán representa a experiencia e suspira polo amor da fermosa Neldiña. Xacio e Peifoco son os polos opostos, un é idealista e outro mundano. Tamén está presente o vello Vedraio. Fronte a estes, están os cans, que non falan pero pensan: o irónico Lupo, que sobresae pola súa lucidez en contraste cos humanos e que deixa de lado a súa faceta de can gardián para contemplar a vida ao lado do pequeno Menuto, que lembra ao personaxe de Ideafix de *Astérix* e que soña con ser un lobo salvaxe. As ilustracións en branco e negro elaboradas por Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) agrúpanse en viñetas de catro en catro ou de tres en tres e aparecen, principalmente, en planos xerais ou primeiros planos. Con altas doses humorísticas e personaxes con faccións caricaturescas, son ilustracións cuxas lecturas visuais son moi rápidas pola claridade dos trazos e o pouco abuso do texto.

Recensións:

- Diego E. Barros, "Os Trazos de Miguelanxo Prado en Madrid", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "De Banda Deseñada", 22 xuño 2008, p. 7.

Conta que en 1980, o daquela descoñecido Miguelanxo Prado, comezaba a publicar en *La Voz de Galicia* unha tira humorística e cuns guións de Tino Fernández Maceiras, que agora ve a luz por primeira vez no volume *Os compañeiros. A Orde de Pedra*, dando comezo á Biblioteca Feima de Clásicos da Historieta Galega da Fundación Feima e que edita El Patito Editorial. Infórmase que a edición ten unha introdución de Fausto Isorna. A continuación, pasa a comentar o seu argumento, que define como "un exercicio cosmolóxico no que reflexionan do humano e o divino". Para rematar, dise que o álbum foi publicado en Madrid, coincidindo coa estrea do documental *35 anos de Historieta Galega*.

Referencias varias:

- M.B., "A obra de Miguel Anxo Prado inaugura Clásicos da Historieta Galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 abril 2008, p. 54.

Dáse conta de que a obra ilustrada por Miguelanxo Prado, *Os compañeiros. A orde da pedra*, publicada entre 1980 e 1981 en *La Voz de Galicia*, será a que inaugure a colección "Biblioteca FEIMA de Clásicos da Historieta Galega". Sinálase que nesta publicación colaboran El Patito Editorial e Feima coa intención de publicar máis números e así rememorar historias do pasado. Comunican que o segundo libro xa está preparado: *Home Sweet Home*, de Dudi.

- José Miguel A. Giráldez, "O cómic está nun momento moi bo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Banda deseñada", 27 abril 2008, p. 8.

Miguelanxo Prado fala da necesidade de reivindicar para o mundo da ilustración e os textos da banda deseñada en lingua galega o sitio que se merece; pois o seu éxito vai en aumento e iso pode apreciarse nas cifras de vendas. Como el mesmo di "o cómic xa non é unha cousa menor". De feito acaba de editar El Patito editorial *Os compañeiros*, "unha vella e enerxética tira xornalística, dentro da Biblioteca Feima de Clásicos da historieta galega".

- M. Barros, "O cómic igual que a literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 39.

Afirma que a banda deseñada goza de mellor saúde que en décadas anteriores, porén di que dista moito de acadar as cotas de normalización como ocorre noutros países veciños. Apunta que en Galicia só a editorial Faktoría K publica de xeito profesional e menciona a creación doutro selo editorial especializado, El Patito Editorial. Por outra banda, saliéntase a algúns dos últimos libros publicados e dise que "a posta máis forte da editora" é a edición das obras de Miguelanxo Prado ao galego, como *Os Compañeiros. A orde de pedra* ou *De Profundis*. Remátase nomeando os seus novos proxectos, que contará coa segunda entrega da Biblioteca Feima de Clásicos da Historieta Galega, *Home, sweet home* de Eduardo Galán.

Fernández Serrano, Jacobo, *Os amigos de Archimboldo Roque*, ilust. do autor, Pontevedra: A.C. BD Banda/Faktoría K de Libros, col. BD Banda, n.º 7, [lectorado mozo], 2008, 76 pp. (ISBN:978-84-96957-39-8).

Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971) presenta as aventuras de Archimboldo Roque, un "rinoceronte unicornio branco" e os seus amigos. Cada historia ocupa unha páxina do libro, onde Archimboldo Roque cóntanos as historias dos seus compañeiros, moi diferentes entre si, mais cun nexo en común, Archimboldo. Realiza unhas narracións visuais cunha estética moi similar aos videoxogos, tanto na elaboración dos personaxes como na tipografía e composición empregadas. As cores planas e cálidas, os trazos limpos e a diversidade de planos e ángulos son as características máis salientábeis desta obra. Inclúese ao final do libro unha entrevista ao autor, Jacobo Fernández Serrano, na que conta as orixes do personaxe e os autores que más o influíron, unha presentación dos amigos de Archimboldo Roque e "Como se pode facer un cómic".

Fernández Serrano, Xacobe, *Aventuras de Cacauequi*, Premio Castelao de Banda Deseñada 2007, Santiago de Compostela: El Patio Editorial, 2008, 70 pp. (ISBN: 978-84-612-1815-8). ■

Novela fantástica en formato banda deseñada de Xacobe Fernández Serrano (Vigo, 1971), escritor e ilustrador da mesma. A historia, narrada en primeira persoa polo personaxe protagonista, un cacahuete chamado Cacauequi, orfo de nai e pai, repasa a súa traxectoria dende o seu nacemento até o seu asasinato. No transcurso da súa breve vida, coñeceu a unha princesa do alén, filla do demo e dunha bruxa chamada Casuarina, cuxa nai asasina a Cacauequi como castigo por abandonala nunha illa deserta. Ela, ferida de amor, non dubida en asistir ao enterro do seu namorado, movida polos apaixonados sentimentos que ambos os dous compartían. O creador desta banda deseñada promete novas historias, non xa arredor do finado Cacauequi, pero si do resto do elenco de personaxes que aparecen na obra. As ilustracións da cuberta e da contracuberta presentan un fondo completamente negro que semella evocar un fondo mariño no que florecen as plantas. Sinálase tamén que esta primeira aventura de Cacauequi leva unha especial dedicatoria a María, tal e como se apunta na primeira páxina.

Recensións:

- M. Dopico, "A realidade núa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 maio 2008, p. 35.

Describe que Jacobo Fernández presenta o mundo dende outro ollar no álbum *Aventuras de Cacauequi* do que se afirma que está dotado dun tratamento formal nada convencional, incluso desconcertante e desacougante, onde se desdramatiza as cousas importante da vida. Manifesta que este álbum conta con moitos temas e que ofrece varios niveis de lectura apto para todos os públicos e que conta con dúas partes, a primeira máis teatral e a segunda máis convencional.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "Quise crear un mundo imaginativo con sus propias normas y reglas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 24 abril 2008, p. 58.

Entrevista realizada ao historietista vigués, Jacobo Fernández Serrano, logo do seu éxito no "Salón del Cómic" de Barcelona e co gallo da próxima presentación do seu primeiro álbum, *Aventuras de Cacauequi*. Fala, ademais das súas orixes no mundo do cómic, do seu labor como ilustrador e pintor.

- Roberto G. Méndez, "Un cómic tamén é o que non lle debuxas", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 4 maio 2008, contracuberta.

Entrevista realizada a Jacobo Fernández Serrano co gallo da publicación d'*As aventuras de Cacauequi*, obra coa que gañou o Premio Castelao de Banda Deseñada 2007. Comeza apuntando que o nome do heroe llo debe ao seu fillo. Sinala ademais que se trata dunha historia de amor nun mundo fantástico e turbulento, onde ten cabida o terror e o humor. Sinala que fai cómics porque lle gusta debuxar e escribir. Remata afirmando que unha gran parte do que se conta no cómic non está nel, e esa parte que está ausente é a que inventa cada un.

- C. P., "Estar nominados aos premios Expocómic xa é unha cousa importante", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 28 outubro 2008, p. L16.

Jacobo Fernández comenta que a novela gráfica *Aventuras de Cacauequi* é o seu primeiro álbum de cómic. Sinala tamén que grazas a ela conseguiu unha nominación aos premios Expocómic que se outorgan no Salón do Cómic de Madrid, feito moi importante para el.

Jaraba, Fran, *Terra libre*, debuxos e intr. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], 56 pp. (ISBN: 978-84-9782-872-7).

Fran Jaraba Bará (Pontevedra, 1957) retoma a serie que comezou no ano 2000 con *Cita na Habana* e *Campos de Cuba* (2004) de ambientación histórica. Contén unha breve introdución baixo os epígrafes "Á terceira vai a vencida", na que se contextualiza o conflito armado en Cuba, cando aínda era colonia española, e "Mensaxe a García", no que se conta que Estados Unidos, con intereses políticos na illa, gáñalle a guerra a España, pero antes de intervir o presidente MacKinley decide comunicarse co xefe dos insurxentes, un tal García, e envía a un tenente, Andrew Rowan, para que dea con el. Así, dise que "o que a historia non conta, nin tampouco desmente, é que outro oficial puido ter sido enviado un ano antes a Cuba coa mesma misión", o tenente Donovan. A continuación ábrese o cómic, logo dunha cita do escritor cubano José Martí. A historia, abordada con doses de humor e ironía, sitúase en 1897, en Cañas Largas, única gornición militar española en toda a rexión e controlada polos homes do capitán Villaverde, coñecido tamén como Gargajo. Un antigo compañeiro destes, Maxi Valdés (ou Torres) ten un plan para conseguir que Gargajo entregue o campamento. Conta coa axuda de Chinito, un líder mambí. Ao mesmo tempo, e alén doutros personaxes secundarios, atópase o tenente Donovan, que viaxa á illa, facéndose pasar por un naturalista co fin de lle entregar a carta do

goberno de Estados Unidos ao líder Calixto García, para lle ofrecer axuda coa que derrotar definitivamente ás tropas españolas. O deseño da cuberta, xunto co propio título, axuda a centrar o tema da contenda polo territorio cubano. O cómic presenta ademais un deseño clásico das viñetas e imaxes, na súa maioría, de lugares exteriores. Ao final, hai un apartado no que se selecciona a "Bibliografía consultada".

Referencias varias:

- M. Barros, "Historietas para o outono" *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, p. 31.

Informa das novidades que grazas a editoras e colectivos de banda deseñada verán a luz: *De Profundis*, de Miguelanxo Prado; *Aventuras no Camiño de Santiago*, de Primitivo Marcos; *Terra Libre*, de Fran Jaraba, e *A conta atrás* de Carlos Portela. O artigo tamén se fai eco do novo número da revista do colectivo de debuxantes Polaqia, *Barsowia*. Dise que este colectivo publica tamén tres álbums autoeditados: *Prime Time Holocausto*, de Álvaro López; *Rara Avis*, de Iván Suárez e *Polaqia Sketch-Book*, de Roque Romero.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, 2 outubro 2008, p. VII.

Nesta ocasión acóllense, para ofrecer unhas breves descricións, as obras de Andrea Maceiras, *Proxecto bolboreta*; e de Fran Jaraba, *Terra Libre*.

- Javier Romero,"El Auditorio y la Universidad reciben la obra de los dibujantes gallegos a través de dos exposiciones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2008, p. 48.

Recóllese unha serie de eventos nos que "Galicia e o galego serán protagonistas", como as exposicións dos ilustradores galegos David Rubín, Miguel Porto e Roque Romero en Ourense, as reunións e mesas redondas de varios artistas galegos, as presentacións dun número da revista BD Banda, o libro *Terra libre*, de Fran Jaraba, e *Historias de Galiza, volume 2*, con relatos de Carlos Rafael Ramos.

- B. R. Sotelino, "Hay una especie de vergüenza histórica con el pasado español", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 outubro 2008, p. 51.

Entrevista a Fran Jaraba, co gallo da presentación da súa última obra *Terra Libre*, un cómic de temática histórica ambientado na Guerra de Cuba. O escritor destaca que non é un cómic para nenos pero pode ser comprendido polos maiores de nove ou dez anos, fala do seu interés por este conflito bélico e por Cuba, da evolución do cómic galego e do seu próximo proxecto.

Marín, Xaquín, *O lecer de Isolino*, prólogo de Antón Cortizas, Ferrol: Edicións Embora, 2008, 220 pp. (ISBN: 978-84-95460-96-7).

Volume que acolle unha escolma de viñetas gráficas de Xaquín Marín (Ferrol, 1943) protagonizadas polo vello Isolino e que se inicia co "Diálogo a modo de prólogo", de Antón Cortizas, no que conversa co autor e co protagonista das viñetas arredor do título e do contido do volume. Recóllese a opinión de Isolino sobre temas como a vida, o medio ambiente e a lingua galega. Trátase de viñetas nas que se dá unha "lección de sabedoría, de humanidade" dun xeito simpático e gracioso. A continuación, acóllense as viñetas estruturadas en diferentes seccións temáticas, nas que con uso da retranca se reflexiona sobre temas que inflúen e condicionan a vida actual: "Para empezar" a modo de introdución, "Vida, paixón e morte", "No medio ambiente que nos queda", "A voltas coa lingua e outras peculiaridades" que trata sobre a identidade galega, a emigración, a retranca e a lingua propia; "A estas alturas, sexo" aborda a diferenza xenérica, as operacións de cirurxía estética e de cambio de sexo e reflexiona sobre o paso do tempo e as opcións sexuais; "Vellos problemas, problemas de vellos" trata sobre a xubilación, o respecto aos maiores, o paso do tempo, das pagas e pensións; "Festas de gardar (na memoria)" fala das festas de Reis, de Nadal, do Entroido e do consumismo. "Xente, xentiña, xentalla e ata bichos" reflexiona sobre o racismo, a ludopatías, as ideoloxías, a delincuencia, o culto ao corpo, os inmigrantes ilegais, a formación curricular ou o trato cos animais. En "Reflexións" salienta o egoismo, a intertextualidade coa propia obra, o concepto de sabio, a modestia ou o inconformismo. En "Política versus traballo" reflexiona sobre a liberdade de expresión e a expresión da liberdade, os programas e votacións electorais, a corrupción política, a enerxía eólica, a contaminación do mar, a eliminación de barreiras arquitectónicas ou os dereitos á manifestacións. Finalmente en "E os que quedan" reflexiona sobre os puntos do carné de conducir, os faladoiros dos cafés, a deshumanización da cidade, o concepto de arte contemporánea, o uso de internet a riqueza ou a inxustiza.

Marín, Xaquín (coord.), *Sorrisos e boa colleita. Unha homenaxe dos humoristas gráficos galegos ao noso rural*, A Coruña: Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galiza (Bantegal)/Xunta de Galiza. Consellería do Medio Rural, 2008, 91 pp. (D.C: C 3814-2008).

Esta escolma de viñetas coordinada por Xaquín Marín (Ferrol, 1943) é concibida como un libro-homenaxe dos humoristas gráficos galegos ao mundo rural con motivo do aniversario do nacemento do Banco de Terras de Galiza (Bantegal). O libro consta de corenta viñetas de corenta autores diferentes, ademais dun prólogo institucional e doutro a cargo de Xaquín Marín Formoso titulado "Humor e agro", onde salienta o humor peculiar galego "onde a ironía se recrea na retranca" e xorden voces para evitar que se perda ese humor, recuperado a través de diferentes actuacións como a inauguración do Museo do Humor en 1984, ou mostras itinerantes como a de Siro co manifesto "En defensa do Humor". Cada unha das viñetas vai acompañada na páxina esquerda dunha pequena biografía (centrada sobre todo na obra xornalística) do humorista gráfico que a realizou. Entre eles, destacan dende autores clásicos como o caricaturista Siro López, Xosé Lois González Vázquez ("O Carrabouxo", personaxe e seudónimo do humorista ourensán), Pepe Carreiro, Fernando Quesada Porto (que ten tamén como faceta, a de pintor profesional) e Xaquín Marín, coordinador desta obra e director do Museo de Humor de Fene; até novos autores xa consolidados no humor gráfico galego como David Rubín ou Kiko Da Silva (director da revista *Retranca*). Todos eles tratan de mostrar os cambios acontecidos no agro galego grazas á creación do Bantegal (Xaquín Marín), ademais doutras transformacións, ás veces reflectidas de forma negativa, como

a aparición dos muíños eólicos (Carlos, nome literario de José Carlos Sardiña Rodríguez).

Referencias varias:

- E. P., "Os humoristas gráficos galegos deitan nun libro o seu compromiso co rural", *El Correo Gallego,* "Cultura", 27 novembro 2008, p. 67.

Anúnciase a presentación da obra *Sorrisos e boa colleita*, coordinada por Xaquín Marín e artellada por corenta humoristas galegos. Dise que a obra pretende promover un achegamento á normativa agraria, para cultivar as superficies que fiquen abandonadas. Salienta que neste cómic participaron creadores como Manuel Cráneo, David Rubín ou Kiko da Silva e tamén colaboradores do Grupo Correo Gallego como Salas, López, H. M, M. B. Rey e Sabela Arias.

- T. M., "Sorrisos e boa colleita' aborda el mundo rural desde la retranca de 41 dibujantes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 novembro 2008, p. 50.

Breve artigo que informa da temática do libro *Sorrisos e boa colleita*. Dise que esta obra está coordinada por Xaquín Marín, e nela participaron corenta humoristas galegos e que é unha reflexión humorística sobre a proposta da Consellería do Medio Rural do Banco de Terras.

Portela, Carlos, *A conta atrás.Parte I*, ilust. Sergi San Julián, limiar de Manuel Rivas, Vigo: Faktoría K de Libros, [mocidade], agosto 2008, 95 pp. (ISBN:978-84-9657-16-9).

Carlos Portela (Vigo, 1976) sitúa a obra no ano posterior á marea negra. O título fai referencia ao xeito de narrar os feitos, pois vai rememorando a historia do desastre en sentido inverso. Portela válese de abundantes flash-backs para narrar a vida dos protagonistas, antes e despois da catástrofe ecolóxica. A narración fai unha crítica incisiva ao comportamento dos políticos e dos medios durante a catástrofe, e tamén a subxugación dos mariñeiros ao aceptar as axudas e votar de novo ao partido que gobernaba naquel intre. Entre os *flash-backs* transcorre o momento actual, no que os políticos levan a cabo unha campaña coa que pretenden transmitir a suposta recuperación do sector pesqueiro e do medio ambiente. Pero a campaña non é máis ca unha manipulación levada a cabo polos medios de comunicación e a política. Presenta ilustracións de Sergi San Julián de estilo cómic, coa distribución clásica das viñetas, coa cor aplicada con tinta plana e con algo de sombra para crear certa apariencia de volume. Predomina un cromatismo frío. As caras dos personaxes están debuxadas con detemento nun estilo caricaturesco pero con gran riqueza de detalles nas expresións e nas faccións.

Recensións:

- Diego E. Barros, "Exorcizar a pantasma dunha xeración", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 723, "De banda deseñada", 24 agosto 2008, p. 7.

Reflexiónase sobre as obras de Banda deseñada: *A conta atrás*, de Carlos Portela

(guionista) e Sergi San Julián (debuxante); e *O Boneco*, de Michael Alzéal. Trátase o argumento e faise loanza da súa calidade artística e argumental; sobre todo párase n'*A conta atrás*, posto que relata dende a Banda deseñada a traxedia do Prestige. Reflexiónase ao fío das verbas de Manuel Rivas no prólogo que aínda existen feridas abertas "Moitas, aínda, sen cicatrizar" e indícase que os autores fixeron "un exercicio narrativo de envergadura" para amosar a Muxía trasmutada en Caldelas nun flash-back e cunha "rica galería de personaxes" que presenta de xeito obxectivo "para que sexa o lector o encargado de quitar as súas propias conclusións" Remátase apuntando que a segunda parte será presentada no próximo Salón do Cómic de Barcelona e que se trata dunha "coidada edición" da que salienta o prólogo de Rivas e as entrevistas cos autores porque o escritor sinala que cómpre "buscar as causas a todo ese tipo de comportamentos".

- María Lado, "A seis anos do barco", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 16.

Dáse conta da publicación da novela gráfica de Carlos Portela e Sergi San Julián, *A conta atrás*. Explícase que a temática da obra xira arredor do afundimento do Prestige, o que lle permite presentar o problema non coa precipitación doutros títulos que saíron ao pouco tempo da catástrofe, senón cun enfoque máis reflexivo. Canto ao estilo sinala que se elixe o *flashback*, o que lles permite analizar as causas do acontecido dende diferentes perspectivas. Tamén se sinala que o escenario utilizado é un trasunto de Galicia, que podería ser calquera lugar que teña costa e poida padecer este tipo de problemas. Ponse de manifesto a importancia dos axentes políticos e mediáticos, nun retrato poliédrico que ofrece un cadro completo de todos os implicados, aínda que se agarda unha segunda entrega para coñecer o desenlace dalgúns acontecementos. Remátase destacando o labor do ilustrador, San Julián, que achega elegancia e expresividade ao volume.

- Marcos S. Calveiro, "Historia dos días de chapapote" *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Cultura", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 36.

Coméntase a obra *A conta atrás*, do autor Carlos Portela da que se afirma que non lle gusta a descontextualización levada a cabo no libro aínda que o resultado é bo. Tamén as ilustracións de Sergi San Julián lle merecen ao autor unha boa opinión, agás os fondos, que el considera demasiado uniformes.

Referencias varias:

- Diego E. Barros, "A banda deseñada sen barreiras abre as portas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 721, "Reportaxe", 10 agosto 2008, pp. 2-3.

Informa da inauguración da XI edición de Viñetas desde o Atlántico que terá lugar na Coruña baixo a dirección de Miguelanxo Prado. Comenta que agora xa é unha cita fixa dos amantes da banda deseñada e informa que este ano a exposición cambia de lugar. Tamén salienta que neste festival os autores se poñen en contacto directo cos lectores e mostran os seus traballos orixinais, ademais de ter acceso á BD galega grazas a Polaquia, BDBanda ou a revista *Retranca*. Así mesmo, lembra algúns dos grandes creadores que pasaron por Viñetas e comenta que este ano os protagonistas serán Francisco Solano López, Howard Cruse e Mark Buckingham. A continuación analiza a

traxectoria de cada un destes autores invitados e cita algunhas das súas obras. Nun á parte informa de que as editoriais aproveitarán para presentar as súas novidades: *Doctor Mortis*, de Alfóns Figueras da editorial El Patito Editorial; *O Tesouro de Carraxe*, de GoChi de Cerditos de Guinea; e *A conta atrás*, de Carlos Portela e Sergi San Julián, da que comenta que sairá en dous volumes e que narra as consecuencias da catástrofe do naufraxio do Prestige.

- Anxa Correa "Autores que viven as súas viñetas", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 13 agosto 2008, p. 72.

Informa da undécima edición do Salón Internacional do Cómic, en A Coruña. A autora sinala que é unha edición que deixa de lado aos superheroes e céntrase no cómic socialmente comprometido. Como exemplo disto, menciónase a obra do francés Olivier Ka, con *Por qué he matado a Pierre* e do estadounidense Howard Cruse con *Rubber stuck baby*. Dentro do artigo hai un apartado dedicado exclusivamente á presentación na Coruña do cómic *A conta atrás*, novela gráfica inspirada no Prestige, de Carlos Portela e editada por Faktoría K.

- Rodri García, "El 'Prestige' protagoniza la primera novela gráfica gallega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 agosto 2008, p. 36.

Coméntase que é a primeira novela gráfica galega e que ten como protagonista a catástrofe do Prestige, da que vai narrando o acontecido dende o máis recente. Fálase do argumento xeral da obra que mestura ficción e realidade e destácase que inclúe un prólogo de Manuel Rivas e unha entrevista aos dous autores. Por último, anúnciase unha segunda parte da obra.

- Roberto G. Méndez, "Todos somos un poco responsables de lo que pasó con el 'Prestige'. Y no excluyo a nadie", *El Correo Gallego*, 17 agosto 2008, contracuberta.

Faise unha reflexión vital sobre as sensacións que lle produce o libro *A Conta Atrás*, novela gráfica de Carlos Portela debuxada por Sergi San Julián que narra a catástrofe natural do Prestige. Méndez pide a Portela que o exima, que el non foi culpábel do petroleiro, pois Portela na súa creación afirma que todos somos un pouco culpábeis e que non estamos preparados para outra catástrofe deste tipo.

- Ana Blanco, "La Fnac acojerá un ciclo de cine sobre Europa y África", *La Opinión*, "A Coruña", 30 agosto 2008, p. 11.

Explica pormenorizadamente o programa cultural do Fórum da Fnac. Ademais da presentación de discos, documentais e filmes, será tamén a presentación do poemario de Antón Reixa, *Látego de Algas*. Dise que os actos finalizarán coa presentación literaria dos autores Carlos Portela e Sergi San Julián coa novela gráfica *A conta atrás.*

-M. Barros, "Historietas para o outono" *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, p. 31.

Informa das novidades que grazas a editoras e colectivos de banda deseñada verán a luz: *De Profundis*, de Miguelanxo Prado; *Aventuras no Camiño de Santiago*, de Primitivo Marcos; *Terra Libre*, de Fran Jaraba, e *A conta atrás* de Carlos Portela. O artigo tamén

se fai eco do novo número da revista do colectivo de debuxantes Polaqia, *Barsowia*. Dise que este colectivo publica tamén tres álbums autoeditados: *Prime Time Holocausto*, de Álvaro López; *Rara Avis*, de Iván Suárez e *Polaqia Sketch-Book*, de Roque Romero.

Tomás, Xosé, *Compañeiros. Homenaxe ás vítimas do Portiño*, A Coruña: Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica, novembro 2008, [20] pp. (DL: C-4286-2008). ■

Álbum de banda deseñada de curta extensión e distribuído de balde no que Xosé Tomás (Betanzos, 1971) recrea unha historia real, un episodio acontecido durante a Guerra Civil, cando un grupo de republicanos pretendían fuxir da Coruña embarcando dende o peirao do Portiño. Un chivatazo á Garda Civil abortou o plan e un cento de persoas foron detidas e represaliadas. A historia cóntaa un exiliado dende París, pasado o tempo dos feitos. A distancia temporal márcase empregando o branco e negro para as escenas que transcorren no pasado e a cor na páxina inicial que introduce a historia e na final que a cerra. As cores deste libros de banda deseñada están moi matizadas, son cores escuras da gama dos grises que acompaña ben ao contido tráxico do relato.

VII.4.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Marcos, Primitivo, *Aventura no camiño de Santiago. Libro 1*, ilust. do autor, limiar de Francisco Singul, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, outubro 2008, 58 pp. (ISBN: 978-84-936632-1-6). ■

O presente volume recolle os tres primeiros episodios que o debuxante Primitivo Marcos (Lugo, 1962) publicou nos anos 1996, 1997 e 1998: "O cabaleiro", "A meniña" e "A familia, nunha edición en caderniños independentes e de formato apaisado, realizada pola Deputación Provincial de Lugo coa que o autor mereceu o Premio Ourense de Banda Deseñada en 2000. Ademais, inclúese a cuarta destas entregas, titulada "A doncela", que daquela quedou inédita e ve a luz por vez primeira neste volume recompilatorio. Antes das historias, o especialista en cultura xacobea Francisco Singul, salienta no limiar as posibilidades de ficción que ofrece a historia do Camiño de Santiago e valora especialmente a documentación manexada polo debuxante á hora de construír os seus escenarios e integrar as múltiples lendas e datos que arrodean a peregrinación. A seguir, no apartado "Portafolio", preséntase unha escolma do traballo preparatorio para a realización de cada un dos episodios mediante unha ampla selección de bosquexos do debuxante e guionista. Os protagonistas destas historietas son os catro membros dunha familia nobre que viaxa en peregrinación a Compostela na compaña do seu séquito. Adquiren especial protagonismo os dous cativos, Xulián e Susana. A primeira entrega, "O cabaleiro", coa que arrinca a serie, sitúanos no século XIII no Cebreiro. Xulián bate no bosque cuns asaltantes e é salvado por un misterioso cabaleiro que se dedica a coidar dos peregrinos como acto de expiación das súas culpas do pasado. En "A meniña" desenvólvese unha aventura noutra etapa do Camiño, en Triacastela, onde Susana socorre unha muller enferma e necesitada de alimentos tras facer amizade coa súa filla Rosa. En "A familia", os protagonistas chegan a Samos tras unha carreira na que as mulleres van por un lado e os homes por outro por se desputaren quen chegará antes. Finalmente, en "A doncela", os rapaces atopan na fraga de camiño a Sarria, a Clara, unha muller que cada noite se converte en loba e por iso vive afastada da xente. Susana e Xulián tentan axudala a liberarse do seu feitizo.

Referencias varias:

- M. Barros, "Historietas para o outono" *A Nosa Terra*, n.º 1.325, "Cultura", 18-24 setembro 2008, p. 31.

Informa das novidades que grazas a editoras e colectivos de banda deseñada verán a luz, entre elas está a obra *Aventuras no Camiño de Santiago*, de Primitivo Marcos, xunto a outras como *De Profundis*, de Miguelanxo Prado; *Terra Libre*, de Fran Jaraba, e *A conta atrás* de Carlos Portela. O artigo tamén se fai eco do novo número da revista do colectivo de debuxantes Polaqia, *Barsowia*. Dise que este colectivo publica tamén tres álbums autoeditados: *Prime Time Holocausto*, de Álvaro López; *Rara Avis*, de Iván Suárez e *Polaqia Sketch-Book*, de Roque Romero.

- M. B., "Internet axilizou a documentación do cómic histórico", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 26.

Entrevista a Primitivo Marcos co gaio da reedición dunha parte da súa obra *Aventura no Camiño*, que viu a luz no 1996 pero houbo anacos que quedaron inéditos. Marcos explica cómo xorde a obra, os avatares polos que pasou e que a familia protagonista moi posibelmente chegará a Santiago no 2010. Afirma que na súa obra hai un gran proceso de documentación, que actualmente é moito máis rápido e sinxelo grazas a Internet.

- C. P., "Aventura no Camiño de Santiago é un álbum para adultos e para rapaces", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 21 novembro 2008, p. L16.

Entrevista a Primitivo Marcos, co gaio da presentación do seu álbum de banda deseñada *Aventura no Camiño de Santiago*. Marcos afirma que é unha obra para adultos, pero que ten tintes atractivos para todos os públicos. Comenta tamén que o próximo número verá a luz no 2010. Remata explicando a gran satisfacción que lle produce ver editado o álbum.

- V. Oliveira "Pasos en terra firme", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2008, p. 35.

Informa da celebración do primeiro aniversario da editorial El Patito Editorial que se vai levar a cabo na Fundación Torrente Ballester. Co motivo deste aniversario presentarase o cómic *Aventura no Camiño de Santiago*, do autor Primitivo Marcos. O artigo tamén desvela os próximos proxectos da editorial que son a publicación de *As dúas viaxes*, de Xaquín Marín, a versión galega de *Stratos*, de Miguelanxo Prado, e a incorporación de dous novos autores: Miguel Calatayud e Fran Bueno.

- Diego E. Barros, "Tres lecturas atrasadas e moi diferentes", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n. 738, "De banda deseñada", "Críticas non atendidas", 7 decembro, p. 9.

Comeza recoñecendo a aposta de El Patito Editorial no seu primeiro ano de vida para publicar cómics descatalogados ou para editalos en galego. Estabelece unha comparación entre *Doctor Mortis*, de Alfóns Figueras, e *Aventura no camiño de Santiago*. Da primeira precisa que vira a luz nas cubertas das desaparecidas revistas *Vampus* e *Dossier Negro* e que debería tela todo afeccionado ao cómic pola súa "calidade artística" e polo humor negro que contén. Do segundo álbum comparado critica o resultado do proxecto, porque indica que Primitivo Marcos falla na narración e no argumento, xa que sobresae o didactismo mais apunta que o álbum fora merecente do Premio Ourense de Banda Deseñada en 2000. Explica que a nova edición de *Aventuras* engade un novo capítulo inédito, "A Doncela", aos dous xa publicados entre 1996 e 1998 pola Deputación de Lugo.

- Ana Ramil, "Agasallos en lingua propia", *Faro de Vigo*, contracuberta/*La Opinión*, 23 decembro 2008, p. 22.

Critica o feito de que a maioría dos xoguetes para os nenos non presenten como opción a lingua galega e salienta que só no comercio xusto se poden atopar unhas marionetas que inclúen contos en galego. Pola contra, destaca a importancia das editoriais galegas que se dedican ao libro infantil e xuvenil. En columna á parte, salienta a presenza do cómic galego con *Aventura no Camiño*, de Primitivo Marcos e destaca as obras traducidas *As serpes cegas*, de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández; *Bícame profe*; *Maus, relato dun supervivente*, de Art Spiegelman; e *Os cinco narradores de Badgad*.

VII.4.3. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS E REEDITADOS

Dudi, *Home*, *sweet home*, trad. Isabel Soto, presentacións de Xan López Domínguez e Fausto Isorna, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. Biblioteca Feima. Clásicos da historieta galega, n.º 2, agosto 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-612-4532-1). ■

De acordo cos criterios desta colección que edita a empresa especializada en cómic El Patito Editorial, en *Home, sweet home*, de Dudi, pseudónimo de Eduardo Galán Blanco (Ferrol, 1957), recupérase unha obra que forma parte da historia da banda deseñada galega. Recompílanse no volume todas as tiras da serie, agás dúas, publicada inicialmente no semanario ferrolán *Porta Nova* en 1987 e despois no *Diario de Galicia* tamén en Ferrol a partir de 1988. As tiras que conforman *Home, Sweet Home* teñen como leitmotiv o erotismo e como destinatario o público adulto. Presentan a intimidade da sensual e anónima protagonista no seu cuarto, arrodeada de peluches que opinan e comentan todo o que fai a súa ama, entre os que ten un especial protagonismo Marsupilami. Precedendo á reprodución das tiras inclúense dúas presentacións. Xan López Domínguez, da mesma xeración que Dudi, co que comparte unha grande amizade, lembra o Ferrol gris que viu nacer os seus primeiros traballos no mundo do debuxo. Fausto Isorna salienta, entre outros aspectos, que no momento da súa publicación orixinal *Home, sweet home* destacou por ir contracorrente dos temas que trataba a historieta galega -políticos, de denuncia ou humorísticos-, e incide no mundo referencial que abrangue, en especial o cinema, a literatura e os cómics.

Referencias varias:

- M.B., "A obra de Miguel Anxo Prado inaugura Clásicos da Historieta Galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 abril 2008, p. 54.

Coméntase a próxima publicación deste volume que publica El Patito Editorial e Feima na colección "Biblioteca FEIMA de Clásicos da Historieta Galega" coa intención de rememorar historias do pasado, e que será o segundo volume. Dáse conta de que a obra ilustrada por Miguelanxo Prado, *Os compañeiros. A orde da pedra*, publicada entre 1980 e 1981 en *La Voz de Galicia*, será a que inaugure a colección.

- M. Barros, "O cómic igual que a literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Cultura", 8-14 maio 2008, p. 39.

Afirma que a banda deseñada goza de mellor saúde que en décadas anteriores, porén di que dista moito de acadar as cotas de normalización como ocorre noutros países veciños. Apunta que en Galicia só a editorial Faktoría K publica de xeito profesional e menciona a creación doutro selo editorial especializado, El Patito Editorial. Por outra banda, salientánse algúns dos últimos libros publicados e dise que "a posta máis forte da editora" é a edición das obras de Miguelanxo Prado ao galego, como *Os Compañeiros. A orde de pedra* ou *De Profundis*. Remátase nomeando os seus novos proxectos, que contará coa segunda entrega da Biblioteca Feima de Clásicos da Historieta Galega, *Home, sweet home*, de Eduardo Galán.

- Diego E. Barros, “O universo ao redor dunha cama”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 719, “De banda deseñada”, 27 xullo 2008, p. 7.

Comeza describindo o argumento do cómic *Home, Sweet, Home* e loando a tarefa editorial para despois centrarse na traxectoria do seu autor Eduardo Galán Blanco, de quen se precisa que se iniciou en fanzines e revistas e que o seu cómic destaca pola “grande complexidade” baixo a forma dunha “aparente sinxeleza”. Salienta a pluralidade de personaxes articulados ao redor de Marsupi, nunha “relación de admirción erótico-amorosa”. Remata apuntando a intertextualidade co cinema e a cultura e o “anceio dun París mitificado” que lembra a Compostela e Ferrol, e comparando a Dudi co clásico ilustrador Tardi.

Goscinny, R. e A. **Uderzo**, *Astérix. O gran foxo* [*Le grand fossé*, 1980]. *A odisea de Astérix* [*L’odyssée d’Astérix*, 1981]. *O fillo de Astérix* [*Le fils d’Astérix*, 1983], guión e debuxos Albert Uderzo, prólogo de David Cantero, trad. Valentín Arias, Isabel Soto e Xavier Senín, Navarra: Salvat, 2008, 144 pp. (ISBN: 978-84-345-0669-5).

Volume que recolle a tradución ao galego de tres aventuras de Astérix e Obélix, as primeiras que Albert Uderzo (Fismes, Francia, 1927) abordou en solitario tras a morte do seu compañeiro guionista René Goscinny en 1977. A edición ábrese cun prólogo do xornalista e escritor David Cantero, quen se declara afervoado seguidor destes personaxes e mais do talento dos seus creadores, agradecéndolle a Uderzo que non abandonase a creación de novas aventuras tras a desaparición do seu cómplice. N’*O gran foxo*, Astérix e Obélix van mediar na disputa que se desencadea nunha aldea veciña, dividida en dúas metades por un foxo a causa da rivalidade que existe entre os seus xefes, Tocadix e Segregaciónix, ambos desexosos de ostentar o poder. Mentres Segregaciónix, aconsellado polo raposeiro Acidonítrix, acorda pedirlles axuda aos romanos, Tocadix recorre á sabedoría de Panorámix. Finalmente, tras moitas intrigas, son os fillos dos xefes, Cómix e Fanzine, namorados en segredo, os encargados de reconciliar a aldea. N’*A odisea de Astérix*, Xulio César envía á Galia o druída Ceroceroseis para espiar a Panorámix e conseguir o segredo da poción máxica dos afoutos galos. Xa na aldea, Ceroceroseis descobre que os galos non poden facer a súa brebaxe porque o mercador fenicio Espigademillo esqueceu a encarga de aceite de rocha, un dos ingredientes da poción. Para conseguilo antes de que os romanos descubran a súa debilidade, Espigademillo emprende unha viaxe na compaña de Astérix, Obélix e mais do espía romano, que os levará polas terras de Oriente Medio para conseguir o ingrediente. N’*O fillo de Astérix*, os ruxerruxes invaden a aldea gala tras a aparición dun naipelo na porta da casa de Astérix. Tras sufrir as trasnadas do afouto bebé e a visita de varios romanos disfrazados que pretenden secuestralo, Asterix e Óbelix descubrirán por fin que se trata do fillo de César e de Cleopatra e aclararán o enredo.

Referencias varias:

- Marta Ribadulla, “Astérix vuelve en gallego”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 5 agosto 2008, p. 23.

Anuncia a tradución do cómic Astérix e Obélix, da autoría de Goscinny e Uderzo. Dise

que hai máis de trinta anos esta banda deseñada fora traducida por Eduardo Blanco Amor. Salienta que na actualidade varios capítulos están traducidos a vintecinco linguas entre as que figuran o catalán, pero non o galego. Por este motivo a Mesa pola Normalización Lingüística levou a cabo numerosas campañas de presión para a publicación do cómic en galego. Finalmente, a editorial Salvat Bruño foi a que levou a cabo o proxecto.

Hernández Cava, Felipe, *As serpes cegas*, ilust. Bartolomé Seguí, trad. Francisco Manuel Paradelo Rodríguez, Pontevedra: A.C. BD Banda, [mocidade], agosto 2008, 72 pp. (ISBN: 978-84-612-497-7-0).

Felipe Hernández Cava (Madrid, 1953) desenvolve este cómic ao redor dun triángulo de personaxes entre a cidade neoiorquina e España nos anos da guerra civil española. Estruturado en sete capítulos, a historia alicérzase na procura dun dos protagonistas, Ben Koch, orixinalmente un aliado de Curtis Rusciano, outro dos personaxes principais e finalmente o seu inimigo. Cada capítulo describe os acontecementos que se producen a partir desa busca de xeito intercalado entre o escenario neoiorquino e o español. O labor ilustrativo de Bartolomé Seguí (Mallorca, 1962) aparece reflectido en viñetas perfectamente axustadas ao contido textual, adoptando un colorido centrado en tons escuros na súa maioría e un realismo case fotográfico.

Referencias varias:

- Ana Ramil, "Agasallos en lingua propia", *Faro de Vigo*, contracuberta/*La Opinión*, p. 22, 23 decembro 2008.

Critica o feito de que a maioría dos xoguetes para os nenos non presenten como opción a lingua galega e salienta que só no comercio xusto se poden atopar unhas marionetas que inclúen contos en galego. Pola contra, destaca a importancia das editoriais galegas que se dedican ao libro infantil e xuvenil. En columna á parte, salienta a presenza do cómic galego e destaca as obras *As serpes cegas*, de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández; *Bícame profe*; *Maus, relato dun supervivente*, de Art Spiegelman; *Aventura no Camiño*, de Primitivo Marcos e *Os cinco narradores de Badgad*.

Spiegelman, Art, *Maus. Relato dun supervivente*, (*Maus. A Survivor's Tale*, 1992), trad. do inglés Diego García Cruz, Palma: Inrevés Edicións, col. Bueno&Raro, maio 2008, a partir de dez anos, 295 pp. (ISBN 978-84-935415-4-5).

Art Spiegelman (Estocolmo, 1948), premio Pulitzer en 1992, ilustra e crea esta novela gráfica na que se narra en dous tomos o que Vladek Spiegelman, pai do autor, viviu antes e despois de que Alemaña ocupase Polonia en 1935 xunto á súa esposa e ao primeiro fillo. A historia é contada polo propio Vladek mentres que o seu fillo interpreta cada unha das súas palabras neste "comic" onde os xudeus están representados por ratos, os alemáns son gatos, os norteamericanos son cans e os polacos, porcos. Este achegamento parece infantil pero grazas a esta personificación animal conséguese o impacto que tivo a publicación. Destaca a forma en que se conta como a comunidade xudía foi desgastándose para sobrevivir, ou o nivel de desensibilización que se deu entre

os prisioneiros dos campos de concentración para poder soportar as torturas ás que eran sometidos diariamente, xa que o que se le, aínda cando tomou a forma dun comic, é un testemuño real. A historia comeza cun Vladek vello e enfermo, cuxa relación co seu fillo non é boa e que ademais reproduce o estereotipo común do xudeu avaro. Tanto Art como o seu pai son sobrevivintes, Vladek, de Auschwitz e do suicidio da súa muller e Art, sobrevive á difícil relación co seu pai, ao suicidio da súa nai e ao recordo do irmán que non coñeceu e que foi vítima do holocausto. Ao final do volume asina o autor e engade as datas 1978-1991.

Recensións:

- Ruth López, "Os ratos de 'Maus' padecen en galego", *El Progreso,* "Vivir", "Premio Pulitzer", 15 xuño 2008, pp. 66-67.

Informa da publicación en galego de *Maus*, de Art Spiegelman, composta de dúas partes e publicadas nun só tomo. Sinálase a importancia deste cómic, que obtivo o Premio Pulitzer en 1992. A continuación, cóntase que Spiegelman se decidiu a contar a historia do pai en forma de cómic. Indica tamén que o autor fai unha "fonda e consciente autocrítica que se afasta da recorrente autocompasión polo Holocausto". Por outra parte, apúntase aos inicios deste cómic, cando comeza a visitar ao seu pai, Vladek, de maneira que se reflicte tamén a relación entre o pai viúvo e o fillo. Para rematar, realiza unha semblanza biográfica de Art Spiegelman.

- M. B., "A novela gráfica *Maus* en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.316, "Cultura", 26 xuño-2 xullo 2008, p. 38.

Despois de dar noticia da publicación en galego de *Maus*, obra de Art Spiegelman e de que a tradución correu a cargo de Diego García, coméntase polo miúdo a temática e a caracterización dos personaxes. Remata aludindo ao principio de acordo asinado pola editora e a Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural, polo que se poderá ler esta obra en galego nas bibliotecas públicas de Galicia.

Referencias varias:

- Xavier Sanmartín C., "Vou editar o 'Maus' en galego e éuscaro", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 700, "Galicia vista dende fóra", 16 marzo 2008, p. 19.

Saliéntase que Francesc Capdevila, Max, foi o gañador do primeiro Premio Nacional de Cultura co seu libro *Bardín, o superrealista* e que o seu novo obxectivo é o seu labor como editor de *Maus* para a edición en catalán, galego e éuscaro, que se levará a cabo na editorial Inrevés Edicións.

- Anxa Correa, "A BD, unha arte 'máis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Historieta", 1 abril 2008, p. 44.

Entrevista ao gañador do primeiro Premio Nacional de Cómic, Francesc Capdevila, quen opina que o cómic debería estar ben visto pola sociedade como unha arte entre as demais. Por outra parte, comenta que cando creou Bardín pretendía que o personaxe non tivera "ningún dos vicios que adoitan ter os personaxes de cómic" e salienta que o

importante é o que lle ocorre a Bardín, que reacciona dun xeito imprevisíbel. A continuación, valora de notábel a vitalidade do cómic en Galicia e remata aludindo á compra dos dereitos para a publicación en galego de *Maus*, de Art Spiegelman.

- Jaureguizar, "Confiamos en que la Xunta nos facilite el acceso a la educación", *El Progreso*, "Vivir", 15 xuño 2008, p. 67.

Entrevista a Francesc Capdevila, Max, editor de Inrevés que publicou en galego *Maus*. Opina que a publicación do cómic se realizou primeiro en catalán e que, ao ver que funcionaba ben, probaron a publicala en galego, informándose antes do mercado das traducións en Galicia. Declara que confia en que a Xunta lles facilite o acceso ao mundo educativo así que xunto co cómic editan unha guía didáctica. A continuación, fala dos seus proxectos persoais despois de gañar o Premio Nacional do Cómic e sinala que o boom do cómic en Galicia é real e que hai unha alta calidade dos autores.

- Jorge Casanova, "Unha editorial balear traduce *Maus* o galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xuño 2008, p. 31.

Despois de destacar que a obra de banda deseñada *Maus* é a única novela gráfica que acadou o premio Pulitzer, fálase que foi traducida a unha gran cantidade de idiomas, entre eles ao galego grazas ao labor da editorial balear Inrevés.

- Marcos S. Calveiro, "A idade de ouro da novela gráfica", *A Nosa Terra*, n.º 1.324, "Magazine", "Unha nova narrativa", 11-17 setembro 2008, pp. 42-43.

Comeza lembrando as opinións despectivas cara a novela gráfica existentes hai trinta anos para despois precisar que na actualidade esta valoración crítica se atopa "no seu punto álxido". Precisa así mesmo que agora tamén se considera "un produto cultural de primeira orde" e interrógase sobre cal foi a mudanza, ao que responde que se debe a que vivimos nunha era "catódica e pixelada" e pola calidade dalgunhas novelas gráficas publicadas, como *Maus*, entre outras. Invita a acudir a unha boa librería para buscar novelas gráficas, porque se apreciarán os seus recursos literarios, e tamén invita ás editoriais a traducir ao galego importantes títulos de novela gráfica e a que aposten polos debuxantes e guionistas, salientando as primeiras achegas de Factoría K. Remata contando que o seu fillo para xogar coa nintendo debe dedicar antes o mesmo tempo a ler.

- Ana Ramil, "Agasallos en lingua propia", *Faro de Vigo*, contracuberta/*La Opinión*, 23 decembro 2008, p. 22.

Critica o feito de que a maioría dos xoguetes para os nenos non presenten como opción a lingua galega e salienta que só no comercio xusto se poden atopar unhas marionetas que inclúen contos en galego. Pola contra, destaca a importancia das editoriais galegas que se dedican ao libro infantil e xuvenil. En columna á parte, salienta a presenza do cómic galego con *Aventura no Camiño*, de Primitivo Marcos, e destaca as obras traducidas *Maus, relato dun supervivente*, de Art Spiegelman; *As serpes cegas*, de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández; *Bícame profe*; e *Os cinco narradores de Badgad*.

Vehlmann, Fabien, *Os cinco narradores de Bagdad* (*Les cinq conteurs de Bagdad*,

2006), ilust. Frantz Duchazeau, trad. David Gippini Fournier, Vigo: Faktoría K de Libros, [mocidade], abril 2008, 80 pp. (ISBN:978-84-96957-31-2).

O califa de Bagdad organiza un concurso no que será premiado o narrador da mellor historia e executado o que narre a peor. Os cinco personaxes que polas súas dotes narrativas parecen ser os máis propicios para acadar tal premio emprenden unha viaxe polo mundo para enriquecerse con narracións descoñecidas. As predicións dunha adiviña con respecto á viaxe terán unha grande influencia nos viaxeiros e ao mesmo tempo anticiparalles as estrañas historias coas que se irán atopando polo camiño. O texto de Fabien Velhmann (Mont de Marsan-Francia, 1972) divídese entre os diálogos dos personaxes e as explicacións, fóra das viñetas, dun narrador misterioso que só nos fala en persoa dende dentro das viñetas ao comezo, ao final, e incluso nalgún momento decisivo no medio da historia. As cores empregadas por Frantz Duchazeau (Angoulême, Francia, 1971) axudan a crear os distintos ambientes e incluso resultan icónicos nalgunhas escenas, como o vermello nas viñetas máis sanguentas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Dun singular e intenso cómic ao surrealismo 'made in' Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 263, "Letras en galego", 24 maio 2008, p.13.

Recomenda a lectura da obra de banda deseñada *Os cinco narradores de Bagdad*, do autor francés Vehlmann. Salienta o labor deste autor e comenta que esta obra se fundamenta nos contos das *Mil e unha noites*, tamén destaca a ironía con que está construída e o universo verosímil que presenta. Indica que o relato mostra unha estrutura itinerante e destaca as ilustracións de Duchazeau.

Referencias varias:

- Ana Ramil, "Agasallos en lingua propia", *Faro de Vigo*, contracuberta/*La Opinión*, 23 decembro 2008, p. 22.

Critica o feito de que a maioría dos xoguetes para os nenos non presenten como opción a lingua galega e salienta que só no comercio xusto se poden atopar unhas marionetas que inclúen contos en galego. Pola contra, destaca a importancia das editoriais galegas que se dedican ao libro infantil e xuvenil. En columna aparte, salienta a presenza do cómic galego con *Aventura no Camiño*, de Primitivo Marcos, e destaca as obras traducidas *Os cinco narradores de Badgad*; *As serpes cegas*, de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández; *Bícame profe*; *Maus, relato dun supervivente*, de Art Spiegelman.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Hermida Gulías, Carme, *Xosé María Álvarez Blázquez. Un heroe galego*, deseño e ilust. Mauro Trastoy, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Galicia Hoxe, [lectorado autónomo], 2008, 26 pp. (ISBN: 978-84-7824-545-1). ■

Ver apartado IV.2 Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Mociño González, Isabel, Marta **Neira Rodríguez**, Ana Margarida **Ramos** e Sara **Reis da Silva** (coords.), *Do Livro à Cena*, ilust. Gémeo Luís, Porto: Deriva Editores/Xunta de Galicia (Consellería de Educación. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia/LIJMI (Red Temática "Las Literaturas Infantiles y Juvenilies del Marco Ibérico e Iberoamericano"), novembro 2008, 198 pp. (ISBN: 978-972-9250-37-8). ■

Volume no que se reúnen os traballos presentados nos XIII^{os} Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil, celebrados na Biblioteca Municipal de Almeida Garrett, do Porto, entre os días 15 e 17 de novembro de 2007. Como se explica na breve introdución de Ana Margarida Ramos, baixo o lema "Do livro á cena" especialistas procedentes das tres comunidades lingüísticas (portuguesa, galega e francesa) reflexionan sobre o texto dramático e o seu tratamento como espectáculo teatral dirixido á infancia e mocidade, ao que se unen os testemuños dos propios escritores. Todos os traballos aparecen organizados baixo seis epígrafes "Estudos sobre a literatura dramática", "Encontros com autores", "Actividades para a promoção e divulgação: projectos e experiências", "Ateliers", "Apresentações" e "Exposições". Os textos referidos á literatura infantil e xuvenil galega son os que seguen:

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Panorámica da literatura dramática infantil e xuvenil galega", "Estudos", pp. 45-78.

Breve panorámica na que se repasa a produción dramática infantil e xuvenil galega, na que se estabelecen diferentes períodos, nos que se detén na obra ou autor máis emblemático. Neles tamén hai alusións á produción escénica de cada momento. Deste modo, no inicial, denominado "Primeiros textos da literatura dramática infantil e xuvenil galega (até 1950)", percórrese a escasa produción que xurdiu a finais do século XIX de carácter moralizante e as primeiras obras que ven a luz na "Época Nós", das que se centra en *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), de J. Acuña. Esta primeira etapa dá paso a "Un novo agromar e os verdadeiros inicios (de 1950 a 1980)", período que analiza na década dos sesenta e dos setenta, destacando na primeira a grande actividade de asociacións culturais e a actividade levada a cabo no exilio, para deterse en *Barriga verde*, de Manuel María. Da década dos setenta sinala algúns dos feitos que animaron o panorama da produción, na que sinala diferentes tendencias que xiran arredor dos denominados "mundos máxicos", "crítica social", "práctica escolar" e "recuperación e recreación de símbolos, ambientes populares e literarios galegos". Pola innovación que

representaron nesta década salienta o papel de Carlos Casares con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) e de Manuel Lourenzo con *Viaxe ao país de ningures* (1977). En "Asentamento e consolidación (de 1980 ao 2000)" detense nos feitos que máis influíron na produción de cada unha das décadas e organiza a produción nas tendencias temáticas e formais estabelecidas no período anterior, ás que agora se engade "recreación dos contos de transmisión oral e da tradición literaria". Nestas décadas detense na produción de autores como Euloxio Ruibal, Ana María Fernández, Xoán Babarro e An Alfaya. Por último, en "Século XXI (2000 a 2006). Innovacións", comeza puntualizando aqueles aspectos que máis incidiron na produción dramática, entre eles a implantación das novas tecnoloxías, a creación de novos colectivos de investigación, a consolidación dos premios ou o asentamento do hábito lector, que inciden no aumento da produción. Ademais de facer unha selección daqueles títulos que responden ás diferentes tendencias temáticas, detense na figura de Cándido Pazó e Paula Carballeira. Péchase o estudo cunhas breves conclusións nas que se recollen os números de obras publicadas en cada período e as principais características globais desta produción, que dá paso á bibliografía activa organizada segundo cada un dos períodos marcados, que axudan a visibilizar o corpus da dramaturxia galega dirixida á infancia e mocidade.

- Carlos Labraña e Ánxela Gracián, "Escrita para Teatro e Representação no contexto galego", "Encontros com autores", pp. 102-116.

Encontro con escritores galegos no que saen a lume diferentes aspectos da escrita teatral e da posta en escena para o lectorado infantil e xuvenil en Galicia. Están presentes neste encontro Euloxio Ruibal, que é entrevistado por Carlos Labraña, e Cándido Pazó, que conversa con Ánxela Gracián. Comeza falando Euloxio Ruibal, que mostra a súa satisfacción por participar nun evento que ten como obxecto central o teatro dirixido á infancia e tamén polo labor que no terreo da investigación se está levando a cabo. A seguir fai un percorrido pola súa vinculación co teatro dende a infancia, o seu paso polos escenarios como actor en grupos como DITEA, onde comezou o seu interese polo teatro infantil, así como o feito de ser pai, até o seu labor como director e finalmente autor. Tamén lembra o labor fundamental de asociacións como O Facho ou o Galo, que fomentaron a creación para a infancia, refírese tamén a como xurdiu *Brinquemos ao teatro*, un volume seu no que se recollen vinte e cinco pezas, publicado para que estivese presente nos centos educativos e bibliotecas para que se puidesen poñer en escena. Sobre a publicación de teatro infantil en Galicia considera que as editoriais son remisas a facelo por pensar só no mercado e que a súa experiencia coa publicación deste último libro foi satisfactoria no plano persoal, aínda que non cobrou como autor. Remátase cunha breve achega á peza "O aparello trocatempos", na que se trata o cambio climático e a especulación urbanística, dous temas de plena actualidade, e da que explica porqué foi representada en catalán e non en galego. A seguir intervén Ánxela Gracián e Cándido Pazó, que fala dos seus inicios no teatro amador en Vigo e que chegou á escrita para nenos despois de ver unha representación de rapaces con necesidades especiais en París. Sobre a relación do teatro coa infancia, considera que unha boa parte das súas historias parten dese momento e que o argumento d'*O merlo branco* está moi ligado a contos tradicionais como o do patiño feo. Sobre a súa xeración considera que padeceron unha escola brutal, manifesta o seu gusto pola palabra e define o que el entende por teatro infantil.

- Cristina Domínguez, "Presentación da Programación de Teatro Infantil do Centro

Dramático Galego. O achegamento a novos públicos: o público infantil e xuvenil. Política do IGAEM", "Actividades para a promoção e divulgação: projectos e experiências", pp. 130-136.

Breve achega ás liñas de traballo do Centro Dramático Galego, que se materializan en cinco propostas de programación que xiran arredor da representación dos grandes repertorios clásicos universais, dos contemporáneos, da dramaturxia galega contemporánea, dos espectáculos para o público infantil e familiar e o apoio a outros xéneros artísticos e manifestacións paratextuais. Sinala entre os principais obxectivos a fidelización e diversificación de públicos. A seguir lembra que a primeira peza dirixida ao público infantil nesta institución foi *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, estreada en 2004, unha iniciativa que tivo continuidade en 2006 coa posta en escena d'*A cabana de Babaiagá*, de Paula Carballeira. Reflexiona sobre a ausencia de teatro infantil ao longo dos vinte anos de traxectoria do Centro Dramático e explica que agora é unha aposta firme, na que se están levan a cabo obras como *Tarará-chis-pum!* e *Valdemuller*. Refírese tamén a outros recursos elaborados pensando no público infantil, como os cadernos pedagóxicos colgados na web. Por último, dá conta dos materiais que o Centro Dramático ten elaborado pensando no ensino, como guías didácticas, cadernos ou debuxos de diferentes pezas.

- Grupo Garfo, "Teatro para a infancia e xuventude e Representación. Grupo GARFO. Estudo sobre o teatro infantil e xuvenil galego", "Actividades para a promoção e divulgação: projectos e experiências", pp. 137-142.

Presentación do grupo de traballo Garfo, constituído por Miguel Vázquez Freire, Carlos Labraña, Pilar Sampedro, Chiqui Pereira, Elvira Pérez e Ánxela Gracián, que manifestan querer contribuír a mudar o estado da situación do teatro infantil, polo que van ofrecer un estudo teórico-práctico sobre esta materia. Explican que este traballo abordará tanto a historia do teatro infantil coma as fichas comentadas de todo o teatro dirixido á infancia e xuventude en Galicia. Na primeira sinalan adoptar o enfoque filolóxico e didáctico, mentres que nas fichas comprométense a deseñar unha de cada obra publicada, na que se recollan todos os datos bibliográficos e elementos que axuden os mestres a decidir na escolla das pezas. Explican os elementos presentes en todas as fichas, dende unha sinopse, pasando pola biografía do autor ou a súa relación con outras obras. Ofrécese como anexo un exemplo de ficha modelo e outro dun exemplo real, para rematar con outro anexo no que se dan breves currículos dos integrantes do grupo.

- Ana Margarida Ramos, "As formas de teatro para a Infância e Juventude e as realidades dos diferentes espaços linguisticos", "Actividades para a promoção e divulgação: projectos e experiências", pp. 149-159.

Mesa redonda, moderada por Ana Margarida Ramos, na que participan os escenógrafos José Caldas e João Luiz, xunto co escritor galego Euloxio Ruibal, quen ofrece a súa visión da situación da literatura dramática en Galicia. Comeza referindo a dificultade que entraña estabelecer unha boa comunicación entre os adultos e a infancia, a cal varía en función de moitos factores (ámbito rural, urbano, etc.). Dende a súa experiencia persoal critica que o teatro en Galicia chegue a un sector moi pequeno da poboación, entre outros motivos por relegar as montaxes ao ámbito urbano e por ser unha actividade moi burocratizada, preocupada polo "escaparate, a mercadotecnia e saír nos medios de comunicación". Tamén reflexiona sobre o público potencial do teatro, nenos

e nenas sen ningún tipo de interese e totalmente influenciados polos medios de comunicación de masas, nos que predomina a violencia gratuíta. Mostra moitas dúbidas sobre cómo chegar até ese público e lembra as súas preocupacións estéticas e artísticas na escrita para os máis pequenos, así como o ludismo, o metateatro ou o diálogo con outras artes.

- Miguel Vázquez Freire, "A realidade do teatro escolar. Unha experiencia en secundaria", "Actividades para a promoção e divulgação: projectos e experiências", pp. 160-170.

Mapa da situación do teatro como actividade docente extracurricular nos centros galegos a través dos resultados obtidos polo Grupo Garfo. Explícase que este colectivo levou a cabo unha enquisa en corenta e un centros de secundaria, que consideran representativa dos dous centos oitenta e dous que existen en Galicia da que se conclúe que a actividade teatral ten un escaso recoñecemento por parte das autoridades académicas e da comunidade educativa. A seguir, dá conta da súa propia experiencia como coordinador das actividades teatrais nun centro de secundaria, explica pormenorizadamente os obxectivos que se perseguen e a metodoloxía proposta, na que se contemplan aspectos como a temporalización, a selección dos textos, a construción dos personaxes ou a memorización. Sobre o obxecto de representación, considera que en secundaria calquera texto é factíbel, especialmente entre os autores clásicos, pois sinala que agás algunha excepción na súa experiencia non hai montaxes de autores galegos, aínda que si na dos centros entrevistados, entre os que predomina Castelao. Conclúe que é necesario dignificar o traballo dos grupos de teatro escolar e visibilizar esta actividade. Finalmente, reprodúcese o modelo de enquisa enviada aos centros de ensino.

- Chus Pereiro, "Teatro escolar no Ensino Primario", "Ateliers", pp. 176-178.

Taller dirixido a mediadores no que Chus Pereiro ofrece unha serie de orientacións para traballar o teatro na escola. Comeza referíndose á importancia do xogo dramático co alumnado, co que se busca a felicidade dos pequenos, á vez que se promoven outros aspectos como a normalización lingüística e a integración no grupo. Salienta a importancia da temporalización, a elección do texto e a adaptación ao alumnado. Repasa tamén outros elementos aos que hai que atender como os lugares de representación, a escenografía, a música e a caracterización dos personaxes, entre outros.

- Pilar Sampedro, "Apresentação da Guía didáctica elaborada a partir d'*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares Mouriño", "Apresentações", pp. 190-196.

Presentación da guía didáctica realizada a partir da peza de teatro de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Despois de repasar algúns datos do autor, céntrase na "pegada" portuguesa que se deixa sentir na posta en escena, ao ser dirixida por José Caldas e con Marta Sofía da Silva como escenógrafa e responsábel de vestiario. Explica cómo se puxeron en contacto co director para coñecer as ideas que tiña sobre a escenografía da peza e detense nos pormenores da guía didáctica, como as ilustracións de Óscar Villán e as finalidades que a xustifican, como a motivación, o espertar a sensibilidade estética e o gusto polo teatro ou a aproximación ao feito teatral.

Destaca a linguaxe suxestiva, o punto de vista construcionista e a estrutura en dez bloques, os cales percorre explicando o elemento central sobre o que se traballou.

- Óscar Villán, "Exposición bibliográfica e ilustración", "Exposições", pp. 198-199

Breve texto no que o ilustrador galego Óscar Villán explica cómo levou a cabo un taller de ilustración cos nenos e nenas presentes na Biblioteca Almeida Garrett do Porto. Explica que primeiro falou do seu traballo como ilustrador, de como decidiu dedicarse a isto e cómo se enfronta ás encargas que recibe. Tamén sinala que a actividade que realizou cos rapaces consistiu en repartirlles frases dun conto, que eles ilustraron e a partir deses debuxos foi o propio Villán quen lles contou o conto. Acompáñase o seu relato dunha breve biobibliografía, na que se recollen algúns dos títulos que ten ilustrado e os premios que ten recibido.

Roig Rechou, Blanca Ana, Pedro **Lucas Domínguez** e Isabel **Soto López** (coords.), *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, ilust. José María Mesías Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2008, 399 pp. (ISBN: 978-84-9782-885-7). ■

Monográfico dos membros da Rede temática "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico" (LIJMI) e de investigadores convidados que recolle estudos sobre o tema da Guerra Civil Española na narrativa infantil e xuvenil, presentando tanto aproximacións teóricas e críticas como prácticas empregando as linguas do Estado español (castelán, galego, catalán e éuscaro) e portugués, segundo a procedencia ou querenza do investigador. Hai que dicir que só se traducen ao galego os traballos en éuscaro, pola dificultade de comprensión. O volume estrutúrase en dez capítulos: un traballo introdutorio que analiza a presenza da Guerra Civil nas diferentes manifestacións artísticas (cine, pintura e literatura) e as achegas bibliográficas dende a teoría literaria (cap. 1); un conxunto de sete estudos panorámicos teóricos, historiográficos e descritivos que reflexionan sobre esta temática na Literatura Infantil e Xuvenil atendendo ao tratamento literario, ás repercusións críticas, ás estratexias narrativas e á funcionalidade nos diferentes ámbitos lingüísticos peninsulares (na literatura galega, castelán, catalá, vasca, portuguesa) e dúas achegas da literatura alemá e inglesa (caps. 2-8); unha "Selección bibliográfica para a educación literaria" de setenta e tres obras de Literatura Infantil e Xuvenil por orde alfabético, na que aparecen sete títulos galegos, que tratan esta temática dende diferentes perspectivas (cap. 9). Finalmente, preséntase un capítulo (cap. 10), "Comentarios para a formación lectora", de carácter crítico e aplicación práctica, subdividido en dezasete comentarios de obras (cinco deles sobre obras galegas), ordeados alfabeticamente a partir dos apelidos dos autores. O comentario, que constitúe o corpo principal das achegas, consta de apuntes sobre a vida, a creación literaria e os premios acadados polo autor, o argumento da obra, os rasgos máis salientábeis en relación coa temática da Guerra Civil: tempo, narrador, espazo, personaxes e os elementos paratextuais que acompañan ao texto narrativo (fotos, portada, dedicatorias, ilustracións, referencias intertextuais, etc). Os traballos, tanto teóricos como prácticos, presentan un resumo, a súa correspondente tradución ao inglés, as palabras chave, así como notas a rodapé e bibliografía, na maioría dos casos. No que se refire á literatura galega, acolle un estudo sobre literatura infantil e xuvenil e cinco comentarios de obras:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “A guerra civil na narrativa infantil e xuvenil galega: unha temática incompleta”, pp. 69-102.

Preséntase o contexto sociopolítico e cultural no que se xeran as obras desta temática, salientando a persecución e censura que sufriron as manifestacións literarias e as linguas cooficiais do estado español dende 1936 até 1975 e a autocensura que se infrinxiron os escritores por medo ás represalias e en espera dunha sociedade máis civilizada, feito que se reflicte no aumento progresivo na publicación de obras que tratan esta temática até o ano 2006. Logo da contextualización, realízase unha clasificación, atendendo á estrutura ficcional, dividindo o corpus das trinta e cinco obras de LIX galega en catro grupos. O primeiro grupo, “literatura testemuñal: memorias, crónicas, epistolarios e autobiografías”, está composto por obras nas que se achegan experiencias vivencias dun protagonista infantil perante a Guerra Civil ou na posguerra, salientando o denominado “ciclo do neno” de Xosé Neira Vilas, composto por *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho*. Todas as obras deste grupo cos trazos do protagonismo dos nenos, os espazos rurais, as narracións de experiencias vividas polos vencidos en situación de fame, medo, miseria, pobreza e inxustiza. O segundo grupo, denominado “Sombras e descubertas’ da Guerra Civil”, recolle narracións de tipo iniciático, de terror, de misterio ou policial con protagonismo de adolescentes que, polo xeral, contan con pluralidade de voces narrativas e comparten a recuperación da memoria do pasado a través da reivindicación dos mozos do seu dereito a saber e os trazos identitarios galegos. Neste grupo salienta *A teima de Xan*, de Antonio García Teijeiro, a producción de Agustín Fernández Paz e *A sombra descalza*, de An Alfaya. Pola súa banda, o terceiro grupo, denominado “Ruptura de traxectorias vitais e aprendizaxes á forza”, componse de obras protagonizadas polos chamados “nenos da guerra”, ben narrando as súas vivencias, salientando o sentimento de soidade, ou relatando as repercusións da guerra e a separación familiar que xeran un proceso prematuro de madurez. Por último, o grupo “A Guerra Civil lembrada, referida ou aludida a partir de narradores adultos”, presenta as obras que lembran a época da guerra e a posguerra e a situación de Galicia coa represión, exilio e emigración. O estudo complétase cunha ampla bibliografía subdividida en tres apartados: activa, traducións e pasiva.

- Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González, “A silenciosa subversión do universo feminino como consecuencia da Guerra Civil: *A sombra descalza*, de An Alfaya”, pp. 195-206.

Logo de mencionar os premios acadados por esta novela, faise un percorrido pola súa estrutura, argumento, temática e estilo da obra e a importancia da temática bélica, salientando os trazos máis interesantes para o mediador como son a análise do papel da muller na historia e nos estamentos sociais, a importancia de Elsa como motor de cambio ou a lectura fílmica da novela, entre outros, que permiten acadar o éxito no público lector adolescente pola suxestión, intriga, escrita fluida e protagonismo dunha adolescente e que pode suscitar reflexións na aula en defensa da ideoloxía ou os temas do rencor, o silencio e o medo.

- Lourdes Lorenzo, “Da literatura de adultos á literatura xuvenil a través da tradución: *Vento ferido/Wounded Wind*, de Carlos Casares”, pp. 225-239.

Despois de ofrecer o contexto de creación da novela, enmarcada na corrente da Nova

Narrativa Galega pola súa temática, a ruptura da secuencia temporal, a variedade de voces e enfoques narrativos e a presenza reiterada do monólogo, afonda no proceso traductolóxico ao inglés e a adaptación desta obra ao público xuvenil, tratando a importancia de preservar o "sabor galego" da obra e o coidado na tradución de nomes propios, metáforas, onomatopeias, linguaxe tabú e referentes culturais e intertextuais, ofrecendo exemplos ilustrativos. O comentario complétase cunha bibliografía.

- Isabel Soto, "Literatura contra a desmemoria: unha lectura de *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz", pp. 251-269.

En primeiro lugar, cóntase o xermolo desta novela iniciática e a adscripción ao denominado "ciclo das sombras" sobre os mortos da Guerra Civil, o escurantismo e o silencio, para, a continuación, analizar as mensaxes paratextuais e os fíos temáticos das repercusións da guerra, especialmente a represión exercida sobre os mestres, e a importancia de rescatar a memoria histórica mediante a aventura de madurez interior dunha protagonista adolescente. Finalmente ofrécense as claves desta novela , como son a presenza do sobrenatural no marco da realidade cotiá, o extremo coidado na construción de espazos e personaxes, a evocación do pasado mediante a memoria, a atención ao imaxinario cultural galego e aos conflitos de identidade e o diálogo intertextual.

- Marta Neira Rodríguez, "Recuperar a memoria: *A teima de Xan*, de Antonio García Teijeiro", pp. 285-296.

Tras unha breve achega sobre a produción de Antonio García Teijeiro e os galardóns recibidos, analízanse a estrutura, a temática, os personaxes, salientando ao protagonista adolescente, que xa de adulto rememora outros tempos, e a súa evolución psicolóxica e a figura do mestre desta obra pioneira da literatura infanto-xuvenil galega. Finalmente, saliéntanse as diferencias dos paratextos entre a edición de 1991 e a de 2005, explicando os cambios das cores e das ilustracións: de cores amarela e vermella primeiro, que alude ao franquismo a cores negras e vermellas que lembran o comunismo. O comentario complétase cunha bibliografía.

- Ana Margarida Ramos, "A Guerra Civil Espanhola através do olhar infantil-uma leitura de *A Língua das Borboletas*, de Manuel Rivas", pp. 345-351.

A análise deste conto afonda no seu contexto espazo-temporal, na percepción infantil da Guerra Civil, na chamada á tolerancia e á memoria, no tributo á figura do mestre como elemento determinante da formación dos nenos e da súa mentalidade, no uso do rexistro memorístico, cruzando a Historia coas historias individuais, e no uso da simboloxía. Finalmente analiza a adaptación deses elementos ao cine, ao álbum ilustrado portugués e á tradución ao portugués.

Recensións:

- Lourdes Salgado, "Roig Rechou, B. A., P. Lucas Domínguez e I. Soto López (Coords.) (2008). *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia /Fundación Caixa Galicia. 399 p. ISBN: 978-84-9782-885-7)", *AILIJ*, n.º 6, "Reseñas/Reviews", 2008, pp. 172-179.

Fai unha análise pormenorizada de cada un dos capítulos que compoñen a obra *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008). Así, detense na introdución que, baixo o título "La Guerra Civil y sus representaciones", asina Mari Jose Olaziregi, pero tamén nas diferentes panorámicas que se inclúen no volume e que asinan polo ámbito castelán, Nieves Martín Rogero; polo catalán, Joan Portell; polo galego, Blanca-Ana Roig Rechou; polo portugués, José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva; polo vasco, Xabier Etxaniz Erle e Manu López Gaseni; polo alemán, Veljka Ruzicka, e polo inglés, Celia Vázquez. Tamén alude á selección para a educación literaria que se inclúe neste monográfico e comenta algúns aspectos dos "comentarios para a formación lectora" que realizan Eulalia Agrelo e Isabel Mociño; Mari Jose Olaziregi; Gemma Lluch e Joan Portell; Lourdes Lorenzo; Jesús Díaz Armas; Isabel Soto; Marta Neira; Mª Victoria Sotomayor; Francesca Blockeel; Manu López Gaseni e Xabier Etxaniz; Pedro C. Cerrillo; Veljka Ruzicka; Celia Vázquez; e José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva.

- Alba Piñeiro, "A guerra contada á xente nova", *A Nosa Terra*, n.º 1.330, "Cultura", 23-29 outubro 2008, p.35.

Dá conta da temática do libro de ensaio A *Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil*, da autoría de Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López, todos eles membros da Rede Temática de Investigación sobre Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico que cualifica moi positivamente. Explica que a obra está dividida en bloques temáticos independentes, pero amosa unha idea global do conflito no panorama literario dentro e fóra das nosas fronteiras. Di que o contido se distribúe en once capítulos: o primeiro é unha introdución teórica da influenza do conflito nas manifestacións artísticas e nos sete capítulos seguintes realízanse estudos panorámicos nas literaturas das seis linguas ibéricas e dúas aproximacións nas linguas alemás e inglesas, mentres que o noveno capítulo é unha selección de setenta e tres obras de literatura que comparten o tratamento da Guerra Civil española dende diferentes perspectivas, e o derradeiro capítulo contén unha análise polo miúdo de dezaseis obras ordenadas alfabeticamente segundo os apelidos dos autores. Salienta as obras de An Alfaya, *A sombra descalza*; de Agustín Fernández Paz, *Noite de voraces sombras* e de Antonio GarcíaTeixeiro, *A teima de Xan.*

- Estro Montaña, "Feridas na Historia", *El Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 269, "Libros", 27 novembro 2008, p. IV.

Informa da publicación do libro *A Guerra Civil en España. Narrativa infantil e xuvenil*, da autoría de Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López, todos eles membros da Rede Temática de Investigación sobre Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico. Estro Moaña indica que o libro é un bo material destinado sobre todo a mestres e bibliotecarios e ten como finalidade que estes coñezan a fondo o vasto material bibliográfico que existe sobre a Guerra Civil española co obxectivo de que os mediadores saiban cómo dinamizar a lectura dos máis novos. Apúntase que a obra divídese en once capítulos: nove sobre a panorámica da guerra na linguas peninsulares e dous casos da inglesa e da alemá e unha introdución global sobre o tema en distintas manifestacións artísticas. Finalmente inclúe un amplo comentario sobre diferentes obras, das que Estro Moaña salienta: *A sombra descalza*, de An Alfaya, por Eulalia Agrelo e Isabel Mociño; *Vento Ferido*, de Carlos Casares, por Lourdes

Lourenzo; *Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz, por Isabel Soto; *A teima de Xan*, de García Teijeiro, por Marta Neira Rodríguez e *A lingua das bolboretas*, de Manuel Rivas, por Margarida Ramos.

- CLIJ, "*A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*. Blanca Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.)", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 221, "Libros/de regalo", decembro 2008, p. 78.

Entre outros libros de ensaio fálase da última entrega da Rede Temática LIJMI "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico". Destácase que n'*A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* se acollen ensaios sobre esta temática pouco estudada así como unha selección de obras "muy práctica para mediadores".

Referencias varias:

- maré, "A forza das minorías", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 setembro 2008, p. 29.

Informa da celebración da trixésimo primeira edición do Congreso da International Board on Books for Young People (IBBY) en Copenhague até alí trasladouse unha delegación galega para presentar a trixésimo segunda edición que se celebrará en Compostela e que ten por lema "A forza das minorías". Ademais dise que o IBBY terá o seu segundo emprazamento (o primeiro está en Oslo) na Cidade da Cultura de Compostela, deste xeito, a cidade converterase nun referente a nivel internacional na literatura infantil e xuvenil. Tamén comenta a reunión no Centro Ramón Piñeiro dos membros da Rede temática de investigación de Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico, que decidiron que a evolución da poesía no século XXI será o seu proxecto no 2009 mentres que este ano se dedican á introdución da temática da Guerra Civil.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 260, 25 setembro 2008, p. VII.

Recoméndanse *Guerra civil e narrativa infantil*, de Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas e Isabel Soto, entre outros libros e tamén *Os milagres de Cristamar*, de Chelo Suárez, e *Namberguán*, de Euloxio R. Ruibal.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Ana Margarida **Ramos** e José António **Gomes** (coords.), *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática*, Porto: Deriva Editores, febreiro 2008, 200 pp. (ISBN: 978-972-9250-46-0).

Volume que acolle catro ensaios nos que se fai unha achega ás producións literarias dramáticas dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil do ámbito portugués, galego, inglés e alemán. Ábrese cunha "Apresentação" na que se anuncia o contido do volume e se informa da orixe dos textos referidos aos ámbitos portugués e galego nas versións presentadas aos XIII Encontros Luso–Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil en novembro de 2007 baixo o título "Do Livro á Cena", un tema, o do teatro infantil, como se indica nesta presentación, obxecto de atención da Rede Temática LIJMI "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico" entre setembro de 2006 e setembro de 2007, Rede que apoia os Encontros e que deu a lume o volume *Teatro Infantil. Do Texto á Representación* (2007). No que á literatura infantil e xuvenil galega se refire

acóllese o seguinte traballo:

- Blanca-Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez, "Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega. Unha selección de obras e autores", pp. 74-153.

Ábrese cunha introdución na que se reflexiona sobre o termo "teatro" en Galicia, se remite a outros traballos xa publicados sobre este tema e se fai unha posíbel clasificación de "unidades xeracionais" ("Escolas do Ensiño", "Seminario de Estudos Galegos", "Da literatura institucionalizada á literatura dramática infantil e xuvenil", "Tradición e modernidade. (De Galaxia e as primeiras editoras galegas ao Facho", "Renovación pedagóxica e literaria", "Das novas editoras aos premios literarios" e "A editorial Fervenza e os premios literarios teatrais do século) e liñas temáticas e formais ("Didáctico-relixiosa", a "Patriótico-sentimental", "Mundos máxicos", "Crítica social", "Recreación dos contos de transmisión oral e da tradición literaria", "Recuperación e recreación de símbolos, ambientes, personaxes históricos, populares, literarios ou calquera elemento identitario", "Práctica escolar e didáctica" e "Aventuras") no teatro galego dirixido aos máis novos. A seguir, ofrécense uns "Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega" nos que se teñen en conta catro períodos ("Primeiros textos da literatura dramática infantil e xuvenil galega (até 1950)", "Un novo agromar e os verdadeiros inicios (de 1950 a 1980)", "Asentamento e consolidación (de 1980 a 2000)" e "Século XXI (de 2000 a 2008)") nos que se salientan aquelas obras e autores que van respondendo a cada unha ou a varias das liñas temáticas e formais sinaladas. Na selección de autores e obras que Blanca Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez tamén presentan neste volume, estas investigadoras galegas detéñense en seis autores clave polas razóns que elas sinalan dentro deste xénero, como son Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929- A Coruña, 2004), Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002), Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943), Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, 1947), Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) e Euloxio Rubial (Ordes, A Coruña, 1945). Péchase este traballo cunha "Bibliografía activa", tanto autóctona como traducida, publicada nos catro períodos cronolóxicos marcados nos "Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega".

Roig Rechou, Blanca-Ana, *La Literatura Infantil y Xuvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, edición bilingüe castelá e galega, introd. de Antonio Rodríguez Almodóvar, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia, outubro 2008, 196 pp. (DL: M-45287-2008). ◆

Volume que saíu a lume con motivo da celebración, por iniciativa da Asociación Española de Amigos del Libro dende 1997, do Día da Biblioteca. Dedicado á memoria de Ana Pelegrín (Arxentina, 1938-Madrid, 2008), o estudo ábrese cun prólogo de Antonio Rodríguez Almodóvar, Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2005, no que se fala do "rigor" e "afecto" cos que Roig Rechou enfoca e analiza a temática, así como da profundidade de coñecemento e propostas metodolóxicas audaces que se presentan, da inscrición deste estudo nun amplo movemento que atinxe a toda España e que aposta pola educación literaria como base para a formación de novos lectores e do

acerto de Roig Rechou á hora de seleccionar os autores dos que se ocupa. A seguir, na breve introdución, a estudosa explica que, ao seu entender, contar por ducias é un trazo da identidade galega, de aí que, o número seis (a media ducia, por tanto) teña significado neste senso. Tendo en conta o dito anuncia que neste seu traballo se achega aos seis anos do século XXI (2001-2006) da Literatura Infantil e Xuvenil galega e, máis polo miúdo, a seis voces literarias que considera "clásicos contemporáneos" e que seleccionou "conxugando os conceptos de canon e clásico" (p. 108) e tomando como criterios que os autores e autoras fosen merecedores ou finalistas do Premio Nacional de Literatura Infantil e/ou pioneiros nalgún dos xéneros. Así mesmo adiántase nesta "Introdución" que tamén se ocupará de doce novos autores (séguese co trazo identitario galego marcado no inicio), nados a partir da década dos sesenta e que publicaron por vez primeira algún título de calidade para os máis novos no século XXI. Finaliza Roig Rechou falando das súas pretensións con este volume e indicando a metodoloxía da que bota man. A seguir, o estudo estrutúrase en dous grandes bloques de contido, "A Literatura Infantil e Xuvenil galega (2001-2006)" e "SEIS CHAVES PARA 'entendela mellor". No primeiro deles, a profesora da USC comeza destacando a visibilidade e consideración das que goza a LIX neste século XXI e sinalando seis razóns (tanto xerais como particulares do caso galego) polas que ese cambio se produciu. Logo destas primeiras reflexións, o lectorado deste estudo atópase cos apartados titulados "A produción literaria", "A mediación" e "A recepción" nos que se fai un percorrido minucioso por cada un dos xéneros canónicos da LIX sinalando as debilidades e fortalezas de cada un deles, así como as voces literarias máis destacadas; nos que se detén naqueles elementos mediadores e produtores necesarios para que se realice unha comunicación literaria sen interferencias e para que os mediadores aprendan a seleccionar. Conclúese este primeiro bloque de contido destacando o papel central da LIX dentro do sistema e distinguindo a súa importancia para a industria editorial galega, por máis que sigan existindo deficiencias. Pola súa banda, en "SEIS CHAVES PARA 'entendela mellor", Roig Rechou detense en seis voces que considera "clásicos contemporáneos" por imbuírse na escrita da LIX en períodos anteriores con obras pioneiras nalgunha corrente e tendencia formal e temática e presentar neste século XXI unha traxectoria xa consolidada recoñecida en máis dunha ocasión. Eses "clásicos contemporáneos", dos que ofrece un percorrido pola súa biobibliografía e nos que repara nas principais características da súa obras, son Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro e Manuel Lourenzo. Conclúe Roig Rechou recollendo as similitudes que os autores analizados presentan, pero tamén os trazos que os individualizan.

Tarrío, Anxo (coord.), *Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas* 2008, ilust. Berta Álvarez Cáccamo, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9887-004-6). ◆

Ver apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Torres Blanco, Helena (coord.), *O álbum galego. 25 miradas para unha década, 1997-2007*, trad. María Reimóndez, prólogo de Teresa Durán, edición trilingüe galego, inglés e castelá, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Máis libros, 2008, 68 pp. (DL: C 2553-2008). ◆

Catálogo trilingüe (galego, castelán e inglés) que abre cun prólogo de Teresa Durán, quen indica que a finalidade desta recompilación foi a de realizar un percorrido nos últimos dez anos polo álbum ilustrado en Galicia. Ademais, define o concepto de "álbum ilustrado" e menciona que están presentes aquelas obras editadas por empresas editoriais con sede en Galicia e con autor/a e/ou ilustrador/a galego/a que foran editados por primeira vez en galego. A introdución complétase cunhas palabras de Miguel Vázquez Freire, "Dez anos bos", no que contextualiza o renacer deste formato e considera que non hai tendencia estética propiamente galega e que cada artista amosa o seu selo persoal. A continuación, cada obra recompilada aparece a dúas páxinas, na primeira consta a ficha bibliográfica, a portada da obra e os premios dos que foi merecente, xunto cun/s fragmento/s de cada álbum en inglés e castelán. Na segunda páxina aparece en galego unha ilustración do álbum correspondente. Seléccionanse as seguintes obras, seguindo a data de publicación e precisando o escritor e ilustrador de cada álbum: *¡Puag, que noxo!* (1997), de Fina Casalderrey, ilustrada por Xan López Domínguez; *Animais de Compañía* (1998), de Manuel Lourenzo González e Enjamio, *O grande Tronante* (1998), de Gloria Sánchez e Xan López Domínguez; *O coelliño branco* (1998), de Xosé Ballesteros e Óscar Villán; *A cebra Camila* (1999), de Marisa Núñez e Óscar Villán; *Mateo* (1999) de Paula Carballeira e Pablo Otero "Peixe"; *Tío Lobo* (2000), de Xosé Ballesteros e Roger Olmos; *Teodemiro soña con dragóns* (2000), do escritor e ilustrador Xan López Domínguez; *A memoria das árbores* (2000), de Xosé A. Neira Cruz e Kiko Dasilva; *Paxaros de papel* (2001), de Marilar Aleixandre e Lázaro Enríquez; *Moncho e a mancha* (2001), do escritor e ilustrador Kiko Dasilva; *¿Onde perdeu Lúa a risa?* (2001), de Miriam Sánchez e Federico Fernández; *Avós* (2002), de Chema Heras e Rosa Osuna; *A casa da mosca chosca* (2002), de Eva Mejuto e Sergio Mora; *Bolboretas* (2004), de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; *De cores e de amores* (2005), de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; *As luces que se acenden e se apagan* (2005), do escritor e ilustrador Ramón Trigo; *A bruxa regañadentes* (2005), de Tina Meroto e Maurizio A. C. Quarello; *Rato Tom e Rata Tomasa* (2005), de Mariña Núñez e Alessandra Cimatoribus; *A cousa que máis doe no mundo* (2005), de Paco Liván e Roger Olmos; *Chocolata* (2006) e *Cocorico* (2006), de Marisa Nuñez e Helga Bansch; *Corre corre, cabaciña* (2006), de Eva Mejuto e André Letria; *Herbalúa* (2006), de Marilar Alexandre e Enjamio, e remátase con *Tres desexos* (2007), da escritora Eva Mejuto e do ilustrador Gabriel Pacheco.

VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS E REEDITADOS

González, Marta, *La emperatriz Berenguela*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 4 , [lectorado mozo], 2008, 104 pp. (ISBN: 978-84-95364-77-7). ■

Neste libro escrito en castelán, Marta González achéganos ao século XII para contar a historia de Berenguela, filla do conde de Barcelona que se ve obrigada a casar co rei de León, Alfonso VII. O relato está dividido en seis capítulos que tratan acontecementos independentes aínda que interconectados e cos mesmos protagonistas, e un epílogo. Ademais, en cada capítulo hai unha ou dúas páxinas con ilustracións a color. No primeiro capítulo, "Dulce (1128)", a escritora explica a viaxe da infanta Berenguela a León e os sentimentos da súa nai, a condesa Dulce, ante a eminente marcha da súa filla de doce anos. No segundo, "Alfonso (1128)", relátanse os preparativos por parte do rei Alfonso VII e os seu séquito para recibir á súa futura esposa. Faise referencia á cambiante relación que o rei mantén co arzobispo de Santiago de Compostela, Diego Gelmírez, e tamén aos problemas que está soportando debido aos desexos de independencia dunha parte de Portugal. O terceiro capítulo, "Sancha (1132)", está dedicado á irmá do rei, Sancha, que é tratada como reina a pesar de que este xa casara con Berenguela. Sancha, a petición de Alfonso debe coidar de Urraca, unha filla bastarda que o rei tivo cunha muller asturiana porque Berenguela aínda non conseguira concibir un fillo. En "Ramón Berenguer (1135)" nárrase como o irmán de Berenguela viaxa a León para asistir á coronación de Alfonso VII como emperador e para reencontrarse coa súa irmá. Neste capítulo infórmase de que Berenguela xa ten un fillo, Sancho. No capítulo quinto, "Diego (1137)", céntrase na figura do arzobispo Gelmírez. Recoñece todo o seu traballo para conseguir que Santiago se convertera nunha diócese grande e importante pero tamén se fai referencia a algúns dos incidentes que tivo cos galegos. Tamén se fai referencia ao matrimonio do conde de Barcelona, irmán de Berenguela, coa filla do rei de Aragón e do posíbel pacto entre Aragón e León para loitar contra os musulmáns do sur da Península. No último capítulo, "Ponce (1147)" cóntase a historia deste cabaleiro, que fora un dos acompañantes de Berenguela cando se trasladara de Barcelona a León para casar. O epílogo é un extracto da *Historia de las vidas de las reinas de Castilla y León*, un manuscrito inédito que fala da vida da Berenguela e que achega boa parte dos datos aos que se fai referencia ao longo de todo o libro.

Rösing, Tania M.K. e Miguel **Rettenmaier** (orgs.), *Lectura dos espaços e espaços de leitura/Lectura de los espacios & espacios de lectura*, trad. Rosane Innig Zimmermann e Tânia Mara Goellner Keller, Passo Fundo: Universidade de Passo Fundo/Universidad de Extremadura, 2008, 417 pp. (ISBN: 978-85-7515-664-3). ■

Coedición da Universidade de Passo Fundo (Río Grande do Sul-Brasil) e a Universidad de Extremadura, no que se recollen traballos arredor de espazos e procesos de lectura. A maior parte dos traballos aparecen traducidos á lingua española e buscan debuxar unha panorámica coa que esbozar un rexistro que dea conta do carácter circunstancial da lectura, do texto, do lector. Deste modo, a obra organízase arredor de catro grandes seccións: "Bibliotecas y espacios de lectura", "Lectura, cultura e identidad", "Lectura y

medios" e "Literatura y formación de lectores". Entre os traballos incluídos, é de interese para a literatura infantil e xuvenil galega o que segue:

- Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Mociño González, "Unha rede temática de investigación: obxectivos e retos", "Literatura y formación de lectores", pp. 271-284.

Artigo no que se presenta a historia da rede temática de investigadores "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico" (LIXMI), vinculada á Universidade de Santiago de Compostela e cuxa investigadora principal é Blanca-Ana Roig Rechou. Comézase por relacionar os investigadores integrantes e a Universidade á que pertencen, para a continuación explicar pormenorizadamente a xestación desta rede, as liñas de investigación marcadas polos seus integrantes, os acordos tomados nun primeiro momento e os obxectivos, accións e retos asumidos por este colectivo representativo dos ámbitos lingüísticos do marco ibérico. Por último, preséntanse as actividades que se teñen realizado, tanto dende o punto de vista da docencia (cursos de formación continua, encontros, congresos, xornadas internacionais, etc.), como da investigación (vertebración en grupos de investigación ou colaboración con outros investigadores, reunións científicas, etc.) e das publicacións (monografías e estudos críticos de carácter temático).

Montaña, Estro, *Doña Urraca*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Historias de Santiago, ilust. Jaime Asensi, n.º 3, [lectorado mozo], novembro 2008, 79 pp. (ISBN: 978-84-95364-76-0). ■

Este libro en castelán de Estro Montaña (Betanzos, 1956) abrése cunha "Nota do autor" na que explica que as opinións vertidas ao longo da historia sobre a figura de Dona Urraca non son persoais, senón que pertencen ao monxe Guillermo de Armes, ao que define como misóxino. Posteriormente hai un prólogo posto na voz do dito monxe, quen describe á raíña Dona Urraca como "una serpiente". A continuación ofrécese unha liña cronolóxica que recolle os acontecementos máis importantes da Península Ibérica entre os anos 1073 e 1126. Ao longo de dez capítulos explícanse os feitos máis destacados na vida da raíña Dona Urraca. Faise referencia ao seu primeiro matrimonio con Raimundo de Borgoña, xunto ao cal gobernou Galicia. Trasladouse a Monterroso, onde tivo aos seus fillos Sancha e Alfonso, até que o seu marido morreu. Relátase que conseguiu o reinado de León porque o seu único irmán varón morreu durante unha batalla contra os musulmáns. Posteriormente contraeu matrimonio co rei de Aragón, Alfonso El Batallador, pero mantiñan unha moi mala relación, polo que a raíña finalmente decidiu separarse del. Destácase a relación de conveniencia entre Dona Urraca e o arzobispo de Santiago Diego Gelmírez; ela necesitaba o diñeiro del para pagar os seus exércitos e el necesitaba do poder dela para conseguir a categoría permanente de Santiago como arzobispado. Nun capítulo faise referencia ao maior enfrontamento habido entre ambos debido ás mentiras doutros nobres que buscaban entorpecer a relación. Tamén se narran os aspectos máis importantes da relación entre a raíña e o seu fillo Alfonso, que foi o seu sucesor, así como as dificultades que sufriu cos gobernadores de Portugal, que conspiraban para conseguir independizarse do reino de León. O último capítulo refírese aos últimos anos de vida da raíña e á súa relación amorosa con dous cabaleiros, o conde Gómez González e Pedro González de Lara. O libro remata cun pequeno memorial de citas sobre Dona Urraca por parte de distintos estudiosos.

Pelegrín, Ana, Mª Victoria **Sotomayor** e Alberto **Urdiales** (eds.), *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte (Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones), 2008, 310 pp. (ISBN: 978-84-369-4592-8). Contén CD. ◆

Este volume colectivo é unha homenaxe aos autores que contribuiron coa súa creatividade e talento á cultura infantil e que debido á Guerra Civil tiveron que exiliarse a México, Cuba e Arxentina principalmente. Tras un prólogo institucional, os editores fan unha "Presentación" (pp. 7-9) na que se salienta a importancia do estudo de autores e ilustradores para o coñecemento da literatura infantil e e xuvenil feita no exilio tanto interior, debido á censura e autocensura, como exterior durante a Guerra Civil, ao mesmo tempo que se dá conta da produción feita na Arxentina, México e Cuba. O monográfico divídese en dúas partes: na primeira acóllense panorámicas xerais da literatura infantil, a ilustración e teatro dos exiliados xunto a propostas máis puntuais e singulares. A segunda parte é un catálogo bibliográfico numerado e estruturado alfabeticamente por autores, título e ano de publicación dividido en tres etapas históricas, que acollen obras infantís publicadas no exilio ou relacionadas con el, entre 1920-1938 (obras antes do exilio), 1939-1977 (obras durante o exilio) e 1978-2000 (obras recuperadas coa democracia), no que se reproducen as cubertas e se achegan as fichas bibliográficas. Finalmente preséntanse catro índices: dous para os textos, divididos en onomástico e de ilustradores e dous para o catálogo de autores e ilustradores por número de rexistro. Os artigos que tratan da literatura galega descríbense a seguir:

- Ana Pelegrín, "Una aproximación a los libros infantiles en el exilio español (1939-1977), pp. 13-42.

Despois de facer unha breve síntese da produción española entre 1920-1936, salientase a renovación pedagóxica e a creación das Misións Pedagóxicas, nas que se enmarca Rafael Dieste pola súa achega ao teatro de guiñol coa fundación do Guiñol Teatro de Fantoches, xunto a Ramón Gaya e Urbano Lugrís, que o levará a escribir as súas farsas, os contos de aire xugraresco e as adaptacións do romanceiro no seu desexo de achegarse ao pobo. A continuación, faise unha análise da produción no exilio dos escritores españois. Dise que na Arxentina Rafael Dieste se encargou da Biblioteca Billiken da editorial Atlántida, colección de literatura clásica dirixida ao lectorado infantil con versións e adaptacións de autores clásicos e modernos e narracións universais con colaboración de Alfonso Castelao nas ilustracións, e tamén da Colección Oro, dirixida ao lectorado xuvenil. Tamén salienta a José Otero Espasandín, amigo de Dieste e membro das Misións Pedagóxicas, con *Un paseo por el cielo*, *Narraciones Mitológicas* (1943) da Colección Oro do que se destaca a súa prosa lírica e a musicalidade, e a homenaxe a seu amigo *Cuentos que me contó Dieste* (1982) no que reflicte no relato "Anécdota" o labor de Dieste na colección Billiken. Trátase a colaboración de Arturo Serrano Plaja na editorial Botella al Mar e a fundación das colecciónns "Buen Aire", da editorial Emecé, e "Mar dulce" da editorial Nova, empresas nas que participaron Arturo Cuadrado e Luís Seoane e que contribuiron cos seus artigos en el *Pueblo Gallego* entre outros á pervivencia da cultura hispánica. Analiza o labor de Rafael Alberti e María Teresa León na editorial Losada, a produción de Juan Ramón Jiménez e de Elena Fortún na Arxentina, o exilio de Antoniorrobles en México entre outros.

- Alberto Urdiales, “La imagen exiliada”, pp. 57-79.

Partindo da situación social e profesional dos ilustradores por mor da Guerra Civil e das súas consecuencias, faise un percorrido polo labor dos ilustradores exiliados, algún deles cun papel preponderante na evolución da ilustración como foi o caso de Salvador Bartolozzi ou Federico Ribas. Estúdase por unha banda o exilio interior de Joaquin Sama, Lola Anglada ou Ramón Puyol e o exilio exterior, distinguindo aqueles que tiñan xa unha posición consolidada na ilustración infantil en España, como foi o caso de Salvador Bartolozzi, Federico Ribas, introductor do neno como protagonista na ilustración infantil, ou Gori Muñóz, daqueles que se dedicaron á ilustración no exilio debido a diversas circunstancias como Avel-lí Artís-Genes, José Montero Villa ou Elvira Gascón entre outros. Neste grupo inclúe a Alfonso Rodríguez Castelao que ilustraría volumes da Biblioteca Billiken da editorial Atlántida, dirixida ao lectorado xuvenil, e que foi o ilustrador máis produtivo. Dise que realiza ese labor na súa etapa de madurez e que os seus debuxos transmiten o seu carácter reivindicativo como si se tratasen dunha “pintura social” mediante debuxos naturalistas con tendencia ao expresionismo. Finalmente comenta diferentes pintores que chegan á ilustración debido á guerra como José Bardasano Baos, Manuel Ángeles Ortiz, Ramón Peinador, e os galegos Uxío Fernández Granell, de vocación pictórica tardía que se expresa nun surrealismo próximo á abstración, influído por André Breton, que ilustrou *Mundo sin geografía*...(1953) con debuxos de liñas soltas e elementos coloristas e sinxelos; Luís Seoane que evolucionou de ilustracións que amosaban unha preocupación pola proporción, composición e textura a outras máis desenfadadas, expresivas e efectivas; e Manuel Colmeiro que emprega o seu sentir pictórico, caracterizado polo costumismo e galeguismo, á ilustración con debuxos próximos ao “naïf”.

- Blanca-Ana Roig Rechou, “*Memorias dun neno labrego* y la obra de Xosé Neira Vilas”, pp. 155-169.

Analízase a importancia dos emigrados galegos á América na configuración do sistema literatio infanto-xuvenil galego, concretamente a obra *Memorias dun neno labrego* na que se amosan as consecuencias da Guerra Civil. Primeiramente faise unha achega biográfica do autor, salientando o seu activismo político galeguista e as actividades organizadas en prol da cultura galega ou as súas investigacións sobre a emigración. A seguir céntrase na actividade como escritor en prol da formación da literatura infanto-xuvenil galega e da educación, estudando os paratextos, o protagonista Balbino, a crítica da emigración, a crítica social da relixiosidade ou do ensino, a reivindicación da lingua galega, a estrutura en forma de memorias, a polémica do seu autobiografismo, a técnica realista e o seu éxito ao adquirir carácter de símbolo e universalidade dos personaxes de *Memorias dun neno labrego*. Todos estes elementos levan a Blanca-Ana Roig Rechou a concluír que esta novela non é un libro de literatura infantil pero que polas súas características de protagonista infantil, o seu estilo transparente e os elementos paratextuais funcionou no sistema infantil e xuvenil. Saliéntase que esta obra inicial condiciou cada obra posterior, sobre todo *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho* que conforman o denominado “Ciclo do neno”, das que se resume o argumento e das que se sinala que pasaron a formar parte do corpus da literatura infantil e xuvenil galega e constituíron a primeira serie literaria. Finalmente faise un repaso pola bibliografía de Neira Vilas destinada específicamente ao lectorado infantil e xuvenil nas que salienta o seu realismo, as instancias narrativas clásicas, os protagonistas masculinos, a localización rural, así como a influencia da transmisión oral. Por todo o

anterior considera a Neira Vilas o primeiro clásico do sistema literario infantil e xuvenil galego.

Roig Rechou, Blanca-Ana et alii, *Docencia, investigación y crítica de LIJ en el marco Ibérico*, Castilla-La Mancha: Centro de Estudios de Promocion de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI) / Universidad de Castilla-La Mancha, 2008, 68 pp. (DL: CU-23-2008).

Volume, que tamén se pode consultar na páxina web http://www.usc.es/lijmi/ (Apartado "Publicacións en Liña"), no que se dá a coñecer todo o relacionado coa docencia, a investigación, a crítica e a divulgación da Literatura Infantil e Xuvenil nos ámbitos castelán, catalán, galego, portugués e vasco. Trátase dunha guía de carácter comparatista para a formación de mediadores e para a orientación da metodoloxía sobre a formación literaria e a lectura a partir da LIX e mesmo doutros sistemas literarios contemplados nas diferentes teorías sistémicas.

Valero Garcés, Carmen (coord.), *Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España. Tomo II*, Oviedo: Septem Ediciones, col. Septem universitas, 2008, 346 pp. (ISBN: 978-84-96491-70-0).

Aínda que no libro consta que a 1ª ed. é de decembro de 2007 non se distribuiu até o ano 2008. Trátase do segundo volume de estudos críticos de tradución de Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), que foi editado por Lourdes Lorenzo García e Veljka Ruzicka Kenfel, leva a cabo unha análise pormenorizada da tradución e recepción das obras ao redor das que se estrutura: a obra alemá *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse* (1995), de Gudrun Pausewang e a serie inglesa *Harry Potter* (1995), de J. K. Rowling. No limiar de Carmen Valero sinálase o auxe que as traducións de LIX teñen xerado dende as últimas dúas décadas, especialmente dende a creación en 1999 da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) por Lourdes Lorenzo, Veljka Ruzicka e Celia Vázquez. Na introdución, as editoras presentan este volume mencionando os criterios de selección en canto ás obras nel compiladas, salientando asemade a condición feminina das autoras Pausewang e Rowling e comentando brevemente as súas obras obxecto de estudo neste volume. Xa por último, Lorenzo e Ruzicka ofrecen unha serie de conclusións do traballo, como a existencia dunha certa inxerencia ou manipulación por parte dos tradutores en canto ás obras base ou a preferencia polo uso de estratexias posibilitadoras dunha comprensión máis doada dos textos na lingua meta. Tras este exordio dá comezo o primeiro eixe do volume, intitulado "*Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse* (Gudrun Pausewang) y sus traducciones a las lenguas de España". A segunda sección abrangue catro estudos críticos que profundan nas traducións desta obra ás linguas oficiais do estado. O segundo eixe alicérzase na obra de J. K. Rowling, *Harry Potter* (1995). Seguindo coa mesma estrutura do eixe anterior, a primeira parte céntrase na descrición da vida e obras da autora e na análise literaria da súa obra. Cómpre sinalar que neste descritor só se dará conta dos artigos relacionados coa literatura galega, e as biografías das autoras das obras que se comentan:

- Carlos Buján López, "Vida e obra de Gudrun Pausewang. Análisis literario de *Die*

Seejungfrau in der Sardinenbüchse", pp. 27-44.

Centrado na vida e obra da autora e na análise literaria da súa obra.

- Rosa Marta Gómez Pato, "Estudio crítico de la traducción al gallego de *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse*", pp. 95-123.

Valórase a tradución ao galego da obra antedita por Rafael Chacón Calvar partindo dunha serie de preceptos operacionais que estudan en profundidade cada un dos seis contos de Pausewang.

- Mª Mar Soliño Pazó, "Las traducciones catalana, española, euskara y gallega de *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse*: estudio comparativo-conclusivo", pp. 125-136.

Estudo comparativo/conclusivo sobre as traducións da obra de Pausewang nas catro linguas oficiais anteditas.

- Celia Vázquez García e Mª Dolores González Martínez, "Vida y obra de J. K. Rowling. Análisis literario de la serie *Harry Potter*", pp. 139-162.

Estudan con gran detalle a biografía de Rowling antes de pasar a comentar a súa traxectoria literaria.

- Manuel Puga Moruxa e Sabela González Panizo, "Estudio crítico de las traducciones al gallego de la serie *Harry Potter*", pp. 303-335.

Este estudo crítico da tradución ao galego da serie de Rowling pecha esta segunda sección. Analízase o labor tradutolóxico de Eva Almazán e Marilar Aleixandre nos dous primeiros volumes da serie.

- Lourdes Lorenzo, "Las traducciones catalana, española, euskara y gallega de la serie *Harry Potter*: estudio comparativo-conclusivo", pp. 337-346.

Este estudo conforma a terceira e derradeira sección e pecha o volume. Tras comentar o labor dos tradutores de LIX dende unha perspectiva sociolingüística, Lorenzo analiza as chamadas "conductas paternalistas" presentes na maioría das traducións de LIX.

VV.AA., *Actas. Leer. Placer. II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil*, Zaragoza: Editorial Luis Vives, 2008, 239 pp. (DL: Z-4696-8).

Volume que recolle as actas do II Congreso de Literatura Infantil e Xuvenil celebrado en Baeza os días 26 e 27 de outubro de 2007. Despois da presentación dispoñense os seguintes apartados: "Conferencias", "Mesas redondas", "Talleres", "Asistentes" e "Fotografías". A representación galega vén da man de Agustín Fernández Paz e de Antonio García Teijeiro:

- Agustín Fernández Paz, "Mesa redonda 2. ¿Cómo elegir para no errar? Experiencias y propuestas", pp. 81-87.

Comeza cunha introdución na que se fala da importancia dunha adquisición da competencia lectora e da educación literaria, para a seguir falar da lectura nas aulas e da importancia dos mestres como mediadores privilexiados entre os libros e alumnado. Agustín Fernández Paz continúa salientando a importancia de ofrecer, como mediador, libros diversos e de calidade para facer lectores e di como se pode facer esa elección e que facer con eses libros. Finalmente, fai un resumo do exposto en tres ideas básicas.

- Antonio García Teijeiro, "Taller 10. Lenar de poesía nuestras aulas", pp. 191- 201.

García Teijeiro propón unha serie de pasos a seguir para a realización dun bo taller de poesía nas aulas, partindo da premisa de que o mestre debe coñecer e "saber que es capaz de contagiar su entusiasmo y sus conocimientos a sus alumnos". Para o dito estabelece unha proposta inicial para o taller e dá conta dos diferentes pasos a seguir para levar a cabo esa proposta: desenvolvemento de actividades, lecturas de poemas en voz alta, aspectos a coidar no momento da lectura dun poema en voz alta, recurso a poemas con ou en música, etc.

VV.AA., *The Present Situation of Picture Books in the World/Picture Books in Thailand*. Osaka: International Institute for Children's Literature, 2008, 268 pp.

Este libro contén dúas partes ben diferenciadas. Na primeira delas, que aparece en xaponés e en inglés, inclúese unha conferencia do profesor John Stephens titulada "Picture Books, Mimesis and the Competing Aesthetics of Kinesis and Stasis". A continuación veñen once breves presentacións de álbumes ilustrados que se pretenden representativos da actual literatura infantil nos seus respectivos países. Publícanse así os documentos xerados durante unha xornada que tivo lugar en Osaka no mes de agosto de 2007, no que once investigadores da literatura infantil e xuvenil de diferentes países presentaron un título destacado. Cada unha das presentacións compónse dos seguintes epígrafes: "The plot of the book", "The author", "Reasons for recommendation", "Comment on that day" e "Presenter's profile". O título escollido pola representante española, Mónica Domínguez, é *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*. Na segunda parte do libro, que aparece en xaponés, tailandés e inglés, recóllense varios artigos sobre os álbums ilustrados en Tailandia.

VV.AA. (Red de selección de libros infantiles y juveniles), *Libros 2006-2007 escogidos de Literatura Infantil y Juvenil (3-15 años)*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2008, 114 pp. (ISBN: 978-84-89384-71-2).

Despois dunha "Presentación" na que se explica primeiro quen constitúe a Rede de selección, cándo se constituíu, pásase a dar noticia das seleccións realizadas até o momento. Nela explícase tamén que dado a abundancia de obras que se publican é preciso a selección para estimular a práctica da lectura e a conformación do propio gusto literario, obras que presenten "modelos variados de vivencias, reales o imaginadas, para enriquecer su sentido de la vida, sentido que se puede obtener mediante la buena literatura", criterios que se teñen en conta nesta selección que acolle recuperacións editoriais de narracións clásicas xuvenís e poemarios de grandes autores, novidades suxestivas nos diferentes xéneros. A seguir ofrécense os títulos seleccionados. Deles faise un breve descritor en castelá e na lingua orixinal do texto. En

LIX galega acóllensen obras patrimoniais e algunha tradución. Na banda de idade de 3-5 anos: *Herbalúa* (2006), de Marilar Aleixandre; *Papá, por favor*, *achégame a lúa* (2006), de Eric Carle; *Pegadas xigantes* (2006), de Fernando Krahn. Na banda 6-7 anos: *Tres princesas namoradas* (2006), de Ánxeles Ferrer; *Camiño solitario* (2006), de Ánxela Gracián; *Rato solteiro* (2006), de Paco Liván; *Tres desexos* (2007), de Eva Mejuto. Na banda de 8-9 anos: *O cabaleiro Pepino* (2007), de Carmen Gil; *Animais fantásticos* (2007), de José Jorge Letria; *Ovos duros* (2007), de Marisa Núñez; *Natasha e Dimitri* (2006), de Antonio Casal. Na banda de 10-11 anos: *Sálvate Elías!* (2007), de Elizabeth Brami; *Boas Noites* (2007), de Paula Carballeira; *Camiños sen nome* (2007), de Anna Castagnoli. Na banda de 12-13 anos: *O castrón de ouro* (2007), de Darío Xohán Cabana. Na banda de 14-15 anos: *Cartas de amor* (2006), de Fran Alonso, *A pomba e o degolado* (2007), de Fina Casalderrey; *Cartas de inverno* (2007), de Agustín Fernández Paz; *A cova das vacas mortas* (2006), de Jaureguizar; *Corto Maltés: Balada do mar salgado* (2006), de Hugo Pratt.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A. G. F., "Saladina", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, pp. 6-7.

Coméntase a obra de Xavier Queipo, *Saladina*, conxunto de historias tecidas baixo unha mesma trama que publicou en 2007 a editorial Galaxia. Identifícase na obra unha homenaxe ao estilo cunqueiriano e salienta dela o seu acerto na escolla dos temas, situándoa na mesma liña d'*As mil e unha noites*. No apartado de críticas sinálase certo descoido no uso da lingua.

A. G. F., "U-49", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 7.

Considérase como un proxecto pretensioso que non chega acadar os seus obxectivos a novela *U*-49, de Rafael Lema, publicada pola editorial Tambre en 2007. Resúmese o argumento da obra, seguido por tres queixas. A primeira é o excesivo número de cabos soltos que se perciben na trama, o que fai certas pasaxes "dificilmente xustificables." A segunda queixa ou observación é o uso descoidado da lingua, que peca no estético polo uso de castelanismos e no ético por certas referencias misóxinas. E, coma derradeira observación, a falta de correspondencia entre o que din os personaxes e a súa condición, época e lugar. Finalmente, e dun xeito máis xeral, Anxos García laméntase da pouca atención que lle prestan as editoriais á corrección gramatical dos textos que publican.

Agrelo Costas, Eulalia, "*O souto do anano*, de Helena Villar", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2008, pp. 76-77.

Despois de citar os poemarios escritos por Helena Villar Janeiro, algún deles en coautoría co seu home Xesús Rábade Paredes, céntrase no comentario d´*O souto do anano* (Alfaguara Obradoiro, 2007). Sinala que nel se recrea un escenario natural, no que conviven tanto seres reais coma outros procedentes do imaxinario infantil, que parten dos contos tradicionais e dos grandes clásicos universais. Destaca a recorrencia ao *nonsense* e a presenza de topónimos pertencentes ao Becerreá natal da autora, así como suxire que este souto do anano pode ser "ese espazo da infancia que, dende unha idade adulta, se recrea a partir da mestura da realidade e da fantasía procedentes dos recordos e experiencias persoais". Tamén se refire á forma das súas composicións poéticas, que parten de modelos próximos á literatura popular e daqueloutros máis innovadores. Por outa parte, alude ás ilustracións "vivas e coloristas" de Marta Álvarez, que foron seleccionadas para a Bienal Internacional de Bratislava 2007.

Agrelo Costas, Eulalia e Isabel **Mociño González**, "As traducións entre a literatura infantil e xuvenil galega e vasca", *Un mundo, muchas miradas/Mundu bat, begirada anitz*, n.º 1, decembro 2008, pp. 81-100.

Neste artigo preséntase un estudo das relacións que se foron estabelecendo entre as

literaturas infantís e xuvenís galega e vasca, a través das traducións dende os anos oitenta até a actualidade. As autoras detéñense nos elementos de conformación destes dous sistemas literarios periféricos e observan a evolución que experimentou o intercambio entre ambas as dúas. Estabelecen un período que vai dende a aparición das primeiras manifestacións no terreo da tradución, que tiveron lugar na década dos anos sesenta do século XX, até o momento actual, no que ambos os sistemas literarios están consolidados, pero no que se enfronta ás problemáticas derivadas da súa situación de literaturas periféricas. Deste modo, estabelecen un primeiro período denominado "Das primeiras manifestacións ás primeiras traducións", no que se refiren á aparición das primeiras obras dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil, incluídas as traducións; un segundo período que son os "Anos oitenta. A eclosión", no que comeza un diálogo máis fluído de intercambio entre as literaturas estudadas e nas que predominan os álbums dirixidos a primeiros lectores; unha terceira etapa que é a dos "Anos noventa. Consolidación", que coincide co asentamento da literatura infantil e xuvenil galega e vasca, na que se dá unha continuación da tendencia da década anterior, aínda que cun aumento progresivo do diálogo; e por último, "O novo milenio", no que se percibe a ruptura do equilibrio anterior coa irrupción da editorial Kalandraka, que trouxo un gran número de obras de autores galegos ao sistema literario vasco, ademais de observarse unha aposta máis decidida polas obras para o público xuvenil de autores clásicos contemporáneos ou títulos recoñecidos con algún galardón. Finalmente, extráense algunhas conclusións sobre o tipo de relación que se cultivou e a dinámica que dominou neste diálogo interperiférico.

Alfaya, An, "Literature with capital letters", *Galician books*, 2008, p. 11.

Breve reflexión e louvanza da literatura galega e o futuro literario dos rapaces galegos a partir da consideración de Galicia como un paraíso de contrastes literarios.

Amado, Ana, "Atención ao semáforo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 4.

Reseña crítica d'*Os ourizos cachos e o gran río gris*, obra coa que Rosa Aneiros debutou no mundo da literatura infantil en 2007 e que saíu ao mercado con ilustracións de Rodrigo Chaos e da man da editorial Galaxia. Logo de facer un breve resumo do argumento e comentar as ilustracións de Chaos, critícase o excesivo didactismo que acompaña a obra.

Amado, Ana, "Aprender a querernos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 5.

Descríbese *Petra*, o conto infantil escrito e debuxado pola ilustradora belga Helga Bansch e publicado en galego por OQO Editora en 2007. Ademais dun breve resumo do argumento, no que se deixa ver que a obra xira ao redor do problema dos complexos persoais e a desmedida atención ao físico, analízanse de xeito detallado as ilustracións da obra.

Amado, Ana, "María é maior", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 5.

Reséñase o conto infantil de Miguel Vázquez Freire, *María é maior*, publicado pola editorial Baía en 2007 con ilustracións de Xosé Tomás. O artigo deixa ver o tema principal da obra: explicarlle aos nenos o por qué do que se lles prohíbe, ao tempo que se lles fai ver todo o que si está nas súas mans. En último lugar gábanse as ilustracións de Xosé Tomás.

Ambroi, Domingos, "Federico Fernández. Books that stick to your retina", *Galician books*, "The illustrator", 2008, p. [28].

Entrevista ao ilustrador galego Federico Fernández que salienta temas como o nivel de ilustración actual en Galicia, a edición de álbums ilustrados e que menciona nun apartado intitulado "His works" [Os seus traballos], as exhibicións que ofreceu en conxunto con outros ilustradores, exhibicións individuais, os premios dos que foi merecente e os seus libros publicados.

Ameixeiras, Diego, "Non soporto que os políticos fagan humor", *Tempos Novos*, n.º 130, "Todo é peixe", "Entrevista", marzo 2008, p. 10.

Kiko da Silva responde ás preguntas acerca do seu labor como debuxante dende fai dez anos, e como actual director da revista de humor *Retranca*. Fala da súa primeira publicación cobrando en *La Voz de Galicia* no ano 1996, cando tiña só dezasete anos e acababa de gañar o Premio de BD de Ourense.

Baseiria, Oblit, "*Solo un segundo*. Silvio Freytas", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 211,"Libros/Novedades", xaneiro 2008, p. 54.

Despois de recordar pormenorizadamente a historia que se relata neste conto publicado en castelán, catalán e galego no ano 2007, salienta que só vale un segundo para abrir o libro e poñer en marcha a engranaxe do reloxo "Un ¡TIC impreso en la guarda de la salida". "El TAC! Impreso en la última guarda marcará el final de este mágico, sugerente y algo surrealista segundo".

Casalderrey Fraga, Fina, "Que los libros ayuden a crecer", *La Siempreviva. Revista literaria*, n.º 3, "Letras Gallegas desde Cuba", marzo 2008, p. 61.

Recóllense as declaracións de Fina Casalderrey a José Luis Estrada Betancourt o 13 de febreiro de 2008 na presentación do seu libro *No te cases, papá!* (2008), nas cales fala sobre o seu oficio de escritora e como entende a literatura partindo da influencia que nela tiveron as historias que o seu pai lle contaba na súa infancia.

Cerrillo, Pedro C., "La LIJ y su importancia en la educación literaria", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 212, "En teoría", febreiro 2008, pp. 49-

58.

Comeza indicando que dende hai anos xa non se cuestiona a existencia da Literatura infantil e xuvenil, mais que anteriormente foi analizada dende "criterios pedagógicos o doctrinales, no literarios" e tamén sufriu a marxinación das Historias da Arte e da Literatura, da Crítica e da Socioloxía e mesmo as institucións e os medios de comunicación da sociedade a infravaloraban. Apunta que o recoñecemento da LIX xurdiu a raíz da publicación de libros dirixidos expresamente a ese lectorado. No apartado "Apuntes históricos sobre la literatura para la infancia" arrinca dende a visión dos nenos no século XVIII e presenta exemplos de Francia, España e Suecia, mostrando que á LIX se lle esixía capacidade para adoctrinar e formar parte da educación da infancia, en lugar de observar a súa literariedade. No apartado "Utilitarismo curricular" sérvese deste termo empregado por Victoria Fernández para explicar un dos outros problemas da LIX, á parte da "desatención a los valores literarios de algunas obras infantiles". No apartado "La LIJ, Literatura con mayúsculas" reivindica que igual que ocorre coa literatura para adultos "se dejan sentir muchas de las transformaciones y novedades que son fruto de una época y de una sociedad", como exemplifica con *Corazón*, de Edmundo d'Amicis e con varias obras adaptadas segundo a perspectiva do bando republicano ou do bando sublevado. No apartado "La LIJ y el aprendizaje literario" aposta pola experiencia lectora, seguindo as palabras de Dámaso Alonso de 1974. Remata co apartado "Aspectos que lastran la LIJ" no que inclúe a "excesiva escolarización", a falta de diferenciación entre a "lectura escolar" e a "lectura literaria". Apunta a necesidade de "dotar a la LIJ de un discurso crítico" e abordar os seus estudos "desde la interdisciplinariedad de diversos saberes (psicológicos, sociales, folclóricos, didácticos, lingüísticos...). Destaca que a súa "autonomía artística" lle permitiu ser "considerada como una manifestación literaria plena". Precisa que achega á infancia e á adolescencia o "primer contacto del niño con la creación literaria escrita y culta" e que tamén constitúe "un buen recurso para el desarrollo de la personalidad, la creatividad y el juicio crítico".

CLIJ, "*El oso y el cuerno*. MoniKa Klose", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 211, "Libros", xaneiro 2008, p. 53.

Explica que, ao estilo das fábulas, neste conto publicado en castelán no ano 2007 con edición en galego, se fala dun oso e un corvo que desexan o que non teñen. Despois de expor estes desexos, como queren conseguilo sen resultado e o que precisan para ser felices, fala da autora e da ilustradora que fai unha proposta plástica que se considera de "indudable impacto visual".

CLIJ, "Marisa Núñez", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 212, "Tinta fresca", febreiro 2008, pp. 37-[40].

Acóllense as palabras de Marisa Núñez nas que describe a súa infancia antes de comezar a escribir. Coméntase que "La vida se puede contar de muchas maneras" e que ela prefire facelo dun xeito comprensíbel para os máis pequenos. Achégase unha bibliografía dividida en obras orixinais, versións e adaptacións, todas elas en galego e indicando ademais se contan con edicións noutras linguas peninsulares. Reprodúcese o relato "A rapaza dos dedos azuis" en galego e en castelán, "La muchacha de los dedos

azules".

CLIJ, "*Zalgún*. Luisa Morandeira", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 213, "Libros/Novedades", marzo 2008, p. 63.

Desta obra publicada no ano 2007, dise que é unha adaptación dun conto popular bereber da zona de Kalibia, actualmente pertencente a Arxelia cun gran parecido con *Pel de asno*, De Perrault. Despois de recordarse a historia, agora protagonizada por un irmán que quere casar coa súa irmá, dise que o relato explora sentimentos e actitudes (crueldade, astucia, orgullo, capacidade de sobrevivencia, de maduración, xenerosidade…)e inclúe probas e "maravillas" coma os contos populares e unha linguaxe áxil e directa coma a oral. Remátase referindo ás ilustracións que ambientan a acción e época na que nace o conto.

CLIJ, "Lista de Honor de CLIJ 2007. Los 100 mejores libros del año", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 214, "Lista de honor", abril 2008, pp. 7-10.

Preséntase a selección anual que a revista *CLIJ* ofrece a "profesores y bibliotecarios, pero también a madres y padres, estudiosos e interesados en la literatura infantil y juvenil" a partir dos cincocentos títulos descritos ou recensionados na revista ao longo do ano 2007 a través do seu equipo redactor e colaborador. Nos apartados, que se estabelecen por idades, constan nesta selección os seguites títulos da LIX galega: "de 0 a 5 años" *Chocolata*, de Marisa Núñez; *Herbalúa*, de Marilar Aleixandre; "de 8 a diez años", *Boas noites*, de Paula Carballeira; "de 10 a 12 años", *A lagoa das nenas mudas*, de Fina Casalderrey; *Ovos duros*, de Marisa Núñez; "de 12 a 14 años", *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana; e "Más de 14 años" *Rinocerentes e quimeras*, de Marcos Calveiro.

CLIJ, "Los Premios del 2007" *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 214, "Informe", abril 2008, pp. 11-82.

Como todos os anos a revista *CLIJ* informa das obras que mereceron galardóns nas convocatorias de varios premios que se convocaron no ano 2007. Ofrécese unha breve biobibliografía do autor galardoado e dos ilustradores, unha breve entrevista con reflexións sobre o que supuxo para eles merecer os galardóns, sobre a obra galardoada, entre outras reflexións máis xerais sobre a Literatura infantil e xuvenil. Tamén se fai unha síntese da obra galardoada. Entre os escritores galegos que mereceron algún galardón cítanse a Marcos Calveiro, Premio Ala Delta por *O carteiro de Bagdad*; An Alfaya, Premio Fundación Caixa Galicia por *Illa soidade*; Carlos López Gómez, Premio Merlín por *Minimaladas.*

CLIJ, "*Titiritesa*. Xerardo Quintiá" *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 215, "Libros/Novidades", maio 2008, p. 63.

Compárase a obra *Rey Rey* (2004) onde un príncipe busca princesa pero acaba atopando

un príncipe con *Titiritesa* (2007), obra no que ocorre ao revés. Saliéntase que para falar da homosexualidade á nenez se emprega un argumento dos contos tradicionais pero con elementos que o converten nun conto moderno "incluso atrevido, que habla de la igualdad entre sexos". Seguindo coa comparación, saliéntase que en *Titiritesa* se fai fincapé na atracción das dúas mozas dende o momento no que se ven. Remátase referindo ao cambio de tons, empregado polo ilustrador, dende os escuros até os máis optimistas na busca da sorpresa.

CLIJ, "Carlos López" *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216, "Tinta Fresca", xuño 2008, pp. 37-40.

Iníciase esta sección protagonizada por Carlos López cunha "Autobiografía" do humorista gráfico que considera o seu un "Bello oficio" porque lle permite contar ás persoas o que sucede no mundo a través do humor. Di que goza do viñetismo político pero que se relaxa deixando a un lado o eu periodístico para dar paso ao eu escritor, para escribir para o neno que foi. A seguir, reprodúcese unha "Bibliografía" na que se inclúen os textos realizados cun compañeiro, co que constituíu o dúo Pinto&Chinto. Para rematar, reprodúcese o relato "Os oficios de Chuquelo", en galego e castelán. Dise que é un relato protagonizado por un can moi especial que no canto de xogar coas cousas típicas da súa raza reflexiona e fai cousas diferentes.

CLIJ, "*O carteiro de Bagdad*. Marcos Calveiro", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216, "Libros/Novedades", xuño 2008, p. 65.

Comeza referíndose ao tempo da historia d'*O carteiro de Bagdad* (2007), de Marcos Calveiro, que merecera o Premio Ala Delta 2007 sobre a vida dunha familia suní no Bagdad actual que viu alterada a súa vida pola guerra. A súa única comunicación co exterior provén de que o home maior da familia é canteiro e é o que trata de manter vivas as esperanzas de que o pobo iraquí, coma sempre, rexorda das cinzas, pero un accidente converte ao fillo no responsábel de facer chegar unha carta ao seu destino na que só hai sementes que foron enviadas por un fillo a un home xa ancián que morreu na guerra. O ancián e as sementes convértense no símbolo da esperanza.

CLIJ, "*El abrigo misterioso*", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 217, "Libros/Novedades", xullo/agosto 2008, p. 60.

Salienta esta obra de 2007, que conta con tradución galega e que é unha historia de misterio presentada nun breve texto pero cunhas ilustracións que "narran con absoluta claridad la crónica del suceso, el misterio, la atmósfera irreal, mágica y los personajes". Cualifícase dun "álbum mágico, unha historia increible, imposible, llena de expectación" que fala de amor aos animais, de complicidades, dun libro que non acaba na primeira lectura, unha historia que atrapa na súa extrana atmosfera feita de cores, luces e sombras, de variados escenarios e personaxes.

CLIJ, "Literatura Infantil: nuevas lecturas, nuevos lectores", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 221, "Libros/de regalo", decembro 2008, p. 78.

Infórmase da publicación das Actas do V Seminario Internacional de Lectura y Patrimonio, celebrado en Cuenca en 2006. Dise que nelas se acollen as ponencias e comunicación presentadas e dáse conta dos diferentes temas que acolleu este seminario. Tamén se di que a Universidade de Castilla La Mancha tamén vén de publicar La palabra y la memoria (Estudios sobre literatura popular infantil), recompilación dos traballos presentados á I Jornada Internacional de Investigadores de Literatura Popular Infantil que tivo lugar en 2007.

Cobas, Xosé e Xabier P. **Docampo**, "Neira Cruz", *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 2, "Semblanza", 2008, p. 28.

Saliéntase que as cidades de Neira Cruz adoitan ser burgos medievais e cidades renacentistas e que gusta de percorrer nos seus escenarios a Florencia de Lorenzo de Medici, ao igual que fan os seus personaxes cando circulan polas rúas. Apuntan tamén a súa devoción por Compostela, marcada polo amor ao "pasar por A Quintana y por el Obradoiro, al son de la Berenguela".

Cobas, Xosé e Xabier P. **Docampo**, "Miguelanxo Prado", *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 2, "Semblanza", 2008, p. 29.

Refírense ao carácter polifacético de Miguelanxo Prado, que ten practicado a ilustración, o cartelismo, a creación cinematográfica ou a pintura. En relación coa cidade, salientan a observación co obxectivo de captar a vida e, sobre todo, a súa vinculación coa auga. Entre as cidades que ten interpretado citan Lisboa, Fez, Moscú, Nápoles, Bos Aires, Saraxevo, Praga, París ou Londres.

Coronas, Mariano, "A biblioteca escolar e o fomento da lectura: poñámonos a traballar", *Fadamorgana*, n.º 12, "Espazos para a lectura", inverno 2007/2008, pp. 56-60.

Tras unha serie de consideracións, comenta que a biblioteca escolar é o mellor espazo para fomentar a lectura. Refírese aos diferentes soportes informativos que se poden atopar nunha biblioteca escolar e considera que esta é un espazo de relación con intermediarios especiais (os libros e a cultura). Reclama a necesidade dunha persoa adecuada para o bo funcionamento dunha biblioteca escolar, que presta un servizo compensador a quen chega cun déficit de soportes e estratexias lectoras, así como permite, a través dos libros de ficción, que o alumnado coñeza outros mundos. Tamén apunta que ofrece modelos de escrita e que debería ser un lugar de encontro entre os tres estamentos básicos da comunidade escolar (o alumnado, o profesorado e as familias). Explica as razóns polas cales a biblioteca escolar non acaba de funcionar e fala da súa experiencia neste ámbito.

Couto, Alba, "*Tres desexos*. Eva Mejuto", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 70.

Resume o argumento de *Tres desexos* (OQO, 2007), de Eva Mejuto. Sinala que se trata dun "delicioso" conto, que está inspirado nun relato popular portugués e que se acompaña das ilustracións de Gabriel Pacheco, que considera son das mellores que se teñen publicado en Galicia en 2007.

Couto, Alba, "*Mouchiño Mou*. Xoán Babarro", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 71.

Refírese á obra *Mouchiño Mou* (El País-Galaxia, 2007), na que Xoán Babarro segue na súa liña de apoio á poesía infantil a través da utilización de rimas e estrofas de clara inspiración na tradición oral e popular. Sinala que nela se conta con limpeza e sinxeleza a historia dun mouchiño chamado Mou, ao cal se encargou de poñerlle cara David Soler, novo nome na ilustración galega, que pasa con notable esta súa estrea grazas a esas dobres páxinas pintadas ao óleo sobre táboa.

Couto, Alba, "*Animais fantásticos*. José Jorge Letria", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 72.

Considera que o taballo que André Letria presenta en *Animais fantásticos* (Kalandraka, 2007), de José Jorge Letria, son do mellor que ofrece esta obra: "magníficas, rotundas, un punto naif-sobre todo no tratamento da cor-eficaces e graciosas". Con respecto aos textos, sinala que, pese a non ser fácil falarlles dos seres mitolóxicos aos máis novos, o escritor "ten mérito pola súa valentía, máxime se adopta a primeira persoa, se arrisca cun ton poético e se decide enlearse en imaxes e metáforas un tanto subidas de idade para os receptores iniciais deste libro".

Couto, Alba, "*Un barco no ceo*. Quenti Blake", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 73.

Ademais de referirse á trama argumental do volume *Un barco no ceo* (Kalandraka, 2007), sinala que nel se recolle unha "historia fermosa, sinxelamente contada, que fala de solidariedade e de desexos de cambiar o mundo para mellor". Enxalza a forza expresiva de Quenti Blake, a quen cualifica de "mago" da ilustración e da palabra, e mostra a súa satisfacción ante a presente obra.

Couto, Alba, "*Solaina*. Na Virada", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 78.

Logo de referirse ao feito de que os nenos e nenas aínda non gozan de igualdade de oportunidades á hora de acceder a femosos libros ilustrados con dimensión audiovisual, alude ao libro e CD publicado polo grupo Na Virada, *Solaina* (Kalandraka, 2007). Sinala que se trata dun libro chantado na tradición popular e coa ollada posta nas composicións dun bo grupo de autores galegos (Xosé Neira Vilas, Manuel María, etc.). A seguir, comenta que neste libro-disco a literatura e a música están irmandadas para facer chegar a palabra. Considera que os seus arranxos musicais quizais non son na súa totalidade os máis axeitados para o público infantil e apunta que este "fermoso" traballo

conta coas ilustracións, no camiño da pintura naif, de F. Pérez Porto.

Couto, Alba, "*O barbeiro de Sevilla*. Gioacchino Rossini", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 78.

Comenta o volume *O barbeiro de Sevilla* (Kalandraka/Hipótesi-Kalandraka, 2006), de Gioacchino Rossini. Sinala que esta adaptación de Joan de Déu Prats supera a proba non sen apuros, pero con eficacia. Considera que poucos pequenos serán quen de afrontar a súa lectura e opina que a proposta ilustrativa de Miguel Gallardo resulta "un tanto pobre" dende o punto de vista gráfico.

Delgado Almansa, María Cruz, "A tradición oral: unha viaxe pola memoria nas aulas de Secundaria ", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 38-42.

Estabelece unha serie de preguntas respecto á conveniencia de dar a coñecer a tradición oral no ensino secundario. Comeza a "viaxe pola memoria" partindo da máxima de don Juan Manuel de "ensinar deleitando"e citando a investigadores que reivindicaron o emprego da tradición oral na educación, tales como Ana Mª Romero Yebra, Ana Pelegrín, Pedro Cerrillo e Antonio Rodríguez Almodóvar, entre outros. Apunta que a familia pode iniciar ao neno no coñecemento da tradición oral por medio de contos e cantos, e tamén a práctica na escola. Recoñece as carencias da universidade na formación do profesorado respecto á tradición oral e indica publicacións e actividades que axudan a ser un bo narrador. Detalla as razóns para adentrarse na "memoria" oral, e afirma que os profesores deben servirse dos textos que lles ofrece o currículo escolar. Enumera experiencias de aula para traballar a tradición oral e as destrezas básicas que estas experiencias desenvolven. Remata animando a difundir a transmisión oral ás futuras xeracións, e aporta referencias bibliográficas.

Docampo, Xabier P., "Lectura e biblioteca escolar", *Fadamorgana*, n.º 12, "Espazos para a lectura", inverno 2007/2008, pp. 39.

Considera que a biblioteca escolar é o lugar onde se ha aprender a relación que o individuo vai ter na vida cos libros e que pode ser literaria, informativa ou científica. Sinala que todos os currícula deberan estar enunciados en función da disponibilidade da biblioteca, non tanto como espazo físico senón como concepto e instrumento de aprendizaxe. Por último, apunta que a biblioteca escolar debe ser tamén o lugar da imaxinación, onde se fomente a lectura creativa.

Docampo, Xabier P., "Some questions", *Galician books*, 2008, p. 9.

Destácanse o período de expansión e revitalización actual da literatura infantil galega e unha serie de preguntas en canto á LIX en lingua galega, como por exemplo, se as obras que a LIX ofrece potencian a intelixencia do lectorado ou carecen pola contra de calidade narrativa; se ofrecen unha linguaxe intelixíbel ao público lector ou se a LIX é verdadeiramente galega ou non. Remata afirmando que a LIX en lingua galega inda ten moito que mellorar malia o seu éxito actual.

Docampo, Xavier P., "O baduíno de Van Eyck", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 11.

Breve reseña do *Gran libro dos retratos dos animais* (2006), a obra do prestixioso ilustrador croata Svejtlan Junakovic publicado en galego por OQO Editora coa tradución de Antón Fortes. Explícase que o álbum recolle máis de vinte obras emblemáticas da pintura europea e modifícaas, situando a figura ou o rostro dun animal alí onde o pintor orixinal colocara a un humano. Sinálase que a orixinalidade da proposta xa lle mereceu ao creador croata galardóns tan importantes coma a distinción ao Libro Infantil e Xuvenil mellor editado do 2007 do Ministerio de Cultura ou unha mención nos Bolongna Ragazzi.

Domínguez Pérez, Mónica, "*Polo mar van as sardiñas* y sus traducciones", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 11, 2008, pp. 25-33.

Estudo no que Mónica Domínguez se centra no proceso de edición e as diferentes traducións que coñeceu o conto de Xohana Torres, *Polo mar van as sardiñas* (1967) e no que comeza repasando o proceso de configuración do polisistema infantil e xuvenil galego na década dos anos sesenta, nos que se levan a cabo as coedicións entre a editorial galega Galaxia e a catalá La Galera. Neste proxecto sitúa a publicación de *Polo mar van as sardiñas*, única obra escrita orixinalmente en lingua galega que ve a luz nesta colección e que, seguindo a liña editorial da coedición, coñece a súa tradución a todas as linguas do ámbito español. A seguir detense nas características paratextuais do conto e sinala que non achega ningunha novidade con respecto ás demais obras da colección "Desplega velas", na que saíu ao mercado. Analiza as traducións que se publicaron do texto de Torres, nas que mostra algunhas adecuacións lingüísticas, e analiza unha serie de trazos gramaticais que a levan a concluír que a tradución ao catalán foi feita dende o castelán e non dende a versión orixinal en lingua galega. Da tradución ao éuscaro sinálase a adaptación cultural e a falta de normativización e normalización desta lingua no momento da publicación. Da difusión e recepción da obra sinala que este conto foi dos que tivo unha tiraxe máis alta da colección, que as traducións ao catalán e castelán se esgotaron e foron reeditadas e que conta con numerosos comentarios críticos, os cales repasa detalladamente. Considera que a reedición que a obra coñeceu en 2004 é froito da valoración que a crítica galega fixo dela, como elemento fundamental para o sistema literario galego, mentres que noutros ámbitos caeu no esquecemento. Conclúe que esta última edición presenta unha gran modernización, tanto no texto coma nos paratextos, co que considera que buscan achegarse ao lectorado infantil actual.

Etxaniz, Xabier, "*Miren nunca mais!*. Pako Aristi", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 211, "Libros/Novedades", xaneiro 2008, p. 57.

Primeiramente recorda a historia que se conta neste relato publicado en 2007 en eúscarocon tradución ao galego, e que se sitúa na cidade de Santiago de Compostela no que se deixa ver o palpitar das xentes que se relacionan coa protagonista. Salienta a linguaxe vivaz coa que está escrito, os diálogos e a mestura do castelán e galego, pero

tamén fala da pouca credibilidade dalgún acontecemento aínda que a obra tira pola lectura e fai que se coñeza mellor a cidade de Santiago e as súas entrañas.

Fernández, María Jesús, "*A casa dos Lucarios*. Teresa Moure", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 211, "Libros/Novedades", xaneiro 2008, p. 60.

Comeza salientando que esta obra, publicada en galego no ano 2007, é a primeira incursión da súa autora, Teresa Moure, na LIX. Despois de recordar a trama e a historia que conta a neta dos protagonistas, despois de sesenta anos de matrimonio dos seus avós, cualifica a obra como un "microcosmo que refleja la historia reciente de Galicia y su profunda mutación", o declinar dunha forma de vida rural, coas transformacións, boas e malas, que supón. Salienta que é unha historia ben narrada, limpa e sinxela, cunha linguaxe próxima á fala popular que a fai atractiva e precisa.

Fernández, María Jesús, "*O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos*. Miguel Vázquez", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 212, "Libros", febreiro 2008, p. 68.

Precísase que deste álbum de Miguel Vázquez publicado en 2007 tamén conta cunha edición en castelán. Destácase que as dúas historias paralelas conflúen nun determinado punto e refírese á singularidade de presentar dous comezos distintos, entre outros datos do argumento. Achégase que parte da orixinalidade provén das ilustracións de José Tomás.

Fernández, María Jesús, "*Minimaladas*. Pinto&Chinto", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 212, "Libros", febreiro 2008, p. 69.

Comézase destacando que este premio Merlín 2007 conta cunha "bonita y cuidada edición", además de indicar datos da encadernación e dos autores Pinto&Chinto. Céntrase en precisar a estrutura e as características orixinais das historias que conforman o volume. Saliéntase a semellanza cos personaxes das "fábulas clásicas" sen a "pretensión moralizante" das mesmas e achegando "humor e inteligente complicidad con los lectores". Remátase destacando o "estilo limpio y expresivo" das ilustracións de David Pintor.

Fernández, María Jesús, "*O único que queda é o amor*. Agustín Fernández Paz", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 212, "Libros", febreiro 2008, p. 72.

Precísase que desta obra de Agustín Fernández Paz publicada en 2007 tamén existe edición en castelán, e que serve para inaugurar unha nova colección de Edicións Xerais. Apúntase que "nos aproxima al Fernández Paz más íntimo y personal". Céntrase na temática amorosa e a perspectiva mostrada en cada relato, salientándose como eixes do volume o amor e o cine e a literatura, ademais de repararse nas citas literarias que serven de comezo aos relatos e que constitúen "homenajes explícitos a autores amados por este autor". Remátase apuntando as "maravillosas" e "hermosas" ilustracións de Pablo Auladell.

Fernández, María Jesús, "*Contos de Reis e de Nadal*. Miguel Vázquez Freire", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216,"Libros/Novedades", xuño 2008, p. 63.

Comeza dicindo que o "título", publicado en 2007, inclúe catro contos de Reis e outros tantos de Nadal. Salienta que "Pese a lo clásico del tema, el autor ha procurado lanzar una mirada nueva sobre este manido tópico y proponernos situaciones diferentes o puntos de vista poco habituales". Entre eles, sinala que fai falar a un xoguete; que os Reis teñen que usar toda a paciencia para conseguir que a caprichosa "princesa de la casa" quede durmida para facer o seu traballo; que recupere ao Sr. Scroage, o personaxe de Dickens que odiaba o Nadal, ademais de realizar un alegato contra a guerra e unha historia sobre unha emigrante subsahariana e o Nadal, con paralelismos co da súa terra.

Fernández, María Jesús, "*Illa soidade*. An Alfaya", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 217, "Libros/Novedades", xullo/agosto 2008, p. 62.

Salienta que a historia que se trata nesta obra, premio Fundación Caixa Galicia de LIX 2007, se centra en personaxes que se converten en excluídos sociais (os sen teito, vagabundos, etc.), que só se fan visíbeis cando se converten nun estorbo. Di que a estrutura da obra é complexa e que se mesturan dúas voces en primeira persoa, así como que se desenvolve temporalmente nun desprazamento en tren onde a moza estudante de periodismo lle fai unha entrevista a unha vagabunda que fala sobre a soidade, a incomunicación ou o amor. Finaliza referíndose ao dossier que acompaña á obra con noticias sobre vagabundos.

Fernández, María Jesús, "Galicia: harmonía e consistencia/Galicia: harmonía e consistencia", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 219, outubro 2008, "Especial panorama", pp. 54-60.

Comézase afirmando que "a establilidade e o equilibirio" é unha característica constante na produción literaria dirixida aos máis novos nos últimos anos e que o maior volumen de títulos editados se corresponden cos dirixidos aos prelectores e primeiros lectores. A seguir, faise un repaso ás editoriais, colecciónes e títulos editados en 2008 segundo as franxas de idade "Prelectores e primeiros lectores", "Libros para nenos e nenas entre 8 e 11 anos" e "Mozos lectores, entre 12 e 15 anos". Baixo o primeiro epígrafe, "Prelectores e primeiros lectores", fálase de Galaxia como a editora que máis libros orixinais editou, aínda que se comenta que moitos destes títulos xa foron publicados con anterioridade, como é o caso dos saídos a lume na "remocicada colección Tartaruga" ou dos títulos *A galiña azul*, de Carlos Casares, ou *Voces na lagoa do espantallo*, de Xan López Domínguez, recuperados na colección "Árbore". Nesta colección, que se cualifica de "bastante irregular", a autora do artigo destaca tamén *Marta ten a solución*, de Ana María Fernández. Entre os creadores galegos con propostas orixinais cita a Miguel Vázquez Friere e ao ilustrador Xosé Tomás polos títulos *O neno que tiña medo dos robots*/ *O robot que tiña medo dos nenos*, da editorial Rodeira, e *María é maior*, de Baía Edicións; a Ánxeles Ferrer polo álbum *Aiko* e a Ramón Caride e a ilustradora Patricia Castelao por *Un coelliño na beiramar*, ambos os dous publicados en Everest-

Galicia. María Jesús Fenández salienta tamén a introdución de temáticas actuais e novidosas na Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), como poden ser a homesexualidade ou os diferentes tipos de familia na sociedade actual, en obras como *Titiritesa*, de Xerardo Quintiá, e *Unha chea de familias*, de Xosé Antonio Neira Cruz. A seguir, ofrécese, a grandes trazos, o argumento das obras *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* e *Hora de comer* nas que colaborou o Consorcio de Santiago de Compostela coas editoriais Kalandraka e Sotelo Blanco para dar a coñecer a cidade do Apóstolo. En canto aos autores galegos máis veteranos destácanse os libros *A pastelería de dona Remedios*, de Agustín Fernández Paz, e *O autobús da selva*, de Manuel Uhía. Despois de sinalar que neste ano a colección "Merliño" de Edicións Xerais non tivo unha publicación destacada en álbums orixinais" e de citar as adaptacións de relatos clásicos que OQO Editora e Kalandraka levaron a cabo, María Jesús Fernández aborda as traducións e sinala aquelas que "nos pareceron máis interesantes dentro do alto nivel xeral". Entre elas nomea *A incríbel historia da nena paxaro e o galopín*, *Ollobrusco*, *E que podo facer eu* e *Un segredo do bosque*, editados por Kalandraka, e *A casiña de chocolate*, *A caricia da bolboreta*, *A viaxe do bisavó*, *Discurso do oso* e *Só un segundo*, editados por Kalandraka. Finalmente, da produción publicada por Faktoría K de Libros destácanse *O abrigo misterioso*, *Unha parella diferente* e *Non é unha caixa*, e da colección "Sopa de Contos" de Edicións Xerais de Galicia *Negros e brancos* e *Un barquiño coma min*. No epígrafe "Libros para nenos e nenas entre 8 e 11 anos" afirma, en primeiro lugar, que é sobre todo a "narrativa con temas moi diversos" o xénero máis atendido. Pola similitude e pola orixinalidade de ideas aténdese a *Minimaladas* e *Imaxina animais* e polo tratatamento de problemas da sociedade actual, *Xela volveuse vampira!!!*, *Ola, estúpido monstro peludo!*, *Gordiño recheo* e *Lía e as zapatillas de deporte*. No que ao relato breve se refire cítanse os traballos *A nena pálida*, de Xosé Miranda, *Contos de Reis e de Nadal*, de Miguel Vázquez Freire e *O polimacho e outras criaturas*, de Antonio Reigosa. María Jesús Fernández detense tamén nesta franxa de idade en relatos de aventuras como *Sopa de Marsopa* e os *Piratas da Illa da Esperanza* e o relato procedente da tradición oral-popular *Zalgum*. No que á poesía se refire saliéntase o número de poemarios publicado en grande parte por ser este ano 2008 dedicado a Xosé María Alvarez Blázquez o Día das Letras Galegas. Así, infórmase da reedición de *Roseira do teu mencer* e da publicación d'*O que ben che quer* deste autor, pero tamén da aparición de *Poemas que me cantou o grilo*, de Ana María Fernández, *A sombra do lueiro de papel*, de Antonio García Teijeiro, *Piratas, bruxas e outros amigos*, de Daniel Ameixeiro, e *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío. En canto á literatura dramática destaca os textos *Game over* e *O filisbustero do mar da Marola* e no que ao álbum se refire os títulos *Eu vivía na fin do mundo*. Como no apartado anterior, María Jesús Fernández tamén se ocupa das traducións. Así, nesta produción cualifica de "moi recomendables" libros como *Galego á beira do mar*, *Olladas* ou *Guernika*. Tamén textos tales como *Soidades*, *Don Agapito o apesarado*, *Instrucións para espertar a unha cadeira durmida*. Entre os "libros de coñecemento" destácanse *Bocas*, *Simios*, *Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches*. En "Mozos lectores, entre 12 e 15 anos" comeza afirmando que neste "grupo de idade atópanse os máis interesantes dos publicados nos últimos". Neste apartado comenta que Marcos S. Calveiro se perfila como "a voz máis interesante entre as chegadas á literatura galega nos últimos anos" e fala do seu título *O carteriro de Bagdad*. Entre as voces consagradas ofrece o argumento d'*O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, fala d'*A casa dos Lucarios*, de Teresa Moure, d'*Illa Soidade*, de An Alfaya; d'*Istambul e o cabaliño de ouro*, de Francisco Fernández Naval e d'*As cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín. "Para os maiores do grupo", Fernández tamén fala da

novela *Frío, Frío*, de Óscar Calato, e de *Cor gris vida*, de Xavier Lopez Rodríguez, aínda que tamén lle dedica unhas liñas a *Nano*, de Concha Blanco, *Saladina*, de Xavier Queipo. O terror sobrenatural, o pasado lendario con heroe protagonista, a fantasía, o misterio, a bruxería, o deterioro dos anciáns, o desenvolvemento sostíbel da terra, etc. son temáticas abordadas en títulos como *Vestio*, *A balada de Roi Nemiña*, *Cazaría salvaxe*, *Memoria contra Alzheimer*, *O ceo dos afogados* ou *Veleno tinto*. Entre as numerosas traducións destácase *O neno do pixama a raias*, *Harry Potter e as reliquias da morte* e *O reino en perigo*. A autor do artigo informa da reedición de autores clásicos. Así mesmo cita obras doutros autores do Estado traducidos ao galego tales como Andreu Martín ou Carmen Montalbán e Pilar Millán. A autora remata este panorama falando do cómic. Cita títulos que saíron recentemente e achégase aos publicados por un novo selo editorial como é El Patito Editorial. Asemada dá conta das traducións doutros cómics ao galego.

Fernández, María Jesús, "*Piratas, bruxas e outros amigos*. Daniel Ameixeiro", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 73.

Achega o contido da obra *Piratas, bruxas e outros amigos* (Galaxia, 2005), de Daniel Ameixeiro, na que nun ambiente de fantasía conviven dragóns, pantasmas, ratiños ou trasnos, unha veciñanza da que tamén forma parte o narrador que, por veces, alude á súa relación con eles. Sinala que o máis singular do libro é a forma en que aparece o texto, a modo de poema, cunha rima moi libre e aberta, empregando o ritmo e as múltiples posibilidades que ofrecen os recursos fonéticos. Tamén apunta que a súa linguaxe é extremadamente áxil e que o seu estilo desenfadado alcanza os maiores acertos nos rapidísimos e ocorrentes diálogos, cargados de gracia e humor.

Fernández, María Jesús, "*Os seres con raíces na cara*. An Alfaya", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 74.

Desenfía con certo detalle o argumento d´*Os seres con raíces na cara* (Xerais, 2007), unha obra na que An Alfaya volve estar interesada en amosar sentimentos e relacións, aínda que nesta ocasión o faga utilizando a forma da fábula. Refírese aos seus personaxes e considera que neste escaparate de personalidades de trasnos e fadas da fraga está o principal interese da historia, que no seu desenvolvemento utiliza a linguaxe poética e tamén toques de humor desenfadado. Por outra parte, apunta que, paralelamente, coñecemos a historia persoal do trasno Azularanxa, unha historia que ten que ver co desenlace da trama e que presenta a conduta caprichosa e algo frívola dos deuses, aínda que tamén mostra a xerenorisdade de quen acepta sacrificarse en ben de todos.

Fernández, María Jesús, "*A pomba e o degolado*. Fina Casalderrey", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 76.

Achega a historia d´*A pomba e o degolado* (Xerais, 2007), unha novela que transcorre *in media res* e é coma unha rápida reflexión do protagonista sobre a súa vida no tempo que agarda por unha cita moi importante. Explica que está escrita en primeira persoa e que pon de manifesto a facilidade de Fina Casalderrey para crear a voz dos seus

personaxes adolescentes. Destaca que nesta historia, coma noutras da autora, hai un interese expreso por tratar o tema da morte e por presentar o contraste entre a dificultade que algúns rapaces teñen de relacionarse cos iguais e a tenrura no trato cos animais, cos que poden manifestar a sensibilidade que tan coidadosamente ocultan.

Fernández, María Jesús, "*Rinocerontes e quimeras*. Marcos S. Calveiro", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 77.

Considera que *Rinocerontes e quimeras* (Editorial Tambre-Edelvives, 2007), de Marcos S. Calveiro, é unha obra de excepción por varias razóns. Así, salienta a súa temática que está lonxe das modas que marcan a tendencia nos libros para mozos e se relaciona cos grandes clásicos. Por outra parte, destaca o seu estilo narrativo que non rexeita a complexidade estrutural e que ensaia con "notable éxito e impecable equilibrio" o emprego de diversas voces e a interacción de diferentes tempos, así como a intercalación de historias paralelas. Tamén se refire ao notáble uso que se fai do idioma, "expresivo e de gran calidade", e desenfía o argumento desta novela que ofrece un "estupendo" final aberto.

Fernández, María Jesús, "Books for first readers", *Galician books*, 2008, pp. [7]-9.

Principia o seu artigo cunhas liñas en tinta azul que se refiren ao mundo literario dun lectorado de idades comprendidas entre os sete e os doce anos, con diferenzas no grao de competencia lectora. Realiza un percorrido polos xéneros literarios da narrativa, da lírica e do drama prestando especial atención a cada un deles. Así, comeza coa literatura fantástica dentro do xénero narrativo salientando as obras *Ovos duros* (2007), de Marisa Núñez, inspirado no folclore; *A escola de Briador* (2006), de Antonio Reigosa e *Crisóstomo e Alifáfaro* (2006), de Antonio Yáñez Casal, inspiradas en personaxes e referencias de contos tradicionais e *Smara* (2006), de Paula Carballeira. Cita a seguir as obras de Daniel Ameixeiro, *Xan e Pericán* (2005) e *O capitán da baía* (2005), e de Antonio Yáñez Casal, *Natasha e Dimitri* (2006), que relacionan a fantasía co humor. Cita asemade obras de Pepe Cáccamo, Agustín Fernández Paz, Carlos López, Xosé Ballesteros, Fina Casalderrey, Breogán Riveiro, Xavier López Rodríguez, Concha Blanco, Carlos Mosteiro, Ana María Fernández, Xoán Babarro, Xabier Docampo e Marcos S. Calveiro que reflicten a mestura da fantasía coa realidade cotiá, o humor, a familia e a infancia. No seo do xénero lírico destaca os poemarios de Helena Villar Janeiro, Marica Campos e Ana María Fernández, inspirados na natureza, xunto aos de Gloria Sánchez, Antón Cortizas e Daniel Ameixeiro, de ton humorístico. No eido teatral salienta as obras de Xosé A. Neira Cruz, *A noite da raíña Berenguela* (2005), que recrea a lenda da raíña homónima e *Boas noites* (2007), de Paula Carballeira, baseada no folclore. Subliña tamén a presenza do cómic a través das publicacións da revista *Golfiño* (1999), *Fiz* (2002), de Kiko Dasilva; *Tito Longueirón* (2007), de Pinto & Chinto, pseudónimos de David Pintor e Carlos López e *Vilaverzas* (2006), de Miguel Robledo. Conclúe o artigo afirmando que grazas á contribución de todos estes autores o mundo da literatura infantil prosegue na súa expansión. Acompañan o artigo as portadas *de A noite da raíña Berenguela* (2005), de Xosé A. Neira Cruz; *Ola, estúpido monstro peludo* (2007), de Fina Casalderrey; *Boas noites* (2007), de Paula Carballeira; *O fillo do rei desaparecido* (2005), de Xoán Babarro e Ana María Fernández; *Crisóstomo e Alifáfaro* (2006), de Antonio Yáñez Casal (p. 8) e unha cronoloxía que salienta a

publicación d'*O principiño* (1972), de Antoine de Saint-Exupéry, traducido ao galego por Carlos Casares; a posta en escena d'*As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), de Carlos Casares; a candidatura á Lista de Honra do IBBY de *Contos para nenos* (Galaxia, 1979) en 1982 e a tradución de Teresa Barro e Fernando Pérez Barreiro de *Alice in Wonderland*, de Lewis Carroll publicada en 1985.

Fernández Paz, Agustín, "Próxima estación: esperanza. A lectura na educación secundaria", *Fadamorgana*, n.º 12, "Espazos para a lectura", inverno 2007/2008, pp. 32-35.

Explica que se sente moi lonxe das voces apocalípticas que ás veces se escoitan sobre a mocidade e a lectura e refírese á promoción da lectura en relación co sistema educativo. Sinala que as aulas son un espazo privilexidao para a promoción e a práctica da lectura e achega unha serie de consideracións sobre a súa experiencia docente como profesor de lingua galega e literatura nun centro público, en concreto, cos cursos de 4º da ESO. Despois de aludir ás dúas vertentes da lectura, como fin en si mesma ou como ferramenta ao servizo dos contidos curriculares, afirma que o profesor é un mediador imprescindíbel. Comenta como el elabora a súa proposta de lectura e cita toda unha serie de actividades que se poden propor para realizar ao redor dos libros. Para rematar, menciona as axudas que parten da Administración, organismos privados, publicacións, etc. e que poden iformar ao profesorado para seleccionar os "libros que fan lectores".

Fernández Paz, Agustín, "A world of worlds", *Galician books*, 2008, pp. [18]-19.

Partindo dunha referencia ao xogo do globo terráqueo coa súa filla, Fernández Paz resalta a importancia da diversidade cultural caracterizadora das diferenzas étnicas, relixiosas e lingüísticas da humanidade. Comenta asemade a variedade de nomes que designan as diferentes linguas do mundo e a situación de Galicia no seo da multiculturalidade actual, así como a antigüidade da lingua galega, a súa cultura atlántica e a literatura infantil e xuvenil que está acadando un nivel internacional. Xa por último menciona a división da cultura en 'central' ou 'periférica' anterior á aparición de Internet, que agora amosa sinais de cambio, xunto ao degoiro galego de intercambiar a súa literatura con outras culturas reforzando así a súa presenza fóra de Galicia. O artigo vén acompañado dunha cronoloxía que subliña acontecementos como o Premio Edebé de Literatura Juvenil en 1994 outorgado a *Doutor Rus* (1995), de Gloria Sánchez; e en 1995 a *O estanque dos parrulos pobres* (1996), de Fina Casalderrey; o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil outorgado en 1995 a Xabier P. Docampo por *Cando petan na porta pola noite* (1994) e en 1996 a *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), de Fina Casalderrey. Tamén aparece neste artigo unha ilustración extraída de *Nos xardíns* (1994), de Manuel Uhía.

Fernández Vázquez, Mar, Esther de **León Viloria** e Marta **Neira Rodríguez**, "Escrito por mulleres", *Festa da palabra silenciada. Publicación galega feminista*, n.º 24, "Actualidade", FIGA, 2008, pp. [130]-[142].

Dáse conta das achegas que realiza a muller "na conformación do polisistema literario galego". Ofrécense traballos nos que a muller é autora, coordinadora e compiladora de

obras de creación e así mesmo se destaca o seu labor como tradutora e ilustradora. Indícase que este labor feminino se presenta estruturado nos seguintes apartados: Narrativa, Poesía, Literatura dramática, Día das Letras Galegas, Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos, tendo en conta ademais as reedicións e comentadas, facsímiles, textos recuperados e as obras traducidas e versionadas. Precísase que este traballo bebe do *Informe de Literatura 2007*, proxecto de investigación que se realiza no Centro Ramón Piñeiro, "unha biografía descrita da produción galega e sobre todo literatura galega". Explícase que o traballo comeza cuns cadros comparativos co ano 2006 e as variacións observadas nese cotexo onde se constata a participación feminina como autoras, coordinadoras, compiladoras, tradutoras e ilustradoras.

Franco Vázquez, Carmen e Marta **Neira Rodríguez**, "Unha experiencia didáctica: a narrativa visual a partir de contos infantís", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), número 16 (II série), "Práticas", outubro 2008, pp. 62-64.

Dáse conta polo miúdo dunha experiencia realizada, durante o curso académico 2006-2007, co alumnado de Maxisterio (Especialidade Educación Infantil) da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e afírmase que con ela se pretendeu "achegar ao alumnado as posibilidades que os libros ofrecen á hora de construír a identidade do futuro adulto". Explícase en que consistiron cada unha das partes das que constou a actividade ("Análise literaria" e "Creación dunha narración visual") e recóllense e valóranse os resultados obtidos.

Galician books, "An IBBY Centre on Cultural Diversities in Santiago de Compostela", *Galician books*, 2008, pp. [2]-3.

Cun breve parágrafo introdutor en tinta azul sobre a construción da "Cidade da Cultura" en Galicia, deseñada polo arquitecto americano Peter Eisenmann, dá comezo este artigo alicerzado no centro IBBY de Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural que acollerá a construción antedita. Coméntase deste centro que formará parte dos servizos da Biblioteca Nacional de Galicia (aínda en construción) para promover os libros infantís grafados en linguas minoritarias de todo o mundo. Este centro é o segundo que o IBBY ten previsto inaugurar despois do seu primeiro centro creado en Oslo en 1985, dedicado a libros dirixidos a nenos discapacitados e a xente nova. Sinálanse os obxectivos do centro e a base de datos en liña de vindeira creación que incluirá información sobre o centro e actividades programadas. Doutra banda, o centro creará tamén unha rede de colaboradores a nivel internacional co fin de fomentar en Galicia os libros infantís e xuvenís publicados en linguas minoritarias de todo o mundo. Conclúe o artigo mencionando a data de apertura do centro -2009- e o trixésimo segundo congreso internacional do IBBY, intitulado "A forza das minorías", que terá lugar en Santiago de Compostela en 2010. O artigo vén acompañado dunha ilustración de Kiko Dasilva, "Música mariña".

García Fonte, Anxos, "A lenda da lúa de Montealto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 6.

Reseña crítica d´*A lenda da lúa de Montealto*, novela de An Alfaya publicada por Sotelo Blanco en 2007. Comeza reflexionando sobre o criterio que se debe seguir, se é que realmente existe algún, á hora de catalogar unha obra coma infantil-xuvenil ou adulta. Reflexión que se trae ao primeiro plano co exemplo desta obra de An Alfaya, que o autor considera non axeitada para un público desprovisto aínda de capacidade para distanciarse criticamente do texto ou entender certas referencias culturais. Finalmente, a reseña péchase cualificando a obra coma chea dun "esoterismo dulzón."

Gil, María Jesús, "Bolonia 2008" *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 215, "Informe", maio 2008, pp. 58-60.

Percorrido pola Feira de Boloña dando noticia das exposicións, premios e actividades que nela se realizan. No que afecta ao sistema literario infantil e xuvenil galego coméntase que OQO Editora de Pontevedra mereceu unha mención no premio Bologno, Ragazzi Award, premio que concede a Feira cada ano aos proxectos editoriais máis salientábeis, por *O gran libro de los retratos de animales*, con textos e ilustracións do croata Sujetlan Janakovic. Así mesmo, anunciáronse nela que o Congreso do IBBY 2010 se vai realizar en Santiago de Compostela.

Gracián, Ánxela, "*Boas Noites*. Paula Carballeira", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 73.

Desenfía o argumento da obra de Paula Carballeira, *Boas noites* (Xerais, 2007), coa que mereceu o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Sinala que nela se aborda un tema contemporáneo, o estrés infantil, e comenta que se caracteriza polo equilibrio na trama, axilidade nos diálogos, necesaria crítica á sociedade actual e unha humorísitca e digna visibilización paras as "montras".

Gracián, Ánxela, "*Rinocerontes e quimeras*. Marcos S. Calveiro", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 77.

Detalla os ingredientes argumentais da novela de Marcos S. Calveiro, *Rinocerontes e quimeras* (Editorial Tambre-Edelvives, 2007). Considera que se trata dunha novela "inzada de acertos estéticos e estrututais, que debe ser lida en clave posmoderna, xogando coas pequenas historias que a conforman, como se das formas cambiantes dun calidoscopio se tratar".

Gracián, Ánxela, "Ánxela Gracián", *Fadamorgana*, n.º 12, "Diario de Morgana", inverno 2007/2008, p. 90.

Como é habitual nesta sección, ofrécese un texto relacionado cun ser fantástico. Nesta ocasión, trátase dunha habitante da Pozas Ninfelas que, en primeira persoa, fala sobre a condición do seu ser e sobre o seu amor. Por outra parte, achéganse algúns datos biográficos de Ánxela Gracián, da que tamén se citan algunhas das súas obras publicadas.

Gracián, Ánxela, "A Thousand Springtimes More.Young People's Literature", *Galician books*, 2008, pp. [10]-12.

A partir dun fragmento traducido ao inglés da novela *Memorias dun neno labrego* (1961) de Xosé Neira Vilas dá comezo este artigo, estruturado ao redor de tres epígrafes. O primeiro deles fai un percorrido polas décadas de 1960, 1970 e 1980. Saliéntase, ao respecto da de 1960 a falla dunha literatura social referida á opresión das clases minoritarias, mentres que a de 1970 estivo centrada na busca da identidade. Durante a de 1980 apareceron o Estatuto de Autonomía (1981), o Decreto de Bilingüismo, a Lei de Normalización Lingüística (1983) e GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil). Menciónanse asemade diversos autores que comezan a ser publicados, como por exemplo María Victoria Moreno con *Anagnórise* (1988), Xosé Luís Méndez Ferrín con *Arnoia, Arnoia* (1985) ou Paco Martín con *Das cousas de Ramón Lamote* (1985). O segundo epígrafe baséase na traxectoria literaria da década de 1990, na que apareceron novos subxéneros narrativos como as historias de detectives, as novelas de misterio, a ciencia-ficción ou os contos épicos ou lendarios. Cítanse a seguir os nomes dos autores máis significativos do período, como Fina Casalderrey, merecente do Premio Nacional de Literatura, na narrativa ou Antonio García Teijeiro, merecente do Premio Pier Paolo Vergerio, na lírica. No derradeiro epígrafe fálase da boa situación actual da LIX nos primeiros anos do século XXI. Acompañan o artigo unha serie de datas referidas a acontecementos importantes como 1986, ano en que *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín é galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil; 1988, ano en que a tradución de *Pinocho* (1880) de Carlo Collodi realizada por Antón Santamarina gaña o Premio Nacional de Traducción; a novela *Arnoia, Arnoia* (1985), de Xosé Luís Ferrín é incluída na Lista de Honra do IBBYe *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) de Paco Martín é seleccionada para a lista de White Ravens de Munich; 1989, ano da creación de GÁLIX, da OEPLI (Asociación Española del Libro Infantil y Juvenil) e do IBBY(Organización Internacional para el Libro Juvenil); 1990, ano en que a novela *Anagnórise* (1988), de María Victoria Moreno é incluída na Lista de Honra do IBBY. Doutra banda, aparecen tamén as fotografías de Francisco Castro e Xabier P. Docampo (p. 11), xunto ás de Ana María Fernández, Antonio García Teijeiro, Paula Carballeira, Fran Alonso, Marilar Aleixandre e An Alfaya (p. 12), realizadas todas elas por Manuel G. Vicente.

Leis, Mayte, "*Educación y biblioteca*. Año 19, n.º 161", *Fadamorgana*, n.º 12, "Materiais", inverno 2007/2008, p. 86.

Sinala que *Educación y biblioteca* é unha revista bimensual creada en 1989 e de sólida traxectoria, que se converteu en todo un referente para os mediadores das bibliotecas públicas e escolares. Sinala que recolle artigos sobre literatura infantil e xuvenil, sobre a profesión de bibliotecario e sobre distintas iniciativas e experiencias neste ámbito. A seguir, comenta que neste número 161 inclúe un dosier monográfico sobre "Bibliotecas y web social", que acolle artigos relacionados coa situación dos blogues nas bibliotecas escolares galegas, así como un traballo de Catuxa Seoane que expón a situación dos blogues nas bilbiotecas municipais da Coruña.

Leis, Mayte, "*Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 0",

Fadamorgana, n.º 12, "Materiais", inverno 2007/2008, p. 86.

Faise eco do nacemento da revista, *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, na que destacan "a súa coidada factura, a edición impecable e uns contidos ben interesantes". Detalla os contidos deste seu número inaugural e comenta que esta publicación bilingüe (castelán/inglés) de periodicidade semestral se centrará na ilustración e nos aspectos gráficos, o que considera axudará a mellorar o seu aprecio e coñecemento.

Lombao, David, "Cómo superar o catálogo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proXectil", primavera 2008, p. 36.

Refírese á web da Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil (www.filix.org), espazo creado ao abeiro da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada (Filix) e integramente dedicada ás novidades en literatura infantil e xuvenil. Explícase que a web preséntase coma un catálogo de últimas publicacións ordenado en epígrafes que atenden ao lectorado obxectivo de cada obra. Como puntos fortes sinálanse unha cronoloxía de todo o publicado para rapaces en Galicia dende 1975, as múltiples referencias ás publicacións periódicas creadas dende entón ou o proxecto Galicia Solidariedade, composto por pequenos textos acompañados de ilustracións. Como eivas faise referencia ao deseño, demasiado anticuado para a Web actual, e ao pouco uso que fai o catálogo dos recursos interactivos da Rede.

Lombao, David, "Nenos, libros e rede pódense entender", *Tempos Novos* , "*Protexta*", n.º 6, "proXectil", n.º 6, primavera 2008, p. 36.

Breve referencia ao blog wencesleo.blogspot.com, o sitio web creado pola biblioteca do CEIP Wenceslado Fernández Flórez da Coruña que é, coma sinala David Lombao, un auténtico oasis nese deserto de literatura infantil e xuvenil que é a Rede. Sinálase que está composto por debuxos, redaccións e poemas elaborados polos propios estudantes, e que se constitúe coma ferramenta clave á hora de achegar o pracer da lectura aos nenos e inicialos de xeito participativo no mundo dos libros.

López Silva, Inma, "Espectadores para o futuro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 8.

Coméntanse as obras *Teatro infantil* (Laiovento, 2007), conxunto de pezas dramáticas para rapaces de Jacobo Paz; e *Teatro infantil. Do texto á representación* (Xerais, 2007), ensaio colectivo coordinado por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto. Sinálase que a primeira obra está composta por un total de tres pezas ("Príncipe Lagarto", "Orcavella" e "As horas abertas") nas que se asiste a un estoupido de enxeño e imaxinación. A seguir explícase que a segunda é un estudo en profundidade do teatro infantil que se abre cun traballo de María Victoria Sotomayor sobre a relación entre texto e representación; e "¿A qué llamamos representación?", artigo de Teresa Durán sobre a recepción teatral infantil dende os aspectos psicolóxico e semiótico. A estes dous traballos teóricos séguelles un conxunto de estudos de carácter histórico que afondan no teatro infantil en castelán (Isabel Tejerina), catalán (Marta Luna), galego

(Blanca-Ana Roig e María del Pilar López), vasco (Xabier Etxaniz e Manu López) e portugués (José António Gomes, Ana Marguerida Ramos e Sara Reis). Engádese que a obra se pecha cunha selección antolóxica de obras e autores representativos.

Martínez, Iago, "Vale máis un programa infantil en galego na tele que mil habanas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proTagonista", primavera 2008, p. 12.

Entrevista a Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), autor de *Cartas do terceiro día* (Espiral Maior, 2006), poemario galardoado co premio de poesía do Concello de Carral; *Sari*, *soñador de mares* (2005), novela breve dirixida ao público infantil; *O carteiro de Bagdad* (2007), premio Ala Delta de literatura infantil; e *Rinocerontes e quimeras* (Tambre, 2007). Ademais dun rápido repaso a súa traxectoria profesional e ao seu último proxecto, a publicación da novela para adultos *Festina lente*, a entrevista toca aspectos tan variados coma a situación da literatura infantil e xuvenil en Galicia, a presenza do galego entre a mocidade ou a realidade do mercado editorial. Tema especialmente interesante é o referido ás políticas de fomento do galego e da literatura galega, en relación ao cal se analiza a presenza de Galicia na feira da Habana. A entrevista complétase cunha biografía de Calveiro a cargo de Montse Penas Presas.

Mociño, Isabel, "Novos modos de análise", *Tempos* Novos, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 9.

Trátase a progresiva implantación no marco académico dos estudos sobre literatura infantil e xuvenil (LIX) en lingua galega. Encádrase o comezo desta actividade investigadora a finais do século XX, momento no que comeza a desenvolverse da man de grupos coma o da Universidade de Santiago de Compostela, CELT, dirixido por Blanca Roig e integrado en "LITER21: Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas. Lecturas textuais e visuais", coordinado por Anxo Tarrío; "Literatura infantil e xuvenil e a súa tradución", grupo da Universidade de Vigo liderado por Veljka Ruzicka Kenfel; ou o traballo efectuado polos membros da Rede Telemática de Investigación "Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico (LIJMI, www.usc.es/lijmi)". Salientase tamén o labor do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades e o número cada vez maior de revistas especializadas (*AILIJ* e *Malasartes*) e non especializadas (*Boletín Galego de Literatura* e *Grial*), onde, xunto cos portais dixitais e publicacións periódicas, constátase unha presenza cada vez maior de traballos críticos sobre o tema.

Mociño González, Isabel, "*A viaxe de Vionta*, de Domingo Tabuyo", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2008, pp. 78-79.

Achega ao relato de Domingo Tabuyo, *A viaxe de Vionta* (2007), na que se comeza sinalando a presenza dalgúns trazos de ficción científica, mesturados con outros propios da fantasía e o marabilloso. Partindo destas relacións, repasa o argumento da obra, no que se insiren coñecementos sobre os planetas e o universo máis próximo que serven de referentes para o lectorado agardado. Destácase tamén a complicidade que se busca co lectorado agardado ao introducir moitos elementos que lle son familiares e cos que se

busca a súa identificación, en especial as novas tecnoloxías, os medios de comunicación ou a linguaxe máis desenfadada que estes empregan. Saliéntase o ritmo áxil do relato, descríbense as ilustracións que complementan ao texto e conclúese que con obras coma esta se están ofrecendo referentes para os máis novos que axudarán a crear un corpus de calidade cada vez máis amplo.

Mociño González, Isabel, "*Ratas*, de Xaquín Marín", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2008, 82-93 pp.

Nesta achega á banda deseñada de Xaquín Marín, *Ratas* (2006), dise que foi escrita a mediados dos anos setenta pero que non puido ver a luz en lingua galega pola situación de febleza do sistema literario daquel momento. Explícase que se publicou en lingua castelá e que se trata dunha obra pioneira para a ficción científica, malia a distancia temporal entre a escrita e a publicación. A seguir, céntrase no deseño gráfico dun volume que conta cunha introdución xustificativa e explicativa, dirixida a un potencial lectorado moi novo, que a enmarca na liña da recuperación cultural daquelas obras que por diversas causas non viron a luz no momento de seren escritas. Repásase tamén a liña argumental desta proposta crítica ambientada nun futuro inhóspito e dominado polas máquinas, para rematar aludindo á importancia que ten a súa publicación, como unha manifestación máis da banda deseñada en Galicia.

Moreno, Víctor, "Facer lectores", *Fadamorgana*, n.º 12, "Espazos para a lectura", inverno 2007/2008, pp. 36-39.

Sinala que, tras os datos do informe Pisa sobre lectura, as institucións políticas e educativas están inmersas no que se deu en chamar "facer lectores". Considera que o gran déficit do sistema educativo non é a lectura senón que a escrita e opina que, pese a seren os centros educativos unha variábel importante na configuración do carácter e temperamento lector dos cidadáns, hai outras instancias simbólicas que inciden de forma moito máis eficaz na decantación cultural e intelectual das persoas. A seguir, refírese á diferenza entre "facer lectores", "facer lectores competentes" e "facerse lector". Así, explica que "facer lectores" non implica ningunha formulación teórica e práctica da lectura comprensiva, xa que se limita a estabelecer actividades divertidas que teñen a virtude de non facer odiosos os libros e a súa lectura, mentres que "facer lectores competentes" é unha función específica das institucións educativas e "facerse lector" forma parte das decisións subxectivas que un toma na súa propia vida.

Muíños, Noela, "*Riciños de ouro*. Maxi Caramés", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 70.

Centra o seu comentario no traballo ilustrativo que Alberto Doval presenta do conto popular inglés, *Riciños de ouro* (Edicións Embora, 2007), versionado ao galego por Alberto Doval. Sinala que chaman a atención esas composicións do espazo que o ilustador desenvolve en páxinas dobre, así como a expresividade que consegue outorgarlles aos peronaxes e a tenrura que parece inzalo todo como unha capa de verniz superposta.

Muíños, Noela, "*Tres osos*. Marisa Núñez", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 70.

Compara a versión que Marisa Núñez presenta do conto popular inglés, *Tres osos* (OQO, 2007), coa ofrecida por Maxi Caramés baixo o título de *Riciños de ouro* (Edicións Embora, 2007). Comenta que se no libro de Edicións Embora destaca o clasicismo, na obra de OQO hai que salientar unha maior orixinalidade e frescura na proposta de ilustración. Tamén sinala que na versión de OQO os osos do conto non son tan amábeis con Riciños de Ouro, así como que o seu texto non é tan lineal nin se axusta tan escrupulosamente á versión orixinal. Por outra parte, considera que a versión de OQO se caracteriza polo seu didactismo e pola presenza de acotacións sobre cuestións superfluas.

Muíños, Noela, "*O traxe novo do emperador*. Anxo Franco", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 71.

Comenta que a editorial Embora inaugurou unha nova colección, "Fardel dos soños", dedicada ao álbum ilustrado, coa edición deste conto clásico de Hans Christian Andersen, nunha versión realizada por Anxo Franco. Sinala que resulta interesante seguir o desenvolvemento desta obra a través da interpretación que fai Xaquín Marín, fiel ao seu estilo de sempre, repleto de trusgadas humorísticas e satíricas. Recoñece que a edición é correcta e que nos permite celebrar a incorporación á literatura infantil e xuvenil galega dun novo espazo para o álbum ilustrado de calidade. Por outra parte, non considera conveniente que os ilustradores asuman todo o protagonismo e cheguen a relegar os autores dos textos.

Muíños, Noela, "*De que cor es ti?*. Luis Rapela", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 71.

Alude ao contido da obra de Luís Rapela, *De que cor es ti?* (Edicións Embora, 2007), que presenta unha proposta ilustrativa de Spela Rrobec "dinámica, surrealista e, por suposto, absolutamente colorista". Sinala que se trata dunha proposta que chama á interacción entre lector e libro e que nela se recollen temas transversais, como o da adopción, tamén presentes no argumento deste libro "interesante e suxestivo" nacido esencialmente para xogar.

Muíños, Noela, "*Contos de Reis e de Nadal*. Miguel Vázquez Freire", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 72.

Refírese ao volume *Contos de Reis e de Nadal* (Xerais, 2007), de Miguel Vázquez Freire, que ofrece un conxunto de relatos cunha resolución un tanto apresurada. Malia isto, considera que se deixan ler, "espertan algún que outro sorriso, rezuman certa tenrura agradable e pouco máis". En canto ás ilustración de José Tomás, opina que cando non se deixa levar pola súa excesiva tendencia a recargar, resulta "apetecible e anima á lectura".

Muíños, Noela, "*Intrucións para espertar a unha cadeira durmida*. Pablo Prestifilippo", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 72.

Sinala que a capacidade de sorprender, a imaxinación e o sentido do humor non falta en *Instrucións para espertar a unha cadeira durmida* (Faktoria K de Libros, 2007), escrito e ilustrado por Pablo Prestifilippo. Considera que o seu formato é bastante pequeno, de aí que "a letra se tivese que facer máis pequeneira aínda e que as ilustracións, repletas de detalles, chegue ao abigarramento". Estima que isto é unha mágoa, pois custa ler un libro que compensa.

Muíños, Noela, "*O ceo dos afogados*. Francisco Castro", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 78.

Despois de sinalar que Francisco Castro leva desmostrado nos últimos anos o seu talento e capacidade para escribir boas historias, ben argumentadas e mellor resoltas, céntrase no comentario d´*O ceo dos afogados* (Xerais, 2007), novela finalista do II Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Considera que se trata dun deses libros especiais porque quen se achega a el "regresa á realidade con esa sensación que deixan os libros nacidos para quedar", quizais pola súa prosa "limpa e fluída" ou pola "mensaxe de fondo que nos queda cosida ás entreteas do corazón con ese silencio abosulto de todos os golfiños do mundo enmudecidos".

Muíños, Noela, "*Teatro infantil. Do texto á representación*. AA.VV.", *Fadamorgana*, n.º 12, "Materiais", inverno 2007/2008, p. 87.

Alude ao volume *Teatro infantil. Do texto á representación* (Xerais, 2007), que foi coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López. Sinala que se trata dun volume froito dos traballos da rede temática "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico" e que nel se presenta, entre outros contidos, un percorrido histórico pola produción dramática para nenos e mozos nas distintas linguas da Península. Considera que, pese a obedecer a súa concepción a criterios fundamentalmente académicos, bota en falta cuestións fundamentais en todo traballo deste cariz. Detalla certas feblezas desta publicación, así como loa os magníficos textos de Teresa Durán e María Jesús Agra.

Muíños, Noelia, "Picture books. Books for readers of all ages", *Galician books*, 2008, pp. [4]-6.

Tras un breve parágrafo introdutorio en tinta azul comeza o artigo sobre a cuestión do sector do libro ilustrado en Galicia. Primeiramente se subliñan os gastos derivados da edición e publicación deste tipo de libros para despois comentar o labor precursor da Editorial Galaxia, Edicións Xerais de Galicia e Sotelo Blanco Edicións neste sector. Realízase a continuación un percorrido dende a década de 1980 en canto ao desenvolvemento destes libros e cítase como pioneiro a Xan López Domínguez, que ilustrou os seus textos, como por exemplo *Voces na lagoa do espantallo*, editado por

Galaxia en 2008, xunto á iniciativa conxunta desta editorial, a editorial catalá La Galera e a editorial vasca Elkar, que deu como froito a colección "A Chalupa". Destácase o decenio de 1990 como o período de revitalización dos álbums ilustrados en lingua galega e no que aparece a editorial Kalandraka (1999), co obxectivo único de publicar este tipo de libros. Esta editorial foi merecente do Premio Nacional de Ilustración do Ministerio de Cultura por *O coelliño branco* (2000), ilustrado por Óscar Villán e por *Onde perdeu Lúa a risa* (2001), ilustrado por Federico Fernández. Coméntase asemade a aparición das primeiras gravacións de libros ilustrados en galego como parte da colección "Son de conto" da devandita editorial, que abranguía *A memoria das árbores* (2000), grafado por Xosé A. Neira Cruz, ilustrado por Kiko Dasilva e cuxa composición musical correu a cargo de Marcial del Adalid. Doutra banda, menciónanse as series publicadas por Everest-Galicia, que incluía *Bolboretas* (2004), de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, candidata ao premio White Raven de Munich; Bahía Edicións e A Nosa Terra, que incluía asemade unha serie de libros ilustrados creados por Pepe Carreiro e protagonizados por "Os Bolechas". Xa por último menciónase a creación de OQO Editora -cuxa publicación de *Gran libro dos retratos de animais* (2006) lle supuxo o premio do Ministerio de Cultura e o da Feira do libro de Bolonia- e o proxecto conxunto do xornal *El País* e da editorial Galaxia en 2007 da publicación dunha serie semanal de libros ilustrados e escritos por autores galegos. Conclúe o artigo afirmando o futuro éxito deste sector. O artigo vén acompañado de dúas ilustracións pertencentes ás obras de Óscar Villán, "Publisher" (p. 5) e *O coelliño branco* (p. 6); unha ilustración extraída de *Voces na lagoa do espantallo*, de Xan López Domínguez (p. 6) e as cubertas de *O coelliño branco* e *Voces na lagoa do espantallo* (p. 5) e complétase cunha cronoloxía literaria que abrangue o seguinte: a publicación de *Fábulas galaico-castellanas* (1898) de Amador Saavedra Montenegro, considerado o primeiro libro infantil en galego; os tres primeiros contos de fadas da literatura galega escritos por Vicente Risco en 1921; a publicación de *Conto de guerra* (1928), de Camilo Díaz Baliño, considerado o primeiro álbum ilustrado en galego; a posta en escena en 1932 de *Agromar. Farsa pra rapaces*, a primeira produción teatral infantil en galego composta por J. Acuña, pseudónimo de Filgueira Valverde; a publicación de *Cantigas de nenos* (1942), de Emilio Pita, o primeiro poemario infantil en galego, en Buenos Aires e a publicación de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas tamén en Buenos Aires.

Neira Cruz, Xosé A., "A sorpresa habita en Compostela", *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 2, "Cuatro ciudades", 2008, pp. 25-27.

Inserido nun número dedicado á cidade como espazo estético no que catro creadores elixen falar de cadansúa cidade, Xosé A. Neira Cruz evoca Santiago de Compostela, lembrando como e por que se decatou de que residía nunha cidade singular. Refírese a feitos "milagreiros" como a presenza dun porco que paseaba polas cubertas da catedral cuxo propietario era o campaneiro ou aos singulares seareiros do bar O Mañoso, que fan pensar que "a sorpresa habita en Compostela". Como é habitual nesta revista o texto reprodúcese en castelán e en inglés, ademais de en galego.

Neira Cruz, Xosé A., "Libros con sal", *Fadamorgana*, n.º 12, inverno 2007/2008, p. 9.

Logo de referirse á igrexa Peregrina ou ao Museo de Pontevedra, céntrase no Salón do Libro Infantil e Xuvenil que cada ano, dende hai nove, acolle esta cidade. Considera que

quizais na actualidade non haxa propostas tan dignas, imaxinativas e completas como a que Pontevedra ofrece a través do seu Salón anual. Conclúe referíndose á temática desta última edición que se centra no mar.

Neira Cruz, Xosé A., "An Alfaya. Palabras envoltas en silencios", *Fadamorgana*, n.º 12, inverno 2007/2008, pp. 20-24.

Entrevista con An Alfaya, na que fala da influencia que o teatro exerceu na súa obra e considera que a literatura xuvenil é unha porta aberta á mocidade que non debería estar pechada aos adultos. Apunta que se a súa obra, *A sombra descalza* (2006), concitou interese foi polo seu valor literario e que, pese a *Sireno, Sireno* (1997) pasar máis dessapercibido, ningún dos seus libros infantís posteriores está á súa altura. Explica que é o que lle dá e pide á literatura e indica que a literatura infantil e xuvenil en galego é unha "supervivente" do sistema. A partir de *Illa soidade* (2007) pregúntaselle se na súa obra hai unha aposta pola xustiza social e explica que a literatura infantil e xuvenil que máis lle gusta como lectora é aquela que está feita "De silencios, que tanto falan". Achega a súa opinión sobre os lectores adolescentes actuais, a quen estima "Enfermos de consumismo", e alude ao seu analfabetismo en canto a lecturas infantís, para concluír indicando os xéneros e autores que adoita ler.

Neira Cruz, Xosé A., "Herba e nubes para o libro galego", *Tempos Novos*, n.º 6, "*Protexta*", "proPulsión", primavera 2008, p. 34.

Infórmase sobre a Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, celebrada en 2007 na capital de Emilia-Romaña. Como feitos destacados no tocante á representación da literatura galega, a publicación de *Galician Books*, un catálogo editado en inglés no que se informa da importancia da literatura infantil en galego; e a presenza, por primeira vez dende que se celebra a Feira, dunha conselleira do propio goberno galego. Dous fitos transcendentais que se consideran como unha aposta decidida polo carácter expansivo da literatura infantil e xuvenil en galego, e que se completará no futuro coa construción no Monte Gaiás do Centro IBBY das Literaturas Infantís e Xuvenís da Diversidade Cultural.

Neira Rodríguez, Marta, "Textos poéticos e narrativos dirixidos á infancia de Celestino García Romero", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2º semestre de 2007), "Documentos", 2008, pp. 123-141.

Logo de explicar como localizou na prensa periódica do século XIX e inicios do XX varios textos que "polos paratextos, semella que a intención dos autores é vinculalos cun posíbel destinatario infantil e xuvenil", Marta Neira reproduce sete textos narrativos e catro composicións poéticas da autoría de Celestino García Romero (Boiro 1855-Santiago, 1929) que apareceron na cabeceira *Catecismo de Santiago*, máis coñecida por *Catecismo de niños y niñas*. Previa á reprodución dos textos, a articulista, ademais de ofrecer algún dato da biografía desta publicación compostelá, comenta de maneira xeral as características (lugar e data de publicación, estrutura, temática, etc.) tanto dos relatos "Santiago de rapaz. Para o Ano Santo", "No Portal de Belén", "Os reises en Comoxo", "O neno morto. Un milagro d'o Santo Apóstol", "Tòlo ou mintireiro?", "Non ten volta"

e “Ninguén pode coma Dios” como dos poemas “Un relós”, “O sol”, “Os paxaros” e “As Anduriñas”.

Neira Rodríguez, Marta, “*Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra*, de Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González”, *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), número 16 (II série), “Recensões e notas críticas”, outubro 2008, pp. 89-90.

Sitúa o volume *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra* (2006), editado por Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González, na colección “Narrativa Recuperada”, froito do proxecto homónimo dirixido por Modesto Hermida no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dá conta dos epígrafes nos que o volume se estrutura e explica a importancia desta obra. A seguir, detense naqueles textos dirixidos aos máis novos de Amador Montenegro que Agrelo Costas e Mociño González recuperan e reproducen. Indica onde foron publicados, a súa temática, etc. e remata falando das razóns que levan a cualificar a Montenegro Saavedra de precursor da literatura galega para a infancia.

Novoa, Cristina, “Hora de ler”, *Fadamorgana*, n.º 12, “Espazos para a lectura”, inverno 2007/2008, pp. 40-43.

Refírese á iniciativa integral que a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2006, “Hora de ler”, coa finalidade de poñer a disposición do profesorado uns recursos que puidesen adaptar ás prácticas docentes relacionadas coa lectura e a escritura e que facilitasen o seu labor de mediadores. Sinala que con esta iniciativa se pretenden facer visíbeis as bibliotecas dos centros educativos, así como poñer en valor a lectura e os libros no contexto escolar, integrándoos de forma natural no espazo cotián e nos hábitos de lecer dos máis novos. Explica as razóns polas que esta iniciativa leva o nome de “Hora de ler” e indica que os seus materiais están deseñados polo Colectivo Acatrotintas, que traballou conxuntamente con Óscar Villán, e que parten da idea da viaxe. Describe os materiais entregados aos centros e cita outros apoios que o profesorado necesita para exercer con criterio, coherencia e eficacia o seu labor de mediadores. Por último, apunta que “Hora de ler” é o comezo dun proxecto de promoción da lectura no ámbito educativo que se complementa con dotacións para a renovación de bibliotecas, co “Plan de mellora de bibliotecas escolares” ou coa formación do profesorado para unha actualización das prácticas de lecturas nas aulas.

Osés, Beatriz, “Como dinamizar a biblioteca escolar”, *Fadamorgana*, n.º 12, “Espazos para a lectura”, inverno 2007/2008, pp. 62-68.

Dende a experiencia directa do traballo múltiple que unha biblioteca escolar pode desenvolver, Beatriz Osés, profesora dun IES de Badaxoz, expón unha serie de propostas de fomento da lectura. Entre elas, están aquelas que se refiren aos recursos materiais e humanos, á participación da comunidade educativa e á dinamización do préstamo. Por outra parte, achega unha serie de ideas para animar a utilización do espazo e dos fondos e promover o coidado dos materiais e mobiliario, así como para fomentar a creación literaria e a animación á lectura. Apunta que nos últimos cinco

cursos a biblioteca do IES "Los Moriscos" de Hornachos (Badaxoz) aumentou os seus préstamos dende case oitocentos volumes até superar os dous mil douscentos o pasado ano escolar. Por último, ofrece unha webgrafía sobre o tema tratado no artigo.

Pascual, Roberto, "Protagonismo dos sendeiros para o teatro infantil e as traducións. Literatura dramática en 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 148-161.

Valora e analiza criticamente a produción editorial dramática en lingua galega poñéndoa en contraste co marco do sistema teatral galego. Subliña a debilidade da produción teatral infantil e xuvenil e destaca que a Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, xunto coa editorial Galaxia, sacasen a "Colección ESAD Galicia". Tamén se detén na *Revista Galega de Teatro*, que cumpriu cincuenta números en 2007, e na tradución ao español de obras galegas, como *La piragua*, de Cándido Pazó ou *Magnestismo*, de Manuel Lourenzo, e a tradución ao galego de textos teatrais canónicos como *Turandot*, de Puccini; *O mercader de Venecia*, de Shakespeare ou *O regreso ao deserto*, de Koltès. Destaca que en 2007 cobrou forza a edición dixital e comenta outras obras como o *II premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*, o XV premio Álvaro Cunqueiro ou a importancia da editorial Laiovento con títulos como *Ciclo de Marte*, de Millán Picouto; *Crio-Xénese*, de Afonso Becerra, ou os *Cadernos de Laiovento*.

Pascual, Roberto, "Cómo editar dramaturxia", *Tempos Novos*, *Protexta*, "proPostas", n.º 6, primavera 2008, p. 21.

Coméntanse dúas obras publicadas conxuntamente polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a editorial Laiovento: *A cabana de Babaiagá*, peza de Paula Carballeira baseada nun conto infantil eslavo, e o clásico do teatro universal *O regreso do deserto* (2007), do dramaturgo francés Bernard-Marie Koltès, traducido ao galego por Fernando Moreiras e coa adaptación dramatúrxica de Pau Alxeira. Da primeira sinálase a importancia do acompañamento musical, mentres que do segundo saliéntase a súa simboloxía e a orixinalidade formal. Pero máis alá da valía destas dúas pezas, recoñécese o labor levada a cabo por Francisco Pillado e a directora do Centro Dramático Galego (CDG) ao fronte da colección "Escena Aberta", que recolle con mestría o relevo de "Os libros do CDG" e na que se enmarcan as devanditas obras.

Pascual, Roberto, "Situacións sociolingüísticas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proPostas", outono 2008, p. 17.

Achega a unha das escasas propostas dramáticas dirixidas ao público xuvenil, *Comedia bífida* (2007), de Manuel Núñez Singala, na que se sinala que combina a experimentación coa linguaxe e o enfoque de ferramenta interdisciplinar para empregar na aula. Destácase o dominio dramatúrxico e das estratexias comunicativas e humorísticas que demostra o autor nesta peza, á vez que se lembra a súa interesante produción dende a súa estrea no ano 1991 co Premio Xiria. Desta última entrega destácase a frescura e espontaneidade da lingua empregada, na que se presenta un xuízo no que os implicados son, entre outros, San Pedro e Lucifer. Destácase que a trama se concibe como un cúmulo de situacións sociolingüísticas nas que se reflicten prexuízos,

variedades dialectais, etc., que se consideran moi útiles para a docencia de lingua. Unha entrega literaria da que se salienta que permite analizar a preocupante realidade sociolingüística en Galicia, na que o humor serve de catarse e o grotesco de exorcización da verdade. Conclúe que esta peza publicada por Galaxia terá un grande éxito.

Pena Presas, Montse, "A fantasía como arma", *Fadamorgana*, n.º 12, inverno 2007/2008, pp. 25-29.

Despois de referirse á obra teatral e narrativa de An Alfaya, da que desprende un certo alento poético, defínese o seu prototipo de protagonista, que se sitúa "á marxe da marxe", pero que posúe a capacidade de soñar. Céntrase na figura feminina das súas obras e saliéntase a subversión polo lado feminino dos roles de xénero que alcanza unha importancia angular na novela *A sombra cazadora* (2006). A seguir, coméntase que a produción narrativa desta escritora viguesa se ramifica cara a dous sendeiros temáticos ben diferenciados, entre os que non se resiste a tender pontes: a novela de miserio, ás veces achegada ao xénero negro, e a presenza dun rapaz ou rapaza que están a vivir circunstancias vitais un tanto especiais. En canto á forma da súa escrita, sinálase que nela a narrativa e o teatro se entretecen e apúntanse outras constantes que se dan nos seus textos, nos que se recrean as aventuras dun grupo de adolescentes. Por último, achégase unha listaxe coas obras publicadas por An Alfaya, algunha das cales son citadas ao longo do artigo.

Presas Pena, Montse, "*O reino ideal*. Miguel Anxo Mouriño", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 74.

Comenta que Miguel Anxo Mouriño se serve da bitácora de promoción da lectura (http://www.blogoteca.com/buli) para a creación da súa segunda novela para a infancia, *O reino animal* (Galaxia, 2007). Refírese ao seu argumento e sinala que a historia contén algúns dos condimentos máis visitados pola última ficción infantoxuvenil (a amizade, a rivalidade, os problemas de integración ou o divorcio dos pais). Por outra parte, alude ás relacións extratextuais con textos da tradición propia e allea e considera que as probas enigmáticas espalladas pola obra funcionan como un elemento altamente positivo para fomentar a capacidade lectora e/ou lingüística do lectorado, aínda que, por veces, a súa introdución na narración resulta bastante forzada.

Pena Presas, Montse, "*A casa dos Lucarios*. Teresa Moure", *Fadamorgana*, n.º 12, "Novidades", inverno 2007/2008, p. 76.

Comenta que *A casa dos Lucarios* (Xerais, 2007), de Teresa Moure, é "unha obra menor dunha autora maior". Considera que se trata máis ben dun produto da nosa autora de éxito que, por decisión editorial, seguramente derivada da brevidade do texto, se incluíu na colección xuvenil. Sinala que nela se narra, "con pingas que arrecenden a realismo máxico", a xestación e transformación que os anos deitaron na saga familiar principiada polo Chicho e a Rosa. Tamén apunta que nela se recuperan algúns dos elementos que caracterizan a autora: a escrita envolvente, por veces suxerente, a reivindicación da estirpe feminina ou a fundamental referencia ás árbore e plantas.

Pena Presas, Montse, "Four classics and a novelty", *Galician books*, 2008, pp. [20]-[23].

Tras un breve parágrafo introdutorio en tinta azul sobre a literatura infantil en Galicia como un novo sector que evoluciona de xeito favorábel, comeza o artigo situando os xermolos da súa historia a finais do século XX, a partir dunha diversificación na súa temática, a acumulación de recursos expresivos, a aparición de novos autores e a consolidación dun conxunto de símbolos. Realiza asemade un percorrido polas décadas de 1980 e 1990, salientando nelas obras como *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín, escrito especificamente para adolescentes e galardoado co Premio Barco de Vapor en 1984 e co Premio Nacional de literatura Infantil y Juvenil en 1986; *O misterio das badaladas* (1986) ou *Cando petan na porta pola noite* (1994) de Xabier P. Docampo, esta última merecente do Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil en 1995; *Contos por palabras* (1991), de Agustín Fernández Paz; *Dúas bágoas por Máquina* (1992) ou *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), de Fina Casalderrey, das que se refire brevemente os seus argumentos. De recente aparición sinala *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008), de Paco Martín; *Corredores de sombra* (2006), de Agustín Fernández Paz e *A lagoa das nenas mudas* (2007), de Fina Casalderrey. Remata o artigo cun comentario sobre a cuestión do álbum ilustrado en Galicia, orixinado no decenio de 1990, subliñando o Premio Nacional de Ilustración outorgado en 1999 a *O coelliño branco* (1998) de Xosé Ballesteros, ilustrado por Óscar Villán e a outros álbums de Federico Fernández en 2002 e Antón Santos en 2004. Doutra banda destaca a expansión deste sector grazas ao labor de especialistas como Marisa Núñez ou Eva Mejuto xunto á propicia situación da LIX galega na actualidade. A cronoloxía que acompaña o artigo salienta datas como 1996, en que *Cando petan na porta pola noite* (1994), de Xabier P. Docampo é incluída na Lista de Honra do IBBY; 1997, en que esta mesma obra é incluída na lista de White Ravens de Munich; 1998, en que o poemario *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro se inclúe na Lista de Honra do IBBY e gaña o Premio Internacional Pier Paolo Vergerio da Universidade de Padua; o ilustrador Lázaro Enríquez é seleccionado para a exhibición en Bolonia da Fiera Internazionale dei Libri; a novela *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey é seleccionada para a lista de White Ravens de Munich. Outra data que destaca é a de 1999, ano en que Óscar Villán é merecente do Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco* (1998); *Anxos en tempo de chuvia* (1997), de Miguel Vázquez Freire e a tradución ao galego de *The Narrative of* Arthur Gordon Pym *of Nantucket* [*As aventuras de Arhtur Gordon Pym*] (1837) de Edgar Allan Poe por Alberto Avendaño en 1997 son incluídas na lista de Honra do IBBY e a novela *A banda sen futuro* (1999), de Marilar Aleixandre é galardoada co Premio Lazarillo. A última data é a de 2000, ano en que a novela de Gloria Sánchez, *Chinto e Tom* (2001) é merecente do Premio Lazarillo. De igual xeito acompañan o artigo as portadas de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) e *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008) de Paco Martín e unha ilustración extraída desta última, realizada por Xoán Balboa (p. 21); as fotografías de Agustín Fernández Paz, Paco Martín e Fina Casalderrey (p. 22) e unha ilustración extraída de *Piratas, bruxas e outros amigos* (2007) de Federico Fernández (p. 23).

Pena Presas, Montse, "Carlos Casares, tradutor diverso e editor por encargo de literatura infantil e xuvenil", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*,

“Simposio Carlos Casares”, 2008, pp. 68-73.

Coméntase que Carlos Casares conta dende hai tempo cunha recoñecida traxectoria como autor de literatura infantil e xuvenil. Indica que o labor singular de Carlos Casares como tradutor de textos infantís e xuvenís é descoñecido, agás a tradución que fixo d’*O principiño* (1972), e asemade detense na súa angueira editorial, que o levou a idear novas colección, e a impulsar as versións galegas de obras clásicas.

Pena Presas, Montse, “*Rinocerontes e quimeras*. Marcos S. Calveiro”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, “Libros”, 2008, pp. 175-176.

Fala de *Rinocerontes e quimeras* (2007), de Marcos S. Calveiro, como un dos mellores volumes de 2007. Detense no seu argumento e destaca a súa conseguida ambientación da realidade dos Estados Unidos do século XIX así como o grande acerto de lles dar voz a personaxes que se sitúan nas periferias da sociedade cunha infancia inexistente que os illou do exterior.

Pena Presas, Montse, “Notas para unha tematización da narrativa infantil e xuvenil galega”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, “Artigos”, vol. 11, 2008, pp. 63-72.

Achega aos temas e tendencias da narrativa infantil e xuvenil galega publicada no período de 1975 a 1985, na que comeza cun repaso ao contexto histórico e destaca a importancia dada á infancia como receptora das ferramentas precisas que lle podían dar ao galego o estatus de idioma de cultura, aínda que sinala un certo esmorecemento da inquietude pola lingua e o rexeitamento dalgúns sectores, aspecto que probabelmente acentuaría o apoio daqueles máis comprometidos. Sinala que o libro se constituíu nun instrumento fundamental, tanto para instruír aos novos lectores como para conformar á futura cidadanía e lembra que neste momento tamén se daba a contradición de facer chamamentos aos produtores para que non deixaran de crear, pero aos que se lle esixía que o fixeran dentro dun canon. Repasa brevemente as leis que regularon o ensino da lingua galega e que inciden directamente na produción destinada a este sector de poboación, para logo deterse xa na análise do Corpus. Comeza apuntando os criterios de selección, baseados no xénero narrativo, naquelas obras que non son adaptacións de contos populares, nos que hai unha autoría recoñecida e nas que o obxectivo didáctico non sexa prioritario. O resultado é un cómputo de vinte e un títulos, dos que analiza algún dos máis significativos de cada unha das liñas temáticas que marca e que son: a continuación dunha liña tradicional, como *O raposo careto* (1979); *O can Rin e o lobo Crispín* (1983), de Carlos Casares; ou *Voces na lagoa do espantallo* (1983), de Xan López Domínguez; aquelas que empregan personaxes da tradición literaria para imitar o acervo do pobo, como *A porta prohibida* (1983), de Xesús Pisón; e *Reiciñeira* (1981), de Eliseo Alonso; que vincula coa liña temática do realismo, a cal ten en *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, o seu máximo expoñente, unha tendencia que a crítica ten situado no “realismo crítico”, pero que a autora cuestiona por considerar que moitas obras só critican algúns comportamentos pero non a sociedade, como é o caso tamén de *Contos pra escola* (1983), de Concha Blanco, marcada pola súa clara intención didáctica, a ambientación rural e as pegadas identitarias. A seguir céntrase na corrente do mundo fantástico, iniciada en *Orixe incerta do faro de Alexandría* (1980), continuada en *O pintor do vento* (1983), de Xesús Pisón, ou *A*

pequena aventura de Oscariño (1984), de Gloria Sánchez, liña na que sitúa tamén *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín, aínda que acentuando a vía do absurdo e da parodia. Da corrente do mundo mítico comenta títulos como *Dona Galicia* (1979), de Kristina Berg, e *Pericles e a balea* (1983), de Xohana Torres, continuada en *O segredo da pedra figueira* (1985), de María Xosé Queizán, para rematar con *Todo ben* (1985), de Manuel Rivas, texto no que ve a pegada identitaria, aínda que con elementos novidosos, como a evolución psicolóxica do protagonista. Remata repasando as liñas temáticas marcadas e lembrando as periodizacións feitas por estudosos como Xulio Cobas Brenlla ou Blanca-Ana Roig Rechou, para ofrecer outra proposta propia: un primeiro período de asentamento (1968-1978), no que coincide con Roig; un segundo perído de asentamento (1979-1989), considerado unha transición iniciada co Decreto de Bilingüismo e coa publicación de *Contos pra nenos*, de O Facho; e, por último, un período de afortalamento (1985-1990), que ten como inicio a publicación de *Das cousas de Ramón Lamote*, recoñecida con importantes premios, na que se dá unha grande innovación na convivencia do popular e o fantástico ou o inicio de novas coleccións dirixidas ao lectorado novo.

Pena Presas, Montse, "Detrás do barco pirata", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proVisión", primavera 2008, p. 2.

Faise un rápido percorrido pola historia da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, parándose en feitos tan sinalados coma a creación da editorial Kalandraka ou a da súa filial, Faktoría K. Logo deste repaso pásase a constatar o bo estado de saúde do que goza o xénero nos últimos anos, coa publicación de obras fundamentais coma *Titiretesa* (2007), obra de Xerardo Quintiá e ilustracións de Mauricio A. C. Quarello; *Cobertor de estrelas* (2005), de Ricardo Lísias e ilustrado por Itziar Ezquieta; *Imaxina animais*, de Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre; ou *Illa soidade* (2007), obra de An Alfaya, gañadora do II Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil. Pero máis alá desta nómina de autores e obras, que se estende moito máis no artigo de Montse Pena, os últimos anos salienta tamén por experimentaren a consolidación de certas propostas editoriais. Sinálase que un exemplo témolo na serie "Os Bolechas", ideada por Pepe Carreiro e publicada para A Nosa Terra ou en iniciativas coma a colección "Árbore" de Galaxia, que mesturan a publicación de autores consolidados con outros de escasa experiencia. O epígrafe final do artigo, "Os mares que nos restan" dedícase a sinalar a escasa produción de literatura dramática e poética de carácter xuvenil, ao tempo que se salienta as últimas apostas neste campo, coma *Poemas que me cantou o grilo* (2007), de Ana María Fernández, e *PAlAbrAs brAncAs*, de Elvira Ribeiro Tobío no eido da poesía ou a comedia *Boas noites* (gañadora do I Premio de Literatura Dramática Infantil Manuel María 2007), de Paula Carballeira no da dramaturxia.

Polanco, José Luís, "O mestre de lectura", *Fadamorgana*, n.º 12, "Espazos para a lectura", inverno 2007/2008, pp. 49-53.

Sinala que coa irrupción das novas tecnoloxías da información e da comunicación, algo moi importante está a cambiar na forma de concibir e de practicar a lectura e a escrita, polo que os centros educativos e as bibliotecas non poden obviar a inevitábel repercusión que ten no labor que realizan. Refírese aos beneficios da lectura e considera que coa súa axuda a escola pode ensinar a pensar, dialogar, escoitar e respectar as opinións dos outros. Explica o que entende por lectura e alude á necesidade de contar

con mestres, profesores e bibliotecarios formados a nivel intelectual e pedagóxico e que sexan capaces de transmitir o amor e a paixón polo que ensinan. Por último, achega unha listaxe de trinta libros para coñecer escritos en diferentes linguas do estado.

Puñal, Belén, "Outono en verso", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 8, "proCura", outono 2008, pp. 30-31.

Amplo repaso das novidades que van ver a luz coa chegada do outono. Tamén se adianta que sairán novos títulos de Kalandraka para achegar a música aos máis novos e unha colección de contos de Galaxia, na que o texto vai acompañado dun CD, no que se recolle o relato narrado, acompañado da música da Real Filharmonía de Galicia. No tocante á arte, dise que verán a luz entregas nas que se lle achega ao lectorado máis novo propostas como *Caderno de animalistas* (OQO) ou *Descubrir a arte a través do mundo* (Faktoría K). Xunto con diferentes títulos de autores galegos anúnciase a publicación de novas colecciónns arredor da natureza ou das tradicións, entre outras. Por último, percórrense as propostas que chegan da man de editoriais como Rinoceronte ou Kalandraka, que dan a coñecer autores de diferentes culturas do mundo, presentes tamén nos textos que serviron de guións para filmes recentes e que verán a luz da man de editoras como Biblos, Xerais ou Laiovento. Remata coa achega ás propostas dramáticas, entre as que se nomea *As horas baixas*, de Manuel Lourenzo, ou *Esperta principiño*, de Carlos Labraña.

Puñal, Belén, "Limiares do 17 de maio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 9, "proCura", inverno 08-09, pp. 30-31.

Ademias de achegar aos lectores as diferentes novidades literarias que saen ao prelo na primavera do 2009 de narrativa, Letras galegas, poesía, teatro ou tradución, infórmase da publicación de obras de literatura infantil e xuvenil como *A dama da luz* e *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz; *Quen matou a Inmaculada Silva?*, de Marina Mayoral; *O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas; *A peripecia de Roi*, de Carlos López; ou *O punto da escarola*, de Xosé Antonio Neira Cruz, así como as traducións *O derradeiro irmán*, de Natacha Appanah, *Onde o mar non era brisa*, de Mª Victoria Moreno ou a reedición de *Mar adiante* tamén desta última autora, entre outros títulos.

Puñal, Belén, "Patricia Castelao: 'Ler é crear imaxes a través das palabras", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, "proNome", verán 2008, p. 29.

Conversa coa ilustradora Patricia Castelao, na que declara que o que máis lle gusta do cómic é que lle transmita algo. Sinala algúns nomes de pintores e ilustradores que son as súas referencias, como Soroya e Sargent ou François Roca e Quentin Blake. Entre as lecturas da infancia, lembra a personaxes como Astérix e Mafalda. Do seu traballo con Manuel Rivas para a edición d'*O sombreiro chichiricheiro* destaca a liberdade que lle deron dende o inicio e tamén salienta que como ilustradora representa nos debuxos o que a ela lle transmite o texto. Da súa experiencia no cine de animación, sinala que lle gustou pero que prefire a ilustración por darlle moito máis poder de decisión. Remata sinalando que na súa casa hai moitos cómics, tanto polo que lle gustan a ela coma á súa parella, Marcos Calo, ademais de libros de arte e de ilustración.

Ramos, Ana Margarida, "Blanca Ana Roig Rechou (coord.), *Hans Christian Andersen, Jules Verne e* El Quijote *na Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico*", *Boletín Galego de Literatura*, n.os 36-37 (2.º semestre 2006, 1.º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 286-288.

Dá conta dos contidos do volume *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico* (2005), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que recolle os traballos de investigación desenvolvidos polos integrantes da Rede Temática de Investigación "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico" ao redor das citadas tres obras clásicas da literatura occidental. Inscribe tamén a publicación nas conmemoracións do bicentenario do nacemento de Hans Christian Andersen, do centenario da morte de Jules Verne e do quarto centenario da publicación de *Don Quijote de la Mancha*, de Cervantes. Salienta aspectos como o feito de reunir un conxunto de materiais destinados á formación dos mediadores, así como a achega sobre as diferentes edicións das obras destes tres clásicos da literatura en todas as linguas da Península ibérica. Detense na estruturación do volume en tres seccións e valora a presenza dun glosario que clarifica termos recorrentes nos estudos literarios sobre as obras clásicas, e que esclarece dúbidas e imprecisións sobre conceptos como "adaptación", "clásico", "tradución" e "versión". Así mesmo, menciona a inclusión dun conxunto de suxestións didácticas que proporcionan estratexias para analizar e preparar o estudo dos autores tratados.

Ramos, Rui, "Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López, Pedro Lucas Domínguez (coords.). *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*", *Boletín Galego de Literatura*, nos 36-37 (2º semestre 2006, 1º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 288-290.

Destaca primeiramente do volume *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil* (2006), coordinado por Blanca Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, o feito de reunir unha ampla selección de textos arredor do multiculturalismo, un tema de particular incidencia nas sociedades modernas que nesta achega "ganha particular relevo por dois motivos principais: porque a visão sobre a problemática é, ela também, uma visão plural, marcando o olhar de investigadores que vivem as várias línguas da Península Ibérica; e porque incide sobre produções literárias de potencial recepção infantil e a juvenil, com as virtualidades formativas e as promessas de futuros harmoniosos que tais criações envolvem". Apunta que os diferentes investigadores que se presentan no volume pertencen á Red Temática de Investigación "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico", e que as súas achegas se centran na análise dun corpus de obras editadas nas diferentes linguas ibéricas, o cal lles outorga unha salientábel heteroxeneidade cultural. Menciona así mesmo que os textos que recolle a publicación foron expostos ante o alumnado asistente ao III Curso de Formación Continua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora", celebrado en Santiago de Compostela en 2006, un encontro que serviu para "abrir o debate, estabelecer canles de reflexión e plasmar como se representan na produción infantil e xuvenil os valores interculturais, o choque ou o sincretismo entre culturas, as especificidades, as diferenzas ou as visións tópicas". Percorre os diferentes apartados do volume, sinalando os contidos teóricos que recolle o

texto que o inaugura fronte aos restantes, centrados na análise literaria de catorce obras, que procuran facilitarlles aos mediadores pistas de interpretación e suxestións didácticas para desenvolver o seu traballo cos destinatarios finais e preferenciais destas obras. Conclúe sinalado que se trata dunha obra "que sugere a reflexão sobre o lugar de cada um na aldeia global, e em particular sobre o papel formativo da literatura e da mediação leitora na criação de mundos possíveis de não homogeneização massificante, mas de diversidade harmoniosa".

Reimóndez, María, "Nosoutras, protagonistas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas" "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 5.

A busca dunha literatura infantil para nenas dentro do sistema literario galego, máis alá dos roles sexistas convencionais ou o uso machista da linguaxe é o tema principal deste artigo. Nel faise un percorrido polo panorama editorial galego para reseñar as últimas novidades que apuntan nesta dirección, coma *Titiritesa* (2007), de Xerardo Quintiá e ilustracións de Maurizio A. C. Quarello, relato protagonizado por dúas princesas que rematan casando entre si; ou *Boas noites* (2007), de Paula Carballeira, no que se arremete contra o uso sexista da linguaxe. Outros textos resaltados son *Rúa Carbón* (2005), de Marilar Aleixandre; *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya; ou *O faro de Arealonga* (2003), de Uxia Casal. Considérase especialmente interesante esta última por mesturar a reivindicación de xénero cunha crítica aos estereotipos físicos.

Riobó, Xoán C., "Panorama de los libros teatrales para niños y jóvenes", *Revista Galega de Teatro*, n.º 54, "Libros", "Recensións", primavera 2008, pp. 69-70.

Faise referencia ao libro *Panorama de los libros teatrales para niños y jóvenes* (2007), da doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Alcalá Berta Muñoz Cáliz. Valórase o traballo como excelente para a consulta sobre textos de literatura dramática infantil e xuvenil e explícase que ten como finalidade dar a coñecer os títulos que existen no mercado editorial e facilitar a forma de acceso a eles grazas aos seus anexos. Explícase que no Anexo I se recollen as colecciónns actuais para nenos e mozos; no Anexo II edicións para mozos de obras feitas para adultos; e no Anexo III ofrécense recursos para localizar os libros. Posteriormente explícase o contido de cada un dos nove capítulos que compoñen o libro. Así, engádese que no primeiro a autora comenta o desinterese xeral cara ao teatro e, no terceiro, ofrécese unha relación das características das colecciónns actuais deste xénero dramático. No capítulo cuarto explícase que divertir e ensinar son as principais motivacións dos dramaturgos. Especifícase que no quinto capítulo se abordan os principais referentes da ficción teatral para nenos e mozos e diferénciase entre as obras que xorden a partir de contos e lendas tradicionais e os que parten de mundos imaxinarios de novelas de aventuras e do cine e tamén se refire ás obras que teñen ao propio teatro como elemento referencial. Apúntase que no sétimo capítulo se comentan as distintas propostas de textos teatrais para ser escenificados e no último recóllense referencias bibliográficas. Por toda a información que presenta, interprétase que é un libro que, ademais de facilitar a escolla de textos dramáticos, valora o estado da literatura dramática infantil e xuvenil, que fai referencia á multitude de obras e que amosa as principais liñas temáticas e formais deste xénero. Por último, cualifícase como o Google dos textos dramáticos infantís e xuvenís.

Rodríguez, Manuel, "An international literature", *Galician books*, 2008, pp. [24]- 27.

Comeza o artigo cun conciso parágrafo sobre a estabilización do sector da LIX galega tras vinte e cinco anos de existencia. Saliéntase o labor conxunto de autores, ilustradores e editores na oferta de libros infantís enriquecedores da cultura galega. Coméntase a seguir o proceso de tradución das obras da LIX xunto á dificultade de acadar acceso a mercados de países de fala inglesa. Nun primeiro epígrafe dedicado aos premios como tarxeta de visita, trátase a cuestión da presenza internacional da LIX grazas aos premios recibidos en competicións internacionais nos últimos anos e ás inclusións dalgunhas obras na Lista de Honra do IBBY ou na de White Ravens da Biblioteca Internacional de la Juventud de Munich. Tras mencionar algúns dos autores nelas inseridos, coméntase o labor desempeñado pola Xunta de Galicia para asegurar a presenza de obras galegas nesta biblioteca, que xa abranguía previamente obras de Helena Villar Janeiro, Ánxela Gracián, Marilar Aleixandre ou Ana María Fernández. Trátase despois a recepción da LIX noutros países e cítase como exemplo o Premio Internacional Pier Paolo Vergerio da Universidade de Padua outorgado a Antonio García Teijeiro por *Na fogueira dos versos* (1996) e a inclusión na lista de "Los Mejores" do Banco del Libro de Venezuela do álbum ilustrado *Avós* (2002), de Chema Heras e da novela *O armiño dorme* (2003), así como os premios recibidos por ilustradores galegos na Feira do Libro de Bolonia ou na Bienal de Bratislava. O segundo epígrafe xira ao redor das editoriais Kalandraka e OQO Editora, esta última premiada pola publicación de *Gran libro dos retratos de animais* en 2007. No seguinte epígrafe faise referencia á presenza de Galicia nas institucións internacionais de literatura infantil e xuvenil, mencionando o vindeiro ano 2010 no que Santiago de Compostela acadará o status de capital internacional da LIX grazas ao trixésimo segundo Congreso Internacional do IBBY que terá lugar nesa cidade. O derradeiro epígrafe aparece dedicado aos salóns do libro infantil, citando o Salón do Libro Infantil e Xuvenil celebrado en Pontevedra en 2008 baixo a temática do mar. A cronoloxía que acompaña o artigo destaca as datas de 2001, en que o poemario de Ana María Fernández, *Amar e outros verbos* (2002) é merecente do Premio Lazarillo; Federico Fernández é galardoado co Premio Nacional de Ilustración por *Onde perdeu Lúa a risa?* (2001), de Miriam Sánchez; a de 2004, en que *A noite da raíña Berenguela* (2005), de Neira Cruz acada o Premio Lazarillo e o álbum ilustrado *Avós* (2002), de Chema Heras e Rosa Asuna é inserido na lista do Banco del Libro de Venezuela. En 2005 *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya consegue o Premio Lazarillo. En 2006 *O armiño dorme* (2003), de Neira Cruz é seleccionado como un dos mellores dez libros xuveniles polo Banco del Libro. En 2007 o *Gran libro dos retratos de animais* (2006), de Svejtland Junakovic obtén unha mención especial na Feira do Libro de Bolonia e recibe o primeiro premio na categoría de Mellor Traballo de Publicación outorgado polo Ministerio de Cultura. Por último, destácase o ano 2008, en que a novela de *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya é incluída na Lista de Honra do IBBY. Do mesmo xeito o artigo vén acompañado das fotografías de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire (p. 25); Helena Villar Janeiro e María Victoria Moreno (p. 26); unha ilustración extraídas de *O gato marelo* (2000), por Xan Domínguez (p. 25) e as portadas de *Contos por palabras* (1991) de Agustín Fernández Paz; *O armiño dorme* (2002), de Neira Cruz; *Cando petan na porta pola noite* (1994), de Xabier P. Docampo; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro e o póster do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil celebrado en Pontevedra en 2008, ilustrado por Marta Álvarez (p. 27).

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Agustín Fernández Paz: Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), "Perfil", outubro 2008, pp. 8-12.

Insírese ao lector tanto na obra do escritor, salientando a súa destacada posición na LIX galega, o seu traballo e merecementos obtidos, como tamén na súa vida, dedicada á docencia e escrita en prol da LIX. Seguidamente ofrécese unha entrevista co autor centrada nas súas consideracións sobre a LIX galega, na que se salienta o acadado auxe e en continua evolución deste sistema literario, así como a repercusión da súa obra nun sistema aínda en conformación cando Fernández Paz comezou a súa andaina literaria, contribuíndo á súa consolidación con tentativas de equiparalo ao ámbito europeo e promovendo a diversidade de temáticas. Finalmente achéganse as fichas completas da súa obra, coas traducións e premios acadados, que ofrecen unha visión máis completa deste escritor galego.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "A Literatura Infantil e Xuvenil ao servizo da sociedade", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), "Estudos", outubro 2008, pp. 21-25.

Realiza un percorrido histórico no que se salienta as diferentes funcións, entre elas a función social, acadadas pola literatura no eixo familia-sistema educativo-literatura na construcción da nación e na creación dun canon. Incide tamén na necesidade de achegamento da pedagoxía á LIX e na labor dos mediadores adultos lectores como axentes que acheguen a lectura placentera aos nenos, primando a literatura de calidade que ofreza tamén educación en valores e temas transversais, dende unha linguaxe literaria e fuxindo do mercantilismo das editoras.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Ocnos. Revista de Estudios sobre Lectura", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), outubro 2008, pp. 87-89.

Salienta a saída do prelo do n.º 2 da revista anual *Ocnos*, especializada en lectura e escritura e que informa e forma os mediadores. A seguir, faise unha análise dos diferentes artigos que compoñen este número, asinados por investigadores e estudiosos como Pedro Cerrillo, que fai unha síntese da historia da Literatura Infantil e Xuvenil; Luis Sánchez Corral, que analiza a enunciación dos textos publicitarios; Victoria Sotomayor, que estuda os prólogos das edicións do *Quixote* para nenos e mozos; Eloy Martos que fai un percorrido polas narracións fantásticas; Juan Senís Fernández que explica os resultados dun proxecto de investigación; o grupo Lazarillo, que presenta os resultados dunha enquisa sobre rendemento escolar e "potenciais lecturas"; Leandro Molina Villlaseñor, que recolle as conclusións dunha experiencia nun centro de secundaria sobre hábitos lectores e repercusión académica; Sara Reis da Silva e Fernando Fraga de Acevedo, que abordan o libro *Pequeño Livro de Desmatemática*, de António Pina; e Susana González Marín, que analiza o parentesco do conto "El lobo y los siete cabritillos" e "Caperucita roja".

Roig Rechou, Blanca-Ana, "As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez", *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), outubro 2008, 90- 91 pp.

Comentario do n.º 8 da revista *Escrita Contemporánea* da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) na que se homenaxea ás irmás Pura e Dora Vázquez, escritoras pioneiras na LIX galega dende que no ano 1968 Pura publicara o poemario *Rondas de norte e sur*. Faise unha achega á produción literaria das dúas escritoras e da importancia á hora de conformar o sistema literario infantil e xuvenil galego. Infórmase dos traballos que contén o volume como a reprodución da Acta da Asamblea da AELG, a reprodución da carta de agradecemento das dúas irmás na que se ven as liñas da súa poética e os diferentes discursos de homenaxe ás escritoras de Cesáreo Sánchez Iglesias, de Xerardo Méndez, de María Xosé Queizán ou de Marcos Valcárcel. Finalmente, dise que a revista ofrece unha escolma literaria e unha reportaxe fotográfica.

Roig Rechou, Blanca-**Ana** e Isabel **Soto**, "En Santiago de Compostela con Agustín Fernández Paz", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º semestre 2007), "Encontros", 2008, pp. 161-178.

Longa conversa con Agustín Fernández Paz que tivo lugar en maio de 2008. Nela, o autor vilalbés fala da presenza ou non na súa obra de aspectos autobiográficos; de como se desenvolve no seu caso a experiencia creativa, a conformación das súas obras; da súa relación coa imaxe, coas ilustracións dos seus textos, e mesmo dos autores que para el son ou foron un referente e que en moitas ocasións aparecen dun ou doutro xeito nas súas obras. Fala amplamente da súa relación coa literatura infantil e xuvenil. Di cómo xurdiu esa relación; quén son os autores que leu ou que aínda le; por qué comezou a escribir para os máis novos; fala dos temas que trata na súa produción e concretamente dalgunha das súas obras; do tipo de público ao que se dirixe; da consideración existente que ten a literatura infantil e xuvenil; dos premios que ten recibido; da súa experiencia como mediador e nas aulas; das críticas que lle teñen feito a el e á súa obra, etc.

Rojas, Magdalena de, "O neno que tiña medo dos nenos", *Revista Galega de Educación*, n.º 40, "Reseñas", abril 2008, p. 182.

Fálase da obra dirixida ao público infantil *O neno que tiña medo dos robots* (2007), de Miguel Vázquez Freire, ilustrada por José Tomás, da que se salienta á súa orixinalidade ao contar con dúas cubertas e con dous protagonistas distintos: un neno e un robot cuxas vidas transcorren de xeito paralelo até que se atopan na ilustración central, momento no cal inician unha amizade que desconcertará tanto a robots como aos humanos. Destácanse as ilustracións desta historia que lembran á banda deseñada e que axudan a mellorar as habilidades lectoras e de observación entre os nenos de cinco a seis anos aos que vai dirixido o relato.

Ruzicka Kenfel, Veljka e Lourdes **Lorenzo García**, "A tradución de Literatura infantil e xuvenil en España e a súa situación particular nas comunidades autónomas bilingües", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 97-121.

Despois de poñer de manifesto as diferenzas entre o lector infantil e adolescente fronte ao lector adulto, que xoga necesariamente o papel de mediador, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García profundizan no feito de que a identidade cultural do neno dependa da súa propia capacidade receptora e das normas impostas pola sociedade adulta, circunstancias que dan lugar a certas asimetrías e que inducen ao tradutor a aplicar diferentes estratexias e decisións. Condicionados por unha suposta deficiencia de capacidade receptora do lector infanto-xuvenil, as autoras afirman que moitos tradutores de LIX se permiten manipular o texto orixinal de tal forma que as modificacións e adaptacións aparecen con moita máis frecuencia nesta literatura que na de adultos. Ao fío desta constatación, as investigadoras mostran a seguir unha ampla casuística deste tipo de comportamentos dos tradutores e botan luz sobre aquelas intervencións que poden ser aceptadas e mesmo aplaudidas polo beneficio que traen á tradución, fronte aos que inciden negativamente sobre o produto final. Con esta finalidade poñen exemplos de diversos tipos de intervencionismos: os que tentan solucionar a distancia cultural, os censores, os que pretenden elevar o estilo, os motivados por razóns de política lingüística, os de notas a rodapé e os preliminares.

Sáez, Laura, "A traducción de LIX ou a importancia dunha alimentación sa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 8.

Reivindícase a necesidade de coidar cuantitativa e cualitativamente a actividade tradutora. Ao mesmo tempo constátase que as traducións de literatura infantil e xuvenil (LIX) feitas dende o sistema literario galego non sempre coinciden co estabelecido na listaxe White Ravens das mellores obras publicadas nas distintas linguas. Así, sinálase que, mentres sistemas literarios coma o xaponés ou o húngaro están a producir as grandes obras de LIX do momento, estas apenas teñen presenza nas editoriais galegas, que seguen a traducir case en exclusiva do castelán, do catalán e do inglés.

Sampedro Martínez, Pilar, "Xa hai un ano que nos deixou Pepe Agrelo", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "Reseñas", xuño 2008, pp. 166-167.

Lémbrase a figura de Pepe Agrelo, profesor, director e autor teatral sobre todo para nenos e feito dende a escola. Destácase o seu grande labor nas múltiples facetas ás que se dedicou sobre todo na de director de grupos de teatro dentro e fóra da escola, dos cales saíron coñecidos autores como Pico ou Víctor Fábregas. Faise tamén unha achega a varias das súas obras dramáticas como *O rei destronado*, *Sogima*, *O cartafol de Ruperto*, a cal está publicada integramente na Biblioteca Virtual Galega, das que se achega o argumento e as súas características; ou *O ensaio*, unha das pezas gañadoras do Premio Estornela, na súa terceira edición de 2004. Saliéntase a importancia que concede Agrelo ao xogo dramático e ao humor.

Sampedro Martínez, Pilar, "Rinocerontes e quimeras", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "Reseñas", xuño 2008, p. 168.

Reseña sobre a obra de Marcos Calveiro, *Rinocerontes e quimeras* (2007) publicada na colección Catavento, a cal se presenta como "un libro inesperado na literatura xuvenil galega e, posiblemente en calquera outra". Dise que abre novos camiños dentro da xa

“rica” literatura galega e explícase brevemente o seu argumento no cal se mestura a realidade e se insiren múltiples referencias literarias.

Soto, Isabel, “A literatura infantil e xuvenil galega en 2007”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, “Panorámicas”, 2008, pp. 111-123.

Faise un percorrido pola produción da literatura infantil e xuvenil galega publicada en 2007 e apúntanse os feitos e as tendencias máis salientábeis dese ano. Destácase a estabilidade da literatura infantil e xuvenil e fálase dos premios e premiados: da inclusión d’*O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz, como un dos dez mellores libros do mundo; do premio Internacional do Libro Infantil o volume *Chocolata*, de Marisa Núñez; e a referencia a outros premios como o Merlín, Castelao de Banda Deseñada, etc. Tamén se comentan as efemérides, nomeadamente ao redor do Día das Letras Galegas, e refírese a publicacións como *A vida secreta de María Mariño*, *Unha serea en terra*, *A voz do lago* ou *María Mariño: cantiga da costureira poeta*. Detense nas novas coleccións d’*Os Bolechas* e a seguir fálase dos álbums de OQO e das publicacións de Kalandraka/Factoría K. Remátase salientando a vitalidade da literatura xuvenil, aínda que tamén se alude á febleza na poesía, teatro e banda deseñada.

Soto, Isabel, “Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil, n.º 0”, *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, n.º 16 (II série), outubro 2008, pp. 86-87

Saliéntase a saída do prelo do n.º 0 da revista *Bloc* de carácter bilingüe castelán-inglés. Dise que o seu obxectivo é analizar e reflexionar sobre a palabra e a imaxe e acoller a profesionais de diferentes ámbitos relacionados coa literatura infantil. Alúdese ao esmero na edición e á posibilidade de consulta na Internet. A seguir enúmeranse as seccións coas que conta “Creación”, “Entrevistas”, “Álbum ilustrado” e “Biblioteca” e faise unha análise dos diferentes artigos que compoñen este número.

Soto, Isabel, “Un clásico”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 6, “Detrás do barco pirata”, primavera 2008, p. 6.

Coméntanse dúas das obras de Agustín Fernández Paz publicadas en 2007 pola editorial Xerais, *O único que queda é o amor* e *Cartas de inverno*. Esta última, peza clave na traxectoria bibliográfica do autor, ven de saír ao mercado na súa vixésima edición dende que se publicara por primeira vez en 1995, coa novidade agora dun epílogo no que se abordan as orixes da obra e cuestións relacionadas coa súa tradución a outras linguas. *O único que queda é o amor*, pola súa banda, preséntanos un conxunto de relatos ilustrados por Pablo Auladell e xa publicados con anterioridade en revistas e álbumes colectivos para a mocidade. Ao longo de dez relatos (”Amor de agosto”, “Ríos da memoria”, “Despois de tantos anos”, “Un radiante silencio”, “Un río de palabras”, “Unha historia de fantasmas”, “Esta estraña lucidez”, “Unha foto na rúa”, “Loanza da filatelia” e “Meditación ante o álbum de fotos familiar”) asistimos á indagación en temas tan variadas coma a presenza do sobrenatural ou o sentido do amor e o desamor.

Soto, Isabel, "Libro das alquimias", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 6.

Reséñase brevemente *Libro das alquimias*, novela de Xesús Costela publicada en 2007 pola editorial Galaxia. A obra, cualificada de "libro de libros" preséntase coma o relato dun ancián ao longo do cal se vai tecendo unha erudita homenaxe á historia do libro e as bibliotecas.

Squilloni, Arianna, "*Tres desexos*. Eva Mejuto", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 212, "Libros", febreiro 2008, p. 65.

Explícase o argumento deste libro de Eva Mejuto, publicado en galego en 2007, do que se di que tamén existe edición en castelán. Indícase que non se debe deixar enganar o lectorado polas ilustracións de "amplias superficies" de Gabriel Pacheco, das que se salienta a creación "dun discurso visual y conceptual" co argumento, a multiplicidade de lecturas posíbeis e o xogo "con minúsculos elementos".

Squilloni, Arianna, "*Comandante Hussi*. Jorge Araújo", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 213,"Libros/Novedades", marzo 2008, p. 66.

Coméntase que esta obra de Jorge Araujo, publicada por Kalandraka no ano 2006, conta con edición en galego e castelá. O comentario iníciase facendo referencia á historia que se narra e destácase que a estrutura da novela non é impecábel e que ás veces as intencións son evidentes de máis, aínda que se considera que a poesía "que se respira en sus páginas, ciertas comparaciones y metáforas que surgen tan exactas como inexperadas, la convierten en una obra cuya lectura es más que aconsejable".

Squilloni, Arianna, "*Ilustraciones para despertar a una silla*. Pablo Prestifilippo", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 216, "Libros/Novedades", xuño 2008, p. 63.

Despois de se referir a que o animal doméstico foi obxecto de "tesis" sobre a relación entre poseído e poseedor, cousa nunca empregada con "otra especie que habita y ordena nuestros domicilios: el mueble común". Sinálase que Pablo Prestifilippo na súa obra puxo a primeira pedra neste sentido con esta obra publicada no ano 2007 con edición en galego. Cualifícase a obra de surrealismo e dise que é un libro de instrucións, unha homenaxe á imaxinación, para rematar referíndose á historia que se conta e aos efectos que provoca no lectorado que "miraremos a las sillas de otra manera".

Squilloni, Arianna, "*La increible historia de la niñapájaro y el niño terrible*", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 217, "Libros/Novedades", xullo/agosto 2008, p. 64.

Despois de recordar que o nome determina a personalidade do ser humano e de que do mundo grego saíron personaxes comoPrometeu, Epimeteo, Edipo, fala dos problemas do neno terrible deste conto que tivo un nome que xa ningún recorda porque a súa

esencia atópase estigmatizada nesa característica que o marxina do resto e que ten como símbolo a súa vivenda nunha árbore. Dise que desenvolve a viaxe iniciática do neno terríbel que aprende, ao atopar á nena paxaro, a dar o amor que non recibiu. Sinálase que se trata dun drama profundo representado por ilustracións duras realizadas co branco, negro e encarnado, organizadas en composicións de perspectivas extremas e improbábeis. Tamén se explica que é este "un libro que invoca sentimientos primarios y reafirma el hecho de que los álbumes no son solo libros-fuego para aprender a leer de forma entretenida, sino -en algunos casos, como el que nos ocupa- obras de arte que hay que aprender a disfrutar".

Teixeira da Silva, Maria Madalena e **Carlos Marcos**, "Blanca Ana-Roig Rechou, Pedro L. Domínguez e Isabel Soto López (coords.), *Teatro infantil. Do texto à representación*", *Boletín Galego de Literatura*, n.os 36-37 (2.º semestre 2006, 1.º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 290-293.

Maria Madalena Marcos e Carlos Teixeira da Silva encadran o volume *Teatro infantil. Do texto à representación* (2007), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas e Isabel Soto, nos obxectivos que vén desenvolvendo a rede temática de investigación "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico", e destacan dous acertos da publicación: a escolla do tema do teatro infantil, pola ausencia de investigacións sobre o xénero, e a utilización dun discurso rigoroso, fundamentado na metodoloxía dos estudos literarios. Neste sentido, os autores do comentario insisten na necesidade de consolidar a investigación teórica no eido da literatura infantil e xuvenil, definindo claramente un obxecto de análise e un *corpus*, e utilizando un discurso crítico "pautado pelo rigor e consciente das suas múltiplas funções junto de públicos diversificados, orientação seguida, aliás, pelo conjunto de estudos agora publicados". A seguir, apuntan que a publicación combina adecuadamente a necesidade de ofrecer unha contribución á educación literaria coa reflexión teórica e crítica arredor dos elementos de valoración da calidade artística dos textos, un esforzo que identifican sobre todo nos primeiros capítulos do libro, nos que se aborda a peculiar natureza do texto dramático, a complexidade das súas dimensións comunicativas, os seus códigos e os seus recursos diversos, insistindo na complementariedade esencial que une o texto escrito coa súa representación espectacular. Valoran a aplicación ao estudo dos textos dramáticos para a infancia de criterios semellantes aos utilizados na análise da narrativa e da poesía infantís, é dicir, a achega dunha lectura que os considera textos literarios de pleno dereito, e mencionan o conxunto de artigos dedicados a ofrecer visións panorámicas da evolución do teatro infantil na Península Ibérica, dende os comezos do século XX. Nestes últimos perciben conclusións unánimes por parte dos distintos estudosos: o significativo crecemento no ámbito da representación teatral, visíbel no enriquecemento de técnicas de comunicación e de espectáculo, na ampliación do abano de temas tratados e na novidade dalguhas propostas; a escaseza da escrita e publicación de obras de recoñecido mérito artístico; a presenza nos textos existentes de trazos pertencentes á narrativa popular, da que se importan estruturas, temas, motivos e valores simbólicos; e a recorrencia na produción de aspectos como a intertextualidade, a presenza do humor e o xogo coa linguaxe. A seguir destacan a inclusión dunha listaxe de obras de referencia, así como os comentarios críticos de sete textos representativos da literatura dramática nas diversas linguas ibéricas. Conclúen salientando que "promover e divulgar, pela mesma via, uma escrita de qualidade acaba por ser um dos grandes méritos da obra (...), constituindo um importante instrumento de educação literária, ela poderá também abrir

perspectivas para a renovação do teatro infantil, apontando, em simultâneo, o rumo certo para o estabelecimento de uma metodologia de investigação, que, sem trair a especificidade do seu objecto, se afirme como parte fundamental dos estudos literários".

Varela Tembra, Juan José, "Gomes, J. A. E B. Roig Rechou (coords., 2007). *Grandes Autores para Pequenos Leitores*. Porto: Deriva Editores, 126 p. ISBN: 978-912-9250-29-3", *AILIJ*, n.º 6, "Reseñas/Reviews", 2008, pp. 167-169.

Reseña na que se dá conta da publicación de *Grandes autores para pequenos leitores* (2007), volume coordinado por José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou, segundo Juan José Varela Tembra, "dous referentes na investigación sobre Literatura infantil e xuvenil en Portugal e Galicia". A seguir, o recensionista dá conta da estrutura desta monografía que, segundo indica, se abre cunha introdución, na que se expón a finalidade da obra no marco da promoción da lectura e na formación de mediadores e á que lle seguen os traballos "Produção canonizada na literatura portuguesa para infanci e a juventude (século XX)", asinado por José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva; "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)", asinado por Blanca-Ana Roig Rechou, María Jesús Agra, Isabel Mociño, Marta Neira e Teresa Sixto; e "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil angloxernama (século XXI)", asinado por Veljka Ruzicka Kenfel e Celia Vázquez García. Varela Tembra sinala as semellanzas en termos xerais dos artigos portugués e galego e dá conta das peculiaridades do artigo asinado por Ruzicka Kenfel e Vázquez García. Remata considerando *Grandes autores para pequenos leitores* , unha "obra de referencia dado que fará reler de forma diferente autores clásicos e obras canonizadas de literaturas tan distintas na súa constitución e evolución como a portuguesa, galega, inglesa e alemá, e non só iso senón que farán reflexionar , como o fan os autores de cada un dos traballos, sobre o fenómeno da canonización de obras e sobre a elevación á categoría de "clásico" de autores de gran potencial de recepción infantil".

Varela Tembra, Juan José, "Grandes Autores para Pequenos Leitores", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º semestre 2007), "Libros", 2008, pp. 190-192.

Comeza cualificando aos coordinadores do volume *Grandes autores para pequenos leitores*, José António Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou, como "dous referentes na investigación sobre literatura infantil" para, a seguir, deterse nos tres estudos que compoñen a obra. Dos dous primeiros traballos ("Produção canonizada na literatura portuguesa para infancia e a juventude (século XX)", realizado por José António Gómes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, e "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)", da autoría de Blanca-Ana Roig, María Jesús Agra, Isabel Mociño, Marta Neira e Teresa Sixto), ademais de sinalar o período e autores dos que se ocupan, destaca o feito de que estes traballos lembren que os modelos estéticos "son cíclicos", feito que afecta dun "xeito especial" á Literatura Infantil e Xuvenil (LIX). Tamén alude á importancia, segundo os coordinadores, desas obras de autores "clásicos" nas que é de destacar a súa calidade e relevancia para a evolución da LIX e mesmo para a creación dun "canon modélico do lector". Pola súa banda, do terceiro estudo que a monografía acolle ("Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil anglo-xermana (século XIX)", da autoría de Veljka Ruzicka e Celia Vázquez) Juan José Varela Tembra salienta que as autoras amosen un panorama xeral

dalgúns autores clásicos da LIX inglesa e alemá do século XIX, aínda que non atendan a criterios preestabelecidos, e detense na tese defendida por Ruzicka e Vázquez e que as leva a afirmar que, segundo o recencionista, sempre houbo modelos de referencia que inflúen en obras posteriores. Para exemplificar o dito bótase man dos diferentes niveis de lectura que *Alicia no país das marabillas* ou *Alicia a través do espello*, de Lewis Carrol, permiten. Varela Tembra remata cualificando *Grandes autores para pequenos leitores* como unha "obra de referencia", así como base para a reflexión sobre conceptos como "canonización" e "clásico".

Vázquez Freire, Miguel, "Patricia Castelao", *Fadamorgana*, n.º 12, "A ilustradora", inverno 2007/2008, p. 4.

Despois de destacar a perfección técnica dos traballos de Patricia Castelao, refírese á conciencia expresa da importancia da luz que aparece nas súas imaxes. Explica que nas súas composicións sempre fica ben determinada a procedencia do punto de luz que ilumina a escena e exemplifica isto a través dalgunhas obras que ten ilustrado, como son *Álvaro e Álvaro* (2004) e *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca* (2006), de Xosé Miranda e *A lagoa das nenas mudas* (2007), de Fina Casalderrey. Do mesmo xeito, parte destas obras para referirse ao seu manierismo na resolución das figuras humanas para recoñecer que este non se impón como un esquema fixo e inalterábel. Por outra parte, ofrece unha selección da obra publicada de Patricia Castelao, de quen tamén recolle unha serie de apuntamentos sobre a súa vida persoal e profesional.

Vázquez Freire, Miguel, "Illustration from Galicia", *Galician books*, 2008, pp. [13]-17.

Tras un breve apuntamento en tinta azul sobre o talento dos ilustradores de libros infantís en galego, ábrese o artigo coa mención do ano 1998 como significativo no mundo da ilustración xa que se produce a creación da editorial Kalandraka, que orixina novas posibilidades de expresión creativa para os ilustradores galegos. Menciónanse as edicións de textos clásicos de Maurice Sendak, Tomi Ungerer, Reiner Zimnick e Horst Ecker (Janosch) e a súa contribución á hora de posicionar o labor de ilustradores locais nas novas correntes internacionais de ilustración. Destácase o éxito desta editorial e mais o de OQO Editora, a través dos seus esforzos para impulsar este novo sector do libro ilustrado. Continúase coa mención de diversos ilustradores como Xaquín Marín, humorista gráfico do xornal *La Voz de Galicia*, e as súas ilustracións en *A oca de Leonardo* (2006); Xan López Domínguez, ilustrador e autor de *Voces na lagoa do espantallo* (1983); Óscar Villán e Federico Fernández, merecentes do Premio Nacional de Ilustración; Kiko Dasilva, de especial relevancia no mundo do cómic; Pablo Otero, "Peixe" ou Miguelanxo Prado. Xa por último cita os nomes doutros ilustradores galegos e cubanos residentes en Galicia. O artigo acompáñase da seguinte cronoloxía a rodapé: 1990: as creacións do ilustrador Xan López Domínguez son seleccionadas para a exhibición *Fiera dei Libri per Ragazzi* en Bolonia; as obras de Paco Martín, *Lembranza nova de vellos mesteres* (1988) e de Helena Villar Janeiro, *Ero e o capitán Creonte* (1989) son incluídas na lista de White Ravens de Munich. 1991: *Contos por palabras* (1991), de Agustín Fernández Paz gaña o Premio Lazarillo e Xan López Domínguez acada unha placa do festival bienal de Bratislava. 1992: *Contos por palabras* (1991), de Agustín Fernández Paz e *Gago por Merenda* (1992) de Xan López Domínguez son

incluídas na Lista de Honra do IBBY e *A canción do rei* (1991) de Helena Villar Janeiro é seleccionada para a lista White Ravens de Munich. 1993: Agustín Fernández Paz é galardoado co Premio Edebé de Literatura Juvenil por *Trece anos de Branca*. 1994: celébrase a primeira Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil en Chantada (Lugo) e o poemario *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez xunto á tradución ao galego de *A bolsa amarela* (1976) de Lygia Bojunga por Xosé María García Álvarez pasan a formar parte da Lista de Honra do IBBY. Doutra banda, o artigo amosa ilustracións incluídas nos libros de *Os dous corcovados* (2000), por Óscar Villán; *Contos por palabras* (2001), por Enjamio (p. 14); *Marta ten a solución* (2008), por Patricia Castelao e as portadas do cómic *Vilaverzas* por Miguel Robledo e *Pucho, o habitador dos tellados*, Premio do Ministerio De Cultura en 2007 (p. 15); unha ilustración extraída de *Minimaladas* (2007), por David Pintor (p. 16) e xa por último unha ilustración de Xosé Cobas de 2008 e outra de Kiko Dasilva (p. 17).

Vázquez Freire, Miguel, "Ilustradores de aquí", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "Detrás do barco pirata", primavera 2008, p. 11.

Faise un percorrido esquemático pola historia da ilustración galega, resaltando só datas ineludíbeis, coma a aprobación da Lei de Normalización Lingüística ou a creación da editorial Kalandraka. Este repaso feito a grandes pinceladas segue cunha breve mención ao mestre Xaquín Marín, ilustrador dos álbumes, *O peixe de pedra* (A Nosa Terra, 2005) e *A oca de Leonardo* (Biblos, 2006); e a algúns nomes claves das xeracións que continúan co seu labor, coma Miguelanxo Prado, Xan López Domínguez, Xosé Cobas, Kiko da Silva, Patricia Castelao ou Óscar Villán e Federico Fernández.

Vázquez Freire, Miguel, "Peter Pan", *Revista Galega de Educación*, n.º 40, "Reseñas", "Clásicos da literatura infantil en lingua galega", abril 2008, pp. 180-181.

Fálase das distintas traducións ao galego da obra de J. M. Barrie, *Peter Pan nos xardíns de Kensington*, traducida por Xosé García Sendón e *Peter Pan*, de Alberto Avendaño. Asemade da breve peza teatral de Xesús Pisón *Viva Peter Pan* na que se fala da perda da imaxinación e do paso da nenez á vida adulta. Saliéntase que esta visión é a dominante nas interpretacións da obra de Barrie, na que "Peter Pan representaría a rebeldía en contra do encorsetamento nun mundo adulto feito de rutinas e obrigas non desexadas". No entanto, postúlase que a obra de Barrie non contén unha visión idealizada da nenez, senón que ensina todas as notas complexas desta etapa da vida: "Peter é un egoísta fachendoso, que non pensa máis que en si mesmo, incapaz de cumplir unha promesa, sempre disposto a abandonar aos seus seres máis queridos na procura da satisfacción da calquera desexo banal ou por correr detrás da última ou futil novidade". Indícase que esta é a verdadeira visión da obra, a que de se debe ter en conta e non a visión simplificada do medo a medrar e adquirir responsabilidades.

Vázquez Freire, Miguel, "Pinocchio ou a educación do neno proletario", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "Reseñas", "Clásicos da literatura infantil en lingua galega", xuño 2008, pp. 164-165.

Faise unha reseña do clásico infantil *Pinocchio*, de Carlo Collodi e pártese dun pequeno

apuntamento biográfico sobre o autor, fillo dunha mestra e dun cociñeiro que logo se converteu en xornalista de ideas republicanas. Dise que nesta historia na cal un monicreque quere ser neno, hai múltiples dimensións e que se trata realmente dun conto didáctico e moralizante cun argumento republicano a favor da escolarización infantil universal, unha metáfora sobre a educación do neno proletario. Tamén se di que ten compoñentes melodramáticos moi ben graduados e dáse finalmente unha nota rápida sobre as dúas versións cinematográficas que se consideran aceptábeis.

Vázquez Freire, Miguel, "Alicia ou a nena burguesa", *Revista Galega de Educación*, n.º 42, "Recensións", "Clasicos da literatura infantil en lingua galega", novembro 2008, pp. 178-180.

Faise referencia á tradución ao galego de Teresa Barro e Fernando Pérez-Barreiro do libro *Alicia no país das marabillas* (2007), de Lewis Carroll. Explícase que nun principio se consideraba que era un libro imposíbel de traducir a calquera idioma debido aos continuos xogos paródicos sobre a vida escolar inglesa que se saen do entendemento de nenos doutras nacionalidades, de feito, son moi poucos os rapaces que len o libro a pesares de ser considerado como infantil. Defínese como un texto complexo con moitos xogos de palabras que, ademais, inclúe poemas que parodian outros poemas. Recórdase que a historia de ficción ten como protagonista a unha nena real, Alicia. Posteriormente arguméntase que esta nena é unha representación da burguesía do momento representado no feito de que pode ir á escola. Considérase que se trata dun libro "ludista", contrariamente do que opinan os tradutores do mesmo, porque responde a un pracer de xogar e ao mesmo tempo velle unha finalidade en si mesmo. Recoméndase que o lector desta obra non sexa principiante e ademais considéranse necesarias varias lecturas demoradas. Diferéncianse partes nas que os rapaces poden levar a cabo lecturas autónomas e outras nas que os profesores fagan un seguimento e incluso se recomenda a representación teatral da obra debido ao predominio do diálogo, a pesar das dificultades que poida haber polos múltiples cambios de espazo e de tempo. Por outra banda tamén se fai referencia á tradución dun dos poemarios que aparecen no libro, *A caza do carbairán* (1996), tamén de Lewis Carroll e traducido por Marilar Aleixandre. Finalmente, critícanse as versións cinematográficas de *Alicia* até o momento e confíase en que as próximas sexan mellores.

Xarmenta, "Pepe Carreiro, o creador dos Bolechas", *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 3, "Banda deseñada", 2008, p. 5.

Saliéntase a importancia de Pepe Carreiro dentro da literatura infantil en lingua galega e indica que o autor d'*Os Bolechas* estivo presente na XIII Feira do Libro de Ponferrada, grazas á Asociación Berciana da Lingua Xarmenta, onde dirixiu un obradoiro didáctico en lingua galega.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Caneiro, Xosé Carlos, "Paraíso Stevenson" *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 279, "Letras en galego", 19 xullo 2008, p. 11.

Comeza cunha reflexión sobre a mediocridade da literatura, e afirma que canto máis baixa é a calidade literaria máis receptivo é o público. Aproveita esta reflexión para falar do libro *A illa do tesouro* (2003), de Stevenson, e afirma que non é literatura para nenos e mozos, senón que simplemente é literatura. Carlos Caneiro insiste en que é tal a calidade da obra, que ler convértese nun auténtico pracer, pois o lector pode chegar a meterse na pel dos personaxes. Remata coa conclusión de que hai moi poucas obras de calidade na literatura infanto-xuvenil.

Canosa, M., "Eu son Balbino, un rapaz da aldea", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libros para as letras", 17 maio 2008, p. 4.

Vólvese traer á actualidade *Memorias dun neno labrego* (1962), de Xosé Neira Vilas. Explícase como a interpretación que temos da historia e dos sentimentos de Balbino, o rapaz protagonista, pode evolucionar con cada relectura que fagamos. Sinálase que Balbino é a voz da conciencia galega dos anos vinte aos corenta. Faise referencia á facilidade da linguaxe, que a fai comprensíbel a todos, e á explicación da incomprensión que o rapaz sente sobre as diferenzas entre as clases sociais. Alúdese a que é unha obra escrita entre o humor e a abnegación que representa un espello do pasado galego que aínda se mantén presente na actualidade a través da ollada dos máis vellos. Finalmente, dise que querer este libro é querer un pouco máis a terra galega.

Casal, César, "Esopo á galega, un zoo incrible", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 262, "Libro para as Letras", 17 maio 2008, p.3.

Recoméndase o libro *Minimaladas* (2007), de Carlos López, gañador do premio Merlín de Literatura Infantil. Explícase como a obra tivo unha boa acollida entre os máis pequenos, que gozaron das imaxes de David Pintor. Dise que o autor, a través de fábulas, consegue chegar a un zoo único e irrepetíbel. Refírese á súa escrita como unha pintura na que as palabras son as cores coas que debuxar aos distintos animais e as súas historias persoais. Finalmente, pídese unha continuación deste libro que esperta a imaxinación.

Castro Rodríguez, Xavier, "Anaquiños': lecturas galegas para escolares no 1942", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 5 abril 2008, p. 2.

Presenta o libro do escritor Manuel Fernández Novoa, *Anaquiños. Lecturas Gallegas*, publicado por vez primeira en 1942 como "libro escolar aprobado pola Autoridade". Salienta a inserción dunha serie de frases dedicadas aos cruceiros da rexión de Bretaña (Francia) e dunhas estrofas do poema de Eduardo Pondal "Os Pinos" intitulado por Fernández Novoa "Himno Gallego". Destaca asemade as fotografías en branco e negro

do folclore galego e os retratos de lugares, espazos e personaxes que aparecen no libro. Remata cunha cita de Alonso Montero sobre Fernández Novoa.

Ermida, Germám, "Dentro dos globos: apuntamentos sobre lingua e BD", *El Progreso*, "*Especial Letras Galegas 2008*", "Banda Deseñada", 15 maio 2008, pp. 14-15.

Expón a relación existente entre banda deseñada e cómic en Galicia dende a década dos oitenta até os nosos días. Comeza comentando a situación do xénero dende as iniciativas pioneiras de asociacións culturais de índole galeguista como *O Facho* ou *O Galo* até o desenvolvemento do fanzine *Xofre. Historieta Galega* (1979) que inserían a lingua galega nas novas correntes temáticas e estilísticas europeas. A seguir trata a ruptura da aparente unidade entre a banda deseñada realizada en Galicia e a lingua galega na década dos oitenta até o nacemento do *Frente Comixario* (1988) en Ourense, cuxos proxectos orixinarían as Xornadas de Banda Deseñada da mesma provincia. Asegura asemade que xa no século XXI, o lanzamento no ano 2001 da revista *Golfiño* e a reconversión no 2007 do fanzine *BD Banda* en revista profesional dirixida a un público en galego, contribuirían en gran medida ao éxito deste novo xénero. Conclúe ratificando a popularización do termo *banda deseñada* en todo o Estado.

Eyré, Xosé M., "Historias divertidas para xente nova", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "Cultura", 10-16 abril 2008, pp. 32-33.

Expón que *Minimaladas* (2007), de Carlos López, presenta ambiciosas minihistorias non menores que foron concibidas como historias para cativos nun volume onde se bota en falta un Índice. Tamén fala de *Rinocerontes e quimeras* (2007), de Marcos S. Calveiro, do que se indica que é unha novela na procura do futuro e que se localiza xeograficamente nos Estados Unidos.

Fernández, Paula, "Desde *A Odisea*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Infantil/Xuvenil", 10 xaneiro 2008, p. VII.

Breve resumo do libro *A Odisea contada aos nenos*, escrito por Rosa Navarro Durán e ilustrado por Francesc Rovira, publicado en 2007. Saliéntase a obtención do Premio Lois Tobío da Asociación Galega de Editores e o feito de estar redactado nunha prosa espontánea e comprensíbel, escolleita para cativos e cativas de ao redor de oito anos. Remata cunha breve descrición do fío argumental.

Fernández, Paula, "En forma de enigma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Infantil.Xuvenil", 24 xaneiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 172, "Xuvenil/novidades", 2 febreiro 2008, p. 11.

Comenta que *O reino ideal* (2007), de Miguel Anxo Mouriño, é unha novela de aventuras para adolescentes e pre-adolescentes que se torna útil como ferramenta de animación á lectura e indica que nela aparecen dous universos paralelos, un real e outro ficticio. Sobresáese desta obra inserida no eido da literatura para adolescentes e preadolescentes, a índole lúdica da súa prosa e a apelación ao onírico e á arte da

enigmística, recursos todos eles que o autor xa empregara con anterioridade noutras das súas obras como *Os Arriscados* ou *Esconxuro*. A seguir descríbese brevemente o seu argumento e sinálase unha comparación á obra de Michael Ende, *A historia interminable*.

Fernández, Paula, "Recursos plásticos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Infantil/Xuvenil", 7 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Xuvenil/novidades", 16 febrero 2008, p. 11.

Comentario sobre o volume de Josse Goffin, *Ah!*, publicado por Kalandraka Editora en 2007. Destácanse os seus recursos plásticos e visuais que logran introducir sutilmente aos nenos e nenas de cinco anos no mundo da arte, especialmente no eido da pintura e da escultura. Coméntase asemade o aspecto lúdico do libro xunto coa sensación de estrañamento e abraio que orixina no lectorado.

Fernández, Paula, "Sinxeleza narrativa", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 173, "Xuvenil/novidades", 9 febreiro 2008, p. 11.

Comentario sobre a obra de Silvio Freites, *Só un segundo*, publicada en galego por Kalandraka Editora en 2007 e con ilustracións e deseño tipográfico de Flavio Morris. Saliéntase a claridade do texto en canto ao relatorio de feitos e personaxes e maila evocación ao cómic a partir da diversidade xeométrica da que fan gala as ilustracións. O desenlace deixa ao lectorado inmerso nun mar de dúbidas con respecto á situación espacial e temporal dos personaxes descritos.

Fernández, Paula, "Estrutura tradicional", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, "Infantil/Xuvenil", 14 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Xuvenil/novidades", 23 febrero 2008, p.11.

Comentario sobre o conto de Raquel Saiz, *As pousadeiras do rei*, ilustrado por Evelyn Daviddi e publicado en 2007 por OQO Editora. Saliéntase a historia que se narra e que se centra na figura dun rei que crava un alfinete no cu e é incapaz de quitalo. Explícase que por medio dun humor alicerzado en situacións propias do absurdo, a historia consegue desmitificar algúns dos personaxes tipo máis frecuentes da literatura infantil, como por exemplo a figura das raíñas, sempre prexudicadas pola figura do rei. Saliéntase o carácter ameno e trouleiro do conto.

Fernández, Paula, "Prosa apaixoante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Infantil/Xuvenil", 21 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, "Xuvenil/novidades", 1 marzo 2008, p. 11.

Coméntase a obra de Marcos S. Calveiro, *O carteiro de Bagdad* (2007), unha novela sobre a devandita cidade despois da guerra. Galardoada co XVIII premio Ala Delta e con ilustracións a cargo de Miguel Ángel Díez, foi traducida ás diversas linguas estatais. Cun lectorado de idade non superior aos dez anos, precísase que a historia xira ao redor dunha familia e seu fillo Abdulwahid nos infaustos tempos da posguerra.

Coméntase que os acontecementos son narrados dende o punto de vista do rapaz, que transmite a amargura da época que lle tocou vivir sen deixar de lado unha certa esperanza por un futuro mellor.

Fernández, Paula, "Contra os prexuízos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, 28 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 177, "Xuvenil/novidades", 8 marzo 2008, p. 11.

Comentario sobre o conto de Helga Bansch, *Petra*, publicado en 2007 por OQO Editora. Saliéntase que a historia se centra na preocupación desmesurada pola imaxe na sociedade actual a través da súa protagonista, unha elefanta chamada Petra, e que a autora aborda problemas como os trastornos alimentarios ou a perda da identidade para rematar cun desenlace que pon de manifesto a posibilidade de superación de calquera complexo relacionado coa imaxe.

Fernández, Paula, "Contra os prexuízos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Infantil/Xuvenil", 6 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 178, "Xuvenil/novidades", 15 marzo 2008, p. 11.

Breve comentario do conto de Daniela Kulot, *Unha parella diferente*, publicado por Faktoría K en 2007. Relátase o argumento do conto e incídese na intención da autora de criticar prexuízos moi difundidos e de dar primacía a valores como a solidariedade, cimentados no respecto polas diferentes razas e culturas. Saliéntanse as ilustracións coloristas que axudan á comprensión do texto e amenizan a lectura.

Fernández, Paula, "Saber adaptar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Infantil/Xuvenil", 13 marzo 2008, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 179, "Xuvenil/novidades", 22 marzo 2008, p.11.

Comentario do volume de Christoph Willibald Gluck, *Orfeo e Eurídice*, adaptado por Pedro Azara e Vitoria Ballesteros e publicado pola editorial Kalandraka en 2007. Coméntase o feito desta editorial colaborar coa editorial catalá Hipótesi coa finalidade de achegar aos cativos pezas operísticas fundamentais coma por exemplo *Aida* ou *A frauta máxica*, dun xeito entretido e afastado do puramente retórico. O texto preséntase acompañado dun CD, unha guía de audición e uns apuntamentos biográficos do autor que o fan máis entendíbel. Saliéntase asemade a reforma levada a cabo por Gluck no eido da ópera ao incorporar o elemento do coro na narración dramática e ao substituír o recitativo seco polo acompañamento da orquestra.

Fernández, Paula, "Arredor do maltrato", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 178, "Xuvenil/novidades", 15 marzo 2008, p. 11.

Refírese á obra que Fina Casalderrey publica na editorial Galaxia, *Ola, estúpido monstro peludo* (2007), na colección Árbore. Nesta obra a autora trata o tema do maltrato, para achegarse a esta situación tan negativa utiliza fermosas metáforas como facer saltar sapos gordos e repugnantes no canto de insultos.

Fernández, Paula, "Con ritmo pausado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Infantil/Xuvenil", 10 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 183, "Infantil/Xuvenil", 19 abril 2008, p. 11.

Saliéntase o feito de que Xesús Constela acadara os premio Torrente Ballester en 2003 e o da Crítica Española en 2004 coa súa anterior obra *As humanas proporcións*. A seguir descríbese en detalle o argumento da súa novela *Libro das Alquimias*, publicada en 2007 pola editorial Galaxia, e a figura do seu protagonista, un rapaz taciturno e cheo de aprehensións. Afírmase que está moi ben documentada e que conta cun ritmo pausado. Asemade informa de que é unha novela de aprendizaxe con dúas persoas marxinais, un rapaz de quen non coñecemos o seu nome e mais un vello.

Fernández, Paula, "Personaxes complexos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 244, "Infantil/Xuvenil", 17 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, "Xuvenil/novidades", 26 abril 2008, p. 11.

Indícase que *Frío, frío* (2007), de Óscar Calato, é un texto onde predominan os recursos recorrentes da literatura xuvenil no que atinxe a personaxes e temas. Comenta que o seu autor deseñou uns personaxes psicoloxicamente moi complexos, que a novela está estruturada en quince capítulos e mais que a conxunción de narración e diálogo axilizan a lectura das vivenzas dun grupo de adolescentes que pasan as vacacións nun camping coas súas familias. Sinálase que a historia está baseada nun grupo de adolescentes que pasan as vacacións cos seus pais nun cámping e céntrase na figura de Martín, o protagonista, un neno que sofre algúns problemas típicos da adolescencia.

Fernández, Paula, "Defender o medio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 247, "Infantil/Xuvenil", 8 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, "Infantil/Xuvenil", 17 maio 2008, p. 11.

Fálase do libro creado por Jacques Wines, *Ti podes salvar o planeta*, editado por Ed. SM Xerme en 2007 en Vigo, traducido ao galego por Alexandre Casal e con ilustracións de Sarah Home. Afírmase que con este libro o que se pretende é concienciar aos rapaces e ás rapazas da necesidade de coidar o medio ambiente para o cal se lle ofrecen cento un pequenas achegas para frear e combater este problema. Sinálase que os temas tratados son o aforro enerxético, o cultivo ecolóxico e o consumo responsábel, entre outros.

Fernández, Paula, "Historia real", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 249, "Xuvenil/Novidades", 22 maio 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, "Infantil/Xuvenil", 31 maio 2008, p. 11.

Comenta a obra de Ánxeles Ferrer, *Aiko* (2007), e afirma que se trata dun conto nada convencional xa que a súa lectura provoca unha sensación de desasosego e rompe cos tópicos propios da literatura infantil. Sinala que se narra unha historia triste e dura dunha rapaza que vive nunha familia con miseria e seu pai decide emigrar, mais nunca

volve saber nada del. Afirma que se trata dun tema moi presente en países actuais e indica que ese ton melancólico e máis a dureza do tema se suaviza coas ilustracións.

Fernández, Ruth, "O único que queda é o amor", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 691, "Análise", 13 xaneiro 2008, p. 14.

Afirma que *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz, é un libro de relatos no que os personaxes se namoran e descobren que o amor é un sentimento moi poderoso e coméntase que aparecen numerosas citas bibliográficas como as de José Ángel Valente, Paul Auster ou Scott Hicks. Tamén informa de que o seu título ía ser o de *Sucos de bágoas*, en referencia ao filme de Wong Kar Wai *Todas as lembranzas son sucos de bágoas* pero a lectura do escritor turco Orhan Pamuk condicionou o título definitivo.

Gradín, Tere, "Vendimiando Viñetas", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 313, "Reportaje", 18 maio 2008, pp. 6-7.

Aproximación á revivificación do xénero dos cómics en Galicia, tamén chamado noveno arte. Comeza referíndose aos precursores galegos do xénero a partir da exposición "Historieta Galega 1973-2008" comisariada polo deseñador e ilustrador Fausto Isorna e a historiadora de arte Gemma Sesar. Esta exposición incluía un espazo para autores que traballaban fóra de Galicia, coma por exemplo Miguelanxo Prado, Suso Peña e Víctor Aparicio; unha homenaxe a Xaquín Marín como recoñecemento á súa ampla traxectoria no mundo da historieta e unha serie de actividades paralelas como as clases maxistrais impartidas por Miguelanxo Prado e Carlos Giménez entre outros. A seguir analiza de xeito minucioso as obras de Miguelanxo Prado, Kiko da Silva, Jacobo Fernández e Emma Ríos.

Martínez Bouza, Francisco, "Novela iniciática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Libros", 17 xaneiro 2008, p. IV.

Faise un extenso repaso á trama argumental de *Illa Soidade* (2007), de An Alfaya. Dise que conta con dúas personaxes Lucía, unha rapaza con vocación de xornalista, e mais Soa, unha esmoleira, e recálcase que este relato xuvenil respira convencións da novela iniciática.

Martínez Torres, Dolores, "Terrores oceánicos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Libros", 7 febreiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Novidades en galego", 16 febrero 2008, p. 10.

Sinala que a obra de Gonzalo Moure, *A noite d´O Pisón* (2007), traducida ao galego por Ignacio Chao e editada por Xerais, é unha novela de terror oceánico na que lúgrubes personaxes narran diversos relatos ambientados no mar. Considera que cumpre cos tópicos deste xénero a modo de homenaxe aos seus clásicos, como Conrad, Melville ou Masefield, e salienta as numerosas referencias literarias contidas no texto que poden dar pé a futuras lecturas.

Mera, Héitor, "Pulso emotivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Libros", 7 febreiro 2008, p. IV.

Comentario sobre a novela de John Boyne, *O neno do pixama a raias*, publicada por Faktoría K en 2007. Saliéntase que o argumento ten como base unha temática belicista: o protagonista, o fillo dun pai destinado á dirección dun campo de concentración, ofrece a súa perspectiva sobre todo o que ocorre no devandito campo. Sinálase que o narrador omnisciente se disolve ás veces nos sentimentos do protagonista e consegue suscitar así no lectorado certo desacougo narrativo até o desenlace mesmo.

Navarro, María, "Exercitar a imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Infantil/Xuvenil", 10 xaneiro 2008, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 169, "Xuvenil/novidades", 12 decembro 2008, p. 11.

Descríbese o argumento da novela de Michael Ende, *A sopeira e o cazo*, publicada por SM Xerme en 2007, con ilustracións de Pablo Echevarría e traducida dende o alemán por Isabel Soto, e saliéntase o argumento incidindo no seu carácter dual nunha brevísima sección intitulada "Dualidade". É precisamente esta calidade a que considera Navarro que outorga á novela unha ficcionalidade complementada por un sentido do humor capaz de mover á risa aos máis pequenos.

Navarro, M., "De animais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 233, "Infantil/Xuvenil", 24 xaneiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 172, "Xuvenil/novidades", 2 febreiro 2008, p. 11.

Preséntase *O oso e o corvo* (2007), novo volume de literatura infantil froito do traballo entre a escritora Monica Klose e o ilustrador André da Loba. Conta a historia dun oso que, un bo día, decide propoñerlle ao corvo cambiar os seus fortes brazos polas súas ás. Un cambio que resulta non ser moi positivo. Unha obra onde o impacto está asegurado e onde a personificación dos seus personaxes non sempre remata en acoller os aspectos positivos do ser humano senón tamén aquelas actuacións que evidencian a súa parte máis detestábel.

Navarro, María, "Metaliteratura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, "Infantil/xuvenil", 7 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Xuvenil/novidades", 16 febrero 2008, p. 11.

Breve comentario sobre o libro de Fina Casalderrey, *Gordiño recheo*, publicado por SM/Xerme en 2007. Descríbese o fío argumental, que mostra os personaxes nunha serie de condutas raianas no absurdo pero frecuentes na vida cotiá por medio da metaliteratura. Di a comentarista que a observacións das situacións faise a través de recursos metaliterarios e sinala que é precisamente este recurso do metaliterario o que permite observar a realidade que nos rodea dun xeito diferente. Sinálase que esta obra centrada na educación dos máis pequenos recolle pensamentos propios dos adultos pero totalmente ilóxicos para os nenos.

Navarro, María, "Historia abraiante", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, "Xuvenil/novidades", 9 febreiro 2008, p.11.

Tras unha descrición do fío argumental do conto de Raquel Saiz, *O día en que a mamá se lle puxo cara de teteira*, publicado por OQO Editora en 2007, saliéntase o feito das diversas opcións de interpretación que o conto ofrece aos lectores con respecto ao desenlace.

Navarro, María, "Profundo lirismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 236, "Infantil/Xuvenil", 14 febreiro 2008, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 175, "Xuvenil/novidades", 23 febreiro 2008, p. 11.

Dise que na obra de Gonzalo Moure, *Son un cabalo*, publicado por Kalandraka Editora en 2007, con ilustracións de inspiración rupestre de Esperanza León e traducido ao galego por Xosé Ballesteros, a escrita amosa as reflexións do protagonista, un cabalo que tenta comunicarse cunha nena que non alcanza a comprender a súa linguaxe. Destácase a filosofía de vida que este volume procura ensinar ao lectorado, unha filosofía baseada na tolerancia e o respecto que eloxia a figura do cabalo como un ser harmónico e intelixente dentro da natureza.

Navarro, María, " Cos tres osos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 237, "Infantil/Xuvenil", 21 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 176, "Xuvenil/novidades", 1 marzo 2008, p. 11.

Comentario sobre o volume do poeta británico Robert Southey, *Tres osos*, adaptado por Marisa Núñez en OQO Editora, con ilustracións de Minako Chiba, en 2007. Dirixido a cativos de entre tres e sete anos, o conto incide sobre unha serie de virtudes e infraccións co obxectivo de ensinar aos máis pequenos. Saliéntase a simplicidade das construcións e o superrealismo das escenas.

Navarro, M., "Proposta novidosa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, "Infantil/Xuvenil", 28 febreiro 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 177, "Xuvenil/novidades", 8 marzo 2008, p. 11.

Indícase que *Minimaladas* (2007) é o conxunto de sesenta mini historias protagonizadas por animais onde se fai fe da compenetración existente entre os textos de Carlos López e as ilustracións de David Pintos. Na presentación desta obra refírese á súa estrutura, á presentación dos personaxes, ao desenvolvemento da escena e ao sorprendente remate. Conclúese que se trata dunha obra que xoga ao despiste.

Navarro, María, "Arredor do maltrato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 239, "Infantil/Xuvenil", 6 marzo 2008, p. VII.

Breve comentario sobre a novela de Fina Casalderrey, *Ola, estúpido monstro peludo!*,

publicada na colección "Árbore" da Editorial Galaxia en 2007. Coméntase que obra aborda o tema da violencia de xénero a través do punto de vista da protagonista, unha nena no ventre da súa nai. Saliéntase a escrita sinxela, metafórica, que consegue temperar a miserábel situación do maltrato da muller descrita no libro.

Navarro, María, "Fantasía e realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 240, "Infantil/Xuvenil", 13 marzo 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 179, "Xuvenil/novidades", 29 marzo 2008, p. 11.

Nesta recensión do volume de Xosé Miranda, *A nena pálida*, publicado por Editorial Tambre en 2007 primeiramente descríbese a estrutura do libro que acolle tres contos, "A nena pálida", "Aprendendo a nubeira" e "Un trasno no Tour de Francia", cuxos obxectivos céntranse na introdución do lectorado nun mundo marabilloso con detalles do cotián por parte do escritor. Saliéntase o humor, presente en todos e cada un dos contos e maila sinxeleza narrativa.

Navarro, María, "Asociación de ideas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Infantil/Xuvenil", 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, "Xuvenil/novidades", 12 abril 2008, p. 11.

Breve resumo do libro de Gianni Rodari, *Xogos de fantasía*, editado por Ignacio Chao para a Editorial Tambre en 2007. Coméntase a agrupación en seis conxuntos dos "contos-suxestións" que presenta o escritor. Sinálase que o volume comeza cunha especie de preámbulo intitulado "Palabras coma xoguetes" e que continúa con contos como "A árbore das pantuflas", "O nariz da festa" ou "O timbre para os ladróns". Elóxiase este volume con respecto á súa innovadora pedagoxía, xa que os rapaces poden xogar cos contos e cos poemas argallando novos desenlaces, construíndo historias ou mesmo cambiar os personaxes.

Navarro, María, "Tradición oral", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 243, "Infantil/Xuvenil", 10 abril 2008, p. VII.

Faise eco da publicación en Edicións Laiovento de *A cabana de Babaiagá* na colección "Escena Aberta", un conto eslavo adaptado por Paula Carballeira e con ilustracións de Pablo Otero, que xa fora posto en escena en 2006 polo CDG. Observa na obra o xogo entre "ficción, vida cotiá, mundo real e fantástico". Por outro lado, apunta que na representación se contextualiza a historia dando paso aos músicos até a presentación da protagonista, Natasha, quen ansia por explorar o descoñecido e coñecer á bruxa, que vive na cabana de Babaiagá, custodiada por un gato, un can e un corvo.

Navarro, María, "Riqueza de valores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245, "Infantil/Xuvenil", 24 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, "Xuvenil/novidades", 3 maio 2008, p. 11.

Comeza comentando o feito de que os máis novos son capaces de divertirse co xoguete máis sinxelo e aburrirse cos adiantos tecnolóxicos, así presenta a Bruno, o protagonista

e narrador do conto *A marabillosa ponte do meu irmán*, obra de Ana María Machado. Dá conta do argumento da historia e salienta a abundancia de valores que transmite aos nenos como a tolerancia, o respecto, o amor, etc.

Navarro, María, "Da xenerosidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, "Infantil/Revistas", 1 maio 2008, p. VII/*La Opinión. A Coruña*, "*Saberes*", n.º 185, "Xuvenil/novidades", 10 maio 2008, p. 11.

Fálase d'*O sorriso de Rosalía* (2007), obra de Cristina Sáez conta a historia dunha nena que se fai a enferma para, así, poder viaxar ao arco da vella. Explícase que será neste lugar onde coñecerá aos personaxes dos que aprenderá a observar a realidade dende unha óptica distinta, enriquecéndoa. Coméntase que esta obra amosa unha fonda sensibilidade cara ao mundo dos nenos e saliéntase a importancia de valores como a xenerosidade e a solidariedade. Engádese que o lectorado poderá descubrir sensacións marabillosas, tanto imaxinarias como reais

Navarro, María, "Aparente retranca", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 254, "Libros", 26 xuño 2008, p. IV.

Destácase da novela de Amadeo Cobas, *As fantasmas sodes do que non hai* (2007), publicada en Sotelo Blanco, que o protagonista é Gorecho Papa Gaio, un habitante expulsado do ceo e obrigado a volver á terra en forma de pantasma. Comeza dando conta do argumento e indica que a obra consta de vinte e un pequenos cadros e un epílogo. Comenta que se trata dunha crónica entre a terra e o ceo e compara o libro con outras obras que trataron este tema. A continuación, salienta a mestura entre elementos da literatura universal, como a aparición de seres míticos, coas lendas de tradición galega. Finalmente critica algúns aspectos da obra como os chistes fáciles ou a retranca e feitos que considera non xustificados neste texto.

Nicolás, R., "Amor, desamor e literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", 16 febreiro 2008, p. 11.

Preséntase o novo libro de Agustín Fernández Paz que, baixo o título *O único que queda é o amor* (2007), sorprende ao lector cunha compilación de relatos curtos que seguen a liña das súas obras anteriores conseguindo así contribuír e consolidar a literatura infantil e xuvenil galega. Ademais, este novo libro consegue manifestarse coma un dos máximos logros que o autor deu até o momento. Infórmase de que nesta obra, galardoada co Premio Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil do 2007 polos editores galegos, o texto está acompañado de ilustracións de Pablo Auladell. Cítanse anteriores obras do autor coma *Corredores de sombra*s, *Noite de voraces sombras* ou *O centro do labirinto*.

Pena Presas, Montse, "Fermosa utopía ecoloxista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 232, "Libros", 17 xaneiro 2008, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 171, "Letras Galegas", 26 xaneiro 2008, p. 11.

Explica e presenta o contido e a narratoloxía utilizada na nova novela para o público adolescente, *O ceo dos afogados* (2007), de Francisco Castro. Sinálase que a obra xira ao redor da predición da rebelión dos animais grazas á axuda dun mozo de quince anos, Jonathan, que padece dunha síndrome que lle facilita o entendemento cos animais. Comenta unha serie de aspectos como o rol do narrador, os personaxes e o tema que dá pé á historia desenvolvida no libro. Tamén se fai mención de novelas anteriores relacionadas coa temática ecoloxista como é o caso d'*As flores radiactivas* (2000), de Agustín Fernández Paz; ou *Mutacións Xenéticas* (1998), de Fina Casalderrey.

Piñeiro, Alba, "Unha familia na guerra", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Bulebule", 17-23 xaneiro 2008, p. 30.

Saliéntase da obra gañadora do XVIII premio Ala Delta, de Marcos S. Calveiro, *O carteiro de Bagdad*, que foi publicada na colección Ala Delta do grupo editorial Edelvives-Tambre e con ilustracións de Miguel Ángel Díez, a historia que se narra e que se refire a unha familia musulmá que prefire continuar vivindo en Bagdad pese á guerra. Dise que o desenlace, por outra banda, non está exento dunha mensaxe alentadora do triunfo da tolerancia sobre a intransixencia.

Piñeiro, Alba, "Aceptarse a un mesmo", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Bulebule", 24-30 xaneiro 2008, p. 30.

Preséntase o álbum infantil *Petra* (2007) editado por OQO da autora austríaca Helga Bansch "para o goce de toda a familia". Alba Piñeiro considera perfecta a sincronía existente entre a composición, o encadre, as cores e o texto, facilitando, deste xeito, a dobre lectura. Despois de dedicar unhas palabras ao argumento da obra, engade que a humanización que caracteriza os personaxes a través de detalles léxicos e pictóricos, así como o humor, fai agromar no lectorado unha dose de tenrura. Finalmente, premia a aposta pola editorial de achegar á lingua galega libros de autores estranxeiros que reflicten moi ben a psicoloxía infantil.

Piñeiro, Alba, "Tenrura e poesía", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Bulebule", 31 xaneiro-1 febreiro 2008, p. 30.

Refírese á obra *Honorato, o rato namorado* (2007) de Antonio García Teixeiro, publicado pola editorial Xerais, que cualifica de conto narrado en prosa poética e que di representa unha alegoría da poesía. Destaca tamén as ilustración de Manolo Uhía. Salienta o uso da metaliteratura por parte do autor e indica que o protagonista, Honorato, escapou dun poema doutro libro do autor, *Á sombra do lueiro de papel* (2007).

Piñeiro, Alba, "Igualdade de xénero", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Bulebule", 7-13 febreiro 2008, p. 30.

Coméntase que a obra de Fina Casalderrey, *Ola, estúpido monstro peludo!*, publicada en 2007 pola Editorial Galaxia na Colección "Árbore", aborda o tema da violencia de

xénero co fin de denunciar este drama social a través da visión e voz narradora de Muriel, o neno protagonista. Sinálase que a autora fai fincapé na figura dos nenos como vítimas desta situación á que alude a través de símbolos como o "monstruo peludo" que se apodera da personalidade da figura paterna. Asemade sublíñase a intensidade narrativa e a atmosfera abafante do relato.

Piñeiro, Alba, "Perigoso encontro", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Bulebule", 14-20 febreiro 2008, p. 30.

Dase conta da recente publicación d'*O neno que tiña medo dos robots*. *O robot que tiña medo dos nenos*, obra escrita por Miguel Vázquez Freire e ilustrada por José Tomás. Desta obra publicada pola Editorial Rodeira, que está dirixida aos máis pequenos, destácase a orixinal trama argumentativa, na que se narran dúas historias paralelas, que converxen nun final inevitábel.

Piñeiro, Alba, "Coñecerse", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Bulebule", 21-27 febreiro 2008, p. 30.

Preséntase *O Gran Guerreiro* de Pello Añorga (texto) e Jokin Mitxelena (ilustracións), obra gañadora do I Premio Etxepare 2007 de álbum infantil ilustrado en éuscaro. Dise que se trata dunha sutil alegación e paz arroupada por unha linguaxe poética e por unhas ilustracións simbólicas e centradas na figura humana do guerreiro, o protagonista da historia. Encárgase de transportar o lectorado a un mundo lonxe de nós en relación ao tempo e ao espazo pero nunca no sentimento. Dise que a medida que avanza a historia, se produce unha serie de transformacións evolutivas tanto no personaxe como na paisaxe. Uns cambios que se fundamentan no medo na soidade, na vitoria e na derrota. "Máxica experiencia de coñecemento e de apredizaxe vital", conclúe Alba Piñeiro.

Piñeiro, Alba, "Humanidade animal", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Bulebule", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 30.

Indícase que a Editorial Xerais acolleu na súa colección "Merlín" en 2007 a obra de Carlos López, *Minimaladas*, ilustrada por David Pintor e gañadora do premio Merlín de Literatura Infantil 2007. Coméntase que nesta obra composta por sesenta mini historias se produce unha simbiose entre o mundo animal e o humano pola identificación de costumes, vicios ou medos. Sinálase que o fío condutor ao longo das historias é un humor surrealista e engade que é de salientar a súa linguaxe simbólica.

Piñeiro, Alba, "A maxia das palabras", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Bulebule", 6-12 marzo 2008, p. 30.

Salienta o labor literario da escritora brasileira Ana María Machado e comenta o seu conto *A marabillosa ponte do meu irmán* (2007), destinado a rapaces de cinco anos en diante. Dá conta do argumento do relato que describe a vida cotiá de dous irmáns fronte á perspectiva dos adultos, seus pais. Tamén destaca a linguaxe sinxela e as ilustracións de Emilio Urberuaga.

Piñeiro, Alba, "A destrucción da terra", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Bulebule", 27 marzo-2 abril 2008, p. 30.

Apúntase que Jacquie Wines publicou o libro *Ti podes salvar o planeta* (2007) na editorial S. M. Xerme, cunhas ilustracións a cargo de Sarah Homes. Sinala que cada capítulo comeza cunha breve explicación da situación ambiental, seguida dunha serie de consellos para coidar o medio ambiente co fin de concienciar ao lectorado infantil e ao conxunto da familia.

Piñeiro, Alba, "O misterioso destino dos dentes caídos", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Bulebule", 3-9 abril 2008, p. 30.

Despois de recordar que este conto de Paco Martín, *Sabeliña e os ratos*, que agora sae publicado na colección "Árbore" da editorial Galaxia en 2007 con ilustracións de José Tomás, e que fora galardoado co primeiro premio da Agrupación Cultural O Facho en 1973, coméntase que este escritor acadaou o premio Nacional en 1985 pola súa obra *Das cousas de Ramón Lamote*. Conclúe co enaltecemento da linguaxe empregada neste conto aínda moi actual.

Piñeiro, Alba, "Respectar a intimidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "Bulebule", 10-16 abril 2008, p. 30.

Fálase de Marisa Núñez como un "referente da literatura infantil" en lingua galega. Sinálase que é a actual gañadora do Primeiro Premio Internacional do Libre Infantil concebido pola Fondation Espace Enfants (FEE) de Suíza polo libro *Chocolata* (2006). Porén, o obxectivo principal deste artigo é a presentación de *Tres osos* (2007), onde a autora, xunto coas ilustracións de Minako Chiba, dá mostra do seu coñecemento da psicoloxía infantil. Coméntase que se trata dun conto dirixido xa non só ao prelectorado, senón tamén aos seus pais pois tanto a distribución tipográfica como a escénica están pensadas "para a súa dramatización ou lectura en alto".

Piñeiro, Alba, "Lembranzas de vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.307, "Bulebule", 24-30 abril 2008, p. 30.

Dise que esta obra de Gonzalo Moure, *A noite d'O Risón*, foi publicada pola Editorial Xerais en 2007. Coméntase a estrutura, consistente en seis capítulos que conteñen diversas historias entretecidas ao redor da figura do narrador- testemuña. Destácase asemade a linguaxe empregada, fortemente expresiva e alegórica, capaz de achegar ao lector aos sentimentos dos personaxes.

Piñeiro, Alba, "Luzada lírica", *A Nosa Terra*, n.º 1.309, "Bulebule", 8-14 xuño 2008, p. 30.

Comenta o poemario de Antonio García Teixeiro, *Á sombra do lueiro de papel* (2007),

no que destaca a sonoridade, o ritmo e a música dos poemas cos que consegue unha estrutura na que mestura os sentimentos coas emocións. Indica que os personaxes están humanizados e destaca o feito de que faga uso da metaliteratura coa que homenaxea a outros escritores como Alberti, Moure, Gómez de la Serna, etc. Por último, refire que as ilustracións, feitas por Manolo Uhía, aparecen a dobre páxina e permiten unha lectura poético-visual.

Piñeiro, Alba, "A maxia dos libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Bulebule", 29 maio-4 xuño 2008, p. 30.

En primeiro lugar exponse o argumento do *Libro das Alquimias* (2007), de Xesús Constela, cuxo narrador protagonista de noventa anos é testemuña de moitos feitos que, dende a distancia e coa perspectiva que dá o paso do tempo, relata. Por último, Alba Piñeiro indica que se trata dun "documentado alegato da importancia dos libros como alicerce de calquera sociedade que desexe medrar libremente".

Piñeiro, Alba, "Vivir sen traballar", *A Nosa Terra*, n.º 1.313, "Bulebule", 5-11 xuño 2008, p. 30.

Comenta a obra de Enric Lluch, *Nin oficio nin beneficio* (2007), estruturada en doce capítulos e escrita cunha linguaxe áxil e marcada pola ironía. Conta o argumento da historia e salienta a linguaxe viva e chea de expresividade, así como, as ilustracións de Miguel Ordóñez.

Piñeiro, Alba, "A grandeza das pequenas cousas", *A Nosa Terra*, n.º 1.320, "Bulebule", 24-30 xullo 2008, p.30.

Analiza o libro *Aiko* (2007), da autora Ánxeles Ferrer. Salienta que a obra versa sobre a vida de Aiko, que é unha nena pequena que sofre a marcha de seu pai que vai na procura dun destino mellor. Durante a novela, a rapaza vai aprendendo que certos valores como a amizade, o agarimo ou a xenerosidade son moito máis importantes que o estatus das persoas. Dise que as ilustracións, feitas tamén por Ánxeles Ferrer axudan a comprender a historia.

Piñeiro, Alba, "A diversión de contar", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Bulebule", 2-8 de outubro 2008, p. 30.

Fai referencia á publicación do álbum ilustrado *Un ao dez*, de Betty Ann Schwart, coma un libro sorpresa "curioso e orixinal" polo seu formato de maleta e polo atractivo da súa portada. Considérao un xeito divertido para que os máis cativos aprendan a contar de "xeito gráfico, visual e táctil". Destaca a simbiose entre texto e forma, o soporte de tapas duras e a grande presenza do branco e negro nas ilustracións de Susie Shakir.

Ponte, Pilar, "Viaxe iniciática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 231, "Libros", 10 xaneiro 2008, p. IV.

Comentario sobre o volume de Antonio Yáñez, *Viaxe a Libunca*, publicado na colección "Costa Oeste" da editorial Galaxia en 2007. Gañador do premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa, convocado pola Deputación Provincial da Coruña. Saliéntase que o libro conta a historia dun rapaz que inicia unha viaxe a Libunca, nun mundo estremeiro entre o realismo e a maxia e "que ofrece riqueza léxica, recreación fraseolóxica, sintaxe coidada", creando deste xeito un discurso tinguido de "naturalidade".

Requeixo, Armando, "Sucos de bágoas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 173, "Letras galegas", 9 febreiro 2008, p.10.

Fálase do último libro de Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor* (2007), do que se indica que está formado por dez relatos algúns dos cales tiveron versións primeiras en publicacións periódicas, volumes colectivos e outros soportes. Sinálase que a obra xira ao redor da temática do amor e, como consecuencia, tamén o desamor. Explícase que Fernández Paz mostra as citas, fragmentos narrativos e poéticos e alusións bibliográficas ás que recorre e cuxa autoría vai dende Pablo Neruda a Manuel Rivas pasando por Paul Auster ou Franz Kafka. Faise referencia tamén a determinadas composicións como é o caso de "Esta estraña lucidez" ou "Unha historia de fantasmas", textos fantásticos que se atopan entre o mellor da compilación co permiso do antolóxico "Un radiante silencio", así como "Loanza da filatelia" e "Meditación ante o álbum de fotos familiar". Por outra parte, saliéntase a participación de Pablo Auladell, responsábel da cuberta e das ilustracións que acompañan as lecturas.

Requeixo, Armando, "Alquimias literarias", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 468, "Libros", 17 febreiro 2008, p. 21.

Preséntase a primeira novela de Xesús Constela Doce, *Libro das alquimias*, publicada por Galaxia na colección xuvenil "Costa Oeste" en 2007, non sen antes facer referencia ao seu libro de relatos *As humanas proporcións* (2004), Premio Torrente Ballester e Premio da Crítica Española. Considérase que Constela Doce continúa a liña de Michael Ende, por unha banda, e a dos grandes ideadores de bibliotecas fantásticas onde se situaría Jorge Luis Borges por outra. Ademais, sinálase a "suxestiva fábula" encabezada por unha tripla cita poética onde atopamos co *Poeta en Nueva York*, de Federico García Lorca; *The Rose*, de William Butler Yeats; e *O vello*, de Konstantinos Kavafis. Faise referencia ao argumento da obra e sinálase como trazo narratolóxico principal a trama lineal, que alivia calquera dificultade de seguimento da historia narrada.

Sobral, Antón, "O imprescindible principiño", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 443, "Anaquel dos libros", 14 decembro 2008, p. 12.

Comeza cunha reflexión sobre qué será o que teñen os grandes clásicos para que xeración tras xeración sigan a lerse. Logo fai unha serie de consideracións sobre o libro *O principiño,* de A. de Saint Exupéry. Afirma que o libro provoca en cada lector distintos matices e que é unha viaxe pola propia vida interior, e, polo tanto, un libro imprescindíbel na formación lectora de calquera persoa. Coméntase despois a

importancia do Salón do libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, pois mantén fortes lazos con el.

Soria, Félix, "Fernández Paz abre horizontes literarios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 286, "Letras en galego", 1 novembro 2008, p. 7.

Fai un percorrido polo estilo literario, os premios e a obra de Agustín Fernández Paz, co motivo de que o autor recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 polo relato *O único que queda é o amor* (2007). Félix Soria enxalza a obra de Fernández Paz e destaca as obras *Cartas de inverno, Amor dos quince anos*, *Un tren cargado de misterios*, *No corazón do bosque*, *Corredores de sombra*, *Contos por palabras*, *Rapazas* e *O raio veloz*. Afirma tamén que a literatura para nenos e adolescentes que crea merece gran recoñecemento pola súa gran calidade.

Valcárcel, Xulio, "O único que queda é o amor", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 501, "Páxina literaria", 13 xaneiro 2008, p. 4.

Fálase do volume *O único que queda é o amor* (2007), obra de Agustín Fernández Paz onde expresa, a través de dez relatos, a importancia do amor como salvación e da palabra como canle para expresalo. Deste xeito, indícase que recolle as diversas formas do amor, dende o descubrimento adolescente á afirmación póstuma, do amor imaxinado ao paixoal, do persoal ao universal, e incluso o amor polos animais. Sinálase que cada un dos relatos vai acompañado dunha cita de autores coñecidos (por exemplo, Scott Hicks) que antecede ás palabras de Fernández Paz. Engádese que as ilustracións corren da man de Pablo Auladell.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alfaya, An, "Resistencia en abril", *A Nosa Terra*, "Bulebule", n.º 1.306, 17-23 abril 2008, p. 30.

Co gallo do aniversario do nacemento de Hans Christian Andersen, recomenda a novela *Resistencia*, de Rosa Aneiros, como exemplo dunha historia de militancia, amor, morte e represión, tendo a resistencia como estratexia para a liberación.

Alfaya, An, "A lonxa literaria de Moaña", *A Nosa Terra*, "Bulebule", n.º 1.315, 19-25 xuño 2008, p. 30.

Fai referencia ao labor literario desenvolvido pola Lonxa Literaria de Moaña, tendo como obxecto de debate o libro *A sombra descalza*, proposto por Marcos S. Calveiro.

Alfaya, An, "Literatura-cine-educación", *A Nosa Terra*, n.º 1.327, "Opinión", 2-8 outubro 2008, p. 30.

Comenta que as obras ambientadas na guerra civil son necesarias xa que restitúen a memoria dos nosos devanceiros e fala dos vínculos entre igrexa e educación na guerra. Felicita a Manuel Rivas pola súa achega a esta temática co relato *A lingua das bolboretas* (1995) e sinala que ela se achegou coa novela infanto-xuvenil *A sombra descalza* (2006).

Aneiros, Rosa, "Mar en calma", *Diario de Pontevedra*, "A Contraportada", "Nove ondas", 29 xaneiro 2008, p. 88/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", p. 26.

Menciona a celebración do Salón do Libro Infantil e Xuvenil en Pontevedra. Céntrase en falar dos protocolos de actuación de salvamento marítimo sobre o afundimento do Cordero.

Aneiros, Rosa, "Mar en calma", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Nove ondas", 30 xaneiro 2008, p. 4.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que se está a celebrar en Pontevedra o Salón do Libro Infantil e Xuvenil.

Aneiros, Rosa, "De pixamas e libros", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Nove ondas", 24 xuño 2008, p. 30/*El Progreso*, "Opinión", "Nove ondas", 24 xuño 2008, p. 29/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 24 xuño 2008, p. 24/*Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Nove ondas", 25 xuño 2008, p. 4.

Alúdese ao protagonista do libro *O neno do pixama de raias* (2007), de John Boyne,

para contar a iniciativa que organizou o colectivo Espazo Lectura en Gondomar onde algo máis dunha ducia de nenos e nenas ficaron a durmir na Biblioteca, tratándose dunha actividade destinada a fomentar o interese polos libros.

Caneiro, Xosé Carlos, "Gozo en estío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 270, "Club dandi", 12 xullo 2008, p. 6.

Comenta a reedición de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín. Expresa que quixera que libros foran o paradigma de libros de lectura dos máis novos. Arredor disto, defende que a literatura xuvenil debe favorecer o desenvolvemento de ideas e o espírito crítico do lectorado, fronte á literatura que considera só argumentos de "actualidade". A seguir, apunta outras obras como *Game Over* (2007), de Carlos Losada ou *Hordas de escritura*, de Chus Pato.

Casalderrey, Fina, "De fábula e de raíces", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 4 marzo 2008, p. 30.

Despois de apuntar uns versos da escritora cubana Dora Alonso, pasa a detallar os sentimentos que experimentou o galego-cubano Pedro Nuñez, coa celebración da XVII Feira Internacional do Libro da Habana. A autora agradece que se contase coa Literatura Infantil e Xuvenil para este evento. Por outra parte, salienta a curiosidade intelectual da que gozan os cubanos. Para rematar, alude ao acordo entre Cuba e o goberno galego para dixitalizar os fondos da emigración.

García Teixeiro, Antonio, "A Galiña Azul", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Bulebule", 7-13 febreiro 2008, p. 30.

Lembra a figura de Carlos Casares, quen escribiu *A Galiña Azul* e a continuación, sinala que se trata dun libro de historias curtas dirixidas a Ana, unha nena de dous anos. Apunta que desta obra ten tres edicións diferentes, a primeira de 1979 dedicada para a súa filla Noa. A segunda edición comenta que é da colección "Tartaruga" e a terceira, da colección "Árbore". Remata manifestando a ledicia que lle produciu o feito de contar cunha nova edición desta obra pola editorial Galaxia.

García Teixeiro, Antonio, "Faleilles de moitas cousas", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Bule bule", 21-27 febreiro 2008, p. 21.

Comenta que días antes de saír para A Habana recibiu un cuestionario sobre un libro de poesía que ía presentar na Feira Internacional do Libro. Indica que se trata dun poemario destinado á rapazada xa que considera que a nenez non debe medrar afastada da poesía.

Gómez Rivas, Isabel, "Sherlock Holmes e a aventura dos Reis Magos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 6 xaneiro 2008, p. 17.

Indica que ultimamente leu as aventuras de Sherlock Holmes, de Arthur Conan Doyle. Confesa que non sabe por que e pregúntase se estas lecturas non serán un "arrouto de nostalxia" polos tempos de moza cando lía estes contos. Por outro lado, opina que o escritor soñou con ser el mesmo o personaxe e para rematar, xustifica o punto de vista no que está escrito o seu artigo.

Jaureguizar, "Manual de princesas", *El Progreso*, "Vivir", "Libros", "Ollo mol", 14 xaneiro 2008, p. 81.

Fai referencia á crítica que iniciou Xesús Rábade Paredes en relación ao que el considera mal chamada literatura infantil e xuvenil. Afirma que os escritores actuais que están a crear este tipo de literatura non permiten aos rapaces ler os clásicos, feito polo cal moitos deles non queren seguir nos estudos superiores. Rábade propón na súa última novela, *Mentres a herba medra* (2007), uns modelos de lectura. En columna á parte, achega a súa opinión sobre o tema e considera que non se poden pedir imposíbeis e que á rapazada hai que deixala ler.

Jaureguizar, "BD Galega', ¿unha nova 'Ternera Gallega'?", *El Progreso*, "Vivir", "Letras", "Ollomol", 4 febreiro 2008, p. 79.

Fala da queixa que David Rubín verqueu no seu blog "De tripas Corazón" sobre a estadía dunha delegación galega na feira do tebeo de Angoulême, que calificou de "electoralista", pois a consellería de Cultura publicitou a cuestión como "a vez primeira" que a banda deseñada galega estaba nesta xuntanza. Ademais David Rubín equiparou a marca "BD Galega" coa de "Ternera Gallega", comparación que Jaureguizar cualifica como un erro. Para rematar, infórmase da estadía en Galicia da Bedeteca de Lisboa e opina que Lugo sería unha cidade axeitada para acoller a Bedeteca Galega.

Jaureguizar, "O neno labrego no cinema e Peter Pan", *El Progreso*, "Vivir", "Ollo mol", 25 febreiro 2008, p. 79.

Fala sobre a creación cinematográfica da novela *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas. Comenta que xa hai dezasete anos que o director Ismael González mercou os dereitos da obra e cambiou a historia a un guión de cinema, mais a película aínda non chegou a producirse por falta de axuda económica. Comenta que de seguir así esta situación, a película xa non terá sentido porque o público que a vexa xa non se sentirá identificado co protagonista Balbino, senón que serán os avós dos posíbeis espectadores os que comprendan a situación. Polo tanto, reclama que a Consellería de Cultura preste atención ao tema e invista en conseguir a versión cinematográfica.

Paz, Moncho, "Literatura de fronteira", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Xanela aberta", 12 decembro 2008, p. 4.

Comenta que a Fundación Manuel María vai homenaxear a Agustín Fernández Paz por ser merecente do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que*

queda é o amor. Explica que se recoñecerá a súa traxectoria coherente e comprometida e e non só esa obra. Explica que Fernández Paz é a un escritor de fronteira e que se define como "lector antes que escritor". Remata apuntando que este escritor tenta crear unha literatura infantil "creativa, divertida" e que pón en práctica o "aprender deleitando".

Pena Presas, Montse, "Rompendo 'FRONTEIRAS", *Xornal de Galicia*, "*Caderno de lanzamento*", "Literatura", decembro 2008, p. 80.

A partir da reflexión de Agustín Fernández Paz de que "a idade da fronteira é apaixonante", lembra afirmacións que negan a existencia da literatura infantil e xuvenil, como a de Benedetto Croce. Afirma que esta literatura tivo "o pulo definitivo" nos anos sesenta do século XX grazas á colección "Narrativa pra nenos", de Ediciós do Castro, e que continuou na década dos oitenta coa colección "A chalupa", da Editorial Galaxia, dirixida aos primeiros lectores. Lembra que naquela época comezaban a publicar os escritores da chamada "Xeración Lamote", Paco Martín, Fernández Paz e Xabier P. Docampo. Afirma que nos últimos vinte anos a literatura infantil e xuvenil mudou con calidade nos textos e inovación das editoras. Destaca como libros preferidos destes últimos anos *A noite da raíña Berenguela*, de Neira Cruz; *A sombra descalza*, de An Alfaya; *Poetízate*, de Fran Alonso e *Chocolata*, de Marisa Núñez. Considera que está comezando unha "apertura de fronteiras da literatura infantil e xuvenil", e salienta a proxección e recoñecemento da literatura galega fóra, e o asentamento do sistema editorial galego. Remata apuntando que ao medrar os actuais nenos volverá a mudanza do sistema literario xa que eles esixirán na literatura adulta a calidade editorial que desfrutan actualmente a través das imaxes de Patricia Castelao ou de Xan López Domínguez. Afirma que estes lectores "construirán unha sociedade máis igualitaria" no eido da literatura e da lingua. Remata salientando a consideración destes lectores da literatura infantil e xuvenil como literatura en maiúsculas, "só que con fins distintos" que a literatura para adultos, e que seguirán lendo literatura infantil e xuvenil "para non esquecerse nunca" da nena e do neno "que foron".

Pereiro, Xosé Manuel, "A culpa é dos Bolechas", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Si home si", p. 34/*La Opinión*, "Si home si", p. 2, 17 maio 2008.

Conta a anécdota que lle sucedeu nunha libraría da Coruña, cando foi mercar o libros dos Bolechas e dixéronlle que non os tiñan, pero si o de Pocoyó. Arredor disto, sinala en ton xocoso que os Bolechas deben ser estratexia para facer aos nenos galeguistas "excluíntes para sempre". Conta ademais que mirou os libros que xa tiña dos Bolechas para lle buscar a ideoloxía.

Ruibal, Arturo, "Aquel neno labrego", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 403, "Álbum", "Perfil", 23 marzo 2008, p. 15.

Lévase a cabo un percorrido pola vida de Xosé Neira Vilas, dende a súa nenez até a súa vellez, pasando pola súa estancia en Bos Aires, onde coincidiría con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor e Rafael Dieste, entre outros, e pola súa estadía en Cuba. Sinálase como a súa obra principal, *Memorias dun neno*

labrego (1961), onde se di que aparecen reflectidas moitas das súas vivencias persoais da infancia. Tamén se citan postos acadados, como o de Secretario Xeral das Mocedades Galeguistas en Arxentina ou Membro da Real Academia Galega ao seu retorno a Galicia, entre outros. Enuméranse como os asuntos principais que definen a obra de Neira Vilas a emigración, a nenez, Galicia e a explotación dunhas persoas por outras.

Sanmartín, Xabier, "Fala co ourensán David Rubín sobre cómic", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", "Homo zapping", 26 febreiro 2008, p. 51.

Opina que a TVG debería ter un programa dedicado ao mundo do cómic. Acepta que non é doado, pero que a devandita canle xa ten dado importantes pasos con outros tipos de programas culturais. A este respecto, conta a ocasión que tivo de falar con David Rubín, ourensán que gañou o premio na Feira de Barcelona en 2007 e alude a un artigo "Opinión sobre o tinglado da BD Galega", que o debuxante escribiu no seu blog, do que fai un breve resumo.

Súarez Abel, Miguel, "Saber a mar (amar)", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "A 'Firma", 1 febreiro 2008, p. 31.

Noticia sobre a celebración dun ano máis do Salón de Literatura Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Di que os libros deste ano "saben a mar" que chegan á sensibilidade dos pequenos para soñar e inventar. Remata cunha felicitación para quen fixo posíbel este Salón e a Fina Casalderrey, pola obra *Abrazos de Vainilla* (2007) e discúlpase por non ter podido acudir á cita.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Baena, Ana, "Para mis personajes me inspiro en la gente de mi entorno", *Atlántico Diario,* "Vigo", 19 xaneiro 2008, p. 17.

Entrevista a Norberto Fernández co gallo da presentación d'*O Castelo Regadeira*, publicado na revista Golfiño e editado por El Patito Editorial. Comenta que se inspira na xente da súa contorna para deseñar os seus personaxes. Sobre a situación do cómic en Galicia, manifesta que está nun "momento prometedor". Respecto da formación, confesa que el é autodidacta, e que os mellores centros están en Madrid e Barcelona. Por outro lado, opina que o cómic está entre as artes maiores, sendo a forma máis completa de contar historias.

Barros, M., "An Alfaya: 'Moitos adultos, que fiscalizan a lectura dos nenos, non collen un libro", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Cultura", 7-13 febreiro 2008, p. 39.

An Alfaya, cuxa novela *A sombra descalza* (2006) gañara o Premio Lazarillo en 2005, foi incluída na Lista da International Board on Books for Young People. Di que todos os recoñecementos que recibiu a novela son debidos a criterios de calidade literaria xa que a súa literatura é máis íntima que comercial. Por outra banda, non cre que este recoñecemento supoña a súa consolidación porque ela sempre pon o mesmo esforzo en todas as súas novelas, nin cre que agora sexa mellor escritora ca antes pero si que recoñece que lle dá enerxía para seguir escribindo. Comenta que a novela retrocede á Guerra Civil só de casualidade, xa que conta a historia dunha muller que andaba polos camiños cos pés espidos e que volve ás súas orixes para explicar ese comportamento. Comenta que non se propón tratar temas de denuncia social, pero ás veces saen, como a indixencia ou a marxinalidade en *Illa soidade* (2007). Sinala que, cando escribe, procura non caer na pedagoxía porque quere que o seu lectorado perciba a súa obra como un texto literario que serve para gozar. Opina que o feito de que a nenez lea na escola por obrigación é bo porque moita rapazada acaba gozando coa lectura, e iso agora é posíbel porque hai un maior acceso aos libros. Tamén comenta que Vigo é un lugar recorrente na súa obra e que o tren é outra das súas teimas. Afirma que cando publicou o seu primeiro libro xa levaba moito tempo escribindo, polo que algunha cousa foi revisada e publicada con posterioridade. Finalmente, di que escribe pouco teatro porque é complicado, xa que é un xénero que se percibe como representación, non como creación literaria.

Bom, José Xavier, "Entender un texto teatral axuda a saber estudar", *La Voz de Galicia,* "Santiago", "Entrevista", 24 xaneiro 2008, p. L2.

Nuria Sanz, a actriz e directora teatral conta a súa experiencia como asesora galega do Programa Caixaescena que está a promover a Fundación La Caixa e na que participan diversos institutos e colexios de Santiago, Vedra, Touro e Bembibre. Nuria Sanz fala non só do seu papel como asesora, senón da total implicación por parte da comunidade no proxecto, coa fin de que os nenos aprendan vocabulario, memoricen e pasen un bo momento a partir dos textos dramáticos.

Candal, R., "Xosé Ballesteros, dez anos cumprindo os nosos mellores soños", *Galicia Hoxe,* "Galicia senlleira", 16 xuño 2008, contracuberta.

Recóllense as verbas de Xosé Ballesteros, director do proxecto Kalandraka, escritor, tradutor e adaptador nas que fai un percorrido pola historia desta editorial que naceu para solventar a carencia duns libros infantís en galego que permitisen aos nenos desnvolver un espírito crítico e propio e que agora é un éxito de ventas non só a nivel galego, senón tamén a nivel nacional e internacional.

Candal, Rosabel, "A animación é a forma máis pura do cine", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 725, "Entrevista", 7 setembro, pp. 12-13.

Entrevístase a David Rubín con motivo do estreno da súa longametraxe *Espírito do bosque* mais na nota introdutoria e nun á parte intitulado "Moi" destácase que se iniciou no mundo do cómic, chegando un dos galegos maís recoñecidos. Céntrase en apuntar que en 2001 foi cofundador do colectivo Polaqia, que participou no álbum colectivo *Mmmh!*, e que conta con series propias nas revistas galegas *BD Banda* e *Barsowia*, ademais de colaborar en revistas, fanzines e xornais do ámbito español. Remátase indicando os galardóns dos que foi merecente, o premio da Crítica Española á Mellor Obra Nacional en 2006 pola novela *A tearía do Oso Malaio*, e ser finalista do Premio Nacional de Cómic en 2007.

Conde, María, "Helena Torres, coordinadora del Salón do Libro: 'Un dos grandes logros foi a participación escolar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 27 xaneiro 2008, p. 34.

Entrevista a Helena Torres, coordinadora do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, que este ano está dedicado ao mar. Afirma que o seu principal obxectivo non só son o número de visitas senón que as actividades atraian a todo tipo de público: infantil, xuvenil e adulto. Admite que a literatura infantil e xuvenil non ten a mesma consideración que a de adultos pero que se pode disfrutar igual, ademais cre que é importante para o lector que se inicia porque de adulto só se pode percibir a literatura se se medra entre libros; polo tanto, pensa que a literatura infantil debería considerarse un xénero, non unha clase. Di que as editorias apostan por este tipo de literatura, polo que ten que haber un público que le e que as institucións tamén colaboran xa que están promovendo a animación á lectura. Sinala que un dos logros do salón foi conseguir a participación escolar e que se esforzaron en atraer ao público adolescente mediante un taller de grafitos, outro para elaborar curtas co móbil e cun concerto de hip-hop.

Conde, María, "Fina Casalderrey, escritora que onte presentou a súa nova obra, *Apertas de vainilla*: 'Escribir para pequenos é parecido a comer marisco", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 31 xaneiro 2008, p. 48.

Entrevista á escritora Fina Casalderrey na presentación da súa novela *Apertas de vainilla* (2007). Di que conta a historia de dous nenos amigos que teñen que separarse, entón acordan que o neno vai chamar á súa amiga e se ela repite o que o neno di, entón

é que o escoita. Pensa que escribir para nenos é como comer marisco xa que ao final quedas con moitas cascas e pouca carne, pero rica. Cre que a clasificación da literatura como infantil e de adultos por unha parte orienta para saber que poden ler os nenos, pero por outra parte pode privar a un adulto de ler un bo libro. Opina que agora se edita moito en Galicia, bo e malo, pero ao haber tanto onde escoller tamén hai cousas interesantes e para todos os gustos. Tamén cre que hai un corpus literario digno que se recoñece fóra xa que se traduce moito e hai moitos premios nacionais a galegos. Pensa que se hai negocio véndese e se se vende tamén se le, aínda que moita xente compra máis do que le. Finalmente, recoñece o labor do Salón Internacional pontevedrés, sobre todo o esforzo de mestres, organizadores e decoradores.

Corbelle, Isabela, "Ninguén sería máis coñecido pola poesía que pola tele", *El Progreso*, "*Revista*", "Entrevista", 6 setembro 2008, pp. 6-7.

Entrevista a Yolanda Castaño quen comenta a ilustración que aparece na súa páxina web. Comeza falando da imaxe que proxecta e que o protagonista do conto que escribiu para nenos, o verme punky, é un personaxe rachador, "un antihéroe". Noutra orde de cousas, opina que non cre que exista unha literatura feminina e manifesta que facer poesía é unha maneira de expresarse como outra arte calquera e que os poetas "non son máis que uns individuos da sociedade". Remata confesando que polo de agora, non se sente "dotada para a narrativa".

C. P., "Fausto Isorna, comisario da mostra 'Rosalía ilustrada': 'É unha sorte que unha exposición siga viva e se exhiba durante anos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 6 maio 2008, p. L16.

Fausto Isorna, comisario da exposición "Rosalía ilustrada", conta que esta mostra reúne vinte e cinco poemas de Rosalía de Castro ilustrados por outros tantos ilustradores seleccionados por el mesmo. Sinala que os textos foron elixidos por Ana Blanco e que el os repartiu aos vinte e cinco ilustradores, que podían elixir outro texto. Comenta que a mostra non ten como obxectivo o didactismo, pero cre que é moi visual e con lecturas metafóricas, realistas e simbólicas dos poemas seleccionados.

C. P., "Percibimos a eficacia de contar contos en que os nenos len e falan de libros", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 13 maio 2008, p. L16. Entrevista a Ana Abelenda a propósito da celebración da *Semana das Letras* en Santiago de Compostela, quen comenta as claves para animar á lectura aos máis pequenos, a través da adaptación dos contos a idades determinadas ou a presenza de música tradicional como elemento de relaxación. Apunta que hai unha maior demanda de contacontos en ocasións puntuais, pero que prefire realizar as sesións noutros momentos, en que os nenos están máis tranquilos.

C. P., "Contar conto aos nenos é como a maxia, non todos os días che sae igual", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 21 maio 2008, p. L16.

Fálase coa actriz da compañía Talia Teatro, Marta Ríos, centrándose no seu labor como

contacontos; concretamente na súa experiencia na sesión que realizou no programa *Hora do conto* na Biblioteca de Caixa Galicia. Destacou a participación e implicación dos nenos, polo mimo e escolla coidadosa pola contacontos de cada historia adaptada ao seu público.

Dopico, M., "Na defensa da 'retranca", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Cómic", 6 xuño 2008, p. 35.

Recóllense as verbas de Xaquín Marín, un dos fundadores da banda deseñada do país. Amosa a necesidade de manter o humor tipicamente galego, esa retranca que tanto caracteriza á xente de Galicia e que se está a perder sustituíndose por un humor máis "internacional". Este grande comediógrafo será homenaxeado no peche da mostra *A Historieta Galega 1973-2008*.

E. Á., "Vivir solo del cómic es imposible, pero estamos en el mejor momento", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 9 marzo 2008, p. L16.

Recóllense as verbas do gañador da terceira edición do premio Banda Deseñada Castelao pola súa obra *Aventuras de Cacauequi.* Este é Jacobo Fernández, que amosa de onde lle ven o gusto por debuxar cómics e explica como xordeu a idea de elaborar un cómic entre todos na mostra *A Historieta Galega 1973-2008*.

Fraga, Xesús, "Julian Barnes, escritor: 'Ningún escritor debe esperar demasiado de la posteridad", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 26 xuño 2008, p. 34.

O escritor británico Julian Barnes, premio San Clemente pola novela *Arthur & George* (2006), traducida ao galego en Rinoceronte, afirma que para el significa moito recoller o galardón concedido por un xurado de lectores mozos, porque cando un escritor é novo quere ter o recoñecemento dos maiores, pero cando é maior interésalle máis o lectorado máis novo pola relevancia que poida causar nas xeracións próximas. Comenta que nunca pensa no conxunto da súa obra, só pensa no libro que está escribindo e nos posteriores, polo que non sabe que lugar ocupa esta novela na súa traxectoria. Conta que súa novela *Nothing to be fightened of* trata a morte, a literatura e a familia. Nela di utilizar dous estilos: metade ensaio, metade memorias porque non quería falar da morte mediante a ficción e quería enganchar ao lector no nivel máis íntimo e directo. Finalmente, sinala que nesta novela comeza cunhas memorias familiares (a morte de seus pais) porque quería achegarse a calquera debate de tipo xeral a través do exemplo individual.

Franco, Camilo, "Nunca escribín para saír nos exames dos rapaces", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 282, "O escritor do mes", 4 outubro 2008, p. 7.

Entrevista a Paco Martín, autor *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) e *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008), quen sinala que a publicación do seu novo libro non é unha continuación do anterior, senón que se trata dunha posta ao día do personaxe, e que o retomou por "circunstancias sentimentais". Respecto da clasificación dos autores

de literatura infantil e xuvenil e de adultos, considera que o protagonizado por Lamote non é un libro infanto-xuvenil porque "pode lelo calquera" e que "hai que deixar que o rapaz adquira o libro que lle interese". Noutra liña, opina que a lectura estratificada non ten que ver coa realidade. Considera que a súa obra para adultos ficou probabelmente á sombra da súa xuvenil.

Franco, Camilo, "Non é un autor categórico, sempre invita á reflexión", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 outubro 2008, p. 49.

Realiza unha entrevista a Raquel Villanueva quen foi a primeira en traducir ao escritor francés Le Clézio, gañador do Premio Nobel. Villanueva comenta que a idea de traducir este autor naceu cando lles recomendou aos seus alumnos a lectura duns contos e viu que os rapaces acolleron ben os relatos, entón falou con Luís Mariño e decidiron facer a tradución. Por último, indica que a obra foi publicada por Xerais na colección "Xabarín", co título *Mondo e outras historias* (1987).

Gallas Otero, Lidia M., "Os meus libros infantís, en Xapón véndense para adultos", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 28 setembro 2008, p. 32.

Entrevista a Chema Heras, autor da obra *Avós* (2007), que acudiu coa ilustradora Rosa Osuna á Feira do Libro de Xapón. Conta como foi a súa incursión no mundo da literatura. De *Avós* salienta que é un libro que abrangue todas as idades e que en Xapón se vende para adultos e di que entrou no mercado literario oriental, axudado pola tradución de Adumis Setouchi. Por outro lado, fala sobre como comezou a escribir contos para nenos sendo mestre de inglés.

García, R. "O profesor é o que mellor coñece a quen ten diante", *La Voz de Galicia*, "*Cultura*", "Entrevista", 26 outubro 2008, p. 59.

Conversa con Agustín Fernández Paz, quen opina sobre o traballo de listados de libros recomendados e comenta o que el mesmo elaborou para os seus alumnos de 4º da ESO, onde teñen cabida os de literatura xuvenil, de adultos, clásicos e actuais. Opina que entre estas obras, o alumnado debería ler habitualmente dous ou tres por trimestre, aínda que sinala que "hai estratexias de todo tipo". Considera que a aula é o espazo privilexiado para "a promoción e a práctica da lectura". Nun á parte, menciónase o artigo do autor que publicou na revista *Fadamorgana*, "Próxima estación: Esperanza", onde fala sobre a relación da mocidade e a lectura.

Gómez, José Mª, "A literatura é un descubrimento do teu entorno e de ti mesmo; é unha revelación", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 497, "Entrevista", 7 setembro 2008, pp. 2-3.

Comeza apuntando que a vocación de Antonio Yáñez non se deu a coñecer até o ano 2000, cando foi finalista do premio Raíña Lupa con *Don Cosme e o telegrama amarelo*, e que ese premio o mereceu no ano 2006 con *Viaxe a Libunca*. Na conversa fala dos galardóns recibidos nos anos 2006 e 2007, da súa decisión de escribir, do interese pola

literatura infantil e das características dun escritor, antes de reflexionar sobre *Viaxe a Libunca*. Apunta deste libro a semellanza co realismo máxico de Álvaro Cunqueiro e como foi o seu proceso de escrita. Tamén se fala sobre a súa concepción da literatura, o número de libros editados en Galicia e sobre ser un escritor en galego, para rematar conversando sobre os seus proxectos futuros.

Jabois, Manuel, "Xabier P. Docampo, escritor homenaxeado no Salón do Libro: 'Eu fun lector antes de saber ler", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Entrevista", 1 febreiro 2008, p. 75.

Xabier P. Docampo di que a súa homenaxe no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra significa que é querido. Comenta que pertence a unha xeración, xunto con Paco Martín ou Agustín Fernández Paz, que antes da normalización lingüística se deu conta de que nas escolas necesitaban textos e se dedicaron a crear para os rapaces. Sinala que é unha satisfacción ver a alguén co seu libro pero o seu traballo, segundo el, ten ademais a función de formación do futuro lector. Conta que de neno foi un lector voraz pero que tiña poucos libros, polo que practicaba a lectura antes de saber ler mediante a tradición oral, e di que o libro máis presente da súa infancia foi *A illa do tesouro*, de Stevenson. Cre que a oralidade é fundamental xa que un rapaz que se cría escoitando contos no futuro vai ler historias e até pode chegar a escribir, tamén pensa que a oralidade é a primeira experiencia literaria que ten un neno. Finalmente, fala de que nese momento estaba metido nun proxecto editorial: *Bloc*, unha revista de arte e literatura infantil.

Jabois, Manuel, "Eu propúxenlle facerlle un agasallo aos meus fillos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 11 abril 2008, p. 67.

Entrevista ao escritor Xesús Constela, co gallo da presentación en Pontevedra da súa primeira novela *Libro das Alquimias* (2007), en compañía dos escritores Xosé Antonio Neira Cruz e Xosé Monteagudo. Comenta que quixo contar a historia dos libros e das bibliotecas e para iso creou a un neno, un vello e un libro. Por outra banda, di que comezou escribindo relatos porque lle gustaban lelos e escribilos e que é posíbel que volva publicar este tipo de narracións. Sobre as influencias literarias, apunta aos escritores Michael Ende e Jostein Gaarder, os norteamericanos como Jonathan Swift ou Daniel Defoe e no ámbito galego, Álvaro Cunqueiro. En xeral, sinala que lle gusta, con diferencia, Paul Auster.

Lorenzo, María, "Celso Fernández, poeta e contacontos: 'A tradición oral nunca está desligada do contacto coa xente e da compañía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 30 xaneiro 2008, p. L16.

Celso Fernández refírese ao taller "Hora do conto", do que di que pretende que a nenez se familiarice coa lectura e a tradición oral. Pensa que é unha xeración que medrou coa televisión e o que se pretende é que coñezan a infancia de seus avós, cando contar historias era algo cotiá que se compartía coa familia. Conta que no taller hai unha sesión de contacontos, na que intercala cancións para que sexa máis amena. Cre que a lectura para os nenos é outra forma de vivir a vida e que o que len serve para ser contado.

Finalmente, afirma que conta o que recolle da xente maior.

L. R., "Lola Lorente, dibujante de cómic e ilustradora: 'Mis personajes son muy femeninos", *La Región*, "Ourense", "Personaje del día", 4 febreiro 2008, p. 7.

Entrevista á ilustradora Lola Lorente, gañadora do premio Pura e Dora Vázquez grazas aos debuxos que fixo para o texto de Miro Villar, *O nariz de Fiz* (2007), gañador na categoría de narración. Comenta que fixo as once ilustracións mais cuberta a partir do texto utilizando lapis de cores e colaxe. Fala dos seus comezos no mundo do cómic e a ilustración: que publicou por primeira vez en Valencia, na revista *Fanzine enfermo*, e que a partir de aí se presentou a premios e publicou en varias revistas. Sinala que o seu estilo é simétrico e con figuras redondeadas e que lle gusta contrastar cores rechamantes. Conta que traballa moito para crear os seus personaxes e historias. No caso de Fiz, sinala que se fixou moito en como era a vida nas aldeas e plasmou esas impresións nos seus debuxos, porque a ela, igual que ao protagonista na cidade, lle pasou o mesmo cando chegou a Galicia e todo o que vía lle chamaba a atención. Para rematar, comenta que os seus personaxes son peculiares e raros e fala da exposición que realizou en Ourense.

L. R. L., "Xesús Constela: 'A literatura xuvenil non ten porque ser un subxénero", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Cultura", 14-20 febreiro 2008, p. 38.

Xesús Constela afirma que na novela *O libro das Alquimias* (2007) conta a historia dun rapaz introvertido e amante da lectura. Di que el de rapaz non era tímido pero si era un lector voraz, porque a través da lectura quería chegar a mundos insospeitados. Conta que o protagonista do libro sente curiosidade por un vello que vive no baixo do seu edificio, personaxe inspirado nun libreiro que lembra da súa infancia, e que ao principio dálle medo ese lugar pero despois descobre un mundo máxico a través dos libros. Comenta que se inspirou no libro *O mundo de Sofía*, de Jostein Gaarder, e tamén lembra á *Historia interminábel*, de Michael Ende. Cre que os escritores teñen que darse conta que escriben para rapaces non para parvos, como acontece coa literatura xuvenil, da que non cre que teña que ser un subxénero; de feito, hai novelas que non teñen idade nin temporalidade como *A illa do tesouro*, de Stevenson; *Robinson Crusoe*, de Daniel Defoe; ou *As viaxes de Gulliver*, de Jonathan Swift. Opina que non se le por culpa do sistema educativo e, segundo el, é alarmante que a xeración que máis gasta en libros e máis exames fixo, sexa a que menos le. Finalmente, cre que a literatura xuvenil non ten que ser unha obriga e que hai que recuperar o pracer pola lectura.

Malvido, Gemma, "En los tebeos de Astérix, Tintín y Mortadelo aparecen faros", *La Opinión*, "A Coruña", 16 agosto 2008, p. 7.

Comenta que no Aquarium Finisterrae se está a realizar unha exposición titulada "Faros de papel, la luz de los cómics" organizada por Jordi Ojeda e Francesc Solé, cuxo obxectivo é apoiar a proposta de Patrimonio da Humanidade da Torre de Hércules. A seguir realiza unha entrevista a Ojeda quen comenta como naceu a idea de facer a exposición e de que xeito a estruturou. Explica que buscou cómics nos que aparecera algún faro como *Trazo de tiza*, de Miguelanxo Prado, e salienta que existen outros faros

retratados nos cómics. Por último, dá a súa opinión sobre a celebración do Salón do Cómic.

M. B., "O cómic galego está de moda, pero este *boom* vívese noutras partes do Estado", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Cultura", 31 xaneiro-6 febreiro 2008, p. 39.

Nesta entrevista ao debuxante e ilustrador Fran Bueno, co gallo da súa viaxe ao Festival de Angoulême en Francia como integrante do stand da banda deseñada galega, logo de facer balance do festival, opina que para a consolidación do cómic galego é preciso que haxa máis debuxantes e que reciban non só apoio institucional senón tamén editorial. Ademais, sinala a importancia da revista *Golfiño* e da creación dos colectivos *Bd Banda* e *Polaqia*, aos que se sumaron novos debuxantes. Di que as publicacións en fanzines supoñen retardar a entrada profesional dun ilustrador no mercado e remata falando do seu traballo actual, que como o anterior tamén se publicará no mercado americano, e da que confesa que é a obra máis persoal das que leva feito.

M. B., "Hai demasiados prexuízos ao redor do cómic", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Cultura", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 24.

Informa dunha breve entrevista ao director e guionista, Marcos Nine, con motivo da gravación do seu novo proxecto, *Na procura da besta*. Explica que este proxecto consiste na gravación dun documental que recrea o proceso de creación dun cómic pequeno composto por tres historias contadas por David Rubín, Alberto Vázquez e o tándem Kike Benlloch e Diego Blanco. Tamén reflexiona sobre a existencia dun cómic propiamente galego e sobre a importancia da banda deseñada na sociedade actual.

Nogueira, Xaime, "¡Que viene La Jabalina!", *Diario de Pontevedra*, "Polideportivo", "HQR fin de semana", 12 xaneiro 2008, p. 61.

O adestrador de balonmán Pillo di que cando era pequeno súa nai intimidábao con contos da "Jabalina", mentres que Fina Casalderrey conta que investigou sobre ela para facer unha novela. Esta comenta que a "Jabalina" era unha pioneira e unha incomprendida que a sociedade illou e tachou de tola por manifestar abertamente a súa postura antifranquista. Sinala que esa muller que asustaba aos máis novos era ecoloxista, esquerdista, culta, solidaria e educada; fisicamente era moi alta, vestía con sacos e non se aseaba. Dise que Fina Casalderrey foi capaz de destripar mitos como o do lobo, que nunha das súas obras infantís é bo. Tamén se comenta dela que é afeccionada ao balonmán, xa que foi porteira cando estudaba en Maxisterio e agora é seguidora do Teucro, e cre que o público non apoia coma antes. Sinálase que Pillo foi o seu alumno, que utiliza o galego na súa profesión con naturalidade, que agora colabora en xornais e que é un tolo da literatura. Finalmente, este opina que todo relato que faga confundir un feito real cun proceso imaxinario é realismo máxico.

Rivero, Marta, "Hai unha serie de campos profesionais nos que parece que o galego está vetado", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 1 maio 2008, p. 39.

Nesta entrevista a Kike Belloch, escritor, guionista e co-fundador do colectivo Polaqia, comenta o autor que fala galego porque é a súa lingua natural, malia vivir fóra de Galicia parte da súa infancia. Por unha banda, afirma que é fundamental que a lingua galega teña presenza nas cidades e por outra, que o galego continúa a ser menosprezado en certos sectores profesionais. Remata dicindo que toda medida promocional do galego é boa.

Rozados Lorenzo, Lara, "A literatura ten que contar o que non vén nos libros de Historia", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Cultura", 14-20 febreiro 2008, p. 31.

O escritor Francisco Castro, finalista do Premio Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil con *O ceo dos afogados* (2007), comenta que a el sempre lle interesaron as relacións conflitivas en que media o poder e que sempre se inspira en personaxes anónimos; así, inspirouse nun rapaz con problemas de comunicación n'*O ceo dos afogados*. Asemade retoma o tema do amor, presente nos seus primeiros libros. Confesa que non lle interesa o que vén nos libros de Historia, así non lle interesa a vida dos reis senón a dos campesiños, e cre que a literatura ten que ocuparse desa outra parte da historia. Finalmente, fala de que agora é coordinador de novos proxectos da editorial Galaxia como a edición electrónica porque non se lle poden dar as costas a Internet, xa que nela pódese adiantar parte dun libro antes de estar en papel, ademais de coidar a relación co público.

Sanmartin C., Xabier, "Miguelanxo é un mestre pero Max merecía o premio", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 713, "Galicia vista dende fóra", 15 xuño 2008, p. 11.

Nesta entrevista a Diego González, libreiro galego que rexenta a tenda Mazinger de Xixón, fálase da diversidade de clientes que teñen este tipo de librarías, así como dos cambios que sofriu o cómic nos últimos anos, como é o tempo que se lle dedica nos medios de comunicación ou a súa distribución en librarías non especializadas. Entre outros temas, opina o entrevistado sobre o Premio Nacional de Ministerio de Cultura.

Vidal Villaverde, Manuel, "Entre o pracer e o desespero", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 412, "Musas", 6 xullo 2008, p. 46.

Vidal Villaverde comeza esta entrevista pedíndolle a Miguel Vázquez Freire que cite algúns datos sobre a súa biografía. A seguir, tratan o tema dos xéneros literarios e Vázquez Pintor dá a súa opinión sobre a narrativa, a poesía e o ensaio. Tamén fai referencia á súa última obra, *Contos de Reis e de Nadal* (2007), da que comenta que a inspiración lle chegou grazas a súa sobriña. De seguido, valora a situación da literatura galega actual e comenta as estatísticas sobre os índices de lectura.

Vidal Villaverde, Manuel, "A vida literaturizada", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 421, "Musas", 7 setembro 2008, p. 50.

Conversa con Agustín Fernández Paz sobre a súa biografía e afeccións, a súa literatura dirixida ao lectorado mozo e a súa relación coa poesía e co ensaio. Apunta que entre os

seus libros escollería as novelas *Aire negro* (2000) ou *Corredores de sombras* (2006) e os relatos *O único que queda é o amor* (2007) ou *Contos por palabras* (1991). Remata apuntando que está a escribir unha novela que se ha titular *Lúa do Senegal*, e despois escribirá outra localizada nos anos setenta.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os soños e a literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 433, "Musas", 3 novembro 2008, p. 50.

Tras a presentación da traxectoria literaria de Paco López-Barxas, éste fala que *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (2007) constitúe "unha fábula coral", para o lectorado infantil e tamén para o adulto. Afirma que entre os seus libros escollería o último, *Os tesouros da illa de Granellandia*, que se considera "un xornalista que escribe e un escritor que exerce de xornalista", e que se sente máis cómodo escribindo relato curto. Reflexiona que a poesía e a narrativa actuais tenden á experiencia e ao coñecemento, mentres que o relato curto se emprega para experimentar con temas e técnicas novas. Únese ao temor de Isaac Díaz Pardo de que o galego se reduza "aos departamentos de filoloxía". Remata explicando que vai publicar un novo conto en Sotelo Blanco, e que está a escribir varios álbumes ilustrados, ademais da tradución ao castelán de *No xardín das mandrágoras*, entre outros proxectos literarios.

Vidal Villaverde, Manuel, "Vivir en galego convértese ás veces nun exercicio case heroico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 1 decembro 2008, pp. 30-31.

Tras unha introdución sobre a figura de Agustín Fernández Paz, conversan sobre a situación actual da lingua e a cultura galega e o escritor califícaa de "complexa e díficil", debido ao contexto social. Sinala que non lle é doado explicar por que escribe pero que unha das "causas seguras é a grande importancia da lectura" na súa vida. Por outro lado, salienta que lle gusta contar historias a través da escritura e que se sente "moi lonxe do concepto de literatura xuvenil como unha literatura menor". Con respecto á literatura galega, afirma que é unha literatura "equiparable á de calquera outro ámbito cultural" e que observa problemas "nas cuestións que transcenden o estritamente literario" debido a elementos de carácter político. Para rematar, di que nunca publicará un poemario e que o seu próximo libro se chamará *Lúa do Senegal*, unha novela que xa ten rematado.

VII.5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abilleira, Marina, "Ler, o mellor mentres se agarda ó doctor", *Diario de Pontevedra*, "Historiasdacontra", 26 marzo 2008, contracuberta.

Dise que en Poio, no centro de saúde de Anafáns estase a levar a cabo un programa para promover a lectura entre os máis pequenos. Este leva o nome 'Lendo espero', promovido pola Consellería de Cultura, e non se vai reducir só a Poio, senón que en breve será implantado nos centros de saúde de Meis, A Illa de Arousa, Arcade, Redondela, Salvaterra de Miño e Cuntis.

A. C. B., "Viñetas dende o Atlántico' céntrase no cómic social na súa vixésima edición", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 agosto 2008, p. 79.

Informa que vai dar comezo o Salón Internacional do Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico" e salienta que este ano o tema do salón se centra no cómic máis social e comprometido. Dá conta dos diferentes autores convidados que asistirán, tanto estranxeiros coma españois, e destaca o feito de que este ano o Salón se traslade á Fundación Caixa Galicia. Así mesmo, nomea outras instalacións nas que tamén haberá exposicións.

Agulla, A., "Kalandraka cerró con un cuentacuentos la campaña de promoción del gallego", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 17 outubro 2008, p. 14.

Informa que a editorial Kalandraka rematou a campaña "Cantar e contar: ler na nosa lingua" cunha sesión de contacontos en Marín. Comenta que o proxecto tivo como obxectivo fomentar o uso do galego entre os máis pequenos e refire que tamén realizaron unha exposición coas ilustracións orixinais dos contos populares publicados por eles.

A. H., "La polémica metamorfosis del autor y su famoso reportero", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", 4 marzo 2008, p. 73.

Recóllense algunhas das novas sobre o autor de Tintín, de Georges Rémi Hergé. Estas veñen notificadas da man do biógrafo de Hergé, Philipe Goddin, que nos amosa como o reporteiro Tintín é un reflexo do transcurrir vital do seu autor: nun primeiro momento non se relaciona con ningún estranxeiro, o que se corresponde coa mentalidade colonial da época que compartía o seu autor, así como un férreo catolicismo. Nas seguintes historietas, Tintín aparece traballando no diario Le Soir, controlado polos nazis, coincidindo coas acusacións vertidas sobre Hergé de ter colaborado cos nazis. Goddin afirmou que "al principio Tintín era una proyección de lo que Hergé cree ser y después es una proyección de lo que habría querido ser".

A. I., "La historia de la banda diseñada en Galicia desde los años setenta", *El Correo*

Gallego, “Santiago”, “Propuesta”, 28 febreiro 2008, p. 33.

Faise mención da presentación que se vai facer no Auditorio de Galicia o 6 de marzo de *A historieta galega 1973-2008*, na que se mostra a trayectoria da banda deseñada en Galicia dende os anos 70 até a actualidade. A presentación virá acompañada dunha mostra sobre a historieta na que terán lugar un completo programa de actividades e clases maxistrais.

A. I., “Niños y adultos se suman a la creación de una viñeta gigante”, *El Correo Gallego,* “Santiago”, “Arte”, 9 marzo 2008, p. 32.

Coméntase que o debuxante Jacobo Fernández, gañador do “Premio Castelao 07”, está a levar a cabo a creación dunha viñeta xigante. Nun primeiro momento, esta obra foi un boceto a “carboncillo”, que logo di pasará a converterse nunha obra colectiva na que participarán nenos e adultos. Para levar a cabo esta proposta Jacobo Fernández ensinou previamente algunhas nocións básicas para a creación de murais.

Alonzo G., José, “Vuelve ‘O Castelo’ Norberto”, *El Correo Gallego,* “*El Correo 2*”, “Cómic”, 10 febreiro 2008, p. 6.

Dáse conta de que a nova editorial “El Patito” publica as oníricas e eróticas historias do pontevedrés Norberto Fernández, *O Castelo Regadeira*. Salienta que as cubertas e demáis ilustracións das revistas corren a cargo de Fausto C. Isorna, quen tamén é o director da publicación, sobre a que el mesmo di: “el volumen ha quedado estupendo, está muy cuidado, editado en un tamaño ligeramente superior al habitual en estos casos”.

Amón, Rubén, “Angulema en su edad de oro”, *El Mundo*, “Cultura”, 26 xaneiro 2008, p. 57.

Faise mención da apertura do ‘Festival del Cómic de Angulema’. Saliéntase neste ano 2008 a súa coincidencia co inminente estreo da entrega cinematográfica das aventuras de *Astérix.* Nesta nova edición editaranse máis de 100.000 títulos, o cal, tal e como se di no artigo é “algo que non ocorrera en quince anos”.

Angueira, M., “Libros para amenizar la espera”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, “Programa ‘Lendo espero”, 10 abril 2008, p. 22.

Dáse conta de que os Concellos de Caldas e Cuntis xa puxeron en marcha nos seus centros de saúde o programa ‘Lendo espero’, promovido pola Consellería de Cultura, co que se pretende que os nenos, mentres estean nas salas de espera non pensen nas xeringas nin nas menciñas, senón que se divirtan lendo e se vaian acostumando a ler. En realidade, en Caldas este proxecto xa se instalara hai catro anos con outro nome, ‘A biblioteca visita á pediatra’.

Bal, Romina, "Todo un mundo en mans dos máis pequenos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 737, "Reportaxe", 30 novembro 2008, p. 10.

Dá conta das diferentes novidades editoriais de literatura infantil para o próximo Nadal. Comeza destacando as publicacións de Sotelo Blanco quen editou a colección "Pacopeco Pequeneiro", de Xelís de Toro e con ilustracións de Andrés Meixide; así mesmo tamén salienta as obras *Eu son tan forte*, de Carme Hermida e Andrés Meixide, e *A grande ameaza*, de Xurxo Sánchez e Xosé Luís Serrano. A seguir, comenta as publicacións de Cumio e nomea as obras *Historia dun compás*, de Mónica Gonzalbo e Marta Ribes, e *Para cantar e bailar*, de Luis Prego e Serxio Cobas. De OQO Editora cita a obra *Contos en cantos* e salienta as colecções "Caracois" e "Qontextos", con *Fum*e, e *Caderno de Animalista*. A continuación, cita as publicacións de Xerais: *Xelo o carteiro xurelo*, *Mariquiña a carteira andoriña*, *Hugo o carteiro teixugo*, *Bea*, de Iván Sende; *Bertiño Rompetodo*, de Ramón Caride, e *Novas minimaladas*, de Pinto&Chinto. De Galaxia achega os títulos d'*O prodixio dos zapatos de cristal*, *O debut de Martiño Porconi. O que foi dos tres porquiños e o lobo*, *Un bico de amor e vida*, *O Nadal*, *A serea do mundo* e *O branco país sen neve*. Finalmente, dá conta das novidades de Kalandraka e cita as seguintes obras: *Cerca*, de Natalia Colombo; *A nube de Martín*, *Garavanciño*, adaptación do conto popular feito por Olalla González, e a tradución *No bosque*, de Anthony Browne.

Baldomir, Lara F., "Familiarizándose con la fantasía", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 16 setembro 2008, p. 16.

Comenta que un grupo de nenos do colexio López Ferreiro asistiu á inauguración da exposición "O País de Graeslinjú", organizada pola Editorial Everest. Indica que na exposición aparecen moitos autores clásicos da literatura infantil e xuvenil e, entre os galegos, cita a Wenceslao Fernández Flórez e Antonio García Teixeiro. Tamén afirma que o obxectivo da xornada era motivar os rapaces a que lean.

Barros, D. E., "A BD galega, en xira", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "De Banda Deseñada", 27 xaneiro 2008, p. 15.

Alúdese aos retos que tiña a BD galega no salón do cómic europeo e recolle as declaracións de María Xesús López, delegada en Pontevedra da Consellería de Cultura sobre o Festival de Angoulême. Sinálase que o posto exhibía as últimas creacións dos debuxantes, así como a exposición "A Banda Avanza". Destácase o CD promocional que se repartiu, así como os catálogos de mostra "Dez anos de viñetas". Nomea algúns dos seleccionados pola Mesa da BD para representar a produción galega en Francia.

Barros, D. E., "O eterno Astérix", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 695 , "De Banda Deseñada", 10 febreiro 2008, p. 7.

Fálase do creador de personaxes inolvidábeis e entrañábeis como son o galo Astérix, o vaqueiro Lucky Luke e o pequeño Nicolás, entre outras. O autor, René Goscinny, un dos iconos universais da BD morreu dun paro cardíaco o 5 de novembro de 1977, pero as súas obras seguiron, e seguen, cosechando éxitos. E, tal e como se nos di no artigo,

“hai quen o considera o inventor do oficio de guionista do cómic”.

Barros, Diego E., “35 anos ollando o mundo a través de viñetas galegas”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*” , n.º 699, “De banda deseñada”, 9 marzo 2008, p. 18.

Explícase que se está a levar a cabo no Auditorio de Galicia unha mostra sobre a historieta, titulada *Historieta Galega 1973-2008*, na que tal como reflicte o seu epígrafe, amósanse os últimos trinta e cinco anos da historiera galega, dende os precusores até as novas promesas. Sinálase que a primeira mostra tivera xa lugar no ano 1973 no que se amosou os primeiros pasos de Reimundo Patiño no mundo da viñeta, obra que tamén está presente nesta ocasión. Engádese que a mostra tamén consta de actividades e de clases maxistrais para que incluso os máis cativos aprendan a facer unha viñeta.

Barros, Diego E., “Traxicomedia nun acto do longo adeus”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 706, “De banda deseñada”, 27 abril 2008, p. 9.

Fálase da obra *Arrugas*, de Paco Roca, que foi o gañador da edición do ano 2007 do Festival Internacional do Cómic de Barcelona. Nesta obra cóntase a dexeneración dun home, Emilio, que padece Alzheimer; pero, tal e como di Diego E. Barros, “é de destacar a valentía de Roca de non caer no detalle sensibleiro”, pois a súa historia está dotada dunha grande dureza e realismo.

Barros, Diego E., “Unha bandeira galega `tueada´ nun comic USA”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 712, 8 xuño 2008, p. 9.

Faise unha pequena achega á obra de Alex Cal (Vigo, 1985), debuxante de banda deseñada que está a desenvolver o seu labor en EE.UU., dentro do feudo da industria Marvel. Entre as obras máis recentes de Cal figuran traballos para a serie *North Wind* (Boom Studios) ou unha colaboración no *Amazin Spiderman Family 1*. A noticia informa ademais sobre a creación do sitio web www.bdbanda.com, no que se recompilan datos sobre os usos pedagóxicos da banda deseñada.

Barros, M., “Historieta galega 1973-2008”, *A Nosa Terra,* n.º 1.301, “Magazine”, 6-12 marzo 2008, pp. 44–45.

Tal e como tilda o título deste artigo, fálase no mesmo da mostra que se leva a cabo no Auditorio de Galicia até o 8 de xuño, na que se fai un percorrido polos últimos trinta e cinco anos da historieta galega. Nesta mostra, comisionada por Fausto Isorna e Gemma Sesar, participarán setenta autores cun total de trescentas obras orixinais. Ademais apunta que haberá actividades e clases maxistrais para poder coñecer máis sobre a historia e a elaboración dunha historieta.

Barros, Paula, “¿Qué hacemos esta semana?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 22 decembro 2008, p. 70.

Dá conta de distintas actividades que se van realizar en Pontevedra e, entre elas, destaca "Graffiti e letras" dirixida por Anxo Fariña, que consiste en obradoiros para a dinamización do galego a través de expresións artísticas.

Beceiro, M., "O auditorio mostrará o mellor cómic galego", *La Voz de Galicia,* "Santiago", "Crónica", 28 febreiro 2008, p. L2.

Faise mención da realización dunha mostra sobre a historieta no Auditorio de Galicia do 6 de marzo até o 8 de xuño, na que, entre otras actividades e clases, se exporá a *Historieta Galega 1973–2008*. Os comisarios desta proposta son Fausto Isorna e Gemma Sesar e contan coa participación de Xaquín Marín, que será o que máis obra presente, e de Fran Bueno e Jacobo Fernández, entre outros, que ensinarán aos rapaces como se fai un cómic para que logo eles fagan unha viñeta.

Bouza-Brey Teijeiro, Olalla, "Los niños leen mucho, en castellano y en época estival", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Venta de libros en Vilagarcía", 20 agosto 2008, p. 10.

Advírtese do feito de que, se ben os nenos de Vilagarcía len moito, entre eles trunfan Harry Potter, *El niño del pijama de rayas* ou as obras de Carlos Ruíz Zafón, non o fan en galego; pois os libreiros afirman que incluso os escritores máis coñecidos, como Manuel Rivas ou Miguel Anxo Murado, non atopan saída no mercado.

Bruña, Rubén, "Gallardo y Roca 'caen' del cartel de Viñetas desde o Atlántico", *La Opinión*, "A coruña", 24 xullo 2008, p. 13.

Informa que os debuxantes Miguel Ángel Gallardo e Paco Roca non van poder asistir á Feira do Cómic da Coruña por "motivos persoais e profesionais" mais a organización montará dúas exposicións dedicadas a eles. A seguir, describe individualmente a traxectoria de cada autor.

C. A., "O teatro métese na pel das novas xeracións", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 29 marzo 2008, p. 37.

Faise eco do proxecto teatral que se está a levar a cabo no municipio de Salceda de Caselas. Este xa é o segundo ano no que participan os adultos, pero os nenos estrenase como actores, para o cal contan coa axuda da profesora e actriz Chelo Pampillón, que manifesta a importancia do teatro e di ao respecto "eu son das que opinan que o teatro debería ser unha sinatura no colexio; é moi bo á hora de relacionarse, de aprender a comunicarse e a pedir axuda aos demais".

C. A., "Un grupo de jóvenes ilustradores presenta una colección en cómic sobre la historia de Galicia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 3 xuño 2008, p. 10.

Dáse conta da prensentación do primeiro tomo da colección de cómic titulada *Historia*

de Galiza que contará cun total de cinco tomos. Indícase que deste primeiro tomo se editaron tres mil exemplares e que están á venda por dez euros e coméntase que o seu coordinador, Benito Losada, afirmou que nestes cómics non se contará a historia de Galiza senón a dos galegos anónimos.

C. A., "Fernández Paz pasará hoy a formar parte del 'Paseo dos Soños' de Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 14 decembro 2008, p. 19.

Informa que a Fundación Manuel María vai homenaxear o escritor Agustín Fernández Paz cun monolito no "Paseo do Soños" de Vilalba. Comenta que se realizará unha mesa redonda, na que participarán Manuel Bragado, Fina Casalderrey, Xavier P. Docampo, Paco Martín e Xulio Xiz, e celebrarán unha comida de fraternidade.

Cameselle, Silvia, "Outono de ficción e realidade", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", "Bibliofilia", 29 setembro 2008, p. 14/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 202, "Libros", 11 outubro 2008, p. 11.

Dá conta das novidades editoriais galegas do outono para os máis pequenos. Indica que a editorial Kalandraka prepara a publicación de *Cerca*, da arxentina Natalia Colombo. A editorial OQO publicará *Contos e Cantos* e tamén *Caracois*, como a primeira serie da colección "Nanoqos". A seguir, comenta que a editorial Cumio presenta para os máis pequenos o título *Preguntas que poñen os pelos de punta* e indica que se trata dunha colección de libros de ciencia. Tamén cita as obras *Bícame profe*, da xaponesa Kazuma Kodaka e na editorial Galaxia salienta *Tras do solpor*, de Haruki Murakami. Finalmente, dá conta doutras publicacións de carácter histórico e lingüístico e salienta o estudo de Xerais, *A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil*, coordinado por Ana Roig, Isabel Soto e Pedro Lucas. En á parte, tamén salienta *O pirata Pata de lata*, de Xosé Manuel González, texto rimado que conta as aventuras marítimas deste personaxe, e a tradución da novela fantástica *Poderosa*, de Sérgio Klein, da que ofrece o seu argumento.

Carballo, Kevin & Asociados, "Ebullición cultural desde el jueves", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 28 xaneiro 2008, p. 86.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da celebración en Pontevedra do Salón do Libro Infantil e Xuvenil no que estiveron presentes Fina Casalderrey e Miguelanxo Prado. Tamén indica que hai sesións de contacontos e que o pintor Antón Sobral inaugurou unha exposición.

Carballo, Kevin & Asociados, "Paz, libros y bicis en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 31 xaneiro 2008, p. 78.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que na cidade de Pontevedra está a ter lugar o Salón do Libro Infantil e Xuvenil, no que se presentan diferentes actividades. Entre elas salienta unha conferencia de Susana Haug e María Elena Cicard, o espectáculo de contacontos de Quico Cadaval, a conferencia de Rosa Aneiros e, por

último, unha mesa redonda que contará coa presenza de Antón Dobao, Darío Xohán Cabana e Álvarez Cáccamo.

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.293, "Bulebule", 10-16 xaneiro 2008, p. 29.

Reproduce en "Bulebule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.294, "Bulebule", 17-23 xaneiro 2008, p. 29.

Acóllese en "Bulebule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Bulebule", 24-30 xaneiro 2008, p. 29.

Insire en "Bulebule", suplemento d'*A Nosa Terra* cualificado como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, "Bulebule", 31 xaneiro-6 febreiro 2008, p. 30.

Reproduce en "Bulebule", suplemento d'*A Nosa Terra* cualificado como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.297, "Bulebule", 7-13 febreiro 2008, p. 29.

Acóllese en "Bulebule", suplemento d'*A Nosa Terra* cualificado como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Bulebule", 14-20 febreiro 2008, p. 29.

Insire en "Bulebule", suplemento d'*A Nosa Terra* cualificado como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.299, “Bulebule”, 21 febreiro-27 febreiro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.300, “Bulebule”, 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.301, “Bulebule”, 6-12 marzo 2008, p. 30.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.302, “Bulebule”, 13-26 marzo 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.303, “Bulebule”, 27 marzo-2 abril 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.304, “Bulebule”, 3-9 abril 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.305, “Bulebule”, 10-16 abril 2008,

p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.306, “Bulebule”, 17-23 abril 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.307, “Bulebule”, 24-30 abril 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.308, “Bulebule”, 1-7 maio 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.309, “Bulebule”, 8-14 maio 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.311, “Bulebule”, 22-28 maio 2008, p. 29.

Acóllese en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.312, “Bulebule”, 29 maio-4 xuño 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.313, “Bulebule”, 5-11 xuño 2008, p. 30.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.314, “Bulebule”, 12-18 xuño 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.315, “Bulebule”, 19-25 xuño 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.316, “Bulebule”, 26 xuño-2 xullo 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.317, “Bulebule”, 3-9 xullo 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.318, “Bulebule”, 10-16 xullo 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve

historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.319, “Bulebule”, 17-23 xullo 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.320, “Bulebule”, 24-30 xullo 2008, p. 29 .

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.323, “Bulebule”, 5-10 setembro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.324, “Bulebule”, 11-17 setembro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.325, “Bulebule”, 18-24 setembro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.326, “Bulebule”, 25 setembro-1 outubro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.327, “Bulebule”, 2-8 outubro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.328, “Bulebule”, 9-15 outubro 2008, p. 30.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.329, “Bulebule”, 16-22 outubro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.330, “Bulebule”, 23-29 outubro 2008, p. 30.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.331, “Bulebule”, 30 outubro-5 novembro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.332, “Bulebule”, 6-12 novembro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.333, “Bulebule”, 13-19 novembro

2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.334, “Bulebule”, 20-26 novembro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.335, “Bulebule”, 27 novembro-3 decembro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.336, “Bulebule”, 4-10 decembro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.337, “Bulebule”, 12-17 decembro 2008, p. 29.

Insire en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.338, “Bulebule”, 18-24 decembro 2008, p. 29.

Reproduce en “Bulebule”, suplemento d’*A Nosa Terra* cualificado como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Castaño, Yolanda, “É o típico”, *Galicia Hoxe,* “Días (des)contados”, 6 xaneiro 2008, contracuberta.

Yolanda Castaño recolle, a modo de calendario, algunhas das actividades que se poden facer nas vacacións de Nadal, como é o caso do programa *Cóntame un conto,* levado a cabo dende fai un ano (oficialmente) por unha decena de mozos de Marín, dunha película de cine, como pode ser *Desexo, perigo*, ou do concerto de Woody Allen na Fundación Barrié.

Castillejo, Antonio, "Un cuarto de siglo sin Hergé, el padre de Tintín", *Diario de Pontevedra*, "ViviraQuí", 4 marzo 2008, p. 72.

Dáse conta de que o 3 de marzo de 1983 faleceu o pai de Tintín, Hergé, Georges Remi. Co gallo do vintecinco aniversario desta data escribiuse este artigo, no que se rememora a faceta de Hergé como creador das viñetas de Tintín, un personaxe que levou unha vida paralela a do seu creador, chegando incluso ao extremo de quedar inacabada, por expresa orden súa, a última aventura de Tintín que estaba a compoñer cando morreu: "Tintín y el Arte Alfa".

C. B., "Talía Teatro abre en Rois este trimestre cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 outubro 2008, p. 36.

Dise que a oferta cultural do Concello de Rois conta entre as súas propostas con teatro, cine, música, exposicións e talleres formativos para os máis novos. No tocante ao teatro, hai que subliñar a presenza do grupo Talía Teatro, encargado de levar a cabo unhas xornadas para achegar os nenos aos escenarios, e doutros grupos teatrais que dinamizarán a vida da vila como Airiños Teatro, Badius, Candelexas e Toxos & Carrouchas.

C. B., "Mou' enseña a los más pequeños la obra y vida de Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 18 outubro 2008, p. 33.

Comenta que un grupo de nenos do colexio A Dobrada de Vigo inauguraron o taller educativo da Fundación Rosalía de Castro na casa da Matanza. Explica que o taller pretende amosar aos pequenos a importancia dos libros que Rosalía de Castro escribiu e promover a súa vida e obra.

Chávez, Carolina, "La delegada de Cultura elogia al taller del cómic por fomentar la creatividad", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 6 agosto 2008, p. 17.

Dá conta da realización da primeira exposición dos traballos dos alumnos do taller de cómic, impartido polo ilustrador e profesor Rafael Losada e a guionista Luz Carril, que se realizou na Illa. Salienta que esta é unha iniciativa para promover a creatividade dos máis pequenos a través da imaxe e as palabras e tamén para introducilos no mundo do cómic.

C. G., "Escolares de A Estrada y Dodro rinden su homenaje a Rosalía", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", "Padrón", 23 febreiro 2008, p. 39.

Sinálase que a Fundación Rosalía de Castro celebrou xunto a cento cincuenta alumnos unha homenaxe a Rosalía con motivo do aniversario do seu nacemento. Coméntase que o evento contou coa presenza de María do Carme Krukenberg, que presentou o número tres da colección Tres Pitas Brancas, *O paxariño de Sevilla*, un conto infantil publicado pola fundación.

C. G., "A banda deseñada revela os seus segredos", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", 8 outubro 2008, contracuberta.

Informa que a Concellería de Cultura de Catoira está a organizar unha serie de obradoiros sobre a banda deseñada e indica que se inaugurou a exposición "Golfiño en portada", baseada en dezasete ilustracións do debuxante Fausto Isorna. Tamén comenta que un dos talleres, "A historia local en banda deseñada", está destinado a que os alumnos creen as súas propias historias e cita aos responsábeis do taller.

C. L., "Las Xornadas de Animación á Lectura acercarán el uso del gallego a los más jóvenes", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 17 decembro 2008, p. 13.

Comenta que a Concellaría de Cultura da Illa vai celebrar unhas xornadas de animación á lectura dentro do proxecto "Contos para Falar". Explica que a actividade se centra na lectura de dúas obras que foron adaptadas por Rosa Navarro: *Os Anxos de Amalia*, de Xavier Frías Conde, e *A Odisea*, de Homero Aridjis. Así mesmo, tamén indica que o proxecto o puxo en marcha a Editorial Rodeiro e está subvencionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Correa, Anxa, "Galicia conquista el salón", *El Progreso*, "Vivir", 18 abril 2008, p. 83.

Dá conta da participación de Galicia no Salón Internacional do Cómic de Barcelona. Comenta que as obras máis destacadas son as de Miguelanxo Prado, David Rubín e o fanzine *Barsowia*, do colectivo Polaqia e, en total, son trinta os autores galegos que participan no evento. Informa que nesta ocasión Alberto Vázquez coa obra *Fanzine Enfermo* é quen opta a máis premios. Por último, comenta os galardóns obtidos pola banda deseñada galega o ano anterior.

C. P., "Versionar aos clásicos é moi positivo se se fai con respecto e moito coidado", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 24 xaneiro 2008, p. L16.

Entrevista a Xavier Senín con motivo dun programa de animación á lectura levado a cabo pola editora Rodeira sobre *A Odisea contada aos nenos* (2007), versión do clásico a cargo de Rosa Navarro e traducida ao galego por Xavier Senín e Isabel Soto. O entrevistado sinala que traduciron o libro do castelán, aínda que tamén usaron a edición grega; apunta que esta versión, adaptada para a compresión dos nenos, é fiel ao espírito da *Odisea*. Manifesta que ningunha versión é capaz de eclipsar ao orixinal.

C. P. R., "Agustín Fernández Paz entrará en el Paseo dos Soños de Vilalba el día 13",*El Progreso*, "A Chaira", "Vilalba", 17 novembro 2008, p. 10.

Dá conta da homenaxe a Agustín Fernández Paz, que lle brindou a súa vila natal de Vilalba. Informa que o escritor pasará a formar parte do chamado Paseo dos Soños, creado nos arredores do Muíño do Rañego, e que o acto está organizado pola Irmandade Manuel María e polo Clube de Lectura Xermolos.

C. R. C., "A pequena longa lingua dos nenos", *Diario de Ferrol*, 16 decembro 2008, contracuberta.

Dá conta da posta en marcha por parte do Concello de Ferrol do proxecto "Pequena longa lingua" que ten como obxectivo achegar aos máis pequenos a lingua galega. Indica que a campaña se desenvolverá en todas as escolas de infantil, nas que un paxe irá mostrando os personaxes e entregará quince contos e catro cds. A seguir, nomea as escolas participantes.

Cruz, Lara, "El primer manga en gallego", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", "Plan B", "Cómic", 19 xuño 2008, p. 94.

Alúdese á primeira manga que se edita traducido ao galego, *Bícame, profe 1* da xaponesa Kazuma Kodaka por Edicións do Cumio. Infórmase que se publica en tomos en branco e negro, en formato de peto e no sentido de lectura oriental. Ademais dise que narra as vivencias de Atsushi Arisawa.

Cuíñas, Teresa, "Cangas se asoma a la viñeta", *El País*, "*Galicia*", 22 xullo 2008, p. 5.

Dá conta da inauguración da duodécima edición do Salón do Cómic de Cangas do Morrazo. Comenta que se realizarán diversas actividades como conferencias, talleres, proxección de películas, etc. e presentarase un novo número da revista *O tebeo*. Tamén salienta a presenza dos artistas Horacio Altuna, Manel Fontdevila e Tirso Cons.

Cuíñas, Teresa, "El ilustrador Kiko da Silva expone 10 años de trabajo", *El País*, "*Galicia*", 29 decembro 2008, p. 5.

Informa que se vai presentar na sala viguesa Chroma unha exposición co traballo desenvolvido por Kiko da Silva durante os seus dez anos de dedicación. Comenta o protagonista que a proposta lle chamou a atención xa que é a primeira vez que expón a súa obra fóra dun ámbito especializado. Así mesmo, indica que a exposición contará con corenta imaxes ademais de portadas e carteis.

Díaz, Ignacio R., "Fernández Paz ya tiene su tramo literario en el 'Paseo dos Soños", *El Progreso*, "A Chaira", 15 decembro 2008, p. 12.

Refire que o escritor Agustín Fernández Paz foi homenaxeado en Vilalba,

concretamente cun hectómetro literario no Paseo dos Soños. Dá conta dos asistentes ao acto e achega as loas de Manuel Bragado, Fina Casalderrey, Xavier Docampo e Paco Martín. Por último, recolle o agradecemento de Fernández Paz pola homenaxe.

Dopico, M., "O escaparate 'da literatura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Encontro", 8 abril 2008, p. 40.

Distintos libreiros de Santiago manifestan o seu apoio á Feira do Libro de Santiago, que neste ano foi a XXVII, por considerala un bo modo de que a xente se acerque á lectura e vexa ademais toda a gama de libros que ofrece unha editorial que pode ser catalogada de dedicarse só a certas idades, como sucede por ejemplo con Kalandraka, que aproveita a Feira para mostrar os seus libros no só para nenos, senón tamén para un público máis amplo. Tal e como di Antón, da libraría Pedreira, "hai xente que non entra nas librarías e ven ás feiras".

E. A., "O IES Rosalía de Castro trunfa coa súa revista 'Regalía", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 22 xaneiro 2008, p. 8.

Dá conta da aparición da revista *Regalía* do "Instituto Rosalía de Castro", que obtivo a mención especial do xurado nos premios "Lobos", que organiza a Asociación de Prensa Juvenil. Os responsábeis de dita revista son catro alumnos do citado instituto: Rebeca Bernárdez, Zaza Camiña, Miguel Batalla e Marina Alvárez, que achegan á súa revista diversos textos literarios.

E. B., "A mirada máis lúcida", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n. 698, "De Banda Deseñada", 2 marzo 2008, p. 14.

Informa da celebración da IX Bienal de Ourense que achegará o traballo dos caricaturistas. Menciónase a algúns dos participantes nestas xornadas e alúdese á homenaxe que se lle dará a Xosé Lois, O Carrabouxo. Nun aparte, faise especial fincapé nas actividades que se levarán a cabo, como a entrega dos premios aos caricaturistas noveis, dos que se dan a coñecer os nomes. Entre outras actividades, tamén se poderá ver unha selección dos cinco primeiros números da revista *Retranca*.

Enríquez, Gabriel G., "El salón del cómic de A Coruña se volcará con la creación más social", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 agosto 2008, p. 36.

Informa que se vai inaugurar a décimo primeira edición do Salón do Cómic na Coruña e indica que este ano os temas principais son o alzheimer, o autismo, o cambio climático e os avós que coidan dos netos. Tamén salienta que, de xeito excepcional, o salón se traslada á Fundación Caixa Galicia e ao Palexco, ao Concello e máis ao Aquarium. Por último, dá conta dalgúns dos invitados de luxo como Mark Buckingham, Luc Brunschwig, Etienne Le Roux, David Aja ou Daniel Acuña.

Enríquez, Gabriel G., "El salón del cómic coruñés acoje la obra de 40 autores de todo

el globo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 agosto 2008, p. 36.

Informa de que o salón de cómic da Coruña, "Viñetas dende o Atlántico", celebrou os seus vinte anos cunha exposición de banda deseñada de autores de todo o mundo. Dise que entre os invitados figuraron Francisco Solano, Mark Buckingham e Oliver Ka coa obra *Por qué he matado a Pierre*. Salienta que do panorama español estaban Daniel Acuña, creador de *Claus&Simon* xunto con David Aja, coautor de *The Inmortal Iron Fist* e que asistiu tamén o debuxante coruñés Miguelanxo Prado. Apunta tamén que na Fundación Caixa Galicia faranse as presentacións editoriais de Cerditos de Guinea e tamén do último álbum de Xosé Tomás, *Tolos*.

Enríquez, Gabriel G., "Kiki de Montparnasse', protagonista de Viñetas 2008", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 agosto 2008, p. 42.

Comenta que á edición de Viñetas desde o Atlántico deste ano asistiu a parella francesa Catel Muller e José-Louis Bocquet, autores da novela gráfica *Kiki de Montparnasse*. Achega os comentarios dos autores e salienta, en palabras de Miguelanxo Prado, que cada ano debe haber como mínimo a presenza dunha muller.

Estévez, E., "Os Bolechas practican as tres 'R", *A Nosa Terra*, n.º 1.296, Magazine, "Viaxar.comer.mercar", "Medio ambiente", 31 xaneiro–6 febreiro 2008, p. 46.

Dáse conta de que Os Bolechas, respaldados polas Consellerías de Medio Ambiente e Educación, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) e outras entidades públicas e privadas de xestión de residuos, están a levar a cabo unha iniciativa para promover hábitos de consumo responsábel e de preservación do medio ambiente nos fogares galegos. A iniciativa chámase "reducir, reciclar e reutilizar". Apúntase que este proxecto estase a expor nos colexios e o primeiro deles foi o colexio Irmáns Villar de Ourense.

Fariña, Juan, "A sombra descalza', de An Alfaya, na lista de honra da IBBY", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xaneiro 2008, p. 49.

Informa de que a obra de An Alfaya, *A sombra descalza* (2006), acaba de ser incluída na lista de honra da asociación International Board on Books for Young People (IBBY), relacionada coa literatura infantil e xuvenil de todo o mundo. Explica que o catálogo completo de todas as obras seleccionadas sairá á luz en setembro no Congreso Mundial da IBBY en Copenhague. Por último, resume o argumento da novela *A sombra descalza*.

Fernández, R., "25 anos facendo país Carrabouxo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Aniversario", 20 xaneiro 2008, p. 5.

Comeza aludindo á entrega a Xosé Lois García do Premio Galicia Comunicación 2007 pola creación de "O Carrabouxo". Sinálase que este personaxe naceu como unha forma de manifestar a diario as frustacións do seu creador. Opina que se trata dunha técnica

simple de lapis e rotulador, pero que ten unha "alta calidade plástica" e que demostra que "os seus méritos non residen só no humor". A continuación, menciona algunhas das temáticas que frecuentemente se tratan nestas viñetas e para rematar, cóntase que o Ateneo Ourensán recolleu as cen mellores dos vinte e cinco anos de vida deste personaxe.

Fernández Paz, Agustín, "Loanza da filatelia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 outubro 2008, p. 77.

Reprodúcese a versión orixinal do relato "Loanza da filatelia", de Agustín Fernández Paz, acompañado dunha ilustración de Pablo Auladell.

Fernández Paz, Agustín, "Tres trazos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 5 decembro 2008, p. 8.

Acóllense nesta sección tres microrrelatos de Agustín Fernández Paz titulados "Os raros mecanismos da memoria", "Un conflicto teolóxico" e "Un caso de licantropía".

Flowers, Margarito, "Blindaje de seguridad total para recibir a Carlos Iturgaiz en el Carlos I de Sanxenxo", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 14 agosto 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, salienta a participación de Catel Muller e José L. Bocquet como autores invitados no Salón do Cómic da Coruña. Así mesmo, informa que BD Banda e Agpi van presentar as súas novidades.

Flowers, Margarito, "Sar, Sarela y los monstruos de Compostela", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 19 novembro 2008, contracuberta.

Dáse conta da publicación de *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (2007), editado polo Consorcio de Santiago coa colaboración de Kalandraka Editora. Dise que os autores da obra son Paco López-Barxas, xornalista, e Kiko Dasilva, debuxante. Infórmase que os protagonistas son dous gatos que van mostrándolles aos máis pequenos a cidade vella de Compostela.

Franco, Camilo, "Historieta galega' repasa los últimos 35 años del cómic gallego", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 5 marzo 2008, p. 56.

Coméntase que se está a levar a cabo no Auditorio de Galicia até o 8 de xuño a mostra *A Historieta Galega 1973-2008*, na que se fai un percorrido polos últimos trinta e cinco anos da historieta galega. Nesta mostra, comisionada por Fausto Isorna e Gemma Sesar, participarán setenta autores cun total de trescentas obras orixinais, coas que se pretende amosar ao público a evolución cronolóxica deste xénero artístico. Segundo os comisarios, o maior logro desta arte foi a publicación da revista *Golfiño*.

Franco, Camilo, "Viñeta a viñeta", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 19 marzo 2008, p. L7.

Infórmase da presentación no Auditorio de Galicia até o 8 de marzo "a historia da historieta", concretamente na mostra *A Historieta Galega 1973-2008*, na que se amosa o proceso de nacemento e maduración do cómic en Galicia. Un xénero que, segundo se recolle no artigo, se caracteriza pola súa frescura.

Gallas Otero, Lidia M., "Escritores e ilustradores animan a ler cunha curiosa exposición dirixida ós máis pequenos", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 21 setembro 2008, p. 29.

Fai referencia á mostra "Plantando libros", realizada no Auditorio Municipal de Ribeira por diversos escritores e ilustradores da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI). Trátase dunha exposición que ten como tema central a relación entre os libros e a natureza, e que pretende animar a ler amosando unha colección de ilustracións que serviron de inspiración a escritores. Dise que, entre os escritores que ofreceron a súa versión dos debuxos, se atopan Yolanda Castaño, Tucho Calvo, Paula Carballeira, Helena Villar Janeiro, Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo. Trátase, pois, dunha mostra moi variada, en canto a estilos e idades, que incluso participou na Feira da Habana.

García, Rodri, "As primeiras xornadas de manga en galego proxectan películas e series televisivas nunca vistas en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 agosto 2008, p. 36.

Refire que a Asociación Anime Mangalego celebra as primeiras xornadas do manga na Coruña. Comenta que se poderán ver as series de animación e películas na Fundación Caixa Galicia e indica que os asistentes á inauguración apareceron disfrazados dos seus personaxes preferidos. Por último, dá conta das proxeccións que se van ver.

García, Rodri, "A lectura diaria nas aulas galegas, un novo intento de gañar lectores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 outubro 2008, p. 58.

Recolle diversas declaracións de profesores, escritores e editores en relación co novo Proxecto Lector de Centro, un plan que pretende fomentar o hábito lector no ensino medio mediante uns minutos diarios de lectura na propia aula. Dise que cada centro é libre de facer as recomendacións de libros que considere máis axeitadas, pero contan coa axuda de informacións coma a páxina do servizo de bibliotecas da Xunta; os libros gañadores dos premios literarios, sobre todo o Arcebispo San Clemente; a lista de honra do IBBY, na que figuran títulos coma *Cando petan pola noite* (1994), de Xavier Docampo, ou as novidades das editoriais. Saliéntase que este tipo de programas son necesarios porque nos fogares hai falta de hábito lector, segundo indican moitos dos expertos interrogados. Así recóllense declaracións de Luís González Tosar, presidente do PEN Club de Galicia e profesor de instituto, quen ve un problema no feito de que se seguen a recomendar libros por inercia, que non son os máis axeitados para os rapaces,

como *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo. Pola contra, Anxo Angueira, docente e escritor, declara que é partidario de que o alumnado coñeza os clásicos, e afirma que *A esmorga* e a obra de Castelao, Rosalía e Pondal "funcionan de marabilla". Tamén Xavier Seoane, poeta e profesor, ve o maior problema no descoñecemento dos clásicos da literatura universal, como Proust, Horacio ou Dante; mentres que Celia Torres, da editorial Xerais, sinala como obras con moita aceptación *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas; *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, *Morning Star*, de Xosé Miranda, *O Hobbit*, ou as traducións ao galego dos libros de Julio Verne. Finalmente sinálase que outro xeito de que os rapaces se impliquen na lectura é facer que eles mesmos sexan o xurado encargado de conceder premios, coma o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil, que este ano lle foi outorgado a Marilar Aleixandre por *A cabeza da medusa*, ou o premio Arcebispo San Clemente.

García Márquez, Marta, "O tebeo conquista a 26 edición do Salón do Cómic de Barcelona", *El Ideal Gallego,* "A Coruña Cultura", "Mercado", 20 abril 2008, p. 15.

Recórdase que acaba de rematar a 26 edición do Cómic de Barcelona, que contou cunha destacada representación do mundo do tebeo, pois tres das sete exposicións estaban baseadas neste campo. Ditas exposicións corrían a cargo de David Rubín, o coruñés Miguelanxo Prado e o colectivo Polaqia. Nesta actividade tamén participou, por segundo ano consecutivo, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia cun stand onde estaban representadas as distintas editoriais galegas.

García Márquez, Marta, "A eira de trigo que soa a rock&roll", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 6 xuño 2008, p. 15.

Informa da versión que fixeron os alumnos do colexio Curros Enríquez da Coruña do poema "Unha noite na eira do trigo", do propio Curros, ao cumprírense 139 anos do momento no que o escritor e Alonso Salgado musicaron o tema. Dise que se trata dunha versión a ritmo de rock and roll feita por Víctor Aneiros. Saliéntase que o centenario do pasamento do poeta tamén será conmemorado mediante recitais, representacións de teatro, himnos e traballos.

García Márquez, Marta, "La Fundación Caixa Galicia acogerá por primera vez 'Viñetas desde o Atlántico", *El Ideal Gallego,* "A Coruña Cultura", "Programación", 10 xuño 2008, p. 14.

Anúnciase que se cambiará o lugar de celebración de "Viñetas do Atlántico", deixando de celebrarse no Kiosco Alfonso, por albergar este ano unha exposición sobre "Alfonso IX y su época", para exporse na Fundación Caixa Galicia, dende o 11 ao 17 de agosto. Respecto ao proxecto dun museo premanente sobre o cómic, Miguelanxo Prado declara que o tema está en "stand by".

García Márquez, Marta, "Un tebeo concienciado co mundo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 12 agosto 2008, p. 12/*Diario de Ferrol*, "Provincia", p. 18.

Achega os comentarios do director do Salón do Cómic da Coruña, Miguelanxo Prado. Explica que este encontro anual se está consolidando cada vez máis e mostra o mundo do cómic dende diversos puntos. Salienta que a edición deste ano trata os temas do compromiso social, o autismo, o mundo homosexual ou aos avós coidadores dos netos. Tamén destaca a presenza da Torre de Hércules como tema das historietas.

García Márquez, Marta, "Porque manga no significa tatami", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 19 agosto 2008, p. 14.

Comenta que a Asociación de Anime "Mangalego" vai celebrar as primeiras xornadas sobre o manga, importadas dende Xapón. Salienta que esta iniciativa inclúe algunhas xoias do manga dos últimos anos e indica que haberá doce series, algunhas inéditas, que se exporán na Fundación Caixa Galicia.

Geli, Carles, "Elemental, querido Arthur", *El País*, "Vida&artes", 7 febrero 2008, p. 46.

Infórmase da publicación dun libro sobre os crimes que investigou Arthur Conan Doyle, o "pai" de Sherlock Holmes, que se documentaba e investigaba sobre cada caso real, como foi o do acoso incensante que sufriu o inglés de orixe india George Edjali, e achegando incluso a súa propia opinión personal sobre estes casos.

Giadás, Luís, "O máis audaz dos piratas", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 20 xaneiro 2008, p. 19.

No contexto da literatura infantil de aventuras cita *A illa do tesouro* (Xerais, 1984), de Robert Louis Stevenson pola admiración que declara Dick, un dos seus personaxes, por Howel Davis. A continuación céntrase na figura deste pirata e nas súas andainas.

G. M. O., "¡Feliz cumpleaños, Hans Andersen!", *La Opinión,* "A Coruña", 3 abril 2008, p. 13.

Faise mención da lectura do conto *El patito feo* e unha proxección sobre a historia dos debuxos, que se levou a cabo na Biblioteca de Deputación da Coruña co gallo do aniversario de Hans Christian Andersen, autor de contos como *Pulgarcito*, *La Sirenita* y *El sastrecillo valiente*, que coincide tamén co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Gómez, Chus, "A lectura convérsese na mellor das medicinas para pequenos e maiores", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Caldas", 10 abril 2008, p. 23.

Dáse conta de que nos centros de saúde de Caldas de Reis e de Cuntis estase a levar a cabo a iniciativa "Lendo espero", que consiste en que os nenos se acostumen a ler mentres esperan para entrar na consulta do seu médico. Ademais de ser un modo de amenizarlles a espera, servirá para inculcarlles un costume e gusto pola lectura. Esta iniciativa estase a levar a cabo pola Consellería de Cultura en máis concellos de Galicia.

Gómez, Chus, "Porque a Biblioteca non ten idade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 11 xuño 2008, p. 5.

Infórmase das actividades realizadas pola Biblioteca de Caldas de Reis para promover a lectura entre todas as idades, incluso entre os máis pequenos. De feito dedicouse un día para que os rapaces se achegasen á biblioteca e pudiesen escoitar contos como *Paco, o rato da lúa*, e ademais aprenderon que non todos os libros son iguais, nin no sentido material nin no seu contido. Nesta iniciativa tamén participou Yolanda Castaño que impartiu un obradoiro sobre poesía.

Gómez, Jose, "Unha literatura en auxe", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 477, "Reportaxe", 20 abril 2008, pp. 2-3.

Coméntase que a Literatura Infantil e Xuvenil está a avanzar e evolucionar e a deixar de ser considerada a "irmá menor" da Literatura con maiúsculas e a se converter no "atesouramento dun dos grandes valores -e posibilidades das letras galegas". Cítanse algúns exemplos, como é Antón Cortizas, que acaba de publicar *Os amores de Bruno*; Mercedes Zaera, autora de *Un niño no piñeiral*; a contacontos Paula Carballeira e Carlos Labraña, membro do Colectivo Garola e membro de Gálix.

Gutiérrez Sas, Fran, "El Salón do Cómic de Cangas contará con el autor de la polémica portada de 'El Jueves", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 6 xullo 2008, p. 45.

Breve noticia na que se informa da asistencia ao Salón do Cómic de Cangas de Manel Fontdevila, coautor da polémica portada da revista *El Jueves*, na que aparecían os Príncipes de Asturias e que provocou o secuestro xudicial do número do semanario. Tamén se apunta o nome de outros asistentes ao Salón, como o pontevedrés Tirso Cons, afincado en Madrid ou Luis Davila, colaborador do *Faro de Vigo*, do que se anuncia a presentación do seu libro *Jalisia Kaníbal*.

Iglesias, Ana, "Historia del cómic gallego", *El Correo Gallego,* "Santiago", "Exposición", 7 marzo 2008, p. 29.

Anúnciase que até o 8 de xuño vaise levar a cabo no Auditorio de Galicia a mostra *A Historieta Galega 1973-2008*, na que se fai un percorrido polos últimos trinta e cinco anos da historieta galega, "dende o ano 1973 ata a actualidade". Nesta mostra, comisionada por Fausto Isorna e Gemma Sesar, participaron setenta autores cun total de trescentas obras orixinais, coas que se pretende amosar ao público a evolución cronolóxica deste xénero artístico. Segundo os comisarios, o maior logro desta arte foi a publicación da revista *Golfiño*.

Iglesias, José, "De fotos, libros y exposiciones", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 2 xullo 2008, p. 78.

Informa da presenza do escritor Agustín Fernández Paz na Feira do Libro de Vigo para firmar o seu libro, *O único que queda é o amor* (2007), que trata o amor en todas as súas variantes, dende o primeiro amor adolescente até o que se mantén máis aló da morte.

Iglesias, Óscar, "Pioneros de la banda deseñada", *El País,* "Galicia", 6 marzo 2008, p. 12.

Coméntase que se está a realizar no Auditorio de Galicia unha exposición chamada *Historieta Galega 1973-2008* na que se fai un repaso á historia do cómic. Nesta exposición faise unha homenaxe a Xaquín Marín, tótem da banda deseñada, sendo o único que está presente en todos os bloques da mostra.

Iglesias, Óscar, "Buscando un Harry Potter galego", *El País*, "*Luces*", "Galicia", 18 abril 2008, p. 11.

Destácase o labor que está a ter o campo editorial galego na difusión da Literatura Infantil e Xuvenil. En primeiro lugar destaca que os dereitos da obra J. K. Rowling, a saga de Harry Potter, son para a editorial Salamandra. Ademais tamén se conta coas versións galegas de exitosas obras do momento como é *O neno de pixama a raias* (2007), de John Boyne ou *A aurora boreal* (2007), de Philip Pullman. Saliéntase que Xosé Miranda trata de conseguir un Harry Potter galego coa creación do personaxe o mago Amancio Amigo, ilustrado por Patricia Castelao.

Iglesias, Óscar, "Vender ficción", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 abril 2008, p. 11.

Infórmase que, segundo o Anuario de Estatísticas Culturais de 2006, a literatura infantil e xuvenil acada case o dobre de beneficios anuais que a literatura para adultos. Destácase neste artigo a necesidade de que a literatura para nenos se amolde ás demandas do ensino.

I. H., "La novena edición de la Bienal de Caricatura exhibe los mejores trabajos de los autores gallegos", *La Región*, "Ourense", 5 marzo 2008, p. 8.

Dáse conta da inauguración da IX Bienal de Caricatura de Ourense, que acolle a exposición "Homenaxe ao Carrabouxo" no seu vixésimo quinto aniversario, así como outra que conta coa participación de vinteseis autores, entre os que salientan Kiko da Silva, Xosé Tomás, Xaquín Marín, Miguelanxo Prado e Quesada.

Jabois, Manuel, "Baixo a choiva, un mar de libros", *Diario de Pontevedra*, "VivirAquí", "Cultura", 18 xaneiro 2008, p. 72.

Dá conta da presentación da edición 2008 do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que se vai levar a cabo no Pazo de Cultura de Pontevedra do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro do 2008. Ademais anúnciase que realizarán proxeccións e representacións teatrais no

Teatro Principal pontevedrés.

Jabois, Manuel, "Vento nas velas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 xaneiro 2008, p. 75.

Informa que Miguelanxo Prado e Nani García impartiron clases maxistrais no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Falan sobre a experiencia da súa participación no Salón e tamén da creación da exitosa película *De profundis*, "unha grande revelación do audiovisual español".

Jaureguizar, "Cómic galego dende Xenebra a 'Barsowia", *El Progreso*, "Vivir", "A 'historieta' da historieta", 6 marzo 2008, pp. 66-67.

Comenta que se está a realizar no Auditorio de Galicia unha mostra na que se recolle a andaina do cómic galego dende os inicios no ano 1973 até a actualidade. Sinala que a exposición se chama *A Historieta Galega. 1973-2008* e que está comisionada por Fausto Isorna e Gemma Sesar. Explica que na exposición recóllense as primeiras mostras do cómic galego, no ano 1973, na revista Cova, pasando polo século XIX, onde xorde o antecedente galego, porque aínda non nacera a prensa, até a actualidade con Miguelanxo Prado.

Jaureguizar, "De tapa dura e en galego", *El Progreso,* "Vivir", "Unha década", 20 abril 2008, p. 66.

Recórdase que en abril de 1998 a Editorial Kalandraka comezou a editar libros infantís "de tapa dura e en galego" para loitar contra o baixo número de libros en galego no ámbito infantil. Afirma que este propósito foi todo un éxito e que dez anos despois a editorial márcase outro reto, editar libros en italiano. Comeza coa colección "Libri per sognare". Tamén se fala doutros proxectos complementarios aos de Kalandraka como son os de Faktoría K e OQO.

Jaureguizar, "Manuel Rivas adéntrase na literatura infantil cun conto sobre a natureza", El Progreso, "Vivir", "Cultura", 3 setembro 2008, p. 70.

Anúnciase a próxima publicación do relato *O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas, que inclúe ilustracións de Patricia Castelao e será editado por Xerais na colección "Merlín". Acóllense as palabras de Manuel Rivas falando do argumento da obra que se basea na relación entre un neno e un sombreiro. Tamén xustifica a súa incursión no ámbito infantil. Finalmente anúnciase o lanzamento do seu novo poemario, *Herbas de cego*, que se publicará a modo de caderno de arte con láminas de Xosé Luís de Dios.

J. G., "Os Bolechas queren aprender a reducir", *Diario de Ferrol*, "Iniciativa", 13 febreiro 2008, contracuberta.

Infórmase que os Bolechas se unen á reciclaxe apoiando á Sociedade Galega do Medio

Ambiente, Sogama, que está a levar a cabo unha campaña de educación ambiental en materia de prevención e reducción de residuos. Co fin de concienciar aos máis pequenos, incluíuse na campaña á familia dos Bolechas, concretamente o libro *Os Bolechas queren saber… como producir menos lixo*.

Lamas, Jorge, "Kiko da Silva descobre o segredo das súas ilustracións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2008, p. 54.

Comenta que o ilustrador Kiko da Silva vai presentar o seu traballo dende 1998 a través dunha exposición na galería viguesa Chroma, titulada "Arte de libro". Indica que a mostra consta de trinta e dous obxectos e Da Silva explica que as súas creacións dan moito traballo xa que non están feitas por ordenador. Salienta que a exposición se inicia coas ilustracións feitas para o libro *Cando Martiño quixo mexar na noite de Reis* (1999).

L. B., "Mestre, ilustrador e todo arte coa acuarela", *Diario de Arousa*, 20 febreiro 2008, contracuberta.

Dá conta da exposición de debuxo que vai presentar Eduardo Baamonde, artista que tamén se dedica á literatura infantil, poñendo os seus debuxos a moitos textos. Así mesmo, tamén comenta que en 2005 e 2006 publicou dous contos escritos e ilustrados por el: *Tanta miga e a súa barriga* e *Plexiflai non foi ao festival*.

L. G., "Traballando na corresponsabilidade', campaña europea para crear un novo modelo de relacións", *La Voz de Galicia,* "Barbanza-Muros-Noia", 12 xaneiro 2008, p. L5.

Dáse conta de que a Deputación da Coruña está a participar nunca campaña de sensibilización sobre os papeis masculino e feminino, chámase *Traballando na corresponsabilidade*. Para iso cóntase coa versión galega do libro de Anthony Browne, *O libro dos porcos* (2006). Respecto a este libro o responsábel de Kalandraka, editorial que publicou o libro, Xosé Ballesteros, di que está "de rabiosa actualidade, que xoga con elementos surrealistas para traballar a realidade cotidiana".

L. G., "Cando ler se converte nunha animada tarefa", *Diario de Arousa*, 22 outubro 2008, contracuberta.

Informa que o Colectivo Casaescola está a organizar os segundos encontros de animación á lectura no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Comenta que participou o poeta e narrador Federico Martín, quen contou historias de tradición oral como o conto da *Ratiña presumida*, mais con novas imaxes adaptadas aos tempos de hoxe. Finalmente apunta que outro dos participantes será José Antonio López Parreño "Rodorín".

L. G., "Coñecer o galego con xogos, contos e música", *Diario de Arousa*, 12 novembro 2008, contracuberta.

Refire que a Concellería de Educación de Vilagarcía vai organizar unhas xornadas de animación á lectura en lingua galega e, para iso, conta coa axuda da editorial Kalandraka e máis da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Explica que as actividades serán contacontos, música, exposicións e obradoiros de escritura e están divididas en dúas partes: para os nenos de entre catro e oito anos e para os rapaces de entre nove e once anos. Tamén dá conta dalgúns dos colexios nos que se van desenvolver as actividades.

L. G., "A literatura infantil convértese en pintura", *Diario de Arousa*, 26 novembro 2008, contracuberta.

Informa que chega ao seu fin a exposición organizada por Kalandraka sobre as ilustracións das súas obras editadas que estaba exposta na Biblioteca Rosalía de Castro de Vilagarcía. Comenta que o proxecto se titulou "Cantar e contar" e incluía actividades para nenos de entre catro e oito anos e de entre nove e once anos. Tamén salienta que haberá sesión de contacontos e música.

López, Belén, "Á abordaxe, meus lectores!", *Diario de Pontevedra,* "VivirAquí", 28 xaneiro 2008, p. 73.

Anúnciase que se está a levar a cabo en Pontevedra o IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Neste Salón dise que se farán lecturas, representacións e clases maxistrais para amosarlles a nenos e adultos a riqueza e variedade da Literatura Infantil en galego.

López, Belén, "Kalandraka mete cinco libros no Plan de Lectura de México", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 1 decembro 2008, p. 61.

Dá conta do comezo da Feira Internacional do Libro de Guadalajara en México e comenta que nesta edición a editorial Kalandraka conta cun posto de dezaoito metros cadrados no que expoñerá as súas novidades, entre elas, a obra de Natalia Colombo, *Cerca*. Tamén sinala que presentarán os cinco títulos de "Libros para Soñar", que serán incluídos no Plan Nacional de Lectura de México.

Lorenzo, P., "Galicia, capital da edición", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Feira do Libro de Boloña", 1 abril 2008, p. 43.

Comunícase que a Cidade da Cultura de Santiago acaba de ser elixida sede na que se albergará a partir do ano 2009 o Centro IBBY de Literatura Infantil e Xuvenil para a Diversidade Cultural. Sinálase que esta sede contará cunha ampla rede dixital que permitirá acceder aos seus fondos.

L. R., "Un viaje por el Camino de Santiago a través de los cuentos", *La Región*, "Ciudad", 12 febreiro 2008, p. 14.

Dáse noticia da posta en marcha do Plan Xacobeo, en colaboración con OQO Editora, para que os nenos de Galicia coñezan a importancia do Camiño de Santiago. Considérase que o modo máis ameno e divertido de facelo é a través dos contos sobre o mesmo.

L. R., "Os retos de educar os menores de tres anos", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "A Aldea Global", 3-9 xullo 2008, p. 2.

Recorda que entre o pasado 27 e 29 de xuño se celebrou no Pazo de Congresos de Santiago o I Congreso Galego de Educación Infantil, no que se trataron as prácticas de ensino que se poden levar a cabo con nenos de 0 a 3 anos. Tamén sinala que nel se presentaron novos libros dos Bolechas dirixidos a estes nenos, concretamente a colección "Os libros de Tatá", protagonizada polo personaxe máis pequeno da familia dos Bolechas, editada por A Nosa Terra. Indica que a editorial presentou tamén libros para xogar na auga e libros-coche. Así mesmo, refire que a editorial Galaxia e Espiral Maior presentaron as súas edicións e indica que a Asociación Galega de Editores deu a coñecer unha mostra de libros.

L. R., "Las 'Xornadas de Banda Deseñada' abren en octubre con hasta ocho exposiciones", *La Región*, "Ourense", 29 setembro 2008, p. 6.

Comenta que se vai celebrar en Ourense a XX edición das Xornadas de Banda Deseñada. Salienta que a mostra acolle exposicións monográficas sobre Rachel Deville, Enrique Flores, Felipe Hernández de Cava, Filipe Abranches ou Roque Romero, e as exposicións colectivas recollen os traballos dos galegos David Rubín e Miguel Porto. Así mesmo, refire que se fará un recorrido polos carteis e portadas da revista *O Fanzine das Xornadas* e indica que tamén se incorporan proxeccións de cinema.

Malvido, Gemma, "Viñetas para todos los gustos", *La Opinión*, "A Coruña", 12 agosto 2008, pp. 8-9.

Dá conta da inauguración da décimo primeira edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" que se celebra en distintas sedes da cidade da Coruña. En palabras do seu director, Miguelanxo Prado, salienta que esta edición é a da madurez e a profundidade, onde o público pode atopar temas do máis variado. Así mesmo, destaca como novidade a presenza de videoxogos e mais unha mostra sobre os fondos de banda deseñada que existen nas bibliotecas municipais. A continuación, ofrece información sobre os horarios das presentacións e destaca que hai un espazo dedicado ao artista Francisco Solano López.

Malvido, Gemma, "Las historias del interior", *La Opinión*, "A Coruña", 13 agosto 2008, p. 11.

Céntrase nas obras de Olivier Ka, *¿Por qué he matado a Pierre?* e de Howard Cruse, *Stuck ruber baby*, por estaren expostas no Palacio de Exposicións e Congresos na Coruña. A autora informa de que ambas creacións son autobiográficas, pois as historias

que nelas se contan, aínda que non idénticas, son moi semellantes ás vivencias dos autores. Xunto con estes traballos está tamén o primeiro traballo longo de Xosé Tomás, *Tolos* e as obras de David Aja e Daniel Acuña.

Malvido, Gemma, "Memoria viva de la viñeta", *La Opinión*, "A Coruña", 14 agosto 2008, p. 11.

Describe a visita do artista Francisco Solano ao Salón do Cómic da Coruña e como o autor realizou un repaso da súa obra exposta. Tamén informa que na Fundación Caixa Galicia a editorial BD e o grupo AGPI van presentar as súas novidades editoriais.

maré, "Trucos de escritor na Biblioteca da Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2008, p. 42.

Dá conta da participación de Fernando Moreiras no Taller de escritura "Conta a túa propia historia", organizado pola Biblioteca Municipal e destinado a mozos de catorce a dezaoito anos. Comenta que Moreiras falará sobre as traducións ao galego e, concretamente, sobre a súa tradución da obra de Philip Pullman, *A aurora boreal*. De seguido, indica que os mozos do taller xa contaron coa presenza de Miguelanxo Prado e Lino Braxe e informa que as clases maxistrais correrán a cargo de Xesús Fraga.

maré, "Edicións 'de calidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 28 marzo 2008, p. 39.

Infórmase de que os White Ravens acaban de elixir a obra *O sorriso de Daniela* (2007), da escritora Carmen Gil e publicada por Kalandraka como "un dos mellores álbumes infantís publicados en toda España durante o pasado ano". Por outra banda, tamén foi recoñecido o labor e a calidade literaria e gráfica da obra *Ovos duros* (2007), adaptación a cargo de Marisa Nuñez do conto popular do Magreb e publicado por OQO.

maré, " O Principiño' chega á Feira do Libro de Lalín", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Mostra", 17 abril 2008, p. 35.

Anúnciase que se vai inaugurar a Feira do Libro de Lalín, que conta co pregón inicial do escritor Xosé Neira Vilas. Nesta feira presentarase unha exposición antolóxica do libro *Le petit prince* (*O principiño*) de Saint Exupéry. Esta exposición vai incluída nunha máis ampla, dirixida especialmente aos escolares: "Os mundos de Carlos Casares", da Fundación Carlos Casares, autor que a mediados dos anos oitenta traduciu ao galego *O principiño*.

maré, "Viñetas do Atlántico' trae a Cruse, creador do cómic gay", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 agosto 2008, p. 29.

Anúncianse as exposicións do Salón Internacional do Cómic, "Viñetas dende o Atlántico", na Coruña. Dise que unha das actividades levadas a cabo será na Fundación Caixa Galicia, onde se farán as presentacións das editoriais Cerditos de Guinea, El

Patito e do álbum *Tolos*, do debuxante galego Xosé Tomás. Salienta que como estrelas desta cita do cómic están Howard Cruse, autor da tira *Wendel* e Oliver Ka, que se converteu nun dos grandes do cómic francés grazas a *Por que matei a Pierre*.

Martínez, Cecilia, "El Salón del Cómic comenzará el día 21", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 6 xullo 2008, p. 16.

Noticia na que se informa da celebración da duodécima edición do Salón do Cómic en Cangas. Infórmase das actividades e os eventos que terán lugar. Así mesmo, menciónase a algúns dos participantes, como Manel Fontdevila, Tirso Cons, Al Barrionuevo, Jvlivs e Luis Dávila.

Martínez, Cecilia, "El Salón del Cómic de Cangas se abre mañana con varias actividades", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Cangas", 20 xullo 2008, p.15.

Dáse noticia da próxima inauguración do Salón do Cómic de Cangas que contará con diversas actividades entre as que se atopan un taller de debuxo impartido por Luis Davila e Jvlivs, a proxección do filme de animación "El motorista fantasma" e a exposición en diversos lugares da vila de viñetas de Kano, Kiko da Silva, Mónica & Bea, Fran Bueno, Tirso Cons, Al Barrionuevo e Manel Fontdevila, entre outros moitos.

Martínez, Cecilia, "El Salón del Cómic de Cangas atrae a los más pequeños con talleres de dibujo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 23 xullo 2008, p. 76.

Dá conta da realización dunha das actividades do XII Salón Internacional do Cómic de Cangas. Comenta que ademais dos grandes debuxantes tamén os rapaces poden participar en talleres de debuxo e caricaturas, como o xogo do "cadáver exquisito".

Mato, Mar, "O papel resiste ao libro do futuro", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 24 xaneiro 2008, p. 43/"O papel resiste ao libro electrónico", *La Opinión*, "Cultura", 27 xaneiro 2008, p. 73.

Infórmase que na era das novas tecnoloxías Edicións Xerais vai publicar a obra de Paula Carballeira, *Boas Noites*, nun libro DVD con xogos interactivos. Con isto preténdese que os máis novos se acostumen a usar os aparatos dixitais. Dise que aínda que se conta con innovacións coma estas, os escritores teñen a esperanza de que non desapareza o libro tradicional.

Mauleón, Amaia, "Só un segundo', de Kalandraka, premio Daniel Gil al mejor Libro Infantil", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 21 febreiro 2008, p. 40.

Comunícase que o libro *Só un segundo* (2007) de Kalandraka acaba de conseguir o Premio Daniel Gil de Diseño Editorial ao mellor Libro Infantil. Apúntase que o autor é Silvio Freytes e que as ilustracións e o deseño do libro corren a cargo do brasileño Flavio Morais, que se inspiró na cultura do seu país para levar a cabo esta creación.

M. B., "Literatura de auga e sal", *A Nosa Terra*, n.º 1.295, "Cultura", 24-30 xaneiro 2008, p. 39.

Coméntase que o Salón do Libro Infantil de Pontevedra terá como protagonista ao mar e mais a Cuba. Fálase da variada programación, con teatro, obradoiros de literatura, contacontos ou música, e destácase a presenza de autores como Miguel Anxo Prado, Marta Dacosta, Darío X. Cabana e Paco Martín. Indícase que nel se tributará unha homenaxe a Xabier P. Docampo e que nesta edición contará con novos espazos como a Biblioteca Pública, o Instituto Torrente Ballester, o Teatro Principal ou a Galería Sargadelos. Conclúe afirmando que os organizadores deste Salón colgarán na súa páxina web unha escolma de douscentos libros recomendados relacionados co mar.

M. B., "Ánxela Gracián gana el VII Premio de Tradución Plácido Castro, de 3.000 €", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 6 abril 2008, p. 20.

Coméntase que a gañadora do premio Plácido Castro de Tradución, na súa VII edición, é Ánxela Gracián por traducir á lingua galega a obra clásica de Julio Verne, *A illa misteriosa.* Dáse conta dos membros do xurado, da contía do premio e que pretende estimular a incorporación de grandes obras universais ao idioma galego.

M. B., "Os Bolechas en Beixing", *A Nosa Terra*, n.º 1.321, "Aaldeaglobal", 31 xullo-6 agosto 2008, p. 2.

Dá conta da campaña posta en marcha pola cadea de supermercados Gadis, a Dirección Xeral para o Deporte a e Editorial A Nosa Terra que le va o título de "Os Bolechas, Beixing 2008". Sinala que esta campaña consistirá en repartir álbums de cromos e follas de adhesivos dos pequenos de Pepe Carreiro nos supermercados Gadis. Apunta que con este feito pretenden facer fincapé na presenza galega nos xogos olímpicos de China.

M. C. S., "Lendo espero polo doctor", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 14 marzo 2008, p. 24.

Dise que en Carballo, concretamente nos seus centros médicos estase a levar a cabo o proxecto "Lendo espero", que consiste en que mentres os nenos esperan para ser atendidos polo seu doutor poden ler un libro e así lle van collendo gusto a este hábito e que ademais, "o libro chegue a tódolos momentos da actividade ordinaria".

M. D., "Normalizar a través da literatura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2008, p. 33.

Comenta que a editorial Factoría K presentou a obra de Philip Pullman, *A aurora boreal* (2007), traducida ao galego por Fernando Moreiras, sobre a que aclara que se trata da primeira entrega dunha triloxía. Sinala que se trata dunha historia ambientada na época victoriana e que introduce elementos filosóficos, científicos e existenciais, un aspecto

que obrigou ao tradutor a realizar unha investigación previa.

M. G. M, "Howard Cruse y Olivier Ka, referentes del cómic más social", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 13 agosto 2008, p. 15.

Reflicte as opinións de Howard Cruse e Olivier Ka durante a súa comparecencia na Fundación Caixa Galicia. Dise que *Stuck ruber baby* (Cruse) e *Por qué he matado a Pierce* (Ka) son as súas últimas obras. Os autores destacaron no encontro que as súas son obras que enmarcan as relacións humanas, que serven para falar da sociedade na que vivimos. Apunta que durante o encontro na Fundación, tamén fixo acto de presenza Xosé Tomás, o autor de *Tolos*, que destacou a concisión do cómic para describir emocións.

Mínguez, Carlos, "Esos grandes y pequeños lectores", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 51/"No hay quien les gane: los niños son los mayores devoradores de libros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 50/"Las letras son cada vez más jóvenes", *El Progreso*, "Vivir", p. 45/"Los niños españoles de entre 10 y 13 años son los mayores 'devoradores' de libros", *La Región*, "Sociedad", p. 58/"Los grandes devoradores de libros son lectores menores de 14 años", *La Opinión*, "Cultura", 29 decembro 2008, p. 36.

Ofrece os datos sobre os hábitos de lectura no país e salienta que o maior índice de lectores se atopa nos rapaces de entre dez e trece anos, pola contra, a poboación maior de catorce anos só alcanza un cincuenta e tres por cento no índice lector. A continuación, expón os comentarios da editorial Kalandraka quen asegura que ese índice de lectura entre os máis pequenos é debido a que son fillos dunha xeración de pais lectores e, segundo o Anuario da Editorial SM, a industria atópase nun momento forte e estábel. Así mesmo, achega os comentarios de Elsa Aguiar e de Victoria Fernández, as cales valoran o traballo realizado polos colexios e as bibliotecas, ademais de salientar os proxectos de fomento da lectura entre os máis novos. En columna á parte, destaca que a literatura infantil e xuvenil está a vivir unha época de éxito xa que os rapaces perderon o medo aos libros "gordos" e len máis por pracer que por obriga.

M. L. I. T., "El cuento protagonizará el Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Cambados", 1 abril 2008, p. 14.

Anúnciase que o vindeiro 2 de Abril vaise celebrar en Cambados o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. A data elixida está vinculada co protagonista deste novo encontro, o conto, pois coincide co día en que naceu en Dinamarca o escritor Hans Christian Andersen, creador dun grande número de contos míticos.

M. O., "Sen príncipes nin princesas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 248, "Letras en galego", 2 febreiro 2008, p. 11.

Coméntase que Ánxeles Ferrer publica en Everest Galicia, na Colección Rañaceos o libro infantil, para maiores de oito anos, *Aiko* (2007). Nesta obra fálase da emigración e

pobreza ambientada nun paradóxico lugar, que está preto e lonxe á vez.

Morell, Lázaro, "Los Polaqia, antológicos", *El Progreso*, "Vivir-Ocio", 24 febreiro 2008, p. 86.

Brevísima referencia a cinco páxinas web de interese. A primeira, www.revistaretranca.com, recolle fragmentos da revista de humor gráfico *Retranca*, iniciativa de Kiko da Silva. A segunda, www.redegalega.org/polaqia, é o espazo web da Asociación Cultural Polaqia e nela pódese acceder ás novelas gráficas dos seus membros, así coma consultar información sobre os seus galardóns e proxectos. A terceira páxina, www.bdbanda.com, é a versión dixital de *BD Banda*, revista de banda deseñada nada en 2001 por iniciativa de Kiko da Silva e Cano na librería "Paz" de Pontevedra. A cuarta páxina anunciada é www.culturagalega.org/bd/, enmarcada dentro do portal de comunicación do Consello da Cultura Galega e dedicada integramente ao cómic autóctono. E, finalmente, o quinto sitio web anunciado é a páxina persoal do debuxante de *O Progreso* Santy Gutierrez: www.santygutierrez.com.

M. P., "Marcelo N'Dong: 'En mi país cuento historias de Castelao y gustan mucho", *El Progreso*, "Lugo", "Emergentes", 5 marzo 2008, p. 10.

Marcelo N'Dong, contacontos de orixe guineana que narra historias tradicionais da cultura Fang, di que nesta cultura, coma noutras, os contos cumpren unha función pedagóxica, xa que transmiten valores como a unidade e teñen unha moralexa. Comenta que os contos africanos se basean no animismo, polo que os animais teñen o mesmo rango que os humanos, así o que máis choca en España é, por exemplo, que o fillo dunha tartaruga case co fillo dun rei. Para rematar, sinala que en Guinea conta historias de Castelao.

M. S., "Pescudar o horror a través dunha fábula", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 706, "Ó axexo dos libros", 27 abril 2008, p. 8.

Dá conta do enorme éxito que está a ter a novela de John Boyne, *O neno do pixama a raias*, e indica que saiu publicada a versión en galego en 2007, grazas ao traballo de Daniel Saavedra e editada por Faktoría K. Indica que se trata dunha fábula literaria para todos os públicos e salienta ao protagonista: un neno que descobre a traxedia do Holocausto.

M V I, "Galicia pilota en cómic", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 20 abril 2008, p. 69.

Dise que no recén clausurado Salón do Cómic de Barcelona a presenza dos galegos tivo moito éxito. O xurado premiou a *Fanzine Enfermo* como a millor publicación, xa extinto, do ano 2007. Por outra banda, o público otorgou os seus propios "galardóns" como é o caso de Alberto Vázquez, recoñecido como o mellor debuxante polo seu traballo en *El Evangelio de Judas* e a Antonio Seijas como mellor guionista por *Un hombre feliz*. Tamén lle concederon un recoñecemento a *Retranca*, como a mellor revista española de 2007.

N. A., "Cómic' en femenino singular", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 costados*", 15 abril 2008, p. 4.

Infórmase de que se están a expor até o 26 de abril na Biblioteca Central de Vigo algúns cómics orixinais da debuxante viguesa María Vilar. Dise que esta debuxante publicou entre o 2002 e o 2003 na revista anual *Golfiño* unha serie chamada *As aventuras de Ga*. Despois participou no Salón do Cómic de Barcelona e dende aquela traballa para a editorial *La Cúpula* cunha serie para adultos.

Neira Cruz, Xosé A., "Galicia no IBBY", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 7 abril 2008, p. 15.

Informa que Santiago foi aceptado como sede do 32º Congreso do IBBY (Internacional Board on Books for Young People), unha organización non gubernamental, e incluso pode ser elixida para liderar un proxecto do IBBY que se fará a través de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil).

Obelleiro, Paola, "Historieta de faros y animación 'manga' dan continuidad al salón de A Coruña", *El País*, "*Galicia*", 17 agosto 2008, p. 5.

Informa da continuación de eventos relacionados co Salón do Cómic da Coruña a pesar do peche deste. Salienta que o concello, a través da Concellería de Mocidade, celebrará durante tres días unhas xornadas de anime nas que se proxectarán en sesións de mañá e tarde, quince películas. Nesta programación, deseñada pola asociación cultural Mangalego, destacan as series *Code Geass* ou *Soul Eater*. A noticia tamén informa sobre a continuación da exposición no Aquarium Finisterrae dunha mostra sobre os faros de papel que aparecen ou protagonizan historietas como en *Trazo de tiza*, de Miguelanxo Prado. Tamén destaca a exposición da Fundación Caixa Galicia, "Fabulas", da editorial norteamericana DC. Salienta a presenza de Mark Buckingham, e por último informa da exposición na sede do Palexco do cómic *Mémoire dans les poches*, do francés Luc Brunschwig e con debuxos de Etienne Le Roux.

Obelleiro, Paola, "El salón del cómic de A Coruña cierra sus puertas con un saldo de 70.000 visitantes", *El País*, "*Galicia*", 18 agosto 2008, pp. 1-5.

Salienta a satisfacción de Miguelanxo Prado, director do Salón do Cómic na Coruña, tras o éxito desta décimo primeira edición. Comenta que o número de visitantes chegou a setenta mil como noutros anos e refire que o éxito do salón radica no amplo panorama de obras e artistas que ofrece e que este ano se centrou en temas sociais e máis comprometidos. A seguir, fai referencia ao éxito que está a ter o cómic galego, coa revista *Retranca*, dirixida por Kiko da Silva, dúas editoriais e tamén colectivos como Polaquia que edita a revista *Barsowia* e afeccionados. Por último, destaca outra novidade da edición que foi o uso de videoxogos.

Ocampo, Carlos, "Un nobel sensacional", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", "Literatura", 19 novembro 2008, p. 6.

Comenta que en galego foi publicado en 1987 a tradución da obra *Mondo e outras historias*, do Premio Nobel 2008 Gustave Le Clézio. Debate sobre a consideración de que este autor se encadre na Literatura infantil e xuvenil, xa que apunta que se trata de libros protagonizados por mozos mais que o fondo da historia é para un lectorado adulto e que a recompilación tamén se editou na literatura institucionalizada. Destaca a capacidade de Le Clézio para trasladar as sensacións dos personaxes e que estes se caracterizan por afastarse da sociedade para ascender e encontrarse coa luz e con personaxes que lle transmitan paz.

Ó. I., "A banda deseñada busca espazo no Saló del Còmic de Barcelona", *El País*, "*Luces*", "Galicia", 18 abril 2008, p. 12.

Anúnciase que a primeira participación galega no "Saló del Cómic" de Barcelona será un grande éxito para Galicia. Nesta mostra aproveitarase para que o director de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, presente a denominada *extratexia global de apoio á banda deseñada*.

Oliveira, V., "Os libros teñen que revolverse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2008, p. 28.

Comenta que Xesús Constenla vai presentar a súa nova novela, *Libro das Alquimias* (2007), no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Así mesmo, indica que a obra foi publicada por Galaxia na súa colección "Costa Oeste". Comenta que esta obra está dirixida a lectores a partir dos catorce anos e céntrase na historia dun rapaz que descobre a maxia dos libros. A continuación, achega os comentarios de Constenla sobre a situación actual do libro galego e considera que a nosa literatura deberiámola sacar ao exterior, dála a coñecer.

Oliveira, V., "Corsarios do século XX", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2008, p. 32.

Informa que o escritor Rafael Lema vai presentar en Santa Comba a súa última novela, *U-49*, publicada en galego pola editorial Edelvives en 2007. Comenta que se trata da historia dun submarino alemán que participou na I Guerra Mundial e que actuaba nas augas da Costa da Morte. Así mesmo, dá conta da situación dos pobos mariñeiros naquela época e, en relación á novela, destaca que moitos dos personaxes que aparecen no libro son reais, xa que utilizou moita documentación da época e tamén testemuñas orais.

Oliveira, V., "Bo balance das letras infantís e xuvenís fronte á poesía e ó teatro ", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 abril 2008, p. 67.

Faise un balance da Literatura Infantil e Xuvenil no Día Internacional de Literatura

Infantil e Xuvenil. Sinálase que o escritor e profesor da USC Xosé A. Neira achega as súas consideracións persoais sobre dito tema no informe elaborado para o *Anuario del Libro Infantil y Juvenil 2007* (Edicións SM), no que salienta a importancia deste tipo de literatura.

Otero, Marta, "Bloc", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xaneiro 2008, p. 2.

Faise eco do nacemento en Madrid da primeira revista internacional de arte e literatura infantil que leva o nome de *Bloc* e que está dirixida polo escritor galego Xavier P. Docampo.

Pardo, María, "Viñetas con conciencia social", *La Opinión*, "A Coruña", 27 xullo 2008, p. 13.

Comenta que un dos temas centrais do Salón do Cómic da Coruña deste ano é o cambio climático. Indica que a mostra, titulada "El planeta nos habla", está producida pola Fundación Divina Pastora e dirixida por Sergio Bleda e o obxectivo é concienciar o público sobre a necesidade de coidar o planeta. A seguir, resume a traxectoria artística de Bleda.

Parga, Grial, "Comics libres", *El Progreso*, "Lugo", "Mira 'Lugo", 2 xuño 2008, p. 8.

Noticia a raíz do proxecto "Anda na Banda" que organiza Lugo Cultura por segundo ano consecutivo. Informa que este proxecto realízase con cómics de autores. A continuación, nomea os lugares e infórmalles aos lectores que poden deixar os seus comentarios na páxina web www.andarnabanda.com.

P. C. R., "Clubes de Lectura, unha fórmula para fomentar o hábito nas aulas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol ciudad", "Convocatoria da Xunta", 8 xaneiro 2008, p. 6.

Infórmase de que como medio para fomentar a lectura, a Xunta de Galicia está a desenvolver uns Clubes de Lectura e dise que para levar a cabo esta animación á lectura a Xunta concedeu axudas a catro centros: os IES de Fene, As Telleiras de Narón, Castro da Uz e Moncho Valcárcel de As Pontes.

Peña, Abel, "Sólo es literatura por casualidad", *El Ideal Gallego*, 10 xaneiro 2008, contraportada.

Dá conta da publicación do único fanzine de literatura que existe na Coruña, baixo a dirección de dous estudiantes de Filoloxía. Sinala que o volume, que vai xa polo seu terceiro número, se presenta baixo o curioso nome de *Título*.

Peña, Abel, "Las viñetas más gallegas, en Guinea", *El Ideal Gallego*, "Normalización", 18 xaneiro 2008, contracuberta.

Informa da asociación cultural "Cerditos de Guinea" que preside David Prieto Seijo ("Gochi") en Oleiros e que ten como finalidade editar e distribuír cómics de autores galegos e en lingua galega. Acaban de publicar *A Santa Compaña* (2007), que conta co apoio da administración autonómica, malia non seren galegoparlantes ningún dos que interviron na realización do cómic.

Pereira, Damián, "Arousa 'receta' cultura y el Ministerio lo premia con libros", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Biblioteca' de A Illa", 23 xaneiro 2008, p. 22.

Dá conta de que o Ministro de Cultura acaba de entregar á Biblioteca Pública de A Illa de Arousa douscentos novos libros na súa mayoría infantís como premio á iniciativa que levaron a cabo con "Receitas de Lectura". Este programa consistiu en transladar parte dos libros da Biblioteca ao Centro de Saúde para que os pacientes puidesen ler mentres esperaban. En breve tamén van recibir una doazón do CSBG (Centro Superior Bibliográfico de Galicia).

Pérez, Marino, "Ya hay dibujantes para las viñetas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", p. 14/*Diario de Ferrol*, "A Coruña", "Provincia", 29 xullo 2008, p. 20.

Comenta que a organización do Salón do Cómic da Coruña xa ten o programa practicamente pechado pois dará comezo en dúas semanas. Salienta que un dos invitados será o artista Mark Buckingham, ademais de estar presente Howard Cruse e o francés Oliver Ka. Así mesmo, indica que terá un lugar especial a obra e a presenza do arxentino Solano López e refire que tamén se contará coa obra de Gallardo e Francisco Roca, aínda que estes non poderán acudir á cita.

Pérez, Marino, "Anjelica Houston falará galego", *El Ideal Gallego*, 29 agosto 2008, contracuberta.

Comenta que o artista David Rubín vai participar na rodaxe do filme *O espíritu do bosque* que é a continuación d'*O bosque animado*. Indica que a obra se vai repartir en máis de trinta países e será traducida dende o inglés ao galego, catalán e castelán. Informa que o preestreno se fará na cidade da Coruña.

Pino, Concha, "Libros que axudan a medrar", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Crónica", 3 abril 2008, p. L2.

Co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, o día 2 de abril, comenta que se inaugurou a oitava campaña de animación á lectura co lema "O eco da memoria" e di que algúns autores galegos tamén van participar coa publicación de obras como *Historia de Román o bombeiro* e *Minimaladas*, de Pinto&Chinto, entre outros.

Pino, Concha, "Protagonistas tras el mostrador", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", "Crónica", 3 abril 2008, p. L6.

Anuncia que Xosé Tomás inaugurará a mostra titulada "Tras o espello" no Centro Cultural e Xuvenil do Ensanche na que esporá noventa obras súas. Entre elas estará a maqueta dun personaxe do seu conto *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos* (2007).

Pino, Concha, "Cantera de músicos para el relevo", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", "Crónica", 20 novembro 2008, p. 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que o Consorcio de Santiago en colaboración coa editorial Kalandraka publicaron a obra infantil *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (2007), escrito por Paco López-Barxas e ilustrado por Kiko da Silva. Explica que os protagonistas do relato son dous gatos e que un dos eixes da historia son as gárgolas dos monumentos de Compostela.

Piñeiro González, Manuel, "Barrionuevo e Fontdevila pechan hoxe o Salón do Cómic de Cangas", *Faro de Vigo*, "Vigo", 26 xullo 2008, p. 13.

Dá conta do colofón do Salón do Cómic de Cangas e informa que na súa última sesión estarán presentes os autores Al Barrionuevo e Manuel Fontdevila. Comenta que asinarán as súas obras e participarán nunha charla-coloquio. Tamén describe brevemente a traxectoria dos invitados.

P. O., "La viñeta social domina el nuevo Salón del Cómic", *El País*, "*Galicia*", 11 agosto 2008, p. 5.

Nomea os diferentes temas que centran este ano o Salón do Cómic da Coruña e cita os artistas invitados: Francisco Solano López, Mark Bugkingham, Howard Cruse, Catel Muller e José Louis Bocquet. Así mesmo, dá conta dos distintos recintos nos que se expoñerán as mostras.

Pousa, Luís, "O libro infantil galego cumpre 110 anos en plena expansión do sector", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 abril 2008, p. 47.

Comenta que a celebración do Día Internacional da Literatura Infantil e Xuvenil, que coincide coa data de nacemento en 1805 do creador Hans Christian Andersen, ven coincidir cun momento moi bo para o libro xuvenil en galego, pois recorda que dende o ano 1898 en que se publicou o primeiro libro xuvenil en galego *Fábulas galaico-castellanas*, de Amador Saavedra Montenegro, até a actualidade a literatura infantil e xuvenil creceu en número e difusión de producións, así como a cualidade dos mesmos.

Quintas, Ángeles&Asociados, "Caras conocidas por Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 29 xaneiro 2008, p. 86.

Recorda que se está a celebrar no Pazo da Cultura de Pontevedra a IX Edición do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e que nesta mostra participan Miguelanxo Prado e Nani García coa súa película *De profundis* e Sandra Sánchez con *Soños dende o abismo*.

Quintas, Ángeles & Asociados, "El Salón do Libro deja huella", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 30 xaneiro 2008, p. 94.

Dáse conta da celebración do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e sinala algúns colexios públicos que gozaron cos obradoiros de poesía, ilustración, música, medio ambiente, cortos co móbil e danza, entre outras actividades. Por outra parte, comenta as actividades dirixidas aos maiores, entre os que destacou "Pescando palabras" con Yolanda Castaño, clases de danza con Mercedes Prieto e ilustración con Gabriela Ramos. Por outra banda, anuncia as presentacións de libros *Apertas de vainilla* (2007), de Fina Casalderrey e *Contos* (2007), de J. Enrique Abalo Quintela e o colectivo "Ollo de Sapo".

Quintas, Ángeles, "Teatro y mucha música", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 31 maio 2008, p. 86.

Informa que se celebrou no Pazo da Cultura o Obradoiro dos Bolechas, que contou coa presenza do debuxante Pepe Carreiro e na que participaron centos de nenos e nenas. Neste obradoiro mesturáronse momentos de diversión con outros de aprendizaxe.

Regueira, Carolina, "Una familia de ratones invade las bibliotecas", *El Ideal Gallego*, 5 novembro 2008, contracuberta.

Informa que nas bibliotecas municipais da cidade da Coruña se están a realizar sesións de contacontos centrados nas historias da familia Ratapón. Neste caso, describe a sesión que tivo lugar na biblioteca da Sagrada Familia.

R. L./ACB, "A XabaXira 2009 estreouse na xornada de clausura da feira Cultur.gal", *El Progreso*, "Vivir", "Ocio", 8 decembro 2008, p. 78.

Fai referencia á clausura do festival Cultur.gal onde se realizou o preestreno do espectáculo da XabaXira, que este ano inclúe actuacións de teatro ademais de música e circo. Así mesmo, salienta a presentación da colección "Árbore Os Duros", composta por álbums ilustrados de autores galegos.

Rodríguez, Ana, "¿Qué leen los coruñeses?", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 29 xuño 2008, pp. 14-15.

Informa do resultado de facer un repaso polos libros infantís máis prestados nas bibliotecas municipais. Nesta pescuda veuse que só un autor galego está presente nestes préstamos: Xosé Miranda e a súa obra *Pel de Lobo* (2002) ao que tamén se engade *A*

qué sabe a lúa? (2007), de Michael Grenjniec.

Rozados, Lara, "Hai lectores fóra da escola?", *A Nosa Terra*, n.º 1.305, "Cultura", 3-9 abril 2008, pp. 24-25.

Achega os comentarios dos escritores Agustín Fernández Paz e Antonio García Teixeiro, e da libreira Sandra Senra, sobre a situación actual da lectura en Galiza. Analizan esta situación dende tres ámbitos distintos: na casa, na escola e no tempo libre. No primeiro campo afirman que se debe fomentar a lectura dende a familia e que os nenos teñan un fácil acceso aos libros. No campo da escola, comentan que os libros compiten coas novas tecnoloxías e ambos escritores afirman que a lectura e internet son apoios mutuos. Ademais, explican que en todas as escolas debería haber bibliotecas de aula. Por último, fai referencia ás actividades de animación sociocultural, ás sesións de contacontos e esixen unha implicación máxima das administracións públicas.

Rozados, Lara, "Cómic galego en NY", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Magazine", 12-18 xuño 2008, pp. 44-45.

Comenta que o cómic galego tamén tivo a súa presenza no Museo do Cómic de Nova York, MoCCA, no que se venderon entre os días 7 e 8 de xuño as viñetas galegas achegadas polo colectivo Polaqia. Pero recorda que este non é o único mérito do colectivo, pois tamén hai que sumarlle o seu labor de promoción da banda deseñada dentro e fóra de Galicia, ao contactar e colaborar co colectivo estadounidense Calavera Cómics. Tamén se fala do cómic *Romeo e Xulieta*, publicado pola editorial SM e no que participaron David Rubín e Ricardo Gómez.

Rozados, Lara, "Un Nadal de libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.337, "Bulebule", 12-17 decembro 2008, p. 28.

Dá conta das novidades que preparan algunhas editoriais para o próximo Nadal. Estrutura o artigo en catro apartados dependendo da temática e formato dos libros presentados: "Para os máis pequechos", "Contos con banda sonora", "A toda cor!" e "Bolechas e moito máis". No primeiro bloque achega as novidades de Galaxia (*Arrolos e Adiviñas*, de Palmira G. Boullosa; *Coplas e Aloumiños*, de Antonio García Teijeiro; *Por se che pasa*, de David Otero; *O Samaín*, *O Magosto* e *O Nadal*, da colección "Pimpín por aquí non vin"); de OQO Editora (na colección "Caracol" saen varias historias e tamén as aventuras de *Paco Peco pequeneiro*), de Sotelo Blanco (*Unha chuvia de meteoritos*, *O Marciano Azul*, *O Mago Orlando*, *O Xenio Xenial*, *O Robot que toleou* e *O Concurso de Pacos*) e de Xerais (*Os señores mestres*, de Ánxeles Ferrer, *Upa!*, de Agustín Fernández Paz, *Vítor ponse a remollo*, de Pascual Alapont, *Pepe e o seu hamster*, de Teresa Soler Cobo e *Dez abellas na laranxeira*, de Marilar Aleixandre). No segundo apartado salienta os *Musicontos* de Galaxia, *O debut de Martiño Porconi* e *O prodixio dos zapatos de cristal*; tamén apunta *Contos en cantos* de OQO Editora. No apartado "A toda cor!" inclúe o volume publicado por Kalandraka, *Cerca*, de Natalia Colombo, *O pirata pata de lata*, de Oli, *A historia do Rainbow*, de Rocío Martínez, ou *Amelia quere un can*, de Tim Bowley. Xa no último bloque destaca as publicacións de A Nosa Terra. Dá conta dos seguintes títulos: *A Monstroescola. Que veñen os*

monstros!, *Os megatoxos. A espada esmeralda*, *Bule-Bule! Os Bolechas*, *Que desfeita!, Por favor, comparte!*, *Un ao dez*, *O libro da illa de Ons* e *O libro das Illas Cíes*.

Rozas, Ramón, "O libro que presento hoxe e para nenos e maiores", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "y ademas", "Protagonista en 1996", 16 decembro 2008, p. 24.

Dá conta da presentación do libro de Fina Casalderrey, *As de mosca para Anxo* (1998), publicado por Anaya. Nomea as persoas que acompañaron á autora na presentación e salienta que o volume está incluído na colección "Sopa de letras". Tamén destaca que é recomendábel para rapaces maiores de dez anos. Por último, resume brevemente o argumento da novela.

Saavedra, Paula, "El jurado elige a los ganadores del Concurso de Viñetas entre más de 210 trabajos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Bueu", 4 marzo 2008, p. 22.

Dise quen foron os gañadores da segunda edición do Concurso de Viñetas, organizado polo Centro de Información á Muller (CIM) e a Concellería de Igualdade, entre seis centros educativos do municipio de Bueu. Apúntase que o primeiro premio na modalidade de Bacharelato foi para Lara Pérez Loira, de segundo de Bacharelato do IES Johan Carballeira; en primeiro da ESO a gañadora foi Aurora Garrido Moledo do Colexio Virxe Milagrosa; outro primeiro premio para Aida Carballo Fazanes de sexto de primaria do centro educativo Torre de Cela, elixida tamén polo xurado para que a súa ilustración sexa deseño da II Campaña de educación non sexista do ano 2008. Tamén se dan os nomes doutros alumnos e alumnas que recibiron unha mención especial do xurado.

Salgado, D., "El cómic gallego, invitado a Barcelona 2009", *El País*, "*Galicia*", 22 abril 2008, p. 7.

Informa que o cómic galego será o invitado de honra na 27ª Edición do Salón do Cómic de Barcelona no que Galicia xa estivo presente anteriormente obtendo os seguintes premios: Premio Público del Salón ao mellor guión polo traballo de Antonio Seijas (Ares, 1976) en *Un hombre feliz*, o de mellor debuxo para Alberto Vázquez por *El Evangelio de Judás*, o da mellor revista para *Retranca* e o Premio do Xurado ao mellor *fanzine* de 2007, ao *Fanzine Enfermo*, dirixido tamén por Alberto Vázquez.

Sanmartín, Xabier, "Cómic, tebeo, banda deseñada… ¡arte!", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", "Rua 102.1 FM", 13 agosto 2008, p. 62.

Comenta que van ser entregados os primeiros Premios Nacionais do Cómic e destaca que moita xente está vinculada a esta arte. Salienta o debuxante galego David Rubín e espera que o mundo do cómic chegue cada vez a un maior público.

Santamarta, Rubén, "Galicia inicia hoy en Francia la promoción mundial de su

cómic", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xaneiro 2008, p. 56.

Dá conta de que o cómic galego estará presente no Salón de Angulema, que terá lugar en Francia e comenta que neste Salón participará Javi Montes, Fran Bueno Capeáns e Miguel Porto. A estes creadores tamén se lles unirá o libreiro especializado Carlos Pardo. Un ano máis tamén acudirá Emma Ríos, que está incluída na selección de obras realizada pola Xunta de Galicia, que levarán a Francia.

Santamarta, Rubén, "El imparable bum de la ilustración gallega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "En Portada", 16 febreiro 2008, pp. 2-3.

Faise un repaso polo amplo elenco de creadores e debuxantes de Cómic de Galicia. Os creadores de libros infantís e xuvenís, Xosé Cobas e Xosé Tomás; os xóvenes María Lires, Luis Sendón e Laura Cubeiro, con obras como *Cartas que veñen e van*, *Galicia de conto*, *Unha bágoa*; o Presidente da Asociación Galega de Ilustradores, Manuel Cráneo; María Seoane con obras como *El puente de piedra* ou *Ven al África*; Suso Cubeiro; Noemí López cos seus debuxos d'*A viaxe a Compostela*; Jaime Asensi cos seus traballos repartidos por toda España; María José Barreiro con *Mamá, mamá, cantando, cantando*; Ánxeles Ferrer, que é una das máis veteranas do sector; Kiko da Silva, que está a preparar *Sar, Sarela e os mostros de Compostela*; e Xulia Barros con obras como *Don Cosme e o telegrama*.

Santamarta, Rubén, "El cómic gallego protagonizará tres muestras del Salón de Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 febreiro 2008, p. 30.

Sinala que o mellor escaparate do cómic galego se dará cita no Salón de Barcelona, que contará con tres exposicións protagonizadas por autores galegos, Miguelanxo Prado, David Rubín e o colectivo Polaqia. Menciona as concesións do premios que os artistas galegos recibiron na edición pasada e informa dalgúns dos traballos que se exhibirán. Dise que haberá un stand institucional da Xunta de Galicia para a difusión dos debuxantes galegos.

Santamarta, Rubén, "El Salón del Cómic de Barcelona abre hoy con la presencia de más de veinte creadores gallegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 abril 2008, p. 47.

Infórmase de que os galegos participarán no Salón do Cómic de Barcelona. Neste Salón estarán presentes o sexto número de *Retranca*, o undécimo de *Barsovia* e o segundo *BD Banda*. Tamén participarán Mariano Casas con *Historias de Mariano*, Miguelanxo Prado con *Os Compañeiros* e Pinto&Chinto con *Tito Longuerión*.

Santamarta, Rubén, "Galicia se exhibe en Barcelona como la comunidad puntera del cómic", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2008, p. 54.

Dá conta de que Galicia vai participar na vixésimo sexta edición do Salón do Cómic de Barcelona coas revistas *Retranca*, *Barsovia*, *BD Banda* e cos bocetos de Miguelanxo Prado *De profundis*. Tamén que se contará coa presenza de David Rubín e Polaqia.

Santamarta, Rubén, "La BD Galega emerge en el mejor escaparate", *La Voz de Galicia,* "Culturas", n.º 259, "Cómic", 26 abril 2008, pp. 8-9.

Infórmase de que tras o éxito acadado na súa anterior participación no Salón do Cómic de Barcelona con premios como o do Público del Salón ao mellor guión polo traballo de Antonio Seijas en *Un hombre feliz*, co da mellor revista para *Retranca* e co de mellor debuxo para Alberto Vázquez por *El Evangelio de Judás*, Galicia é convidada de honra para a súa vindeira edición en 2009. Afírmase que este feito non fai máis que afianzar o ascenso e consolidación que está tendo lugar na banda deseñada (BD) galega.

Santamarta, Rubén, "El cómic gallego llega a Nueva York en un festival independiente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2008, p. 35.

Comenta que o colectivo Polaqia constituirá a presenza galega no Salón do Cómic de Nova York, o Art Festival que organiza o Museum of Comic and Cartoon Art (MoCCA). Esta presenza é o resultado dun acordo de colaboración mutua ao que chegou este Colectivo galego co colectivo estadounidense Calvea Comics.

Santos, Ágatha de, "O Bichero' salta al libro", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 9 agosto 2009, p. 39.

Informa da publicación de *Jalisia Kaníbal*, de Luis Davila, unha compilación das mellores tiras do Bichero, as viñetas que Davila publica no *Faro de Vigo*. Dise que o libro está dividido en catro apartados: "O mar", "O tráfico", "Os vellos" e "Un pouco de todo".

Sauras, Javier, "Los albores del rock", *La Opinión*, "Cultura", 21 abril 2008, p. 61.

Dise que Galicia vai estar presente no Salón do Cómic de Barcelona en 2009. Tal e como dixo o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, Galicia será a "invitada de honra" neste Salón. Pero recórdase que esta non é a primeira vez que Galicia está presente nesta mostra, pois xa foi premiado o seu BD (banda deseñada) co Premio Público del Salón ao mellor guión polo traballo de Antonio Seijas en *Un hombre feliz*, co de mellor debuxo para Alberto Vázquez por *El Evangelio de Judás* e co da mellor revista para *Retranca*.

S. C.,"Pregón de Fernández Paz en el Día de la Biblioteca", *El Correo Gallego*, "Santiago", 25 outubro 2008, p. 30.

Coméntase que o escritor Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008, é o encargado do pregón do Día da Biblioteca no acto central que ten lugar en Santiago, organizado pola Concellería de Cultura. Tamén se dá conta das actividades que se desenvolven eses días como un maratón de lectura infantil, un encontro con contacontos, a conferencia sobre literatura infantil e xuvenil galega no

século XXI por Ana Blanca Roig e a actuación final da cantante Uxía e do guitarrista Sergio Tannus.

S. J., "Unha editora que sabía o importante de 'dinamizar actividades sobre os libros", *El Progreso*, "Vivir", 20 abril 2008, p. 67.

Pon de manifesto que o labor a favor da difusión da promoción da lectura entre os máis novos, levada a cabo pola editorial Kalandraka non só se basea nas súas publicacións infantís en galego e nas súas traducións, senón que tamén leva a cabo sesión de contacontos e de narracións por diversos colexios de Galicia. Esta actividade denomínase o "Club K".

Souto, Suso, "Rianxo pone libros en la sala de espera de Pediatría", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 marzo 2008, p. 31.

Anuncia que o Concello de Rianxo vai participar no programa "Lendo Espero", posto en marcha pola Consellería de Cultura e no que colabora a Biblioteca Municipal, que poñerá libros ao dispór da nenez nas salas de espera de pediatría do Centro de Salud de Rianxo.

Tojo, Marga, "Os nenos galegos len moito máis que os adultos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 699, "Palabras cruzadas", 9 marzo 2008, pp. 14-15.

Salienta que a editorial independente OQO Editora, centrada na literatura infantil e que é una das máis importantes de Europa é galega e recorda que esta editorial acaba de gañar a Mención de Honra na Feria do Libro Infantil de Boloña (Italia) polo libro *O Gran Libro dos Retratos de Animais* (2006).

Torre, Patricia de la, "Libros juveniles, viajes a Disneyland y artistas punteros", *El Correo Gallego*, "Santiago", "¿Sabía usted que...?", 29 marzo 2008, p. 30.

Dá conta da celebración en Área Central, centro comercial de Santiago de Compostela, da III Feira do Libro Infantil e Xuvenil, que contou coa presenza do contacontos Abraham Carreiro, que empregou o libro publicado por A Nosa Terra, *Os contos que len outros nenos do mundo.* Tamén se representou a obra *Mario*, a cargo da compañía Matapiollos.

U. L, "Cunqueiro inspira a alumnos padroneses para un cortometraje", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 19 xuño 2008, p. L12.

Dise que oito alumnos de segundo da ESO do IES Macías O Namorado de Padrón realizaron unha curtametraxe que leva por título *O cavalo de Alberte Merlo* a partir dun texto da obra *Os outros feirantes* (1979), de Álvaro Cunqueiro, e que se proxectará por primeira vez na festa de fin de curso do instituto.

Varela, Ángel, "Los tebeos japoneses se introducen en el mercado editorial de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 novembro 2008, p. 48.

Destaca a fervente acollida dos tebeos xaponeses no mercado editorial galego. Sinala que este aumento do interese polos cómics nipóns chegou a Galicia de mans de Edicións do Cumio, que foi a primeira en publicar un manga en galego, *Bicame, profe*, de Kazuma Kodaka. Di que o éxito deste primeiro volume permitiu a publicación actual dun segundo volume e outro para marzo. Explica que ante este éxito, algúns responsábeis de Edicións do Cumio viaxaron a Xapón para negociar un novo acordo para publicar en galego o manga que recibe en España o título de *Chicho Terremoto*.

Velo, Emma, "El cómic, el noveno arte que conquista las tierras gallegas", *La Voz de Galicia*, "Las maravillas de Galicia", 25 xullo 2008, p. 30.

Comeza destacando a autores consagrados do cómic galego como Miguelanxo Prado, Carlos Portela, Kike Benllonch ou Xaquín Marín e dá conta das novas figuras que se van facendo sitio nesta arte como Emma Ríos Maneiro, David Rubín ou Manel Cráneo. Asegura que o cómic galego está a gañar máis público e os artistas teñen un bo medio de darse a coñecer a través do Salón do Cómic Viñetas desde o Atlántico ou no Salón do Cómic de Cangas. Por último, en palabras de Emma Ríos, comenta que cada vez máis a Xunta está valorando máis ao cómic e ofrece máis axudas.

Villar Janeiro, Helena, "Un rato na casa", *EL Progreso*, "*Pícaros*", 4 outubro 2008, pp. 4-5.

Reprodúcese un fragmento da obra de Helena Villar Janeiro *Un rato na casa* (2007), que está ilustrada por María Fe Quesada.

Viqueira, Iglesias, "Fina Álvarez, la escritura del tesón", *Faro de Vigo*, "Val Miñor/Área Metropolitana", "Talento narrativo en Panxón", 8 marzo 2008, p. 14.

Faise eco da publicación por parte de Fina Álvarez d'*As bolboretas de Benitiño* (2006), onde se recollen un conxunto de contos e poemas para nenos e maiores.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Burgoa Fernández, Juan J., *O cruceiro na literatura*, ilust. José M. Laredo Verdejo, limiar Estanislao Fernández de la Cigoña Nuñez, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle Inclán, col. Solástér, n.º 13, marzo 2008, 180 pp. (ISBN: 978-84-95289-91-1). ◆

Volume do investigador ferrolán Juan Burgoa Fernández (1944) introducida por un limiar de Estanislao Fernández de la Cigoña Nuñez, presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, quen salienta o carácter ecléctico e asistemático deste volume que agrupa as composicións de más de douscentos "cantores dos cruceiros" de distintas épocas. Trátase dunha recompilación que inclúe composicións de autores tan diversos como Manuel Antonio, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Eduardo Pondal, Miguel Anxo Mouriño, Pura Vázquez, Pedro Blancollano, Xoán García, Rosa Méndez, Xosé Filgueira Valverde, Vicente Araguas, Eva Veiga e Elia Rico Langarón, entre outros moitos. Todas as composicións comparten un eixe vertebrador: os escritores galegos cantando ao cruceiro como elemento característico e simbólico, protagonista de centos de lendas e vinculado a innumerábeis tradicións da terra galega. Co obxectivo de analizar a súa importancia, preséntase esta obra dividida en seis apartados: "A paisaxe, a cultura e o cruceiro", "Os poetas galegos cantan o cruceiro", "O cancioneiro popular, o cruceiro e os canteiros", "Escolma dos escritores en prosa", "Os poetas da terra e mar de Ferrol cantan o cruceiro" e, por último, unha bibliografía esencial da cuestión. No primeiro apartado saliéntase a sensibilidade coa que Daniel Alfonso Rodríguez Castelao achegouse a esta construción no libro *As cruces de pedra na Galiza* (1950), unha obra considerada sumamente rigorosa como labor de investigación que mestura teorías e intuicións cunha prosa plástica e poética.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Miles de cruceiros", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 479, "Libros", 4 maio de 2008, p. 20.

Dá conta da publicación da obra *O Cruceiro na Literatura* de Juan J. Burgoa. Salienta que O volume rescata a tradición dos cruceiros, tan presente na cultura galega, sendo moi doado atopar en cada camiño unha destas obras monumentais.

Referencias varias:

- M. J. R., "Burgoa fai unha escolma de textos literarios centrados nas cruces de pedra", *Diario de Ferrol*, "Libros", 22 abril 2008, p.13

Preséntase a obra de Juan José Burgoa, *O cruceiro na literatura*, monografía sobre os cruceiros galegos coeditada pola Sociedad de Cultura Valle-Inclán e a Deputación da Coruña. Dise que a obra recolle vinte anos de traballo, ao longo dos cales Burgoa

recompilou centos de poemas, narracións, cantigas, coplas populares e fotografías dos cruceiros galegos, atendendo sempre a un criterio científico e artístico. Salienta que ademais desta ampla labor etnográfica levada a cabo por Burgoa, a obra conta cun prólogo de Estanislao Fernández de la Cigoña e varias ilustracións de José M. Laredo Bermejo; aínda que sen dúbida, un dos apartados de maior interese é aquel no que se recollen poemas con esta temática de máis dunha ducia de autores galegos, coma Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Pedro Blanco Llano ou Elia Rico Lagarón.

Carpinteiro, Pablo e Anxo **Fernández Ocampo** (coords.), *Contos de ida e volta*, escolma realizada e reescrita por Xabier Xil Xardón, edición cuatrilingüe galego, castelá, inglés e francés, Ourense: Difusora de Artes, Letras e Ideas, col. Literal, n.º 3, xullo 2008, 150 pp. (ISBN: 978-84-935963-8-5).

Un limiar anónimo explica a idea e intención desta recompilación de vinte tres contos, coordinada por Pablo Carpinteiro e Anxo Fernández Ocampo, así como as fontes e correntes, que son tomadas da revista *Nós* e de catro antoloxías de narrativa galega oral: *Contos populares da provincia de Lugo* (1963); *Contos do Valadouro* (1998), de Xesús Pisón, Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira; *Contos colorados* (2001), de Xoan R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda; e *Contos da tradición oral* (2003), de Camiño Noia Campos. Algúns dos contos que se inclúen son fábulas protagonizadas por animais humanizados que encerran unha moral, noutros aparecen as relacións entre persoas ou, incluso, a morte personificada. Todos eles recollen en textos breves a tradición do humor galego, que se manifesta a través da retranca.

Casal Pérez, Susana e Xosé **López González** (edits.), *Contos e lendas do Miño*, debuxos de Xosé Luís de Dios, Vigo: Editorial A Nosa Terra, col. Biblioteca A Nosa Terra. Nós os galegos, 2008, 142 pp, (ISBN: 978-84-8341-284-8).

Esta recompilación de Susana Casal Pérez e Xosé López González recolle un total de cento oitenta e nove contos e lendas galegas relacionadas con distintas temáticas, tales como a morte, os lobishomes, os animais ou lendas que aínda hoxe en día teñen continuidade. Todos os textos teñen en común que emerxeron das terras do Baixo Miño e non teñen ningún criterio clasificatorio. Algúns dos títulos que se poden atopar son "O lobishome", "A raposa", "A santa compaña", "O monte do Castro" ou "A orixe de Caldelas". Os textos están presentados basicamente de dúas formas, é dicir, ou son dialogados ou exclusivamente narración. Todos eles, cos seus respectivos títulos explicativos, ofrecen unha historia curta que noutros tempos se transmitía de xeito oral e, por iso, mantéñense as formas de narrar propias do estilo oral aínda que con amaños para transformalos en textos escritos. Ademais, boa parte dos contos e lendas van acompañados dun debuxo que ten como obxectivo representar a situación ou historia que explica e transmite o texto. Nas últimas páxinas da recompilación (pp 137-142) preséntase unha relación dos nenos e nenas que recolleron os contos e lendas deste volume, por orde alfabética.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Pai Miño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 268, “Libros”, 20 novembro 2008, p. IV.

Refírese a *Contos e lendas do Miño*, editado por Susana Casal Pérez e Xosé López Gonzáles, como unha recompilación realizada por un conxunto de nenos e nenas ao longo do río Miño, tanto na zona galega como na portuguesa. Saliéntase o seu valor etnográfico, histórico e cultural polo feito de recoller o saber popular e as tradicións, pero critica a falta dunha maior sistematización á hora de expor a metodoloxía seguida na colleita e de presentar os resultados obtidos.

García Porral, Xoán Carlos, *Rodeiro, unha terra con historia*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2008, 382 pp. (ISBN: 978-84-8457-310-4) ◆

Acóllense neste volume colectivo, tras un limiar institucional, diversos traballos ao redor dos seguintes temas: Historia e medio cultural e Historia, arte e patrimonio. En relación coa literatura galega con base na tradición oral, aparece o seguinte estudo:

- María Luz Eiriz Cidre e Xoán Carlos García Porral, “Algunhas lendas populares do concello de Rodeiro. Aproximación antropolóxica”, pp. 369-382.

Na primeira parte deste estudo recóllense algunhas lendas populares clasificadas en dous grupos: “mourindade e encantamentos” das que se estudan as súas características e función dos mouros e mouras, o significado dos animais e a importancia da presenza dos tesouros e dos encantamentos; e as “relixioso-miragreiras” asociadas ao santuario mariano da Virxe do Faro (Chantada) e ás curacións milagreiras, mestura de relixiosidade e superstición. Analízase a súa contribución ao proceso de identidade persoal e comunitaria deste concello. A segunda parte é unha aproximación antropolóxica ao valor das lendas no tocante á súa localización temporal como eixe de reprodución dos sentimentos de identidade colectiva e persoal e idealización do pasado común. Dise que as lendas son elementos simbólicos de identificación colectiva nas que se estabelecen os tempos históricos e míticos. Un segundo elemento a salientar é a dimensión moral que se transmite oralmente a través das lendas nun proceso de concienciación moral dunha comunidade. Finalmente, destácase a función de nexos sociais ao estabelecer lazos de dependencia con outras persoas e épocas. Por todo isto, saliéntase o valor de recolleita e transmisión deste material a través das xeracións, presentes e futuras, como fixadoras da memoria colectiva, do coñecemento de si mesmo e reconstrución da súa identidade así como reflexo da identidade individual e colectiva dun pobo.

Iglesias Miguez, Moncho, *Os contos de animais na tradición oral palestina*, Santiago de Compostela/A Coruña: Fundación Araguaney/Universidad Internacional Menéndez Pelayo. Centro Docente e de Investigación de Galicia, trad. de Ayah Abdel Nabi e Moncho Iglesias Pérez, col. Estudos árabes e islámicos, n.º 3, maio 2008, 132 pp. (ISBN: 978-84-612-3890-3). ◆

Tras un prólogo institucional, arrinca este volume de Moncho Iglesias (Vigo, 1974) cunha cita de Estêvão de Escuma, cunha dedicatoria privada a unha amiga e aos palestinos e cun limiar do autor no que explica que a súa intención con este traballo é

"facer unha introdución aos contos tradicionais en Palestina e, ao mesmo tempo, comparalo cos galegos". Explica que ante a variedade de contos existentes escolle só aqueles onde o animal é protagonista ou ben personaxe principal na historia. Precisa que inclúe contos de trasnos disfrazados de animais, xa que son moi importantes no mundo árabe, e precisa que os contos pertencen así ás categorías de contos de animais, marabillosos ou de fórmula. Salienta a súa débeda coa súa fonte principal *Palestine and Palestinians* (2005) da que tira moitos dos datos, aínda que tamén se serviu da súa experiencia persoal sobre motivos relixiosos e culturais, extraída da súa estadía durante tres anos en Israel, asemade de vivir na actualidade en Palestina como mestre na Universidade de Belén. A monografía estrutúrase en dúas partes principais. A primeira delas é unha contextualización da situación histórica, socioeconómica e cultural de Palestina que subdivide en catro apartados: Historia de Palestina, Sociedade e economía, Manifestacións artísticas e culturais e Literatura (dividida á súa vez, na escrita e a literatura da tradición oral). Na segunda parte faise un estudo pormenorizado dos contos elixidos como corpus, subdividindo este estudo nunha serie de apartados segundo as temáticas: a peregrinación, a recuperación do rabo, o rei Salomón, a comida, as relacións familiares, a auga, o xoio entre amigos, a muller e o espertar sexual, non fiarse do envexoso, e as figuras do santo e da serpe. Indícase que os contos se presentan tras os motivos que os caracterizan, indicando as versións galegas e explicando as semellanzas e diferenzas entre ambas culturas. Ademais detalla os contadores e as fontes escritas consultadas, e respecto á clasificación, salienta que manexou a última versión do catálogo de Aarne-Thomson, feita por Uther en 2004, e a guía de motivos de El-Shamy de 1995. Tras este estudo, aparecen unhas conclusións do autor e as referencias bibliográficas. Remátase cun anexo no que se atopan os contos manexados, na súa versión orixinal e en inglés.

Novo, Isidro e Antonio **Reigosa** (coords.), *Actas da 1ª Xornada de literatura oral. A figura do demo na literatura de tradición oral*, Vigo: Asociación de Escritores de Lingua Galega, "Escrita contemporánea, H", [2008], 131 pp. (DL: VG- 1293-2005). Contén DVD. ◆

A revista *Escrita Contemporánea* da Asociación de Escritores de Lingua Galega (AELG) no seu número H recolle as Actas das xornadas citadas nas que se acollen despois das notas introdutorias do Presidente da Asociación e dos coordinadores destas 1as xornadas. Cesáreo Sánchez Iglesias (presidente da AELG) desenvolve a continuación a idea esbozada anteriormente: a literatura oral é a voz colectiva que crea cos pasos dos sabios vellos o camiño do home de hoxe. Presenta o tema central das conferencias, a figura do demo, para que sexan Isidro Novo (Lugo, 1950) e Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958), coordinadores das mesmas, quen amplíen cunha lenda de San Breixo de Praga. A continuación aparecen os seguintes traballos:

- José Manuel Pedrosa, "Deus e o demo na literatura de tradición oral. Andanzas do demo pola xeografía oral de Galiza (e por algún máis)", pp. 13-32.

José Manuel Pedrosa (Madrid ,1965) divide o seu traballo segundo criterios argumentais, empregando o refrán galego "Deus é bo, mais o demo non é malo" para explicar a orixe da figura do demo comparándoa coa doutras culturas. Realiza un percorrido polas diversas funcións atribuídas ao demo, o diaño enfrontado a personaxes divinos, enmascarado baixo a figura do lagarto ou como protagonista nos xogos-

conxuros infantís. Analiza unha serie de lendas galegas e os seus paralelos noutras literaturas, que versan sobre o demo construtor de pontes, cuxo labor se pode ver alterado polo incumprimento dun pacto (a lenda dos monxes de Santo Estevo ou as Pontes de Gatín, por exemplo) ou polo canto do galo (a ponte de Ponteboa en Ourense). Rescata os tópicos dos relatos anteriores do sacrificio dunha persoa e as pegadas do diaño, para ilustralos con lendas da tradición clásica, idade media, século XIX e extensíbel a unha novela de Camilo José Cela, lendas chilenas e outras relixións. Sérvese deste abano de exemplos para chegar á conclusión dunha irmandade entre as culturas orais.

- Xosé Miranda, "Casos de posesión diabólica en Galicia", pp. 33-46.

Xosé Miranda (Lugo 1955) dá conta dunha clasificación "demoníaca", en tres tipos: os demos do mito (demo maior, demo coxo e demos gardiáns de tesouros) e os demos de lenda, que á súa vez divide nos demiños (causantes dos males do corpo) e nos trasnos (que toman posesión dunha casa), cada cal vai da man dun exemplo. Asemade, dedica unhas liñas o estabelecemento do "pauto co demo", na que se lle ofrece a alma propia ou allea, traendo a colación casos asturianos e vascos. Amosa tamén as diversas posibilidades de posesión, coma o espiritado, o corpo aberto, o ramo cativo (do que xorde o meigallo), o bilongo e o tángano-mángano. E tras expor os males, cómpre procurar os remedios, así nomea ao Ciprianillo, curas e aos menciñeiros como figuras tradicionais e aos espiritistas modernos. Pecha a exposición cunha valoración persoal verbo dos "posuídos".

- José Manuel Pedrosa e Xosé Miranda, "Arredor da figura do Demo na literatura de tradición oral", pp. 47-54.

Trátase da primeira mesa redonda que ten coma moderador a Antonio Reigosa e cuxos interceptores son un grupo de alumnos de IES Virxe dos Ollos Grandes de Lugo. Abre o debate Miranda citando autores galegos que trataron o demo nas súas obras con Vicente Risco ou Ánxel Fole. Seguidamente o moderador propón o tema do "demo docente" en escolas diabólicas, nas que os conferenciantes toman partido falando da Salamanca, José Manuel Pedrosa apunta a fama desta cova por Sudamérica e Xosé Miranda aproveita para ampliar a información coa loita entre magos, fusión de lendas en contos de autores coñecidos. Continúa polo tanto o debate nesta liña: fálase da face ridícula do demo nas lendas, un personaxe que quere burlar e á fin é burlado, coma ocorre no conto "O demo Papafigos" (*Gargantúa e Pantagruel*). Miranda pregúntalle ao seu compañeiro ao redor do "Deus fatigado", explicando a lenda de formación das Rías Baixas e as pegadas de Deus. Pedrosa relaciónaa coa publicación que acaba de realizar duns contos de Afanasiev. As referencias que seguen versan sobre o mito de Medea e Xasón cuxos paralelos poden toparse incluso nunha película recente. Miranda avoga pola continuidade da literatura oral, aínda que se desmitifica paseniñamente. Grazas a unha intervención do público séguese a tratar o tema, derivando na mención de lendas urbanas dos nosos tempos. O moderador propón cál é o mecanismo de transmisión destas e ambos conferenciantes apuntan os medios de comunicación como alicerce para a súa expansión. Completan con anécdotas persoais, como o fai a continuación un membro do público, ilustrando así a relación entre os animais e o demo. Isto dálle pé a Pedrosa para aludir a un feito persoal sobre o monosandalismo (asimetría nos pés) e as bruxas, coa que remata a charla-coloquio.

- Peter Missler, “O poder do Demo sobre os tesouros escondidos”, pp. 55-70.

Peter Missler (Holanda, 1959) introduce o tema a tratar, cuestión que causa fascinación entre os lectores dos libros de maxia: os tesouros escondidos. Divide a súa exposición en catro apartados en tanto refiren o porqué gardan os demos os tesouros, cómo conseguilos, cáles son os riscos e oportunidades. Refire razóns para xustificar a custodia do tesouro polo demo, cunha explicación paga-histórica , pola que se relaciona ao Demo coa figura mítica de Plutón (ou Hades), símbolo da riqueza, e cuxo poder reside sobre as minas e metais preciosos, polo tanto dos tesouros subterráneos; e unha explicación cristia-ética, que alega que o tesouro, ben impropio para un bo cristiá, polo tanto pecado, debe ser controlado polo transgresor por excelencia, o Demo. No tocante a consecución do tesouro hai tres tipos de maxia para acadalos: a de localización (mediante Gacetas ou lista de tesouros, invocación ao Demo , por medio rabdomancia ou un vidente), a de admisión (o buscador tropeza con diversos obstáculos, ben sexa unha gran porta ou o gardián mesmo, un demo menor o espectro dun avaro e até a famosa Moura Encantada) e a maxia de liberación (citando unha serie de remedios para superar o impedimento). Pero o incumprimento ou obviedade destes rezos e rituais conleva riscos irrefutábeis, como a morte ou a tolemia, acabando un despiste coa perda do tesouro. Pero sinálase, finalmente que acontece a dotación de tesouros aos pobres, contando diversas lendas tanto galegas coma doutras culturas.

- Félix Castro Vicente, “Os libros do Demo: Grimorios e Ciprianillos”, pp. 71-99.

Tras unha breve introdución na que se recollen unhas notas aclaratorias sobre o tema, Félix Castro Vicente (Ourense) pasa a falar do primeiro “libro do Demo”, os Grimorios: concepto, contido, orixe, características e exemplos dos mesmos. Defínese como un libro de maxia negra dedicándolle unhas liñas a esta problemática. Conteñen diversos tipos de rituais máxicos, instrucións sobre os mesmos así como os elementos que se han de empregar en cada caso. Realízase a continuación un percorrido sobre a historia dos libros de maxia, sendo a súa época dourada os séculos XVII-XVIII cando se popularizaron. Como características esenciais destácase os seu pequeno tamaño e unha data falsa do lugar e ano de publicación, ocultándose tamén o autor baixo pseudónimos de figuras cristiáns ou xudías e até incluso Papas, os exemplos máis famosos son os do ciclo salomónico. Dá conta de Grimorios publicados en España procedentes de traducións. Comenta que o seguinte “libro infernal” é o de San Ciprián, o redor de cuxa figura xiran numerosas lendas. A sorte de este libro foi moi boa até finais do XIX. Logo foron moitos autores os que se interesaron polo seu contido. O Ciprianillo céntrase sobre todo na descrición xeográfica de tesouros escondidos en Galicia, Brasil, México e Arxentina polo que son abundantes as versións que hai, incluíndo tamén as portuguesas e escandinavas. Noméase tamén o *Diccionario infernal*, de Colin de Plancy, dedicándolle unhas liñas ao seu autor e contido da “magna enciclopedia sobre mitoloxía, costumes e crenzas populares” e influencia en autores como Álvaro Cunqueiro. Finalmente, analízanse as crenzas e rituais do Cipranillo traendo a colación exemplos da cultura galega, tanto de tempos pasados coma actuais.

- Félix Castro Vicente e Peter Missler, “Os libros do Demo”, pp. 101-106.

Segunda mesa redonda destas xornadas nas que modera Isidro Novo. Rómpese o xeo inquirindo na figura do mouro non tomada en sentido literal. Céntrase logo no tema do Demo, destacando obras de autores románticos, sobre todo franceses. Fálase

seguidamente da procura dos tesouros coincidente con depresións económicas exemplificando con anécdotas persoais. Intervén o público sacando á luz o tema das "moiras" nas diversas comunidades. Sobe o ton do debate ao redor da dicotomía racional-irracional das crenzas cuxa discusión esténdese até o final do coloquio.

Péchase o volume con dous anexos: no primeiro, "Libros do Demo: a colección de grimorios e ciprianillos de Félix Castro Vicente. Escolma" (pp.107-125), inclúense as portadas das edicións facsímiles completadas cunha breve recensión, mentres que no segundo, "Datos biográficos dos intervenientes" (pp. 127-131) expóñense breves nocións da vida e obra de José Manuel Pedrosa, Xosé Miranda, Félix Castro Vicente, Peter Missler, Isidro Novo e Antonio Reigosa. Débese salientar que todos os traballos se ilustran con debuxos ás marxes que acompañan o contido, así como notas ao pé aclaratorias.

Pérez Adán, Alberto, *Olelas na lembranza*, Ourense: Imgrafor, 2008, 239 pp. (ISBN: 978-84-612-3358-8). ■

Alberto Pérez Adán (Olelas, Entrimo, 1944) preséntanos nesta obra, que conta con abondoso apoio fotográfico, as súas vivencias de nenez na aldea ourensá de Olelas, no concello de Entrimo. Comézase cunha descrición xeográfica do concello de Entrimo e a seguir, no apartado "Con licenza", o autor comenta que quixo reflectir a fala propia desta aldea neste volume -con sibilantes xordas e sonoras- e por iso cando quere reproducir isto, o texto aparece resaltado en negra e mais en cursiva. A seguir temos vinte textos, con título, onde o seu autor nos fala das súas experiencias persoais, dende o seu nacemento até a adolescencia, na aldea con numerosas descricións de acontecementos relacionados coa natureza e onde os protagonistas son todas as persoas desta aldea. Péchase cunha relación de alcumes propios desta aldea ourensá.

Referencias varias:

- Cándida Andaluz, "A miña intención é que non se perdan nin as tradicións nin as costumes propias dun pobo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 1 novembro 2008, p. 10.

Conversa na que Alberto P. Adán comenta que onde un crece é en moitas ocasións o referente literario das persoas ás que lles gusta lembrar a nenez e indica que hoxe ás cinco da tarde, presentará na súa aldea natal, Olelas, este volume. Sinala que *Olelas na lembranza* é o resultado dos recordos da nenez nunha aldea solitaria, en medio do monte, onde se mesturan contos, historias e tradicións pero onde os protagonistas son as xentes e os costumes de Olelas. Asemade comenta que este libro está entre a literatura e a antropoloxía e indica que se editaron 500 exemplares.

Prego, Luis (recompilador, transcritor e texto), *Para cantar e bailar*, ilust. Serxio Cobos, Vilaboa (Pontevedra): Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], abril 2008, 71 pp. (ISBN: 978-84-8289-069-2). Inclúe CD de 23 melodías+Vídeo.

Esta recompilación vén acompañada dun CD no que se recollen a música e as danzas correspondentes aos xogos, mesturados con danzas, que se nos ofrecen no libro de Luís Prego Fernández . Na obra podemos apreciar unha recompilación de vinteseis xogos infantís, tales como o pasemisí, o xogo das cadeiras… nas que o movemento está presente dende o inicio até a fin da actividade. No texto descritivo predomina a terceira persoa do narrador ou, máis ben, descritor. Outra achega desta publicación para aprender as danzas asociadas aos xogos de nenos, aparte do CD, son as didácticas ilustracións de Serxio Cobos Martínez.

Reigosa Carreiras, Antonio (adapt.), *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto*, ilust. Interiores Saúl Blanco, limiar do autor, Vigo: Edicións Morgante, 2008, 83 pp. (ISBN: 978-84-936460-0-4).

Antonio Reigosa Carreiras (Mondoñedo, 1958) compila, traduce ao galego e versiona cinco relatos da tradición popular do antigo Exipto. A obra conta cun limiar do autor no que se explica a paixón que os exipcios tiñan pola literatura, asemade de facer un breve repaso á tradición literaria do antigo Exipto que acompaña dunha breve bibliografía. Os contos incluídos na compilación son os seguintes: "Os dous irmáns" (pp. 15-26), "A historia do náufrago" (pp. 27-32), "O tesouro do Rampsinito" (pp. 33-38), "O príncipe de Exipto" (pp. 39-50) e "A verdadeira historia do mago Senorisis" (pp. 51-72). O volume remata cunha serie de "Notas" (pp. 73-76) nas que se refire a orixe dos distintos relatos e cun "Glosario" (pp. 77-81) no que se explican algúns dos termos aparecidos ao longo da obra.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Farmacia da alma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 258, "Libros", 11 setembro 2008, p. IV.

Comézase indicando que Mondoñedo é o "lugar máxico" do nacemento do autor d'*Os dous irmáns*, Antonio Reigosa, e que grazas a ese lugar a súa traxectoria discorre entre o labor de conferenciante, colaborador en publicacións periódicas, investigador e divulgador da literatura oral galega. Entre os seus traballos de recuperación, destácase o *Dicionario de seres míticos galegos* e as súas achegas á web da enciclopedia virtual da fantasía popular galega (galiciaencantada), antes de centrarse na tradución e adaptación de lendas exipcias. Indícase que se trata de "cinco relatos de intriga, aventura e maxia protagonizados por deuses, faraóns e heroes" e precísase que achega notas e un pequeno glosario con comentarios de lugares e de protagonistas dos contos, ademais dunha bibliografía. Remátase apuntando que se agarda que sirva para nos curar "do desprezo por nós mesmos á nosa lingua e á nosa cultura" e tamén para que deixemos de ser "un dos países con menor índice de lectura".

- R. L., "A maxia exipcia volve con Reigosa", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 10 novembro 2008, p. 79.

Refírese á obra de Antonio Reigosa, *Os dous irmáns*, na que se recollen cinco contos cos que pretende achegar ao lector o imaxinario popular do antigo Exipto, o carácter de cura espiritual que tiñan as narracións no país árabe. Sinálase que a obra consta dos

seguintes contos: “Os dous irmáns”, “A historia do náufrago”, “O tesouro de Rampsinito”, “O príncipe de Exipto” e “A verdadeira historia do mago Senorisis”. Engádese que nestes relatos se mesturan a intriga e a aventura coa maxia e a persuasión.

Ripalda, Xosé Lois, *A cultura do pan*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, marzo 2008, 170 pp. (ISBN: 978-84-9782-721-8).

Nesta crónica Xosé Lois Ripalda (Carballedo, 1940) fai un percorrido pola típica e ancestral tradición galega da “cultura do pan”. Comeza a composición cunha dedicatoria “a todas as xentes da Nosa Terra que nos permitiron gozar do eterno arrecendo do pan”. Nas súas páxinas faise un repaso de modo ecléctico polos distintos aspectos que dan lugar á produción do pan, xa sexa por medio da narración en terceira persoa, da poesía, dos debuxos e mesmo das fotografías. Tamén inclúe o autor un “refraneiro das labouras”, outro “das ferramentas de traballo”, “da eira e da meda” e “do trigo e do centeo”, así como diversas cantigas, crenzas e adiviñas relacionadas con traballo do trigo e do centeo no campo de labranza. Comézase cun repaso polos cereais empregados para producir este alimento básico, pasando polos medios empregados para transportar o produto xa elaborado ou as distintas construcións empregadas para tal preparación, como o muíño e o forno, entre outras.

Recensións:

- Rodri García, “A cultura do pan”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 258, “Letras en galego”, 19 abril 2008, p. 10.

Fálase da obra *A cultura do pan*, de Xosé Lois Ripalda, que é a crónica etnográfica e divulgativa dunha das nosas máis identificábeis tradicións, concibida xa dende o salientábel lugar que os cereais ocuparon na nosa historia alimentaria, dada a súa prolongada conservación e a súa doada comercialización. Coméntase que o autor repasa unha a unha todas as cuestións ligadas a esa tradición que deu lugar a pans de tanta sona coma os do Porriño ou os de Cea, e orixinou topónimos como Terras do Pan. Dende o cultivo do trigo, o millo e o centeo até os seus labores; dende a tradición oral até os elementos etnográficos relacionados co pan, como os muíños; dende a lareira até o amasado; dende o forno e as enfornadas, aos pans de sona no país, sen esquecer a aplicación medicinal dos cereais e as receitas, *A cultura do pan*, de Xosé Lois Ripalda, constitúe unha homenaxe ao peso desa tradición en Galicia.

- Maruja Gestoso Álvarez, “Pan de noso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 247, “Libros”, 8 maio 2008, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 186, “Novidades”, 17 maio 2008, p. 10.

Con *A cultura do pan*, que vén de publicar Edicións Xerais de Galicia, Xose Lois Ripalda continúa co seu magnífico labor etnográfico, desta volta lembrando os cultivos tradicionais de cereais e o seu proceso de elaboración até chegar aos distintos tipos de pan da nosa terra. Dise que o libro se ocupa, con acerto, do proceso material e inmaterial da elaboración do pan e que se analizan polo miúdo os diferentes elementos dun complexo proceso: os tipos de cereais (con atención especial atención ao millo e os seus tipos, mesmo reparando na recuperación dalgunha das súas clases, o seu cultivo e

os seus labores). Tamén se recollen refraneiros de labouras, de ferramentas de traballo, da eira e da meda; do trigo, do centeo e o millo; do hórreo; do muiñeiro e a súa familia; cantigas relacionadas cos animais de traballo; o santoral de matiz picaresco; contos sobre o muíño e o muiñeiro; ou ensalmos, ademais dunha escolma de receitas culinarias. Salienta que é unha "obra viva" que bota unha ollada cara o pasado.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "A cultura do pan", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 15 abril 2008, p. 73/*Galicia Hoxe*, "A contra", 26 abril 2008, contracuberta.

Tras reivindicar o coñecemento da nosa cultura, felicita a publicación d'*A cultura do pan*, de Xose Lois Ripalda, magnífico labor etnográfico, no que lembra os cultivos tradicionais de cereais e a cultura popular da grande cantidade de refráns, crenzas, cantigas, adiviñas e contos que o autor recolle en cada parte do proceso de elaboración de tan prezado alimento.

- Natalia Álvarez, "Os pans galegos de sona deberían estar á venda en todas as partes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245, "Entrevista", 24 abril 2008, p. III.

Dá conta da publicación da obra *A cultura do pan*, de Xosé Lois Ripalda, na que o mestre e escritor recolle as costumes e tradicións que rodean o "ritual" do pan, hoxe en día en perigo de desaparición baixo o poder asulagador da vida moderna.

- Darío Villanueva, "Kultur, cultura, cultureta", *El País*, "*Galicia*", 12 maio 2008, p. 4.

Refire que tanto en castelán como en galego a cultura está a salvo, polo momento, de connotacións tan inoportunas, porque non faltan usos que pouco a pouco se van estendendo e que nos costa aceptar si entendemos a palabra nese sentido amplo, non restrinxido, que non esquece ningunha manifestación da creatividade humana. Entende a cultura como a creación do valor engadido que as persoas somos capaces de aportar a maiores do que é natural ou puramente material: así a gastronomía é o resultado culto da alimentación tanto como a literatura o é da linguaxe. Comenta que cando lemos títulos como *A cultura do pan*, de Xosé Lois Ripalda entendemos perfectamente que se debe seguir entendendo por cultura, aínda que circulen certas variantes deturpadas a este respecto.

- Xosé Lois Garcia, "A cultura do pan", *Galicia Hoxe*, "Ecos da berenguela", 20 maio 2008, p. 4.

Faise eco da publicación desta obra de Xosé Lois Ripalda (Carballedo, 1940) que se introduce nas terras de Carballedo, dadoras de froitos eucarísticos como son o pan e o viño, e que xa foran escenario doutras historias do mesmo autor. Sinálase que a cultura do pan constitúe o eixo da obra, axudando a entender o pasado do traballo do agro e adiantándose ao noso futuro máis próximo.

- Xosé Neira Vilas, "Eloxio do pan", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 10 agosto 2008, p. 2.

Despois de aludir a unha historia do pan publicada polo autor na revista *Zunzún*,

céntrase nesta monografía de Xosé Lois Ripalda. Sinala as súas diferentes compoñentes e aspectos que nela se recollen como cantigas, refráns, adiviñas e contos tradicionais, á vez que evoca as súas lembranzas de infancia na aldea até a súa emigración a Bos Aires.

VIII.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Cabana, Darío Xohán (escolma e limiar), *O libro do amor. Recollido do pobo*, limiar do recompilador, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 3, "Literatura popular", 2008, 49 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-464-1/ ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-069-3). ■

A presente edición é un facsímile da edición feita en 1974 que conta cun limiar do responsábel da escolma, Darío Xohán Cabana, que sitúa no seu contexto histórico a colección "O Moucho", á que pertence este título. Comenta que, baixo o lema "libros do pobo para o pobo", dita colección procuraba facer accesíbel textos clave da literatura galega a un prezo popular. Deste xeito *O libro do amor* recolle as coplas populares tan presentes nas feiras e festas do país, que eran distribuídas en follas de cor inzadas de erros ortográficos, follas hoxe en día esvaecidas no tempo. Trátase dunha escolma de cantares de cego recollidos da tradición oral "e de varios cancioneiros e refraneiros que andan por ahí, algúns deles de non doado acceso ao público". O texto divídese en dous apartados xenéricos:"Cantigueiro do amor" e "Refraneiro do amor". Cada un deles subdivídese segundo a súa temática en sete e dez grupos respectivamente. O cantigueiro conta con "O fondal lírico", "Desenganos do amor", "Retrancas", "O amor e os oficios", "Cantigas de amante ausente", "Teoría do amor" e "Triadas". O refraneiro contén a seguinte división: "Do amor e dos namorados", "Clases de amor", "Efeutos do amor", "Cásate, Xan", "Non canses, Xan", "Cómo casar", "Filosofía do matrimonio", "Viúdos e viúdas", "Amor picaresco" e "Outros amores e desamores". Trátase dunha simple división arbitraria, dado que moitas composicións ben poderían estar en varios apartados ao mesmo tempo. O libro remata cun colofón dedicado ao día de San Martiño (11 de Novembro) de 1974.

Cantigas do viño. Seguidas de recitados, ensalmo i esconxuros, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 3, "Literatura popular", 2008, 59 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-474-0/ ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-079-2). ■

Obra facsimilar da edición de 1968 que se presenta como unha compilación exhaustiva de cantigas, ditos e refráns arredor dun dos temas máis característicos da cultura galega: o viño e o beber. Unha nota inicial dos editores orixinais permite contextualizar a obra, determinando como obxectivo principal da mesma dar boa conta dunha parte importante da cultura popular galega. Sinálase que este traballo de etnografía representa, unha especie de refraneiro do viño e achega un total de duascentas cincuenta e cinco composicións clasificadas en epígrafes segundo as variacións arredor do tema central: "O amor e o viño", "Comer e beber", "Traballos do viño", "Festas e romaxes", "Cantar, tocar e beber", "Bens e males do viño", "As uvas", "Tabernas e bebedores", "O viño i os lugares", "As mil mentiras", "Recitados de nenos", "Ensalmos i esconxuros" e "Varia", apartado de miscelánea que recolle todas aquelas composicións dificilmente clasificábeis, dende esconxuros até diálogos cotiás, romances e regueifas. Finalmente, péchase cun colofón dedicado ao apóstolo Santiago: "24 de xullo de 1968

víspera do noso Padroeiro Señor Sant-Iago a quen nunca falte viño na cabaza. LAUS DEO".

Castro, Rosalía, *Contos do pobo*, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario *El País*, col. O Moucho, n.º 9, 2008, 51 pp. (ISBN da Colección completa do Diario *El País*: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario *El País*: 978-84-9815-473-3/ ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-078-5). ■

Edición facsímile da edición de 1970 de *Contos do pobo*, de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela 1837-1885). Trátase dunha obra narrativa composta por tres contos que comeza cunha "Nota do editores", na que se lembra técnica de escritura de Rosalía. Consideran que a súa lírica abrangue por unha banda a súa dor cara ás inxustizas do mundo e, por outra banda, o seu humanismo. Dise que a obra poética de Rosalía se nutre dunha visión humorística, unha faceta que se considera tan importante como a saudade para comprender o conxunto da súa obra. Asemade, saliéntase o seu interese polas composicións da literatura popular como refráns, cantares, romances e contos. Ábrese esta escolma co conto "Os dous amigos e a viúva", unha peza en prosa que non foi dada a coñecer até 1923, data en que o publica Manuel de Castro y López no seu *Almanaque Galego*, e que con posterioridade recolleu Fermín Bouza Brey en *Cuadernos de Estudios Rosalianos* (1946). Trátase do típico conto galego no que dous mozos non creen na fidelidade da muller. A continuación recóllense dous contos en verso. O primeiro, "Adiante co varal", xa recollido en *Cantares Gallegos* (1863), conta cómo o pobo galego segue coas súas avaricias de non dar nada bo aos pobres, mentres que "A probiña que está xorda!", incluído en *Follas Novas* (1880), Rosalía conta a astucia dunha vella por conseguir abrigo e comida. Respecto á lingua indícase que axeitan o texto á ortografía vixente en 1970, aínda que respectan as vacilacións fonéticas orixinais, coma o seseo propio de Compostela. A aparente sinxeleza estrutural destes contos, narrados en primeira persoa, agocha unha elaboración coidadosa e unha gran fidelidade á esencia popular. Como colofón atópase o seguinte texto: "rematóuse de imprentar o libro CONTOS DO POBO de Rosalía de Castro no obradoiro de Artes Gráficas 'Faro de Vigo, S. A.', o día 15 xaneiro de 1970, festa de San Amaro bendito que sanda ós tolleitos e ten en Matamá de Vigo a 1ª romaxe do ano".

Cocho, Federico, *O carnaval en Galicia*, prólogo de Carlos G. Reigosa, fotografía de Manuel G. Vicente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Guías Xerais, Monografías, xaneiro 2008, 275 pp. (ISBN: 978-84-978-698-3).

Terceira edición da monografía publicada orixinariamente en 1990 na colección "Universitaria", que contou cunha segunda edición en 1992 e que agora nesta reedición de 2008 aparece na colección Guías Xerais. Monografías, mantendo o mesmo prólogo, a presentación do autor e a bibliografía. Mentres na primeira edición aparecían fotos en branco e negro, nesta terceira edición son substituídas por fotos a cor. Neste volume, Federico Cocho (Xinzo da Limia, 1958) realiza un detallado estudio do Entroido repasando as diversas manifestacións que se manteñen ao longo de toda a xeografía galega. No prólogo, Carlos G. Reigosa destaca do autor a súa condición de xornalista e o seu arraigo científico, á hora de realizar o traballo de campo sobre unha "das nosas grandes festas de sempre: O Entroido". Ademais engade que coa súa documentación achega a mirada do pasado e "cuestiona unha boa parte da investigación socio-cultural

galega" nun "libro con mundo" cheo de "referencias e estudos comparativos". Na "Presentación", o autor explica que esta monografía é froito dunha recollida de datos tras un traballo de campo, dunha bibliografía documentada e da recepción na prensa. Engade que o libro se estrutura en sete capítulos. O primeiro deles desenvolve o vello calendario do Entroido. Pola súa parte, os capítulos III e IV forman o centro do volume ao recoller as mascaradas rurais e urbanas. Xa no capítulo V reflicte as variadas representacións e despedida do Carnaval, mentres no VI recapitula brincadeiras e pratos gastronómicos típicos ao tempo que lle rende homenaxe ao personaxe do "cachondo". O derradeiro capítulo analiza os problemas que tivo o Carnaval coa Igrexa e os poderes políticos e militares por ser unha festa "transgresora e iconoclasta". Complétase cun repaso informativo recollido da prensa e das creacións literarias e musicais que se basearon no Entroido. A seguir explica as dúas notas finais: a primeira delas, acollendo coplas e textos ou extractos carnavalescos, e a segunda nota subdividida en ritos e costumes, e en localidades. En relación coa literatura galega cómpre reparar no capítulo "Carnaval na Literatura" (pp. 262-267) pertencente ao apartado "Represión e cultura" onde se salientan as máscaras recollidas en *Cousas*, de Castelao; un fragmento do "Romance do Antroido de Lugo" (1968), de Darío Xohán Cabana; a primeira novela escrita en galego, *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares; a peza teatral *Progreso e andrómeda de Antrido* (1978), de Camilo Valdeorras; uns versos do primeiro poemario *Libro do Entroido* (1980), de Manuel Rivas; e un fragmento da novela *O enxoval da noiva* (1988), de Víctor Freixanes. Ademais acóllense coplas cantadas por comparsas, expresión do humor e a sátira popular a través de sermóns, testamentos, apropósitos ou ladaíñas, pregarias no enterro da sardiña, así mesmo algunhas representacións parateatrais como exemplos ao longo dos diversos capítulos desta monografía.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 235, 7 febreiro 2007, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 174, "Andel de novidades", 16 febreiro 2008, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle nesta ocasión un breve comentario d' *O carnaval en Galicia*, de *Eléctricas* (2007), de Manuel Lourenzo, que acolle tres pezas cómicas ("Forzas eléctricas", "O maratón sentimental de Elisa Fortes" e "A comisión"), e os relatos recollidos en *A idade da auga*, primeira obra narrativa do escocés James Salter.

X. Carlos Caneiro, "A primavera que agarda", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 250, "Letras en galego", "Club dandi", 16 febreiro 2008, p. 11.

Fai referencia ao novo traballo de Darío Villanueva, *Da palabra no tempo* (2007), editado por Espiral Maior, no que se recollen varios textos redactados por Villanueva entre 1986 e 2006. Comenta que os textos manteñen unha coherencia interna e que a obra se estrutura en dúas partes e un epílogo. Salienta que a primeira parte versa sobre asuntos teóricos, e a segunda, trata obras e autores de Nós e que o epílogo achega unha conversa do autor con Anxo Abuín, César Domínguez Prieto e Anxo Tarrío. A continuación, fala sobre a obra ensaística, *Psicopatoloxía do retorno* (2007), de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero, gañadora do premio Ramón Piñeiro 2006, e afirma que neste traballo os autores analizan o fenómeno migratorio e o regreso.

Finalmente, fai referencia á obra *O carnaval en Galicia* (2008), de Federico Cocho, na que analiza este rito da Galicia e o seu significado.

Lugrís, Urbano, *Aquí vén o Maio. A Coruña, 1870*, trad. Miguel Lustres, ilust. Anxo Fariña, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Relatos históricos, [lectorado mozo], 2008, 44 pp. (ISBN: 978-84-8341-217-6).

Esta obra de Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) editouse por primeira vez en 1956 en castelá. Hoxe reedítase nunha colección que se adscribe á Literatura Infantil e xuvenil. Neste libro fala sobre a celebración da festa dos maios. Recorre as diferentes tradicións do pobo e a sociedade galega durante este mes da primavera, destacando a colaboración dos nenos na difusión e transmisión da festa dos maios. Sinala a orixe pagán desta celebración, ao igual que acontece coa festa do San Xoán. O autor relata que recibe esta festa dende a memoria familiar e advirte os cambios de costumes respecto a esta celebración. O libro presenta os debuxos e capitulares orixinais firmados polo propio Urbano Lugrís; o resto das ilustracións son de Anxo Fariña (Vigo, 1977).

Recensións:

- Marga Romero, "Maio Galano Maio", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, "Letras galegas", 19 xullo 2008, p. 10.

Analízase o volume *Aquí vén o Maio* do que se indica que está editado por A Nosa Terra en 2008 na colección Relatos Históricos de Edicións A Nosa Terra e que foi traducido ao galego por Miguel Lustres. Coméntanse as súas orixes no libro *Vida Gallega* (1956) sobre o pintor Urbano Lugrís e saliéntanse as ilustracións de Lugrís e de Anxo Fariña que preceden ao propio texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245, 24 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, 3 maio 2008, p. 11.

Cítase a continuación, entre outras, a obra de Urbano Lugrís, *Aquí ven o Maio* (2008), xunto á unha breve análise.

Refraneiro do viño. 505 sentenzas recollidas do pobo, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, col. O Moucho, n.º 4, "Literatura popular", 2008, 58 pp. (ISBN da Colección Completa El País: 978-84-9815-461-0/ ISBN da Colección Completa Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ ISBN do Diario El País: 978-84-9815-465-8/ ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-070-9). ■

Na colección "O Moucho" saía o 26 de xaneiro de 1974 a cuarta edición deste *Refraneiro do viño*, que fora publicado por vez primeira en febreiro de 1968. Trátase dun conxunto de cincocentas cinco sentenzas recollidas do pobo, que son presentadas por unha "Nota dos editores", na que se refiren ás normas de edición, ás fontes consultadas e á existencia de paremias contrapostas, ademais de falar da súa orixe, da súa forma rimada e da clasificación que se ofrece. A seguir, recóllense as citadas

sentenzas en dez apartados: “Das gracias e disgracias e moralidás do viño”, “Do comer e do beber, que todo é unha mesma danza”, “Da auga i o viño, que non andan moi católicos”, “Das adegas, as cubas i os pipotes”, “Das tabernas, dos taberneiros e da súa parroquia”, “Da bota, o cabazo, o xerro i a cunca”, “Da viña, que é a nai do viño”, “Das uvas, que ás veces son verdes e ás veces maduras”, “Do tempo i o traballo que son os pais do viño” e “Das terras e das xentes”. Finalmente o colofón está “adicado aos santos bispos da Ribeira Sagra que facían medrar os acios en San Estebo de Ribas de Sil”.

Taibo, Victoriano, *Da agra aberta. Contos e lendas*, versión e notas de Miguel Anxo Mouriño, Gondomar-Pontevedra: Instituto Estudos Miñoranos, col. Retorno, 2008, 142 pp. (ISBN: 978-84-92590-29-2) (DL: VG-1297-2008). ◆

O presente volume, reedición acometida polo Instituto de Estudos Miñoranos da primeira edición de 1956, recolle a tradición contística popular galega. É unha das tres obras publicadas en vida por Victoriano Taibo (Santiago de Compostela, 1885-Vigo, 1966); as outras dúas, *Abrente* (1922), e *Da vella roseira* (1925) pertencen ao eido da poesía. No prólogo que se engade nesta edición, Miguel Anxo Mouriño, director da sección de lingua e literatura do Instituto de Estudos Miñoranos agradece a colaboración á filla e xenro do autor, así como a José Luís Alonso e ao profesor Antón Santamarina que lles proporcionou a versión dixital do texto de Taibo. Aclara tamén cal é o significado de *agra aberta*, dada polo autor: que non ten dono. Explica que o libro non ten dono pois é unha compilación de textos do pobo, ao cal pertencen, agás “Historia malfadada dun beixo que non se deu” que é de creación propia. Presenta a escolma unha versión actualizada da lingua, adaptándoa á normativa, máis mantendo a redacción orixinal, os dialectalismos e o vocabulario que aparece recollido no orixinal ao final do libro. Conta esta edición ademais do prólogo xa comentado, cun apéndice co vocabulario antes mencionado e máis o prólogo orixinal do autor. Os trece contos e lendas, recollidos do pobo, que, coa excepción antes sinalada, acércanos á Galicia máis pura, chea de personaxes auténticos que lle engaden verosimilitude e proximidade tanto aos submundos do marabilloso como ás situacións non tan irreais que se nos presentan.

Referencias varias:

- Armando Requeixo, “Roseira de Abicedo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 270, 4 decembro 2008, p. 1/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 210, “Lecturas”, 13 decembro 2008, p. 10.

Dáse conta da figura do poeta e narrador Victoriano Taibo con motivo das iniciativas de recuperación e divulgación da súa obra. Menciónase en primeiro lugar o ensaio monográfico de Ricardo Carballo Calero sobre o poeta publicado en 1976 e seguidamente faise un percorrido pola súa traxectoria literaria, salientando os seus volumes de poesía, *Abrente* (1922) e *Da vella roseira* (1925) e o seu libro de relatos *Da agra aberta* (1956). Coméntase asemade o seu rol como fomentador das Irmandades da Fala, a súa pertenza á RAG, ao SEG e ao Instituto Histórico do Minho xunto ao enérxico labor como articulista en torno a temas lingüísticos e literarios e os catro anos que pasou no exilio en Valladolid. Sinálase a convocatoria do I Premio de Poesía Victoriano Taibo por parte do Instituto de Estudos Miñoranos, fallado en favor do poeta Carlos Negro así como as xornadas de homenaxe a Taibo levadas a cabo en Gondomar en novembro de 2008, dirixidas por Araceli Gonda. Nelas presentáronse a primeira

reedición de *Da agra aberta*, os cadernos *Abicedo* e *Cabrinfollas*, que reúnen poesía inédita de Taibo e o número especial da revista do IEM, dedicado ao poeta. Cítanse a seguir os nomes dos redactores dese número, entre os que cómpre destacar a Luís Alonso Girgado. Conclúese coa mención da entrega do premio a Carlos Negro e outras actividades que tiveron lugar nesas xornadas.

VV.AA., *1895. Almanaque Gallego*, ed. facsimilar, Vigo: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades,
2009, 136 [+ 25] pp. (ISBN: 978-84-453-4691-1) (DL: VG: 1536-2008).

Ver apartado IX. Revistas deste *Informe*.

VIII.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Alonso Barcia, M.ª Victoria e M.ª Consuelo **González de Dios**, "É Santiago, se non me engano, o sétimo mes do ano. O refraneiro", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 51-53.

Indícase que Mª Victoria Alonso Barcia e Mª Consuelo González de Dios son as coordinadoras do Equipo de Normalización Lingüística do CEIP O Pombal, situado no barrio do Calvario en Vigo e que realizaron un Refraneiro cos alumnos dende Educación Infantil até 6º de Educación Primaria. Explícase como xorde esta iniciativa que é froito do proceso desgaleguizador que está a sufrir a zona na que se atopa o colexio. Coméntase que o Equipo de Normalización mandou unha circular ás familias para que achegaran ao colexio todos os refráns que souberan relacionados cos meses do ano. Precísase que os nenos preguntaron tamén aos seus avós e veciños maiores e que logo repartiron os refráns de cada mes aos distintos grupos e comezaron a traballar con eles, realizando actividades orais, plásticas e musicais. Remátase apuntando que na entrada do colexio se colgaron uns taboleiros cos refráns e que se fixo un DVD, un libro que pode consultarse na biblioteca e un calendario que será enviado ás familias.

Arias, Valentín, "Metodoloxía de traballo en 'Contos populares da provincia de Lugo", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 44-46.

Fálase da composición do libro *Contos populares da Provincia de Lugo* (1963) e de cales foron os seus antecedentes. Explícase que en 1948 o empresario de Sarria, Antón de Marcos, decidiu crear na aldea de Barreiros (Lugo) a Escuela Primaria de Orientación Agrícola Granja Barreiros na que era profesor Avelino Pousa Antemestre e que se centraba, basicamente, no "ensino no propio medio, consonante o descorrer económico-social da vida local". Indícase que pouco a pouco deron comezo unha serie de veladas dominicais realizadas na escola nas que se facía divulgación agropecuaria, de economía doméstica e sanitaria. Precísase que un día se tratou o tema da literatura oral de carácter tradicional, polo que se decidiu transcribir toda esta cultura viva (cántigas, parrafeos, cantos, adiviñas, ditos, refráns, xogos, lendas e contos). Recóllese como anos despois, algúns deses alumnos convertidos en mestres realizaron a mesma actividade nas súas escolas e que no ano 1962 todo o material recollido ao longo do curso 1961-62 foi depositado no Centro de Estudos do Colexio Fingoi de Lugo. Saliéntase que de todo este material entregado Bernardiño Graña, profesor daquela institución, escolmou trescentos textos que transcribiu e unificou a ortografía e que, deste xeito, se publicou ao ano seguinte a obra *Contos populares da provincia de Lugo*.

Cid Barro, Aníbal, "Serranchíns e serradeiros, un oficio para a lembranza", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradición populares*, n.º 29, novembro 2008, pp. 8-51.

Reprodúcese o estudo gañador do segundo premio de "Investigación Etnográfica" de Raigame que analiza o oficio de serranchín e que inclúe un apartado titulado "O folklore do oficio de serranchín e a leña" no que se acollen adiviñas, ditos, refráns, cantigas e pequenos contos que se refiren á madeira e a este oficio.

Colectivo Tatalo, "A Festa da narración oral de Galicia: unha experiencia para dar que falar", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 47-50.

Fálase da primeira edición da Festa da Narración Oral de Galicia que se celebrou en Arca (O Pino) o 7 de xullo de 2007. Indícase que a festa nace da colaboración entre o Colectivo Tatalo e a Nova Escola Galega que marcaron unha serie de obxectivos: contribuír á xeración de espazos para as narración orais, recuperar as formas da tradición oral, facilitar a reflexión teórica sobre a arte de contar historias, favorecer a dinamización social e cultural do Pino e estimular outros eventos ao redor da narración oral no concello. Explícase que a festa contou con tres partes e que a primeira delas se desenrolou na quenda da mañá na Casa da Cultura e no CPI Camiño de Santiago e que consistiu en obradoiros para profesores de ensino non universitario sobre a narración oral e o seu carácter lúdico como medio de aprendizaxe. Detállase que foron impartidos por Iolanda Aldrei (profesora no CPI de Bembibre) e Xosé Cobas (ilustrador e deseñador). Ademais apúntase que, na quenda da tarde, Cándido Pazó e Xabier P. Docampo ofreceron sendos relatorios. Así mesmo dáse conta que ás sete da tarde tivo lugar o denominado "acto central" na Casa da Cultura, no que Carlos Blanco, Paula Carballeira, Cándido Pazó, Iolanda Aldrei e Xabier Docampo contaron as súas historias. Remátase precisando que a partires das dez da noite, os bares de Arca colleron o relevo da celebración e alí, narradores profesionais e afeccionados relataron os seus contos, prrincipalmente os que tiñan que ver co Camiño de Santiago, dando fin a esta primeira Festa da Oralidade da que xa se está a preparar unha segunda edición.

Cuba, Xoán R., "Para saber máis", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 80-86.

Destaca unha serie de obras que tratan a literatura de tradición oral: *Guía da Galiza máxica* (1998), de Vítor Vaqueiro, que informa das características e peculiaridades do marabilloso galego e fai referencia a puntos xeográficos relacionados co lendario; *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), de Xoán R. Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que contén setecentas entradas sobre o imaxinario da tradición oral galega; *Lendas galegas de tradición oral* (1994), de Xosé M. González Reboredo, que ofrece unha ampla e precisa escolma; *Contos galegos de tradición oral* (2002), de Camiño Noia, recollidos nos últimos anos do século XX nas catro provincias galegas; *A poesía popular en Galicia 1745-1885* (1992), de Domingo Blanco Pérez, con preto de catro mil coplas; *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998), que presenta unha parte dos materiais recollidos polo Equipo Chaira nas once parroquias do concello lucense da Pontenova; *Arrepíos e outros medos* (2004), de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que recolle un cento de relatos lendarios de terror e pantasmas tirados da tradición oral galega; a colección *Cabalo Buligán. Contos da tradición oral de Galicia* (1999-2004), de Xoán R. Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, que achega ao público infantil e xuvenil unha ampla mostra dos contos galegos de tradición oral; *Catálogo tipológico del cuento folklórico español*, de Julio Camarena Laucirica e Máxime Chevalier, que ofrece versións propias de cada área lingüística, incluídas a galega e a portuguesa, e *Romanceiro xeral de Galicia. Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas* (1998), de Ana Valenciano, elaborado a partir dos romances arquivados na Fundación Ramón Menéndez Pidal.

Fernández Botana, Patricia e Silvia **Rodríguez Gómez**, "Intercambio interxeneracional de literatura oral", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 54-56.

Relata o intercambio interxeracional de literatura oral que se levou a cabo no CRA Amencer de Ribadavia con motivo do I Certame de Recolla de Tradición Oral, organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas e no que este traballo acadou o 1º Premio na modalidade de ensino primario. Dise que nunha primeira fase o atrapacontos, Anxo Moure, visitou a escola e o alumnado recolleu, de xeito oral, contos, lendas e cantigas. Nunha segunda fase, reflictíronse por escrito as composicións facilitadas por pais, avós e veciños, e, na terceira fase, os propios familiares e veciños acudiron á escola persoalmente.

Fernández Ocampo, Anxo, "Prácticas verbais e dimensión patrimonial", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 17-20.

Sinala unha serie de cambios necesarios para o estabelecemento dun verdadeiro programa patrimonial relacionado coas prácticas verbais, que ten que pasar pola salvagarda do tesouro literario oral, pero tamén pola identificación e difusión de novas formas de patrimonio das que o cerne é a palabra. Comenta que algúns destes cambios consisten na superación da oposición entre oral e escrito, na atención a todas as formas de transmisión ademais da interxeracional, no coñecemento da circulación das variantes nun sistema local e supralocal, na formación en técnicas de observación participante, na asociación de prácticas verbais con formas de expresión corporal e coa paisaxe, na publicación de estudos en formatos multimedia e no deseño de estratexias de representación do oral en museos e exposicións.

García Giménez, Alfredo, "O culto da natureza na Galicia tradicional: o mundo vexetal", *A Taboada. Revista das Asociacións culturais A Cabana Moraña e O Meigallo Cuntis*, ano 8, n.º 12, novembro 2007, pp. 7-22.

Refírese á supervivencia da cultura galega tradicional fronte ao sometemento da relixión monoteísta cristiá que substituíu ao politeísmo do Imperio romano. Destácase como o cristianismo estabeleceu as pautas de comportamento do pobo galego pero foi incapaz de anular os seus ritos e crenzas malia a purificación e cristianización dos lugares considerados pagáns, onde se levaban a cabo tales prácticas así como a construción de capelas co fin de reconducir a devoción popular. Tras unha breve listaxe das principais capelas construída, menciónase o poema de Rosalía de Castro, "Adiós ríos, adiós fontes", (*Cantares gallegos*, n.º 15, 1863) para expresar os temas da emigración e da nostalxia e veneración do galego pola súa terra e a súa contorna natural. A seguir, realízase unha análise sobre o culto animista das plantas ou fitolatría en Galicia, sinalando os casos de plantas con poderes medicinais, máxicos e relixiosos. Tamén se inclúen unha serie de fotografías relacionadas co tema tratado neste artigo

García Giménez, Alfredo, " Lingua e relixión", *A Taboada. Revista das asociacións culturais A Cabana (Moraña) e O Meigallo (Cuntis)*, n.º 13, xullo 2008, pp. 147-162.

Despois de identificar a cultura tradicional como o mellor elemento identificador dun grupo humano e social fronte a outras comunidades, indícase que o principal medio para a súa transmisión é a lingua. Dise que todo cambio que afecte ao desenvolvemento dunha cultura tamén afecta ao seu desenvolvemento lingüístico, de xeito que esa lingua se manterá viva mentres a cultura que a creou siga viva. Céntrase despois no caso do léxico galego e como o cambio producido na cultura rural de Galicia fixo que se perdera moito del. Por último pon como exemplo a influencia que tivo a relixión e os seus preceptos no rural, de xeito que na fala cotiá se usaban moitos termos e expresións derivados da linguaxe do mundo relixioso, do que fai unha relación detallada.

López, Miguel Ángel, "Mi patria es mi infancia. Acerca de la indiscutible importancia del patrimonio inmaterial en nuestras vidas", *Auria*, n.º 140, "Costumbres", decembro 2008, pp. 30-33.

Partindo da idea de que o que une a unha comunidade por riba da entelequia de estado-nación é a cultura vivida sendo neno, analízanse os elementos que a constitúen como a oralidade da palabra nos contos, cancións, nanas e xogos cantados que apelan á imaxinación para construír a realidade e ensinan a relacionarse e interactuar coa contorna. Tamén se compara o valor dos oficios aprendidos por tradición, como alfareiro, afiador ou lutier que implican unha determinada cosmovisión, cos xogos tradicionais nos que destaca a interacción entre iguais. Conclúese afirmando que "mi patria es mi infancia".

Miranda, Xosé, "Apoteose da lenda urbana", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 21-23.

Fálase dos tres xéneros narrativos da literatura de transmisión oral (o conto, o mito e a lenda) e de como estes evolucionaron ao longo do tempo. Dise que no conto o narrador asume que está contando algo inverosímil, a acción transcorre nun país inexistente ou moi afastado e conta cunha serie de personaxes arquetípicos ou míticos con múltiples peripecias e amores. Coméntase que, para remarcar o seu carácter de ficción, o conto leva unhas fórmulas de entrada e de saída. Infórmase que o conto evolucionou até os chistes breves actuais, contos de transmisión oral que se caracterizan polo seu humor e por ser enxeñosos. Dise que a lenda, pola súa banda, se caracteriza por ser un xénero que pretende a verosimilitude, o narrador cóntao como un sucedido certo do que hai testemuñas e ocorre nun lugar e un tempo inmediatos ou recoñecíbeis, aínda que nela aparezan personaxes irreais como as pantasmas, os trasnos ou as meigas. Na actualidade, pódese atopar a lenda urbana, na que non aparecen seres míticos, pero si testemuñas, lugares reais e tempo inmediato, narrada como un sucedido auténtico relacionado coa vida moderna. Por último, salienta que o mito é un xénero que contén trazos do conto e da lenda; como a lenda, nárrase algo verdadeiro porque atinxe ás crenzas dunha sociedade e explica a orixe das cousas. Comparte co conto que non presenta testemuñas e que se situa nun lugar e tempo remotos. Dise que hoxe en día os deuses son substituídos pola ciencia e por extraterrestres, personaxes invisíbeis, pero sempre cun verniz científico. Conclúese, polo tanto, que estas tres formas da narración oral non desapareceron na actualidade, senón que mudaron co devir do tempo e dos acontecementos que os rodean.

Martín, Paco, "A adiviña, tamén un xogo", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 24-27.

Coméntase que as adiviñas constitúen parte do patrimonio cultural de Galicia e que na actualidade están a desaparecer pois só lle interesan aos antropólogos. Saliéntase o carácter de xogo pois "a adiviña consiste en ofrecer unha definición, enxeñosa e insinuante, de algo coñecido encubríndoo de maneira que non permita a localización inmediata do referente e conseguir así un modo de entretemento, porque a adiviña é, basicamente, un xogo". Explícase como neste aparente sinxelo xogo agóchanse unhas intencións máis complexas, xa que o verdadeiro obxectivo da adiviña non está na solución, senón na resolución. Dise que en moitos pobos primitivos a adiviña tiña, incluso, un compoñente científico. Saliéntase que todo isto está a desaparecer naquelas sociedades máis civilizadas, no senso de posuír maior información e capitalismo, pois non interesa nunha sociedade deste tipo manter elementos non produtivos baseados na palabra e que poidan facer pensar á sociedade.

Martínez Martínez, María Jesús, Susana **Casal Pérez**, Indalecio **Pérez Tizón** e Xosé **López González**, "Algo que xa é tradición", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 58-62.

Leva a cabo un percorrido polas distintas fases do traballo co que o IES Francisco Sánchez de Tui acadou o 1º Premio na modalidade de ensino secundario do I Certame de Recolla da Tradición Oral, convocado pola Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas. Comenta que este centro xa desenvolvera un proxecto sobre a tradición oral en 1994, polo que xa tiña coñecementos sobre como recoller, clasificar e transcribir o material. Como resultado, recolléronse refráns, lendas, cantigas, contos, oracións, memorias, trabalinguas e adiviñas en parroquias de Tui como Ribadelouro, Paramos, Caldelas de Tui, Rebordáns e Tui Centro.

Neira, Henrique, "As coplas de antroido viaxan no tempo", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, vol. 11, 2008, pp. 101-115.

Amosa as coincidencias existentes entre unha serie de coplas recollidas polo autor de persoas naturais do concello de Vedra e algunhas das compiladas por Domingo Blanco Pérez na obra *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica* (1992). Salienta que nalgúns casos a coincidencia só se dá nun verso, mentres que noutros son varios os que coinciden, o que demostra a orixe ben antiga destas mostras da tradición literaria oral.

Parafita, Alexandre, "Dos equívocos da história à emergência do imaginário: Como nasceram as lendas de Mouros?", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 28-30.

Explícase o nacemento das lendas de Mouros, que teñen un compoñente claramente negativo e que se empregan en moitas ocasións para xustificar heroicidades de reis e

miragres de Santiago, San Bernardo ou a Virxe María. Dise que as lendas nacen a medio camiño entre a realidade e a fición, sendo a primeira delas a que inspira a segunda. Neste senso, a figura negativa dos mouros ten un gran auxe na Reconquista Cristiá que tiña como intención salvar un proxecto político-relixioso que estaba en crise. Deste xeito mesturábase o mundo da historia, con mouros reais que se habituaban a identificar con árabes e musulmáns, e mouros da mitoloxía que habitaban nas fragas, nas grutas e nos ríos. Dise que as obras literarias da época tampouco axudaron a rachar con esta concepción pexorativa, posto que os *Lusíadas*, a *Peregrinaçao*, de Fernão Mendes Pinto e *Portugal Antigo e Moderno*, de Pinho Leal teñen un marcado sentido xenófobo e racista. Subliña que a literatura oral é o mellor vehículo de transmisión que atopan estas lendas equívocas posto que van pasando de xeración en xeración.

Pedrosa, José Manuel, "A literatura, a literatura oral, o xogo", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 9-11.

Faláse da relación entre o arte e o xogo e como esta concepción xa apareceu en Francisco Quevedo, Julio Cortázar ou Jonathan Swift. Dise que a necesidade de ocio e, polo tanto, de xogo está presente, asemade entre os nenos, entre o ser humano adulto e incluso se pode atopar nun tema tan serio coma a morte (as danzas da morte, os xogos e festas funerarias na *Ilíada* e na *Eneida*…). Saliéntase que o xogo tamén ten que estar presente no ensino como acontece na educación infantil, porén vai perdendo vixencia na educación primaria e aínda máis na secundaria, para desaparecer completamente na universitaria. O autor aboga pola introdución da cultura popular e a literatura oral na universidade como xa se ten feito en universidades de Estados Unidos cun grande éxito.

Pereiro, Xerardo "Contribucións da antropoloxía á investigación da literatura oral", *Revisa Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 14-16.

Expóñense unha serie de problemas que se relacionan coa literatura de transmisión oral como espello da vida cotiá. En primeiro lugar, coméntase que esta non se pode reducir a só unha representación textual, senón que se ten que ter en conta o seu contexto sociocultural. En segundo lugar, ao traducir un texto oral á escrita pérdese parte fundamental da obra, a referida á linguaxe non verbal (a proxémica, a kinesia, a xestualidade ou a performance). En terceiro lugar, atópase como inconvinte acumular a literatura oral en volumes a xeito de dicionarios seguindo un criterio baseado nas unidades textuais e non tanto nas unidades de análise social (contadores, narradores, posición social, escenario, audiencia e linguaxe non verbal). Unha cuarta consideración ten que ver coa delimitación da literatura oral como "tradicional", non atendendo á neoliteratura e a os seus procesos de reinvención ou recreación. Unha quinta limitación é a ideoloxía de recoller de xeito apresurado a literatura oral por medo a que se perda, o que conleva unha posición folclorista esaxerada que non contempla que perder costumes do pasado tamén pode enriquecer a unha poboación. En sexto lugar, coméntase que se ve a literatura oral como algo pouco moderno ou innovador ligado ao rural e o preindustrial. A sétima limitación, e última, relaciónase coa presentación anónima dos seus autores de xeito abusivo. Proponse, como conclusión final, revisar todos estes puntos para así poder mellorar a comprensión dos textos de transmisión oral.

Pumares Varela, Marta, "A tradición oral en Coristanco", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 63-66.

Refire o traballo presentado polo CPI Alcalde Xosé Pichel ao I Certame de Recolla da Tradición Oral Ponte nas Ondas, que acadou o 2º premio na categoría de ensino secundario. Di que vinte e oito alumnos do centro levaron a cabo unha investigación centrada no seu ámbito familiar coa intención de recuperar a transmisión oral entre xeracións. Salienta que, como resultado, se obtivo a recolla de cento cincuenta e catro coplas cantadas con ritmo de muiñeira, oitenta e catro coplas cantadas con ritmo de xota, vinte e unha coplas recitadas, once coplas de regueifa recitadas, dez adiviñas, once refráns, sete coplas cantadas do "Romance de Leonor", un Canto de Nadal, unha licenza dun Canto de Nadal, sete contos e tres lendas.

Reigosa, Antonio, "Novos formatos para divulgar literatura oral", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 75-78.

Menciona diversos formatos de divulgación de literatura oral que foron experimentados en Galicia durante os últimos anos. O primeiro que se cita é *O pazo das musas*, revista oral de periodicidade trimestral editada polo Museo Provincial de Lugo co obxectivo de ser un foro de actualidade, opinión e debate no que poidan participar todos os axentes involucrados na cultura. Di que á semellanza deste proxecto naceron *A voz dos carraos*, editada polo Museo Provincial do Mar, de San Cibrao, Cervo (Lugo), e *Fiar o tempo*, editada polo Colectivo de Salvagarda do Patrimonio Inmaterial "Bagaña de Remelisca" de Ponteareas (Pontevedra). Comenta que *Voz ao vento* é unha revista oral editada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura con motivo da "Semana da literatura de tradición oral", que tivo lugar entre o 6 e o 12 de novembro de 2006. Salienta que un proxecto diferente o constitúen as *polafías*, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Trátase dunha volta ás reunións de carácter festivo con contidos literarios e musicais pero coa axuda das novas tecnoloxías, que permiten a gravación da xuntanza e a súa posterior difusión a través da Internet.

Rodríguez Almodóvar, Antonio, "A forza dos números nos contos tradicionais", *Revista Galega de Educación*, n.º 41, "O tema", xuño 2008, pp. 12-13.

Faláse da importancia que teñen algúns números na estrutura dos contos tradicionais. Así dise que, seguindo a Vladimir Propp, son sete os personaxes fundamentais que aparecen nos contos marabillosos: heroe, falso heroe, agresor, donante do obxecto máxico, princesa, pai da princesa e auxiliares do heroe. Asemade do sete, o tres tamén é un número importante na estrutura do conto pois son tres os grandes grupos nos que se poden dividir os contos de tradición oral: marabillosos (simbólicos), de costumes (reais) e de animais (imaxinarios). Comenta que tamén hai cabida para unha estruturación dual pola cal moitos contos posúen un contraconto. Salientan os exemplos dun "Cincento" e dun "Belo durminte" que desapareceron "baixo a presión burguesa do modelo femenino". Finalmente chámase a atención sobre non minusvalorar estas estruturas numéricas presentes nos contos.

Tenorio, Nicolás, "La aldea gallega. Estudio del derecho consuetudinario y economía

popular', de Nicolás Tenorio", *Galegos*, n.º 1, "Encarte", I Trimestre 2008, pp. 149-188.

Sección fixa na que se reproduce integramente *La aldea gallega. Estudio del derecho consuetudinario y economía popular*, de Nicolás Tenorio, publicado por primeira vez en Cádiz en 1914, e que contén unha introducción de Carlos García Martínez, publicado na única edición desta monografía en Galicia por Edicións Xerais de Galicia en 1982. Trátase dun estudo sobre os costumes agrícolas galegos, os costumes familiares da aldea, as celebracións do santo patrono, do entroido, día de reis, maios e supersticións da aldea e insire cantigas que acompañaban a seitura, cantares que acompañaban as danzas na celebración do santo patrono, coplas de entroido, cantares de aguinaldos ou cancións dos maios.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Fernández del Riego, Francisco, "Protagonismo da nosa literatura popular", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 261, "Letras en Galego", 10 maio 2008, p. 13.

Saliéntase o esplendor que viviu a literatura oral popular galega nos séculos XVI, XVII e XVIII, cando a literatura culta quedou silenciada. Indícase que esta literatura aínda está sen estudar completamente, a pesar dos traballos realizados por Vicente Risco, quen recolleu cantigas, refráns ou algúns romances; pois falta coñecer lendas, apólogos e adiviñas, entre outras cousas. Afírmase que houbo unha importante dramática, épica e lírica populares que non se perderon grazas á subsistir nas xentes labregas, mariñeiras e artesáns.

M. S., "Ó axexo dos libros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", nº 734, 9 novembro 2008, p. 7.

Comentario de *Convivencia entre natureza e superstición na tradición popular galega* (2007), de María Monserrat Varela Vázquez, gañadora do XIº Premio de Investigación 2006 Xesús Ferro Couselo. Comeza describindo a estrutura en sete partes da obra e destaca o percorrido preciso polas tradicións legadas polos nosos antepasados, á vez que salienta os cambios producidos no eido cultural e social entre o século pasado e o actual. Considéranse de grande interese os testemuños dun grupo de persoas relacionadas coas tradicións, entre as que se destaca a información achegada por Xosé Chao Rego e por Xosé Manuel González Reboredo. Remata considerando que o labor da autora é de suma importancia para o coñecemento e difusión da nosa historia e lembra outros títulos publicados por Varela Vázquez, como *Na memoria do pobo* (2005) e *Cantos contos nun tris tras* (2003).

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, "Cantigas e Agarimos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 7 decembro 2008, p. 5.

Comenta a publicación en 1886 do *Cancioneiro popular galego*, de Pérez Ballesteros, e que na investigación do folklore musical se involucraron os "nosos mellores escritores dos séculos XIX e XX". Fala da importancia do labor das corais, salientando a figura de Bernardo del río Parada e a súa Agrupación Folklórica Cantigas e Agarimos de Santiago e a repercusión que tiveron nos cantos populares de Galicia.

Conde, Alfredo, "O talento narrativo de Suso Lista", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 30 decembro 2008, p. 4.

Comenta a semellanza entre as anécdotas de Carlos Casares e os relatos de Suso Lista, contados a viva voz, coa literatura oral con motivo da lecturas das historias creadas por Lista na Galería ColecciónAN da Coruña. Remata lamentando que estes relatos aínda non estean recollidos nun libro.

Grial Parga, "Mira Lugo. Mitos populares", *El Progreso*, 20 outubro 2008, p. 10.

Grial Parga comenta a súa sorpresa ante "la rareza de que unas jornadas académicas expliquen leyendas populares actuales y pongan ejemplos de nuevos mitos urbanos". Destaca a análise realizada por Xosé Miranda nesas xornadas e di que este tipo de achegas axudan a "revisar los conceptos tradicionales de mitos y leyendas y explican fenómenos actuales desde la distancia académica".

López Boullón, Xosé Ramón, "Agasallos en galego", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 24 decembro 2008, p. 5.

Achegando como introdución unha panxoliña de Manuel María, coméntase a contradición entre a leda tradición do Nadal e a precaria situación daquel lugar onde naceu Xesús, Belén. Acusa a ignorancia popular sobre a situación que sofre esta zona e a orixe daquelo que se festexa e remata falando de rescatar a tradición oral do Nadal, e facelo en galego.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Río Miño", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n. º 563, "No fondo dos espellos", 31 maio 2008, p. 4.

Dáse conta do significado e a etimoloxía do nome do río Miño e comenta que non debemos aceptar a de San Isidoro: "Minius fluuius Galliciae nomen a colore pigmento sumsit" (escribe Isidoro Galliciae e non Gallaeciae), é dicir, que o río se chamar así debido a estar colorado de minio ou vermellón. Refírese como: "Nacín á beira do Miño e vivín sempre perto del". Dise que naturalmente o tema do Río Miño non fica esgotado

polos autores que fixeron estudos del senón que é citado por autores como Pokorny quen celebrou a aparición do *Cancioneiro da Poesía Céltica*, traducido ao galego por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro.

Obelleiro, Paola, "Rebelión de ritmo y verso", *El País*, "*Galicia*", 10 novembro 2008, p. 7.

Dá conta da celebración dun curso de rap e regueifa organizado pola Concellaría de Xuventude do Concello da Coruña. Fala das orixes da regueifa e do rap e comenta que no taller co que se clausurará este curso participarán os regueifeiros Pinto d'Herbón e Luís "O Caruncho" xunto co grupo de hip hop Dios ke te crew. Estabelece as conexións entre estas dúas artes e recolle tanto a opinión dalgúns dos adolescentes participantes como do regueifeiro Pinto d'Herbón.

Rozados, Lara, "Un Nadal diferente", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, 18-24 decembro 2008, p. 40-41.

Achégase á figura do Apalpador que o colectivo compostelán Gentalha do Pichel quere recuperar. Explícase en que consiste esa figura e dáse conta de quen o estudou. Así mesmo, fálase das iniciativas que Gentalha do Pichel ten preparadas para recuperar este mito do que existen cantigas ao respecto.

Valcárcel, Marcos, "Do noivado", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 24 xullo 2008, p. 77.

Retoma a análise dun libro de Xavier Castro describindo agora detalladamente os xeitos e ritos do noivado na aldea e na cidade. Comenta que na aldea os lugares que se frecuentaban para este fin eran a fonte, que tamén sinala como escenario das cantigas medievais, o monte, as romarías e os fiadeiros; nas cidades, porén, había un control total.

Valcárcel, Marcos, "O cabalo da morte", *La Región*, "Pan por pan", 12 novembro 2008, p. 61/"O cabalo e a morte", *Galicia Hoxe*, "A contra", 12 novembro 2008, contracuberta.

Analiza o significado simbólico da figura do cabalo, asociado ao poder, á velocidade e á nobreza no mundo cristián, mentres que no oriental se vincula á morte. Afirma que se atopa este último sentido en varias lendas galegas recollidas por Vítor Vaqueiro na *Guía da Galiza Máxica* (1998), así como noutros traballos de autores como Antonio Reigosa. Di que Vicente Risco recolleu en Congostro-Rairiz de Veiga unha lenda relacionada cun "cabalo moi fermoso".

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

G. Méndez, Roberto, "A televisión matou os contos", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 1 xuño 2008, contracuberta.

Entrevista a Antonio Reigosa (Zoñán, 1958), contista e recompilador, xunto con Xosé Miranda e Xoan R. Cuba, de relatos da tradición oral galega. Explica que un bo número destas narracións se atopan recollidas na páxina web www.galiciaencantada.com, que Reigosa coordina dende o ano 2005.

Miranda, Xosé, "Apoteose da lenda urbana: o conto", *A Nosa Terra*, n.º 1.301, "Cultura", 6-17 marzo 2008, p. 36.

Comentario no que se analiza o concepto de conto, partindo de que xunto coa lenda e o mito, conforman os tres xéneros principais da narrativa en prosa. Afírmase que o narrador dun conto asume que está a contar algo inverosímil e detense na diferenciación entre conto marabilloso e conto novelesco, apoiándose nos contos "O burro, a mesa e o pao" e "Crispín e Bastián".

Suárez, Tania, "El faro es lo que más fascinación causó en las leyendas", *La Opinión*, "A Coruña", 13 maio 2008, p. 13.

Entrevista á profesora Helena de Carlos da Faculdade de Filoloxía da USC por motivo dunha conferencia sobre literatura lendaria, na que dá conta da tradición e fascinación que dende a antigüidade ten o faro como luz de barcos e de cultura. Apreciase tamén a evolución da historia das mentalidades a través destes xigantes lexendarios.

Vidal Villaverde, Manuel, "A nación é unha estrutura temporal: non existiu sempre nin sempre vai existir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 8 setembro 2008, pp. 30-31.

Despois dunha concisa presentación de Xosé Miranda, comeza a conversa sinalando que el é "un literato interesado pola primeira literatura, a literatura oral" e que é mitólogo por unha cuestión poética e por interese científico. Afirma que os temas da mitoloxía lle dan pé para introducirse no fantástico e que aínda queda moito por saber e recoller neste ámbito. Non cre que as narracións fantásticas sexan "escapistas", literaturas de evasión, e cita algunhas obras do estilo que son "absolutamente literatura de compromiso". Neste senso, afirma que a literatura aspira a traballar "con emocións". Por outra parte, considera que "todo ten ideoloxía" e a continuación, céntrase a entrevista na ideoloxía e na definición de "nación" fronte ao "Estado". Noutra orde de cousas, opina que a literatura galega está nun bo momento en canto á creación e remata confesando que entre os libros que lle gustaría escribir, está a historia dos emigrantes en América ou a da súa infancia.

Vidal Villaverde, Manuel, "Entre a realidade e a mitoloxía esencial", *Atlántico Diario,*

“*La Revista*”, n.º 423, “Musas”, 21 setembro 2008, p. 55.

Xan Ramiro Cuba dá de si mesmo algúns apuntamentos autobiográficos. Comenta que a mitoloxía galega é unha das súas ocupacións, aínda que se dedica tamén á literatura oral. Neste eido, confesa que lle ten dedicado tempo ao traballo de campo e salienta a creación do grupo Chaira hai quince anos, así como a publicación de dous libros sobre o material recompilado. Por outro lado, di que a vida literaria sempre lle tentou e que como escritor ten experimentado todos os xéneros. Sinala que publicou dous libros en solitario para primeiros lectores, protagonizados polo caracol Remoldiño, e di que actualmente traballa na terceira entrega nun libro sobre as lendas da Terra Chá.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Ameixeiras, Xosé, "A regueifa de Bergantiños: arte popular en vías de extinción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283, "En portada", 11 outubro, pp. 2-3.

Faise un percorrido pola historia da regueifa en Bergantiños e dise que actualmente só quedan catro regueifeiros, dos que se recollen as súas declaracións nas que se reflicte o desexo de que non morra esta tradición que data da Idade Media, e lembran os seus inicios e anécdotas. Tamén se di, en palabras de Domingo Blanco, que a orixe da palabra é árabe e que fai referencia a un bolo de pan que se disputaba nas vodas. Infórmase tamén da súa estrutura rítmica, da súa extensión xeográfica, da súa orixe e evolución. Coméntanse as virtudes dun bo regueifeiro como son "ter dominio temático, literario e musical". Finalmente, dise que o concello de Cabanas e a Asociación Monte Branco do Couto (Ponteceso) promoven encontros e gravacións para un proxecto de recuperación e que tamén contan con publicar un libro, ademais de realizar accións de formación como obradoiros, o Certame Internacional de Improvisación Oral ou o Certame de Regueifas.

Angueira, M., "Un proxecto cultural permitirá recuperar leyendas y cantigas del municipio e historias de vida de vecinos", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Valga", 11 setembro, p. 19.

Infórmase que a Concellería de Cultura do Concello de Valga vai levar a cabo un proxecto de recuperación da historia do concello para salvar o seu patrimonio inmaterial, que se vai chamar "Lembranzas". Dise que se pretende recompilar as historias de vidas dos informantes e contos, cantigas, pezas musicais e lendas, que incluso poden ser publicadas coa colaboración do Proxecto Ronsel. Coméntase que persoal do concello percorrerá as parroquias na busca de informantes para comprobar a evolución social e realizarán grabacións de voz e vídeo.

A. Rodríguez, "Improvisación oral, retranca e enxeño cítanse en Valadares", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 Costados", 14 outubro 2008, p. 7.

Dá conta da celebración do XI Certame Internacional de Improvisación Oral que se celebra en Valadares malia o cambio de datas e as dificultades para obter financiamento. Informa dos diferentes actos que terán lugar ao redor da regueifa tradicional, da relación entre esta e a poesía, coa presenza de María Lado, Antía Otero e Xabier Cordal, entre outros. Na marxe esquerda da noticia tamén se dá conta do "obradoiro de improvisación oral en verso" que levará a cabo Luís "O Caruncho".

Barcón, Carlos, "Un libro de música para gozar", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS / Agenda", 17 abril 2008, p.17.

Centra a atención no labor de recompilación do autor do libro *A música popular en Cedeira e no seu contorno*, José Antonio Suárez Aneiros, que constitúe un magnífico traballo de recuperación das manifestacións musicais populares que configuran o son dun tempo e dun lugar; e contribúe a manter vivo o legado musical de Cedeira. Dise que o libro consta de 526 páxinas e foi editado pola Deputación da Coruña, cunha tirada de 1.500 exemplares. Destaca o inxente traballo de recompilación do abundante cancioneiro popular realizado polo seu autor a través de encontros e entrevistas coas persoas coñecedoras das coplas, cantigas e romances, e tamén a través do estudo e recolleita de datos en arquivos e bibliotecas. Valora que o autor realice neste libro unha contribución decisiva a rescatar do esquecemento e legar ás vindeiras xeracións a memoria musical de Cedeira e da súa comarca, axudándonos a entender mellor o noso pasado e a manter viva unha parte importante do noso rico patrimonio cultural.

Barrera, Héctor, "A gaita galega, homenaxeada en 'O Pentafol", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 febreiro 2008, p. 76.

Alude a Alberte Sanmartín Montaña que acaba de cumprir un soño de máis de dez anos: reunir pezas populares para gaita galega nun libro, ao que chamou *O Pentafol* (unión de pentagrama e fol) e que foi editado por Inquedanzas. Di que a obra se basea nos dous modos que existen de perpetuar a música, a escritura e o audio. Comenta que o autor formado na emigración, concretamente no Centro Galego de Bizkaia, en Barakaldo, se iniciou aos sete anos bailando danza galega e, a tocar a gaita con seriedade, aos 14.

C. G., "Estudantes de Cuntis coñecen os segredos da regueifa con Luís Caruncho e Pinto de Herbón", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 19 novembro 2008, p. 2.

Dáse conta dun obradoiro organizado no colexio Don Aurelio de Cuntis, no que Luís Caruncho e Pinto de Herbón ensinaron a compoñer regueifas, definidas como unha expresión artística característica da tradición oral galega composta de catro versos octosílabos. Asemade, anúnciase que o alumnado participará nun certame provincial de regueifas.

G. Balado, Ramón, "El cancionero gallego en edición facsimilar", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 xaneiro 2008, p. 26.

Dáse conta da presentación do libro recuperado pola Fundación Barrié de la Maza o *Cancionero Gallego* (2007), de Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, cun estudo crítico de Carlos Villanueva que perfila aspectos sempre matizábeis nunha obra de tan problemática andadura, suspendida durante anos a consecuencia das condicións impostas por unha guerra fratricida. Coméntase que o devandito cancioneiro, que xa debera ter sido publicado en 1935, foi seleccionado a par por Torner e Bal y Gay, e ficou confiado a Filgueira Valverde, artífice da edición auspiciada pola Fundación Barrié e con presentación o 14 de febreiro de 1974. Dise que será agora cando sí se produza a culminación da vontade rexeneracionista como producto do ambiente que xurdira na Institución Libre de Ensinanza, na Residencia de Estudantes madrileña e no Seminario de Estudos Galegos.

Gómez, Lupe, "Pelogato 24. 1, 2, 3 e 4", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2008, p. 35.

Para que as tradicións non esmorezan, para que a televisión non sexa o único mundo que existe e para que cantar e xogar siga sendo algo natural, con esa alegría que trasmiten as cancións de antes e de sempre, edítase un CD e DVD, titulado *Pelogato 24*, que é unha procura de recuperación de xogos, cantares e pracer. Dise que participan neste fermoso traballo cantantes como Sonia Lebedynski, Mercedes Arribe, Señora Carmen, Xabier Díaz, Xurxo Souto, Leilía, Fuxan os Ventos, Migallas, Pancho Álvarez. Comenta que prestan a súa voz e tamén as súas emocións, cando falan de que significa para eles a música tradicional ou cóntannos a que xogaban eles cando eran nenos. Salienta que *Pelogato 24* conta co apoio de Luis Bará, Director Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e que non podería ver a luz senón fose pola colaboración de moita xente como etnógrafos, músicos, técnicos de son, nenos, nenas, actores e actrices.

Jaureguizar, A.C., "Unha mostra nega que o Sacramento de Lugo sexa o cáliz do escudo galego", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 febreiro 2008, p. 71.

Comenta que, según Miguelanxo Seixas, o cáliz do escudo de Galicia procede dunha confusión ao redor da palabra "Galice" pois no século XIII, na corte inglesa, falábase francés e alí interpretouse a palabra "Galice" como calice; dese xeito representarase coma un cáliz. Di que a primeira representación do escudo galego se realizou nun libro de armas inglés do 1282, cun fondo azul sobre o que figuraban tres copóns, e logo foise copiando. Coméntase que na mostra, "O Himno. Os tempos son chegados", que conmemora os cen anos que se cumpliron no 2007 da primeira interpretación desta peza oficial, que se expón no Museo Provincial de Lugo, non faltou a referencia á bandeira, que empeza a usarse a finais do XIX. Infórmase que a partitura máis antiga que se coñecía era a de Menéndez, datada no 1907, pero grazas a información proporcionada por Xosé Neira Vilas, localizouse na Habana unha partitura aínda anterior, asinada no 1906 por Felipe Pereira, e que "posiblemente se interpretó", según Axeitos.

Lamas, Jorge, "Un proxecto multimedia divulgará os xogos e as cantigas tradicionais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 abril 2008, p. 48.

Preséntase un proxecto chamado *Pelo gato 24* que é un libro-CD-DVD que ten como obxectivo difundir xogos e cantigas tradicionais galegas entre os escolares de educación primaria do país. Trátase dn proxecto impulsado pola Asociación de Gaiteiros Galegos, coeditado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e o selo discográfico PAI Música. Dise que o libro, de 64 páxinas, inclúe fotos e textos que documentan os xogos e as cantigas e que o disco contén trece cantigas, ademais dunha pista interactiva na que se recollen fotografías, letras e playbacks das cancións. Infórmase que a dirección musical estivo en mans de Paulo Nogueira e Magoia Bodega, e os participantes son Leilía, Fuxan os Ventos, Migallas, Xabier Díaz, Mercedes Arribe, Sonia Lebedynski, Señora Carmen, Xurxo Souto, César Longa, Begoña Riobó, Pancho Álvarez, Segundo Grandío, Xosé Liz e la charanga Vai de Baile. Finalmente, coméntase

que o DVD reúne unha serie de xogos tradicionais, unha sección cun make off con varios videoclips e un playback das cancións.

L. G., "Vellos costumes con aires máis renovados", *Diario de Arousa*, 3 decembro 2008, contracuberta.

Informa da actividade que se levará a cabo no IES vilagarcián Castro Alobre coa fin de recuperar o costume das regueifas. Coméntase que Pinto d'Herbón e Luís "Caruncho" amosaron ao alumnado como facer e interpretar unha regueifa, actividade que, segundo se di, está organizada e desenvolvida dende a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Finalmente, achégase unha breve historia do termo regueifa, apuntando as diferentes acepcións que acadou co paso do tempo.

López, Cristina, "Expertos en literatura oral sosteñen que o demo aínda está moi vivo nas crenzas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 outubro 2008, p. 50.

Dáse conta da temática que centrou a primeira xornada sobre literatura oral, organizada en Lugo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega: a figura do demo. Infórmase da presenza de diversos estudiosos sobre o tema, entre os cales saliéntase ao escritor lugués Xosé Miranda e a súa achega sobre a categorización do demo en Galicia en tres figuras diferentes. Coméntase, asemade, a xornada da sesión vespertina, dedicada aos libros sobre o demo.

maré, "Cantigas e frores' celebra os seus sesenta anos, *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 setembro 2008, p. 30.

Anúnciase a celebración dun acto-homenaxe aos membros da Asociación Cultural Cántigas e Frores de Lugo con motivo do sesenta aniversario da súa creación. Sinálanse algúns detalles desta gala e adiántase outras iniciativas do colectivo como a organización dun festival de cultura tradicional e a gravación dun CD-DVD, no que se recollerán actuacións desta asociación creada en 1948.

Marí, Davinia, "As regueifas chegan á escola", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 15 novembro 2008, p. 20.

Dáse conta da celebración no instituto de educación secundaria de Vilalonga dun obradoiro de regueifas da man de Luís "Caruncho" e "Pinto d'Herbón". Destácase a participación do alumnado ao redor de temas como a violencia, a crise, etc. Tamén se anuncia unha próxima celebración deste obradoiro cun grupo de vinte e cinco alumnos que participarán no certame escolar de regueifas. Por último, sinálanse que os principais obxectivos destes obradoiros é dar a coñecer a poesía oral improvisada, empregala como elemento didáctico e fomentar a súa creación entre o alumnado.

Miranda, Xosé, "A figura do demo", *A Nosa Terra*, n.º 1.338, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 18-24 decembro 2008, p. 38.

Fala das tres figuras demoníacas existentes na tradición galega: o demo con maiúsculas, "o Príncipe das tebras"; o Demo Negro; e o Demo Coxo, dos que achega a descrición máis común, os diversos nomes adoptados e as súas funcións, ademais dunha lenda sobre o último deles. A continuación, de novo mediante a achega dunha crenza, dise que estes demos mitolóxicos non se corresponden con aquel da relixión oficial.

Moral, Sonia, "A tradición oral estase a perder", *La Región*, "Carballiño", 30 abril 2008, p. 16.

Dise que o salón de actos do Centro Multiusos de San Cristovo de Cea acolleu a presentación do libro *Risas e farras coas cantigas da avoa*, unha obra editada pola Deputación provincial de Ourense e escrita por Sonia Moral, unha moza estudante orixinaria da localidade de Cotelas, en Piñor. Na entrevista a autora comenta que no libro recolle trescentas cantigas populares que lle contou a súa avoa Mercedes para manter a tradición oral.

Nosa Terra, A, "Qué pasa neste mes?", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "*Bulebule*", 3-9 abril 2008, p. 30.

Acóllense oito refráns relacionados co mes de abril.

O. L., "Pela gato 24', un álbum creado pensando nos máis novos da casa", *La Opinión,* "Cultura", 12 maio 2008, p. 62.

Comenta que Pai-Música editou o traballo *Pelo gato 24*, obra producida pola Asociación de Gaiteiros Galegos, e que conta coa colaboración da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia. Con este libro que consta dun libreto, un CD con trece temas populares en clave infantil e un DVD cun documental sobre os xogos tradicionais e varias gravacións das cantigas, preténdese que os nenos se acheguen ás cantigas e aos xogos populares.

Pato, Alfonso, "Cazadores de Cantigas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 maio 2008, p. 7.

Fai referencia a como dende hai décadas, etnógrafos, musicólogos, artistas ou simples afeccionados ao folclore percorren as corredoiras tratando de detectar xoias do patrimonio tradicional, de rexistrar pezas cantadas ou bailadas que as persoas maiores gardan na súa memoria. "O rural desaparece, e todo o que vin hai máis de 25 anos, xa non se ve", explica a cantante Mercedes Peón, que leva cerca de tres décadas peneirando o patrimonio oral de aldea en aldea. Di que Peón ten un gran fondo de arquivo, con 2.000 horas de recollidas, e un selo discográfico propio, Trompo, co que dá a coñecer parte deste patrimonio a través da serie Raiceiras. Salienta que todos os estudiosos coinciden en sinalar a comarca de Bergantiños como unha das grandes reservas da tradición oral, aínda que na última década semella que hai outras zonas interesantes, como o interior de Pontevedra. Dise que Henrique Peón é unha das

grandes referencias na recuperación das tradicións, director da histórica agrupación Xacarandaina e irmán de Mercedes Peón, leva case 30 anos facendo un rigoroso traballo de recuperación, que abrangue canción, baile e até xeitos de vestir.

Rozados, Lara, "A Biblia da gaita", *A Nosa Terra*, n.º 1.300, "Cultura", 28 febreiro-5 marzo 2008, p. 38.

Fálase das catrocentas partituras de gaita do noso acervo tradicional, transcritas con dous métodos e catrocentos setenta e oito arquivos de audio en formato MP3 que achega *O pentafol*, unha monumental obra que o gaiteiro Alberte Sanmartín presentaba a pasada semana. Dise que a iniciativa, que nace con vocación de ser "a biblia dos gaiteiros", amosa as posibilidades de recuperación da nosa música tradicional.

Sánchez Agustino, José Luís, "Leyendas del mar de Arosa", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 9 marzo 2008, p. 22.

Faise eco da beleza da ría de Arousa, recollida en moitas obras literarias, e que no imaxinario popular leva prodigado moitos relatos e lendas como a princesa encantada das dunas de Corrubedo. Tamén se trata a tradición popular ao redor do río Barbanza, recollida polo Frei Sarmiento; do mosteiro da Armenteira e a lenda do seu prior "O monxe da paxariña", recollida na cantiga CIII de Alfonso X: Finalmente dáse conta da lenda de Roldán que di que se asilou na illa de Arousa e tivo un romance cunha serea, tras a súa derrota ante Carlomagno en Roncesvalles.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado "Publicacións en revistas" deste *Informe*.

1895. Almanaque gallego. Ed. facsimilar
(ISBN: 978-84-453-4691-1) (DL: VG 1536-2008).

Tras a presentación, na que se manifesta que o volume pretende ser unha homenaxe á lingua galega na que están escritas e un complemento da *Escolma de Almanaques Galegos (1865-1929)*, reprodúcese a publicación da Coruña que apareceu en 1894 baixo a dirección de Farruco Lage e Guillermo Díaz. A obra imprimiuse na Tipografía "La Unión Gallega" e estaba composta por cento sesenta e unha páxinas escritas integramente en galego. Incluía como colaboradores a Juan Beltrán, Constantino Fernández, Salvador Golpe, Eduardo Pardo y Gómez, Carlos Pol, Galo Salinas, Florencio Vaamonde, Dionisio C. Pardo e Alejandro Barreiro, entre outros. Constaba das seccións "Calendario" común e relixioso; "Xuicio do ano", asinada por *Eu*, da que se deduce que o *Almanaque Gallego* é unha reaparición doutro; "Parola", na que se insiren diversos traballos sobre os persoeiros Alfredo Brañas y Menéndez, Eduardo Vicenti Reguera, Ramón Bernárdez González, "abade da Colegiata da M.I. da Cruña", e José María Riguera Montero; "Seución recreativa", da que forman parte os "Refrás" e as "Moralexas". Nas súas páxinas acolleu abundante poesía e os relatos "A bó pau boa qonteira", de J. Beltrán, e "Dramas do campo", de A. Barreiro, entre outros, e tamén contos populares como "Os herdeiros cobizosos", "Os fantasmas" ou fábulas como "A raposa e o pato", de Carlos Pol. Esta edición pode consultarse na páxina web do Centro Ramón Piñeiro www.cirp.es.

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
(ISSN: 1886-2292) (DL: C-2367-2005).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que naceu co obxectivo de ser un vieiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Saíu do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. Dende o inicio o consello de edición está formado por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez. Estrutúrase nas seguintes seccións: "Limiar" e "Artigos" dedicados a diferentes temas. No ano 2008 publicouse o número 3 con cambios no consello de edición que pasou a estar composto por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, José Mª Laredo Codornié, Nolo Suárez e Manuel Vilar Álvarez. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 25, "Publicacións", primavera 2008, pp. 33-34.

Sección fixa que acolle a presentación de obras e revistas publicadas en galego e portugués, acompañadas dunha pequena descrición. En relación á literatura galega anuncia a aparición do número 3 da revista *Adra* e do número 10 da revista *Xistral* das que se enumeran os seus contidos. Tamén informa da publicación de *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985* (2007), de Clodio González Pérez; *Poemas a Alda*, de Xosé Estévez.

AGÁLIA. Revista de ciências sociais e humanidades
(ISSN: 1130-3557) (DL: C-250-1985).

Revista de estudos socio-culturais que foi fundada no ano 1985 e está vencellada á asociación AGAL. Nos seus primeiros dez anos, *Agália* estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até chegar aos trece compoñentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprendeu dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a Mª do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) até o número 91-92 o seu director foi Carlos Quiroga. Nesta etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) *Agália* presentou un novo deseño na capa, optou pola periodicidade semestral e engadiu o subtítulo: "Revista de ciências sociais e humanidades". No enderezo electrónico pódense localizar os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: "Estudos", "Relato/Poesia", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e "Percurso". No ano 2008 publicouse o número dobre 93-94 (1º semestre) no que se apreciaron os seguintes cambios: novo diseño da portada con fondo a cor e sen fotografía, a dirección pasou a José Martinho Montero Santalla, incorporación ao consello de redacción de Paulo Valério e Vítor Meirinho e o cambio no nome das seccións de "Relato/Poesía" que pasou a denominarse "Textos literários" e "Recensons" a "Resenhas", desaparecendo a sección "Percurso". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- J. G., "O proxecto pendente de Guerra da Cal", *Diario de Ferrol*, 16 xaneiro 2008, contracuberta.

Dá conta da última publicación da revista *Agália*, números 89 e 90, salientando o traballo do investigador e xornalista Joel R. Gómez sobre o escritor ferrolán Ernesto Guerra da Cal no que analiza os estudos estilísticos e literarios de Guerra sobre Eça de Queirós e Machado de Assis. Finalmente reclámase un Día das Letras adicado a este estudioso por ser o "que máis traballou pola proxección da lingua e literatura galega internacionalmente".

AILIJ
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ) e dirixido por Celia Vázquez García. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional como internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. O comité de redacción intégrano Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), Mª José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), Mª del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en "Artículos" e "Reseñas/Reviews" publicou no ano 2008 o número 6. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AMASTRA-N-GALLAR
(ISSN: 1696-0718) (DL: C-134-2002).

Revista de poesía e pensamento poético vinculada á editorial Amastra-n-gallar, que dá tamén ao prelo unha serie de cadernos poéticos de autores galegos e estranxeiros non venais. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 2001 co obxectivo de difundir a creación, o ensaio e a tradución de poesía. Da dimensión filosófica da revista deu testemuño xa o seu primeiro número, onde diferentes autores fixeron as súas achegas ao redor do concepto de "acto poético". O director da publicación é Emilio Araúxo. Na revista é habitual que os textos dos colaboradores estranxeiros se traduzan ao galego na primeira parte de cada volume, para ser reproducidos despois na súa lingua orixinal. Durante o ano 2008 non se publicou ningún número. Neste ano 2008 as edicións non venais foron as seguintes: por unha banda, en galego Vicente Araguas, *Dun felo extraviado polo val de Maqueda*, con fotografía de Emilio Araúxo (D.L.: C-274-2008); Alexandre Nerium, *Detrás da néboa o felo*, con fotografía de Marisa González Feixoo (D.L.: C-84-2008); Daniel Salgado, *Lentitude*, con fotografía de Emilio Araúxo (D.L.: C-278-2008) e Luis G. Soto, *O felo ou*, con fotografía de Emilio Araúxo (D.L.: C-276-2008). E traducidas Joseph Attié, *Felo* (trad. de Emilio Araúxo) (D.L.: C-471-2008); Alain Badiou, *Pierre Guyotat, príncipe da prosa* (*Pierre Guyotat, prince de la prose*, trad. de Emilio Araúxo) (D.L. : C-83-2008); Jacques Derrida, *Pequena fuga alexandrina (cara a ti)* (*Petite fuite alexandrine (vers toi)*, trad. de Emilio Araúxo) (D.L.: C-275-2008), David Lespiau, *Scan de felo* (trad. de Emilio Araúxo) (D.L.: C-277-2008) e Jacques Sacré, *Se os felos atravesan polos nosos poemas?* (*Si les*

felos traversent par nos poèmes?, trad. Emilio Araúxo). Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ANIMA+L. Revista cultural para todas as especies
(ISSN: 1137-599X) (DL: C-541-96).

Publicación creada en febreiro de 1991, editada por Edicións Positivas, presentándose cunha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador, até que no ano 2007, Francisco Macías asumiu a súa dirección. No ano 2008 apareceu o número 18 (primavera-verán) e o número 19 (inverno). No número 18 na sección "Mamá Cabra" fíxose un repaso pola discografía deste grupo musical e recolléronse as letras dalgunhas cancións: "O meu tío Timoteo", de *Cantos Rodados*; "O pirata Metepata", do disco *Cantando comigo*; "Don Polbo", con letra de Helena Villar e Xesús Rábade, pertencente ao disco *Tan só con leres un libro*, e "Casimiro, o elefante". Tamén reproduce a versión en galego d'*O cazador de Eubea*, escrita por Dion de Prusa e traducida por Onofre Sabaté. Asemade, incluíuse a tradución realizada por Daniel Salgado dos *Manifestos populistas*, de Lawrence Ferlinghetti, poeta da xeración Beat. Por último, Paula Carballeira, nunha nova entrega da sección "Mulleres de conto", publicou unha historia sobre a arteira esquimó Wapiti. No número 19 acolléronse o "Discurso contra a servidume voluntaria", de Étienne de la Boétie, traducido por Onofre Sabaté e "A mirada da rima", de Pere Tobaruela, un conxunto de composicións poéticas que empregan o palíndromo: "A mirada da rimA", "¿SomoS?", "Son e nenoS", "Alén elA", "No mar AramóN", ¡AlalÁ!, "Luz azuL", "KazaK", "RiR", "O ser presO", "Selene sen eleS", "¡Erro, morrE!", "Arca sacrA", "AmA", "Aire seríA", "A ira, MaríA", "A nota átonA" e "O...O". Na sección "Invisíbeis", Onofre Sabaté recolleu "stecills" (grafitis feitos con plantilla) nas páxinas pares acompañados de textos poéticos e narrativos nas páxinas impares. Finalmente Paula Carballeira, nunha nova entrega da sección "Mulleres de conto", publicou a historia de Bopoluchi. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Paula Fernández**,** "De Animal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 242, "Infantil/ Xuvenil", 3 abril 2008, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 181, "Xuvenil/Novidades", 12 abril 2008, p.11.

Infórmase de que vén de saír do prelo o número 17 de *Animal. Revista Cultural para todas as especies* e que desta vez conta con catro reportaxes así como con estudos culturais dedicados á literatura e a outras artes. No referente á literatura sublíñase que se reproduce o conto "O Alienista" de Machado de Assís aproveitando a homenaxe que se lle brinda este ano e tamén achega un estudo de Paula Carballeira sobre a tradición eslava.

- Lucía Seoane, "De novo, *Animal*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, "Libros", 20 novembro 2008, p. IV.

Sinálase que esta revista cultural vén de publicar o seu número de primavera, o dezaoito

na súa traxectoria. Entre os contidos atópanse unha versión en galego da pequena novela *O cazador de Eubea* e unha tradución do "Manifesto Populista 1" e "Manifesto Populista 2" de Lawrence Ferlinghetti, un dos impulsores da célebre Xeración Beat.

ANUARIO GRIAL DE ESTUDOS LITERARIOS GALEGOS
(ISBN: 84-8288-598-7) (ISSN: 1133-4533) (DL: VG-173-2003//VG-1263-2006).

Publicación literaria de periodicidade anual que deu á luz a Editorial Galaxia no ano 2003 co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xurdiu da fusión do *Anuario de Estudos Literarios Galegos* e a revista *Grial*. O *Anuario de Estudos Literarios Galegos* fora fundado a iniciativa de Xoán González-Millán, que exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estivo integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio de nome e de deseño, a directora é Dolores Vilavedra. A partir do *Anuario 2005* aprecíouse un cambio no D.L. e a asignación do ISSN, que se consignan na entrada. O consello de redacción está formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camino Noia. Compoñen o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen Marck, Stephen Parkinson, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño corre a cargo de Fausto C. Isorna. Fusionáronse as antigas seccións "Estudios" e "Comunicacións", conservándose "Panorámicas" e "Libros" e desapareceu "Compendio bibliográfico". En 2008 saíu o *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*. Os diferentes artigos que o compoñen están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ARRAIANOS
(ISSN: 1698-9953) (DL: OU-2/05 // C 4290-2007).

Revista de ámbito limiá, de periodicidade anual, vinculada á Asociación Arraianos, fundada no ano 2004 por Aser Álvarez que exerceu de coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Pódese consultar en formato pdf os cinco números anteriores (http://www.arraianos.com). Co número VII, correspondente ao mes de xaneiro de 2008, inicíouse unha nova etapa con máis colorido, baixo a dirección de Aser Álvarez e a coordinación de Lois Codias, cun consello de redacción composto por Alberto Augusto Miranda, Américo Rodrigues, Armando Requeixo, Baldo Ramos, Felipe Castro, José Domíngues, Henrique Alvarellos, Ramón Nicolás, Xoán Carlos Domínguez, Xosé Paulino Estévez e Xulio Medela. A revista consta das seguintes seccións: "Limiar", "Entrevista", "Entre arraianos", "Arredor da lareira", "Pensamento", "Creación" e "Andel de libros". A partir do número VII houbo un cambio de depósito legal que se consigna na entrada, debido a que pasou a ser editada por Alvarellos Editora. Este número monográfico titulado *A vida nas aldeas* presentou unha serie de artigos asinados por colaboradores, entre os que destacan Bieito Iglesias, Pedro de Llano, Augusto Pérez Alberti, Marcial Gondar, Francisco Sineiro, Plácido

Lizancos, Xosé Manuel Pereiro, Anxo Angueira ou J.J. Moralejo. No apartado de "Creación", reproducíase o relato "O aceno invisible", de Francisco X. Fernández Naval e as composicións poéticas "Comendo néctar", de Olga Novo; "Mutación", de Chus Pato; "Terra Chá", de Xesús Rábade Paredes; "Teoría da evolución", de Elvira Riveiro Tobío e "Fragmento de Espectros", de Daniel Salgado. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "Aldeas, vidas e despoboamento do espazo interior", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 693, "Arquipélago", 27 xaneiro 2008, p. 6.

Analízase a nova entrega da revista *Arraianos* e mais os números V e VI dos artigos xornalísticos de Carlos Casares publicados baixo o título d'*Á Marxe* por Galaxia. De *Arraianos* faise un repaso de todos os números publicados mentres que dos volumes *Á Marxe, 1996. Obra xornalística V* e *Á Marxe*, *1997. Obra xornalística VI* dise que amosan un xornalismo de Casares como unha canle de expresión e presentación do ser humano feito e ideado polo propio Casares.

- L. R., "La revista 'Arraianos' incorpora un nuevo diseño a todo color y secciones más amplias", *La Región*, "Ourense", 15 xaneiro 2008, p. 7.

Indícase que a revista *Arraianos* comeza unha nova etapa incorporando un novo deseño (moito máis colorido), así como algunhas novas seccións. De feito, neste novo número dedícanse 158 páxinas á vida nas aldeas. Explícase que na presentación desta nova andaina participaron o director da publicación, Aser Alvarez, o xeógrafo Agusto Pérez Alberti, o arquitecto Pedro de Llano e o editor da revista, Henrique Alvarellos.

- Marcos Valcárcel, "Arraianos", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 15 xaneiro 2008, p. 61/"Arraianos", *Galicia Hoxe*, "A Contra", "Andoliña", 16 xaneiro 2008, contracuberta.

Informa da nova imaxe da revista *Arraianos*, dirixida por Aser Álvarez e coordinada por Lois Codias. Ofrece como datos que está editada por Alvarellos e que conta cunha nova imaxe máis colorida e atractiva. Engade que a publicación se centra neste novo número na vida da aldea e o impacto do caciquismo.

- D. S., "Arraianos dedica un número a la vida en la aldea", *El País*, "*Galicia*", 15 xaneiro 2008, p. 7.

Dá conta da aparición do número 7 da revista *Arraianos*, que comeza dese xeito unha nova xeira xunto á editorial Alvarellos. Indica que esta revista naceu en Celanova hai catro anos e que dende aquela dedica as súas páxinas á vida galega nas aldeas, á cultura e ao mundo da terra en xeral.

- Xurxo González, "O cruce de camiños entre a aldea e a cidade", *A Nosa Terra*, n.º 195, "Cultura", "Crítica", 24-30 xaneiro 2008, pp. 34-35.

Dá conta da publicación da revista *Arraianos VII: A vida nas aldeas*, editada pola

propia asociación Arraianos e que se centra na vida rural galega. Comenta que o novo número conta cun gran número de artigos asinados por distintos colaboradores, a través dos que se poden percibir distintas perspectivas en torno aos cambios experimentados no mundo do rural.

ATENEA
(ISSN: 1575-9679) (DL: C-1937-1999).

Revista trimestral, fundada no ano 1879 e publicada polo Ateneo Ferrolán, que conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A revista non ten unha estrutura estábel pero entre as súas seccións saliéntanse pola súa frecuente aparición: "Editorial", "Servizos", "Falamos de..", "Programación", "Artigos", "Breves", "Muller" e "O Parnaso", sección que acolle creacións poéticas. No 2008 publicáronse os números 30, 31, 32 que na sección "O Parnaso" acolleron os seguintes textos poéticos: no número 30 apareceu a tradución "Tarde de outono", feita por Eliseo Zaera Ríos, e a versión orixinal en castelán "Tarde de otoño", de Ángel Ruiz de Velasco; o número 31 presentaba "Cántiga" e "O Maio", de Curros Enríquez; e o 32 as composicións poéticas "Poemas do día-VII" (BADALADA DE AMOR), "Poemas do día-IX", "Poemas do día-XIII", "Poemas da noite-XV" (AS RÚAS DO TEMPO), "Poemas en loita-IV" e "Poemas en loita-V", de Miguel Ángel Alonso Diz. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AURIA. Revista mensual de Caixanova
(ISSN: 1138-0837) (DL: OU-46-97).

Publicación mensual, distribuída gratuitamente co xornal *La Región* o derradeiro domingo de cada mes, que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Este nome trocou en agosto de 1999 -número 28-, ao comezar o proceso de fusión das Caixas do Sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)*; en xullo de 2000- número 39- pasou a titularse *Auria (Revista mensual de Caixanova)* pero dende setembro de 2008 -número 137- presenta o seu actual título *Auria*. Estivo sempre editada por *La Región* en colaboración con Caixanova e mais coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia até febreiro de 2008 -número 130-, dende marzo de 2008 -número 131- até agosto de 2008 -número 136- seguiu só coa colaboración de Caixanova mais dende setembro de 2008 - número 137- só participa na súa edición *La Región*. Tivo a Alfonso Sánchez Izquierdo como director dende a súa fundación até agosto de 2008 -número 136- cando pasou a ser Xosé Pastoriza Martínez, a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e conta ademais cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos. Dende maio de 2007 -número 121- contou cunha renovada maquetación e deseño se ben cómpre subliñar que a presenza de textos en lingua galega é cada vez menor ou case nula. Ao longo de 2008 publicáronse 12 números, concretamente dende o número 129 ao 140. Cada número contou cunha "Agenda" que deu conta dos principais fitos e actividades culturais (teatro, conferencias, exposicións, música, etc.) que tiveron lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense e Vigo. Dende setembro de 2004 -número 89- cada número

comezou cun texto titulado “Firma invitada”. Despois disto aparecían artigos, con abondoso apoio fotográfico, que tocaban variados temas de lecer, especialmente referidos ao turismo, natureza, música, tradicións, cine, fotografía, cultura, arte, costumes, etc. Até setembro de 2008 -número 137- pechábase cun apartado que falaba especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. No número 134 acólleuse un texto poético de Celso Emilio Ferreiro acompañado dunha fotografía, titulado “Longa noite de pedra”. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compaña, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea, até que no número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Conta cun consello directivo. Consta dun limiar de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza que abranguen os eidos da arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura entre outros; da sección “Aires de fóra”, dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; “Cuarto acto” que, dividido en escenas, informa das actividades realizadas pola asociación e “Publicacións no Barbanza” que no número 3 (ano 2007) cambiou a “Revista de libros”, repertorio bibliográfico que anota libros, folletos, separatas, revistas, artigos e reedicións de autores do Barbanza, subdividido en xéneros (poesía, narrativa, teatro, ensaio, artigos, recensións e notas, historia, xeografía, medio ambiente, biografía, bibliografía, etnografía e antropoloxía, ensino, arte e música, revistas e xornais, tradución, entrevistas, lingua e varia). No ano 2008 saíu do prelo o número 4 que na sección “Aires de fóra” acolleu sete poemas en inglés e galego: “O hábito da perfecçom”, “O mar e a cotovia”, “A cotovia enjaulada”, “No vale do Elwy”, “Os álamos de Binsey”, “O nobre coraçom” e “Andrómeda”, de Gerard Manley Hopkins (Essex,Stratford, 1844-Dublín, 1889) e unha pequena biobibliografía do autor, coa tradución de Alberte Pagán e precedidos dunha pequena biografía do autor. Tamén achegou a poesía dos *States*, seleccionando nesta ocasión poemas presentados na lingua orixinal e a tradución ao galego de catro voces femininas norteamericanas, Wanda Philipps, Terri Carrión, Dense Duhamel e Beth Ann Fennelly, das que se sinalaron as súas características comúns e se ofreceron apuntamentos biobibliográficos. Os artigos referidos á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARSOWIA
(ISSN 1887-6226).

Fanzine editado polo colectivo de autores galegos de banda deseñada Polaqia, fundado en 2001 e integrado por David Rubín, Kike Benlloch, Sergio e Hugo Covelo, Emma Ríos, Álvaro López, Luís Sendón, Jose Domingo, Bernal, Brais Rodríguez, Roque Romero e Diego Blanco. En 2008 Jose Domingo substituíu na presidencia do colectivo a Hugo Covelo. A publicación ten no seu haber o Premio do Público ao Mellor Fanzine de España en 2005, e Premio do Salón Internacional do Cómic de Barcelona como Mellor Fanzine de España en 2006, o Premio do Salón de Barcelona 2007 e o Premio Ourense 2007. Ao longo de 2008 o colectivo editou dous números. No número 11 (abril

2008), a portada foi realizada por Roke Romero e, ademais das colaboracións de todos os membros do colectivo Polaqia, acolle historietas asinadas por Paulo Monteiro, Mario Feal, Manel Cráneo, Susa Monteiro, Esteban Hernández, Michael Bonfiglio, Miquel Rof, Ana Galván, Luis Bustos, Malota, nome artístico da ilustradora Mar Hernández, Xurxo Penalta, Jorge García, Sagar Forniés, e os portugueses Richard Câmara e David Soares. No número 12 (agosto 2008), tras a portada de Emma Ríos, pódense ler historias de Manel Cráneo, Jose Domingo, Luís Sendón e Iván Serrano, Duarte e Xurxo Penalta, e Emma Ríos e David Rubín.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O Proxecto-Edición varía a súa feira ampliando o carácter internacional", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 marzo 2008, p. 40.

Informa do segundo certame da feira do Proxecto-Edición que tivo lugar a primeira semana de abril no Pazo de Cultura de Pontevedra. Explica que a feira, cunha duración de tres días (do 3 ao 5 de abril) continúa a ser unha mostra da edición literaria, musical ou de revistas. Engade que nesta ocasión presenta algunhas novidades, entre as que podería salientarse a colaboración do Instituto Camões e a participación de expositores portugueses, xunto coa realización dunha programación paralela e dous obradoiros de edición artesanal ou artística. Asemade, dá conta da participación do colectivo Polaquia co seu fanzine *Barsowia*.

- P. T., "Barsowia 11", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 6, "proPostas", primavera 2008, p. 20

Refírese moi brevemente ao número once da revista *Barsowia*, a publicación especializada en banda deseñada editada polo colectivo Polaqia e na que se recoñen as principais novidades dun e doutro lado do Miño. Sinálase que Kike Benlloch, Emma Ríos, Ana Galván, Manel Craneo, David Rubín ou Miquel Rof son algún dos creadores galegos que publican neste número, mentres que alén do Miño atopamos nomes coma Susa e Paulo Monteiro.

- A. Losada, "Debuxaría a Batman bebendo un licor café", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 9 decembro 2008, p. 55.

Entrevista ao debuxante de cómics David Rubín, que en 2008 deu ao prelo o seu *Cuaderno de Tormentas*. Trátase de cento doce páxinas de ficción protagonizadas por un narrador que non ten historias que contar e vaga por unha cidade que intenta cazar. Rubín considera que a súa obra está chea de recursos galegos, aínda que Galicia non asome de modo explícito no seu traballo. Sinala tamén que na actualidade está adaptando o *Monte das ánimas* de Bécquer, e que tentará rematar no 2009 o álbum longo *Olimpus*, ademais de traballar na revista *Barsowia*.

***BOHEMIA* (Revista semanal ilustrada)**. Ed. facsimilar
(ISBN: 978-84-453-4574-0) (DL: C 513-2008).

Edición facsimilar do número 17 da revista *Bohemia* editada por Marisa Moreda Leirado e cunha introdución a cargo de Luís Alonso Girgado na que se fai especial referencia ao Centro Galego da Habana e á súa aparición na revista. Saliéntase así pois a data da súa fundación, o 23 de novembro de 1879, e os actos organizados no seu seo, como por exemplo as axudas á Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia ou as publicacións *La Tierra Gallega* (1894-6), de Manuel Curros Enríquez. Coméntanse asemade algúns estadios de censura por motivos dos seus posicionamentos políticos e a súa evolución até a actualidade, baixo o título de *Bohemia (Revista Ilustrada de Análisis General)*, dirixida por José R. Fernández Vega. Ábrese este número cunha páxina de publicidade varia e continúa cunha cuberta onde pode lerse a noticia "El regalo de 'Bohemia' a sus abonados" e a listaxe do directorio profesional da revista. Tras algunhas páxinas máis de anuncios comeza a crónica social que conta con publicidade. A seguir aparece o poema "Suevia" (1915), de Fernando Lles, acompañado de ilustracións referentes a Galicia. Continúa coa noticia histórica do Centro Galego d'A Habana, na que se poden observar os detalles biográficos de distintos membros do Centro Galego como Don Secundino González Valdés ou don Juan Cabanas, todos eles acompañados das súas correspondentes fotografías en branco e negro. Móstrase tamén unha serie de fotografías dos presidentes do Centro Galego dende a súa fundación até 1915. Nun seguinte apartado aparece o relato "Idilio", de Roberto Blanco Torres, seguido pola "Sección de Cultura", cun artigo, "El centro gallego y la enseñanza", que reflicte a situación do ensino en colexios como Concepción Arenal, subvencionado polo Centro Galego, tras o cal se publican as fotografías da comisión executiva e a asemblea de apoderados do devandito Centro. Séguese co poema "A traxedia das follas" de Ramón Cabanillas e un óleo de P. Bono, "¿Sei que che sabe?", sobre dous rapaces comendo sopa. A continuación aparece un artigo sobre a inauguración de La Benéfica, unha casa de saúde propiedade do Centro Galego, con fotografías do seu persoal e departamentos. Segue a revista co relato "O servicio do rei" de Luis E. Rey, con fotografías do Centro Galego, dos seus departamentos e do seu palacio e da inauguración do seu Gran Teatro Nacional. O escrito intitulado "Los gallegos en Cuba", de Juan Rodríguez Cabrero C. M. aparece despois, seguido por outro artigo, "Las Delegaciones del Centro Gallego de la Habana en la República", con fotografías das diversas delegacións en Santiago de Cuba, Cienfuegos e na República. Tras unha páxina coa ilustración do escudo e bandeira de Galicia, a revista continúa cunhas "Notas personales" sobre algúns membros do Centro, antes de pasar ao escrito de Jesús Lorenzo sobre Pastor Díaz Vivero. A seguir móstranse fotografías dos móbeis do palacio do Centro Galego e das casas da firma Pont, Restoy e ca., tras as cales aparecen reportaxes sobre "La gafita de oro. Progresos de la optometría", con fotografías sobre o gabinete de óptica homónimo; sobre a perfumaría Plante, tamén con fotografías e xa por último sobre a peletaría La Perla. Seguen unhas páxinas de anuncios variados entre os que aparece unha noticia sobre os exploradores cubanos ou "boy-scouts", a crónica social de provincias e o folletín da revista dedicado á tradución do número francés da novela *Ramuncho*, de Pierre Loti e finalmente a sección relixiosa co santoral.

Referencias varias:

- Luís Alonso Girgado, "O novo pazo social do Centro Galego da Habana e a revista 'Bohemia", *FerrolAnálisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 23, 2008, pp. 24-30.

Coméntase a compra de terreos para a posterior creación e inauguración do novo Pazo Social do Centro Galego da Habana en 1915, feito que provocou a saída dun número monográfico (25-IV-1915) da revista *Bohemia*. Sinálase que dito número constaba de corenta páxinas, dedicadas "Al Centro Gallego de la Habana", que contiñan reportaxes fotográficas do novo Pazo Social e doutras instalacións societarias, así como numerosos cadros do persoal da sociedade. Afírmase que tamén contiña publicidade con datos informativos precisos e unha reprodución a cor da bandeira e escudo de Galiza. Opínase que este monográfico reflectía o clima de relación normalizada entre cubanos e galegos e unha admiración polo traballo dos galegos na construción do edificio xa mencionado.

- Anxo Tarrío Varela, "Sempre na outra Galiza", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "De letras e de signos", 6 marzo 2008, p. 4.

Fai unha revisión histórica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos seus catorce anos de actividade, centrándose no proxecto de recuperación de revistas galegas. Comeza referíndose á edición facsímil da revista ferrolá *Aturuxo* (que viu a luz alá polo ano 1994), seguindo coa revista *Bohemia* (*Revista Semanal Ilustrada)*, cuxo número 17 (1915) dedica unha atención especial ao Centro Gallego de La Habana. Salienta que *Mundo Gallego* (2007), dirixida por Eliseo Alonso, nun facsímile en formato libro acolle os catro números desta revista que contou cunha lista importante de escritores como Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor, entre outros, e de ilustradores como Maside, Laxeiro ou Urbano Lugrís. Tamén dá conta da presentación dos DVD's correspondentes á primeira das catro tempadas da revista *El Gallego*, que naceu coa pretensión de informar aos emigrados galegos sobre as novas da súa terra. Finalmente salienta o labor do director do proxecto, Luis Alonso Gírgado, e dos seus colaboradores.

- Xesús Fraga, "La letra impresa de la emigración", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 269, "Bibliofilia", 5 xullo 2008, pp. 8-9.

A reportaxe céntrase na liña de investigación do Centro Ramón Piñeiro dirixida por Luís Alonso Girgado arredor das revistas galegas creadas na emigración. Dise que nas últimas semanas esta institución presentou varias edicións facsimilares de ditas publicacións. Moitas delas mantiñan, segundo Xesús Fraga, un estreito contacto con Galicia e mesmo chegaron a ser moi importantes no seu desenvolvemento cultural, até convertérense, en palabras do propio Girgado, nunha "canle de comunicación" entre ambas partes do Atlántico, é o caso dun facsímile da *Bohemia* de 1915 cun alto número de páxinas dedicado ás actividades do Centro galego na Habana. Comenta que a emigración tamén permitía certas "licencias" que non se daban en Galicia, ao posibilitar a publicación sen censuras. Un elemento moi interesante no estudo destas revistas é a publicidade que nelas se insería, e que permite, por exemplo, ver a importancia que concedían ao idioma galego. Varias destas publicacións tiñan a ilustres nomes da cultura galega como protagonistas. Foi o caso de *Mundo Gallego*, no que asinaron Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego ou Evaristo Correa Calderón, amén de contar coa participación de ilustradores tan famosos como Carlos Maside, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Isaac Díaz Pardo. Tamén se comenta que en *Saudade* tiña máis protagonismo o idioma galego ao prestar máis espazo á creación. Saliéntase que cada edición facsímile das obras se acompaña dun estudo introdutorio e, nalgúns casos, como o de *El Gallego* ou do semanario *Galicia*, tamén de cd's que permiten reproducir as súas páxinas en formato electrónico. Finalmente, ademais das

versións en papel, sinálase que moitas das revistas están dispoñibles en formato PDF na web do Centro Ramón Piñeiro: www.cirp.es. En columna á parte salienta o papel dos emigrados na cultura galega e no impulso de creación da Real Academia Galega como se pode analizar na edición facsimilar da revista *Bohemia* do ano 1915, publicada polo CIRP, que dá conta da actividade cultural e social do Centro galego na Habana.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA
(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores Xesús Alonso Montero, Xosé Luis Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e apreciouse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No 2008 non se publicou ningún número.

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA
(ISSN: 0214-9117) (DL: C-641-1989).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colaboraron diversas institucións até que a partir do ano 1998 colaboran Ámbito Cultural/El Corte Inglés, que a subvenciona. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica, etc., é dicir, todo un amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo. Consta dun consello científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, Isabel Soto López, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; dun consello de redacción, que estivo constituído sucesivamente por Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Sara Reis da Silva, Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Ernesto González Seoane. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal. Consta das seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación", que nalgúns números, sobre todo nos monográficos, poden reducirse. No ano 2008 sairon publicados o número dobre 36-37 (1º semestre 2007) e o número 38 (2º semestre 2007) que

presentaban respectivamente, na sección de "Creación", uns textos poéticos de Ricardo Martínez Conde e uns poemas de Daniel Salgado, intitulados "por unha poesía hostil" e "Ruído de fondo (fragmentos)", precedidos por unha semblanza biobibliográfica dos autores. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Luís González Tosar, "González Carbalho", *El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 28 abril 2008, p. 21.

Faise eco dun artigo de Antonio Requeni, publicado no *Boletín Galego de Literatura*, que dirixe Anxo Tarrío, pola súa referencia á figura de José González Carbalho.

CASAHAMLET. Revista de teatro
(ISSN: 1888-2056) (DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. Botou a andar en 1999 co apoio da Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro dende o ano 2003, Isaac Ferreira, que pasou a ser director no número 10. Estrutúrase en catro seccións: "Editorial", "Colaboracións", "Creación" e "Documentación". O resto son variábeis, pero adoitan artellarse monograficamente ao redor dunha sección de teoría, seguida da presentación de textos dramáticos. No ano 2007, na súa estruturación cambiouse o apartado "Colaboracións" por "Teoría". No 2008, publicouse o número10 (maio) que na sección "Creación" acolleu "Monólogo dunha Xacia", de Marica Campo; "No Land", de María do Cebreiro; "Un conto de Nadal", de Raúl Dans; "O pozo do encanto", de Isaac Ferreira; "Coseu arume harpado", de Xosé Manuel García García; "Disolutos", de Teresa González Costa; "Lavandeira da noite", de Manuel Lourenzo; "Post-mortem", de Zé Paredes; "Mulleres fronte ao espello", de Olga Patiño Nogueira; "Lugares inhóspitos", de Jacobo Paz; "Verónika Penitente", de Olivia Pena; "Detrás da noticia", de Gustavo Pernas Cora; "Pálpito (a dúas voces)", de Luz Pozo Garza; "Luscofusco", de Henrique Rabuñal e "Mamá Fedra", de Euloxio R. Ruibal. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Isaac Ferreira, "Casahamlet. Ponencia incluída dentro do I Encontro de Revistas de Teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 57, "Espazos", inverno 2008, pp. 25-33.

Ponencia de Isaac Ferreira neste encontro, na que fai un repaso pola xénese e contidos da revista de teatro *Casahamlet* que el mesmo dirixe, e que naceu paralelamente á creación da compañía de teatro do mesmo nome, auspiciada por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández. Di que os nove primeiros números da revista foron dirixidos por Francisco Pillado Maior e que foi creada co desexo de ofrecer unha temática ampla que preste atención ás circunstancias do teatro de cada momento, a través de ensaios,

traballos literarios e gráficos. Apunta que ao longo da súa evolución foi dando cabida a novas voces emerxentes, xunto aos nomes consagrados, que tamén tiveron o seu espazo. Tamén salienta que entre os ensaístas que colaboraron nela figuran nomes tan coñecidos como Xosé Ramón Barreiro Fernández, Afonso Becerra de Becerreá, Inma López Silva, Xosé A. Neira Cruz, Henrique Rabuñal, Manuel Rivas, Manuel F. Vieites ou o propio Manuel Lourenzo, que tamén participou con textos de creación propia dentro do Grupo Abrente con Euloxio R. Ruibal ou Roberto Vidal Bolaño, ao igual que o fixeron Manuel María, a promoción dos oitenta (Luísa Villalta, X. M. Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello) e a dos noventa (Raúl Dans, Roberto Salgueiro...). Entre as voces máis actuais figuran nomes como os de Teresa González Costa, Eva F. Ferreira, Marcos Abalde ou Roi Vidal. Unha contribución especial á publicación é a das poetas, posto que a revista se interesou especialmente por lograr que mulleres dedicadas á lírica de diferentes xeracións escribisen pezas dramáticas para ela. Así o fixeron Luz Pozo Garza, Chus Pato ou María do Cebreiro. Na sección de documentación e recuperación da historia teatral sobresae o labor de Xosé María Álvarez Blázquez, Ricardo Carvalho Calero, María Pilar García Negro ou Francisco Pillado Maior. Como ilustradores, Isaac Díaz Pardo e Reimundo Patiño son dous dos nomes máis coñecidos.

- Xosé Cermeño, "Casahamlet", *Galicia Hoxe*, "*Opinión*", "Punta Balea", 27 xuño 2008, p. 5.

Comenta que a revista *Casahamlet* é unha das escasas excepcións á falta de visibilidade e voz do teatro galego actual, segundo o texto desta noticia, no que tamén se apunta que se trata dunha das pólas do estudo teatral do mesmo nome, fundado por Manuel Lourenzo. Dáse conta da publicación do seu número dez, no que se combinan unha serie de ensaios ao redor da definición e o sentido da fantasía con obras de creación asinadas por autores como Raúl Dans, Gustavo Pernas, Luz Pozo ou o propio director da publicación, Isaac Ferreira.

DORNA. Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola Universidade de Santiago de Compostela e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Nos últimos anos ten unha periodicidade anual, facendo coincidir a saída do seu número coa celebración do Día das Letras Galegas. Estrutura os seus contidos en tres grandes

apartados: “Creación”, “Voces de fóra” e “Caderno da Crítica”. No ano 2008 saíu do prelo o número 32 que presentou na sección “Creación” os textos “O tempo das aciñeiras” e “Catálogo de espantos”, de Alba Cid; unha creación de Alfonso Pexegueiro; “Recordo aquela ollada de poldro embravecido”, “Eu quixen apertarte eternamente”, poemas sacados do libro *Na beira do teu nome*, e “Non existías pero”, de Antón Cortizas; “Raíces”, de Arsenio Iglesias; uns poemas de *Ansiedade e Planetas*, de *Ritual de enxivas*, e “Poética do poema”, de Cristina Ferreiro Real; “Eloxio do panfleto”, de Daniel Salgado; “Ególatra” e “6 Hai-cús dese-xénero por-vir”, de David Pobra; “Nostalxia”, “Desacougo” e “Nocturno”, de Dulce Mª López Rivera; “Lisboa story”, de Iria Sobrino; “Hoxe volviches”, de Ledicia Costas; “Haicús”, d’O Leo; “Apócema efémera”, de Lía Santiso; “A flor de Budha”, de Manuel Xosé Neira; “Tríptico 1944” d’*A máquina de horas*, de María Arce; “O camiño dos seixos” e “Vista alegre”, de María do Cebreiro; “Haikus”, de Matilde Castro; catro composicións poéticas de Mónica Góñez; “A viaxe”, “Dor contida” e “19:00”, de Neno Congoxa; a composición poética “se ela non envexase a miña cintura” do poemario *Libro de Alicia*, de Olalla Cociña; uns textos poéticos de Paulo Lema; “dz” e “A balada de Narayama”, de Samuel Solleiro; “Topoloxía no Eume”, de Santiago del Moral; “Segundo armageddon”, de Silvia Díaz; “Desolación da luz”, de Suso Pensado; tres poemas, “Era unha dor tan profunda”, “Dime cales son as coordenadas” e “Covarde”, de Verónica Martínez Delgado; “A vida do papel”, de Xaime Pereira Maroto; “Isolina, *a Gheiteira*”, de Calros Solla; “pan troglodytes”, de Estíbaliz Espinosa; “Vitorias”, de Francisco Castiñeira; “Click!”, de María Lado; “Palabras na pel”, de Marilar Aleixandre; “O home sen obra”, de Marina Carracedo; “Praias de asfalto”, de Saúl Rivas; “Delimvois – te catro”, de Rubén Ruibal; e “Oral Ping-Pong”, de Roi Vidal. Na sección “Voces de fóra”, recólleuse unha escolma de poemas, intitulados “Pasaporte”, “Á miña nai”, “Promesas da treboada”, “Vodas”, “Rita e o fusil”, “Camiñantes entre as palabras pasaxeiras” e “Voan as pombas”, de Mahmud Darwish, traducidos ao galego por Xaquín Silva e Anxo Angueira. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Lara Rozados, “Dorna, un regreso necesario”, *A Nosa Terra*, n.º 1308 , “Cultura”, 1-7 maio 2008, pp. 35-36.

Dá conta da reaparición, logo de tres anos de silencio, da revista galega *Dorna*, editada pola Cátedra de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e dirixida por Ramón Lourenzo. Sinálase que a revista conta no número 31 cun novo comité de redacción formado por David Pérez, Lorena López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado. Saliéntase entre os seus contidos literarios a inclusión de textos inéditos de proxectos máis extensos, como *Non son de aquí*, de María do Cebreiro; ou *Nove*, de María Lado, gañadora do Premio “Avelina Valladares” no 2007, entre outros.

ENCRUCILLADA. Revista galega de pensamento cristián
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente

Pedro González Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: "Guieiro", "Estudos", "Achegas", "Crónicas", "Recensións", "Libros chegados á redacción" e "Ilustracións", porén, outras, como "Rostros", "In memoriam", "Experiencias", "Documentos" ou "Editorial" (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2008 apareceron os números 156 (xaneiro-febreiro), o número 157 (marzo-abril), o 158 (maio-xuño), o 159 (setembro-outubro) e o número 160 (novembro-decembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, "Tintxu, querido amigo, paz e ben", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 3 maio 2008, p. 5.

Achega á figura de Agustín Díaz Blanco, coñecido como "Tintxu" e membro do consello de redacción da revista *Encrucillada*, a xeito de homenaxe póstuma tras o seu inesperado pasamento.

- X. L. Méndez Ferrín, "O arcebispo desexado", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 6 xuño 2008, p. 28.

Fai un eloxio da figura do arcebispo Manuel Lago González, amosando as claves do seu pensamento, así como numerosas anécdotas e curiosidades do clérigo. Asemade, cita o artigo de X.R. Barreiro Fernández na revista *Encrucillada* sobre "Igrexa e galeguismo na Historia".

- Manuel Vidal Villaverde," A gran batalla é conquistar o prestixio social do idioma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 9 xuño 2008, p. 30.

Recolle unha conversa con Andrés Torres Queiruga, doutor en Filosofía e Teoloxía, profesor de filosofía na USC, membro da Real Academia Galega e do Consello de Cultura Galega. Salienta que Torres Queiruga é tamén director de *Encrucillada. Revista de Pensamento Cristián* e colabora en distintas publicacións. En relación coa súa produción literaria nomea subliñarse títulos como *Creer de otra manera*, *El problema de Dios en la modernidad* ou *El diálogo de las religiones*.

ESCOLMA DE ALMANAQUES GALLEGOS (1865-1929) [Bos Aires-A Habana-Galicia] Ed. facsimilar en formato DVD.
(ISBN: 978-84-453-4693-8) (DL: C 4521-2008).

Edición en DVD de dezaoito almanaques, procedentes da Real Academia Galega, do Instituto Padre Sarmiento e da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, con cadansúa presentación, ficha técnica e índices realizados por Manuel Quintáns Suárez no ano 2008 coa colaboración de Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto. Cada DVD conta con dúas seccións, unha coas reproducións en formato PDF dos diferentes almanaques e outra cun cadro para acceder ás informacións de

“Título e créditos”, “Nota dos editores”, “Índice” e “Prólogo”. Nesta última sección abórdase a orixe do termo “almanaque”, a divulgación do xénero a nivel europeo e español e, por último, unha esculca acerca do evoluír dos almanaques galegos. No primeiro DVD, alén de figurar o *Calendario Gallego* dos anos 1927, 1928 e 1929, editado por Céltiga, acolle os almanaques da emigración. O *Almanaque Gallego*, pertencente aos anos 1898, 1900, 1921 e 1927, apareceu en 1898 en Bos Aires baixo a dirección de Manuel Castro López que cesou en 1927. Imprimiuse no obradoiro de *El Correo Español* e resultou unha importante plataforma de divulgación da literatura galega, pois participaron nas súas páxinas todos os poetas con certo renome e acolleu bastantes textos narrativos, de reducida extensión, cos trazos do costumismo, humorismo, sentimentalismo e o realismo lingüístico. *Almanaque de Galicia. 1909*, que viu a luz en Bos Aires en 1908 baixo a dirección de Fortunato Cruces, quen tamén foi o seu propietario. Redactado na súa totalidade en castelán, imprimiuse na Imprenta Lit. y Enc. de Alberto Monkes e contaba con artigos de temática variada, numerosos gravados e anuncios. *Almanaque Gallego para 1909*, que saíu á luz na Habana en 1908 baixo a dirección de Adelardo Novo e Casimiro Fernández. Imprentado nas dependencias de Comas y López, malia nacer con vontade de continuidade, a imitación do *Almanaque Gallego* de Castro López, non contou con máis números. Ademais da publicidade comercial, este *Almanaque*, ao igual que outras publicacións da Habana, proporcionaba información sobre actos sociais de cada unha das sociedades galegas da illa, entre os que destaca a morte no Centro Asturiano “La Covadonga”, o 7 de marzo de 1908, e o posterior traslado do corpo de Curros Enríquez ao cemiterio de Colón. A publicación pretendía evitar o esquecemento das figuras galegas relevantes na historia de Cuba. O outro DVD reproduce varias publicacións galegas que se describen a seguir: *Almanaque de juventud elegante y de buen tono* dos anos 1865, 1866 e 1869, que veu a lume en Lugo, editado polo editor lugués Manuel Soto Freire, dende 1863 até 1868. *Almanaque humorístico de Galicia para 1878*, que saíu á luz en Ourense en 1877 nas dependencias de *La Propaganda Gallega*. Redactado, predominantemente en castelán, e dirixido por Arturo Vázquez, pretendía ser, sen renunciar ao contido histórico, unha mostra do humor galego. *Almanaque de La Concordia para 1879*, que viu a luz en Vigo en 1878 baixo a dirección de Luciano Cid Hermida e Néstor Pardo. Imprentado nas oficinas de M. Fernández Dios e redactado na súa totalidade en castelán, contaba cunha breve introdución anónima acerca da etimoloxía da palabra calendario e da denominación dos meses, con información característica dos almanaques (festividades, santorais...) e con frases e ditos filosóficos. *Almanaque de Galicia para el año de 1891*, que apareceu en Ferrol no ano 1890, foi un agasallo para os subscritores do xornal ferrolán *La Monarquía*. Editado na Imprenta e Librería de Ricardo Pita, presentaba unha estrutura diferente da do resto de almanaques, xa que o calendario e o santoral distribuíanse mes a mes intercalando os diversos artigos. Caracterizábase polo protagonismo de Galicia, tanto na preferencia dos temas escolmados (a prensa galega durante a Guerra de Independencia, a lingua galega, os castros, as manifestacións obreiras...) como na incorporación dalgunhas mostras de lingua galega, e polo carácter especial das cinco colaboracións da sección “Pensamientos”, na que se reproducían frases de persoeiros como o Padre Feijóo, Rosalía de Castro (únicas en galego tiradas do prólogo de *Cantares Gallegos*), Antonio Neira de Mosquera, Nicomedes Pastor Díaz e Teodosio Vesteiro Torres, entre outros. *1895. Almanaque Gallego*, que apareceu na Coruña en 1894 baixo a dirección de Farruco Lage e Guillermo Díaz (este número pódese consultar independentemente neste *Informe*). *Almanaques de Ferrol* dos anos 1906 e 1910, que viñeron a lume entre 1904, como continuadores do *Anuario Ferrolano*, e 1909, este derradeiro ano coa denominación *Arte, historia, letras. Almanaque de Ferrol*

1910, baixo a dirección de Leandro Saralegui y Medina. Imprimiuse no obradoiro de *El Correo Gallego* e, a partir do volume de 1907, distribuíuno en América *Nova Galicia* grazas a un acordo comercial entre *El Correo Gallego* e o semanario bonaerense.

FADAMORGANA
(ISSN: 1575-9520) (DL: C-670-1999).

Esta publicación naceu no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros de información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro; en canto á crítica, estudo e reflexión sobre os camiños que se van trazando nese eido; e para estar cabo das restantes producións literarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun consello de redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Manuel Figueiras, Ánxela Gracián, Mayte Leis, Xosé A. Neira Cruz, Cristina Novoa, Antonio Reigosa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, así como cunha coordinadora de redacción que é Montse Pena. Consta das seguintes seccións: "Fadario", "A ilustradora", "Des-pezas", "Novidades" "Adiantos" e "Diario de morgana". No ano 2008 apareceu o número 12 (inverno 07/08). Na sección "Fadario" recolleuse un fragmento de *Elfos y hadas en la literatura y el arte. Los espíritus elementales del aire*, de Sara Boix Llaveria; en "A ilustradora", Miguel Vázquez Freire achegouse á obra de Patricia Castelao, quen tamén se encargou dos deseños do presente número; e en "Des-pezas" trataronse cuestións relativas a premios literarios, a postas en escena ou a outras actividades relacionadas coa literatura infantil e xuvenil. A continuación, incluíuse unha serie de artigos sobre o IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, así como se reproduciu unha entrevista e unha análise da obra de Lygia Bojunga e An Alfaya. O especial deste número centrouse nos "Espazos para a lectura", no que se formulou un achegamento a este tema da man de especialistas da promoción e difusión da lectura, de profesionais do ensino, de bibliotecarios ou de creadores. Como é habitual no apartado de "Novidades" acolléronse recensións das publicacións máis recentes dirixidas ao público máis novo tanto en galego coma en portugués, castelán, éuscaro, catalán, árabe e italiano, ofrecéndose tamén no subapartado de "Materiais" outras novidades editoriais como son revistas ou monográficos. Así mesmo, no apartado "Adiantos", fíxose eco de noticias relativas a premios e congresos referentes á literatura infantil e xuvenil. Por último, no "Diario de morgana", Ánxela Gracián asinou un texto literario cuxa protagonista central é unha habitante da Poza das Ninfelas. Todos os artigos referentes á literatura infantil e xuvenil en galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- An Alfaya, "Ler é Difícil", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "Bulebule", 14-20 febreiro 2008, p. 30.

Faise eco do último número da revista galega de literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana* e dun artigo que se achega ás dificultades da lectura vista como unha acción que implica un esforzo. Salienta que de feito, non é doado ler, tal e como explica a escritora brasileira Lygia Bojunga.

- Paula Fernández, “Con Fadamorgana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 241, “Infantil/ Xuvenil”, 27 marzo 2008, p.VII.

Dá conta da publicación do décimo segundo número da revista *Fadamorgana*, especializada en literatura infantil e xuvenil e explica que o seu tema central é o fomento da lectura mediante a dinamización das bibliotecas escolares. Indica que a revista presenta oito artigos dos que comenta os de Agustín Fernández Paz, José Luis Polanco, Mariano Coronas e Beatriz Osés. De seguido, indica que a revista achega tamén as súas seccións habituais, dúas entrevistas e as ilustracións de Patricia Castelao.

- Paula Fernández, “Con Fadamorgana”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 180, “Xuvenil/ Novidades”, 5 abril 2008, p. 11.

Informa da publicación do último número da revista especializada en literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana*. Indica que a revista naceu no ano 1999 e que neste número 12, en particular, se centra nos procesos de dinamización levados a cabo no ámbito educativo e nas bibliotecas escolares.

FERROLANÁLISIS. Revista de pensamiento y cultura
(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfiz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. A revista contaba coas seguintes seccións, “Ferrolterra”, “Separata Especial”, “Galicia”, “Internacional”, “Creación” e “Portafolio”. No ano 2007 aumentaron con “Cartulario” e “Documentación”, e “Separata especial” pasou a denominarse “Estudio Monográfico”. No ano 2008 publicouse o número 23 que na súa sección de “Creación” acolleu os poemas “Chop Suey”, de Dulce María López Rivera; “El aire blanquecino...”, de Jaime Pereira Maroto, e “Xerarquía”, de Arsenio Iglesias Pazos. Neste ano presentouse o libro *Semblanzas* que recollía os números monográficos desta revista publicados nos últimos vinte anos. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen nas seccións correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Julia Mª Dopico Vale, "F.A. en A Coruña", *Diario de Ferrol*, "*Crónica cultural*", 3 febreiro 2008, p. 13.

Faise eco da publicación da revista *FerrolAnálisis* e da aparición do seu número 22. Dá conta da súa importancia e dos contidos temáticos da publicación, entre os que salienta o artigo de Siro López sobre a iconografía galega de Federico García Lorca.

FESTA DA PALABRA SILENCIADA. Publicación Galega Feminista (ISSN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas) e subvencionada pola Concellería da Muller do Concello de Vigo que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, o consello de redacción está integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Dende 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiuse editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais "Monográfico", "Temas Varios", "Crítica" e "Creación" foron substituídos por dúas únicas seccións, "Monográfico" e "Actualidade". Dende o número 23 do ano 2007 non existe o consello de redacción. No ano 2008 publicouse o número 24, sobre a temática "O verbo patriarcal". Nel apareceron artigos varios sobre ese tema e algúns sobre literatura que se describen no apartado correspondente deste *Informe.*

Referencias varias:

- M. D., "Por que ten boa fama a violencia?", *A Nosa Terra*, n.º 1.299, "Cultura", 21-27 febreiro 2008, pp. 34-35.

Comenta que o número vinte e tres da publicación feminista *Festa da palabra silenciada* é un monográfico centrado na violencia a través da economía, filosofía, literatura, etc. Indica que a violencia vista dende a literatura corre da man de María Xosé Queizán quen recupera poemas de Erzsebeth Báthory e textos de Antonin Artaud e de Sarah Kane.

***GALICIA*. Revista semanal ilustrada**. Ed. facsimilar (ISBN: 978-84-453-4561-0) (DL: C 386-2008).

Este volume presenta os números dos anos 1904 e 1905 do semanario rexionalista nos que se publicaron un total de 105 números (52 en 1904 e 53 en 1905), dos que se reproducen todos agás os números 30 e 32 de 1904. En primeiro lugar, preséntase unha ficha técnica da revista na que se recollen os datos descritivos da publicación relativos a

título, subtítulo, cabeceira, lugar, fundador, director, enderezo de redacción e administración, data de inicio, data final, periodicidade, números publicados e localizados, número de páxinas, formato, prezo, tiraxe, idioma, contidos, relación de colaboradores, pseudónimos, ilustradores e fotógrafos, seccións fixas, publicidade, publicacións coetáneas e localización de coleccións e bibliografía. Destes datos hai que salientar a modificación do subtítulo a partir do número 2 de 1905, pasando a denominarse "Revista Regional de más circulación en la República de Cuba", co conseguinte cambio de deseño da portada; o cambio de enderezo a partir do número 2 de 1904; o incremento no uso da lingua galega e a presenza de dúas sección fixas nestes dous anos, "Noticias de Galicia" e "De aquí y de allá". No tocante aos contidos, saliéntanse os artigos de análise da situación política galega e defensa do Rexionalismo, as achegas de Mercedes Vieito Bouza, as novas do Centro Gallego e da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. En segundo lugar, en capítulo á parte, fálase da importancia do semanario *Galicia* como voceiro da actividade da Asociación Iniciadora e Protectora, primeiro, e da Real Academia Galega, despois, facéndose eco das novas sobre asembleas, comunicacións, etc.; e preséntase unha relación completa de noticias e artigos que abordan estes asuntos durante o ano 1905. En terceiro lugar, preséntanse dous índices por ano, un de "Colaboracións", ordenado por número da revista, con indicación da data de publicación, título do artigo, autor, paxinado e lingua e xénero empregados e outro de "Colaboradores", presentado por orde alfabética, coa indicación dos títulos dos artigos realizados, número da revista na que aparecen, páxina, idioma e xénero textual empregado. A continuación, o volume presenta a reprodución facsímile en formato papel dos números publicados no ano 1905, e en formato CD recóllense as edicións facsimilares dos anos 1904 e 1905.

Referencias varias:

- Rosa Ruíz, "A Consellería de Cultura e o CCG dixitalizarán o Arquito Galego de la Habana", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 febreiro 2008. p. 71.

Fálase de Ánxela Bugallo e Ramón Villares que asinaron un protocolo de colaboración co Instituto de Literatura e Lingüística para a recuperación e recompilación dos fondos galegos que atesoura esta institución. Dise que este fondo contén documentos que datan dos séculos XIX ao XX e está formado polo Arquivo Galego, integrado pola documentación xerada durante a vida activa da institución maior dos galegos en Cuba, o Centro Galego da Habana, reunida no seu arquivo de xestión que deveu nun fondo arquivístico de carácter histórico e que constitúe unha fonte de consulta para o estudo da emigración galega en Cuba. Infórmase que foi atesourado dende a década dos sesenta pola bicentenaria biblioteca e aínda que non foi obxecto de procesamento dende o punto de vista arquivístico foi preservado, organizado, identificado e inventariado. O traballo tamén inclúe unha colección das Memorias do Centro Galego da Habana; publicacións periódicas como *Galicia*, que conforman a maior colección delas da colonia galega en Cuba durante os séculos XIX e XX.

- Anxo Tarrío Varela, "Sempre na outra Galiza", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "De letras e de signos", 6 marzo 2008, p. 4.

Fai unha revisión histórica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos seus catorce anos de actividade, centrándose no proxecto de

recuperación de revistas galegas. Comeza referíndose á edición facsímil da revista ferrolá *Aturuxo* (que viu a luz alá polo ano 1994). Di que no facsímile dos anos 1904-1905 da revista *Galicia (Revista Semanal ilustrada)* podemos atopar "rica información sobre a prehistoria da Real Academia Galega", pois foi voceira da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. Salienta que *Mundo Gallego* (2007), dirixida por Eliseo Alonso, nun facsímile en formato libro acolle os catro números desta revista que contou cunha lista importante de escritores como Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor, entre outros, e de ilustradores como Carlos Maside, Laxeiro ou Urbano Lugrís. Tamén dá conta da presentación dos DVD's correspondentes á primeira das catro tempadas da revista *El Gallego*, que naceu coa pretensión de informar aos emigrados galegos sobre as novas da súa terra. Finalmente salienta o labor do director do proxecto, Luis Alonso Gírgado, e dos seus colaboradores.

- Xesús Fraga, "La letra impresa de la emigración", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 269, "Bibliofilia", 5 xullo 2008, pp. 8-9.

A reportaxe céntrase na liña de investigación do Centro Ramón Piñeiro dirixida por Luís Alonso Girgado arredor das revistas galegas creadas na emigración. Dise que nas últimas semanas esta institución presentou varias edicións facsimilares de ditas publicacións. Moitas delas mantiñan, segundo Xesús Fraga, un estreito contacto con Galicia e mesmo chegaron a ser moi importantes no seu desenvolvemento cultural, até convertérense, en palabras do propio Girgado, nunha "canle de comunicación" entre ambas partes do Atlántico, é o caso dun facsímile da *Bohemia* de 1915 cun alto número de páxinas dedicado ás actividades do Centro galego na Habana. Comenta que a emigración tamén permitía certas "licencias" que non se daban en Galicia, ao posibilitar a publicación sen censuras. Un elemento moi interesante no estudo destas revistas é a publicidade que nelas se insería, e que permite, por exemplo, ver a importancia que concedían ao idioma galego. Varias destas publicacións tiñan a ilustres nomes da cultura galega como protagonistas. Foi o caso de *Mundo Gallego*, no que asinaron Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego ou Evaristo Correa Calderón, amén de contar coa participación de ilustradores tan famosos como Carlos Maside, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Isaac Díaz Pardo. Tamén se comenta que en *Saudade* tiña máis protagonismo o idioma galego ao prestar máis espazo á creación. Saliéntase que cada edición facsímile das obras se acompaña dun estudo introdutorio e, nalgúns casos, como o de *El Gallego* ou do semanario *Galicia*, tamén de cd's que permiten reproducir as súas páxinas en formato electrónico. Finalmente, ademais das versións en papel, sinálase que moitas das revistas están dispoñibles en formato PDF na web do Centro Ramón Piñeiro: www.cirp.es. En columna á parte salienta o papel dos emigrados na cultura galega e no impulso de creación da Real Academia Galega como se pode analizar na edición facsimilar da revista *Bohemia* do ano 1915, publicada polo CIRP, que dá conta da actividade cultural e social do Centro galego na Habana.

GALICIEN MAGAZIN
(ISSN: 1433-2647).

Revista editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e o Galicien-Zentrum da Universidade de Tréveris. Dirixida polo profesor Dieter Kremer, publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. Distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librarías Cartabón e A Caixa de

Pandora de Vigo, Couceiro de Santiago, Torga de Ourense e Michelena de Pontevedra. O seu contido divídese nas seguintes seccións principais: "Editorial", "Beiträge", "Übersetzung", "Aus den Lektoraten" e "Varia", nas que se inclúen informacións relacionadas sobre todo coa literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No ano 2008 saíu o número 19 (febreiro 2008), que contou, en canto á creación, na sección "Übersetzung", coa obra teatral *Das Haus der Ertrunkenen*, de Miguel Anxo Fernán-Vello. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

GRIAL. Revista Galega de Cultura
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos que se repartiron en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2008 saíron á rúa os seguintes números: 177 (xaneiro, febreiro, marzo), 178 (abril, maio, xuño), e 179 (xullo, agosto, setembro) e 180 (outubro, novembro, decembro) e un especial *Grial. Cadernos Letras Galegas 2008* dedicado á Xosé María Álvarez Blázquez. O número 177, intitulado "Desafíos da educación", acolleu no apartado "Creación" textos poéticos e narrativos de Estevo Creus e Chus Pato, "Preámbulo" e "Desertos" respectivamente. No 178, intitulado "Cartografías da cultura. Homenaxe a Xan Bouzada" atopáronse "Oito poemas de Aire tamén é materia", de Gonzalo Navaza; e o relato "Il mondo", de Manuel Janeiro. O 179, intitulado "O idioma cara ao futuro. Lingua, sociedade e política", contiña varios poemas de Vicente Araguas baixo o título "Submarino amarelo", máis o relato "Decoración", de Débora Campos. O número 180, intitulado "1933. Primeiros anos da radio en Galicia", na sección "Creación" acolleu os poemas "un", "dous", "tres", "catro", "cinco", "seis", "sete" e "oito", de Olalla Cociña; e o relato "Adulterios", de Xabier López López. Tamén neste número, na sección "Documentos" reproducíanse catro textos inéditos de Ramón Piñeiro, de diverso carácter, procedentes do arquivo do autor, entre os que se salienta o texto II intitulado "O novo 'bretonismo' literario". Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe.*

Referencias varias:

- Mayte Leis, "*Grial*. Tomo XLV, n.º173", *Fadamorgana*, n.º 12, "Materiais", inverno 2007/2008, p. 86.

Refírese ao número 173 de *Grial*, que incorpora un dosier no que se aborda a lectura pública mediante diversos enfoques. Describe brevemente os traballos presentados por Luís Bará, Isabel Blanco, Mª Luz Corral, Cristina Novoa, Pedro Lucas e Francisco Castro. Por outra parte, sinala que Alberto Manguel ofrece unha entrevista, na que proporciona atinadas reflexións sobre a lectura de imaxes, a transmisión oral, o canon e a escrita a partir da lectura.

- Alfredo Conde, "No puede ser verdad tanta belleza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 17 febreiro 2008, p. 4.

Informa da aparición do último número da revista *Grial*, que recolle a crítica de Xosé Carlos Caneiro á última novela de Alfredo Conde, *María das Batallas* (2007). Manifesta a súa satisfacción pola obxectividade do comentario.

- Concha Pino, "Ellas saben de qué hablan", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 27 febreiro 2008, p. 16.

Dá conta da presentación da revista *Grial* que neste novo número analiza os movementos feministas dende diferentes ángulos. Sinálase que na presentación do número estiveron presentes o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, María Xosé Agra e Dolores Vilavedra, responsábeis da coordinación dun equipo de colaboradores que levan a cabo distintas reflexións ao redor da cuestión feminina, reunidas baixo o subtítulo "Xénero, Sexo e Sexualidade".

- Manuel Vidal Villaverde, "Abril de augas abrideiro", *Atlántico Diario*, "Opinión", 23 abril 2008, p. 3.

Anúnciase que a revista *Grial* dedica un número en exclusividade ao autor Xosé María Álvarez Blázquez no ano no que as Letras Galegas homenaxean a figura do poeta pontevedrés e escritor de *Roseira do teu mencer*, entre outros poemarios.

- Manuel Vidal Villaverde, "Na porta de maio", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempo Lizgairo", 29 abril 2008, p. 4.

O artigo, dedicado á chegada da época dos maios e á exaltación da fermosura dos mesmos, tamén se refire á revista *Grial*, que ten incluído un poema ao redor deste tema tan ligado á cultura galega.

- Paula Fernández, "Con Grial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 246, "Infantil/ Revistas", 1 maio 2008, p. VII.

Analiza a presentación do novo número da revista *Grial* na que aparecen catro artigos baixo o epígrafe "Xénero, sexo e sexualidade: novas perspectivas" e indica que conta tamén cunha entrevista con Celia Amorós, entre outros contidos.

- María Navarro, “Con Grial”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 185, “Xuvenil/ Novidades”, 10 maio 2008, p. 11.

Faise eco da publicación do novo número da revista *Grial* que, baixo o epígrafe “Xénero, sexo e sexualidade: novas perspectivas”, recolle artigos e entrevistas sobre diferentes aspectos dos estudos feministas e de xénero. Indícase que a entrevista a Celia Amorós e os diferentes artigos que a acompañan foron coordinados por Dolores Vilavedra e por María Xosé Agra.

- Xavier Castro Rodríguez, “Cadernos Grial’: unha homenaxe a Álvarez Blázquez”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Couso e arca”, 24 maio 2008, p. 2.

Anuncio da nova entrega dos *Cadernos Grial*, publicados pola editorial Galaxia, dedicado a Xosé Mª Álvarez Blázquez coincidindo coa celebración das Letras Galegas. Explícase que este número monográfico contén a traxectoria vital e creativa deste autor pertencente á xeración do 36. Sinálase que a revista achega opinións de diferentes autores como Francisco Fernández Del Riego, Carlos L. Bernárdez ou Gonzalo Navaza.

- Xurxo Fernández, “Paulo, el alquimista impaciente”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 26 maio 2008, contracuberta.

Faise referencia ao último número de *Grial*, un especial dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez, no que colaboran Darío Xohán Cabana, Francisco Fernández del Riego, Gonzalo Navaza ou Franco Grande.

- Xurxo González, “A necesidade de abrir escola”, *A Nosa Terra*, n.º 1.320, “Cultura”, 24-30 xullo 2008, p. 35.

Comenta que o número da revista *Grial* para o primeiro trimestre do ano leva o título de *Desafíos da educación* e que foi coordinado polo sociólogo Xan Bouzada. Informa que os artigos propostos abordan os retos aos que se enfrontan as instancias educativas na actualidade, tratando temas que foron e son obxecto de polémica como a materia de Educación para a Cidadanía e a redución do peso das Humanidades en beneficio da rendibilidade a curto prazo. Dise que os textos, de clara inspiración académica, critican o actual modelo educativo e piden que os poderes públicos se impliquen nos procesos de formación e que as políticas culturais se coordinen. Segundo os autores da revista, as novas tecnoloxías deberían ser aproveitadas para rachar co ideal de uniformidade permanente, do mesmo xeito que habería que apostar polo desenvolvemento de actividades que permitan aos alumnos ser cidadáns activos e críticos. Finalmente comenta que o número se completa cun artigo inédito de Ramón Vilar Ponte e con outro sobre as estratexias desenvolvidas por Ramón Piñeiro.

- PT, “Os desafíos”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 7, verán 2008, p. 25.

Repaso aos contidos do número 177 da revista *Grial*, na que se destacan, entre outros estudos, o de Henrique Monteagudo sobre Ramón Piñeiro. Tamén se repasa a sección dedicada á crítica literaria, na que se ofrecen comentarios da obra de Francisco Castro, *As palabras na néboa*, e de Rexina Vega, *Cardume*, ademais do apartado de creación, no que participan Estevo Creus e Chus Pato.

- Lucía Seoane, “Con *Grial*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 255, “Libros”, 3 xullo 2008, p. IV/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 194, “Letras galegas”, 12 xullo 2008, p. 11.

Nova sobre a chegada ás librerías da entrega número 177 da revista cultural, que neste caso ten como tema a educación na sociedade contemporánea. Dise que o profesor Xan Bouzada deseñou as liñas mestras da publicación, que leva por título, precisamente, “Desafíos da educación”. Neste número inclúense ademais achegas sobre outros temas vinculados á cultura. Entre elas destaca a análise de Henrique Monteagudo sobre a figura de Ramón Piñeiro, baixo o título de “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)”.

- Xavier Castro Rodríguez, “A institución escolar como integradora na sociedade”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Couso e arca”, 12 xullo 2008, p. 2.

Sinala que a nova entrega de *Grial* arrinca co tema da educación como centro de interese. Dise que os seus desafíos, a tolerancia ou a procura das condutas e actividades cognitivas son algúns dos temas que aborda. Segundo o seu director, Víctor F. Freixanes, preténdese reflexionar sobre o sistema, as estratexias e as políticas educativas na sociedade contemporánea. Henrique Monteagudo dedica neste número un espazo á figura de Ramón Piñeiro, protagonista do Día das Letras Galegas no 2009. Salienta que no traballo intitulado “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)”, percorre o seu periplo vital e creador. Por último, comenta que outros contidos deste número 3 son un artigo inédito de Ramón Villar Ponte, unha conversa con Manuel Vilariño, novas editoriais e dúas achegas creativas de Chus Pato e Estevo Creus.

***LÉREZ.* Revista do Centro Pontevedrés de Bos Aires (1962)**. Ed. Facsimilar. (ISBN: 978-84-453-4710-2) (DL: VG 1609-2008).

Edición facsimilar da revista arxentina *Lérez* que o Centro Ramón Piñeiro editou a partir do orixinal cedido pola Biblioteca Penzol de Vigo. Ocupan as primeiras páxinas deste facsímil un limiar no que se achega información sobre outras cabeceiras de prensa, de sociedades nacidas no alén mar, de diferente tipoloxía: informativas, literarias e políticas; tamén se comenta que *Lérez* tiña unha clara tendencia galeguista e que nela colaboraron escritores como Fermín Bouza Brey, Francisco Fernández del Riego, Domingo García Sabell, Emilio Pita, Xosé Filgueira Valverde e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A continuación inclúese unha ficha técnica na que se describen datos como título, subtítulo, lugar, data, entidade editora, enderezo da redacción, responsábeis da edición, imprenta, número de páxinas, números da revista, formato de páxina, contidos, lingua, localización, publicidade, ilustradores, colaboradores literarios, pseudónimos, iniciais, achegas sen sinatura, outras publicacións do Centro Pontevedrés de Bos Aires e outros *Lérez*. Por último aparece un índice dos colaboradores da revista ordenados alfabeticamente, seguidos do título da súa colaboración e o número de páxina na que se atopa. Para rematar reprodúcese o facsímile deste número conmemorativo do vixésimo aniversario do Centro Pontevedrés.

LVCENSIA. Miscelánea de cultura e investigación

(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel Lorenzo Sánchez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas como secretario. A partir do número 33 desapareceu Ángel Lorenzo Sánchez do consello de redacción e incorporouse Daniel García García. No número 36 engadiuse Mario Vázquez Carballo a dito Consello. A revista consta de catro seccións intituladas "Estudios", "Comentarios", "Texto" e "Libros", onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En "Libros" ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2008 saíron os números 36 e 37. No 36, na sección "Comentarios", presentouse unha selección de poemas da obra *Sextinario: trinta e seis + tres*, de Marica Campo, intitulados "Autopoética", "Lingua", "Somnámbula", "Autorretrato", "Desterro" e "Loucura". Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos
(ISSN:1138-9664) (DL: M 15892-1987).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. O seu equipo directivo está formado por Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Denis Canellas de Castro Duarte, Ana Mª González Mafud, Miguel Louzao, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis, Rosario Suárez Albán e Carlos Zubillaga. Figura como secretario Roberto Pascual, da Universidade Complutense. Contén as seccións "Artigos", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2008 publicouse o número 11, número no que se integraron no consello de redacción Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán, en lugar de Ana Mª González Mafud, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis e Carlos Zubillaga, que pasaron ao Consello Científico. Neste número realizouse un resumo da lectura e comentario de poemas feitos por Luz Pozo Garza o 17 de maio de 2007 na Universidade Complutense de Madrid, un recital no que estivo acompañada de Olivia Rodríguez, quen fixo unha breve aproximación á poética da autora luguesa; o responsábel da transcrición do texto foi Óscar Fernández Poza. No apartado de "Creación" acolléronse os poemas "Enfermos", "Extinción" e "sen teito", de Iago Castro Buerger; os intitulados "E o que máis me doe son as datas" e "Hai días en que se acerca unha gaivota", de Pepa Nieto; e "Coa súa branca palidez" e "Noites en branco satén", de Claudio Rodríguez Fer. No apartado de "Narrativa" transcribiuse o texto "Filla", de Carmen Blanco, pertencente á obra inédita *Atracción total*, de próxima publicación por Edicións Xerais de Galicia. Tamén se incluiu o texto de Xavier Frías Conde "A derradeira pílula"; "Veredito", de Manuel Pereira Valcárcel; e "Espellismo", de Juan F. Villar. En canto ao teatro, achegouse a peza "Panóptico", de Vanesa

Martínez Sotelo. Por último, en "Tradución", Xavier Frías Conde traduciu ao galego "Hrnečku, vař!"/"Pota, coce!", de Karel Jaromír Erben. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Lucía Seoane, "En *Madrygal*", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 263, "Libros", 16 outubro 2008, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 204, "Letras galegas", 25 outubro 2008, p. 10.

Apúntase que *Madrygal. Revista de Estudos Galegos*, editada polo Centro de Estudos Galegos da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, presentou o seu número once. Dise que está dirixida pola profesora Carmen Mejía Ruiz e que dende 1988 recolle participacións diversas vinculadas coa cultura galega. Precisamente un percorrido por esa década de traxectoria é o que ofrece María Jesús Piñeiro Domínguez na súa contribución ao número. Salienta que na sección "Artigos" participan, entre outros, Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolás (cun artigo sobre Álvaro Cunqueiro) ou Xosé Luís Sánchez Ferraces, que se centra na figura de Vicente Risco. Apunta que na sección "Varia" aparecen achegas de María Asunción Canal Otero ("Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez") ou Pilar García Negro ("Rosalía de Castro. A inauguradora da modernidade galega") e que na sección de creación participa Claudio Rodríguez Fer. Finalmente completan o número unha entrevista con Daniel Cortezón e as recensións dalgunhas das últimas novidades presentes nas librerías galegas.

- Marisa Vidal Collazo, "*AA.VV.: Madrygal. Revista de estudios gallegos*. Nº 11", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 160, "Libros Chegados", novembro-decembro 2008, p. 115.

Enumera as diferentes seccións da revista, editada polo Centro de Estudos Galegos da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid.

MALASARTES. Cadernos de Literatura para a infância e a juventude
(ISSN: 0874-7296) (DL: 144641/99).

Revista de Investigação en literatura infantil que substitue á anterior *Malasartes*, de divulgación, que só atendía ao ámbito lingüístico portugués, coa que se pretende, segundo o seu "Editorial", "levar aos mediadores da leitura (educadores, professores e pais, bibliotecários e investigadores, entre outros) estudos críticos abalizados sobre literatura para a infância e juventude". Dende o número 15 (II serie. Decembro 2007) a revista, de periodicidade semestral, foi publicada por Porto Editora, baixo a dirección de José António Gómes, a subdirección de Blanca-Ana Roig Rechou, a direcção artística de António Modesto e a coordenação geral de María Elisa Sousa. Amparada por un comité científico formado por investigadores de Galicia e Portugal, conta cunha Comissão de redacção/colaboração permanente composta por Ana Vasconcelos, Ana Isabel Pinto, Ana Luísa Ferreri, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, Leonor Riscado, Maria do Sameiro Pedro, Marta Neira Rodríguez, Miguel Ramalhete Gomes e Sara Reis da Silva. Conta coa subvención de Caixanova. Consta das seguintes seccións

fixas: “Actual”, “Estudos”, “Referências”, “Perfil”, “Práticas”, “Reler”, “Recensões e notas críticas”, “Estudos e revistas-recensões e notas críticas” e “Normas editoriais”. Na nova etapa, as seccións “Actual” e “Referências” desapareceron. No ano 2008 publicouse o número 16 (outubro 2008). Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Anxo Tarrío Varela, “Malasartes”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “De letras e de signos”, 4 xuño 2008, contracuberta.

Faise eco do encontro sobre Literatura e Ilustração para a Infância organizado pola revista *Malasartes* e que tivo lugar en Porto. Explícase que o encontro estivo patrocinado por Porto Editora, en colaboración coa entidade galega Caixanova. Indícase tamén que a revista *Malasartes* está dirixida polo profesor-coordinador da Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico de Porto, José António Gomes, e está especializada na investigación sobre literatura infantil e xuvenil.

O OLLO PÚBLICO. Revista das artes
(ISSN: 1887-7028) (DL: VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Deseñadores Galegos) que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cine negro que trataba sobre o xornalismo. Encargánse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez e Fernando Vilaboa Martínez; Elena Mariño tamén colaborou neste labor nos dous primeiros números. No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indicábase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantaban que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén querían ser un órgano de denuncia porque entendían que as cousas podían ser doutro xeito. Conta coas seccións fixas: “Editorial”, “Literatura”, “Cine”, “Pintura”, “Fotografía”, “Música”, “Cousas da vida” e “Fagamos unha escapada”, incrementadas a partir do segundo número coas de “Teatro”, “Cómic”, “Pensamento”, “Axenda”, “Crítica” e “Vieiros vellos e novos”. No 2006, dirixía e coordinaba Fernando Vilaboa Martínez, contando coa revisión de textos a cargo de Moncho Seixo. No número 22 renovouse a revista con Paz Orois Fernández como redactora que, xunto a Moncho Seixo, se encargou da revisión de textos. No número 25 Moncho Seixo asumiu en solitario a revisión de textos. No ano 2008 publicáronse os números 22 (marzo-xuño), 23 (xuño-setembro) e 24 (setembro-decembro) e 25 (decembro 08-marzo 09). O número 22 contiña na sección “Literatura” o relato “Fin de traxecto”, de Paz Orois Fernández, e a poesía “Couchers de soleils”, escrita por Blaise Cendrars e traducida por Iria Sobrino Freire. No número 23 achegouse o poema de César Pavese “Verrà la morte e avrá tui ochhi” en italiano, e en galego, “Virá a morte e terá os teus ollos”, traducida por Moisés Barcia; da obra *Arcaico o tempo que respira*, de Paulino Vázquez Vázquez, extráeronse os poemas “o tempo, as espirais” e “en compostela”; por último, recólleronse as seguintes composicións poéticas de Oliveira do Ermo: “Agonía”, “Amor fuxidío”, “Negar a conxugación” e “...nunca mires atrás...”. No número 24 reproduciuse o relato “A integridade do desexo”, de Elarbi El Harti; as

poesías “Der Lesende” e “O lector”, escritas por Rainer Maria Rilke e traducidas por Montse Bascoy Lamelas; xunto a dúas composicións poéticas de José Francisco Varela Rial sen título. O número 25 acolleu na subsección “Poesía” o poema “A dream”, de Edgar Allan Poe, coa tradución de Paz Orois Fernández intitulada “Un soño”, e o poema “Le passé qui survit”, de Pierre Louis, traducido por Iria Sobrino Freire como “O pasado que pervive”; e na subsección “Relato” acolleuse “Conto para hoxe: a aldea de María Mítica”, de Felipe Senén. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Dorinda Castro Soliño, “Revista das Artes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 234, “Libros”, 31 xaneiro 2008, p. IV.

Faise eco da posta á venda do número 21 da revista *O Ollo Público*, unha publicación que xira ao redor do mundo da arte, e que corresponde ao primeiro trimestre (decembro-marzo) do 2008. Indícase que esta revista, que chega aos vinte e un números con esta publicación, tivo unha tiraxe de dous mil exemplares e nos seus cinco anos de existencia ten achegado artigos á cultura galega, reflectindo o labor do seu director e coordinador Fernando Vilaboa Martínez. Neste último número, saliéntase a tradución ao galego dun poema de Marianne Moore realizada por María do Cebreiro.

- M. R. I., “A revista cultural ‘O ollo público’ renova a súa imaxe”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 16 abril 2008, contracuberta.

Dá conta da renovación da revista *O ollo público*, que se fai sentir no número que abrangue de marzo a xuño. Afírmase que as melloras se perciben xa na portada, que estará dedicada por completo ao artista ou á obra do autor estudiado no interior. Explícase que no número 22, primeiro desta nova etapa, dáselle todo o protagonismo a Mar Caldas e á presentación dunhas fotografías da artista que acompañan unha reflexión sobre o tempo. Tamén se di que aumenta o espazo dedicado á crítica literaria e artística, analizando neste número *As rulas de Bakunin*, de Antón Riveiro Coello. Finalmente saliéntase a moderna páxina web (www.ollopublico.es) que permite acceder aos contidos da revista.

- H. B., “O ollo público’ renovó su exterior y enriqueció la propuesta al lector”, *El Correo Gallego*, “Comunicación”, 17 abril 2008, p. 69.

Dáse conta de que esta publicación cultural, dirixida por Fernando Vilaboa Martínez, saca ao mercado o número 22 da súa segunda etapa. Dise que literatura, arquitectura, cine, fotografía, música, patrimonio, pensamento e crítica son algúns dos ámbitos dos que se ocupa *O ollo público*. Salienta que, na sección de literatura, este número inclúe o relato de Paz Orois Fernández, “Fin de traxecto”, e no apartado de poesía *Couchers de soil*, de Blaise Cendrars, con tradución de Iria Sobrino Freire. Finalmente comenta que no capítulo dedicado á crítica literaria son obxecto de análise *Almorzo espido*, de Íñigo Rodríguez, e *As rulas de Bakuni*, de Victoria Cerviño Ferrín.

Prensa galega da Arxentina (1935-1964) (números únicos ou extraordinarios)

Betanzos (1935-1950) Abrente (1940) Unión Estradense (1941) Coro Brétemas e Raiolas (1958) Airiños (1964). Ed. facsimilar en formato CD.
(ISBN: 978-84-453-4716-4) (DL: C 4565-2008).

Publicación facsimilar en formato CD-ROM a cargo de Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto que recolle exemplares de cinco cabeceiras de prensa: *Betanzos, Abrente*, *Unión Estradense*, *Coro Brétemas e Raiolas* e *Airiños,* publicadas entre 1935 e 1964 na Arxentina. A partir dun índice xeral pódese acceder ao "Prólogo" de cada unha das revistas, que van acompañadas dun índice propio e máis dunha ficha técnica, que informa de datos relativos ao título, subtítulo, cabeceira, lugar, ano, edición, director, administración, enderezo social, imprenta, publicidade, data de inicio, periodicidade, número e formato de páxinas, prezo, tiraxe, lingua, colaboradores literarios, ilustradores ou contidos. Por outra parte, as revistas presentan números únicos ou extraordinarios. Da revista bilingüe *Betanzos* (1935-1950) preséntase un exemplar do ano 1935 e destácase o díptico "Castelao entrou na inmortalidade" datado do 9 de xaneiro de 1950. Con respecto á efémera existencia da publicación *Abrente* (1940), saliéntase o vínculo desta coa Casa de Galicia e inclúese o seu único número, con data do 25 de xullo de 1940. Contén numerosos textos en galego da autoría de Castelao, Victoriano Taibo, Alexandre Bóveda ou Álvaro Cunqueiro. No apartado correspondente á revista *Unión Estradense* (1941), ademais de realizarse anotacións sobre A Estrada no ámbito da emigración, infórmase das publicacións que había sobre a vila na Arxentina. O número da publicación leva por título "Extraordinario en conmemoración del XV aniversario social. Homenaje a la mujer estradense en la persona de la dignísima señora Virginia Pereira de Castelao" e contén textos literarios da autoría de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas e Eduardo Pondal, entre outros. Con respecto á cabeceira sobre música popular galega, *Coro Galego Brétemas e Raiolas* (1953-1958)*,* trátase dun exemplar en galego, único e conmemorativo, que contén colaboracións literarias de Leandro Carré Alvarellos, Manuel Curros Enríquez, Xosé Neira Vilas ou Emilio Pita. Por último, amósase o número extraordinario da revista bilingüe *Airiños*, que conmemora o 25 de xullo de 1964 e achega textos en galego de Francisco Fernández del Riego, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Pondal, Ben-Cho-Shey, Álvaro Cunqueiro ou Domingo García Sabell. Pódense visualizar en formato pdf na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (www.cirp.es).

RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares
(ISSN: 1136-3207) (DL: OU-75/95).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábana a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. Dende o número 19 (maio de 2004), coordínana a Escola Provincial de Danza, o Colectivo Castro Floxo e o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" e edítaa a Deputación de Ourense. Os directores son Mariló e Xulio Fernández Senra. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2008 publicáronse os números 28 (maio 2008) e 29 (novembro 2008). O número 29 acolleu os traballos premiados no VII Concurso Romaría Etnográfica Raigame. O segundo premio do apartado "Investigación Etnográfica" intitulado "Serrachíns e serradeiros, un oficio para a lembranza", de Aníbal Cid Babarro, presentaba un subapartado titulado "O folclore do oficio de serrachín e a leña" no que se acollían

adiviñas, ditos e refráns, cantigas e pequenos contos e vocabulario que teñen que ver coa madeira e o oficio de serrachín. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

RETRANCA
(ISSN: 1888-1971) (DL: Vg 1017-2007).

Revista mensual que edita Retranca Editoria dende novembro de 2007 e acolle historietas curtas e humorísticas relacionadas coa actualidade galega. O seu director é Kiko da Silva e conta cunha ampla nómina de colaboradores: Guitián, Mel, Leandro, Pintp&Chinto, Xaquín Marín, Luís Davila, Fernando Iglesias (Kohell), Colectivo Pestinho + 1, J.L. Rubiño, Andrés Meixide, Malagón, Rei Zentolo, Juan Silva, Branda, Miguelanxo Prado, Xosé Lois, Alberto Montt, Bernal, Óscar Villán, Jerónimo Piñeiro, Miguel Fernández, Manuel Lourenzo González, Xosé Manuel Fernández, Carlos López, An, Manuel Jabois e o propio Kiko da Silva. A publicación recibiu o premio do público á mellor revista de 2007 no Salón Internacional do Cómic de Barcelona (2008). A longo de 2008, respectando a súa periodicidade mensual, editáronse os números: 3 (xaneiro), adicado a Ministra dos buracos; 4 (febreiro), especial Entroido electoral; 5 (marzo), dedicado ao cambio climático; 6 (abril), dedicado ás series de televisión; 7 (maio), que celebra o Día das Letras Galegas cun número sobre o debate da lingua; 8 (xuño), dedicado ao funcionariado; 9 (xullo), baixo o título "Desaceleración vacacional", número que se distribuíu acompañado do libro *Jalisia Kaníbal* de Luís Davila; 10 (agosto e setembro), número extra con dobre de páxinas dedicado ás festas de verán; 11 (outubro), dedicado ao outono cultural; 12 (novembro), dedicado a Manuel Fraga; e 13 (decembro), dedicado ao Nadal.

Referencias varias:

- Damián Pereira, "O humor gráfico permítenos dicir cousas que doutro xeito serían imposibles de publicar", *Diario de Arousa*, "Entrevista", 6 xaneiro 2008, p. 25.

Faise eco da presentación do segundo número da revista *Retranca*, que tivo lugar na vila de Cambados. Indícase que o humorista Kiko da Silva lidera o proxecto desta nova revista mensual que conta coa colaboración dos principais artistas do humor gráfico galego. Explícase que o debuxante e director da revista está a publicar os seus traballos en revistas humorísticas tan coñecidas como *El Jueves*, *BD Banda* ou na edición pontevedresa do xornal *La Voz de Galicia*.

- R. S., "La revista satírica 'Retranca' ironiza sobre el AVE gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xaneiro 2008, p. 51.

Dá conta da aparición do terceiro número da revista de humor galego *Retranca* a modo de sátira sobre o tema do AVE galego e o retraso na chegada da alta velocidade á nosa comunidade. Engádese que a revista, dirixida polo humorista Kiko da Silva, conta neste novo número con colaboracións de Miguelanxo Prado, Pinto&Chinto, Leandro, Andrés Meixide, Guitián e Carlos López.

- M. O., "Con retranca galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 247, "Letras en

galego", 26 xaneiro 2008, p. 7.

Anúnciase a publicación do segundo número da revista galega *Retranca*, dirixida por Kiko da Silva. Sinálase que nesta edición, ao igual que na anterior, seguen profundizando na exploración do humor gráfico galego.

- Cándida Andaluz, "La Bienal de la Caricatura reúne a cien creadores de Galicia y Portugal", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 marzo 2008, p. 49.

Explícase que a Bienal de la Caricatura, creada no 1992, ten como principal tarefa revisar cada dous anos o estado do mundo do humor gráfico galego. Indícase que nesta ocasión foi na capital ourensá onde abriu as súas portas dito acontecemento, congregando a centos de creadores tanto portugueses como galegos entre os que cita a Xaquín Marín, Siro, Pinto&Chinto ou Miguelanxo Prado, entre outros. Asemade, sinálase que a mostra recolle unha selección do material publicado nos cinco primeiros números da revista *Retranca*, dirixida por Kiko da Silva, quen presentou a obra *O humor non engorda* (2007).

- Anxa Correa, "Uns tipos que se parecen aos famosos", *El Progreso*, "Vivir", 8 marzo 2008, p. 80.

Informa da XI Bienal de Caricatura de Ourense na que este ano se facía homenaxe á figura de Xosé Lois González (e moi especialmente ao seu personaxe O Carrabouxo, que neste ano festexou o seu 25 aniversario) e á súa traxectoria como retranqueiro. Salienta desta mostra a presenza dos cinco primeiros números da revista *Retranca*.

- Gemma Malvido, "La Fundación Caixa Galicia acogerá las presentaciones del Salón del Cómic", *La Opinión*, "A Coruña", 5 agosto 2008, p. 10.

Faise referencia ao feito de que o festival "Viñetas desde o Atlántico" volve á Coruña, neste caso cambiando de sede para instalarse na Fundación Caixa Galicia. Comenta que ao longo dunha semana, charlas e presentacións tomaron o pulso ao cómic actual. Tamén se di que diversas mostras de traballos e actividades se desenvolveron en lugares tan dispares da cidade como o Aquarium Finisterrae, o Concello ou a sala de exposicións Salvador de Madariaga, que dedica unha exposición temática á revista *Retranca*.

- R. S., "Viñetas desde o Atlántico descubre su nueva imagen", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 agosto 2008, p. 46.

O motivo deste artigo é informar que o festival do cómic coruñés cumpre once anos con diversos escenarios de celebración no centro da Coruña e co obxectivo de dar a coñecer autores de primeira liña internacional e presentar diversas exposicións. Dise que os creadores galegos preparan novidades para o evento, como é caso de Xosé Tomás, que estreará álbum longo, e das presentacións da revista *Retranca* e das editoras Polaquia e BD Banda.

- G. M. O., "Si no conseguimos abrir fronteras será por ineptitud", *La Opinión*, "A Coruña", 12 agosto 2008, p. 9.

Entrevista a Miguelanxo Prado, debuxante e director do festival "Viñetas desde o Atlántico", da que asegura que busca sorprender ao público e ofrece opcións para todos os públicos. Comenta que o certame pretende dar unha visión global do mundo do cómic. Respecto á situación do xénero en Galicia, sinala que a asignatura pendente era a da edición, pero xa cubriron este baleiro Factoría K e El Patito Editorial. Fala de que faltaría abrir novas fronteiras para que as creacións propias sexan coñecidas noutros lugares e linguas e cita o caso do humor gráfico do que só hai dúas revistas *El Jueves* e a galega *Retranca*.

- M. B., "Non ter competencia é unha desvantaxe´", *A Nosa Terra*, "Cultura", n.º 1.332, 6-12 novembro 2008, p. 26.

Entrevista con Kiko da Silva, director da revista satírica *Retranca.* Considera que chegar a un ano de vida da publicación é un balance positivo, pois houbo intentos anteriores do mesmo estilo que fracasaron. Sinala neste senso que o feito de non ter competencia no seu sector, lonxe de ser unha vantaxe, xoga en contra porque obriga a comezar de cero á hora de fidelizar lectores. Apunta que no número doce que agora sae é a principal novidade e que a revista se vai imprimir a toda cor e con catro páxinas máis do habitual. Remata informando das novidades de incorporar a Pepe Carreiro e Xosé Lois nos futuros números, ademais de crear unha sección nova para novos talentos.

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS
(ISSN: 1576-6128) (DL: C-1412-2000).

Revista de periodicidade irregular, pois o anterior número data de 2002, editada pola Fundación Rosalía de Castro a través do Centro de Estudos Rosalianos. Esta publicación pretende "ofrecer o catálogo completo de libros e traballos de tema rosaliano obrantes na institución", así como memorias de licenciatura e teses de doutoramento. O seu director é Xesús Alonso Montero. No ano 2008 saíu o número 3, coordinado por Helena Villar Janeiro e Fernando Pazos García, e subvencionado pola Consellería da Presidencia. Este número contou coas seguintes seccións: "Estudos", "A xustiza pola man", "Premios Rosalía 2006", "Os poetas cantan a Rosalía", "Os poemas de Rosalía traducidos" e "Xuízos sobre Rosalía pouco coñecidos". Na sección "Os poetas cantan a Rosalía" apareceu un "Anexo: poemas con presenza de Rosalía de Castro" que acolleu as composicións poéticas intituladas "A campana da soidade", "Rosalía Castro", "Loito, fedor e medo", "A Rosalía de Castro" e "Galiceibe (fragmento)"; e tamén se achegou un soneto de Xosé Carlos Gómez Alfaro, intitulado "Non nos abandona...", publicado en *Poetas con Rosalía*. A sección "Os poemas de Rosalía traducidos" acolleu unha escolma bilingüe (galego e francés) do profesor Xosé María García Vaamonde do Libro II de *Follas Novas*, intitulado "¡Do íntimo!"; e en "Tradución ao asturiano" acolléronse varios poemas de Rosalía en edición bilingüe (galego e asturiano), traducidos por Esperanza Mariño Davila e Inaciu Galán y González; e a versión inédita do epicedio "Á Rosalía", de Curros Enríquez, publicado no número 5 d'*A patria gallega*. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, "A gran efeméride rosaliana", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 18 xullo 2008, p. 3.

Indícase que o 15 de xullo cúmprense cento vinte e tres anos do pasamento de Rosalía de Castro, o que converte a este día nunha das grandes datas rosalianas, xunto co 24 de febreiro, no que naceu, e o 17 de maio, no que se publicou *Cantares gallegos*. Coincidindo con estas datas presentáronse unha serie de obras vinculadas á gran poeta galega: *O epicedio de Curros Enríquez "A Rosalía" en vinte linguas*, co que a Fundación Rosalía rende tamén homenaxe no seu centenario a Manuel Curros Enríquez, e *Poetas con Rosalía III*, no que se inclúen poemas de Marilar Aleixandre, Vicente Araguas, Margarita Ledo, Manuel Outeiriño ou María do Cebreiro. Dise que, para o que resta de ano, a Fundación prepara o número tres da *Revista de Estudos Rosalianos*, que fora interrompida no 2002. Villar Janeiro considera que aínda queda moito por facer no ámbito da recuperación da figura de Rosalía, e apunta como esencial a creación da Biblioteca Rosaliana e a remodelación do seu Museo.

- C. Botrán, "Reeditan tras seis años de parón la 'Revista de estudos rosalianos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 outubro 2008, p. 35.

Saliéntase que a Fundación Rosalía presenta, xusto cando se cumpren cento cincuenta anos da voda entre Rosalía de Castro e Manuel Murguía, o número 3 da *Revista de estudos rosalianos*, que dirixe Xesús Alonso Montero. Nela recóllense textos poucos coñecidos da autora, así como unha serie de estudios e un discurso de Xosé María Álvarez Blázquez sobre a poeta. Así mesmo inclúese unha recensión do acto conmemorativo do centenario da voda que se celebrou con grande repercusión en Madrid. Durante a presentación do novo número resaltouse a necesidade de reler os textos da autora dende a perspectiva do século XXI. Vinculado a Rosalía faise referencia ao outro grande acto que conmemorará a súa figura: o cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, que terá lugar no 2013.

- C. B., "Reeditan tras seis anos a Revista de Estudos Rosalianos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2008, p. 35.

Alúdese ao feito de que a Fundación Rosalía presentou o número 3 da súa revista, dirixida polo profesor Xesús Alonso Montero. Comenta que a presentación coincide co cento cincuenta aniversario do enlace matrimonial entre a poeta galega e Manuel Murguía. Dise que na revista recóllense textos poucos coñecidos de Rosalía e unha serie de estudos, así como un discurso de Xosé María Álvarez Blázquez sobre ela pronunciado no Centro de Madrid e unha recensión ao acto conmemorativo do centenario da voda entre ambos nomes da cultura galega, que tivo unha grande repercusión en Madrid.

- Xesús Alonso Montero, "Sesquicentenario da voda Rosalía-Murguía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 283, "Letras en galego", 11 outubro 2008, p. 12.

Lembra que hai cento cincuenta anos Rosalía de Castro e Manuel Murguía casaron na Igrexa de San Ildefonso en Madrid, en 1858, un acontecemento que a Fundación Rosalía de Castro celebrou cun acto na facultade de Filosofía de Santiago e coa presentación do número 3 da *Revista de Estudos Rosalianos* que dirixe Xesús Alonso

Montero. Asemade, comenta que o director desta publicación rememorou o acto celebrado en Madrid o 10 de outubro de 1958 por mor do primeiro centenario desta voda, dando conta da participación de Jaime Alfonsín, José Luis Varela, Dámaso Alonso, Manuel Fraga Iribarne e Ramón Otero Pedrayo, entre outros. Informa que todas as intervencións foron recollidas na revista *Mundo Gallego* no número de xaneiro de 1959. Di que nesta celebración Dámaso Alonso referiuse a Rosalía de Castro nos seguintes termos "es como si Galicia se concentrara en ella en un jugo o nudo de personalidad... Rosalía viene a resultar el poeta más personal de todo el siglo XIX español...", unhas palabras que foron enormemente aplaudidas por todo o público alí presente. Por outra banda, apunta que o discurso de Manuel Fraga foi moito mais controvertido entre os presentes, e tampouco agradou a Ramón Otero Pedrayo, quen lle confesa a un amigo seu que Fraga fora ao acto por compromiso e que estivo máis ocupado en mirar para as turistas guapas e cunha alusión a Franco.

- Marcos Valcárcel, "Rosalía viva (I)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 15 outubro 2008, contracuberta.

Apunta que a obra de Rosalía segue viva grazas ao labor da Fundación que acaba de presentar o terceiro número da *Revista de Estudos Rosalianos* que acolle, entre os traballos, un de Alonso Montero que estuda a presenza rosaliana nos epistolarios que intercambiaron Ramón Piñeiro, Luís Pimentel e Alberto Machado da Rosa. Comenta que Victoria A. Ruiz de Ojeda analiza as primeiras novas arredor de *El Codio*, obra perdida de Rosalía, e Xosé L. Axeitos conta cómo se celebrou en Madrid o centenario do seu casamento con Manuel Murguía. Finalmente, salienta que Anxo Angueira céntrase nas fortes raíces populares da autora.

- Marcos Valcárcel, "Rosalía viva (e II)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 16 outubro 2008, contracuberta.

Repasa algúns dos traballos incluídos no último número da *Revista de estudos rosalianos* como o de Anxo Angueira que analiza a influencia e adaptación dos cantares populares na obra da poetisa que cultiva, en ocasións, unha mensaxe radical e feminista. Comenta que Alfonso Becerra se achega á "dramaturxia en potencia dos poemas rosalianos"e María do Cebreiro analiza o poema a sir John Moore. Di que María Xosé Queizán, Xesús Rábade Paredes e Anxo Tarrío estudan o poema "A xustiza pola man". Finalmente considera que todo o volume é "de máximo proveito".

- Marcos Valcárcel, "Rosalía viva", *La Región,* "Opinión", 27 outubro 2008, p. 15.

Comeza apuntando que a obra de Rosalía segue viva cento vinte e tres anos da súa morte, grazas, entre outros motivos, ao labor da Fundación que leva o seu nome, e que acaba de presentar o terceiro número da *Revista de Estudos Rosalianos*, en edición de Helena Villar e Fernando Pazos. Comenta que entre os traballos que a compoñen se inclúen algúns sobre a súa biografía e a recepción da obra da poeta. Así salienta que Alonso Montero, director da publicación, estuda a presenza rosaliana nos epistolarios que intercambiaron Ramón Piñeiro, Luís Pimentel e Alberto Machado da Rosa. Pola súa banda, apunta que Victoria A. Ruiz de Ojeda analiza as primeira novas arredor de *El Codio*, obra perdida de Rosalía, e Xosé L. Axeitos conta cómo se celebrou en Madrid o centenario do seu casamento con Manuel Murguía. Tamén informa que Anxo Angueira comproba a influencia e adaptación dos cantares populares na obra da poetisa, que

ademais responde á imaxe degradante de Galicia que tiñan transmitido autores como Góngora e cultiva, en ocasións, unha mensaxe radical e feminista. Ademais, na mesma revista, Alfonso Becerra achégase á "dramaturxia en potencia dos poemas rosalianos"e María do Cebreiro analiza o poema a sir John Moore. Di que Fernando Pazos e Miro Villar relacionan a palabra poética de Rosalía con Ramón Cabanillas e Antón Zapata e, finalmente, María Xosé Queizán, Xesús Rábade e Anxo Tarrío estudan o poema "A xustiza pola man". Considera Valcárcel que todo o volume é "de máximo proveito".

- Manuel Dourado Deira, "Mi testimonio'e 'Revista de Estudos Rosalianos", *Galicia Hoxe*, "*Opinión*", "Ardentía", 22 novembro 2008, p. 5.

Xunto a unha referencia positiva ao libro *Mi testimonio*, de María Jesús Reboredo Calvo, fálase da *Revista de Estudos Rosalianos*, que publica a Fundación Rosalía de Castro. Dise que o seu número 3 foi coordinado pola profesora Helena Villar Janeiro, presidenta da Fundación, e polo profesor Fernando Pazos García, baixo a dirección de Xesús Alonso Montero. Informa de que a revista consta de tres partes ben diferenciadas: "Estudos" (coas firmas de Alonso Montero, Anxo Angueira, X. L. Axeitos, Alfonso Becerra de Becerreá ou María do Cebreiro Rábade Villar); "A xustiza pola man", na que María Xosé Queizán, X. Rábade Paredes e Anxo Tarrío Varela comentan tres poemas de Rosalía e, finalmente, "Os poetas cantan a Rosalía", entre os que se atopan Fernando Pazos García e Miro Villar.

REVISTA DE NEDA. Anuario Cultural do Concello de Neda
(ISSN: 1139-1154) (DL: C-837/98).

Revista de periodicidade anual, editada polo Concello de Neda e dirixida por Manuel Pérez Grueiro, que pretende dar a coñecer a historia, a etnografía e a cultura deste concello. Conta cun grupo numeroso e heteroxéneo de colaboradores, denominado Colectivo Libunca, ademais doutras firmas individuais entre as que salientan Manuel Pérez Grueiro, Xosé Neira Vilas, Vicente Araguas ou Fernando Dopico Blanco, entre outros. Consta das seguintes seccións: "Homenaxes e lembranzas", "Ciencia e técnica" e "Humanidades". No ano 2008 saíu do prelo no mes de xaneiro o número 10, correspondente ao ano 2007.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, "Revista de Neda", *Diario de Ferrol*, "Agenda", "Entre nosotros", 25 xaneiro 2008, p. 19.

Informa da presentación do número dez da *Revista de Neda*, acto que terá lugar na Casa Cultural da vila e na que se insistirá sobre o valor de manter viva unha revista deste tipo.

- Vicente Araguas, "De Neda", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 18 febreiro 2008, p. 13.

Dá conta da publicación do *Anuario de Neda* que, xa no seu décimo ano, foi consolidando a súa posición e forma parte importante da cultura da vila ferrolá. Dise

que nel se amosan os aspectos esenciais para coñecer a vida do concello de Neda.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular que mantén un carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrumpiu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Carmen Díaz Simón, Manuel González Seoane, Xulio Pérez Pérez, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periocididade de tres números anuais publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promocionar a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que se salientan: "O tema", parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, "Entrevista", "Novas tecnoloxías", "A escola rural", "Experiencias", "Recursos do contorno", "Pais e nais", "Xoguetainas e brinquetainas", "Estudos e informes", "Panoraula" e "Recensións" ou "Reseñas". No ano 2008 publicáronse o número 40 (abril), o 41 (xuño) e o 42 (novembro) que na sección monográfica trataron respectivamente "A arte da educación", a "Literatura oral e educación" e "A Formación Profesional". Os artigos que fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Joel Gómez, "As tecnoloxías e novos formatos fan revivir a literatura oral galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 setembro 2008, p. 49.

Coméntanse unha serie de iniciativas destinadas a potenciar o coñecemento e a difusión da literatura oral galega, entre as que salienta o número 41 da *Revista Galega de Educación*. Explica que neste monográfico se refiren á Festa da Narración Oral Galega, divulgada no enderezo de internet www.contocho.es, e ao programa de radio "Ponte nas ondas", no que participan centros de ensino. Tamén se dá conta do traballo de escritores como Paco Martín, Xosé Miranda, Cándido Pazó, Manuel Lourenzo ou Antonio Reigosa, quen fomenta a divulgación da literatura oral dende a Asociación Galega de Escritores e a páxina web Galicia Encantada. Saliéntase, entre as súas actividades, a organización de polafías, definidas por Reigosa como "reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais co obxectivo primordial de pór en valor e rescatar do esquecemento o patrimonio oral, literario e musical galego".

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como formantes do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra "á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas". No ano 2008 publicouse o número 9 que contiña unha nova sección intitulada "Notas". Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE TEATRO
(ISSN: 113-956 X// 1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas". É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, e recibe o apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, actualmente Consellería de Cultura e Deporte, e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, inicialmente semestral, na actualidade é trimestral. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira, cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e actuando como secretarios Che Mariño, dende o número 28, Mª José Vilas Rodas, relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 apreciouse un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra de Becerreá, Casilda García, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual e Gonzalo Rodríguez. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presenta as seguintes seccións fixas: "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel" e "Ficheiro". No número 54 apreciouse un cambio nas seccións fixas, que pasaron a ser: "Cómic", "Editorial", "Espazos", "Festivais", "Entrevistas", "Críticas", "Libros", "Revistas", "Ficheiro" e "Axenda"; outras como "Temas", "En danza" ou "Documentos" variaron a súa aparición. Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de "Textos", no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2008 apareceron os números 54 (primavera), 55 (verán), 56 (outono) e 57 (inverno). No número 54 na sección "Documentos" acolleu o *Mensaxe do Día Mundial do Teatro*, de Robert Lepage, e na

sección "Textos" apareceu a obra *O show de Kinsey*, de Jesús Díez, introducida e traducida por Afonso Becerra de Becerreá; no 55 acolleu a obra *Oasis*, de Carles Batlle, introducida e traducida por Afonso Becerra de Becerreá; no 56 achegou a obra de Anxos Sumai, *Deus está de vacacións*, cunha introducción de Xosé Manuel Pazos; e no 57 achegou *Dúas mamás*, de Cándido Pazó, introducida por MF Vieites. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***SAUDADE* (Verba Galega nas Américas)** [México, D.F:, 1942-1953]. Ed. facsimilar (ISBN: 978-84-453-4557-3) (DL: C 254-2008).

Edición facsimilar da revista mexicana *Saudade* que o Centro Ramón Piñeiro edita a partir dos orixinais procedentes da Biblioteca Penzol de Vigo e dunha colección de todos os números de Claudio Rodríguez Fer. En primeiro lugar aparece a ficha técnica na que se describen datos relativos ao título, subtítulo, lugar, total de números, cronoloxía dos mesmos, cronoloxía da revista, etapas, periodicidade, entidade que a edita, editor responsábel, director xeral, redactores, enderezo da administración, imprenta, administración e publicidade, formato de páxina, número das mesmas, lingua, prezo, publicidade, ilustracións, ilustradores, cabeceiras homónimas, colaboradores literarios, pseudónimos, textos en prosa, tipoloxía da revista, seccións, textos poéticos, frases propagandísticas e textos didácticos, números extraordinarios ou conmemorativos, revistas galegas coetáneas noutros países americanos e bibliografía consultada. A continuación realízase un estudo introdutorio intitulado "Contextos de *Saudade*", onde se achega información sobre a emigración, os centros galegos, o exilio e a prensa galega e mexicana da época. A seguir inclúese un apartado intitulado "Algunhas valoracións" no que se tratan aspectos relacionados coas dúas xeiras da revista, entre as que houbo oito anos de baleiro, a súa tendencia, a similitude coa revista *Vieiros* (1959), os seus contidos, temas e motivos e a lingua. Por último preséntanse os índices subdivididos en "Sumarios", que ofrecen os títulos dos artigos publicados en cada número, e "Colaboradores" que presenta a relación dos escritores que participaron na revista por orde alfabética. Para rematar, reprodúcese a edición facsimilar dos sete números da revista que se pode consultar na páxina web do Centro Ramón Piñeiro, www.cirp.es.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, "La laguna e Istar y el Paraíso", *El Correo Gallego*, "La rosa de los vientos", 25 febreiro 2008, contracuberta.

Faise eco da publicación, en edición facsímile, da revista *Saudade*, a cargo do Centro Ramón Piñeiro. Explícase que as edicións orixinais da mesma se levaron a cabo en México entre o 1942 e o 1953, contando coa colaboración de recoñecidas figuras do galeguismo como Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Cabanillas, Eduardo Blanco Amor ou Ramón Otero Pedrayo, entre outros.

- ACB, "O Ramón Piñeiro recupera cinco cabeceiras da Galicia exterior", *El Correo Gallego*, "Cultura", 6 marzo 2008, p. 67.

Dá conta da presentación de cinco publicacións nas que se recuperan cabeceiras da

emigración galega en Latinoamérica e que viron a luz grazas ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Destaca a revista *Saudade*, obra dos exiliados en México e predecesora da revista *Vieiros*. Comenta que é a primeira vez que o equipo de investigación, dirixido por Manuel González, estudia este tipo de prensa impulsada por aqueles que tiveron que marchar do país durante a Ditadura do xeneral Franco.

- M. B. "O Centro Ramón Piñeiro recupera novas edicións en libro e cedé da prensa do exilio e da emigración", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2008, p. 49.

Faise eco da recuperación en formato facsímile e CD de distintas publicacións da prensa do exilio e da emigración galegas. Sinálase que o director do proxecto, Luís Alonso Girgado, expuxo polo miúdo o traballo desta recuperación, salientando a relevancia dunha das revistas recuperadas na súa totalidade, *Saudade*.

- Anxo Tarrío Varela, "Sempre na outra Galiza", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "De letras e de signos", 6 marzo 2008, p. 4.

Fai unha revisión histórica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos seus catorce anos de actividade, centrándose no proxecto de recuperación de revistas galegas. Comeza referíndose á edición facsímile da revista ferrolá *Aturuxo* (que viu a luz alá polo ano 1994). Comenta que outra revista de sona mencionada é a revista monolingüe en galego *Saudade (Verba Galega nas Américas)*, tamén no seu formato facsímile, voceiro de esquerdistas galegos como Florencio Delgado ou Carlos Velo entre outros. Salienta que *Mundo Gallego* (2007), dirixida por Eliseo Alonso, nun facsímile en formato libro acolle os catro números desta revista que contou cunha lista importante de escritores como Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor, entre outros, e de ilustradores como Maside, Laxeiro ou Urbano Lugrís. Tamén dá conta da presentación dos DVD's correspondentes á primeira das catro tempadas da revista *El Gallego*, que naceu coa pretensión de informar aos emigrados galegos sobre as novas da súa terra. Finalmente salienta o labor do director do proxecto, Luís Alonso Gírgado, e dos seus colaboradores.

- Armando Requeixo, "Luces no tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 253, "Literatura e Sociedade", 19 xuño 2008, p II/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, "Letras galegas", 28 xuño 2008, p. 10.

Cítase ao Centro Ramón Piñeiro e á colección "Libros da Frouma" da Librería Follas Novas como os que máis salientan, dende o seu punto de vista, na constancia a prol da recuperación do pasado literario galego, e procede á enumeración dalgúns dos traballos levados a cabo por eles. Salienta a figura do profesor Luís Alonso Girgado, coordinador dun proxecto de recuperación do patrimonio literario cifrado na edición facsimilar de revistas de "aquén e alén mar" nas que foi espallándose o quefacer de boa parte da intelectualidade galega dos dous séculos pasados. Fálase máis en concreto do traballo feito sobre a revista mexicana *Saudade*, publicada entre 1942 e 1953 na capital do país.

- Xesús Fraga, "La letra impresa de la emigración", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 269, "Bibliofilia", 5 xullo 2008, pp. 8-9.

A reportaxe céntrase na liña de investigación do Centro Ramón Piñeiro dirixida por Luís Alonso Girgado ao redor das revistas galegas creadas na emigración. Dise que nas

últimas semanas esta institución presentou varias edicións facsimilares de ditas publicacións. Moitas delas mantiñan, segundo Xesús Fraga, un estreito contacto con Galicia e mesmo chegaron a ser moi importantes no seu desenvolvemento cultural, até convertérense, en palabras do propio Girgado, nunha "canle de comunicación" entre ambas partes do Atlántico, é o caso dun facsímile da *Bohemia* de 1915 cun alto número de páxinas dedicado ás actividades do Centro galego na Habana. Comenta que a emigración tamén permitía certas "licencias" que non se daban en Galicia, ao posibilitar a publicación sen censuras. Un elemento moi interesante no estudo destas revistas é a publicidade que nelas se insería, e que permite, por exemplo, ver a importancia que concedían ao idioma galego. Varias destas publicacións tiñan a ilustres nomes da cultura galega como protagonistas. Foi o caso de *Mundo Gallego*, no que asinaron Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego ou Evaristo Correa Calderón, amén de contar coa participación de ilustradores tan famosos como Maside, Laxeiro, Lugrís ou Díaz Pardo. Tamén se comenta que en *Saudade* tiña máis protagonismo o idioma galego ao prestar máis espazo á creación. Saliéntase que cada edición facsímile das obras se acompaña dun estudo introdutorio e, nalgúns casos, como o de *El Gallego* ou do semanario *Galicia*, tamén de CD's que permiten reproducir as súas páxinas en formato electrónico. Finalmente, ademais das versións en papel, sinálase que moitas das revistas están dispoñibles en formato PDF na web do Centro Ramón Piñeiro: www.cirp.es. En columna á parte salienta o papel dos emigrados na cultura galega e no impulso de creación da Real Academia Galega como se pode analizar na edición facsimilar da revista *Bohemia* do ano 1915, publicada polo CIRP, que dá conta da actividade cultural e social do Centro galego na Habana.

SERENDIPIA. V.O. Comunicación&cultura
(ISSN: 1887-3138) (DL: C 3262-2006).

Revista bilingüe (galego-castelán) de periodicidade bimestral editada por Dardo ds dende o ano 2006, empresa editorial dedicada tamén ao deseño gráfico e á creación de páxinas web. O seu nome obedece a un neoloxismo que sinala unha alianza coa sorte e certo senso de sorpresa que "intenta reflectirse na orixinalidade dos artigos propostos e nunha imaxe coidada". Pretende ser un instrumento independente dos poderes político e económico e plural ao servizo dos intelectuais. Os artigos están escritos en galego ou castelán indistintamente e abranguen temas de arquitectura, arte contemporáneo, tendencias, literatura, cine, música, artes escénicas e outras manifestacións como a economía e a política. O primeiro número tiña como director a Xoán Barro e de subdirectores a Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e un Consello asesor, formado por David Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín e Carlos Teijo e Daniel Salgado. No número 2 e 3 a dirección correu a cargo de Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e a revista contou cun Consello asesor, formado por David Barro, Xoán Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín e Carlos Teijo. A partir do número 5 apareceu como redactor xefe Rubén Blanco Hervés e non hai consello asesor. Non está estruturada en seccións fixas, senón que se suceden os artigos, entrevistas e reportaxes sobre arte, literatura, cine e música. No número 6 (12 de 2007 a 02 de 2008) comezou unha nova etapa, cambiando a súa periodicidade, "cun novo formato, con máis do dobre de páxinas e cun verdadeiro sentido temático que fará que cada número teña un coordinador editorial dependendo do tema a tratar". Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TABOADA, A. Revista das asociacións culturais de A Cabana e O Meigallo (ISSN: 1577-9483) (DL: PO-109/00).

Revista cultural vinculada ás asociacións A Cabana de Moraña e O Meigallo de Cuntis. A súa periodicidade comezou sendo semestral e actualmente é anual. Foi fundada en decembro de 1999. Integran o consello de redacción Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo e Marcos Suárez Redondo. No ano 2008 publicouse o número 13 (xullo 2008), no que se achegaron tres textos do poemario inédito *Ola*, de Antía Otero, intitulados: "I. Esto sempre comeza cunha ola", "II. Ola..." e "III. Así comeza a miña carta...", e o conto "Consolos do lobo Xan e do raposo Froilán", de Xosé Fuentes Alende, que é unha recreación de dous contos populares. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TEMPOS NOVOS. Revista mensual de información para o debate (ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. de periodicidade mensual. Foi fundada en abril de 1997. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa; Ana Belén Puñal Rama exerce como coordinadora. En cada entrega hai colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Xosé Bocixa (Música) e Inma López Silva (Teatro) e unha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro, faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé". Engade ademais a sección "Dossier TN". No ano 2008 consérvanse as seccións fixas: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas"e "Aquén"; alternándose entre sí "Entrevista", "Debate" e "Conversa" e "Dossier" con "Espiral". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexta*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiño*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista" (entrevistas), "proPostas" (recomendación de obras), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editorias). No ano 2008, a revista sacou do prelo doce números, do 128 ao 139. Na sección "Todo é peixe" do número 128 aparecía unha composición literaria de Leo F. Campos intitulada "Conto de Nadal". Na sección "Aquén" aparecía

no número 128 un texto de Ramón Caride intitulado "Nadal 2018"; no 129 o relato "2 vol. Gal-avi. Biblioteca Cero", de Mariña Pérez Rei; no 130 "O dianteiro incendiario", de Diego Ameixeiras; no 131 María Lado escribe "Alis 1.4"; no 132 un relato intitulado "Sobe?", de Javier Peteiro; no 133 o texto "Play", de Isabel Freire; no 134 o relato "Unha incursión na astenosfera", de Elvira Riveiro Tobío; no 135 "Insomnes", de María Solar; no 136 "Tu", de Xosé Miranda; no 137 "Reset", de Begoña Paz; no 138 "Transmutación aviar", de Xavier Queipo, e no 139 "Novelas cibernéticas", de Xavier Alcalá. No ano 2008 o suplemento *Protexta* publicou catro números: o 06 (primavera 08), 07 (verán 08), 08 (outono 08) e 09 (inverno 08-09).
Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- A. Baamonde, "Tempos Novos", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 21 marzo 2008, p. 18.

Dá conta da traxectoria de Luís Álvarez Pousa como director da revista mensual *Tempos Novos* e faise eco da conversa entre Enrique Sáez Ponte e o actual Conselleiro de Economía, José Ramón Fernández Antonio, que aparece no último número da mesma.

TRABE DE OURO, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico (ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. No n. º 62 xa non figuraban no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". Durante o ano 2007 deixaron de formar parte do consello de redacción Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. En 2008 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 73 (xaneiro-febreiro-marzo), o 74 (abril-maio-xuño), o 75 (xullo-agosto-setembro) e o 76 (outubro-novembro-decembro). Na sección "Textos", no número 73 acolléronse *Descrición sen lugar* e *Unha tarde calquera en New Haven*, de Wallace Stevens, con introdución e tradución de Manuel Outeiriño; no 74, aparecían os poemas de *A poesía como arte insurxente*, de Lawrence Ferlinghetti, traducidos e introducidos por Daniel Salgado; no 75, uns sirventeses de Pèire Cardenal, traducidos e introducidos por Darío Xohán Cabana; e no 76 apareceu un texto de Florentino Cuevillas que trata do libro *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao, e un soneto inédito de Urbano Lugrís, dedicado a Luís Seoane. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Hai síntomas de que a nación está reaccionando", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 25 febreiro 2008, p. 30.

Recolle unha entrevista feita a Francisco Fernández Rei, catedrático de Filoloxía Románica da USC, membro do Instituto da Lingua Galega e membro numerario da Real Academia Galega da Lingua, integrante do Padroado do Museo do Pobo Galego e co-secretario do Consello de creación e fundador d'*A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*. Salienta *Dialectoloxía da lingua galega* (2003), *Lingua e Cultura galega de Asturias* (1994) e *A Nosa Fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (2003), entre máis dunha ducia de libros e centos de artigos.

- Xabier Cordal, "72 chanzos de 'A Trabe de Ouro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 marzo 2008, p. 34.

Dá conta da aparición do número 72 da revista *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*. Indícase que a publicación posúe numerosos colaboradores que fan dela un berce no que medran os coñecementos sobre a cultura e a literatura galegas. Valórase que se achegan a temas de actualidade, con debates do máis contemporáneos, e referencias varias. Considérase que, a piques de chegaren ao número 75, é importante non só en Galicia, senón tamén a nivel europeo.

- Paula Fernández, "N'A Trabe', *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 245, "Infantil/ Xuvenil", 24 abril 2008, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, "Xuvenil/ Novidades", 3 maio 2008, p. 11.

Dá conta da publicación do último número da revista *A Trabe de Ouro*, boletín galego de pensamento crítico, que comenzou a editar Sotelo Blanco no 1980 e que dirixe actualmente Xosé Luis Méndez Ferrín. Di que, ao igual que en números anteriores, no volume 72 seguen a incluír artigos de análise sociopolítica, pensamento e sobre temas de actualidade.

- C. Lorenzo, "Repaso crítico á lingua, ás letras e á sociedade", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Cultura", 27 marzo-2 abril 2008, pp. 35-36.

Fai referencia á publicación do número setenta e dous da revista *A Trabe de ouro*. Comenta que nesta ocasión o volume está dedicado ao estudo crítico da lingua, das letras e da sociedade galegas e dá conta dos diferentes traballos que aparecen nela.

- X. L. Méndez Ferrín, "O Che en verso", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 565, "No fondo dos espellos", 14 xuño 2008, p. 4.

Fai referencia ao libro titulado *Poemas al Che*, publicado en La Habana no ano 1969. Explícase que o poemario conta con colaboracións de poetas da Península Ibérica e de América, entre os que podería destacarse a presenza dalgúns autores galegos como Manuel María, Lueiro Rey, Celso Emilio Ferreiro e Carlos Casares. Sinálase que o único poema en galego orixinal recolleuse neste volume en inglés. Respecto ao poema de Lawrence Ferlinguetti, "O pensamento do Che Guevara o día despois da súa morte",

dá conta da súa aparición n'*A Trabe de Ouro*.

- C. Lorenzo, "O ollo crítico sobre a realidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "Cultura", 9-15 outubro 2008, p. 35.

Apúntase que *A trabe de ouro*, revista de pensamento dirixida por Xosé Luís Méndez Ferrín, presentou o seu número 74, correspondente a abril-xuño 2008. Salienta como texto máis destacado o intitulado "Da burbulla financieiro/inmobiliaria ás novas burbullas especulativas da enerxía e dos alimentos", asinado polo economista Xavier Vence. Dise que outros traballos incluídos neste número teñen como tema a pedagoxía, a crítica ou a compilación literaria. Salienta que Francisco Fernández Rei e Anxo Angueira, entre outros, rescatan a figura de Ramón Cabanillas e analizan a súa importancia para a construción do nacionalismo galego. Pola súa banda, apunta que Daniel Salgado traduce un texto en verso de Lawrence Ferlinghetti, "A poesía como arte insurxente".

UNIÓN LIBRE
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2008 publicouse o número 13, intitulado "A voz das vítimas do 36". Nel transcribíanse algunhas das cartas pertencentes ao arquivo de Francisco Lamas, último alcalde republicano de Lugo, durante a súa estadía na prisión. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, "O número 13 de 'Unión Libre': ¡saudiña!", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 289, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 15 novembro 2008, p. 11.

Comeza dando parabéns polo número 13 da revista lucense *Unión Libre*, da que indica que a dirixen dous profesores, Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. Estende a súa admiración a todos os números da revista dende o seu nacemento no ano 1996, destacando os números 4, 9 e 11 e a pluralidade da mesma en canto ao título e o subtítulo. Apúntase ademais que é publicada por Ediciós do Castro, editorial que dirixe o grande "mecenas" Isaac Díaz Pardo. A continuación céntrase no número 13 da revista e no tema que lle serve de título, salientando que a temática das "vítimas do 36" xa fora tratada noutras páxinas. Dáse conta do programa dun curso realizado no campus universitario lucense en 2007 que abre a revista e repárase na figura do tío de Juan Pérez-Carballo Veiga, e nas cartas de condenados a morte escritas dende a cela, para rematar apuntando que estaban "desinformados e optimistas" ante a situación política.

VICEVERSA. Revista Galega de Tradución
(ISSN: 1135-8920) (DL: VG 371-1995).

Publicación anual promovida pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG), o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia, aínda que nos dous primeiros números tamén consta na produción Edicións Xerais de Galicia. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e estudantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traducións á lingua galega das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais da publicación están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdisen do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da tradución en Galicia. Nos tres primeiros números a dirección correu a cargo de Mª Camiño Noia e dende o número 3 até o 6 actuou como secretario Xosé M.ª González Clemente. Dende o número 7-8 o secretario é Alberto Álvarez Lugrís e o consello de redacción está formado por Valentín Arias López, Teresa Caneda Cabrera, Leandro García Bugarín, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xosé Mª Gómez Clemente, Ana Luna Alonso, Camino Noia Campos e Antón Palacios Sánchez. Conta coas sección: "Teoría e historia da tradución", "Instrumenta", "Traducións xustificadas", "Críticas e recensións" e "Informacións". No ano 2008 non se editou ningún número. Os artigos referidos a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente deste *Informe*.

Referencias varias:

- PT, "Extraordinaria", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, verán 2008, p. 25.

Comentario do número trece da revista *Viceversa*, publicada pola Asociación de Tradutores Galegos e a Universidade de Vigo, do que se repasan algunhas das achegas e se destaca o interese destes estudos para o mundo académico, pero tamén para o outro lectorado, pois "vai atopar engados" como as traducións xustificadas de Manuel Forcadela, Jairo Dorado, Luís Manuel Fernández ou Xoán Montero de autores como Jean Rhys, Ivo Andri, Patrick Süskind e Fernando Pessoa, respectivamente.

XISTRAL. Revista lucense de creación poética
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-00//LU 145-2008).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. Dende o ano 2003 (número 6) Concepción Burgo López figura no lugar de Ignacio Rodríguez. O ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008) no que se apreciou un cambio no D.L. que se consigna na entrada. Neste número acolléronse en "Creación", as seguintes composicións poéticas: "J'ai rendez vous avec vous" e

“Despois de despois do amor”, de Vicente Araguas; “Cousas que se din coa boca aberta”, de Xiana Arias; “Nostálxico corazón”, de Ana Arias Saavedra; “Lobo Lugo”, de Carmen Blanco; “Escoita”, de José Blázquez; “Transmigración”, de Luís Miguel Bugallo Paz; “Catro luces e unha sombra”, de Joaquín R. Carballido Parra; “Outono”, de Marina Cillero; “Teimudos” e “Beizos”, de Cristina Corral Soilán; “I” e “II”, de Soraya Cortiñas Ansoar; “O líder” e “Os signos da morte”, de Alicia Chao Penela; “1.Foz (Lugo) –interior- non moi cedo”, “2.Cereixas de ouro” e “3.Tenores do ‘loro democrático”, de Xosé Dono; “Lugo. Xunto a ti”, de Ignacio Elguero; “Cando a porta abre, a roupa sucia e húmida...”, de Rosa Enríquez; “Atrozmente con amor ou unha cita coa extinción”, de Xosé Estévez; “o utero da pequena noelia aínda non recibe óvulos...” e “descubrir o sexo xogando ao esconguite...”, de Alicia Fernández; “O bar marelo”, de Euloxio Fernández; “Na ladeira dos soños...”, “De sereas” e “Esquecemento”, de M.ª Sara Fernández; “Aqueles veciños” e “Avós maternos”, de Luís Fernández Guitián; “Interiores” e “Exteriores”, de Susana Ferreiro Mediante; “Sombras nas follas” e “Nugallás”, de Adela Figueroa Panisse; “Ronquidos do rouco roncón”, de Xosé Lois García; “Ollos de auga” e “Cumpreanos”, de Teresa Gómez Senra; “Tempo no teatro” e “Debaixo das estrelas”, de Baldomero Iglesias (Mero); “Spam”, de Emilio Xosé Ínsua; “Nordesía”, de María Xosé Lamas; “Lista de vodas”, de Manuel Celso Matalobos; “A illa dos dexexos” e “Asomeime”, de Enrique Mora Morandeira; “Dereitos e deberes”, de Paulo Naseiro; “Por San Xohán viñan a lévedo as mañás de orballo...”, “Homenaxe a Uxío Montale” e “O bosque de Apollinaire”, de Manuel Xosé Neira; “Flores de febreiro”, de Xoán Neira; “Suicida sedución” e “Morto anónimo e casual”, de Isidro Novo; “O pulmón da mazá”, de Olga Novo; “Adiante¡” e “Definición”, de Toño Núñez; “Alma do mar” e “Galeguidade”, de Xosé Otero Canto; “Meu vello arado”, de Jesús Alfonso Parada Jato; “A calzada” e “A nosa Farruca”, de Pepa; “Tempo de poder” e “Do que lle aconteceu a un pingüín co cambio climático”, de Rubén Pérez Pombo; “Ela me dixo...” e “Unha vez chamei...”, de Vicente Piñeiro; “Vestixio”, “Soñar a neve” e “Aleph”, de Luz Pozo Garza; “Nenúfar”, “Linguaxe”, “Luzada”, “Péndulo”, “Fotografía” e “Nome”, de Xerardo Quintiá; “Morte de Ofelia”, de Francisco Javier Reija Melchor; “As tres mapoulas de Montecubeiro”, de Claudio Rodríguez Fer; “Na tarde baixa” e “Cabe, meu río”, de Margarita Rodríguez Otero; “Poema de amor” e “O idiota”, de Ramón Rodríguez Porto; “Rebelde stil nuovo”, de Xesús Manuel Valcárcel; “Animal.I e II”, de Diana Varela Puñal; “Cavilacións”, de Lois Vázquez Fernández; “Manuel María” e “Ata cando?”, de Elvira Veloso; e “Os teus ollos”, de Antonio Yebra de Ares. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Medio cento de poetas escriben na revista Xistral ‘co amor como eixo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 setembro 2008, p. 84.

Sinálase que medio centenar de poetas relacionados con Lugo colaboraron no número 11 desta publicación, coordinada por Camilo Gómez Torres e que desta volta se centrou no amor, aínda que aborde outros asuntos como a vida, a morte e o paso do tempo. Dise que *Xistral* combina a obra de poetas consagrados, como Luz Pozo Garza ou Claudio Rodríguez Fer, con novas voces emerxentes.

- Marisa Vidal Collazo, "*AA.VV.: Xistral. Revista lucense de creación poética*. Nº 11, ano 2008. Lugo 2008, 112 páxs", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 160, "Libros Chegados", novembro-decembro 2008, p. 115.

Dá conta dos diferentes autores e autoras que participan neste número da revista coas súas creacións poéticas, acompañadas polas ilustracións de Miguel Anxo Macía.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

Premio de Narración Curta **Álvaro Paradela**

Premio de narración curta convocado pola Sociedade Artística Ferrolana coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. A primeira edición do premio celebrouse no ano 1993 e dende aquela, participantes deste país e do estranxeiro presentaron os seus traballos a concurso, aínda que os premios foron sempre simbólicos, posto que non existe dotación económica ningunha, tan só se fai entrega dunha placa conmemorativa e se fala do gañador na revista *Poesía Galicia*. Nesta edición XII, o prazo de entrega rematou o 31 de outubro de 2007 e a resolución do xurado tivo lugar o 22 de abril de 2008 no Parador de Turismo de Ferrol, non resultando galardoada ningunha obra en galego.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, "Ferrolanos galardoados", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 24 abril 2008 p. 19.

Menciona aos gañadores dos premios Álvaro Paradela e Boca da Ría convocados pola Sociedad Artística Ferrolana, Julia María Dopico Vale e Manuel Serantes Lamas. Sinala que obtivo tamén unha mención especial, Ricardo Gustavo Creimer, e comenta que se enviaron ao certame medio centenar de traballos, chegados dende diversos lugares.

- Carlos Barcón, "Premios culturales", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 25 outubro 2008, p. 17.

Faise eco da entrega de Premios da SAF (Sociedad Artística Ferrolana), que recaeron nesta ocasión en Julia María Dopico Vale polo seu traballo "Silencio", dentro do XII de narracións curtas 'Álvaro Paradela'. Tamén se dá conta da entrega do Boca da Ría, do XXVI Premio Nacional de Poesía Hernán Esquío e que o premio de poesía sobre o mar vai ser para José María de Juan Alonso.

- Carlos Barcón, "Fiesta Cultural", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", "Entre nosotros", 27 outubro 2008, p. 9.

Dá conta da entrega dos Premios da asociación de artistas nas categorías de literatura (poesía) e música do Centro de Maiores de Caixa Galicia. Ao acto acudiron os premiados, un deles a directora do Centro, Conchi Martínez Lamigueiro, e contou coa participación da Coral do centro, así como cunha lectura poética de Eduardo Ramírez e Rosa María Martínez-Dios. Sinálase tamén que o Premio de Narracións Cortas "Álvaro Paradela" recaeu na escritora María Dopico Vale. Dise que o premio de relatos de mar "Boca de la Ría" foi recollido pola viúva do recentemente falecido e premiado, o profesor e poeta Manuel Serantes Lamas.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Convocado polo Concello de Noia e organizado pola revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros; a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa. Ademais, a obra gañadora é publicada pola editorial Toxosoutos. Os orixinais, que se enviaron ao Concello de Noia, tiñan que ter unha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentándose por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen firma cun lema baixo plica no Concello de Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). O xurado do VII Certame Literario de Relato de Aventuras "Antón Avilés de Taramancos" estivo constituído por Rafael García Guerrero, alcalde do Concello de Noia; Dolores Vilavedra Fernández, profesora e escritora; Antón Riveiro Coello, escritor; Xoán Carlos Dóminguez Alberte, escritor e profesor, e Xavier Castro Rodríguez, profesor e co-director da revista *Casa da Gramática*. Despois das deliberacións do xurado, o día 9 de maio de 2008, resultou gañador por unanimidade o escritor Mario Franco Rodríguez co relato titulado "A capela maldita" presentado baixo o lema "Estadea".

Referencias varias:

- M. Dopico, "Mario Franco opón en A capela maldita ciencia e superstición", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Libro", 20 agosto 2008, p. 59.

Preséntase a obra gañadora da última entrega do VII Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, "A capela maldita" de Mario Franco. Coméntase que a obra será publicada pola editorial Toxosoutos e que se trata dunha novela de misterio, con elementos de terror ambientada en Santiago e nas terras do Ulla na segunda metade do século XIX.

Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro, creado no ano 1995, convocou este premio literario, cunha dotación de 3.000 euros para cada unha das modalidades que contemplaba: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. Pretendía colaborar a fomentar a lectura entre os alumnos. O xurado estivo formado por alumnos de bacharelato do instituto Rosalía de Castro de Santiago e de catro institutos máis de Galicia, elexidos ao chou. O día de entrega do premio os alumnos compartiron mesa e mantel co escritor premiado no marco dunha festa. Na edición de 2008, os institutos escollidos para o xurado foron: Camilo José Cela de Padrón, Pintor Colmeiro de Silleda, Nosa Sra. dos Ollos Grandes de Lugo, Lauro Olmo do Barco e Rosalía de Castro de Santiago. Nesta edición os gañadores foron: en galego, *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai; en castelán, *Hoy, Júpiter*, de Luis Landero e en lingua estranxeira, *Arthur y George*, de Julian Barnes.

Quedaron como finalistas das correspondentes modalidades: *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes e *Cardume*, de Rexina Vega; en castelán *Crematorio*, de Rafael Chirbes; e *La muerte lenta de Luciana B.*, de Guillermo Martínez; e en lingua extranxeira, *Terrorista*, de John Updike e *Zapatos italianos*, de Henning Mankell.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Literatura, esa arma cargada de futuro", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 3 abril 2008, contracuberta.

Refírese ao acto que tivo lugar no mes de xuño co gallo da entrega do XIV Premio Arcebispo Juan de San Clemente. Infórmase que xa se deron a coñecer os finalistas, entre os que están Anxos Sumai, Rexina Vega e Xesús Rábade Paredes. Apúntanse ademais os que optarán á categoría de novela en castelán.

- D. S., "Sumai, Rábade y Rexina Vega, finalistas del San Clemente", *El País*, "*Galicia*", 3 abril 2008, p. 7.

Infórmase dos finalistas do XVII premio literario Arcebispo Juan de San Clemente nas tres categorías. Dise que para libros de narrativa en galego foron Anxos Sumai, Xesús Rábade Paredes e Rexina Vega. Ademais, sinálanse os de novela en castelán e en lingua estranxeira. Infórmase, para finalizar, que serán estudantes de catro institutos de secundaria os encargados de votar aos gañadores entre os finalistas.

- Lidia M. Gallas Otero, "Escribir é algo que levo pegado a min desde que era moi pequena", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de Cultura*", 29 xuño 2008.

Entrevista a Anxos Sumai, gañadora do premio Blanco Torres pola obra *Perigosamente normais* e do premio San Clemente por *Así nacen as baleas*. Comenta a satisfacción que sente por recibir este último premio. Da obra comenta que se trata dunha "proposta de liberación respecto das formas de vida cotiás". Respecto do premio Blanco Torres, confesa que non o esperaba. Por outro lado, conta que comezou a escribir aos dez anos e que xa no colexio gañaba premios de redacción. O seu estilo literario defíneo como "bastante directo" e confesa que lle interesa "a profundidade e non a extensión". Para rematar, fala da situación actual da literatura.

Premio **Biblos-Pazos de Galicia**

Premio creado pola editora Biblos no ano 2004, aberto á participación de menores de 25 anos que presentaron unha memoria das súas respectivas novelas antes do 15 de marzo, cunha extensión de entre 30 e 40 folios á editora Biblos (www.biblosclube.com), na que se incluía unha exposición das características da súa futura novela así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. Esta editora designa todos os anos un titor para completar e perfilar a obra xunto co gañador durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. Cada un dos finalistas ten dereito a unha fin de semana para dúas persoas nalgún dos estabelecementos da rede de Pazos de Galicia. O/a gañador/a, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao xunto co seu titor, recibiu un ordenador persoal, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira, a

publicación da súa obra na colección "Mandaio" e a tradución ao castelán. No ano 2008 o titor foi Agustín Fernández Paz e a gañadora foi Berta Dávila coa novela titulada provisionalmente *Bailarei sobre a túa tumba*. O galardón resolveuse no transcurso dunha cea literaria que se desenvolveu na noite do 18 de xullo na Casa Grande do Bachao, preto de Santiago.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "La novela con la que gané está influenciada por Siniestro Total", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xullo 2008, p. 11.

Recóllese unha entrevista coa premiada co Biblos-Pazos de Galicia outorgado á xove estudiante de Filoloxía Hispánica, Berta Dávila, e á súa novela, *Bailareí sobre a túa tumba*. Dávila salienta a ledicia e responsabilidade que sinte ao ser premiada con este galardón así como a súa admiración polo escritor chairego Agustín Fernández Paz co que ultimará a novela que sairá publicada en galego e castelán.

- C. F., "Berta Dávila, premio Biblos con 'Bailarei sobre a túa tumba', unha obra sobre a 'xeración Xabarín", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Santiago", 19 xullo 2008, p. 46.

Faise eco do Premio Biblos-Pazos de Galicia outorgado á estudante de Filoloxía Hispánica Berta Dávila, coa súa novela *Bailarei sobre a túa tumba*. Dise que foi recoñecida como un expoñente da nomeada 'xeración Xabarín', da década dos oitenta á que ela pertence. Infórmase que o premio consiste nunha escultura, unha estancia dun mes na Casa do Bachao, un ordenador portátil e a titoría dun autor, nesta ocasión o escritor chairego Agustín Fernández Paz, co cal ultimará a súa obra.

- V. Oliveira, "O xerme dos 'oitenta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obra", 22 xullo 2008, p. 30.

Entrevista coa moza coruñesa Berta Dávila que vén de recibir unha serie de premios: o Avelina Balladares de Poesía e o Biblos-Pazos de Narrativa. Saliéntase o gusto da autora pola escrita, destacando os valores da xeración na que se formou como persoa e que ela nomea a "Xeración do Xabarín". Dise que Dávila recibiu o Avelina Balladares polo seu poemario *Dentro* e o Premio Biblos (na súa cuarta edición), pola obra *Bailarei sobre a túa tumba*, título extraído dunha das cancións do grupo Siniestro Total.

Premio **Blanco-Amor** de Novela Longa

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso até chegar á actual contía de 12.020 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco-Amor. As obras presentadas debían ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Podían participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presentasen unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a

normativa oficial. Os interesados debían enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicábase o nome e enderezo do autor ou autora, e de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O prazo de admisión dos orixinais rematou o 28 de decembro. O xurado do premio estará composto por cinco membros que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. De cada obra presentáronse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite dirixido ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior "Para o Premio Blanco-Amor". Na edición do ano 2007, presentáronse vintesete obras, a organización correspondeulle ao Concello de Lugo, o xurado estivo formado por Xesús Rábade Paredes, Marica Campo, Isidro Novo, Dolores Vilavedra e Ramón Nicolás e resultou gañadora Inma López Silva coa novela *Memoria de cidades sen luz*. Na edición de 2008 a organización correu a cargo do Concello de Burela e o premiado darase a coñecer en 2009.

Referencias varias:

- maré, "Inma López Silva gaña o Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 abril 2008, p. 33.

Infórmase de que a escritora Inma López Silva é a gañadora do Premio Blanco Amor coa novela *Memorias da cidade sen luz* que aborda o tema da Guerra Civil e percorre a Europa da posguerra. Dise que o premio está dotado con doce mil euros e que do xurado forman parte, entre outros, Xesús Rábade Paredes, gañador da pasada edición, Marica Campo e Ramón Nicolás.

- María L. Viñas, "Inma López Silva gana el 'Blanco Amor' de novela", *El Progreso,* "Vivir", "Cultura", 6 abril 2008, p. 70.

Coméntase que a escritora Inma López Silva foi a gañadora do Premio Blanco Amor de Novela Longa pola súa obra *Memoria de cidades sen luz*, que de novo trata, como nas súas obras anteriores, o tema da guerra civil. Recóllense as palabras da autora tras recibir o premio e tamén se indica a dotación económica do mesmo e quen son os membros do xurado.

- V. Oliveira, "Inma López Silva achégase á Guerra Civil cunha mirada sen resentimento", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 67/"Os premios son probas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 41, 8 abril 2008.

Anúnciase que a escritora Inma López Silva é a terceira muller en gañar o Premio Blanco Amor de Novela Longa. Apúntase que a obra se titula *Memorias de cidades sen luz* e que está ambientada na guerra civil. Destácase que a autora xa gañara o Premio Xerais no 2002 con só vinte e catro anos coa obra *Concubinas.* Recóllense as opinións da escritora sobre a súa obra e tamén se fai un repaso pola súa traxectoria profesional e a súa actual ocupación como profesora na Escola de Arte Dramática de Vigo.

- Sara Barreiro, "Inma", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Episodios nacionais", 10 abril 2008, p. 4.

Manifesta a alegría que sente debido á concesión do Premio Blanco Amor de Novela Longa á súa amiga e tamén escritora Inma López Silva. Pronúnciase ademais sobre as poucas mulleres que se atreven a escribir e sinala sobre a gañadora que ela atopa "solucións" ao respecto.

- Jaureguizar, "López Silva recolle por 'unha obra de persoas na guerra' o 'Blanco Amor", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 xuño 2008, p. 80.

Refire que a escritora Inma López Silva recibiu na cidade de Lugo o premio Blanco Amor pola súa novela, *Memoria de cidades sen luz*. Comenta en palabras da autora que a obra mostra cómo as guerras afectan ás persoas e informa que a novela será editada por Galaxia. Así mesmo, tamén dá conta do argumento.

Concurso de Narración Curta **Boca de la ría**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF), premiou a mellor narración curta, escrita en galego ou castelán, relacionada co mar. As persoas que desexasen participar neste certame debían presentar traballos cun máximo de tres folios ao apartado de correos 339 de Ferrol. O tema obrigado foi "Relatos de la mar". Os orixinais debían ser mecanografados, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor ou autora. O prazo de entrega rematou o 31 de outubro de 2007 e a resolución do xurado tivo lugar o 22 de abril de 2008 no Parador de Turismo de Ferrol. O premio é de carácter honorífico e sen dotación económica, consta dunha praca e a reseña da obra na revista *Poesia Galicia* que se pode consultar na páxina web da SAF. O premio foi para Manuel Serantes Lamas por "A Piringalla".

Referencias varias:

- Carlos Barcón, "Ferrolanos galardoados", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 24 abril 2008 p. 19.

Menciona os gañadores dos premios Álvaro Paradela e Boca da Ría convocados pola Sociedad Artística Ferrolana, Julia María Dopico Vale e Manuel Serantes Lamas. Sinala que obtivo tamén unha mención especial Ricardo Gustavo Creimer, e que se enviaron ao certame medio centenar de traballos, chegados dende diversos lugares.

- Carlos Barcón, "Premios culturales", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 25 outubro 2008, p. 17.

Faise eco da entrega de Premios da SAF (Sociedad Artística Ferrolana), que recaeron nesta ocasión en Julia María Dopico Vale polo seu traballo "Silencio", dentro do XII de narracións curtas 'Álvaro Paradela'. Dise que O Boca da Ría foi recaer na figura do recentemente falecido Manuel Serantes Lamas por "A Piringalla". Sublíñase que o XXVI Premio Nacional de Poesía Hernán Esquío será para Eduardo Ramírez González pola poesía "Las 4 estaciones", cun accésit para Belén Pérez Pérez por "La Loba". Finalmente, tamén se indica que o premio de poesía sobre o mar vai ser para José María de Juan Alonso.

- Carlos Barcón, “Fiesta Cultural”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Ciudad”, “Entre nosotros”, 27 outubro 2008, p. 9.

Dá conta da entrega dos Premios da asociación de artistas nas categorías de literatura (poesía) e música do Centro de Maiores de Caixa Galicia. Ao acto acudiron os premiados, un deles a directora do Centro, Conchi Martínez Lamigueiro, e contou coa participación da Coral do centro, así como cunha lectura poética de Eduardo Ramírez e Rosa María Martínez-Dios. Sinálase tamén que o Premio de Narracións Cortas “Álvaro Paradela” recaeu na escritora María Dopico Vale. Dise que o premio de relatos de mar “Boca de la Ría” foi recollido pola viúva do recentemente falecido e premiado, o profesor e poeta Manuel Serantes Lamas.

Premio Literario **Camilo José Cela** de Narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como homenaxe perpetua á “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Os relatos, de tema libre, escritos en castelán ou galego, tiñan que ter unha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo, e debían enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio estaba dotado con 2.000 euros, diploma acreditativo e a publicación do traballo nun libro conmemorativo. A data límite de entrega foi o 15 de xullo. Nesta edición de 2008, o xurado decidiu outorgar o premio a David Nieto, natural de Medina del Campo, con “Perros en libertad”.

Referencias varias:

- U. L., “Un autor de Madrid gana el certamen Camilo José Cela”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 17 decembro 2008, p. 12.

Faise eco do XIX Premio Literario Camilo José Cela, que contou coa participación de cento trinta e catro traballos, e que recaeu na obra “Perros en libertad”, de David Nieto, oriundo de Medina del Campo (Valladolid), pero residente en Madrid. Indícase tamén que o escritor presentou o seu traballo baixo o pseudónimo Jeremías Bueno.

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Premio convocado polo Liceo de Ourense que leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e que se centra na modalidade de microrrelato. O premio estabeleceu dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de 25 anos, cunha dotación económica de 600 euros para cada unha delas. Podía concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán. Os orixinais non podían superar unha extensión máxima de 1.500 caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 31 de maio, na Secretaría do Liceo de Ourense, rúa Valentín Lamas Carbajal, 5, 32005, Ourense. Cada orixinal ía baixo lema e adxuntábase nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono do autor, e o título definitivo da obra. O xurado, composto polo presidente do Liceo de Ourense e membros da sección de literatura, fixo a entrega nun acto literario encadrado nas festas do Liceo, que se celebrou o 22 de xuño. Na convocatoria do 2007 a dotación económica

aumentou a 1.500 euros para o primeiro premio. Na convocatoria do ano 2008 presentáronse 516 traballos, pero os compoñentes do xurado acordaron por unanimidade deixar deserto o premio, pola contra concedéronse tres accésits, dotados con 500 euros, a Natalia-Dobrina Gospodinoff polo relato "Sesenta calorías", a Miguel Paz Cabanas por "Están Locos" e a Lidia Gregorio Selas por "Gula".

Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

Creado no ano 2003, este premio é convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, e está dotado con 3.000 euros. Unha comisión seleccionadora elixiu un grupo de novelas que xa foron publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea. Con este galardón preténdese fomentar a lectura entre os composteláns, por iso un trinta por cento da resolución do xurado será o resultado da votación de residentes ou persoas que realizan a súa ocupación laboral na cidade de Santiago, que tamén levarán un premio. A tal efecto abriuse un prazo de votación até o 5 de xullo, para que o lectorado emitise o seu voto ben no Casino de Santiago, onde tamén se lles ofrecía as novelas finalistas en préstamo, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. A porcentaxe restante cubriuse cos socios do Casino (que contaron un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso do cincuenta por cento). O xurado, integrado por estudantes, persoal do concello, socios do Casino e outros sectores da sociedade compostelá entregou o primeiro premio da sexta edición a Sarah Waters por *Ronda Nocturna* superando a *Os ollos de K*, de Antón Riveiro Coello; *El regreso*, de Bernhard Schlink; *La elegancia del erizo*, de Muriel Barbery e *Mira si yo te querré*, de Luis Leante. En setembro de 2008 entregouse o galardón da edición 2007.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Compostela se convierte en jurado literario", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 novembro 2008, p. 29.

Dá conta do comezo da sexta edición do Premio Novela Europea Casino de Santiago. Sinala que as novelas escollidas por unha comisión de expertos son: *Os ollos de K*, de Antón Riveiro, *El regreso* de Bernhard Schlink, *La elegancia del erizo*, de Muriel Barbery, *Mira si yo te querré*, de Luís Leante, e *Ronda nocturna*, de Sarah Waters. Comenta que o gañador será escollido nun cincuenta por cento polos residentes en Compostela e noutro cincuenta por cento por representantes de institucións de dita cidade.

- Concha Pino, "Los compostelanos deciden", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 4 decembro 2008, p. 16.

Informa da posibilidade que teñen os santiagueses de votar por un dos cinco finalistas da sexta edición do Premio de Novela Europea Casino de Santiago. Indica que se colocaron diversas urnas no local do Casino de Santiago, así como no Centro Comercial Compostelán á enteira disposición dos habitantes da cidade. Entre as obras candidatas, apunta que están *Os ollos de K*, de Antón Riveiro Coello ou *Mira si yo te querré*, de Luis Leante.

- A. I., “Premio del Casino para la novelista Sarah Waters”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 decembro 2008, p. 29.

Dá conta da identidade do gañador do VI Premio de Novela Europea Casino de Santiago, concedido este ano á figura de Sarah Waters e a súa novela *Ronda Nocturna*. Indícase que esta novela foi merecedora do galardón por diante doutras tales que *Os ollos de K*, de Antón Riveiro, ou *Mira si yo te querré*, de Luís Leante. Saliéntase a importancia deste premio, pois traballa na promoción da lectura mediante a incorporación de toda a cidade de Santiago en calidade de xurado literario e concedendo galardóns a escritores de toda a Unión Europea.

- A.I., “Elegidos los cinco libros que optarán al séptimo Premio de Novela Europea”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Literatura”, 19 decembro 2008, p. 28.

Faise eco das obras e escritores seleccionados para optar ao VII Premio de Novela Europea. Dise que os elixidos foron Marcos S. Calveiro, con *Festina Lente* (Editorial Xerais); Martín Amis, con *La casa de los encuentros* (Editorial Anagrama); Montero Gled, con *Pólvora Negra* (Editorial Planeta); Petros Markaris, coa obra *El accionista mayoritario* (Editorial Tusquets); e, finalmente, *Caos Calmo*, de Sandro Veronesi (Editorial Anagrama). Tamén menciona o recente galardón outorgado a Sarah Waters por *Ronda Nocturna*.

- E. P**.**, “Marcos Calveiro, finalista do ‘Casino”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Premio”, 19 decembro 2008, p.32.

Anuncia os finalistas do VII Premio Novela Europea que outorga o Casino de Santiago, que ten como obxectivo a promoción dunha lectura e espírito europeísta, sendo escollido o gañador polos socios do casino, persoas residentes na cidade e representantes de sectores sociais. Sinala que entre os finalistas destaca o galego Marcos Calveiro coa obra *Festina Lente.* Dise que a gañadora da última edición foi Sara Waters.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Riveira**

Organizado polo área de Cultura do Concello de Riveira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, sen límite de idade ou nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego, orixinal e inédito, de temática libre cunha extensión mínima de 80.000 e máxima de 120.000 caracteres. O premio contou cunha contía de 3.000 euros, diploma e a publicación da obra. O traballo entregouse por quintuplicado e mecanografado na Área de Cultura do Concello de Riveira e o prazo rematou o 28 de febreiro de 2009. A resolución do xurado será o 23 de abril de 2009, o acto de entrega terá lugar en maio de 2009 e a publicación e presentación da obra en maio de 2010. Na primeira edición deste concurso a novela gañadora foi “As mellores intencións”, da coruñesa Begoña Paz.

Referencias varias:

- Davinia Marí, "El premio de la II edición del Concurso de Novela Curta será de 3.000 euros", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Riveira", 4 setembro 2008, p. 25.

Dá conta da convocatoria da segunda edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira". Sinala que conta cun único premio de tres mil euros para o gañador. Comenta que entre os obxectivos están potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega.

Certame de Narración Curta **Concello de Curtis**

Convocado polo Concello de Curtis podía participar calquera persoa interesada cun traballo inédito escrito en galego de temática libre, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de oito, asinado baixo lema ou pseudónimo, especificando si se trataba ou non temática relacionada co Concello de Curtis. Nun sobre pechado debía presentar os seus datos persoais (nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono). Os traballos podían entregarse nas Dependencias Municipais ou na Oficina Municipal de Curtis antes do 15 de outubro de 2008. Estabelecéronse un premio de 500 euros e dous accésits de 100 euros. Os premios foron para Xulio Romero Suárez polo relato "Mariquiña do Budú", Pedro Naveira Pedreira, cun primeiro accésit con"Días de Feira, tempos de tren", e Alba Cid Fernández cun segundo accésit por "Devorando a cidade".

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Xulio Romero se llevó el premio de narración", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 17 decembro 2008, p. 20.

Dá conta da entrega de premios do V Certame de narración curta "Concello de Curtis" na que foron premiados Xulio Romero Suárez por "Mariquiña do Budú", Pedro Naveira Pedreira, cun primeiro accésit con"Días de Feira, tempos de tren", e Alba Cid Fernández cun segundo accésit por "Devorando a cidade".

Certame de Contos **Cultura Quente** do Concello de Caldas de Reis

Convocado pola Biblioteca Municipal Padre Martínez Ferro, de Caldas. A convocatoria foi aberta a todas as persoas e estabeleceronse tres categorías: A, para nenos de 10 a 13 anos; B, para nenos entre 14 e 17 anos, e C para maiores de idade. Os contos tiñan que estar escritos en lingua galega, orixinais e inéditos, e cunha extensión entre cinco e quince folios. As obras presentáronse directamente ou ben enviáronse por correo certificado á Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro (Paseo Román López, 9, 36650 Caldas de Reis-Pontevedra) até o 6 de xuño en sobre pechado por triplicado, co título da obra e lema do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que constaba o auténtico nome e apelidos do autor, así como o teléfono, enderezo, a fotocopia do DNI e a indicación da modalidade na que participaba. O Concello poderá publicar os relatos gañadores. A contía dos premios foi a seguinte: na categoría A, 150 euros en libros e material escolar; na categoría B, 150 euros en libros e material escolar

e na categoría C un premio de 1.000 euros e un accésit de 500 euros. A entrega do premio tivo lugar en xullo durante o Festival Cultura Quente. Nesta edición de 2008 resultaron premiados, na categoría A, Noemí Portela co relato "Vento Revolto"; na categoría B, José Ángel Corral Suárez con "O confidente" e mereceu un accésit Marcos Dios por "A praza do bo tempo".

Referencias varias:

- M. Angueira, "Relatos que contienen toda una vida", *Diario de Arous*a, "Ulla-Umia", "Premios Máximo Sar de Memoria Popular", 11 xullo 2008, p. 28.

Dá conta da entrega dos Premio Máximo Sar de Memoria Popular, outorgado na presente edición a María Pura Díaz polo relato "Recuerdos de una larga vida". Indícase tamén que, logo de rematar coa entrega destes galardóns, fíxose público o nome dos gañadores da décima edición do certame de contos "Cultura Quente".

Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos tiñan que estar escritos en galego normativo, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos terán que introducir unha palabra obrigada. Remitíronse tres copias á Lonxa Literaria, Centro Cultural Daniel Castelao, Quintela s/n, 36950, Moaña, Pontevedra, até o 31 de outubro. Convocouse unha única categoría á que se dotou cun premio de 300 euros e dous accésits sen dotación económica.

Premio de Novela Longa **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En 2007, na XIX edición, tamén colaborou a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia. A contía económica foi de 9.015 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais en galego normativo tiñan que ser enviados por sextuplicado, até o 23 de marzo, á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estivo composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contou con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Na XX edición do ano 2008, o xurado estivo formado por Luís Alonso Girgado, Xosé Manuel Eyré, Carlos Lema, Armando Requeixo e Valentín García Gómez, que actuou como secretario. A obra gañadora foi *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela Doce, que se impuxo aos vinte orixinais presentados.

Referencias varias:

- Candela Chedas, “Galicia precisa que as editorias traballen máis na exportación da nosa literatura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 17 xullo 2008, p. 38.

Dá conta do autor premiado co XX Premio de Novela Manuel García Barros, outorgado ao ferrolá Xesús Costela Doce pola súa obra *Shakespeare destilado* presentada baixo o lema ‘A espera do lusco e fusco’. Dise que recibirá 9.000 euros así como a publicación da obra. Nunha breve entrevista recolle as impresións do autor ante o premio, fala da situación da literatura galega e salienta da súa novela a extravagancia e o humor.

- C. G., “Entrega dos premios García Barros e Estornela”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “A Estrada”, 13 decembro 2008, p. 46.

Dá conta da entrega do primeiro premio do certame Manuel Garcia Barros, cuxo gañador foi Xesús Constela, por *Shakespeare destilado*. Infórmase tamén da entrega do Premio Estornela de teatro infantil a Bernardino Graña.

Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos debían presentarse no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980) por quintuplicado e precedidos polo título e un lema. Asemade, había que entregalos nun sobre pechado no que figurara por fóra o título e lema e dentro os datos do autor. Debían ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte, que non superasen os mil oitocentos caracteres cada un deles aproximadamente. O prazo de presentación remata o 15 de agosto de cada ano e o premio entrégase nun acto no mes de decembro, consistindo en 3.000 euros e a publicación por parte de Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se deu a coñecer antes da concesión do premio, estivo formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Nesta edición de 2008 houbo un cambio de datas para que coincida a publicación da obra premiada co Día das Letras Galegas, así a resolución darase a coñecer no mes de febreiro de 2009. O prazo para presentar os traballos concluíu o 30 de novembro.

Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Puideron concorrer todas as persoas que o desexaran cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a duplo espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, debían entregarse antes do 1 de marzo, por cuadriplicado, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), nun sobre onde figurase só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debía achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presentaba. O premio consistiu na publicación da obra premiada, así como 3.665 euros**.** Na edición do ano 2008 o xurado composto por Marta Pumares, Xosé Luís Martínez

Pereiro, Miriam Rodríguez Debasa e Julio Mancebo, concedeu o galardón a Alva Martínez Teixeiro co relato "Un domingo amarelo para dentro", e quedaron finalistas Héctor Carré con "A serpe de Auschwitz" e Carlos Quiroga con "O efeito Malangatana".

Certame de Relatos de Muller **Matilde Bares**

Organizado a través do CIM pola Concellaría da Muller de Bueu en homenaxe a esta profesora buenense que realizou un destacado labor profesional e persoal no municipio. Dotado cun único premio de 600 euros, que ascende actualmente aos 1.500 euros, a organización estabeleceu dúas modalidades lingüísticas, galego e castelán. Os traballos presentados só podían estar nunha das dúas linguas, debendo ser orixinais e inéditos e non premiados con anterioridade noutro concurso ou certame. Podían presentarse concursantes, maiores de idade e residentes en Galicia e debían axustarse á temática da muller, valorándose o tratamento da igualdade de oportunidades entre os dous sexos, a corresponsabilidade nas obrigas familiares e a violencia de xénero. Os criterios de selección foron a orixinalidade no tratamento do tema, a expresión e a utilización dunha linguaxe non sexista. As obras debían entregarse ou enviarse por correo por cuatriplicado antes do 30 de abril no Rexistro Xeral do Concello de Bueu (Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu-Pontevedra), facendo constar no sobre "IV Certame de Relatos de Muller Matilde Bares", ademais de nome e apelidos, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI do autor e o título da obra no exterior. Presentáronse en soporte papel e informático cunha extensión non inferior a dez folios nin superior a vinte. A decisión do xurado deuse a coñecer na xuntanza para a deliberación e ditame celebrada o 31 de maio no CIM de Bueu. Nesta edición, os compoñentes do xurado foron Xosé Ramón Pena Sánchez, Francisco Martínez Bouzas e María del Pilar Ponte Patiño, actuando como secretaria Montserrat González García.

Certame de **Micronovela do Concello de Soutomaior**

Iniciouse no ano 2007 da man do Concello de Soutomaior e Edicións Xerais de Galicia. Nel podían participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras orixinais, inéditas, escritas en lingua galega e non presentadas a ningún outro certame a celebrar entre a convocatoria ea resolución. Os traballos debían ter unha extensión mínima de trinta e cinco folios e máxima de sesenta, escritos a dobre espazo. Tiñan que enviarse por cuadriplicado, con pseudónimo e baixo plica na que constasen os datos de quen escribiu a micronovela, ao Rexistro de entrada do Concello de Soutomaior antes do día 30 de novembro. A dotación foi de 2.000 euros para o primeiro premio e de 1.000 euros para o segundo e a publicación das obras por Edicións Xerais de Galicia. Se o xurado o estima oportuno poderá outorgar un accésit sen dotación económica e en caso de declarar deserto o premio, por mala calidade das obras, o Concello dará unha mención de honra, cun premio simbólico. Podíase obter información na páxina web de Edicións Xerais de Galicia. O día 6 febreiro de 2008, no castelo de Soutomaior, o xurado do 1º Certame de Micronovela Concello de Soutomaior, formado por Manuel Bragado Rodríguez, Manuel Antonio Lourenzo Sobral e Isaac Xubín, acordou por maioría declarar gañadora, de entre as cuarenta obras presentadas, a Andrea Maceiras Lafuente, pola súa obra *Diario dun proxecto Bolboreta*, e recibiu un accésit a finalista *Virxinia*, de Pilar Ortega Pereiro.

Referencias varias:

- Luís Carlos Llera, "Una estudiante de Cambre gana el primer certamen de micronovela, que impulsa Xerais", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 16 febreiro 2008, p. 48.

Dise que unha estudante de Filoloxía Hispánica, Andrea Maceiras, resultou gañadora do primeiro Certame de Micronovela que convoca Xerais e que se entregou no castelo de Soutomaior. Tamén se comenta que en segundo lugar quedou unha profesora de secundaria e que ambas obras recibirán un cheque de 2000 euros e serán editadas por Xerais cunha tirada inicial de mil exemplares.

Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo** do Pedrón de Ouro

Convocado pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, dende o ano 1974, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e render homenaxe a Xaquín Lorenzo "Xocas". Podían participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais debían presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos debían enviarse antes do 30 de novembro sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780 Santiago de Compostela) ou á Concellaría de Cultura do Concello de Ourense (Rúa Canle, n.º 2, 32005 Ourense). O tema foi libre, pero tívose en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria O primeiro premio e os accésits son publicados por Edicións do Castro. A dotación económica para o primeiro premio foi de 600 euros e de 240 para os dous accésits posíbeis. O xurado estivo formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición ao Concello de Padrón. Neste 2008, os traballos recolléronse até o 15 de novembro e o galardón entregouse o 27 de decembro na casa do Concello de Padrón. Este ano recibiu o galardón Iván García Campos co relato "Unha casa chea de xanelas" e os accésits foron para Alberto Gómez Aneiros por "Un pintor malogrado" e Chelo Suárez Muíños por "Colleita de sombras". Ademais foron propostos para a súa publicación os traballos "Ai padriño!", "A corrente salvaxe" e "Happy sunday".

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, “Unha vez en Poio meditando”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de Cultura*”, “Colaboración”, “Crónicas da Bouza”, 3 febreiro 2008, p. 24.

Comeza aplaudindo a disertación sobre a lingua galega que realizou Ramón Regueira Varela na entrega dos premios Modesto R. Figueiredo. Ademais faise eco das palabras que tamén pronunciou Isaac Díaz Pardo sobre a desaparición do galego. Por outra banda, informa da publicación dun informe por parte do MDL onde se ve como nun período de dez anos, o número de persoas monolingües en castelán se duplicou en Galicia. Ante este panorama, comenta a publicación das normas da RAG e do ILG e opina a respecto da nota interior que fai referencia á non publicación do texto no Diario Oficial de Galicia, despois de terllo enviado á Xunta.

- C. G., “Padrón salda su deuda con el Modesto Figueiro de narrativa”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 30 xullo 2008, p. 60.

Dá conta da presentación en Padrón do Certame Nacional de Narracións Breves Modesto R. Figueirido, promovido pola Fundación Pedrón de Ouro. Dáse conta das bases do certame e saliéntase que o premio leva o nome deste escritor en recoñecemento da súa defensa e promoción da lingua e a cultura galegas.

- maré, “Convócase o premio Modesto R. Figueiredo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Narrativa”, 1 agosto 2008, p. 29.

Recolle a convocatoria do Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto R. Figueiredo, organizado pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro en colaboración co Concello de Padrón. Dá conta tamén das bases do concurso.

- Avelino Abuín de Tembra, “O 34º Modesto R. Figueiredo”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Ventos ábregos”, 28 decembro 2008, p. 5.

Anuncia a entrega dos Premios Modesto Rodríguez Fernández-Figueirido na vila de Padrón e aproveita para lembrar as primeiras edicións dos galardóns ao mellor relato curto galego, explicando a orixe do nome de ditos premios. Faise eco do nome do gañador, Iván García Campos, con “Unha casa chea de xanelas”, e dos relatos recoñecidos cun accésit: “Un pintor malogrado”, de Alberto Gómez Aneiros e “Colleita de Sombras”, de Chelo Suárez Muíños.

- M. Gil, “Padrón salda una deuda con la Fundación do Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego,* “Área de Compostela”, “Cultura”, 28 decembro 2008, p. 27.

Informa do acto de entrega do trixésimo cuarto premio do Certame Nacional Galego de Narracóns Breves Modesto Rodríguez Figueiredo que foi concedido a Iván García Campos por “Unha casa chea de xanelas”. Dá conta tamén dos accésits que recaeron en Chelo Suárez e Alberto Gómez Aneiros, polas obras “Colleita de sombras” e “Un pintor malogrado”, respectivamente.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Literatura Erótica **Narrativas Quentes**

Convocado por Edicións Positivas dende 2002 e de carácter bienal até 2008, en que comezou a ser anual. Podía concorrer calquera obra narrativa inédita, sexa novela ou relatos, escrita en galego cunha extensión mínima de sesenta folios e máxima de douscentos cincuenta mecanografados a dobre espazo. O premio consistiu na publicación da obra en Edicións Positivas. No ano 2008 recibiu o galardón Chelo Suárez pola novela *Os milagres de Cristamar*.

Referencias varias:

- maré, "Chelo Suárez, premio Narrativas Quentes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 abril 2008, p. 34.

Sinálase que a autora coruñesa Chelo Suarez é a gañadora do IV Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes de Edicións Positivas co libro *Os milagres de Cristamar*, do que Francisco Macías, director de Edicións Positivas, di que presenta "un bo dominio lingüístico e un erotismo imprescindible". Por último, dise que a narradora Chelo Suárez publicou *Flor de xiz* (Primera Persona) e *Venus de cristal* (Edicións Xerais de Galicia).

- R. G., "A obra de Chelo Suárez 'Os milagres de Cristamar' gaña o Narrativas Quentes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2008, p. 50.

Indícase que *Os miragres de Cristamar* da autora coruñesa Chelo Suárez recibiu o Premio de Literatura Erótica convocado por Edicións Positivas na súa cuarta edición. Recóllense as impresións da autora ao ter noticia da resolución do xurado e dise que este considerou que a novela tiña moita calidade e que a propia autora a cualifica de "irreverente". Tamén se indica que unha das cidades nas que se desenvolve a acción da novela, Venecia, aparece noutra obra da escritora, finalista no Premio Xerais do ano anterior co título *A Venus de cristal*. Finalmente anúnciase a publicación da obra premiada ao redor do 17 de maio.

- M. Dopico, "Luz, cristal e espírito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 4 abril 2008, p. 36.

Infórmase que Chelo Súarez vén de gañar o IV Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes coa súa obra *Os milagres de Cristamar*. Recóllense as súas impresións ao respecto e manifesta que recibir un premio como este, supónlle "un desafío". Defínese como unha autora atípica e sinala que esta novela "naceu dun conto", que logo ampliou. Ademais di que é unha homenaxe á Coruña e xustifica porque lle chamou "Cristamar". Finalmente, fala do seu proceso de escrita e dos paralelismos desta novela coas anteriores. Nun á parte, sublíñase a presenza da maxia e o ollar do pasado nos seus escritos.

Concurso para Autores **Novela por entregas**

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este premio dende 2001, que conta coa colaboración do Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Nel podían participar todas as persoas que presentasen unha novela inédita e que non optasen a outros concursos, escrita en galego e dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos). As obras enviáronse até o 22 de maio de 2007, á sede do xornal no polígono industrial de Sabón (Arteixo) ben polo correo ordinario ben polo correo electrónico redac@lavoz.es. As obras presentáronse en catro copias, impresas a dobre espazo por unha soa cara, e polo sistema de plica pechada. Estabeleceuse un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina de *La Voz de* Galicia. Ademais, levarase a cabo unha edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que este ano cumpriu a súa novena edición e que comezou no ano 2000. Na primeira edición deste premio, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco,* de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras a publicar por entregas sométense a este concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, Miguel Suárez Abel, Xosé Antonio Perozo, Ángel de la Cruz e Concha Blanco. Na edición de 2008 a obra gañadora foi *Mercurio*, de Emilio Alonso.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Esta novela quere ser unha homenaxe sentimental a Lugo", *La Voz de Galicia,* "Cultura", "Entrevista", 19 xullo 2008, p. 46.

Entrevista ao autor Emilio Alonso, gañador do Concurso para Autores de Novelas por Entregas coa obra *Mercurio*. Dá conta o autor na entrevista da orixe da novela e da presenza constante da cidade de Lugo como homenaxe á mesma.

Premio **Pastor Díaz** de Novela

Convocado polo Concello de Viveiro, ten carácter bienal e está destinado a homenaxear a figura de Nicomedes Pastor Díaz. Nel podían participar autores e autoras de calquera nacionalidade que presentasen obras escritas en lingua galega. Os traballos debían ser inéditos e contar cunha extensión mínima de cen folios escritos a dobre espazo, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. A contía do premio é de 3.000 euros, que se outorga a unha única obra e pode quedar deserto cando a calidade dos traballos presentados sexa insuficiente. O xurado resérvase o dereito de publicación da obra. As obras enviáronse, sen remite e baixo un lema, ao Concello de Viveiro, Departamento de Cultura, 27850 Viveiro (Lugo), coa indicación no sobre de "VI Premio Pastor Díaz de Novela". Acompañáronse dun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicándose o nome, enderezo, currículo e teléfono do autor. De cada obra remitíronse cinco copias. O xurado do premio está composto por membros escollidos entre figuras do mundo da cultura, e dase a coñecer ao mesmo tempo que a resolución do premio. Na convocatoria de 2008 o prazo de admisión rematou o 30 de decembro e a

resolución e entrega do galardón terán lugar no ano 2009.

Certame Literario **Ramón del Valle-Inclán**

Convocado pola Asociación de Amigos do Museo que A Pobra dedica ao escritor arousán. Este galardón estivo dotado con 1.000 euros para o primeiro premio e 500 para o segundo. Puideron participar todos os autores a partir dos dezaseis anos que presentasen traballos en galego de temática libre e con extensión máxima de vinte folios. Os relatos enviáronse por quintuplicado nun sobre pechado co nome do certame e pseudónimo á Asociación ou ao Concello da Pobra. No interior do sobre, nun folio, especificáronse os datos persoais do participante. O prazo de entrega finalizou o 18 de xullo, a resolución do xurado deuse a coñecer o 8 de setembro e o acto de entrega tivo lugar o 27 de setembro. No ano 2008, recibiu o galardón José Ignacio Silva Regueira con *Cela aberta* e o segundo premio foi para *Inocentes Encerrados*, de Alberto Gómez Aneiros. O xurado estivo formado por Francisco Vidal, José Antonio Ventoso Mariño, Suso Souto, María del Carmen Rodríguez Varela e Silvana María Martínez Rial. Tamén se publicou o libro recompilatorio dos gañadores dos tres últimos anos.

Referencias varias:

- L. R., "Amigos do Museo Valle-Inclán convoca la VII edición del certamen literario de relato corto ", *Diario de Arousa*, "O Barbanza comarca", "Cultura", 26 abril 2008, p. 39.

Infórmase da VII edición do certame literario de relato curto que convoca a Asociación Amigos do Museo Valle-Inclán. Achéganse a contía dos premios e as bases do concurso. Sinálase que o prazo de entrega de traballos finaliza o 18 de xullo e que o nome dos gañadores se dará a coñecer o 8 de setembro. Así mesmo, indícase que o acto de entrega de premios será o 27 de setembro e que se editará un libro cos gañadores dos tres últimos anos.

- Suso Souto, "Convocado en A Pobra el certamen de literatura Valle-Inclán, de tema libre", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 26 abril 2008, p. 33.

Indícase que a Asociación Amigos del Museo Valle-Inclán da Pobra convoca a sétima edición do certame literario que leva o nome do citado escritor e danse a coñecer as súa bases e prazo límite de presentación das obras.

- Javi Afra, "El carballés Ignacio Silva gana el 'Valle' de novela", *El Correo Gallego*, "Área Compostelana", "A Pobra", 9 setembro 2008, p. 23.

Dá conta da identidade do gañador na sétima edición do certame literario Valle-Inclán da Pobra e que neste ano recaeu na figura de José Ignacio Silva Regueira, coa obra *Cela Aberta*. Coméntase que destacou pola súa solidez, o dominio narrativo e o seu sorprendente peche. Indícase que a obra conta a historia dun preso político secuestrado e torturado durante varios anos baixo un réxime ditatorial severo. Dise que o segundo premio foi para a obra *Inocentes Encerrados*, de Alberto Gómez Aneiros.

- M. Angueira, "José Ignacio Silva recibió el premio Valle-Inclán por la novela 'Cela aberta", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "A Pobra", 29 setembro 2008, p. 7.

Anuncia a identidade do gañador da sétima edición do certame literario Valle-Inclán da Pobra, organizado pola Asociación de Amigos de Valle, e que neste ano recaeu na figura de José Ignacio Silva Regueira coa obra *Cela Aberta*. Faise eco tamén da concesión do segundo premio á obra *Inocentes Encerrados*, de Alberto Gómez Aneiros e dise que é un certame consolidado ao que se presentaron vinte e sete traballos.

Concurso **Relatos de Verán** de La Voz de Galicia

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou os escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resulte gañadora do premio "Novela por entregas". Os interesados debían enviar no prazo de entrega o seu relato, en castelán ou galego, xunto a unha pequena ficha con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo-A Coruña) ou ao correo electrónico redac@lavoz.com. Os orixinais, non podían exceder as vintecinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Se o número de orixinais rebasase as posibilidades de publicación, un xurado encargaríase de realizar unha primeira selección, da que extraerían os cento vintecatro textos que son publicados a razón de catro diarios ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina web, ademais da posibilidade de seren recollidos nun volume colectivo como aconteceu con anterioridade. A seguir, o lectorado de *La Voz* elexiu cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período facendo o seu voto por medio duns cupóns diarios que apareceron no xornal. Polo feito de participar na votación, entraron nun sorteo semanal dun lote de libros de Edicións Xerais de Galicia. Estabelecéronse dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na convocatoria de 2008 consistiu nunha videoconsola para a modalidade de menores de 15 anos e unha viaxe a Túnez para a outra modalidade.

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado polo complexo Repsol-YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta. Até o momento estivo dotado cun premio de 6.000 euros, aínda que nesta terceira edición a contía aumentou até os 9.000 euros e dunha tirada de 3.000 exemplares do libro pola editorial Galaxia para o gañador/a. Puideron concorrer todos os autores e autoras que o desexaran, agás o gañador/a da edición anterior. Os traballos tiñan que ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre os cincuenta e os cento vinte folios e presentáronse encadernados en oito copias, mecanografados a dobre espazo nas que figuraba o título da obra e o lema. Ademais, xunto coas copias, debía achegarse un sobre pechado no que se incluían os datos persoais do autor ou autora ao Complexo Industrial Repsol YPF, apartado 700, 15080 A Coruña. No ano 2008, o prazo de inscripción rematou o 21 de xuño e o xurado estivo formado por Miguel Anxo Fernán Vello, en representación da Asociación Galega de Editores; Mercedes Queixas, en

representación da Asociación de Escritores en Lingua Galega; Anxo Tarrío, nomeado pola Dirección Xeral de Política Lingüística; Anxos Sumai, gañadora da anterior edición; Carlos Lema, en representación da Editorial Galaxia; Xosé Luís Axeitos, en representación da Real Academia Galega; Francisco Pillado Maior, asesor cultural de REPSOL e Ignacio Trapiella Nieto, como secretario, sen voz e sen voto, en representación de REPSOL. Das trinta e dúas obras que se presentaron ao certame, resultou gañadora a obra *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro.

Referencias varias:

- C. R., "Repsol abre el plazo para inscribirse en su premio narrativo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 15 marzo 2008, p. 15.

Infórmase da apertura do prazo de inscrición para a terceira edición do Premio Narrativa Breve de Repsol YPF. Anótase ademais que foron presentadas as bases polo director da entidade, Rafael Rubio, a secretaria de Política Lingüística, Marisol López e o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes. Para rematar, dáse conta dos membros que formarán parte do xurado.

- Ana Blanco, "Xosé Luis Martínez gana el premio de narrativa de Repsol", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 25 setembro 2008, p. 10.

Dá conta da III Edición do Premio de Narrativa Breve Repsol, gañado este ano polo escritor coruñés Xosé Luís Martínez Pereiro, coa obra *A verdade como mal menor*. Sinálase que nesta ocasión entraron a concurso máis de trinta e dúas obras de narrativa. Finalmente, tamén se salienta que a obra premiada destacou polo estilo desenfadado dos corenta e cinco textos breves que compoñen este volume.

- maré, "Optimismo e humor corrosivo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Polémica", 25 setembro 2008, p. 29.

Refírese á concesión do terceiro Premio Narrativa Breve Repsol YPF, que recaeu en Xosé Luís Martínez Pereiro e a súa obra *A verdade como mal menor*. Sinala a valoración do xurado sobre a obra en canto ao seu carácter humorístico e desenfadado. Recolle tamén as impresións do membro do xurado, Anxo Tarrío, que valorou o incremento dos orixinais recibidos así como da dotación económica do premio.

- Alberto Martínez, "Martínez Pereiro gana el Repsol", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 setembro 2008, p. 67.

Apúntase que na terceira edición do Premio Narrativa Breve Repsol YPF resultou gañadora a obra *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro. Sinálase que a obra foi cualificada por un membro do xurado, Anxo Tarrío, como unha facecia de "fina ironía e humor corrosivo non hilarante pero que provoca a sonrisa cómplice". Menciónase tamén no subapartado "La clave" o incremento de obras presentadas con respecto ao ano anterior e en "Un ganador feliz" recóllese unha pequena biobibliografía do autor premiado.

- M. G. M, “Volvendo á ‘facefia’ entre relatos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”,“Cultura”, “Literatura”, 25 setembro 2008, p.14.

Dá conta do gañador da terceira edición do Premio Narrativa Breve Repsol YPF, que resultou ser Xosé Luís Martínez Pereiro coa obra *A verdade como mal menor*. Resalta do libro o emprego da “facefia” un xénero en constante renovación e empregado por autores como Álvaro Cunqueiro, José Luis Borges ou Carlos Casares. Recolle tamén nun apartado as declaracións de Víctor Freixanes sobre a importancia do apoio institucional nestes actos.

- R. G., “Xosé Luis Martínez Pereiro gana el premio de narrativa breve Repsol YPF”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 setembro 2008, p. 57.

Informa da decisión do xurado do Premio Narrativa Breve Repsol YPF de outorgar o premio a Xosé Luís Martínez Pereiro. Tamén indica que o portavoz do xurado, Anxo Tarrío, destacou o maxistral uso por parte do autor do xénero literario da facecia, que con anterioridade empregaron Jorge Luis Borges ou os galegos Álvaro Cunqueiro e Carlos Casares. Salienta que a obra, intitulada *La verdad como mal menor*, será publicada pola editorial Galaxia e que nela se reúne unha serie de relatos nos que se mestura a realidade e a ficción.

- Rodri García, “Martínez Pereiro rescata la facecia, género que usaron Borges y Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 novembro 2008, p. 58.

Faise eco do acto de entrega da terceira edición do Premio Narrativa Breve Repsol YPF, que recaeu na obra *A verdade como mal menor*, do autor Xosé Luís Martínez Pereiro, e que consta de corenta e cinco microrrelatos. Sinala que, como lembrou Anxo Tarrío, se rescata neste libro a facecia, xénero antigo consistente nun relato breve en prosa que presenta situacións graciosas ou irónicas.

Premio **Rosalía de Castro** do Pen Clube

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988, a iniciativa de Carlos Casares. De edición bienal, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración da Universidade de Santiago, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para “desde Galicia estabelecer lazos coas nosas literaturas veciñas”. O galardón consistiu nunha placa de esmalte cun texto da autora galega. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, Juan Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida Piñón, Ricard Salvat, Felipe Juaristi, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carmen Riera, Ramón Saizarbitoria, Isabel Allende, Agustina Bessa Luis, Josep Palu i Fabre e Arantxa Urretabizkaia. No ano 2008 o xurado, composto por Luís G. Tosar, como presidente; Gonzalo Navaza, como secretario; Úrsula Heinze, Bieito Iglesias, Camiño Noia, Marilar Aleixandre, Román Raña, Xesús Fraga, Helena Villar Janeiro, e co voto delegado de Arcadio López Casanova, Vicente Araguas e Basilio Losada, decidiu outorgar, por unanimidade, o premio en lingua castelá a Álvaro Mutis, en portugués a Mía Couto, en catalán a Joan Margarit e en éuscaro a Jon Kortazar.

Referencias varias:

- V. Oliveira, “No aniversario de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, p. 67/“No 171 aniversario da poeta”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, p. 28, 22 febreiro 2008.

Anúncianse os gañadores da VII edición do Premio Rosalía de Castro que cada dous anos convoca o PEN Club de Galicia e que nesta edición coincide co 170 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Dise que nesta ocasión os galardoados foron Álvaro Mutis en lingua castelá, Mia Couto en lingua portuguesa, Joan Margarit en catalán e Jon Kortazar en éuscaro. Coméntase que Luís Tosar preside o xurado, Gonzalo Navaza é o secretario e que se conta co voto delegado de Vicente Araguas, Arcadio López Casanova e Basilio Losada, representantes dos escritores do exterior. Finalmente, hai un apuntamento biográfico e literario dos catro premiados.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Embaixadores da literatura galega”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Caderno Aberto”, 29 agosto 2008, p. 3.

Dá conta do acertado da creación en 1996 dos Premios Rosalía de Castro, que recoñecen a obra literaria e a figura persoal de autores e autoras en lingua catalá, vasca, portuguesa e española. Menciona cales foron algúns dos galardoados en pasadas edicións e os premiados deste ano, que se convertirán en embaixadores da literatura galega no mundo.

Premio **Rubia Barcia** de Novela-Cidade de Ferrol

Premio bienal que convoca o Liceo homónimo de Ferrol coa finalidade de perpetuar a memoria do autor que lle dá nome. A temática é libre e a súa extensión non debe ser superior a 200 folios, mecanografados a dobre espazo. Podénse presentar traballos en lingua galega e castelá, e estabelecéronse dous premios de 2.000 euros para cada modalidade lingüística. Os orixinais teñen que ser entregados por triplicado na sede social do Liceo Rubia Barcia-Centro Cívico de Caranza ou remitidos ao Departamento de Cultura do Concello de Ferrol antes do 31 de xullo e os gañadores coñecense no mes de decembro. Neste ano 2008 non lle correspondeu a convocatoria.

Premio **Táboa Redonda**

Premio convocado por iniciativa de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* para premiar o “Mellor Libro Galego do Ano”. Foron os propios lectores de ambos xornais os que elixiron o gañador. A votación fíxose a través de Internet, nas páxinas das edicións dixitais, nas que aparecía unha listaxe de quince obras publicados no ano, escritas en galego e por un autor vivo. Existía tamén a posibilidade de participar por medio de suxestións, que se chegaban a cinco votos podían engadir novas obras á listaxe.

Certame de Creación Literaria **Terra de Melide**

Convocado dende o ano 1999 polo Concello de Melide, a través da súa Sección Estudos e Publicacións. Ten por obxecto honrar a memoria daquelas persoas que traballaron polo desenvolvemento cultural de Melide, os do Grupo Nós e os seus colaboradores melidenses, e, ao mesmo tempo, incentivar a creación literaria en galego. Podían concorrer todos os autores cunha única obra narrativa, novela ou relato curto cunha extensión mínima de sesenta páxinas. As obras tiñan que ser inéditas e escritas en galego, aínda que se respectaba a liberdade normativa, presentándose por quintuplicado, mecanografadas a duplo espazo, grampadas ou encadernadas, baixo plica e debían enviarse antes do 15 de marzo á Secretaría Xeral do Concello de Melide (Praza do Convento, nº 5, Melide, A Coruña). O premio estivo dotado con 6.000 euros e mais a publicación da obra en Edicións Xerais de Galicia. A decisión do xurado deuse a coñecer o 7 de xuño. Na edición de 2008, o xurado do VIII Certame, presidido pola alcaldesa de Melide, Socorro Cea e composto por Xesús Manuel Marcos López, Xoaquín Vázquez Rodríguez, Antón Pedreira, Óscar Sánchez López e Manuel Bragado Rodríguez, outorgou por maioría o galardón a Santiago Jaureguizar pola novela *O globo de Shakespeare*.

Referencias varias:

- M. B., "O libro parte da historia dun militar do século XVI", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 26.

Informa que o escritor Santiago Jaureguizar acaba de gañar o premio de creación literaria Terra de Melide, pola súa novela *O globo de Shakespeare*, que será publicada por Xerais. De seguido, achega unha entrevista feita a Jaureguizar quen fala sobre cómo naceu a idea de crear a obra a partir dun suceso histórico e afirma que comezou a escribila en 2005. Así mesmo, valora de xeito positivo a existencia dos premios literarios.

- J. R., "O globo de Shakespeare se venderá en breve en todas las librerías", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 33.

Informa da chegada ás librarías da última obra de Santiago Jaureguízar, *O globo de Shakespeare*, que foi gañadora do VIII Premio de Creación Literaria Terra de Melide. Destácase que nesta novela o lectorado poderá atopar unha historia de intriga sobre o espectáculo.

Certame de narrativa Gonzalo **Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír a reforzar a calidade creativa dos escritores, dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros e a publicación da obra. Os orixinais podían estar escritos en galego ou en castelán e debían presentarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que se facía constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos, de tema e extensión libres, enviáronse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo. Na edición de 2008 o xurado, presidido por

Salvador Fernández Moreda e tendo coma secretario a Rogelio López Cardalda, estivo composto por Ángel Basanta Folgueira, Rosario Canal, Amalia Iglesias Serna, José Manuel Pacho Blanco, José Antonio Ponte Far, José M.ª Pozuelo Yvancos e Mercedes de la Torre-Monmay Ruíz. Resultou gañador Carlos G. Reigosa con *A vida do outro* e como finalista quedou Diego Doncel co seu traballo *Socorro*. Presentáronse catrocentos catro textos e deles só vinteoito en galego.

Referencias varias:

- A. L., "A mirada do personaxe é absolutamente autobiográfica", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 12 novembro 2008, p. 48.

Recolle unha entrevista ao premiado co Torrente Ballester, Carlos González Reigosa. Nela o escritor apunta que se sinte satisfeito, recorfortado e estimulado por este galardón. Saliéntase o carácter autobiográfico presente na obra *A vida do outro*, pola que foi merecedor de dito recoñecemento. Finalmente apúntase que a escolla do título vai intimamente parella a vida do xornalista xa que se pasa a vida contando a vida dos outros e nunca a propia.

- Marta García Márquez,"Carlos Reigosa é o actual Torrente Ballester pola novela 'A vida do outro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 12 novembro 2008, p. 15.

Dáse conta da resolución da vinte edición do Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester, que recaeu no autor Carlos Reigosa, coa novela *A vida do outro*. Sinálase que a obra fala de como a transición afectou á vida de moitas persoas con cambios bruscos. Recóllese tamén a obra finalista, *Socorro*, de Diego Doncel.

- Jaureguizar, "Reigosa, Premio Torrente Ballester cunha novela sobre a Transición", *El Progreso,* "Vivir", 12 novembro 2008, p. 72.

Faise eco de como a novela *A vida do outro* acadou o Premio Torrente Ballester, con autoría do xornalista e escritor Carlos Reigosa. Descríbese o fío argumental da novela, que ten Pastoriza como meta e a Transición como escenario social e cronolóxico. Enlázase a seguir a propia vida do autor como experiencia formadora da propia novela.

- Laura López, "González Reigosa gaña o premio de narrativa Torrente Ballester", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 novembro 2008, p. 48.

Sinala que o gañador do vixésimo Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester recaeu no escritor e xornalista lucense Carlos González Reigosa pola obra *A vida do outro*. Saliéntase a satisfacción do xurado por levar o galardón un "ilustre galego", cunha obra que recrea a transición política española. Nun cadro aparte recóllense datos biobiblográficos do escritor.

- Paola Obelleiro, "Reigosa gana el Torrente Ballester con una novela sobre la Transición", *El País*, "Galicia", 12 novembro 2008, p. 5.

Faise eco da identidade do gañador do Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester, convocado pola Deputación da Coruña e que lle foi outorgado na presente

edición ao escritor e periodista lucense Carlos González Reigosa pola súa obra *A vida do outro*, novela cuxo personaxe principal é un periodista de 56 anos que analiza os acontecementos históricos máis importantes que se teñen vivido no territorio español dende o ano 1967 até os nosos días.

- Ágatha de Santos, "Lo más hermoso de la Transición es que todos parecíamos indispensables", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 novembro 2008, p. 45.

Informa da concesión do XX Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester ao escritor lucense Carlos G. Reigosa, pola súa obra *A vida do outro*. Acolle unha entrevista co autor na que fala do argumento da novela e di que reflexiona sobre a influencia da época da Transición na vida dun periodista que está comezando a escribir a súa autobiografía. Fala de como compaxina a literatura e o periodismo e da importancia dos premios.

- Ágatha de Santos, "El periodista se pasa la vida contando la vida", *La Opinión*, "A Coruña", 12 novembro 2008, p. 11.

Informa da concesión do XX Certame de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester ao escritor lucense Carlos G. Reigosa, pola súa obra *A vida doutro*, unha novela que reflexiona sobre o moito que supuxo a Transición na vida dun periodista que está comezando a escribir a súa autobiografía, así como na traxectoria de toda a xeración á que lle tocou vivir ese período da historia de Galicia e de España.

- Xosé M. Rivas Troitiño, "Reigosa e Torrente", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta de Palla", 14 novembro 2008, p. 5.

Dá conta da concesión do premio Torrente Ballester ao escritor pastoricense Carlos G. Reigosa. Indica que as posíbeis coincidencias existentes entre ambos os dous escritores galegos residen sobre todo na amizade que os unía dende que Reigosa tivo ocasión de entrevistar a Torrente Ballester co gallo da produción dunha colección de libros de conversas.

- Pedro Rielo, "A transición revisada por Reigosa", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 21 novembro 2008, p. 4.

Dá noticia de que Carlos G. Reigosa acadou o premio Torrente Ballester pola novela *A vida do outro*. Comenta que o xornalismo condiciona a súa literatura polo que está moi pegada ao seu tempo; así, *A vida do outro* é unha recreación da transición española pero tamén é unha novela xeracional. Sinala que o protagonista é un xornalista galego que vive en Madrid e que deixa un pouco de lado a súa vida para experimentar a dos demais.

- Jaureguizar, "García Márquez empezara unha novela de amor, pero deixouna", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 23 novembro 2008, p. 70.

Entrevista a Carlos G. Reigosa, xornalista, escritor e recentemente gañador do premio Gonzalo Torrente Ballester con *A vida do outro*. Faise un breve percorrido pola bibliografía do autor para a seguir debullar os aspectos máis interesantes da novela. A

Transición, época clave na novela e na vida do autor, marca o decurso da entrevista. Remata falando da súa próxima publicación, *A avoa galega de García Márquez.*

Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da **Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, que se presentaba por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con tipo 12 de Times New Roman. Os traballos enviaronse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa de la Concha, rúa de la Conga, 1, 15704 Santiago de Compostela. Os relatos presentaronse necesariamente con pseudónimo, acompañando a tal fin un sobre pechado, en cuxo exterior figuraba o pseudónimo e no interior daquel unha folla co nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións como estime oportuno, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica algunha. O xurado estivo composto por persoas entendidas na materia e podía declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón foi unha figura da colección Alba da Groria de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 euros. No ano 2008 o prazo de admisión dos traballos estivo aberto até o 31 de xullo e o premio en galego quedou deserto.

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventuve do Concello de Redondela, o certame estaba dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. As obras debían ser inéditas e escritas en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais debían presentarse antes do 17 de abril no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellería de Xuventude (rúa Alfonso XII, 2, 36800 Redondela). No interior debían incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabeleceuse un primeiro premio de 1.202 euros e un segundo de 601 e a resolución do xurado fíxose pública no mes de maio. Os relatos premiados serán publicados por Edicións Xerais de Galicia**.**

Premio **Vicente Risco** de Creación Literaria

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. En anteriores edicións, o premio denominábase Premio Risco de Literatura Fantástica. A súa dotación foi de 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, podía variar entre os 150 folios e os 300. Os orixinais presentáronse por sextuplicado, en soporte de papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara

e a dobre espazo, e baixo lema. Debían adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorría ao premio, así como o título definitivo da súa obra e enviarse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense antes do 5 de xaneiro de cada ano. O xurado estivo composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para actuar como presidente.

Premio **Xerais** de Novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, tiñan que se presentar nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema "A forza dos lectores", fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa a Editorial compoñen o xurado. Puideron concorrer persoas de calquera nacionalidade que presentasen os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia reservouse os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que estivo dotado con 25.000 euros, comprometeuse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. No ano 2008 o xurado da XXV edición, formado por Xabier Puente Docampo, Xosé Miranda, Santiago Jaureguizar, Uxía Casal, Estíbaliz Espinosa, e actuando como secretario con voz e sen voto Fran Alonso, determinou a favor d'*O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González, na illa de San Simón o día 7 de xuño de 2008.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Manuel Lourenzo González gaña o Xerais cunha novela de amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xuño 2008, p. 38.

Faise eco da celebración dos premios Xerais na illa de San Simón. Menciónanse aos gañadores nas súas categorías: Manuel Lourenzo González pola novela *O Xardín das Pedras Flotantes*, Marilar Aleixandre co Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil por *A cabeza da Medusa* e Mar Guerra co Merlín por *Xenaro e o misterio da mochilota verde*. Ademais, apúntase algunhas declaracións dos gañadores respecto das súas obras.

- Ana Saá, "Xerais premia a Manuel Lourenzo, Marilar Aleixandre e Mar Guerra", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 8 xuño 2008, p. 44.

Alúdese ás novelas galardoadas *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo (Premio Xerais de Novela); *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre (Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil) e *Xenaro e o misterio da mochilota verde*, de Mar Guerra (Premio Merlín de Literatura Infantil). Dise quen son os membros

do xurado, cal é a dotación económica dos premios e como se desenvolveu o acto literario. Tamén se recollen as palabras dos premiados.

- M. Dopico, "Lourenzo reflexiona en 'O xardín das pedras flotantes' sobre o pasado", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 xuño 2008, p. 67.

Comenta o último libro de Manuel Lourenzo González, *O xardín das pedras flotantes*, gañador do Premio Xerais de Novela 2008. En palabras do autor explica que a obra é un conglomerado de dimensións, matices, temas, etc., e indica que a orixe da historia está nun poema de Edgar Allan Poe, "Anabel Lee". Comenta que a novela é de carácter tráxico cun final sorprendente e afirma que existe unha confrontación de causalidade, azar e destino. Finalmente salienta de xeito breve a traxectoria literaria do escritor.

- Camilo Franco, "Se o Xerais tivese a mesma dotación doutros anos, presentaríame igual", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 xuño 2008, p. 35.

Entrevista a Manuel Lourenzo González, gañador do Premio Xerais. Conta que a súa novela inicialmente trata dunha historia de amor adolescente que se prolonga no tempo. Confesa que pretendeu realizar unha historia amena e calcula que terá unha extensión estándar. Por outra banda, fala da motivación que o levou a se presentar ao Xerais. Para finalizar, indica que perdeu o arquivo da novela e ao non ter copia de seguridade, tivo que volver escribila, a través dun "borrador da historia" e grazas á "memoria fresca".

- Anxa Correa, "Nas miñas obras sempre están presentes realidades literarias", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 525, "La entrevista", 6 xullo 2008, p. 9.

Achégase unha entrevista a Manuel Lourenzo González tras gañar o Premio Xerais coa súa obra *O xardín das pedras flotantes*. Expresa o valor que lle dá a este premio e explica o significado do título da novela. Comenta que se trata dunha viaxe no tempo onde o azar xoga un papel importante na historia de amor que se desenvolve, e asegura que é unha obra para adultos pero tamén unha lectura xuvenil. A continuación fala sobre a estrutura narrativa da obra e explica por qué decidiu ambientala en Pontevedra, tamén da conta do seu carácter extraordinario e do afastamento da realidade.

- Anxa Correa, "O importante son os pequenos detalles", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*!", n.º 421, "Entrevista", 13 xullo 2008, p. 4.

Entrevístase a Manuel Lourenzo tras a publicación da súa obra *O xardín das pedras flotantes*, libro gañador do premio Xerais. Reflexiona sobre o valor do premio e sobre a novela gañadora destacando que a obra pode estar dirixida a un público xuvenil, xa que o núcleo principal da acción refírese a historias de xente en idade nova, pero tamén conta outras historias dirixidas a un lector adulto.

- R. L., "Un vello amor de adolescencia", *El Progreso*, "Vivir", 17 novembro 2008, p. 71.

Faise mención á obra de Manuel Lourenzo, *O xardín das pedras flotantes*, gañadora do XXV Premio Xerais de Novela. Indícase que se conta a historia de amor de Simón e Anabel, dous adolescentes que protagonizan unha novela na que non faltan as notas de

fantasía, traxedia e humor, e mesmo se fai un percorrido histórico dende a Idade Media ata a actualidade.

- Teresa Cuíñas, "La novela del Premio Xerais se prolonga en Internet", *El País*, "*Galicia*", 25 novembro 2008, p. 5.

Refírese a identidade do gañador do Premio Novela Xerais que recaeu en Manuel Lourenzo González e a súa obra *O xardín das pedras flotantes*, na que interveñen centos de personaxes movidos pola forza misteriosa dun libro maldito. Dise que a continuación da novela pódese ler en Internet no blog do autor batume.blogspot.com.

- Xosé Carlos Caneiro, "Excelencia editorial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 293, "Club dandi", 20 decembro 2008, p. 9.

Despois de facer unha loanza aos editores galegos, salienta a edición d'*O libro das viaxes imaxinarias*, de Xavier Puente Docampo. Tamén louba *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo, por ser unha "fermosa historia de amor que trenza de modo maxistral o autor" e que acadou o Premio Xerais.

X.2. POESÍA

Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, foron presentados baixo lema por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Debían remitirse ao seguinte enderezo: Excmo. Concello da Estrada, Praza da Constitución s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra) na data marcada en cada convocatoria. Con cada orixinal entregouse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio que, até o momento era de 1.500 euros e que se podía declarar deserto, aumentou en 2008 a 2.000 euros. Nesta XII edición, o xurado estivo formado por Xosé Luna Sanmartín, Miguel Anxo Fernán-Vello, Francisco Pillado e Dolores Araújo e firmouse un convenio entre o Concello da Estrada e a Editorial Edicións Fervenza para poder publicar o traballo gañador. Berta Dávila Fernández foi elixida gañadora polo poemario *A auga toda do teu corpo*. O galardón entregouse o Día das Letras Galegas na Estrada.

Referencias varias:

- C. G., "Berta Dávila se hace con el Avelina Valladares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2008, p. 32.

Infórmase de que Berta Dávila foi elixida gañadora do IX Premio de Poesía Avelina Valladares pola obra *A auga toda ao teu corpo.* Noméanse os membros do xurado que destacan algúns elementos poéticos do libro. Menciónase que tamén gañou o Premio Minerva, na modalidade de poesía. Para rematar, anúnciase que o acto de entrega do galardón será o Día das Letras Galegas na Estrada.

- R. Torres, "Berta Dávila gana el premio de poesía Avelina Valladares de A Estrada", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 10 maio 2008, p. 67.

Indícase que a moza compostelá Berta Dávila é a gañadora da XII edición do Premio de Poesía Avelina Valladares, que convoca o Concello da Estrada, co poemario *A auga toda do teu corpo.* Tamén se comenta en que consiste o galardón e quen son os membros do xurado que salientan da obra "a súa linguaxe de alta tensión" e o "rigor constructivo no verso". Por último faise referencia á publicación do primeiro poemario da autora, *Corpo baleiro.*

- V. Oliveira, "O xerme dos 'oitenta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obra", 22 xullo 2008, p. 30.

Reprodúcese unha entrevista coa moza coruñesa Berta Dávila co gallo da recepción por parte da mesma dunha serie de premios: o Avelina Balladares de poesía e o Biblos-Pazos de narrativa. Saliéntase o gusto da autora pola escrita, destacando os valores da xeración na que se formou como persoa e que ela nomea a 'Xeración do Xabarín'. Explícase que Dávila recibiu o Avelina Balladares polo seu poemario *Dentro* e o premio Biblos (na súa cuarta edición), pola obra *Bailarei sobre a túa tumba*, título sacado dunha das cancións do grupo Siniestro Total.

Premio de poesía Fermín **Bouza Brey**

Certame de carácter bienal convocado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dende o ano 2001 como homenaxe á figura de Fermín Bouza Brey. Os traballos poéticos, inéditos e en lingua galega, terían que ter unha extensión mínima de catrocentos versos e ser enviados mecanografados por quintuplicado e sen remite ao Concello de Vilagarcía de Arousa, levando un lema no exterior do sobre, dentro do que se incluirían os datos persoais, o enderezo e o teléfono de contacto. O premio de carácter indivisíbel consistiría en 3.000 euros e a publicación da obra. O xurado comporíase por persoeiros destacados dentro do campo da poesía e da cultura galegas, designado polo Concello e reservaríase o dereito da obra premiada. Este ano non se convocou.

Premio de Poesía **Caixanova**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. Puideron concorrer todos os poetas que o desexasen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio foi indivisíbel e estaba dotado con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. Os traballos presentados tiñan que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviáronse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Departamento de Obras Sociais de Caixanova (Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201 Vigo). O prazo de admisión dos orixinais rematou o 31 de outubro e a resolución deuse a coñecer no mes de decembro. Na VII edición, o xurado composto por Anxo Angueira, Elvira Riveiro, Miro Villar, Ramón Nicolás, Luís González Tosar e Xavier Castro Martínez, actuando de secretario, con voz pero sen voto, premiou a Luís Valle Regueiro por *A caída*, nun acto celebrado no Pazo San Roque de Vigo.

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "Luís Valle gana el VII Premio Caixanova de poesía", *El País*, "*Galicia*", 24 decembro 2008, p. 7.

Faise eco do VII Premio de Poesía Caixanova que foi outorgado este ano ao poeta lugués Luís Valle Regueiro por *A caída*, na que se aprecia a coherencia estética e o equilibrio estrutural que levaron ao xurado a un fallo favorábel a esta peza.

- M. Gimeno, “El poeta lucense Luís Valle gana el Premio Caixanova de poesía”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 24 decembro 2008, p. 67.

Dá conta da resolución do Premio de Poesía Caixanova, que recaeu na obra *A caída*, do autor Luís Valle. Destaca o presidente do PEN Clube de Galicia e coorganizador do evento, Luís González Tosar, o carácter seguro e fresco da obra, cunha voz expresiva propia. Sinala ademais a importancia da iniciativa mantida por Caixanova no mantemento deste evento.

- Jaureguizar, “Luis Valle acada o ‘Caixanova’ co poemario ‘A caída”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 decembro 2008, p. 84.

Dá conta da concesión do VII Premio de Poesía Caixanova ao escritor lucense Luís Valle Regueiro coa súa obra *A caída.* Di que o presidente do xurado, Luis González Tosar, mencionou a frescura e novidade do libro, así como o minimalismo como referencias de destaque do libro.

- P. Calvo, “Minimalismo e coherencia ‘estética”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Premio”, “Santiago”, 24 decembro 2008, p. 33.

Dá conta da identidade do premiado co VII Premio de Poesía Caixanova e que nesta edición foi outorgado ao poeta lugués Luis Valle Regueiro por *A caída*. Sinálase que Valle Regueiro presentou o seu poema baixo o pseudónimo de Calibán, destacando polo seu exquisito tratamento da poética máis intimista e simbólica. Sublíñanse tamén outras obras firmadas polo poeta galardoado, como *Poemas para el silencio* ou *Epitafio y corona para Manuel Quiroga*.

- Ana Saá, “La poesía tiene poco arraigo en el mundo comercial, pero es un género fundamental”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 decembro 2008, p. 39.

Recolle unha entrevista co recente gañador do Premio de Poesía Caixanova, Luís Valle Regueiro, pola súa obra poética *A Caída*. Salienta a orixinalidade do seu traballo que reside, segundo o propio poeta, na linguaxe utilizada e na sinxeleza expresiva da que fai uso.

- Ana Saá, “Luis Valle Regueiro gana el VII Premio de Poesía Caixanova con la obra ‘A caída”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 decembro 2008, p. 39.

Dá conta da oitava edición do Premio de Poesía Caixanova que tivo como estrela ao poeta lucense Luís Valle Regueiro, premiado pola súa obra poética *A Caída*, decisión anunciada polos responsábeis de dito certame: o director de Obra Social Caixanova, Guillermo Brea, e o presidente do PEN Clube de Escritores de Galicia, Luís González Tosar. Indica que o premio está dotado con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora, sendo o seu fin primordial incorporar voces novas ao campo da poesía galega. Tamén recolle unha pequena biobibliografía do premiado e os compoñentes do xurado.

Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que podían participar persoas de calquera nacionalidade sempre que os traballos se presentasen en galego ou portugués, foran orixinais e inéditos e contiveran un mínimo de seiscentos versos. Debían presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados. Ademais, debíase incluír un sobre pechado, lacrado no que figurasen o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor. Todo isto tiña que ser entregado no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trataba dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa podían entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indicaba a convocatoria. O concurso estaba dotado cun único galardón de 6.000 euros, unha placa de prata e a publicación da obra. No ano 2008, na XXIV edición, o xurado estivo composto por Antonio M. Pires Cabral, Joaquim Ribeiro Aires, Francisco X. Fernández Naval, Teresa Devesa Graña e María Luísa Calvo Cid, actuando como secretario Manuel Freire Cid e sendo presidenta do xurado, sen voz nin voto, Isabel Pérez González. O gañador foi Rafa Villar co poemario *Migracións*.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "La poesía es una actitud ante la vida", *La Región*, "Ciudad", "Personaje del día", 21 abril 2008, p. 8.

Entrevista a Rafael Villar, gañador do XIV Premio de Poesía Cidade de Ourense pola súa obra *Migracións.* Comenta que os poemas deste libro falan da inmigración e a emigración en Galicia e no mundo. Entre outras cuestións, refírese ao seu proceso de inspiración, onde ás veces ten o concepto moi claro, mentres que noutras ocasións vai xurdindo espontaneamente. Por outro lado, define o seu estilo literario e comenta que entre os seus próximos proxectos está a creación dun libro de poesía infantil.

Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de catrocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado cun único galardón de 1.200 euros, que na actual edición ascendeu a 2.000, e a publicación da obra gañadora pola editorial Espiral Maior, na súa colección de poesía. Na XI edición de 2008 o xurado, formado por Luciano Rodríguez, Ánxeles Penas García e Xosé Luís Mosquera Camba, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura María José García Fariña, e con Carlos Lorenzo Pérez como secretario, acordou elixir como gañador o poemario titulado *Gramática da afirmación*, do ourensano Paulino Peña Álvarez, de entre os trinta e oito poemarios presentados. O acto de entrega do premio tivo lugar o día 23 de maio na Biblioteca Municipal de Carral. Ademais o xurado fixo unha mención especial á obra presentada baixo o título *A performance da vulvareta*, de Valentina Carro Padín.

Premio de Poesía **Espiral Maior**

Convocado pola editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome dende 1992 coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. A partir de 2006, este premio dotouse con 12.000 euros, que ascendeu nesta edición aos 15.000 euros, e a publicación da obra gañadora na colección "Espiral Maior Poesía". Contou tamén co patrocinio de Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Os traballos presentados (por cuadriplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica e lema) tiñan que ter un mínimo de cincocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña). A esta edición de 2008, presentáronse duascentas obras de Galicia, Portugal e Brasil e resultou gañadora a obra *Açougue*, de Amadeu Baptista. O xurado estivo composto por Xavier Baixeras, Xosé Mª Álvarez Cáccamo e Miguel Anxo Fernán Vello, actuando como secretaria con voz e sen voto Amparo Manteiga.

Referencias varias:

- maré, "Experiencia do eu e do nós", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 25 xullo 2008, p. 22.

Dá conta da concesión do Premio Espiral Maior, que recaeu no autor portugués Amadeu Baptista. Recolle que o xurado valorou a orixinalidade da estrutura do conxunto poético e a capacidade para evocar o pasado, nunha crónica persoal que ilumina a historia colectiva de Portugal.

- Marta Sanjurjo, "O escritor portugués Amadeu Baptista consegue o décimo sexto Premio de Poesía Espiral Maior", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2008, p. 54.

Preséntase ao galardoado co Premio de Poesía Espiral Maior, patrocinado polo Ámbito Cultural de El Corte Inglés e que recaeu na figura do portugués Amadeu Baptista cuxa traxectoria literaria abrangue máis de vinte títulos, entre os que se atopa *Açouge* (presentado baixo o pseudónimo Francis Bacon), que o fixo merecedor do Espiral Maior dotado coa cantidade de 15.000 euros e a publicación dunha tirada inicial de 2.000 exemplares.

- Marino Pérez, "Lo importante para hacer buena poesía es la vida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 26 xullo 2008, p. 14.

Informa da resolución do Premio de Poesía Espiral Maior, que recaeu nesta última edición na figura do portugués Amadeu Baptista. Indica como se lamentaba o escritor de que, paradoxicamente, na súa terra nunca foi distinguido con ningún galardón semellante en recoñecemento do seu traballo como poeta. Tamén repasa a súa traxectoria que abrangue máis de vinte títulos, entre os que se atopa *Açouge*, texto que o fixo merecedor do Espiral Maior, dotado coa cantidade de 15.000 euros e a publicación de 2.000 exemplares do libro.

Premio **Esquío** de Poesía

Dende 1980 este premio foi convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade

Cultural Valle-Inclán de Ferrol. A partir de 2008 a Fundación Caixa Galicia retirou o seu patrocinio, polo que a convocatoria corre a cargo da Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Neste certame estabeléceronse dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. No 2008 as contías aumentaron a 10.000 euros e 2.500 euros, no caso dos accésits. Podían concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estivesen escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicouse a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais tiñan que ser inéditos e non premiados noutro certame. Até o ano 2007 os traballos, que tiñan que presentarse por cuadruplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, había que envialos á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregarse en man en calquera oficina da Caixa Galicia, mais a partir de 2007 o envío fíxose á sede da entidade organizadora, Sociedad Artística Ferrolana, apartado de correos 339, 15490, Concello de Ferrol. Ademais, a partir do ano 2007 os textos galardoados foron propiedade dos respectivos autores. O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética. No ano 2008, a XXVII edición estivo convocada polo Concello de Ferrol e a Sociedade de Cultura Valle-Inclán e financiada pola Diputación da Coruña, a Consellería de Cultura e La Caixa. O xurado galego estivo composto por Xulio Valcárcel, Marica Campo, Luz Pichel e Vicente Araguas, como portavoz; mentres que en castelán compúxose por Luís García-Jambrina, como portavoz, Carlos Galán Lores, Julia Barella e Julia Uceda; actuando como secretario Fernando Bores. Resultou gañador, en galego, Xavier Lama co poemario *Melancolía líquida da idade das vacas* e gañou un accésit Xosé Luís Mosquera Camba co poemario *Amebas*. En castelán, a obra gañadora foi *Lamento de las praderas*, de Miguel García Posada, e otorgouse un accésit a Eugenio Maqueda Cuenca, por *La mirada secuestrada (Retablo del amor, la lujuria y la muerte)*.

Referencias varias:

- B. A., "El Premio Esquío sale del coma gracias al apoyo de nuevos patrocinadores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xaneiro 2008, p. 49.

Breve noticia na que se fala da volta dos premios Esquío tras a perda do seu patrocinador, a Fundación Caixa Galicia. Infórmase ademais da dotación económica que achegaron para a organización do premio os seus novos patrocinadores: o Concello de Ferrol, a Deputación da Coruña, a Consellería de Cultura e La Caixa.

- Vicente Araguas, "Selvaxe", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 16 abril 2008, p. 25.

Convida á participación nos actos poéticos, levados a cabo no rueiro e locais de Ferrol, con motivo do Premio Fernando Esquío de Poesía.

- maré, "Xavier Lama faise co premio Esquío en galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2008, p. 33.

Coméntase que o gañador da XXVII edición do Premio Esquío de Poesía de Ferrol foi o santiagués Xavier Lama co poemario *Melancolía líquida da idade das vacas.* Dise

tamén o nome do gañador en castelán e apúntase que cada unha das obras gañadoras recibiron dez mil euros e os accésits dous mil cincocentos euros. Por último noméanse os membros do xurado tanto en galego coma en castelán.

- R. Loureiro, "García-Posada gana el Esquio en castellano y Xavier Lama en gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2008, p. 46.

Infórmase da entrega do Premio Esquío de Poesía na súa vixésimo sétima edición destacando que o gañador en lingua galega foi Xavier Lama, escritor e xornalista, coa obra *Melancolía líquida da idade das vacas*. Dise que o escritor galego xa gañara un accésit deste premio en 2006 e que o poemario co que gañou esta edición posúe unha gran calidade. Finalmente coméntase que o premio estivo dotado con dez mil euros e a publicación do libro.

- Vicente Araguas, "Renacer", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 21 abril 2008, p. 12.

Comenta a alegría que sente coa volta dos premios Esquío á cidade de Ferrol. Informa que tivo lugar a decisión do xurado e opina sobre o financiamento do galardón por La Caixa. Sinala que este premio "renaceu con forza" e que cómpre facer medrar o orgullo dos ferroláns.

- Julia Mª Dopico Vale, "Esquío", *Diario de Ferrol*, "Cultura Gente Sociedad", "Crónica cultural", 8 xuño 2008, p. 10.

Dáse conta dos gañadores dos premios Esquío: en galego, Xavier Lama por *Melancolía líquida da idade das vacas* e Xosé Luis Mosquera Camba por *Amebas*; e en castelán, as obras gañadoras foron *La mirada secuestrada (Retablo del amor, la lujuria y la muerte)*, e *Lamento de las praderas* de Miguel García Posada. Deste última, sinala que se trata de sonetos "sobre el sentir humano" e a continuación, céntrase na escrita poética deste autor.

- Xulio Valcárel, "Esquío 2008", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 524, "Páxina literaria", 22 xuño 2008, p. 4.

Faise unha loubanza do Premio Esquío de Poesía e da calidade das obras que se presentaron na vixésimo sétima edición. Dise que o gañador en lingua galega foi Xavier Lama co poemario *Melancolía líquida da idade das vacas* e o finalista foi Xosé Luís Mosquera con *Amebas*. Finalmente felicítanse os organizadores e participantes polo éxito acadado.

- Xosé Carlos Caneiro, "Literatura viva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 285 "Letras en galego", 23 outubro 2008, p. 11.

Comeza reflexionando sobre o concepto brevería e a literatura ou xénero breve, para destacar a obra de Carmen Blanco, *Atracción total*. De seguida fai referencia a *Melancolía líquida da idade das vacas* de Xavier Lama, obra poética que recibiu o Premio Esquío en 2008, da mesma afirma que a poesía galega é alta, orixinal e diferenciada.

Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Podían concorrer todas as persoas que o desexasen, sempre que as obras coas que participasen estivesen escritas en lingua galega, foran orixinais e de temática libre e tivesen un mínimo de catrocentos versos. Así mesmo, as obras debían ir cun lema, que figurase no exterior da plica, onde se incluían tamén os datos persoais do autor. Os catro exemplares debían remitirse ao Concello de Dodro. Estabeleceuse un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro reservarase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasará a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado foi designado, polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro e a súa decisión final antes de mediados de decembro. Nesta edición de 2008 o xurado estivo formado por Helena Villar como presidenta, Anxo Angueira, Xiana Arias, Nieves Soutelo, gañadora da anterior edición, e Miro Villar e gañou Xabier Xil Xardón co poemario *Cando menos a derrota*. Este ano presentáronse trinta e tres traballos, dos que cinco foron descartados por incumprimento das bases, e quedaron tres finalistas. A resolución do xurado tivo lugar o 14 de decembro e o acto de entrega foi no colexio Eusebio Lorenzo Baleirón, en Dodro.

Referencias varias:

- C. B., "Presentados más de 33 poemarios al Eusebio Lorenzo Baleirón", *El Correo Gallego,* "Cultura", "Dodro", 18 novembro 2008, p. 67.

Informa da convocatoria do Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón e do acto de entrega do mesmo, que terá lugar logo de se coñecer o fallo do xurado (que terá que valorar un total de trinta e tres obras, das cales sairá o premiado) no transcurso dun acto literario dedicado á figura do poeta falecido que lle deu nome ao devandito premio.

- U. L., "Máis de 30 obras concorren ao Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón do Concello de Dodro", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 18 novembro 2008, p. 12.

Dá conta das pezas en concurso no Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, para o que se presentaron na presente edición uns trinta e tres traballos. Crese que boa parte desta participación veu impulsada pola propia Concellería de Cultura, quen introduciu algúns cambios positivos na convocatoria, como a elección da editorial Sotelo Blanco para a publicación dos traballos finalmente premiados.

- U. L., "O Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, de Dodro, recaeu en Xabier Xil Xardón", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 17 decembro 2008, p. 12.

Presenta o gañador do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que recaeu nesta ocasión na obra *Cando menos a derrota*, de Xabier Xil Xardón. Indica tamén que das trinta e tres pezas levadas a concurso, cinco xa foron descartadas por incumprimento nas bases e o resto amosaron unha gran calidade poética.

- A. T., "Recuperar as perdas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 22 decembro 2008, p. 28.

Faise eco da identidade do gañador do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que este ano recaeu en Xabier Xil Xardón. Sublíñase tamén a intervención da presidenta do xurado, Helena Villar, quen definiu este certame como un dos máis consolidados do noso país, convocado na honra do poeta do Dodro que lle dá nome. Dise que a figura de Lorenzo Baleirón segue a inspirar a tarefa de moitos poetas noveis da nosa terra.

Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa ao que podían presentarse poetas de calquera nacionalidade, con escritos en galego e castelán, orixinais e inéditos con poemas non premiados noutros concursos. O tema e forma foron libres. Cada concursante enviou un máximo de dous poemas ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda. Na XXII edición de 2008 o xurado premiou a Natividad Cepeda Serrano, de Tomelloso (Ciudad Real), con "Llanto en las heridas de la Tierra", galardoado co primeiro premio. José Francisco Álvarez Saavedra, de Vigo, autor de "Kaff", e Eumelia Sanz Vaca, de Valladolid, que presentou "Confidencia otoñal" foron premiados co terceiro e segundo premios e José A. Álvarez Rodríguez, recibiu un accésit polo poema "Vai".

Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Iniciativa da Agrupación Cultural Ergueitos, co patrocinio do Concello de Sarria, que naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Conta tamén co apoio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Os traballos tiñan que escribirse en galego, ter unha extensión mínima de catrocentos versos e presentarse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo. Ademais debían enviarse ao Concello de Sarria (Maior, 14, 27600 Sarria). Até 2007, este premio estaba dotado con 3.000 euros, que se aumentaron nesta edición até 6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Eduardo Valiña, composta por unha fotografía dixital. Na edición de 2008, o xurado estivo composto por Xosé María Álvarez Cáccamo, Yolanda Castaño e Martín Veiga, actuando con voz e sen voto María Casar, presidenta da Agrupación Cultural Ergueitos, e Xermán Arias, concelleiro de Cultura do Concello de Sarria. O xurado acordou por unanimidade concederlle o galardón a Olalla Cociña por *Libro de Alicia*, baixo o lema "Xardín de terra". O acto de entrega tivo lugar o 18 de abril no hotel NH Alfonso IX de Sarria.

Referencias varias:

- A. C. V., “La entrega del ‘Fiz Vergara’, que se celebra mañana, incorpora una nueva actuación”, *El Progreso*, “Sarria”, 17 abril 2008, p. 17.

Anúnciase o acto de entrega do VIII Premio Fiz Vergara Vilariño a Olalla Cociña. Infórmase de que estará presentado por Xosé A. Neira Cruz e que intervirán os membros do xurado (Xosé María Álvarez Cáccamo, Yolanda Castaño e Martín Veiga), o alcalde de Sarria xunto co concelleiro de cultura, a presidenta da Asociación Ergueitos e o artista plástico Eduardo Valiña.

- maré, “O poder sanador da palabra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 abril 2008, p. 32.

Coméntase a concesión do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño á poetisa Olalla Cociña polo seu poemario *Libro de Alicia.* Sinálase que a autora di que se inspirou na lembranza da súa bisavoa e que recreou a vida dunha muller de aldea, solteira, que criou soa a súa filla en lugar de emigrar para reunirse en América co pai da nena. Tamén se informa de que a recollida do premio se realizou no hotel Alfonso IX de Sarria e noméanse os membros do xurado.

- Jesús Durán, “Olalla Cociña recibe el ‘Fiz Vergara’ en un concurrido acto poético-musical”, *El Progreso*, “Sarria”, 19 abril 2008, p. 16.

Infórmase do acto onde a poeta Olalla Cociña recibiu o premio Fiz Vergara Vilariño. Recóllense as declaracións de Xosé A. Neira Cruz e de Xosé María Álvarez Cáccamo. Nun á parte, a gañadora manifestou que a culpábel de recibir o premio é a súa nai e apuntou que no poemario traduciu “o legado da súa bisavoa Alicia”.

- Yolanda Castaño, “Cuartos de hotel”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “Días (des)contados”, 27 abril 2008, contracuberta.

Á maneira dun diario persoal, a autora comenta, entre outras cuestións, o acto de celebración da entrega do premio Fiz Vergara Vilariño a Olalla Cociña, cun poemario inspirado na súa bisavoa Alicia.

- A. C. V., “El viaje literario a Lóuzara de ‘Ergueitos’ será el 14 de junio”, *El Progreso*, “Sarria”, 18 maio 2008, p. 18.

Alude á viaxe literaria que realizará, á vila natal de Fiz Vergara Vilariño, a Agrupación Cultural Ergueitos. Tamén comenta que o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño duplica a súa contía a seis mil euros.

- A. C. V., “El premio ‘Fiz Vergara’ consolida su dotación de 6.000 euros”, *El Progreso*, “Sarria”, 9 novembro 2008, p. 18.

Dá conta da convocatoria da novena edición do Premio de poesía ‘Fiz Vergara Vilariño’, cunha dotación económica que ascende aos 6.000 euros. Achégase tamén información sobre as datas de recepción de traballos, así como o lugar de entrega dos galardóns. Saliéntase a importancia deste premio, xa que conta con máis de setenta participantes cada ano e é unha das apostas culturais máis valoradas no Concello de Sarria.

Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira. Dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Podían concorrer a este certame todos os autores que presentasen textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio tiña unha dotación única de 1.500 euros. Debían remitirse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa da Cultura (Ramal dos Galos, s/n, 36930 Bueu-Pontevedra) coa indicación "Premio de Poesía Johán Carballeira". O xurado estivo composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvarase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. Na edición de 2008 o xurado estivo formado por Carlos Lema, gañador do certame en 2007, Miguel-Anxo Fernán Vello e Elvira Riveiro, actuando como secretario e en representación do Concello de Bueu Xabier Framil Barreiro. Gañou Mario Regueira co poemario *Blues da Crecente.*

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, dende o ano 2000 a súa convocatoria é bienal. As súas bases recollían que os traballos, orixinais e inéditos, debían estar escritos en galego e a súa extensión non sería inferior aos trescentos versos. Presentáronse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre pechado no que constaba, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviáronse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n) antes do 15 de abril. O premio estivo dotado de 6.050 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen podía sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, a quen se lle entregarían trinta exemplares. Neste ano 2008 o xurado, presidido por Salvador Fernández Moreda, estivo composto por Caridad González Cerviño, Manuel Álvarez Torneiro, Manuel Fernández Álvarez, Gonzalo Navaza, Luz Pozo Garza e Remedios Fernández Romero e como secretario actuou Rogelio López Cardalda. A obra gañadora foi *Construcións*, do poeta Eduardo Estévez e deuse un accéssit a *Cabalos do alén na cidade das fábulas*, de Xavier Lama, aínda que o premio foi impugnado e concedéuselle a este último.

Referencias varias:

- M. B., "Eduardo Estévez gaña o XIV 'González Garcés'de poesía con *Construcións*", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", 22-28 maio 2008, p. 26.

Dáse conta do autor e obra que resulta gañadora na XIV edición do Premio de Poesía Miguel González Garcés, o poeta Eduardo Estévez coa obra *Construcións*. Dise que o xurado valora a "contemporaneidade da súa escrita e a aposta do autor pola renovación da tradición estética galega" e que destaca a alta participación nesta edición. Tamén se

comenta que, ademais dos seis mil cincuenta euros de contía do premio, a obra será editada pola Deputación da Coruña. Finalmente lémbrase que o gañador xa fora finalista na VII edición do premio cun accésit pola súa obra *Só paxaros saíron desta boca.*

- D. S., "El González Garcés, para el poeta Eduardo Estévez", *El País*, "*Galicia*", 28 maio 2008, p. 5.

Anúnciase a concesión do premio de poesía Miguel González Garcés a Eduardo Estévez por *Construcións*. Indícase que o certame está dotado de 6.500 euros e, segundo palabras do poeta, consolídase unha liña comezada en *Derrotas*, o seu anterior poemario. Noméanse os membros do xurado e apúntase que *Cabalos do alén na cidade das fábulas* foi distinguida cun accésit.

- Rodri García, "Eduardo Estévez gaña o González Garcés coa obra 'Construcións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 maio 2008, p. 49.

Coméntase que Eduardo Estévez foi o gañador do Premio de Poesía Miguel González Garcés por *Construcións* e que se presentou baixo o pseudónimo de Ramón Caaveiro. Sinálanse algunhas impresións do autor, mentres que o voceiro do xurado, comenta que foi o que se valorou desta obra. Por outro lado, dise que o inicio da escrita do libro se pode ver na páxina web do autor. Para rematar, apúntase os comezos de Estévez no mundo da literatura.

- Marta García Márquez, "A Deputación premia a Eduardo Estévez co González Garcés por 'Construccións", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Literatura", 28 maio 2008, p. 15.

Informa da concesión do premio González Garcés a Eduardo Estévez pola obra *Construcciós*. Sinala que o galardoado opina que un poema "non debe ser un sitio acolledor" senón que debe "crear unha incomodidade intelectual". Comenta que o título é o resultado dun experimento no que se colgaron as composicións na rede coa finalidade de que o público dese a súa opinión. Nun á parte, faise eco das declaracións vertidas por algúns membros responsábeis do certame.

- M. Dopico, "O que significa vivir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 28 maio 2008, p. 33.

Eduardo Estévez, gañador do XIV Premio Miguel González Garcés, polo seu libro *En Construción* afirma estar moi contento pola concesión do galardón, pois na súa opinión, implica moita responsabilidade. Por outra banda, infórmase que o poemario foi escollido entre cincuenta e cinco orixinais. Estévez comenta o significado da súa obra e apunta ademais que se trata dunha serie de "reflexións, a modo narrativo, sobre o que significa vivir". Salienta que é o resultado dunha experiencia literaria en internet, que comezou a amosar hai dous anos nun blog.

- Gemma Malvido, "O coruñes Eduardo Estévez gaña o premio González-Garcés", *La Opinión*, "A Coruña", 28 maio 2008, p. 13.

Dise que o gañador do Premio de Poesía González Garcés, dotado con seis mil cincocentos euros e a publicación da obra cunha tirada de mil cincocentos exemplares é o arxentino-coruñés Eduardo Estevez coa obra *Construcións*. Apúntase que a obra resultou elixida entre os cincuenta e seis orixinais que se presentaron ao concurso pola súa "aposta pola renovación da estética tradicional e a súa liña de construción expresiva" en palabras do voceiro do xurado, Manuel Forcadela. Aclárase que o proceso de creación foi atípico xa que o autor compartía dende o seu blog os versos que ía compoñendo organizando mesmo enquisas para decantarse por un ou outro final dun mesmo poema, feito que el cualifica de "experiencia moi enriquecedora". Apúntase que para Eduardo Estévez é un libro de poemas narrativos que busca a reflexión nas pequenas cousas cotiás.

- M. J. R., "O que fai que estes textos sexan poemas é a mirada sobre os detalles.", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Cultura", 1 xuño 2008, p. 14.

Entrevista ao escritor Eduardo Estévez tras gañar o Premio de Poesía Miguel González Garcés coa súa obra *Construcións*. Dise que o autor é o director dos obradoiros literarios de Fene e das Pontes e que xa recibira un accésit deste premio en 1997. Fálase sobre a temática do libro no que o autor formula "dúbidas, reflexións e preguntas para que o lector constrúa a súa propia verdade" con textos que, segundo el mesmo di, son "pequenos relatos sempre relacionados con elementos moi pequenos da cotidianidade". Destácase tamén que o ilustrador da obra é o poeta e artista plástico, Baldo Ramos, grande amigo do autor.

- Rodri García, "O premio González Garcés cambia de mans tras unha impugnación", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 setembro 2008, p. 50.

Recolle como o xurado do premio Miguel González Garcés tivo en conta a reclamación do finalista Xavier Lama e lle concedeu o primeiro premio en detrimento do eventual gañador Eduardo Estévez. Dise que este incumprira as bases ao ter publicado parte da obra no seu blog. Recóllense tamén as opinións de editores e autores que apoian a Estévez.

- maré, "Conflito de intencións poéticas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Polémica", 24 setembro 2008, p. 29.

Comenta o conflito xurdido tras a concesión do Premio de Poesía Miguel González Garcés. Sinala que o premio inicialmente concedido a Eduardo Estévez polo seu libro *Construcións* foi, tras alegación do finalista Xavier Lama, para a súa obra *Cabalos do alén*. Di que o motivo do recurso ven dado porque parte da obra de Estévez non estaba inédita ao atoparse no seu blog. Recolle tamén unha carta aberta de Estévez onde expón os seus argumentos fronte á decisión de retirarlle o premio. No á parte "A cerna" recolle as valoracións de Miguel Anxo Fernán-Vello, Miro Villar e Fran Alonso durante este tema.

- R. Garcia, "O cambio de gañador do González Garcés 'foi unha decisión máis xurídica que literaria', apunta o xurado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 setembro 2008, p. 55.

Faise eco do cambio de gañador do premio Miguel González Garcés tras a impugnación do finalista Xavier Lama que lle arrebataría o galardón ao até entón premiado Eduardo Estévez, que incumpriu as bases do premio ao ter publicado parte da obra nun blog.

- Jaureguizar, "O premio que non gañou quen o merecia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Ollo Mol", 29 setembro 2008, p. 87.

Dá conta da polémica que levou consigo a concesión do galardón do Premio González Garcés 2008, pois foille retirado o premio ao gañador, Eduardo Estévez, ao ter xa publicado nun blog da súa autoría parte do poemario. Pregunta finalmente como o xurado segue sen dar explicacións sobre a descualificación do que considera o mellor poemario presentado ao concurso.

- Camilo Franco, "¿Que foi primeiro, o ego ou a galiña?", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 30 setembro 2008, p. 48.

Informa do contencioso polo cal Xavier Lama conseguiu o premio González Garcés co que considera o autor que a cultura perde. A seguir fala dos ciclos xeracionais da literatura galega, para rematar comentando aspectos da cultura galega.

- María Xesús Nogueira, "Os premios literarios", *El Progreso*, "Opinión", 4 outubro 2008, p. 33.

Recolle a polémica xurdida no Premio de Poesía Miguel González Garcés. Sinala como fora retirado o premio ao virtual gañador, Eduardo Estévez, e a súa obra *Construcións*, debido á reclamación do finalista Xavier Lama que considerou que a obra gañadora estaba publicada parcialmente no blog do autor. Así *Cabalos do Alén na cidade das fábulas*, de Xavier Lama, alzouse, non sen polémica, co galardón.

- Marta Dacosta, "Aprender dos erros", *A Nosa Terra*, n.º 1328, "Cultura", 9-15 outubro 2008, p. 32.

Faise eco dun 'trasacordo' no Premio González Garcés polo que se lle concedeu o premio a un dos finalistas, considerando que debería ter quedado deserto, pois o finalista foi recoñecido simplemente como tal e non como gañador.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial Unidad, de Fene, o Concello de Fene e a Editorial Espiral Maior, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé. Neste certame prémianse poemas (catro como máximo) escritos en galego ou castelán. Os orixinais tiñan que enviarse á sede do Círculo (San Paio, 21, Fene-A Coruña) e debían entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consistiu na publicación da obra pola editorial

Espiral Maior. Nesta XXI edición de 2008, o xurado, formado por Valentina Carro, gañadora da pasada edición, e os poetas Alfredo Ferreiro e Rafa Villar, elixiu por unanimidade a Susana Sánchez Aríns co seu poemario *(de)construçom* como gañadora. Esta obra xa se publicara case totalmente no blog dedocomovermes, algo que permitían as bases do certame. O día 22 de novembro celebrouse o acto de entrega no Concello de Fene**.**

Premio de Poesía **O poeta azul**. **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana, o premio consistiu nunha placa e unha figura dun gaiteiro e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Podíase enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina remitiuse ao apartado de Correos 339, 15480 (Ferrol) cos datos do autor antes do 31 de outubro. No ano 2008, o xurado da XVI edición de 2007, reunido no Parador de Turismo de Ferrol o día 13 de febreiro, composto por Ricardo Diaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente, Carlos Barcón Collazo, Juan José Rodríguez de los Ríos, José Ramón Vázquez Martínez, Aurora Varela, Manuel Vázquez Méndez e África Otero Beltrán como vogais e actuando de secretaria Manuela Castro Cebreiro, dun total de cento dez poetas, acordou premiar a Manuel Serantes Lamas, de Ferrol, polo poema titulado "Dende os penedos". No ano 2009 darase a coñecer o premiado da XVII edición correspondente ao ano 2008.

Referencias varias:

- Cristina Amenedo, "Juan Miguel", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 23 maio 2008, p. 4.

Alude á concesión do XIV premio Xosé María Parallé, o Poeta Azul de Ferrol, a Juan Miguel Domínguez Prieto pola obra *Casa: ao primeiro Manuel María*. A continuación, fai unha breve síntese biográfica do premiado.

- Carlos Barcón, " Los premios Xosemaría Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "Ferrol" "Ciudad", "Entre nosotros", 28 outubro 2008, p. 19.

Faise eco da entrega dos premios Xosemaría Pérez Parallé, que terá lugar no Círculo Mercantil de Fene e que contará cun recital a cargo do Obradoiro Literario do Concello de Fene, así como a celebración da entrega dos XXI Premios de poesía. Sinálase tamén que a asociación de artistas SAF creou este premio de poesía en galego como unha homenaxe ao finado poeta. Farase entrega póstuma do mesmo ao falecido Manuel Serante Lamas polo seu poema "Dende os penedos".

- Carlos Barcón, "Lareira de poesía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", "Entre nosotros", 5 novembro 2008, p. 17.

Dá conta da entrega póstuma do Premio Xosemaría Pérez Parallé ao falecido profesor e poeta Manuel Serante Lamas, polo seu poema en galego 'Dende os penedos'. Sinálase que este premio vén sendo convocado dende hai anos pola asociación de artistas de Ferrol (SAF), en homenaxe o escritor ferrolano que leva o seu nome.

Certame Literario **San Ramón**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convocou este certame no que se concederon dous premios dotados con 3.000 euros e 1.000 euros xunto cunha flor natural e un diploma. Podían concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presentasen orixinais e inéditos, de extensión e tema libre, escritos en galego. Os orixinais presentáronse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e enviáronse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800 Vilalba). O prazo de inscrición rematou o 18 de xullo, a resolución deuse a coñecer o 22 de agosto e a entrega de premios realizouse o 30 de agosto durante as festas patronais da vila. Na edición XXXIV de 2008 recibiu o premio o escritor Xosé Otero Canto, natural da parroquia de Outeiro (Castro de Rei), co poemario *Atafegando o asfalto*, presentado baixo o lema "A perpendicularidade da soidade". O segundo premio foi para a lucense Cristina Ferreiro Real, polo poemario *Desequilibras e caer*, presentado co lema "Xardín de papel". Nesta edición o xurado estivo formado polo académico Darío Villanueva, o xornalista Fidel Fernán, o concellal vilalbés de Cultura, José María García-Leira Boado, e o delegado provincial da Consellería de Cultura e Deporte, Xoán Xosé Molina Vázquez; actuou como secretario, con voz pero sen voto, o xornalista Xulio Xiz.

Referencias varias:

- C. A., "El certamen de poesía vilalbés del San Ramón repartirá 4.000 euros en premios", *El Progreso*, "A Chaira", 28 maio 2008, p. 16.

Faise eco da convocatoria do XXXIV Certame Literario San Ramón polo Concello de Vilalba. Menciona ademais que haberá dous premios, un de 3.000 euros e outro de 1.000 euros, que se acompañarán dunha flor natural e dun diploma. Comenta as bases do concurso e apunta que a entrega dos galardóns coincidirá coas festas patronais da localidade.

Premio de Poesía **Suso Vaamonde**

Coa finalidade de fomentar o uso do galego entre as novas xeracións e axudar a potenciar os poetas novos, a Fundación O Grelo Amigos de Galicia convocou este certame. Podían concorrer poetas ou escritores de calquera nacionalidade a condición de que non tivesen publicado ningún libro de poesía e presentasen os seus traballos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de catrocentos versos. Os orixinais presentáronse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e enviáronse, baixo plica, á sede compostelá da Fundación convocante (Rúa de Betanzos, 18, 1º D, Santiago de Compostela) antes do 4 de abril. Estabeleceuse un único premio de 1.000 euros mais a publicación da obra gañadora. Na edición de 2008 o xurado estivo formado por Luís Tosar, Xosé Alonso e Antón Grande, actuando de secretario Jesús Busto Peteiro e resultou gañador o noiés Manuel López Rodrígues coa obra *Antítese nativa*. Este ano o premio foi convocado pola Fundación O Grelo Amigos de Galicia, en colaboración co Concello de Vilagarcía, e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da

Consellería de Presidencia. O premio entregouse o 17 de maio en Vilagarcía xunto co "Daniel Hortas".

Referencias varias:

- M. L., "Vilagarcía acollerá a XIV edición do premio de poesía Suso Vaamonde o Día das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 19 xaneiro 2008, p.08.

Coméntase que a XIV edición do Premio de Poesía Suso Vaamonde e a entrega de galardóns da IX edición do Concurso de Relatos Curtos e Contos Daniel Hortas se celebran o Día das Letras Galegas en Vilagarcía. Dise que o premio Suso Vaamonde ten un único galardón de mil euros e a publicación de mil exemplares do libro gañador e lémbrase que autores hoxe consagrados como Marta Dacosta foron gañadores deste premio. A finalidade destes dous premios é, segundo se sinala, fomentar o uso da lingua galega e facilitar a publicación das obras de artistas noveis e están organizados pola Fundación Amigos de Galicia. Tamén se apunta que pretende motivar a futuros creadores dentro do ámbito escolar achegando as bases das convocatorias a máis de tres mil colexios e institutos galegos, das que se recolle parte delas. Indícase que se editará un libro conxunto das obras gañadoras do Daniel Hortas.

- M. López, "Ravella espera que a Festa das Letras acolla a medio milleiro de persoas de toda Galicia", *Diario de Arousa,* "Vilagarcía local", 15 maio 2008, p. 07.

Infórmase de que na Festa das Letras que ten lugar en Vilagarcía para homenaxear a Xosé María Álvarez Blázquez co gallo do Día das Letras Galegas tamén se fai entrega dos premios de Poesía Suso Vaamonde, de relatos curtos e contos Daniel Hortas e o de pintura Fundación Amigos de Galicia. Explícase que ademais de actuacións musicais, hai un xantar gratuíto para todos os asistentes.

Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Primeira edición deste premio, convocado pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM). O premio consistiu nunha dotación de 3.000 euros, unha escultura conmemorativa, realizada polo artista miñorán Fino Lorenzo e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM, chamada "Colección Victoriano Taibo". O xurado, composto por Araceli Gondar Alonso, Marta Dacosta e Gonzalo Navaza, e no que actuaba como secretario sen voto Carlos Méixome, director do Instituto de Estudos Miñoranos, e baixo a presidencia (sen voto) de Urbano Esmerode, presidente da Entidade Local de Morgadáns (Gondomar) acordou, por unanimidade, conceder o primeiro premio de Poesía Victoriano Taibo-Entidade Local de Morgadáns á obra *Cultivos transxénicos*, de Carlos Negro. Tamén se acordou facer unha mención especial aos orixinais presentados baixo os lemas de "Strategemata" e "Imposturas".

Referencias varias:

- Silvia Camesella, “Carlos Negro gaña o certame poético ‘Vitoriano Taibo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, “Vigo”, 10 setembro 2008, p. 38.

Dá conta do primeiro premio de poesía ‘Vitoriano Taibo’, que recaeu na figura do filólogo e profesor de Lingua e Literatura Galegas, Carlos Negro, con *Cultivos transxénicos*. Dise que a orixinalidade compositiva, a xeito de entrevista, foi decisiva para outorgarlle o citado galardón.

- Armando Requeixo, “Roseira de Abicedo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 270, “Libros”, 4 decembro 2008, p. 1/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 210, “Lecturas”, 13 decembro 2008, p. 10.

Refírese ao acto de homenaxe ao escritor Victoriano Taibo mediante a creación duns premios que levan o seu nome. Dáse conta do I Premio de Poesía Victoriano Taibo, que foi recaer no poeta Carlos Negro, acto que virá acompañado e completado pola celebración dunhas xornadas ao redor da figura do poeta Taibo nas terras de Gondomar, nas que pasou a meirande parte da súa vida.

X.3. TEATRO

Premio **Abrente** para Textos Teatrais

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos “Concursos de textos teatrais” da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro convocou este premio no ano 2006 por primeira vez. Puideron optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade que presentaron obras inéditas e non premiadas escritas en lingua galega normativa. Estabeleceuse un premio único e indivisíbel, dotado con 3.000 euros e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o Concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras foron de tema e extensión libres e presentáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, e enviáronse ao Concello de Ribadavia (Praza Maior s/n, 32400 Ribadavia-Ourense). O prazo de admisión de orixinais rematou o día 30 de xuño. No ano 2008 competiron doce obras. A decisión do xurado fíxose pública o 26 de xullo, coincidindo coa clausura da Mostra. O xurado estivo presidido polo alcalde de Ribadavia, Marcos Blanco Jorge, e formado polo concelleiro de Cultura, Anxo Collarte, o director da MIT Rubén García, a directora do Centro Dramático Galego Cristina Domínguez, o director de escena Xulio Lago e o actor Fernando Dacosta. O premio foi para o libreto *Augusta*, escrito por Carlos Losada Galiñáns.

Referencias varias:

- LR, “O Premio Abrente de Textos Teatrais duplica a participación con un total de 12 obras”, *La Región*, “O Ribeiro”, 2 xullo 2008, p. 13.

Infórmase da convocatoria do Premio Abrente de Textos Teatrais, organizado polo Concello de Ribadavia e dotado con 3.000 euros. Dise que a resolución do xurado darase a coñecer coincidindo coa clausura da Mostra Internacional de Teatro o 26 de xullo. Destácase que nesta terceira edición se duplicou o número de obras presentadas e que ademais do premio en metálico o Concello de Ribadavia publicará a obra premiada e encargarase de contratar unha compañía galega teatral que faga a montaxe e representación da obra premiada.

- V. Oliveira, "Augusta', trasunto do 'Alzhéimer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", Galardón, 29 xullo 2008, p. 31.

Alude á resolución da presente edición do premio Abrente da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT). Dá conta da contía de dito premio, dotado con 3.000 euros, e do seu gañador: o cambadés Carlos Losada coa súa obra *Augusta*.

Premio **Álvaro Cunqueiro** para Textos Teatrais

Premio instituído anteriormente polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia, e convocado xunto co Premio Manuel María para Textos Teatrais (ver o apartado X. 7 deste *Informe*) e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. Os interesados debían remitir ou entregar nas oficinas do IGAEM os seus textos inéditos, escritos en galego normativo, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, a excepción das pezas de teatro breve. Os textos debían ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada. O premio estivo dotado de 6.000 euros e a obra premiada será publicada dentro das colecciónns dramáticas que se manteñan abertas no IGAEM en colaboración con distintas editoriais galegas. Nesta edición 2008 o período de admisión rematou o 12 de xuño e a gañadora, de entre os vinteoito orixinais presentados, foi Teresa González Costa pola obra *Sempre quixen bailar un tango*. O xurado estivo integrado por Laura Tato Fontaíña, en calidade de presidenta, e Emilio Xosé Insua, Roberto Salgueiro, Marica Campo, Carlos Ignacio Labraña e Andrea Bayer Lloves, como vogais.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "González Costa gaña os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 75.

Refírese á dobremente premiada actriz, contacontos e escritora Teresa González Costa, pois vén de gañar o Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais con *Sempre quixen bailar un tango* e o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, con *Pingueiras e tarteiras*. Sinálase tamén que o Premio Barriga Verde de Textos de teatro de monicreques foille outorgado a Xosé Antón Neira Cruz por *O punto da escarola*.

- Camilo Franco, "Teresa González gaña os premios Cunqueiro e Manuel María", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 50.

Recolle a apertura da Feira das Artes Escénicas na que se deron a coñecer os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María que recaeron en Teresa González, e mais o Barriga Verde para textos de monicreques que galardoou a Xosé Neira Cruz. Recolle as impresións de Teresa González tras saberse gañadora dos premios.

- V. Oliveira, "Teresa González gaña o Álvaro Cunqueiro e o Manuel María", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 66.

Informa da entrega dos premios de dramaturxia Álvaro Cunqueiro e Manuel María que recaeron na autora grovense Teresa González. Indica que a dramaturga recibiu con ledicia estes recoñecementos, convocados por Agadic da Consellería de Cultura, subliñando o mérito e a honra que supón o feito de ser unha única persoa gañadora de ambos os dous galardóns. Finalmente, di que as obras premiadas foron *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e Tarteiras*.

- Lara Rozados, "Para miña nai case era máis importante que fixese teatro que estudiase", *A Nosa Terra*, n.º 1930, "Cultura", 23-29 outubro 2008, p. 39.

Dáse conta da figura de Teresa González Costa que vén de recibir dous premios dos círculos dramáticos galegos polo conxunto da súa obra teatral, *Sempre quixen bailar un tango*, que acadou o XVII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e a obra *Pingueiras e Tarteiras*, que foi a merecedora do III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Indícase que no discurso de recollida de ambos os dous galardóns, quixo dedicarllos á súa nai, pois foi ela a que impulsou á dramaturga a facer teatro.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde** de Textos para Teatro de Monicreques

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), actualmente por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura, coa colaboración do festival Galicreques, este certame presentouse como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo participar autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Dividiuse en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, e textos escritos para o público adulto. Na convocatoria de 2008 a contía ascendeu a 6.000 euros en cada modalidade e o período de admisión rematou o 12 de xuño. Nesta edición resultou galardoado, de entre os trece textos presentados, Xosé Antón Neira Cruz coa obra *O punto da escarola*, quedando deserta a modalidade de teatro para adultos. O xurado estivo integrado por Laura Tato Fontaíña como presidenta e Emilio Xosé Insua, Roberto Salgueiro, Marica Campo, Carlos Ignacio Labraña e Andrea Bayer Lloves, como vogais.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "González Costa gaña os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 75.

Refírese á dobremente premiada actriz, contacontos e escritora Teresa González Costa, pois vén de gañar o Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais con *Sempre quixen bailar un tango* e o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, con *Pingueiras e tarteiras*. Sinálase tamén que o gañador do Premio Barriga Verde de Textos de teatro de monicreques foille outorgado a Xosé Antón Neira Cruz por *O punto da escarola*.

- Camilo Franco, "Teresa González gaña os premios Cunqueiro e Manuel María", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 14 outubro 2008, p. 50.

Recolle a apertura da Feira das Artes Escénicas na que se deron a coñecer os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María e mais o Barriga Verde para textos de monicreques que galardoou a Xosé Neira Cruz. Di que o Barriga Verde quedou deserto na modalidade de adultos.

Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convocado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Contou con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emitíronse na Radio Galega e editouse un libro-CD cos textos finalistas. Puideron participar todos os escritores e escritoras que o desexaran sempre e cando non mantiveran unha relación laboral coa CRTVG e calquera das Sociedades que comprende (TVG e RG). Os traballos presentados debían ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non podían ser adaptacións. Debían estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos adoptaron o formato de guión radiofónico dramático e a súa duración en antena non podía ser inferior a quince minutos nin excedera os vinte minutos. As obras tiñan un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores podían utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos considerasen necesarios para que o texto fóra realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etcétera. O director das dramatizacións radiofónicas podía facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admitiron máis de dous guións por autor e de cada obra presentáronse orixinal e catro copias. Os autores concursaron polo sistema de plica. Os traballos fixéronse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural "II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico", San Marcos, 15820 Santiago de Compostela. Conserváronse durante un mes a partir da data na que se fixo pública a resolución do xurado e logo destruíronse os que non foran solicitados polos seus autores. O prazo de admisión de orixinais comezou cando se fixo pública a convocatoria e rematou o día 4 de xaneiro de 2008. Os argumentos das obras foron de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega. O xurado valorou especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprometéronse a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas de seren estas seleccionadas, así como a súa

edición en libro-CD. A tal fin os autores premiados e finalistas entenderon cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexasen puideron enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de CD. As gravacións non foron tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo CDG. O xurado escolleu entre as obras presentadas un premio único dotado con 3.000 euros e catro finalistas como máximo. No ano 2008 o xurado estivo composto por Cristina Domínguez, Quico Cadaval, Camilo Franco, Ana Romaní e María Bouzas e reunido o 31 de marzo, outorgou o galardón á obra *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira, unha mención especial para *Último capítulo*, de Roi Vidal Ponte e quedaron como finalistas *Ola, Silvia, estás aí?*, de Fátima Rodríguez Figueiras e *Saltimbanqui*, de Lois Pérez Díaz. O premio da Audiencia foi para *Saltimbanqui*, de Lois Pérez Díaz.

Premios **María Casares**

Son anuais e foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización destes premios correu a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colaborou o Excmo. Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optaron a estes premios todas as producións galegas feitas en lingua galega, estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concedéronse nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación /Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. Os premios non tiveron dotación económica, consistiron nun busto de cerámica da actriz María Casares e decidíronse nun proceso que cubriu o primeiro trimestre do ano. O prazo de inscrición para a XII edición dos Premios María Casares rematou o 17 de decembro de 2007. Nesta edición de 2008 a resolución dos premios coñeceuse o día 27 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, coincidindo co Día Mundial do Teatro. Os gañadores foron: *Noite de reis. Ou o que queirades*, dirixida por Quico Cadaval que obtivo os galardóns de Mellor espectáculo, Mellor dirección, Mellor actor secundario (para Xan Cejudo), Mellor escenografía (Baltasar Patiño) e Mellor vestiario (Gilda Bonpresa, compartido con La Canall d'*O burgués fidalgo*, de Teatro de Morcego); *A piragua*, de Cándido Pazó que conseguiu os galardóns a Iluminación (Alfonso Castro), Música orixinal (Manuel Riveiro Hermo), Texto orixinal (Cándido Pazó) e Actriz Protagonista (Susana Dans); *As últimas lúas*, da compañía Lagarta Lagarta, obtivo o premio a Actor Protagonista para Ernesto Chao; Avelino González e Olga Nogueira gañaron o premio á Mellor Adaptación ou traducción por *A bombilla Máxica*, de Woody Allen, levada á escena por Teatro do Atlántico; o galardón á Mellor Actriz Secundaria foi para Mónica Camaño pola súa actuación en *Emigrados*, de Teatro de Ningures; e Bacana Teatro

levou Mellor maquillaxe pola comedia *Hendaya, mon amour*. O premio de honra Marisa Soto, foi parar a Rubén García, promotor da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O milagre de Noite de Reis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 febreiro 2008, p. 36.

Destácase que dos nove premios polos que competía a obra *Noite de Reis* de Quico Cadaval nos Premios María Casares fixose con cinco deles, entre os que se inclúen Mellor dirección e Mellor espectáculo. Recóllense as opinións de Quico Cadaval sobre o éxito da obra, que segundo di se debe sobre todo aos seus actores, e faise tamén referencia á outra gañadora dos premios, *A Piragua*, de Cándido Pazó.

- Camilo Franco, "Noite de reis' e 'As últimas lúas', favoritas aos María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 marzo 2008, p. 46.

Dáse conta das quince denominacións coas que conta o Centro Dramático Galego para concorrer aos Premios María Casares. Infórmase ademais que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia anunciará os nominados para os Premios. Indícase que este ano, dúas obras toman protagonismo: *Noite de reis*, do CDG e *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta, que empatan coincidindo en nove categorías. A continuación, sinálanse outros nominados como *Emigrados*, levada a escena por Teatro de Ningures e *O burgués fidalgo*, que representou Teatro do Morcego.

- Anxa Correa, "Noite de reis' e 'As últimas lúas' logran cadansúas 9 nomeacións nos 'María Casares", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", p. 88/ "Noite de reis' e 'As últimas lúas'favoritos para os María Casares", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", p. 76, 11 marzo 2008.

Informa que as obras *Noite de Reis* e *As últimas lúas* parten como favoritas nos Premios de Teatro María Casares. Menciona a outra das nominadas, *A piragua.* A continuación, di que as tres obras copan as categorías de Mellor espectáculo, Mellor dirección e Mellor escenografía e dá conta doutras nominacións.

- Marta García Márquez, "A lista definitiva dos María Casares", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 11 marzo 2008, p. 15.

Comenta que o Centro Dramático Galego lidera a lista de candidaturas para os Premios María Casares con dezaseis nominacións, e sinala algunhas destas obras como *A piragua*, de Cándido Pazó, *Noite de Reis. Ou o que queirades*, de Quico Cadaval ou *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta. Menciona a data e o lugar da celebración do acto, que este ano coincide cos trinta anos de teatro profesional en Galicia e que pretende homenaxear os oficios vinculados co feito escénico.

- A. M., "La Gala María Casares festeja el 30 aniversario del teatro gallego", *El Correo Gallego,* "Cultura", 26 marzo 2008, p. 60.

Anuncia a celebración da gala do XII Premio María Casares, onde Suso de Toro lerá un manifesto coincidindo co Día Mundial do Teatro e co trinta aniversario do nacemento en Galicia como actividade profesional. Sinala que hai trece categorías de premios, aos que optan once obras, dez compañías e corenta e dous profesionais do sector. Apunta que ademais se entregará o Premio de Honra Marisa Soto 2008 a Rubén García. Tamén recolle as declaracións de Vicente Montoto e María Xosé Bravo.

- Ángeles Dobao, "La gala de los María Casares sale a la calle en busca de público para el teatro", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Espectáculo", 26 marzo 2008, p. 15.

Faise eco da gala da XII edición dos Premios María Casares, que dará comezo cunha charanga polas rúas da cidade herculina. Apúntase que a gala durará dúas horas e que será a representación simbólica "de lo que existe detrás del teatro". Remátase aludindo á figura de María Casares, que dá nome aos galardóns, que nunca puido presidir, pois morreu pouco antes da primeira edición dos premios.

- Ana Lorenzo,"La gala de entrega de los premios de teatro María Casares se celebrará mañana en el Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 marzo 2008, p. 47.

Infórmase da duodécima edición dos premios María Casares, que se celebrará no Teatro Rosalía de Castro na Coruña. Coméntase o complicado que resulta cada ano organizar un evento destas características e por iso se fai un recoñecemento expreso a todos os que participan nunha obra teatral ademais dos actores e actrices. Finalmente indícanse os nominados este ano e os premios nas diferentes categorías.

- Gemma Malvido, "Unha charanga recibirá mañá aos candidatos aos María Casares", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 26 marzo 2008, p. 12.

Refírese á entrega de Premios María Casares do teatro galego que se realiza no Teatro Rosalía da Coruña nos que o escritor Suso de Toro lerá un manifesto en prol dos trinta anos de vida da dramaturxia galega. Sinálase que no acto de entrega recibirá o premio de honra o creador da mostra de teatro de Ribadavia, Rubén García. Tamén se indica que aínda non se coñecen os nomes dos galardoados pero que o xerente do IGAEM, Miguel Martín, anunciou que na gala habería sorpresas e innovacións.

- Lara Rozados, "Estamos aquí", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Cultura", 27 marzo-2 abril 2008, p. 24.

Co gallo da entrega dos Premios María Casares, que se entregan coincidindo co Día Mundial do Teatro, nos que a maioría das nominacións son para producións do Centro Dramático Galego (CDG), varios representantes de compañías privadas comentan as dificultades de supervivencia dentro do sistema teatral galego malia estaren nominados tamén a ditos premios.

- Manuel Xestoso, "A emancipación esperada", *A Nosa Terra*, n.º 1.303, "Cultura", 27 marzo-2 abril 2008, p. 25.

Faise unha reflexión sobre a calidade do teatro galego e a necesidade de que convivan en igualdade de condicións o teatro institucional, o comercial e o alternativo para que

sigan demostrando a calidade cada vez maior do teatro galego, co gallo da entrega dos Premios María Casares.

- Anxa Correa, "Noite de reis' convírtese na protagonista dos 'María Casares' con cinco galardóns", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 marzo 2008, p. 84.

Dáse noticia dos cinco premios que obtivo a obra *Noite de reis. Ou o que queirades*, dirixido por Quico Cadaval. Sinálase que estes galardóns foron os de Mellor espectáculo, Dirección, Actor secundario, Escenografía e Vestiario. Ademais, apúntase que o Premio de Honra Marisa Soto foi para Rubén García e que outra das obras premiadas foi para *A piragua* de Cándido Pazó, que levou galardón á Mellor iluminación, música orixinal, texto orixinal e actriz protagonista. A continuación, faise un relatorio dos restantes gañadores.

- G. Malvido e A. Rodríguez, "O CDG reina nos premios María Casares", *Faro de Vigo*, 28 marzo 2008, contracuberta.

Dáse conta da entrega dos premios de teatro María Casares aos actores, actrices e obras galegas. Destácase en primeiro lugar que as dúas obras máis premiadas foron as producións do Centro Dramático Galego: *Noite de Reis. Ou que queirades* dirixida por Quico Cadaval e *A Piragua* dirixida e escrita por Cándido Pazó. Dise que a primeira levou nove dos trece premios que se repartían e que a segunda obtivo catro dos sete premios aos que optaba. Coméntase que houbo tamén música en directo fóra e dentro do teatro e que o discurso do día do Teatro foi lido por Suso de Toro, quen ofreceu parabéns ao teatro galego polos seus trinta anos de vida. Lémbrase que tamén houbo momentos para a reivindicación das mulleres, do teatro ou de Palestina así como para o recordo daqueles compañeiros e compañeiras que fisicamente xa non están.

- Marta García Márquez, "O Centro Dramático ergue nove María Casares por 'Noite de reis' e 'A Piragua", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 28 marzo 2008, p. 14.

Comenta a gala dos premios María Casares, onde se di que as grandes protagonistas foron *Noite de Reis. Ou o que queirades* e *A piragua*, as dúas obras do Centro Dramático Galego, que conseguiron cinco e catro premios, respectivamente. Para rematar, salienta os "ramalazos reinvidicativos" que tiveron lugar na festa.

- Gemma Malvido e Ana Rodríguez, "Dúas producións do CDG repártense os premios de teatro María Casares", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 28 marzo 2008, p. 10.

Dáse conta da entrega dos premios de teatro María Casares aos actores, actrices e obras galegas. Destácase en primeiro lugar que as dúas obras máis premiadas foron as producións do Centro Dramático Galego: *Noite de Reis. Ou que queirades*, dirixida por Quico Cadaval e *A Piragua*, dirixida e escrita por Cándido Pazó. Dise que a primeira levou nove dos trece premios que se repartían e que a segunda obtivo catro dos sete premios aos que optaba. Destácase que houbo tamén música en directo fóra e dentro do teatro e que o discurso do día do Teatro foi lido por Suso de Toro, quen ofreceu parabéns ao teatro galego polo seus trinta anos de vida. Lémbrase que tamén houbo momentos para a reivindicación das mulleres, do teatro ou de Palestina así como para o recordo daqueles compañeiros e compañeiras que fisicamente xa non están. Coméntase

que unha das lembranzas a modo de Premio de Honra foi para Rubén García, creador da Mostra de Teatro de Ribadavia. Por último ofrécese unha relación dos gañadores de 2008 en cada unha das diferentes categorías.

- Paola Obelleira, "Cadaval gaña o María Casares ao mellor espectáculo do ano", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 marzo 2008, p. 8.

Dise que o Centro Dramático Galego foi o triunfador nos premios de teatro María Casares nos que Quico Cadaval gaña o María Casares ao Mellor espectáculo do ano. Tamén se comentan outros gañadores en diversas categorías e descríbese como se desenvolveu a gala. Por último, dise como foi o manifesto lido por Suso de Toro para celebrar os trinta anos do teatro galego.

- J. A. Martínez Sevilla, "Premios María Casares", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "La columna", 29 marzo 2008, p. 26.

Faise primeiramente un eloxio da gala de entrega dos XII Premios de Teatro María Casares, promovidos pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia e o Concello da Coruña, cualificándoo de bo espectáculo. Seguidamente fanse algunhas críticas como, por exemplo, a demora na hora de comezo e as dificultades para acceder á gala polo control nos billetes.

- Camilo Franco, "Mil limusinas máis para o teatro galego", *La Voz de Galicia*, "Menú de cultura rápida", 30 marzo 2008, p. 32.

Comenta varios temas relacionados coa cultura galega e, entre eles, fai referencia á celebración dos premios de teatro María Casares, que este ano recaeron na oferta proposta polo Centro Dramático Galego.

- L. R., "A noite do Centro Dramático", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 3-9 abril 2008, p. 39.

Refírese á entrega dos Premios María Casares de teatro na súa XII edición e que esta vez recaeron fundamentalmente en dúas producións do Centro Dramático Galego, *A Piragua*, de Cándido Pazó e *Noite de Reis*, de Quico Cadaval. Indícanse os premios recibidos por cada unha destacando a calidade das montaxes e dos actores e actrices protagonistas. Tamén se dá conta do momento máis emotivo da noite, a entrega do Premio Marisa Soto de Honra a Rubén García, dinamizador do teatro galego dende que puxo en marcha a Mostra de Teatro de Ribadavia en 1973, que foi recollido pola súa filla por mor dunha grave enfermidade que sofre o homenaxeado.

- Lara Rozados, "Ernesto Chao, 'Miro Pereira está morto", *A Nosa Terra*, n.º 1.306, "Cultura", 17-23 abril 2008, p. 24.

Entrevístase a Ernesto Chao tras gañar o Premio María Casares ao mellor protagonista e un premio de honra, outorgado pola Academia Galega do Audiovisual, no marco da gala dos Premios Mestre Mateo polo seu traballo na obra *As últimas lúas* e como recoñecemento á súa traxectoria profesional. Dise que a obra supón un esforzo da súa compañía Lagarta Lagarta e reflexiónase sobre as dificultades do teatro galego e dos seus actores e actrices.

- Gemma Malvido, "O teatro non chega ao nivel de demanda doutras artes", *La Opinión*, "A Coruña", 22 abril 2008, p. 13.

Entrevistase á actriz de teatro Casilda García que interpreta o personaxe de Benigna en *Misericordia*, a adaptación que fai Teatro de Ningures do clásico homónimo de Benito Pérez Galdós e que se estrea o día 24 de marzo no Teatro Colón da Coruña. Dise que é unha obra dura que trata con humor e contemporaneidade a relación, sempre repetida, entre os ricos e pobres. Afírmase que a obra non é triste e que mesmo se achega á realidade de Galicia porque hai un grupo de mendigos que viven á porta dunha igrexa en Santiago de Compostela. Por último, faise unha referencia a que unha das actrices da súa compañía, Mónica Camaño, recibiu un premio María Casares e tamén se di que aínda queda un longo camiño para que se poida vivir dignamente do teatro en Galicia.

- Xosé Manuel Pazos, "Crónica dos Premios María Casares", *Revista Galega de Teatro*, n.º 55, verán 2008, pp. 59-61.

Dá noticia da celebración dos Premios María Casares na súa XII edición, coincidindo co Día Mundial do Teatro e cos trinta anos do teatro profesional no noso país. Destaca que a gala foi áxil e sobria, contando coas actuacións de Lilí Berlín, o clown Jouse García, as coreografías de Druída Danza e as intervencións de Feli Manazano e Matilde Blanco. Sinala que o Centro Dramático Galego se fixo coa maioría dos galardóns, seguido por Lagarta Lagarta. Remata ofrecendo a lista de nominacións e premios nas diferentes categorías.

Premio **María Teresa León** para Autoras Dramáticas

Convocado polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Asociación de Directores de Escena de España (ADE), coa colaboración da Fundación Autor da SGAE, este premio ten como finalidade propiciar e favorecer a escrita de obras literario-dramáticas por parte de mulleres. Podían concorrer escritos en castelán, catalán, galego ou éuscaro, de autoría feminina, cunha extensión equivalente á duración dunha función "normal" dun espectáculo, segundo as bases. O xénero, estilo, estrutura e temática foron de libre elección por parte de cada escritora. Debían ser orixinais e inéditos, incluíndo o feito de non se teren estreado con anterioridade, e foron acompañados de lema e sobre pechado cos datos da autora. Entregáronse por triplicado, antes do 15 de setembro na Asociación de Directores de Escena de España, Costanilla de los Ángeles, 13, baixo esquerda, 28013 Madrid. O xurado estivo conformado por personalidades destacadas do mundo teatral. O galardón consistiu en 8.600 euros (ou 4.300, para o accésit) e a publicación dos textos, vencedor e accésit, nun volume da colección "Literatura Dramática Iberoamericana" que publica a ADE. Durante tres anos, as autoras cederán a exclusiva dos dereitos de representación da obra gañadora a ADE, para todo tipo de linguas, soportes e modalidades editoriais, ademais de ceder os dereitos de representación en calquera lingua, a nivel mundial, da obra premiada, por espazo de dous anos. ADE buscará nese prazo os recursos para que as obras se estreen. As autoras tamén se comprometeron a proporcionarlle o texto da obra, a súa tradución castelá, se foi escrita nalgunha das outras linguas cooficiais, e os materiais complementarios para a edición. Nin o premio nin o accésit podían declararse desertos. Tamén se podía conceder unha mención especial, sen dotación económica,

recomendábel para a súa publicación xunto das obras gañadoras. A resolución do xurado deuse a coñecer no Acto Anual de Entrega de Premios da ADE, que tivo lugar nas derradeiras semanas do ano. No ano 2008 non resultou premiada ningunha obra en galego.

Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convocou este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Podían concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Contou cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representaba o busto de Maruxa Villanueva. Na edición de 2008 o xurado estivo composto por Inma López Silva, Víctor López Carbajales, Roberto Pascual e Carlos C. Biscaínho e os representantes dos grupos políticos do pleno de Padrón. O xurado decidiu premiar a Luísa Merelas pola participación no espectáculo *O regreso ó deserto* do Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- C. G., "El ganador del Maruxa Villanueva se dará a conocer el 26 de febrero", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 22 xaneiro 2008, p. 38.

Infórmase que en vindeiros días se dará a coñecer o gañador do VII Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva e que terá lugar ademais a convocatoria presencial do xurado na casa consistorial de Padrón. Sinala que os finalistas son Ernesto Chao, Luisa Merelas, María Barcala e Xosé Manuel Oliveira e que foron votados por un xurado composto por catro especialistas e cinco membros da Corporación.

- C. Botrán, "Luísa Merelas, Premio Maruxa Villanueva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 febreiro 2008, p. 30.

Dáse conta que Luísa Merelas foi elixida gañadora do VII Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva de Padrón, que está dotado con 1.200 euros. Indícanse ademais os membros do xurado e faise eco da valoración que o mesmo realizou sobre a gañadora. A continuación, coméntase a súa traxectoria profesional.

- V. Oliveira, "O teatro é un xogo", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 28 febreiro 2008, p. 36.

Coméntase que a actriz coruñesa Luísa Merelas recibiu o Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva, promovido polo Concello de Padrón, polo seu papel de Mathilde Serpenoise no espectáculo *O regreso ao deserto* do Centro Dramático Galego que tamén lle valeu un María Casares á mellor actriz. Recóllense as manifestacións da actriz sobre a concesión do premio, a profesionalización do teatro galego, os seus comezos nos escenarios e a súa faceta na dobraxe. Dise que está cos ensaios da última obra de Celso Parada, *O club da calceta*, a partir da obra homónima de María Reimóndez. Faise tamén un pequeno apartado no que se repasa a traxectoria profesional da autora tanto en cine coma en televisión.

- V. O., "Luisa Merelas: 'Co que máis gozo é co teatro, porque está vivo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 febreiro 2008, p. 35.

Refíre que a actriz coruñesa Luísa Merelas recibe o Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva promovido polo Concello de Padrón pola súa calidade e traxectoria como actriz e polo seu papel de Mathilde Serpenoise no espectáculo *O regreso ao deserto* do Centro Dramático Galego. Dise que a actriz confesa dedicarse a outras cousas pero que o que maior satisfacción lle ofrece é o teatro e que está cos ensaios da última obra de Celso Parada *O club da calceta* a partir da obra homónima de María Reimóndez.

Premios **MAX** de las Artes Escénicas

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorreron todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concedéronse en distintos apartados como autores, tradutores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que foron elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tíveronse tamén en conta as outras linguas do estado. Nesta edición de 2008 recibiron o premio Xosé Manuel Pazos Varela, Cándido Pazó, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre Delgado pola obra *Emigrados*, levada á escena por Teatro de Ningures, á "Mejor Creación Teatral en Gallego" nunha gala celebrada no Teatro Lope de Vega de Sevilla. Os outros nominados ao mellor texto en galego eran Eduardo Alonso Rodríguez, de Teatro do Noroeste, por *Café cantante. Vigo 1936* e Ánxeles Acuña, de Sarabela Teatro, por *Margar no Pazo do Tempo*.

Referencias varias:

- M. Sanchez, "Los creadores de 'Emigrados' reciben el premio Max al 'Mejor autor teatral en lengua gallega", *La Región*, "Ourense", 5 febreiro 2008, p. 7.

Coméntase a concesión do Premio Max de Teatro ao Mellor autor teatral en lingua galega á obra *Emigrados* que ten cinco coescritores, Sonia Torre Delgado, Xosé Manuel Pazos, Cándido Pazó, Suso de Toro e Anxos Sumai. Dise que a obra foi levada á escena por Teatro de Ningures e que presenta cinco perspectivas-reflexións sobre o fenómeno da emigración, a inmigración, o retorno, a perda de raíces, así como o drama individual e social que supón esta forma de exilio. Por último sinálase que son uns prestixiosos premios organizados pola Fundación Autor e a Sociedad General de Autores e Editores (SGAE) e que constan de vintetrés categorías.

- Anxa Correa, "O Max foi para 'Emigrados", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 febreiro 2008, p. 76.

Fala do Premio Max de Teatro que recibiu *Emigrados* ao Mellor autor teatral en galego, co-escrita por Xosé Manuel Pazos, Cándido Pazó, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia

Delgado. Recolle as palabras de Suso de Toro que, entre outras cuestións, afirmou que o éxito do texto se lle debe atribuír á Compañía Teatro de Ningures e ao seu director, Etelvino Vázquez.

- Lorena Crespo, "El Max ha reconocido la emigración", *La Región*, "Ourense", "Personaje del día", 6 febreiro 2008, p. 6.

Entrevista a Sonia Torre Delgado, gañadora do Premio Max de Teatro xunto cos catro co-escritores da obra *Emigrados*. Comenta o nacemento deste proxecto común e di que ela contou a visión dunha nena filla de emigrantes, da que afirma que se podería considerar autobiográfico. Por outra banda, conta como comezou no mundo do teatro e opina a respecto da situación do teatro en Galicia. Para rematar, responde como conxuga o labor de xornalista co de escritora teatral.

- Matilde, "Escaparate", *Atlántico Diario*, "Opinión", 6 febreiro 2008, p. 5.

Lémbrase que un dos Premios Max de Teatro foi para a obra *Emigrados* e elóxiase a un dos autores que participaron nela: o vigués Cándido Pazó. Dise que xa recibira unha das estatuíñas no ano 2002 e tamén se nomean os outros autores da obra.

- D. M., "Emigrados' en A Coruña", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D escenarios", 8 febreiro 2008, p. 18.

Informa do Premio Max ao Mellor autor teatral que acadou a compañía Teatro de Ningures por *Emigrados*. A continuación, realiza un resumo da obra e dá conta tanto dos autores coma dos actores e actrices do reparto. Sinala que a dirección corre a cargo de Etelvino Vázquez e remata coas declaracións dun portavoz desta compañía de Teatro, que afirma que non se quere situar a peza no mero lamento.

- Mar Mato, "Esta administración non está á altura do que o teatro merece", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 febreiro 2008, p. 38/ "A Administración non está á altura do que o teatro merece", *La Opinión*, "Cultura", 10 febreiro 2008, p. 73.

Entrevista a Xosé Manuel Pazos tras gañar o Premio Max de Teatro ao Mellor autor teatral en galego pola súa obra *Emigrados*. Reflexiona sobre o significado do premio e a súa visión do teatro galego actual. Fala do proceso de creación da obra e das expectativas futuras e tamén fai unha crítica á Administración galega polas poucas axudas e pulo que lle ofrece.

- Clara Aldán, "Los premios Max llegan a Cangas y al Pleno", *Diario de Pontevedra*, "Y además", "A praza da verdura", 14 febreiro 2008, p. 29.

Menciónase que Xosé Manuel Pazos Varela foi galardoado co Premio Max das Artes Escénicas como Mellor autor teatral en galego pola obra *Emigrados*. A este respecto, infórmase que Clara Millán, alcaldesa de Cangas, aproveitou un pleno do Concello para facerlle un obsequio que representaba unhas máscaras teatrais.

- B. M., "Cultura non rexeitou entregar un premio Max", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 febreiro 2008, p. 67.

Alude á que a Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) negou que a Consellería de Cultura rexeitara entregar o premio ao mellor autor teatral. Mantense que a produtora contratada para a cerimonia contactou cunha entidade "representativa na defensa da lingua galega" para entregar o premio e que os seus responsábeis rexeitaron a proposta. Remátase dicindo que o premio foi para *Emigrados* e que na gala de entrega os presentadores fixeron referencia ao sucedido.

Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio iniciado no ano 1988, creouse coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome. A partir da edición de 1999, a súa convocatoria é bienal. A Deputación Provincial da Coruña, entidade convocante, estabeleceu, dende o ano 2001 que ao Premio de Teatro Rafael Dieste podían optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presentasen obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega, concedendo un premio único e indivisíbel dotado con 6.500 euros. A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador trinta exemplares, do mesmo xeito que poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor. As obras foron de tema e extensión libres, e presentáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentáronse baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes tiñan a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obtivera a obra presentada, no momento en que esta situación se producise, o que daría lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuou en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións foron secretas e delas redactouse a acta correspondente. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estimáronse positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etcétera. O xurado non podía declarar deserto o premio e a súa proposta foi obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que foi o órgano competente para resolver o premio. Os textos tiñan que enviarse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre "Premio de Teatro Rafael Dieste". No ano 2008 non se convocou.

Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organizado polo Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela dende o seu programa de sensibilización das culturas vikinga e galega e ao mesmo

tempo co desexo de contribuír á creación teatral. As obras para presentar debían ser inéditas, escritas en galego e nas que o tema gardase relación con calquera dos aspectos das incursións vikingas e defensa das mesmas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debía ter en conta que se trataba dunha representación popular na que participarán actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra correu a cargo do autor. A presentación ao concurso esixiu a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que contiñan: o sobre A orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presentou o texto e que permitía a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describira a posta en escena do espectáculo. O sobre B debía incluír o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fora o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello debían escribir "Catoira" no exterior do mesmo. Os dous sobres debían ir pechados para enviar ao enderezo Concello de Catoira, Rúa do Concello, 6, Catoira, Pontevedra antes do 31 de xañeiro de cada ano. Estabeleceuse un único premio de 4.808 euros que conleva a obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor/a propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valorouse a visibilidade da súa posta en escena así como a innovación no libreto e que os autores non representaran as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado correspondeu á USC e ao Concello de Catoira e formaron parte del a Concellería de Cultura do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro e un representante da USC. O xurado podía declarar deserto o premio se non reunía as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras será elixida para representación do ano seguinte ao da convocatoria tendo en conta que o/a autor/a non representara en anos anteriores. Neste caso terán preferencia os residentes en Catoira para darlle así oportunidade ás persoas de Catoira. No ano 2008 non houbo convocatoria.

X.4. INVESTIGACIÓN

Premio Literario **Ánxel Fole**

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Puideron optar a el todas as persoas, con traballos en galego ou en castelán, inéditos, cunha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espazo, referidos a calquera aspecto da vida ou da obra de Purificación de Cora. Os orixinais tiñan que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso* antes do 31 de marzo. O premio estaba dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 euros, amais da publicación da obra, e o ditame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realizouse na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. Na edición de 2008 resultou gañador o ensaio *Purificación de Cora y Más Villafuerte, da prensa de partido ao xornalismo como empresa*, de Nicolás Vidal. O xurado estivo composto por Ramón Villares; o profesor de Historia da USC, Xosé Ramón Veiga; José de Cora, Director Xeral de *El Progreso*, e Sinesio Pérez, Director da Fundación Caixa Galicia en Lugo.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Nicolás Vidal gana el Anxel Fole con una obra que 'achega ao Puro de Cora político", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 maio 2008, p. 85.

Anúnciase o gañador do Premio Literario Ánxel Fole, convocado pola Fundación Caixa Galicia e *El Progreso*, centrado na figura de Purificación de Cora y Más Villafuerte, nada hai cento cincuenta anos e fundadora do xornal *El Progreso*. Dise que o autor gañador foi o xornalista Nicolás Vidal que fai unha aproximación á faceta política de De Cora, o que foi unha das novidades que destacou o xurado para entregarlle o premio a esta xornalista. Dáse conta dos membros que formaron o xurado e coméntase a estrutura do ensaio gañador. Finalmente anúnciase que a próxima edición estará centrada no estudo da pintora Maruja Mallo.

- S. J.,"A continuidade familiar foi a clave para que o xornal se mantivera moito tempo", *El Progreso,* "Vivir", "Cultura", 9 maio 2008, p. 85.

Breve entrevista ao autor que gañou o Premio Literario Ánxel Fole de ensaio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* que se centrou na figura de Purificación de Cora y Más Villafuerte, fundadora do citado xornal. Fai un repaso pola biografía de De Cora e como grazas a ela o xornal tivo continuidade até a actualidade.

Premio **Dámaso Alonso** de Investigación Filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso

Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio, dotado coa suma de 6.000 euros, foi entregado polo Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Podían concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A4, escritas mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que debían ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago). Os exemplares tiñan que ir acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debía ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica podía ser o galego ou o castelán e o tema debía tratarse dos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos peninsulares, estudos e ensaios historico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura ou historia da crítica literaria. Na edición de 2008 o xurado premiou a Ana María Porteiro Chouciño cunha edición crítica e estudo dunha obra de Lope de Vega, *Del monte sale quien el monte quema*.

Premio **Manuel Murguía** de Ensaio

Dotado cun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora, convocouno a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador". Podían concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia. A extensión dos textos foi libre e enviáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN-A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentáronse baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Debían enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña) e o prazo de admisión de orixinais finalizou o día 30 de setembro. Neste ano 2008 saíu do prelo o libro gañador da pasada edición. O xurado estivo presidido por Salvador Fernández Moreda e contou con Caridad González Cerviño, Luis Alonso Álvarez, Carmen Fernández Casanova, Ramón López Facal, Mª Xosé Rodríguez Galdo, Carmen M. Valderrama Currás e como secretario actuou Rogelio López Cardalda. Resultou gañadora María Liliana da Orden co ensaio *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculos y experiencias a través de la memoria fotográfica y epistolar (1894-1972)*.

Premio **Nacional de Ensaio**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e co décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración da empresa eléctrica Unión Fenosa. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel podía participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versasen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios foi libre e os traballos debían evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos debían estar asinados cun lema ou pseudónimo, e a extensión dos traballos abrangueu entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Debían ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. Os orixinais enviáronse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, 44, 36204, Vigo). Estabeleceuse un único premio, consistente en 6.000 euros que foi outorgado ao ensaio que posuía maior fondura e orixinalidade e reunía suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, podía recomendar a publicación de traballos de interese que presentaron pero que non recibiron o premio e así mesmo podía declaralo deserto. A contía do premio incluíu os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". O prazo de recepción de orixinais rematou o 10 de novembro de 2008 e a resolución deuse a coñecer no mes de decembro. No ano 2008 o xurado, integrado por Luís Alonso Girgado, María López Sandez, Rosa Marta Gómez Pato, Ramón Villares e Carlos Lema, premiou a Xosé Ramón Quintana Garrido polo ensaio *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Entre Marx e 'Coca-Cola", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premio", 23 decembro 2008, p. 29.

Faise eco da concesión do Premio Ramón Piñeiro, dotado con 6.000 euros e a publicación da obra gañadora pola editorial Galaxia que nesta edición recaeu no traballo *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido. Indícase que, segundo o título, a obra se centra na análise dos cambios de liderado sucesivos experimentados no seo da formación política, así como toda unha serie de reformas vividas no camiño evolutivo do BNG.

Premio de Investigación **Xesús Ferro Couselo**

Organizado polo Concello de Valga, o premio contou con dúas modalidades ("Auga, Santo Tomé de Moreiras e Natureza e Superstición na Tradición Popular Galega" e "Leprechaune") e ten unha contía de 4.000 euros. No ano 2008 o xurado acordou por unanimidade declarar o premio deserto por considerar que ningún dos traballos presentados reuniu a calidade mínima esixida para a concesión.

Premio de Investigación **Xohana Torres**

A Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela convocou dende 1993 este premio ao que podían concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presentasen un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referíronse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etcétera. Debían estar escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espazo e presentáronse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se incluían os datos das participantes. O prazo de admisión de traballos abrangueu dende o 8 de marzo até o 31 de decembro. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. A concesión do premio implica a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril), e a publicación do traballo correu a cargo do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago. Neste ano 2008 resultou merecente deste galardón Serrana Mercedes Rial García polo seu traballo *Desde o campo e o mar ata o tear e o fogar a invisibilidade rómpese en mil anacos. As mulleres do campo na Galicia da Época Moderna*. A esta edición do certame presentáronse tres investigacións.

Premio **Valle-Inclán**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 euros. Foi constituído no ano 2004 co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do "esperpento" e para profundar, a través de estudos rigorosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do seu traballo literario. Puideron concorrer traballos orixinais e inéditos, escritos en calquera das linguas oficiais de Galicia, dos que se debían presentar cinco exemplares mecanografados a dobre espazo, que se presentaron baixo lema ou pseudónimo, caso no que se achegou a correspondente identificación do autor nun sobre á parte. A presentación das solicitudes por parte dos candidatos fíxose no rexistro xeral desta Deputación a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Nas edicións anteriores recaeu en Xaquín Núñez Sabarís, por *Valle-Inclán en el fin de siglo. Estudio crítico de* "*Femeninas*"; Euloxio Ruibal, polo estudo *Valle-Inclán e o teatro galego*; ex aequo por Anxo Abuín González, por *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio*, e Elianne Lavaud-Fage, por *Valle-Inclán ¿un sistema literario?*. Na edición de 2008, o premio foi para *Todo Valle-Inclán en Roma*, do Grupo de Investigación Cátedra Valle-Inclán da USC e acordáronse dous accésits para *La revolución espectacular. El teatro de Valle-Inclán en la escena mundial*, de José María Paz Gago, dotado con 4.000 euros, e *La Galicia arcádica de Aromas de*

leyenda. Huellas de la pastoral clásica en el primer poemario de Valle-Inclán, de Soledad Pérez-Abadín Barro, con 2.000 euros.

Referencias varias:

- Sara Roldán, "Vilanova clausura la Semana Cultural con el fallo del premio y la ofrenda floral a Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", Cultura, 29 outubro 2008, p. 14.

Dá conta da homenaxe ao escritor Valle-Inclán no aniversario do seu nacemento, acto no que tamén se deu a coñecer ao gañador do Premio Valle-Inclán, dotado con 18.000 euros e a publicación da obra gañadora, que este ano foi *Todo Valle-Inclán en Roma*, do Grupo de Investigación de Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela. Fai referencia a este grupo formado por Margarita Santos Zas, Sandra Domínguez Carreiro, Rosario Mascato Rey, Catalina Mínguez Vilas, Carmen Elena Vílchez Ruíz, Cristina Villarmea Álvarez, Franca Martínez Rodríguez e a colaboradora Ángeles Gómez Abalo.

- María N. Gómez, "Un día de otoño entretenido", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 30 outubro 2008, p. 78.

Recolle a concesión dos Premios Valle-Inclán e di que o primeiro premio foi para o Grupo de Investigación Cátedra Valle Inclán da Universidade de Santiago, polo seu traballo *Todo Valle-Inclán en Roma.* Dá conta tamén dos accésit concedidos, sendo o primeiro deles para *El teatro Valle-Inclán en la escena mundial*, de Jose María Paz Gago, e o segundo para *La Galicia arcádica de aromas de Leyenda. Huellas de la pastoral clásica en el primer poemario de Valle-Inclán*, de Soledad Pérez Abadín Barro.

- Fernando Salgado, "La Cátedra Valle-Inclán recibe el premio dedicado al escritor vilanovés", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 novembro 2008, p. 60.

Infórmase que a Casa Museo de Valle-Inclán en Vilanova foi o lugar elixido para entregar o Premio Valle-Inclán ao Grupo de Investigación de Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela, recoñecendo o mérito do seu traballo *Todo Valle-Inclán en Roma*. Indícase tamén que o presidente da Deputación, Rafael Louzán, subliñou a alta calidade de dita investigación.

- Sara Roldán, "Louzán entrega el Premio Valle-Inclán al Equipo de Investigación de la USC", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 15 novembro 2008, p. 13.

Refírese á entrega do Premio Valle-Inclán, dotado con 18.000 euros e a publicación da obra premiada, ao Grupo de Investigación de Cátedra Valle-Inclán da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa integrante Margarita Santos Zas foi a encargada de recoller o galardón no nome das súas compañeiras. Indícase que este grupo, formado por sete mulleres, recolle, entre outras cousas, necrolóxicas internacionais, coincidindo co día do pasamento do escritor. Finalmente, anúnciase que o libro, titulado *Todo Valle-Inclán en Roma* será publicado pola editorial da Deputación Provincial de Pontevedra.

Premio **Vicente Risco** de Antropoloxía e Ciencias Sociais

Convocado dende 1994 polos Concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Estivo dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Podían concorrer os que presentasen obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espazo, tiñan que ser presentados, por quintuplicado, antes do 31 de decembro, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, 77, 15820 Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que constasen os datos persoais e enderezo do autor. O xurado estivo composto por cinco membros, relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario e publicou a resolución na segunda quincena de xaneiro**.** Nesta decimoterceira edición de 2008 o xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo (en representación do Concello de Castro Caldelas), Teresa Devesa Graña (Concello de Allariz), Luís Martínez Risco-Daviña (Fundación Vicente Risco), Francisco Fernández Rei (Fundación Sotelo Blanco) e Xosé María Eguileta Franco (Fundación Vicente Risco e Fundación Sotelo Blanco), premiou o ensaio *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*, de Xosé Lois Ladra Fernández.

Referencias varias:

- maré, "Hoxe resólvese en Compostela o Premio Vicente Risco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2008, p. 34.

Dise que os concellos de Allariz e Castro Caldelas e as fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco resolven ese día na sede da Fundación Sotelo Blanco, en Compostela, a XIII edición do premio Vicente Risco. Infórmase de que está dotado con seis mil euros e a publicación da obra gañadora pola editorial Sotelo Blanco.

X.5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

Premio **Antón Losada Diéguez**

Organizado polos Concellos do Carballiño e Boborás, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, ten como obxectivo premiar as dúas mellores obras publicadas en galego, nos campos da investigación e da creación literaria. Tivo unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. As obras debían estar escritas en galego e publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. Nesta edición de 2008 a organización do certame correspondeulle ao Concello de Boborás. Na modalidade de creación literaria o premio foi para Miguel Anxo Murado, por *O soño da febre*, e na modalidade de investigación levou o galardón Xusto Beramendi, polo traballo *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. O xurado, presidido por Cipriano Caamaño, alcalde de Boborás, contou con representantes de institucións culturais como a RAG, o CCG, a Deputación de Ourense, as Universidades de Vigo e A Coruña, o Museo do pobo Galego e a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas da USC.

Referencias varias:

- M. J., "Premios para Murado y Beramendi", *La Región*, 6 xuño 2008, p. 21.

Sinálase que os gañadores do XXII Premio Antón Losada Diéguez son o escritor Miguel Anxo Murado pola súa obra *O soño da febre* e o profesor Xusto Beramendi polo seu traballo *De provincia a nación. Historia do galeguismo político.* Dise que cada galardón ten como premio seis mil euros e que o acto de entrega se realiza no pazo da familia Losada en Boborás. Tamén se explica que o premio é convocado polo Concello de Boborás e a Deputación de Ourense para contribuír ao fomento da cultura galega e ao tempo perpetuar a memoria do insigne galeguista Antón Losada Diéguez. Finalmente, realízase unha valoración moi positiva do xurado sobre as dúas obras gañadoras.

- Patricia Torre, "Villares: 'Murado e Beramendi coinciden nun punto nos seus libros que é Galicia", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 8 xuño 2008, p. 44.

Infórmase de que o Premio Antón Losada Diéguez é para Miguel Anxo Murado con *O soño da febre,* na categoría de narrativa, e para Xusto Beramendi coa obra *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, na modalidade de investigación. Tamén se recollen as palabras dos protagonistas ao recibir o premio.

- X. A. Reboiro, "Ramón Villares recorda o galeguismo e aos represaliados, na entrega do Losada Diéguez", *La Región*, "Carballiño", 8 xuño 2008, p. 19.

Coméntase que na vixésimoterceira edición do Premio Antón Losada Diéguez resultaron gañadores Xusto Beramendi no eido da investigación, polo seu traballo *De provincia a nación. Historia do galeguismo histórico*, e Miguel Anxo Murado no eido de creación literaria, pola súa novela *O soño da febre.* Sinálase en que consiste o galardón e destácase que o presentador do acto literario da entrega do premio, Ramón

Villares, lembra no seu discurso ao galeguismo e aos represaliados durante o franquismo.

- LR, "El concello carballiñés convoca la 24 edición del premio literario Antón Losada Diéguez", *La Región*, "Carballiño", 15 decembro 2008, p. 11.

Recóllese a convocatoria do Premio Antón Losada Diéguez, dotado con doce mil euros a repartir entre os traballos de investigación, ensaio e creación literaria. Dáse conta das bases e as datas de entrega e de resolución do xurado.

Premio da **Asociación de Escritores en Lingua Galega** (AELG)

Está organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recoñecéronse con este premio os mellores libros do ano anterior. Non tivo dotación económica e entregouse un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios foron os que debían elixir a mellor obra literaria do ano anterior. No ano 2006 creouse o I Premio Internacional AELG, baixo o lema "Escritor Galego Universal". Na edición de 2007 aumentaron os tipos de obras galardoadas, premiando obras de teatro, narrativa, poesía, tradución e ensaio, co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2008 mereceron os galardóns Agustín Fernández Paz con *O único que queda é o amor*, na categoría de literatura infantil e xuvenil; Miguel Anxo Murado, en narrativa, por *O soño da febre*; Marica Campo, en poesía, con *Sextinario (trinta e seis+tres)*; Xose Luís Méndez Ferrín pola súa traxectoria xornalística; Millán Picouto, en teatro, con *Ciclo de marte*; Justo G. Beramendi, en ensaio, por *De provincia a nación: historia do galeguismo político*; e en tradución Yolanda Vilarchao por *Poemas canónicos*, de Konstantin Kavatis. Finalmente, o premio da categoría Institucións recaeu na Mostra de Teatro de Ribadavia e o Escritor Galego Universal na poeta cubana Nancy Morejón. O acto de entrega tivo lugar durante a Cea das Letras no Hotel Puerta del Camino de Santiago, o día 26 de abril.

Referencias varias:

- X. A. R., "Os escritores galegos recoñecen cun premio á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia", *La Región*, "Provincia", 6 febreiro 2008, p. 17.

Dise que un dos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) é para a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia como recoñecemento ao labor desenvolvido a prol do teatro galego.

- maré, "Para un 'gran poeta e narrador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2008, p. 29.

Coméntase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) decidiu este ano conceder varios dos seus premios, entre outros, á Asociación Sociopedagóxica Galega (Premio Bos e Xenerosos pola súa traxectoria de máis de vinte e cinco anos de defensa do ensino en galego), á Mostra de Teatro de Ribadavian e á escritora cubana Nancy Morejón (Escritor Galego Universal). Así mesmo apúntase que se entregará a Letra E ao escritor Xosé Vázquez Pintor nun acto que se celebrará na súa terra natal de Melide, no que tamén se inaugura un monólito conmemorativo ou un espazo público co seu

nome. Por outra parte, indícase que se continúa con outras actividades como Escritores na universidade, o Encontro de Escritores na Coruña o 18 e 19 de xullo, o Congreso de escritores Entre dous séculos ou a Primeira Xornada sobre Literatura Oral que se fai en Lugo.

- A. C., "Luís Rei e Fina Casalderrey, entre os finalistas dos premios da AELG", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 13 marzo 2008, p. 74.

Indícanse os finalistas dos premios que concede anualmente a AELG na Cea das Letras nos diferentes apartados. Ademais infórmase que Nancy Morejón recibirá o Premio Escritora Galega Universal e a Mostra de Teatro de Ribadavia, o Premio AELG para Institucións.

- R. G., "Escritores de Ferrol en los premios AELG", *Diario de Ferrol*, "Literatura", 18 marzo 2008, contracuberta.

Infórmase que entre os aspirantes aos Premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega se atopan varios nomes de escritoras e escritores nacidos na comarca de Ferrol como Rosa Aneiros, Paula Carballeira e Xesús Constela. Tamén se nomean outros escritores e escritoras que figuran entre o resto de aspirantes e que dun xeito ou outro están relacionados con Ferrol ou co propio *Diario de Ferrol.*

- maré, "Os nomes da escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 abril 2008, p. 34.

Coméntase que se celebrou en Compostela a Cea das Letras, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na que se fixo entrega dos premios ás mellores obras publicadas en galego en 2007. Noméanse as sete modalidades e dise que tamén se entregaron os galardóns Escritora Galega Universal á cubana Nancy Morejón e Institucións á Mostra de Teatro de Ribadavia. A continuación, dáse conta de cales foron os finalistas en cada un dos apartdos.

- maré, "Os nomes do canon", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2008, p. 29.

Sinala que, na Cea das Letras, a Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou os seus premios do ano con especial relevancia para o Premio de Institucións outorgado a Rubén García polo seu labor como director da Mostra de Teatro de Ribadavia. Dise tamén que o outro galardón Premio Escritor Galego Universal outorgado igualmente por consenso, foi para a escritora cubana Nancy Morejón. Infórmase de que a cea se celebrou no Hotel Puerta del Camino de Santiago de Compostela e a continuación danse os nomes dos gañadores en varios dos apartados.

- L. R., "A noite dos escritores da AELG ", *A Nosa Terra*, n.º 1.308, "Cultura", 1-7 maio 2008, p. 39.

Alúdese ao acto de entrega dos galardóns literarios concedidos pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que tivo lugar o 26 de abril deste mesmo ano. Dise que estes premios recoñeceron as mellores obras de 2007 en diferentes categorías: en literatura infantil e xuvenil foi premiado Agustín Fernández Paz coa obra *O único que queda é o amor* que formaba parte dunha listaxe de candidatos como An Alfaya ou Paula Carballeira; o premio á mellor narración foi para Miguel Anxo Murado por *O*

soño da febre e o de poesía para Marica Campo con *Sextinario*. Tamén se indican outros premiados como Millán Picouto por *Ciclo de marte* ou Justo G. Beramendi como mellor ensaio con *De provincia a nación: historia do nacionalismo político*. Por último dise que se premiou a tradución feita por Yolanda Vilarchao para Rinoceronte dos *Poemas canónicos* de Konstantin Kavatis.

- Marcos Valcárcel , "Parabéns", *La Región,* "Sociedad", "Pan por pan", 2 maio 2008, p. 69.

Felicítase, entre outros, a Millán Picouto por recibir o premio que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) concede á súa obra *Ciclo de Marte* como a mellor obra dramática de 2007, e a Olga Gallego, custodia da memoria do galeguismo na Fundación Penzol, polo premio Trasalba 2008.

- Kevin Carballo, "Fernández Paz, no acto do día", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 3 xuño 2008, p. 86.

Faise eco da participación de Agustín Fernández Paz nunha sesión do Clube de Lectura do Burgo, no que se comentará a súa obra *O único que queda é o amor*, galardoada co Premio Xosé Neira Vilas de Literatura Infantil e Xuvenil do ano 2007 e co Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2008. Dise que o encontro, que se celebra no local da Asociación Cultural do Burgo, rematará coa lectura pública do libro, reservando para iso unhas sesións previas nas que se comentarán pasaxes da novela. Coméntase que a seguinte lectura será *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro.

- maré, "A voz de Tlatelolco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 19 decembro 2008, p. 31.

Dáse conta da concesión do galardón Escritora Galega Universal á escritora mexicana Elena Poniatowska. Realízase un percorrido biobibliográfico da escritora. No apartado "Datos" lémbrase á cubana Nancy Morejón como última galardoada mentres que no apartado A entrega recolle a lista de galardóns que se entregarán esa noite.

Certame **Carvalho Calero**

Premio organizado polo Concello de Ferrol e a Asociación Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Contou coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Cada un dos premiados recibiu 3.606 euros e verá a súa obra publicada na editorial Laiovento. Na edición de 2008, na modalidade de creación literaria recibiu o galardón Henrique Dacosta con *Unha mada de relatos* mentres que a modalidade de investigación quedou deserta. O xurado estivo composto por Yolanda Díaz, que actuou como presidenta, Goretti Sanmartín, Xurxo Borrazás, Pilar García Negro, Paula San Vicente, Xosé Manuel Maceira e Iolanda Gomis.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, “Da Costa gaña o Carvalho Calero por terceira vez”, *La Voz de Galicia,* “Cultura”, 6 xullo 2008, p. 34.

Infórmase de que o escritor, profesor e ensaísta, Henrique da Costa, gaña por terceira vez o Premio Carvalho Calero que convoca o Concello de Ferrol e a Sociedade Cultural Medulio na súa décimo sexta edición. Dise que o título da obra gañadora é *Unha mada de relatos* e que o xurado está presidido por Yolanda Díaz e formado por Goretti Sanmartín, Xurxo Borrazás, Pilar García Negro, Paula San Vicente, Xosé Manuel Maceira e Iolanda Gomis.

- M. J. R, “Medulio reivindica a Carvalho Calero na entrega do seu premio a Dacosta”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, “Literatura”, 20 decembro 2008, p. 14.

Dá conta da entrega do Premio Carvalho Calero que foi parar a Henrique Dacosta polo libro *Unha mada de relatos*. Recolle tamén a presentación dos libros gañadores de 2006, o de creación de Paula San Vicente, *Fios-de-contas*, e o de investigación *O nacionalismo cívico*, de Xosé Manuel Maceira.

Certame Literario **Concello de Ames** de Narrativa e Poesía

O Concello de Ames convocou este certame literario de narrativa e poesía, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 14 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Houbo tres premios en metálico por cada unha destas franxas de idade en ambas as modalidades, que foron de 120 euros, 90 euros e 60 euros na primeira categoría; 150 euros, 120 euros e 90 euros na segunda; e 210 euros, 150 euros e 120 euros na terceira. Todas as persoas que desexasen participar no certame debían enviar antes do 20 de abril de 2008 catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Concello de Ames. Servizo de Normalización Lingüística (Avda de Azcárraga n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña). A extensión mínima foi de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima foi de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema foi libre e só se puido presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. O acto de entrega tivo lugar nun acto celebrado o Día das Letras Galegas. No ano 2008, na modalidade de narrativa, os traballos premiados foron na categoría de até 14 anos, para Xaime Santiago Subiela con “Ó fin reunión familiar”, Pedro Cortegoso Doval con “Enmask: o reino celestial” e Anxo Gende Seoane con “Cartas agochadas”; na categoría de 14 a 18 anos, Daniel Martínez Mariño con “O tempo que nos queda”, Lorena Riveiro Rodríguez con “O cartel” e Noelia Martínez Rey con “Un verso do poema”; na categoría de adultos, Conchi Lago Ges con “Primeira noite”, Xosé Anxo Corral Suárez con “O derradeiro voo de P. P.” e Moisés Álvarez Jorge con “Número oculto”. Na modalidade de poesía os premiados nas diferentes categorías foron: até 14 anos, Nuria Rodríguez Rivas con “O castelo encantado”, Gabriela Legaspi Fernández con “Reflexión” e Minia Monteagudo Vilavedra; na categoría de 14 a 18 anos, Rosa Catarina Piñeiro Fariña con “Memorial de Malditos”, Lucía Paniagua González con “Que longa” e Lucía Campos Rilo con “Amores do mar”; na categoría de adultos, Alberte Momán Noval con “Agora”, Alba Cid Fernández con “Combustión de la meiriña” e Heriberto José Villar Patiño con “O tabernícola”.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourensá-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizaron (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade foron da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrecían as achegas que se consideraron había de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se deron a coñecer no decurso dun acto público que se celebrou o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxiron á produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio foi un e indivisíbel e podía quedar deserto. Todas as producións que se consideraron merecedoras de premio tiñan que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo. O xurado, aténdose así mesmo aos períodos fixados, podía incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compúxose de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designou un presidente entre eles que tivo a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliou ao presidente e demais membros do xurado, redactou e leu a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado foron persoas de recoñecida competencia, polo menos nun sector da modalidade do premio, e non debían ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes e ademais deberían aceptar estas bases. Todos os xurados quedaron nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros tiñan que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se ían cualificar e correspondeulles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais inapelábeis tomáronse nunha sesión de traballo que se celebrou o mesmo día da entrega do premio e permaneceron secretas mentres os secretarios non deron lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da "Crítica Galicia" abranguen as seguintes modalidades: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluído o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producións de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada

edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear, dende 1993, "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consistiu nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representaba a Martín Códax. Neste ano 2008 os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes: "Creación literaria" a Miguel Anxo Murado por *O soño da febre*; a Xusto Beramendi en "Investigación" con *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; a Xurxo Borrazás en "Ensaio" con *Arte e parte. Dous patriarcas á arte suicida*; en "Música" a colección "A tiracolo", da editorial Ouvirmos; en "Iniciativas Culturais" ao Arquivo do Reino de Galicia; en "Ciencias e arte da representación" a Xaime Quessada Porto, e o premio "Galego Egrexio" foi para R. Telecomunicación. O xurado da modalidade de "Creación literaria" estivo composto por Darío Villanueva (presidente), Bieito Iglesias Araújo, Carmen Villarino, Inma López Silva, Manuel Rivas, Olivia Rodríguez González e Pilar García Negro. O acto de entrega tivo lugar o 31 de maio no balneario de Mondariz na Cea das Letras.

Referencias varias:

- Xosé González Martínez, "Premios da Crítica Galicia", *Faro de Vigo*, "Opinión", 21 maio, p. 30/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 22 maio 2008, p. 32 */La Región*, "Opinión", 24 maio 2008, p. 23.

Despois de definir a esencia destes galardóns, informa das persoas que resultaron premiadas nos diferentes ámbitos como Xusto Beramendi, Xurxo Borrazás ou Xaime Quesada e apunta que a Fundación concedeu outro premio co nome de Galego Egrexio, que lle foi concedido a R Cable e Telecomunicacións. Por outro lado, nomea algunhas distincións anteriores que deron "acubillo a iniciativas culturais" e dignificaron a lingua e a cultura do país. Remata informando da celebración da Cea das Letras Galegas, onde serán entregados os Premios da Crítica Galicia 2008.

Premios da **Crítica Española**

Creado no ano 1956 e dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. No ano 2008 déronse a coñecer os premiados da edición de 2007. En galego, os galardóns recaeron en Luís Rei Núñez pola súa obra *O señor Lugrís e a negra sombra,* en narrativa, e en poesía, en Helena de Carlos polo poemario, *Vigo*.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, “Xente que fai o seu producto en tardes, véndeo meses”, *Diario de Pontevedra,* “Vivir aquí”, 6 abril 2008, p. 64.

Entrevista ao autor que resultou gañador do Premio Nacional da Crítica 2007, Luís Rei Núñez pola súa obra *O señor Lugrís e a negra sombra*. Nela o autor destaca outra faceta persoal de Manuel Lugrís Freire máis alá da de pintor recoñecido e os difíciles momentos por el vividos durante o franquismo e os derradeiros anos da súa vida. Tamén fala sobre o oficio de escritor e a dura tarefa de ser escritores recoñecidos fóra de Galicia. Fai por último unha referencia á outra poeta gañadora en lingua galega, Helena de Carlos así como aos gañadores nas outras linguas do estado, tanto en narrativa coma en poesía.

- Dolores Vilavedra, “Sen complexos de segundóns”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 11 abril 2008, p. 10.

Infórmase da concesión dos Premios da Crítica Española 2007 a Helena de Carlos na categoría de poesía polo seu poemario *Vigo* (Galaxia) e a Luís Rei Núñez en narrativa pola súa obra *O señor Lugrís e a negra sombra* (Edicións Xerais de Galicia). Tamén se fai unha valoración moi positiva sobre estes premios e a súa historia e felicítase á literatura galega pola súa calidade.

- Xosé María Dobarro Paz, “Galardóns”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 13 abril 2008, p. 25.

Alude á entrega dos premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, que tiveron lugar en Arzúa. Conta que o Pedrón de Ouro levouno Justo Beramendi e o de Honra, Xosé Lois García. Incide ademais na traxectoria profesional dos galardoados e manifesta que o Padroado do Pedrón “acertou nestas concesións”. Apunta que tamén se resolveron en Huelva os Premios da Asociación Española de Críticos Literarios, e céntrase nos agasallados en lingua galega: Luís Rei Núñez e Helena de Carlos. Remata aludindo ao bo momento polo que atravesa a literatura galega.

- Sandra Penelas, “Vigo é a imaxe dunha praia nun día de verán de mañá cedo”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 5 xuño 2008, p. 12.

Helena de Carlos tras gañar o Premio Nacional da Crítica no apartado de poesía en galego coa súa cuarta obra, o poemario *Vigo*, fala sobre a cidade de Vigo que inspira o poemario e sobre os propios poemas que o conforman.

Premios da **Edición**

Convocados pola Asociación Galega de Editores (AGE). Os galardóns tiveron seis categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de 2008; Premio Lois Tobío ao Libro Traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil e o Premio Francisco Fernández del Riego á Cooperación no Labor Editorial. No ano 2008 os premiados foron Agustín Fernández Paz como autor do ano; Miguel Anxo Murado, por *Fin de século en Palestina* ao mellor libro do ano; Xesús Fraga, tradutor de *Lolita*; Xosé Cobas ao libro ilustrado polas ilustracións d’*O libro das viaxes imaxinarias*, de

Xavier P. Docampo; Elvira Riveiro por *PalAbrAs brAncAs* ao libro infantil e xuvenil; e Santiago Lamas de Gadisa recibiu o Fernández del Riego pola promoción do libro editado en galego. A entrega do premio tivo lugar o 19 de decembro no Verbum-Casa das Palabras de Vigo.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "Santiago Lamas logra el premio 'Fernández del Riego' por su artículo 'Ventos", *La Región*, "Ourense", 4 marzo 2008, p. 9.

Dá conta da entrega do Premio Francisco Fernández del Riego sobre artigos literarios ao xornalista Santiago Lamas polo seu artigo "Ventos", publicado no xornal *La Región* baixo o pseudónimo Ega de Alencar. Explica que o tema do artigo son os ventos que percorren Galicia, en paralelismo cos aires de esperanza que narraba Álvaro Cunqueiro. Precisa que o presidente do xurado foi Alfredo Conde e que o premio tivo unha contía de 12.000 euros. Finalmente, alude á satisfacción de Lamas polo galardón recibido.

- Alfredo Conde, "Os ventos fantásticos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 15 agosto 2008, p. 4.

Comeza anunciando o outorgamento do Premio Francisco Fernández del Riego a Santiago Lamas por un artigo que versa sobre os ventos, no que fala de Álvaro Cunqueiro e Joseph Conrad e, a continuación, aludindo a un vento de fantasía propio de Galicia, explica unha serie de episodios fantásticos situándoos en terras galegas.

- maré, "Beramendi e Fernández Paz, candidatos a autor do ano", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Edición", 12 decembro 2008, p. 32.

Comenta a candidatura dos premios nacionais Justo García Beramendi e Agustín Fernández Paz a autores do ano que entrega a Asociación Galega de Editores. Recolle tamén os finalistas ao Premio a Libro do Ano e Libro Infantil e Xuvenil.

- Belén López, "Xosé Ballesteros e Elvira Riveiro son finalistas nos premios da Edición", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 16 decembro 2008, p. 85.

Informa da nominación dos finalistas dos Premios da Edición, que outorga a Asociación Galega de Editores. Di que Elvira Riveiro e mais Xosé Ballesteros estarán nesta nominación xunto a Miguel Anxo Murado, Justo García Beramendi e Agustín Fernández Paz. Menciona tamén a homenaxe que recibirán os fundadores da AGE no seu vixésimo quinto aniversario. Finalmente dá conta dos finalistas nas categorías de libro do ano, libro infantil e autor do ano.

- maré, "A voz de Tlatelolco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 19 decembro 2008, p. 31.

Faise eco da concesión do galardón Escritora Galega Universal á escritora mexicana Elena Poniatowska, da que se realiza un percorrido pola súa bibliografía. No apartado "Datos" lémbrase á cubana Nancy Morejón como última galardoada mentres que no apartado "A entrega" recolle a lista de galardóns que se entregarán esa noite: Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano, Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil,

Premio Luís Tobío ao Libro Traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado e o Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano.

- Teresa Cuíñas, "Los editores premian a Gadis, Murado y Fernández Paz", *El País*, "*Galicia*", 25 novembro 2008, p. 7.

Dá conta da entrega dos Premios da Edición 2008, na que resultaron premiados na categoría de Mellor campaña publicitaria o spot de Gadisa "Vivamos como galegos"', recoñecido co Premio Francisco Fernández del Riego. Indícase tamén que, na categoría Libro do Ano, o merecedor do galardón foi *Fin de século en Palestina*, de Miguel Anxo Murado; *Palabras Brancas*, de Elvira Riveiro, foi gañadora do Premio Xosé Neira Vilas ao libro Infantil e Xuvenil. Finalmente, o mellor álbum ilustrado do 2008 foi *O libro das viaxes imaxinarias*, escrito por Xabier Puente Docampo e ilustrado por Xosé Cobas.

- B. R. Sotelino, "Os editores galegos premian a Fernández Paz como autor do ano e destacan a campaña 'Vivamos como galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2008, p. 53.

Comenta o Premio Xosé María Álvarez Blázquez outorgado a Agustín Fernández Paz pola Asociación Galega de Editores. Explícase que este galardón foi creado no ano 2005 coa intención de recoller a excelencia do traballo editorial levado a cabo polos membros da Asociación. Indícase tamén que o gañador do Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano foi para a Editorial Galaxia pola obra *Fin de Século en Palestina*, do escritor Miguel Anxo Murado.

- Fernando Lema, "Fernández Paz, o escritor do ano", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 decembro 2008, p. 67.

Recolle a proclamación, de man da Asociación Galega de Editores, de Agustín Fernández Paz como autor do ano despois de recibir o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor*. Menciona tamén os premios como mellor libro que recaeu en *Fin de século en Palestina*, de Miguel Anxo Murado, e de literatura infantil que foi para *PalAbrAs brAncAs*, de Elvira Riveiro Tobío. Tamén apunta que *O libro das viaxes imaxinarias*, do debuxante Xosé Cobas levou o galardón ao mellor libro ilustrado; e que o premio á mellor tradución foi para Xesús Fraga, como tradutor de *Lolita*, de Nabokov.

- maré, "Referentes da escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Noite da edición", 20 decembro 2008, p. 31.

Refírese á entrega dos premios da Asociación Galega de Editores e sinala que entre os premiados están Agustín Fernández Paz como autor do ano e Miguel Anxo Murado por ser considerada a súa obra, *Fin de século en Palestina*, o mellor libro. No eido da literatura infantil, explica que o premio foi para Elvira Riveiro Tobío por *PalAbrAs brAncAs*, mentres que a consideración de Mellor libro ilustrado recaeu no traballo presentado polo debuxante Xosé Cobas n'*O libro das viaxes imaxinarias*, de Xavier P. Docampo. En canto á mellor tradución, sinala que o premio foi para Xesús Fraga pola súa tradución de *Lolita*, de Nabokov. Por último, no apartado "Datos", alude á historia do galardón así como aos seus obxectivos.

- L. R., “Agustín Fernández Paz mellor autor do ano e *Fin de século en Palestina*, mellor libro”, *A Nosa Terra*, n.º 1339, “Cultura”, 24-30 decembro 2008, p. 27.

Informa da entrega dos premios da Asociación Galega de Editores, na súa IV Noite da Edición, coincidindo co vinte e cinco aniversario de dita entidade. Recollen os premios que foron para Agustín Fernández Paz como autor do ano e para Miguel Anxo Murado por *Fin de século en Palestina* considerado o mellor libro editado de 2008. A seguir, apunta que na categoría de literatura infantil o premio foi para Elvira Riveiro Tobío con *PalAbrAs brAncAs*, mentres que foi recoñecido como o mellor libro ilustrado *O libro das viaxes imaxinarias*, do debuxante Xosé Cobas e mais o escritor Xavier P. Docampo. En canto á mellor tradución, o premio foi para Xesús Fraga, como tradutor do *Lolita* de Nabokov. Tamén di que foron homenaxeados no apartado de edición histórica os fundadores da Asociación Galega de Editores.

Premios **Gzcrea**

Certame galego de creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos, convocados pola Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e de Solidaridade da Xunta de Galicia, que incluíu as especialidades de teatro, artes plásticas, composición para banda de música, moda, música, relato, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, videoclips e deseño de xoias. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos debían ser orixinais, inéditos e en galego, tendo temática libre, e debían ser presentados en formato papel e en CD. Para cada modalidade estabelecéronse tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, podíanse consultar as páxinas webs de Gzcrea ou da Consellería de Xuventude. Nesta edición 2008, o prazo de presentación dos traballos rematou o 30 de xuño. Na categoría de Banda deseñada o galardón foi para Martín Romero Outeiral con *O home do saco*, o segundo premio para María Dolores Lorente Esquiva pola súa obra *Ventrílocuo* e o terceiro para Jerónimo Piñeiro de Castro coa obra *Carta dende a fronte*, recibindo unha mención de honra Diego Campos Omil pola obra *Que ben se está en todas partes*. O xurado de banda deseñada estivo composto por Rubén Cela, Benito López Losada e os artistas Manuel Peña Villar, David Pintor, David Rubín, Kiko da Silva, Carlos Porteja Orjales, Henrique Torreiro Sebastián e Benito Losada. En Relato, os premiados foron: Iria Ameixeiras Cundíns, de Zas, pola obra “A confraría das palabras”; Carmen Núñez Sande, de Muros, pola obra “Sin título”; e Martina Vázquez Suárez, da Coruña, pola obra “Muller en seis pezas”. En Poesía, os premios foron para Lara Dopazo Ruibal, de Marín, por “Dende Illa Peixe”; Valentina Carro Padín, de Cambados, co poema “Ciclopes Pintábanse con Rimmel e Saian Angulos” e David Pérez González, da Pobra do Caramiñal, con “Poesía Primeira de Amor, Desamor e Arrefriado” e concedeuse unha mención de honra para Xosé Daniel Costas Currás, de Moaña, polo poema “Revoluciona(Me)”. En Teatro, os premiados foron Spasmo do IES Santa Irene, de Vigo, por *Presas*; Bicodobrelo, de Catoira, pola obra *Comedia bífida*; e Andaravía Teatro da A.C. Papaventos, de Vedra, coa obra *Metus Extremus*. Os premios entregáronse na Casa da Xuventude de Ourense durante a XX edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, celebradas do 1 ao 18 de outubro.

Referencias varias:

- Manuela Iglesias Cid, "Alba Pazos Gómez: xornalista, guionista e actriz", *Auria (Revista mensual de Caixanova)*, n.º 130, "Entrevista", febreiro 2008, pp. 16-19.

Conversa na que Alba Pazos Gómez comenta que vén de escribir e dirixir cos seus compañeiros do Grupo Teatral Os Containers a súa primeira obra titulada *Os sen tren*. Fala desta obra, que está ambientada nunha estación de tren onde se atopan diferentes personaxes, describe o seu proceso de creación e como naceu Os Containers e recalca que esta obra conseguiu o terceiro premio no concurso "GZ Crea" da Xunta de Galicia.

- Imanol Hernández, "Un coruñés gana el 'Galicia Crea' de Banda deseñada", *La Región*, "Ourense", 16 xullo 2008, p. 11.

Informa da concesión do premio na sección de banda deseñada, do certame galego de novos creadores Gzcrea 2008. Di que o xurado resolveu conceder o primeiro premio a Martín Romero Outeiral por *O home do saco* e que o segundo premio foi para María Dolores Lorente e a obra *Ventrílocuo*, mentres que o terceiro premio foi para Jerónimo Piñeiro de Castro e *Que ben se está en todas partes*.

- V. Oliveira, "Historias tristes, pero con 'humor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Certame", 18 xullo 2008, p. 28.

Dáse conta do primeiro premio do certame galego de novos creadores, Gz Crea 2008, que na categoría de banda deseñada foille outorgado este ano ao artista boirense Martín Romero pola súa peza *O home do saco* a cal afonda nas raíces mitolóxicas desta lenda, mais tratando de facer delas unha revisión un tanto arriscada e moderna. Finalmente, explícase que os seus novos homes do saco son feirantes que se dedican a vagar roubando de feira en feira.

- M. B, "Avance especacular en 20 anos de cómic", *A Nosa Terra*, n.º 1.328, "Cultura", 9-15 outubro 2008, p. 38.

Recolle a evolución que sufriu a banda deseñada galega dende que hai vinte anos botaron a andar as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Sinala o espectacular avance que experimentou co aumento de autores e revistas. Recolle no marco das xornadas a entrega do premio Gzcrea a Martín Romero Outeiral na modalidade de banda deseñada.

- Concha Pino, "El Salón Teatro se reviste con aires navideños", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 4 decembro 2008, p. 16.

Faise eco da gala de entrega dos premios Gzcrea, que tivo lugar no Teatro Principal da cidade de Santiago de Compostela. Saliéntase que o certame está promovido pola Dirección Xeral de Xuventude, cuxo responsábel, Rubén Cela, presidiu a cerimonia xunto coa delegada provincial da Vicepresidencia, Tareixa Novo.

- Belén López, "GZ Crea recoñece cos seus premios o talento pontevedrés", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 17 decembro 2008, p. 77.

Dá conta do éxito da provincia pontevedresa nos premios Gzcrea. Sinala no apartado da poesía que o primeiro premio recaeu en Lara Dopazo e o segundo en Valentina Carro, mentres que Anxo Graña recibiu unha mención de honra. Apunta que o I.E.S Santa Irene (Vigo) gañou na categoría de teatro, recaendo o segundo premio en Bicodobrelo (Catoira).

Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego. As propostas de participación podían ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das seis modalidades, consistiu nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e a categoría de Centros de Ensino, única con dotación económica, contou con 1.500 euros e dous accésit de 300 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertencía a localidade do colexio gañador. No ano 2008 o xurado estivo composto por Xaime Carlos Corral Prieto, presidente da federación de libreiros; Xurxo Patiño Pérez, secretario de dita asociación; María Xesús López Escudeiro, delegada da Consellería de Cultura; Inma López Silva, pola Asociación de Críticos de Galicia; Luciano Rodríguez Gómez, Isabel Blanco Prado e Rafael Silva Costoya. Os galardóns recaeron no IES Sanxenxo na categoría de Centros de Ensino, con dous accésits para o CEIP Emilia Pardo Bazán e o IES Álvaro Cunqueiro; en *Señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, como Libro do ano 2007; en Xosé María Álvarez Cáccamo, como Mellor Autor; no Pen Clube, na categoría de Institucións; en *De provincia a nación* como Obra Editorial; e , finalmente na librería Trama, por Mellor Libraría e nos suplementos culturais e pedagóxicos do *Faro de Vigo*, na modalidade de Medios de Comunicación e Novas Tecnoloxías. A gala de entrega tivo lugar o 12 de abril no Club Naútico de Sanxenxo.

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "Hai unha indigestión de títulos. Deberíanse publicar cousas máis selectas, e este é o momento", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Entrevista", 24 febreiro 2008, p. 31.

Entrevista a Jaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia con motivo da celebración dos XVII Premios Irmandade do Libro en Sanxenxo. Anuncia a súa retirada despois da gala desta edición, conta que se iniciou no mundo editorial despois de crear a libraría en 1978, momento no que tamén se incorporou á Federación, constituída un ano antes. Cre que a sociedade lectora se incrementou e sinala que hai que ser optimistas respecto do influxo das novas tecnoloxías no mundo do libro. Noutra liña, considera que a produción literaria en Galicia é excesiva porque "se produce moito e se promociona pouco".

- Belén López, "O IES Sanxenxo, a Biblioteca da Illa e Luís Rei, a polos premios dos libreiros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 abril 2008, p. 83.

Infórmase da resolución do xurado dos premios Irmandade do Libro que outorga anualmente a Federación de Libreiros e que se entregan en Sanxenxo o 12 de abril. Dise que entre outros finalistas, se atopan o IES de Sanxenxo, a Biblioteca da Illa e o escritor Luís Rei. Tamén se dá o nome do gañador na categoría de autor, Xosé María Álvarez Cáccamo, que asistirá á entrega dos premios. Por último, noméanse os outros finalistas da décimo sétima edición deste premio.

- A. B., "Sanxenxo acogerá el día 12 la entrega de los premios 'Irmandade do Libro", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", "Cultura", 5 abril 2008, p. 21.

Anúnciase que o acto contará coa presenza de membros destacados da cultura galega, como Xosé Neira Vilas, Teresa Moure ou Suso de Toro e tamén de libreiros e editores. Sinálase que durará toda a tarde e comezará cunha ruta turística dos convidados pola vila até que dea comezo o festival no Pazo Emilia Pardo Bazán.

- Ana Saá, "Las librerías se muestran optimistas porque 'nunca se ha leído tanto", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 12 abril 2008, p. 42.

Recollénse as palabras do presidente da Federación Galega de Libreiros sobre os índices de lectura en Galicia, tras o acto de entrega do Premio Irmandade do Libro 2008, no Club Náutico de Sanxenxo. Dise que hai que achegar o libro aos lectores e tranformar as librerías en puntos de encontro.

- A. B., "Os libreiros agradecen á alcaldesa o seu apoio ós actos culturais en Sanxenxo", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 13 abril 2008, p. 15.

Dáse conta do encontro que tivo lugar no Concello de Sanxenxo entre a súa alcaldesa, Catalina González, e a directiva da Confederación Española de Gremios y Asociaciones Libreras, entre os que se encontraba, Xaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia. Destácase o intercambio mutuo de agasallos e a mostra de apoio do Concello á cultura, cuxa alcaldesa relacionou esta "sensibilidade institucional" ao feito de que as mulleres teñan máis presenza na vida pública.

- A. B., "O IES Sanxenxo faise co premio Irmandade do Libro na categoría de centros de ensino", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 13 abril 2008, p. 14.

Comenta a entrega dos XVII Premios Irmandade do Libro, onde se destacou o labor do IES Sanxenxo co proxecto de dinamización da biblioteca e da lectura. Informa que este premio é o único con dotación económica, ademais de citar algúns dos galardoados e nomear a persoeiros destacados da literatura galega que estiveron presentes no acto.

- A. C. B., "Os Irmandade do Libro' galardoan como mellor librería do 2007 á lucense Trama", *El Progreso*, "Vivir", 13 abril 2008, p. 69.

Infórmase do Premio Irmandade do Libro á libraría Trama de Lugo na súa categoría. Sinálanse que outros gañadores foron Luís Rei Núñez co mellor libro por *O señor Lugrís e a negra sombra*; Xusto Beramendi, que recibiu o premio á Obra Editorial por

De provincia a nación. Historia do galeguismo político e Xosé María Álvarez Cáccamo, que foi recoñecido como Mellor Autor. Coméntase que na modalidade de Medios de Comunicación, resultaron premiados os suplementos culturais e pedagóxicos de *El Faro de Vigo*, e na modalidade de institucións, o Pen Club de Galicia.

- José Iglesias, "Premios y actos en un buen sábado", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", "Gente de etiqueta", 13 abril 2008, p. 78.

Alúdese á celebración que tivo lugar en Sanxenxo con motivo da entrega dos XVII Premios Irmandade do Libro, onde se deron cita representantes do mundo da cultura galega. Ofrécense os nomes dos membros do xurado así como dos nominados.

- Margarito Flowers, "Los músicos españoles no están desnutridos", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 18 abril 2008, contracuberta.

Entre outras cuestións, alude á concesión a Luís González Tosar do Premio Irmandade do Libro. Apunta que o galardón foi concedido en Sanxenxo por Xaime Corral Prieto, presidente da Federación de Libreiros de Galicia.

- Jesús Garrido, "El mundo del libro en la prensa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 886, "Guía del profesor", 23 abril 2008, p. 3.

Con motivo do Día Mundial do Libro, achega, entre outras, unha serie de noticias relacionadas cos libros e publicadas no xornal *La Voz de Galicia*. Na primeira fai referencia ao elevado índice de lectura dos menores de catorce anos. Na segunda comenta que Galicia dispón de setecentos puntos de venda de libros, dos cales cen son librarías. Na terceira noticia achega a opinión de Víctor Freixanes sobre a necesidade dunha alianza ao redor do libro galego. Na sétima dá conta da entrega dos premios Irmandade do Libro e indica que os gañadores foron *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, como o Libro do Ano 2007; Justo Beramendi que conseguiu o galardón á mellor Obra Editorial por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; e Xosé María Álvarez Cáccamo que foi premiado como Mellor Autor. Finalmente, a oitava noticia fai referencia á publicación do *Anuario de Estatísticas Culturais*.

- Ana Saá, "Un premio a la cultura escrita", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", "El día grande de los libreros", 29 abril 2008, p. 15.

Faise eco do acto de entrega dos XVII Premios Irmandade do Libro 2008 que se celebra en Sanxenxo e reúne a moitas persoas coñecidas do mundo das letras e da cultura galega. Indícanse tamén os nomes dos galardoados e o proxecto de incorporar un premio para as bibliotecas en futuras edicións.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005. Neste premio elixíronse os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns non tiveron dotación económica, as obras gañadoras serán expostas nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles,

infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. Na edición de 2008 ningunha obra nin editorial galega recibiu o galardón.

Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López. Podían presentarse ao certame obras en galego ou en castelán. Constou de dúas modalidades unha de narrativa e outra de poesía. Estivo dotado con 600 euros para cada unha das modalidades. Nesta edición de 2008 na modalidade de poesía obtivo o galardón Feliciano Ramos Navarro con *Hoy quiero analizar mi trayectoria*, e na de narrativa Moisés Álvarez Jorge con *O día que Eva fai 33 anos*. A gala de entrega tivo lugar o 18 de decembro de 2008 no centro sociocultural Manuel Oreste de dita localidade.

Referencias varias:

- A. C. V., "Paradela celebra el día 18 la gala de entrega de los premios 'Manuel Oreste Rodríguez", *El Progreso*, "Sarria", "Paradela", 11 decembro 2008, p. 20.

Faise eco da celebración da gala de entrega dos premios da 13ª edición do certame literario 'Manuel Oreste Rodríguez López', que tamén sirve de homenaxe a este autor, Fillo Predilecto do municipio de Paradela. Indícase que o acto terá lugar no centro sociocultural homónimo e que será unha celebración de carácter literario-musical. Destácase o nome dos premiados, que nesta edición foron Feliciano Ramos Navarro, con "Hoy quiero analizar mi trayectoria" (na modalidade de poesía) e Moisés Álvarez Jorge, con "O día que Eva fai 33 anos" (narrativa).

Premios **Nacionais da Cultura Galega**

Entregados o 14 de xuño de 2008 pola Consellería de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos. A dotación dos galardóns foi de 15.000 euros en cada categoría, de carácter indivisíbel. O prazo de admisión de candidaturas foi dun mes a partir do día 25 de marzo de 2008. O xurado, único para todas as categorías, contou con representantes de todos os sectores da cultura galega e estivo composto de quince membros, variando a súa composición en cada edición. O premio constaba de dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio Cultural. O xurado desta edición estivo integrado por María Xosé Agra Romero, Rosario Álvarez Blanco, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Xosé Luis Barreiro Rivas, Xosé Manuel Buxán Bran, María Bouzas, Domingo Docampo Amoedo, Laura Tato Fontaíña, María Isabel Fraga Vila, Celestino García Braña, Ana Romaní Blanco, John Rutherford, Felipe Senén López Gómez, Xurxo Souto e Ramón Villares Paz. Os premiados nas diferentes categorías foron: en Literatura, X. L. Méndez Ferrín; Manuel Gallego Jorreto en Arquitectura e espazos públicos; Francisco Leiro en Artes visuais; Manuel Lourenzo en Artes escénicas; Mercedes Peón en Música; Margarita Ledo Andión en Cine e audiovisual; Francisco Díaz Fierros en Pensamento e cultura científica; o Laboratorio de formas de Sargadelos en Iniciativas culturais, Museo do

Pobo galego en Cultura tradicional e de base; e a Remodelación urbana de Pontevedra en Patrimonio Cultural.

Referencias varias:

- C. Villar, "La Xunta crea los premios nacionales de la cultura gallega con diez categorías", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 25 marzo 2008, p. 43.

Infórmase da creación dos Premios Nacionais da Cultura Galega e a súa presentación nun acto presentado pola conselleira de cultura, Ánxela Bugallo, en Santiago de Compostela. Tamén se indican cales son as categorías dos premios, a dotación económica de cada un e algúns dos integrantes do xurado.

- Camilo Franco, "Cultura convoca os Premios Nacionais como referentes galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 marzo 2008, p. 44.

Dáse conta da presentación dos Premios Nacionais de Cultura Galega e tómase nota das declaracións dalgúns membros destacados do acto como o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro ou a concelleira de cultura, Ánxela Bugallo. Dise que se estabelece un prazo dun mes para a presentación das candidaturas. Menciónase a forma na que está composta o xurado e coméntase as bases do premio que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia.

- Óscar Iglesias, "Los Premios Nacionais nacen como 'referencia institucional' de la cultura", *El País*, "*Galicia*", 25 marzo 2008, p. 6.

Coméntase a presentación dos Premios Nacionais de Cultura Galega. Sobre a distinción respecto dos Premios das Artes e das Letras, indícase que a concelleira apuntou que estes Premios Nacionais parten dun concepto "global". Ademais, infórmase que Cultura xa comezou a enviar o formulario a máis de cinco mil entidades sociais e culturais de Galicia para a presentación de candidaturas. A continuación, recóllense as palabras dalgúns membros que compoñerán o xurado, como Xosé Ramón Barreiro Fernández quen considera que os premios fan país ou Ramón Villares, quen fala sobre a elección futura dos premiados.

- M. Barros, "Todas as entidades asociativas participarán nos Premios Nacionais creados por Cultura", *A Nosa Terra*, n.º 1.304, "Cultura", 27 marzo-2 abril 2008, p.26.

Coméntase a materialización dos Premios Nacionais da Cultura Galega con data do 24 de marzo no Centro Galego e Arte Contemporánea coa intención de dar un pulo á normalización da creación propia e un recoñecemento aos diferentes eidos da cultura galega. Dise que os galardóns teñen unha dotación de quince mil euros e carácter anual e constan de dez categorías: Arquitectura e Espazos Públicos, Artes Visuais, Artes Escénicas, Literatura, Música, Patrimonio Cultural, Pensamento e Cultura científica, Cine e Audiovisual, Iniciativa Cultural e Cultura Tradicional de Base. Tamén se dan os nomes dos que serán os integrantes do xurado como Rosario Álvarez Blanco, Xosé Luís Barreiro Rivas, Xurxo Souto ou Ramón Villares, entre outros. Por último, sinálase que o director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado, malia recoñecer a

importancia dos premios, considera que é insuficiente que só se entregue un galardón no ámbito literario.

- Fernando Franco, "A cada neonato su teta, a cada gallego su premio", *Faro de Vigo*, "Sálvese quien pueda", 30 marzo 2008, contracuberta.

Opina sobre a cantidade de premios que hai en Galicia e salienta que o goberno galego oficializou os Premios Nacionais de Cultura, dos que apunta que se tratan dunha versión dos "nacionales de la cultura". Considera que, se os premios que abundan no país coinciden nalgunhas das modalidades, os galardoados non se van queixar, aínda que se faga con presuposto público. Ademais considera que os premios serven, por un lado, aos artistas para encontrar estímulo ao seu labor e por outro lado, ás institucións que os ofertan para conseguir "un modo de control ideológico".

- Avelino Abuín de Tembra, "Os Premios de Cultura", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos Ábregos", 31 marzo 2008, p. 5.

Alude ás declaracións feitas por el mesmo nun artigo publicado o 15 de xullo de 2006 nas páxinas deste xornal, onde falaba do desacougo que sentía sobre a inexistencia duns premios nacionais de Literatura, como xa tiñan Euscadi e Cataluña. Ratíficase ademais na opinión que verteu sobre as persoas ás que se lles concedeu as Medallas Castelao e as de Galicia. Dos Premios Nacionais de Cultura Galega, considera que deberían ter unha maior dotación económica, defende a creación duns Premios Nacionais Galegos de Literatura distribuídos en catro xéneros e sinala que a "referencia indispensable e necesaria" de calquera galardón concedido por organismos oficiais debe ser a lingua galega.

- Felipe Senén, "Premios Nacionais da Cultura Galega 2008", *O Ollo Público*. *Revista das artes*, n.º 23, "Vieiros vellos e novos", "Para construír...", xuño-setembro 2008, pp. 39-40.

Partindo do concepto de normalización cultural, idiomática e identitaria, dáse conta da relación dos galardoados nos Premios Nacionais de Cultura 2008 convocados pola Xunta de Galicia e agrupados ao redor de dez categorías. Indícase que o xurado, composto por quince membros, resolveu outorgar os galardóns na cerimonia celebrada en xuño no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela. Así, detállase que o premio ao Patrimonio Cultural recaeu sobre a Remodelación Urbana de Pontevedra pola súa valiosa revitalización do seu casco histórico; o premio ao Pensamento e á Cultura Científica sobre Francisco Díaz Fierros, mentres que o Literario lle correspondeu a Xosé Luís Méndez Ferrín; o premio de Iniciativa Cultural sobre o Laboratorio de Formas de Galicia, fundado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane en 1955; o premio de Cultura Tradicional e de Base, sobre o Museo do Pobo Galego e o de Música, sobre Mercedes Peón. Tamén se apunta que os catro últimos premios de Cine e Audiovisual, Arquitectura, Artes Escénicas e Artes Visuais recaeron, respectivamente, sobre a xornalista Margarita Ledo Andión, Manuel Gallego Jorreto, Manuel Lourenzo e o escultor Paco Leiro. Conclúese o artigo facendo fincapé na idea de normalización cultural e a coincidencia da data da entrega dos galardóns coa data do Día Mundial do doador de sangue.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “Premios Nacionais de Cultura”, *La Opinión*, “Opinión”, “Segunda feira”, 7 abril 2008, p. 16.

Comeza facendo unha loubanza dos Premios Nacionais da Cultura Galega e felicitando a Consellería de Cultura por convocalos, para pasar logo a criticar que non se contemplan modalidades por xéneros literarios como si ocorre cos Premios Nacionais do Ministerio de Cultura de Madrid e se outorga polo tanto un único Premio Nacional de Literatura. Para ilustrar o que o autor considera un agravio comparativo e “unha dotación que minusvalora e ofende aquilo que é nacional e propio” conta unha anécdota sucedida cando el formaba parte do certame das Festas Minervais que convocaba a Universidade de Santiago de Compostela.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “Premios Nacionais de Literatura”, *Faro de Vigo* , “Opinión”, “Segunda feira”, p. 18/*La Opinión*, “Opinión”, “Segunda feira”, p. 11, 21 abril 2008.

Reflexiónase sobre o feito de que o Premio Nacional de Literatura, que forma parte dos Premios Nacionais da Cultura Galega, non estea dividido en diferentes modalidades (Narrativa, Teatro, Poesía, Infantil e Xuvenil) como si ocorre coa literatura española nos Premios Nacionais de Literatura do Goberno español. Pártese da idea de que a literatura galega ocupa un lugar subalterno dentro da literatura española ao igual que ocorre en moitas librerías nas que os andeis para a literatura galega non ofrecen a división por xéneros literarios. Despois de eloxiar a idea da Consellería de Cultura de crear estes premios, pídese que se rectifique para que nas seguintes edicións se recoñezan as diferentes categorías literarias e que se ofreza igual contía para todas elas.

- Xosé A. Perozo, “Premios da Crítica”, *A Nosa Terra*, n.º 1.307, “Cultura”, 24-30 abril 2008, p. 37.

Faise eco dos recentes Premios Nacionais da Cultura creados pola Consellaría de Cultura e dise que era necesario crealos. Tamén se fala sobre as posibles críticas que reciben e sobre a súa coincidencia cos Premios da Crítica Galicia que naceron en Vigo hai trinta anos e chegaron a ter moito prestixio. Por último, lémbrase a necesidade de crear uns Premios da Crítica exclusivamente destinados á escrita.

- maré, “Máis de 200 candidaturas aos Premios Nacionais galegos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 27 abril 2008, p. 32.

Anúnciase que na I Edición dos Premios Nacionais da Cultura galega se presentaron máis de duascentas candidaturas e que a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, destacou a excelente participación e a importancia de que se consoliden e teñan continuidade. Por último, coméntanse as dez modalidades dos premios e a súa dotación económica.

- Emilio Forján, “O Concello de Negreira presenta a candidatura de ‘Ardeiro’ para os Premios da Cultura Galega”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 29 de abril 2008, p. L13.

Infórmase que o Concello de Negreira presentou a candidatura de Xosé Manuel López *Ardeiro* aos Premios Nacionais da Cultura Galega. Menciónase a finalidade destes

premios e a continuación, céntrase na traxectoria profesional do poeta que comezou en 1981 coa publicación da súa primeira obra *Na néboa dunha espranza*.

- maré, "Nomes indiscutibles", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 maio 2008, p. 30.

Sinálase que os primeiros galardóns dos Premios Nacionais da Cultura Galega foron para o Museo do Pobo Galego no apartado de Cultura Tradicional e de Base. Cítanse outros galardoados e apúntase que houbo máis de duascentas candidaturas e que a contía dos galardóns é de quince mil euros.

- Anxo Angueira, "A novela de Ferrín", *Revista das Letras*, n.º 720, 29 maio 2008, p. 7.

Ampla reflexión sobre a faceta de novelista de Xosé Luís Méndez Ferrín que, segundo se di, quizais non foi debidamente considerada. Dise que alén de ser un gran poeta, escritor, ensaísta e intelectual, Ferrín foi un gran novelista que consagrou o movemento da Nova Narrativa Galega con obras cumes da literatura galega como *Retorno a Tagen Ata*. Considérase tamén outra novela cume do autor *Bretaña Esmeraldina* onde, igual ca nas demais, o galego literario se consolida elevándoo a un nivel difícil de superar para afirmar finalmente que todas as novelas de Ferrín son auténtica literatura.

- Antón Dobao, "Un coiazo no cristal", *Revista das Letras*, n.º 720, 29 maio 2008, p. 8.

Exprésase unha gabanza a Xosé Luís Méndez Ferrín considerando que por fin unha figura tan importante recibe unha merecida homenaxe en vida. Primeiramente, destácase a forza coa que o autor irrompe na literatura galega converténdose en modernidade e ofrecendo á historia da cultura galega unha normalidade alternativa que aínda non se coñece. De seguido, afírmase que ao seu facer literario hai que engadir o seu gran labor político e social mantendo sempre as súas férreas convicciónns e o seu compromiso con Galicia. Finalmente recoñece o gran maxisterio co que o seu grande amigo Ferrín o segue enriquecendo.

- Xabier Cordal, "Para o diálogo de Mugueimes e Urce Branca. Sobre o poema de Xosé Luís Méndez Ferrín", *Revista das Letras*, n.º 720, 29 maio 2008, p. 6.

A partir dun poema de Xosé Luís Méndez Ferrín, constrúe un diálogo entre dous dos sues personaxes: Mugueimes e Urce Branca, que van tecendo a biografía literaria de Ferrín e gabando a importancia do narrador e poeta na literatura galega e mesmo universal. Alude tamén ao seu labor político e social e por suposto ao gran labor de depuración lingüística que a través da súa obra fixo co idioma galego.

- A. R. López e Montse Dopico, "Ferrín, ano 70. A luzada da nación", *Revista das Letras,* n.º 720, 29 maio 2008, pp. 2-5.

Longa entrevista con Xosé Luís Méndez Ferrín a propósito do seu próximo setenta aniversario, na cal se fai un repaso por toda a súa biografía e pola súa traxectoria literaria. A súa infancia en Ourense, os seus tempos de estudante universitario, a súa actividade política e a súa visión sobre a realidade social e política actual en Galicia, o cambio de rumbo no panorama literario galego que supuxo a súa pertenza á chamada Nova Narrativa Galega e o seu poemario *Con pólvora e magnolias*, así como o bo momento da literatura galega actual son os principais temas desta longa conversa.

Destácase o recente galardón recibido polo autor ao converterse no primeiro Premio Nacional de Literatura, polo seu protagonismo no "cambio de rumbo da escrita galega durante as últimas décadas".

- M. B., "Premios Nacionais a Gallego Jorreto, Francisco Leiro, Margarita Ledo e o Museo do Pobo Galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.312, "Cultura", 29 maio-4 xuño 2008, p. 31.

Dáse conta da decisión do xurado da primeira edición dos Premios Nacionais da Cultura Galega convocados pola Consellería de Cultura coa finalidade de facer unha mención pública a aquelas persoas e colectivos que teñan destacado no enriquecemento da cultura galega. Do xurado, formado por quince profesionais de prestixio nos sectores culturais obxecto de premio, dise que acorda outorgar os galardóns a Manuel Gallego Jorreto, Francisco Leiro, Margarita Ledo e o Museo do Pobo Galego nas categorías de Arquitectura, Artes Visuais, Audiovisual e Cultura Tradicional, entre máis de duascentas candidaturas. Tamén se comenta que os premios teñen unha dotación económica de quince mil euros e son de carácter anual.

- maré, "De momento, pleno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2008, p. 33.

Destácase que os gañadores dos I Premios Nacionais da Cultura Galega nas categorías de Literatura, Pensamento e Cultura Científica e Patrimonio Cultural foron respectivamente Xosé Luís Méndez Ferrín, o edafólogo Francisco Díaz-Fierros e a remodelación urbana da cidade de Pontevedra. Dise tamén que son premios anuais, a súa contía e que pretenden o recoñecemento a individualidades ou colectivos que supoñen un enriquecimento da cultura galega. Ofrécese tamén un comentario sobre cada un dos tres gañadores.

- Ágatha de Santos, "Ferrín e Díaz-Fierros, distinguidos cos Premios Nacionais da Cultura Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 46/*La Opinión*, "Cultura", p. 54, 29 maio 2008.

Coméntase que o xurado dos Premios Nacionais da Cultura Galega concedeu o galardón na categoría de Literatura a Xosé Luís Méndez Ferrín "pola súa traxectoria e a calidade da súa obra, mantida ao longo de varias décadas" e ao edafólogo Francisco Díaz-Fierros na categoría de Pensamento e Cultura Científica "pola súa capacidade para colocar na axenda da cultura galega a cultura científica e saber unir a investigación con problemáticas actuais da sociedade galega".

- Ágatha de Santos, "A nosa literatura vive o seu mellor momento", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 46/"A literatura galega vive o seu mellor momento", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 29 maio 2008.

Entrevístase a Xosé Luís Méndez Ferrín, tras recibir o Premio Nacional da Cultura Galega na categoría de Literatura. Coméntase a importancia destes premios e a idea que ten o autor sobre o momento actual da literatura galega.

- Anxa Correa, "Sempre remexín as cousas; era unha vergoña que o país non tivese teatro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 31 maio 2008, p. 79/"Domínannos forzas escuras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 maio 2008, p. 32.

Entrevista a Manuel Lourenzo, gañador do Premio Nacional das Artes Escénicas. Afirma que non sabe se este tipo de premios facía falta, pero que a idea é positiva. Respecto do teatro, afirma que aínda queda moito camiño por andar e sinala que aínda non hai ningunha compañía instalada en ningún teatro de Galicia, nin unha programación regular e que, agás o Centro Dramático Galego, "todo o demais segue sendo itinerancia". Manifesta ademais que a relación coa xente máis nova non a ve como unha relación "pai-fillo", senón como "un debate constante".

- Manuel Bragado, "Premios Nacionais", *Faro de Vigo*, "Opinión", 1 xuño 2008, p. 28.

Apunta que os primeiros Premios Nacionais da Cultura Galega son un "exercicio necesario de autoestima". Por outra banda, opina que o modelo escollido ten algunha limitación respecto ao ámbito literario, pois salienta a ausencia dunha convocatoria por xéneros literarios que define como "reducionismo". Di que esta ampliación supoñería un recoñecemento para a creación literaria en Galicia, unha medida de fomento de lectura e apoio á lingua galega. Remata defendendo a posibilidade de crear un gran premio nacional, equivalente ao "Cervantes" e que se podería chamar "Premio Rosalía de Castro".

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Ferrín", *Galicia Hoxe*, "Caderno Aberto", 2 xuño 2008, p. 3.

Céntrase en Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo da concesión do Premio Nacional de Literatura. Considera que o escritor é unha das "grandes voces líricas e épicas" da literatura europea contemporánea. Opina que o país tarda en recoñecer os seus méritos e que se fose francés ou alemán, ocuparía o "centro artístico-literario do noso tempo".

- L. R., "Cultura concede os dez premios nacionais sen sorpresas", *A Nosa Terra*, n.º 1.313, "Cultura", 5-11 xuño 2008, p. 39.

Dáse conta da entrega dos recentemente creados Premios Nacionais de Galicia cos que se pretende "normalizar a cultura" a través de varias categorías relacionadas coas artes plásticas e visuais, a recuperación do patrimonio, a iniciativa cultural ou arquitectura. Dise que non houbo sorpresas xa que entre os premiados figuran os nomes de Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Lourenzo, Isaac Díaz Pardo ou Mercedes Peón, entre outros. Dos resultados desta primeira edición dise que foron os esperados e que estiveron dotados con 15.000 euros.

- Antón Reixa, "Premios e mojitos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 xuño 2008, p. 11.

Faise unha reflexión sobre as críticas recibidas polos gastos que supuxo a representación galega na feira do libro da Habana e tamén pola controversia latente respecto á recente convocatoria e concesión dos Premios Nacionais da Cultura Galega.

- Anxa Correa, "Os primeiros 'Nacionais da Cultura' reinvidican as iconas que fixeron país", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 15 xuño 2008, p. 68.

Faise eco da entrega dos galardóns dos primeiros Premios Nacionais da Cultura Galega. Anota que Manuel Lourenzo e Xosé Luís Méndez Ferrín disentiron sobre o uso das

formas Galiza e Galicia. Salienta algunhas declaracións dalgúns dos galardoados ao saír a recoller o premio e apunta que a ovación máis estendida foi para Isaac Díaz Pardo. Finalmente, informa que foron Xandra Tedín e Miguel Fernández os presentadores e que ao acto asistiu o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, o vicepresidente Anxo Quintana, a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo e o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, entre outras personalidades.

- maré, "Premios que fan país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xuño 2008, p. 31.

Infórmase da entrega dos Premios Nacionais da Cultura Galega no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela e da súa posterior retransmisión en diferido pola TVG. Noméanse os gañadores e indícase a contía dos premios, así como fai referencia ao desenvolvemento da gala de televisión.

- maré, "Dez nomes para a historia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premios que fan país", 16 xuño 2008, p. 28.

Destácanse as palabras que dez dos galardoados nos Premios Nacionais da Cultura Galega dirixen ao público e as súas reivindicacións e agradecementos, entre eles as de Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Lourenzo ou Isaac Díaz Pardo.

- Marcos Valcárcel , "Premios Nacionais da Cultura", *La Región*, "Opinión", 16 xuño 2008, p. 16.

Faise unha lembranza da gala de entrega dos Premios Nacionais da Cultura Galega e destácase o acerto de crear uns premios desta índole e dos nomes escollidos para ser premiados. Tamén se comentan os discursos dalgúns dos premiados, como o de Xosé Luís Méndez Ferrín, na categoría de Literatura. Finalmente tamén se destaca a calidade do espectáculo que acompañou a entrega de premios.

- Marcos Valcárcel , "Premios Nacionais", *Galicia Hoxe*, "A contra", 17 xuño 2008, contracuberta.

Comenta que acudiu á gala da entrega dos Premios Nacionais da Cultura Galega como convidado e enxálzase este acto, o seu xurado, as persoas e institucións que resultaron premiadas e o espectáculo paralelo que acompañou dita entrega.

- Rosa Enríquez, "Premios Nacionais", *La Región*, "Opinión", 19 xuño 2008, p. 28.

Dá conta da celebración dos Premios Nacionais da Cultura Galega, que tiveron lugar o 14 de xuño no Pazo de Congresos. Alude ao inicio da gala, con Mercedes Peón e os bailaríns do Centro Coreográfico Galego, que representaron *O quiosco das almas perdidas*. A continuación, di que os premiados foron obsequiados cunha peza realizada por Ignacio Basallo. Manifesta que se debe valorar a creación destes premios "por identitarios" e sobre todo, "polo caráter nacional e *memórico*". Fai especial fincapé na entrega do premio a Isaac Díaz Pardo, recibido cunha grande ovación por parte do público. Remata, citando os premios restantes.

- María Xesús Nogueira, "Os premios nacionais", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 21 xuño 2008, p. 29.

Fálase dos Premios Nacionais da Cultura Galega e a súa repercusión que, segundo se di, pasou dunha escasa difusión nos meses previos a unha grande expectación nas últimas semanas. Despois de indicar o proceso de selección dos galardoados e a importancia dos premios, coméntanse algúns acertos segundo a autora do artigo. Dise que as categorías estabelecidas son moi acertadas porque amplían o concepto de cultura e que tamén o é o feito de deixar o protagonismo para os galardoados coa presenza discreta de autoridades políticas. Por último, faise un recoñecemento aos méritos dos dez galardoados.

- Avelino Abuín de Tembra, "Unha ópera rosaliana", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos Ábregos", 22 xuño 2008, p. 5.

Informa da concesión dos primeiros Premios Nacionais de Cultura Galega, dos que di que a convocatoria e adxudicación se regularizarán co paso dos anos. Insiste na necesidade de separar o premio de Literatura con convocatoria e dotación á parte e subdividido por xéneros. Por outra banda, manifesta que botou de menos a figura de Roxelio Groba no apartado de Música, do que comenta algúns dos seus traballos profesionais.

- Luis González Tosar, "Galicia, ovación, Ferrín", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 22 xuño 2008, p. 2.

Di que non puido estar presente nos Premios Nacionais da Cultura Galega por motivos de saúde e comenta que tivo que ver a gala, en diferido pola TVG. Opina que nela houbo un "baixísimo nivel lingüístico", agás a intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín e informa da ovación coa que foi recibido polo público alí presente.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Galicia e os galegos somos realmente invisibles", *A Fontanela*, n.º 1, 25 xullo 2008, pp. [147]-156.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín, tras recibir o I Premio Nacional de Literatura de Galicia, na que fala da imposibilidade de acadar o Premio Nobel un escritor dunha lingua minoritaria, da invisibilidade dos galegos, dos seus recordos da infancia, adolescencia e mocidade, da súa adscrición á UPG, das súas ideas políticas. Tamén fala de literatura galega e comenta que coa Nova Narrativa Galega empezou a "literatura en galego, ao despegarse da tradición de Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro, que actualmente hai un panorama "rico e abondoso" con multiplicidade de puntos de vista e coa ruptura da invisibilidade por parte de autores como Manuel Rivas. Finalmente amosa a súa satisfacción polo premio acadado, aínda que recomenda incluír apartados para teatro representado, premiar os distintos xéneros e outro para traxectoria.

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura Dramática e Literatura Infantil e Xuvenil, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 30.000 euros. Na edición de 2008, os premios recaeron en Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*, premio de

Literatura Infantil e Xuvenil; e Xusto Beramendi recibiu o de Ensaio por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "Beramendi gaña o 'Nacional de Ensayo' cunha obra que só se editou en galego", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 outubro 2008, p. 77.

Informa do premio concedido ao escritor Justo Beramendi pola súa obra *De provincia a nación: historia do galeguismo político*. Salienta que Beramendi recolle a historia do galeguismo político logo de vinte e cinco anos de investigación e que o seu traballo foi recompensado co Premio Nacional de Ensaio.

- B. R. Sotelino, "A miña obsesión é loitar pola dignificación da literatura xuvenil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2008, p. 56.

Preséntase ao gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura, o escritor vilalbés Agustín Fernández Paz pola súa obra en lingua galega, *O único que queda é o amor*, editada por Xerais en galego e Anaya, en castelán.

- Concha Carrón, "Fernández Paz gana el Premio Nacional de Literatura Infantil con unha obra gallega", *La Región*, "Sociedad", p. 66/*Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 82, 24 outubro 2008.

Dá conta do premiado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil concedido polo Ministerio de Cultura que recaeu na figura dun escritor galego cunha obra nesta mesma lingua titulada *O único que queda é o amor*, un libro de relatos onde o amor é o eterno protagonista, en ocasións doce e outras amargos pero unha aposta clara dos protagonistas da obra. Sinálase tamén que Agustín Fernández Paz tamén foi o gañador da modalidade infantil no XX Premio Edebé coa súa obra *A escola dos piratas*.

- D. S., "Catro premios en trinta anos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 outubro 2008, p. 7.

Infórmase do nome dos diferentes premiados e finalistas galegos nas distintas modalidades dos Premios Nacionais dende 1976 ou 1978 para a modalidade de Literatura Infantil. Así, nesta modalidade noméase a Paco Martín, Xabier Puente Docampo, Fina Casalderrey e o merecente premiado Agustín Fernández Paz que acadou este premio xunto a Xusto G. Beramendi na modalidade de Ensaio.

- Óscar Iglesias, "Lenme os mozos e os adultos sen anteolleiras", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 outubro 2008, p. 7.

Entrevista ao Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Agustín Fernández Paz, na que fala sobre o amor, como fío das súas historias ou achega a súa perspectiva sobre o significado da literatura xuvenil dando exemplos de libros de adultos que ben poden ser lidos polos mozos.

- Ramón Loureiro, “Para el talento, al final, no hay fronteras”, *La Voz de Galicia*, “El reverso del día”, 24 outubro 2008, contracuberta.

Menciona que Galicia en canto creación e talento non ten fronteiras ao seren galardoados co Premio Nacional de Ensaio e de Literatura Infantil e Xuvenil Justo García Beramendi e Agustín Fernández Paz, respectivamente.

- maré, “O maior galardón son os lectores”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Escrita”, 24 outubro 2008, p. 32.

Faise eco da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a Agustín Fernández Paz por *O único que queda é amor*. Recóllense tamén os eixos temáticos do libro e faise un percorrido pola biobibliografía e polos galardóns obtidos polo autor.

- Xavier P. Docampo, “Onte foi un bo día”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”,“Opinión”, 24 outubro 2008, p. 56.

Manifesta a súa ledicia ao coñecer que o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil recaeu na obra do seu amigo Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor.* Ademais lembra brevemente os seus comezos literarios e o merecido de tal galardón.

- S. J., “Fernández Paz acada o ‘Nacional de Literatura Xuvenil’ cun libro en galego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 outubro 2008, p. 76.

Anuncia a obra *O único que queda é o amor*, do vilalbés Agustín Fernández Paz, que foi galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008. Indícase que o libro recolle dez relatos nos que se abordan as relacións amorosas entre persoas, o amor pola lectura, etc. e que os protagonistas se ven marcados directamente por escritores e autores, comezando cada relato cunha cita coa que o escritor pretende espertar o gusto pola literatura nos máis novos.

- Ágatha de Santos, “Agustín Fernández Paz: ‘La literatura tiene que conquistarte el corazón”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 outubro 2008, p. 47.

Dá conta da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz pola obra en galego *O único que queda é o amor*. Salienta que dito autor conta no seu haber con premios tan significativos coma o Lazarillo, o Edebé de Literatura Xuvenil, o Merlín ou o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Indica que a obra de Fernández Paz foi traducida ao castelán, o catalán, o éuscaro e o portugués e que nela se tratan as relacións amorosas entre persoas, mais tamén entre o lector e as obras. Finalmente, apunta que o título foi tirado dun dos libros do Premio Nobel de Literatura 2006, o turco Orhan Pamuk

- Jaureguizar, “Hai adultos que non lerían ‘O neno do pixama a raias’ nunha colección de rapaces”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 outubro 2008, p. 69.

Entrevista a Agustín Fernández Paz días despois de saberse gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor.* Recolle as

impresións de ter gañado o premio tras ser finalista varias veces e a súa visión da literatura infantil galega actual. Comenta tamén o fio argumental da súa proxima novela e, xa nun apartado distinto, as súas afeccións por series como "Os Soprano" ou directores como Wong Kar Wai.

- Marcos Valcárcel, "Premios", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 25 outubro 2008, p. 69.

Recomenda a lectura da novela *O único que queda é o amor*, do escritor vilalbés Agustín Fernández Paz, coa que se alzou gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén fai referencia a Xusto Beremendi, quen recibiu o Premio Nacional de Ensaio pola súa obra *De provincia a nación: historia do galeguismo político*.

- Manuel Bragado, "Agustín, premio nacional", *Faro de Vigo*, "Opinión", 26 outubro 2008, p. 26.

Revísase a traxectoria literaria de Agustín Fernández Paz, co gallo do seu recoñecemento co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa obra de relatos curtos *O único que queda é o amor*. Saliéntase tamén que o Premio Nacional de Ensaio recaeu noutro traballo en galego: *De provincia a nación: Historia do Nacionalismo Político*, de Justo Beramendi. Finalmente, tamén se salienta a importancia da concesión deste premio a nivel nacional, pois non só completa a traxectoria de Fernández Paz, senón que constitúe un merecido recoñecemento a toda unha vida de dedicación á literatura infantil e xuvenil.

- Roberto G. Méndez, "Como decía Pessoa, los ridículos son los que nunca escribieron cartas de amor", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 26 outubro 2008, contracuberta.

A partir da frase de Fernando Pessoa citada por Agustín Fernández Paz na que obvia o ridículo de escribir unha carta de amor, refírese ao autor vilalbés. Sinala a concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a dito escritor por *O único que queda é o amor*.

- Victor F. Freixanes, "Dúas alegrías e un pasamento", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 26 outubro 2008, p. 21.

Dá conta de tres feitos, dous alegres que corresponderon aos premios nacionais que recibiron en ensaio Justo García Beramendi por *Da provincia á nación. Historia do galeguismo político,* e en literatura infantil e xuvenil Agustín Fernández Paz polo libro de relatos *O único que queda é amor.* O pasamento do que dá conta é o do catedrático Constantino García, mestre de mestres ao que se debe a creación do Instituto da Lingua Galega (ILGA) en 1971.

- Xurxo Fernández, "Un espía en tiempos del rey Felipe II", *El Correo Gallego,* "La rosa de los vientos", 27 outubro 2008, contracuberta.

Saúda brevemente, no á parte "Agustín" ao seu amigo Agustín Fernández Paz por facerse co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa obra *O único que queda é o amor*.

- Jaureguizar, "Fernández Paz, a próxima vítima", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 outubro 2008, p. 73.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a Agustín Fernández Paz, para rescatar os autores de literatura infantil que están esquecidos. Menciona que Xabier Docampo, Fina Casalderrey ou Paco Martín figuran entre os gañadores de dito galardón e achega a estrutura das obras do vilalbés e as súas inspiracións, mais aló da mera literatura para cativos.

- Xavier Senín, "Agustín, o premio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 27 outubro 2008, p. 4.

Refírese á entrega do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, outorgado neste ano ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz pola obra en galego *O único que queda é o amor*. Indícase que o autor, tremendamente satisfeito co galardón, tan só lamenta o traballo das entrevistas, as conferencias, as declaracións públicas e as colaboracións que implican o feito de se ver distinguido con dito galardón, das que tentara escapar nos últimos anos para se dedicar por completo á súa escrita.

- Rosa Aneiros, "Agustín", *Diario de Pontevedra*, "Noveondas", 28 outubro 2008, contracuberta/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 28 outubro 2008, p. 28/ *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Nove ondas", 29 outubro 2008, p. 4.

Repásase a traxectoria literaria de Agustín Fernández Paz co gallo da recepción por parte do autor vilalbés do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa obra de relatos curtos *O único que queda é o amor*. Destácase a felicidade que sinte non só o propio escritor, senón tamén todos os seus lectores, partícipes e artífices de cada unha das súas historias.

- Xaime Bello Costa, "Agustín", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 29 outubro 2008, p. 27.

Faise eco da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil á obra do vilalbés Agustín Fernández Paz *O único que queda é o amor*. Sublíñase que este traballo xa fora previamente distinguido como a mellor obra do 2007 na categoría de literatura infantil e xuvenil, pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- An Alfaya, "Agustín Fernández Paz", *A Nosa Terra*, n.º 1.331, "Bule Bule", 30 outubro-5 novembro 2008, p. 30.

Faise eco do nome do galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008, que nesta ocasión foi recaer na pluma dun galego: Agustín Fernández Paz, coa obra *O único que queda é o amor*. Saliéntase a boa sorte da literatura galega nestes tempos, o que significa un gran avance na loita en prol da dignificación da literatura galega, da que Fernández Paz sempre foi un claro expoñente.

- Lara Rozados, “O meu concepto de literatura xuvenil non coincide no estándar”, *A Nosa Terra*, n.º 1331, “Cultura”, 30 outubro-5 novembro 2008, p. 31.

Recolle unha entrevista co premiado este ano co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*, editado por Xerais, e que ten o amor como base. Indica que é unha escolma de distintos relatos que abordan as relacións amorosas e o tratamento do propio amor á literatura pola que o escritor se amosa satisfeito. Así mesmo, alude ao seu contentamento polo galardón, xa que nos últimos anos sempre quedara ás portas sendo só finalista deste premio.

- Juan Palomo, “Moda galega”, *El País*, “*El Cultural*”, “A Papelera”, 30 outubro 2008.

Faise eco do palmarés de galardoados co Premio Nacional de Literatura Infantil, outorgado na presente edición a unha obra en lingua galega e escrita por Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor*. Saliéntase tamén outro libro escrito integramente en galego, *De provincia a nación. Historia do Galeguismo político,* de Justo Beramendi, quen conseguiu facerse co Premio Nacional de Ensaio.

- Natalia Álvarez, “O nacionalismo galego sempre estivo pola democratización do Estado”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 205, “Entrevista”, 1 novembro 2008, p. 5.

Recóllese unha entrevista a Justo Beramendi co gallo de se lle outorgar o Premio Nacional de Ensaio por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* no que o escritor fai unha revisión dende os inicios do movemento galeguista até a súa culminación como pensamento ideolóxico. Sinálase tamén a boa nova que supón que se lle otorgue un Premio Nacional a unha obra escrita integramente en galego xa que é un xeito de impulsar a lingua e a literatura do país.

- Camilo Franco, “Galicia ten necesidade dunha visión política e social de país”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 286, “En portada”, 1 novembro 2008, pp. 2-3.

Alude ás análises que da realidade galega teñen Justo García Beramendi, recentemente galardoado co Premio Nacional de Ensaio polo traballo *De provincia a nación*, e Xosé Luís Barreiro Rivas, que ven de editar *A terra quere pobo.*

- M. Villar, “O Estado das Autonomías fainos convivir con tensións”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 429, “Personajes”, 2 novembro 2008, p. 64.

Recolle unha entrevista con Justo Beramendi tras ser proclamado gañador do Premio Nacional de Ensaio coa súa obra *De provincia a nación: historia do galeguismo político*. Dá conta das verbas de Beramendi non coma un ensaio propiamente dito, senón como unha completa investigación histórica que abrangue dende o século XIX, no que se deron as primeiras reivindicacións galeguistas. Indícase tamén que esta obra céntrase no acontecido na segunda metade do século XX, traendo até o lector a nosa historia máis recente.

- X. L. Méndez Ferrín, “Visibilidade da nación galega”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 3 novembro 2008, p. 14.

Fálase da concesión do Premio Nacional de Ensaio a Justo García Beramendi pola súa obra *De provincia a nación* e do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil a Agustín Fernández Paz por *O único que queda é o amor* como feito de amosar Galicia ao exterior. Tamén se salienta a Manolo Rivas neste fenómeno de visibilizar a Galicia alén das fronteiras co éxito acadado en Francia coa tradución d'*Os libros arden mal*, ademais de ser escollido entre os quince finalistas ao Premio Médicis á mellor obra literaria en lingua non francesa.

- Xosé A. Perozo, "Vacas", *A Nosa Terra*, nº 1.332, "Cultura", 6-12 novembro 2008, p. 37.

Alégrase dos recentes premiados nos premios nacionais, Agustín Fernández Paz e Xusto Beramendi, e aproveita para reivindicar a autoestima da cultura galega. Informa da publicación na Editorial Everest dunha obra escrita polo cociñeiro italiano Flavio Morganti (reconvertido en ourensán por amor) e que se titula *Vacas: dignificación sexual e gastronómica*.

- Antón Reixa, "Pensar Galicia, pensar o mundo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Psicofonías", 7 novembro 2008, p. 10.

Informa da concesión do Premio Nacional de Ensaio, que nesta edición foi outorgado a un libro en galego *De provincia a nación* do escritor Justo Beramendi. Saliéntase que no libro trátase o nacionalismo galego dende a óptica dun verdadeiro activista nacionalista.

- Marcos Valcárcel, "Da nosa cultura hoxe", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 7 novembro 2008, p. 69.

Faise unha análise do estado actual da cultura galega, en alza nestes tempos tras obter algúns dos seus representantes premios tan importantes como o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil para Agustín Fernández Paz ou o Premio Nacional de Ensaio, para Xusto Beramendi, sen esquecer o éxito en Francia da obra *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas (*L'éclat dans l'abîme*) e o encontro en Santiago de Compostela do Pen Clube galego con escritores de todo o planeta.

- Jaureguizar, "Hai adultos que non lerían 'O neno do pixama a raias' nunha colección de rapaces", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 438, "Mil primaveras máis", "Reportaxe", 9 novembro 2008, p. 8.

Entrevista a Agustín Fernández Paz días despois de saberse gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor.* Percorre as impresións do autor tras o galardón, repasa os grandes autores da literatura infantil galega e analiza as súas influencias. Nun apartado, exponse a bibliografía do autor e reprodúcese o texto "Loanza de filatelia".

- Marica Campo, "Un pombo máis", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 32.

Informa sobre a estrañeza que lle causou a Juan Palomo a entrega de dous premios nacionais a dúas obras escritas en galego. Saliéntase, primeiro, a figura do chairego

Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor*, e a de Xusto Beramendi, Premio Nacional de Ensaio pola súa obra en galego *De provincia a nación: historia do galeguismo político*.

- Salvador Rodríguez, "Mano a mano alrededor de Galicia", *Faro de Vigo*, "*Estela*", 6 novembro 2008/*La Opinión*, "*El Domingo*", 16 novembro 2008, pp. 2-5.

Recolle unha entrevista ao galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Agustín Fernández Paz, con *O único que queda é o amor*, e a Justo Beramendi, Premio Nacional de Ensaio, por *De provincia a nación*. *Historia do galeguismo político*. Reproduce as súas opinións sobre o estado actual da lingua galega, do falso bilingüismo que se promove dende as institucións e da posibilidade de escribir noutras linguas, xa que o idioma, malia a súa identidade coa cultura dun pobo, non é un elemento exclusivo da mesma.

- V. Fernández, "O único que queda é o amor", *El País*, "*Babelia*", n.º 889, "En Portada", "Infantil y juvenil", 6 decembro 2008, p. 9.

Fai referencia á obra *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, coa que acadou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Comenta que a obra presenta dez relatos sobre o amor e a súa ausencia protagonizados por personaxes de distintas idades e condicións.

- Vicente Araguas, "O Agustín que non cesa", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 21 decembro 2008, p. 6.

Faise eco da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, que recaeu este ano na obra do vilalbés Agustín Fernández Paz *O único que queda é o amor*. Saliéntase a calidade da escrita de Fernández Paz, quen malia dedicarse á literatura xuvenil, é tamén seguido por adultos. Dise que neste volume se recollen unha serie de relatos unidos polo común denominador do amor, con fermosas historias de escarnio, de dor e de paixón.

- Jaureguizar, "O mérito dun home tranquilo", *El Progreso*, "Especial", "Cultura", 26 decembro 2008, p. 8.

Salienta a figura de Agustín Fernández Paz tras ser nomeado gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor.* Fai un pequeno percorrido pola vida e obra do autor así como cita os premios que leva recibidos até o momento.

- Mar Mato, "Premios nacionales para Agustín Fernández Paz y Beramendi", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Resumen 2008", 28 decembro 2008, p. 16.

Recolle a concesión dos Premios Nacionais aos autores galegos Agustín Fernández Paz e Justo García Beramendi. Sinala que o primeiro gañou no eido da literatura infantil e xuvenil coa obra *O único que queda é o amor*, mentres que Beramendi gañou no apartado de ensaio co seu traballo *De provincia a nación. Historia do galeguismo político.*

Certame Literario da Asociación Cultural **A Pipa** de Becerreá

Convocado pola Asociación Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá. Contou coas modalidades de poesía, relato, narración e conto, cun máximo de cincuenta versos na primeira e cinco folios na segunda, conforme estabelecen as bases. Cada participante puido presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que debían ser enviados antes do 24 de decembro á sede da entidade organizadora, na Rúa Ancares, número 57, 27640 Becerreá-Lugo. O certame estabeleuce tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos. Para cada categoría estabelecéronse dous premios e os accésits que o xurado considerou oportunos. O premio consistiu nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado estivo composto pola xunta directiva da entidade convocante. Nesta edición de 2008 na modalidade de relato infantil gañou "A cobra", de Tania López; en poesía, "Nevada unha semana antes do aniversario", de Antia Tacón; no apartado xuvenil quedaron desertos os premios pero recibiron accésits "As espifaniadas de Epifanio", de Ana Digón en narrativa e "O leito do meu corazón", de Pablo Rodríguez en poesía. Na categoría de maiores de dezaoito anos, o premio de revista recaeu en Xosé Otero con "Celos da nao varada" e obtiveron accésits "Aquel sábado tráxico", de Toño Núñez e "se ha vir, seguro que virá", de Emilio Silva. Os premios entregáronse nunha gala celebrada o 27 de decembro.

Referencias varias:

- Pilar G. Cheda, "A asociación A Pipa convoca o seu certame literario anual de poesía e prosa", *El Progreso*, "Comarcas", "Becerreá", 9 decembro 2008, p. 12.

Faise eco da apertura do certame convocado pola asociación cultural de Becerreá A Pipa dedicado a todos aqueles escritores maiores de oito anos con inquietudes literarias en poesía ou prosa e en lingua galega. Indícase tamén que o certame conta cunha categoría infantil e xuvenil, consistindo os premios en lotes de libros e esculturas de Sargadelos.

- E. Riveira, "El jurado de 'A Pipa' reconoce dos obras centradas en la naturaleza", *El Progreso*, "Comarcas", "Becerreá", 24 decembro 2008, p. 19.

Faise eco dos nomes das galardoadas cos premios infantil e xuvenil no Certame Literario da Asociación Cultural A Pipa. Dáse conta da importancia deste na zona da Montaña (Becerreá, Lugo) e indícase que o premio de relato infantil recaeu na obra "A Cobra", de Tania López e o premio infantil de poesía, na barallesa Antía Tacón polo seu poema "Nevada unha semana antes do aniversario".

- E. R., "El vigor de Rivas y Queizán marca la reunión de *A Pipa*", *El Progreso*, "Comarcas", 29 decembro 2008, p. 13.

Sinala a asistencia á reunión anual do colectivo A Pipa de María Xosé Queizán e Manuel Rivas, que destacaron a importancia desta asociación literaria, quen organizou a

representación de dúas obras teatrais, *Neuras* e *O Heroe*, baseadas en pezas súas. Dise que Queizán tamén participou na entrega de premios do certame literario da agrupación, no que resultaron gañadores Tania López, na categoría de relato infantil, Antía Tacón, en poesía infantil, e Xosé Otero Canto, en revista de adultos.

Premio de Tradución **Plácido Castro**

Convocado pola Fundación Plácido Castro para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Estivo destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e dirixiuse a todas as persoas que tiñan publicado na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego da literatura universal. Estivo dotado con 3.000 euros. O xurado do premio estivo composto por cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Administración Autonómica. Actuou como secretario do premio con voz e sen voto o secretario da ATG. Nesta edición de 2008, o xurado, presidido por Xosé Luís Axeitos Agrelo e composto por Carlos Arias, Castro Ratón, Xoan Manuel Garrido, Xosé María Gómez e Alberto Álvarez decidiu darlle o galardón a Ánxela Gracián pola tradución ao galego d'*A illa misteriosa*, de Julio Verne.

Referencias varias:

- M. B., "Ánxela Gracián gana el VII Premio de Tradución Plácido Castro, de 3.000 €", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 6 abril 2008, p. 20.

Coméntase que a gañadora do Premio de Tradución Plácido Castro, na súa VII edición, é Ánxela Gracián por traducir á lingua galega a obra clásica de Julio Verne, *A illa misteriosa.* Dise que o premio está dotado con tres mil euros e pretende estimular a incorporación de grandes obras universais ao idioma galego. Sinálase que o xurado está presidido por Xosé Luís Axeitos Agrelo, membro da Real Academia Galega, e destácase a gran calidade das obras.

- M. L., "Ánxela Gracián gaña o Premio Plácido Castro coa tradución de 'A Illa Misteriosa", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 6 abril 2008, p. 4.

Anúnciase a gañadora do Premio Plácido Castro 2007 na súa sétima edición, Ánxela Gracián, coa tradución da obra de Julio Verne, *A illa misteriosa.* Dise que o premio está dotado con tres mil euros e ten como obxectivo a incorporación ao galego das grandes obras universais da literatura e do pensamento científico. Coméntase que os membros do xurado destacan a calidade das obras e das traducións presentadas este ano, así como a variedade de xéneros e de idiomas dos textos orixinais. Concretamente da obra gañadora dise que o xurado salienta a excelencia lingüística do texto e o intenso traballo de documentación para adaptar un espazo histórico e social do século XIX á actualidade galega.

- Concha Pino, “A figura do tradutor é pouco visible no noso sistema literario, cando é vital para fixar a lingua”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, Entrevista, 19 setembro 2008, p. 50.

Recolle unha entrevista á escritora Ánxela Gracián gañadora do Premio de Tradución Plácido Castro. Indica que a obra merecedora de tal distinción foi a súa tradución da novela de Xulio Verne, *A illa misteriosa*.

- Teresa Miñán, “Ánxela Gracián recoge el premio de traducción por ‘La isla misteriosa”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, “Local”, “Fundación Placido Castro”, 21 setembro 2008, p. 10.

Informa da entrega do VII premio de tradución, organizado pola Fundación Plácido Castro, que se celebrou no Concello de Vilagarcía. Sinala que a gañadora foi Ánxela Gracián pola conversión ao galego d’*A illa misteriosa*, un clásico de Julio Verne.

- V. Oliveira, “Unha aposta de ‘militancia”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, Un sector viable, 26 setembro 2008, p. 29.

Repasa a concesión do Premio de Tradución Plácido Castro á escritora de Castroverde Ánxela Gracián co seu traballo sobre *A illa misteriosa*, unha tradución da popular novela de ciencia ficción escrita por Julio Verne e publicada no ano 1874. Salienta que Gracián traballa no servizo de tradución da Xunta de Galicia e é defensora da necesidade de colaboracións para levar a cabo esta tarefa, así como unha planificación axeitada das traducións en Galicia.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, co que se pretendeu premiar todos os autores que expresasen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país. A única norma foi que a obra se redactase en lingua galega con dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: categoría infantil (dos 10 aos 14 anos), categoría xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e categoría adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión foi de 30 a 60 versos mentres que en relato curto foi de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non tiña límite de espazo. Cada participante podía presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, e entregábanse mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal. Os traballos remitíronse á Asociación Cultural Arumes (Guimarás, 12, 27163 O Corgo-Lugo). O prazo de entrega rematou o día 5 de decembro de 2008. Estabelecéronse dous premios en cada modalidade que consistiron nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado estivo composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. A cerimonia de entrega de premios realizouse o venres, día 26 de decembro de 2008 no centro sociocultural do Concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas. Neste segundo certame, os premiados nas diferentes modalidades e categorías foron: en poesía, na categoría de adultos, Luz Airado e Alberte Momán por *Das túas augas* e *Constritor*; en poesía, na categoría infantil, Cristina Pernas por *O castiñeiro dos sentimentos*; en relato

infantil, Mauro Catone con *A mascota agochada*; e en relatos de adultos, María Xosé Castelo con *Dos días estragados*

Referencias varias:

- E. R., "El 'Terras de Chamoso' de poesía reconoce a Luz Airado y Alberte Momán", *El Progreso*, "Comarcas", 27 decembro 2008, p. 19.

Dá conta dos gañadores deste concurso, organizado pola Asociación Arumes do Corgo que correspondeu na modalidade de adultos a Luz Airado e Alberte Momán "ex aequo" pola calidade das súas pezas, *Das túas augas* e *Constritor*. Recolle tamén os premios en poesía infantil, a Cristina Pernas por *O castiñeiro dos sentimentos*, en relato infantil a Mauro Catone con *A mascota agochada*, e relatos de adultos que recaeu en María Xosé Castelo con *Dos días estragados.*

Premios de Poesía, Relato Curto e Tradución da **Universidade de Vigo**

Premio convocado pola Universidade de Vigo a través da Área de Normalización Lingüística e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Foron tres as modalidades que se estabeleceron: poesía, relato curto e tradución literaria. Podían participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás, a modalidade de tradución literaria e tradución científico-técnica, convocado para o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais debían estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabeleceuse un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles podían ser declarados desertos a xuízo do xurado. Os orixinais debían ser inéditos e non premiados noutro certame. Na modalidade de poesía o tema foi libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo foi de oito folios e o máximo de doce folios. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debía ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e foi necesaria a entrega dunha copia do texto fonte, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos debían presentarse por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, presentando tamén o lema elixido polo autor e os seus datos persoais. A entrega dos traballos debía facerse na Área de Normalización Lingüística en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo Reitor ou persoa en quen delegue, estivo integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. No ano 2008 os xurados das diversas modalidades estiveron formados por Manuel Bragado, os profesores Anxo Fernández Ocampo, Xosé Henrique Costas González, Robert Neal Baxter, Cristina Rodríguez Ricart, Jairo Dorado Cadilla e Iago Castro Buerguer e os escritores Anxo Angueira Viturro e Elvira Ribeiro Tobío. Os premiados foron, na modalidade de relato curto, Miguel Segador López por "Pantasma na taiga" e Pablo Otero Tranchero por "Amor de estrada" e entregáronse dous accésits a Guillermo Rosales González por "Catro perspectivas" e a Alberto Comesaña Campos por "Doce cores"; na modalidade de poesía, Xabier Xil Xardón por "Contrapicado dobre" e os tres accésits foron para Anxo Manuel Rodríguez Ratel por "Tempo de Andrómenas", Diego García Campos por "O son irrepetible" e Daniel Costas Currás por "Letra. Digo".

Finalmente, na modalidade de tradución, o primeiro premio foi para Raquel Uzal Gómez por “O dong de nariz luminoso” tradución de “The dong with a Luminous Nose”, publicado en *Laughable Lyrics* (1877), de Edward Lear, e recibiu un accésit Benigno Burón por “Ás e media”, tradución de “Quarts d’una”, relato de Quim Monzó incluído no libro *El perqué de tot plegat* (1993).

X.6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premio **Artemad**

Creado en 2007 por Artemad, Asociación de Empresas Productoras de Artes Escénicas de Madrid, que organizaba a Feira de Artes Escénicas de Madrid, para render recoñecemento, por unha banda, á traxectoria artística dun profesional das artes escénicas e, por outra banda, á significación dunha institución, organismo ou entidade pública ou privada na promoción e desenvolvemento do teatro. Na edición de 2008 recaeu na actriz e directora de escea Laila Ripoll e no director do Festival Internacional de Títeres de Segovia (Titirimundi), Julio Michel.

Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos coma da comarca da Barbanza. Os galardóns dividíronse en tres grupos, un premio Barbantia da Cultura, outro á traxectoria cultural no Barbanza e un último á iniciativa cultural. Mentres que os dous primeiros estaban destinados a particulares, o terceiro diríxiuse a institucións. O galardón consistiu nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproducía un sireno, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta segunda edición, recaeron en Manuel Dourado, Premio Barbantia á Traxectoria Cultural no Barbanza; no Museo Etnográfico de Artes, Premio Barbantia á Iniciativa Cultural no Barbanza e en Alfonso Costa, Premio Barbantia da Cultura Galega 2008. A entrega dos premios tivo lugar o 29 de novembro no Auditorio Municipal de Ribeira.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, "Festa grande de Barbantia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 6 decembro 2008, p. 5.

Recolle a entrega de premios do Sireno de Bronce, que concede a Asociación Cultural de Barbantia aos persoeiros que destacan nas actividades culturais que desenvolven. Menciona que os tres galardóns recaeron no pintor Alfonso Costa, no presidente do Museo Etnográfico de Artes e no propio autor do texto, pola traxectoria cultural no Barbanza.

Premio **Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. Na edición de 2008, homenaxeouse á Asociación Sociopedagóxica Galega, movemento de renovación pedagóxica, nun acto celebrado o 12 de abril no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago, no que se lle entregou unha placa conmemorativa.

Referencias varias:

- maré, "Para un 'gran poeta e narrador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2008, p. 29.

Coméntase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) decidiu este ano conceder varios dos seus premios, entre outros, á Asociación Sociopedagóxica Galega (Premio Bos e Xenerosos pola súa traxectoria de máis de vinte e cinco anos de defensa do ensino en galego), á Mostra de Teatro de Ribadavia e á escritora cubana Nancy Morejón (Escritor Galego Universal). Así mesmo apúntase que entrega a Letra E ao escritor Xosé Vázquez Pintor nun acto que se celebra na súa terra natal Melide, no que tamén se inaugura un monólito conmemorativo ou un espazo público co seu nome. Por outra parte, sinálase que se continúa con outras actividades como "Escritores na universidade", o Encontro de Escritores na Coruña o 18 e 19 de xullo, o congreso de escritores "Entre dous séculos" ou a primeira xornada sobre literatura oral que se fai en Lugo.

- maré, "Os escritores premian este sábado o labor da AS-PG", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2008, p. 32.

Dise que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) premia a traxectoria de máis de trinta anos defendendo o ensino en galego da Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG) co galardón "Os bos e xenerosos" que pretende recoñecer a figura dun escritor ou dun colectivo que contribuíse á difusión pública da cultura galega. Saliéntase que se valora o movemento pioneiro de renovación pedagóxica con trinta anos de actividade ininterrompida, con actividades de formación docente, publicación de materiais didácticos, promoción de espectáculos audiovisuais, elaboración de estudos sociais e unha implicación decisiva no proceso de normalización lingüística. Coméntase finalmente que o acto comeza cunha actuación musical e as intervencións da secretaria xeral da AELG, Mercedes Queixas Zas, e do presidente, Cesáreo Sánchez.

Premio **Celanova. Casa dos Poetas**

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non tivo ningunha dotación económica e consistiu nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproducía por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibiu tamén unha placa de prata na que se recollía un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmou no libro de honra do premio. O xurado, presidido polo alcalde de Celanova, Antón Mouriño, estivo composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte

xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. A resolución do xurado faise público ao redor do 7 de marzo e o galardón entrégase o primeiro domingo de setembro. Nesta edición de 2008 resultou gañador Alfonso Sobrado Palomares, director da Casa de Galicia en Madrid.

Referencias varias:

- A. M., "Agradecimiento a Curros Enríquez", *El Correo Gallego*, "Cultura", 8 marzo 2008, p. 75.

Dá conta dos diferentes actos que se levaron a cabo na cidade da Coruña para conmemorar o centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Así mesmo, achega os comentarios das seguintes personalidades que salientaron a figura do escritor: Antonio Mouriño Villar, presidente da Fundación Curros Enríquez; Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega; e Manuel González, presidente da Asociación da prensa da Coruña. En columna á parte, informa que tamén se deu a coñecer o gañador do Premio Celanova, Casa dos Poetas, outorgado a Alfonso Sobrado Palomares.

- Rodri García, "A homenaxe a Curros salienta a vixencia das súas reivindicacións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 marzo 2008, p. 48.

Informa da homenaxe realizada a Manuel Curros Enríquez na cidade da Coruña. Explica que tras a ofrenda no cemiterio de San Amaro, os estudantes dos colexios que levan o seu nome leron versos de agradecemento. Así mesmo, achega as palabras de Xosé Ramón Mouriño, director do colexio Curros Enríquez da Coruña, de Antonio Mouriño Villar, presidente da Fundación Curros Enríquez, quen afirmou que os actos de homenaxe continuarán en Celanova, e de Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega. En columna á parte, comenta que no acto celebrado na RAE tamén se fixo entrega do premio "Celanova, Casa dos Poetas", outorgado a Alfonso Sobrado Palomares.

- Marta García Márquez, "Celanova e A Coruña celebran xuntas cen anos da morte de Curros Enríquez", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", " Cultura", p. 13/*Diario de Ferrol*, "A Coruña/Provincia", p. 24, 8 marzo 2008.

Comenta os diferentes actos que se levaron a cabo como homenaxe no centenario do pasamento de Manuel Curros Enríquez. Indica que moitos alumnos dos colexios que levan o seu nome participaron nos actos que comezaron no cemiterio de San Amaro e remataron ante a súa estatua nos xardíns de Méndez Núñez. Achega as verbas dalgúns dos participantes como Xosé Ramón Mouriño, Xosé Ramón Barreiro, Manuel González ou González Tosar. Así mesmo, sinala que no acto celebrado na Real Academia Galega, se lle concedeu o Premio Casa dos poetas ao xornalista Alfonso Sobrado.

- Antonio Piñeiro, "O premio 'Celanova, Casa dos Poetas", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 28, maio 2008, pp. 53-57.

Explica as orixes deste premio grazas ao labor do xornalista Xosé Manuel del Caño quen llo propuxo ao Concello de Celanova. Ademais comenta que este levaba seis anos tentando que Celso Emilio Ferreiro contase cun monumento na súa vila natal, e que fixo partícipe ao escultor Acisclo Manzano para que elaborara unha medalla de prata. Precisa que se decidiu o nacemento do premio Celanova, Casa dos Poetas en 1985, e que se fallase o 7 de marzo e se entregase o 31 de agosto, coincidindo coas datas dos cabodanos de Manuel Curros Enríquez e de Celso Emilio Ferreiro, respectivamente. Apunta que na primeira edición recaeu en Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Alfredo Cid Rumbao e Ricardo Carballo Calero, e que o xurado decidiu recuperar o Patronato Curros Enríquez, quen dende a segunda edición do premio se encargou de organizalo, premiando só a un autor e anunciando o gañador na cidade coruñesa. Indícase que este premio xa vai cumprir vintecinco anos e que nesta ocasión a medalla vintecatro recae no xornalista Alfonso Sobrado Palomares. Remátase cunha táboa coas bases do premio onde constan a organización, a filosofía do mesmo, o galardón, a dotación económica, os datos da concesión, o xurado e os patróns de honra, e outra táboa coa relación dos galardoados nas vintecatro edicións.

- L. F., "Un premio por defender la cultura gallega", *La Región*, "Celanova", 3 setembro 2008, p. 15.

Dise que a Casa dos Poetas de Celanova acolleu o acto de entrega do XXIV Premio Celanova, Casa dos poetas, que este ano recaeu no xornalista, escritor e actual director da Casa de Galicia de Madrid, Alfonso Sobrado Palomares. Coméntase que é un galardón que serve de homenaxe a un galego que ao longo da súa vida destaca "pola defensa dos valores culturais de Galicia no máis amplo sentido da palabra" e que o acto de entrega contou cun recital poético.

- Luís González Tosar, "Pomba", *El Correo Gallego*, 14 setembro 2008, p. 2/*Diario de Pontevedra*, 15 setembro 2008, p. 14, /*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 14 setembro 2008, p. 27.

Comenta a súa experiencia en Celanova co gallo da súa presenza na XXIV edición do premio Casa dos Poetas que recaeu en Alfonso Sobrado Palomares. Detense no busto de Celso Emilio e mais de Curros Enríquez que hai en Celanova e sinala que despois da entrega deste galardón foron comer á Casa de Curros onde descubriu unha foto con Carlos Casares, Virxilio e Pilar Vázquez Cuesta e Pomba que cualifica de "malograda pomba da miña xeración".

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Xermolos que supón o recoñecemento duhna traxectoria cultural e social de personas relacionadas coa comarca da Terra Cha sen nacer nela. En anos anteriores premiou traxectorias como a de Bernardino Graña, Avelino Pousa Antelo ou Marica Campo. Na edición de 2008 obtiveron a distinción Xosé Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda nun acto celebrado o 8 de novembro no Muíño do Rañego en Vilalba, onde se lles fixo entrega dun diploma.

Referencias varias:

- Ramudo, "Los escritores Xosé Neira Vilas y Anisia Miranda reciben hoy en Villalba el título de Chairegos de Honra", *El Correo Gallego*, "Cultura", "En breve", 15 novembro 2008, p. 76.

Faise eco da celebración no Muíño do Rañego de Vilalba, capital da Terra Cha, dun acto de homenaxe e de entrega do premio Chairegos de Honra aos escritores Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda. Indícase tamén que tras a entrega do galardón se celebrou un xantar de irmandade.

- Cristina Pérez, "O mellor da terra", *El Progreso*, "A Chaira", 16 novembro 2008, p. 18.

Preséntase unha homenaxe feita ao matrimonio de escritores formado por Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda e que tivo lugar no Concello de Vilalba. Indícase que alí recibiron a distinción de Chairegos de Honra, dentro dunha serie de actos promovidos pola Fundación Manuel María en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos.

- Margarito Flowers, "Premio para un estudio de los judios en Galicia", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 20 novembro 2008, contracuberta.

Recolle no apartado "Neira Vilas y Anisia, chairegos de honra" a distinción que o escritor e a súa muller recibiron da Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos. Dá conta tamén do acto que contou cunha mesa redonda sobre os galardoados e mais cunha actuación musical.

Homenaxe **Letra E. Escritor na súa terra**

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretendeu recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organizouse baixo o lema "O escritor na súa terra". Non tivo dotación económica e consistiu na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante fixéronse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entregóuselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Na edición de 2008 concedéuselle o galardón a Xosé Vázquez Pintor nun acto de homenaxe celebrado en Melide o 7 de xuño.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Hora e tempo da palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 391, "Musas", 17 febreiro 2008, p. 51.

Mantén unha conversa con Xosé Vázquez Pintor, quen agradece o galardón que lle acaba de conceder a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comenta que os seus comezos foron no mundo da poesía, aínda que foi con obras narrativas coas que acadou

máis premios. A seguir, fala sobre a súa última novela, *Para dicir abril*.

- maré, "Para un 'gran poeta e narrador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2008, p. 29.

Coméntase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) decidiu este ano conceder varios dos seus premios, entre outros, á Asociación Sociopedagóxica Galega (Premio Bos e Xenerosos pola súa traxectoria de máis de vinte e cinco anos de defensa do ensino en galego), á Mostra de Teatro de Ribadavia e á escritora cubana Nancy Morejón (Escritor Galego Universal). Así mesmo apúntase que entregará a Letra E ao escritor Xosé Vázquez Pintor nun acto que se celebrará na súa terra natal Melide, no que tamén se inaugurará un monolito conmemorativo ou un espazo público co seu nome. Por outra parte, sinálase que se continúa con outras actividades como Escritores na universidade, o Encontro de Escritores na Coruña o 18 e 19 de xullo, o congreso de escritores "Entre dous séculos" ou a primeira xornada sobre literatura oral que se fai en Lugo.

- C. G., "La AELG nombra escritor del año al melidense Xosé Vázquez Pintor", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 marzo 2008, p. 33.

Informa que a AELG nomeou a Xosé Vázquez Pintor, escritor do ano. A continuación, alude ao programa de actividades que tivo lugar no acto que se celebrou en Melide e onde se fixo entrega da simbólica figura coa letra E polo presidente, Césareo Sánchez Iglesias.

- E. Riveira, "Melide homenajeará a Xosé Vázquez Pintor y pondrá su nombre a la biblioteca local", *El Progreso*, "A Ulloa", 5 xuño 2008, p. 19.

Coméntase como se desenvolveu o acto de homenaxe ao escritor Xosé Vázquez Pintor na súa terra, Melide, coincidindo co recoñecemento que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) fai ao escritor dentro da celebración anual de "O escritor na súa terra". Dise que a biblioteca do Concello de Melide levará dende agora o nome do escritor e que este será recoñecido coa Letra E de escritor que lle concede a AELG.

- Camilo Franco, "O importante é resistir, non abandonar, manterse no lugar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2008, p. 35.

Achégase unha entrevista ao escritor Xosé Vázquez Pintor, tras a homenaxe da letra E ofrecida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, na súa vila natal, Melide. Vázquez Pintor agradece a homenaxe e reflexiona sobre a súa escrita, lembra os anos nos que formou a xeración dos Novísimos e asegura que os escritores deben resistir. Tamén comenta que agora os autores teñen maiores oportunidades e saídas como as que ofrecen os premios literarios. En columna á parte, dáse conta da traxectoria literaria de Vázquez Pintor e achéganse algúns comentarios seus.

- L. R., "Xosé Vázquez Pintor recibe a letra 'E' da AELG", *A Nosa Terra*, n.º 1.314, "Cultura", 12-18 xuño 2008, p. 38.

Informa que este ano a Asociación de Escritores en Lingua Galega ofreceu a celebración da homenaxe "O escritor na súa terra", ao melidense Xosé Vázquez Pintor. Dá conta dos actos que se realizaron na vila e, de seguido, achega a traxectoria literaria

de Vázquez Pintor. Salienta que exerceu todos os xéneros e cita algunhas das súas obras, ademais de dar conta dos premios recibidos. Por último, fai referencia a súa última novela, *Para dicir abril*, gañadora do Premio Vicente Risco de Creación Literaria.

- D. Salgado, "Pintor: 'Mi generación fue ninguneada", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 xullo 2008, p. 7.

Comenta que Xosé Vázquez Pintor será o escritor homenaxeado este ano co galardón "O escritor na súa terra", concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Achega os agradecementos do homenaxeado e afirma que non se sente á altura doutros escritores. Fala sobre a súa xeración e cita algunhas das súas obras, entre as que salienta a máis recente, *Para dicir abril*. Por último, informa sobre os horarios dos actos que se van levar a cabo na súa vila natal, Melide.

Premio **Letras de Bretaña** e **Medalla do Reino de Merlín**

O premio Letras de Bretaña foi creado no ano 2005 para homenaxear as persoas preocupadas por destacar a importancia da Galicia do Norte e o seu espírito cunqueirán. Concedeuno o Real Coro Toxos e Froles e contou cos patróns dos Concellos de Ferrol e Mondoñedo (localidades onde se entrega o galardón) e o Bispado desta diocese. Ten carácter honorífico e careceu de dotación económica. Unha placa de prata como símbolo da rexión representa a distinción. Cada ano galardoa o traballo dun escritor ou escritora da Galicia do Norte. Ademais tamén se concedeu a Medalla do Reino de Merlín cuxo acto de entrega se realizou na sede do Real Coro de Toxos e Froles, en Ferrol. Nesta edición de 2008 mereceu o premio Letras de Bretaña a poeta Luz Pozo Garza e as Medallas do Reino de Merlín a escritora Milagros Frías, a poeta Julia Uceda e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Manuel Barreiro.

Referencias varias:

- R. Loureiro, "Mondoñedo y Ferrol premian la poesía de Luz Pozo Garza", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 febreiro 2008, p. 57.

Dáse conta da homenaxe que se lle fará en Mondoñedo á poetisa Luz Pozo Garza co gallo de entregarlle o Premio Letras de Bretaña 2007 en recoñecemento ao seu labor poético e á transcendencia da súa obra. Dise que o acto será presidido polo Ministro de Cultura, César Antonio Molina.

Premio **Manuel María** á Dignidade Nacional

Creado en 2005 pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino, coa finalidade de recoñecer publicamente a contribución de persoas ou institucións públicas e privadas que durante o ano promovesen iniciativas que tivesen consecuencias destacadas na mellora da dignidade nacional. O galardón consistiu nunha peza única de cerámica elaborada por Pérez Porto. Na edición de 2007 tamén se sumou como promotora a Asociación de Escritores en

Lingua Galega.

Medallas de Ouro de Galicia e **Medallas Castelao**

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concedeu as Medallas de Galicia, que consistiron nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concedeu as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. Na edición de 2008 concedeuse a Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia e as Medallas Castelao a Xosé Lois González Vázquez, "O Carrabouxo", á investigadora Inmaculada Paz Andrade e ao director de orquestra Maximino Zumalave.

Referencias varias:

- S. Espinoso, "Castelao sempre foi para min un referente", *La Región*, "Ourense", p. 15/*Atlántico Diario*, "Galicia", p. 22, 13 xuño 2008.

Entrevista ao debuxante Xosé Lois González, galardoado coa Medalla Castelao. Manifesta que Castelao foi tamén para el un referente no mundo do humor, ao que cualifica como un dos grandes humoristas galegos. Sobre o personaxe "O Carrabouxo", di que todos os recoñecementos son importantes pois supoñen que xentes de certo nivel intelectual ou cultural valoren o seu traballo. Á pregunta sobre a dificultade de manter unha creación durante tantos anos, responde que procura actualizarse nos contidos e incluso nas formas, e incide na afectividade que se crea co público.

- Avelino Abuín de Tembra, "Medallas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos Ábregos", 16 xuño 2008, p. 5.

Refírese á entrega das Medallas Castelao 2008. Repara na confusión que existe entre estas medallas e as de Galicia e apunta que é preciso facer unha campaña de mentalización da obra e as ideas de Castelao.

- X. C., "Xose Lois, Inmaculada Paz Andrade e Zumalave reciben as medallas Castelao", *A Nosa Terra*, n.º 1.317, "Aldea global", 3-9 xullo 2008, p. 3.

Danse os nomes dos galardoados coas Medallas Castelao do ano 2008 dos que se recoñece o seu importante labor dentro do mundo artístico, cultural e científico galego. Dise que o humorista gráfico Xosé Lois González, a catedrática de Física Inmaculada Paz Andrade e o músico Maximino Zumalave son os tres persoeiros que recibiron o seu premio nun acto celebrado o 28 de xuño no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval, preto do sartego de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

- M. do Espiritusanto, “Galaxia recibe la Medalla de Ouro de Galicia”, *El País*, “*Galicia*”, 4 xullo 2008, p. 2.

Infórmase da concesión da Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia pola súa contribución á cultura galega e á defensa dos intereses de Galicia. A continuación, resúmese a historia desta editorial dende os seus comezos en 1950 até o 2002, ano en que Víctor Freixanes asume a dirección.

- Camilo Franco, “A conquista de Galaxia é que Galicia non sexa monopolio de ninguén”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 xullo 2008, p. 43.

Entrevista a Víctor Freixanes, director da Editorial Galaxia, distinguida coa Medalla de Ouro polo goberno galego. Comenta que Galaxia, ademais dunha editorial, foi tamén “unha estratexia política” e salienta o papel que xoga na cultura galega. Sobre o futuro da entidade, indica que a intención é apostar pola modernización permanente.

- M. M., “A cultura galega non sería a mesma sen o proxecto de Galaxia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y cultura”, 5 xullo 2008, p. 50/*La Opinión*, “Cultura”, 6 xullo 2008, p. 68.

Entrevístase a Víctor Freixanes co gallo da concesión da Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia que o 25 de xullo lle entrega o Consello da Xunta. Lémbrase como foi a traxectoria da editorial ao longo dos cincuenta e sete anos que ten de vida e a importancia da contribución que a ela fixeron autores como Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego. Tamén se fala sobre o estado do mundo editorial galego na actualidade.

- Marcos Valcárcel, “Medalla de Ouro”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “Andoliña”, 5 xullo 2008, contracuberta.

Informa da concesión Medalla de Ouro de Galicia 2008 á Editorial Galaxia, lembrando unha carta escrita o 18 de maio de 1948 por Ramón Piñeiro e dirixida ao seu amigo Francisco Fernández del Riego para interesarse polos avances da nova editorial. Indica tamén que esta editorial fundada o Día de Galicia do ano 1950 presenta unha longa actividade no terreo da defensa da cultural e da lingua galegas.

- Luís González Tosar, “Esquizofrenia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Ao raiar o sol”, 6 xullo 2008, p. 2.

Alude á concesión da Medalla de Ouro á Editorial Galaxia, da que comenta algúns elementos vinculados cos seus inicios.

- Marcelino Agís Villaverde, “Rosalía de Castro e Galaxia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al Sur”, 7 xullo 2008, p. 2.

Apunta que o día 25 de xullo se honra a Rosalía de Castro na misa celebrada en Santo Domingos de Bonaval e que a Fundación que leva o nome da poeta sinalou a decisión de non seguir organizando tal acto. Informa que o mesmo día tamén se honra á Editorial Galaxia, con motivo da entrega da Medalla de Ouro de Galicia.

- Xan Carballa, “Galaxia, a editorial que traduciu a Heidegger e rompeu o folclorismo franquista”, *A Nosa Terra*, nº 1.318, “A Aldea Global”, 10-16 xullo 2008, p. 3.

Comézase aludindo á importancia dos avarates na creación da Editorial Galaxia para salientar a Medalla de Ouro de Galicia, coa que será galardoada. Coméntanse algunhas das iniciativas que esta empresa levou a cabo, como foi a fundación da revista *Grial* ou as primeiras traducións ao galego de importantes filósofos. Nun á parte, realízase unha breve entrevista a Víctor Freixanes, que comenta os aspectos polos que lle gustaría ser lembrado como director desta entidade, da que comenta os seus fondos editoriais.

- Helena Villar Janeiro, “Galaxia, Medalla de Ouro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 11 xullo 2008, p. 3.

Dá conta da concesión da Medalla de Ouro de Galicia 2008 á Editorial Galaxia, facendo unha mención especial ao labor oa cabo por esta institución na defensa da lingua e da cultura galegas. Indica que este recoñecemento do goberno galego se une ao do conxunto da nosa sociedade, que ano tras ano segue fiel á traxectoria de dita editorial.

- Alfredo Conde, “Volveron os ouriols, Freixanes”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 14 xullo 2008, p. 4.

Infórmase mediante un curioso e acertado xogo de metáforas da concesión da Medalla de Ouro de Galicia á editorial Galaxia, así como dos actos de celebración do Día das Letras Galegas 2009, dedicado ao escritor, filósofo, filólogo e político Ramón Piñeiro.

- Ceferino Díaz, “Galaxia e Piñeiro”, *A Nosa Terra*, n.º 1320, “Política”, 24-30 xullo 2008, p. 11.

Faise eco de dúas novas ao redorda literatura galega: a concesión da Medalla de Ouro, a maior condecoración do Goberno galego, á Editorial Galaxia e a decisión de dedicar o Días das Letras Galegas 2009 á figura de Ramón Piñeiro, intimamente relacionado co traballo da editorial Galaxia.

- Natalia Álvarez, “Unha ‘editorial’ non é unha fábrica de libros”, *Faro de Vigo*, “*Especial Día de Galicia*”, 25 xullo 2008, p. 8.

Recóllese unha entrevista a Víctor F. Freixanes, director xeral da Editorial Galaxia, co gallo da recepción da Medalla de Ouro de Galicia outorgada no 2008 a dita editorial. Freixanes salienta a honra que isto representa, así como a satisfacción de ter recibido a máxima condecoración ofrecida polo goberno galego en recoñecemento a toda a labor levaba a cabo dende hai anos por Galaxia na defensa da lingua e da literatura galegas. Repásase a fundación e a posta en marcha da editorial, así como as futuras liñas de traballo que servirán para chegar ás novas xeracións, entre as que a lingua e literatura galegas semellan máis abandonadas.

- Anxa Correa, “As mil primaveras de Cunqueiro hai que conquistalas todos os días entre nos”, *El Correo Gallego*, “Tema del Día”, “Entrevista”, 25 xullo 2008, p. 9.

Entrevista a Víctor F. Freixanes, director da Editorial Galaxia, tras o recoñecemento a dita institución coa Medalla de Ouro de Galicia, o galardón máis importante que

outorga o Goberno galego. No texto sublíñanse as verbas do director, cheas de satisfación, orgullo e agradecemento.

- F. D., "Editorial Galaxia, Medalla de Ouro", *La Región*/*Atlántico Diario*, "*Día de Galicia*", 25 xullo 2008, p. 8.

Destaca a entrega da Medalla de Ouro á Editorial Galaxia, dentro dos actos do Día de Galicia como recoñecemento á contribución á cultura galega. Menciona a intervención do presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, quen destacou a súa traxectoria dende que fora creada en 1950 baixo a presidencia de Ramón Otero Pedrayo e a participación de personaxes como Ramón Piñeiro, entre outros. Salienta tamén os máis de dous mil cincocentos títulos, o millar de autores ou as máis de cento trinta traducións publicados por esta editorial.

- M. Dopico, "O desafío renovado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Distinción", 25 xullo 2008, p. 23.

Recolle as palabras de ledicia de Victor Freixanes, director de Galaxia, tras a decisión do goberno galego de outorgarlle a Medalla de Galicia pola súa contribución á cultura galega. Menciona tamén o lugar e data de entrega de dita distinción, e a seguir recolle a importancia da editorial dende a súa creación nos anos cincuenta e os retos da actual etapa. Salienta a filosofía da editorial, que vai máis lonxe da publicación de libros e que abarcaría a dixitalización dos mesmos, exposicións itinerantes e diversas fundacións. Marca tamén a aposta polos autores mozos, os novos xéneros ou a tradución.

- Daniel Salgado, "O noso problema é que somos poucos", *El País*, "*Día de Galicia"*, 25 xullo 2008, p. 14.

Recolle unha entrevista ao director da Editorial Galaxia no ano que esta institución vén de recoller a Medalla de Ouro de Galicia, coincidindo coa dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro. Comenta Víctor Freixanes que semella iniciarse un certo movemento de reivindicación dunha vía de galeguismo fóra de toda confrontación.

- E. R., "La Xunta reconoce a Galaxia su papel de salvaguarda de la identidad gallega", *El Progreso*, "Galicia", "Día de Galicia", 26 xullo 2008, p. 18.

Recolle o acto de entrega da distinción da Medalla de Ouro á editorial Galaxia, de mans do presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, quen manifestou a importancia desta editorial na salvagarda da identidade cultural e política galegas, e que segue a ser unha realidade hoxe en día.

- E. Rodríguez, "Editorial Galaxia recibe la Medalla de Oro", *Diario de Pontevedra*, "En portada", "Día de Galicia", 26 xullo 2008, p. 2.

Informa do acto de entrega da Medalla de Ouro á Editorial Galaxia na noite do 25 de xullo, de mans do presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño, quen recoñeceu o labor de dignificación literario e cultural da lingua galega, facendo un percorrido dende a súa fundación até os nosos días. Sinala que Benxamín Casal Vila, vicepresidente da editorial, recolleu a distinción e destacou o seu catálogo de máis de dous mil cincocentos libros e máis dun millar de autores.

- Marta Ribadulla, “Oro para la dignificación del gallego”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 26 xullo 2008, p. 21.

Comenta a entrega da Medalla de Ouro de Galicia á Editorial Galaxia nun acto que tivo lugar, como vén sendo costume, coincidindo co Día de Galicia, nunha única gala oficial organizada polo executivo autonómico. Refírese á presenza do presidente Emilio Pérez Touriño quen salientou o traballo realizado pola editorial dende o seu nacemento hai cincuenta e oito anos, así como o seu intenso labor durante os anos do franquismo en prol da dignificación cultural e literaria do galego.

- Xosé A. Perozo, “Galaxia”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Cara ou Cruz”, 27 xullo 2008, p. 2.

Reflexiona ao redor da concesión á Editorial Galaxia da Medalla de Ouro de Galiza, recoñecendo o seu papel relevante na dinamización dos círculos de pensamento galego e o respaldo ofrecido a intelectuais comprometidos coa terra galega.

Medalla de Ouro da Federación de Libreiros de Galicia

A Federación de Libreiros de Galicia entrega a Medalla de Ouro en recoñecemento á súa labor cultural e editorial.

Premio **Otero Pedrayo**

Convócano cada ano, dende o 1976, as Deputacións provinciais para “perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións”. Podían optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato tivo que enviarse ao presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e debían achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspiraba ao premio e documentos e antecedentes, que se considerasen de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propuña. Entregáronse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estivese baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexiron e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Estivo dotado con 30.000 euros e contou cun xurado constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Esta edición de 2008 foi organizada pola Deputación de Ourense.

Pedrón de Ouro e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebrou o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concedéronse dous premios: o "Pedrón de Ouro", que tratou de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresaiu na defensa da cultura nacional, e o "Pedrón de Honra", que distinguiu a aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consistiu nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras e Francisco Xavier Río Barja. No ano 2008 o "Pedrón de Ouro" recaeu no historiador Xusto G. Beramendi e o "Pedrón de Honra" no poeta Xosé Lois García. A entrega dos galardóns tivo lugar o 18 de maio na Casa-Museo de Rosalía en Padrón.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, "Os Pedróns 2008 (I)"e "Os Pedróns 2008 (e II)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos Ábregos", 13 e 14 abril 2008, p. 5/"Os Pedróns 2008", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 20 abril 2008, p. 26.

Comenta a actividade que dende hai corenta e catro anos realiza a Fundación do Pedrón de Ouro e préstalle especial atención aos comezos, en 1964, cando só se realizaba un acto literario-cultural ao redor da estatua de Rosalía no Espolón. Opina que daquela había despreocupación pola lingua e o seu uso, pois o país non "sabía que facer". Nomea algúns nomes de entón, que chama os "varóns de Padrón" e salienta algúns dos galardoados en anos anteriores. De Justo Beramendi, o premiado co Pedrón de Ouro deste ano, salienta especialmente a súa humildade e sinxeleza, así como a constancia, a amizade e o cariño polas causas e cousas de Galicia. A continuación, fala do Pedrón de Honra, nomea e sinala algunhas persoas que foron galardoadas en edicións anteriores, de procedencia portuguesa, vinculadas a Galicia, ou mesmo estranxeiros como Hans Schneider ou Roxelio Rodríguez de Bretaña. Do último premiado co Pedrón de Honra nesta 44ª edición, Xosé Lois García, comenta a súa traxectoria profesional en diversos ámbitos, así como a súa participación en diversas iniciativas culturais. Apunta ademais que é autor de numerosas obras, entre as que salienta a poesía e o ensaio.

- Xosé María Dobarro Paz, "Galardóns", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 13 abril 2008, p. 25.

Alude á entrega dos premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, que tiveron lugar en Arzúa. Conta que o Pedrón de Ouro levouno Justo Beramendi e o de Honra, Xosé Lois García. Incide ademais na traxectoria profesional dos galardoados e manifesta que o Padroado do Pedrón "acertou nestas concesións". Para rematar, apunta que tamén se resolveron en Huelva os Premios da Asociación Española de Críticos Literarios e céntrase nos agasallados en lingua galega: Luís Rei Núñez e Helena de Carlos. Remata referíndose ao bo momento polo que atravesa a literatura galega.

- Avelino Abuín de Tembra, “De Provincia a Nación”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Ventos Ábregos”, 20 abril 2008, p. 5.

Fala do volume de Justo Beramendi, que narra a formación e a evolución de Galicia como provincia única e despois como nación. Por esta obra, informa que lle foi concedido o Pedrón de Ouro 2008, e tamén pola súa traxectoria “dunha vida consagrada a Galicia”. A continuación, pasa a comentar datos da vida deste escritor nado en Madrid. Tamén considera que esta obra será en breve a “biblia do galeguismo e do nacionalismo de Galicia”, e dá a súa opinión sobre o deslinde entre galeguismo e nacionalismo.

- Uxía López, ”A figura e obra de Rosalía chega aos colectivos que non teñen fácil o acceso á cultura”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 18 maio 2008, p. L12.

Coméntase o proxecto “Aula para a diversidade” que ten en marcha a Fundación Rosalía de Castro dentro dun programa cultural para achegar a figura de Rosalía de Castro a colectivos marxinais, como foi o caso dun grupo de nove mulleres xitanas de Ribeira e un grupo de presos do cárcere de Teixeiro dentro da actividade da Unidade Terapéutica Educativa do centro. Tamén se di que a fundación ten a pretensión de levar un grupo de discapacitados e adaptar as instalacións da Casa-Museo para estes colectivos con discapacidade. Finalmente, saliéntase que a Casa-Museo da Matanza acolle o acto de entrega dos Premios Pedrón de Ouro a Xusto Beramendi e Pedrón de Honra a Xosé Lois García.

- V.V.A.A., “Cerimonia de Entrega dos Pedróns de Ouro e de Honra celebrada na casa de Rosalía, en Padrón, en maio de 2008”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 75, “Crónica”, xullo-agosto-setembro 2008, pp. 457-471.

Recóllense os discursos pronunciados o 18 de maio de 2008 no acto de entrega do Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra na Casa de Rosalía en Padrón. O primeiro que se inclúe son as “Palabras de benvida de Xosé Ramón Fandiño”, nas que recibe aos presentes e anuncia os nomes dos homenaxeados, Xusto Beramendi e Xosé Lois García, dos que ofrece algúns datos biobibliográficos. A seguir, reprodúcese a “Laudatio para Justo Beramendi e Xosé Lois García (Pedróns de Ouro e de Honra), de Luís Álvarez Pousa”, quen salienta a importancia de ambas as figuras para a cultura galega. De Beramendi destaca a súa postura activa na busca dun cambio político e a súa capacidade para repensar a modernidade con rigor, un pensador de referencia nun tempo de transformacións aceleradas. Repasa algúns dos seus títulos máis emblemáticos, as súas adscricións políticas e a súa relación co Museo do Pobo Galego. De Xosé Lois García, salienta o seu labor na emigración en Cataluña, o seu activismo político, a relación e interese pola cultura angolana e a lusofonía en xeral, así como a súa faceta creadora, na que ten a Manuel María como unha referencia cívica e cultural. A seguir, alúdese á “Intervención de Xusto Beramendi, Pedrón de Ouro 2008”, na que o homenaxeado rememora como chegou a Galicia e comezou a sentirse galego, malia nacer en Madrid e ser descendente de vascos, manchegos e asturianos. Explica que en Barcelona entrou en contacto coa colectividade galega e que alí coñeceu a grandes figuras da nosa cultura, até que lle ofreceron traballar en Santiago de Compostela e iniciou a viaxe. Evoca a súa entrada en Galicia en tren e a fonda impresión que lle causou a paisaxe, á que quedou unido de por vida. Tamén se atende á “Intervención de Xosé Lois García, Pedrón de Honra 2008”, na que evoca os seus anos da infancia no fogar humilde da familia, onde o único que se podía ler era *O gaiteiro de Lugo*, no que se incluían poemas de Rosalía.

Explica a súa relación coa lingua galega e a importancia desta como elemento identitario e de universalidade. Critica a falta de sensibilidade das autoridades e considera un síntoma de esperanza o debate que está a xurdir recentemente ao redor do idioma. Exemplifica as súas argumentacións amparándose en versos de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Uxío Novoneyra, entre outros. Por último reprodúcese a "Intervención de Avelino Abuín, Presidente da Fundación do Pedrón de Ouro" e a "Intervención da Conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo". O primeiro refírese á traxectoria do galardón, que celebra a corenta e cinco edición, e nomea algúns persoeiros da cultura galega que o recibiron. A segunda destaca o compromiso e coherencia dos premiados.

Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretendeu enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo e nas seguintes edicións recaeu no actor Luís Tosar, no grupo de música folk Milladoiro, no político Xosé Manuel Beiras, no escritor Xosé Neira Vilas e no semanario *A Nosa Terra*. No ano 2008 premiouse a Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao.

Referencias varias:

- E. P., "Pousa Antelo gaña o Premio Ramón Piñeiro, 'Facer País' pola súa entrega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 agosto 2008, p. 59.

Dá conta da concesión da distinción, promovida pola Asociación Val de Láncara, a Avelino Pousa Antelo, de entre corenta propostas, pola súa continua actividade como escritor, político e animador cultural entre outros, en favor de Galicia. Precisa que aínda que xa posúe recoñecementos como a Medalla Castelao, Pousa Antelo recoñece o inesperado da distinción.

- Teté López, "Conservo unha carta, que Piñeiro lle escribiu no 1955 a Xaime Isla Couto, na que falaba moi ben de min", *El Progreso*, "Sarria", 28 agosto 2008, p. 15

Breve entrevista a Avelino Pousa Antelo na que se alude ao feito de ter gañado o sétimo Premio Ramón Piñeiro Facer País. Recoñece a sorpresa de recibir o premio cultural, dá conta dos galardóns que leva recibido e opina favorabelmente do labor da Asociación Val de Láncara, promotora deste galardón.

- A. Casanova, "O premio 'Ramón Piñeiro'preludia os actos das Letras Galegas, que se celebrará en Láncara", *El Progreso*, "Sarria", 11 outubro 2008, p. 15.

Dá conta da celebración de dous actos, o 18 de outubro, a prol da literatura e da lingua galegas que tiveron lugar na vila de Láncara e que teñen como figura central ao escritor Ramón Piñeiro. O primeiro deles desenvolveuse ao redordo Día das Letras Galegas, dedicadas neste ano ao intelectual lucense. O segundo foi a entrega do premio 'Ramón Piñeiro, Facer País' ao mestre, escritor e director da Fundación Castelao, Avelino Pousa

Antelo. A seguir faise unha descrición do acto de entrega e noméanse os asistentes e as entidades colaboradoras do evento.

- Valentín Arias, "Con Pousa, en Láncara, a facer país", *El Progreso*, "Sarria", 11 outubro 2008, p. 15.

Dá conta do premio "Ramón Piñeiro, Facer País" concedido a Avelino Pousa Antelo. Saliéntase que a recollida do premio terá lugar na vila de Láncara e faise un recordatorio da traxectoria vital e literaria do premiado, facendo fincapé, tamén, no seu labor político clandestino como director do Partido Galeguista.

- L. P., "El premio 'Ramón Piñeiro' reúne mañana en Láncara a personalidades gallegas", *El Progreso,* "Sarria", 17 outubro 2008, p. 17.

Informa da celabración do VII Premio Ramón Piñeiro Facer país, que recaeu en Avelino Pousa Antelo. Dise que está organizado pola Asociación Cultual Val do Láncara e que supón o punto de arrinque do Día das Letras Galegas do próximo ano, dedicado a Ramón Piñeiro.

- A. Casanova/Vázquez Rivas, "Pousa Antelo fai do 'Ramón Piñeiro' unha loubanza a 'autenticidade", *El Progreso*, "Sarria", 19 outubro 2008, p. 11.

Dá conta do recoñecemento co "Ramón Piñeiro, Facer País", convocado pola Asociación 'Val de Láncara', ao mestre Avelino Pousa Antelo (de 94 anos de idade) pola súa longa traxectoria literaria e política. Refírese tamén a opinión que Pousa Antelo tiña sobre a figura de Ramón Piñeiro, ao que consideraba, a pesar das súas diferencias, un home competente, entusiasta, preparado, dinámico e consagrado de cheo á terra galega.

- J. García Bernardo, "Facer país", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de vista", 19 outubro 2008, p. 11.

Recolle a concesión do sétimo "Premio Ramón Piñeiro. Facer País", á figura de Avelino Pousa Antelo. Menciona tamén que este acto servirá como preludio do próximo Día das Letras Galegas, no que se homenaxeará ao lancarés que dá nome ao galardón.

- X. C., "Avelino Pousada Antelo, noventa e catro anos 'facendo país", *A Nosa Terra*, n.º 1.332, "A aldea global", "Recoñecemento a un histórico galeguista", 6-12 novembro 2008, p. 3.

Presenta a figura do escritor Avelino Pousa Antelo, que vén de recibir o Premio Ramón Piñeiro Facer País concedido pola Asociación Cultural Val de Láncara e a través do cal se recoñece o labor deste mestre de 94 anos, incondicionalmente entregado á terra galega na súa faceta de galeguista, de cooperativista, de escritor, de político ou de animador cultural.

- M. Villar, "Non soporto a indignidade e o manobrismo na política", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 430, "Personajes", 9 novembro 2008, p. 48.

Informa da concesión do Premio Ramón Piñeiro Facer País, outorgado polas asociacións culturais de Sarria ao coruñés Avelino Pousa Antelo. Indica o seu labor abrangue dende mestre a cooperativista, escritor, político, animador cultural e activista galeguista, militancia que recoñece bota en falta, destacando que tentou divulgar a cultura e a lingua galega por enriba de todo. Apunta que entre os recoñecementos que ten recibido se contan a Medalla Castelao, a Insignia de Ouro e Esmalte da Unión de Cooperativas e a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago.

- M. Villar, "Se ós nosos devanceiros lles din que hai democracia, radio e televisión en galego, abraiarían", *La Región*, "Sociedad", 13 novembro 2008, p. 67.

Comenta a concesión do Premio Ramón Piñeiro Facer País ao coruñés Avelino Pousa Antelo. Indica que o seu labor abrangue dende mestre a cooperativista, escritor, político, animador cultural e activista galeguista. Di que Pousa Antelo tentou divulgar a cultura e a lingua galega por enriba de todo e apunta que, entre os recoñecementos que ten recibido, están a Medalla Castelao, a Insignia de Ouro e Esmalte da Unión de Cooperativas e a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago. Finalmente, apunta que Antelo se lamenta de que certos persoeiros, baixo as siglas do Partido Galeguista, estean a destruír o espírito de Castelao, Alexandre Bóveda, etc., faltándolle ao respecto ao labor que eles fixeron pola terra galega.

Premio **Roberto Vidal Bolaño** das Redes Escarlatas

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e cultura galega e coa emancipación de Galicia. O premio, que non tivo dotación económica, consistiu nun cadro do artista ourensán Xosé Luís de Dios. No 2008 o xurado, composto por X. M. Crego, Rosa López, X. H. Costas, Anxo Angueira e X. L. Méndez Ferrín, acordaron, o día 19 de xuño, entregar o premio a Felipe Lubián Lubián pola defensa da galeguidade lingüística e cultural dos catro concellos galegófonos de Zamora, polo seu compromiso co teatro de base e por facer o galego lingua cooficial do Concello de Lubián.

Referencias varias:

- Anxo Angueira, "Irmou Felipe", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2008, pp. 473-475.

Reprodúcese o discurso de Anxo Angueira durante a entrega do V Premio Roberto Vidal Bolaño das Redes Escarlata a Felipe Lubián Lubián, no que a crítica a aldraxe e sometemento á cultura e lingua galega son o aspecto central, ao contrapoñelo co traballo de persoas que, como a homenaxeada, levan a cabo o seu labor de promoción fóra de Galicia, tanto dende o ámbito político coma o cultural, aspecto no que salienta a súa colaboración con Roberto Vidal Bolaño. Conclúe que Felipe Lubián, galardoado con outros premios, é un precursor.

Premios **San Martiño** de Normalización Lingüística da Estrada

Premios que concede anualmente a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O galardón consistiu nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde.

Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón anual de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistiu nunha lámina debuxada, escrita e entregada por Isaac Díaz Pardo. Na edición de 2008, o galardón foi para a bibliotecaria e académica Olga Gallego Domínguez.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel , "Parabéns", *La Región,* "Sociedad", "Pan por pan", 2 maio 2008, p. 69.

Felicita, entre outros, a Millán Picouto por recibir o premio que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) concede á súa obra *Ciclo de Marte* como a mellor obra dramática de 2007, e a Olga Gallego, custodia da memoria do galeguismo na Fundación Penzol, polo premio Trasalba 2008.

- R. V., "Dedicado a los bibliotecarios", *El Correo Gallego,* "Cultura", 30 xuño 2008, p. 60/"Orgullo e humildade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xuño 2008, p. 39.

Dise que o Premio Trasalba foi para a arquiveira e académica Olga Gallego e que o dedica a todos os bibliotecarios e arquiveiros de Galicia polo seu silencioso e importante traballo. Coméntase como foi o acto de entrega do premio na Casa-Museo de Ramón Otero Pedrayo, no que tamén a acompañou o galeguista Isaac Díaz Pardo.

Premio **Xarmenta**

Convocado pola Asociación Berciana de Lingua Xarmenta, dirixido a institucións e personalidades que máis se implican na promoción da lingua galega no Bierzo. O galardón consistiu nunha figura de Sargadelos. No ano 2008 recibiron os galardóns Susana Seivane e, de xeito conxunto, a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e a Aira da Pedra. A entrega terá lugar o 15 de xaneiro de 2009 no Teatro Bergidum de Ponferrada.

Referencias varias:

- DL, “Xarmenta falla sus premios por la promoción exterior”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 10 decembro 2008, p. 12.

Afirma que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta dará a coñecer o 11 de decembro no Hotel AC de Ponferrada os nomes dos galardoados cos IV Premios Xarmenta. Tamén apunta que se presentará o número 3 da revista *Xarmenta*, cualificada como “revista berciana realizada íntegramente en gallego”.

- M. J. Alonso, “Aira da Pedra, Seivane y la Escola de Gaitas, premios Xarmenta”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 12 decembro 2008, p. 12.

Dá conta da rolda de prensa que tivo lugar en Ponferrada e na que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta anunciou os premiados na IV edición dos seus premios á promoción do galego exterior e onde se presentou o terceiro número da revista *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*.

Premio **Xoán Manuel Pintos**

Convocado polo Concello de Pontevedra e a Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL), contou coas categorías local e autonómica, e tivo como finalidade facer recoñecemento público do labor de impulso da lingua galega e ao mesmo tempo manter viva a memoria.

X.7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Premio **Ala Delta**

A Editorial Luís Vives (Edelvives) convocou o Premio Ala Delta de literatura infantil coa finalidade de promover a creación literaria para nenos. Estabeleceuse un premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, foi dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais debían ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do estado. O tema dos orixinais foi libre, igual que o xénero literario, e enviáronse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luís Vives "Para o premio Ala Delta" (Xauradó, 25, 28034 Madrid) antes do 18 de febreiro. O xurado foi nomeado por Edelvives e estivo formado por especialistas en literatura e educación, sendo un deles membro da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil. No ano 2008 o gañador do XIX Premio Ala Delta foi Alfredo Gómez Cerdá, con *Barro de Medellín*.

Premio **Arume** de Poesía para Nenos

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase fomentar a lectura deste xénero entre os máis pequenos. Compleméntase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume podían concorrer persoas de calquera nacionalidade con textos escritos en galego que debían enviar, xunto con tres copias, á Fundación Xosé Neira Vilas, Gres, Vila de Cruces, 36587 Pontevedra. As obras levaban un título que tamén debía constar nun sobre pechado e separado onde figuraban os datos do autor. O prazo de admisión de orixinais rematou o 31 de outubro e tivo unha dotación de 1.000 euros que foron outorgados a un poemario inédito cun mínimo de trescentos cincuenta versos, ademais da publicación da obra en Ediciós do Castro. En anteriores edicións, resultaron gañadores Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro, Marica Campo e Concha Blanco. Ao tratarse dun premio bienal, no ano 2008 non lle correspondeu convocarse.

Concurso do Libro Infantil **O Barco de Vapor**

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras que se presentaron debían ter unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espazo, e enviáronse tres exemplares xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que constaba por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor, antes do 15 de abril. Podían presentarse todas as obras que se axustasen ao concepto de novela e debían estar escritas en galego, ser

orixinais, inéditas e non estar premiadas noutro concurso, nin corresponder a autores falecidos con anterioridade á convocatoria. O xurado foi nomeado pola Fundación Santa María e estivo constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros e a publicación da obra, pero a partir de 2007 a contía do galardón aumentou a 10.000 euros para potenciar a creación de literatura infantil e xuvenil en galego. No ano 2008 resolveuse o premio o 15 de setembro e recibiu o galardón Marcos Sánchez Calveiro coa novela *O canto dos peixes.* O xurado estivo formado por Xavier Senín, Manuel Figueiras e Isabel Soto.

Referencias varias:

- maré, "Sánchez Calveiro gaña o Premio Barco de Vapor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 16 setembro 2008, p. 29.

Dá conta da viséximo cuarta edición do Premio O Barco de Vapor de Literatura infanto-xuvenil, na que o gañador foi Marcos Sánchez Calveiro coa obra *O canto dos peixes*. Sinala que o xurado considerou o gran valor literario e o rico léxico sobre o mar desta obra.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde**

Ver apartado X.3. deste *Informe*.

Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén a completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, convocados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns. Nel dáse a coñecer o ditame do xurado. A dotación foi de 6.500 euros ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso podían consultarse no Boletín Oficial da Provincia. Algúns dos gañadores de anteriores edicións foron David Rubín e Antonio Seijas. Nesta cuarta edición de 2008 gañou Mariano Casas Gil con *Mensaxes*.

Referencias varias:

- Laura Queijeiro, "El santiagués Mariano Casas Gil gana el Premio Castelao de Banda Deseñada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 setembro 2008, p. 58.

Dá conta da cuarta edición do Premio de Banda Deseñada Castelao, convocado pola Diputación da Coruña, que recaeu na presente edición en Mariano Casas Gil coa súa obra *Mensaxes*, un álbum de cincuenta e dúas páxinas no que se narra toda unha serie de vivencias dunha parella nas derradeiras horas das súas vidas.

- M. G. M, “Casas Gil consegue o Premio Castelao con ‘Mensaxes”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Cultura”, “Deputación”, 26 setembro 2008, p. 15.

Recolle a concesión do Premio de Banda Deseñada Castelao, á obra *Mensaxes*, de Mariano Casas Gil. Salienta, seguindo ao comisario do certame, Miguelanxo Prado, a súa calidade narrativa e o seu estilo gráfico marcado.

- S. S., “Es bastante difícil sobrevivir dedicándose por completo al cómic”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 28 setembro 2008, p. 16.

Recolle unha entrevista ao premiado na cuarta edición do Premio Banda Deseñada Castelao, organizado pola Diputación da Coruña e outorgado a Mariano Casas Gil pola súa obra *Mensaxes*. Sinala que nela se recollen as últimas horas de vida dunha parella encerrada nunha nave mentres agardan a chegada do fin do mundo e deciden deixar unha mensaxe en forma de cómic.

Premio Internacional **Compostela para Álbumes Ilustrados**

O concello de Compostela convocou no ano 2007 por primeira vez este premio no marco da súa VIII Campaña de Animación á Lectura e do X aniversario da Editorial Kalandraka co obxectivo de estimular os creadores plásticos do país. Nas bases do premio definiuse o álbum ilustrado como un “libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen”. O premio estivo dotado de 12.000 euros. Podían presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non podía superar as corenta páxinas interiores e debían presentarse cinco copias do texto, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en color de cada unha das ilustracións así como unha maqueta co deseño. Enviáronse en sobre pechado ao Concello de Santiago, Departamento de Educación. O xurado estivo formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada editarase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. O prazo de entrega rematou o 31 de xaneiro de 2008 e a decisión do xurado deuse a coñecer o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, 2 de abril. O xurado estivo composto por Xabier P. Docampo, Miguel Calatayud, Fernando Krahn, Guadalupe Rodríguez, Manuela Rodríguez, Xosé M. Rodríguez-Abella, Marc Taeger, Beatriz Varela e Óscar Villán e decidiu premiar, de entre os trescentos trinta e cinco aspirantes, a Natalia Colombo polas ilustracións da obra *Cerca*.

Referencias varias:

- D. S., “Una argentina gana el premio compostelano a libros ilustrados”, *El País*, “*Galicia*”, 3 abril 2008, p. 7.

Sinálase que a ilustradora arxentina Natalia Colombo é a gañadora do Premio Internacional Compostela para Álbumes Ilustrados. Coméntase que a obra gañadora, *Cerca*, traza unha fábula sobre a incomunicación, as relacións interpersonais e o individualismo e combina diversas técnicas de ilustración. Menciónase que a cantidade

do premio é de 12.000 euros e que foi escollido entre trescentos trinta e cinco aspirantes. Dise que a obra será publicada pola editorial Kalandraka antes de fin de ano nas cinco linguas peninsulares.

- Manuel Jabois, "El bebé de Natalia llega con premio y cheque", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 3 outubro 2008, p. 68.

Informa da concesión do I Premio Internacional Compostela para Albums Ilustrados á ilustradora arxentina Natalia Colombo. Recolle tamén as súas impresións ao recibir dito galardón, valorado en doce mil euros.

- maré, "Kalandraka fai dez anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Volume", 3 abril 2008, p. 35.

Coméntase que a ilustradora Natalia Colombo gañou o I Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados coa obra *Cerca*, convocado pola Consellería de Educación e a editorial Kalandraka. Dise que esta obra se publicou a finais do 2008 por dita editorial. Tamén se mencionan, polo seu interese, outras obras como *Trocas as voltas ao tempo* de José Antonio Gomes e Gemeo Luis, así como *Ovelhina dá-me lá*, de Nicolás Arispe.

- V. Oliveira, "Imaxinación para grandes e cativos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 outubro 2008, p. 35.

Faise referencia á recollida do I Premio Internacional Compostela por parte de Natalia Colombo, polo álbum ilustrado *Cerca*. Explícase a xénese do mesmo e menciónase a traxectoria da autora. Nun á parte intitulado "Edición" dáse conta de que será publicado en sete linguas e fálase do argumento da obra premiada, as valoracións do xurado, as técnicas empregadas na ilustración e mesmo se indica a web da artista.

- Sandra Cuíña, "Premio Compostela para Natalia Colombo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 outubro 2008, p. 28.

Refírese á entrega do I Premio Internacional Compostela para Álbumes Ilustrados a Natalia Colombo polo álbum *Cerca*, editado por Kalandraka Edicións. Resalta a dotación do premio, 12.000 euros, e a tiraxe da editorial en sete linguas. Detense na descrición que fai a autora da súa obra e menciona a técnica multidisciplinar que empregou, mesturando colaxe con pintura acrílica, entre outros.

- Camilo Franco, "Natalia Colombo defiende el álbum ilustrado para adultos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 outubro 2008, p. 50.

Recóllense as palabras da gañadora do premio Compostela polo álbum ilustrado infantil *Cerca*, a arxentina Cristina Colombo. Explícase o argumento da historia e arremétese contra as etiquetas da idade dos libros, e considera que sendo ilustradora e escritora a un tempo é quen de transmitir máis e dun xeito máis claro.

- C. G. Machuca, "La fábula que se narra en 'Cerca' fomenta la imaginación y la libertad", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 outubro 2008, p. 18.

Alude ao paso por Galicia de Natalia Colombo, que recibiu o galardón do Premio Internacional Compostela para Álbumes Ilustrados coa súa obra *Cerca*. Debulla tamén o argumento do seu libro, unha fábula sobre a incomunicación humana que ten como protagonistas un parrulo e un coello.

- Ramón Nicolás, "En 'Cerca', palabras e imaxes ían pedindo permiso unhas ás outras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 288, "A entrevista", 8 novembro 2008, p. 16.

Entrevístase a Natalia Colombo, autora do álbum ilustrado de nome *Cerca* co que gañou o I Premio Compostela organizado pola editorial Kalandraka. Destácase a súa recoñecida obra gráfica e a emoción e oportunidades que lle brindou o galardón. Respecto á relación entre Galicia e Arxentina, indícase que coñece o labor da Editorial Kalandraka, e que aposta por acurtar distancias.

Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 30.000 euros. Os orixinais tiñan que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Presentáronse mecanografados a dobre espazo e enviáronse por triplicado, baixo plica, antes do 15 de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estivo formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición deuse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publicouse primeiro na lingua orixinal e despois traduciuse ás outras linguas do estado. Nesta edición non foi premiada ningunha obra galega e mereceron o galardón *No es tan fácil ser niño*, de Pilar Lozano e *Huida al Sur*, de Juan Madrid en literatura infantil e xuvenil, respectivamente.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Puideron concorrer todas as persoas que o desexasen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal podía conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviáronse, un orixinal e dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolleu un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consistiu nunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do traballo premiado en Ediciós do Castro. O incremento de traballos presentado é maior en cada edición. No ano 2008, o prazo de admisión de orixinais pechouse o 30 de outubro e a resolución deuse a coñecer en decembro. O xurado, composto por Xosé Neira Vilas, Valentín García Gómez, Xoan Andrés Fernández Castro e Luis Reimóndez Fernández, decidiu premiar a Bernardino Graña pola obra

Larpancia saborosa do lobo e a raposa.

Referencias varias:

- Amelia Ferreiroá, "Bernardino Graña recibe el Estornela de Teatro para Nenos de la Fundación Neira", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2008, p. 49.

Recolle a concesión do Premio de Teatro para Nenos Estornela que convoca a Fundación Xosé Neira Vilas, a Bernardino Grañas pola obra *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, onde se contrasta o mundo animal co humano, nunha peza para ser representada con monifates, monicreques ou actores. Informa tamén da dotación económica do premio e da publicación por parte de Ediciós do Castro da obra gañadora.

- C. G., "Entrega dos premios García Barros e Estornela", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "A Estrada", 13 decembro 2008, p. 46.

Infórmase da entrega do Premio Estornela de teatro infantil a Bernardino Graña ademais de dar conta da entrega premio do certame Manuel García Barros.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de primaria e ESO, as mellores obras da literatura infantil e xuvenil. Estabeleceu catro categorías: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º e 5º de Primaria; 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO; e 3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entraron a concurso tivo tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesores e alumnos que determinou os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na cuarta edición correspondente ao ano 2008, celebrouse por primeira vez fóra de Santiago, concretamente no recinto ferial FEXDEGA de Vilagarcía de Arousa. As obras premiadas foron na primeira categoría (1º e 2º de primaria) Concha Blanco con *Poemas para pintar*, na segunda categoría (3º a 5º de primaria) Gloria Sánchez con *Dez piratas*; na terceira categoría (6º de primaria a 2º de ESO) An Alfaya con *Zoa e Azor*; e na cuarta categoría (3º de ESO a Bacharelato) *Ollos de auga*, de Domingo Villar.

Referencias varias:

- ABC, "Política Lingüística gabou o consenso acadado no Plan de Normalización do Galego", *ABC*, "Galicia", 12 xaneiro 2008, p. 47.

Trátase dunha serie de reflexións realizadas durante a inauguración das III Xornadas de Normalización e Dinamización Lingüística, que organiza a Federación de Escolas Católicas de Galicia. Indícase que a secretaria xeral tamén matizou a labor que están realizando dende esta plataforma educativa para a normalización lingüística, como a "Festa da Lingua" ou os premios de literatura Frei Martín Sarmiento.

- M. B., “El Premio Frei Martín Sarmiento llevará a Vilagarcía a 2.500 escolares”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, 9 abril 2008, p. 24.

Indícase que a cuarta edición do Premio Frei Martín Sarmiento de literatura infantil e xuvenil galega se realiza por primeira vez fóra de Santiago, esta vez en Vilagarcía, e que no seu desenvolvemento van participar dous mil cincocentos escolares de toda Galicia. Dise que a organizadora do premio é a comisión lingüística dos cento vinte e cinco colexios de Galicia que pertencen á Federación Española de Relixiosos de Ensinanza (FERE), a cal escolle as mellores obras en galego seguindo catro categorías dependendo da idade e curso escolar. Coméntase que as obras se escollen a principio de cada curso escolar e, unha vez lidas polos alumnos dos centros, son eles os que as puntúan, sendo gañadoras as máis votadas. Por último, dise que no acto de entrega tamén hai obradoiros e mesmo faladoiros cos autores gañadores.

- M. L., “Vilagarcía acollerá a Festa da Lingua, na que se entregarán os premios Frei Martín Sarmiento”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía local”, “Promoción do galego”, 9 abril 2008, p. 05.

Coméntase que a cuarta edición do Premio Frei Martín Sarmiento de lectura infantil e xuvenil en lingua galega que convoca a Federación Española de Relixiosos, se celebra nesta ocasión en Vilagarcía de Arousa. Dise que o xurado, formado só por escolares de entre seis e dezasete anos de colexios relixiosos de toda Galicia, escollen os que consideran mellores libros en lingua galega editados ao longo do ano 2006 despois de facer unha preselección de obras a principio de curso e ler estes ao longo do ano. Sinálase que nesta ocasión é o recinto Fexdega o que acolle a Festa de Lingua o día 30 de abril ás once da mañá. Dise que hai un encontro dos escritores gañadores da pasada edición cos escolares para poder falar sobre as obras e que os premios consisten nunhas placas de recoñecemento.

- Ágatha de Santos, “Ollos de auga’ es la novela que siempre quise leer”, *Faro de Vigo*, “Sociedad y Cultura”, 29 abril 2008, p. 41.

Entrevístase a Domingo Villar tras recibir o Premio Frei Martín Sarmiento que conceden os estudantes de terceiro da ESO e Bacharelato de centros relixiosos de Galicia pola súa novela *Ollos de auga,* coa que xa gañara o I Premio Sintagma Novel. O autor fala do que significa acadar este premio, dos personaxes da novela, da súa próxima obra e do xénero policial, entre outras cousas.

- Ana Baena, “Son un escritor que estivo noutros traballos para comer”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 1 maio 2008, p. 16.

Entrevista a Domingo Vilar que vén de recibir o Premio Frei Martín Sarmiento. Sinala que o éxito da súa primeira novela foi toda unha sorpresa e refírese ao tempo que lle levou rematar de escribila. Apunta que probabelmente o seu estilo de narrar teña que ver coa súa faceta de escritor de guións, onde a inmediatez e a economía do tempo xogan factores importantes, pero que tamén lle permiten axilidade á hora de escribir. Tamén presenta ademais a razón pola cal a obra se ambienta na comarca de Vigo.

Premio **Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia e a Fundación Caixa Galicia dende o ano 2006, está dotado con 10.000 euros coa finalidade de promover a produción literaria en lingua galega. Podían presentarse, baixo lema, orixinais escritos en lingua galega por sextuplicado, conforme á normativa vixente. Os orixinais enviáronse até primeiros de abril aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A. (Doutor Marañón, 12, 36211 Vigo). O xurado, que se deu a coñecer no mes de maio, compúxose de lectores mozos e de recoñecidos profesionais da cultura. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra gañadora. O premio resolveuse no transcurso da Cea Xerais o 7 de xuño, xunto cos premios Merlín e Xerais de Novela (vid. apartado X.1. deste *Informe*). No ano 2008, o premio recaeu en Marilar Aleixandre por *A cabeza de Medusa*.

Referencias varias:

- Ver apartado X.1. deste *Informe***.**

- Lara Rozados, "Con 14 anos podes ler sobre temas conflictivos", *A Nosa Terra*, n.º 1.333, "Cultura", 13-19 novembro 2008, p. 31.

Recolle unha conversa coa escritora Marilar Alexandre, gañadora do último Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil pola súa obra *A cabeza de Medusa*. Sinala que nela se tratan os medos das primeiras citas e as consecuencias que provocan as presións ás que están sometidos os mozos e mozas en busca dunha imaxe estereotipada da fermosura. Salienta que o fío argumental se desenvolve a partir da violación de dúas rapazas ao saíren dunha festa.

Premio de Literatura Infantil da **Fundación Espace Enfants (FEE)**, de Suíza

Premio que convoca cada dous anos, dende hai dúas décadas, en Saint Pierre des Clages, Vila Suíza do Libro, a Fundación Espace Enfants que se dedica á investigación no ámbito da psicoloxía infantil. Con este premio inténtase dar a coñecer a todo o mundo obras de literatura de calidade que mellor conectan coa psicoloxía dos nenos. Na edición do ano 2007, cun xurado formado por especialistas en literatura infantil de Suíza, Francia, Italia, China, Xapón, Brasil e un representante do continente africano, por primeira vez, recibiu o premio a escritora galega Marisa Núñez por *Chocolata* (2006), entre as máis de cento cincuenta obras presentadas.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e xuventude a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación Literaria, Ilustración e Labor Editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar

en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Na actualidade, a dotación ascende a 7.600 euros para a obra gañadora e 2.000 para aquela merecedora dun accésit. Os textos que optaron ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) tiñan un mínimo de oitenta e un máximo de cento vinte e cinco páxinas (de dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un máximo de douscentos cincuenta versos para obras de poesía. Unha mesma obra podía optar ao Premio Lazarillo de creación Literaria e ao de ilustración. O xurado estará presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante de cada unha das seccións da OEPLI e un representante do Ministerio de Cultura; e actuará como secretaria, con voz e sen voto, a secretaria da OEPLI. As personas que concursaron remitiron á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) tres exemplares de cada unha das obras coas que desexaban concorrer. Os orixinais debían presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título. A resolución do xurado fíxose público durante a celebración da Semana do Libro Infantil e Juvenil. Nesta edición de 2008, o xurado da modalidade de Ilustración presidido por Itziar Zubizarreta, presidenta da OEPLI, e integrado por Teresa Duró, Pablo Jurado, Oscar Villan, Jon Zabaleta e Ana Cendán, que actuou como secretaria sen voz e sen voto, concedeu o premio a Roger Olmos polas ilustracións de *El príncipe de los enredos*, de Roberto Aliaga. Na modalidade de Creación literaria, o xurado presidido tamén por Itziar Zubizarreta, e integrado por Laia Ventura, Gloria Fernández, Mª Teresa Leis, Mikel Ayerbe e Ana Cendán, que tamén actuou de secretaria, acordou premiar a Pablo Albo por *Diógenes*.

Premio **María José Jove** de Teatro Infantil

Premio bienal convocado pola Fundación María José Jove co fin de promover a creación dunha literatura infantil a través de textos dramáticos pensados para a súa posta en escena. Estabelece un único premio, indivisíbel, de 30.000 euros e, ademais, a obra premiada representarase, sempre que sexa posíbel, no Encontro de Cine e Teatro Infantil María José Jove. Poderán optar ao premio todos os escritores que o desexen, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de obra teatral, tanto para actores coma para monicreques, escritas en galego ou castelán, sexan orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente. A duración das obras na súa posta en escena non poderá exceder dunha hora e o número de personaxes non será maior de dez. Os textos remitiranse por triplicado e baixo pseudónimo en folios DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e encadernados ou cosidos e en disquete á Fundación María José Jove. No ano 2008 non se convocou. A seguinte convocatoria do premio será en 2009.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por Baía Edicións cada dous anos, está dotado cun único premio de 2.500 euros e a publicación da obra na colección "Meiga Moira" de Baía Edicións. A temática e o xénero de creación foi libre e estivo destinada a nenas e nenos de 8 a 16 anos. A

lingua do texto foi o galego conforme a normativa vixente, sen límite de páxinas. Da obra inédita e non premiada, enviáronse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do17 de maio. O xurado estivo composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actuou como secretaria. A resolución deuse a coñecer no mes de outubro. Nesta terceira edición de 2008, o premio foi para Xabier López Rodríguez por *Os globos de andar*.

Referencias varias:

- Lara F. Baldomir, "La literatura nace de la realidad", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 30 setembro 2008, p. 16.

Dá conta de varias novas relacionadas coa lingua e a literatura galegas, entre elas sublíñase que o gañador do Premio Meiga Moura de Literatura Infantil foi o escritor e periodista Xabier López Rodríguez, coa súa obra *Os globos de andar*.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Dotado cunha contía de 20.000 euros, no ano 2008 ganou o ilustrador valenciano Paco Roca pola súa obra *Arrugas*. Quedaron de finalistas *Estraperlo y tranvía*, de Alfonso López, e *María y yo*, de Miguel Gallardo e María Gallardo.

Premio **Nacional de Literatura Infantil**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC da Consellería de Cultura, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais (ver o apartado X.3 do *Informe*). Dende hai cinco anos organízase en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde. Podían optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil. Estabelecéronse dúas modalidades, unha para rapaces e outra para adultos, dotadas ambas as dúas con 4.000 euros. As obras foron de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. Quedaron excluídos os textos para monicreques e as pezas de teatro breves. A dotación económica foi de 4.000 euros e a obra premiada será publicada nas colecciónns do IGAEM, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos das obras, o xurado valorou positivamente aqueles factores que incidiron na súa viabilidade escénica: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc. A súa decisión fíxose pública dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión

de textos. Nesta edición de 2008, o período de admisión rematou o 12 de xuño e a contía ascendeu a 6.000 euros. Decidiuse premiar a obra *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa, de entre os dez orixinais presentados. O xurado estivo integrado por Laura Tato Fontaíña, como presidenta, Emilio Xosé Insua, Roberto Salgueiro, Marica Campo, Carlos Ignacio Labraña e Andrea Bayer Lloves, como vogais.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "González Costa gaña os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 14 outubro 2008, p. 75.

Refírese á dobremente premiada actriz, contacontos e escritora Teresa González Costa, pois vén de gañar o Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais con *Sempre quixen bailar un tango* e o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, con *Pingueiras e tarteiras*. Sinálase tamén que o gañador do Premio Barriga Verde de Textos de teatro de monicreques foille outorgado a Xosé Antón Neira Cruz por *O punto da escarola*.

- Camilo Franco, "Teresa González gaña os premios Cunqueiro e Manuel María", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 14 outubro 2008, p. 50.

Recolle a apertura da Feira das Artes Escénicas na que se deron a coñecer os premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María que recaeron en Teresa González, e mais o Barriga Verde para textos de monicreques que galardoou a Xosé Antonio Neira Cruz. Por outra banda, di que o Barriga Verde quedou deserto na modalidade de adultos. Nun á parte recolle as impresións de Teresa González tras saberse gañadora dos premios.

- V. Oliveira, "Teresa González gaña o Álvaro Cunqueiro e o Manuel María", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 outubro 2008, p. 66.

Informa da entrega dos premios de dramaturxia Álvaro Cunqueiro e Manuel María que recaeron na autora grovense Teresa González. Indica que a dramaturga recibiu con ledicia estes recoñecementos, convocados por Agadic da Conselleria de Cultura, subliñando o mérito e a honra que supón o feito de ser unha única persoa gañadora de ambos os dous galardóns. Finalmente, di que as obras premiadas foron *Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e Tarteiras*.

- Lara Rozados, "Para miña nai case era máis importante que fixese teatro que que estudiase", *A Nosa Terra*, n.º 1.930, "Cultura", 23-29 outubro 2008, p. 39.

Dáse conta da figura de Teresa González Costa que vén de recibir dous premios dos círculos dramáticos galegos polo conxunto da súa obra teatral, *Sempre quixen bailar un tango* que acadou o XVII Premio Álvaro Cunqueiro de teatro e a obra *Pingueiras e Tarteiras*, que foi a merecedora do III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Indícase que no discurso de recollida de ambos os dous galardóns, quixo dedicarllos á súa nai, pois foi ela quen a que impulsou a facer teatro.

Premio **Merlín** de Literatura Infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado con 10.000 euros, podían participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presentasen os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentáronse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que dedía ser presentado baixo lema, acompañouse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, estivo constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. Nesta edición 2008 o xurado da XIIIª edición do premio, resolto o día 7 de xuño de 2008 na illa de San Simón e formado por Manuel Figueiras Fernández, Adolfo Gálvez Pazos, Beatriz Pereiro Pérez, Laura Sáez Fernández, Óscar Villán Seoane e actuando como secretaria, con voz e sen voto, Helena Pérez, acordou por unanimidade outorgar o premio á obra intitulada *Xenaro e o misterio da mochila verde*, de Mar Guerra.

Referencias varias:

Ver apartado X.1. deste *Informe.*

- Marta García Márquez, " Os nenos len dúas páxinas e se non lles mola: adeus!", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 27 novembro 2008, p. 17.

Entrevista informal cunha introdución moi pintoresca onde se compara o libro *Xenaro e a mochila verde*, de Mar Guerra, coa preparación dun estraño prato. Fala do seu personaxe, Xenaro, da idade recomendada de lectura, da obtención do Premio Merlín, da calidade editorial do mercado infantil e expresa algúns dos seus pareceres sobre a escrita para nenos que é máis difícil que para os adultos.

- Ramón Nicolás, "Unha metáfora sobre a amizade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 292, 13 decembro 2008, p. 10.

Comeza salientando a capacidade da escritora Mar Guerra para conectar cos seus lectores co seu libro *Xenaro e o misterio da mochila verde*, distinguida co Premio Merlín 2008. A continuación valora o libro e comenta que "mostra unha ollada ao mundo real, as situacións máis ou menos cotiás a través dos ollos dun neno".

Finalmente cualifica o libro como “unha sólida estrea” para a súa autora e resalta as ilustracións de Fernando Llorente.

Premio **Ourense** de Banda Deseñada

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, presentou dous apartados distintos, un dedicado ás Mellores Iniciativas na Banda Deseñada Galega, que podía recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao Mellor Autor Novel. O certame tivo lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución, que van pola décimo novena edición. O galardón foi unha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio do primeiro dos apartados decídiuse segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia podían enviar á Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta edición 2008 recaeu o premio á Mellor iniciativa no Sistema Municipal de Bibliotecas Públicas da Coruña, que recolleron José Pesquero, Fátima Elías e Iván Serrano, pioneiros na introdución do cómic nas bibliotecas da Coruña a través do blog Fancomic.es, nun acto celebrado o 1 de outubro.

Referencias varias:

- J. R., “Bibliotecas de A Coruña gana el premio de Banda Deseñada 2008”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 setembro 2008, p. 50.

Refírese á concesión do galardón que entrega cada ano a Casa da Xuventude de Ourense ao grupo dirixido por Julio Pesquera formado por Fátima Elías e Iván Serrano, do Sistema Municipal de Bibliotecas Públicas da Coruña. Menciona como as diversas actividades desenvoltas polo grupo, como obradoiros de lectura, blogs ou difusión de fondos lles valeu dito premio.

- LR, “Las bibliotecas de A Coruña ganan el Premio Ourense de Banda Deseñada”, *La Región*, “Ourense”, 23 setembro 2008, p. 9.

Informa da adxudicación do Premio Ourense de Banda Deseñada, polo seu labor divulgativo e de promoción do cómic, ao sistema de bibliotecas da Coruña. Menciónase que conta cunha colección de máis de oito mil títulos. Dá conta tamén da data de entrega do premio, que vai xa pola oitava edición.

- R. V., “El galardón Ourense de Banda Deseñada, para un grupo de A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 23 setembro 2008, p. 68.

Dáse conta dun grupo de bibliotecarios formado por Fátima Elías, Iván Serrano e Julio Pesquera que foi distinguido co Premio Ourense de Banda Deseñada, que outorga a Casa da Xuventude de dita cidade en colaboración co Concello. Tamén se indica que este grupo foi o encargado de introducir o movemento do cómic nas bibliotecas coruñesas grazas a un blog chamado Fancomic.es.

- Javier Romero, “Las Xornadas de Banda Deseñada ofrecen ocho muestras en Ourense”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2008, p. 48.

Faise eco dos premiados nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense que este ano recaeu en tres bibliotecarios da cidade da Coruña, en recoñecemento do seu labor na defensa e difusión da banda deseñada. Indícase que o premio foi recollido polos compoñentes deste grupo de traballo, formado por Julio Pesquero, Fátima Elías e Iván Serrano.

- R. V., “Tres bibliotecarios, premios Ourense, Banda Deseñada”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 outubro 2008, p. 68.

Dáse conta do grupo formado por Fátima Elías, Iván Serrano e Julio Pesquera que foron galardoados co Premio Ourense Banda Deseñada, logo de dárense a coñecer hai catro anos co blog *Fancomic.es*, no que se defende e se difunden distintos aspectos relacionados co mundo da banda deseñada.

Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense e dotado con 3.000 euros para cada modalidade, ilustración e narración. Os orixinais de narrativa presentáronse antes do día 12 de setembro, mentres que para a modalidade de ilustración o prazo rematou o 20 de decembro. No ano 2008 publicouse a obra gañadora da edición anterior, *O nariz de Fiz*, de Miro Villar con ilustracións de Lola Lorente. Na modalidade de narración recibiu o galardón Concha Blanco por *Encontros ás agachadas*. O xurado da modalidade de narración estivo composto por Xosé Paz Rodríguez, José Manuel Fernández López, Sonia Torre Delgado e Sabela Gago Menéndez. O xurado de ilustración estivo composto por Eva Torres Rodríguez, Omar Pérez Sonzini, Concha Blanco Blanco e Mª Puertas Feijóo-Montenegro. En ambas modalidades actuaron como presidente José Luis Valladares Fernández e de secretario Francisco González Bouzán. O premiado de ilustración darase a coñecer en 2009.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, “A miña obra defende a interculturalidad”, *La Región*, “Ourense”, “Personaje del día”, 30 outubro 2008, p. 10.

Recolle a entrevista a Concha Blanco, gañadora do Premio Pura e Dora Vázquez por *Encontro ás agachadas*. Primeiro fala sobre o que representa gañar o concurso e o máis gratificante deste feito. A seguir, menciona os motivos de presentarse ao concurso e o seu futuro despois de gañar o mesmo. Remata expoñendo a mensaxe e fio narrativo da obra, así como o máis destacado para a súa autora.

- J. M. Ramos, “Concha Blanco gana un nuevo premio literario”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 30 outubro 2008, p. 35.

Dá noticia de que a escritora e profesora ceense Concha Blanco gañou o VI Premio de Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez con *Encontros ás agachadas*.

Sinálase que se trata dunha historia futurista ambientada en Cee que defende a interculturalidade e enxalza valores como a amizade.

- Eduardo Eiroa, "Moitos fomos Balbino, uns ninguén, nenos de aldea", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 novembro 2008, p. 51.

Concha Blanco, ao longo da conversa feita con motivo da obtención do premio Pura e Dora Vázquez coa novela *Encontros ás agachadas*, fala do argumento da obra, na que un neno se atopa con Kano 3, unha rapaza extraterrestre e que se vai publicar pola Diputación de Ourense. A autora comenta que a súa obra ten un final aberto. No terreo persoal, resume a súa biografía e explica que comezou a escribir sen intención de publicar até que unha editorial se interesou por publicar os seus primeiros traballos.

Premio **Raíña Lupa** de Literatura Infantil e Xuvenil

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ao premio podían presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión foi libre e podíanse incluír ilustracións que fixeran alusión ao argumento. Os orixinais debían presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados até o 16 de agosto. Presentáronse baixo título e un lema, provistos de plica en que se fixo constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debía facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura infantil Raíña Lupa". O premio decidiuse entre o 18 de agosto e o 30 de setembro. Nesta edición, o xurado estivo presidido por Salvador Fernández Moreda e contou con Caridad González Cerviño, Yolanda Castaño, Antonio Yáñez, gañador da última edición, Ramón Nicolás, Ignacio Chao, Pedro Lucas e Rogelio López Cardalda, que actuou como secretario. Presentáronse trinta e un orixinais, quedando seis obras finalistas, das que recibiu o galardón Carlos López con *A peripecia de Roi*.

Referencias varias:

- Rodri Garcia, "O xurado do Raíña Lupa premia a imaxinación e o humor da obra de Carlos López 'A peripecia de Roi", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 outubro 2008, p. 49.

Recolle a concesión do Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil a Carlos López pola obra *A peripecia de Roi*. Informa das impresións do autor, que admite certo ton de humor surrealista na súa obra.

- M. Villar, "El humorista gráfico Carlos López gana el Raíña Lupa", *La Opinión*, "A Coruña", 29 outubro 2008, p. 12.

Dá conta da obra de Carlos López, *A peripecia de Roi*, que foi a gañadora do Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil. Indica que este premio está dotado con 6.500 euros e a publicación da obra.

- M. Dopico, "O pouso ineludible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 novembro 2008, p. 37.

Coméntase o libro *A peripecia de Roi*, de Carlos López. Dopico e dise que lle foi concedido o premio do 2008 do Certame de Literatura Infantil Raíña Lupa grazas a esta obra que está "chea de fantasía e humor". Sinala tamén que o libro é moi adecuado para nenos. Finalmente describe o argumento: un neno vai coa súa nai a unha verbena e compra moitos globos, de maneira que sae voando polo aire. En columna á parte fala da traxectoria literaria como Pinto&Chinto.

White Ravens Galegos

A Biblioteca Internacional da Mocidade, con sede en Munich, publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. Na edición deste ano 2008, tres obras galegas conseguiron entrar nesta lista internacional. Foron *Ovos duros* (2007), de Marisa Núñez, editado por OQO Editora; *O carteiro de Bagdad* (2007), de Marcos S. Calveiro, e *Unha bruxa ben rara* (2007), de Carlos Mosteiro. Ademais a editorial pontevedresa Kalandraka recibiu a distinción polo conto *La sonrisa de Daniela*, de Carmen Gil e ilustrado pola arxentina Rebeca Luciani, ao mellor álbum infantil publicado en España.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Marisa Núñez consigue unha mención na lista White Ravens por 'Ovos duros", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 marzo 2008, p. 87.

Dáse conta da Mención Especial á Calidade Literaria e Gráfica dentro da lista White Ravens obtida pola obra *Ovos fritos* (2007), escrita por Marisa Núñez e ilustrada por Teresa Lima. Engádese que *O sorriso de Daniela* (2007), da autoría de Carmen Gil e Rebeca Luciani, tamén está incluída nesta lista elaborada pola Biblioteca Internacional da Mocidade de Munich. Por último sinálase que esta relación se presentará na Feira do Libro Infantil de Boloña. Coméntase que alí se entregará unha mención de honra do Bologna Ragazzi Award á obra *Gran libro dos retratos de animais* (2006), de Svjetjan Junakovic.

X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Acóllense neste apartado todos aqueles certames, premios escolares de creación literaria que tiveron recepción na prensa diaria ou nas revistas e que se dirixen a escolares de distintos niveis de ensino, aínda que tamén se abran a outros participantes. Tamén aqueles que nos foron achegados polas entidades convocantes enviando as súas bases. En xeral, aínda que pode haber algunha excepción, debido á traxectoria do premio, alfabetízanse polo nome do concurso e indícase a entidade convocante.

Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocaron este concurso. Nel puideron participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que foron en galego, debían ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estivo relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregáronse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Estabelecéronse cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria. Tales cantidades non foron entregadas en metálico, senón que o seu valor foi dado en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales foron doados pola entidade Caixanova. O xurado tivo facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Na edición de 2008 entregáronse os premios o venres 16 de maio no Salón de Actos do Concello de Cee. Os gañadores nas distintas categorías foron: no 1º ciclo de primaria Sergio Cambeiro Riveiro, do Colexio do Pindo, con "O libro intelixente"; no 2º ciclo de primaria "O agasallo do avó", de Cristian Lago Paris, do CEIP de Vilarmide; no 3º ciclo de primaria "A sabiduría do avó Antón", de Ainhoa Conde Castro, do colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; no 1º ciclo da ESO, "A fin dos libros", de Andrea Franco Rodríguez, do colexio Manuela Rial Mouzo de Cee e no 2º ciclo da ESO, "O diario", de Lucía Alvariñas Gómez, do colexio Manuela Rial Mouzo de Cee. O xurado estivo composto por Victor Manuel Castiñeira Castro (técnico de Cultura do Concello de Cee), Teodomiro Lamela Rodeiro (responsábel das Axencias de lectura de Ameixenda e Brens), e Mercedes Rodríguez Fraga (responsábel da Oficina de Normalización Lingüística do Concello de Cee).

Premio Literario Poeta **Antonio Fernández Morales**

Organizado conxuntamente polo Concello de Cacabelos e a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta para homenaxear a figura de Fernández Morales. Podían participar todas as persoas que presentasen relatos ou poesías orixinais e inéditos en lingua galega ou castelá. Estabelecéronse tres categorías: A para nenos de 6 a 9 anos, B para nenos entre 10 e 13 anos e C para os maiores de 14 anos. Os orixinais presentáronse por quintuplicado sen asinar mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, e entregáronse no Concello de Cacabelos (Praza maior, 1, 24540 Cacabelos), na Biblioteca Pública (Ángel Basante,

15) ou ben por correo electrónico ao enderezo participacion@cacabelos.org. Cada autor podía presentar unha peza poética ou relato cuxa extensión non fora superior a douscentos versos ou tres folios no caso dos relatos. Houbo un premio para poesía e relato por modalidade lingüística e categoría que consistiu nunha colección de libros máis diploma acreditativo. O 14 de xaneiro de 2008 deuse a coñecer a resolución da primeira edición correspondente ao ano 2007. Os premiados en lingua galega das diferentes categorías foron, na categoría A, en poesía Mª Andrea Salgado Fernández por "Branca e vermella. Nadal", e en relato Nacho Mañá Mesas por "Aventura: a morte no monte Paxariel"; na categoría B en poesía e relato Diego Markwalder Gato por "Homenaxe ó mariñeiro" e "O mellor de cada casa", respectivamente, e na categoría C Isabel Aldao Losada levou o premio en poesía con "Na beirarrúa", mentres que o premio en relato foi declarado deserto. Na edición de 2008 o prazo de admisión rematou o 12 de decembro e os premiados daranse a coñecer antes do 10 de xaneiro de 2009. A entrega dos premios terá lugar na Gala dos IV premios Xarmenta á promoción do galego que terá lugar o 15 de xaneiro de 2009 no Teatro Bergidum de Ponferrada. O xurado estivo composto por Anxo Angueira, Fermín López Costero, Mª José Montero, Francisco Macías e Mª Jesús Polo Pigueiras.

Referencias varias:

- M.ª Jesús Polo Pigueiras, "O I.º Premio Literario Poeta Fernández Morales", *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*, n.º 3, "Premios", 2008, p. 14.

Destaca a importancia da celebración do I Premio Literario Poeta Antonio Fernández Morales como un impulso máis na reivindicación da lingua galega no Bierzo. Indica que está organizado polo Concello de Cacabelos e mais pola Asociación Berciana da Lingua Xarmenta e reproduce a listaxe completa de gañadores na súa primeira edición. Este texto vén acompañado dunha foto na entrega da primeira edición desde premio así como das bases da II edición do premio, cuxa gala de entrega terá lugar o 15 de xaneiro de 2009 dentro dos IV premios Xarmenta no teatro Berguidum de Ponferrada.

Concurso Literario **Ánxel Casal**, Concello de Santiago

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez I para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido ao alumnado de ensino secundario. As obras en galego debían ser inéditas e de tema libre. Os orixinais debían remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación). O certame estivo dotado dun primeiro premio de 900 euros e dun segundo de 600 para cada unha das modalidades, poesía, conto e teatro, engadíndose esta última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspondeulle ao alcalde de Santiago e estivo composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. No ano 2008 o xurado estivo composto por Miguel Anxo Seixas, Antía Otero, Eduardo Alonso, Rubén López e a concelleira Lupe Rodríguez. Na modalidade de poesía resultaron galardoadas Celia

Parra Díaz (IES As Lagoas de Ourense) e Yuri Gómez González (INGABAD de Ourense), e en narrativa, Icía Meléndez Cabo (IES Arcebispo Xelmírez I) e Lorena Iglesias González (IES Blanco Amor de Ourense). Finalmente, na modalidade de teatro os premiados foron Marcos Rodríguez Regueiro (IES Terra de Soneira de Vimianzo) e Roberto Rodríguez Álvaro (IES Blanco Amor de Ourense).

Referencias varias:

- A. I., "Premio Ánxel Casal para promesas de la literatura", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Literatura", 29 novembro 2008, p. 31.

Dá conta da entrega de premios do Concurso Literario Anxel Casal, dedicado a fomentar a creación literaria en galego entre os xóvenes estudiantes galegos. Achéganse os nomes dos gañadores da presente edición, que foron: Celia Parra Díaz, Yuri Gómez González, Icía Meléndez Cabo, Lorena Iglesias González (estas últimas na modalidade de conto) e, en teatro, Marcos Rodríguez Regueira e Roberto Rodríguez Álvaro.

Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, constou de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros e a el puideron concorrer cantos autores o desexen, cun máximo de dúas obras orixinais e inéditas e escritas en lingua tanto castelá como galega, de tema libre. A extensión non podía superar os dez folios mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara. Os traballos debían presentarse no Departamento de Cultura do Concello, número 1 da Praza Maior de Lugo, en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na edición de 2008, as contías dos premios ascenderon a 1.000 euros e 500 euros en cada premio e modalidade. Presentáronse trinta e oito obras en galego e cincuenta en castelán. O xurado da categoría de galego estivo composto por Xosé Luís Vázquez Somoza, José Manuel Núñez Blázquez, presidente de Ágora Cultura, e Manuel Celso Matalobos, vicedirector do IES Lucus Augusti. Na categoría de galego resultou gañador Francisco Rozados co seu relato "O bestiario máxico do abade" e Rocío Leira con "As sete tristes notas do meu vals" quedou finalista. Na categoría de castelán, o gañador foi Miguel Ángel López Alba con "El cepillo de dientes" e como finalista quedou Juana Cortés con "La misma luz, los mismos colores".

Referencias varias:

- A. S., "Rocío Leira e Francisco Rozados son os gañadores do premio Ánxel Fole", *El Correo Gallego*, "Cultura", 8 abril 2008, p. 67.

Dánse a coñecer os gañadores do Premio de Narración Curta Ánxel Fole, Francisco Rozados Rivas con "O vestiario máxico do abade" e Rocío Leira Castro con "As 7 tristes notas do meu valse". Ademais, apúntanse aos gañadores da versión en castelán e destácanse as declaracións da concelleira de Cultura de Lugo, Concepción Burgo, e de Francisco Reija, integrante do xurado.

- Margarito Flowers, “Cuatro galardones literarios en tres meses”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 8 abril 2008, contracuberta.

Informa que Francisco Rozados Rivas gañou o Premio Ánxel Fole polo relato “O bestiario máxico do abade Eliseo”, onde se narran as visións apocalípticas dun frei do mosteiro de Aciveiro. Apunta que ademais de escritor, tamén é concelleiro de Cultura de Forcarei.

- Jaureguizar, “O “Fole” para Forcarei e Guadalaxara”, *El Progreso,* “Vivir”, “Cultura”, 8 abril 2008, p. 79.

Infórmase de que nos Premios Ánxel Fole de Narrativa, convocados polo Concello de Lugo, resultaron gañadores dous relatos de Forcarei e Guadalaxara, en galego e castelán, respectivamente. Sinálase que o gañador galego xa fora finalista no ano 2006 e do seu relato deste ano destácase o seu discurso cunqueirán, a densidade literaria e o dominio da sintaxe. Dise que os galardóns os recibirán no mes seguinte e que as catro obras gañadoras, en galego e castelán, serán publicadas nun volume. Por último, dáse conta de cales foron os membros dos dous xurados, o de galego e o de castelán.

Certame de Teatro Infantil e Xuvenil **Atenea**, do Ateneo Ferrolán

Convocado polo Ateneo Ferrolán e Caixanova e dirixido a Centros de Ensino, Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, coa finalidade de promover entre eses primeiros segmentos da nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica. Puideron participar e optar aos premios que se estabeleceron todos os grupos teatrais, non profesionais, vinculados a colexios públicos e privados, a sociedades culturais ou veciñais, que se correspondan coas categorías que se estabeleceron nas bases. Son catro as categorías nas que se puido participar: Grupos de Teatro Infantil, Grupos de Teatro Primaria, Grupos de Teatro Xuvenil e Educación Especial. A idade límite para participar como actor ou actriz foi de vinte anos, salvo nos casos excepcionais que foron valorados polo xurado. Cada grupo participante só puido presentar ao certame unha obra. A duración da representación de cada obra estabeleceuse entre vinte e setenta e cinco minutos. Haberá unha distinción especial para aqueles grupos que presenten unha obra inédita en galego. Todos os grupos que quixeron participar debían enviar as súas solicitudes ao Ateneo Ferrolán (Rúa da Magdalena, 202-204, 1º, apartado 303, 15402 Ferrol) ou ao e-mail: a_ferrol@teleline.es. Nas solicitudes fíxose constar o nome do colexio ou entidade e persoa responsábel cos datos correspondentes ao grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espazo necesario). O prazo de presentación para a participación no Certame rematou o 22 de febreiro. Co gallo de facilitar a asistencia e traballo do xurado, xunto coa solicitude debía achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente, podían presentar unha gravación da obra en formato DVD. A representación das obras, na súa primeira fase, tivo lugar nos meses de marzo, abril e maio dese ano, dentro dun programa que estivo en función do número de participantes. O xurado fixo unha selección de dous grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría D houbo un só grupo seleccionado. O xurado valorou en cada representación a “Mellor posta en escena” e a “Mellor representación”. O xurado foi nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e Caixa Nova. Os

grupos finalistas, como parte do premio, podían ser seleccionados para unha representación o día da entrega de premios nun lugar a determinar pola organización. Tamén recibiron unha cantidade en metálico, igual para todos con importe de douscentos cincuenta euros que debían ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas. Na edición de 2008 o xurado estivo composto por María José Doce Rey, Aurora Rivas Hermida, Esperanza Vidal Martínez e Francisco Oti Ríos. Os gañadores foron na categoría especial o grupo de teatro do colexio Carmen Polo, dirixido por María Victoria Suárez; na categoría de infantil e primaria, o grupo CEIP Centieiras de Fene, coa obra *Todo é un conto*, dirixido por Mª Cointa Pazos García; o grupo Atios do CEIP Atios, coa obra *O galo Quirico*; o grupo CEIP Cruceiro Canido, coa obra *Berenguela*, dirixida por Pablo Lombao Grandal e Isabel López Bellas; e o grupo da asociación Os Amigos Arco Iris do Concello de Valdoviño, coa obra *A farsa das zocas*, dirixida por Lucía Caneiro. Na categoría xuvenil premiáronse os grupos IES Carballo Calero, coa obra *Un casting para melchor*, dirixido por Mª Pilar Patiño e o grupo Pasapadentro da Asociación Cultural Melandrainas de Arteixo, coa obra *La niña que riega las albahacas*, dirixida por Marga Fernández e Queta Soto.

Certame de Poesía **Aurelio Aguirre**

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela e polo Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo para celebrar, xunto co Certame Literario José Saramago de Relato Curto, o cento corenta e nove aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios contaron cunha contía de 300 euros e 500 euros respectivamente, que nas bases da convocatoria do ano 2008 ascenderon a 1.000 euros. Podían participar todas as persoas maiores de catorce anos e residentes en Galicia. O tema dos orixinais foi libre e podía presentarse indistintamente en lingua galega ou castelá. Só se puido entregar un poema por autor cunha extensión de entre cincuenta e cen versos. O enderezo ao que había que enviar os traballos era o Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Presidente Salvador Allende, 4, baixo) até o 31 de decembro. Nesta convocatoria tamén se incluíu a obligatoriedade de presentar o traballo de forma escrita e en formato dixital. Na edición de 2008, entre os vinte e sete textos presentados, mereceu o galardón Alba Cid con "Caolín Canela", nun acto que tivo lugar no Pazo de Raxoi.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Lomba estrena tienda de diseño", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 24 abril 2008, p. 16.

Coméntase que, dentro dos actos do Día do Libro, entregáronse en Santiago os premios da quinta edición do certame de poesía Aurelio Aguirre convocado pola Rede Municipal de Centros Socioculturais nun acto que se celebra no Pazo de Raxoi. Dise que a gañadora foi Alba Cid Fernández por "Caolín Canela".

Premios **Buero** de Teatro Joven

Premio denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de

Cultura, Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística dos mozos. Naceron en honor do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional. Na fase autónomica estabelecéronse as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consistiron para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelecéronse premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e Gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consistiu nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñeceron os gañadores e se entregaron os galardóns. Ademais, foron invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais recibiron un galardón acreditativo. No ano 2008, recibiron mencións especiais o Grupo da Escola de Arte e Lecer de Lugo coa obra *Os Miserables* ao mellor traballo corporal e coreografía e o Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla pola obra *Mago de Oz* á elaboración colectiva. Na fase autonómica resultou vencedor na categoría de Centros Escolares, a Universidade Laboral de Ourense coa obra *Mort* e en Centros Culturais premiouse á Asociación Cultural Malandrinas pola obra *A farsa de Bulubú*. O xurado da fase nacional estivo composto por personalidades de todas as ramas do teatro de recoñecido prestixio nacional e internacional como Anabel Alonso, Luis María Ansón, María Adanez, Ernesto Alterio, Juan Echanove, Antonio Gala, Manuel Galiana, Lola Herrera, Emilio Gutierrez Caba, Silvia Marsó e Emma Suarez, entre outros, e presidido pola viúva de Buero Vallejo, Victoria Rodríguez de Buero.

Referencias varias:

- B. Mouriño, "Lugo tiene tablas", *El Progreso*, 19 xuño 2008, contracuberta.

Infórmase de que dous grupos de teatro afeccionado de Antas de Ulla, en Lugo, obtiveron unha mención nos premios Buero que organiza a Fundación Coca-Cola a nivel nacional. Dise que o Grupo da Escola de Arte e Lecer de Lugo recibiu a mención ao mellor traballo corporal e coreografía coa obra *Os Miserables* e que o Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla reciibiu un premio pola elaboración colectiva pola obra *Mago de Oz*. Destácase que a distinción lles abre a posibilidade de participar nun campamento de teatro en Madrid no mes de xullo, no que se promove o contacto dos mozos afeccionados cos artistas de renome e cursos de formación.

Premio Literario Escolar **Caixanova**

Premio convocado por primeira vez no ano 2008. Podían presentarse alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, dos centros de Galicia. Tras unha primeira selección no centro, podían enviarse un máximo de nove traballos en total, tres por cada nivel: 1º ciclo de ESO, 2º ciclo de ESO e Bacharelato. Os traballos foron orixinais e inéditos, escritos en lingua galega ou castelá, de xénero poético ou narrativo. En poesía presentáronse tres poemas de tema e forma libres, no caso de narración o texto tivo unha extensión máxima de tres folios mecanografados a dobre espazo e de tema libre. Os exemplares presentáronse por cuadriplicado con título e o pseudónimo ou lema; e nun sobre pechado os datos persoais do autor, así como o nome do profesor que avalaba a presentación do orixinal. Os exemplares enviáronse ao Centro Social Caixanova (Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo). Entregouse un premio por cada nivel que consistiu nun equipo informático completo (ordenador portátil e impresora). O prazo de admisión finalizou o 1 de abril de 2008 e a resolución do xurado fíxose pública a través dos medios de comunicación o 22 de abril de 2008. Nesta primeira edición presentáronse cento cincuenta e dous traballos e os galardóns, nos diferentes niveis educativos, foron para Sofía Lorenzo Páramos do IES Ribeira do Louro (Porriño), en 1º ciclo de ESO, co seu traballo "Un regalo sorprendente", e unha mención de honra para Eliana Dos Anjos Alonso, pola obra "Meu mariñeiro"; en 2 º ciclo para Lucía Barrera López do IES Perdouro (Burela), co poemario *No ocaso do mar. Sensacións para un tempo vivo. Retrincos do maxín*; e, na categoría de Bacharelato, para Soná Nakhshon, polo seu relato "Lo poco que siempre queda".

Referencias varias:

- Ángeles Quintas, "Premios a la literatura escolar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 23 abril 2008, p. 94.

Refírese aos alumnos e alumnas gañadores do primeiro Premio Literario Escolar Caixanova. Coméntase que o acto no que se deron a coñecer tivo lugar no Centro Social Caixanova.

-Ana Saá, "Alumnas de Porriño, Burela y Santiago ganan el I Premio literario escolar Caixanova", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", "Día internacional del libro", 23 abril 2008, p. 44.

Dise que as gañadoras do I Premio Literario Escolar Caixanova foron, na categoría da ESO, Sofía Lorenzo Páramos do IES Ribeira do Louro (Porriño) e Lucía Barrera López do IES Perdouro (Burela) e, na categoría de bacharelato, Soná Nakhshon. Sinálase que o presidente do xurado, Francisco Castro, destacou o feito de que todas son mulleres e que a calidade dos traballos foi moi boa.

Certame de Cómic de **Cangas**

A Concellería de Xuventude de Cangas organizou este certame de cómic que transcorreu paralelamente ao Salón de Cómic de Cangas, onde permaneceron expostos os traballos gañadores entre o 21 e o 27 de xullo. Asemade, as obras premiadas publicáronse no sexto número da revista *O tebeo*, editada polo Concello de Cangas. As obras podían ser individuais ou colectivas e tiñan que ser orixinais e inéditas, con

temática libre e cunha extensión de catro páxinas para as categorías A e B e de dúas a catro na Viñeta Xove.
Distinguíronse dúas categorías: a categoría A, destinada a maiores de dezaoito até os trinta e cinco anos, cun premio de 400 euros para o primeiro, de 300 para o segundo e de 180 para o terceiro; a categoría B, destinada a mozos con idades comprendidas entre os catorce e os dezasete anos, premiada con 120 para o primeiro, 100 para o segundo e 70 para o terceiro; e a modalidade de Viñeta Xove, na que competiron nenos de menos de catorce anos por un galardón único de 100 euros. Nesta décima edición de 2008 o mozo catalán Ernest Sala resultou gañador coa obra *The Metal*, mentres no segundo posto quedou a canguesa Susana Broullón con *Wonderfood World* e o terceiro premio foi compartido polo pontevedrés David Braña, como guionista, e o debuxante Juan Antonio Martínez Alarcón, de Ciudad Real, que presentaron a historieta *A Marea*. Na categoría B gañaron a moañesa Miriam Curra no primeiro lugar con *Neutrón vs. Protón*, B. Carla Piñeiro o segundo por *A vinganza da rosa* e Juan Molina foi terceiro con *Krónicas galegas: Indiana Jones e compaña*. O xurado composto polos recoñecidos debuxantes Kenny Ruiz, José Antonio Calvo e Jvlivs resolveu concederlle o premio Viñeta Xove a Brais Barreiro, de Vigo, con *As aventuras do armadillo* e un accésit para Fátima Collazo, de Cangas, e Alba Mecerreyes, que concursaban con *Un conto chino*. A esta convocatoria presentáronse un total de setenta e dous traballos: vinte na categoría A, trinta na B e vinte e dous no apartado de Viñeta Xove.

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, "Doce anos de historietas en Cangas", *Diario de Pontevedra*, "Historias da contra", 22 xullo 2008, contracuberta.

Fai referencia á celebración da décimo segunda edición do Salón Internacional do Cómic de Cangas no que estarán presentes autores locais e estranxeiros. Salienta a presenza de Manel Fontdevila, Tirso Cons e Al Barrionuevo, e comenta que ademais da exposición principal haberá outra mostra: "10 anos de BD galega", coordinada pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración e que contará coa exhibición de obras de corenta e tres autores. Tamén se informa que no Auditorio expoñeránse as setenta propostas presentadas ao décimo certame do cómic de Cangas, entre as que salienta as gañadoras: *The metal*, do catalán Ernest Sala; *Neutrón vs. Protón*, da canguesa Miriam Curra e *As aventuras do armadillo*, do neno vigués Brais Barreiro.

Certame de Teatro Xuvenil Xóvenes Promesas. Premios **Carballo, Folla de Ouro**, da Asociación C. D. de Interese Social Eira Vella de Pontevedra

Organizado pola Asociación C. D. de Interese Social Eira Vella de Pontevedra e coa colaboración do Concello de Ribadumia e da Deputación de Pontevedra. Podían concursar todas as asociacións e grupos teatrais da Provincia de Pontevedra, con idades dos actores comprendidas entre os 12 e os 30 anos. Dividiuse nas categorías Folla de Ouro para a mellor posta en escena, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz principal, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz secundario/a e Folla de Ouro para o mellor decorado. Cada asociación ou grupo teatral podía participar cunha única obra. A obra non debía ter unha duración superior aos setenta minutos e sería representada en idioma galego. Os grupos teatrais ou asociacións debían enviar nun DVD unha representación

ou ensaio da obra que presentaban a concurso e no mesmo sobre debían remitir os seguintes datos: o nome do grupo teatral, relación de actores propostos para cada categoría, fotocopia do DNI dos actores, o enderezo social, e-mail e número de teléfono de contacto, que serían enviados ao seguinte enderezo (Asociación de Interese Social Eira Vella de Pontevedra, Escusa Capital, 3, 36636 Ribadumia, Pontevedra). Os premios para as seis agrupacións teatrais ou asociacións finalistas foron: 300 euros pola representación, diploma e trofeo conmemorativo do IV aniversario. Nos envíos por correo ou transporte, considerouse a data de recepción. A organización non asumiu ningunha responsabilidade polos danos ou desperfectos que os DVD´s presentados puideron sufrir en tales envíos, cuxos gastos corrían a cargo dos concursantes. A decisión do xurado foi inapelábel. Non se mantivo correspondencia cos actores ou agrupacións (agás cos finalistas á hora de comunicarlles a súa designación así como o día e hora de actuación), nin se devolveron os DVD. A todos os grupos enviouselles un correo electrónico comunicándolles o resultado da selección. Os finalistas tiveron a obriga de representar as obras no día e hora que acordou a organización. O prazo de admisión dos traballos estivo aberto dende a publicación desta convocatoria até o 20 de abril de 2008. Na edición de 2008 resultou gañador o grupo de teatro Skéne de Vigo coa súa obra *A asamblea de mulleres*. María Caparrini foi elexida a mellor protagonista, polo seu papel nesta obra, mentres que Rebeca, do grupo de teatro A Xunqueira de Pontevedra, recibiu o premio á actriz secundaria e Leticia Buceta, do grupo de Barro, levou o galardón á nova promesa.

Certame **Cóntame un conto** do Concello de Negreira

O Concello de Negreira, coa colaboración da Fundación Feiraco, organizou o concurso "Cóntame un conto", por primeira vez no ano 2007. A contía do premio foi de 400 euros para o primeiro premio; de 200 para o segundo; e de 100 para os dous áccesits. A data límite de entrega foi o 10 de decembro. O día 18 de decembro deuse a resolución do xurado e a entrega de premios tivo lugar na Casa da Cultura o día 19.

Certame de Relatos **Contos da Lareira** da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelecéronse dúas categorías: A, até dezaseis anos, e B, para maiores desta idade. A temática foi libre e o texto integramente en galego. En canto á extensión pediuse un mínimo dun folio, que se presentou baixo pseudónimo no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, 3, 36660 Moraña). Os datos persoais foron nun sobre pechado. O prazo de presentación dos orixinais rematou o 9 de maio de 2008. Houbo tres primeiros premios en cada categoría, consistentes en lotes literarios e diploma honorífico acreditativo. O xurado valorou o contido literario pero tamén a presentación e inclusión de ilustracións e a resolución deuse a coñecer nun acto o Día das Letras galegas. Nesta quinta edición de 2008, na categoría A os tres gañadores foron María Gamallo Silva, con "En contacto cos mortos"; Cecilia Méndez Troncos, co relato "A miña amiga a serpe", e Sara Domínguez García, con "A miña bisa". Houbo unha mención especial para a aula de Educación Infantil de CPI Santa Lucía polo conto ilustrado "Pita, Pito e Pachá". Na categoría B resultaron galardoados Hugo Pereira Silva, por "As chozas do Batán"; Esperanza Silva Fraga, con "Os camiños perdidos"; e Isaura Abril Magariños, con "Pola

Santa Cruz anda o demo arredor".

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Esta comarca ten moito conto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 16 abril 2008, p. 6.

Informa das convocatorias anuais do V Certame de Relato Contos da Lareira de Arrieiro, do Concurso de Redacción das APAS dos colexios de Valga, Catoira e Pontecesures e do Certame de Contos Cultura de Caldas. A seguir, coméntanse as bases.

- Chus Gómez, "Xogos populares, música e certames literarios na comarca de Caldas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 maio 2008, p. 82.

Coméntanse os actos de celebración co gallo do Día das Letras Galegas na comarca Ulla-Umia. Entre outras actividades, infórmase da entrega de premios do Certame de Relatos Contos da Lareira, que organiza a Asociación O Arrieiro.

- Chus Gómez, "Letras Galegas con moito conto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 21 maio 2008, p. 4.

Dáse conta da entrega dos premios do V Certame de Relato Contos na Lareira pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña e celebrada con motivo do Día das Letras Galegas. Infórmase dos premiados na categoría A (menores de 16 anos) e na categoría B (maiores de 16 anos).

Premio de Relatos Curtos e Contos **Daniel Hortas**

Certame convocado polo Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación de Amigos de Galicia xunto co Premio de Poesía Suso Vaamonde. Estabelecéronse dúas categorías con tres premios en cada categoría: categoría A para rapaces até 12 anos e categoría B para rapaces até 18 anos. A contía dos tres premios foi de 150 euros, 100 euros e 70 euros na categoría A e de 200, 125 e 75 euros na categoría B. A data límite de entrega foi o 4 de abril e o lugar de presentación dos traballos a Concellería de Cultura de Vilagarcía, ademais os contos e relatos dos colexios e institutos foron de temática libre e a extensión mínima de cinco folios na categoría A e de dez na modalidade B, presentándose dúas copias. A decisión do xurado deuse a coñecer o 24 de abril. No ano 2008, o xurado estivo formado por Luís Tosar, Xosé Alonso e Antón Grande, actuando de secretario Jesús Busto Peteiro e outorgou o primeiro premio a un traballo das alumnas de 4º de ESO do IES Nº1 da Estrada, titulado "A maxia do mar". O segundo premio foi para "O amor imposible", do vigués Luis Expósito García e o tercerio para Nara Carballal Nogueira, de Mondoñedo, co relato "A destrución da barreira máxica". O premio entregouse o 17 de maio en Vilagarcía xunto o Premio de Poesía Suso Vaamonde.

Referencias varias:

- M. L., “Vilagarcía acollerá a XIV edición do premio de poesía Suso Vaamonde o Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía local”, “Cultura”, 19 xaneiro 2008, p. 8.

Coméntase que a XIV edición do Premio de Poesía Suso Vaamonde e a entrega de galardóns da novena edición do premio de Relatos Curtos e Contos Daniel Hortas se celebran o Día das Letras Galegas en Vilagarcía. Dise que o premio Suso Vaamonde ten un único galardón de mil euros e a publicación de mil exemplares do libro gañador e lémbrase que autores hoxe consagrados como Marta Dacosta foron gañadores deste premio. A finalidade destes dous premios é, segundo se apunta, fomentar o uso da lingua galega e facilitar a publicación das obras de artistas nóveis e están organizados pola Fundación Amigos de Galicia. Tamén se sinala que con eles se pretende motivar a futuros creadores dentro do ámbito escolar achegando as bases das convocatorias a máis de tres mil colexios e institutos galegos. Indícase que se editará un libro conxunto das obras gañadoras do certame Daniel Hortas.

- M. López**,** “Ravella espera que a Festa das Letras acolla a medio milleiro de persoas de toda Galicia”, *Diario de Arousa,* “Vilagarcía local”, 15 maio 2008, p. 7.

Infórmase que na Festa das Letras que ten lugar en Vilagarcía para homenaxear a Xosé María Álvarez Blázquez co gallo do Día das Letras Galegas tamén se fai entrega dos premios de poesía Suso Vaamonde, de relatos curtos e contos Daniel Hortas e o de pintura Fundación Amigos de Galicia. Ademais de actuacións musicais tamén hai un xantar gratuíto para todos os asistentes e para rematar a xornada a actuación dun grupo folk portugués.

Certame **Francisco Añón** de Poesía. Concello de Outes

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estabelecéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a oito anos cun premio dun vale de 90,15 euros en libros e publicación da obra, B) para os de nove a once anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema, C) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 150,25 euros en libros e publicación do poemario, D) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 200 euros e publicación da obra e E) para os maiores de dezaoito anos cun cheque por valor de 1.000 euros e publicación da obra. Nas modalidades C, D e E estabelecéuse unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían presentarse en sobre pechado no que constase o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que tivera os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregáronse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes) e o prazo de admisión rematou o 9 de abril, dándose a coñecer a decisión do xurado o 17 de maio. Na súa última edición, reunido o xurado, composto por Concepción Blanco, Mercedes Espiño, Antón Riveiro Coello, Baldo Ramos e Manuel García Fiúza, concelleiro de cultura de Outes, o día 10 de maio decidiu otorgar os galardóns nas diferentes modalidades. Os gañadores foron: na categoría A, Carlos Martínez Lago polo seu traballo “A primaveira chega a Tremuzo” e concedéronse tres accésits compartidos a Nerea Dosil Romero por

“A primavera”, a Elena Blanco Cereijo por “Xa é primavera” e a Sara Fernández Miranda por “O día e a noite”; na categoría B, “Conto da nosa lingua”, de Lorena Barrera López e houbo accésits compartidos para Rosa Veiga Otero por “Nenas de vestidos brancos” e Xesús Álvarez Puentes por “Supermercado no mar”; na categoría C, a premiada foi Lara Porto Mato polo poemario *Fume de laranxa*, mentres que Sara Molinos Lago recibiu un accésit por *Un tren de poesías*; na categoría D, o xurado decidiu declarar deserto o premio e na modalidade E recaeu no ferrolán Pablo Bouza Suárez, con *O home que falaba coas baleas*, concedéndoselle un accésit ao poemario *Nas trabes da eclipse*, de Alba Cid Fernández.

Premio de Poesía **Díaz Jácome** para Novos Creadores. Concello de Mondoñedo

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Puideron optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presentasen poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde constase o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debía facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo). Houbo un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma, un segundo de 600 euros, placa e diploma e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Na edición de 2008 o prazo de admisión rematou o 2 de xuño e outorgóuselle o primeiro premio da IX edición a María Luz Airado Bello (Vilalba, Lugo), con “Como escribir”, o segundo premio a Rocío Leira Castro (Cee, A Coruña) con “A alquimia dos amores tortos” e o terceiro a Cristina Ramírez Rodríguez (Ferrol, A Coruña) por “Néboa”. A gala de entrega tivo lugar o 19 de outubro de 2008.

Referencias varias:

- I. García, “Mujeres que dominan la pluma”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 outubro 2008, p. 82.

Recolle o acto de entrega dos novenos premios de Poesía Díaz Jácome, que se conceden a mozas escritoras. Sinala que as galardoadas foron a vilalbesa Mari Luz Airado Bello por *Como escribir*, mentres que o segundo e terceiro premio recaeu en Rocio Leiva e Cristina Rodríguez, respectivamente.

Concurso Literario da Asociación **Os Fanagueiros** de Eirexalba. Incio

Convocado pola Asociación Veciñal e Cultural Os Fanagueiros de Eirexalba, no Incio, para animar os escolares á creación literaria. Constou de categorías diferenciadas para o alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de educación primaria e habilitouse unha cuarta categoría para as persoas que quixeran concorrer e non estivesen englobadas en ningunha das tres anteriores. Cada modalidade contou con tres premios, sendo o primeiro de 40 euros, o segundo de 30 euros e o terceiro de 20 euros que se destinaron a libros e material escolar; os premiados recibiron un diploma. A extensión

dos traballos foi como máximo de seis folios, escritos en galego normativo. Foron enviados antes do 24 de outubro. A entrega de premios tivo lugar o día 1 de novembro, coincidindo coa festa do magosto que celebrou a asociación convocante.

Premio de Narrativa do IES **Gregorio Fernández** de Sarria

Certame que convocou o IES Gregorio Fernández de Sarria, coa colaboración dos sete Concellos da comarca, e que estivo dirixido a todos os seus centros educativos de primaria, ESO, BAC e ciclos formativos para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. A temática debía centrarse nos valores culturais da comarca e os traballos tíñanse que enviar ao IES Gregorio Fernández, da rúa Castelao de Sarria. Estabelecéronse diversas categorías, segundos os cursos que estudasen os participantes, e varios premios en cada unha delas; ademais, os relatos gañadores foron publicados nun volume conxunto. A contía do premio foi de 2.500 euros e os traballos gañadores foron publicados en formato libro, nunha edición na que colaborou a Obra Social de Caixa Galicia. Nesta quinta edición de 2008 o prazo de entrega rematou o 31 de marzo e a entrega dos premios celebrouse nos primeiros días de xuño.

Certame literario **José Saramago** de Relato Curto

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela e o Centro Sociocultural José Saramago de Vite para celebrar, xunto co certame de poesía Aurelio Aguirre, o cento corenta e nove aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios contaron cunha contía de 300 euros e 500 euros, respectivamente, que nas bases da convocatoria do ano 2008 ascenderon a 1.000 euros. Podían participar todas as persoas maiores de catorce anos e residentes en Galicia. O tema dos orixinais foi libre e podía presentarse indistintamente en lingua galega ou castelá. Só podía entregarse un traballo por autor cunha extensión de entre cinco e vinte e cinco páxinas, do que se presentou unha copia mecanografada a dous espazos e unha copia en formato dixitalizado no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Presidente Salvador Allende, 4, baixo). Na edición de 2008, entre os vinte e un aspirantes, recibiu o galardón David Vázquez Álvarez por "Laio da terra" nun acto que tivo lugar no Pazo de Raxoi.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Lomba estrena tienda de diseño", *La Voz de Galicia*,"*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos 24 abril 2008, p. 16.

Coméntase que, dentro dos actos do Día do Libro, se entregan en Santiago os premios da sétima edición do certame de relatos curtos José Saramago convocado pola rede municipal de Centros Socioculturais nun acto que se celebra no Pazo de Raxoi. Sinálase que o gañador é David Álvarez Vázquez polo seu relato *Laio da terra.* Tamén se di que o concelleiro de Cultura e Centros Socioculturais, acompañado polo responsábel da rede de centros, presiden o acto.

Premios **Letras Galegas e Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais, etc., que, por medio das súas bibliotecas, Concellarías de Cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, redaccións, poesías ou debuxos como é o caso dos Concellos de Monterroso, Parada de Sil, Sada, Tomiño, Verín, Vilalba, Vilaboa, Xinzo de Limia, Baixo Miño ou de asociacións como a de Falcatrueiros.

Referencias varias:

- Cristina Arias, "Vilalba promueve seis certámenes literarios entre los jóvenes de la comarca", *El Progreso*, "A chaira", 5 abril 2008, p. 25.

Infórmase da convocatoria de premios literarios polo Concello de Vilalba con motivo do Día das Letras Galegas. Coméntanse as súas bases e a dotación económica.

- Marta Villar, "El Concello convoca un concurso de poesía por las Letras Galegas", *La Opinión*, "Sada", 8 abril 2008, p. 20.

Dise que o Concello de Sada convoca o seu primeiro Concurso de Poesía en Lingua Galega con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o dezasete de maio. Indícanse cales son as bases do concurso e a dotación económica dos premios.

- E. R., "Falcatrueiros' aprueba un presupuesto de 92.000 euros para el presente año", *El Progreso*, "A Ulloa", 10 abril 208, p. 14.

Dáse conta do orzamento de 92.000 euros aprobado pola Asociación Falcatrueiros para a realización de actividades, que supón un incremento aproximado de trinta mil euros con respecto aos gastos do 2007. Infórmase que a entidade destacou no programa de actividades, a escola de gaita, baile e teatro, ademais dun concurso de contos e poesía, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, un certame de teatro e o Festival Internacional de Monterroso.

- E. Riveira, "Monterroso acoge una cita coral y un concurso literario", *El Progreso*, "Comarcas", 9 maio 2008, p. 19.

Fala da programación cultural do Concello de Monterroso con motivo do Día das Letras Galegas e resalta o encontro de corais, o certame de narrativa, dirixido a nenos de até quince anos co tema do mar, o concurso de debuxo e a ofrenda a Lorenzo Varela.

- Águeda Piñeiro, "Vilaboa entrega os premios de redacción e debuxo esta tarde", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 maio 2008, p. 82.

Sinálase que a Casa de Cultura de Riomaior, en Vilaboa, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, entregou os premios aos nenos e nenas que participaron no certame de redacción e debuxo organizado polo Concello.

- Daniel Prieto, “Diversas iniciativas para celebrar o Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2008, p. 54.

Ademais de informar sobre diversas iniciativas con motivo do Día das Letras Galegas, anúnciase o gañador do primeiro premio literario convocado polo Colexio de Psicoloxía de Galicia que é Paulo Meraio Belasco, do Bierzo, polo relato “A Caverna”. Tamén se di que é un premio compartido con Laura Peña Moscoso, de Santiago de Compostela, polo poema “Transxénica”.

- L. R., “Homenaxe á escritora Dora Vázquez ”, *La Región*, “Ourense”, 18 maio 2008, p. 7.

Faise referencia a varios actos relacionados coa celebración do Día das Letras Galegas entre os que se atopa o acto de homenaxe á poetisa e mestra ourensá Dora Vázquez no Concello de Parada de Sil no que se proxectou un vídeo biográfico sobre ela e se descubriu unha placa na súa honra. Coméntase tamén que en Verín se fixo entrega dos premios do certame de poesía Xosé Carlos Caneiro e de relato curto Antonio Fernández Pérez. Por último, dise que en Xinzo se realizou outra entrega de premios do concurso de narrativa curta e que no Carballiño se realizou o Roteiro Manuel María.

- E. G., “Concurso ‘Contos de Nadal’ e regulación lingüística para restauradores de Tomiño”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 9 decembro 2008, p. 14.

Infórmase da convocatoria do concurso Contos de Nadal polo Servizo de Normalización e a Consellería de Mocidade de Tomiño. Dise que conta con dous premios para cada unha das tres categorías establecidas, todas de temática libre, mais centrada nesas festas.

- C. A., “Certame Poesía na Escola no Baixo Miño”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 27 decembro 2008, p. 7.

Faise eco do certame Poesía na Escola, organizado pola Asociación de Amigos de Baixo Miño, e que reúne a centos de estudantes dos colexios da comarca. Indícase que a entrega de premios tivo lugar no Liceo Casino de Tui e que os premios chegaron até os setenta galardóns, con libros e outros moitos regalos.

Certame Literario **Minerva**. Colexio Peleteiro de Santiago

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel podía participar o alumnado de segundo ciclo de educación secundaria e bacharelato, que cursasen os seus estudos en centros de Galicia e non tiveran cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos debían ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e podían concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviáronse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuraban os datos do autor, que debían vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de

alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figuraban o pseudónimo ou lema e o título da obra e debían remitirse a Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela). Concedéronse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que estivo constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, deu a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celebrouse no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deberon ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta edición 2008 presentáronse cento doce traballos na modalidade narrativa e cincoenta e oito de poesía; quedando finalistas vintedous e vinte respectivamente. O xurado, na modalidade de narrativa, estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez, acompañado dos vogais Agustín Fenández Paz, Armando Requeixo, Antonio Puentes Chao e José Luis López García e como secretaria Teresa González da Silva. A modalidade de poesía, estivo presidida por Luís Alonso Girgado, acompañado dos vogais Avelino Abuín de Tembra, Antonio García Teijeiro, Berta Dávila Fernández e Montserrat Fraguela Fraguela. Nesa modalidade poética, a gañadora foi Diana Iglesias Mato (Peleteiro), coa súa triloxía *Cun lirio branco no peito*; o segundo premio foi para Rosa Catarina Piñeiro Fariña (IES Castro Alobre de Vilagarcía) por *A vida polo lonxe*; e o terceiro para Celia Parra Díaz (IES As Lagoas de Ourense) con *Metamorfose rítmica*. Así mesmo concedéronse tres accésits para Pablo Lourido Fernández (IES Carlos Casares de Vigo) con *Solis Dies*, Jaime Pereira Maroto con *Soños do silencio* e Mónica Prieto Giráldez (colegio Mariano RR Franciscanas de Vigo) con *Triloxía sen título*. Na modalidade de narración, o gañador foi Daniel Martínez Mariño (colexio Junior's) co relato "Catálogo Messier"; o segundo premio foi para Lorena Iglesias González (IES Blanco Amor de Ourense) por "Deslembrado" e o terceiro para Lorena Riveiro Rodríguez (IES Praia de Barraña de Boiro) con "O xoguete de Amud", ademais de conceder un accésit a Lucía López de Abajo López (Peleteiro) por "A Fronteira".

Referencias varias:

- Karola Couto, "Jóvenes promesas en los Minerva'08", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 12 maio 2008, p. 70.

Coméntase a resolución dos premios Minerva na súa edición XXXVI. Infórmase que se presentaron cento doce traballos na modalidade de narración e cincuenta e oito de poesía. Menciónanse os membros do xurado, encabezado por Luís Alonso Girgado. Dánse os nomes dalgúns dos galardoados: Rosa Catarina Piñeiro, Pablo Lourido Fernández e Mónica Prieto Giráldez.

- Ana Iglesias, "La gran fiesta de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 23 maio 2008, p. 29.

Dá conta do acto de entrega dos premios Minerva no colexio Manuel Peleteiro e que tivo como mantedor a Agustín Fernández Paz. Lembra que en 1963 naceron estes premios baixo o nome de "Xogos Florais Minerva", impulsados por Avelino Abuín de Tembra. Así mesmo, apunta algúns escritores que foron premiados noutras convocatorias anteriores e achega os nomes dos gañadores deste ano, Daniel Martínez

Mariño polo relato "Catálogo Messier" e Diana Iglesias Mato polo poemario *Cun lirio branco no peito*, entre outros. Remata con declaracións dalgúns membros do xurado.

Certame de Contos e Lendas de **Mondariz**

Convocado polo Concello de Mondariz-Balneario, coa finalidade de achegar o ámbito cultural á poboación. Conta con dúas categorías: infantil e adultos.

Certame de Relato Curto do Concello de **Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca o Concello de Murgados que conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade.

Premios **Muralla de Lugo** de Debuxo e Redacción Infantil

Convocados pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo, a Universidade de Santiago, Caixanova, *El Progreso* e Telelugo, están dirixidos a escolares menores de 12 anos e estabelece dúas modalidades, debuxo e redacción. Concedeuse un premio a cada unha das modalidades dotado con 500 euros e unha viaxe a París e entregáronse equipos informáticos aos centros que presentasen o mellor grupo de traballos. Os traballos de redacción non superaron os tres folios, escritos á man e por unha soa cara en lingua galega ou castelá. Nas dúas modalidades a temática debía xirar ao redor da Muralla Romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao ambiente. No ano 2008 na modalidade de redacción resultou gañador Antón Rivas Dapena do colexio Maristas de Lugo e quedaron finalistas Raquel Castro Fernández do colexio Maristas de Lugo e Ana María Montoya Bolaños do Colexio Franciscanos de Lugo. O xurado estivo integrado por Blanca García Montenegro, Xosé López Orozco, alcalde de Lugo, Aurelia Balseiro, técnico de cultura da Diputación, Manuel Gulín, como representante da Consellería de Cultura, e Xesús Vidal.

Referencias varias:

- Kari Acebo, "El monumento de los niños", *El Progreso*, "Lugo", "La semana por delante", 28 abril 2008, p. 5.

Informa que o xurado dos Premios Muralla de Lugo se vai reunir para fallar o premio, convocado anualmente polo diario *El Progreso.* Di que moitos foron os nenos que presentaron os seu traballos ao concurso, nas modalidades de redacción e debuxo infantil.

- María Piñeiro, "Una creatividad monumental", *El Progreso*, "Lugo", "VIII Premios Muralla de Lugo", 29 abril 2008, p. 10.

Indícase que os gañadores individuais da oitava edición dos Premios Muralla de Lugo foron Alba Ferreiro Fernández, en debuxo, e Antón Rivas Dapena, en redacción, e que

as finalistas en redacción foron Raquel Castro Fernández e Ana María Montoya Bolaños. Tamén se achegan os nomes dos membros do xurado e destácase a alta participación desta edición.

Premio **Ourense de contos para a mocidade**. Agrupación de Libreiros e Casa da Xuventude

Convocado dende os seus inicios pola Agrupación de Libreiros e pola Casa da Xuventude de Ourense, conta co patrocinio da Concellaría de Cultura e a Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, como contribución á festa do Día das Letras Galegas. Ten o obxectivo declarado de promover a creación literaria en galego entre a mocidade, para iso, este premio dirixiuse á mocidade de entre catorce e trinta anos de idade que elaborase, nun mínimo de seis e máximo de vinte cinco folios a duplo espazo, un relato inédito e orixinal de tema libre. Os premios consistiron nun primeiro de 800 euros e en catro accésits de 250 euros cada un, ademais da publicación da obra. O xurado sempre estivo constituído por persoas pertencentes ou directamente nomeadas polas entidades convocantes. No ano 2008 publicouse un volume cos relatos gañadores da edición anterior, intitulado *O asegurador de OVNIS e catro contos máis*. Neste ano o xurado, composto por Serafín Alonso, Natividade Borrajo, Raquel Feijoo, Marco Valerio Lama, Soedade do Muíño e Benito Losada, como secretario sen voto, decidiu premiar, de entre os vinte e cinco contos presentados, o relato "Catro esquinas", de José Ignacio Silva, de Carballo. Os catro accésits recaeron en Mónica Fernández Armesto, de Paradela (Lugo), polo conto "Escravas, princesas e unha muralla"; Cristina Ferreiro Real, de Lugo, pola obra "Conversas"; Miguel Segador López, de Ourense, polo conto "Pantasma na taiga"; e Alba Sánchez Ares, de Santiago de Compostela, por "Bolboretas". A entrega dos premios tivo lugar no mes de xuño durante a Feira do Libro de Ourense.

Certame Literario de la Asociación de Pais do Colexio **Peleteiro** de Santiago

Certame convocado pola Asociación e Pais de Alumnos do Colexio M. Peleteiro para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO nas modalidades de poesía e narración. Na edición de 2008 resultaron gañadores, en educación primaria, na modalidade de narrativa, Susana Álvarez Tarrío, por "Unha mirada cativadora", Manuel Sánchez Torrón e Guillermo Arce Docampo. En poesía os premiados foron María González Santamaría, Francisco Javier Rodríguez Represa e Elisa Landín Rey. En 1º de educación secundaria, os galardoados na modalidade de narrativa foron Carlos Codesido Sánchez, por "Unha verdade exasperante", seguido de Julia Aboal Alonso e Mauro Castro Neyra; mentres que na modalidade de poesía gañaron Marina Almuiña Villar, con "Os bosques de Galiza", Rebeca Fernández Rosende e Irene Serrano Carreño. En 2º ESO obtiveron galardón na modalidade narrativa: Carlos Otero Viña, con "Memorias dunha folla de papel"; Claudia García Barros e Beatriz Martín López-Pardo; e, en poesía, Álvaro Casa Rancaño, por "Amor polo mar"; Alexandra Lirón González e Emma Saavedra Fernández.

Referencias varias:

- A.I., “La gran fiesta de la literatura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 maio 2008, p. 28.

Céntrase no acto de celebración do Día das Letras Galegas que organizou a Asociación de Pais de Alumnos do colexio Manuel Peleteiro, que entregou os premios do seu XXIX certame literario. Coméntase que estivo presentado por Milagros Celeiros Arias e sinálanse os gañadores de educación primaria e de educación secundaria. A seguir, apúntase outra cerimonia con motivo do Día das Letras Galegas, organizada pola Asociación de Amas de Casa Virxe de Bonaval e na que se leron poemas do escritor homenaxeado.

Certame Literario da Asociación Cultural **A Pipa** de Becerreá

Ver o apartado X.5. do *Informe*.

Ponte nas ondas!

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!” e patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e a Delegacão Regional de Cultura do Norte de Portugal (DRCN) e a Direccão Regional de Educacão do Norte (DERN), que promoveu este premio dentro do programa da Semana de Literatura de Tradición Oral co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Estabelecéronse catro categorías de premios: ensinanza primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos. Cada un deles recibiu un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 500, ademais dunha escultura de Antón Román creada para a ocasión. Os traballos podían ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa coma en verso. Nesta edición de 2008, o acto de entrega dos premios realizouse o día 31 de outubro no Museo Verbum en Vigo.

Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Nesta edición de 2008, na categoría de 12 a 14 anos o xurado outorgou o primeiro premio ao relato “Moras de setembro”, presentado por María Elena López González, do colexio Nosa Señora da Asunción, de Sarria; o segundo premio recaeu en “Tuatha dé Danann”, escrito por Iris González Rivas, do IES Basanta Silva, de Vilalba; mentres que o terceiro galardón correspondeulle a “Delirios nocturnos”, de Brais Lamela Gómez, tamén alumno do IES Basanta Silva de Vilalba. Neste nivel o xurado acordou conceder unha mención honorífica ao relato “Mapas”, de Lucía Sánchez-Montaña, do colexio Padres Franciscanos de Lugo. Na categoría de 15 a 18 anos, o primeiro premio foi para Anxos Fazáns Estévez, do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo), co relato “Cando o destino xoga ás escondidas” ; Tania Menéndez García, do IES Perdouro de Burela,

obtivo o segundo posto coa obra “Ben merecido” e o terceiro premio mereceuno Pablo Santomé Izquierdo, tamén do IES Perdouro, con “Memorias dunha bisavoa”. Os relatos gañadores deste certame e da anterior edición, recolleranse nunha publicación que o Concello editará en 2009.

Certame literario do Colexio **Xoán XXIII** de Santiago de Compostela

Certame de narrativa e poesía convocado por Alicia López, profesora do taller artístico do devandito centro. Os galardóns consistiron nun primeiro premio de 300 euros e unha figura conmemorativa donada por Pastora Rivas, e premios finalistas de 150 euros e unha figura. Na edición deste ano 2008 gañou Beatriz Alonso de Velasco Esteban co relato “La huerta de la morera”.

Certame Literario **Vilabade 2008**

Organizado dende outubro de 2004 co gallo da celebración dos cincocentos cincuenta anos de historia desta parroquia lucense de Castroverde e copatrocinado por *El Progreso*, baixo o título “Vilabade. 550 anos de historia: 1457-2007”. Está destinado a alumnos de ESO. Os relatos terán unha extensión máxima de dez folios e terán que se enviar a Vilabade, 18, 27122 Castroverde, Lugo. Conta con dotacións de 300, 200 e 100 euros e diplomas, ademais da publicación do relato gañador no diario *El Progreso*.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Arbor Aldea, Mariña, *Cancioneiro da Ajuda*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2008, (Depósito legal: C 4553-2008). ◆

Edición facsimilar do único cancioneiro da lírica trobadoresca galego-portuguesa copiado en territorio portugués que reproduce fielmente as cores, tamaño, defectos e matices do manuscrito orixinal. Tras un prólogo institucional, a presente edición conta cun estudo introdutorio de Mariña Arbor estruturado en tres apartados: unha "Historia do *Cancioneiro da Ajuda*", dende a Idade Media até a actualidade; unha "Descrición externa" do cancioneiro, na que analiza aspectos fundamentais como a sinatura e localización do manuscrito, a súa datación e composición, o soporte material, a organización do manuscrito e a organización das páxinas do mesmo así como a decoración; e unha "Descrición interna" do cancioneiro, na que a autora ofrece o índice de primeiros versos da antoloxía en lectura paleográfica, é dicir, nunha lectura que respecta todas as características, tanto gráficas como de contido, do manuscrito. Ademais, Mariña Arbor sinala, neste índice, as lagoas textuais e a ausencia de miniatura cando hai un espazo previsto para ela no manuscrito. Mais debe terse en conta que neste índice non se sinalan os cambios de liña na copia dos versos.

Bologna, Corrado e Marco **Bernardi** (eds.), *Angelo Colocci e gli studi romanzi*, Città del Vaticano: Biblioteca Apostolica Vaticana, 2008, 544 pp. (ISBN: 978-88-210-0842-9). ◆

Volume colectivo que contén vinte e un artigos de distintos autores sobre a personalidade, o pensamento e a obra do humanista italiano Angelo Colocci. Os distintos traballos organízanse sobre tres piares fundamentais: a biblioteca colocciana, os manuscritos e a faceta de anotador do humanista e, por último, a relación entre Colocci e outros humanistas, en concreto Bembo e Castelvetro. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Giuseppe Tavani, "Le postille di collazione nel canzoniere portoghese della Vaticana (*Vat. lat*. 4803)", pp. 307-314.

Neste breve e denso traballo, o profesor Tavani vén reforzar a súa teoría acerca da utilización por parte de Colocci dun manuscrito distinto de *B* no proceso de copia do Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (*V*). Analiza aqueles "indicios que denuncian a colación entre este e outro manuscrito, realizada polo humanista italiano" volvendo ás palabras que empregou o estudioso no seu clásico libro *A poesía lírica galego-portuguesa*, de 1986 (p. 56). O que, dado o seu carácter de manual, fora suxerido naquelas páxinas, abórdase nesta ocasión dende a análise dos exemplos específicos que sosteñen a hipótese desenvolvida por Tavani: unha lagoa inicial do cancioneiro vaticano no folio 33 e unha rúbrica atributiva a Afonso X no folio terceiro, así como outros exemplos referidos a apostilas relativas á numeración de folios e cantigas.

- Gerardo Pérez Barcala, “Angelo Colocci y la rima románica: aspectos estructurales (análisis de algunas apostillas coloccianas)”, pp. 315-361.

O labor de Angelo Colocci interesa ao autor deste traballo na súa faceta de anotador. A tarefa filolóxica do humanista italiano de elaborar copias, de cotexar manuscritos e de anotar marxinalmente diversos aspectos advertidos nos textos coa fin de outorgar autoridade á lingua de Petrarca, non deixa porén indiferentes aos estudiosos do mundo románico. Na súa biblioteca, adquirida en 1549 pola Biblioteca Vaticana atopábanse códices pertencentes ás tres tradicións líricas de prestixio: a provenzal, a galego-portuguesa e a italiana. Foi a partir deses cancioneiros a partir dos que o iesino desenvolveu o seu cometido filolóxico. Pérez Barcala cínguese ás anotacións sobre a rima do cancioneiro galego-portugués *B* (Biblioteca Nacional de Lisboa), depositario da maior parte do corpus lírico. Parece, como afirma o autor do artigo, que Colocci tiña en mente a elaboración dun tratado sobre a historia da rima na Antigüidade e na himnoloxía cristiá, e que localizaba nestas épocas procedementos que serían característicos da poesía escrita en lingua vulgar. A análise céntrase en diversos apartados. Un primeiro sobre os rimantes ou palabras rima, onde aborda a relación entre a rima e o léxico que é orixe de numerosas figuras de repetición; por outra banda, trátase do posible emprego que fai Colocci do termo *rima* para referirse aos elementos gramaticais situados en final de verso. O traballo recolle nun apéndice distintas imaxes do manuscritos provenzal *M*, dos galego-portugueses *B* e *V* onde se poden visualizar algunhas apostilas coloccianas estudadas no texto.

- Elvira Fidalgo Francisco, “Apuntes para una *Vida* de Alfonso X en un códice de Colocci (*Vat. lat.* 4817)”, pp. 363-385.

No presente artigo, a autora centra o seu interese no estudo dun texto elaborado polo propio humanista Angelo Colocci, copiado no *Vat lat.* 4817, que se presenta como unha sorte de *vida* do rei trobador Afonso X o Sabio. Aínda que o texto foi redactado de igual modo que outros apuntes sobre poetas occitanos e italianos que se conservan dispersos no *Vat lat.* 4831, non pode considerarse, como defende a autora, unha *vida* ao estilo das *vidas* dos trobadores occitanos, xa que a “vida” colocciana está formada por unhas breves notas sobre o monarca. Fidalgo destaca o feito de que o texto se articule en torno a dous piares fundamentais: o labor do rei como tradutor e difusor dos coñecementos árabes, especialmente nas disciplinas da astroloxía ou astronomía, mais obviando a lexislativa; e o seu labor como autor de poesía preservada nalgún cancioneiro coa súa correspondente notación musical, clara alusión, segundo a autora, ás *Cantigas de Santa María*, ás únicas, por outra banda, conservadas en códices miniados e con notación musical. Finalmente, E. Fidalgo destaca outro breve texto, copiado no mesmo folio que a *vida* do monarca castelán, dedicado a unha tal *Elisabetta*. A autora propón dúas hipóteses de traballo sobre a identidade desta muller, relacionada, segundo Fidalgo, con Afonso X: a raíña Isabel de Portugal, esposa do rei don Denís ou ben Isabel a Católica, xa que ambas destacan polo seu importante labor cultural.

- Esther Corral Díaz, “Las notas coloccianas en el cancionero profano de Alfonso X”, pp. 387-404.

Este artigo céntrase nas anotacións realizadas por Angelo Colocci na produción poética de Afonso X, atendendo aos dous cancioneiros que recollen a súa poesía, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (*B*) e o *Cancioneiro da Vaticana* (*V*), e cotexándoos cos

comentarios que verte na *Tavola colocciana* (*C*). A exhaustiva análise das apostilas e dos comentarios coloccianos que deixa dispersos nos seus códices evidencia tanto o interese que espertaron no humanista as letras galego-portuguesas como as estreitas relacións que se entretecían nos círculos intelectuais cinquecentescos en torno ao mundo poético románico, uns vínculos que acadan dous ámbitos poéticos diferentes, o galego-portugués e o occitano, ao aludir a un personaxe destacado da época como Pietro Bembo no marco literario do Noroeste hispánico. Déixase constancia así mesmo, da atención que lle prestou á obra afonsí tanto polas apostilas que introduce nos cancioneiros apógrafos como polos comentarios que verte na *Tavola*, máis densos que os que merecen outros trobadores.

- Pilar Lorenzo Gradín, "Colocci, los *lais de Bretanha* y las rúbricas explicativas en *B* y *V*", pp. 405-429.

O tema principal deste artigo xira en torno á intervención de Angelo Colocci na copia das coñecidas como *rúbricas explicativas* ou *razos*. A autora destaca a importancia da actividade filolóxica do erudito iesino, determinante para a historia da poesía trobadoresca do Occidente ibérico, xa que de non ser polo seu labor non só un gran número de textos e autores serían totalmente descoñecidos, senón que incluso a maioría da produción profana transmitida polo *Cancioneiro da Ajuda* (*A*) permanecería para sempre no anonimato, pois todas as súas cantigas carecen de rúbricas atributivas. Destaca así mesmo a participación activa en *B* e *V*, posto que copia unha parte d'*Arte de Trovar* que precede ao antigo *Colocci-Brancuti*, escribe as rúbricas atributivas da maioría das cantigas, transcribe os reclamos de *V* e gran parte dos de *B*, numera os textos e cadernos do manuscrito lisboeta, etc. A continuación, o estudo céntrase nas rúbricas dos *lais de Bretanha* incluídas en *B*, *L* e na *Tavola colocciana* (*C*) elaborada polo insigne humanista. O cotexo de *B* e *L* pon de manifesto certas diferenzas textuais que segundo Lorenzo Gradín parecen indicar que un non é copia do outro, mais que tampouco permiten corroborar que procedan de fontes diversas. Co fin de xustificar esta hipótese de traballo, a autora facilita a edición críticas das tres rúbricas explicativas dos lais. Finaliza o estudo coa análise da rúbrica pertencente á peza *O Maroot aja mal grado* (*B*2), da que se deduce que Colocci debeu contar con dous testemuños desta rúbrica, o presente no modelo de *B* e *L*, e o empregado por el mesmo para a copia do texto que figura ao final de *Poética fragmentaria* de *B*.

- Francisco Fernández Campo, "Apostillas petrarquescas de Colocci: nuevas posibilidades de lectura", pp. 431-447.

Este traballo sobre o labor do humanista italiano Angelo Colocci achéganos á casuística dos seus intereses pola lírica provenzal e galego-portuguesa no seu afán de comparar as distintas poéticas medievais. En ambos casos parece que comeza a ocuparse a raíz da obtención de dous manuscritos dos que manda facer copias. No caso da tradición provenzal trátase do cancioneiro *M*, e polo que respecta á lírica galego-portuguesa, os resultados de copia reflíctense nos cancioneiros *B* e *V*. Tras unha introdución acerca das preocupacións literarias do iesino, o autor deste artigo pasa a ocuparse de dúas glosas sobre Petrarca que Colocci anota ás marxes no cancioneiro Colocci-Brancuti (*B*). En primeiro lugar examina a nota "sel dissi", partindo das explicacións da profesora Valeria Bertolucci acerca da súa identificación cunha das cancións petrarquescas que se asemella á estrutura de *cobras unissonans* (con repetición de rimas) da lírica provenzal. O profesor Fernández Campo matiza as afirmacións de Bertolucci en tres aspectos: non

todas as cantigas de *B* que anota con *sel dissi* manteñen esa estrutura; non todas as cantigas *unissonans* son apostiladas polo humanista e, por último, cuestiona a referencia ao texto petrarquesco argumentando motivos lingüísticos. O segundo punto de análise constitúeo a cantiga *B*454, que parece conter tres apostilas coloccianas, e a *B*455, conservada unicamente nese manuscrito e que presenta numerosos problemas de lectura derivados posiblemente, tal como propón Tavani, da súa redacción en provenzal aínda que con numerosos galeguismos. Os propios atrancos que Colocci puido ter na lectura levaríano a escribir unhas rúbricas que preceden á cantiga en cuestión, suscitando nos estudosos actuais novos problemas de interpretación.

Brea, Mercedes (coord.), *Estudos sobre léxico dos trobadores*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2008, Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 63, 332 pp. (ISBN: 978-84-9887-026-8). ◆

Volume colectivo, publicado como anexo da revista *Verba*, no que se recollen varios traballos que, nos últimos anos, ven realizando o grupo de investigación de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela sobre o vocabulario empregado polos trobadores galego-portugueses. A escolla dos traballos presentados neste volume ten como finalidade amosar as múltiples posibilidades de análise das que é susceptíbel o léxico dos trobadores, como dar conta da súa potencialidade implícita para descubrir relacións entre distintos trobadores ou para demostrar a existencia de modalidades xenéricas dentro da tradición galego-portuguesa. Os estudos recollidos son os seguintes:

- Mercedes Brea, "*Cantar* et *cantiga idem est*", pp. 7-27.

Este artigo apareceu anteriormente na *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, editada en 1999 pola Universidade de Santiago de Compostela nun volume coordinado por Xosé Luis Couceiro. Brea analiza o uso dos termos *canción*, *cantar* e *cantiga* partindo das rúbricas explicativas ou *razós*, así coma a utilización dos mesmos nas propias composicións líricas. A forma *cantar* despraza as formas *canción* ou *cansó* propias da tradición occitana. O período alfonsí introduce o termo *cantiga* que, vinculada inicialmente á liturxia, foise especializando na designación 'obra elaborada polos trobadores' e substituíndo paulatinamente o xenérico *cantar*.

- Mercedes Brea, "*Dona* e *senhor* nas cantigas de amor", pp. 29-53.

Procedente dunha publicación anterior en *Estudios románicos*, 4 (1987/1989), Brea presenta aquí a dualidade terminolóxica *dona/senhor* nas cantigas de amor. O punto de partida é o termo provenzal *midons* (posesivo+substantivo) para demostrar que o uso de *dona* por parte dos trobadores non é un simple calco do *ma domna* provenzal. *Dona*, sinónimo de *molher*, oponse sen embargo a *donzela*; *Senhor* asóciase, por outra parte, a unha situación de superioridade respecto do trobador mantendo o valor provenzal de *domna* referido ao dominio. Trátase dunha mostra de como a través do léxico pode penetrarse no estudo das diversas tradicións culturais e as súas mentalidades.

- Elvira Fidalgo, "*Corpo velido, corpo delgado*: a descripción física da *amiga*", pp. 55-66.

Este artigo, recollido inicialmente nun volume publicado con motivo das Letras Galegas de 1998 dedicadas aos tres trobadores do mar, supón unha reflexión a través dos tópicos descritivos da muller destinataria do cantar trobadoresco. Fidalgo afonda nas distintas percepcións da amiga nos textos, dende a perspectiva dos ollos do trobador até a percepción que ten de si mesma mediando entre estas as conversas mantidas coa filla ou coas amigas. Deste xeito, aborda a pluralidade de perspectivas narrativas dos textos líricos de amigo e recala na importancia do léxico empregado.

- Gerardo Pérez Barcala, "*Ay lume d'estes olhos meus*: O *lume*, a *descriptio amantium* e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa", pp. 67-100.

Tras publicarse con anterioridade n'*O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004* (2004) este traballo de Pérez Barcala reaparece neste volume. Céntrase na descrición da amada, moi abundante noutras tradicións líricas medievais pero que na poesía galego-portuguesa é moi rara, primando a descrición psicolóxica dos efectos do amor no poeta. Para isto, o autor parte dunha serie de exemplos de enumeración de trazos físicos da amada para entrar, seguidamente, no campo máis abundante, isto é, o das referencias metafóricas, como a do lume como símbolo da luz que irradia a muller, presente en cincuenta e dúas composicións. A meirande parte deste traballo dedícase á análise do mesmo.

- Antonio Fernández Guiadanes e Gerardo Pérez Barcala, "O (*des*)*ensandecemento* trobadoresco", pp. 101-135.

Traballo publicado con anterioridade en *Verba* (vol. 32, 2006). Neste artigo, os autores teñen como obxectivo principal estabelecer as claves da presentación discursiva dos termos *ensandecer* e *desensandecer* no corpus da lírica profana galego-portuguesa. Os seus autores fixan como meta do seu estudo o feito de trazar o desenvolvemento conceptual destes dous termos, intimamente ligados ao campo temático da chamada *loucura amorosa*, tópico recorrente nesta tradición poética.

- Mercedes Brea, "El *desamparo* amoroso en la lírica gallego-portuguesa", pp. 137-147.

Artigo publicado con anterioridade no volume *Iucundi acti labores: estudios en homenaje a Dulce Estefanía Álvarez* (2004) sobre o tema da recorrencia de vocabulario nas composicións trobadorescas galego-portuguesas. A autora fixa a súa atención no campo semántico do *amparo / desamparo* e na súa orixe feudal, onde rexían as relacións de dependencia do vasalo cara ao seu señor, que foron transmitidas á lírica amorosa, de amigo, e mesmo á de tipo relixioso. Para isto, a autora presenta exemplos comentados de autores como Osoir' Anes, Johan Soarez Coelho, Pai Gomez Charinho ou o propio rei Don Denis, ilustrando as diferentes tipoloxías de uso deste recurso e os diversos contexto en que é posíbel atopalo.

- Mercedes Brea, "*Cousir* en la lírica gallego-portuguesa", pp. 149-165.

Traballo publicado anteriormente en *Actes del X congrés internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval* (2005) no que a autora leva a cabo o estudo dunha familia léxica presente nalgúns textos conservados da lírica galego-portuguesa que non deixaron descendencia no galego nin no portugués moderno, feito que dificulta a súa

precisión de significado. A autora aborda, nun primeiro momento, este estudo estabelecendo un paralelo cos *miscradores*, personaxes semellantes aos *lauzengiers* occitanos, para despois afondar na análise dos casos, chegando á conclusión de que o termo, de orixe xermánica, chega ao galego-portugués a través da poesía occitano. Nesta aparecen varios casos de *c(h)ausir* cunha delimitación de linguaxe poética.

- Mercedes Brea, "*Que gran coita d'endurar*. Anotacións sobre o uso lírico de *endurar*", pp. 167-180.

Brea, que publicou previamente este artigo n'*As tebras alumeadas: Estudos filolóxicos ofrecidos a Ramón Lorenzo* (2005), formula a análise dun dos tópicos máis frecuentes na lírica profana galego-portuguesa, a coita, a través das súas aparicións no corpus ligadas ao verbo *endurar* ('sufrir, soportar') no xénero amoroso. O artigo estrutúrase en tres apartados: no primeiro rastréxanse as ocorrencias de *endurar* nos textos da lírica profana para pasar a un exame dos seus usos e significados nas cantigas de amor e, en menor medida, de amigo e escarnio. Finalmente, un apartado de consideracións finais recapitula e tira conclusións sobre os distintos sentidos que o verbo achega aos textos asociados á *coita* amorosa.

- Esther Corral Díaz, "*Pero sei que me quer matar... aquel matador*: a conceptualización de *matar* no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 181-196.

Traballo publicado con anterioridade n'*O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004* (2004) no que a autora leva a cabo unha análise do motivo da "morte por amor", un dos temas máis frecuentes da lírica trobadoresca galego-portuguesa. Corral Díaz pretende a realización dun inventario dos espazos temáticos desenvolvidos nesta tradición poética apoiándose na idea de que no *Cancioneiro da Ajuda* este recurso está basicamente destinado a salientar de modo hiperbólico o *topos* recorrente da morte ficticia do amador por culpa do amor. Ademais, a autora analiza a gran variedade de matices con que se presenta este motivo na lírica galego-portuguesa, ademais de explicar os recursos cos que se destaca, exemplificado en diversas composicións.

- Elvira Fidalgo, "*E desmesura fazedes / que de min non vos doedes*: la reputación de la dama", pp. 197-214.

Artigo publicado con anterioridade n'*O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004* (2004) no que Fidalgo baséase no feito de que o *Cancioneiro da Ajuda* está composto fundamentalmente por cantigas de amor cunha homoxeneidade formal e temática propia da área na que foron compostas. Deste xeito, o seu tema principal é a coita do trobador polo amor non correspondido a unha *senhor*, nun escenario feudal no que a dama é o señor e o trobador é o vasalo. Para a autora, o que define a cantiga de amor galego-portuguesa é a imposibilidade do trobador de ser correspondido pola *senhor*, debido, segundo a autora, á necesidade da dama de conservar a súa boa reputación que a obriga a non aceptar o servizo amoroso do poeta. Partindo desta argumentación, Fidalgo afirma que con esta actitude de rexeitamento, a *senhor* rompe o pacto vasalático xa que non cumpre as súas obrigas, negándolle ao trobador o *auxilium*, que pola súa parte morrerá

de amor, ocasionándolle á *senhor* caer na deshonra. A autora exemplifica a súa tese a través da cantiga de Pai Gomez Charinho, *Sennor fremosa, por Nostro Señor*; na que o trobador intenta exercer chantaxe emocional sobre a dama solicitándolle o cumprimento do pacto vasalático e explicándolle que conseguirá acadar mellor reputación se acepta as súas demandas amorosas.

- Mercedes Brea, "Coita do mar, coita de amor", pp. 215-229.

Brea dedica este artigo, xa publicado en 1999 no volume *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, a examinar o campo léxico da coita amorosa no corpus lírico profano galego-portugués, consecuencia da contemplación da dama. Fai un percorrido polas voces asociadas, como *afan, pena, dano, mal*; os verbos *aver, levar, sofrer, padecer, passar, endurar, ensandecer*, para esclarecer como os textos reflicten a intensidade e os efectos da coita máis que na causa que os orixina.

- Esther Corral Díaz, "*Conorto* na tradición da lírica galego-portuguesa", pp. 231- 241.

Neste traballo, publicado con anterioridade n'*As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo* (2005) a autora aborda o estudo de dous dos termos máis empregados na lírica profana e relixiosa galego-portuguesa: o substantivo *conorto* e o verbo *conortar*. Corral Díaz estabelece un rexistro do termo e das súas variantes, atendendo ao tipo de poemas nos que se atopa: por un lado, na lírica profana, estratificada en función do seus xéneros: amigo, amor e escarnio, por outro, nas *Cantigas de Santa María*, de Afonso X. O estudo acompáñase de numerosos exemplos comentados que fan máis claras as pescudas léxicas, semánticas e morfolóxicas.

- Xosé Xabier Ron Fernández, "*Ir-se quer meu amigo d'aqui.* Dialéctica de una actividad", pp. 243-263.

Baixo a denominación "Dialéctica de una actividad", o autor deste artigo propón unha lectura das cantigas de amigo a través da narración da *partida* do namorado, dende a consideración das cantigas como enunciados que son consecuencia dunha actividade discursiva xerada polo afán comunicativo dos propios trobadores. A estrutura do texto obedece aos dous puntos de vista sobre a partida, o feminino e o masculino, analizando a súa motivación e o estado de ánimo no caso primeiro e, no caso masculino, o cosello, a proba e a predición como modalidades representativas da partida. A análise lévase a cabo sempre mediante o exame do léxico recollido en cada un dos apartados temáticos. O artigo apareceu con anterioridade no volume *Estudos galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani* (1994).

- Déborah González Martínez, "O *demo* na lírica profana galego-portuguesa", pp. 265-279.

A figura do demo comeza por ser examinada neste artigo dende a tradición e percepción antiga e medieval para analizar as súas aparicións no corpus lírico galego-portugués. Nestes textos, segundo asegura González, a súa presenza maior atópase nas *cantigas de escarnio e maldizer*. A disertación constitúese nun percorrido polos diversos significados e significacións da palabra *demo* e as súas asociacións aos campos semánticos referidos ao sexo ou o feudalismo, así como as principais notas sobre a súa

recepción e consideración na época dos trobadores. A primeira versión do texto aparece nas actas do *XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (2007).

- Elvira Fidalgo, "Lo que nos dice la cantiga 130", pp. 281-291.

Neste artigo, publicado con anterioridade en *Literatura y cristiandad. Homenaje al profesor Jesús Montoya Martínez. Estudios sobre hagiografía, mariología, épica y retórica* (2001), a autora defende a consideración completa do corpus de textos de Afonso X para unha mellor comprensión da súa produción relixiosa. Para lograr este obxectivo, formula as influenzas da lírica profana suxerindo as causas do cambio de orientación na poesía afonsina cara aos contidos relixiosos: desexo de revolución dunha poética que comezaba a decaer unido á vontade de sumarse á corrente lírico relixiosa que despuntaba máis alá do Pirineo. A cantiga 130 tómase como exemplo no que basea a súa exposición, por posuír este texto á transformación léxica e temática derivada da cantiga de amor que camiña cara á cantiga de loor mariana.

- Déborah González Martínez, "Reflexións sobre algúns elementos léxicos empregados por Fernan Fernandez Cogominho", pp. 293-304.

Artigo publicado con anterioridade n'*Actes del X congrés internacional de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval* (2005), no que González Martínez centra o seu interese na análise do léxico empregado polo trobador nas súas composicións e as repercusións que teñen no momento de clasificalas en xéneros, como na composición *Vẽeron-m'ora preguntar*, onde o emprego do termo *sobrinha* no lugar de *senhor* é o argumento principal para a súa clasificación como un escarnio de amor; a visión do demo como causante de coita en *Non am'eu mia senhor, par Deus*; e os xogos retóricos que o autor constrúe ao redor do termo *coita*, como en *Muitos an coita d'amor*, funcionando tamén como sinónimo de *mal*. Finalmente, fai unha breve incursión sobre dous termos empregados polo poeta pouco frecuentes na lírica galego-portuguesa, *soidade* e *fazenda*.

- Esther Corral Díaz, "O vocabulario bélico na cantiga de amor", pp. 305-316.

Constitúe este artigo unha achega dende o léxico ao estudo do código amoroso dende a nova perspectiva do mundo da guerra, propio en primeira instancia de textos escarninos ou incluso de amigo e incardinado, en todo caso, no ambiente social belicista da época, consecuencia das loitas na fronteira cos mouros e entre os diferentes reinos ibéricos. Voces como *prender, prison, matar, ferir, guerrear, amparar, defender, vingar, vencer, fogir, guerra, amena, cabaleiro* ou *espada* compoñen a serie léxica que sostén a tese do artigo de Corral, publicado con anterioridade nas *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (1997).

- Santiago Gutiérrez García, "A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses", pp. 317-332.

Artigo publicado con anterioridade n'*O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004* (2004), no que o autor leva a cabo unha análise do escarnio de amor a partir das teorías modernas da

crítica literaria e as teorías de Genette sobre a escritura de segundo grao, cruzando as características de dous arquetipos: o da cantiga de amor e o do escarnio. O autor identifica entón os termos léxicos dun e doutro campo que, cruzándose nas composicións, dálles carácter propio do cruce de xéneros. O reducido número de textos, a súa localización nas diversas seccións da tradición manuscrita e a diversidade entre eles fai a súa descrición moi dificultosa.

Brea, Mercedes, Francisco **Fernández Rei** e Xosé Luís **Regueira** (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio científico, 2008, 569 pp. (ISBN: 978-84-9750-910-7). ◆

Volume en homenaxe ao profesor Antón Santamarina, importante estudioso da lingua e cultura galegas, ao que contribuíron numerosos investigadores da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela con traballos en galego, español e portugués. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval, encontramos os seguintes artigos:

- Mariña Arbor Aldea e Xavier Varela Barreiro, "O uso de signos <i> e <y> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 419-442.

Neste traballo afondan os seus autores na relación entre variación gráfica e traballo dos copistas a partir da distribución gráfica <i>/<y> no Cancioneiro da Ajuda coa fin de esclarecer as diferentes mans na elaboración do mesmo. O estudo amosa como gramática e crítica textual camiñan xuntas para conseguir obxectivos puramente filolóxicos. Despois dunha introdución breve que percorre a tradición manuscrita de *A*, examínanse nos apartados posteriores as ocorrencias destes signos gráficos e as súas realizacións nos diversos contextos que levan á conclusión da existencia de tres copistas que interviñeron na confección do códice.

- Mercedes Brea, "Pesar e medir as palabras", pp. 443-454.

A homenaxe de M. Brea ao profesor Santamarina pasa pola semblanza doutra figura "medidora de palabras", o humanista Angelo Colocci. Detense na reflexión dos métodos de traballo deste "romanista *avant la lettre*" (anotación e ordenación alfabética de notas sobre aspectos do códice), así como nas fontes bibliográficas e materiais empregadas para o seu coñecemento da lírica medieval galego-portuguesa. Ademais formula na última parte do estudo a casuística das correspondencias que establecía entre Petrarca e os trobadores galego-portugueses sobre a cuestión da lingua común. É unha interesante achega sobre a calidade filolóxica de dous estudosos que comparten o talante humanista das súas tarefas.

- Esther Corral Díaz, "J. García de Guillade e o intercambio de *dõas*", pp. 455-462.

O artigo ocúpase da análise dunha secuencia sémica minoritaria pertencente ao vocabulario trobadoresco, as prendas de amor que se dan e intercambian os namorados. O corpus estudado corresponde ao poeta portugués J. Garcia de Guillade. O traballo estrutúrase en tres apartados: unha pequena biografía do trobador, un percorrido pola

tradición da *descriptio* feminina e a análise do repertorio de *doãs*, mediante os termos *cinta*, *corda*, *touca* ou *baraça*.

- Xosé Luís Couceiro, "Máis datos para Moogo e Meogo", pp. 463-474.

No campo da onomástica, este traballo de Couceiro supón un rastrexo polas variantes do apelido *Meogo* (*Moogo, Miogo, Mongo*) dende as achegas do tombo de Toxos Outos e o de Caaveiro, así como a análise das ocorrencias que proporcionan ferramentas da rede como CODOLGA e TEMILG. A asociación de *Meogo* a *monacu* parece, como proban os datos analizados, non ter validez. Sen embargo, a súa significación máis axeitada apunta cara *medio locu*, 'lugar do medio', un substantivo que pasa a topónimo ou a distinguir a alguén segundo a orde de nacemento.

- Elvira Fidalgo, "As cores da poesía medieval", pp. 483-492.

Neste artigo, Fidalgo fai un breve percorrido polas escasas cores que se empregan na lírica galego-portuguesa. O estudo céntrase nas seguintes cores: branco, vermello, verde, negro, veiro e amarelo. Ademais de analizar os distintos valores destas cores, a autora selecciona aquelas cantigas que resultan máis significativas para cada caso.

- Santiago Gutiérrez García, "Sobre a posible orixe toponímica do apelido Codax", pp. 493-501.

Despois de expoñer as características básicas das cantigas de santuario e salientar as dificultades que estas suscitan á hora de fixar a súa definición como categoría textual, o autor céntrase no caso de Martin Codax. Deixando a un lado a teoría que liga a procedencia dun autor co lugar onde se sitúa o centro de devoción ao que canta, neste caso Vigo, Gutiérrez apunta a posibilidade de emparentar o *cognomem* deste trobador co topónimo *Codais* (variantes *Codays*, *Quodais*, *Quodaix*), rexistrado en tres documentos medievais do mosteiro de Sobrado dos Monxes e que, grazas ás referencias xeográficas que se inclúen neles, se pode asociar con Santo Estevo de Cos. Finalmente, o autor insiste na necesidade de reconfigurar as concepcións elaboradas sobre as cantigas de santuario. O artigo inclúe así mesmo un apéndice documental cos fragmentos máis relevantes dos devanditos documentos.

- Pilar Lorenzo Gradín, "Reflexións sobre os encontros vocálicos nas cantigas", pp. 513-522.

Gramática, métrica e fonética son tres disciplinas interdependentes no momento de abordar o estudo dun fenómeno como o dos encontros vocálicos e as súas repercusións literarias nas cantigas trobadorescas. Lorenzo aborda neste traballo os problemas de hiper e hipometría na tradición galego-portuguesa.

- Eduardo Moscoso Mato, "A forma verbal *cantara* no *Cancioneiro da Ajuda* e na *Crónica de Santa María de Iria*", pp. 561-569.

O obxectivo principal deste artigo é o de estabelecer a cronoloxía do proceso de subxuntivación da forma *cantara* en galego e valorar o posíbel influxo que a lingua castelá puido ter neste proceso. Con tal finalidade, Moscoso Mato analiza o valor desta forma verbal no *Cancioneiro de Ajuda* e na *Crónica de Santa María de Iria*, dúas obras

que se corresponden cronoloxicamente co primeiro e último texto medievais galegos coñecidos. En ningún dos dous casos se poden extraer datos que aporten claridade sobre este aspecto e o autor apunta a necesidade de facer unha análise máis exhaustiva de textos medievais literarios e notariais, tanto galegos como portugueses.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Un premio á dedicación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 novembro 2008, p. 33.

Refírese á celebración dunha homenaxe ao profesor e investigador Antón Santamarina na Facultade de Filoloxía da Universidade de Compostela, que inclúe a presentación dun libro na súa honra: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, promovido por Francisco Fernández Rei, Mercedes Brea e Xosé Luís Regueira. Tamén comenta que o acto contou coa intervención do decano da Facultade, Ernesto González Seoane, do vicerreitor de Cultura, Elías Torres, e do propio homenaxeado. Dise que Fernández Rei lembra a entrega total á causa da lingua galega de Santamarina, quen traballou en case todos os dicionarios e vocabularios de galego que hai editados, no proceso de estandarización e na introdución da informática no estudo da lingua. Finalmente, menciónase que é o director do Instituto da Lingua Galega e membro da Real Academia Galega, e que comezou a dirixir a revista *Verba* en 1974 e foi vicepresidente do Consello da Cultura Galega entre 1992 e 1997.

Döhla, Hans-Jörg, Raquel **Montero Muñoz** e Francisco **Báez de Aguilar González** (eds.), *Lenguas en diálogo. El iberorromance y su diversidad lingüísitca y literaria. Ensayos en homenaje a Georg Bossong*, Madrid: Iberoamericana, 2008, 526 pp. (ISBN: 978-84-8489-366-0).

Volume colectivo en honor a Georg Bossong, catedrático de Lingüística Iberorrománica, que contén vinteseis artigos de varios autores sobre aspectos semánticos, lexicolóxicos, sociolingüísticos e tipolóxicos das linguas iberorrománicas, tanto dende unha perspectiva diacrónica coma sincrónica. O centro de interese do presente volume radica na variación lingüística do iberorromance debido ao seu contacto con outras linguas, coma o árabe, o hebreo ou mesmo o tagalo. Tamén se recollen traballos acerca da diversidade lingüística do iberorromance na literatura. Interesa para o estudo da literatura galega medieval o seguinte traballo:

- Maria Ana Ramos, "Percepção literária e diversidade lingüística. A propósito de um refran da lírica galego-portuguesa", pp. 489-508.

Mara Ana Ramos centra o seu traballo nos contactos e intertextualidade entre os trobadores galego-portugueses e os occitanos dende un punto de vista lingüístico. A seguir dunha pequena introdución acerca dos provenzalismos máis empregados polos poetas galego-portugueses, a autora leva a cabo unha exhaustiva análise do refrán escrito en provenzal (ou francés, segundo os estudiosos), incluído na cantiga de Fernan Garcia Esgaravunha, "Punnei eu muit' en me quitar" (43,10), centrándose unicamente nos elementos lingüísticos, en concreto na tradución e significación dos vocábulos provenzais. A modo de conclusión, a autora subliña o feito de que os trobadores galego-

portugueses se serviron, en moitos casos, da lingua literaria occitana, polo que é necesario, á hora de realizar unha edición crítica, estabelecer un bo arquetipo procurando restaurar unha lingua canónica de calidade poética, recoñecendo, suprimindo ou corrixindo as deficiencias propagadas polos manuscritos.

Evans Pim, Joám, Bárbara **Kristensen** e Óscar **Crespo Argibay** (eds.), *Entre os outros e nós. Estudos literários e culturais*, Santiago de Compostela: Universidad Internacional Menéndez Pelayo, 2008, 208 pp. (ISBN: 978-84-612-3889-7). ◆

Volume colectivo que recolle nove traballos de diversos autores acerca de aspectos literarios, culturais, políticos e sociais do universo árabe e islámico co obxectivo de salientar os contactos culturais entre os denominados Oriente e Occidente. Interesa para o estudo da literatura galega medieval o seguinte traballo:

- Miguel Ángel Pousada Cruz, "Amor 'udri e fin'amors. Breve achega á experiencia amorosa da lírica andalusí anterior ao século XIII. Notas para unha comparación coa lírica trobadoresca galego-portuguesa", pp. 139-168.

No presente traballo, o autor trata de analizar a manifestación da experiencia amorosa tanto na lírica profana galego-portuguesa como na arábigo-andalusí co obxectivo de demostrar, na medida do posíbel, que o traspase desta temática, que ten as súas orixes no ideario clásico greco-latino e no mundo oriental, foi posíbel entre o Sur e o Norte da Península Ibérica, a pesar das diferenzas culturais e relixiosas das entidades políticas e sociais que auspiciaban estas dúas tradicións literarias. Para elo, Miguel Ángel Pousada Cruz leva a cabo unha análise comparativa dos principais motivos amorosos comúns en ambas tradicións líricas, como o "amor de oídas" ou os "efectos do amor", que lle permiten subliñar as similitudes na expresión das experiencias amorosas líricas arábigo-andalusí e trobadoresca galego-portuguesa.

González Fernández, Helena e María Xesús **Lama López** (eds.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península*, prólogo de Basilio Losada Prieto, Sada-A Coruña: Edicións do Castro/AIEG/Universitat de Barcelona. Filoloxía Galega, 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-8485-266-7). Contén CD. ◆

- Ver apartado XII.3.1. Apéndice: libros doutros anos non recollidos nos Informes anteriores. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos deste *Informe*.

González Pérez, Clodio (ed.), Bernardo **Barreiro de Vázquez**, *Bruxos e astrólogos da Inquisición de Galicia e o famoso libro de San Cibrán*, Noia: Toxosoutos, col. Trivium, n.º 31, 2008, 182 pp. (ISBN: 978-84-96673-80-9).

O presente traballo constitúe a primeira versión popular que se fai en lingua galega da obra do santiagués Bernardo Barreiro, publicada por vez primeira en 1885. Comeza a obra cunha "carta-prólogo" do autor ao Sr. D. Juan Fernández Latorre, director por aquel entón de *La Voz de Galicia*, na que acompaña con ditos populares e composicións de autores galegos as súas reflexións sobre unha serie de aspectos propios do folclore

galego, tales como as fogueiras de San Xoán e San Pedro, a curación do *enganido*, ou os velorios pagáns que eran perseguidos pola Igrexa e o Santo Oficio. A parte que máis interese esperta no lector é a segunda, na que o autor resume corenta procesos que se levaron a cabo durante os séculos XVI e XVII contra meigas e astrólogos galegos, nos que se conta como realizaban feitizos e "infanticidios", adiviñaban o futuro e até que tiveron tratos co demo. Ao final destes inclúese un apéndice no que se dá conta dos procesos de María Soliña e a monxa de Cangas. Bernardo Barreiro conclúe o seu traballo cunha análise crítica sobre o *Libro de San Cibrán* ou *Ciprianillo*, libro enigmático que aínda hoxe en día segue á venda en librarías dedicadas ao esoterismo, co fin de desterrar a crenza popular de obra misteriosa.

Lorenzo Gradín, Pilar, *Don Afonso Lopez de Baian. Cantigas*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, 2008, 347 pp. (ISBN: 978-88-6274-002-9).

Constitúe esta publicación sobre don Afonso Lopez de Baian unha defensa ao recoñecemento da lírica profana galego-portuguesa na cultura peninsular. A importancia deste trobador, pertencente a uns dos liñaxes máis antigos e prestixiosos da nobreza medieval portuguesa, radica na considerábel variedade temática e estilística do seu cancioneiro, especialmente as súas *cantigas de escarnio e maldizer*, que destacan polos trazos peculiares tanto a nivel formal como conceptual. Lorenzo Gradín estrutura o seu traballo sobre tres piares fundamentais: a seguir das notas biográficas e históricas, así como dunha pequena aproximación á tradición manuscrita e os criterios de edición que manexa no seu estudo, aparece a edición crítica e o estudo correspondente, que conforman o groso da monografía. Cada unha das transcricións das cantigas, estruturas en tres bloques (cantigas de amor, cantigas de amigo e cantigas de escarnio e maldizer), van acompañadas da referencia ás edicións precedentes onde tamén se recollen. Segue un comentario métrico, a tradución da cantiga correspondente, un comentario literario e as notas aos versos. Como complemento indispensábel, o estudo inclúe un glosario, un índice de rimas, unha táboa de concordancias e un apéndice que contén as reproducións dos folios dos manuscritos que conteñen as cantigas deste trobador. A importancia deste traballo fundaméntase na exclusividade que se lle outorga a un trobador, reivindicando o recoñecemento a este poeta, do que non se ofreceran máis ca breves referencias nos traballos dos salientábeis investigadores da lírica profana galego-portuguesa.

Martínez Lema, Paulo, *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*, Noia: Toxosoutos, 2008, 386 pp. (ISBN: 978-84-96673-48-9).

Gañador do Accésit do Premio de Historia Medieval de Galicia na convocatoria do 2007, este exhaustivo e rigoroso traballo dá conta da totalidade do material toponímico do Tombo de Toxos Outos. O libro en cuestión aparece estruturado en tres apartados: unha introdución, na que o autor, logo de falar da situación da toponimia medieval no marco dos estudos toponomásticos ao longo do tempo e facer unha pequena achega á historia do Mosteiro de Toxos Outos así como á súa colección de documentos, expón os criterios metodolóxicos e os procedementos que seguiu á hora de elaborar o seu traballo; un glosario cos topónimos estudados; e, por último, un índice nocional de tipoloxías referenciais. Un dos puntos clave deste traballo constitúeo o estabelecemento das correspondencias entre as formas toponímicas atestadas no tombo de Toxos Outos e

os seus correlatos modernos, así coma o contexto xeográfico-admistrativo no que se localizan ou localizaron os seus referentes extralingüísticos.

Monteagudo, Henrique, *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Biblioteca Filolóxica Galega, 2008, 539 pp. (ISBN 978-84-95892-73-7). ◆

Monografía de Henrique Monteagudo (Muros-A Coruña, 1959) que constitúe unha exploración sobre as orixes da escritura en galego cara mediados do século XIII, centrada na documentación notarial, a partir do estudo da versión galega do foro do Burgo de Caldelas (ca. 1250), privilexio outorgado por Afonso IX, que constitúe o documento en galego máis antigo dos producidos en Galicia, e atendendo así mesmo ao contexto social e histórico da implantación da lírica cortés en Galicia, a finais do século XII. No seu estudo, Monteagudo intenta identificar algúns dos trobadores galegos máis antigos (en particular, Pero Paez Bazaco e Osoyro Anes), que probabelmente formaron parte dun núcleo iniciador localizado arredor das terras medievais de Bubal, Asma e Castela, e definir as relacións deste núcleo tanto cos círculos difusores do dito movemento literario-cultural, coma cos medios sociais que lle deron acollida e apoio. Estruturada en cinco capítulos, resultan de especial relevancia para o estudo da literatura medieval o terceiro capítulo, titulado "Pescudas sobre os primordios da lírica trobadoresca en Galicia". Cada un dos epígrafes que conforman este capítulo terceiro dedicado ás pescudas sobre os primordios da lírica trobadoresca galega temperá ofrece os resultados destas conexións entre lingua e literatura. O primeiro títulase "VIII. A acollida do trobadorismo en Galicia. A corte de Afonso IX, a nobreza galega e a conexión galego-portuguesa". A análise da primeira produción trobadoresca comeza neste primeiro apartado do terceiro bloque que conforma o libro pola revisión da relación existente entre a corte do monarca Afonso IX e os trobadores. A presenza dos trobadores occitanos e as políticas matrimoniais marcan os inicios literarios en Galicia, Castela e Portugal. Logo dun recorrido pola situación contextual, profúndase nas relacións entre os confirmantes do foral de Caldelas e as primeiras xeracións trobadorescas a través da xinea dos Limia, dende a súa orixe e relación coas terras de Castela e Búbal até as xeracións seguintes onde afloran os nomes de Osorio Eanes, Johan Fernandez e a casa Batissela, así como as relacións entre a nobreza galega coa portuguesa a través de figuras como a dama portuguesa Berenguela Gil Afonso de Baiam ou Maria Paez Ribeyra (destacando a importancia da terra de Toroño pola súa posición fronteiriza con Portugal). Á corte poética de Roy Gomez de Trastamara e á liñaxe dos Rodeiro e os Traba dedícanse os últimos epígrafes do capítulo. O segundo epígrafe é o seguinte: "IX. O núcleo trobadoresco inicial e os seus continuadores. Achegas para a súa caracterización lingüística". A cronoloxía e a topografía trobadorescas dos núcleos máis antigos constitúen o punto de partida deste apartado no que se afonda na identificación dos primeiros trobadores (Pero Bazaco e Osoyro Anes). Forma parte esencial deste estudo a individualización dos riscos lingüísticos que axudan a comprender as influencias e contactos entre os trobadores e contribúen a delimitar o grupo inicial e as liñas de continuidade que se abriron a partir del. Para acometer esta pescuda, Henrique Monteagudo levou a cabo unha revisión da documentación coetánea e unha minuciosa análise ecdótica dos testemuños, así como o exame dos datos coñecidos, das conxecturas sobre a biografía dos autores e dos trazos literarios que permiten caracterizar a obra dos poetas máis antigos. Na última sección dedicada aos

primordios da lírica trobadoresca, "X. Na demanda de Fernan Paez de Tamallancos", céntrase o autor no estudo da figura de Fernan Paez de Tamallancos e amosa o camiño que conduce á teoría de que as denominacións Fernan Pelagii Varella e Fernan Paez de Tamallancos envían ao mesmo personaxe histórico, un dos asinantes do foral de Caldelas, nomeado de modos diversos pola necesidade de identificalo de xeito inequívoco fronte a outros homónimos coetáneos. Esta identificación contribúe a ampliar a información sobre a personalidade histórica do trobador. Este autor figura entre os representantes primeiros da lírica cortés galego-portuguesa, o que indica que no seu proceso de aclimatación e implantación no noroeste da Península dese fenómeno cultural correspondeu certo protagonismo á pequena nobreza do centro de Galicia.

Sodré, Paulo Roberto, *Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2008, 243 pp. (ISBN: 978-84-453-4658-7). ◆

O presente estudo ten como obxectivo principal o de analizar a personaxe da *madre* e o seu papel nas denominadas *cantigas de amigo* galego-portuguesas, en concreto no conxunto de cantigas nos que a *nai* asume a primeira persoa do discurso (un total de vinte e sete composicións). O autor parte de cinco cuestións fundamentais que procurará responder ao longo do seu estudo: como abordar o estudo destas cantigas de *madre*, como foi tratada a *nai* das cantigas de amigo polos críticos, que función se lle atribuíu a este personaxe e cal e o seu perfil, de que contexto emerxería a *nai* das cantigas de amigo e, por último, o autor pregúntase se sería posible considerar á *nai* como unha protagonista da cantiga feminina. Para isto, Sodré analiza os distintos estudos existentes sobre as *cantigas de madre* ao mesmo tempo que fai un exhaustivo repaso ás informacións históricas, xurídicas e doutrinarias para comprender a expectativa dos homes en relación ao papel feminino no Medievo europeo. Máis adiante o autor aborda o estudo dos xéneros dende a perspectiva medieval até a actual para determinar un novo criterio para o recoñecemento dun xénero textual: a identificación do emisor, fundamento da tese que defende no seu estudo e que aplica na súa análise da figura da *nai* en cada unha das vinte e sete composicións que forman, segundo as súas palabras, "un xénero crítico e especie de canción feminina, con afinidade estreita coa cantiga de amigo". Como complemento imprescindíbel, o traballo de Sodré incorpora un apartado de apéndice no que se presenta os datos máis recentes sobre os trobadores e os seus cancioneiros, mais un anexo no que se transcriben as vinte e sete cantigas en que a *madre* é o suxeito lírico.

Tarrío, Anxo (coord.), *Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas* 2008, ilust. Berta Álvarez Cáccamo, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9887-004-6). ◆

Ver apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

XI.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Álvarez Blázquez, Xosé María, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, col. Alicerces, n.º 17, 2008, 57 pp. (ISBN: 978-84-88508-42-5). ◆

Ver apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Aponte, Vasco de, *Pedro Madruga*, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario El País, Col. O Moucho, n.º 16, 2008, 53 pp. (ISBN da Colección completa do Diario El País: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario El País: 978-84-9815-462-7/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-067-9). ■

Atopámonos ante unha reedición facsimilar do volume da colección "O Moucho" que contén a narración escrita arredor de 1530 por Vasco de Aponte, criado da casa dos Andrade, relacionados cos Madruga, un de cuxos membros é o protagonista da historia que se conta. A historia deste Pedro Madruga, chamado en realidade Pedro Álvarez de Soutomaior, desenvólvese nunha etapa de profunda convulsión social, co movemento Irmandiño e unha serie de señoríos feudais despiadados en pleno auxe. Vasco de Aponte realiza no seu relato un repaso por esa ilustre liñaxe, da que Pedro Madruga é descendente, aínda que como bastardo. Repásanse as súas peripecias, propias do home aventureiro e batallador que en efecto é, até chegar á súa morte, acaecida por razóns nunca aclaradas. O volume péchase cunha semblanza da figura deste personaxe que quedou a medio camiño entre a lenda e a historia, e ao que se define como "moi mañoso, moi sotil e moi sabido, e moi sentido en cousas de guerra". Tamén se considera que foi un home moi bo cos seus e moi cruel cos inimigos. Dise que unha vez falecido, o legado de Pedro Madruga quedaría en mans do seu primoxénito, don Álvaro de Soutomaior, "home de bo siso". O volume péchase co colofón que se refire á crueldade do protagonista: "14 de abril 1969 festa de San Pedro González Telmo, Patrón de Tui, onde fixo tanto ben como fixo de mal seu tocaio o Visconde".

López-Aydillo, Eugenio, *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas (con un glosario de voces del gallego arcaico)*, Valladolid: Editorial Maxtor, 2008, 305 pp. (ISBN: 84-9761-425-9).

Reedición dun artigo de López-Aydillo que viu a luz en 1923 na revista *Revue Hispanique* (vol. 57, n.º 132, pp. 315-619). Centrándose nos cancioneiros que transmitiron a lírica profana galego-portuguesa até os nosos días, é dicir, o *Cancioneiro da Ajuda*, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e o *Cancioneiro da Vaticana*, o autor aproveita as noticias históricas contidas nas cantigas dos trobadores dos séculos XII ao XIV, contrastando tal información mediante unha crítica rigorosa. Deste xeito, o presente estudo ofrece unha dobre perspectiva: por un lado, o emprego do testemuño depurado polo exame crítico e, por outro, tal estudo constitúe un comentario crítico do texto dos cancioneiros que contribúe a esclarecer puntos escuros dos propios textos. López-Aydillo estrutura o seu traballo en dúas partes fundamentais: a seguir dunha breve introdución na que aporta datos acerca das fontes que manexa no seu traballo,

aparece a primeira parte do estudo, no que se recolle as noticias históricas contidas nos cancioneiros relacionándoas co contexto histórico no que se producen; en concreto, o autor estabelece catro períodos históricos no que se encadran esas informacións: o reinado de Fernando III, o de Afonso X, o de Sancho IV e, finalmente, os reinados doutros reis de Castela e León. Na segunda parte, o autor leva a cabo unha agrupación sistemática das cuestións históricas que as cantigas ofrecen, permitíndolle ofrecer un cadro da historia peninsular no século XIII dende un punto de vista relixioso, político, xurídico e social. O estudo péchase cun glosario de voces galego-portuguesas que aparecen nas cantigas transcritas no traballo e que, segundo o autor, poden ofrecer ao lector algunha dificultade de comprensión. A importancia deste traballo radica na exclusividade que se lle outorga aos testemuños históricos que ofrecen os cancioneiros galego-portugueses para estabelecer o contexto histórico da Península no século XIII.

XI.3. ACTAS

Ferreiro, M., C. P. **Martínez** e L. **Tato Fontaíña** (eds.), *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Baía Edicións, 2008, 212 pp. (ISBN: 978-84-96893-65-8).

Volume de actas que recolle os traballos presentados no *I Coloquio sobre Crítica Textual*, celebrado na Illa de San Simón entre os días 22 e 23 de xuño do ano 2006. Son de especial interese para o estudo da literatura galega medieval os que a seguir se analizan:

- Mariña Arbor Aldea, "Metro, lírica profana galego-portuguesa e práctica ecdótica: Consideracións á luz do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 9-34.

A autora deste traballo amosa achegas autorizadas á poética trobadoresca dende as consideracións sobre a importancia da métrica. A tensó *Quen ama Deus, Lourenç', ama verdade* serve de punto de partida polas obxeccións que nela se fan ás composicións que "non riman e son desiguaes". Formúlanse os problemas ecdóticos que suscita tal situación, ante a disxuntiva de conservar o verso tal como se transmitiu polos códices xustificado polo argumento musical ou ben efectuar as emendas da man da crítica textual. A tal efecto estúdanse os casos de encontros vocálicos e aquelas particularidades referidas ao relativo *que* e ás conxuncións *e, que, ca* e *se* para chegar a conclusións precisas sobre as posibles emendas no texto. A posíbel existencia dunha evolución dos fenómenos aludidos permitirá esclarecer as implicacións dos resultados no campo da crítica textual ou da fixación (se este termo é posíbel) dunha lección que difire da transmitida polos manuscritos. O artigo recolle nun minucioso apéndice todas as ocorrencias que constitúen os exemplos e ilustracións aos comentarios da análise.

- Xosé Bieito Arias Freixedo, "Do paradigma como guía á tentación do paradigma", pp. 39-65.

Partindo do feito de que na lírica profana galego-portuguesa se rexistran tanto un importante compoñente paradigmático ou convencional como unha tendencia considerábel á variación e mesmo ao desvío e á heterodoxia por parte dos trobadores e xograres, o autor deste artigo analiza unha serie de cantigas que poden presentar problemas para o editor á hora de decidir cal destas dúas liñas de forza ten máis peso no caso concreto que se está a editar. Ao final do artigo inclúense as reproducións fotográficas das cantigas coas que se exemplifica a análise.

- Mercedes Brea, "Edición impresa e edición electrónica, ferramentas complementarias", pp. 67-76.

Neste artigo, Brea reflexiona a cerca das vantaxes e desvantaxes que as chamadas "novas tecnoloxías" poden aportar á edición de textos medievais, facendo especial fincapé no caso da lírica galego-portuguesa. Logo de facer un breve percorrido polas edicións máis salientábeis que hai tanto na rede como impresas, a autora ofrece unha proposta de edición na que se compatibilicen as dúas posibilidades ofrecéndoas como complementarias e non como dous soportes diferentes dun mesmo obxecto.

- Manuel Ferreiro, “Edición e historia da lingua: Sobre a representación da nasalidade no trobadorismo profano galego-portugués e as formas *irmana* e afíns”, pp. 77-96.

No traballo presentado nestas páxinas, M. Ferreiro aborda a problemática da representación das nasais na lírica profana galego-portuguesa atendendo principalmente a dúas cuestións relacionadas entre si: a representación con <-n-> gráfico da nasalidade derivada da caída de –N- intervocálico latino, e, sobre todo, a revisión dalgúns casos de manutención desta consoante que tradicionalmente desconcertaron aos estudosos do tema, é dicir, formas con terminación –ano, -ana e outras formas análogas que proliferan fundamentalmente nas cantigas de amigo e que foron obxecto de diversas interpretacións dende o punto de vista filolóxico.

- Elvira Fidalgo, “A edición das *Cantigas de Santa María*: unha reflexión previa”, pp. 97-117.

Neste artigo a autora trata os principais problemas que se lle presentaron como editora das cantigas de loor. O traballo aparece estruturado en sete apartados, respectando unha progresión descendente que vai dende as decisións que afectan á estrutura do texto até a resolución de certas grafías problemáticas.

- Pilar Lorenzo Gradín, “Notas sobre as cantigas de escarnio e maldizer”, pp. 119-139.

Neste estudo, P. Lorenzo analiza unha serie de *cantigas de escarnio e maldizer* co fin de aportar tanto novas interpretacións a cerca dun número limitado de segmentos textuais como reflexións puntuais sobre determinadas cantigas satíricas á luz dos principios metodolóxicos de carácter ecdótico que presiden a *constitutio textus*, en concreto a daqueles referidos ao coñecemento da gramática histórica, ao contexto, á *res métrica* e á propia presentación crítica do texto.

- Henrique Monteagudo, “Ortografía *alfonsí*? Para a análise grafemática dos testemuños poéticos en galego da segunda metade do século XIII”, pp. 141-160.

O profesor Monteagudo percorre os diversos testemuños escritos da época do rei sabio para comprobar se hai unha coherencia e regularidade nas opcións gráficas dos textos escollidos: o *Cancioneiro da Ajuda* a través das cantigas de Gómez Chariño, unha mostra do códice de Toledo das *Cantigas de Santa María* e unha copia da Cantiga VII recollida no *Pergamiño Vindel*. Tralas observacións pertinentes en cada un destes capítulos aporta conclusións que apuntan cara un sistema grafemático ben definido e estable aplicado rigorosamente polos escribáns responsábeis do traslado de cada un dos textos.

- José António Souto Cabo, “O texto das cantigas no quadro das prácticas escriturais do séc. XIII”, pp. 161-176.

O obxectivo deste artigo é, en esencia, deixar constancia de como o coñecemento da *scripta* notarial, en concreto a lusitana, aproximadamente contemporánea do movemento trobadoresco, pode axudar a comprender a “lingua” dos textos poéticos e, polo tanto, a reorientar ocasionalmente algunhas pautas de transcrición dos mesmos. O traballo inclúe así mesmo un apéndice con exemplos tirados da *Lírica Profana Galego-Portuguesa*.

- Laura Tato Fontaíña, "Edición e Interpretación", pp. 177-195.

Os dous conceptos que titulan esta reflexión son frecuentemente obviados e porén constitúen a esencia do texto. Para editar un texto é necesaria unha correcta interpretación e contextualización e ademais unha boa edición debe conducir ao lector á interpretación axeitada do texto ao que se enfronta. Tato aduce diversos exemplos do trobador Garcia de Guilhade, Pero da Ponte, Sueiro Fernandiz, Meendiz da Fonseca ou Rodrigu'Eanes para ilustrar esta tese. O coñecemento das razóns de escritura e os contextos nos que xorden os textos levan a comprender as connotacións que doutro xeito pasarían facilmente desapercibidas.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Novas da Editorial Baía", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 526, "Páxina literaria", 13 xullo 2008, p. 4.

Comenta que *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza* é unha obra colectiva que contén estudos dos profesores Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontaíña, entre outros.

Villarino Pardo, Carmen, Elias J. **Torres Feijó** e José Luís **Rodríguez** (eds.), *Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. VIII Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas. Santiago de Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2008, 2 vols., 1922 pp. (ISBN: 978-84-9887-015-2). ◆

Volume de actas que recolle os traballos presentados no VIII Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas celebrado en Santiago de Compostela entre os días 18 a 23 de xullo de 2005. Interesan para o estudo da literatura galega medieval os seguintes traballos:

- Gladis Massini-Cagliari, "A realização do acento lexical nas Cantigas Profanas de amor e de amigo e nas *Cantigas de Santa Maria*", vol. I, pp. 713-722.

A autora centra o seu interese de estudo nos patróns acentuais do portugués medieval relacionándoos cos patróns de verso adoptados na época. Para isto, Massini-Cagliari parte dun *corpus* textual formado por cantigas provenientes da produción lírica medieval profana e relixiosa galego-portuguesa. A análise realizada pola autora mostra unha diferenza entre as cantigas profanas e as relixiosas en canto os tipos de verso preferidos (grave ou agudo), aínda que non se aprecia diferenzas en canto a tipoloxía dos patróns de acento atopados, a pesar de que a autora subliña a maior riqueza lexical nas cantigas medievais relixiosas.

- María do Socorro de Oliviera Brandão, "Johan Garcia de Guilhade e os possíveis *escárnios de amigo* na lírica galego-portuguesa", vol. II, pp. 1231-1242.

A autora centra o seu estudo na análise temática e conceptual do xénero da lírica profana galego-portuguesa denominado como *escarnio de amigo*. Para elo, toma como

punto de partida algunhas cantigas do trobador Johan Garcia de Guilhade que poderían encadrarse no reducido xénero do *escarnio de amigo*. Baseándose na dimensión paródica dos xéneros amorosos, de Oliveira Brandão subliña como estes textos de Guilhade dan conta dunha nova lección do canto de muller, xa que nas cantigas analizadas revélase a intertextualidade coa *cantiga de amigo* galego-portuguesa, de tal modo que o trobador, servíndose do eu lírico feminino, denuncia o seu comportamento anticortés como poeta en textos que se aproximan ao xénero do *gap*.

- Taís Ávila de Almeida, "O trovadorismo vive no sul do Brasil", vol. II, pp. 1275-1284.

A autora céntrase no trobadorismo portugués dende a perspectiva da intersección da literatura portuguesa e brasileira na óptica do dialoxismo de Bakhtin xa que, segundo a autora, trátase dunha actividade aplicábel ao Ensino Medio nas aulas da Literatura Portuguesa. Para elo, Ávila de Almeida leva a cabo unha análise conxunta dunha cantiga pertencente ao *corpus* da lírica profana galego-portuguesa, en concreto a cantiga do trobador Johan Garcia de Guilhade, "Ai, dona fea, fostes-vos queixar" (70,4), e do poema do dramaturgo gaucho Carlos Carvalho, "Lamento de moça fea". O obxectivo desta análise é constatar a posibilidade de estudar as cantigas dun período tan distante como o Trobadorismo, a través da recuperación do diálogo coa forma antiga.

- Serxio Otero González, "A cantiga de amigo no seu contexto histórico e social", vol. II, pp. 1285-1298.

O autor presenta neste artigo unha exploración das *cantigas de amigo* galego-portuguesas como produto dunha situación socio-histórica determinada, é dicir, a sociedade medieval dos séculos XII e XIII. Serxio Otero González ofrece unhas breves notas iniciais acerca do contexto histórico dos séculos sinalados, xa que este será o contexto que determine a produción das *cantigas de amigo*. Segundo o autor, este tipo de composicións foron creadas como persuasivos instrumentos de adoutrinamento social. A través da análise da temática dun amplo *corpus* de *cantigas de amigo*, o autor defende, a modo de conclusión, que mediante o canto ás raparigas ofrecíanlle unha imaxe negativa dos amigos co obxectivo de abortar toda iniciativa destas por desviarse da preceptiva familiar e de eludir as súas responsabilidades dentro do núcleo familiar.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Ainda en roda de D. Lopo Lías", *Agália*, n.os 93-94, 1.º semestre 2008, pp. 47-55.

Álvarez Blázquez analiza neste artigo unha serie de composicións do trobador D. Lopo Lías co fin de aportar máis datos a cerca da súa incerta biografía. O estudoso conclúe a súa investigación afirmando que aínda que o trobador pasase a súa mocidade en terras leonesas, servindo quizais á filla máis vella de Afonso X, o máis probábel é que fose nativo de Lugo, lugar no que moraría durante a súa madurez. Ao final do artigo inclúe en reprodución facsimilar un dos folios do artigo inédito que este número d'*Agália* publica como homenaxe ao seu autor.

Arbor Aldea, Mariña, "*Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias*... Edición e anotación da súa cantiga *Senhor, se o outro mundo pasar* (B 923, V 511)", *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 9, 2008, pp. 11-42.

O presente estudo ten como obxectivo principal presentar a edición crítica da única cantiga conservada do trobador portugués Estevan Perez Froian, "Senhor, se o outro mundo passar" (34,1). A seguir das notas biográficas e históricas do poeta, vasalo dos monarcas casteláns Afonso X e Sancho IV, así como dunha pequena aproximación á tradición manuscrita que ofrece a cantiga e os criterios de edición que manexa no seu estudo, a autora presenta a edición crítica e o estudo correspondente, que conforman o groso do artigo. A transcrición da cantiga vai acompañada da referencia ás edicións precedentes onde tamén se recolle, segue un comentario métrico e as notas aos versos.

Brea, Mercedes "El diálogo entre los dos géneros amorosos de la lírica gallego-portuguesa", *Estudios Románicos*, vol. 16-17, 2007-2008, pp. 267-283.

Neste artigo, a autora ten como obxectivo principal elaborar unha análise daquelas cantigas galego-portuguesas, tanto de *amor* como de *amigo*, caracterizadas por presentar un diálogo entre a dama e o seu namorado e que funcionan a modo de ponte entre os dous xéneros amorosos da lírica galego-portuguesa, de tal xeito que a diferenza entre ambos estriba, nestes casos, na intervención; así, se é o home quen fala primeiro estaremos ante unha *cantiga de amor*, mentres que se é a muller quen inicia o diálogo a cantiga é de *amigo*. Tras a análise de cada unha destas cantigas, 10 de *amor* e 13 de *amigo*, estabelece unha serie de consideracións finais destacando a existencia de abundantes elementos comúns entre ambos tipos de composicións, tales como o emprego de adxectivos comúns para referirse á amada (*fremosa*, *mesurada*) ou expresións que fan referencia á cerimonia feudal do vasalaxe (*preyto*, *fazer menage*). A este tipo de composicións sumaríanse aquelas construídas a modo de espello, nas que unha *cantiga de amigo* preséntase como resposta a outra de *amor* do mesmo trobador, como sucede, por exemplo, coas cantigas 25,122 e 15,38. Esta intertextualidade e diálogo entre xéneros supón, como sinala a autora, unha innovación da lírica galego-portuguesa, xa que sitúa nun mesmo plano aos dous xéneros galego-portugueses.

Cabana, Darío Xohán, "Sirventeses", *A Trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 75, tomo III, ano XIX, "Textos", xullo-agosto-setembro 2008, pp. 121-128.

Ofrécese a tradución de cinco sirventeses do trobador Pèire Cardenal (1180-1278) feita por Darío Xohán Cabana que se inclúen na *Antoloxía da poesía occitana clásica* que este autor di estar a preparar. Dise que a maior parte da obra do trobador é política e moral e que por iso é quizais o trobador que menos cadra coa imaxe, xeralmente aceptada, do que este debía ser. Tamén se aclara, despois dunha introdución da súa vida e obra, que se ofrece a carón da tradución o texto orixinal coa ortografía regularizada de acordo cun sistema propio inspirado nas normas do Institut d´Estudis Occitans. Deseguido aparecen os cinco textos nos cales se aprecia unha temática amorosa nos dous primeiros e crítica social nos restantes.

Ceremuzynska, Paulina, "Cantigas cantadas (sobre as cantigas de amigos)", *Adra*, n.º 3, 2008, pp. 79-87.

Constitúe este traballo unha achega interesante sobre a relación da música e o texto nas cantigas dos trobadores galego-portuguesas. A autora parte da tese de que o termo "cantiga" fai alusión a un tipo de poesía composta para ser cantada polo que debía presentar unha combinación harmoniosa de palabras (letra) e sons (música). Aínda que no *corpus* galego-portugués só se conserva a melodía de seis cantigas de amigo de Martin Codax e sete de amor do rei Don Denís, a autora defende que esta combinación era sistemática. Para isto, leva a cabo unha análise das xa mencionadas cantigas de Martin Codax, así como dalgunhas Cantigas de Santa María, centrando a súa atención no ritmo destas composicións, xa que, segundo a autora, é o único elemento que permite recuperar a música naqueles textos que non transmitiron a súa correspondente notación musical. O traballo finaliza cun breve apunte sobre os axentes de produción da lírica galego-portuguesa, é dicir, os trobadores e xograres, destacando a súa formación e súa vinculación con actividades lúdicas.

Cunha, Viviane, "Les jongleresses ibériques: de Telethusa à Maria Balteira. La voix des femmes. Monde Mediterraneen et Proche-Orient", *La France Latine. Revue d'Études d'Oc. Études Medievales*, n.º 146, 2008, pp. 36-64.

Estudo que se centra na figura da muller como axente de produción da lírica medieval facendo un percorrido dende o concepto de *puellae gaditanae* da Antigüidade até a *soldadeira* galego-portuguesa, a través da análise de dúas figuras femininas, como son Telethusa e María Balteira. A autora fai fincapé na idea de que as noticias que se conservan destas mulleres veñen dadas polas informacións que trobadores e xograres deixaron impresas nas composicións, presentándoas como mulleres que vendían ao público o seu canto, o seu baile e mesmo o seu corpo. Subliña a figura e vida da Balteira, documentada en quince composicións galego-portuguesas, o que lle permite reflexionar acerca da importancia do personaxe feminino que acompañaba ao trobador no espectáculo trobadoresco a través do canto, da danza ou do acompañamento instrumental.

Eirín García, Leticia, **"**A Idade Media, época de tebras ou de luz? Os estudios medievais galego-portugueses no ano 2007", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, "Panorámicas", 2008, pp. 124-131.

O obxectivo principal deste traballo é ofrecer unha valoración crítica das novidades editoriais aparecidas durante o ano 2007 no ámbito da literatura medieval galego-portuguesa e que, segundo a autora, evidencian o notábel aumento cuantitativo experimentado no último ano nos estudos literarios medievais galego-portugueses. As obras que analiza e destaca son dúas edicións monográficas, a primeira sobre o trobador Johan Vaasquiz de Talaveyra, realizada por Roberta Fregonese, e a segunda centrada no cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca, de Laura Tato Fontaíña. A autora tamén a analiza obras como *Querer crer entrever (Expresións críticas de reflexións e lectura)* do profesor Carlos Paulo Martínez Pereiro, e as *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa*, que presenta unha serie de normas para a edición la lírica trobadoresca asinadas por doce dos investigadores máis relevantes do ámbito da edición. A autora finaliza a súa análise coa obra de Ângela Vaz Leão, *Cantigas de Santa Maria de Afonso X, O Sábio. Aspectos culturais e literários*.

Fernández Fernández, Laura, "Imagen e intención. La representación de Santiago Apóstol en los manuscritos de las Cantigas de Santa María", *Anales de Historia del Arte*, n.º 18, 2008, pp. 73-94.

No presente traballo a autora leva a cabo unha análise dun grupo de cantigas, integradas no *corpus* das *Cantigas de Santa María*, que abordan temas relacionados coa figura de Santiago. O interese por estas cantigas radica no seu tratamento crítico coa acción do Apóstolo no Camiño, xa que incluso, nestas composicións, desacredítase o seu poder en relación coa figura da Virxe, indiscutible protagonista do cancioneiro. O estudo deste grupo de cantigas permite a autora afondar nos diferentes motivos que puideron influír na realización do *corpus* mariano, así como a súa vinculación co proxecto cultural do monarca Alfonso X, o Sabio.

Ferreiro, Manuel, "A forma verbal éste na lírica profana galego-portuguesa", *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 9, 2008, pp. 57-78.

Estudo lingüístico moi documentado da aparición e uso da forma verbal *este* na lírica profana galego-portuguesa, con exemplos das distintas composicións tomadas dos tres grandes cancioneiros desta escola. O autor leva a cabo unha revisión da súa aparición nos manuscritos e da súa funcionalidade, o que lle permite demostrar a vixencia desta forma na lingua literaria galego-portuguesa, así como a inexistencia dunha forma latinizante *est* que, tradicionalmente fora estabelecida en numerosas edicións da lírica galego-portuguesa.

Fidalgo, Elvira, "Troubadours et trobadores: les premiers contacs", *Europe. Revue Littéraire mensuelle. Les troubadours*, n.ºs 950-951, 2008, pp. 137-149.

Constitúe este traballo unha achega interesante aos primeiros contactos entre os trobadores occitanos e os galego-portugueses a partir do século XIII. A autora parte da

tese da adopción de moldes poéticos recollidos da tradición occitana que chegarían á Península Ibérica por diversas vías, entre elas o camiño de Santiago, ademais das relacións existentes entre as cortes dun e outro lado dos Pirineos. Destaca a presenza de trobadores occitanos na corte castelá ao mesmo tempo que elabora unha análise daquelas cantigas, tanto de *amor* como de *amigo*, nas que se pode rastrexar algún tipo de influenza provenzal. Sinala, como conclusión do seu estudo, como a partir do século XIII e durante máis dun século, levarase a cabo unha reformulación de temas e motivos de procedencia occitana por parte dos trobadores galego-portugueses.

Iacob, Mihai, "A retórica visual no 'Códice Rico' das *Cantigas de Santa María*", *Boletín Galego de Literatura*, n.os 36-37 (2.º semestre 2006, 1.º semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 37-59.

Neste artigo o estudoso analiza o papel que xogan as miniaturas nos códices marianos de Afonso X , O Sabio, prestando especial atención ao denominado "Códice Rico" (T.I.1). A súa análise invoca e confronta as contribucións de varios estudosos ao redor das miniaturas alfonsís, ao tempo que achega algunhas propostas inéditas de interpretación co fin de establecer as relacións existentes entre o texto e as imaxes.

Marcenaro, Simone, "O emprego de modelos literarios na sátira política: entre *Iberia* e *Provenza*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º Semestre 2007), "Estudos", 2008, pp. 29-51.

Analiza neste artigo unha serie de textos trobadorescos de asunto político nos que se observa unha estratexia argumentativa peculiar: os autores empregan diversos modelos literarios no proceso de composición e construción das súas sátiras. Malia as numerosas diferenzas existentes entre o *sirventés* provenzal e a *cantiga de escarnio e maldizer* galego-portuguesa, identifica unha tendencia común nos dous xéneros a usar hipotextos moi coñecidos para incidir na mensaxe proposta. Afirma tamén que os *cantares de xesta* representan, sen dúbida, o xénero que mellor se adecúa a esta dinámica compositiva. Neste contexto, Marcenaro considera, por un lado, textos occitanos e galego-portugueses nos que a matriz de orixe épica aparece clara (é o caso de Afonso López de Baian e Lopo Liáns para os galego-portugueses, e Gui de Cavaillon para os occitanos) e, por outro, textos que se integran na chamada poesía "baixo o veo", que vehicula temas de notábel importancia política a través de xéneros non recoñecíbeis a primeira vista como satíricos (por exemplo, as *pastorelas* de Paulet de Marsella e Cerverí de Girona, as "falsas" cancións de muller de Peire Basc e Gonçal Eanes do Vinhal). En ambas as modalidades de adaptación destaca o recurso á estrutura "externa", sexa a nivel formal, retórico ou, simplemente, lexical, para difundir de xeito máis eficaz a mensaxe satírica proposta polo trobador.

Massini-Cagliari, Gladis, "Interface Fonologia-Poesia-Música: Uma análise do ritmo lingüístico do Português Arcaico, a partir da notação musical das *Cantigas de Santa Maria*", *Revista de Estudos Lingüísticos (Revista do GEL)*, vol. 37, n.º 1, 2008, pp. 9-20.

O obxectivo deste traballo é presentar un estudo do ritmo lingüístico no portugués arcaico, en concreto no período trobadoresco, tomando como punto de partida a abstracción prosódica dun período pasado da lingua a partir da análise dos ritmos poético e musical das cantigas relixiosas escritas en galego-portugués. A autora toma como texto base do seu estudo a cantiga 100 do *corpus* das *Cantigas de Santa Maria* do rei sabio Afonso X coa finalidade de extraer elementos da notación musical que poidan constituírse en argumentos para a realización fonética das cantigas en canto a súa estrutura silábica e ao seu ritmo lingüístico. Os elementos analizados serán a paragoxe e os acentos rítmicos, o que lle permiten a autora, a modo de conclusión, defender a observación musical das cantigas como unha fonte secundaria de información relativa á prosodia de linguas "mortas".

Montero Santalha, José-Martinho, "A estrutura métrica de algumas das Cantigas de Santa María", *Agália*, n.os 93-94, 1º semestre 2008, pp. 87-134.

Neste traballo, Montero Santalha revisa a estrutura métrica dun total de trinta e dúas composicións tomadas da edición realizada por Walter Mettmann das *Cantigas de Santa María*. O estudioso discrepa nalgúns casos do criterio seguido por Mettmann no tocante á partición de versos, especialmente no caso dos refráns, e presenta a súa proposta asumindo como criterio guía o de dar preferencia á rima en todos aqueles casos posibles, renunciando á igualdade métrica ou *isometría* cando para iso fose necesario. Seguindo estes principios, Montero Santalha considera unha serie de cantigas nas que se deben dividir os versos en atención á rima, e outras nas que, pola contra, se deben eliminar versos carentes dela.

Vázquez Saco, Francisco, "Algunas consideraciones en torno a la cantiga LXXVII del rey sabio", *Lvcensia*, n.º 36, 2008, pp. 383-391.

Reprodución do discurso académico ofrecido polo reitor da Universidade de Lugo no acto de apertura do curso do Seminario de Lugo no ano1954. A conferencia toma como eixe de estudo a cantiga LXXVII incluída nas *Cantigas de Santa María* do rei Afonso X o Sabio, xa que esta describe un milagre da Virxe de Lugo. O autor transcribe a cantiga e elabora un comentario métrico, temático e estilístico da mesma. A modo de conclusión, Vázquez Saco recolle as noticias históricas contidas na cantiga relacionándoas co contexto histórico no que se produce.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Castro Rodríguez, Xavier, "Tombo de Toxos Outos: un cartulario medieval galego", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 16 agosto 2008, p. 2.

Informa da publicación do *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*, un rigoroso e complexo traballo co que Paulo Martínez Lema acadara o Accésit do Premio de Historia Medieval de Galicia na convocatoria do ano 2007. A continuación, faise un breve percorrido pola historia do mosteiro dos santos Xusto e Pastor de Toxos Outos e fálase da súa importancia durante a Idade Media.

González Pérez, Clodio, "A cativadora pastora do Sar", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 26 abril 2008, p. 4.

Tomando como punto de partida a cantiga "Quand´eu hun dia fuy en Compostela" de Pedr´Amigo de Sevilha, na que o poeta di namorarse dunha pastora do Sar cando ía de peregrinaxe a Compostela, fai un breve percorrido pola vida deste trobador e a súa posíbel vinculación a terras galegas.

Pena, Xosé R., "En grave día vos eu vi", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 243, "Libros", 20 abril 2008, p. IV.

Faise referencia á nova obra da profesora Laura Tato Fontaíña, *O Cancioneiro da Fonseca*, publicada polo Centro Ramón Piñeiro. Trátase dunha edición crítica, baseada no sistema de representación textual acordado por especialistas galegos no 2006, na que describe como, pese a non ser Pero Meendiz da Fonseca un dos autores cunha presenza de maior relevo no relativo ao número de cantigas conservadas, a súa obra presenta elementos de interese "por canto remite a un xogo de intertextualidades que só poden ser axeitadamente comprendidas nas coordenadas da época", indica Pena. Tamén se procede á citación do estudoso portugués António Resende de Oliveira, que sería o que localizou documentalmente ao susodito trobador no *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro.

Pena, Xosé Ramón, "Do cancioneiro de Lopez de Baian", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 259, "En Arouca...", 18 setembro 2008, p. IV.

Logo dun pequeno percorrido pola figura do trobador de orixe portuguesa Lopez de Baian, o autor deste artigo dá conta da publicación da edición crítica *Don Afonso Lopez de Baian, Cantigas*, realizada pola doutora Pilar Lorenzo Gradín. O autor destaca sobre todo o "rigor e intelixencia" co que foi realizado o volume.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, "Xosé María Álvarez Blázquez, poeta do século XIII", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 251, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 23 febreiro 2008, p. 13.

Faise mención ás oito cantigas do *Cancioneiro de Monfero*, de Xosé María Álvarez Blázquez, publicado por Edicións Monterrey en 1953. Indícase que aproveitou a súa erudición medieval para escribir este apócrifo, que moitos especialistas na literatura desta etapa tiveron por verdadeiro.

Valcárcel, Marcos, "Capa", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 29 xaneiro 2008, p. 61/"Capa, a Gioconda, Meogo", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 31 xaneiro 2008, contracuberta.

Lembra a grandes artistas da historia e entre os poetas destaca a Pero Meogo, de quen achega seis versos.

Valcárcel, Marcos, "Sátira e poetas (e V)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 26 marzo 2008, contracuberta.

Remata as esculcas polos poetas satíricos co xénero escarnino do período trobadoresco cunha ollada nas prácticas pecaminosas de María Peres a Balteira, desagraviada con posterioridade por Lorenzo Varela cunha cantiga que rompe co tópico da xograría e que a presenta como un ser cheo de ledicia e vitalidade.

Valcárcel, Marcos, "Do noivado", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 24 xullo 2008, p. 77/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 26 xullo 2008, contracuberta.

Comentario do libro *Historia da vida cotiá en Galicia* (2007), de Xavier Castro, sobre o que di que se detallan os xeitos e ritos do noivado na aldea e na cidade. Sinala que na aldea os lugares que se frecuentaban para este fin eran a fonte, que tamén salienta como escenario das cantigas medievais, o monte, as romarías e os fiadeiros; nas cidades, porén, había un control total.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Alonso, Rodolfo, "Trovadores: linguaxe e nación", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 480, "Enfiando", 11 maio 2008, p. 23.

Comeza lembrando a figura de Rosalía de Castro e o seu libro *Cantares gallegos* (1863), como o inicio da "identidade social e cultural do pobo galego" e loa o feito de que o Día das Letras Galegas de 1998 fose dedicado a tres trobadores: Martín Codax, Mendiño e Xohan de Cangas. Explica que foron os trobadores galaico-portugueses os que sentaron a presenza cultural galega e a súa identidade e achega as afirmacións de dous estudosos da literatura: José Mattoso e Esther de Lemos. Por último, afirma que a primeira poesía de España foi escrita en galego e tamén que esta lingua é un dos alicerces da cultura portuguesa. Finalmente, remata cunhas palabras do poeta portugués José Augusto Seabra.

C. P., "Congreso sobre el intercambio literario en la Ruta Xacobea", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 marzo 2008, p. 7.

Dáse conta da celebración na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela do congreso internacional *In marsupiis peregrinorum*. *Circulación de textos e imaxes arredor do Camiño de Santiago*, como resultado da colaboración entre as universidades de Santiago, Siena, Milán Pavia, Zúrich e París, e no que participaron 17 especialistas en arte, historia, lingüística e literatura en relación coa Ruta Xacobea.

Fernández, Rebeca, "Ceremuzynska, a galega que veu do frío para devolverlleo son ás cantigas", *Galicia Hoxe*, "Galicia Senlleira", 28 xaneiro 2008, p. 76.

Conversa na que a moza polaca Paulina Ceremuzynska (Varsovia, 1977), relata como puido optar por seguir os pasos de Chopin ou da mezzosoprano Cecilia Bartoli, pero decantouse pola lírica medieval galego-portuguesa, converténdoa no motor da súa actividade. Dise que a súa interese pola poesía trobadoresca comezou de moi cedo no eido das cantigas galego-portuguesas; o repertorio musical e poético máis importante da época medieval en Europa. Esta lírica empuxouna a vir a Compostela onde tropezou aquí con dúas realidades absurdas: a necesidade de aprender castelán para falar cos galegos e o descubrimento de que as cantigas non se estudiaban como un xénero musical, senón como simple poesía. Tras *Cantigas de amor e de amigo*, terceira gravación mundial das cantigas profanas do rei don Dinís de Portugal, realiza *E moiro-me d'amor*. *Cantigas de desexo e soidade*, disco no que restabelece a música de catorce cantigas de amigo, xénero escrito integramente en galego. Eloxia o labor de reconstrución que a converte nunha auténtica galega senlleira.

Fernández, Xurxo, " Autores galegos", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 24 novembro 2008, contracuberta.

A publicación do Centro Ramón Piñeiro *Cantigas de Madre galaico-portuguesas* serve como pretexto ao autor desta columna para remitir á páxina web http://www.autoresgalegos.org, na que se poden ler algúns traballos a cerca da idea da nai ou do amor nas Cantigas.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "Nacemento do idioma galego", *Galicia Hoxe*, 11 decembro 2008, pp. 1-8.

Os autores desta colectánea conmemorativa dos vinte e cinco anos do Consello da Cultura Galega inciden nesta sétima entrega da serie "Fitos da cultura galega" na importancia dos cancioneiros trobadorescos, das Cantigas de Santa María e na incipiente prosa literaria como pezas fundamentais na conformación do idioma galego. Comentan que a poesía profana e relixiosa converteu ao galego nunha lingua de cultura peninsular, situación favorecida polas vivencias infantís do rei Afonso X en Galicia, o que provocou o seu coñecemento da lingua e a súa atracción pola escola trobadoresca e a consecuente composición das Cantigas de Santa María. Aínda que a prosa non floreceu na mesma medida que a poesía, a lingua galega utilizouse en documentos notariais, bandos, preitos municipais e en traducións de obras históricas indicando que o galego era unha lingua vehicular á hora de transmitir outras culturas para ser asimiladas pola sociedade.

Mato, Alfonso, e Xosé Ramón **Fandiño**, "Ilustración en Galicia", *Galicia Hoxe*, "*XXV fitos da cultura galega*", 15 decembro 2008, pp. 1-8.

Péchase a décima entrega da serie "Fitos da cultura galega", dedicada nesta ocasión á Ilustración, cun texto de *Colección de voces y frases gallegas* (Consello da Cultura Galega, 1970), de Frei Martín Sarmiento, que lembra os *Dezires* ou *Coplas* do rei Alfonso o Sabio. Asemade, recolle as palabras do marqués de Santillana, quen afirma que "...no antigo se facían en lingua galega todos os *Dezires¸ Coplas* e *Cantares*".

XII. APÉNDICE.

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII.1. NARRATIVA.

XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) (ed.), *Letras novas*, Santiago de Compostela: Asociación de Escritores en Lingua Galega/Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, 2007, 198 pp. (DL: 269146/07). Libro e CD-Rom. ◆

Volume, acompañado dun CD-Rom, no que se recollen os traballos que ao longo de vinte números viron a luz en *Xornal Infoxove* dentro da sección "Letras novas". Despois dos prólogos institucionais, reprodúcense as colaboracións de cincuenta e un autores e autoras, dos que se ofrece unha breve bibliografía e o texto correspondente, organizados por orde cronolóxica de aparición. Así os autores presentes con textos narrativos son: Antía Otero (A Estrada, Pontevedra, 1982) coas recensións de "*Polifonías. Voces poéticas contra a violencia de xénero*", "*Poetízate. Antoloxía da poesía galega* editada na colección "Fóra de xogo" (Xerais) da man de Fran Alonso" e "*En construción*, de Eduardo Estévez. Un poemario que deixa ver como vai nacendo" e o texto "De mudanza"; María Lado (Cee, A Coruña, 1979) con "peaxe" e "Literatura galega en código binario"; María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) con "Os *heavies* e as poetas"; Sechu Sende (Padrón, 1972) con "Test de afectividade: a literatura e ti"; Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) con "A propósito de *A tarde*, primeiro libro de poemas de Suso Pensado" e "Estratexias para presentar un libro (a propósito de *Tanxerina* de Mario Regueira)"; María Reimóndez Meilán (Lugo, 1975) con "Maletas"; Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) con "Este artigo é a presentación dun libro que se titula: *34 burros e 343 para James Sacré*, ou algo máis..." e "Este artigo vai falar un pouquiño da tradición oral"; Francisco Souto (A Coruña, 1962) con "Literatura e compromiso"; Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) con "Voyage, voyage"; Iago Mouriño (Lalín, 1984) con "Que despois non vaian dicindo"; Alicia Fernández Rodríguez (Escairón, O Saviñao, 1987) con "Borrador do que versifica"; Teresa Seara con "*Casa das orfas*, mapa do ser"; Eva Moreda (A Veiga, Asturias, 1981) con "Literatura con filtros"; Elvira Riveiro Tobío (Cunchido, Pontevedra, 1974) con "Poesía que entra polos ollos" e "Poesía e tortura; Alberte Momán (Ferrol, 1976) cun texto sen título; Francisco Castro (Vigo, 1966) con "Esvarando pola burbulla"; Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) con "O teatro para a mocidade que todos queriamos"; Rosa Enríquez (Rúa de Valdeorras) con "Valdeorras, esa dimensión galega descoñecida"; María Canosa (Cee, 1978) con "Leite con cacao"; Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) con "Todo está relacionado"; Marica Campo (Val do Mao, Incio, Lugo, 1948) con "Resposta a X.P., un mozo que quere ser escritor"; Xosé M. Eyré (As Lamelas, Chantada, 1960) con "Cabe na túa gorxa?"; Paco de Tano (Petín de Valdeorras) con "Aquí na Costa da Morte"; Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) con "A autómata ilusionista"; Diego Ameixeiras (Lausanne-Suíza, 1976) con "Un pouco de xustiza"; Laura Caveiro (Vigo, 1967) con "Barreiras"; Arsenio Iglesias Pazos (Maniños,

Fene, 1978) cun texto sen título; Lucía Aldao (A Coruña, 1982) con "Son poeta"; Mario Regueira (Ferrol, 1979) con "Dos distintos xeitos de arrotar en público"; Ledicia Costas Álvarez (Vigo, 1979) con "Menta e chocolate"; Samuel Solleiro (Tui, 1982) con "O home que mata arañas (fragmento dunha entrevista con Torii Hokusai)"; Iria López Teijeiro (Fene, 1981) con "O nómade Xacobe"; Leo F. Campos (Vigo, 1974) con "Non hai... nin... o falar 5 minutos sen facer un trapo"; Brais González Pérez (Salceda de Caselas, Pontevedra, 1988) con "Entanto non amence"; Daniel Salgado (Monterroso, 1979) con "apoloxía da deserción"; Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976) con "Burgo"; Silvia Penas con "Recital sexual"; Iago Castro (Vigo, 1980) con "Animal"; Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, 1975) con "Coa vida"; Lorena Souto (O Páramo, 1983) con "Literatura e promiscuidade"; Yolanda López López (Ourense, 1976) con "Pecado mortal"; Olalla Cociña Lozano (Viveiro, 1979) con "Escritor escondido"; e, por último, Emma Pedreira (A Coruña, 1978) con "Material instantáneo (Hipercurtos)".

Arxóns, Lola, e Antón **Riveiro Coello** (coords.), *Voces na guerra*, ilust. F. Blanco Alcaide, limiar de Eva Veiga, A Coruña: A.C. Barbantia, col. Biblioteca Barbantia, n.º 2, 2006, 193 pp. (DL: C-2559-06). ◆

Despois dos limiares institucionais que encadran o libro no Ano da Memoria Histórica e dos desgrazados acontecementos do 36, inícianse os relatos que compoñen o volume. O primeiro "Limiar", de Eva Veiga; seguido de "O souto dos gatos" (pp. 13-24), de Agustín Agra; "A derradeira páxina" (pp. 25-32), de Xerardo AgraFoxo; "A folla da ruta" (pp. 33-40), de Xosé Agrelo Hermo; "Pepa" (pp. 41-49), de Xosé Plácido Betanzos García; "Un bo republicano" (51-57), de Ramón Carredano Cobas; "Bandeiras de liberdade ó nacente" (pp. 59-66), de Xesús Costa Rodil; "Ausencias" (pp. 67-74), de Íria Gestoso Ríos; "Garrido" (pp. 75-91), de F.R. Lavandeira; "Gurugú" (pp. 93-97), de Xabier López Marqués; "O neno que quería ver a guerra" (pp. 99-105), de X. Ricardo Losada; "Cartas na guerra" (pp. 107-118), de María Loureiro Piñeiro; "Unha habitación no paraíso" (pp. 119-131); "Epistolario de Adrián", (pp. 133-144), de Maxi Olariaga; "Made in England" (pp. 145-153), de Antonio Piñeiro; "Amor de combate" (pp. 155-170), de Ana Redondo Loxo; "As fillas do mortos" (pp. 171-178), de Antón Riveiro Coello; "Unha sotana indultada" (pp. 179-183), de Antón Rodríguez Gallardo; e "O pesadelo" (pp. 185-193), de Francisco Ant. Vidal.

Rodríguez Cao, Luís, *A derradeira sinfonía*, Zarabanda Edicións, 2005, 146 pp. (ISBN: 84-95923-21-1).

Novela de Luís Rodríguez Cao (1957) dividida en tres capítulos, cuxos títulos fan referencia á música: Fe (Allegro moderato), Esperanza (Adagio molto) e Caridade (Allegro assai. Presto), que á súa vez teñen unha especie de subcapítulos numerados con números romanos. O narrador é omnisciente pero ás veces cédelle a voz aos protagonistas, que fan uso de longos monólogos para contar as súas historias. A obra desenvólvese nun tempo indeterminado e os espazos que se recrean son un lugar indeterminado de Galicia e outro de Paraguai. Mario é un home atrasado que estaba nun bar cando entrou unha rapaza e lle meteu un cilindro no peto, detrás dela viña un home que a atropelou. Uns días máis tarde Leonora chámao e dille que xa saíu do hospital e queda con el no cine para que lle devolva o cilindro, que contén a Décima sinfonía de

Beethoven. Ela ten medo a que Camille lle volva facer dano e vaise con Mario para a súa casa e cando chegan decátanse de que o primeiro secuestrou a Flora, tía do segundo. O segundo capítulo é un "flash-back" no que Flora conta que Camille e ela pertencían á mesma orquestra e que xuntos fixeron unha xira por Sudamérica. En Paraguai, coñece a Karl von Hoffer, un vello nazi que sofre un desmaio ao escoitar unha peza que interpretara ela porque lle lembraba ao seu amante Rudolph, ao que traizoara, xa que lle deu a derradeira sinfonía de Beethoven para que lla levase a Suíza e así facerse rico. Karl esperou por el pero como non chegaba foise para o Paraguai, agora arrepentíase e quería que Leonora lle entregase a sinfonía a Rudolph. No terceiro capítulo Leonora chama a Rudolph para darlle o cilindro e cóntalle que hai unha muller en perigo. Camille chama a Mario e dille que lle leve a partitura á ópera, pero alí ve a Leonora e cando se dispón a volver a intentar matala, Rudolph mátao a el antes e decide que se quede Flora co cilindro para compensar tanto sufrimento.

Rodríguez, Salvador, *Libertarios*, Vigo: Ediciones Cardeñoso, maio 2007, 151 pp. (ISBN: 978-84-8190-480-2).

Esta novela de Salvador Rodríguez (Bueu-Pontevedra, 1963) estrutúrase en relatos artellados ao redor dun ficticio proxecto de fin de carreira de dous estudantes de xornalismo cuxo traballo é investigar a un grupo anarquista chamado Exército Galego Libertario, organización da que se descoñece a súa existencia real. Ao longo da narración recóllense diferentes testemuñas, algunhas delas contraditorias, sobre dita organización. Cóntase que dito exército tería as súas orixes na posguerra franquista e, concretamente no ano 1949, no resultado do debate ideolóxico dentro do colectivo anarquista partidario da loita armada para liberar ás clases populares da tiranía fascista. O autor emprega diversas formas narrativas ao longo da novela, dende a crónica, como no caso d'"A venganza de Pepa A Loba" até a entrevista, en "Liberatarios (1)", pasando pola narración en primeira persoa, como en "O asesino", nas que enlaza o xornalismo coa literatura. Artella os seus capítulos en función das investigacións dos estudantes de xornalismo, caso dos sucesivos capítulos baixo o título "Libertarios" e o seu correspondente número, e os capítulos protagonizados polos personaxes da novela. Emprega nestes relatos elementos narrativos como o xogo, a ironía, a realidade, a ficción, as chiscadelas ao lector, a risa, a traxedia, a tenrura e a psicose.

Sierra Veloso, Xurxo, *Dúbidas de María*, II Certame de Relato de Muller Matilde Bares 2006, Bueu: Concello de Bueu, marzo 2007, 74 pp. (DL: PO 332/07). ◆

Obra gañadora do II Certame de Relato de Muller "Matilde Bares" do CIM do Concello de Bueu do ano 2006, na que o autor, Xurxo Sierra Veloso (Caracas-Venezuela, 1969), fai unha reinterpretación da Biblia a través da voz de María. Escrita en primeira persoa é a propia María (Virxe María) a que se dirixe directamente a Deus-Xesús, cuestionándose moitos dos episodios bíblicos que a ela e a outros personaxes do Antigo ou do Novo Testamento lles tocou vivir. A reivindicación da condición feminina, en particular, e da humana, en xeral, a través dunha linguaxe coloquial convértese no trazo máis característico da obra. Tamén destaca a intemporalidade do relato xa que a voz narradora parece situarse no presente máis actual, facendo continuas referencias a momentos do pasado bíblico. Ábrese cunha extensa dedicatoria do propio autor, á que lle segue un primeiro apartado titulado "A propósito de María", no que dous dos

membros do xurado expresan o abraio e a grata sorpresa que neles causou o relato. Hai logo un extenso prólogo no que se explica a visión patriarcal sobre a que se sustenta a escrita da Biblia, fronte á actitude de trato case igualitario que Xesús daba a homes e mulleres. A última parte é o propio relato titulado "O conto: As dúbidas de María".

VV.AA, *A doenza da paisaxe*, limiar de José Luís Vázquez Rouco, Zaragoza: Tropo editores, col. Cajón de Sastre, xullo 2007, 139 pp. (ISBN: 978-84-935344-6-2). ■

Conxunto de textos conmemorativos do 50 aniversario do Centro Galego de Zaragoza. Este libro homenaxe comeza cunha presentación asinada polo actual presidente da institución, José Luís Vázquez Rouco, na que se explica o motivo da edición do volume e se fai referencia á actual situación de bonanza económica do centro, descrito como unha auténtica "embaixada" da Galiza en Aragón, e á dureza doutros tempos en que reinaban a penuria e os apuros. Por último, sublíñase o recorte da distancia entre Aragón e o noso país grazas á mellora das comunicacións e á vontade do centro por continuar máis de cincuenta anos. Nesta recompilación, cada texto vén precedido dunha sección de "Efemérides" onde se dá conta das diferentes actividades e iniciativas que a institución homenaxeada levou ao cabo dende 1957, ano da súa fundación, até o 2006. Os seis traballos que conforman o volume son os seguintes:

- Antón Castro, "Vivir lonxe e sempre en Galicia", pp. 21-27.

Antón Castro (Arteixo, 1959) refírese á sua íntima relación co Centro Galego de Zaragoza, arredor do cal desenvolveu a súa vida como escritor en lingua galega.

- Yolanda Castaño, "Epistolario da ausencia", pp. 39-49.

Literatura epistolar recollida por Yolanda Castaño (Compostela, 1977) que reflicte as grandes diferenzas entre as distintas xeracións de galegos na hora de fuxiren da terra. A primeira carta data de 1954 e foi escrita por un emigrante dende os Estados Unidos; a segunda data de 1978, escrita dende a Suíza por unha rapariga emigrante a seus pais; a terceira é do ano 1984, escrita por unha rapariga que non emigra por razóns económicas senón para facer estudos universitarios en Madrid; e por último un mail de 2007 escrito por un rapaz que vai na procura de traballo a Barcelona.

- Xulio Valcárcel, "O regreso do cubano", pp.63-75.

Relato de Xulio Valcárcel (Lugo, 1953) construído ao redor de retorno dun emigrante, Serafín do Cachín, que regresa á súa aldea natal á hora da misa despois de corenta anos.

- Luísa Castro, "Unha patria de oitenta habitantes", pp. 87-90.

Reflexión de Luísa Castro (Foz, 1966) sobre dous temas "dos que o mundo non vai deixar nunca de calar nin os escritores de escribir": a patria e o amor.

- Miriam Reyes, "Terás eternamente oito anos", pp. 101-109.

Meditación de Miriam Reyes (Ourense 1974) sobre o acto da escrita e a emigración, sobre a ficción e a non ficción. Inclúe un dos seus primeiros textos líricos cuxa temática

é a emigración e reflexiona sobre este fenómeno que ela mesma sufriu xunto á súa familia.

- Amadeo Cobas, “Devorar as patas da cama”, pp.123-139.

Narración de Amadeo Cobas (Noia, 1966) centrada en Maruxa, unha velliña teimuda que se nega a morrer a noite que o médico lle predixo. É viúva pois o seu marido Pepiño, un mariñeiro de baixura, foi “papado” polo mar, mataron a seu pai na guerra por ser republicano e é ferventemente católica. Ao longo deste conto, danse máis detalles sobre a súa vida e a súa numerosa familia.

XII.1.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Sebald, W.G., *Camposanto* (*Campo Santo*, The Estate of W.G. Sebald, 2003), ed. Sven Meyer, trad. Catuxa López Pato, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 248, outubro 2007, 269 pp. (ISBN: 978-84-9865-009-9).

Novela de W.G. Sebald (Wertach, Alemaña, 1944-2001) estruturada en dúas partes: na primeira reúnese obra en prosa que quedou inconclusa por mor do pasamento de Sebald; a segunda amosa o perfil crítico e ensaísta do autor. Na primeira parte o editor, Sven Meyer, compilou escritos que estaban destinados a un futuro libro sobre Córsega ("Pequena excursión a Ajaccio", "Camposanto", "Os Alpes no mar" e "La cour de l´ancienne école"). Neles relata, cunha precisión de cámara fotográfica, as súas viaxes pola illa, coas visitas que fixo ao Musée Fesch, á Casa Bonaparte, a Piana, aos bosques alpinos, etc. Ao tempo, intercala anotacións sobre viaxeiros que estiveron noutrora na illa e divagacións varias sobre anécdotas, obxectos ou momentos do pasado que acoden á súa mente. En "Camposanto", o escrito máis longo dos catro, fai unha descrición polo miúdo dos enterramentos corsos e de todo o cerimonial que rodea á morte na illa, coa súa particular idiosincrasia de carpideiras, banquetes fúnebres para honrar o morto e procesións da Santa Compaña; aproveita tamén a visita a este camposanto para reflexionar sobre as diferenzas sociais, mantidas mesmo á hora da morte con rechamantes túmulos funerarios fronte a enterramentos pobres, e para trazar unha comparativa entre a vida que tiñan os mortos na memoria dos vivos hai anos e a necesidade de esquecelos axiña na entolecida sociedade actual na que "desde o nacemento calquera é un excedente". Os ensaios dan conta do interese do autor por escritores como Hans Erich Nossack, Hermann Kasack, Günter Grass, Kafka ou Jean Améry e por temas como a destrución, a desolación e a memoria. Así, por exemplo, déixase enfeitizar Sebald polo atractivo que parte da descrición literaria de catástrofes colectivas (a Segunda Guerra Mundial) que fan Nossack ou Kasack, cuxas obras buscan dalgunha maneira a salvación moral de Alemaña. Tamén deixa pegada na sensibilidade do autor a obra pictórica e escrita de Peter Weiss, coa súa obsesión por trazar unha liña que una a vida e a morte (teima moi semellante á de Nabokov, tamén estudado por Sebald), coa exploración que fai da "crueldade didáctica" que caracteriza ao espírito alemán (por exemplo, o Struwelpeter) e co concepto de memoria como lembranza das penalidades pasadas. De Jean Améry recupera a temática do exilio, da tortura, o xenocidio, a resistencia e a condición irreparábel das vítimas, admirando a súa denuncia da amnesia colectiva que caracterizou a Alemaña na posguerra.

XII.2. POESÍA

XII.2.1. POETAS GALEGOS

Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) (ed.), *Letras novas*, Santiago de Compostela: Asociación de Escritores en Lingua Galega/Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, 2007, 198 pp. (DL: 269146/07). Libro e CD-Rom. ◆

Volume, acompañado dun CD-Rom, no que se recollen os traballos que ao longo de vinte números viron a luz en *Xornal Infoxove* dentro da sección "Letras novas". Despois dos prólogos institucionais, reprodúcense as colaboracións de cincuenta e un autores e autoras, dos que se ofrece unha breve bibliografía e o texto correspondente, organizados por orde cronolóxica de aparición. Así os autores presentes con textos poéticos son: Lucía Novas (Bueu, Pontevedra, 1979) cun poema sen título "[Achar a transparencia, o fulgor, os edelwais, as mañás luminosas]"; Rafa Villar (Cee, 1968) coa serie de poemas "escoración dos días"; Suso Pensado (Arteixo, 1971) con "Esbozos de poemas para un libro futuro; Xiana Arias Rego (Fonsagrada, 1983) con "A morte xitana e ti"; Xabier Xil Xardón (Lagas, Morgade, Xinzo da Limia, 1983) con "Inutil-mente"; Oriana Méndez (Vigo, 1984) con "No comezo foi a escuridade"; Claudia Castro (Santiago de Compostela, 1972) con "Soños de tubérculo"; e, por último Ana Cibeira (Caracas) con "Zapatiños motor".

Referencias varias:

- D. S., "Un libro CD recoge voz y texto de 51 'escritores jóvenes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 abril 2008, p. 7.

Dá conta da presentación da antoloxía publicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar, titulada *Letras Novas*, onde se recollen os traballos de cincuenta e un escritores novos que publicaron estes textos no xornal mensual *Infoxove*. Comenta que o libro tamén vai acompañado dun CD e dá conta dalgúns dos autores que aparecen na antoloxía. Así mesmo, achega as palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, e de Rubén Cela, responsábel de Xuventude, os cales acordan novos proxectos como a celebración do Encontro de Escritores Novos.

- Juan Floriani, "Colleita de novas letras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 abril 2008, p. 42.

Fai referencia ao libro *Letras Novas* que recolle os traballos de cincuenta e un escritores novos que xa publicaron os seus escritos no xornal *Infoxove*. Dá conta dalgúns dos autores que participan e comenta que o volume foi editado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e máis a Consellería de Xuventude. Tamén achega os comentarios de Cesáreo Sánchez, de Antía Otero e de Rubén Cela. Por último, informa que a finais de setembro se vai celebrar no Pazo Mariñán o III Encontro de Escritores Novos.

Lour, Chus, *Cereixas e amores no tempo*, prólogo de Severino Cardeñoso, Vigo: Ediciones Cardeñoso, outubro 2007, 63 pp. (ISBN 13: 978-84-8190-503-8).

Neste conxunto de poemas intimistas de Chus Lour, nome literario de María Jesús Pintor Lourido, as lembranzas, a felicidade pasada, a presente dor, a reflexión sobre a vida, o *tempus fugit*, o onírico ou a tristeza xiran ao redor do leitmotiv so o que esta obra foi escrita: a fin dunha relación amorosa. Trátase do segundo poemario da escritora após ter tirado do prelo en español *Amor de mármol blanco* (2006). Dedicado a seu fillo Adrián, vén precedido dun limiar de Severino Cardeñoso intitulado "Unhas pequenas verbas", onde o editor sinala sucintamente os temas e felicita a escritora prognosticándolle un éxito semellante ao atinxido co seu primeiro libro. Todos os poemas se enmarcan no ámbito do autobiográfico, da poesía do eu e son reflexo dos diferentes estaxios polos que se ha de pasar perante un desengano amoroso. Da idealización e os desexos polo amor perdido iniciais chégase aos reproches ateigados de rancor reflectidos nos versos do poema "Mal amigo": "Pena me dás/ de ti mesmo,/ por cada poro/ da túa pel/ supura a mesquindade/ o meu mal chamado amigo" . O desacougo polo nada, "teño a miña vida valeira", desemboca na morte "déixame coa soidade dos mortos". Unha cita do escritor irlandés Oscar Wilde fecha este amargo feixe de vinte e oito poemas organizados con números romanos e titulados e inzados de morte e desamor.

Referencias varias:

- T. Gradín, "La poetisa Chus Lour publica su primera obra en gallego", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 Costados", 22 enero 2008, p. 4.

Comenta que a poeta María Jesús Pintor Lourido, coñecida co nome literario de Chus Lour, escribiu o seu primeiro poemario en galego, *Cereixas e amores no tempo* (2007), publicado por Ediciones Cardeñoso, no que a escritora mostra poemas sobre o mar, o amor, a choiva, a dor, etc. Tamén indica que a obra foi presentada en Vigo, onde os alumnos da Escola Superior de Arte Dramática representaron algúns dos poemas. Por último, en columna á parte, fala sobre os próximos proxectos da poeta.

Mouriño, Miguel Anxo, *Versos primos*, Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), col. Escritores populares, vol. VII, 2007, 83 pp. (ISBN: 978-84-87904-53-X). ◆

O poemario comeza cun limiar de Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez, presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE). Nesta introdución presenta ao poeta Miguel Anxo Mouriño (Cambados, 1943) e fai un breve resumo da temática de *Versos primos*. O poemario consta de trinta e un poemas de temática variada, que aparecen organizados en sete partes de diferente extensión. A primeira, "Risa de Antía", recolle catro poemas dedicados por parte do autor á súa neta con numeración arábiga e intitulados. A segunda leva o título de "Compañeira" e consta de tres poemas, con numeración arábiga e intitulados, nos que louva a súa muller e compañeira ao longo da vida. "If-Se" é o título da terceira parte e nela o propio poeta fai unha introdución explicando que os dous poemas que escribe seguen o famoso poema "If" de Rudyard

Kipling, mentres que na cuarta, “Pedras fitas”, presenta tres sonetos sen título nos que reflexiona sobre a poesía. “Versos primos” é a quinta sección e é a máis extensa. Nela aparecen trece poemas de temática moi variada: exaltación de lugares concretos (Gandarío ou Xove) e festas (o Samaín), lembranzas familiares, etc. A sexta parte leva o título de “Caco fónico” e nos seus tres poemas o autor xoga coas posibilidades sonoras e fónicas e tamén fai unha louvanza das cantigas. O poemario cérrase con dous poemas e unha aclaración que pertencen á parte intitulada “Esconxuro”. Na aclaración, o poeta fala da tradición galega da queimada, sobre a que tamén tratan os dous poemas finais.

Pereiro, Paulino, *Morte do mar*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca. Poesía, n.º 11, setembro 2007, 59 pp. (ISBN: 978-84-96893-18-4).

Poemario que consta dun total de trinta e seis composicións estruturadas en catro bloques. O primeiro apartado leva o título homónimo do libro, “Morte do mar”. Inclúe seis poemas de considerábel extensión nos que o océano ten un papel predominante. Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) transforma o mar nun ser que é capaz de amar, pero tamén de ser cruel. A segunda sección titúlase “ Morte do amor”. Nos tres poemas que forman este bloque o mar dá paso ás vivencias íntimas do poeta, aparecendo a temática do amor e da natureza. “No fío da noite amorosos” é o terceiro apartado do libro. Consta de dezaoito cuartetos que tratan sobre diferentes pensamentos do poeta: o mar, o amor, a vida, a dor… Moitos destes cuartetos parecen haikus ou poemas sentenciosos. Por último, está “Fíos” que é o nome da última sección do libro. Consta de nove poemas onde de novo aparece a natureza, o amor, a amada, a tristura, etc. O poemario remata cun epílogo onde o autor nos indica as datas e lugares de composición dos poemas.

Riveiro Coello, Antón (coord.), *Voces na materia*, limiar de Carlos Mosteiro, A Coruña: AC. Barbantia, col. Biblioteca Barbantia, n.º 1, 127 pp. (C-781-06). ◆

No limiar de Carlos Mosteiro dise que esta obra é o resultado do I Encontro de Creadores do Barbanza que reuniu a trinta pintores con outros trinta poetas nesta xuntanza pola universalidade da linguaxe artística. A seguir reprodúcense os poemas e as pinturas correspondentes a diversos autores que son acompañados de debuxos de pintores. É o caso de Alberto Piñeiro e María Xosé Puente; Alfonso Costa e Xoán Fernández; Ana Romaní e Paola García; Antón Riveiro Coello e Piquico; Antonio Domínguez Rey e Ramón Díaz; Antonio Piñeiro e Pilar Ageitos; Carlos Pereira e Manuel Romero; César Souto e Xoán Mariño; David Pérez Iglesias e María Queiruga Ayaso; Eva Veiga e Alfonso Costa; Fernando R. Lavandeira e Raúl Gil Burés; Fidel Vidal Pérez; Francisco Blanco Alcaide; Helena Villar Janeiro e Salvador Figuera Laíño; Iria Lago e Mónica Rivas; Manuel Iglesias Nimo e Isabel Rey; Manuel Teira; María Xosé Canitrot e Xosé Luís Veiras Manteiga; Martín Veiga e Ricardo de Barreiro; Nacho Costa; R. X. Santos Rodríguez e Xosé Comoxo Rodríguez; Ramón Blanco e Manuel Mariño Reino; Séchu Sende e Salvador González Lapido; Xavier Álvarez Olariaga e Antonieta Castro; Xabier López Marqués e Xerardo Crusat; Xesús Rábade Paredes e Tantino; Xesús Santos Suárez e Alberto Rodríguez Castaño; Xosé M. Cairo Antelo; e Unai González Suárez e Natalia Romero Sanisidro.

Tano, Paco de, *ConSanguenosBeizos*, portada, ilustracións, deseño e maquetación de Abraham Vila, Malpica: Caldeirón Produtora de obxectos artísticos, febreiro 2007, 153 pp. (DL: C 406-2007). ■

Segundo poemario de Paco de Tano, nome literario de Francisco Quiroga (Petín de Valdeorras, 1962) que consta dun conxunto de poemas acompañados por trece ilustracións creadas por Abraham Vila, responsábel tamén da maquetación e deseño do libro. Comeza co poema máis extenso da obra, onde fai unha reflexión sobre a poesía, relacionándoa coa vida. A seguir, os demais textos, moi breves, algúns de cinco ou seis versos, mostran a obsesión da soidade, provocada polas lembranzas, pola distancia do tempo e do amor, pola dor que provoca esa distancia, nun ambiente predominantemente nocturno, onde aparecen as tabernas e o alcohol, como formas de evasión, e os elementos simbólicos do sangue, as bágoas e o mar. Para transmitir este contido, emprega a primeira persoa, o verso libre e múltiples recursos como metáforas, paralelismos, enumeracións e anáforas. Elimina calquera tipo de puntuación, o que provoca unha aceleración na lectura dos poemas, que avanzan en dirección ao único destino da obra que é a morte.

VV.AA., *X Certame Francisco Añón de poesía. Outes 2006*, Outes: Concello de Outes, 2007, 168 pp. (DL: C-1600-2007). ◆

Recompilación dos gañadores e máis dos accésits do X Certame de Poesía Francisco Añón. Despois dun prólogo institucional, recóllense as bases do certame, e posteriormente as actas do xurado, onde se citan os premiados en cada unha das categorías por idade estabelecida. A continuación dáse conta dos catro gañadores e dos dous accésits, seguindo unha orde decrecente:

- Clara Lago Caamaño, "Imaxinación escrita", 1º Premio Categoría A, para nenos/as de seis a dez anos, pp. 23-32.

O primeiro premio da categoría A gañouno Clara Lago Caamaño (Esteiro, Muros) cun poema onde a imaxinación e o cotián se únen nuns versos enchidos de xogos, viaxes e o paso do tempo. O mundo tórnase un ser misterioso, cheo de novos sentimentos que a autora tenta comprender a través da experiencia e da fuxida a un mundo inventado.

- Sergio Mayo Esteiro, "O calamar que quixo comprar o mar", Accésit Categoría A, para nenos/as de seis a dez anos, pp. 35-37.

O Accésit da categoría A gañouno Sergio Mayo Esteiro (Cruceiro de Roo) cun pequeno conto lírico rimado sobre un peculiar mundo acuático, onde os animais se personifican e toman o mando do poema.

- Noelia Martínez Rey, "Agora morro", 1º Premio Categoría B, para nenos/as de once a catorce anos, pp. 41-43.

O primeiro premio desta categoría B recaeu en Noelia Martínez Rey (Lugo) cun poema onde propón unha busca por entre as tebras e a dor da ausencia, cunha linguaxe inzada de escuridade. A figura que se esvaece tórnase eixo central da busca por entre a filosofía e o tanxíbel. A inmutabilidade vital amósase como referente do seu existir.

- Jaime Pereira Maroto, “Palabras de cristal”, Accésit da Categoría B, para nenos/as de once a catorce anos, pp. 45-56.

O accésit desta categoría B foi para Jaime Pereira Maroto (Mugardos, A Coruña) cun poema que nos transporta a reinos lonxanos e a unha natureza que cobra vida con cada verba, con cada historia que aquí se conta. O mesmo suxeito poético eríxese en creador e rei do mundo recreado, un reino onde as cores e as fragrancias forman parte esencialmente do mesmo. No poema queda tempo para a propia reflexión metaliteraria.

- Alba Cid Fernández, “O baul vermello”, 1º Premio Categoría C, para mozos e mozas de quince a dezasete anos, pp. 61-72.

O primeiro premio da categoría C foi para Alba Cid Fernández (Ourense). A experiencia da vida como motor dos nosos sentimentos onde se mesturan elementos cotiáns co paso do tempo. O amor sensitivo contraposto aos elementos materiais como xogo vai ser unha das constantes onde marcar uns espazos por veces oníricos.

- Iria Gestoso Ríos, “Os paraísos do baleiro”, Accésit Categoría C, para mozos e mozas de quince a dezasete anos, pp. 77-89.

O accésit nesta categoría C recaeu en Iria Gestoso Ríos (Boiro, A Coruña). A perda da inocencia, os silencios e a dor enchen unha poesía onde predomina o baleiro existencial. Estabelece o suxeito lírico unha evocación do tempo como morte prematura e afonda nunha loita interna por conseguir achar a verdade e o camiño que cure a súa dor.

- Paulino Peña Álvarez, “Rodopios no encoro”, 1º Premio Categoría D, para maiores de dezaoito anos, pp. 93-123.

O primeiro premio desta categoría D foi para Paulino Peña Álvarez (Ourense) cun poema onde a fugacidade da memoria e o paso do tempo inunda un suxeito lírico que pretende atoparse entre os caprichos da natureza. Dende unha posición contemplativa, interior, descríbese a mutabilidade da natura, o seu avanzo inexorábel, dende a choiva purificadora até o solpor que abre a porta dos soños. O poema enriquécese dun abondoso bestiario, onde pintasilgos, libélulas, trasgos ou donosiñas comparten escenario nas carballeiras, piñeiros, fragas e regatos, que enchen de vizosidade cada un dos poemas que o compoñen.

- Mª Carmen Caramés Gorgal, “Nas marxes do tempo”, Accésit Categoría D, para maiores de dezaoito anos, pp. 125-162.

O accésit desta categoría D recaeu en Mª Carmen Caramés Gorgal (Santiago de Compostela) cun poemario onde a recuperación do pasado para sobrevivir ao presente e ensoñarse cun futuro de ledicia marca a súa traxectoria vital. Divídese en catro partes, “Nas marxes do tempo”, “Dos días escuros”, “Dos días imposibles” e “Noutros espazos”. Os títulos funcionan como marcas temáticas abríndonos a comprensión dos textos que levan a continuación. Así duns poemas de corte temporal onde a fuxida do tempo é inexorábel, pásase a uns textos onde as sombras e a escuridade inzan cada unha das pezas. Na penúltima parte abórdase o desacougo existencial pola inmutabilidade

dapropia vida, mentres que na última parte do poemario os espazos, como Compostela, o mar ou a rúa recollen toda a carga lírica.

Remata o libro cun colofón institucional intitulado “Antes de que peches este libro”, da poetisa e membro do xurado, Yolanda Castaño.

XII.2.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso Montero, Xesús e Xosé M. **Salgado** (eds.), *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)*, versión en castelán de María do Cebreiro Rábade Villar, limiar de Darío Villanueva, Santiago: Xunta de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela, 2007, 223 pp. (ISBN: 978-84-9750-905-3). ◆

Esta reprodución do facsímile en galego de 1998 conta cuns prólogos institucionais seguidos da tradución ao castelán. A antoloxía consta de varias partes introdutorias, unha parte central con quince poemas galegos dedicados a Ernesto Che Guevara e tres apéndices. En primeiro lugar hai un limiar de Darío Villanueva que fai unha breve introdución á persoa do Che. Seguidamente aparece unha parte titulada "Pranto por Ernesto 'Che' Guevara na voz de 16 poetas galegos", asinada por Xesús Alonso Montero, na que dá conta do impacto que causou a morte do Che e transcribe algúns poemas ou versos chorando a súa morte en 1967. A continuación, o mesmo autor escribe as "Fichas bibliográficas: Éxodo e exilio de 16 poemas en homenaxe ó Che", onde comenta diferentes antoloxías publicadas tras a súa morte, nas que un amplo número de autores dedican poemas á morte do Che. O seguinte apartado asínao Xosé M. Salgado e titúlase "O ano en que morreu Che Guevara". Nel narra como o Che foi preso en Bolivia e posteriormente asasinado, así como o mundo coñeceu a mala nova e dedicou actos na súa honra. Rememora a axitación social e as manifestacións de repulsa contra a ditadura en España, ademais das reivindicacións da clase traballadora e os acontecementos políticos en España, Portugal e outros países. O groso do libro consta de quince dos dezaseis poemas galegos para o Che que, como anuncia o título da antoloxía, foron escritos "contra a súa morte". Neles fálase da paisaxe nativa e os costumes, descríbese ao Che como "semente" de ideas, esperanza e exemplo a seguir, como rebelde inconformista que combate a inxustiza, e relátanse como traspasou fronteiras e abraiou a todos co seu chamamento á loita. Con respecto aos apéndices, o primeiro contén un poema de Anisia Miranda, e o segundo, como o título indica, "Os poetas falan, hoxe, dos seus poemas de onte", fálase do cambio da sociedade en contraste coa vida naquela época. Por último, o terceiro apéndice inclúe un poema escrito polo Che. Este volume tamén reproduce ilustracións que representan a figura do Che e que delimitan as distintas partes.

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, "Farruco Sesto", *El Correo Gallego*, "Opinión", 18 maio 2008, p. 2.

Fálase de Farruco Sesto Novás, poeta e político de orixe galega e adopción venezolana. Dise que participou xunto co propio Xosé Neira Vilas e outros autores galegos na XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana, na que Galicia foi o país invitado e na que se presenta esta obra colectiva en versión bilingüe *16 poemas galegos para Che Guevara* (2007).

XII.3. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.3.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Escrita Contemporánea*, F, Vigo: AELG, 2007, 491 pp. (DL: VG-1293-2005). ◆

Ábrese este volume, intitulado "XXIV Galeusca. O imaxinario na literatura", cunhas palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen sinala que nel se recollen as xornadas de reflexión e debate correspondentes á vixésimo cuarta edición do Galeusca celebrado en Lugo e Mondoñedo entre os días 1 e 4 de novembro de 2007. Explica que estas xornadas, que xiraron ao redor do imaxinario na literatura galega, vasca e catalá, foron unha merecida homenaxe ao "noso poeta nacional" Manuel María, así como nelas se manifestou o agradecemento aos galegos Xosé Estévez e Basilio Losada que, dende fóra de Galicia, "falaron por nós e desde nós". A seguir, recóllense os traballos de cada un dos ámbitos do Galeusca nos apartados "As fontes do imaxinario", "Os clásicos do imaxinario", "O imaxinario na literatura actual" e "Textos de creación" que, no caso galego, pertencen a Marica Campo, Medos Romero e X. Henrique Rivadulla Corcón. Por outra parte, acóllense un "Roteiro por Lugo" de Lois Diéguez, uns "Poemas de Manuel María lidos en Outeiro de Rei", as "Palabras pronunciadas polos Homenaxeados", Basilio Losada e Xosé Estévez, e un apéndice fotográfico. Todos os textos aparecen en éuscaro, catalán e galego. A continuación, preséntanse os traballos relativos á literatura galega:

- Xosé Miranda, "As fontes do imaxinario na Literatura galega", "As fontes do imaxinario", pp. 340-345.

Logo de ofrecerse unha biobliografía de Xosé Miranda, este refírese ao título da súa intervención e comenta que en Galicia se impuxo un absurdo movemento antimitolóxico. Identifica a literatura oral como unha das fontes do imaxinario galego e sinala os xéneros existentes en verso e en prosa. En concreto, apunta que en prosa hai tres xéneros narrativos: o conto, a lenda e o mito. Define cada unha destas modalidades e os seus subtipos, así como ofrece unha serie de exemplificacións. Considera que é ben clara a relación da mitoloxía popular e os diversos xéneros da literatura oral cos diferentes tipos de literatura escrita. Así, explica que "a literatura chamada realista está preto dos chamados por Aarne 'chistes e anécdotas' e 'contos románticos e novelescos'; a literatura do marabilloso (que algúns chaman erroneamente fantástica e os anglosaxóns fantasía), como a de Dunsany, Tolkien ou Ursula LeGuin, procede dos contos marabillosos e dos mitos; a fantástica (Fole, no noso caso), está máis próxima á arqueolenda; os románticos á neolenda con castelos, mortos e pantasmas; e a '*literatura do extraño*' poño por caso, Edgar Allan Poe e Rafael Dieste, a verdadeira literatura de terror que é proxima ao fántástico pero ás veces non o é, asimílase á lenda urbana". Por último, indica que en Álvaro Cunqueiro está todo, o mito e a arqueo e neolenda, aínda que non a lenda urbana, porque lle desagradaba.

- Lois Diéguez, "O Lugo dos suspiros", "Roteiro por Lugo", pp. 347-349.

Nesta “íntima e suspirada viaxe” pola cidade de Lugo, refírese ás súas murallas, catedral, prazas, museo, termas ou gastronomía, para rematar reproducindo un pomea de Manuel María, “Ode á cidade de Lugo”, que pertence ao seu poemario *As lúcidas lúas do outono*.

- Darío Xohán Cabana, “Os clásicos do imaxinario”, pp. 373-383.

Tras unha síntese biobibliográfica de Darío Xohán Cabana, este escritor da Terra Cha defende que as literaturas non son iguais e afirma que a nosa literatura “foi creada como un artefacto nacional, e mesmo como unha fábrica de nación”. Refírese á “prehistoria” da literatura galega e sinala que esta comeza, simbolicamente, nos *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. A seguir, analiza con certo detalle a poética da autora padronesa, de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez, da que tamén ofrece unha serie de exemplificacións. Considera que, a través destes tres escritores e Manuel Murguía, se construíu “a base fundamental dun imaxinario nacional aínda vixente grazas, si, á súa riqueza simbólica, á rara confluencia nunha tarefa común dun conxunto de xenios literarios que ben poucas veces se teñen reunido na historia en tan pouco tempo”. Por último, cita outros autores que “ó mellor, nun día afortunado, conseguiron imaxinar unha pequena cousa que pasou a formar parte desa gran masa mítica que é a literatura galega, unha literatura nacional, un territorio liberado que prefigura a forma dunha Galiza ceibe”.

- María Xesús Nogueira Pereira, “O imaxinario na Literatura galega actual”, “O imaxinario na literatura actual”, pp. 409-418.

Unha vez realizada unha biobibliografía de María Xesús Nogueira Pereira, esta profesora e investigadora puntualiza que entende por imaxinario “ a imaxe que unha cultura particular vai formando da realidade e que se ve reflectida nos seus códigos artísticos”. Así mesmo, sinala que o imaxinario da literatura galega actual obedece a un esquema bipolar que está integrado por un imaxinario autóctono, que sofre importantes procesos de transformación e actualización e que convive con outro, de incorporación recente e referentes esóxenos. A seguir, refírese ao imaxinario herdado da tradición literaria e que centra na cultura popular, no mundo rural, na paisaxe, nos mitos herdados, na historia e nas xeografías do imaxinario, ofrecendo diferentes exemplificacións ao respecto. Por outra parte, alude á incorporación de novos imaxinarios que relaciona co mundo urbano, co cosmopolitismo e a globalización, e as novas tecnoloxías, achegando tamén unha serie de textos ilustrativos. Pecha cunha conclusión.

- Basilio Losada, “Palabras dos homenaxeados”, pp. 467-469.

Comeza realizando unha serie de agradecementos para logo recoñecer que, ante a imposibilidade de ser escritor, se converteu nun voraz lector. Sinala que ten máis de mil escritos que non foron recollidos en ningún volume e refírese á gran dor que experimentou cando se desfixo de arredor de 18.000 títulos que entregou para a futura Biblioteca Nacional de Galicia. Alude ao seu interese pola literatura oral, fala do seu exercicio como docente e relata como se fixo co seu primeiro libro en galego, *Devalar*, de Ramón Otero Pedrayo. Conta como escribiu a súa única novela e considera que Galicia “é un pobo feito polos seus poetas”.

- Xosé Estévez, “Palabras dos homenaxeados”, pp. 471-473.

Fai toda unha serie de agradecementos pola homenaxe recibida e salienta aquelas persoas, terras, etc. galegas e vascas que foron importantes na súa vida. Reproduce uns versos que Xavier Amuritza lle dedicou, así como o chamamento que Alexandre Bóveda fixera para que os galegos de Euskadi votasen a favor do Estatuto Vasco celebrado en novembro de 1933, un texto que considera a síntese do seu pensamento.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María*, XX Premio Literario Ánxel Fole 2006, Lugo: Fundación Caixa Galicia, col. Xornadas, conferencias, premios, serie Premio Ánxel Fole, 2007, 336 pp. (ISBN: 978-84-96494-92-3). ◆

Estudo dividido en sete capítulos que repasa as características lingüísticas da obra de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004). Con este traballo o seu autor, Xosé Ramón Freixeiro Mato (Cances, Carballo, 1951), obtivo o XX Premio Literario “Ánxel Fole” en 2006. No primeiro capítulo, “Introdución. Manuel María e o galego”, faise unha aproximación ao marco sociolingüístico no que desenvolveu Manuel María a súa faceta de escritor, mentres que no segundo, “Estilística e lingua literaria”, dánse as principais características que definen o modelo xeral da lingua literaria de Manuel María. Os cinco apartados seguintes detéñense na grafoestilística, na fonoestilística, na estilística da palabra, na estilística do enunciado e, por último, na estilística da enunciación da obra literaria de Manuel María. Na conclusión afírmase que a súa lingua ten como base a fala popular e labrega da Terra Chá e mais que conta cunha gran variedade de temas e rexistros na súa extensa obra literaria. Finalmente, as referencias bibliográficas pechan este traballo sobre a escrita de Manuel María dende a óptica do estilo.

González Fernández, Helena e María Xesús **Lama López** (eds.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península*, prólogo de Basilio Losada Prieto, Sada-A Coruña: Edicións do Castro/AIEG/Universitat de Barcelona. Filoloxía Galega, 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-8485-266-7). Contén CD. ◆

Volume que acolle a conferencia inaugural e as comunicacións presentadas no VII Congreso Internacional de Estudos Galegos desenvolvido en Barcelona entre o 28 e o 31 de maio de 2003 por iniciativa da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AEIG) no seo desa universidade catalá. No prólogo, Basilio Losada Castro explica o nacemento da AEIG hai trinta anos, ademais de dar conta doutras sedes que albergaron os encontros celebrados con anterioridade ao VII Congreso e agradecer a presenza de institucións que agrupan a emigrantes galegos en Cataluña e dos investigadores de diversos lugares do mundo que acudiron, para rematar loubando o labor de recuperación da lingua galega desenvolvido por Rosalía de Castro. Os estudos recompilados xiran arredor das tres mesas redondas intituladas “Galicia e outros pobos da Península” (Víctor F. Freixanes, Xosé Ramón Barreiro, Ramón Villares e Enric Ucelay-Da Cal), “Homenaxe a Xoán González Millán” (Camiño Noia, Arturo Casas, Helena González e Víctor Fuentes) e “Mulleres en Galicia” (Pilar Cagiao, Beatriz Suárez, María Ruido e Margarita Ledo). A seguir dáse conta dos traballos referidos á literatura galega:

- G. Tavani, “A muller na literatura Hispánica Medieval: ¿Protagonista ou autora?”, pp. 3-13.

Conferencia inaugural do profesor Giuseppe Tavani na que reflexiona sobre o papel da muller na literatura hispánica medieval. Nunha primeira parte, Tavani fai un percorrido das principais mulleres que se dedicaron activamente ao culto das letras, ben como autoras, ou ben como mecenas, entre as que destaca figuras como Christine de Pizan, as “trobairitz”, Leonor de Aquitania e a súa filla María de Champaña. Na segunda parte, xa centrada na literatura peninsular, Tavani destaca a ausencia de figuras femininas como axentes de produción literaria, salvo a excepción da monxa Egeria. Por esta razón, o profesor Tavani sostén que, no caso da Península Ibérica, débese falar de “protagonistas pasivas”, poñendo como exemplo o caso da lírica galego-portuguesa, onde as mulleres son evocadas, nas *cantigas de amor* e de *escarnio*, como obxecto de loanzas ou críticas, mentres que nas *cantigas de amigo* aparecen integradas como suxeitos narrantes.

- Víctor F. Freixanes, “Literatura galega e identidade nacional. Unha reflexión sobre a convivencia das literaturas en España”, pp. [17]-23.

Comeza cunha anécdota de Manuel Andújar sobre a “preocupación de atopar espazos de convivencia para o pensamento libre nos seus respectivos países”, e conclúe que existían “identidades diversas que, se se respetasen e atopasen a fórmula de ollárense unhas ás outras doutra maneira, podían facer o camiño xuntas” porque “contempladas doutro xeito son, en realidade, unha impagable riqueza”. Trata dúas grandes cuestións que considera sen resolver politicamente aínda neste século XXI: as cuestións nacionais “en España e no Estado” e a localización dese entramado na “Unión Europea”. Fálase da obrigación de compatibilizar na actual sociedade global a identidade particular con outros principios como a solidariedade. Pregúntase que nación se está a debater e propón para a reflexión *El laberinto español* (1943), de Gerald Brenan, e tamén expón que Philippe de Schoutheete agoiraba no ano 1968 graves perigos na construción dun “espazo harmónico” na época da transición. Fala da pluralidade de España actualmente e salienta ademais os encontros asturianos en Verines nos anos 80. Cualíficase de “discurso aberto” o da “identidade española” e precisa que se manifesta “dende finais do século XIX”. Remátase cunha anécdota sobre a publicación da *Historia de las Literaturas Hispánicas no castellanas* (1980) e afírmase que non se pode proxectar fóra a literatura galega se antes non existe unha imaxe de Galicia que esperte interese fóra, agás Manuel Rivas e Suso de Toro. Explícase que Galicia “carece de mecanismos, estratexias, infraestructuras e recursos para poderse proxectar” fóra, xa que a literatura “forma parte dun imaxinario conxunto” e compárase o caso galego co portugués, vasco e catalán. Conclúe cun equema do seu estudo (liñas de reflexión, posíbeis solucións e estratexias) porque “ou estamos no mundo ou dificilmente entraremos no futuro”.

- Xosé R. Barreiro Fernández, “Galicia e Castela: orixe, evolución e fracaso do mito anticastelán”, pp. 25-38.

Apúntase que no século XX xorde unha “literatura anticastelá” que se prolonga até 1936 e cuxo antecendente se sitúa en Rosalía de Castro. Indícase que se tratará a orixe, evolución e fracaso dese “mito” que non ten un “entronque popular”. O artigo estrutúrase en tres apartados: “A ausencia dunha temática anticastelá na literatura anterior a Rosalía”, “Rosalía de Castro inicia o mito anticastelán” e “A construcción do

mito anticastelán". No primeiro deles precísase que ante o repertorio da "literatura castelá de escarnio e de menosprezo contra os galegos" cómpre só mencionar a autores como Tirso de Molina, Miguel de Cervantes, Luis de Góngora, entre outros, para observar exemplos desa burla e menosprezo. Apunta que é doado explicar esa literatura aínda que comparte con Caramés Martínez "que, unha vez creado o tópico literario este se independiza da realidade social, funcionando coma un recurso (...) sen que reflicta un xuízo negativo *per se*". Considérase que existe detrás "unha segunda intención" e adiántanse varias hipóteses: o Reino de Castela non posuía unha "historia gloriosa", imponse un idioma ao servizo dese reino, cada grupo social cumpre unha función no proceso de reafirmar as identidades propias, mais só os casteláns posúen "a esencia da hispanidade". Conclúese falando da existencia de "un complexo de inferioridade colectivo" e saliéntase que Galicia non respondeu cunha "*paralela literatura anticastelá*" como se observa na tradición popular. Precísase que a reacción anticastelá parte "dos intelectuais ó servicio da aristocracia e da igrexa galega" que se serven dunha "argumentación oblicua" e enuméranse algúns intelectuais. No segundo apartado considéranse as composicións "Castellana de Castilla" e "Castellanos de Castilla", pertencentes a *Cantares gallegos* (1863), unha "testemuña histórica" e que se usaron "como bandeira anticastelá". Expóñense as opinións de Ricardo Navas Ruiz, Celso Almuiña e Xesús Alonso Montero e explícase a situación dos segadores galegos a Castela, apuntando que a obra de 1948 de Alfonso Vázquez Martínez foi pioneira nese tema. Cítase un traballo de Abelardo Moralejo sobre os conflitos de convivencia entre galegos e casteláns, e apúntanse que mantiñan unha dependencia recíproca. Explícase que "Castellanos de Castilla" representa "unha forma de revanchismo, un ideal retórico" e exculpa a Rosalía mais critícase o uso documental desa composición. E no terceiro apartado indícase que Murguía asentou "as bases da nosa identidade" coa súa primeira "formulación do ideario galeguista", e que esa interpretación esencialista ("elementos naturais e eternos" de raza, territorio, lingua, historia, usos e costumes) chegou até a *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Risco e até a reinterpretación de Castelao. Destácase como un elelemento esencial o tratamento dos "outros" con "referentes de exclusión ou negación, de reinterpretación e de analoxía" en Murguía e Brañas. Indícase que os integrantes das Irmandades da Fala consideran "a Castela como o referente de exclusión de Galicia" e que Castelao definiuno como "referente de exclusión-oposición-negación" (como estudan Beramendi e Máiz). Detállase a creación do "mito do anticastelanismo galego" por parte das Irmandades da Fala (Antón Vilar Ponte, Cabanillas e Castelao). Remátase con tres conclusións: "non se percibe ningún sentimento anticastelán no pobo galego en ningún momento da historia", "o anticastelanismo da intelectualidade galega é unha mera construcción teórica" sen unha base real e con intención política, sen xerar interese no pobo galego, e "que a partir da guerra civil o anticastelanismo" se substituiu pola "exclusión do Estado Español" nalgúns sectores. Proponse a cualificación de "*mito de erudición*" levado a cabo por intelectuais nacionalistas antes da guerra.

- Camiño Noia, "Xan González-Millán, creador e director do anuario de estudos literarios galegos", pp. [57]-60.

Comézase loando a "valía do home e do investigador que foi González-Millán" e lamentándose da súa perda. Defíneo como "un traballador incansable e entusiasta da cultura galega". Saliéntase que a súa obra configura unha teoría sobre a narrativa galega concebida como integrante dun "sistema cultural" formado por pezas dependentes entre sí e a sociedade. Explícase cando e como o coñeceu e como lle contou os seus proxectos

e investigacións, entre os que se salienta a creación dunha revista de estudios literarios exclusivamente galegos. Indícase que González-Millán recibira esperanzado que vira a luz o *Boletín Galego de Literatura* mais ao ver o segundo número comprobou que non respondía ao que el proxectara, "unha memoria anual da producción literaria de Galicia e os eu campo de estudo" xa que sobrepasaba os ámbitos galegos. Precísase que retomou o seu proxecto de revista até o nacemento do *Anuario de Estudios Literarios Galegos* explicando que a análise de textos literarios galegos debe estudala como unha literatura marxinal "dentro da sociedade que a produce". Apúntase como até o último número (422 en 2001) foi crecendo en número de páxinas e laméntase por non contarlle a súa favorábel valoración da súa revista. Remata sumándose ao compromiso de Dolores Vilavedra para continuar o labor do director desa publicación periódica.

- Arturo Casas, "Xoán González-Millán: itinerarios teóricos", pp. [61]-68.

Comézase indicando que se centrará "nos aspectos teóricos" da traxectoria de González-Millán, tal como lle encomendaron e precisando que coñece esa obra pola lectura e "o estudo dos seus libros e artigos" xa que tiveron pouco trato persoal. Explícase que tras contemplar todo o percorrido dos seus traballos se aprecia "unha notábel continuidade en tres ámbitos". Apúntase que o primeiro ámbito se refire a tres núcleos temáticos: a cuestión nacional vista en xeral, a constitución de sistemas e protosistemas literarios, e a atención aos "*elementos de inestabilidade e/ou integración*". Destácase que o segundo ámbito coincide coa súa sensibilidade como "observador, investigador e analista" insistindo na *efectividade e garantías heurísticas* dalgúns esquemas para achegarse ao obxecto de estudo. Saliéntase que os seus traballos conforman "auténticos *programas de investigación*". Exponse que o terceiro ámbito se refire á proxección que debe ter o estudo e investigación, non limitarse á académica senón que tamén teña proxección social, política e histórica. Esbózanse outras liñas de investigación de González-Millán: semellanzas co Seminario de Estudos Galegos mais confiando nas Ciencias Sociais para concienciar e cambiar, e que consideraba "indisociábel" a identidade cultural e nacional e a reflexión sobre a diferencia e alteridade. Recoñécese que non foi un teórico sectario, que tivo "unha constante inquietude intelectual e metodolóxica" e cuestionadora. Remátase mencionando dúas cuestións metodolóxico: foi un crítico "frontal" dos presupostos de Even-Zohar e Bourdieu, e observou déficits para aplicalos ao discurso galego. Apúntanse os autores que relía nos últimos anos, e conclúese salientando *Resistencia cultural e diferencia histórica* e recollendo a bibliografía citada.

- Helena González Fernández, "Xoán González-Millán, terceiro presidente da asociación internacional de estudos galegos", pp. [69]-72.

Tras expór a tristura pola súa perda, saliéntase que o seu pensamento se trenzou coas "crenchas" da literatura, a sociedade e a nación, e reprodúcese un fragmento de *Resistencia cultural e diferencia histórica* (2000). Remátase salientando que o III Congreso Internacional de Estudos Galegos da AIEG de 1991 abriu as portas "aos investigadores de Galicia e de Europa" para "facermos e explicarmos unha Galicia moderna, consciente da súa diferencia e con proxección internacional".

- Víctor Fuentes, "Xoán González-Millán y el nuevo hispanismo plural", pp. [73]-74.

Comézase sumándose á homenaxe a González-Millán e cóntanse outras iniciativas. Precísase como se coñeceron e explícase que no monográfico de *Letras Peninsulares* se publica un ensaio sobre un tema no que ambos se estaban internando.

- Pilar Cagiao Vila, "A muller galega na emigración a Cuba e Arxentina (1870-1930)", pp. [77]-91.

Indícase que nas historiografías tradicionais que tratan a emigración galega, a muller sempre é observada "como un elemento pasivo" mais os estudos recuperan o seu papel "como suxeito histórico". Recoñécese que a emigración feminina se produciu en menor número e anos máis tarde, mais sinálase que participaron "directa e indirectamente", como "viúvas de vivos" segundo o retrato de Rosalía, e como protagonistas da migración. Apúntase que o seu papel e experiencias variaron segundo o lugar ao que emigraron (exterior ou interior da Península, segundo a cronoloxía do fenómeno migratorio e das razóns persoais). Céntrase en analizar catro apartados: "América como destino", "Cruzar o Atlántico: un camiño de esperanzas e riscos", "Galegas reais e imaxinarias" e "As mulleres no asocianismo étnico". No primeiro saliéntase que a emigración feminina xa comezaba a ser "significativa" nos anos setenta do século XIX, e que aumentou a comezos de século XX. Anótase que emigraron principalmente a Arxentina, como no caso masculino, e anos máis tarde a Cuba. No segundo apartado detállanse as dificultades das mulleres ao sufrir ás veces acoso nas travesías ou caer na prostitución, exemplificando con artigos xornalísticos ou libros. No terceiro deles relaciónanse os traballos que deberon realizar as mulleres emigradas, criadas, neneiras ou costureiras, entre outras. E no cuarto apartado indícase que "a época que lles tocou vivir" non posibilitou a "sociabilidade feminina" e que algunhas asociacións reservaban un lugar da súa estrutura para elas, outras as apoiaban e mesmo existiron iniciativas que criticaban a súa situación. Remátase precisando que tiveron gran participación "no mundo da cultura" (sobre todo en orfeóns, corais, grupos de danza folklórica, recitais poéticos, entre outros) e que sufriron unha menor participación por carecer de maior nivel cultural. Destácanse os nomes dalgunhas "embaixadoras culturais de Galicia" en Cuba e Arxentina. Conclúese indicando cómo afecta a emigración de xeito distinto "ós dous países" e loando ás mulleres que emigraron ou se exiliaron a Cuba e Arxentina, antes de recoller a bibliografía citada.

Referencias varias:

- PT, "Editadas polas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 7, verán 2008, p. 25.

Dáse conta da publicación das actas do *VII Congreso Internacional de Estudos Galegos* que se celebrou en Barcelona entre o 18 e o 31 de maio de 2003. Descríbese o contido deste volume, do que se sinala que consta de dúas partes diferenciadas, precedidas pola conferencia inaugural de Giuseppe Tavani sobre a muller na literatura hispánica medieval. Na primeira dise que aparecen traballos sobre a posición da literatura galega no marco ibérico, mentres que na segunda se tratan cuestións como a muller na emigración, a crítica lesbiana, a posición da muller na arte galega e a encrucillada entre a diferenciáse, a diversidade e a televisión. Dise que na parte final do volume aparecen catro traballos en homenaxe a Xoán González-Millán, dos que se destaca o realizado por Arturo Casas.

Valcárcel, Xulio L., *Sinais na area: escritos sobre arte*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2007, 214 pp. (ISBN: 978-84-9812-072-1).

Xulio Valcárcel (Lugo, 1953) presenta un achegamento ao mundo artístico a través de textos seus e a reprodución dunha serie de obras (pintura, escultura, etc.) doutros autores. O libro está conformado por dezaseis apartados. Tras un prólogo institucional, aparece o primeiro e máis extenso, titulado "Relatorio persoal de artistas" (datado en "A Coruña, primavera 07"), onde o autor conta a súa experiencia persoal con numerosos creadores. Neste capítulo inclúe anécdotas de músicos, pintores, fotógrafos, escultores e "homes de letras" como Ánxel Fole, Luís Pimentel ou Celestino Fernández de la Vega, pois na época de xuventude que lembra Valcárcel todos eles frecuentaban os mesmos ambientes, feito que os enriquecía a nivel persoal e creativo. Entre estes recordos persoais atópase a situación vivida ao principio da década dos setenta en Lugo o día que Fole lle presentou un artista, que admiraba profundamente e sobre o que non foi quen de escribir ante a imposibilidade de descifrar a súa linguaxe. Tratábase de Luís Seoane. O clima de intercambio facilitado pola sensibilidade común destes creadores facilitou colaboracións como a de Carlos Pardo Texeiro con Uxío Novoneyra, para quen ilustrou *Muller pra lonxe* (1986), ou a de Marcelino de Santiago "Kukas", autor da cuberta dun número especial da revista *Coordenadas* dedicado á poesía galega. Xa na etapa de madurez, salienta o caso dalgunha figura excepcional como Xurxo Alonso pola súa valía tanto na pintura coma na poesía, con varios premios e títulos publicados na colección de Espiral Maior dirixida polo seu amigo Miguel Anxo Fernán Vello. Outro exemplo de versatilidade recollido é o de Ánxeles Penas, artista e poeta, aínda que é máis coñecida por esta última faceta. Reprodúcense neste capítulo os poemas titulados "BAIXO A MESMA CHUVIA. A Julio García Camiñas" e "NATUREZA ENSIMES[A]MADA". A seguir, no capítulo "Rumor de arxila", comenta a creación en cerámica; "Alfredo Erias, arqueoloxía artística" é unha análise da obra deste pintor; "La Galice de Jean Dieuzaide" fala da obra deste fotógrafo francés; en "Retallo da obra de Pedro Muíño" expón a evolución deste pintor; "Encontro de pintores en Mariñán" é unha narración das vivencias colectivas de pintores e poetas que reproduce o mesmo ambiente de intercambio entre artistas e escritores, no que participaron figuras como Xosé Cobas, Eva Veiga ou Alfonso Costa; "Soles de Branca Silva" representa unha análise e valoracións da obra da pintora; "Adentrándonos na obra de Xurxo Gómez-Chao" retoma as reflexións sobre a evolución do pintor; "Razón e emoción na pintura de Fidel Vidal" está dedicado á obra deste artista; "Reflexións sobre a obra de Pepe Galán" recolle unha entrevista co escultor; "Con Díaz Fuentes en París", relata un encontro no que se mostra a obra do escultor; "Os verdes húmidos de Xavier Muíños" é outra análise da obra do pintor; "Jesús Núñez, a luz interior" trata sobre o artista que cultiva diversas técnicas; "Dous novos escultores: Xoán Vila e Quique Vázquez" representa unha análise da obra de ambos creadores; "Man, a tentación eremita" é un discurso moi persoal sobre as creacións artísticas deste home que chegou a Camelle e morreu de pena cando veu desaparecer a súa obra polo desastre do Prestige; e, en último lugar, aparece "Morquecho en clave musical", sobre os conceptos musicais que son aplicábeis á obra deste pintor. Péchase o volume co seguinte colofón: "Este libro, SINAIS NA AREA, de Xulio López Valcárcel, rematouse de imprentar no taller provincial da Deputación da Coruña, na outonía de 2007, cando a colleita de viño novo ferve alegre nas cubas. Cúmplense vintecinco anos da chegada do autor á Coruña".

Valle Pérez, Xosé Carlos (ed.), *Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia*, prólogo-presentación do editor, Pontevedra: Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, xullo 2007, 497 pp. (ISBN: 978-84-95632-34-0).

Catálogo bilingüe galego-castelán que comeza con dúas fotografías de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), unha dedicada aos seus pais con data do 17 de xaneiro de 1933, e outra no gabinete da súa casa. Nun prólogo institucional co que se abre a monografía sinálase o motivo da publicación dentro do programa de actividades para lle render homenaxe ao pontevedrés no centenario do seu nacemento. Este volume, xunto cunha exposición e simposio, que tiveron lugar na cidade de Pontevedra, serve de complemento para a conmemoración. Noutros dous textos sintetízase o labor humanístico do homenaxeado "froito da vitalidade político-cultural da Galicia da Idade de Prata", explícase a organización dos actos, os contidos da obra e as institucións implicadas nesta tarefa, é dicir, a Sociedad Estatal de Commemoraciones Culturales e o Museo de Pontevedra coa colaboración da Fundación "Filgueira Valverde" e a Cátedra "Filgueira Valverde", promovida por Caixanova e a Universidade de Vigo. A seguir, descríbese a estrutura da exposición que se distribúe en nove capítulos. O volume recolle quince traballos realizados por:

- Xosé Carlos Valle Pérez, "Xosé Filgueira Valverde. 1906-1996. Un século de Galicia", pp. 20-97.

Xosé Carlos Valle Pérez (Pontevedra, 1953) presenta unha cronobiografía do homenaxeado.

- Francisco Fernández del Riego, "Personalidade do profesor pontevedrés", pp. 98-105.

Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, Lugo, 1913) destaca a paixón de Filgueira por Galicia e a súa relación con ela e, principalmente, coa súa cidade natal, Pontevedra, así como os seus intereses, traballos e afeccións, como político, investigador, escritor e profesor.

- José Manuel Pita Andrade, "Centrado na memoria de tres ilustres pontevedreses", pp. 106-117.

José Manuel Pita Andrade (A Coruña, 1922) fala dos recordos que garda dos tempos vividos co escritor pontevedrés.

- José García Velasco, "Filgueira Valverde na súa paisaxe. Amigos, discípulos e empresas culturais", pp. 118-133.

José García Velasco (Valladolid, 1951) sinala a relación que tivo con Filgueira e co Museo de Pontevedra, destacando o talento do homenaxeado, como organizador do museo, mais tamén como gran político e humanista.

- Xosé R. Barreiro Fernández, "Filgueira Valverde e o Partido Galeguista", pp. 134-171.

Xosé R. Barreiro Fernández (Ribeira, 1936) fai un percorrido sobre a implicación política galega do pontevedrés na súa primeira incursión que vai dende 1931 até 1936.

- Alberto Pena, “Filgueira Valverde no labirinto cultural galego (1936-1996)”, pp. 172-211.

Alberto Pena fai un repaso da vinculación do escritor cos diferentes ámbitos da cultura que mantivo ao longo da súa vida e que dan mostra do seu perfil polifacético e polivalente profesionalmente.

- Mercedes Brea, “D. Xosé Filgueira Valverde e a lírica galego-portuguesa”, pp. 212-241.

Mercedes Brea (A Estrada, 1950) céntrase no extenso contributo dos estudos realizados por Filgueira da lírica galego-portuguesa no século XX.

- Xesús Alonso Montero, “Filgueira Valverde e as letras: notas para entender o seu discurso erudito e crítico”, pp. 242-265.

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) fai referencia á relación que tivo o homenaxeado coa literatura, tanto como escritor, profesor ou conferencista, da encomenda dunha antoloxía dos escritores galegos e da publicación dos seus artigos recompilados en nove volumes baixo o título de *Adral.*

- Xosé Ramón Fandiño Veiga, “Contribución de Filgueira Valverde ao ámbito da creación literaria”, pp. 266-283.

Xosé Ramón Fandiño Veiga (Santiago, 1946) describe as obras literarias de Filgueira e, ao final, acrecenta unha bibliografía que fala da súa obra.

- Carlos Villanueva, “A música como fundamento de identidade na obra de Xosé Filgueira Valverde”, pp. 284-311.

Fala do interese que o humanista tivo pola música nos seus traballos literarios, fundamentalmente na lírica galego-portuguesa.

- Antonio de la Peña Santos, “O profesor Filgueira Valverde e a Arqueoloxía”, pp. 312-335.

Explica a importancia das investigacións arqueolóxicas de Filgueira que van dende a epigrafía romana á ouvaría antiga sen esquecer o seu contributo coa recompilación *La carta arqueológica de la Provincia de Pontevedra*.

- José Manuel B. López Vázquez, “Don Xosé Filgueira Valverde e a Historia da Arte”, pp. 336-355.

Recolle todo o traballo sobre a historia da arte, ligada a Galicia, que levou ao cabo o escritor.

- José Manuel Castaño García, “Pontevedra e o mar na obra de Don Xosé Filgueira Valverde”, pp. 356-383.

Salienta o vínculo do escritor cos mareantes pontevedreses, nos textos para exposicións no Museo de Pontevedra, nas publicacións en revistas dedicadas ao mundo marítimo, en xornais, nas súas obras literarias ou en distintos estudos, onde se inclúen feitos e personaxes históricos.

- Xosé Fuentes Alende, "Filgueira Valverde e a Antropoloxía Cultural", pp. 384-423.

Aborda o labor antropolóxico de Filgueira sobre a festa dos Maios, o *Cancioneiro Musical*, a artesanía, o gremio dos mareantes, o folclore prehistórico nos seus traballos de investigación, obras literarias e arquivos.

- Germán Torres de Aboal, "Filgueira Valverde, semblanza dun educador", pp. 424-447.

Trata a traxectoria educativa do profesor pontevedrés e, finalmente, inclúe unha bibliografía sobre o tema.

A seguir, dedícanse unhas follas no apartado "Obra e documentos exhibidos" ás imaxes dos cadros e ilustracións incluídos na exposición da autoría de Ovidio Murguía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Pintos Fonseca, Arturo Souto Feijoo, Lino Martínez Villafínez, Manuel Torres Martínez, José Otero Abeledo *Laxeiro*, Carlos Sobrino Buhinas, José Sesto López, María Corredoira, Mario F. Granell, Julio Prieto Nespereira, Pedro García Lema, Bieito M. Vázquez e un busto en bronce de Xosé Filgueira Valverde feito por Eduardo Rodríguez Osorio. Finalmente, inclúense neste mesmo apartado as referencias dos documentos, fotografías, publicacións, condecoracións, premios e distincións que aparecen ao longo do volume.

VV.AA., *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, limiar de Xosé R. Losada, Boiro: Asociación Cultural Barbantia, 2007, n.º 3, 344 pp. (D.L.C-2792-05).

Este Anuario acolle, traballos de diferente fasquía. Entre eles para a literatura galega é de salientar os debidos a:

- Román Arén/Pastor Rodríguez, "Babel Barbanza. Os nosos tradutores", pp. 89-156.

Fan un percorrido pola historia da tradución de obras universais ao galego. Comeza falando das traducións de obras de Homero feitas polos irmáns Eduardo e Olegaria Dieste, ambos de Rianxo. Indican que até a fundación das Irmandades da Fala en 1916, a historia da tradución en Galicia era moi feble e que un tradutor destacado nesta época é Xosé Prudencio Iglesias Roura que fixo traducións de autores franceses, italianos e alemáns. Sinalan que Castelao, ademais de ser un dos autores galegos máis traducidos a outras linguas, tamén fixo traducións dalgúns poemas bretóns. Na posguerra salientan a Manuel Fabeiro Gómez, moi relacionado co xornal *La Noche*. Afirman que algunhas das revistas que axudaron ao impulso da tradución foron *Tapal* e *Vieiros*, esta última no exilio, na que destacou Faustino Rey Romero. Da segunda metade do s. XX comentan a aparición traducións completas da Biblia e a tradución por Avilés de Taramancos de escritores como Paul Valéry e Saint-John Perse. En canto ás iniciativas no Barbanza destacan : a creación da editorial Toxosoutos, que publicará traducións formais e funcionais ou a celebración do Seminario Internacional de Tradución en Rianxo. Outros

tradutores destacados son: Ana Isabel Boullón Agrelo, Eva Veiga Torre, Ramón Mariño Paz ou Blanca-Ana Roig Rechou, entre outros.

Neste número concreto faise un "Especial María Mariño" no que se incluen os seguintes estudos sobre "A vida", "A obra", "As paisaxes" e unha "Homenaxe", na que se acollen composicións poéticas de Eme Cartea, Esperanza Mariño e Alberto Piñeiro. Os traballos son os seguintes:

- Xerardo Agrafoxo, "María Mariño, biografía", pp. 141-150.

Fai unha biografía da poeta noiesa que naceu en 1907 nunha familia humilde, polo que os seus irmáns pronto deixaron a escola e comezaron a traballar. Viviu moi de cerca a Guerra Civil Española xa que, no momento da contenda, se atopaba en Berango, un municipio da provincia de Vizcaya onde vivía a súa irmá Concha, cando se produciu o ataque da Lexión Cóndor en Gernika. Xa de volta a Galicia, coñeceu a Roberto Pose Carballido, en Escarabote, co que casou cando rematou a guerra. Tras sete anos de matrimonio, tivo o seu primeiro fillo que tan só viviu trinta e catro días, acontecemento que lle produciu unha depresión nerviosa. Un tempo despois, coñeceu a Uxío Novoneyra, con quen tivo unha relación de amizade. O artigo menciona tamén os setenta poemas de *Palabra no tempo*, publicado en 1963 que se converteron nun acontecemento do panorama literario galego e *Verba que comeza*, conxunto de poemas escritos entre 1966 e 1967, onde agroma a angustia existencial na que a mergullaba a enfermidade que sufría, a leucemia, e da que morrería en 1967.

- Yolanda Castaño, "Con María Mariño, da man dos seus versos", pp. 151-159.

Escribe un texto de carácter lírico dirixido a María Mariño no que se fai un percorrido pola vida da poeta noiesa e, ó mesmo tempo, intenta borrar esa imaxe de María Mariño como unha muller apoucada e retrátaa máis ben como unha persoa de carácter e segura das súas decisións.

- Román Arén analiza a presenza de María Mariño nas antoloxías poéticas nun artigo titulado "Presenza e ausencia. María Mariño nas antoloxías poéticas", pp. 163-180.

O limiar comeza explicando que a obra de María Mariño non está ben valorada e que a crítica desprezou a súa obra. O texto continúa falando primeira antoloxía poética da literatura galega: a de Xesús Alonso Montero publicada co título de *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1970) e na que se inclúe a María Mariño. Despois menciona a publicada por Ediciós de Castro en 1976, obra de Miguel González Garcés: *Poesía Gallega de Posguerra (1039-1975)*. O máis interesante é a valoración que se fai da poeta noiesa. Sinala os influxos do Courel e de Uxío Novoneyra así como a pegada rosaliana. Tamén menciona a antoloxía *Do posmodernismo aos novos* de Francisco Fernández del Riego publicada na Editorial Galaxia. De María Mariño foron seleccionados tres poemas. Entre as antoloxías para españois destaca a de César Antonio Molina que non só inclúe a poeta noiesa senón que fai unha valoración moi positiva. Esta antoloxía dá un papel importante a María Mariño, a única muller incluída, por dirixirse a un público non só galego, senón tamén español.

- Patricia Arias Chachero,"Historia dun prólogo", pp. 181-190.

Recolle a correspondencia epistolar que mantiveron Uxío Novoneyra e Ramón Otero Pedrayo por mor da escrita do prólogo de *Palabra no tempo* (1963), o único libro publicado en vida de María Mariño Carou. Fálase da relación de amizade de Uxío Novoneyra co patriarca das letras galegas, e, polo tanto, foi o primeiro quen fixo de intermediario para que Otero Pedrayo escribise o prólogo de *Palabra no tempo*. Fálase pois, de seis cartas. Cinco delas foron escritas por Uxío Novoneyra dirixidas a Otero Pedrayo. A outra é de María Mariño a Otero Pedrayo e que ten como finalidade agradecerlle ó escritor de Trasalba a escrita do prólogo para *Palabra no tempo* que lle pedira Uxío Novoneyra.

- Xavier Castro, "Palabra e verba: Abalo e devalo vital en María Mariño", pp. 191-199.

Establece algunhas coincidencias entre a obra rosaliana e a obra de María Mariño, tanto na expresión lírica coma nos contidos no artigo Neste artigo cítase que nestas dúas escritoras conviven poeticamente os espazos urbanos, rurais e mariñeiros, nelas hai unha especial incidencia na figura da nai dentro da familia, nelas está o enxalzamento da vida rural e festiva, a relixiosidade popular e o desacougo vital dunha enfermidade inexorable. O abalo, pulsión optimista e vital, segundo Xavier Castro, estaría representado en *Palabra no tempo* (1963). Este agroma en moitos dos poemas en forma de lembranza: a infancia, Noia, a figura materna... En palabras do escritor deste artigo, o devalo vital é un sentimento presente en *Verba que comeza* (1990).

- Esperanza Mariño, "A cuestión da lingua en María Mariño", pp. 201-207.

En canto á lingua da escritora noiesa, fala do emprego dos idiomas galego e castelán tanto a nivel oral como escrito da poeta noiesa. Tamén comenta que a inexistencia dunha normativa nas décadas cincuenta e sesenta dá orixe a interferencias lingüísticas tales como: castelanismos, vulgarismos, hiperenxebrismos, arcaísmos... e, polo tanto, tamén abundan os castelanismos, en especial os fónicos e morfolóxicos. Outro aspecto salientable do estilo, segundo Esperanza Mariño, é a utilización do diminutivo, característico de Rosalía así como a temporalización, xa que conviven dous tempos contrarios, presente e pasado. O último que este artigo destaca é a distorsión gramatical, algo insólito nos anos 60, de aí o alcume acuñado por Novoneyra de "dinamiteira da fala".

- Teresa Moure, "Literatura e mulleres", pp. 209-219.

Considera o asunto da voz das mulleres na literatura actual, o debate sobre a existencia dunha chamada literatura feminina ou de mulleres no artigo. Tamén fala de como o canon patriarcal insistiu, nalgúns momentos, en que María Mariño non sabía escribir, e polo tanto, di que hai que tomar cono moita cautela as interpretacións que se fan dos datos escuros da biografía desta autora.

- María Xosé Queizán, "María Mariño. Do humor da nada ao valor da palabra", pp. 221-229.

Comeza falando da negación da autoría feminina nas artes, algo que tamén sufriu María Mariño, xa que os seus poemas foron atribuídos a Uxío Novoneyra, poeta co que tivo unha amizade no Courel e que foi un bo impulsor do seu quefacer poético. María Xosé Queizán, malia as coincidencias entre a poesía de María Mariño e a de Rosalía de

Castro, cre que son dúas poetas diferentes e que a poesía da poeta noiesa non está en débeda con Rosalía máis que o resto dos escritores e escritoras galegas. Para xustificar esta afirmación di que o eu lírico de Rosalía é colectivo mentres que a poeta noiesa non traspasa o seu propio ego. Rosalía escribe impulsada pola realidade, pola situación desoladora do país, que non dubida en revelar e denuncia as penurias e as inxustizas que pasan, en especial, as mulleres. Estes aspectos son ignorados por María Mariño que tende a expresar só os seus sentimentos. Non obstante, María Xosé Queizán advirte similitudes importantes entre as dúas poetas, como o símbolo do cravo rosaliano que, en María Mariño, trátase dun pano que a ensombrecía, pero do que ten saudade cando xa non o ten. A autora deste artigo non está de acordo co alcume de "dinamiteira da fala" xa que María Mariño, no tratamento da lingua, fai unha distorsión consciente e coherente, non é unha ruptura azarosa ou casual.

- Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, "Penélopes de tinta: as mulleres na poesía galega. Da guerra civil a 'Palabra no tempo", pp. 231-245.

Como o propio nome indica, o artigo fai un estudo do papel da muller na literatura dende a Guerra Civil até María Mariño. O texto cita, entre as chamadas poetas franquistas, as que gababan a Franco: Francisca Herrera Garrido, que antes da Guerra Civil, publicara poemarios en galego e era membro da Real Academia Galega; Herminia Fariña Cobián, que ten algúns poemas en galego pero todos laudatorios da cruzada de Franco; Carme Prieto Rouco; ou Mercedes Viso Troncoso, que publicaba en *El Compostelano*. Neste xornal comeza a publicar Pura Vázquez Iglesias. O artigo destaca a Áurea Lorenzo Abeijón, como poeta exiliada a América que contribuíu ó cultivo da literatura galega dende o exilio, con libros como *Queixas* (1943). Tamén concede especial importancia ás revistas literarias das décadas de 1940 e 1950, nos primeiros anos da posguerra, que foron o único lugar onde a nosa lingua e a literatura galega tiveron algunha presenza. Fala do xornal *La Noche*, onde están varias figuras de preguerra, como Francisca Herrera Garrido, Herminia Fariño e Sofía Casanova. Pero o máis importante é a presenza de varias poetas xa canónicas na poesía galega de posguerra como Pura Vázquez ou María do Carme Kruckenberg, ou voces como a de Luz Pozo Garza, que aínda publica en castelán, como Dora Vázquez. Entre as mulleres da poesía galega na década de 1950, ano no que comeza unha certa normalización editorial destacan: Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, que é probablemente a poeta que máis textos dedicou a Rosalía de Castro e María do Carme Kruckenberg, unha poeta en galego e en castelán. Tras isto, o artigo fala de María Mariño, dende 1963, ano de publicación de *Palabra no tempo* (1963), o mesmo ano da aparición da revista *Grial*. Fálase neste artigo da proximidade temática e poética dos poemas de Uxío Novoneyra e María Mariño, pero nega o argumento que dicía que os textos atribuídos a María Mariño eran de Novoneyra. Por último cita Margarita Ledo Andión, que comeza a publicar no franquismo e que despois será unha gran poeta e xornalista, ademais de novos nomes femininos como Chus Pato, María Xosé Queizán, Ana Romaní ou Helena Villar Janeiro.

- Pedro García Vidal, "Noia en tempos de María Mariño, Paisaxes no fondo do espello", pp. 249-255.

Analiza a presenza de Noia, e, polo tanto, da súa infancia, nos poemas de María Mariño cando esta xa se atopaba no Courel, pero non só as paisaxes marítimas de Noia asolagan os seus poemas, senón que tamén están presentes espazos noieses non marítimos.

Ademais tamén describe a profunda transformación que a vila de Noia estaba experimentando cando nace María Mariño.

- Pedro García Vidal, "Paisaxes de Elantxobe. O fresco aloumiño dos salseiros do Cantábrico", pp. 257-262.

Fala de Elantxobe, un porto pesqueiro do País Vasco onde María Mariño e o seu marido, Roberto, pasaron un ano. Pedro García Vidal describe este pobo mariñeiro colgado na aba do monte Ogoño así como o traballo que predominaban este porto mariñeiro: os de Elantxobe eran sobre todo pescadores de baleas pero, cando a balea comeza a escasear, dedicáronse a outros peixes como o ollomol, a anguía, e así desenvolveuse unha florecente industria.

- Antón Rodríguez Gallardo, "O Escarabote vivido pola poeta noiesa María Mariño", pp. 264-269.

Tenta dar uns trazos sobre Escarabote, unha aldea boirense pertencente á parroquia de Santiago de Lampón.

- Antón Riveiro Coello, "María Mariño, o Courel e a dor na paisaxe", pp. 271-274.

Trátase dun texto de carácter lírico sobre María Mariño no que fala da dor da poetisa pola morte do seu fillo e da súa nai pouco tempo despois así como da función, da paisaxe, do mar, como un refuxio, como unha necesidade, ese *lonxe triste* que pesa sobre ela como unha lousa.

Finaliza cos artigos correspondentes:

- Alberto Piñeiro, "Barbantia. Terceiro acto", pp. 297-327.

Este comeza falando acerca da súa formación sobre María Mariño. A continuación, comenta a cuarta edición da Semana da Cultura Galega Actual, a presentación do libro *Un río de sangue e tinta* (2006), de Xesús Laíño e Pastor Rodríguez Santamaría. Despois fala da conferencia que imparten Dolores Vilavedra, Xavier Alcalá, Suso de Toro e Agustín Fernández Paz sobre a Guerra Civil. Despois, nesta Semana da Cultura Galega Actual, preséntase o volume *Voces na guerra* (2008), que recolle dezaoito relatos ambientados na Guerra Civil e que cita Alberto Piñeiro neste texto. A continuación, fala da presentación, na Casa de Cultura "Avilés de Taramancos" d'*O tesouro da lagoa de Reid´I* (2006), de Agustín Agra, un libro de literatura infantil e xuvenil. Tamén se cita no texto presentación de *Desconcertos*, de Eva Veiga, e *Os Hemisferios* (2006), de María do Cebreiro. Remata falando de María Mariño e dos seus estudosos, e do III Encontro de Creadores do Barbanza, que deu como resultado *A cor dos soños* (2007).

- Román Arén e Xoán Santamaría, "Publicacións no Barbanza", pp. 329-344.

A sección "Revista de libros" trátase dun repertorio bibliográfico que anota libros, folletos, separatas, revistas e artigos, e reedicións. Todos os traballos son de autores do Barbanza ou moi vinculados á bisbarra e abrangue dende outubro de 2006 a outubro de 2007. Este repertorio está dividido en varios apartados: "Poesía", "Narrativa", "Teatro",

“Ensaio”, “Literatura. Ensaios, artigos e recensións”, “Historia”, “Xeografía”, “Medio ambiente”, “Biografía”, “Bibliografía”, “Etnografía e antropoloxía”, “Ensaio relixioso”, “Ensino”, “Arte e música”, “Revistas e xornais” e, por último, “Tradución”.

XII.3.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Almazán, Eva, "A casa dos encontros dixitais. A tecnoloxía ao rescate da tradutora editorial en apuros", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 305-307.

Tras tratar o actual proceso de profesionalización da actividade tradutora do sistema editorial galego e o uso de modos e instrumentos de traballo doutros ámbitos, exemplifícase co análise da tradución de *House of Meetings* (2006), de Martin Amis, traducida ao galego como *A casa dos encontros* (2006). Explícase os tres modos de obter o texto orixinal: o texto en papel, o texto gráfico dixital e o arquivo de texto editábel (electrónico). Coméntase o feito de traballar cun texto gráfico como unha vantaxe para o tradutor á hora de ter a pantalla partida e así evitar o desprazamento da vista, ademais de aforrar espazo e a mobilidade total para traballar. Tamén se fala das vantaxes do arquivo de texto editábel como son a cuantificación de volumes textuais, a localización instantánea de pasaxes ou o uso de aplicacións lingüísticas, entre outros. Trátase de explicar as distintas fases á hora de traballar co "contorno de tradución" e as súas vantaxes que se argumentan con exemplos ilustrativos. Dise que este formato foi o empregado nesta tradución e que se usa cada vez máis, sobre todo cando sae o orixinal e a tradución ao mesmo tempo. Por último, coméntase que neste caso houbo cambios entre o orixinal e o texto editado que se tiveron que resolver na tradución ao galego coa utilización dunha aplicación de síntese de voz; e que estas ferramentas electrónicas axilizan a produción e acelera o control de calidade da tradución literaria

Alonso Girgado, Luís, "Os bailes do Centro Galego da Habana en 1900", *Ferrol Análisis. Revista de pensamento y cultura*, n.º 22, 2007, pp. 69-77.

Baseándose nos bailes organizados pola Sección de Recreo y Adorno do Centro Galego da Habana en 1900, realízase un percorrido pola súa historia externa e interna dende a súa inauguración oficial en xaneiro de 1880, baixo a presidencia de Nicolás Villageliú. Así, saliéntanse acontecementos como o vixésimo primeiro aniversario do Centro en 1900, presidido naquel entón por José Santalla Fernández, celebrado a partir de sesións musicais, funcións teatrais, veladas líricas e sesións de zarzuela, baile e coreografías varias, para proseguir cun percorrido polos tipos de baile dese ano. Acompáñase o artigo dunha serie de fotografías.

Anllo Vázquez, Xoán, "Valente: o terceiro espello", *Ferrol Análisis. Revista de pensamento y cultura*, n.º 22, 2007, pp. 87-98.

Trátase en detalle a faceta política e social da figura do poeta ourensán José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000), a través da súa amizade co autor do artigo. A partir do seu ingreso no Frente de Liberación Popular (FLP), explícase que tentou captar novos membros para o marxismo coa axuda do relato de Henri Lefébvre, "Le Marxisme" en *Que sais-je?* (1948). Dáse conta da súa activa participación na loita antifranquista e da súa actividade "parapolítica", relacionada coa cuestión da emigración española e coa Editorial Ruedo Ibérico e o seu fundador José Martínez. Tras comentárense os dous tropezos do poeta co réxime franquista, analízanse as actividades

que levou a cabo mentres traballaba como tradutor para a Organización Mundial da Saúde como a colaboración coa Liga Suíza de Dereitos do Home; a creación dos Grupos Autónomos e do Ateneo Obrero Español -esta última en 1970-; as Xornadas de Homenaxe aos Voluntarios Suízos das Brigadas Internacionais da Guerra de España en Xenebra en 1986 ou as Xornadas conmemorativas da Revolución de Asturias de 1934. Por outra banda, destácase a súa relación coa emigración galega por medio da creación da sociedade A Nosa Galiza, en 1967, xunto a Arturo García, Xesús Ríos e Alfonso Mourelle. Entre as súas achegas literarias en galego, sublíñanse o poemario *Sete cántigas de alén* (1981); "Sub nocte"(1982); "Elexía pola emigración" (1984); "Paxaro de prata morta" (1990); "Unha cántiga na ribeira do mar de Vigo" (1994); "Catro poemas inéditos" (1995) e "O camiño" (1999). Conclúese coa mención da vindeira publicación do terceiro tomo das *Obras completas de José Ángel Valente*, editado por Claudio Rodríguez Fer. Tamén se inclúen portadas de libros, copia dun poema manuscrito e fotografías, entre outro material.

Avilés de Taramancos, Antón, "María Mariño", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Festa das Letras", primavera 2007, p. 18.

Acolle o poema dedicado a María Mariño e titulado "O veleiro María Mariño naufraga nos montes do caurel", de Antón Avilés de Taramancos.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Publicacións", primavera 2007, pp. 25-26.

Sección fixa que acolle as publicacións recentes de libros e revistas, en castelán, galego ou portugués, achegando un breve resumo. En relación á literatura galega, anuncia a publicación dos poemarios *Vizoño*, de Maxi Rei, do que salienta que é a memoria da infancia e o seu carácter autobiográfico; *O pozo da ferida*, de Medos Romero, do que sinala que é "poesía dura, que aborda a dor das mulleres e a violencia que se exerce sobre elas"; e *Viaxe ao país das nubes*, de Manolo Pipas, que acolle as vivencias poéticas cos indios zapotecas. Tamén se fai eco do número 3 da revista *Segrel*, revista literaria da Terra de Ordes, que inclúe traballos poéticos, narrativos e de banda deseñada.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Publicacións", outono 2007, pp. 29-30.

Sección fixa que alude ás publicacións recentes de libros e revistas, en castelán, galego ou portugués, achegando un breve resumo. En relación á literatura galega, anuncia a publicación do poemario infantil *Farrapos de nube* (2007), de Xoán Neira, publicado na colección "Xiz de cor", que acolle catorce poemas centrados na natureza debedores de Manuel María; e da novela *Trinta e dous dentes* (2007), de Xabier López López, finalista do Premio Torrente Ballester 2006, que lembra a novela picaresca e xoga coas ideas de aparencia e identidade. Tamén informa da saída do prelo do número 2 da revista *Adra* con contidos diversos de arte, historia ou etnografía.

Burgoa, Juan J., "A editorial ferrolá Céltiga (1921-1923)", *Nalgures. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia*, Tomo IV, 2007, pp. 37-47.

Percorrido polas orixes e traxectoria da editorial Céltiga, fundada en 1921 por Xaime Quintanilla, no seo das Irmandades da Fala. Tras mencionárense os compoñentes desta editorial, cítanse as diversas publicacións que levaron a cabo como a primeira delas, *Alén* (1921), do seu fundador. Destácase o subtítulo que acompañou ás publicacións dende 1922 até 1923, "novela mensual ilustrada", editadas como colección "Céltiga", que abrangueu un total de trece números. A seguir, menciónanse como características especiais desta colección o feito dos ilustradores seren coñecidos pintores e debuxantes galeguistas na súa maioría e unha serie de correspondentes que contribuíron de xeito moi especial á difusión das súas publicacións. Alúdese a outras colecciónns que seguiron os pasos de Céltiga, como Alborada, Lar, Libredón ou Galaxia e inclúense algunhas acompañan o artigo algunhas das portadas da editorial Céltiga nas páxinas 39, 41 e 43.

Correa, Anxa, "As artes escénicas teñen que arriscar, por iso é necesario un teatro nacional", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 5, "Artes escénicas", de 07 a 08 (2007), pp. 66-68.

A partir dun conciso parágrafo introdutorio sobre o labor de Cristina Domínguez (Pontevedra, 1965) á fronte do Centro Dramático Galego, dá comezo a súa entrevista na que se falaron temas como o rol do Centro no desenvolvemento do teatro galego e os seus avances dende a súa fundación en 1984; o proxecto "Espazos CDG" co obxectivo da normalización teatral; o balance da última tempada do Centro e as liñas xerais da nova; a identificación do Centro co Salón Teatro en Santiago como espazo escénico e os puntos fortes do teatro galego actual.

Dacosta, Marta, "Acuática alma", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 6.

Acóllese nesta sección o poema titulado "Acuática alma", de Marta Dacosta, acompañado dunha ilustración de Sabela Arias.

Diéguez, Lois, "Eu non me meto…", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Creación", primavera 2007, p. 6.

Reprodúcese nesta sección o relato breve "Eu non me meto…", asinado en maio de 2006, por Lois Diéguez e acompañado dunha ilustración de Luis Otero.

Dorado Cadilla, Jairo, "A ponte sobre o Drina", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 243-253.

Afonda sobre o traballo levado a cabo na tradución d'*A ponte sobre o Drina* (2007), do premio Nobel Ivo Andric, e que é a primeira obra que se traduce do serbio para o galego. Indica que o "problema das traducións" desta obra é de carácter cultural máis que lingüístico e que de xeito paralelo a este traballo houbo unha exhaustiva lectura

doutras cinco traducións. Ademais de profundar nos tratamentos dos tipos de turcismos que na obra marcan "a localización temporal, xeográfica e social da historia", explica outros factores que afectan á tradución como é a relación entre o mundo occidental e o oriental. Noutra liña, analiza o problema terminolóxico que procede da denominación común de serbios e turcos como "bosníacos". Por outro lado, manifesta que "atendendo á lingua", dicir que a obra está escrita "en serbio é unha escolla política". Noutra orde de cuestións, apunta que "a ideoloxía da tradución muda, pero os elementos ideolóxicos do texto orixinal son temporalmente invariábeis" a respeto do aproveitamento que se fixo da obra durante o conflito da ex-Iugoslavia nos anos 90. Para rematar, alude á "recoñecida tarefa" que fai a editora Rinoceronte no eido da tradución en Galicia.

Enríquez, Rosa, "Delimitada", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 4.

Acóllese nesta sección o poema titulado "Delimitada", de Rosa Enríquez, acompañado da ilustración de Magritte titulada "A invención colectiva" realizada en 1934.

Fernández, Luís Manuel, "Tradución de *Das Parfum*", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 255-259.

Analiza a tradución ao galego da obra *Das Parfum*, de Patrick Süskind, traducida como *O perfume. Historia dun asasino* (2006). Refírese ás "esixencias" e ás "condicións" que lle impuxo a novela e parte dunhas consideracións previas nas que afirma que o tradutor parte da "compresión" do texto, que é parcial e limitada pola súa competencia lingüística como pola distancia cultural, histórica, etc. Por outro lado, sinala as facilidades que dá a novela, que aspira a se converter "nunha mercancía accesible ao consumo de amplas masas lectoras". Ademais ilustra algunhas das dificultades coas que se atopou vinculadas á terminoloxía perfumística da obra e que está estreitamente relacionada coa botánica e a zooloxía. Para finalizar, alude a pasaxes que se comproban mal redactadas no texto orixinal.

Forcadela, Manuel, "Traizoar a Jean Rhys", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 235-242.

Comenta o proceso de tradución ao galego de *Ancho mar de argazo* (2007), de Jean Rhys. Parte da idea de que todo texto literario é un consenso entre as tensións ideolóxicas da época en que foi escrito, tal como formula o *Canon Occidental*, de Harold Bloom. Ademais alude á complexidade do estilo do autor, "que non se traduce senón que se traspón". Refírese ás opinións enfrontadas que xerou a súa tradución unha vez que esta saíu á lume. Neste senso, alude que atentendo ao estilo da época en que foi escrita, cabería traducir *Wide Sargasso Sea* en clave Nova Narrativa Galega, "ao estilo dos escritores galegos que por esa altura estaban a innovar". Do mesmo xeito, opina que un dos valores engadidos da obra é o se converter nun modelo da crítica neocolonial e que a análise das condicións en que a novela se traduce obrigaría a outro modelo de discurso, pero que as posibilidades e demandas funcionais do texto son actualmente diferentes.

Geni, "Lixo", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 5.

Acóllese nesta sección o poema titulado "Lixo", de Geni, acompañado da ilustración de Magritte titulada "O modelo vermello" realizada en 1937.

Jaureguizar, "A vida é demasiado curta, Otero Pedrayo demasiado longo", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 2, de 03 a 04 (2007), pp. 84-85.

Considera que antes da popularización de internet, críase que a calidade da literatura galega era "unha rareza exquisita na república mundial das letras", mais que ao botaren unha ollada ás traducións a realidade era "escasa e seca". Nesta liña, repara en que os editores galegos, para aumentar as vendas, decidiron traducir a outros autores que ofrecían as empresas como "a mellor literatura internacional en español". Deste xeito, láiase de que os rapaces prefiran ler autores extraestatais en galego como Auster, Houllebcq e Barnes e non autores autóctonos como Ramón Otero Pedrayo. Para rematar, á pregunta de por que os "fillos do fidalgo de Trasalba" non os traducen, débese a que "fóra", antes de decidir unha tradución dunha obra, "preguntan polas edicións que vendeu no seu país".

Lens, Xosé Manuel, "A literatura é a capacidade de facerme preguntas", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 5, "Literatura", de 07 a 08 (2007), pp. 63-65.

Tras un breve parágrafo sobre a traxectoria literaria de Anxos Sumai, reprodúcese a conversación que mantivo con Lens. Os temas sobre os que xira a conversa refírense ao argumento da súa novela recentemente publicada; as súas actividades como documentalista e bibliotecaria; os vínculos e identificacións creativas, como por exemplo a literatura do silencio; o seu concepto persoal de literatura e os que resumen o seu labor como escritora; a melancolía; o rol do escritor na literatura; a música como acompañante do relato e a súa novela favorita, *La locura y la muerte* (2000), de Ken Bugul. Acompañan a entrevista unhas fotografías de Roberto Ribao, Maribel Longueira e Manolo Martínez.

Luna Alonso, Ana, "Traducións ao galego no ano 2006", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Informacións", 2007, pp. 335-346.

Repaso pola produción editorial relativa aos textos traducidos ao galego do ano 2006. Destaca o aumento de número de obras importadas de narrativa e ensaio e valora o traballo da editorial Rinoceronte como empresa especializada na edición de tradución. Sinala que despois do español, as segundas linguas de partida dende as que máis se traduciron foron o inglés e o francés, entre outras, e apunta como novidade a procedencia de traducións directas. A continuación, en diferentes epígrafes, recolle as obras de narrativa, poesía, teatro, ensaio e literatura infantil e xuvenil traducidas para o galego e das que ofrece algún dato a maiores. Despois, recolle as fichas bibliográficas de cada unha delas.

Marín, Xaquín, "Humor líquido. O caso galego", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 4, de 07 a 09 (2007), pp. 36-41.

Dáse conta da cuestión do humor na sociedade galega partindo dende a definición grega do vocábulo "humor". A traxectoria principia nos escultores artesanais galegos para pasar despois polos monxes, as Cantigas de Escarnio e Maldicir, a aparición da imprenta en Galicia en 1494, os Séculos Escuros (XV-XVI) e o século XIX, co Rexurdimento da literatura galega. Trátase, a seguir, a cuestión dos humoristas gráficos galegos e conclúese co estado do humor e o humor gráfico na actualidade, nos eidos da literatura, da fotografía e das novas tecnoloxías. O artigo vén acompañado de imaxes reproducidas polo autor, Xaquín Marín.

Martínez Lema, Paulo, "Anxo de Gaspar, contista", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Creación", primavera 2007, pp. 3-4.

Sección que acolle o relato titulado "Anxo de Gaspar, contista", de Paulo Martínez Lema.

Martínez Lema, Paulo, "Para R., casa", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 3.

Reprodúcese nesta sección os poemas titulados "1", "2" e "3", de Paulo Martínez Lema.

Montero Domínguez, Xoán, "Traducir o *Banqueiro anarquista* ao galego", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 243-253.

Comeza referíndose ao argumento d'*O banqueiro anarquista* (2007), de F. Pessoa, como un conto sobre razóns de acción práctico-moral, no que converxen intelixencia e disimulo, lóxica e disfrace. Xa que logo, invita o lector á lectura desta "sátira" para pasar a centrarse na tradución da obra, da que sinala a conflictividade que supón traducir unha obra do portugués ao galego. Apunta así mesmo que foi consciente de "algunha perda (neutralización) do contido" de maneira que sinala que ningunha tradución é quen de transmitilo todo e considera que o problema radica "nas culturas propias de cada nación". Por outro lado, céntrase nas dificultades que lle impediron realizar a tradución tal e como se concibira nun principio, deixando "a estrutura da obra orixinal mantendo, na medida do posíbel, os termos escollidos polo autor", que ilustra con exemplos. Para rematar, opina que é o lector quen debe xulgar a boa ou mala tradución, independentemente de ser esta obra a gañadora do Premio Plácido Castro no ano 2006.

Palacio Sánchez, Antón, "Cunqueiro tradutor e anosador", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Teoría e historia da tradución", 2007, pp. 171-203.

Ofrécese unha achega ás traducións de Álvaro Cunqueiro, polo que se comeza mencionando algúns traballos doutros estudosos que analizan o labor tradutor do

escritor. A seguir, realízase unha visión conxunta das obras traducidas ao castelán e o galego e, respecto das primeiras, destácanse as versións dalgunhas novelas súas, así como as traducións dos libros de retratos de personaxes galegos e os poetas dos cancioneiros galego-portugueses. En relación ás traducións ao galego, destácase a multiplicidade de autores poéticos que traduciu doutras linguas (francés, italiano, provenzal...) e que publicou moitos deles en revistas e xornais con pseudónimos varios. Apúntase que apenas traduciu os poetas en castelán e que para un mesmo poema puido chegar a manexar "ata cinco versións diferentes". Para rematar, alúdese ás malas opinións que deu tamén sobre certas traducións alleas e indícase que tamén foi quen de reflexionar sobre problemas teóricos da tradución a través dos seus traballos ou manifestacións (cartas, respostas de enquisas ou entrevistas), nos que "entendía a tradución ó galego como unha necesidade cultural".

Pampín, Basilio, "Entrevista a Víctor Carbajales", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 3, "Artes escénicas", de 05 a 06 (2007), pp. 74-77.

Conversa con Víctor Carbajales, programador do Salón Teatro e distribuidor do Centro Dramático Galego, quen comeza apuntando que o sector teatral está en "continua queixa" e que nunca se fai autocrítica e que o debate é só económico". Ademais de opinar sobre a función dinamizadora da Rede Galega de Teatros e Auditorios, sinala as limitacións que ten o teatro galego á hora de distribuírse no exterior. Considera que as Concellerías de Educación e Cultura deben traballar en conxunto para que o teatro cumpra a función educativa e, a respecto das subvencións públicas, estima que as compañías "se acomodaron un pouco" e "non buscan outro tipo de subvencións nas empresas privadas". Por outro lado, reivindica "relevos xeneracionais" para o teatro do século XXI, pois pensa que "o que falta é un *boom* creativo importante, unha nova xeración de actores, directores e dramaturgos". Noutra orde de cousas, opina que si se pode vivir do teatro e remata reflexionando sobre se o teatro convive mellor cun Goberno de esquerdas.

Rei, Maxi, "en Vizoño atopouse unha necrópole ó estudiar as obras do oleoducto A Coruña-Vigo…", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 7.

Reprodúcese nesta sección o poema titulado "en Vizoño atopouse unha necrópole ó estudiar as obras do oleoducto A Coruña-Vigo…", de Maxi Rei.

Rodríguez, Gabriela, "As esquecidas", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Creación", primavera 2007, p. 5.

Sección que acolle o poema titulado "As esquecidas", de Gabriela Rodríguez.

Rodríguez, Gabriela, "Elemental", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 5.

Acóllese nesta sección o poema titulado "Elemental", de Gabriela Rodríguez, acompañado da ilustración de Magritte titulada "O modelo vermello" realizada en 1937.

Rodríguez Otero, Begoña, "*De espellos, trens e outros velenos*. Escollas para o feito tradutolóxico, filolóxico e editorial", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 295-304.

Análise que fai a tradutora de *De espellos, trens e outros velenos* (2006), que recolle unha serie de relatos de Virginia Wolf, D. H. Lawrence e K. Mansfield sobre o seu labor, destacando que se deixou guiar "por unha intuición" coa que reflectir as vivencias e creacións dos citados autores. A partir da necesidade da editorial de obter un texto divulgativo, considera que o título da obra de relatos é "evocativo" para conseguir introducir o elemento poético común a moitos dos relatos e salienta o fenómeno artístico e de mediación-creación da propia tradución. Ademais xustifica outros elementos como a sección explicativa dos relatos en epígrafes, a inclusión de fotografías, a selección dos relatos ou a presenza "excesiva" de anotación a pé de páxina. A seguir, afirma que os criterios que se empregaron para realizar as traducións varían dun autor a outro e para rematar, repasa por apartados as escollas para a tradución de Wolf, por unha parte, e de Lawrence e Mansield, pola outra.

Santiso, Lia, "A cicatriz", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Creación", primavera 2007, p. 7.

Acolle esta sección o poema titulado "A cicatriz", de Lia Santiso.

Santiso, Lia, "A parella feliz", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 7.

Sección que acolle o poema titulado "A parella feliz", de Lia Santiso.

Serendipia, "20 anos de museo", *Serendipia. V.O. comunicación&cultura*, n.º 4, de 07 a 09 (2007), pp. 42-45.

Trátase a situación do humor en Galicia restando especial atención ao Museo do Humor en Fene e, particularmente, á súa historia. Tamén se fala de diversas accións relacionadas con esta institución: exposicións organizadas, os premios Curuxa que creou en 1985, os seus obxectivos, os libros que editou, como o boletín trimestral *Sapoconcho*, e a Asociación de Amigos do Museo e o orzamento co que conta.

Silva Fernández, Vanessa, "De espellos, trens e outros velenos", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Críticas e recensións", 2007, pp. 319-323.

Refírese a *De espellos, trens e outros velenos* (2006), escolma de catorce contos escollidos e da autoría de Virginia Woolf, D. H. Lawrence e Katherine Mansfield e traducidos por Begoña Rodríguez Otero. Sinala que a tradutora pretende que os

lectores/as asuman que están "a piques de comezar unha viaxe" para comprender o movemento modernista no que se encadran estes autores. Ademais de comentar algunhas cuestións que teñen que ver co propio prólogo da obra, a cargo tamén de Rodríguez Otero, céntrase na tradución dos relatos sinalando que se atopa un certo número de erros, tipográficos na súa maioría, que poden dificultar ou empobrecer a comprensión dos relatos. Para rematar, apunta que estes erros "non desmerecen" o seu labor tradutor e salienta a exactitude coa que se reflicten e reproducen diferentes estilos nun mesmo relato.

Sobrino, Xosé Luis, "O tempo embebido en salitre", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Creación", primavera 2007, p. 7.

Acolle esta sección o poema titulado "O tempo embebido en salitre", de Xosé Luis Sobrino.

Sobrino, Xosé Luis, "Un vello estudio", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Creación", outono 2007, p. 4.

Sección que acolle o poema titulado "Un vello estudio", de Xosé Luis Sobrino.

Valado, Liliana, "Traducir o teatro de Ibsen ao galego no século XXI", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Traducións xustificadas", 2007, pp. 275-293.

Afóndase no proceso de tradución ao galego que a autora, xunto con Märta Dahlgren, levou a cabo da obra de Henrik Ibsen, *Casa de bonecas* (2007). Achégase á figura do autor e da obra e analízase o proceso de tradución por fases. A primeira delas concibiu como unha obra que ía "ser representada no século XXI" de maneira que se adaptou o noruegués ibsiano de finais do século XIX á lingua galega moderna e sinálase que se realizou a partir dunha edición electrónica en noruegués moderno colgada na rede. Ademais trátanse aspectos como a revisión de contidos e de estilo vinculados coa dialectoloxía ou a oralidade. Da segunda fase, comentáse algúns diálogos estabelecidos entre a tradutora e o revisor. Conclúese reflexionando sobre a posibilidade de introducir estes "protocolos de actuación" para "normalizar e cuantificar" a calidade do servizo de tradución, a través do seguimento do proceso até a obtención do produto final. En anexos preséntase unha táboa coas traducións desta obra con indicación do ano, título, nome do tradutor, editorial e lingua.

Venâncio, Fernando, "Palavras doutra tribo. Sobre traduções de literatura galega", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Teoría e historia da tradución", 2007, pp. 25-54.

A raíz da tradución da obra *Papaventos* (2001), de Xavier Queipo ao portugués, chamado *Bebendo o mar,* apunta que hai nela elementos problemáticos que exemplifica cun grupo de vocábulos e locucións así como "falsos amigos"; aspectos estes que ha recuperar despois de afirmar que non se discutirá a cuestión xénerica de "*necessidade"* e de "*possibilidade*" de traducir entre galego e portugués, ao considerar que ambas

linguas son "duas *normas*, diferentes e marcadíssimas". De seguido, apunta algunha bibliografía de ficcionistas galegos que foron editados en Portugal, dos que toma exemplos para tratar cuestións como os calcos fraseolóxicos do castelán, o tratamento da linguaxe obscena ou a opción *diferencialista* galega "que desconhece-a inteiramente um português". Para rematar, a partir de cinco reflexións previas, considera que ningún aproveitamento léxical ou fraseolóxico do portugués debe secundarizar "especificidades galegas' nin debe conduzir, agás as terminoloxías internacionais, a um reaproximar do castelán".

Villar, Miro, "Facer claridade nos recordos mudos de Vizoño", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Crítica", primavera 2007, pp. 25-26.

Acóllese a intervención de Miro Villar na presentación do poemario *Vizoño*, editado pola Asociación Cultural Eira Vella, realizada o 29 de decembro de 2006, na que se salientaba o tema da perda da inocencia e o esvaecemento dos soños, presente na tradición poética dende Jorge Manrique e na literatura galega con figuras como Celso Emilio Ferreiro. A seguir, coméntase que analizaba os paratextos do poemario, como a elección do topónimo do título que resume a memoria persoal da infancia do autor ou a dedicatoria. Dise que é unha construción autobiográfica, que se ve nos encabezamentos dos textos e nos lugares, que leva á formación do eu infantil con forte enraizamento coa terra, mediante a interpretación metafísica da paisaxe a través da nostalxia do paraíso perdido. Tamén se salientan as referencias íntimas e a configuración do tempo da infancia, así como a visión que o poeta desenvolve da reflexión metapoética, exemplificado con algúns poemas. Finalmente, péchase a intervención cos agradecementos e felicitacións á Asociación Cultural Eira Vella.

Xanela, A, "María Mariño", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Festa das Letras", primavera 2007, pp. 15-17.

Saliéntase a importancia de ser unha das dúas escritoras homenaxeadas, xunto a Rosalía de Castro en 1965, no Día das Letras galegas. Dise que se bautizou literariamente cunha única obra en vida titulada *Palabra no tempo* (1965),que foi promocionada por Uxío Novoneyra e que é reflexo da súa vida. A seguir acóllense dous poemas: "Tiven medo de vogar…" e "Eu non sei si xa pasou…", unha cronoloxía da vida e obra da escritora e algúns doe poemas do libro homenaxe *Verba que comenza* (1990): "Encéndeseme o peito, brua en alma soia", "Está caendo a folla i'en min nace primavera." e "Aquí che deixo, meu peito canso, aquí".

Xanela, A, "Betanzos, 6 de outubro de 1907. O mitin en galego de Lugrís", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Centenarios", outono 2007, pp. 15-16.

Despois de salientar o discurso de Manuel Lugrís Freire, recollido n'*A Nosa Terra* en 1907 e despois por Uxío Carré Aldao en *Literatura gallega* (1911), como amosa de lingua oral, transcríbese as verbas pronunciadas por Lugrís.

XII.4. A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XII.4.1. NARRATIVA

XII.4.1.1. NARRADORES GALEGOS

López Iglesias, Francisco, *El maestro Mateo*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Juvenil. Historias de Santiago, n.º 1, decembro 2007, 108 pp. (ISBN: 978-84-95364-64-7). ■

Francisco López Iglesias fai nesta obra un longo percorrido pola historia que acompaña ao Pórtico da Gloria e ao seu autor, o Mestre Mateo. Deste xeito e partindo da biografía do mesmo Mestre Mateo deixa testemuña dos acontecementos e personaxes que acompañaron e influíron na construción do Pórtico. O autor comeza o libro destacando a súa admiración pola portada occidental da Catedral de Santiago de Compostela, da cal subliña o seu carácter inmortal dado o carácter imperecedoiro da pedra granítica propia do medio galego. A través dunha prosa fluída pero ateigada de tecnicismos artísticos e en particular arquitectónicos, relata a situación da Galicia na Idade Media e en concreto, da Compostela do medievo e dos personaxes máis relevantes da época. Utiliza o punto de vista do Mestre Mateo para narrar a historia e preséntao como un intelectual, antecesor dos "artistas" do Renacemento. Conta a vida do famoso canteiro e escultor e relata a súa chegada á Galicia dende a Borgoña francesa atraído pola fama da Catedral de Santiago e do seu Camiño. De igual modo, sinala quen foron os artífices do esplendor de Compostela, a vida no burgo e as influencias que fixeron de Compostela unha cidade de referencia na Europa Occidental daquel tempo. Explica o proceso de construción da catedral en conxunto e fai especial fincapé na creación do proxecto escultórico de Mateo. A cantidade de tecnicismos e a densidade e estilo da prosa fan desta obra unha importante fonte de información no referido á persoa do Mestre Mateo, porén, afastan a calquera público infantil.

Referencias varias:

- C. P., "Érase una vez el maestro Mateo y Diego Xelmírez", *La Voz de Galicia*, "El reverso del día", 15 outubro 2008, contracuberta.

Infórmase de que Estro Montaña e Francisco López son os autores dunha serie de libros titulada *Historias de Santiago*. Coméntase que o seu obxectivo é que os adolescentes compostelans coñezan a historia da cidade. Dise que os personaxes que interveñen nos relatos son Dona Urraca, o mestre Mateo, Dona Berenguela e Diego Xelmírez. Infórmase que o Consorcio compostelán presentou os dous primeiros títulos desta colección xuvenil: *O mestre Mateo*, de Francisco López Iglesias, e *Diego Xelmírez, báculo de gloria en Compostela*, de Estro Montaña, ilustrados por Jaime Asensi.

- C. P., "Escribín o conto co afán de divulgar a historia que pisamos cada día", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 16 outubro 2008, p. L16.

Entrevista a Francisco López na que manifesta que a biografía do mestre Mateo é o tema do primeiro libro da colección "Historias de Santiago". Comenta que a obra *O Mestre Mateo* é froito de "rastrexar nos séculos XII e XIII", para poder contextualizar a vida do mestre Mateo, e que pretende meter aos rapaces na lectura e abrir camiño ao interese pola historia, por iso inclúe anotacións a pé de páxina recollidas de historiadores.

Montaña, Estro, *Diego Gelmírez. Báculo de gloria en Compostela*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Juvenil. Historias de Santiago, n.º 2, decembro 2007, 96 pp. (ISBN: 978-84-95364- 65-4). ■

Estro Montaña (Betanzos, 1956) comeza esta monografía cunha cronoloxía que inicia no 1075, data na que comezan as obras da catedral compostelá, que despois de Diego Peláez asumirá Diego Xelmírez. Logo, aparecen os feitos que máis influíron ou que máis sobresaíron da súa vida e remata no 1140 coa morte do prelado. Despois da cronoloxía atopamos unha breve introdución que comenta o contexto histórico no que viviu o bispo e tamén cómo era o seu carácter. Os sete capítulos seguintes narran a súa vida. O oitavo capítulo versa sobre a *Historia Compostelana*, libro que encargou Xelmírez e que debía recoller os feitos dos seus predecesores, pero tamén os seus propios avatares. O derradeiro capítulo está constituído por fragmentos da *Historia Compostelana*. Logo aparece un apéndice coa bibliografía utilizada.

Referencias varias:

- C. P., "Xelmírez ten perfís moi novelescos, paseino ben recreando a súa historia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 17 outubro 2008, p. L16.

Entrevista a Estro Montaña na que explica que Diego Xelmírez ten "moitos perfís novelescos" e que o libro *Diego Xelmírez, báculo de gloria en Compostela* que escribiu sobre el "préstase moito a enganchar aos rapaces" con diversas anécdotas e peripecias.

Mosteiro, Carlos, Lola **Arxóns** e Antón **Riveiro** (coords.), *A cor dos soños*. *III Encontro de creadores no Barbanza*, limiar de Carlos Mosteiro, Boiro: A.C. Barbantia, abril 2007, 129 pp. (DL: C-1169-2007). ◆

Como consta na portada ao título engádese "Literatura Infantil-Xuvenil e Ilustración" que ao parecer se realizou en Rianxo. No limiar Carlos Mosteiro gábase de estar xa no III Encontro de Creadores do Barbanza e que nel se debata sobre a Literatura Infantil-Xuvenil e Ilustración, un tema que considera non hai que explicar a súa pertinencia xa que no lector infantil se agocha o lector de futuro. Di que nesta obra narradores e artistas expoñen a súa particular visión da infancia. Agradece a participación e a seguir reprodúcense textos de temática moi variada, o seu autor e a seguir o autor do debuxo que acompaña á creación: "Bergen", de María Xesús Blanco López e Gochi (pp. 7-16); "O esquío Pío e a andoriña Carmiña", de Ramón Carredano Cobas e Veiras Manteiga (pp. 17-25); "Bolboreta", de Esther F. Carrodeguas e Chema (pp. 27-31); "O primeiro bico", de Uxía Casal e Pablo Otero "Peixe" (pp. 33-40); "Castejano calsonsillos de lana", de F.R. Lavandeira e Paola García (pp. 41-51); "Baixo sospeita", de María

Loureiro Piñeiro e Iván Hermo (pp. 53-67); “A segunda hora da tarde”, de Carlos Mosteiro e Daniel Cerecedo Bretal (pp. 69-75); “O esquío e o raposo”, de Alberto Piñeiro e Esther Rodríguez Ferreirós (pp. 77-81); “Un señor gol de cabeza”, de X. Santos Suárez e Manuel Teira (pp. 84-93); “Cachiños”, de Olalla Tuñas e Elisa Gallego Picard (pp. 95-101); “Avatar e o dragón desmemoriado”, de Francisco Vázquez Chantada e Alejandro Senande (pp. 103-114); “Un grego xenial”, de Xosé Antonio Ventoso Mariño e Xoán Fernández (pp. 115-121); “”Piquiño Mouro”, de Francisco Ant. Vidal e Rodrigo Chao (pp. 123-129).

XII. 4.1.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

VV.AA., *Contos de monstros para ler, aprender e divertirse* (*Histories de Monstres pour apprendre à lire*, 2007), ilust. Lauren Audouin, Stéphan Laplanche, Hervé Le Goff, Laurent Richard e Olivier Schwartz, trad. Lara Santos, Vigo: Xerme Edicións, [lectorado autónomo], 2007, 119 pp. (ISBN: 978-84-9854-054-3).

Escolma de catro contos relacionados con diferentes monstros. En "A caixa dos pesadelos", de Michel Piquemal (Béziers, 1954), a profesora pídelles a Roberto e aos seus compañeiros de clase que debuxen nunha folla o seu peor pesadelo para logo metelos nunha caixa e que os nenos xamais teñan medo. Todos debuxan dragóns, bruxas e pantasmas agás Roberto, que, como non ten medo a nada, debuxa á súa profesora. Logo saen ao patio; o día está gris e para evitar que o vento estrague a xanela da clase a profesora pídelle a Roberto que suba a pechala. Cando chega alí o neno queda abraiado: a caixa dos pesadelos está tirada no chan; todos os monstros saíron dela e o acurralan até que a profesora que el debuxou consegue, brandindo unha regra, devolvelos á súa prisión. Cando a profesora de verdade sobe do patio, ve que todos os monstros están na caixa agás o debuxo que a representa. Como a mestra tenta metelo cos outros, Roberto pídelle que deixe fóra a aquela superprofe que, a partir daquel día, será a gardiá dos pesadelos, pegada con cinta adhesiva á caixa. Tomé e Elisa son os nenos protagonistas de "Ollo co dragón!", de Amélie Sarn (Francia, 1970), onde se decata de como se armaron como cabaleiros medievais con cazos, culleróns de madeira e tapadeiras para enfrontarse ao dragón que, segundo cren, está no xardín do lado; porén, cando chegan alí, descobren que o temido dragón é un can grande e rebuldeiro e que o fume que viron dende a súa casa non sae da boca do monstro senón dunha morea de follas que o veciño está a queimar. "O ogro das malas palabras", de Christophe Loupy, conta a historia do ogro Xurafaz; Xurafaz non ten amigo nin ogresa que o queira pola súa teima de blasfemar até que un día decide mercar un papagaio que, segundo se di nun anuncio, engule as malas palabras. Pero o paxaro non só engule as malas palabras senón todo o que Xurafaz di e logo repíteo. O ogro ten unha idea brillante: merca un papagaio femia e así consegue que o seu papagaio comece a dicir palabras fermosas, coma se dun trovador se tratase, palabras que el tamén aprende para namorar a unha ogresa. En "O monstro do espazo", de Marc Cantin, a astronauta Zaza libera ao planeta Zupitón e aos seus habitantes dunha araña xigante. A súa orixinalidade reside fundamentalmente no colorido e no formato: cada conto leva páxinas dunha cor diferente á dos outros e, paralelamente á historia, preséntase un pequeno glosario coas palabras máis difíciles e curtas anotacións acompañadas de deliciosos debuxos sobre a vida dos monstros (a linguaxe dun monstro, os accesorios dun ogro, como recoñecer un lobishome, os praceres dun ogro, a boca dun monstro...). Tamén contén o libro unha sección final ("A xogar!") na que se propoñen actividades sobre os contos e sobre a información dada nas anotacións paralelas. Ademais das ilustracións principais de cada conto, o libro conta cunhas ilustracións nas marxes, que unifican todo o libro e que son realizadas por Laurent Audouin (Francia, Poitiers, 1969).

Recensións:

- Alba Piñeiro, "O mundo dos monstros", *A Nosa Terra*, n.º 1.318, "Bulebule", 10-16 xuño 2008, p. 30.

Comenta a obra *Contos de monstros* e indica que se trata dunha "minienciclopedia" sobre estes seres presentes nos xogos e nas historias dos máis pequenos. Explica que o libro é un conxunto de catro contos de distintos autores (Michel Piquemal, Amélie Sarn, Christophe Loupy e Marc Cantín) e salienta a simbiose entre eles pola forma, xa que mostran a mesma estrutura, e tamén polo fondo. Comenta que as historias son verosímiles, feitas con humor e cunha linguaxe moi expresiva. Por último, fai referencia ás ilustracións, tamén de autores diferentes, que lle dan vida e cor ao texto.

- Paula Fernández, "Atractivo colorismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 261, "Infantil/Xuvenil", 2 outubro 2008, p. VII.

Dise que se trata dunha compilación de catro contos de medo pensados para nenos de entre 5 e 8 anos, escritos por Michel Piquemal, Amélie Sarn, Christophe Loupy e Marc Cantin. Tamén salienta as súas ilustracións, pola súa profusión e colorismo, e a selección de actividades para traballar a competencia lingüística de xeito lúdico. Trátase de historias "sinxelas, cun único fío argumental" que recollen tópicos infantís arredor do sobrenatural.

XII.4.2. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA.

XII.4.2.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Luna Alonso, Ana e Silvia **Montero Küpper** (eds.), *Tradución e Política editorial de Literatura infantil e xuvenil*, presentación das editoras, Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, col. Tradución&Paratradución, n.º 2, 2006, 348 pp. (DL: VG. 709-2006) (ISBN: 84-8158-327-8). ◆

Segundo volume colectivo da colección Tradución&Paratradución que aparece estruturado en tres bloques, unha presentación e unha coda. A presentación funciona como unha introdución; no primeiro bloque, "Política editorial de Literatura infantil e xuvenil e tradución", realízanse reflexións a cerca das políticas editoriais que rodean a tradución de Literatura infantil e xuvenil de todo o Estado español; no segundo bloque, titulado "Escribir e traducir(se)", varios autores galegos achegan as súas reflexións a cerca da tradución de literatura infantil e xuvenil; no terceiro bloque, "Comportamentos traductivos e paratradutivos", achéganse diferencias e similitudes do proceso traductivo de textos infanto-xuvenís de diversas linguas; e, finalmente, a "Coda" pecha o volume . Os artigos de interese para a literatura galega son os seguintes:

- Ana Luna Alonso e Silvia Montero Küpper, "Aspectos paratradutivos e políticas editoriais de literatura infantil e xuvenil traducida", pp. 11-23.

Trata, en liñas xerais, a importancia da literatura infantil e xuvenil, e concretamente da súa tradución, para a conformación dun sistema literario, deixando constancia da relevancia de factores como son, non só os textuais, senón tamén os relativos a "quen decide que se traduce, quen traduce, cando, por que, para que, para quen, onde e como", servindo estas liñas como introdución a breves comentarios a cerca da estruturación da obra e dos diferentes traballos que a completan.

- Xosé Manuel González Barreiro, "A política editorial en Kalandraka Editora", pp. 39-43.

Situado no primeiro bloque do volume, dá conta do tardío comezo do proceso de tradución de literatura infantil e xuvenil en galego, e das causas que levaron a crear na Editora Kalandraka unha colección destinada exclusivamente ás traducións, 'Tras os Montes'. Fala, asemade, das dificultades da tradución literaria.

- Josep Baldaquí Escandell, "Panorama actual de la LIJ en las 'perifeiras", pp. 45-56.

Expónse o panorama da tradución de literatura infantil e xuvenil nas diferentes linguas do Estado español, así como tamén entre elas, dende 1993 até 2003. Infórmase de que o maior número de traducións se sitúa en 1998, así como de que o castelán é unha lingua moi traducida ás restantes linguas españolas, acusando deste xeito o necesario auxe das literaturas propias.

- Mónica Domínguez Pérez, “Tendencias de las traducciones entre las lenguas del ámbito español”, pp. 57-70.

Achéganse de novo datos informativos a cerca das traducións entre as literaturas do que se denomina “macro-polisistema español”, denominando as diversas literaturas como centrais, periféricas (onde se sitúa a galega) ou intermedias. Saliéntanse, asemade, as diferenzas entre o comportamento da literatura traducida de LIX e de literatura para adultos.

- Fran Alonso, “Quince puntos para o debate sobre Literatura Infantil e tradución”, pp. 91-93.

Dá conta da situación precaria e dificultosa da edición de literatura infantil e xuvenil galega en comparación, e en competencia, coa edición no estado español, salientando como grande inconvinte para mellorar esta situación a alta dependencia do sistema educativo. Denúnciase, asemade, o baixo porcentaxe de lectores que len en galego e que, ao ler traducións, recorren ao castelán.

- Rosa Marta Gómez Pato, “Había unha vez... contos alemáns en galego. Traducir LIX en Galicia”, pp. 95-108.

Trata das traducións ao galego realizadas dende o alemán, deixando constancia da recente historia deste fenómeno. Coméntase tamén o aumento na súa calidade debido en gran parte á realización do proceso sen depender dunha lingua ponte, como pode ser o castelán, aspecto a raíz do cal se amosan algúns exemplos de análise de traducións centrados en aspectos de trasvase cultural.

- Ana Luna Alonso, “A literatura infantil e xuvenil galega traducida. Achegas para o seu estudo”, pp. 109-128.

Mediante a achega de datos estatísticos e títulos de obras traducidas, coméntase o alto número de traducións de literatura infantil e xuvenil galega fronte ao reducido número de obras para adultos, aínda que deixando latente que estas se exportan maioritariamente ao ámbito estatal.

- Valentín Arias, “Conta pouco a calidade”, pp. 131-133.

Xa no segundo bloque do volume, o Premio Nacional de Tradución 1989, Valentín Arias, achega as súas consideracións a cerca do acto da tradución, o cal cataloga de ‘acto de creación’, e da calidade das traducións ao galego a través de exemplos de traducións.

- Ánxela Gracián, “Pontóns para a elaboración dun corpus na literatura infantil e xuvenil galega traducida. Narradores que traducen a narradores”, pp. 135-146.

A escritora realiza unha proposta da historia da tradución da LIX en Galicia, salientando este sistema literario como importante para a conformación e consolidación do sistema literario galego, partindo da teoría dos polisistemas enunciada por Itamar Even-Zohar. Fala, asemade, da importancia para a literatura de chegada que supón o feito de que

escritores de prestixio realicen as traducións, achegando os nomes dos que ela considera os pioneiros deste labor en Galicia.

- Xosé Antón Neira Cruz, "Traducir na periferia cultural", pp. 147-160.

Reafírmase a importancia da tradución de cara ao enriquecemento cultural e literario en calquera sistema literario de chegada, a continuación do cal se trata a especificidade e características da literatura infantil e xuvenil galega, dando conta da importancia do mediador na educación literaria. Finalmente, achéganse as súas consideracións a cerca dos aspectos máis importantes a ter en conta á hora de levar a cabo o proceso traductolóxico.

- Fina Casalderrey, "Na procura do tradutor ideal: intuicións", pp. 161-166.

Este estudo céntrase nos aspectos básicos que un bo traductor debe desenvolver para levar a cabo unha tradución o máis fiel posíbel, como o coñecemento do texto a traballar, entre o que se destacan as referencias ambientais reais, ou a comprensión do seu sentido.

- Antón Cortizas, "Apuntamentos sobre a escrita e tradución de literatura infantil e xuvenil", pp. 167-170.

Insiste na importancia e coidado que requiren as traducións destinadas aos máis xoves. Saliéntase, asemade, a necesidade de aumentar as fronteiras da tradución, indo máis aló do ámbito castelán, para o sistema literario galego e para a súa consolidación.

- Agustín Fernández Paz, "Algunhas reflexións sobra o meu traballo de escritor", pp. 171-175.

Agustín Fernández Paz afirma a necesidade dunha literatura para os máis cativos tentando desbotar a denominación tanto de literatura periférica (en relación ao galego) como de sistema literario periférico (no tocante á literatura infantil e xuvenil) poñéndose a si mesmo como exemplo, un escritor que traspasa fronteiras, e para o cal precisa da tradución.

- Marilar Aleixandre, "De Carrol a Harry Potter guiada por un mapa en branco: tradución e creación de literatura infantil e xuvenil", pp. 177-186.

Fala da tradución como unha faceta máis dunha escritora, centrándose na importancia da calidade dos traballos de tradución, concretamente de LIX, para a formación lectora en galego. A continuación, Marilar Aleixandre fala da súa propia experiencia como traductora en relación a tres obras de literatura xuvenil procedentes do inglés.

- Xabier Cid, "De Harry Potter á carteira de Baíñas. É Harry Potter unha obra clave da literatura infantil e xuvenil galega?", pp. 215-222.

Pertencente ao terceiro bloque, o presente estudo achega unha serie de comentarios a cerca das traducións realizadas sobre a obra de J. K. Rowling. Tenta situarse a posición destas traducións dentro do sistema literario galego facendo achegas sobre a edición e a

recepción destes textos, en comparación coa súa situación no sistema literario internacional.

- María Dolores González Martínez, "A tradución da obra de J. K. Rowling: múltiples retos e variedade de solucións", pp. 223-232.

De novo coa obra de J. K. Rowling como eixe central, compáranse as estratexias de tradución da serie de Harry Potter en distintas linguas: alemán, castelán, catalán, francés, galego, italiano, portugués continental e brasileiro. Trata tanto elementos textuais como factores externos ao libro, como pode ser a política editorial.

- Sabela González Paínzo, "Transmisión da oralidade en *Harry Potter and the Philosophers´ Stone*", pp. 233-242.

Último autor que estuda a Harry Potter neste volume colectivo, desta vez tratando a importancia de reflectir a variación lingüística na tradución do primeiro volume desta serie literaria ao galego, todo isto exemplificado con fragmentos do texto e as súas diversas posibilidades de tradución.

- Xoán Manuel Garrido Vilariño, "Recepcións das traducións galegas da Literatura do Holocausto dirixidas ao público xuvenil", pp. 287-305.

A partir da explicación do concepto de Literatura do Holocausto, explícase a creación deste xénero e trátase a súa tradución ao galego no contexto actual de recuperación dunha memoria histórica específica. A continuación, realízase unha crítica dos textos traducidos e do porqué da escolla duns títulos sobre outros.

- Marta Souto González, "Programa de dinamización lingüística do SNL de Vigo"pp. 321-331.

Para rematar, e a modo de conclusión, a responsábel da área de Normalización, Marta Souto González, achega no apartado "Coda" unhas consideracións teóricas acerca do proceso de normalización lingüística, tras o cal ofrece un panorama das actividades que o SNL do Concello de Vigo realiza en función da promoción e dinamización da lingua, destinadas principalmente á mocidade e aos máis cativos, o sector de poboación que se caracteriza por ser o menos galeguizado. Realiza tamén unha achega da súa consideración sobre o papel da tradución como elemento de cara a acadar dita normalización.

XII.4.2.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Soto Andión, Xosé, "Manolito ten un segredo", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Críticas e recensións", 2007, pp. 325-327.

Realízase unha análise da tradución da serie que protagoniza Manolito Catrollos, edición de 2003 e da que informa que a realizou Obradoiro/Santillana a partir da tradución de Antón Palacio. Ademais de dar información sobre as ilustracións, que corren a cargo de Emilio Urberuaga, e da propia estrutura, realiza unha síntese do argumento. Comenta as súas apreciacións sobre o nome do protagonista, do que se "podería pensar que a forma adecuada en galego sería *Manoliño*, mesmo *noliño*", mais afirma que Manolito actúa case que a modo de "copyright" e arquetipo, posto que hai nomes que están "cuñados e identificados como tal". Ademais de ofrecer información sobre a ortografía e normativa, considera que, respecto do léxico empregado, a tradución é bastante fiel á lingua de procedencia, "sen se permitir licenzas que acaden excesiva enxebreza".

Torreiro, Henrique, "Violencia no cómic", *Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, 2007, pp. 115-116.

Comeza afirmando que todas as sociedades teñen uns límites marcados sobre o que se debe ou non mostrar ao público, isto é, o que é ou non obsceno. A seguir, di que elementos de carácter sexual ou violento se poderían considerar obscenos e que a percepción que cada un ten da realidade é diferente. Dende esta óptica, afirma que coas escenas de violencia ocorre o mesmo, podendo observalas como algo indisolúbel que forma parte da historia ou de maneira gratuita. Sobre isto, pregúntase onde está o límite e apunta que o medio da banda deseñada "é unha presa fácil para estas disquisicións" debido ao ser potencialmente gráfico.

Yuste Frías, José, "Para-traducir libros infantís", *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, "Teoría e historia da tradución", 2007, pp. 135-170.

O autor, membro do Grupo de Investigación Tradución e Paratradución (T&P), salienta a importancia que teñen os paratextos en calquera obra, pois contribúen á concepción e sentido dun texto determinado. Para explicar a importancia que ten non só a traducion dos textos senon tamén das ilustracions que o acompañan recorre a un feito real do que el é protagonista. Así, no 2002 a liña editorial do grupo xogueteiro *Imaginarium* púxose en contacto co autor para solicitarlle a tradución de dúas obras infantís francesas ao español, posto que as versións coas que contaban non eran do seu agrado. A través da exposición de como levou a termo este traballo explica que no caso deste tipo de libros dirixidos ao público infantil os paratextos son moi variados (peritextos icónicos, sonoros ou mesmo olfactivos) e teñen máis importancia que o propio texto.

XII.5. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

XII.5.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Rivas, Paco, *Contos de onte para contar mañá*, prólogo de Antón Santamarina, debuxos de Juanel, epílogo do autor, Lugo: Servicio Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, col. Historia, 2007, 156 pp. (ISBN 13: 978-84-8192-362-9). ◆

Neste volume Paco Rivas recolle vinte contos que lle contaran de cativo a súa avoa, o seu avó e a súa nai. Arrinca con dúas citas, unha de Hermann Hesse e a outra sen precisar, ás que segue a dedicatoria "A miña nai. Contadora de soños". Conta cun prólogo de Antón Santamarina, elaborado en Santiago en xaneiro do 2006, no que fai unha reflexión sobre os contos que se van recoller e narrar aos que califica de contos verdadeiros, porque son de "xente de verdade". Ademais na páxina 15 preséntase o índice. Nos contos predomina a descrición en terceira persoa, empregando maioritariamente o imperfecto de indicativo, mesturado co perfecto. Así mesmo mestúranse varios planos temporais, ao relatarse en presente o contexto do narrador-autor do libro, quen recolle os contos que lle narraban no pasado os seus avós ou a súa nai. Sobre a súa avoa afirma, na páxina 127, que "era unha mestra na arte de narrar, e eso que non asistira a ningún Taller literario…". A parte descritiva vese intercalada con diálogo, nos que se recollen en primeira e segunda persoa as verbas dos protagonistas dos contos. Nos relatos inclúense aclaracións, ben entre paréntese, ben con parágrafos á parte, nos que se indican diversas actividades ou costumes do momento no que ten lugar o conto. Tamén se fan referencias a detalles incluídos noutros contos xa recollidos antes. "O xastre Vilas" ubícase nas terras de Lugo, concretamente do tramo que vai dende Rábade a Duarría. O xastre Vilas atópase cunhas mulleres en procesión que se dirixen ao cemiterio, pero que non entran nel pola porta, senón polas paredes, coma se fosen espíritus. "O Luchano" sitúase no concello de Trazo. Luchano viu "unha procesión de estrelas" que interpretou como anuncio dunha morte. Ninguén o creu, mais ao día seguinte as campás repicaron a morto. N' "A Carme e a Susana (ó pasar por Guadalupe)", as protagonistas son a nai e a tía do narrador que cando voltaban de moer o millo se lles fixo de noite psaron moito medo, pois Susana notou que alguén as perseguía, unha rea de mulleres con sacos na cabeza. O medo pasoulles ao chegar ao seu barrio de Salgueiriños. Tamén se sitúa nese barrio o "Demo de lobo" que lle aconteceu ao avó do narrador. Atopouse cun lobo e encarouse con el, mentres que o animal ría. Ao final todo quedou nun susto e Manuel, que así se chamaba o avó, voltou san e salvo para a casa, pero moi asustado. En "Andrés do Souto", nárrase que Andrés era un rapaz que vivía en Lavacolla. Un día, cando volvía de visitar á súa moza tivo unha visión no cementerio: unha roda de doce mulleres vestidas de negro e con cadansúa vela. El marchou correndo para a súa casa. Tamén en Lavacolla vivía o protagonista homónimo d'"O Chaconetas (vindo da Feira da Foca)" do que se dicía que "levaba a morte consigo". Nárrase que tivo a premonición da morte de Malfeito, que o viu entrar no cemiterio unha noite, momento no que en realidade el estaba a morrer. "A casa de San Paio (outro do Chaconetas)" é unha continuación do relato anterior. Nel predice unha morte e como está diante o seu fillo, explícalle como facelo. Isto inqueda a seu fillo e provocaralle a morte, a cal tamén predecirá o Chaconetas. En "Josefa da Panadera (O pano de cachemira)" nárrase que María de Regal se atopa coa súa veciña

Josefa da Panadera, a saúda e segue o seu camiño. Como nota algo raro nela decide ir visítala e ao chegar descubre que morrera e obsérvaa no seu cadaleito vestida exactamente igual que como a vira ela facía un ratiño. “Joseiño de Malle” narra como o xastre Farruco pasou toda a noite atrapado por unha silva porque pensaba que era o finado Joseiño de Malle e tíñalle medo. N’ “A pucha e a canaveira” os protagonistas os o pai e o avó do narrador. Comeza contando como o pai perdera a pucha no bosque cando se lle quedara présa nunha silva, pero por medo escapou sen mirar quen lla collera; ao ir co seu pai a buscala descubriu que non había espíritu ningún que o apresara. En “Pedriño de Casais” nárrase que foi de noite á igrexa a buscar a campaíña para que así o avó do narrador e outros homes lle deran un peso. Conseguiuna, mais tamén levou un bo susto, pois o Santo Antonio que había na igrexa atacouno mentres estaba alí. N’ “A Rechatera” cóntase como en Lavacolla se axudaban todos os veciños nas mallas e se describe con detalles como se fan e se desfan os monllos. Descríbese tamén a morte da Rechatera e o mal que o pasou a nai do narrador cando tivo que cargar co seu cadaleito baleiro, pois aínda que podía cargar on calquera cousa, falláronlle as pernas ao pasar pola igrexa das Ánimas en Santiago. “O Cantixo” aparece descrito como “un home de poucas luces” que vivía en Lavacolla. Atopouse cos fascistas que lle roubaron todo o que levaba enriba. Ao contarllo ao avó do narrador, este aconselloulle que dixera que fora o demo, para así evitar expandir o medo á presencia de fascistas na zona. En “María do Santalleiro” Pepe da Torre atópase con ela e fálalle de camiño á súa casa. Ao entraren na mesma entérase de que esta morrera e como lle resulta incríbel, volta ao lugar no que a viu anteriormente e alí segue. Pregúntalle Pepe que fai e ela di que esta a vixiar que o seu enterro se faga ben. En “Josefa do Madeiro”, cando ela e Hermitas ían camiño de Lavacolla, Josefa viu un enterro que tería lugar en poucos días. Nese momento explicoulle a Hermitas que podía ver enterros futuros, algo que a alterou moito. Aos poucos días morreu a propia Hermitas e ao se enterar disto, Josefa aforcouse no seu palleiro. Neste conto tamén se describen con detalle como eran antes os enterros. En “José Antonio da Aquilina” nárrase que é un home de Cornide que pode ver aos defuntos, e que consegue que o avó do narrador vexa ao seu fillo morto na guerra. O mesmo protagonista se repite n’“A xata do José Antonio da Aquilina” no que se narra como se lle escapa a xata e vai a súa procura, mentres lle conta ao avó do narrador outras visións que tivo ao longo da súa vida. En “Carme do Lugar Novo” a avoa do narrador relátalle a Tomás do Maestrom que arranxaba cousas, como o espíritu de Carme do Lugar Novo, quen foi á misa da Barca coas súas amigas, pois era unha promesa que fixeran todas elas cando estaba viva e se non o facían ela non podía descansar en paz. N’ “O barqueiro e maila besta” a avoa do autor narra como ela e mais a súa filla un día foran á Romaría de San Matea e á volta, cando cruzaron o Tambre en lancha ocorreulles un suceso extraño, pois apareceron na orilla sen saber como e os demais viaxeiros que ían na lancha, unha besta e o seu dono, desapareceron. En “Manoliño do amante” nárrase como Manoliño se golpea na cabeza ao bañarse. Como o médico (que fala en castelán) di que pode morrer, a súa nai promete que irán en procesión a San Andrés de Teixido se vive o cativo. Manoliño sálvase desa, mais morre pouco tempo despois. A súa nai quiso cumprir a promesa indo a San Andrés de Teixido acompañada segundo ela do seu fillo finado. Como peche do libro, atópase o “epílogo” que tamén se presenta como un conto no que se describe a matanza do porco con todo tipo de detalles. A esta historia principal únese a historia da señora Rosa á que se lle apareceu o seu irmán unha noite, na que resultou que finou alá nas Américas. Os debuxos de Juanel aparecen espallados ao longo do volume, un debuxo por cada conto. Cada ilustración serve para reflexar a idea principal do relato que se está a contar.

XII.5.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Villanueva, Carlos (coord.), *Cancionero Musical de Galicia*, reunido por Casto Sampedro y Folgar, reconstitución, introdución e notas bibliográficas por José Filgueira Valverde, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007, 207 pp. (ISBN: 978-84-95892-62-1). ◆

Reedición crítica do Cancionero Musical de Galicia reunido por Casto Sampedro y Folgar (Redondela, 1848-1937) con motivo do cuadraxésimo aniversario da Fundación Pedro Barrié de la Maza no que se inclúe un facsímile da edición de 1982 feita pola fundación. Nel distínguense dúas partes principais. A primeira ábrese cunha presentación de Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condesa de Fenosa e presidenta da fundación, seguida de cinco estudos críticos de Luís Costa, Xavier Groba, José Carlos Valle e Carlos Villanueva e un apartado de bibliografía. A segunda parte é a reimpresión facsímile da edición de 1942 do cancioneiro coa reconstitución, introdución e notas bibliográficas de Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra 1906-1996), neses intres director do Museo de Pontevedra. O cancioneiro divídese en dúas partes: a primeira leva por título "Canciones" e á súa vez está dividida en seccións con diferentes tipos de composicións e a segunda leva o título de "Melodías" e reúne as partituras das composicións recollidas. Trátase polo tanto dun volume de gran valor etnográfico pola contribución do seu autor á conservación do patrimonio cultural galego grazas á recompilación por el feita entre 1884 e 1924. Achéganse tamén nesta obra numerosos materiais gráficos, fotografías, partituras e outros documentos inéditos pertencentes todos eles aos fondos da biblioteca da Fundación Pedro Barrié de la Maza e do Museo de Pontevedra que contextualizan a realidade musical que na obra se presenta.

Referencias varias:

- Ana Baena, "El cancionero de Sampedro completa la tríada musical editada por Pedro Barrié", *Atlántico Diario*, "Vigo", 30 xaneiro 2008, p. 16.

Fai referencia á presentación do volume da Serie Musical da Fundación Pedro Barrié de la Maza de Estudios críticos de Luís Costa, Xavier Groba, José Carlos Valle e Carlos Villanueva. Di que o volume se trata dunha edición facsimilar da edición de 1982, *Cancionero Musical de Galicia* que foi reunido por Casto Sampedro e Folgar. Comenta que a obra vai acompañada de amplos e sistemáticos estudos teóricos realizados por varios especialistas coordinados polo profesor Carlos Villanueva. Preténdese nesta reedición crítica, entre outras cousas, enmarcar o cancioneiro no contexto ideolóxico dos grandes cancioneiros galegos, estudar a realidade social e cultural da Pontevedra da época e analizar formalmente a realidade musical contida no Cancioneiro.

- D. G., "Nueva reedición crítica del 'Cancionero musical de Galicia' a cargo de la Barrié", *ABC*, "Galicia", 3 febreiro 2008, p. 62.

Fálase da presentación da obra *Cancionero Musical de Galicia*, reunido por Casto Sampedro e Folgar. Dise que a obra, acompañada de amplos e sistemáticos estudios teóricos realizados por varios especialistas coordinados polo profesor Carlos

Villanueva, é unha edición facsimilar da obra de 1982. Coméntase que o obxectivo primario desta reedición crítica consiste en enmarcar o cancioneiro no contexto ideolóxico dos grandes cancioneiros galegos da época e analizar formalmente a realidade musical contida nel.

- Ramón G. Balado, "El folk tiene nuevo archivo", *El Correo Gallego,* "Santiago", 15 setembro 2008, p. 17.

Coméntase que a Fundación Pedro Barrié de la Maza publica unha edición facsimilar do *Cancionero Musical de Galicia*, reunido por Castro Sampedro y Folgar. Dise que conta con achegas críticas de Luís Costa, Xavier Groba, José Carlos Valle y Carlos Villanueva nas que se dá conta do contexto ideolóxico, social e cultural no que se creou a obra, das claves da súa intrepretación, do contexto intelectual pontevedrés, da ideoloxía e a música na xénese dos cancioneiros folklóricos de Galicia, da evolución histórica da investigación folklórica e a etnografía musical e das fontes e personaxes. Dise que os estudios se acompañan de material fotográfico e que este traballo conseguiu o Premio da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando en 1911. Por último, coméntase que o análise e revisión crítica do repertorio correu a cargo de Xavier Groba e que presenta o estudio de Filgueira Valverde, aparecido na edición de 1982.

XII.5.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Torres Regueiro, Xesús, "Lembranza do gaiteiro Rilo. A cen anos da súa morte", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 23, "Centenario", primavera 2007, pp. 21-22.

Saliéntase a homenaxe do Concello de Betanzos á figura deste mítico gaiteiro das Mariñas, do que se lembra o seu nacemento e algúns datos biográficos. Dise que encarnou a cultura popular como conteiro, coplista e sermoneador no Entroido. Acóllese o soneto que lle dedicou Vales Villamarín, titulado "O vello Rilo". Tamén se salienta os premios acadados e a situación histórica que viviu, así como os seus rivais, entre os que nomea a Ventosela, Xan Míguez, quen representaba a innovación fronte a tradición de Rilo, enfrontamento reflectido na obriña publicada en 1927, titulada *A festa de Santa Marta de Babío*, de Xoán Díaz Fernández. Achéganse fotografía e retrato do gaiteiro.

Dans, Manuel, "Un repaso á Sada lendaria", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 24, "Lendas", outono 2007, pp. 17-18.

Dáse conta da tradición lendaria da vila de Sada arredor da relación dos mouros co Castro de Samoedo, da entrada ao "Outro mundo" na cova de Morazón en Fontán, dos aquelarres no monte en Riobao ou da crenza nunha cidade asolagada nas augas das Brañas, que conecta esta vila coa Galicia máis enxebre e rural, e que recollen estudiosos como Xosé Miranda, Xohán Ramiro Cuba ou Antonio Reigosa. Dise que estas lendas son pervivencias de antigos mitos pagáns.

XII.6. LITERATURA MEDIEVAL

XII.6.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Deyermond, A. e B. **Taylor** (eds.), *From the Cancioneiro da Vaticana to the Cancionero General: Studies in Honour oj Jane Whetnall*, London: University of London, 2007 (ISBN: 0-902238-50-7).

Volume colectivo en homenaxe á profesora Jane Whetnall, importante estudosa da literatura hispánica da Idade Media, que reúne 18 traballos de distintos autores nos que se abordan aspectos diversos da tradición lírica medieval castelán, catalán e galego-portuguesa, en concreto aquela conservada nos denominados "cancioneiros". Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Stephen Reckert, "Verba volant, scripta manet. The metamorphosis of oral Lyra Minima East and West", pp. 191-200.

Stephen Reckert leva a cabo un estudo comparativo entre a lírica popular galego-portuguesa, tomando como punto de partida as cantigas de amigo, e a lírica chinesa e xaponesa medieval. Para elo, o autor analiza varias pezas de cada unha das dúas tradicións líricas centrándose en catro aspectos fundamentais: a voz feminina, os personaxes, motivos e símbolos. Esta análise permítelles estabelecer unha serie de conexións entre ambas líricas.

- Julian Weiss, "Other lost voices: a note on the Soldadeira", pp. 245-256.

Neste artigo, Julian Weiss centra o seu interese na análise da figura da *soldadeira* da lírica galego-portuguesa. O autor toma como punto de partida a contradición existente entre a concepción da *soldadeira* presentada polos estudosos romanistas, que a identifican como a muller que acompañaba a xograres e trobadores a través do canto, do baile ou do acompañamento musical; e a representación, fundamentalmente satírica, que delas facían os propios trobadores nas súas composicións. Tras a análise dalgunhas desas pezas líricas que, segundo o autor, confirman a degradación do estatuto da muller no conxunto da cultura trobadoresca, Weiss pecha o seu estudo cunha breve reflexión na que presenta a figura da *soldadeira* como ambigua dentro do panorama cultural medieval.

García Hurtado, Manuel-Reyes (ed.), *El futuro de las Humanidades*, A Coruña: Universidade da Coruña-Servizo de Publicacións, 2007, 176 pp. (ISBN: 84-9749-229-3).

Volume colectivo que contén vinte e dous traballos de distintos autores acerca de distintas manifestacións humanísticas desde un punto de vista histórico, literario, musical, sociolóxico, lingüístico e antropolóxico. O volume acolle, por tanto, diversos métodos de estudo, diferentes enfoques, mais baixo un único obxectivo: o ansia de

coñecemento. Relacionado con estudo da literatura galega medieval encontramos o seguinte artigo:

- Xoán López Viñas, "Sufixos nominais na lírica galego-portuguesa", pp. 23-29.

No presente artigo, o autor realiza unha breve aproximación a un dos procedementos de creación de palabras con que a lingua conta para a ampliación e a renovación da masa lexical, é dicir, a sufixación nominal. Para elo, o autor toma como *corpus* de estudo a lírica profana galego-portuguesa. Xoán López Viñas centra a súa análise en tres aspectos fundamentais: a produtividade dos sufixos, o campo semántico a que fan referencia e o aproveitamento que estes sufixos nominais teñen no *corpus* literario analizado.

Maleval, Maria do Amparo Tavares (org.), *Estudos galegos 5*, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 2007, 213 pp. (ISBN: 85-228-0385-4).

Volume colectivo que contén quince traballos de distintos autores sobre Galicia, en concreto, acerca da súa lingua, literatura e cultura. Os traballos clasifícanse en estudos, textos literarios, recensións e noticias procedentes de varias institucións académicas do Brasil e de Galicia. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Massaud Moisés, "Sobre a "Arte de Trovar" galego-portuguesa", pp. 13-34.

O autor toma como base do seu estudo o breve e fragmentario tratado de poética conservado ao inicio do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (folios 3 e 4), transcrito pola man do humanista Angelo Colocci e pola do copista identificado como *a*. Massaud Moisés leva a cabo unha análise da doutrina estética transmitida na *Arte de Trovar* coa finalizada de deducir o modo en que foi pensada e sistematizada no seu contexto de produción.

- Ângela Vaz Leão, "Erotismo e obscenidade nas cantigas de escárnio e de maldizer", pp. 35-46.

A seguir dunha breve caracterización das *cantigas de escarnio* e das *cantigas de maldicir* como dúas modalidades diferenciadas dentro do xénero satírico da poesía profana medieval galego-portuguesa, a autora céntrase na temática do erotismo e a obscenidade nesas dúas modalidades subliñadas a través da lectura comentada de catro cantigas: "Martin jograr, que gran cousa" (70,31), de Johan Garcia de Guilhade; "Don Beeito, ome duro" (63,27), do trobador Johan Airas, burgués de Santiago; "Ũa donzela jaz preto d'aqui" (97,44) de Martin Soarez e a cantiga "Joan Rodriguiz foi esmar a Balteira" (18,21), do rei Alfonso X o Sabio.

- Henrique Marques Samyn, "Subsídios para a leitura de uma cantiga satírica de Pero Viviaez", pp. 47-60.

Tomando como punto de partida a cantiga do trobador, de probable orixe galega, Pero Viviaez, "Vos que por Pero Tinhoso", Henrique Marques Samyn analiza o sentido da condenación, dentro do contexto social e literario na que se inserta a composición, á

sodomía que a cantiga contén. Para elo, o autor céntrase en analizar o texto base tendo en conta aspectos formais, literarios e socioculturais o que lle permitirá afirmar, a modo de conclusión, que a cantiga revélase, en última instancia, como unha manifestación moralizante da cultura medieval.

Marcenaro, Simone, *Canti di scherno e maldicenza*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, 2006, 386 pp. (ISBN: 978-88-7694-942-5).

Antoloxía das cantigas de escarnio dos trobadores galego-portugueses, xénero no que se inclúen tanto as pezas de ton satírico e burlesco (sátiras morais, literarias, maledicencias persoais...), como as que, por defecto, non presentan trazos claros da tipoloxía de amor ou amigo. A importancia destas pezas radica, pois, na enorme riqueza de termos relativos ao corpo humano, ao vestiario, a unha paisaxe urbana, que contén. Simone Marcenaro estrutura o seu traballo sobre dous piares fundamentais. Unha introdución que contén un breve estudo sobre o xénero de escarnio: tradición manuscrita das cantigas conservadas, temas e recursos retóricos máis importantes nestas composicións e autores que cultivaron este xénero poético. Non obstante, o groso da monografía constitúeo a antoloxía de textos, acompañados da súa correspondente tradución ao italiano e de aclaracións a vocábulos ou termos ambiguos ou de difícil interpretación. O estudo péchase cun listado bibliográfico.

Murakawa, Clotilde de Almeida Azevedo e Maria Filomena **Gonçalves** (orgs.), *Novas contribiuções para o estudo da História e Historiografía da Língua Portuguesa*, Évora: Laboratório Editorial da FCL - Universidade de Évora, 2007, 237 pp. (ISBN: 978-85-98605-18-0).

Volume colectivo que reúne oito textos que, tomando como fio condutor a diacronía, abordan diferentes aspectos da Filoloxía e do estudo histórico da lingua portuguesa, dende a sintaxe, a fonoloxía ate a análise do discurso e a (meta)lexicoloxía e (meta)lexicografía. Os traballos buscan presentar algunhas das liñas de investigación lingüística desenvolvidas na actualidade tanto no Brasil como en Portugal. Relacionado co estudo da literatura galego-portuguesa interesa o seguinte traballo:

- Gladis Massini-Cagliari, "Legitimidade e identidade: da pertinência da consideração das Cantigas de Santa Maria de Afonso X como *corpus* da diacronía do português", pp. 101-126.

Reflexiona Massini-Cagliari neste traballo sobre a pertinencia da consideración das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio como *corpus* de diacronía da lingua portuguesa. A autora parte da tese de que na lírica profana galego-portuguesa, a lingua poética empregada corresponde a un uso artístico da lingua nativa dos trobadores, mentres que nas cantigas relixiosas o galego-portugués é empregado como lingua de cultura nun país estranxeiro, Castela, coa finalidade de difundir dun xeito máis eficaz a mensaxe proposta. Esta idea inicial obriga a autora a levar a cabo unha comparación das características lingüísticas das cantigas profanas e relixiosas, centrándose nos encontros vocálicos, o "ataque" silábico, o ritmo e o acento da lingua das cantigas. Esta análise permite a Massini-Cagliari afirmar que as distincións lingüísticas que se detectan entre

as dúas vertentes non son distincións tipolóxicas, senón de frecuencia, polo que conclúe que tanto as cantigas profanas como as relixiosas presentan unha mesma lingua.

Nobiling, Oskar., *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*, Niterói: EdUFF, 2007, 488 pp. (ISBN: 9788522804528).

Estudo que recolle varios traballos do filólogo Oskar Nobiling que se atopaban dispersos en diferentes revistas europeas e brasileiras de difícil acceso. A organización do volume responde aos tres campos de interese de Nobiling. A primeira parte, *Lírica medieval galego-portuguesa*, recolle sete traballos acerca da lírica medieval galego-portuguesa, entre os que destacan a edición das cantigas do trobador Joan Garcia de Guilhade, as recensións que o autor escribiu acerca da edición do Cancioneiro de D. Denís, de Henry R. Lang, e sobre a edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis, que revelan un coñecemento dos textos, da bibliografía e de aspectos do estado da lingua pertinentes á versificación dos trobadores por parte de Nobiling. Esta parte complétase cun estudo a unha cantiga do trobador don Denís e outro ao *Cancioneiro da Ajuda*. A segunda parte, titulada *Lingua portuguesa*, reúne traballos acerca do estudo do portugués brasileiro, como por exemplo, a análise do uso do artigo en brasileirismos e crioulismos, o estudo da construción brasileira "deixe eu ver" ou un traballo sobre as vogais nasais. Na última parte, *Literatura popular*, recóllense catro traballos nos que Oskar Nobiling reúne e analiza a literatura popular brasileira, con capítulos como "Colêtanea de Canções Brasileiras", "Quadras do Estado Brasileiro de São Paulo" ou "*Estudos sobre o Romanceiro Popular*, de Carolina Michaëlis". Como complemento indispensábel, o volume presenta un "Caderno fotográfico", un Apéndice que recolle a correspondencia de Nobiling con José Leite de Vasconcelos, e unha Bibliografía completa do autor.

XII.6.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Beltran, Vicenç, "Trovadores en la corte de Alfonso X", *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes,* n.º 5, 2006-2007, pp. 163-190.

O autor leva a cabo un exhaustivo estudo acerca dos trobadores galego-portugueses ligados á corte do rei Afonso X. O método de traballo de Vicenç Beltrán consiste en estabelecer os feitos históricos máis destacados do reinado deste rei nos que os distintos trobadores participaron, deixando constancia nas súas composicións; tales como o conflito entre Sancho II de Portugal e o seu irmán Afonso de Boulogne, a rebelión de Henrique, irmán de Afonso X, e a revolta mudéxar de 1264. O obxectivo é relacionar o contexto histórico coas noticias históricas contidas nas composicións de trobadores como Gil Perez Conde, Airas Perez Vuitoron ou Pero Gomez Barroso, levando a cabo un comentario crítico do texto que contribúe a esclarecer puntos escuros das propias composicións como estabelecer unha escola poética entorno o rei Afonso X.

Gonçalves, Elsa, "Sobre a tradição manuscrita da lírica galego-portuguesa: conjecturas e contrariedades", *eHumanista. Journal of Iberian Studies*, vol. 8, 2007, pp. 1-27.

Cunha nítida exposición de conceptos e ideas, a autora deste artigo aborda o estudo da tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa centrando o seu interese en dous cuestións fundamentais: a relación de parentesco entre o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (*B*) e a chamada "Tavola Colocciana", manuscrito autógrafo do humanista italiano Angelo Colocci, e as características do antecedente perdido de *B* xa que estas poden explicar o método de traballo dos copistas e do revisor da copia, é dicir, Colocci. Nunha primeira parte do traballo, Elsa Gonçalves aborda a análise conxunta entre *B* e a "Tavola Colocciana" para estabelecer as concordancias e as diverxencias entre ambos. Esta análise revela, segundo a autora, dúas fases na redacción da "Tavola": nun primeiro momento a escrita dos nomes dos autores, e nunha segunda volta o rexistro dos números dos textos. A pesar das diverxencias entre ambos, sinaladas e comentadas no artigo, pódese apuntar, segundo a autora, unha derivación directa da "Tavola Colocciana" relativamente a *B*. Nunha segunda parte, Elsa Gonçalves leva a cabo unha análise exhaustiva da numeración dos textos en *B*. A partir deste estudo, a autora defende a tese de que esta numeración dos textos non é copia dun antecedente perdido, senón que foi feita automaticamente polo propio Angelo Colocci. Este feito revela a necesidade de abordar o estudo do *modus operandi* de Colocci, xa que revelaría cuestións fundamentais para a tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa. A autora non esgota, por tanto, este ámbito de estudo, senón que destaca a importancia dos estudos acerca da tradición manuscrita no ámbito da lírica galego-portuguesa.

Martínez Martínez, Faustino, "De amor y de feudos: lectura jurídica del *Cancioneiro de Ajuda*", *Moenia. Revista lucense de lingüística y literatura*, n.º 12, 2006, pp. 173-224.

O estudo constitúe unha forma de entender a natureza do fenómeno trobadoresco baixo a linguaxe xurídica da Idade Media. A seguir unhas breves notas acerca do concepto "Dereito" nos séculos XII e XIII, o autor se serve de toda unha serie de cantigas de

amor galego-portuguesas, para o que toma como base o *Cancioneiro da Ajuda*, co obxectivo de mostrar a comunicación e interdependencia, e mesmo a relación e intercambio, entre a linguaxe xurídica e feudal e a amorosa. Para isto, Martínez Martínez analiza unha serie de vocábulos tomados das cantigas, como "señor", "vasalo", "home", así como as distintas modalidades do servizo, o amparo e desamparo, os pactos e homenaxes, coa finalidade de subliñar, en última instancia, que na linguaxe amorosa prodúcese unha transposición dos esquemas da relación "señor-vasalo" no campo amoroso galego-portugués.

Poole, Kevin R., "In Search of Paradise: time and eternety in Alfonso X's Cantiga 103", *eHumanista. Journal of Iberian Studies*, vol. 9, 2007, pp. 110-128.

Preséntase un breve estudo do tema do tempo e do Paraíso a través dunha cantiga tomada do *corpus* das *Cantigas de Santa María*, do rei Afonso X, el Sabio, en concreto a cantiga 103. O autor parte da análise desta composición para estabelecer o concepto de eternidade e de tempo que aparece recollido na cantiga para, finalmente, poñer en relación a análise co concepto da eternidade e do tempo na Idade Media.

Saura Buil, Joaquín, "El órgano de mano de las cantigas de Alfonso X el Sabio 1221-1284", *Revista de Estudios Humanísticos*, Tercera época, vol. XXVII, n.º 2, Noviembre 2007, pp. 273-293.

A reconstrución e descrición dun órgano de mano que aparece nas miniaturas do "Códice Príncipe" das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio serve ao autor deste traballo para abordar os problemas e as distintas solucións para realizar a expresión musical a partir dos medios máis innovadores da época. Para argumentar o seu estudo, Saura Buil fai un percorrido tanto polas miniaturas de diversos códices, como o Manuscrito do British Museum (século XIII) ou o Manuscrito da Biblioteca Municipal de Arras (século XIII), así como por distintos monumentos, o pórtico da catedral de León e da igrexa de Sasamón ou o altar maior da catedral de Gerona. O autor acompaña a súa exposición con magníficas ilustracións dos manuscritos e dos monumentos que analiza.

Tavani, Giuseppe, "Tradurre il medioevo: come?", *Quaderni di Filologia Romanza della Facultà di Lettere e Filosofia dell'Università di Bologna*, vol. 19, 2006-2007, pp. 95-105.

Reflexiona neste traballo G. Tavani sobre o labor do tradutor apoiándose en tres piares fundamentais: o labor crítico que debe acompañar a toda tradución, a súa precariedade e, por último, o seu carácter parcial. Tomando como punto de partida estes presupostos, Tavani céntrase na tradución de textos medievais xa que estes textos, segundo o autor, implican unha serie de condicionamentos: a actividade do tradutor esixe algúns coñecementos lingüísticos, culturais e histórico para "adaptar" a mensaxe do texto ao novo contexto de uso. Ademais, destácase a importancia de manter a estrutura métrico-rítmica do texto orixinal, tanto narrativo como lírico. Para argumentar a súa tese, o autor achega diversos exemplos dos problemas inherentes á tradución de textos medievais entresacados de obras como os *Milagros de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo, o

Castia-Gilos de Ramón Vidal, o *Romans de mondana vida* de Folquet de Lunel e os *fabliaux* de Jean Bodel.